Presentación

Un ano máis, e van xa trece, achegamos aos interesados en coñecer cómo se desenvolveu a Literatura galega, non só en Galicia senón tamén fóra dela, o *Informe de literatura* correspondente ao ano 2007, o primeiro observatorio literario galego con características que van máis alá dunha base bibliográfica, xa que non só achega a creación senón tamén a recepción de todo tipo de obras literarias, así como doutros elementos sistémicos, acompañados todos eles dunha descrición do seu contido, e mesmo da súa historia cando de revistas e premios se fala. Este *Informe*, como no ano 2006, poderase consultar non só no CD-ROM, como en anos anteriores, senón tamén na web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (http://www.cirp.es) en recursos en liña, en formato PDF, ou ben directamente no buscador Google: Informes de Literatura, onde ademais se poden consultar todos os Informes dende o ano 1995.

Como é habitual, no traballo acollemos todas as informacións e reflexións que, atinxindo directa ou indirectamente ao ámbito da Literatura galega, apareceron por unha parte en soporte impreso durante o ano 2007 e, dentro deste tipo de soporte, nas súas máis diversas manifestacións: monografías, libros colectivos, revistas, xornais, etc.

Ofrecemos un comentario descritivo, non valorativo nin crítico, de cada unha das entradas rexistradas, é dicir, tanto dos libros relacionados coa literatura que viron a luz ao longo do ano 2007 (e tan só deses) coma das recensións que sobre eles apareceron nas revistas e nos xornais durante ese mesmo período de tempo. Con estes comentarios tratamos tan só de informar ao lectorado do contido das diferentes publicacións, sen entrar en análises minuciosas, cousa que sería de todo punto imposíbel, nin en excesivos tecnicismos que puidesen obstaculizar a comprensión a un lectorado non suficientemente especializado.

Respecto dos xornais, os consultados seguen a ser, fundamentalmente, de ámbito galego, aínda que cada vez máis son obxecto de atención aqueloutros foráneos que moi esporadicamente conceden algunha atención á Literatura galega. Así, poderán atoparse ao longo deste *Informe* algunhas entradas de *ABC, Diario de León, Bierzo, El Mundo* e *El País*, aínda que agora tamén dende a edición galega. Doutra banda, apreciarase que, polo que se refire a este tipo de publicacións, diferenciamos entre "Recensións" e "Referencias varias", por considerar que estas últimas, de importancia menor, evidentemente, achegan xa algunha alusión ou información secundaria respecto do obxecto principal do escrito (artigos de opinión, entrevistas), xa simples nótulas que non alcanzan o rango de recensións nin de análises críticas con pronunciamentos valorativos de interese, na maioría dos casos. Se decidimos mantelas foi por considerar que proporcionan unha información colateral valedoira, cando menos, para sabermos o grao relativo de atención que prestan ao ámbito literario, en xeral, os diferentes xornais consultados, cousa que se reflicte elocuentemente nos gráficos estatísticos que presentamos.

Polo que atinxe ás revistas, cómpre ter en conta que as consultadas son case todas galegas, por máis que apreciamos e rexistramos a atención que lle prestan a esta literatura outras como *ADE (Revista de la Asociación de Directores de Escena de España)*, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, *Anuario de Estudios Medievales, Cuadernos de Estudios Gallegos, Estudos Lingüísticos, Galicien Magazin*,

Leer, Madrygal. Revista de Estudios Gallegos, Mealibra. Revista de Cultura, Primer Acto, *Qué leer día a día*, *Revista de poética medieval*, *REEL* (*Revista Electrônica de Estudos Literários*), *Romania, Serta, Setepalcos, Signum* e *Studi Medievali*. Tamén nesta orde de cousas, queremos avisar ao lectorado de que, case exclusivamente, nos temos dedicado a consultar as revistas de maior difusión, pero que somos conscientes da existencia de gran cantidade de publicacións por parte de Centros de ensino, Agrupacións e Asociacións culturais e outros Centros, de dentro e de fóra de Galicia, que poden ter interese para os nosos fins pero que non nos foron asequíbeis na súa maior parte. Neste sentido queremos manifestar a nosa vontade de apertura e o noso interese cara a todas aquelas contribucións que o lectorado desexe facernos chegar ao Centro para paliar o noso descoñecemento, nalgúns casos, e noutros a escasa difusión de certos materiais.

No apartado IX Revistas, no que se fai unha biografía da publicación, non dos traballos que contén, a non ser as achegas de creación, dado que se describen no apartado anterior, só biografaremos aquelas que teñen ISSN, as demais que chegan ás nosas mans, como xa dixemos, serán descritas por medio dos seus traballos en Publicacións en Revistas. Os *Anuarios* que non teñan ISSN e si ISBN serán descritos como monografías (Apartado V.1). Tamén neste apartado acollemos as revistas que se ofrecen en edición facsimilar.

Noutra orde de cousas, cómpre salientar que, como xa se ten feito en edicións anteriores, dedicamos un apartado especial (IV) a todo o que se publicou arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, neste caso, María Mariño. Entre outras cousas, esa decisión serviunos para que a bibliografía que se produciu no ano 2007 sobre esta figura non repercutise, desvirtuándoos, nos parámetros relativos ao reconto estatístico da produción literaria total do ano.

Doutra banda, o lectorado apreciará que a Literatura Infantil e Xuvenil é obxecto, así mesmo, de atención diferenciada (Apartado VII), respecto da que podemos denominar institucionalizada, ou dirixida aos adultos. Incorporamos a este apartado a sección denominada "Cómic" polas súas características gráficas e narrativas, aínda que somos conscientes de que hai distintos tipos de cómic, con intencións diferentes e lectorado ideal non infantil e xuvenil. Polo mesmo, coidamos que os traballos rexistrados sobre a Literatura de transmisión oral, pola especial metodoloxía que o obxecto de estudo impón, debían considerarse á parte (Apartado VIII), tal e como se fai asemade coa Literatura medieval (Apartado XI), por constituír esta un corpus con perfil de seu, practicamente xa pechado, e dispoñer, así mesmo, dunha metodoloxía de investigación ben diferenciada respecto do resto da literatura.

Para unha mellor matización na análise dos aspectos que definen o sistema literario galego seguimos a consignar a porcentaxe de obras que se beneficiaron dunha subvención pública para a súa edición (marcadas no texto con ▪), así como a daquelas que foron directamente editadas por institucións oficiais, xa sexan de ámbito local, provincial ou autonómico (marcadas no texto con ◆), para contribuír a unha mellor interpretación da realidade cultural galega.

Neste *Informe* seguimos a matizar os marbetes de apartados, así engadimos en cada un, os denominados "Apéndices", de habelos. Estes cambios responden a suxestións dos usuarios en prol dunha mellora do Proxecto. Tamén, debido á implantación das novas

tecnoloxías, sobre todo ao uso da internet, decidimos non describir os folletos editoriais dado que se poden consultar nas páxinas web das editoras, información que consideramos suficiente, pola mesma razón eliminamos o apartado de Páxinas web, dada a proliferación de buscadores potentes, portais e blogs englobadores.

Nesta edición queremos indicar que, posibelmente, por razóns alleas á nosa vontade, se perderon algunhas entradas, esperamos que non volva a ocorrer, polo que solicitamos o apoio dos que consulten esta obra co envío deses traballos que detecten que non foran incorporados, para reparar a deficiencia e introducilos nos "Apéndices" do *Informe de Literatura 2008*.

Finalmente, queremos manifestar como sempre o noso agradecemento a Mercedes Brea pola axuda e a información que nos prestou sobre Literatura medieval e a todas aquelas persoas que ou ben realizaron a descrición dalgunha entrada e que constan no apartado de créditos en "Agradecementos", ou ben colaboraron neste proxecto nalgún momento do proceso de elaboración ou nalgún aspecto puntual.

Blanca-Ana Roig Rechou

Informe de Literatura
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

A literatura galega no ano 2007 e a súa recepción

Directora e Coordinadora: Blanca-Ana Roig Rechou
Bolseiras do proxecto: Mar Fernández Vázquez
Esther de León Viloria

Redactores:

Rafael Adán Rodríguez
María Jesús Agra Pardiñas (Ilustración)
Eulalia Agrelo Costas
María Alonso Torregrosa (L. Medieval)
Pilar Bendoiro Mariño
Jorge Cea Viña
Manuel Corbacho Pérez
Mar Fernández Vázquez
Carmen Ferreira Boo
Carmen Franco Vázquez (Ilustración)
Olalla García Martínez (L. Medieval)
David González Couso (L. Medieval)
Esther de León Viloria
Marta López Macías (L. Medieval)
Raquel López Rodríguez
Francisca Martínez Rodríguez (L. Medieval)
Marina Meléndez Cabo (L. Medieval)
José María Mesías Lema (Ilustración)
Isabel Mociño González
Ana Belén Moreda Rodríguez
Marta Neira Rodríguez
Inés Rodo Montes
Zeltia Rodríguez Rodríguez
Blanca-Ana Roig Rechou
Trinidad Sánchez Outón
Mª Isabel Soto López
Eva Tizón Zas
Juan José Varela Tembra
Isabel Vega Vázquez (L. Medieval)
Carme Marina Vidal Valiña

Agradecementos a:

César Camoira Vega
Deborah Castro Mariño
Alexandra Cillero Prieto
Lorena Domínguez Mallo
Almudena Gómez Seoane
Diana Mandiá Álvarez
María Obelleiro Hermida
Amelia Piñeiro Santorum
Carlos Prego Meleiro

Lourdes Erea Salgado Viñal
María Vanesa Solís Cortizas
María Dolores Villanueva Gesteira

Edita:
XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN
EN HUMANIDADES

Coordinador Científico
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Literatura
ANXO TARRÍO VARELA

ISBN: 879-84-453-4696-9

Dep. Legal
OU 45-2003

Informe de Literatura **2007**

I. NARRATIVA

I.1. NARRADORES GALEGOS

Alcalá, Xavier, *Unha falsa luz*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 252, novembro 2007, 471 pp. (ISBN: 978-84-9865-028-0).

Xavier Alcalá (Miguelturra, Ciudad Real, 1947) preséntanos neste volume a terceira entrega da triloxía "Evanxélica Memoria", despois de ter publicado *Entre fronteiras* (2004) e mais *Nas catacumbas* (2005), coa que se amosa a vida dos evanxélicos en Galiza dende o reinado de Alfonso XIII até a morte do ditador Franco. En *Unha falsa luz* vemos a historia novelada das persecucións e da intolerancia que sufriron as comunidades evanxélicas en Galiza dende 1950 até 1975 contada a través do mesmo narrador-protagonista das dúas anteriores entregas desta triloxía: Manuel Valeriano Liñares Couto. Así, este narrador describe as súas vivencias persoais e os seus problemas por ser evanxélico, con numerosas referencias históricas, de cada un dos anos que van dende 1950 até 1975 con mencións constantes ao ditador de Portugal, Oliveira Salazar, como "O Homem" e mais a Franco como "Jaime de Andrade". A estrutura desta novela divídese en sete capítulos. No primeiro "Xustiza e xustificación" o narrador afirma que relatará as súas vivencias só até 1975 porque "para narrar os feitos é precisa distancia no tempo". En "Santa Lixivia", que abrangue dende 1950 até 1953, vemos como Valeriano Liñares comeza coa venda de pasaxes para América e mais coa fabricación da "Lejía Clara", cos problemas na traída da auga para a súa fabricación na súa propia drogaría. Os anos 1954 até 1956 detállanse, no terceiro capítulo "Auga ou morte", cando a drogaría de Valeriano xa recupera a auga da traída para fabricar lixivia. "Guerras sen sangue" narra a vida de Valeriano Liñares entre 1957 e 1960, cando amplía o seu negocio coa representación de receptores de radio Philips e mais coas máquinas de coser Alfa, así como con pitas poñedoras. En "Os negocios do bispo", o quinto capítulo, describe dende o ano 1961 até 1965 e vemos como neste momento a Valeriano xa lle chaman o "bispo" e como deixa de vender lixivia e pasaxes para meterse como delegado de butano na súa bisbarra, cos problemas na súa distribución. Nesta etapa é cando Álvaro Cunqueiro nomea a Manuel Valeriano Liñares Couto correspondente de *El Faro de Vigo* na comarca de Ferrol. En "Carautas de liberdade" céntrase nos anos 1966 a 1967 mentres que no derradeiro capítulo de *Unha falsa luz* titulado "Todo ben atado" describe dende 1968 até 1975 como casa unha filla de Manuel Valeriano Liñares Couto en Santiago de Compostela, cunha cerimonia evanxélica en templo romano. Toda esta narración conta con numerosas referencias históricas: a celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Castelao e ao evanxélico Curros, o secuestro do transatlántico Santa María ou as mortes de Pío XII, Xoán XXIII, Kennedy ou Churchill e que remata coa de Franco en 1975.

Recensións:

- Alfredo Ferreiro, "A noite acesa de Alcalá", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 5, "ProPostas", inverno 2007, p. 8.

Faise un comentario sobre a xestación da última obra que pecha a triloxía de Xavier Alcalá sobre o protestantismo en Galicia no s. XX. Dise que a comezou polo encargo que lle fixera a comunidade evanxélica nos anos 90 para que convertese os

acontecementos pasados por eles vividos en literatura. Dese xeito deu ao prelo a triloxía que leva por título *Evanxélica memoria,* na cal se inclúen as novelas *Entre fronteiras, Nas catacumbas* e *Unha falsa luz*. Dise que a novela vertébrase a partir da dura represión sufrida por un personaxe e que as características máis destacadas son a verosimilitude conseguida, a sinxeleza descritiva, o rico vocabulario e respecto polo pasado histórico.

- Xulio Valcárcel, "Unha falsa luz", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 498, "Páxina Literaria", 23 decembro 2007, p. 4.

Coméntase que este volume é unha novela densa de conceptos e lixeira de estilo na que lle cabe a honra ao seu autor de expoñer o tema tabú da intolerancia, xenreira e persecución á que foron sometidos os alcumados protestantes ao longo do século XX. Indícase que Valeriano Liñares é o personaxe "que fía a liña narrativa da obra" e asemade infórmase de que Xavier Alcalá presentou esta novela na FNAC da Coruña e mais en Bruxelas.

Referencias varias:

- Albino Mallo, "O escritor Xavier Alcalá leva até Bruxelas o seu libro 'Unha falsa luz'", *El Correo Gallego*, "Cultura", 10 decembro 2007, p. 68.

Comenta a presentación desta novela en Bruxelas grazas á Asociación Cultural Galaico-Portuguesa Couto Mixto que dirixe Joaquim Pinto da Silva e que contou coa presenza do escritor Xavier Queipo e mais a do propio autor, Xavier Alcalá.

- Albino Mallo, "A historia contada dende a perspectiva dos vencidos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 decembro 2007, p. 23.

Infórmase de que a Asociación Cultural Galaico-Portuguesa Couto Mixto xunto con Xavier Alcalá presentaron en Bruxelas esta novela e coméntase que é a terceira entrega da triloxía "Evanxélica Memoria" dedicada á historia novelada dos evanxélicos en Galiza.

- Albino Mallo, "Xavier Alcalá: 'Franco fichou evanxélicos como masóns e comunistas", *Galicia Hoxe*, "De esguello", 11 decembro 2007, p. 28.

Conversa na que Xavier Alcalá reflexiona sobre a súa triloxía "Evanxélica Memoria" centrándose en *Unha falsa luz*. Comenta que durante nove anos recolleu máis de trescentos cincuenta páxinas de declaracións de decenas de informantes, que a situación actual dos evanxélicos galegos "non se pode cualificar de igualdade coa dos católicos romanos" ou que agora está a traballar literariamente nun volume "perigoso", nun plaxio ficticio.

- G. M.O., "O derradeiro capítulo de Alcalá", *La Opinión*, "A Coruña", 11 decembro 2007, p. 10.

Afirma que Xavier Alcalá presentará na FNAC da Coruña este volume e reprodúcense unhas palabras nas que o seu autor afirma que con *Unha falsa luz* fica "aberta a porta para investigar na represión que sofriron as comunidades evanxélicas que eu non penso

seguir".

Alonso, John, *Os dominios de Gólgur*, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, col. Morgante, 2007, 197 pp. (ISBN: 978-84-935375-7-9).

Novela de John Alonso (A Coruña, 1967) pertencente ao xénero fantástico narrada en terceira persoa e ambientada nunha Galicia medieval na que non existe o cristianismo e inclúe numerosos xiros humorísticos. Na Idade Media, Galicia chámase Miranda, e é un ducado dependente do reino de Asturias; aquí nunca se chegou a implantar o cristianismo e os seus habitantes cren nun demo chamado Gólgur. Trátase dun reino onde impera a maxia e os humanos conviven cos ananos e cos demos. Dinís, o duque de Miranda conspira porque quere ser rei, para o que contratará a tres individuos, sen declararlles expresamente o seu propósito. Polo mapa do noroeste de Galicia, o grupo percorrerá vilas e aldeas na procura dun colar de esmeraldas e perlas que ha de atopar nalgunha das casas de tres damas nobres, todas elas casadas. O primeiro dos compoñentes deste grupo chámase Guillem de Bretaña, un mozo atractivo e amante da vida fácil, que se presta a seducilas baixo o pseudónimo de Morís de Bordeos e actuará como un bardo procedente de Aquitania. A segunda integrante, ao cargo de entreter aos esposos das damas, responde ao nome de Agnesa, cuxa natureza non é humana, senón que se trata dunha delsia, ou filla do mar, extraordinariamente fermosa coa habilidade de presentarse co aspecto desexado, aínda que de xeito ilusorio. Por último, Perifel, un anano moi habilidoso, terá que roubar a xoia en cuestión mentres os seus compañeiros deixan o terreo sen vixilancia. No caso de atinxir ao éxito na súa misión, Guillem obterá unha importante suma de diñeiro, Agnesa unha recompensas sen determinar, pero nunca inferior a dos seus compañeiros, e Perifel unha granxa máis un título de cabaleiro.

Recensións:

- Fran Morell, "Demos no teatro de roles", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 4, "proPostas", outono 2007, p. 9.

Conta que *Os dominios de Gólgur* (2007), de John Alonso se sitúa nun reino máxico onde conviven humanos, ananos, delsias e demos e onde tres personaxes percorren o noroeste de Galicia. É un relato longo, sinxelo, descritivo, divertido, fluído e cun galego correcto, enmarcado na temática da literatura fantástica, o rol e a maxia.

Álvarez, Francisco, *Ratas en Manhattan*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Medusa. Narrativa, 2007, 120 pp. (ISBN: 978-84-7824-510-9).

Neste libro, que ten as ratas como eixo central sobre o que se desenvolven os relatos, Francisco Álvarez (A Guarda, 1957) ofrece unha particular visión sobre a emigración galega en Nova York. En ocasións, as ratas adoptan forma de animal e noutras convértense en persoas que loitan por seguir adiante. Estruturada en dezaoito relatos curtos que seguen a estrutura inicio, nó e desenlace, a obra describe o Nova York que non ven os turistas, unha cidade na que evolucionan as amarguras e feitos cotiás de persoas anónimas que cruzaron o océano para buscar unha vida máis próspera. A trama recolle a existencia dunha serie de persoas que decidiron abandonar Galicia para probar

sorte na grande urbe estadounidense. Nalgúns casos, os relatos introdúcense cunha nota ou con versos doutros escritores, coma no caso dos versos de Celso Emilio Ferreiro. As descricións, as reiteracións, os paralelismos, as preguntas retóricas e o dinamismo que logra transmitir coas frases curtas son os trazos que mellor definen o estilo de *Ratas en Manhattan*. A política, as sensación e reflexións do autor, as ensinanzas, o amor, a soidade e a saudade adquiren boa presenza nun libro no que non faltan chiscadelas á terra que viu nacer a F. Álvarez.

Recensións:

-Xosé M. Eyré, "Submundos de Nova York", *A Nosa Terra*, n.º 1.267, "Cultura", 10-16 maio 2007, p. 26.

Considérase que o autor cumpre coa súa obriga de facer unha análise social a través desta crítica do capitalismo salvaxe . Os dezaoito relatos, con tendencia a brevidade, están dotados de variedade no discurso. As descricións combínanse cos comentarios sobre os personaxes que habitan o submundo de Manhattan, todos eles vítimas dun sistema laboral explotador. Ademais engádese que a historia está contada dun xeito ameno, salientando o uso dunha lingua rica e versátil.

-Dolores Martínez Torres, "Escasez de sorpresas", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 209, "Libros", 31 maio 2007, p. IV.

Na primeira incursión narrativa deste autor apréciase unha clara conciencia solidaria cos menos favorecidos, mostrando a cara oculta do "soño americano". A través da achega das experiencias deses heroes cotiás e verdadeiros superviventes, demostra que as oportunidades non están ao alcance de todos en realidade. Respecto ao estilo narrativo, considérase que desmerece o valor do conxunto polo abuso dos tópicos e pola magnificación das anécdotas, ademais das frecuentes repeticións léxicas.

- Paula Bouzas, "Os sumidoiros da metrópole", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 11.

Saliéntase do argumento destes relatos a situación de vida dos emigrantes en Nova York, por que emigran e o prezo que pagan. Polo tanto, na obra percíbese certa denuncia desa sociedade na que só triúnfa a xente sen escrúpulos. Outro tema ao que lle dá importancia é á violencia provocada pola desesperación, o cal lles provoca certo morbo aos medios de comunicación que se esquecen das desgrazas que se agochan detrás. Os narradores son outros emigrantes polo que o lector non ten opción de formar a súa propia opinión pero si pode reflexionar sobre a situación do emigrante.

Referencias varias:

- César Lorenzo Gil, "Tres historias de Nova York", *A Nosa Terra,* n.º 1.260, "Cultura", 15-21 marzo 2007, p. 24.

Céntrase a atención no feito de que tres obras galegas conten historias de galegos en Nova York na procura dos ecos da nova emigración: *Ratas en Manhattan*, de Francisco Álvarez, *Xelamonite* (2006), de Luís Paradelo e *O home inédito*, de Carlos G. Meixide. Desta primeira saliéntase que trata o tema da emigración en xeral, contando a historia de

aqueles que viven na miseria en busca do soño americano, vítimas do feroz capitalismo. Comparte co resto das obras un ton ás veces melancólico, outras inhumano e en moitas ocasións sedutor, como a propia cidade a modo de pano de fondo.

- David Miranda Barreiro, "ILSa versus Nova York", *Grial*, n.º 174, "O espello das letras", abril-maio-xuño 2007, pp. 97-98.

Comeza falando da presenza da cidade de Nova York na literatura galega dende hai dous anos, recorda en 2006 *Xelamonite*, de Luís Paradelo e en 2007 *O home inédito*, de Carlos G. Meixide, *Ratas en Manhattan*, de Francisco Álvarez e *New York, New* York, de Inma López Silva.

-Daniel Salgado, "A cidade que está enfronte a Vigo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 4 maio 2007, p. 43.

Fálase da conexión entre Vigo e Nova York como unha constante do século XX que arranca de Manuel Antonio e chega até Inma López Silva con *New York, New York*. Faise referencia tamén, entre as obras recentes, a *Ratas en Manhattan* de Francisco Álvarez.

- Eva González, "Crisis cultural gallega en Nueva York", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/Área Metropolitana", 30 agosto 2007, p. 14.

Dise que neste libro de relatos do escritor guardés Francisco Álvarez "Koki" retrátase a vivencia da emigración polos galegos , vencellada á crítica galega que se fai do centro "Unidade galega" de Nova York por non facer nada pola cultura. Por último, sinálase que nese centro rexeitaron as propostas de animación do autor, unha delas levar a autores galegos a unha cidade que ten cátedra de galego, onde se di que estivo recentemente Inma López Silva.

- Lucía Sixto, "Premio a la fuerza de voluntad", *La Voz de Galicia*, "Patio de vecinos", 12 setembro 2007, p. 16.

Breve comentario referido á presentación deste libro na libraría Couceiro de Santiago de Compostela e que contou coa presenza do seu autor, de Ánxela Gracián e mais Olegario Sotelo Blanco.

Blanco Desar, Manuel, *Nos dominios da incerteza. Historias económicas,* Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Medusa. Narrativa, 2007, 121 pp. (ISBN: 978-84-7824-535-2).

Manuel Blanco Desar (Santiago de Compostela, 1965) ofrece unha colección de relatos tirados de supostos que poden acontecer na vida cotiá, nos que o prototípico economista David S. Curtis, un ser descrido eticamente amoral, cínico, pero non por iso hipócrita, intenta descubrir a perversa confusión entre os medios e os fins que ten a disciplina da economía. O libro consta de once relatos que teñen como eixo temático central o proceso económico e as circunstancias que derivan del. Nestas historias de economía denuncia as trabas á libre circulación de persoas cando se fomenta a libre circulación do capital financeiro e das mercadorías, a perversa superación dos límites éticos que a

sociedade lles impón aos mercadores, o sutil mecanismo da especulación inmobiliaria, a abafante mercantilización da arte, o abuso da análise económica nos asuntos máis triviais, a escura rede de contactos que agochan as escolas de xerentes, a intrínseca contradición da ética nos negocios, o circuíto B do diñeiro, as lerias dos grupos de presión ou, mesmo a disección do sexo como tema económico. Estes son, entre outros, os temas fundamentais deste libro que ofrece unha imaxe moi distinta á habitual da economía.

Calvo Varela, Paloma, *A vinganza da Mantis*, prólogo de Henrique Rabuñal, A Coruña: Espiral Maior/Concellaría de Cultura de Arteixo, col. Narrativa, n.º 43, abril 2007, 215 pp. (ISBN: 84-96475-55-7). ■

Primeira obra publicada de Paloma Calvo Varela (Arteixo, 1986) que leva un prólogo de Henrique Rabuñal titulado "Benvida á casa, Paloma", no que lle dá a benvida á literatura galega "con ese libro prometedor". Son once os relatos que en conxunto tratan diversos temas relacionados coa vida da mocidade actual, a excepción do primeiro "Das batallas que non se gañan", que é un texto lírico no que se asiste aos últimos momentos da vida dun home vencido pola enfermidade. O resto das historias inclúen unha relación prohibida co mozo dunha amiga, a caída nas drogas, un accidente de tráfico que remata en parálise, varias vinganzas, a historia dunha obsesión, un intento de suicidio e unha borracheira. Manéxanse diversas técnicas narrativas, entre elas o monólogo, o contrapunto, hai algúns diálogos e tamén unha carta. Moitas das personaxes reflexionan sobre os seus erros e volven sobre eles, para reincidir ou remedialos. Sobresae tamén un uso da ironía e do humor para enfrontarse ás situacións da vida. Os títulos dos relatos adoitan combinar o elemento temático co metafórico, e moitas veces engaden matices á interpretación ou referencias de diversos tipos, como por exemplo "Afrodita, século XXI" ou "A vinganza da mantis".

Recensións:

- Vicente Araguas, "Teimas dos insectos", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 441, "Libros", 12 agosto 2007, p. 20.

Coméntase deste primeiro libro que a autora apunta maneiras de escritora cun estilo coidado e que combina sabiamente descrición e diálogo. Dise que lembra a Kafka e ao Ferrín dos comezos. Achácanselle, no entanto, certa reiteración e certa inclinación á perversidade. Anótase que leva prólogo de Henrique Rabuñal.

- Xosé María Eyré, "Once relatos arredor do amor", *A Nosa Terra*, n.º 1.276, "Cultura", 12-18 xullo do 2007, p. 26.

Comeza por dar noticia dos galardóns de que foi merecedora esta autora e da importancia que os premios dese tipo teñen para darlle ilusión aos mozos que se inician na literatura. A seguir explícase que se trata dun libro de relatos, fálase dos que lle parecen mellores e das temáticas que tocan e tamén do prólogo de Henrique Rabuñal. Por último, anótase que a autora non domina ben o ritmo pero que o compensa con finais climáticos, e que non se pode permitir que o libro teña graves problemas lingüísticos.

- Dorinda Castro Soliño, “Palabras de mocidade. Con protagonismo feminino”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 219, “Libros”, 4 outubro 2007, p. IV.

Comézase facendo un repaso polos premios literarios acadados pola escritora de vinte e un anos Paloma Calvo Varela para despois centrarse na descrición deste volume. Indícase que conta cun prólogo de H. Rabuñal e que *A vinganza da mantis* é un conxunto de once relatos protagonizados por mozos de ambos sexos, aínda que destacan as voces femininas.

Referencias varias:

- A.A., “Escribo, máis que nada, para matar pantasmas”, *La Voz de Galicia*, “A pie de calle”, 22 maio 2007, p. 12.

Entrevista na que a autora xustifica a diversidade de xéneros na súa obra co feito de que se trate dun libro de presentación, ademais de ter que ver co desexo de exteriorizar as súas ansias creativas. Asemade, asegura ter proxectos para un próximo libro.

- A.L., “Un novo rostro literario”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 22 maio 2007, p. 33.

Refírese á presentación do primeiro libro desta autora, merecedora xa de varios premios de poesía e narrativa con vinteún anos. Unha escolma de todos eses textos, producidos nunha mesma época, recóllense nesta obra.

- Albino Mallo, “Desexo e vacuidade”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 10 agosto 2007, p. 27.

Dá noticia da presentación na Feira do Libro da Coruña do primeiro libro de Paloma Calvo Varela, arroupada por Miguel Anxo Fernán Vello e por Henrique Rabuñal. Dise que a autora xa fora merecedora de varios galardóns de poesía e de narrativa e que considera que os relatos son un xénero con vida propia. Por último, apúntanse algúns dos seus autores de referencia e tamén que está a traballar nun libro de poemas e nunha novela.

Caride Ogando, Ramón, *O frío azul*, Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta 2007, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa. Narrativa, 2007, 122 pp. (ISBN: 978-84-7824-540-6).

Novela curta de Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) na que, xogando con trazos da novela histórica, sitúa os feitos narrados no século XVI no Mosteiro de Oseira. Ábrese cunha breve introdución que sitúa ao lectorado no lugar da Fala, entre Valverde, As Ellas e San Martín, no noroeste de Cáceres, no que se levou a cabo a repoboación con xente galega, o que determinou as súas peculiares características. A seguir, aparecen doce capítulos titulados e numerados, ao longo dos que se narra como Egas, o vinculeiro de Doncos, nos Ancares, chega ao mosteiro de Oseira cun vulto do que non se arreda. Na súa chegada Egas esixe ver ao abade, mais é retido durante varios días nunha cela, agardando ser recibido. Cando o levan ante este home, comeza entre ambos unha conversa na que se van desvelando os enigmas que envolven ao Abade e o achado dun anel igual que o que el porta. O abade de Oseira, Lourenzo de Navascues, conde do

Nalón e da Mesa, pon a Egas en antecedentes narrándolle a súa vida. Cóntalle como na mocidade foi guerreiro na fronteira co imperio mourisco e logo Adiantado da Raíña Isabel a Católica. Explica que estivo en Toledo, onde levou a cabo prácticas de nigromancia e onde se comprometeu co seu amigo Servando a que o que morrera primeiro volvería para dicirlle ao outro cómo era o Alén. Continúa a súa andaina cara ao val do Xálima, onde levou a cabo un forte lavor inquisitorial, condenando a centos de persoas á fogueira. Durante este tempo coñeceu a Xálima, unha fermosa moza mourisca, irmá dunha adolescente condenada á fogueira. Lourenzo de Navascues conta como se namoraron e decidiu salvala para fuxir ao norte con ela. A parella instalouse no val do Avia, onde eran felices, até que Servando, o amigo morto e compañeiro de nigromancia, se lle presentou e lle deixou como sinal da súa visita a man dereita seca, prognosticándolle a condena. Dende este momento todo mudou na vida do Abade, que viu como a súa amada morría durante o parto da súa primeira filla, á que chamou Ildara, e á que decidiu enviar cun home da súa confianza, Marcón, orixinario dos Ancares. É alí onde se cría a nena e coñece a Egas, co que se compromete para casar. No entanto, pouco antes da voda, Egas sae de caza e durante a noite abate a unha cerva branca, que en realidade é Ildara, enfeitizada. A partir deste momento Egas de Doncos busca as respostas a tal feito, o que o leva, seguindo o anel de familia que Ildara portaba, até o Abade de Oseira. Cando o mozo coñece toda a verdade e quere golpear ao Abade para vingarse, descobre que non ten forzas, posto que durante os días que permaneceu agardando para falar con el foi envelenado, o que condena a Egas á morte e a levar o segredo desvelado á tumba. No entanto, o Abade, arrogante, desalmado e sometedor da xente dos arredores do mosteiro acabará morto a mans dun grupo de agricultores nunha vella canella. Péchase a obra cunha nota do autor, na que apunta algúns datos sobre os feitos reais nos que está baseada a obra e as licenzas que se permitiu, así como a súa fascinación por Oseira.

Carré, Héctor, *Diario do impostor*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 241, marzo 2007, 390 pp. (ISBN: 978-84-9782-539-9).

Cunha mestura de comicidade e intriga, Hector Carré (A Coruña, 1960) leva os seus coñecementos cinematográficos a esta novela. O argumento céntrase na figura do informático Onofre Garciya que, entre guionistas, produtores, actores, músicos e matóns, dálle un cambio radical á súa vida facéndose pasar por director de cinema só por tratar de impresionar a unha moza. Ao longo das páxinas, estruturadas en corenta e dúas seccións, non faltan referencias aos galegos que van para Madrid. Polo contido temático, *Diario do impostor* podería dividirse en tres partes. No inicio, a trama xira ao redor da vida de Onofre antes de converterse accidentalmente en director; a parte central, que comprende boa parte da obra, céntrase nas peripecias do protagonista no eido do cine; o final correspóndese cos últimos días do Onofre cinematográfico. Os diálogos, reflexións e detalles dan amenidade e ritmo a unha obra escrita en forma de diario e en primeira persoa, que leva o lector ao mundo do cine, fío condutor de todo o relato. A linguaxe, dirixida a todos os públicos, inclúe termos propios do eido informático e do cinematográfico.

Recensións:

- Rodri García, "Unha comedia case dramática", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 214, "Letras en Galego", 9 xuño 2007, p. 12.

Explícase que a experiencia no mundo do cine de Héctor Carré, recollida nun diario escrito hai dez anos, é o punto de partida desta novela repleta dos mitos e realidades das rodaxes. Onofre Garciya, personaxe chamado así en referencia a José Luis Garci, preséntase como director de cine para intentar ligar con María. O crítico opina que a historia consegue manter en tensión ao lector pola posibilidade de que se descubra a verdadeira identidade do impostor en momentos críticos como a presentación da película á prensa.

- Uxía Casal, "Sen folgos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 11.

Comenta esta novela na que un programador de ordenadores se fai pasar por un director de cine para conquistar unha rapaza que resulta ser produtora de cine e recoméndao para dirixir unha película. A obra ambiéntase nos anos noventa e supón unha lectura moi agradábel até que comeza a empregar unha linguaxe cinematográfica moi técnica e específica e empeza a repetirse no que se refire ao arrepentimento do rapaz por meterse nese lío, polo que a narración se vai facendo lenta e repetitiva e dá a sensación de estancamento da acción. Segundo Casal, tamén se observa unha incoherencia en canto ao narrador, xa que a pesar de ser unha historia contada en primeira persoa polo protagonista, este sabe o que pensan os outros personaxes.

- Xosé M. Eyré, "O cinema por dentro. Héctor Carré descobre o intrusismo e as maneiras de facer películas", *A Nosa Terra*, n.º 1.281, "Cultura", 20-26 setembro 2007, p. 26.

Comenta que estamos perante unha novela ambientada no intrusismo dentro do mundo do cinema onde a ironía se converte no motor principal do discurso. Di que o obxectivo do autor era o contar como é todo o proceso que ten que ver coa creación dun filme e reflexiona sobre a mentira de Onofre García que o leva a ser director de cinema e como a súa actitude cada vez se volve máis perigosa. Finalmente o recensionista apunta que a parodia deste volume debe ser tomada en serio.

- Ramón Nicolás, "Cinema e ficción", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 214, 5 xullo 2007, p. 5.

Fálase desta primeira novela de Héctor Carré, axudante de dirección, guionista de series de televisión e director de cinema. Reflicte o argumento e salienta a filiación dela coa comedia, o interesante achegamento á realidade do mundo das rodaxes cinematográficas e de todo o que as rodea, e a filiación secundaria coa novela negra.

Referencias varias:

- Albino Mallo, "Héctor Carré presenta o 'Diario do impostor", *El Correo Gallego*, "Cultura", 28 abril 2007, p. 76.

Dáse conta da presentación da novela na Galería de Sargadelos de Coruña polo director da editorial Xerais, Manuel Bragado, e polo escrito e crítico cinematográfico, Miguel Anxo Fernández. Recóllense as palabras do autor sobre a súa propia obra, considerada

como unha historia chea de humor que reflicte moitas circunstancias do cine.

- Juan Fernán, "Diario do impostor", *El Ideal Gallego*, "Vivir en A Coruña", 29 abril 2007, p. 6.

Fai referencia á primeira e única novela que acaba de escribir Héctor Carré, *Diario do impostor*, a cal define o seu autor como "unha comedia sobre o noso mundo tolo". Dá conta do argumento do libro que se centra na mentira do protagonista de ser director de cine e, de seguido, achega un resumo da biografía de Héctor Carré, principalmente da súa traxectoria e os éxitos no mundo do cine.

- Miguelanxo Fernández, "Entre a cámara e o bolígrafo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 213, "Cine/Galicia", 2 xuño 2007, p. 15.

Faise eco da relación entre cine e literatura e dos directores de cine que acuden á literatura pola súa necesidade de escribir historias como Chano Piñeiro, con *Conversas no vento*, volume que recolle as columnas escritas no *Faro de Vigo*; Raúl Veiga co seu guión *Continental* e *Esta noite no cine*, ensaio que analiza seis películas; Ángel de la Cruz coa novela *Compostellanum* (2004), finalista do Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia*, e *O descenso do derradeiro ocaso* (2005), gañadora do cuarto Premio de Novela por Entregas; Carlos Amil con *Benaventurados os que aman* (2005) e, por último, Héctor Carré que acaba de presentar *Diario do impostor*, novela de humor ácido e singular ironía.

Casas, Patricia, *Teselas de cidade*, III Premio-Biblos Pazos de Galicia, Cesuras: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, 2007, 174 pp. (ISBN: 978-84-936001-0-5).

Patricia Casas Vázquez (A Coruña, 1983). En elementos paratextuais da obra ofrece os nomes dos membros do xurado que lle outorgou o premio, a saber Alberto Ramos, Camilo Franco, Tucho Calvo e Helena Villar, a cal foi titora da autora nos momentos finais da redacción da novela. A obra contén varias historias independentes que teñen en común o marco no que se desenvolven, a cidade da Coruña, e tamén a relación casual que constitúe a alma da propia cidade. A historia transcorre polos lugares máis significativos da cidade herculina: o paseo marítimo, os xardíns de Méndez Núñez, a torre de Hércules, as rúas do centro da cidade, o parque de Santa Margarida… Estes diferentes sitios serven para enlazar as historias dos protagonistas: unha rapaza nova que quere ser poeta, un matrimonio separado que teñen un negocio en común e que queren vender, unha rapaza francesa, Ceci, que descobre que é adoptada, unha parella de xoves namorados que están a pasar uns días de vacacións antes de separárense por motivos de traballo… Estes personaxes non teñen a penas relación entre si, é a propia cidade a que os vai xuntando no decorrer da historia, todos eles son as teselas da cidade.

Referencias varias:

- Albino Mallo, "Héctor Carré presenta o 'Diario do impostor", *El Correo Gallego*, "Cultura", 28 abril 2007, p. 76.

Dá noticia da presentación desta novela na Galería Sargadelos da Coruña que dirixe a poeta Yolanda Castaño. Dise que o autor estivo acompañado de Manuel Bragado e de

Miguel Anxo Fernández. Anótase que é unha historia de humor sobre o mundo do cine que xorde a raíz de que un personaxe se fai pasar por director de cinema sen selo para logo acabar rodando unha película e aprendendo a facelo sobre a marcha.

- C.F., "Novela urbana sobre o rural", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 outubro 2007, p. 55

Infórmase do proceso de elaboración da obra nun contorno rural e moi tranquilo. A autora, asesorada por Helena Villar, constrúe unha historia coa cidade d'A Coruña como protagonista. A partir das súas suxestións sobre o desenvolvemento e sobre o uso dalgunhas palabras, a autora toma as súas propias decisións e síntese plenamente responsábel da súa novela.

Castro Veloso, Francisco, *As palabras da néboa*, XIX Premio García Barros 2007, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 250, 2007, 303 pp. (ISBN: 978-84-9865-021-1).

Esta novela de Francisco Castro (Vigo, 1966) está situada historicamente entre o século XV e XVI e reflicte un momento político e social crucial para a Galicia daquel momento. É a historia de tres protagonistas: un indiano aventureiro que volta do Novo Mundo e que ten que liderar unha revolta campesiña, un señor feudal que non desexa ocupar o posto que por natureza lle corresponde, e unha muller que é capaz de transformar o mundo e a realidade só coas súas palabras. Cada un destes personaxes principais tense que enfrontar ao seu destino e acometer diferentes feitos nunha Galicia onde os Irmandiños e a Santa Inquisición son o pano de fondo onde o novelista sitúa o seu relato de meigallos, conflitos bélicos, libros prohibidos, violencia e, sobre todo, soños e liberdade.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Entre a néboa e as palabras", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 383, "Musas", 16 decembro 2007, p. 52.

Entrevista na que Francisco Castro considera que esta novela é sen dúbida da que está máis orgulloso. Comenta que estivo a traballar na súa documentación e nos seus tres personaxes un ano e que agora está a rematar outra novela pero que aínda lle custa que se lle vaian da cabeza os de *As palabras na néboa*.

Cerradelo, Silverio, *Os paxaros tamén migran ao sur*, VI Certame de Creación Literaria Terra de Melide, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 237, 2007, 166 pp. (ISBN: 978-84-9872-529-0).

Silverio Cerradelo (Ourense, 1964) estréase na narrativa con esta novela que indaga no tema do amor e nas transformacións que este implica –feito no que incide a cita que encabeza a historia, extraída de *A educación sentimental*, de Gustave Flaubert–, ao tempo que se dá entrada ao erotismo e ao sexo e se aborda tamén un amplo abano de sensacións como a angustia existencial ou a soidade que rodean os personaxes. O volume ábrese cun "Limiar" no que o autor explica os motivos que o levaron a escribir

esta historia, baseada nunha historia real segundo indica, e sinala que para a súa redacción definitiva traballou con tres versións escritas en catalán, castelán e galego. O discurso constrúese a través da primeira persoa narrativa, utilizando o diario de Jordi, un estudante de doutoramento en Bioloxía que vai dando do conta do que lle acontece a partir de que coñece a Eva, unha rapaza alemá, en Barcelona, escenario urbano que conta cun gran protagonismo na trama. O diario acolle as reflexións sobre as súas vivencias e mesmo as súas impresión sobre o que escribe e a reprodución de diálogos entre os personaxes. Jordi namórase a primeira vista de Eva dende o intre no que a ve entrar nun bar e a partir de entón trata de coincidir con ela para coñecela. Axiña nace un fermoso romance no que aos poucos Jordi queda preso da liberdade, a frescura, a espontaneidade e tamén da beleza de Eva, mentres que ela goza da serenidade, a paz e o apoio que el lle ofrece. Jordi non tarda en descubrir que Eva é adicta á heroína e que se prostitúe para poder drogarse, pero nada lle importa, pois está convencido de que poderá sacala dese mundo. Tras intentar desintoxicarse dúas veces na súa cidade natal, Hamburgo, Eva decide suicidarse, xa que non pode máis con esa vida marxinal que tanto fascina a Jordi. A cuberta da obra reproduce un cadro de Van Gogh, porque este é un dos moitos agasallos que Jordi lle fai á Eva para conquistala.

Recensións:

- Natalia Noguerol, "Destacan a ousadía da obra que gañou o premio Terra de Melide", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 15 abril 2007, p. L14.

Infórmase do acto de presentación da publicación desta obra, gañadora da sexta edición do premio de narrativa inédita galega Terra de Melide. O director de Edicións Xerais de Galicia, Manuel Bragado, salientou o valor do certame para atopar novas voces narrativas e fixo fincapé na singularidade, frescura e diferenza desta novela que narra unha historia de amor transgresora. Tamén salientou o caracter de novela social, que cuestiona o consumismo e a dificultade da comunicación humana, a elegancia e beleza da escrita a través dunha "prosa dialectal", a ambientación coidada, o "elegante tratamento do erotismo". Finalmente o propio autor define á novela como "moi atrevida e de literatura diferente, do gusto de xente que ten inquedanza vital de coñecer realidades diferentes".

- Manuel Vidal Villaverde, "Os paxaros tamén migran ao sur", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 348, "Musas", 22 abril 2007, p. 51.

Reprodúcese a entrevista mantida co autor desta obra, que repasa a súa traxectoria literaria ao mesmo tempo que realiza un perfil autobiográfico de si mesmo e declara estar a facer as últimas correccións de *O vendedor ambulante*, a súa próxima novela.

- Ana Abelenda, "Vivir na procura da felicidade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", "Letras en Galego", 19 maio 2007, p. 12.

Defínese a obra, na que se relata unha historia de amor no convencional, como tenra e sensual. Da relación entre os protagonistas saliéntanse tres aspectos: instinto, transparencia e liberdade. Asemade, existe unha compoñente erótica como fío da historia e unha cidade como pano de fondo simbólico: Barcelona. Interprétase que a intención do autor é reivindicar o feito de vivir procurando a felicidade.

- Armando Requeixo, “O infinito humano”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 429, “Libros”, 20 maio 2007, p. 21.

A partir desta obra, escrita ao longo de quince anos, realízase un percorrido pola vivencia amorosa da parella protagonista a través dunha narración a modo de diario do mozo que bota a vista atrás en un intento de clarificar as súas vivencias. Dáse especial importancia á súa relación sexual, entendida como un modo de achegarse á fusión espiritual. Respecto ao discurso, salienta a súa sinxeleza estrutural e a austeridade estilística, aínda que acusa certa falta de credibilidade a conta das descricións dos personaxes e do abuso das solucións previsíbeis.

- X. Carlos Hidalgo Lomba, “Naïf, hoxe”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 3, “proPostas”, verán 2007, p. 11.

Cóntase que é esta unha novela cunha prosa sinxela e escrita en tres idiomas (castelán, catalán e galego) a partir de centos de notas manuscritas, nas que o protagonista intenta afastarse dunha sociedade viciada converténdose no amante dunha prostituta. A obra sitúase na Barcelona postolímpica habitada por inmigrantes, principalmente.

- Xosé M. Eyré, “O imperio dos sentidos”, *A Nosa Terra*, n.º 1.272, “Cultura”, 14-20 xuño 2007, p. 26.

Refírese ao filme de Nagisha Oshima no título deste artigo pola semellanza coa novela respecto á delicadeza con que trata o tema do sexo, mostrado como unha experiencia sensorial de carácter íntimo. A relación da parella acapara todo o protagonismo da historia, marcada polos sentimentos que experimentan ambos, até chegar á necesidade vital de estar xuntos. Da linguaxe salienta a súa sinxeleza e accesibilidade, mentres que se manifesta botar en falta unha terceira persoa narradora que complementase o caderno de notas do protagonista masculino.

- Francisco Martínez Bouzas, “Novela social”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 204, 30 xuño 2007, p. 7/Faro *de Vigo*, “*Faro da Cultura*”*,* n.º 212, 21 xuño 2007, p.V.

Indícase que a novela, primeira entrega dunha triloxía sobre Barcelona e ópera prima do autor, mostra un camiño alleo á narrativa convencional. Da historia de amor entre os protagonistas saliéntanse varios núcleos temáticos: a transformación que o amor produce nas persoas, a experiencia da liberdade, a sensualidade, a sexualidade ou a descuberta dos barrios máis pobres da cidade condal. Así, clasifícase como unha novela social con compoñentes románticos.

Referencias varias:

- Ana Abelenda, “A modernidade é a marca da literatura galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 abril 2007, p. 35.

Entrevista ao escritor Silverio Cerradelo a propósito da presentación da súa novela. Dise que narra unha historia de amor que transcorre en Barcelona e que trata o problema da

incomunicación humana e afirma o autor que a escribiu en galego porque así o sentía e que a lingua non morrerá se medra a conciencia lingüística.

- Xosé Carlos Caneiro, "Vivir para vivir", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 212, "Club dandi", 26 maio 2007, p. 7.

O autor reflexiona sobre a novela despois de ler *Se algún día esta muller morta* (2006), de Miguel Sande ou *Os paxaros tamén migran ao Sur*, de Silveiro Cerradelo. Segundo Caneiro, as novelas deben achegar coñecemento, a literatura debe estar viva, vivir para vivir.

Conde, Alfredo, *María das Batallas*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 245, 2007, 306 pp. (ISBN: 978-84-7154-114-7).

Novela que narra o acontecemento histórico vivido na Coruña cando María Pita defendeu a cidade do ataque das tropas de sir Francis Drake**.** O nó da novela céntrase na figura da heroína, pero sen continuar a visión romántica da personaxe, céntrase noutros detalles coma os numerosísimos preitos que sostivo ao longo da súa vida e os intereses non sempre heroicos que a animaban, como a pretensión de ser alférez ou a de lograr do Rei a franquicia para comerciar co viño de Porto, cousas que non lle foron concedidas. A novela de Alfredo Conde (Allariz, Ourense, 1945) supón un total achegamento á época histórica. Dende o punto de vista estrutural a obra está dividida en diversos capítulos a modo de diario no que se recollen as datas e a localización dos acontecementos.

Recensións:

- Ramón Loureiro, "Máis alá da lenda, María Pita", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 224, 18 agosto 2007, p. 10.

Fálase desta novela, a máis recente de Alfredo Conde, como un cumio na súa carreira literaria sen entrar a discutir se é mellor ou peor que *Xa vai o griffón no vento*. Dise que o autor dubidara entre varios títulos e que convida ao lector a escoller o que máis lle prouguer. Por último, anota que era necesaria esta revisión do mito, dende unha perspectiva moderna, para lembrar o seu heroísmo e todo o que envolveu a súa vida.

- Xulio Valcárcel, "María das Batallas", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 483, "Páxina literaria", 9 setembro 2007, p. 4.

Indica que esta novela ten como escenario a cidade da Coruña e como protagonista a María Pita e que asemade presenta gran viveza nos personaxes cunha gran dose de realismo e credibilidade. Comenta que é unha novela histórica e de intriga cunha atinada documentación na que o seu autor alén do mito de María Pita, recrea o tempo e os acontecementos históricos.

- Delfín Caseiro, "A épica da existencia", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 4, "proPostas", outono 2007, p. 7.

Dinos que con esta novela de Alfredo Conde se demostra, unha vez máis , o gusto deste escritor polos acontecementos e personaxes históricos. Salienta tres voces narrativas: un narrador omnisciente anónimo, unha filla de María Pita e un parente de Francis Drake que nos contan a historia da cidade da Coruña e a historia destes dous personaxes enfrontados; isto provoca que a narración sexa áxil aínda que conte cun estilo moi barroco onde a cidade da Coruña ten que impedir que a frota inglesa lle arrebate o seu espazo marítimo. A filla de María Pita fálanos, dende un punto de vista realista, da heroína como unha muller combativa que tivo que sobrevivir nunha sociedade machista. O parente de Drake, a pesar da admiración que lle profesa, descríbeo como un home ambicioso e déspota. Polo tanto, nesta novela non só se narran uns feitos senón que tamén se nos mostra a vida interior dos protagonistas para entender o desexo de liberdade dos humanos que están baixo a presión da sociedade. De feito esta novela significa o recoñecemento ao labor das mulleres para a conquista da liberdade en situacións extremas nas que flúen sentimentos como o odio e a ira.

- Vicente Araguas, "O silencio da guerra", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 453, "Libros", 4 novembro 2007, p. 20.

Infórmase de que Alfredo Conde dá, unha vez máis, o seu toque persoal a unha novela "con rustrido de feitos aproximadamente verídicos" e que o seu autor representa un sobranceiro narrador épico. Desta novela indícase que é de narrador omnisciente, destácase a frescura dos feitos cotiáns e remátase destacando que merece ser lida por quen desexe coñecer a María Pita.

- Dolores Martínez Torres, "Novelar a Historia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 224, "Libros", 8 novembro 2007, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 161, "Lecturas", 17 de novembro, p.10.

Comenta que esta novela se alicerza en datos rigorosamente históricos pero que á súa vez constitúe unha novela de ficción. Afirma que se trata dunha "crónica novelada" que reflicte a condición humana dos heroes e máis a relatividade das vitorias e debulla a importancia das tres voces narradoras que presenta *María das batallas* e que nos ofrecen distintos puntos de vista sobre a o asalto á Coruña e como a batalla se insire nas biografías dos tres narradores, onde se subliña a John Hawkins, curmán de Drake, e mais a Francisca Arratia, filla de María Pita.

Referencias varias:

- maré, "Alfredo Conde presenta nova obra na Feira do Libro da Coruña", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 xullo 2007, p. 29.

Anúnciase a presentación na Feira do Libro da Coruña desta obra de Alfredo Conde, na que participará co autor Vítor Freixanes e José María Paz Gago, entre outros. Anótase tamén a próxima presentación de *Eume*, de César Antonio Molina.

- maré, "A Coruña, século XVI", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 agosto 2007, p. 29.

Dáse conta da presentación da Coruña deste libro, cualificado de novela histórica. De feito, saliéntase o rigor na súa documentación , algo que permite dar intensidade á narración e ofrecer distintos puntos de vista ao lector a través dos distintos personaxes.

- Albino Mallo, “Alfredo Conde: Habitei en máis séculos que ningún outro”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 2 agosto 2007, p. 67.

Entrevista a Alfredo Conde co gallo da publicación desta obra. Durante ela, o escritor afirma que necesitou de moito traballo de documentación, que a novela inclúe tres versións do cerco da Coruña polos ingleses no 1589 e que se chega a haber unha película haberaa cando xurda. A maiores diso, di que saíu en galego antes que en castelán para que non se diga que a edición castelá afogou a galega, que lle resulta difícil manter o ritmo de escrita dunha columna diaria na prensa e que a lingua galega camiña cara á dialectalización.

- Camilo Franco, “María Pita foi unha muller ambiciosa e Drake un pirata”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 agosto 2007, p. 44.

Entrevista a Alfredo Conde co gallo da presentación da súa novela. Nela o escritor afirma que tratou dos personaxes históricos de cuxa fama dependían ambos, e que ela foi unha muller ambiciosa e el un pirata. Di tamén que María Pita foi moi batalladora pero nos xulgados onde máis, e que a técnica cinematográfica que emprega aquí se debe ao que dicía Pasolini de que non se pode escribir como se non existise o cine.

- Paola Obelleiro, “Alfredo Conde recrea el asalto a A Coruña de las tropas de Drake”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 2 agosto 2007, p. 27.

Dá noticia da publicación desta obra de Alfredo Conde, e explica pormenorizadamente a historia que conta e o rigoroso traballo de documentación do autor, amante da historia, para narrar os feitos o máis similarmente posíbel a como sucederon. Advírtese que se trata dunha crónica novelada, non dunha novela histórica, e que existen tres grandes historias cruzadas, a de María Pita, narrada por unha filla súa, a de Drake, na voz dun sobriño, e a versión popular do cerco relatada por un narrador omnisciente.

- Nagore Menayo, “Alfredo Conde, escritor: ‘Tengo más novelas en la cabeza que vida para escribirlas”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, “Cultura”, 4 agosto 2007, p. 15.

Entrevista a Alfredo Conde a propósito da súa última novela, *María das batallas*, título que se di lle foi suxerido por un membro da editorial, posto que el pensara noutros como *La patria oscura*. O autor afirma que as versións de María Pita, a de Drake e a do narrador omnisciente poden converxer porque ningunha conta a verdade da historia. Afirma tamén que el conta a vida de María Pita, non só durante o cerco da Coruña, senón máis alá del. Por último, di que el sempre quixo ser escritor e que iso é o que é por riba de todo o demais.

- Xosé Carlos Caneiro, “A literatura sobrevive”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 233, “Club dandi”, 20 outubro 2007, p. 13.

Coméntanse as obras *O señor Lugrís e a negra sombra*, de Luís Rei Núñez, e mais *María das batallas*, de Alfredo Conde. De ambas as obras destácase que reafirman con intensidade a calidade narrativa galega e que teñen en común a cidade da Coruña . Con respecto á obra de A. Conde coméntase que é unha novela histórica, ben trazada, aventureira e mais divertida.

- César Lorenzo Gil, "Alfredo Conde: Son o galego que viviu en máis séculos", *A Nosa Terra*, n.º 1.287, "Cultura", 1 novembro-3 decembro 2007, p. 29.

Nesta conversa Alfredo Conde reflexiona sobre o papel da tradución dentro da literatura galega, sobre o pouco cultivo que está a ter a novela histórica en galego e sobre das poucas semellanzas entre *Xa vai o Griffon no vento* e *María das Batallas*. Deste último libro indica que é a súa décimo cuarta novela e que nela emprega un narrador omnisciente para contar a realidade dos feitos.

- Alfredo Conde, "Momentos que quentan a alma", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 23 decembro 2007, p. 4.

Comenta a súa estancia en Ourense na que se alegrou moito de ver como na Biblioteca Pública de Ourense dous alumnos de dous IES da capital ourensá reflexionaron co autor de *María das Batallas*, acto que o propio articulista cualificou de "momento na vida que dá quentor á alma".

Diéguez, Lois, *O canto do muecín*, Vigo: A Nosa Terra Central Literaria, febreiro 2007, 584 pp. (ISBN: 978-84-8341-144-5).

Unha viaxe organizada que ten como destino Siria é o punto de partida desta novela de Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944) para narrar a peripecia vital e as transformacións que se van producindo en Sara Cereixo, unha animadora cultural que viaxa a este país para tentar superar a morte de súa nai. Traba amizades e odios cos membros do seu grupo e vive unha desagradábel experiencia cando un misterioso home intenta abusar sexualmente dela. Mentres, a viaxe avanza, guiada polos exactos comentarios do sirio Assad, Sara remata por namorarse perdidamente del e ese amor remata por converterse no núcleo de toda a historia. Os encontros furtivos, o sufrimento ao saber que está casado e ten unha filla, o medo ao que dirán, non son óbice para que Sara se decate do difícil que será a vida sen el cando retorne a Galicia. Polo medio xorden amores e leas entre o resto dos viaxeiros e vaise desvelando a identidade dos varios abusadores, en relación coa turbulenta vida dun dos turistas do grupo, un xornalista con ansias de ascenso laboral e poucos escrúpulos. A burbulla na que Sara se sentira protexida en Siria das pantasmas do pasado racha coa inevitabel volta a Galicia e a separación de Assad. A parella promete manter o contacto e a partir de aí, a novela convértese nun conxunto de reflexións que ela manda vía carta ao guía, contándolle como van as cousas e informándoo duna nova que os dous desexaban: está embarazada. Ese ton de xúbilo remata na última misiva, na que se lle comunica a Assad que Sara morreu atropelada e que só queda a esperanza de que o neno que levaba no ventre sobreviva. A carta, ademais, preséntase inconclusa, deixando unha sensación de desacougo no lector aínda maior. A novela evoluciona dende a literatura de viaxes na súa primeira parte até a primacía do aspecto emocional a partir do namoramento dos protagonistas. Non obstante, a trama aparece en todo momento percorrida de datos históricos e curiosidades de Siria, un documento xeográfico.

Recensións:

- David Varela Vázquez, "Diéguez, L: *O canto do muecín*, 2007", *Lvcensia. Miscelánea de Cultura e Investigación*, n.º 35 (Vol. XVII), "Libros", 2007, pp. 392.

Comentario sobre a obra que o seu fío condutor é unha viaxe a Siria dun grupo de galegos e da estrutura da obra en dez xornadas da viaxe nas que se abordan os temas da morte, o amor e a apertura a outras culturas e que reflicte a relación entre Oriente e Occidente. Dise que, no tocante ao estilo literario, combina diversos xéneros como aventuras ou novela policíaca cun "estilo directo e fresco". Sinálase que os personaxes son diversos na súa maneira de afrontar a vida e na súa visión da realidade. A obra remata cunha sección "o tempo que che pido", posterior ao viaxe, que recolle as cartas de amor de Sara dende Valmonte ao seu amor Assad en Siria.

- Manuel López Foxo, "Lois Diéguez íntimo e universal", *A Nosa Terra*, n.º 1279, 6-12 setembro, p. 27.

Neste artigo sitúase ao autor á altura dos persoeiros máis senlleiros da literatura galega, como Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor ou Xosé Luís Méndez Ferrín, para despois repasar a súa traxectoria literaria, da que saliéntanse títulos como *A Torre de Babel* ou *A canción do vagabundo*. D'*O canto do muecín* coméntase que ten moito de experiencia persoal e imaxinación, pero tamén de aproximación á cultura, á historia e á realidade de Oriente. Como nota negativa apúntase que a crónica das vivencias de personaxes secundarios carga demasiado de detalles a historia.

- Xosé M. Eyré, "Dez días en Siria. Lois Diéguez analiza a manipulación social a través dunha viaxe", *A Nosa Terra*, n.º 1.280, "Cultura", 13-19 setembro 2007, p. 26.

Afírmase que este libro é a crónica dunha viaxe de dez días que comeza en Siria e remata en Xordania. Destaca que en cada capítulo se narra o episodio de cada día que cada vez son máis longos e densos. Tamén que na novela hai moito de psicanálise da sociedade. Asemade refírese á densidade do volume de aí que indique que o lector agradecería "o emprego dalgúns recursos que lle fosen lembrando o desenvolvemento do relativo aos ataques ás mulleres". Finalmente apunta que ao lector non lle quedará outra que recoñecer as similitudes entre Galiza e Siria.

- Montse Pena Presas, "Tendendo pontes", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 218, "Libros", 27 setembro 2007, p. V.

Logo de se referir brevemente a *A casa de Galiaz* (2003) céntrase na descrición desta obra. Indica que é un texto no que se conxugan varios subxéneros narrativos que se van entretecendo para artellar unha prosa singular e na que se nos narran as dez xornadas dunha viaxe realizada por un grupo de galegos a Siria. Comenta que nesta novela se deconstrúen certos tópicos dos países musulmán, critica a abundancia dos personaxes secundarios e remata aconsellando a súa lectura a quen desexe achegarse a Oriente Medio.

Referencias varias:

- Xan Carballa, "Lois Diéguez. 'As viaxes obrigan a sincerarse", *A Nosa Terra*, n.º 1.263, "Cultura", 12-18 abril 2007, p. 29.

Nesta entrevista o autor declara que este libro, o décimo quinto da súa carreira, é como un compendio da obra que leva realizada. Ao mesmo tempo, descríbea como unha novela de aventuras, policiaca, de amor, de viaxes... que representa un contraste de culturas vividas ou referenciadas. Pese aos riscos de erros e inexactitudes que comprende situar a trama nun país exótico, o autor agarda que se teña en conta a súa boa intención de entrar nesa cultura.

- S.J., "Lois Diéguez novela 'a viaxe como tranformadora de preconceptos", *El Progreso*, "Cultura", 27 abril 2007, p. 87.

Saliéntase que esta novela, de case seiscentas páxinas, se narra a viaxe dun grupo de galegos a Siria e as mudanzas que a viaxe provoca nos personaxes. Dáse conta dunhas palabras de Afonso Eyré sobre a obra para concluír dicindo que os dous mundos converxen a través das vivencias dos viaxeiros.

- maré, "Moitas das nosas claves están alí", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 xuño 2007, p. 29.

Dáse conta da presentación desta novela na Coruña cun espectáculo visual no que participan Lino Braxe, Pilar García Negro ou Isidro Novo, entre outros. Aínda que a novela xurdiu da propia experiencia do escritor por Siria, este afirma ter respectado outros puntos de vista, contidos nas voces dos distintos personaxes.

- Rodri García, "Manuel María espertou toda a nosa sensibilidade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 230, "Os escritores do mes", 29 setembro 2007, p. 16.

Conversa na que Lois Diéguez fai uns comentarios breves sobre esta obra que vén de publicar para logo centrarse en describir a súa relación con Manuel María, a quen considera o seu mestre e quen espertou nel o gusto pola escrita.

Fonte, Ramiro, *As pontes no ceo (Vida de infancia III)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 248, novembro 2007, 563 pp. (ISBN: 978-84-9782-679-2).

Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957) remata, con esta obra, a triloxía *Vidas de infancia*, á que tamén pertencen *Os meus ollos* (2003) e *Os ollos da ponte* (2004). Trátase dunha novela de carácter autobiográfico narrada en primeira persoa na que a voz narrativa se confunde coa autorial, que relata diversos acontecementos da vida da vila de Pontedeume a finais dos anos sesenta, cando o autor era un neno. A narración recolle a perspectiva deste neno, mais dende o momento presente do autor, baseándose no recordo. Ademais, o autor introduce comentarios de persoas da vila que leron os volumes anteriores da triloxía e fai alusións ao proceso da escrita. A novela comeza coa chegada da televisión á escola e remata coa ida da vila do protagonista e a súa familia e está dividida nos seguintes capítulos: "Novos tempos", "Herdanza de heroes", "Levántate, maio", "Soños queimados", "O misterio do azul de metileno", "Un verán con historia", "Verbenas, días de adeus" e "As festas". A obra é un retrato da vila de Pontedeume e a súa xente a finais dos anos sesenta e trata temas como a formación de teleclubs, a emigración, o fútbol, a política de Franco e a presenza do ditador e da súa familia nas terras dos arredores, os fusilamentos, o paso de Franco pola vila de Pontedeume, o ingreso do protagonista nos Boy Scouts, a chegada dun novo cura á vila,

as festas e as verbenas, o verán, as persoas forasteiras que chegan a Pontedeume a pasar as vacacións de verán, o San Xoán, os maios, a vida dos bares, etc.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, "As pontes no ceo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 228, "Infantil/xuvenil", "Andel de novidades", 6 decembro 2007, p. VII.

Sección fixa deste suplemento que, nesta ocasión, ofrece pequenas recensións de catro obras que forman parte da produción anual en galego: en narrativa, *As pontes no ceo*, de Ramiro fonte e *A noite d'O Risón*, de Gonzalo Moure; en poesía, *Derrotas con raíces*, de Modesto Fraga, e unha nova entrega da colección baseada no cómic Os pequenos barbanzóns, O ladrón de mel, de Carreiro e Carreiro.

- X. L. Franco Grande, "As pontes no ceo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 242, "Letras en Galego", 22 decembro 2007, p. 11.

Xulga que este libro representa un esforzo por reconstruír unha memoria colectiva e que é unha sorte de inversión da maneira habitual de narrar acontecementos. Salienta deste volume a súa prosa precisa, clara e concisa e que o resultado final é "unha verdadeira xoia".

- Vicente Araguas, "De neno vívese", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 461, 30 decembro 2007, p. 14.

Indica que este libro é a terceira parte das memorias de Ramiro Fonte con centro e cerne en Pontedeume e del destaca que pouco ten que demostrar no espazo literario galego, no que brilla como poeta, ensaísta e narrador. De *As pontes do ceo* saliéntase que nel vemos "un retábulo das marabillas" de personaxes que se moven pola vila de Pontedeume.

Referencias varias:

- Daniel Salgado, "Ramiro Fonte: 'Reivindico a ética do artesán fronte ao ego do artista'", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 7 decembro 2007, p.10.

Nesta entrevista o autor lembra que empezou a escribir a triloxía *Vidas de infancia*, pechada con esta última entrega, pola conmoción que sentiu co 11M. Con esta obra o que pretende é pescudar en como un cativo constrúe a realidade con todo o que ten diante. Asemade, pretende en todo momento que a súa prosa sexa moi traballada e moi transparente ao mesmo tempo.

- Ramón Loureiro, "O home necesita lembranzas para valerse na súa vida", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 decembro 2007, p. 38.

Conversa na que Ramiro Fonte comenta que neste libro reconstruíu a historia dende abaixo e que en conxunto a triloxía ten moito de memoria persoal e colectiva. Indica que nesta terceira parte están máis presentes as miradas colectivas e que a "escritura do

eu" rematou sendo a "escritura do nós".

Franco Alonso, Xavier, *Aínda*, Finalista do premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta 2006, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa. Narrativa, 2007, 174 pp. (ISBN: 978-84-7824-509-3).

Novela de Xavier Franco Alonso (Pontevedra, 1967) que ten como pano de fondo a cidade de Lisboa. Nela relátase como un escritor, tras un desengano amoroso, se reclúe en Lisboa para esquecer e mais para escribir un "libro, ou caderno ou o queira que sexa" onde se vexa a historia da súa estadía na capital de Portugal xunto coa historia doutras persoas que con el se cruzan. Así aparecen descritos os seus paseos por Lisboa, con múltiples referencias a rúas, prazas, restaurantes, monumentos, fados, etc. de Lisboa con mencións a Pessoa ou Antonio Tabucchi, a súa ruptura con Alicia cando lle comezaban a ir ben os asuntos literarios. Na súa estadía en Lisboa o protagonista relata e vive outras historias paralelas como a de Natalie Aurden, profesora de literatura que está en Lisboa na procura dunhas cartas de súa nai, a de Laurindo Machado, correspondente da BBC Brasil, a de Ignacio Ares, quen será o protagonista da versión cinematográfica dunha novela escrita por el ou a de Daniel Ferreiro, quen lle rouba e despois lle devolve o caderno coas súas anotacións lisboetas. Ao remate da novela sabemos que xa se esqueceu de Alicia coas palabras "A dor desapareceu" que pecha a novela.

Recensións:

- Dolores Martínez Torres, "Caderno azul", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 210, 7 xuño 2007, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 202, 16 xuño 2007, p. 7.

Repásase o argumento desta novela, que denomina "caderno de observacións (en sentido amplo)", cualificada como ficción realista. Comenta que o narrador desta novela pasea por Lisboa tras un desengano amoroso e que nela chega a ser actor privilexiado na pericia dunha moza que está a facer a súa tese sobre as novelas inconclusas. Tamén sinala que *Aínda* é unha achega dos que elixen a Lisboa como patria literaria.

- Leo Fernández, "Inventar ou non", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p.10.

Apréciase certo paralelismo entre esta novela e o *Réquiem*, de Tabucci, polo que cre oportuno comparalas. En ambas relátase a viaxe dunha persoa a Lisboa para enfrontarse aos seus fantasmas, tanto Franco Alonso como Tabucci escollen Lisboa porque é unha cidade que lles inspira o sentimento da saudade. Franco Alonso pretende facer referencia aos sentidos, ao igual que o fixo Tabucci, mediante a gastronomía pero non o logra xa que parece que ao que fai referencia é ao estereotipo galego da obsesión pola comida. Finaliza salientando a prosa áxil e amena da obra, aínda que se bote en falta algún personaxe máis.

Referencias varias:

- M. B., "Xavier Franco Alonso 'Quería xogar coa ambigüidade da novela'", *A Nosa Terra*, n.º 1.266, "Fin de semana", 3-9 maio 2007.

Entrevista a Xavier Franco co gallo da publicación de *Aínda*, unha obra que el considera unha novela porque o concepto é amplo e está pouco definido. Menciónanse tamén a importancia de Lisboa na novela, a influencia de Tabucci e as cuestións metaliterarias ás que dá pé o feito de que un dos personaxes sexa un escritor.

Franco Rodríguez, Mario, *A derradeira campaña do capitán Samuel*, Premio Avilés de Taramancos de relatos de aventuras 2007, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, 2007, 80 pp. (ISBN: 84-96673-25-0).

Neste relato breve de Mario Franco Rodríguez (Santiago de Compostela, 1934) nárrase unha campaña do bacallau ás illas Svalbard ou Spitzberg. A historia está narrada por Carlos, un flamante diplomado en Naútica que ten que facer as prácticas de navegación nun bacallaeiro baixo o mando do capitán Javier Mariño e ás ordes do xefe de máquinas Juan Sanlés. A Compañía dona do barco decide que a campaña do bacallau dese ano se fará no norte de Europa e non en Terranova. Por este motivo, embarca tamén o capitán Samuel como experto en pescar neses mares. Todo acontece de maneira normal até que se produce unha pelexa entre Martínez (o segundo maquinista) e Dardo (o electricista), iniciada polo primeiro destes. Nesta pelexa, accidentalmente, morre Martínez, pero o protocolo obriga a ter vixiado a Dardo até a chegada a porto e a celebración dun xuízo. Ante esta situación, o narrador (Carlos) relátanos como o capitán Samuel (un vello lobo de mar) axuda desinteresadamente a Dardo; proporciónalle cartos e axúdao a fuxir. Sen embargo, ninguén pode demostrar que el estea implicado nesa fuxida. A historia remata así: don Samuel, igual que fixera moitos anos atrás durante a Guerra Civil, ponse en perigo para poder axudar a unha persoa inocente, como é neste caso Dardo.

Referencias varias:

-Pilar Ponte, "Segredos de capitán", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 223, 1 novembro 2007, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 160, 10 novembro 2007, p. 6.

Comézase facendo referencia á relevancia da revista *Casa da Gramática* e ao mundo dos premios literarios para a continuación falar do perfil biográfico de Mario Franco Rodríguez e do seu último volume *A derradeira compañía do capitán Samuel* da que se indica que é unha historia de aventuras mariñas.

Grande, Antón, *Madia leva!*, prólogo de Xosé de Cora, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, 2007, 129 pp. (ISBN: 978-84-89323-16-2).

Antón Grande (Lugo, 1953) presenta un conxunto de trinta historias salpicadas coas ilustracións de Quique Bordel. A obra ábrese cun prólogo de Xosé de Cora no que comeza citando a Max Aub, como o creador das historias máis curtas da literatura, e a continuación destaca a "afiada" economía verbal da que fai gala Antón Grande, e tamén que o seu universo creativo posúe o xusto "celme de cotidianeidade" no que se pode engarzar o abraio repentino. No conxunto dos relatos destaca o prologuista a pegada de Ánxel Fole na forma de construír as pequenas historias. Todas se localizan en ambientes

urbanos, maioritariamente en Lugo, aínda que tamén hai algunha en Nova York. Nas historias só se achegan os detalles precisos para comprender o desenvolvemento da acción, que tamén é moi breve, transcorre en moitos casos nun tempo indeterminado. Esta brevidade vese xa clara nos títulos, que son tan variados como as diversas temáticas que tratan: "Veña merengue!, "Mucha, mucha, policía", "Letanía", "Festas do San Froilán", Viaxe", "Necrolóxica", "Os chisqueiros", etc.

Recensións:

- P. T., "Literatura urxente", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 18.

Comenta fundamentalmente que esta novela de Antón Grande consta de trinta relatos breves de temática urbana que se centra en todo tipo de cidades, dende Lugo a Nova York e que está ilustrado por Quique Bordell. Ofrece detalles de cada unha desas cidades.

- Xulio Valcárcel, "Entre lugueses", *Diario de Ferrol*, "*La Galería*", n.º 487, 7 outubro 2007, p. 4.

Salienta destes relatos o feito de contar con ilustracións de Quique Bordell, que son historias moi breves e pechadas moi amenas, divertidas, cómicas e tráxicas e que sempre están inseridas na tradición oral, con espazo para o erotismo, as bebedelas ou as historias de emigrantes. Finalmente detense na vida de Celestino Fernández de la Vega.

Graña Muíño, José Luis, *Converxencia na cor vermella*, Madrid: Nuevosescritores, maio 2007, 146 pp. (ISBN: 978-84-96910-00-3).

Nesta primeira novela publicada por J. L. Graña Muíño nárrase a crúa vida de dúas parellas de Esteiro dentro dun mundo cheo de desequilibrios económicos. As dúas parellas desta novela son Celso e Dori e Alicia e Mariano. A trama da novela céntrase nestas dúas parellas onde Celso, é traballador de Astano que leva meses no paro, e xunto coa súa muller Dori case non dan pagado a hipoteca, e ambos teñen como veciños e amigos á outra parella Mariano e Alicia. Co paso do tempo Celso enléase con Alicia e ante as desconfianzas de Mariano deciden deixalo, pero nunha festa de disfraces Mariano mata a Celso e foxe a Portugal. Alí escóndese en Monção pero foi descuberto e levado ao cárcere onde se reconcilia coa súa muller Alicia e mais coa súa filla Elena.

López López, Xabier, *Trinta e dous dentes*, Finalista Premio Torrente Ballester 2006, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 242, 2007, 296 pp. (ISBN: 978-84-7154-000-3).

Nesta obra Xabier López López (Bergondo, 1974) presenta, co seu peculiar estilo narrativo, a vida dun personaxe central, solitario, maduro que conduce de forma significativa toda a historia. O protagonista é Paulo Barreiro, un director teatral que está a punto de estrear unha obra; pero dun día para outro, sen explicación, aparece convertido nun neno de dez anos. Dende ese momento comeza unha nova vida na que

xa non é un adulto, agora é un neno, pero conserva todos os coñecementos dun home de corenta e cinco anos. Esta situación permítelle interpretar e analizar as súas "aventuras" de neno dende a perspectiva dun adulto. Mentres todo isto ocorre, o mesmo tempo, Paulo Barreiro director teatral, segue vivindo, ou polo menos a súa obra, o éxito, os premios… Esta novela estructúrase en trinta e dous capítulos de inspiración picaresca.

Recensións:

- Xosé Carlos Caneiro, "Xeración estío", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 219, "Letras en galego", 14 xullo 2007, p. 10.

Da novela dise que é divertida, imaxinativa e rotundamente literaria, mentres que do autor afírmase que é un novo valor da neoliteratura galega que con esta obra acadou o máis alto nivel da súa carreira.

- Gonzalo Trasbach, "¿Moitos dentes ou pouca codia?", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 221, "Letras en galego", 28 xullo 2007, p. 13.

Considérase esta obra como unha novela longa que, non obstante, engancha ao lector coa historia dun home que esperta unha mañá convertido nun neno de once ou doce anos. Anótase que nela hai personaxes fracasados amosando a dicotomía encerro fronte a control. Por último, sinálanse as reminiscencias de *Metamorfose*, *El increíble hombre menguante* e *Gulliver*.

- Mar Pichel, "A infancia ¿un paraíso perdido?", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 agosto 2007, p. 28.

Coméntase que na novela de Xabier López atácase o mito do paraíso perdido da infancia ao mostrar a indefensión dun neno no mundo adulto. Para iso anótase que toma un personaxe, Paulo Barreiro, director de teatro, que unha mañá se levanta convertido nun neno de dez anos. A maiores apúntase a opinión do autor de que a literatura galega está ao nivel de calquera outra do mundo e de que os premios dan visibilidade mediática, e dise que esta novela foi finalista do Premio Torrente Ballester.

- Xosé M. Eyre, "Picaresco xogo de máscaras na procura de explicar a vida como un neno", *A Nosa Terra*, n.º 1.283, "Cultura", 4-10 outubro 2007, p. 26.

Afirma que este libro ten "ecos" de Rafael Dieste, Vicente Risco, Kafka, Swift ou Dickens e reflexiona sobre a súa proximidade que ten coa novela picaresca. Refírese a que o protagonista do volume sofre unha metamorfose que o "reubica no mundo" e comenta algúns aspectos que lle restan verosimilitude ao texto. Asemade, apunta que Xabier López crea personalidades ricas que son a auténtica armazón da novela.

- Dolores Martínez Torres, "Trinta e dous", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 220, "Libros", 11 outubro 2007, p. V.

Explícase que o protagonista da novela perde parte dos seus "trinta e dous dentes" para converterse nun neno que deixa atrás preocupacións, obrigas, relacións e pertenzas

propias dun adulto nas cales xa non pode intervir. O narrador-protagonista utiliza constantes referencias literarias, como o *Oliver Twist*, de Dickens, ao mesmo tempo que se aprecia a formación teatral do autor a meticulosidade con que debuxa os trazos dos personaxes e a escenografía.

López Silva, Inma, *New York, New York*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, n.º 241, marzo 2007, 196 pp. (ISBN: 978-84-8288-815-6).

Inma López Silva (Santiago de Compostela, 1978) manifesta a intención de contar unha historia máis alá dos tópicos relativos a Nova York no limiar desta novela dirixido a ILsa, o personaxe ficticio tras o que se oculta para percorrer a cidade. Confesa que o libro xurdiu dun *blog* creado para manter o contacto cos seus ao mesmo tempo que practicaba un xeito distinto de escribir. O seu propósito é "demostrar que a Nova York deste libro non é pasado nin historia, senón que é un relato de acontecementos reais que se foi convertendo en literatura a medida que se foi escribindo". Ao longo dos trinta e oito capítulos-relatos deste diario sen datas, descríbense distintos escenarios da Gran Mazá en primeira persoa: o apartamento alugado a un xaponés en Upper East Side, China Town (paraíso das falsificacións), o World Trade Center ou o East Village. Alí, guiada polos seus amigos *brooklinitas*, déixase seducir pola maxia cosmopolita da cidade que nunca dorme e disfruta os seus restaurantes e bares míticos, a pesar dos prexuízos eurocentristas que ás veces deforman a súa visión. A autora, cunha linguaxe directa e un ton informal, personaliza eses tópicos de Manhattan. Despois de transmitir as súas vivencias e reflexións ao ritmo frenético dunha gran cidade, conclúe no epílogo que é consciente de ter deixada unha parte de se mesma alí que intentará recuperar en futuras visitas, necesariamente distintas desa primeira descuberta apaixonante.

Recensións:

- Sandra Faginas, "A ledicia vital de Manhattan", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 207, "Letras en galego", 21 abril 2007, p. 11.

Interprétase que a intención deste libro é construír unha ponte entre Nova York e Galicia, xa que, pese a distancia, aparecen numerosas comparacións e comentarios dedicados á Santiago de Compostela, a súa cidade natal. Asemade, sublíñase a contemporaneidade da obra na forma, con frecuentes referencias musicais, televisivas e literarias. Como aspecto negativo, sinálase o abuso das anécdotas persoais, carentes de interese para os lectores.

- M. Barros, "Eu Inma, Ti Nova York", *A Nosa Terra*, n.º 1.265, "Cultura", 26 abril-2 maio 2007, p. 33.

Declárase que a intención da autora deste diario é propor un xeito distinto de achegarse á cidade de Nova York. Trátase dunha obra que se burla dos tópicos e que acaba convertendo á cidade nunha protagonista máis. Polas súas páxinas pasan unha morea de personaxes e situacións que reflicten os escenarios míticos que a escritora tenta deconstruír a través da ironía. Por outra banda, déixase seducir tanto polo turismo cultural como polas tendas e outras tentacións frívolas. Do país das oportunidades dise

que, pese a súa vontade renovadora respecto ao inmobilismo europeo, moitos quedan fóra do sistema.

- Vicente Araguas, "Singing in the rain", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 427, 6 maio 2007, p. 20.

Considérase que esta obra é como xurdida dun blog coa que a autora quería dar a coñecer ao seu contorno as súas vivencias nesa cidade. Elóxiase o seu dominio dos ritmos e a súa capacidade de dar nova luz aos tópicos máis roídos. Fálase tamén da presenza da música e da ollada lúcida da autora sobre a cidade que foi avangarda do posmodernismo.

- Xosé M. Eyré, "Por que pendurar o Testamento matemático de Dieste dunha percha?", *A Nosa Terra*, n.º 1.271, "Cultura", 7-13 xuño 2007, p. 26.

Recóllese a intención de explorar novos xeitos de escritura declarada no limiar, que ten por resultado unha obra difícil de definir. Neste artigo considérase que este carácter non se debe a experimentación formal nin tampouco ao contido, senón á dificultade para separar realidade de ficción, unha cuestión que queda nun bo propósito no que non chega a afondar. Conclúese que a obra resulta ser unha colección de anécdotas nas que hai pouca reflexión. Respecto á forma, é permanente un ton desenfadado que empregan unha serie de personaxes nomeados por iniciais, un recurso que acentúa a sensación de despersonalización.

- Marga Romero, "En New York", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 213, "Libros", 28 xuño 2007, p. V.

Do mesmo xeito que outras obras contemporáneas que se refiren á actualidade, considérase que esta novela non cumpre as expectativas de recepción. Aínda que a maioría dos lectores nunca estiveran en Nova York, todos teñen referencias acerca desta cidade e a obra non achega nada novo acerca dela. Asemade, bótase en falta que ILSa, a personaxe narradora, estea mellor perfilada, xa que iso afecta ao desenvolvemento do libro.

Referencias varias:

- David Miranda Barreiro, "ILSa versus Nova York", *Grial*, n.º 174, "O espello das letras", abril-maio-xuño 2007, pp. 97-98.

Comeza falando da presenza da cidade de Nova York na literatura galega dende hai dous anos, así en 2006 *O home inédito*, de Carlos G. Meixide ou *Xelamonite*, de Luís Paradelo e en 2007 *Ratas en Manhattan*, de Francisco Álvarez e esta de Inma López Silva. A seguir, da obra de Inma López Silva subliña que é a crónica da conquista do desexo por parte da narradora de facer súa a cidade de Nova York. Comenta que o relato realízase a través de dúas protagonistas, a propia narradora, agochada baixo o pseudónimo e acrónimo de ILSa e a cidade New York, que é tratada dende un punto de vista desmitificador e irónico. Remata indicando que en conxunto é un canto ao estilo de vida neoiorquino.

- A.L., “López Silva na cidade insomne”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 18 abril 2007, p. 29.

Dáse conta da presentación en Santiago desta novela, definida como un diario de viaxes, narrado en primeira persoa, e un retrato da cidade máis famosa do mundo. Explícase que a súa orixe é un blog que a autora mantivo durante os catro meses que pasou en Nova York, en 2005, por motivos de traballo. Non obstante, a escritora aclara que, nesta adaptación, internet case non deixou pegada, xa que "non respectou os cánones do formato blog, é redactar textos moi longos" e porque quedou fóra "a comunicación directa cos lectores que se produciu nos comentarios". Sobre a obra indícase que mestura vivencias reais con episodios inventados, coa cidade de Nova York, que condiciona o texto e lle impón un ritmo cinematográfico.

- Concha Pino, “Inma López Silva. ‘O libro nace dun blog e dá unha literatura de metro”, *La Voz de Galicia*, “Al día”, 18 abril 2007, p. L2.

Dá conta da presentación na Fundación Torrente Ballester desta obra, á que cualifica de crónica, con algo de sentimental e moito de experimental. A autora declara que o que ten de ficción o seu libro é máis formal que conceptual, nun certo xogo con referencias literarias e cinematográficas. Confesa tamén que é talmente fiel ao blog do que procede porque descolgouno directamente de Internet e entregouno á editorial, coa excepción dos comentarios dos blogueiros e dos diálogos que mantivo con algúns. Do resultado di que de trata de literatura de metro, de ler á presa.

- Manuel Vidal Villaverde, “Inma López Silva. Entre a ficción e a realidade”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, n.º 343, “Musas”, 21 abril 2007, p. 51.

Nesta entrevista a autora declara sentirse máis cómoda no xénero narrativo que na poesía, ao mesmo tempo que resume o argumento desta obra coa que conseguiu comprenderse mellor como persoa e como escritora.

-Daniel Salgado, “A cidade que está enfronte a Vigo”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 4 maio de 2007, p. 43.

Fálase da conexión entre Vigo e Nova York como unha constante do século XX que arranca de Manuel Antonio e chega até Inma López Silva con *New York, New York*. Salienta algunhas notas da novela, como o feito de ter xurdido con base nun blog e camiñar “entre o asombro, a frivolidade e a mitomanía”. Faise referencia tamén, entre as obras recentes, a *Xelamonite* de Luís Paradelo, a *Ratas en Manhattan* de Francisco Álvarez, e a *O home inédito* de Carlos G. Meixide.

- Lupe Gómez, “New York é unha canción”, *Galicia Hoxe*, “Calidoscopio de cores”, 11 xuño 2007, p. 40.

Ao longo desta enquisa, a autora desta obra repasa os seus gustos persoais e declárase admiradora da obra de Paul Auster e da cidade de Nova York.

-Marga Romero, “En New York”, *Faro de Vigo,* “*Faro da Cultura*”, n.º 213, “Libros”, 28 xuño 2007, p. V.

Despois dunha reflexión sobre a escrita dende a experiencia autobiográfica, presenta a obra de Inma López Silva, *New York, New York*, unha especie de diario da estadía nesta cidade. Ofrece unha bibliografía da autora e logo comenta o volume. Considera pois dende o seu punto de vista de-cepcionantes algúns aspectos da obra: como, por exemplo, que a personaxe protagonista non está ben lograda ou o rexistro lingüístico empregado.

- Xosé Carlos Caneiro, “Setembro”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 226, “Club Dandi”, 1 setembro 2007, p. 10

Coméntanse varias obras. De *Eume* de César Antonio Molina, da que se destaca o bo facer poético que revela e tamén a reflexión sobre o nós. Logo fálase de *A autopsia da novela*, de Juan Tallón, novela gañadora do ‘VI Premio Pastor Díaz’, que se describe como arriscada e metaliteraria, a mellor literatura negra recente en galego. Por último, *New York, New York*, de Inma López Silva, que aplaude como novela de fragmentos e reflexións para ler pausadamente.

Lopo, Santiago, *Game over*, ilust. Norberto Fernández, Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia 2006, Cesuras-A Coruña: Biblos clube de lectores, col. Mandaio, 2007, 136 pp. (ISBN: 978-84-935609-4-2).

Santiago Lopo (Pontevedra, 1974) nesta obra estruturada en trinta capítulos por esixencia do premio presenta a biografía complexa de Luís Carro, un profesor de universidade casado e con dous fillos. Leva unha vida normal até que nun cumpreanos os seus fillos regálanlle un xogo de ordenador, Parallel City, cunha poboación de máis de dez millóns de persoas en todo o mundo. Dende que o descubre, a súa vida cambia radicalmente. O profesor transfórmase en Breogán, un cidadán máis, que, nunha cidade sen lei sobrevive pola súa fortaleza e habelencia, mais sobre todo pola súa falta de escrúpulos á hora de obedecer ás ordes dos membros do Clan. Luís chega a obsesionarse e progresivamente reduce as súas horas de sono e abandona as súas obrigas familiares e profesionais para recluírse na cidade paralela. Pronto as fronteiras entre o mundo virtual e o real comezan a desaparecer, xa que os creadores do xogo existen en verdade e contan con medios para obrigar aos “ludópatas” a actuar seguindo as súas instrucións. De feito, quen na vida real era un tranquilo catedrático de Literatura Inglesa, convértese nun perigoso matón que non só delinque por diñeiro, senón que empeza a gozar coa sensación de impunidade que lle dá a pertenza a unha especie de mafia que se dedica a subornar e asasinar aos que ousan enfrontarse aos líderes. A súa familia, mais sobre todo unha das súas alumnas, conseguirán que saia dese círculo vicioso. Respecto ao estilo, hai que salientar a súa axilidade e dinamismo, xa que a alternancia entre o xogo e a realidade, marcada graficamente con diferentes tipo de letra, dálle amenidade e ritmo ao relato.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Ludopatía e virtualidade”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 234, “Letras en galego”, 27 outubro 2007, p. 13.

Neste artigo reflexiónase sobre a aparición de novas voces narrativas nadas na década dos setenta e mesmo nos noventa, con unha ou dúas obras publicadas, entre as que inclúe a Antía Nara, Iolanda Zúñiga e ao autor deste libro, entre outros. A pesar das imposicións estruturais do premio, consegue construír unha historia nun espazo limitado e con crecente interese para ao lector ao mesmo tempo que distingue ben as voces narrativas, define con claridade os personaxes e describe coa medida xusta os ambientes e situacións, dosificando ben o ritmo até chegar á resolución final.

Referencias varias:

- B.R. Sotelino, "Lopo presenta 'Game over', gañadora do Premio de Novela por Entregas de La Voz no 2006", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 31 xullo 2007, p. 44.

Dá noticia da publicación en formato libro desta obra gañadora do 'Premio de Novela por Entregas de La Voz' do 2006. Destácase que se publica coas ilustracións de Norberto Fernández que acompañaran aos relatos coas que saíran no xornal. Por último, explícase que é unha historia de intriga e humor e que o autor se presentou ao premio atraído polo formato por entregas.

- maré, "Biblos edita 'Game over', do pontevedrés Santiago Lopo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 novembro 2007, p. 30.

Informa de que a editorial Biblos, na súa colección Mandaio, acaba de publicar esta obra. Indica que nela se exploran os mundos da fantasía e presenta trinta ilustracións de Norberto Fernández.

Lorenzo, María Xosé, *Ana María Ríos: voda, cárcere e fama*, A Coruña: Biblos clube de lectores, col. XXI, 2007, 159 pp. (ISBN: 978-84-935062-7-8).

A xornalista María Xosé Lorenzo (Pontecesures) asina un libro lineal, pero intenso, de moi doada lectura e dunha eficacia sorprendente para contar unha historia humana.Un relato en primeira persoa no que unha rapaza como outra calquera, perruqueira en Arcade, que casa e vai de lúa de mel a Cancún (México), se ve inmersa nunha peripecia vital propia dunha película. Primeiro o cárcere, coa desesperación do inocente que non pode facer valer os seus dereitos e que nesa impotencia se sinte morrer. Despois, a solidariedade mundial e a ledicia da liberación. E, por fin, a fama tinguida de polémica na que se mesturan consideracións de todo tipo, dende o dereito de Ana María Ríos a amosarse en topless (de forma tan natural como o faría na praia) na portada da revista *Interviu*, ata as consideracións morais ou o rexeitamento que provoca esa utilización do corpo feminino. Toda a historia, cos feitos, os medos e as alegrías en cada momento ao longo duns meses nos que Ana María pasou de cote do desexo de morrer aos intres máis felices.

Recensións:

- María Yáñez, "Voda, cárcere e…libro", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2, "ProPostas", primavera 2007, p. 17.

Crítica de *Voda, cárcere e fama*, exemplo de "literatura instantánea", en palabras de Yáñez, co que María José Lorenzo tentou reflectir o periplo da perruqueira Ana María Ríos. Editado coa urxencia de reflectir os feitos ao pouco de suceder, ten un fin fundamentalmente de entretemento. Así, a escrita vén dominada pola claridade, nun relato de estilo "revista *Pronto*", segundo o define Yáñez, baseado fundamentalmente na experiencia da propia protagonista.

Losada Rocha, Manuel, *Relato dun emigrante de Santiago de Compostela a Montevideo*, Montevideo: Losa Edicións, 2007, 164 pp. (ISBN 978-9974-96-220-0).

A obra está composta por doce capítulos nos que o autor narra as experiencias que viviu como emigrante en Uruguay. Relata os momentos previos á partida e a súa vida en Santiago de Compostela ("O pobo", "A escola dos hermanos" e "Adeus ríos; adeus fontes"), recordadas con sentimento e emotividade. Outros capítulos están adicados á travesía en barco polo Atlántico ("Juan de Garay") que o levarían do porto da Coruña até Montevideo. Una vez chegado ao novo país relata as súas vivenzas alá: o primeiro traballo, o encontro con familiares que tamén emigraban ("Ai…meu filliño")… O autor tamén fai un repaso a todos os centros galegos existentes en Uruguay ("Lonxe…pero preto") destacando o papel do Centro Gallego de Montevideo. E por último o regreso a terra despois de trinta e catro anos ("A volta"). Ao final do libro inclúese una breve bibliografía.

Referencias varias:

- Xosé Neira Vilas, "Emigrante libreiro", *Galicia Hoxe*, "Lóstregos", 16 setembro 2007, p. 2.

Entre os libreiros galegos e ben singulares que coñeceu en Bos Aires, México ou A Habana, decídese a falar de Manuel Losa Rocha, un compostelán que emigrou a Montevideo en 1953. Dáse conta dos múltiples traballos que desempeñou e da súa grande afección á lectura até se converter en propietario dunha libraría e botar a andar Edicións Losa. Sinálase que nos seus libros *Relato dun emigrante* e en *O vendedor de libros* relata as súas lembranzas.

Marcos López, Xesús Manuel, *A lúa dos Everglades*, Premio de Narrativa Terra de Melide 2007, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 247, 2007, 190 pp. (ISBN: 978-84-9782-649-5).

Esta narración de Xesús Manuel Marcos López (Seoane do Caurel, 1967) desenvolve o devalar vital d e diferentes compoñentes da mesma familia, os cales viven, respectivamente, no barrio bonaerense de Belgrano, en Miami e en Madrid. Tendo como fío condutor da novela o exilio galego, a obra relata tres historias aparentemente inconexas: a primeira desenvolve o asasinato de tres vellos galegos, propietarios da panadería A Primavera, realizado polos irmáns Celso e Ricardo, que accederon á vivenda dos Quintelo sen usar a violencia grazas ao traballo agrícola realizado na quinta

e á entrega de roupa e comida para unha rapaza pequena con síndrome de Down; a segunda a vida do xubilado Manuel Eiras e a amizade estabelecida co seu veciño Andrés Leiro en Madrid, e a terceira historia a perda de memoria debido ao ataque sufrido por Aurora pola noite na zona Down Town de Miami, tendo como consecuencia diferentes contusións externas e internas sufridas. As historias conforme avanza o desenvolvemento argumental entretécense a través dos vínculos sentimentais e familiares entre o conxunto de personaxes: Manuel era o irmán dos vellos asasinados; a fuxida da filla de Aurora da casa farta das vexacións sufridas a mans do padrasto Carlos Fabián González, sendo este o capitán policial que investigou o asasinato dos vellos; o coidado da rapaza de Síndrome de Down pola madriña, Remedios, e o amor de mocidade de Manuel cara a Aurora, sendo este o que lle proporcionara os cartos para marchar ao estranxeiro. Os tres relatos describen o sentimento da soidade e da morriña froito do exilio sentimental. O libro remata coa viaxe de Manuel e Andrés en coche dende Madrid até Galicia para visitar a Aurora, o amor da mocidade, sendo acompañados pola filla e pola madriña. O estilo literario do escritor ten como trazo máis destacado unha prosa incisiva co obxecto de captar a atención do lector.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Un contador de historias", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 376, "Musas", 28 outubro 2007, p. 53.

Conversa na que Xesús Manuel Marcos fala dos seus comezos como escritor literario, comenta que se sente fundamentalmente narrador e con respecto a este libro afirma que é a novela da que se sente máis ambicioso estruturalmente. Asemade indica que nela hai unha pequena homenaxe a Lovecraft.

- Ramón Loureiro, "A lúa dos Everglades", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 236, "Letras en galego", 10 novembro 2007, p. 12.

Faise un pequeno repaso pola vida deste escritor e afírmase que *A lúa dos Everglades* é unha novela de intriga onde está moi presente o universo simbólico da música dos Tamara.

- Francisco Martínez Bouzas, "Peza de suspense", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 229, 13 decembro 2007, p. V.

Comeza repasando a traxectoria literaria de Xesús Manuel Marcos para despois centrarse neste volume. Afirma que tira o seu título do humidal dos Everglades, de Florida, e mais que nel se mesturan tres historias cun vínculo común: a derrota dos seus protagonistas. Explica que conta cun triplo escenario narrativo: o barrio bonaerense de Belgrano, onde transcorre a historia dos Quintelo, Madrid, escenario da amizade dun mozo cun vello, e na *downtawn* de Miami con Aurora. Resalta que son tres historias de amores rancores e que é unha homenaxe á emigración galega.

Mariño, Andrés, *Escapados nos eidos das Foucellas*, Sada: Edicións do Castro, col. Narrativa, 2007, 212 pp. (ISBN: 978-84-8485-257-5).

Novela realista de Andrés Mariño Sanmartín (Curtis, A Coruña, 1945), ambientada nas terras de Curtis e arredores durante a Guerra Civil española e a posguerra. Empregando a técnica narrativa dun narrador omnisciente en terceira persoa que sitúa ao lector no momento final dos feitos, novélanse feitos e personaxes con referentes reais. Estruturada en once capítulos titulados, estes xébranse en diferentes subcapítulos nos que se narra a historia dos diferentes personaxes protagonistas a través das lembranzas dun deles, Carmiña. Esta novela, escrita *in extrema res* iníciase no velorio do Antillano en 1990, momento no que Carmiña comeza a rememoración dos feitos máis significativos que relacionan as diferentes familias que conforman o retrato da sociedade galega da comarca de Curtis durante os anos de posguerra. A través dos feitos narrados plásmase a presión das forzas de seguridade para dar co paradoiro dunha das figuras máis representativas da resistencia popular galega daquel entón, Benigno Andrade, o Foucellas, que se converte no elo de unión entre os diferentes personaxes.

Referencias varias:

- Ana Abelenda, "A memoria do que fomos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 218, 7 xullo 2007, p. 10.

Coméntase o terceiro libro curtiense de Andrés Mariño (Curtis, 1945), *Escapados nos eidos das Foucellas*, como unha crónica novelada na que atopamos a oposición entre o despotismo e algúns rebelados na dura posguerra. Dise que se parte dunha conversa entre varias veciñas ao pé dun cadaleito para reconstruír unha historia de historias, que a natureza é cómplice dos estados anímicos dos personaxes e que se atopan reminiscencias na narración detallista e verosímil con *Los gozos y las sombras*.

Martínez Millarengo, Beatriz, *O de Millarengo*, Sada: Edicións do Castro, col. Narrativa, 2007, 505 pp. (ISBN: 978-84-8485-275-9).

Ambientada na Galicia de comezos do século XIX, *O de Millarengo* narra a historia de Piérre, un artilleiro do exército napoleónico que logo de quedar gravemente ferido tras unha batalla nas proximidades de Pontecesures será auxiliado por Tareixa, muller dun dos guerrilleiros locais. A partir deste punto inicial, Beatriz Martínez de Millarengo (Neda, 1937) vai tecendo a historia cun dobre fío no que se mesturan realidade histórica e ficción. No que respecta ao primeiro, o lector atopa abundante información sobre a Guerra de Independencia (1808-1814) e o seu desenvolvemento en territorio galego cunha prolixidade que dá boa conta da tarefa documental da súa autora. No que respecta ao outro plano, o simplemente ficticio, nárrase a historia de Piérre durante a súa estadía na casa de Tareixa e a reacción do seu home, Manuel, ao coñecer a súa existencia; cóma o teñen que coidar as agachadas por temor ás represalias dun pobo encirrado pola crueldade dos invasores e que non dubida en condenar por *afrancesado* a todo aquel que traba relación cun francés; os perigos que corre ao ser descuberto finalmente polos guerrilleiros... E, especialmente, o outro grande tema da novela: a historia de amor que nace entre Piérre e María, a filla do matrimonio. Un amor que semella imposíbel pola súa pertenza a dous bandos enfrontados. Ao final a coraxe de Piérre, pero sobre todo as boas amizades que consigue trabar na aldea, permiten rematar o relato cun desenlace feliz.

Mayoral, Marina, *Case perfecto*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 238, marzo 2007, 296 pp. (ISBN: 978-84-9782-530-6).

Marina Mayoral (Mondoñedo, 1942) nesta obra que tamén se publicou en castelán na Editorial Alfaguara constrúe, apoiándose no xénero epistolar, unha historia enigmática que ten un final ambiguo e aberto. O argumento da novela, estruturado en vinte e oito fragmentos, é o seguinte: un matemático famoso morre en circunstancias estrañas e pouco claras, semellantes ás que aparecen nunha novela escrita anos atrás pola súa dona, da cal vive separado na actualidade. Un dos fillos do matrimonio acusa á nai de ser culpábel desa morte, ao ver máis que unha casualidade na relación entre o argumento da novela escrita no pasado pola súa nai e o asasinato do seu pai. A nai para defenderse escríbelle unha longa carta na que analiza o papel que os distintos personaxes tiveron naquela morte. Ao mesmo tempo, repasa a súa vida en parella, a súa situación de muller inválida (cega e coxa) que logra triunfar no mundo da escritura e que casa cun home que resolve un dos problemas matemáticos máis antigos. A historia deixa paso a un monólogo da nai que intenta explicar ao seu fillo que ela non tivo nada que ver na morte accidental do seu pai. E é aquí onde os sentimentos materno-filiais (amor, odio, incomprensión, soidade…) conducen o eixo narrativo da novela para deixar paso a unha resolución final na que o lector debe decidir quén é o culpábel do asasinato.

Recensións:

-Manuel Vidal Villaverde, "Na ponte do tempo", *Atlántico Diario,* "*La Revista*", "Musas", n.º 350, 6 maio 2007, p. 43.

Entrevista con Marina Mayoral co gallo da publicación desta novela. Lémbranse outras obras que ten publicadas en galego e en castelán e o feito de que imparte clase de literatura española na Universidade Complutense de Madrid. Anótase que tarda anos en escribir unha novela e que adoita escribir partes en galego e partes en castelán e logo traducir unhas e outras. Fálase tamén do seu compromiso e dos seus inicios poéticos.

- Delfín Caseiro, "A linguaxe do corazón", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 9.

Saliéntase desta obra na que unha escritora e profesora universitaria escribe unha longa carta dirixida ao seu fillo acusado da morte do seu pai, do que estaba separada había anos. Toda a novela é unha reflexión sobre sentimentos e formas de actuar dunha familia para intentar explicar o acontecido e o comportamento de todos eles. Aínda que é un libro basicamente intimista tamén toca outros temas como a denuncia dos prexuízos machistas, a parodia, a devoción polas mulleres da familia, etc. Segundo Caseiro, Marina Mayoral emprega unha prosa clara na que a protagonista, no seu monólogo, intúe respostas polo que dá a sensación, nalgúns momentos, de estarmos ante unha animada conversa. Este é un libro que fai moitas referencias cinematográficas e literarias a Rosalía, Pardo Bazán ou Flaubert, entre outras.

- Lorena López López, "Os crimes da nai", *Grial*, n.º 175, xullo-agosto-setembro 2007, pp. 120-121.

Lorena López sinala que esta novela se publica ao mesmo tempo en galego e en castelán. A historia, segundo a autora do artigo, parte dun crime no que o marido da protagonista é asasinado nunhas circunstancias que lembran demasiado ás dunha novela que a protagonista escribira hai vinte anos. Destaca que Marina Mayoral emprega o xénero epistolar nesta narración, aínda que acaba dando paso a un monólogo interior na que a narradora repasa a súa existencia. Advirte, Lorena López, que as relación maternofiliais "aparecen de novo na obra de Marina Mayoral como un entrabado complexo de sentimentos en conflito", neste sentido a figura feminina da protagonista ten un papel moi relevante, como acontece noutras narracións da autora. O tratamento da temática remite, segundo a autora do artigo, a "unha novela de inspiración autobiográfica na que tamén se repiten patróns doutros personaxes e moitos dos temas centrais da súa narrativa". A conclusión final é que *Case Perfecto* é "unha novela de doada lectura, que seguramente non deixe de enganchar aos lectores habituais da autora".

- Armando Requeixo, "Narrativa esencial. Nas escuras estancias da ánima", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 216, "Libros", 13 setembro 2007, p. V.

Sitúase á autora á altura dos vangardistas, dos adiantados ao seu tempo, que xa hai vinte anos empezou a escribir as súas primeiras obras en galego e agora entrega outra mostra da súa narrativa intemporal. Nela atópanse algúns dos elementos característicos da súa traxectoria: o amor como eixe existencial, a autorreferencialidade, os espazos simbólicos ou a arquitectura epistolar.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Marina Mayoral analiza a familia a través dun crime na súa nova obra", *El Progreso*, "Cultura y espectáculos", 13 febreiro 2007, p. 79.

Considera que esta obra constitúe unha análise das relacións familiares a partir dun crime, o asasinato dun científico famoso que ten lugar en circunstancias que lembran escenas dunha novela que escribira a súa muller. Como consecuencia disto, o seu fillo acúsalle de planealo. Como segundo tema, saliéntase a relación entre a literatura e a vida e o xeito en que esta última imita ás veces a arte.

- Manuel Vidal Villaverde, "Estes días a pasar", *Atlántico Diario*, "Opinión", 25 abril 2007, p. 3.

Evocación de algunhas persoas da vida cultural galega e española entre as que se fai referencia a Marina Mayoral e á súa novela. Dise que a autora escribe de xeito claro e algo intimista.

- Celia Sierra, "Mayoral retrata as luces e as sombras da familia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 abril 2007, p. 30.

Fálase da publicación desta obra logo de catro anos de silenzo. Dise que conta a historia dunha familia en primeira persoa por parte dunha nai que está escribíndolle unha carta a un dos seus fillos para pedirlle perdón polo dano que puidese ter ela causado.

- Manuel Vidal Villaverde, "Na ponte do tempo", *Atlántico Diario*, "*La Revista*",

"Musas", n.º 350, 6 maio 2007, p. 43.

Nesta entrevista a autora explica o proceso de escrita da súa última novela, a cabalo entre Madrid e Galicia, e reflicte o seu compromiso cos problemas da sociedade. Asemade declárase novelistas máis que ensaísta e afirma estar nun tempo de descanso creativo.

- Anxa Correa, "Marina Mayoral, visita o *Case perfecto*", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 xullo 2007, p. 30.

Dise que o perfil da autora coincide a grandes resgos cos da protagonista, mais estabelece unha maior semellanza cunha obra anterior: *Contra muerte y amor*, escrita hai máis de vinte anos. A partir da acusación de "crime perfecto" que o fillo lanza sobre a nai nesta novela arredor da morte do seu pai, a protagonista analiza os comportamentos de toda a familia e argumenta que as relacións entre a vida e a literatura non son sinxelas. A autora coincide neste punto, afirmando que o proceso de creación é moi irracional.

- Albino Mallo, "A narrativa galega está ao mesmo nivel que en Europa", *Galicia Hoxe*, "De esguello", 14 agosto 2007, p. 31.

Marina Mayoral sinala que a súa última novela, *Case perfecto*, presenta unha intriga arredor dunha morte pouco clara, ademais de explicar en que cre que se identificarán os lectores. Fala da súa escrita en galego e castelán e do que significaron na súa carreira os premios recibidos, así como do seu labor como docente universitaria e da mala calidade dos seus poemas. Refírese ás diferenzas existentes entre a novela e o relato curto e ás tentativas que houbo de levar unha obra súa ao cinema. Por último, alude aos escritores de orixe galega en lingua castelá e comenta que a narrativa galega está ao mesmo nivel cá do resto de Europa.

Meixide, Carlos G., *O home inédito*, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, febreiro 2007, 160 pp. (ISBN: 978-84-935375-1-7).

Carlos G. Meixide (Vilagarcía de Arousa, 1977) publica a súa primeira novela na Editorial A Rotonda. Esta obra fora publicada con anterioridade en formato Acrobat Reader con licenza libre. A novela ten como protagonista a un galego d'A Coruña, Lucas, que conta as súas peripecias no Nova York posterior ao 11 de setembro de 2001. Alí coñece a Inacio, un profesor universitario brasileiro que lle presenta a dúas alumnas coreanas súas: Mi Hee e Sun-Young. Lucas namórase perdidamente de Mi Hee, aínda que ao final a súa relación rómpese amargamente e el decide volver a Galiza. Na compaña destes tres personaxes e outros secundarios vive diferentes aventuras, onde o sexo e o humor mestúranse a miúdo. Sen embargo, a novela tamén nos conta a xeito de *flash-back*, a historia de Lucas antes de ir a Nova York. O protagonista é un estudante de Periodismo na Universidade de Santiago de Compostela que está moi namorado dunha compañeira de clase que se chama Laurita (a cal bebe os ventos polo poeta e presentador da TVG, Anxo Quintela), pero non é capaz de declararlle os seus sentimentos. Lucas é un poeta principiante que quere publicar os seus poemas pero non encontra quen lle dea esa oportunidade. A narración das dúas historias vaise intercalando ao longo dos capítulos de maneira que podemos intuír cousas do pasado a

partir dos acontecementos que suceden en Nova York. Tamén e destacábel a mestura de diferentes idiomas na novela: galego, castelán, portugués e inglés.

Recensións:

- Dolores Martínez Torres, "Retratar co oído", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 208, 24 maio 2007, p. V.

Tras referirse á boa acollida da versión dixital desta obra, resúmese o seu argumento, centrado no tema do emigrante galego que fracasa na aventura de ultramar. Neste caso trátase baixo unha perspectiva humorística e irreverente, aloxada dos tópicos resentimentos. O relato desenvólvese a través de diálogos rápidos que combinan galego, español, inglés e portugués en diversos rexistros.

Referencias varias:

- César Lorenzo Gil, "Tres historias de Nova York", *A Nosa Terra,* n.º 1.260, "Cultura", 15-21 marzo 2007, p. 24.

Céntrase a atención no feito de que tres obras galegas conten historias de galegos en Nova York na procura dos ecos da nova emigración: *Ratas en Manhattan*, de Francisco Álvarez, *Xelamonite* (2006), de Luís Paradelo e *O home inédito*, de Carlos G. Meixide. Desta segunda saliéntase que, aínda que comparte co resto das obras un ton ás veces melancólico, noutras mostra unha ollada máis positiva da cidade.

- David Miranda Barreiro, "ILSa versus Nova York", *Grial*, n.º 174, "O espello das letras", abril-maio-xuño 2007, pp. 97-98.

Comeza falando da presenza da cidade de Nova York na literatura galega dende hai dous anos, recorda en 2006 *Xelamonite*, de Luís Paradelo e en 2007 *O home inédito*, de Carlos G. Meixide, *Ratas en Manhattan*, de Francisco Álvarez e *New York, New* York, de Inma López Silva.

- Daniel Salgado, "A cidade que está enfronte a Vigo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 4 maio 2007, p. 43.

Fálase da conexión entre Vigo e Nova York como unha constante do século XX que arranca de Manuel Antonio e chega até Inma López Silva con *New York, New York*. Faise referencia tamén, entre as obras recentes, a *O home inédito* de Carlos G. Meixide.

- Lupe Gómez, "Galicia é da cor que lle convén", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio", 1 outubro 2007, p. 32.

Carlos G. Meixide comenta nesta breve conversa que este libro pretende ter un ton humorístico e que cando o escribiu estaba no paro. Asemade refírese a que o que máis lle aburre da literatura galega é o discurso literario, as editoriais e os escritores.

Miragaia, Raquel, *Em tránsito*, ilust. Marou Trastoy, Ourense: Difusora de Letras,

Artes e Ideas, col. Literal, n.º 2, abril 2007, 99 pp. (ISBN: 978-84-935223-6-0).

Libro de relatos de Raquel Miragaia (Vilalva,1974) ten como fío condutor os medios de transporte. Nárranse diversas experiencias vitais de personaxes que xorden dunha viaxe ou dun espazo de tránsito. Unha camiñada, un "comboio", un "autocarro", un "balom", un avión, un coche, o metro, un barco e unha estazón ferroviaria abandonada dan pé aos relatos e discursos que teñen a peculiaridade de inverter discursos cotiáns e situacións tipo para colocar personaxe e lector fronte por fronte cunha realidade surrealista, estraña e frecuentemente agresiva. No primeiro relato unha muller presta declaración polo delito de camiñar pola rúa sen autorización, no segundo fálasenos dun roubo no tren, no terceiro dun namoro tan triunfante que resulta chocante, no cuarto tócase o mundo dos dobres, no quinto a necesidade de cambiar de lugar, logo unha excursión familiar, unha viaxe en metro e finalmente unha relación sentimental entre onírica e real. En todos os casos, o mundo exterior a aquel máis próximo ás personaxes debúxase tan atraínte como perigoso, agresivo ou inquedante. Finalmente, cómpre dicir que en todos os relatos o lector percibe un pouso de intranquilidade, de ameaza, máis forte se cabe cando esa se materializa en cousas que os personaxes ignoran, ou ben en discursos que podemos asumir sen decatarnos do que pechan de terríbel en si mesmos.

Recensións:

- P. T., "Lóxicas en transo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 18.

Comenta que nesta obra reflíctese a historia de nove persoas que se moven desorientadas e buscan unha lóxica para poder parar.

- Xosé M. Eyré, "Existencialismo en tren e barco. Raquel Miragaia publica *Em tránsito*", *A Nosa Terra*, n.º 1.279, "Cultura", 6-12 setembro 2007, p. 26.

Indícase que este volume foi elaborado como unha sorte de indagación narrativa sobre o "tránsito, o movemento, a itinerancia, a emoción, a melancolía e a aprendizaxe" e sobre o sentido da vida. Apúntase que a súa autora consegue que a lectura de cada unha das historias nos interese e detalla que cada un dos oito relatos de *Em trânsito* van titulado co nome dun medio de transporte.

Referencias varias:

- José Javier Bom, "Unha pequena viaxe pode explicar toda unha vida", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 12 xuño 2007, p. L2.

Nesta entrevista a autora confesa que lle impactou enormemente a visita a unha megalópolis como São Paulo, afeita a pequenas urbes como Compostela. Ao longo dos nove relatos breves que compoñen este libro mostra como unha viaxe pode explicar toda unha vida

- Montse Dopico, "Os humanos estamos sós ante as grandes cousas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 xuño 2007, p. 30.

A entrevistadora salienta da obra a axilidade da súa prosa, que nos achega ás reflexións,

teimas e loitas duns personaxes que viven, dun ou doutro xeito, illados, sós nas súas cidades. Pola súa parte, a escritora afirma que sempre sentiu atracción polos espazos nos que se espera porque tes a sensación de estar contigo mesmo e cos demais. No proceso de creación desta obra recoñece ter sentidos os mesmo medos e dúbidas que na primeira.

Momán, Alberte, *O alento da musa*, Ourense: Difusora das Letras, Artes e Ideas, col. Litoral, n.º 1, xaneiro 2007, 96 pp. (ISBN: 978-84-935223-2-2).

Neste libro Alberte Momán (Ferrol, 1976) recrea a vida cotiá dunha muller que traballa como caixeira dun supermercado a través de vinte capítulos moi breves. A protagonista da novela, así como o resto dos personaxes preséntanse con resgos moi xenéricos, cun certo carácter impersoal. A súa vida cotiá está caracterizada por conter tedio xunto con sexo e violencia. O personaxe principal para a ollar moitas veces para atrás na súa vida e comproba a lentitude do paso do tempo. A vista para atrás dura só uns instantes no libro porque o que verdadeiramente interesa é mostrar o presente desta muller e doutros personaxes que se cruzan na súa vida. O presente móstrase con reflexións sobre o cotián, no que as relacións humanas son efémeras e mecánicas xa que os encontros entre as persoas ten lugar no momento en que se están a pasar os obxectos pola caixa e o tedio está sempre existindo. O día a día é como unha rutina de grande dureza, o cansazo invade o corpo da protagonista despois das duras horas de xornada laboral. Neste tempo de traballo prodúcense as visitas doutros personaxes que solicitan o seu amor. O amor é compartido con outros personaxes que están en contacto coa protagonista, feito que nos fai entrar noutras vidas que comparten o feito de seren todas igualmente frustradas. As vidas que se reflicten teñen en común o feito de seren valeiras, son vidas nas cales os contactos danse sempre de forma casual e pouco profunda. As relacións humanas están no libro desprovistas de afectos. A prostitución é un dos temas que mostran parte destas relacións humanas, en moitos casos de carácter comercial, por iso o contacto prodúcese como unha forma de prestar o servizo a alguén, os intereses sexuais son moi destacados, por iso o sexo é un dos grandes temas do libro. Hai no libro momentos en que os personaxes se ven arrastrados por un instinto irracional que os leva a entrar en contacto dende a sexualidade. A protagonista fai moitas veces referencia ao seu estado de gravidez, de aí que tamén a maternidade se poida considerar outro dos temas da obra. O libro inclúe xunto ao exemplar o caderno de poemas *Déixanse levar*, do mesmo autor.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, "A historia da caixeira", *A Nosa Terra*, n.º 1.265, "Cultura", 26 abril-2 maio 2007, p. 26.

Ademais de explicar que este libro componse de dúas obras, unha narrativa, *O alento da musa*, e outra poética, *Déixanse levar*. Aínda que a protagonista é a caixeira dun supermercado, considérase que os personaxes están pouco personalizados e poden chegar a confundirse. Todos eles teñen en común levar unha vida gris, insatisfactoria e opresiva. Afírmase que a ambigüidade, favorecida pola curta extensión dos vinte capítulos-relatos da primeira parte, convértese nun recurso de emprego imprescindíbel que xera ao lector unha serie de preguntas sobre a identidades dos personaxes. Da segunda parte dise que está composta por catro capítulos máis que achegan datos adicionais pero manteñen a incerteza. Respecto aos sete poemas de *Déixanse levar*,

enténdese que constitúen unha invitación á reflexión sobre as cuestións vitais suscitadas no relato.

- Ramón Nicolás, "Alento de musa", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 205, 7 xullo 2007, p. 7.

Considera esta obra unha novela de ficción realista na que unha muller conta as súas experiencias en torno á soidade, aos desexos de ser nai, aos problemas no eido laboral. Dise que o fragmentarismo e as lagoas que o autor deixa para que complete o lector son acertados e que se trata dun escritor que se defende ben na narrativa. Por último, anótase que se recollen dez poemas breves e esencialistas titulados *Déixanse levar*, que reflexionan sobre a memoria e as derrotas.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, "Non é mesmo", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 213, 2 xuño 2007, p. 10.

O autor recomenda neste artigo a lectura do libro *Esmeralda branca* (2006), de Manuel Vilanova, un de Alberte Momán, *O alento da musa* e *Dragona*, de Queipo por consideralos afastados desa corrente de facer "patria cos libros caducables".

- Lupe Gómez, "No supermercado contactas coa realidade", *Galicia Hoxe*, "Caleidoscopio de cores", 19 novembro 2007, contracuberta.

Ao longo desta conversa, Alberte Momán revisa algún aspecto da súa biografía, ao mesmo tempo que defende a poesía erótica como unha forma de expresar moito máis. Sobre esta novela afirma que situou a obra nun supermercado porque, durante o tempo que estivo no paro, facer a compra converteuse nunha rutina que o facía contactar coa realidade, até o punto de imaxinar a vida das persoas que alí traballaban. Asemade, refírese ao colectivo "A porta verde do sétimo andar", una agrupación poética á que pertence.

Moure, Teresa, *Benquerida catástrofe*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 240, abril 2007, 229 pp. (ISBN: 978-84-9782-580-1).

Teresa Moure (Monforte, 1969) abre esta novela dúas citas, unha d'*O xénero en disputa*, de Judith Butler e outra da *Vida secreta de Dante Aliguieri*, que anuncian os temas que se van a abordar: a ambigüidade e a mudanza da identidade xenérica, a procura da propia identidade, o corpo fóra da norma, o amor, etc. A narración encóntrase estruturada en capítulos numerados cos números primos, que representan a esencia, o indivisíbel. Intercálanse as seccións dedicadas a contar a evolución dos acontecementos con aquelas en que a voz narrativa se introduce e, dirixíndose á lectora ou ao lector, incita á reflexión sobre os feitos narrados e as personaxes da historia, á vez que vai facilitando as chaves para entender o complexo proceso que intenta describir. O protagonista é un home, Adam, que sente unha profunda transformación no seu ser a medida que a súa parella, Eva, se afasta del. Devagar, o seu corpo vaise feminizando e irá cuestionando a súa propia identidade. Finalmente, Adam transformarase en Mada e comezará unha relación amorosa con Marisa, a quen non lle molesta a indefinición da súa persoa. As relacións de parella, as infidelidades, o sexo ou o namoramento son

outros dos temas que percorren a trama do libro. Incide no cuestionamento das categorías xenéricas pechadas e mostra personaxes que vacilan entre os roles masculino e feminino, cunha mensaxe clara da necesidade de autocoñecemento real e a posta en valor do diferente e non normativo.

Recensións:

- Helena Miguélez Carballeira, "Dereito á indefinición", *Grial*, n.º 175, Tomo XLV, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2007, pp. 119-120.

Salienta a publicación da novela *Benquerida catástrofe* (2007), de Teresa Moure. Helena Miguélez destaca que esta novela "propón unha achega complexa e desenvolvida á cuestión das identidades sexuais", na liña dos traballos anteriores de Teresa Moure. Dise que a historia presenta a Adam Cairbouhg e Eva Muíño, unha parella que leva oito anos xuntos, pero que no presente están pasando unha crise. Finalmente, sobrevén a catástrofe e dela deriva unha transformación radical na persoa de Adam, o cal descobre unha parte agochada da súa identidade: a feminina. Advirte, Helena Miguélez que o "valor simbólico deste xiro argumental, está pouco definido na novela", aínda que é posibel que a autora xogue con este recurso para lograr dominar e manexar ao lector ou lectora. Considera que o xogo da indefinición sexual do protagonista se materializa na narración no enredo lingüístico cos xéneros gramaticais. Por último, a autora do artigo, destaca que con esta terceira novela, Teresa Moure, afianza a súa "distintiva técnica escrita", ao mesmo tempo que se converte nunha "das voces narrativas máis temperamentais do contexto galego".

- Xosé M. Eyré, "Historia e comentario dunha crise sexual. Teresa Moure publica Benquerida catástrofe", *A Nosa Terra*, n.º 1.278, "Cultura", 26 xullo-5 setembro 2007, p. 26.

Comeza describindo o argumento, logo fíxase na presentación da crise de valores e identidades da sociedade occidental actual, para cualificar de moi interesante o asunto da transformación sexual, e censurar a seguir o feito de que non se afonda no inferno persoal do protagonista. Fálase da habilidade narrativa da autora, do seu ton politicamente incorrecto e logo incídese de novo no aspecto negativo: unha historia simple, situacións maniqueas, personaxes tópicas, mal uso dos pronomes e fraseoloxía pouco axeitada.

- Ramón Nicolás, "O casulo tronzado", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 223, 11 agosto 2007, p. 10.

Coméntase que con esta novela a súa autora desmárcase das claves que lle deran gran éxito e recoñecemento con *Herba moura*. Dise que é unha novela moi sinxela, arredor do cuestionamento sobre a identidade sexual, que ás veces peca de excesivo detallismo, pero que ten tamén pasaxes absolutamente brillantes.

- Martín Pawley, "E a vida continúa", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 4, "proPostas", outono 2007, p. 6.

Di que *Benquerida catástrofe*, de Teresa Moure é unha novela moi boa porque trata con atrevemento e reflexivamente e con humor temas como o amor ou as identidades que conlevan transformación. Esta obra fundaméntase na procura da felicidade e trata a historia dunha parella que se vai distanciando debido ás circunstancias. A novela ten un ritmo rápido e está chea de detalles e de consellos dirixidos ao lector. A súa prosa é sentimental e espiritual polo que nos axuda a entender o mundo.

- Helena González Fernández, "O que se le en T. Moure: ficción e imaxe autorial", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 4, "proPostas", outono 2007, p. 6.

Sinala que a escrita de Teresa Moure dá respostas á problemática da muller. A protagonista de *Herba moura* é unha muller rompedora, que compaxinaba os papeis de nai e científica. Nos seus comezos atopamos o típico feminismo de sempre pero agora, máis transgresora, trata temas como a maternidade dende un punto de vista feminista, e non comparte a idea de que a solución ao problema sexan os tópicos, como a igualdade ou o rexeitamento do patriarcado.

- Francisco Martínez Bouzas, "Identidades cambiantes. Con eivas e con bondades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 219, "Libros", 4 outubro 2007, p. V */La Opinión*, "*Saberes*", n.º 211, "Lecturas", 6 outubro 2007, p. 6.

Destácase que a graza da novela reside na súa forma, na súa estrutura fragmentaria, na mestura de diversos materiais e nos puntos de vista narrativos. Tamén se fala da trama e de como a súa tese central aséntase en que "todos temos un lado feminino e outro masculino".

Referencias varias:

- Jaureguizar, "A 'catástrofe' de Moure", *El Progreso*, "Ollo mol", 28 xaneiro 2007, p. 71.

Coméntase a próxima publicación de Teresa Moure en Xerais, a novela *Benquerida catástrofe.* Dise que o espazo é urbano e contemporáneo con protagonistas que desenvolven unha actividade intelectual, un bibliotecario e a súa muller profesora de Lingua e Literatura galegas. Engádese que retoma os xogos de idioma e que tanto as palabras como os números teñen moita importancia. Por último, destácase o emparellamento desta obra coa de Jeffrey Eugenides, *Middelesex*, Premio Pulitzer 2003.

- Dolores Vilavedra, "Teresa Moure, escritora. 'Hai historias, non hai xéneros", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 marzo 2007, p. 43.

Empeza o artigo coa lembranza do gran éxito que acadou a autora coa súa anterior novela, *Herba moura*, que se converteu na obra máis premiada da literatura galega. Ante as expectativas creadas por esta nova entrega, afirma que non ser moi consciente de tales expectativas, pero di que non lle importan porque obra non é máis que algo que forma parte do proxecto xeral das cousas" que quere escribir. Nesta ocasión, proponse rachar con ese estereotipo de que é unha escritora que trata temas de muller, dende unha perspectiva determinada que se repite. Do libro cóntase que ten unha xenealoxía complexa, que confirma esa idea de que *Benquerida catástrofe* é unha sorte de capítulo do libro que Moure quere escribir ao longo da súa vida literaria, moi lonxe da intención

de reproducir *Herba moura.* En realidade, a escritora recoñece buscar con este texto que os lectores se pregunten pola súa identidade sexual. Respecto á súa faceta de ensaísta, saliéntase que aborda temas de máxima actualidade e consegue chegar a públicos que non le ensaio habitualmente, ademais de acadar o Premio Ramón Piñeiro con *A palabra das fillas de Eva*. A escritora confesa non crer moito nos xéneros, xa que cando escribe móvese con comodidade entre eles, como alguén que simplemente escribe. Para Teresa Moure os xéneros son medios para chegar, e esta historia que acabo de crear véxoa máis en movemento, no cine ou no teatro.

- Xosé Carlos Caneiro, "Pintar no aire", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 215, "Letras en Galego", 16 xuño 2007, p. 12.

A autora cualifícase neste artigo como a mellor prosista da literatura galega actual e unha das máis grandes escritoras da súa historia, mais considérase este libro como un libro débil, que non está á altura do resto da súa obra. Critícase que no fondo e na forma non chegou ás intencións previstas, quedando nunha novela con boas intencións e unha presentación tópica. Tamén refírese á obra de Miguel Anxo Murado, *O soño da febre*.

- Teresa Moure, "Benquerida catástrofe", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 364, 24 xuño 2007, pp. 6-7.

Desta obra, cualificada como unha ficción trepidante que cuestiona a identidade sexual como algo inherente aos corpos, reprodúcese un fragmento do primeiro capítulo. Engádense un breve perfil biográfico e un resume da súa traxectoria literaria.

- P. T., "Sin, sobre, atrás da institución", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "Protagonistas", verán 2007, p. 5.

Destaca que Teresa Moure non cre nos sistemas literarios, porén a súa traxectoria está inzada de premios. Coa súa primeira novela *A xeira das árbores* (Sotelo Blanco, 2004) gañou o Lueiro Rey e o Arcebispo San Clemente. Con *As palabras das fillas de Eva* (Galaxia 2005) quedou finalista do Ramón Piñeiro de Ensaio, premio que xa gañara en 2004 con *Outro idioma é posible.* No 2005 gañou con *Herba Moura* o Premio Xerais, o Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega, o Premio da Irmandade do libro á autora do ano, o Premio Benito Soto á Mellor Novela do Ano e o Premio da Crítica Española. En teatro gañou o Premio Rafael Dieste coa obra *Unha primavera para Aldara.* Ademais, *Herba Moura* vai na súa sexta edición e ten outras cinco edicións en linguas europeas distintas. Pero non só destaca na literatura, tamén o fai na súa vida profesional xa que é Doutora en Lingüística Xeral nas facultades de Filosofía e Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e publicou varios traballos de investigación da súa especialidade.

- Xavier Cid, "Teresa Moure: 'A ternura é un valor profundamente revolucionario", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "Protagonista", verán 2007, pp. 2-7.

Entrevista á escritora Teresa Moure para falar súa vida profesional e da novela *Benquerida* catástrofe. Moure di que unha das lecturas pode ser a defensa do amor incondicional e da ternura. Outra lectura entendería a novela como un manifesto, xa que a autora defende que a identidade é construída non innata. Ela declárase feminista pero non defende a igualdade senón a provocación no sentido de que as mulleres non teñen

que facer as mesmas cousas que os homes. Tamén sinala que unha novela feminista pode estar dirixidas a homes porque eles tamén poden ser feministas. Afirma que *Benquerida catástrofe* non é unha novela sobre transexualidade senón sobre identidades onde se dendebuxa a fronteira entre o masculino e o feminino, porque a ela o resultado da conversión non lle interesa senón o proceso en si mesmo, cando se preguntan quén son e a ónde van, de feito cre que ese proceso de transformación témolo todos xa que estamos cambiando continuamente. Tamén fala da súa peza de teatro, daquela aínda sen publicar, *Unha primavera para Aldara* que se centra nun convento de mulleres independentes en 1465 a onde se achega un guerreiro irmandiño. Finalmente conta que non cre na literatura profesional polo que non deixa a docencia, de feito defínese cono elemento antisistema xa que non pensa no lector cando escribe e recoñece a influencia de Manolo Rivas na súa obra.

- Xosé Carlos Caneiro, "Profundas e intensas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 231, "Letras en galego", 6 outubro 2007, p. 13.

Logo de se referir a *De provincia a nación*, de J. Beramendi e a *Vidas post-it*, de Iolanda Zúñiga, afirma que *Benquerida catástrofe* é un texto menor da autora e comenta que Xerais non acerta ao publicar libros así nos que T. Moure malgasta o seu talento inmenso e que isto "non lle fai ben nin a ela nin á nosa literatura".

Murado, Miguel Anxo, *O soño da febre*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, n.º 243, 2007, 156 pp. (ISBN: 978-84-7154-080-5).

Esta obra de Miguel Anxo Murado (Lugo, 1965) reune once relatos breves, inspirados por un ataque febril que o propio autor experimentou durante unha viaxe ao Cairo, como se lembra na introdución. A febre, é por tanto, o fío condutor de todo o volume. De feito, cada relato vai precedido dun pequeno texto sobre diferentes aspectos vinculados con esta doenza. Abre o libro "Jan van Riis, xoieiro", a historia dun xoieiro holandés que chega a Compostela coa filla para tentar vender as súas pezas. Os clientes que as mercan rematan sendo asasinados; en "Os seres luminosos", unha rapaza, Laura, enferma gravemente de cólera en África. Dende que esperta da profunda febre na que estaba sumida, advirte cambios moi estraños no seu entorno. Finalmente, resulta que en realidade ela fora a única supervivente da familia, e os seus coñecidos non eran senón fantasmas que a coidaban até que as autoridades chegaran á zona; "Os outros" é a historia dun home que se suicida e ao que os seus lobicáns vingan matando a todos aqueles que o perxudicaran mentres se atopaba fóra da aldea, combatendo na guerra; "Soldado, soldado" ambiéntase na Palestina ocupada polos israelís: unha muller tenta dar a luz nun lugar seguro. O tempo parece deterse durante a súa travesía, de xeito que nesa atmosfera irreal logra pasar todos os controis e a súa meniña nace sen problemas; en "O soño da neve" un home debe evitar que ese soño o atrape mentres percorre unha serra xeada para buscar a un médico que cure aos seus veciños, pois se queda durmido, todos, incluído el mesmo, morrerán; "A moeda de prata" está protagonizada por un rapaz xudeu e é unha historia na que a morte e a maxia volven estar moi presentes; un home chegado do Brasil, tío do protagonista, ten en "O remorso" unha maleta cunha serpe que causa a morte de distintos animais. Finalmente, el mesmo logra matala para logo marchar tan silandeiramente como chegara; un escultor recibe un encargo pero non chega a rematar o traballo. Malia iso, queda moi satisfeito porque o que logrou esculpir

foi a súa verdadeira ira e a súa verdadeira febre. É a historia de "A pietá Rondanini"; en "O pan dos xustos", un arcebispo inxusto cos veciños remata recibindo o seu merecido e morrendo el mesmo; "O diaño do outono" está protagonizado por un proxeccionista que trouxo o cinematógrafo á vila, pero que en realidade é un diaño que leva consigo a morte. Pecha a obra "A folla e o paxaro", cun duelo por unha muller. Polo tanto, a morte, o irreal e, sobre todo, a febre que en tantas ocasións promove os dous anteriores, son os puntos de contacto entre estas historias, polo demais bastante disímiles entre si.

Recensións:

- M.V., "*O soño da febre*, un bo libro de relatos de Miguel Anxo Murado", *A Nosa Terra*, n.º 1.272, "Cultura",14-20 xuño 2007, p. 27.

Anticipa que vai ser un dos libros máis importantes do ano polo alto nivel dos relatos que compoñen este libro. Dos ensaios que anteceden aos relatos, saliéntase que se utilizan para darlle unidade ao libro. A febre preséntase como distorsión do real e como metáfora da propia literatura. Por último, reivindícase a figura de Miguel Anxo Murado como un dos mellores narradores galegos.

- Xosé Carlos Caneiro, "Pintar no aire", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 215, "Letras en Galego", 16 xuño 2007, p. 12.

Dise respecto a esta obra que non está á altura do resto da obra do autor, que escribiu o considerado como un dos mellores libros de contos da literatura galega: *Ruído*. *Relatos de guerra*. Loa, sen embargo, a súa capacidade expresiva e o seu persoal estilo. Tamén refírese á obra de Teresa Moure, *Benquerida catástrofe*.

-Eloy García, "Os lugares do delirio", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 8.

Destaca nestes dez relatos fantásticos a aparición dende ao principio dunha voz en primeira persoa que mestura autobiografía, fantasía e citas. Ese estado de febre leva aos protagonistas dos relatos a outro lugar e a outro tempo, incluso ás veces se desdebuxa a liña entre a vida e a morte. Así en moitos relatos non se sabe até o final se o protagonista está vivo ou morto. Tamén considera que os escenarios son os típicos dos contos de pantasmas: aldeas illadas, calellas escuras, etc., con cabida para outros espazos pouco comúns en contos deste tipo: Camerún, territorio palestino ocupado por israelís ... Eloy García critica que moitos contos se resolven moi rápido polo que o lector pode perder interese.

- Xosé M. Eyré, "De soños e delirios", *A Nosa Terra,* n.º 1.273, "Cultura", 21-27 xuño 2007, p. 26.

Manifféstase que a xénese desta obra é a vontade de querer saber, a partir dun acceso febril real, das descubertas reveladoras que nos vai transmitir, e probablemente da crenza de que a literatura constitúe un sistema de realidades alteradas, como a febre. Sinálase que a lectura destas historias lembra a algúns autores do século XIX, como Maupassant e, sobre todo, Poe polas concomitancias temáticas e a atmósfera delirante dos relatos. Todos eles amosan a confusión realidade-ficción como eixe temático, mais uns están mellor resoltos que outros en opinión do crítico.

- Ramón Loureiro, "Na porta do misterio, Murado", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 216, 23 xuño 2007, p. 10.

Explícase que das febres que padeceu o propio autor durante unha viaxe a Exipto naceu este libro de relatos. Precisamente a febre convértese no símbolo do soño e da irrealidade, e, incluso, nunha metáfora da creación de mundos novos, da literatura. Ao mesmo tempo, apréciase nesta obra a transparencia e precisión da súa linguaxe.

- María Liñeira, "Posturas para ler en homenaxe", *Grial*, n.º 175, Tomo XLV, "O espello das letras", xullo-agosto-setembro 2007, pp. 118-119.

María Liñeira dá conta da publicación na Editorial Galaxia do libro de relatos *O soño da febre* (2007), de Miguel Anxo Murado. Destaca a autora do artigo a profunda admiración que sente polo autor, advertindo que esa afección vén de moi nova. Sinala que *O soño da febre* consta de "doce fragmentos narrativos" que parten dun relato inicial que ten como protagonista ao propio Miguel Anxo Murado. Ese relato autobiográfico conta un episodio da vida do autor, cando no outono de 2002 tivo un ataque de febre no Cairo. A partir deste relato inicial, sinala María Liñeira, aparecen os demais relatos nos que os familiares e amigos de Murado están presentes. Salienta tamén que os temas dominantes ao longo da obra son: o conflito e a violencia, a dignidade humana e, sobre todo, o amor. Repasa brevemente o argumento de cada un dos contos e advirte que o "repertorio de personaxes, situacións e espazos é sempre variado". Remata o artigo afirmando que *O soño da febre* é un libro de relatos desigual, con historias sen clímax, pero que aínda asi é un "libro para volver e recomendar".

- Laura Vieiro, "A nova obra de Murado converte a febre nunha metáfora literaria", *El Correo Gallego*, "Cultura", 12 xullo 2007, p. 68.

Coméntase que a inspiración para o tratamento da febre como un lugar que posibilita a fusión de varios tempos e de varias vivencias grazas á vinculación co mundo onírico, veulle ao escritor dunha enfermidade que tivo nunha viaxe ao Cairo. En canto á fórmula do relato di que esixe un maior esforzo por estar partindo sempre de cero e que é o xénero que máis se parece a contar unha historia.

- Mar Pichel, "Unha metáfora da febre", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 xullo 2007, p. 31.

Dise que o feito biográfico que deu orixe ao tratamento da febre como leitmotiv desta serie de relatos foi só un pretexto para a escrita, e que ten un carácter moi literario que lembra a *Memoria de derribos* (1993). Anótase, por último, que o autor combina a literatura co seu traballo como guionista de cine e televisión e que prepara un ensaio sobre Galicia.

- Dolores Martínez Torres, "Territorio apaixonado. Estremecedora sinxeleza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 217, "Libros", 20 setembro 2007, p. IV.

Sinala que é un conxunto de relatos sorprendentes nos que a febre convértese en metáfora da historia da civilización. Afirma que cada capítulo pescuda na dobre natureza, creadora e destrutora, da febre e resalta a importancia do vocabulario

evocador de aromas para introducir ao lector nas diferentes épocas e ambientes desta novela.

Referencias varias:

- Camilo Franco**,** "Os libros toman o protagonismo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 maio 2007, p. 48.

Describe as principais actividades que se levarán a cabo en Cultur.gal, unha feira dedicada á cultura cuxo núcleo será o mundo editorial galego. O recinto feiral de Pontevedra, ademais de acoller os principais produtos culturais galegos, levará a cabo actividades e actos culturais como a presentación de libros, por exemplo, o libro de relatos de Miguel Anxo Murado, *O soño da febre.*

- Miguel Anxo Murado, "O soño da febre", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 366, "Mil primaveras máis", 8 xullo 2007, pp. 6-7.

Reportaxe estruturada en catro apartados: o primeiro relata en palabras de Miguel Anxo Murado o episodio real que serviu de inspiración para esta obra; o segundo, fala dos relatos que inclúe; o terceiro, contén outros pensamentos do autor; e o cuarto refírese a outras novidades de Galaxia. En canto aos relatos que conta dise que beben do popular e que a febre os enfía como metáfora da imaxinación, do soño e da literatura. De Miguel Anxo Murado anótanse outras obras que ten publicadas e sublíñase o 'Premio Francisco Fernández del Riego' de xornalismo, así como o proceso de reedición das súas obras que está a facer Galaxia na colección Literaria. Por último, dáse noticia doutras publicacións da editorial: *Ollos de auga* de Domingo Villar, *Spam* de Francisco Castro, *Luar no inferno* de Miguel Anxo Fernández, *Made in Galiza* de Sechu Sende, *New York, New York*, de Inma López Silva e *A compañía clandestina* de Marilar Aleixandre.

- Camilo Franco, "Utilizo a febre como un personaxe e é como unha metáfora da literatura", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 xullo 2007, p. 43.

Entrevista a Miguel Anxo Murado co gallo da presentación en Compostela d'*O soño da febre*, da que se desprende que se trata dun libro a medio camiño entre o relato e novela. O autor considera que a mestura de xéneros é algo normal fronte á homoxeneización da historia da literatura, e que serve tamén para sorprender aos lectores.

Nara, Antía, *Aquel lugar*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Abismos, n. º 8, 2007, 192 pp. (ISBN: 978-84-9782-635-8).

Primeira novela de Antía Nara (A Coruña, 1974), na que se ofrece un retrato de dúas sociedades, a galega e a paquistaní, aparentemente moi distantes, pero que en realidade presentan abondosos paralelismos. Ao longo de catorce capítulos ofrécese, de xeito alterno, o retrato das dúas sociedades a través da vida de dúas mozas, unha orixinaria da aldea galega de Al-Luaira, e outra paquistaní, de Lahore, chamada Talat. Ambas as dúas coinciden cando se atopan de estudantes en Inglaterra, lugar no que forxan unha fonda amizade, forte e sincera, que lles permite coñecer e respectar mutuamente as súas culturas de orixe. Deste xeito, malia a distancia física e cultural entre as dúas sociedades, a experiencia vital de ambas as mozas pon de manifesto que, occidentais e

orientais, teñen máis elementos en común que diferenzas. En xeral, a ollada que se bota sobre ambas as dúas sociedades é descarnada, nela non hai lugar a un retrato benevolente, senón que se critican os máis diversos aspectos. No caso das tradicións orientais, denúncianse costumes como o *karo kari*, que consiste en que unha muller defende a súa honra ás veces coa morte, ou as posturas radicais, que levan a Talat á morte por defender unha postura aberta ante a vida e o amor. No caso da sociedade occidental, son cuestións sociais e sensoriais as que converten aos habitantes da aldea galega en seres primitivos e cínicos, faltos de sensibilidade e con abondosas paranoias. Neste retrato fúndese tamén o espazo íntimo e familiar, no que predomina a orfandade e o mal fado, pois a protagonista é filla dun pai emigrado en Suíza que morre prematuramente, igual que a irmá maior, coa que mantén unha difícil relación. Mortes que condicionan a súa vida e converten o lugar orixinario nun núcleo afogante do que fuxir.

Recensións:

- Xosé Carlos Hidalgo Lomba, "Onde?", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 4, "proPostas", outono 2007, p. 8.

Indica que esta obra conta as vidas parellas de dúas mulleres nadas en dúas aldeas, unha en Paquistán e outra en Galicia, que marchan á cidade para estudar unha carreira universitaria e que rematan por atoparse en Londres, a típica cidade de encontros multirraciais. Na novela pode percibirse un paralelismo entre a vida caciquil das dúas aldeas, fai un retrato moi acertado da vida rural galega sen caer en tópicos e denuncia a situación da muller nos dous universos: o galego e o paquistaní.

- Armando Requeixo, "Lectores monodose e questione della lingua", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 4, "proPostas", outono 2007, p. 8.

Comenta que o relato é un xénero que, a pesar das súas mudanzas a través do tempo, sigue estando moi presente no panorama literario galego. A razón disto pode ser que recrean a tradición e incluso a historia da literatura facendo referencia a escritores doutra época. Adoitan escribir relatos, segundo Armando Requeixo, os escritores que aínda non son profesionais, isto explicaría a abundancia de libros froito da recompilación de relatos xa escritos en distintas épocas e situacións, e non de relatos que foron escritos para publicar formando parte dun volume. Os relatos son idóneos para esta sociedade actual que non ten tempo para ler. Tamén destaca o éxito que teñen os escritos que fan referencia á cuestión da lingua aínda que o texto teña unha escasa calidade literaria, exemplo disto é a excelente acollida da peza teatral *Comedia bífida*, de Xosé Manuel Núñez Singala ou o libro de relatos *Made in Galiza*, de Séchu Sende.

- Xosé M. Eyré, "O Oriente, os sentimentos e máis nós", *A Nosa Terra*, n.º 1.287, "Cultura", 1 novembro-3 decembro 2007, p. 26.

Comeza referíndose á predilección dos últimos meses dentro da narrativa galega polo tema oriental con obras como, por exemplo, *O canto do muecín*, de Lois Diéguez, *Dragona*, de X. Queipo, *Adeus India, adeus*, de X. M. Villanueva ou *Aquel lugar*, de Antía Nara. Con respecto a este volume, indica que o nome da súa autora é un pseudónimo que nos propón un achegamento a dúas realidades e dous climas narrativos

diferentes, Pakistán e Galiza. Finalmente, analiza os seus personaxes agrupándoos en tres categorías.

- Dorinda Castro Soliño, "Denuncia da opresión", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 227, "Libros", 29 novembro, 2007, p. IV.

Comenta que a editorial Xerais publicou na colección Abismos esta novela centrada na problemática da muller no mundo árabe. Indica que a obra, escrita en segunda persoa, se estrutura en catorce capítulos nos que se narra a historia dunha rapaza que vai cunha bolsa de estudos a Pakistán e descríbese o mundo de alí en comparación coa aldea onde naceu a protagonista. Afirma que o libro lembra que a miseria moral produce consecuencias dramáticas en calquera parte do mundo.

Pereira Valcárcel, Manuel, *Días do final*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Illa Nova, n.º 8, agosto 2007, 57 pp. (ISBN: 978-84-7154-186-4).

Breve relato no que Manuel Pereira Valcárcel (Ouzande, A Estrada, 1955) conta en pasado e en primeira persoa a lembranza dos últimos días da relación entre un pai e un fillo. Comeza a narrativa anunciando que pasaron dez anos da morte do pai do protagonista, que, a continuación, pasa a contar os acontecementos que envolveron a morte do pai, como consecuencia dunha enfermidade medular. As estancias no hospital, as conversas con visitantes que acudían a visitar outros pacientes, reflexións sobre a situación da sanidade pública ou continuas referencias á actualidade do momento, 1994, especialmente ao ámbito futbolístico, enchen as páxinas deste relato. O protagonista é un home galego que vive e traballa en Madrid e que se ve forzado a regresar á súa vila natal debido á doenza do seu pai. O ton nostálxico, triste e ás veces filosófico envolve o estilo narrativo, xa que a morte está presente dende o comezo até o final.

Referencias varias:

- maré, *Galicia Hoxe*, "Cultura", 9 novembro 2007, p. 75.

Infórmase de que esta novela vén de presentarse na Libraría Couceiro de Santiago e indícase que se trata dunha "crónica persoal" na que o seu autor aborda os derradeiros días de relación entre un pai e o seu fillo.

- Montse Pena Presas, "Último alento", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 225, "Libros", 15 novembro 2007, p. V.

Comézase comentando a portada do libro *Días do final*, de Manuel Pereira Valcárcel, na que aparece unha laranxa partida pola metade. Defínese esta segunda obra en prosa de Pereira como un canto á sensibilidade no que a morte fai acto de presenza dende o principio e a esperanza aparece como leit-motiv. Descríbense os espazos nos que se sitúa a obra e indica que aparecen versos e frases de célebres escritores. Finalmente, faise referencia á escrita espida e sen artificios e afirma que o único trazo negativo da obra, pode ser a construción narrativa algo febel.

Pérez Rei, Mariña, *Canícula*, Premio Manuel Lueiro Rey de novela curta 2006,

Santiago: Sotelo Blanco, col. Medusa. Narrativa, 2007, 182 pp. (ISBN: 978-84-7824-508-6).

A novela de Mariña Pérez Rei (Ames, 1966) trata un tema de actualidade como é o das consecuencias nefastas que pode ter o cambio climático. A historia sitúase nunha Galicia futura na que se estabelece unha sociedade idílica sobrevivente ás temperaturas elevadas nos desertos áridos que quedan na terra, alí son enviadas as persoas que caen enfermas. Trátase dun deserto no que a xente sobrevive baixo terra. Silva é o capitán dunha das plataformas que navegan lonxe da terra para evitar a calor extrema. A súa personalidade singular convérteo nun experimento da sociedade, sen que el o saiba, que remata coa súa vida non sen antes tentar acadar a liberdade e a verdade. É unha novela na que se pretende mostrar unha sociedade deshumanizada polos grandes avances e a gran loita dos protagonistas é fuxir da canícula interior, do pensamento único e sentir a verdadeira liberdade.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, "Sobre macrocidades flotantes", *A Nosa Terra,* n.º 1.260, "Cultura", 15-21 marzo 2007, p. 26.

Clasifícase esta obra dentro da ficción científica, xa que localiza a trama nun tempo que nin foi, nin é, senón que será. Neste caso un dos protagonistas decide abandonar a plataforma mariña onde viven na procura das súas raíces no interior. Así compárase a civilización sobre o mar coa terrestre. O desenlace apúntase como unha denuncia do pensamento único, dunha sociedade mansa que se deixou arrastrar cara ao desastre ecolóxico. O máis salientábel da obra, por tanto, son estas cuestións que propón, mentres que ao carácter dos personaxes e mesmo ao seu papel no desenvolvemento da historia fáltanlles precisión.

- Armando Requeixo, "Baixo o Imperio de Sirio", *A Trabe do Ouro*, n.º 70, "Publicacións", abril-maio-xuño 2007, pp. 295-298.

Destaca que a autora é unha das revelacións literarias máis importantes do 2006, xa que neste ano tamén gañou o Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón co poemario *Fanerógama*. Salienta que en *Canícula* amósase un mundo vertebrado por castes sociais excluíntes, onde o desastre ecolóxico forzou a división entre privilexiados e non privilexiados, nunha continuación da actual división entre "primeiro mundo" e "terceiro mundo". A historia que presenta Marina Pérez é a visión dunha sociedade futurista, de ciencia ficción, no que o destino da humanidade é pouco esperanzador: o ser humano é como un robot sen lazos afectivos que segue o "Pensamento Único" imposto. Armando Requeixo destaca que nesta novela pódense rastrexar moitas débedas literarias e fílmicas: *Blade Runner*, de Ridley Scott, *1984*, de George Orwell, *Un mundo feliz*, de Huxley, *Dune*, de Herbert, etc. Tamén repasa a eclosión do xénero de ficción en Galicia (Loís Fernández Marcos, X. Fernández Ferreiro, Loís Diéguez...), na cal se encadra a novela de Mariña Pérez Rei.

- Francisco Martínez Bouzas, "Narrativa futurista", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 202, 16 xuño 2007, p. 7/*Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 210, 17 xuño 2007, p. V.

Valórase como unha digna achega a primeira incursión literaria desta autora, enmarcada

no subxénero narrativo futurista. No caso da presente ficción , os seus principios ideolóxicos e elementos contrautópicos son, por unha banda, as desfeitas medioambientais que provocan unha Galicia de temperaturas extremas e, por outra, as tendencias ditatoriais do sistema que someten aos cidadáns.

- Nate Borraxo, "Nas plataformas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 12.

Salienta que esta novela de Mariña Pérez Rei sitúase nun futuro próximo no que as altas temperaturas debidas ao cambio climático fan de Galicia un lugar abafante, onde só son habitábeis as zonas da costa por xente forte e sá, grazas á construción de plataformas especiais para aguantar a calor, mentres que no interior desértico chegan os enfermos. Os personaxes loitan por unha liberdade que non acadan porque están vixiados pola torre de control e rematan por perder a esperanza, de feito só os bos viven en covas lonxe dese control e manteñen as tradicións. Na opinión de Nate Borraxo, a novela faise por veces repetitiva e a acción dos personaxes previsíbel.

Piñeiro, Antonio, *Tres contos da guerra*, prólogo de Xerardo Agrofozo, ilustr. de Julio Catalán, edición do autor, 2007, 66 pp. (ISBN 978-84-933817-9-0).

Este libro de Antonio Piñeiro (1962) contén tres relatos que teñen lugar en tres escenarios moi distintos pero cunha mesma situación común: a guerra, que funciona como elemento unificador da obra. Os relatos tamén son unha reflexión sobre a forma de actuar do ser humano en condicións extremas. O primeiro dos relatos titúlase *Made in England*. Nel relátase unha historia que sucede nun pequeno pobo costeiro da Galicia atlántica na posguerra española, intimamente ligada ás súas consecuencias, semellantes en todos os recunchos do país. O segundo relato, "Entre cascallos", é unha narración en primeira persoa, ambientado nunha cidade alemana durante a II Guerra Mundial. O autor xoga coa exploración das súas paisaxes de devastación total, coma co interior psíquico-emocional. O último dos relatos, *Conto anónimo*, é, simplemente, o relato dunha escena amorosa ambientada en Nagasaki antes da caída da segunda bomba nuclear na II Guerra Mundial. É o relato dun amor que nace pero que ninguén coñecerá nunca

Referencias varias:

- Laura García, "Os contos afondan no desastre humano que provocan as guerras", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de Cultura*", 28 outubro 2007, p. 36.

Ao longo desta conversa o escritor ribeirense explica que a idea de ambientar estas historias en situacións bélicas vén da proposta feita a algúns escritores de facer algo sobre a guerra civil durante a celebración do Ano da Memoria Histórica no Barbanza. Afirma que o seu propósito foi afondar na destrución da esencia humana á que levan os fascismos. Incluso neses momentos límites, considera que hai lugar para o amor. Sobre "Made in England" conta que se centra na historia dun neno mutilado de guerra que espera a chegada da súa prótese dende Reino Unido, mentres que no caso de "Canto anónimo" di que a historia relata unha historia de amor que ten lugar durante o

bombardeo de Nagasaki.

- Xerardo Agra Foxo, "Os nosos libros", *Alameda*, n.º 29, decembro 2007, p. 48.

Sección na que se dá noticia da publicación da obra *Xosé María Álvarez Blázquez 1915*-1985, de Clodio González Pérez, e do libro *Tres contos da guerra,* de Antonio Piñeiro, considerada unha obra artesán cunha tirada de cen exemplares que consta de tres breves relatos, acompañados de gravados do pintor Julio Catalán, situados en Ribeira, nunha cidade alemá e nun lugar de Xapón que tratan o tema da guerra e das súas consecuencias con "alento poético, personaxes sutilmente esbozados e estética ascética". Os comentarios das obras acompáñanse das reproducións das lapelas dos volumes.

Queipo, Xavier, *Dragona*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 236, febreiro 2007, 303 pp. (ISBN: 978-84-9782-513-9).

Esta obra de Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) é unha novela de personaxes que transcorre nunha cidade sumidoiro, cualificada polo autor coma "*A cidade do esteiro"*. Nela desenvólvese a vida dunha serie de personaxes atípicos que se moven entre os comportamentos inútiles e as paixóns máis primarias. A obra reflicte as situacións que viven os emigrantes nun lugar que non é o seu, onde non coñecen a lingua nin a ninguén. Tamén están as causas que levan á xente a emigrar: económicas, política, identidade sexual…. Todo iso se reflicte na esencia de cada un dos personaxes de *Dragona*. A obra comeza cunha cita de Severo Sarduy "Y contra marea y viento remaré. Hasta la otra orilla...". A continuación aparece o personaxe principal, Dragona que, analizando metaforicamente o mundo no que vive, síntese unha náufraga. A protagonista é una inmigrante arxentina que choca cunha sociedade en transformación cultural e de valores profundos, como todas as sociedades modernas. Sendo bisexual e de gustos profusos, non frea os seus impulsos agresivos ou ternos perante os outros, figurantes case sempre dun teatro que se esqueceu de darlles un guión. *Dragona* prevé nun futuro que é xa hoxe, un xogo onde nada é definitivo ou perenne, nin moral ou amoral. Nada, neste romance, é o que parece. Nesa encrucillada, os distintos personaxes móvense ao redor da protagonista dun xeito un tanto anárquico, xa que o libro non ten unha estrutura lineal, senón que máis ben constitúe unha *collage* de distintas partes, non totalmente diacrónicas. *Dragona* ten moitas lagoas e procura xogar coa intelixencia do lector, que constrúa o puzzle coas pezas que faltan.

Recensións:

- Laura Caveiro, "En Dragona. Exotismo automitolóxico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 202, "Libros", 12 abril 2007, p. V.

Saliéntase a estrutura desta novela é circular, así como o espazo mostrado ten moito de pechado en si mesmo, ademais de sinalar o seu forte ritmo narrativo. Nela apréciase o persoal estilo do autor, que volve a dar mostra da súa habelencia para describir aos personaxes, unidos polas súas obsesións en común.

- Xosé M. Eyré, "*Dragona*, unha novela sobre a necesidade de afecto. Queipo presenta

unha obra vitalista e de personaxes desprexuizados", *A Nosa Terra*, nº 1.263, 12-18 abril 2007, p. 26.

Explica que as novelas de Xavier Queipo teñen a intención de "retorcer o mundo real para tratar de entendelo ou como mínimo poñerlle denuncia" e isto acontece na súa novela *Dragona*, caracterizada como unha obra que interpreta a vida, e na que os seus personaxes só se dedican a vivir. Analiza o narrador, os personaxes e más a lingua, así como tamén a súa temática que, neste caso, é basicamente amorosa.

- Martin Pawley, "Terra en transo", *Tempos Novos,* "*Protexta*", n.º 2, "proPostas", primavera 2007, p. 13.

Crítica de *Dragona*, novela de Xavier Queipo que Pawley cualifica de "verborreica e incómoda", por considerar que esixe do lector demasiado esforzo para o que finalmente ofrece. A obra presenta toda unha serie de personaxes de diversas partes do mundo que xiran arredor da emigrante arxentina que dá nome ó libro. A desesperación e a soidade dominan no volume, que tenta configurarse como parábola multicultural "dun tempo novo, cambiante e caótico". Non obstante, Pawley considera que a forza desa proposta dilúese pola "debilidade da escrita", marcada por un ritmo excesivamente lento e un vocabulario científico en exceso. O resultado é "un produto tan ambicioso como frustrante", cuns resultados que quedan moi lonxe dos desexábeis. Nunha columna complementaria, "De Ártico a Dragona", Armando Requeixo fai un repaso polos case vinte anos de traxectoria de Xavier Queipo, dende *Ártico e outros mares* (1990) ata a publicación de *Dragona,* a obra que se critica no artigo ó que acompaña a columna. Creador dun particular mundo literario, Queipo traballou na súa obra o gusto pola temática mareira, a ambientación cosmopolita e as difusas fronteiras entre o ensaio e o relato de ficción científica. Ademais de narrador, é autor de obras de poesía, infantís e xuvenís, artigos e traballos de tradución.

- Vicente Araguas, "Dos pasos que se cruzan", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 439, "Libros", 29 xullo 2007, p. 20.

Coméntase *Dragona* (2007), de Xabier Queipo, como unha historia de encontros e desencontros nunha cidade futura, narrada cun estilo distanciado, un diálogo ben tecido e moitas doses de ironía. Dise que require unha lectura pausada, como toda literatura intelixente, e que o seu autor goza do experimentalismo.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, "Non é mesmo", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 213, 2 xuño 2007, p. 10.

O autor recomenda neste artigo a lectura do libro *Esmeralda branca* (2006), de Manuel Vilanova, un de Alberte Momán, *O alento da musa* e *Dragona*, de Queipo por consideralos afastados desa corrente de facer "patria cos libros caducables".

- Juan Oliver, "Queipo desnuda el caos en *Dragona*", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 xuño 2007, p. 50.

Dáse conta da presentación desta obra na libraría Orfeu da capital belga, onde reside o

autor. Afírmase que se trata dunha novela de personaxes que ten como pano de fondo unha complexa rede de relacións sociais.

Rábade Paredes, Xesús, *Mentres a herba medre*, XXVIº Premio Blanco Amor de Novela Longa, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 247, 2007, 199 pp. (ISBN: 978-84-7154-138-3)

Novela de Xesús Rábade Paredes (Seixas, Cospeito, 1949) na que a figura do narrador se presenta dun xeito orixinal, ás veces falando consigo ou de si mesma en segunda persoa e outras dialogando cos personaxes, principalmente cos seus fillos, aos que conta trazos da súa vida, da deles mesmos e da dos seus avós, familiares ou coñecidos. A historia inclúe reflexións sobre o feito ou a dificultade de narrar, introducindo así a metaliteratura no texto. En canto ao tipo de linguaxe destaca o uso continuado de metáforas para referirse a feitos e experiencias cotiás, por exemplo comparando a narración da vida co curso dun río e os seus afluentes ou cos camiños e os seus desvíos. Tamén se emprega en varias ocasións a metáfora que dá título á novela, unha frase sen rematar, como a vida mesma, que require dunha continuación que lle virá dada ao lector á medida que avanza na lectura: mentres a herba medra a vida continúa o seu ciclo e hai esperanza. O narrador conta aos seus fillos anécdotas da súa vida, fala dos cambios producidos na sociedade, os bos e os malos, recorda os tempos da Guerra Civil e da emigración que aos seus familiares lles tocou vivir e reponde ás súas preguntas curiosas e inquedas, coas que queren aprender do pasado. O tempo da narración é actual e viaxa ao pasado a través dun narrador que se esforza por lembrar vivencias familiares sen unha orde precisa. O espazo abarca dende Santiago até os países da emigración, recreándose na vila compostelá.

Recensións:

- Fran P. Lorenzo, "Xesús Rábade tece un relato de xeracións ao fío da verba poética", *El Correo Gallego*, "Cultura", 29 novembro 2007, p. 75.

Dá conta da presentación desta obra e indica que no evento estiveron presentes xunto ao autor, Víctor Freixanes, Darío Villanueva e Luis Cochón, dos cales achega os seus comentarios. Freixanes salienta a importancia do Premio Blanco Amor; Cochón afirma que a novela se centra no diálogo dun home co seu pasado e o seu futuro, e Villanueva destaca a ambición literaria que presenta a novela.

- Luís Cochón, "Mentres a herba medra", *El Correo Gallego*, "Cultura", 4 decembro 2007, p. 68.

Salienta desta obra diferentes cuestións como o seu título, do que di que é "unha maneira demorada de entender a creación literaria". Tamén afirma que o protagonista da historia é o propio relato e indica que a maioría das narracións de Rábade parten das súas obras poéticas. Así mesmo, salienta o uso das palabras co seu significado recto, é dicir, o decoro da lingua e o seu primor.

Regueira, Mario, *L'affiche rouge*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º

239, maio 2007, 200 pp. (ISBN: 978-84-9782-587-0).

Nesta novela de Mario Regueira (Ferrol, 1979) cóntase a chegada ao mundo adulto de varios mozos nacidos ao abeiro da transición política. Estes mozos viven nun contexto onde a conquista da esperanza é só o principio de toda loita política ou persoal, e a súa propia identidade colectiva representa un problema que hai moito tempo ficou sen resolver polas xeracións precedentes. Faise un retrato da búsqueda dunha realidade que non é a prometida para esta xeración, senón un mundo cheo de negacións e agresións. Os protagonistas adoptarán unha serie de posturas distintas que van dende a completa inhibición até unha revolucionaria e gozosa celebración da diverxencia.

Recensións:

- María Seisdedos, "Cidade e paraguas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 10.

Critícase desta obra certas expresións e diálogos forzados. Segundo María Seisdedos, hai certa tensión entre os personaxes grises que se funden co tempo metereolóxico e os alegres que son coma lóstregos, grazas a unha narración e uns diálogos moi vivos.

-Xosé M. Eyré, "Loita ou fuxida na xeración dos oitenta", *A Nosa Terra*, n.º 1.274, "Cultura", 28 xuño-4 xullo 2007, p. 26.

Afírmase que pese á cantidade de ideas que se barallan nesta novela, non se trata dun produto ideolóxico. A rebelión encabezada polos seus protagonistas está máis ben relacionada coa música, o sexo, os mitos e os soños. Como crítica apúntase que nalgunhas ocasións resulta difícil distinguir as reflexións dos personaxes da propia narración.

- Vicente Araguas, "Canción francesa", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 436, "Libros", 8 xullo 2007, p. 20.

Coméntase a novela *L'affiche rouge*, de Mario Regueira a partir da canción que lle dá nome, de Léo Ferré e baseada nun poema de Louis Aragon, co que se homenaxeou a vinte e tres fusilados, que se consideraron "Morts pour la France". Dise que é unha novela sorprendente, chea de avances e retrocesos na historia que conta, artellada en torno a tres lugares xeográficos (Bretaña, Santiago de Compostela e Lucerna), cunha acción impresionista e grande habelencia narrativa.

- Ramón Nicolás, "Memoria, creación e futuro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 224, "Letras en galego", 18 agosto 2007, p. 7.

Coméntase a primeira novela de Mario Regueira, *L'affiche rouge*, e comézase por lembrar o poema do que procede o título, así como a canción e o filme que seguiron, todos símbolos da campaña de propaganda nazi en Francia durante a ocupación alemá. Sublíñase que o talento do autor xa apuntaba en *Rebelión no inverno* (2004), que consegue facer unha novela en certa maneira de formación, de camiño cara ao fracaso duns personaxes implicados politicamente que saen totalmente derrotados, e tamén que combina excelentemente diferentes rexistros e recursos narrativos.

- Francisco Martínez Bouzas, "Dende Compostela", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 221, "Libros", 18, outubro 2007, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 214, "Lecturas", 27 outubro 2007, p. 6.

Comeza inserindo a Mario Regueira na "Xeración do 2000" e deste libro destaca a súa orixinalidade e realismo cunha manchea conversas e encontros entre xente moza que fala sobre a súa propia identidade. Comenta que é unha novela de aprendizaxe, que é unha boa radiografía da xeración que hoxe en día anda polos trinta. Tamén se refire a que ás veces resulta difícil coñecer quén é o personaxe que está a empregar a primeira persoa e que a conclusión da trama é que "o que somos cómpre conquistalo, aínda que para iso teñamos que vivir unha situación de absoluta incerteza".

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, "Xeración estío", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 219, "Letras en galego", 14 xullo 2007, p. 10.

A pesar de etiquetar esta obra de xeracional, considera que é moito mellor que outras demasiado tópicas, até o punto de apostar polo futuro deste autor, xa que demostra nesta obra ganas de contar dende o pensamento e a sensibilidade.

- Sheila Caínzos, "Mario Regueira. Escritor. 'A madurez é encarar a realidade", *El Ideal Gallego*, 4 agosto 2007, p. 72.

Entrevista a Mario Regueira co gallo da recente presentación da súa novela *L'affiche rouge* na Feira do Libro da Coruña. O autor afirma que escribir lle gusta moito e que os premios son un parche para unha situación anómala. Di tamén que o título en francés era para chamar a atención e que a chegada ao mundo dos adultos que o libro relata dáse cando se encara a realidade.

Rei Núñez, Luís, *O señor Lugrís e a negra sombra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 244, 2007, 381 pp. (ISBN: 978-84-9782-641-9).

Luis Rei Núñez (A Coruña, 1958) realiza nesta novela histórica unha viaxe ao redor da figura do escritor e pintor Urbano Lugrís (A Coruña, 1908-Vigo, l973) e traza ademais o retrato de toda unha época de penitencia e un moi veraz retrato de grupo: mestres, señoritos afeccionados á esmorga, artistas, mulleres dos bares de alterne e aprendices de literato… En definitiva, a fauna que opta polo exilio da bohemia durante a época do réxime franquista. É consubstancial co artista a súa faceta de bohemio en maior o menor grao e que en Urbano Lugrís cúmprese irremediabelmente até a saciedade, sacando a relucir constantemente a súa faceta de artista con todas as súas consecuencias. Ao mesmo tempo, reflicte A Coruña da época con lugares, sitios e costumes con morriña. Trátase, en resume, dunha combinación da biografía e da ficción mediante a que se constrúe un retrato arredor do pintor. A obra, que emprega o coñecido pretexto do manuscrito encontrado, recrea o universo mítico do pintor, así como de numerosos personaxes, reais ou de ficción. Comézase a contar a historia en 1953. O señor Lugrís, un home relativamente novo aínda, é un fracasado, ou dito doutro xeito, un náufrago. A súa muller abandónao e foxe a Burgos a casa dos seus pais, en busca dun certo acomodo para os seus fillos. El mesmo tivo que refuxiarse tamén na casa da súa nai, en A Coruña.

É unha situación provisional en espera de tempos mellores, dese gran recoñecemento artístico que xa non pode tardar e que lle permitirá reunir de novo a súa familia nun fogar confortábel, cheo de libros, de cadros e de buguinas. A dicir verdade, tampouco é que a súa obra no teña un certo éxito, xa que recibe algúns encargos importantes e incluso converteuse, como el mesmo dicía, en pintor de camarote (que non de cámara) de Franco, cando lle decorou o *Azor*. Pero a negra sombra do señor Lugrís, como a do famoso poema de Rosalía de Castro, volve sempre "facéndolle mofa". Quizá porque é incapaz de pórse a pintar un cadro que no ten vendido de antemán, porque aínda o teña vendido de antemán non sempre o termina a tempo, ou ben porque nunca planeou aforrar os dous pesos que podía investir en pagar a última rolda. Até que morre, pobre e só, nun hospital de Vigo o 23 de decembro de 1973.

Recensións:

- Paola Obelleiro, "A lenda alongada de Urbano Lugrís", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 28 setembro 2007, p. 45.

Explica que Luís Rei Núñez parte dunha suposta autobiografía non atopada para construír esta historia de testemuños, recordos e anécdotas sobre os últimos vinte anos da azarosa existencia de Lugrís. Indica que, tanto o protagonista como os seus amigos, entre os que están Avilés de Taramancos ou Álvaro Cunqueiro, están retratados con bastante verosimilitude. Por último, comenta que a retranca está presente ao longo de toda a novela.

- Araceli Silva, "Lugrís, protagonista da bohemia", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 381, "Reportaxe", 21 outubro 2007, pp. 6-7.

Faise un repaso pola literatura de Luís Rei e sublíñase que a súa paixón pola pintura e a fotografía fica ben patente neste libro. Sinálase que a idea inicial do autor era de contar as peripecias dun grupo de persoas non adictas ao réxime franquista elaborando así un fresco sobre a sociedade coruñesa do franquismo. Coméntase que Luís Rei novelou sobre personaxes reais, en situacións reais e mais con testemuñas que tamén o foron e asemade destácase a gran cantidade de fontes que sustentan o que hai de realidade en *O señor Lugrís e a negra sombra*.

- Armando Requeixo, "Un dagerrotipo en sepia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 224, "Libros", p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 161,"Lecturas", p. 10, 8 novembro 2007.

Caracteriza a novelística de Luís Rei Núñez e fala da súa última novela *O señor Lugrís e a negra sombra*, na que se di que o protagonista é o propio Urbano Lugrís, así como, os lugares nos que viviu: Vigo e A Coruña. Comenta que a novela está construída como un xogo cervantino e, finalmente, indica que foi editada por Xerais e que conta cunha versión en castelán publicada por Ediciones del Viento. Sublíñase que a obra é un revelador fresco epocal de persoeiros das letras galegas que "loitaban" contra os censores franquistas e tamén se indica que o seu autor é quen de tecer un delicado canizo intelectual onde alternan a narración en primeira persoa coas memorias do famoso pintor.

- Ramón Nicolás, "O retorno de Ulyses Fingal", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 237, 17 novembro 2007, p. 12.

Salienta a habilidade de Luís Rei Núñez para contar de xeito novelado a biografía de diferentes personaxes e, neste caso, a de Urbano Lugrís, a través da novela *O señor Lugrís e a negra sombra*. Comenta que é unha obra de aparente sinxeleza, baseada na descuberta dun manuscrito e cun profundo traballo de documentación, na que aparecen personaxes que compartiron momentos con Lugrís como Antón Avilés de Taramancos, Rafael Dieste, Isaac Díaz Pardo, Luís Seoane, etc. Finalmente, indica que a obra tamén foi publicada en castelán por Ediciones del Viento.

- C. Rodríguez, "Urbano Lugrís: un mar de áncoras e misterios", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 685, 2 decembro 2007, p. 7.

Salienta a relación que mantiveron Antón Avilés de Taramancos e Urbano Lugrís, a pesar da diferenza de idade, para referirse ao libro publicado por Luís Rei Núñez, *O señor Lugrís e a negra sombra*, no que se mostra unha parte da vida e obra do pintor en dúas cidades fundamentais: A Coruña e Vigo. Comenta que é un traballo de documentación exhaustivo, estruturado en catro apartados tanto biográficos como novelescos que arrancan no ano 1953, son eles: "Un manuscrito aparece", "A alegría dos naufraxios", "A sétima vida do gato" e "Este é o Segredo Malingre".

Referencias varias:

- Ramiro Fonte, "*Luces de Bohemia*", *A Nosa Terra*, n.º 1.283, "Cultura", 4-10 outubro 2007, p. 25.

Sinala que deste libro se poden facer varias lecturas alternativas e que podemos consideralo unha autobiografía apócrifa onde se retrata a parella artística de Lugrís e Avilés de Taramancos.

- Xosé Carlos Caneiro, "A literatura sobrevive", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 233, "Club Dandi", 20 outubro 2007, p. 13.

Coméntanse as obras *O señor Lugrís e a negra sombra*, de Luís Rei Núñez, e mais *María das batallas*, de Alfredo Conde. De ambas as obras destácase que reafirman con intensidade a calidade narrativa galega e que teñen en común a cidade da Coruña. Con respecto á obra de Alfredo Conde coméntase que é unha novela histórica, ben trazada, aventureira e mais divertida.

- Ramón Rozas, "O enxame do señor Lugrís", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", 26 outubro 2007, p. 73.

Dáse conta da presentación deste libro e coméntase que nel se articula un enxame de personaxes, como Avilés de Taramancos, Pucho Boedo, Antón Patiño ou Luís Suárez, que xiran ao redor de Urbano Lugrís.

- Vicente Araguas, "A negra sombra de Lugrís", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 457 , 2 decembro 2007, p. 20.

Araguas comenta a obra de Luís Rei Núñez, *O señor Lugrís e a negra sombra*, e caracterízaa como un "documento feito ficción" e non como unha novela. Dá conta dalgunhas anécdotas inxeniosas da obra e comenta o estilo de Rei Núñez que o define como funcional e lírico.

- Vicente Araguas, "Adiós Madrid", *El Correo Gallego*, "Cultura. Agora xa foi", 26 decembro 2007, p. 68.

Longa reflexión sobre as vivencias de Vicente Araguas en Madrid cunha sucinta referencia a este libro.

Riveiro Coello, Antón, *Os ollos de K*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 249, 2007, 282 pp. (ISBN: 978-84-9865-008-2).

Novela pertencente ao xénero negro de Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) que ten como narrador protagonista ao escritor Suso Paradela, quen, involuntariamente, se ve superado polos mesmos feitos que está a contar inda que son totalmente ficticios. A medida que avanza a narración vanse estabelecendo claros paralelismos con Josef K, a personaxe principal do *Proceso* de Kafka. A incapacidade de crear e imaxinar historias que está a sufrir Suso Paradela, quen parece pasar por unha interminábel crise creativa, e a urxencia que ten de crealas, xa que escribe diariamente no xornal un pequeno relato, provocan que, nunha entrevista do xornal, ofreza diñeiro a quen lle proporcione historias. Á chamada acode, en primeiro lugar, Pastor, que vive no mundo marxinal de Ourense. Logo irá o romanés Dimitrie Lupescu, que rematará sendo o principal punto de atención da obra de Suso e que será asasinado ao final por un policía. Co obxetivo de comezar o argumento da súa novela encárgalles por separado aos dous que atopen un exemplar roubado o mesmo día da presentación do seu último libro, que ten unha dedicatoria ao editor. A partir de aquí a historia vaise complicando cunha serie de asasinatos nos que o protagonista acaba implicado. A narración vaise transformando nunha "metanarración" onde o protagonista narrador cede por momentos a súa voz a diversas personaxes. A obra, na que critican aspectos como a vaidade, o egocentrismo esaxerado, a publicación ao custo que sexa, etc, caracterízase por ser sorprendente, de ritmo moi áxil e de fácil lectura, con diversos cambios tanto no aspecto formal coma nas situacións que conta. A trama argumental está salpicada por cinco pequenos relatos que o protagonista escribe para a súa columna diaria no xornal, que teñen en común un turbio final: un asasinato no que os corpos son mutilados arrincándolles os ollos, (que acaban sendo o fío condutor da novela), que aparecen nun tarro de cristal con cloroformo. Menos o primeiro, todos proveñen das historias de Dimitrie Lupescu ou ben da propia imaxinación de Suso Paradela tratando de darlle unha explicación á intriga na que se ve envolto. Estas creacións van anticipando acontecementos da trama principal que acaban facendo dubidar a Suso Paradela se non será el mesmo que, sen querelo, está ocasionando, dende a ficción, os sucesos que se transforman en realidade. Como consecuencia diso, reflexiona fondamente sobre a delicada liña que separa ficción e realidade, chegando a pensar en implicarse directamente na súa propia creación literaria, o que provocaría pasar por alto moitas premisas morais e éticas, ou ben manterse cos pes na terra. Ata o último momento, onde os acontecementos se precipitan sobre el mesmo e ameazan con frustrar os seus proxectos, tanto na realidade coma na ficción, sobrevive nunha medida ambigüidade.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Narrativa galega. Identidades", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 5, "proPostas", inverno 2007, p. 6.

Coméntase a publicación da última novela de Antón Riveiro Coello. Sublíñase a recuperación dun dos personaxes habituais noutras das súas obras, Suso Paradela, contribuíndo así ao tecido macrotextual que leva feito dende hai unha década ao incluír personaxes dunhas obras noutras sen renunciar a un dos seus temas principais: o problema da identidade. Ofrece o autor na novela unha historia de intriga paradetectivesca de ritmo rápido e influencia kafkiana onde todo aparece cifrado nun símbolo de longa tradición literaria: os ollos, como imaxe do ser e da alma, é dicir, da propia identidade.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "O proceso da escrita é un traballo complicado e de loita", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 decembro 2007, p. 50.

Conversa na que Antón Riveiro Coello reflexiona sobre esta novela, centrándose no seu protagonista. Indica que *Os ollos de K* fala da angustia de Suso Paradela, un escritor que vive en Ourense, do que se sinala que tamén aparece en *A quinta do Saler* ou en *Homónima*. Comenta que tivo a tentación de o matar "pero non fun quen" e que é a primeira novela que escribe sen saber onde vai.

San Vicente, Paula, *Fios-de-contas*, Premio de Narración Curta Ricardo Carvalho Calero do Concello de Ferrol, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Cadernos Narrativa, n.º 222, 75 pp. (ISBN: 978-84-8487-128-2).

Paula San Vicente presenta pequenos relatos de prosa poética, que, como ela mesma di, son *Fíos-de-contas*. Pois son pezas entrelazadas de relatos da vida cotiá. Lévase a cabo unha especie de *rosario literario* que se inicia coa desolación de Erundina tras a morte do seu home. Este feito lutuoso válelle á autora coruñesa para reflexionar sobre a vida e a morte, os recordos, o amor paterno filial, e para facer desfilar polo relato a pais, fillos, netos, personaxes anónimos ou emigrantes angolanos.

Recensións:

- Ana Abelenda, "Extraordinaria e cotiá", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 238, 24 novembro 2007, p. 10.

Comeza describindo o carácter de Paula San Vicente e pasa a falar sobre a súa obra *Fíos-de-contas*. Explica que se trata dunha obra na que a autora enfronta ao lector consigo mesmo a través duns personaxes honestos que constitúen clixés universais. Indica que a obra foi gañadora do Premio de Narración Curta Carvalho Calero na súa décimo quinta edición e comenta os obxectivos que persegue a autora con esta obra.

Sende, Sechu, *Made in Galiza*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 244, 2007, 160 pp. (ISBN: 978-84-7154-091-1).

Libro formado por corenta e dous relatos que xiran ao redor dun mesmo tema, a lingua galega. Trátase dunha declaración de intencións sobre como afrontar o conflito lingüístico con humor e sen prexuízos. O primeiro dos relatos, "Falar" narra as vivencias dunha nena que aínda non sabe falar pero que percibe como os seus pais e avós falan de dúas formas diferentes, dunha forma cando falan con ela, castelán, e doutra cando falan entre eles, galego. Outros relatos son "O ladrón de palabras", unha fermosa metáfora da represión lingüística, "A muller que vivía no futuro", "As nubes", "As linguas de fume" ou "Instrucciones para aprender a hablar gallego", entre outros. Neste último defínese moi ben a intención do libro: desmitificar a lingua galega. En palabras do propio autor, dise que "contra o que pensa moita xente, para falar galego non é imprescindíbel ser independentista nin necesario ir vivir a unha aldea". Trátase, por tanto, dunha miscelánea de textos que abranguen dende contos, mesmo de minicontos nalgúns casos, até artigos ensaísticos ou parodias de textos prescritivos, xornalísticos ou de sociolingüística. Esta escolma, ademais de invocar e facer presente o espírito de Castelao que lle pide a un grupo de rapaces que falen galego, segue a súa mesma técnica narrativa: pequenos cadros, brevísimas historias, moi orixinais case que todas, que interveñen de xeito decisivo na realidade.

Recensións

- Ramón Nicolás, "Sobre a lingua e as palabras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 221, 28 xullo 2007, p. 12.

Comentario da obra de Sechu Sende, *Made in Galiza*, da que se sinala que reúne unha serie de relatos que xiran arredor da situación que vive a lingua galega e que lle lembra á obra *Longa lingua*. Destácase a heteroxeneidade dos relatos, tanto a nivel lingüístico como temático e formal, o que considera innecesario neste momento e tamén dificultoso para o lector que se achegue á obra. Na análise dos relatos reunidos bota en falta a pulsión narrativa, os remates sen emoción nin sorpresa, ademais da inxenuidade e banalidade argumental. Por iso remata sinalando que a nobreza da intención da obra non se reflicte na calidade literaria.

- Vicente Araguas, "Falando de amor", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 443, "Libros", 26 agosto 2007, p. 20.

Refírese a esta obra como un conxunto de relatos que conforman toda unha declaración de amor á lingua galega, da que se di que indica instrucións de uso, incompatibilidades, contraindicacións. Sinálase que o humor é importantísimo no libro e que o autor pon sempre o dedo na chaga, sobre aspectos que son coñecidos en Galicia e que só negan os que intentan facer crer que o castelán é a lingua que aquí corre perigo.

- Eloy García, "Manual de autoaxuda", *Tempos Novos*, "*Protexta"*, n.º 4, "proPostas", outono 2007, p. 8.

Comenta que *Made in Galiza*, de Séchu Sende é un libro de relatos de bos propósitos que recolle moitas das preocupacións dos galegofalantes pero non é literatura, porque é un libro moi obvio no que aparecen chistes e que habería que cualificalo como manual de autoaxuda non como literatura narrativa.

- Francisco Martínez Bouzas, "Feito de nós", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 223, "Libros", 1 novembro 2007, p. V.

Afírmase que este libro fai unha radiografía actual da lingua galega mediante breves relatos que teñen como eixo central a defensa do idioma galego e compara *Made in Galiza* con *Cousas* de Castelao. Así afirma que no libro de Sechu Sende está presente o espírito de Castelao, que segue a mesma técnica narrativa de pequenas historia, e como diferenza entre ambos os libros indica que o "alento lírico do rianxeiro" é substituído polo humorismo de Sende.

- Xosé M. Eyré, "Parodia das actitudes lingüísticas", *A Nosa Terra*, n.º 1.289, "Cultura", 13-19 decembro 2007, p. 28.

Amosa que este volume conta con máis de corenta ficcións cunha gran variedade de situacións e de motivos, destaca a súa variedade nas estratexias narrativas. Sostén que o seu autor procurou un ton desinhibido e irónico e destaca que o microconto "Eu nunca serei yo" é sen dúbida a mellor compaña de normalización lingüística xamais vista na Galiza.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Galicia, fábrica de palabras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 xullo 2007, p. 29.

Recóllense palabras do autor nas que afirma que non podemos rexeitar o galego porque é a nosa etiqueta máis orixinal e máis valiosa. Desta obra dise que se trata dun conxunto de relatos coa intención de afrontar o conflito lingüístico con humor e sen prexuízos.

- Manuel Vidal Villaverde, "Made in Galicia", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 360, "Musas", 15 xullo 2007, p. 53.

Entrevista a Sechu Sende a propósito da súa nova publicación, *Made in Galicia*, definido como un libro de relatos sobre a comunicación. Faise a si mesmo un perfil autobiográfico para despois repasar algunha das súas obras como *Odiseas*, *Otrixe* ou *Orixe*. O escritor considérase ante todo narrador, por enriba do xénero no que traballe.

- Vicente Araguas, "Pregón de Cedeira", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Panorama", 26 agosto 2007, p. 17.

Considera que esta obra está moi ben escrita, cunha gran economía expresiva, reflexiva, con mesturas de ensaio e ficción, que divirte e conmove ao mesmo tempo.

- César Lorenzo Gil, "Se soubese facer hip-hop cambiaría os libros pola música", *A Nosa Terra*, n.º 1.284, "Cultura", 11-17 outubro 2007, p. 29.

Conversa na que Sechu Sende comenta a grave situación que está a vivir a lingua galega pola perda da base de transmisión xeracional a través da familia e tamén se detén a falar sobre este libro. Fala da resiliencia como reacción humorística ante a situación da lingua galega e asemade refírese a "Nunca Máis" e a "Letras da Cal".

- Lupe Gómez, "Non quero ser un señor serio", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 29 outubro 2007, p. 32.

Breve entrevista ao autor na que sinala que escribir este libro foi divertido e onde afirma que sempre lle gustou escoitar e preguntar e que agora descubriu que "podía escribir historias para que outra xente descubrise experiencias, sensacións".

Sumai, Anxos, *Así nacen as baleas*, 2.º Premio Narrativa Breve Repsol YPF 2007, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 251, outubro 2007, 161 pp. (ISBN: 978-84-9865-022-8).

Trátase da terceira obra narrativa de Anxos Sumai (Catoira, 1960) coa que gañou a "II edición do Premio de Narrativa Breve Repsol YPF". Esta novela curta vai precedida por unha citación de Marilar Aleixandre e divídese en tres capítulos numerados e titulados que se inician con citacións de Junichiro Tanizaki, Efrain Barquero, Xesús Constenla e Amos Oz. Os dous primeiros capítulos comezan con descricións literarias da agulla e o funil respectivamente. Nesta breve novela intimista cóntase o reencontro dunha moza coa súa familia, coa súa nai, co pasado, con sentimentos e segredos nun marco espazo-temporal impreciso. O primeiro e o último capítulo están narrados pola Nena en primeira persoa que relata a súa volta á casa, despois de fuxir do seu destino deseñado, xa que a súa Nai se atopa enclaustrada e incapacitada, e é preciso amañar asuntos de herencia. Pero ese regreso vai ser a desculpa para facer continuas voltas ao seu pasado familiar, á súa relación coa nai e mais co seu irmán Ramón, á ausencia do seu pai que van explicar a difícil relación materno-filial entre nai e filla. O segundo capítulo está narrado en terceira persoa e acontece no pasado familiar; nel cóntanse retazos da vida cotiá, a estraña relación sentimental entre nai e fillo e a tráxica morte do seu irmán, diminuído psíquico, acontecemento que será o punto de non-retorno. A novela está moi ben elaborada e estruturada, cunha linguaxe coidada e ritmo narrativo áxil que consigue envolver ao lector.

Referencias varias:

- Iago Martínez, "Iolanda Zúñiga e Anxos Sumai. Dúas narradoras no albo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 5, "Protagonista", inverno 2007, pp. 2-5.

Longa entrevista a dúas das narradoras galegas de actualidade con motivo da publicación das súas últimas obras: *Vidas post-it*, Ed. Xerais, 2007 de Iolanda Zúñiga e *Así nacen as baleas,* Ed. Galaxia, 2007 de Anxos Sumai. Neste último caso trátase da terceira obra de Anxos Sumai e a súa primeira novela, premio Repsol YPF de narrativa breve. Na entrevista mestúranse as voces das dúas autoras que falan sobre as súas obras a partir do fío común que as une: a familia, aínda que con perspectiva e densidades diferentes.

- Lupe Gómez, “Lobos de cristal”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 687, “A bailarina”, 16 decembro 2007, p. 6.

Refírese a esta obra de Anxos Sumai, confesando ter sentido unha fonda emoción pola fermosura das súas palabras e polos sentimentos que evoca reflectindo un mundo pechado que necesita abrirse.

- Daniel Salgado, “Interésame poñer en evidencia as clasificacións tradicionais”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 21 de decembro de 2007, p.10.

Anxos Sumai expón nesta entrevista a súa concepción da literatura tras ser galardoada como Autora do Ano pola Asociación Galega de Editores. Sumai destaca a capacidade da literatura para poñer en evidencia as institucións tradicionais da sociedade, entre elas, a familia, tema da súa novela *Así nacen as baleas* (2007). Recoñece, ademais, que non se sinte cómoda coa parte pública do escritor e que non cre nas convencións xenéricas nin na existencia dunha *literatura feminina*.

Tallón, Juan, *A autopsia da novela*, VI Premio Pastor Díaz de Novela, Ourense: Duen de Bux, 2007, 200 pp. (ISBN: 978-84-933817-9-0).

Esta obra de Juan Tallón (Vilardevós, 1975) comeza cunha reflexión sobre o significado da literatura de Jean-Paul Sartre: “Se a literatura non o é todo, non paga a pena perder unha hora con ela”. As primeiras liñas representan unha comparación dunha autopsia coa creación literaria. A obra pode ser definida coma un experimento narrativo no que o autor pretende que o lector “viva” o proceso interno da propia creación literaria. É unha novela negra de trama policial, pero o autor non se centra no argumento, céntrase no drama interno das personaxes que compoñen o relato; un asasino en serie, un forense e un inspector de policía son os primeiros personaxes en aparecer. Pero a obra tamén é unha reflexión sobre a propia literatura, sobre os procedementos internos que dan lugar á literatura. O relato divídese en catro partes marcadas por diferentes datas, coma se fose un diario, nas que non se especifica o ano.

Recensións:

- Ana Abelenda, “Un bo traballo forense”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 222, p. 10/ M.S., “El ourensano Juan Tallón presentó en Santiago su libro ‘A autopsia da novela”, *El Progreso*,“Verano”, p. 59, 4 agosto 2007.

Considérase que nesta obra conséguese o equilibrio entre historia e estilo, e na que se vai diseccionando unha obra literaria parellamente á resolución dunha serie de crimes. Anótase que o narrador forma parte do elenco actorial e lémbrase que Roland Barthes falaba de sete funcións básicas na literatura.

- Uxía Casal, “Un intento fallido”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 4, “proPostas”, outono 2007, p. 7.

Afírmase que esta novela ten moitos erros morfolóxicos, sintácticos e ortográficos. A intervención do narrador é excesiva xa que aparece continuamente para explicarlle ao lector como se constrúe unha novela, para indicarlle que escritores debería imitar, entre

os que se inclúe e para afondar na psicoloxía dos personaxes innecesariamente. Dinos que é unha novela policial cun argumento típico deste tipo de narracións que non consegue enganchar o lector.

Referencias varias:

- María López, "El periodismo es el matarratas de la grandilocuencia del escritor", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 27 xullo 2007, p. 40.

Entrevista a Juan Tallón co gallo da presentación da súa primeira obra de ficción *A autopsia da novela*, da que se deduce que o seu traballo de xornalista determina o seu estilo. Descúbrese tamén que o autor quere deixar que o lector vexa a andamiaxe da novela, e que non pode citar ningunha influencia clara porque cre que a bagaxe de lecturas é a que achega algo á súa escrita.

- E.L.R., "Tallón: 'El mercado es un asesino", *El Correo Gallego*, "Cultura", 30 xullo 2007, p. 60.

Recóllense palabras do autor, que afirma partir da novela negra e introduce nela unha disección do texto literario coa que vai ensinando aos lectores os órganos vitais desta. Dise que Juan Tallón é licenciado en Filosofía e xornalista e que a profesión determinou ese estilo conciso e directo seu.

- M.S., "Sobre a dialéctica da escrita", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 agosto 2007, p. 25.

Recóllense palabras do autor, como a afirmación de que á literatura galega actual lle falta vocación autodestrutiva. Anótase tamén que as fórmulas da novela negra son só unha base, como podería haber outra, para desenvolver unha novela sobre a creación.

- María Prieto, "Juan Tallón presenta en Compostela 'A autopsia da novela", *ABC*, "Galicia", 5 agosto 2007, p. 57.

Dá noticia da presentación da obra no Club Internacional de Prensa de Galicia, na que o escritor estivo acompañado do xornalista Xosé Manuel Pereiro. Dise que nesta novela o lector descobre por que se ambienta nun lugar e non noutro, ou por que ten eses personaxes, e tamén que a base da novela negra é só un pretexto para falar da capacidade autodestrutiva das persoas.

- Xurxo Fernández, "Exégesis: la bestia humana", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los vientos", 6 agosto 2007, p. 64.

Entre outros temas, fala deste libro como un experimento narrativo no que o lector pode transitar pola obra como por un cuarto.

- Xosé Carlos Caneiro, "Setembro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 226, "Club Dandi", 1 setembro 2007, p. 10

Coméntanse varias obras, como *Eume*, de César Antonio Molina e *New York, New York*, de Inma López Silva. Logo describe esta obra de Juan Tallón como arriscada e metaliteraria, a mellor literatura negra recente en galego.

Tobaruela, Pere, *Con ollos de neno*, A Coruña: Biblos clube de lectores, col. Mandaio, 2007, 76 pp. (ISBN: 978-84-935609-0-4).

Pere Tobaruela, (Barcelona, 1965), presenta un conxunto de doce relatos curtos nos que, como xa se indica no propio título da obra, os narradores e, na maioría dos casos, os protagonistas, son nenos. Dende esa óptica, e cunha linguaxe e un estilo narrativo moi sinxelo, (como é característico nesas idades), trata, cunha sinceridade propia dos cativos, diferentes problemas que lles poden preocupar, entre os que destacan algúns da actualidade como a pobreza ou a emigración ("Mouro sen nome", "Pasou en África"). Tamén, aínda que de xeito secundario pero cunha gran sinceridade crítica, fala de situacións cotiás, como os despistes domésticos que teñen en ocasións os adultos e que poden causar grandes desgrazas, como deixar unha cabicha mal apagada preto duns papeis, ("Eu son Deus"). Outras situacións que tamén presenta son a separación dos proxenitores, ou o pasamento dun deles, a frustración por non conseguir un soño ou as impresións sobre unha anécdota ou situación, ("O pai de Pedro", "Ilusión", "Gústame o teatro", "A rapaza").

Referencias varias:

- Concha Pino, "Pere Tobaruela. 'Escribín para adultos, pero dende unha ollada infantil", *La Voz de Galicia*, "Al día", 21 abril 2007, p. L2.

Conversa na que este autor catalán, con obras traducidas ao castelán, explica como se introduciu no sistema galego, interesado polo proxecto da editorial Biblos. A pesar de empregar aos nenos como narradores en primeira persoa, o que esixe un discurso moi sinxelo, a novela dirixise aos adultos un conxunto de relatos sobre temas reais reelaborados baixo a perspectiva da ilusión e da imaxinación.

Vega, Rexina, *Cardume*, Premio Xerais de Novela 2007, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 246, 2007, 193 pp. (ISBN: 978-84-9782-655-6).

Primeira incursión na creación literaria da investigadora e filóloga, Rexina Vega (Vigo, 1966). A novela recupera o retrato dunha saga familiar durante os anos da República e, xa na segunda parte, da Guerra Civil española. A voz narrativa en primeira persoa, situada no presente, vai reconstruíndo os perfís e dándolles voz aos diferentes personaxes cos que mantén un vínculo familiar, todo isto nun texto marcadamente discursivo no que apenas hai diálogos. Ao longo dos corenta e oito capítulos e cunha temporalización descontinua que vai e vén do mesmo xeito que o cardume que dá título á narración, asistimos a unha sucesión de instantáneas do pasado habitadas por xentes do común que se ven sacudidas polos acontecementos externos e internos e viven o seu particular fracaso debido a diferentes causas. Así, Fasito, emigra a Nova York por mor da súa canseira vital e a falta de esperanza no futuro, polo desexo de fuxir dunha realidade que o atormenta –espera un fillo dunha muller sórdida e os acredores porfían en cobrar as débedas das súas empresas fanadas–, e morre en soidade; as tres mulleres da súa familia deben abandonar os soños burgueses de outrora e acabar subsistindo como poden no medio do frío e da fame daqueles anos; e Dámaso, o señorito conquistador de homes e mulleres, cortés e falangueiro, muda o seu comportamento e

os seus ideais e acaba adheríndose ao novo réxime e convertido en dirixente da Falanxe local. Como personaxe unido á familia protagonista, insírense tamén os avatares vividos por Urbano, unha mediocre figura literaria, trasunto do galeguista Urbano Rodríguez Moledo, e o seu empeño en poñer en escena as súas pezas dramáticas en galego; as súas crenzas no valor da ficción, na beleza e no sentido do teatro rematarán nunha condena a morte, que responde á proba documental dunha traxedia manuscrita. A cidade de Vigo é o espazo elixido para situar o decorrer vital dos protagonistas e a novela evoca os temas relacionados co seu peirao, punto de partida da emigración, a súa activa vida cultural e o seu desenvolvemento urbano e industrial das primeiras décadas do século XX.

Recensións:

- Manuel Forcadela, "Rexina R. Vega, talento e novidade", *Festa da palabra*, n.º 23, 2007, pp. 160-162.

Cardume preséntase como a primeira obra dunha autora que xa tiña experiencia no ensaio e na prensa. Dise que, malia a súa estrea na literatura de ficción, Rexina Vega acada un alto nivel de calidade no seu discurso que mereceu o Premio Xerais de Novela. Forcadela salienta respecto ao seu estilo a beleza e o lirismo da súa escrita, xunto ao manexo alterno dos diferentes modelos de discurso (directo, indirecto e indirecto libre) e o predominio da visión nun modelo de escrita fundamentalmente cinematográfica. Á hora de encadrar esta obra, apréciase que a autora foxe da "escrita de muller", en prol de un lector máis amplo, ao mesmo tempo que está dentro dese conxunto de textos empeñados en recuperar a "memoria histórica" dos anos da República.

- Ramón Nicolás, "A memoria na palabra", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 236, "Letras en galego", 10 novembro 2007, p. 12.

Comentario no que se sinala que esta novela recupera e reconstrúe ficcionalmente a biografía do dramaturgo que caera no esquezo e que se chama Urbano Rodríguez Moledo, que daquela tiña 34 anos. Destácase o intenso labor de documentación da súa autora que se artella a través dunha "praxe memorística transmitida no seo dunha saga familiar". Asemade afírmase que presenta unha estrutura fragmentaria e remátase indicando que *Cardume* se suma á nómina dos textos que constitúen un dos premios de meirande relevancia no sistema literario galego.

- Xulio Valcárcel, "Acontecementos literarios", *El Ideal Gallego*, "Páxina literaria", 25 novembro 2007, p. 4.

Dá conta dalgunhas actividades literarias realizadas, salientando a publicación da novela de Rexina Vega, *Cardume*, na que a escritora "reivindica a memoria como entidade presente" a partir do tema da Guerra Civil e describe algunhas características da novela.

- César Lorenzo Gil, "Rexina Vega: Falouse moito de memoria política, agora hai que lembrar os individuos", *A Nosa Terra*, n.º 1.298, "A Cultura", 13-19 decembro 2007, p. 27.

Conversa na que a autora indica que esta obra é en realidade unha reescritura das memorias e defínea como unhas memorias de ficción. Comenta que para a súa escrita

consultou o xornal *Faro de Vigo*, nomeadamente as notas de sociedade e conceptos como "Vigo british" e destaca que recibiu moito documentación sobre Urbano R. Moledo grazas a Xesús Alonso Montero e mais a Xosé Henrique Acuña. Asemade comenta algúns aspectos da vida de Urbano R. Moledo como que foi un activista político de Lavadores e que nun dos seus expedientes pódese ler que unha das probas de cargo contra el eran as súas obras de teatro.

- Vicente Araguas, "Banco de peixes", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 459, 16 decembro 2007, p. 20.

Comeza reflexionando sobre o título desta novela e afirma que nela ten presenza o realismo puro e duro cun chisco de melancolía. Tamén indica que en *Cardume* se retrata un Vigo posibilista con deseño e pinturas fortes cun argumento que é á vez posíbel e probábel. O articulista tamén afirma que aínda está por escribir a gran novela teatral galega.

- Armando Requeixo, "Seres de sombra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 230, 20 decembro 2007, p. V.

Asegura que este volume non é unha novela máis sobre a guerra civil senón que é unha historia de personaxes onde se recupera un personaxe literario e histórico como Urbano Rodríguez Moledo e onde se lle rende homenaxe. Tamén cualifica a *Cardume* como un "belo e melancólico canto ao fracaso na madurez".

Referencias varias:

- Roberto G. Méndez, "Cómpre intentar ser o que de verdade es", *El Correo Gallego*, 16 setembro, contracuberta.

Ao longo desta conversa, Rexina Vega xustifica o tratamento do tema da guerra civil na súa novela por tratarse dun feito que marcou a historia do século XXI. Por outra banda, declara sentirse moi sorprendida pola obtención do Premio Xerais de Novela, tendo en conta que por primeira vez escribía unha obra de ficción.

- Camilo Franco, "Sempre quixen ser miliciana", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 novembro 2007, p. 50.

Breve conversa coa autora desta novela na que comenta que o máis importante dela é o desexo de facer unha reescritura da memoria persoal e familiar ou que escribe sendo muller dado que o sexo é máis unha cuestión cultural que biolóxica.

- Mar Mato, "Ao Vigo de 'Cardume', in memoriam", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 1 decembro 2007, p. 48.

Comenta que a obra céntrase nos anos 40, na época da represión e, concretamente, na historia do dramaturgo Urbano Moledo. Rexina Vega explica que este personaxe pertenceu á súa familia e que foi axustizado no paredón do Castro tras o asalto ao chalé de Estanislao Núñez.

- Óscar Iglesias, "Rexina Vega: o que me molesta da cultura galega é a paranoia", *El*

País, "*Galicia*", "Luces", 14 decembro 2007, p. 10.

Nesta conversa Rexina Vega indica que nesta novela teñen cabida feitos históricos que "manipulei eu mesma" para que quedase mellor a historia final, que nela aparecen trazos de Cunqueiro e que lle interesa a análise da condición humana. Fala tamén da Lei de memoria histórica e das teorías feministas e con referencia a *Cardume* apunta que o achado do manuscrito de Urbano Rodríguez Moledo foi casual. Finalmente anuncia que está a preparar unha novela sobre a enfermidade mental.

Vidal, Francisco A., *Os pecados capitais*, V Certame de Creación Literaria Terra de Melide 2005, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 235, febreiro 2007, 229 pp. (ISBN: 978-84-9782-513-9).

Francisco Antón Vidal (Palmeira, 1957) presenta en seis capítulos, empregando o monólogo, a visión que do narcotraficante don Andrés teñen o cura da vila de Cerqueixo, o seu sobriño Ismael, a súa namorada-criada-ama de chaves Lola, o seu avogado, o fillo que nunca recoñeceu e que tivo con Lola e o amigo-socio de toda a vida, Indalecio (máis tarde convertido en inimigo). Reserva o último capítulo, o número sete, para o monólogo en que o protagonista, don Andrés, analiza a súa propia existencia e os motivos que o levaron a converterse nun dos narcotraficantes máis importantes do país e a buscar ser o cidadán máis poderoso da súa vila. Esta visión polifónica de Andrés, rematada polo monólogo do propio protagonista principal, fai que o lector, coma nun quebracabezas, vaia recompoñendo pouco a pouco a figura de don Andrés e a de todos os personaxes que o rodean. Os seis narradores-personaxes que trazan a figura do narcotraficante dan distintas informacións sobre el e incluso, para o lector, convértense en informacións contraditorias. Desta maneira para a namorada Lola é boa persoa, para o cura é un monstro, peor que o propio demo. Indalecio, o seu amigo da infancia e socio no negocio do narcotráfico, non sabe por qué o odia, aínda que por culpa del acabará no cárcere. Para o seu fillo non recoñecido, don Andrés é un pai que nunca tivo e do que non quere herdar nada. Por último, el mesmo tamén xulga a todos os que o rodean, arrogante e fachendoso, no seu leito ás portas da morte.

Recensións:

- Sandra Faginas, "A última confesión dun narco", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 206, "Letras en galego", 14 abril 2007, p. 11.

A pesar de referirse ao fenómeno do narcotráfico, aclárase que a historia céntrase no sentir do personaxe principal e dos seus acólitos, cunha estrutura multiperspectivista (narrada por sete personaxes) coa intención de amosar que os acontecementos vitais non son nunca como parecen. Do autor saliéntase a súa habelencia para as descricións e caracterizacións dos personaxes, mentres que a narración resulta plana no desenvolvemento da trama, sen apenas misterio nin intriga.

- Francisco Martínez Bouzas, "Narrar os narcos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 203, "Libros", 19 abril 2007, p. V.

Critica que os escritores galegos non dediquen páxinas a narrar historias de narcotraficantes como acontece noutras literaturas, mais esta novela é unha excepción. Narra a historia dun home contrabandista e narcotraficante que medra na sociedade de Arousa e chega ás portas da morte interrogando aos seus fantasmas. Salienta o uso do monólogo interior e dos flashes dunha sesión fotográfica, así como, a presenza de personaxes malos e bos.

- Xosé M. Eyré, "O poder do diñeiro", *A Nosa Terra*, n.º 1.266, "Cultura", 3-9 maio 2007, p. 26.

Describe esta obra como unha novela que trae a un primeiro plano a importancia dos cartos e o pecado da soberbia. Dise que a alternancia de voces duns capítulos a outros se fai como por necesidade, que o autor inclúe todo o que fai falta e que consegue dar impresión de sinceridade en todo momento. Anótase tamén que converxen aquí distintas traxedias individuais e unha historia social arredor do narcotráfico, e que o único criticábel da novela é o decaer da tensión dramática nos capítulos de Ismael e Andrés Manuel, e un salto no tempo que se produce cara o final.

- César Lorenzo Gil, "As lendas tamén se crean hoxe en día", *A Nosa Terra*, n.º 1.276, "Cultura", 12-18 xullo 2007, p. 29.

Entrevista a Francisco Antón Vidal co gallo da publicación d'*Os pecados capitais*. Durante ela, o autor describe a novela como un conxunto de sete relatos en torno a un mesmo personaxe, un narcotraficante, que representa o pecado da soberbia. Di tamén que se inspirou en moitos personaxes reais e conta algunhas anécdotas. Ademais, o autor salienta que utiliza datos das súas investigacións para a ficción, e que esta lle permite superar as limitacións do material empírico para contar o que quere como quere. Fala tamén do que está a ler e a escribir nese momento.

- Armando Requeixo, "Malos, moi malos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 9.

Comenta que pese a ter gañado o Certame de Creación Literaria Terra de Melide hai dous anos, esta novela non se publicou até hai uns meses. Dise que nesta obra de ton dramático preséntasenos uns personaxes que lembran a súas vivencias cun narcotraficante ás portas da morte. O ritmo é pausado e os personaxes son moi previsíbeis xa que os malos son moi malos e os bos, anxelicais.

VV.AA., *Gzcrea 2006-relato*, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Fóra de Serie, n.º 14, 2007, 108 pp. (ISBN: 84-8487-116-9).

Volume que recolle os tres relatos premiados no Certame Galego de Creadores Novos Gzcrea 2006, na modalidade de relato. Abre o libro unha cita de Anxos Sumai e tres prólogos: un do Vicepresidente da Igualdade e do Benestar, outro do Director Xeral de Xuventude e Solidariedade e outro do Consello Directivo da Asociación de Escritores en Lingua Galega. A continuación, aparece unha páxina informativa da composición do xurado do certame. Péchase o volume cunha breve autobiografía de cada un dos autores.

-José Ignacio Silva Regueira, "Alén dos sentidos", pp. 19-49.

O primeiro premio é o traballo de José Ignacio Silva Regueira (Carballo, 1978), que narra a historia dunha adolescente que experimenta unha mudanza no seu carácter e no seu xeito de vida, pois pasa de levar unha existencia gris e solitaria a gozar por primeira vez da alegría e a ilusión de vivir. Esta historia entrecrúzase co mundo dos soños e o dunha vida pasada. Xoga co misterio e a intriga, pois vai ofrecendo a información devagar a medida que se intercalan e se superpoñen as historias.

-Paulo Martínez Lema, "O inverno nas abadías", pp. 55-70.

O segundo galardón gañouno este relato de Paulo Martínez Lema (Begonte, 1982), que destaca pola ambientación irlandesa. A acción transcorre nun cemiterio irlandés, onde un mozo conta á súa compañeira as aventuras dunha muller irlandesa que se enfrontou ás inxustizas do poder liderando un grupo de campesiños contra os nobres poderosos e acabou traizoada polo home que amaba. A tensión climática vai aumentando ao tempo que o fai a identificación entre as personaxes das dúas historias.

- Xerardo Neira,"Perigo biolóxico", pp. 71-108.

Por último, Xerardo Neira (Compostela, 1978) asina o terceiro dos relatos premiados, que conta en chave humorística e autobiográfica as aventuras e desgrazas dun grupo de estudantes de Bioloxía que ten de preparar un traballo para a disciplina de Ecoloxía. Cada capítulo vai encabezado por un principio ou lei científica co obxectivo de demostrar ironicamente ao final do conto que non sempre se cumpren.

Zúñiga, Iolanda, *Vidas post-it,* Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Abismos, n.º 9, 2007, 134 pp. (ISBN:978-84-9782-634-1).

Volume no que Iolanda Zúñiga (Vigo, 1975) reúne unha serie de relatos curtos ou microrrelatos contemporáneos e fragmentarios cunha prosa áxil e directa en primeira persoa. Os núcleos temáticos xorden da realidade próxima e do mundo cotiá que rodea á protagonista, unha muller de trinta e cinco anos: soidade, incomunicación, sexo, drogas, insatisfacción laboral... Os breves períodos sintácticos dotan a obra de rapidez expresiva, deseñando un universo de naufraxios persoais e colectivos onde o lector pode verse mesmo reflectido a través das olladas fugaces coas que se van debuxando diferentes momentos vitais. Ademais, a sensación de movemento acentúase cos títulos, empregados para marcar esa liña de tensión narrativa: "...Tempo Primo...", "...lento...", "...presto vivace...", etc. O paso dunhas situacións a outras realízase con cada relato, que só teñen en común entre si a narración en primeira persoa da protagonista e a desorientación vital, a cabalo entre as lembranzas do pasado e unha visión sumamente pesimista do futuro, da que salientan as palabras que dedica á filla que nunca terá, algo que chega a aceptar como positivo, xa que evita contaxiala da súa tendencia autodestructiva. A medida que avanza o libro, amplíase o coñecemento do seu círculo social e os lugares polos que transita: Gijón, Zamora, Santiago... Aínda que non se ofrecen detalles sobre a vida que alí levaba, faise referencia á traballos precarios na maior parte dos casos e á diversas relacións sentimentais fracasadas, rematando unha delas coa morte da súa parella. Do conxunto de relatos fragmentados pódese, por tanto, extraer mediante un proceso de reconstrución, o retrato da protagonista.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Fotogramas de gris infinito", *Tempos Novos,* "*Protexta*", n.º 4, "proPostas", outono 2007, p. 9.

Dise que esta novela está composta de cincuenta minirrelatos de estilo directo, onde se contan historias irónicas e amargas de burgueses estúpidos e marcados polas convencións sociais. Trátase temas como o desamor, a rutina, a tolemia, a incomprensión, a traizón, a ruina, a incomunicación entre outros.

- Xosé M. Eyré, "A vida en 48 estigmas. Iolanda Zúñiga presenta Vidas en post-it", *A Nosa Terra*, n.º 1.285, "Cultura", 18-24 outubro 2007, p. 26.

Indica que este libro se nos presenta como microrelatos ou microcontos, define ambos conceptos, e a seguir indica que a maioría "non son microrelatos" e mais que algúns se aproximan ao microconto. Afirma que *Vidas de post-it* representan "vidas fracasadas e vidas repletas de soidade" e tamén sinala que formalmente se caracterizan porque botan man do resumo e da enumeración como estratexias narrativas que tenden a estar en primeira persoa.

-Dolores Martínez Torres, "Prosa ben afinada" *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 228, "Libros", 6 decembro 2007, p. IV.

Comenta que estes corenta e seis relatos se suceden a velocidade de "ráfagas e baixo acotacións musicais", dos protagonistas destaca o seu descontento e indica que *Vidas de post-it* presenta unha prosa ben afinada, con boa adxectivación, poderosas imaxes e con temas universais.

Referencias varias:

- Mar Mato, "A escritura é unha terapia cando estás no submundo", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 11 outubro 2007, p. 42.

Conversa na que Iolanda Zúñiga comenta a influencia da música neste libro, que tardou seis meses en escribilo e que moitas das historias se asentan nunha base real.

- Lupe Gómez, "Que di a posdata?", *Faro de Vigo*, "*Lecer*", n.º 678, "A bailarina", 14 outubro 2007, p. 5.

Breve referencia a este volume do que se destaca que conta cunha dedicatoria moi bonita e afirma que este libro fala de vidas afogadas en si mesmas, na soidade e no desamor.

- Óscar Iglesias, "A segunda vida do relato galego", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 23 novembro 2007, p. 8.

Salienta a importancia da narrativa e, concretamente da novela, na produción literaria galega, na que o noventa por cento dos ingresos os xerou a narrativa. O director de Xerais, Manuel Bragado, explica que a maioría das vendas son de novelas como

macrorrelatos e, en menor cantidade, as non-novelas ou os microrrelatos. A continuación, fala da importancia que está a ter o conto na literatura galega, así como, dos microtextos, e pon como exemplo a obra da viguesa Iolanda Zúñiga, *Vidas post-it*.

- Iago Martínez, "Iolanda Zúñiga e Anxos Sumai. Dúas narradoras no albo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 5, "Protagonista", inverno 2007, pp. 2-5.

Longa entrevista a dúas das narradoras galegas de actualidade con motivo da publicación das súas últimas obras: *Vidas post-it*, Ed. Xerais, 2007 de Iolanda Zúñiga e *Así nacen as baleas,* Ed. Galaxia, 2007 de Anxos Sumai. No primeiro caso trátase da primeira obra da autora, un conxunto de microrrelatos de prosa áxil centrados na realidade cotiá pero fundamentados no sentimento de soidade e incapacidade humana. Na entrevista mestúranse as voces das dúas autoras que falan sobre as súas obras a partir do fío común que as une: a familia, aínda que con perspectiva e densidades diferentes.

I. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Alonso, Fran, *Cemiterio de elefantes*, ilust. Manuel G. Vicente, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 98, 2007, 123 pp. (ISBN: 978-84-9782-625-9).

Nova edición desta novela de Fran Alonso (Vigo, 1963) publicada por vez primeira en 1994. Nesta ocasión preséntase adaptada á normativa lingüística vixente dende o ano 2003 e revisada polo autor.

Referencias varias:

- Mar Pichel, "O latexo angustiante da noite", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 agosto 2007, p. 27.

Anúnciase a presentación da sexta edición de *Cemiterio de elefantes* de Fran Alonso coma unha aposta de Xerais para o verán. Lémbrase que se trata dun compendio de relatos que transcorren en Vigo durante as noites, como unha homenaxe aos que traballan neses momentos. Anótase tamén a relación entre os personaxes dos distintos relatos e entre os deste e outros libros do autor.

Cunqueiro, Álvaro*, Os outros feirantes*, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca Álvaro Cunqueiro, n.º 6, xaneiro 2007, 202 pp. (ISBN: 978-84-8288-972-6).

Primeira edición deste volume, publicado por primeira vez en 1979, na Biblioteca Álvaro Cunqueiro, que reproduce o texto revisado segundo a última normativa lingüística.

Méndez Ferrín, X. L., *Bretaña, Esmeraldina*, introdución e notas Anxo Angueira,

Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Clásicos, n.º 7, 2007, 444 pp. (ISBN: 978-84-9782-610-5).

Primeira edición na colección "Clásicos" de Xerais desta obra que fora publicada por primeira vez no ano 1987 na colección "Narrativa". Agora conta con "Introdución e notas" de Anxo Angueira onde comenta que pertence ao que denmina xénero carcerario, xa que Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938) foi preso en tres ocasións e o coñecemento en primeira persoa da cadea axudouno e motivouno a escribir esta novela. Sen embargo, lembra que se trata dun desenvolvemento, aínda que máis complexo e con máis variantes, do relato "Philoctetes", incluído en *Percival e outras historias* (1958). Así conclúe que o protagonista desta obra non é o autor de ningún modo, se non máis ben o citado personaxe, preso político e literario. A continuación, analízase a estrutura da novela. A cadea podería denominarse, en termos de Michel Foucault, "heteronomía compensatoria" porque na súa articulación xerárquica e espacial, intenta negar a revolución social, é dicir, o sometemento físico e ideolóxico do seu interior procura compensar a disidencia exterior. Por outra banda, tamén se edifica o relato a través da narración en primeira persoa, alternando as súas vivencias en prisión con as experiencias oníricas e que o levan a vivir baixo outras identidades, como xa fixera Jack London. De Torrente Ballester toma a variación onmástica a partir do nome do protagonista, e de Cunqueiro as referencias metaliterarias a Bretaña, entre outras. Dado que se entende a literatura como unha cadea de libros e lecturas, utilízanse e reescríbense diferentes fontes, como a materia de Bretaña, a realidade psicótica de Julio Cortázar , as deformidades de Joyce, as cadeas de Kafka, mais sobre todo salienta o protagonismo do cabaleiro, o príncipe galego do román francés de fins do XIV, e que sitúa a Galicia no mapa medieval, político e literario das fisterras europeas. Anxo Angueira tampouco esquece a implicación ideolóxica de Méndez Ferrín e refírese á relación entre esta obra e o clima político da época en torno a 1987, afirmando que, do mesmo xeito que o autor defende o independentismo fronte ao nacionalismo esencialista, *Bretaña, Esmeraldina* loita contra o nacionalismo literario en favor da Nova Narrativa. Por último, incide na centralidade de Bretaña nesta obra arredor de tres grandes eixes especulares que a converten nun auténtico manifesto: a identidade, a fantasía e a autonomía da literatura. Neste ano 2007, unha nova reedición desta complexa novela sirve para evitar o esquecemento que sufriu durante case dúas décadas.

Morteiro, Roque, *Seis cordas e un corazón*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 243, Premio Semana Negra de novela curta 1989, 2007, 122 pp. (ISBN: 978-84-9782-584-9).

Sexta edición desta obra que apareceu publicada por primeira vez en 1981 na colección "Negra" da mesma editora que a acolle na colección "Narrativa" cos cambios normativos actuais.

Referencias varias:

- maré, "Roque Morteiro regresa ás librerías cos aires dos 80", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 agosto 2007, p. 27.

Dá conta da recuperación desta novela, considerada como a primeira da Literatura

galega escrita en argot urbano, que fixo do seu autor un símbolo do activismo contracultural do país. Xelís de Toro, verdadeiro nome de Roque Morteiro, deixou de lado esta identidade e continuou a súa traxectoria como tal, acadando importantes éxitos na Literatura infantil.

Queizán, Mª Xosé, *Amor de tango*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 73, 2007, 189 pp. (ISBN:978-84-9782-593-1).

Quinta edición da novela de Mª Xosé Queizán (Vigo, 1939) que ve-la luz na colección Narrativa de Xerais, tras a primeira edición en Peto de 1992 e outra que publicaron conxuntamente Xerais e *La Voz de Galicia* na "Biblioteca 120 galega" (2002).

Villanueva, Xosé Manuel, *Adeus, India, adeus*, Santiago: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa. Narrativa, 2007, 748 pp. (ISBN: 978-84-7824-517-8).

Nesta edición, a segunda tras a do ano 2000, Xosé Manuel Villanueva (Lugo, 1959) explica nunha nota introdutoria que levou a cabo unha revisión lingüística e literaria. Sobre a primeira, explica que se debe a que o galego non é a súa lingua nai e, a medida que mellor o seu coñecemento, detectou diversos erros gramaticais e léxicos. Respecto á reelaboración literaria, considera que a primeira versión contiña excesiva información, así que procedeu a alixeirar o texto.

Referencias varias:

- A.I., "Villanueva traduce al castellano 'Adios India, adiós', su ópera prima", *El Correo Gallego*, "Santiago", 16 xuño 2007, p. 30.

Dáse conta da publicación en castelán pola editorial andaluza Berenice da primeira novela escrita por Xosé Manuel Villanueva, coa que no ano 2001 obtivo o Premio da Crítica de Galicia. Sobre a obra coméntase que leva a cabo o retrato dunha xeración a través da historia dun mozo que deserta do exército español durante o servizo militar e fuxe á India un pouco antes do intento golpista de Tejero. Por último, refírese a nova edición en galego da editorial Sotelo Blanco, unha versión revisada da primeira publicación da editorial Ir Indo no ano 2000, que coincide coa tradución ao castelán.

I.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Andric, Ivo, *A ponte sobre o Drina*, trad. de Jairo Dorado Cadilla, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Clásico, n.º 3, 2007, 322 pp. (ISBN: 978-84-934801-8-9).

Primeira novela do autor austro-húngaro Ivo Andric (Dolac, 1892 – Belgrado, 1975) vertida ao galego, feito importante non só por ser a máis destacada de toda a súa obra, máis tamén por ser fundamental para comprender a concesión a Andric do Premio

Nobel de Literatura no 1961. A novela reflexiona sobre as complexas relacións sociais, culturais, económicas e políticas das distintas e múltiples comunidades e identidades asentadas arredor do río Drina ao longo dun tempo aproximado de 300 anos. A ponte que une as dúas beiras deste río, entón, é o pétreo símbolo da unión e a convivencia (máis ou menos pacífica) entre serbios e bosnios, cristiáns e musulmáns, xente de distinta profesión ou extracción social, dende que o erguese o gran visir, o paxá Mehmed, na vila de Visegrad. A ponte sobre o Drina eríxese, así facendo, non só como un símbolo das relacións que na novela se narran, máis tamén como unha personaxe vertebradora das mesmas. O estilo pivota entre a viva narración das situacións, os feitos e os acontecementos, por unha banda, e a queda e precisa descrición dos lugares e os personaxes, por outra banda. A linguaxe, entón, móvese tamén entre unha frondosa riqueza na determinación dos detalles máis insignificantes, até os máis simples e directos diálogos que manteñen os personaxes. Esta complexidade obsérvase nunha estrutura que, se ben conserva unha clásica voz narradora omnisciente, así como un igualmente clásico sentido da continuidade no tratamento do tempo e o espazo, contén bruscas rupturas entre os capítulos: pásase dunha convivencia marcada polas relacións pacíficas a outra convivencia marcada pola violencia e a intolerancia máis cruenta. A estrutura do texto, a cada capítulo, é un salto no baleiro no tocante ás posibilidades de continuidade no ritmo da narración; uns saltos que, sen dúbida, forman parte da complicada explicación que teñen estas relacións ao longo da historia e o tempo. *A ponte sobre o Drina* resulta, por tanto, non só un catálogo de situacións máis ou menos pacíficas ou máis ou menos violentas, nin tampouco a simple descrición das relacións entre dúas comunidades esencialmente distintas, senón, e sobre todo, un exercicio de reflexión sobre a inevitabilidade desa diferenza e, por tanto, a inevitabilidade dunha convivencia convulsa. Feito este último que segue a determinar, aínda hoxe, a historia pasada, presente e futura da zona na que continúa a erixirse, como xuíza muda e inapelábel, a ponte sobre o río Drina. O libro péchase cun epílogo a cargo de César Antonio Molina que contextualiza este libro de Andric, definíndoo como fundamental en canto que vivo, e vivo en canto que actual.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "A grande historia dos países e a pequena historia dos homes. Tradúcese o clásico de Ivo Andric *A ponte sobre o Drina*", *A Nosa Terra,* n.º 1.261, "Cultura", 22-28 marzo 2007, p. 27.

Xustifícase ao Premio Nobel concedido ao autor en 1961 con obras singulares e de gran intensidade como esta, cunha ponte como protagonista, cuxa historia ofrécese dende a súa construción, no século XVI, até ao comezo da Primeira Guerra Mundial. A ponte convértese así na testemuña de todos os pequenos e grandes acontecementos vividos polos habitantes da pequena vila de Visegrad, situada no corazón dos Balcáns. Considérase que non se trata só dun libro que reflicta a diversidade cultural da zona, senón que afonda nos problemas que afectan á existencia do ser humano e amosa o contraste entre os magnos movementos da Historia e a modestia das vidas de quen os sofren. O escritor serbio mestura elementos históricos con lenda populares e combina imaxes da literatura culta con figuras procedentes dos cantos épicos tradicionais de tal xeito que parece presentar o recitado dunha vella crónica, mais cun sentido crítico de fondo. Do autor tamén salienta a súa pericia descritiva e a súa perfección no debuxo dos personaxes.

- Dolores Martínez Torres, "Mestre do detalle", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 206, "Libros", 10 maio 2007, p. 5.

Fálase *d'A ponte sobre o Drina* de Ivo Andric como un retrato de case catro séculos da historia de Bosnia-Herzegovina. Descríbese o territorio no que está situada a ponte que acaba sendo protagonista do relato, e tamén se comentan algúns episodios dese período por oposición á vida tranquila da xente de Visegrad: o Imperio Otomano, as pestes, a independencia de Serbia, e até a voadura da ponte. Destácanse a lucidez e sentido crítico do autor para facer unha historia sobre o destino tráxico da humanidade.

- Jaureguizar, "Unha ponte serbia", *El Progreso*, "Ollo Mol", 21 maio 2007, p. 88.

Refírese a ponte sobre o río Drina como un dos personaxes desta novela que aparece con dúas terrazas na súa parte superior: unha chamada *sofá*, pois tiña un parladoiro, e a outra a *kapia*, cunha fonte que imitaba a un dragón. Tamén forma parte d'*Unha viaxe de inverno aos ríos Danubio, Save, Moravia e Drina o Justicia*, e d'*Apéndice de verán a unha viaxe de invierno*, ambas as dúas obras de Peter Handke centradas na beira bosnia. Por último, anuncia a publicación d'*Unha tumba para Boris Dadidovich*, de Danilo Kis. Sobre esta obra, dise que está ateigada de revolucionarios, espías, idealistas, oportunistas, vítimas e verdugos.

Auster, Paul, *Viaxes no scriptorium*, trad. de Eva Almazán, Vigo: Galaxia, col. Literaria, n.º 240, 2007, 182 pp. (ISBN: 978-84-8288-671-8). ■

Unha nova novela do autor estadounidense Paul Auster (Nova Jersey, 1947), tras *Brooklin Foolies*, igualmente publicado por Galaxia; novela que chega pouco despois de recibir o seu autor o Premio Príncipe de Asturias das Letras 2006. Esta novela é un xogo literario do autor con algúns dos personaxes que recorren distintas obras súas. Para presentar este xogo parte dunha situación crítica: un home, Mr. Blank, esperta un día nun cuarto sen saber quen é, onde está e cal é o motivo polo que está e debe permanecer pechado alí. Como única compaña ten, que el poida ver, catro lotes de papeis (entre os que se atopan diversas claves da súa identidade e os motivos para estar na situación que está) e notas espalladas que, a través dunha palabra, indícanlle os nomes das cousas que o rodean. Sen que el se decate, ademais, hai na habitación unha cámara e un micrófono que recolle todas as accións, as palabras e os movementos de Mr. Blank, instrumentos que serven para que a voz narradora redacte o informe que é, en realidade, a novela. No transcurso dese día, dende que se esperta até que volve a durmir á noite, visitarán a Mr. Blank distintas persoas (personaxes da obra austeriana), que lle achegarán máis claves sobre quen é e cal é a finalidade da situación na que se atopa, entre os personaxes que o visitan están: James P. Flood, ex-policia e unha especie de carcereiro de Mr. Blank; Anna, enfermeira que o vixía e lle dá as menciñas; David Zimmer; ou Peter Stillman. Tamén se fai mención doutras personaxes que, se ben non aparecen polo cuarto de reclusión de Blank, si fan acto de presenza nas conversas que manteñen entre eles. O xogo péchase ao remate do día e con aquilo que ten de cíclico, nesta relación de Mr. Blank, trasunto de Auster, o saber que ao día seguinte o xogo debe volver a comezar dende o seu inicio. A linguaxe amosa unha total sinxeleza e fluidez, máis ao discorrer a través dos numerosos diálogos que entrecruzan tanto a trama principal como as subtramas. O estilo, aparentemente sinxelo, garda no seu seo unha fonda complexidade:

ao amosar como sinxelo o que non é, senón, unha intricada rede de relacións persoais. A estrutura presenta dous niveis. O primeiro nivel constitúeno as relacións da voz narradora con todos aqueles personaxes que son, en definitiva, creacións súa (Mr. Blank incluído); pois é a súa man a que escribe e elabora o informe que é a novela. O segundo nivel sinala a relación de Mr. Blank con todos os personaxes cos que se relaciona ou dos que fai mención, e que constitúen unha especie de memoria histórica do proceso autoral e de creación. O tempo e o espazo, limitados a aquel día e a aquel cuarto, non presentan máis complicación que o uso da tan tradicional serialidade; se ben existen puntuais e escasos momentos dedicados ao recordo. A novela é, entón, tanto un xogo metaliterario do autor coa súa obra e os seus personaxes, como a descrición dun proceso de chegada á senectude e das facturas, pagadas ou por pagar, que acumula o escritor, en canto responsábel do conxunto da súa obra.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Paul Auster reflexiona sobre a literatura en Viaxes no scriptorium", *A Nosa Terra*, n.º 1.254, "Cultura", 1 febreiro 2007, p. 27.

Tras reproducir as verbas coas que dá comezo esta obra, sinálase a clara referencia á Béckett, coa diferenza de que os textos do primeiro son case exclusivamente agónicos e os de Auster constitúen unha celebración gozosa da literatura. Con esta novela o autor agasalla aos seus lectores cun exercicio de metaliteratura situado nos límites entre a realidade e a ficción. A partir da xuxtaposición de relatos sobre a vida dalgunhas das súas criaturas de libros anteriores, constrúese unha historia onde todo está pechado e inconcluso ao mesmo tempo.

- Montse Pena Presas, "O libro dentro do libro. Auster ou a maxia da sorpresa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 202, "Libros", 12 abril 2007, p. V.

Aínda que a opinión xeneralizada acerca desta obra considerábaa como unha novela menor de Paul Auster, neste artigo xúlgase máis ben como un capricho dalgúns autores canónicos, que estabelece nun diálogo cos personaxes creados ao longo de toda unha traxectoria creativa a modo de metaficción, como un macrotexto. Asemade, o protagonista é un escritor, case un alter ego do autor.

- Eloy García, "Paul na procura de Auster", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 14.

Recomenda aos lectores habituais a súa última novela *Viaxes no Scriptorium* onde un escritor perde a memoria e aparece nun habitáculo, no que é gravado por cámara e micrófono, rodeado de fotos e follas que forman o comezo da novela sen rematar dun escritor chamado John Trause e que parece conter algunha pista sobre o que lle está a pasar. Pola habitación van pasando personaxes de novelas anteriores de Auster que axudan ao protagonista a formar a súa propia identidade. Segundo Eloy García, son claras as influencias de Kafka e Beckett. O lector non sabe se está ante un recurso literario que analiza as relacións autor-personaxes-lector, ou se está ante unha autohomenaxe do autor da novela.

- Claudio Rodríguez, "Viaxes no Scriptorium': cando as imaxes non menten", *Galicia*

Hoxe, "*Lecer*", n.º 667,"Arquipélago", 29 xullo 2007, p. 7.

Valórase *Viaxes no Scriptorium* de Paul Auster, como obra dun autor de culto, aquí verquida ao galego por Eva Almazán en publicación simultánea á doutras linguas europeas. Cítanse algúns elementos claves da obra austeriana: a vida norteamericana e a cidade de Nova York. Como trazos fundamentais desta obra cítanse personaxes doutras novelas súas e personaxes nos límites físicos e mentais. Dise que o protagonista é o señor Blank, un vello que atravesa unha situación de esquecemento, e que está acompañado dunha muller fébel, que serve de elo entre o seu pasado e o seu presente.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, "Galaxia publica en galego 'Viaxes no Scriptorium', de Paul Auster", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 31 xaneiro 2007, p. 45.

Anúnciase a publicación desta obra, que parte dunha estraña descrición inicial para achegar luz ao misterio do señor Blank, un personaxe xa coñecido para os seguidores do escritor norteamericano. Respecto á exposición do tema e á formulación narrativa, dise que Paul Auster propón desta volta unha obra que lembra a algún dos seus primeiros libros, nos que os personaxes viven superados por unha circunstancia da que só albiscan un pequeno anaco. Como admirador de Beckett, suponse que Auster toma un certo ton claustrofóbico para construír unha historia que non deixa de ser unha reflexión sobre a literatura, o proceso da escrita e o papel do escritor.

- Jaureguizar, "Literatura prexubilada", *El Progreso*, "Ollo mol", 4 febreiro 2007, p. 70.

Refírese á "literatura prexubilada" como aquela feita por autores que están a piques de prexubilarse, entre eles Agustín Fernández Paz ou Xabier Docampo, aos que cualifica de "escritores admirables". Por último faise unha referencia a Paul Auster e ao seu novo libro *Viaxes no scriptorum.*

- José Miguel A. Giráldez, "Ata agora traducir en Galicia era un acto de voluntarismo, ou de compromiso", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Entrevista", 11 febreiro 2007, p. 12.

Conversa na que a tradutora Eva Almazán expresa a súa satisfacción pola profesionalización do seu labor, así como polos últimos traballos de autores coñecidos e celebrados, como esta obra de Paul Auster, dos que actuou como a súa voz galega.

- A.R. López, "O mercado galego aposta polas traducións con Auster e Jelinek", *El Correo Gallego*, "Cultura", 27 febreiro 2007, p. 75.

Emprégase o exemplo de Paul Auster e Elfriede Jelinek para amosar até que punto o panorama de publicacións se revolucionou coa irrupción das traducións e, mesmo, coa aparición dunha editorial, Rinoceronte, especializada en poñer en galego os autores internacionais. Respecto ás obras editadas por Rinoceronte, refírese a do xaponés

Yasunari Kawabata, *A casa das belas adurmiñadas*, e a do irlandés John Berger, *Porca terra*. Ao mesmo tempo, anúnciase a próxima publicación d'*O que ocorreu despois de que Nora abandonara o seu home ou os piares da sociedade*, primeiro libro que Jelinek ve traducido ao galego.

- Francisco Carballo, "Liberador", *A Nosa Terra*, n.º 1.259, "Fin de Semana", 8-14 marzo 2007, p. 35.

Refírese a reaparición de Fanshave, personaxe da novelística de Paul Auster, na súa última novela, que remite a escritos anteriores. Do personaxe lémbrase que se caracterizaba por ter moitos conflitos internos.

- Antón Reixa, "Galego cosmopolita", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 9 marzo 2007, p. 47.

Exprésase a satisfacción de poder ler en galego esta obra do que cualifica como "o mellor fabulador de Nova York" ao mesmo tempo que a novela se publica noutros lugares e linguas do mundo, polo seu simbolismo de normalización lingüística. Considera que son demasiado poucos os títulos clásicos ou actuais da literatura universal aos que se pode acceder directamente en galego.

Auster, Paul, *A vida interior de Martin Frost*, trad. de Eva Almazán García, Vigo: Galaxia, col. Literaria, n.º 246, 2007, 161 pp. (ISBN: 978-84-7154-123-9). ■

A nova obra de Paul Auster (Nova Jersey, Estados Unidos-1947) ten a súa orixe na literatura, xa que o personaxe de Martin Frost aparece na súa novela *The Book of Illusions* (2002). O guión conta a historia dun escritor norteamericano, chamado Martin Frost, que acaba de rematar a súa última novela despois de varios anos de dedicación e, para descansar, decide marchar de Nova York a casa de campo duns amigos que marchan de viaxe e lle deixan a casa. Favorecido pola calma do ambiente, unha idea empeza a darlle voltas na cabeza e empeza un relato que pretende facer integramente na casa dos seus amigos ante a previsión de que levaría pouco tempo. No alborexar do primeiro día, descobre abraiado que unha misteriosa muller está deitada ao seu carón. A rapaza preséntase como Claire, sobriña da dona da casa, e, tras a sorpresa inicial, logra ganarse a confianza de Martin, que, fascinado pola súa beleza e intelixencia, namórase dela. O relato que está a escribir e o desexo por Claire crecen ao mesmo tempo, até que a escrita chega ao seu fin e a rapaza, descuberta como impostora, empeza a enfermar.

Recensións:

- Eloy García, "O fracaso de Martin Frost", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 5, "proPostas", inverno 2007, p.11.

Faise unha crítica desta novela de Paul Auster, da cal se destaca a menor calidade que presenta respecto ás obras anteriores do mesmo autor. Sublíñase o feito de que os personaxes dunhas novelas van aparecendo nas seguintes pero sempre conservando as

súas identidades como ocorre con Martin Frost, o protagonista desta obra, que provén da anterior *O libro das ilusións*. Por último sinálase a existencia do filme homónimo nas salas de cine, dubidando tamén da calidade do mesmo.

- Pilar Ponte, "Demiúrgo Auster", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 226, 22 novembro 2007, p. V.

Indica que este libro vai precedido por unha longa conversa que a xornalista Cèline Curiol realizou a Paul Auster en 2006 na que o autor afirma que a xénese de *A vida interior de Martin Frost* está en 1999 cando comezou a escribir un guión para un capítulo dunha serie de relatos eróticos para a televisión alemá. Detállase que este libro conta a historia dun escritor estadounidense que é o "alter ego de Auster" onde mestura ficción, realidade e autobiografía. A recensionista sinala que o tema do escritor como demiúrgo que temos neste volume non consegue superar *O retrato oval* (1842) de Edgar Allan Poe.

Referencias varias:

- César Lorenzo Gil, "As traducións teñen que estar vivas", *A Nosa Terra*, n.º 1.286, "Cultura", 25-31 outubro 2007, p. 29.

Entrevista na que Eva Almazán reflexiona sobre faceta dunha tradutora no sistema literario galego. Comenta que se pasou dunha tradución militante a un sistema moito máis profesionalizado e describe que á hora de traducir cómpre consultar moita lexicografía de varias linguas. Afirma que vén de traducir ao galego *A vida interior de Martin Frost*, de P. Auster, pero que devece por traducir ao galego *As afinidades electivas*, un clásico de Goethe.

Berger, John, *Porca Terra* (*Pig Earth*, Londres: Bloomsbury, 1999), trad. Xoán Abeleira, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 10, 2007, 265 pp. (ISBN: 84-935375-9-3). ■

Porca terra é o primeiro volume dunha das obras máis xustamente aclamadas do seu autor, a triloxía titulada *Do seu labor*, cuxos outros dous volumes son *Outrora en Europa* e *Lilac e Flag*. *Porca Terra* é un libro que reflexa a vida dunha zona rural da Francia de finais do século XX. Aínda así, as personaxes, as tradicións e os labores evocados nesta obra gardan unha abraiante semellanza cos labregos do noso propio país. Realízase unha achega ao mundo labrego, coa finalidade de comprendelo e de deixar de consideralo algo alleo. O volume complétase cun "Epílogo histórico" no que John Berger (Londres, 1926) explica, por unha banda, o universo e o xacer dos labregos, e, por outra, as causas polas que o capitalismo e, en concreto, o da Comunidade Europea, teima, segundo o autor, en acabar con esta clase milenaria de "superviventes natos".

Recensións:

- John Berger, "Cuestión de sitio", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 160, "Lecturas", 10 novembro 2007, pp. 4-5.

Recóllese un relato do escritor inglés John Berger que abre o libro *Porca terra*, editado en Galego por Rinoceronte e traducido por Xoán Abeleira. O texto reflicte a extinción da vida labrega.

- Álvaro Mangas, "Porca terra' es uno de los libros más hermosos de mi vida", *La Opinión*, "Cultura", 29 novembro 2007, p. 63.

Achéganse os comentarios de Xoán Abeleira sobre este libro que acaba de traducir ao galego. Coméntase que a obra reflexa unha sociedade rural que se asemella moito ao rural galego e salienta o respecto que se observa nela hacia os animais.

- Juan Florián, "Abeleira: 'O libro é para os labregos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 novembro 2007, p. 36.

Informa da presentación da tradución feita por Xoán Abeleira na que participaron o propio tradutor, Manuel Rivas e Moisés Barcia, e indica que este volume forma parte dunha triloxía xunto a *Outrora en Europa* e *Lilace e Flag*. En canto á tradución, comenta que o máis salientábel é a utilización dun galego non normativo; emprega o galego que se fala na zona de Lugo. Esta elección explica que é debida á semellanza entre os labregos lugueses e os labregos franceses, protagonistas da obra.

- Manuel Xestoso, "O sentimento de pertenza á terra", *A Nosa Terra*, n.º 1.289, "Cultura", 13-19 decembro 2007, p. 29.

Sitúase no punto xeográfico onde John Berger vive, o mesmo espazo no que se inspiran os relatos e poemas da triloxía *Into Their Labours* e, máis en concreto, de *Porca Terra*. Estamos a falar das montañas da Alta Savoia (Alpes franceses). Explícase a elección de dar fin á obra cun "ensaio histórico" co fin de espertar o lado crítico do lector, así como o punto de vista dende o cal ésta aparece relatada (o ollar dunha persoa estranxeira no campo). Caracterízase a escrita de sobria, sen adornos, e cun estilo próximo ao docudrama. Ademais, fai fincapé na elección de facer uso dunha linguaxe musical propia dos campesiños da Alta Savoia así como na magnífica tradución que fixo Xoán Abeleira para a editorial Rinoceronte onde optou polo uso dunha variante dialectal do interior de Galicia. Ademais, cítase tamén o emparentamento que o ollo crítico fai deste escritor con Zola ou audet. Finalmente, sublíñase a paradoxa na que cae esta historia, máis vinculada ao realimos máxico en comparación coa condición realista do discurso de Berger.

- Xulio Valcárcel, "Porca terra", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 499, "Páxina literaria", 30 decembro 2007, p. 4.

Comenta que esta tradución de Xoán Abeleira é o primeiro volume da triloxía "Do seu labor" de John Berger. Subliña que a historia está situada na Francia rural de finais do século XX e que a versión orixinal está feita conforme ás variantes dialectais destas aldeas francesas. Indica que no libro se intercalan poemas e que en conxunto convértese nunha reivindicación da loita do fébel pola supervivencia.

Referencias varias:

- A.R. López, "O mercado galego aposta polas traducións con Auster e Jelinek", *El Correo Gallego*, "Cultura", 27 febreiro 2007, p. 75.

Emprégase o exemplo de Paul Auster e Elfriede Jelinek para amosar até que punto o panorama de publicacións se revolucionou coa irrupción das traducións e, mesmo, coa aparición dunha editorial, Rinoceronte, especializada en poñer en galego os autores internacionais. Respecto ás obras editadas por Rinoceronte, refírese a do xaponés Yasunari Kawabata, *A casa das belas adurmiñadas*, e a do irlandés John Berger, *Porca terra*. Ao mesmo tempo, anúnciase a próxima publicación d'*O que ocorreu despois de que Nora abandonara o seu home ou os piares da sociedade*, primeiro libro que Jelinek ve traducido ao galego.

Camilleri, Andrea, *A pista de area* (*La pista di sabbia*), trad. Carlos Acevedo, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 6, 2007, 264 pp. (ISBN: 978-84-9865-031-0). ■

O comisario Montalbano descobre diante da súa casa un cabalo morto no que se adiviñan sinais de dorosa tortura. Cando pon en marcha o dispositivo policial para atopar os culpábeis, o animal desaparece misteriosamente. Este é o punto de partida co que Andrea Camilleri (Porto Empedocle, Sicilia, 1925) constrúe unha novela policial inspirada en sucesos reais e atípica pola súa carga de humorismo e polo pouco convencional axente Montalbano, protagonista de toda unha saga saída da pluma do escritor italiano. Buscar os culpábeis da brutal execución do animal obriga a Montalbano a entrar no mundo das exclusivas apostas de cabalos da alta sociedade. Farao da man dunha das súas amantes, Ingrid, e dunha amazona pola que se sente atraído, Rachele, a que parece ser a dona do cabalo morto. O descubrimento do cadáver dun dos presuntos implicados no roubo do equino complica aínda máis a situación: semella que non foi obra duns rateiros, senón que o caso garda relación cun xuízo contra esferas moito máis altas do poder. Será o achádego dunha ferradura, xunto con varias contradicións no relato dun dos afectados, o que permitirá descubrir que detrás do asunto do roubo e matanza do cabalo se esconde unha turbia chantaxe.

Carvalho, Sérgio Luís de, *Peregrinos sen fe (Os peregrinos sem fé)*, trad. Alva Martínez Teixeiro, Cesuras-A Coruña: Biblos clube de lectores, col. Mandaio, n.º 23, 2007, 414 pp. (ISBN: 978-84-935609-3-5).

Sérgio Luís de Carvalho, (Lisboa, 1959), presenta nesta obra dúas historias paralelas que se van intercalando e que se desenrolan unha na Idade Media e outra na actualidade. Os protagonistas son dúas personaxes diferentes pero os lugares nos que se desenvolve a acción, o Camiño de Santiago dende Lisboa, son os mesmos ou moi similares. Como pano de fondo dos dous relatos está a *Eneida* de Virxilio que, na historia medieval, lee o peregrino cando está no cárcere do Santo Oficio e, na segunda, o protagonista, é o interprete de Eneas na ópera *Dido e Eneas* de Henry Purcell. Por un lado narra a historia dun médico e profesor humanista da Facultade de Medicina da Universidade de Coimbra que, en 1537, foi capturado pola Inquisición e que busca escapar das sospeitas nun grupo de peregrinos que fan o Camiño de Santiago dende Lisboa porque el, e

algúns dos seus compañeiros, son acusados de ser seguidores de Erasmo de Rotterdam. No outro relato conta a historia dun tenor actual que volve nunha viaxe apresurada en coche unha noite, a Santiago, de onde fuxira para escapar do amor de Irina, a soprano que interpretara a Dido, que, ao igual que a raíña grega, tamén se suicida logo da partida do seu amor. Ao longo da viaxe vai lembrando os oito meses que pasou en Compostela ensaiando e representando a obra de Purcell. As dúas personaxes coinciden, como se indica no propio título, en que están a realizar a peregrinación sen ningún tipo fe. Pero, ao longo do todo o traxecto realizan un fondo repaso polas súas vidas e, sobre todo, das diferentes circunstancias que os levaron a chegar a esa situación.

Referencias varias:

- Concha Pino, "O que importa é o Camiño, porque chegar é o de menos", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 9 maio 2007, L2.

Entrevista con Sérgio Luís de Carvalho co gallo da publicación de *Peregrinos sen fe* por Biblos clube de lectores, simultaneamente á súa saída en portugués. Explícase a construción da novela mediante dúas historias que acontecen con cinco séculos de diferenza pero que comparten o camiño cara Santiago dende Lisboa, un camiño feito sen fe, e o feito de que ningunha das peregrinacións rematan alí, senón antes. Dise tamén que se está a revitalizar a rota portuguesa e que iso lle facilitou documentarse para a novela.

Faulkner, William, *O ruído e a furia* (*The Sound and the Fury*, 1929), trad. Xurxo Borrabás, Vigo: Editorial Galaxia/Fundación Caixa Galicia, col. Clásicos Universais, n.º 18, decembro 2007, 308 pp. (ISBN Galaxia: 978-84-9865-046-4/Fundación Caixa Galicia: 978-84-96982-06-2). ■

Tradución ao galego da obra mestra de William Faulkner, fito na literatura norteamericana do século XX e mesmo na literatura universal. A súa influencia posterior está fóra de toda dúbida, en tanto que sentou as bases da novela experimental e da renovación que completarían os narradores estadounidenses e mesmo os latinoamericanos dos anos 60. *O ruído e a furia* conta a historia dunha familia decadente e ruinosa, os Compson, a través dos sentimentos e das palabras dos seus membros. Faulkner retrata, a través de personaxes redondos e complexos, un mundo tocado polo absurdo, o violento e o irracional. O catro irmáns Compson, todos eles dominandos polas súas pantasmas, son o resultado da unión infeliz dun pai alcohólico e unha nai enfermiza, condicións as dúas que antesalan unha descendencia movida polos instintos más baixos e as paixóns máis violentas. Divida en catro partes, a obra sorprende polo arduo traballo que Faulkner fixo na súa composición, un traballo que ten como resultado unha obra complexa, difícil, rompedora e que transmite unha certa sensacións de caos.

Flaubert, Gustave, *Tres contos* (*Trois contes,* 1877), trad. de Emma Lázare Rodríguez, Vigo: Editorial Galaxia/Fundación Caixa Galicia, col. Clásicos Universais, n.º 17, 2007, 143 pp. (ISBN Galaxia: 978-84-9865-032-7/Fundación Caixa Galicia: 978-84-96892-01-7). ■

Volume que reúne tres contos de Gustave Flaubert (Rouen, 1821-Croisset, 1880), que supuxo a súa derradeira obra publicada en vida, pois saíu do prelo tres anos antes da súa morte. Os tres textos representan, respectivamente, os intereses fundamentais do escritor, explorados reiteradamente ao longo da súa carreira. En "Un corazón simple" narra o decorrer vital de Félicité, unha criada que pasa a súa vida ao servizo dunha familia burguesa, os Aubain, o cal lle serve a Flaubert para retratar a vida social da súa época. A existencia desta muller preséntase marcada pola ausencia de destinatarios do seu afecto, e debido a este feito sofre os desapegos tanto do seu sobriño, que só pretende sacarlle cartos, como dos fillos da súa señora, Víctor e Virxinia, que ela criara como se fosen seus. A morte rípalle a Virxinia e mesmo a un papagaio que foi o centro da súa tenrura, até que ela mesma morre en soidade. "A lenda de San Xulián o Hospitalario" transloce o gusto polo medievalismo, o sobrenatural e os relatos tradicionais de gran carga simbólica. Trátase dunha versión da vida do santo cazador a partir das escenas que aparecen recollidas nunha vidreira da catedral de Rouen. Xulián vive unha mocidade marcada pola súa paixón pola caza, na que se revela o seu carácter sanguinario, reforzado na súa etapa como soldado. Logo casará coa filla dun emperador e converterase no señor dun castelo dende o que imparte xustiza cos seus vasalos. Malia intentar fuxir do vaticinio que anunciaba que mataría a seus pais, unha noite entra no seu apousento e crendo que a súa muller está con outro home, mátaos os dous sen saber que en realidade eran seus pais que viñeran visitalo. Ao decatarse do que fixera abandónao todo e marcha mendigando polo mundo. Finalmente, "Herodías" deseña unha ambientación oriental para artellar un relato de tensión de raigame bíblica protagonizado por Salomé e mais súa nai, Herodías, que intrigan para desfacerse do profeta Xoán o Bautista e recuperar a súa influencia sobre o rei Herodes Antipas.

Goethe, Johann Wolfang von, *As mágoas do mozo Werther* (*Die Leiden des jungen Werther*), trad. Francisco Manuel Mariño e Sabine Geck, Vigo: Editorial Galaxia/Fundación Caixa Galicia, col. Clásicos Universais, n.º 16, 2007 (ISBN Galaxia: 978-84-9865-030-3/Fundación Caixa Galicia: 978-84-96982-00-0). ■

Atopámonos non só ante unha das obras máis coñecidas de Goethe (Frankfurt do Main, 1749-Weimar, 1832), senón tamén perante unha das máis lidas no seu tempo. Trátase dunha novela epistolar en dous libros na que, desde a primeira carta, datada o 4 de maio de 1771, o protagonista, Werther, dirixe as súas misivas a un bo amigo, Wilhelm, ó que escribe no campo afastado ó que se retirou para superar a morte dun gran amor. A beleza da paisaxe e a tranquilidade que lle inspira son loubadas polo mozo, que semella superar a súa anterior angustia vital. Mais todo cambia cando coñece a Lotte, unha rapaza da que se namora perdidamente a pesares de ela estar xa prometida. A partires dese intre, o primeiro libro será unha sucesión de cartas nas que Werther pon de manifesto o seu amor cara Lotte e, en xeral, os seus estados de ánimo, que flutúan entre a esperanza e o pesimismo máis negro. Finalmente, decide marchar da vila porque non é capaz de soportar a dor de ver á súa amada co prometido e non poder tela para si. A segunda parte iníciase en outubro de 1771, é dicir, cinco meses despois da primeira carta. Neste momento, Werther está a traballar na Corte para un embaixador, mais pronto deixa o posto. Cambia de destino para estar máis preto de Lotte, xa casada. Así, volve ó lugar onde ela vivía e narra os cambios que houbo na localidade dende que el se foi. A última carta está datada o 6 de decembro e remata cos laios do mozo por non poder ter á súa amada. Dentro do libro segundo inclúese un apartado baixo o título "O

editor ao lector", onde ese suposto editor recolle o estado de desesperación no que o protagonista continúa sumido, actuando como recompilador de certos momentos da vida de Werther. Intercálanse ademais algunhas misivas deste. A obra remata traxicamente, co suicidio do protagonista, que antes de deixar este mundo, recolle nunha serie de cartas dirixidas a Lotte todo o amor que sente por ela. Fóra xa do corpo narrativo, os tradutores inclúen unha serie de datos de interese acerca da obra, que definen como "un dos primeiros *best-sellers* da literatura europea"", dentro da corrente estética alemana do Sturm und drang. Efectivamente, trátase dunha novela epistolar na que quedan moi patentes as características do mundo irracional, paixonal e sentimental do home que esta tendencia tentaba volcar na literatura. Un elemento interesante pola súa relación coa literatura galega que destacan Mariño e Geck é o que se refire ó eco que a novela de Goethe encontra en Rosalía de Castro (que a menciona en *La hija del mar*) ou Otero Pedrayo (que en *Os camiños da vida* inclúe un capítulo titulado "O suicidio de Werther").

Katáiev, Valentin, *O desfalco*, trad. de Ekaterina Guerbek, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, 2007, col. Clásica, n.º 2, 192 pp. (ISBN: 978-84-935375-2-4).

A Editorial Rinoceronte publica a novela *O Desfalco*, do autor ruso Valentín Katáiev (Odessa, 1897-Moscú 1986). A historia estruturada en doce capítulos, transcorre na Moscova da década dos anos 20, nunha sociedade onde a diario aparecen casos de desfalcos de cartos públicos. Os protagonistas da historia son dous funcionarios rusos: Filip Stepánovich e Váñechka. O primeiro deles é un maduro militar retirado que traballa de contábel e que pon un anuncio na prensa para procurar un matrimonio proveitoso que lle reporte estabilidade emocional e económica; leva en Moscova unha vida gris, sombría, monótona, sen emocións aparentes e pasando apuros económicos, como outros tantos cidadáns. A el únese Váñechka, un mozo con pouca vontade, que se deixa arrastrar polas circunstancias. Cando un día, os dous van ao banco a cobrar un cheque para pagarlles a nómina aos empregados, deciden parar a tomar uns grolos de vodka nunha taberna. Alí, aconsellados polo ordenanza Nikita, deciden viaxar a Leningrado. Nesta cidade, os dous protagonistas comezarán a derrochar os cartos das nóminas até quedar sen ningún diñeiro. Outros personaxes aparecen ao longo da novela e converten a narración en ocasións nun relato de humor. Os protagonistas viven unha esmorga constante, até que o final amargo chega. O cerebro do desfalco, o ordenanza Nikita, queda ceibe de toda sospeita, mentres que Stepánovich e Váñechka teñen que dar explicacións ante o Xulgado Rexional de Moscova.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Un desfalco con comicidade e crítica social. A tradución dunha novela de Katáiev rompe tópicos sobre a literatura soviética", *A Nosa Terra*, n.º 1.281, "Cultura", 20-26 setembro 2007, p. 27.

Comenta que este volume é unha obra menor de Katáiev, lonxe de *Albíscase unha vela branca*, e que está caracterizado polo humor e a sátira social dentro dunha estrutura de novela picaresca. Indícase que esta tradución rompe tópicos e prexuízos da guerra fría que hoxe en día aínda están activos ao nos referir á literatura rusa. Finalmente tamén se fai unha aproximación á vida de Valentín Katáiev.

- Manuel Rosales, “Boas engranaxes”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 221, “Libros”, 18 outubro 2007, p. IV.

Comézase explicando que a sátira e a parodia empregáronse tradicionalmente polos escritores como estratexias para criticar con humor os diferentes problemas que querían tratar. A seguir comenta a obra de Valentín Katáiev (1897-1986), *O desfalco*, na que, mediante recursos estéticos asociados á parodia e a sátira, e cunha linguaxe concisa de ritmo trepidante, apórtase unha peculiar visión dunha malversación de fondos que levan a cabo o contábel Filiph Stepánovich e o caixeiro Váñechka, na Rusia dos anos vinte do século pasado, nunha etapa onde este tipo de delitos estaba a orde do día.

- Uxía Casal, “Esmorga moscovita”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 4, “proPostas”, outono 2007, p. 9.

Fala da novela satírica *O desfalco*, de Valentín Katáiev, traducida ao galego por Ekaterina Guerbek. Está ambientada na Moscova dos anos vinte onde dous homes inician unha viaxe en varios trens para cometer un delito. A novela está chea de descricións costumistas, pero tamén impresionista e ten certa influencia d’*O Quixote*. A ironía está presente continuamente pero tamén a amargura de ver como un par de homes, por falta de personalidade, son arrastrados a unha situación que provocará un amargo final esperado polo lector.

Kawabata, Yasunari, *A casa das belas adormentadas*, trad. Mona Imai, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 11, 2007, 102 pp. ISBN (978-84-936101-0-4).

Novela de trazos idealistas de Yasunari Kawabata (Osaka,1899-1972), primeiro escritor xaponés en gañar o Premio Nobel de Literatura en 1968. Dende a infancia sufriu tráxicas vivencias que marcaron fondamente a súa vida e o levou a dotar as súas obras dun ton melancólico e dun gran lirismo. Isto vese reflectido na presente obra a cal se estrutura en cinco capítulos de extensión variábel. A través dun narrador en 3ª persoa omnisciente coñecemos as vivencias da última parte da vida de Eguchi, un vello de sesenta e sete anos que decide pasar algunhas noites na “casa das belas adormentadas”, un lugar onde fermosas mulleres novas son narcotizadas para que homes anciáns como o protagonista atopen acougo á súa soidade. Unha das normas da casa é que estes homes non poden manter relacións coas mozas. Eguchi lembrará diversos episodios da súa vida con diferentes mulleres que por ela pasaron, como a súa muller ou as súas fillas. Un léxico sinxelo e períodos sintácticos breves facilitan a lectura mais contrariamente a isto a acción desenvólvese pausadamente, como é característico do carácter oriental.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Xapoccidentais”, *El Progreso*, “Cultura”, “Ollo mol”, 18 febreiro 2007, p. 66.

Comenta a traxectoria literaria de tres escritores xaponeses e indica que a editorial Rinoceronte vai publicar en galego a obra de Kawabata, A casa das belas adormentadas. Explica que o volume inclúe tres contos: “A casa das belas adormentadas”, “Un brazo”

e “Sobre paxaros e animais”, e indica que nela se reflicte a complexidade do ser humano. Ademais, indica que o tema da sexualidade está presente na obra.

- A.R. López, “O mercado galego aposta polas traducións con Auster e Jelinek”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 27 febreiro 2007, p. 75.

Emprégase o exemplo de Paul Auster e Elfriede Jelinek para amosar até que punto o panorama de publicacións se revolucionou coa irrupción das traducións e, mesmo, coa aparición dunha editorial, Rinoceronte, especializada en poñer en galego os autores internacionais. Respecto ás obras editadas por Rinoceronte, refírese a do xaponés Yasunari Kawabata, *A casa das belas adurmiñadas*, e a do irlandés John Berger, *Porca terra*. Ao mesmo tempo, anúnciase a próxima publicación d’*O que ocorreu despois de que Nora abandonara o seu home ou os piares da sociedade*, primeiro libro que Jelinek ve traducido ao galego.

London, Jack, *O viaxeiro astral* (*The Star Rover*, edición dos EUA, e *The* Jacket, edición de Inglaterra), trad. Xoán Abeleira, Vigo: Editorial Galaxia, 2007, 339 pp. (ISBN: 978-84-9865-047-1). ■

Novela publicada un ano antes da morte de Jack London (San Francisco, 1876-Glen Ellen, California, 1916). A novela artellouse grazas á compra do argumento do libro por parte de Jack London a Sinclair Lewis ao final da súa vida cando estaba inmerso nun proceso de esgotamento físico e psicolóxico. Esta obra apareceu en 1915 baixo dous títulos: *The Jacket* (*A camisa de forza*) en Inglaterra e *The Star Rover* (*O viaxeiro astral*) nos Estados Unidos de América. *O viaxeiro astral* realizouna o escritor tras un proceso exhaustivo de investigación debuxando un panorama histórico, político, relixioso, mítico e social. Froito desa esculca foi que case todos os personaxes e todas as vidas anteriores foron reais. A obra xira arredor de Darrell Standing, profesor de agronomía na Escola de Agricultura da Universidade de California, que sufriu confinamento carcerario polo asasinato do profesor Haskell por causa do amor dunha muller nas prisións de San Quintín e Folsom. Ao longo do libro Darrell Standing relata as abundantes torturas experimentadas, como o período de reclusión na cela de illamento e os longos períodos coa camisa de forza. Estando na prisión de San Quintín, Cecil Winwood, poeta e falsificador, inculpou a Darrell Standing de ser o autor da tentativa de fuga de corenta reclusos e de gardar dinamita para perpetrar a fuxida. Esta idea foi ideada por Cecil Winwood para rebaixar o período de reclusión. Estando na cela de illamento mantivo contacto con Jack Oppenheimer e Ed Morrell mediante comunicación non verbal, sendo este último quen lle aprendeu a viaxe astral para evadir a mente e o corpo das humillacións e dos castigos físicos dos que era obxecto. Durante a maior parte dos capítulos descríbense as diferentes vidas de Darrell Standing, como, entre outras, a do Conde Gillaume de Saint-Maure, que morreu nun dó; o periplo existencial dun eremita famélico e sen nome de Exipto; a dun rapaz estadounidense, que foi protagonista dunha das migracións de corenta carromatos polo oeste americano finalizada de forma tráxica e vil na morte de todos eles a mans dos indios coa permisividade dos mormóns; a de Adm Strang que, tras o naufraxio do navío Sparwher e da derrota recibida polo pequeno exército Kwan Yung-in, recibiu a man da Dama Om e cargos e honras institucionais polas súas capacidades intelectuais; a de Lodbrog que,

tras diferentes peripecias vitais, sobreviviu oito anos nun illote. O libro finaliza coas derradeiras ideas e sentimentos á espera da pena capital, castigo dictaminado polas autoridades xudiciais ao reo, despois de fuxir da cela de illamento coa pretensión de vingarse de Cecil Winwood, por agredir ao garda Thurston. A figura feminina desempeña un rol central como fornecedora de forzas ou como causante de traxedias. As coordenadas espazo-temporais bosquexan un cadro composto por diferentes lugares e tempos, como, entre outros, a Corea do século XVII ou a Francia do século XIII. O estilo literario ten como trazos significtivos a forza da prosa narrativa e a notoria capacidade de fabulación.

Ishiguro, Kazuo, *Non me deixes nunca*, trad. de Eva Almazán, Premio Novela Europea Casino de Santiago 2006, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 4, 2007, 424 pp. (ISBN: 978-84-7154-063-8). ■

O argumento desta novela de Kazuo Ishiguro (Nagasaki, 1960) nace da voz narradora de Kathy que, mirando atrás no tempo, recorda os seus días no internado británico de Hailsham e, sobre todo, os momentos que viviu cos que considera os seus grandes amigos daquel período: os alumnos Ruth e Tommy. A amargura dos selados muros de Hailsham, alén dos cales os alumnos teñen construído lendas sobre un ambiente escuro e hostil, case perigoso, é o espazo no que se configura a devoradora e sibilina realidade que se lles oculta aos alumnos. No tocante ao tempo, aínda que enmarcado nun ambiente realista, se ben algo vetusto, amósase unha consciente e constante imprecisión: evítase dar calquera detalle sobre o cando acontece que cousa. O estilo caracterízase pola sinxeleza narrativa no contar e o discorrer duns aterradores e desgarradores acontecementos e sentimentos. Diríxese a ollada da voz narrativa máis cara á fonda descrición da dimensión psicolóxica dos personaxes, cá aos ambientes ou ás súas circunstancias. A linguaxe amosa un tratamento aparentemente sinxelo, máis preciso, entregado ao fin dunha exacta descrición duns personaxes que, ao longo da novela, pasan por estadios tan distintos como o medo e a esperanza, a inquedanza e a certeza, o terror e a alegría. A trama esconde dentro súa unha miríade de temas, intimamente relacionados co devir do argumentos e, en concreto, coa identidade dos estudantes de Hailsham. Os alumnos viven nun clima de incerteza sobre quen son: especulan sobre as súas raíces, sobre os seus vínculos co exterior dos muros nos que conviven, mesmo da natureza e contido da súa relación cos profesores. Esta incerteza acentúase pola impresión, manifestada por Ruth, de que tanto os profesores como as persoas que polo centro pasan, lles teñen medo, que foxen deles. A descuberta da súa identidade amosaralles os motivos de que isto, efectivamente, sexa así: os alumnos de Hailsham carecen de pai e de nai, son orfos e estériles, simples recambios humanos de persoais reais que viven fóra de Hailsham. Ruth e Tommy deberán pasar pola experiencia da morte, se ben por circunstancias moi distintas, e ambos farano do mesmo xeito: inicialmente resignados, afrontaranse a esta experiencia sen buscar outra saída que aquela pasiva, fundada en vanas e vacuas esperanzas de poderen sobrevivir. A amargura da voz de Kathy transmite o seu pesar, a súa incomprensión cara a estas actitudes, pero tamén unha necesidade de redención presente dende a comprensión do pasado, dándolle sentido á vida que, unha vez desvinculada de Hailsham, ten e lle queda por vivir. Os temas desta novela, e os motivos da reflexión de Kathy, son, por tanto, a busca do sentido e a dirección para unha vida presente que se sinte como cruel coa entidade do individuo, dunha persoa exposta á intemperie duns feitos ás veces carentes de sentido; a exploración do ser humano na busca de certezas que dean ese sentido,

certezas construídas a través ben de impresións subxectivas individuais (na súa relación cos demais alumnos/as e profesores/as do centro), ben a través das lendas ou as historias ficticias adaptadas e coherentes con esas impresións subxectivas (por exemplo, as lendas que circulaban sobre a natureza hostil do bosque que se ocultaba tralos muros de Hailsham); e a presentación da baleira resignación e/ou a morte como únicos resultados posíbeis diante do individuo que se rende na busca desas certezas, independentemente dos visos de realidade que esas certezas teñan. *Non me deixes nunca* é, xa que logo, unha novela de exploración: do xeito no que o individuo se enfronta e constrúe a realidade que o rodea, e de redención: dun individuo en malestar consigo mesmo polas contradicións que implican moitas das realidades construídas ao longo da súa vida, contradicións ás que se ten que enfrontar ou coas que debe convivir en todo momento

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Entretemento e intelixencia literaria", *A Nosa Terra*, n.º 1.273 "Cultura", 21-27 xuño 2007, p. 27.

Opínase que o autor conseguen esta obra actualizar unha fórmula que manexa con pericia: ausencia de argumento propiamente dito en favor da elaboración das lembranzas da narradora, que vai espallando pistas sobre o que acontece e que, movéndose entre o presente e o pasado, acaba por conformar un círculo perfecto. O que se inicia como unha historia escolar vai collendo forma de relato de terror gótico para acabar introducindo elementos de ficción científica. Asemade, queda patente os eu coñecemento da novela inglesa polo emprego da paisaxe como símbolo do estado de ánimo dos personaxes, ao mesmo tempo que domina o ritmo, dosificando os momentos climáticos.

- Uxía Casal, "Tradución. Vidas especiais", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 5, "ProPostas", inverno 2007, p.11.

Refírese á esta obra de ficción científica na que se tenta sobre todo reflectir os sentimentos dos personaxes que non son quen de rebelarse contra o destino que lles foi imposto xa que se trata dunha granxa de clons que teñen por finalidade servir de pezas de reposto a quen o necesitase. Destácanse como características a limpeza e fluidez prosística e a implicación que sente o lector ao ir avanzando no relato. Engádese finalmente que esta obra resultou gañadora do Premio de novela europea, Casino de Santiago.

- Montse Pena Presas, "Destino decidido", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 227, "Libros", 29 novembro, 2007, p. V.

Dá conta do seu argumento e salienta que a prosa de Ishiguro consegue insinuar, está chea de intriga até un punto no que as preguntas se resolven e parece que nace unha nova novela. A partir dese momento, a novela invita a reflexionar sobre a existencia, o sentido da vida, o medo a medrar, etc. Por último, fai referencia ao traballo tradutor realizado por Eva Almazán e define á novela como unha das mellores do ano, na que a historia segue a ser o máis importante.

Referencias varias:

- A. I. S., "Kazuo Ishiguro viajará a Santiago para recoger su premio de Novela Europea", *El Correo Gallego*, "Santiago", p. 30./ "Ishiguro recollerá o Premio de Novela Europea en Santiago", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", p. 28, 22 setembro 2007.

Anúnciase a visita do escritor Kazuo Ishiguro para recoller o Premio Novela Europea Casino de Santiago acadado no ano 2006 coa súa obra *Nunca me abandones*. Dise que o acto de entrega terá lugar o día 27 de setembro no marco dunha cena no Casino de Santiago na que estarán coñecidos nomes da cultura galega e que se presentará a súa tradución ao galego feita pola editorial Galaxia. O organizador do premio, Ubaldo Rueda, recordou a promoción da lectura e o carácter europeísta como obxectivos do premio. Finalmente, faise mención dos premiados en edicións anteriores.

- Xurxo Fernández, "Ishiguro, el cronista del desasosiego", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los vientos", 24 setembro 2007, contracuberta.

Sección que acolle novas da vida social e cultural entre as que fala do escritor Kazuo Ishiguro realizando unha breve biografía do autor e repasando as súas obras máis salientábeis como *Pálida luz en las colinas*, *Saturno y la melancolía* e *Los inconsolables*. Finalmente alude á concesión do IV Premio de Novela Europea Casino de Santiago ao escritor pola súa obra *Nunca me abandones*, publicada en galego pola editorial Galaxia co título *Non me deixes nunca*, e á súa visita a Compostela os días 26 e 27 de setembro de 2007 para recoller o premio.

- Laura País, "El 'gentleman' de las letras", *El Correo Gallego*, "Santiago", 27 setembro 2007, p. 28.

Anuncia a entrega do Premio Novela Europea Casino de Santiago 2006 a Kazuo Ishiguro pola súa novela *Nunca me abandones* e salienta que o escritor considera que hai que salvar as linguas "en minoría". Fala tamén do xénero da obra e da súa tradución o galego co título *Non me deixes nunca*.

- Concha Pino, "Que mi novela esté en gallego le da un carácter especial al premio", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 27 setembro 2007, p. 47.

Anuncia o acto de entrega do Premio de Novela Europea Casino de Santiago 2006 a Kazuo Ishiguro pola súa obra *No me abandones nunca*. Recóllese unha entrevista ao autor con preguntas relativas a se lle sorprendeu recibir o premio, á exploración da fraxilidade humana que trata a novela, á súa proxección internacional ou sobre se está a traballar nalgunha obra nova. Por outro lado, fala da presentación da tradución ao galego da obra galardoada, co título *Non me deixes nunca*.

- Anxa Correa, "Xapón está no que escribo: unha superficie tranquila e moitas cousas por debaixo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 27 setembro 2007, p. 71.

Informa de que o escritor Kazuo Ishiguro recibe o Premio Casino de Santiago 2006 coa obra *Non me deixes nunca* e lembra que acadara un amplo recoñecemento internacional coa novela *Os restos do día*. A continuación recóllese unha entrevista oa autor con cuestións relacionadas coa presenza de Xapón na súa escrita, os recordos, as

adaptacións cinematográficas das súas obras, a tradución ao galego e, por último, indaga sobre o novo traballo que anda a preparar.

- Óscar Iglesias, "Ishiguro recibe el premio de novela del Casino de Santiago", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 setembro 2007, p. 39

Dá conta da entrega do Premio Novela Europea 2006 a Kazuo Ishiguro pola obra *Never let me go*, traducida ao galego por Eva Almazán co título *Non me deixes nunca*. A continuación, fala do resto da súa bibliografía e do argumento da obra galardoada.

- maré, "A diversidade máxica dos idiomas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 setembro 2007, p. 26.

Co motivo da visita de Kazuo Ishiguro a Compostela para recoller o Premio de Novela Europea 2006 do casino compostelán pola novela *Nunca me abandones*, recolle a opinión do escritor sobre a riqueza das culturas minoritarias como a galega, fronte á "masa gris e monótona" de Estados Unidos. Comunica a intención de Ishiguro de que as súas obras cheguen á xente nova. Por último, menciona que o Concello de Santiago e a editorial Galaxia traduciron *Nunca me abandones* ao galego.

- A.I.S., "Ishiguro, protagonista de la noche en el Casino", *El Correo Gallego*, "Santiago", 28 setembro 2007, p. 30.

Informa de que o escritor Kazuo Ishiguro recolleu o Premio Europeo de Novela 2006 nunha cita na que estiveron presentes a Conselleira de Cultura e recoñecidos rostros da cultura galega. Dá conta do decorrer do acto de entrega do galardón e sinala a composición do xurado.

- Carmen Villar, "Explotamos a los pobres para tener una vida más cómoda", *Faro de Vigo*, 28 setembro 2007, contracuberta./*La Opinión*, "Cultura", 30 setembro 2007, p. 68.

A raíz da entrega do Premio Novela Europea 2006 a Kazuo Ishiguro en Compostela, entrevista ao escritor, non sen antes introducir algunha nota biográfica, como que vive en Gran Bretaña, a pesar de nacer en Nagasaki. As preguntas xiran en torno ao xénero da obra galardoada, ao mundo que retrata, ao carácter dos personaxes que habitan a obra, sobre a función social da literatura, sobre a opinión que lle merece Haruki Murakami e si se considera xaponés ou británico.

- Xurxo Fernández, "Kazuo y el tratado de urbanidad", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 1 outubro 2007, contracuberta.

Informa da viaxe de Kazuo Ishiguro a Compostela a recoller o IV Premio de Novela Europea do Casino de Santiago pola súa obra *Nunca me abandones* e a presentar a tradución ao galego: *Non me deixes nunca*, editada por Galaxia e a Concellaría de Cultura de Compostela. Por último, salienta o espírito crítico do autor e a súa vontade de facer de ponte entre Galiza e o mundo.

- Manuel Xestoso, "Kazuo Ishiguro. 'Sempre teño o sensación de que algo estraño vai acontecer'", *A Nosa Terra*, n.º 1.283, "Cultura", 4-10 outubro 2007, pp. 28-29.

Co gallo da entrega do Premio Novela Europea Casino de Santiago ao escritor Kazuo Ishiguro coa súa obra *Non me deixes nunca*, Manuel Xestoso realiza unha entrevista a este escritor na que reflexiona sobre as claves da súa obra e asemade faise un repaso pola vida e obra de K. Ishiguro. Este comenta que se vai levar ao cine a obra *Non me deixes nunca*, que ve con preocupación o futuro da industria editorial, refírese ás súas obras *A pale view on fhe hills* ou *Non me deixes nunca* e considera o Premio Novela Europea do Casino de Santiago un galardón único no mundo xa que implica a moita xente nas deliberacións

- M. X., "A tradición deber ser o centro da escrita.'", *A Nosa Terra*, n.º 1.283, "Cultura", 4-10 outubro 2007, p. 29.

Tras resumir a traxectoria literaria e o recoñecemento recibido polo autor, saliéntase o seu interese pola literatura galega e a súa satisfacción por ver traducida a esta lingua a súa novela, xa que considera que é moi importante manter viva a diversidade cultural de Europa.

McCullers, Carson, *A voda*, trad. de Laura Sáez, notas de Carson McCullers, análise de Constante González Groba, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. As literatas, 2007, 215 pp. (ISBN: 978-84-9782-527-6).

Primeira obra da autora estadounidense Carson McCullers (Georgia, 1917 – Nova York, 1967) vertida á lingua galega. A novela debate sobre o difícil encaixe entre unha individualidade complexa e heteroxénea, variada e distinta, e unhas ríxidas fronteiras culturais e sociais, capaces de impoñer clixés e categorizar ás persoas dende unha lóxica da inclusión/exclusión ou dentro/fóra. A dualidade desta lóxica constrúese aquí sobre dous temas presentados de forma paralela: o racismo e a condición sexual das persoas; se ben é este último o que resulta realmente protagonista. A voz narradora, dende a súa omnisciencia, é quen determina o protagonismo do tema referido á condición sexual: a través das reflexións que, sobre a cuestión, introduce a súa voz; ou construíndo as imaxes desta lóxica referida a elementos como son a altura das persoas (home-alto/muller-baixa) ou o estilo do seu pelo (home-curto/muller-longo), entre outras. O tema da raza determínase de forma paralela ao da condición sexual, mantendo unha relación de dependencia comparada: procurando mostrar as similitudes que existen entre ambos os temas.
A linguaxe úsase con precisión e economía. O estilo amosa unha vontade evocadora do ego reflexivo, que determina os pensamentos e as razóns dos distintos personaxes. Ese ego fai acto de presenza ben a través da chamada que del fai a voz narradora, ben pola presenza dun diálogo fluído. Os personaxes amosan un trazo máis psicolóxico ca físico, cunha maior precisión sobre os sentimentos e as emocións ca sobre os seus trazos morfolóxicos. O tempo preséntase de forma lineal, deixando de lado os momentos de recordo do pasado, sempre traídos e proxectados cara ao momento presente. Os espazos pivotan entre a casa na que residen os personaxes principais, onde se representa a dúbida e o desconcerto dunha personalidade de difícil encaixe coas normas estabelecidas, e as afastadas terras de Alasca, nas que terá lugar a voda e que suporá, no futuro hipotético, o momento da liberación e a fuxida dese ego frustrado cara a outros lugares e tempos, distintos e máis satisfactorios.
En consecuencia, e no tocante á trama, observamos a presenza da 'voda' como un momento de liberación que, aínda que se evoca de forma constante, o lector nunca

chega a ver; existindo unha incógnita conscientemente expresada sobre a resolución dese conflito entre a individualidade e as normas sociais. A anomia represéntaa o personaxe principal, Frankie, rapaza de 12 anos que dubida sobre a súa condición de muller, unha vez que se compara a si e ás súas aspiracións con quen é a noiva na voda do seu irmán, Jasmine, un modelo de muller que si se adapta ás normas sociais coas que Frankie sinte que non encaixa. O paralelismo e as coincidencias co tema da raza constrúense, principalmente, a partir da estreita relación que Frankie mantén con dous traballadores negros do seu fogar, e aos que dedica a maior parte do seu tempo na novela: Berenice Sadie Brown e John Henry West. O momento futuro que desata todos os sentimentos, pensamentos e reflexións que constitúen este libro é a voda do irmán de Frankie con Jasmine, clave de contraste entre os proxectos de vida de dúas mulleres moi distintas dentro dun mundo que pretende homoxeneizar a persoas e a personalidades moi distintas, cando non opostas, entre si. O libro contén, a xeito de breve estudo introdutorio, unhas notas sobre a personalidade e a obra de Carson McCullers. A análise corre a cargo de Constante González Groba.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "Berro afogado", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 211, "Libros", 14 xuño 2007, p. V.

Explícase que o título da obra débese á que o casamento é a principal aspiración da protagonista como medio de fuxir da súa vila natal e coñecer a liberdade, lonxe das imposicións patriarcais ás mozas solteiras. Da novela apréciase tanto a acerto da creación da protagonista como a sinxeleza e concisión do estilo narrativo, mentres que do autor salienta a súa sensibilidade para pórse no lugar dunha rapaza que se sinte distinta fronte á colectividade dunha pequena vila sureña dos Estados Unidos de América.

Referencias varias:

- Manuel Xestoso, "De nena a adulta", *A Nosa Terra*, n.º 1.267, "Cultura", 10-16 maio 2007, p. 27.

Valórase desta obra que acada unha gran solidez narrativa cun fío argumental moi sinxelo, ademais dunha gran transparencia, carente de golpes de efecto no relato. No libro distínguense dúas liñas narrativas complementarias: unha sobre o paso da infancia á adolescencia da protagonista e outra en ao redor da súa vida dunha vila provinciana, que reponde máis aos tópicos do "gótico sureño" cos que tanto se relaciona a obra desta escritora. Cualifícase a obra de universal en canto que se trata de alguén na busca da súa identidade.

Paasilinna, Arto, *O muiñeiro ouveador* (*Ulvova mylläry*, 1981), trad. Tomás González Ahola, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 9, 2007, 269 pp. (ISBN: 978-84-935375-8-6)

Esta novela do escritor finlandés Arto Paasilinna (Kittilä, Finlandia, 1942) conta a historia de Gunnar Huttunen e estruturase en dúas partes ben diferenciadas que levan o título de: "O muíño do tolo" e "A persecución do eremita". O protagonista instálase

nunha pequena vila de Laponia tras mercar un vello muíño e arranxalo coas súas propias mans. Pretende, a través desta ocupación ou traballo, esquecer o seu pasado como soldado e unha turbia relación amorosa que o deixou malparado. Sen embargo, o seu estraño comportamento (padece un innato nerviosismo que o impulsa a ouvear moitas noites) esperta a curiosidade de todos os seus veciños. Pasado algún tempo deciden tomar cartas no asunto: chegan á conclusión de que o estraño comportamento de Gunnar só pode explicarse porque está tolo e así deciden que debe ser internado nun psiquiátrico contra a súa propia vontade. Ante esta situación, algúns dos seus veciños non dubidan en defendelo e axudalo, é o caso do policía Portimo, o carteiro Piittisjärvi e, sobre todo, a asesora Sanelma Käyrämö, a cal lle axudará a defender a súa liberdade. Sen saltos no tempo, a narración flúe con transparencia e sen dificultades e ao lado da historia de Gunnar Huttunen aparecen reflexións varias sobre temas universais como son o amor, o poder e valor dos cartos, a aceptación social, a solidariedade, a natureza, o incomprensíbel desprezo de certos seres humanos cara outros por seren diferentes (intolerancia), a invalidez das institucións sanitarias para tratar unha enfermidade mental, etc.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Unha alma pura nunha sociedade hipócrita", *A Nosa Terra*, n.º 1.286, "Cultura", 25-31 outubro 2007, p. 28.

Coméntase que este autor é o escritor finlandés máis célebre fóra do seu país e recálcase que esta novela é divertida e que asemade conta con elementos de ironía crítica, de sarcasmo amargo ou de "puro disparate". Afírmase que é unha novela publicada en 1981, que conta cun estilo sinxelo e que trata da diferenza, da hipocrisía da sociedade e mais da soidade.

- Dolores Martínez Torres, "Xustiza poética", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 226, "Libros", 22 novembro 2007, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 163, "Lecturas", 1 decembro 2007, p. 10.

Comenta o seu argumento desta novela e explica que se sitúa nos anos posteriores ao remate da segunda Guerra Mundial e céntrase na figura dun muiñeiro, Gunnar Huttunen, que chega a unha aldea de Laponia ao norte de Finlandia na que non consegue adaptarse, xa que os veciños o toman por tolo. Desta novela se subliña que nela se describe un "particular calvario" do que se indica que xorde da dobre moral social e das dobre leis.

Pamuk, Orhan, *O castelo branco*, (*Beyaz Kale*, 1979), trad. de Bartug Aykan e Eva Almazán, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 8, 2007, 226 pp. (ISBN: 978-84-9865-023-5). ■

Trátase da primeira novela escrita polo celebrado autor Orhan Pamuk (Istambul, 1952) que foi galardoado co Premio Nobel de Literatura no ano 2006. Ábrese cunha dedicatoria que di o seguinte: "Para Nilgün Darvinoglu, boa persoa, boa irmá (1961-1980)", á que segue unha cita de Marcel Proust. A estrutura da novela presenta tres partes ben diferenciadas. Primeiramente hai un "Limiar" no que un narrador en primeira persoa, baixo o nome de Faruk Darvinoglu (o mesmo apelido ca na

dedicatoria), indica que atopou un manuscrito no ano 1982 que el agora presenta actualizado e convertido na historia que se conta a continuación. Esta historia, que conforma esa segunda parte da estrutura antes nomeada, componse de once capítulos narrados en primeira persoa polo protagonista dos feitos, polo que se trata dun narrador homodiexético. A terceira e última parte preséntase baixo o título "A propósito d'*O castelo branco*", onde é o propio autor o que ofrece unha pequena reflexión sobre a xestación da obra con data de xullo de 1986. O núcleo da historia sitúase no Istambul do s. XVII, lugar a onde é levado o mozo protagonista, un erudito italiano que é capturado polos piratas turcos e vendido no mercado de escravos. Mércao un sabio turco, o Mestre, que curiosamente ten un parecido físico co mozo asombroso xa que parecen xemelgos. Entre eles xorde unha estraña relación de opresor-oprimido fundamentada no aspecto intelectual que ao tempo se vai transformando en profunda amizade. Os dous xuntos e apoiándose sobre todo na intelixencia poderosa do mozo, axudarán ao sultán a resolver diferentes problemas que este lles vai formulando, e vivirán diversas aventuras como sobrepoñerse, por exemplo, a unha das pestes que na época afectarán ao lugar. É importante o traballo que xuntos realizan, pois o beneplácito da corte do sultán é fundamental para eles, non tanto polo sustento senón pola propia vaidade do Mestre. Deste xeito a escrita, áxil e engaiolante, vaise tecendo a base de lembranzas e vivencias persoais que a converten nunha asequíbel e fácil lectura.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "A mirada do Outro", *A Nosa Terra*, n.º 1.291, "Cultura", 28 decembro 2007 ao 4 xaneiro 2008, pp. 23-24.

Opina que estamos perante un relato que participa das características da novela histórica, do relato de aventuras e das *Mil e unha noites*. Comenta que nesta novela se narra a historia dun mozo investigador veneciano que no século XVII remata sendo vendido a un erudito turco. Destaca que a relación que se estabelece entre os dous personaxes convértese no eixo da novela que conta con influencias de Borges e Cervantes e que conta cunha trama ateigada de misterio.

Pessoa, Fernando, *O banqueiro anarquista* (*O banqueiro anarchista*), trad. Xoán Montero Domínguez, Premio Plácido Castro da Asociación de Tradutores en Lingua Galega, Ferrol: Edicións Embora, 2007, 61 pp. (ISBN: 978-84-95460-70-7).

O libro comeza cun prólogo de Burghard Baltrusch no que analiza a obra de Pessoa (Lisboa, 1888-1935), centrándose naqueles aspectos temáticos e formais máis destacados. O relato, que consta de vinte e oito páxinas, conta a historia dun banqueiro que tras xantar nun Club de Cabaleiros inicia un discurso ou defensa do concepto de anarquismo. El mesmo declárase inventor deste movemento ideolóxico, aínda que admite a contradición da súa profesión respecto ao anarquismo. Defínese como un banqueiro anarquista, que é na teoría e na práctica un verdadeiro anarquista e non como os anarquistas dos sindicatos que poñen bombas. O relato xira arredor da defensa dese suposto anarquismo, que el acaba diferenciando do pseudoanarquismo, que é o que practican os demais.

Queirós, Eça de, *Contos de Eça de Queirós*, trad. Marta Cuba, selección equipo

Tristram, Lugo: Tris Tram, col. Contos, 2007, 143 pp. (ISBN: 978-84-89377-76-6). ■

Neste libro recóllense seis contos ("A Perfección", "Civilización", "Xosé Matías", "No muiño", "O Tesouro" e "Un poema lírico") escritos polo escritor portugués Eça de Quierós (Póvoa de Varzim, 1845-París, 1900). Nestes relatos prosísticos mestúrase a ironía, realismo e xenialidade típicas do autor, cunha grande dose de realismo: abórdanse nestes contos as comúns e variadas facetas que pode presentar a vida, a morte, a beleza, a tecnoloxía, o amor como tal ou levado ao extremo da paixón e o erotismo, a avaricia, o egoismo, o rencor … Mestúranse nestas 143 páxinas fragmentos cun narrador en primeira persoa con outros cachos nos que se nos conta unha historia en terceira persoa e se incluén, mediante o estilo directo, as propias palabras das personaxes.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Tris Tram publicará en galego poemas de Mark Twain", *El Progreso*, "Vivir", 22 novembro 2007, p. 69.

Anúnciase a publicación de varias obras, entre as que está *Contos de Eça de Queirós*, definida polos seus editores como un conxunto de "historias de oposición , coa cara e a cruz dalgunhas facetas da vida, como son a morte, a beleza, a tecnoloxía, o amor, a paixón, a avaricia e o erotismo". Do autor saliéntase que foi un artesán da edición e o iniciador do realismo na literatura portuguesa.

Rhys, Jean, *Ancho mar de argazo* (*Wide Sargasso Sea*, 1966), trad. Manuel Forcadela, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. As Literatas, 2007, 181 pp. (ISBN: 978-84-9782-528-3).

Jean Rhys (Roseau, Dominica 1890-Exeter, Inglaterra 1979) reflicte nesta novela os problemas de identidade que sofre unha rapaza das Antillas, influída tanto polo mundo branco de orixe europea como pola negro procedente de África, con todas as diferenzas culturais e políticas que isto implica. Antoinnette pasou a súa infancia en Xamaica e a súa madurez na última etapa da Inglaterra vitoriana. Nesta sociedade a piques de desaparecer transcorre a trama, na que ten especial importancia o casamento da moza cun inglés e a o seu triste final no cárcere. No fondo desta obra está o tema da loucura e da histeria como arma de resistencia, como un recurso de supervivencia. O espazo escollido é o Caribe anglófono, e o momento histórico os anos inmediatamente posteriores á fin da escravitude. Nunha Xamaica na que as persoas negras acaban de recuperar a liberdade, a vida dunha familia branca aillada nun vello casal tínguese axiña de conflitividade. A decadencia poscolonial na que viven, xa case ambiente tópico na cultura occidental, é o escenario no que se desenvolverán simultaneamente o descenso á loucura da nai e a confrontación coa poboación máis desfavorecida. Estes dous feitos marcan a vida da protagonista e condúcena por un transcorrer atípico e especialmente intenso. En primeiro lugar, o seu confinamento nun colexio relixioso, e, en canto acada a maioría de idade, a súa voda cun rico home chegado de Inglaterra co que irá a vivir de novo nunha das vellas propiedades familiares. A carón destes dous feitos fundamentais na trama, tamén acontece o descubrimento das relacións fronteirizas dentro da sociedade da illa, dende os seus parente mulatos, até o desprezo que uns crioulos senten por outros, ou a enorme distancia entre Europa e o Caribe. Precisamente a

transitoriedade entre os dous espazos, o europeo e o caribeño, constitúe outra fonte de conflitos. É especialmente destacábel, nese sentido, a discusión entre o novo esposo da protagonista e unha criada negra, sobre se é máis onírica a imaxe dunha illa no Caribe, ou unha cidade neboenta ateigada de xente. A carencia na comprensión, a inadaptación do europeo á realidade da illa, e a súas imposicións como varón á fronte da casa e dunha sociedade de persoas negras que non comprende e que tampouco o van comprender a el, prepara unha situación anunciadamente tráxica. A obra de Rhys teime en rescatar a historia oculta desa figura, explicala en función do seu sometemento por cuestións de xénero, e situar a problemática racial e crioula no mapa da historia. Esa reconstrución aborda, ademais, a reivindicación dos seus espazos propios, a reivindicación da perspectiva da súa xente, para quen a figuración do exótico non é un enorme casal onde o vento bate nas palmeiras, senón un Londres fantasmagórico, percorrido por coches de cabalos. Porén, tamén hai que destacar que esta novela narra a historia dos espazos intermedios, das fronteiras que non están en ningunha liña imaxinaria sobre o Atlántico, senón que constitúen ese ancho mar de argazo que toca as dúas beiras ao mesmo tempo. Así, as persoas que como a protagonista non pertencen a ningunha das marxes, senón que levan parte das dúas no seu ser, e que como as correntes enfrontadas que crean remuíños, están tamén en contradición mutua consigo mesmas.

Recensións:

- Manuel Forcadela, "Ancho mar de argazo", *Festa da palabra silenciada. Publicación Galega Feminista*, n.º 23, "Actualidade", 2007, pp. 152-155.

Artigo centrado en comentar o proceso de tradución ao galego de *Wide sargasso sea* de Jean Rhys, co título *Ancho mar de argazo* (2007), nomeadamente no referido aos problemas de tradución debido ao peculiar estilo de Rhys e ás complexidades semióticas. Refírese ás críticas negativas e ofensivas que tivo esta tradución dende publicacións como *A Nosa Terra* e tamén ás positivas dende outras publicacións como o *Faro das Letras*, que cualificou a tradución de formidábel. Alude ás dificultades derivadas do momento histórico no que foi escrita, que incide directamente no estilo da novela e que non é posibel trasladar á lingua galega. Do mesmo xeito considera que o terse convertido a obra nun modelo da crítica postcolonial é un dos seus valores engadidos, aínda que a súa inclusión nunha colección de orientación feminista carrexa unhas demandas funcionais do texto.

- Manuel Xestoso, "Publícase 'Ancho mar de argazo", *A Nosa Terra*, n.º 1.266, "Cultura", 3-9 maio 2007, p. 27.

Dise que esa novela se está a consolidar como unha gran obra pola súa capacidade de facer converxer emoción e intelixencia, e que a autora se toma liberdades na ambientación temporal do episodio da voda da personaxe de Charlote Brontë para facela coincidir co 1840 e a emancipación dos escravos. Engade que só hai que lamentar a mala calidade do texto que se publica pola falta dunha revisión en condicións.

- María Reimóndez, "A soas no faiado", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 12.

María Reimóndez define esta obra como unha "dobre crítica ao feminismo occidental branco imperialista e ao patriarcado a través da reescritura doutro clásico da literatura en lingua inglesa, *Jane Eyre*". Di isto porque na novela de Rhys os colonizados son supeditados aos homes brancos occidentais. Así, a protagonista Antoinette é unha crioula branca que é rexeitada por brancos e negros, casada cun home que non quere pero que é moi rico e co que non dialoga porque el ten interiorizada a súa superioridade. Segundo Reimóndez, o libro orixinal está moi ben escrito pero a tradución é difícil de ler.

- Marga Romero, "Na histeria", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 210, "Libros", 7 xuño 2007, p. IV.

Empeza referíndose a colección "As literatas" e a tradución como instrumentos de normalización da cultura galega ao incorporar escritas de mulleres. Do libro comenta que atopamos como tema principal a identidade nas Antillas, a cabalo entre varias culturas.

Sánchez Piñol, Albert, *A pel fría* (*La pel freda*, 2002), trad. de Mercedes Pacheco Vázquez, Santiago de Compostela: Ézaro Edicións, 2007, 235 pp. (ISBN: 978-84-935134-1-2).

Primeira novela do antropólogo catalán Albert Sánchez Piñol (Barcelona, 1965) traducida a vinte e dúas linguas. A novela consta de dezasete capítulos. A historia desenvólvese nunha illa situada no Atlántico Sur onde se relatan as loitas levadas a cabo por un ex-activista irlandés co ex-oficial atmosférico, Batís Caffó, e, á súa vez, estes cos monstros anfibios, de orixe descoñecida. Esta constante axitación atenúase pola presenza de Aneris, femia pertencente aos seres anfibios, que provoca a artellación dun triángulo amoroso. A acción finaliza coa morte de Batís Caffó e a permanencia do ex-activista na illa con Aneris. O escritor pinta ao longo das páxinas un lenzo de sentimentos (xenreira, amor...) pero co tema central do medo como motor do mundo dos personaxes (o ex-activista irlandés, Batís Caffó, Aneris e os monstros anfibios -citauacas-). Cada instante da novela supón un cuestionamento moral acerca da dualidade ben-mal. Este posicionamento intensifícase cos numerosos atrancos para a supervivencia na illa, dando como resultado un desasosego no lector. Os espazos abertos (mar, bosque e praia) e os pechados (casa do oficial atmosférico e o faro) colaboran na transmisión da sensación de ameaza ou de seguridade, respectivamente. A narración, efectuada en primeira persoa, desenvólvese en estilo directo cun importante uso dos mecanismos do xénero fantástico. Dende o punto de vista da lingua, o escritor caracterízase pola utilización abundante de estruturas simples e coordinadas e a metáfora como trazo expresivo.

Recensións:

- Ramón Loureiro, "A pel fría", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 231, "Letras en Galego", 6 outubro 2007, p. 12.

Apúntase que estamos perante unha tradución dende o catalán da obra *La pel freda*, que está ambientada nunha pequena illa no medio do océano e que se publicou en 2002 e o

recensionista recalca que *A pel fría* é un libro sorprendente, moi ben construído e que é unha gran novela de aventuras.

- Francisco Martínez Bouzas, "Na cerna da aventura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 227, "Libros", 29 novembro, 2007, p. V.

Comenta que esta novela foi un éxito de vendas no seu idioma orixinal, o catalán. Explica que o argumento da novela permite múltiples lecturas e dá conta da historia. Indica que se trata dunha novela de aventuras pero á vez, é unha novela didáctica, porque trata o tema do rexeitamento que sentimos cara aquilo que resulta estraño. Por último, fai referencia ao estilo directo con que está escrita.

- Francisco Martínez Bouzas, "Na cerna da aventura", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 164, "Letras galegas", 8 decembro 2007, p. 10.

Repasa os diferentes premios e o éxito de vendas que acadou este volume xa dende a súa edición orixinal en catalán. Subliña a complexidade da súa trama xa que o seu argumento non explica de todo a novela e permite moitas lecturas. Indica que é claramente unha novela de aventuras na que un fuxitivo da independencia irlandesa chega a unha illa remota na procura de paz e onde atopará a compañía dun fareiro. Considera que d'*A pel fría* emerxe unha precisa lección sobre o rexeitamento e a incomprensión de mais que representa unha alegación contra a xenofobia.

Referencias varias:

- X.C., "A pel fría, o éxito de vendas de Sánchez Piñol, carta de presentación de Ézaro Edicións", *A Nosa Terra*, n.º 1.282, "Cultura", 27 setembro-3 outubro 2007, p. 28.

Comeza falando do grande éxito da versión orixinal catalá desta novela, coa que vendeu máis de 75000 exemplares, e coméntase que atrapa ao lector con argumentos que beben dos vellos libros de aventuras fantásticas. Asemade indica que a versión galega conta na súa portada cunha acuarela de Moncho Latra que reproduce a illa de Sálvora.

- Concha Pino, "Compostelanos con capacidad para el riesgo y la pericia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 8 decembro 2007, p. 12.

Entre outros destacados compostelláns faise referencia ao editor Alejandro Diéguez, director da editorial Ézaro, que leva publicadas xa moitas obras de diferentes temáticas con elegantes e coidadaes edicións. A penúltima das obras editadas dise que foi unha versión ao galego d'*A pel fría,* última novela de Albert Sánchez Piñol, antropólogo e escritor catalán que se revelou en 2002 como escritor de ficción con esta historia.

Schlink, Bernhard, *O retorno*, trad. de Patricia Buján Otero, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 7, 2007, 440 pp. (ISBN 978-84-9865-029-7). ■

Novela do escritor Bernhard Schlink (Bielefeld, Alemaña, 1944) traducida ao galego un ano despois da publicación da edición orixinal. O libro está dividido en cinco partes que á súa vez están divididas en pequenos capítulos enumerados e nel o

narrador-protagonista Peter Debauer cóntanos en primeira persoa a súa vida. De neno vivía con súa nai que era viúva e os veráns pasábaos en Suíza con seus avós paternos, os cales traballaban como correctores para unha colección de literatura popular. O rapaz facía os deberes no reverso dos folios e cumpría a recomendación de seus avós de non ler as narracións, até que un día le unha historia incompleta dun home que cando regresa da guerra a súa muller xa vive con outro home. Sente curiosidade e comeza a investigar para descubrir o final da historia, nesta pescuda ocórrenlle cousas que coinciden cos sucesos de Karl, o protagonista nesa historia, e de Ulises na *Odisea*. Cando pide os papeis para casar descobre que seus pais non estaban casados e que seu pai segue vivo, que finxiu a súa morte e comezou unha nova vida en Nova York como profesor de Dereito. Sente unha grande necesidade por coñecerse a si mesmo polo que decide mudarse e asistir ás clases de seu pai. Ao final decide non falar con el pero escribe a súa historia e entrégaa no *New York Times*, daquela non saíu á luz pero si o faría máis tarde. Despois da entrega volta á casa e dáse conta de que todo segue coma antes. A narración é intensa, áxil e cun gran dominio da linguaxe, nótase que o escritor comparte algúns datos biográficos co protagonista, por exemplo ambos estudaron dereito.

Schmitt, Éric-Enmanuel, *O señor Ibrahim e as flores do Corán* (*Monsieur Ibrahim et les fleurs du Coran*, 2001), trad. Emma Lázare Rodríguez, Vigo: Faktoría K, col. Narrativa K, n.º 2, pp. 61. (ISBN: 978-84-96957-09-1).

Trátase dunha novela breve que narra en primeira persoa a historia dun rapaz xudeu que se fai amigo dun tendeiro musulmán. O relato está ambientado nos anos sesenta na rúa Azul, de París, habitada principalmente por poboación xudía. Neste contexto, un adolescente chamado Moisés, sofre o abandono da súa nai e do seu irmán maior mentres vive cun pai de carácter gris que o despreza. Moisés fala en primeira persoa da súa iniciación sexual coas prostitutas da súa rúa e da súa amizade co señor Ibrahim, o tendeiro. A entrañábel e emotiva relación que estabelece con este home, que trascende as súas respectivas crenzas, marcará definitivamente a súa existencia e proporcionaralle todo o amor necesario para ser feliz e vencer o odio. O estilo da narración é directo, áxil, sinxelo e cargado de emoción.

Toussaint, Jean-Philippe, *Fuxir* (*Fuir*, 2005), trad. de Carmen e Dolores Torres París, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 5, 2007, 160 pp.(978-84-8288-967-2). ■

O escritor belga Jean-Philippe Toussaint (Bruxelas, 1957) accede por vez primeira ao mercado galego a través da tradución ao galego desta súa obra, merecedora no ano 2005 do Premio Medicis. A través da viaxe por distintas paraxes xeográficos, dende a abafante esfera de neons de Shangai e Pekín, até a quietude das verdes paisaxes da illa de Elba e o seu entorno, amais dun fugaz paso por París, a novela retrata a un conxunto de personaxes que procuran fuxir dos seus problemas e, en última instancia, de si mesmos. O espazo, por tanto, forma parte dun xogo interactivo que lle serve aos personaxes de mecanismo de evasión, fuxindo dos seus distintos medos: a soidade, o desamor, a tristeza, etc. Os encontros entre os personaxes, a través de mecanismos como as relacións sexuais, o dárense agasallos, ou o compartir sentimentos, tamén forman parte dese conxunto de técnicas para deixar atrás aquela parte de si mesmos que

lles produce amargura. O tempo é lineal e consecutivo, se ben, por ocasións, existe un uso interpretativo das simultaneidades espazo-temporais: a unión de dous espazos nun mesmo instante temporal, a través de algo tan aparentemente sinxelo como unha chamada telefónica, da pé a unha interacción que rompe parcialmente con esa continuidade en paralelo das accións, configurando unha nova e calidoscópica realidade. A voz narradora, testemuña dos feitos, abandona ás veces ese papel para adoptar unha omnisciencia que atrae cara a si aos demais personaxes da novela, configurando un núcleo sólido sobre o que recae todo o seu peso. O uso da linguaxe resulta preciso e puntillista, concretando de forma detallada cada unha das descricións, físicas ou emocionais, que configuran cada un dos instantes nos que transcorren as distintas accións dos personaxes. Este uso resulta, entón, coherente cunha estrutura da trama e cun estilo narrativo moi cinematográficos: baseados na acumulación de escenas, na composición de lugares, e no transcurso de interaccións sinxelas e localizadas. O uso dos parágrafos, a través do xogo autoral cos espazos en branco, e a distribución dos *tempos* narrativos en distintos capítulos, reforzan este estilo levando ao lector da man por un ritmo de lectura cambiante. En conxunto, resulta irónica a imposición dun ritmo de lectura tan veloz como o que aquí se imprime, dentro dunha trama con uns personaxes sen tempo para reflexionar sobre si mesmos e buscando, en todo momento, a fuxida do presente cara ao futuro inmediato. En último lugar, o bo labor de tradución, que conserva intactos os intentos comunicativos noutras linguas como o inglés, o francés ou o chinés, contribúen a lle achegar ao lector a visión desta novela dentro dun contexto de universalidade que transcende a simple intención do argumento que aquí se narra. Precisamente, no tocante ao argumento, o protagonista, do que non sabemos nunca o nome, chega a Shangai para pasar dúas semanas de vacacións, nas que está sen a súa esposa, Marie, que queda en París. En Shangai coñece, primeiro, ao guía contratado por Marie, que o espera para acompañalo durante parte desas dúas semanas, Zhang Xiangzhi, e despois coñece a unha amiga deste, Li Qi, con quen tamén manterá esporádicas relacións sexuais, sen máis pretensións cá mutua compañía. Unha chamada de Marie interrompe estas vacacións, o padre dela morreu, e o protagonista debe volver a Francia, en concreto á illa de Elba, para asistir ao enterro. Unha vez alí volverá reencontrarse coa súa muller, e volverán a intentar recuperar aquilo que outrora tiveron, no intento do protagonista por apartar da mente a Li Qi e a China, e no de Marie por deixar atrás a fonda tristura que lle produce a morte do pai. A novela reflexiona, entón, sobre o universal que resulta a busca constante do futuro inmediato como mecanismo para esquecer un presente gris e decepcionante, imprimíndolle ás vidas das persoas unha extrema velocidade que, como consecuencia final, baleira de sentido e dirección todas as experiencias vividas. Un relato postmoderno dos males das sociedades avanzadas de hoxe.

Recensións:

- Laura Caveiro, "Fuxir, fuxir", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 217, "Libros", 20 setembro 2007, p. V/"Fuxir", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 210, "Libros", 29 setembro 2007, p.7.

Compárase esta novela con outras do seu autor, sempre publicadas orixinariamente en Éditions de Miunit, e afírmase que esta se insire na "vella tradición da literatura de viaxes". Coméntase que a brillantez estilística é a meirande sigularidade de *Fuxir* e asemade apúntase que adapta a tradición do "nouveau roman" ao tecnolóxico século

XX. Conclúese describindo a "impresionante" escena dunha persecución en moto presente neste libro.

Updike, John, *Terrorista* (*Terrorist*), trad. de Lara Domínguez Araújo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 242, xuño 2007. (ISBN: 978-84-9782-619-8).

Jonh Updike (1932, Reading, Pennsylvania) narra a historia dun mozo de dezaoito anos, Ahmad Ashmawy Mulloy, que vive en New Prospect, unha antiga vila industrial do estado de Nova Jersey. Ahmand é fillo de nai irlandesa-americana e de pai exipcio. O seu pai abandónaos cando el non tiña mais que tres anos. Ahmad non é quen de atopar o seu lugar na sociedade na que vive e furioso coa súa nai, por non ter conseguido manter unida a familia, adopta aos once anos a fe do pai, o Islam. Así refuxiase na influencia do xeque Rashid, o imán da mesquita da Rúa West Main. A pesar de contar cun gran potencial para os estudos, como lle recorda Jack Levy, o orientador do seu instituto, un xudeo renegado e infeliz que o aconsella ingresar na Universidade, decide obter o carné de condutor de camións para comezar a traballar de transportista, como lle recomenda o irmán. É así como lle chega a proposta clave da súa vida: facer estourar un camión cargado con catro toneladas de dinamita nun dos principais tuneis de Nova York. Para Ahmad esta é unha misión elevada que o afastaría da superficialidade e o materialismo da cultura norteamericana que aborrece, un acto suicida que lle permitiría dar a vida por Alá. Updike cita ao comenzo da obra a Gabriel García Márquez e recolle un fragmento de *Xonás o pescador*, de Reiner Zimnik**.**

Recensións:

- Carlos Freire, "Na mente do mal", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 203, 19 abril 2007, portada.

Recóllense as intencións declaradas do autor, que pretende "entender, ou polo menos imaxinar, o punto de vista do outro lado". Segundo o crítico, o seu estilo de novela non parece axeitarse moito ao tema do terrorismo, xa que a novela realista é unha novela de personaxes e, pola contra, nos grupos terroristas dilúese a personalidade do individuo. Asemade, sinálase que tamén esquece a evidencia de que para o terrorismo islámico os atentados teñen un sentido relixioso profundo. Na novela aparecen referencias ao Corán, mais o imán que adoutrina ao protagonista é crítico con algúns aspectos da *yihad*. A maiores rexéitase todo o que o autor detesta da sociedade norteamericana actual: o consumismo, a obesidade, o racismo e a cultura da frivolidade.s

- César Casal, "El terrorismo, según Updike", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 216, "Letras ficción", 23 xuño 2007, p. 4.

Do autor, considerado como un dos mestres da narrativa norteamericana, cóntase que provocou unha gran polémica no seu país coa publicación desta obra, xa que ousa tocar o tema do terrorismo islámico dende o punto de vista do propio terrorista, demostrando así a súa capacidade de comprensión. Asemade, emprega numerosas referencias do Corán para subliñar a tiranía do pensamento único e ilustrar ao lector acerca do tema.

- Manuel Xestoso, "As estratexias do medo. John Updike elabora en Terrorista un

retrato pouco compracente da sociedade norteamericana", *A Nosa Terra*, n.º 1.277, "Cultura", 19-25 xullo 2007, p. 27.

Coméntanse os puntos fortes da novela *Terrorista* de John Updike, calificado como o gran narrador xudeoamericano digno de suceder a Saul Below. Explícase que a historia se centra arredor dun mozo de ascendencia exipcia que recibe unha ríxida educación islámica que o conducirá a converterse nun terrorista suicida, e anótase que o autor cambia a óptica da pregunta difundida polos medios despois do 11-S "Por que nos odian?" virando a atención cara as contradicións dunha sociedade que require dun mal exterior para funcionar. Sublíñase o interese da reflexión sobre o imaxinario americano e o estilo á altura do tema moi realista e depurado.

- Mar Pichel, "Unha literatura atrevida", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 agosto 2007, p. 27.

Refírese a John Updike como un dos autores máis importantes e premiados da literatura norteamericana actual, e a esta novela como a primeira en ser traducida ao galego. Explícase o argumento, o terrorismo islámico tal como é sentido nos EE.UU. nos anos seguintes ao 11-S, a través da vida dun mozo árabe que vive en Nova Jersey. Sublíñase ademais como o autor amosa o materialismo e a superficialidade da cultura americana como o contexto no que o mozo afianza a súa fe até que recibe a proposta de converterse nun terrorista suicida.

- Montse Pena Presas, "Fe contra incredulidade. O pulso de Updike", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 219, "Libros", 4 outubro 2007, p. V.

Comeza salientando a sona internacional de Updike e o seu profundo coñecemento do mundo árabe para despois indicar que *Terrorista* é unha reflexión sobre as relixións, a fe, a sociedade estadounidense e en xeral do ser humano. Coméntase que parece un entretido tratado de antropoloxía onde se introduce na mente dos criminais, subliña a boa presenza dos personaxes secundarios e destaca que conclúe cun trepidante remate.

- Francisco Martínez Bouzas, "Fe contra incredulidade", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 212, 13 outubro 2007, p. 6.

Fala da sona internacional do profundo coñecemento do mundo árabe de John Updike. Comenta que este libro é unha reflexión sobre as relixións, a sociedade estadounidense e en xeral sobre o ser humano. Afirma que parece tratado de antropoloxía onde se introduce na mente dos criminais, destaca a boa construción dos personaxes secundarios e afirma que o remate de *Terrorista* caracterízase por ser trepidante.

Referencias varias:

- S.J., "A nova novela de Updike, 'Terrorista', será publicada no mes de maio por Xerais", *El Progreso*, "Cultura", 13 xaneiro 2007, p. 80.

Anúnciase a publicación desta obra como a primeira de John Updike que se traduce ao galego. A continuación resume o seu argumento brevemente e salienta o recoñecemento do escritor norteamericano de 74 anos.

- Jaureguizar, "Na outra beira", *El Progreso*, "Ollo mol", 14 xaneiro 2007, p. 70.

Lembra que o escritor John Updike estaba en Brooklyn Heights, na outra beira de Manhattan, cando aconteceu o atentado contra as Torres Xemelgas, unha casualidade que podería ter inspirado esta obra sobre un fundamentalista islámico, narrada en primeira persoa dende a perspectiva contraria a dos Estados Unidos para intentar entender "o outro lado".

- maré, "América tras o 11-S", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 xuño 2007, p. 30.

Saliéntase que o autor, un dos escritores máis lidos da literatura norteamericana contemporánea, creou o protagonista desta novela para analizar como se ve América a si mesma tras o 11-M.

Vian, Boris, *Cuspirei sobre as vosas tumbas*, (*J'irai cracher sur vos tombes*, 1973), trad. David Gippini, Vigo: Faktoría K de libros, col. Narrativa K, n.º 1, novembro 2007, 145 pp. (ISBN: 978-84-96957-08-4).

Novela publicada orixinariamente baixo o pseudónimo de "Sullivan" na década dos corenta. Estivo marcada polo escándalo debido ao seu contido violento e descarnado que trata o tema do racismo dun xeito orixinal e mordaz. A novela conta a historia de Lee Anderson, un home negro de pel branca que se fai pasar por branco para vingar a morte do seu irmán. Lee múdase a unha nova vila para comezar unha nova vida despois do linchamento do seu irmán por namorarse dunha muller branca, pero Lee leva consigo unha carraxe e unhas ansias de vinganza que lle levarán a desenvolver un plan para vingarse da raza branca. Lee comeza a traballar nunha librería e a relacionarse cos mozos e mozas da vila ocultando a súa verdadeira identidade e gañando a súa confianza coas súas habilidades; e pronto coñece as que serán as súas víctimas, prototipos do home branco racista, rico e opresor. A historia está narrada en primeira persoa polo protagonista, agás polo limiar que firma o autor, polo que coñecemos as súas intencións dende o comezo. Desenvólvese nos Estados Unidos e abarca ao redor dun ano da vida de Lee. Boris Vian (París, 1920-1959) emprega nesta historia unha linguaxe directa e desvergonzada e un ritmo narrativo áxil e con bastantes diálogos que facilitan unha lectura rápida e amena. A intriga que se crea en torno aos plans de Lee xunto coa crueza coa que se relatan os encontros entre o grupo de mozos captan a atención do lector de inmediato. O libro deixa un sabor de boca amargo, posto que simpatizamos co protagonista en canto a súa rabia cara unha poboación branca racista, pero non aprobamos os seus violentos plans de vinganza. O título fai clara referencia ás ansias de vinganza do protagonista, cuxa carraxe non só se estende aos executores do seu irmán, senón a todos os brancos racistas.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Cuspirei sobre as vosas tumbas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 238, 24 novembro 2007, p. 10.

Solicita que esta obra sexa lida esquecendo as etiquetas que se lle poñen, xa que normalmente se considera unha novela provocativa, marcada pola linguaxe, dirixida aos maiores e moi revoltosa e incorrecta. Considera que é unha novela "intensamente

realista" na que mostra aos personaxes falando como o faría a xente, cando fala en confianza.

I. 4. APÉNDICE: LIBROS DOUTROS ANOS NON RECOLLIDOS NOS INFORMES ANTERIORES.

Boó, Miguel, *Abreviatura (Abreviatura autista de Deus)*, Santiago de Compostela: Edicións Lea, 2006, 234 pp. (ISBN: 84-95444-72-0).

Miguel Boó (Donostia, 1955) presenta nos vinte e dous capítulos e mais no epílogo deste libro a vida dun directivo que traballa na redacción dunha revista. Vemos os problemas coa súa muller e coa xustiza, está en trámites para a nulidade matrimonial, a súa aventura sen cartos en Madrid, a súa relación con outra muller, denominada princesa e que até o epílogo non sabemos o seu nome, e finalmente os seus problemas de saúde, primeiramente unha neoplasia cística e posteriormente un tumor maligno que o levará á morte, que provocarán no protagonista unha reflexión das causa do seu mal e un achegamento á *Biblia*. A novela conta con numerosas descricións amorosas-sexuais entre diversas parellas relacionadas sempre co protagonista.

Lago, Álvaro, *O espello do gato (Ladaíñas de escarnio á sombra dun camelio)*, Madrid: Endymion, col. Narrativa, n.º 002, 2006, 226 pp. (ISBN-10: 84-7731-438-1, ISBN-13: 978-84-7731-438-7).

Este libro de Álvaro Lago (Pontecesures, 1963) está dividido en dúas partes que á súa vez se compoñen cada unha de sete relatos independentes. Pese á súa independencia, todos os relatos comparten unha historia tráxica ou, a lo menos, un ambiente deprimente que parece envolver á maioría dos personaxes. Os maltratos, os asasinatos, a vinganza e a morte conforman os principais ingredientes destas historias cheas de descricións metafóricas que continuamente identifican a atmosfera e a paisaxe na que se integran os personaxes cun estado de ánimo decadente que presaxia fatalidades. As diferentes historias transcorren en Galicia, a maioría delas en Santiago ou Vigo, e moitas veces fan referencia á emigración de galegos a América. O tempo é amplo, abarca dende os anos da posguerra até os nosos días e, aínda que moitas veces non queda claro en que ano se sitúa o relato, as referencias a determinados acontecementos ou aparellos dannos unha idea da época na que se desenvolven. En canto ao ritmo narrativo, cabe destacar a continua alternancia de situacións dentro dun mesmo relato, de tal xeito que moitas veces semella que estamos vendo unha película na que se alternan escenas que describen dous acontecementos diferentes pero relacionados. Como sucede no primeiro relato, "Mariña das augas", no que o protagonista comete dous asasinatos que se narran dun xeito paralelo alternando as dúas situación. O narrador é unha terceira persoa omnisciente que coñece todos os pormenores dos personaxes e o demostra principalmente a través das descarnadas descricións que fai deles. O título podería facer referencia ás sete vidas que ten un gato e que, ó verse reflectido nun espello, tórnanse en catorce vidas, o número de relatos que compón o libro. O subtítulo do libro fai referencia ao ton crítico xeral de todos os relatos e anuncia a riqueza poética das descricións.

Llorente, Rosa, *O son máis lene*, Vigo: Nova Galicia Edicións, 2006, 95 pp. (ISBN: 84-85401-91-3).

Conxunto de quince relatos centrados nos distintos sentimentos provocados polo amor, dende a paixón á máis fonda desesperación, pasando pola rutina e polo fastío vital. As historias, maioritariamente de extensión moi breve, teñen un carácter descritivo que recolle as reaccións dos protagonistas ante acontecementos de gran calado dramático en segunda ou terceira persoa. Deste xeito, preséntanse as historias de mulleres abandonadas que agardan inutilmente o regreso do seu home, de viúvos sen motivación para continuar vivindo en soidade, de anciáns nostálxicos nos seus últimos días, de matrimonios fracasados que rompen en busca dunha segunda oportunidade para atopar a felicidade, de amantes na clandestinidade, daqueles que recuperan a ilusión perdida e dos que nunca se cruzaron coa felicidade no seu camiño ou ben non souberon apreciala cando puideron gozar dela.

Twain, Mark, *Contos de Mark Twain,* Lugo: Editorial Tris Tram, 2006, 125 pp., (ISBN: 84-89377-71-5).

Escolma de doce contos dun dos escritores máis representativos da literatura universal, Mark Twain, pseudónimo de Samuel Langhorne Clemens (Florida, 1835- Nova York 1910), que escritos nunha prosa sinxela e áxil son un claro exemplo da súa abondosa obra, para a cal a súa propia vida e a realidade que o rodeaba lle servían de inspiración. O rexistro coloquial, a sensibilidade, o humor e mesmo a sátira social que ás veces emprega o autor achegan facilmente o lector a un universo narrativo múltiple con diferentes puntos de vista a través de narradores en 1º persoa ou en terceira.Non hai un fío condutor que os una senón que mostran unha temática heteroxénea dende a humanización dos animais para satirizar a crueldade humana, como ocorre no relato que abre o volume "Un conto dunha cadela", pasando pola reflexión sobre o papel do escritor e sobre o seu traballo que se reflicte no terceiro conto "Unha situación de impotencia", ou mostrando costumes e modas sociais da súa época como se reflicte no conto que pecha esta escolma "Rogers".

Vega Jiménez, Cristina de la, *Vinte historias de amor... e un canto á esperanza*, Santiago de Compostela: Edicións Lea, 2006, 94 pp. (ISBN: 84-95444-78-X).

A obra, dedicada a todas as mulleres "que non entraron na casa da paixón" reúne unha serie de relatos que, segundo a súa autora, se basean en historias reais. O libro recolle, como o seu propio título indica, unha vintena de relatos, todos eles encabezados por un epígrafe que se inicia con "A tía…". Pese a situarse en lugares e tempos diferentes, todos comparten unha serie de características: contan a historia de mulleres que, na súa madurez, descobren por medio do amor sentimentos que crían esquecidos: a paixón, o sexo, a irracionalidade… Trátase case sempre de amores prohibidos, porque se dan fóra do matrimonio (case sempre cun home que, en diferentes contextos, recibe o nome de Antonio Buendía) ou porque obrigan ás mulleres a rachar cos convencionalismos sociais nos que foran educadas. Eses amores fannas revivir e ser felices nalgúns casos, mais noutros traen como resultado a máis fonda tristura. De feito, o desamor é predominante e acaba por dotar ao libro dun veo melancólico e pesimista. O volume

complétase cun “Canto á esperanza final”, no que a autora glosa unha serie de aspectos da vida que lle parecen dignos de encomio. A linguaxe é sinxela e configura historias que chegan a resultar repetitivas, por canto apenas presentan tramas e se centran case exclusivamente no mundo dos sentimentos.

II. POESÍA

II.1. POETAS GALEGOS

Aguirre, Mirta, *8 poemas a Galicia mártir, de Castelao*, prólogo de Xesús Alonso Montero e Jorge Domingo Cuadriello, Sada (A Coruña): Ediciós do Castro, col Poesía, 2007, 74 pp. (ISBN: 978-84-8485-274-2).

Poemario de Marta Aguirre (A Habana, Cuba, 1912) que se abre cun prólogo de Xesús Alonso Montero, no que repasa a biografía e obra desta autora, así como analiza brevemente as composicións que lle dedicou ao mural de Castelao. A seguir, Jorge Domingo Cuadriello achega máis información sobre M. Aguirre baixo o encabezamento de "Prólogo cubano", para logo reproducírense os seus oito poemas cos respectivos murais de Castelao. Hai que destacar que aparecen os orixinais manuscritos de M. Aguirre na marxe esquerda e, na marxe dereita, o mural de Castelao cunha tradución do lema que está en galego ao castelán, inglés e francés. Na seguinte páxina, aparece xa o poema de M. Aguirre en letra de imprenta. Todos os poemas reflicten por escrito a barbarie e maldade da Guerra Civil española e son complementos dos murais de Castelao. Por último, o libro péchase cun apéndice que di o seguinte: "Alocución de Mirta Aguirre sobre os nenos de España na Guerra Civil".

Agrelo Martínez, Santiago, *Diurnal (seguido de Dicionario de Soños)*, ed. de Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez, limiar de X.L. Axeitos Agrelo, selección de poemas de Luís Alonso Girgado, ilust. Baldo Ramos, Santiago de Compostela: Edicións Follas Novas, col. Libros da Frouma, n.º 41, 2007, 106 pp. (ISBN: 978-84-85385-37-9). ■

Santiago Agrelo Martínez (Asados, Rianxo, 1942) presenta o seu segundo poemario, tras inaugurar a súa produción neste eido co volume en castelán *En el cristal de la noche (Poemas y canciones)*. O presente volume ábrese co prólogo "Entre lusco e fusco (Notas para un poemario de Santiago Agrelo)", asinado por X. L. Axeitos Agrelo, no que este se dirixe ao autor, xa que se trata dun seu curmán, e salienta o seu estilo fresco e natural que comunica sinxeleza e cordialidade, un espírito que non resulta alleo á súa formación franciscana nin ás formulacións propias da literatura ascética aquí desposuídas da súa tradicional función exemplificadora e retórica. A seguir, inclúense as composicións estruturadas en dúas partes. Os versos da primeira delas, titulada "Diurnal", flúen entre o ritmo popular, a paráfrase bíblica e o carácter litúrxico. Poderían identificarse cun conxunto de oracións persoais e emocións íntimas arredor da figura de Cristo, da Virxe e de diversos santos e etapas da liturxia cristiá, moitos deles baixo a forma poética do himno. Na segunda parte, "Diccionario de Soños", a voz poética achégase a escenarios familiares (Rianxo, Abanqueiro, o monte da Pena ou a Pedra do Corvo), recreados a través do ritmo popular e a sinxeleza expresiva e non por iso alleos á lectura ética e moral dun autor de fondas crenzas relixiosas.

Recensións:

- Laura G. Paz, "O pai franciscano Santiago Agrelo recupera a poesía ascética coa súa obra 'Diurnal", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós…", "Literatura", 16 setembro 2007, p. 31.

Trátase da presentación e análise do contido do poemario ascético *Diurnal*, do pai franciscano Santiago Agrelo. Comeza cunha mínima referencia a Santa Teresa de Jesús e a San Juan de la Cruz, como exemplos de autores que relacionaron poesía e oración. Despois, fálase da presentación do poemario do Arcebispo de Tánger. Saliéntase que se compón dunhas cincuenta composicións relixiosas, acompañadas dun "Diccionario de soños", no que o arcebispo define poeticamente verbas galegas. Entre as oracións á Virxe, poemas dedicados e santos, cancións, salmos ou himnos, chámase a atención sobre o himno á Nosa Señora de Guadalupe. Comenta que o prólogo de Xosé Luis Axeitos, titulado "Entre Lusco e Fusco", agocha a humildade literaria dunha linguaxe poética fresca e natural ao tratar un tema profundo. Aclara que a segunda parte conta cun carácter distinto ao definir as palabras galegas. Conclúese apuntando que os versos de Santiago Agrelo "nacidos da alma dun poeta relixioso, poderán trascender ata o punto de ser asimilados de xeito universal".

Aleixandre, Marilar, *Mudanzas*, V Premio Caixanova 2006, prólogo de Olivia Rodríguez González, Santiago de Compostela: PEN Clube de Galicia/Editorial Danú S.L., col. Arte de Trobar, n.º 10, abril 2007, 122 pp. (ISBN: 978-84-935421-3-9). ■

Introducido coas claves que achega Olivia Rodríguez González, este conxunto de poemas de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) ábrenlle ao lector as portas do inferno e do ceo. Estruturados en tres partes que levan como título "Portas", "A Voz", "O Ollo" e máis "O que chaman amar", e que abren con cadansúa cita das *Metamorfoses* de Ovidio, os poemas estabelecen paralelismos entre mitos gregos, lendas galegas e sucesos pasados e presentes. A saudade, a soidade, o amor, a fidelidade, a morte e os soños centran parte dos poemas, que non se afastan da estrutura introdución-nó-desenlace. Ademais de narrar as metamorfoses dende o punto de vista feminino, a poesía profunda de Aleixandre non esquece temas actuais, de denuncia social e políticos. En "Arde o Pindo", rememora os incendios que asolaron os montes galegos no 2006. Tampouco se esquece do Próximo Oriente nin de Sudamérica. A silepse, as preguntas retóricas e os paralelismos axudan a tecer composicións escaladas e orixinais nas que as maiúsculas apenas teñen cabida.

Recensións:

- Xosé María Costa, "Ritmo e emoción de Marilar Aleixandre", *A Nosa Terra*, n.º 1.277, "Cultura", 19-25 xullo 2007, p. 30.

Breve comentario de *Mudanza*, un poemario de Marilar Aleixandre no que se destaca a temática do desacougo e a turbación, a ausencia, o silencio e a dor, que se ilustra coa reprodución dalgúns versos. Salienta que malia o ton erudito, tamén se percibe "un aire novo e esvaecido", no que latexa a imaxe evocadora e a figura fugaz, revelando emoción e intuición.

- Vicente Araguas, “As ucronías teñen un sabor acedo”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 446, “ Libros”, 16 setembro 2007, p. 20.

Recensiona *Mudanzas*, de Marilar Aleixandre, da que se salienta a súa creación poética tardía e o seu labor docente no eido universitario. Comenta os coñecementos da autora sobre poesía clásica e que, despois de encomendarse a Ovidio, leva ao lector a pasar pola Antigüidade Clásica, da man do seu rigoroso traballo poético. Destaca dous exemplos nos que é protagonista “el fuego”, como apunta Olivia Rodríguez González no prólogo ao salientar que Marilar Aleixandre asimila estratexias de Borges ou do Cortázar de *Todos los fuegos*, logrando un sentimento moi quevediano ao mesturar o lume poético coa auga fría da narración. Engádese a altura poética da autora, conseguida polo sentir épico que consegue “no distanciamento que imprime aos seus poemas”, que é unha autora atípica, que non se ciñe á rixidez métrica e conceptual e que é moi culta. Remata apuntando que, en conxunto, crea un “espazo moi propio e definido”.

- Román Raña, “Linguaxe coidada”, *Faro de Vigo,* “*Faro da Cultura*, n.º 222, “Libros”, 25 outubro, p. IV/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 159, “Lecturas”, 3 novembro 2007, p. 6.

Apunta que o propio título do poemario de Marilar Aleixandre xa delata o cambio no ton, respecto aos seus poemarios anteriores, nos que aparecían versos rompedores, mentres agora bebe na fonte das metamorfoses de Ovidio. Pero recoñece que se manteñen as mudanzas reflexivas, máxicas e contundentes. Salienta que tras as mudanzas de estado, se agocha o home contemporáneo, como se observa nos poemas “As entradas de inferno” (con paralelismo entre a entrada ao inferno e a foxa común dos fusilados e demais represaliados polo franquismo) e “A lingua cortada”, sobre o mito de Filomela e Tereo. Outros poemas tratan dos incendios, a analoxía das parellas humanas, a figura do cíclope, o zodíaco e a muller como guía e tamén como vítima do poder masculino. Conclúe recoñecendo que este poemario sorprende pola actualidade da temática tratada, a erudición, a lingua coidada e precisa e pola sintaxe case latina. E limítase a clasificar de “perspicaz” o prólogo de Olivia Rodríguez, sen máis análise.

- Antoni Rossell, “Mudanzas de Marilar Aleixandre”, *Festa da Palabra Silenciada. Publicación Galega Feminista*, n.º 23, “Actualidade”, 2007, pp. 168-169.

Mostra ao lector a elección de Marilar Aleixandre de escoller como punto de partida a *Metamorfose* de Ovidio, texto que a escritora reinterpreta sendo consciente dos mitos que utiliza e actualiza chegando a crear unha complicidade entre a materia clásica e os personaxes anónimos e sen voz. Apoiándose en María de Francia, unha escritora do século XII, reafirma a súa feminidade poética incorporando a voz das mulleres vítimas das desgrazas provocadas polos conflitos nados do “poder” masculino e sexualizado. Destaca que son constantes as referencias a conflitos bélicos recentes no tempo (Serbia, Croacia...) ou na nosa memoria (Guerra Civil), onde as mulleres viviron a imposibilidade de protexerse baixo o seu dereito de liberdade de expresión. Tamén salienta que lingua e voz se erguen como protagonistas destas *Mudanzas* que reescriben os mitos do poder converténdoos na muda expresión dos desposuídos.

- Teresa Seara, “Escribindo sobre casca de ovo”, *Grial*, n.º 175, xullo-agosto-setembro 2007, pp. 121-122.

Advírtese que en *Mudanzas*, de Marilar Aleixandre, se intenta conxugar o mundo mitolóxico clásico coa temática máis actual e que se trata dunha recuperación dos mitos por parte da poeta para "imprimir ás súas historias actuais unha ollada contemporánea que facilite ao lector a súa identificación con eles". Tamén se sinala que o poemario presenta unha estruturación en tres partes enmarcadas por un "Envío" e un "Epílogo" e que a súa autora pretende pescudar elementos actuais que aproximen os personaxes mitolóxicos ao lector do século XX, polo que nos atopamos un Averno comparado con Abu Ghraib ou o desexo da Antártida por acción dun carro de lume (Faetón). A continuación, coméntase que a segunda sección do poemario, "A voz, o ollo" trata as historias daqueles que padeceron prohibición de falar ou ver: Sibila, Polifemo ou Orfeo. Xa para rematar sinñalase que o último apartado recompila historias amorosas de desgraciado final como a loucura de Medea, a historia imposíbel de Eco e Narciso ou a aventura de Ulises con Circe.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, "Xeración estío", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 219, " Club dandi", 14 xullo 2007, p. 10.

En primeiro lugar, critica o feito de que non costume recomendarse boa literatura como lectura de verán e, a continuación, pasa a aconsellar algúns libros: de poesía, todos os da colección "Arte de Trobar", entre os que destaca *Mudanzas*, de Marilar Aleixandre; de novela, sinala *Trinta e dous dentes*, de Xabier López e *L'affiche rouge*, de Mario Regueira.

- Ana Abelenda, "Para as mulleres ningún tempo pasado foi mellor", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 31 decembro 2007, p. 41.

Comenta que, aínda que neste libro o feminino ten un tratamento singular, a súa autora rexeita o clixé de literatura en feminino e asegúrase que Marilar Aleixandre escollería o do relato curto, de entre os xéneros literarios. Tamén recolle as palabras de Aleixandre sobre o panorama literario galego actual, do que indica que non é inferior ao do castelán.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Manuscritos do ar*, limiar do autor, Ribeira: Antonio Piñeiro Editor, col. Bourel, maio 2007, 40 pp. (ISBN: 978-84-934024-4-0).

Este poemario de Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) conta cunha tirada de cen exemplares seriados, numerados e asinados polo editor. Ábrese este poemario co limiar "O espello autógrafo", escrito en novembro de 2006, no cal se explica o proceso de creación de *Manuscritos do ar*, e a elaboración artesanal da colección. Recoñece que compuxo este poemario tendo en conta que "do ar veñen ás veces poemas inesperados", que o mesmo ar "escribe poemas efémeros, ingrávidos, silandeiros e orientais" e algúns "discursos do ar propoñen unha leitura épica e dramática". Explica que foi o propio ar quen escolleu vinte dos poemas breves, e que ningún deles chega ás medidas metricas dun soneto. Apunta que o título responde ao intento de imitar as figuras ingrávidas e etéreas da brisa, así como do frío sufrido nas súas estadías na praia da Foz de Coruxo,

nos agostos da súa infancia. Detállase que crea esta escolma, transformando poemas extraídos das súas obras *Arquitecturas de cinza*, *Os documentos da sombra*, *Cimo das idades tristes*, *Colección de espellos*, *A escrita das aves de marzo* e *Depósito natural*, que se achan unidos pola brevidade métrica e e por "varios fíos de conexión parental" aos que alude sen precisalos. Respecto ao formato dom libro, cómpre fixarse na mestura de poemas titulados con outros poemas sen título onde o primeiro verso aparece en maiúsculas. Ademais, palabras seleccionadas dalgúns versos, serven como adorno visual, en varios cores que van da unión do coral e o verde, pasando polo mocromo azul, o azul unido ao vermello, o fucsia e o berenxena até chegar ao negro. Entres poemas seleccionados aparecen alusións temporais ao meses do ano en "Dous rostros" (centrado no mes de agosto) ou o mes de marzo, no que achega a visión do outono da nosa vida do poema "A memoria". Así mesmo, destaca o xogo reiterativo do poema titulado "Corenta aniversario", cuxo título se repite no primeiro e no último verso, ou a composición poética "Nacre", cuxo título se repite nos versos finais. Xosé María Álvarez Cáccamo tamén inclúe nas súas composicións líricas unha homenaxe aos poetas Meedinho (citado no último verso do poema "Lúa") ou a César Vallejo e Uxío Novoneyra, que dan título aos seus respectivos poemas homónimos.

Recensións:

- Antonio Piñeiro, "Un redobre esteticista", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 219, "Letras en Galego", 14 xullo 2007, p. 10.

Comenta a publicación de *Manuscritos do ar*, de Xosé María Álvarez Cáccamo. Sinala que se trata de seiscentos exemplares manuscritos polo autor nos que reúne unha parte escollida da súa obra. Relaciona esta edición na colección Bourel cun proxecto anterior nesta mesma editorial no que tamén participara Álvarez Cáccamo, *37 poemas por man propia*, que reunía a obra de trinta e sete manuscritos orixinais de poetas galegas e galegos.

Referencias varias:

- Salvador García-Bodaño, "De libros e lembranzas", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 20 maio 2007, p. 3.

Co motivo de recibir dous volumes recentemente editados na artesanal colección "Bourel", *Manuscritos no ar*, de Xosé María Álvarez Cáccamo, e *A lúa nun ichó*, de Xavier López Marqués, reflexiona sobre o amor aos libros e as edicións especialmente coidadas, "nos finos lindeiros entre a arte e o artesanal". Lembra que coñeceu a Antonio Piñeiro, creador da editorial antes citada, porque este o convidara a participar na antoloxía colectiva *37 poemas por man propia*. Di festexar esa paixón de Piñeiro "por lograr libros fermosos".

- C. Rodríguez, "Álvarez Cáccamo na colección artesá Bourel", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 670, "Arquipélago", 19 agosto 2007, p. 6.

Despois dun enxalzamento do labor do selo Colección artesá Bourel, recomenda a obra de Xosé María Álvarez Cáccamo que vén de publicarse nesta colección, *Manuscritos do*

ar. Salienta o lado artesanal das obras publicadas en Bourel, o que supón que cada volume sexa unha xoia literaria única.

Angueira, Anxo, *Fóra do sagrado*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, xuño 2007, 64 pp. (ISBN: 978-84-9782-611-2).

Anxo Angueira (Manselle, Dodro, 1961) abre o seu poemario con citas de Martín Códax, Ramón Paseiro e Viqui Veiguela. *Fóra do sagrado* non é un libro de poemas senón que é un longo poema cunha figura central: Vigo, ou Vigo(s), en plural. Ao longo das corenta e cinco páxinas que abrangue o poema, atópanse referencias ferrinianas, do cancioneiro medieval e popular, históricas, íntimas. Hai numerosas alusións a personaxes da cultura e sociedade galega do pasado e actual: Martín Códax, Vesteiro Torres ou Rosalía de Castro. Ao mesmo tempo, o poemario é un retrato centrado na fisionomía e na deformidade da cidade, aínda que o autor reclama a capitalidade cultural, literaria e política de Vigo con respecto a Galicia.

Recensións:

- Román Raña, "A modo dun relato", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 216, "Libros", 13 setembro 2007, p. V.

Comézase recordando características dos anteriores poemarios de Anxo Angueira: o tratamento da paisaxe natal en *Val de Ramirás* (1989), o esforzo comunal de *O valo de Manselle* (1996) e o esconxuro da razón en *Libro da vertixe* (1997). Despois, céntrase na presenza real e simbólica da palabra "Vigo" ao longo de todo o poemario *Fóra do sagrado* e das súas tres grandes influenzas: Manuel Antonio, X.L. Méndez Ferrín e Uxío Novoneyra. Afirma que bebe de Manuel Antonio o mundo naval e o ton melancólico, que de X.L.Méndez Ferrín percibe un compromiso político concreto, e do Uxío Novoneyra de *Vietnam Canto*, recolle o ton salmódico e reivindicativo, así como o emprego de constantes dialectalismos e fórmulas repetitivas. Salienta que grazas a estas tres influenzas, o discurso poético de Anxo Angueira flúe "como un caudaloso monólogo interior" con recursos orais entre os que cómpre lembrar repeticións, anáforas e aliteracións. Remata recomendando este libro como "bálsamo para curar as feridas do mundo e das inxustizas históricas".

- Xosé M. Eyré, "O poema imposíbel de Vigo ou abismo resistente de Penélope", *A Nosa Terra*, n.º 1.282, "Cultura", 27 setembro-5 outubro 2007, p. 26.

Comeza coa reflexión de que "o poema é coma o bater das ondas na praia" e que no século XXI a sociedade amosa un xeito distinto de sentir, o que conleva unha maior dificultade para o poeta á hora de verbalizar os sentimentos. Presenta a Anxo Angueira aceptando o reto de escribir "o grande poema de Vigo", unha xeografía emocional e humana moi sentida polo poeta e as través da cal relembra aos represaliados polas inxustizas franquistas. Tamén salienta que se trata, así mesmo, dunha xeografía lingüística dun poema que pretende ser narrativo, pero non chega a conseguilo. No abano de autores presentes na cartografía e pousos da memoria acoden Otero Pedrayo, Rosalía de Castro, Méndez Ferrín, Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro ao carón de Viale Moutinho e Brecht, entre outros, nun mosaico musicado por Zeca Afonso, Os

Resentidos ou Os Chieftains. Apunta que o poeta emprega o nominalismo, o encabalgamento e un ritmo precipitado pola densidade e intensidade sonoras. Conclúe presentando o poemario como o confrontación permanente entre o efémero e local fronte ao extenso e o mar, que Anxo Angueira resolve nunha terapia de reafirmación e dor.

- Vicente Araguas, "Para Vigo me voy", *Diario de Ferrol,* "*Nordesía*", "Libros", 23 decembro 2007, p. 20.

Fóra do sagrado de Anxo Angueira é definido por un lapelista anónimo como unha "enxurrada onomástica que escolle a propia palabra Vigo como centro dun remuíño". Asegura que se trata dun voluntarioso e místico volume entendendo por este último adxectivo o fervor con que abalroa a cidade Olívica. Considera que, repleto de nomes propios, para o que propón facer un índice onomástico, feitos históricos e referencias literarias se converte nunha paixón intelectualizada. Tamén fai fincapé na influenza de Xosé Luís Méndez Ferrín neste autor no uso, por exemplo, do versículo circular e estima que estamos diante dunha mostra curiosa de vindicación dunha cidade, Vigo, inserida nun proceso nacional, á cal pertence o persoal desta obra.

- Ana Salgado, "Vigo non é o belén da Caixa", *Tempos Novos*, "*Protexta*", "proPostas", n.º 5, inverno 2007/2008, p. 12.

Salgado afirma que este é un libro trazado arredor da memoria, un poema longo que se constrúe sobre a forza de antropónimos e topónimos, creando unha rede de referencias textuais e históricas centradas no século XX.

- Xosé Ricardo Losada, "Anxo Angueira: *Fóra do sagrado*", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico,* n.º 72 (tomo IV), "Publicacións", outubro-novembro-decembro 2007, pp. 617-620.

Na presentación do libro *Fóra do sagrado* (2007) de Anxo Angueira di que el mesmo é a persoa máis capacitada para falar da poesía de Angueira debido a tres razóns: coñece as súas raíces xa que foi ao instituto con el, xogaron xuntos ao fútbol polo que tiveron un contacto directo onde incluso compartiron suor e coñeceu ao neno que escribiu *Fóra do sagrado*. Admite que entendía perfectamente o libro pero agora que ten que presentalo non o entende, polo que decide facer referencia ás notas que tomou durante a súa lectura do que lle suxería este extenso poema. Di que, xa nas primeiras páxinas, lle lembra ao pintor norteamericano Jackson Pollock e opina que a calidade deste poema reside nas súas contradicións, entre as que destacan o título do libro, xa que cre que non se pode vivir fóra do sagrado, e o feito de que Vigo aparece moitas veces pero sempre con significados distintos, incluso contraditorios. É un libro comprometido, cheo de humor, unha especie de colección de pequenos fotogramas ou de mantras (oracións curtas que se repiten moitas veces para relaxarse). Remata dicindo que Anxo Angueira é un mestre da oralidade.

Referencias varias:

- maré, "Anxo Angueira presenta mañá en Vigo 'Fóra do Sagrado'", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Poemas", 26 xuño 2007, p. 29.

Anúnciase a presentación do libro *Fóra do sagrado*, de Anxo Angueira, que se di que trata da particular fisionomía da cidade de Vigo. Anótase que na presentación estarán Xosé Luís Méndez Ferrín, Leo e os Arremecághona, Aser Álvarez e Xosé Luís e Xoán Carlos de Dios.

- Manuel Vidal Villaverde, "Para alá do sagrado en Vigo", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 357, "Musas", 24 xuño 2007, p. 52.

Coméntase o novo poemario de Anxo Angueira, *Fóra do sagrado*, no que se di que reflexiona sobre Vigo e a súa historia, e entrevístase ao autor. Recóllense palabras nas que Angueira afirma que se trata dun canto épico, que o seu maior compromiso é coa literatura e que a misión do poeta segue a ir hoxe no camiño da dignificación do país.

- Ana Abelenda, "Este país non ten futuro se o idioma desaparece", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 xullo 2007, p. 42.

Entrevista a Anxo Angueira co motivo da publicación do seu novo poemario, *Fóra do sagrado*. Comeza cunha breve presentación do escritor, na que se mencionan obras anteriores, premios e oficios. Explica que a presente obra ten a Vigo como centro. Angueira reclama a importancia da inmersión lingüística como garantía de futuro da nosa lingua e afirma que "somos un pobo colonizado que necesita ser dono de si". A respecto da diferenza entre ser novelista e poeta, sinala que el sempre é o mesmo, mais que as voces son distintas.

- Laura G.P., "A poesía non poderá desaparecer nunca, é unha forma literaria de fondo calado popular", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de culturas*", "Entrevista", 28 outubro 2007, p. 29.

Comeza referindo a presentación do poemario *Fóra do sagrado* o sábado 20 de outubro en Boiro, acompañado pola Asociación Cultural Barbantia, e que o autor compartiu un momento co músico "O Leo i Arremecághona" quen á guitarra interpretou varias estrofas do poemario. Despois, dá uns apuntamentos sobre os méritos curriculares de Anxo Angueira, para pasar a preguntarlle sobre a presentación da obra e o contido de *Fóra do sagrado*. Anxo Angueira salientou da presentación que el lera uns poemas, antes da interpretación musical de O Leo, e que o poemario posúe un ritmo moi variado, conseguido pola acumulación de versos, ritmo trepidante para reflectir o estrépito de Vigo e que, pese ao aparente caos compositivo, presenta estrutura interna. O poeta recoñece que tomou o título dun verso do vigués Martín Códax para amosar así que se trata dun poemario non canónico, sobre unha cidade moi simbólica literariamente, de versos libres e polimórficos, nun ritmo claro, lento e áxil. Finalmente, recóllese que pensa que a linguaxe poética está presente tamén nas súas novelas, que a poesía é un xénero minoritario pero cun poder simbólico superior a outros xéneros, o que lle confire que sexa moi valorada actualmente, e que a poesía galega actual sobresae pola súa diversidade e pluralidade temática e compositiva.

- Juan Floriani, "Angueira fai un canto de Vigo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 novembro 2007, p. 34.

Dá conta da publicación do novo poemario de Anxo Angueira, *Fóra do sagrado*. Comenta que neste libro o poeta realiza unha homenaxe á cidade de Vigo que aparece

como un lugar de extramuros, así como puntualiza que se mergulla na súa memoria e recordos para crear un canto de amor a partir das cores grises da cidade.

Arias Rego, Xiana, *Ortigas*, XIX Premio Nacional de Poesía Xosé María Pérez Parallé, prólogo de Leo F. Campos, A Coruña: Edicións Espiral Maior/Concello de Fene, col. Poesía, n.º 180, 2007, 70 pp. (ISBN: 84-96475-51-4). ■

Nesta obra, composta de breves poemas, Xiana Arias (A Fonsagrada, Lugo, 1983) agrupa as súas vivencias, "as súas ortigas", como ela mesma di, en sete apartados: "Poema das Ortigas", "A pel entre os dentes", "A raíña do underground", "Cullarapos na roupa", "(Nunca choveu que non escampase) Historias do arrabalde", "A rúa" e "Vostede non limpa nunca?". No prólogo, Leo F. Campos, comeza contando unha historia propia á idade de dez anos, cando se ortigou ao ir coller un balón; despois explica as diferenzas entre as silvas e as ortigas, para adentrarse finalmente no título do poemario de Xiana Arias Rego. Salienta que o termo "ortigas" só aparece como título da obra, pero que latexa subconscientemente como recordo da infancia da nena Xiana. O prologuista considera que, como as ortigas, ideas inconexas foron madurando no pensamento da poetisa, até o momento actual no que, sendo xa unha moza, plasma eses pensamentos ocultos do pasado en palabras poéticas, nun fluír da conciencia. A maioría dos grupos de poemas van acompañados, paratextualmente, dunha cita literaria e a obra da que se extrae. Os autores seleccionados foron Max Aub, Roque Dalton, Adrienne Rich, Bertolt Brech, María do Cebreiro, Nâzim Hikmet, Miguel Hernández, Sharon Olds e Antón Reixa. Ademais, tamén aparece unha dedicatoria ao final do libro, antes do índice. En conxunto, trátase de poemas ou composicións rimadas de breve extensión onde abundan os versos de arte maior con rima asonante ou rima conseguida pola repetición de verbas ou léxico do mesmo campo semántico. Os apartados "Poemas de ortigas", "A pel entre os dentes" e "A raíña do underground" están formados por poemas que non responden a unha estrutura métrica convencional. Por contraste, os catro apartados restantes conteñen breves impresións en prosa, a modo de escenas soltas sobre temas variados. Cómpre destacar que no apartado "A rúa" aparece como protagonista Laura (presente xa no primeiro poema do libro "Socorrismo laura" e repetida tamén no poema "As lauras retórcense cando as miras", último poema do apartado "A pel entre os dentes") e que alternan poemas de estrutura e rima libre con textos en prosa poética.

Recensións:

- Ana Abelenda, "Un poemario que non precisa abrelatas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 212, "Letras en galego", 26 maio 2007, p. 10.

Comenta o libro de poemas gañador do Premio Nacional de Poesía Xosé María Pérez Parallé en 2006, *Ortigas*, de Xiana Arias Rego. Comeza caracterizando a súa poesía como "minimal". Recomenda a lectura dalgúns poemas en concreto e salienta que nesta obra se manifesta a complexidade do eu dunha nena que "se fixo grande e marchou para a cidade". Menciona que o prólogo é de Leo F. Campos e remata cualificando este primeiro volume de Xiana Arias Rego de excepcional.

- Teresa Seara, “Bonecas de porcelana”, *Tempos Novos,* “*Protexta*”, n.º 3, “proPostas”, verán 2007, p. 19.

Conta que *Ortigas* é o primeiro poemario de Xiana Arias Rego e que nel se mesturan lembranzas agradábeis da infancia co medo aos “abridores de latas” escondidos na area. Sinala que nel destaca a presenza das “lauras”, personaxes que aparecen en calquera intre en forma de nena á que lle falta un ollo para recordarlle ao eu que é fráxil e que non pode ignorar a cruel realidade, que non hai futuro. Polo tanto, explica que o eu ponse furioso contra as “lauras” pero non consegue atrapalas e así rematan sendo as súas compañeiras.

- María Xesús Nogueira Pereira, “Parecido á liberdade”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 175, Tomo XLV, “O espello das letras”, xullo, agosto, setembro 2007, pp. 125-126.

Comeza cunha reflexión sobre a denominación de *poesía feminina galega* ou *poesía escrita por mulleres* e advirte que esta etiquetación xurdiu nos anos 90 para referirse ás novas escritoras de poesía en lingua galega. A seguir, afirma que o poemario *Ortigas* de Xiana Arias vai “contra esa tendencia”, tal e como a propia poeta advirte nun dos primeiros poemas do libro. Sinala que *Ortigas* se estrutura en sete seccións cunha temática moi heteroxénea, aínda que destaca dous elementos fortemente cohesionadores no poemario “como son as enigmáticas *lauras* e algún *topoi* vinculados ao universo feminino e á infancia”. Apunta que outro elemento que enlaza a obra son as continuas referencias da poeta á súa infancia, pero que non sempre son recordos pracenteiros senón que hai situacións problemáticas e en ocasións crúas. Remata destacando a orixinalidade do libro, aínda que advertindo que a súa poética é debedora das tendencias poéticas femininas dos anos 90.

- Vicente Araguas, “Para que non nos ortiguen”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 442, “Libros”, 19 agosto 2007, p. 20.

Reflexiona sobre a radicalidade que hoxe mostra a poesía feita por mulleres, en contraposición coa elaborada polo xénero masculino, que aposta “pola macieza, polo asunto mol e de paso culturalista”. Salienta a imaxinaría surrealista que domina a obra de Xiana Arias, *Ortigas*, e o carácter comprometido e belixerante desta. Recolle o nome de escritoras e escritores que cita X. Arias e, por último, asocia o espírito dos seus poemas con Cesare Pavese.

- Héitor Mera, “Con ortigas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 218, “Libros”, 27 setembro 2007, p. IV.

Encádrase a Xiana Arias como deseñadora do pensamento anacrónico, entendido como fuxida do superficial e manido. Respecto ao poemario *Ortigas*, comenta que a pranta é como os galegos: bravos cando toca selo, pero que despois do sufrimento, rematan coa sensación do deber cumprido. Defínese a este poemario como “mensaxe e diálogo” porque nel a autora reflexiona sobre os seus sentimentos e pensamentos felices e crús, da infancia relembrada. Remátase apuntando que ve a Xiana Arias como unha poeta que se vai forxando a súa personalidade, de xeito produtivo e con calidade, e que ten semellanzas con Olga Novo.

Referencias varias:

- Aurelio Castro, "Por outra arquitectura social", *Tempos Novos*, n.º 124, "Entreculturas", "Conversa", setembro 2007, pp. 84-88.

Recóllese unha entrevista dobre a Serxio Regos, alias García, de Dios Ke Te Crew (DKTC) e a Xiana Arias, na que eles van contestando a preguntas variadas sobre a súa obra creativa.
A poetisa recoñece que aproveita da súa orixe rirurbana na Fonsagrada o "estróbico" (áspero, en palabras da súa avoa), e que no rural o acceso á cultura é moi precario. Recoñece, así mesmo, que a linguaxe é o seu apeiro de traballo e que a raíz dun poema de Adriennne Rich cre que é responsábel das palabras que emprega, nun compromiso (non só coa literatura e coa música, senón ademais co galego). Por iso, apunta que ese compromiso levouna a un cansazo de certas palabras (patria ou nación, entre outras) e a coleccionar xuramentos da Fonsagrada, porque non quere que "nos digan como temos que falar". Coméntase que Xiana Arias quere que a obra literaria perda o pouso autobiográfico para alguén que se apropie dela, e que con *Ortigas* ceibouse de fonduras internas para facelas colectivas. Ao mesmo tempo, a poetisa recoñece que no "eu" do poemario mestura realidde e ficción, como fai Roberto Bolaño, que hai que reactivar o ser político e guiarse por un dedicatoria de Manuel Darriba "aos que non se venden" para desenmascarar as estratexias do poder. Seguindo con esta idea, coméntase que varios escritores (Ferrín, Anxo Angueira e María do Cebreiro, entre outros) e músicos galegos participarían nun espazo de oposición. E remátase recollendo que Xiana Arias tentou en *Ortigas* mostrar o malestar da cultura, definindo o ruído perpetuo que nos acompaña na rutina diaria.

Beiro, Pilar, *Bingo*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Poesía Edoy Leliadoura, n.º 6, 2007, 88 pp. (ISBN: 978-84-7824-532-1).

Novo poemario da escritora Pilar Beiro (Canedo, 1958) no que rompe os límites da poesía tradicional cun conxunto de textos nos que predomina a temática social e feminista construídos mediante a técnica do versolibrismo. A liberdade expresiva é evidente a través da mestura de versos curtos e longos, dos espazos baleiros, do emprego arbitrario de maiúsculas e minúsculas e de agrupamentos versais que achegan o lector case ao texto narrativo. A voz lírica predominante é a primeira persoa mediante a que a autora se converte no axente que denuncia e reflexiona sobre o mundo actual no que vive. Hai tamén continuas referencias culturalistas e literarias ("monótono fungar") mesturadas con fragmentos dialogados que recollen a linguaxe e a temática cotiá. Estrutúrase o libro en dúas partes e un epílogo final. A primeira parte non leva título pero si o teñen os vinte e tres poemas que a forman e que presentan unha menor extensión cós da segunda parte. Esta si leva o título de "A primeira vez (documental)", pero non os trece poemas que a compoñen e que aparecen con numeración romana. Nesta segunda parte os poemas presentan versos de maior extensión e unha temática marcadamente feminista. Por último péchase a obra cun "Epílogo" formado por un poema ao que segue unha dedicatoria final en forma de carta cunha posdata.

Bouza Suárez, Pablo, *In aeternum*, prólogo Xulio Valcárcel, ilus. Manuel Gandullo, A

Coruña: Deputación da Coruña, 2007, 77 pp. (ISBN: 84-9812-055-1). ◆

Poemario de temática fondamente intimista que xorde dos Encontros de Pintura e Poesía que dende hai dous anos celebra a Deputación da Coruña e no cal se mestura a pintura de Manuel Gandullo cos versos de Pablo Bouza Suárez (Fene, 1965). Trátase do primeiro poemario do autor que xa foi galardoado en varios certames poéticos e que se abre cun prólogo de Xulio Valcárcel, no que se destaca a intensidade con que se vive o amor e o desamor e a beleza lingüística. O poemario artéllase en catro partes: "A covardía que profeso" (vivencia apaixonada do amor), "Mar amante" (o sentimento amoroso fúndese coa natureza), "Paisaxes de desolación" (poemas de temática máis social) e "Testamento da derrota" (morte e paso do tempo como fío central), as cales teñen como fío común o amor e o desamor. Escrito nunha linguaxe clara e sinxela contén imaxes moi expresivas e evocadoras ("Verterse todo en ti / coma un xarope de delicias prohibidas / vagaroso beberte en doces grolos..."), que se mesturan coas acuarelas de Manuel Gandullo enchendo de cor as verbas do poeta. O trazo métrico característico é o versolibrismo e consegue a rima e o ritmo poético grazas ás coincidencias fónicas e á combinación versal que mestura versos máis longos e máis curtos, os espazos en branco e recorrentes anáforas. Por último, cómpre destacar a continua aparición de citas textuais de diferentes escritores e escritoras como Helena Villar Janeiro, Pilar Pallarés ou Lino Braxe, entre outros, que abren varios dos poemas.

Referencias varias:

- Xulio Valcárcel, "Lecturas de Mariñán", *El Ideal Gallego*, "*La Galería!*", "Páxina literaria", 29 abril 2007, p. 4.

Refírese ao terceiro Encontro de Pintura e Poesía en Mariñán, que cualifica de éxito. Celebra a publicación de *In aeternum*, primeira entrega poética de Pablo Bouza, con ilustracións de Manuel Gandullo e limiar de Xulio Valcárcel, que é quen asina este artigo. A continuación, pasa a comentar esta obra e céntrase, especialmente, no tema de represión política na contenda do trinta e seis.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "O amor na poesía: 'In aeternum", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 18 maio 2007, p. 3.

Fálase do primeiro poemario de Pablo Bouza *In aeternum*, como unha mostra de que o eros e a poesía van unidos, ademais de anotárense similitudes con Rilke ou Kavafis. Cítanse algúns versos e lóanse as acuarelas de Manuel Gandullo que ilustran o libro.

Campo, Marica, *Sextinario: trinta e seis + tres*, prólogo de Carlos Paulo Martínez Pereiro, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Edoy Leliadoura/Poesía, n.º 1, 2007, 110 pp. (ISBN: 978-84-7824-527-7).

Este poemario de Marica Campo (O Incio, 1948) conta cun prólogo de Carlos Paulo Martínez Pereiro no que define a sextina -composición de seis sextetos ou sextinas e un terceto final, de versos decasílabos ou heptasílabos e coa característica de que as palabras rimas que aparecen no primeiro sexteto coa secuencia 1, 2, 3, 4, 5 e 6 se repiten na seguinte estrofa coa secuencia 6, 5, 4, 3, 2 e 1 e nas seguintes sempre coa esta

secuencia con relación á estrofa anterior-, se fala de escritores que escribiron en sextina e onde se destaca a súa potencialidade expresiva desta composición. *Sextinario: trinta e seis + tres* está xebrado en catro partes: "Da Escrita" -con dez sextinas-, "De Nós e dos Outros" -tamén con dez-; "De Min" -con dezaseis- e mais "Máis tres" -con tres: "Pola liberdade", "Manual urxente para políticos homologados" e "Mulleres de Ciudad Juárez"-, e que en conxunto conforma un total de trinta e nove sextinas todas con título nos que denuncia as inxustizas da humanidade ou fala do acto de escribir. Este poemario inicia a colección de poesía de Sotelo Blanco "Edoy Leliadoura" que dirixe Xesús González Gómez.

Recensións:

- R. Loureiro, "Marica Campo, nos ronseis da Occitania", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 237, 17 novembro 2007, p. 12.

Comeza reproducindo uns versos do poemario *Sextinario: trinta e seis+tres*, de Marica Campo, para centrarse a continuación o contido dos poemas. Coméntaseque a forma estrófica é a sextina, como xa anticipa o título da obra, e que no limiar de Carlos Paulo Martínez Pereiro se salienta o longo proceso de escritura e rescritura que tivo a poetisa durante uns anos. Conclúe recoñecendo que sen lugar a dúbidas é "un extraordinario libro de poemas", que pertence xa á mellor tradición lírica e que, por iso, perdurará no tempo.

Carlos, Helena de, *Vigo*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, 2007, 63 pp. (ISBN: 978-84-9865-004-4).

Este poemario de Helena de Carlos (Barbantes, Cenlle, 1964) consta de vinte e sete poemas que teñen a cidade de Vigo como epicentro temático, aínda que existen outras temáticas secundarias que agroman ao longo do libro. Nos versos de Helena de Carlos medra unha cidade viva que nos leva á infancia e á mocidade da poeta. Vigo revive a través do seu mar, das súas praias, das gaivotas, da súa xente e, sobre todo, a partir das lembranzas da poeta. A cidade olívica, pois, dá paso tamén no poemario ás vivencias íntimas da poeta: os seus amores de xuventude, a súa concepción vital, os medos… e así entre os recordos e as rúas de Vigo avanza o discurso poético. A presenza do mundo clásico grecolatino tamén é patente ao longo do libro, así podemos destacar a presenza de personaxes e escritores clásicos (Ifixenia, Arión, Marte, Andrómana…). A propia poeta desdóbrase en "Héleno o triste", un personaxe moderno, actual, pero que sofre as mesmas desventuras e desgrazas que os heroes gregos.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Poesía en dúas versións", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 235, "Letras en galego", 3 novembro 2007, p. 11.

Recensiónanse dous poemarios de estilos distintos pero cunhas comúns orixinalidade e forza interior. En primeiro lugar, céntrase na primeira obra individual de Oriana Méndez, tras publicar poemas en volumes colectivos de "Redes Escarlata". Recoñece

que se trata dun poemario que sorprende pola madureza de pensamento e pola singular formulación estética. Ademais coméntase que o lector queda prendido dende o comezo polo universo referencial, cheo de narratividade. Saliéntase que dende a cidade de París procura as causas da rebelión europea. Remata a Oriana Méndez como "unha voz sorprendente, poderosa e distinta". En segundo lugar, reflexiona sobre o novo poemario da doutora e profesora da universidade compostelana Helena de Carlos quen, tras títulos como *1999*, *Alta casa* ou *Aracné 3*, presenta un camiño máis persoal e íntimo con *Vigo*. Coméntase que o motivo literario da cidade-símbolo relaciona este poemario con Martín Códax, cos libros *Contos de outono*, de Luz Pozo, *Cidades*, de Fran Alonso, *Fóra do sagrado*, de Anxo Angueira ou cos poemas soltos de Celso Emilio Ferreiro, Ramiro Fonte ou Xohana Torres. Recoñécese o protagonismo de Vigo como atmosfera para despregar evocacións de tempos mozos, nun *ubi sunt?* co que se salienta a presenza dos elementos perdidos, cargados de simboloxía clásica e tonalidades épicas. Conclúese o artigo definindo o poemario *Vigo* como un conxunto de baleiros evocados que testemuñan ausencias.

- Marga Romero, "Gozo para os sentidos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 226, "Libros", 22 novembro 2007, p. IV.

Comézase falando dos grupos poéticos xurdidos nos anos oitenta do século pasado ao redor das cidades de A Coruña e de Vigo, "Xeración Poética dos Oitenta" coa antoloxía *De amor de desamor*, e "Grupo Poético deVigo", respectivamente. Coméntase que a xeración de poetas unidos á cidade de Vigo comezou a súa andadura cos poetas Ramiro Fonte, Xosé María Álvarez Cáccamo, Manuel Forcadela e Román Raña, cos poemarios *A sombra dos pavillóns*, de Anxo Quintela ou *O tempo que fuxe Sebastián Bach*, de Paulino Vázquez, e *Denuncia do equilibrio*, de Xela Arias. Lémbrase que xa naquel tempo agromaban novos poetas: en Compostela, Ana Romaní; e en Vigo, Helena de Castro e Cristal Méndez Qiueizán, que publicaron os seus primeiros libros nos anos noventa do século XX. Reflexiónase sobre a sorpresa que causou Helena de Carlos, xa con *Alta casa*, e despois con *1999* e, máis tarde, con *Aracne 3*. Tras este breve apunte poético sobre á xeración a que pertence Helena de Carlos e sobre a súa anterior obra, remátase expondo dúas liñas constantes na súa poesía: a cultura clásica e a súa propia experiencia vital. Explícase que *Vigo* está presentada, non como cidade física, senón como memoria evocadora da infancia e a primeira mocidade. E conclúese salientando o ben que escribe a poeta, cuxo libro é como reza no título deste artigo "gozo para os sentidos".

- Isaac Lourido, "O mundo nacía na cidade", *Tempos Novos,* "*Protexta*", n.º 5, "proPostas", inverno 2007/2008, p. 12.

O autor do artigo realiza unha recensión a obra poética de Helena de Carlos, *Vigo*, publicada en Galaxia no 2007. Lourido afirma "… Vigo, que non é a penas un espacio, senon tamén un tempo, amósalle ao lector nunha natureza materializada que se apreixa polo contacto directo co experimentado".

Castaño, Yolanda, *Profundidade de campo*, XV Premio de Poesía Espiral Maior, A Coruña: Edicións Espiral Maior, 2007, 56 pp. (ISBN: 978-84-96475-59-5).

Este poemario de Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) consta de trinta e dous poemas, nos que reflexiona sobre a existencia e os seus significados. Os poemas aparecen estruturados en cinco seccións: "(Re)ser(vado)", "Highway to heaven", "Freak of nature (Besta)", "Núcleo central" e "Remorsos e outros matices". En moitos dos seus versos, aparece "outro eu", un desdobramento do suxeito lírico que esixe ao lector unha máxima atención para recoñecer os posíbeis significados dos versos. Os medos do suxeito lírico tamén se reflicten ao longo do poemario, así a segunda sección céntrase no terror da poeta a ter un accidente de tráfico que acabe coa súa beleza de xuventude. A reflexión sobre a beleza tamén aparece de maneira reiterada, pois é outro dos subtemas que vertebra o poemario, así define a poeta a beleza: "é un pechado círculo, un vicio escuro, un remorso". As referencias metapoéticas e o erotismo aparecen encubertamente tamén ao longo do libro.

Referencias varias:

- Xabier Cordal, "A voz das nosas letras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Entrevista", p. 29.

Entrevístase a Yolanda Castaño con motivo da concesión do premio Espiral Maior por este poemario. Explícase que o título procede dun termo do mundo da imaxe e que refire á "imaxe que os demais nos devolven de nós mesmos", á importancia das apariencias e do que estas "menten sobre nós". Dise que dende *O libro da egoísta* se atopa no "ciclo da identidade". E remátase considerando que a poesía ten "unha actitude cargada de política"e destácase que escribe en galego sen sentir que o fai nunha lingua minoritaria.

- G.M.O., "Yolanda Castaño asina exemplares do seu libro 'Profundidade de campo", *La Opinión*, "A Coruña", 23 novembro 2007, p. 13.

Informa da presentación do novo libro de Yolanda Castaño, *Profundidade de campo*, gañador do Premio de Poesía de Espiral Maior, e comenta que o libro foi presentado por Fernán Vello, entre outros.

- Albino Mallo, "O Premio Espiral Maior propón a Luz Pozo ó Nobel de Literatura", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 novembro 2007, p. 28./"A poeta Yolanda Castaño presentou en sociedade 'Profundidade de campo", *El Correo Gallego*, "Cultura", 25 novembro 2007, p. 76.

Faise eco da presentación do novo libro de Yolanda Castaño, *Profundidade de campo*, gañador do Premio de Poesía de Espiral Maior. Comenta que a presentación tivo lugar na sala de Ámbito Cultural de El Corte Inglés na Coruña, e que ao acto asistiron Ramón Pernas, Xosé María Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán Vello e a autora.

- Yolanda Castaño, "É un luxo", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 25 novembro 2007, p. 43.

Yolanda Castaño comenta a súa participación nun ciclo de recitais de poesía que se celebra en Granada e indica que o que máis lle chamou a atención é que estivese promovido por unha entidade hoteleira privada. Así mesmo, comenta que asistiu á representación na Coruña da obra de Áncora Produción*s Medidas preventivas* e dá

conta da presentación do libro de literatura infantil gañador do Premio Merlín deste ano, *Minimaladas* de Pinto e Chinto; explica que se trata de sesenta mini-historias protagonizadas por animais, escritas por Carlos López e ilustradas por David Pintor. Por último, comenta a presentación do seu último poemario *Profundidade de campo*, e destaca a satisfacción que isto lle produce.

- Carmen Alonso, "A imaxe ten partes de verdade e partes de mentira", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 496, "La entrevista", 9 decembro 2007, p. 9.

Recóllese neste periódico a entrevista realizada á poeta Yolanda Castaño co gallo da obtención do premio de poesía Espiral Maior pola súa obra *Profundidade de campo*, que tal e como di a propia autora, "non debe entenderse como un diario ou algo así. Hai unha elaboración do material que é a propia vida".

- Yolanda Castaño, "Nunca digas nunca", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Días (des)contados", 16 decembro 2007, contracuberta.

Anúnciase que, dende o venres 7 até o xoves 13, a poetisa Yolanda Castaño bosquexa, a modo de diario, diferentes episodios cotiás co obxecto de espertar algunha conciencia sobre o esquecemento do lecer como relaxación e sobre o texto como motor das novas expresións concibidas como hibridación. Tamén menciona que o día 13 de decembro presenta en Vigo a súa obra *Profundidade de campo*.

- Lupe Gómez, "A poesía é un desafío", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Días (des)contados", 17 decembro 2007, p. 32.

Nesta entrevista, dáse voz a Yolanda Castaño quen se descobre como amante das cores, do multicolor e asegura que a poesía é un compromiso, "un xeito de mirar, case un desafío". Preséntase tamén o seu último libro *Profundidade de campo* onde fala "da imaxe persoal, da imaxe que os demais nos devolven de nós mesmos/as, da imaxe que se vai creando de nós."

- Margarito Flowers, "Yolanda Castaño coge la autopista al cielo en su poemario 'Profundidade de campo", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 27 decembro 2007, contraportada.

Invítase á compra do último poemario de Yolanda Castaño, gañador do XV Premio de Poesía Espiral Maior asegurando que é "un buen regalo para hacer en Navidad". Apúntase que nel, a autora volve a explorar as neuras, soños e frustracións da sociedade moderna. Sitúase á poeta case nun pedestal e asegura quedarse co poema "Highway to heaven", "tanto por su contundencia como por el aroma que nos trae de dos de los mejorcitos temas de rock de todos los tiempos, 'Highway to hell' -ACDC- y 'Stairsway to heaven', de Led Zeppelin".

Cascudo, Xosé Antón, *Manual do misántropo*, I Premio GZCREA de Poesía 2006, A Coruña: Espiral Maior/Xunta de Galicia, col. Gzcrea Poesía, 2007, 64 pp. (ISBN: 84-96475-50-6). ■

Primeira obra individual publicada de Xosé Antonio Cascudo (Guitiriz, 1976), na que logo dos prólogos institucionais e da listaxe cos membros do xurado do I Premio Gzcrea de Poesía 2006, preséntanos ao longo das cinco partes nas que se divide a obra, composicións poéticas cargadas de bastante radicalidade vital e nas que se aprecia unha gran experiencia crítica do mundo. En "Neste Templo maldito, mentres amence" o "eu poético" manifesta os seus desexos por mudar de vida, mentres que na seguinte parte, "Quebranto (en neons)", reflexa o inevitábel e inexorábel paso do tempo e tamén o dura que é a vida e as consecuencias do mundo das drogas. Nos poemas que aparecen no apartado "Unha luz morada brotando do labio", manifesta a dor de vivir sen ninguén. "A Chaga" ábrese cunha carta de despedida e logo manifesta as súas ganas de liberdade e de fuxir. Finalmente en "Eu, eu" reflexiona sobre os seus problemas, "nada físicos" e sobre os seus posíbeis culpábeis. En conxunto, en *Manual do misántropo*, como xa se indica no propio título, pode apreciarse unha biografía ficticia, (ambientada na actualidade e moi crítica), dunha persoa atemorizada ante o perigo de que o seu mundo interior esmoreza.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "O tempo é un paxaro", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 664, "A bailarina", 8 xullo 2007, p.16.

A propósito da publicación do poemario *Manual do misántropo* de Xosé Antón Cascudo realiza un diario polos acontecementos da súa vida ente os que destaca unha entrevista con Pedro de Llano, autor de *Arquitectura popular en Galicia* ao que entrevista e agasalla co seu libro *Fisteus era un mundo*. Lembra que a crítica afirma que as poetas do noventa empregan repetidamente o *eu* nas súas composicións e fai notar que a última parte do poemario que está lendo, *Manual do misántropo*, titúlase "Eu, eu". Confesa que a vida é unha dúbida continua e que esa dúbida interior ten algo de misantropía.

- Ana Abelenda, "O botín dun naufraxio", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 228, "En Galego", 15 setembro 2007, p. 13.

Comézase reproducindo unhas palabras do autor, procedentes de *Manual do misántropo*. Coméntase o argumento, do que se salienta que se trata do "naufraxio moral dun home obrigado a habitar un mundo" dominado pola descrenza, a impostura e o horror. En canto ao estilo, califícase de tenue e intenso, e precísase que se asemella a Bukowski, por mesturar poesía da experiencia con experiencia da poesía.

Creus Andrade, Estevo e David **Creus Andrade**, *Facer Merzbau non ou posible?*, Galicia: Non ou edicións, 2007, 53 pp. +DVD+ 2 autocolantes. (DL: 2007) (ISBN: 978-84-96474-50-X).

Os irmáns Estevo e David Creus Andrade propoñen neste poemario unha creación experimental, en canto á estrutura da obra, a disposición dos poemas e ao formato textual. Dita estrutura aparece explicada na "Sinopse" inicial onde se preguntan sobre o proceso de creación e se é viábel presentar un texto inicial e despois facer variacións do mesmo: resumilo, consideralo unha *work in progress*, modificalo constantemente e

convertilo en imaxe. Partindo de que a un texto inicial poden facérselle cambios, plantexan o seu poemario como unha mostra deste feito. Así, articulan *Facer Merzbau non ou posible?* en cinco apartados, titulados "texto 1", que funciona como texto de partida; "texto 2", como síntese de texto inicial; "texto 3", como recorte do primeiro texto; "texto 4", como manipulación do primeiro texto, e "texto 5", como o resultado final, tras unha continuada modificación. Este poemario vai acompañado dun libro DVD e dous autocolantes.

Referencias varias:

- Marta García Márquez, "Cando a verba pode ser trampa", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", p. 12./*Diario de Ferrol*, "A Coruña Provincia", "A Coruña", p. 29, 16 xuño 2007.

Dá conta da posta en escena dun recital-performance da autoría de Estevo e David Creus co gallo de presentar a editorial Non ou en Sargadelos. Explica que o primeiro produto desta editorial é unha publicación, *Facer Merzbau non ou posible?*, que contén un libro, un DVD e autocolantes. Sinala que este proxecto dispón dun blog: nonoublogspot.com, no que se poden deixar propostas e facerse co material editado.

Dávila, Berta, *Corpo baleiro*, prólogo Miguel Anxo Fernán Vello, A Coruña: Editorial Espiral Maior, col. Poesía, n.º 186, 2007, 69 pp. (ISBN: 978-84-96475-65-6).

Primeiro poemario individual da poeta Berta Dávila (Santiago de Compostela, 1987), que se abre cun prólogo de Miguel Anxo Fernán Vello, que destaca a cultura literaria desta nova autora e á que louba recoñecendo que se trata "dunha poesía que vibra agora para nós, lectores da súa exhalación, intérpretes fascinados dun proceso existencial, dos ritmos dun ser que nos ilumina e nos perturba. Nace aquí unha poeta,". *Corpo baleiro* é unha amalgama de poemas íntimos, case todos precedidos dunha pequena cita que inspira ou se relaciona cos versos sucesivos. De amor, de soidade e da memoria feminina falan os tres actos nos que se divide a obra: "Vinte notas mínimas para unha poética (ou por que eu quería ser palabra)"; "Penso, logo escribo" e "Tres velas brancas". As citas literarias de Peirce, Lois Pereiro, Octavio Paz e Carlos Negro encabezan o primeiro acto, composto, segundo apunta o título, por vinte reflexións sobre a creación poética e sobre a súa necesidade vital de escribir poesía. Unha selección de palabras de Saint Exupéry, Alberti, José Luis Escudero e John Milton anteceden ao segundo acto, onde a maioría das súas composicións van ademais encabezadas de novo por citas literarias doutros autores. Este segundo acto contén máis da metade das composicións que conforman este poemario e nos seus poemas tenta "*traducilo todo ao verso libre*" e mestura poesías de diferente temática, estrutura e medida métrica, aínda que predominan os versos de arte maior e do tema recorrente do oficio de crear lírica. Para rematar, acolle un só poema cunha data concreta de 2006, que pecha un ciclo poético dun ano, comezado no primeiro poema, con data de 2005 e no que xa aparecía como último verso a expresión latina "Per secula seculorum...".

Dobao, X. Antón L., *Onde o ollar comeza a doer*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Poesía Edoy Leliadoura, n.º 5, 2007, 70 pp. (ISBN: 978-84-7824-531-4).

Este libro de poemas de X. Antón L. Dobao (Lugo, 1963) consta de vinte e sete composicións e iníciase cunha cita de Eugénio de Andrade, a cal dá título ao poemario. Os versos de Dobao reflexionan sobre o mundo e a existencia, centrándose en moitos momentos na dor e na soidade do ser que non comprende o mundo que o rodea: "Procurar un lugar para o descanso/sen a posibilidade do equilibrio". O tempo e a nada aparecen como eixos temáticos que van conformando o devir do poemario e, nalgunhas ocasións, aparecen referencias a un ti feminino que pon orde no medio dun universo caótico, case nihilista. Porén, ese "tu" acaba provocando a dor no eu lírico e cerra o poemario de maneira circular.

Enríquez Noya, Rosa, *Vestíbulo da devastación*, prólogo de Yolanda Castaño, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 184, 2007, 59 pp. (ISBN: 978-84-96475-61-8).

Primeiro poemario individual de Rosa Enríquez (A Rúa de Valdeorras, 1969) e que conta, a modo de prólogo, cun comentario da tamén poeta Yolanda Castaño. *Vestíbulo da devastación* presenta ao lector unha visión defraudada da vida, que non renuncia pese a elo á busqueda da liberdade. Un devezo que se observa no estilo, co uso do verso libre, a liberdade métrica, o xogo coa disposición dos versos e o emprego libre das maiúsculas e minúsculas. Pero tamén, e moi especialmente, nos temas tratados. Tocante á distribución dos poemas, a obra atópase divida en cinco partes: a primeira, que conta cunha serie de catro composicións a modo de presentación; unha segunda que leva por título "Fragmentos" e se atopa composta por quince composicións; séguelle "Interludio: Lucie no mosaico", formada por unha única peza; "Recintos da asfixia", con tres composicións; e finalmente "A sala música", tamén composta por unha única peza.

Referencias varias:

- José Cruz, "A poesía contribúe a alimentar o espírito", *La Región*, "*Valdeorras*", 28 decembro 2007, p. 21.

Nesta entrevista, dáse a coñecer como escritora Rosa Enríquez Noya co seu poemario *Vestíbulo da devastación*, un libro de carácter intimista co que pretende transmitir unha mensaxe de diferenza, "non permitir que o sistema nos esmague" e que vén representado pola figura do mosaico contra a que loita a bailarina (a liberación). Fálasenos dos seus autores de referencia, así como de que é o que realmente ofrece a poesía. Finalmente, Rosa Enríquez, quen tamén posúe unha columna no diario *La Región*, asegura que para ela a poesía é como un alimento para o espírito.

Fernán Vello, Miguel Anxo, *Dicionario do estremecemento*, A Coruña: Espiral Maior, col. Alba Longa, novembro 2007, 81 pp. (ISBN: 978-84-96475-60-1). ■

Novo poemario de Miguel Anxo Fernán Vello (Cospeito, Lugo, 1958) composto de trinta e cinco poemas escritos en lingua galega e todos eles precedidos por unha única palabra que, a modo de título, nos anuncia o tema, motivo do nacemento dos seus versos. Unha estrutura que, aínda que non segue unha orde alfabética, nos remite ao aspecto externo de todo dicionario ("Confesión", "Paciencia", "Hospitais", "Fillo"…).

Ao igual que o mesmo libro está dedicado a Xosé Manuel Beiras, nove dos poemas teñen a súa correspondente dedicación sendo este o caso de "Beleza" a Isabel Pintado ou "Futuro" onde Fernán Vello xoga con certo anonimato da persoa a quen van dirixidos os seus versos, L.P.P. Cómpre sinalar no caso do poema "Rosalía" unha citación de Antón Avilés de Taramancos que di "Un incendio de rosas que nos perturba". Unha obra dividida en dúas partes estando a última composta por un único poema, "Lingua". O peche corre á man do "Índice".

Recensións:

- Alfredo Ferreiro, "Blues do estremecemento", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 5, "proPostas", inverno 2007/2008, p. 13.

A obra presenta a apariencia externa dun dicionario, xa que os poemas son titulados con palabras illadas coma unha listaxe lexicográfica: "confusión", "nai", "río"…. Segundo Ferreiro, este poemario nace da tristeza, "aquela que produce a desharmonía que tinxe as nosas vidas de azul".

Fernán Vello, Miguel Anxo, *Astro interior. Escolma poética 1984-2007*, ed. e intr. Teresa Seara, Santiago de Compostela: PEN Clube de Galicia/Danú S.L., col.Arte de Trobar, n.º 11, novembro 2007, 486 pp. (ISBN: 978-84-936158-0-2). ◆

Escolma da obra poética de Miguel Anxo Fernán Vello (Cospeito, Lugo, 1958) realizada pola profesora e crítica literaria Teresa Seara xunto co poeta e autor. A selección abarca a súa produción dende o ano 1984 até o 2007, centrándose nas súas últimas obras, por consideralas máis lúcidas. Os poemas escollidos presentan algunhas variacións feitas polo autor con respecto á primeira edición dalgúns dos poemas, para adaptalos á nova normativa do galego, reforzando así a súa idea da obra como un *work in progress*. A introdución inclúe notas biográficas do autor que recollen os seus comezos como escritor e poeta e menciona os premios que lle foron outorgados. Seguidamente preséntase un estudo descritivo da poesía de Miguel Anxo, estruturado seguindo os diferentes temas tratados na súa obra dende os seus comezos como poeta, como son o tema erótico e dos sentidos corporais, o tránsito cara a unha dimensión telúrica e existencialista, a denuncia e o compromiso, etc., sempre dun xeito intimista. Este estudo fai unha análise do uso que o autor fixo destes temas exemplificándoa con títulos dos seus poemas ou das súas obras poéticas. O final da introdución presenta unha bibliografía da obra completa do autor e outra sobre a súa obra poética. A escolma de poemas está dividida en diferentes apartados cuxos títulos indican o tempo abarcado, referido á súa composición, e os temas tratados.

Fernández Naval, Francisco X., *Miño*, XXIII Premio de Poesía Cidade de Ourense, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 183, 2007, 100 pp. (DL: C. 4363-2007). (ISBN: 978-84-96475-62-5). ■

Sexta obra poética do autor que ten como inicio dúas citas, unha pertencente a Orosio e outra a Octavio Paz, en alusión ao Río Miño e a representación simbólica dos ríos. Tendo como protagonista do libro o pai Miño, a obra está dividida en catro partes: "O

carpazal azul", "Caderno azul", "Ríografía" e "Lugares da memoria". Na primeira parte o río está como testemuño do dinamismo e vitalidade dos seres humanos e naturais. Nesta sección a carón de poemas dedicados a diferentes persoas ("Inocencia", dedicado á avoa Aniceta; "Canción", dedicado a Manuel Curros Enríquez, e "Ponte Castrelo", dedicado a Ramón Fernández Goberna) obsérvanse composicións en prosa de temática varia, como "Lázaro", dedicada a José Angel Valente; "Oira" e "Alzheimer". Na segunda parte a concepción da mutabilidade como única verdade asolag os poemas, manifestando desacougo e resignación ante o devir do tempo. Na terceira parte realiza unha excursión ao mundo dos ríos, describindo as sensacións e a fortaleza do río e, máis en concreto, do río Miño. Na derradeira parte o escritor fai un recorrido na compaña do elemento fluvial a través do tempo e do espazo, sendo o exilio en Bos Aires ou a volta á nenez o medio para camiñar polos vieiros da memoria. En cada unha das partes o escritor realiza unha análise sobre as constantes literarias referentes aos cursos fluviais. Proba desta observación cara os ríos foron, entre outros tópicos, o dualismo permanencia-cambio, a saudade e a recordanza da infancia e da mocidade. A escrita usada por Francisco Fernández Naval ten como recursos expresivos o lirismo, a sensualidade e a forza expresiva.

Fernández, Ferran, *Xeografía nocturna*, trad. M. Cartea, Ribeira: Antonio Piñeiro Editor, col. Bourel, agosto 2007, 29 pp. (ISBN: 978-84-934024-8-8).

Poemario de Ferran Fernández (Barcelona, 1956), publicado nuha edición limitada e única, de elaboración artesanal, cunha tirada de só cen exemplares numerados e asinados polo autor correspondente, como ocorre con todos os libros editados por Antonio Piñeiro na colección Bourel. Neste caso, trátase do exemplar 51 que vai acompañado dun debuxo a tinta china dun corpo feminino espido e de espaldas, creado polo editor. Este volume está composto por pezas poéticas de diversa procedencia: o poema "Xeografía nocturna", que dá título ao poemario e remata o mesmo, extráese e tradúcese de *Lógica sentimental* (1997); "Seis haikus galegos"son composicións inéditas, creadas directamente por Ferran Fernández nesta lingua, mentres o resto de pezas inéditas aparecerán nos poemarios *Guía del odio* e *Manual del taxidermista*, aínda en proceso de preparación. *Xeografía nocturna* ábrese cun conxunto de poemas breves e titulados algúns deles, que reflicten o contorno vital do poeta e os seus medos ("combate/contra a memoria", "só alumamos/un novo mundo de sombras", "cando falo co corazón/sangro pola boca" ou a TEORÍA DA PUBLICIDADE). Pola contra, os "Seis haikus galegos" céntranse no silencio e as consecuencias que provoca no poeta. E no último poema, "Xeog rafía nocturna", interrógase sobre onde estarán as mulleres que agardan por unha mirada ou palabra súas.

Fraga, Modesto, *Derrotas con raíces*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Poesía Edoy Leliadoura, n.º 4, 2007, 109 pp. (ISBN: 978-84-7824-530-7).

Modesto Fraga Moure (Fisterra, 1974) abre o poemario co poema pórtico titulado "Habitando na memoria", dedicado a Luísa Villalta, que vai seguido de dúas citas de Manuel Álvarez Torneiro e Xavier Seoane. A continuación veñen as seis partes nas que se divide a obra, que se fundamenta basicamente en dous eixos: a poesía intimista e a combativa. Nos dous primeiros apartados, "(Derrotas)" e "De babor a estribor (poema en tres lances)", trata temas amorosos, intimistas e existenciais, mentres que nos

seguintes, que comezan co epígrafe "Raíces" e conclúen con "Ollos de boi asexan a memoria (de nós para vós), emprega maioritariamente unha temática combativa. Neste bloque, no que aparecen citas de Miguel Hernández, Francisco Brines e X. L. Méndez Ferrín entre outros, reivindícase a cultura e a historia de Galicia tratando temas como a Guerra Civil, "Agosto do 36. Consello sumarísimo", ou o gran traballo realizado por intelectuais como Alexandre Bóveda, Federico García Lorca, Carlos Casares, Pablo Neruda ou Castelao. Ademais dedica algunhas composicións a homenaxear aos mariñeiros e outras a falar da "metaliteratura" en composicións como "Cando berran as palabras" ou "Antecedentes de feito".

Recensións:

- Xosé María Costa, "Derrotas e mareas de Modesto Fraga", *A Nosa Terra*, n.º 1.288, "Cultura", "Poesía", 4-13 decembro 2007, p. 30.

Explícase como en *Derrotas con raíces*, Modesto Fraga nos perfila singulares e escasos poemas de aire mariño, a imaxe íntima, o ritmo e o son, sendo quen de atopar no mar e no seu contorno a secreta intuición e a distancia, a ausencia e a ferida. Taménse sinala a redundancia formal, ritmo, resignación e soidade, palabras correctas, modernas e rigorosas son características propias deste poemario. Por último, coméntase que Fraga a miúdo mergulla a palabra no enfeite e na énfase, nun ton airado que alonxa a sensación e a memoria.

García, Xosé Lois, *No imo do tempo*, prólogo de X. L. Axeitos, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, col. Letra Inversa, 2007, 200 pp. (ISBN: 978-84-96673-24-3).

Conxunto de poemas de Xosé Lois García (Lugo, 1945), clasificados, segundo a temática, nas partes "Tráxicas rosas", "Abrilsonetos" e "No imo do tempo". X. L. Axeitos, no prólogo, salienta o "sentimento exílico" como eixo central da poética de Xosé Lois García; exilio interior que impide a relación entre o escritor e o seu público. Recoñece que o tema social latexa ao longo de todo o poemario, pero que se explica pola "confrontación palabra poética versus realidade" que derivará cara un afán construtivo, nos poemarios posteriores.
Lembra que os poemarios *Do Faro ó Miño* (1978) e *Círculo de luz e xisto* (1994), semellan,
Nunha primeira lectura, esgotados na literatura xeográfica, pero realmente revelan a anguria existencial da ausencia. Explica que a primeira parte, "Aquela rosa e outras" constitúe un pórtico feminino con Rosalía de Castro no centro como autora capaz de crear un fogar poético que acobille a todo o país. *No imo do tempo* ábrese, alén dun conxunto de poemas introdutorios, cun poema dedicado a Rosalía de Castro, que parte da recreación dun poema medieval. Tamén aparece unha predilección por incluír nomes e datos pertencentes á cultura clásica grecolatina, como Medea ou Xasón. Na segunda parte da obra , "Abrilsonetos", o poeta opta por esta métrica clásica para expór a ambientación do mes de abril cando chega da primavera e nacen as flores, ademais da exposición de recordos da infancia e da aldea onde vive o eu poético Podente. Cómpre salientar os poemas dedicados a escritores galegos como Ánxel Fole, Luis Pimentel, Avilés de Taramancos ou Uxío Novoneyra, ou personalidades lusófonas como Agostinho Neto ou Manuel Bandeira, entre outros. En menor medida, ao longo, do

poemario, tamén dedica poemas aos escritores españois Antonio Machado e Federico García Lorca. Xosé Lois García tamén dedica louvanzas á cidade de Santiago de Compostela, por ser centro mítico e señorial da cultura galega e meta de peregrinación. Alén de poemas dedicados, encóntranse así mesmo poemas de carácter social, como naquel no que nomea aos galegos patriotas e antifascistas. Por outra banda, outros poemas sociais manteñen un ton de denuncia contra os masacres sufridas por algúns pobos no século XX, como son os que reproducen a situación de Palestina ou a resistencia do pobo Moubere de Timor. E tamén son poemas sociais aqueles nos que se produce unha defensa de Galicia de forma explícita (por exemplo, o compromiso do eu cos males da terra, ou a exaltación de Ramón María del Valle-Inclán por ser un escritor galego), froito dunha visión elexíaca e paradisíaca da casa natal, protexida polo castiñeiro e a figueira. A cultura galega está presente naqueles poemas nos cales se recrea o noso pasado histórico medieval, como no titulado "Meu señor Xohan de Requeixo". Outra temática presente no poemario é o ton filosófico dun poema no que se pregunta pola creación de Deus e dá posíbeis respostas. Por último, destacan os poemas relacionados coa música, exemplificados no que expón a vida e obra de Mozart, ou nos poemas dedicados a Joham Strauss, Brahms, Schubert e Beethoven.

Recensións:

- Xosé María Costa, "O aire borroso de Xosé Lois García", *A Nosa Terra*, n.º 1.272, "Cultura", 14-20 xuño 2007, p. 27.

Critícase negativamente a produción literaria de Xosé Lois García, explicando que *No imo do tempo*, se presenta unha "voz descolorida e distante", que o ritmo e o son aparecen borrosos e qiu eo ton amosa confusión, énfase, imprecisión e rutina. Recoñécese que só aparece un verso fresco e espido en contadas ocasións, pero que queda oculto polas formas rebuscadas, o ton desaliñado e os frondosos galimatías, entre outor rasgos despectivos. Para rematar, saliéntase que non consegue amosar unha voz distante na memoria, senón todo o contrario: "un rumor asolagado e sen brillo", debido á ausencia de ritmo e intuición.

- Ana Abelenda, "A matria do exiliado", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 214, "Letras en galego", 9 xuño 2007, p. 13.

Fálase de *No imo do tempo*, de Xosé Lois García, como un poemario que dá voz ao sentimento do exiliado, a unhas vivencias sociais, a un achegamento a diversos espazos da memoria. Sublíñase a variedade formal, en contraste coa unidade de contido, e enuméranse tamén personaxes que entran nalgún momento nos poemas: Minerva, Sócrates, Mozart, Rosalía, Frida Khalo ou Manuel María.

- Marga Romero, "Xeografías selectivas. Poesía de homenaxe e de experiencia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 219, "Libros", 4 outubro 2007, p. IV.

Apunta que este poemario enraíza ao poeta coa patria que é o exilio e que conta cun prólogo de X. L. Axeitos. Tamén se indica que nel están presentes os temas da poesía universal reelaborados dende a memoria máis próxima e que conta con 92 poemas de diversa procedencia, incluíndo 30 sonetos.

- Vicente Araguas, “Escribir en fervenza”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 451, “Libros”, 21 outubro 2007, p. 20.

Comézase explicando que Xosé Lois García exerce como arquiveiro e dinamizador cultural en Cataluña, ademais do seu percorrido literario en lingua galega e ser especialista na lingua lusa. Saliéntase que *No imo do tempo* constitúe un poemario “de circunstancias”, aínda que contén libros autónomos como “Abrilsonetos”. Defínese ao autor como un “poeta-fervenza” que demostra que se pode poetizar sobre case todos os temas. E remátase louvando o labor de maquetación da editorial Toxosoutos.

García Teijeiro, Antonio, *Arredor do teu corpo*, I Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas 2006, ilus. Paco Souto, prólogo de Mª Asunción Mateo, Malpica: Asociación Caldeirón/Concello de Malpica de Bergantiños, xuño 2007, 56 pp. (DL: C-2434-2007).
◆

Poemario carnal de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), formado por trinta e oito composicións líricas sen titular, agás o poemas DÍA e NOITE, ilustrado polas pinceladas grises e negras de Paco Souto. A meirande parte dos poemas ábrense con citas literarias, ben de escritores galegos como Estevo Creus, Luisa Villalta, María do Cebreiro, Eva Veiga ou Emma Pedreira, algúns versos de A. Rosetti, Rafael Alberti ou Pablo Neruda, ou ben fragmentos textuais extraídos das letras do cantautor Luis Eduardo Aute. O poemario tamén comeza cunhas citas literarias de Estevo Creus, Luis Eduardo Aute e Emma Pedreira, tras o “Prólogo” de María Asunción Mateo, no que louva o labor do poeta vigués ao adentrarse na poesía erótica “con tenrura e oficio”. A seguir, nomea o seu labor profesional e define *Arredor do teu corpo* como “apaixoado canto de amor á muller” coa que comparte a “paixón amorosa”, adornado polo eco de Rosalía de Castro, Bécquer, Rafael Alberti ou Pablo Neruda, entre outros. Apúntase que toda a vida do poeta e todo o poemario xira arredor da presenza dese corpo, sempre desexado, porén que ese corpo rebasa as lindes do corpóreo para se converter no repouso do poeta, e na súa protección balsámica fronte á rutina cotiá. E conclúese condensando a figura feminina presente neste poemario nun símbolo que sintetiza os elementos evocados por Antonio García Teijeiro na súa obra lírica: “onda, terra, raíz, auga, loita, verso, lume... Eternidade”.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Erótica dos fluidos”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 450, “Libros”, 14 outubro 2007, p. 23.

Comézase dividindo aos autores en dous grupos: os que escriben sempre no xénero no que están afeitos e polo que son aplaudidos polo lector, e os que non poden resistirse a experimentar, abrir novos horizontes ou a transgredir o canon. A seguir, sitúa a Antonio García Teijeiro no segundo grupo, xa que considera que “a literatura ten moitos ríos navegables e ninguén coñece o país se non o cruza todo ben cruzado”; de aí que cultivara narrativa infantil e xuvenil, poesía para adultos, ensaio, álbum ilustrado, tradución e prosa poética, entre outros. Salienta o agradecemento do poeta aos autores que nomea nas citas literarias, que acompañan a estes versos “musicais e harmónicos”. E preséntase o sexo como fusión e recoñecemento do outro como un complemento.

Conclúe apelando ao lectorado que queiran descubrir a este autor como poeta "amatorio e festivo, do desexo comunicativo, celebrativo e sensual".

García Teijeiro, Antonio, *Presenzas Marcadas*, prólogo de Armando Requeixo, Santiago de Compostela: Follas Novas edicións, col. Libros da Frouma, novembro 2007, 83 pp. (ISBN: 978-84-85385-39-3). ■

Poemario de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) que consta de 55 poemas curtos sen numerar e sen título. A intertextualidade é constante xa que o poemario vén introducido por, ademais dunha dedicatoria, un poema de Louise Glück; hai sete poemas introducidos por citas doutros poetas; outro está dedicado a Benito Pérez Fernández; e, finalmente, o libro remata cunha nota que nos di que hai cinco poemas dedicados a José Manuel Caballero Bonald. No prólogo Armando Requeixo fálanos da temática dos libros de García Teijeiro, particularmente deste poemario onde trata temas coma a loita pola vida, moitas veces representada polos soños, fronte ao paso do tempo, a memoria que recupera o auténtico do ser humano, a palabra como arma para vencer á morte xa que nós morremos pero o que deixamos escrito permanece, e o amor como instrumento para poñer fin á escuridade que nos invade.

Gómez Alfaro, Xosé Carlos, *Mar aberto*, XXII Premio de Poesía Cidade de Ourense, prólogo de Luís González Tosar, A Coruña: Edición Espiral Mayor, col. Poesía, n.º 179, febreiro 2007, 60 pp. (ISBN: 84-96475-48-4).

Obra poética de Xosé Carlos Gómez Alfaro (As Chavolas, Ribadavia, 1949) composta por corenta e tres poemas de temática centrada no mar, cunha perspectiva intimista e elexíaca. Os poemas van adicados "aos mariñeiros de todos os mares" e están introducidos por un verso do poemario *De catro a catro*, de Manuel Antonio, "Roubáronnos o sol". No prólogo, "Palabras no solpor", Luís González Tosar explica que coñecía a obra deste poeta, a través de Xesús Alonso Montero, e antes de coñecelo persoalmente. A seguir, apunta datos do premio literario que conseguiu con esta obra e louva as características da Limia ourensá. Respecto ao potea, precisa que xa dende a sú primeira obra, *As labaradas da lembranza*, empregou a lírica para darlle voz e memoria ás pequenas cousas e que neste *Mar aberto* presenta un mar "onde poder achar a liberdade que nos veñen negando os nosos amos" e así mesmo presente, ao longo de todo o poemario, como mar tráxico, o fatum do destino, chegando a confesar "Xuro non ter a culpa/desta amargura mesta que me estrulla/e me arrastra de aquí pra alá testuda/ cal delicada pluma diminuta". E remata definindo a este poemario como "Libro intenso e pletórico de autenticidade" dun mar arborado e cheo de espantos. Cómpre salientar os poemas "Agora", "Mar aberto", e "Por qué me arrastras, mar, a mar aberto?", "Esta furia", "Gaivotas" ou "Caras".

Recensións:

- Armando Requeixo, "Mar místico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 211, "Libros", 14 xuño 2007, p. IV.

Dá conta da publicación do libro de poemas *Mar aberto*, da autoría de Xosé Carlos Gómez Alfaro, que conseguiu o premio Cidade de Ourense 2006. Salienta que os seus poemas están compostos con metros clásicos, cunha imaxinaría da tradición grecolatina e unha simboloxía mariña. Sinala tamén a pegada de Pondal, Rosalía de Castro e Cunqueiro nesta obra.

Referencias varias:

- Vicente Araguas, "Do mar monográfico", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 435, "Libros", 1 xullo 2007, p. 20.

Fálase de *Mar aberto*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro, poemario galardoado co XXII Premio de Poesía Cidade de Ourense. Destácase a capacidade do poeta para sentir o verso clásico e o seu amplo abano temático, dende o relixioso ao erótico pasando polo "neoenxebrismo". Saliéntase tamén a calidade da lingua que emprega e que está prologado por González Tosar.

Iglesias Míguez, Moncho, *Oda ás nais perennes con fillos caducos entre os brazos,* Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, 2007, 47 pp. (ISBN: 978-84-87783-91-3).

Poemario de Moncho Iglesias Míguez (Vigo, 1974) formado por trinta e sete composicións sen título, nas que se remarca o primeiro verso en negriña, acompañadas de fotografías que ilustran e condensan as ideas dos poemas. Algúns son unha sinxela frase que recolle un pensamento ou idea: "As bágoas contémplavos"; outros son poemas máis extensos, até trinta versos o máis longo, pero todos fan reflexión poética da vida cotiá do pobo palestino coa omnipresencia da ocupación militar xudía e do muro de Israel. Falan das carencias que sofren os palestinos, da soidade, do paso do tempo, da rabia muda… Malia ser poesía de ton social, transpira doses de humor, optimismo e afecto.

Laxe Martiñán, Xosé Antón, *Quen beillaría iso?*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Branca, n.º 12, setembro 2007, 70 pp. (ISBN: 978-84-96893-19-1).

Xosé Antón Laxe Martiñán (Ourense, 1976) extrae o título deste poemario de *Un home que se parecía a Orestes*, de Álvaro Cunqueiro; cita literaria que aparece como limiar da obra, antes dunha dedicatoria paratextual á súa xente. O poemario ábrese cunha "Autopoética e tránsito polo paraíso", escrita en Mariñamansa, na primavera de 2005, coa que presenta "este fato de versos simples, nacidos, como todo, do amor e a furia e deitados no papel coa urxencia que a todo lle outorga a paixón". Estes poemas estrutúranse en varias series. A primeira delas, "I", serve como presentación do poemario. A segunda serie, "II", componse de sonetos, sen título, algúns deles dedicados, ben a autores galegos comoManuel Antonio, Rosalía de Castro e Celso Emilio, ben a persoas e animais do seu contorno persoal. Así mesmo, dous poemas rematan cunha cita literaria de autores non galegos: Jorge Guillén e Pablo Neruda. As seguintes series aparecen tituladas. Trátase, por unha banda, de "Pranto por un crepúsculo de ortigas", que vai dedicada á guerrilleira antifranquista Antonia Díaz Pérez

e que conta con citas literarias do *S Field Work*, de Seamus Heaney e con outra de Basilio Álvarez. Esta serie componse de doce poemas, con numeración romana e sen título. A derradeira serie de *Quen beillaría iso?*, titulada "Hei ser pedra", vai dedicada a María, reproduce unha cita de *Quadern de vacances*, de Miquel Martí i Pol, e componse únicamente de dous sonetos, sen título e con numeración romana, coma na serie anterior.

Leo, O [**Fernández Campos**, Leonardo], *Hai cu: pintadas no báter*, ilus. Mou, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 15, 2007, 165 pp. (ISBN: 978-84-9782-670-9).

O Leo (Vigo, 1974) é o pseudónimo literario de Leo Fernández Campos, artista multidisciplinar que conta dende finais de 2005 co blog haicu.blogspot.com, ademais de asinar como O Leo i Arremecághona as coleccións de mp3 *Suspiros de Kaña* (2006) e *Aghomita, campión!* (2007), e a colección de vídeos en directo *Sigho (Vivo)!* (2007). Tamén compuxo música teatral e actuou coas compañías teatrais Matarile, A Factoría e Berrobambán. Á parte do seu traballo como lingüista, é colaborador das publicacións periódicas *Sonotone*, *Tempos Novos* e *ProTexta*. O título deste poemario extráese dunha cita de Manuel Outeiriño que aparece como limiar, xunto cunha nota do autor sobre o xeito de pronunciar os seus versos. A obra comeza co "Monólogo interior do váte(r)", onde se produce un xogo co lector, por medio dunha dobre redacción do texto: unha escolma de palabras a negriña, que ao unilas forman unha frase, e o resto do texto escrito cunha fonte sen marca de formato. O poemario componse de dez apartados con título, que contan con subtítulo e ilustracións de Mou, que reproducen o título e subtítulo de cada serie de poemas. Cómpre salientar a brevidade dos poemas, escritos en verso libre, con rima asonante, e que algún deles van dedicados. A serie "cu-chino" consta de reflexións de temática variada sobre o campo semántico do "cu". En "obrar unha vez ao día", pola súa banda, xira ao redor de cousas da rutina diaria. "Naquela" presenta asociacións de ideas dende a perspectiva dun neno. "Es ti" son pensamentos sobre elementos e situacións do amor dunha parella. "palabros" componse de xogos lingüísticos, cheos de retranca. En "filolog@s, saiamos do armario" emprega a linguaxe para facer denuncia social, como en "Fracaso normalizador": Antes xogabamos en galego/Agora en galego podemos/opositar á Xunta". En "Galiza c&b" tamén amosa o seu compromiso social, a raíz de palabras, expresións ou situacións coñecidas, como "Prestige", "Conciencia de clase" ou "In-de-pen-den-cia!". En "power pop" asocia a Kafka, Robert de Niro e Tarantino como "fillos da emigración", fala de fútbol, de música e artistas como Iggy Pop e David Bowie. En "Hai+cus" tamén xoga xoa linguaxe, por medio de equívocos e dobres sentidos. E remata o poemario con "Enquisas", que consisten en preguntas retóricas sobre temas tratados nas anteriores series de poemas.

Referencias varias:

- Xabier Cordal, "A vida antes a morte", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 decembro 2007, p. 30.

Nesta entrevista, preséntase o libro de O Leo, *Hai cu* nado da súa experiencia blogueira e onde o haiku xaponés volve ás orixes. O autor asegura que lle gusta moito a poesía

galega actual pero manifféstase en contra do abuso da norma que rexeita o *ghallegho*. Ademais, fánselle unha serie de preguntas seriadas onde o xornalista intenta buscar semellanzas entre O Leo e persoas como Marcel Duchamp ou Edilberto Alonso.

Matalobos Cerceda, Manuel Celso, *Elementos de Arquitectura senti-MENTAL-ista*, introdución de Xesús Manuel Valcárcel: Santiago de Compostela: Bubela Editorial, col. de Poesía, outubro 2007, 130 pp. (ISBN: 978-84-934933-5-6).

Manuel Celso Matalobos (Lugo, 1959), como explica Xesús Manuel Valcárcel no estudo introdutorio, realiza unha poesía experimental, vangardista, tanto nos conceptos e contido tratado, como na presentación do formato textual. Este poemario está dividdidido en catro seccións de distinta temática, pero como a mesma perspectiva de renovación e relativismo, mantendo só un compromiso consigo mesmo e coa súa produción literaria. O autor avanza o contido do seu poemario en "Arquitectura senti-MENTAL-ista" que funciona como propósito de intencións. Da primeira sección, "Andamiaxes e estruturas", cómpre salientar os poemas "Aprendiz senti-MENTAL-ista", dedicado ao prologuista deste poemario; "Tensión", por tomar prestado o título da obra do prologuista *Tensión nuclear* (2007); "Autorretrato"; "María Monotonía", pola imaxe visual dunha pendente, palabra escrita nesta imaxe; "Obras de arte", que se abre cunha cita de Gianni Rodari; e "Animais con capacidades", no que estabelece un diálogo co lector, nos versos finais, procurándolle información complementaria sobre un poema da seguinte serie (recollido en dúas versións: a bis continúa a anterior, segundo a aclaración inicial para o lector, que aparece entre parénteses). Da segunda serie, "Cuartos para o lecer e o pracer", destaca "Amor universal" porque nomea unha obra do prologuista e pola distribución do poema; ""Luz", por comezar cunha cita de Lin Yutang e presentar unha invocación do poeta á luz e "Segredo", pola disposición do poema, xogando coas palabras "vertical" e "horizontal". Da serie "Salón con vistas (ao campo_santo)", cómpre salientar a revisión do cancioneiro medieval en "La Chanson de Roldán"; "Eta", que se abre cuns versos de Celso Emilio Ferreiro e no que critica a esta organización terrorista vasca, a través da repetición desas siglas en maiúsculas, ao longo do poema; a revisión e conversión en pregunta retórica increpando ao lector de "Queixumes dos pinos", e o poema final desta serie, "Respostas", traducción dun fragmento dunha letra musical de Bob Dylan. Para rematar este poemario presenta a serie "Retratos literarios", que se compón de poemas, cuxo título xa adianta ao protagonista: "Xeración Nós", "Pessoa", "Pimentel", "Fole", "Cunqueiro" e "Manuel María".

Martínez-Conde, Ricardo, *Occitania*, limiar do autor, ed. Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez, ilust. Ángel Sanmartín Pérez, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, n.º 41, 2007, 73 pp. (ISBN: 978-85385-50-8).

Poemario no que as composicións son *haikus*, que é unha composición xaponesa, creada no século XVI e que o seu máximo representante é Matsuo Basho. Nestes poemas de Ricardo Martínez-Conde (Sanxenxo, 1949) tómanse elementos da natureza para expresar os seus sentimentos do autor e outros valores como a fugacidade do tempo, a memoria, os recordos… Segundo o propio Martíez-Conde, "o haiko posúe contención e dinamismo á vez: contención expositiva e dinamismo significativo".

Recensións:

- R. Loureiro, "A poesía, nas esencias", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 234, "Letras en galego", 27 outubro 2007, p. 13.

Coméntase que se trata dun novo libro de "haikus", tras os títulos *Orballo nas camelias* (1993) e *A núa lentitude* (2001), escritos por Ricardo Marínez-Conde. Saliéntase que experimenta coa paisaxe, reflexionando así mesmo sobre o universo e o feito de existir, e remítese ao limiar, onde se cita a Matsuo Basho e se define o"haiku". O autor considera que importa máis o que se cala, que o que se di, e remátase coas palabras de Eugénio de Andrade, que serven de porta de entrada a este poemario.

- Román Raña, "Natureza en haiku", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 229, 13 decembro 2007, p. IV.

Pon en relación a nova obra de Ricardo Martínez-Conde coas súas publicacións anteriores, explicando tamén a composición que este autor utiliza: o haiku xaponés, xa cultivado por outros mestres da nosa literatura como Álvaro Cunqueiro. Sinala que se trata dunha composición que obedece a un canon de tres versos con afán esencializador e que dá mostra dun xigantesco esforzo ao ter que reducir a tan mínimo número de versos todos os sentimentos que desperta a realidade. Comenta que neste libro é a natureza o vivo retrato do interior do poeta (poesía da comuñón), e que para conseguilo, un recurso moi presente na obra é o da personificación.

Méndez, Oriana, *Derradeiras conversas co Capitán Kraft*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, abril 2007, 66 pp. (ISBN: 978-84-7154-062-1).

O libro de Oriana Méndez (Vigo, 1984), ambientado en París no ano 2010, configúrase, segundo se indica no último poema, precisamente como unha conversa con ese personaxe, o capitán Kraft, nun vagón de tren. O ton das pezas desbota o intimismo para optar pola reivindicación social e construír un universo de ficción histórica e política no que se denuncia a situación actual e se presentan, en ocasións, auténticas utopías políticas. Os escenarios dos versos combinan Galicia con Alxer, Gaza ou Etiopía. As formulacións explícitas do tipo de "O fracaso é a única responsabilidade do Capital" conviven coa proxección revolucionaria e futura do poema final. En suma, unha visión radical do mundo contemporáneo por unha das voces máis novas da poesía galega dos nosos tempos.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, "Da memoria, do seu valor e a distinta translación poética", *A Nosa Terra*, n.º 1.270, "Cultura", 31 maio-6 xuño 2007, p. 26.

Considera que os libros de poemas *Vizoño*, de Maxi Rei, e *Derradeiras conversas co capitán Kraft*, de Oriana Méndez, son exemplos de diferentes translacións á poesía do valor da memoria. Atribúe ao primeiro unha memoria que recupera as raíces nos nomes de familiares, veciñanza e lugares en loita contra o paso do tempo. En canto á obra de

Oriana Méndez, sinala que a figura do capitán Kraft recoñécese membro dun país con dificultades para recuperar a memoria "ocupada pola desertización e denuncia o uso instrumental da infancia desherdada, alfabetizada en lingua estranxeira para que así esqueza a propia". Por último, cualifica a poesía de Oriana Méndez como feminina, feminista, reflexiva, lírica, social, galega, universal, anticapitalista e de imaxinario ousado, sen carga culturalista.

- Helena González Fernández, "A resistencia é proceso de creación", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 175, Tomo XLV, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2007, pp. 123-124.

Informa da publicación na Editorial Galaxia do libro de poemas *Derradeiras conversas co Capitán Kraft*, de Oriana Méndez. Helena González destaca que este poemario mostra o desafío de presentar a poesia como un libro de conversas cun personaxe descoñecido. Advirte que neste ficticio diálogo co Capitán Kraft, que ben podería ser un *alter ego* do Capitán Nemo, "atópase poesía política artillada como relato de ficción que a partir do tópico da cidade elabora unha crítica á biopolítica". Sinala que ao longo do poemario, se suceden numerosas cidades como metáforas. Tamén aparece Galicia, como sinala Helena González, e aí de novo aparece a figura do Capitán Kraft, o cal "é un, e tamén múltiple", un personaxe que pode ser un espía, un *hacker*, un loitador da guerra en Angola, etc. O artigo remata cunha pequena referencia á figura de Oriana Méndez, a autora do poemario no que advirte que Oriana é unha das novas voces do panorama da poesia feminina galega e que é moi diferente do concepto *poesia feminista*, espallado por parte da crítica literaria galega.

- Román Raña, "Poemario narrativo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 214, "Libros", 5 xullo 2007, p. IV.

Comenta o libro de poemas de Oriana Méndez que vén de ser publicado, *Derradeiras conversas co capitán Kraft*. En primeiro lugar, alerta de que non segue o concepto tradicional da poesía, senón que presenta, máis ben, un carácter fortemente narrativo. Salienta o pesimismo que domina os poemas, nos que asoman temas como a moralidade ou amoralidade dos réximes políticos, o estrañamento ante si e a patria, etc. Por último, albisca certa luz de esperanza no futuro.

- Helena González Fernández, "A resistencia é proceso de creación", *Grial*, n.º 175, xullo-agosto-setembro 2007, pp. 123-124.

Destaca que o poemario *Derradeiras conversas do Capitán Kraft*, de Oriana Méndez mostra o desafío de presentar a poesía como un libro de conversas cun personaxe descoñecido. Advirte que neste ficticio diálogo co Capitán Kraft, que ben podería ser un *alter ego* do Capitán Nemo, "atópase poesía política artillada como relato de ficción que a partir do tópico da cidade elabora unha crítica á biopolítica". Sinala que ao longo do poemario se suceden numerosas cidades como metáforas, e que tamén aparece Galicia e aí de novo a figura do Capitán Kraft, o cal "é un, e tamén múltiple", un personaxe que pode ser un espía, un hacker, un loitador da guerra en Angola… Remata cunha pequena referencia á figura de Oriana Méndez, a autora do poemario e advirte que é unha das novas voces do panorama da poesía feminina galega, que é moi diferente do concepto *poesía feminista*, espallado por parte da crítica literaria galega.

- C. Rodríguez, "O pensamento lírico de Oriana Méndez", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 674, "Recensión Literaria", 16 setembro 2007, p. 6.

Comézase louvando o labor da Editorial Galaxia, a través da súa colección Dombate, para publicar poemas, tanto de autores consagrados como de autores noveis. Saliéntase que Oriana Méndez "ten moito que dicir", pese á súa micidade, como xa demostrara en achegas publicadas en libros e obras colectivas, antes de lanzarse a publicar en solitario *Derradeiras conversas co capitán Kraft*. Explícase que se trata dun poemario de denuncia social, con "gran carga culturalista", no que homenaxea á literatura galega (Antón Lopo, Chus Pato ou Rosalía) e ao pensamento universal (Adam Zagajewski, Gilles Deleuze, Julia Kristeva ou Gaston Bachelard). Engádese que Francia é o o eixe central, o leitmotiv destas "conversas", dende a tapa do libro (reproducindo unha obra de Gustave Caillebote), até a nota paratextual que pecha o poemario (na que se presenta a París como núcleo dun mundo futuro). Remátase valorando o labor de Oriana Méndez ao fixarse nos clásicos e sintetizar o seu pensar, propóndoo como punto de partida á hora de comprender o mundo e a realidade.

- Isaac Lourido, "Linguaxe constrúe territorio", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 4, "proPostas", outono 2007, p. 12.

Sinala que *Derradeiras conversas co capitán Kraft* é o primeiro libro en solitario de Oriana Méndez, no que, sen deixar de lado a estética que está moi lograda, se utiliza a poesía como arma de intervención mediante moitas voces con inquedanzas revolucionarias e existenciais. Tamén apunta que é un libro que rompe co intimismo e a estrutura tradicional, polo que utiliza a linguaxe como revelación, e no que se mantén o misterio todo o tempo, debido a que non coñecemos o capitán e a que nos sitúa no ano 2010.

- Ramón Nicolás, "Poesía en dúas versións", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 235, "Letras en galego", 3 novembro 2007, p. 11.

Recensiónanse dous poemarios de estilos distintos pero cunhas comúns orixinalidade e forza interior. En primeiro lugar, céntrase na primeira obra individual de Oriana Méndez, tras publicar poemas en volumes colectivos de "Redes Escarlata". Recoñece que se trata dun poemario que sorprende pola madureza de pensamento e pola singular formulación estética. Ademais coméntase que o lector queda prendido dende o comezo polo universo referencial, cheo de narratividade. Saliéntase que dende a cidade de París procura as causas da rebelión europea. Remata a Oriana Méndez como "unha voz sorprendente, poderosa e distinta". En segundo lugar, reflexiona sobre o novo poemario da doutora e profesora da universidade compostelana Helena de Carlos quen, tras títulos como *1999*, *Alta casa* ou *Aracné 3*, presenta un camiño máis persoal e íntimo con *Vigo*. Coméntase que o motivo literario da cidade-símbolo relaciona este poemario con Martín Códax, cos libros *Contos de outono*, de Luz Pozo, *Cidades*, de Fran Alonso, *Fóra do sagrado*, de Anxo Angueira ou cos poemas soltos de Celso Emilio Ferreiro, Ramiro Fonte ou Xohana Torres. Recoñécese o protagonismo de Vigo como atmosfera para despregar evocacións de tempos mozos, nun *ubi sunt?* co que se salienta a presenza dos elementos perdidos, cargados de simboloxía clásica e tonalidades épicas. Conclúese o artigo definindo o poemario *Vigo* como un conxunto de baleiros evocados que testemuñan ausencias.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "Nenas industriais", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 659, "A Bailarina", 3 xuño 2007, p. 16.

A modo de diario, Lupe Gómez vai recollendo as impresións que causan nela a lectura do libro de Oriana Méndez, *Derradeiras conversas co Capitán Kraft*, e as escenas da súa vida cotiá deses días. Comeza cuns versos da obra citada e, posteriormente, introduce as úas reflexións correspondentes á última semana de maio. Salienta que Oriana Méndez fala de "nenas industriais" e considera que esta autora é madura e inconformista, ademais de opinar que os seus versos son lúcidos e ofrecen novas visións sobre, por exemplo, Rosalía de Castro. Entre os comentarios sobre este libro, intercala alusións á conferencia de Luis Sepúlveda en Compostela, ás eleccións municipais, á vida en Fisteus ou á presenza dun mendigo na súa rúa, cuestións que lle permiten reflexionar sobre a desinformación, a pobreza e outros temas. Por último, anuncia a presentación da obra de Oriana Méndez en Compostela, coa presenza de Antón Lopo e Xabier Cordal.

- Natalia Álvarez, "O capitán Kraft ten a función de romper os modelos vitais burgueses", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 210, 7 xuño 2007, p. 3.

Entrevista a Oriana Méndez a propósito do seu primeiro poemario, *Derradeiras conversas co Capitán Kraft*, da que se desprende que a autora ten un personaxe principal, o capitán Kraft, co que ataca o xeito de vida burgués. Di que a súa é unha poesía urbana, como urbana é a Galicia do futuro e que ambienta o libro no 2010 como intento de distanciarse do rol do autor. Por último, desmárcase das xeracións literarias e tamén da poesía "de muller", mentres que elude concretar a influencia do seu pai porque comenta que precisaría dunha fonda reflexión para facelo.

-A.R. López, Montse Dopico e S. Noia, "Oriana Méndez e o Capitán Kraft", *Galicia Hoxe*, "*Revista das letras*", n.º 671, 7 xuño 2007, pp. 1-8.

Número dedicado a Oriana Méndez e o seu libro de poemas: *Derradeiras conversas co Capitán Kraft*. Comézase anunciando o acto de presentación desta obra en Compostela e informa da editora e a colección que o edita. A continuación, caracteriza a escritora como unha "voz poderosa e feroz, intelixente e desbordante" e indaga sobre a personalidade misteriosa do capitán Kraft. Afirma que a protagonista do libro é París e que este recrea as raíces de Europa até "lograr o mapa histórico da rebelión". Finalmente, advírtese de que con este número, a *Revista das Letras* comeza os seus monográficos de verán, cuxo obxectivo manifesta ser ofrecer "algunhas das rutas máis estimulantes polas que transitan os creadores do noso panorama artístico actual". Para rematar, dáse paso a unha selección de poemas incluídos neste volume poético.

- Daniel Salgado, "El eclecticismo amable de la noruega Hanne Hukkelberg llena Santiago", *El País*, "*Galicia*", 9 xuño 2007, p. 43.

Comeza citando unhas palabras que Oriana Méndez pronunciou na presentación do seu libro, *Derradeiras conversas co Capitán Kraft*, en referencia á necesaria demolición do suave, para, a continuación, pasar a comentar o espectáculo de Hanne Hukkelberg no

Salón Teatro de Compostela. Considera que talvez a suavidade da súa actuación fose ao que se referira Oriana Méndez na súa declaración. Salienta, principalmente, o eclecticismo que dominou o espectáculo.

- Lupe Gómez, "A vida é unha aventura", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Calidoscopio de cores", 18 xuño 2007, p. 40.

Entrevista a Oriana Méndez a raíz da publicación do seu libro de poemas *Derradeiras conversas co Capitán Kraft*. Fala da experiencia de publicar por primeira vez, menciona a Chus Pato como a primeira poeta que leu e que a influíu, ademais de referirse ao que supoñen para ela Vigo, Compostela, París e Galiza. Defende a omnipresenza da política e asume o seu compromiso dentro das Redes Escarlata. Reflexiona sobre as Humanidades, a posmodernidade e a vida.

- Manuel Vidal Villaverde, "Neste estraño verán chamado inverno", *Galicia Hoxe*, "Opinión", 4 xullo 2007, p. 4.

Entre varios asuntos de temática política, lingüística e sociocultural menciónase o poemario de Oriana Méndez, *Derradeiras conversas co Capitán Kraft*, evocado ao fío da súa capa, cun deseño de Gustave Caillebotte, que lembra o orballo.

- Yolanda Castaño, "Por parellas", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Días (des)contados", 4 novembro 2007, contracuberta.

No apartado referido ao domingo, titulado "Lectura e pesca", coméntase que está a ler *Derradeiras conversas co capitán Kraft*, e salienta unhas notas que contempla na escritura de Oriana Méndez: análise coraxosa, perspicacia, tacto, estilo, profundidade de campo, capacidade de observación, e demais achádegos, pese a ser unha poeta tan nova. Augúralle un grande futuro literario e teme polas críticas que vai recibir, pero alédase de que exista como persoa e como poeta.

Molina, César Antonio, *Eume*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, 2007, 148 pp. (978-84-7154-095-9).

Segundo poemario en galego de César Antonio Molina (A Coruña, 1952) no que viaxa dende diferentes lugares, como o aeroporto de Pequín, até Galicia a través das augas do Eume no que conflúen todos os ríos do mundo. As lembranzas, as emocións e os lugares coñecidos teñen cabida nos versos que escribiu no verán de 2004 e 2007. Un motivo fundamental recorre estas páxinas, o río como patria das palabras, extenso, viaxeiro, contido nas marxes que percorre o poeta dende o Ganxes, o Éufrates, o Moldava, o Brahmaputa ou o Hudson até o Eume. Tamén destaca deste poemario o esplendor de léxico da flora galega como o salgueiro, o bidueiro, os freixos, o carballo, a maciñeira ou os piñeiros, xunto ao elemento da auga sempre presente a través do río, da chuvia, das pozas, dos muíños ou das bágoas.

Recensións:

- Luís G. Soto, "Unha composición inter-textual", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 175, Tomo XLV, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2007, pp. 122-123.

Refírese á publicación na Editorial Galaxia do poemario *Eume*, de César Antonio Molina. Sinálase que o volume presenta cento vinte poemas que versan sobre o río Eume, que aparece evocado na primeira composición, onde o poeta aparece pensando nel no aeroporto de Pequín, ao igual que está presente no último poema do libro, neste caso para aludir, segundo o autor do artigo, a un río filosófico ou moral. Luís G. Soto pregúntase que é o Eume? e a partir desta pregunta realiza unha interpretación subxectiva do que é o río Eume que ve como un espello, pero non de Narciso ou Drácula, senón de Branca das Neves ou Alicia, visto como un espello que comunica. O Eume é tamén un "Eu-me", un ser que remite ao obxecto e ao suxeito. En suma, o poemario de César Antonio Molina é "unha composición intertextual en que o propio e o alleo, o un e o diverso, se entre-tecen, inter-comunican e inter-actúan".

- R. Loureiro, "Este é un libro que fala da patria do home", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 223, "Letras en Galego", 11 agosto 2007, p. 11.

Recóllese a opinión de Víctor Freixanes, director da editorial que acaba de publicar este poemario, do que salienta que trata tematicamente da patria do home e da infancia, ademais do cosmopolitismo do autor e que convirta en metáfora o río Eume. Remata aledándose e apuntando que debería terse en conta que un ministro de Cultura decida escribir en galego.

- R. L., "Esta é a vibración do tempo e da memoria", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 223, "Letras en Galego", 11 agosto 2007, p. 11.

Recóllese a opinión do poeta Miguel Anxo Fernán-Vello, subliñando a trascendencia deste poemario do que salienta a "vibración do tempo e da memoria", a homenaxe á natureza e a visión do río Eume como símbolo da existencia. E rematáse apuntando que *Eume* chama a "meditar".

- R. L., "Como sempre dixen, é un poeta de culto", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 223, "Letras en Galego", 11 agosto 2007, p. 11.

Recóllese a opinión de Julia Uceda, coñecedora da obra poética e ensaística de César Antonio Molina, a quen publicou na colección Esquío. Afirma que sempre considerou que se trata dun poeta de culto, e salienta o mundo interior do poeta, ademais da súa cultura.

- R. L., "El é quen leva a Galicia ata a universalidade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 223, "Letras en Galego", 11 agosto 2007, p. 11.

Recóllese a opinión do fotógrafo Manuel Vilariño, participante no proceso creativo de *Eume*, do que comenta que presenta unha xeografía reconstruida, na que agroman as raíces da palabra e da existencia. Defíneo como "o gran libro da poesía galega do século XXI", co que consegue crear un río que universaliza a cultura galega.

- Luciano Rodríguez, "Canto coral a un pequeno gran río", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 223, "Letras en Galego", 11 agosto 2007, p. 11.

Comeza cunha presentación do labor cultural do ministro de Cultura do Goberno español, César Antonio Molina, e comenta a súa última publicación, o libro de poemas *Eume*. Sinala que é o seu segundo volume poético en galego e que está composto de cento vinte poemas, así como observa que nestes poemas se funde a tradición poética galega co orientalismo do "tanka" e do "haikú". Ademais explícase que os poemas carecen de "adornos retóricos e formais" e conclúe apuntando que se trata do seu poemario máis universal, pese ao seu carácter local.

- C. Rodríguez, "Farei voltar as dornas do Eume", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 671, "Arquipélago", 26 agosto 2007, p. 6.

Informa da publicación do libro de poemas *Eume*, de César Antonio Molina, obra que relaciona coa tradición na literatura universal da metáfora do río. Explica que é o segundo volume de poemas en galego deste autor. Comenta brevemente o carácter dos poemas e remata cunha citación duns versos desta obra.

-Vicente Araguas, "Lá vai un río", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 444, "Libros", 2 setembro 2007, p. 20.

Presenta o novo libro de poemas de César Antonio Molina en galego, *Eume*. Sinala que aposta polo coñecemento e foxe da poesía confesional, á vez que se achega á poética "do silencio" de Valente. Por outro lado, salienta que este autor resulta máis barroco en español que en galego, e que se trata dun poemario que bebe na realidade inmediata (feito que non ocorre na súa producción literaria en castelán, e que se explica polo achegamento ás súas raíces familiares). Arguméntase que o seu labor elaborando poemas moi breves, se asemella a María Zambrano e José Ángel Valente. Para rematar, comenta as composicións poéticas e destaca algunhas delas; así, subliña a sentenza "En inglés Eume dise Hudson", extraída do poema "Baixo a Ponte de Brooklyn", e o poema "Gotea o río".

- Manuel López Foxo, "O Eume como motivo literario", *A Nosa Terra*, n.º 1.282, "Cultura", 27 setembro-3 outubro 2007, p. 27.

Compáranse os poemarios de Medos Romero, Eva Veiga e César Antonio Molina, que teñen a este río como protagonista. Apúntase que ambas autoras non só teñen ao Eume como tema literario, senón que escriben dende a perspectiva deste río, evocando as súas propias vivencias preto del. Pola contra, César Antonio Molina, realiza nunha ollada dende a distancia. Saliéntase que en Eva Veiga este río non é o seu tema central, pero cando o trata, faino reflectindo nel o seu sentir poético. No caso de Medos Romero, o Eume aparece como unha temática constante ao longo de cinco dos seus seis poemarios publicados, e na súa narrativa aparece, non só como río senón como "espazo natural, cultural, humano e íntimo", nunha fusión da poeta coa natureza cósmica. A seguir, contrástanse exemplos da néboa na obra dos tres autores, observando que mentres este fenómeno atmosférico vai asociado aos sentimentos das poetas, en César Antonio Molina só aparece a visión descriptiva e contemplativa do Eume, pero non plasma a súa relación directa e vivencial con este río. E remátase citando uns versos que carecen de "poesía elevada" que merece a "grandiosidade e a pureza do río e das súas fragas".

- Román Raña, "Raíces na auga", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 217, "Libros",

20 setembro 2007, p. V./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 210, "Lecturas", 29 setembro 2007, p. 7.

Comeza salientando a madureza deste poemario, fronte a obras anteriores, no tocante á evolución na súa poética, predominando agora unha dicción máis clara e un perfil sentimental máis nidio. Comenta que se trata dun poemario centrado na paisaxe, nun río humilde fronte a ríos de renome como o Nilo, o Amazonas, o Ganxes ou o Río Amarelo, pero que ao longo de poemario vai fusionándose co corpo e a alma do poeta. Así mesmo, obsérvase que o poeta dubida, tanto no feito de facerse atemporal como erosionando os seus razonamentos sobre o percorrido do río. A seguir, explica que apela de xeito metafisico ao río, nunha visión panteísta ou cósmica, en indagacións sobre a esencia do ser ou o sentido da vida, e en breves pezas emparentadas co "haiku" xaponés. E ademais afirma que se identifica simbolica e materialmente con el, como en "A través do Eume regreso á miña terra", no que se expón que as raíces están na auga deste río, non na terra. E finaliza coa máxima de que "O home é aquel que sobrevive ao home".

Referencias varias:

- Rubén Ventureira, "Espiral Mayor publica la primera antología de poemas de César Antonio Molina en gallego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 xaneiro 2007, p. 45.

Despois de citar as diversas linguas ás que foi traducida a obra de César Antonio Molina, sinala que Espiral Maior acaba de publica *Soños nos cantís. Antoloxía Poética (1974-2005)*, baixo a tradución e edición de Tareixa Roca. Tamén anuncia que a súa próxima publicación será *Eume: poemas*, que recolle cento vinte poemas dedicados ao citado río e que será o seu segundo poemario tras *A fin de Fisterra*. Por último, apunta que nesta nova entrega, como nas anteriores, o coruñés cre ter sido fiel aos seus mestres, entre os que está José Ángel Valente, Antonio Gamoneda e Ángel Crespo.

- José María Paz Gago, "Eume é a memoria da natureza en perenne perigo de extinción", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 210, "A festa das letras", 12 maio 2007, p. 6.

O río *Eume* é o motivo de reflexión filosófica no novo libro publicado por César Antonio Molina, segundo libro de poemas nesta lingua. Para o escritor o río é materia poética sobre a que se reflexiona non é un mero espazo no cal se desenvolve o seu conxunto de poemas. Hai no poemario ademais da visión de río como corrente de auga que o aproxima a outros grandes ríos tamén vemos unha crítica polo derrubamento ecolóxico que se está a producir no río e nas fragas que o cercan. O autor explica nesta entrevista que a lingua galega é para el.

- Alberto Martínez, "El ministro Cesar Antonio Molina firma libros el día 8 en la Feria de A Coruña", *El Correo Gallego*, "Cultura", 31 xullo 2007, p. 68.

Informa que o Ministro de Cultura, César Antonio Molina, vai asinar exemplares do seu libro *Eume*, publicado por Galaxia, na Feira do Libro da Coruña. Comenta que este ano a organización espera unha maior participación e salienta as actividades destinadas aos

nenos, principalmente, obradoiros, contacontos e teatro. Tamén dá conta dalgúns escritores que participarán e informa sobre algunhas novidades.

- Daisy Aller, "Los libreros vuelven a Méndez Núñez", *La Opinión*, "A Coruña", 31 xullo 2007, p. 13.

Anuncia a celebración da XXXVI edición da Feira do Libro da Coruña e dá conta das actividades que terán lugar durante eses días. Tamén ofrece unha listaxe de nomes de escritoras e escritores, en lingua galega e española, que estarán presentes ao longo da feira. Destaca a presenza do ministro de Cultura, César Antonio Molina, co motivo da presentación do seu novo libro, *Eume*.

- Ramón Loureiro, "Volver ao Eume é regresar á orixe da creación", *La Voz de Galicia*, "Al sol", 5 agosto 2007, p. 43.

Á raíz da publicación do volume de poemas *Eume*, de César Antonio Molina, e da visita do autor á Coruña e a Pontedeume, fala do costume do ministro de Cultura de escribir versos e visitar no verán a súa terra como rituais que aos que é fiel a pesar dos oficios aos que se dedique. Comenta tamén a publicación dunha antoloxía poética de Molina traducida ao italiano por Giovana Calabró, *Custode delle antiche forme. Poesie 1974-2006*.

- maré, "Alfredo Conde presenta unha nova obra na Feira do Libro da Coruña", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Letras", 29 xullo 2007, p. 29.

Coméntase que Alfredo Conde presentará a súa novela *María das Batallas*, contando con Víctor F. Freixanes e José María Paz Gago, entre outros. Remátase anunciando a vindeira presentación do poemario *Eume*, de César Antonio Molina.

- maré, "O ministro-poeta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 agosto 2007, p. 33.

Lémbranse as palabras do ministro de Cultura, César Antonio Molina, na primeira visita oficial que fixo a Galicia na que, falando en galego, apuntou que no ano 2010 a Cidade da Cultura podería acoller o cumio de presidentes iberoamericano e podería ser tamén sede de congresos e outras actividades. Finalmente engádese que presentará na Feira do Libro na Coruña o seu último poemario, *Eume,* o segundo que escribe en galego.

- maré, "Unha toma de contacto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "O selo da alianza", "Símbolo de achegamento", 7 agosto 2007, p. 34.

Dá conta da visita do ministro de Cultura, César Antonio Molina, ao Consello da Cultura Galega e salienta o feito de que sexa a primeira vez que un ministro desta área se achega até esta institución. Anuncia tamén a súa presenza na Feira do Libro da Coruña para presentar o seu segundo libro de poemas en galego, *Eume*. Ademais, sinala que o seu primeiro volume de composicións poéticas en galego levaba por título *A fin de Fisterra*.

- maré, "Molina comprométese a axilizar o Museo da Ciencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 agosto 2007, p. 28.

Dá conta dos compromisos realizados por César Antonio Molina, ministro de Cultura, co motivo da súa presenza na cidade da Coruña para presentar o seu novo libro de poemas, *Eume*. Tamén sinala os lugares que visitou, entre os que se encontra a Real Academia Galega.

- Miguel Anxo Fernán-Vello, "O Eume de César Antonio Molina", *Galicia Hoxe*, "Caderno Aberto", 8 agosto 2007, p. 3.

Presenta o novo libro de poemas de César Antonio Molina, despois de vinte e cinco anos dende a publicación, segundoo comentarista, do seu anterior volume de poemas en galego, *A noite no crátere*. Afirma que, con esta obra, Molina explora o símbolo do río, á vez que indaga no devalar da existencia humana. Salienta a importancia da natureza nestes poemas, que o fai emparentar coa poesía de Uxío Novoneyra.

- X. M. Pereiro, "El poeta César A. Molina presenta su libro *Eume*", *El País*, "*Galicia*", 9 agosto 2007, p. 28.

Dá conta da presentación do novo volume de poemas de César Antonio Molina na Feira do Libro da Coruña. Sinala que se trata da terceira obra en galego deste autor e salienta o carácter prolífico de Molina, quen publicou xa máis de trinta traballos de narrativa, poesía ou ensaio.

- M. P., "Molina agradece a los coruñeses todo el cariño recibido", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", p. 17./*Diario de Ferrol*, "A Coruña Provincia", "A Coruña", 9 agosto 2007, p. 22.

Informa da presenza de César Antonio Molina, ministro de Cultura, na Feira do Libro da Coruña para presentar a súa obra *Eume*. Indica que se trata do segundo libro de poemas en lingua galega do autor. Recolle o compromiso do autor de non abandonar a actividade literaria a pesar do seu cargo político. Tamén dá conta de que estivo acompañado, no acto, por Manuel Vilariño, Antón Patiño ou Estíbaliz Espinosa.

- Lupe Gómez, "Un río de risas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 669, "A bailarina", 12 agosto 2007, p. 5.

A modo de diario, Lupe Gómez vai intercalando os seus comentarios sobre o novo libro de poemas de César Antonio Molina, *Eume*, co transcurso das actividades do Festiclown e outras anécdotas persoais. Este "diario", encabezado por uns versos da obra de Molina, abarca do día 1 de agosto até o día 7 deste mes, período en que se desenvolve, como cada ano, o festival da risa en Compostela. Manifféstase unha defensora da risa como medicina natural e, ao mesmo tempo, confesa que nunca leu un libro sobre un río que lle gustase tanto. Polo medio da narración do artigo, introduce a recepción dunha postal remitida por John Berger na que aparece o deseño da Madalena pintada por Caravaggio, o que lle dá pé a falar sobre esta figura da tradición católica. Este "diario" contén, á súa vez, citacións dos poemas de *Eume*.

- Xurxo Fernández, "Raíces y ramas de César AM", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 27 agosto 2007, contraportada.

Por un lado reflexiona sobre a presenza do país no corazón de quen escribe, a raíz da publicación do libro de poemas *Eume*, de César Antonio Molina. Cita algúns versos deste autor e dá conta da súa obra publicada: poemas, traducións e ensaios. Tamén fai referencia á súa función como ministro de Cultura. Por outro lado, refírese ao novo número de *Grial* e loa a súa última remodelación. Recomenda especialmente a lectura do artigo de Ramón Villares "Onde Europa se chama Trasalba (No quincuaséximo aniversario da constitución da Unión Europea)", o de Víctor F. Freixanes, "Autonomía política, autonomía económica", e o dossier de creación que corre a cargo de Fernán-Vello e Ramón Caride.

- Xosé Carlos Caneiro, "Setembro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 226, "Club Dandi", 1 setembro 2007, p. 10.

Coméntanse varias obras. De *Eume* de César Antonio Molina, destácase o bo poeta que revela e tamén a reflexión sobre o nós. Logo fálase de *A autopsia da novela* de Juan Tallón, novela gañadora do 'VI Premio Pastor Díaz', que se describe arriscada e metaliteraria, a mellor literatura negra recente en galego. Por último, *New York, New York*, de Inma López Silva, que aplaude como novela de fragmentos e reflexións para ler pausadamente.

- Luz Pozo Garza, "César Antonio Molina (A Coruña, 1952), fidelidade á poesía e á terra", *Eco*, n.º 197, outubro 2007, p. 69.

Reproduce parte da recensión que escribiu sobre a primeira obra poética de César Antonio Molina, *Épica*, en 1975. De seguido, comenta que en 2006 Espiral Maior editou a súa *Antoloxía Poética (1974-2005): Soños nos Cantís*, na que se incluían poemas das seguintes obras: *Épica*, *Proxecto preliminar…*, *Últimas horas…*, *A estancia saqueada*, *Derivas*, *O fin de Fisterra*, *Para no ir a parte alguna*, *Ondas da noite* e *No mar de ánforas*. Por último, salienta o volume que vén de publicar César Antonio Molina, *Eume*. Para finalizar, achega o poema "A todos os que nos acompañan" deste poemario *Eume*.

Momán, Alberte, *Déixanse levar*, Ourense: Difusora das Letras, Artes e Ideas, col. Litoral, n.º 1, xaneiro 2007, 96 pp. (ISBN: 978-84-935223-2-2).

Momán, Alberte, *O alento da musa*, apartado I.1. Narradores galegos neste *Informe*.

Novo, Isidro, *Esteiro de noites falecidas*, IX Premio de Poesía do Concello de Carral, ilus. Fátima Valente, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 181, 2007, 59 pp. (ISBN: 978-84-96475-54-0).

O escritor Isidro Novo (Lugo, 1951) conta cunha recoñecida traxectoria literaria, nos eidos da poesía e da narrativa, como demostra o feito de gañar catro edicións do premio Modesto Figueirido do Pedrón de Ouro, o Vicente Risco de Literatura Fantástica, o Manuel Murguía e o Arcebispo Xoán San Clemente. Cómpre salientar que fora finalista do certame O Barco de Vapor con *Teaza de brétema* (1994), ao que seguiron os títulos *Por unha presa de machacantes* (1997), *Carne de can* (1999), *Antollos de Eimarmena*

(1999), *Súa de si* (2003), *Rosa lenta* (2004) e *Un escuro rumor tralo silencio* (2005). No eido da poesía, foi merecente dos premios Eusebio Lorenzo Baleirón e Concello de Carral, e publicou *Dende unha nada núa* (1997). Este poemario ábrese cunha cita literaria de Fernado Pessoa e cuns versos, a modo de limiar. Está estruturado en tres series e unha sinopse final. A primeira destas series, "Desazos dos devires", acolle poemas titulados a maiúsculas, e algúns deles contan cunha visual presentación do texto, imitando pasos dunha escaleira, ademais de destacar a maiúsculas algunhas palabras ou versos completos. Só aparece dedicado "in memoriam" o poema "DO POETA QUE ABRAZOU O MAR". Os primeiros poemas que conforman a serie "O POUSO DOS DÍAS" destacan pola súa brevidade, fronte ao resto de poemas desta serie. Entre estes poemas, cómpre salientar o titulado "Moto", encabezado por unha cita literaria de Stéphane Mallarmé. A serie "VISIÓNS RECORRENTES" componse de dous longos poemas, titulados "A VIAXE AO LONXE" e "A RÚA PENDURADA". Remata o poemario cunha "SINOPSE" que consta dun único poema sen título, e no que destaca a triste rutina do renacer cotián dalguén que segue o camiño da vida, "co interior desarroupado", sabendo que "unha sombra fría" agarda por el.

Referencias varias:

- Xoán A. García López, "No museo das palabras", *Diario de Ferrol*, "La ventana", 14 decembro 2007, p. 17.

Considera que parte do labor dos escritores, así como dos filólogos e dos académicos da lingua é contribuír a que non desaparezan do galego os termos maternos, aínda que se incorporen neoloxismos. Por último, cita a obra de Isidro Novo, *Esteiro de Noites Falecidas*, que considera merecente de todos os premios acadados.

Núñez Domínguez, Albino, *Romances da terra maina*, prólogo Xesús Alonso Montero, Ourense: Armonía Universal, maio 2007, 108 pp. (ISBN: 978-84-935449-1-1).

Ábrese este volume que reúne textos de Albino Núñez Domínguez (A Mezquita, 1901-Ourense, 1974) cun prólogo de Xesús Alonso Montero, titulado "Sobre Albino Núñez Domínguez e os seus *Romances da terra maina*", no que o profesor ofrece unha detallada información arredor da biobibliografía do poeta, salientando a súa dedicación ao ensino e á pedagoxía, amais da poesía e o ensaio, e a represión que sufriu tras a Guerra Civil por mor do seu carácter de docente anovador e progresista. Alude tamén ás súas colaboracións en revistas como *Lar* de Bos Aires e *Vieiros* de México, unha ollada ás cales ofrece a síntese das preocupacións fundamentais de Albino Núñez: a defensa da lingua galega e da fala enxebre, e a devoción deste creador por figuras como Rosalía, Curros, o Padre Feixoo ou Antonio Machado. Con respecto aos versos incluídos neste volume salienta que se trata de composicións maiormente inéditas que o autor tiña rematadas contra 1963 e que ficaron á espera de editor, o cal xustifica a presenza e os contidos arredor da lingua que o autor desenvolve no ensaio preliminar. Alonso Montero recoñece nestes poemas a autencidade na expresión de motivacións vitais importantes e de intención "denunciadora e solidaria". A seguir, tras a dedicatoria do autor das páxinas deste volume a súa nai, "que non empregou outra fala mais que a galega nos días que vivíu" e a Rosalía pola conmemoración dos cen anos da publicación de *Cantares Gallegos*, inclúese o ensaio "A nosa fala" no que Albino Núñez percorre a

historia da lingua galega e mesmo achega unha proposta normativa que resume en seis puntos nos que se aborda unha férrea defensa da fala popular e o rexeitamento dos castelanismos e dos lusismos. Tanto a dedicatoria como este limiar cómpre contextualizados na situación lingüística dos anos sesenta, pois o conxunto de poemas datan de 1963. En *Romance da terra maina* reúnense vinte poemas, a meirande parte romances, o cal xustifica o título escolleito, nos que a voz poética trata temas como a fermosura e os encantos da paisaxe galega, o engado da fala e das cantigas populares e aspectos que sitúan o autor na liña de denuncia practicada por Lamas Carvajal e Curros. Neste sentido destaca o longo poema narrativo "As mágoas de Xan Peisano", un percorrido polas mágoas dos labregos. Insírense tamén sonetos como "A Galiza", "Lembranza" ou a laudatio "Diante da estatua de Feixoo".

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Poesía dun A.T.E.O.", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 226, 1 setembro 2007, p. 7.

Anuncia a presentación da edición da obra inédita de Albino Núñez baixo o título *Romances da terra maina*, que inclúe composicións poéticas e un prólogo do autor centrado no idioma galego. Ademais, sinala que os poemas están precedidos dun prólogo de Xesús Alonso Montero, de quen se especifica que foi o que máis loitou pola recuperación da figura de Albino Núñez. Por último, comenta o estilo e a temática dos poemas e indica que parece ser que aínda fican textos inéditos que valería a pena dar a coñecer.

Referencias varias:

- Xesús Alonso Montero, "Don Albino Núñez, pedagogo e poeta", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 217 , "Beatus qui legit", 30 xuño 2007, p. 15.

Confesa a grande honra que supón para el prologar o libro *Romances da Terra maina* que recolle vinte composicións do gran pedagogo Albino Núñez Domínguez (A Merca, 1901-Ourense,1974). Defíneo como un poeta de trazo tradicional con importantes incursións na veta civil e explica que foi un deses mestres republicanos que loitaba por unha escola pública, laica e crítica, que sobreviviu impartindo clases particulares. Comenta que o gran docente que era demóstrao o feito de que o acto de presentación do libro foi multitudinario e nel déronse cita moitos dos seus alumnos que hoxe xa cumpriron setenta anos como o poeta Víctor Campio Pereira.

Núñez Briones, Andrea, *Corrente do esquecemento*, prólogo de Lucía Aldao, [A Coruña]: Aturuxo (Federación Galega de Asociacións Lésbicas, Gais, Bisexuais e Transexuais), 2007, 44 pp. (ISBN: 84-611-8198-8). ◆

Volume de Andrea Núñez Briones (Pontevedra, 1984) que vén precedido dun prólogo de Lucía Aldao, no que resalta como eixo do poemario o amor, os recordos e o feito de que a súa autora sexa aínda "un corazón novo que anda a curtirse de vivencias". A obra componse de vinteséis poemas que, cunha linguaxe clara e profundamente evocadora,

nos falan do amor, do desamor, das dúbidas e das lembranzas da mocidade. O amor preséntase non só cara a parella, senón tamén respecto á avoa ou ás vivencias compartidas. O poema XXV, formalmente en prosa pero con musicalidade lírica, fai precisamente un repaso por todo os feitos que marcaron a vida da autora durante un ano. A obra péchase cunha composición na que se reflexiona sobre a propia escrita. En suma: unha obra profunda e emotiva na súa aparente sinxeleza.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "Sensación de infarto", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 681, "A bailarina", 4 novembro 2007, p. 5.

No apartado "Abrirme de pernas", correspondente ao martes 23 de outubro de 2007, inserida no marco doutras novas redactadas a modo de diario, comeza describindo á autora Andrea Núñez Briones como unha boneca, e a seguir define o seu estilo poético como cheo de "algarabía, fondura e sinceridade". E remata louvando o prólogo de Lucía Aldao.

- Lupe Gómez, "A poesía é accesible", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Calidoscopio de cores", 3 decembro 2007, contracuberta.

Entrevista con Andrea Núñez Briones, poeta de vinte e tres anos que acaba de publicar o seu primeiro poemario, *Corrente do esquecemento*. Comenta cales son as cores que máis lle gustan e define o que significa para ela a poesía, así como, salienta as súas escritoras preferidas: Olga Novo, Lucía Aldao, María do Cebreiro, Rosa Enríquez e Ana Romaní. Tamén fai referencia á súa participación no feminismo.

Pascual Carballo, Alberto e José Antonio **Ocaña Martínez**, *A neve do tempo*, pinturas de José Antonio Ocaña Martínez, prólogo de Alfonso S. Palomares, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2007, 103 pp. (ISBN: 978-84-9782-638-9). ■

Volume composto polos poemas de Alberto Pascual Carballo (Maceda, Ourense, 1944) e as pinturas a lápis Karmisma, en acrílico e impresión dixital sobre papel Fontaine de José Antonio Ocaña Martínez (Crecente, Ourense, 1949). Este poemario ábrese cun prólogo de
Alfonso S. Palomares no que explica que aceptou redactar este prólogo polo feito de ser os tres ourensáns, sen coñecer aínda a obra dos dous creadores. A seguir, traza un breve perfil biográfico e profesional de ambos os creadores, para centrarse despois en *A neve do tempo*, do que salienta que se trata dunha "composición dual, pero co propósito de artellar unha soa obra de arte. Dous nun. Pintura e poesía.". Tras observar detidamente ambas as composicións líricas e pictóricas mesturadas, observa que teñen forza por separado, "son arte autónomo", e que constitúen proposicións diferentes que harmonizan no fondo e se moven á vez. Apúntase que no poema "Estraña pugna" non se aprecia esa suma de texto e imaxe, senón que se crea un "nó de area entre letra e pintura". A seguir, precísanse distintos modos de interpretar o título deste poemario: sentido metafísico ou de letra de tango mesturados, con conceptos tinguidos de simbolismo e fugacidade. Considérase que o son do texto amosa "unha tranquila

resignación a ser de paso". E remátase definido este volume como "versos para ler despacio, pinturas para ver con lentitude".

Patiño, Olga, *Atmosferas*, gravados de José Valentín Díaz Germade, prólogos de Miguel Anxo Fernán Vello e Manuel Silvestre Visa, A Coruña: Deputación da Coruña, 2007, [87 pp.]. (ISBN: 84-9812-066-7). ◆

Estamos perante un libro onde traballan a poeta Olga Patiño Nogueira (A Coruña) e o gravador José Valentín (Betanzos, 1942). Deste xeito, calquera pode intuír a importancia da imaxe neste volume. Tras unha nota institucuional, aparece o primeiro prólogo, de Miguel Anxo Fernán Vello, onde fala da obra coma o libro "do pracer gráfico e tipográfico" onde o verso e a imaxe interactúan definindo emocións verdadeiras. Pola súa banda, Manuel Silvestre, pintor-gravador e Catedrático de Serigrafía da Universitat Politècnica de València, engade que *Atmósferas* é un proxecto que aborda o concepto do libro dende un punto de vista creador e estético, tratando de unir as múltiples facetas que nel conflúen. Despois destas tres partes introdutorias móstrase o epicentro da obra: os diversos gravados que comparten espazo cos versos de Olga Patiño. Como di Manuel Silvestre, o uso da dobre páxina actúa como un golpe visual mérito do ilustrador José Tomás e do grafista Arturo Iglesias que conseguiron establecer unha estreita relación entre as cualidades estético-formais, o texto e a imaxe. Prosegue este catedrático explicando o xeito en que as letras capitulares, a variada distribución das tipografías, as contraposicións do positivo-negativo ou o xogo nalgúns poemas da mesma cora da imaxe, fan entrar en relación a propia grafía do texto coa imaxe ou viceversa. Posteriomente, engádese unha biografía dos dous autores, acompañada dunha serie de imaxes. A obra péchase coas fichas técnicas dos distintos gravados.

Recensións:

- M. Rodríguez, "Versos gabeando pola madeira", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 215, "Letras en galego", 16 xuño 2007, p. 13.

Comenta a obra *Atmosferas*, que reúne poemas de Olga Patiño e gravados feitos en madeira de José Valentín. Salienta algúns dos nomes dos gravados e indica que Olga Patiño escribiu os poemas ao redor deles. Destaca o coidadoso traballo feito no libro e reivindica a importancia do papel da maquetación e o deseño.

Referencias varias:

- Gemma Malvido, "Otras maneras de poesía", *La Opinión*, "A Coruña", 12 xuño 2007, p. 13.

Informa da presentación do libro *Atmosferas*, obra que reúne poemas de Olga Patiño e gravados de José Valentín. Ademais de salientar a harmonía entre a parte literaria e o deseño, tamén recolle palabras de Patiño e Valentín que tratan de explicar o proceso de creación deste volume.

Penas, Ánxeles, *Amor deshabitado*, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, n.º 185, novembro 2007, 61 pp. (ISBN: 978-84-96475-64-9).

Como o seu mesmo título indica, *Amor* deshabitado, de Ánxeles Penas (Teixeiro, A Coruña, 1943), céntrase no amor dende a experiencia do desengano, o que non quita que tamén se toquen outros temas como a búsqueda da divinidade. Ao longo dos trinta e catro poemas que conforman o libro a poetisa diríxese a un ti retórico cun discurso no que é posíbel atopar, de xeito máis ou menos velado, alusións a Rosalía, Shakespeare, Neruda ou referentes da mitoloxía clásica. Aínda que a práctica totalidade do poemario está escrito en verso libre e sen rima, nalgunhas pezas atópanse metros fixos coma o alexandrino. O libro ábrese cun prólogo da propia autora no que, ademais de dar a súa visión sobre o amor e a poesía, fala do proceso de creación do libro, póndoo en relación coa súa obra anterior.

Pérez Fernández, Benito, *Espellos na noite*, intr. Antonio García Teijeiro, Mos: Obradoiro Gráfico, ed. non venal, marzo 2007, 77 pp.

Este poemario de Benito Pérez Fernández comeza cunha introdución de Antonio García Teijeiro, titulada "Os versos que naceron das formas nos espellos na noite", onde salienta que estamos ante unha proposta arriscada e sincera xa que non "é doado conseguir formas/cores con palabras/versos, cando queres construír un todo e que, ao mesmo tempo cada faceta artística teña independencia por si soa". Di que Pérez Fernández en cada pintura, en cada poema, fai poesía sen adornos gratuítos, poesía coas cores, formas, texturas, conceptos e palabras. Sinala que se trata de poesía cromática, lírica, épica. Con este poemario recorda a Rafael Alberti e reproduce un texto do poeta granadino que escribiu un libro dedicado á pintura. Remata citando a Vicente Aleixandre cando escribe sobre Alberti: "Rafael, co seu verso, cantou á pintura", a quen lle rouba as verbas para decir que Benito Pérez Fernández, coa súa pintura, foi quen de cantar aos versos. A seguir veñen as pinturas e os poemas que van poñendo voz a esa pintura. Neles fálase de desertos abertos, da realidade, da insidia, da néboa da ignorancia, das lendas, do que produceu as palabras, da necesidade de ilusións, de tempos de guerra e doutros moitos sentimentos últimos sempre a partir das pinturas que dan orixe á recreación poética.

Queizán, Mª Xosé, *Cólera*, intr. da autora, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 14, maio 2007, 61 pp. (ISBN: 978-84-9872-612-9).

Poemario María Xosé Queizán (Vigo, 1939), no que "tenta recuperar a memoria da resistencia contra o franquismo", como apunta a autora na introducción. Abrangue dende mediados dos sesenta até mediados dos setenta. Recoñece, así mesmo, que a este libro lle acaía ben o ensaio, pero este xénero non lle permitía "amosar o desexo de liberdade, a emoción do medo, a tensión da valentía, o sentimento de cólera", xa que quería escribilo "coa paixón poética", reflectindo un proceso histórico que viviu e padeceu xunto á xente do seu redor. Aínda que viviu os acontecementos que escribe, trázaos dende a perspectiva masculina, para pórse no lugar do outro e porque as

mulleres non decidían, non contaban daquela. Para rematar a introducción, apunta que se o escribira dende unha conciencia feminista se titularía "Cóleras", xa que "as mulleres sentíamos unha dupla indignación porque padecíamos unha dobre opresión". O poemario ábrese cunha dedicatoria de louvanza á mocidade galega, que iniciou o galeguismo político na posguerra. Esta louvanza vai en liña co feito de ser pioneira no feminismo galego. Esta poeta, narradora, autora teatral e ensaísta dirixe a revista *Festa da palabra silenciada*, ademais da colección "As Literatas", de Edicións Xerais de Galicia. Como poeta leva escrito *Metáfora da metáfora* (1991), *Despertar das amantes* (1993), *Fóra de min* (1995) e *Non o abras como unha flor. Poesía reunida 1980-2004* (1994). Todos os poemas de *Cólera* aparecen titulados e unidos por un sentimento de carraxe pola inxustiza sufrida. Cómpre salientar que algúns poemas van encabezados por citas literarias, de creadores galegos ou non; así "Consello da mocidade", comeza cuns versos da ourensá Pura Vázquez, mentres "Galicia ceibe", o fai cunhas palabras do humanista italiano Miguel Anxo. Estes poemas tratan diferentes momentos na loita antifranquista: o comezo da rebelión, as manifestacións, o desexo de sentir que se tumbou á ditadura, o recoñecemento das figuras de Nelson Mandela e Che Guevara, o exilio de Carmiña, o asasinato de Amador e Daniel, o movemento obreiro do asteleiro Bazán e a revolución lusa dos caraveis, entre outros. Este poemario conclúe coas verbas de "Testemuño", de Bertolt Brecht.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "A memoria irada", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 229, "Letras en Galego", 22 setembro 2007, p. 13.

Coméntase a edición dun novo poemario, tras *Non o abras como unha flor* (2004), a compilación de toda a súa producción poética de máis de vinte anos. Apúntase que neste poemario afástase un tanto da reivindicación feminista, adentrándose na reconstrucción "dun tempo vivido e padecido", dende unha perpectiva masculina, debido ao sometemento e limitación da muller ao ámbito doméstico naquela época. Preséntase dende unha voz plural, ideoloxicamente contraria á ditadura e cun "forte alento cívico", que vai recordando con carraxe, ao tempo que recoñece o labor dos movementos sociais e políticos que recuperaron a conciencia política dos cidadáns durante a posguerra. A suma do título, da dedicatoria, das elexías ao Che Guevara, a Nelson Mandela ou a Frantz Fanon, as homenaxes explícitas a Carmiña e Raimundo Patiño perfilan o universo histórico da época e o sentir de María Xosé Queizán, ao escribir *Cólera*. Saliéntase que os poemas beben de Zeca Afonso, Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro, Rosalía de Castro, Lorenzo Varela, Don Dinís e Meendinho, entre outros autores homenaxeados así mesmo por ser piares da tradición. E conclúese situando este poemario no ronsel rosaliano, xunto ás figuras de María Mariño, Xohana Torres, Luz Pozo ou Eva Veiga, e describíndoo como "elocuente, cheo de vigor e testemuño dunha época".

- Manuel Forcadela, "Colérica lírica", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 176, Tomo XLV, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2007, pp. 80-81.

Cólera (2007) é o último libro de María Xosé Queizán. En cada unha das páxinas percíbese a sentimentalidade como trazo configurador pois a autora fai unha viaxe polas vivencias persoais dende comezos da década dos sesenta até a desaparición do

franquismo. Ao mesmo tempo a literata recorda diferentes persoas, como Carmiña Graña e Raimundo Patiño, que a acompañaron nesa evolución histórica. O estilo poético da autora ten como trazos caracterizadores a "poesía da cidadanía", tipo de poesia que procura a comprensión plena por parte do lectorado do discurso ideolóxico prefixado, e o xogo paraliterario cos autores precedentes da tradición literaria precedente.

- Montse Pena Presas, "Sendo eles", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 222, "Libros", 25 outubro 2007, p. IV./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 159, "Lecturas", 3 novembro 2007, p. 6.

Comézase citando unhas palabras do "Limiar" de *Cólera*, onde a poeta explica que relembra feitos vividos e que os relata dende un ollar masculino, ao tempo que homenaxea a personaxes da resistencia contra a ditadura franquista. Apúntase que María Xosé Queizán constrúe un "filme lírico, a camiño entre o documental e o íntimo", mediante o emprego de símbolos facilmente recoñecíbeis, como os "grises". Insístese en que incide nos sucesos, persoas e lugares que se enfrontaron á ditadura franquista e á opresión, sen renunciar á liberdade e á loita. Apúntase que *Cólera*, pese ao seu carácter de poesía social, é un poemario da memoria e da denuncia da desigualdade xenérica da muller respecto ao home. Finalízase aludindo ao prólogo, no que se reflecti que as mulleres "sufrían unha contínua obxectualización", e enténdese que empregue unha perspectiva masculina para insistir en que a actitude do home respecto á muller converteuna en personaxe secundario.

- Montse Pena Presas, "Cólera de María Xosé Queizán", *Festa da Palabra Silenciada*, "*Actualidade*", 2007, pp.166-167.

Explícase como, en *Cólera*, María Xosé Queizán busca a través da lembranza reagrupar os feitos e os protagonistas que formaron a resistencia contra o franquismo. Iniciándose coa composición "Comeza a rebelión", sinálase que nos atopamos perante un memorial emotivo, un auténtico filme lírico trazado dende o punto de vista masculino, no que destaca a poesía social e os elementos de denuncia de xénero. Así, apúntase que, no mesmo prólogo, Queizán asegura que un dos seus obxectivos é amosar que a meirande parte dos militares de esquerda non contemplaban as súas compañeiras como iguais, senón como camaradas de segunda que sufrían con asiduidade unha continua obxectualización. Tamén se exaltan os versos aos que dá lugar a figura da guerrilleira Carmiña, onde se busca o recoñecemento das mulleres que loitaron pola terra e pola liberdade, e coméntase que a historia relatada vese adobiada polos versos daqueles tempos que servían como armas cargadas de futuro (Novoneyra, Celso Emilio, Iglesia Alvariño...) e con letras de voces tales como a de Lluis Lach con L'Estaca. Por último, indícase que *Cólera* se erixe en memoria dunha dobre marxinalización, a dunha terra oprimida e a dun sexo subxugado, así como aludindo a moitos dos motivos que levarían ao espertar definitivo do feminismo galego.

- Vicente Araguas, "Falar moi alto", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 457, "Libros", 11 novembro 2007, p. 20.

Comézase recomendando a lectura do poema "Amar a Che Guevara", tinguido dunha carraxe atemperada polo humor. Explícase que María Xosé Queizán tentou elaborar un poemario de totalidades, de xeito épico e global, que explicara o franquismo e o contexto no que se xerou. Para conseguilo, coméntase que apostou por unha visión

crítica, adornada de cancións protesta e de poemas, sen citar as súas fontes. O articulista recoñece a Luis Cilia, José Afonso ou Lluis Llach como os cantantes contestatarios, e os versos de Díaz Castro e Uxío Novoneyra. Tamén se destaca o diálogo establecido pola poeta consigo mesma, emulando unha tendencia do tardofranquismo. Céntrase en louvar a orixinalidade do poema dedicado ao Che Guevara, tinguido de referencias a Amador e daniel, Catabois, Pysbe, Fenya, Bazán, As Encrobas, Castrelo de Miño e a misa por Rosalía celebrada o 25 de xullo de 1969. Apóstase, en conxunto, por clasificar *Cólera* como "parodia ou caricatura da vella poesía realista". A pesar da reiteación de lugares comúns, recoñécese "a frescura e a afouteza" da poeta tamén nos versos de "Ir de viños", que conclúe co "Bonjour tristesse" de Paul Éluard e Françoise Sagan.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Queizán louva os impulsores do galeguismo político de posguerra", *El Correo Gallego,* "Cultura", "Poesía", p. 76./ "Non perdemos o 'orgullo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Poesía", p. 27, 20 xuño 2007.

Dáse conta, entre outras cousas, da presentación do novo libro de poemas de María Xosé Queizán, *Cólera*. Identifícase esta escritora como a pioneira da loita feminista no noso país e argumenta os motivos que a levaron a abandonar a perspectiva feminista neste novo volume poético. Recóllense as palabras de Queizán que explican que con este libro pretende louvar os impulsores do galeguismo político de posguerra e que, se o fixese dende unha perspectiva de xénero, provocaría a contradición de que "vería eses homes solidarios que na casa, coas súas mulleres, actúan como tiranos". Entre outras cuestións, sinálanse os motivos que levaron á poetisa a tardar tanto en adentrarse no xénero poético, até que descubriu que podía "facer ensaio a través da poesía". Alén de facer mención a algunhas das súas obras, anúnciase a reedición da peza de teatro *Antígona ou a forza do sangue*, nun volume conxunto co drama *A Cartuxeira* e unha comedia inédita titulada *Neuras*.

- Mar Mato, "Os rexistros na casa eran como unha violación", *Faro de Vigo*, "Vigo", 21 xuño 2007, p. 15.

Entrevista á escritora María Xosé Queizán a raíz da publicación do seu novo libro de poemas, *Cólera*. Explica por qué considerou axeitado o xénero poético para unha obra deste estilo, na que fala dos sentimentos como a carraxe, a dor ou o medo que sentiron as xeracións que sufriron a represión da ditadura franquista. Considera que agora estamos en democracia e que non hai que continuar a sufrir polo pasado. Tamén se fai mención aos diferentes xéneros cos que traballou a autora, quen confesa que non é quen de escoller entre as súas obras cal é a preferida.

- E.F., "María Xosé Queizán espanta a 'Cólera", *La Región*, "Ourense", 11 outubro 2007, p. 8.

Coméntase que presentou en Ourense este poemario memorialístico da resistencia contra o franquismo, que abarca dende a metade dos anos sesenta até os setenta, vistos cun ollar masculino. Cítanse palabras da poeta explicando que *Cólera* precisou anos "para repouso e cocción" e que, ao conter vivencias persoais, por iso o escribiu no xénero lírico. Matízase que non está escrito "dende o rencor senón dende a verdade"

subxectiva dunha muller, pero tamén dende a obxectiva, porque conta feitos que ocorreron. Remátase explicando que María Xosé Queizán está a concluír un ensaio que titulará *Antinatura* e que ten pendente presentar unha obra teatral xa escrita, ademais de continuar investigando e recompilando datos para escribir unha novela histórica.

- Concha Pino, "Los poemas desde la ira de Queizán", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", "Crónica", 19 outubro 2007, p. L16.

No apartado "Poesía escrita con cólera", dáse conta do novo poemario, explicando que o presentou en Compostela nun acto no que proxectou un documental de Manuel Forcadela, no que vai seguindo os poemas de *Cólera*. Destácase que esta feminista recupera a resistencia contra o franquismo dende mediados dos sesenta até os anos setenta, e que insistiu en escribir o poemario dende unha perspectiva masculina, xa que as mulleres daquela non contaban na sociedade. Explícase que, se o escribira dende unha perspectiva feminina, se titularía "Cóleras", debido á "dobre opresión" sufrida polas mulleres, e que os poemas están escritos con cólera, xa que non podía recordar aquela época "sen ira".

- Lupe Gómez, "Utopías", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 679 , "A Bailarina", 21 outubro 2007, p. 5.

No apartado "A Carraxe", referido ao mércores 10 de outubro de 2007, destácase o compromiso dunha poeta "radical e feminista" ao facer memoria histórica "para combatir a amnesia". Saliéntase que a mocidade daquela época se alzou contra a ditadura que afogara as utopías. Defínese *Cólera* como "poesía brutal e comprometida", que homenaxea aos combatentes, xa que "escribir significa poñernos no lugar do outro". Remátase pedindo que o lectorado abra as mans para recoller as mentiras, verdades, ilusión e carraxe que expresa María Xosé Queizán.

Quintiá, Xerardo, *Poesía en ruta*, III Premio de poesía Fermín Bouza Brey, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 182, novembro 2007, 75 pp. (ISBN: 978-84-96475-58-8). ■

Segundo libro de poemas do escritor Xerardo Quintiá (Friol, 1970), polo que foi premiado en 2005 co Premio de Poesía Fermín Bouza Brey do Concello de Vilagarcía de Arousa. O poemari está dividido en tres apartados: "Proceso poético" [1999//2005], composta polo poema <<primeira poética>> e que se abre cunha cita de Charles Reznikoff, "Variación sobre un poema de Raymond Carver" cunha cita dese autor e composto por un poema sen túrulo, e "Entre a negación e a memoria, encabezada por unha cita de Wallace Stevens e composto por "asuntos". Apréciase unha importante preocupación pola creación literaria e, máis concretamente, pola creación poética. Toda a obra é unha reflexión sobre a poesía e sobre a figura do poeta e de poetas claves da historia da literatura galega. Hai unha constante intertextualidade no poemario, xa que constantemente apela aos mestres no proceso de creación. Trátase dun libro ambicioso, con afán experimentador e que revela o profundo coñecemento que o autor ten do xénero.

Reboiras, Ramón, *Shakespeare mata o porco cunha rosa*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 178, 2007, 86 pp. (ISBN: 978-84-96475-47-2).

O libro de Ramón Reboiras (San Xián de Laíño, Dodro-A Coruña, 1961) caracterízase por un marcado culturalismo, mostra disto son as referencias varias a escritores como Lord Byron, Shakespeare, deles hai unha especial predilección por facer constar escritores e trazos propios das vangardas, desta forma encontramos no libro referencias a Manuel Antonio e á súa poesía e Álvaro Cunqueiro. O culturalismo está mesturado co cotián, co propio da aldea e do campo, hai no libro referencias aos campos de centeo ou ao propio Laíño, lugar onde naceu o autor. O mundo rural encontrámolo tamén en alusións a festas con orquestras e bailes ou romarías. A música e a poesía son temas que encontramos neste libro como artes que se evocan con especial entusiasmo. Popular tamén podemos considerar a relixión que aparece no libro Deus, a Virxe son personaxes inseridos nunha relixión de carácter popular. Outro tema que podemos encontrar neste libro é o mundo dos sentimentos hai un espazo para o amor que se encontra negado e para a saudade.

Recensións:

- Vicente Araguas, "De porcos e rosas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 440, "Libros", 5 agosto 2007, p. 20.

Dá conta da publicación do primeiro volume de poemas en galego de Ramón Reboiras, *Shakespeare mata o porco cunha rosa*, do que caracteriza o seu estilo de prosaico. Sitúa as orixes do autor e sinala que é un home que procede do xornalismo e da novela en español. Tamén informa de que actualmente é o Director Cultural da FNAC madrileña.

- Marga Romero, "Da rosa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 220, "Libros", 11 outubro 2007, p. IV./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 213, "Lecturas", 20 outubro 2007, p. 7.

Comézase apuntando que disfrutou da lectura deste poemario, escrito "a partes iguais de inconsciencia e de ironía". Coméntase que se trata da primeira obra en galego de Ramón reboiras, autor tamén en castelán do poemario *El restro del mundo*. Obsérvase que *Shakespeare mata o porco cunha rosa* "entronca coa poesía galega das vangardas", e que incluso se atopan semellanzas lingüísticas, dunha "koiné" galega, con Manuel Antonio ou Álvaro Cunqueiro. Explícase que toma das vangardas o interese por revitalizar a tradición, para que a herdanza non se quede inmóbil. Obsérvase na voz lírica do poema "neste río que nos leva", a "educación sentimental" de Ramón Reboiras. Saliéntase que na súa viaxe xeográfica e sentimental, presentada como radiografía da súa xeración, detense no Ulla, np Pazo de Lestrove, en Rianxo, na feira padronesa ou en Cordeiro. Ademais, engádese que, tamén no poema "Unha nación de néboa", se aprecia o regreso á casa. Conclúese que este poemario tenta vivificar a historia, como se desprende de ler o poema dedicado á súa nazón, e pídese ao lectorado que lean este poemario.

- Mario Regueira, "Dante tomándolle uns viños", *Grial*, n.º 174, "O espello das letras", abril-maio-xuño 2007, pp. 104-105.

Detalla que *Shakespeare mata o porco cunha rosa*, de Ramón Reboiras, conta cun

rechamante título e que presenta unha reivindicación irónica do rural, así como outra da universalidade. Indica tamén que neste poemario aparecen figuras canonizadas paseando por Galiza como Bob Dylan, Onetti, Churchill ou Pucho Boedo con encontros que "nunca están exentos de ironía".

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Shakespeare mata o porco cunha rosa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 outubro 2007, p. 29.

Fálase da presentación na Fnac da Coruña, acompañado do editor Miguel Anxo Fernán-Vello e do escritor Manuel Rivas, deste poemario "festivo e provocador" do xornalista e escritor afincado en Madrid dende 1979. Saliéntase que se trata de seu primeiro libro en galego, tras os títulos casteláns *Corazonada*, *El guardián de las ruinas*, *Hazlo por mí* o *el resto del mundo*. Recóllese que Ramón Reboiras comezou a ler cantigas e cantigas hai dous anos, por unha arroutada, e que o resultado foi este "acto de xustiza poéica" co seu pasado. Recoñece que o título é surrealista e que contén versos "superrealisttas", froito das súas viaxes nas que descubriu "haikus ou bossa nova", pero sobre todo está influído polos "*Cantares Gallegos* de Rosalía e a lírica medieval". Reflíctese a mestura da súa paixón por William Shakespeare coas lembranzas da súa infancia en San Xián de Laíño, unha parroquia do concello coruñés de Dodro, onde o porco era "o tótem, ademais da principal fonte de alimentación". Remátase coa opinión do autor de que Galicia é un referente en poesía e na fotografía, porén esta produción creativa ten escasa repercusión fóra de Galicia, debido a que conta con pouca promoción, agás autores como Teresa Moure. Considera, así mesmo, que xa é hora de superar que a poesía sexa un xénero minoritario. Remátase apuntando que o seu labor comopoeta é lento xa que "A poesía tarda en destilarse" pero nuns anos escribirá un novo poemario en castelán e unha escolma galega.

- Yolanda Castaño, "Fotografías de auga", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Días (des)contados", 14 outubro 2007, p. 40.

No apartado do venres 5 de outubro, titulado "Fotografías en b/n", despois de opinar sobre a dificultade de reincorporarse ao traballo tras as vacacións, céntrase na presentación do primeiro poemario en galego de Ramón Reboiras. Refírese a que o autor conseguiu, grazas á presenza de Miguel Anxo Fernán-Vello e Manuel Rivas, unha "celebración entrañable e familiar". Coméntase que *Shakespeare mata o porco cunha rosa* fai volver os ollos á aldea coa retranca da cidade, vista como un paraíso perdido.

Rivadulla Corcón, X.H., *O adeus do vello mariñeiro*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 17, outubro 2007, 77 pp. (ISBN: 978-84-9782-671-6). ■

Co telón de fondo da morte da pesca artesanal, concibida como fonte de grande importancia social e económica en Galicia, Xosé Henrique Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962) plasma neste libro a historia de dúas persoas que representan a cultura e a forma de vida da xente do mar da Costa da Morte. O libro comeza con diferentes citas de Francisco de Quevedo, Cesare Pavese, Xavier Seoane, Mario Benedetti e Bernardino Graña, que fan alusión á morte como tema central do libro. O poemario está dividido en

dúas partes: a primeira parte é a retrospectiva do vello mariñeiro, Miguel Barrientos, que durante a derradeira noite de vida escribe todos as súas lembranzas vinculadas co mar e coa súa muller, como ben indica o título desta sección "Poemas do vello mariñeiro para a muller que ama", en forma de poemas nun caderno. A segunda parte, "Poemas da muller para o vello mariñeiro que ama", alude á visión da súa muller, Laura Conde, que, tras experimentar o sufrimento da marcha do seu home, días despois le os poemas do seu marido e continúa a escritura no caderno sumida na máis fonda soidade. A poética usada por Rivadulla Corcón está conformada pola xente do mar, homes e mulleres, que construíron un mundo. O binomio terra-mar e pasado-presente debuxan un lenzo de desacougo existencial. Nos seus versos obsérvanse como pautas referenciais Xavier Seoane, a sinxeleza e claridade da poesía de Mario Benedetti, Bernardino Graña, a vixencia da poesía social de Rosalía de Castro e Uxío Novoneyra.

Referencias varias:

- Juan Floriani, "Con todo o mar detrás", *Galicia Hoxe*, "Maré", "Poesía", 19 decembro 2007, p. 28.

Preséntase o novo libro de Henrique Rivadulla, *O adeus do vello mariñeiro*, no que retoma a temática do mar tan presente na súa obra e onde fala dunha historia de dúas persoas que simbolizan aqueles homes e mulleres do mar. Tamén se destaca que os poemas que compoñen o libro, aínda que moita xente os poida relacionar co Prestige, naceron meses antes da traxedia. Por outra parte, recóllense as palabras de Rivadulla quen sinala as cinco referencias que marcaron a súa poesía e das cales segue aprendendo: Xavier Seoane, Bernardino Graña, Mario Benedetti, Uxío Novoneyra e Rosalía de Castro.

Salceda, Pura, *A ollada de Astarté*, intr. Carlos Morales, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 176, 2007, 78 pp. (ISBN: 978-84-96475-45-8).

Primeiro libro de poemas en galego de Pura Salceda (México D. F., 1961), filla de emigrantes que agora ten a súa residencia en Cataluña. A introdución, baixo o título "O labirinto descifrado", está asinada por Carlos Morales, quen comenta o proceso de evolución poética desta poeta dende o seu primeiro volume de poemas en español, *Versos de perra negra*, publicado en 2005, até *A ollada de Astarté*. Esta obra está organizada en catro partes, precedidas dun poema titulado "Eu son Astarté", que presenta a personalidade dese suxeito lírico do libro que é Astarté. Os apartados en que se encontran estruturadas as composicións levan os seguintes títulos: "Un", "Dous", "Tres" e "...Es meu", en relación co espírito de caza que representa Astarté e domina os poemas. A obra contén referencias mitolóxicas, xa dende o propio título, e os temas que trata son os da violencia do desexo, o poder na relación amorosa ou o proceso de sedución. Son constantes as alusións aos animais e á caza, metáfora da conquista amorosa. O suxeito poético, Astarté, representa unha muller que transgrede o rol feminino, ao ser ela a que loita e caza, mentres o seu amante, espera.

Recensións:

- Ana Abelenda, “A voz xenuína do corpo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 232, “Letras en Galego”, 13 outubro 2007, p. 11.

Comézase rememorando a definición de poema que incluíu José Ángel Valente en *Cómo se ointa un dragón*: lugar da “fulgurante aparición” da palabra. Apúntase que Pura Salceda é sabedora de que o escritor establece “unha relación des estrita carnalidade” coa súa creaciónb literaria, de aí que lle dea “corpo ás palabras”. Lémbrase que esta mexicana, filla de galegos, comezou a súa nadina literaria hai dous anos con *Versos de perra negra*, con prólogo de Luis Eduardo Aute. Céntrase en explicar que *A ollada de Astarté* trata do amor, entendido como entrega sexual, xa que “todo é procura, precipio e salto”. Remátase apuntando o instinto animal da natureza humana, que consegue na escuridade recoñecer o seu ser íntimo e a luz, comparando así a Pura Salceda coa máxima de Lezama Lima, cando entende ao ser humano como “el primer animal visible de lo invisible”.

- Armando Requeixo, “Engado dos sentidos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 221, “Libros”, 18 outubro 2007, p. IV.

Comézase cun versos-manifesto, extraídos do primeiro poemario en galego, tras algúns ensaios e o poemario *Versos de perra negra* (con prólogo de Luis Eduardo Aute), escritos en castelán, onde aparecían “estilemas” que se repiten nesta “ollada de Astarté”. Expónse que a voz lírica compón un poemario amoroso sobre o desexo animal, que muda a amor cómplice, ao fundirse intimamente os dous seres. Trátase de corporeizar a deusa fenicia Ashart, coñecida como Inanna en Mesopotamia e Sumeria, Ishar para os acadios, Astartoth para os israelitas, da que os gregos tomaron elementos para a súa Afrodita. Explícase que esta deusa simboliza a natureza, a vida e a fertilidade, pero saliéntase que exalta os praceres carnais e o amor. Céntrase nas referencias de símbolos semíticos e helenísticos, que conflúen do divino no humano. Recóllense referencias literarias a Plauto, García Lorca, Aphra Behn, San Juan de la Cruz ou Shakespeare, ademais das poetas actuais Estíbaliz Espinosa ou María do Cebreiro. Conclúese considerando que o poemario enfeitiza ao lectorado coma se fose “un mar hipnótico e perfecto”.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, “A entrega de Astarté”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n. º 653, “A Bailarina”, 22 abril 2007, p. 16.

Artigo dedicado a recoller pequenos fragmentos ao mesmo tempo que se traza un diario persoal da semana. O libro de poemas pertence á nova obra que aparece no panorama cultural galego titulado *A ollada de Astarté* de Pura Salceda. O tema de carácter intimista afonda nos sentimentos humanos como é o caso do amor, tema principal do libro.

Salgado, Daniel, *Os poemas de como se rompe todo*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Edoy Leliadoura 2007, 78 pp. (ISBN: 978-84-7824-528-4).

Tras a aparición de *Sucede* (2004), *Días no imperio* (2004) e *Éxodo* (2006), Daniel Salgado (Monterroso, 1981) publica o seu cuarto poemario na nova colección de poesía "Edoy Leliadoura", continuadora da colección "Leliadoura", na que se publicaron algúns dos libros máis importantes da poesía galega dos anos 80. Ábrese o volume cunha dedicatoria e coa reprodución duns textos de Samir Amin e Fredric Jameson, para logo presentarse, a través dun texto acumulativo, unha reflexión sobre a súa escrita no apartado "Autopoética *in progress*". A seguir, acóllese o poemario, que se divide en dous apartados: un primeiro de doce poemas e un segundo de nove, que, á súa vez, están separados por unha composición titulada "Eloxio de Karl Marx". Os poemas de Salgado, algúns deles dedicados a escritores e outros encabezados por fragmentos textuais pertencentes a outros autores, son de extensión varia e susténtanse nunha estrutura narrativa. A súa temática xira ao redor de temas tan dispares, que decorren dende o capitalismo, a Europa dos mercadores e os medos até a terra, a idade adulta, a fuxida ou o amor.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, "Versos para ser lidos doutra maneira", *A Nosa Terra*, n.º 1291, "Cultura", "Crítica", "Poesía", 28 decembro 2007-3 xaneiro 2008, p. 22.

Dá mostra de cómo *Os poemas de como se rompe todo*, de Daniel Salgado é un testemuño moi válido dun momento histórico onde a tradicional forma de ler está a mudar. Explica como se pasa dunha lectura, onde o contido semántico do texto resulta da decodificación e acumulación de datos xerarquizados, a un novo procedentemento, no cal se impón a interpretación a partir da evocación. Sinala que esta nova forma de ler implica tamén unha nova forma de escribir, polo que fai uso dun ritmo roto que non abusa da extensión. Tamén apunta que, tematicamente, se organiza en dúas partes: unha primeira que xira arredor da tortura que representa contemplar a desfeita do mundo e unha segunda que inciden no equilibrio entre amor e a problemática social da desmotivación que leva ao esquezo da historia.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "Ganas de romper todo", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 688, "A bailarina", 25 novembro 2007, p. 5.

Lupe Gómez divide o artigo en varios días da semana nos cales trata diferentes cuestións. Relacionadas coa literatura galega, fai referencia á publicación do novo libro de Daniel Salgado, *Os poemas de cómo se rompe todo*, que define como un "poemario-xornal", e tamén á tradución en galego da obra de John Berger, *Porca Terra*.

Souto, Paco, *As horas de María*, X Premio de Poesía Johán Carballeira 2006, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, n.º 177, xaneiro 2007, 53 pp. (ISBN: 978-84-96475-46-5).

Paco Souto vai enfiando os poemas, para narrar cronoloxicamente, á par que sentimentalmente, a historia de María, unha humilde muller traballadora. Rememórase a

través dos versos a infancia da protagonista, adicada a coidar do gando e sen poder asistir á escola, para logo relatar o camiño do marido cara á guerra de África e os posteriores partos en soidade dos fillos que con el vai tendo. Precisamente, no poema titulado "Parto" dedúcese que quen escribe os poemas é unha neta da protagonista. A guerra do 36 e a anguria que supón tamén se plasman na obra, tanto nas consecuencias de fame e saqueos que trouxo coma no tema dos fuxidos, do extraperlo ou do exilio. A vida de María vólvese triste na vellez, cando a construción dun polígono industrial a obriga a deixar as terras que dende sempre traballara. A soidade da anciá reflíctese nas súas noites fronte á televisión, sen ninguén ao seu carón que lle faga compañía. Nos últimos poemas, a lembranza da protagonista, "María dos mil anos", é predominante. Paco Souto opta para contar a historia desta muller por un estilo conciso e sinxelo, que semella máis achegado ao narrativo que ao lirico, co fin de narrar a peripecia vital dunha traballadora que, máis aló do caso particular, plasma a existencia de moitas das nosas avoas e nos lembra o que fomos.

Recensións:

- Ana Salgado, "As defuntas teñen dengue, mantelo, saia", *Tempos* Novos, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 18.

Fala do poemario *As horas de María*, de Paco Souto, onde se recollen as vivencias daquelas avoas que case todas se chamaban María e que eran as transmisoras da lingua e a memoria histórica. Comenta que as horas de María van sucedéndose: nace, traballa, le, pare e morre, pero no medio deste *continuum* hai poemas manuscritos utilizados case coma ilustracións. Por último, sinal aque ela desconfía da lavadora ou do polígono industrial, pero que tamén fala da guerra de África, da República do 14 de abril de 1931, a guerra de 1936.

- Héitor Mera, "Nas enrugas de María", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 216, "Libros", 13 setembro 2007, p. IV.

Explícase que este poemario se centra na personaxe de María e que a través dela se observa unha evolución vital e sentimental. Así mesmo, coméntase que, a través das enrugas da protagonista se pode observar a historia do século XX, nunha mestura da denuncia social coa intimidade sentimental. Detállase que en cada momento dos anos da vida de María ela foi testemuña galega "do atraso histórico do país". Saliéntase, ademais, a contención emotiva deste poemario, tinguido de "imaxes acertadas e tentadorras". Conclúese recomendando ter en conta este poemario "de fonda raigame sentimental e sinceridade emotiva".

Sumai, Anxos, *24 10 06*, fotografías Manuel Martínez, Santiago de Compostela: Candeia Editora, 2007, [48 pp.]. (ISBN: 84-96163-08-3).

Volume de pequeno formato no que se alternan as fotografías de Manuel Martínez (Güin, Bande, Ourense, 1959) cos textos de Anxos Sumai (Catoira, 1960). Ábrese coas citas de Susan Sontag, sobre a concepción do que representa a fotografía como "inventario da mortalidade" e de Paul Celán e Walter Benjamin sobre a estrañeza e o descoñecido, nun intento de permanencia do efémero, que poñen ao lectorado agardado

en antecedentes do que vai atopar no volume. Sobre un fondo totalmente negro reprodúcese unha frase que ocupa a dobre páxina e que dá paso a outra dobre páxina de fotografías en branco e negro. Trátase dun texto narrativo circular (o final enlaza co inicio) de marcado ton lírico, no que o eu narrativo se refire á dor e ás diversas manifestacións desta, como a provocada pola ausencia, a de descuberta de un mesmo, a convivencia e a aprendizaxe, en definitiva, a dor como proceso de maduración. As fotografías, moitas delas en claro contraste de formas e texturas, suxiren espazos abertos, desfeitos, elementos do contorno do eu e sombras, na liña do propio texto.

Valcárcel, Xesús Manuel, *Tensión nuclear*, Santiago de Compostela: Bubela Editorial, 2007, 127 pp. (ISBN: 978-84-611-934933-3-2).

Nova publicación de Xesús Manuel Valcárcel, (Lugo, 1955), na que cultiva a liña da poesía filosófica e que se enmarca dentro da vangarda artística e literaria que ten como obxectivo principal a renovación total da poesía, o "senti_MENTAL_ismo". Empregando unha linguaxe directa e sinxela, analiza a complexidade do psiquismo humano e observa as profundidades do eu centrándose no 'binomio esencial', xa que a sombra e a luz necesítanse mutuamente. Reflexa unha sociedade infantilizada que evita profundar na complexidade do ser humano, que é profundamente materialista e que xira arredor de dous eixos fundamentais: o culto ao diñeiro e ao corpo, evitando recoñecer todo aquilo que sae dos seus patróns idealizados, como por exemplo a pobreza, a morte e a enfermidade. Xesús Valcárcel manifestan nas súas composicións, ademais dunha profunda crítica contra esta sociedade, a reivindicación da conciencia individual e da asunción de responsabilidades.

Recensións:

- Román Raña, "Cara á especulación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 223, 1 novembro 2007, p. IV./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 160, 10 novembro 2007, p. 6.

Coméntase que se trata da segunda entrega do autor tras o *Tratado de amor*, e valórase negativamente este volume xa que consiste nunha "disparatada sucesión de aforismos, de pensamentos enfiados" dirixida "á pura especulación", como se observa xa ao ler os títulos dos sete cantos nos que se divide. Explícase que a estrutura xira en torno ao número sete (sete cantos que conteñen sete poemas) en referencia á cifra mística das teorías orientais e occidentais "no camiño de superación e da perfección humanas". Apúntase que se trata dun tratado, publicado xa anteriormente, e que ao que se lle engadiu moralexas, con retranca, nun ton coloquial propio sda cultura popular do século XX. E remátase opinando que este texto argumental e argumentativo resulta máis adecuado no xénero ensaístico que no lírico, porque senón queda anulada a voz poética.

Referencias varias:

- P. T., "Cuarto Valcárcel", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 20.

Coméntase que se trata do cuarto título do tratado "senti_MENTAL" deste escritor, e que se presenta como unha vangarda para tentar renovar a poesía dun xeito total. Explícase que se encuadra na "liña filosófica" que xa presentaba nas súa anteriores obras.

Villar, Rafa, *Escoración dos días*, XIX Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, ilus. de Virxilio, Sada: Ediciós do Castro, col. Eusebio Lorenzo Baleirón, abril 2007, 59 pp. (ISBN: 978-84-8485-258-2).

Poemario de Rafa Villar (Cee, 1968), que acolle poemas titulados, nun volume que comeza cun "Envío", extraído de *Gramática do silencio*, de Eusebio Lorenzo Baleirón, e que se dedica a Paula. Rafa Villar, licenciado en Filoloxía galego-portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela, cofundador do Batallón Literario da Costa da Morte e do consello editorial da colección poética "Letras da Cal", conta cunha abundante obra poética, na que destacan os títulos iniciais *Liques da memoria* (1993), *O devalo do mar* (1994) ou os máis recentes *Días de sherezade* (2000) e *No ventre da balea (antoloxía persoal 1994-2004)* (2005). Na estrutura do poemario cómpre salientar que os títulos dos poemas van en negriña, e os poemas van enlazados, de xeito que o último verso do primeiro poema vai destacado en negriña, e aparece como título do segundo poema, tamén a negriña. Trátase de poemas breves, de temática variada sobre elementos da natureza, fenómenos atmosféricos e estados do espírito, escritos en estrofas dun, dous, tres ou catro versos, sen orde nen rima fixas.

Recensións:

- Marga Romero, "Ás que levamos dentro. Na firmeza das palabras", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 217, "Libros", 20 setembro 2007, p. IV.

Comézase salientando o certame literario e céntrase en encadrar a Rafa Villar no seu contexto xeracional e destacar a súa produción literaria. A seguir, explícase que *Escoración dos días* transita polo mar como punto de inicio e meta, e como sinónimo do labor poético. Apúntase que os termos mar, horizonte, futuro, utopía, nación ou patria, entre outros, constitúen "ideoloxemas" poropios do poeta. Considérase aos poemas como un só poema autopoético, cheo de amor, de breves e firmes palabras e onde os silencios evocan sensacións. E finalízase aludindo ás ilutracións de Virxilio para conseguir que o poemario sucesa "felinamente".

- Xosé María Costa, "Sobre a orixe da dor", *A Nosa Terra*, n.º1.291, "*Cultura*", "Crítica", "Poesía", 28 decembro 2007-3 xaneiro 2008, p. 23.

Dá mostra de como o Rafa Villar se mergulla na meditación sobre o tempo, a decepción e a distancia no seu novo poemario. Facendo uso dun ton singular e emotivo e dalgún que outro verso fácil e obvio, sinala que nos atopamos cunha lírica intensa e íntima que parte na procura da orixe da dor, revelando a angustia e a ferida, a sensación de baleiro e de dúbida. Así pois, soidade, a derrota, a turbación, a ausencia e o fracaso, toman protagonismo nestes versos.

Villar, Rafa, *Memoria de Ahab*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Edoy Leliadoura, n.º 3, 2007, 139 pp. (ISBN: 978-84-7824-529-1).

Primeira edición en formato papel deste poemario de Rafa Villar (Cee, 1968) que viu a luz inicialmente na Internet. Trátase dun conxunto de sesenta poemas numerados e sen título, agás o último, "Pregunta derradeira". A obra conta cun apartado final, "Rastros de mar", no que, a xeito de epílogo, se reúnen sete poemas máis. En xeral son composicións moi breves, nas que prodominan os versos moi curtos. A temática xira arredor dunha visión negativa da vida e da sociedade, na que o mar ocupa un lugar central. Dende o propio título estabelécese un xogo de intertextualidade coa novela canónica, *Moby Dick*, e evócase a loita contra o mal, representada polo personaxe central desta, o capitán Ahab. A voz poética, de xeito descarnado, describe un lugar desolado e lanza mensaxes de desesperanza, ademais de ofrecer unha visión fortemente negativa do presente, na que se toma conciencia de que condicionará o futuro. En definitiva, é un retrato escuro e baleiro, no que predominan as alusións á memoria e tamén ao herdo que a sociedade actual lle vai deixar aos que cheguen, e no que o mar forma parte dun paraíso que se está a perder, a causa de intereses ocultos e a especulación. No entanto, ao longo do obra, pero principalmente na parte final, a palabra adquire poderes para esconxurar o mal e convértese na arma coa que loitar contra a dor e os ataques a través da denuncia e da esixencia de responsabilidades aos responsábeis dos ataques, porque ao fin queda a esperanza de comezar de novo.

VV. AA., *Isto é un poema e hai xente detrás*, Premio Gzcrea 2006, A Coruña: Edicións Espiral Maior/Xunta de Galicia, col. Gzcrea Poesía, 2007, 128 pp. (ISBN: 84-96475-49-2). ■

Volume que recolle as composicións líricas finalistas do Certame Galego de Creadores Novos Gzcrea 2006 de Poesía. Logo dunha pequena cita do manifesto *Mais Alá*, de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro, veñen os prólogos institucionais, seguidos da nómina dos membros que formaron o xurado. A seguir comeza coa serie de poemas que obtiveron o segundo e o terceiro premio, así como tamén os tres que acadaron mencións de honra. A obra péchase cun apartado no que se aportan unhas notas biobibliográficas dos autores.

- Lucía Aldao, "Así", pp. 17-28.

Lucía Aldao (A Coruña, 1982) presenta oito composicións nas que domina a temática amorosa. O "eu poético" manifesta os intentos de retomar unha relación e plantéxase como encarar unha relación.

-Brais González Pérez, "Heraldos das escuras horas", pp. 29-40.

Brais González (Salceda de Caselas, Ourense, 1988), quen comeza o seu poemario cunha cita do poeta latino Ovidio, presenta, ao longo dos nove poemas que forman a súa produción, un gran número de pegadas da cultura clásica mesturadas. Ademais tamén realiza referencias a figuras como Chales Darwin, Pablo Neruda, Catulo ou Rimbaud.

-Ledicia Costas Álvarez, "Aparición de triste", pp. 41-62.

Ledicia Costas (Vigo, 1979) presenta nos dezaseis poemas, agrupados en catro partes, un "eu poético" que conta as súas lembranzas e experiencias persoais realizando unha fonda reflexión.

-Alberte Momán Noval, "De ter un can chamaríalle Guenguis", pp. 63-87.

Alberte Momán (Ferrol, 1976) ao longo de vinte poemas cargados, en moitas ocasións, de erotismo, manifesta diferentes experiencias e expresa a súa forma de afrontar a vida.

-Verónica Martínez Delgado, "O ladrón de almas", 89-126.

Verónica Martínez (Valdoviño, 1976) manifesta ao longo das súas composicións poéticas, que comezan con citas de José Hierro, Benedetti e Caetano Veloso, as diferentes vivencias que tivo có "ladrón de almas" e tamén reflexa o moito que influíu na súa vida.

Recensións:

- M. Otero, "A nova poesía galega", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 224, "Letras en galego", 18 agosto 2007, p. 7.

Comézase salientando a orixinalidade do título que recolle o segundo e terceiro premios e as mencións de honra do certame Gzcrea 2006. Precísase que se trata das obras *Así*, de Lucía Aldao; *Heraldos das escuras*, de Brais González Pérez; *Aparición de triste*, de Ledicia Costas Álvarez; *De ter un can chamarlle guenguis*, de Alberte Momán Noval e *O ladrón de almas*, de Verónica Martínez Delgado. E remátase recomendando botarlle unha ollada á poesía galega actual, xa que pinta ben.

- Ana Salgado, "O eu lírico existe e hai xente detrás", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 4, "proPostas", outono 2007, p. 12.

Di que *Isto é un poema e hai xente detrás* é resultado da compilación de textos de cinco poetas menores de trinta anos: Lucía Aldao, Brais González, Alberte Momán, Ledicia Costas e Verónica Martínez Delgado. Sinala que o poemario ten en común certa subxectividade e a temática do amor e o desamor. Comenta que na poesía de Aldao o mundo divídese en dúas partes e que hai certa perda da inocencia, pero que o que máis se destaca é a súa visión da violencia dende un punto de vista feminino. Por outra parte, considera que Brais González practica unha poética civil e nostálxica, mentres que Ledicia Costas toca o tema do amor confesional e ácido, Alberte Momán trata o amor irónico e tenro e Verónica Martínez Delgado, o amor que supón falta de identidade. Tamén se bota de menos neste poemario, unha maior distancia entre o íntimo e o cívico.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "Xente detrás do poema", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 662, "A Bailarina", 24 xuño 2007, p. 16.

Refírese ao libro de poemas que recolle os traballos premiados no certame Galiza Crea 2006, ao que se achega para coñecer as derivas da nova poesía galega. Destácase a

claridade aberta dos versos de Lucía Aldao, da que se cita "Quixera dicir verdades/pero o dicionario non me deixa", así como a enxebreza e elegancia dos de Brais González. Por outra parte, alúdese ao que lle evoca a poesía de Ledicia Costas e tamén se recollen algunhas palabras sobre Alberte Momán e Verónica Martínez, da que se anota que escribe un poema que é como ir lendo unha historia.

- A. Abelenda, "Marcados pola diferenza", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 242, "Letras en Galego", 22 decembro 2007, p. 11.

Destácase que nese libro teñen cabida o segundo e o terceiro premio do GZ Crea 2006, e que se mesturan difrentes voces de poesía galega. Saliéntase que a antoloxía comeza coa voz inxenua de Lucía Aldao, para continuar cos dispares versos de Brais González, Ledicia Costas e Alberte Momán, e rematar co *Ladrón de almas*, de Verónica Martínez Delgado.

VV. AA., *Na frente unha estrela, no bico un cantar*, prólogo de Helena Villar Janeiro, ilus. alumnado do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela: Fundación Rosalía de Castro, col. Poetas con Rosalía, n.º II, xullo 2007, 49 pp. (ISBN: 978-84-87668-26-7). ◆

Poemario editado co gallo da celebración do Día Mundial da Poesía do ano 2001 en Santiago de Compostela e organizado polo PEN Clube de Galicia. Os diferentes poemas que o integran están compostos tanto por autores galegos coma alófonos e teñen coma nexo común o vínculo con Rosalía, xa sexa por estar estes directamente dirixidos a ela, como é o caso de "Canzón de cuna para Rosalía, morta", de Federico García Lorca; ou por tela coma centro temático, coma "Chuvia de marzo 2001", da canadense Micole Brossard. O volume atópase ilustrado con debuxos feitos polo Alumnado do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, que mereceron o premio Rosalía de Castro para Experiencias Pedagóxicas 2005. O prólogo contextualiza a aparición do poemario, que está integrado dentro dunha colección que, coma sinala Villar Janeiro, naceu coa "vontade de ir construíndo, ano a ano, unha coroa poética que traspase as fronteiras e a lingua do país para honrar á poeta". Neste volume recóllense catro poetas alófonos: Federico García Lorca (Fuentevaqueros, 1898-Viznar, 1936), co poema "Canzón de cuna para Rosalía, morta"; Henrique Marques Samyb (Rio de Janeiro, 1980), con "O rostro de Rosalía"; Marifé Santiago Bolaños (Madrid, 1962), con "Asinado en Bastabales", e Nicole Brossard (Montréal, Canadá, 1943), co poema "Chuvia de marzo 2001". O resto dos autores que completan este poemario son de orixe galega: Avelino Abuín de Tembra (Laíño-Dodro, 1931), co poema "Oración rosaliana desde unha bouza inxel"; Marica Campo (Val do Mao, O Incio, 1948), con "Sombra do meu asombro", composta por "o que vías no espello" e "Hai unha moitedume"; Antía Otero (A Estrada, 1982), con "Arrólame como o tempo"; Chus Pato (Ourense, 1955), con "Leva tres meses escribindo a súa morte"; Víctor Campo Pereira (Maside, 1928), con "A luz do teu canto"; Daniel Salgado (Monterroso, 1981), con "As naves tristes e frías", dividido en dúas partes; Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946), co poema "Rosa en Iria" e Miro Villar (Cee, 1965), cos sonetos "Bolboretas das poetas" e "Saudades". En xeral, son composicións breves, e algunhas delas contan con citas literarias da homenaxeada Rosalía de Castro ou doutros autores, e onde cada escritor incluído no volume vai acompañado dos seus datos biográficos.

Referencias varias:

- C. G., "Preparan un homenaje a las figuras de Pura Vázquez y María Mariño", *El Correo Gallego*, 24 febreiro 2007, p. 34./"A Fundación Rosalía honra a María Mariño e Pura Vázquez", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 xaneiro 2007, p. 35.

Infórmase dos actos previstos pola Fundación Rosalía para todo o ano 2007 entre os que destacan, en palabras da súa directora Helena Villar Janeiro, unha homenaxe a María Mariño e outra a Pura Vázquez, un acto con escolares que se celebrará probabelmente o Día da Paz coa Casa Museo e o Seminario Galego pola Paz, un recital poético o día 23 de febreiro, o 24 de febreiro un acto literario en memoria do nacemento de Rosalía e tamén a presentación do segundo libro de *Poetas con Rosalía.*

VV.AA., *Dez por dez*, Santiago de Compostela: Abrente Editora, col. Cabeça de Égua. Poesía, 2007, 134 pp. (ISBN: 84-9333664-8-X).

Colectánea de poemas que inaugura a colección literaria "Cabeça de Égua" (título tomado do cume máis alto de Galicia, situado entre as comarcas de Cabreira e o Berzo), da editora fundada por Primeira Linha, Abrente Editora, coincidindo co X Aniversario da fundación deste partido político. Reúne diversos poemas de dez poetas en lingua galega, mesturando reintegracionistas e non reintegracionistas: Artur Alonso Novelhe, Suso Bahamonde, María Lado, Igor Lugris, Kiko Neves, Carlos Quiroga, Baldo Ramos, Concha Rousia, Séchu Sende, Ramiro Vidal. Nun breve prólogo, a editorial agradece ás escritoras e aos escritores a súa participación no volume e a aquelas e a aqueles que non acostuman utilizar a norma reintegracionista agradece a súa licenza para publicar os seus poemas na normativa ortográfica da Associaçom Galega da Língua (AGAL). Trátase de poemas inéditos pedidos aos autores para facer este volume, xunto a outros publicados electronicamente na Internet, cuxos datos aparecen precisados ao final de cada poema. Cómpre salientar a variedade de estilo e a presentación visual do formato textual de *Dez por dez*, que responde ao interese da editora por recoller figuras representativas da poesía galega actual.

Referencias varias:

- maré, "Dez por dez", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Panorama lírico", 5 xuño 2007, p. 33.

Dá conta da publicación dun volume poético que inicia a colección literaria "Cabeça de Égua" en Abrente Editora, co motivo do décimo aniversario de Primeira Linha, formación política responsábel desta estrutura editorial. En primeiro lugar, explica o título da colección, que é o nome co que se denomina o pico galego máis alto, que se encontra no Bierzo. Por outro lado, anuncia a presentación do libro, *Dez por dez*, en Compostela e informa das autoras e dos autores que participan nel: Artur Alonso Novelhe, Suso Bahamonde, María Lado, Igor Lugrís, Kiko Neves, Carlos Quiroga, Baldo Ramos, Concha Rousía, Sechu Sende e Ramiro Vidal. Por último, menciona que a norma ortográfica utilizada nesta obra conxunta é a reintegracionista e recolle palabras de quen promove esta publicación que aluden á vitalidade e á utilidade da poesía no século XXI.

- maré, "Mariñán acolle o diálogo entre escritores", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 xuño 2007, p. 33.

Informa que a editorial Abrente acaba de inaugurar unha nova colección titulada "Cabeça de Égoa" que se estrea co novo libro *Dez por dez*. Explica que se trata dun volume compilatorio que reúne a dez poetas de diferentes idades e estilo, e salienta que a obra preséntase en escrita reintegracionista.

VV.AA., *Vanakkam. Benvidas*, ed. de Implicadas no desenvolvemento, trad. de Kannan e María Reimóndez, Vigo: Editorial Galaxia, outubro 2007, 87 pp.+ CD. (ISBN: 978-84-611-9157-4). ■

Obra colectiva promovida pola ONG galega Implicadas no Desenvolvemento na que participan poetas galegas e támiles (da etnia que vive no estado indio de Tamil Nadu). Logo da dedicatoria a Xela Arias, ben o prólogo da ONG, "Vanakkam! Benvidos!", no que se explica, en primeiro lugar, a xénese da antoloxía, que comezou cuns recitais poéticos, e, a seguir, expóñense cales son os obxectivos de Implicadas no Desenvolvemento, (www.implicadas.org), que cumpre dez anos. A súa idea principal é que a cidadanía do norte, en particular a galega, sexa consciente da súa implicación directa sobre a vida de millóns de persoas que viven na pobreza extrema e tamén manifesta un gran compromiso de xénero e o afán por implicar a cultura en todo este proceso. Por iso o seu traballo se centra nas mulleres, en facer que sexan máis visibles socialmente nun entorno onde viven bastante discriminadas. Finaliza o apartado cos agradecementos. A continuación, en "Breves apuntamentos sobre as poesías do Vanakkam", María Reimóndez Meilán comeza explicando as similitudes entre Galicia e Tamil Nadu e a continuación aporta unha breve información sobre a literatura tamil e destaca o pioneira que foi a poetisa Andal, que escribiu no século X. A seguir destaca a situación de inferioridade social que tamén viven moitas mulleres na sociedade galega actual, tendo unha gran sobrecarga de traballo e atendendo paralelamente ás súas familias. Logo realiza un percorrido pola temática dos diferentes poemas que forman a obra, que aparecen a continuación acompañados por unhas pequenas notas sobre a vida e a obra das súas autoras. As traducións realizáronas Kannan e María Reimóndez. A obra incorpora un CD no que as autoras galegas recitan os seus versos e tamén os das poetas tamiles. Entre as poetas galegas, figuran:

- Marilar Aleixandre, "As debandadoras de seda", pp. 19-23.

Composición adicada a Pauline Khng onde trata con toda a dureza o tema da prostitución infantil.

- Marta Dacosta, "[Aqui estou ante o outono]", pp. 44-46.

Marta Dacosta expresa no seu poema as ganas de cambiar a situación establecida xa que, se se lle vota interese é imposible evitar o cambio.

- Yolanda Cataño, "Se non fose", pp. 51-54.

O “eu poético” expresa as diferentes razóns polas que non se deitaría co destinatario do poema, facendo unha reivindicación da súa dignidade.

- Yolanda López, “O cántaro na muxica”, pp. 63-68.

Poema dividido en catro actos con abundantes referencias as figuras femininas clásicas, tanto da poesía galega como da tamil, que tenta animar a revelación da figura feminina.

- María do Carme Kruckenberg, “Onde foron os amores de verán, outono ou primavera”, pp. 75-78.

Presenta a busca existencial do amor que pasa e a resignación diante do paso do tempo.

- María Reimóndez, “[Que bonita se ve a India], [Tantas veces seca]”, pp. 79-82.

Expresa a hipocrisía de moitas persoas que ven diferentes reportaxes sobre a Indias en preocuparse pola situación dos seus habitantes.

- Chus Pato, “[A voz era pánico]”, pp. 83-87.

Cunha linguaxe críptica, Chus Pato realiza un canto a rebeldía ante a inxusta situación de asoballamento cultual.

II.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS.

Noriega Varela, Antonio, *D’o ermo*, col. Literatura, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 2007, 270 pp. (ISBN: 978-84-8192-358-2). ◆

Nova edición deste poemario de Antonio Noriega Varela (Mondoñedo, 1869-Vivero, 1947), realizada a iniciativa da comisión da homenaxe de Galicia a Noriega Varela. Nas “Palabras para comprovincianos”, asinadas por Juan Soto Gutiérrez, explícanse as distintas edicións que se realizaron dende a primeira de 1920, nas distintas cidades editoras galegas. A seguir, reprodúcense os poemas a partir da edición lucense de 1946 e amplíase con algúns máis. Finaliza o o volume coas mesmas “Notas para unha interpretación del poeta Noriega Varela”, que realizara Francisco Leal Ínsua para a edición de 1946.

Referencias varias:

- S.J., “Un grupo de sonetos de Noriega Varela presentáronse como libro”, *El Progreso*, “Cultura”, 16 marzo 2007, p. 86.

Baixo o título *Tenuis pluvia* aparece un libro inédito de Noriega Varela que está formado por un conxunto de 21 sonetos que segundo afirma o autor eran parte do libro

de 51 sonetos que tiña pensado escribir. Estes poemas gardan moita relación co seu libro *D'o ermo*, de feito segundo Armando Requeixo os sonetos foron parte da terceira edición dese libro.

- Juan Soto, "Noriega Varela", *El Progreso*, "Habitación al viento", 18 marzo 2007, p. 5.

A deputación de Lugo edita os libros de Noriega Varela con motivo do sesenta aniversario da súa morte. No caso do libro *D'o ermo* trátase dunha reedición mentres que o outro é un libro inédito: *Tenuis pluvia*.

- Pedro Rielo, "O poeta que falaba coa montaña", *Galicia Hoxe*, "Tempus Fugit", 30 marzo 2007, p. 4.

Repásase a obra e a vida de Antonio Noriega Varela de maneira moi sucinta e dáse unha serie de razóns para achegarse á súa poesía. Enténdese que a primeira vista os seus versos non teñen moito que ver co mundo vertixinoso no que vivimos hoxe, xa que el se parou nas pequenas cousas do mundo campesiño, pero o que nos une a el é a súa capacidade por mergullarse coa natureza, por exercer un ecoloxismo firme que lle permitiu ter unha sensibilidade especial para dialogar co mundo que o rodeaba. Tamén se sinala que é autor *D'o ermo*, no que se di que asina un pacto co mundo labrego que se perdeu quizais para sempre, pero que segundo Otero Pedrayo latexaba nel.

- Francisco Fernández del Riego, "Tradición popular na poesía culta", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 238, "Letras en galego", 24 novembro 2007, p. 11.

Salienta a escrita de Rosalía de Castro e, concretamente, o seu libro *Cantares Gallegos*, no que ademais de incluír as cantigas que circulaban entre o pobo, tamén mostrou o vivir do pobo, os costumes e o folclore. De seguido, fai referencia a outros escritores que tamén trataron os motivos folclóricos, como Valentín Lamas Carvajal na súa obra, *A musa das aldeas*, Manuel Leiras Pulpeiro no seu libro *Cantares Gallegos* e antonio Noriega Varela en *D'o ermo*. Por último, comenta que os motivos folclóricos e a descrición do rural están moi presentes na nosa literatura e en autores de diferentes épocas.

Noriega Varela, Antonio, *Tenuis Pluvia*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 2007, 153 pp. (ISBN: 978-84-8192-361-2). ◆

Volume no que se recollen os vinte e sete sonetos de Antonio Noriega Varela (Mondoñedo, 1869-Vivero, 1947), incluídos no libro *D'O ermo* (1920). Ábrese o volume cun prólogo de Xosé Ramón Barreiro Fernández no que se centra en rectificar datos errados sobre a relación de Noriega Varela coa Real Academia Galega. Así, desmente que fose rexeitada a súa candidatura á Academia, apuntado por Ánxel Fole, e dá conta de todo o proceso seguido dende a institución para facelo membro dela. Considera Barreiro que a causa de que Noriega Varela non entrase na Academia foi por non ter redactado o seu discurso de ingreso. A seguir, aparece unha introducción de Xosé Ramón Ferreiro Mato, "Os sonetos na produción poética de Noriega Varela", na que comeza referíndose á efeméride do sesenta aniversario do pasamento do autor e á necesidade de volver sobre a súa obra. Sitúa a esta figura no panorama da literatura

galega, como membro da xeración intersecular, na que seguiu a liña poética costumista e intimista. A seguir, ofrece unha achega bibliográfica na que se repasa dende a infancia do autor en Mondoñedo, a súa primeira actividade como creador durante a época de seminarista, as súas primeiras obras *De ruada* (1895) e *Leite fresco* (1899), a súa dedicación á docencia como mestre durante os anos corenta, nos que segue co labor de poeta e recompilador de cantares, publicados en títulos como *A Virxe y-a paisanaxe* (1914) e *Como falan os brañegos* (1928). Detense na represalia que sufriu despois da guerra, como expedientado para a fronteira con Portugal, en terras de Ourense, o que o levou a estar despois en Trasalba como mestre e onde entrou en contacto con Ramón Otero Pedrayo e outros intelectuais ourensáns como Vicente Risco ou Losada Diéguez e outros portugueses. Da súa produción destaca que é reducida e que nela se observan dúas facetas, a de poeta e a de recolector. Explica o proceso de revisión de *D'o Ermo*, fixada a edición definitiva en 1946, e os cambios tamén de *Montañesas*, publicado inicialmente en 1904 e ampliado en 1910. A continuación, explícase o proxecto de publicación de *Tenuis pluvia*, conxunto desonetos que comezou sendo incluído en *D'o Ermo*, até a terceira edición, na que se incluíu os vinteún que conforma a obra, aínda que o proxecto tencionaba ser de cincuenta composicións. Ofrécese un estudo dos sonetos, nos que se describe a tema´tica dentro do lirismo da natureza, degrañando polo miúdo cada un dos temas presentes e exemplificando con abondosos versos. Tamén se detén na lingua e métrica, nos recursos estilísticos e mesmo ofrece o comentario dun soneto. Reprodúcense os sonetos acompañados dun apéndice no que se reproducen cinco novos sonetos en lingua galega e un en castelán, acompañados de diversas fotografías do autor.

Referencias varias:

- S.J., "Un grupo de sonetos de Noriega Varela presentáronse como libro", *El Progreso*, "Cultura", 16 marzo 2007, p. 86.

Baixo o título *Tenuis pluvia* aparece un libro inédito de Noriega Varela que está formado por un conxunto de 21 sonetos que segundo afirma o autor eran parte do libro de 51 sonetos que tiña pensado escribir. Estes poemas gardan moita relación co seu libro *D'o ermo*, de feito segundo Armando Requeixo os sonetos foron parte da terceira edición dese libro.

- Juan Soto, "Noriega Varela", *El Progreso*, "Habitación al viento", 18 marzo 2007, p. 5.

A deputación de Lugo edita os libros de Noriega Varela con motivo do sesenta aniversario da súa morte. No caso do libro *D'o ermo* trátase dunha reedición mentres que o outro é un libro inédito: *Tenuis pluvia*.

VV. AA., *Poetas en Lugo*, comp., trad. e limiar de Darío Xohán Cabana, Lugo: Concello de Lugo, xullo 2007, 393 pp. (ISBN: 978-84-934842-8-6). ◆

Recompilación bilingüe galego-castelá de autores relacionados con Lugo desde Idade Media á actualidade. Tras dous prólogos institucionais, o compilador e tradutor deste

poemario, Darío Xohán Cabana (Roás, Lugo, 1952) explica no limiar (bilingüe galego-castelá, como o resto da recompilación) a historia de Lugo, dos poetas relacionados con esta cidade e o proceso de elaboración deste volume. O nexo de unión destes autores é a súa vinculación a Lugo, por nacemento, por residir nesta cidade ou na súa provincia, e pola implicación literaria con esta provincia lucense. Esta escolma antolóxica ábrese cunha cita de Mário Cesariny de Vasconcelos. Aparece unha breve ficha biobliográfica de cada autor seleccionado, precedendo aos poemas escolmados. Entre as figuras literarias recollidas nesta colectánea, as cales aparecen seguindo unha orde cronolóxica, cómpre salientar a Afonso X o Sabio, Eduardo Pondal, Luís Pimentel, Ánxel Fole, Ricardo Carballo Calero, Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña, Helena Villar Janeiro, Xosé Vázquez Pintor, Marica Campo, Xesús Rábade Paredes, Isidro Novo, o propio compilador, Fiz Vergara Vilariño, Xulio L. Valcárcel, Xavier Rodríguez-Barrio, Carmen Blanco, o prologuista desta recompilación, Claudio Rodríguez Fer, Manuel Celso Matalobos, X. Antón L. Dobao, Miro Villar, Olga Novo ou Lupe Bao, entre moitas outras figuras salientábeis da literatura galega. Debido á importancia dos autores referenciados, a lista completa aparece tanto no índice como na contratapa de *Poetas en Lugo*.

Recensións:

- Ramón Loureiro, "E nese alto muro de soños, os poetas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 238, 24 novembro 2007, p. 10.

Coménzase cun fragmento da descrición da cidade de Lugo, extraído do limiar do compilador Darío Xohán Cabana. Apúntase que se trata dunha antoloxía do prologuista en edición bilingüe na que se recollen os versos de numerosos poetas galegos, vencellados á cidade luguesa, entre os que destacan Fernando Esquío, Eduardo Pondal, Luís Pimentel, Ánxel Fole, Lorenzo Varela, Luz Pozo, Manuel María, Bernardino Graña, Lois Diéguez, Xosé Vázquez Pintor, Cesáreo Sánchez Iglesias, Isidro Novo, Xulio López Valcárcel, Xosé Miranda, Claudio Rodríguez Fer, Miro Villar, Olga Novo ou Xerado Quintiá. E remátase desculpando por non poder incluír a relación completa de todos os autores, recollidos neste "tesouro de versos".

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Darío Xohán Cabana escolle os 54 poetas que 'mellor reflicten Lugo", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 23 outubro 2007, p. 77.

Anuncia que Darío Xohán Cabana recolle no volume *Poetas de Lugo* unha recompilación de poetas que desde Afonso X O Sabio até hoxe en día cantaron á cidade de Lugo. Comenta que tardou tres anos en reunilos e indica que na Idade Media non se cantaba á cidade de Lugo feito que cambiou coa Xeración dos 50 con poetas como Manuel María, Ferrín ou Novoneyra.

- Begoña González Fernández, "Cabana, Darío Xoán: *Poetas en Lugo*, 2007", *Lvcensia. Miscelánea de Cultura e Investigación,* n.º 35 (Vol. XVII), "Libros", 2007, pp. 397-398.

Comentario da antoloxía *Poetas en Lugo*, na que se di que Darío Xohán Cabana recompila composicións de máis de cincuenta autores. Ademais de facer referencia aos prólogos institucionais explícase que a selección abarca un amplo marco cronolóxico, que vai dende Afonso X o Sabio no século XIII até autores actuais como Lupe Bao. Sinálase tamén que as composicións están en lingua galega e castelá e que van acompañadas de notas bibliográficas dos autores antologados.

Valcárcel, Xulio, *Se envellecemos xuntos*, pinturas de VV.AA., Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán, col. Soláster, dir. Fernando Bores, decembro 2007, 62 pp. (ISBN: 978-84-95289-90-3). ◆

Co gallo do trinta aniversario da escrita do poema "Se envellecemos xuntos" por parte de Xulio Valcárcel (Lugo, 1953), membro destacado da Xeración Poética dos 80, realizouse esta edición conmemorativa. Esta composición poética, en verbas do propio autor, gozou da mellor aceptación de entre os poemas escritos. A obra iníciase cunha nota do poeta, na que comenta a finalización da primeira versión arredor do mes de nadal de 1978, pasando inadvertido nun certame convocado en Santiago de Compostela e na súa receptividade por parte da sociedade galega. A posta en valor do poema veu ao cabo dun tempo a través das sucesivas lecturas realizadas nas cerimonias matrimoniais e da edición dun díptico da autoría de Perfecto Estévez. A obra consiste na tradución do poema a dezasete linguas: castelán, vasco, catalán, asturiano, portugués, francés, italiano, rumano, alemán, inglés, holandés, polaco, húngaro, ruso, armenio e árabe. Cada unha das traducións vai acompañada por ilustracións dos artistas Alfonso Costa, Alfredo Erias, Felipe Jano Muñoz, Ángela Gavilán, Nito da Vila, Beatriz Ansede, Ana Karina, Isabel Pintado, Yolanda Martínez Dorda, Pedro Bueno e Marielle. O conxunto das traducións e das ilustracións debeuse grazas aos contactos levados a cabo por Luciano Rodríguez e Fernando Bores. A orixe do poema reside nas verbas "Adios amor, ya no envejeceremos juntos..." da moza do rapaz Arturo Ruiz, asasinado en Madrid durante a época da transición, arredor do ano 1978, por reclamar liberdade durante a época da transición democrática. Nos versos destaca sobre maneira a evolución nos sentimentos da protagonista, partindo nos primeiros versos do amor máis apaixonado até a aceptación máis dorida da noiva pola perda do ser amado.

Vilanova, Manuel, *E direivos eu do mister das cobras*, ed. de Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez, prólogo Isaac Lourido Hermida, epílogo Baldo Ramos, Santiago de Compostela: Editorial Follas Novas, 2007, 154 pp. (ISBN: 978-84-85385-4).

Recuperación do poemario publicado en 1980 por Manuel Vilanova (Barbantes, Ourense, 1944), nunha edición revisada lingüisticamente, en canto á ortografía e ao léxico. Na "Introdución", dividida en dous apartados, "Foi en 1980" e "Traducir a vida para un libro", Isaac Lourido Hermida, fai memoria da creación literaria en galego naquela década e salienta que a súa figura non relumbrou nun marco literario dominado por prácticas literarias de índole nacionalista. Ademais, no segundo apartado, califica este poemario como "o libro da consciencia da desolación", nunha escrita "heteroxénea e complexa", nun "xogo metafórico e simbólico", no que se introducen elementos da realidade, xurdindo un conflito entre o real e o mundo lingüístico de Manuel Vilanova. Á parte de manifestar o seu desacougo, o poeta reflexa unha crítica social de corte humanista, ao posicionarse xunto ás vítimas e os máis débiles. Lembra que o autor xoga

co "eu lírico", na busca da identidade persoal e colectiva, pero tomando ás veces unha distancia irónica. Apunta que se trata de vontade intertextual na que emprega a parodia coma unha falsa cita, nun camiño de preguntas e respostas inestábeis, con frecuentes chamadas á divindade. Lembra que, tanto no título, como no primeiro poema, se explicita a intención de falar das cobras, co significado de buscar saída do labirinto nacido de contactar co mundo, procurando algo de luz. Salienta a melodía rítimica nuns versos longos e ausentes de esquemas métricos tradicionais e imaxes barrocas, entendidas como metáforas e símbolos. E remata a introdución salientando que, en numerosas ocasións, este poemario é "un poema en re-escrita constante". Esta reedición poética conclúe co "Epílogo", de Baldo Ramos, escrito para a presentación de *A esmeralda branca*, en Compostela, o 9 de novembro de 2006, no que esboza o traballo poético de Manuel Vilanova, do que salienta a intensidade de cada título publicado e a coherente evolución da súa escrita, tendendo cara a "expresión barroca e reconcentrada".

Recensións:

- Román Raña, "Obra ciclópea", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 220, "Libros", 11 outubro 2007, p. IV./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 213, "Lecturas", 20 outubro 2007, p. 7.

Comézase explicando o retorno do escritor ao eido lírico co título *A esmeralda branca*, á que segue a redición deste poemario que revolveu o ámbito poético dos anos oitenta do século XX. Detállase que foxe de dúas tentacións: colonizar en texto o consciente, e evitar a exclusiva intervención do insconciente, xa que, ao irmandar a consciencia e a inocencia, consegue maiores cumes expresivos e da experiencia. Apúntase que ao longo do poemario se inclúen con frecuencia fragmentos extrapoéticos, procedentes de xornais ou de citas de ensaios antropolóxicos e históricos coa finalidade de dotalos do mesmo valor que a súa poesía, xa que emanan dela. E remátase sintetizando que este poemario tece obsesións, ao xeito dun "labirinto autorreferencial".

- Armando Requeixo, "Escuras rotacións", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 459, "Libros", 16 decembro 2007, p. 21.

Anótase como despois dos 80 e de permanecer esgotado dende había anos chega a reedición de "E direivos eu do míster das cobras" de Manuel Vilanova. Antes de caer na enumeración das súas obras, denomina a voz deste poeta como unha das mellores para, a continuación, crear unha enumeración de adxectivos definitorios ("poeta da consciencia da desolación, da metafísica do religacional"). Engade un agradecemento ao prólogo onde Isaac Lurido contextualiza o valor e recepción do poemario dende os 80 até hoxe, e do epílogo que pertence á pluma de Baldo Ramos e onde revela o maxisterio poético do ourensán. Finalmente, dá grazas tamén ao labor feito polas editoras (Marisa Moreda Leirado e Marí Vilariño Suárez) e ao director da colección que acolleu a reedición (Luís Alonso Girgado).

II.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Akhmátova, Ana, *Só o silencio me responde. Poemas escollidos*, selecc. e trad. de

Ekaterina Guerbek e Penélope Pedreira, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Poesía, n.º 2, 2007, 168 pp. (ISBN: 978-84-935375-3-1). ■

Antoloxía de Anna Akhmátova, cuxo verdadeiro nome era Anna Andréievna Gorenko (Odesa, 1889-Komarovo, Leningrado, 1966). Ábrese esta escolma antolóxica cun limiar, titulado "A voz do pobo", no que se precisan datos bibliográficos da poeta rusa. A seguir, nas notas a "Esta edición", as tradutoras precisan que escolleron os poemas que conforman *Só o silencio me responde*, atendendo a criterios de representabilidade, calidade literaria dos poemas e ao seu gusto persoal. Así mesmo, detallan que a orde dos poemas vén asignada polos orixinais de Anna Akhmátova. Á parte dos libros publicados en vida da poeta, recollen, na sección "O que non entrou nos libros", tanto poemas publicados en vida, como outros preparados para a súa publicación, e que se atopaban en cartas ou regalados a amigos. Ademais, a sección "Borradores e esbozos" acolle versos procedentes dos arquivos da poeta e que foron publicados tras a súa morte. Algúns poemas teñen data e lugar de creación e mestúranse poemas con e sen título. A procedencia de todos os poemas deste volume aparece no índice que pecha *Só o silencio me responde*. Salientan que a poética de Anna Akhmátova se basea na harmonía entre o son e o sentido, de aí que os versos estean medidos e rimados, dentro dunha estrutura calculada, pero nun tono elegante e sobrio. A meirande parte dos poemas proceden dos libros *Serán*, *As doas do rosario*, *Bandada branca*, *Herba do camiño*, *Anno Domini*, *Xunco* e *Sétimo libro*. Cómpre salientar, dentro da sección "Do que non entrou nos libros", o ciclo "leningradense", o "caderno de Tashkent", as poesías escritas entre 1957 e 1965 e as cuartetas. A seccións finais, "Réquiem" e "Poema sen heroe", comparten unha estrutura común: a división en prólogo, dedicatoria e introdución. Este poemario conclúe cunhas notas das tradutoras, aclarando palabras claves no contido dalgúns poemas.

Recensións:

- Héitor Mera, "Desde o desgarro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 230, 20 decembro 2007, p. IV.

Só o silencio me responde, de Anna Akhmátova, foi escolleita para a inauguración da nova colección de poesía sacada por Rinoceronte Editora. Comenta que Akhamátova é considerada unha das grandes poetas rusas do século XX pola alta calidade do seu conxunto poético e que en *Só o silencio me responde*, se observan uns indicios dedicados á poesía de amor e intimista que non cae na poesía clásica pasional. Tamén apunta que os seus versos xorden do afán por afondar nos seus propios sentimentos, que rescatan sensacións, experiencias que foxen da habitual manifestación poético-amorosa e que van na procura do propio choque entre sentimentos reividicando tamén o espazo. Por último, indica que tras a Revolución Rusa e a Gran Guerra, os versos de Akhmátova se tornan sociais, aínda que non podemos falar de poesía cívica de verso directo e contido explícito xa que, dalgún xeito, non perde o intimismo que a caracteriza.

Blanco Díaz, Pilar, *Zarzalúa*, trad. A. Piñeiro, Ribeira: Antonio Piñeiro Editor, col. Bourel, 2007, 23 pp. (ISBN: 978-84-934024-7-1).

Trátase dun breve poemario de Pilar Blanco (Bembibre, León) en edición única e limitada, de elaboración artesanal que conta cunha tirada de cen exemplares numerados (este é o número 61) e asinados pola propia autora. A elaboración artesanal levouna a cabo Antonio Piñeiro, do cal tamén atopamos a súa sinatura e un dos seus debuxos abrindo o libro, o que interpretamos como a propia dedicatoria del mesmo cara á autora. Componse de quince breves poemas que van dos tres versos (textos VII e XIV) até os trece (texto IX), nos cales se converten en temas recorrentes o amor e a melancolía. Son poemas breves sen grandes complicacións semánticas, os que o converten nunha obra moi áxil e asequíbel para que poida achegarse a ela calquera público lector.

Ginsberg, Allen, *Ouveo e outros poemas* (*Howl and other poems*, *1956*), trad. Daniel Salgado, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, novembro 2007, 86 pp. (ISBN: 978-84-87783-92-9).

Ouveo é a obra máis coñecida de Irwin Allen Ginsberg (Paterson-New Jersey, 1926-1997), e tamén un dos poemarios máis lidos e imitados dos últimos tempos. Provocou un notábel escándalo na súa época pola crueza da súa linguaxe, chegando mesmo a ser prohibida. Os textos de Ginsberg, son un reflexo do pensamento máis aberto que os USA lograron crear dende Whitman. Ginsberg fala dunha América (o que nós debemos entender non como continente americano, senón tan só os EEUU) dura, unha América de ética máis que cuestionábel. Pero maiormente fala dunha xeración de poetas evadidos da realidade, sumidos na droga, no alcol, case como resultado das contradicións entre a teoría e a praxe diaria, fomentadas por un estado altamente represivo. *Ouveo e outros poemas* constitúe unha edición bilingüe inglés-galego, e conta cunha dedicatoria inicial a Jack Kerouac, William Seward Burroughs e Neal Cassady, louvando as obras destes tres autores. A seguir, aparece "Ouveo para Carl Salomon" asinado por William Carls Williams, e o poema "Ouveo" que dá título á obra e escrito en San Francisco entre 1955-56. Este poema "Ouveo" xa aparecera traducido ao galego no número 52 da revista *A Trabe de Ouro*, a instancias de Manuel Outeiriño. A continuación, aparecen seis poemas máis, asinados, na súa meirande parte, en Berkley, durante o ano 1955. Este poemario remata co apartado "Primeiros poemas" formado por catro breves composicións, con título pero sen datar.

Kavafis, Konstantinos, *Poemas canónicos* (*Tapiímata I, II*, 1963), trad. Yolanda Vilarchao, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Poesía, n.º 1, 2007, 183 pp. (ISBN: 84-935375-4-8).

A presente edición ábrese cun limiar no que se presentan algunhas notas biográficas do poeta Konstantinos Kavafis (Alexandría, Exipto, 1863-1933) no que se destaca a vinculación do poeta con Grecia, país que só visitou en dúas ocasións e que aínda así se converteu na patria do seu corazón até o punto de utilizar o grego como lingua poética. Apúntase tamén que a orientación sexual das súas composicións condenou o poeta case ao esquecemento, feito remediado co seu rescate a mediados do século XX; a súa dedicación profesional a traballos como funcionario; o seu perfeccionismo á hora de escribir; ou a súa consideración entre os grandes da poesía universal. Baixo o epígrafe "Esta edición", a tradutora, Yolanda Vilarchao, sinala que o volume reúne os chamados "poemas canónicos", pertencentes á escolma que fixo en vida o poeta, "seguindo o seu gusto e baseándose nos seus propios canons de perfección e calidade". Cita tamén que a tradución realizouse a partir dos textos recollidos na edición de G.P. Savidis de 1963, á

mais próxima á selección orixinal do autor. Os 154 poemas aparecen ordenados cronoloxicamente e a recompilación divídese en catro partes: "Poemas 1897-1918", "Epílogo 1897-1904", "Epílogo II 1897-1908" e "Poemas 1919-1933". Nos textos Kavafis vai dando conta da evolución do seu estilo consonte o paso do tempo e introducindo os seus temas recorrentes relacionados coa filosofía, a historia e o erotismo: dende evocacións persoais a figuras literarias, mitolóxicas e históricas da cultura griega, até os sentimentos, os praceres sensuais, ou a nostalxia polo paso do tempo, o medo ou a morte. O seu estilo sobrio desprégase en ocasións en versos marcados polo barroquismo.

Martínez Furé, Rogelio, *Poesía anónima africana* (*Poesía anónima africana*, 1969), ed., trad. e notas Xosé Lois García, Noia-A Coruña: Editorial Tosoxoutos, col. Letrainversa, n.º 9, 2007, 192 pp. (ISBN: 978-84-96673-38-0). ■

Conxunto de poemas anónimos africanos, recollidos por Rogelio Martínez Furé (Matanzas, Cuba, 1937) e traducidos á lingua galega por Xosé Lois García, quen no prólogo "Transcendencias anónimas da poesía africana de Rogelio Martínez Furé", informa da configuración da obra e da actividade investigadora que levou a cabo Martínez Furé sobre as manifestacións étnicas e folclóricas de orixe africano desde Cuba. Defínese África como un espazo de culturas, linguas e expresións artísticas diversas e neste liña, identifica a poesía anónima africana como un "carozo" que "mantén unidos todos eses grans". Ademais, explica que os cánticos xurden a través do sentimento do colectivo e a interrelación entre o humano e o cósmico onde se configura esta poesía anónima. Para rematar o limiar, apunta unha cita de Agostinho Neto aludindo aos vínculos da poesía coa música e a danza, en especial co *ngoma* (tambor). Por outro lado, o poemario estrutúrase nunha serie de seccións temáticas, acompañadas de ilustracións de Lívio de Morais. Ditas seccións son o amor, a morte, os deuses, as forzas ocultas, os animais, o home e a guerra, ademis dun apartado dedicado á poesía ioruba. A maioría dos poemas levan título e indican o seu lugar de procedencia. Os temas tratados amosan as preocupacións metafísicas do ser humano e destacan pola súa oralidade e pola presenza, en moitos deles, de fórmulas fixas.

Moure, Erín, *Teatriños ou aturuxos calados*, ed. bilingüe (*Little Theatres*, 2005), trad. María Reimóndez, Vigo: Galaxia, col. Dombate, n.º 53, 2007, 147 pp. (ISBN: 978-84-9865-005-1).

Atopámonos cun poemario galego-inglés, verquido á nosa lingua por María Reimóndez, no que o protagonismo principal vai para a propia linguaxe. A voz de Erín Moure (Calgary, 1955) combínase coa do seu heterónimo, Elisa Sampedrín, que toma a palabra con intervencións de tipo teórico, en ocasións citadas de supostas entrevistas. Refírese aos "teatriños" como se fosen un auténtico xénero dramático, que tería a brevidade e a linguaxe como trazos definitorios, así como presenta toda unha parte dedicada a explicar que son os teatriños ou que temas tratan. O libro está tinxido de trazos rurais, aparecendo o canto á aldea, as homenaxes ao repolo, á cebola ou á potencia da pataca, ademais de advertirse o seu carácter contestatario en poemas nos que se critican a guerra e os petroleiros afundidos, en obras cun contido claramente vinculado á realidade máis recente. Na parte final da obra, "The first store of latin (os araos)", inclúense xogos sobre o latín, para analizar as posibilidades comunicativas entre idiomas

relativamente próximos, ademais de pezas adicadas a María do Cebreiro e Xosé Luís Méndez Ferrín, atopamos outros de ton intimista, nos que a soidade se vincula ao mundo vexetal. A obra péchase cun texto de María Reimóndez, "A tradución dos teatriños", no que sinala que o galego e a propia tradución forman parte fundamental do texto, porque estabelecen un diálogo co inglés, sobre todo na parte final.

Recensións:

- Marga Romero, "Desde a descuberta de ler"**,** *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 228, "Libros", 6 decembro 2007, p. IV.

Comézase explicando que a meirande parte do poemario é creación de Eirín Moure, mais tamén conta coa participación de Elisa Sampedro nos apartados "Oito Teatriños" e "Algúns apuntamentos sobre os teatriños" e de María Reimóndez como tradutora ao galego dos poemas orixinais en inglés. Lóuvase ao labor da editorial Galaxia ao concerlle á tradutora un lugar destacado, ao incluír o seu texto, e amosar a postura dende a cal traduce. Plantéxanse unha serie de preguntas sobre o proceso creativo, cuxas respostas se resolven ao ler este poemario. Explícase que Eirín Moure establece unha polifonía de voces, aínda que erroneamente ao comezo da lectura podan parecer heterónimos. Detállase que a poeta explica o seu encontro con Galicia e o descubrimento da súa lingua, a aprendizaxe e a perda da súa lingua propia. E remátase considerando que o ritmo provén da natureza e que *Teatriños* é así mesmo "*un texto sobre teatro*".

Referencias varias:

- Ánxa Correa, "O galego é moi tolerante polos seus dialectos", *El Progreso*, "Cultura", 17 outubro 2007, p. 81.

Entrevista na que recoñece que a súa paixón por Galicia comezou no ano 1994, ao buscar a procedencia do seu bisavó emigrante. Explícase que, dende 2001, pensa en galego, a pesar das poucas palabras que sabe nesta lingua. Afima que decidiu escribir en galego este libro porque era o ano da invasión americana a Iraq e non quería escribir na mesma lingua que Bush. E finalízase explicando que en Canadá só se coñece a Rosalía de Castro e que cando saíu en inglés *Little theatres*, unha crítica pensou que Eirín Moure inventara o galego e mais a tradución dos poemarios de Chus Pato.

- A. Losada, "Versos multilingües", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Poesía", 17 outubro 2007, p. 27.

Entrevista na que apunta que escribiu este poemario en 2002 nunha estadía en Lalín, e que doce poemas foron escritos en galego e dous poemas máis longos escribiunos en inglés pero contendo palabras galegas para forzar aos anglofalantes a coñecer outras linguas. Comenta o seu labor como tradutora ao inglés das obras de Chus Pato *M-Tala* e *Charenton* e considera que é maís difícil traducir que crear. Afirma que non quere "vivir nun país no que non se lea poesía". E rematase salientando a outros poetas canadianos multilingües: Lisa Robertson, Robert Majzels, Oana Avasilichoaei ou Ángela Carr.

- C.P., “Fuxindo do idioma do poder, o inglés, o galego foi o da resistencia”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 17 outubro 2007, p. L16.

Coméntanse as orixes galegas da poeta e que descubriu Galicia en 1994 para volver no 2002 e, que froito desta influenza, escribiu en galego os títulos dos poemarios en inglés *O cidadán* e *O cadoiro*. E na entrevista explica que ao escribilo en 2002, ano da invasión norteamericana a Iraq, empregou o galego como idioma da resistencia, fuxindo do inglés como idioma do poder. E quedo mesmo xeito optou por incluír palabras en galego neste libro dirixido a anglofalantes. Remata recoñecendo que inventou o personaxe heterónimo de Elisa Sampedrín para que escriba, reflexione e faga comentarios, e abre a posibilidade de concretala en novos proxectos.

- D. Salgado, “La canadiense Eirín Moure publica en gallego su último libro”, *El País*, “*Galicia*”, 17 outubro 2007, p. 34.

Apúntase que decidiu aprender galego para non sentirse extraña en Galicia. Saliéntase que se trata da primeira versión nun idioma ibérico dunha autora central da poesía canadiana. Explícase que o seu primeiro contacto con Galicia e a súa lingua foi para acompañar a seu pai na procura das súas orixes. Coméntase que a edición orixinal de *Little Theaters* incluía doce poemas en galego. Afímase da súa poética: “A protagonista dos teatriños adoita ser a propia linguaxe”. E precísase que, aínda que a crítica canadiana emparenta a súa obra de Eirín Moure cos *Language poets* estadounidenses Charles Berstein e Bob Perelman, esta poeta escolle como a súa tradición a dos poetas multilingües Nicole Brosard e Elisa Robertson, ou a tradición de Chus Pato. E remátase recollendo que Chus Pato, na presentación do poemario, o sitúa na “poesía experimental”.

- César Lorenzo Gil, “En galego, o meu xeito de pensar cambia”, *A Nosa Terra*, n.º 1.285, “Cultura”, 18-24 outubro 2007, p. 29.

Entrevista na que conta que veu a Galicia pescudando as orixes de seu apelido e se namorou do son do idioma galego, e decidiu coñecer a súa literatura e a riqueza do seu vocabulario. Coméntase que agora fala galego coa madureza lingüística dunha nena de once anos e que ha seguir aprendendo, e critica a falta de interese de parte da sociedade galega de non falarlle galego aos seus fillos, perdendo así un patrimonio histórico tan valioso. Detalla que consegue pensar en galego, adaptando o seu xeito de pensar ao pouco vocabulario que manexa. Explica que o “Canadá é un país moi respetuoso coa identidade lingüística dos seus habitantes” e que recomenda ler a Michael Ondaatje, pola similitude con Manuel Rivas, e os poemas de Nicole Brossard. Apunta que ao ser tradutora da obra de Chus Pato descubriu que se trata dunha escritora ampla, e que o lectorado debe ter intelixencia para comprender a súa obra, xa que trata temas universais coma a historia, a política e o cariño polo propio, “á velocidade máxima”. Exemplifica que no caso de *Charenton*, tivo problemas de facer conectar ao lectorado co universo do autor orixinal e tamén as dificultades da sintaxe que se arranxa ao “ordenar” as frases, e que lle gustaría traducir *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro. Respecto a *Teatriños*, precisa que empregou o galego para fuxir do inglés, lingua dos que mataban na invasión americana a Iraq. Explícase o motivo dos títulos en galego de obras anteriores súas: *O cidadán* para fuxir do clixé, e *O cadoiro* pola fermosura da palabra e a inspiración nas cantigas galego-portuguesas. E remátase

nomeando a Chus Pato e Manuel Rivas, como autores galegos favoritos, ademais dos seus compatriotas Lisa Robertson e Robert Majzels.

-Manuel Rivas, "Habeas corpus' para Galicia", *El País*, "*Galicia*", "Grouchos", 26 outubro 2007, p. 11.

Explícase que o título do artigo tomouse do poema homónimo desta obra de Erín Moure. Saliéntase a figura desta poeta canadiana por revolucionar a forma e pola profundidade. Lóuvase que loite contra a extinción das linguas e a invisibilidade e aposte polo multilingüismo, e que dea a coñecer en inglés a obra de Chus Pato.

- Alfredo Conde, "Bisneta dun emigrante ó Canadá", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 2 novembro 2007, p. 4.

Comézase recoñecendo que só sabe desta poeta o que deduciu de lera unha entrevista súa e que da súa obra só mirou de pasada este poemario para curiosear. Apúntas e que ha ler con máis tempo e "xa co corazón tranquilo", porque lle ha costar ·saber do ieviatble choque que nel se ha producir entre o recordo e a memoria".

Placer, Antonio, *Bergondo*, trad. François-Michel Durazzo, Miguel Anxo Fernán Vello e Xavier Seoane, A Coruña: Espiral Maior Edicións, col. Alba Longa, abril 2007, 238 pp. + CD. (ISBN: 84-96475-52-2).

Neste volume o escritor galego Antonio Placer presenta unha mostra da súa poética nas tres linguas que lle son próximas: galego, español e francés. A través dos textos traducidos por François Miches Durazzo, Miguel Anxo Fernán Vello e Xavier Seoane, o autor presenta as súas inquedanzas persoais nuns versos que teñen moita musicalidade. Esa faceta de músico é destacada polo prologuista do libro, o escritor Xavier Seoane, para quen o poeta é un xograr ou trobador do século XXI ao conxugar á perfección a música e a poesía. Os temas que máis se repiten ao longo destas páxinas son o canto ao amor, á solidariedade, á rebeldía ou ao compromiso da sociedade co seu tempo. Expresa a súa preocupación pola existencia dunha cidadanía pouco reflexiva, sen crítica nin criterio que vive ao abeiro da comodidade e do consumismo das sociedades capitalistas, pero que non reflexiona sobre os verdadeiros problemas. A natureza e a vida son motores fundamentais do ser humano por iso a loanza, o canto vitalista e enérxico que se desprenden das trinta e nove composicións que contén o poemario.

Recensións:

- Román Raña, "Labor orixinal", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 215, "Libros", 12 xullo 2007, p. V./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 207, "Lecturas", 21 xullo 2007, p. 5.

Dá conta da publicación pola editorial Espiral Maior dun extenso volume de poesía titulado *Bergondo*, da autoría de Antonio Placer. Comenta os temas nos que afondan os poemas, entre os que destaca o amor, a terra-nai e a infancia. Salienta o feito de que a edición sexa trilingüe (galego, español, francés) e gaba o traballo dos tradutores. Ademais, indica que a orixinalidade desta publicación reside tamén en que vai

acompañada dun disco que recolle o traballo creativo de Antonio Placer, música e voz, con destacados colaboradores do campo musical. Informa, por último, de que o libro vai precedido dunha nota aclaratoria do autor e dun prólogo de Xavier Seoane.

Referencias varias:

- Eduardo Álvarez, "Poemas para Bergondo", *El Correo Gallego*, "Cultura", 13 maio 2007, p. 74.

Anuncia a publicación pola editora Espiral Maior dun volume de poemas que, baixo o título *Bergondo*, está asinado por Antonio Placer, escritor, compositor e cantante. Informa, ademais, de que vai acompañado dun CD con doce cancións interpretadas polo propio autor, agás dous temas nos que colaboraron Rosa Cedrón e Amancio Prada. Explica que se trata dunha edición trilingüe: galego, español e francés. Sinala que esta obra trata de render homenaxe á vila de orixe de Antonio Placer, que agora reside en Francia.

Poe, Edgar A., *O Corvo* (*The Raven*, 1845), trad. Tomás González Ahola, ilust. Gustav Doré, Santiago de Compostela: Urco Gótica, 2007, 47 pp. (ISBN 13: 978-84-935638-1-3).

Edición bilingüe galego-inglés do poemario de Edgar Allan Poe (1809-1949), que vai ilustrado por Gustav Doré (1832-1883), ao longo de todo o volume; iluttacións empregadas na edición de Harper&Brothers Publishers, de 1884. Está estruturado en XVIII sextinas endecasílabas con rima A, B, C, D, D, B e as súas variantes. A historia comeza cando o protagonista sinte petar e medianoite na porta cando está a punto de durmir, e narra en primeira persoa as bágoas e angustia pola perda da súa amada Lenore, que aparece representada de xeito alegórico por un corvo que o único que repite, unha e outra vez, é "nevermore" (nunca máis). O poemario remata co corvo pousado no van da porta, enriba do busto da deusa Palas e Edgar A. Poe afirmando, como ao corvo que a súa alma "desa sombra que está flotando no chan/non ha erguerse ... nunca máis!". *O Corvo* está plagado de aliteracións e rimas internas, ademais de figuras retóricas que serven para deseñar un espazo romántico, decadente e intemporal no que o prtotagonista de debate entre a angustia, o desespero e a loucura.

Referencias varias:

- C.P., "Urco nace para publicar traducións de ciencia ficción, terror e fantasía", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "A pie de calle", 21 decembro 2007, p. L16.

Preséntase Urco Editora, empresa editorial dedicada a obras dos xéneros de terror, fantasía e ciencia ficción traducidas en galego que se estrea con *O Corvo* de Edgar Allan Poe. Coméntase que a elección deses xéneros se debe ao gran público que hai para esta literatura, un público que medra en parte por determinados éxitos cinematográficos.

- Jaureguizar**,** "O corvo de Poe gralla en galego", *El Progreso*, "Cultura", 5 decembro

2007, p. 81.

Recóllense as palabras dun dos fundadores do selo editorial Urco, nas que precisa que se especializan en subxéneros moi en auxe e que no sistema literario galego só se recollen na literatura infantil e xuvenil ou como clásicos. Explícase que este selo sae mensualmente e que comprende as coleccións Urco Gótica, Urco Ciencia Ficción e Urco Fantasía, ademais dunha serie de minilibros. Apúntase que os primeiros títulos pertencen á serie gótica para maiores e que corresponden a *O Corvo*, de Alan Poe, *Sleepy Hollow e outros relatos*, de Washington Irving e *Relatos de terror sobrenatural*, de Robert E. Howard. Precísase que dende o terceiro título alternan as coleccións e a medio prazo contan publicar a autores internacionais e a autores galegos actuais, ademais de organizar un certame deste subxénero literario. Remátase explicando datos bibliográficos da edición de *O Corvo*.

Shakespeare, William, *Shakespeare*, trad. Carys Evans-Corrales e Pepe Coira, Lugo: Tristram, col. Poesía de Peto, 2007, 51 pp. (ISBN 10: 84-89377-78-2; ISBN 13: 978-84-89377-78-3). ■

Escolma de vinte sonetos en versión bilingüe inglés-galego de William Shakespeare, realizada por un dos tradutores da mesma, Carys Evans-Corrales. Conta cun índice no que inclúe o número romano do poema e o título inglés de cada poema, acompañado do título traducido ao galego. Os vinte poemas escolmados responden á seguinte numeración: I, XVIII, XX, XXIII, XXIX, XXX, XXXV, LX, LXV, LXVI, LXXI, LXXVIII, LXXV, LXXXIX, XCII, XCVIII, CXVI, CXXX, CXXXVIII, CXLVII, pero non se precisa de qué obra ou obras se extraen. Aínda que non se explica a temática nin o porqué da escolma, pódese deducir unha variedade na temática. Dende o poema I até o XX trata o tema da natureza, no XXIII preséntase a si mesmo como un mal actor que non sabe representar o amor, do XXIX até o XXXV expón situacións nas que a xente opina sobre os demais, nos poemas LX e LXV trata o paso do Tempo, no LXVI reclama "o repouso da morte", e o resto do poemario reflexa o tema amoroso dende varias perspectivas (a muller como musa, o abandono, a infidelidade ou os ollos da amada).

Twain, Mark, *Twain*, trad. Marta Cuba Alonso, Lugo: Tristram, col. Poesía de Peto, 45 pp. (ISBN 10: 84-89377-77-4; ISBN 13: 978-84-89377-77-6). ■

Escolma poética bilingüe inglés-galego, de Samuel Langhorne Clemens (Florida, 1835-Redding, Connecticut, 1910), máis coñecido polo pseudónimo literario Mark Twain. Este escritor tivo moito éxito en vida, encontrando na súa propia vida a inspiración para as súas obras literarias. Esta recompilación poética está composta por oito poemas: "Oh Señor, o noso pai", "Un día sofocante en Australia", "A xenialidade", "Aqueles contratos nuais", "Oda a Stephen Dowling Bots, Que en paz descanse", "O vello piloto" e "A Jennie". Estas composicións poéticas de Mark Twain serven para facer un recorrido por diferentes acontecementos que marcaron a existencia do escritor: na primeira o escritor realizaba unha pregaria, sendo soldado da Confederación durante a Guerra de Secesión Norteamericana, co obxecto de acadar protección para os seus correlixionarios; a segunda aludía á natureza e ao entorno animal observado durante a viaxe feita coa súa muller ao continente australiano; na terceira trataba con humorismo e mordacidade o concepto de xenilidade, considerando Mark Twain que a vía de

obtención de tal consideración estaba na decrepitude do ser humano; na cuarta facía alusión á morte dun amigo ao caer nun pozo durante a infancia; na quinta desenvolvía a carestía e a presión experimentada polo pobo a través dos impostos; na sexta facía referencia á habelencia dun piloto dun navío para superar unha tempestade , no que se constataba a experiencia do autor ao mando dun barco de vapor, e na sétima o literato amosaba outro acontecemento vital mediante a proba de amistade cara a unha muller chamada Jennie. Ademais dun irreverente sentido do humor chegando incluso até o sarcasmo, o seu estilo caracterizouse polo uso da ironía, pola comicidade e por un leve ton romántico.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Tris Tram publicará en galego poemas de Mark Twain", *El Progreso*, "Vivir", 22 novembro 2007, p. 69.

Detállanse as novidades desta editorial luguesa, dando cumprida conta dos datos bibliográficos de cada volume: unha escolma de poemas de Mark Twain, outra de William Shakespeare e os *Contos de Eça de Queirós*.

VV.AA., *Vanakkam. Benvidas*, ed. de Implicadas no desenvolvemento, trad. de Kannan e María Reimóndez, Vigo: Editorial Galaxia, outubro 2007, 87 pp.+ CD. (ISBN: 978-84-611-9157-4). ■

Obra colectiva promovida pola ONG galega Implicadas no Desenvolvemento na que participan poetas galegas e támiles (da etnia que vive no estado indio de Tamil Nadu). Logo da dedicatoria a Xela Arias, ben o prólogo da ONG, "Vanakkam! Benvidos!", no que se explica, en primeiro lugar, a xénese da antoloxía, que comezou cuns recitais poéticos, e, a seguir, expóñense cales son os obxectivos de Implicadas no Desenvolvemento, (www.implicadas.org), que cumpre dez anos. A súa idea principal é que a cidadanía do norte, en particular a galega, sexa consciente da súa implicación directa sobre a vida de millóns de persoas que viven na pobreza extrema e tamén manifesta un gran compromiso de xénero e o afán por implicar a cultura en todo este proceso. Por iso o seu traballo se centra nas mulleres, en facer que sexan máis visibles socialmente nun entorno onde viven bastante discriminadas. Finaliza o apartado cos agradecementos. A continuación, en "Breves apuntamentos sobre as poesías do Vanakkam", María Reimóndez Meilán comeza explicando as similitudes entre Galicia e Tamil Nadu e a continuación aporta unha breve información sobre a literatura tamil e destaca o pioneira que foi a poetisa Andal, que escribiu no século X. A seguir destaca a situación de inferioridade social que tamén viven moitas mulleres na sociedade galega actual, tendo unha gran sobrecarga de traballo e atendendo paralelamente ás súas familias. Logo realiza un percorrido pola temática dos diferentes poemas que forman a obra, que aparecen a continuación acompañados por unhas pequenas notas sobre a vida e a obra das súas autoras. As traducións realizáronas Kannan e María Reimóndez. A obra incorpora un CD no que as autoras galegas recitan os seus versos e tamén os das poetas tamiles. Entre as poetas traducidas, figuran:

- Andal, "[Xa chegou o día da lúa chea]", pp. 15-18.

Andal é a única muller dos doce Alvars ou poetas devocionais de Tamil Nadu. Neste poema presenta un canto a festividade relixiosa.

- Salma, "Esta vida", "O contrato", "Camiños", "A coidade dunha casa pintada", "Silencio enferruxado", "Encerro", "Conto da media noite", "Unha tarde, outra tarde", "Indeleble", pp. 25-42.

Salma efectúa unha reflexión sobre a vida, sobre as relacións matrimoniais entendidas como un simple contrato, sobre a discriminación e tamén manifesta a necesidade de soidade que por veces sinte.

- Kutti Revathi, "...Baixo vixilancia", pp. 47-50.

O "eu poético" reivindica o seu propio corpo fronte aos abusos aos que en ocasións é sometido, chegando incluso a ser prostituido.

- Sukirtharani, "Besta da noite", "Sinal de treboada", "A lingua elemental", pp. 55-62.

Sukirtharani expresa o pracer sexual propio como liberación de todo aquilo imposto dende o exterior. Tamén trata o tema da relación coa linguaxe machista.

- Malathi Maithri, "Grande coma o mundo", "Veos que cambia de cor", pp. 69-74.

Canta a liberdade sexual como liberdade persoal, á busca do coñecemento propio e tamén a igualdade entre xéneros.

II.4. ANTOLOXÍAS

Alonso Montero, Xesús (ed.), *Eduardo Jorge Bosco (Buenos Aires, 1913-1943). Poemas en lingua galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia, 2007, 145 pp. (ISBN: 978-84-9782-668-6). ■

Despois dos "Agradecementos" de Xesús Alonso Montero e dun "Limiar" institucional, o profesor ourensán ofrece un estudo sobre Eduardo Jorge Bosco (Bos Aires, 1913-1943), "escritor arxentino e o autor dun excelso poemario galego". Así, nun primeiro apartado, achega certos datos sobre a súa biografía e os estudos que realizou na Facultade de Letras, onde coñeceu a Pepita Sabor, unha arousá emigrada a Bos Aires con só ano e medio en 1918, que será a musa dos seus poemas en galego. Sinala que iniciaron unha fonda amizade en 1937, que, en 1939, se transformou nun fondo amor, e que Bosco coñeceu a lingua galega a partir dos libros para contarlle o seu amor a Pepita na lingua da súa terra e da súa xente. Por outro lado, alude a outros autores alófonos, caso de Carles Riba e Federico García Lorca. Nun segundo apartado dedicado á vida e obra literaria do autor arxentino, volve a tratar a súa relación con Pepita Sabor e con Haydée Lange, con que parece experimentou uns celos que o levaron ao suicidio o 30 de decembro de 1443. Explica que a morte foi obxecto da súa reflexión e escrita e comenta que non escribiu pouco, aínda que case non publicou nada por ser

excesivamente rigoroso coa súa obra, pois habería que agardar a 1952 para que os seus amigos recollesen parte do seu labor literario en dous volumes. Por outra parte, alude á súa incursión na literatura gauchesca, á súa incorporación na Xeración dos Corenta e aos escasos estudos xurdidos da súa vida e obra. Nun terceiro apartado, céntrase no Bosco como poeta en lingua galega e refire as súas lecturas nesta lingua, ademais de citar a súa produción, a súa edición e recepción, que se concreta en sete cancións escritas o 7, 8 e 9 de agosto de 1939, un poema posterior do 10 de novembro de 1939 e outros textos fragmentarios. Así mesmo, comenta que, pese a non escribir na súa autofonía, "fala con autenticidade: non fai divertimento, exprésase na súa fondura; nas súas inquedanzas, no seu amor e nos seus graves latexos". Por último, atende á procedencia dos textos, as súas versións, variantes, notas ou problemática, así como achega outro material que lle deron corpo a esta edición. A seguir, reproduce as sete cancións, o poema "Cervo ferido", "Folla sen data con dous fragmentos" e "Folla sen data con ¿versos soltos?". Trátase dun reducido conxunto de poemas de breve extensión, nos que o autor mostra unha gran vontade por escribir en galego e nos que se reflicten as súas lecturas da literatura medieval galega, de Rosalía de Castro ou de Lorca e nos que, de forma manifesta, a morte, Pepita e a súa terra está presente. Péchase o volume coa reprodución facsimilar dos textos.

Referencias varias:

- M. Dopico, "O tesouro rescatado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 decembro 2007, p. 28.

Comenta que Xesús Alonso Montero rescatou do esquecemento oito poemas e algúns fragmentos escritos pola pluma do escritor Eduardo Jorge Bosco no seu libro *Eduardo Jorge Bosco (Buenos Aires, 1913-1943)*. Explícase como, a pesar de nacer en Arxentina, este gran literato en certa maneira esquecido, achegouse á lingua galega por amor, e non a través da política ou da actividade cultural que se deu en Bos Aires da man dos exiliados galegos. En concreto, puntualiza que foi o amor a Pepita Sabor, filla dun emigrante galego, e quen lle doaría os manuscritos orixinais a Xesús Alonso Montero.

Cebreiro, María do, *Objetos perdidos*, Gijón: Ediciones Trea, 2007, 187 pp. (ISBN: 978-84-9704-338-0).

Objetos perdidos é unha antoloxía galego-castelán na que María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) reúne, en orde inverso ó da súa publicación orixinal, poemas dos seus libros *O estadio do espello* (1998), (*nós, as inadaptadas*) (2002), *Non queres que o poema te coñeza* (2004), *O barrio das chinesas* (2005) e *Os hemisferios* (2006), precedidos dos versos de "A boca quedou sen tinta". O amor, as relacións persoais ou as lembranzas percorren tódalas obras, nas que as referencias a Oriente (*O barrio das chinesas*) conviven cun curioso poema no que se mesturan o galego, o catalán ou o inglés para construir versos surcados de recordos ("Crecente", en *Non queres que o poema te coñeza*). A propia autora, na introducción ó libro, sinala que se trata dun xogo de "arrojar por la ventana un catálogo de objetos perdidos con la esperanza de que jamás nos sean devueltos". O poemario péchase coa inclusión dun poema de Daniel Salgado, "Hemisferio esquerdo", que, coma todos os que compoñen o volume, se presenta tamén en edición bilingüe.

Referencias varias:

- Daniel Salgado, "María do Cebreiro: 'Como escritora, contradígome todo o tempo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 21 setembro 2007, p. 41.

Entrevista á autora da recente publicación *Objetos perdidos*, María do Cebreiro. Nesta obra fai unha escolma e traducción ao castelán dos seus primeiros cinco libros. Considérase unha autora contradictoria e di que non podería vivir sen escribir, porque a poesía e o seu modo de relacionarse co mundo.

- Lupe Gómez, "Recuperar obxectos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 688, "A bailarina", 23 de decembro de 2007, p. 7.

A modo de diario a poetisa Lupe Gómez debuxa un percorrido pola súa percepción da realidade mediante unha serie de episodios cotiáns e acontecementos sociais e culturais, como a publicación da obra de María do Cebreiro *Objetos perdidos,* a exposición de fotografías *Rostros da Memoria* de Xurxo Lobato e a conferencia sobre o tema da intimidade realizada por Castilla del Pino. Partindo destas experiencias, a escritora sinala como elementos centrais do seu universo interior a recuperación do pasado e as vivencias do presente, onde a realidade e a ficción, ás veces, non se conseguen delimitar con nitidez.

López Casanova, Arcadio, *Caeira dos días*, Cesuras: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, n.º 25, 2007, 99 pp. (ISBN: 978-84-935609-8-0).

Este poemario de Arcadio López-Casanova (Lugo, 1942) recolle unha parte moi representativa dos dous ciclos líricos da súa creación -denominados nesta colectánea "Libro Primeiro" e "Libro Segundo" cun total de sesenta e oito sonetos- que se caracterizan pola súa unidade na forma e no sentido, e que nesta edición conta con revisión lingüística, para adaptalo á normativa actual do galego, pero mantén o léxico d'O Páramo lugués. *Caeira dos días* configura unha relectura da traxectoria literaria de Arcadio López Casanova. O volume ábrese coas dedicatorias do libros primeiro e segundo e do epílogo a distintos amigos. O "Pórtico" contén citas literarias de Jules Laforgue e A. Rimbaud e contén o poema titulado "Ditado de Xeración [Fe de vida]". O "Libro Primeiro", encabezado por unha cita paratextual de W. Wordsworth, está xebrado en tres apartados, encabezados tamén por citas literarias: "Os soños tebrecidos" -composto por dez poemas-, "Exilio que dá nome" -doce-, "Un abalo de escuridade" -catorce-. Por outra banda, o "Libro Segundo", que abre cunha cita de A. Machado, conta tamén con tres apartados: "A sombra posuidora" -con sete poemas-, "Mitoloxemas" -con sete- e "Figuracións" -con seis-. No medio destas dúas partes temos un novo apartado titulado "Intermedio: retábulo de homenaxes" -con nove sonetos centrados nas figuras de Rosalía de Castro, Otero Pedrayo, Luís Pimentel e Antón Avilés- , mentres que *Caeira dos días* se pecha cun "Epílogo: loanza e prego" -cos poemas "Dona de luz" e "Prego de salvación"- e mais cunha "Coda". Todos os poemas van titulados e con numeración romana, reservándose a numeración arábiga para as partes en que se dividen algúns poemas. Ademais, algúns poemas, como a "Pastoral da Terra", do Libro Primeiro contan con subtítulos, nalgúns dos poemas que

os compoñen, e o primeiro verso de cada poema pertencente ao Libro segundo aparece en maiúsculas. Trátase dun libro complexo en canto á estrutura, porque aínda que se compón de dous Libros, separados por un Intermedio, estes Libros están divididos á súa vez, en varios apartados e tamén existe unha división interna nos poemas que conforman cada apartado. En canto á temática, expónse unha reflexión profunda sobre unha serie de temas constantes a lo longo de todo o poemario: a Terra, a Noite, a Morte, a Sombra, a Luz e o Amor, entre outros.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Arquitecturas do verso", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 455, "Libros", 18 novembro 2007, p. 21.

Dá conta da publicación por parte de Biblos Clube de Lectores dunha autoescolma de composicións do poeta Arcadio López-Casanova, *Caeira dos días*. Loa a creación poética do escritor e destácao como un absoluto dominador do poliestrofismo moderno. Así mesmo, nomea outras obras importantes e indica que xa noutras ocasións López-Casanova fixo compilacións dos seus propios poemas.

- Juan Floriani, "O poeta é fillo da voz do seu tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 decembro 2007, p. 21.

Explica como, en *Caeira dos días*, Arcadio López Casanova fai unha síntese dos seus corenta anos como poeta. Comenta que son poemas correspondentes aos sucesivos ciclos líricos pero que, nesta recompilación, pretende configurar como unha obra nova, unitaria e coa súa propia organización. Fai un percorrido biobibliográfico do escritor lugués e mostra o motivo do silencio poético no que López Casanova caeu: "está moi dedicado ós estudos literarios, nunha obra sobre a poesía galega, un volume no que figuran todos os grandes poetas galegos dende o Rexurdimento ata a actualidade". Engade a preocupación obsesiva do lugués por recuperar a infancia nos seus primeiros libros, característica moi relacionada coa liña intimista da poesía da tebra.

Pérez Prieto, Victorino (comp.), *Os ríos pasan cheos de Deus. Poesía relixiosa en galego*, presentación e intr. de Xesús Portas Ferro, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, 2007, 275 pp. (ISBN: 978-84-96673-20-5).

Antoloxía de poesía relixiosa en lingua galega compilada polo teólogo Victorino Pérez Prieto (Hospital de Orbigo, León, 1954). Consta dunha presentación asinada por Xesús Portas Ferro, en que dá conta do proceso de xestación e desenvolvemento deste proxecto, unha introdución, os poemas divididos en dous bloques, un índice temático e unha bibliografía. Na introdución, o compilador reflexiona sobre a existencia de poesía relixiosa en galego, informa da importancia do *Diurnal Galego* como "a meirande colección de poesía relixiosa en galego" e, para rematar, céntrase na súa presente antoloxía. Dita introdución ábrese cunhas citas literarias de santa Teresa, san Juan, León Felipe e X.A. Miguélez e áchase dividido en varios apartados: "Poesía e fe relixiosa", "Unha longa ringleira de poetas galegos que fixeron poesía relixiosa", "O Diurnal Galego, a meirande colección de poesía relixiosa en galego" e "A nosa Antoloxía: versos para gozar, meditar e orar". As composicións poéticas recollidas nesta obra

aparecen acompañadas dunha breve nota biográfica e bibliográfica da súa autora ou do seu autor e clasificadas en dous apartados. Baixo o título "Os clásicos galego-portugueses" encóntranse poesías de Afonso X, Martín Soarez, Paio Gómez Charinho, Bernal de Bonaval, Airas Nunes, Gil Vicente, Diogo de Bernandes, Camões, Frei Agostinho da Cruz, Padre Baltasar Estaço, Frei Antonio das Chagas, António Correia Galção, Leonor de Almeida, João de Deus, Antero de Quental, Abilio Guerra Junqueiro, Augusto Gil, António Gomes Leal, Teixeira de Pascoaes, José Régio, Antonio María Castro y Neira, Luís Corral Rodríguez, Juan Manuel Pintos, Marcial Valladares Juan Antonio Saco y Arce, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Mauel Curros Enríquez, Manuel Lago González, Xosé Crecente Vega, Avelino Gómez Ledo, Xosé Rubinos Ramos, Francisca Herrera Garrido, Xerardo Álvarez Limeses, Eladio Rodríguez, Ramón Cabanillas, Luís Pimentel, Antonio Noriega Varela, Aquilino Iglesias Alvariño, Ben-Cho-Sey, Luís Amado Carballo, Fermín Bouza Brey, Xosé Mª Cabada Vázquez, Cipriano Torre Enciso, Augusto Casas, Álvaro Cunqueiro, Ricardo Carvalho Calero, Ernesto Guerra da Cal, Manuel Casado Nieto, Ramón María Blanco González, Eduardo Moreiras, Lorenzo Varela, Celso Emilio Ferreiro, Xosé Mª Díaz Castro, Xosé Mª Álvarez Blázquez, Faustino Rey Romero, Antón Tovar Bobillo, Manuel María Fernández e Pura Vázquez. No apartado titulado "As e os poetas galegos contemporáneos" atopamos poemas de Luz Pozo Garza, Mª do Salvador González Raposo, Bernardino Graña, Uxío García Amor, Modesto Vázquez Gundín, Álvaro Barreiro, Xosé Ramón Estévez, Lois Vázquez Fernández, Helena Villar Janeiro, Arcadio López-Casanova, Bernardo García Cendán, Marcos Mariño Parapar, Odilio González, Antonio Fernández León, Santiago Agrelo, Xoán Xosé Fernández Abella, Manuel Vilanova, Xosé Lois García, Antonio Domínguez Rey, Xabier Rodríguez Baixeiras, Ricardo Tirimaos, Xesús Portas Ferro, José-Martinho Montero Santalha, Marica Campo, X. C. Gómez Álfaro, Fiz Vergara Vilariño, Xoaquín Agulla, Luís Rei Núñez, Xosé Antón Miguélez Díaz e Manolo Regal Ledo. A recompilación remata cun "Índice temático", no que clasifica os poemas segundo os seguintes temas: a saudade de Deus, a pregaria e loanza a Deus, o Nadal, o misterio Pascual, María e os santos. E tras ao índice, conclúese esta antoloxía cunha "Referencia Bibliográfica", onde se detallan as publicacións das que proceden os textos incluídos nesta escolleita.

Recensións:

- Xosé María Costa, "Poesía relixiosa en galego", *A Nosa Terra,* n.º 1.264, "Cultura", 19-25 abril 2007, p. 26.

Repásase este volume poético sen pretensións de afondar en esencias e reflexións teolóxicas rituais, recoñecendo que só tenta abordar a tensión interior deste poemario. Valórase negativamente "a dubidosa intención e o ton rutinario", ademais das "afectadas figuars e angustiadas imaxes". Apúntase como o único acerto un poema do Padre Baltasar Estaço, a dor e a tristeza de Rosalía de Castro, "o son espido e a sensibilidade de Luís Pimentel", e algunhas características de Álvaro Cunqueiro e Xosé M. Díaz Castro. Conclúese sintetizando que este poemario destaca pola imprecisión, a rutina, "as figuras e formas distantes e esquivas, a miúdo asolagadas na efusión e no verso pautado", que deambulan en "esgotados esbozos".

- Armando Requeixo, "O deus da poesía", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 441, "Libros", 12 agosto 2007, p. 21.

En primeiro lugar, chama a atención sobre a publicación de diversos volumes centrados na relación entre o fenómeno poético e o relixioso neses meses. A continuación, pasa a comentar o volume de poesía relixiosa compilado por Victorino Pérez Prieto, *Os ríos pasan cheos de Deus. Poesía Relixiosa en galego*. Informa de que esta obra leva un prólogo de Xesús Portas Ferro e unha longa presentación de Pérez Prieto, á vez que indica que reúne preto de cen poetas dende a época medieval galego-portuguesa até a actualidade. Critica o feito de que inclúa autores portugueses, observa que a reprodución dos textos debería partir de edicións críticas e encontra inexactitudes nalgunhas informacións contidas nesta obra. Aínda así, saúda o esforzo que supuxo este traballo, que sitúa como o primeiro deste estilo no ámbito da literatura galega.

- R. Loureiro, "*Os ríos pasan cheos de Deus. Poesía relixiosa en galego*", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 235 , "Letras en galego", 3 novembro 2007, p. 11.

Dáse conta dos autores recollidos neste volume, no que destacan os nomes de Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Ricardo Carballo Calero, Ernesto Guerra da Cal, Pura Vázquez ou Celso Emilio Ferreiro. Tamén se recollen os actuais poetas Bernardino Graña, marica Campo, Luz Pozo Garza, ou a figura de Uxío García Amor, quen pertence aos "Poetas de Seminario Mindoniense" xunto con Noriega Varela, Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé M. Díaz Castro ou Crecente Vega.

- Xesús Pensado Figueiras, "*Os ríos pasan cheos de Deus*, poesía relixiosa en galego", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián,* n.º 155, novembro-decembro 2007, pp. 113-114.

Trátase dunha recensións sobre a primeira antoloxía de poesía relixiosa en galego publicada no país, *Os ríos pasan cheos de Deus*, de Victorino Pérez Prieto editada por Toxos Outos. Dise que na introdución da mesma o autor expón os criterios para a súa escolla como a calidade literaria ou relixiosa. Engádese que a estrutura do libro componse de dúas partes sendo a primeira máis heteroxénea e extensa co título de *Os clasicos galego-portugueses* incluíndo o espazo histórico que vai dende a Idade Media ata o Rexurdimento. Da segunda parte dise que é proba evidente da vitalidade da poesía actual con trinta autores catalogados. Finalmente destácase que é unha antoloxía ben equilibrada e coherente cos criterios establecidos.

Referencias varias:

- Francisco Carballo, "Escolma de poesía relixiosa", *A Nosa Terra,* n.º 1.267, "Fin de semana", 10-19 maio 2007, p. 35.

Dá conta da publicación de tres antoloxías de poesía relixiosa que veñen cubrir a ausencia deste tipo de traballos no ámbito da literatura galega. Refírese á do *Diurnal*, libro de rezo en galego, *Escola poética de Mondoñedo*, de Félix Villares e *Os ríos pasan cheos de Deus*, de Victorino Pérez Prieto. Céntrase en comentar esta última e salienta a importancia dun volume como este, xa que permite que quen acuda a un soporte poético na vivencia oracional cristiá, xa non terá que procurar en poesía galega dispersa.

- Xosé Lois García, “A poesía deística na Galiza”, *Galicia Hoxe*, “Ecos da berenguela”, 3 xullo 2007, p. 4.

Fálase de diversas achegas á recompilación da poesía relixiosa en galego ou en Galicia, entre as que é noticia *Os ríos pasan cheos de Deus*, feita por Victorino Pérez Prieto, publicada en Toxosoutos. Dise que abrangue desde Afonso X o Sabio até Manolo Regal Ledo, e que a súa importancia radica en que vén da man dun ex-crego que reúne noventa e un autores con interpretacións moi diverxentes dun cristianismo vivo.

- Helena Villar Janeiro, “Os poetas e Deus”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 27 xullo 2007, p. 3.

Presenta a antoloxía de poesía relixiosa que vén de ser publicada *Os ríos pasan cheos de Deus*, compilada por Victorino Pérez Prieto. Despois de ofrecer algunhas notas biográficas sobre o responsábel da publicación, comenta a estrutura da obra e céntrase no prólogo de Xesús Portas Ferro, en que dá as claves para podermos interpretar como poesía relixiosa “grande parte da lírica que xorde como expresión particular da fe subxectiva, da experiencia persoal dun eu poético que a declara independentemente de que esta expresión coincida coa praxe dunha determinada confesión relixiosa”.

Ramos, Baldo, *Monólogo do calígrafo*, Ribeira: Antonio Piñeiro Editor, col. Bourel, Ribeira, novembro 2007, 48 pp. (ISBN: 978-84-934024-9-5).

Trátase dunha obra poética feita artesanalmente na Colección Bourel de Ribeira da que se fixo unha tirada de cen exemplares os cales foron pregados, montados, cosidos e engomados, un por un, á man. A edición é limitada e única cos cen exemplares seriados, numerados e asinados sendo este o número cen. Consta o volume de vinte e cinco poemas acompañados de ilustracións do propio autor, Baldo Ramos (Celanova, Ourense, 1971), así como dalgúns textos manuscritos por el mesmo. Constitúe unha reflexión sobre a propia poesía, a súa relación con outras artes e co paso do tempo e asemade sobre a importancia da palabra. A nostalxia, o desacougo polo paso inevitable do tempo, o baleiro existencial, a memoria e a reivindicación da lingua e das palabras esquecidas son algunhas das constantes na obra. Remata o libro cunha reflexión sobre a liberdade e a transparencia que o poeta consegue a través da linguaxe como medio de fuxida do medo e da escuridade coa súa sinatura manuscrita.

Valente, José Ángel, *Alén*, traduc. ao castelán de César Antonio Molina, gravados de Leopoldo Nóvoa, preámbulo de Claudio Rodríguez Fer, París: Editorial Raíña Lupa/Editiona Robert et Lydie Dutrou, col. Biblioteca América da Universidade de Santiago, abril 2007, 25 pp.

Poemario bilingüe galego-castelán de José Ángel Valente (Ourense, 1929-Ginebra, Suiza, 2000) no formato dun cartafol de 25 páxinas de 70 cm. Está estruturado nun preámbulo firmado por Claudio Rodríguez Fer, e en cantigas en galego nunha fonte de cor negra, e de cor verde aceituna na versión castelá, que acompañan a catro gravados numerados e firmados de Leopoldo Nóvoa. Trátase do exemplar número 42 dunha serie de oitenta exemplares sobre papel Vélin de Rives, da que só os cinco primeiros contan

cunha obra orixinal. No preámbulo que arranca coa cita "Toda arte é un alén ou non é verdadeiramente arte", precisa que se trata de cantigas compostas de xeito integral e integrador. Explícase que Leopoldo Nóvoa seleccionou tres cantigas sobre o encontro: "Amarelece acedo o tempo", na que se alude á paxariña da Cantiga CIII de Alfonso X o Sabio; "Nenia", na que o poeta ourensán descende á memoria persoal da infancia, e "Rosalía", na que descende á memoria colectiva da Matria, Galicia e Rosalía. Para completar o volume engadíronse os poemas "Sub nocte", "Asedio" e unha composición inédita en libro, "Na mar de Vigo", no que parte da lembranza da primeira vez que seu pai o levou a ver o mar, para retomar despois a memoria da natureza superpoñéndoa á memoria da intimidade. Salienta que tanto Valente como Nóvoa coñeceron o mundo da emigración, compartindo "a memoria da estranxería íntima, do cosmopolitismo artístico e da disidencia trasterrada". Resume este volume como un encontro "da memoria do individuo, da comunidade e da materia na poesía de Valente e na arte de Nóvoa", nunha identidade entre "o ser, o tempo e o espazo".

Referencias varias:

- maré, "Valente e Nóvoa, equipo de luxo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 abril 2007, p. 34.

Dá conta da presentación dunha obra que reúne poemas en galego de José Ángel Valente e gravados orixinais de Leopoldo Nóvoa, ademais da tradución ao español de César Antonio Molina. Indica que o volume leva o título de *Alén* e que se trata dunha edición de coleccionista, xa que só se imprimiron oitenta exemplares e todos están asinados por Leopoldo Nóvoa. Remata cunhas notas biográficas sobre os dous autores, Valente e Nóvoa.

- José Luis Estévez, "Poesía de Valente, trazos de Nóvoa", *El País.* "*Galicia*", 26 abril 2007, p. 45.

Dá conta da publicación de *Alén*, unha obra que reúne cinco poemas de *Cántigas de Alén*, de José Ángel Valente, e catro gravados orixinais de Leopoldo Nóvoa. Explica que inclúe ademais un poema inédito de Valente, "Na mar de Vigo" e que as composicións poéticas aparecen traducidas ao español por César Antonio Molina. Engade, por último, que o prólogo é de Claudio Rodríguez Fer, que foi quen realizou a selección dos poemas. Tamén se refire á evolución dende a idea orixinal do proxecto á publicación por parte da editora Raíña Lupa.

VV. AA., *Poesía viva, pura poesía. (Premio Esquío 1981-2006)*, Ferrol: Sociedade de CulturaValle-Inclán, col. Esquío de Poesía, n.º 109, marzo 2007, 254 pp. (ISBN: 978-84-952-8985-8). ◆

Tras unha presentación institucional, este volume acolle os poemarios galardoados nos Premios Esquío entre os anos 1981 e 2006. Ábrese a antoloxía poética "O Esquío non cesa", no que Vicente Araguas salienta que este premio xa cumpriu as súas bodas de prata e que foi acertado escoller a Fernando Esquío como nome deste galardón. Ademais, lembra que todos os gañadores do premio Esquío son actualmente figuras consagradas no eido da poesía galega, aínda que hai tamén recoñecidos poetas galegos que non gañaron este premio. E que, comprobando os galardoados, pódense constatar

"as tendencias da poesía galega moderna: épica, culturalismo, intimidade, lírica pinga a pinga ou en fervenza alebrastada, don da enxebridade, confesionalismo" e que este premio é "referencia obrigada en todas as historias da literatura recente". A través da historia das vinteséis edicións deste premio Esquío deduce que este galardón subliñou que en Galicia "houbera un alzamento poético" ao rachar cos vellos moldes, concitou novas vontades e serveu para recuperar vellos escritores. E remata agradecendo ás persoas que traballaron en conseguir que este premio fructificase: Julia Uceda e Fernando Bores. A antoloxía estrutúrase en fichas anuais de cada edición do premio, na que aparece o nome do galardoado, o título da súa composición poética, o xurado desa edición e unhas palabras dese autor co motivo da vixésimosexta edición do Esquío. Os poetas galegos premiados entre 1981 e 2006 foron Vítor Vaqueiro, Anxo Quintela, Pilar Pallarés, Miguel Anxo Fernán-Vello, Luís González Tosar, Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Ramón Raña Lama, Xavier Rodríguez-Barrio, Xosé Vázquez Pintor, Ramiro Fonte, Xesús Manuel Valcárcel, Manuel Xosé Neira, Xesús Rábade Paredes, Manuel Álvarez Torneiro, Xavier Seoane, Xosé Miranda, Ignacio Chao, Marilar Aleixandre, Estíbaliz... Espinosa, Cesáreo Sánchez Iglesias, o premio quedou deserto en 2002, Manuel Forcadela, Maite Dono, Daniel Salgado, Martín Veiga e Luz Pichel. A seguir, aparece o prólogo "De las poéticas", de Miguel García-Posada antecedendo aos premiados en lingua castelá. Esta antoloxía remata cun Apéndice no que se recolle a relación de poetas premiados, en castelán e en galego, e os xurados.

Referencias varias:

- M.J.R., "La Sociedad Valle-Inclán reúne en una antología los mejores poemas del Esquío", *Diario de Ferrol*, "Literatura", 23 marzo 2007, p. 17.

A Sociedade Valle-Inclán fai unha presentación de "Poesia viva, pura poesía. Premio Esquío 1981-2006" neste acto serán comentados os poemas escollidos polos autores gañadores do Premio Esquío tanto en galego coma en castelán dos últimos 26 anos. Cos poemas gañadores publicarase un libro de antoloxía dos premios Esquío. A festa tamén servirá para reivindicar os pendellos de Agolada.

- A.L., "Nun libro, 25 anos do premio Esquío", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 abril 2007, p. 28.

A Sociedade de Cultura Valle-Inclán de Ferrol trasládase á Agolada para a presentación dun certame poético no que tamén será incluída a música. Neste certame participarán os autores premiados nos últimos vinteseis anos e a partir dos poemas escollidos farase unha antoloxía poética. No acto tamén contará coa colaboración da Asociación de Amigos dos Pendellos.

- Xosé Vázquez Pintor, "Matria, lingua e poesía", *Diario de Ferrol*, "Opinión", 20 abril 2007, p. 14.

Con motivo do vintecinco aniversario dos premios Esquío o escritor que foi tamén chamado ao certame tendo en conta este feito fai un repaso biográfico como usuario da lingua galega, deténdose nos momentos en que mantivo relación coa vila de Agolada, sabemos que foi aí onde pasou a súa infancia e tamén onde agora se vai celebrar certame de celebración dos premios Esquío. O escritor recorda a súa nai que foi quen o

relacionou con esta vila e a quen dedicou a obra de poesía que foi premiada co Esquío, premio que agora o ven de citar para a celebración do aniversario.

- Vicente Araguas, "A lenda continúa", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 426, "Libros", 29 abril 2007, p. 20.

Coméntase a publicación *Poesía viva, pura poesía* (2007), da colección Esquío, que constitúe unha antoloxía das obras galardoadas neste certame, máis unha autopoética dende 1981 a 2006. Anótase a importancia de que o premio siga existindo despois de vinte e seis convocatorias consecutivas, así como o que amosa da evolución da poética galega nestes anos.

- Teresa Seara, "Como pedra imán", *Tempos Novos*, "*Protexta*", "proPostas" n.º 5, inverno 2007/2008, p. 13.

Publícase unha obra que recompila as creacións dos gañadores de Premio Esquío entre 1981 e 2006, *Poesía viva, poesía pura.* Segundo Seara esta obra serve de homenaxe ao labor dos que puxeron en pé este certame nunha época, na que eran moi escasos os premios e os recoñecementos para os poetas.

Villares Mouteira, Félix (ed.), *Un alpendre de sombra e de lúar. A escola literaria da diócese de Mondoñedo-Ferrol*, limiar Ramón Loureiro, Cesuras-A Coruña: Biblos Clube de Lectores, 2007, 723 pp. (ISBN: 978-84-935609-2-8).

Este volume ábrese co limiar "Velut Umbra", onde Ramón Loureiro loa o traballo realizado por Félix Villares e manifesta a gran emoción que lle causa a obra e relata as impresións que lle produce a súa lectura. A seguir, no apartado "Soleira", Félix Villares Mouteira, o editor da obra, comeza afirmando que o título do estudo provén duns versos de Aquilino Iglesia Alvariño e que o seu obxectivo foi realizar unha aproximación aos compoñentes da "Escola poética do Real Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo", tamén denominada "Escola Literaria Diocesana", que está formada por todos aqueles poetas que estudaron nas aulas do Seminario. Logo indica que seleccionou as composicións máis representativas escritas en galego, (agás naqueles casos nos que os poetas non tiñan ningunha edición no mercado da súa obra, que reproduciu a totalidade). Explica que todos os poemas van aparecen acompañados dunhas notas biográficas dos seus autores e manifesta a gran dificultade que tivo para recoller e seleccionar os textos xa que, nalgúns casos, os seus creadores só publicaran en xornais locais de complicada consulta. Finaliza cos agradecementos. En "Noticia histórica do seminario de Mondoñedo" incorpora unha biografía cronolóxica do Seminario de Mondoñedo que abarca dende que se acordou solicitar a súa construción, en 1565, ata 1993, data da inauguración das novas instalacións. A continuación, en "A escola poética do Seminario de Mondoñedo", explica as características xerais dos poetas que asistiron as aulas do Seminario de Mondoñedo que xustifican a súa inclusión na Escola poética do Seminario de Mondoñedo. Comeza destacando o feito de que todos os escritores e poetas do norte de Lugo pasaron polas aulas dese centro ou estiveron relacionados con el e aporta a listaxe dos máis destacados, incluídos os que logo seleccionou. A continuación afirma que a maior parte dos cincuenta e dous poetas elixidos teñen como características comúns: unha gran formación humanista, estar moi influídos polos clásicos latinos, unha fonda preocupación pola fala, que se demostra na grande riqueza

léxica que empregan; todos están nunha liña poética popular e costumista, amosan un gran aprecio polas cousas humildes e sinxelas e nas súas composicións predomina o descritivo sobre o lírico e aparece en moitas ocasións o tema relixioso. A seguir recolle os textos dos poetas seleccionados, que aparecen ordenados por orde cronolóxica. Estes son: Antón María de Castro e Neira , Luís Corral Rodríguez, Xacinto Romualdo López, Pascual Saavedra Iglesias, Nicomedes Pastor Díaz e Corbelle, Xosé María Chao Ledo, Manuel Leiras Pulpeiro, Antón Manuel Xesús María Noriega Varela, Manuel María García Castro, Leoncio López de las Casas, Antolín Santos Mediante Ferraría, Francisco Amor Méndez, Celestino Cabarcos Suárez, Daniel Pernas Nieto, Ricardo Bodenlle Corral, Francisco Fanego Losada, Manuel Rico Prieto, Fernando Pérez Barreiro, Manuel Pérez e Pérez, Xosé Crecente Vega, Xosé Trapero Pardo, Xosé García Cascudo, Enrique Cheo Espina, Aquilino Iglesia Alvariño, Antonio Roca Roca, Amador Ramón Fernández Mejeras, Xosé María Díaz Castro, Xosé Antón Rivas Reigosa, Anxo Seijas Cendán, Benxamín González Quelle, Uxío García Amor, Carlos Díaz Sante, Xosé ramón Goás Gómez, Xosé Chao Rego, Xosé Manuel Vázquez González, Anxo Ferreiro Currás, Xosé Bello Lagüela, Lázaro Domínguez Gallego, Pedro Díaz Fernández, Bernanrdo García Cendán, Antonio Martínez Barcón, Marcos Mariño Parapar Lago, Ricardo Timiraos Castro, Wenceslao Vila Poupariña, Xosé Martinho Montero Santalha, Segundo Leonardo Pérez López, Vicente Míguez Salgueiro, Xesús Lustres Blanco, Luís Miguel Lustres Blanco, Camilo Valdehorras e Xosé María Artiaga Díaz. A continuación, nun apéndice, aporta información sobre Benigno López Díaz (Cedeira, 1925) e Xosé María Paz Camps, (Santa María de Mañón, 1929), que publicaron, baixo o pseudónimo de Benipaz, *Belén en Galicia*, (1956). Conclúe a obra coa bibliografía e o índice.

Referencias varias:

- A. L., "Mondoñedo, unha diócese poeta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 maio 2007, p. 28.

Dá conta do traballo do teólogo e profesor do seminario de Mondoñedo, Félix Villares Mouteira, titulado *Un alpendre de sombra e de luar. A escola literaria da diocese de Mondoñedo-Ferrol*. Desvela que dez anos de investigación permitiron a Villares chegar á conclusión de que existe una escola literaria de grande influencia en torno a este Seminario. Afirma que o seu estudo reúne unha recompilación de cincuenta e catro poetas que abrangue dende o século XVIII á década de 1960, entre os que destaca a Álvaro Cunqueiro, Nicomedes Pastor Díaz, Manuel Leiras Pulpeiro, Antonio Noriega Varela, Aquilino Iglesia Alvariño ou Xosé Crecente Vega.

- Ramón Loureiro, "Unha antoloxía reúne a 54 poetas da Escola Literaria da Diócese de Mondoñedo-Ferrol", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 maio 2007, p. 48.

Sinala que o coengo catedralicio e chanceler da curia da Diócese de Mondoñedo-Ferrol Félix Villares Mouteira vén de publicar un volume que reúne versos de cincuenta e catro autores que pertenceron a este seminario. Menciona algúns dos nomes máis relevantes e anuncia o acto de presentación da obra. Indica que recolle poemas dende finais do século XVIII. Por último, expresa o desexo de Villares de que se dedique un Día das Letras Galegas á escola do seminario no seu conxunto.

- Xesús Alonso Montero, "O Seminario de Mondoñedo, factoría poética", *La Voz de*

Galicia, "*Culturas*", nº 223 , "Beatus qui legit", 11 agosto 2007, p. 12.

Anuncia a publicación do libro *Un alpendre de sombra e de luar*. *A escola literaria da diocese Mondoñedo-Ferrol* feito polo sacerdote Félix Villares Mouteira, gran amigo do articulista. Sinala que con anterioridade sacara ao mercado *Os poetas do Seminario de Mondoñedo* polo que o corpus de poetas galegos que pasaron polo seminario mindoniense está ben recollido e de primeira man, xa que el estivo en contacto directo con eles ao ser sacerdote e profesor no centro. Comenta que estudou dende os autores das panxoliñas publicadas nas primeiras décadas do século XIX até autores como Nicomedes Pastor Díaz, Manuel Leiras Pulpeiro, Antonio Noriega Varela, Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé María Díaz Castro ou Camilo Valdehorras.

VV. AA., *Polifonías II. Voces poéticas contra a violencia de xénero*, prólogos Carme Adán e Marga do Val, A Coruña: Edicións Espiral Maior/Xunta de Galicia, xullo 2007, 54 pp. (ISBN: 978-84-96478-48-9). ■

Antoloxía que se abre cun limiar onde se reproduce o texto lido por Carme Adán, Secretaria Xeral da Igualdade, o 25 de novembro de 2006 na entrega do I premio "Eu tamén navegar. Para unha Galiza sen violencia de xénero", no que conta a historia épica de Penélope, e reproduce o poema homónimo de Xohana Torres, en *Tempo de ría*, do que se extrae o nome do devandito premio. Ao limiar, séguelle o prólogo "Coas palabras dos irmáns", no que Marga do Val se dirixe ao lector para presentarlle o material procedente do recital poético, celebrado na entrega xa mencionada do premio. Lembra que se recollen as voces masculinas neste II encontro polifónico, tras escoitar ás femininas no *Polifonías I*. Presenta este libro como "a proba de que o discurso nacido desde a razón e do feminismo chegou á sociedade", traducindo as poetas e os poetas "unha realidade e loitando porque as cousas cambien". Ademais, apunta que *Polifonías II* é a proba material "dun xeito novo de estar no mundo como corpos que falan rachando silencios". Á parte dos poemas aparece o "Romance da Maruxa", canción *in memoriam* composta por Tino Baz, unha das tres composicións musicais que interpretou á guitarra no recital poético que dá orixe a este poemario. Tamén se proxectaran os video-poemas de Manuel Cortés. Os trece poetas que compoñen esta antoloxía son: Anxo Angueira, Carlos Negro, Carlos Santiago, Carlos Solla, Eduardo Estévez, Estevo Creus, Kiko Neves, Manuel Cortés, Raúl Gómez Pato, Tino Baz, Xabier Cordal, X. L. Santos Cabanas e Xurxo Souto. Algunhas das composicións van tituladas ("Just for men", de Carlos Negro; "A navalla", de Carlos Santiago; ou "Habitación 204", de Eduardo Estévez), pero o denominador común é o tema da violencia contra as mulleres, agás un poema onde aparecen homes asasinados polo franquismo. Con relación aos trazos formais, cómpre salientar a falta de rima, asonante ou consonante, (agás en "Romance da Maruxa... In Memorian", de Tino Baz), a presenza de anáforas e de refráns, como acontece en "Just for men", de Carlos Negro. Resérvase, para o final do poemario, inserir unha imaxe fotográfica, como complemento a un poema moi extenso de Xurxo Souto.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "O big-bang", *Galicia Hoxe*, "Lecer", 11 novembro 2007, p. 9.

Nova, inserida no marco de outras que están redactadas a modo de diario, que, baixo o título de "'Patadas" Mércores, 31 de outubro' informa da saída ao mercado de *Polifonías II*, editado por Espiral Maior e a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.

II.5. APÉNDICE: LIBROS DOUTROS ANOS NON RECOLLIDOS EN INFORMES ANTERIORES.

Casado, Xoán-Manuel, *Crónica persoal-Poesía completa 1973-2002-*, ed. de Xesús González Gómez, limiar de Basilio Losada, Santiago de Compostela: PEN Clube de Galicia/Danú S.L., col. Arte de Trobar, nº 9, outubro 2006, 471 pp. (ISBN: 84-933404-8-0). ◆

Ábrese este volume cun "Limiar" de Basilio Losada, no que se achega á obra de Xoán Manuel Casado (Barcelona, 1949-2002), que foi publicada, esencialmente, entre 1982-1986. Sinala que no presente volume se recolle a totalidade da súa produción poética e que a impresión de que Casado escribía para el e para os seus amigos era evidente, ademais de comentar que, no conxunto da poesía galega, foi un "raro", un autor situado no extrarradio, vinculado á escola barcelonesa dos anos finais do franquismo. Por outra parte, ofrece datos biográficos deste barcelonés que sempre sentiu moi de cerca a súa terra ourensá de Castro Caldelas e que, alén de exercer como avogado da Seguridade Social, era un grande amante da música, da pintura e das corridas de touros. Para rematar, abonda na súa poética e indica que toda a súa vida colle nun longo poema que escribiu procurando a complicidade do lector e que figura entre os inéditos agora recuperados, "Crónica persoal". Por outra parte, Xesús González Gómez volve a revisar os estudos, afeccións e, en xeral, a vida de Casado e da súa familia, moi relacionada coa burguesía e intelectualidade do momento. Así mesmo, aborda a súa obra que se iniciou co poemario *Rexistro de menores espantos* (1973) e tivo continuidade noutros libros de poemas, de narracións, pois foi galardoado co Blanco Amor por *O inverno do logo* (1985), e en colaboracións en prensa e na publicación *O Pote. Boletín do Grupo Anónimo de Barcelona*. A seguir, fai un repaso pola atención que recibiu en certos manuais e tenta adscribilo a unha determinada xeración, chegando á conclusión de que é "un fóra de xogo dentro da poesía dominante- e da dominada- no panorama literario galego dos últimos trinta anos do século pasado". Analiza os elementos mediante os cales "asume (conserva), elimina e supera a poesía dos seus contemporáneos" tanto dende o punto de vista temático coma formal; e achega os criterios seguidos para recompilar e ordenar o material da presente edición, que recolle todos os seus poemas, desbotándose aqueles inacabados, así como a bibliografía consultada. Por último, reprodúcese *Rexistro de menores espantos*, *Os Preludios* (1980), *Ladaíñas do serán*, *Libro de Caldelas* (1982, Premio da Crítica Española), *Antigo Futuro* (1986), *A usual leviandade da badía*, *Parcialidade dos corpos*, *Crónica persoal*, *Elexías da cidade serodia* e *O precio dos taxis*, poemas publicados e non incorporados a ningún libro e poemas soltos. Trátase dunha poesía que fala do real e que olla tanto para o persoal coma o social, centrándose nos seus amores mozos, nas súas amizades, nas conversas, na cidade de Barcelona ou na vila ourensá de Castro Caldelas, que viría a ser unha referencia permanente na súa poética. A súa construción verbal é limpa e directa, afastada de calquera metafísica, pois, como se comenta na introdución, é "esencialmente discursiva, pensada e antimetafórica". Esta claridade expositiva

susténtase nos ritmos da fala popular, nun coidadoso rigor formal e na combinación de rexistros cultos e populares.

Recensións:

- Román Raña, "Acerto expresivo. En clave de crónica", *Faro de Vigo*, *"Faro da Cultura"*, n.º 205, "Libros", 3 maio 2007, p. V.

Cualifica *Crónica persoal-Poesía completa 1973-2002*-, de Xoán-Manuel Casado, de "excepcional". Sinala as dificultades que a poesía de Casado tivo para ser recoñecida pese á súa calidade, e apunta que os seus poemarios *Rexistro de menores espantos* ou *Os preludios* pasaron bastante desapercibidos. Tamén destaca que con *Libro de Caldelas* acadou a súa máxima emotividade, mentres que en *Antigo futuro* afonda na madurez do escritor. Por último, comenta que o volume que agora se presenta complétase cun conxunto de proxectos de poemarios inéditos e cun prólogo de Xesús González Gómez.

Referencias varias:

- Xosé María Costa, "A persoal crónica de Xoán Manuel Casado", *A Nosa Terra*, n.º 1.253, "Cultura", 25-31 xaneiro 2007, p. 27.

Xosé María Costa informa da publicación no Pen Clube de Galicia do poemario *Crónica persoal* de Xoán Manuel Casado. Indica que estes poemas son "lembranzas, reflexións e experiencias cotiáns esquecidas" polo poeta. O tempo e a soidade convértense en dous temas estruturais do poemario de Casado.

- Marcos Valcárcel, "Xoán M. Casado", *La Región*, "Pan por pan", 16 febreiro 2007, p. 69.

Anúnciase moi brevemente a publicación do libro no que se recollen os poemas de Xoán Manuel Casado (Barcelona 1949-2002) e que acaba de sacar o PEN Clube de Galicia na colección "Arte de Trobar", en edición de Xesús González Gómez e Basilio Losada. Pénsase que é unha boa oportunidade para achegarse á lectura das composicións do fillo de Casado Nieto.

- Marcos Valcárcel, "Xoán Manuel Casado (I)", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 16 febreiro 2007, p. 40.

Anúnciase a publicación dun volume editado polo PEN Clube que compila a obra do escritor Xoán Manuel Casado nado e falecido en Barcelona (1949-2002), que foi poeta e narrador. Sinálase que consta dun limiar de Basilio Losada e que inclúe a súa produción poética que é debedora de autores como Alberti, Machado, Blanco Amor, Celso Emilio Ferreiro, Luís Seoane ou Lorenzo Varela. Coméntase que coma seu pai, Manuel Casado Nieto, dominou o rexistro elexíaco e os poemas de forte intensidade.

- Marcos Valcárcel, "Xoán Manuel Casado (e II)", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 17 febreiro 2007, p. 40.

Achégase ao volume de Xoán Manuel Casado *Crónica personal. Poesía completa (1973-2002)* no que se recolle toda a súa obra poética na que se mesturan as influenzas galegas e sobre todo catalás. Considérase que se trata dunha poesía biográfica, íntima na que se recolle alento erótico, paixón amorosa, xenealoxía familiar e outros recordos. Engádese que o escritor Camilo Valdehorras fala do biografismo elexíaco e pseudo-confesionalismo irónico do poeta.

- Alfredo Conde, "A voltas coa poesía e cos poetas", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 21 febreiro 2007, p. 4.

Comenta que leu a introdución de Xesús González Gómez á vida e á poesía de Xoán Manuel Casado, *Crónica persoal-Poesía completa 1973-2002*-, e que se sorprendeu ao lerse nomeado como poeta, cando el considera que debe esquecerse que escribiu só un mal poemario. A seguir, apunta que María Moreno Márquez salva a catro poetas: Fiz Vergara Vilariño, Darío Xohan Cabana, Xesús Rábade Paredes e Xavier Rodríguez Barrio. Respecto á afirmación de que a poesía galega ou a poesía (civil e social) están en crise, coida que non, xa que se poden salvar aos catro poetas nomeados, entre os dez que aparecen na escolma; un índice que considera moi alto. E remata apuntando que, no seu poemario, non hai poesía comprometida, senón algún poema amoroso e a única aportación galega á chamada "beat generation".

- Alfredo Conde, "Maldición dos deuses", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 22 febreiro 2007, p. 4.

Anótanse algúns datos sobre Xoán Manuel Casado e alude á lectura de *Crónica persoal*. Sinala que escribiu á máquina a sentenza de Salvador Puig Antich e que para el ter libros era algo que viña sen esforzo pola súa clase social. Tamén apunta que ser de boa familia naquel tempo vese hoxe nalgúns sectores como algo desprezábel.

- P. T., "Casado completo e reunido", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 20.

Anúnciase a publicación desta obra poética, da que se dá conta dos datos bibliográficos. Precísase que este autor procurou sempre elaborar unha poesía con grande unidade formal e de ritmo.

San Juan, Gregorio, *Trece poemas galegos e outras páxinas*, ed., nota preliminar e epílogo de Xesús Alonso Montero, prólogo de Xesús Rábade Paredes, Poio-Pontevedra: Litoral das Rías, col. Hipocampo Amigo. Poesía, n.º 19, 2006, 70 pp. (ISBN 13: 978-84-933408-8-9, ISBN 10: 84-933408-8-X).

Recóllense trece poemas galegos do escritor palentino Gregorio San Juan (Melgar de Yuso, Palencia, 1928-Bilbao, 2006). A escolma vén precedida dunha nota preliminar do editor e dun prólogo de Xesús Rábade Paredes, e péchase cun epílogo con nota preliminar e dividido en catro apéndices do profesor Xesús Alonso Montero. Na nota preliminar, Xesús Alonso Montero explica que Hipocampo Amigo tiña pensado ofrecer esta escolma en vida do autor, e que Gregorio San Juan foi un poeta plurlingüe que, cando escribía en galego, convertía esa alofonía en autofonía. No prólogo "Gregorio

San Juan na poesía galega de posguerra", Xesús Rábade Paredes apunta que foi un autor marxinado, desatendido polos colegas e editores, e coa súa obra dispersa. E afirma, así mesmo, que a súa poética asemella a actitude poética de Eugenio de Nora, Celso Emilio Ferreiro ou Blas de Otero. Salienta que a súa relación con Galicia comeza en 1954, estando de alférez en Parga e se continúa co seu casamento en 1958, e o estudo que leva a cabo Alonso Montero da súa obra dende hai corenta anos. Precisa que nos versos pódese ver o son civil do poeta e a evocación a autores como Manuel Curros Enríquez, Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas, Eduardo Pondal ou Roberto Blanco Torres, tamén a citación a Manuel María, Carmen Kruckenberg e ao propio Alonso Montero. Opta polo galego como lingua do pobo marxinado, soña a Galicia de mar calmo e de chuvia, increpa aos deuses mudos perante o drama humana, levanta a súa voz contra os caciques, os cregos e a dor da emigración. Utiliza non só o idioma galego, senón referencias moi concretas da súa paisaxe, as brétemas, os cómaros, as corredoiras, os picoutos, os cumes ou os petoutos. Os poemas reproducidos van titulados e contan, na súa meirande parte, con dedicatoria e citas literarias, ademais do lugar e data de creación. Esta escolma remata con catro apéndices do editor, Xesús Alonso Montero. O primeiro deles é unha breve bibliografía; no segundo, acolle as primeiras páxinas da comunicación que realizou no I Congreso de poetas alófonos en lingua galega no ano 1993; xa no terceiro apéndice, redacta unhas notas que insisten na súa relación de Gregorio San Juan con Curros Enríquez e o último apéndice reproduce un poema latino, lido no congreso mencionado, no que mostra a súa devoción por Rosalía de Castro.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Intención combativa", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 201, "Lecturas", 9 xuño 2007, p. 7.

Fálase de *Trece poemas galegos e outras páxinas* como a compilación de toda a obra en galego de Gregorio San Juan, publicada grazas ao esforzo da editorial Hipocampo Amigo, dirixida por Sabino Torres, e á publicitación deste autor levada a cabo por Alonso Montero. Do libro dise que inclúe poemas coñecidos e inéditos, un prólogo de Xesús Rábade Paredes que aclara a relación do poeta con autores galegos e tamén unha achega de Alonso Montero en forma de nota preliminar e epílogo. Lóase por último o título que lembra os poemas galegos de Federico García Lorca ou José Ángel Valente.

Referencias varias:

- Belén López, "Poemas galegos dun escritor vasco", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", 31 marzo 2007, p. 76.

Trece poemas galegos e outras páxinas é o novo libro publicado polo pontevedrés Sabino Torres quen presenta o libro acompañado por Alonso Montero quen sinala que o seu autor Gregorio San Juan é un dos mellores poetas alófonos en lingua galega xunto con Lorca e Carles Riba.

III. TEATRO

III.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Castilla, Gabriel, *O soñador. Pezas breves para monicreques*, I Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, A Coruña: Baía Edicións/Xunta de Galicia (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), col. Barriga Verde, n.º 3, [lectorado autónomo], xuño 2007, 79 pp. (ISBN Baía Edicións: 978-84-96893-08-5/ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4438-5). ■

O soñador de Gabriel Castilla (Salta-Arxentina, 1947), foi a obra gañadora do I premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, 2003, na modalidade de adultos, organizada polo IGAEM. A ilustración da capa foi realizada por Xosé Tomás Díaz Teijo (A Coruña-Betanzos, 1971) e nela aparece un escenario onde se acubillan un atril, partituras, unha botella e un violín descansando nunha cadeira. Un foco de luz tenue ilumina o atril proxectando sombras. As cores da capa son fríos e unha mestura de azul e verde de tonalidade escura inunda o escenario. *O soñador* é unha "peza para teatro de sombras ou monicreques de luva, ou figuras planas..." tal como a define o seu autor e está composta por doce pezas de curta duración para teatro de títeres, algunha delas dedicadas a grupos de teatro de marionetas como Marimba Marionetas, Títeres Clavileño, Teatro Arbolé... Estas doce pezas con títulos como *Duelo*, *Mimi*, *O botín, Erro, Apetito, Remedio*... conteñen historias de temática diferente, aínda que gardan certa relación que lle imprime unidade á obra. Temas como o amor, a ironía, o humor negro e a melancolía asoman nas diferentes historias e empapan o texto de linguaxe poética como na peza *O soñador*. Do mesmo xeito, a unidade da obra refórzase coa repetición dalgúns dos seus personaxes, como é o caso de Slurp, o vampiro.

Recensión:

- M. V. García, "Mecánica perfecta", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 228, "Teatro", 6 decembro 2007, p. VII.

Despois de referirse á filosofía do Premio Barriga Verde, achégase aos tres volumes que a editorial Baía publicou cos textos gañadores. Comenta que o volume galardoado na edición de 2003, *O soñador*, de Gabriel Castilla destaca por ofrecer un conxunto de pezas directamente vinculadas co xénero teatral, algunhas das cales propoñen interesantes indagacións sobre a acción escénica, e por teren a capacidade de provocar vellas cuestións relativas á arte da interpretación e á maneira de relacionar emoción e mente. Cita un traballo de Gordon Graig, *O actor e a über-marionette*, e diserta sobre a súa proposta de converter a interpretación nunha disciplina científica, para volver achegarse ao volume de Castillo, do que indica que contén un conxunto de pezas, "concibidas como mimodramas, pantomimas ou presentacións, que seguen a mellor tradición do teatro de acción, sobre o que se asenta o que coñecemos como cine mudo". Por último, aproxímase aos traballos gañadores noutras edicións: *Misterio en Guernica* (2007), co que Xosé Ramón Fernández Castro se alzou co galardón no ano 2005 na modalidade de creación dramática para adultos, e *O afundimento do Tiránic* (2007), de Breogán Riveiro e premiado en 2006 na modalidade de creación dramática infantil, no

que se "propón unha recreación, simple e demasiado básica, da película" e do que destaca as ilustracións de José Tomás.

Fernández Castro, Xosé Manuel, *Misterio en Guernica. Epifanía entre viacrucis e tableau vivant*, III Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (modalidade adultos), A Coruña: Baía Edicións/Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, col. Barriga Verde, nº 2, xuño 2007, 61 pp. (ISBN de colección: 978-84-96893-10-8, ISBN de Baía Edicións: 978-84-96526-99-0, ISBN da Xunta de Galicia: 978-84-453-4437-8). ■

Esta obra dramática de Xosé Manuel Fernández Castro (Santiago de Compostela, 1963) foi escrita para o Instituto Teatral de Miño (ITEM) e acadou o III Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, na modalidade "adultos". Está introducida por un limiar plural firmado por "Pepes" no que se describen as andainas teatrais que precederon a esta obra e que impulsaron a súa creación. A partir do famoso cadro de Guernica, de Pablo Picasso, o autor reconstrúe a posíbel historia das figuras que aparecen na pintura, nove concretamente. Deste xeito, tanto persoas como animais son protagonistas falantes. O título da obra dramática indica a relación desta co lugar bombardeado durante a Guerra Civil Española e coa obra de Picasso, dúas posíbeis premonición do desenlace que se ven reforzadas cos agoiros que o Conrado vai relatando ao longo da obra estruturada en doce actos. Os acontecementos suceden ao longo dun ano escaso durante a Guerra Civil Española, cun ritmo narrativo áxil que se acelera na viaxe que emprenden os personaxes desde Galicia ao País Vasco e no transcurso das estacións que pasan en Guernica.

Recensión:

- M. V. García, "Mecánica perfecta", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 228, "Teatro", 6 decembro 2007, p. VII.

Despois de referirse á filosofía do Premio Barriga Verde, achégase aos tres volumes que a editorial Baía publicou cos textos gañadores. Comenta que o volume galardoado na edición de 2003, *O soñador*, de Gabriel Castilla destaca por ofrecer un conxunto de pezas directamente vinculadas co xénero teatral, algunhas das cales propoñen interesantes indagacións sobre a acción escénica, e por teren a capacidade de provocar vellas cuestións relativas á arte da interpretación e á maneira de relacionar emoción e mente. Cita un traballo de Gordon Graig, *O actor e a über-marionette*, e diserta sobre a súa proposta de converter a interpretación nunha disciplina científica, para volver achegarse ao volume de Castillo, do que indica que contén un conxunto de pezas, "concibidas como mimodramas, pantomimas ou presentacións, que seguen a mellor tradición do teatro de acción, sobre o que se asenta o que coñecemos como cine mudo". Por último, aproxímase aos traballos gañadores noutras edicións: *Misterio en Guernica* (2007), co que Xosé Ramón Fernández Castro se alzou co galardón no ano 2005 na modalidade de creación dramática para adultos, e *O afundimento do Tiránic* (2007), de Breogán Riveiro e premiado en 2006 na modalidade de creación dramática infantil, no que se "propón unha recreación, simple e demasiado básica, da película" e do que destaca as ilustracións de José Tomás.

Fra Molinero, Eduardo, *Teatro popular* (*Irmandiñas*, *O parto de Calandrino* e *O converso de Ribadavia*), prólogo de Henrique da Costa, Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán, col. Soláster, n.º 12, 2007, 233 pp. (ISBN: 978-84-95289-87-2) (DL: C 3073-2007). ◆

Volume que acolle tres pezas dramáticas de Eduardo Fra Molinero (Ponferrada, 1946), baixo o título xeral *Teatro popular*. Iníciase cun prólogo de Henrique da Costa no que analiza as fontes clásicas da súa dramaturxia (Plauto, Aristófanes e Molière) e a faceta didáctica das tres pezas teatrais deste autor vencellado profesionalmente a Ferrol dende 1974. Esta faceta didáctica obsérvase en que *Irmandiñas* vai precedida dunha selección de textos históricos, tirados de diferentes autores e de fontes manuscritas medievais (para contextualizar o significado das Revoltas Irmandiñas durante o século XV), e en que se subtitula "Traxicomedia medieval en sete actos". O didactismo tamén se aprecia no subtítulo de *O converso de Ribadavia*, "Comedia sobre a ansia do poder en xeral e mais sobre o poder do viño", e en que bebe do "exemplo nº IX" de *El conde Lucanor*, de Don Juan Manuel. Respecto a *O parto de Calandrino*, saliéntanse as licenzas poéticas do autor representadas pola presenza do escritor Ramón Loureiro, o libro con CD, Odeón, ou pola interrupción legal do embarazo, entre outros elementos extemporáneos ou anacrónicos. Ademais, nas tres pezas dramáticas, "a ironía é alimento omnipresente na súa (traxi)comedia", porque se concibe a comedia coma un subxénero cuxa finalidade consiste en "que naceu para facer rir e sabérmonos rir dos nosos propios defectos". A seguir aparece unha nota do autor na que precisa que as tres pezas que conforman *Teatro popular* "foron xurdindo das lecturas e contos da nosa tradición popular europea e mais en circunstancias e motivacións de festas populares". Tamén detalla que *Irmandiñas* se escenificou dentro do festival Irmandiño celebrado no castelo de Moeche (A Coruña) por un grupo teatral de afeccionados, e *O conto de Ribadavia* e de *O parto de Calandrino* (tamén esta representada por un grupo de teatro afeccionado, "A Pombiña") se inspiran nos contos de Don Juan Manuel e no *Decamerón* de Boccaccio, respectivamente. Para rematar o volume reprodúcense as tres pezas teatrais: *Irmandiñas*, precedida dunha aclaración do autor sobre a Revolta dos Irmandiños e duns "Textos históricos a modo de presentación"; *O parto de Calandrino*, cuxo subtítulo explica a estrutura da "Farsa en tres actos e un epílogo", e que vai precedida da presentación de Ana Vizoso na que, seguindo ao estudoso Alberto Aser Rosa, explica como os contos da "beffa" do *Decamerón* reproducen o esquema repetititivo A ocasión da burla, A ideación, O instrumento, O desenvolvemento e A conclusión, ademais de se reproducir a tradución galega da Novena xornada: III. O parto de Calandrino, do *Decamerón*, de Boccaccio. Pola súa banda, *O converso de Ribadavia*, comeza cunha cita literaria de Pío Baroja e unha dedicatoria aos vendimadores do Sil-Miño e estrutúrase nunha escena prólogo, XII escenas e un epílogo.

Guede Oliva, Manuel, *Ocaso Otero*, XV Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais 2006, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia (IGAEM), col. Biblioteca Dramática Galega, nº 5, 2007, 69 pp. (ISBN Edicións Xerais de Galicia: 978-84-9782-526-9) (ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4400-2). ■

Galardoado co XV 'Premio Álvaro Cunqueiro' para textos teatrais, *Ocaso Otero* está baseado na personaxe de orixe galega Agustina Otero Iglesias, máis coñecida polo alcume de "La Bella Otero". Nesta obra, Manuel Guede Oliva (Venezuela, 1956) pon

na voz dun carniceiro e da súa muller, que conforme pasa o tempo, adoptan papeis de distintos personaxes, tramos da vida inconclusos da protagonista. Desenvolta en diferentes espazos e dividida en trece actos, *Ocaso Otero* ten a Galicia como punto de chegada da obra, xa que relata o regreso de Carolina Otero a Galicia para matar o home que a violou. No percorrido da protagonista no tren, aparece un tema que non lles resulta alleo aos galegos, os encoros. "La Bella Otero" diríxese a Aglav, unha poboación que quedou soterrada pola auga. Ao longo do texto, o autor intercala intervencións curtas dos personaxes con discursos de maior duración.

Recensións:

- R. Loureiro, "Teatro para as táboas... e para a lectura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 217, 30 xuño 2007, p. 14.

Preséntase a edición da obra gañadora da décimo quinta edición do Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, *Ocaso Otero*, de Manuel Guede Oliva, publicada grazas ao acordo subscrito por Xerais e o IGAEM. Apúntase que o texto se centra no mito de Carolina Otero e na súa relación con Galiza e conclúese que no texto Guede fai patente a beleza da súa escrita e a súa habelencia para camiñar con brillantez a través dos xéneros.

- Dolores Vilavedra, "O caso Otero", *Grial*, n.º 175, "O espello das letras", xullo-agosto-setembro 2007, p. 126.

Anúnciase a publicación na Editorial Xerais da obra de teatro *Ocaso Otero*, de Manuel Guede Oliva, obra gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais 2006. Salienta Dolores Vilavedra que a obra foi presentada ao concurso co pseudónimo de Claudia Grandal, un personaxe dunha novela do mesmo autor. Dise que a obra presenta a tres actores ou actrices, xoga coa dobre identidade ou ambigüidade dos seres "que son e non son o que parecen ser". A protagonista da historia se divide entre Carolina Otero e Agustina Otero, personaxes que poden ser un mesmo ou varios. Explica que Agustina se atopa no solpor da vida e que, mediante unha viaxe catártica, regresa a Aglav (espello inverso da súa Valga natal) para abrir a "caixa de Pandora". Advirte Dolores Vilavedra que o tempo nesta obra é "unha das claves temáticas da peza, pero tamén un dos eixos estruturais dunha historia en que memoria e esquecemento loitan por reconstruír a auténtica Agustina Otero".

- Vanesa Sotelo, "Imposible regreso", *Revista Galega de Teatro*, n.º 52, "Libros", outono 2007, pp. 106-107.

Explícase que esta peza teatral aborda tres etapas da vida de La Bella Otero: o declive dunha actriz, como cativa sometida nunha Galicia hostil e o solpor dunha muller lonxe da súa patria. Destácase que representa o amor-odio que "a artista sentiu pola terra que a desterrou, así como a recuperación da súa propia identidade". Apúntase como unha constante na peza teatral o regreso, e o peso do tempo "debido ao xogo de saltos temporais, ás paradas e ás representacións" nun "universo metafórico e atemporal". Precísase que a estrutura se divide en trece escenas con soliloquios intercalados. Critícase o gusto do autor polo monólogo, xa que dez das trece escenas están escritas con esta técnica e periga o ritmo total da peza teatral "ao recrearse en construccións

artificiosas e informacións reiterativas que imprimen unha pronunciada lentitude". Tamén se valora negativamente o emprego dun estilo homoxéneo, xa que resta riqueza aos personaxes e forxa "unha atmosfera de tedio", por máis que xustifique o manuscrito concebido pola actriz. Así mesmo se apunta que a constante metateatralidade "acaba por resultar tan anecdótica como recorrente". E conclúese calificando de "interesante" a metáfora da viaxe a Aglav ficticia, xa que reforza a necesidade de La Bella Otero "de vingarse a si mesma", a través da "aparición das sombras do pasado".

- Inma López Silva, "Da ousadía", *Tempos Novos*, n.º 124, "Teatro", setembro 2007, p. 93.

Analízase a presentación da obra *Ocaso Otero*, de Manuel Guede. Segundo López Silva a posta en escena desta obra non é unha ousadía, senón que en realidade é unha "débeda e unha obriga dun teatro no que nunca gustamos de censuras". Considera que *Ocaso Otero* representa un mundo literario cargado de reflexividade que conduce cara á interioridade dos personaxes, neste caso, Carolina Otero, a Bella Otero. Destácase de este retrato que a muller que noutros tempos revolucionou Europa coa súa beleza agora é unha vella chea de rancores e traumas.

- Xosé Carlos Caneiro, "Cemento e cemiterios", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 229, "Club Dandi", 22 setembro 2007, p. 13.

Reflexiónase que o teatro galego, igual que o resto da nosa literatura, "perece por inanición e por deshábito", conducindo á incerteza. Explícase que, a pesar de que as obras teatrais contan coa defensa das editoras e da Xunta de Galicia (nomeando as obras *Dramaturxia. Teoría e práctica*, de Afonso Becerra; *Ocaso Otero*, de Guede Oliva; e *Casa de bonecas*, de Ibsen), o teatro naufraga porque o espectador non acode ás representacións buscando lecer, formación ou "fertilidade intelectual", porque a cultura "non cotiza", ten un papel marxinal. Pídese unha política teatral e cultural distinta, que procure a excelencia e que consiga compartila, difundila e contaxiala. Considérase que o fallo está na comunicación, ao non estimular ao público, porque una cultura sen público transfórmase nun cemiterio.

- MV García, "Os derradeiros días de Carolina Otero", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 218, "Escena", 27 setembro 2007, p. VIII.

Destácase a reelaboración da perspectiva sobre Carolina Otero e critica os prexuízos machistas que abondan nas súas biografías, presentándoa como unha muller desgarrada intimamente dende a neneza, debido ao feito de ter sido violada, e tentando retratar a súa biografía con decoro (entendido como dignidade). A seguir, detállase a súa profesión como meretriz no teatro musical e de variedades. Saliéntase que esta obra se asemella a *O nome dos disfraces*, por empregar a retórica e a ironía "para inventar a convivencia coa soidade". E conclúese proporcionando uns datos biográficos de Carolina Otero, ademais dunha referencia á parte sobre Manuel Guede, vencellado nos seus comezos á Mostra de Ribadavia, para continuar creando a compañía Caritel e comezar como autor literario, adaptador e tradutor, antes de ser director do CDG, Remátase salientando a paixón pola polisemia lingüística e polo xeito de configurar a trama, sumando voces que enfían unha visión posíbel "dun pasado imperfecto e incerto".

Referencia varia:

- Xosé Lueiro, "A volta dun referente", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Venres", "A contrabutaca", 13 xullo 2007, p. 4.

Manuel Guede volve á dirección escénica tras dous anos de "reclusión", poñéndose á fronte da Companhia Teatro de Braga. Fala das características da montaxe que está a desenvolver, *O profesional*, unha obra centrada no tema das identidades. Respecto á súa relación coa Consellería de Cultura e o IGAEM, sinala que segue sendo nula, á vez que confesa que a situación actual do panorama teatral galego lle provoca un profundo desasosego. Guede fala tamén da probábel adaptación á escena da súa obra *Ocaso Otero*, gañadora da última edición do Premio Álvaro Cunqueiro de teatro.

Lourenzo, Manuel, *Eléctricas* [*Forzas eléctricas*, *O maratón sentimental de Elisa Fortes* e *A comisión*], Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Teatro, n.º 224, 2007, 168 pp. (DL: C 4082-2007) (ISBN: 978-84-8487-131-2).

Este volume acolle tres obras de Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, 1943) inéditas até este momento, agás a representación de *Forzas eléctricas* no ano 1986, dirixida polo autor. A primeira delas, conta con persoaxes de orixe grega (Electra, Clitemnestra ou Orestes) e sitúase no momento actual, en diversos escenarios, onde unha voz presenta o á arrinque da historia no momento paródico no que se produce a morte de Ifigenia Rodrigues por un "andazo de gripe", mentres o seu pai Agamenón está ausente ao ser época de eleccións e ser el o primeiro candidato á Xunta de Galicia. *O maratón sentimental de Elisa Fortes* tamén se desenvolve en diversos escenarios e na actualidade, pero está estructurada en vintetrés actos onde os persoaxes e as situacións xiran ao redor dos negocios. E o volume remata coa reprodución de *A comisión*, peza dramática na que os persoaxes conversan, mentres agardan a decisión favorábel da Sala de Comisión concedéndolle axudas para a distribución ou a produción teatrais do seu espectáculo.

Picouto, Millán, *Ciclo de Marte. Triloxía da illa de Páscoa/Os guerreirtos celestiais/Asteroides*, Ourense: Linteo, col. Aberta, nº 4, maio 2007, 340 pp. (ISBN: 978-84-96067-31-8).

Conxunto de tres pezas dramáticas que conforman esta cuarta entrega da edición completa da obra dramática de Millán Picouto (Ourense, 1949) baixo o título xenérico de *Ciclo de Marte*. O volume aparece introducido por un limiar no que se explica brevemente a temática abordada en cada unha delas. Así, da primeira dise que, como o propio título recolle, se trata dunha triloxía escrita entre 1992 e 1994 e que configura o fundamento deste volume, na que se inclúen os títulos *Illa de Páscoa I: Atán*, peza en cinco actos na que se presenta o apoxeo do pobo pascoense e as intrigas entre as dúas castas pola sucesión ao trono; *Illa de Páscoa II: Iko*, na que nun prólogo e tres actos se relatan as desordes e a decadencia durante o goberno dos escultores, na que se produce a rebelión dos orellas curtas; e por último *Illa de Páscoa III: Ororoina*, na que nun único acto se ofrece o retrato dunha raza abocada á desaparición pola falta de esperanza, mentres é visto polo último orellas longas, Ororoina. Sinálase que a triloxía é unha

metáfora das etapas de declinación humana, baseada na historia oral do pobo pascoense, recollida polo etnólogo Thor Heyerdhal. De *Os guerreiros celestiais* dise que foi escrita en 1990 e que está baseada no conto de fadas xaponés "O xenio da montaña", de Iwaia Sazanami, que dá como resultado unha comedia fantástica, estruturada en cinco actos e un prólogo, que se ambienta na época samurai e na que o protagonista é o xeneral Raiko, que ten que liberar á princesa Hime, retida polo demo. Por último, de *Asteroides* sinálase que foi escrita en 1995 e que nela a través do coro de homes e mulleres se enlaza un conxunto de breves pezas que conforman unha pequena saga, ao modo de farsa, na que conflúen contos de diferentes tradicións, dende os chineses, pasando polos sufís, até os galegos. Levan por títulos "O especialista", "Problema sobre, solución única", "Recoñecemento", "Martiño sen memoria", "O almacenista", "O cabalo dialéctico", "Un tolo en outono", "Vesta", "O luxo final", "O rei e o ermitán", "A avelaíña", "O campesiño médico" e un "Epílogo" final.

Recensións:

- Camilo Franco, "Unhas guerras inexorables", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 216, "Letras en galego", 23 xuño 2007, p. 11.

Camilo Franco presenta *Ciclo de Marte*, de Millán Picouto, como unha das pezas máis singulares en canto á concepción e desenvolvemento da súa obra dramática nas letras peninsulares. Detense no espazo illado e simbólico no que ten lugar a acción, na ambientación en Marte nun contexto de guerra e violencia dende a concepción do teatro como crónica que explica un proceso de degradación que ten que ver coa perda de valores e os elementos colectivos e primarios. Nomea as seccións do volume, *Triloxía da Illa de Páscoa*, *Os guerreiros celestiais* e *Asteroides*, que achegan segundo el unha oferta de fragmentación que contrasta co carácter extensivo da parte fundamental deste libro que podería ser entendido a contracorrente "utilizando un xénero cada día máis debedor das necesidades escénicas, aproveitando o verso en tempos que presumen de ser prosaicos e sen medir as distancias que, para algunhas cousas, pon a mítica na linguaxe contemporánea".

- P. T., "Drama en verso", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 20.

Dise que se publicou a obra teatral en verso *Ciclo de Marte* de Millán Picouto e que constitúe a cuarta entrega despois de *Ciclo de Venus*, *Ciclo de Mercurio* e *Ciclo da Terra*. Explícase que se trata de volumes de traxedias e comedias, agrupados en ciclos de planetas, "como partes orgánicas dun edificio teatral". Remátese detallando que este volume *Ciclo de Marte* se compón da Triloxía da Illa de Pascoa, ademais dos textos "Os guerreiros celestiais" e "Asteroides".

III.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS.

Cunqueiro, Álvaro, *Don Hamlet e outras pezas. Teatro galego completo (1932-1968)*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Álvaro Cunqueiro, nº 7, marzo 2007, 235 pp. (ISBN: 978-84-8288-125-6). ■

Neste volume, recompílanse as obras de teatro escritas en galego por Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981) dende a peza *Rúa 26* (1932) até *Don Hamlet.* O fin desta edición, tal e como sinalan na nota editorial que abre o libro, é ampliar os textos recollidos no libro *Don Hamlet e tres pezas máis* editado, por vez primeira, en 1974. Engádense, polo tanto as dúas escenas de *A dama que engañada por un demo elegante quixo mercarlle ó vento a perdiz que falaba*, incluídas en *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, e as obras *Rúa 26 (Diálogo limiar)* publicada na revista luguesa *Yunque* no 1932 (nº6), así como *Xan, o bo conspirador* escrita no 1933 e publicada, posteriormente, na revista *Grial* en 1978 (nº60). A obra cume da escritura de Cunqueiro é *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, obra dunha enorme orixinalidade onde a modernidade e a calidade resultan indiscutíbeis. A rica linguaxe dramática e a lúcida recreación mítica son unha constante nesta obra onde o personaxe de Hamlet lle serve a Cunqueiro para encarnar unha reflexión sobre a identidade e a existencia. A obra péchase co "Índice" da mesma.

Recensións:

- Xesús Mato, "Cabana, Dario X., *Cunqueiro e don Hamlet en Lugo (San Froilán, 1959)*, 2007", *Lvcensia. Miscelánea de Cultura e Investigación*, n.º 35 (Vol. XVII), 2007, "Libros", pp. 389-390.

A crítica comeza explicando o contexto no que nace a obra de Darío Xoán Cabana *Cunqueiro e don Hamlet en Lugo*, que enriquece o patrimonio cultural de Lugo e o valor que esta ten na dignificación do galego, que o escritor mindoniense pon na boca de reis. O libro de Cabana resalta a importancia da obra *Don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro no rexurdir do teatro galego de posguerra. A crítica valora moi positivamente a obra, escrita cun estilo narrativo minucioso, moi doado de entender e destaca a seriedade e rigor empregados na súa elaboración e a boa presentación con interesantes notas explicativas. Dise que o libro inclúe un amplo apéndice documental gráfico e escrito do Grupo de Teatro de Cámara de ACI da Coruña así como cartas, comentarios e artigos de escritores e personaxes famosos do mundo xornalístico, literario e entelectual da época.

- Camilo Franco, "Todo o teatro de Cunqueiro", *La Voz de Galicia, "Culturas*", n.º 207, "Letras en galego", 21 abril 2007, p. 12.

A propósito da publicación do volume *Don Hamlet e outras pezas* que reúne todo o teatro escrito por Álvaro Cunqueiro, Camilo Franco alude a influencia de Shakespeare nas súas pezas e á relectura que emprendeu reconstruíndo os argumentos do inglés. Percibe este ánimo revisor no *Don Hamlet* ou en *Romeo e Xulieta*, ao tempo que se refire á pouca fortuna das súas adaptacións, agás nos casos nos que se adaptaron para a escena as súas obras narrativas. Destaca tamén que as obras teatrais de Cunqueiro resisten a lectura, xa que ao cabo o teatro "tamén é un xénero literario".

- Armando Requeixo, "¡Benvidos a Elsinor!", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 425,

"Libros", 22 abril 2007, p. 21.

Comeza eloxiando a publicación de *Don Hamlet e outras pezas (Teatro galego completo. 1932-1968)*, onde se reeditan as diferentes obras teatrais de Álvaro Cunqueiro que, na súa meirande parte, estaban bastante dispersas en diferentes publicacións. A seguir explica as pezas que se recollen na publicación aportando diferentes datos. Estas obras son *Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958), *Romeo e Xulieta, famosos namorados* (1956), *A noite vai coma un río* (1965), *Palabras de víspera* (1974), *A dama que engañada por un demo elegante quixo mercarlle ao vento a perdiz que falaba* (1961), *A verdadeira historia dun mandarín que por non gastar quedou cornudo* (1961), *Rúa 26. Diálogo limiar* (1932) e *Xan, o bó conspirador* (1933). Para finalizar menciona a falta dun apéndice na obra no que figurase *A sentencia dourada*, que é unha adaptación que realizara Cunqueiro de *The Goldem Doom* (1923), de Lord Dunsany, que se publicou en Grial en 1980.

- C. Rodríguez, "Teatro de Cunqueiro: dramas, palabras e funcións", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 655,"Arquipélago", 6 maio 2007, p. 7.

Sinálase que o espírito da biblioteca dedicada a Álvaro Cunqueiro, que publica a editorial Galaxia, é o de recuperar os clásicos e actualizalos, propósito no que inclúe un novo volume, *Don Hamlet e outras pezas. Teatro galego completo (1932-1968)*. Apúntase que se trata da primeira compilación conxunta de toda a produción escénica en galego do mindoniense nun único volume, o que supón a reunión de pezas ben coñecidas e divulgadas a carón doutras máis singulares como *Rúa 26 (Diálogo limiar)*, aparecida en 1932 na revista *Yunque* ou *Xan, o bo conspirador*, publicada en 1978 na revista *Grial*. Coméntase tamén que o Cunqueiro dramaturgo pon o acento nos personaxes como núcleos do desenvolvemento dramático e incide no desafío das convencións. Recóllense finalmente as palabras de Paz Gago a propósito das pezas que aparecían inseridas n'*As crónicas do Sochantre* (1956), *Palabras de víspera* e *Función de Romeo e Xulieta, famosos namorados*, que constitúen unha parodia das traxedias isabelinas e coas que Cunqueiro adianta en máis dunha década aos principais representantes do absurdo europeo.

- Manuel F. Vieites, "Hamlet, segundo Cunqueiro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 215, "Escena", 12 xullo 2007, p. VIII./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 207, "Lecturas", 21 xullo 2007, p. 4.

Percorre Manuel F. Vieites as pezas que contén o volume *Don Hamlet e outras pezas. Teatro galego completo (1932-1968)*, como mostra do carácter "prometedor" do Cunqueiro dramaturgo. Sinala que os seus dous primeiros bosquexos, *Rúa 26 (Diálogo limiar)* e *Xan, o bo conspirador*, amosan a súa vinculación coa experimentación vangardista que decorría por toda España. Entre as pezas máis rematadas detense en *A noite vai coma un río*, na que recrea os devastadores efectos dos soños imposíbeis coa ambientación nun mundo en guerra que mestura a desolación exterior coa soidade interior. Cualifica *Palabras de véspera* como proxecto non concluído, concibida como peza longa, en tres actos e con moitos cadros, arredor dos amores e desamores entre os fillos e as fillas de Fernando I de Castela; e como curiosidades *Función de Romeo e Xulieta ou dúas escenas breves dun drama chinés*. No conxunto destaca *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, na que Cunqueiro ofrece a súa recreación da figura do personaxe shakesperiano. Vieites apunta que o mindoniense expón outra

lectura posíbel da peripecia vital de Hamlet, indagando na historia familiar e na xénese da desfeita na casa real de Dinamarca. Apunta tamén que a peza foi escenificada por vez primeira no Teatro Colón da Coruña pola Asociación Cultural Iberoamericana, coa dirección de Antonio Naveira Goday.

III.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Apollinaire, Guillaume, *As mameiras de Tiresias*, trad. e prólogo de Xesús González Gómez, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Teatro, 2007, 72 pp. (ISBN: 978-84-8487-110-X).

Tradución ao galego dunha obra de teatro de Guillaume Apollinaire (Roma, 1880-París 1918). Tanto a tradución como o prólogo son da autoría de Xesús González. O prólogo consta de dúas partes. Na primeira elabora un percorrido biográfico e bibliográfico do autor e na segunda parte céntrase na súa concepción teatral e ofrece información e algunha interpretación da obra *As mameiras de Tiresias*. Explica que foi representada e publicada en vida do autor. O volume conta cun prefacio no que Apollinaire caracteriza este drama como surrealista e reflexiona sobre o significado deste concepto, á vez que expón a súa intención de afastarse das comedias de costumes e lixeiras que, segundo indica, ateigan o panorama teatral do seu tempo. Sinala que o obxectivo da obra é deixar claro ao pobo francés que o problema de repoboación que padece ten unha solución ben sinxela: facer o amor e traer nenas e nenos ao mundo. Sobre esta cuestión, a crítica non se pon de acordo sobre a intención seria ou cómica deste tema. Por último, neste prefacio defende a utilización do verso flexíbel na arte dramática pola liberdade que concede. A obra ábrese con dedicatorias ás actrices e aos actores que representaron *As mameiras de Tiresias* na única representación en vida do autor, pois a publicación foi posterior. A peza está estruturada nun prólogo, dous actos divididos á súa vez en escenas, un entreacto e un apéndice no que Louis Aragon lembra a posta en escena o 24 de xuño de 1917. No prólogo, o director da compañía presenta ao público a intención da obra: que se poñan a facer nenas e nenos. A acción sitúase en Zanzíbar, onde Teresa non quere someterse ao rol feminino de servir ao marido e decide que quere desenvolver funcións tradicionalmente asignadas ao xénero masculino. Entón, o seu home, asume o labor de ter miles de fillas e fillos, que, na súa opinión, farano rico.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "O lado grotesco da traxedia", *A Nosa Terra*, n.º 1.271, "Cultura", 7-13 xuño 2007, p. 27.

Manuel Xestoso comenta a publicación na Editorial Laiovento da tradución feita por Xesús González Gómez da obra teatral de Guillaume Apollinaire, *As mameiras de Tiresias*. Advirte que esta peza teatral a penas tivo acollida entre os estudosos literarios e menos aínda entre os lectores e tradutores. *As mameiras de Tiresias* acadou certa relevancia pola feliz coincidencia de que o seu autor, Apollinaire, acuñase para ela o termo *surrealista*, o cal obtivo un éxito posterior grazas a André Breton. Manuel Xestoso destaca tamén a máis que posíbel relación entre esta obra e outras posteriores como *Ubu*, de Jarry; *Parade*, de Cocteau; ou *A cantante calva* (Laiovento, 2002), de

Ionescu. Ao final do artigo insiste no lado grotesco da traxedia que nos amosa esta peza teatral de Apollinaire.

- Manuel F. Vieites, "Veladas dadaístas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 212, "Teatro", 21 de xuño 2007, p. VIII.

Repasa o nacemento das vangardas e salienta as festas que organizaban as mocidades dadaístas. Dá conta do nacemento dalgúns movementos e destaca a importancia que tivo París como núcleo difusor e lugar de encontro de moitos escritores. De seguido, comenta os dous primeiros espectáculos organizados polo movemento surrealista: o ballet Parade e máis a estrea de *As mameiras de Tiresias*. Por último, salienta as investigacións e estudos sobre a dramaturxia surrealista de Xesús González Gómez.

Becerra de Becerreá, Afonso, *Crio-Xénese*, prólogo de Manuel Lourenzo, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Teatro, n.º 219, 2007, 90 pp. (ISBN: 978-84-8487-124-X).

Obra de teatro de Afonso Becerra de Becerreá (Becerreá, Lugo, 1973) que está precedida dunha reflexión que di o seguinte: "Quizais CRIO-XÉNESE non é teatro, aínda que gustaría de selo, quizais é dous personaxes pechados nun poema, dúas voces que o estragan e o impiden, e dunha dúbida debida". Acompaña a obra un prólogo de Manuel Lourenzo titulado "A cor do silencio". A peza comeza coa presentación dos personaxes, Alfa e Omega (que son a letra inicial e a final do alfabeto grego) e o Silencio. Toda a obra é un diálogo entre Alfa e Omega onde se percibe a influencia de *A esperar a Godot*, de Samuel Beckett. Nesa conversa entre os dous protagonistas, aparecen temas como o silencio, a luz, a amizade, a dor, etc. Finaliza o libro cun texto onde explica: "ALFA e OMEGA, dous seres" transidos pola luz, convértense, na súa intensidade, en partículas de po brillante que alzan o voo. Foulas de ás. Outro final podería ser o feito, case combustíbel, da rarefacción do xeo, da materia das voces que aquí falaban, incluso do espazo enteiro que se derrete e evapora nas ás da máis pura condensación".

Behn, Aphra, *O moinante & A segunda parte do moinante*, intr. de Mariana Carballal, epílogo de Ana María Sánchez Mosquera, trad. de Ramón Porto Prado e Belén Souto García, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións/Xunta de Galicia, col. As Letras das Mulleres, n.º 9, 2007, 406 pp. (ISBN: 978-84-7824-518-5). ■

Tras a presentación institucional, Mariana Carballal ofrece unha "Introdución", na que alude a feitos históricos e culturais que recrean a Gran Bretaña de Aphra Behn (Londres, 1640- Londres, 1689), ao mesmo tempo que tenta reconstruír a vida desta muller que se criou nunha sociedade patriarcal, puritana e rexida polo mercantilismo que afectou sobre todo á institución do matrimonio, cuestión esta última moi latente na súa obra. Fala dunha probábel viaxe a Suriname, entre 1663-1664, da que se reflicten numerosos detalles na súa novela máis recoñecida, *Oroonoko*, así como da súa condición de viúva en 1666, pese a haber un silencio absoluto sobre o seu marido. Alude ao seu labor de espía en Bruxas e Amberes, á súa posíbel estancia no cárcere, á súa tortuosa relación cun avogado e á súa viaxe a Francia, onde se relacionou con mulleres intelectuais. Por outra parte, aproxímase á súa produción literaria, na que

afondou no seu pensamento político e na análise da muller e a súa función na sociedade. Explica o motivo polo cal escolleu a comedia e trata con máis detalle as obras que se acollen no presente volume. Por outra parte, Ramón Porto e Belén Souto achegan unha serie de explicacións para unha mellor comprensión dos textos e comentan algúns aspectos relativos ao seu labor neste volume. A primeira das pezas reproducidas, *O moinante* (*The Rover*), foi publicada en 1677 e foi estreada pola Compañía Davenant con éxito, pese a ser acusada de plaxio. Conta cun "Limiar", no que se critican os poetas "paroleiros" e se destaca a importancia do teatro na sociedade, así como cun "Epílogo", no que se atacan os escritores puritanos e aqueles que van ao teatro cortexar e demostrar a súa vulgaridade opinando como se fosen enxeñosos. O seu argumento desenvólvese en Nápoles, onde dúas irmás españolas, Florinda, que casará cun home que non ama, e Hellena, que irá ao convento, aproveitan o tempo de Entroido para incumprir os mandatos da voz do seu amo, o seu irmán D. Pedro, e poder encontrarse cos seus namorados, Belvile, un coronel inglés, e Wilmore, o moinante, respectivamente. Ao longo dos seus cinco actos, os valores, o honor "español", a virtude da muller, os códigos sociais, as normas e convivencias van alterarse, pois as mozas loitarán por quedar cos seus namorados, moi marcados polo elemento sexual, tamén presente en personaxes como Angellica Bianca, *alter ego* da autora, que pasará da plena seguridade como muller prostituta a sufrir por amor como muller namorada. *A segunda parte do moinante* (*The second part of the Rover*, 1681), nunca representada e parece ser nunca traducida, contén un "Limiar", no que se exalta o valor do Duque de York no exilio e se recoñecerá a importancia da monarquía, pola atención prestada por aquel á primeira parte d´*O Moinante*, mentres que no "Epílogo", se tratan cuestións teatrais e políticas do momento. Nesta ocasión, a acción desenvólvese en Madrid e continuarán sendo protagonistas Willmore e os seus amigos, de quen estará namorada Ariadna, sometida a un matrimonio de conveniencia, e a Nuite, muller prostituta, que aparece acompañada da súa corte de madamas. Nos seus cinco actos, os enredos sucederanse, desvelándose o verdadeiro sentir das mulleres e dos homes, criticándose o matrimonio concertado e véndose a mesma vontade das mulleres a decidir. Como se todos aprendesen unha lección, Willmore, xa viúvo de Hellena acabará aceptando o compromiso con A Nuite, aínda que na pobreza e sen papeis. Péchase o volume cun "Epílogo á obra", no que Ana María Sánchez Mosquera realiza un estudo sobre os personaxes e o feminino en Aphra Behn.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Un clásico menor", *A Nosa Terra*, n.º 1.284, "Cultura", "Teatro", 11-17 outubro 2007, p. 27.

A raíz da publicación da tradución ao galego de dúas obras de Aphra Behn: *O moinante* e *A segunda parte do moinante*, a cargo de Ramón Porto e Belén Souto, elabórase unha crítica do contexto no que xurdiron as obras e sitúaas no seu período histórico e literario. Explícase que ambas as obras comparten os defectos atribuídos ao teatro da Restauración inglesa: forma deslavazada, trama complexa en exceso pola cantidade de intrigas paralelas e ritmo irregular, entre outros. Apúntase ademais que a estrutura se limita a enfiar escenas, e que a acumulación das peripecias extravagantes dos personaxes remata cansando, e que a intención da peza se limita a entreter e encadear chanzas. Precísase que, a pesar dos rasgos negativos, Aphra Behn sorprende pola orixinalidade da súa condición feminina, por anticiparse á súa época e por presentar

como protagonistas a personaxes femininas desinhibidas sexualmente. A seguir, saliéntanse os diálogos, cheos de mordacidade, enxeño e "graza lúbrica", que engrandecen á comedia, facéndoa "trascender a simple farsa". E remátase argumentando que, nestas dúas obras, a intelixencia sobresae sobre o encanto e a diversión.

Gouges, Olympe de, *Escritos políticos e literarios*, trad. Mercedes Pacheco Vázquez introd. de Carme Alvariño Alejandro, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións/ Servizo Galego de Igualdade. Xunta de Galicia, col. As letras das mulleres, n.º 8, 2007, 388 pp. (ISBN: 978-84-7824-511-6). ■

Despois dunha presentación institucional do volume por parte de Carme Adán Villamarín, Secretaria Xeral de Igualdade, a profesora Carme Alvariño percorre na introdución a vida de Olympe de Gouges (1748-1793), salientando que foi filla natural non recoñecido, viúva nova dun home co que a obrigaron a casar aos dezaseis anos e con sona de muller galante e intelixente. Cualificaa de adiantada ao seu tempo na súa reflexión sobre o universo feminino, porque rompeu barreiras e viviu fóra dos convencionalismos da época, malia poñer en perigo a súa vida e ser esquecida e inxuriada durante moitos anos. Sinala que a súa *Declaración dos dereitos da muller e da cidadá* é un dos escritos fundacionais da primeira vaga do pensamento feminista, a carón da *Vindicación dos dereitos da muller*, de Mary Wollstonecraft. Carme Alvariño detense tamén na súa obra, apuntando aspectos como o feito de que non sabía ler e escribir, segundo sinalan un gran número de expertos do século XIX, e ditáballes aos seus secretarios deixándose levar pola espontaneidade e emoción. No que atinxe aos temas que tratou, comenta que a autora se preocupou polas cuestións da época que lle tocou vivir, un período particularmente intenso polo proceso revolucionario francés, salientando que foi a única muller da súa época que defendeu publicamente a necesidade de abolir a escravitude dos negros nas colonias e que se preocupou sempre pola situación das mulleres, en particular ao divorcio, a maternidade, a influencia da relixión e a incorporación das mulleres á política. O volume recolle once escritos políticos que reflicten os intereses e preocupacións máis recorrentes de Olympe de Gouges -entre eles, *Reflexión sobre os homes negros* (1788), *Prefacio para as mulleres ou retrato das mulleres* (1791) ou *Testamento político* (1793)-, a carón da novela autobiográfica *Memorias de Madame de Valmont* (1784) e de dúas obras de teatro, *O convento ou os votos forzosos* (1790) e *A necesidade do divorcio* (1790). Todas elas teñen como elemento común tratar das mulleres. Reivindícase así o seu carácter de pensadora, amais do de novelista e dramaturga porque loitou constantemente por ser aceptada no mundo das letras.

Gozzi, Carlo, *Turandot* (vol. I), texto crítico italiano, trad. ao galego, intr. e notas de Javier Gutiérrez Carou, A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña, col. Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, serie Branca. Outras Literaturas Teatrais, n.º 51, 2007, 196 pp. (ISBN vol. I: 978-84-9749-264-5) (DL: C 3832-2007). ◆

O primeiro dos dous volumes que acollen a tradución desta peza teatral de Carlo Lucio Gozzi (Venecia, 1720-1806), contén o estudo de Javier Gutiérrez Carou titulado "O teatro italiano no século XVIII e a reforma goldoniana". Este estudo divídese nos

apartados “Carlo Gozzi: a persoa, o polemista, o escritor”; “A ‘Contrarreforma’ teatral de Carlo Gozzi: os ‘Contos teatrais”; “A *Fiaba* de Turandot”, apartado subdividido nos subapartados “A tradición textual e os materiais do fondo Gozzi”, “As fontes”, “Mulleres, homes e un eunuco: a creación do mito”, “A estrea: o teatro, a compañía, os actores, a acollida do público”; e a “Bibliografía esencial sobre *Turandot*”, que á súa vez, se acha dividida en “Bibliografías”; “Edicións de *Turandot* (en orde cronolóxica), atendendo ás edicións italianas, e ás traducións e adaptacións ao alemán, chinés, danés, francés e ruso; e os “Estudos (1990-2007)”, que comprende “Volumes colectivos ou misceláneos” e “Estudos”. A seguir, aparecen as “Referencias bibliográficas” e un “Apéndice” con textos inéditos do dramaturgo italiano conservados no Fondo Gozzi (Biblioteca Nazionale Marciana de Venezia) relativos á peza teatral *Turandot* e estructurado en “A prefazione”, “As adiviñas” e “O prólogo”. A reprodución da obra en italiano e da súa tradución ao galego, así como das notas a ambas as dúas aparecen no segundo volume.

Gozzi, Carlo, *Turandot* (vol. II), texto crítico italiano, trad. ao galego, intr. e notas de Javier Gutiérrez Carou, A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña, col. Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, serie Branca. Outras Literaturas Teatrais, n.º 52, 2007, 307 pp. (ISBN vol. 2: 978-84-9749-265-2) (DL: C 3833-2007). ◆

Se o primeiro dos dous volumes sobre Carlo Gozzi (Venecia, 1720-1806) recollía un estudo de Javier Gutiérrez Carou sobre o dramaturgo italiano e a xénese da súa peza teatral *Turandot*, á parte das referencias bibliográficas e dun apéndice final con textos inéditos procedentes do Fondo Gozzi, pola súa banda, este segundo volume está composto por unha “Nota aos textos” de Javier Gutiérrez Carou, que analiza “A versión galega”, en canto ás “Cuestións xerais”, “A versificación” (onde analiza o emprego do hendecasílabo, os versos oxítonos e proparoxítonos, a sinalefa e a dialefa, a sinérese e diérese) e aos “Instrumentos lexicográficos e ortográficos”. Respecto a “O texto italiano”, céntrase en explicar as “Cuestións xerais” e “O aparato crítico”. Esta edición conclúe coa reprodución da peza teatral *Turandot*, de Carlo Gozzi, tanto na versión do texto crítico italiano, como na versión traducida ao galego por Javier Gutiérrez Carou.

Ibsen, Henrik, *Casa de bonecas* (*Et dukkehjem*, 1879), trad. de Liliana Valado e Marta Dählgren, intr. e notas de Liliana Valado e Marta Dählgren, epílogo de María Xosé Queizán, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia/IGAEM (Instituto das Artes Escénicas e Musicais), col. Biblioteca Dramática Galega, n.º 6, 2007, 131 pp. (ISBN Edicións Xerais de Galicia: 978-84-9782-572-6; ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4399-9). ■

Casa de bonecas é a obra máis emblemática de Henrik Ibsen (Skien, 1828-Oslo, 1906) e supuxo unha revolución para a sociedade do seu tempo até tal punto que Nora, a súa protagonista, configurouse como un exemplo a seguir para toda as mulleres da época. A obra aborda a situación social da muller, procurando describir a personalidade dende unha perspectiva psicolóxica. A protagonista da historia e Nora Helme, unha muller felizmente casada cun avogado, Torvald Helmer, que vai camiño de ser director dun banco, co que ten tres fillos. Parece que Nora non pode ser máis feliz, todo vai ben, pero pronto descobre como o seu idílico universo familiar se derruba cando o seu segredo

mellor gardado comeza a saír á luz. Krogstad, prestamista que lle facilitou os cartos para viaxar co seu marido, ameázaa con descubrir o seu segredo: que tivo que falsificar uns documentos para salvar a vida do seu home. Co paso dos días todo se complica, e Nora descobre que ten que adopta medidas e afonda na súa independencia persoal e na súa propia capacidade para gobernar a súa vida e a súa existencia persoal. Cando o seu marido descobre o acontecido non entende a súa decisión, non se dá conta do erro que está cometendo. Nora, segura de si mesma, decide abandonar a súa casa e a os seus fillos. Pensa que non os pode educar xa que antes de poder facelo debe educarse a ela mesma, algo que nunca puido facer porque estaba ocupada compracendo o seu home e o seu pai no seu momento.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Variación sobre temas de Ibsen", *A Nosa Terra*, n.º 1.260, "Cultura", 15-21 marzo 2007, p. 27.

Fai referencia á obra teatral de Elfriede Jelinek, *O que ocorreu despois de que Nora abandonara o seu home ou os piares da sociedade* (2006). Explica que a autora partiu de dúas obras de Ibsen para presentar a problemática da súa peza, é dicir, toma o final da obra de Ibsen, *Casa de bonecas*, como punto de partida da súa e escolle *Os piares da sociedade*, do mesmo autor, para tratar a oposición entre "os intereses do capital e os intereses xerais". Indica Manuel Xestoso que o núcleo da obra é que a opresión ás mulleres non cesará mentres o capitalismo sexa o sistema dominante. Finalmente dá conta do argumento da obra.

- Manuel Xestoso, "A inesgotábel forza dun clásico", *A Nosa Terra*, n.º 1.274, "Cultura", "Teatro", 28 xuño-4 xullo 2007, p. 27.

Con motivo da aparición en Edicións Xerais de Galicia da tradución de *Casa de bonecas*, de Ibsen, o comentarista apunta que en 1879, ano da publicación e da estrea, a peza se converteu nun símbolo da emancipación feminina e segue a encandilar lectores e espectadores. Detense no personaxe de Nora Helmer, que seduce máis que ningún outro pola súa evolución ao longo do texto, e tamén no resto do elenco, que debuxa un retrato social dominado polo diñeiro. Así mesmo comenta o simbolismo da árbore de Nadal, presente ao longo da obra, e representante "dunha mentira encuberta polo ornato, dunha fraude que agocha un materialismo vougo e narcisista tras o enfeite das luces de cores". Remata salientando a oportunidade da publicación desta tradución, realizada por Liliana Valado e Marta Dälhgren, logo da aparición na mesma editorial de *O que ocorreu despois de que Nora abandonara o seu home ou os piares da sociedade*, a relectura de Elfriede Jelinek, e pouco despois da versión de Thomas Ostermeier na que Torvald é un *yuppie* e Nora "unha desas mulleres que viste de Prada" e que vive nun moderno *loft*.

- Xosé Carlos Caneiro, "Cemento e cemiterios", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 229, "Club Dandi", 22 setembro 2007, p. 13.

Reflexiónase que o teatro galego, igual que o resto da nosa literatura, "perece por inanición e por deshábito", conducindo á incerteza. Explícase que, a pesar de que as obras teatrais contan coa defensa das editoras e da Xunta de Galicia (nomeando as obras

Dramaturxia. Teoría e práctica, de Afonso Becerra; *Ocaso Otero*, de Guede Oliva; e *Casa de bonecas*, de Ibsen), o teatro naufraga porque o espectador non acode ás representacións buscando lecer, formación ou "fertilidade intelectual", porque a cultura "non cotiza", ten un papel marxinal. Pídese unha política teatral e cultural distinta, que procure a excelencia e que consiga compartila, difundila e contaxiala. Considérase que o fallo está na comunicación, ao non estimular ao público, porque una cultura sen público transfórmase nun cemiterio.

- Manuel F. Vieites, "Casa de bonecas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 220, "Teatro", 11 outubro 2007, p. VIII./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 213, "Escenas", 20 outubro 2007, p. 12.

Comenta a distinta recepción que recibiu a obra de Ibsen *Casa de bonecas*, segundo a época e a sociedade. Salienta o carácter feminista da peza, xa que denuncia a posición da muller nunha sociedade onde impera a dominación masculina. Porén, recoñece que certos sectores do feminismo non sempre teñen considerado este texto como modelo do seu programa, xa que denuncia a dependencia mais non aposta por unha verdadeira emancipación. Todas estas valoracións xiran en torno á noticia da tradución ao galego da obra por parte de Liliana Valado, publicada dentro da Biblioteca Dramática Galega que promove o IGAEM con Edicións Xerais. Engade, ademais, que contén unha introdución da propia tradutora e un epílogo de María Xosé Queizán.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, "Do adulterio nas letras e nas artes", *Galicia Hoxe*,"Andoliña", 28 xuño 2007, p. 40.

En primeiro lugar lembra unhas declaracións efectuadas en 1879 polo dramaturgo noruegués Henrik Ibsen, autor da *Casa de bonecas*, nas que afirma que creou a personaxe teatral de Nora, símbolo da conciencia feminista, para loitar contra a sociedade maioritariamente machista, xa que "a muller non pode ser autenticamente ela na sociedade actual". A seguir explica que a conduta de opresión a muller pasou tanto ás artes como á literatura e cita varias obras como exemplo. Conclúe facendo alusión a dúas películas de finais do século XX nas que esa ideoloxía muda substancialmente.

- Camilo Franco, "Unha muller, un destino", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 222, 4 agosto 2007, p. 11.

Faise un comentario a partir da obra de Henrik Ibsen, *Casa de bonecas*, sobre se é ou non apropiado actualizar o argumento das obras históricas, tendo en conta que unha actualización permite que o teatro siga tendo un componente de propagación ideolóxica, mentres que manter o argumento circunstancial sería perder esa capacidade de debate. No caso da obra de Ibsen, indica que se trata o tema actual na época sobre se debían as mulleres manter ou non o corsé.

Koltès, Bernard-Marie, *O regreso ao deserto* (*Le retour au désert*, 1988), trad. de Fernando Moreiras, limiar de Manuel García Martínez, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento/IGAEM (Instituto das Artes Escénicas e Musicais)/CDC (Centro

Dramático Galego), col. Escena Aberta, n.º 3, 2007, 127 pp. (ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4398-2, ISBN Edicións Laiovento: 978-84-8487-120-7). ■

Derradeira obra escrita por Bernard-Marie Koltès (Metz, 1948-París, 1989) na que utiliza as lembranzas da súa infancia en Metz (cidade do leste de Francia) e as relacións coa familia.Trátase dunha comedia na que se conta o reencontro de Adrien coa súa irmá Matilde cando esta regresa de Alxeria cos seus dous fillos, Fátima e Edouard, porque quere herdar a casa familiar na que vive o seu irmán, agora casado con Marthe. Sitúase na época dos anos sesenta e sobre todo en espazos interiores como a casa e os seus diferentes cuartos, así como nun único espazo aberto, o café árabe, no que se ven algúns dos personaxes. Desenvólvense unha serie de escenas grotescas onde se ve a rivalidade entre os dous irmáns que mesmo chegan a agredirse fisicamente, a aparición do elemento sobrenatural co espectro de Marie (primeira muller de Adrien) que só ve Fátima, filla de Mathilde, ou a desaparición de Edouard, o seu fillo, que desaparece da escena voando (supostamente desaparece na guerra de Alxeria). Hai así unha parodia das grandes traxedias gregas clásicas nas que se mesturan o grotesco coa crítica social encuberta. En canto á súa estrutura, aínda que fálase o autor non se cingue ao principio das regras das tres unidades do teatro clásico francés: acción, tempo e espazo, divídese en cinco partes nas que transcorren as diferentes escenas e secuencias, superpoñéndose unha división do tempo en función da progresión da luz natural, de catro instantes que marcan as horas e as oracións cotiás do rito musulmán (sirva como exemplo o título *Sobh* que significa "alba"). Os diferentes personaxes pertencen sobre todo á clase burguesa e representan as clases populares os criados da casa, que son árabes. Escrita cunha gran riqueza expresiva a linguaxe é reflexo dos diferentes rexistros sociais e acompáñase do humor e a sátira para construír un discurso ás veces ilóxico que reflicte o absurdo dalgunhas escenas. Mestura expresións populares coa lingua literaria e dota a prosa dun ritmo áxil.

Moledo, Urbano R., *A volta da perdida. Obra inédita incautada polos militares en 1936*, ed. e estudo de Rexina R. Veiga, Sada: Edicións do Castro, col. Biblioteca do 36, novembro 2007, 82 pp. (ISBN: 978-84-8485-271-1).

Recóllese nesta publicación de Edicións do Castro a obra inédita de Urbano R. Moledo (Marín, 1912-Vigo, 1936), *A volta da perdida*: "Tragedia rural n'un acto dividido en dous cadros y en prosa". O "Estudo introdutorio" de Rexina R. Veiga áchase dividido nos apartados: "A memoria da dignidade", "A iniciación á rebeldía", "O teatro como arma", "Poesía proletaria", "Novelas curtas" e "Pena de morte". Nel vai expondo datos bibliográficos da figura deste escritor represaliado, que van acompañados de reproducións dixitais de documentos referidos á súa vida e á súa obra. A seguir, precisa que coñeceu a figura do escritor pola memoria dos seus avós e que conseguiu "despois de setenta anos no silencio e a humidade dos arquivos" recuperar esta traxedia rural, que define como "un texto menor que se volve grande na medida en que se erixiu en demostración palpábel do poder subversivo que a mentalidade fascista vía na creación en idioma galego". Na ficha da obra saliéntase que esta traxedia está inspirada no conto "A Perdida" de Evaristo Correa, ademais de indicarse as datas e lugares das estreas, así como o reparto. Nesta peza teatral refléxase a vida cotiá dunha familia galega, marcada pola traxedia política.

Molière, *O burgués fidalgo*, ed. e intr. de Afonso Becerra de Becerreá, trad. de Henrique Harguindey, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Teatro, n.º 218, 2007, 121 pp. (ISBN: 978-84-8487-123-1).

Esta peza teatral de Molière (seudónimo de Jean-Baptiste Poquelin, París, 1622-París, 1673) está baseada na historia de Monsieur Jourdain, un rico comerciante que, movido polo desexo de relacionarse cunha clase social superior tomaba clases de danza, música, de esgrima, e mesmo clases de filosofia, e cae así no engano dun aristócrata sen escrúpulos que pretende roubarlle os seus cartos. Nesta obra mestúranse as situacións xocosas coa sátira mordaz dun novo rico que toleou por aparentar ser quen non era. Conta cunha introdución, estructurada nos apartados "A vida" e "O burgués fidalgo", ademais dunha "Nota sobre a edición", explicando que ao final se reproduce o texto "Ballet des Nations". Deste texto explícase que non se acostuma a representar, pero sempre aparece nas edicións francesas desta peza; respéctase a súa escrita en diferentes linguas e formas "rexionais", mantendo a escritura orixinal.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Un cumio da comedia", *A Nosa Terra*, n.º 1.278, "Cultura", 26 xullo-5 setembro 2007, p. 29.

Tras a presentación da peza *O burgués fidalgo*, de Molière, unha das obras máis representantivas do teatro francés, poboada de inesgotábeis lecturas e considerada un dos cumios da comedia-ballet, Manuel Xestoso detense na tradución ao galego realizada por Henrique Harguindey. Achega o seu desacordo sobre o criterio adoptado polo tradutor, "que deixa o espectacular baile final -o coñecido *Ballet des nations*- nas linguas orixinais nas que foi composto: francés, italiano, español...", ao considerar máis acertado editar unha versión bilingüe coa tradución de cada unha das partes ao galego. Sobre a trama da peza apunta que xira arredor de Monsieur Jourdain, un burgués enriquecido grazas ao comercio de panos cuxa obsesión por pertencer á aristocracia dá pé a unha serie de hilarantes situacións que asemade recrean a sociedade do seu tempo e debuxan un excelente retrato do arribista.

- C. Rodríguez, "Molière, dramaturgo cómico e satírico", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 687, 16 decembro 2007, p. 8.

Explícase que esta peza xa era coñecida como espectáculo teatral en Galicia, antes da tradución de Henrique Harguindey, dende o francés. Apúntase que se trata dunha das obras do autor "máis humorísticas, divertidas e non exenta dunha carga irónica, intelectual e social", xa que esencialmente parte dunha condición humana, habitual durante a historia, a apariencia. A seguir, saliéntase a traxectoria literaria de Molière, como escritor, director e actor. Precísase que esta peza teatral foi un encargo de Luís XIV ao autor para que escribise unha "turcada" e para vingarse "do enviado de Mehmet IV a Versalles" en 1669. Destácase que os personaxes e situacións responden á caracterización social do autor, froito de aplicarlles "a sátira, o escarnio e o humor sutil", e que cómpre reparar no intre en que o mestre de filosofía lle explica ao burgués Señor Jourdain a diferenza entre o verso e a prosa.

Prieto, José L., *Cóncavo-Convexo*, Finalista dos Premios Max 2007, Ferrol: Edicións Embora, col. Teatro, 2007, 91 pp. (ISBN: 978-84-95460-65-3).

José L. Prieto, gañador de diversos certames de textos teatrais como o Xuventude 95 e o Premio Max, presenta esta peza de teatro na que seis persoas xogan a representar un papel. Ambientada nunha casa apartada durante unha noite escura de treboada, dúas rapazas chegan á casa porque o motor do seu coche non arrinca, pero o teléfono non funciona. A dona da casa, unha novelista feliz e algo retorcida, pídelles que queden a cear e comeza o xogo no que hai unha criada submisa, que podería comportarse doutro xeito, unha mente libre apaixonada da morte, un asesor de imaxe disposto a facer de forense e dúas mulleres de mundo, aventureiras e inxenuas. O xogo consiste en crear un mundo ficticio, onde nada é o que parece porque todos podemos construír a nosa propia realidade.

Rodríguez Cao, Luís, *Luz de sombras*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. "Cadernos Teatro", n.º 9, 2007, 43 pp. (ISBN: 978-84-8487-130-4).

Luís Rodríguez Cao (Meira, 1957) explica no prólogo do libro as orixes do mesmo: xurdiu cando coñeceu unha nena con alta capacidade intelectual nunha aldea mariñeira galega. Con *Luz de sombras* tamén busca reflexionar sobre o proceso de autodestrucción persoal ao que podemos someternos perante situacións de desesperanza. Os eternos perdedores, os desencantados, son, segundo apunta, personaxes que se repiten na súa escrita, xunto coa influencia de Beckett e o seu absurdo vital. Todos eses elementos concentrounos na figura dun pai que leva a cabo un proceso de "introspección social", en palabras de Rodríguez Cao, abandonando a colectividade para converterse nunha especie de eremita que, xunto coa súa filla, vai constituír un microcosmo marcado polo desamor e a desesperanza. Concluido o prólogo, preséntase o drama, dividido en tres actos, e que se inicia cando un grupo de traballadores dun estaleiro deciden crear unha organización clandestina para loitar contra a explotación dos patróns. Un deses obreiros é Antonio, un home atormentado polo abandono da prostituta coa que iniciara unha relación, Magda. O atentado contra os xefes fracasa e Magda falece nos brazos de Antonio, que a partires dese momento debe facerse cargo da filla que tivo con ela, Nuria, unha nena cega cuxa existencia Magda lle ocultara. Vólcase na súa crianza e a rapaza convértese na súa razón de existir, até o punto de que se afasta do mundo exterior. Sen embargo, un antigo compañeiro de loita, Adrián, pediralle axuda para retomar o combate contra os opresores. Antonio négase porque está totalmente centrado no coidado da meniña, mais dalle acubillo na súa casa. Ao pouco tempo, uns militares son asasinados e a policía chega á vivenda buscando posíbeis culpabeis. Prodúcese un tiroteo e Nuria morre, deixando o seu pai sumido nunha profunda depresión.

III. 4. APÉNDICE: LIBROS DOUTROS ANOS NON RECOLLIDOS NOS INFORMES ANTERIORES

Armada Teixeiro, Ramón, *¡Non máis emigración! Apropóseto Líreco-Dramático*, Madrid: Ediciones Endymion, col. Galego, nº 001, 2006, 128 pp. (ISBN 10: 84-7731-

439-X/ ISBN 13: 978-84-7731-439-4).

Esta peza de teatro de Ramón Armada Teixeiro (Santa Marta de Ortigueira, 1858-A Habana, 1920) foi estreada no Gran Teatro Tacón da Habana o 10 de abril de 1886, con música de Felisindo Rego. Reprodúcese o reparto de actores. *¡Non máis emigración!* é considerada a "primeira zarzuela galega" e critica a emigración e a penosa situación do emigrado. A acción transcorre no ano 188... e desenvólvese en varios espazos: unha aldea galega (nunha chouza, no adro dunha igrexa), A Coruña, A Praza de Armas e un hospital da Habana. A obra divídese en dous "autos", os cales están divididos en "cuadros" numerados e titulados (tres cuadros no auto primeiro e catro no auto segundo), que á súa vez se dividen en escenas. Nela cóntase a historia de dous rapaces chamados Xan e Marica que están namorados pero el decide emigrar para gañar moitos cartos e ter unha vida mellor. Farruco, que á súa vez tamén está namorado de Marica pero ela non acepta o seu amor, aproveita esta situación para convencer a esta de que o seu mozo non a quere. Xan descóbreos conversando e pensa que o están enganando polo que marcha a Cuba a pesar de que os pais e amigos da familia intentan convencelo de que emigrar non é a solución porque é moi duro e hai tanta pobreza coma en Galicia. Un ano máis tarde tamén vai Farruco para A Habana e atopa a Xan no hospital, a conciencia non lle deixa vivir polo que confesa todo o que fixo e lévalle dúas cartas: unha da nai e outra de Marica que sofren pola súa ausencia. Xan séntese impotente porque se atopa enfermo e sen diñeiro, intenta suicidarse pero a "Beneficiencia" sálvao e regresa a súa aldea para casar con Marica.

III.4. POSTAS EN ESCENA

Neste apartado achégase a información recollida a partir das publicacións impresas ben sen asinar, ben asinadas, que son as que se describen en "referencias varias".

III.4.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS E SEMANAS

125 Anos de Teatro en Galego

Circuíto patrocinado e dirixido pola Consellería de Cultura e Deporte xunto co Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), en colaboración co Concello de Vilagarcía, con motivo da conmemoración do 125 aniversario do teatro en galego que pretende achegar diferentes representacións a variados escenarios de Galicia, así como pór en valor o teatro en galego. Cóntase coa participación de até vinte e cinco compañías galegas que percorreran trinta e oito localidades. A finalidade é rememorar que o 13 de agosto de 1882 se estreou no Liceo Brigantino *A fonte do xuramento*, obra de Francisco de la Iglesia que constituiría a primeira peza teatral en galego. Dá comezo o 7 de setembro en Vilagarcía coa representación d' *Unha de amor*, a conta de Artello, finalizando o 27 de setembro; súmanselle a esta outras postas en escena como *A viaxe de Efi*, por La Imagina Machina; *Castronós. O baile*, por A Factoría Teatro; *Juanito Perighro*, por Ciudadano Frame; *4.48 Psicose* , por Nut Teatro; *Día tras día. A vida de*

Rosa, por Mariclown; *Alicias no médico*, por Sapristi; *Zico, zaca, zuco, buscando a mamá*, por Zacalino; *Os Narigudos*, por Tanxarina; *As últimas lúas*, por Lagarta Lagarta; *Palabras de caramelo*, por Buratini, ou *Golulá*, por Galitoon, encargándose do peche da xira.

Referencias varias:

- Iolanda López López, "Unha conta pendente", *Galicia Hoxe*, "Opinión", 23 xullo 2007, p. 5.

Mediante unha linguaxe poética reivindícase o apoio institucional e de promoción creativa precisos para continuar co auxe que están a acadar as compañías teatrais galegas que cada vez contan con un maior éxito nas súas producións, con respecto ás cales se mencionan obras presentes na XXIII Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e no acto conmemorativo polos 125 Anos de Teatro en Galego.

- E. A. R., "El área metropolitana acoge actos de la celebración del 125 aniversario del teatro hecho en gallego", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Comarcas", "Ames y Teo", 14 agosto 2007, p. L9/29.

Fálase sobre a conmemoración do 125 aniversario do teatro feito en galego con actos promovidos pola Consellería de Cultura en Ames e Teo ao longo do mes de setembro. Representaranse, entre outras, a obra *Palabras de caramelo* da compañía Buratini. Engádese finalmente que participarán vinte e cinco compañías teatrais de Galicia que ofrecerán as representacións en trinta e oito localidades.

- Gemma Malvido, "125 anos de teatro gratuíto", *La Opinión*, "A Coruña", 28 agosto 2007, p. 12.

Dá conta da celebración na cidade da Coruña do cento vinte e cinco aniversario aniversario da primeira representación da primeira obra escrita e representada en galego, *A fonte de xuramento*, no Liceo brigantino. Co gallo desta celebración o Fórum Metropolitano realizará ao longo do mes setembro catro funcións gratuítas. O sábado 1 de setembro, NutTeatro representará *4.48 Psicose*; o domingo 2 de setembro estrearase a obra infantil, *A viaxe de Efi*; o sábado 8 de setembro a compañía Mariclown representará *Día tras día. A vida de Rosa*. Sinálase que a despedida dos actos conmemorativos rematará coa obra *Golulá* da compañía Galitoon. Ademais da estrea gratuíta destas obras, tamén se informa da carteleira teatral da cidade herculina no mes de setembro, destacando a presenza de actores como Santi Millán, Belén Rueda, El Brujo ou Jaime Blanch.

- maré, "A xira dos 125 anos chega a Compostela", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 setembro 2007, p. 8.

Dá conta da chegada a Compostela da xira que celebra os cento vinte e cinco anos do teatro galego. Sinálase que esta cita se inicia na Praza da Quintana coa obra *Zico, zaca, zuco, buscando a mamá,* da compañía Zancalino. Indícase que a xira continúa ao día seguinte na localidade de Teo, coa obra *Os Narigudos*, de Tanxarina Teatro, compañía

nada no ano 2006 e integrada por tres actores galegos: José Carlos Illanes, Fran Núñez e Aitor Rei.

- Montse Mayoral, "Ferrol nas orixes do teatro en galego", *Diario de Ferrol*, "Cultura|Gente|Servicios", 20 setembro 2007, p. 14.

Con motivo do cento vinte e cinco aniversario do teatro en galego lévase a cabo unha crónica acerca da historia deste xénero na cidade de Ferrol, lugar de procedencia da primeira compañía teatral creada en Galicia, o que outorga a este emprazamento importancia no desenvolvemento do xénero. Engadido a este feito está a existencia do Teatro Jofre, lugar onde se levaban a cabo as primeiras representacións, destacando entre elas *A ponte*, primeira peza con éxito na cidade.

Agustín Magán , VIº Festival de teatro afeccionado

Organizado por primeira vez en 2002 polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e a Federación de Teatro Afeccionado (FEGATEA), quere ser unha ocasión na que se lembre e homenaxee a Agustín Magán, así como que sirva de intercambio de experiencias entre grupos afeccionados. A edición de 2007 foron sete as compañías participantes.

Referencias varias:

- Revista Galega de Teatro "Festival de Teatro Afeccionado 'Agustín Magán", *Revista Galega de Teatro*, n.º 50, primavera 2007, p. 85.

Indícase que o Teatro Principal de Santiago de Compostela acolleu entre os días 7 e 12 de decembro a quinta edición do Festival de Teatro Afeccionado "Agustín Magán", organizado pola Federación Galega de Teatro Afeccionado. A continuación, especifícase que se contaban entre os participantes ao grupo Andaravía de Vedra, coa peza *Bicos*; Achádego, con *Unha petición de man* e *O oso*; Tiruleque, con *¡Roma, unha tolería!*; Teatro do Aramio, con *E os cans calaban*; Vichelocrego, con *A ópera do emprendedor*; e Metátese, con *Peirao 2434*.

- C. P., "Alberte Álvarez: 'Non se concibe un teatro profesional sen a base de compañías afeccionadas", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", 6 decembro 2007, p. L12.

Con motivo da celebración da sexta edición do Festival de Teatro Afeccionado, que reúne a sete compañías que presentan as súas montaxes na sede da Fundación Caixa Galicia, entrevístase a Alberte Álvarez, presidente da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA). Segundo Álvarez, este festival é unha referencia fundamental por ser o escaparate para os grupos afeccionados de toda Galicia e explica como se seleccionan as propostas. Así mesmo, estima que o Festival fai un labor fundamental, xa que crea público e serve de canteira, e opina que a situación do sector non é mala.

Arte Livre, Teatro (TAL), Sala Alternativa

Sala alternativa creada en Vigo en marzo de 2006 por Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno, coa finalidade de divulgar a cultura galega a través dunha política diferente que inclúe unha programación teatral individualizada para cada tipo de público e que mantén cada obra representada durante tres meses. No ano 2007 levaron á escena as seguintes obras: *Imperial: café cantante Vigo 1936*, a compañía Teatro Noroeste; *O cepillo de dentes*, o Teatro Aforo; *Un día de forminga*, de Eisenhower Moreno; *Ollares de perfil*. *O mito de Greta Garbo*, levada a escena polo galardoado Roberto Cordovani, por Teatro Arte Livre e *Jalisia, ¡mi madriña!*, dentro da programación do IGAEM.

Cangas, XXIV Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Organizada polo colectivo formado polo Centro Recreativo Cultural Xiria, o Concello de Cangas e Teatro de Ningures, baixo a dirección de Mª Xosé Mariño, conta co patrocinio do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), do Concello de Cangas, da Deputación Provincial de Pontevedra, Frigoríficos do Morrazo e o Cupón do Minusválido. Durante esta mostra entrégase anualmente o Premio "Xiria", co que se destaca o labor teatral dunha persoa. Na edición de 2007, que se iniciou o día 2 de xullo e non rematou até o 8, tiveron lugar, entre outros espectáculos de danza e música, as representacións de *Eclipse*, de Teatrapo; *Aullidos*, de Teatro Corsario; *A Pachorra*, de As Sircópatas; *Castronós: O baile*, de Factoría Teatro; *Circamelo*, de Alfredo Pérez Muíño; *Carbón Club*, de Markeliñe, *Actioon* e *Revoltallo entre pedras*, de Clown Theatre; *Grim, Grim. El lobo Nieves y los siete cerditos*, de La Pera Llimonera; *Música Maestro*, de Los Excéntricos; *Los principios del actor*, de Teatro del Norte, *Los monólogos de la vagina*, de Compañía Maite Merino e *Folk&Roll Vodeville*, The Combo Roxo.

Referencias varias:

- A.B., "A consellería de cultura destina trinta mil euros á mostra de teatro", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", 24 xuño 2007, p. 19.

Dá noticia do inicio desta mostra, despois de firmar un convenio coa Consellaría de Cultura que lle asigna trinta mil euros, unha subvención que se suma as xa adquiridas polo concello, Caixa Nova, Deputación e Compañías Frigoríficas do Morrazo. Dise que se inicia o festival o 2 de xullo e que nel participan a compañía galega As Sircopatas, que inauguran a mostra, e tamén a participación de Factoría de Teatro, Fredi, Teatro Corsario, Vanesa Sotelo, La Pera Llimonera, Markeliñe, Fiandola e Almacabra, entre outros.

- O.I., "El teatro de calle abre la Mostra Internacional de Cangas", *El País*, "*Galicia*", 1 xullo 2007, p. 39.

Trata da inauguración da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas por parte do grupo Teatrapo. A continuación relátanse os grupos participantes nas actuacións de rúa, entre os que se conta con: As Sircópatas, con *A Pachorra*; Factoría Teatro, con *Castronós: O baile*; *Circamelo*, de Alfredo Pérez Muíño; *DNZND*, da

bailarina Vanesa Sotelo; *Carbón Club*, de Markeliñe, e *Actioon*, de Clown Theatre.

- Cecilia Martínez, "La Mostra de Teatro de acoge hoy cuatro actuaciones", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", 4 xullo 2007, p. 61.

Coméntase a primeira das actuacións do día 4 de xullo na Mostra de Teatro de Cangas, a cargo de Vanesa Sotelo, coa obra *DNZND*. A continuación faise mención das tres actuacións restantes nese día: *Grim, Grim. El lobo Nieves y los siete cerditos*, por La Pera Llimonera; *Carbón Club*, por Markeliñe, e unha sesión musical a cargo do grupo Fiandola.

- Fran Gutiérrez Sas, "A Mostra de Cangas ofrece hoxe teatro do País Vasco e Cataluña", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", 4 xullo 2007, p. 19.

Trata o contido de dúas das representacións presentes na Mostra: *Grim, Grim. El lobo Nieves y los siete cerditos*, por La Pera Llimonera, onde se destaca o xogo teatral de xograres, clowns e bufóns e *Carbón Club*, de Markeliñe, obra que homenaxea aos mineiros. Ademais menciónase a presenza de Vanesa Sotelo coas súas representacións na rúa.

- Óscar Iglesias, "Prazas e salas énchense de teatro", *El País*, "*Galicia*", 6 xullo 2007, p. 36.

Trátanse diversas mostras teatrais presentes no territorio galego durante os meses de xullo e agosto, entre as que se encontra a Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

- Fran Gutiérrez, "Os monólogos de Maite Merino pechan hoxe a mostra de Cangas", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", 7 xullo 2007, p. 19.

Dá conta da actuación *Los monólogos de la vagina*, pola compañía Maite Merino, como cabeza de cartel nesta xornada dedicada á muller, ademais de facer mención aos numerosos galardóns que obtivo. Dise que tamén se pode gozar das representacións de Teatro del Norte, con *Los principios del actor* ou The Comba Roxo, con *Folk&Roll Vodeville.*

- Cecilia Martínez, "'Monólogos de la vagina' aterriza en Cangas", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", 7 xullo 2007, p. 60.

Trata o especial día dedicado á muller como peche da Mostra de Teatro comentando a representación *Monólogos de la vagina*, pola compañía Maite Merino. Ademais dise que se conta cunha lectura dramatizada sobre a defensa do voto feminino de Clara Campoamor. Finalmente, coméntase que a isto se lle suma unha actuación de Teatro del Norte, *Los principios del actor*.

- Fran Gutiérrez Sas, "Rubén García leva o premio da Mostra de Teatro canguesa", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", 8 xullo 2007, p. 20.

Salienta o gañador do premio da mostra, outorgado ao director da Mostra de Teatro de Ribadavia, Rubén García. Ademais coméntanse as actuacións presentes no día dedicado

á muller: *Los principios del actor*, de Etelvino Vázquez; *Monólogos de la vagina*, da compañía Maite Merino; *Folk&Roll Vodeville*, de The Combo Roxo; así como tamén unha lectura dramatizada do discurso sobre a defensa do voto feminino, de Clara Campoamor.

- Aarón López, "La Mostra de Teatro vendió todas las entradas y superó las expectativas", *Faro de Vigo*, "Área Metropolitana", 10 xullo 2007, p. 14.

Coméntase o éxito acadado pola Mostra de Teatro de Cangas na presente edición, en relación ao cal se resaltan tres obras: os títeres de Aullidos; o clown de Jango Edwards e Peter Ercolano e *Monólogos de la vagina*, pola compañía Maite Merino. Dise que a esta grande aceptación por parte do público se lle suman tamén os cursos de teatro impartidos, así como o teatro de rúa.

- Vanesa Sotelo, "O riso espállase. XXIV Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas", *Revista Galega de Teatro*, n.º 52, "Festivais", outono 2007, pp. 87-89.

Comézase afirmando que esta vixésimo cuarta edición de Cangas mesturou "títeres paraa adultos, teatro musical, cabaré, clown, performance e pasarrúas"·. Dáse conta de todas as actuacións representadas entre o 2 e o 7 de xullo, dende o pregón lido por Manuel F. Vieites. Cóntase que, tras o pregón, A Factoría Teatro representou *Castronós:o baile*; que a segunda xornada contou con *Aullidos*, dos pucelanos Teatro Corsario; que o mércores tivo lugar a performance *Dnznd*, o espectáculo *Grim. Grim o Lobo Nieves y los Siete Cerditos*, dos cataláns La pera llimonera, ademais do cabaré *Carbon club* dos vascos Markeliñe. Infórmase que na cuarta xornada actuaron os pallasos Jango Edwards e Peter Ercolano con *Classic duo*, que Producións Bacana representou *Hendaya mom amour* e que os clowns Los Excéntricos propuxeron a peza *Música maestro*. E remátase recollendo as actuacións do sábado: a peza *Los principios del actor*, de Etelvino Vázquez; a lectura dramatizda do guión de María Xosé Queizán sobre a defensa do voto feminino; *Los monólogos de la vagina*, da Compañía Maite Merino, para clausurar a Mostra co *Fol&Roll Vodeville*, dos The Combo roxo.

Caranza, Ciclo de teatro afeccionado "Domingos a escena"

Ciclo teatral organizado pola Concellaría de Cultura de Ferrol dende o mes de novembro do ano 2000 en colaboración coa Asociación Max de Teatro, no que tamén se conta co patrocinio da Deputación Provincial da Coruña e da Fundación Caixa Galicia. Celébrase no Centro Cívico de Caranza e no auditorio FIMO. A participación está aberta a todos aqueles grupos de teatro afeccionados da comarca de Ferrol e mesmo doutros puntos de Galicia. A temporada 2007 contou con compañías teatrais como: Metátese e Alentía, as dúas de Palas de Rei; Lohengrín, de Vigo; Falcatrueiros, de Monterroso; a Escola Airiños, de Rianxo; Equus, de Miño; a Mámoa, de Teo, e o grupo de Lousame. Algunhas das actuacións máis salientábeis son: *El principio*, da compañía ferrolá Cadadiapeor; *A miña muller é o fontaneiro*, dos ferroláns Ad Libitum; *A grande fuxida*, de Equus; *Leve tres e pague un*, de Candelexas, de Noia; *Unha de vaqueiros*, de Ullán Teatro, de Vedra; *A farsa de Inés Pereira*, do grupo coruñés Alexandre Bóveda; *Vengan corriendo que les traigo un muerto*, de Longorio Teatro, de Valdomiño ou *O traxe novo do rei*, polo grupo ferrolán Oquetiqueiras. Contraste, con *A lenda pirata*;

Teatro C2B, con *El inquietante caso de Pamela Guash*; Toxos e Froles, con *Mundo de xigantes*; Bartoleta, con *Ataque verbal*; Ti e mais eu, con *Parella de damas* e Max Teatro, con *A morte non ven a verte*.

Referencia varia:

- M. Mayoral, "El ciclo 'Domingos a escena' abre una nueva temporada llena de estrenos", *Diario de Ferrol*, "Artes Escénicas", 11 xaneiro 2007, p. 13.

Coméntase o inicio do ciclo de teatro "Domingos a escena", que ten lugar entre os meses de xaneiro a maio, facendo un percorrido polas compañías presentes. Algunhas delas son: Contraste, con *A lenda pirata*; Cadadiapeor, con *El principio*; Candelexas, con *Leve tres e pague un*; Ullán Teatro, con *Unha de vaqueiros*; Alexandre Bóveda, con *A farsa de Inés Pereira*; Longorio Teatro, con *Vengan corriendo que les traigo un muerto*; Oquetiquieras, con *O traxe novo do rei*; Teatro C2B, con *El inquietante caso de Pamela Guash*; Toxos e Froles, con *Mundo de xigantes*; Bartoleta, con *Ataque verbal*; Ti e mais eu, con *Parella de damas*, e Max Teatro, con *A morte non ven a verte*.

Carballiño, IVº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Organizado pola compañía Nove-Dous Teatro e Arteficción en colaboración co Concello do Carballiño e con subvencións do Instituto Galega de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), Caixanova e Caja Madrid. Na edición de 2007 combina tres directrices: programación variada, teatro na rúa e premios para as mellores actuacións. O teatro na rúa conta coa compañía Picompé, con diferentes espectáculos; entre as funcións en escena atópanse: os vigueses Fulano, Mengano e Citano, con *Arte;* Novedous Teatro, de Carballiño, con *Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas*; Teatro do Noroeste, de Santiago, con *Romeo e Xulieta*; e os tamén composteláns Bacana, con *Hendaya, mon amour*.

Referencias varias:

- Jorge Melero, "Cinco días moi teatrais", *La Región*, 3 setembro 2007, p. 12.

Coméntanse as representacións do Festival de Teatro Galego do Carballiño (FETEGA), salientando como novidade a segunda entrega dos premios homónimos e os espectáculos de teatro de rúa, a cargo da compañía Picompé. Sinálanse algunhas das compañías presentes como: Fulano, Mengano e Citano, con *Arte*; Novedous Teatro, con *Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas;* Teatro do Noroeste, con *Romeo e Xulieta*, ou Bacana, con *Hendaya, mon amour.*

- LR, "O teatro gaña incondicionais", *La Región*, "Carballiño", 7 setembro 2007, p. 17.

Sinala o grande éxito de público da presente edición do Festival de Teatro Galego do Carballiño (FETEGA), ao cal contribuíu en gran medida o teatro de rúa. Ademais coméntase a gala de entrega dos premios ao mellor actor, actriz e espectáculo como peche do festival, e que contou con actuacións a cargo de El Pararrayos, o mago

Romondi, a bailarina de danza árabe Natalie Bax ou o actor e contacontos Avelino González.

Cee, Marzo Teatral

Organizado, xunto coa asociación cultural Domingo Antonio de Andrade, polo actor, director e fundador de Talía Teatro, ofrece trinta e tres representacións durante unha semana. Na edición de 2007 representouse *As últimas lúas*, de Lagarta Lagarta, *Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas,* de Nove dous; *Emigrados, Amores e Humores varios*, *de*Teatro de Ningures e *O Avaro,* de Lupo. No eido infantil púxose en escena *Canta Connosco,* de Migallas; *O merlo branco*, de Talía Teatro, *O muiñeiro de Ribadumia*, de Alecrín, *Imas-Xinarium ou Ofimax*, de Teatro Expresión; *Non hai ladrón que por ben non veña*, por Xenio, e, pola escola de teatro de Cee, *Lixo*, polo grupo Aula de Pontevedra.

Referencias varias:

- Ángel García Carragal, "Representación teatral en Marcón", *Diario de Pontevedra*, "Parroquia de Marcón", 18 marzo 2007, p. 7.

Informa do inicio da programación cultural da Comunidade de Montes de Marcón mediante o Ciclo "Domingos de Teatro. Marzo Teatral", no cal se inclúen as representacións do grupo Aula de Pontevedra, con *Lixo*; Alecrín, con *O muiñeiro de Ribadumia*; Teatro Expresión, con *Imas-Xinarium ou Ofimax*; ou Xenio, con *Non hai ladrón que por ben non veña*.

- M.C.S., "Talía Teatro presenta en Carballo la obra 'O merlo branco", *La Opinión*, "Carballo/Costa da Morte", 24 marzo 2007, p. 18.

Anúnciase a representación d'*O merlo branco*, a cargo de Talía Teatro no Pazo de Cultura de Carballo, onde tamén se adianta que van ter lugar outros actos culturais como o ciclo de Teatro "Marzo Teatral", no que se porá en escena *As últimas lúas*, de Lagarta Lagarta.

Chantada, XVIIª Mostra de teatro popular

Organizada en 1990 polo Centro Teatral Faro-Miño, en colaboración coa delegación de Cultura do Concello de Chantada, dende o 2002 conta co apoio do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), a Confederación Estatal de Teatro Amateur (CETA) e a Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA). Ten como escenario a Praza do Cantón de Chantada. En 2007 tivo lugar entre o 21 e o 24 de agosto e conto coa participación dos grupos de teatro B. A. Teatro, Faro Miño, VaiaDous Teatro e Tiruleque que respectivamente puxeron en escena *Rosi*; *Teatro a granel*; *Enténdemetiamintamén* e *Roma, unha tolería*.

D'Gorra, IV Festival de Artistas de Rúa

Organizado polo colectivo Pistacatro coa colaboración do Concello de Santiago de Compostela, tivo lugar nas rúas e prazas desta cidade. Acolle espectáculos de teatro, circo, danza, clown, cabaré e pintura. No ano 2007 conta coa impartición de talleres de arte circenses, así como tamén coa actuación da plataforma de novos artistas, ademais das estatuas e a participación de vintecatro compañías, entre as cales se atopan Roi o Cagabolas, Djammal, e os grupos Rewen, Kote Malabar, Kasi K Si, Action Babies, Manic Freak e Pistacatro.

Referencias varias:

- I.L., "El festival D´Gorra ofrece por primera vez talleres de circo en la Alameda", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 14 agosto 2007, p. 6.

Coméntase o percorrido, desenvolvemento e actuacións programadas para a cuarta edición do festival D´Gorra, sinalando como novidade a impartición de talleres de artes circenses na Alameda de Santiago. Entre as compañías participantes, das cales se resalta a orixe galega do oitenta por cen, cóntanse Action Babies; Roio Cagabolas; Manic Freak; Djammal; Rewen; Kote Malabar, Kasi K Si e Pistacatro.

- Margarito Flowers, "Santiago se cubre con la carpa mágica del mundo del circo y de la cultura a pie de rúa", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 14 agosto 2007, p. 72.

Anuncia o comezo do festival D´Gorra nas rúas compostelás como unha serie de espectáculos con especial atractivo para o público, entre os que se conta con circo, cabaré e teatro a cargo dunha vintena de compañías, sendo o oitenta por cento delas galegas, que levarán a cabo até sete espectáculos diarios diferentes.

XV Feira das Artes Escénicas de Galicia

Celebrada con regularidade dende o ano 1997, en que era a quinta edición despois de tres anos sen se convocar, está organizada polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e coordinada por Rubén García. Lévase a cabo en Santiago de Compostela.No ano 2001, por primeira vez, foi incluída na Coordinadora de Feiras de Teatro do Estado Español. Este evento ten como finalidade ser unha canle para a distribución dos espectáculos e a el asisten programadores, produtores e distribuidores teatrais de toda a Península. Teatro de actor para nenos e adultos, títeres e danza son os xéneros escénicos representados no cartel nesta edición de 2007. Na súa décimo quinta edición que tivo lugar do 23 ao 27 de outubro, participaron vinte e unha compañías galegas, así como tamén outras de orixe lusófono. Como escenarios contou co Salón Teatro, Sala Nasa, Teatro Galán e Teatro Principal, aos que se sumou nesta edición o Instituto de Educación Secundaria Xelmírez I. Ofreceron os seus espectáculos as seguintes compañías galegas: Matarile Teatro, con *Truenos & misterios*; Ancora Producciónes, con *Medidas preventivas*, Teatro de Ningures, con *Emigrados*; Sapistri con *O son das cousas*; Lagarta Lagarta, con *As últimas lúas*; Sarabela Teatro, con *Margar no pazo do tempo*; Teatro do Atlántico, con *A bombilla* m*áxica*; Teatro do Morcego, con *O burgués fidalgo*; Pisando Ovos, con *30.000*; Teatro Galileo, con *Rosso*

profondo in punto di morte; Teatro do Noroeste, con *Romeo e Xulieta*; PistaCatro, con *Kamikaze*; Nut Teatro, con *Corpos disidentes*; Fulano, Mengano e Citano, con *Arte*; 40 Pasos, con *O ridículo desamor dun home máis ou menos normal;* Volta e Dálle Teatro, con *Pan*; Teatro do Adro, con *Comida Chinesa*; e Nove Dous, con *Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas.* En canto ao teatro destinado a público infantil, ofrecéronse os espectáculos *Robin Hood*, de Producciónss Acontrabutaca, *O merlo branco*, de Talía Teatro; *Bolboreta*, de Títeres Trompicallo, *Sen título 4x8x6*, de Os monicreques de Kukas, *Do, Re, Mi, Mozart xoga aquí*, de Títeres Cachirulo, *Sombreiros sen chapeau*, de Tanxarina Títeres; e *O son das cousas,* de Sapristi. As participantes de orixe lusófona foron as seguintes: Raiz di Polom; Centro Cultural Português de Sao Vicente; Circolando Graça-Ochoa; e a bailarina Silvana Abreu.

Referencias varias:

- maré, "A aposta polo mercado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 outubro 2007, p. 28.

Anúnciase o comezo da Feira das Artes Escénicas de Galicia, facendo especial fincapé na tentativa de aumentar a promoción teatral galega a nivel peninsular, así como a novidade da orientación lusófona nos espectáculos do presente ano como marca distintiva dentro do ámbito peninsular.

- Natalia Valiño, "La XV Feira de Artes Escénicas apuesta la cultura de Portugal", *El País*, "*Galicia*", 18 outubro 2007, p. 35.

Dá conta do variado tipo de espectáculos e actividades programadas para a Feira de Artes Escénicas de Galicia, especialmente dirixidos a programadores teatrais de diferentes procedencias, coa fin de fomentar o mercado especializado de espectáculos teatrais. Salienta, como vía para acadar este obxectivo, a orientación lusófona da Feira coa difusión de obras de compañías galegas e lusófonas.

- maré, "Días de espectáculo", *Galicia Hoxe*, 23 outubro 2007, p. 31.

Infórmase da inauguración da Feira Galega das Artes Escénicas, que ten por título *Made in Galicia & Portugal*. Indícase que nesta Feira actuarán compañías como Matarile, coa representación da obra *Truenso & misterios*, Áncora Producciónss con *Medidas preventivas*, e Teatro de Ningures con *Emigrados*, entre outros. Tamén se di que participará un grupo portugués do Instituto Camoes.

- C.F., "Unha feira atravesada polos recoñecementos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 outubro 2007, p. 54.

Dá conta dos principais acontecementos e curiosidades a respecto da Feira das Artes Escénicas. Tamén fai mención á mostra organizada polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) sobre os cento vinte e cinco anos do teatro galego.

- Daniel Salgado, "El espacio del mercado teatral", *El País*, "*Galicia*", 24 outubro 2007, p. 7.

Dá conta da inauguración da Feira Galega das Artes Escénicas na sede compostelá da Fundación Torrente Ballester informando dos diferentes escenarios que darán acollida ás representacións de até vinte e unha compañías galegas e catro internacionais de teatro adulto e infantil, danza ou marionetas. Saliéntase como finalidade da Feira deste ano a ampliación da relación dos países de fala lusófona, contando coas representacións das compañías Raiz di Polom, o Centro Cultural Português de São Vicente, de Cabo Verde, o "solo de clown" Circolando-Graça Ochoa, de Portugal, e a bailarina brasileira Silvana Abreu. Dise que a Feira a abre a compañía galega Matarile Teatro con *Truenos y misterios*, e que esta edición coincide con diversos eventos de salintábel importancia, como o cento vinte e cinco aniversario dos inicios do Teatro Galego ou o Plan Galego para as Artes Escénicas. Así mesmo, infórmase de que nesta época se dan a coñecer os gañadores de diversos premios, cuxos galardoado, de orixe galego se sinalan.

- Camilo Franco, "Tantas cousas por aprender", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 25 outubro 2007, p. L9.

Fai referencia á celebración na capital de Galicia da Feira das Artes Escénicas. Dise que é un conxunto de obras teatrais que permite aos espectadores ir dunha función a outra en peregrinación interior, que conleva unha aprendizaxe construtivista e a observar un panorama que este ano está composto por moitos espectáculos para as familiares, algunhas novidades de recente estrea e a repesca de obras que xa funcionaron durante a tempada e que seguen tendo unha potencialidade exportadora.

- maré, "Maratón para todos os públicos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 outubro 2007, p. 28.

Infórmase da programación teatral para o 25 de outubro no eido da Feria Galega das Artes Escénicas que se desenvolve en Compostela. Dise que as producións *A bombilla máxica*, de Teatro do Atlántico, e o musical *Robin Hood*, de Acontrabutaca, son dúas das máis agardadas no Teatro Galán, onde tamén Títeres Trompicallo escenificará *Bolboreta*, un espectáculo de monicreques de mesa con música en directo e escenografía móbil, ademais d'*O merlo branco*, título co que Talía Teatro se presenta no auditorio do Instituto Xelmírez I. Infórmase de que a terceira xornada da Feira se pecha con dous espectáculos estreados xa en Compostela: *O burgués fidalgo*, de Molière, por Teatro do Morcego, e *30.000* da compañía de danza Pisando Ovos.

- Camilo Franco, "A diagnose do teatro galego sinala a súa total dependencia pública", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 outubro 2007, p. 47.

Co gallo da Feria das Artes Escénicas, descríbese a situación do teatro en Galicia. Dise que a cita foi aproveitada polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) para presentar o informe sobre a situación do sector en Galicia dende unha perspectiva eminentemente técnica. Coméntase que o informe elaborado pola empresa Proxectos ofrece un diagnóstico cando menos sombrío da situación do tecido escénico en Galicia dende a interpretación das súas cifras, ademais de que Galicia conta con cento doce compañías profesionais e o número aumenta canto máis precaria é a situación laboral, xa que a maioría dos grupos non chegan a facturar cen mil euros, e case todos con institucións como clientes.

- Xosé Lueiro, “A soidade do actor”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Venres”, “A contrabutaca”, 26 outubro 2007, p. 4.

Entrevista a Fernando Morán a propósito da súa visita ao *stand* de Teatro Galego na Feira das Artes Esénicas en Santiago de Compostela na que se informa de que tras máis de trinta anos ligado á profesión teatral, o actor se enfronta por primeira vez ao reto, con grande éxito, de protagonizar hora e media de espectáculo sen ter máis compañía que o seu público. Indica que representar unha obra do autor italianao Luigi Lunari, neste caso concreto *Rosso Profondo in punto di morte*, é un dos grandes retos da súa carreira profesional.

- Camilo Franco, “Unha temporada de tempo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 234, “Letras en Galego”, 27 outubro 2007, p. 8.

Faise eco do transcurso e remate de sete producións teatrais que viron luz ao longo deste outono na Feira das Artes Escénicas, cita na que o sector tenta encontrar o lado mercantil para unha arte que precisa do público. Dise que este ano, a diferenza doutras edicións, se acada o obxectivo de instituír dun xeito factíbel unha temporada teatral en Galicia. Infórmase dunha ampla variedade de representacións que abranguen aos máis novos e aos maiores. Entre o amplo abano de producións saliéntanse *A bombilla máxica,* de Teatro do Atlántico; *Pan*, de Volta e Dálle Teatro; *Comida Chinesa*, de Teatro do Adro; e *Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas*, de Nove Dous.

- Camilo Franco, “Unha feira en transición cara ao modelo económico”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 28 outubro 2007, p. L9.

Co gallo do remate da Feria das Artes Escénicas de Galicia en Santiago de Compostela, sinálanse na presente crónica os resultados obtidos no certame. Coméntase que a presenza de compañías non só galegas e do ámbito estatal, senón tamén do ámbito da lusofonía foi moi salientábel. Do mesmo xeito, dise que a composición temática das obras foi ben seleccionada cunha preocupación polos máis pequenos con numerosas obras do eido clásico da literatura infantil, como *Robin Hood* ou *Bolboreta*. Do mesmo xeito, saliéntase que o número de funcións, arredor de cincuenta, que foron contratadas de cara a estabelecer un calendario teatral galego, foi altamente positivo.

- maré, “A aposta polo mercado”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 28 outubro 2007, p. 28.

Faise referencia á Feira das Artes Escénicas e cómo a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia pretende especializar a mostra no espazo galego-portugués para darlle personalidade propia no ámbito peninsular. Infórmase de que o encontro, dirixido aos programadores, reúne durante cinco días en Compostela vinte e unha compañías. Destácase tamén a importante exhibición e compraventa de espectáculos galegos e lusófonos que acolle a devandita Feira en Santiago de Compostela, así como que a organización do evento polo Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) supón un salto cualitativo na produción e difusión do teatro galego non só a nivel estatal senón tamén internacional.

- Andrea Álvarez e Roberto Pascual, “A madurez dun mercado especializado”, *Tempos Novos,* nº 126, “Entreculturas”, novembro 2007, pp. 74-77.

Despois de recordar como comezou esta Feira, informan de que na décimo quinta edición, seguindo as mudanzas dos últimos anos, se buscou a consecución dun espazo de referencia e especialización. Salientan trazos caracterizadores, como o coidado da imaxe, a mellora na xestión e a inclusión do mundo lusófono na programación. Non obstante, tamén falan de certas eivas: por un lado, a decepción no tocante aos criterios de selección e, por outra banda, o afastamento cualitativo das montaxes en portugués respecto á realidade escénica dos espazos lusófonos. Finalizan citando os espectáculos representados: *O burgués fidalgo*, de Teatro do Morcego; *Romeo e Xulieta*, de Teatro do Noroeste; *As últimas lúas*,de Lagarta Lagarta; *A bombilla máxica*, de Teatro do Atlántico; *Truenos & misterios*, de Matarile Teatro; *Kamikaze*,de Pistacatro; *30.000*,de Pisando ovos; *Medidas preventivas*, de Áncora Producións, e *Margar no pazo do tempo*, de Sarabela Teatro. No tocante ao público infantil, ademais das obras *O merlo branco*, de Talía Teatro, *Robin Hood*, de Acontrabutaca, *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*, de Teatro do Cachirulo, *Bolboreta*, de Trompicallo e *Ao son das cousas*, de Sapristi, representáronse tamén espectáculos de danza a cargo da Compañía Disque, ou de sombras, a cargo de Tanxarina. Tamén o espectáculo interdisciplinar *Sen título 4x8x6 (técnica mixta sobre o escenario)*.

FestAlt07, Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo

Festival cuxas actividades se levaron a cabo dende o 23 de febreiro até o 10 de marzo de 2007 e tiveron como escenarios o auditorio do Concello de Vigo, o Museo de Arte Contemporáneo e a Praza de Compostela, ademais de distintos escenarios nas rúas. Ademais da compañía Shakespeare Women Company, con *Julieta*, acudiron a este evento actrices, directores de escena, dramaturgos e coreógrafos que estrearon aquí as súas pezas individuais. Así, participaron Los Corderos, con *Crónica de José Agarrotado* e *El hombre invisible*; Suripanta Teatro, con *Los otros*; Amaranto, con *Four Movements for Survival* e Manuel Benavides, con *¿Por quién lloran mis amores?*. En galego Noescafé Teatro, con *Discurso do método exclusivo*.

Referencias varias:

- Paula González, "El teatro tomará las calles de Vigo con el festival alternativo Alt 0.7", *El País*, "*Galicia*", 19 febreiro 2007, p. 37.

Dá conta do comezo do Festival Alt 07 en Vigo detallando diferentes escenarios nos que terán lugar os espectáculos, resaltando entre eles os levados a cabo nas rúas. Entre as presentes destácanse as actuacións da bailarina berlinesa Antje Rose, a bailarina da compañía L´Exposé de Bogotá e a bailarina Paloma Díaz; ademais dos espectáculos de Amaranto, Los Corderos e a compañía Shakespeare Women Company

- Javier Vallejo, "Escenarios Fronterizos", *El País*, "Agenda", 23 febreiro 2007, p. 4.

Coméntanse algunhas das actuacións presentes no Festival Alt 07 de Vigo e destácase a procedencia das compañías de España, Portugal, Colombia e Venezuela. Saliéntase a obra *Las puertas del cielo*, do grupo catalán L´Invenció, como apertura do festival, así como as estreas *El hombre invisible*, de Los Corderos; *Four Movements for Survival*, de

Amaranto; *Discurso do método exclusivo*, de Noescafé, e *Passport*, do Teatro San Martín, de Caracas. Destácanse tamén as actuacións pertencentes ao apartado Danza na Rúa.

- Camilo Franco, "Os festivais alternativos galegos ampliarán a súa colaboración", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 marzo 2007, p.48.

Dá conta da futura colaboración entre os dous festivais menos convencionais de Galicia, Festivalt e Zoona Alternativa, de Vigo e Santiago respectivamente, co fin de que o público poida acudir ás funcións posto que a oferta está coordinada entre ambos os festivais. A continuación menciónanse algunhas das compañías presentes nos dous eventos: *Crónica de José Agarrotado*, de Los Corderos; *Xulieta*, de Shakespeare Women Company; o grupo musical Cabo San Roque e a danza portuguesa de MC4.

- Antonia Gómez Rubio "FESTIVALT.O7. Á procura dun teatro 'Alternativo", *Revista Galega de Teatro*, n.º 51, "En danza", verán 2007, pp. 36-38.

Comézase explicando o xurdimento do termo "alternativo", aplicado ás artes, en Madriden 1988 "como resposta a unha exclusión das pequenas salas". A seguir precísase que, cunha acepción rigorosa e tradición extensa, se aplica a festivais paralelos á programación oficial, dende a segunda metade do século XX, desenvolvidos nas cidades de Edinburgh, Adelaide, Edmonton ou Nova York. Apúntase que se trata dun termo para remarcar "a distancia con respecto á norma", de aí que ás veces se confunda o termo "alternativo" con innovador ou vangardista. Céntrase no VIN Festival alternativo de Teatro e Danza, celebrado en Vigo entre o 23 e o 10 de marzo de 2007, pero recoñecendo que, en vez de "alternativo", debe considerarse "alterativo", xa que sorprende ao espectador polo seu carácter transformador e por abrir camiño aos grupos locais. Destácase o entusiasmo que suscitou nos espectadores, conseguido por presentar prezos asequibeis e por arriscar fronte ás "tendencias involucionistas". Analízanse as diversas propostas apuntando que todos os espectáculos representados comparten "un desenvolvemento fronteirizo e unha capacidade exploradora", próximos ás ideas "sobre la composición escénica" de *El jinete azul*, de W. Kandinsky. Remátase cunha enumeración das actividades desenvolvidas paralelamente ao festival de danza e teatro.

FIOT, XVI Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellería de Cultura do Concello de Carballo, dende a edición de 2002 leva como título "FIOT" e as representacións teñen lugar no Auditorio do Pazo da Cultura de Carballo. A edición de 2007 realizouse o 13 e o 31 de outubro e nela tivo lugar a entrega do Premio Xoglar de Outono, outorgado a Quico Cadaval. Participaron o Centro Dramático Galego, con *Noite de Reis*, de William Shakespeare; Teatro do Atlántico, con *A bombilla máxica*, de Woody Allen; a compañía portuguesa Shakespeare Woman, co espectáculo *Julietta*; a compañía catalana Copi Rait, con *Modern Art*; e a valenciana La Pavana, con *Bebé*.

Referencias varias:

-Vanesa Sotelo “O Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 50, primavera 2007, pp. 69-70.

Dá conta da celebración da décimo quinta edición do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, celebrado entre o 13 de outubro e o 1 de novembro coa guerra civil como fío condutor. Explica que houbo representacións na rúa de Teatro Cachuzo, Ricardo Barreiro, Borja Fernández e Cooper@activa e que se celebrou simultaneamente o sexto Certame Galego de Dramatización de Monólogos. Respecto a programación do festival, indica que os seus participantes foron Teatro do Noroeste, con *Imperial Cantante*; Tiztina Teatre, con *Entrañas*; o grupo lisboeta Compañía do Chapitó, con *O grande criador*; Sarabela Teatro, con *Mcbeth*; Arrieritos*, con 13 rosas*; Teatro de Malta, con *Hazmerreír*; a compañía vasca Tanttaka Teatro, con *El florido pensil*; e a Compañía Miguel Narros, con *Ay, Carmela*.

- S.V.L., “El Centro Dramático actuará en el XVI Festival de Teatro”, *La Opinión*, “Carballo”, 12 setembro 2007, p. 18.

Coméntase a proximidade do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT), que ten lugar entre o 13 de outubro e o 1 de novembro, como un dos eventos máis destacados dentro da programación cultural da comarca de Bergantiños. Saliéntase como novidade da presente edición a presenza do Centro Dramático Galego.

- Concha Pino, “Carballo inicia el otoño más teatral”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “D Teatro”, 12 outubro 2007, p. 5.

Informa de que se está a celebrar outro ano máis o ciclo de teatro de Carballo. Dá conta de que neste festival participará a compañía valenciana La Pavana coa obra *Bebé* e o grupo teatral galego Teatro do Atlántico coa obra *A bombilla máxica.*

- M. Carmen Suárez, “El grupo Shakespeare Women actúa hoy en el Outono de Teatro”, *La Opinión*, “Carballo”, “Costa da Morte”, 26 outubro 2007, p. 22.

Dá conta do Festival Internacional “Outono de Teatro” que se está a desenvolver na vila de Carballo e que continúa a noite do 26 de outubro co espectáculo *Julietta*, da compañía portuguesa Shakespeare Women Company. Dise que a función, que está baseada na célebre historia de *Romeo e Xulieta*, ofreceráse no Pazo da Cultura ás nove da noite. Así mesmo informa do seguinte espectáculo deste Festival, que terá lugar o vindeiro domingo por parte da compañía catalana Copi Rait, poñendo en escena a obra *Modern Art*. Finalmente indícase que o ciclo rematará o día 31 cunha función do Centro Dramático Galego.

FITEU, XIIIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

Celebrado dende 1995, está dirixido por Roberto Salgueiro ao abeiro do Convenio Lugo Cultural, asinado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), o Concello de Lugo, a Deputación Provincial e a Fundación Caixa Galicia. Desenvólvese nos dous campus da Universidade de Santiago de Compostela e ten como coordinadores a Pablo Rodríguez no campus de Lugo e a Cecilia Carballido no de Santiago. A edición de 2007

tivo lugar durante o mes de marzo e nela participaron compañías de diferentes países do mundo. Entre estes grupos participaron a Compañía de teatro da USC, con *Trufaldino, servidor de dous amos*; Monicreques de Kukas, con *A Doncela Guerreira*; Casahamlet, con *Lili Cuartel*; Núcleo Risco, de Sao Paulo, con *Incubadora*; e EventProduktion, da Universidade de Ciencias Aplicadas de Konstanz, con *Hamlet Explosion of a Memory.*

Ibán Toxeiro, Asociación Alexandre Bóveda, Memorial de Teatro

Organizado pola Asociación Alexandre Bóveda e coordinado polo actor e director Lino Braxe, a súa décimo primeira edición tivo lugar no teatro Rosalía de Castro da Coruña no mes de novembro de 2007. Participaron as agrupacións Manicómicos e Tanxarina con actuacións na rúa; o grupo musical Rumbo Tupá; e as representacións de ACAB, con *Asemblea de mulleres*; Estibón, con *Cinema*, e Inquedanza, con *Entremáns*.

Referencia varia:

- M.G.M., "El Memorial de teatro Ibán Toxeiro premia al grupo Sardiña", *El Ideal Gallego*, "Cultura", 28 novembro 2007, p. 15.

Informa das actuacións presentes na décimo primeira edición do Memorial de teatro Ibán Toxeiro,destacando dita celebración como homenaxe a unha persoa dedicada ao teatro. Saliéntase como novidade da presente edición o premio dirixido ao grupo Sardiña por motivo da súa separación despois de vinte e cinco anos de traballo.Entre os grupos presentes menciónanse a Manicómicos; Tanxarina; ACAB, con *Asemblea de mulleres*, e Estibón, con *Entremáns*.

Isto Ferve*,* III Encontro Contemporáneo de Teatro e Danza

Organizado polo Teatro Ensalle, coa colaboración do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e o Concello de Vigo celébrase na Sala de Teatro Alternativo Teatro Ensalle. Na edición de 2007 tivo lugar dende o 11 de maio até o 8 de xuño. Participaron Teatro Ensalle, con *La estrategia del avestruz*; Matarile Teatro, con *Truenos y misterios*, e a madrileña Cambaleo teatro, con *Al pie de la letra.* Ademais houbo espectáculos de danza a cargo da compañía vasca Ciento Cincuenta Cuerdas.

Referencia varia:

- A. Mauleón, "Compañías de teatro y danza muestran la escena contemporánea en 'Isto Ferve", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 11 maio 2007; p. 47.

Dá conta da especial dedicación ao teatro dentro do Festival de Teatro e Danza Contemporáneo de Vigo "Isto ferve" coa participación de compañías de Galicia, Euskadi e Madrid . Dise que nel se representaron *La estrategia del avestruz,* de Teatro Ensalle, compañía que organiza o festival; *Al pie de la letra*, de Cambaleo Teatro; e *Truenos y misterios*, de Matarile Teatro, como broche de ouro do festival. Tamén se menciona un pequeno espazo dedicado á danza coa compañía vasca Ciento Cincuenta

Cuerdas, coa súa montaxe *Memoria.*

Jofre, Teatro

Teatro de Ferrol que durante o mes de decembro de 2007 tiña previsto máis dunha vintena de espectáculos na súa programación. Xunto á danza e á música, o teatro será o gran protagonista con oito representacións. Entre elas atópanse *A bombilla máxica*, da compañía Teatro do Atlántico, *Ocaso Otero*, da autoría de Manuel Guede, e outras como *Cantando bajo las alas*, *Los desastres del dinero*, *El Principito* y *Te has perdido el mar*.

Lugo, VII Mostra de Teatro Clásico do Século XX

Organizada no marco dun convenio entre o Concello de Lugo e Caixanova. Na edición de 2007 tivo lugar entre o 29 de xaneiro e o 5 de febreiro. Entre as obras que se representaron atópanse *Macbeth,* por Sarabela Teatro; *O avaro*, de Teatro Galileo. Outras representacións foron *Ricardo III*, de Teatre Lliure; *El Trovador,* de Libélula Producciones; *El enfermo imaginario,* de Morboria Teatro; *El mágico Prodigioso,* de MP Mágico Prodigioso; *Orestíada*, de Alquibla Teatro; *Ave Sosía,* do Centro Andaluz de Teatro; *Cirano de Bergerac, Romances del Cid, El perro del hortelano* e *Arlequino, servidor de dos amos.*

Referencias varias:

- Jaureguizar, "La VII Mostra de Teatro Clásico estará marcada por la actualización de obras", *El Progreso*, "Cultura y Espectáculos", 12 xaneiro 2007, p. 87.

Coméntase o carácter novidoso da Mostra de Teatro Clásico mediante a actualización, en relación ás tres unidades aristotélicas, dalgunhas das obras, entre elas: *Ricardo III,* de Shakespeare, por Teatre Lliure; *Macbeth,* do mesmo autor, por Sarabela Teatro, ou *El Trovador*, de García Gutiérrez, por Libélula Producciones. Sinálase tamén que nesta Mostra se conta con obras que se manteñen fieis ao orixinal, como *El enfermo imaginario*, de Molière, por Morboria Teatro, ou *El mágico prodigioso*, de Calderón de la Barca, por MP Mágico Prodigioso.

- A.R., "Mirando aos autores clásicos", *La Voz de Galicia*, 26 xaneiro 2007, p. 43.

Céntrase na apertura da mostra a mans dunha compañía centrada na relectura de clásicos como é Teatre Lliure e a súa representación *Ricardo III*. Ademais menciónanse outras obras tales como *El enfermo imaginario*, de Molière, a mans de Morboria Teatro, ou *El mágico prodigioso*, de Calderón de la Barca, por MP Mágico Prodigioso.

- Jaureguizar, "Luz dará brillo a la escena de Lugo", *El Progreso*, "Cultura", 13 decembro 2007, p. 77.

Dise que, ademais de actuacións musicais, o ciclo cultural de Caixanova e o Concello de Lugo contará cun importante programa de teatro no que se poderán ver trece

representacións. Entre as obras representadas destácase: *Cirano de Bergerac, Romances del Cid, El perro del hortelano, Arlequino, servidor de dos amos,* ou *O avaro*, da galega Teatro Galileo.

"Manicómicos", IV Festival Internacional de Teatro Cómico

Organizado pola asociación cultural herculina Manicómicos, acolle actuacións galegas e internacionais. Na edición de 2007 tivo lugar do 9 ao 11 de agosto con diversos espectáculos de trapecio, equilibristas, malabares, cabaré e charangas presentados nas rúas, teatros e bares da Coruña. En canto ás compañías que participaron neste ciclo atópanse DjCapuzzi&Señorita X, Ashafán III, Divino Malabar, Casi Que Si, Circo Culipardo, El Más Revuelto, Circonchita e Trotonix, entre outras.

Referencias varias:

- Daisy Aller, "El festival de teatro cómico toma la calle hasta el domingo", *La Opinión*, "A Coruña", 9 agosto 2007, p. 12.

Dá conta dos lugares e horarios nos que se emprazan as actuacións de Manicómicos na Coruña. Indícase que se levarán a cabo, principalmente nas rúas, dez espectáculos diarios de compañías de procedencias tan diversas como Arxentina, Inglaterra ou Portugal, entre as que se atopan DjCapuzzi&Señorita X, Ashafán III, Divino Malabar, Casi que Si, Circo Culipardo, El Más Revuelto, Circonchita ou Trotonix.

- Marta García Márquez, "O teatro cómico toma aire fresco", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 9 agosto 2007, p. 16.

Coméntase a peculiaridade de Manicómicos e indícase que as actuacións terán lugar na rúa. Sinálase que este Festival conta con actores de igual calidade que a de artistas de recinto pechado, así como tamén o feito de que se trata dun festival "á gorra", no que o público achega o considerado de acordo coa satisfacción adquirida.

- Nagore Menayo, "'Manicómicos logró reunira cerca de 3.000 personas cada día", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Ciudad", 13 agosto 2007, p. 7.

Coméntase o éxito de público acadado na presente edición de Manicómicos, que este ano se celebrou coincidindo coas festas de María Pita na Coruña. Infórmase de que os espectáculos se caracterizan polo divertimento, xa que son "espectáculos de gorra"que pretenden que a achega do público dependa da súa valoración. Destácase tamén a celebración do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico".

Mes do Teatro, XII Edición do

Está organizado pola Asociación de Mulleres Amistad en Ferrol. Na edición de 2007, inaugurada pola concelleira de Cultura Yolanda Díaz, tivo lugar dende o día 6 de outubro e durante todos os sábados deste mes. Cada sábado participou un grupo de teatro afeccionado convidado pola Asociación. Entre os grupos participantes atópanse O

Bordelo, encargado da apertura do ciclo, con *O Mariñán*; Eirado, con *Mórde-me*; A Mámoa, con *Vostede pode ser un asasino*; ou Amistad, encargado de pechar o ciclo, con *Sogras Bárbaras*.

MITEU, XII Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego, Ourense, Pontevedra

Mostra que tivo a súa orixe en 1994, organizada pola Aula de Ourense baixo o nome de I Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense. En 1996 pasou a constituírse na I MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Entre os seus obxectivos están potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Celébrase anualmente no Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares. Ao remate das funcións estabelécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. As datas de celebración son sempre na segunda quincena de abril. Está organizada pola compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo. Conta tamén co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e Caixanova. Dende 1999 celébrase tamén o "Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro" para premiar con 600 euros unha das compañías participantes, ademais dos premios do público e da MITEU de cada edición. A edición de 2007, que se celebrou do 14 ao 19 de abril, contou coa presenza da Aula de Teatro da Universidade de Vigo, do campus de Pontevedra, con *Nosa Señora das Nubes*; o grupo Cordelia da Aula Universitaria de Ourense, con *O Casamento*; a Aula Universitaria de Vigo, con *Tellas Verdes*; a Aula de Teatro da Coruña, con *Os fusís da señora Carrar*; e Teloncillo-kaspar, con *El caso Hauser*. Como grupos internacionais estiveron Teatro de la Costa, de Tel-Aviv; Máscara Laroye, de Cuba, o grupo musical saharau Farsia del Sáhara ou Theatre for Everybody, de Palestina. Ademais de compañías profesionais galegas como Talía Teatro e Nut Teatro de Compostela, esta última coa obra *4.48 Psicose*, participaron tamén diversos grupos de España, procedentes da Universidade Politécnica e da Universidade Autónoma de Madrid, como o grupo Yllana; e tamén de Portugal, como o grupo Teatrubi, o grupo Asta ou o grupo Gretua.

Referencias varias:

- Gonzalo Gay, "La agenda", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 119, marzo 2007, p. 3.

Sección fixa subdividida en distintos apartados, na que se dá conta das diferentes actividades culturais entre as que salienta a duodécima edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario e anuncia que, ademais de Portugal e de España, terán cabida varios países europeos. Tamén se sinala a posta en escena de *El caso Hauser*, da compañía Teloncillo-kaspar no Auditorio, na que se conta a historia do encerro dunha persoa en Nüremberg durante catorce anos.

- LR, "La MITEU estrena un nuevo escenario teatral en el Campus con actuaciones de todo el mundo", *La Región*, "Ourense", 11 abril 2007, p. 10.

Coméntase a gran variedade e interculturalidade presente na duodécima edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego (MITEU) de Ourense, mediante vinte e catro representacións de vinte e tres grupos teatrais, algúns deles procedentes de Israel, Palestina, Cuba ou Sáhara. Anúnciase como novidade a inauguración dun novo espazo teatral na cidade; ademais menciónase a presenza do grupo madrileño Yllana, Carlos Blanco coa súa "sátira mordaz", Pepe Viyuela co seu espectáculo de clown ou o espectáculo *Psicose* de Sarah Kane como apertura do festival.

- LR, "Teatro de vanguardia para reir y reflexionar", *La Región*, "Ourense", 14 abril 2007, p. 10.

Coméntase a apertura da duodécima edición da MITEU de Ourense a cargo de grupos teatrais universitarios que realizan a súa actuación na rúa. Tamén se salienta a mostra como "punto de encontro de culturas", posto que interveñen vinte e tres grupos de moi diversos lugares, como Israel ou Cuba, ademais das Aulas de Teatro de Galicia e algunhas de España. Entre as actuacións presentes menciónase o espectáculo clown de Pepe Viyuela.

- L.R., "El grupo 'Cordelia' deja caer las máscaras en *O Casamento*", *La Región*, "Ciudad", 16 abril 2007, p. 10.

Trata a representación, a cargo da Aula de Teatro Universitario de Ourense, "Cordelia", d'*O Casamento*. Dise que trata as convencións sociais e que se inclúe dentro da programación da MITEU. Menciónanse tamén outras obras realizadas por aulas universitarias, como a de Vigo, con *Tellas Verdes*, ou a de Pontevedra, con *Nosa Señora das Nubes*. Infórmase que da clausura desta Mostra encárgase Los Mayores, con *Maricastaña.*

- maré, "O teatro universitario desembarca nos campus", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 abril 2007, p. 34.

Coméntanse as mostras de teatro universitario de Ourense e Coruña. En relación á de Ourense faise alusión á presenza de grupos de diferentes continentes, ademais dos grupos das aulas universitarias galegas e algúns de España. Destácanse outras actividades á parte das representacións.

- L.R., "Una reflexión sobre el suicidio inaugura la sala teatral del Campus Universitario", *La Región*, "Ourense", 21 abril 2007, p. 11.

Dá conta da inauguración dunha nova sala teatral no campus de Ourense durante a MITEU mediante comentarios sobre a obra que Nut Teatro, *4.48 Psicose*, representou, baseada na obra *4.48* da escritora Sarah Kane. A continuación indícanse as diversas procedencias dalgúns dos grupos presentes na Mostra.

- LR, "El teatro 'made in' Portugal marca los espectáculos en el ecuador de la MITEU", *La Región*, "Ourense", 22 abril 2007, p. 11.

Trata a presenza lusa na MITEU de Ourense. Comenta a obra sobre os sete pecados capitais, *Plagiai*, do grupo Teatrubi, e destácase nela a ausencia de palabras. Tamén se

menciona *Fóra de Tempo*, do grupo Asta, e se fala do documental *Columpios*, do colectivo Anacos da Cidade sobre a realidade das mulleres palestinas.

- LR, "La ruptura del alto al fuego de Hamas dificulta la intervención del grupo teatral palestino", *La Región*, "Ciudad", 27 abril 2007, p. 15.

Trata as dificultades do grupo palestino Theatre for Everybody para acudir á MITEU de Ourense debido á ruptura do alto ao fogo de Hamas, motivo polo que están retidos en Exipto. Logo menciónanse algúns dos grupos asistentes, como o grupo Yllana xunto co libanés Ara Malikan na representación de *Pagagnini* ou a Aula de Teatro da Coruña coa súa versión do texto de Brecht *Os fusís da señora Carrar.*

- Elena Fariñas, "Esta foi a mostra máis apaixoante e estresante", *La Región*, "Ourense", 29 abril 2007, p. 9.

Entrevista co director da MITEU, Fernando Dacosta, na que se comentan as dificultades para que algúns dos grupos procedentes de Palestina ou o Sáhara asistisen á Mostra debido aos visados. Logo de comentar a internacionalidade da Mostra faise alusión ao bo nivel por parte dos grupos universitarios asistentes, ademais do éxito acadado, con moi boa aceptación por parte do público.

Moaña, Ciclo de Teatro Afeccionado

Ciclo de teatro afeccionado organizado polo grupo de teatro da Asociación de Mulleres de Moaña e Teatro Aurin, tamén moañés, socios fundadores da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA). Na edición de 2007 o grupo Teatro Quartoescuro de Lugo representou *A noite de Leonard*, de Carlos Gulías e Ángel Seoane. Tamén participaron as compañías Teatro do Aramio, de Santiago, e a Escola de Teatro Falcatrueiros, de Monterroso, así como o colectivo moañés de mulleres coa obra *O servizo de urxencias*.

Move Vigo

Está organizado pola Federación Veciñal de Vigo e acolle magostos, música e teatro en diferentes barrios da cidade. Na edición de 2007 contou coa Unión Musical de Cabral no Auditorio do Centro Cívico de Teis e a oitava edición do Certame do Humor. Así mesmo, participou a compañía Lope de Vigo coa posta en escena *Ide todos ó inferno*.

Narón, Sábados teatrais

Organizados polo Padroado de Cultura do Concello de Narón, coa colaboración do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) da Deputación da Coruña, lévase a cabo cunha sesión semanal no Auditorio Municipal de Narón durante os meses de xaneiro a abril e de setembro a decembro. Ao longo do ano 2007, dende o 27 de outubro até o 15 de decembro, tiveron lugar as representacións de Teatro Galileo, con *O avaro*, de Molière; Teatro do Noroeste, con *Imperial: Café Cantante*; Sarabela Teatro, con *A gata con botas*; e Lagarta Lagarta, con *Ás últimas lúas*. En canto ao teatro

infantil, actuaron Títeres Cachirulo, con *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*, e PTV Clowns, con *Invisible*. Contouse ademais coa participación de Teatro do Morcego e Plot Point.

Referencias varias:

- M.J.R., "Os espectáculos musicais gañan espazo na axenda do auditorio de Narón", *Diario de Ferrol*, "Cultura, Gente, Servicios", 11 xaneiro 2007, p. 12.

Coméntase a organización e programación teatral da axenda de Narón, en relación á cal se salienta a introdución dos musicais por medio da obra *Imperial: Café Cantante*, de Teatro do Noroeste. Dise que se continúa este xénero cos grupos Teatro do Morcego e Plot Point. Tamén se comenta que teñen lugar as estreas d'*A gata con botas*, por Sarabela Teatro, e *As últimas lúas*, por Lagarta, Lagarta. Finalmente, matízase que tamén terán lugar outras nove producións: sete galegas, unha catalá e outra madrileña.

- M. J. R., "A programación teatral de Narón céntrase nos vindeiros meses nos nenos e na danza", *Diario de Ferrol*, "Narón", 26 outubro 2007, p. 20.

Refire a presentación, por parte do Padroado da Cultura de Narón, da súa programación escénica para os vindeiros dous meses. Dise que o mes de novembro está dedicado ás propostas para o público infantil e xuvenil e decembro á danza. Infórmase da programación e do calendario de representacións e saliéntase dun xeito relevante a obra *Afterplay* ca que Blanca Portillo actuará no auditorio de Narón os días 2 e 3 de novembro.

Nasa

Sala alternativa creada en 1992 co nome de Nave de Servicios Artísticos (NASA) na que se desenvolven espectáculos teatrais, musicais e xornadas audiovisuais. Acolle as máis variadas actividades relacionadas coa cultura. No ano 2007 tivo lugar a representación *Ultranoites Gastronómicas*. Tamén *Cociña para champantes,* de Mofa e Befa, unha nova versión de tres obras súas *Cociña Económica, Cociña Canibal e Cociña Kakofónica* e *Nada ou o silencio de Becket*, de Teatro das Marionetas, de Porto.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, "Teatro gallego en estado puro", *El Correo Gallego*, "Santiago", 5 setembro 2007, p. 29.

Infórmase da programación cultural en Santiago de Compostela para o mes de setembro na que se inclúen producións de Lagarta, Lagarta, de Sarabela, do Centro Dramático Galego (CDG), de Galitoon e mais de Bacana. Asemade indícase que neste mes se celebrarán os quince anos da Sala Nasa que contará cun programa especial de quince horas.

- Camilo Franco, "Longa ultranoite de pedra", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 20

setembro 2007, p. 9.

Faise unha achega á historia da Sala Nasa con motivo dos seus quince anos de existencia. Dise que o aniversario se celebrará cunha hora de actuacións por cada ano.

- A. L., "Nin se paga, nin se cobra", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 setembro 2007.

Fala do aniversario da Sala Nasa. Dise que, tras quince anos de apertura, o aniversario se celebrará con quince horas ininterrompidas de actuacións. Coméntase que se aproveita o momento para cambiar o modelo de xestión, pasando de ser unha Sala independente a ter apoio da administración pública.

- Camilo Franco, "A Sala Nasa celebra quince anos e máis de 200.000 espectadores", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 setembro 2007, p. 47.

Coméntase a festa de celebración dos quince anos de vida da Sala Nasa, que se festexa mediante quince horas de actuacións ininterrompidas que refliten a traxectoria da Nasa. Logo segue unha entrevista con Xesús Ron, un dos fundadores da sala, na que se trata a nova forma de financiamento da sala, que inclúe apoio público.

- R. Candal, "Neste tempo logramos ser unha parte máis da cidade", *Galicia Hoxe*, "Lecer", 23 setembro 2007, p. 12.

Entrevista con Xesús Ron, un dos fundadores da Sala Nasa, na que se tocan temas tan diversos como a celebración dos seus quince anos de vida, o novo modelo de xestión, a súa traxectoria ou futuras propostas desta Sala.

- O.I., "Teatro 'ciudadano' en el 15º aniversario de la Sala Nasa", *El País*, "*Galicia*", 24 setembro 2007, p. 34.

Dá conta do variado tipo de actuacións que, durante quince horas ininterrumpidas, conforman a festa de celebración dos quince anos de vida da Sala Nasa. Entre elas cóntase coa participación de Paula Carballeira, Kukas, Berrobambán, Manu Lago, Nut Teatro, Branca Novo, Bucanero, María Lado e Lucía Aldao, Ugía Pedreira, Uxía, Carlos Santiago, Non Resedentz, Tony Lomba e Elio dos Santos. Seguidamente coméntase a traxectoria da Sala Nasa dende os seus comezos ao redor da compañía Chévere.

- Natalia Álvarez, "Xesús Ron. 'O modelo de relación entre os poderes públicos e o mundo da creación está obsoleto", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 219, 4 outubro 2007, p. III.

O "comandante" da Sala Nasa, que tamén é artista e activista cultural, Xesús Ron, fala do éxito acadado pola Nasa dende o seu nacemento a partir dunha iniciativa de Chévere. Sinala que partiu do grupo de persoas que se movía arredor do colectivo e que se quería dotar dun lugar de traballo, dunha "sala alternativa", como aínda o segue a ser.

- M. D., "Antía Otero e Xan Solo debutan na Sala Nasa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 novembro 2007, p. 35.

Fai referencia ás dúas propostas coas que a compostelá Sala Nasa retoma o programa *Os Novos*, impulsado para facilitarlles aos creadores que comezan un espazo para presentar os seus traballos escénicos. Dise que o *Operatorio*, como nunha operación, dun mesmo e da propia pose creativa, estrutúrase en diferentes partes, incluíndo fragmentos fílmicos, partes cantadas nas que non se buscou cantar ben, senón só coller esta referencia, a da ópera. Coméntase o espectáculo *Cancións Informais*, de Xan Solo, máis de vinte pezas "sinxelas de conceptos, que falan de cousas cotiás, cun punto teatral, de explicacións entre texto e canción.

- Lupe Gómez, "Máis alá da danza", *Galicia hoxe*, "Miradas", 14 decembro 2007, p. 2.

Faise unha descrición dos espectáculos de danza contemporánea levados a cabo na Sala Nasa por parte da Asociación de Danza Escénica Galega.

Oleiros, II Festival de Cabaré Galego

Organizado polas Concellerías de Turismo e Normalización Lingüística do Concello de Oleiros e a asociación 3º Pé Andar Creativo, xorde en 2006 coa idea de reivindicar o cabaré galego e dignificar este xénero. No ano 2007 esta segunda edición, que tivo lugar dende o 28 de abril até o 5 de maio, trasládase de Oleiros a Pontevedra por mor da situación estratéxica desta cidade como ponte entre Santiago, Ourense e Vigo. Entre as súas actividades estiveron un obradoiro de cabaré impartido por membros da compañía Femme Fatale, pasarrúas cabarateiros e espectáculos diversos por parte de Detóur, Divino Malabar, Cabaret Manicómicos, Pepa e Davide, con *Cabaret D´Aquí*, Femme Fatale, Os Bluesmakers, Endesequilibrio, Erótikas e Yoni Mediogramoe. Tamén acolleu a gala *O Grande Musical.*

Referencia varia:

- Cristina Michelena, "Descaro e humor no concello", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", 25 abril 2007, p. 82.

Comenta o carácter transgresor do II Festival de Cabaré, organizado por Terceiro Pé Andar Creativo, mencionando o cambio de emprazamento de Oleiros a Pontevedra debido á situación estratéxica desta última vila. Menciónanse as actividades que teñen lugar, tales como un obradoiro de cabaré, impartido por Femme Fatale; un pasarrúas cabareteiro e os espectáculos de Detóur e Los Fabulosos Cubatas de Fockinck Brothers.

Outubro Amador, Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro que no ano 2007 ofreceu as obras *O achado do Castro*; *Fábulas*; *Un mal día* e *A boneca de trapo*.

Referencia varia:

- J. A. Martínez Sevilla, "Templo teatral", *El Ideal Gallego*, "Opinión", 13 outubro 2007, p. 26.

Dá conta de que "El Fórum Metropolitano" da Coruña, xunto a cen actividades máis, tense convertido no templo do teatro a nivel profesional. A referencia como premio para os que miran as estrelas pódese apreciar neste ciclo teatral que constitúe un inmenso eido de resonancia didáctica. Este espazo aberto a todos ofreceunos, baixo a dirección de Ramiro Neira, da Organización Cultural A Bufarda o Ciclo de Teatro Outubro Amador que oferta catro obras de gran calidade: *O achado do Castro*; *Fábulas*; *Un mal día* e *A boneca de trapo*.

Palas de Rei, VIIIª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador

Organizada polo Grupo Metátese tenta mostrar o traballo dos grupos afeccionados galegos e foráneos que participan en cada edición. No ano 2007 celebrouse dende o 24 de agosto até o 2 de setembro na Casa da Cultura de Palas de Rei, contando coa presenza do grupo catalán Gat Grup Aficionats al Teatre del Masnou e dos galegos Metátese Teatro, e Casahamlet.

Referencia varia:

- Begoña Mouriño, "Palas cierra con éxito de público su certamen de teatro", *El Progreso*, "Comarcas", 3 setembro 2007, p. 7.

Comenta o éxito acadado pola VIII Mostra "Teatro no Camiño" de Palas de Rei, organizado polo grupo Metátese Teatro, mediante nove representacións a cargo de grupos como o catalán Gat Grup Aficionats al Teatre del Masnou ou Casahamlet, que pechou a mostra. Menciónase ademais a concesión do premio Mácara, outorgado cada ano durante a mostra, e o segundo premio literario "Careón".

Pombiña, Mostra de Teatro de

A sociedade A Pombiña, de Pedroso, organizou neste ano 2007 unha mostra de teatro patrocinada pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Teatro (FEGATEA) do 11 ao 14 de outubro. O grupo Ad Libitum de Ferrol abriu as representacións con *A miña muller é o fontaneiro*; tamén actuaron Agarimo de Sillobre, con *Os tres de sempre* e Bartoleta Teatro, de Ferrol, con *Ataque verbal.* Por último, o grupo da Pombiña pechou o ciclo con *As bodas de Fígaro*.

Pontevedra, "Outono Teatro"

Ciclo que se leva a cabo anualmente no Teatro Principal de Pontevedra dende 2003. No ano 2007, levouse a cabo dende o 29 de setembro até o 21 de decembro e actuaron as seguintes compañías: Teatro de Ningures, con *Emigrados*; Nut Teatro, con *Corpos Disidentes*; Teatro do Noroeste, con *Romeo e Xulieta*; Skene, con *Asemblea das Mulleres*; Lagarta, Lagarta con *As últimas lúas*; Teatro do Morcego, con *O burgués*

fidalgo; Teatro do Adro, con *García*; Carlos Borsani, con *Los desastres del dinero*; e, como peche, o Centro Dramático Galego (CGD) con *Noite de Reis*.

Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")

Caixanova organiza anualmente, coa colaboración da Rede Galega de Teatros e Auditorios, unha temporada de abono de teatro galego en diferentes cidades de Galicia. Os espectáculos teñen lugar nos centros culturais de Caixanova, en teatros e auditorios das cidades e abranguen un heteroxéneo tipo de actividades que van dende o teatro á danza, pasando polos concertos musicais de todo tipo, exposicións, cinema e outras actividades. No ano 2007 acolleu a representación de *Zardigot*, de Euloxio Ruibal, pola compañía Espello Cóncavo, e *Arte*, pola compañía Fulano, Mengano e Citano. En Vilanova representáronse *O avaro,* de Molière, por Teatro Galileo; *¿E se o contamos?*, por Migallas; *O merlo branco,* por Talía Teatro, e *Yepeto,* por Teatro do Andamio. En Monforte participaron Teatro Arca, con *Asesinos Anónimos;* Teatro do Morcego, con *O burgués fidalgo*; Teatro de Ningures, coa traxicomedia de Benito Pérez Galdós, *Misericordia*; NoveDous, con *Fóra de xogo*; ademais de dúas representacións de títeres a cargo dos grupos Títeres Cachirulo e Teatro do Liló.

Referencias varias:

- R.M.C., "Vilanova disfrutará de catro espectáculos de primeira orde da man da Rede Galega de Teatros", *Diario de Arousa*, 4 febreiro 2007, p. 29.

Coméntanse as catro representacións que a Rede Galega de Teatros e Auditorios, en colaboración co Instituto Galego de Artes Escénicas e a Concellería de Cultura, leva a Vilanova entre os meses de marzo e xuño: *O Avaro,* de Molière, por Teatro Galileo; *¿E se o cantamos?,* obra infantil a cargo de Migallas; *O merlo branco,* tamén para nenos, por Talía Teatro; e *Yepeto,* por Teatro do Andamio.

- Tania Suárez, "La ciudad acoge este semestre 26 funciones de la Rede Galega de Teatros", *La Opinión*, "A Coruña", 27 setembro 2007, p. 12.

Como parte da posta en escena de vinte e tres representacións dramáticas programadas pola Rede Galega de Teatros, o Teatro Morcego representará *O burgués fidalgo*, que servirá como acto de inauguración do ciclo, que terá lugar no Teatro Rosalía de Castro.

Ribadavia, XXIIIª Mostra Internacional de teatro de

Baixo a organización do Concello de Ribadavia e en colaboración coa Concellaría de Cultura, está dirixida por Rubén García e ten como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo outras rúas e prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. No ano 2007 celebrouse entre o 17 e o 24 de xullo e o acto de inauguración foi presidido polo director do festival, Rubén García,

a quen a mesma consalleira de Cultura, Ánxela Bugallo, lle cedeu a honra de inaugurar esta edición. O periodista e crítico teatral, Camilo Franco, foi o encargado do pregón. O tema estrela foi a memoria histórica. Na mostra actuaron vinte e unha compañías, entre as que se contan seis estranxeiras e once doutras comunidades do estado, entre elas catro galegas. As compañías galegas participantes foron: Sarabela, con *Margar no pazo do tempo*; Lagarta, Lagarta; Pista Catro, con *Kamikaze*, e Zancalino.

Referencias varias:

- LR, "La apuesta del Concello de Ribadavia por el teatro recibe un reconocimiento nacional", *La Región*, "O Ribeiro", 16 xaneiro 2007, p. 13.

Fala do premio Artemad outorgado á Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia por parte da Feira de Artes Escénicas de Madrid, galardón que supón para a mostra recoñecemento a nivel nacional, así como maior apoio económico.

- R.V., "La III Feria de Artes Escénicas premia a la MIT de Ribadavia", *El Correo Gallego*, "Cultura", 16 xaneiro 2007, p. 67.

Trata do premio outorgado á Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, a cargo da Feira de Artes Escénicas de Madrid, tras os seus vinte e tres anos de traballo, en relación ao cal se salienta a súa importancia a nivel nacional. Coméntase tamén o pretendido aumento no apoio económico tras o premio, debido a anteriores dificultades económicas para levar a cabo mostra.

- LR, "La Mostra de Teatro recibe un caluroso homenaje en Madrid", *La Región*, "O Ribeiro", 25 xaneiro 2007, p. 14.

Dá conta do premio Artemad recibido pola Mostra de Teatro Internacional de Ribadavia na primeira edición destes premios dentro da programación da Feira de Artes Escénicas de Madrid. A continuación relátanse algúns dos asistentes a este encontro, entre os que se atopan o alcalde de Ribadavia, Marcos Blanco, ou o director da Mostra, Rubén García.

- Natalia Álvarez, "O público da Mostra é esixente, respectuoso e entendido", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", 8 febreiro 2007, p. 3.

Entrevista ao director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, Rubén García, na que se tratan temas tan diversos como a importancia a nivel nacional do premio Artemad, outorgado á Mostra pola Feira das Artes Escénicas de Madrid; a grande afluencia de público coa que conta a Mostra cada ano; a variedade de espectáculos dos que se pode gozar ou o apoio institucional recibido.

- X.A. Reboiro, "A Mostra Internacional de Teatro programa un total de 27 espectáculos para Ribadavia", *La Región*, "O Ribeiro", 7 xullo 2007, p. 11.

Coméntase o comezo da vixésimo terceira edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia mencionando a participación de seis compañías estranxeiras, catro galegas e once doutras comunidades españolas, entre as que se destaca a andaluza Date Danza,

cun espectáculo para nenos, e o Centro Dramático Nacional, coa montaxe *Móvil.*

- Camilo Franco, "Circo, historia e teatro para nenos marcan a Mostra de Ribadavia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 xullo 2007, p. 43.

Coméntase a gran variedade de temáticas e espectáculos presentes na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, destacando a memoria histórica, con dúas perspectivas centradas en momentos anteriores á Guerra Civil. En relación aos espectáculos saliéntanse *La cama,* por Teatro del Aire; diversas actuacións destinadas aos cativos; a presenza do Centro Dramático Nacional; Pista Catro e Circo Efímero con espectáculos circenses; e títeres para adultos a cargo de Teatro Corsario, con *Los cuernos de Don Friolera*; *As últimas lúas*, de Lagarta Lagarta, e Sarabela, con *Margar no pazo do tempo.*

- Óscar Iglesias, "Teatro sensorial, danza y grandes producciones, en la XXIII Mostra Internacional de Ribadavia", *El País*, "*Galicia*", 17 xullo 2007, p. 26.

Trata a apertura da XXIII Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia comentando a diversa procedencia dos grupos participantes, entre eles catro galegos, once do resto do Estado e os demais de Francia, Arxentina, Italia, Cuba, Turquía e Brasil. Saliéntase a memoria histórica como tema, en relación ao cal os madrileños Micomicón representan *Cancionero Republicano,* e Teatro en el Aire, con *La cama.* Destácase tamén a presenza do bailarín turco Ziza Azayi, con *Dervish in progress;* o Centro Dramático Nacional, con *Móvil;* Bouldegon, con *Otra vez lluvioso;* Mar Gómez, con *Tres Viles Vodeviles;* Pista Catro, con *Novo Circo;* ademais do incremento en espectáculos para nenos. Finalmente achégase un breve resumo do inicio da produción teatral en Ribadavia.

- J.M., "Más de veinte compañías, en la Mostra de Teatro de Ribadavia", *El Correo Gallego*, *"*Cultura", 18 xullo 2007, p. 67.

Dá conta do comezo da XXIII edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, cuxa inauguración foi a cargo da consalleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo, e á cal lle seguiron as actuacións da compañía francesa Cie Bouldegon; a catalana Cia Mar Gómez e a galega Pista Catro, coa obra *Kamikaze.* Denominada como unha das mostras teatrais máis importantes de toda Galicia, conta coa participación de vinte e unha compañías: seis estranxeiras, catro galegas e once de outras comunidades de España.

- LR, "Una loa del teatro frente a la tele y una protesta contra la ecoplanta izaron el telón", *La Región*, "O Ribeiro", 18 xullo 2007, p. 14.

Trata da apertura da XXIII Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Coméntase o acto de inauguración protagonizado polo director do festival, Rubén García, e o pregón, a cargo do escritor e periodista Camilo Franco. Resáltase como actividade da mostra a exposición 125 Anos de Teatro Galego, así como a participación de compañías internacionais.

- Iolanda López López, "Unha conta pendente", *Galicia Hoxe*, "Opinión", 23 xullo 2007, p. 5.

Mediante unha linguaxe poética reivindícase o apoio institucional e de promoción

creativa precisos para continuar co auxe que están a acadar as compañías teatrais galegas que cada vez contan con un maior éxito nas súas producións, con respecto ás cales se mencionan obras presentes na XXIII Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e no acto conmemorativo polos cento vinte e cinco Anos de Teatro en Galego.

- Roberto Pascual, "Verán baixo o paraugas teatral. 23ª Mostra de Ribadavia", *Revista Galega de Teatro*, n.º 52, "Festivais", outono 2007, pp. 80-86.

Destácase o bo labor desta Mostra e do seu director, Rubén García, para reclamar que precisa dar o salto ao panorama internacional porque "Ribadavia chama a ser o berce socioeconómico do teatro galego". Apúntase que a Mostra de Ribadavia "merece a asistencia da fama internacional, da exportación". Reclámase como un deber institucional que se deseñe "un proxecto integral para a MIT, unha inversión a longo prazo para o teatro galego". No apartado "Premio de textos teatrais Abrente 2007" destácase que se retomou este premio, tras a ditadura franquista, premiando na primeira edición a Roberto Salgueiro, e nesta segunda recaeu no *Octavius Augustus*, de Antonio Yáñez Casal, premiando "o esmero da composición cómica, a coidada versificación e a correcta creación de personaxes". Pola súa banda, no apartado "Mirada crítica aos espectáculos" destácanse da programación desta Mostra a danza, o circo de *Kamikaze*, ademais dos habituais espectáculos de Micomicón.

"**Roberto Vidal Bolaño**", VI Mostra de teatro de Gondomar

Organizada por primeira vez en 1999 pola Concellaría de Cultura de Gondomar, baixo o patrocinio de Caixanova e Plastic Onium, esta iniciativa enmárcase nun programa cultural que ten como obxectivo ofrecer ao pobo de Gondomar representacións de teatro e música de calidade, que dende o ano 2001 se diferenciou en "Mostra de Teatro de Primavera" e "Mostra de Teatro de Outono". Conta co patrocinio da Xunta de Galicia, Caixanova e a empresa Inergy e ten como escenario o Auditorio Lois Tobío desta localidade pontevedresa. En 2007 celebrouse dende o 27 de outubro, ao longo de seis sábados, até o 1 de decembro. Actuaron as compañías Nove Dous Teatro, con *Fóra de xogo*; Skene Teatro, con *A asamblea das mulleres*; Nut Teatro, con *Corpos disidentes*; Lagarta Lagarta, con *As últimas lúas;* e Teatro de Ningures, con *Emigrados*. En canto ao teatro infantil, actuou Vichelocrego Teatro, do IES Auga da Laxe, con *Spot*.

Referencia varia:

- Ana Rodríguez, "As mellores compañías teatrais galegas, a escena en Gondomar", *Faro de Vigo*, "Valmiñor", 27 outubro 2007, p. 3.

Coméntanse as seis actuacións de teatro contemporáneo presentes na Mostra de Teatro Roberto Vidal Bolaño de Gondomar, municipio pertencente á Rede Galega de Teatros e Auditorios. Participan Nove Dous Teatro, con *Fóra de xogo*, abrindo a mostra cunha comedia onde se presenta qué pasaría se o teatro fose tan popular coma o fútbol; *A asemblea das mulleres*, de Teatro, baseada na obra de Aristófanes, caracterizada polo uso do coro grego; *Corpos Disidentes*, de Nut Teatro, onde se mesturan diferentes linguaxes artísticas; *As últimas lúas*, de Lagarta Lagarta, drama sobre a senectude e a

morte; *Emigrados*, de Teatro de Ningures, que fai unha reflexión sobre a emigración; e *Spot*, de Vichelocrego Teatro, comedia sobre a publicidade que pecha a Mostra de Teatro.

Salón Teatro

Sala xestionada pola Xunta de Galicia na que se realizan, dende dende 1996 diferentes actividades e todas as programadas polo Centro Dramático Galego. No ano 2007 ofreceu tres propostas escénicas: Tarará-chis-pum!, unha montaxe infantil baixo a dirección de escena de Rosa Hurtado e Santiago Montenegro; A piragua, de Cándido Pazo; e Noite de Reis. Ou o que queirades, de Quico Cadaval. Tamén participaron outras compañías galegas como Teatro de Ningures, Berrobambán, Matarile Teatro, Teatro do Atlántico e Ancora Producciónss. O teatro non profesional tamén tivo o seu oco coa Mostra de Teatro Universitaria. Pola súa parte, as compañías Galitoon e Sapristi, coas montaxes Golulá e Ao son das cousas, participaron na Mostra de Teatro Infantil de Nadal, que tivo lugar do mércores 26 ao domingo 30 de decembro.

Referencia varia:

- Xosé Lueiro, "En carteleira…", *Naz-on. Revista Cultural Galega*, n.º 5, febreiro-marzo 2007, pp. 28-31.

Nesta sección faise un repaso pola carteleira teatral galega. Así, detense nas obras *Tarará-chis-pum: unha historia de onte e hoxe*, do Centro Dramático Galego; *As últimas lúas*, da compañía Lagarta Lagarta; *4.48 psicose* e *Corpos disidentes*, da compañía Nut Teatro, e *O último chimpín,* da compañía Tirinautas: humor irreverente, espontaneidade, complicidade e frescura. Unha comedia que ten nos números musicais un dos seus puntos fortes.

Seixo, O, XX Xornadas de Teatro en Galego

Xornadas organizadas pola Asociación de Amigos da Paisaxe Galega. No ano 2007 estas xornadas foron inauguradas polo grupo de teatro Ditea Teatro, coa representación da obra *Melocotón en xarope*, e continuou coa compañía de Títeres Falcatrúa coa obra *Albízara.*

"Teatrarte" de Redondela, Festival de Teatro

Organizado por primeira vez en 2001 pola Concellaría de Cultura do Concello de Redondela, coa colaboración do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), leva como subtítulo "Sete olladas teatrais para Redondela". Naceu coa vontade de institucionalizar o teatro e de que durante os meses de febreiro e marzo Redondela se convertera na vila do teatro de Galicia. As actuacións son integramente en galego e en cada edición está convidada unha compañía de teatro da propia localidade. Na edición de 2007 celebrouse todos os sábados dende o día 2 de febreiro até o 31 de marzo, con funcións no Multiusos da Xunqueira ás dez da noite e cun prezo da entrada

de 3 euros. Nel participaron compañías galegas, entre elas, Sarabela Teatro, con *A Gata con Botas*. Tamén se presentaron *Sempre ao lonxe, O avaro, Entre Nós, Sansón y Dalí*, *Asasinos anónimos* ou *O anel máxico.*

Referencia varia:

- Saraih Lago, "Teatrarte 2007 amplía este mes su cartel", *Atlántico Diario*, "Comarcas", 1 marzo 2007, p. 38.

Dá conta da inclusión dunha compañía andaluza e outra catalá na programación de Teatrarte de Redondela. Menciónanse ademais algunhas das representacións presentes no evento, como: *A gata con botas*; *Sempre ao lonxe; O avaro*; *Entre nós*; *Asasinos anónimos*; *Sansón y Dalí* e *O anel máxico.*

Teatro Ensalle

Sala viguesa que nace como compañía en 1995 en Madrid e abre como tal en outubro de 2003. Presenta unha programación que inclúe obras teatrais, danza e música, así como actividades de formación. Esta sala organiza, ademais, o Encontro de Teatro e Danza "Isto Ferve". En canto ao teatro, actuaron nela en 2007 as compañías galegas Teatro D2, con *Flores migratorias;* Pisando ovos, con *No intre 1800* e Novedous Teatro, con *Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas*, ademais da compañía madrileña El Canto de la Cabra, con *Trece años sin aceitunas*. Engádese a isto o festival de danza contemporánea *Catro Pezas '07'*, así como tamén o espectáculo *Cosas para llorar en seco,* de Megaló Teatro Móvil; *40 Tipos de Vodka,* de Provisional Danza, e o programa especial Seis Cordas.

Referencia varia:

- Ana Abad de Larriva, "*Trece años sin aceitunas* estrena la temporada del teatro vigués Ensalle", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 20 setembro 2007, p. 39.

Trata a programación da nova tempada do Teatro Ensalle, que inclúe xira e programación de sala, contando esta última con actuacións a cargo de El Canto de la Cabra, con *Trece años sin aceitunas;* Pisando Ovos, con *No intre 1800*; Megaló Teatro Móvil, con *Cosas para llorar en seco;* Provisional Danza, con *40 tipos de vodka;* Novedous Teatro, con *Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas* cousas, e Teatro D2, con *Flores Migratorias.*

Tui, IV Encontro Internacional de Teatro e Artes de Rúa

Está organizado pola Asociación de comerciantes e industriais de Tui e conta coa colaboración da Consallería de Innovación, Industria e Comercio, o Concello de Tui, Paradores, e Caixanova, entre outros. Na edición de 2007 participaron o Centro Coreográfico de Galicia, con *Vacuo*; Fulano, Mengano e Citano, con *Arte* e Lagarta,

Lagarta, con *As últimas lúas*.

Referencia varia:

- Eva González, "Tui destina 180.000 euros a actos culturales, el mayor presupuesto de su historia", *Faro de Vigo*, "Área Metropolitana", 7 xaneiro 2007, p. 17.

Coméntase o alto presuposto que este ano o Concello de Tui dedica a actos culturais, entre os que se encontran dezaseis espectáculos teatrais de diversas compañías. Entre elas destácase o Centro Coreográfico de Galicia, con *Vacuo; Fulano,* Fulano, Mengano e Citano, con *Arte* ou Lagarta, Lagarta, con *As últimas lúas.*

Valleinclaniano, IV Edición do Festival de Teatro

Certame dedicado a Valle-Inclán e organizado pola Concellaría de Cultura de Vilanova. Conta coa colaboración da directora do Taller de Teatro da Fundación Valle-Inclán. No ano 2007 ten lugar, como cada ano, entre a segunda quincena de xullo e a primeira de agosto. Na edición de 2007 conta coa presenza de agrupacións do estranxeiro, principalmente con agrupacións universitarias ou afeccionadas de Stratford, coa finalidade de interpretar obras de William Shakespeare. Algunhas das agrupacións presentes son El Submarino, Teatro del Norte, La Garnacha e Teatro Sukiya.

Referencia varia:

- U. López, "Durán internacionalizará en 2008 el Festival de Teatro Valleinclaniano", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 27 decembro 2007, p. 11.

Dá conta do comezo e finalidade deste festival, dedicado a Valle-Inclán, destacando a presenza de agrupacións do estranxeiro nesta presente edición de 2007. Entre os grupos españois cóntase con El Submarino, Teatro del Norte, La Garnacha e Teatro Sukiya, levando a cabo representacións cuxa autoría pertence a Valle-Inclán, como *Reflejos de una lámpara*, *¿Para cuánto sin las reclamaciones diplomáticas?*, *Los cuernos de Don Friolera* e *Retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte*.

Vigo, Semana de Teatro Afeccionado

Organizada pola Agrupación de Centros Culturais de Vigo en colaboración co Concello. A súa primeira edición foi no ano 2001, organizado pola agrupación "Porta Aberta". Na edición de 2007representouse *Ataque verbal* do grupo Bartoleta.

Referencia varia:

- A. R., "Porta aberta estrena en Vigo *O arce do xardín*, unha comedia de trama policial de Roberto Salgueiro", *Faro de Vigo*, "Vigo 4 costados", 20 novembro 2007, p. 7.

Faise eco, de forma moi exhaustiva, do contido e estrutura da función que clausura en Vigo o próximo día 30 de novembro o Certame de Teatro Afeccionado. Dise que esta mostra artística, organizada pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturales de Vigo, selecionou para este ano un total de cinco grupos de diferentes partes de Galicia. Entre as obras representadas e que non entran a concurso atópase *Ataque verbal* do grupo ferrolán Bartoleta. Sinálase que a mostra pretende servir de pulo para o desenvolvemento do teatro galego; de aí que todas as compañías participantes reciban un premio de mil euros.

"**Vigo a escena**"**,** Ciclo

Organizado pola Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, comezou no mes de decembro de 2001. Celébrase en diferentes lugares dos barrios e parroquias deste concello e no Auditorio Municipal. Ademais de achegar o teatro aos seus habitantes, tamén é unha forma de promocionar os diferentes grupos locais que percorren estes escenarios coas súas pezas. A edición de 2007 tivo lugar nas fins de semana dos meses de abril, maio e xuño, logo da súa inauguración o 17 de marzo. Contou con once compañías profesionais cuxas actuacións se fixeron no marco da Rede Galega de Teatros e Auditorios, que levaron a cabo trece representacións polas compañías: Aforo Teatro, Avento, Disque Danza, Fulano, Mengano e Citano, Máscara Producións, Sísifo Teatro, A Loca Motora, Artello Teatro Alla Scala 1:5, Pablo Nojes e Páprika, Spaguetti Títeres e The Pinga Teatro.

Referencias varias:

- N.A., "Vigo a Escena vuelve a llevar el teatro por los barrios", *Faro de Vigo*, "Vigo 4 Costados", 27 marzo 2007, p. 8.

Tras facer un breve percorrido polos comezos do ciclo Vigo a Escena, no que se resalta a importancia do público asistente, menciónanse as compañías presentes neste ano 2007.

- A. R., "Porta aberta estrena en Vigo *O arce do xardín*, unha comedia de trama policial de Roberto Salgueiro", *Faro de Vigo*, "Vigo 4 costados", 20 novembro 2007, p. 7.

Faise eco, de forma moi exhaustiva, do contido e estrutura da función que clausura en Vigo o próximo día 30 de novembro o Certamen de Teatro Afeccionado. Dise que esta mostra artística, organizada pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturales de Vigo, seleccionou para este ano un total de cinco grupos de diferentes partes de Galicia. Entre as obras representadas e que non entran a concurso atópase *Ataque verbal* do grupo ferrolán Bartoleta. Siálase que a mostra pretende servir de pulo para o desenvolvemento do teatro galego; de aí que todas as compañías participantes reciban un premio de mil euros.

- A.R., "Vigo a escena' lleva comedias, cuentos y dramas a los barrios", *Faro de Vigo*, "Vigo 4 costados", 20 novembro 2007, p. 7.

Coméntanse as actuacións que terán lugar en "Vigo á escena" nos diferentes barrios e

parroquias viguesas salientando os diferentes tipos de público aos que se dirixen. Entre elas dise que se conta con Sísifo Teatro, con *Parella Aberta*; Spaguetti Títeres, con *Cinco contos para unha man*; Teatro Aforo, con *Eloxio da loucura*, baseada no ensaio de Erasmo de Rotterdam; The Pinga, con *Urbe 2.0*; Fulano, Mengano e Citano, con *Arte*, e Teatro Avento, con *Monstros*.

Vilalba, Mostra de teatro de

Organizado polo Centro Dramático Vilalbés, dirixido por María Xosé Lamas, conta coa colaboración da Concellaría de Cultura do Concello de Vilalba. Na edición de 2007 actuaron as compañías Nova Escena, con *Cinco mulleres co mesmo vestido,* Metátese Teatro, con *Paraíso Laranxa*, e por último, levando a cabo a clausura da mostra, a escola municipal de Teatro, con *A casa de Bernarda Alba.*

Yago, Sala

Espazo escénico que dende mediados de outubro de 2001 se converteu en teatro estábel e se integrou na Coordinadora de Salas Alternativas de España. Nel a oferta de espectáculos de monicreques é o seu factor diferenciador. Ademais da súa programación de teatro de actor, cinema de autor en versión orixinal e música, tamén se levan a cabo representacións teatrais das máis diversas compañías galegas e mantense a oferta da programación de monicreques de xeito periódico. No ano 2007 recibiu compañías procedentes de diversos lugares do mundo, así como galegas, entre as que estiveron a madrileña La mar de Marionetas, con *Raquel Pérez, ratón de biblioteca* e *Atrapa un sueño*; a compañía de Murcia Tiritando, con *El zapatero ambicioso*; a galega Títeres Cachirulo, con *O libro da selva*; Dante Teatro, con *Grita !Tengo sida!...El laberinto,* Nove Dous, con *Fóra de xogo*; a compañía Sala Yago, con *Merda*; tamén participaron Lagarta, Lagarta, Teatro do Morcego, Plot Point, Teatro do Noroeste, Ainternacional, Títeres Tanxarina, Talía Teatro, Bacana Producións.

Referencias varias:

- maré, "O escenario, un espazo integrador", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 xaneiro 2007, p. 28.

Coméntase a representación de danza e música *Axóuxeres de cores,* da Fundación Igual Arte de Vigo, caracterizada por participar nela persoas con síndrome de Down e outras discapacidades, que terá lugar na Sala Yago de Compostela. A continuación faise unha relación de espectáculos presentes nesta Sala durante o Festival de Títeres de Reis, como: Tiritando, con *El zapatero ambicioso*; La mar de Marionetas, con *Atrapa un sueño*, ou Títeres Cachirulo, con *O libro da selva.*

- M.L.G., "La compañía Sala Yago representa un monólogo hoy en el auditorio", *La Opinión*, "Narón", 10 febreiro 2007, p. 19.

Coméntase o monólogo Merda, pola compañía Sala Yago, que forma parte da programación teatral do Padroado de Cultura de Narón, ciclo que se completa con

actuacións de Lagarta, Lagarta; Teatro do Morcego e Plot Point.

- Anxa Correa, "Non mais teatro na Yago", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 maio 2007, p. 30.

Trata do previsto peche da Sala Yago, feito contra o que reaccionaron asociacións culturais como o IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais) apresurando a pagamento de subvencións para as compañías que xestionan esta sala, Teatro do Noroeste e Títeres Cachirulo, a quen se obriga a abandonar a sala.

- Henrique Alvarellos, "Nós, os espoliados", *Galicia Hoxe*, "Opinión", 19 maio 2007, p. 5.

Coméntanse os contínuos peches de lugares históricos e tradicionais dos últimos anos en Galicia, entre os que se conta a Sala Yago.

- Xosé Lueiro, "Chove sobre mollado", *Galicia Hoxe*, "A Contrabutaca", 25 maio 2007, p. 4.

Entrevista con Eduardo Alonso na que se tratan diversos temas circundantes ao peche da Sala Yago, resaltando a gran perda cultural sufrida pola cidade compostelá.

- Anxa Correa, "Un teatro non é rendible", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 maio 2007, p. 37.

Dá conta do peche de salas de cinema tradicionais ao longo de Galicia para dar paso a novas construcións, comentarios que se desenvolven até chegar á creación da Sala Yago, por Títeres Cachirulo e Teatro do Noroeste, en relación á cal se comenta o tipo de espectáculos que alí tiñan lugar. Finalmente trátase o tema do inminente peche desta sala.

- Concha Pino, "A Sala Yago despídese o día 27 cunha festa de portas abertas", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 5 xuño 2007, p. 4.

Trata da festa coa que a Sala Yago se despide tras o seu peche de portas, na que se dí que intervirán todo tipo de profesionais que actuaron algunha vez nesta sala. Dise que se contará con Lino Braxe co seu espectáculo musical *A caricia da serpe* ou cos músicos de *Imperial Café Cantante*, por Teatro do Noroeste.

- Concha Pino, "A Sala Yago ofrece esta noite a última función teatral antes do seu peche", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 24 xuño 2007, p. 8.

Ofrécense diversos comentarios a cerca do peche da Sala Yago, relativos a cuestións económicas, despois de nove anos traballando. Saliéntase a presenza de Nove Dous Teatro co seu espectáculo *Fóra de Xogo*, como derradeira función da sala.

- Ana Iglesias, "El anunciado final de la sala Yago", *El Correo Gallego*, "Santiago", 28 xuño 2007, p. 30.

Dá conta da festa organizada como despedida da Sala Yago, xestionada por Títeres

Cachirulo e Teatro do Noroeste, debido ao seu peche de portas. Dise que actuarán no evento Novedous Teatro, con *Fóra de Xogo*, Títeres Tanxarina, Talía Teatro, Bernardo Martínez, Héctor Lorenzo, Marcos Teira, Bacana Producións e Ramón Orencio o Azul Caimán.

- M. Beceiro, "Los títeres quieren volver al escenario de la sala Yago", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 30 agosto 2007, p. 6.

Trata do peche da compostelá Sala Yago tras anos de portas abertas especialmente dedicadas ao teatro de títeres. Menciónanse tamén as negociacións levadas a cabo para poder manter dita sala aberta.

- Fátima Varela, "A Sala Yago baixa o telón", *Revista Galega de Teatro*, n.º 51, "Espazos", verán 2007, pp. 69-70.

Infórmase do peche da sala Yago compostelá o 30 de xuño, tras "nove anos de xestión e creación cultural". Precísase que a súa programación se centraba no teatro de actor e de títeres, ben para público adulto, ben xuvenil e infantil, e que contaban con dúas liñas de actuación, as escolas infantís e os institutos de secundaria. Apúntase que levaron a cabo os programas "Títeres no Yago", "Títeres para a escola", "Teatro no Yago" e "Teatro para o Ensino Medio", ademais de ciclos puntuais de cine non comercial en versión subtitulada. Destácase que fidelizaron ao público por medio de enquisas, envío por e-mail da programación e invitacións para estreas, e ao dispor dunha biblioteca con libros e revistas de títeres e de teatro. Refléxase que dende 2004 se dedicaron a producir espectáculos a través de Flash-Back Compostela, incluíndo tres de teatro de rúa, "Camiño a Compostela", "Traslación" e "Mercado en Compostela", e así mesmo produciron espectáculos de sala como *Merda*, *Cucho, Coco e o dilema do 6* ou *La Naturaleza del Animal*. Conclúese co apartado "O Número 51-53 da Rúa do Vilar" onde se resume a historia do contrato de aluguer coa familia Carrero López, dona do edificio, até o remate do proceso xudicial o 28 de febreiro, que os obriga a abandonar o edificio. Confíase que "non tardando moito, este espazo volva ser un lugar de encontro e de referencia cultural".

Zona Alternativa, Festival

Festival internacional alternativo de teatro, música e danza que botou a andar en Santiago de Compostela no ano 2000 baixo o nome "Alternativa", organizado polas salas Nasa e o Teatro Galán, coa colaboración do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e Caixanova e, dende 2001, co apoio do Consello da Cultura Galega. En 2006, baixo o nome Zona Alternativa, foi organizado pola Sala Nasa. Neste Festival inténtase ofrecer unha visión actual e comprometida do panorama das artes escénicas contemporáneas con traballos innovadores e radicais. No ano 2007 celebrouse do 22 de febreiro ao 28 de marzo. Participaron compañías locais, nacionais e internacionais. As compañías galegas foron: a compostelá Nut Teatro, con *4.48 Psicose* e Mercé de Rande, de Zurich e Vigo, con un solo de danza.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, "As novas artes escénicas", *La Voz de Galicia*, "Fugas", 16 febreiro 2007, p. 16.

Dá conta dos grupos presentes na oitava edición do festival Zoona Alternativa, evento que xurdiu da Sala Nasa en colaboración co Teatro Galán, formacións que levarán a cabo dezasete representacións de teatro, danza e música. Entre eles cóntase con: Nut Teatro, con *4.48 Psicose*, como apertura do festival; Mercé de Rande, con *Hanna bi*, un solo de danza ou a participación de Marcel.Lí Antúnez. Cóntase ademais con catro propostas fronteirizas entre o teatro, a danza, a música, a robótica e as artes visuais.

- O.I., "Nut Teatro abre la Zona Alternativa de la Sala Nasa con '4.48 Psicose", *El País*, "*Galicia*", 21 febreiro 2007,p. 36.

Como apertura da oitava edición do festival Zona Alternativa da compostelá Sala Nasa, coméntase a obra *4.48 Psicose*, da británica Sarah Kane, a cargo de Nut Teatro.

III.4.2. ESTREAS

III.4.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

40 Pasos: *O ridículo desamor dun home máis ou menos normal*, José Luis Prieto (direc.).

Ver XV Feira das Artes Escénicas de Galicia

Referencia varia:

- María Jesús Rico, "José Luis Prieto presentou a súa nova compañía na Feira do Teatro", *Diario de Ferrol*, "CGS/Cultura", 26 outubro 2007, p. 22.

Anuncia que o 25 de xaneiro, co gallo da Feira das Artes Escénicas, se vai estrear en Narón o primeiro espectáculo da compañía 40 Pasos, a obra *O ridículo desamor dun home máis ou menos normal.* Tamén se indica que se aproveitará para presentar a obra *Medidas preventivas* da compañía Áncora Produccióǹs.

Teatro da **Abadía**: *Acordareime de vós*, texto e dirección de Ana Vallés.

ACAB: *Asemblea de mulleres*

Ver Memorial de teatro Ibán Toxeiro

Referencia varia:

- M. G. M., "El Memorial de teatro Ibán Toxeiro premia al grupo Sardiña", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 28 novembro 2007, p. 15.

Informa de que a Agrupación Alexandre Bóveda vai realizar no Teatro Rosalía da Coruña o décimo primeiro Memorial Ibán Toxeiro do que se salienta como novidade un premio que se destinará ao grupo de teatro Sardiña, polos seus vinte e cinco anos de traballo. Dá conta das actividades que se están a realizar polas rúas para chamar a atención da xente e afirma que actuará o grupo ACAB coa obra *Asemblea de mulleres* e Estibón representará *Cinema*.

Teatro do **Adro:** *Comida chinesa*, Lino Braxe (direc.).

Ver XV Feira das Artes Escénicas de Galicia

Referencias varias:

- C.V., "Josito Porto métese na pel dun asasino", *Diario de Arousa*, 17 outubro 2007.

Dá conta da estrea de *Comida chinesa*, en Vilagarcía, por Teatro do Adro, coincidindo co décimo aniversario desta compañía. Dise que contará coa participación do actor Josito Porto. Coméntase o tema central da obra catalogándoa como un drama psicolóxico sobre a relación entre un asasino en serie e a súa amante, a psicóloga que o atendeu no cárcere.

- C.V., "Disección dun crime un escenario", *Diario de Arousa,* 21 outubro 2007, contracuberta.

Dise que os actores de teatro Josito Porto e Mónica García, xunto con outros membros da compañía Teatro Adro, representaron no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa a obra *Comida Chinesa*, obra que se cualifica como "descarnada e realista". Indícase que nela se amosa o xuízo dun violador e asasino e o da súa psiquiatra en prisión.

- Camilo Franco, "Unha temporada de tempo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 234, "Letras en Galego", 27 outubro 2007, p. 8.

Faise eco do transcurso e remate de sete producións teatrais que viron luz ao longo deste outono na Feira das Artes Escénicas, cita na que o sector tenta encontrar o lado mercantil para unha arte que precisa do público. Dise que este ano, a diferenza doutras edicións, se acada o obxectivo de instituír dun xeito factíbel unha temporada teatral en Galicia. Infórmase dunha ampla variedade de representacións que abranguen aos máis novos e aos maiores. Entre o amplo abano de producións saliéntanse *A bombilla máxica*, *Pan*, *Comida Chinesa* e a obra realista *Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas*.

Agarimo de Sillobre: *Os tres de sempre*

Ver Mostra de Teatro de Pombiña

Alecrín: *O muiñeiro de Ribadumia*

Ver Cee, Marzo Teatral.

Alleretour: *Ellas*, texto e dirección de Jesús Hidalgo.

Áncora Producciónss: *Medidas preventivas*, texto e dirección Gustavo Pernas Cora.

Ver XV Feira das Artes Escénicas de Galicia

Referencias varias:

- Inma López Silva, "A brevidade que ancora na escena galega", *Revista Galega de Teatro*, n.º 53, "Críticas", inverno 2007, pp. 61-62.

Comezando por unha apoloxía da brevidade como tendencia literaria en canto á produción en diversos campos, tales como o relato curto na narrativa ou os textos breves no teatro, alúdese por extensión a este fenómeno no tocante á posta en escena, en comparación coa literatura dramática, eido no que a brevidade é considerada unha opción "menor" debido á extensión longa que adoita o seguimento das unidades espazo-temporais e temáticas. Dise que, rompendo con esta fórmula, Gustavo Pernas, da man de Áncora Producciónss, crea un espectáculo composto por cinco pezas breves e independentes que tratan un mesmo tema, a violencia preventiva, constituíndo así un diálogo interxenérico e experimental. Coméntase que, deste xeito, mediante *Avespas en febreiro, Móbiles, Caníbales na Cidade, Transversal* e *As pílulas do Dr. Negrín*, Gustavo Pernas transmite un mundo de violencia sen sentido a través de cinco pezas ligadas pola constante reflexión e particular sentido do humor que Pernas achega. Sinálase que isto se transmite ao espectador por dous actores e unha actriz cuxa versatilidade axuda ao público a estabelecer unha relación entre as distintas pezas. Tamén se salientan as destacábeis interpretacións en *Caníbales na Cidade*.

- José Gómez, "Gustavo Pernas Cora. 'Sentímonos decepcionados por parte de quen nestes momentos goberna o teatro en Galicia", *Diario de Ferrol*, "Nordesía", nº 450, "Entrevista", 14 outubro 2007, pp. 20-21.

Entrevista realizada a Gustavo Pernas Cora, escritor e director da obra *Medidas Preventivas,* que está a representar a compañía Áncora Producciónss por diversos lugares de Galicia. Neste artigo Gustavo Pernas amosa a facilidade que ten combinar comedia e drama nunha peza teatral, mentres que explica o difícil que é en moitas ocasións manter a tensión dramática como actor e non soltar un sorriso. Falando de actores, aproveita para reivindicar o papel do teatro, que ten que empezar a considerarse "un traballo digno".

- María Jesús Rico, "Áncora ponnos diante dun mundo desconfiado en 'Medidas preventivas", *Diario de Ferrol,* "Artes escénicas", 19 outubro 2007, p. 15.

Informa que a compañía de teatro Áncora Producciónss representa en Narón a obra escrita e dirixida por Gustavo Pernas, *Medidas Preventivas*. Dise que nesta obra, que consta de cinco historias, se tratan temas actuais e outros que non o son, como é o da Guerra Civil. Coméntase que o autor "afonda nas paranoias e sospeitas dun mundo acomodado que mira ó veciño de esguello".

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Gustavo Pernas en Narón", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 22 outubro 2007, p. 3.

Neste artigo Miguel Anxo Fernán Vello recolle a nova da representación en Narón da obra *Mediadas Preventivas*. Informa que a peza teatral, composta e dirixida por Gustavo Pernas, foi representada no Auditorio Municipal naronés pola compañía Áncora Producciónss e comenta que a representación foi un éxito, tanto se se fala da representación coma do público asistente.

- Camilo Franco, "Un mundo nervioso", *La Voz de Galicia*, "Crítica de Teatro", 27 outubro 2007, p. 59.

Dá noticia de que se está a levar a cabo polos teatros de Galicia a obra *Medidas Preventivas*, representada pola compañía teatral Áncora Producciónss. Di que ao longo da obra se mesturan partes nas que o público se converterá en actor e participante da representación.

- Albino Mallo, "Unha semana de altura cultural", *Galicia Hoxe*, "Visións", 31 outubro 2007, p. 4.

Fai mención neste artigo da representación levada a cabo no Auditorio García Márquez de Mendoza desta obra escrita e dirixida por Gustavo Pernas e representada pola compañía teatral Áncora Producciónss.

- Genma Malvido, "O teatro Rosalía acolle a obra irónica e crítica 'Medidas preventivas", *La Opinión*, "A Coruña", 16 novembro 2007, p. 15.

Dá noticia da representación no teatro Rosalía da Coruña desta peza teatral, *Medidas Preventivas*, da man da compañía teatral Áncora Producciónss. Di que é "unha comedia, aínda que dramática", na que o público forma parte activa da mesma.

- Eva Veiga, "Medidas preventivas", *Diario de Ferrol*, "Crítica teatral", 22 novembro 2007, p. 16.

Informa que a compañía teatral Áncora Producciónss está a representar por diversas cidades de Galicia a obra *Medidas Preventivas*, creada por Gustavo Pernas Cora e que foi galardoada co Premio AELGA como mellor libro de teatro 2007. Dise que se suma esta representación aos numerosos éxitos acadados por esta compañía.

- Yolanda Castaño, "É un luxo", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 25 novembro 2007, p. 43.

Yolanda Castaño comenta a súa participación nun ciclo de recitais de poesía que se celebrou en Granada e indica que o que máis lle chamou a atención é que estivese promovido por unha entidade hoteleira privada. Así mesmo, di que asistiu á representación na Coruña da obra de Áncora Producións *Medidas preventivas* e dá conta da presentación do libro de literatura infantil gañador do Premio Merlín deste ano, *Minimaladas*, de Pinto e Chinto. Tamén explica que se trata de sesenta mini-historias protagonizadas por animais, escritas por Carlos López e ilustradas por David Pintor. Por último, comenta a presentación do seu último poemario, *Profundidade de campo*, e destaca a satisfacción que isto lle produce

Teatro **Arca**: *Asesinos anónimos*, texto de Jesús Roche e Enrique Sánchez, Txema Pérez (direc.).

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios

Referencia varia:

- L. B., "*Asesinos anónimos* fanse co Auditorio", *Diario de Arousa*, 27 xaneiro 2007, p. 56.

Dá conta da representación d'*Asesinos anónimos* en Vilagarcía como parte da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Saliéntase que esta peza cargada de humor e ironía conta co beneplácito tanto do público como da crítica.

Arte Livre: *Lolas*, texto de Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno

Referencia varia:

- M. Barros, "Entre o Cabaret e a Gestapo", *A Nosa Terra*, n.º 1.263, "Fin de semana", 17-23 maio 2007, p. 33.

Nota referida á estrea da obra *Lolas*, da compañía de Teatro Arte Livre, no TAL en Vigo. Dise que mestura o mundo dos prostíbulos e o cabaré coa guerra, os negocios e todo un mundo vinculado á Alemaña nazi e á Segunda Guerra Mundial. Finalmente, informa que esta compañía conta con outras representacións anteriores como *Bella Otero. O corpo que fala* e *Aurora Rodríguez e a súa boneca de carne.*

Arte Livre: *Un día de forminga*, texto de Eisenhower Moreno.

Ver Arte Livre, Tetro (TAL), Sala alternativa.

Teatro do **Atlántico:** *A bombilla máxica,* Xulio Lago (direc.), texto de Woody Allen.

Ver XV Feira das Artes Escénicas de Galicia.
Ver FIOT, XVI Festival Internacional "Outono de Teatro" de Carballo.
Ver Jofre Teatro.

Referencias varias:

- Albino Mallo, "Un convenio para acercar la cultura a 'todos los públicos", *El Correo Gallego*, "Cultura", 4 setembro 2007, p. 68.

Dá conta do acordo asinado entre Julio Fernández Gayoso, presidente de Caixanova, e Javier Losada, alcalde da Coruña, sobre as diferentes actividades culturais que a entidade vai desenvolver na cidade. En relación á literatura, comenta que haberá dúas representacións teatrais en galego. Indícase que a compañía Teatro do Atlántico representará *A bombilla máxica* e Teatro do Morcego levará a escena *O burgués fidalgo*.

- M.C.S., "Teatro do Atlántico ofrece hoy la obra 'A bombilla máxica", *La Opinión*, "Carballo/Costa da Morte", 14 outubro 2007, p. 23.

Anuncia que a compañía Teatro do Atlántico vai representar a obra *A bombilla máxica*, de Woody Allen, na XVI edición do Festival Internacional "Outono de Teatro" de Carballo. Dise que a posta en escena terá lugar no Pazo da Cultura.

- maré, "Maratón para todos os públicos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 outubro 2007, p. 28.

Infórmase da programación teatral do día na Feira Galega das Artes Escénicas que se desenvolve en Compostela. Dise que as producións *A bombilla máxica*, de Teatro do Atlántico, e o musical de Acontrabutaca, son dúas das obras máis agardadas no Teatro Galán, onde tamén Títeres Trompicallo escenificará *Bolboreta*, un espectáculo de monicreques de mesa con música en directo e escenografía móbil. Sinálase que *O merlo branco* é o título co que Talía Teatro se presenta no auditorio do Instituto Xelmírez I. Tamén se informa que a terceira xornada da Feira se pecha con dous espectáculos estreados xa en Compostela: *O burgués fidalgo*, de Molière, por Teatro do Morcego, e *30.000*, da compañía de danza Pisando Ovos.

- Camilo Franco, "Unha temporada de tempo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 234, "Letras en Galego", 27 outubro 2007, p. 8.

Faise eco do transcurso e remate de sete producións teatrais que viron luz ao longo deste mes de outono na Feira das Artes Escénicas, cita na que o sector tenta encontrar o lado mercantil para unha arte que precisa do público. A diferenza doutras edicións, dise que este ano se acada o obxectivo de instituír dun xeito factíbel unha temporada teatral en Galicia. Coméntase que hai unha ampla variedade de representacións e saliéntase, entre o amplo abano de producións, *A bombilla máxica*, *Pan*, *Comida Chinesa* e *Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas*.

- Paco Souto, "Woody Allen en Carballo", *A Nosa Terra*, n.º 1.287, "Cultura", 1 novembro- 3 decembro 2007, p. 28.

Coméntase que se representou na XVI edición do Festival Internacional "Outono de Teatro" de Carballo a obra *A bombilla máxica*, composta por Woody Allen e representada pola compañía Teatro do Atlántico.

- Mar Mato, "Teatro do Atlántico reformula 'A bombilla máxica' de Woody Allen", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 11 novembro 2007, p. 38.

Dá conta de que a compañía Teatro do Atlántico, que ten tres Premios María Casares no seu haber, está a levar a cabo a representación da obra *A bombilla máxica* de Woody Allen. Dise que nesta obra se presenta a dura realidade dunha familia desestruturada e que se mestura un ambiente máxico e de fantasía.

- Camilo Franco, "Comedia social", *La Voz de Galicia*, "Teatro", 19 novembro 2007, p. 59.

Informa que se está a levar a cabo a representación da obra de Woody Allen *A bombilla máxica* por parte do Teatro do Atlántico. Di que nesta obra se mestura o drama e a comedia, a realidade e a fantasía.

- Camilo Franco, "A maxia é mellor que a vida", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "Vai por aí na fin de semana", 22 novembro 2007, p. L9.

Comenta que a compañía Teatro do Atlántico está a representar a obra *A bombilla máxica*, de Woody Allen. Saliéntase que esta peza é moi distinta doutras do autor, pois nela a tensión mantense en todo momento, pero sempre mesturada cun toque humorístico. Dise que presenta un cadro social real mesturado con fantasía e maxia.

- maré, "A traxedia da familia Pollack", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 novembro 2007, p. 30.

Informa da representación teatral da obra *A bombilla máxica* que levará a cabo Teatro do Atlántico no Salón Teatro de Compostela. Comenta que a obra está dirixida por Xulio Lago e versa sobre o difícil mundo da adolescencia, a vellez e máis as relacións de parella. Dá conta dos responsábeis da interpretación, o vestiario, a escenografía e iluminación e, a continuación, explica o papel de cada personaxe da obra: o pai, a nai e os dous fillos adolescentes. Por último, ofrece información sobre a venda de entradas.

- M. V. García, "As voces da derrota", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", 20 decembro 2007, p.VIII.

Reflexiona sobre as impresións e as "sensacións" que producen as manifestacións artísticas no público. Neste caso concreto fala da obra *A bombilla máxica*. Segundo García "o espectáculo destaca no seu deseño e na súa execución. Primeiro ao trasladar unha historia pertinente, capaz de espertar no espectador algo máis que a gargallada fácil e o aplauso en serie, condicionado fatalmente. Logo porque evita o risco de armar un melodrama...".

- Roberto Pascual, "Nos dominios da maxia e da realidade", *Revista Galega de Teatro*, n.º 53, "Críticas", inverno 2007, pp. 66-67.

Dise que Teatro do Atlántico pon en escena unha obra que traballa de xeito demoledor a realidade dunha familia norteamericana afondando na psicoloxía dunhas personaxes mergulladas na súa infelicidade. Saliéntase o labor de representación dos actores, así como a excelente dirección. Así, cualifícase *A bombilla máxica* como "un dos mellores traballos da carteleira teatral galega". Seguidamente proporciónase un percorrido polos personaxes da obra comentando os problemas que os rodean e que os deixan en situacións de impotencia convertendo as súas vidas en patéticos camiños dunha soa dirección onde o alcohol, o engano e a maxia (elemento presente na escena) funcionan como vía de escape. De novo facendo alusión á magnificencia do elenco de actores, sinálase a súa gran capacidade para transmitir sentimentos encontrados que supoñen cambios de rexistro inmediatos dentro dunha mesma escena, conseguindo transmitir deste xeito ao espectador unha sensación de realismo escénico dificilmente acadada.

Teatro do **Atlántico**: *A raíña da beleza de Leeane*, texto de Martin McDonagh, Xulio Lago (direc.).

Referencias varias:

- LR, "Teatro do Atlántico presenta una obra 'chea de soedade", *La Región*, "Ourense", 11 xaneiro 2007, p. 11.

Dá conta da representación desta peza teatral, con respecto á cal se sinala o reparto de actores que participan, así como tamén o tema, centrado na emigración.

- Paco Souto, "Algo que ocorre nunha aldea de Irlanda", *A Nosa Terra*, n.º 1.255, "Cultura", 8-14 febreiro 2007, p. 28.

Informa da presenza desta obra como parte da programación cultural de Carballo para o primeiro trimestre do ano. Coméntase o tema central: a inmigración e as súas consecuencias para o país reflectidas no seo dunha familia pobre dentro da cal xorden conflitos entre os distintos membros.

Atrezo Teatro: *Bágoas de Noitebrega*, Chelo Pampín (direc.).

Bacana: *Hendaya mon amour*, texto e dirección de Xulio Abonjo.

Ver Carballiño, IVº Festival de Teatro Galego do (FETEGA).

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Unha parella para a historia", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 29 marzo 2007, p. 9.

Dá conta da controvertida temática da peza *Hendaya, mon amour* que, segundo Camilo Franco, somerxe ao espectador nunha relación amorosa conflitiva por tratarse de dúas persoas do mesmo sexo caracterizadas por dous grandes mandatarios en momentos de guerra e cuxo trasfondo histórico se sitúa nunha etapa na que a homosexualidade estaba aínda vetada.

- maré, "Hendaya mon amour' volve a Compostela", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 setembro 2007, p. 30.

Dá conta da representación desta peza no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Dise que se trata dunha comedia musical na que o amor triunfa por riba do fascismo.

- Inma López Silva, "Vingarse coa risa", *Tempos Novos*, n.º 125, outubro 2007, "Crítica", p. 81.

Comentario no que se dá conta, en liñas xerais, da historia que se presenta en *Hendaya, mon amour*, da compañía Bacana. Dise que a historia se basea na relación entre Hitler e Franco, alá polos anos corenta, transmitida dende un punto de vista humorístico. Sinálase que a comedia amosa dun xeito innovador a relación privada estabelecida entre os dous líderes. Inma López Silva tamén xulga aqueles aspectos que considera máis sobresaíntes, como a actuación de Goldi interpretando a Franco, e os menos logrados, como as luces nos números coreográficos. En xeral, comenta que se apoia no sentido do humor como unha saudábel forma de vinganza contra o pasado opresor.

Bengala Producción: *Historia do soldado*, texto de Ramuz, adaptada ao galego, na versión de Lino Braxe por Martinho M. Santalha; dirección de Xosé M. Rabón; música de Igor Stravinski.

Referencia varia:

- A.R., "Bengala Producción inicia una gira gallega con *Historia do soldado*", *La Voz de Galicia*, "Fugas", 21 decembro 2007, p. 15.

Coméntase o tema da obra *Historia do soldado*, primeira parte da minixira, da compañía Bengala Producción, baixo o nome *Ópera en familia*, estreada no Festival de Ópera da Coruña. Resáltase a intención da compañía de crear espectáculos amenos de carácter humorístico e pensados para un público familiar nos que os diálogos son recitados ou cantados, neste caso recitados.

Carauta Teatro: *A cantante calva*, texto de Ionesco

Compañía **Casahamlet**: *Contos troianos*, texto e dirección de Manuel Lourenzo.

Referencia varia:

- Manuel Beceiro, "As guerras fanse, pero sin consecuencias para algúns", *La Voz de Galicia*, "Al día", 10 febreiro 2007, p. 2.

Entrevista ao actor e director de teatro Manuel Lourenzo con motivo da súa nova posta en escena, *Contos Troianos*, na que a mestura entre o clásico e o contemporáneo está presente como característica clave da peza. A continuación coméntanse algunhas perspectivas laborais do dramaturgo.

Compañía **Casahamlet**: *Lili Cuartel*

Ver FITEU, XIIIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago.

Centro Coreográfico Galego: *Arte a escena*, Santi Prego (direc.).

Referencia varia:

- Lupe Gómez, "A esencia das cores", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Venres", 1 xuño 2007, p. 5.

Dá conta da temática que rodea a escenificación desta peza que quere transmitir por medio da danza os soños e ideais máis profundos que nos moven, un espectáculo revestido de expresión naïf.

Centro Dramático Galego: *A Piragua*, texto e dirección de Cándido Pazó

Ver Salón Teatro

Referencias varias:

- Óscar Iglesias, "El Centro Dramático estrena en abril 'A Piragua', un texto de Cándido Pazó sobre los malos tratos", *El País*, "*Galicia*", 21 marzo 2007, p. 41.

Informa da estrea d'*A Piragua* no Salón Teatro de Santiago de Compostela, a terceira produción do Centro Dramático Galego en 2006-2007. Dise que esta peza aborda os malos tratos e a imposibilidade de aceptar cambios por parte do maltratador para así adecuala aos tempos actuais. Indícase que se propicia desta maneira unha situación de violencia que remata por se converter en cotián na vida da parella.

- A. Losada, "O riso e o drama cotián", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 marzo 2007, p. 27.

Comenta a estrea d'*A piragua*, terceira produción do Centro Dramático Galego para a tempada 2006-2007. Dise que é unha peza que parte dunha anécdota no seo dunha comunidade de veciños para dar paso ao tratamento dos malos tratos, un tipo de violencia que aparece retratado dentro da cotidianeidade na cal se perfilan tamén situacións cómicas que, sumidas neste contexto, resultan patéticas. Sinálase que

Cándido Pazó, director da obra, regresa así ao teatro despois de centrarse na súa faceta de conteiro e monologuista con esta obra da que tamén é o autor do texto.

- Camilo Franco, "O CDG achega a actualidade dos malos tratos en 'A Piragua", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 abril 2007, p. 48.

Dá conta da estrea d'*A Piragua* no Salón Teatro, primeira obra que o Centro Dramático Galego encargou a Cándido Pazó como resultado do programa de autores residentes. Di que a peza aborda os malos tratos dende unha perspectiva semi humorística e que Pazó a fixo pensando nos actores Susana Dans e Xosé Manuel Olveira. Sinálase que esta peza non só entretén, senón que tamén transmite as circunstancias dunha situación social tan común e pouco abordada que os actores tiveron que traballar a fondo a implicación no seu papel.

- C. Villar, "A violencia doméstica protagoniza a nova obra do Centro Dramático", *Faro de Vigo / La Opinión*, "Sociedad y Cultura" / "Cultura", 12 abril 2007, p. 43/ p. 54.

Informa da estrea d'*A piragua* en Santiago de Compostela e di que conta coa dirección de Cándido Pazó, quen xa realizara esta función para o Centro Dramático Galego. Salienta a dificultade da peza debido á súa temática, a violencia doméstica, pero tamén a satisfacción dos actores participantes conforme os resultados obtidos.

- maré, "A piragua', traxicómica como a vida", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 abril 2007.

Tras un breve resumo a cerca do tema da peza, que trata os malos tratos tomando como punto de partida unha anécdota xurdida nunha comunidade de veciños, coméntase o gran labor de Cándido Pazó como director, así como tamén os diversos papeis nos que o elenco de actores se viron somerxidos e para os cales tiveron que buscar unha motivación xa que se trataba dun tema delicado: violencia doméstica. Finalmente achéganse datos sobre as diversas representacións que se levarán a cabo polas distintas cidades galegas.

- Camilo Franco, "A Piragua': as circunstancias do delito", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 abril 2007, p. 52.

Saliéntase o traballo narrativo da obra *A piragua*, unha peza que trata o cotiá tema dos malos tratos. Dise que o achegamento a esta temática se fai con especial coidado e que, tendo en consideración a delicadeza e dificultade do tema, se aborda a situación con precisos rodeos.

- Manuel Xestoso, "Un bo paso adiante", *A Nosa Terra*, n.º 1.264, "Cultura", 19-25 abril 2007, p. 27.

Informa do comezo no Centro Dramático Galego dun "programa de autores residentes" mediante o cal se pretende dar un pulo aos escritores galegos. Dise que se escolleu como primeira peza *A Piragua*, de Cándido Pazó, que ten como tema a violencia de xénero, conseguindo abordala, segundo Manuel Xestoso, de forma exitosa sen caer nos típicos tópicos sobre este tema. Tras facer unha síntese do argumento, resáltanse

diversas técnicas que dan calidade á obra e menciónase algún desaxuste da súa posta en escena.

- Camilo Franco, "Queremos tanto a Susana", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 3 maio 2007, p. 7.

Resáltase a grande interpretación de Susana Dans n'*A piragua*. Dise que interpreta a unha muller que sofre na súa pel as circunstancias dos malos tratos. Saliéntase a realidade que achega ao papel, así como tamén a resignación transmitida ao espectador, sentimento que se percibe en toda a súa plenitude e naturalidade.

- Jesús Manuel García, "Dramaturgia de actualidad", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Ourense", 17 maio 2007, p. 11.

Coméntase que dentro dos actos que terán lugar en Ourense nesta fin de semana salientan a representación d'*A Piragua*, do Centro Dramático Galego, no Teatro Principal de Ourense, ou *O avaro*, de Teatro Galileo, no Auditorio desta cidade.

- Inma López Silva, "A traxedia tralas portas fechadas", *Tempos Novos*, n.º 120, "Teatro", maio 2007, p. 78.

Achégase á posta en escena da obra de teatro *A Piragua*, do Centro Dramático Galego. Dise que esta obra, escrita e dirixida por Cándido Pazó, presenta unha historia arredor da violencia de xénero, coas xuntanzas dunha reunión da comunidade de veciños como pano de fondo. Inma López destaca nesta posta en escena a boa iluminación e unha utilización hábil do espazo. Tamén a calidade do elenco actoral e o final tráxico da peza.

- Fátima Anglada, "A Piragua. Teatro con personaxes e obxectos entre cambios periódicos do nivel do mar", *Revista Galega de Teatro*, n.º 51, "Críticas", verán 2007, pp. 58-59.

Comézase apuntando que o autor xoga co espectador " a recoñecerse, a encontrar a súa imaxe no personaxe, a revelarse". Explícase que situar unha piragua nun garaxe reflicte "unha relación de violencia de xénero" e que o despregamento de personaxes revela un presente salpicado de pasado e de verdades. Apúntase que a escenografía de Carlos Alonso conceptualiza un mundo interior e outro superior que deparan sorpresas, espazos e ritmos que serven para identificar aos personaxes, de xeito que "a violencia de xénero avanza como sombra", xa que a anécdota non é tal. E remátase precisando que a morte da nena deixa de ser "símbolo de fracaso e converterase en elemento fecundo, impulsor dunha valentía inesperada".

Centro Dramático Galego: *A pousadeira,* Xan Cejudo (direc.), **Goldoni,** Carlo.

Referencia varia:

- Manuel Xestoso, "O centenario de Goldoni pasa desapercibido", *A Nosa Terra*, n.º 1.257, "Cultura", 22-28 febreiro 2007, p. 27.

Salienta a escasa atención que se lle prestou ao escritor italiano Carlo Goldoni na celebración do tricentenario do seu nacemento e dá conta de dúas das súas obras que foron traducidas ao galego. A primeira é *A pousadeira* (Xerais, 1987), montaxe dirixida por Xan Cejudo para o Centro Dramático Galego; a segunda, *Servidor de dous amos*, posta en escena por Teatro Galileo. A continuación, sinala a súa importante achega á denominada *commedia dell'arte* que no século XVIII se enfrontaba ao concepto máis tradicional de comedia. Finaliza salientando como características das obras de Goldini as innovacións formais e o carácter crítico, así como a súa vixencia, xa que anuncia a chegada da modernidade.

Centro Dramático Galego: *Cascuda*, texto e dirección de Diego Aniño.

Centro Dramático Galego: *DramaA3*, dirección de Cristina Domínguez, coordinado por Dani Salgado, textos de Rubén Ruibal, Vanesa Sotelo e Jacobo Paz.

Centro Dramático Galego: *Noite de Reis. Ou o que queirades*, **Shakespeare**, William; Quico Cadaval (direc.). Elenco: Rebeda Montero, María Bouzas, Xosé Manuel Olveira "Pico", Marcos Orsi, Susana Dans, Marcos Correa, Víctor Mosqueira.

Ver FIOT, Festival Internacional "Outono de Teatro" de Carballo
Ver "Outono Teatro" de Pontevedra
Ver Salón Teatro

Referencias varias:

- M. G., "Unha divertida revisión dun clásico", *Diario de Arousa*, 2007, p. 72.

Define "de gran éxito" a actuación do Centro Dramático Galego coa representación da obra de Shakespeare, *Noite de Reis, ou o que queirades*, celebrada no Auditorio de Vilagarcía. Comenta que os estudantes pasaron dúas horas divertidas coa adaptación da obra feita por Quico Cadaval. Por último, informa sobre as seguintes sesións da compañía.

- C. Villar, "O Centro Dramático abre a tempada cun Shakespeare cómico dirixido por Cadaval", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 27 setembro 2007, p. 40.

Comenta que Quico Cadaval dirixe e estrea do obra *Noite de Reis. Ou o que queirades*, de William Shakespeare, no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Dise que se trata dunha peza que trata dos amores e desamores e de que, cando un consegue o amor que persegue, este non é tan bo como esperaba.

- Camilo Franco, "Quico Cadaval dirixe 'Noite de Reis', que abre a temporada no Salón Teatro", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 27 setembro 2007, p. 48.

Dá conta da presentación no Salón Teatro de Santiago da obra de Shakespeare *Noite de Reis. Ou o que queirades*, dirixida por Quico Cadaval, que segundo a directora do

Centro Dramático Galego (CDG), Cristina Domínguez, represéntase "con moito de Quico Cadaval". Sinálase que o director escolleu a cada actor coidadosamente para lograr mover o público.

- maré, "Optimismo e moita luz", *Galicia Hoxe*, 27 setembro 2007, p. 31.

Comenta a estrea no Salón Teatro de Santiago de Compostela da obra *Noite de Reis. Ou o que queirades*, de William Shakespeare, dirixida por Quico Cadaval e sobre a que el mesmo di que é unha comedia destinada a "mellorar o pulso sanguíneo". Indícase que participarán nela actores como María Bouzas, Xosé Manuel Oliveira, Rebeca Montero e Marcos Orsi. Finalmente, sinálase que a obra trata sobre os amores e desamores, presentados cun ton cómico.

- Óscar Iglesias, "Cadaval: 'La comedia debe buscar el contacto con el público", *El País,* "*Galicia*", 30 setembro 2007, p. 39.

Informa do comezo da temporada do Centro Dramático Galego (CDG) coa representación da obra de Shakespeare *Noite de Reis. Ou o que queirades*. Salienta que na obra dirixida por Quico Cadaval se trata o tema dos amores e desamores e se fai uso da comedia no momento en que se alcanza o amor e se ve que este non está tan ben como un espera. Recóllense as palabras de Quico Cadaval, quen considera que "Shakespeare escribiu o texto nun momento de moita represión sexual, e xa se sabe a manía que lles tiña aos puritanos".

- Marga Tojo, "Os católicos non podemos facer comedia fina", *Galicia Hoxe*, "Lecer", "Entrevista", 14 outubro 2007, pp. 12-13.

Entrevista con Quico Cadaval, que está a dirixir a obra de Shakespeare *Noite de Reis. Ou o que queirades*, á que, segundo Marga Tojo, dotou de detalles propios e sorprendentes. Cadaval afirma que lle gusta a obra porque rompe cos tópicos do amor como redención e, ademais, "as mulleres pensan e os homes choran".

- Concha Pino, "Hasta siempre, comandante", *La Voz de Galicia,* "La Voz de Santiago", 23 outubro 2007, p. L16.

Dise que finalizou a primeira produción da temporada do Centro Dramático Galego (CDG) cun rotundo éxito, tal e como se podía saber polo cartel exposto na xaneliña do Salón Teatro, "esgotadas as localidades". Coméntase que o motivo foi a representación de *Noite de Reis*, unha obra de Shakespeare, dirixida neste ocasión por Quico Cadaval.

- J. M., "Noite de Reis' de Cadaval arrinca a xira no Teatro Principal de Ourense", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 outubro 2007, p. 27.

Dá noticia de que o Centro Dramático Galego (CDG) está a representar a obra de Shakespeare *Noite de Reis. Ou o que queirades* e de que a dirección da mesma corre a cargo de Quico Cadaval. Dise que a xira comezará esta semana no Teatro Principal de Ourense e logo seguirá por distintas localidades galegas.

- Inma López Silva, "A maxia inexplicábel de Shakespeare", *Tempos Novos,* n.º 126, "Crítica", novembro 2007, p. 88.

Comenta que a escolla da obra shakespereana *Noite de reis* por parte do Centro Dramático Galego (CDG) motivou nela, crítica teatral, unha encrucillada de sensacións: por un lado, un inicial tedio e, por outra banda, unha atinada decisión. Indica que tal reacción adversa viña motivada pola dificultade de adecuación da obra ás coordenadas cronolóxicas presentes. Non obstante, di que a obra obtivo un éxito e unha repercusión destacados debido a diferentes factores: a destemporalización shakespereana apoiada nunha música romántica italiana e en achegas dos anos trinta; o retorno de María Bouzas á escena galega acompañada dun elenco actoral senlleiro; o diálogo dos músicos situados en escena levado a cabo co público e co argumento e, por último, unha escenografía ben materializada chea de simboloxía e cunha axeitada utilización do espazo mediante o dobre nivel. Salienta tamén que todos estes elementos empurrarárona á manifestación de que "O teatro galego, é sabido, está necesitado dese tipo de alquimias", aseveración resultado da repercusión acadada grazas á perfecta conxunción entre a axilidade e a diversión por parte do CDG.

- Eva González, "El Centro Dramático Galego representa en Tui 'Noite de Reis', de Shakespeare", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/ Área Metropolitana", 29 novembro 2007, p. 16.

Informa que o Centro Dramático Galego representará no Teatro Municipal de Tui a obra de Shakespeare *Noite de Reis. Ou o que queirades*. Dise que Cristina Domínguez, directora do Centro Dramático Galego (CDG), explicou que a obra está dirixida por Quico Cadaval e que se inclúe dentro do proxecto "Espazo CDG". Tamén se recollen os comentarios do actor Marcos Orsi, quen describe a escena e conta parte do argumento da peza. Por último, noméase ao resto dos actores do reparto.

- A.S., "El CDG trae a Vigo la obra de Shakespeare 'Noite de reis' versionada por Cadaval", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 1 decembro 2007, p. 48.

Informa da representación teatral que levará a cabo en Vigo o Centro Dramático Galego (CDG) da obra *Noite de reis*, de William Shakespeare. Indica que se trata dunha versión da comedia realizada por Quico Cadaval, coa cal o CDG inaugura o seu proxecto "Espazo CDG". De seguido, achéganse as palabras de Cristina Domínguez, directora desta institución, quen comenta que a obra é unha comedia de amor e desamor, mantendo a súa esencia. Ademais tamén se recollen os comentarios dun dos actores da obra, Marcos Orsi, quen interpreta a Orsino.

- Ana Baena, "O CDG é a compañía institucional que representa a Galicia", *Atlántico Diario*, "Vigo", 4 decembro 2007, p. 16.

Entrevista a Cristina Domínguez, directora do Centro Dramático Galego (CDG) na que fala sobre a última produción, *Noite de reis*, dirixida por Quico Cadaval. Domínguez comenta o papel que está a desenvolver o CDG no teatro galego e espera ter unha proxección ao exterior das obras que representen.

- Lupe Gómez, "O teatro será o único real", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 10 decembro 2007, p. 40.

Entrevista a Quico Cadaval, actor e contacontos, na que fala dos seus gustos, recordos da nenez, percepcións persoais… Di que conta contos porque se sinte cómodo ao facelo. Fala da exitosa obra que está a representar, *Noite de Reis (ou o que queirades)*, unha peza na que se fala do amor e da estupidez.

- Manuel Rivas, "Moita 'merda'!", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Grouchos", 14 decembro 2007, p. 12.

Faise unha loa do teatro e da poesía galega a partir da estrea de obras como *Noite de Reis*, de Quico Cadaval, ou da nominación aos Premios Max de Teatro de *Magar no pazo do tempo*, de Sarabela teatro. Tamén se fala doutras iniciativas radiofónicas e mesmo da editora Rinoceronte, de Cangas, polo seu labor de achega de obras literarias de múltiples literaturas.

- S. J., "O CDG representa este luns en Lugo un 'shakespeare' 'romántico e carnavalesco", *El Progreso*, "Cultura", 14 decembro 2007, p. 80.

Dá noticia de que o Auditorio Gustavo Freire de Lugo acollerá unha das obras máis tolas de Shakespeare, *Noite de reis, ou o que queirades*. Comenta que o espectáculo estará dirixido por Quico Cadaval que salientou o feito de que a montaxe foi unha "suxestión" da directora do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), Cristina Domínguez.

- Jaureguizar**,** "Teatro verité", *El Progreso*, 16 decembro 2007, p. 80.

Alude á falta de "bohemia" no teatro galego que actualmente, segundo se di, busca soamente as subvencións para crear espectáculos privados sen arriscar demasiado nas montaxes de seu. Coméntanse algunhas das producións recentes do teatro galego como *Noite de Reis*, de Quico Cadaval, ou *Hamlet*, interpretado por Luís Tosar, ambos os dous espectáculos cun grande éxito de público. Critícase a tendencia a representar tanto a autores como Shakespeare e demándase no seu lugar a estrea de obras de autores galegos.

- Manuel Jabois, "Quico versus William", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 20 decembro 2007, p. 76.

Informa que o Centro Dramático Galego (CDG) presenta a obra de Shakespeare *Noite de Reis*, adaptada por Quico Cadaval. Segundo Jabois "a obra recolle aplausos, risas e emocións alí onde se representou".

Centro Dramático Galego: *Seagull-play (A gaivota)...*

Centro Dramático Galego: *Valdemuller*, texto de Xosé Neira Cruz, Pablo Vergne (diec.).

Centro Dramático Vilalbés: *Ascensor*

Referencia varia:

- Cristina L. Felipe, "El teatro llega al pueblo", *El Progreso*, "Terra Chá/As Pontes", 12 xaneiro 2007, p. 16.

Informa da recente creación do Centro Dramático Vilalbés, comentando as súas finalidades, participantes, actividades de formación e a obra coa que contan en cartel, *Ascensor*.

Ciudadano Frame: *Juanito Perighro*, texto de Bernard M. Koltés, Pedro Alonso (direc.)

Ver 125 Anos de Teatro en Galego

Referencias varias:

- L.B., "Espectadores dun teatro multimedia", *Diario de Arousa*, 24 setembro 2007, p. 56.

Dise que, con motivo da celebración dos cento vinte e cino anos de teatro en galego, a compañía Ciudadano Frame representou a súa peza *Juanito Perighro* nun escenario moi inusual, a Praza da Peixería. Coméntase que se trata dun espectáculo que se caracteriza polo seu destape en canto elementos técnicos. Menciónase a orixe da obra como resultado dun encontro entre o actor Pedro Alonso e a produtora Ciudadano Frame.

- F. Franco, "Juanito Perighro', una 'road movie' por las esquinas de lavida", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 26 setembro 2007, p. 44.

Dá conta da posta en escena desta obra como parte da programación para a fin de semana no Auditorio Municipal de Vigo. Resáltase o tema da peza na que un home sen nome na obra orixinal, bautizado pola compañía Ciudadano Frame como "Juanito Perighro", se dedica a fugarse. Dise que a historia lle é transmitida ao espectador por medio dun monólogo.

Eirado: *Mórde-me*

Ver mes do Teatro

Teatro **Ensalle:** *Perdícheste o mar*

Ensemble Instrumental: *Fende-sono*, de Manuel Rodeiro.

Estibón: *Cinema*

Ver Memorial de teatro Ibán Toxeiro

Referencias varias:

- M.G.M., "El Memorial de teatro Ibán Toxeiro premia al grupo Sardiña", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 28 novembro 2007, p. 15.

Informa de que a Agrupación Alexandre Bóveda vai realizar no Teatro Rosalía da Coruña o décimo primeiro Memorial Ibán Toxeiro, do que se salienta como novidade un premio que se destinará ao grupo de teatro Sardiña, polos seus vinte e cinco anos de traballo. Dá conta das actividades que se están a realizar polas rúas para chamar a atención da xente e afirma que actuará o grupo ACAB coa obra *Asemblea de mulleres* e que Estibón representará *Cinema*.

Espello Cóncavo: *Zardigot*, texto de Euloxio Ruibal, Arturo López (direc.).

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Referencias varias:

- G.M.O., "Zardigot', a loita atemporal", *La Opinión*, "Ciudad y Cultura", 9 marzo 2007, p. 12.

Informa da representación da obra *Zardigot* no Teatro Rosalía de Castro. Dise que se trata dunha peza que data de 1973, momento no que foi merecedora da primeira edición do premio Abrente de teatro. Coméntase que a pesar do dito, segue a cultivar éxitos debido á súa temática atemporal, na que se abordan os duros momentos vividos durante a Guerra Civil española.

- M. G. M., "Espello Cóncavo recolle retais da traxedia grega para representar 'Zardigot", *El Ideal Gallego*, "Cultura", 9 marzo 2007, p. 17.

Saliéntase o tratamento clásico que se lle dá ao tema da peza, a Guerra Civil, sen facer cambios no texto de Euloxio Ruibal que a pesar da censura acadou o premio Abrente de Teatro en 1973. Remárcase así mesmo que se trata da primeira vez que esta obra é levada á escena por unha compañía profesional, con respecto á cal se salienta o importante elenco de actores participantes.

- A.I.S., "Espello Cóncavo trae 'Zardigot' al Principal", *El Correo Gallego*, "Santiago", 26 abril 2007, p. 32.

Informa da presentación da obra *Zardigot* comentando a charla que o seu autor, Euloxio Ruibal, concedeu con respecto á peza, na que se resalta o argumento, a transformación dunha ama de casa e o medio que a rodea. Tras dar conta dos profesionais que interveñen para levar a obra á escena, saliéntase o valor de denuncia social e recuperación da memoria histórica que supón poñer en funcionamento esta peza

estreada en 1974.

- Dolores Vilavedra, "De todo, e para todos", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios*, n.º 2, "Comentario Teatro", setembro 2007, p. 7.

Fai referencia á variada programación presentada pola Rede Galega de Teatros e Auditorios e salienta dúas obras teatrais: a posta en escena de *Zardigot*, de Euloxio Ruibal, e a estrea en galego d'*Arte*, de Yasmina Reza. A continuación comenta que o teatro se mantén acorde coa sociedade e atende ás súas necesidades, como por exemplo, o tratamento que se fixo sobre a memoria histórica. Por outra banda, afirma que a distinción que se fai entre teatro para adultos e teatro para nenos é "arbitraria e parcial".

Factoría Teatro: *Castronós. O baile*, texto de Xavier Picallo, Xoán Cejudo (direc).

Ver 125 Anos de Teatro en Galego.
Ver Cangas, XXIV Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo.

Referencias varias:

- maré, "Desde o fiadeiro á movida viguesa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 abril 2007, p. 34.

Informa da estrea de *Castronós* no Teatro Principal de Compostela, unha obra da que se di que fai un repaso polo último século da historia de Galicia retratando etapas tales como a República, a Guerra Civil, a posguerra ou momentos máis actuais representados pola movida viguesa, todo isto usando unha mestura entre música e danza.

- Camilo Franco, "O musical naif", *La Voz de Galicia*, "Fugas", 13 abril 2007, p. 16.

Con motivo da posta en escena desta peza que pretende facer un repaso do século XX en Galicia a través dun musical, coméntase a falta de forza argumentativa do tema nela abordado así como determinadas carencias musicais. Por outra banda resáltase a dificultade deste xénero, a pesar da cal se salientan os logros acadados pola compañía neste eido.

- Ágatha de Santos, "Un musical 'a la gallega", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 28 abril 2007, p. 58.

Informa da posta en escena da obra *Castronós. O baile* no teatro Caixanova de Vigo, unha peza que recolle os últimos cen anos da historia de Galicia en forma de musical e mesturando o teatro, a danza e a música. Dise que está baseada nun texto homónimo de Xavier Picallo e que a compañía encargou a dirección da obra a Xan Cejudo, labor que se cualifica de innovador para a compañía posto que se trata dun grupo independente.

- Fran Godón, "Castronós, o baile. De Xavier Picallo. Factoría Teatro", *Revista Galega de Teatro*, n.º 51, "Críticas", verán 2007, pp. 60-62.

Comézase indicando que a peza supón "un breve percorrido" por pezas musicais representativas, de certa música popular do século XX, como Siniestro Total, Jorge

Negrete, Os Tamara, Los Bravos ou Os Resentidos. A seguir opínase que non se trata dun espectáculo ben "rematado", mais non por culpa dos actores, senón da "lixeireza de contido" do texto nas partes en que pretende que as escenas teñan máis forza. Ademais apúntase que a obra está máis traballada ao comezo e que a escenografía resulta "por veces excesiva e aparatosa". Destácase que os cambios de vestiario dos actores, a utilería e a iluminación "axudan a acentuar o avance temporal". Remátase definíndoa como unha peza teatral "de consumo doado" e "agradable de ver", pero non "presenta unha historia anovadora nin pretende facer filosofía".

- Xosé Lueiro, "O son da identidade", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Venres", "A contrabutaca", 19 outubro 2007, p. 4.

Dise que a compañía Factoría Teatro está a representar a peza *Castronós. O baile*. Indícase que o director da obra é Xan Cejudo, quen está a levar a cabo un "sorprendente espectáculo cun esixente traballo de investigación, pero coroado cunha montaxe irregular". Finalmente sinálase que na obra se mesturan pezas musicais e bailadas nas que se trata a historia máis recente: a República, a Guerra Civil, a posguerra…

Fulano, Mengano e Citano: *Arte*, texto de Yasmina Reza, Celso Parada (direc.).

Ver IV Encontro Internacional de Teatro e Artes de Rúa de Tui
Ver XV Feira das Artes Escénicas de Galicia.
Ver IVº Festival de Teatro Galego do Carballiño (FETEGA)
Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios.
Ver Vigo a Escena

Referencias varias:

- E.G., "Fulano, Mengano e Citano estrenan *Arte* en Tui", *Faro de Vigo*, "Área Metropolitana", 8 febreiro 2007, p. 14.

Dá conta da estrea en Tui d'*Arte* comentando brevemente a representación, cargada de humor a través das artimañas levadas a cabo.

- Dolores Vilavedra, "De todo, e para todos", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios*, nº 2, "Comentario Teatro", setembro 2007, p. 7.

Fai referencia á variada programación presentada pola Rede Galega de Teatros e Auditorios e salienta dúas obras teatrais: a posta en escena de *Zardigot*, de Euloxio Ruibal, e a estrea en galego d'*Arte*, de Yasmina Reza. A continuación comenta que o teatro se mantén acorde coa sociedade e atende ás súas necesidades, como por exemplo, o tratamento que se fixo sobre a memoria histórica. Por outra banda, afirma que a distinción que se fai entre teatro para adultos e teatro para nenos é "arbitraria e parcial".

- Gonzalo Gay, "La agenda", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 125, setembro 2007, p. 4.

Sección fixa, subdividida en distintos apartados, na que se dá conta de diferentes actividades culturais. Entre elas salienta a representación da obra *Arte*, da compañía Fulano, Mengano e Citano no Auditorio de Ourense. Dá conta do seu argumento no que un home acaba de comprar un cadro en branco e o seu amigo non comprende que alguén compre esa "trapallada". Tamén se informa da representación de *Romeo y Julieta*, da man da compañía Teatro do Noroeste no Auditorio de Ourense, e dise que trata sobre a dificultade de intentar conxugar o particular e o social.

Teatro **Galileo:** *Rosso profondo in punto di morte*, texto de Luigi Lunari, Pedro Rubín (direc.).

Ver XV Feira das Artes Escénicas de Galicia.

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, "¿Absolución ou condena?", *Galicia Hoxe*, "A Contrabutaca", 9 marzo 2007, p. 4.

Entrevista a Pedro Rubín, director da obra *Rosso profundo in punto di morte*, na que se trata a particularidade desta peza posto que se trata dun monólogo onde o seu actor se sincera acerca do que realmente sinte sabendo que a súa morte está próxima. Dise que se trata dunha aposta arriscada que require a total identificación do actor co texto xa que este está cargado de sentimentalismo e sinceridade de acordo coa situación exposta, motivo polo que incluso o espazo escénico se caracteriza pola súa sinxeleza.

- Xosé Lueiro, "A propósito dos ideais", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Venres", 30 marzo 2007, p. 4.

Coméntase o tema da peza *Rosso profundo in punto di morte*, unha obra que trata o cambio na visión sobre a vida dunha persoa á que se lle notifica a súa próxima morte, unha situación que fomenta un maior aproveitamento de algo que até entón non se valorou debidamente só por saber que está a piques de rematar. Dise que esta representación se desenvolve a través dun monólogo e un único actor rodeado de sinxeleza escénica, factor indispensábel, segundo Xosé Lueiro, para que se produza o desvestimento da palabra.

- Xosé Lueiro, "A soidade do actor", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Venres", "A contrabutaca", 26 outubro 2007, p. 4.

Entrevista a Fernando Morán a propósito da súa visita ao stand de Teatro Galego na Feira das Artes Escénicas en Santiago. Tras máis de trinta anos ligado á profesión teatral, o actor enfróntase por primeira vez ao reto, con grande éxito, de protagonizar hora e media de espectáculo sen ter máis compañía que o seu público. Indica que representar unha obra do autor italiano Luigi Lunari, neste caso concreto *Profundo in punto di norte*, é un dos grandes retos da súa carreira profesional.

- Gemma Malvido, "O Rosalía celebra a ponte de Santos cun monólogo sobre a fin da vida", *La Opinión*, "Ciudad y Cultura", 31 outubro 2007, p. 12.

Dise que o Teatro Rosalía celebra a véspera do Día de Defuntos cun monólogo a cargo do actor Fernando Morán, sobre o fin da vida. Indícase que esta obra tráxica se titula *Rosso profondo in punto di morte* e é representada pola compañía Teatro Galileo. Finalmente sinálase que a representación se inclúe no ciclo Fóra de serie.

- Víctor Castro, "Teatro Galileo' actúa hoy a las ocho en Sada", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 18 novembro 2007, p. 22.

Anúnciase a estrea en Sada, no Auditorio da Casa da Cultura "Pintor Francisco Llorens", da traxedia *Rosso profondo in punto di morte*, representada pola compañía Teatro Galileo. Dise que a obra conta a historia dun presidente dun país que, ante unha enfermidade mortal, decide dedicarse "a vivir a vida".

Teatro **Galileo:** *Servidor de dous amos*

Referencia varia:

- Manuel Xestoso, "O centenario de Goldoni pasa desapercibido", *A Nosa Terra*, n.º 1.257, "Cultura", 22-28 febreiro 2007, p. 27.

Salienta a escasa atención que se lle prestou ao escritor italiano Carlo Goldoni na celebración do tricentenario do seu nacemento e dá conta de dúas das súas obras que foron traducidas ao galego. A primeira é *A pousadeira* (Xerais, 1987), montaxe dirixida por Xan Cejudo para o Centro Dramático Galego; a segunda, *Servidor de dous amos*, posta en escena por Teatro Galileo. A continuación, sinala a súa importante achega á denominada *commedia dell'arte* que no século XVIII se enfrontaba ao concepto máis tradicional de comedia. Finaliza salientando como características das obras de Goldini as innovacións formais e o carácter crítico, así como a súa vixencia, xa que anuncia a chegada da modernidade.

Teatro na **Gavela**: *O Conde Alarcos*

Iliria Teatro: *O pelícano*, de August Strindberg, dirección de Moisés Morales, Laura Torrado, Sergio Piñeiro, María Jesús Barreiro, Ariel Fabián e Angela Schiavetta

Imagina Machina: *Ubú Rei*.

Lagarta Lagarta: *As últimas lúas*, texto de Furio Bordón, Xulio Lago (direc.).

Ver 125 Anos de Teatro en Galego.
Ver Cee, Marzo Teatral.
Ver IV Encontro Internacional de Teatro e Artes de Rúa de Tui
Ver XV Feira das Artes Escénicas de Galicia.

Ver VI Mostra de Teatro de Gondomar "Roberto Vidal Bolaño"
Ver Narón, Sábados Teatrais
Ver "Outono Teatro" de Pontevedra

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, "Quedar co riso conxelado", *Galicia Hoxe*, "A contrabutaca", 16 febreiro 2007, p. 4.

Entrevista a Ernesto Chao, actor participante na posta en escena d'*As últimas lúas*, peza que afonda sobre a vellez e as súas consideracións sociais actuais.

- M. Mayoral, "Lagarta Lagarta vive el drama de la vejez", *Diario de Ferrol*, "Cultura, Gente, Servicios", 22 febreiro 2007, p. 14.

Informa da estrea d'*As últimas lúas* en Narón e alude a comentarios do crítico teatral Haro Teaglen nos que a cataloga como o mellor texto teatral contemporáneo. Trátase tamén o importante cambio de rexistro de Ernesto Chao, actor que interpreta o papel protagonista, mediante explicacións do seu papel en función do tema da obra, centrado na vellez, un drama tinguida de doses de humor.

- M.L.G., "Es imposible mantenerse viviendo solo del teatro", *La Opinión*, "Narón", 25 febreiro 2007, p. 22.

Entrevista a Ernesto Chao, protagonista d'*As últimas lúas*, na que fala de diversos temas: o asunto central da obra, que se centra nunha reflexión sobre a vellez; próximos escenarios para levar a cabo a representación; a Escola de Actores de Narón, etc.

- Xosé Lueiro, "En carteleira...", *Naz-on. Revista Cultura Galega*, n.º 5, "Teatro", febreiro-marzo 2007, p. 28-31.

Nesta sección faise un repaso pola carteleira teatral galega. Así, sinálanse e coméntanse varios espectáculos. Entre eles atópase *As últimas lúas*, comedia dramática da que se di que se insire nos lindes do teatro social e que profundiza nun tema de grandes connotacións humanas e sociais: a vellez.

- J. A. Martínez, "Conciencia Teatral", *El Ideal Gallego*, "Opinión", 3 marzo 2007, p. 26.

Fálase da temática d' *As últimas lúas*, un asunto, segundo o articulista, moi presente nas vidas de todos, a vellez, visto dende un punto de vista dramático con pequenas doses de humor. J. A. Martínez di que non procede unha análise crítica debido á imposibilidade de asistencia ao preestreno da peza pola súa parte.

- Margarito Flowers, "Ernesto Chao, Rosa Álvarez y Artur Trillo estrenan *As últimas lúas* en Compostela", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 3 marzo 2007, p. 80.

Dá conta da estrea da obra no Salón Teatro compostelán. Dise que tras esta se iniciará unha xira por distintos lugares de Galicia para dar a coñecer a peza baseada no tema da

vellez dende o punto de vista dunha persoa maior que se sente un estorbo. Indícase que o papel protagonista está interpretado polo coñecido actor Ernesto Chao, recoñecido polo seu papel na serie televisiva *Pratos Combinados*.

- Ana Iglesias, "Tierna mirada a la vejez", *El Correo Gallego*, "Santiago", 4 marzo 2007, p. 32.

Comezando pola alusión ao tema da peza *As últimas lúas*, a vellez, destácase a volta ao escenario do actor galego Ernesto Chao con esta peza dramática salpicada de humor. Coméntanse ademais as diversas cidades galegas polas que pasará a obra, así como a súa actual xira por Italia.

- G.M.O., "A vellez obrigada", *La Opinión*, "A Coruña", 16 marzo 2007, p. 13.

Coméntase o tema da peza *As últimas lúas*, unha obra que aborda o tema da vellez dende o punto de vista dun ancián que se sinte destinado a rematar os seus días nun asilo. Dise que, coa soa aparición sobre o escenario de tres personaxes, protagonizados por Ernesto Chao, Rosa Álvarez e Artur Trillo, se leva a cabo esta crítica sobre a sociedade actual a cerca da desconsideración que as persoas de maior idade reciben, relegándoas así á soidade.

- M. G. M., "A compañía Lagarta Lagarta invita á reflexión na obra "As últimas lúas", *El Ideal Gallego*, "Cultura", 16 marzo 2007, p. 17.

Coméntase a reflexión sobre a senectude e os sentimentos que abordan ás persoas de maior idade cando, chegada esta etapa da súa vida, a sociedade os fai sentir inútiles aillándoos na súa soidade. Indícase que está protagonizada polo coñecido actor televisivo Ernesto Chao e que está focalizada dende o punto de vista dun ancián. Finalmente, informa que é posta en escena no Teatro Rosalía pola compañía Lagarta Lagarta tras recoller éxitos despois de oito funcións.

- Xosé Lueiro, "Cando o teatro é vida", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Venres", 16 marzo 2007, p. 4.

Salienta a gran calidade que caracteriza á peza *As últimas lúas* nos tres elementos que a conforman: texto, dirección e representación. Dise que, malia o cambio de rexistro da compañía Lagarta Lagarta nesta obra, esta non foi unha decepción para o público, senón que acadou grande éxito polo tratamento que fai da vellez cargado de sentimento. Sobrancéase a actuación de Ernesto Chao, actor protagonista, e o reparto que se completa con Artur Trillo e Rosa Álvarez.

- Manuel Xestoso, "Unha excelente obra sobre a vellez", *A Nosa Terra*, n.º 1.262, "Cultura", 29 marzo-11 abril 2007, p. 27.

Salienta a gran condensación de sentimentos e ideas transmitidas nun tempo escénico tan reducido como é un día e medio, tempo no que *As últimas lúas* presenta a un ancián, protagonizado por Ernesto Chao, que deixa a súa vivenda para rematar os seus días nun asilo, e todo isto sen caer nos tópicos que un tema tan recorrente como este pode suxerir. Dise que a visión que se achega sobre a vellez é a de que se trata dunha etapa máis da vida, perfectamente transmitida pola interpretación de Ernesto Chao.

- M. Mayoral, “La programación del Jofre para el mes de abril incluye dos citas con el ballet”, *Diario de Ferrol*, “Cultura”, 21 marzo 2007, p. 14.

Informa da programación do Jofre para o mes de abril concentrada nas dúas últimas semanas do mes debido á Semana Santa, pero a pesar do cal terán lugar até dez funcións. No tocante ao teatro destaca a presenza d’*As últimas lúas*, da man de Lagarta Lagarta. Indícase que esta programación se ve completada con espectáculos de ópera e teatro afeccionado onde teñen cabida grupos de Ferrrol.

- Inma López Silva, “Da senectude”, *Tempos Novos*, n.º 119, “Teatro”, abril 2007, p. 86.

Informa da posta en escena d’*As últimas lúas* e comenta que se trata dunha obra sobre a vellez, sobre esa senectude “triste que oscila entre o cansazo da vida, a nostalxia e a infinita soidade daqueles que encetaron xa unha conta atrás”. Inma López destaca o papel protagonista de Ernesto Chao, quen representa a un vello cos seus medos e ansias, que se atopa nun xeriátrico.

- Maré, “Lagarta Lagarta estrea a obra ‘As últimas lúas”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 8 xullo 2007, p. 30.

Informa da estrea d’*As últimas lúas* en Marín como parte da programación para a Mostra de Teatro da vila. Dise que esta peza, cuxo texto é do autor italiano Furio Bordón, está dirixida por Xulio Lago e representada por Ernesto Chao, Rosa Álvarez e Artur Trillo.

- Paraíso, “De cando a lagarta tocou a lúa”, *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios*¸ n.º 2, setembro 2007, pp. 4-6.

Reportaxe que fai un repaso á traxectoria da compañía Lagarta, Lagarta, composta só polos actores Ernesto Chao e Rosa Álvarez, mais a produtora Marta Sacau. Dise que apostan “polo teatro á medida” e que en cada un dos seus espectáculos elixen os profesionais cos que queren colaborar, os máis axeitados para cada obra. Indícase que no seu último proxecto, *As últimas lúas*, contaron co director teatral Xulio Lago e que a tradución do texto orixinal correu a cargo de Cándido Pazó. Coméntase o argumento da obra, que trata sobre a vellez e a morte, e dise que é unha reflexión sobre o papel dos máis vellos na sociedade. Saliéntase a interpretación de Ernesto Chao, como un vello profesor viúvo, e de Rosa Álvarez, como a nai falecida. Tamén se fala da escenografía, a iluminación e a boa recepción de público e crítica.

- Xosé Lueiro, “Entrevista a Ernesto Chao. Dime cómo xestionas e direiche cánto contratas”, *Naz-on. Revista cultural galega*, nº 9, “Entrevistas”, outubro-novembro 2007, pp. 12-14.

Entrevista ao actor televisivo e teatral Ernesto Chao na que incide na súa carreira como director teatral, xunto con Rosa Álvarez, da compañía de teatro Lagarta Lagarta. Chao achaca o seu éxito á boa distribución e xestión da compañía. Con motivo da Feira Galega da Artes Escénicas, o actor comenta as dificultades monetarias de distribuír as obras no estranxeiro e incluso a nivel nacional. Sinala a importancia da promoción

precedente ao estreo da obra e fala do seu éxito, así como doutras pezas como *A Piragua* e *Noite de Reis*.

- Ana Rodríguez, "As mellores compañías teatrais galegas, a escena en Gondomar", *Faro de Vigo*, "Valmiñor", 27 outubro 2007, p. 3.

Informa da presenza desta obra na VI Mostra de Teatro Roberto Vidal Bolaño de Gondomar, destacando o tema central como unha seria ollada sobre a senectude e a morte.

- Xosé Lueiro, "Sobre a xestión teatral", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Venres", "A contrabutaca", 9 novembro 2007, p. 4.

Dise que Ernesto Chao, xestor teatral que dirixe xunto a Rosa Álvarez a exitosa compañía Lagarta, Lagarta, comenta que se presentou á Feira Galega das Artes Escénicas porque o seu anhelo actual é expandirse cara ao exterior, aínda que o seu obxectivo prioritario é acadar éxito en Galicia, tal e como fixo coa obra *As últimas lúas*.

- Jaureguizar, "Non quero reducir a miña vida a Miro Pereira", *El Progreso*, "Vivir", 27 decembro 2007, p. 71.

Entrevista ao actor Ernesto Chao que protagoniza a obra de teatro *As últimas lúas*, un texto do italiano Furio Bordón, a cargo da compañía Lagarta Lagarta. Destácase que a obra é unha reflexión sobre os anciáns e a súa situación na sociedade actual.

La Machina Teatro: *Robinson y Crusoe,* Carlos Herans (direc.)

Teatro do **Lume**: *Vaguedás*, Marta Cuenca (direc.).

Teatro de **Luna**: *Ferdinando*

A **Mámoa**: *Vostede pode ser un asasino*

Ver Mes do Teatro

Markeliñe: *Carbón Club*.

Ver Cangas, XXIV Mostra Internacional de Teatro Cómico Festivo

Migallas Teatro: *O cantante e as mulleres*, texto e dirección de María Campos e Carlos Yus.

Miriñaque Teatro: *Interpretando a Becket*

Mofa e Befa: *Cociña para champantes.*

Ver Nasa.

Teatro de **Ningures:** *Emigrados*, texto de Cándido Pazó, Xosé Manuel Pazos, Suso de Toro, Anxos Sumai e Sonia Torre; Etelvino Vázquez (direc.).

Ver Cee, Marzo Teatral.
Ver XV Feira das Artes Escénicas de Galicia
Ver "Outono Teatro" de Pontevedra
Ver VI Mostra de Teatro de Gondomar "Roberto Vidal Bolaño"

Referencias varias:

- M. Beceiro, "Nuestra obra no está teñida de ningún revanchismo", *La Voz de Galicia*, "Al día", 24 febreiro 2007, p. 2.

Entrevista ao director de teatro asturiano Etelvino Vàzquez na que se comenta a obra *Emigrados*, representada por Teatro de Ningures, peza que trata a emigración dende o punto de vista do español. Saliéntase o paso de representacións clásicas a outras máis contemporáneas con *Emigrados* por parte desta compañía, ademais de resaltar a autoría múltiple da obra a conta dos autores galegos Anxos Sumai, Cándido Pazó, Sonia Torre, Suso de Toro e Xosé Manuel Pazos.

- Camilo Franco, "Outra volta aos tópicos", *La Voz de Galicia*, "Fugas", 2 marzo 2007, p. 16.

Crítica á representación *Emigrados*, de Teatro de Ningures, na que se cataloga a peza como tópica nos seus argumentos, salientando que non achega nada novidoso a cerca do tema tratado, a emigración, senón que abusa da repetición de ideas.

- Xosé Lueiro, "Fragmentos Esgazadores", *Galicia Hoxe*, "A contrabutaca", 2 marzo 2007, p. 4.

Entrevista a Salvador del Río, un dos actores de Teatro de Ningures, que representou en Santiago de Compostela a obra *Emigrados*. Indica que a peza fai un tratamento do trauma que supuxo e supón aínda hoxe a emigración, tratada dende diferentes puntos de vista e dende unha estética contemporánea, aínda que centrada en Galicia, evocadora dos sentimentos que este suceso supón sexa cal sexa o lugar de destino.

- A. S., "Teatro de Ningures se asoma a la emigración con textos de cinco escritores", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 17 marzo 2007, p. 44.

Coméntase a peza *Emigrados* con motivo da súa representación no Teatro Caixanova de Vigo. Dise que é unha obra que trata un tema de tanta afluencia e actualidade como é a emigración a través das distintas historias que lles van sucedendo aos distintos

personaxes e a través das cales se pretende perfilar esta situación tan presente en Galicia. Ademais, coméntase que con ela se pretende contribuír ao empurre de representacións de escritores galegos, como é este o caso, algo que se deixa a un lado por ser considerado unha empresa arriscada por mor da falta de promoción.

- M. M., " Teatro de Ningures reflexiona sobre o desarraigo na obra *Emigrados*", *Faro de Vigo*, "Agenda", 17 outubro 2007, p. 12.

Informa da obra *Emigrados* e dise que esta peza supón o abandono da compañía Teatro de Ningures dun teatro máis clásico. Dise que se trata un tema transcendente na historia de Galicia e que axudou a conformar o seu presente, a emigración. Saliéntase ademais a múltiple autoría da obra, de cuxa dirección se encarga Etelvino Vázquez.

- Ana Rodríguez, " As mellores compañías teatrais galegas, a escena en Gondomar", *Faro de Vigo*, "Valmiñor", 27 outubro 2007, p. 3.

Dá conta da presenza desta obra na VI Mostra de Teatro Roberto Vidal Bolaño de Gondomar e dise que a emigración é o tema central. Tamén fala da autoría múltiple da peza a cargo de X. M. Pazos, Suso de Toro, Anxos Sumai, Sonia Torre e Cándido Pazó.

Noescafé Teatro: *Discurso do método exclusivo*

Ver FestAlt07, Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo

Nova Escena Teatro**:** *Cinco mulleres co mesmo vestido*, texto de Allan Ball, Xoán Laxe (direc.).

Ver Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán.
Ver Mostra de Teatro de Vilalba

Nut Teatro: *4.48 psicose*, de Sarah Kane.

Ver 125 Anos de Teatro Galego
Ver Festival Zona Alternativa
Ver MITEU, XII Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, "En carteleira…", *Naz-on. Revista Cultural Galega*, n.º 5, "Teatro", febreiro-marzo 2007, pp. 28-31.

Nesta sección faise un repaso pola carteleira teatral galega. Así, sinálanse e coméntanse varios espectáculos. Entre eles atópase *4.48 psicose e corpos disidentes*, dirixido por Carlos Blanco, da compañía Nut Teatro. Indícase que nesta peza da inglesa Sarah Kane se trata o arrepiante testemuño dunha suicida momentos antes da súa morte. Malia o dito, dise que é toda unha declaración de vitalismo.

- Camilo Franco, "Demasiado sensible para ser humana", *La Voz de Galicia*, 22 febreiro 2007, p. 9.

Referencia á obra *4.48 Psicose*, de Nut Teatro, mediante suxestións interpretativas a cerca do teatro contemporáneo, así como á temática da peza, baseada na obra de Sarah Kane, somerxida naquel campo.

- Xosé Lueiro, "A herdanza de Sarah Kane", *Galicia Hoxe*, "A Contrabutaca", 23 febreiro 2007, p. 4.

Entrevista con Carlos Neira, director da compañía Nut Teatro, na que, tras un repaso sobre o éxito acadado pola anterior obra levada acabo por esta compañía, *Corpos Disidentes*, trata o tema central de *4.48 Psicose*: o suicidio, causa de morte da autora da obra na que se basea a representación, Sarah Kane. Coméntanse, ademais, elementos formais da representación tan variados como a posta en escena, a fidelidade textual ou a ideoloxía de traballo seguida pola compañía.

- Gemma Malvido, "125 anos de teatro gratuíto", *La Opinión*, "A Coruña", 28 agosto 2007, p. 12.

Dá conta da celebración na cidade da Coruña do cento vinte e cinco aniversario da primeira representación d'*A fonte de xuramento*. Co gallo desta celebración dise que o Fórum Metropolitano realizará, ao longo do mes setembro, catro funcións gratuítas. Indícase que o sábado 1 de setembro Nut Teatro representará *4.48 Psicose*; o domingo 2 de setembro, será representada *A viaxe de Efi*; o sábado 8, *Día tras día. A vida de Rosa*, da compañía Mariclown, e, finalmente, que a compañía Galitoon pechará os actos coa obra *Golulá*. Ademais infórmase da carteleira teatral da cidade herculina no mes de setembro, destacando a presenza de actores como Santi Millán, Belén Rueda, El Brujo ou Jaime Blanch.

O Fiadeiro: *Esta noite hai unha fía*

Pablo Nojes: *Que pasa na plaza III*.

Ver Vigo a Escena.

Pisando Ovos: *30.000.*

Ver XV Feira das Artes Escénicas de Galicia.

Referencia varia:

- maré, "Maratón para todos os públicos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 outubro 2007, p. 28.

Infórmase da programación teatral do día no eido da Feria Galega das Artes Escénicas que se desenvolve en Compostela. Dise que as producións *A bombilla máxica*, de Teatro do Atlántico, e o musical *Robin Hood*, de Acontrabutaca, son dúas das máis agardadas no Teatro Galán, onde tamén Títeres Trompicallo escenificará *Bolboreta*. Indícase que *O merlo branco* é o título co que Talía Teatro se presenta no auditorio do Instituto Xelmírez I e que a terceira xornada da Feira se pecha con dous espectáculos estreados xa en Compostela: *O burgués fidalgo*, de Molière, por Teatro do Morcego, e *30.000* da compañía de danza Pisando Ovos, na Sala Nasa.

Pisando Ovos: *No Intre 1800*

Ver Teatro Ensalle.

Referencia varia:

- Ricardo Solveira, "Kamikaze", *Revista Galega de Teatro*, n.º 52, "Críticas", outono 2007, pp. 97-98.

Destácase que o circo vive no teatro "un espazo de proxección". Valórase positivamente a elección do director arxentino Hernán Gené, o espazo escénico creado por Carlos Alonso e a música interpretada en directo polos propios actores. Apúntase que o cume da representación produciuse no soño do Home gris. Consideráse acertada a recreación do asalto a un teatro ruso. Remátase desexando que "este proxecto teña continuidade" en canto a que se manteña un tempo en cartel.

Pizarro Teatro: *Rotas*, de Rosa Castro, Xavier Picallo (direc.).

Porta aberta: *O arce do xard*ín, texto de Roberto Salgueiro.

Ver Certame de Teatro Afeccionado.
Ver Sala Yago

Referencia varia:

- A.R., "Porta aberta estrena en Vigo 'O arce do xardín', una comedia de trama policial de Roberto Salgueiro", *Faro de Vigo*, "Vigo 4 costados", 20 novembro 2007, p. 7.

Dá conta da estrea d' *O arce do xardín*, a conta de Porta Aberta, como peche do Certame de Teatro Afeccionado de Vigo. Coméntase que esta obra, baseada nunha de Roberto Salgueiro galardoada co IV Premio Álvaro Cunqueiro de Teatro, foi representada por antigos alumnos da Escola Oficial de Idiomas. Saliéntase o seu carácter divertido como comedia que parodia todo o que se pon sobre o escenario utilizando diversos flash backs insertos nunha acción que se desenvolve a partir dun asasinato.

Compañía Teatro **Proscrito** de Galicia: *A amarga emoción do perdido*, texto de José

Luis Prieto e Lino Braxe, baseado nun diálogo entre o rei Pedro e Inés de Castro escrito polo dramaturgo José Luis Prieto, Lino Braxe (direc.).

Referencias varias:

- Anxa Correa, "Estréase unha obra centrada en Inés de Castro hoxe en Santiago", *El Progreso*, "Cultura y Espectáculos", 25 xaneiro 2007, p. 69.

Coméntase a estrea da obra *A amarga emoción do perdido* na B de Santiago, que será representada en catro ocasións máis nesta Sala. Coméntase que esta peza teatral recupera a figura de Inés de Castro a partir dun diálogo entre o rei Pedro de Portugal e a nobre monfortina Inés de Castro.

- Lupe Gómez, "Amar é delirio", *Galicia Hoxe*, "Miradas", 2 febreiro 2007, p. 5.

Coméntase a nova obra de Lino Braxe retratándoa de sorprendente debido non só á curta duración, de só media hora, senón tamén á exótica temática mesturando o mundo galego e portugués co hindú nunha historia de amor que recrea a figura de Inés de Castro.

Sapristi: *Alicias no médico*

Ver 125 Anos de Teatro en Galego

Sapristi: *Unha merenda de Alicias*

Sarabela Teatro: *A gata con botas*

Ver Narón, Sábados Teatrais
Ver Festival de Teatro "Teatrarte" de Redondela

Sarabela Teatro: *Margar no pazo do tempo*, texto e dirección Ánxeles Cuña Bóveda.

Ver XV Feira das Artes Escénicas de Galicia.

Referencias varias:

- Gonzalo Gay, "La agenda", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 118, febreiro 2007, pp. 3-4.

Sección fixa, subdividida en distintos apartados, na que se dá conta de diferentes actividades culturais. Entre elas saliéntase a representación da obra *Margar no pazo do tempo*, da compañía Sarabela Teatro, dirixida por Ánxeles Cuña, no Teatro Principal. Dise que se trata dunha comedia terrorífica con apuntamentos de ciencia-ficción, terror gótico e misterio e con personaxes grotescos. Tamén se fai eco da exposición "El teatro:

toda una historia", na que se fai un repaso pola historia do teatro, dende o seu nacemento até a actualidade.

- Paraíso, "Fórmula Sarabela", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios*, n.º 1, marzo 2007, pp. 4-7.

Reportaxe que percorre a traxectoria da compañía Sarabela, fundada pola súa directora Ánxeles Cuña Bóveda en 1980. Salienta as representacións de obras como *A esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor, ou *O lapis do carpinteiro* (1999), de Manuel Rivas. Como sinal de identidade destaca o potencial de traballo, a creatividade, o coidado no proceso de produción das montaxes, unha liña estética propia, o equilibrio de fondo-forma, con postas en escena moi visuais e argumentos atractivos. Tamén se di que os seus membros están moi vinculados ao mundo da docencia e a formación por medio da Aula do Teatro Universitaria. Faise unha presentación dos compoñentes e das funcións que realizan. Péchase a reportaxe cunha síntese dos espectáculos máis importantes da compañía entre eles *Cristovo e o libro das marabillas*, de Fina Calleja, e *Magar no pazo do tempo*, de Ánxeles Cuña Bóveda.

- E. Fariñas, "Sarabela Teatro busca a liberación na súa última montaxe, 'Margar no Pazo do tempo", *La Región*, "Ourense", 14 marzo 2007, p. 8.

Dá conta do sentimentalismo que rodea a obra *Margar no Pazo do tempo*, unha peza sobre o progreso humano co obxectivo de sensibilizar ao público mediante o uso de diversos rexistros, tales como o uso de elementos tráxicos, cómicos ou irónicos.

- Jaureguizar, "Ou nos coñecen ou desaparecemos", *El Progreso*, "Cultura", 31 outubro 2007, p. 79.

Entrevista realizada á directora de Sarabela Teatro, Ánxeles Cuña, na que se fala sobre a súa última montaxe *Magar no pazo do tempo*. Sobre esta obra, ela mesma di "é unha alegoría sobre a orde e o equilibrio". Coméntase que nela se mesturan temas musicais, míticos, eróticos e gastronómicos.

- L.R, "Sarabela presenta su obra 'Margar no Pazo do Tempo' en el Teatro Principal", *La Región*, "Ourense", 26 novembro 2007, p. 10.

Informa que a compañía teatral Sarabela vai representar no Teatro Principal de Ourense a obra *Margar no Pazo do Tempo*, dirixida por Ánxeles Cuña Bóveda. Comenta que a obra se centra en destacar os perigos do desequilibrio psíquico e a integración a través da arte.

- Manuel Rivas, "Moita 'merda'!", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Grouchos", 14 decembro 2007, p. 12.

Faise unha loa do teatro e da poesía galega a partir da estrea de obras como *Noite de Reis*, de Quico Cadaval, ou da nominación aos Premios Max de Teatro de *Magar no pazo do tempo*, de Sarabela teatro. Tamén se fala doutras iniciativas radiofónicas e mesmo da editora Rinoceronte, de Cangas, polo seu labor de achega de obras literarias de múltiples literaturas.

Simón, Antonio/ Teatro L. : *Ocaso Otero*, texto de Manuel Guede, Antonio Simón (direc.).

Referencias varias:

- Inma López Silva, "Da ousadía", *Tempos Novos*, n.º 124, setembro 2007, p. 93.

Coméntanse os prexuízos e "acusacións" das que foi froito a representación da obra *Ocaso Otero* debido ao tema tratado. En contra disto deféndese a representación. Lóanse deste xeito non só o tema tratado e os recordos dun pasado, senón tamén o papel dos actores e a escenificación.

- Camilo Franco, "Retórica do fraseo", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y crítica", 20 decembro 2007, p. 59.

Reflexiona sobre o teatro e, máis concretamente, sobre a obra de Manuel Guede, *Ocaso Otero*, obra na que se recupera a historia da Bella Otero que agora é unha anciá. Segundo Camilo Franco "o escenario e a metáfora da Otero pechada sobre o seu propio personaxe apuntaban de principio un xogo que non se produce sequera na relativa revelación final".

Sísifo Teatro**:** *Parella Aberta*, adaptación de Cándido Pazó, textos de Franca Rame e Darío Fo.

Ver Vigo a Escena

Skené Teatro: *A asemblea das mulleres*, **Aristófanes**, Leonel García Laborde (direc.).

Ver "Outono Teatro" de Pontevedra
Ver VI Mostra de Teatro de Gondomar "Roberto Vidal Bolaño"

Referencia varia:

- Ana Rodríguez, "As mellores compañías teatrais galegas, a escena en Gondomar", *Faro de Vigo*, "Valmiñor", 27 outubro 2007, p. 3.

Infórmase da posta en escena desta obra na Mostra de Teatro Roberto Vidal Bolaño de Gondomar en relación á cal se salienta o seu carácter cómico, así como a novidade do uso do coro grego.

Spaguetti Títeres: *Cinco contos para unha man*.

Ver Vigo a Escena.

Talía Teatro: *Quero ser grande*, texto e dirección Artur Trillo.

Teloncillo-kaspar: *El caso hauser*

Ver MITEU, XII Mostra Internacional de Teatro Universitario

Referencia varia:

- Gonzalo Gay, "La agenda", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 119, marzo 2007, p. 3.

Sección fixa, subdividida en distintos apartados, na que se dá conta de diferentes actividades culturais. Entre elas destácase a celebración da duodécima edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario e infórmase que, ademais de Portugal e de España, terán cabida varios países europeos. Tamén se sinala a posta en escena de *El caso Hauser*, da compañía Teloncillo-kaspar no Auditorio e dáse conta do seu argumento.

Tirinautas: *O último chimpín*, Xosé Lueiro (direc.).

Referencias varias:

- M. L. G., "El Centro Dramático Galego actúa hoy y mañana en el Auditorio", *La Opinión*, "Narón", 19 xaneiro 2007, p. 26.

Dá conta da posta en escena desta peza teatral en Narón durante a fin de semana. Saliéntase o grande abano de actores galegos que participan nesta obra cuxo tema central son os problemas de convivencia entre dous irmáns instalados en Francia tras quince anos de exilio no deserto de Arxelia.

- Xosé Lueiro, "Comediantes sen complexos", *Galicia Hoxe*, "A Contrabutaca", 19 xaneiro 2007, p. 4.

Entrevista a José Manuel Puente "Isi" e David "Amor", cómicos participantes na representación d'*O último chimpín*, obra caracterizada polas súas xenerosas doses de humor.

- Xosé Lueiro, "En carteleira...", *Naz-on. Revista Cultura Galega*, n.º 5, "Teatro", febreiro-marzo 2007, p. 28-31.

Nesta sección faise un repaso pola carteleira teatral galega. Así, sinálanse e coméntanse varios espectáculos. Entre eles *O último chimpín*, adaptación da peza *El último tranvía*, que se considera unha obra que remeda con total fidelidade o ideario ético e estético da montaxe anterior da compañía Tirinautas. Dise que presenta un humor irreverente,

espontaneidade, complicidade e frescura. Indícase tamén que é unha comedia que ten nos números musicais un dos seus puntos fortes.

- H.V., "Arrinca o último chimpín", *Galicia Hoxe*, "A contrabutaca", 2 febreiro 2007, p. 4.

Reflexión acerca das consideracións actuais sobre o teatro en canto que comercial, alternativo, familiar,... Conclúese que o único importante é a separación entre bo e mal teatro, o cal conduce á importancia do público, cuxa satisfacción afirma deste xeito a calidade da obra. Opínase que *O último chimpín* goza de boas consideracións.

Trasno Novo Teatro: *D2N23*, textos de Kafka, Milan Kundera, J. Carrigan, Jean Paul Sartre.

Ullán Teatro: *Unha de vaqueiros*, texto e dirección de Manuel M. Carrillo.

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado "Domingos a escena"

Vichelocrego Teatro: *Spot*

Ver Roberto Vidal Bolaño. VI Mostra de Teatro de Gondomar

Referencia varia:

- Ana Rodríguez, "As mellores compañías teatrais galegas, a escena en Gondomar", *Faro de Vigo*, "Valmiñor", 27 outubro 2007, p. 3.

Informa da presenza da obra como peche da VI Mostra de Teatro Roberto Vidal Bolaño de Gondomar, salientando o seu especial tratamento sobre o mundo da publicidade.

Volta e Dálle Teatro: *Jalisia, mi madriña.*

Ver Arte Livre, Teatro (TAL), Sala Alternativa.
Ver Pontevedra Outono Teatral.

Volta e Dálle Teatro: *Pan*, dirección de X. Henrique Rivadulla 'Corcón', Nazaret López, Carlos Santiago e Lucho Penabade.

Ver XV Feira das Artes Escénicas de Galicia

Referencias varias:

- M. Beceiro, “Catro visións teatrais da malla”, *La Voz de Galicia,* “Santiago”, 9 outubro 2007, p. L9.

Informa de que a compañía Volta e Dálle vai representar no Teatro Principal de Santiago de Compostela a súa obra *Pan*. Dise que se trata dunha obra na que se fai memoria do pasado, a través da antiga maneira de facer o pan, na casa ou na aldea, como faena diaria, que serve para contrarrestar coa situación actual chea de conflitos na que nin sequera se sabe de onde vén o pan.

- Lupe Gómez, “A festa do pan”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Venres”, “Miradas”, 19 outubro 2007, p. 2.

Incide en que a compañía Volta e Dálle está a representar a obra de teatro *Pan*, coa que se pretende dar resposta á pregunta de onde vén agora o pan?

- Camilo Franco, “Unha temporada de tempo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 234, “Letras en Galego”, 27 outubro 2007, p. 8.

Faise eco do transcurso e remate de sete producións teatrais que viron luz ao longo deste outono na Feira das Artes Escénicas, cita na que o sector tenta encontrar o lado mercantil para unha arte que precisa do público. Dise que este ano, a diferenza doutras edicións, se acada o obxectivo de instituír dun xeito factíbel unha temporada teatral en Galicia. Infórmase dunha ampla variedade de representacións que abranguen aos máis novos e aos maiores. Entre o amplo abano de producións saliéntanse *A bombilla máxica*, *Pan*, *Comida Chinesa* e a obra realista *Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas*.

Volta e Dálle Teatro: *Rodesindo da Barrosa*

III.4.2.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

Aforo Teatro: *Eloxio da loucura*, Leonel García Laborde (direc.).

Ver Vigo a Escena

Aforo Teatro: *O cepillo de dentes*

Ver Arte Livre, Teatro (TAL), Sala Alternativa.

Arela das Artes: *Ifixenia en Áulide*, Charo Amador (direc.).

Referencia varia:

- María Argibai, “Eurípides chega á Cañiza”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 15

setembro 2007, p. 60.

Dá conta do pre-estreo da peza *Ifixenia en Áulide* na Casa da Cultura da Cañiza, unha obra da traxedia grega do século V sobre a guerra e o feminino levada ao século XXI pola man dunha compañía viguesa que escolle estas terras para pre-estreala. Saliéntanse como contido da peza os "rasgos máis esenciais do ser humano", así como a dificultade de poñelos en escena debido ao intenso contido dramático deste xénero procedente de Grecia.

Teatro **Artesán**: *A verdadeira historia de Estoraque o Indiano*, Juan Sanmartín 'Juan de Mondego' (direc.).

Referencias varias:

- Víctor Castro, "El teatro y el rock gallego protagonizan la Festa Galega", *El Ideal Gallego*, "Especial", 28 abril 2007, p. 11.

Dá conta da presenza d´*A verdadeira historia de Estoraque, o Indiano*, de Teatro Artesán, como parte das actividades programadas para a celebración da Festa Galega. Infórmase ademais da música e gastronomía que popularizan estas festas, salientando o gran número de colaboradores grazas aos cales se desenvolven.

- Daniel Salgado, "La compañía Teatro Artesán defiende su visión popular del género", *El País*, "*Galicia*", 1 maio 2007, p. 30.

Tras informar dos inicios da compañía Teatro Artesán, fundada en 2004 por Juan de Mondego, director e profesional do Teatro Independente, infórmase que a obra *A verdadeira historia de Estoraque, o Indiano* clausura a II Festa Galega do Teatro Artesán. Dise que é a cuarta obra da compañía baseada nas "farsas para títeres" de Eduardo Blanco Amor. Finaliza dicindo que deste xeito a compañía leva a cabo unha recuperación dos autores máis populares mediante unha comedia musical accesíbel e económica que non goza de subvencións para realizarse.

B. A. Teatro: *Rosi.*

Ver Chantada, XVII Mostra de teatro popular.

Bartoleta: *Ataque verbal*, codirección Helga Méndez e Esperanza Vidal.

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado "Domingos a escena".
Ver Mostra de Teatro Pombiña
Ver Semena de Teatro Afeccionado de Vigo

Referencia varia:

- A. R., "Porta aberta estrena en Vigo *O arce do xardín*, unha comedia de trama policial de Roberto Salgueiro", *Faro de Vigo*, "Vigo 4 costados", 20 novembro 2007, p. 7.

Faise eco, de forma moi exhaustiva, do contido e estrutura da función que clausura en Vigo o próximo día 30 de novembro o Certame de Teatro Afeccionado. Dise que esta mostra artística, organizada pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturales de Vigo, seleccionou para este ano un total de cinco grupos de diferentes partes de Galicia. Comenta que entre as obras representadas e que non entran a concurso se atopa *Ataque verbal* do grupo ferrolán Bartoleta. Para rematar di que a mostra pretende servir de pulo para o desenvolvemento do teatro galego; de aí que todas as compañías participantes reciben un premio de mil euros.

O **Bordelo**: *O mariñán*, texto e dirección de Francisco Piñeiro

Ver Mes do Teatro

Clown Theatre: *Actioon*.

Ver Cangas, XXIV Mostra Internacional de Teatro Cómico Festivo.

Clown Theatre: *Revoltallo entre pedras.*

Ver Cangas, XXIV Mostra Internacional de Teatro Cómico Festivo.

Combo Roxo: *Folk&Roll Vodeville*

Ver Cangas, XXIV Mostra Internacional de Teatro Cómico Festivo.

Colectivo Moañés de Mulleres: *O servizo de urxencias*

Ver Moaña, Ciclo de Teatro Afeccionado

Grupo **Cordelia**, Aula Universitaria de Ourense:*O Casamento*

Ver MITEU, XII Mostra de Teatro Universitario Galego

Aula de Teatro Universitario da **Coruña:** *Os fusís da señora Carrar*, texto de Bertold Bretch, Zé Paredes (direc.).

Ver MITEU, XII Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Referencia varia:

- G. Malvido, "Aula de Teatro estrea 'Os fusís da señora Carrar", *La Opinión*, "Ciudad y Cultura", 16 marzo 2007, p. 12.

Informa da introdución da literatura sobre a Guerra Civil no teatro universitario coa estrea desta peza que reivindica a República ambientada en Andalucía.

Escola de Teatro de **Cuntis**: *Sublime Decisión*, Miguel Mihura (direc.).

Referencia varia:

- Laura García, "A Escola de Teatro de Cuntis reflexiona sobre o machismo coa obra *Sublime Decisión*", *Diario de Arousa*, "Actividade teatral", 9 decembro 2007, p. 27.

Dá conta da estrea de *Sublime Decisión*, obra da Escola de Teatro de Cuntis e segunda peza que esta escola pon en escena, resaltando a gran afluencia de público que acadou, motivo polo que tivo que ser programada unha nova representación Coméntase a temática da obra, centrada nas dificultades sociais das mulleres con respecto aos homes nunha determinada época da historia galega; así como tamén os pequenos inconvenientes cos que conta unha compañía coma esta, de actores afeccionados que non sempre están á disposición, a pesar do cal o talento non falta, e iso traduciuse nunha peza de éxito.

Disque Danza: *Menú vexetal (dáme verde)*.

Equus: *A grande fuxida.*

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado "Domingos a escena"

Escola Municipal de Teatro da Estrada: *A ópera de a patacón*, Ababell Gago (direc.), **Vidal Bolaño,** Roberto.

Referencia varia:

- Xosé Lueiro, "Soños a prezo de patacón", *Galicia Hoxe*, "Hoxe venres", 29 xuño 2007, p. 4.

Coméntanse as dificultades coas que conta unha agrupación non profesional como é a Escola Municipal de Teatro da Estrada, como tantas outras, pero faise fincapé no importante labor desempeñado por este tipo de asociacións, as cales non están carentes de profesionalidade, feito que queda demostrado no éxito acadado polas súas representacións, como a posta en escena d´*A ópera de a patacón*, con respecto á cal se salienta a súa calidade estética, entre outras cousas, logo de dar conta da súa temática.

Teatro **Expresión**: *Imas-Xinarium ou Ofimax*

Ver Cee, Marzo Teatral.

Referencia varia:

- Ángel García Carragal, "Representación teatral en Marcón", *Diario de Pontevedra*, "Parroquia de Marcón", 18 marzo 2007, p. 7.

Da conta da presenza da peza *Imas-Xinarium ou Ofimax* en Marcón como parte do ciclo Domingos de Teatro. Marzo Teatral. Saliéntase o carácter imaxinativo desta peza catalogada como comedia "clown".

Faro-Miño, Grupo de teatro: *Teatro a granel.*

Ver Chantada, XVIIª Mostra de teatro popular.

Teatro **Lope** de Vigo: *Ide todos ó inferno*,

Ver Move Vigo.

Referencia varia:

- S. Penelas, "El grupo de teatro universitario Saraiba celebra una gala solidaria", *Faro de Vigo*, "Vigo", 12 decembro 2007, p. 9.

Informa de que o grupo teatral Saraiba celebra unha gala solidaria no auditorio da Facultade de Ciencias para "despertar inquietudes teatrales y contribuir a que las personas más necesitadas también disfruten de la navidad". Dise que participa nesta gala Teatro Lope de Vigo, con *Ide todos ó inferno*.

Teatro **Luna**: *Obsexiones*

Referencia varia:

- S. Penelas, "El grupo de teatro universitario Saraiba celebra una gala solidaria", *Faro de Vigo*, "Vigo", 12 decembro 2007, p. 9.

Informa de que o grupo teatral Saraiba celebra unha gala solidaria no auditorio da Facultade de Ciencias para "despertar inquietudes teatrales y contribuir a que las personas más necesitadas también disfruten de la navidad". Participa nesta gala Teatro Luna, con *Obsexiones*.

Teatro **Luna:** *Varietres*

Lupo: O avaro.

Ver Cee, Marzo Teatral.

Aula de Teatro Universitario de Ourense **Maricastaña**: *Unicornio*, Fernando Dacosta (direc.), **Whitman**, Walt.

Max Teatro: *A morte non vén a verte.*

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado "Domingos a escena".

Metátese Teatro: *Paraíso Laranxa*

Ver Mostra de Teatro de Vilalba

Pombiña: *As bodas de Fígaro*

Ver Mostra de Teatro de Pombiña

Teatro **Quartoescuro**: *A noite de Leonard*, de Carlos Gulías e Ángel Seoane.

Ver Moaña, Ciclo de Teatro Afeccionado

Grupo Municipal de Teatro de **Riveira:** *La casa de Bernarda Alba*, Segundo Durán (direc.), **García Lorca**, Federico.

Ver Mostra de Teatro de Vilalba

Referencia varia:

- Marina Cascallar, "La gente tímida tiene más facilidad para encaminar sus pasos hacia lo artístico", *Diario de Arousa*, "Comarca", 6 abril 2007, p. 21.

Entrevista a Segundo Durán, "Chiqui", director do Grupo Municipal de Teatro de Ribeira na que se salienta a súa traxectoria, que o levou a dirixir este grupo e a acadar diversos recoñecemetos tras ser seleccionado no Certame de Teatro Afeccionado "Paco Rabal" pola obra *La casa de Bernarda Alba*.

Sircópatas, As: *A Pachorra*

Ver Cangas, XXIV Mostra Internacional de Teatro Cómico Festivo.

Tarumba: *Remanente nº 1*, Tito Asorey (direc.).

Referencia varia:

- M.G.M., "El grupo de teatro Tarumba habla de la marginación social en clave de humor", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 14 outubro 2007, p. 14.

Recóllese a noticia do outorgamento dun dos Premios Buero, organizados pola Fundación Coca-Cola, a unha obra "de xóvenes feita por xóvenes", chamada *Remanente 1ª,* que é unha versión realizada polo grupo de teatro Tarumba da novela *Los hijos del trueno,* de Fernando Lalana.

Ti e mais eu: *Parella de damas.*

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado "Domingos a escena".

Toxos e Froles: *Mundo de xigantes*, texto de **VV.AA.**, Óscar Codesido (direc.).

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado "Domingos a escena".

Aula de Teatro da **Universidade de Santiago de Compostela**: *Trufaldino, servidor de dous amos.*

Ver FITEU, XIIIº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

Referencia varia:

- Fran Godón, "Trufaldino", *Revista Galega de Teatro*, n.º 52, "Críticas", outono 2007, pp. 92-95.

Apúntase que tras ver esta proposta de farsa recoñece que ten razón o autor da frase "a comedia é a reflexión máis seria sobre os pecados do home". Detállase o argumento, a estrutura e o emprego da metateatralidade, orientados á finalidade de "procurar o riso do espectador". Valórase como un "exceso de falsidade", respecto ao traballo actoral, "o xogo de representación anticuada, de interacción co espectador", mentres o traballo individual "sostén o ritmo xeral". Defínese a escenografía como "especialmente evocadora", na que existen tres espazos claramente definidos e delimitados, e precísase que, grazas á iluminación, a escenografía consegue ser importante e sinxela. Avísase ao espectador que vai desfrutar de "teatro desenfadado e esencialmente cómico", pero recoñécese que non lle convenceu totalmente. Conclúese indicando que se trata dun espectáculo "de bonita elaboración, moi cómico e ben pespuntado".

VaiaDous Teatro: *Enténdemetiamintamén.*

Ver Chantada, XVIIª Mostra de teatro popular.

Aula **Universitaria de Vigo**: *Tellas verdes.*

Ver MITEU, XII Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Aula de Teatro da **Universidade de Vigo, Campus de Pontevedra**: *Nosa señora das nubes*

Ver MITEU, XII Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Xenio: *Non hai ladrón que por ben non veña*, texto de Dario Fó, Manuel Solla Barragáns (direc.).

Ver Cee, Marzo Teatral.

Referencia varia:

- Ángel García Carragal, "Representación teatral en Marcón", *Diario de Pontevedra,* "Parroquia de Marcón", 18 marzo 2007, p. 7.

Dá conta da presenza da peza *Non hai ladrón que por ben non veña* en Marcón como parte do Ciclo Domingos de Teatro. Marzo Teatral. Coméntase o tema da peza, unha comedia onde o protagonista é un ladrón ao que lle ocorren diversos sucesos, facendo tamén alusión ao reparto que participa na escenificación.

III.4.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

III.4.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Teatro do **Adro:** *García*, texto e dirección de Cándido Pazó.

Ver "Outono Teatro" de Pontevedra

Teatro do **Adro**: *Zipi e Zape*, texto e dirección de Cándido Pazó.

Áncora Producción**s**: *Final de Película*, texto e dirección de Gustavo Pernas

Teatro do **Andamio**: *Yepeto*, Tatiana Likha Chena (direc.).

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios

Artello-Teatro Alla Scala 1:5: *Unha de amor*.

Ver 125 Anos de Teatro en Galego.

Referencia varia:

- LR, "O teatro de títeres aséntase no Carballiño", *La Región*, "Verano", 16 agosto 2007, p. 14.

Dáse conta da presenza no Carballiño da compañía Artello Teatro coa peza *Unha de amor*, enmarcada na celebración dos cento vinte e cinco anos da estrea da primeira peza do teatro galego, *A fonte do xuramento*, de Francisco Mª de la Iglesia. Explícase que é unha iniciativa da Consellería de Cultura e do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), que vai percorrendo diferentes vilas de Galicia. Remátase con algúns datos sobre a compañía, considerada unha das máis consolidadas do panorama galego e con éxitos como a peza *Unha de amor*, que foi galardoada co premio da Feira Europea de teatro para nenos e nenas. Da obra de teatro saliéntase a presenza de recursos cinematográficos e a coidada estética, para levar ao escenario a historia dunha anduriña e o malhumorado Gato Gaiado.

Teatro do **Atlántico:** *A raíña da beleza de Leenane*, texto de Martin Mc Donagh, Xulio Lago (direc.).

Teatro do **Atlántico**: *Memoria do 36*, texto de Ferrín, Álvarez Cáccamo, Celso Emilio Ferreiro, Blanco Amor ou Rábade Paredes, entre outros, Xulio Lago (direc.).

Avelino González: *Vento mareiro*, Avelino González (direc.), **Cabanillas**, Ramón

Balea Branca: *Antaviana*.

Balea Branca: *Defensa de dama*, Damián Contreras (direc.).

Bucanero Teatro: *Piratadas,* José Luis López "Sacha" (direc.), **Prieto,** José Luis.

Bucanero e Eme2 Producións: *Por un millón de dólares*, Lino Braxe (direc.), **Prieto,** José Luis.

Teatro **Cachuzo**: *Charlie's Angels Sex*, Begoña e Silvia Ferreira e Eva Gontand (direc.).

Teatro de **Cámara Ditea**: *Melocotón en xarope*.

Ver Seixo, O, XX xornadas de Teatro Galego.

Referencia varia:

- Ana Iglesias, "Música, arte y teatro con sello gallego en la agenda cultural del mes de enero", *El Correo Gallego*, "Santiago", 31 decembro 2007, p. 24.

Dise que a axenda cultural de Santiago de Compostela para o mes de xaneiro se presenta chea de música, arte e teatro. En canto o teatro destácase a presenza das compañías Teatro Noroeste, coa obra *Extrarradios*, Teatro Ditea, con *Melocotón en xarope*, e Teatro de Ningures, con *Misericordia*.

Cándido Pazó: *Nano*, Cándido Pazó (direc.), **de Toro**, Suso.

Centro Dramático Galego: *Illa Ramón*, Ana Vallés (direc.).

Centro Dramático Galego: *Regreso ao deserto*, texto de Bernard-Marie Koltès, Cristina Domínguez (direc.).

Referencia varia:

- Manuel Xestoso; "Un Koltés demediado", *A Nosa Terra*, n.º 1.252, "Cultura", 18-24 xaneiro 2007, p. 27.

Coméntase a posta en escena da primeira obra de Cristina Domínguez como directora do Centro Dramático Galego (CDG), *O regreso ao deserto*, de Bernard-Marie Koltés. Saliéntanse os temas tratados, tales como as loitas sociais e raciais ou a desintegración da familia, co fondo histórico da guerra de Alxeria. Como crítica á montaxe realizada polo CDG bótase en falta a "poesía da linguaxe" que caracteriza as obras de Koltés.

Chévere: *Tentacular*

Teatro **D2:** *Figurantes*, Alfonso Castro (direc.), **VV. AA.**

Teatro **D2:** *Flores Migratorias*, Teresa de la Hera (direc.).

Ver Teatro Ensalle.

Referencia varia:

- V. Oliveira, "Ao teatro de Galicia sóbralle grandilocuencia", *Galicia Hoxe*, "Lecer", 16 decembro 2007, p. 12.

Entrevista aos membros de Teatro D2, Diego Freire e Manu Lago. Dise que, despois de debutar con *Figurantes*, presentan *Flores migratorias,* obra que trata o tema da insatisfacción permanente do ser humano.

Diego Anido: *O Alemán*.

Enma Silva: *Gabriella Sacaúntos*.

Teatro **Ensalle:** *Oco*, Pedro Fresneda (direc.).

Teatro **Expresión**: *Entre nós*, Manuel Solla (direc.).

Ver Festival de Teatro "Teatrarte" de Redondela

Factoría Teatro: *Os homes só contan até tres*, Cristina Domínguez (direc.), **Lopo,** Antón.

Factoría Teatro: *Tío Vania*, Cristina Domínguez (direc.), **Chéjov,** Anton.

Fulano, Mengano e Citano: *O Faro*, texto e dirección de X. Manuel Conde, Manuel Botana e Manuel Pombal.

Referencia varia:

- Víctor Castro, "La obra *O faro*, mañana en la casa de la cultura", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", 3 febreiro 2007, p. 20.

Dá conta da presenza desta obra en Sada con motivo da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios organizada polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Menciónase o tema da peza, centrado nun fareiro que ten que abandonar o seu posto, deixando no seu lugar unha persoa totalmente inexperta.

Teatro **Galileo:** *O avaro*, texto de Molière, Pedro Rubín (direc.).

Ver Ciclo Domingos de Teatro. Marzo Teatral.
Ver Festival de Teatro "Teatrarte" de Redondela
Ver Narón, Sábados Teatrais.
Ver Mostra de Teatro Clásico de Lugo.
Ver Rede Galega de Teatro se Auditorios

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, "Teatro Galileo actualiza *O Avaro* de Moliére no Fórum", *La Opinión*, "Ciudad y Cultura", 24 febreiro 2007, p. 10.

Tras un pequeno resumo do tema da peza, centrada nun "pecado" moi presente na sociedade actual como é a avaricia, xa satirizada por Moliére na súa época, saliéntase a dedicación aos clásicos de Teatro Galileo. Dise que se pecha unha etapa da compañía coa escenificación desta obra, á que lle seguiron outras como *Rosso profondo in punto di morte* ou *Náufragos*, enmarcadas no teatro contemporáneo.

- Atalaya Mariñana, "Teatro Galileo' pone hoy en escena 'O avaro", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", 22 abril 2007, p. 22.

Dá conta da presenza desta obra como parte da programación de Sada para o mes de abril. Dise que se trata dunha peza na que se mesturan, de xeito magnífico, escenas dramáticas con outras totalmente humorísticas.

- Jesús Manuel García, "Dramaturgia de actualidad", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Ourense", 17 maio 2007, p. 11.

Coméntase que dentro dos actos que terán lugar en Ourense nesta fin de semana salientan a representación d' *A Piragua*, do Centro Dramático Galego, no Teatro Principal de Ourense. Tamén a representación d' *O avaro*, de Teatro Galileo, no Auditorio da cidade das Burgas.

Teatro **Galileo:** *O divertimento do rei*, texto e dirección de Pedro Rubín.

Juanillo Esteban: *Yoni Mediogramo*.

Lagarta, lagarta: *Carambola (cóncavo convexo)*, texto de José Luís Lino Prieto, Braxe (direc.).

Referencia varia:

- Inma López Silva, "A parábola do cazador cazado", *Protexta*, n. º 4, "proPostas", outono 2007, p. 17.

Di que José Luís Prieto publicou en 2005 a peza teatral *Fobias*, unha comedia de intriga psicolóxica coa que iniciou unha liña que continuou en obras posteriores. Fálase así de *Cóncavo*-convexo, peza da que se achega o argumento e se fala dalgún dos seus personaxes. Sinala que a situación incríbel que se presenta leva ao lector a reflexionar sobre os límites da verdade e a mentira xa que os personaxes intentan transformar a esta última en verdade.

Asociación **Lilith:** *Soberanas, é cousa de mulleres,* de Marcos Petete e outros (direc.).

Lucier: *Vol.num.uno*.

Ludd: *Census, o soño do enumerador*.

Luma Gómez: *Muller, non é para tanto*.

Manicómicos: *Galician Express*.

Manicómicos: *Glu:m*, de Carlos Santé (direc.)

Manicómicos e Mariclown: *Cabaré na Fábrica*.

Marta Pazos: *Lola Mento*.

Matarile Teatro: *Historia natural (eloxio do entusiasmo)*, texto e dirección de Ana Vallés.

Matarile Teatro: *Truenos y misterios*, texto e dirección de Ana Vallés.

Ver XV Feira das Artes Escénicas de Galicia.
Ver Isto Ferve, III Encontro Contemporáneo de Teatro e Danza.

Referencias varias:

- A. R. López, "Vallés: 'O medo estimúlame", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 xaneiro 2007, p. 33.

Dá conta da presenza desta obra no Festival de Escena Contemporánea en Madrid, salientando o tema da peza de maneira subxectiva posto que trata das diferentes identidades dunha mesma persoa ao longo da súa vida, mencionado pola propia directora da obra.

- Xosé Lueiro, "Emocións e memoria", *Galicia Hoxe*, "Hoxe venres", 22 xuño 2007, p. 4.

Dá conta da posta en escena, baixo a dirección de Ana Vallés, de *Truenos y misterios* pola compañía Matarile Teatro. Comenta a obra e a posta en escena e afirma que, na peza evócase a obra *A clase morta*, do escritor polaco Kantor. Para finalizar descríbese o elenco e a traxectoria da compañía.

- Inma López Silva, "O teatro que está vivo", *Tempos Novos,* n.º 122, "Crítica. Teatro",

xullo 2007, p. 80.

Trata das representacións de Matarile Teatro resaltando o seu ton real e próximo ao espectador. Entre elas destácase *Truenos y misterios*, peza que se caracteriza por romper as convencionalidades que rodean o teatro así como por sacar o máximo partido aos diferentes recursos usados sobre o escenario, todo isto para obter como resultado unha peza que deixe ao público absorto, sumido nas accións desenvolvidas polos personaxes como se dunha vida paralela se tratase.

- Xosé Lueiro, "Truenos y Misterios. Compañía Matarile Teatro", *Naz-on. Revista cultural galega*, n.º 7, agosto-setembro 2007, pp. 33-34.

Faise eco dos adiantos teatrais levados a cabo pola compañía Matarile Teatro que, segundo Xosé Lueiro, dun xeito maxistral evocan a obra de Kantor, *A Clase Morta*, coa intención de manifestar nun senso certamente nihilista que, xa que o presente non existe e non se teñen noticias do futuro, o máis sensato sería unha volta ao pasado para construír as bases dos novos tempos.

Máscara Producións: *Caldo de conciencia.*

Máscara Producións: *Discurso sobre o fillo de puta*.

Mercé de Rande: *Vou-querevento*.

Migallas Teatro**:** *Cousas que pasan*, guión e dirección de María Campos e Carlos Yus.

Mofa e Befa: *Cultura para dar e tomar*.

Mofa e Befa: *Máis parecidos que iguais.*

Mofa e Befa: *Sempre ao lonxe,* texto de Kiko Cadaval, Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Piti Sanz, Kiko Cadaval (direc.).

Ver Festival de Teatro "Teatrarte" de Redondela

Referencia varia:

- Paco Souto, "Mofa e Befa lendo o xornal", *A Nosa Terra*, n º1.259, "Cultura", 8-14 marzo 2007, p. 28.

Informa da presenza de *Sempre ao lonxe*, por Mofa e Befa, en Carballo, salientando o aparente carácter da peza como improvisada e con falta de precisión escénica, cando en realidade ese feito responde a un profundo traballo que o que pretende é precisamente

deixar esa sensación no espectador para transmitir a dura realidade da difícil inserción social do emigrado, tema espiñoso cuxa tensión se relaxa mediante doses de humor.

Teatro do **Morcego:** *A farsa do Bululú*, texto de Manuel María.

Teatro do **Morcego:** *O burgués fidalgo*, **Molière**, Celso Parada (direc.).

Ver XV Feira das Artes Escénicas de Galicia.
Ver "Outono Teatro" de Pontevedra
Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios

Referencias varias:

- Camilo Franco, "As clásicas de mañá sen que pase o tempo", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", 8 marzo 2007, p. L9.

Entre outra información, alude á exposición sobre o cómic *Golfiño*, á montaxe d'*O burgués fidalgo*, por parte da compañía Morcego, e ao teatro que fala sobre as mulleres, que presenta a compañía Volován.

- Camilo Franco, "Un humor moi remarcado", *La Voz de Galicia,* "Fugas", 16 marzo 2007, p. 16.

Trátase o modo de representación da obra *O burgués fidalgo* salientando a súa anclaxe nun estilo teatral máis clásico con respecto ao tratamento da escenificación ou dos personaxes para tratar un tema que, a pesar de ser central no teatro desta época, segue a ter contemporaneidade.

- Albino Mallo, "Un convenio para acercar la cultura a 'todos los públicos", *El Correo Gallego*, "Cultura", 4 setembro 2007, p. 68.

Dá conta do acordo asinado entre Julio Fernández Gayoso, presidente de Caixanova, e Javier Losada, alcalde da Coruña, sobre as diferentes actividades culturais que a entidade vai desenvolver na cidade. En relación á literatura, comenta que haberá dúas representacións teatrais en galego. Dise que a compañía Teatro do Atlántico representará *A bombilla máxica* e Teatro do Morcego levará a escena *O burgués fidalgo*.

- Tania Suárez, "La ciudad acoge este semestre 26 funciones de la Rede Galega de Teatros", *La Opinión*, "A Coruña", 27 setembro 2007, p. 12.

Como parte da posta en escena de vinte e tres representacións dramáticas programadas pola Rede Galega de Teatros, infórmase que o Teatro Morcego representará *O burgués fidalgo*, que servirá como acto de inauguración do ciclo, que terá lugar no Teatro Rosalía de Castro.

- maré, "Maratón para todos os públicos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 outubro 2007, p. 28.

Infórmase da programación teatral para o 25 de outubro no eido da Feria Galega das Artes Escénicas que se desenvolve en Compostela. Dise que as producións *A bombilla máxica*, de Teatro do Atlántico, e o musical *Robin Hood*, de Acontrabutaca, son dúas das máis agardadas no Teatro Galán, onde tamén Títeres Trompicallo escenificará *Bolboreta*, un espectáculo de monicreques de mesa con música en directo e escenografía móbil, ademais d'*O merlo branco*, título co que Talía Teatro se presenta no auditorio do Instituto Xelmírez I. Infórmase de que a terceira xornada da Feira se pecha con dous espectáculos estreados xa en Compostela: *O burgués fidalgo*, de Molière, por Teatro do Morcego, e *30.000* da compañía de danza Pisando Ovos.

- R. A., "Humor e reflexión social suben á escea", *Diario de Arousa*, "Espectáculos", 3 novembro 2007, p. 51.

Dá conta da inclusión da peza *O burgués fidalgo* como parte da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Saliéntase a temática atemporal da obra, a avaricia, posto que este tema sobre o que escribiu o dramaturgo francés Moliére no século XVII segue a ter vixencia na sociedade actual. Seguidamente achégase información sobre o elenco de actores que poñen en escena esta obra que permanece fiel ao seu texto orixinal.

- C. Rodríguez, "Molière, dramaturgo, cómico e satírico", *Galicia Hoxe,* "Lecer"*,* 16 decembro 2007, p. 8.

O autor do artigo comenta a obra de Molière *O burgués fidalgo*. Segundo C. Rodríguez, esta é sen dúbida a obra máis humorística, irónica, intelectual e social do autor francés. Destácase ademais que esta peza non é descoñecida do escenario galego xa que foi estreada como espectáculo cómico.

Teatro do **Morcego:** *O club da calceta,* texto de María Reimóndez, Celso Parada (direc.).

Teatro de **Ningures**: *Misericordia*, texto de Benito Pérez Galdós, adaptado por Xosé María Pazos, Etelvino Vázquez (direc.).

Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios

Referencia varia:

- Ana Iglesias, "Música, arte y teatro con sello gallego en la agenda cultural del mes de enero", *El Correo Gallego*, "Santiago", 31 decembro 2007, p. 24.

Dise que a axenda cultural de Santiago de Compostela para o mes de xaneiro se presenta chea de música, arte e teatro. En canto ao teatro destaca a presenza das compañías Teatro Noroeste, coa obra *Extrarradios*; Teatro Ditea, con *Melocotón en xarope*, e Teatro Ningures, con *Misericordia*.

Teatro de **Ningures:** *Tartufo*, texto de Molière, Etelvino Vázquez (direc.).

Teatro do **Noroeste:** *A casa do pai*

Teatro do **Noroeste:** *Confesión*

Teatro do **Noroeste:** *Extrarradios. Comedia das mulleres desamparadas,* Eduardo Alonso (direc.).

Referencia varia:

- Ana Iglesias, "Música, arte y teatro con sello gallego en la agenda cultural del mes de enero", *El Correo Gallego*, "Santiago", 31 decembro 2007, p. 24.

Dise que a axenda cultural de Santiago de Compostela para o mes de xaneiro se presenta chea de música, arte e teatro. En canto o teatro destácase a presenza das compañías Teatro Noroeste, coa obra *Extrarradios*, Teatro Ditea, con *Melocotón en xarope*, e Teatro de Ningures, con *Misericordia*.

Teatro do **Noroeste:** *Imperial: Café Cantante. Vigo-1936*, texto e dirección Eduardo Alonso.

Ver Arte Livre, Teatro (TAL), Sala alternativa
Ver Narón, Sábados Teatrais

Referencias varias:

- Eduardo Alonso, "Un drama musical sobre la historia. *Imperial: Café cantante. Vigo 1936*", *ADE Teatro*, n.º 114, "Notas de dirección", xaneiro-marzo 2007, pp. 117-120.

Faise unha descrición desta obra teatral na que prima a música. Dise que a acción acontece no Café Imperial de Vigo na primavera de 1936, en vísperas do inicio da Guerra Civil e que aínda non é unha obra histórica, incide nos sucesos prebélicos e a situación política. A continuación, Eduardo Alonso explica as relacións interpersoais que acontecen no café así como as caracterizacións dos dez personaxes.

- Inma López Silva, "O musical segundo o Teatro do Noroeste", *Tempos Novos*, n.º 116, "Teatro", xaneiro 2007, p. 86.

Informa da posta en escena, pola compañía teatral Teatro do Noroeste, do musical *Imperial, Café Cantante*. Salienta o risco de estrear un musical en Galiza, xa que o público non ten o costume de acudir a este tipo de espectáculo. De todas maneiras, indica que o musical foi un éxito en canto a público e, isto "é unha lección que os cidadáns dan ás institucións públicas e privadas para a xestión cultural en Galicia".

- Óscar Iglesias, "Eduardo Alonso: 'En los montajes de Koltés nos engañan un poco", *El País*, "*Galicia*", 3 xaneiro 2007, p. 31.

Dá conta da última posta en escena deste musical na Sala Yago compostelá, despois de dez representacións. Saliéntase a dificultade da peza por tratarse dun musical no que os actores han de cantar e bailar, así como tamén o seu tema, que recrea o momento histórico correspondente aos meses anteriores ao asasinato do líder ultradereitista pontevedrés José Calvo Sotelo.

- Manuel Beceiro, "O noso teatro non se pode facer en Galicia salvo que haxa unha panda de tolos", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 7 xaneiro 2007, p. 8.

Entrevista ao director de *Imperial: Café Cantante. Vigo 1936*, Eduardo Alonso, na que se trata a última representación desta peza musical na Sala Yago compostelá, facendo fincapé no éxito acadado, o cal introduce a posibilidade de aumentar as representacións musicais por parte desta compañía.

- Gemma Malvido, "Soños previos a unha guerra", *La Opinión*, "Ciudad y Cultura", 20 xaneiro 2007, p. 10.

Informa da posta en escena desta peza ambientada no Vigo de 1936, unha época de transición cara unha etapa máis dura e reprimida transmitida a través dos musicais da noite viguesa. Coméntase a falta de apoio institucional co que se levou a cabo este proxecto, que quedará no recordo grazas a un libro-disco que compila as cancións compostas para o musical.

- Marta García Márquez, "Teatro do Noroeste pone música a los prolegómenos de la Guerra Civil", *El Ideal Gallego*, "Cultura", 20 xaneiro 2007, p.16.

Coméntase a obra *Imperial: Café Cantante. Vigo 1936*, peza que retrata un momento histórico precedente á Guerra Civil mediante interpretación e música, dotada ademais de doses de humor, e coincidindo que se cumpren sesenta anos da Guerra.

- C.V., "Negocios e amoríos nun café cantante", *Diario de Arousa*, 2 febreiro 2007, p. 56.

Coméntase o tema deste musical, centrado na noite viguesa antes do estourido da Guerra Civil, que será representado en Vilagarcía. A continuación dáse conta dos actores que forman o reparto, así como dos responsábeis da dirección e música, aspecto fundamental.

Teatro do **Noroeste:** *Romeo e Xulieta,* texto de William Shakespeare, Eduardo Alonso (direc.).

Ver IVº Festival de Teatro Galego do Carballiño (FETEGA)
Ver XV Feira das Artes Escénicas de Galicia.
Ver "Outono Teatro" de Pontevedra

Referencias varias:

- Concha Pino, “Montescos contra Capuletos urbanos e de hoxe en día”, *La Voz de Galicia*, “Al día”, 6 marzo 2007, p. 2.

Dá conta da dificultade que supón levar unha obra á escena, a pesar do cal o director de Teatro do Noroeste, Eduardo Alonso, pon en funcionamento *Romeo e Xulieta*, unha adaptación do coñecido drama de William Shakespeare ambientado nun contorno urbano e contemporáneo. Dise que para o dito, Alonso sérvese de novísimos actores con respecto aos que se resalta o seu percorrido académico no mundo do teatro.

- A. I., “Intensa agenda para escolares”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 marzo 2007, p. 31.

Informa da sétima edición da campaña de animación á lectura posta en marcha pola Concellaría de Educación de Santiago de Compostela e a Editorial Kalandraka baixo o lema “Ler: unha aventura diferente”. Sinala que a iniciativa inclúe diferentes propostas dirixidas a profesores e escolares de entre 5 e 7 anos, cunha completa oferta lúdica e formativa, con talleres de ilustración, contacontos e sesións didácticas de animación á lectura, así como encontros con escritores e ilustradores. Por outra parte, anuncia que a compañía Teatro do Noroeste presenta o seu último espectáculo, *Romeo e Xulieta*, e de que en Área Central se está a preparar a Feira Infantil do Libro.

- Camilo Franco, “Que non é unha historia de amor”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 29 marzo 2007, p. 9.

Coméntase a temática dunha peza tan universal como é *Romeo e Xulieta*. Lémbrase que William Shakespeare non só tentou transmitir un sentimento típico na creación artística, senón que tamén se achegou aos temas de fondo que se poden percibir, igualmente importantes no desenvolvemento da trama, tales como “a lealdade a familia, as herdanzas, os xogos políticos, as obrigas adquiridas”.

- Lupe Gómez, “Amor e morte”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Venres”, 6 abril 2007, p. 5.

Salienta a universalidade do tema tratado en *Romeo e Xulieta*: o amor e os seus riscos, ledicias e sufrimentos. Comenta que se trata dunha versión actualizada da recoñecida obra do dramaturgo inglés William Shakespeare na que a acción se desenvolve nos tempos presentes.

- Xosé Lueiro, “Kiss me once again”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Venres”, 6 abril 2007, p. 4.

Dá conta da actual adaptación realizada sobre o clásico de William Shakespeare que traslada aos tempos actuais esta obra a cerca dun tema tan universal como é o amor, innovación á cal se lle suma a arriscada empresa de levala ao teatro. Resáltase tamén o impecábel labor dos actores.

- Xosé Lueiro, “Eduardo Alonso. O teatro galego sempre equivocou o inimigo”, *Nazon. Revista cultural galega,* n.º 6, maio-xuño 2007, pp. 30-32.

Entrevista a Eduardo Alonso, responsábel da posta en marcha de realidades tan relevantes para o teatro galego como o Centro Dramático Galego(CDG), o Instituto

Galego das Artes Escénicas e Musicas (IGAEM) ou a Escola Superior de Arte Dramática (ESAD). Nela fálase sobre a actualidade escénica e a súa actividade coma produtor e director coa recente estrea de *Romeo e Xulieta* e asemade coméntase o proceso de devaluación polo que está a pasar o CDG e o funcionamento da nova ESAD.

- Inma López Silva, "Shakespeare de Bershka", *Tempos Novos*, nº 121, "Teatro", xuño 2007, p. 85.

Inma López informa da posta en escena, por parte de Teatro do Noroeste, da obra teatral *Romeo e Xulieta*. Destaca a adaptación moderna que fai o director Eduardo Alonso do clásico de Shakespeare, de aí o título de "Shakespeare de Bershka". Dise que a historia dos dous namorados sucede na actualidade e ten como protagonistas a mozos que falan galego. Salienta tamén Inma López a valentía do director da obra por escoller actores moi novos e inexpertos.

- Eduardo Alonso, "*Romeo y Julieta*: de lo particular a lo social", *ADE Teatro*, n.º 116, "Notas de dirección", agosto 2007, pp. 148-152.

Eduardo Alonso, autor da primeira posta en escena que se fai en Galicia e en galego desta coñecidísima obra de William Shakespeare, analiza no artigo os obxectivos da súa particular proposta. Comeza aludindo ás dificultades para actualizar unha historia da que xa se fixeron tantas versións. Comenta que a fin fundamental nesta ocasión é efecutar unha aproximación "brechtiana" ao drama shakesperiano, enfocándoo coma unha metáfora da relación entre o particular e o social. Sinala que un dos elementos peculiares desta recreación de *Romeo e Xulieta* é que todos os cambios, mesmo os de vestiario, se realizarán á vista do público, de xeito que este será consciente en todo momento do artiluxio teatral. Tamén indica que catro elementos orientan toda a dramaturxia: o destino, a acción, o amor e a morte. En relación á acción di que se divide en dúas: por unha banda, a protagonizada por Romeo e Xulieta; por outra, a que se desenvolve en relación co enfrontamento das súas familias, que actúan, xunto co Destino, como elementos externos que se opoñen ao amor dos adolescentes. Destaca que, tamén neste caso, Romeo predomina por enriba de Xulieta en canto ao que importancia dentro da obra se refire. Finalmente, comenta que actualizar a posta en escena dende a mirada actual é, en suma, un dos obxectivos principais de todo o entramado deseñado.

- Gonzalo Gay, "La agenda", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 125, setembro 2007, p. 4.

Sección fixa, subdividida en distintos apartados, na que se dá conta de diferentes actividades culturais. Entre elas saliéntase a representación da obra *Arte*, da compañía Fulano, Mengano e Citano, no Auditorio de Ourense e dáse conta do seu argumento. Tamén se informa da representación da obra *Romeo y Julieta*, da man da compañía Teatro do Noroeste, no Auditorio de Ourense e afírmase que trata da dificultade de intentar conxugar o particular e o social.

- Marcos Valcárcel, "Romeo e Xulieta", *Galicia Hoxe*, "A contra", 9 outubro 2007, p. 44.

Dá conta do exceso de actualidade transmitido nesta versión do clásico *Romeo e*

Xulieta, o cal se acusa de perder en certa medida o talento shakespeariano da obra, a pesar da súa aceptación por parte do público adolescente.

- Gemma Malvido, "Romeo e Xulieta', en versión actual, represéntase mañá no teatro Rosalía", *La Opinión,* "A Coruña", 10 outubro 2007, p. 10.

Vaise representar no teatro Rosalía da Coruña unha adaptación da obra de Shakespeare, *Romeo e Xulieta*. Dise que os actores encargados de encarnar a historia de amor entre Romeo e Xulieta, ambientada no momento actual, son Antela Cid e Christian Escudero, pertencentes á compañía Teatro do Noroeste.

- M.G.M., "Chega ao Rosalía a adaptación moderna da obra clásica Romeo e Xulieta", *El Ideal Gallego,* "A Coruña. Cultura", 10 outubro 2007, p. 15.

Dise que o teatro Rosalía da Coruña ofrecerá a representación dunha adaptación da obra de Shakespeare, *Romeo e Xulieta*. Coméntase que a obra se situa no momento actual e que os actores encargados de encarnar a historia de amor entre Romeo e Xulieta, Antela Cid e Christian Escudero, pertencentes á compañía Teatro do Noroeste, vivirán e representarán este clásico amorío na súa versión máis moderna.

- Concha Pino, "O teatro discrimina ás mulleres", *La Voz de Galicia*, "Fugas", 12 outubro 2007, p. 5.

Entrevista á actriz Luma Gómez con motivo da súa participación na posta en escena da actual versión de *Romeo e Xulieta* por Teatro do Noroeste. Nela resalta a súa paixón polo teatro, así como tamén a súa longa traxectoria profesional en comparación co novo elenco de actores da compañía.

Teatro do **Noroeste:** *A tixola polo mango (Muller, non é para tanto),* dirección e texto Lola Correa.

Nova Escena: *A irmá Mª Ignacia explícavolo todo*

Nove-Dous: *Edipo*

Nove Dous: *Fóra de xogo*, texto e dirección Maxi Rodríguez.

Ver VI Mostra de Teatro de Gondomar "Roberto Vidal Bolaño"
Ver Rede Galega de Teatros e Auditorios
Ver Sala Yago

Referencias varias:

- Inma López Silva, "A porta do teatro fechado", *Tempos Novos*, n.º 123, "Teatro", agosto 2007, p. 75.

Informa da posta en escena da obra de teatro *Fóra de xogo* por parte de Nove Dous Teatro. Dise que o autor e director desta obra é Maxi Rodríguez e que conta no seu reparto con Marián Bañobre, Josue García, Lois Soaxe... Tamén se sinala que a obra se constrúe a partir do motivo teatral da espera que protagoniza unha compañía de teatro que chega para actuar a unha vila deserta (toda a poboación está nun partido de fútbol). Inma López afirma que é unha obra de "carácter metateatral".

- Ana Rodríguez, "As mellores compañías teatrais galegas, a escena en Gondomar", *Faro de Vigo*, "Valmiñor", 27 outubro 2007, p. 3.

Salienta o tema central da obra *Fóra de xogo*, por Nove Dous Teatro, espectáculo que abre a Mostra de Teatro Roberto Vidal Bolaño en Gondomar. Informa que a obra, de carácter cómico, presenta qué pasaría se o teatro fose tan popular coma o fútbol.

Nove-Dous: *Ondas*, Maxi Rodríguez (direc.)

Nove Dous: *Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas*, texto de Rodrigo García, Roberto Cerdá (direc.).

Ver Carballiño, IVº Festival de Teatro Galego do (FETEGA).
Ver Cee, Marzo Teatral.
Ver Teatro Ensalle.
Ver XV Feira das Artes Escénicas de Galicia

Referencias varias:

- LR, "O teatro rinde homenaxe ás pulpeiras", *La Región*, "Carballiño", 5 setembro 2007, p. 18.

Coméntase a representación *Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas*, de Nove Dous Teatro, no Festival de Teatro Galego (FETEGA) do Carballiño. Indícase que nela se fai homenaxe aos pulpeiros de Arcos.

- M.V. García, "Na senda do (post)teatro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 222, 25 outubro 2007, p. VIII.

Salienta o carácter innovador d'*Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas*, de Nove Dous Teatro, comentando as súas características como pertencente ao teatro postdramático. Con respecto a estas saliéntase a renuncia á situación na escena para afondar na incomunicación como símbolo dos tempos presentes, ademais de comentar a peculiaridade dos elementos que conforman este xénero mediante esta obra e a súa comparación con *Corpos Disidentes*, de Nut Teatro.

- Camilo Franco, "Unha temporada de tempo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 234, "Letras en Galego", 27 outubro 2007, p. 8.

Faise eco do transcurso e remate de sete producións teatrais que viron luz ao longo deste outono na Feira das Artes Escénicas, cita na que o sector tenta encontrar o lado

mercantil para unha arte que precisa do público. Dise que este ano, a diferenza doutras edicións, se acada o obxectivo de instituír dun xeito factíbel unha temporada teatral en Galicia. Infórmase dunha ampla variedade de representacións que abranguen aos máis novos e aos maiores. Entre o amplo abano de producións saliéntanse *A bombilla máxica*, *Pan*, *Comida Chinesa* e a obra realista *Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas*.

Nut Teatro: *Corpos disidentes*, texto de Nut Teatro, Carlos Neira Noya (direc.).

Ver VI Mostra de Teatro de Gondomar "Roberto Vidal Bolaño"
Ver XV Feira das Artes Escénicas de Galicia.
Ver "Outono Teatro" de Pontevedra

Referencias varias:

- maré, "*Corpos Disidentes abre* o teatro principal á experimentación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 xaneiro 2007, p. 27.

Dá conta da estrea desta peza teatral no Teatro Principal de Santiago de Compostela, salientando o seu carácter experimental e a importancia da presenza feminina no reparto de actores.

- M.B., "Nut apuesta por el teatro más contemporáneo en su estreno", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 12 xaneiro 2007, p. 8.

Informa da estrea desta peza, que supón tamén a estrea da compañía Nut Teatro, catalogándoa como unha obra que se sale do habitual, tratando como tema a identidade do corpo.

- Inma López Silva, "O poder do corpo", *Tempos Novos*, n.º 117, "Teatro", febreiro 2007, p. 79.

Informa desta posta en escena e comenta que esta representación teatral é un espectáculo de exaltación e lírica do corpo, onde o texto está deconstruído, fuxindo da noción tradicional de argumento. Inma López sinala que esta obra é unha promesa de cousas interesantes para o teatro galego.

- Xosé Lueiro, "En carteleira...", *Naz-on. Revista Cultura Galega*, n.º 5, "Teatro", febreiro-marzo 2007, p. 28-31.

Nesta sección faise un repaso pola carteleira teatral galega. Así, sinálanse e coméntanse varios espectáculos. Entre eles faise alusión a *Corpos disidentes* de Nut Teatro.

- Natalia Álvarez, "O teatro xa non é un compartimento estanco", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", 22 febreiro 2007, p. 3.

Entrevista a Carlos Neira, director da compañía Nut Teatro, na que se tratan principalmente as compoñentes innovadoras desta posta en escena, como pode ser a temática, a reflexión sobre a identidade e os límites entre esta e o corpo; a totalidade

feminina do reparto; ou as técnicas de ensino de Carlos Neira como mestre na escola Espacio Aberto para a interpretación. Fálase ademais da formación da compañía, así como do financiamento para levar a cabo esta obra.

- X. A. Reboiro, "No teatro o importante é a mensaxe", *La Región*, "Carballiño", 8 marzo 2007, p. 19.

Entrevista á actriz de Carballiño Iria Sobrado, que forma parte do reparto de Nut Teatro, con motivo da estrea da obra *Corpos Disidentes* na súa terra natal. Resáltase o carácter de teatro experimental de dita obra na que teñen cabida o son, a danza e a creación en vídeo.

- Inma López Silva, "Nut e as imaxes poderosas", *Revista Galega de Teatro*, n.º 50, primavera 2007, pp. 43-44.

Refírese á obra *Corpos disidentes*, da compañía Nut Teatro como unha mostra do cambio que se está a producir no teatro galego: un cambio xeracional que leva á exploración de novas experiencias estéticas, baseadas no corporal e máis afastadas das estruturas tradicionais de argumento, personaxe e texto. Neste caso concreto sinala que hai unha indagación consciente na noción de identidade e que esta ten un carácter claramente feminino e corporal como liñas dende as que reflexionar sobre aspectos como a visión social das mulleres ou a incomunicación. Comenta que se trata dun espectáculo de imaxes e de sensacións que se constrúe como unha sucesión de monólogos tanto verbais como corporais, con vontade estética e argumental unitaria.

- A. L., "A lucidez dos instintos suicidas", *Diario de Arousa,* 28 setembro 2007, contracuberta.

Informa que a compañía Nut Teatro foi a encargada de pechar o acto de celebración do cento vinte e cinco aniversario do mundo da escena galega que se celebrou en Vilagarcía. Dise que a compañía, coñecida pola súa representación de *Corpos disidentes*, interpretou nesta ocasión a tradución ao galego do "poema póstumo e desgarrado que se escapou da pluma británica de Sarah Kane".

- A. S., "Nut Teatro presenta en Vigo su primera producción 'Corpos disidentes", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 5 outubro 2007, p. 41.

Dá noticia de que a recente compañía Nut Teatro vai estrear en Vigo a que é a súa primeira produción *Corpos disidentes*. Dise que esta obra, que participou no Festival Simulacro de Madrid, mestura a dramaturxia con outras artes escénicas, como a performance e a danza.

- M. V. García, "Na senda do (post)teatro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 222, 25 outubro 2007, p. VIII.

Salienta o carácter innovador de *Corpos Disidentes*, de Nut Teatro, comentando as súas características como pertencente ao teatro postdramático, con respecto ás cales se salienta a renuncia á situación na escena para afondar na incomunicación como símbolo dos tempos presentes, ademais de comentar a peculiaridade dos elementos que conforma este xénero mediante dita obra e a súa comparación con *Ás veces sentímonos*

tan cansos que facemos estas cousas, de Nove Dous Teatro.

- Ana Rodríguez, "As mellores compañías teatrais galegas, a escena en Gondomar", *Faro de Vigo*, "Valmiñor", 27 outubro 2007, p. 3.

Dá conta da presenza desta obra na VI Mostra de Teatro Roberto Vidal Bolaño de Gondomar e salienta a mestura de diferentes linguaxes artísticas desta peza de teatro contemporáneo.

- Lupe Gómez, "Iria Sobrado. 'O corpo é a arma", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 5 novembro 2007, p. 40.

Nesta entrevista realizada a Iria Sobrado, actriz da compañía Nut Teatro, comentan, entre outras cousas, a obra que se está a representar nestes días, *Corpos disidentes*; salientan a música, pois é unha ópera, e indícase que a actriz expresa as súas emocións cando comeza a representación.

Otero, Antía: *Única escribiu a súa morte*.

Pepa Yáñez e Davide Salgado**:** *Fenme Fatale*.

Ver II Festival de Cabaré Galego de Oleiros

Pífano Teatro: *Ventos*, **Ferreiro,** Celso Emilio (poemas de).

The **Pinga:** *Urbe 02*

Ver Vigo a Escena

RTA Producciónss: *Hamlet*, de Lino Braxe (direc.).

Referencia varia:

- Jaureguizar, "Teatro verité", *El Progreso,* 16 decembro 2007, p. 80.

Alude á falta de "bohemia" no teatro galego que actualmente, segundo se di, busca soamente as subvencións para crear espectáculos privados sen arriscar demasiado nas montaxes de seu. Coméntanse algunhas das producións recentes do teatro galego como *Noite de Reis*, de Quico Cadaval, ou o *Hamlet*, interpretado por Luís Tosar, ambas as dúas cun grande éxito de público. Critícase a tendencia de representar tanto a autores como Shakespeare e demándase no seu lugar a estrea de obras de autores galegos.

Sapristi: *So, sobre*, de Evaristo Calvo (direc.).

Sarabela Teatro: *Así que pasen cinco anos*, **García Lorca**, Federico.

Sarabela Teatro**:** *O heroe*, de Ánxeles Cuña (direc.), **Rivas,** Manuel.

Sarabela Teatro: *Macbeth*, texto William Shakespeare, Helena Pimenta (direc.).

Ver VII Mostra de Teatro Clásico do Século XX

Referencias varias:

- A. Mauleón, "Sarabela presenta hoy en Vigo una visión actualizada de *Macbeth*", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 10 febreiro 2007, p. 39.

Informa da presenza en Vigo desta representación, cuxo texto pertence ao recoñecido dramaturgo inglés William Shakespeare, permanecendo fiel a el, aínda que como novidade se salienta unha vestimenta e estética moi contemporáneas.

- María Míguez, "Intentamos mudar as cousas, non ser redentores", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 28 setembro 2007, p. L2.

Infórmase da estrea no Teatro Principal de Santiago de Compostela da adaptación de *Macbeth*, de William Shakespeare, a cargo de Sarabela Teatro e con Fernando Dacosta como protagonista. Entrevístase a este actor Fernado Dacosta quen, ao preguntarlle pola situación do teatro en Galicia, afirma que está "resistindo" e opina que hai que promocionalo máis.

Sísifo Teatro: *O bico da muller araña*, Manuel Camba (direc.).

Sísifo Teatro: *Pic-nic*

Sísifo Teatro: *Variacións en escabeche*, Manuel Camba (direc.).

Talía Teatro: *Bicos con lingua*, texto de Avelino González, Suso de Toro, Cándido Pazó, Xabier Lama, Manuel Núñez Singala, Ana Iglesias e Marta Etxebarría.

Talía Teatro: *Esperando a Godot*, texto de Samuel Beckett, Roberto Salgueiro (direc.).

Teatralia, *Ganas de Reñí*

A **Última Rata:** *Cubo instalación*

A **Última Rata:** *Opera off*

Versus: *Quotidiana Delirant*, texto de Miguelanxo Prado, Eles Alavedra (direc.).

Sala **Yago:** *Merda,* texto de Rafael G. García e Xavier Estévez, Xavier Estévez (direc.).

Ver Sala Yago

III.4.3.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

Achádego Teatro: *Ascensor*

Achádego Teatro: *O libro de ler e desler*, Tareixa Campo (direc.).

Achádego Teatro: *Unha petición de man. O oso,* **Chéjov**, Anton.

Ad Libitum: *A miña muller é... o fontaneiro*, de Hugo Daniel Marcos.

Ver Caranza, Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a Escena".
Ver Mostra de Teatro de Pombiña

Ad Libitum: *Retrato da baronesa Von Pfeifer*

Aforo Teatro: *En alta mar*, Leonel García (direc.), **Mrozek**, Slawomir.

Escola **Airiños**: *Airiños*

Referencia varia:

- J. Gómez, "Un teatro do pobo de 75 anos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 194, "En Portada", 13 xaneiro 2007, pp. 2-3.

Dise que en Rianxo, concretamente na parroquia de Asados, se está a realizar dende o ano 1932, despois da Guadalupe, unha representación a cargo do grupo teatral Airiños,

bautizada con tal nome nos primeiros anos do franquismo. Lémbrase que só fallaron dous anos: ao final da Guerra Civil e no decaer do franquismo. Saliéntase deste grupo a Ramón Pimentel Castaño, actor afeccionado dende os dezaseis anos que con noventa e un segue a actuar e dirixir, mentres traballa de xastre.

Alberola, Carles e Roberto **García**: *Bicos*

Alentía Teatro: *Intres*

Grupo **Alexandre Bóveda:** *A farsa de Inés Pereira***, Gil Vicente.**

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado "Domingos a escena".

Grupo de Teatro de **Alexandre Bóveda:** *Historias*, Ramiro Neira (direc.)

Escola de **Allariz:** *Big Band Adolexcencia*, Xián Boblillo (direc.).

Escola de **Allariz:** *E nove*, texto de Marián González, Xián Bobillo (direc.).

Amistade: *Non busques tres pés ao alcalde*

Amistade: *Sogras bárbaras*, Manuel Basoa Vizoso (direc.).

Ver Mes do Teatro

Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de **Antas de Villa**: *A casa de Bernarda Alba*

Ver Mostra de Teatro de Vilalba

Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de **Antas de Villa**: *A illa Amarilla*

Grupo de Teatro da Biblioeca Municipal de **Antas de Villa**: *Chicago*

Teatro do **Aramio**: *E os cans calaban*, **Césaire**, Aimé

Aperta: *Anoréxicas*

Arela das Artes: *As que matan o sono*, **Shakespeare**, William, Carlos Álvarez-Osorio (direc.).

Referencia varia:

- V. Oliveira, "Prefiro non pedir subvencións", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 febreiro 2007, p. 31.

Dá conta da continuación en cartel da obra *As que matan o sono* tras a súa estrea en Lalín, que será agora levada a Vigo. Dise que o seu director, Carlos Álvarez Osorio, veu dende Andalucía para ficar nas terras galegas, onde asegura sentirse moi a gusto co panorama teatral, en relación ao cal salienta o seu favoritismo polas obras do dramaturgo británico William Shakespeare. Saliéntase o éxito do que gozou esta representación atribuído en parte ao percorrido da Rede Galega de Salas do Instituto Galego das Artes Escénica se Musicais (IGAEM) ao que pertence esta peza. Coméntase ademais o inestábel estado do mundo teatral actual, debido en parte á falta de apoio privado para levar a cabo as representacións, posto que as subvencións son insuficientes.

Sociedade Cultural **Areosa**: *O testamento de Nacho*

Saciedade Cultural **Areosa**: *Té para dous*

Grupo de Teatro **Argallada**: *Beltrana, a birolla*, baseado no conto medieval "Beltrán, el tuerto", texto de Manolo Ayán.

Arruallo: *Sogras bárbaras*

Teatro **Artesán:** *O pazo*, Juan de Mondego (direc.), **Lugrís Freire**, Manuel.

Referencia varia:

- Víctor Castro, "Teatro Artesán' cierra su gira 2006 con *O Pazo*", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", 2 febreiro 2007, p. 22.

Informa da representación desta peza e dise que se pecha a xira coruñesa con grande éxito tanto de público como por parte da crítica. Coméntase que o autor da peza foi o elixido para lle dedicar o Día das Letras Galegas.

Artestudio: *A haima de Agmed*

Atlántida: *O polbo morto*

(ATM) Aula de Teatro Municipal de **Pontevedra:** *Lixo*, Anxo Lourido (direc.).

Ver Cee, Marzo Teatral.

Avento: *Monstros*

Ver Vigo a Escena

Bartoleta: *Así aman os dioses*

Bolován Teatro: *Feminino plural*, textos de Antonia San Juan, Trillo, Paula Carballeira, Alonso de Santos e Paz Quiroga; Artur Trillo (direc.).

Referencia varia:

- Lupe Gómez, "Mudar de zapatos", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Venres", 16 marzo 2007, p. 5.

Saliéntase o carácter desenfadado e de doada comprensión da peza *Feminino plural*, obra interpretada por Merche Alonso e Paz Quiroga na que se tratan, a modo de comedia, temas do máis cotiá centrados ao redor da figura da muller.

Grupo de Teatro do Club de Maiores de **Boqueixón:** *O complexo*, Higinio Rodeiro e Ana Ortega (direc.), Blanco Amor, Eduardo.

Candelexas: *Entremeses des... variados*

Candelexas: *Leve tres e pague un*

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado "Domingos a escena".

Escola Municipal de Teatro de **Cee**: *A ruleta rusa*, texto de Anton Chéjov, Artur Trillo (direc.).

Chelo Licetti: *O mal de Manueliño*

Chelo Licetti: *Xantar de memoria*

Escola Municipal de Teatro de **Culleredo:** *Lilí cuartel*, Manuel Lourenzo e Santiago Fernández (direc.)

Contraste: *A lenda pirata.*

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado "Domingos a escena".

Escola Artística de **Cuntis:** *A nosa vila,* Francisco Rei (direc.), **Wilder**, Thorton.

Disque danza: *Poéticamente aquí, agora*

Escola Municipal de A **Estrada:** *A ópera de patacón*

Grupo de Alumnos do Teatro **Ensalle:** *Sangre verde*

Espacio Aberto**:** *Amor de Fedra*

Expresión: *Imaxinarium*, de Manuel Solla (direc.).

Faladoiro: *Allá no es como acá*

Falcatrueiros: *As obras completas de William Shakespeare*, Maruchi Pérez (direc.).

Faro-Miño: *Ora Pronovis*

O **Galo:** *A lúa vai e carvela*

Gazapo Teatro: *Gazapo*

Gels Angels: *Gells Angels*

Teatro **Fondevella:** *A verdade limpa*

Illiria Teatro: *Historias de amor e morte*, **Maeterlinck**, Maurice e **Strindberg**, August.

Imaxina.T: *Virxes de cera*

Teatro do **Imprevisto**: *Non é nada fácil*

A **Internacional**: *Perón, Perón,* texto e dirección de Jorge Rey.

Lareira: *A bolsa de auga quente*

Lareira: *Informativos*

Luzada: *O testamento do tío Lele*

Malasombra: *Non é tan fácil*, texto de Paco Mir, Marcos Orsi (direc.).

Referencia varia:

- Gladys Vila, "Nuestro próximo trabajo será con casi total seguridad otra comedia", *Atlántico Diario*, "Universitas", 13 decembro 2007, p. 37.

Xoque Carbajal, integrante da compañía de teatro Malasombra, responde ás preguntas de Gladis Vila sobre a obra que está a representar *Non é tan fácil*, na que interpreta a Quique, o que segundo el mesmo di "é unha personaxe gris e insegura que se afoga nunha gota de auga".

Mariclown: *A vida de Rosa...día tras día*, textos de Lino Braxe e Marta Villar

Ver 125 Anos de Teatro Galego

Referencia varia:

- Gemma Malvido, "125 anos de teatro gratuíto", *La Opinión*, "A Coruña", 28 agosto 2007, p. 12.

Dá conta da celebración na cidade da Coruña do cento vinte e cinco aniversario aniversario da primeira representación da primeira obra escrita e representada en galego, *A fonte de xuramento*, no Liceo brigantino. Co gallo desta celebración o Fórum Metropolitano realizará ao longo do mes setembro catro funcións gratuítas. O sábado 1 de setembro, NutTeatro representará *4.48 Psicose*; o domingo 2 de setembro estrearase a obra infantil, *A viaxe de Efi*; o sábado 8 de setembro a compañía Mariclown representará *Día tras día. A vida de Rosa*. Sinálase que a despedida dos actos conmemorativos rematará coa obra *Golulá* da compañía Galitoon. Ademais da estrea

gratuíta destas obras, tamén se informa da carteleira teatral da cidade herculina no mes de setembro, destacando a presenza de actores como Santi Millán, Belén Rueda, El Brujo ou Jaime Blanch.

Máscara Producciónss: *Asalto de cama*, texto de Juan Luis Mira, Xerome Calero (direc.).

Ver Vigo a Escena

Referencia varia:

- Ágatha de Santos, "Máscara Producciónss leva al escenario la guerra de sexos con 'Asalto de cama", *Faro de Vigo*, 12 abril 2007, p. 13.

Informa da estrea da peza resaltando que é a primeira vez que se escenifica este texto teatral que mereceu o Premio de Teatro Tricicle 'Por humor al arte' 2003. Sinálase que coa guerra de sexos como tema central, se leva a cabo unha crítica do machismo e das situacións que o propician, transmitindo un reducido número de cinco actores este texto pensado para unha compañía pequena.

Metátese Teatro: *No mundo megaguai*

Metátese Teatro: *Peirao 24342*, de Afonso García Pernas.

Terceira Idade de **Monforte**, grupo de teatro del centro: *O anel máxico*

Ver Festival de Teatro "Teatrarte" de Redondela

Muradana: *Perdendo o fío*

Escola de Teatro de **Narón:** *Aforro ordinario*

Oquetiqueiras: *O caso do cadáver asasinado*

Oquetiqueiras: *O traxe novo do rei*

Ver Caranza, Ciclo de teatro afeccionado "Domingos a escena".

Patatín e Patatán: *Triunfadores*

Teatro do Centro Cultural da **Picoña:** *O Testamento do Tío Nacho*

Teatro do Centro Cultural da **Picoña:** *Todo son embrullos*

Teatro do Centro Cultural da **Picoña:** *As tres putas*

A **Pombiña:** *A pousadeira*

A **Pombiña:** *O parto de Calandrino*, de Gonzalo Grandal (direc.), Fra Molinero, Eduardo.

Porta Aberta: *A pousadeira*, Froíña G. Abalo (direc.), **Goldoni**, Carlo.

Quartoescuro: *Drama estático nun cadro*, **Pessoa**, Fernando.

Quinquilláns: *A diáspora*, texto de Lucho Penabade, dirección de Kevin Stewart e Carolina Ramoseiros.

Qué familia: *Pro-gaiters*

Rueiro: *Tan perfecto non te quero*

A **Retranca:** *Un marido de ida e volta*

Salmonela: *Un mal día*, Modesto Gómez (direc.)

Ver Ciclo de Teatro Outubro Amador

Referencia varia:

- J. A. Martínez Sevilla, "Templo teatral", *El Ideal Gallego*, "Opinión", 13 outubro 2007, p. 26.

Dá conta de que "El Fórum Metropolitano" da Coruña, xunto a cen actividades máis, tense convertido no templo do teatro a nivel profesional. A referencia como premio para os que miran as estrelas pódese apreciar neste ciclo teatral que constitúe un inmenso eido de resonancia didáctica. Este espazo aberto a todos ofreceunos, baixo a dirección de Ramiro Neira, da Organización Cultural A Bufarda o Ciclo de Teatro Outubro

Amador que oferta catro obras de gran calidade: *O achado do Castro*; *Fábulas*; *Un mal día* e *A boneca de trapo*.

San&San: *Bar*, autores San&San, dirección de Pablo Sánchez e Carlos Sante.

San&San: *Concerto Bífido*

San&San: *Muñequitous*

Os **Sete magníficos Máis un**: *O gordo e o calvo van ao médico*, texto de creación propia, Iván Prado (direc.).

Siete Lobos: *Os pecados do lobo*, Héctor Carballo, (direc.), **Martínez**, Clara.

Talía, Escola Municipal de Artes Escénicas de Ourense: *Entre ambos ríos*, **Putnam**, Thelma.

Teátrica Sociedade: *A farsa do avogado*

Teátrica Sociedade: *O ferreiro de Santán*, Miro Magariños (direc.), **Varela Buxán**, Manuel.

Teruca Bouza: *A muller do teu amigo engáname*

Ti e máis eu: *As mendigas*

Ti e máis eu: *Para qué serven os homes*

Ti e máis eu: *A bruxiña do Nadal*.

Tiruleque Teatro: *Sillicon Valey*

Tiruleque Teatro: ¡*Roma, unha tolería!*

Ver Chantada, XVII Mostra de Teatro Popular

Trangallada Teatro: *O principiño viaxa polo espacio*

Trécola Teatro: *Bar*

Os **Trompiños:** *Ollo ó cornudo*, José Arca (direc.)

Agrupación Cultural **Xunco de Parderrubias:** *Cousas de Parroquia*

IV. DÍA DAS LETRAS GALEGAS

IV.1. CREACIÓN: REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS.

Mariño, María, *Antoloxía poética*, Patricia Arias Chachero (ed.), Vigo: Galaxia, col. Letras Galegas, febreiro 2007, 164 pp. (ISBN: 978-84-8288-816-3).

Despois dos agradecementos e da reprodución dun poema d'*Os eidos*, de Uxío Novoneyra, preséntase un pormenorizado estudo sobre a vida e obra de María Mariño, que se salpica con numerosos textos ilustrativos da autora. Así, nun primeiro apartado, céntrase na súa infancia e mocidade, dende o seu nacemento en 1907 en Noia e o seu traballo como costureira, até o seu traslado ao País Vasco, onde viviu coa súa irmá Concha. Refírese ao seu casamento en 1939 co mestre nacional Roberto Pose Carballido e ao seu sufrimento polos fillos malogrados, ademais de aludir á súa instalación no pequeno lugar de Romeor, na parroquia de San Pedro de Esperante no Courel. Fálase do seu traslado en 1947 a Parada de Moreda, onde coñeceu a Uxío Novoneyra, co que estabeleceu un intercambio constante de experiencias literarias e que foi o gran defensor e divulgador da súa obra, así como se menciona a súa enfermidade e morte en 1967. Nun segundo apartado, aténdese á súa obra, que desenvolveu unha serie de particularidades e que a definen como unha creadora formalmente anovadora, cunha linguaxe que se deforma para poñerse ao servizo dunha poesía marcadamente intimista. A seguir, relátase como se elaboraron os volumes *Palabras no tempo* (1963) e *Verba que comeza* (1990) e como foi o proceso da súa publicación, ademais de achegar unha serie de comentarios sobre os seus poemas a nivel formal e temático. Nun terceiro apartado, trátanse algúns aspectos da poesía de María Mariño, entre os que se destacan a paisaxe da montaña, o tempo cronolóxico, o camiño como imaxe, a súa linguaxe poética e as influencias recoñecidas na súa obra, caso de Rosalía de Castro e Novoneyra. Tamén se recollen os criterios de edición e a bibliografía consultada para xa, por último, reproducirse a escolma poética, que recolle poemas das dúas obras citadas e nos que se reflicte o versolibrismo, as obsesións, o estado de ánimo ou os símbolos da poeta noiesa, a través dunha linguaxe libre e rompedora, coa que tenta facerlle chegar ao receptor a complexidade do seu existir.

Mariño, María, *Más allá del tiempo. O libro inédito de 1965*, ed. e estudo introdutorio de Helena González Fernández, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col Rescate, marzo 2007, 173 pp. (ISBN: 978-84-89323-15-5).

Ábrese cun completo apartado que se centra na análise e estudo da obra de María Mariño, especialmente, de *Más allá del tiempo*, onde están algunhas das pezas que servirán para acabar de compoñer o puzzle incompleto da obra e a biografía da noiesa do Caurel. Indícase que neste volume se reúnen textos de épocas diversas, desde exercicios primeiros até os achados "deslumbrantes" da súa madurez literaria, ademais de explicarse como Mariño tutelou todo o proceso creativo do citado volume e das conexións que mantivo con Ánxel Fole para facerlle o prólogo. Opón a figura de Uxío Novoneyra á da escritora, que ocupou unha posición marxinal no mundo literario, e faise eco da fría acollida que tivo *Palabra no tempo* (1963) pola crítica oficial do

momento. Coméntanse os textos narrativos e poéticos de *Más allá del tiempo*, atendendo ao seu contido, á súa estrutura e estilo, e indícase que os criterios empregados para a súa ordenación son de tipo temático e formal, así como mostran o tránsito vital dunha muller, desde a infancia á vellez. Profundízase máis nesta cuestión e proponse unha división en catro bloques de todos os textos, que atenden á súa biografía, á relixiosidade, ao existencialismo e a unha miscelánea de exercicios de estilo poéticos. Así mesmo, puntualízase o período cronolóxico no que se escolmaría, revisaría e ordenaría a obra escrita en español, que sitúa desde 1957 até decembro de 1965. Fálase doutros textos da autora, unha serie en galego que se titulou *Relatos-cantos finais*, e trátanse outras cuestións presentes nos seus textos en español: as memorias da guerra e posguerra e a presenza de personaxes femininos, da propia escritoras ou da infancia, moi presente e cargada de significado na súa produción. Por último, refírese á poeta onironauta e ao tratamento que lle deu ao espazo, tempo e linguaxe e descríbese o mecanoscrito, ademais de ofrécense os criterios de edición e a bibliografía citada. A seguir, reprodúcese *Mas allá del tiempo*, o libro inédito de María Mariño e que se conservou no legado de Ánxel Fole do xornalista lugués Juan Soto. Esta edición acompáñase de fotografías diversas e, a través dela, pódense ler textos en castelán de María Mariño, que son dispares en canto á súa forma, ritmo e estilo, e nos que as imaxes se repiten e o léxico é recorrente.

Recensións:

- Teresa Seara, "Alba daquel vivir", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 427, "Enfiando", 6 maio 2007, p. 23.

Achega á figura de María Mariño, autora homenaxeada no Día das Letras Galegas. Comeza destacando a súa beleza e ofrece un percorrido pola súa biografía. Comenta aspectos como o cambio da data do seu nacemento para encubrir a diferenza de idade co seu marido, as depresións que marcaron a súa vida nas montañas luguesas ou a súa amizade con Uxío Novoneyra, quen a anima a preparar o seu libro *Palabras no tempo* (1963). Sinálanse como os seus referentes a Rosalía de Castro e o propio Uxío Novoneyra. Tamén se repasan algúns feitos que condicionaron a visión da poeta ante a sociedade, por non ter unha presenza nos medios da época, o que provocou algunhas visións distorsionadas como a súa falta de cultura ou o seu afastamento voluntario dos círculos culturais, así como a gran dependencia de Novoneyra. Teresa Seara ofrece datos como a súa estadía no Pazo de Goiáns, onde le abondosa literatura, o seu intento de publicar a segunda obra pola súa conta ou o interese en que tamén a obra en castelán puidera saír do prelo con Ánxel Fole. Remata reproducindo algúns versos da propia autora e destacando dela a súa capacidade para manipular a lingua ou os trazos visionarios que se observan nalgunhas das súas composicións.

Referencias varias:

- Ana Romaní, "María Mariño soberana", *Grial*, n.º 174, abril-maio-xuño 2007, pp. 99-100.

Comenta que neste volume atopamos unha María Mariño con vontade literaria onde podemos ver como ela mesma organiza e corrixe a súa propia obra. Indica que o estudo introdutorio deste volume nos dá unha ampla información da pericia do manuscrito e tamén se afirma que neste libro podemos ler un conxunto de prosas e poemas en

castelán obra de María Mariño.

- maré, "A última peza do puzzle", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 abril 2007, p. 29.

Anúnciase a publicación da obra, que foi rematada en 1965, pero permaneceu entre o legado de Ánxel Fole durante máis de corenta anos. Engade que a editorial Alvarellos publícaa agora cun estudio introdutorio de Helena González, quen destaca que é un libro autobiográfico e experimental, con influenzas de Rosalía de Castro e das vangardas.

- Marcos Valcárcel, "Un inédito de María Mariño", *Galicia Hoxe*, "A contra", 14 abril 2007, p. 40.

Anúnciase a publicación póstuma do libro da poeta María Mariño, falecida o 19 de maio de 1967, até agora conservado por Juan Soto, e cuxo limiar nun primeiro momento ía ser escrito por Ánxel Fole. Destácase o mundo sombrío da posguerra española retratado nos seus relatos.

- Ana Baena, "Mariño é unha escritora contra todo prognóstico, unha poetisa inesperada", *Atlántico Diario*, "Vigo", 16 maio 2007, p. 13.

Entrevista a Helena González, filóloga experta en María Mariño e autora do prólogo deste volume. Afirma que o feito de dedicarlle o Día das Letras Galegas vai permitir coñecer mellor a súa obra e a súa biografía. Asemade, considera que a súa poesía é moderna, aínda que tamén escribe versos populares do estilo rosaliano. Indica que, grazas ao descubrimento desta obra inédita, dáse a coñecer outro tema de interese da autora: a poesía infantil, escrita para os nenos do Courel.

- Lupe Gómez, "Mar de cores", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 657, "Bailarina", 20 maio 2007, p. 16.

Refírese a obra *Más allá del tiempo*, da que salienta unha parte titulada "Sueños" porque a poeta se refuxia na súa capacidade de soñar, inventar. Afirma que da poeta noiesa interésalle o seu pálpito, a súa intimidade ofrecida no papel e a súa revolución na linguaxe. Asemade, cita algunhas frases do seu libro *Oraciones*.

IV.2. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS, EDICIÓNS CRÍTICAS E LIBROS COLECTIVOS

Agrafoxo, Xerardo, *Biografía de María Mariño*, Vigo: Galaxia, col. Letras Galegas, febreiro 2007, 176 pp. (ISBN: 978-84-8288-257-4).

Estudo arredor da figura de María Mariño Carou (Noia, 1907-Parada do Courel, 1967), no que se fai un pormenorizado repaso de cada unha das etapas da súa vida. Acompáñase abondosa documentación gráfica achegada por Suso Xogaina, que se vai introducindo ao longo dos vinte capítulos que conforman a obra. Iníciase o estudo cun breve limiar no que o autor explica que este traballo ten a súa orixe noutro anterior, publicado na revista literaria *Casa da Gramática*, e nunha conferencia impartida con

motivo da IV Semana da Historia de Noia. Lembra que en ambas as dúas ocasións sentiu que os datos manexados precisaban unha maior concreción e un estudo máis detido, polo que considera que o dedicarlle o Día das Letras Galegas a esta figura vai favorecer un mellor coñecemento da súa vida e obra. A seguir, comeza co nacemento da autora e os seus primeiros anos en Noia, a súa ansia por adquirir cultura e coñecementos e a oportunidade que supuxo para ela o acceso á biblioteca do Pazo de Goiáns, onde traballaba unha tía materna. Detense tamén na época da Guerra Civil, na estadía da autora durante o conflito no País Vasco, na casa dunha irmá e noutros feitos relevantes como o seu casamento con Roberto Posse Carballido, o nacemento e morte do seu único fillo, a estadía en Elantxobe (País Vasco), onde estaba destinado o seu marido como mestre, a volta a Galicia e o traslado ao Courel. Este último lugar será no que se centre a parte final da obra, pois comprende unha boa parte da vida da autora e, sobre todo, supón o inicio da súa obra literaria, escrita en galego a partir da amizade con Uxío Novoneyra. Detense tamén nas dúas principais obras da autora, *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comeza* (1990), das que se explican a xénese e as vicisitudes até a súa publicación, especialmente no segundo caso. Péchase a obra cos últimos anos, a enfermidade e morte da autora no Courel.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, "Misterios de María Mariño", *A Nosa Terra*, n.º 1.259, "Cultura", 8-14 marzo 2007, p. 26.

Fai referencia á vida de María Mariño e salienta dous libros que se centran na súa biografía: *Biografía de María Mariño*, de Xerardo Agrafoxo, publicado pola Editorial Galaxia, e a *Obra Completa* da poeta, editada por Xerais. Comenta que Agrafoxo repasa os primeiros anos da poeta en Noia, a súa marcha a Boiro e o casamento con Roberto Posse con quen vai a Parada do Courel, onde coñece a Uxío Novoneyra. De seguido, comenta o volume de Xerais que foi editado por Pilar Sanjurjo quen tamén analiza a biografía de Mariño e estuda a poesía de *Verba que comeza* (1990) e *Palabra no tempo* (1963). Do primeiro poemario, Sanjurjo salienta o intimismo e o feito de que non se axuste a ningunha das correntes poéticas do momento e, do poemario póstumo, indica que se trata dun reflexo dos derradeiros meses da súa vida nos que loita contra a enfermidade da leucemia. Engade que os poemas de *Palabra no tempo* son unha mostra de rebeldía e resignación, de angustia vital.

- Lucía Seoane, "Noticia de María", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 204, "Libros", 26 abril 2007, p. IV.

Recolle as palabras do autor no "Limiar" desta obra, nas que declara que a idea deste proxecto naceu con motivo dunha conferencia que pronunciara na IV Semana da Historia en Noia. Indica que, a raíz do interese suscitado, iniciou unha verdadeira investigación acerca de aspectos que permanecían inéditos ou sutilmente silenciados da biografía de María Mariño. Por último, salienta desta obra as primeiras lecturas da futura poeta, o seu matrimonio con Roberto Pose Carballido xunto a outras circunstancias familiares e a decisiva amizade con Uxío Novoneyra.

Referencias varias:

- maré, "Despexando penumbras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 marzo 2007, p. 27.

Refírense as próximas publicacións que sacarán do prelo as editoriais para homenaxear á poeta María Mariño no Día das Letras Galegas. Indícase que Xerais xa editou a obra completa de Mariño baixo a supervisión de Victoria Sanjurjo e Galaxia publicou *Biografía de María Mariño* de Xerardo Agrafoxo; tamén Alvarellos editará o único libro da noiesa escrito en castelán, *Más allá del tiempo*. Así mesmo, Toxosoutos sacará á luz *Cántico da costureira poeta* e están pendentes de publicación, *María Mariño. Vida e obra*, de Carmen Blanco e *A vida secreta de María Mariño*, de Fran Alonso. A continuación coméntase a obra de Agrafoxo e achéganse datos sobre a vida de María Mariño. En columna á parte, dáse conta da utilización das novas tecnoloxías nas aulas para celebrar a homenaxe do Día das Letras.

- Yolanda Castaño "Do sur ao sur", *Galicia Hoxe*, "Días (Des)contados", 25 marzo 2007, p. 40.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, Yolanda Castaño comenta que vai ler a biografía sobre María Mariño realizada por Xerardo Agrafoxo e afirma que sobre a poeta se teñen plasmado moitos prexuízos.

- Margarito Flowers, "Cocineros de oro macizo, literatura de calidad y bellos cuadros con sello gallego en Madrid", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 18 abril 2007, p. 80.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, dá conta da publicación do libro de Xerardo Agrafoxo, *Biografía de María Mariño*, editado por Galaxia. Explica que a obra conta a vida de María Mariño a través de documentos e entrevistas coas persoas que a coñeceron e achega corenta fotografías relacionadas coa poeta. Ademais indica que o volume se divide en vinte capítulos.

- Lucía Seoane, "Noticia de María. Palabras desde o tempo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 204, "Libros", 26 abril 2007, p. IV.

Dá conta da traxectoria literaria de Xerardo Agrafoxo e comenta o seu último libro publicado, a *Biografía de María Mariño*. Salienta que a idea de Agrafoxo de facer este libro foi a partir dunha conferencia pronunciada na IV Semana da Historia en Noia e indica que o volume publicouno a editorial Galaxia na súa colección Letras Galegas. Comenta que no libro Agrafoxo realiza un recorrido pola vida da poeta e salienta o seu legado poético nas terras do Courel.

- Xan Carballa, "Xerardo Agrafoxo: 'Non hai misterio María Mariño, faltaba investigación seria", *A Nosa Terra*, n.º 1.265, "Cultura", 26 abril-2 maio 2007, p. 29.

Xerardo Agrafoxo conversa sobre algúns aspectos da vida e obra de María Mariño, tratado no seu libro *Biografía de María Mariño*. Comenta que se trata dunha escritora moi esquecida e algúns dos datos que existen sobre ela non son certos. Agrafoxo explica que xa tiña avanzada a investigación sobre Mariño, mais en varias ocasións desistiu, até que atopou os fíos que lle fixeron dar coa familia. Fala tamén da relación da poeta con Uxío Novoneyra e comenta as súas dúas obras: *Verba que comeza* (1990) e *Palabra no tempo* (1963). Por último, Agrafoxo fai referencia a outros libros seus

centrados na historia de Noia e da súa novela *Unha viaxe no Ford T* (2004), gañadora do Premio García Barros.

- Antonio Soto, "María Mariño trascenderá a súa época", *El Progreso*, "Letras galegas", p. 4/"Mariño, a esquecida", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 maio 2007, p. 41.

Entrevista ao profesor Xerardo Agrafoxo sobre a obra biográfica que escribiu de María Mariño. Comeza salientando o escaso número de mulleres poetas homenaxeadas o Día das Letras Galegas e explica por qué María Mariño ten unha obra tan reducida. Comenta que é unha persoa pouco estudada pola crítica literaria, mais que terá importancia polo valor literario da súa obra, xa que foi moi vangardista no seu tempo. De seguido, dá conta da valoración que Otero Pedrayo tiña de María Mariño e da relación que mantiñan ambos, así como da amizade con Uxío Novoneyra. Finalmente, salienta a vida de sufrimento que levou a poeta.

-Antonio Soto, "María Mariño foi unha poeta rupturista", *Diario de Pontevedra*, "*O Día das Letras Galegas ensalza á poeta de Noia María Mariño*", 17 maio 2007, p. 4.

Entrevista a Xerardo Agrafoxo sobre a poeta homenaxeada no Día das Letras Galegas, María Mariño, e sobre o libro biográfico dedicado á escritora. Agrafoxo comenta que tan só hai tres mulleres ás que se lles dedicou o Día das Letras Galegas e indica que María Mariño ten unha obra tan curta debido, principalmente, a súa enfermidade. Considera que é unha poeta que aínda está por descubrir e dá conta de cales son os seus eixes temáticos: a paisaxe interior do Courel, o presentimento da morte e a inquedanza polo presentido. Afirma que para o seu tempo foi unha poeta vangardista pola súa maneira de concibir o tempo cronolóxico e fala sobre a súa relación con Otero Pedrayo, sobre as semellanzas con Rosalía de Castro, da esporádica relación con Manuel María e, principalmente, do trato entre María Mariño e Uxío Novoneyra que, segundo Agrafoxo, mantiveron unha relación amorosa. Por último, salienta algunhas das traxedias sufridas pola poeta e comenta a influenza do seu home na vida de María Mariño.

Alonso, Fran, *A vida secreta de María Mariño*, ilust. Fino Lorenzo, Vigo: Edición Xerais de Galicia, a partir de 11 anos, marzo 2007, 99 pp. (ISBN: 978-84-9782-575-7).

Comeza cun "Limiar" no que incide nas moitas mentiras e inexactitudes sobre a súa biografía, que se a súa poesía fose escrita por Uxío Novoneyra, que non era un ser real, que non viviu no Courel. Salienta as dificultades polas que pasou, e da súa obra os momentos de altura, lucidez e madureza, sendo unha muller sen estudos. Explica a súa atracción, como escritor, pola obra da autora e as débedas que este libro ten con outras achegas bibliográficas sobre María Mariño. Logo explica a vida da autora homenaxeada nos seguintes capítulos: "O día que naceu María Mariño"; "A infancia"; "A irmá Concha"; "A moza"; "O traslado a Escarabote"; "Pola ribeira do río Coroño"; "A emigración"; "A Guerra Civil"; "O regreso a Escarabote"; "A idade"; "A voda"; "Un destino afastado"; "A vertixe dos acantilados"; "O fillo"; "A chegada ao Courel"; "Unha forte depresión"; "Parada de Moreda"; "Na escola"; "As fins de semana"; "A escrita"; "Viaxe a Madrid"; "Do Courel a Trasalba"; "Visitantes en Parada"; "A paisaxe"; "*Palabra no tempo*"; "Visita a Fole"; "Un novo poemario"; "Veráns na Coruña"; "A leucemia"; "Verba que comeza"; "A morte", nos que percorre a súa bibliografía, ofrece mostras da súa correspondencia con escritores galegos, analiza

poemarios, mestura poemas exemplificando apartados e remata cunha "Cronoloxía", na que explica ano a ano o seu vivir, e cunha "Antoloxía poética".

Recensións:

- María Navarro, "Novelar unha vida", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 208, 'Infantil/Xuvenil', 24 maio 2007, p. VII.

Despois de recordar a orixe da celebración do Día das Letras Galegas, centra o seu comentario na obra de Fran Alonso sobre a homenaxeada no 2007. Refírese ao contido deste volume que, entre a realidade e a ficción, alude a certos capítulos da súa vida e á súa necesidade de plasmar na escrita todos aqueles sentimentos e pensamentos que aguilloaban a súa existencia e que recolleu en *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comeza* (1990). A seguir, sinala que o volume ofrece unha escolma de poemas, que exemplifican retallos do seu eu máis íntimo, consideracións filosóficas sobre o paso do tempo ou dolorosas confesións ante a morte dalgún ser querido. Conclúe apuntando que unha cronoloxía sinxela e unha antoloxía poética pechan este libro que, tendo moito de invención, achega unha visión amena e desenfada da vida e obra de María Mariño.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Andar no tempo do tempo", *Diario de Pontevedra*, "*La Revista*", n.º 372, "Musas", 30 setembro 2007, p. 49.

Conversa entre Manuel Vidal Villaverde e Fran Alonso, quen aporta datos sobre a súa biografía e dá conta dos títulos que ten publicados hasta o momento. Ante a pregunta de se se considera poeta ou narrador, defínese como un "todoterreo" que ten abarcado todos os xéneros excepto o teatro; entre os volumes de biografías, salienta a que realizou da poeta María Mariño. Por último fala sobre a mensaxe das súas obras e a situación da literatura galega actual, ademais, indica que normalmente traballa de forma interrompida.

Agrelo Hermo, Xosé, *Cantiga da costureira poeta*, ilust. Alfonso Costa, Santiago: Xunta de Galicia/Editorial Toxosoutos, [lectorado autónomo], febreiro 2007, [32] pp. (D.L.: C 113-2007). ■

Despois de reproducirse o poema "Noia", de María Mariño (Noia, 1907-Folgoso do Caurel, 1967), Xosé Agrelo (Noia, 1937-2006), a través de doce estrofas de catro versos e dous versos libres, percorre os feitos vitais máis importantes da "diamanteira da fala". Este percorrido iníciase con referencias á casa na que naceu en Noia e continúa con alusión á súa primeira profesión, á súa estancia no País Vasco, á Guerra Civil, á chegada do amor, á morte do fillo, ao refuxio no Caurel, ao labor poético e á chegada da morte. Este volume, que se pecha coa reprodución doutros dous poemas de María Mariño, está ilustrado por Alfonso Costa (Noia, 1943), cunhas imaxes que ocupan toda a páxina sen deixar marxes e co texto colocado enriba. Apréciase unha relación do texto coas ilustracións e a técnica empregada é a pintura, que está aplicada con espátula, creando unha textura visual moi marcada e moi expresiva. As cores son variadas, nos

exteriores usa as da natureza e nas demais as mesturas logran matices sutís. A expresividade dos trazos da pintura vai acompañada de impresión con obxectos.

Referencias varias:

- maré, "María Mariño, a costureira poeta",*Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 marzo 2007, p. 29.

Dáse conta da presentación do libro que Xosé Agrelo Hermo deixou inédito antes do seu falecemento sobre María Mariño. Dise quen presidiu a presentación do libro e que a publicación se acompañará dunha exposición cos cadros de Alfonso Costa que tamén acompañan o texto de Agrelo. Tamén se informa de cómo transcorreu a presentación que estivo amenizada polo grupo Carmen Dor. Para rematar, sinálase que o libro está dirixido a un público de entre catro e dez anos; dáse conta, brevemente, do seu contido e destácase que o proxecto inclúe, ademais, catro exposicións máis, copiadas da orixinal, que percorrerán de forma itinerante diferentes centros educativos.

- Albino Mallo, "Alfonso Costa ilustra os textos sobre María Mariño de Xosé Agrelo", *El Correo Gallego*, "Cultura", 3 abril 2007, p. 68.

Dáse conta da inauguración, por parte da delegada provincial de Cultura e Deporte na Coruña, Milagros Lantes, dunha exposición de cadros realizados polo noiés Alfonso Costa que ilustran os textos de Xosé Agrelo Hermo sobre María Mariño. Dise que no mesmo acto se presentou o libro *Cantiga da costureira poeta* que reproduce os dezasete cadros do pintor noiés e que acompañan os textos de Agrelo Hermo. Destácase que coa exposicón se pretende dar a coñecer a vida e obra da poeta homenaxeada no Día das Letras. En columna á parte recóllense as palabras do pintor que afirma que nesta ocasión, tendo en conta o público ao que ían dirixidos os cadros optou pola figuración máxica e non pola abstracción.

- C. Rodríguez, "A voz póstuma de Xosé Agrelo Hermo", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 651, "Arquipélago", 8 abril 2007, p. 7.

Lémbrase o falecemento de Xosé Agrelo Hermo, a finais de 2006, autor do que se destacan algúns aspectos biobibliográficos. A continuación, fálase da "pequena alfaia" na que estaba centrado antes do seu pasamento, *Cantiga da costureira poeta*, unha biografía para os máis novos da poeta María Mariño que conta coas ilustracións de Alfonso Costa. Tamén se dá conta de como foi o acto de presentación o 20 de marzo en Noia e recóllense algunhas das palabras pronunciadas nesa presentación, como as de Alfonso Costa, que explicou a xénese das ilustracións do volume. Finalmente, cualifícase a obra como "un fermoso libro póstumo", indícase o lectorado ao que vai dirixido e indícanse as razóns polas que tamén é un volume "participativo".

Álvarez Blázquez, Xosé María, *Poesía galega completa*, limiar e ed. Xavier Rodríguez Baixeras, Vigo: Edicións Xerais, col. Clásicos, n.º 8, novembro 2007, 387 pp. (ISBN: 978-84-9782-687-7) CIRP 869.9-1 ALV poe

Edición de Xavier Rodríguez Baixeras da obra completa de Xosé M. Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985), a quen se lle vai dedicar o Día das Letras Galegas de 2008.

Esta edición baséase na do ano 1987 que contiña un prólogo de Xosé Luís Méndez Ferrín, unha presentación de Xosé María Álvarez Cáccamo, unha poética do autor e un epílogo de Emilio Álvarez Blázquez que se reproducen no cabo como apéndices. O volume comeza cunha introdución que inclúe varios puntos: un perfil biográfico, un percorrido polas características da xeración poética do 36 e un estudo individual dos libros de poemas. Salienta como influencias desta xeración o imaxinismo, neotrobadorismo e ruralismo e outros rasgos como o clasicismo, o social-realismo e o intimismo. No estudo individual das obras de Álvarez Blázquez analízase a evolución temática e estilística das súas obras, incidindo nos temas, recursos estilísticos, métrica, rima e léxico de cada unha delas. *Poemas de ti e de min* (1949) consta de dezanove poemas de temática popular e tendencia imaxinista con preferencia pola sinxeleza e estrutura métrica da poesía anónima popular que contrasta co uso de léxico culto ou semiculto. *Roseira do teu mencer* (1950) componse de vinte poemas, dedicados á súa filla, cun ton infantil. O *Cancioneiro de Monfero* (1953) é unha escolma de oito cantigas (tres cantigas de amigo, dúas de amor e tres de escarnio) que imitan a antiga poesía medieval, nos lindes da corrente neotrobadoresca, cunha linguaxe enxebre e arcaizante. *Romance do pescador Peleriño* (1954) é un romance narrativo salpicado de lirismo con estética imaxinista. *Canle segredo* (1976) divídese en tres partes: "Canle segredo", "Camiños de sol" e "As mágoas", nas que hai unha evolución dentro-fóra xa que a temática da primeira parte é amorosa, a da segunda remite á infancia e a terceira evoca ao pobo marxinado na que se intensifica a estética realista. En "Poemas inéditos e dispersos" recóllese poesía de circunstancias aparecida en revistas ou inédita, na que destaca "Epigramas do Pepe do Rollo" de intención humorística. Segue unha valoración global da obra poética con dúas liñas marcadas: unha liña neopopular e de tradición imaxinista e outra intimista e social. Finalmente, analízase a lingua de Álvarez Blázquez que destaca pola súa homoxeneidade no uso de grafías, fonética, morfoloxía, sintaxe e léxico. Antes de reproducir as obras completas referidas, fanse algunhas consideracións sobre a lingua, nas que se especifican os cambios ortográficos realizados con respecto ao orixinal, conservándose trazos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos. Asemade, ofrécese unha bibliografía actualizada sobre Álvarez Blázquez. Ao mesmo tempo que se reproduce a obra poética completa na sección "Poemas inéditos e dispersos", engádense poemas novos, que non figuran na edición de 1987, proporcionados por Xosé María Álvarez Cáccamo. Antes dos apéndices, a edición presenta un "Vocabulario" de étimos empregados polo autor.

Blanco, Carmen, *María Mariño. Vida e obra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, febreiro 2007, col. Letras Galegas, 152 pp. (ISBN: 978-84-9782-537-5).

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 2007, dedicado neste ano á poetisa María Mariño Carou, Carmen Blanco publica esta obra monográfica sobre a vida e a obra da citada poetisa. *María Mariño. Vida e obra* ofrece un percorrido sobre a figura desta escritora. Conta cunha "Introdución" e a seguir temos a cerna deste obra centrada en María Mariño. Comeza co apartado "A figura literaria de María Mariño" que repasa as diferentes visións que se teñen sobre a autora así como a análise socioliteraria das distintas versións, a súa idade e imaxe física xunto co status como escritora afastada da cultura oficial e as influencias de Rosalía de Castro e mais de Uxío Novoneyra. Despois detense na súa vida, na súa obra e nunha detallada análise da súa poética. Xa no final do libro, atópanse as referencias bibliografía sobre a autora estudada.

Referencia varia:

- Carmen Blanco, "Vida e obra de María Mariño", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 26, "Día das Letras Galegas", maio 2007, pp. 77-98.

Este artigo é un extracto adaptado do libro *María Mariño. Vida e obra*, de Carmen Blanco, profesora titular de Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela, que é autora de varios libros sobre a figura de Ricardo Carballo Calero. Fai un extenso repaso pola biografía e os motivos da obra de María Mariño, poeta homenaxeada o Día das Letras Galegas. Indícase que a poeta, nada en Noia en 1907, tivo unha infancia marcada pola vivencia do mar que vai estar sempre presente na súa obra. Engade que outros motivos desa obra son a nostalxia da plenitude da nenez, a actividade do tecido (identificada co vivir e o crear) ou os traballos labregos, todos eles temas moi vinculados á súa propia traxectoria vital. Explica que Mariño está en Euskadi cando estoupa a Guerra Civil, momento histórico que a marcou fondamente e que reflectiu na súa novela en castelán, incompleta e inédita, *Los años pobres. Memoria de guerra y postguerra*. Na súa poesía, un dos temas recorrentes é a figura materna, como se aprecia en *Palabra no tempo* (1990) e *Verba que comenza* (1963). Entre 1946 e a súa morte, acontecida o 19 de maio de 1967, María Mariño vivirá no Courel, unha estancia que deixará unha fortísima pegada na súa obra. Alí trabara amizade co tamén poeta Uxío Novoneyra, que a apoiou na produción da súa obra galega coñecida, as xa mencionadas *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comenza* (escrita entre 1966 e 1967). Aquí escribiu tamén a súa obra castelá inédita sobre a Guerra Civil, e o poemario *Más allá del tiempo*. Máis aínda: a experiencia da paisaxe da terra courelá inspira toda a súa. A vivencia extrema desta fará de María Mariño "unha excelente cantora telúrica". Nos seus últimos anos (nos que apenas saía da casa, salvo para realizar visitas como a que efectuou en Compostela a Ramón Piñeiro) un dos seus máximos desexos era vivir na Coruña xunto ao mar. Esa permanente nostalxia reflectirase nunha poética esencialmente mariña, cun mar absoluto e total, coma aquel que presentaron Manuel Antonio, Paul Valery ou Juan Ramón Jiménez. A poesía en galego de María Mariño quedou recollida na súa *Obra completa*, publicada en 1994 por Edicións Xerais. Neste volume quedou patente a súa vocación como poeta "radicalmente intimista e dunha linguaxe absolutamente rupturista". O seu intimismo non é pechado, senón aberto á terra e ao mundo. Para expresarse mellor, a poeta non dubida en buscar a palabra máis próxima ás súas vivencias, transgredindo a norma lingüística até destruíla. É por todo isto que Carmen Blanco considera que a súa é unha "poesía no límite", pois traballa unha temática abismal "que se move nos lindes do tempo e a morte e habita unha lingua límite", até producir unha poética "de escura dinamiteira da fala". O ensaio compleméntase cun apartado no que, baixo o título "Dixeron dela…", se recollen declaracións de diversos persoeiros sobre a figura de María Mariño. Entre eles, Méndez Ferrín, que destacou as rupturas da escritora coa norma do galego; Novoneyra, que a caracterizou como "o primeiro poeta místico de Galicia", impulsora ademais dunha verdadeira "revolución idiomática"; Manuel María, que subliñou a personalidade, orixinalidade e autenticidade da súa obra ou Otero Pedrayo, que en referencia a *Palabra no tempo* apuntou que se trata dunha obra que soergue a Galicia como terra orgullosa e doce.

Blanco, Carmen (coord.), *María Mariño Carou 2007*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, col. Día das Letras Galegas, 2007, 132 pp. (ISBN: 978-84-9750-795-0). ◆

Volume conmemorativo do Día das Letras Galegas 2007 organizado polo Departamento de Filoloxía Galega baixo a coordinación de Carmen Blanco. Os traballos que se ofrecen arredor da figura homenaxeada nesta efeméride, María Mariño (1907-1967), son os de:

- Arcadio López-Casanova, "Situación, construción e sentido de *Palabra no tempo* (unha achega analítica á poesía de María Mariño)", pp. 9-36.

Amplo e pormenorizado estudo de Arcadio López-Casanova sobre a poesía de *Palabra no tempo* (1963), de María Mariño, no que comeza co repaso das principais características do contexto que se deu en Galicia no período de posguerra (1947-1967). Destácanse aspectos como a importancia da figura de Ramón Cabanillas, a actividade da xeración da vangarda, a madureza dos poetas do Grupo da República ou a configuración e manifestación da chamada "xeración da posguerra ou do medio século". Ademais deste esquema configurador, describe o panorama das diferentes poéticas epocais que conviven, coas súas diferentes pólas ou liñas como o impresionismo saudo-sentimental, o esteticismo metafísico ou o culturalismo da xeración da vangarda e do Grupo da República; o intimismo revelador, o desacougo visionario, o realismo simbólico da metapaisaxe ou o realismo social do mundo e a xente da unidade xeracional da posguerra, destacando que é a liña do desacougo visionario a dominante, aínda que substituída a partir de 1962 pola inaugurada por *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro. Neste panorama sitúa a figura de María Mariño que publica en 1963 *Palabra no tempo*, unha obra fóra dos supostos dominantes, o que considera que a condenou á desatención. A seguir, destaca a extremosidade vivencial como eixe ou matriz temática ao longo da obra, así como a presenza constante da convivencia de contrarios como consecuencia da acción do tempo, que levan á configuración actorial que denomina "suxeito do extravío". Detense tamén nos topos que emprega, como o *homo viator* (a vida como camiño) e na modalización e estratexias enunciativas, das que destaca a orixinalidade e riqueza. Por último, céntrase no deseño textual e nas formas compositivas, describindo a estrutura da obra e os principais recursos empregados. Conclúe que *Palabra no tempo* quedou na periferia do sistema, que amosa un mundo orixinal, unitario e coherente, que se artella arredor da temática da morte, cun actor lírico de complexa modalización, que toma forma a través dun sistema simbólico e cunha gran riqueza polifónica en poemas breves, da que considera unha das obras fundacionais da lírica galega da segunda metade do século XX.

- Carmen Blanco, "A misteriosa tea entraña do tecer da costureira: a poética da vida de María Mariño", pp. 37-68.

Lectura do labor poético de María Mariño dende o punto de vista de "tecer a palabra no tempo", na que comeza referíndose ao traballo como costureira da autora e o seu apego á infancia, demostrado co seu traballo nun parvulario e nos labores de axuda ao seu marido. Lembra que o tecer era labor propio das mulleres populares, entre elas Rosalía, e asocia o labor creativo da costura co poético, pois considera que partindo da tradición popular elaborou unha poesía "nova". Defínea como prototipo galaico da costureira, especialmente por ter empregado creativamente os valores vitais da marxinalidade

popular e feminina. Defínea como unha persoa "profunda, intelixente e sensible que viviu a poesía". Refírese ao seu labor serodio como poeta, á importancia dos consellos de Uxío Novoneyra ou á súa relación con intelectuais como Ramón Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro ou Domingo García-Sabell. Considera que Mariño condensa na súa poética unha boa parte do pensamento epocal. Pon algúns exemplos de poemas de marcado ton existencialista, nos que lembra a Rosalía de Castro, tamén se detén naqueles de temática amorosa e destaca a presenza da amizade que a unía a Novoneyra nalgúns dos seus versos. A seguir vai repasando diferentes poemas nos que constata a gran variedade de valores polisémicos que adquire o concepto de "tecer", dende temas metapoéticos como o do traballo do canteiro, á presenza dos medos e desalentos, ás arelas ou falta de esperanza, á poética da "luz-verba", ás lembranzas da infancia asociadas co tecer, ao vínculo filial a través de símbolos como a tesoira e a presenza da roupa feita polas mans femininas, entre outros.

- María Xesús Nogueira Pereira, "*Mide o tempo a súa ponte*. A temporalidade na poesía de María Mariño", pp. 69-92.

Análise da temporalidade na poesía de María Mariño, na que comeza remitindo a un traballo anterior publicado na revista *Festa da Palabra Silenciada* e na que xa poñía de manifesto a atención que os estudos críticos prestaron a cuestións extratextuais, cando desta autora se trataba. Repasa algunhas referencias nas que se fai alusión ao tempo na obra da autora noiesa, como as de Ramón Otero Pedrayo, que asina o limiar de *Palabra no tempo*, e no que salienta a súa concepción "tráxica", e posteriormente as de Xosé Luís Méndez Ferrín, quen destacou da súa obra a "vivencia radical do tempo", o que lle confire unha dimensión metafísica, converténdoa en escritora mística. A seguir, ofrece algunhas claves para a análise da temporalidade na autora, como a influencia de autores como Rosalía de Castro (na percepción convencional como decorrer cronolóxico) e Uxío Novoneyra (na formalización dun tempo estático). Por outra parte considera que outra clave de lectura é a biográfico-psicoloxista, baseada na nostalxia e a doenza. Xa centrada en *Palabra no tempo* sinala, primeiro, a presenza de alusións á infancia, á vez que o eu se sitúa no presente a través do uso do adverbio "hoxe". A continuación exemplifica aqueles versos nos que se percibe o transcorrer do tempo, seguidos daqueloutros nos que aparecen as referencias ao pasado e o seu recordo (infancia, a figura da nai, o paso dos días simbolizado pola tea…). Remata coa achega ao tratamento do paso do tempo e a tradición, presentes en poemas como "Noite de San Johán" e "Historia e gaiteiro", e á fusión temporal que se percibe noutros, o que considera Nogueira que anticipa a concepción integral do tempo que se dá en *Verba que comeza*. Desta obra, publicada postumamente, sinala a continuidade temática coa anterior, aínda que con maior indagación e consciencia da voz poética. No tocante ao tratamento do tempo saliéntase a presenza da natureza, da infancia e das lembranzas familiares, da consciencia da decrepitude, da inminencia da morte e da "formulación dun tempo total e infindo".

- Manuel Fernández Rodríguez, "María Mariño: unha estranxeiría dende a praia até o monte", pp. 93-112.

Comeza referíndose ao valor polisémico do termo "estranxeiría" e considera que no caso de María Mariño ten implicacións biográficas e tamén estéticas e creativas, principalmente pola soidade e o illamento levado aos extremos máximos. Repasa algúns dos lugares nos que viviu a autora e considera que o máis determinante é o Courel,

lugar onde coñecerá unha intensa vivencia do mundo natural. Outros aspectos como a influencia de Uxío Novoneyra, a súa creación dunha "literatura de muller", a marxinalidade da súa obra tanto pola elaboración formal coma lingüística, a busca dunha expresión orixinal, o diálogo da autora co mundo natural, motivos como o camiño, elementos naturais cíclicos ou a denominada "natureza exiliada ou estranxeira", que fai referencia ao submundo natural, son algunhas das cuestións que se rastrexan en diferentes versos da súa obra. Por outra parte, céntrase na estranxeiría baseada na ruptura do código común entre o eu poético e a natureza, unha agonía ou loita entre a aspiración á transcendencia e as limitacións ás que o eu poético se sente atado é a que orixina a dualidade de pertenza fronte á non pertenza.

- Olga Novo, "María Mariño Carou: catro escenas de morte e unha lección de vida", pp. 113-130.

Ao xeito das acoutacións, propias das pezas de teatro, Olga Novo elabora catro escenas arredor da poética de María Mariño, nas que partindo de escenas que poden asociarse coa súa biografía reflexiona sobre o tratamento da morte que se observa na poética de Mariño. A primeira, "A nai", xira arredor da visión da figura materna na súa poesía e, ademais de reproducir algunhas composicións, explica que esta poética da memoria se converte en refuxio. Unha poética na que sostén que está latente unha gran proximidade materno-filial, que converte á defunta nai en interlocutora da poeta e á que recorre en momento difíciles, como no seu presente opresor. Na segunda escena, "A árbore seca", reflexiónase sobre a importancia da experiencia vivida coa chegada ao Courel, procedente de Noia, polo paso do litoral a unha montaña fonda, na que o diálogo coa natureza se converte nunha compresión da vida. Destácase o emprego da árbore como elemento poético e as alusións á morte e o final que a autora intuía. Na terceira escena, "Mortes interiores", rastréxase o pulo místico e a súa orixinalidade no sistema literario galego, no que pasou desapercibida, simbolicamente como o lugar do seu nacemento, "unha rúa Cega para unha muller Visionaria". Saliéntase tamén a súa escrita moderna, o alento romántico da reflexión sobre o paso do tempo e a presenza da morte. Por último, en "Falando coa morte" céntrase no motivo da morte da autora e a súa presenza poética a través da interrogación metafísica sobre o alén e a posibilidade de supervivencia. Remata cun apartado final, "Lección de vida", no que considera que malia a presenza da morte, non é a poesía de María Mariño unha poética da morte senón da existencia, na que a primeira se asume como parte do ciclo vital, e a concepción da palabra como ente creador.

- Carmen Blanco, "Cronoloxía: de Noia ao Courel", pp. 131-132.

Breve cronobibliografía, que pecha este volume monográfico, na que se poñen de relevo as datas máis significativas da vida persoal e creativa da autora noiesa, que foron sinaladas ao longo dos diferentes traballos reunidos.

García Negro, María Pilar, *María Mariño no ronsel das escritoras galegas*, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Ensaio, n.º 214, 2007, 85 pp. (ISBN: 978-84-8487-119-3).

Unha nota inicial na que dá conta dos alicerces do libro é o comezo dunha obra coa que María Pilar García Negro (Lugo, 1953) aborda a figura da poeta María Mariño. Ensaio, poemas, análise e interpretación tecen un ente único que se estrutura en cinco capítulos.

Ao comezo da obra, a escritora fai fincapé no papel das mulleres na escrita e alude ás tres escritoras que foron homenaxeadas no día grande da literatura galega. As análises de García Negro son quen de transmitirlle ao lector a máis fonda poesía de Mariño. Logo de facer unha rigorosa aproximación á obra de Mariño, García Negro rescata unha escolma da escritora nada en Noia. Un valioso apéndice de textos asinados por Ramón Otero Pedrayo, Manuel María e Uxío Novoneyra, entre outros, outórgalle ao conxunto unha riqueza que introduce o lector no quefacer poético da escritora.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Cando os versos son a salvación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 maio de 2007, p.28.

Indica que a lingüista Pilar García Negro presentou en Compostela un traballo sobre María Mariño que, en palabras da autora, é unha "lectura contextualizada" da poesía de María Mariño editada dende unha "dupla perspectiva".

- Xan Carballa, "A poesía foille refuxio vital e terapia", *A Nosa Terra*, n.º 1.266, "Cultura", 3-9 maio 2007, p. 24.

Explica que este volume contén poemas e reflexións sobre a poeta. Ao longo desta entrevista, Pilar García Negro admite a inevitábel pegada de Rosalía de Castro en María Mariño, ao igual que noutros moitos autores/as posteriores a ela. Por outro lado, defende a súa individualización e describe a súa poesía coma un refuxio vital e unha terapia, concentrada no ego e con pouca figuración. Tamén recoñece a axuda que Uxío Novoneyra prestou á poeta, pero defendendo a súa individuación.

- Xan Carballa, "María Pilar García Negro. 'Non se pode tratar as escritoras como un lote sen individualización", *El País*, "*Galicia*", "Letras de Galicia", 17 maio 2007, p. 6.

Conversa con María Pilar García Negro sobre o ensaio que publicou en Laiovento arredor da figura de María Mariño, que crítica algúns tópicos sobre as mulleres escritoras. Explica García Negro que ás escritoras galegas habería que estudalas de xeito individualizado, polo tanto, tamén a María Mariño e afirma que Rosalía de Castro deixou unha pegada en todas as escritoras posteriores, mais non por iso se debe aplicar unha caracterización fixa á poesía de María Mariño. A autora considera que a obra poética da escritora noiesa mostra trazos retórico-estilísticos existencialistas e evocacións oníricas. Finalmente, analiza os tópicos que se lle teñen aplicado a Rosalía hasta convertela nun mito.

Hermida Gulías, Carme, *María Mariño. Unha serea en terra*, ilust. Mauro Trastoy, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, [lectorado autónomo], 2007, 26 pp. (ISBN: 978-84-7824-516-1). ■

Volume distribuído xunto co xornal *Galicia Hoxe* para celebrar o Día das Letras Galegas de 2007 dedicado a María Mariño. Carme Hermida Gulías (Portela de Lamas, Pontevedra, 1961), responsábel do texto, adapta a biografía da poeta noiesa nacida en 1907 co fin de difundir a súa figura través dun conto ilustrado destinado a lectores a partir dos oito anos. Nel recrea as súas orixes familiares, como o feito de ser a primeira

filla dun zapateiro e unha xastra, como tivo que deixar a escola para axudar na economía familiar co seu traballo de costureira, a súa viaxe ao País Vasco, onde a sorprende a chegada da Guerra Civil española, o seu matrimonio cun mestre, a perda dun fillo antes de cumprir os dous meses, os difíciles tempos da posguerra, a súa amizade con Uxío Novoneyra durante a súa estadía no Courel e a presentación dos seus poemarios, *Palabra no tempo* en 1963 e *Verba que comenza* en 1967, cando a autora estaba enferma de leucemia, enfermidade que se lle ocasionaría a morte meses despois. Tras deste relato e en páxinas de cor amarela, inclúese unha lenda que relaciona as orixes de María Mariño coas dunha serea. Desta liñaxe herdaría, talvez, a tristura pola pobreza e a morte de seu fillo e de súa nai. A narración incorpora ademais un poema no comezo de cada páxina e vai acompañada das ilustracións de Mauro Trastoy (Ferrol, 1971).

Referencias varias:

- maré, "Xoguete de ler e desler", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 16 maio 2007, p. 28.

Refírese á aparición dun número especial d'A *Revista das Letras* con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Explica que se trata dunha antoloxía de poemas de máis de vinte escritoras galegas, como Xohana Torres ou Luz Pozo Garza, entre outras. E indica que a autora é Helena González, que tamén é responsábel da edición de *Más allá del tiempo*, un libro inédito da escritora noiesa que foi recuperado pola editorial Alvarellos. Asemade, cítase a obra de Carmen Hermida Giulías, *María Mariño. Unha serea en terra*.

González Pérez, Clodio, *Xosé María Álvarez Blázquez. 1915-1985. A Terra é o fito chantado no centro xeométrico do meu horizonte*, preámbulo, epílogo e bibliografía do autor, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, col. Memoralia, n.º 8, setembro 2007, 181 pp. (ISBN: 978-84-96673-36-6).

Clodio González Pérez (Cenlle, Ourense, 1947) ofrécenos, co gallo de dedicárselle o Día das Letras Galegas do 2008, unha biografía de Xosé María Álvarez Blázquez que abre cun preámbulo no que conta a relación que tiña con este autor. A obra consta de cinco partes numeradas con números romanos. Na primeira, titulada "Entre Tui e Pontevedra", fai referencia sobre todo aos seus datos biográficos xerais onde destaca o feito de que pertenza a unha familia de intelectuais galeguistas. A segunda parte titúlase "Fronte ao mar de Martín Codax" e nela relata a faceta profesional deste escritor: di que foi secretario dunha confraría de pescadores, Comisario de Escavacións Arqueolóxicas de Vigo, profesor no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro e que formou parte do padroado do Museo do Pobo Galego. Na terceira parte, titulada "Poeta, escritor, erudito, editor...", céntrase na súa faceta de escritor; así, en poesía destacou con libros coma *Poemas de ti e de min* (1949), *Roseira do teu mencer* (1950), *Cancioeiro de Monfero* (1953) ou *Canle segredo* (escrita en 1953 pero publicada en 1976), entre outros poemarios; foi un novelista exclusivamente en castelán pero ten algún libro de relatos en galego como *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (1971); como investigador tratou varios temas entre os que destacan a historia da literatura medieval galego-portuguesa, a historia da cidade de Vigo, arqueoloxía, literatura popular, etc.; como editor hai que destacar que creou a Editorial Monterrey (1950), Edicións

Castrelos (1964) e que foi membro fundacional da Editorial Galaxia (1950); na cuarta parte, titulada "Libros, artigos, premios, nomeamentos...", fainos unha listaxe de todas as súas publicacións, incluídas as inéditas, e os seus recoñecementos tanto en vida como póstumos. Remata coa quinta parte titulada "Epílogo", onde sinala que fixo unha biografía o máis completa posíbel a partir de datos e da relación completa da súa obra e para pechar o libro cre que o mellor é cederlle a palabra ao propio Álvarez Blázquez para que nos conte como lle gustaría que fose a Galiza de 2002. Finalmente proporciónanos a bibliografía que utilizou para este traballo.

Mariño Davila, Esperanza, *Dicionario María Mariño*, limiar de Darío Xohán Cabana, Santa Comba-A Coruña: Editorial tresCtres, Col. "Diccionario", n.º 7, 2007, 161 pp. (ISBN: 978-84-935562-4-2).

A obra está destinada a facer un estudo sobre a vida e obra de María Mariño, escritora a quen se dedica as Letras Galegas. Divídese en varias partes. Na primeira delas titulada "A autora" encóntrase unha descrición da vida de María Mariño, escritora homenaxeada na obra. Segundo esta parte, sabemos que María Mariño nace en Noia en 1907, marcha a Euskadi co inicio da Guerra Civil para volver a Boiro onde casa con Roberto Pose Carballido, quen impartía clases a nenos. María Mariño trasládase a Lousame en concreto ao lugar coñecido como Minas de San Finx co seu marido para dar á luz ao seu fillo que morreu sendo bebé. Pouco despois María Mariño trasládase co seu marido á casa-escola de Parada do Courel lugar onde coñece a Novoneyra e onde vai vivir parte importante da súa vida, esencial para a súa creación poética. María Mariño morre en 1967. A segunda parte titulada "Creación" está dedicada a facer unha recolleita das citacións a María Mariño en revistas e obras, así como a publicación dos seus libros. Estes datos permítennos saber como foi a recepción da crítica na etapa que vai da década dos sesenta até a década de 2000. Nesta parte tamén hai un estudo das obras galegas *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comeza* (1990). O estudo destas obras faise tendo en conta dous parámetros: o contido e a forma. A seguinte parte titulada "Imaxes" consiste nunha presentación de distintos documentos e fotografías relativas á vida da autora dende a súa acta de nacemento até fotos familiares destinadas a recordar os diferentes lugares polos que foi pasando na súa vida. Unha parte diferente é a destinada a recoller todas as obras referentes a María Mariño. A selección de poemas de María Mariño está incluída na parte titulada "Recolleita", nela vemos poemas das obras *Verba que comeza* e *Palabra no tempo*. En "Recursos didácticos" encontramos un comentario de varios dos seus poemas e exercicios destinados a tratar diferentes aspectos da vida e obra da autora a que está dedicada a obra. Por último, podemos ver no libro unha liña cronolóxica destinada a comparar a vida de María Mariño cos distintos acontecementos que tiveron lugar en Galicia e no mundo.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "A poeta que se lle arrepuxo á morte", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 marzo 2007, p. 28/"Un libro de TresCTres achega novos datos sobre a poeta María Mariño", *El Correo Gallego*, "Cultura", 15 marzo 2007, p. 75.

Fai referencia ao Dicionario María Mariño, de Esperanza Mariño, quen afirma que se trata dunha ambiciosa investigación sobre a poeta homenaxeada no Día das Letras. Comenta que se trata dun proxecto que contén varios apartados: unha biografía, unha

antoloxía, un estudo lingüístico, entrevistas a persoas que a coñeceron e fotografías. De seguido fai referencia a certas entrevistas que realizou e á obtención de datos sobre María Mariño. A continuación, pasa a falar da poesía da escritora e destaca o seu segundo poemario, *Verba que comeza* (1990), onde a poeta se opón á morte e ao sangue. Tamén refire a relación que mantivo con Uxío Novoneyra e a influenza que supuxo para ela e a súa poesía. Por último, indica que María Mariño, xunto a Rosalía de Castro e Francisca Herrera Garrido, son as únicas mulleres homenaxeadas no Día das Letras Galegas.

- V. Oliveira, "María Mariño era introvertida e alegre", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 650, "Entrevista", 1 abril 2007, pp. 12-13.

Entrevista á profesora Esperanza Mariño sobre a redacción do *Dicionario María Mariño*.
A autora comenta que a idea naceu dos editores de TresCtres de crear unha obra en homenaxe a María Mariño, autora homenaxeada no Día das Letras Galegas, quen afirma que se trata dun proxecto que contén varios apartados: unha biografía, unha antoloxía, entrevistas a persoas que a coñeceron e fotografías, principalmente. Así mesmo, indica cales foron as principais fontes que empregou para redactar o libro e salienta, como o máis destacábel de María Mariño, o seu carácter introvertido. A continuación, pasa a falar da poesía de Mariño e comenta, basicamente, o segundo poemario que escribiu, centrado no tema da morte. Tamén refire a relación que mantivo con Uxío Novoneyra e a influenza que supuxo para ela e a súa poesía. Por último, fala da importancia do Día das Letras Galegas e a súa celebración no ámbito escolar para rematar confirmando que a publicación do libro terá lugar a mediados de abril.

- Marisa Vidal Collazo, "Libros chegados", *Encrucillada*, n.º 153, maio-xuño 2007, p. 115.

Coméntase a edición anual do monográfico dedicado á figura homenaxeada nas Letras Galegas, que analiza a obra, a creación e a biografía de María Mariño. O volume complétase con testemuñas fotográficas e documentais da vida desta autora.

Riveiro Coello, Antón, *A voz do lago*, ilust. Rodrigo Chao, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 149, a partir dos 12 anos, 2007, 108 pp. (ISBN: 978-84-8288-712-8).

Novela de Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) na que se mestura realidade e ficción e que se centra na historia da escritora María Mariño no momento que deixa Noia para ir vivir a Boiro, na parroquia de Escarabote, preto do Pazo de Goiáns. Por medio da voz de Irene Redondo Mariño nárrase cómo esta nena de dez anos que vive no pobo axiña se fai amiga de María Mariño e cómo xuntas descubrirán o misterio da lenda do pazo de Goiáns. Todo comeza cando María encontra no Pazo un libro misterioso que provoca un murmurio no Lago. Ambas as rapazas resolverán o misterio da voz do lago e a súa relación coas sereas. As ilustraciones realistas, feitas en acuarela líquida en gama de lila e gris, débesen a Rodrigo Chao Blanco (Boiro, 1976), acompañan a narración textual e ilustran, dende o máis mínimo detalle, os espazos onde suceden as accións. Os personaxes posúen trazos definitorios da obra de Chao Blanco como son os ollos saltóns ou o nariz respingón.

Recensións:

- Ana Amado Reino, "Antón Riveiro Coello. *A voz do lago*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 12 a 14 anos", primavera 2007, p. 78.

Sinala que, a partir do feito anecdótico da relación da poeta de Noia co pazo de Goiáns en Escarabote, Antón Riveiro Coello crea unha historia de intriga, na que a maxia fai acto de presenza. Comenta que o relato vai ofrecéndolle ao lectorado agardado datos que ten que ir interpretando, ao mesmo tempo que o fan Irene e a súa amiga María, e que, "extraordinariamente artellados", van facendo que se deixe engaiolar polo canto das sereas e que desexe chegar ao desenlace. Tamén apunta que as ilustracións de Rodrigo Chao fai partícipes a quen le da expectación que a historia de Xoán do Lago e dona Mariña causa nas dúas protagonistas, aínda que non desvela nada do que se quere saber, pois todo chega no seu momento.

- María Navarro, "Relato entretido", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 221, "Infantil/Xuvenil", 18 outubro 2007, p. VII.

Presenta *A voz do lago*, de Antón Riveiro Coello, unha novela na que se recrea algún momento da vida da poeta galega homenaxeada no Día das Letras Galegas 2007, María Mariño, e na que de modo ficticio leva aos rapaces polos vieiros da fantasía até mergullalos nun mundo misterioso de lendas e tempos pasados realmente atractivos. Sinala que o autor argalla unha historia na que se mesturan realidade e ficción nunha sorte de metaliteratura, que mantén a atención sobre o que puido suceder e a interpretación que se fai de certos achados. Detalla máis o argumento e indica que se trata dunha novela entretida na que o escritor ourensán quixo darlle verosimilitude aos feitos tomando como protagonistas personaxes reais, pero que, pouco a pouco que se indague na historia narrada, se advirta certas pasaxes incoherentes que serán para o lectorado toda unha proba de atención.

IV.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Álvarez, Rosario, "María Mariño. Noiesa do Courel, dinamiteira da fala", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 71, tomo III, ano XVIII, xullo-agosto-setembro 2007, pp. 441-444.

Este artigo foi lido na celebración do Día das Letras Galegas organizada pola Real Academia Galega. Comeza salientando a caracterización que Uxío Novoneyra lle deu a María Mariño como "dinamiteira da fala" e fai referencia á natureza que aparece na obra da poeta noiesa: o mar de Noia e a montaña do Courel. A continuación afirma que María Mariño mantivo a fala noiesa hasta que morreu e dá exemplos como o uso do cheísmo, os masculinos e femininos en –án, os diminutivos en –nciña, e os plurais en –ns, etc. Pola contra, no léxico que emprega nos poemas si aparecen trazos da fala courelá, quizais debido á influenza de Uxío Novoneyra. Así mesmo, explica Rosario Álvarez, o galego de María Mariño tamén mostra as raíces da lingua popular mais mostra un estilo propio que, en ocasións, "navega nos lindeiros da gramaticalidade" e, ás veces, incluso traspasa esa fronteira. Finalmente, salienta que María Mariño mostra fascinación polas palabras, verba fundamental do título dos seus libros, e as súas

palabras son imaxes, son etiquetas conceptuais. Remata agradecendo o privilexio de poder falar sobre María Mariño.

Blanco, Carme, "O misterio de María Mariño", *Grial*, n.º 174, "O espello das letras", abril-maio-xuño 2007, pp. 120-129.

Carme Blanco comeza afirmando neste artigo que María Mariño era até 2007 unha descoñecida para a meirande parte dos galegos e "só unha pequena minoría lúcida e libre recoñeceu a María Mariño como a auténtica poeta que é", de aí que se diga que "María Mariño é un misterio en si mesma". A seguir subliña que nesta homenaxe a ciencia desvelou todos os misterios e destaca que as investigacións da propia Carme Blanco lle permitiron chegar á conclusión de que a voz de María Mariño é unha voz auténtica de muller de clase popular cunha poesía con momentos de altísima calidade artística. Tamén se centra en exemplificar e analizar esta afirmación con numerosos exemplos e comentarios.

Blanco, Carmen, "Vida e obra de María Mariño", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 26, "Día das Letras galegas", maio 2007, pp. 77-98.

A raíz da dedicación do Día das Letras Galegas a María Mariño, reprodúcese un extracto adaptado do libro de Carmen Blanco, *María Mariño. Vida e obra*. Indica que vai precedido dunha breve nota sobre a autora, Carmen Blanco, salientando a súa dedicación profesional e intelectual. A continuación, sucédense os seguintes apartados: "Noia, o mar, a ponte, a nenez e o medrar", "A vida popular, a costureira, o tecer e o pan", "Escarabote, o País Vasco, a Guerra Civil, o casamento e a morte do fillo", "O Courel, crise psíquica, a nai, a terra, o tempo, a palabra, a morte e o absoluto mariño" e "O mundo mariñán: innovador e luminosamente escuro". Ademais, acompáñase o traballo de fotografías e gravados. Tamén integra poemas de María Mariño. Por último, recolle algúns comentarios que sobre a súa obra realizaron Victoria Sanjurjo, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé María Álvarez Cáccamo, Uxío Novoneyra, Xavier Castro Rodríguez, Manuel María e Ramón Otero Pedrayo.

Burgoa, Juan J., "María Mariño, a poesía intimista", *Atenea. Revista trimestral do Ateneo Ferrolán*, "Artigo", n.º 27, abril-maio-xuño 2007, pp. 26-27.

Describe de xeito moi breve a biografía de María Mariño, subliñando as necesidades económicas que sufriu, os diferentes domicilios, o casamento con Roberto Posse, a perda do seu fillo e a estadía en Parada do Courel. De seguido, comenta a relación que mantivo no Courel con Uxío Novoneyra e afirma que grazas a el a poeta publicou o seu primeiro poemario, *Palabra no tempo*, en 1963. Explica que os temas deste libro veñen "propiciados pola súa experiencia vital" e que a súa poética, ademais de ser intimista, mostra orixinalidade e un estilo que non obedece ás normas. A continuación, comenta o segundo poemario de María Mariño, *Verba que comeza*, editado postumamente en 1990, e que recolle os poemas finais da vida da poeta. Por último, achega algúns versos de María Mariño e conclúe afirmando que é a terceira muller homenaxeada o Día das Letras Galegas, despois de Rosalía de Castro e de Francisca Herrera, e reclama que este día sexa concedido a algún autor ferrolán.

Cabana, Darío Xohán, "María Mariño é ela", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 71, tomo III, ano XVIII, xullo-agosto-setembro 2007, pp. 431-435.

Este artigo foi lido na celebración do Día das Letras Galegas organizada pola Real Academia Galega. Achega un fragmento no que dá conta das relacións que mantivo María Mariño con outros escritores coetáneos e comenta que se crearon prexuízos en torno a súa figura, e propón algúns exemplos. De seguido, afirma que agora xa non se dubida da autoría da poeta aínda que as influenzas entre ela e Uxío Novoneyra son mutuas. Considera que María Mariño non debeu escribir poemas antes de coñecer a Novoneyra e se o fixo, os seus modelos serían os poemas rimados, clásicos ou románticos. Foi grazas á influenza do escritor cómo María Mariño coñeceu o verso libre e puido expresarse moito mellor. Explica que a poeta empezou a escribir en castelán, mais foi na lingua galega onde acadou maior esplendor e que sería Novoneyra quen puliu o seus versos. A continuación, indica que María Mariño conseguiu unha linguaxe rompedora co seu segundo poemario en galego, *Verba que comeza* (1990), porque empregou unhas "distorsións brutais" e unha "semántica desconcertante". Afirma que foi unha poeta única e irrepetíbel e salienta que os debuxos de Reimundo Patiño son os que mellor definen a súa obra. Por último, comenta que xa leva anos lendo a poesía de María Mariño e asegura que nunca será ben entendida nin poderá ser ben explicada.

Caldeiro, Eloi, "Letras Galegas 2007. María Mariño", *Naz-on,* n.º 6, maio-xuño 2007, pp. 4-8.

Co gallo da celebración do día das Letras Galegas dedicado este ano á poeta María Mariño, faise un percorrido pola vida e polos lugares onde ela deixou a súa pegada. O percorrido biográfico comeza na súa vila natal de Noia e coméntanse as súas orixes e os primeiros vinte anos da súa vida na vila. Logo faise un percorrido polos anos vividos en Boiro e no País Vasco para finalmente comentar a chegada ao Courel e os duros momentos de desánimo tras a perda de varios serres queridos como o seu fillo. Por último lémbranse os últimos tempos da súa vida e a súa relación de amizade con Uxío Novoneyra o cal teima en dar a coñecer a súa obra.

Méndez Ferrín, X. L., "María Mariño", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 71, tomo III, ano XVIII, xullo-agosto-setembro 2007, pp. 437-440.

Este artigo foi lido na celebración do Día das Letras Galegas organizada pola Real Academia Galega. Xosé Luís Méndez Ferrín quere evocar a época en que María Mariño publicou o seu primeiro libro, *Palabra no Tempo*, en 1963. Dá conta dalgúns feitos importantes nesa etapa franquista que mudaron a mentalidade da sociedade e comenta cómo foi a recepción desa primeira obra, apoiada por Ramón Otero Pedrayo, Arcadio López Casanova, Raimundo Patiño e, principalmente, por Uxío Novoneyra. De seguido, explica cándo e cómo Novoneyra introduciu o lema de "María Mariño, dinamiteira da fala", e afirma que, grazas a influenza da poeta noiesa, o escritor courelá escribiu o poema "Viet Nam Canto". Posteriormente, en 1990, grazas á publicación de *Verba que*

comeza, vólveselle prestar atención á obra da poeta, nun acto celebrado en Noia. A continuación, fala sobre a obra de María Mariño, que considera atemporal e ahistórica, aínda que mostra trazos da poesía tradicional e de Rosalía de Castro; tamén fai referencia á temática e analiza a presenza do "eu" nos seus poemas, así mesmo, salienta que María Mariño deu un paso máis alá na forma, feito que ninguén fixera anteriormente.

Nicolás, Ramón, "El Día de las letras gallegas", *Qué leer*, "Letras gallegas", n.º 121, maio 2007, p. 38.

Reflexión sobre a celebración do Día das Letras Galegas, este ano dedicado á figura de María Mariño, na que Nicolás destaca algunhas obras de interese como *A vida secreta de María Mariño*, de Fran Alonso; *María Mariño. Vida e obra*, de Carmen Blanco; unha biografía de Xerardo Agrafoxo ou un dos seus poemarios, *Más allá del tiempo*, editado por Helena González. A continuación o autor tamén menciona outras novas de interese como a aprobación da Lei do Libro e a importancia que terá para o fomento da lectura. Por último, fai referencia a diversas novidades editoriais coma *New York*, de Inma López Silva e *Ratas en Manhattan*, de Francisco Álvarez. Alude a que Sotelo Blanco presenta os premios Lueiro Rey con *Canícula*, de Mariña Pérez Rei e, como finalista, *Aínda*, de Franco Alonso. Outras publicacións de interese son: *Diario do impostor*, de Héctor Carre; *Case perfecto*, de Marina Maioral; *Benquerida catástrofe*, de Teresa Moure ou *O alento da musa*, de Alberte Momán.

Pérez Vázquez, Teresa, "María Mariño, verso en plenitude", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 152, "Estudos", maio-abril 2007, pp. 73-88.

Ao longo dos apartados "Rosalía ten irmáns", "En nome de muller", "A poeta de Noia con voz do Courel", "O sabor do verso" e "A ollada desde o cume", analízanse diferentes aspectos, tanto biográficos como bibliográficos da vida e a obra da homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas, María Mariño Carou. Comeza destacando o feito de que moi poucas mulleres foron homenaxeadas no Día das Letras Galegas, unicamente Rosalía de Castro e Francisca Herrera Garrido. A seguir, logo de destacar o feito de que nunca empregou un pseudónimo masculino para asinar as súas creacións, (feito que moi común ao longo da historia da literatura), repasa a súa vida e a obra, que estibo profundamente marcada pola morte do seu único fillo, Roberto, da súa nai, Filomena Carou Lado, e do seu irmán, Emilio. Tamén se citan, entre outros feitos, que comezou a escribir cando tiña máis de cincuenta anos, que mantivo unha gran amizade con Uxío Novoneyra.

Requeixo, Manuel, "Do mar ao monte. Un percorrido músico-visual pola vida de María Mariño", *Naz-on,* n.º 6, maio-xuño 2007, p.10.

Informa da publicación dun disco dedicado a María Mariño gravado por Eloi Caldeiro baixo o título de "Palabra no tempo que comeza", baseado nos dous títulos dos libros da autora. Dise que presenta dous formatos, CD e Libro CD-DVD, e que inclúe un libro cos poemas que se escolleron para a súa musicalización e fotografías dos lugares onde

viviu así como un DVD que contén un documental gravado neses lugares e un CD con dez cancións. Destácase a calidade da gravación e que vai ser distribuída a nivel estatal.

Romaní, Ana, "Día das Letras Galegas Ano 2007. María Mariño", *Atenea. Revista trimestral do Ateneo Ferrolán*, "Falamos de…", n.º 27, abril-maio-xuño 2007, p. 11.

Repasa a traxectoria vital de María Mariño, centrándose na súa primeira etapa en Noia, o traslado a Boiro, o seu casamento con Roberto Posse Carballido e o traslado ao País Vasco, a volta a Galicia e o destino definitivo en Parada do Courel. Fai referencia aos dous libros publicados pola poeta, *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comeza* (1990), e define a súa poética como intimista e que non obedece ás normas. Tamén salienta a relación que mantivo con Uxío Novoneyra e, finalmente, indica que os seus restos descansan no cemiterio de Seoane, no Courel.

Sambade, Xesús, "María Mariño, consagrada pola RAG o Día das Letras Galegas", *Adra. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*, n.º 2, 2007, pp. 123-127.

Este artigo de Xesús Sambade analiza a figura de María Mariño e divídese en cinco apartados: "Biografía", "Recepción da súa obra", "Obra", "Características" e "Temas na súa poesía". No apartado da "Biografía" salienta que María Mariño foi unha muller humilde con necesidades económicas na infancia, viviu en Noia, Boiro, Viscaia e, xa co seu home, definitivamente permanecerán en Parada do Courel. De seguido, destaca a importante relación entre a poeta e Uxío Novoneyra e indica que morreu de leucemia en 1967. No segundo apartado explica que a obra da poeta é unha das que creou máis polémica, interese e esquecemento, e propón os motivos destas afirmacións. En canto á súa obra comenta que o primeiro libro, *Palabra no tempo*, saíu en 1963 na colección "Tesos Cumes" da editorial Celta, e até despois da súa morte non se coñeceron máis poemas. En 1990 o Concello de Noia edita o libro *Verba que comeza*, e en 2007 a Editorial Alvarellos dá a coñecer o seu libro inédito *Más allá del tiempo*. No cuarto apartado do artigo, Sambade dá conta das características fundamentais da poesía de María Mariño: intimismo, a natureza courelá e o mar, linguaxe rupturista, recursos da literatura popular e longos poemas marcados pola enfermidade. O último apartado está dedicado a explicar a temática da obra de María Mariño e divídea en sete temas aos que achega algúns versos: "Sobre a súa infancia en Noia", "Sobre a súa nai", "Sobre o Courel", "Unión mística coa paisaxe", "O mar como sitio onde vive a súa intimidade coa natureza", "Sentimento da finitude, enfermidade e a morte próxima" e "A palabra como centro da súa poética".

Seara, Teresa, "María Mariño no seu ano", *Tempos Novos*, n.º 120, "Libros", maio 2007, p. 74-75.

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas 2006, dedicado este ano á poetisa María Mariño, Teresa Seara fai un repaso polos estudos publicados sobre a vida e obra da escritora noiense. Cita a reedición da *Obra completa* de María Mariño, preparada por Victoria Sanjurjo Fernández para a Editorial Xerais. Por outro lado, a Editorial Galaxia publicou unha *Antoloxía poética* de María Mariño, con selección, introdución e estudo de Patricia Arias Chachero. O *Diccionario Maria Mariño* de Esperanza Mariño Dávila, publicado pola Editorial Tresctres, supón outro estudo que trata a figura de

María Mariño. Por último, cita os estudos de Carmen Blanco, *María Mariño. Vida e obra* (Editorial Xerais), e Xosé Agrelo Fernández, *Cantiga da costureira poeta* (Editorial Toxosoutos).

Seara, Teresa, "A primeira revisita", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2, "proPostas", primavera 2007, p. 34.

Comeza realizando unha reflexión sobre a profusión editorial en relación á persoa homenaxeada polo Día das Letras Galegas. A seguir, anuncia, co gallo da dedicatoria desta homenaxe á escritora María Mariño no ano 2007, a primeira dunha serie de publicacións que terán lugar co motivo deste acontecemento. Sinala que consiste na edición da *Obra completa* de María Mariño a cargo de Victoria Sanjurjo e da editorial Xerais, que inclúe os libros de poemas *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comeza* (1990).

Valcárcel Guitián, Dores, "O oxímoro em María Mariño", *Agália*, n.º 89-90, 1º semestre 2007, pp. 185-193.

Comeza este artigo cunha breve introdución sobre o oxímoro. A continuación, a autora pasa a presentar a vida e a obra da escritora María Mariño, realizando unha reflexión sobre a súa recepción crítica. Por último, analiza a presenza da figura literaria do oxímoro na súa obra e conclúe que constitúe a esencia da súa linguaxe metafórica e contén "a motivaçom fundamental e a intencionalidade do poema".

IV.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Agrafoxo, Xerardo, "Polo camiño da superación", *La Voz de Galicia*, "*Día das Letras Galegas 2007. María Mariño. O mundo na palabra*", 10 maio 2007, pp. 2-3.

Lembra a biografía de María Mariño que naceu o 8 de xuño de 1907 en Noia, dá conta de quen foron os seus pais e irmáns e nomea dous acontecementos históricos que marcaron a súa infancia. Explica que nos primeiros anos da xuventude a familia pasou apuros económicos e os fillos tiveron que poñerse a traballar, conta cómo María Mariño exerceu de costureira e salienta xa a diferenza de pensamento coas restantes mozas da vila. De seguido, fai referencia ao traslado que fixo a familia a Boiro onde María Mariño realizou as súas primeiras lecturas na biblioteca do pazo da súa tía, Consuelo Carou, e a posterior marcha ás terras vascas onde viviu coa súa irmá. Indica que alí a escritora foi testemuña da Guerra Civil e mostrou a súa valentía e forte personalidade. A continuación, relata a volta a Galicia e o casamento co mestre santiagués Roberto Pose Carballido co que viaxa nos seus múltiples destinos; tivo un fillo que morreu aos poucos días de nacer e sufriu a morte de súa nai. A partir destas circunstancias, explica Agrafoxo que a escritora sufriu unha forte depresión na súa estadía no Courel, onde tamén coñeceu a Uxío Novoneyra e publicou o seu primeiro libro *Palabra no tempo*, en 1963, do que indica a súa estrutura e dá conta do contido do poemario. De seguido, comenta que anos despois escribiu *Más allá del tiempo* (1990), e finalmente, xa coa

morte chamando por ela, María Mariño escribiu *Verba que comeza*. Por último, Agrafoxo fai referencia ao texto de Victoria Armesto, *O espello na man: Maruja*, no que relata a súa biografía, e lembra o día en que morreu a poeta noiesa, o 19 de maio de 1967.

Agrafoxo, Xerardo e Suso Xogaina, "Unha biografía feita con emoción", *Faro de Vigo,* "*El Sábado*", n.º 515, "Libros", 9 xuño 2007, p. 2.

Xerardo Agrafoxo e Suso Xogaina amosan o seu agrado pola obra que realizaron en honor da noiesa María Mariño, homenaxeada co gallo do Día das Letras Galegas 2007, *María Mariño. Retrato dunha vida*, no que non so afondan na vida da poetisa, senón que analizan o papel dunha muller condicionada polas súas circunstancias históricas e afectivas.

Alonso, Fran, "Escribín sobre María Mariño arrastrado pola fascinación", *La Voz de Galicia*, "*Día das Letras Galegas 2007. María Mariño. O mundo na palabra*", 10 maio 2007, p. 4.

Salienta Fran Alonso o profundo descoñecemento que existiu durante anos sobre a obra de María Mariño. Explica que o feito de ser muller non lle favoreceu literariamente xa que o primeiro poemario, *Palabra no tempo*, foi editado en 1963 grazas á influenza de Uxío Novoneyra, e o segundo libro, *Verba que comeza* (1990), editouse vinte e tres anos despois da súa morte. Na actualidade os estudos sobre a poeta e o coñecemento da súa obra "están a resucitar", e afirma Alonso que a súa escrita era "fascinante" e que a través da palabra, María Mariño puido coñecer o mundo e coñecerse a si mesma.

Alonso, Fran, "A vida dunha escritora invisible", *El País*, "*Galicia*", "Letras de Galicia", 17 maio 2007, p. 4.

Comenta que María Mariño pasou moitos inconvenientes para poder mostrar a súa poesía ao público debido, principalmente, á súa condición feminina. Viu publicado o seu primeiro libro grazas á colaboración de Uxío Novoneyra e o resto da súa obra quedou inédita. Salienta a importancia de coñecer a biblioteca do Pazo de Goiáns e os difíciles anos que pasou no País Vasco. Comenta que á súa volta, casou con Roberto Pose, ao que seguiu nos seus variados destinos, e cando se instalaron no Courel, María Mariño xa sufrira a morte do seu fillo e ía vivir a perde dun irmán e de súa nai. Indica que pouco a pouco foi superando a depresión en que se sumiu e mantivo boas relacións coa familia de Novoneyra, ademais, foi no Courel onde atopou a súa identidade e escribiu os seus mellores versos. En 1963 publicou *Palabra no tempo* e tres anos despois escribiu, segundo Fran Alonso, o seu mellor libro, *Verba que comeza*, no que a poeta expresou a súa rebeldía e innovación. Meses despois de rematalo, morreu de leucemia.

Araguas, Vicente, "María, a dinamiteira", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", nº 638, "Libros", 7 xaneiro 2007, p. 14.

Inicia o artigo coa definición que Uxío Novoneyra proclamou para María Mariño como "dinamiteira da fala" e, a continuación, comenta que o Día das Letras Galegas está dedicado a esta escritora noiesa. Indica que a súa obra se pode consultar na edición publicada por Xerais que recolle os dous libros de María Mariño: *Palabra no tempo* e *Verba que comeza*. De seguido, describe a poesía de Mariño como "poesía metafísica, cunha chamativa baixada ao desacougo" e catalógaa como poeta exótica que ía contracorrente.

Arén, Román, "María Mariño nas antoloxías: de Alonso Montero a César Antonio Molina", *La Voz de Galicia*, "Día das Letras Galegas 2007. María Mariño. O mundo na palabra", 10 maio 2007, pp. 16-17.

Explica que as obras que aparecen en antoloxías reciben unha nova lectura e adquiren maior importancia, ademais afirma que as antoloxías destacan autores, xéneros ou modelos que orientan aos futuros lectores. Comenta que unha das mellores antoloxías da literatura galega é a de Xesús Alonso Montero, *Os cen mellores poemas da lingua galega* (1975), e nela aparecen recollidos poemas de María Mariño. Explica que esta antoloxía se divide en dezasete campos e a autora noiesa aparece con dous poemas no apartado "Á procura da intimidade". Outra das antoloxías que inclúe á poeta homenaxeada é a de Ediciós do Castro, *Poesía gallega de posguerra* (1976), realizada por Miguel González Garcés. Indica que no segundo volume desta antoloxía aparecen dous poemas de María Mariño, "Aquí che deixo meu peito canso, aquí" e "Había que chegar", ademais dunha análise da autora. A partir dos anos cincuenta a editorial Galaxia levará o peso das publicacións e editará varias antoloxías, explica que baixo o título de *Poesía galega*, en 1980 aparecen, xunto a outros escritores, tres poemas de María Mariño. Por último, comenta que en 1984 apareceu a antoloxía de César Antonio Molina, *Antología de la poesía gallega contemporánea*, onde tamén se inclúe a María Mariño, que é a única muller que aparece nesta antoloxía. Explica que neste caso ademais dos poemas tamén aparecen comentarios críticos e salienta a difusión nacional que acadou a obra por presentar textos bilingües.

A.S., "Tempo para as palabras da 'fiscala", *Diario de Pontevedra*, "*O Día das Letras Galegas ensalza á poeta de Noia María Mariño*", 17 maio 2007, pp. 2-3.

Fai referencia á biografía de María Mariño e salienta que debido aos problemas económicos que viviu a familia, a poeta tivo que traballar desde moi nova como costureira. Indica que despois a familia cambiou a súa residencia para Boiro onde a poeta tivo os primeiros contactos coas lecturas e, posteriormente, emigrou a Euskadi. Tras a súa volta a Galicia casou co mestre santiagués Roberto Pose Carballido e viaxou con el polos distintos destinos. Comenta que en 1946 tivo un neno que morreu aos poucos días de nacer e meses despois marchou co marido ao Courel; nese mesmo ano tamén morrería o seu irmán maior e a súa nai. A continuación, describe a etapa no Courel na que escribiu a súas obras poéticas, *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comeza* (1990) e salienta a súa relación con Uxío Novoneyra. Por último, indica que María Mariño morreu o 19 de maio de 1967 e que agora, co motivo da celebración do Día das Letras Galegas, Henrique Alvarellos acaba de publicar a súa obra inédita, *Más allá del tiempo*.

Bande Rodríguez, Enrique, "Poesía intimista, autobiográfica e telúrica", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. María Mariño, poetisa noiesa homenaxeada*", 17 maio 2007, p. 12.

Comeza destacando que a poesía de María Mariño mostra influxos de Eduardo Noriega Varela, de Amado Carballo, de Uxío Novoneyra, de Rosalía de Castro e máis da tradición popular, e indica que se trata dunha poesía intimista, existencialista. De seguido, define algúns temas como a presenza da morte, a natureza e afirma que na súa obra as cousas aparecen "vivificadas e humanizadas". Tamén fai referencia á lingua empregada por María Mariño, que é a lingua propia da xente do Courel e finaliza salientando que a súa obra é basicamente intimista e, ás veces, cunha fondura filosófica.

Blanco, Carmen, "Ler con ollos libres", *La Voz de Galicia*, "*Día das Letras Galegas 2007. María Mariño. O mundo na palabra*", 10 maio 2007, pp. 8-9.

Carmen Blanco explica que para realizar unha boa investigación e crítica literaria é necesaria unha mente aberta e libre de prexuízos, comenta que só deste xeito se poden realizar estudos certeiros e obxectivos sen estar sometido aos intereses dogmáticos. Indica que ela puido ler a poesía de María Mariño sen ningunha imposición e afirma que quedou entusiasmada co libro *Verba que comeza* (1990). De seguido, dá conta dos temas fundamentais da poesía de María Mariño e compáraa coa escultora Camille Claudel nesa busca da liberdade; tamén salienta os poemas que lle dedicou a súa nai, nos que exalta a vida humilde das persoas, os relacionados coa "poética do tecer", etc. Por último, Blanco nomea os seus libros publicados nos que se centra na figura de María Mariño, por exemplo *Literatura galega da muller* (1991) ou *María Mariño. Vida e obra*, e describe o carácter da escritora noiesa.

Bouza-Brei, Gonzalo, "Xosé María Álvarez Blázquez e Arousa", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 30 setembro 2007, pp.28-29.

Bouza-Brei explica como despois de saber a nova de que Xosé María Álvarez Blázquez será o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2008, chamou ao seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo para felicitalo e visitou á súa muller no piso de Vigo. Lembra como seus pais e máis Blázquez mantiveron moi boas relacións e pasa a falar da figura do escritor homenaxeado. Comenta como foi a súa infancia e os anos que pasou en Baión e que recolleu no seu poemario Canle Segredo. Por último, dá conta doutras actividades de Álvarez Blázquez realizadas en Arousa e O Salnés. Así mesmo, achega cinco poemas: "Baión", "Lembranza", "O Tolo", "Visión", "As mágoas (elexía a unha muller do campo)".

Caneiro, Xosé Carlos, "Antonio Fraguas, Cultura na Memoria", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 213, 2 xuño 2007, p. 10.

Refírese o papel de cronista de Antonio Fraguas, que puña aos cidadáns galegos en contacto coa realidade cultural de Galicia. Faise unha escolma dos mesmos no libro realizado por Xosé López, Rosa Aneiros, Daniel Salgado e a Consellería de Cultura Galega, *Antonio Fraguas. Polas catro témporas* (2006).

Castro Rodríguez, Xavier, "Prendeume a terra nas súas galas", *La Voz de Galicia*, "*Día das Letras Galegas 2007. María Mariño. O mundo na palabra*", 10 maio 2007, pp. 6-7.

Explica que a poeta María Mariño sentiu a necesidade da palabra, a necesidade de expresarse con palabras, para superar a súa timidez e soidade. Comenta que nos seus textos a poeta atopou un medio para canalizar os seus soños, medos, decepcións, etc. e dá conta dalgúns dos tópicos máis empregados como o mar, o contraste entre a vida e a morte, a infancia, a nai, o tópico do *ubi sunt*, o tema da relixión, concretamente da existencia de Deus,… todos eles aparecen fundamentalmente nos poemas de María Mariño. Así mesmo, Xavier Castro exemplifica estes temas a través de distintos versos da poeta tomados dos seus poemarios *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comeza* (1990).

Castro Rodríguez, Xavier, "Palabra no tempo: versos da poeta nacente", *Galicia Hoxe,* "Estraños, raros e esquecidos", 19 maio 2007, p.2.

Considera que a gran descoñecida para a maioría dos galegos está a tornar o seu valor, pois dende que foi nomeada como homenaxeada do Día das Letras Galegas Galegas as obras *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comeza* (1990) están a ser enormemente coñecida no ámbito cultural, non só galego, senón alén de Galicia.

F.D., "A voz desacougada e insólita", *La Región*, "Día das Letras Galegas. María Mariño, poetisa noiesa homenaxeada", 17 maio 2007, p. 3.

Realiza un recorrido moi breve pola vida de María Mariño. Salienta que xa de nova tivo que traballar de costureira por problemas económicos na familia e dá conta do seu traslado a Boiro. Comenta que en 1939 casou con Roberto Pose Carballido co que marchou ao País Vasco, onde naceu o seu único fillo e morreu aos poucos meses. De seguido, narra o regreso de María Mariño a Galicia e, concretamente, ao Courel, onde coñeceu a Uxío Novoneyra e se converteu en escritora. O seu primeiro libro foi *Palabra no tempo* e o segundo, *Verba que comeza*, editado postumamente en 1990, escribiuno anos antes de morrer de leucemia. Por último, engade que os seus restos descansan no cemiterio de Seoane, no Courel.

F.D., "A determinante influencia do Courel", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. María Mariño, poetisa noiesa homenaxeada*", 17 maio 2007, p. 10.

Comenta, a partir do libro de Patricia Arias, a relación que mantiveron María Mariño e Uxío Novoneyra. Explica que Novoneyra foi o gran divulgador da obra da poeta noiesa e destaca que, por isto, ás veces se dubidase da propia autoría de María Mariño. Explica que ambos compartiron o mesmo mundo literario e que o Courel marcou as súas vidas a través da natureza e a soidade. Comenta que María Mariño estivo afastada do mundo cultural galego e debido a isto, a súa poesía mostra unha linguaxe rompedora. Por último, salienta a importancia histórica da Serra do Courel.

García Vidal, Pedro, "Noia en tempos de María Mariño: paisaxes no fondo do espello", *La Voz de Galicia*, "*Día das Letras Galegas 2007. María Mariño. O mundo na palabra*", 10 maio 2007, pp. 18-19.

Salienta o cambio que se produciu na vida da poeta María Mariño cando marchou da ribeira de Noia á montaña do Courel. Explica cómo nos seus versos a poeta lembra a paisaxe da súa vila natal, principalmente, o mar, e achega algúns fragmentos de poemas que tratan este aspecto. A continuación describe cómo era a sociedade noiesa e o ritmo de crecemento que por aquela época experimentou a vila, grazas á influenza da burguesía.

Giráldez, José Miguel A., "Mariño. Días do Courel", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Literatura. Día das Letras Galegas", 13 maio 2007, p. 11.

O artigo dá conta das obras escritas por María Mariño, a poeta homenaxeada no Día das Letras Galegas. Cualifícaa de narradora orixinal influenciada polas vangardas e o surrealismo e tamén coma a noiesa esquecida. O seu libro inédito de 1965, *Más allá del tiempo*, é agora publicado pola editorial Alvarellos cun limiar de case setenta páxinas escrito pola profesora Helena González, quen comenta que a poeta sempre foi considerada unha muller enigmática, unha rosaliana popular e unha dinamiteira da fala, o cal fixo escurecer a súa figura. Mariño comezou publicando *Palabra no tempo* (1963), editado por Uxío Novoneyra e prologado por Ramón Otero Pedrayo, pero cando quixo publicar *Más allá del tiempo*, Novoneyra non estaba disposto a publicarlle a obra en castelán, polo que Mariño pediu a Ánxel Fole que lle escribira o prólogo, pero este nunca o chegou a facer por razóns descoñecidas. A edición de Alvarellos contén fotografías e a carta de Mariño a Fole solicitando o prólogo e na obra nótase a tendencia de Mariño de regresar sempre á súa Noia da infancia.

González Fernández, Helena, "Da sospeita da(s) lingua(s) á certeza da escritora", *La Voz de Galicia*, "*Día das Letras Galegas 2007. María Mariño. O mundo na palabra*", 10 maio 2007, pp. 14-15.

Protesta sobre os prexuízos que a maioría dos lectores teñen á hora de ler determinadas obras. Considera que a obra de María Mariño debe ser lida doutro xeito, sen dubidar da súa autoría e observando esa escrita non gramatical e irredutíbel. Ademais, afirma que existiron e seguen a existir certas polémicas en torno ás nosas feblezas lingüísticas e estas afectan tamén á recepción da obra de María Mariño; fala sobre a polémica de cómo considerar as obras escritas en castelán dos escritores galegos e, concretamente, sobre o bilingüismo da poeta noiesa. De seguido, fai referencia á obra de María Mariño que a editorial Alvarellos acaba de publicar, *Más allá del tiempo*, e afirma que a través desta obra podemos coñecer aínda máis a figura da poeta porque se trata dun relato autobiográfico. Finalmente, reclama unha maior atención aos textos de María Mariño e non tanto a certas polémicas que naceron da súa vida.

González Fernández, Helena, "María Mariño e as gaiolas de invisible arame", *El País*, "*Galicia*", "Letras de Galicia", 17 maio 2007, p. 5.

Comenta que María Mariño foi unha poeta esquecida e aqueles que a leron tiñan presentes os prexuízos que corrían sobre ela, mais agora, debemos ler a súa obra sen os medos e misterios que a rodeaban porque "non mudaron os textos, mudamos nós". Explica que antes de celebrar o Día das Letras, os críticos facíanse unha chea de preguntas sobre a súa figura, por exemplo, se escribiu ela as obras, se existiu como literata, había dúbidas sobre a súa biografía, etc. Agora estas cuestións quedaron resoltas grazas ás investigacións e resolvéronse todos os misterios. A continuación, explica que na traxectoria literaria de María Mariño hai tres tempos. O primeiro cando dá a coñecer Uxío Novoneyra o seu poemario *Palabra no tempo*, en 1963, coincidindo co aniversario da publicación de *Cantares Gallegos* e cun prólogo de Otero Pedrayo. Ademais, indica que a obra de María Mariño coincidiu coa publicación doutras escritoras, que seguían a liña de Rosalía de Castro. Engade que o ano 1990 supón o segundo tempo da poeta coa publicación póstuma de *Verba que comeza*, coincidindo co auxe da literatura feminista e a ruptura das formas poéticas. Por último, o terceiro tempo estabelecido é o 2007, cando Alvarellos, con motivo de celebrar o Día das Letras, dá a coñecer o seu libro *Más allá del tiempo*, no que a poeta expón a súa intención de publicar de xeito autónomo e en castelán.

González Lousada, Francisco, "A construción dunha nova lingua poética", *Diario de Arousa*, p. 39/*El Ideal Gallego*, pp. 6-7/*Diario de Ferrol*, "*Día das Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, p. 6.

Analiza a escrita de María Mariño e considera que a poeta foi rupturista e innovadora debido ás constantes manipulacións da lingua, porque transgride os "límites expresivos". Salienta a súa escrita primitivista e propón algunhas das técnicas empregadas por María Mariño nos seus versos como a elisión vocálica, a creación lexical, a alteración da orde lóxica das estruturas, a elisión do artigo determinado, paradoxos e contradicións, etc. Mais, González Lousada afirma que María Mariño tamén segue as liñas marcadas por Rosalía de Castro e pódese considerar como un referente para os poetas dos noventa.

López, A. R. e **Noia**, S. "Mulleres como puntos suspensivos… De María Mariño a Oriana Méndez", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", nº 669, 17 maio 2007.

Achégase o monográfico que Helena González, unha das estudosas da poeta María Mariño, realizou para *Revista das Letras*. Trátase dunha escolma de textos nos que se retrata ás mulleres e, estes textos, están feitos por poetas galegas. Indícase que o texto de cada autora vai acompañado dunha recensión e que se trata de poetas vivas e en activo. Por último, informa de que o traballo se completa cunha selección fotográfica de Manolo Martínez. O primeiro é un texto narrativo de Helena González no que analiza a escrita narrativa de María Mariño e fala da autobiografía que escribiu a propia poeta, así como do seu derradeiro libro, escrito en castelán, *Más allá del tiempo*, de onde se extrae a imaxe "mulleres como puntos suspensivos". Os seguintes poemas son de: Xohana Torres, "Chámome imaxe á malva luz da hora. Ás veces vén a néboa que me muda de todo"; Ana Romaní; Antía Otero, "Cactus"; Oriana Méndez; María do Cebreiro, "A

guerra"; Maite Dono, "A illa encarnada"; Olga Novo, "Cerimonia Tribal"; Emma Pedreira, "Acuso"; Emma Couceiro, "Como medraron"; Luz Pozo, "Anxos con patíns brancos na praza de O Grove"; Helena de Carlos; Pilar Pallarés, "Ás veces fica só unha estatua quebrada"; Marta Dacosta; Elvira Riveiro; Yolanda Castaño; Estíbaliz Espinosa; Chus Pato; María Mariño; e, por último, de Lupe Gómez, "Decálogo-blog do elefante María Mariño".

maré, "A 'galaxia incendiada", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 18 maio 2007, p. 27.

Neste artigo recóllense as malas opinións de Darío Xohán Cabana e Xosé Luís Méndez Ferrín acerca das obras biográficas e inexactas realizadas co gallo da elección como homenaxeada no Día das Letras Galegas de María Mariño. Explica que estes autores levaron a cabo a loubanza da poeta na sesión extraordinaria da Real Academia Galega celebrada en Seoane, lugar onde pasou gran parte da súa vida María Mariño e onde está soterrada.

maré, "Un 17-M de homenaxes", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 18 maio 2007, p. 28.

Dá conta dos actos conmemorativos organizados con motivo do Día das Letras Galegas, como o reparto de obras da poeta María Mariño ou a descuberta dunha placa co seu nome na casa onde naceu en Noia.

Martínez Sigüenza, Juan José, "Memoria histórica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 200, "Tribuna de opinión", 17 maio 2007, p. XII-XIII.

Comenta que Alonso Montero acaba de publicar o seu ensaio *Os escritores galegos ante a guerra civil* (2006), no que fala sobre a adhesión de certos escritores galegos ao bando rebelde tras estoupar a Guerra Civil; un dos que nomea é Xulio Sigüenza. Martínez Sigüenza defende a figura deste escritor e afirma que foi un "republicano e demócrata convencido" que loitou pola defensa de Galicia en tempos nos que estivo perseguido até que se viu na obriga de crear un libro laudatorio do novo réxime para salvar a súa vida: *Poemas del Imperio*.

Méndez Ferrín, X. L., "María Mariño e as fraudes literarias", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 507, "No fondo dos espellos", 14 abril 2007, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 194, "Ensayos", 21 abril 2007, p. 3.

Reconta algunha das falacias que corren acerca da autoría de obras moi coñecidas polos lectores. Comeza desmentindo que María Mariño, próxima homenaxeada o Día das Letras Galegas, fose un invento de Uxío Novoneyra, quen si é verdade que foi o seu mentor e a axudou no eido editorial, mesmo influíndoa para usar o galego na literatura. Por esta razón compáraa con outras escritores que tamén foron sinalados porque algúns dubidaron se eran autores das súas obras, e cita a Mireille Huchon, Marie de France, ou Luís Pimentel, do que se dixo que a súa obra era en galego porque Ramón Piñeiro a traducira. Outros exemplos ben coñecidos que menciona son o de Rosalía de Castro con

Manuel Murguía e o de William Shakespeare cun conde de Oxford ou con Francis Bacon.

Méndez Ferrín, X. L., "Realidade e mito de María Mariño", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 511, "No fondo dos espellos", 12 maio 2007, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 198, "Ensayos", 19 maio 2007, p. 3.

Refírese á escritora María Mariño e á súa obra, homenaxeadas este ano o Día das Letras Galegas. As súas verbas céntranse no misterio que desencadeou a obra da poeta, pois corría o mito erróneo de que a súa obra fora escrita realmente por Uxío Novoneyra, o seu editor, e outros persoeiros. Nembargante si foi Novoneyra quen a animou a publicar a súa primeira obra, *Palabra no tempo* (1963), dun alto valor lírico, considerado unha revelación por moitos autores e que a introduciu nas enciclopedias e antoloxías. Remata afirmando que a recente publicación de *Más allá del tiempo* en castelán reafirmou a súa mestría.

Méndez Ferrín, Xosé Luis, "Todos os Álvarez", *Faro de Vigo,* "*El Sábado*", n.º 520, "No fondo dos espellos", 12 maio 2007, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 207, "Ensayos", 21 xullo 2007, p. 3.

Realiza un viaxe pola xenealoxía da familia Álvarez a modo de homenaxe ás catro xeracións que, segundo o autor da noticia, representan "os gromos da árbore artístico-literaria dos Álvarez". Conclúe co desexo de que alguén, aproveitando a circunstancia de que no 2008 Álvarez Blázquez será o homenaxeado o Día das Letras Galegas, realice un ensaio biográfico como o que fixo Rocha Martins en 1945: *Os románticos antepasados de Eça de Queirós*.

Moreda Leirado, Marisa, "A Noia inesquecida", *Diario de Arousa*, p. 38/*El Ideal Gallego*, p. 10/*Diario de Ferrol*, "*Día das Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, pp. 12-13.

Salienta a unión sentimental que María Mariño Carou mantivo sempre coa súa vila natal: Noia. Comenta que xa Uxío Novoneyra destacara a dúas etapas vitais da poeta, sendo a súa etapa noiesa a época de nenez e xuventude. De seguido, indica que outros autores manifestaron tamén esta relación de María Mariño con Noia, como Manuel María e Ánxel Fole. Así mesmo, comenta que a citada relación advírtese nas súas composicións poéticas e propón como exemplo un dos textos que inicia o primeiro libro da autora, *Palabra no tempo*, ou o poema titulado "Noia" tamén do mesmo libro.

Nicolás, Ramón, "Dinamiteira da fala", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 192, "Libros", 25 xaneiro 2007, p. V/"Dinamiteira da fala. Obra completa de María Mariño", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 184, 3 febreiro 2007, p. 7.

Fai referencia aos diferentes volumes que se están a editar sobre María Mariño para homenaxeala no Día das Letras Galegas. Salienta entre todos os títulos, o volume editado por Xerais e prologado por Victoria Sanjurjo, *Obra Completa de María Mariño*

(2006), como instrumento base para coñecer a obra da poeta. Comenta algúns dos temas centrais dos versos de María Mariño como a reflexión que realiza sobre a morte e destaca que só escribiu dous poemarios: *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comeza* (1990), e a pouca difusión que tiveron. Por último, apunta que a edición de Sanjurjo reproduce os poemas de María Mariño acompañados de notas explicativas e achega un importante estudo bibliográfico.

Novo, Olga, "O montañoso mar: O Courel de María Mariño", *La Voz de Galicia*, "*Día das Letras Galegas 2007. María Mariño. O mundo na palabra*", 10 maio 2007, pp. 20-21.

Comenta que existiron moitos poetas que crearon a súa obra a partires do lugar que habitaban sen saír del, e propón como exemplo aos poetas que loaron a terra do Courel, entre eles, salienta a Uxío Novoneyra e María Mariño. Sobre a poeta, explica que foi nesta terra onde se atopou a si mesma e que lle deu unha vida chea de contrastes, indica cómo María Mariño comprendeu a natureza, mergullada nela, e define a súa experiencia poética. Explica que se produciu unha unión completa entre María Mariño e o Courel, que deixou de ser a tea de fondo dos seus poemas para fundirse co seu ser. Así mesmo, achega dous poemas: "Noite caurelá" e "Caurel".

Raña, Román, "Poeta de dous camiños", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 200, "Ensaio", 17 maio 2007, p.II-III.

Comeza o artigo salientando a condición de soidade en que vivimos os seres humanos para afirmar que a poesía de María Mariño se centra neste tema porque ela foi unha muller que se sentiu soa e buscou a compaña na natureza. Afirma Román Raña que María Mariño atopou o significado do tempo e dá conta de cómo a poeta explica cos seus versos este concepto. De seguido, indica que o segundo tema tratado por María Mariño é a palabra, porque segundo ela "a palabra nos fai homes no tempo". Raña clasifica á poeta como pertencente ás "escritoras silenciosas" e define a súa poesía.

Requeixo, Armando, "Aventura courelá", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 200, 17 maio 2007, p. IV.

Dáse a coñecer neste artigo un feito pouco coñecido da poeta María Mariño Carou; a realización, xunto con Uxío Novoneyra e con Ramón Regueira, dun poema colectivo, que é a primeira mostra de "cadáver exquisito" na literatura galega. Este poema da resposta a un xénero nado no ano 1925 en París e que consiste en que varios autores escriben un par de versos que se deben enlazar con outros doutro autor, pero sen saber cales son eses versos ou de que tratan.

Requeixo, Armando, "Palabras que comezan", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 208, "Libros", 24 maio 2007, p. IV.

Artigo dedicado as obras de e sobre María Mariño. Entre elas destaca *Obra completa* (2006), de Victoria Sanjurjo Fernández, e *María Mariño, vida e obra*, de Carmen

Blanco, que representa unha aproximación integral intraliteraria que axuda a coñecer a autora e o contexto no que xurdiu.

Rodríguez, C., "María Mariño: poesía acesa da paisaxe e do ser", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 640, "Arquipélago", 21 xaneiro 2007, p. 9.

Indica que este ano o Día das Letras Galegas está dedicado á poeta María Mariño Carou e comenta que a editorial Xerais, na súa colección "Clásicos", publicou a obra *María Mariño. Obra completa*. Explica que a edición correu a cargo de Pilar Sanjurjo e que está realizada a partires doutra de 1994 dirixida por Xosé Ramón Pena. A obra de María Mariño resúmese en dous libros, *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comeza* (1990), definidos como "poesía íntima, de tradición popular e de proxección paisaxística". Por último, apunta a influenza de Uxío Novoneyra nos seus versos e afirma que Mariño pertence á Xeración de 1936.

Rodríguez, C., "Son aquela sempre soia", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 657 , "Arquipélago", 20 maio 2007, p. 7.

Faise unha reseña da obra *Biografía de María Mariño*, realizada por Xerardo AgraFoxo, que xa empezara a investigar sobre a poeta noiesa, María Mariño Carou, moito antes de que se soubera que se lle dedicaba o Día das Letras Galegas. Con este libro a seu autor "foi quen de realizar un libro moi didáctico, perfectamente estruturado en breves capítulos que achegan ao público lector as circunstancias, históricas, sociais, políticas, económicas e culturais que modelaron o tempo e a traxectoria persoal e familiar de María Mariño".

Rodríguez, C., "Historia vital e imaxe lírica de María Mariño", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 662, "Arquipélago", 24 xuño 2007, p. 7.

Unindose as homenaxes celebradas o Día das Letras Galegas do ano 2007 en honor da poetisa noiesa María Mariño, na súa vila natal, entre outras cousas, presentou o libro *María Mariño. Retrato dunha vida*, de Xerardo Agrafoxo, coa colaboración do fotógrafo Suso Xogaina.

Rodríguez, C., "A introspección como refuxio vital: María Mariño", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 664 , "Arquipélago", 8 xullo 2007, p. 7.

Recensión do libro da profesora María Pilar García Negro, *María Mariño, no ronsel das escritoras galegas*, publicado na colección Ensaio de Edicións Laiovento. Este libro achégase tanto á vida e andanzas de María Mariño como á súa obra.

Rodríguez Santamaría, Xoán Pastor, "Penélopes de tinta: mulleres na poesía galega da posguerra", *La Voz de Galicia*, "*Día das Letras Galegas 2007. María Mariño. O mundo na palabra*", 10 maio 2007, pp. 10-11.

Fai referencia aos poucos libros que foron publicados entre os anos 1936 e 1947 e salienta as voces das poetas Luz Pozo, Pura Vázquez, Xohana Torres e María do Carme Kruckenberg, así como, outras de menor categoría que apoiaban ao Réxime, hasta que na década dos sesenta aparece unha nova voz: María Mariño. A continuación, refire algunhas poetas que escribiron versos en galego dedicados ao xeneral Franco e céntrase na figura de Áurea Lorenzo Abeijón, poeta emigrada; ademais, salienta a importancia das revistas literarias na inmediata posguerra e dá conta dalgunhas autoras que publicaron nelas, principalmente en *El Compostelano* e *La Noche*. Na década dos cincuenta, indica Rodríguez Santamaría, houbo un aumento de poetas en lingua galega e achega un comentario sobre obras de Pura Vázquez, de Luz Pozo Garza, de Kruckenberg, de Xohana Torres e de Aurora Vidal Martínez. Finalmente, céntrase na figura de María Mariño e na súa obra *Palabra no tempo*, así mesmo, fai referencia ao artigo que López Casanova publicou na revista *Grial* sobre a escritora e no que define a súa escrita.

Rodríguez, Salvador, "Álvarez Blázquez. Retratos de familia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 268, 8 xullo 2007, pp. 2-4/"Vocación polas Letras", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 206, "Lecturas", 14 xullo 2007, pp. 4-6.

Realiza unha reportaxe sobre o escritor Xosé María Álvarez Blázquez, escollido pola Real Academia Galega como o autor que será homenaxeado no Día das Letras Galegas 2008. Comenta que a nova foi moi ben recibida na súa vila natal, en Tui, así como na cidade de Vigo, e achega a satisfacción dos seus fillos Xosé María e Alfonso Álvarez Cáccamo. Indica que foi un home que soubo sobrevivir á etapa do franquismo e precoz na súa vocación literaria xa que naceu nunha familia "de letras", dedicándose dende moi novo a escribir os seus versos. Comenta que os anos de xuventude pasounos en Tui e Baión até que marchou estudar maxisterio en Pontevedra e foi alí onde se iniciou nas Mocidades Galeguistas, pasando despois a formar parte do Partido Galeguista. Relata cómo pasou a Guerra e os anos posteriores até que casou con Luisa Cáccamo Frieben e, de súpeto, Salvador Rodríguez deixa a biografía interrompida porque con motivo do Día das Letras Galegas haberá numerosos estudos que se encarguen da súa persoa.

Romero, Marga, "No valor da palabra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 200, 17 maio 2007, p.VI.

Repaso pola vida, e a morte, de María Mariño. Unha muller que non estaba de acordo co rol que lle tocaba vivir, que non aceptou ser como as demais mulleres do seu tempo, costureiras, e fíxose mestra. Só publicou unha obra en vida *Palabra no tempo* (1963), que mostra este carácter inconformista co tempo no que lle tocou vivir.

Saborido, Sylvia G., "Rosalía, Francisca e mais María", *Atlántico Diario*, "*Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, p. 40.

Realiza unha análise das tres mulleres que hasta o momento foron homenaxeadas o Día das Letras Galegas: Rosalía de Castro, Francisca Herrera Garrido e María Mariño. Sobre Rosalía de Castro narra a súa adolescencia até o casamento con Manuel Murguía, que resultou ser un apoio para a súa faceta literaria. En canto a Herrera Garrido, salienta

que foi unha muller da alta burguesía, que aínda que non casou, estivo vinculada aos ambientes literarios dende sempre. Engade que o seu inicio literario, a pesar de ser algo serodio, viu os seus froitos de contado. Por último, sobre María Mariño relata a súa biografía, unha vida de traballos e mudanzas que rematará no Courel onde coñece a Uxío Novoneyra e crea os seus poemarios centrados en tres temas fundamentais: a paisaxe, a morte e a inquedanza ante algo presentido. Xa para rematar, compara a vida e obra de María Mariño coa de Rosalía de Castro pois considera que foron dúas mulleres que querían fuxir.

S.G.S., "Fóra das correntes do momento", *Atlántico Diario*, "*Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, p. 41.

Explica que María Mariño pola súa idade debería estar incluída na Xeración do 36 mais a súa obra era moi descoñecida hasta o momento. Sinala que o primeiro poemario que publicou, *Palabra no tempo*, foi en 1963, dentro da colección Tesos Cumes, da editorial Celta, cun prólogo de Ramón Otero Pedrayo, e tras esta publicación empezou a ser coñecida a través das recensións e críticas literarias en xornais e publicacións periódicas. O segundo poemario, *Verba que comeza*, foi publicado postumamente en 1990 e nel céntrase no tema da morte. Ademais destas obras tamén escribiu dúas en castelán: *Los años pobres. Memoria de guerra y posguerra* e *Más allá del tiempo*.

S.G.S., "Unha vida inqueda e humilde", *Atlántico Diario*, "*Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, p. 36.

Relata a biografía de María Mariño. Comeza destacando a polémica sobre a súa data de nacemento, quén foron seus pais e os apuros económicos que viviu na infancia que a obrigaron a traballar como costureira. Despois salienta o seu traslado a Boiro, onde coñeceu a biblioteca do Pazo de Goiáns até que aos trinta anos emigrou a Euskadi e viviu alí a Guerra Civil, esas vivencias reflectiunas nun libro, aínda inédito, *Los años pobres. Memoria de guerra y posguerra*. Tras a súa volta a Galicia, comenta que coñeceu ao mestre Roberto Pose Carballido co que casou e ao que acompaña nos seus múltiples destinos. Salienta tamén que María Mariño nesta etapa perdeu ao seu fillo, a súa nai e a un irmán. Finalmente relata a vida da poeta nas terras do Courel e dá conta da relación que mantivo con Uxío Novoneyra, quen a motivou a escribir poesía e así, naceron os dous poemarios galegos de María Mariño: *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comeza* (1990); así como tamén o libro, recentemente editado, *Más allá del tiempo*.

Tarrío Varela, A., "Xuventude artista", *Galicia Hoxe,* "De letras e de signos", 28 xuño 2007, p. 4.

Menciona a publicación deseñada polos alumnos de 4.º da ESO do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, co gallo do Día das Letras Galegas; trátase dunha antoloxía da obra de María Mariño e titúlase, *María Mariño, Palabra no tempo. Verba que comeza. Escolma ilustrada.*

T. P. L., "María Mariño, unha poeta envolta nun halo de misterio", *La Opinión*, "Especial Día das Letras Galegas", 17 maio 2007, p. II.

Comeza salientando o misterio que sempre envolveu a obra e vida de María Mariño. Indica que naceu en Noia e a súa infancia e xuventude estivo marcada polos problemas económicos familiares; viaxou por distintas vilas até que se instalou co seu home no Courel, onde coñeceu a Uxío Novoneyra quen lle animou a escribir o seu primeiro libro, *Palabra no tempo* (1963). Indica que a poesía de María Mariño rompe coas normas e mostra un mundo escuro e de soidade, e vinte e sete anos despois, saíu publicado o seu segundo poemario, *Verba que comeza* (1990), que fora escrito nos derradeiros anos da súa vida. Así mesmo, afirma que Uxío Novoneyra deu conta de dous libros máis de María Mariño escritos en castelán, *Los años pobres. Memoria de guerra y postguerra* e *Más allá del tiempo*. Por último, describe cómo é a poesía de María Mariño e indica que os seus restos descansan no cemiterio de Seoane no Courel.

Valcárcel, Marcos, "Casares, García-Bodaño, Neira Vilas (1967)", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 657, 20 maio 2007, p. 6.

Repasa as producións literarias galegas dos anos sesenta. A seguir, cita obras como *Vento ferido* (1967), de Carlos Casares; *Camiño bretemoso* (1967), de Xosé Neira Vilas ou *Entre o sí e o non* (1967), de Xosé Luís Franco Grande, entre moitas outras obras e autores que deixaron a súa pegada na cultura galega.

Valcárcel, Xulio, "María Mariño: tres ciclos de vinte anos", *Diario de Arousa*, p. 37/*El Ideal Gallego*, pp. 4-5/*Diario de Ferrol*, "*Día das Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, pp. 4-5.

Lembra a súa visita á tumba de María Mariño no cemiterio de Seivane, no Courel. Comenta que persoalmente os versos desta poeta foron decepcionantes e considera que se non fose polo estímulo de Uxío Novoneyra nunca tería chegado a escribir. De seguido, baseándose na clasificación de Xerardo Agrafoxo, fai referencia aos seus tres ciclos vitais que se dividen de vinte en vinte anos: vinte anos en Noia, outros vinte cun cambio continuo de residencia, e os derradeiros vinte no Courel. Comenta os posíbeis motivos da longa estancia no Courel e, finalmente, fala sobre a súa creación literaria e dá conta das dúas obras editadas: *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comeza* (1990). En columna á parte, achega ademais unha breve bibliografía sobre María Mariño.

Vilariño Suárez, María, "Dorna e festa da palabra silenciada", *Diario de Arousa*, pp. 44-45/*El Ideal Gallego*, pp. 8-9/*Diario de Ferrol*, "*Día das Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, pp. 10-11.

Comenta que a produción poética de María Mariño non é moi abondosa, como tampouco son as referencias que na prensa se facían dela. Dá conta dos seus artigos publicados no diario *La Noche* e as referencias feitas por Uxio Novoneyra n'*A Trabe de Ouro*, que tamén recolleu poemas de María Mariño tras a súa morte. De seguido, comenta que nos anos oitenta e noventa aparecen dúas publicacións que reclaman o estudo de María Mariño e a propoñen como figura a homenaxear o Día das Letras

Galegas, estas publicacións son *Dorna* e *Festa da palabra silenciada*, das que describe a súa orixe e evolución e dá conta dos artigos e referencias que nelas se publicaron sobre María Mariño. Así mesmo, indica que, finalmente, coa homenaxe deste ano, estas publicacións viron compensado parte do seu esforzo por recuperar e dar a coñecer a esta poeta noiesa.

IV.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

Abuín de Tembra, Avelino, "Meditación desde a Matanza", *Galicia Hoxe,* "Opinión", 20 maio 2007, p. 5.

Amosa a súa repulsa polo estatismo no que se atopa o Día das Letras Galegas, no que as biografías (mal feitas e incompletas) aseméllanse enormemente unhas a outras e di que "a lingua necesita urxentemente unha catarse".

Abuín de Tembra, Avelino, "Candidatos a DLG 2008", *Galicia Hoxe*, "Opinión", 27 maio 2007, p. 5.

Analiza os mecanismo de elección dos candidatos do Día da Letras Galegas, explicando que até o momento o encargado de realizar esta labor era a Real Academia Galega, pero que dende agora a Xunta tamén podería tomar partido na decisión. Comenta que outros cambios que parece que van acontecer son a combinación de autores en lingua galega con autores galegos que escriben es castelán

Araguas, Vicente, "Como antes, mellor que antes", *Diario de Arousa*, p. 36/*El Ideal Gallego*, p. 3/*Diario de Ferrol*, "*Día das Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, p. 9.

Comenta que a literatura galega vive un momento de optimismo, xa que nunca se publicou tanto como agora e incluso contamos cun día no que se festexa a literatura. Mais este estado de expansión vese interrompido por todos aqueles que, aínda sabendo o idioma, non o empregan e tamén polos libreiros que antepoñen a venda de literatura castelá fronte á galega. Afirma que sería unha mágoa perder a nosa lingua e lembra o primeiro contacto que tivo co Día das Letras Galegas en 1967, cando escoitou a Xosé María Pérez Parallé falar sobre Curros Enríquez. Finalmente, salienta o labor de Pérez Parallé e anima a non esquecer a súa figura.

Barcón, Carlos, "Carballo Calero, de Ferrol Vello", *Diario de Ferrol*, "Ferrol/CGS/Agenda", "Entre nosotros", 12 setembro 2007, p. 15.

Reproduce unhas palabras de Ricardo Carballo Calero dedicadas ao seu Ferrol natal e comenta que a vivenda na que naceu está a ser rehabilitada e que nestes días cobra actualidade os certames lingüístico e de narración curta promovido polo concello ferrolán para honrar a súa memoria, así como a súa proposta institucional para protagonizar o Día das Letras Galegas.

Bragado, Manuel, "De Sant Jordi ao 17 de maio", *Faro de Vigo*, "Opinión", 29 abril 2007, p. 28.

Compara a situación da celebración do día de Sant Jordi e das Letras Galegas; recalcando a necesidade de que Galicia tome exemplo de Barcelona e faga que o libro sexa o primeiro ben cultural da sociedade.

Bragado, Manuel, "17-M 2.0: laborable e lectivo", *El País*, "*Galicia*", "Letras de Galicia", 17 maio 2007, p. 11.

Propón unha serie de argumentos polos cales considera que a celebración do Día das Letras Galegas está perdendo interese popular. Afirma que unha causa fundamental é que o día non sexa laborábel e ademais que careza dun símbolo como a rosa e o libro no San Xurxo catalán. Outros motivos que propón son a falta de apoio dos concellos e a saturación de libros por parte das editoriais, tamén a homenaxe a un autor falecido hai máis de dez anos ou a excesiva oficialidade dos actos. Pola contra, afirma que o maior número de actividades vén realizado polos colexios, por exemplo, o Correlinguas, e tamén a coincidencia do día co Día de Internet, onde a nosa cultura literaria galega se ten que incorporar. Por último, propón algunhas actividades que se poderían levar a cabo.

Bragado, Manuel, "Xosé María Álvarez Blázquez", *Faro de Vigo,* "Opinión", 8 xullo 2007, p. 28.

Loubanza de Manuel Bragado cara á figura do que será homenaxeado no ano 2008 no Día das Letras Galegas. Segundo as palabras do autor, "quen fora escritor, editor, libreiro, mestre, historiador, arqueólogo, galeguista de aceiro e pedra fina e Cronista Oficial da Cidade de Vigo entre 1976 e 1985 recibirá por fin o recoñecemento que merece o traballo deste polifacético activista cultural a prol da causa de Galicia".

Bugallo, Ánxela, "Letras que van de Noia ao Courel", *El Correo Gallego*, p. 14/*Atlántico Diario*, p. 55/*La Región*, "*Día das Letras Galegas. María Mariño, poetisa noiesa homenaxeada*", 17 maio 2007, p. 9.

Resume a traxectoria vital de María Mariño, homenaxeada o Día das Letras Galegas 2007 e salienta a finalidade desta celebración como un xeito de descuberta e recuperación de escritores esquecidos. Achega datos sobre María Mariño e a súa relación con Uxío Novoneyra e considera á poeta como unha muller que abriu camiños na nosa literatura. Finalmente, reclama a celebración deste día para todas as mulleres que cos seus versos deron luz "despois de anos escuros" e afirma que as homenaxes chegaran desde todos os puntos de Galicia e por parte de variadas institucións.

Caamaño, Agustín, "Unha conferencia sobre a poesía de María Mariño prohibida pola censura", *La Opinión*, 17 maio 2007, p. 47.

Recorda a primeira vez que tivo noticia de María Mariño no 1968, así como que pouco tempo despois tivo a oportunidade de asistir a un ha conferencia de Uxío Novoneyra sobre a poetisa, pero o acto foi prohibido. Engade que o *Diario de Pontevedra* decidiu facerlle unha entrevista a Novoneyra para "arranxar" o sucedido.

Campo, Marica, "Unha estrela no colo", *A Nosa Terra*, n.º 1263, "Fin de semana", 17-23 maio 2007, p. 33.

Fai unha breve viaxe polos meses de maio que ela viviu, polo cambio entre os antigos meses nos que levaba flores á Virxe María, e os máis recentes nos que ten que contribuír a ese paripé que ten lugar o 17 de maio, único día no que a maioría dos galegos, falan galego.

Caneiro, Xosé Carlos, "Literatura vs. Literatura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 169, "Club Dandi", 3 febreiro 2007, p. 12.

Reflexiona sobre o desprestixio e a decadencia da arte literaria, que se ve influenciada pola sociedade e o rendemento editorial. Comenta que algúns libros que se poden catalogar como boa literatura son, por exemplo, *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, de Xavier Lama (2006), *Obertura sen heroe* (2006), de Yolanda López e, tamén nomea, a obra completa de María Mariño, editada por Xerais.

Caneiro, Xosé Carlos, "DLG, por favor", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 209, "Club Dandi", 5 maio 2007, p. 209.

Critica a situación actual do Día das Letras Galegas, xa que en lugar de ser un día militante pola cultura galega é simplemente un día festivo ou vacacional.

Caneiro, Xosé Carlos, "A victoria do sistema", *La Voz de Galicia*, "*Especial Día das Letras Galegas. Ourense*", 17 maio 2007, p. 8.

Comenta que prefire denominar ao Día das Letras Galegas como Día do Libro Galego, xa que estamos nunha cultura que non ten valor real porque os paradigmas dos nosos días son a Fórmula 1 do deporte. Engade con ironía que "ler en galego unha vez ao ano non está mal".

Caneiro, Xosé Carlos, "Retrato reintepretado", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 213, "Club Dandi", 2 xuño 2007, p. 10.

Refírese ao libro *María Mariño. Retrato dunha vida*, obra de Xerardo Agrafoxo e do fotógrafo noiés Suso Sogaina co gallo da conmemoración do Día das Letras Galegas. Comenta que esta obra estivo apoiada polo Concello de Noia, lugar de nacemento da poeta, que realizou unha exposición itinerante con todo o material recollido.

Castaño, Yolanda, "*Deslumbrante María Mariño*", *El Progreso*, "Opinión"/*Diario de Pontevedra*, "Opinión y análisis", 18 maio 2007, p. 32.

Eloxia a figura da poetisa María Mariño e recoñece que para ela é "unha poeta de culto", e tamén afirma que o Día das Letras Galegas pode axudar a que María Mariño deixe de ser unha descoñecida para moitos.

Castaño, Yolanda, "Letras galegas", *Galicia Hoxe,* "Días (des)contados", 20 maio 2007, p. 36.

Trátase de demostrar cómo se fomenta o uso da lingua galega nas datas próximas ao Día das Letras Galegas, con actos como conferencias e concertos fóra do país ou curtametraxes, mentres que o resto do ano, nalgúns casos, se lles volve as costas.

Cebreiro, María do, "Non foi esto o que ela dixo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 maio 2007, p. 54.

Reivindica a figura da poetisa María Mariño e recoñece que é difícil que o Día das Letras Galegas poda representa de maneira axeitada a esta poetisa, xa que a procura dunha autora tan insólita pode levar a neutralizar a súas protestas.

Conde, Alfredo, "As lecturas das nosas letras", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 11 marzo 2007, p. 4.

Fálase das lecturas que teñen que facer os rapaces do instituto e do inconveniente de darlles textos de autores aínda non formados literariamente que poidan decepcionalos. Lémbrase a Castelao e bótase contra os ríxidos criterios de escolla dos homenaxeados no Día das Letras Galegas que se consideran caducos.

Conde, Alfredo, "A recuperación dos autores", *El Correo Gallego*, "Opinión", 18 abril 2007, p. 4.

Analiza a biografía de María Mariño publicada por Galaxia e escrita por Xerardo Agra Foxo. Tamén expón a súa opinión contraria a que o Día das Letras Galegas fose dedicado a poetisa María Mariño, segundo o autor Mariño non escribiu nada "nin grande, nin sublime".

Conde, Alfredo, "Facemos descender un deus inútil", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 19 abril 2007, p. 4.

Considera que cada vez que dedican un Día das Letras a unha figura sen entidade abonda, carente dunha obra solvente e sólida, equiparábel a calquera doutra literatura, faise descender un deus inútil, que aparentemente axudaría a resolver a cuestión da

supervivencia da lingua, mais provoca o efecto contrario. A continuación, opina que os méritos literarios de María Mariño non son suficientes para merecer idéntica distinción que outros autores que a precederon.

Conde, Alfredo, "Pérdome polas últimas frases", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 20 abril 2007, p.4.

En resposta ás críticas recibidas polo do día anterior, confesa que non lle importan demasiado as opinións dalgunhas persoas, pero aínda así quere facelo neste caso para propor que se lle dedique o Día das Letras Galegas a Carlos Casares, que foi o gran polígrafo do século XX, escritor, articulista, biógrafo e ensaísta, pero tamén un home próximo ao pobo, que aínda permanece na memoria da maioría e cre que iso é moi necesario e que tanto el coma moitos outros nomes poderían optar a este recoñecemento.

Fernández, Micaela, "Galicia, tierra de mujeres poetas", *El Progreso*, "Opinión", 12 maio 2007, p. 37.

Reflexiona sobre o importantísimo papel que xogaron as poetas galegas na cultura do noso país, facendo referencia ao Día das Letras Galegas e, concretamente, a Rosalía de Castro e a súa obra *Cantares Gallegos*, comparándoa a Miguel de Cervantes o a William Shakespeare.

Fernández, Miguel Anxo, "Día dos lectores novos", *La Voz de Galicia*, "*Especial Día das Letras Galegas. Ourense*", 17 maio 2007, p. 4.

Sinala que "os fastos das Letras Galegas" hai que dirixilos aos lectores máis novos, aos rapaces e mozos e mais comenta a ledicia que sentiu ao ver no IES Alexandre Bóveda de Vigo o que tiñan montado o seu alumando debido á presenza do propio Miguel Anxo Fernández. Subliña que realizaron unha exposición sobre as novelas policiais e que formularon preguntas intelixentes sobre a súa novela.

Fernández, Ruth, "A terceira muller das nosas letras", *El Progreso*, "Campus", 9 maio de 2007, p. 5.

Reflexiona sobre a obra e a vida da poetisa María Mariño, como un exemplo da ruptura coas normas literarias e sociais do momento.

Fernández Naval, Francisco X., "Festa das letras", *La Voz de Galicia*, "*Especial Día das Letras Galegas. Ourense*", 17 maio 2007, p. 8.

Reflexiona sobre a necesidade de revisar todo o relativo ao Día das Letras Galegas. Comenta que o novo reto das letras galegas é que calen no tecido social e mais que a literatura galega pase a formar parte esencial e determinante dunha sociedade culta e libre pola que traballamos cada día.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Día das Letras Galegas", *Galicia Hoxe,* "Caderno Aberto", 17 maio 2007, p. 3.

O autor denuncia a paradóxica situación do Día das Letras Galegas, día festivo no que pechan as escolas, universidades e todas as institucións relacionadas cunha cultura que se está a homenaxear nesta data.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Idioma galego en Barcelona", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 25 maio 2007, p. 3.

Fai mención do acto realizado no Auditorio do Palau da Generalitat, en Barcelona, co gallo do Día das Letras Galegas, no que participaron escritores galegos como Manuel Rivas. Asemade o evento contou coa xornalista Julia Otero, quen leu e "sorprendeu o público con perfectas lecturas de poemas en galego", concretamente do poema "Terra Chá", de Manuel María.

Franco, Camilo, "¿Hai xente aquí dentro?", *La Voz de Galicia*, "Menú de cultura rápida", 1 maio 2007, p. 46.

"Ritualizar as cousas significa baleirarlles os contidos, restarlle a vitalidade das imperfeccións". Con esta sentencia tenta o autor deixar clara a súa opinión acerca dos actos rituais celebrados mecanicamente o Día das Letras Galegas, pero que, en realidade, non supoñen nada, como se pode ver na fuxida de grandes creadores galegos ao estranxeiro, porque aquí non son valorados.

Franco, Camilo, "Por min que chova", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 2 xullo 2007, p. 41.

Critícase dun modo metafórico, a través dos modelos dos automóbiles, o anquilosamento da maquinaria do Día das Letras Galegas, que "segue en marcha sen repasar un modelo con corenta e catro anos de existencia".

García Iglesias, José Manuel, "Letras galegas", *El Correo Gallego*, 17 maio 2007, p. 2.

Reflexións do autor sobre o Día das Letras Galegas, que representan "as letras con maiúscula" e logran que cada vez máis a cultura e os escritores galegos sexan máis coñecidos e mellores.

García, Xosé Lois, "A poética de María Mariño", *Galicia Hoxe*, "Opinión", 15 maio 2007, p. 4.

Analiza a obra da poetisa María Mariño e afirma que "María Mariño deulle un perfil novo ás cousas non demasiado comprendidas polos lectores e entendidos de poesía, o ben por acomplexados que non asumían que unha muller, naqueles anos de machismo institucional"

García, Xosé Lois, "A web de Uxío Novoneyra", *Galicia Hoxe*, "Ecos da berenguela", 30 outubro 2007, p. 4.

Comenta a aparición dunha páxina web na que se reivindica á Real Academia Galega, a celebración do Día das Letras Galegas do 2010, para Uxío Novoneyra. Dá conta da importancia deste poeta e comenta algunhas das súas ideas fundamentais, baseadas na defensa de Galicia e da súa lingua. Agradece a idea de propoñer a Novoneyra como autor homenaxeado.

Gómez, Lupe, "Papel branco", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 641, "A bailarina", 28 xaneiro 2007, p. 12.

Describe cómo transcorreron certos días da semana, e neles fai referencia á lectura de artigos e obras sobre María Mariño, da que achega algúns versos.

Gómez, Lupe. "Sen idiomas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 652, 15 abril 2007, p.16.

Refírese a un libro de María Mariño que lle regalou Uxío Novoneyra e se pregunta se esta autora é unha muller "sen idiomas, tan branca e intacta como a aurora". Ao mesmo tempo, afirma sentirse orgullosa de coñecer a todos os escritores galegos, entre os que cita a Manuel Rivas, Chus Pato e Olga Novo.

Gómez, Lupe, "Discursos de Salamanca", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 657, "Bailarina", 20 maio 2007, p. 16.

Dá conta da realización na cidade de Salamanca dunha serie de charlas sobre distintos aspectos da cultura galega, centradas en gran medida na figura da poeta a que se lle dedica o Día das Letras Galegas, María Mariño.

González Pérez, Clodio, "Álvarez Blázquez e a escolma lírica galega", *Galicia Hoxe*, "O rodicio do tempo", 7 decembro 2007, p. 4.

Refírese a decisión que o Seminario de Estudos Galegos tomou de celebrar o próximo centenario do nacemento de Rosalía de Castro (o 24 de febreiro de 1937), coa edición dunha *Escolma da lírica galega contemporánea*, na que estivesen todos os poetas con obra en galego. Engade que a tarefa se encomendou a Xosé Filgueira Valverde. Respecto aos seleccionados, un deles foi Xosé María Álvarez Blázquez, que daquela contaba con moi pouca obra, e menos aínda en galego, que se cinguía a varios poemas no xornal *El Pueblo Gallego*, de Vigo e, sobre todo, na revista *Cristal*, de Pontevedra, A continuación, cita algunhas das obras que escribiría varios anos despois: *Poemas de ti e*

de min (1949), *Roseira do teu mencer* (1950), *Cancioeiro de Monfero* (1953), *Canle segredo* (1976)..., xunto a *Arco da vella* e *El alba insomne*, o primeiro aínda inédito e o segundo publicado en 1995 co título *Sonetos del alba insomne*. Por último, aclara que a escolma do Seminario non se remata por mor da Guerra Civil, pero que Filgueira Valverde xa recadara a opinión da maioría dos poetas, papeis que conservou sempre no seu arquivo persoal e que fican agora no Museo de Pontevedra. Considera que toda esta información resultará moi útil para afondar no coñecemento do homenaxeado nas Letras Galegas de 2008.

Jaureguizar, "A Real Academia Galega celebrou onte en Seoane a 'poesía bruta' de Mariño", *El Progreso*, "Cultura", p. 66/"María Mariño e as letras galegas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 18 maio 2007, p. 74.

Darío Xohán Cabana e Xosé Luís Méndez Ferrín recorren a poesía e a vida de María Mariño no Courel para celebrar o Día das Letras Galegas. Entre as palabras dedicadas á poetisa destaca as de Cabana: "unha poesía excepcional que non se rexe polas normas habituais. É poesía bruta, coma hai arte bruta".

López Martínez, Marisol, "Quen lles dera, quen lles dera…", *La Región*, p. 14/*Diario de Ferrol*, p. 16/ *El Correo Gallego,* p. 15/ *Atlántico Diario*, "*Letras Galegas 2007. María Mariño*", p. 54.

Amosa a súa sorpresa cando nunha charla entre varias persoas do mundo da cultura de da sociolingüística doutros países, falan sobre a importancia do Día das Letras Galegas e sente orgullo de que os galegos e galegas continúen a celebrar tal efeméride. Afirma que o Día das Letras Galegas mudou co paso do tempo, mais dun xeito positivo, xa que soubo adaptarse ás novas experiencias sen esquecer a súa condición de efeméride literaria. Asemade, reflexiona sobre o concepto de "autoodio", considerado moi común en Galicia e definido como calquera movemento individual ou colectivo que se caracteriza polo repudio dos usos e costumes tradicionais. Dende este concepto, refírese ao Día das Letras Galegas.

López Boullón, Xosé Ramón, "María Mariño (do mar)", *Galicia Hoxe,* "Retallos dunha época", 16 maio 2007, p. 5.

Emprega a metáfora do mar para falarnos da poesía de María Mariño, a terceira muller a que se lle rende o Día das Letras Galegas, tras Rosalía de Castro e Francisco Herrera Garrido.

López Silva, Inma. "Letras galegas: renovarse ou morrer", *La Voz de Galicia*, "Opinión", 17 maio 2007, p. 17.

Reflexións sobre o verdadeiro sentido do Día das Letras Galegas, que en lugar de aproveitarse para fomentar o interese polo libro galego, convértese nun día festivo sen máis transcendencia. Por outra banda, considera que a obra algúns dos autores escollidos para ser homenaxeados é máis ben mediocre, e incluso afirma que o feito de

ser muller tivo que ver na súa escolla. Así pois, reivindica un xeito máis actual, práctico, rendíbel e exportábel.

Lorenzo, Fran P., "17 de maio: o día das tumbas profanadas", *Galicia Hoxe,* "Vai de blog", 17 maio 2007, contracuberta.

Amosa o perigo que está a correr un idioma que parece só atopar modelos nos seus escritores mortos. Isto provoca unha sensación de anquilosamento e "morte" da lingua e da literatura galega.

Martínez-Risco Daviña, Luís, "Novos retos", *La Voz de Galicia*, "*Especial Día das Letras Galegas. Ourense*", 17 maio 2007, p. 9.

Destaca que hoxe en día a lingua galega ten uns mecanismos legais e instrumentais que xa quixeran os nosos devanceiros mais que debemos gañar os novos ámbitos culturais, audiovisuais e informáticos para un mellor futuro para a lingua e a literatura galegas. Remata recalcando que cómpre que sexamos optimistas e que debemos transmitir esperanza para a nosa lingua.

Matamoros, José, "Fiesta para las letras gallegas", *La Voz de Galicia*, "Patio de vecinos", 17 maio 2007, p. 16.

Indica que a cidade de Santiago e a súa comarca preparan os actos para a celebración do Día das Letras Galegas.E sinala que o Museo Pedagóxico de Galicia abriu esta celebración cun acto a cargo do Coro Campus Stellae e un narrador que interpretou o conto musical *O rodaballo con botas*, adaptación ao galego dun famoso conto de Perrault.

Matamoros, José, "As Letras Galegas brillan na comarca", *La Voz de Galicia*, "Patio de vecinos", 18 maio 2007, p. 16.

Afirma que a celebración do Día das Letras Galegas deixa unha infinidade de actos por toda Galicia. Entre algún dos actos celebrados destaca o organizado pola Mesa pola Normalización Lingüística, que presentou o manifesto *Temos lingua propia. Queremos vivir nela*. Asemade, a socialista Sánchez Bugallo levou un ramo de flores ao monumento de Rosalía de Castro en Teo, o BNG realizou unha entrega de libros, e en Ames divulgáronse os escritos dos gañadores do IV Certame Literario do Concello.

Méndez, José Luis, "Os beneficios incalculables da cultura", *El País*, "*Galicia*", "Letras de Galicia", 17 maio 2007, p. 9.

Lembra a exposición que se levou a cabo na Fundación Caixa Galicia que conmemorou o centenario da Real Academia Galega, e dá conta dalgúns dos obxectos que se expuxeron nela e que representaban a memoria e máis a identidade de Galicia. De seguido, fai referencia á adquisición que realizou a RAG da casa na que viviu Rosalía

de Castro e Murguía na Coruña e afirma que está orgulloso da actividade cultural que levou a cabo a Fundación Caixa Galicia. Considera que a cultura é fundamental para o desenvolvemento dun país e salienta que Caixa Galicia tamén destaca en ser das primeiras institucións na normalización do uso do galego dentro da entidade. Remata celebrando como outra iniciativa cultural o Día das Letras Galegas.

Méndez Ferrín, X.L., "Xosé María Álvarez Blázquez", *Faro de Vigo*, "Segunda feira", p. 11/*La Opinión*, "Opinión", 9 xullo 2007, p. 14.

Comenta o feito de que Xosé María Álvarez Blázquez fose o autor escollido pola Real Academia Galega, para ser homenaxeado o Día das Letras Galegas do 2008. Indica que foi un modelo exemplar, polígrafo e bo galeguista. Afirma que por motivo da homenaxe haberá moitos estudos sobre el, pero principalmente, desde o punto de vista local e que o traballo de investigación a realizar será inxente. Por último, agradece a Álvarez Blázquez ter coñecido aos trobadores medievais a través do seu estudo *Escolma de Poesía Galega I*.

Ocampo, Carlos, "A poeta que subverteu a sintaxe para descubrir o seu interior", *La Voz de Galicia,* "La Voz de la Escuela", 16 maio 2007, p. 6.

Aproxímase á poetisa María Mariño, a súa vida e a súa obra. Considera que a escritora ten moitos admiradores pero tamén detractores que opinan que a súa obra en realidade foi escrita por Uxío Novoneyra. Sobre a súa linguaxe poética afirma que é rompedora e orixinal, pero baseada na linguaxe cotiá.

Rielo, Pedro, "A pouco oficial María Mariño", *Galicia Hoxe,* "Opinión Hoxe/Tempus fugit", 18 maio 2007, p. 4.

Critica ao carácter fúnebre e mortuorio que posúe a cultura galega, unha cultura na que só se homenaxea aos mortos e, segundo o autor, isto non lle houbese gustado á homenaxeada deste ano, María Mariño, autora de *Palabra no tempo* (1963).

Rivas, Manuel, "Galicia, o Día do Desacougo, e a fin da 'historia calamitatum", *El País*, "*Galicia*", "Letras de Galicia", 17 maio 2007, p 12.

Comenta que a situación lingüística do galego non está a vivir o seu mellor momento; afirma que as xeracións máis vellas están a morrer e a mocidade non se "erotiza coa lingua". A continuación fala sobre tres temas fundamentais: primeiro afirma que para avanzar na proxección da lingua hai que mostrar unha vontade unitaria de toda a sociedade e fai referencia ao erotismo que se atopa na nosa literatura sen ter que recorrer á literatura oriental. O segundo punto é o tema da Galicia afundida, considera que "non estamos nun punto calamitoso da nosa historia lingüística e cultural"; e, por último, lembra algunhas anécdotas sobre a revolución, os conferenciantes e o cubismo.

Romero, Marga, "Tui e Xosé Mª Álvarez Blázquez", *A Nosa Terra,* n.º 1.274, "Fin de Semana", 28 xuño-4 xullo 2007, p. 32.

Introdúcese na vila de Tui a través dunha poética descrición da súa catedral, para logo ir cerrando o ámbito a unha familia do lugar, concretamente a do que foi elixido para ser homenaxeado o Días das Letras Galegas do ano 2008, Xosé María Álvarez Blázquez.

Rubia, Xosé, "María Mariño, a tempo pasado", *Diario de Ferrol*, "Opinión", 27 maio 2007, p. 25.

Fala sobre o Día das Letras Galegas e a figura de María Mariño. Segundo Rubia a Academia Galega ten unhas normas para a elección do homenaxeado, pero parece que esta vez non as cumpriu, xa que cre que María Mariño non presenta unha obra o suficientemente consistente para outorgarlle este galardón.

Trigo, Xosé Manuel, "As letras e o tesouro dos analfabetos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 maio 2007, p. 38.

Expón a tese de que o Día das Letras Galegas é moi negativo para a lingua oral, xa que representa o "poder" do galego académico e normativo.

Sarille, José Manuel, "O que vostede debe saber de María Mariño", *El Correo Gallego*, "Sociedad", 8 maio de 2007, p. 73.

Reflexiona sobre a historia creada en torno a figura de María Mariño, sobre a que moitos pensaron que en realidade era unha invención de Uxío Novoneyra.

Valcárcel, Marcos, "O 19 de maio de 1967", *La Región*, "Pan por pan", 14 abril 2007, p. 69.

Con motivo das múltiples homenaxes que María Mariño vai recibir con motivo do Día das Letras Galegas recórdase que morreu o 19 de maio de 1967 con cincuenta e nove anos vítima dunha leucemia. Sinálase que, antes do seu pasamento, enviáralle a Ánxel Fole un libro de poemas para que lle escribira un limiar que nunca deu feito. Anúnciase que este libro vai ver a luz por medio da editorial Alvarellos, co título que ela mesma lle deu, *Más allá del tiempo*, polo que se cre que vai ser unha achega importante e que haberá que ter en conta e ler con moita atención.

Vence, Ánxel, "As letras con festivo non entran", *Faro de Vigo*, "Opinión", 18 maio 2007, p. 29.

Apunta o erro de facer festivo o Día das Letras Galegas, xa que deste modo non se logran os obxectivos esperados. Afirma que para a maioría dos galegos o Día das Letras

Galegas, mais que o día da celebración da nosa cultura e a nosa lingua, é o día de comezo dunha ponte.

Vidal Villaverde, Manuel, "Xosé María Álvarez Blázquez", *Atlántico Diario,* "Opinión", 11 xullo 2007, p. 3.

Conta en primeira persoa as súas experiencias como amigo da familia Álvarez e adepto á obra dun dos seus membros, ao que se lle dedicará o Día das Letras Galegas do ano 2008, Xosé María Álvarez Blázquez, do que cita algúns versos da súa obra *Poemas de ti para min* (1949).

Vidal Villaverde, Manuel, "Toque de alba e son de oración por María Mariño", *Atlántico Diario*, "*Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, p. 48.

Comeza facendo referencia aos comentarios persoais sobre María Mariño que Uxío Novoneyra e Manuel María lle confesaban e, de seguido, lembra uns poemas de Rosalía de Castro e de Eduardo Pondal nos que aparecen reflectidas as campás. A continuación, fala da influenza de Rosalía de Castro en María Mariño, principalmente no poema "Noia", e tamén da de Pondal, Novoneyra, Ramón Otero Pedrayo, etc. Achega algúns versos do poema "Noia" e analiza a poesía de María Mariño.

Vilavedra, Dolores, "A idea dun feliz invento", *El País*, "*Galicia*", "Letras de Galicia", 17 maio 2007, pp. 9-10.

Considera que o Día das Letras Galegas debe acadar maior importancia e ten que deixar de ser un "simple trámite cultural", pois nos anos que leva de vida só está relacionado coa recuperación da memoria, mais ten que adaptarse á contemporaneidade. Reclama á Real Academia Galega que modifique as normas que rexen tal celebración e que os autores e as obras se axeiten aos novos modos de creación literaria. Ademais afirma que o día debe ser festivo e propón facer en Galicia como fan os cataláns co día de San Jordi: regalar libros, xa que considera que é un costume moi san. De seguido, comenta que no Día das Letras Galegas non debemos celebrar só a obra e vida do autor escollido, senón que se trata dun día de celebración en xeral onde o protagonismo ten que estar na cidadanía e na palabra.

Vázquez, Dora, "Letras galegas", *La Región*, "Opinión", 18 maio 2007, p. 22.

Manifesta a súa satisfacción por ter unha literatura propia, que diferenza e distingue a todos os galegos, tanto das xeracións pasadas como das vindeiras.

IV.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Afonso, E., "É necesario transformar o 17 de maio" ", *A Nosa Terra,* n.º 1.268, "Cultura", 17-23 maio 2007, p. 24.

Ánxela Bugallo amosa nesta entrevista o seu desacordo co xeito en que se está a realizar o Día das Letras Galegas, pois considera que xa está ben de homenaxear a autores mortos. Reivindica que sexan loados en vida, porque en Galicia hai moitos e moi bos creadores de literatura galega.

Álvarez, Natalia, "Ninguén que saiba ler poesía pode soster iso de que María Mariño foi un invento de Novoneyra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 200, "Entrevista", 17 maio 2007, pp. VIII-IX.

Nesta entrevista Xosé Luís Méndez Ferrín comenta que leu por primeira vez a obra *Palabra no tempo* (1963) estando xa preparado para o que ía atopar, que era unha sucesión de novidades, tanto líricas como formais. Afirma que María Mariño iniciou un camiño de ruptura que non sería seguido por poetas posteriores xa que mostra un "misticismo ateo". De seguido, comenta as influenzas mutuas entre María Mariño e Uxío Novoneyra. Asemade, confirma que foi unha poeta coñecida que aparece nas principais antoloxías e considera que se deben vir abaixo moitos dos mitos que sobre ela circulan e que son falsos.

Carballa, Xan, "Hai que ler os texto e deixarse de enigmas", *A Nosa Terra*, n.º 1.266, "Cultura", 3-9 maio 2007, p. 24.

Anúnciase a publicación do traballo en castelán de María Mariño *Mas allá del tiempo*, editado por Alvarellos e dotado dun estudo introdutorio da filóloga Helena González. Ao longo desta conversa González conta que, tras publicar *Palabra no tempo* (1963), María Mariño acude a Ánxel Fole para que lle faga o prólogo do novo libro, pois a Uxío Novoneyra non lle interesaba editalo por estar en castelán. Afirma que o contido é variado pero cun sentido autobiográfico. Tamén conta que Novoneyra continuou editando a súa poesía e recoñece que é unha autora que aínda ten moito que descubrir.

Carballa, Xan, "Meu pai era un curioso absoluto, un activista cultural", *El País*, "*Galicia*", 6 de xullo do 2007, p. 39.

Xosé María Álvarez Cáccamo ofrece unha entrevista con motivo da recente concesión do Día das Letras Galegas 2008 ao seu pai, Xosé María Álvarez Blázquez. Fai un repaso pola traxectoria profesional do proxenitor, ao que cualifica de verdadeiro "activista cultural". Fala especificamente dunha das editoriais que comandou, Castrelos, e de varias das obras que máis sona lle deron no seu labor como editor, ao tempo que fai un repaso polos libros do pai, tanto no ámbito poético como na prosa. Finalmente, ofrece a súa opinión sobre a celebración do Día das Letras Galegas.

Españadero, E., "Música para María Mariño", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 664, "Feitizo de Sons", 8 xullo 2007, p.4.

Entrevista realizada ao cantante Manoele, que musicou os versos de María Mariño no seu último disco *De Felisa a María Mariño*, acadando un grande éxito nesta tarefa. Aproveita tamén para reivindicar o posto que os cantautores galegos merecen.

F.D., "O galego pasa por un momento delicado", *Atlántico Diario*, "*Letras Galegas 2007. María Mariño*", p. 46/"Poetisa de enorme calado existencial", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. María Mariño, poetisa noiesa homenaxeada*", 17 maio 2007, p. 11.

Entrevista a Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega, quen explica cal é a función desta institución, indica cales son os novos proxectos e de qué xeito se escolle ao autor homenaxeado o Día das Letras Galegas. Por último, fai referencia á figura de María Mariño.

Franco, F., "María Mariño escribía dende sempre, a todo lle sabía poñer un poema", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 17 maio 2007, p. 52.

Entrevista á sobriña neta de María Mariño, Maite Martín, que repasa os fitos máis salientabeis da vida da escritora noiesa entre o País Vasco e Galicia. Respecto ao seu labor literario, comenta que, moito antes de empezar a publicar, xa tiña escritos numerosos poemas.

García, Rodri, "Nos oitenta era descoñecida e dicían que non era autora", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 maio 2007, p. 34.

Entrevista a Carmen Blanco sobre María Mariño, da cal recoñece que non era moi coñecida pero si unha gran poeta do pobo pola súa orixe humilde. Fala da polémica que xerou na Academia por haber opinións que din que era Uxío Novoneyra quen escribía os seus poemas, cando realmente só llos corrixía.

Garrido, Miguel Anxo, "Helena González", *Eco. Revista del Eje Atlántico*, n.º 192, "Entrevista", maio 2007, pp. 72-75.

Entrevista realizada a Helena González (Profesora Titular de Literatura Galega na Universidade de Barcelona), que ten como eixo central a figura de María Mariño, a escritora noiesa homenaxeada no Día das Letras Galegas 2007. Salienta tamén que Helena González é a responsábel do estudo e edición da obra que acaba de ser descuberta de María Mariño, *Más allá del tiempo* (2007). Explícase que este volume é unha antoloxía de toda a obra escrita en castelán até 1965 por María Mariño.

J.G., "O principal é gañar novos usos para o idioma galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 maio 2007, p. 49.

Ao longo desta conversa, Marisol López, secretaria xeral de Política Lingüística, menciona a celebración do Día das Letras Galegas como festividade, manifestando que existe a sensación de que debe mudar coa colaboración dos colexios.

Salgado, Daniel, "Defendemos a lingua máis feble sen impoñela", *El País*, "*Galicia*", "Letras de Galicia", 17 maio 2007, p. 11.

Entrevista a Marisol López, secretaria xeral de Política Lingüística, quen fala sobre a introdución do galego na sociedade, dos proxectos que levará a cabo e sobre o Día das Letras Galegas. Considera que este ano e importante a autora homenaxeada, basicamente porque é unha muller e afirma que o Día das Letras debería ser todos os días xa que se poñen en marcha iniciativas como o Cultur.gal. Afirma que o uso da lingua non debe ser imposto, senón que hai que persuadir á xente para que empregue o galego en todos os ámbitos e ademais, hai que incidir en certos sectores como o cinema. Considera que se lle debe inculcar á xente que as comunidades bilingües son boas.

Soto, Antonio, "Hai moitos inimigos do galego", *Diario de Pontevedra*, "*O Día das Letras Galegas ensalza á poeta de Noia María Mariño*", 17 maio 2007, pp. 10-11.

Entrevista a Xosé Ramón Barreiro Fernández, presidente da Real Academia Galega, sobre a situación da lingua galega na actualidade. Algunhas das preguntas a Barreiro céntranse na figura de María Mariño, poeta homenaxeada o Día das Letras Galegas, da que indica que foi unha escritora descoñecida da que se acaban de publicar unhas quince biografías e salienta a súa calidade literaria. Tamén afirma que a súa escolla como poeta homenaxeada foi coa intención de dala a coñecer ao gran público.

Vidal Villaverde, Manuel, "Xerardo Agrafoxo: 'O recanto no tempo", *Atlántico Diario,* "*La Revista*", n.º 340, 25 febreiro 2007, p. 53.

Xerardo Agrafoxo conta como foron as súas primeiras experiencias no mundo literario antes de comentar en que xénero se sente mellor. Fala do país e, a continuación, reflexiona sobre a historiografía no mundo actual. Logo, céntrase na biografía de María Mariño e alude ás entrevistas que lles fixo aos seus familiares.

Vieiro, Laura, "Ramón Villares: 'A Galicia do futuro ten dúas linguas propias", *El Correo Gallego*, "Cultura", 7 outubro 2007, p. 76.

Ramón Villares, o presidente do Consello da Cultura Galega, amosa nesta entrevista a súa dúbida de manter o Día das Letras Galegas como festivo, por perder así o seu valor educativo, e cre ademais que ese día non debería estar dedicado a un autor, senón á Cultura Galega. Xulga razoábel o decreto de galeguización do ensino.

IV.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

Albo, Francisco, "Crean una web para pedir o Día das Letras Galegas do 2010 para o poeta Uxío Novoneyra, *La Voz de Galicia*, "Cultura", 31 outubro 2007, p. 49.

Infórmase de que un grupo de amigos de Uxío Nononeyra acaba de crear unha páxina web sobre o escritor na que expoñen un resumo biográfico, unha bibliografía, unha selección dos seus poemas e vídeos sobre algunhas intervencións públicas, ademais de propoñelo como candidato a ser o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2010, por ter cumpridos xa os dez anos dende o seu pasamento.

Albo, Francisco, "*A Academia Galega homenaxeou a María Mariño na serra do Courel*", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 maio 2007, p. 54.

Sinálase que a Academia Galega se desprazou a Seoane do Courel, lugar onde está enterrada María Mariño, para celebrar o Día das Letras Galegas. Engádese que o acto se centrou na análise da obra desta autora por parte de Darío Xohan Cabana, Xosé Luís Méndez Ferrín e a filóloga Rosario Álvarez Blanco.

Álvarez, Natalia, "La cultura y el conocimiento al alcance de todos", *Faro de Vigo*, "Vigo4costados", 22 maio 2007, p. 4.

Nota que informa sobre o taller impartido pola xornalista Alejandro Garrido no Centro Social de Teis, dedicado a fomentar o interese polo mundo da cultura entre todo tipo de públicos. Explícase que un dos temas recorrentes do taller foron os libros, cun recordo especial para a poetisa María Mariño, á que se dedicou o último Día das Letras Galegas.

Alvarellos, Enrique, "*Diario dun xoves*", *Galicia Hoxe*, "Crónica da semana invisible", 22 maio 2007, contracuberta.

Recolle algúns dos acontecementos que tiveron lugar o xoves por mor da celebración do Día das Letras Galegas.

Andaluz, Cándida, "Este ano celébrase o centenario do nacemento de Xocas", *La Voz de Galicia*, "*Especial Día das Letras Galegas. Ourense*", 17 maio 2007, p. 4.

Fala das coincidencias entre Xaquín Lorenzo e María Mariño, ambos naceron en xuño de 1907, detense na faceta etnográfica de Xaquín Lorenzo e a seguir céntrase na vida e mais na obra de María Mariño.

A.N.T., "Aberta a inscrición para os foros da Aula de Escritores da AELG", *A Nosa Terra*, n.º 1284, "Cultura", 11-17 outubro 2007, p. 25.

Infórmase sobre a posta en marcha, por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega, de dous foros sobre literatura, un dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez (a quen se dedica o Día das Letras Galegas 2008) e outro a Agustín Fernández Paz. Trátase de foros públicos e virtuais, no que todos os participantes poden achegar opinións e materiais sobre os escritores estudados.

A.N.T., "Álvarez Blázquez será o homenaxeado no Día das Letras", *A Nosa Terra*, n.º 1.275, "Cultura", 5-11xullo 2007, p. 24.

Dá conta da elección do poeta, escritor, editor, investigador e erudito tudense por parte da Real Academia Galega para protagonizar as Letras Galegas de 2008. Deste autor recoñecen un intenso labor patriótico difundindo os textos dos chamados "anos escuros", así como da Nova Narrativa Galega. Da súa obra saliéntanse os tres poemarios publicados: *Poemas de ti e de min* (1949), *Roseira do teu mencer* (1950) e *Canle segredo* (1976).

Ares, Moncho, "Barbantia consolídase como exemplo de unidade comarcal", *La Voz de Galicia*, "Barbanza, Muros, Noia", 16 decembro 2007, p. L8.

Entre outras cuestións, informa da publicación do *Anuario de Estudos do Barbanza 2007*, coordinado por Manuel Cartea. A continuación, comenta a estrutura do libro sinalando que contén seis artigos de creación e un apartado dedicado a María Mariño. Anuncia tamén a próxima aparición dunha obra de relatos, gravados e música que vai ver a luz en 2008.

Balado, B.,"Tiña medo a vogar no mar calmo", *Diario de Pontevedra*, "*O Día das Letras Galegas ensalza á poeta de Noia María Mariño*", 17 maio 2007, p. 6.

Informa que o cantautor Manoele dedica o seu novo disco, *De Felisa a María Mariño*, á poeta María Mariño. Comenta que se trata dunha poesía pouco coñecida e de difícil adaptación xa que moitos poemas carecen de rima e son de gran complexidade. Indica que o disco consta de trece letras da poeta, e salienta como a máis representativa do seu sentir, "Medo de vogar".

Balado, B., "Galicia mantén a produción editorial", *Diario de Pontevedra*, "O Día das Letras Galegas ensalza á poeta de Noia María Mariño", 17 maio 2007, p. 9.

Fai referencia aos niveis de lectura que se están a acadar en Galicia. Comenta que as editoriais están a publicar un abundante número de libros e que estes van dedicados a todos os públicos. Considera que se están a realizar avances como a aprobación da Lei do Libro ou o Plan de Lectura. A continuación ofrece os datos sobre as publicacións das editoriais entre 1999 e 2006 e dá conta dos traballos de tres editoriais: Xerais, Galaxia e Kalandraka. En columna á parte dá conta dalgúns dos libros editados sobre María Mariño pola celebración do Día das Letras Galegas.

Barreiro, Sara, "O obxectivo", *El Correo Gallego*, "Opinión", 17 maio 2007, p. 4.

Reflexión sobre o Día das Letras Galegas e o seu significado, sobre a necesidade de que esta celebración teña unha maior relevancia para os galegos.

Bore, N., "A Complutense de Madrid acolleu unha serie de conferencias sobre a escritora", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 17 maio 2007, p. 54.

Dá conta da lectura dos poemas de María Mariño na voz de Maite Dono, que tivo lugar na Facultade de Filoloxía Románica da Universidade Complutense e na Galería Sargadelos.

C. A., "Letras e carreira fan boa parella", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/Louriña", 26 maio 2007, p. 7.

Indícase que Tomiño celebra o Día das Letras Galegas coa tradicional feira do libro en galego e cunha carreira popular. Engade que tamén se realizou un obradoiro infantil para a elaboración de marca páxinas.

Calle, Jorge M. de la, "Recitais, libros, danza, música e teatro", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. María Mariño, poetisa noiesa homenaxeada*", 17 maio 2007, p. 16.

Dá conta dos actos que ten preparados o Concello de Ourense para celebrar o Día das Letras Galegas, dedicado á poeta noiesa María Mariño. Entre as actividades relacionadas coa literatura, salienta o recital poético de Mari Luz Villar e Alejandra Juno, así como a entrega de libros sobre a escritora por parte do Concello. Indica que se inaugurará a Feira do Libro e que o Centro Dramático Galego vai representar a obra *A Piragua*. En columna á parte, comenta que a Asociación Xuvenil Amencer organizou unha exposición con fotografías, debuxos e textos sobre María Mariño.

Calle, Jorge M. de la, "Libros galegos con desconto", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. María Mariño, poetisa noiesa homenaxeada*", 17 maio 2007, p. 17.

Informa das diferentes actividades e homenaxes que se levarán a cabo con motivo de celebrar o Día das Letras Galegas, na provincia de Ourense. Conta de xeito detallado os actos que terán lugar en Xinzo de Limia, Barbadás, Allariz, Ribadavia, O Barco de Valdeorras, Vilarchao-Coles, O Carballiño e en Verín.

Carballa, Xan, "Tempo de homenaxe a María Mariño", *A Nosa Terra*, n.º 1.266, "Cultura", 3-9 maio 2007, p. 24.

Infórmase das actividades postas en marcha para gardar a memoria e mesmo coñecer mellor á poeta María Mariño, morta o 17 de maio de 1967. Dende reedicións da súa poesía até poemas da autora nas bolsas do pan.

Castro, Víctor, "Celebración del Día das Letras Galegas", *El Ideal Gallego*, "A Coruña. Área Metropolitana", 27 abril 2007, p.22.

Dá conta dos diversos actos de carácter musical celebrados polo Concello de Sada con motivo do Día das Letras Galegas.

Castro, Víctor, "Conmemoración del Día das Letras Galegas", *El Ideal Gallego*, "A Coruña. Área Metropolitana", 16 maio 2007, p. 22.

Sinálase que Sada celebra o Día das Letras Galegas cun acto musical a cargo da Banda Municipal, Coro Infantil "Javier Fonte Gundín" e o Coro "Agra das Arcas".

Castro, Víctor, "El Colegio de Mondego vivió "As letras galegas" ", *El Ideal Gallego*, "A Coruña. Área Metropolitana", 16 xuño 2007, p.20.

Indícase que "El Colegio de Mondego" celebra o día 9 de maio o Día das Letras Galegas con diversas actividades, incluído un partido de fútbol. Tamén se fala no artigo da actuación de danza que terá lugar no Auditorio da Casa da Cultura de Sada e da Romería do Rocío que se fai facer en Oza los Ríos.

Castro, Víctor, "Internet difundió la obra de María Mariño", *El Ideal Gallego*, "A Coruña. Área metropolitana", 20 maio 2007, p. 22.

Refírese á iniciativa do punto de Información Turístico de Sada, que difundiu pola rede a vida e a obra de María Mariño para celebrar o Día das Letras Galegas e o Día de Internet.

C. F., "A celebración das Letras Galegas amplía as súas actividades a cidades como Lisboa ou Damasco", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 maio 2007, p. 45.

Como o titular indica, as Letras Galegas promoven actividades nacionais e internacionais. En Lisboa o festival Portugalizar, con poesía, cine, música e banda deseñada; en Damasco a Semana da cultura galega con encontros, charlas, conferencias e música; en Madrid conferencias sobre a vida e obras de María Mariño; a festa da cultura en Coruña; a conferencia de Manuel Ferreiro sobre a historia da lingua galega; e a sesión plenaria da Academia para lembrar a poetisa María Mariño na antiga escola de Seoane.

C. F., "Dous editores galegos participan na semana galega de Damasco", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 17 maio 2007, p. 54.

Indica que a biblioteca Álvaro Cunqueiro, situada no Instituto Cervantes de Damasco, celebra a semana galega, onde estarán presentes Moisés Barcia, da Editorial Rinoceronte, e Manuel Bragado, de Xerais.

C. G., "Preparan un homenaje a las figuras de Pura Vázquez y María Mariño", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Padrón", 24 febreiro 2007, p. 33./"A Fundación Rosalía honra a María Mariño e Pura Vázquez", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Homenaxes", 16 xaneiro 2007, p. 35.

Infórmase dos actos previstos pola Fundación Rosalía para todo o ano 2007, entre os que destacan, en palabras da súa directora Helena Villar Janeiro, unha homenaxe a María Mariño e outra a Pura Vázquez, un acto con escolares que se celebrará probabelmente o Día da Paz coa Casa Museo e o Seminario Galego pola Paz, un recital poético o día 23 de febreiro, o 24 de febreiro un acto literario en memoria do nacemento de Rosalía e tamén a presentación do segundo libro de *Poetas con Rosalía.*

Cordal, Xabier, "A experiencia comarcal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 maio 2007, p. 27.

Fala da iniciativa tomada na Terra Cha para levar a cabo o Día das Letras Chairegas cada vinteún de marzo. Explica que isto se acadou durante catro anos, até que o concello de Guitiriz negou calquera tipo de axuda, o que supuxo un gran esforzo para render tributo ao último homenaxeado, o teólogo e ensaísta Xosé Chao Rego. Indica que o obxectivo da organización era o de ler e coñecer os autores vivos, e que con este fin se facían concursos literarios e gráficos, actividades deportivas e musicais que moveron a milleiros de estudantes a Vilalba e a Guitiriz. Laméntase que agora só queda o recordo e as imaxes do entusiasmo que puxeron alumnado e profesorado para render homenaxe a Manuel María, Darío Xohán Cabana, Xosé Chao e Agustín Fernández Paz, así como a moitos outros que quedaron no camiño.

Correa, Anxa, "O legado de María Mariño", *Diario de Pontevedra*, "*O Día das Letras Galegas ensalza á poeta de Noia María Mariño*", 17 maio 2007, p. 3.

Salienta que este ano a celebración do Día das Letras Galegas está dedicada á poeta noiesa María Mariño e destaca esta vila como un lugar no que naceron moitos escritores galegos. Comenta que para celebrar este evento os alumnos do CEIP Rodríguez Cadarso da Barquiña traballaron sobre a historia, a arte e a relación que a poeta mantivo coa súa vila natal, principalmente, a través de internet, e informa que tamén realizaron unha viaxe á vila para coñecer as rúas polas que camiñou a escritora.

C. P., "A motivación dunha canteira de artistas", *La Voz de Galicia,* "Santiago", 1 xuño 2007, p. L8.

Infórmase de que os alumnos de 4º da ESO do Instituto Rosalía de Santiago de Compostela, realizaron na clase de Educación Plástica e Audiovisual a que sería a portada do libro *María Mariño. Palabra no tempo. Verba que comeza. Escolma ilustrada,* realizado como homenaxe á poetisa María Mariño, a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas do ano 2007.

Dobarro, Xosé María, "Letras galegas", *Diario de Arousa*, p. 42/*El Ideal Gallego*, p. 11/*Diario de Ferrol*, "*Día das Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, pp. 14-15.

Refírese a discusión en torno ao Día das Letras Galegas de se debe ser festivo ou non e mais se se lle podería dedicar a autores vivos. Do mesmo xeito, lémbrase o ano en que naceu esta conmemoración e conta cómo foi aprobada polo franquismo. Afirma que acadar esta celebración foi un avance importante para Galicia e repasa os distintos homenaxeados desde o nacemento da efeméride. Por último, comenta que a polémica debería centrarse en que cada día se fala e se le menos en galego e que o Día das Letras Galegas tense que seguir celebrando mais sen necesidade de homenaxear a ninguén.

D. S./Ó. I., "A difícil procura das mellores obras da literatura en galego", *El País*, "*Galicia*", "Letras de Galicia", 17 maio 2007, pp. 14-15.

Trátase dunha enquisa sobre o Día das Letras Galegas a dezasete personalidades relacionadas co mundo do libro: Marilar Aleixandre, Rosa Aneiros, Manuel Bragado, Samuel Solleiro, Bieito Iglesias, María do Cebreiro, Manuel Vilanova, Manuel Rivas, Camilo Franco, Chus Pato, Santiago Jaureguizar, Suso de Toro, Víctor Freixanes, Xurxo Borrazás, Manuel Outeiriño, Manuel Lourenzo e Agustín Fernández Paz.. Todos escolleron as que consideraban as mellores obras da literatura galega e propuxeron novos candidatos para homenaxear o Día das Letras Galegas. En xeral, a maioría escolleron as obras de Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro e Eduardo Blanco Amor, xunto ás obras de Méndez Ferrín. En canto aos candidatos para vindeiras celebracións, os escritores divídense entre os que manteñen a postura de homenaxear a escritores mortos e os que prefiren que as Letras se dediquen a vivos. Algunhas propostas son Ricardo Carvalho Calero, Lois Pereiro, Bieito Iglesias.

Estévez, José, "Exposición en Ponte Sampaio por el 'Día das Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", 11 maio 2007, p. 17.

Comunícase a actividade que levará a cabo o centro cultural "Cambariñas" do día 18 ao 20 de maio con motivo do Día das Letras Galegas, como unha exposición, unha mostra de libros e fotografías antigos e unha conferencia sobre María Mariño.

F.B.I., "El Instituto Cervantes de Roma celebra con Rosalía el Día das Letras", *El Correo Gallego,* "Cultura", p.76.

Faise mención dos actos realizados co gallo do Día das Letras Galegas no Instituto Cervantes de Roma, actos nos que actuaron como embaixadores José Luis Dicenta y Francisco Vázquez.

F.D., "Figura poética aínda por descubrir", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. María Mariño, poetisa noiesa homenaxeada*", 17 maio 2007, p. 2.

Coméntase que a Real Academia Galega decidiu homenaxear á poeta María Mariño no Día das Letras Galegas, celebrando así o centenario do seu nacemento. Explica que a elección desta escritora vén determinada pola súa obra literaria e as circunstancias vitais que a rodearon. De seguido, salienta que nos corenta e catro anos de celebración do Día

das Letras Galegas só en tres ocasións estivo dedicado a escritoras: Rosalía de Castro, Francisca Herrera Garrido e agora María Mariño.

F.D., "Só un libro publicado en vida", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. María Mariño, poetisa noiesa homenaxeada*", 17 maio 2007, p. 6.

Salienta que a poeta María Mariño só viu editado un libro seu, *Palabra no tempo*, en 1963, e presenta o dilema de se o segundo libro o escribiu nos derradeiros anos da súa vida ou se xa fora escrito con anterioridade. Por último, sinala que os motivos fundamentais da poesía de María Mariño son o seu carácter intimista e a interiorización da paisaxe do Courel.

F.D., "Verbas, vida e legado en distintas visións impresas en papel", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. María Mariño, poetisa noiesa homenaxeada*", 17 maio 2007, p. 18.

Informa de que en distintos puntos de venda de Xinzo de Limia e Ourense haberá libros da poeta María Mariño, homenaxeada no Día das Letras Galegas 2007. Así mesmo, achega tres volumes que se centran na figura da escritora: *Vida e Obra de María Mariño*, de Patricia Arias Chachero (indica que este libro será entregado de balde polo xornal *La Región*); *Biografía de María Mariño*, de Xerardo Agrafoxo; e *María Mariño: Vida e Obra*, de Carmen Blanco.

Fernán, Juan, "Homenaje a María Mariño", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 466, "Vivir en A Coruña", 13 maio 2007, p. 6.

Relata brevemente a biografía da próxima homenaxeada no Día das Letras Galegas, María Mariño, considerada a primeira poeta mística. Infórmase de que nace en Noia en 1907 e de que comeza as súas lecturas no pazo de Goián, en Boiro, onde traballa unha tía súa. Engádese que vive unha tempada en Euskadi e máis tarde instálase no Caurel. Indícase que os seus poemas foron escritos en castelán e galego.

Ferreira, Antón, "A Guarda celebra mañá o Día das Letras Galegas cun festival de música tradicional", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", 16 maio 2007, p.18.

Sinálase que a Agrupación Cultural Guardesa organiza un festival de música tradicional para celebrar o Día das Letras Galegas. Entre os participantes destácanse os seguintes: Grupo de Gaitas da Terceira Idade Boalleira, Xamaraina, Anduriñas e A Ribeira do Miño, entre outros.

Fraga, Xesús, "A editorial Alvarellos publicará un libro inédito de María Mariño", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 febreiro 2007, p. 51.

Comenta que María Mariño, autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2007, en 1965 entregoulle a Ánxel Fole a obra *Más allá del tiempo*, para que lle redactase un prólogo, mais isto nunca sucedeu e a obra quedou inédita. Agora, segundo se indica,

Henrique Alvarellos atopou o mecanoescrito que vai ser publicado, no que a autora combinou a prosa e o verso. Alvarellos explica que o libro mostra os temas habituais da poeta: a morte e a paisaxe, e salienta o feito de que está escrita sen a influenza de Uxío Novoneyra. Así mesmo, o volume incluirá un estudo introdutorio e de contextualización da profesora Helena González, xunto con fotografías e documentación inédita. Finalmente, dá conta doutras novidades en relación a María Mariño, como a publicación da súa obra completa por Xerais, estudos biográficos de Carmen Blanco, Fran Alonso e Xerardo Agrafoxo ou a reedición dun número da revista *Festa da palabra silenciada* dedicado a ela, entre outros.

Franco, Camilo, "Galicia énchese de celebracións dedicadas ao Día das Letras", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 17 maio 2007, p. 54.

Enumeración dos distintos puntos da xeografía galega e portuguesa onde se vai celebrar o Día das Letras Galegas, dedicado a María Mariño.

Franco, Camilo, "Dúas alboradas para a mesma mañá" , *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 maio 2007, p. 54.

Sinálase que A Coruña organiza o paseo cívico con letra e música para o recordo de María Mariño e a reivindicación da muller.

Franco, Camilo, "O Día das Letras estará dedicado a Álvarez Blázquez", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 1 xullo 2007, p. 38.

Breve repaso pola vida do que será o homenaxeado o Día das Letras Galegas no 2008, Xosé María Álvarez Blázquez. Tamén recolle o desexo do seu fillo, Xosé María Álvarez Cáccamo de recuperar a obra dispersa do seu pai, porque "publicou moito en separatas, estudos, ensaios, textos, cousas que quedaron dispersas pero que dan idea dos intereses literarios e culturais que tiña".

Franco, Elisa, "María Mariño (Noia 1907- O Courel, 1967) homenajeada do Día das Letras Galegas 2007", *Diario de Arousa*, n.º 22, "Adina", 3 xuño 2007, p. 42.

Resume da vida e obra de María Mariño, a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas, pero non sen antes mostrar o seu malestar coa falta de significado do 17 de maio, visto só coma un día festivo entre a maioría dos galegos.

García Márquez, Marta, "A Cidade Vella volve a deterse o 17 diante das casas que olen a cultura", *El Ideal Gallego*, "Cultura", 12 maio 2007, p. 13.

Infórmase do percorrido que este ano fará a Asociación de Veciños da Cidade Vella para celebrar o Día das Letras Galegas. Interpretaranse diferentes pezas musicais e cantos, leranse manifestos e recitaranse pasaxes de autores como Evaristo Martelo ou Ánxel Casal.

Gómez, Jose, "Guerra da Cal. A homenaxe que non chega", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 423, "Reportaxe", 8 abril 2007, pp. 2-4.

Reivindícase neste artigo que sexa recoñecido o filólogo, escritor e crítico literario nado en Ferrol, Ernesto Guerra da Cal. Sinala que esta figura, enormemente coñecida fóra de Galicia, merece ser homenaxeada o Día das Letras Galegas. Sinala que na súa terra non foi tido en conta polas súas controvertidas teorías de reintegracionismo idiomático.

González, Eva, "Tui pide que el Día das Letras Galegas se dedique al escritor Álvarez Blázquez", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/Área Metropolitana", 28 xuño 2007, p.14.

Dáse conta do apoio que presentan o Instituto de Estudios Tudenses e o IES San Paio de Tui á candidatura de Xosé María Álvarez Blázquez como homenaxeado do Día das Letras Galegas.

González, Paula, "Los enigmas de María Mariño. Aparecen dos obras inéditas de la escritora a la que se dedicará el Día das Letras", *El País*, "*Galicia*", 15 febreiro 2007, p. 37.

Coméntase que María Mariño foi unha escritora tardía e descoñecida para a maioría dos galegos, e que quizais por iso a Real Academia Galega a escolleu para ser a autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2007. Comenta que Mariño escribiu catro obras, dúas en galego e xa publicadas, e dúas en castelán que permanecían inéditas hasta agora, mais, explica que a editorial Alvarellos vai publicar o volume *Más allá del tiempo*, escrito en 1965 e no que a poeta combinou a prosa e o verso. A outra obra inédita é *Los años pobres. Memoria de guerra y posguerra*. Comenta que a produción de María Mariño está marcada pola madurez e inspirada na tradición popular. Finalmente, achega as palabras de Henrique Alvarellos sobre *Más allá del tiempo*, quen salienta o feito de que Mariño escribise en castelán as súas dúas obras narrativas.

Iago, Saraih, "Unha proposta histórica", *Atlántico Diario*, "*Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, p. 34.

Relata cómo foi elixido o 17 de maio como Día das Letras Galegas no ano 1963. Conta que nesta data celebrábanse os cen anos de publicación da obra de Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos* e que a idea xurdiu de tres numerarios da Real Academia Galega: Fernández del Riego, Gómez Román e Ferro Couselo.

Iglesias, Ana, "Poesía y arte para María Mariño", *El Correo Gallego,* "Santiago", 1 xuño 2007, p. 34.

Sinálase que os alumnos de Educación Plástica e Visual de 4º da ESO do Instituto Rosalía de Santiago de Compostela, inauguran, entre felicitacións, a mostra na propio Instituto da que será a portada do libro *María Mariño. Palabra no tempo. Verba que*

comenza. Escolma ilustrada, realizado como homenaxe á poetisa María Mariño, a quen se lle adica Día das Letras Galegas do ano 2007.

Iglesias, C. F., "Un normalizador cultural pionero", *La Voz de Galcia,* "Cultura", 6 agosto 2007, p. 42.

Recóllense as opinións dos tres fillos de Xosé María Álvarez Blázquez, que nos falan dun "home sinxelo, un polígrafo e un activista da cultura galega". Contan tamén anécdotas que deixan ver o seu acérrimo carácter de poeta, xa que incluso cando estaba na UVI seguiu escribindo. Tamén se fala da reedición da súa obra *Canle segredo* (1976).

J. G., "Aturuxo, suma y sigue", *Diario de Ferrol*, 29 agosto 2007, contracuberta.

Dá conta da publicación do número 36 da revista *Aturuxo* que edita a Casa de Galicia das Palmas e sinala que recolle un repaso das actividades que a institución realizou ao longo do ano 2006, ademais de artigos e escritos varios, entre eles, un estudo monográfico dedicado á homenaxeada co Día das Letras Galegas 2007, María Mariño.

Lizancos Santos, Plácido, "*Galego práctico (y II)*", *La Opinión*, "Opinión", 17 maio 2007, p.47.

Recolle un par de normas ortográficas do galego sobre a colocación dos pronomes para conmemorar o día das Letras Galegas e así evitar os erros máis comúns.

López, A.R., "A voz da escritora bilingüe", *Galicia Hoxe*, "Maré", 14 febreiro 2007, p. 27.

Comenta que Alvarellos Editora vai publicar no mes de abril unha das obras inéditas de María Mariño, *Más allá del tiempo*. Indica Henrique Alvarellos que se trata dun mecanoescrito que pertence ao xornalista Juan Costa e que foi escrito por Mariño en 1965. Explica que Mariño enviou o volume a Ánxel Fole para que lle redactase un prólogo, mais isto non se levou a cabo. Por último, comenta que a obra non sufriu ningún cambio e que inclúe, ademais, fotografías e documentos inéditos.

López, A.R., S. **Noia** e Montse **Dopico** (coords.), " Mulleres como puntos suspensivos...De María Mariño a Oriana Méndez", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 669, 17 maio 2007, pp. 1-41.

Especial deste xornal con motivo do Día das Letras Galegas que contén unha escolma de textos de diferentes autoras galegas, todas elas vivas e en activo, co que se percorre o panorama da lírica galega desde a posguerra até hoxe: Xohana Torres, Ana Romaní, Antía Otero, Oriana Méndez, María do Cebreiro, Maite Dono, Olga Novo, Emma Pedreira, Emma Couceiro, Luz Pozo, Helena de Carlos, Pilar Pallarés, Marta Dacosta, Elvira Riveiro, Yolanda Castaño, Estíbaliz Espinosa, Chus Pato, Lupe Gómez e un

poema da homenaxeada María Mariño. O monográfico inclúe tamén unha breve reseña de cada unha das autoras escolmadas, así como unha selección fotográfica de Manolo Martínez.

López López, Iolanda. "O medo xa non sei del", *Galicia Hoxe*, "Opinión", 21 de maio 2007, p. 5.

A través dunha composición poética, entrelaza versos de María Mariño e Rosalía de Castro.

Lorenzo Gil, César, "María Mariño: das praias de Noia aos penedos do Courel", *A Nosa Terra*, n.º 1250, "Cultura", 29 decembro 2006-11xaneiro 2007, p. 33.

Anúnciase o comezo do "Ano María Mariño", a quen se lle dedicará tamén o Día das Letras Galegas. Saliéntase o feito de que, até hai moi pouco tempo, coñecíanse poucos datos da escritora e, a seguir, realiza un breve percorrido pola súa vida e obra. Finaliza informando que Xerais publicou a súa *Obra completa*, que inclúe, ademais dun profundo estudo introdutorio de Vitoria Sanjurjo, os seus dous libros de poemas: *Palabra no tempo* e *Verba que comeza*.

Loureiro, Ramón, "O que pensan os que tan ben escriben", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 210, "A festa das letras", 12 maio 2007, pp. 4-5.

Achégase a valoración de seis escritores galegos sobre o pasado, o presente e mais o futuro da literatura galega. Os reunidos son Luz Pozo Garza, Darío Xohán Cabana, Medos Romero, Fernán Vello, Diego Ameixeiras e Iria López. O primeiro tema que tratan é o de considerar con carácter festivo ou non, o Día das Letras Galegas. Pozo e Cabana consideran que debe seguir sendo así, pero os demais escritores opinan que debería ser un día máis activo e dinámico. Todos afirman que a situación da literatura galega está cambiando e que cada vez se publican máis libros pero consideran que o futuro depende do idioma. De seguido, comentan a realidade mítica que existe en Galicia e propoñen novos candidatos para ser homenaxeados no Día das Letras Galegas do ano vindeiro.

L.R. , "Os nenos poñen letra a María Mariño", *La Región*, "Ourense", 17 maio 2007, p. 8.

Explica cómo os nenos da provincia de Ourense celebran o Día das Letras Galegas coa realización de diversos talleres, xogos populares e recitais.

L.R. , "O último xesto de Eduardo Blanco Amor", *La Región*, "Ourense", 18 maio 2007, p. 4.

Indícase que Ourense celebra o Día das Letras Galegas dedicado a María Mariño cun concerto da Banda Municipal e diversos actos culturais. Este ano tamén se recordou a figura de Eduardo Blanco Amor coa inauguración dunha escultura .

L.R., "Os clásicos da literatura galega acaparan as ventas na gran librería improvisada do paseo", *La Región*, 18 maio 2007, p. 5.

Coméntase que once libreiros ourensáns participan na feira do libro da cidade deste ano. Asemade, refírese a unha edición en galego d'*As aventuras de Pinocho*.

Mallo, Albino, "A artista Soledad Penalta esculpe a María Mariño", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 665, 15 xullo 2007, p. 9.

A escultora noiesa confesa o gran reto que lle supuxo esculpir o busto de María Mariño, a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas. Afirma estar contenta cos resultados, porque, tal e como manifestaron os familiares da poetisa e como ela mesma di "non soamente acadei o parecido, senón tamén a súa expresión interesante".

Malvido, Gemma, "As fiadas acrílicas da poesía nunha parede", *La Opinión*, "A Coruña", 3 abril 2007, p. 10.

Anúnciase a inauguración da Mostra sobre a vida de María Mariño, formada por ilustracións de Afonso Costa que se acompañan de textos de Xosé Agrelo na Biblioteca Pública Municipal Miguel González Garcés.

March, Kathleen, "Reflexións sobre a tradución de María Mariño Carou ao inglés", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Estudos", 2007, pp. 62-71.

Preséntase unha escolma de poemas de María Mariño pertencentes a *Palabra no tempo* (1963) traducidos ao inglés. Ponse de relevo a dificultade de traducir estes textos á lingua dunha sociedade que perdeu boa parte dos vínculos coa terra e co mundo rural como espazo colectivo. A seguir, analízanse as estratexias lingüísticas e culturais aplicadas á tradución, explicando en cada caso a decisión de deixar algúns termos en galego na versión inglesa co fin de acadar maior precisións e evitar o "proceso de domesticación" e a perda de especificidade do orixinal galego, así como por un desexo de fidelidade ou simpatía, segundo a concepción de Lawrence Venuti. Seguindo estes criterios no seu labor de tradución ao inglés dos poemas de María Mariño, March afirma estar facendo unha homenaxe ás orixes da poeta e lembrándolles aos lectores anglofalantes "que unha parte de Galicia sempre se vai resistir a ser ocupada por outra lingua".

maré, "17 de maio para O Courel", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 abril 2007, p.36

Infórmase de que O Courel será o lugar no que terán lugar os actos de homenaxe da Real Academia Galega para celebrar o Día das Letras Galegas. Indícase que haberá un

acto en Parada do Courel, unha ofrenda floral no cemiterio de Seoane e máis unha sesión académica no centro sociocultural de Seoane.

maré, "Siria indaga en Galicia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 abril 2007, p. 31.

Comunícase a celebración da Semana da Cultura de Galicia entre o 12 e o 19 de maio no Instituto Cervantes de Damasco con motivo do Día das Letras Galegas. Indícase que as actividades incluirán a presentación do Premio de Narrativa Torrente Ballester, unha mesa redonda sobre a edición e tradución, un concerto do gaiteiro Budiño e unha charla sobre literatura e deporte. Engádese que do vintetrés de maio ao vintetrés de xuño Siria tamén acollerá unha exposición de Xosé Freixanes titulada *Voces de basalto negro* que reivindica a palabra fronte á violencia con poemas en galego, castelán e árabe.

maré, "Santiago Centro celebra o Día das Letras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 maio 2007, p. 30.

Brevemente anúnciase a mesa redonda organizada pola Fundación Santiago Centro Área Comercial para conmemorar o Día das Letras Galegas e falar sobre o uso do galego na empresa.

maré, "En galego 'bonaerense'", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 maio 2007, p. 29.

Infórmase do acto que teñen programado o colectivo de mulleres galegas na diáspora Herbas de Prata para conmemorar o Día das Letras Galegas dedicado a María Mariño. Explícase que o acto se celebrará na Federación de Sociedades Galegas da República Arxentina e que consistirá nunha charla do poeta arxentino Rodolfo Alonso e nun recital de poemas da poeta homenaxeada. Conclúese que a asociación de mulleres busca con este acto facer un chamamento a falar a lingua galega.

maré, "Entender galego en Madrid", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 17 maio 2007, p.24.

Recóllense as palabras de Emilio Pérez Touriño, que na celebración anticipada do Día das Letras Galegas non dubidou en deixar claro a necesidade dunha España plurilingüe, onde o galego a ter un papel importante.

maré, "Barallando 'criterios diversos", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 17 maio 2007, p. 26.

Refírese á proposta da conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, de homenaxear a poetas aínda vivos, porque o Día das Letras Galegos semella un festexo fúnebre.

maré, "O nome máis esperado", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 30 xuño 2007, p.27.

Manifféstase a gran posibilidade de que Xosé María Álvarez Blázquez sexa elixido o escritor ao que se lle dedicará o Día das Letras Galegas do ano 2008, que terá lugar ese

mesmo día (30 de xuño). Os outros candidatos son Lois Pereiro e Ricardo Carvalho Calero.

maré, "Expectativas cumpridas", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 1 xullo 2007, p.29.

Dáse a coñecer a elección do tudense Xosé María Álvarez Blázquez, "un dos eternos candidatos", como homenaxeado o Día das Letras Galegas do 2008. De entre toda a súa obra a Real Academia Galega destaca o seu poemario *Roseira do teu mencer* (1950). Asemade, menciónase o nomeamento de John Rutherford como Académico de Honra por representar o hispanismo británico en relación con Galicia.

maré, "O xogador de palabras", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 3 xullo 2007, p.33.

Recóllense as verbas dun dos fillos de Xosé María Álvarez tras coñecer a noticia da elección do seu pai como homenaxeado no Día das Letras Galegas do ano 2008. Amosa, ao igual que toda a familia, moi ledo pola homenaxe e comunica o seu desexo de reeditar a obra do seu galardoado e dar a coñecer algúns escritos inéditos.

maré, "Balanzo agridoce no ano dunha escritora 'baixo sospeita'", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 decembro 2007, p. 28.

Informa sobre o balance xeral do Día das Letras Galegas a partir da realización dunha mesa redonda, por parte do Consello da Cultura Galega, na que participaron Pilar García Negro, Helena González, Esperanza Mariño e Carmen Blanco. As catro consideran que a celebración deixa un sabor "agridoce" porque cos estudos realizados non se conseguiu unha "biografía fiábel" e a súa popularidade segue sendo pouca.

Mariño, María, "De 'Palabra no tempo'", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 decembro 2007, p. 32.

Reprodúcese o poema "Entre o cruceiro vou indo e dél non me sei volver", da obra *Palabra no tempo* (1963), da autora María Mariño.

Martínez Cobas, Xavier, "A lingua é referente da nosa identidade", *Atlántico Diario*, "*Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, p. 51.

Salienta a importancia da defensa da nosa lingua e loa o labor de Fernando Fernández del Riego pola idea e o proxecto levado a cabo de celebrar o Día das Letras Galegas. Considera que son as novas xeracións as que teñen que seguir loitando pola identidade colectiva.

Matamoros, José, "Oportunidades para aprender y ampliar sabiduría", *La Voz de Galicia*, "Patio de vecinos", 6 febreiro 2007, p. L11.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, comenta que o Consello da Cultura Galega vai celebrar o foro "Os sentidos das culturas", no que participarán relatores internacionais que tratarán temas de filosofía, arte, estudos culturais.

Matamoros, Jose, "Las Letras Galegas acaparan la agenda", *La Voz de Galicia*, "Patio de vecinos", 16 maio 2007, p. L12.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, fai referencia á celebración do Día das Letras Galegas e, concretamente, aos actos institucionais que celebraron a Universidade de Santiago e Normalización Lingüística.

Mayoral, M., "Comezan as celebracións en torno ó Día das Letras Galegas", *Diario de Ferrol*, "Cultura", 9 maio 2007, p. 16.

Anúncianse os actos que celebrarán as entidades culturais e veciñais da comarca de Ferrol para celebrar o Día das Letras Galegas dedicado a María Mariño Carou. Actos como a lectura en galego no centro cultural Carvalho Calero organizada pola Asociación Veciñal O Rosario do Inferniño, que tamén organiza a charla da escritora e filóloga Aurora Varela para o día seguinte. En xeral, até o día dezasete levaranse a cabo numerosas representacións teatrais, actuacións musicais e de baile, exposicións, ceas ou a Semana Cultural da man da sociedade O Pote de Maniños entre outras actividades.

M.C., "Debuxos e carteis decoran as aulas", *La Región*, "*Día das Letras Galegas. María Mariño, poetisa noiesa homenaxeada*", 17 maio 2007, p. 21.

Informa que os colexios de Primaria e Secundaria da provincia de Ourense realizaron diferentes tipos de actividades para conmemorar o Día das Letras Galegas. Elaboraron principalmente poemas, carteis e debuxos e salienta que os rapaces lembrarán sempre este día e que aprenderon moito sobre a figura de María Mariño.

M.C.R., "Cuntis impulsa a figura de Xohán Xesús González para homenaxealo coas Letras Galegas", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 1 xullo 2007, p. 27.

Manifféstase que Cuntis segue coa "loita" que iniciou no ano 2005 de impulsar a figura de Xohán Xesús González, para que este sexa homenaxeado o Día das Letras Galegas. Esta iniciativa lévase a cabo pola asociación "Fervedorio", que levou a cabo accións tales como o rexistro no concello Compostela da proposta de que unha rúa da capital galega leve o nome do escritor cuntiense.

M.G., "Noia inicia los actos en honor a María Mariño", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 marzo 2007, p. 34.

Dáse conta da presentación das actividades que levará a cabo o Concello de Noia para homenaxear á poeta María Mariño. Entre as actividades culturais, saliéntase unha

exposición itinerante de Suso Xogaina e Xerardo Agrafoxo, e máis a publicación de varias obras sobre a súa biografía e obra.

M.G., "Noia sale a la calle para homenajear a su poeta María Mariño Carou", *El Correo Gallego*, "Cultura", 18 maio 2007, p.76.

Sinala que a localidade de Noia celebra a conmemoración do Día das Letras Galegas dedicado a María Mariño. Entre os actos realizados destacaron unha exposición dos orixinais do libro dedicado a poetisa con textos de Xosé Agrelo e ilustracións de Alfonso Costa e a presentación dunha placa conmemorativa na rúa onde naceu.

M. G., "Mulleres, galegas e con nome propio", *Diario de Arousa,* 12 xuño 2007, p.: contracuberta.

Dá conta da clausura da mostra itinerante "Queremos coñecerte", organizada pola Consellería de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.Explica que nela se amosan diversas fotografías, xunto a unha pequena biografía dalgunhas mulleres galegas destacadas.

M. M., "De costureira a figura da literatura galega", *Diario de Arousa,* "Cultura", 30 maio 2007, contracuberta.

Faise mención da exposición que se está a realizar na Casa da Cultura de Vilagarcía sobre a vida e a obra de María Mariño, homenaxeada o Día das Letras Galegas. Destacan nesta exposición as xilografías feitas polos mestres do "Colegio de Educación EspeciaL Santiago Apóstol de A Coruña" para que, acompañadas esas dun texto breve, sirvan ao visitante como medio para comprender a vida da poeta noiesa.

M.V., "O programa máis apertado da festa do idioma ten como escenario unha aldea de 227 veciños", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 maio de 2007, p.58.

Indícase que unha aldea de Ponteceso, Couto, celebra por todo o alto o Día das Letras Galegas, considerando que esta pequena localidade ten unha entidade cultural das máis activas de Galicia.

Nicolás, Ramón, "O ano de María Mariño", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 200, "Reportaxe", 17 maio 2007, p. X-XI.

Ramón Nicolás fai referencia neste artigo ao abundante número de volumes que se publican con motivo do Día das Letras Galegas, que este ano se centran na figura de María Mariño. Comenta ditas publicacións e empeza polas obras que mostran o corpus literario da poeta: *Obra completa*, de Xerais, *Antoloxía poética*, de Galaxia, realizada por Patricia Arias e, a recuperación do título *Más allá del tiempo*, editado por Helena González na editorial Alvarellos. De seguido fai referencia aos estudos académicos. O primeiro que comenta é o ensaio biográfico de Xerardo Agrafoxo, *Biografía de María*

Mariño, editado por Galaxia; o segundo é o traballo de Carmen Blanco, *María Mariño.Vida e Obra*, de Xerais, así como o *Dicionario María Mariño*, publicado por 3C3 e realizado por Esperanza Mariño. Finalmente, salienta o número monográfico editado por Festa da Palabra Silenciada, baixo o título de *María Mariño no ronsel das escritoras galegas*.

Obelleiro, María, "Día das Letras en Galiza e na emigración", *A Nosa Terra*, n.º 1.268, 17-23 maio 2007, p. 25.

Sinala que o Día das Letras Galegas non só está vinculado a Galicia, senón que se está a festexar neutros lugares da península como Barcelona, Euskadi ou Madrid. Coméntase que nos colexios se realizaron diversas actividades en torno á figura homenaxeada deste ano, María Mariño, e que a Consellería de Cultura deseña actos de conmemoración propios, independentes dos organizados pola Real Academia Galega.

Obelleiro, Paola, "Álvarez Blázquez protagonizará el próxima Día das Letras", *El País*, "*Galicia*", 1 xullo 2007, p. 39.

Recóllese a noticia da escolla de Xosé María Álvarez Blázquez como figura homenaxeada o Día das Letras Galegas do ano 2008. Indicase que o escritor tudense, morto no ano 1985, é o autor de tres destacados libros de poesía e un de contos infantís, *A pega rabilonga* (1971), aínda que destacou polo seu labor de editor. Tamén acordou a Academia o nomeamento de John Rutherford, profesor titular da Facultade deEspañol, Fellow do Queens Collage e director do Centro for Galician Studies de Oxford, como académico honorífico.

O. I., "El programa 'Portugalizando' celebra el Día das Letras en Lisboa", *El País*, "*Galicia*", 13 maio 2007, p. 45.

Anúnciase o programa "Portugalizando. A semana da cultura galega en Lisboa", no que haberá música, cine e cómic galego, co gallo do Día das Letras Galegas. Destácase que o audiovisual galego presentará nove curtametraxes, as xornadas, o recital poético-musical e a presentación de *Historias dunha emigración difusa. Os galegos en Lisboa*.

Oliveira, V., "Contra as lendas falsas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 maio 2007, p. 30.

Recóllese a participación nun acto no Centro Galego de Arte Contemporánea de Maite Martín, neta-sobriña de María Mariño, quen desmentiu moitas das lendas que circulan sobre a poeta, nega que a súa tía fose unha persoa triste ou ignorante, pois ela recórdaa alegre, culta e con ganas de triunfar, polo que foi un gran acerto para ela coñecer ao editor Uxío Novoneyra no Courel. No acto do CGAC a empresa Gadisa comunicou o seu apoio á cultura galega coa distribución de bolsas que levarán escrito o poema "Está caendo a folla i en min nace a primavera" de María Mariño e con 10.000 libros d'*A Noite de Reis*, de Xosé Díaz Dopico, unha obra que busca fomentar a lectura en galego.

Pardo, María, "En pé pola cultura", *La Opinión*, "A Coruña", 18 maio 2007, p. 22.

Comenta que a Asociación de Veciños da Cidade Vella da Coruña, por cuarto ano consecutivo organizou un cortexo cívico co gallo do Día das Letras Galegas. Dá conta de todas as paradas que realizou o cortexo e salienta os poemas que se leron. Así mesmo, os escritores lembrados foron María Mariño, Evaristo Martelo Pumán del Nero, Ánxel Casal, Manuel María Puga y Parga, Francisco María de la Iglesia e Pascual Veiga.

Pereiro, Xosé Manuel, "O Día e a romería", *El País*, "*Galicia*", "Letras de Galicia", 17 maio 2007, p. 3.

Comenta que o mundo das letras galegas mudou moito nos últimos anos, xa que na década dos cincuenta do pasado século a poeta María Mariño non podería imaxinar que os seus versos serían coñecidos por moita xente, nin tampouco Fernando Fernández del Riego pensaría que a súa idea de crear un día dedicado a un escritor alcanzaría tanto éxito. Pereiro afirma que o Día das Letras Galegas non corre ningún perigo de desaparecer, ao contrario, goza dunha "saúde de ferro". A continuación achega as palabras do actual presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, quen afirma que por agora non vai variar o formato da celebración e apoia que o 17 de maio sexa un día festivo. Ademais afirma que aínda quedan moitos autores por homenaxear. Así mesmo, salienta unha das celebracións preferidas por Barreiro que é o roteiro que se celebra na Cidade Vella da Coruña. De seguido, Pereiro pasa a falar do bo momento que está a vivir a literatura galega, polo menos cualitativamente, e salienta o xénero infantil e xuvenil. Por outra banda, en canto ao número de libros publicados, estes aumentaron considerabelmente desde 1991 hasta 2005, aínda que o trinta por cento son libros de texto, mais, en canto ao idioma, Pereiro afirma que as cifras non son positivas e a normalización lingüística aínda non é evidente no país.

P. O., "Color y boato para el Día das Letras", *El País*, "*Galicia*", 18 maio 2007, p. 41.

Sinálase que o Día das Letras Galegas celebrouse en gran cantidade de cidades galegas con diverso actos. Indícase que a Real Academia Galega trasladouse o Courel para recordar á poetisa María Mariño, mentres que a Mesa pola Normalización Lingüística celebrou o día afastada dos actos institucionais. Considérase que o acto máis "colorista" se viviu na cidade vella da Coruña coa actuación de Batuko Tambaka.

R. G., "Unha ducia de libros recuperan a figura de María Mariño, a dinamiteira da fala", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 maio 2007, p. 34.

Dáse conta dos libros publicados relacionados coa poeta María Mariño Carou cando xa queda pouco para o Día das Letras Galegas que este ano a conmemora. Entre eles están a inédita *Más allá del tiempo* (Alvarellos), a reedición de *Obras completas* (Xerais), *Biografía de María Mariño* (Galaxia), de Xerardo Agrafoxo, *A vida secreta de María*

Mariño (Xerais), de Fran Alonso ou *María Mariño no ronsel das escritoras galegas* (Laiovento), entre outros. Pola súa banda, Carmen Blanco describe á poeta a través das palabras daqueles que mellor a coñeceron, como Uxío Novoneyra ou Ramón Otero Pedrayo, no libro *María Mariño. Vida e obra* (Xerais).

R. L., "Os actos das Letras Galegas arrancan mañá cunha charla e mostras de olería", *El Progreso*, "Lugo", 13 maio 2007, p. 6.

Comunícanse diferentes actividades culturais que se levarán a cabo en centros escolares lucenses con motivo do Día das Letras Galegas dedicado á escritora María Mariño, tales como representacións teatrais, a demostración *Olería popular de Bonxe* na Escola de Arte Ramón Falcón, premios ás traducións feitas na Escola Oficial de Idiomas ou o concerto de presentación de instrumentos no Conservatorio Profesional de Música de Lugo.

R. M. C., "Unha cantiga ilustrada repasa en Catoira a traxectoria de María Mariño, a costureira poeta", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de* cultura", 20 maio 2007, p. 27.

Infórmase de que a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Xunta prepara unha poesía ilustrada na que relata a traxectoria vital e literaria de María Mariño co fin de difundir a súa figura aínda descoñecida.

R. M. C., "O cuntiense Manoele musica os poemas de María Mariño como homenaxe á escritora noiesa", *Diario de Arousa*, 20 maio 2007, p. 25.

Sinálase que Manoele ponlle música a algúns dos poemas de María Mariño, precisando que a escolma foi elixida segundo diversos criterios como indica o cantante: "Algúns dos poemas elixinos a dedo, onde abría a páxina. Outros foron en función da estrutura"; e un terceiro grupo foron elixidos pola súa complexidade.

Rodríguez, C., "María Mariño Carou: poetisa noiesa do Courel", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 672, "Arquipélago", 2 setembro 2007, p. 6.

Refírese á publicación do segundo volume, dentro da colección "Letras Galegas", a cargo da Editorial Galaxia, acerca da poetisa María Mariño Carou, no que se recolle unha antoloxía da súa obra máis algunha mención biográfica e bibliográfica e que foi levado a cabo pola profesora Patricia Arias Chachero, mentres que o primeiro volume dedicouse ao ámbito xeográfico da poetisa noiesa.

R. S., "El Día das Letras Galegas se dedicará en 2008 al vigués Xosé M. Álvarez Blázquez", *Atlántico Diario*, "Vigo", 1 xullo 2007, p. 19.

Infórmase de que "a Real Academia Galega rendirá este homenaxe al escritor, arqueólogo y cronista oficial de Vigo". Tamén se recollen as palabras de loubanza do cronista oficial de cidade de Vigo, Lalo Vázquez Gil.

Sacau Rodríguez, Gerardo, "Bando do Día das Letras Galegas 2007", *Faro de Vigo*, p. 5/*Atlántico Diario*, "Publicidad", 17 maio 2007, p. 15.

Gerardo Sacau Rodríguez, director do Instituto de Estudos Vigueses así como o redactor deste bando publicado polo Concello de Vigo para celebrar o Día das Letras Galegas 2007, dá conta da figura homenaxeada, a poeta María Mariño, fai referencia á súa obra e salienta a importancia da lingua para o desenvolvemento dun país.

Salgado, Daniel, "Papeis arredor da obra e da vida", *El País*, "*Galicia*", "Letras de Galicia", 17 maio 2007, p. 4.

Comenta que con motivo de celebrar o 17 de maio as editoriais publican multitude de libros ao redor do escritor escollido, neste caso, María Mariño. Indica que son dúas as obras da poeta, *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comeza*(1990), que agora a editorial Xerais acaba de reeditar baixo o título *Obra completa*. Tamén Galaxia editou unha *Antoloxía poética* a cargo de Patricia Arias. Por outra banda, Alvarellos deu a coñecer *Más allá del tiempo*, obra inédita en castelán e a revista de estudos feministas *Festa da palabra silenciada*, engadiu ao estudo que xa tiña de 1997, os traballos de Chus Pato, María do Cebreiro, Paulino Vázquez e Ana Romaní. En canto ás obras biográficas, Daniel Salgado dá conta do volume de Xerardo Agrafoxo, *Biografía de María Mariño*; *María Mariño. Vida e obra*, de Carmen Blanco; *María Mariño no ronsel das escritoras galegas*, de Pilar García Negro; e *Dicionario María Mariño*, de Esperanza Mariño Dávila. Por último, dirixidos ao público infantil, publicáronse os libros *A voz do lago*, de Antón Riveiro e *A vida secreta de María Mariño*, de Fran Alonso.

Salgado, Daniel, "La poesía bisturí de Lois Pereiro", *El País*, "*Galicia*", 29 outubro 2007, p. 12.

Fai referencia á figura de Lois Pereiro como un dos mellores poetas galegos da xeración dos 80. Informa que se está a recuperar a súa obra e o xornalista Iago Martínez prepara un documental sobre a súa vida. Tamén afirma que proximamente sairá á luz un volume que recolla os poemas de Lois Pereiro que apareceran en castelán; a publicación correrá a cargo de Espiral Maior. Por último, achega os comentarios de Xavier Seoane, Miguel Anxo Fernán Vello e Xulio López Valcárcel, os cales reclaman un Día das Letras Galegas para Lois Pereiro.

Salgado, Fernando, "Un cento de actos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 18 maio 2007, p. 75.

Recóllese que os concellos do Salnés celebran o Día das Letras Galegas con multitude de actos coma conferencias, debates, actuacións musicais, entregas de premios, recitais poéticos...

Santiso, C., "A Asociación pola Memoria Histórica propón que se lle dedique a Lueiro Rey o Día das Letras", *Diario de Arousa*, "O Grove", 18 maio 2007, p. 13.

Sinálase que O Grove celebra o Día das Letras Galegas reivindicando a figura de Manuel Lueiro Rey. Segundo o portavoz da Asociación pola Memoria Histórica este colectivo pretende recuperar a este escritor: "estamos empeñados en rescatar do esquecemento a memoria política e persoal de Lueiro Rey".

Sequeiros, M., "Galicia lembrou a María Mariño en Padrón con actor de reafirmación", *El Progreso*, "Cultura", 17 maio 2007, p. 79.

Indica que o Presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, participou nun acto para conmemorar o día das Letras Galegas en Padrón e que alí afirmou que dende a Xunta se porán en marcha unha serie de accións para recuperar a lingua galega a todos os niveis.

S.G.S., "Exposicións do concurso do Día das Letras", *Atlántico Diario*, "*Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, p. 42.

Dá conta dos gañadores do concurso convocado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística con motivo do Día das Letras Galegas: os proxectos do IES de Poio e máis os do Colexio de Educación Especial Santiago Apóstolo da Coruña, que están expostos no mosteiro de Poio. Explica en qué consiste esta exposición e cómo son os traballos realizados.

S.G.S., "Galicia en Barcelona", *Atlántico Diario*, "*Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, p. 49.

Informa de que en Barcelona se está a celebrar o Maio Cultural Galego no que se realizan conferencias, exposicións e charlas, entre outros actos. Con motivo do Día das Letras Galegas, comenta que Manuel Rivas vai dar unha conferencia no Pazo da Generalitat, sobre "As Letras Galegas 2007: María Mariño", e haberá un recital poético a cargo de Miguel Anxo Fernán Vello. Así mesmo, confirma que a profesora Carmen Blanco vai dar unha conferencia na Universidade de Barcelona co título "O misterio de María Mariño" e haberá unha exposición biobibliográfica sobre a poeta. Por último, fai referencia aos actos do Centro Galego no que se representará unha obra teatral e tamén se pechará o segundo ciclo "Galiza: nin rastro de mulleres?".

S.G.S., "Portugal e toda Galicia festexan as Letras", *Atlántico Diario*, "*Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, p. 50.

Informa sobre a celebración en Lisboa de "Portugalizando", que se trata da semana cultural galega. Entre as actividades propostas salienta a mostra de banda deseñada e tamén o recital "Reflexos" para o día 17 de maio, no que participarán as poetas Chus Pato, Helena de Carlos e María do Cebreiro. De seguido, informa sobre as diferentes actividades que se levarán a cabo os días 18 e 19 na capital portuguesa. Por último,

salienta a iniciativa "Pan con poesía", que se levará a cabo en distintos concellos de Galicia e no que varias poetas se achegan ás panaderías e reparten bolsas nas que aparecen os seus poemas. Indícase que outra actividade destacada é a mostra "A cantiga da costureira poeta", exposta en Noia.

S.G.S., "Unha época de frustración", *Atlántico Diario*, "*Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, p. 52.

Coméntase que a época na que viviu María Mariño foi un período de emigración que ela mesma sufriu e que esa xeración viviu a Guerra Civil. Como mostra desta etapa, faise referencia ao libro de María Mariño, *Los años pobres. Memoria de guerra y postguerra*, onde a poeta expresa as súas vivencias. A continuación, refírese á situación económica e social de principios do século XX e destácase o labor dalgúns homes por conseguir o Estatuto de Autonomía para Galicia, que se viu interrompido polo levantamento militar e que supuxo un atraso no desenvolvemento da sociedade galega.

S. J., "Unha muller normal", *El Progreso*, "Cultura", 18 maio 2007, p.67.

Recóllense lembranzas de veciños de Seoane do Courel, que recordan a María Mariño coma unha persoa discreta e falangueira.

S. J., "Caldeiro sinalou as contradicións sobre a biografía de María Mariño", *El Progreso*, "Vivir", 19 maio 2007, p.87.

Infórmase de que Eloi Caldeiro publica un traballo audiovisual sobre María Mariño. Na súa presentación destacáronse as contradicións existentes entre os biógrafos e a familia de María Mariño. Explícase que a peza audiovisual irá acompañada dun libro con textos do propio autor, do biógrafo Xerardo Agrofoxo e da propia autora, María Mariño.

S. K., "La Feira do Libro vuelve a Tomiño por el Día das Letras", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Baixo Miño", 8 maio 2007, p. 23.

Sinala que a conmemoración do Día das Letras Galegas, dedicado a María Mariño, contará este ano con diversas actividades socioculturais organizadas pola Concellería de Asuntos Sociais do Concello de Tomiño. Entre estas actividades, destaca a celebración da Feira do Libro, na que se poderán adquirir libros con descontos interesantes.

S. K., "Tui acolle a décima edición da Feira do Libro Galego", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", 16 maio 2007, p. 18.

Dá conta dos actos celebrados no Concello de Tui para conmemorar o Día das Letras Galegas, entre os que destaca a Feira do Libro Galego.

Signo, María, "El Instituto Cervantes conmemoró en Roma el Día das Letras Galegas", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 19 xuño 2007, p. 46.

Menciónase o acto conmemorativo do Día das Letras Galegas, realizado no Instituto Cervantes de Roma.

Silva, Araceli, "Tributo á dinamiteira da lingua", *Diario de Pontevedra*, *"Revista!"*, nº 358, "Mil primaveras máis/Reportaxe", 13 maio 2007, pp. 6-7.

Infórmase de que o próximo 17 de maio se celebrará o Día das Letras Galegas, que este ano se centra na figura de María Mariño, terceira muller á que se lle dedica este día. De seguido, achega un resumo da súa biografía, salientando a tempada que pasou en Noia e o seu traslado ao Courel. Asemade, coméntase a ilusión con que a familia acolleu a elección de María Mariño como autora homenaxeada. Por último, dá conta dalgunhas das celebracións que se levarán a cabo nas cidades de Pontevedra e Lugo e refírese a viaxe que se vai realizar ao Courel organizada pola Escola Galega de Administración Pública. Así mesmo, indícase que a Real Academia Galega tamén celebrará unha sesión plenaria no Courel e achega os nomes dos dous institutos gañadores do concurso destinado aos centros de ensino: o IES de Poio e o Colexio de Educación Especial Santiago Apóstol da Coruña. En columna a parte, dá conta das diferentes publicacións que realizaron as distintas editoriais galegas sobre a figura de María Mariño.

Soto, Antonio, "Ao mellor, María Mariño tamén é descoñecida por ser muller", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 maio 2007, p. 29.

Con respecto á elección de María Mariño para ser homenaxeada no Día das Letras Galegas, Xosé Ramón Barreiro admite que puido causar sorpresa, pero sabe que a súa obra é de calidade e que isto lle axudará a ser máis coñecida.

Suevos, Mª José, "Dixeron dela…", *Atlántico Diario*, "*Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, p. 37/*La Región*, "*Día das Letras Galegas. María Mariño, poetisa noiesa homenaxeada*", 17 maio 2007, p. 4.

Achéganse as opinións de catro escritores galegos sobre a obra e a figura de María Mariño. As persoas que ofrecen o seu comentario son Xosé Luís Méndez Ferrín, Uxío Novoneyra, Manuel María e Ramón Otero Pedrayo.

S.L., "Cronobiografía de María Mariño, de Noia ao Courel", *Atlántico Diario*, "*Letras Galegas 2007. María Mariño*", 17 maio 2007, p. 38.

Saliéntanse os acontecementos máis importantes da vida de María Mariño, dende o ano 1907 até o 2006, cando a Real Academia Galega acordou que sexa esta poeta, a autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2007.

Tebar, Rosa, "Maio, Letras en Feminino", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", "Condado Louriña", 2 maio 2007, p. 19.

Dáse a coñecer o proxecto "Maio, Letras en Feminino", organizado pola Concellería de Cultura e o Servizo de Normalización Lingüística do municipio de Mos arredor do Día das Letras Galegas por estar este ano dedicado a unha muller. Indícase que quere dar a coñecer escritoras até agora esquecidas da man de mulleres do mundo da cultura de Mos a través de exposicións de libros, representacións teatrais, obradoiros, entre outros actos.

T. P. L., "A Galicia de María Mariño, época convulsa", *La Opinión*, "*Especial Día das Letras Galegas*", 17 maio 2007, p. IV.

Estabelecese unha relación entre a vida de María Mariño e certos acontecementos históricos. Indícase que no ano en que naceu a poeta se creou Solidariedad Gallega e que no tempo que pasou en Boiro, chegaron os novos aires da segunda República. Engádese que durante a Guerra Civil, María Mariño pasou unha tempada no País Vasco e que, xa nos inicios da Ditadura, instalouse definitivamente no Courel co seu marido Roberto Pose Carballido. Explícase que é alí onde escribiu as súas obras e que a través de Uxío Novoneyra coñeceu a creación do Día das Letras Galegas, a fundación de Ediciós do Castro ou a recuperación da revista *Grial*, por parte da Editorial Galaxia. En columna á parte, cita cinco libros dedicados á obra e vida de María Mariño.

T. P. L., "A poesía íntima e existencialista dunha costureira", *La Opinión*, "*Especial Día das Letras Galegas*", 17 maio 2007, p. VI.

Comeza indicando que María Mariño foi unha poeta tardía que viu publicada a súa primeira obra, Palabra no tempo, cando contaba xa con cincuenta anos. Afirma que grazas ao testemuño de Uxío Novoneyra sabemos que escribiu os seus poemas en Parada do Courel e que empezou primeiro en castelán e despois pasouse ao galego. De seguido, salienta o carácter intimista da súa poesía e a interiorización da paisaxe do Courel e achega algúns versos da poeta.

T. P. L., "Quen é María Mariño? Reflexións sobre a súa poética", *La Opinión*, "Especial Día das Letras Galegas", 17 maio 2007, p. VII.

Achéganse os comentarios de distintos estudosos da vida e obra de María Mariño. Dá conta da opinión de Carmen Blanco sobre a personalidade da escritora noiesa, así como, dos comentarios de Fran Alonso, de María Xosé Queizán, de María do Cebreiro e, por último, de Méndez Ferrín sobre a súa poética.

T. P. L., "As mulleres celebradas polas Letras Galegas", *La Opinión*, "*Especial Día das Letras Galegas*", 17 maio 2007, p. VIII.

Saliéntase que nos corenta e catro anos de vida do Día das Letras Galegas só en tres ocasións dedicouse a mulleres escritoras. Indícase que o primeiro celebrouse en homenaxe a Rosalía de Castro; o segundo celebrouse en 1987 en honor á escritora Francisca Herrera Garrido; e, por último, este ano María Mariño foi a poeta escollida. A

continuación analiza brevemente a obra de Rosalía de Castro e de Francisca Herrera Garrido.

Valencia, Clara, "Vilanova fomenta o uso da lingua galega e anima aos máis novos a mergullarse na lectura", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 17 maio 2007, p. 26.

Indícase que o Concello de Vilanova celebra o Día das Letras Galegas con varios actos culturais. Entre estes destaca o programa "A túa lingua é un doce: saboréaa" para o fomento da lectura en lingua galega.

Valcárcel, Xulio, "II Encontro coa arte en Brión", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 471, "Páxina literaria", 17 xuño 2007, p. 4.

Refírese ao II Encontro coa arte celebrado en Brión e que acolleu unha reunión interdisciplinar de pintores, escritores e fotógrafos que, nesta ocasión, homenaxeou a Álvaro Cunqueiro. Entre as actividades relacionadas coa literatura, destácanse a actuación da Compañía Ouriol que puxo en escena "Verba no tempo", un espectáculo protagonizado por Eva Veiga, que versa sobre poemas de María Mariño. Así mesmo, alúdese á conferencia impartida por Víctor Freixanes sobre don Álvaro e o seu *Merlín* (1955) e á intervención de Miguel Anxo Fernán-Vello, que participou como poeta e pintor.

Varela, Ángela, "Editan un disco que musica a poesía da protagonista das Letras Galegas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 abril 2007, p. 37.

Infórmase de que o músico Eloi Caldeiro creou un álbum con dez poemas da escritora María Mariño, homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas. Indícase que algúns dos poemas incluídos son "Onde queda o meu camiño", "Hoxe de souto de ouro" ou "Cando soupen que era meu", musicados co ritmo brasileiro da *bossa nova*. Así mesmo, comenta que xunto ao cedé, incluirase un deuvedé que contén un documental sobre os lugares nos que viviu María Mariño e un libro de fotografías e pezas literarias. Finalmente, comenta que foi presentado un volume sobre a escritora noiesa co título de *Cantiga da costureira poeta*, con textos de Xosé Agrelo e ilustracións de Alfonso Costa.

Varela, Ángel, "De María Mariño a Andrés Dobarro", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "D Música", 8 xuño 2007, p. 7.

Refírese o libro-disco realizado por Eloi Caldeiro en homenaxe a María Mariño, titulado *Eloi Caldeiro canta a María Mariño*. Indícase que o artista apostou polos ritmos brasileiros a hora de rexistrar os poemas de Mariño sobre temas como a nostalxia da mocidade, o diálogo coa natureza e as constantes loitas espirituais que a poetisa sufriu ao longo da súa vida. Por outra banda, o documental amosa a súa existencia e a súa obra.

Vázquez, D., "Una muestra sobre María Mariño abre el mes cultural porriñés", *Faro de Vigo,* "Área Metropolitana. Louriña", 3 agosto 2007, p.13.

Dá conta do comezo das festas que terán lugar no concello de Porriño no mes de agosto. Entre os actos programados saliéntase a exposición "Cantiga da costureira poeta", que realiza un percorrido pola vida e obra de María Mariño a través dos textos de Xosé Agrelo Hermo e as ilustraciones de Alfonso Costa".

Vázquez, Susana, "Triple fiesta para los blogueros", *La Voz de Galicia*, "La Voz de la Escuela", 16 maio 2007, p. 8.

Sinálase que o día 17 de maio é en realidade unha triple celebración, o Día das Letras Galegas, o Día de Internet e o Día Mundial das Telecomunicacións. Cítanse algúns en laces de interese sobre a cultura galega e o aprendizaxe colaborativo mediante os blogs.

X. M. R., "Ourense celebra o 17 de maio coa homenaxe a Eduardo Blanco Amor", *La Voz de Galicia*, "*Especial Día das Letras Galegas. Ourense*", 17 maio 2007, p. 2.

Fala de que o Concello de Ourense escolleu o Día das Letras Galegas de 2007 para homenaxear a Eduardo Blanco Amor coa inauguración dun monumento á súa figura na ourensá praza de Pontevedra. Destácase a figura de Blanco Amor como creador dun mundo máxico ourensán.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Alcalde, Xabier, *Disidencia ferida: En torno á paixón e o sentido na contemporaneidade*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ensaio, 2007, 199 pp. (ISBN: 978-84-9782-535-1).

Este traballo do profesor de Filosofía Xavier Alcalde (Cangas do Morrazo, 1956) indaga no conflito existencial e en temas como a dor, a angustia e a soidade como partes consubstanciais da vida. O sentido xeral deste ensaio filosófico vén resumido na idea da gravidade do sentimento da vida desaloxada acompañada pola aguilloante conciencia desta inmensidade inabordábel que supón o gozo de estar vivo, reforzada cunha cita da obra *Sonetos a Orfeo* de Rilke que encabeza o corpo do texto. En palabras do autor a obra é unha especie de ensaio escrito con linguaxe filosófica e poética por alguén que se presenta coma unha vítima do que el chama a "capitalización totalizadora", que non é outra cousa que a obsesión porque todo se converta en mercancía, sobre todo o individuo. Cunha escrita que recorre á fragmentación e á técnica literaria próxima á corrente de conciencia, analízase a existencia dende o punto de vista da existencia marcada pola dor, a angustia e a soidade a través de nove capítulos -"Fulgor do inacabado", "Tránsito cara ó espertar", "Linguaxe e desolación", "Propósito de desalento", "Paixón e banalidade", "Disidencia e melancolía", "Negatividade e vontade agónica", "Tráfico, subterfuxio e cegueira" e "Arte e festa" -e unha selección bibliográfica.

Recensións:

- Maruxa Gestoso Álvarez, "Entre a Nada e a paixón vital", *Faro de Vigo*, *"Faro da Cultura"*, nº 213, "Libros", 28 xuño 2007, p. V.

Sinálase que Xavier Alcalde sitúase neste ensaio no ronsel da filosofía nietzscheana para dialogar con conceptos como a paixón tráxica da vida, o sentido da existencia logo da morte de Deus, a crítica á racionalidade imperante ou os modos de representación artística. Maruxa Gestoso apunta que o autor opta por "elaborar un pensamento para a disidencia" no marco dunha cultura da resignación imperante no mundo occidental que coa súa urxencia, présa e velocidade conduce á Nada. Arredor do estilo recoñece a presenza dunha escrita poética que forza os límites da linguaxe, o que lle outorga ao libro un carácter "complexo, enigmático, críptico e escuro".

Referencias varias:

- C.L., "Profundizar na realidade. Historias, letras e comunicación para comprender", *A Nosa Terra,* "Cultura", 18-25 xaneiro 2007, p. 25.

Coméntase que o consumo de ensaio segue a ser minoritario entre os lectores galegos e que necesita unha maior divulgación por parte dos medios e ao tempo potenciar o premio Ramón Piñeiro. Dáse conta ao mesmo tempo das diversas publicacións de ensaio que varias editoriais teñen no prelo, entre outras: *Disidencia ferida,* de Xabier Alcalde; *De provincia a nación,* de Xusto Beramendi e *Literatura galega de vangarda. A iconoclastia rupturista dos primeiros manifestos galegos,* de Xulio Pardo de Neyra.

Alonso Montero, Xesús, *Intelectuais marxistas e militantes comunistas en Galicia (1926-2006)*, prólogo do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, febreiro 2007, 613 pp. (ISBN: 978-84-9782-531-3).

Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928) comeza a obra cun "Prólogo" no que, en primeiro lugar, aclara que a súa intención é realizar unha revisión política e cultural do comunismo en Galicia durante oitenta anos, dende 1926 até 2006. Afirma que gran parte dos traballos que se inclúen neste volume foron publicados en distintos libros, revistas, xornais ou prólogos (sempre vinculados a comunistas representativos) e que, para o presente estudo, escribiu diversos capítulos, sobre todo, os relacionados coa Igrexa católica e coa tortura. Indica tamén que, nalgúns casos, inclúe apéndices que conteñen documentos e textos inéditos ou pouco coñecidos, algúns dos cales son literarios. Finaliza o prólogo sinalando que o seu obxectivo é que a xente nova coñeza como era realmente o comunismo, xa que quedan ben poucos trazos del nas esquerdas actuais. A seguir, no primeiro dos cinco apartados que forman a obra, "Páxinas marxistas (ou próximas ao marxismo) anteriores á Guerra Civil", logo de facer unha introdución na que fala do comunismo en Galicia, repasa as figuras máis representativas no período de 1930 a1938: Felipe Fernández Armesto, Lois Tobío, Santiago Montero Díaz, Manuel Gómez del Valle, José Otero Espasadín e Ánxel Fole. No segundo apartado, "Escritores e artistas, antes e despois da Guerra Civil, e a súa relación co marxismo", percorre o traballo intelectual de Margor Arce, Luís Seoane, Ramón Iglesia Parga e Lorenzo Varela. A seguir, en "Militantes do partido, anteriores ó 36, que militaron sempre", recolle os perfís daqueles comunistas que se mantiveron fieis á súa ideoloxía: Enrique Líster, Manuel Bravo Silvares, Enriqueta Otero, Santiago Álvarez, Mercedes Núñez Targa, Francisco Comesaña Rendo, Alberto Puente García, Manuel Barros Montero, Antonio Villar García, José Sánchez Domínguez e José Domínguez González. No cuarto capítulo, "Do marxismo e da militancia comunista despois da Guerra Civil", realiza un fondo percorrido pola situación do marxismo e o comunismo logo da finalización da contenda bélica, a través do traballo cultural e literario realizado por Camilo de Dios, Julio Aneiros, Francisco González Vidal, Carlos Núñez Rodríguez, Luís González López, Xesu Redondo Abuín, Rafael Bárez, Manuel Lueiro Rey, José Ruibal, Ramón de Valenzuela, Xesús Alonso Montero, Xosé Neira Vilas, Celso Emilio Ferreiro, Antón Beiras, Agustín Pérez Bellas, Mercedes Ruibal, Antonio Tovar Bobillo, Xaime Quessada, Xesu Sánchez Orriols, Antonio Rodríguez-Cadarso, Herminio Barreiro e Xesús Campos Álvarez. No derradeiro apartado, "Varia", repasa as personalidades que, por diferentes motivos, non tiveron unha relación excesivamente importante co comunismo, como Castelao, Isaac Díaz Pardo, Lenin Moreda, Ramón Suárez Picallo, Xervasio Paz Lestón, Francisco Marcos Raña, Antonio Baltar Domínguez, Óscar Noya, Rafael Dieste, José María Moreno Galván, Fernando Macarro Castillo, Blanco Amor, Urbano Rodríguez Moledo, Evaristo González Fernández e Luís Noya Domínguez. Conclúe o volume cos índices xerais e onomásticos.

Recensións:

- José Gómez Alén, "Memoria histórica do comunismo", *La Voz de Galicia*, "Culturas", n.º 208, 28 abril 2007, p. 10.

Refírese a esta publicación explicando que fai un repaso pola longa lista de nomes, intelectuais e militantes, que loitaron contra a ditadura dende as ideas de Marx. Entre estes persoerios salientan Celso Emilio Ferreiro, Antonio Tovar, Lorenzo Varela ou Manuel Lueiro, así como outros que mantiveron nalgún momento posicións "marxistizantes", como Ánxel Fole ou Xaime Quessada. Tamén indica que achega unha autobiografía sobre algúns aspectos da súa propia experiencia se compromiso antifranquista como marxista e militante no Partido Comunista.

- José Gómez Alén, "Presenza do marxismo na literatura galega", *Grial*, n.º 176, "O espello das letras", outubro-novembro-decembro 2007, pp. 88-89.

Sinala que *Intelectuais marxistas e militantes comunistas en Galicia (1926-2006)*, de Xesús Alonso Montero, é un libro composto por escritos publicados nos últimos vinte anos que proceden da exhumación de certos documentos e das liñas de estudo da relación dos escritores galegos co marxismo e da militancia comunista en Galicia. Comenta tamén que o autor trata estes temas a partir do seu posicionamento de cronista do comunismo galego e da súa propia experiencia de intelectual marxista e militante do Partido Comunista, o cal favoreceu que mantivese relacións persoais e políticas coas persoas biografadas. Considera que esta obra completa outros traballos de Xesús Alonso Montero ao tempo que amosa unha importante parte da historia cultural e política da Galiza do século vinte.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Comunista convencido", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 abril 2007, p. 33.

Comeza cunha presentación do profesor Xesús Alonso Montero, de quen destaca o seu convencemento comunista, e, a continuación, das súas novas publicacións: *Intelectuais marxistas e militantes comunistas en Galicia (1926-2006)* e *Os escritores galegos ante a guerra civil española*. Informa do acto de presentación conxunto de ambas no Casino de Compostela. Incide na súa autoafirmación como comunista e salienta o feito de que inclúa na primeira das obras citadas un documento inédito da primeira Asemblea de Intelectuais do Partido Comunista Galego celebrada en 1977.

- Daniel Salgado, "Na literatura galega existen escritores comprometidiños", *El País*, "*Galicia*", 9 marzo 2007, p. 45.

Entrevista ao profesor de historia da literatura Xesús Alonso Montero con motivo da publicación de *Intelectuais marxistas e comunistas en Galicia* e *Os escritores galegos ante a Guerra Civil* (2006). O profesor responde á pregunta de se segue a ser comunista afirmativamente e incluso declara que cada vez está máis convencido dos ideais comunistas fronte aos capitalistas, de aí que prologue case todos os libros de memorias de comunistas publicados nos últimos anos. En canto a expresión "memoria histórica"

non está de acordo con que se intente poñer ao mesmo nivel as vítimas e aos verdugos. Móstrase dubidoso en canto ao compromiso dos actuais escritores galegos e por iso os considera só "comprometidiños", ao igual que coa chamada Idade de Ouro na literatura galega, na que el non cre realmente. Pola súa parte, apoia máis a aqueles escritores que se involucran na vida cívica, social, ideolóxica ou moral, restándolle importancia ao valor estético da súa obra. Por último, móstrase pesimista en canto ao futuro do galego se as cousas seguen tal e como están actualmente.

- Ramón Nicolás, "Textos e actitudes", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 211, "Libros", 14 xuño 2007, p. V.

Dá conta da publicación practicamente simultánea de dous volumes que Alonso Montero presenta sobre as dimensións sociais, políticas e literarias da nosa literatura durante a II República, a Guerra Civil e o franquismo: *Intelectuais marxistas e militantes comunistas en Galicia (1920-2006)*, publicado por Xerais, e *Os escritores galegos ante a guerra civil española (1936-1939). Textos e actitudes* (2006), editado en Galaxia. Seguidamente, expón os contidos deste último volume, sinalando que recolle un conxunto de textos e reflexións arredor das actitudes e a actividade literaria dos escritores galegos durante a Guerra Civil española, escritos por Alonso Montero en diferentes medios e en datas diversas. Menciona as páxinas dedicadas as voce franquistas que escriben en galego, como Herminia Fariña e Mercedes Viso Troncoso; aos autores silenciados, como Gómez del Valle e Blanco Torres; ou ao comportamento da Igrexa no conflito. Conclúe afirmando que o volume non debería pasar desapercibido, tanto polo enorme labor de esculca e interpretación que ofrece como pola súa utilidade como fonte de información.

- Xesús Alonso Montero e Camilo de Dios, "Compromiso, resistencia e memoria", *Caderno Arraiano,* "Represión, Solidariedade e Resistencia Antifranquista", verán 2007, pp. 111-116.

Conxunto de notas biográficas sobre a vida de Camilo de Dios, guerrilleiro e militante do Partido Comunista de España durante os anos da ditadura franquista (1939-1975). A biografía, que se compón dunha presentación e dez brevísimos capítulos, complétase con opinións do propio Xesús Alonso Montero e pequenas anotacións que este vai engadindo a modo de incisos sobre temas como os códigos éticos da guerrilla, o papel da Igrexa na ditadura ou as técnicas de tortura empregadas nos cárceres galegos. Ao remate explícase nunha nota a pé de páxina que o texto foi tirado do capítulo "Camilo de Dios no Partido e na guerrilla. (Datos e cavilacións para unha biografía)", pertencente a *Intelectuais marxistas e militantes comunistas en Galicia (1926-2006)*.

Alvarellos Casas, Henrique (coord.), *Alvarellos: 30 anos de edición en Galicia*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. De varia re, abril 2007, 143 pp. (ISBN: 978-84-89323-14-8).

Segundo se recolle no Prefacio, este libro quere servir de homenaxe ao fundador de Alvarellos Editora, Enrique Alvarellos Iglesias (A Coruña, 1931-Lugo, 2004), para conmemorar o ano no que se festexa o trinta aniversario do nacemento deste proxecto editorial creado en 1977. O volume ábrese cun texto introdutorio titulado "Notas para unha historia do libro en Galicia, 1966-2007", asinado por Henrique Alvarellos Casas,

actual responsábel da empresa, no que percorre a historia deste proxecto editorial dende a súa "protohistoria", que se remonta a 1966 cando Alvarellos rexenta unha academia e edita o seu primeiro e exitoso libro *Mecanografía en dos meses*, até a edición en abril de 2007 de *Más allá del tiempo. O libro inédito de 1965*, que recupera un manuscrito de María Mariño cedido por Juan Soto, xa na nova etapa emprendida pola empresa que pretende reactivar a veterana editorial. Completan o volume unha serie de materiais como fotografías e documentos diversos que dan conta da traxectoria desta empresa e do seu creador. A seguir inclúense as colaboracións de trinta autores arredor do labor de Alvarellos e tamén do libro e a edición en Galicia dende os anos da Transición até a actualidade, que son as que se indican a continuación:

- Adolfo de Abel Vilela, "Alvarellos e a revista *Fronte e Cocote*", pp. 25-28.

Achega datos da revista *Fronte e Cocote*, ligada ao comezo da actividade editorial de Enrique Alvarellos Iglesias. Sinala que a revista, editada pola Escola Técnica Agrícola de Lugo, naceu en 1971, que compartía galego e castelán, e que o seu director foi Odón Luís Abad Flores. Apunta que, malia á súa curta vida, pois só se editaron catro números, foi un precedente da liberdade de expresión de afirmación galeguista na que colaboraron, entre outros, Carballo Calero, Alonso Montero, Díaz Pardo, Ramón Piñeiro, Uxío Novoneyra, Ánxel Fole, Antonio Fraguas ou Avelino Pousa Antelo.

- Xavier Alcalá, "Un amable fura-fura", pp. 29-30.

Lembra que cando escribiu *A Ínsua* recibiu o apoio de Carballo Calero, autor do limiar do texto, e de Enrique Alvarellos, que publicou aquela primeira versión e comprendeu que quixese refacer a historia e convertela en *Fumes de papel.*

- Xesús Alonso Montero, "Sorprendente aventura editorial", pp. 31-33.

Carta dirixida a Henrique Alvarellos Casas na que sinala canto sorprendeu en 1977 a creación da editorial Alvarellos por parte dun home ao que admiraba pola súa erudición musical e a súa eficacia como director de agrupacións corais. Sinala que era un espírito inquedo e polifacético e que tamén chamou a atención coa publicación de facsímiles e textos propios como a novela *Botei corenta anos* e o poemario *Cen anacos.*

- José Alonso Sánchez, "Un amigo de verdade", pp. 35-36.

Refírese á súa amizade con Enrique Alvarellos, que remonta á década dos sesenta, e comenta que moitos dos seus libros se converteron en referencia obrigada e que a súa figura forma parte da paisaxe luguesa.

- Luís Álvarez Pousa, "Oficio de luces, actores da subversión", pp. 37-39.

Sitúa a Enrique Alvarellos no ronsel dos grandes editores de libros Compañel, Soto Freire, Martínez Salazar, Uxío Carré, Correa Calderón, Carré Alvarellos e Ánxel Casal.

- Xosé Ramón Barreiro, "Esforzo, ilusión e utopía", p. 41.

O presidente da Real Academia Galega sinala que Enrique Alvarellos quixo dotar o país dunha editorial distinta que publicase obras destinadas a unha minoría intelectual para convertelas en textos vivos da identidade galega.

- Manuel Bragado, "A nosa edición contemporánea ou a emerxencia dunha industria cultural", pp. 43-53.

Dende a concepción da cultura como un espazo de comunicación que supón un modo de entender e representar o mundo, Manuel Bragado apunta a importancia de aspectos como a existencia de lectores para o sustento dunha industria editorial. Achega datos que demostran o desenvolvemento progresivo da edición en galego e o afianzamento dun mercado estábel, así como as que considera as razóns do cambio, entre as que sinala a transformación do activismo voluntarista dos editores doutrora (como o de Alvarellos) en criterios profesionais de carácter empresarial. Conclúe apuntando que os retos cara ao futuro pasan por se incorporar ao paradigma da comunicación cultural electrónica, asegurar a presenza do galego nese novo modelo e deseñar políticas públicars que permitan o acceso igualitario a ese novo contexto a todos os cidadáns.

- Ánxela Bugallo Rodríguez, "Trinta anos de vida", pp. 55-56.

Valora as editoriais en tanto canalizan o consciente individual e colectivo e lle dan soporte aos materiais que achega a actividade intelectual, liña na que sitúa o labor de Alvarellos Editora polo seu carácter de "proxecto creador de país".

- Tucho Calvo, "Igual de necesaria nun mundo diferente", pp. 57-59.

Salienta que a creación dunha editorial como Alvarellos requiría, naqueles anos, unha especial sensibilidade e amor polos libros, nun contexto ben diferente ao que vive na actualidade a segunda xeración a cargo da empresa.

- Toño Castro e Xaime Corral, "Sanxenxo, nunha tarde de 1979", pp. 61-63.

Lembran a figura de Enrique Alvarellos en Sanxenxo, subliñando a súa participación nas Semanas da Cultura Popular dos derradeiros setenta e comezos dos oitenta. Recollen tamén unha anécdota de 1979 cando Alvarellos propuxo colocar no escaparate da libraría Nós un exemplar de *Almanaque de la Inquisición* coa intención de atraer así a censura e vender máis exemplares.

- Jesús Couceiro Rivas, "Home culto e xeneroso", pp. 65-67.

Semblanza de Enrique Alvarellos dende a amizade compartida na que salientan trazos da súa personalidade como o seu carácter polifacético, o seu namoramento do libro, a súa humanidade e a súa xenerosidade.

- Isaac Díaz Pardo, "Henrique Alvarellos e o mundo editorial", pp. 69-71.

Céntrase nalgunhas experiencias relacionadas co mundo da edición lembrando antecedentes senlleiros como o labor de Ánxel Casal, a publicación de libros desenvolvida en Arxentina da man de Luís Seoane, a colección "Benito Soto" editada

en Pontevedra por Sabino Torres, a fundación de Galaxia e a creación de Ediciós do Castro en 1963, á que se suma Alvarellos en 1977.

- Afonso Eiré, "Como Alvarellos me permitiu ser escritor", pp. 73-74.

Evoca a figura de Enrique Alvarellos lembrando que aprendeu a escribir a máquina co seu método de mecanografía e salienta que creou unha editorial sentíndose parte dun país e desexoso de transmitir sentimentos.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Alvarellos: do reto entrañábel á empresa cultural", pp. 75-76.

Lembra como coñeceu a Enrique Alvarellos Iglesias na cidade de Lugo cando comezaba o seu labor como poeta. Cualifícao de editor comprometido nuns tempos difíciles e saúda con agarimo a nova etapa da empresa, agora en mans de seu fillo.

- Francisco Fernández del Riego, "Dúas editoras lonxevas", pp. 77-79.

Recupera o ano da creación de Galaxia e compara a súa traxectoria no tempo con Alvarellos Editora, na que subliña o interese posto na reedición de textos en coidados volumes.

- Xesús Fraga, "O futuro soñado de Galicia", pp. 81-83.

Recoñece en Alvarellos Editora, no momento da súa creación, a ilusión de devolverlle a un país a súa historia, lingua e identidade, difundindo o labor dos narradores que comezaba, como Xavier Alcalá, os poetas, como Xavier Rodríguez Barrio, e tamén o pensamento e as escolmas de literatura popular. De aí que considere o catálogo da editorial como o testemuño dunha época.

- Xosé María G. Palmeiro, "O sorriso, sempre", pp. 85-86.

Lembra o sorriso de Enrique Alvarellos Iglesias e remóntase ao momento no que o coñeceu a comezos da década dos setenta. Brinda polo futuro da súa empresa máis querida, agora nunha segunda etapa.

- Alfonso G. Sanmartín, "O compromiso coa nosa cultura", pp. 87-89.

Evoca a etapa na que contactou por primeira vez con Enrique Alvarellos, tras coñecer que era o creador dun método de aprendizaxe da mecanografía, e a descuberta dun home afábel, emprendedor, amante da súa terra e editor comprometido.

- Bieito Ledo, "A sementeira", pp. 91-93.

Lembra a súa chegada a Vigo en 1975 para abrir unha libraría e como pasou a ser o primeiro director xerente de Galaxia, nuns tempos que sinala marcados pola efervescencia política e social. Entre os acontecementos daqueles anos cita, entre outros, a creación dos Premios da Crítica ou da Asociación Galega de Editores, en 1983, onde destaca a participación de Enrique Alvarellos pola súa cordialidade e xenerosidade.

- Antón Mascato, “Construír, libro a libro...”, pp. 95-96.

Sitúa o labor de Henrique Alvarellos Casas no camiño de seu pai e doutros editores como Cuadrado, Dieste, Seoane, Díaz Pardo, Luís Mariño, Carlos Blanco, Casares, Ramón Piñeiro, Xaime Isla, Paco del Riego, Xosé María Álvarez Blázquez ou Xulián Maure, que quixeron “construír, libro a libro, a patria comunal”.

- José López Orozco, “No territorio da memoria”, pp. 97-98.

O alcalde de Lugo, José López Orozco, valora a publicación, por parte de Enrique Alvarellos, de libros de escritores como Manuel María, Xavier Rodríguez Barrio, Xavier Alcalá, de reedicións de grandes firmas do pasado, así como as achegas de Alvarellos Editora Técnica no terreo da memoria histórica. Detense especialmente en títulos como *Os Mártires de Carral* (1982), de Xosé María García Rodríguez, e na reedición facsímile de *Historia de los Mártires de Carral* (1983), de Francisco Tettamancy Gastón.

- Xesús Mato, “Enrique Alvarellos: compañeiro e amigo”, pp. 99-102.

Lembra vivencias compartidas co editor Enrique Alvarellos dende que se coñeceron no Seminario de Lugo até que reforzaron a súa amizade a partir de 1967. Menciona as súas obras *Botei corenta anos* (1977), *Cen anacos* (1977), *Bandas de música de Galicia. Historia de 400 bandas populares* (1986), *Mulleres destacadas de Galicia* (1993) e *70 anos en clave de fa* (2001), e salienta a súa enorme afección pola música, visíbel na creación e dirección de vinte e nove agrupacións musicais ou na edición de *Galicia canta ao Neno*, de Fuxan os Ventos.

- Luís Pérez, “Alvarellos e o cantor de Nadela”, pp. 103-105.

O xornalista e redactor xefe de *El Correo Gallego*, Luís Pérez, destaca o carácter emprendedor de Enrique Alvarellos e compara a súa paixón pola música coa dun seu parente.

- Xosé A. Perozo, “Do descoñecemento á enciclopedia”, pp. 107-114.

Repara algunhas lembranzas persoais asociadas á súa experiencia no mundo da edición dende que chegou a Galiza procedente da súa terra, Llerena, e descoñecía a realidade cultural galega, até que se encargou do deseño e dirección da *Enciclopedia Galega Universal* que situou a Galiza no índice do universal. Refírese a feitos como a súa visita a Xosé María Álvarez Blázquez na sede viguesa de Edicións Castrelos; ás súas charlas con Carlos Casares arredor da necesidade de crear coleccións infantís en galego; ou á súa etapa como director do suplemento *“Artes e Letras”* no *Faro de Vigo*, onde seguiu apostando pola literatura infantil. Cualifica o seu camiño como unha experiencia “irrepetible e enriquecedora persoalmente”.

- Olivia Rodríguez González, “Unha editorial de futuro”, pp. 115-118.

Céntrase na faceta de Enrique Alvarellos como divulgador de libros curiosos e facsímiles relevantes da cultura galega e editor de novos escritores que comezaban o seu camiño nas letras. Valora a decisión de seu fillo de seguir coa empresa do pai,

traballando dende novos criterios pero mantendo a ligazón coa memoria do pai a través de proxectos como a colección "Rescate" e doutros como a serie "A lume lento", dedicada á gastronomía, sen deixar de lado a didáctica e a música.

- Xosé A. Sánchez Bugallo, "Benvida a Compostela", pp. 119-121.

Cualifica a Enrique Alvarellos como un home loitador e polifacético, apegado a Lugo. Lembra o seu achegamento á edición facsímile da *Historia de Galicia*, de Vicetto e ás *Obras póstumas*, de Sarmiento, un labor no que Alvarellos, como noutras edicións de textos esquecidos e espallados, empeñou esforzos e investimentos. Tamén manifesta a súa sorpresa ao coñecer que foi o creador dun método para formar mecanógrafos. Finalmente, dálle a benvida ao continuador da empresa, o seu fillo, agora con domicilio en Compostela.

- Xavier Senín, "Letra e música", pp. 123-125.

Refírese ao traballo de Enrique Alvarellos no eido musical, salientando que se ocupou da dirección de coros e outras agrupacións, ao tempo que compoñía pezas e daba a coñecer, dende a súa faceta de editor, obras fundamentais da historia da cultura galega con dignidade e esmero.

- Anxo Tarrío Varela, "Trinta anos de memorias", pp. 127-130.

Retrocede até 1976 para salientar que ese ano supuxo un punto de inflexión na cultura galega pola aparición de obras como *Con pólvora e magnolias*, de Méndez Ferrín; *Mesteres*, de Arcadio López Casanova; *Seraogna*, de Alfonso Pexegueiro; *Unha ducia de galegos*, de Víctor Freixanes; *Non agardei por ninguén*, de Ramón de Valenzuela; e *O silencio redimido*, de Silvio Santiago. Lembra que daquela impartía clases no Colexio Universitario de Lugo dende había dous anos e facíao, a pesar de ser considerado unha rareza, en galego. Tamén recorda que daquela coñeceu a Enrique Alvarellos e un ano despois naceu Alvarellos Editora que agora rexenta o seu fillo, ao que lle desexa o mellor.

- Marcos Valcárcel, "Galeguismo e socialismo, con Lorenzo Varela no horizonte", pp. 131-137.

Reproduce un texto creado con motivo dun encontro celebrado en Monterroso –vila especialmente querida por Enrique Alvarellos pois nela dirixiu a súa coral ademais de lle dedicar varios títulos da súa editorial– dedicado ao poeta Lorenzo Varela con motivo do Día das Letras Galegas. Nel aborda a figura do poeta dende a conxunción das ideoloxías galeguista e socialista.

- Armando Vázquez Crespo, "Ao vello amigo", pp. 139-140.

Relata a derradeira ocasión na que falou con Enrique Alvarellos, con motivo da presentación en 2001 do seu libro de memorias *70 anos en clave de fa* no Museo Ramón Aller de Lalí, e recupera a figura do editor dende a amizade que compartiron ao longo dos anos.

- Ramón Villares, "Alvarellos, un editor en Lugo", pp. 141-143.

Vencella a creación da editorial Alvarellos á transición democrática e ás esperanzas de autogoberno para Galiza e da vontade de recuperar o emprego da lingua no ámbito público, literario e ensaístico. Refírese tamén á tradición editorial da cidade de Lugo na que figuran os nomes de Pozzi, Pujol, Soto Freire, os irmáns Correa Calderón e a Editorial Celta da familia Esteban.

Referencias varias:

- Ruth López, "Unha editorial caseira", *El Progreso*, "Cultura", 24 maio 2007, p. 79.

Dá conta da publicación por parte de Alvarellos Editora dun libro conmemorativo do seu trinta aniversario e indica que participaron nesta publicación 30 persoas ligadas ao mundo da edición, o xornalismo, as librarías, o ensino e a promoción cultural. Dá o nome da obra, *Alvarellos: 30 anos de edición en Galicia,* e informa de que recolle imaxes inéditas e documentos da traxectoria da empresa fundada en Lugo en maio de 1977. Por último, sinala que pretende render homenaxe a Enrique Alvarellos cando se cumpren tres anos do seu pasamento e di que a editorial mantén a súa actividade dirixida polo seu fillo, Henrique Alvarellos.

- maré, "Alvarellos cumpre 30 anos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 maio 2007, p. 27.

Informa do 30 aniversario da editorial Alvarellos e anuncia a publicación do volume conmemorativo *Alvarellos, 30 anos de edición en Galicia*, no que participaron trinta intelectuais de distintos ámbitos: xornalismo, edición, literatura, ensino, librarías, etc. Explica que esta obra constitúe unha reflexión sobre o mundo do libro e a edición en Galicia dende a Transición até hoxe. Por último, ofrece algún dos nomes que interviron na redacción do libro e di que o acto de presentación terá lugar proximamente.

- M. V. I., "A editora Alvarellos festexa os seus 30 anos de 'resistencia", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 14 novembro 2007, p. 80.

Infórmase da celebración en Lugo do homenaxe á editora Alvarellos, con motivo do seu trinta aniversario, na que trinta e un autores galegos renden homenaxe a Henrique Alvarellos Iglesias presentando o libro *Alvarellos: 30 anos de edición en Galicia*. Finalmente o director, Henrique Alvarellos Casas, fai un percorrido pola historia da editorial, salientando a colección gastronómica "A lume lento", a recuperación de material inédito en "Rescates", a aposta pola cultura galega coa edición dos sete tomos da historia de Galicia de Benito Vicetto e a próxima publicación da obra do pintor lugrís Freire.

- V.O., "Trinta anos de impulso", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 novembro 2007, p. 32.

Refírese á celebración que realizou Henrique Alvarellos dos trinta anos da editorial que fundou seu pai en 1977, na cal se presentou o libro *Alvarellos: 30 anos de edición en Galicia*. Menciónase que no acto de conmemoración, celebrado na Sala Sargadelos de Lugo, estiveron presentes Alvarellos e a súa muller, o alcalde da cidade, o xornalista Xosé Alonso e o músico Xesús Mato. Recóllense tamén as palabras de Alvarellos quen

dá conta dos novos proxectos da editorial, como a colección "A lume lento", centrada na gastronomía galega.

Amoedo López, Gonzalo e Roberto **Gil Moure**, *Episodios de terror durante a Guerra Civil na provincia de Pontevedra. A illa de San Simón*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 2007, 358 pp. (ISBN:978-84-9782-604-4).

Monografía dedicada á situación do penal que durante a Guerra Civil e principios do franquismo estivo situado na illa de San Simón. A obra supón unha aproximación a diversos aspectos da realidade da zona, dende os personaxes que a habitaron até as condicións de vida que alí imperaban. Tras unha introdución xeral á represión durante o franquismo, éntrase propiamente na análise do seu sistema carcerario. Apúntase a que será unha das teses principais do libro: nos campos de concentración do Réxime perpetrouse unha represión organizada e sistemática contra todo tipo de opositores. Así, estas instalacións configuráronse entre 1936 e 1943 como lugares nos que se levaba a cabo un encerro sen garantías legais, no que eran frecuentes as sacas e paseos. A colonia penitenciaria de San Simón, en concreto, pasou por distintas fases en función do desenvolvemento da guerra. Nela reuníronse presos procedentes de todo o Estado, dos que se ofrecen datos de idades, orixes e sector económico no que estaban empregados. O papel da Igrexa e de directores, funcionarios e militares da colonia analízase en capítulos separados, o mesmo que as condicións de vida na colonia e os apoios que os presos recibían dende o exterior, fundamentalmente por parte das denominadas "madriñas". Ofrécese unha relación parcial dos consellos de guerra celebrados na provincia, así como un percorrido pola realidade dos paseos e paseadores. Nos capítulos finais reflexiónase sobre o sucedido despois de que San Simón deixase de funcionar como cárcere. Critícase o insuficiente recoñecemento das vítimas durante a Transición, que, segundo os autores, conduciu a unha "democracia parcial, edificada sobre o esquecemento do que pasara". Tamén se recollen iniciativas de distintos colectivos que solicitaron a recuperación da memoria histórica dos presos da illa. Os autores denuncian a actitude de diferentes gobernos posfranquistas, que non difundiron o que sucedera na illa, e por iso esixen reivindicar a memoria dos asasinados para que algo así non se volva repetir. A obra compleméntase cunha serie de anexos entre os que destacan as táboas nas que se recollen as características dos mortos, así como listaxes de falecidos e de presos, cartas destes ou poesías editadas por Luís Bouza Brey durante o seu cativerio. Este material complementa o que se presentou de maneira "teórica" no resto do volume.

Recensións:

- Xosé A. López Teixeira, "Relato da traxedia", *Faro de Vigo*, *"Faro da Cultura"*, nº 216, "Libros", 13 setembro 2007, p. IV / p. VII.

Alude ao que supuxo o franquismo e considera necesaria a investigación da represión durante ese período para rehabilitar a memoria dos que foron "banidos pola ditadura e o posterior pacto de silencio que seguiu á mal chamada Transición Democrática". Comenta que Gonzalo Amoedo e Roberto Gil, a través dun rigoroso exercicio de historia local, sintetizan todo canto se leva escrito até o presente sobre a Guerra civil no sur de Galicia en *Episodios de terror durante a Guerra Civil na provincia de*

Pontevedra. Así mesmo, apunta que nesta publicación recuperan os máis de catro mil nomes dos perdedores da guerra, incorporando tamén os nomes e apelidos daqueles que asinaron as sentenzas de morte ou actuaron como asasinos nas estradas.

Aneiros, Rosa, *Ao pé do abismo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, novembro 2007, 318 pp. (ISBN: 978-84-9782-676-1). ■

Baixo o título *Ao pé do abismo*, a xornalista Rosa Aneiros (Meirás, Valdoviño, 1976) recompila artigos breves dados a coñecer previamente en diversos medios de comunicación, entre os que se atopan revistas como *Comballón, Grial, Fadamorgana* ou *Casa da Gramática*; páxinas web como culturagalega.org. na sección "Agardando as lagarteiras"; o magazine da Radio Galega, *Un día por diante*; a Axencia Galega de Noticias, na columna de opinión "Nove ondas"; e na prensa diaria (*Diario de Ferrol*, *Diario de Pontevedra*, *Galicia Hoxe*, *El Progreso, El Ideal Gallego* e *El País*). Unha obra, como a súa propia autora di, que "nace da liberdade de pensar" e onde "toda verdade é mentira. E, por suposto, toda mentira é verdade". Facendo uso dunha narrativa poética, Aneiros viaxa do conflito palestino á soidade compostelá, camiña dende a súa memoria de pícara que desexa ser pensionista á desmemoria de Sara, unha muller que sofre de alzheimer. Tempos pasados, presentes e futuros que se mesturan entres si. Entre os escritos cómpre salientar o texto "A última vaca", Premio Caixanova Francisco Fernández del Riego de Xornalismo. Ademais, son frecuentes as citacións de autores galegos como Carlos Casares e persoeiros de países alleos como Susan Sontag.

Referencias varias:

- Carlos Torres, "Delicia editorial de Carlos González", *El Progreso*, "Los unos, los otros", 10 decembro 2007.

En primeiro lugar, salienta o labor e a delicadeza da edición dunha colección de libros creada por Carlos González, de quen se indica que é galego. Informa dalgúns dos autores recollidos na devandita colección. A continuación, sinala que Antón Patiño acaba de publicar o libro *Urbano Lugrís: viaxe ao corazón do océano*. Para finalizar, comenta a publicación de *Ao pé do abismo*, e indica que se trata dunha compilación de artigos de Rosa Aneiros.

- V. Oliveira, "Galicia é a vontade de ser", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 decembro 2007, p. 29.

Tras presentar o novo libro de Rosa Aneiros, *Ao pé do abismo*, e comentar que reúne artigos de prosa xornalística da escritora dos últimos tres anos, achégase unha entrevista na que Rosa Aneiros declara que concibe as súas colaboracións xornalísticas como espazos para o diálogo cos lectores e lectoras e que nelas procura abordar diferentes temas e inserir algunhas recorrencias propias da súa obra, como as referencias ao mar.

Aneiros Díaz, Rosa, Xosé **López García**, Marta **Pérez Pereiro** e Víctor F. **Freixanes** (eds.), *Xornalistas con opinión*. *20 biografías*, Santiago de Compostela / Vigo: Consello da Cultura Galega / Editorial Galaxia, col. Ensaio-Comunicación, nº 40, novembro

2007, 374 pp. (ISBN: 978-84-8288-807-1). ■

Na introdución, titulada "Galegos con criterio. Do xornalismo de opinión á opinión no xornalismo", Xosé López García e Víctor F. Freixanes explican que o volume se encadra nos programas de recuperación, estudo e divulgación do xornalismo galego que leva adiante a Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega, e o seu obxectivo é elaborar unha escolma de xornalistas ou escritores nos xornais que destacaron na historia de Galiza por ter criterio propio e compromiso coa cultura galega e coa súa terra. Salientan tamén que Galiza ocupou un posto sobranceiro na posta en marcha dos xornais políticos, nos que publicaron destacadas firmas, e analizan as caracteríticas do xornalismo de opinión. A seguir inclúense vinte achegas biográficas centradas noutros tantos xornalistas galegos de opinión.

- Víctor F. Freixanes, "Manuel Pardo de Andrade. Unha biografía romántica", pp. 23-61.

Percorre o labor xornalístico de Manuel Pardo de Andrade (1760-1832), a quen considera o pioneiro do xornalismo galego en cabeceiras como *Diario de La Coruña*, *Gazeta de La Coruña*, *Semanario Político, Histórico y Literario de La Coruña*, *Boletín Patriótico*, *El Ciudadano por la Constitución* ou *Correo de la Diputación Provincial de Galicia*. Salienta que se trata do primeiro xornalista galego do que se ten noticia e a seguir percorre os feitos máis significativos da súa biografía, reparando tamén na sona que acadou coa publicación de composicións como *Os rogos dun gallego establecido en Londres* (1813), onde denuncia os abusos do Santo Oficio e a súa funesta influencia na liberdade dos homes e dos pobos, botando man da retranca e do humor.

- Rosa Aneiros Díaz "Concepción Arenal ou a entrega ao periodismo social", pp. 65-73.

Salienta o labor de Concepción Arenal (1820-1893) nas cabeceiras periódicas da súa época, nas que publicou artigos sobre Socioloxía e Dereito penal. Detense na súa etapa como fundadora e directora de *La Voz de la Caridad* (1869-1884), onde publicou case cincocentos artigos de denuncia social, analizando problemas de actualidade cun afán didáctico e moralizante. Enumera entre as cuestións que centran os seus intereses a caridade, a guerra, os centros de acollida, o estado dos cárceres, a educación e o feminismo.

- José Antonio Durán, "Alfredo Vicenti. Periodismo e autonomismo galeguista", pp. 76-87.

Analiza as crónicas informativas de viaxes, biográficas e históricas de Alfredo Vicenti (1851-1916), marcadas pola súa profunda cultura humanística e publicadas en cabeceiras madrileñas como *La Ilustración Gallega y Asturiana*, *El Globo* ou *El Liberal*. Cualifícao de renovador da crónica informativa de viaxes seguindo, por exemplo, a vida portuguesa ou a presentación en Madrid de aspectos da vida galega como o protestantismo, a presenza británica, a gastronomía ou a emerxencia do movemento agrario. Sinala que malia non escribir en galego, defendeu sempre o uso periodístico e literario da lingua galega en innumerábeis textos.

- Vicente Rodríguez Radío, "Emilia Pardo Bazán", pp. 89-105.

Céntrase no labor xornalístico da coruñesa Emilia Pardo Bazán (1851-1921), á que sitúa na liña do naturalismo francés. Apunta as súas colaboracións en medios como *La Ciencia Cristiana*, *La Revista de España*, *La Niñez*, *Barcelona Cómica*, *El Gato Negro*, *La España Moderna*, *Pluma y Lápiz* ou *La Femme*, de París. A respecto da temática identifica os seus intereses en torno a dous polos: o home e a sociedade. Repara tamén na súa utilización do folletín como medio de unión cos lectores, coa publicación de textos como *Aficiones peligrosas*, e no emprego da polémica que se evidencia no enfrontamento que mantivo con Murguía e o pensamento galego no seu conxunto e con respecto a Rosalía en particular, feitos que demostran o recoñecido prestixio que acadou Pardo Bazán e que logrou que fose lida, escoitada e respectada nos seus cometidos xornalísticos.

- Francisco Campos, "A traxectoria de Brañas xornalista", pp. 107-129.

Análise do devalar na prensa de Alfredo Brañas (1859-1900), quen se identifica coas posicións rexionalistas, plasmadas en cabeceiras como *La Patria Gallega*, *El Globo*, *El Imparcial*, *El Liberal* ou *La Ilustración Gallega y Asturiana*. Divide o seu labor en catro etapas: a súa proba de experiencia en Madrid (1880-1881); a súa volta a Santiago, con dedicación intensiva e exclusiva ao xornalismo (1881-1887); a alternancia do xornalismo, a postulación teórica e a dedicación á Universidade, á vida política e ás mobilizacións rexionalistas (1887-1892); e, finalmente, a etapa na que acada gran sona e consideración en Cataluña (1892-1895).

- Marta Pérez Pereiro, "Sofía Casanova: muller na guerra", pp. 131-141.

Subliña con respecto á traxectoria xornalística de Sofía Casanova (1861-1958) que supón o punto de inflexión entre o xornalismo de ideoloxía característico do século XIX e o xornalismo de empresa que se afianzará no XX. Destaca o seu labor como correspondente de guerra na I Guerra Mundial e na revolución rusa e menciónanse os seus traballos en medios como *Abc*, *El Liberal*, *Faro de Vigo*, *El Imparcial* e *Heraldo de Madrid*. Apunta que o estalido da Guerra Civil española supón a fin do seu labor na prensa, pois agás algunha colaboración illada entre 1940 e 1944, o seu nome non volve aparecer nos medios.

- Marcos Valcárcel, "Basilio Álvarez, o xornalista que acendía volcáns", pp. 143-153.

Comeza aludindo ao descoñecemento que rodea aínda a figura de Basilio Álvarez (1877-1943), en parte debido ao ocultamento ao que o someteu o réxime franquista coa intención de soterrar o labor dunha das personalidades máis relevantes de Galiza no período 1910-1936. Repasa a súa biografía e céntrase, ademais de citar publicacións como *La Nueva Época*, *La Galerna*, *El Eco de Orense* ou *El Debate*, no seu decisivo labor na revista mensual *La Zarpa*, axiña convertida en diario subtitulado *Órgano Oficial de la Federación Provincial Agraria*, e en 1922 en *Diario de los Agraristas Gallegos*, "a gran aventura de Basilio en Ourense ata xullo de 1936". Detense na nómina de colaboradores cos que contou a publicación e nas novas perspectivas que abriu no xornalismo ourensán e na prensa galega polo seu espírito republicano e progresista.

- Emilio Insua, "Antón Villar Ponte", pp. 1881-195.

Vincula os inicios no xornalismo de Antón Villar Ponte (1881-1936) coa súa militancia republicana dende o seu primeiro artigo, publicado en *El Eco de Viveiro*, até o seu labor en medios como *El Motín*, *Revista Blanca*, *Progreso*, *El Automóvil*, *¡Guau... Guau!*, *El Combate*, *Tierra Gallega*, *La Idea Moderna*, *La Voz de Galicia*, *Revista Gallega* ou *Germinal.* Percorre tamén o seu labor na prensa madrileña e en Cuba e o seu traballo de correspondente dos diarios cubanos á súa volta a Viveiro en xullo de 1910. Atende así mesmo ao seu labor na prensa de Viveiro e da Coruña até chegar a presidir en 1915 a Asociación da Prensa coruñesa e a dirixir *A Nosa Terra*, dende o que teima no espallamento do nacionalismo, na defensa da lingua e na intensificación das relacións con Portugal. Abrangue tamén as súas etapas xornalísticas nos vigueses *Galicia* e *El Pueblo Gallego*, medio este que non abandonou até a súa morte.

- César Casal "Julio Camba, o rei do artigo lixeiro con trampa", pp. 197-205.

Identifica en Julio Camba (1882-1962) un estilo persoal que consolidou en España o xénero da crónica e o articulismo de opinión, cunha influencia notábel do minimalismo e do escepticismo, vertidos en microensaios sobre a vida da época adobiados con humor, ironía e caricatura. Emparéntao co estilo practicado por Carlos Casares e cualificao de particular cronista da primeira metade do século XX. Entre as súas temáticas máis habituais menciona os médicos, a moda, a gastronomía e os costumes. Resume algunhas das curiosas anécdotas que protagonizou e declara o seu afervoado anarquismo.

- Marcos Seixo Pastor, "Xoán Xesús González. O xornalismo como forxa da conciencia popular", pp. 207-219.

Da biografía de Xoán Xesús González (1885-1936) salienta a súa especial sensibilidade dende a infancia, causa do seu firme compromiso social, e feitos como a alternancia do seu traballo de mestre co xornalismo, eido no que acadou tal prestixio que en 1925 foi elixido secretario da Asociación da Prensa de Compostela. Apunta tamén que durante os seus estudos de Dereito entra en contacto coa xeración de estudantes galeguistas que reúne a Fole, Seoane e Bouza-Brey. Subliña aspectos como a súa loita a prol do galeguismo e o sindicalismo obreiro e a súa concepción da prensa como forxadora da conciencia popular. Repasa tamén o seu labor xornalístico, que comeza en 1921 na redacción de *El Compostelano*, no que fica até xuño de 1935, e continúa en *El Pueblo Gallego*, *La Zarpa*, *La Concordia*, *Trabajo*, *A Nosa Terra* ou *El Emigrado*, entre outros, e mesmo funda en 1927 o semanario santiagués *El País Gallego*, activo até 1931. Ademais repara en feitos como o estabelecemento en 1931 en Compostela, xunto con Arturo Cuadrado, da libraría e editorial Niqué, incendiada en 1936 polos franquistas, ou na súa colaboración co Comité da Fronte Popular creado tras o alzamento militar para defender a República, até que foi fusilado o 12 de setembro de 1936.

- José María Besteiro, "Wenceslao Fernández Flórez ou a flegma galega", pp. 221-238.

Recoñece en Wenceslao Fernández Flórez (1885-1964) un columnista brillante, autor de crónicas parlamentarias, de touros, de fútbol e de viaxes en cabeceiras madrileñas como *El Liberal*, *Blanco y Negro*, *El Parlamentario*, *El Imparcial*, *Abc*, *La Codorniz*, entre outras. Subliña como trazo novidoso do seu xornalismo o uso da súa persoa como personaxe e detense na peculiaridade de que moitos dos seus textos estean máis próximos ao relato que ao artigo propiamente dito. Atribúe o seu relativo esquecemento

á súa afiliación ideolóxica durante a Guerra Civil e boa parte da posguerra como simpatizante do franquismo e neste sentido sinala que máis ben habería que consideralo un "conservador subversivo", pois mostrouse, a través do humor, "martelo da oligarquía e do caciquismo, defensor do aborto e da eutanasia, simpatizante do nacionalismo moderado e amigo de Castelao (...), ecoloxista (...) e antimilitarista".

- Montse Calvo Sánchez, "Manuel Lustres Rivas xornalista, sobre todo", pp. 239-251.

De entre as facetas do ribeirense Manuel Lustres Rivas (1888-1936) salienta a de xornalista até o punto de que foi considerado "mestre de periodistas" por Paz-Andrade. Refírese á súa amizade con Castelao, co que comezou compartindo faladoiro no compostelán café Colón, grupo que aparece nas páxinas de *Vida Gallega* e na fundación de *Galicia Moza*. Detense na etapa na que pasou a ser redactor xefe de *Galicia*, en 1920, na súa estadía en Arxentina e na súa volta a Galiza, cando comeza a colaborar en *Faro de Vigo* e crea, na compaña de Joaquín Pesqueira, *Revista Gallega*, que aparece en Vigo en 1925. No plano político, salienta que Lustres Rivas loitou polas reivindicacións do campesiñado, o que lle ocasionou problemas coas autoridades, e que se sumou á segunda e terceira Asembleas nacionalistas (Santiago, 1919 e Vigo, 1921), apoiando a Risco na polémica xurdida no seo das Irmandades de Monforte, o cal lle supuxo un enfrontamento cos seus antigos colegas agraristas. Conclúe sinalando que Lustres Rivas forma parte da listaxe de homes da cultura desaparecidos en 1936, pois foi trasladado á illa de San Simón e pouco despois apareceu morto.

- Carme Vidal, "María Luz Morales, a gran señora da prensa", pp. 253-265.

Descobre o amplo labor da coruñesa María Luz Morales (1889-1980), cualificada na súa época como "a gran señora da prensa" e "traballadora infatigable", quen malia a súa ligazón a Barcelona mantivo sempre un estreito contacto con Galiza, como demostra a súa participación na homenaxe que se lle tributa a Pura Vázquez en 1955 en Barcelona, nas relacións que estableceu cos galeguistas, na súa defensa do Estatuto de Autonomía ou no seu papel como representante da Asociación de Escritores galegos creada en Santiago en 1936. Do seu destacado labor xornalístico destácase sobre todo que chegou a dirixir o xornal barcelonés *La Vanguardia* durante sete meses do conflito bélico español, converténdose na primeira muller que ocupaba ese cargo. Percorre as súa produción nas páxinas de medios como *El Hogar y la Moda*, *El Sol*, *Films Selectos*, *Mediterráneo* ou *Lecturas*, nos que se especializou en crítica de moda, de teatro e de cine, aspecto este último no que chegou a ser unha grande especialista que mesmo publicou unha monumental historia do cine, publicada en tres volumes en 1950, que supón un arduo traballo de investigación, realizado ao tempo que un bo feixe de obras narrativas e biografías. Polo seu labor literario e xornalístico acadou premios como as Palmas Académicas de Francia, o Premio Nacional de Teatro, ambos en 1956, ou o Premio D'Ors da Asociación da Prensa en 1970. Relátase como chega a entrar en prisión cando as tropas fascistas ocupan Barcelona e como en 1939 foi apartada da profesión ao se lle imputar ter sido directora de *La Vanguardia*, sendo restituída no Rexistro Oficial de Xornalistas en 1948, aínda que neste longo silencio segue a aparecer nos xornais empregando pseudónimos como Jorge Marineda ou Ariel.

- Marcos Seixo Pastor, "Roberto Blanco Torres. Trinta anos de xornalismo ético e combativo", pp. 267-278.

Sitúa a forxa como xornalista de Roberto Blanco Torres (1891-1936) no medio familiar, onde recibe a herdanza cultural sobre todo de seu pai, que o inicia no xornalismo e na literatura. A seguir refire o seu traslado a Cuba en 1906, tras a morte do pai, onde se achega definitivamente á vida bohemia da literatura e da prensa e participa en faladoiros con persoeiros do talle de Curros, Fontenla Leal ou Cabanillas, e desenvolve un intenso labor xornalístico, ao tempo que inicia unha amizade con Basilio Álvarez que durará toda a vida. Céntrase, xa de volta ao seu Cuntis natal en tempos dunha intensa actividade cultural, nas súas colaboracións no diario agrarista *Galicia Nueva*¸ n'*A Nosa Terra*, *El Ideal Gallego*, *El Noroeste*, pasando axiña a se integrar nas Irmandades da Fala e no movemento agrarista. Entre 1924 e 1928 percórrese a súa etapa viguesa á fronte das redaccións de *Galicia* e posteriormente *El Pueblo Gallego*. No que atinxe ao seu ideario político, sublíñase o seu fondo carácter republicano e a súa continua loita por acadar un estado autonómico para Galiza, así como a práctica dun xornalismo informativo, ético, consciente, combativo e consecuente, sen descoidar a calidade literaria. Finalmente, detense no relato da súa morte, acontecida o 4 de outubro de 1936, vítima do asasinato dos fascistas.

- Xosé Soengas Pérez, "Ben-Cho-Shey, entre a tradición popular e o xornalismo crítico", pp. 279-287.

Afonda na evidente idiosincrasia galega que se percibe no labor xornalístico de Xosé Ramón Fernández Oxea (1896-1988), máis coñecido polo seu pseudónimo Ben-Cho-Shey, da que constitúen unha proba evidente os seus artigos de investigación de carácter etnográfico e cultural en xornais como *El Progreso*, *Faro de Vigo*, *La Región*, *Diario de Pontevedra* ou *El Correo Gallego*. Identifica como constantes da súa obra as tradicións populares a reflexión política, nunha liña que compara cos artigos costumistas de Larra e próxima ao xornalismo de raigame literaria. Rastrexa a presenza da súa prolífica obra nos diferentes medios, destacando aspectos como a escrita do primeiro artigo en galego na posguerra, que publica en *La Noche* en 1947, e o rexeitamento que sufriu boa parte da súa produción polo conservadorismo dos xornais ante os seus posicionamentos críticos, a denuncia de inxustizas e a defensa da difusión do coñecemento.

- Alberto Romasanta, "Prensa e galeguismo: o labor xornalístico de Víctor Casas", pp. 289-299.

Perfil biográfico e ideolóxico de Víctor Casas (1900-1936) no que se destacan trazos como a carencia dunha formación académica regrada, que supliu cun amplo abano de inquedanzas culturais, a súa militancia no galeguismo e o seu fusilamento na Caeira o 12 de novembro de 1936. Analiza os vinte anos de xornalismo do autor en medios como *El Pueblo Gallego*, *El País*, *Heraldo de Galicia* e, especialmente, n'*A Nosa Terra*, que chegou a dirixir en 1931, nos que practicou unha escrita clara e sinxela e rica en recursos irónicos. Menciona entre os temas que máis atraeron a súa atención, os asuntos da vida cotiá, as vicisitudes da política internacional, os ensaios políticos e as análises da Galiza do seu tempo, asuntos que revelan a súa ampla capacidade de análise e o seu enfoque progresista e democrático.

- Xosé M. Millán Otero, "Johán Carballeira, un xornalista na vangarda", pp. 301-309.

Sitúa a Johán Carballeira, pseudónimo de José Francisco Gómez de la Cueva (1902-1936) na xeración de xornalistas que transformaron o estilo e a función da prensa a

partir dos anos vinte, dende a súa concepción como un axente modificador das mentalidades para rexenerar a realidade social. Fai fincapé na súa formación autodidacta, na súa estadía en Madrid en 1920, onde participa nos faladoiros de moda na cidade e na súa vinculación en Vigo coa mocidade vangardista –Dieste, Bal y Gay ou Maside–, e apunta que a súa dedicación exclusiva ao periodismo se produce entre 1925 e 1929 en *El Pueblo Gallego* para contribuír ao sustento familiar. Con respecto á súa decantación político-ideolóxica analiza a súa evolución dende un período de conflitivas relacións co galeguismo das Irmandades, co que sostivo acedas polémicas por mor da súa falta de sintonía co apoliticismo culturalista de Risco, a súa ambigua posición lingüística inicial e a crítica xeracional aos mestres literarios, até os seus contactos co núcleo republicano de Pontevedra, onde amiga con Castelao e Bóveda, que derivan finalmente na súa adhesión ao Partido Galeguista. Detense nos duros conflitos que viviu durante a súa etapa de alcalde de Bueu en 1936, na súa posterior detención e xuízo e no seu fusilamento en Pontevedra.

- Juan Soto, "Ánxel Fole, escritor en periódicos", pp. 311-321.

Da traxectoria xornalística de Ánxel Fole (1903-1986), Juan Soto destaca que se trata dun exercicio de periodismo literario que se inicia tardíamente e en lingua castelá. Apunta o nomeamento de Fole como membro de honra da Asociación da Prensa de Lugo, a súa participación na fundación de medios como *¡Ahora!*, órgano do Partido Republicano Radical Socialista e na dirección da revista *Yunque*, e as súas colaboracións en *El Pueblo Gallego* como correspondente en Lugo, onde comeza a escribir en galego e emprega o seu pseudónimo máis coñecido, Neumandro. Salienta ademais que coa chegada da Guerra Civil Fole queda sen tribuna e sen ingresos até que en 1943 retoma o contacto con *El Progreso*, onde mantivo seccións como "Kaleidoscopio de Lugo", "Cartafol de Lugo", "Tertulia del Sábado", "Punto final", "Novo do trinque", entre outras. Menciona tamén as súas colaboracións en *La Hoja del Lunes* dende 1962 a 1964 e noutros moitos medios da época, nos que deixou as súas brillantes colaboracións en forma de proclamas partidistas, artigos costumistas, etimoloxías, crónicas de viaxes, semblanzas de amigos, críticas indulxentes, lembranzas e autorizadas leccións.

- María Antonia Pérez Rodríguez, "O labor de Luís Seoane na prensa", pp. 323-338.

Detense no labor xornalístico desenvolvido por Luís Seoane (1910-1979) fundamentalmente na prensa da emigración, na que destaca a dirección de cabeceiras como *Galicia Libre* e colaboracións como debuxante en *Crítica* e *El Diario*, até se profesionalizar en medios como *Noticias Gráficas*. Salienta que na década dos corenta, Seoane intensifica o seu labor na prensa escrita participando en xornais como *Correo Literario*, *Cabalgata* e *Galicia Emigrante*, até chegar á súa derradeira empresa xornalística, *Cuco Rey, ¿cantos anos vivirei?*, que consta dun único exemplar datado en setembro de 1970.

- Xosé Francisco Armesto Faginas, "Cunqueiro, máis de medio século nos periódicos", pp. 339-356.

Comeza subliñado a precocidade de Álvaro Cunqueiro (1911-1981) no xornalismo, pois comezou a colaborar no mindoniense *Vallibria*, que dirixía Xosé Trapero Pardo, aos dezaoito anos, ademais de editar e dirixir *Galiza* e colaborar pouco despois nas páxinas

de *El Pueblo Gallego* –onde se ocupaba de temas literarios e artísticos e onde nace o novelista–, no falanxista *Era Azul* –no que ademais de articulista foi editorialista e redactor de todo tipo de notas–, nos donostiarras *La Voz de España* e *Vértice*, no madrileño *Abc* e en numerosos medios antes de que lle fose retirado o carné de periodista. Detense especialmente na súa participación en *Faro de Vigo* dende 1961, xornal que pasou a dirixir de 1964 a 1970.

Aneiros Díaz, Rosa, Xosé **López García**, Marta **Pérez Pereiro**, Víctor F. **Freixanes** (eds.), *Xornalistas con opinión*. *Escolma de textos*, Santiago de Compostela/Vigo: Consello da Cultura Galega/Editorial Galaxia, col. Ensaio-Comunicación, decembro 2007, 417 pp. (ISBN: 978-84-9865-043-3). ■

Segunda entrega do proxecto "Xornalistas con opinión", tras o volume dedicado ás biografías sobre os xornalistas escollidos. Nesta ocasión trátase dunha escolma de textos xornalísticos de opinión dende comezos do século XIX até os nosos días. O volume ábrese cun limiar de Xosé López García e Víctor F. Freixanes no que os autores reflexionan sobre o xornalismo de opinión e presentan a estrutura das seccións, organizadas cun criterio alfabético polo nome da ou do xornalista e nas que se inclúe unha breve biografía da autora ou autor en cuestión e mais unha selección de artigos da súa autoría. A escolma iníciase con textos de Manuel Pardo de Andrade (1760-1832) e remata con textos de Álvaro Cunqueiro (1911-1981). Ademais contén escritos xornalísticos de Concepción Arenal, Alfredo Vicenti, Emilia Pardo Bazán, Alfredo Brañas, Sofía Casanova, Basilio Álvarez, Antón Villar Ponte, Julio Camba, Xoán Xesús González, Wenceslao Fernández Flórez, Manuel Lustres Rivas, María Luz Morales, Roberto Blanco Torres, Ben-Cho-Shey, Víctor Casas, Johán Carballeira, Ánxel Fole e Luís Seoane. Finaliza cun apartado que inclue ás fichas comentadas dos medios xornalísticos que publicaron os artigos recollidos neste volume.

Becerra de Becerreá, Afonso, *Dramaturxia. Teoría e Práctica*, prólogo de María Xosé Queizán, Vigo: Xunta de Galicia/IGAEM/Editorial Galaxia, col. Biblioteca de teatro. Manuais, nº 9, marzo 2007, 321 pp. (ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4388-3/Galaxia: 978-84-7154-016-4). ■

Obra que se concibe como un manual no que se analizan aspectos centrais da disciplina da dramaturxia: os procesos que van do texto ao espectáculo, os textos na súa dimensión escénica ou o deseño virtual do espectáculo. En doce capítulos desenvólvese un estudo que parte de pregunta "Que é a dramaturxia?" para desenvolver outros aspectos como a linguaxe escénica, a análise do texto dramático, o discurso dos personaxes, a linguaxe non verbal, as formas dialogadas do monólogo ou o soliloquio, as múltiples clases de personaxe e a trama e ritmo da obra dramática. Estes doce capítulos van precedidos dun prólogo de María Xosé Queizán titulado "O teatro como xénero político" no cal a escritora, ademais de analizar a función poética do xénero teatral analiza tamén a súa vertente de literatura comprometida xa que considera que no teatro hai unha dimensión pública ao presentarse o texto directamente ao espectador e é ese o punto onde "esa actividade plural se converte no ámbito da política e da liberdade". Péchase o volume cun apartado de bibliografía e un índice onomástico.

Recensións:

- Camilo Franco, "A obra e as súas circunstancias", *La Voz de Galicia*, *"Culturas"*, nº 207, "Letras en galego", 21 abril 2007, p. 12.

Achégase ao traballo *Dramaturxia. Teoría e práctica*, de Alfonso Becerra de Becerrá que define como un manual adoito para se internar na dramaturxia concibida como "xogo de construción e perspectivas que ofrece a posibilidade da variación". Valora especialmente o feito de que o autor recorra a exemplos recoñecíbeis para o espectador galego e referentes inmeditatos na escena teatral como Roberto Vidal Bolaño, Cándido Pazó, Xesús Pisón ou Euloxio Ruibal, entre outros, o cal serve tamén para analizar as liñas transitadas polo teatro galego.

Referencias varias:

- C. Rodríguez, "Dramaturxia e dimensión pública: texto dramático", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 654, "Arquipélago", 29 abril 2007, p. 7.

Considera que a obra *Dramaturxia. Teoría e práctica* é un libro importante para entender, coñecer e interpretar o xénero teatral. Sinala que esta publicación é responsabilidade da Editorial Galaxia e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e a autoría pertence a Afonso Becerra de Becerreá. Presenta brevemente o autor e dá conta da estruturación do volume. Finalmente, engade que o prólogo está escrito por María Xosé Queizán.

- Mar Mato, "Galaxia recordará en un libro los 125 años de teatro gallego", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 28 marzo 2007, p. 43.

O artigo recolle a comunicación da próxima presentación dun libro que recollerá os 125 anos de teatro galego e que rememorará a primeira obra representada en galego en 1882, *A fonte do xuramento*, de Francisco de la Iglesia. O proxecto, levado a cabo pola Editorial Galaxia, conta co apoio da Escola Superior de Arte Dramática de Vigo. Aproveitando o Día Internacional do Teatro tamén se presentaron novos volumes da colección "Biblioteca de Teatro" impulsada por Galaxia, entre eles *Dramaturxia. Teoría e práctica*, de Alfonso Becerra, que recolle material didáctico. A comunicación iniciou a súa homenaxe recitando un manifesto do sultán Bin Mohammed Al Qasimi eloxiando o teatro.

- Xosé Carlos Caneiro, "Cemento e cemiterios", *La Voz de Galicia*, *"Culturas"*, nº 229, "Club Dandi", 22 setembro 2007, p. 13.

Reflexiona sobre a situación do teatro galego actual que, ao seu ver, "perece por inanición e por deshábito" malia a existencia de coleccións como a "Biblioteca de teatro" de Galaxia ou a "Biblioteca Dramática Galega" de Xerais. Sinala que malia a defensa do xénero que practican as editoras, a Xunta e mesmo a calidade dos autores, a falta de costume de asistir aos teatros e a súa ausencia no sistema educativo converten o teatro, como a cultura en xeral, nun elemento residual e marxinal. Defende a necesidade de poñer en práctica novas políticas teatrais e culturais que procuren a excelencia e a estimulación do público. As súas apreciacións xorden ao fío da lectura de *Dramaturxia.*

Teoría e práctica, de Afonso Becerra, *O caso Otero*, de Guede Oliva e *Casa de bonecas*, de Ibsen.

Beramendi, Justo, *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia, xullo 2007, 1244 pp. (ISBN Xerais: 978-84-9782-640-2/ISBN Fundación Caixa Galicia: 978-84-96494-96-9). ■

Este extenso estudo de Justo Beramendi González (Madrid, 1941) comeza cun "Limiar", datado en Santiago en outubro de 2005, onde o seu autor comenta que este traballo é o resultado de vinte e cinco anos de esforzos que comezaron en 1979 cunha tese de licenciatura sobre Vicente Risco e proseguiron en 1984 cunha tese de doutoramento sobre o nacionalismo galego. Tamén explica a estrutura e organización de *De provincia a nación. Historia do galeguismo político* e dálles as grazas a numerosas persoas, con mención especial a Francisco F. del Riego e mais a Luís Losada Espinosa. Despois deste limiar a estrutura do libro presenta unha "Introdución" na que o autor explica o modelo analítico que seguiu para realizar este estudo e a seguir está a súa aplicación, que conta con catro bloques xebrados en dezaoito capítulos. As tres primeiras partes dedícanse a cada unha das tres fases do galeguismo de anteguerra: provincialismo, rexionalismo e nacionalismo. Na primeira, "O provincialismo", analiza en catro capítulos o nacemento do galeguismo co provincialismo, fala do seu ideario, do seu desenvolvemento e céntrase na figura e no pensamento de Manuel Murguía. A segunda, "O rexionalismo", dividida en catro capítulos, repasa a situación de Galiza na Restauración, o ideario rexionalista, as primeiras organizacións políticas e o rexionalismo solidario. A terceira, "O nacionalismo de anteguerra", estuda en nove capítulos o nacemento do nacionalismo galego, a teoría de Vicente Risco, as ideoloxías nacionalistas até 1936/1950, o concepto de Galiza-nación, as Irmandades da Fala, o nacionalismo baixo a ditadura e a República, a constitución do Partido Galeguista, da Fronte Popular e o Estatuto de Autonomía. No epílogo, titulado "A segunda metade do século XX", e que conta cun só capítulo "Da noite ó novo abrente", ofrécese de xeito panorámico o devir do nacionalismo galego dende o verán de 1936, co inicio da ditadura franquista, até o verán de 2005 cando por primeira vez o galeguismo político, da man do BNG, accede democraticamente ao cogoberno de Galiza. Finalmente, catro apartados pechan este amplo estudo: "Bibliografía e fontes impresas non periódicas", "Abreviaturas utilizadas", "Índice de lugares, persoas e entidades" e mais un "Índice".

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Todo o Galeguismo", *La Voz de Galicia*, *"Culturas"*, nº 230, "Letras en galego", 29 setembro 2007, p. 11.

Ramón Nicolás comeza a súa recensión facendo referencia á enorme atención mediática que está a suscitar a publicación de *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, de Justo Beramendi, o cal proba, ademais, o interese que suscita nos últimos tempos a difusión da historia galega. Valora como un acerto o emprego dunha linguaxe que, sen perder o seu carácter rigoroso, cumpre o seu obxectivo divulgativo. Percorre as seccións nas que se divide o volume e salienta a profusa documentación que manexa o autor, o seu diálogo activo coas fontes e a especial atencidón dedicada á actividade de

Vicente Risco nos tempos das Irmandades da Fala. Remata considerando o estudo como unha plataforma de consulta obrigada.

- Manuel M. Barreiro, "O galeguismo en concreto", *Protexta*, nº 4, "proPostas", outono 2007, p. 21.

Comenta que *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, de Justo Beramendi, xunto con *Historia da Educación e da Cultura en Galicia*, de Antón Costa, son dúas das mellores contribucións para o estudo da historia das ideas en Galicia, pois ambas teñen tras de si unha rigorosa elaboración cunha narrativa de calidade e son resultado dunha profunda investigación. Salienta que Beramendi en *De provincia a nación* fai un estudo da ideoloxía galeguista baseado na revisión crítica dos seus máis de trinta libros e artigos publicados e onde se mostra o galeguismo como unha arma de mobilización cidadá, sobre todo no período republicano. Finalmente, Manuel M. Barreiro afirma que esta é unha obra imprescindíbel para coñecer a construción de Galicia como nación e non como provincia ou coñecer o nacionalismo como forza democrática dun novo pobo.

Referencias varias:

- Manuel P. Rúa, "Justo Beramendi e Ramón Villares. Unha revisión crítica do nacionalismo galego contemporáneo", *Protexta*, nº 4, "proTagonista", outono 2007, pp. 18-21.

Entrevista a Justo Beramendi e Ramón Villares na que ambos os estudosos coinciden en que a investigación e a transmisión da historia adoitan primar o rigor analítico e científico e que antes se estudaba só no ensino mediante libros mentres que na actualidade, como se le pouco, búscanse outros medios de transmisión como a televisión (con documentais ou best-sellers), exposicións, museos, etc. Sinalan que os historiadores contan o que lle pasa a unha sociedade reflexionando sobre o pasado para dar conta dos problemas do presente tales como a guerra, a igualdade de xénero, as nacións, os estados, etc. Din que o nacionalismo galego nunca tivo o éxito esperábel por varios motivos: foi moi cambiante (primeiro invocaba unha rexión, despois unha cultura galega, máis tarde a nación galega), a poboación non se recoñece nos seus líderes (isto xa pasaba na Xeración Nós) e non ten o apoio dos grupos sociais con poder. Opinan que a guerra truncou a consolidación do Partido Galeguista, así aínda hai problemas xurdidos daquela que están sen resolver e por iso cren que hoxe non sería posíbel un estado dependente pero si unha España republicana, democrática e federal. Finalmente cren que nos anos sesenta e setenta houbo unha pretensión fallida de galeguizar todos os partidos e, en lugar diso, deberían centrarse máis en refundar o Partido Galeguista para evitar o galeguismo temperado do Partido Popular ou o nacionalismo radical (por exemplo, a Unión do Pobo Galego antepuxo a súa ideoloxía á situación política do momento o que provocou que Galicia non tivese influencia na transición).

Biscaínho Fernandes, Carlos Caetano, *A Escola Dramática Galega na configuración do sistema teatral*, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Ensaio, n.º 215, 624 pp. (ISBN: 978-84-8487-114-2).

Volume preparado por Carlos Caetano Biscaínho Fernandes (A Coruña, 1968) a partir da tese de doturoamento "A Escola Dramática Galega na configuración do sistema galego de produción teatral (1978-1994)", dirixida por Laura Tato Fontaíña e defendida en xuño de 2006. Ábrese cunha "Presentación" do autor na que se comentan brevemente algunhas das actividades realizadas pola Esocla ou ao redor dela e na que se anuncia a importancia desta institución. A seguir, sinálanse os paradigmas metodolóxicos en que se enmarca este traballo, para finalmente, Biscaínho Fernandes citar a aqueles traballos nos que se reflexionan dalgún xeito sobre o teatro, tanto entendido como texto literario como espectáculo, máis concretamente os traballos que prestaron atención á Escola Dramática Galega e das fontes que se tiveron en conta neste traballo. Seguen á "Presentación" cinco apartados titulados "Un proceso de lexitimación paralelo: o sistema teatral galego e a EDG", "O papel da EDG na planificación teatral pre-autonómica (1978-1980)", "O sistema teatral no incipiente marco autonómico (1981-1984). A posición da EDG", "A consolidación da renuncia diante dos repertorios galegos (1985-1987)" e "A definitiva marxinalización da EDG no sistema galego de produción teatral (1988-1994). O fin da Cooperativa" nos que se analiza polo miúdo a historia desta institución e se dá conta do que supuxo para a configuración do sistema teatral galego.

Recensións:

- Manuel F. Vieites, "A Escola Gramática Galega na configuración do sistema teatral", *Revista Galega de Teatro*, n.º 52, "Libros", outono 2007, pp. 104-105.

Explícase que a denominación "Escola Dramática Galega" pode aplicarse a lo menos a tres agrupacións escénicas: unha creada por Eduardo Sánchez Miño; outra creada en 1922 por Leandro Carré Alvarellos, na Irmandade da Fala da Coruña; e a creada en 1978, cando persoas do Teatro Circo crean unha corporativa orientada á creación, a formación e a investigación, a cal rematou en 2001. Precísase que esta monografía analiza a terceira andaina, estruturándose en cinco capítulos que ofrecen unha panorámica do desenvolvemento desta agrupación escénica, ademais de relatar a súa historia. Infórmase que no primeiro capítulo se plasma a "transición entre Teatro Circo e a EDG". Continúase coa análise dalgunhas etapas de desenvolvemento e a fin da agrupación escénica: o período pre-autonómico, no segundo capítulo; dende a constitución da Compañía de Luís Seoane até a creación do CDG, no terceiro; dende a presentación pública do CDG até a disolución da Compañía de Luís Seoane, no cuarto; e o quinto capítulo coa disolución da cooperativa, por "marxinalización" e "nefasta política teatral promovida" dende a Consellería de Cultura e o CDG. Aclárase que todos os capítulos describen minuciosamente feitos e fitos do campo teatral galego, ben dende unha perspectiva global, ben dende outra particular. Conclúese indicando que se trata "dun traballo interesante", do que cómpre valorar "o esforzo documental do autor". Dánselle os parabéns ao autor porque, a pesar de encontrar descricións e interpretacións de feitos que non se axustan a percepcións doutras persoas que viviron daquela, "a Historia non deixa de ser unha suma de historias e relatos".

- Inma López Silva, "Memoria da EDG", *Protexta*, nº 5, "Propostas", inverno 07/08, p. 17.

Inma López Silva cualifica a monografía realizada por Carlos Caetano Biscaínho Fernandes, *A Escola Dramática Galega na configuración do Sistema teatral galego* como unha obra necesaria non só porque recupera a historia recente do teatro galego, senón tamén porque ofrece un complemento do sistema teatral actual a través da actividade da Escola Dramática Galega dende os seus comezos até os nosos días. Valora especialmente que o estudo faga fincapé na aventura, docente e artística, que supuxo esta institución, posta en marcha grazas a "activistas" como Manuel Lourenzo, Francisco Pillado ou Antón Lamapereira, e nas súas relacións con outros axentes culturais galegos, como os *Cadernos da EDG*, o Concurso de Teatro Breve, a creación da Sala Luís Seoane e a inauguración da investigación teatral. Apunta tamén que Biscaínho recorre á prensa periódica como fonte de información o cal, ao seu ver, "conduce o autor, en ocasións, a lecturas parciais dalgúns feitos", algo que aínda así non desmerece os contidos do libro, "un exercicio de xustiza memorística".

- Inma López Silva, "A aventura da Escola Dramática Galega", *Grial*, nº 176, "O espello das letras", outubro-novembro-decembro 2007, pp. 84-85.

O interese do estudo *A Escola Dramática Galega na configuración do sistema teatral* (2007) radica, en palabras de Inma López Silva, no artellamento dunha historia global da configuración do sistema teatral galego tomando como punto de partida a iniciativa docente e artística da Escola Dramática Galega. Salienta que, ademais do diálogo estabelecido polo libro con outras publicacións e investigacións, ao longo do libro Carlos Caetano Biscaínho demostra a estreita relación entre a existencia da Escola Dramática Galega e outras institucións do teatro galego. O erro da construción do volume provén, segundo a articulista, do recurso constante á prensa periódica da época como fonte de información, tendo como resultado datos erróneos sobre determinados feitos e unha lectura parcial.

Referencias varias:

- C. Rodríguez, "A dignificación do teatro: A Escola Dramática Galega", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 659, "Arquipélago", 2 xuño 2007, p. 7.

Sinala que Carlos Caetano Biscaínho leva moitos anos dedicado ao ámbito da dramaturxia como estudoso e como protagonista director da realidade artística, de aí que considere que o seu estudo *A Escola Dramática Galega na configuración do sistema teatral* enche un baleiro importante para entender a historia do teatro galego en xeral e a importancia da Escola Dramática Galega en particular. Apunta que en torno a esta institución apareceron outras actividades culturais salientábeis, tales como a convocatoria dun certame de Teatro Breve ou a recuperación de textos teatrais da historia escénica galega.

Borrazás, Xurxo, *Arte e parte. Dos patriarcas á arte suicida*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Ensaio e Investigación, nº 35, 2007, 190 pp. (ISBN: 978-84-7154-066-9).

Xurxo Borrazás (Carballo, 1963) achega neste volume as súas reflexións arredor de temas relacionados co mundo cultural galego dende a súa independencia moral e intelectual e fóra dos circuítos institucionalizados. Partindo da premisa do momento de

crise que se vive en Galiza e da necesidade de repensar o carácter da arte contemporánea, a realidade social, política e artística, Borrazás vai cuestionando afirmacións de Otero Pedrayo –tales como o que a cultura galega a conformen os produtos artísticos, que el considera xustamente ao revés, xa que considera que son os produtos artísticos os que definen a cultura galega; ou a consideración de Otero Pedrayo a respecto de Pondal e Rosalía de Castro como escritores indiferentes aos tempos, cando, ao seu ver, calquera autor é o produto dunhas circunstancias e non é indiferente ao devir histórico. Apunta tamén que un dos propósitos deste ensaio é dilucidar a función e entidade do escritor, co fin de que o público poida valorar os discursos dun axente coa profesión escribir. Para Borrazás é importante partir da diferenza entre a persoa física e o que representa ser escritor, que el identifica coa figura do pallaso. Como mostra do enfrontamento entre estas realidades, sinala que nalgúns casos admiramos o escritor pero temos reservas fronte á persoa, feito que nos impide lelo con naturalidade; noutros casos non se coñece a persoa, pero iso non impide que critiquemos o escritor. Pon en dúbida a homoxeneidade e mesmo a existencia da literatura galega, ao tempo que trata temas como a esencia da literatura, a relación entre arte e compromiso, a escrita en lingua galega, a liberdade do escritor, a existencia ou non de obras mestras, as peculiares características que percibe no sistema literario galego ou reflexións centradas na política do actual goberno.

Recensións:

- Camilo Franco, "Que alguén desperte á aboa", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 217, 30 xuño 2007, p. 14.

Percibe un debate intenso e constante na proposta de Xurxo Borrazás, *Arte e parte*, así como a presenza dalgunhas singularidades. En primeiro lugar a intención de ofrecer novos puntos de vista; en segundo termo o seu carácter á marxe dunha vontade meramente instrumental; e en terceiro lugar, o feito de ser a contribución e a perspectiva dun escritor sobre o sistema literario. Tamén valora do libro que proporciona instrumentos para tomar distancia de mitos e tópicos instalados nas culturas que se negan a autoanalizarse, para advertir as liñas marxinais do sistema e mesmo para entender as múltiples convencións asentadas na construción de calquera sistema literario. Conclúe sinalando que Borrazás defende o non intervencionismo gobernamental na cultura e "a eliminación do bo rollo cultural como método de relación".

- Inmaculada Otero Varela, "Identidade, ficción e sistema literario galego", *Grial*, n.º 175, xullo-agosto-setembro 2007, pp. 128-129.

Refírese ao ensaio de Xurxo Borrazás, *Arte e Parte. Dos patriarcas á arte suicida* por parte de Xurxo Borrazás, do cal destaca a crítica severa que realiza o autor ao sistema literario-cultural galego, así como a súa valentía á hora de reflexionar sobre o fenómeno artístico e literario en xeral, e sobre o sistema literario en galego, en particular. Apunta que Xurxo Borrazás recorre a imaxe do francotirador que apunta e dispara, non aos inimigos, senón aos seus aliados, é dicir, fai unha autocrítica "hixiénica aínda que perversa", e pon no seu sitio a crítica, os premios, os límites do mercado galego, as editoriais, as institucións, conformando unha crítica que vai máis aló do literario, para abranguer o social e ideolóxico. Inmaculada Otero afirma que este ensaio é coherente co

resto da produción deste autor, aínda que a el non lle gusten as visións de conxunto.

- Xosé Feixó, "Facer partícipe ao lector", *Faro de Vigo*, *"Faro da Cultura"*, nº 220, 11 outubro 2007, p. V.

Sinala o recensionista que as entregas anteriores no campo do ensaio de Xurxo Borrazás –*O desintegrista* (1999) e *Pensamentos impuros* (2002)– constitúen as antesalas do volume *Arte e parte*, onde recoñece a inclusión de aspectos fundamentalmente galegos e cuestións comúns a case todas as culturas. Apunta que boa parte das consideracións obrigan á reflexión, "asentindo, disentindo, engadindo, suprimindo, matizando, afondando, simplificando...", o cal conduce ao gran mérito desta achega: facer partícipe ao lector. Salienta tamén a gran variedade de temas tratados por Borrazás, dende tópicos de todos os tempos (o oficio do escritor, a esencia da literatura, a relación entre arte e compromiso), temas que atinxen á realidade galega (relación entre creadores e lingua, circuítos editoriais, crítica, premios), até reflexións sobre aspectos puramente políticos.

- Daniel Salgado, "Contra as ideas redondas", *Protexta,* n.º 4, "proTagonista", outono 2007, p. 4.

A propósito de *Arte e parte. Dos patriarcas á arte suicida*, de Xurxo Borrazás, Daniel Salgado sinala que o ensaio mestura reflexións incisivas con lugares comúns e cualifica como o máis contundente dos seus asertos a afirmación que sinala a inexistencia da literatura galega. Salienta ademais que Borrazás reclama a desfiloloxización das letras en Galiza e critica a política levada a cabo polo nacionalismo institucionalizado, nun ensaio que define como "unha colección de opinións xustapostas" que, en ocasións, "revela falta de matiz e superficialidade de apreciación".

- Gabriel Pérez, "A contrafío", *Protexta,* n.º 4, "proTagonista", outono 2007, p. 5.

Afirma que Xurxo Borrazás é un escritor rompedor, que propugna unha renovación estética dos discursos literarios e culturais. A súa obra, segundo Gabriel Pérez, está influenciada por escritores ingleses e norteamericanos, polo que fai uso dunha prosa sinxela pero desorganizada que require un lector activo. Así, Borrazás practica un posmodernismo adaptado á realidade galega en obras como *Cabeza de chorlito* (1991), *Criminal* (1994), que foi gañadora do Premio da Crítica Española e do San Clemente de lectores, *Eu é* (1996) ou *Na maleta* (2000) gañadora do Losada Diéguez. Para rematar lémbranos que no ensaio *Arte e parte* fai unha reflexión acerca da cultura galega, "a modo de manual de instrucións e conversas de taberna, que trae con ela vento mareiro".

Referencias varias:

- Daniel Salgado, "A escrita como intervención", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 9 marzo 2007, pp. 42-43.

Comenta a importancia que está a ter na actualidade a produción ensaística galega. Explica que en períodos de reconstrución, o xénero prioritario é a poesía e dá conta da historia do ensaio galego. A primeira achega ensaística apareceu cos homes da Xeración Nós e consolidouse coa Editorial Galaxia até chegar á actualidade, onde o ensaio "goza de boa saúde". De seguido, comenta algúns dos temas máis tratados nas obras

ensaísticas e fai referencia a obras que versan sobre a poesía feminina galega, como a obra de Helena González, *Elas e o paraugas totalizador* (2005), ou a de María do Cebreiro, *As terceiras mulleres* (2005). A continuación, céntrase nos ensaios realizados sobre a reflexión literaria e propón as seguintes obras: *Os dominios de Caín*, de Xosé Carlos Caneiro (2006); *O sol de Homero* (2002), de Xavier Seoane; e *Arte e parte* de Xurxo Borrazás; ademais salienta a importancia da celebración do Día das Letras Galegas para a creación de ensaios. Por último, comenta a publicación de ensaios de tema político e de traducións de obras estranxeiras. Continuando coa recensión, achega as opinións de Rebeca Baceiredo, gañadora do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2005 con *O suxeito posmoderno: entre a estética e o consumo*, os comentarios do psiquiatra Alexandre García Caballero e, finalmente, de Xosé Luís Barreiro sobre o ensaio galego actual.

- Manuel Vidal Villaverde, "Arte e parte", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 352, "Musas", 20 maio 2007, p. 39.

Entrevista a Xurxo Borrazás a raíz da publicación do seu libro *Arte e parte*. O autor considera que esta obra é o resultado da súa necesidade de explicar unha serie de situacións que observaba na cultura e na sociedade galega, a partir "dunha xuntanza de escritores en Vilanova de Cerveira" na que debateron sobre a relación entre a literatura e a "identidade de Galiza". Outras cuestións que aparecen nesta entrevista teñen que ver coa novela galega ou con que xénero se sente máis cómodo Borrazás cando escribe.

- C. Rodríguez, "Conceptos culturais e lugares de conflito", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 662, "Arquipélago", 22 xuño 2007, p. 7.

Despois dunha presentación de Xurxo Borrazás, pasa a comentar a súa nova publicación, *Arte e parte. Dos patriarcas á arte suicida*, que acaba de ser publicado en Galaxia, na colección "Ensaio". Incide en que é unha obra combativa que fai un percorrido pola historia, a realidade, a literatura, a lingua, o universo editorial ou os conflitos que se xeran entre os individuos.

- maré, "O humanismo tráxico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 xuño 2007, p. 29.

Nota referida á obra de Xurxo Borrazás, *Arte e parte* na que se salienta que o autor considera a Política Lingüística do país como propaganda antigalega coidadosamente deseñada. Indícase tamén que a obra aborda, entre outros temas, unha reflexión sobre a relación entre a literatura e a autoría.

- Xosé Carlos Caneiro, "Profesor Villanueva", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 217, 30 xuño 2007, p. 14.

Recomenda pola súa calidade a lectura do ensaio *Eidos do xornalismo*, de Carlos Reigosa, porque, segundo afirma Caneiro, aborda a desaparición dos xornalistas vocacionais que no mundo actual "parecen máis ideólogos que contadores da verdade". Tamén recomenda "con vehemencia" *Arte e parte*, de Xurxo Borrazás, afirmando: "non me importa estar en desacordo con moitas das afirmacións do autor. Non me importa que eu puidera dicir todo o contrario, ou non. Impórtame que neste país aínda amordazado os autores poidan dicir, argumentando, todo o que queiran dicir". Finalmente recomenda tamén o poemario *Filoxenia do sangue* (2006), de Xabier Paz, e

confésase devoto deste autor. Aproveita para lembrar que Xavier Paz acaba de ser designado comoo candidato para ocupar unha praza numeraria na Real Academia Española. Conclúe expresando a súa ledicia pola entrada de Darío Villanueva na RAE, "un sabio galego que é tan sabio que incluso os seus fieis non alcanzamos a supoñer a súa altura".

- X.G.G., "Literatura e galeguidade da man herética de Borrazás", *A Nosa Terra*, nº 1.276, "Cultura", 12-18 xullo 2007, p. 27.

Presenta este novo libro de Xurxo Borrazás e sinala que trata diferentes cuestións da vida literaria galega, sobre a que o autor vai reflexionando e dando a súa opinión.

- Xosé M. Eyré, "Arte, literatura e arredores da vida", *A Nosa Terra*, n.º 1277, "Cultura",19-25 xullo 2007, p. 26.

Salienta, despois de dar a benvida a esta nova publicación de Xurxo Borrazás, que a propia caracterización do autor como ateo, republicano e algo anarquista axuda a entender esta obra, que, segundo Eyré, non foxe da contradición. Reflexiona sobre as opinións de Borrazás a respecto da novela galega e comenta a estrutura do volume.

- Iago Martínez, "Xurxo Borrazás: 'En Galicia hai espazo para os discursos críticos pero hai que ocupalo", *Protexta*, n.º 4, "proTagonista", outono 2007, pp. 2-5.

Iago Martínez entrevista a Xurxo Borrazás con motivo da publicación do seu ensaio *Arte e parte*. A conversa comeza salientando as diferenzas existentes entre a edición galega da novela *Ser ou non ser* (Galaxia, 2004) e a súa tradución ao castelán –publicada pola editorial Caballo de Troya–, na que se eliminou o discurso crítico arredor da institución literaria galega. A seguir, Borrazás opina sobre a inexistencia dunha crítica libre en Galiza, onde todo o mundo se coñece e se limitan as consideracións para non ferir. Considera que a lingua é máis importante que a literatura porque esta é unha diversión mentres que aquela "afecta ao ser, á esencia de Galicia". Neste sentido cre que se escolleu unha mala norma lingüística e que as políticas de promoción son erradas. Concibe o escritor como creador libre e maniféstase partidario dos discursos persoais afastados dos centrais. Afirma que co seu ensaio pretendeu acender o debate e rebélase contra a etiqueta "literatura galega" entendida como grupo de galegos que escriben, xa que el cre nos escritores individuais. Confésase lector da literatura de fóra e cre que hai dúas tradicións de creadores galegos: aqueles cos que a xente se identifica, como Rosalía, e cos que non. Afirma non ter interese por ser canonizado. Para rematar di que na cultura galega aínda teñen moita influencia os escritores dos anos cincuenta, o cal provoca un evidente estancamento.

Cabana, Darío Xohán, *Cunqueiro e Don Hamlet en Lugo (San Froilán, 1959)*, Lugo: Concellería de Cultura. Concello de Lugo, col. San Froilán dos devanceiros, nº 4, 2007, 156 pp. (ISBN: 978-84-935780-0-8). ◆

Darío Xohán Cabana (Roás, 1952) ofrece nesta publicación a crónica da estrea da obra teatral de Álvaro Cunqueiro *O incerto señor Don Hamlet* que tivo lugar en Lugo o 11 de outubro de 1959, no coñecido como o Domingo das Mozas do San Froilán. A obra ábrese cun texto introdutorio no que Cabana repasa a traxectoria do mindoniense nos

primeiros anos de posguerra, para centrarse a seguir na xénese da obra, xa que Cunqueiro adiantara a súa idea de escribila nun artigo publicado en *La Voz de Galicia* en 1956. Incídese tamén na prohición da censura por considerala inmoral, despois de que Antonio Naveyra contactara con Cunqueiro para se encargar da dirección, e como Manuel Fraga desbloqueou a prohibición e puido estrearse na Coruña. Cabana explica, xa máis polo miúdo, a súa representación nas festas de San Froilán. O estudo complétase cun apéndice no que se inclúen entrevistas, fotografías, críticas da época, que dan conta dos intentos dos amigos de Cunqueiro por arroupar a peza nun contexto hostil para a cultura e a lingua galegas, e cartas privadas entre Cunqueiro e Fole e outros persoeiros do momento.

Recensións:

- Xesús Mato, "*Cunqueiro e don Hamlet en Lugo (San Froilán, 1959)*, 2007", *Lvcensia. Miscelánea de Cultura e Investigación*, nº 35 (Vol. XVII), 2007, "Libros", pp. 389-390.

A crítica comeza explicando o contexto no que nace a obra de Darío Xoán Cabana *Cunqueiro e don Hamlet en Lugo*, que enriquece o patrimonio cultural de Lugo e o valor que a peza ten na dignificación do galego, que o escritor mindoniense pon na boca de reis. Apúntase que o libro de Cabana resalta a importancia da obra *Don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro no rexurdir do teatro galego de posguerra e valórase moi positivamente a obra, escrita cun estilo narrativo minucioso, moi doado de entender e con gran a seriedade e rigor na súa elaboración e na boa presentación, pois inclúe interesantes notas explicativas. Dise que o libro contén un amplo apéndice documental do Grupo de Teatro de Cámara de ACI da Coruña, así como cartas, comentarios e artigos de escritores e personaxes famosos do mundo xornalístico, literario e intelectual da época.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, "Darío Xohán Cabana reconstrúe a xénese do 'Hamlet' de Cunqueiro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 decembro 2007, p. 70.

Xesús Fraga informa da publicación *Cunqueiro e Don Hamlet en Lugo (San Froilán, 1959)*, traballo da autoría de Darío Xohán Cabana. Transmite o parecer do autor arredor da relevancia da representación do *Hamlet* de Cunqueiro no ano 1959, durante a ditadura franquista, que define como todo un acontecemento cultural que soubo pasar por riba da censura do réxime colocando en escena personaxes universais da nobreza a falar galego. A noticia recolle que Cunqueiro ideou a peza en 1956 e para conseguir representala, tras a oposición da censura, interveu Manuel Fraga. Ademais, Xesús Fraga alude á aparición doutros dous libros sobre o escritor mindoniense e unha exposición na Galería Sargadelos de Barcelona titulada *Onde está Álvaro Cunqueiro?*, que fai referencia á imaxinación do mindoniense.

Calvo, J. Luis e Yago **Rodríguez Yáñez**, *Conversas con Darío Xohán Cabana. Vida e escrita*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 2007, 292 pp. (ISBN: 978-84-9782-538-2).

Conversas con Darío Xohán Cabana. Vida e escrita, como o mesmo título indica, é o resultado de longas horas de conversas cunha figura destacada da literatura e da cultura galega actual, Darío Xohán Cabana. O libro estrutúrase en catro apartados principais: "Vida e Literatura", "Poesía", "Narrativa" e "Tradución". A partir destas denominacións xerais os autores do libro achéganse á figura e obra de Darío Xohán Cabana. Tamén se inclúen nos "Apéndices" unha cronoloxía e mais unha completa bibliografía do autor. Ao longo da entrevista o escritor vai facendo referencia á súa traxectoria persoal, intelectual e cívica, insistindo especialmente nos anos vigueses da década dos sesenta, que cualifica de fundamentais na súa formación política e literaria, ao abeiro da UPG e Méndez Ferrín. O libro aborda unha multitude de temas: o papel vital na historia da literatura galega que Cabana atribúe á xeración dos cincuenta (Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Novoneyra, Xohana Torres…), que, segundo el, son fundamentais na constitución da literatura galega, basicamente polo seu decidido monolingüísmo galego ou o universalismo dos seus temas e técnicas. Tamén reflexiona sobre o contido dos libros de texto dos rapaces, sobre o pouco coñecemento que os alumnos galegos teñen da Historia de Galicia ou da Historia da Arte. Do mesmo xeito, defende a presenza da literatura no ensino, reivindicando sobre todo a poesía. O segundo, terceiro e cuarto bloque do libro dedícanse á análise da produción literaria do autor e á reflexión sobre a importancia da tradución, especialmente no caso das obras dirixidas aos máis novos que, ao seu ver, presentan "unha lingua pobre, acartonada, castelanizada en canto á sintaxe… que caen das mans polo mal galego que empregan".

Recensións:

- Vicente Araguas, "Vivir como se fala", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 450, "Libros", 14 outubro 2007, p. 22.

Salienta que se trata dun libro de entrevistas do poeta chairego na que o seu autor reivindica as súas orixes e fala de literatura, de política e de toda unha serie de preocupacións que Darío Xohán Cabana foi deixando caer nestas conversas e nas súas obras.

- Armando Requeixo, "Galván en Romeán", *Faro de Vigo / La Opinión*, *"Faro da Cultura"/"Saberes"*, n.º 223 / nº 160, 1 novembro 2007 /10 novembro 2007, p. IV / p. 6.

Aplaude a publicación do libro *Conversas con Darío Xohán Cabana. Vida e escrita* por parte de J. Luís Calvo e Yago Rodríguez Yáñez, ao de tratar dun achegamento a un "autor de indubidable relevo nas letras galegas contemporáneas". Dá conta da estruturación do volume en catro apartados e apunta que neles Darío Xohán Cabana se refire ao seus comezos na literatura e ás súas relacións con outros creadores galegos, e opina sobre certos libros e autores actuais, o cal converte esta achega nunha recomendábel lectura para documentar, baixo a óptica dun dos seus protagonistas, os últimos corenta anos da historia da literatura galega. Porén, apunta que non lle acaen ao traballo os excesos admirativos e mesmo hiperbólicos expresados polos autores no prólogo, malia apuntaren a súa falta de "adhesión interesada ou cega".

- Xosé M. González, "*Conversas con Darío Xohán Cabana. Vida e escrita*, 2007", *Lvcensia. Miscelánea de Cultura e Investigación*, nº 35 (Vol. XVII), "Libros", 2007, p. 393.

Comentario sobre o libro de J. Luís Calvo e Yago Rodríguez Yánez *Conversas con Darío Xohán Cabana. Vida e escrita*. Explícase que se trata dun libro de conversas que combina a parte biográfica e literaria do escritor, a súa traxectoria persoal e ideolóxica e reflexións sobre a creación literaria. Saliéntase que na parte literaria ofrece claves sobre os procesos de elaboración literaria do autor como poeta ou narrador, trata da tradución de clásicos occidentais e da reflexión e teorización sobre o sistema literario galego contemporáneo.

Referencias varias:

- R.L., "Reigosa y Darío Xohán Cabana reflexionan sobre su vida en sendos libros de Xerais", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 setembro 2007, p. 49.
Tamén en O misterio de Carlos G. Reigosa.

Faise eco da publicación de dous libros de converas, o de Darío Xohán Cabana e *O misterio de Carlos G.* Reigosa, obras nas que os entrevistados reflexionan sobre a súa vida, a literatura e a sociedade en xeral tal como eles a viviron e viven.

- X.C., "A patria de Darío", *A Nosa Terra*, nº 1.282, "Cultura", Do 27 setembro ao 3 outubro 2007, p. 30.

Percorre os contidos do libro *Conversas con Darío Xohán Cabana* escrito por J. Luis Calvo e Yago Rodríguez Yáñez, identificando temas como o as opinións que deita o entrevistado sobre escritores queridos ou non, as súas ideas políticas ou a reivindicación da lingua galega. Apoiándose en citas tomadas do libro, subliña a emoción que subxace na lembranza da estirpe familiar, o seu carácter de escritor monolingüe e a reivindicación dos que considera os seus mestres: Xosé María Álvarez Blázquez, Manuel María e Ferrín.

- Marcos Valcárcel, "Darío Xohán Cabana", *La Región / Galicia Hoxe*, "Pan por pan" / "Andoliña", 21 outubro 2007 / 27 outubro 2007, p. 85 / p. 40.

Invita os lectores a compartir conversa con Darío Xohán Cabana coa lectura do libro de J. Luís Calvo e Yago Rodríguez, *Conversas con Darío Xohán Cabana*. Ademais de situar a Cabana dentro da xeración dos grandes poetas, a carón de Méndez Ferrín e Manuel María, salienta que no libro fala da súa infancia, do seu amor pola lingua, da cultura galega e das pegadas culturais que o marcaron: Xosé María Álvarez Blázquez, Manuel María, Alonso Montero, Rábade Paredes ou Novoneyra.

Caño, Xosé Manuel del, *O misterio de Carlos G. Reigosa*. *Conversas*, prólogo de Ramón Villares, introd. de Alfonso S. Palomares, epílogo de Alfredo Bryce Echenique, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 2007, 323 pp. (ISBN: 978-84-9782-565-8).

O presente volume ábrese cun prólogo de Ramón Villares no que tras se referir aos libros de conversas como un xénero especial da escrita que conxuga a expresión do pensamento do entrevistado coa pericia do entrevistador, cualifica o resultado acadado por Xosé Manuel del Caño e Carlos G. Reigosa no presente volume de excelente. En referencia ao misterio que segundo o título rodea a Reigosa, ten para si que este reside nos eidos de Tras da Corda, na infancia e na familia, referentes do seu universo literario. Valora a claridade coa que se expresa o autor, "sen solemnidades nin reservas, sen críticas aos demais nin vontade de fixar ortodoxias", nunha prosa directa e eficaz, acaída a un escritor para o gran público. Finalmente, repara nalgunhas ideas que abrollan nestas conversas de forma sistemática, como a comparación da creación dunha obra literaria co mesmo ritmo que unha zoca nas mans dun zoqueiro, e a reivindicación constante do mundo rural. A seguir, Alfonso S. Palomares, director da Casa de Galicia en Madrid, asina a introdución titulada "As revelacións de Carlos G. Reigosa", na que tamén se refire á palabra "misterio" que figura no título do volume para apuntar que Reigosa é un cidadán cosmopolita que descifra o mundo dende as paisaxes da Pastoriza, a Lagoa, Mondoñedo e Abelaira, escenarios da súa infancia e da súa primeira formación que constitúen o principio do seu mundo. De aí que o seu "misterio" sexa a capacidade de revelar os diversos mundos que viviu. Recóllense a continuación o que deron de si as longas horas de conversa que Carlos G. Reigosa (Pastoriza, 1948) mantivo con Xosé Manuel del Caño (Santa Eufemia, Celanova, 1955) co obxectivo de reconstruír ao fío das preguntas a súa andaina humana e literaria, centrándose naquelas experiencias máis destacábeis arredor de tres temas fundamentais: a infancia, a xénese da súa obra e o xornalismo. As primeiras páxinas están dedicadas a súa infancia labrega na parroquia da Lagoa e na aldea d'A Abelaira, no concello lucense da Pastoriza, lembrando particularmente a profesión do pai, menciñeiro, e a dos tíos e avós, zoqueiros, e a forma de vida do mundo rural que abandonou para ir estudar a Lugo. Repasa tamén a súa relación coa literatura oral, a través dos veciños que contaban contos ao carón do lume en inverno e a súa devoción polo cine do oeste. A seguir, aborda a etapa dos seus estudos de Telecomunicacións, o seu desexo de ser enxeñeiro da Nasa e o seu paso por Madrid, onde afirma a maneira de anécdota que pasou por dezaoito pensións. Reigosa vai deixando constancia ao longo dos capítulos das súas opinións sobre a cultura galega e da importancia que tivo na súa vida entrar na axencia EFE e traballar como xornalista. Na segunda parte do libro, Carlos G. Reigosa fala da súa carreira como escritor e xornalista. Acaba a conversa con Xosé Manuel del Caño reflexionando sobre o papel da literatura actual galega na sociedade e tamén sobre a importancia das súas raíces galegas e labregas. O volume péchase co epílogo titulado "Palabras fáciles, palabras cálidas...", no que Alfredo Bryce Echenique fala da súa amizade con Reigosa, que xurdiu cando compartiron traballo na axencia EFE, e sinala que a súa literatura seduce sempre e salta polo mundo debido a que posúe a soltura dun escritor de raza.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Os misterios de Carlos Reigosa", *La Voz de Galicia*, *"Culturas"*, nº 232, "Letras en Galego", 13 outubro 2007, p. 11.

Valora positivamente as iniciativas editoriais que teñen como obxecto ofreceren testemuños sobre as experiencias vitais dos autores e as súas opinións e neste ámbito sitúa o volume *O misterios de Carlos G. Reigosa*, editado por Xosé M. del Caño. Repara na condución destas páxinas botando man dun fío cronolóxico que vai

alternando en función do devalar espontáneo da conversa, na que Reigosa nos conduce por episodios biográficos e tamén por cuestións laborais, xornalísticas e literarias, adubadas con múltiples anécdotas. Salienta algunhas das ideas clave expresadas polo autor, tales como a reivindicación e o compromiso coa cultura labrega e coa lingua galega do autor, así como a súa querenza pola profesión de xornalista. Segundo Ramón Nicolás, o libro ofrece asemade vivencias de primeira man dende o punto de vista do analista e consideracións sobre personaxes literarios como Cela ou Torrente, e mesmo revela datos sobre os proxectos de futuro de Reigosa.

Referencias varias:

- Rosa Veiga, "Reigosa: 'Son un cosmopolita de aldea", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 setembro 2007, p. 22.

Recolle as declaracións de Carlos G. Reigosa a propósito da publicación de *O misterio de Carlos G. Reigosa*, que recolle as conversas que mantivo con Xosé Manuel del Caño. Saliéntase que Reigosa manifesta o seu orgullo de ser da aldea e chega a definirse como un "campesiño camuflado de cosmopolita", alegando "que hai unha superioridade cultural absoluta do mundo rural (...) sobre a deprimente uniformidade urbana", malia que recoñece que ese mundo tan rico se está a desintegrar porque a educación e a universidade viven de costas a el e tratan de esquecelo en lugar de recoller e aproveitar a súa riqueza. Con respecto a Xosé María del Caño, indícase que este volume supón a súa quinta "grande entrevista", tras ter publicado libros de conversas con Manuel María, Xosé Luís Méndez Ferrín, Antón Tovar e Xaime Quessada.

- R.L., "Reigosa y Darío Xohán Cabana reflexionan sobre su vida en sendos libros de Xerais", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 setembro 2007, p. 49.

Faise eco da publicación de dous libros de converas, o de Carlos G. Reigosa e *Conversas con Darío Xohán Cabana. Vida e escrita*, obras nas que os entrevistados reflexionan sobre a súa vida, a literatura e a sociedade en xeral tal como eles a viviron e viven.

- Carlos Torres, "Reigosa literario", *El Progreso*, "Los unos los otros", 24 setembro 2007, p. 80.

Entre outras novas breves, anuncia a publicación do libro de Xosé Manuel del Caño, *O misterio de Carlos G. Reigosa*, que conta con senllos prólogos de Ramón Villares e Alfonso Sobrado Palomares, director da Casa de Galicia en Madrid.

- maré, "Xosé Manuel del Caño indaga no lado 'misterioso' de Carlos Reigosa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 setembro 2007, p. 30.

Anúnciase a presentación do libro *O misterio de Carlos Reigosa* no Club Internacional de Prensa de Santiago de Compostela. Ofrécense os datos do libro e fálase do seu autor, Xosé Manuel del Caño, destacando que naceu en Celanova, é redactor de *Faro de Vigo* na delegación de Ourense e ten impulsado proxectos como a recuperación da casa de Manuel Curros Enríquez e a creación da biblioteca de Graham Greene no mosteiro de Oseira, ademais de ser fundador do Premio Celanova, Casa dos Poetas, e dar ao prelo

libros como *O mal tempo*, *Lembranzas dun home*, *Once nudos*, *Areas*, *Conversas con Manuel María*, *Cen galegos* ou *Conversas con Méndez Ferrín.*

- Anxa Correa/AGN, "Reigosa reivindica a cultura galega nun libro de conversas de Del Caño", *El Progreso*, "Cultura", 26 setembro 2007, p. 70.

Crónica do acto de presentación do libro *O misterio de Carlos G. Reigosa* en Santiago de Compostela. Recóllese un extracto das intervencións dos participantes na rolda de prensa, salientando as manifestacións de Carlos G. Reigosa, quen centrou a súa intervención na reivindicación da cultura labrega, na súa perda irremediábel sen que ninguén o remedie e no seu firme compromiso de rescatar a tradición na súa obra. Tamén se indica que valora a utilidade deste tipo de libros de conversas para entender a obra dun escritor, aínda que en tal proceso recoñece que tivo que desnudarse.

- J.L., "Una cultura que 'da la espalda a nuestro origen", *El Correo Gallego*, "Cultura", 26 setembro 2007, p. 75.

Resume o acto de presentación do libro de conversas *O misterio de Carlos G. Reigosa* no Club Internacional de Prensa de Santiago de Compostela. Recóllese un extracto das intervencións dos participantes na rolda de prensa, Manuel Bragado, director xeral de Edicións Xerais, quen salientou que se trata dun volume que non pretende provocar falsas polémicas; Xosé Manuel del Caño, responsábel das conversas, quen fixo fincapé na longa traxectoria narrativa de Reigosa e desvelou que o misterio que rodea o autor é "de dónde saca tiempo para tanta entrega"; e, finalmente, do protagonista do volume, Carlos G. Reigosa, quen centrou a súa intervención na inmensa riqueza do patrimonio cultural labrego, na súa perda irremediábel sen que ninguén o remedie e no seu firme compromiso de seguir utilizando esa tradición na súa obra.

- Laura L.Aira, "O misterio desvelado de Reigosa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 setembro 2007, p. 28.

Nota que dá conta do acto de presentación en Santiago de Compostela do volume *O misterio de Carlos G Reigosa*, que asina Xosé Manuel del Caño e que recolle as súas conversas co escritor lucense. Destácase que Manuel Bragado, responsábel de Edicións Xerais de Galicia, considerou a Reigosa como un dos "mellores escritores galegos contemporáneos" e aludiu ao carácter "piadoso" do libro, pois non ten "vontade de fixar ortodoxias nin de criticar outros membros do sistema literario galego", mentres que Xosé Manuel del Caño definiu o seu traballo como "unha clave, unha porta de entrada á obra e ó pensamento deste escritor e xornalista". En relación ao título escollido sinalou que o misterio ao que alude consiste en saber "como un executivo de prensa con 3.000 persoas dependendo del segue mantendo o compromiso coa lingua e coa terra". Pola súa parte, Reigosa declarou que nesta conversa pretendeu espirse "como nunca o fixera antes" e aproveitou a súa intervención para criticar a actitude dos axentes culturais galegos diante da tradición, manifestando que a alguén que procede dun mundo labrego, enormemente rico en lendas e historias, coma el, lle parece lamentábel que se esquezan estas orixes.

- Marcos Valcárcel, "Reigosa" / "Conversas con Carlos Reigosa", *La Región / Galicia Hoxe*, "Pan por pan" / "Andoliña", 3 outubro 2007 / 11 outubro 2007, p. 61 / p. 48.

Anuncia a publicación d'*O misterios de Carlos G Reigosa*, libro de conversas de Xosé M. del Caño, a quen cualifica de experto neste formato pois xa ten entrevistado a personaxes como Manuel María, Antón Tovar, Ferrín ou Xaime Quessada. Destaca que Reigosa fai contundentes reflexións acerca do esborrallamento do mundo rural e inclúe unha cita ao respecto.

- X.C., "Carlos G. Reigosa, a historia do xornalista en primeira persoa", *A Nosa Terra*, n.º 1.284, "Sociedade", 11-17 outubro 2007, p. 14.

Sinala que o maior interese do volume *O misterio de Carlos G. Reigosa*, de Xosé M. del Caño residen nas reflexións sobre o xornalismo e o seu percorrido vital ligado á axencia EFE. Reprodúcense citas tomadas do volume co obxecto de apoiar afirmacións como que un dos seus misterios de Reigosa é ser labrego nun contexto urbano e o seu monolingüismo en galego até os nove anos. En columna á parte faise fincapé en que o libro recolle algunha anécdota relacionada co golpe militar do 23-F, que Reigosa viviu en primeira liña como xornalista.

- Pedro Rielo, "Decubrindo o misterio Reigosa", *Galicia Hoxe*, "Tempus Fugit", 19 outubro 2007, p. 4.

A propósito d'*O misterio de Carlos G Reigosa*, Pedro Rielo sinala que se trata dun libro "a dúas voces", pois nel atópase un autor dual escindido entre a literatura e o xornalismo, o rural e a cidade, tirando sempre o máis proveitoso deses polos. Do diálogo que Reigosa mantén con Xosé Manuel del Caño parécelle fermosa a reivindicación do mundo rural, co que Reigosa se sente plenamente identificado e do cal lamenta que estea a desaparecer, de aí que propoña incorporar ese patrimonio, non deixar morrer a sintaxe nin o vocabulario e non inventar un idioma de pega. Alude ao mérito de ter creado unha novela de intriga como *Crime en Compostela*, á súa capacidade para dar conta da memoria da xeración dos sesenta en *Oxford, amén*, ao risco que asumiu dándolles vida aos mitos n'*Os outros disparos de Billy*, e ao seu compromiso coa verdade na súa faceta de xornalista.

Castro Vázquez, Isabel, *Reexistencia. A obra de Manuel Rivas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Estudos Literarios, 2007, 216 pp. (ISBN: 978-84-9782-684-6).

Primeira monografía dedicada a Manual Rivas e á súa obra que a súa autora, Isabel Castro Vázquez (Betanzos, 1975), profesora da Universidade de Towson (EUA), elaborou partindo da súa tese de doutoramento "A linguaxe ecolóxica de Manuel Rivas: retranca, resiliencia e reexistencia". No presente volume Isabel Castro estuda pormenorizadamente os textos do autor tratando de desvelar as súas claves de interpretación e mais as súas repercusións, reivindicando o seu pensamento como unha vía adoita para a integración do local nun mundo globalizado e partindo da consideración de que Rivas lidera coa súa literatura a reexistencia, dende a concepción deste termo como a confirmación da existencia e a nova existencia da literatura e da cultura galegas. Destaca aspectos como a construción dun discurso literario tomando como material primixenio experiencias concretas de persoas e culturas periféricas, poñendo en práctica unha especie de globalización ecolóxica que consiste na necesidade de preservar a biodiversidade humana e cultural do mesmo xeito que a da natureza; a presenza de recursos como humor, nomeadamente a retranca tradicional galega, o

lirismo e o reflexo reiterado do auto-odio; a creación dun imaxinario social no que a *outredade* se revela perante a invisibilidade no marco dunha cultura periférica

Dacosta, Henrique, *Ferroláns na Historia da Literatura Galega*, Ferrol: Edicións Embora, maio 2007, 243 pp. (ISBN: 978-84-95460-67-7).

Estudo que reúne un compendio biobibliográfico dos autores da comarca de Ferrolterra, ben porque naceron alí, ben porque desenvolveron nesta zona a súa traxectoria profesional. A obra consta dun "Prefacio necesario", unha "Introducción (útil para írmonos coñecendo)", a propia relación de autores, presentada por períodos históricos (dende a Idade Media á actualidade) e, finalmente, un cadro sinóptico no que se comparan as literaturas galega, española e portuguesa. Na introdución destácase que os autores recollidos no libro caracterízanse por escribiren en galego, se ben empregaron esta lingua movidos por diferentes causas: costumismo, uso anecdótico e circunstancial, contribución a un incipiente galeguismo ou concienciación nacionalista. Apúntase que a peculiaridade da literatura ferrolá é o seu hibridismo, "mestura do civil e do castrense", até o punto de que moitos literatos da comarca pertenceron ao gremio militar, entre eles Bieito Vicetto ou Lois Amor Soto. Precisamente a estes adícaselles unha especial atención, posto que presentaron inquietudes moi diferentes ás do resto, interesándose polo coñecemento de Galicia e a mellora da súa cultura. Para organizar os autores óptase por un criterio cronolóxico que abrangue dende o Medievo até a actualidade. En todas as épocas séguese un mesmo esquema: un contexto xeral, a mención dalgúns autores galegos importantes e a enumeración dos literatos ferroláns. No apartado dedicado á Idade Media recóllense os nomes de Fernán do Lago e Fernán Esquío, nunha etapa marcada polas loitas dinásticas e o ascenso e decadencia da literatura en galego. No epígrafe que aborda os Séculos Escuros fálase de trazos como a desgaleguización xeral da sociedade e a deturpación do idioma, e cítanse mostras como a lenda relacionada con Pardo de Cela, os cantares tradicionais, dous sonetos renacentistas, unhas escasas mostras de poesía barroca e unha única peza de teatro, *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño*. Saliéntase a recuperación que se desenvolveu ao longo do século XVIII e destácase a figura de Nicolao Bazares Abeledo, autor de *Latín dos canteiros ou arxina*, unha obra na que se recolle a linguaxe gremial destes profesionais nas Terras de Montes. No apartado dedicado ao Prerrexurdimento, estúdase o labor dos ferroláns Alberte Camino, que recupera o galego para a poesía e convértese nun dos máis importantes autores do período, con composicións como "Nai chorosa" e "O desconsolo", Xosé López de la Vega, Xoán Gómez de Ferrol, Santiago Montenegro y Vilamar e Xosé Novo y García e Vitorino Novo y García, vinculados á sociedade *Galicia Literaria*. Porén, destácase como o gran nome ferrolán do período a Bieito Vicetto, iniciador do Rexionalismo, se ben a súa produción literaria en galego é moi limitada. Da etapa do Rexurdimento, abórdase a figura de Xosé Fontenla Leal, importante benfeitor da cultura galega, xa que contribuíu decisivamente á creación da Real Academia Galega e á elaboración do himno, ademais de fomentar as primeiras publicacións galegas na illa de Cuba. Na transición do século XIX ao XX sobresaen os nomes de Manuel Comellas Coimbra (coa súa peza teatral *Pilara* e o romance *Pensando en ti*), Aurelio Ribalta (fundador da revista *Estudios Gallegos* e escritor de tres novelas en lingua galega, *Ferruxe, O pastor de doña Silvia* e *O derradeiro amore*) e Antonio Couceiro Freixomil, artífice do *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Da época que transcorreu entre as Irmandades da Fala e a Guerra Civil sobrancea o nome de Lois Amor Soto, autor das pezas teatrais *¡Miña terra!*, unha mostra de teatro combativo

contra a emigración, *¡Pra mariñeiros nós!* e *Dous amores*. Uxío Charlón e Manuel Sánchez Hermida contribuíron nestes anos ao desenvolvemento do teatro galego, mentres que Xaime Quintanilla destacou sobre todo polo seu labor editorial en Céltiga. Toda unha serie de nomes destacan no período que vai da Guerra Civil a 1980: Xosé María Pérez Parallé, poeta e cofundador da revista *Abrente*, e autores encadrados na Xeración do 36 como Ricardo Carvalho Calero (do que se fai un extenso percorrido por todas as súas facetas literarias), Ernesto Guerra da Cal ou Xosé Rubia Barcia. Un nome de especial entidade nesta etapa é o de Xohana Torres, enmarcada na Xeración das Festas Minervais e da que se resalta sobre todo a súa faceta como poeta, ademais da súa novela *Adiós, María.* A parte adicada á literatura producida dende 1980 até hoxe é a máis extensa. Estabelécese nela unha división por xéneros entre ensaio e investigación, poesía, teatro, literatura infantil e xuvenil e narrativa. Despois dunha enumeración dalgúns nomes ferroláns destacados no campo do ensaio, destácanse como poetas a Vicente Araguas, Pilar Cibreiro, Ramiro Fonte, Medos Romero, Eva Veiga, Antonia López García e Verónica Martínez Delgado. No campo do teatro sobresaen Eduardo Fra Molinero, Xosé Luís Prieto e Lino Braxe. Autores destacados de literatura infantil e xuvenil son Siro López, Xaquín Marín, Xosé Díaz Dopico, Antón Cortizas, Ánxela Loureiro, Pilar García Cardamas, Antonio Yáñez, Mercedes Zaera, Paula Carballeira e Irene García. Finalmente, no campo da narrativa menciónanse a Xavier Alcalá, Anxo Franco, Xesús Constela, Henrique Dacosta (o propio autor do libro), Ramón Loureiro, Rosa Aneiros e Iria López Teijeiro.

Recensións:

- D. Piñeiro, "As letras de Ferrol, máis alá do tempo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 214, "Letras en Galego", 9 xuño 2007, p. 12.

Sinala que o profesor, ensaísta e narrador Henrique Dacosta vén de publicar *Ferroláns na Historia da Literatura Galega*, volume no que o autor viaxa dende a Idade Media até a actualidade deténdose en creadores como Fernán Esquío, Xavier Alcalá, Medos Romero, Carballo Calero, Xosé María Pérez Parallé ou Xaime Quintanilla. Destaca a vitalidade literaria de Ferrol e mais da súa comarca, aspecto do que dá conta Dacosta ao recoller o labor de firmas como as de Benito Vicetto, Amor Soto, Masdías, Leyra Domínguez, Ernesto Guerra da Cal, Xosé Rubia Barcia, Xohana Torres, Fernando Pérez-Barreiro, Vicente Araguas, Ramiro Fonte, Elia Rico, Lino Braxe, Mario Couceiro, Xaquín Marín, Constela Doce, Paula Carballeira, Antón Cortizas, Carlos Labraña, Eva Veiga, Mario Couceiro ou Tomás Barros, entre outros moitos.

- Armando Requeixo, "Palabras de Trasancos", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 446, "Libros", 16 setembro 2007, p. 21.

Segundo Armando Requeixo, *Ferroláns na Historia da Literatura Galega*, de Henrique Dacosta é unha obra "útil e ambiciosa que tenta catalogar en preto de duascentas cincuenta longas páxinas o conxunto de autores e autoras da bisbarra que, dende a Idade Media até a máis estrita actualidade, deron a coñecer os seus textos narrativos, poéticos, teatrais e aínda ensaísticos".

- Vicente Araguas, "Letras de Ferrol", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 455, 18 novembro 2007, p. 20.

Comenta o libro realizado por Henrique Dacosta, *Ferroláns na Historia da Literatura Galega*, editado por Edicións Embora. Salienta o esmero posto na edición e o tratamento contextual de Dacosta, pois sitúa cada escritor e cada obra no seu momento histórico-literario a través de "estratexias transversais". A continuación, critica o mal traballo de certos críticos literarios e volve destacar a Dacosta como un amante da literatura. Por último, dá conta dalgúns dos escritores que inclúe o autor na súa obra: Fernán Esquío, Alberto Camino, Xohana Torres ou Xavier Alcalá, entre outros moitos.

Referencias varias:

- M.J.R., "Dacosta: 'A historia da literatura en Ferrol vai parella á de toda Galicia", *Diario de Ferrol*, "CGS Ferrol", 23 maio 2007, p. 20.

Informa sobre a presentación do libro de Henrique Dacosta, *Ferroláns na historia da literatura galega*, editado por Embora, e explica que se trata dun estudo que pretende ser un inicio a estudos posteriores no que recompila obras de case douscentos escritores ferroláns que contribuíron coa súa escrita á literatura galega. Indica que a escolma se inicia no Medievo e chega até a actualidade. Por último, comenta que no acto de presentación Dacosta estivo acompañado por Miguel Toval e Anxo Franco.

Díaz Arias de Castro, Xosé e Guillermo **Escrigas** (eds.), *Isaac Díaz Pardo. Creación e compromiso na Galicia do século XX*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, col. Grandes Pintores, 2007, 593 pp. (ISBN: 84-9812-048-9). ◆

Ampla análise sobre a obra, os proxectos culturais e a dimensión humana do intelectual e polígrafo galego Isaac Díaz Pardo. Corenta significativos representantes do mundo e da cultura, a empresa, a comunicación, a universidade e a política, conforman o plantel de colaboradores desta publicación, a cal foi coordinada por Xosé Díaz (fillo de Isaac Díaz Pardo) e Guillermo Escrigas. Tras unha introdución asinada por Ramón Villares, na que este repasa a biografía de Isaac Díaz Pardo destacando os seus momentos vitais e profesionais máis importantes, a obra estrutúrase en cinco bloques: "O Creador" –onde ademais de achegamentos á súa faceta relacionada coa literatura, Xavier Seoane repasa a súa obra pictórica, Luis W. Muñoz Fontela analiza os seus proxectos de deseño industrial e Daniel Beiras García-Sabell fai o mesmo no eido da arquitectura–; "O Emprendedor", onde Alfonso Paz-Andrade, Xosé Díaz Arias de Castro, Fernando Arribas, Mª Teresa Pena Moreda, Camilo Díaz, Andrés Varela, Guillermo Escrigas e Ana Belén Martínez Delgado analizan a figura de Isaac Díaz Pardo como home emprendedor e dinamizador de numerosas empresas; "O Compromiso", no que analizan aspectos como o seu labor no exilio e o seus traballos de edición; "Pinceladas", que reúne un conxunto de dezasete breves semblanzas en torno ao homenaxeado asinadas por Víctor F. Freixanes, Ramón Chao, Xosé Neira Vilas, Andrés Fernández-Albalat Lois, Francisco Fernández del Riego, Alfonso Guerra, José Manuel Naredo, Nicolás Sánchez-Albornoz, Xosé Manuel Beiras, Xavier Toubes, Santiago Rey Fernández-Latorre, Alberto Unsáin González de Suso, Francisco Vázquez Vázquez, José Luis Meilán Gil, Manuel Fraga Iribarne, Silvia Longueira e Pedro Vasco Conde; e, finalmente, "Biografía". As colaboracións centradas no traballo literario e cultural de Isaac Díaz Pardo detállanse a seguir:

- Xan López Domínguez, “Obra gráfica: carteis e ilustracións”, pp. 193-215.

Céntrase no labor desenvolvido por Isaac Díaz Pardo no eido da ilustración e a realización de carteis, que conforma unha obra gráfica, en opinión de Xan López Domínguez, do máis interesante das vangardas do panorama artístico español posterior á Guerra Civil. Con respecto aos carteis comeza destacando a serie asinada co pseudónimo Xalo que realiza con tan só quince anos a favor do Estatuto de Autonomía, ou os que realiza a partir de 1950 nunha liña abstracta que recorda o movemento construtivista. Tamén menciona a recuperación que emprende dos carteis de cego en títulos como *Paco Pixiñas*, *A nave espacial* ou *El Marqués de Sargadelos*, todos eles de 1970. No que atinxe ao seu labor como ilustrador de libros refírese ás realizadas na década dos cincuenta para a revista de poesía *Aturuxo*, as que elabora en Arxentina, nomeadamente *Unha presa de dibuxos feitos por Isaac Díaz Pardo de xente do seu rueiro* ou os *20 desnudos de Cecilia la acróbata*, e as múltiples cubertas de libros, entre elas, as de *Xente ao lonxe*, de Blanco-Amor, ou a de *As cen mellores poesías da lingua galega*, de Xesús Alonso Montero.

- Ricard Salvat, “A propósito das escenografías de Isaac Díaz Pardo”, pp. 217-233.

Lembra a xénese da creación do espectáculo *Castelao e a súa época* a finais dos anos sesenta, que consistiu en presentar co grupo teatral do Círculo de Iniciacão Teatral da Academia de Coímbra unha obra creada por Ricard Salvat dedicada a Castelao e ao seu labor político e artístico. Alude ao moito que lle impresionou coñecer a Díaz Pardo, máis que un escenógrafo un grande intelectual e comenta que o día antes da estrea en Coímbra a obra foi prohibida e Salvat expulsado do país. Apunta ademais outras colaboracións que mantiveron, como o deseño dos decorados para un programa dobre dedicado a Valle-Inclán en 1972, no que Díaz Pardo reforzou a plástica galega da obra do arousán interpretando os textos dende a arte popular; a montaxe d’*O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, de Cunqueiro, en 1991, no Centro Dramático Galego; ou a posta en escena para o Teatro Nacional de Budapest d’*A traxedia do Home*, do húngaro Imre Madách. Conclúe sinalando que o feito de que Díaz Pardo teña tanta importancia en diversos campos da creación, a política e as altas finanzas, provocou que a súa actividade como grande escenógrafo quedase nun segundo plano, malia ser “un traballo tan admirable como grandioso e decisivo”.

- Manuel Lourenzo, “Isaac e o teatro”, pp. 227-233.

Refírese ao labor levado a cabo por Díaz Pardo no mundo do teatro, destacando os seus labores de promotor, as súas colaboracións con grupos e compañías, a encarga de traducións, o deseño de escenografías e reclamos publicitarios ou a produción económica de espectáculos. Tamén apunta que como editor, deu cabida en Ediciós do Castro ao teatro oculto e silenciado de autores como Luís Seoane, Blanco-Amor, Ramón de Valenzuela, Tomás Barros ou Carballo Calero, ademais de promocionar autores de xeracións anteriores e posteriores e editar un gran número de ensaios. Menciona así mesmo a escrita de textos, que remonta á década dos corenta, cando Díaz Pardo escribe *Midas* e *O ángulo de pedra*, publicadas en 1957 en Bos Aires nun tomo, e no aspecto persoal, comenta as colaboracións que mantivo con el con motivo da estrea de de *Nosferatu* (1987) en Sargadelos, e de *Electra* para a Escola Dramática Galega-Uvegá Teatro en 1994.

- Luís Álvarez Pousa, “Crónicas inconformistas. Pensamento, razón e conciencia”, pp. 235-247.

Subliña como leitmotiv presente no labor de Isaac Díaz Pardo o seu desexo de restaurar a memoria, aspecto que recoñece tamén no seu amplo traballo xornalístico. Sinala que neste eido, Díaz Pardo proxecta as súas ideas e teorías, que revelan un pensamento progresista e libertario. Percorre a súa produción en xornais e revistas poñendo de relavo os seus principais intereses temáticos, entre os que apunta a presenza de Castelao como modelo, o seu ataque contra os oportunistas da política, a súa honestidade intelectual, a función social da comunicación e da cultura, os efectos perversos do sistema liberal de mercado e globalización sobre a lingua e o territorio ou a súa postura a prol do necesario achegamento a Portugal.

- Manuel Rivas, “O Si”, pp. 359-369.

Manuel Rivas interpreta literariamente varias fotografías relacionadas con Isaac Díaz Pardo: a primeira, datada en 1924, onde aparece co seu pai, Camilo Díaz Baliño, e mais coa súa irmá Mercedes na casa da rúa das Hortas de Santiago; a segunda, de 1936, que representa o Obradoiro adornado cunha pintada e que Díaz Pardo realizou como parte da propaganda a favor do Si para o plebiscito do Estatuto de Autonomía; a terceira é un retrato fotográfico de Díaz Pardo na praia arxentina de Punta Indio, tomada en 1958; e a última é unha instantánea de 1948 na que aparece Díaz Pardo no Castro de Samoedo, cos seus fillos Camilo e Rosendo nunha carretilla.

- Xosé Luís Axeitos, “Isaac Díaz Pardo ou o exilio como diálogo”, pp. 371-381.

Sitúa a Isaac Díaz Pardo a carón de todos aqueles españois que tomaron a decisión de abandonar o país polas circunstancias abafantes nas que vivía o país pola ditadura franquista. Comenta que o primeiro contacto de Díaz Pardo co exilio galego ten lugar con motivo da inauguración en 1951, na Galería Velázquez de Bos Aires, dunha mostra da arte galega organizada polo Centro Galego da capital arxentina, un contacto que alcanzou unha gran repercusión posterior, pois convértese no interlocutor de Seoane e a súa revista *Galicia Emigrante*, funda a fábrica de cerámica da Magdalena e mantén unha intensa relación epistolar de gran valor para coñecer a progresiva nacionalización e galeguización dos debates no exilio. Apunta a importancia da creación do Laboratorio de Formas de Galicia, que partiu do convencemento da necesidade de artellar organizacións culturais e industriais eficaces que servisen a Galicia e que cos anos se converteu nun patrimonio imprescindíbel para a cultura galega.

- Xesús Alonso Montero, “Isaac, editor da memoria”, pp. 383-395.

Atende á condición de editor de Isaac Díaz Pardo como loitador contra a desmemoria, en particular a través da súa colección máis querida, “Documentos para a historia contemporánea de Galicia”, que inclúe xa máis de douscentos títulos que rescatan os temas “que o discurso franquista silenciou, terxiversou ou trivializou”. Menciona tamén o seu empeño en recuperar periódicos indispensábeis para coñecer o tempo histórico que eses xornais contaron e glosaron, a través de edicións facsimilares como as de *Galicia* (Vigo, 1922-1925), *Galicia Emigrante* (Bos Aires, 1955-1959) ou *P.A.N.* (1935), e a seguir detense nalgunhas colaboracións de contido político que Díaz Pardo

asinou con pseudónimos como Fernández Ollarnovo, S.F. Ollarnovo, Xoán Mazarico ou Maximino Brocos.

- Francisco Díaz-Fierros Viqueira, "O legado do Seminario de Estudos Galegos e o compromiso ético-social da cultura e a investigación", pp. 397-411.

Céntrase na proposta realizada por Isaac Díaz Pardo en 1977, no marco dunha xuntanza promovida pola Universidade de Santiago, de restaurar o Seminario de Estudos Galegos e como a partir desa data foi perfilando a súa idea e concibindo a institución como entidade que mesturara áreas das ciencias naturais e sociais e das artes e das letras dende un espírito de interdisciplinariedade e fidelidade ao legado das xeracións anteriores. Dá conta da legalización do novo Seminario en 1979, nunha xeira que dura até 1984 e na que se constitúen sete áreas de traballo que reúnen preto de douscentos investigadores, ao tempo que salienta que esta etapa estivo marcada pola reclamación do patrimonio incautado á vella institución despois da Guerra Civil que se atopaba no Instituto Padre Sarmiento, sen lograr ningún resultado concreto, e incide na importancia dos case vinte traballos dados a coñecer dende as áreas de Xeoloxía, Bioloxía, Ciencias Agrarias e Ciencias Mariñas. No que atinxe á segunda etapa do novo Seminario (1985-2001), destaca a creación da área de Pensamento Filosófico en 1995, a creación de novos grupos interdisciplinares, como o relativo á Idade Media, e o peche da etapa coa desaparición de Ramón Martínez López en 1989 e Lois Tobío en 2001.

- Xosé Ramón Fandiño Veiga, "Isaac Díaz Pardo, a patria enteira na memoria", pp. 445-483.

Amplo achegamento á biografía de Isaac Díaz Pardo na que se abordan as principais etapas do seu decorrer vital. Contémplanse así o seu nacemento en Santiago de Compostela o 22 de agosto de 1920 e o ambiente familiar, marcado por condicionamentos artísticos e intelectuais do pai, Camilo Díaz Baliño. Abórdase a seguir o que supuxo o comezo da Guerra Civil e o asasinato do pai o 14 de agosto de 1936, que deixou a familia na miseria material, o traslado de Díaz Pardo a Madrid para estudar Belas Artes en 1939, as súas primeiras viaxes e exposicións, a súa volta a Galicia para se instalar no Castro de Samoedo e constituír en 1949 a Fábrica de Cerámicas do Castro, a súa viaxe a Arxentina en 1955, onde monta a Fábrica de Porcelanas Magdalena, á fronte da cal estivo até 1968 malia viaxar máis de vinte veces a Galicia e os seus múltiples contactos con Luís Seoane e outros intelectuais galegos exiliados. Dedícase tamén atención ás primeiras actuacións do Laboratorio de Formas, como foron a creación en 1963 de Edicións do Castro, a posta en marcha do Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside, do Seminario de Sargadelos ou do Instituto Galego de Información. O percorrido finaliza con apartados dedicados a outras facetas de Díaz Pardo, as de debuxante, cartelista e escritor, e cunha relación dos premios que teñen recoñecido a súa traxectoria, entre os que figuran o Pedrón de Ouro (1976), o Premio Otero Pedrayo (1990), o doutorado Honoris Causa polas facultades de Bioloxía e Historia da Universidade de Santiago (1992), o Premio Trasalba (1993), Premio Celanova, Casa dos Poetas (1997), o Fernández Latorre na modalidade de prensa escrita (1999) ou o Premio das Artes e das Letras da Xunta de Galicia (2003).

Referencias varias:

- Paola Obelleiro, "El renacimiento de Isaac Díaz Pardo", *El País*, "*Galicia*", 24 abril 2007, p. 37.

Informa da presentación do extenso volume biográfico *Isaac Díaz Pardo. Creación e compromiso da Galicia do século XX* co que a Deputación da Coruña homenaxeou o polifacético intelectual. Recolle algúns dos nomes das corenta personalidades que participaron na elaboración desta obra e destaca as peticións de Paz Andrade a favor da creación de fundacións para Castelao e Díaz Pardo na Cidade da Cultura e de Beiras para que se recoñezan Ben de Interese Cultural por parte da Xunta o grupo cerámico Sargadelos, o Laboratorio de Formas de Galicia e Edicións do Castro. Por último, salienta que o homenaxeado se sente unicamente unha parte dunha xeración que deixou a súa pegada na cultura e historia de Galicia.

- Alberto Martínez, "Díaz Pardo, 'galego bo e xeneroso", *El Correo Gallego*, "Cultura", 24 abril 2007, p. 75.

Anuncia a edición, por parte da Deputación da Coruña, da que di ser a máis ampla biografía sobre a figura de Isaac Díaz Pardo, *Isaac Díaz Pardo. Creación e compromiso da Galicia do século XX*. Dá conta das corenta persoas que participaron na elaboración deste volume e lembra os volumes que con anterioridade a Deputación coruñesa dedicou a Luis Seoane e a Carlos Maside. Por último, cita algunhas das palabras que se dixeron no acto de presentación deste libro e comunica a satisfacción do homenaxeado a respecto desta publicación.

- Marta García Márquez, "Corenta intelectuais debuxan nunha obra un poliedro chamado 'Isaac Díaz Pardo", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 24 abril 2007, p. 14.

Informa sobre a presentación do libro *Isaac Díaz Pardo. Creación e compromiso da Galicia do século XX*. Por un lado, presenta a estrutura deste extenso volume e, por outro, recolle comentarios que realizaron nesta obra algúns dos corenta intelectuais que participaron nela. Destaca a variedade de olladas que contén, como a de Beiras, Fraga ou Francisco Vázquez. Por último, sinala os detalles do acto de presentación e as personalidades que estiveron presentes nel.

- Albino Mallo, "Todo Isaac Díaz Pardo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 abril 2007, p. 36.

Dá conta da homenaxe que a Deputación da Coruña dedicou a Isaac Díaz Pardo coa presentación dunha biografía que recolle todo o seu labor artístico e social. Primeiramente, salienta a humildade de Díaz Pardo e comenta a celebración do acto de presentación do libro *Isaac Díaz Pardo. Creación e compromiso da Galicia do século XX*. Informa da tiraxe da obra e o número de persoas que colaboraron nesta. Por último, comenta a estrutura do volume e salienta o seu valor visual. O artigo vai acompañado de fotografías de diferentes momentos da vida de Díaz Pardo.

- A. L., "Loas a un xenio humilde", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 abril 2007, p. 37.

Informa da publicación dun libro en homenaxe a Isaac Díaz Pardo, onde corenta personalidades da vida cultural galega lle dedican algún comentario sobre as distintas facetas da súa vida. Salienta as palabras dalgúns persoeiros, como Ramón Chao, Fraga,

Xosé Manuel Beiras, Francisco Vázquez, Víctor Freixanes ou Neira Vilas e transcribe os primeiros versos dun poema que lle dedica Manuel Rivas.

Díaz Pardo, Isaac, *Tentando construir uma esfinge de pedra. Desassosegos de Isaac Díaz Pardo*, A Coruña: Ediciós do Castro, setembro 2007, 67 pp. (ISBN: 978-84-8485-267-4).

Nesta obra Isaac Díaz Pardo (Santiago de Compostela, 1920) reúne reflexións publicadas anteriormente acompañadas dos seus propios deseños. O libro está escrito na normativa reintegracionista e a revisión e adaptación gráfica son de Isaac Alonso Estraviz. Abre o volume un prólogo titulado "Justificaçom", asinado en 2007, no que Díaz Pardo explica que se trata da recompilación dunha serie de papeis que foron escritos a partir do ano 1968, unha vez que deixa Arxentina e se dispón a construír Sargadelos. Sinala que o diálogo que estabelece cunha esfinxe de pedra concentra unha idea surrealista a partir da cal intenta explicar a súa existencia. A continuación, baixo o epígrafe "A modo de resumo indicador", o autor aclara que "estes desafogos" van numerados na orde en que os foi escribindo e, a continuación, enumera e resume os vinte e cinco capítulos de que consta a obra. Nestes desasosegos están as súas inquedanzas e o traballo que lle levou montar o Laboratorio de Formas de Sargadelos, as súas lembranzas da rúa das Hortas, onde naceu e se criou até que o golpe de estado fascista o obrigou a exiliarse, ou a presenza da sombra da traizón. Fecha o libro un texto e un deseño de Rafael Dieste en que unha muller sostén coa man esquerda unha balanza e coa dereita unha espada.

Recensións:

- José-Martinho Montero Santalha, "*Tentando construir uma esfinge de pedra*", *Agália*, n.º 91-92, 2º semestre 2007, pp. 287-289.

Crítica sobre *Tentando construir uma esfinge de pedra*, a primeira obra de Isaac Díaz Pardo publicada en normativa reintegracionista. Recóllense as palabras da contracapa, nas que a investigadora Begoña Soneira define o libro como "um diálogo poético e surrealista com uma esfinge de pedra, reencarnaçom das suas utopias, do seu afám criador", e percórrese a estrutura do volume, destacado que se abre cunha "Justificaçom", na que o propio autor explica que comezou a escribir a obra en 1968, cando se dispuña a construir o "novo Sargadelos", e que a seguir se inclúen vinte e cinco capítulos, que abordan dende a construción da esfinxe por parte do protagonista, que a crea como oráculo a través do que encontrar unha saída á súa inquietude moral, até os diálogos do construtor coa pedra, para rematar coa súa destrución. Faise referencia á inclusión de elementos autobiográficos, por exemplo cando no capítulo 8, Díaz Pardo rememora a súa infancia en Compostela, e mesmo se comentan, en alusión ao momento no que se publica a obra, as dificultades que Díaz Pardo viviu á fronte de Sargadelos. José-Martinho Montero reivindica a importancia do labor de Díaz Pardo para Galiza, e celebra que o libro se publique na normativa reintegracionista que o galeguista "sempre defendeu", á vez que reivindica a edición doutros textos seus nesa opción. De feito, menciónase que Díaz Pardo criticou en varios dos seus artigos a actitude illacionista do Instituto da Lingua Galega ou a Real Academia Galega, avogando pola unidade lingüística galego-portuguesa. Recóllense así mesmo unhas

declaracións súas na propia revista *Agália* (tomadas dun artigo publicado en *La Voz de Galicia*), nas que defendía o achegamento a Portugal como único xeito de salvar o galego "dumha morte segura".

- M. Dopico, "O oráculo da existencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Relato", 30 novembro 2007, p. 33.

Fai referencia ao libro *Tentando construir uma esfinge de pedra. Desassosegos de Isaac Díaz Pardo*, no que o intelectual a través dun diálogo poético e surrealista entre o narrador e unha esfinxe e mostra a súa crítica ante o fracaso e a traizón. Explica que esta obra non é recente senón que recolle textos de Díaz Pardo publicados xa no ano 1968, no momento en que se dispuña a construír o novo Sargadelos, e que anuncian os problemas que está a ter na actualidade coa fábrica.

Fandiño Viega, Xosé Ramón (ed.), *Premios Pedrón de Ouro. Certame de narración breve Modesto R. Figueiredo XXX (2004) e XXXI (2005)*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Narrativa, 2007, 296 pp. (ISBN: 978-84-8485-256-8).

Esta obra, editada por Xosé Ramón Fandiño Veiga (Santiago de Compostela, 1946), rende homenaxe ao Certame de Narracións Curtas do Pedrón de Ouro pola súa traxectoria de trinta anos. A decisión de convocalo tomouna o Padroado do Pedrón para axudar á consolidación do xénero curto de novela e co paso do tempo consolidouse como un galardón clásico e un referente inevitábel da literatura de Galicia. *A enquisa*, de Xoán Ignacio Taibo, foi o primeiro premiado con este galardón en 1975 e o encargado de abrir este volume cunhas liñas de conmemoración. A continuación, Xosé Ramón Fandiño Veiga, o editor da obra escribe unha presentación baixo ao título "Singularidade histórica do Premio de Narrativa Curta do Pedrón de Ouro", que detalla o modo de aparición e a súa evolución, incluíndo a relación dos premiados, xurados, mantedores e concellos patrocinadores das trinta e unha edicións. Logo recóllense as narracións premiadas na trixésima e trixésima primeira edicións, celebradas en Lobeira (2004) e Cotobade (2005) respectivamente. Como apéndice inclúese o discurso pronunciado por Alfonso Vázquez-Monxardín Fernández, que actuó como mantedor no acto de Lobeira. Os traballos premiados no certame XXX (2006) son:

- Agustín Agra, "Os límites do inimaxinable", pp. 49-60.

O primeiro premio foi para este relato fantástico de Agustín Agra (Noia, 1966) que conta as viaxes dunha admiradora de Monet en busca dun contacto directo coas súas obras, até chegar a Giverny (Francia), onde está a casa onde o pintor viviu durante case trinta anos. Alí ten un encontro aterrador cun dos monstros que Bacon pintou en *Tres estudos para figuras na base dunha crucifixión*.

- Xosé Luis Vázquez Somoza, "A ponte Cabalar", pp. 61-94.

Xosé Luis Vázquez Somoza (1961, Zolle,Guntín, Lugo) obtivo un dos áccesits con esta historia protagonizada por unha muller que queda viúva e parapléxica con vinte tres anos con motivo dun accidente. A pesar do apoio da súa familia, cae nunha profunda depresión que lle incita ao suicidio.

- Dolores Fernández López , “Riarengas”, pp. 95-103.

O outro áccesit correspondeu a Dolores Fernández López (Balcaide, Calo, Teo-1970), grazas a un conxunto de microrrelatos baseados tanto en situacións cotiás como noutras máis inusuais.

No certame XXXI, o do ano 2005, son:

- Francisco Castro, “Ningún fascista morreu inxustamente”, pp. 111-135.

Francisco Castro (Vigo, 1966) foi o gañador desta edición graza a este relato baseado nunha historia transcorrida nos primeiros días da Guerra Civil. Un falanxista obsesiónase con matar a un preso republicano, en teoría, por diferenzas políticas mais, en realidade, hai unha vinganza amorosa detrás. A rapaza causante do enfrontamento contará coa axuda doutro soldado.

- Agustín Agra, “A caeira”, pp. 123-135.

Nesta edición, Agustín Agra (Noia, 1966) obtivo un dos áccsesits cunha historia baseada tamén na Guerra Civil, como no caso do gañador, mais coa diferenza de empregar a perspectiva dun dos executores dos pelotóns de fusilamento. A pesar da suposta frialdade con que actúa, a súa mente acoden moitas dúbidas.

- Paco López-Barxas, “Puto móvil”, pp. 137-148.

O outro áccesit correspondeu a Paco López-Barxas (Ponte Barxas-Ourense, 1952) que escribiu sobre o romance mantido entre un xornalista e unha escritora, que deu lugar a un intenso intercambio de mensaxes de texto a través do móvil.

- Francisco Castiñeira, “Inventario de nubes”, pp. 149-169.

Por último, o xurado recomendou a publicación dos tres relatos que seguen a continuación. O primeiro é obra de Francisco Castiñeira (A Coruña, 1978), que presentou unha historia fragmentada en dez partes, cada unha delas cun tipo de nube como eixo, que lle valen ao protagonista-narrador como fío para tecer a súa historia en primeira persoa.

- Xosé Manuel Dopazo Mella, “A habilidade de ser espectador”, pp. 171-206.

A raíz do suicidio dunha muller que se tira por unha ponte, Xosé Manuel Dopazo Mella conta a historia de Mónica, unha enferma crónica que atopou nun blog de internet o medio ideal para reflectir os seus sentimentos ante unha morte case anunciada.

- Vicente Piñeiro, “A cova do adeus”, pp. 207-273.

Vicente Piñeiro é o autor deste conto de fadas que acontece no “país mitolóxico onde sempre chove”. Nobles, guerreiros e bruxos, entre outros, son os protagonistas desta lenda sobre unha cova onde un boi protexe a unha princesa.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, "Premios de nobre liñaxe", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 225, 25 agosto 2007, p. 7.

Coméntase a publicación dos relatos gañadores das edicións 2004 e 2005 do 'Premio Modesto R. Figueirido', co gallo do trinta aniversario do galardón. Anótase que levan unha introdución de Xoán-Ignacio Taibo, gañador da primeira convocatoria do premio, na que se descarta a pertinencia da denominación "Xeración do Pedrón de Ouro" e na que tamén se introducen reflexións sobre os cento trinta e catro relatos premiados de oitenta e dúas persoas diferentes. Anótase que o gañador da convocatoria 2005 foi Francisco Castro.

Fernán-Vello, Miguel Anxo (coord.), *No país da irmandade. Homenaxe a Francisco Pillado Maior*, A Coruña: Deputación da Coruña, 2007, 122 pp. (DL.: C870-2007). ◆

Volume de artigos dedicados ao polifacético dramaturgo Francisco Pillado Maior (A Coruña, 1941) que se inicia explicando que a homenaxe foi organizada por un comité composto por Miguel Anxo Fernán Vello, María Pilar García Negro, Manuel Lourenzo, Paulino Pereiro, Henrique Rabuñal e Xulio Valcárcel. Reúnense as colaboracións de dezasete escritores que comparten espazo coas ilustracións dos artistas Isaac Díaz Pardo, Perfecto Estévez, Manuel Lourenzo, Lugrís, Ana Pillado Vega, Fidel Vidal, Blanca Silva, Maca Silva e Miguel Anxo Varela e dous poemas autógrafos de Luísa Villalta e Manuel María. Inclúense ademais vinte e dúas fotografías de Pillado na compaña de amigos ou familiares tiradas en diversos actos culturais e, xa nas páxinas finais, o currículo do homenaxeado. A edición preséntase acompañada dun CD titulado "Música para Francisco Pillado Maior", que contén dúas pezas musicais interpretadas polo grupo de corda Século XX, *Metamorfose*, versión de Juan Durán dun tema de Beethoven e *Catro fugas para trío de corda Op. 119*, de Paulino Pereiro. As colaboracións son as seguintes:

- Xosé María Álvarez Cáccamo, "Monólogo en versículo expandido para Pancho Pillado", pp. 9-10.

Monólogo sen puntuación e cun marcado ritmo poético. O autor diríxese ao homenaxeado e alude ao amor que este sente pola música. Ademais, fai unha lembranza da amiga Luísa Villalta e esboza un retrato onde destaca o "poder paixonal" de Pillado.

- Vicente Araguas, "Con Pancho Pillado na lembranza, aceda como pomelo, agradecida como tangerina", pp. 11-12.

Vicente Araguas asina o texto que dá homenaxe a Pillado en xaneiro de 2007. Trátase dun breve escrito onde rememora unha temporada de estío na compaña do amigo e de Luísa Villalta.

- Xosé Manuel Beiras, "Pancho Pillado ou a forzada razón solidária", pp. 13-16.

Retrata a Pillado como unha "anxélica criatura irrepetíbel en sensibilidade estética e diafanidade ética" e comenta que a pesar de que nunca se chega a coñecer de todo aos

seres queridos, hai xa vinte anos que comezou a súa estreita amizade co homenaxeado e dende entón, apunta que hai na súa personalidade certos trazos que son sobresaíntes e que se resumen no que o autor chama "a forza da razón solidária", enerxía que fai posíbel a súa vital actividade intelectual e cultural. Por outro lado, defíneo como un home da Ilustración dende unha perspectiva contemporánea e salienta a firmeza na lealdade aos valores ideolóxicos e morais e da solidariedade como calidades humanas de Francisco Pillado.

- Afonso Eiré, "Unha viaxe ao centro da Terra con Pillado", pp. 17-20.

Os protagonistas da viaxe feita pola xeografía galega son Francisco Pillado, Miguel Anxo Fernán Vello e Afonso Eiré, que percorren diversas vilas das catro provincias galegas. A viaxe comeza no Faro, pois segundo Manuel María, dende alí albíscanse cincuenta leguas á redonda, e despois "visitan" outros lugares como o Mirante, a Torre de Arcos ou o mosteiro de San Vitorio. Sinálanse as imprensións dos amigos nalgunhas pasaxes e remata lembrando a sorpresa ao observar unha igrexa ao estilo mexicano, o cal se traduciu, en palabras do homenaxeado, na observación: "Este País sempre te sorprende e nunca se acaba".

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Francisco Pillado Maior", pp. 21-24.

O autor lembra que coñeceu a Pillado vinte e seis anos atrás, cando el acababa de chegar ao mundo ao teatro, e o amigo brindoulle a oportunidade de ser o seu primeiro editor. Por outra banda, fai fincapé na xenerosidade do homenaxeado en todas as facetas vitais e apunta que é un dos editores galegos máis importantes dos nosos tempos, atendendo á etimoloxía da palabra *editar* como "enxendrar" ou "crear vida". Ademais, fai un breve percorrido polas actividades profesionais de Pillado e subliña que grazas a el descubriu o celme da edición, ademais de editaren en colaboración as conversas con Carballo Calero e Xosé Manuel Beiras.

- Manuel Ferreiro, "Non é grata a posesión de ningún ben se non é compartida (Sobre a Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor)", pp. 25-36.

Sinala a importancia da doazón do arquivo teatral do homenaxeado á Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, onde se creou a Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor en 1995, cinco anos despois da creación desta Universidade. Apunta que os materiais doados son cuantiosos e diversos, e que a Biblioteca superou as dificultades iniciais e saíu adiante grazas ao traballo dos docentes da Facultade, da colaboración do IGAEM a partir do ano 1997 e que dos convenios asinados con diversas institucións, que axudan ao desenvolvemento doutras tarefas como a publicación de libros. Sinala que son 48 títulos os títulos publicados entre 1997 e 2006 en oito coleccióǹs: "Textos ou estudos de carácter teórico", "Edición de obras inéditas galegas e recuperación de textos esquecidos", "Estudos sobre teatro galego e portugués", "Textos clásicos latinos", "Teatro portugués", "Teatro catalán", "Teatro francés e inglés" e "Teatro actual". Para finalizar, o autor opina que a pesar de que aínda é preciso realizar o axuste institucional da Biblioteca-Arquivo, debe chegar a ser o centro de investigación teatral de referencia para Galicia.

- Xosé Ramón Freixeiro, "Agradecemento a Francisco Pillado, Adiantado Maior da cultura galega", pp. 37-46.

Lembra o tempo no que coñeceu a Francisco Pillado grazas ao seu amigo Roxelio Martínez, cando o autor era estudante de Maxisterio na Coruña e comezaba a se interesar pola cultura galega. A seguir, conta que un dos seus primeiros traballos publicados foi *Teatro nas aulas*, unha antoloxía dos *Cadernos da Escola Dramática Galega,* dos que Pillado era director. Así mesmo, apunta a importancia que tivo no eido cultural a creación da editora Laiovento, agradecendo que fose o homenaxeado quen lle brindase a oportunidade de publicar os seus primeiros libros.

- María Pilar García Negro, "Os cadernos da Compañia de Teatro Luis Seoane", pp. 47-52.

Reprodúcese un artigo que Pilar García Negro publicou no número dous de *CasaHamlet. Revista Galega de Teatro* no ano 2000. Nel expresa a fortuna que sente por ter coñecido a F. Pillado e a súa dona, Manuela Vega. Ademais, analiza a importancia que tivo a creación da Compañía de Teatro Luís Seoane, dirixida polo homenaxeado e Manuel Lourenzo, e a publicación dos cinco números dos *Cadernos* desta compañía teatral cunha diversa selección de obras. Lamenta tamén que ambas as iniciativas xa non existan, feito que atribúe ao descoido das institucións culturais do país.

- Araceli Herrero Figueroa, "Luis Pimentel e o teatro", pp. 53-60.

Recorda a montaxe teatral que fixo Francisco Pillado para presentar o grupo "O Facho", con textos de Castelao e Luís Pimentel, e sinala a aproximación deste último á arte dramática a través do constante diálogo coas artes, así como a súa afección polos ballets. A autora conta que Pimentel deixou varios escritos dramáticos inconclusos e salienta que os seus poemas poden recitarse coma se fosen textos teatrais. A consideración destas singularidades da obra pimentaliana responden a notas e apuntamentos que a autora sinala que foi recadando durante anos, entre os que inclúe o 1965, ano no que Pillado presentou o nomeado grupo teatral.

- Xavier Lama, "Das voces recreadas que visten o traxe do desamparo (A Francisco Pillado, que as puxo en galego)", pp. 61-64.

Súmase á homenaxe cun poema no que teñen cabida personaxes de obras que Pillado traduciu á lingua galega, como as criadas de Genet, o profesor d'*A lección* de Ionesco ou Vladimir e Estragón. Ademais, apunta outros autores que tamén traduciu Pillado para o galego como Chekhov ou Cyrano de Begerac. Agradécelle ao homenaxeado a tradución de *Maxia vermella*, de Michel de Ghelderode, pois foi así como el descubriu vinte anos atrás, o recado do inquietante e escuro universo deste escritor que recupera imaxes de Bruegel ou o Bosco, e nas que "Pillado exercía como anfitrión".

- Xosé Luna, "Pillado", pp. 65-68.

Recorda da presentación do libro *Territorio de desaparición*, a imaxe de Fernán-Vello, autor do libro, e Pillado conversando. Manifesta o compromiso ético e estético que o homenaxeado amosa nas súas facetas vitais, así como o seu amor pola música. Subliña o agasallo da biblioteca do seu pai á Facultade de Xornalismo de Santiago e a doazón do

seu arquivo teatral á Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña. Remata a súa particular homenaxe cuns versos do poeta Roberto Blanco Torres.

- Carlos Paulo Martínez Pereiro, "Do paradoxal escepticismo activo (Exercicio de admiración)", pp. 69-82.

Parte da cita do libro *Murphy*, de Samuel Beckett, para facer o que el chama o "pretenso retrato falado e falido (ou fallado)" de Francisco Pillado. Así, vai realizando un retrato do homenaxeado coma se se tratase dun *double* Francisco, ao modo de Dr. Jekyll e Mr. Hyde. Inclúe outro apartado no artigo, o titulado "Supremacía do adxectivo" do *Compendio de descomposición*, onde versiona o fragmento da obra do filósofo Cioran.

- Xosé Luís Martínez Pereiro, "O señor dos luns", pp. 83-84.

Un home, similar ao retrato de Iván "O terríbel", increpa a Pillado polas rúas da Coruña para preguntarlle se sabe se Cleopatra tiña bocio. Infórmalle o chamado "tulambrón" que a glándula tiroide da raíña é unha hipótese de Gerald H. Hart e que aínda non foi desmentida pola ciencia e Pillado, sorprendido, marcha coa desculpa de ir mercar peixe ao supermercado.

- Gustavo Pernas Cora, "Sempre nos quedará Mozart", pp. 85-88.

Fai un retrato do escritor Francisco Pillado nun café, entretido coa lectura namentres agarda polos amigos. Defíneo como un ser plural e creativo e apunta as súas grandes paixóns: o teatro e a música, especialmente a de Mozart. Ademais aplaude os traballos do homenaxeado en diversos eidos culturais.

- Henrique Rabuñal, "Carta aberta a Francisco Pillado", pp. 89-94.

Henrique Rabuñal diríxelle unha carta a Francisco Pillado na que fai un percorrido polo polifacético traballo do intelectual a prol da cultura galega. Subliña as obras que Pillado fixo conxuntamente con Fernán Vello, os libros de conversas con Carballo Callero e Beiras Torrado, e apunta que son estas dúas personalidades as que marcan e marcaron a vida de moitos dos que participan no presente libro homenaxe. A seguir, xustifica que non ten a intención de realizar unha lista exhaustiva dos méritos do homenaxeado e diríxise a el, facéndoo partícipe do "acto de amor e xustiza" que lle profesan os seus amigos.

- Laura Tato Fontaíña, "A inútil precaución", pp. 95-102.

Agradécelle a Pillado a publicación do seu traballo de iniciación nos *Cadernos da Escola Dramática Galega* e a dirección da súa actividade investigadora cara ao teatro galego contemporáneo. Percorre a obra ensaística do dramaturgo mencionando títulos pioneiros como *O teatro galego* (1979), en colaboración con Manuel Lourenzo, o "Catálogo xeral do teatro galego", o artigo "Literatura Galega. Teatro de Leandro Carré Alvarellos" (1960), *Antoloxía do teatro galego* (1982), *Diccionário do teatro galego (1671-1985)* (1987). Refírese tamén ao seu labor de ensaísta en conferencias e estudos, entre os que destaca o traballo sobre a Escola Rexional de Declamación, *O teatro de Manuel Lugrís Freire* (1991). Laura Tato opina que este labor ensaística foi parcialmente recoñecido cando se lle concedeu un accésit no III Premio de

Investigación Teatral por *Contribución de Luís Seoane ao teatro galego, análise da súa obra gráfica, literária e teórica.*

- Xulio Valcárcel, "O piloto cego", pp. 103-108.

Rescata o título da obra de Papini, a modo de "brincadeira, non metáfora", para lembrar os momentos que pasou con Pillado na directiva do grupo teatral "O Facho". Sinala que conducía como se dun "piloto cego" se tratase polas rúas da Coruña, entre o pensamento e a palabra, cara ao tempo de lecer, e como, xa daquela, pensaba na necesidade dunha grande editorial que pouco despois pilotaría con "lucidez, eficacia e profesionalidade".

Recensións:

- Vicente Araguas, "Irmán, irmán galego", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 429, 20 maio 2007, p. 20.

Comenta a figura e a personalidade de Francisco Pillado con motivo da publicación do volume *No país da irmandade*, editado pola Deputación da Coruña, que define como unha coroa literaria a prol deste intelectual. Menciona as persoas que colaboraron no volume baixo a coordinación de Miguel Anxo Fernán Vello. Entre as fazañas levadas a cabo polo protagonista deste artigo, Araguas salienta o papel que tivo como creador da editorial Laiovento. De entre os eidos en que traballou, destaca o do teatro e afirma que grazas a el seguimos a ter funcións dramáticas en galego.

Referencias varias:

- A.R. López, "Crónica dunha amizade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 marzo 2007, p. 27.

Francisco Pillado Maior expresa nestas declaracións a súa sorpresa ante a homenaxe que lle renderon os seus amigos pola súa andaina laboral e fala da amizade e dos seus comezos no mundo teatral xunto con Manolo Lourenzo en 1965, con quen emprendeu a tarefa de historiar o teatro galego. Tamén se lamenta da ruína que supuxeron a maioría dos seus negocios que trataron de impulsar o teatro galego. No tocante ao seu abandono como militante político do BNG, expresa a seu desencanto tras os resultados nas últimas eleccións autonómicas e lamenta a actitude dos máximos responsábeis do partido. Afirma que segue a confiar no proxecto do BNG, pero non aproba moitas das decisións da Consellería de Cultura.

- Albino Mallo, "No país da irmandade', tributo de verbas e son para Francisco Pillado", *El Correo Gallego*, "Cultura", 24 marzo 2007, p. 75.

Infórmase da publicación do libro homenaxe a Francisco Pillado Mayor titulado *No país da irmandade* no que colaboraron dezasete persoeiros das letras e da música galegas. Sinálase que o promotor da idea foi Miguel Anxo Fernán-Vello, ao que se sumaron outros como Henrique Rabuñal, os músicos Paulino Pereiro e Juan Durán ou a profesora Pilar García Negro.

- Daniel Salgado, "Los amigos de Francisco Pillado", *El País*, "*Galicia*", 24 marzo 2007, p. 39.

Noticia sobre a homenaxe que recibiu Francisco Pillado Maior na Coruña por parte dos seus amigos en recoñecemento ao seu labor na editorial Laiovento, na Escola Dramática Galega e na revista teatral *Casahamlet*. A homenaxe consistiu nunha mesa redonda, un concerto e a presentación do libro colectivo titulado *No país da irmandade*, editado pola Deputación da Coruña e no que participan dezasete escritores e oito artistas. Xunto co libro axuntouse un CD de versións interpretadas polo grupo Século XX.

- Manuel Lugrís, "Pillado no país da irmandade", *A Nosa Terra*, nº 1.262, "Galiza", 29 marzo-11 abril 2007, p. 12.

Artigo no que Manuel Lugrís eloxia o intelectual galego Francisco Pillado Mayor á vez que recolle a noticia da homenaxe que recibiu, na Universidade da Coruña, pola súa contribución á cultura e a súa dedicación á análise da identidade nacional galega. Sinala que durante o recoñecemento repartiuse o libro homenaxe *No país da irmandade* no que colaboraron numerosos persoeiros máis un CD. Lugrís destaca o compromiso ilustrado, a denuncia do sistema e a reivindicación cultural que caracterizaron o labor de Pillado.

Fernández del Riego, Francisco, *Álvaro Cunqueiro, escritor*, Vigo: Ir Indo, col. Galegos na Historia, 2007, 68 pp. (ISBN: 978-84-7680-600-5).

Biografía de Álvaro Cunqueiro realizada por Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913), que bota man das súas lembranzas e vivencias compartidas co mindoniense. O volume inclúe un CD onde se poden escoitar algunhas das voces dos participantes na homenaxe a Álvaro Cunqueiro que tivo lugar en Vigo en 1980, un ano antes da súa morte, entre elas as do propio Cunqueiro, a de Francisco Fernández del Riego e a de Domingo García Sabell. Ademais, o CD contén vinte e un poemas de Cunqueiro nas voces de Laura P. Landeira, Xohana Torres e Xoaquín Lens, con música de Emilio Cao. O libro está organizado en cinco capítulos e un apartado final de cronoloxía. Os tres primeiros abordan un percorrido biográfico pola vida de Cunqueiro: a súa infancia en Mondoñedo, o paso pola universidade en Compostela, onde entrou en contacto coa intelectualidade galega, o seu labor literario e o regreso a Mondoñedo, onde comezou a escribir *Merlín e familia*. O cuarto capítulo trata os mitos e o carácter literario do escritor e o último conforma unha lembranza da homenaxe a Álvaro Cunqueiro que tivo lugar en abril de 1980. A obra conta cun abondoso material fotográfico que ilustra a vida do escritor mindoniense.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Cunqueiro, ós ollos de Del Riego", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 12 abril 2007, p. 37.

Informa da publicación dunha biografía de Cunqueiro escrita dende a lembranza por Francisco Fernández del Riego. Sinala que a obra inclúe fotografías e un CD. Fala do acto de presentación do libro e recolle unha anécdota ao redor dunha homenaxe que se lle dedicou a Cunqueiro en 1980.

- María Jesús Fuente, "Del Riego publica su penúltima obra, una biografía sobre Cunqueiro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 xullo 2007, p. 43.

Refírese á presentación dunha biografía sobre Cunqueiro escrita por Fernández del Riego. Salienta a lucidez do autor desta obra a pesar da súa idade, 94 anos. Destaca tamén o feito de que del Riego ten xa preparado un libro pendente de edición, *Memorias do París literario*. Por último, engade que *Álvaro Cunqueiro, escritor* vai acompañado dun CD que lembra a homenaxe que se lle dedicou a Cunqueiro en 1980.

- Teresa Cuíñas, "Del Riego relata su amistad con Cunqueiro en su último libro", *El País*, "*Galicia*", 12 xullo 2007, p. 38.

Dá conta da publicación e do acto de presentación da obra de Francisco Fernández del Riego sobre o escritor Álvaro Cunqueiro e recolle algunhas das palabra que o seu fillo César pronunciou co gallo deste evento. Indica tamén que o libro inclúe un CD con poemas de Cunqueiro recitados por Laura P. Landeira, Joaquín Lens e Xohana Torres con música de Emilio Cao, e mais un discurso de Cunqueiro.

- Ramón Loureiro, "Cunqueiro tende ao infinito", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 220, 21 xullo 2007, p. 10.

Informa da publicación na editorial Ir Indo da obra de Fernández del Riego *Álvaro Cunqueiro, escritor*. Incide no carácter documental deste volume, do que destaca o papel das fotografías que o ilustran e que permiten "regresar coa mirada ao tempo de Cunqueiro". Indica tamén que inclúe un CD que permite escoitar os versos de Cunqueiro na súa voz e na doutras e doutros poetas.

- Javier Mosquera, "La última biografía de Cunqueiro incluye una grabación con su voz realizada en 1980", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 27 novembro 2007, p. 39.

Dá conta da presentación da biografía de Cunqueiro realizada por Fernández del Riego. Indica que o volume vai acompañado dun CD que inclúe a homenaxe que se lle fixo a Cunqueiro en Vigo, en 1980, e a lectura de poemas. De seguido, dá conta das persoas que participaron na presentación e achega os seus comentarios sobre a obra.

- Jorge Lamas, "Unha indisposición impide a Del Riego acudir á presentación do seu libro sobre Cunqueiro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 novembro 2007, p. 45.

Comenta que Francisco Fernández del Riego non puido asistir á presentación do seu libro *Álvaro Cunqueiro, escritor*, debido a unha indisposición de saúde, e afirma que o libro afonda na relación de amizade que mantivo con Cunqueiro. Explica Fernández del Riego a infancia que pasaron xuntos e como animou o mindoniense para que volvese a escribir.

- C.P.R., "A Cunqueiro coñecíanno os cans e os gatos de toda Galicia', asevera su hijo", *El Progreso*, "Cultura", 27 novembro 2007, p. 79.

Fai referencia á participación de César Cunqueiro, fillo de Álvaro Cunqueiro, no acto de presentación do libro *Álvaro Cunqueiro, escritor*, de Francisco Fernández del Riego,

publicado por Ir Indo. Dá conta tamén da participación de Bieito Ledo, director de Ir Indo, e de Julio Fernández Gayoso, presidente de Caixanova.

- R.V., "Fernández Del Riego réndelle tributo a Cunqueiro nun libro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 novembro 2007, p. 34.

Nota centrada no acto de presentación, celebrado no Centro Cultural Caixanova de Vigo, do libro de Francisco Fernández del Riego, *Álvaro Cunqueiro, escritor*, publicado pola editorial Ir Indo. Explícase que se trata dunha biografía do escritor mindoniense, acompañada dun disco no que se recollen poemas coas voces de Laura Pérez Landeira, Xoaquín Lens e Xohana Torres. Finalmente, salíentase o labor narrativo, lírico, xornalístico e, sobre todo, etnográfico e lendario de Cunqueiro.

Fernández Rodríguez, Manuel (ed.), *Do amor e da literatura*, Ourense: Ediciones Linteo, col. Aberta, novembro 2007, 144 pp. (ISBN: 978-84-96067-35-6).

Volume que se abre cunha introdución do seu editor, Manuel Fernández Rodríguez, na que sinala que supón a recompilación dos textos empregados no curso de verán "Amor e literatura", dirixido polo profesor Claudio Rodríguez Fer e celebrado na Facultade de Humanidades do Campus de Lugo entre os días 12 e 16 do mes de xullo de 2004. Apunta tamén que os contidos froito das comunicacións presentadas foron publicadas nun número monográfico da revista *Unión Libre* baixo o título xenérico "Amores". Explica a estrutura do libro e destaca entre os seus valores o feito de que a selección de textos responda á súa representatividade como manifestación amorosa e asemade literaria. Inclúese a seguir un texto de Carmen Blanco, titulado "Eróticas heréticas heteroxéneas: por unha filantropía filóxina", no que a autora contextualiza, dende un punto de vista sociohistórico, o amor como actitude marxinal, antisocial e radicalmente humana, así como as distintas formas que ten adoptado segundo as sociedades. Veñen despois os textos escolmados distribuídos en cinco bloques. No primeiro, "O amor en Grecia. Dos hortos de Afrodita de Lesbos", Enma Luaces traduce ao galego vinte e un fragmentos da poeta Safo de Lesbos. No segundo, "O amor en Roma", Aurora López e Andrés Pociña ofrecen unha escolma de textos eróticos latinos de Catulo, Ovidio, Apuleio e Petronio, en versión galega. No terceiro, "O amor no celtismo", é María Lopo a encargada de traducir textos de María de Francia e de Guillevic; Olga Novo versiona "O amor tolo", de André Breton, no cuarto apartado, titulado "O amor na vangarda". O derradeiro apartado do libro dedícase a presentar unha mostra da creación amorosa da literatura galega contemporánea a través dunha selección de textos de Claudio Rodríguez Fer e Olga Novo.

Referencias varias:

- L.R., "Linteo publica textos inspirados en Eros en *Do amor e da literatura*", *La Región*, "Ourense", 30 decembro 2007, p. 11.

Breve nota referida á saída do prelo deste volume do que se sinala que é unha recompilación de textos que foron empregados no Curso de Verán "Amor e literatura" impartido polo profesor e escritor Claudio Rodríguez Fer.

González Gómez, Xesús, *A vangarda da presenza e outros escritos colectivos situacionistas*, selección, tradución, presentación e notas do autor, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Ensaio, n.º 216, 2007, 210 pp. (ISBN: 978-84-8487-118-5).

Xesús González Gómez (A Rúa, 1950) escolma neste volume un conxunto de trinta escritos que manifestan o posicionamento respecto a distintas cuestións sociais, políticas ou culturais dos membros da Internacional Situacionista, unha organización de artistas e intelectuais revolucionarios que tiñan como obxectivo acabar coa sociedade de clases, ao considerala un sistema opresivo, e combater a dominación capitalista. Os difrentes textos dan conta dos inicios do movemento, vinculado ao Letrismo, fundado en 1946 polo romanés Jean-Isidore Isou, e das súas diferentes fases. En 1952 elementos da esquerda letrista, encabezados por Guy-Ernest Debord, escíndense e crean a Internacional Letrista (IL), composta polo propio Debord, Gil J. Wolman, Ivan Chtcheglov, Michèle Bernstein e Jean-Louis Brau. Despois da conferencia de Alba, en setembro de 1956, Wolman, Giuseppe Pinnot-Gallizio, Piero Sismondo, Pravoslav Rada, Jan Kotit, Ettor Sotas, Elena Verrone, Jacques Calone, Debord e Constant, entre outros, celebran a conferencia de Cosio de Arroscia o 28 de xullo do ano seguinte e, tras a discusión do texto de Debord, deciden fundar a Internacional Situacionista (IS). Despois da conferencia de Göteborg do 28 ao 31 de agosto de 1961, prodúcese a ruptura cos artistas situacionistas e comeza a segunda xeira situacionista, que evoluciona dunha crítica da arte máis que da cultura, a un intento de superación da arte mediante a súa realización. Co descubrimento das esquerdas comunistas, van teorizar unha estratexia política radical contra o mercantilismo e o Estado, responsábeis da alienación do individuo. Maio de 1968 marcou o punto máis álxido do movemento, o éxito da revolución promovida desde os seus textos e discursos. Despois da apoteose, a IS entra nun inmobilismo decadente. Vanegeim abandona o grupo en 1979, deixando só cinco membros, e Debord e Sanguinetti deciden a súa disolución tras reducirse a tres persoas en 1972. Así queda patente a súa oposición aos responsábeis da institucionalización das actividades artísticas, cómplices da uniformidade do pensamento e da ausencia dunha verdadeira actitude crítica. Asemade, explícanse termos como *situacionismo*, *situacionista* ou *situación construída*, entendida como un momento concreto da vida deliberadamente construído pola organización colectiva dun ambiente unitario e dun xogo de acontecementos. E o situacionista sería un membro da IS que participa en todas as deliberacións e decisións desta organización, asumindo persoalmente a súa parte de responsabilidade. Do mesmo xeito, así pode definirse a un individuo que participou nas súas iniciativas, admite as súas principais posicións teóricas ou se sente próximo ao seu estilo de vida. Por outra banda, insisten na necesidade de operar no contexto cultural actual para contribuír á súa evolución, xa que calquera repetición contribúe a mistificación de artistas anteriores. Os integrantes da IS decláranse como unha corrente popular por compartir o afán de liberdade e as mesmas preocupacións que o pobo, e contraatacan a quen os acusa de formular teorías especulativas afirmando que tamén os tecnócratas especialistas carecen de gran parte da información sobre as condicións de vida reais. A súa interpretación hipotética da cultura está máis próxima á verdade, pois observa situacións que están a suceder na actualidade. O escrito que dá titulo o libro, "A vangarda da presenza" está escrito por Goldmann, que fala da "vangarda da ausencia" para describir a inexistencia de valores aceptábeis nos escritos de vangarda que xustifiquen o seu ataque á sociedade. Por outra parte, dubida que existan na sociedade as forzas necesarias para levar a cabo a revolución, ignorando que a "vangarda da

presenza", dos que loitan nese instante, anuncia novas tendencias cara á integración das artes e á interacción co espectador. As mesmas obxeccións pronuncian aqueles que queren reformar as distintas artes sen tocar a vida que ten lugar ao seu redor.

Recensións:

- Daniel Salgado, "O fórceps do espectáculo", *Protexta*, n.º 3, "proPostas", verán 07, p. 16.

Explícase que no libro *A vangarda da presenza e outros escritos colectivos situacionais* o seu editor, Xesús González Gómez, fixo unha escrupulosa recompilación e tradución de textos situacionistas, deixando fóra os de tipo político, tal como advirte no limiar. Destaca Daniel Salgado que os seguidores desta corrente situacionista odiaban o debate que enfrontaba arte e compromiso porque para eles a acción política consistía na simple existencia. Engade que Ève Chiapello e Luc Boltanski sinalan, n'*O espírito do novo capitalismo*, as coincidencias entre o léxico situacionista e as estratexias de mercadotecnia dalgunha empresa trasnacional e que as esculcas situacionistas situáronse nas marxes do discurso hexemónico e ao servizo da idea de emancipación.

Herrero Figueroa, Araceli, *Unha cidade e un poeta. Lugo e Luís Pimentel*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, col. Literatura, 99 pp. (ISBN: 978-84-8192-382-7). ◆

Lección maxistral pronunciada o 29 de xaneiro de 2007, na Festividade de Santo Tomé, no Campus de Lugo, na Escola Universitaria de Formación do Profesorado, Universidade de Santiago de Compostela por Araceli Herrreo Figueroa (Lugo, 1948). Trátase dunha monografía en homenaxe a Luís Pimentel, nado en Lugo o 18 de decembro de 1895, que amosa as distintas facetas deste poeta urbano e médico de profesión. Ao longo do primeiro capítulo lévase a cabo un perfil biográfico para continuar no seguinte cun análise da súa obra editada, indicando que só deixaba impreso o poemario *Triscos* (1958) e un vintén de textos, verso e prosa, tanto en castelán como en galego, publicados en diferentes revistas e xornais como *Ronsel*, *El Pueblo Gallego*, *Nós* ou *Resol*, entre outros. Asemade, salienta o feito simbólico de que Ánxel Fole fose o autor do prólogo de *Triscos*, xa que se trata dun amigo cunha gran importancia na súa poética. Entre as súas influenzas tamén cita a Celestino Fernández de la Vega, Ramón Piñeiro ou Ricardo Carballo Calero. No seguinte capítulo reflexiónase sobre o bilingüismo do autor e conclúe que, pese a ter como lingua de creación o español, manifestou a súa vontade de ser considerado autor galego. Tras encadralo como poeta hispánico e galego, refírese á súa profesión de médico, unha circunstancia que se vería reflectida nalgún dos seus textos en castelán, como "Diario de un médico de guardia". Como proba desta identificación, recóllese a sinatura que empregou no xornal mindoniense *As San Lucas* (18 outubro 1951): "Luís Pimentel, médico y poeta de Lugo". Da súa condición de lugués ocúpanse os seguintes capítulos, nos que se advirte de que a vinculación con esta cidade é perfectamente compatíbel cunha marcada vocación de universalidade. Moitos son os espazos desta cidade sinalados na obra de Pimentel, que converteu míticos lugares, como as murallas romanas, nun protagonista máis da súa obra. A seguir coméntase, como proba da súa implicación como cidadán, algunha das súas iniciativas para dinamizar a vida cultural luguesa, na que colaboraba

activamente con propostas como a levada a cabo en El Círculo de Bellas Artes. De feito, faise fincapé no permanente diálogo que a súa obra mantén coas outras artes, dende a música até a pintura ou o teatro. Xa no último capítulo conclúe que Lugo corresponde con xenerosidade e afecto o destacado lugar que ocupa nos versos dun dos seus poetas máis célebres.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, "Ensaio de altura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 241, "Club dandi", 15 decembro 2007, p. 12.

Despois dunha reflexión sobre a boa saúde do ensaio galego, menciona catro exemplos: *Julio Cortázar no 40º aniversario da publicación de Rayuela*, coordinado por Manuel Pérez Grueiro; *Unha cidade e un poeta. Lugo e Luís Pimentel*, de Araceli Herrero Figueroa; *Violencia e conflitos bélicos no novo século*, que recolle as intervencións do III Encontros de Mondariz-Balenario, e *Violencia política, protesta social e orde pública no Ourense republicano*, de Xulio Prada Rodríguez.

Ibarra Jiménez, Ana, *Da arqueoloxía ao soño popular. A deconstrución da paixón céltica*, Noia: Toxosoutos, col. Keltia, 304 pp. (ISBN: 978-84-96673-16-8).

Inaugúrase este volume cun aparato introdutorio no que se asentan as bases do presente traballo de investigación de Ana Ibarra Jiménez, que pretende revelar a situación actual sobre a divulgación do coñecemento dos celtas. A seguir, céntrase na análise historiográfica do concepto celta e no tratamento do mundo celta na Educación Escolar, polo que se detén na Historia na Escola, especialmente na presenza dos celtas nos manuais escolares, e reflexiona sobre a importancia da educación e o papel do profesor. Por outra parte, xa centrándose no aspecto divulgativo, aténdense os libros, revistas, novelas, cómics, películas ou documentais que abordan o mundo celta, e alude á súa presenza en internet e ao "merchandising céltico". No referente ás publicacións galegas, que teñan tratado o tema, cítanse as de Pepe Carreiro: *Historia de Galicia* (2000), na que se ofrece a un público infantil, cun breve texto e uns caricaturizados debuxos, un rápido repaso polos feitos claves da historia galega; e *Os habitantes dos castros* (1995), na que se tenta explicar aos máis novos, en forma de conto, as características fundamentais do que é un castro e quen foron os seus habitantes. Así mesmo, coméntanse do mesmo autor os cómics publicados pola editorial Toxosoutos, baixo o título *Os Barbanzóns. Baroña ou morte* (2003) e *No solpor da prehistoria* (2005). Achégase o seu argumento e defínense os seus personaxes, ademais de tratárense cuestións relativas ás súas vivendas, poboados, vestimentas ou estratificación social, indicándose o que parte dos estudos científicos e o que parte da ficción creativa. Péchase cunhas conclusión e unha bibliografía.

Lamas, Santiago, *Ferrín e outras historias*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio, maio 2007, 242 pp. (ISBN: 978-84-8485-259-9).

Santiago Lamas Crego (Pontevedra, 1944), xefe do Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Ourense, reúne neste volume tres ensaios de fasquía e intereses

diferentes, que se presentan recorrendo ao formato textual das notas ou parágrafos de diversa extensión que seguen unha numeración correlativa en cada un dos traballos, o cal lles outorga o aspecto de apuntamentos de carácter persoal dotados de grande erudición e no que se percibe a voz dun lector voraz e atento. Abre o volume o traballo titulado "Volverse contra si. As mortes por propia man na narrativa de Méndez Ferrín. Notas", onde ofrece un achegamento ao tema do suicidio como fenómeno habitual entre as xentes da arte, en particular nos escritores e tamén nos personaxes das súas obras. Tras unhas reflexións de carácter xeral, detense na obra de Xosé Luís Méndez Ferrín como exemplo paradigmático na literatura galega da presenza da morte por propia man. Sinala que os suicidios amoréanse nas obras realistas (*O crepúsculo e as formigas*, *Crónica de nós*, *No ventre do silencio*), mentres que as obras máis simbolistas non inclúen a auto-violencia (*Perceval*, *Arnoia, Arnoia*, *Arrabaldo do Norde*). Analiza tamén as concomitancias e diferenzas con textos de Camus, Joyce, Valle-Inclán, Goethe, Otero Pedrayo, Cunqueiro, entre outros. Segundo Santiago Lamas, se na obra de Ferrín se presenta en múltiples ocasións o suicidio é porque os personaxes chegan a situacións límites, xa que a escrita do autor céntrase sobre todo nas causas perdidas, nos heroes derrotados e na desesperanza, de aí que non sexa doado atopar na obra ferriniana un conto ou unha novela de final feliz. No segundo ensaio, titulado "Nunca chegarás a nada", Santiago Lamas achega as súas reflexións sobre o debuxante italiano Hugo Pratt e sobre o seu personaxe máis popular, o Corto Maltés, convertido nun mito moderno. Pecha o volume o texto "De homes, lobos e lobishomes" dedicado á mitoloxía do lobishome. Aborda as súas orixes, a súa universalidade e a súa representación literaria, deténdose con máis vagar na novela de Alfredo Conde, *Romasanta. Memorias incertas do home lobo* (2004), e relacionando estes casos de licantropía coa violencia dos asasinos en serie e a psicopatía.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, "Os que se quitan de en medio", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", p. 40/*La Región*, "Pan por pan", p. 85, 7 xuño 2007.

Dá conta da publicación do libro *Ferrín e outras historias*, de Santiago Lamas. Explica que contén tres ensaios e refírese esquematicamente á súa temática, incidindo en que tras as páxinas deste volume se encontra un experto psiquiatra e atento observador.

- Marcos Valcárcel, "Nunca saberemos os porqués", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 8 xuño 2007, p. 40.

Confesa que segue a aprender moitas cousas coa lectura do ensaio de Santiago Lamas *Ferrín e outras historias*. Destaca a análise que o autor dá a coñecer a respecto dos personaxes suicidas que aparecen nas narracións de Méndez Ferrín, nomeadamente nos relatos "Odiado Amado" ou "Morrer en Laura**",** entre outros. Apunta que a pesar de que nada sabemos dos porqués reais que conducen ao suicidio, na literatura resúmense na "soidade como expresión do sufrimento", tal como expresou Rosalía no poema "Soia": "como naide a esperaba/ela non tornou máis".

- Marcos Valcárcel, "Historia e memoria", *La Región*, "Pan por pan", p. 69/*Galicia Hoxe*, "Andoliña", p. 40, 9 xuño 2007.

Volve dedicar o artigo á obra *Ferrín e outras historias*, de Santiago Lamas, para indicar nesta ocasión que o autor realiza unha magnífica viaxe metaliteraria polo ronsel dos escritores e escritoras suicidas: "de Pavese a Maiakovsky, de Hemingway a Virxinia Wolf". Tamén se refire ao tema da memoria e da historia presente neste libro e remata cunha alusión á obra de Méndez Ferrín, na que recoñece a presenza de pouca historia e moita memoria subxectiva, persoal e sentimental; e á de Otero Pedrayo, outro exemplo de construción da súa propia memoria.

Leira, Xan, *Lembranzas e reflexións de Isaac Díaz Pardo*, fotografías de José Luís Abalo, Vigo: Xunta de Galicia. Presidencia. Secretaria Xeral de Comunicación, col. Memoria Viva, 2007, 55 pp. (ISBN: 978-84-611-7698-4). ◆

Xan Leira, nesta crónica (denominación que o propio autor lle outorga), ofrece un breve, pero exhaustivo, percorrido pola vida de Isaac Díaz Pardo (Santiago de Compostela, 1920), tratando temas relativos a todas as variadas facetas do artista, dende o persoal até o profesional, pasando polos seus ideais e convicción políticas, as cales se subliñan como moi presentes todo ao longo da vida deste polifacético artista. Saliéntase nos distintos apartados o labor de Díaz Pardo como pintor, ceramista, publicista, escritor de ensaio, poesía, teatro, inventor de máquinas e ferramentas, editor, deseñador de mobles e arquitecto, todo un amplo número de facetas nas que participou e nas que se reflicten os seus ideais políticos, sociais e culturais. Partindo dun breve fragmento onde se comenta o seu papel como "produtor de ideas e creador de ferramentas concretas para recuperar e restablecer a identidade cultural, económica e política de Galicia", iníciase o percorrido pola vida de Díaz Pardo en relación ás diferentes etapas citadas. En "Da nenez á mocidade", o propio Isaac Díaz Pardo, Camilo Díaz Arias e Xesús Alonso Montero ofrecen datos referentes aos primeiros pasos de cara a consolidación dos ideais do homenaxeado, como o feito de ser militante das Xuventudes Socialistas Unificadas ou o seu primeiro traballo interpretando carteis de Castelao e refacéndoos, accións que xa deixaban entrever o seu caráter revolucionario, que máis adiante o levará a ser promotor de innumerábeis iniciativas empresariais e culturais. No seguinte apartado "O alzamento militar e a posguerra" entre Xosé Díaz Arias, o propio Isaac Díaz Pardo e Camilo Díaz Arias fan un percorrido polos duros tempos que a guerra civil trouxo e as repercusións que tivo para as manifestacións artísticas nas que Díaz Pardo comezaba, entre outros faceres, todo controlado pola censura do franquismo. No seguinte apartado, "Novas iniciativas na emigración. O retorno", de novo Issac Díaz Pardo, Camilo Díaz Arias, Xosé Díaz Arias e Alonso Montero, a quen se lles une Mariví Villaverde, fan un percorrido pola actividade de Díaz Pardo no exilio e no retorno. Destacan a súa dedicación á cerámica e a creación de institucións como a fábrica de Cerámicas de Magdalena na Arxentina, á que lle seguiu Cerámicas do Castro e Sargadelos que tamén viñeron para Galicia, a creación do Laboratorio de Formas, coa axuda de Luís Seoane e toda unha serie de actividades para dar a coñecer e perservar a cultura galega dende a emigración e recuperala no país. Finalmente en "Memoria e compromiso: o legado", de novo os mesmo autores, percorren outras contribucións nas que participou Díaz Pardo, como o desenvolvemento d'O Ruedo Ibérico, institución creada en París para a publicación de libros, en Galicia a creación de Edicións do Castro, e todo un conxunto de actividades que se converten no legado de Díaz Pardo. A obra vai acompañada dun DVD que dá acceso a toda a información do formato libro e dun material fotográfico que ilumina cada acción.

Liñares Giraut, X. Amancio, *Son para a "Unión Barcalesa de La Habana (1907-2007)"*, presentación de Manuel Luís Rodríguez González, limiar de Vicente Peña Saavedra, fotografías de Xurxo Lobato, Santa Comba-A Coruña: Editorial tresCtres, col. Nós-outros Ensaio, 2007, 166 pp. (ISBN: 978-84-935562-8-0). ■

X. Amancio Liñares Giraut (Negreira, 1961) realiza nesta monografía unha aproximación á máis importante entidade cultural-educativa dos emigrantes do Val da Barcala durante o século XX: a Unión Barcalesa da Habana, institución creada na capital cubana en novembro de 1907 que segue existindo na actualidade como a única colectividade organizada por emigrantes da zona en todo o mundo. Tras a presentación institucional, asinada por Manuel Luís Rodríguez González, Secretario Xeral de Emigración da Xunta de Galicia, e un breve limiar do profesor de Historia da Educación da Universidade de Santiago, Vicente Peña, examínanse ao longo da obra os cen anos de vida da entidade, con atención a moi diversos aspectos: a súa xénese, as súas bases organizativas, a análise das súas memorias e libros de actas, as persoas que a presidiron, as actividades realizadas e as contribucións da Unión á mellora da vida do seu lugar de orixe, destacando, por exemplo, o financiamento das tres escolas nas parroquias negreiresas de Covas, Aro e A Barcala. Lonxe de centrarse unicamente na etapa de maior pulo migratorio, o autor examina tamén o labor da sociedade nas últimas décadas até o momento presente. Nunha serie de anexos recóllense outras informacións de interese, como a transcrición da acta fundacional da Unión Barcalesa, pasando por fotografías e mesmo un "apéndice musical".

Liñeira, María e Dolores **Vilavedra** (eds.), *John Rutherford. Mar por medio*, Trasalba-Amoeiro (Ourense): Fundación Otero Pedrayo, xuño 2007, 113 pp. (ISBN: 978-84-611-7618-2). ◆

Ábrese o volume co prologo "Galegos no mundo", no que a Fundación Otero Pedrayo agradece a todos os viaxeiros, narradores e descubridores do noso mundo, e máis en concreto a John Rutherford (Saint Albans, 1941), que, malia naceren fóra de territorio galego, axuden a conformar e a dar a coñecer a nosa identidade cultural. A seguir, reprodúcese un debuxo de Isaac Díaz Pardo, titulado "Xentes que ven cousas estrañas no ceo de Galiza" e dedicado a Rutherford, e un limiar das editoras do volume, María Liñeira e Dolores Vilavedra, no que, baixo o título "Inglés de berce, galego de adopción", ofrecen un percorrido biográfico dedicado a John Rutherford no que se sitúa a este no ronsel de todos aqueles que se aproximaron á nosa cultura "contribuíndo a erguer a casa común da galeguidade", e aseguran tamén que este volume non sería posíbel sen a complicidade de tantos amigos e discípulos como John ten por todo o mundo. No apartado denominado "Un home, dous mundos", reprodúcense o artigo de John Rutherford, "O humorismo da periferia e a comicidade do centro: a retranca e a guasa", no que o inglés explica a súa teoría da comicidade e do humorismo empregando as ideas dos teóricos Sigmund Freud e Celestino Fernández de la Vega, e afirma que na retranca galega vive unha ironía das máis sutís nacida como arma defensiva dun pobo oprimido durante séculos polo poder de Castela, como demostran os debuxos de Castelao, e asegura que o mundo urbano galego está provocando a desaparición desa retranca, que compara coa *guasa* de Sevilla; ademais de dúas cancións da súa autoría, das que se reproducen o texto e as partituras: o bolero "Miradas galegas" e a habanera

"Vila meiga". Complétase con colaboracións reunidas baixo os epígrafes "Un ronsel de saber" (pp. 38-73) e "Tendendo pontes" (pp. 74-109), ilustradas con fotografías de diferentes momentos na vida de Rutherford, nos que se atopan as colaboracións que se resumen nas liñas que seguen, e mais cunha "Cronoloxía".

- Chengde Chen, "O John que eu coñezo", trad. María Liñeira, pp. 40-41.

Agradécelle a John Rutherford que lle ensinase a comprender e a respectar Inglaterra e as súas xentes e terlle axudado a perfeccionar a súa escrita, que chegou a converterse en "poética filosófica".

- Departamento de Estudos Hispánicos da Universidade de Oxford, "O privilexio de traballar con John", trad. María Liñeira, pp. 42-43.

O Departamento de Estudos Hispánicos da Universidade de Oxford agradécelles aos compañeiros galegos e españois o cariño que lle profesan ao Departamento. Engaden algunhas anécdotas protagonizadas por Rutherford.

- Benigno Fernández Salgado, "Algo máis cá primeira impresión", pp. 44-48.

Lembra o intre no que viu a J. Rutherford por vez primeira no I Simposio de Estudos Galegos do Reino Unido en abril de 1991 e os reencontros que se sucederon dende aquela.

- Derek Flitter, "Un titor benévolo e comprensivo", pp. 49-50.

Derek Flitter retrocede trinta anos até o momento que el mesmo denomina "a cita máis importante da súa vida": o encontro con John Rutherford no acto de petición de praza como alumno do Queen's College. Conta tamén que grazas a el coñeceu Galicia no verán de 1985.

- Kirsty Hooper, "O segredo da tradución", p. 51.

Conta a súa experiencia persoal co doutor Rutherford, co que se atopou na propia universidade e grazas ao cal entendeu a tradución como "un proceso artístico" collendo como exemplo a primeira frase da súa tradución ao inglés de *La Regenta* onde a palabra "siesta" é substituída polo coloquialismo "nap".

- María Liñeira, "The Walker's Arms", p. 52.

Neste caso, as lembranzas veñen da man dunha estudante de xornalismo de Santiago de Compostela que, tras coñecer á Rosa Rutherford e o mesmo J. Rutherford, decide partir a estudar a Oxford no Centro de Estudos Galegos onde traballará con el.

- David J.F. Longrigg, "Peregrinos a Compostela", trad. María Liñeira, pp. 53-54.

Conta que coñece a Rutherford no pub The King's Arms en 1982 con motivo dunha reunión do comité da "Campaña pola Real Ale" (CAMRA) do que o mesmo Rutherford era secretario. Recolle tamén a experiencia da viaxe que, como peregrinos, fixeron o autor do texto e o mesmo Rutherford e cita a súa novela escrita en galego *As frechas de*

ouro (2004), ademais de falar do obradoiro de tradución galego-inglés no que ambos traballaban.

- Peter M. Neumann e Sir Alan Budd, "John Rutherford no Queen's College", trad. María Liñeira, pp. 55-56.

Gaban o esforzo de J. Rutherford como profesor repasando os cargos que ocupou e as súas múltiples facetas. Citan as súas traducións ao inglés de *La Regenta* e *Don Quijote* e refírense á súa tarefa de *seneschal*, que Rutherford adoptou ao incluír nos menús do *college* Queen's pratos españois como "gambas a la plancha". Sir Alan Budd engade que John Rutherford é un dos segredos mellor gardados do *college*, un home notabelmente silencioso e modesto.

- Craig Patterson, "Sobrevivir en Oxford", pp. 57-58.

Afirma que sen a influencia de John Rutherford na súa vida profesional, na actualidade non traballaría nos estudos galegos. Cita o libro de Javier Marías *Todas las almas* ao falar dos costumes do Queen's College, no que Patterson se doutorou en Filoloxía Hispánica e no que tivo todo o apoio de Rutherford perante as dificultades de adaptación a un novo ambiente. Menciona tamén as traducións ao inglés de *Cousas* de Castelao e de *El Quijote*, realizadas por Rutherford con gran brillantez.

- David Pattison, "Un colega modélico", trad. Dolores Torres París, p. 59.

David Pattison, antigo compañeiro de John Rutherford, recórdao como un "brillante estudante" e un rapaz que sabía divertirse. Destaca o seu papel de profesor entregado e refírese ao seu labor de tradutor de títulos como *La Regenta* e *Don Quijote*, e á súa faceta de escritor e investigador, arredor de temas como a novela da revolución mexicana, o *Poema de Mio Cid* ou a *Celestina.*

- Manuel Puga Moruxa, "Morriña de Oxford", pp. 60-61.

Lembra como durante os cinco anos que pasou como lector de galego en Oxford, a experiencia máis gratificante foi a de coñecer, traballar e estar con John Rutherford. Asegura que Rutherford leva moitos anos facendo o valiosísimo labor de difundir a cultura galega a través do Centro de Estudos Galegos de Oxford, con traducións ao inglés de autores galegos como Xavier Queipo ou Xelís de Toro, entre outros. Fai fincapé tamén na hospitalidade e xenerosidade que caracterizan a Rutherford.

- Gabriel Rei-Doval, "Un galego que quixo ser inglés", pp. 61-63.

Describe o seu encontro con John Rutherford na presentación de *Things*, de Castelao. Asegura que o legado de John Rutherford para o galicianismo pode medirse polos traballos e estudos que realizou pero, sobre todo, polo que axudou e animou a outros a realizar.

- Xelís de Toro, "As armas do escritor", pp. 63-65.

Alude ao traballo que fixo cando era lector en Oxford no obradoiro que impartía John Rutherford e que consistía nunha escolma de relatos de Méndez Ferrín. Sinala que

Rutherford lle encargou a introdución do volume, tarefa que nun primeiro momento non quería levar a cabo porque "aínda que Ferrín ocupaba un espazo literario moi importante na cultura galega, non era unha tradición literaria da que eu me sentise parte". Porén, finalmente, fíxoo e, hoxe por hoxe, non se arrepinte, pois considéraa unha lección aprendida que lle fixo repensar a súa posición dentro da literatura galega.

- Carlos Álvarez Lebredo, "John Rutherford na tradición musical de Ribadeo", pp. 76-77.

Relata que a John Rutherford lle chamaban "o inglés" cando se incorporou á rondalla de Ribadeo coa súa frauta doce. Posteriormente, e na homenaxe musical que Ribadeo lle rendeu ao que fora o factótum da música clásica durante cincuenta anos, Fernández-Cid, incorporouse a filla do mesmo Rutherford, Maruxa, tocando o violín. Describe o formigo musical que ía nacendo no seu interior ao presenciar cada ensaio da rondalla, e como decidiu participar na institución, na que chegou a asumir tarefas organizativas e dinamizadoras.

- Xosé Ramón Barreiro Fernández, "Abrindo camiños de comunicación", pp. 78-79.

Remóntase ao ano 1959 para facer unha pequena crónica da vida de John Rutherford dende á súa chegada a Ribadeo nun intercambio para aprender castelán, até a publicación en 2004 d'*As frechas de ouro*. Explica a satisfacción que sentiu co nacemento do Centro de Estudos Galegos do Queen's College, onde a actividade do Obradoiro de Tradución Literaria Galego-Inglés deu lugar á publicación de *Them and other stories* en 1996. Cita obras de Rutherford como a versión inglesa de *Cousas*, de Castelao e a *Breve historia del pícaro preliterario* (2001), sen esquecer nomear os discípulos que se doutoraron baixo a súa tutela, Craig Patterson, con *A identidade cultural galega nas obras de don Ramón Otero Pedrayo (1888-1976)*, e Kirsty Hooper, que estudou a figura de Sofia Casanova en *Extranjera en mi patria: Gender and Nation in the Pre-1914. Writings of Sofía Casanova (1916-1958).*

- Pilar Cancio, "Pesca, música… e algo máis", pp. 79-81.

Neste caso, os recordos sobre a vida de John Rutherford foxen do ámbito académico para trasladarse ao máis persoal. Pilar Cancio dá conta da súa participación na rondalla de Ribadeo, de varias escenas de pesca e da busca na que John se mergullou sobre as orixes da palabra "pícaro".

- Agustín Coletes Blanco e Alicia Laspra Rodríguez, "O noso John (a desviación asturiana)", trad. Dolores Torres París, pp. 81-84.

A irrupción de John Rutherford na vida dos autores deste texto sitúase na presentación do libro *Gran Bretaña y los Estados Unidos en la vida de Ramón Pérez de Ayala.* Ao longo do texto cóntanse os posteriores reencontros sucedidos en espazos diferentes, como Oxford ou Murcia sendo este último o lugar onde Rutherford agasalla á institución académica murciana *La Regenta y el lector cómplice* (1988). Outros libros nomeados no artigo son *Un rincón de hojas y hierbas*, ao que John lle puxera prólogo, así como a tradución de *El Quijote* e *As frechas de ouro* (2004).

- Daniel Cortezón, “John Rutherford: unha gran contribución á comunidade cultural do Eo”, pp. 85-89.

Comeza coa cita dun artigo publicado en *La Comarca* no ano 1959 polo polígrafo, erudito e poeta ribadense Dionisio Gamallo Fierros, onde se van mencionando personalidades da literatura relacionadas coa cidade de Ribadeo entre as que aparece John Rutherford. Refírese á súa novela *As frechas de ouro* (2004), gañadora do Premio Trasalba que tamén recibira Ramón Otero Pedrayo *por Ensaio histórico sobre a cultura galega*, e ás traducións que fixo de clásicos como *La Regenta* e *Don Quijote*, sinalando deste último texto que decidiu pasalo ao inglés porque a súa filla Rosa o encontraba “aburridísimo”.

- Tita García Méndez e Rosa, Laura e Xoana Rutherford (*As Pícaras*), “Sempre aprendendo”, pp. 89- 91.

A muller e mais as fillas de John Rutherford toman a palabra co fin de retratar dun xeito especial a seu home e pai. Destacan o espazo que lle dedica á súa “maior paixón”: a música, visíbel na súa participación na rondalla de Ribadeo.

- Eduardo Gutiérrez, “Calma do mar e viaxe feliz”, pp. 91-92.

O fin deste texto é apreixar as lembranzas e, con elas, render homenaxe a Rutherford. Fálase de como naceu “Mar por Medio. Xornadas de cultura galega. Unha visión desde a Universidade Británica”, un ciclo que para a cultura galega resultou novidoso por ofrecer un achegamento dende outra realidade.

- Lourdes Lorenzo, “Unhas liñas en agradecemento ao mestre, ao amigo”, pp. 92- 94.

Lourdes Lorenzo recorda o acubillo que recibiu de John Rutherford ao convidala a seguir coas investigacións sobre a tradución da metáfora no Centro de Estudos Galegos de Queen’s College do que é director. Cita o libro *Breve historia del pícaro preliterario* (2001) onde Rutherford amosa profundos coñecementos filolóxicos no trazado etimolóxico do termo “pícaro”, e as súas traducións de *La Regenta* e *Don Quijote*.

- X.L. Méndez Ferrín, “Galician pony-mares”, pp. 94-96.

Grazas ao recordo, Méndez Ferrín volve ao inverno que pasou en Oxford e o marabillado que quedou por atoparse, nunha época onde ninguén deixara aínda marcas na lingua galega, un Centro de Estudos Galegos onde se traducira *Cousas* de Castelao. Fala tamén da tradución de *La Regenta* e, máis pormenorizadamente, do *Quijote* inglés do século XXI.

- Camiño Noia Campos, “Encontros con John Rutherford”, pp. 97-98.

Refírese á participación do profesor John Rutherford no I Simposio Galego de Tradución celebrado en 1993, cando se puxo en marcha na Universidade de Vigo a licenciatura de Tradución e Interpretación. Lembra que nese foro o profesor falou do obradoiro de tradución galego-inglés que dirixe en Oxford.

- Roberto Rodríguez Rodríguez, “Miradas galegas, pp. 99-100.

Despois de facer un breve repaso pola vida de John Rutherford citando algunhas das súas traducións ao inglés de textos clásicos españoles, fai fincapé na sensibilidade e a humanidade que o caracterizan. Alude tamén á súa simbólica colaboración no centenario de Dámaso Alonso e nas xornadas de cultura galega "Mar por medio". Finalmente, explica a procedencia do título do seu artigo, tomado dun bolero que John compuxo para a celebración das vodas de ouro da Coral Polifónica de Ribadeo.

- Suso de Toro, "O noso John. The English Way", p. 101.

Facendo uso dun estilo moi literario, Suso de Toro explica o namoramento de John Rutherford pola nosa terra, que xurdiu ao recoñecer en Galicia aquilo que lle faltaba á súa Inglaterra: a tradición.

- Antonio Raúl de Toro Santos, "Mirando ao norte", pp. 102-103.

Tras explicar como foi a súa primeira conversa telefónica con John Rutherford, o autor do artigo regresa ao IV Congreso Internacional de Estudos Galegos celebrado en Oxford en 1994 baixo a súa dirección. Antonio Raúl de Toro Santos afirma que daquela se decatou do importante papel que este inglés estaba a xogar na promoción da cultura galega en Oxford e que a celebración serviu para que as rúas da cidade se enchesen de galegofalantes.

- Manuel A. Valín Valdés, "De Ribadeo a Oxford, mar por medio", pp. 103-104.

Manuel A. Valín Valdés salienta que John Rutherford se implicou activamente na vida local da vila de Ribadeo da man da súa dona Tita, e alude ao seu labor na rondalla e na organización das xornadas "Mar por Medio".

Referencias varias:

- N.M., "*Mar por medio* impulsará a proxección da cultura galega", *El Correo Gallego*, "Cultura", 11 xullo 2007, p. 67.

Refírese á celebración en Ribadeo das xornadas "Mar por medio", previstas para o 26 e 27 de xullo, que pretenden achegar a presenza de Galicia ao outro lado do Atlántico dende hai quince anos. Como novidades da próxima edición, anúnciase a "territorialización" da programación do evento en Latinoamérica, así como a análise da constitución dunha marca específica para a promoción cultural de Galicia e o papel de internet neste eido. Anúnciase tamén a publicación, por parte da Fundación Otero Pedrayo, do volume *Mar por medio*, en edición de María Liñeira e Dolores Vilavedra. Saliéntase que neste libro preténdese homenaxear a figura e a obra de John Rutherford, un dos principais difusores da cultura e da lingua galegas a través do seu traballo no Queen's College da Universidade de Oxford e como presidente do Centro de Estudos Galegos desa universidade. Ademais, destácase que o británico fundou e presidiu a Asociación Internacional de Estudos Galegos, que reúne estudosos dunhas cicuenta universidades de todo o mundo interesados na lingua e na literatura galegas.

López Vázquez, Ramón, *Celestino Fernández de la Vega (Pensador do novo galeguismo)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2007, 147 pp. (ISBN: 978-84-453-4476-7) (DL: C-2471-07).

Breve ensaio no que se analiza a figura de Celestino Fernández de la Vega (Friol 1914-Río Miño 1986) e as súas achegas ao galeguismo. O libro estrutúrase en dúas partes, subdivididas en apartados, e presenta, ao final, unha bibliografía que recolle tanto a bibliografía empregada como a produción do intelectual, dividida en obra ensaística, traducións, entrevistas e artigos en periódicos. A primeira parte céntrase na perspectiva biográfica, achegando a vida de Celestino: a infancia en Friol, os estudos de bacharelato en Lugo, a súa estadía en Santiago e en Madrid, as súas lecturas e inquedanzas, a angustia pola morte, a experiencia da Guerra Civil, a volta a Lugo, as tertulias no café Ibor e os riscos da xeración Galaxia (abertura a Europa, non activismo político, busca das liberdades individuais do pensamento e a expresión plástica, gusto pola argumentación filosófica, pola poesía, o cine e a música). Pero tamén se analizan os presupostos filosóficos, tomados de Heidegger, situados no novo Humanismo esencial, nos que se asenta para levar a cabo a renovación do galeguismo, baseados en tres conceptos básicos: a esencia, a verdade e a liberdade. Outras ideas clave son a subxectividade como fonte de coñecemento, de dominio e garantía de verdade e a filosofía do suxeito que entende a cultura como unha prolongación ad extra da condición humana. Con esta base, levará a cabo a "actualización europeísta da cultura galega que supón unha actividade iluminadora na interpretación dos temas tradicionais da cultura galega" que permitirá atopar unha identidade nacional europea. Na segunda parte, preséntanse as interpretacións das obras ensaísticas máis salientábeis do pensador lugués, baseándose nas súas ideas filosóficas, centrándose nos tres piares da identidade galega: a poesía e o concepto de "saudade", a paisaxe e o humor. En primeiro lugar, trata a arte como expresión de beleza, liberdade, verdade, autenticidade e como busca, primando a "aprehensión da realidade" dos artistas, a expresión do mundo interior e o grao de espontaneidade. Así céntrase no mundo da pintura nas figuras de Maside, ao que cualifica de "pintor galego", e Grandío ,"pintor lugués", dos que salienta a aplicación dos novos conceptos estéticos á pintura galega. No mundo da literatura, céntrase na figura de Rosalía como "poeta metafísico" e o tratamento que fai da natureza, da saudade, da paisaxe e do "illamento" metafísico como elementos constitutivos da idiosincrasia galaica. No tocante á paisaxe, Celestino consideraa expresión cultural que amosa a consubstancialidade entre o hábitat galego e o habitante galego, na que se insiren os individuos, a relixión, a sociedade, a cultura galega e que se volve literatura, pintura, música ou conversa e, polo tanto, "humanizada". Finalmente, abórdase o análise da última peza da idiosincrasia galega, o humor, estudado *n'O segredo do humor*, no que expón a súa particular concepción do "humor", punto intermedio entre o lado serio do cómico e o ridículo do serio, e sinala a Castelao como o humorista máis relevante das literaturas hispánicas do século XX.

Referencias varias:

- Marta Veiga, "López Vázquez adxudica o adxectivo 'lucensista' a Fernández de la Vega", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 1 decembro 2007, p. 89.

Infórmase da presentación deste ensaio en Lugo. Dise que o autor, Ramón López Vázquez, abordou a figura do filósofo Celestino Fernández de la Vega como tradutor de Heidegger ao galego, experto en autores alemáns e veciño de Lugo, reivindicando o neoloxismo de lucensista que lle aplican os seus cronistas. Dase conta que na presentación estivo presente o coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro, Manuel González, entidade encargada de editar este volume, e recóllense as impresións do profesor Miguel Anxo Martínez Quintanal quen subliñou do ensaio a súa capacidade para resaltar o extraordinario do pensador e a súa achega "dende a singularidade galega, dende a liberdade e o humor" e salientou que Celestino confirma "que a filosofía galega existe". Finalmente dise que o catedrático de Filosofía da USC, Anxo González Fernández, situou o galeguismo de Celestino na idea heideggeriana de que "onde hai individuo hai tamén nación".

Losa Rocha, Manuel, *O vendedor de libros*, Montevideo: Losa Edicións, 2007, 227 pp. (ISBN: 978-9974-96-250-7).

O escritor e libreiro Manuel Losa Rocha (Santiago de Compostela, 1940) relata nesta autobiografía as súas experiencias vitais na emigración en Uruguai e as dificultades que tivo que sortear até estabelecerse como libreiro nese país. Comeza a obra lembrando a súa infancia en Santiago de Compostela e como aos trece anos a súa familia decide emigrar a Uruguai. Unha vez alí, Manuel Losa exercerá distintos oficios até que, por unha serie de casualidades, acabará traballando como libreiro, primeiro ambulante e, máis tarde, abrindo unha libraría de seu. A narración, estruturada en sete capítulos, está repleta de anécdotas, a maioría relacionadas coas súas experiencias laborais, mais tamén referidas á súa vida social e familiar. Constitúe o relato da vida dun emigrante galego durante a súa mocidade e vida adulta, na que está tamén presente o Centro Galego de Montevideo, no cal desempeñou un papel importante como membro do seu consello directivo, e outras institucións coas que colaborou activamente, como o Patronato Galego de Cultura e a Asociación de Empresarios Galegos de Uruguai.

Losa Rocha, Manuel, *Relato dun emigrante. De Santiago de Compostela a Montevideo*, Montevideo: Losa Edicións, 2007, 164 pp. (ISBN: 978-9974-96-220-0).

Autobiografía de Manuel Losa Rocha (Santiado de Compostela, 1940) que narra as experiencias que viviu como emigrante en Uruguai. Relata a súa infancia en Santiago de Compostela e os momentos previos á partida –nos capítulos "O pobo", "A escola dos hermanos" e "Adeus ríos; adeus fontes"–, recordadas con sentimento e emotividade. Céntrase a seguir na travesía no Juan de Garay polo Atlántico en 1953, que o levaría do porto da Coruña até Montevideo. Conta que aquel instante foi retratado polo fotógrafo Manuel Ferrol e como, anos despois, se recoñeceu nesa fotografía mentres visitaba unha exposición. Daquela contactou coa filla do artista e decidiu contar a súa experiencia. Una vez chegado o novo país relata as súas vivencias, o seu desarraigo e os seus múltiples contratempos e sufrimentos, como a busca do primeiro traballo e o encontro con familiares que tamén emigraran. O autor tamén repasa a historia dos centros galegos de Uruguai -no epígrafe "Lonxe… pero preto"-, destacando o papel do Centro Gallego de Montevideo, no cal participou no seu consello directivo, e fala dos trazos máis característicos da vida do seu país de acollida e doutros emigrantes galegos que chegaron a desempeñar un papel destacado na sociedade uruguaia. Por último, en "A

volta" aborda o seu regreso a Galicia despois de trinta e catro anos na emigración. Ao final do libro inclúese una breve bibliografía.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, "Libros sobre la emigración, hoteles de lujo y peluqueras con ganas de encontrar la fama", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 3 xullo 2007, p. 72.

Entre outras noticias da vida social, alúdese á publicación de *Relato dun emigrante. De Santiago de Compostela a Montevideo*, de Manuel Losa Rocha, onde autor plasma as emocións e sensacións que senten aqueles que teñen que marchar do seu país.

Luna Sanmartín, Xosé, *No pazo de Laiovento. Conversas con Francisco Pillado Maior*, A Coruña: Espiral Maior, col. Ensaio, outubro 2007, 333 pp. (ISBN: 978-84-96475-63-2).

Volume que xurdiu, segundo se indica no limiar, de trinta horas de conversas entre Xosé Luna Sanmartín (A Estrada, 1965) e Francisco Pillado Maior (A Coruña, 1941) na casa do dramaturgo, en Miño, na do autor, na Estrada e no Casino de Compostela no período de tempo que vai entre setembro de 2006 e febreiro de 2007. O libro estrutúrase en cinco capítulos. O primeiro, que leva por título uns versos de Federico García Lorca, "El sol capitán redondo lleva un chaleco de raso", repasa a súa biografía, incidinto en aspectos como o ambiente familiar, os avatares da adolescencia, a época de estudante e o seu encontro co amor da súa vida, Noli. No segundo, "O ceo aberto", cóntase como grazas a asociación cultural O Facho, Francisco Pillado redescubriu un "novo universo cultural" que lle fora furtado polo franquismo. O seguinte apartado, "Pola estrada da cultura", o máis amplo, está dedicado a todos aqueles proxectos nos que Pillado participou activamente, como a fundación da Escola Dramática Galega, a realización das obras de conversas con Carballo Calero e Xosé Manuel Beiras, o seu labor como tradutor, como creador dos Cadernos da EDG ou a creación e dirección de Edicións Laiovento. En "Socialismo ou barbarie", o cuarto capítulo, abórdase a reflexión sobre diferentes temas, como os últimos atentados de ETA, a execución de Sadam, a caída do Bloque Soviético, o papel dos grandes medios de comunicación, etc. Finalmente, no derradeiro capítulo, "Esperanza e memoria", Pillado comenta situacións persoais de amizade con destacados intelectuais –Luísa Villalta, Manuel María ou Reimundo Patiño–, explica as razóns que o levaron a abandonar o BNG, así como a situación do arquivo da Universidade da Coruña que leva o seu nome ou o íntimo significado da súa familia.

Referencias varias:

- maré, "Espiral Maior edita as conversas con Pillado Mayor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 decembro 2007, p. 28.

Informa da publicación por parte da editorial Espiral Maior dun libro de conversas con Francisco Pillado da autoría de Xosé Luna Sanmartín. Explica que consta de cinco

capítulos que recollen máis de trinta horas de conversa. Por último, sinala algunhas achegas de Pillado á cultura galega.

- M.G.C., "Pillado Mayor sincérase con Luna", *El Correo Gallego*, "Cultura", 28 decembro 2007, p. 67.

Dá conta da presentación dun libro de conversas con Francisco Pillado editado por Espiral Maior baixo o título *No pazo de Laiovento. Conversas con Francisco Pillado Mayor*. Entre outras cuestións, trata a estrutura da obra, ofrece algúns datos sobre Pillado e salienta a ausencia da autocensura como trazo esencial da súa personalidade e desta obra. Tamén recolle a proposta de Pillado de realizar un libro de conversas con Manuel Lourenzo sobre a historia do teatro galego nos últimos corenta anos.

Maceira Fernández, Xosé Manuel, *O nacionalismo cívico. Interpretación do contributo da Irmandade da Fala da Coruña*, Premio de Investigación Lingüística e Literaria Ricardo Carvalho Calero, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, 2007, 172 pp. (ISBN: 978-84-8487-129-0).

Xosé Manuel Maceira Fernández (Orazo, A Estrada, 1964) recibiu por esta obra o primeiro premio na modalidade de Investigación Lingüística e Literaria no Certame Carvalho Calero que convoca anualmente o Concello de Ferrol, na convocatoria correspondente ao ano 2005. Trátase dun estudo que pon de relevo a contribución das Irmandades da Fala no primeiro terzo do século XX na construción do discurso nacionalista, atendendo fundamentalmente ás tensións xeradas por controversias ideolóxicas entre a Irmandade da Coruña e a de Ourense. Maceira sinala as diferenzas existentes entre os integrantes da Irmandade da Fala de Ourense, moi tradicionalistas e relixiosos, e os da Coruña, laicos, liberais e influenciados polo marxismo, ademais das dúas liñas de pensamento que os separaban nos seus enfoques. Mentres que os ourensáns tiñan unha versión elitista, os coruñeses apostaban por socializar a ideoloxía e facela chegar a todo o mundo. Ao longo do corpo do texto, Maceira céntrase no contorno histórico, cultural e político da Irmandade da Coruña polo seu papel de ponte sobre a que se erixiu a continuidade entre rexionalismo e nacionalismo. Analiza a decidida vontade política que mantivo a institución dende a súa creación, poñendo de relevo a pegada progresista que deixaron no Partido Galeguista e que daría os seus froitos na alianza desta organización coa Fronte Popular no ano 1936, así como a utilización da defensa da lingua para acadar a súa legalización e comezar o seu labor como asociación. Maceira defende que por mor da liña de pensamento laica, progresista e europeísta practicada pola Irmandade da Coruña, esta viuse relegada a un segundo plano por parte do galeguismo oficial de Galaxia, máis afín á vertente ourensá, de aí que o uso de terminoloxía como a etiqueta "Xeración Nós" lle pareza limitadora ao esquecer o grupo coruñés. Ademais, inclúese un pormenorizado achegamento á contribución ideolóxica de tres dos fundadores da Irmandade da Fala da Coruña: Antón Vilar Ponte, Manuel Lugrís Freire e Leandro Carré Alvarellos. A edición revisa as fontes primarias e usa documentos obviados por estudosos anteriores, tales como correspondencia inédita, arquivos, fondos familiares e informacións tiradas da prensa da época.

Recensións:

- Xosé A. López Teixeira, "Nacionalismo cívico", *Faro de Vigo*, *"Faro da Cultura"*, nº 229, 13 decembro 2007, p. IV.

Fala do libro *O nacionalismo cívico*, de Xosé Manuel Maceira Fernández, e afirma que achega un interesante estudo sobre a Irmandade da Fala da Coruña a través da análise de tres dos seus principais fundadores: Antón Villar Ponte, Manuel Lugrís e Leandro Carré Alvarellos. Salienta a importancia dun estudo destas características para pór sobre a mesa a rivalidade existente entre a Irmandade da Fala da Coruña e a de Ourense, que levou a unha escisión nacionalista na segunda década do século pasado. Cualifica o traballo de Maceira como un rigoroso exercicio de investigación histórica e valora a análise dun importante número de documentos inéditos.

Referencias varias:

- M.D., "Esforzo de xigantes", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 novembro 2007, p. 34.

Apúntase que o profesor de ensino secundario e investigador Xosé Manuel Maceira Fernández reivindica no seu estudo O *nacionalismo cívico. Interpretación do contributo da Irmandade da Fala da Coruña* a madureza acadada polas teses nacionalistas ao longo dos anos trinta do século XX, superando unha etapa anterior marcada polas disputas e rivalidades entre coruñeses e ourensáns. Destácanse conclusións que aparecen na obra como o grande esforzo levado a cabo polos membros da Irmandade da Fala da Coruña, visíbeis en feitos como a creación da editorial Lar, a súa influencia no agrarismo e na creación de institucións como o Seminario de Estudos Galegos, así como a súa vocación política. Menciónase tamén que Maceira rescata e estuda polo miúdo o labor fundamental de Leandro Carré.

Marco, Aurora, *Dicionario de Mulleres Galegas. [Das orixes a 1975]*, Vigo: A Nosa Terra Edicións. Promocións Culturais Galegas, 2007, 556 pp. (ISBN: 978-84-8341-146-9).

Dicionario de mulleres galegas que abrangue datos desde as referencias máis antigas que se coñecen até o ano 1975. A autora comeza cun texto no que afirma que os alicerces deste dicionario están nos volumes *As precursoras. Achegas para o estudo da escrita feminina. Galiza, 1850-1936* (1993) e mais en *Mulleres e educación en Galiza. Vidas de mestras* (2002). Nel tamén presenta as principais características deste dicionario, como a estrutura interna das diferentes voces, e deixa constancia de numerosos agradecementos. O *Dicionario de Mulleres Galegas. [Das orixes a 1975]* consta dunhas 1800 voces -dende Esperanza Abad até Catalina de Zúñiga y Sandoval- xunto con trece apéndices. En conxunto este dicionario presenta "unha intención globalizadora que pretende catalogar o máximo posíbel de mulleres" con apoio de abundante material gráfico. Os trece apéndices, con centos de nomes de diferentes campos, son: "Abadesas, prioras, subprioras, vicarias e procuradoras dalgúns conventos femininos"; "Mulleres nas artes plásticas"; "Socias e data de admisión do Centro Galego da Habana"; "Socias de Solidaridad Pontevedresa"; "Participación en Congresos, Exposicións, Colonias Escolares"; "Galegas pensionadas pola Junta de Ampliación de Estudios e Investigacións Científicas"; "Mestras nas Misións Pedagóxicas na Coruña e Pontevedra"; "Mulleres que traballaron nas delegacións dos

Ministerios"; "Mulleres nas directivas de asociacións"; "Mulleres nas xuntas directivas de sindicatos"; "Mulleres nas organizacións políticas"; "Manifestos" e mais "Fusiladas e sancionada tras 1936".

Recensións:

- M. Otero, "Galicia escríbese con A", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 219, 14 xullo 2007, p. 10.

Anuncia a publicación do *Dicionario de mulleres galegas*, da autoría de Aurora Marco na editorial A Nosa Terra. Explica que se trata de mulleres de diferentes ámbitos e clases sociais dende a época medieval. Incide no feito de que este libro serve para rescatar do esquecemento os nomes de moitas mulleres que ficaron excluídas nos libros de Historia. Por último, sinala que esta publicación coincide coa posta en marcha da exposición *Queremos coñecernos*, levada a cabo polo Concello de Ribadeo, unha iniciativa que pretende expor de forma gráfica o labor que fixeron as protagonistas deste dicionario.

- Montse Pena Presas, "Crear memoria", *Grial*, nº 175, "O espello das letras", xullo-agosto-setembro 2007, pp. 133-134.

Dá conta da publicación na Editorial A Nosa Terra do *Dicionario de mulleres galegas*, de Aurora Marco. Montse Pena destaca a grande ambición da autora á hora de realizar unha empresa tal como facer un dicionario que recolla as figuras femininas máis sobranceiras da sociedade galega. Advirte que neste dicionario hai sitio para deportistas, científicas, oleiras, impresoras, bandoleiras, compoñedoras, abadesas, armadoras, pintoras, palilleiras, musicólogas, escritoras e un longo etcétera, todas co común denominador de ter desenvolvido a súa actividade antes de 1975. Salienta tamén a mirada xeral do dicionario sobre estas mulleres, esperando que outros volumes ou investigadores recuperen a súa memoria, e advirte o "claro afán por querer dar conta de todo o que se coñece, de todas as vidas das mulleres que lle pasaron polas mans ou das que tivo noticia". Neste sentido, critica que en moitas ocasións os nomes das protagonistas tan só deixan pequenas pegadas da súa existencia, "estreitos ronseis" que outros investigadores deberán retomar. Montse Pena informa de que a propia autora do dicionario recoñece no limiar algunhas inconcrecións biográficas, pero insiste ao mesmo tempo que se trata dunha obra aberta, que debe continuar noutros volumes e ir máis aló do ano 1975.

Referencias varias:

- Rodri García, "A resurreción das mulleres galegas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 208, 28 abril 2007, p. 10.

Salienta o traballo a prol da recuperación da memoria das mulleres galegas que Aurora Marco leva realizando dende hai moitos anos e anuncia a publicación da súa obra *Dicionario de mulleres galegas*. Indica que aparecen 1700 nomes de mulleres galegas, dende o século IV até o ano 1975. Comenta o carácter globalizador desta obra e a

presenza de mulleres de diferentes ámbitos, dende percebeiras a arquitectas. Por último, apúntase a posibilidade dunha continuación.

- M. V. I., "Vicepresidencia opta por teatro y libros en el Día de la Mujer", *El Progreso*, "Lugo", 6 marzo 2007, p. 9.

Comenta que entre as actividades que se levarán a cabo para celebrar o Día da Muller, farase a presentación da obra *Dicionario de mulleres. Das orixes a 1975*, de Aurora Marco, e indica que despois do acto de presentación, o grupo Achádego Teatro realizará unha escenificación de poemas baixo o título "Velaí a muller".

- Xan Carballa, "Aurora Marco: 'Este dicionario servirá para a coñecer a centos de mulleres", *A Nosa Terra*, nº 1.259, "Cultura", 8-14 marzo 2007, p. 24.

Entrevista con Aurora Marco a propósito da publicación de *Dicionario de Mulleres Galegas*. A autora indica que o seu traballo de investigación comezou nos anos oitenta e pasou por períodos nos que se viu superada polo amplo arco temporal que pretendía abranguer e que foi a partir de 2003 cando se centrou exclusivamente nel. Sinala que o dicionario inclúe dende mulleres famosas, como pintoras, escritoras ou músicas, até percebeiras, redeiras ou aquelas con relevancia na Guerra Civil española, "ningunha queda fóra". Tampouco esqueceu incluír personaxes do talle de Rosalía de Castro, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán, mulleres que xa na súa época loitaron polos dereitos das mulleres. Aurora Marco recoñece que a súa obra permanece aberta, posto que se poden xerar novas investigacións a partir do traballo feito. Define o seu labor como non é separatista, senón integrador das mulleres esquecidas na Historia e sempre vistas dende un punto de vista masculino. A autora tamén fala do libro que está a preparar, adicado ao labor das mulleres na guerrilla antifranquista e lembra o seu traballo como profesora de Didáctica de Lingua e Literatura na Universidade de Santiago de Compostela, considerando que é fundamental espertar o interese e o espírito crítico do alumnado.

- M. Barros, "Intelectuais, deportistas, sindicalistas e traballadoras reúnense por vez primeira nun dicionario", *A Nosa Terra*, nº 1.262, "Esta semana", do 29 de marzo ao 11 de abril 2007, p. 2.

Artigo dedicado á obra de Aurora Marco, *Dicionario de Mulleres Galegas*, que recolle 1.800 voces de mulleres galegas que destacaron por ser pioneiras en numerosos ámbitos da vida social e laboral e ás que até agora a Historia non lles dedicou o recoñecemento debido. Menciónanse dúas obras anteriores da mesma autora e igualmente adicadas ao traballo das mulleres: *As precursoras. Achegas para o estudo da escrita feminina (Galiza 1850-1936)* e *Mulleres e educación en Galiza. Vidas de mestras*. Indícase que no novo dicionario alúdese a escritoras, pintoras, actrices, investigadoras, parteiras, deportistas, redeiras, e un longo etcétera, abranguendo dende os datos máis antigos até o ano 1975, co obxectivo de reivindicar o peso histórico destes persoeiros femininos cuxa figura estivera á sombra da dos homes. Mulleres como Concepción Arenal, a primeira estudante na Universidade de Santiago ou a percebeira Herminia Blanco Mouzo, e mesmo aquelas que triunfaron alén do Atlántico, como a actriz e cantante Maruxa Calvó Valdés ou a tradutora Amparo Alvajar, mulleres que dalgún xeito participaron na Guerra Civil española, por exemplo Enriqueta Otero, destacada polo seu labor social e por ser militante comunista, son algunhas das protagonistas do libro.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Dicionario de mulleres galegas", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Caderno aberto", 27 abril 2007, p. 3.

Salienta a importancia para a recuperación da memoria do *Dicionario de mulleres galegas* de Aurora Marco e sitúao en relación a outras obras similares. Cita algún destes traballos e, por último, destaca que o presente volume consta de case seiscentas páxinas, 1800 voces principais e 13 apéndices.

Mariño, Francisco Manuel, *Goethe en Galicia*, prólogo de Anxo Angueira, Vigo: Servizo de Publicacións. Universidade de Vigo, 2007, 387 pp. (ISBN: 978-84-8158-347-2). ◆

O presente ensaio de Francisco Manuel Mariño (Santa Marta de Ortigueira, A Coruña), especialista en literatura alemá, indaga na influencia de Goethe na literatura galega. Ábrese cun prólogo de Anxo Angueira, que saúda con satisfacción este traballo, de gran valía para o sistema literario galego polo seu enfoque dende o comparatismo e o diálogo intersistémico. Sinala tamén a análise pormenorizada do autor dos ecos da obra e do pensamento de Goethe nos autores galegos, tanto os explícitos e relevantes, como no caso de Otero Pedrayo, coma outros máis velados. O ensaio consta de oito capítulos. Os dous primeiros están dedicados aos autores do Prerrexurdimento e Rexurdimento: Nicomedes Pastor Díaz, Curros Enríquez, Rosalía, Pondal e Manuel Murguía. Destaca o apartado dedicado á presenza de Goethe na obra lírica e narrativa da autora de *Cantares Gallegos*. O terceiro capítulo céntrase na etapa agrarista, salientando a importancia do autor alemán na obra de Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte, entre outros. A Xeración Nós ocupa o cuarto capítulo do ensaio. Neste apartado, o escritor Otero Pedrayo aparece nun lugar preferente, entre outros motivos, porque el foi un grande admirador de Goethe e tomouno como referente nalgunhas das súas novelas máis significativas: *Arredor de si*, *Fra Vernero* ou *Os camiños da vida*. Os tres últimos capítulos do estudo, "Os Novecentistas", "Os tempos do Seminario e Galaxia" e "Cara fin do século XX", continúan analizando a repercusión de Goethe e a súa obra en numerosos escritores galegos da segunda metade do século XX como Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste, Tomás Barros, Darío Xohan Cabana ou Lino Braxe.

Martínez Crespo, Xurxo, *Galiza en Dominicana, Nicaragua, Panamá e Venezuela "Unha ollada fotográfica"*, prólogo Farruco Sesto, Vigo: Federación para o Estudo e a Divulgación da Cuestión Social e Sindical en Galiza (FESGA), 2007, 156 pp. (ISBN: 978-84-611-3239-3). ◆

Esta obra de Xurxo Martínez Crespo (Ferrol, 1964) rescata mediante máis de 480 fotografías inéditas, que se presentan acompañadas de biografías, a memoria de galegas e galegos que padeceron a emigración ou o exilio a Dominicana, Nicaragua, Panamá e Venezuela. A obra conta cun prólogo de Farruco Sesto Novás (Vigo, 1943), o actual ministro de Cultura de Venezuela e tamén emigrante galego, poeta, músico e activista político, sempre comprometido coa lingua galega, e cuxa biografía tamén se atopa nas páxinas deste volume. O libro está estruturado en catro seccións, unha por cada destino. A sección denominada "Dominicana" dedica a súa atención a José Almoina Mateos, secretario persoal de Trujillo, Ángel Botello, o pintor Eugenio Granell e o escultor

Francisco Vázquez Díaz, alcumado "Compostela". Destácase que a maior presenza galega na República Dominicana coincidiu coa ditadura de Rafael Leónidas Trujillo, que acolleu os vencidos na a Guerra Civil española porque servían aos seus intereses de "branquexar" a raza. "Nicaragua" conta con apartados dedicados a Federico Fernández Ackermann, fillo do Comandante Soutomaior, e Ramón Varela González, veterano revolucionario que loitou en Chile e Brasil, pois segundo se indica a presenza da diáspora foi testemuñal. No capítulo "Panamá", fálase de José Echeverría e dos traballadores galegos que participaron na construción da canle dese país, pois cando Panamá se escindiu de Colombia, no 1903, a zona converteuse nunha especie de imán para os traballadores estranxeixos. Alí chegaron, entre 1904 e 1914, mentres duraron as obras, case 8.000 galegos, primeiro dende Cuba e logo dende Galiza, atraídos polas recomendacións dos seus paisanos. A sección "Venezuela", a máis extensa por ser aquela na que a emigración galega tivo máis peso, céntrase en personalidades como José D. Benavides, Eduardo Blanco Amor, Fidel Castro e Manolo Ponte Regueira, os Centros Galegos, o Comandante Soutomaior, Manuel Cuenca Vázquez, Fernando Cuenca Estevas, Juan Cuenca Estevas, Mª Teresa Cuenca Estevas, D.R.I. L., Alberto Fernández "Mezquita", Celso Emilio Ferreiro, Julio Formoso Piñeiro, Xulio Formoso, Manuel Gallego, Rómulo Gallegos Freire, Mario Granell Isolino López García, José Mª Mosqueira Manso, Xoán e Óscar Noya, Mariano Otero Castelao, Alberto Paz y Mateos, Alberto Puente, O secuestro do Santa María, Silvio Santiago García, Xosé Sesto López, Farruco Sesto Novás, José Silva Martínez, Jesús Vázquez Gayoso, Pura Vázquez e Xosé Velo Mosquera. O volume vai acompañado dun DVD.

Referencias varias:

- Isabel Bugallal, "Expatriados gallegos en Centroamérica", *La Opinión*, 20 decembro 2007, p. 72.

Refírese á obra que vén de publicar Xurxo Martínez Crespo tras sete anos de traballo, titulada *Galiza en Dominicana, Nicaragua, Panamá e Venezuela. Unha ollada fotográfica*, e centrada no exilio galego en Centroamérica. Comenta algunhas das experiencias recollidas no libro de galegas e galegos que sufriron o exilio e que nalgúns casos desempeñaron un papel importante nos seus lugares de acollida, entre elas as do lucense José Almoina Mateos; os pintores Ángel Botelo e Eugenio Fernández Granell; o escultor Francisco Vázquez Díaz; Federico Fernández Ackermann, Premio Nacional de Fotografía en Venezuela en 1968; Ramón Varela ou José Echeverría Novoa. Indica tamén que os traballadores galegos que colaboraron na construción da canle de Panamá contan cun capítulo no volume a carón doutros que recalaron en Venezuela como José D. Benavides, Eduardo Blanco Amor, Manolo Ponte Regueira, Fernando Cuenca, Celso Emilio Ferreiro ou Julio Formoso.

Martínez Pereiro, Carlos Paulo, *Querer crer entrever (Expresións críticas de reflexión e lectura)*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, n.º 220, 2007, 219 pp. (ISBN: 978-84-8487-127-4).

Carlos Paulo Martínez Pereiro (Mera de Oleiros, A Coruña, 1955) reúne neste volume, que toma o título dun poema de Samuel Beckett, vinte e seis ensaios -catro deles en portugués- arredor da literatura publicados en diferentes medios nos que reflexiona

sobre obras de diversos autores, tanto da literatura galega como da de expresión en portugués (africana, brasileira e portuguesa) e tamén sobre outro dos seus intereses dende o punto de vista da investigación: a literatura medieval galego-portuguesa. O autor define no capítulo introdutorio o carácter dos textos recompilados no libro. Así, os que denomina "Exercicios de admiración" están dedicados ao medievalista Manuel Rodrigues Lapa e ao editor e autor teatral Francisco Pillado Mayor. Os "Exercicios de ponderación" teñen por obxecto, por parte galega, os ensaios *Manifestos das vangardas europeas (1909-1945)*, de Xesús González Gómez, e *O outro lado da música, a poesía (Relacións entre ambas artes na historia da literatura portuguesa)*, de Luísa Villalta; as obras narrativas *Contos do Valadouro*, de Xesús Pisón, Manuel Lourenzo e Isaac Ferreira; *Vicente Risco: prosa escollida*, de Xosé M. Millán Otero; e *Náufragos do Paradiso*, de Lois Pereiro; os poemarios *Livro das devoracións*, de Pilar Pallarés, e *Trinta e Seis + Tres*, de Marica Campo; e as obras dramáticas *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao; *Veladas indecentes*, de Manuel Lourenzo e mais *Teatro para se comer*, de João Guisan. Finalmente, baixo o epígrafe "Exercicios de interpretación", reúnense escritos de carácter disertativo e espírito investigador, dedicados o primeiro á (anti)tradición literaria nas literaturas galega e de expresión portuguesa, e os tres últimos á lírica trobadoresca galego-portuguesa.

Recensións:

- Román Raña,"Avisado lector", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 224, 8 novembro 2007, p. IV.

Indica que a obra repasa a obra de autores como Xesús González Gómez, Francisco Salinas Portugal, Frei Jerónimo Bahía.

Referencias varias:

- C. Rodríguez, "Reflexións sobre os contornos e espazos da literatura", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", "Arquipélago", 26 agosto 2007, p. 6.

Comenta que libros como *Querer crer entrever*, de Carlos Paulo Martínez Pereiro, son para ler aos poucos debido ás múltiples reflexións que suscitan. Refírese ás mostras ofrecidas polo autor noutros ensaios, arredor dos eidos da literatura e da plástica, como *A pintura nas palavras*, *As cantigas de Fernan Paes de Tamalancos*, *A indócil liberdade de nomear* ou *Da palabra á (cali)grafia en Uxío Novoneyra*. Apunta que nesta nova entrega, Martínez Pereiro propón un persoal percorrido por diferentes espazos e territorios ao longo dos tres bloques nos que se estrutura o volume.

Martínez Teixeiro, Alva, *A pretensa nostalxia da autoridade (Unha interpretación parcelar d'O porco de pé de Vicente Risco)*, IV Premio Centro Ramón Piñeiro de Ensaio breve, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro X, 2007, 124 pp. (ISBN: 84-453-4350-S). ◆

Alva Martínez Teixeiro (A Coruña, 1982) realiza neste estudo unha interpretación d'*O porco de pé* (1928), de Vicente Risco. Na introdución, a autora efectúa unha declaración de intencións explicando, entre outros aspectos, que todo o que se relata na obra referido ao "porco bípede" aconteceu realmente e que non todo o que se conta na novela é literatura de ficción. Trátase dunha visión "desgarradora e aceda". A obra aparece dividida en dez apartados: "Da realidade ficcional: o curioso paradoxo dun mundo perennemente inestable", "Do florilexio filisteo: a presenza da erudición inxuriante", "Do narrador: a instigante danza cáustica da paráfrase", "Da *persona* satírica: o cinismo compracido e a compracencia cínica", "Do feroz satirista: a superioridade e o riso", "Da engraxada maquinaria: as técnicas do humor", "Do expresionismo: e enérxico virtuosismo da augaforte enfática", "Das personaxes: o dubidoso gusto colectivo dunha monumental carnavalada", "Da (in)consicencia identitaria: a disolución do eu e da civilización contornante" e "Da parodia: o costumista testemuño dun narrador tranquilo (mais indignado)". Neles analiza a pegada do expresionismo n'*O porco de pé*, a intencionalidade paródica, as características do humor, o particular estatuto do narrador e dos personaxes, a cerimonia carnavalesca e a dimensión e matices da sátira, que en Risco se transforma en sátira do progresismo utilitarista.

Recensións:

- Héitor Mera, "Arredor de Risco", *Faro de Vigo*, *"Faro da Cultura"*, nº 214, "Libros", 5 xullo 2007, p. IV.

Recensión centrada no traballo de Alva Martínez, *A pretensa nostalxia da autoridade (Unha interpretación parcelar d'O porco de pé de Vicente Risco* que comeza sinalando que con todas as disensións que suscita Vicente Risco un novo traballo sobre a súa figura produce unha "enorme alegría", ao se tratar dun intelectual fundamental na conformación do sistema cultural moderno en Galiza. Destaca o seu liderado e superioridade moral e intelectual sobre todos os compoñentes da súa xeración e o seu carácter de gran lector, ensaísta e creador de notábel valía. Sinala que o estudo de Martínez Teixeiro é "moi agudo" e valora especialmente dúas cuestións: a comprensión e exposición dunha figura poliédrica e contraditoria no seu construto intelectual e ideolóxico reparando no contexto no que se enmarca, e a abordaxe do humor e a ironía que se percibe na novela *O porco de pé*. Por estas cuestións apunta que o traballo constitúe unha lectura importantísima para afondar na narrativa de Vicente Risco.

Mato, Alfonso (coord.), *Ánxel Casal, un editor para un país*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/Seminario de Estudos Galegos, 2007, 316 pp. (ISBN: 978-84-96530-47-8). ◆

Alfonso Mato coordina esta obra que homenaxea a Ánxel Casal pola súa salientábel achega á cultura galega, definida por Castelao con estas palabras: "el fixo por Galicia máis do que todos nós". No "Limiar" (pp. 13-14) Mato refírese ao proceso de elaboración desta monografía que, xunto aos estudos de Ernesto Vázquez Souza, Mercedes Bangueses e Mª de Lourdes Pérez González, acolle unha cronoloxía (pp. 15-19) que resume os fitos biográficos do homenaxeado até a súa morte en 1936, vítima da represalia fascista. Asemade, inclúe os catálogos das editoriais Lar, xunto a Leandro Carré Alvarellos, e Nós, xa en solitario (pp. 59-232). A modo de introdución, Isaac Díaz

Pardo rescata da súa memoria "Lembranzas de Ánxel Casal" (pp. 11-12), xa que, como fillo de Camilo Díaz Baliño, tivo contacto directo coas figuras máis senlleiras do galeguismo. Por outra banda, Ramón Villares incide na faceta cultural do coruñés no capítulo "Un editor nacional" (pp. 9-10), sen deixar de recoñecer o seu decisivo e intenso activismo político.

- Ernesto Vázquez Souza, "Ánxel Casal: flor de esperanza dunha nova literatura", pp. 21-33.

Vázquez Souza é autor de varios estudos sobre o editor coruñés, como *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno* (2003), e, en colaboración con Xosé María Dobarro, *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos* (2003). No presente volume afonda na vinculación da literatura cos idearios nacionalistas como instrumento de lexitimización e vía de reforzo da identidade colectiva. Explica o proceso evolutivo do sistema español, que transcorre paralelamente ao dos outros sistemas literarios do Estado, incluído o galego. Sinala que no caso de Galicia atopáronse moitas dificultades até acadar o estatus de sistema literario na década dos vinte do pasado século, tras unha etapa de intento de consolidación como literatura rexional en castelán. Neste proceso considera que debe prestarse especial atención o papel de Casal, dado o esforzo realizado por achegar ao gran público os textos máis importantes do primeiro terzo do século XX como proposta dun sistema literario propio.

- Mercedes Bangueses, "A ilustración do libro en Galicia. Ánxel Casal ao servizo do libro galego", pp. 35-52.

Ao longo deste capítulo saliéntase a intensa actividade política e social en Galicia durante a época da Segunda República, nos que se implicaron artistas plásticos como Daniel Castelao, mestre dos "novos" como Carlos Maside e Luís Seoane, que conectan coa súa mensaxe, xustificada no contexto de reivindicación nacionalista e que mantén o seu compromiso ético cos problemas que afectan a Galicia. Explica que toda esta xeración de intelectuais galeguistas entendía a arte dun xeito pragmático, como unha vía de concienciación popular acerca da cuestión identitaria. Bangueses afirma que o editor coruñés tivo un importante papel no proceso de renovación do libro galego, pois valoraba tanto o seu soporte físico como a tipografía e a disposición dos textos e das imaxes.

- Mª de Lourdes Pérez González, "Ánxel Casal, a imprenta Nós e o panfleto político na II República", pp. 53-58.

Céntrase na faceta política de Casal, que participou activamente coa imprenta Nós na elaboración de "papeles menores" como panfletos, carteis, e folletos, entre outros. Asemade, sinala que este tipo de papeis tiveron un papel importante no período de constitución da II República.

Méndez Fonte, Rosa (coord.), *Isaac Díaz Pardo. Homenaxe galega*, Asociación Cultural Fuco Buxán, 2007, 260 pp. ◆

É esta obra unha homenaxe ao artista, industrial, escritor, ceramista, conservador, editor e libertario comprometido con Galicia e coa súa cultura. Recolle colaboracións de

Camilo Díaz, Manuel Aznar, Xosé Neira Vilas, Euloxio Ruibal, Fernando Salgado, Fermín Bouza e Andrés Varela, Eva Veiga, Xosé Leira, José Viale Moutinho e Rosa Méndez, así como tamén as intervencións nas mesas redondas que se realizaron para esta homenaxe. Afóndase no coñecemento da traxectoria vital deste galeguista, dende o seu nacemento, a súa andaina nas terras do exilio/emigración até a volta a Galicia, nas súas múltiples actividades. Acompañan ao volume múltiples ilustracións e fotografías.

Referencias varias:

- A. C**.**, "Ferrol, centro da homenaxe a Díaz Pardo da Asociación Cultural Fuco Buxán", *El Correo Gallego*, "Cultura", 7 febreiro 2007, p. 75.

Infórmase dos actos que conformarán a homenaxe da Asociación Cultural Fuco Buxán ao galeguista Isaac Díaz Pardo: unha exposición, varias mesas redondas, un acto de homenaxe política, poética e musical e a publicación dun libro. Indícase tamén que o Centro Cultural Torrente Ballester de Ferrol acolle unha mostra antolóxica sobre o seu labor á fronte do Laboratorio de Formas xunto a Luís Seoane, mentres que a sede ferrolá da Fundación Caixa Galicia é o lugar escollido para a primeira das mesas redondas arredor da súa figura, coa participación dos escritores Xosé Luís Axeitos, Xosé Neira Vilas e Camilo Díaz. Tamén se informa de que a homenaxe terá lugar no Teatro Jofre, coas intervencións dos poetas Salvador García-Bodaño, Eva Veiga, Xosé Leira e Laura Landeira, entre outros.

- F. L. H., "Fuco Buxán presenta un libro de homenaje al galleguista Díaz Pardo", *El Correo Gallego*, "Cultura", 21 febreiro 2007, p. 68.

Dá conta da presentación do libro de homenaxe que a Asociación Cultural Fuco Buxán dedicou a Isaac Díaz Pardo, *Isaac Díaz Pardo. Homenaxe Galega*. Sinala o nome da autora da compilación, Rosa Méndez, e dos asinantes das intervencións que constan neste volume. Indícase que contén 260 páxinas e case 100 ilustracións e fotografías relativas a Díaz Pardo e á súa obra. Por último, anuncia que será distribuída por bibliotecas e asociacións para que poida ser consultada por todas as persoas interesadas.

Mera Herbello, Héitor (coord.), *Bernardino Graña. Homenaxe no 75 aniversario*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, setembro 2007, 100 pp. (ISBN: 978-84-9782-669-3). ■

Tras as presentacións institucionais asinadas pola alcadesa do Concello de Cangas e o Concelleiro de Cultura da localidade, reúnense un conxunto de nove ensaios de breve extensión que queren servir de homenaxe a Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932) con motivo do seu setenta e cinco aniversario. Ademais, inclúense catro poemas adicados ao escritor de Carlos Solla, Elvira Riveiro Tobío, Lucía Novás e Xoán Xosé Abella, xunto con fotografías de Fran Herbello e a reprodución dos óleos de Camilo Caamaño. Os textos que repasan diferentes aspectos da súa traxectoria persoal e literaria e son os seguintes:

- Héitor Mera, "Bernardino Graña Villar: profeta do mar, profeta na súa terra", pp. 11-17.

O coordinador do volume achega unha semblanza biográfica do homenaxeado, ao que cualifica como o autor máis importante que teña dado Cangas ao longo da súa historia. Resalta a primeira etapa da vida de Bernardino Graña como a que conforma a súa personalidade e a súa relación coa literatura, que se afianzará coa formación universitaria. Salienta tamén o compromiso político e social que o caracterizou ao longo de toda a súa vida e a sona que acadou como poeta xa dende a publicación de *Profecía do mar* en 1966, ao que seguiron máis de trinta títulos diferentes entre poesía, narrativa e teatro e numerosos artigos nos xornais galegos.

- Xosé María Álvarez Cáccamo, "Mar e amor contra a cidade gris. Os rexistros políticos na poesía de Bernardino Graña", pp. 19-30.

Repasa as obras de Bernardino Graña co obxectivo de poñer de relevo que nelas queda patente o seu compromiso ético e político, de denuncia contra a destrución ambiental, a soberbia ou os males do capitalismo. Repara na presenza do mar de referente galego na súa obra, paisaxe familiar e ligada á experiencia inmediata do poeta que se transforma nunha entidade de dimensión abstracta e simbólica; e do amor, concibido como unha expansiva forza creadora que alterna a súa dimensión humana co erotismo vitalista e a paixón cósmica. Apunta tamén que a súa poética constitúe un discurso singular na literatura galega contemporánea, pois equilibra a súa voz épica coa perspectiva satítirica e irónica, verbalizadas ambas as facetas con solucións rítmicas e musicais notábeis.

- Daniel González, "Cantando a Bernardino. Breve repaso da relación entre a poesía e a música", pp. 31-36.

Analiza a vinculación da poesía e a música a través da historia da literatura e sinala ao respecto que moitos poemas de Bernardino Graña foron escollidos por grupos como Astarot, A Roda ou o cantautor Suso Vaamonde para seren musicados. Céntrase nomeadamente neste último, que recolleu poemas de Graña en moitos dos seus discos, como "Lavativa (digo: rogativa) da chuvia" e "Emigrantes do mar", que clasifica como textos de denuncia social; "Praia en calma" e "Canción para ir ó mar de pesca", destinados ao público infantil; ou "Quedei no bar en seco como un peixe", "Algún día por te ver" e "Volvín á terra pro perdín o amor", de temática amorosa.

- Paula Fernández González, "Bernardino Graña, autor infantil. Un achegamento a *O león e o paxaro rebelde* ou á simboloxía comprometida", pp. 37-43.

Sinala que Bernardino Graña comezou a súa ampla traxectoria na escrita para rapaces con *O león e o paxaro rebelde* (1969), no que recoñece, baixo a súa aparencia de conto sinxelo escrito en verso, un texto perfectamente elaborado co que o autor quere criticar a sociedade do momento e comportamentos como o abuso, o medo, o servilismo, a insolidariedade ou a traizón. Cita tamén outros títulos do autor como a peza teatral *Sinfarainín contra don Perfeuto* (1975), *Planeta de ratos tolos* (1990), *Xan Guindán, capitán* e *Xan Guindán, pita choca* (1991), *O oso mimoso* (1992), *Cristo e San Pedro peregrinos* (1994), *O gaiteiro e o rato Pérez* (1994), *Xan Guindán, mensaxeiro* (1994), *Rata linda de Compostela* (1994), *Contra o león covarde* (1995), *Xan Guindán e os salvaxes* (1995), *O lobo e o grilo* (1995), *Cantigas de Santa María* (1996), *O quirico lambón* (1997), e *O gaiteiro e o ratiño* (1999).

- María Navarro, "*O gaiteiro e o Rato Pérez*. Premio Merlín 1993", pp. 45-49.

Achégase á análise d'*O gaiteiro e o Rato Pérez* e recoñece no texto a presenza da dicotomía aldea/cidade, que se harmoniza a través do protagonista, pois séntese cidadán do mundo e toma de ambos os mundos o que considera o mellor, e dunha alta carga simbólica e transcendental. Neste sentido sinala que o Rato Pérez, símbolo da inocencia infantil, se converte nunha voz da conciencia que xorde cando os humanos se comportan dun xeito irracional.

- Rosendo Díaz-Peterson, "*Protoevanxeo do neto de Herodes*", pp. 51-53.

Comenta a obra de Bernardino Graña *Protoevanxeo do neto de Herodes* dende o desafío que supón para un crente bíblico tradicional, pois nela sobrancéase a figura de Xosé sobre a de María. Salienta aspectos como o reflexo do escenario bíblico, o emprego do monólogo interior, as minuciosas descricións e o coñecemento que demostra o autor das orixes do teatro moderno.

- Anxo Angueira, "En Padrón, os alumnos do Instituto…", pp. 55-57.

Anxo Angueira evoca neste texto a figura do Bernardino Graña profesor, lembrando a súa paixón pola literatura e as súas ensinanzas no Instituto de Padrón en 1976.

- Afonso Becerra de Becerréa, "A literatura dramática de Bernardino Graña. Enigmas e sinfarainadas", pp. 59-65.

Achégase á literatura dramática de Bernardino Graña a través do comentario das súas "sinfarainadas", é dicir, as pezas nas que intervén o mosquito Sinfarainín, unha serie que se inicia en 1975 con *Sinfarainín contra do Perfeuto* e continúa con *Os burros que comen ouro* (1992), na que destaca a aparición de trazos como a escatoloxía popular, a beleza das situacións e a inxenuidade retranqueira dos personaxes. Menciona tamén a primeira creación dramática do autor, *Vinte mil pesos crime* (1962), editada en 2005 por Héitor Mera.

- Xosé Millán Otero, "Bernardino Graña, poeta do amar", pp. 67-73.

Céntrase na poesía amorosa de Bernardino Graña, que identifica cunha continua reformulación das preguntas básicas da existencia das que se ofrecen sempre respostas provisionais. Percorre as diferentes orientacións do tema do amor en poemarios como *Non vexo Vigo nin Cangas* (1975), *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen* (1980), *Luz de novembro* (1997), *Sima-cima do voar do tolo* (1984), *Himno verde* (1992) e *Sen sombra e sen amor* (2004).

Recensións:

- Pilar Ponte, "Achegarnos a Bernardino", *Faro de Vigo*, *"Faro da Cultura"*, nº 229, 13 decembro 2007, p. IV.

Sitúa a publicación do volume *Bernardino Graña. Homenaxe no 75 aniversario* nos eventos dedicados a homenaxear esta figura das letras que se desenvolveron ao longo de

2007, como os actos celebrados no Salón do Libro Infantil de Pontevedra ou a homenaxe que organizou a Asociación Cultural A Cepa no Concello de Cangas. Con respecto ao volume, sinala que está coordinado por Héitor Mera, especialista neste escritor, e que se trata dunha obra de intención divulgativa con once achegas ensaísticas sobre a figura e a obra de Bernardino Graña, fotografías da súa vida e composicións poéticas de Carlos Solla, Elvira Riveiro Tobío, Lucía Novás e Xoán Xosé Abella dedicadas ao "poeta do mar".

Referencias varias:

- A.N.T., "Libro de homenaxe a Bernardino Graña no seu 75º aniversario", *A Nosa Terra*, nº 1.283, "Cultura", Do 4 ao 10 outubro 2007, p. 25.

Nota que dá conta dos actos que constituíron a homenaxe a Bernardino Graña organizada pola Asociación Cultural A Cepa do Morrazo, entre os cales se destaca a publicación do volume *Bernardino Graña. Homenaxe no 75 aniversario*, que coa coordinación de Héitor Mera recolle diversos traballos dedicados ao poeta acompañados de fotografías e pinturas.

- Rodri García, "Velas literarias para Bernardino Graña", *La Voz de Galicia*, *"Culturas"*, nº 236, "Letras en galego", 10 novembro 2007, p. 12.

Salienta que o volume *Bernardino Graña. Homenaxe no 75 aniversario*, quere servir de homenaxe ao considerado poeta do mar. Indica tamén que nel se recollen textos de once autores que repasan a biografía humana e literaria de Bernardino Graña, entre os cales hai retratos que o reflicten moi ben, como o de Xosé María Álvarez Cáccamo.

Neira Vilas, Xosé, *Arredor do mundo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 2007, 236 pp. (ISBN: 978-84-9782-637-2).

O escritor galego Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928) recolle neste volume cen artigos de prensa que publicou entre os anos 2005 e 2006. Confesa no texto inicial, encabezado co epígrafe "Soleira", que dende o propio momento da composición sempre lle sobrevoou a idea de que estas reflexións transcendesen do día de saída do xornal, por esta razón os temas van máis alá do hoxe e agora. Como autor destacado do sistema literario galego preocúpase nestas breves achegas por arrequentar figuras senlleiras que comparten a mesma lingua creadora como Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor, Curros Enríquez, Murguía, Castelao, Xosé Fontenla Leal, Leandro Carré ou Pura Vázquez, esta última falecida no ano 2006. A súa preocupación como cidadán transcende os lindeiros galegos, de aí que Neira Vilas dedique artigos a figuras como o Che Guevara, Cortázar, Andersen ou o propio Picasso, a quen retrata nos seus anos coruñeses. Como membro da Real Academia Galega e como galego festexa o centenario desta entidade, así como outras efemérides venturosas para a lingua galega e para Galicia como os trinta e oito anos de existencia da fundación da Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Habana ou os cincuenta anos da celebración do Primeiro Congreso da Emigración Galega.

Recensións:

- Rodri García, "Galicia na codia da Terra", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 235, "Letras en galego", 3 novembro 2007, p. 11.

Dá conta da publicación de *Arredor do mundo*, e destaca do volume que nel, Xosé Neira Vilas recolle un cento de artigos nos que fala de diferentes temas, como lembranzas, vivencias, lecturas que realizou, etc. Destaca que todos os textos conteñen, para finalizar, unha pequena reflexión, un desexo dun mundo mellor, un pensamento ou unha homenaxe.

- Xosé Feixó, "Arredor de Neira Vilas", *Faro de Vigo*, *"Faro da Cultura"*, nº 226, "Libros", 22 novembro 2007, p. IV.

Tras citar obras de Xosé Neira Vilas como *Lar*, *Nai*, *Pan*, *Inquedo latexar* e *Poesía recadada* nas que descubriu o alento poético dun autor máis coñecido pola súa prosa de ficción, Xosé Feixó sinala que Neira Vilas ten divulgado o seu saber en textos de investigación ou de testemuño como *Memoria da emigración* ou *Crónicas Galegas de América*. Nesta liña sitúa o volume *Arredor do mundo*, no que achega unha "valiosa e sentida información" sobre lugares e persoas que coñeceu de primeira man. Cita como exemplo artigos como "A infancia galega de Luís Seoane", a través do cal Neira Vilas nos transmite os sentimentos de Seoane poucos meses antes da súa morte e a súa lembranza da aldea de Arca. Feixó recoméndalles aos vellos galegos e aos mozos a lectura deste libro e doutros de Neira Vilas, ao consideralo un "elo entre unha xeración acabada e os novos tempos dos que non coñecemos o fin".

Referencias varias:

- C. Rodríguez, "Neira Vilas: espazos e persoas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", "Arquipélago", 21 outubro 2007, p. 7.

Comeza sinalando que Xosé Neira Vilas non necesita presentación ningunha tras ter dedicado toda a súa vida ao universo das letras e figurar na tradición cultural galega cun libro da transcendencia de *Memorias dun nenos labrego* e os que viñeron despois. Valora tamén o seu amplo traballo xornalístico, que unha vez máis dá pé ao volume recompilatorio *Arredor do mundo*, que conteñen un exercicio de memoria dende unha ollada serena e crítica que recupera presenzas como as do Che Guevara, Camilo Díaz Baliño, Blanco-Amor, Chano Piñeiro, Castelao, Pura Vázquez ou Lugrís Freire e paisaxes como Bos Aires, A Habana, Gres ou Becerreá.

- M. Dopico, "Transcender o efémero", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 novembro 2007, p. 35.

Aborda algúns dos contidos que poden atoparse no libro *Arredor do mundo*, de Xosé Neira Vilas, que reúne artigos publicados en diferentes xornais e dedicados a figuras relevantes da historia da cultura galega como Pascual Veiga, Carlos Velo ou Isaac Díaz Pardo. Recóllense as palabras de Neira Vilas en relación ao carácter desta recompilación que pretende ser unha crónica da realidade actual e histórica que transcenda o efémero da publicación xornalística. Sinala tamén Neira Vilas qie se

esforza para que as súas colaboracións resulten amenas e interesantes e considera que o xornalismo como un xénero literario máis.

Oramas Camero, Ángela, *Galegos da Habana*, prólogo Yolanda Vidal, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col Diáspora Crónicas, 2007, 261 pp. (ISBN: 978-84-7824-533-8).

Ángela Oramas Camero (A Habana, 1942) recompila nesta obra a vida dos galegos de onte e os galegos de hoxe que emigraron á Habana. Inclúe crónicas sobre as institucións presentes na illa, referencias ás numerosas cabeceiras de prensa que fundaron e lembra as figuras ilustres galegas que visitaron ou viviron na capital cubana. Tras o prólogo de Yolanda Vidal, o volume estrutúrase en tres bloques: "A cidade sagrada", "Os testemuños" e "A memoria gráfica". Na primeira destas seccións abórdase a historia da emigración galega a Cuba. Ao longo de vinte e sete capítulos repásanse os anos nos que comezou a emigración, a creación das sociedades rexionais e a fundación do Centro Galego, dedicándolles un tratamento especial ás figuras máis senlleiras da emigración galega, como Fontenla Leal, Ramón Cabanillas, Manuel Curros Enríquez, Alfonso Rodríguez Castelao e Xosé Neira Vilas. O segundo bloque, "Os testemuños", recolle, como o propio título indica, os testemuños de diferentes emigrantes galegos que viviron ou aínda viven na Habana. Estes homes e mulleres, entre os cales destacan o bodegueiro José Caneda Gosende, o Presidente da Federación de Sociedades Galegas da Habana Antonio Cougil Fernández ou o mestre torneiro Gonzalo Noval Martínez, ofrecen a súa visión persoal sobre a emigración galega e a cidade cubana. O último bloque deste libro, "A memoria gráfica", é un repertorio fotográfico sobre persoeiros destacados e diferentes lugares e monumentos da capital cubana.

Patiño, Antón, *Urbano Lugrís (viaxe ao corazón do océano)*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Arte, 2007, 300 pp. (ISBN: 978-84-8485-270-4).

Antón Patiño (Monforte de Lemos, 1957), tras outros traballos e anos de esculcas centradas no pintor, achégase á biografía de Urbano Lugrís (A Coruña, 1908-Vigo, 1973) analizando aspectos como a influencia musical que sobre el exerceu a súa nai, e a herdanza de seu pai, o escritor galeguista Manuel Lugrís Freire. Recrea tamén a súa participación na revista *Atlántida*, a súa vida na Coruña, as estadías en Vigo, a súa relación de amizade cos escritores Alvaro Cunqueiro, Avilés de Taramancos, González Pascual, Mariano Tudela e con Antonio Patiño Regueira, afondando na lenda e recollendo as múltiples anécdotas protagonizadas por Lugrís e polo seu alter ego literario Ulises Fyngal. Ademais, o libro reproduce varias entrevistas de Urbano Lugrís, relatos breves e poemas nos que o creador amosa a súa paixón polo mundo mariño, cerna fundamental das súas creacións.

Referencias varias:

- J.L.E., "Antón Patiño aborda en un libro la figura de Lugrís", *El País*, "*Galicia*", 9 decembro 2007, p. 7.

Informa da publicación da obra de Antón Patiño *Urbano Lugrís (viaxe ao corazón do océano)*. Indica que este libro trata das estancias do pintor na Coruña e en Vigo e recolle múltiples anécdotas que protagonizou o pintor. Por último, sitúa a traxectoria artística de Lugrís nos parámetros do surrealismo.

- Carlos Torres, "Delicia editorial de Carlos González", *El Progreso*, "Los unos, los otros", 10 decembro 2007.

En primeiro lugar, salienta o labor e a delicadeza da edición dunha colección de libros creada por Carlos González, de quen se indica que é galego. Informa dalgúns dos autores recollidos na devandita colección. A continuación, sinala que Antón Patiño acaba de publicar o libro *Urbano Lugrís: viaxe ao corazón do océano*. Para finalizar, comenta a publicación de *Ao pé do abismo*, e indica que se trata dunha compilación de artigos de Rosa Aneiros.

Paz Gago, José María, Xosé Benito **Reza**, Antonio **Piñeiro**, Xosé María **del Caño**, *Guía literaria de Celanova*, limiar de X. L. Méndez Ferrín, Ourense: Fundación Curros Enríquez, 2007, 126 pp. (ISBN: 978-84-612-1301-6). ◆

Publicación que pretende poñer de relevo as resonancias literarias que ten a vila ourensá de Celanova apoiada cun abondoso material fotográfico. Comeza cun limiar de X. L. Méndez Ferrín no que o escritor analiza a dimensión histórica, cultural e simbólica de Celanova e conclúe comentando a súa relevancia literaria. O conxunto da guía está formado por catro achegas de diferentes autores, que son as que a seguir se resumen:

-José María Paz Gago, "Escola poética de Celanova", pp. 13-25.

Descrición física e histórica da comarca das Terras de Celanova con referencia á ampla relación de escritores e poetas nacidos na vila de Celanova centrándose máis amplamente en Celso Emilio Ferreiro, Castor Elices e Xosé Velo.

-Xosé Benito Reza, "Terra, autores, pobo e paisaxe", pp. 27-51.

Céntrase na análise dos vencellos entre as Terras de Celanova e Curros, e tamén entre Celso Emilio Ferreiro e Curros para despois realizar unha achega a estes dous escritores. Recomenda a lectura de cinco obras: *Aires da miña terra* e *O divino sainete* de Curros, e *Longa noite de pedra*, *Viaxe ao país dos ananos* e mais *A fronteira infinda*, de Celso Emilio.

-Antonio Piñeiro, "Celanova (palabra de autor)", pp. 55-97.

Apoiándose en poemas de autores celanoveses, Antonio Piñeiro fala da importancia literaria de Celanova. Recomenda catorce libros centrados en Celanova, escritos por: Curros, Fernando Román, Castor Méndez, Celso Emilio Ferreiro, X. L. Méndez Ferrín, Concha López, Luís García Mañá e mais Baldo Ramos.

-Xosé María del Caño, "Celanova, universo literario", pp. 99-126.

Analiza a importancia de autores como Castor Elices, Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro, X. L. Méndez Ferrín e mais Antonio Tovar apoiándose en estudos de Alonso Montero, Marcos Valcárcel, Darío Xohán Cabana, Claudio Rodríguez Fer ou Basilio Losada.

Pociña, Andrés, *Tecer con palabras. Mulleres na poesía castelán, galega e portugués*, limiar de Carmen Blanco, Santiago de Compostela: Edicións Correo, S. A. N., 2007, 342 pp. (ISBN: 978-84-8064-185-2). ◆

No limiar de Carmen Blanco, despois de glosar a amizade co autor, a súa relación con Granada e achegar algúns datos biobibliográficos de Andrés Pociña, salienta a liberdade xenérica da obra, na que conflúen "poesía, ensaísmo e filoxinia" e na que recolle traballos seus publicados n´*O Correo Galego* sobre poetas que escribiron en castelán, galego e portugués. Refírese tamén á relación poesía-música que estabelece Andrés Pociña coa súa muller Aurora López. Séguelle un "Limiar. Safo, a nai universal", no que explica como concibiu esta serie de traballos, o modo que elixe para reproducir as citas e advirte que non se trata de "artigos matinados dende presupostos filolóxicos, nin como crítica a obras concretas, nin menos aínda como ficción literaria semellante ós publicados no meu recente libriño *Quince mulleres, quince momentos* (A Coruña, 2000)", senón modos persoais de ver, ler, interpretar, sentir, etc. Detense para explicar a obra en Safo, a nai universal. A seguir, reprodúcense os seus traballos, entre os que trata as seguintes escritoras galegas: María do Carme Kruckenberg, Marica Campo, Dora e Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, María Xosé Queizán, Rosalía de Castro, Xohana Torres, Pilar Pallarés, Chus Pato, Ana Romaní, María Mariño Carou, Olga Novo, Helena Villar Janeiro, Yolanda Castaño, Ánxeles Penas, Xela Arias e Margarita Ledo Andión. Remata a obra cun "Epílogo" no que fai reflexións sobre un ano con "poetas tecedoras" e a disciplina á que se viu sometido todas as semanas para facer esta serie de traballos, limitados a tres folios e medio. Expón os seus sentimentos ao facer estes artigos e remata agradecendo as axudas recibidas.

Portugal Soto, Serafín, *Gallegos emigrantes emprendedores en el mundo*, Santiago de Compostela: edición de autor, 2007, 296 pp. (ISBN: 978-84-611-9059-1).

Despois de ofrecer un índice das persoas, cuxo perfil biográfico vai ser achegado por seren figuras representativas da Galicia exterior, e de presentárense unha serie de agradecementos, Luís Caramés Viéitez, Director da Cátedra Bolívar da USC, asina un "Prólogo", no que se refire, fundamentalmente, ao fervoroso labor de Serafín Portugal Soto en relación co mundo da emigración. A seguir, é este quen, na "Introducción", trata cuestións relacionadas coa emigración, inmigración, problemática do retornado ou o futuro de Galicia, e alude aos galegos emigrantes emprendedores e promotores do desenvolvemento. Ao longo de diversos apartados, tamén se tratan outros aspectos vinculados co mundo empresarial, co diálogo con América, Europa e outros países e temas estreitamente vinculados co mundo da emigración, como pode ser o das institucións que acollen os galegos do exterior ou unha presentación daqueles que destacaron en diversas partes do mundo, dos que se dan unha serie de datos sobre a súa vida persoal e profesional. Entre eles, están Olegario Sotelo Blanco, que foi o fundador da editorial homónima; Faustino Santalices Pérez, compilador de música popular galega, que fixo anotacións das melodías do *Cancionero Gallego*; ou o escritor

Francisco de Asís Sesto Novás. Por último, achéganse unha serie de anexos relacionados con historias ou anécdotas familiares ou co Teatro Rosalía de Castro, para pechar coa reprodución dos "Objetivos, reflexiones y conclusiones", un "Glosario de términos utilizados" e unha "Bibliografía".

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Portugal Soto presenta un libro sobre os emigrantes galegos emprendedores", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 75/"Galegos emprendedores", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 setembro 2007, p. 28.

Nota que anuncia a presentación en Compostela do libro de Serafín Portugal Soto *Gallegos emigrantes emprendedores en el mundo*, onde analiza a situación dos empresarios galegos emigrados, sendo o primeiro volume dedicado a "todos os presidentes da Hermandad Gallega de Venezuela", institución na que Portugal Soto foi directivo nos anos sesenta. Infórmase de que no acto participarán, ademais do autor, Olegario Sotelo Blanco e o presidente da Fundación Araguaney, Ghaleb Jaber Ibrahim. Saliéntase tamén que Portugal Soto pasou máis de corenta anos emigrado en Venezuela e que ten dedicado estudos á emigración como *Vivencias de un gallego en Venezuela: historia de dos culturas*, no que relataba as súas relacións con galegos emigrados coñecidos como Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro ou Pepe Velo.

- María Míguez, "Reconocimiento al éxito gallego fuera de casa", *La Voz de Galicia*, "Patio de vecinos", 13 setembro 2007, p. L16.

Entre outras novas recolle información referida ao acto de presentación que tivo lugar no Hotel Meliá Araguaney de Santiago do libro de Serafín Portugal Soto *Gallegos emigrantes emprendedores en el mundo*. Sinala que presentaron o acto Olegario Sotelo Blanco e Ghaleb Jaber Ibrahim e que o libro analiza a situación dos empresarios galegos emigrados, principalmente en Venezuela, país de acollida do autor.

- Albino Mallo, "Presentación de 'Gallegos emigrantes emprendedores en el mundo' en A Coruña", *El Correo Gallego*, "Sociedad", 19 decembro 2007, p. 66.

Dá conta da publicación da obra *Gallegos emigrantes emprendedores en el mundo*, de Serafín Portugal Soto e sinala que este traballo recolle a historia de 88 personaxes moi vinculados con Venezuela. Por último, destaca que o autor xa publicara outro libro co título *Vivencias de un gallego en Venezuela*, do que existe unha segunda edición ampliada.

Queipo, Xavier, *Caderno da Revolución Cultural*, prólogo de Ana Romaní, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, n.º 221, xuño 2007, 132 pp. (ISBN: 978-84-8487-122-3).

Volume que recolle as cincuenta e tres colaboracións semanais do escritor Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) na sección que mantén no programa radiofónico *Diario Cultural*, na Radio Galega, dende setembro de 2005 até outubro de 2006. O libro vai acompañado dun CD onde se poden escoitar dezasete gravacións das

súas intervencións neste programa. O volume ábrese cun prólogo de Ana Romaní, directora do programa radiofónico, no que recoñece neste libro e no seu autor o exercicio do dereito a opinar libremente coa intención de crear un espazo para o debate, aspecto fundamental na construción social e cultural. Identifica tamén nesta escolma de textos algunhas das constantes presentes na obra literaria de Queipo, tales como a curiosidade do viaxeiro, a esculca no detalle, a mirada do científico, as paixóns mariñas ou as querenzas asiáticas. Os temas que Xavier Queipo trata nestes microensaios participan das cuestións de actualidade do momento no que foron creados. Recóllense así análises de carácter político, especialmente dedicadas ás áreas culturais ("Abrir o galego ao mundo", "A publicidade na televisión pública galega", "Normalización lingüística"...), asuntos relacionados co coidado do medio ("De pirómanos e outras parvadas", "Eco-cabreado", "Os penedos de Pasarela e Traba"...); prácticas de pensamento crítico ("Instrucións para non ter unha leira na cabeza", "Sobre a obscenidade"...); e mesmo o manifesto cultural, "A revolución cultural necesaria", un dos intereses recorrentes por parte de Queipo nas colaboracións deste volume. Sobre estes e outros asuntos -como a concesión do Premio Nobel, algunha publicación ou lectura recente, o comentario dalgún filme, etc.- o escritor ofrece a súa persoal visión, que pasa, por exemplo, por defender que o Día das Letras Galegas se lle dedique a unha persoa viva.

Recensións:

- Pilar Ponte, "Para (re)pensar", *Faro de Vigo / La Opinión*, *"Faro da Cultura" / "Saberes"*, "Libros", nº 222 / nº 159, 25 outubro 2007 / 3 novembro 2007, p. IV / p. 6.

A propósito da publicación de *Caderno da Revolución Cultural*, de Xavier Queipo, comenta que tanto a evolución da tecnoloxía como a quebra das lindes entre os xéneros textuais permiten que o lector dispoña de dous formatos: o libro en si e mais un CD coas gravacións na voz do autor. Aproveita para felicitar o programa *Diario Cultural* da Radio Galega, de onde proceden os textos que Queipo reúne neste volume, por ter acadado o premio concedido pola Federación de Gremios de España, salientando que se trata dunha magnífica canle de difusión da cultura galega. Cualifica o libro de Queipo como un "manual práctico" de análise da realidade galega que aposta por poñer en práctica unha verdadeira "revolución cultural" e que ten como obxectivo primordial promover a reflexión e tirar o público da indeferenza, "como unha agulla de acupuntura que se crava nun punto determinado e produce unha reacción". Destaca tamén que Queipo destina as súas crónicas principalmente "os que agora están no goberno" coa intención de denunciar e manifestar a súa opinión sobre unha ampla gama de temas. Pilar Ponte conclúe destacando que este está a ser un ano especialmente produtivo para o autor, pois ademais de ter presentado a novela *Dragona*, colabora coa sección "Cartas marcadas" no portal Cultura Galega.

- Gabriel P. Durán, "Replicación de ideas", *Protexta*, nº 5, "Propostas", inverno 07/08, p. 24.

Gabriel P. Durán sinala que tanto *Caderno da Revolución Cultural*, de Xavier Queipo como *Clío nas ondas. De librar, persoas e sazóns*, de Ramón Villares, recollen as colaboracións destes dous intelectuais no programa radiofónico *Diario cultural* que dirixe Ana Romaní na Radio Galega, e que ambos pertencen ao "rizoma heterodoxo da

opinión". Salienta a procura da comunicación co oínte/lector nos dous volumes e valora que vaian acompañados de cadanseu CD. Como diferenza entre estas dúas achegas, comenta que mentres en *Clío nas ondas* "cada relato ten pouco que ver co seu veciño", o libro de Queipo pretende invitar a unha "Revolución Cultural".

Referencias varias:

- Laura Vieiro, "Queipo reclama unha 'revolución cultural" galega na súa nova obra", *El Correo Gallego*, "Cultura", 11 xullo 2007, p. 68.

Informa do acto de presentación da obra de Xavier Queipo, *Caderno de Revolución Cultural*, na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago, ao que asistiron Manuel Outeiriño, Francisco Pillado, director de Laiovento, Xurxo Souto e Ana Romaní, ademais do autor, Xavier Queipo. Sinálase que o libro recolle as intervencións do autor no programa da Radio Galega, *Diario Cultural*, definido pola súa condutora, Ana Romaní, como un foro público aberto á cidadanía. Recóllense tamén as palabras de Pillado, quen ironizou sobre a falta de interese pola cultura que amosa a Administración.

- Laura L. Aira, "Acupuntura cultural", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 xullo 2007, p. 31.

Comenta a presentación do novo libro de Xavier Queipo, *Caderno da Revolución cultural* e recolle algúns dos comentarios vertidos durante este evento polas persoas que acompañaron o autor no acto. Especifica que este volume contén os "microensaios" de Xavier Queipo no *Diario Cultural* da Radio Galega.

Reigosa, Carlos G., *Eidos do xornalismo*, prólogo de Víctor Freixanes, Vigo: Editorial Galaxia, col. Ensaio, 2007, 266 pp. (ISBN: 978-84-7154-023-2).

Eidos do xornalismo reúne colaboracións xornalísticas de Carlos G. Reigosa (Lagoa da Pastoriza, 1948) dadas a coñecer previamente en diferentes medios. O volume vai encabezado cun limiar de Víctor F. Freixanes, titulado "Coñecer e contar a realidade", onde repasa moi brevemente os temas que Reigosa vai tratar ao longo do libro. O volume estrutúrase en tres partes: "Desde o xornalismo", "Nas beiras do xornalismo" e "Sobre o xornalismo". Baixo o primeiro epígrafe recóllense reportaxes e ensaios de investigación sobre Hemingway en Galicia, a avoa de García Márquez, a aposta informativa de Michael Bloomberg ou os proxectos galegos de Orson Welles, entre outros temas. Na segunda parte, o libro leva o lector polos camiños fronteirizos do xornalismo e as relacións entre periodismo e literatura, a través de cuestións como a técnica literaria, a función do guionista ou a importancia da épica na narrativa actual – como os titulados "Acerca da técnica literaria" ou "A épica na narrativa actual". Na terceira e derradeira parte xorde a reflexión sobre a significación, circunstancias e características da profesión dos xornalistas na actualidade, dende unha definición do que é xornalismo até a revolución que supuxo a Internet na procura e difusión da información, pasando pola ética nos medios de comunicación ou os dereitos dos consumidores.

Recensións:

- Daniel Calvo, "Reigosa, ante o espello da realidade", *La Voz de Galicia*, *"Culturas"*, n.º 216, 23 xuño 2007, p. 10.

Sinálase que, segundo Carlos G. Reigosa, está obra "é un libro distinto". Así mesmo, indícase que nel o autor dirixe a súa mirada á comunicacións de masas e se interroga sobre a sempre fronteiriza natureza de toda escritura, dende a dobre perspectiva de quen é á vez un novelista e un periodista. Tamén se apunta que o volume inclúe desde reportaxe até reflexións sobre o papel do periodismo na Sociedade da Información e do Coñecemento, pasando "polos territorios de fronteira".

- Armando Requeixo, "Contar a realidade", *Faro de Vigo*, *"Faro da Cultura"*, n.º 222, 25 outubro 2007, p. V.

Recensión da obra *Eidos de xornalismo*, de Carlos G. Reigosa que comeza destacando a variada produción editorial do autor nos vinte e cinco anos dedicados á escrita, nunha traxectoria que mereceu o aplauso e o recoñecemento unánime por obras como *Homes de Tras da Corda*, *Crime en Compostela* ou *Intramundi*. Requeixo identifica ademais unha faceta que conxuga o Reigosa narrador co xornalista, visíbel en títulos *O Doutor Livingstone, supoño* e nas ducias de artigos e ensaios breves esparexidos por xornais, actas de congresos, xornadas e simposios, revistas especializadas e de carácter xeral, volumes colectivos e outros lugares. Nesta liña sitúa *Eidos do xornalismo*, do que salienta en primeiro termo o "lúcido" prólogo de Víctor F. Freixanes. Detense na estruturación do volume en tres grandes seccións e considera de especial relevo as páxinas dedicadas á conexión galega de Gabriel García Márquez, Ernest Hemingway e Orson Wells, así como as achegas a Gonzalo Torrente Ballester,Woody Allen ou Valle-Inclán. Valora tamén a reflexión arredor do xornalismo a través de textos dedicados, por exemplo, a Michael Bloomberg ou ás eivas que sacoden a profesión.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "A guerra, materia literaria", *El Progreso*, "Cultura", "Ollo mol", 24 xuño 2007, p. 59.

Salienta as impresións de Enrique Líster sobre o escritor Hemingway que contén a obra de Carlos Reigosa *Eidos do xornalismo*.

- Xosé Carlos Caneiro, "Profesor Villanueva", *La Voz de Galicia*, *"Culturas"*, nº 217, 30 xuño 2007, p. 14.

Recomenda pola súa calidade a lectura do ensaio *Eidos do xornalismo*, de Carlos Reigosa, porque, segundo afirma Caneiro, aborda a desaparición dos xornalistas vocacionais que no mundo actual "parecen máis ideólogos que contadores da verdade". Tamén recomenda "con vehemencia" *Arte e parte*, de Xurxo Borrazás, afirmando: "non me importa estar en desacordo con moitas das afirmacións do autor. Non me importa que eu puidera dicir todo o contrario, ou non. Impórtame que neste país aínda amordazado os autores poidan dicir, argumentando, todo o que queiran dicir". Finalmente recomenda tamén o poemario *Filoxenia do sangue* (2006), de Xabier Paz, e

confésase devoto deste autor. Aproveita para lembrar que Xavier Paz acaba de ser designado comoo candidato para ocupar unha praza numeraria na Real Academia Española. Conclúe expresando a súa ledicia pola entrada de Darío Villanueva na RAE, "un sabio galego que é tan sabio que incluso os seus fieis non alcanzamos a supoñer a súa altura".

- Anxa Correa, "Reigosa defende a proximidade do xornalismo na súa última obra", *El Progreso*, "Cultura", 14 novembro 2007, p. 80.

Alude á presentación en Santiago do libro *Eidos do xornalismo*, do escritor e xornalista Carlos G. Reigosa, que acabou converténdose nunha lección de xornalismo dun profesional que conta con case corenta anos de experiencia. Indica que Reigosa avogou por recuperar o carácter sentimental, de proximidade, do xornalismo, e falou da situación actual da contaminación dos medios e dun dos principais males que sofre: "protexer a fonte máis alá dos límites da credibilidade".

- J.L., "Reigosa afirma que Internet no debe modificar el periodismo", *El Correo Gallego*, "Comunicación", 14 novembro 2007, p. 77.

Comenta que o xornalista e escritor Carlos G. Reigosa presentou o seu último libro, *Eidos de xornalismo*, no que pretende atopar e definir a situación actual do xornalismo e no que fala sobre os principais problemas na actualidade, como é o manexo das fontes.

Sabadell-Nieto, Joana (coord.), *Cien anos de poesía. 53 poemas en catalán, gallego y vasco: estructuras poéticas, pautas críticas*, Berna: Peter Lang S.A., col. Perspectivas Hispánicas, 2007, 594 pp. (ISBN: 978-3-03910-765-0).

Na nota preliminar, realizada pola coordinadora, faise referencia a que este volume que acolle poemas en catalán, galego e vasco é unha consecuencia do primeiro volume, co mesmo título, que acollía setenta e dous poemas españois do século XX escritos en castelán. A coordinadora comenta que a selección inicial foi modificada debido á resposta dos colaboradores. E refírese a que o subtítulo desta obra "Más que responder, concluir, acotar, abre preguntas que habrán de ser contestadas en detalle en otro lugar y que constituyen gran parte del debate intelectual/nacional en las respectivas literaturas". Despois doutras reflexións sobre a temática suscitada, agradece ao editor e aos compañeiros da Universidade de Zurich que aceptasen esta obra. A seguir acóllense poemas e os seus comentarios en lingua catalá e vasca, seguidos polos galegos que foron realizados por:
- Pilar Couto Cantero, "Luis Pimentel: Oración incompleta", pp. 227-237.
- Anxo Tarrío Varela, "Manuel Antonio: Del diario de un estudiante", pp. 239-251.
- Lucía Fraga Rodríguez. "Luís Amado Carballo: En la alta noche", pp. 253-258.
- Vicente Araguas, "Fermín Bouza-Brey: Tengo una estrella", pp. 259-271.
- Lucía Fraga Rodríguez. "Aquilino Iglesia Alvariño: Por los viejos poetas que fueron", pp. 273-288.
- Fernando Cabo Aseguinolaza, "Álvaro Cunqueiro: Hierba aquí o allá", pp. 289-301.
- Olivia Rodríguez González, "Luz Pozo Garza: Ángeles con patines blancos en la plaza de O Grove", pp. 303- 315.
- Xosé María Dobarro Paz, "Manuel María Fernández Teixeiro: Poema/Deseo recobrado", pp. 317-325.

-Adrián Álvarez Torneiro, "Xohana Torres: Penélope", pp. 327-334.
- Teresa Seara, "Manuel Álvarez Torneiro: Demoradamente", pp. 335-348.
- Arturo Casas, "Antón Avilés de Taramancos: Aún herido por la caída", pp. 349-359.
- Xosé Manuel Salgado, "Xosé Luís Méndez Ferrín: En las orillas del Sar", pp. 361-372.
- Javier Gómez-Montero, "Arcadio López-Casanova: Liturgia del cuerpo. Himno", pp. 373-387.

Cada un destes estudosos seleccionou un poema representativo dos poetas elixidos e realizou unha análise, dende diferentes perspectivas, profundando tanto nas temáticas coma en aspectos formais e estilísticas. A intención da obra e dos comentarios foi servir de ponte entre as poesías nas diferentes linguas do Estado español.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Escritura para modificar a historia", *A Nosa Terra*, n.º 1287, "Cultura", 1-7 novembro 2007, p. 27.

Fala desta obra póstuma de W. G. Sebald e indica que nela se recollen textos inéditos ou pouco coñecidos deste autor. Tamén sinala que conta con dúas partes, a primeira con catro textos sobre Córsega e a segunda con diversos ensaios sobre literatura, que en conxunto é "unha reflexión sobre a desmemoria das sociedades modernas" e que o seu autor con *Camposanto* reclama da memoria o papel de mitigador de calamidades da historia.

Valle-Inclán Alsina, Javier del, *Valle-Inclán en Compostela. A derradeira estadía en Galicia*, Concello de Santiago. Concellería de Cultura, col. Cadernos de Compostela, nº 1, 2007, 54 pp. (D.L.: C. 2128-2007). ◆

Javier del Valle-Inclán Alsina (Pontevedra, 1959) dá conta dunha época pouco coñecida na biografía de seu avó, o escritor Ramón del Valle-Inclán, os últimos meses que botou en Compostela, dende o 7 de marzo de 1935, unha vez instalado no sanatorio de Manuel Villar Iglesias, amigo de vello do escritor vilanovense e o único facultativo, xunto con seu fillo Villar Blanco, que atendeu a Valle. Sinala que seu avó viña a Santiago a curar e nese tempo realizou viaxes, das que até agora non se tiña noticia, como cando se trasladou en coche á Coruña para asistir a unha corrida de touros, cando visitou en Vigo a exposición de Colmeiro ou cando foi comer con Otero Pedrayo a Ourense. Narra tamén os seus paseos pola Alameda compostelá, a súa participación nos faladoiros dos típicos cafés da capital galega, os do Café Derby, do Saboy, do Español ou do Carballeira. Abórdanse tamén episodios esquecidos tras a morte de Valle-Inclán, en especial a reacción do Partido Galeguista, que publicou no semanario *A Nosa Terra* un comunicado titulado "Morreu Valle-Inclán", onde se recoñece que o escritor era "un dos nosos" e que a súa obra é plenamente galega "por espíritu, por raza e por sentimento". Tamén saca á luz por primeira vez a homenaxe organizada polo Concello de Vigo en marzo de 1936, da que existen testemuños gráficos que foron esquecidos.

Recensións:

- Miro Villar, "Valle-Inclán, Compostela e o galeguismo", *Grial*, nº 175, "O espello das letras", xullo-agosto-setembro 2007, pp. 134-136.

Informa da publicación pola Concellería de Cultura do Concello de Santiago do ensaio *Valle-Inclán en Compostela. A derradeira estadía en Galicia*, de Javier del Valle-Inclán Alsina. Apunta que este estudo forma parte da serie "Cadernos de Compostela" do Centro de Estudos Compostelláns Ánxel Casal e advirte que nel se reconstrúen os anos compostelláns de Valle-Inclán e a calidade do seu contacto cos galeguistas, incidindo en que a doenza que padeceu antes de morrer lle limitou o seu carácter inquedo e o seu pensamento progresista. Segundo Miro Villar, Javier del Valle-Inclán pretende botar luz sobre a controversia que existe sobre a relación do escritor arousán cos galeguistas da súa época e neste sentido recolle as derradeiras xuntanzas de Valle con escritores e pintores no Café Derby en Compostela, así como as últimas viaxes por diferentes cidades galegas: Betanzos, A Coruña, Vigo, Ferrol, etc. Villar indica que nas últimas páxinas do volume se abordan cuestións relativas á organización das primeiras homenaxes póstumas dedicadas ao autor de *Luces de Bohemia*.

Referencias varias:

- María Fábregas, "El ocaso de Valle-Inclán", *El País*, "*Galicia*", 25 xuño 2007, p. 38.

Comentario centrado na publicación de *Valle-Inclán en Compostela. A derradeira estadía en Galicia*, na que o neto de Ramón María del Valle-Inclán relata o último período que o escritor pasou en Compostela, marcado pola enfermidade e a relación con algúns intelectuais galeguistas, desvelando episodios inéditos até o de agora. Sinálase que este estudo inaugura a colección "Cadernos de Compostela" que edita o concello da cidade e recóllense as palabras do seu autor Javier del Valle-Inclán, que se pronuncia sobre cuestións como o gusto de seu avó por estar con xente nova, o recoñecemento publicado nun comunicado en *A Nosa Terra* tras a súa morte ou a súa sona de ter mal carácter. Apunta a súa desconformidade coa inexistencia de traducións das obras de Valle ao galego, algo ao que seu pai se negou e que el non comparte, pois segundo afirma: "Si alguien quiere traducir un texto de Valle, habría que permitírselo". Finalmente, relaciónase esta publicación coa serie de homenaxes que o escritor está a recibir, como a exposición organizada pola Fundación Granell de Santiago.

Varela Orol, Concha, *A Biblioteca Pública da Real Universidade de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. Universidade de Santiago de Compostela, col. Fonseca Textos Históricos, nº 11, 2007, 371 pp. (ISBN: 978-84-9750-637-3). ◆

Concha Varela Orol repasa dende un punto de vista diacrónico e sincrónico a importancia e os documentos bibliográficos que acolle a Biblioteca Pública da Universidade de Santiago. O ensaio estrutúrase en tres seccións. O primeiro bloque, que leva o título de "Librarías e bibliotecas. Un cambio de paradigma", presenta varios apartados que analizan a importancia das bibliotecas públicas dos colexios e universidades, entre outros temas. Na segunda sección (homónima do título do ensaio), a máis extensa, aborda en diferentes capítulos a historia da Biblioteca Pública da

Universidade de Santiago, dende a súa creación, pasando polas diferentes coleccións que se foron adquirindo ao longo dos anos, até describir minuciosamente os fondos e catálogos actuais. Neste bloque aparece un capítulo dedicado aos libros prohibidos *"Prohibitorum Libraria"*. A última sección, a modo de conclusión final, fai un balance da importancia da creación da citada biblioteca. O ensaio conta tamén cun apéndice documental, un índice onomástico e as fontes que seguiu a autora para facer este traballo.

Recensións:

- Estro Montaña, "Sarmiento e os libros", *Faro de Vigo*, *"Faro da Cultura"*, nº 222, "Libros", 25 outubro 2007, p. V.

Recensión centrada no estudo realizado pola profesora de Biblioteconomía da Universidade da Coruña e durante varios anos directora da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, Concepción Varela Orol, titulado *A Biblioteca Pública da Real Universidade de Santiago de Compostela*. Estro Montaña alude ao labor de Varela Orol durante o seu cargo na institución compostelá, pois contribuíu decisivamente á súa modernización e á ampliación do fondo galego e sobre Galicia. Menciona algúns traballos anteriores da autora e detense no presente volume, debedor da súa tese de doutoramento, e no que recorre a unha gran cantidade de fontes para estabelecer contudentes conclusións, entre elas, situar o nacemento das bibliotecas públicas universitarias no marco das reformas borbónicas do século XVIII, poñer de relevo o fundamental papel do Padre Sarmiento en tal empresa, e fixar a constitución da biblioteca da universidade compostelá, non como herdeira da biblioteca de Fonseca, senón a partir dos libros dos Colexios da Compañía de Xesús en Galicia. Destaca tamén a interesante análise sobre os libros prohibidos e o valor dos apéndices documentais, aspectos que converten o libro nun "tesouro a nos falar desoutros tesouros que se esconden nese lugar que foi calificado de mellor alfaia da Universidade".

Vieites, Manuel F. (coord.), *Cento vinte e cinco anos de teatro en galego. No aniversario de A fonte do xuramento*, Vigo: Editorial Galaxia/ESAD, col. ESAD Galicia, outubro 2007, 460 pp. (ISBN: 978-84-7154-188-8).

Volume co que a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) inicia, en colaboración coa Editorial Galaxia, a súa propia liña editorial. Ábrese cunha presentación institucional da Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria Laura Sánchez Piñón á que lle seguen vinte e tres traballos de profesores, investigadores, etc. moi vinculados co mundo do teatro. Os traballos que se recollen son os seguintes:

- Manuel F. Vieites, "Camiño do Principal. Alicerces para un sistema teatral", pp. 13-34**.**

Comeza falando da presenza en diferentes cidades dun "Teatro Principal" e da importancia e retos que supoñía, en Galicia a finais do século XIX, presentar un espectáculo neses teatros. Aborda o contexto socio-cultural que en relación coa actividade dramática existía nesa época na cidade da Coruña e detense nas dificultades

coas que se atopaban á hora de poñer en escena un espectáculo. En relación con esta última información, fai fincapé na cuestión lingüística. A continuación, baixo o epígrafe "A entrada no Teatro Principal", recolle a reacción da prensa diante da estrea d' *A fonte do xuramento*, así como tamén, máis pormenorizadamente, a reacción da crítica, tanto en relación coa estrea como da segunda reposición do espectáculo. Vieites presenta a postura de diferentes críticos do momento ante a representación da obra de Francisco María de la Iglesia e contextualiza e xustifica ou critica os comentarios daquela. Dá conta da situación á que se tivo que enfrontar De la Iglesia ao ser o primeiro que se atrevía a publicar e a subir ao palco escénico un texto en "dialecto gallego". Remata Vieites achegándose ás cuestións que para el son máis determinantes á hora de valorar o camiño percorrido dende o ano 1882 en que se estrea ese espectáculo até a actualidade, anunciando o que se recolle e tenta ofrecer este volume que coordina e dando as grazas a todos aqueles que fixeron posíbel o libro.

- Manuel F. Vieites, "*A fonte do xuramento* crónica dunha estrea, noticia dunha recepción", pp. 35-66.

Logo dunha breve introdución e baixo os epígrafes "O primeiro drama en lingua galega?", "Recepción do texto. Carré Aldao e Carré Alvarellos" e "Do romanticismo ao realismo (costumista)" Manuel F. Vieites enmarca a escrita da obra *A fonte do xuramento* nun proxecto común a outros intelectuais e entidades, a configuración dun sistsema cultural de expresión galega, e fai unha "valoración tentativa do que supuxeron texto, estrea e espectáculo". Para iso, dá conta da biografía e obra de Francisco de la Iglesia González e detense polo miúdo nas opinións que, anos despois da escrita e posta en escena d'*A fonte do xuramento*, formularon Eugenio Carré Aldao e Leandro Carré Alvarellos a respecto de De la Iglesia e as súa pezas dramáticas. Analízase esta produción do autor d' *A fonte do xuramento* enmarcándoa no contexto no que se produciu e sinalando, por exemplo, as fontes das que De la Iglesia bebeu, así como as modalidades de creación escénica e dramática que o influíron ou rexeitou e das que se ofrecen as súas características.

- Emilio Xosé Ínsua López, "O teatro galego desde a estrea de *A fonte do xuramento* ao fatídico 1936", pp. 67-80.

Comenta as características do teatro galego en diferentes períodos. Así, achégase ao teatro do período do Rexurdimento, ao das Irmandades da Fala, ao da ditadura de Primo de Rivera, ao da Segunda República e, finalmente, ao do teatro levado a cabo despois do estourido da Guerra Civil española. Nos diferentes períodos que analiza, Ínsua López detense en autores, obras, tendencias, institucións destacadas, etc.

- Jesús Ángel Sánchez García, "Os espazos teatrais en Galicia", pp. 81- 95.

Faise a evolución e dáse conta das características dos espazos teatrais de Galicia. Jesús Ángel Sánchez García (A Coruña, 1967) fala dos "primeiros espazos para o teatro"; no século XVIII, dos "primeiros teatros ou "Casas de Comedias"; no primeiro terzo do século XIX, do paso das "casas de comedias" aos "teatros xa dotados de todas as características do tipo "á italiana"; nos anos centrais do século XIX, da "Idade de ouro dos teatros "á italiana"; a finais do XIX, dos "Teatros-circos e salóns de variedades" e, xa no século XX, dos "teatros-cine" e, posteriormente, das salas alternativas.

- Norma Rodríguez González, “Teatro e creación dramática na diáspora e no exilio”, pp. 97-109.

Ao longo de catro apartados titulados “Presentación. Diáspora e exilio galegos”, “Diáspora, exilio e construción cultural galega no exterior”, “Creación dramática na primeira diáspora” e “Teatro e creación dramática no exilio”, estabelece, en primeiro lugar, a diferenza entre “diáspora galega” e “exilio”, división que “convén aplicala tamén á periodización literaria e teatral”. A seguir, enmarca a creación teatral da Galicia exterior nun proxecto cultural global e detense nalgúns “piares esenciais” (cadros e compañías, actores, espazos teatrais, revistas, etc.) que fixeron posíbel a existencia dunha “institución teatral galega en América Latina”. Continúa dando conta da creación dramática na diáspora (sinala temáticas, orientacións estéticas, autores, obras, etc.) e do “Teatro e creación dramática no exilio”. Así, en relación con esta última información, Rodríguez González detense na “tendencia continuadora” do teatro representada por Manuel Daniel Varela Buxán e nas iniciativas que puxo en práctica; nas figuras de Alfonso Daniell Rodríguez Castelao e Eduardo Blanco Amor e as súas respectivas obras; e, finalmente, na obra de Luís Seoane e Rafael Dieste, así coma na de outros autores que se achegaron á creación teatral de forma máis puntual. Conclúe a autora do artigo destacando a importancia do labor cultural realizado polos galegos desprazados a América e resumindo brevemente as características desa empresa cultural.

- Afonso Becerra de Becerreá, “A dramaturxia nos tempos da ditadura”, pp. 111-129.

Dáse conta polo miúdo do que se representaba nos teatros no período da Ditadura. Fálase do repertorio dramatúrxico que ensaiaban e que presentaban moitas veces as corais. Nomea autores e obras que tiveron repercusión tanto en Galicia como no exilio. Fai un percorrido pola dramaturxia galega producida durante a ditadura até 1975. Fálase duns primeiros anos de posguerra dominados polos cadros costumistas e folclóricos, dun período posterior cunha dramaturxia máis constestataria e reivindicativa pero, sobre todo, da ausencia dun teatro profesional e unha escola asentada.

- Roberto Pascual, “O teatro nos tempos da ditadura”, pp. 131-146.

Estrutúrase este artigo de Roberto Pascual nos apartados “Terreo minado: censura, lingua, autoestima e outras consideracións”, “O cóctel escénico recreativo e folclórico”, “Teatro, pedagoxía e lingua no Fingoi: velado compromiso coa cultura galega”, “O Teatro de Cámara. Da escena castelá á toma de consciencia do galego”, “Teatro popular e rural. A festa e as brasas do teatro galego”, “As asociacións culturais, O Facho que alumea o futuro” e “Outras experiencias”. Neles dáse conta dos feitos que atinxir ao teatro no período da Ditadura.

- Xosé Manuel Fernández Castro, “Os tempos de Ribadavia”, pp.147-163.

Inicia o artigo cunha breve presentación na que se fala dos antecedentes e trazos distintivos da Mostra de Ribadavia e dos seus protagonistas. A seguir, lémbranse os gañadores das diferentes edicións, dende 1973 a 1980, e coméntanse as obras premiadas.

- Damián Villalaín, “A xeración do 78 na creación do tecido institucional do teatro galego”, pp. 165-170.

Logo de sinalar os autores que normalmente se nomean como integrantes da denominada "Promoción Abrente", de calificar como "libro de obrigada lectura" o volume *Un abrente teatral*, de Imma López Silva e Dolores Vilavedra, e de recorrer a este para facilitar datos cuantitativos que dan mostra da "ampla mobilización de vontades que se produciu en torno ás Mostras de Ribadavia e o nacente fenómeno teatral a elas vencellado", Damián Villalaín ofrece a nómina daqueles membros da Xeración de Ribadavia ou da Xeración de 1978 que se dedicaron preferentemente á dirección de escena, actrices e actores, etc. Nos apartados "25 anos de gobernos da dereita e un breve intermedio" e "Un cambio de ciclo", Villalaín fai un repaso polos períodos políticos que tiveron lugar en Galicia, a partir de 1980, facendo fincapé naqueles que posibilitaron "indiscutíbeis avances na consolidación da necesaria trama institucional capaz de deseñar e executar políticas recondutoras da pobre relación entre teatro e sociedade.

- María López Suárez e Anxo Abuín González, "O Centro Dramático Galego", pp. 171-185.

Despois dunha breve introdución e de explicar o por qué se considera o Centro Dramático Galego (CDG) a "Nau capitana" do teatro galego, os autores fan un repaso á historia do CDG dende a súa creación até a actualidade e detéñense no estudo dos espectáculos *O incerto señor don Hamlet* (1991), *Un soño de verán* (1992), *A fiestra valdeira* (1994); *Si o vello Sinbad volvese ás illas* (1999); *Nau de amores* (1995), *Como en Irlanda* (1996) e *Illa Reunión* (2006). Antes das conclusións, detéñense nos profesionais vinculado dalgún xeito ao CDG ben como intérpretes, directores escénicos, adaptadores, creadores dramáticos, etc. Tamén se achegan á relación de Roberto Vidal Bolaño co CDG.

- Manuel F. Vieites, "Xénese e desenvolvemento do Novo teatro galego 1965-1991", pp. 187-211.

Manuel F. Vieites achégase nesta ocasión ao complexo período 1965-1991 no que, segundo o autor, se atopan as variábeis e claves para analizar a nova configuración do sistema teatral galego. Fala dos anos do teatro independente e dos tempos de loita política e cultural para, a seguir, achegarse ás diferentes "xeiras" do teatro profesional, concretamente aos anos de formación e asentamento e ao período de institucionalización do teatro profesional

- Inmaculada López Silva, "O desenvolvemento da Nova Dramaturxia", pp. 213-222.

Despois de aludir á problemática que suscita a periodización das etapas recentes do teatro galego e de referirse ás propostas feitas polos estudosos do teatro galego sobre esta cuestión, reflexiona sobre o que supón ser autor de teatro en Galicia tras as mudanzas sociopolíticas orixinadas en 1981 coa aprobación do Estatuto de Autonomía. Así, e ata a actualidade, detecta unha liña de autores que escriben aparentemente afastados do ámbito escénico, independentemente de que as súas obras poidan ser traballados polos directores de escena ou non. Entre eles, cita a Euloxio R. Ruibal e aqueles autores que Dolores Vilavedra denomina "Grupo de Cadernos da Escola Dramática Galega", dos que analiza a súa produción teatral. A seguir, aproxímase ás liñas estéticas, miradas e opcións dramatúrxicas destes autores pertencentes á literatura

dramática postautonómica ou "Xeración Post-Abrente". Deste modo, salienta o tratamento que fan nas súas obras do humor e á súa inclusión en liñas como son a histórica, mítica ou metateatral.

- Roberto Pascual, "O teatro galego na actualidade", pp. 223-239.

Comeza referíndose á dificultade que provoca "debuxar" "esta gran familia que compón hoxe o teatro galego contemporáneo". A seguir, achégase aos factores que axudan a definir este teatro aludindo aos festivais, ás compañías, á produción e aos premios que atenden este xénero. Por outra parte, fala do labor desenvolvido no Salón Teatro de Santiago de Compostela e, xa máis polo miúdo, polo Centro Dramático Galego durante os últimos anos da dirección de Manuel Guede Oliva, a curta etapa de ruptura e transición de Ánxeles Cuña Bóveda e a actual dirección baixo o impulso de Cristina Domínguez Dapena. Así mesmo, atende ao traballo desempeñado por microcompañías ou aqueles actores que sobreviven exclusivamente das artes a través da posta en marcha de propostas de pequenos formatos, como é o caso dos "contadores de historias". Noutro apartado, faise eco da aparición nos últimos anos de interesantes colectivos e do "selo temático e/ou estético" que presenta unha boa parte das compañías, ademais de referirse á presenza do fenómeno musical e a cuestións de mercadotecnia teatral. Por último, alude aos "grandes navíos" do teatro galego, entre os que están Sarabela Teatro, o grupo Chévere, a compañía Matarile, Teatro do Morcego, Áncora Producións, Teatro do Atlántico, Teatro de Ningures ou Teatro do Noroeste.

- Santiago Prego, "Teatro de rúa, de bonecos e infantil", pp. 241-257.

Nun primeiro apartado alude a unha serie de publicacións que, dende diversas perspectivas, se teñen achegado ao tema para, a continuación, realizar un conxunto de anotacións sobre o que se considera teatro infantil, teatro de bonecos e teatro de rúa, apoiándose nas propostas lanzadas por algúns estudosos e investigadores. Achégase ao teatro infantil de antes de 1973, data na que se representan *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*, de Carlos Casares, e que se caracteriza nun primeiro momento pola súa función propagandística ao servizo do ideario galeguista, para xa nun segundo momento pola creatividade e teatralidade primar por riba da instrumentalización artística. Así mesmo, aproxímase con detalle ao espectáculo de *Barriga Verde*, que se comezou a representar nos anos trinta do pasado século e que tentou ser emulado en anos posteriores. A seguir, estuda o período que vai de 1973 a 1980, que está marcado polo concurso de teatro infantil O Facho e a Mostra Abrente, que supoñen o inicio dunha produción significada de literatura dramática infantil e a visibilidade do teatro representado infantil, respectivamente. Por último, detense na análise do ámbito teatral dende o ano 1980 até hoxe, que se caracteriza pola profesionalización e pola eclosión nos oitenta de grupos de títeres, para pechar cunha serie de conclusións.

- Pedro Pablo Riobó, "O teatro escolar e afeccionado", pp. 259-281.

Tras sinalar que o teatro amador está na orixe mesma do teatro galego, achégase aos antecedentes do teatro de autor no noso idioma, que non foi posíbel até finais do século XIX e os inicios do XX. Alude ás institucións, compañías ou actores que promoveron estes comezos do teatro galego e salienta os cadros de declamación e os coros folclóricos pola súa actividade e pola súa persistencia no tempo. A seguir, analiza con máis detalle a actividade do teatro amador galego, que divide nunha primeira etapa que

iría de 1915 a 1916, con tres superíodos menos marcados (o das Irmandades da Fala (1919-1923), o da ditadura de Primo de Rivera (1923-1931) e o da II República (1931-1936); un segundo período que iría dende 1942 (reinicio das manifestacións teatrais en galego) até 1978 (o ano do comezo da separación entre o teatro afeccionado e o profesional); e un terceiro e último que iría dende eses anos da transición aos nosos días. Pecha cunha serie de conclusións, destacando que o teatro afeccionado está inmerso na actualidade nun proceso de procura dos seus dominios de traballo tanto no plano formal, coma no temático e no espacial. Tamén inclúe un apéndice cos grupos teatrais por zonas e períodos cronolóxicos.

- Roberto Pascual, "O teatro na Universidade", pp. 283-295.

Sinala que é posíbel que aínda non se teña reflexionado na súa xusta medida sobre o papel levado a cabo pola Universidade na configuración e no desenvolvemento do teatro galego. A seguir, realiza un percorrido histórico polo teatro universitario, que inicia antes do ano 1936 e continúa durante o franquismo, sinalando que entre 1939 e 1950 soamente se levan a cabo catro espectáculos, todos eles en castelán e promovidos polos TEU. Comenta que habería que agardar ao ano 1959 para podermos falar dun feito histórico para a historia social da lingua e para a cultura galega, a montaxe de *Antígona*, de Anouilh, levada ao noso idioma por voluntariosos e afanosos herdeiros do galeguismo do interior. Explica que, tras esta etapa persoal, o TEU compostelán pasa a ser un conxunto de "*teus*" radicados nos colexios maiores da cidade, así como alude á aparición do "Concurso de Teatro Leído", do Grupo de Teatro en Lingua Galega en 1988 e da revista *Primer Acto* a finais dos cincuenta. A seguir, reproduce un cuestionario que en 1965 remite á revista citada Serafín Moraleja, director dun dos *teus* composteláns, que se fai eco do declive teatral na Universidade. Tamén indica que co rexurdimento teatral ribadaviense, a Universidade comeza aos poucos a dar os seus pasos con Ángel Basanta e despois con Miguel Ángel Gómez Segade como director daquela primeira Aula de Teatro. Xa a finais dos oitenta apunta que comeza o frutífero parto de grupos e a celebración de festivais, para, finalmente, falar das ofertas curriculares de teatro que ofrecen as Universidades e das viaxe, coproducións ou xiras que as Aulas organizan para a distribución dos seus espectáculos.

- Noemí Pazó, "Teatro e tradución. Unha prospectiva xeral", pp. 297-317.

Ofrece unha visión xeral do "transvase" de textos teatrais ao galego dende os diferentes sistemas teatrais e literarios, comezando pola tradución na época das Irmandades da Fala, da que algúns dos seus membros consideraban que a experiencia do *Abbey Theatre* podía abrir o camiño para o desenvolvemento do teatro galego e por medio deste contribuír á normalización da lingua e da cultura. Tras o obrigado silencio marcado pola contenda bélica do 36, sinala que a finais da década dos 50 a tradución de textos se converte nun elemento potenciador do desenvolvemento cultural do país. A seguir, refírese á reconstrución do teatro que arrinca en 1960, coa posta en escena da obra *Antígona*, de Jean Anouilh, por parte duns mozos dirixidos por Rodolfo López Veiga, e vai até 1978, ano no que nacen os *Cadernos da Escola Dramática Galega* e comeza a profesionalización do teatro. Así mesmo, apunta que nesta etapa se abren dúas liñas de debate sobre a relación entre lingua e teatro e o tipo de teatro que cómpre facer, ademais de facer unha panorámica da tradución para a escena e tratar a escasa edición de textos traducidos. Por último, achega unha visión dos últimos trinta anos, a través dun percorrido polo traballo das compañías; da presentación dunha nova panorámica da

tradución para a escena, que se basea nos clásicos greco-latinos, autores consagrados e autores de século XX; e dunha análise da edición de traducións teatrais caracterizada pola falta dunha boa planificación. Pecha cunha nómina dos tradutores.

- Iolanda Ogando, "A formación e a investigación teatral en Galicia", pp. 319-334.

Sinala que a preocupación polo estudo e sistematización do teatro vén de longo, aínda que o deficitario sistema cultural galego tivo que agardar á última década do século XX para ter o seu primeiro tratado teórico e aos comezos do século XXI para contar cunha Escola Superior. Así mesmo, indica que sería necesario esperar á última década do século XX para dispor dos primeiros traballos dedicados á docencia e formación teatral. Deste xeito, explica que a súa análise se propón retomar algunhas das indicacións ofrecidas nestas contribucións para reconstituír o mapa das figuras, entidades ou institucións que se destacaron na elaboración dunha plataforma de formación. Na primeira parte do artigo, describe as primeiras experiencias formadoras en Galicia, dende a fundación da Escuela Regional de Declamación (1903) até a Escola Superior de Arte Dramática (2005), incluíndo os traballos teóricos das figuras que poñen en marcha o sistema teatral galego, pois até 1979 son escasos os testemuños de investigación teatral. Xa na segunda parte, analiza illadamente o tipo de "*resultados*" ensaísticos (artigos, monografías, compilacións...), que ao longo da historia do noso teatro se ocuparon da organización e descrición do fenómeno liteario-escénico. Por último, apunta que xa se pode adiviñar unha terceira liña constitutiva ao redor de 2005, tras a instauración definitiva da ESAD e conclúe salientando o considerábel avance que se certifica tanto no terreo da formación coma da investigación teatral nos últimos trinta anos.

- Santiago Prego, "Os oficios teatrais", pp. 334-351.

Comeza cunha breve introdución na que fala da división do traballo no mundo do teatro e estabelece diferentes períodos na historia do teatro no que aos "oficios teatrais" se refire e nos que se detén polo miúdo. A continuación, céntrase no que denomina "espazo teatral" e "estruturas" e tamén nos antecedentes da profesionalización. Remata co momento actual, deténdose nas asociacións profesionais, na figura do actor/actriz, na autoría, na dirección, nos técnicos, na escenografía, vestiario e outros oficios do teatro.

- Víctor López Carbajales, "A exhibición teatral en Galicia", pp. 351- 370.

Comeza cunha presentación, estruturada en tres apartados ("A presentación teatral", "A organización da representación e a influencia do Estado" e "O espectador da representación teatral"), á que lle segue un repaso á arquitectura teatral dende os inicios e a Idade Media até a construción dos teatros "á italiana", pasando por analizar outros espazos escénicos. "O inicio do teatro galego e a súa exhibición" é o apartado no que se achega á programación privada, á relación do teatro con entidades bancarias, ás salas alternativas, aos espazos escénicos da actualidade, algún deles públicos e outros privados e mesmo ao tempo das programacións. Remata o artigo cun breve epílogo.

- Blanca Gómez Crespán, "Unha aproximación ao deseño escénico. O caso galego", pp. 370-402.

Faise un breve percorrido histórico polo deseño dos teatros dende as súas orixes e o teatro grego, pasando polo teatro romano, o medieval, a escena renacentista e o teatro clásico até os cambios escenográficos do século XIX. Tamén se achega á revolución

escenográfica do século XX atendendo a diferentes ismos, concretamente ao simbolismo, futurismo, dadaísmo, construtivismo, cubismo, surrealismo, expresionismo e fauvismo. Blanca Gómez Crespán continúa contextualizando a escenografía española no século XX e abordando o caso galego.

- Inma López Silva, "Información e crítica teatral", pp. 402-413.

En primeiro lugar fálase da posibilidade ou non de definir qué se entende e para qué serve a crítica teatral e detense nas particularidades do caso galego por situarse nun contexto emerxente. A seguir, diferencia entre información, xornalismo e crítica teatral en Galicia. Remata o artigo referíndose ás constantes e tendencias da información e crítica teatral que se dan en Galicia.

- Manuel F. Vieites, "Perspectivas e retos para o teatro galego do futuro", pp. 415- 437.

Achégase ao sistema teatral. Faino a través da reflexión sobre as "políticas teatrais", mais tamén falando de perspectivas e retos futuros e, máis polo miúdo, nos axentes (a grandes trazos: administración públicas, iniciativas privadas, comunidade teatral); instrumentos dos que poder botar man e ámbitos e liñas de actuación que inciden no público, na formación, na animación, realización, etc.

Os diferentes artigos acompáñanse de fotografías de dramaturgos, cubertas de libros, de escenas de espectáculos, de recortes de prensa, etc., así como tamén de numerosos datos biobibliográficos de autores e institucións. Péchase o volume cun extenso

Referencias varias:

- Mar Mato, "Galaxia recordará en un libro los 125 años de teatro gallego", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 28 marzo 2007, p. 43.

Anúnciase a presentación dun libro que recollerá os 125 anos de teatro galego e que rememorará a primeira obra representada en galego en 1882, *A fonte do xuramento*, de Francisco de la Iglesia, un proxecto levado a cabo pola Editorial Galaxia co apoio da Escola Superior de Arte Dramática de Vigo. Infórmase tamén de que aproveitando o Día Internacional do Teatro tamén se presentaron novos volumes da Biblioteca de Teatro impulsada por Galaxia, entre eles, *Dramaturxia. Teoría e práctica*, de Alfonso Becerra, que recolle material didáctico.

Villanueva, Darío, *Da palabra no tempo. Estudos e ensaios de literatura*, A Coruña: Espiral Maior, col. Auliga Ensaio, nº 4, decembro 2007, 316 pp. (ISBN: 978-84-96475-67-0).

Darío Villanueva (Vilalba, 1950) nesta recompilación de vinte e un estudos e ensaios de literatura, escritos e publicados en galego entre 1986 e 2006, achega a universalidade da súa traxectoria académica, docente e investigadora. *Da palabra no tempo* conta cun limiar onde presenta a súa selección e explica a súa vocación filolóxica, comezada coma precoz lector e derivada cara á vocación de investigador e académico sobre a Literatura, vista dende catro perspectivas de estudo, inseparabéis ao seu ver: a Crítica, a Historia, a Teoría e a Literatura Comparada. O volume estrutúrase en dous grandes apartados, como reza no subtítulo: a teoría literaria e discursiva e mais a lectura dalgúns dos seus

autores e obras literarias preferidos. En ambos os apartados, os estudos e ensaios aparecen sen numerar, coa data de publicación, e cun título referido á idea central do mesmo. O epílogo transcribe unha conversa na que Anxo Abuín, César Domínguez e Anxo Tarrío o entrevistan sobre a definición de Literatura Comparada e a súa aplicación; o seu campo de estudo fronte a outras disciplinas literarias; a súa relación coa Teoría literaria; os Estudos Culturais en Estados Unidos e Canadá; os Departamentos de Literatura Comparada nas Universidades; o método comparatista aplicado á Literatura galega; os conceptos "Literatura europea", "Literatura mundial" e "Literatura universal"; e o futuro da Literatura Comparada na actual globalización. Esta escolma remata coa mención da procedencia dos textos e cunhas escolleitas referencias bibliográficas que completan as notas ao pé de páxina que ilustran os capítulos terceiro e cuarto do apartado "Teorías", e os capítulos segundo, cuarto, sexto, sétimo, oitavo, décimo e undécimo de "Autores e Textos". O título, de inspiración rosaliana e no ronsel de María Mariño, agocha a visión da Literatura dende o debatido crepúsculo da súa "desaparición". Apréciase unha miscelánea no contido e na selección de autores e obras literarias analizadas, na variedade de xéneros literarios estudados e na alternancia entre capítulos con notas ao pé da páxina e os que remiten a referencias bibliográficas finais.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "La Real Academia Española elige a Darío Villanueva para el sillón D", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 xullo 2007, p. 47.

Recolle a nova da incorporación de Darío Villanueva (Vilalba, 1950) como académico para a cadeira D da Real Academia Española. O Catedrático de Teoría da Literatura comentou a súa satisfacción polo nomeamento e as causas da súa selección: "condición de filólogo, e ao tempo a de presidente das bibliotecas universitarias, ou mesmo a condición de estudoso das literaturas por riba das linguas"e a pertenza a dous sistemas, o galego e o español. Finalmente dise que o seu primeiro libro como académico será un estudo de literatura titulado *Palabras no tempo*, editado por Espiral Maior.

- Agatha de Santos, "Valle-Inclán es una debilidad, un escritor inmenso e inagotable", *La Opinión*, "Cultura", 8 xullo 2007, p. 67./ "El español vive un momento de expansión muy prometedor", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 7 xullo 2007, p. 43.

Recóllense as palabras de Darío Villanueva tras ser nomeado académico da Real Academia Española. Sinala que afronta este novo reto cheo de ansias e de ganas de traballar. Aprovéitase para preguntarlle cal é o escritor galego co que se sente máis identificado, ao que responde que para el Valle-Inclán "é unha debilidade, un escritor inmenso, inesgotable…". Remátase explicando que está concluíndo a lectura do seu libro *Da palabra no tempo*, co cal se sente moi identificado "porque son un retrato de mis preferencias literarias".

Villares, Ramón, *Clío nas ondas. De libros, persoas e sazóns*, epílogo de Ana Romaní, Santa Comba-A Coruña: tresCtres, col. Vilarnovo. Ideas e realidades, 2007, 285 pp. (ISBN: 978-84-934890-7-6).

Recompilación de noventa e nove artigos que supoñen a transcrición das intervencións de Ramón Villares (1951) no programa *Diario Cultural*, da Radio Galega, entre abril de

2003 e xullo de 2005. O autor explica na introdución a xénese da obra e a satisfacción que supón para el a súa saída do prelo. Explica que se abordan temáticas moi diversas, nas que se atende a cuestións de actualidade, propias dos momentos de emisión, a xeito de dietario semanal. Iníciase a obra co artigo titulado "Exilio", con data do 10 de abril de 2003, no que se reflexiona sobre este fenómeno social en Galicia con motivo da inauguración dunha exposición no Kiosko Alfonso da Coruña. A este seguen outros traballos que teñen como tema central eventos como a inauguración da Fundación de Luís Seoane, a publicación do epistolario entre Álvaro Cunqueiro e Francisco Fernández del Riego ou evocacións de figuras como Domingo García-Sabell, Manuel Murguía, Ánxel Casal, Álvaro de las Casas, Xaquín Lorenzo, Raimundo García Domínguez "Borobó" e Lorenzo Varela, entre outros. Tamén se dá conta de novas referidas a publicacións, como o inicio da nova etapa de *Grial* ou a publicación de edicións facsimilares de cabeceiras galegas ou da diáspora. Pecha a obra un epílogo titulado "As raíces do tecido dos días", no que Ana Romaní fala do compromiso do medio público coa sociedade a través de produtos de pensamento como esta obra de Ramón Villares. Destaca tamén a oportunidade que supón para o lectorado achegarse a cada un dos noventa e nove traballos como fiestras nas que se ofrecen novas perspectivas, que malia naceren como pezas illadas, no seu conxunto presentan unha gran coherencia, ademais de seren un constante recurso á literatura memorialística, escasa na cultura galega. O volume vai acompañado dun CD no que se recollen as intervencións organizadas cronoloxicamente.

Recensións:

- Dorinda Castro Soliña, "Memoria en Clío", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 211, "Libros", 14 xuño 2007, p. IV.

Tras presentar a Ramón Villares como unha "persoa de referencia no eido da historia de Galicia e do mundo da cultura en xeral", sinala que o volume *Clío nas ondas. De libros, persoas e sazóns* recompila 99 colaboracións radiofónicas do autor emitidas no programa *Diario Cultural*, da Radio Galega. Cita algunhas das palabras do prólogo de Ana Romaní, quen destaca a concisión e a claridade expositiva que requiren estes discursos, e destaca aspectos como a variedade dos temas e contidos abordados e as múltiples referencias eruditas coas que Villares adoita acompañar as súas análises.

- Gabriel P. Durán, "Replicación de ideas", *Protexta*, n.º 5, "proPostas", inverno 07/08, p. 24.

Gabriel P. Durán sinala que tanto *Caderno da Revolución Cultural*, de Xavier Queipo como *Clío nas ondas. De librar, persoas e sazóns*, de Ramón Villares, recollen as colaboracións destes dous intelectuais no programa radiofónico *Diario cultural* que dirixe Ana Romaní na Radio Galega, e que ambos pertencen ao "rizoma heterodoxo da opinión". Salienta a procura da comunicación co oínte/lector nos dous volumes e valora que vaian acompañados de cadanseu CD. Como diferenza entre estas dúas achegas, comenta que mentres en *Clío nas ondas* "cada relato ten pouco que ver co seu veciño", o libro de Queipo pretende invitar a unha "Revolución Cultural".

- Tomás Lagostelle, "Para un tempo necesitado de reflexión", *Grial*, nº 174, "O espello das letras", abril-maio-xuño 2007, p. 111.

Sinala que *Clío nas ondas. De libros, persoas e sazón*, de Ramón Villares, xorde das colaboracións semanais do seu autor no *Diario cultural*, da Radio Galega, durante dous anos e comenta que nel se collen unha manchea de "asisados avisos sobre libros, persoas e tempos da historia" cunha presenza reiterada de Europa, así como da nosa historia actual.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, "Ramón Villares: Clío nas ondas", *Galicia Hoxe*, "A opinión", 26 marzo 2007, p. 32.

Comenta a publicación da obra *Clío nas ondas. De libros, persoas e sazóns*, de Ramón Villares. Despois dunha presentación do autor, explica que este volume recolle 99 intervencións radiofónicas de Villares no *Diario Cultural* da Radio Galega. Incide no carácter plural e variado dos temas das intervencións e destaca a importancia que se lles concede aos libros de memorias.

- Marisa Vidal Collazo, "Libros chegados", *Encrucillada*, nº 152, marzo-abril, nº 152, p. 116.

Dá conta de que esta obra inclúe un disco e os textos das 99 colaboracións radiofónicas do autor, maioritariamente de tipo cultural.

Villares Paz, Ramón e Xosé Ramón **Barreiro Fernández** (coords.), *Os símbolos de Galicia*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Real Academia Galega 2007, 199 pp. (ISBN: 978-84-96530-46-1). ◆

Volume que reúne cinco artigos de diferentes autores nos que se dá conta do nacemento e evolución dos símbolos nacionais de Galicia co obxectivo de ofrecer unha aproximación á súa historia como símbolos da galeguidade do escudo, a bandeira e o himno, segundo indican os coordinadores da publicación na introdución que precede os textos. Ramón Villares, no epígrafe "Producir símbolos nacionais", relaciona a eclosión de tradicións e símbolos nacionais no século XIX cos intentos de creación dunha forma de crear unha "relixión civil alternativa" e co obxectivo de atraer as masas á vida política e integralas no proxecto das nacións. Achega tamén unha breve aproximación histórica á aparición de himnos e bandeiras distintos aos galegos. Eduardo Pardo de Guevara y Valdés analiza a orixe, significación e evolución do escudo de Galicia, ofrecendo un percorrido histórico sobre as diferentes formas de representar as armas de Galicia, dende as versións medievais de influencia británica até as máis modernas, que integran a tradición eucarística do Reino de Galicia coas súas vellas sete provincias. Xosé Ramón Barreiro Fernández e Xosé Luís Axeitos, reconstrúen os pasos dados pola Real Academia Galega e polo seu fundador e presidente Manuel Murguía para fixar as cores, tamaño e significación da bandeira, o cal non foi un traballo doado polas múltiples diverxencias existentes. Xosé Ramón Barreiro Fernández pecha o volume cunha colaboración titulada "Un lugar para a memoria. O Panteón da galeguidade", un texto breve no que desenvolve unha proposta relacionada co Panteón de Galegos Ilustres que, segundo expresa, de cara ao futuro cumpriría repensar e redeseñar dende

criterios actuais que conducirían á súa conversión nun Panteón da galeguidade, e non só nun lugar físico de repouso de cinzas de figuras relevantes. Destacamos pola súa relación coa literatura a seguinte colaboración:

- Manuel Ferreiro e Fernando López-Acuña, "O himno. A historia, texto e música", pp. 105-192.

Percórrese a historia do himno galego, dende a súa creación como poema até as modificacións do texto de Eduardo Pondal e as súas variantes, sen obviar o labor do compositor da música, Pascual Veiga. Os autores explican como a necesidade dun himno propio para o país fai proliferar os concursos, especialmente a partir da década de 1880 cando xorden numerosas propostas, de maior e menor calidade, asinadas por autores como Manuel Lugrís Freire (1863-1940) ou Carré Aldao (1859-1932), todos eles baixo o título de "Himno á Galicia". Sinalan que a composición de Alfredo Brañas (1859-1900) musicada por Luís Taibo García (1877-1954), *Deus Fratresque Gallaecia,* tivo gran popularidade polo seu carácter reivindicativo. Refírense tamén a outras composicións que, na práctica, foron himnos en toda regra na etapa de espertar do galeguismo. É o caso do Himno de "Acción Gallega", de Ramón Cabanillas (1876-1959), incluído no poemario *Vento Mareiro* (1915). Con respecto ao actual himno galego, "Os Pinos", escrito por Eduardo Pondal (1835-1917) e musicado por Pascual Veiga para o Certame Musical de 1890, apuntan que tardou en consolidarse e sufriu numerosas variacións con respecto ao poema inicial. No epígrafe "O Certame Musical de 1890 e o nacemento do himno", explícanse as dificultades coas que se atopou "Os Pinos", non só polo seu carácter reivindicativo, senón tamén polas mudanzas das estrofas debido a razóns rítmicas. Ferreiro e López Acuña aluden á publicación oficial do himno no Prospecto do Certame en 1890, aínda que foi en 1907 cando se interpretou por primeira vez no Centro Galego da Habana; á súa consolidación no período 1916-1936; á súa desaparición da escena pública ao comezo da Guerra Civil e durante a ditadura franquista; á súa interpretación na emigración; e á súa oficialización unha vez recuperada a democracia e promulgada a Lei de Símbolos de 1984. No que atinxe á intrepretación do poema, os autores sinalan que se trata dun texto que chama ao espertar dunha terra deprimida no presente pero que conta con "bos e xenerosos" que a farán resucitar, e que nel teñen unha destacada presenza a paisaxe e os heroes celtas, símbolos dos tempos gloriosos do país e esperanza para o futuro. No artigo reprodúcense as partituras e as variantes que sufriu o actual Himno Galego.

Referencias varias:

- D.S., "El libro de los símbolos", *Galicia Hoxe*, "Opinión", 20 decembro 2007, p. 8.

Infórmase conta da presentación do libro *Os símbolos de Galicia*, coordinado por Xosé Ramón Barreiro e Ramón Villares. Explícase que é unha obra de gran formato que contén estudos sobre o escudo, a bandeira, o himno e o Panteón de Galegos Ilustres, no que participan Eduardo Pardo de Guevara, Xosé Luís Axeitos, Manuel Ferreiro e Fernando López-Acuña, ademais de contar cun artigo de Ramón Villares titulado "Producir símbolos nacionais". Sinala tamén que esta obra é responsabilidade da Real Academia Galega e o Consello da Cultura Galega.

- L.R.L., “Himno, bandeira e escudo”, *A Nosa Terra*, “Cultura”, 28 decembro 2007-3 xaneiro 2008, p. 20.

En primeiro lugar, informa da publicación da obra *Os símbolos de Galicia*, froito da colaboración do Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega. A continuación, comenta cada un dos artigos dedicados á bandeira, o escudo, o himno e o Panteón de Galegos Ilustres e que conforman este libro. Especial atención lle dedica ao texto de Ramón Villares que abre o libro “Producir símbolos nacionais”. Por último, recolle a reivindicación de Xosé Ramón Barreiro Fernández, presidente da RAG, de que o Panteón de Galegos Ilustres pase a chamarse Panteón da Galeguidade e a ser xestionado pola Xunta, xa que, segundo sinala, a xestión está na actualidade en mans da Igrexa diocesana. Ademais, anuncia a aparición dun DVD que virá completar este volume e que recollerá diversas gravacións do himno, imaxes da bandeira e do escudo e outros materiais.

V.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS.

Agrelo Costas, Eulalia e Isabel Mociño González (eds.), *Obra narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia, 2007, 166 pp. (ISBN: 978-84-453-4381-4). ◆

Achega á figura de Amador Montenegro Saavedra que se estrutura en cinco partes. Na primeira delas, baixo o primeiro epígrafe “I. Achega biobibliográfica”, as editoras fan un repaso á vida e á obra do compostelán nado a finais de abril do ano 1864. Agrelo Costas e Mociño González achegan datos biográficos non coñecidos nin recollidos até o momento noutras publicacións e deixan constancia das lagoas aínda existentes na biografía de Montenegro Saavedra que, a pesar do seu traballo investigador, non puideron solucionar. No que atinxe á obra fan un repaso pola produción deste autor e detéñense tanto nas achegas en libro de Amador Montenegro á literatura galega coma nas colaboracións, ben en prosa ben en verso, que apareceron en diferentes publicacións periódicas do momento. Tamén se lle presta atención a actividade xornalística do autor. Pola súa banda, no segundo apartado, “II. Obra narrativa en galego”, logo dunha breve contextualización e despois de falar da figura de Montenegro Saavedra como un persoeiro que favoreceu iniciativas destinadas á recuperación e revalorización da literatura de transmisión oral, Agrelo Costas e Mociño González céntranse na súa produción narrativa en galego e estabelecen unha clasificación dos seus relatos. As autoras fan un estudo polo miúdo deses relatos e detéñense na análise dos paratextos, da estrutura, da temática, personaxes, etc. Nos apartados III e IV, “Criterios de edición” e “Bibliografía básica” respectivamente, dáse conta dos criterios que as editoras tomaron nestes seu traballo á hora da adaptación lingüística dos textos, así como da bibliografía da que se valeron. Finalmente, no apartado final, Agrelo e Mociño reproducen os textos narrativos de Amador Montenegro Saavedra que apareceron en publicacións periódicas tanto galegas coma da diáspora. Preséntanse de maneira cronolóxica, seguindo a data da súa publicación por vez primeira e indicando, de existiren, localizacións posteriores.

Referencias varias:

- Anxa Correa-AGN, "Seis cabeceiras da prensa galega da emigración ven a luz en facsímile", *El Correo Gallego*, "Cultura", 28 xuño 2007, p. 75.

Faise referencia á presentación en Santiago de seis cabeceiras da prensa galega na emigración por parte do Centro Ramón Piñeiro, entre outras a revista *Suevia* ou *Galicia*. Tamén se dá conta de presentación no mesmo acto doutra publicación do Centro Ramón Piñeiro, *Obra narrativa en galego de Amador Montenegro*.

- A. Mínguez, "Obra narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra", *Faro de Vigo*, "Ourense en vivo", 18 agosto 2007, p.2.

Informa da publicación da obra narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra por parte do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades e a Xunta de Galicia. Indica datos sobre a obra como a dirección de Modesto Hermida, a participación na edición e introdución e notas de Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño. A continuación, comenta a estrutura da obra e, por último, ofrece unha breve biografía do autor do Rexurdimento.

- Marisa Vidal Collazo, "Libros chegados", *Encrucillada*, nº 154, setembro-outubro 2007, p. 101.

Salienta a achega bibliográfica que precede a recompilación da narrativa en galego deste autor rexionalista, fundador, xunto con Manuel Pardo Becerra, da revista lucense *A Monteira*.

Arias Chachero, Patricia e Mónica **Pazos Martínez** (eds.), *Ramón Otero Pedrayo. Cartas á nai (1905-1950)*, Vigo: Editorial Galaxia/Fundación Otero Pedrayo, col. Memoria, nº 15, xuño 2007, 694 pp. (ISBN: 978-84-7154-105-5). ■

Neste volume recóllense as cartas que Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-Trasalba, 1976) dirixiu á súa nai ao longo de corenta e cinco anos. Na introdución que precede ao texto se presenta o traballo de recompilación e catalogación das devanditas cartas levado a cabo polas editoras do libro. A seguir aparece unha serie de agradecementos e os criterios de edición e a lista de siglas empregada nesta edición. Comeza, pois, o libro coa primeira serie de cartas que datan de 1905 cando Otero Pedrayo inicia o seu curso de ampliación universitaria en Santiago de Compostela. En outubro dese mesmo ano pasa a ser estudante universitario en Madrid e as misivas á nai céntranse na descrición do Madrid da época. Até 1919 as cartas mostran a preocupación do ourensán por aprobar as oposicións á cátedra de Xeografía e Historia que finalmente consegue. En 1923 casa con María Josefina Bustamante Muñoz (Fita), e algúns anos despois, en 1947, viaxan a América onde son convidados polo Centro Galego de Bos Aires para celebrar o Día de Galiza. O groso deste volume concéntrase entre 1948 e 1950. Traballando de cheo na súa *Historia de Galiza* e viaxando as fins de semana a Trasalba para pasar máis tempo coa súa nai, as epístolas desta época mostran momentos de dor marcados polo pasamento de amigos como o doutor Arturo López Trasancos e Antonio Amoeiro, alén dun interese xeral polos acontecementos cotiáns da súa aldea natal. As últimas páxinas do volume están adicadas ás referencias bibliográficas e onomásticas.

Referencias varias:

- Luís González Tosar, "Trasalba", *El Correo Gallego*, "Opinión", 10 xullo 2007, p. 2.

A raíz da súa visita ao pazo de Trasalba para render homenaxe ao escritor John Rutherford, González Tosar lembra a nai de Otero Pedrayo, Eladia Pedrayo Ansoar, e expón a súa vontade de ler as cartas que veñen de ser publicadas entre Otero e a súa nai.

- Laura Vieiro, "'Cartas á nai', as epístolas de Otero Pedrayo á súa 'adorada mamá", *El Correo Gallego*, "Cultura", 19 xullo 2007, p. 68.

Dá conta da publicación de *Cartas á nai*, de Ramón Otero Pedrayo, que inclúe 1355 documentos epistolares que Otero e a súa nai intercambiaron entre 1905 e 1956. Atribúe este arduo traballo ás estudosas Patricia Arias Chachero e Mónica Pazos Martínez. Concédelle atención ao feito de que as misivas estean escritas en español e explica que esta era a lingua na que se relacionaba Otero coa súa nai.

- Daniel Salgado, "La intrahistoria de Otero Pedrayo", *El País*, "*Galicia*", 26 xullo 2007, p. 28.

Informa da publicación da obra en dous volumes *Cartas á nai*, de Otero Pedrayo, e dá conta do proceso de investigación e edición das 1355 cartas que recolle, das cales indica que 1028 foron escritas por Otero Pedrayo e 327 pola súa nai. Sinala que a responsábel deste traballo é Patricia Arias Chachero. Comenta algún dos contextos en que foron escritas as misivas e os temas que tratan. Salienta que durante os anos da Guerra Civil houbo un longo silencio epistolar. Lembra ademais que na Fundación Penzol de Vigo hai 10000 cartas de Ramón Otero Pedrayo que aínda non foron investigadas e que poden desvelar moitos aspectos da traxectoria e da evolución intelectual do escritor.

- X. B. Mondragón, "Presentación de *Cartas á nai* por Patricia Arias Chachero", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", "Literatura", 9 setembro 2007, pp. 8-9.

Reprodúcese o discurso pronunciado por unha das editoras do volume *Cartas á nai*, Patricia Arias Chachero, no acto de presentación celebrado na Casa Museo Otero Pedrayo en Trasalba. Ademais, o artigo destaca que se trata dunha recompilación das cartas que se escribiron Otero Pedrayo e súa nai, Eladia Pedrayo Ansoar, dende 1905, cando o escritor chega a Madrid para iniciar os seus estudos universitarios, até 1956. Indícase tamén que as cartas ofrecen a intimidade do escritor, ademais de informacións sobre Madrid ou os detalles da voda de Alfonso XIII. Cualifícase a edición como un fito no eido da edición galega e unha achega de gran valor simbólico.

Arias Chachero, Patricia e Mónica **Pazos Martínez** (eds.), *Ramón Otero Pedrayo. Cartas á nai (1951-1956)*, Vigo: Editorial Galaxia/Fundación Otero Pedrayo, col. Memoria, n.º 16, xuño 2007, 632 pp. (ISBN: 978-84-7154-106-2). ■

Segundo volume que recolle as cartas que Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-Trasalba, 1976) dirixe á súa nai, as cales conforman un especial percorrido pola súa

traxectoria vital durante a estadía do escritor na cidade de Santiago. Neste caso abranguen o período temporal que vai de 1951 a 1956, un ano antes do falecemento de súa nai, Elvira Pedrayo. Este segundo epistolario pretende contribuír a completar unha imaxe próxima e natural do autor, amosando a súa faceta máis descoñecida polo gran público. Nun ton sincero e afectuoso, diríxese a a unha das mulleres máis importantes da súa vida: a súa nai, mais sen esquecer outro tipo de referencias a personaxes contemporáneos como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Así pois, neste volume o autor menciona o pasamento do escritor, enxalzando a súa calidade artística e humana (pois para o ourensán, Castelao era como un irmán). Tamén se fai referencia á viaxe a Madrid de Otero Pedrayo e da súa esposa, Fita, co obxectivo de opositar á cátedra de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, presentando a súa actividade como profesor, mais tamén a súa colaboración en conferencias e congresos, desenvolvendo as súas ambicións intelectuais, mais sen esquecer as súas orixes familiares. Nesta recompilación tamén son abundantes as cartas nas que se refire á creación da Editorial Galaxia e ás reunións da Real Academia Galega e do Insituto Padre Sarmiento. Ofrécese tamén un índice onomástico e varias misivas sen datar que axudan ao lector a comprender a vida e a obra do autor.

Ferreiro, Manuel, *De Breogán aos pinos*. *O texto do Himno Galego*, Santiago de Compostela: Laiovento, decembro 2007, 112 pp. (ISBN: 978-84-8487-132-0).

Nova edición deste estudo, publicado por vez primeira en 1996 en edición non venal e nunha segunda edición revisada polo autor en 1997 que se integrou na colección "Breviarios". Nel reconstrúese, a partir de criterios diacrónicos, o texto orixinal do himno galego. No limiar o autor sinala que o presente volume recolle unha nova versión, corrixida e substancialmente ampliada do seu primeiro achegamento ao himno galego coa intención de restaurar, con rigor filolóxico, a integridade textual dun poema tan senlleiro para a cultura galega, que sufriu alteracións e manipulacións textuais constantes dende o momento da súa aparición. Manuel Ferreiro (Saavedra, Begonte, 1955) amplía así os datos ofrecidos en edicións anteriores do seu estudo, que parte da xénese d'Os Pinos, analiza as sucesivas redaccións previas e a súa deriva textual, até recuperar e anotar o texto, respectando a edición do autor de 1890 e actualizando unicamente algúns aspectos gráficos. Finalmente, confróntase o texto oficial co real.

Referencias varias:

- maré, "A Libraría Couceiro renóvase", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 xullo 2007, p. 27./"Libraría Couceiro v2.0", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 xullo 2007, p. 26.

Dá conta da apertura, nun edificio na Praza Cervantes de Santiago, da Libraría Couceiro dedicada a diversas actividades culturais relacionadas co mundo libreiro e editorial galego. Salienta que este proxecto, liderado polos fillos do fundador da Libraría Couceiro, Xesús Couceiro, pretende reunir nun só edificio todo o mundo do libro á procura da "libraría perfecta". Destaca que o deseño do edificio foi feito polo arquitecto Iago Seara que creou seis espazos destinados a diferentes actividades: o soto a obras infantís, a planta baixa á venda, o primeiro andar ao libro galego, ao libro antigo e ás actividades culturais no segundo andar e a obra de oferta no terceiro andar. Tamén

informa da presentación neste edificio do libro de Manuel Ferreiro, *De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego*.

Martínez Crespo, Xurxo e Raúl **Río Díaz** (eds.), *Manuel María e Gabriel Aresti. Galegos en Bizkaia/Galiziarrak Bizkaian*, Vigo: Fundación para o Estudo e a Divulgación da Cuestión Social e Sindical en Galiza (FESGA)/Ipar Hegoa Fundazioa de Euskal Herria, outono 2007, 84 pp. (ISBN: 13: 978-84-611-9909-9). ◆

Este volume, en edición bilingüe galego e éuscaro, e que esta dedicado aos traballadores galegos e vascos, estuda a relación que mantiveron o poeta vasco Gabriel Aresti e o galego Manuel María, ilustrándoa cos escritos que intercambiaron sobre as súas respectivas comunidades e culturas, sobre todo no referido á inmigración galega en Biscaia nos anos sesenta. Raúl Río Díaz esclarece as relacións entre ambos os poetas detallando as viaxes do galego a Euskal Herría e analizando os seus textos ao respecto, insistindo no enfrontamento, alimentado polo réxime fascista franquista, entre galegos e vascos a finais da década dos sesenta e comezos dos setenta, o cal se apoia coa reprodución dunha carta de Gabriel Aresti a Manuel María datada o 29 de maio de 1970. Pola súa banda, Xurxo Martínez Crespo (Ferrol, 1964), en "Gabriel Aresti (1933-1975)", realiza unha achega á vida e obra do poeta vasco. O volume inclúe poemas inéditos tanto de Gabriel Aresti, que se presentan en español e acompañados da súa tradución ao galego realizada por Manuel María co título "Galegos en Vizcaya", como de Manuel María en galego, coa tradución ao éuscaro, baixo o título "Versos en metro vello de cantiga, feitos pra cantar tristuras de oxe, cun envío o remate para o gran poeta vasco Gabriel Aresti, composto por Manuel María da Terra Chá". *Galegos en Bizkaia* péchase cun conxunto de reproducións fotográficas relacionadas con Manuel María e cos seus vencellos vitais e literarios con Euskal Herría e con Gabriel Aresti.

Martínez Durán, Iago (comp.), *Carlos Casares. Á marxe, 1996. Obra xornalística V/Á marxe, 1997. Obra xornalística VI*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Carlos Casares, n.^{os} 17, 18, 2007, 390 pp./376 pp. (ISBN: 978-84-9865-006-8/978-84-9865-040-2).

Ao longo de 2007 a Editorial Galaxia publicou o quinto e sexto volumes que recollen os artigos xornalísticos publicados por Carlos Casares (Ourense, 1941-Vigo, 2002) no xornal *La Voz de Galicia* ao longo dos anos 1994, 1995, 1996 e 1997. Neles Casares ofrece a súa visión do mundo e da vida en xeral cun estilo próximo ao lector, abordando unha gran variedade de temáticas: referencias a numerosos lugares, alusións a escritores e persoeiros famosos, festas tradicionais galegas, preocupacións literarias e políticas da época na que redacta os artigos. Ao carón destas historias xorden moitas outras protagonizadas por xente do común e anécdotas varias que conforman a particular cosmovisión de Carlos Casares. A colección leva como ilustración de portada reproducións de cadros do pintor expresiónista alemán Egon Schiele, elixido por ser un dos preferidos de Casares.

Otero Pedrayo, Ramón, *Galicia e Europa*, presentación de Ramón Villares, limiar de Afonso Vázquez-Monxardín, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Arquivo Sonoro de Galicia/Fundación Otero Pedrayo, col. As nosas voces, n.º 21, 2007,

82 pp. + CD (ISBN: 978-84-96530-50-8). ◆

Esta publicación recolle o discurso que Ramón Otero Pedrayo pronunciou na Facultade de Filosofía na Universidade de Bos Aires en 1957. Foi recollida en gravacións magnetofónicas e recuperada para o Arquivo Sonoro de Galicia. Na presentación, Ramón Villares, sinala a fervenza de intervencións públicas que realizou Otero Pedrayo nas súas tres viaxes ao continente americano, nas que deu mostra da brillantez da súa oratoria. Considera unha fortuna dispoñer das gravacións desas intervencións, "pezas básicas para a cultura galega do século XX", e saúda a aparición da presente, "Galicia e Europa", no ano no que se conmemora o cincuentenario da aparición da primeira versión da actual Unión Europea, no Tratado de Roma de 1957. Subliña o marco institucional no que se pronunciou a conferencia e a personalidade do anfitrión, o profesor José Luis Romero, do que achega algúns apuntamentos biográficos, ao tempo que destaca o seu labor como historiador e mestre universitario, así como a súa intensa actividade cultural, que o levou a manter contacto con Luís Seoane, entre outros, talvez quen propiciou o encontro con Otero Pedrayo. Afonso Vázquez-Moxardín encárgase do estudo introdutorio, titulado "Otero, *In itinere*", no que repasa o carácter viaxeiro de Otero Pedrayo e se refire ás súas viaxes a América. Detense na súa primeira visita a Arxentina, en 1947, de onde volveu emocionado polo reencontro cos que fuxiron da Guerra Civil española e pola súa despedida de Castelao. Sinala que nesa estadía pronunciou catorce conferencias e asistiu a ducias de banquetes, lembranzas que recolleu no libro *Por os vieiros da saudade*. Detense tamén na viaxe que fixo a Caracas en 1956, convidado por Silvio Santiago no nome do Centro Galego, e na súa última visita a Arxentina en 1959, cando xa se convertera nun símbolo de identificación colectiva. Destaca a desbordante actividade que emprende, da que existen testemuños, como os dezasete discursos completos gravados e múltiples referencias na prensa que permiten reconstruír o seu programa de actos. A seguir reprodúcese a transcrición da conferencia. O volume leva como acompañamento un CD.

Pérez Rodríguez, Luís (ed.), *Eduardo Blanco-Amor. Ars Amandi*, carta-proloquio de Luís González Tosar, estudo, selección e notas de Luís Pérez Rodríguez, Vigo: Editorial Galaxia/Pen Clube, col. Alén mar, maio 2007, 232 pp. (ISBN: 978-84-7154-088-1). ■

Edición crítica de poemas e textos inéditos en lingua castelá de Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979), tras un laborioso proceso de exhumación literaria iniciado en 1993, ao comezar a organización do seu arquivo (gardado na Biblioteca da Deputación de Ourense), para ser publicados nun número monográfico da revista *Dorna*, pero que tiveron que agardar até autorizarse esta publicación. Todo este proceso detállao Luís González Tosar na "Carta-Proloquio" que abre este volume recompilatorio. Este limiar preséntase como un diálogo co amigo-poeta a través do recurso de responder a unha carta previa de Eduardo Blanco Amor onde lle conta que se respecta o título suxerido por el, así como a orde cronolóxica inversa á hora de estruturar os diferentes grupos de composicións literarias, ademais de lle enumerar as transformacións políticas e urbanísticas acaecidas no seu Ourense natal. A seguir, Luis Pérez Rodríguez firma o estudo introdutorio desta poesía amatoria dividido en dous capítulos, "Amor en tres tempos", que perfila unha breve panorámica da súa obra publicada en forma de libro até 1956, e está subdividido, á súa vez, en "Poemas adolescentes" e "Obra de xuventude e estío"; e o segundo capítulo titulado "A América descuberta". En ambos, dá pinceladas sobre o contido das obras poéticas publicadas en

cada período, por medio de notas explicativas que van acompañadas de fotografías de Blanco Amor, dos seus amigos e das portadas da primeira edición dalgúns dos seus poemarios, ademais da reprodución de fragmentos poéticos e da inclusión de notas ao pé que explican a procedencia dos textos e a selección dos mesmos entre as difrentes variantes textuais. A escolma ábrese coa reprodución facsimilar e a transcrición dos orixinais mecanografados de *Poemas del Ángel* (1968), propiedade de Ángel Chamorro. Despois Pérez Rodríguez retoma o estudo crítico co capítulo "Amor no solpor", que dá conta do regreso definitivo de Blanco Amor a Galicia en 1965, e que se subdivide nos apartados "A solaina dos textos" e "A poética da sombra". Os seguintes grupos de poemas continúan a ordenación cronolóxica inversa, achegando a reprodución facsimilar e a transcrición dos poemas gardados no mencionado arquivo bibliotecario ourensán. Así ocorre con *EL CAMINO-Sonetos autobiográficos* (1967), *Baladas del jóven y la muerte*, *Primer domingo sin ti* (1962) e *Segunda noche sin ti-8-XII-1960-(4 de la madrugada)*, *Canciones del Trópico* (1953), *Primer soneto andino*, *Sonetos actuales* (1943) e *Poemas adolescentes* (1915-1922). Dos capítulos *LOS SÍMBOLOS. Sonetos subjetivos* (1920) e *Bajo el pórtico* (1914) só aparecen transcricións. Todos os capítulos se acompañan dunha fotografía ou dúas de Blanco Amor, acorde coa súa idade no momento de redactar as composicións contidas en cada capítulo.

Referencias varias:

- Manuel Rivas, "Sae da sombra a poesía amatoria de Blanco Amor", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Grouchos", 9 marzo 2007, p. 47.

Entre outras reflexións, anuncia a publicación, no mes de abril, dun libro de poesía inédita de Eduardo Blanco Amor que levará como título *Ars amandi*. Comenta que o volume recompila un conxunto de poemas que tratan o tema do amor, moitas veces enfocado dende a perspectiva erótica.

- maré, "Versos da experiencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 xullo 2007, p. 35.

Fai referencia á publicación por parte da Editorial Galaxia e o PEN Club galego dos libros poéticos amorosos en castelán de Eduardo Blanco Amor, reunidos baixo o título xenérico de *Ars Amandi*.

- maré, "Reivindicación á súa cidade natal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 decembro 2007, p. 32.

Coméntase a celebración da IV Xornada de Homenaxe a Eduardo Blanco Amor organizada polo PEN Clube de Galicia en colaboración co Concello e a Deputación de Ourense. Dá conta dos actos que se levan a cabo durante o día e os seus participantes e, como remate, sinala que se presentará o libro *Ars Amandi* que recolle a obra poética amorosa de Blanco Amor.

- maré, "Comprometido e 'nacionalista", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 decembro 2007, p. 33.

Crónica do acontecido durante o acto de homenaxe a Blanco Amor organizado polo PEN Clube galego. Ademais de resumir as palabras de Luís González Tosar facendo

referencia ao carácter internacional do escritor ourensán, sinálase que no transcurso do acto se presentou o libro *Ars Amandi*, que recompila a poesía amorosa de Blanco Amor, e se fixo mención da tradución ao francés d'*A Esmorga*, un traballo realizado dende o centro galego de Toulouse baixo a dirección da ourensá María Muradás. Como parte desta homenaxe menciónanse tamén a ofrenda floral no cemiterio de San Francisco, perante a tumba do homenaxeado e a celebración dun acto nos xardíns da alameda de Ourense no que participaron Marcos Valcárcel e o director do instituto Blanco Amor, Xosé Luís Díaz Leyes.

Souto, Xurxo, *Contos da Coruña*, Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, xullo 2007, 264 pp. (ISBN: 978-84-9782-633-4).

Terceira edición revisada e actualizada de *Contos da Coruña,* publicado por vez primeira en 2001. Xurxo Souto recupera a memoria da cidade da Coruña a través dos seus barrios populares (As Xubias, Eirís, Os Castros, A Gaiteira, Oza, O Montiño, Monelos, Elviña, Fontán, San Roque, O Labañou); lembra acontecementos históricos, como as catástrofes do *Erkowit*, o *Urkiola* e o *Mar Exeo*; visita os cemiterios da cidade; ou lembra personaxes coñecidos como os cantantes Pucho Boedo e Sito Sedes, o ciclista Clemente ou Manuel Cajaraville, o gran bailador de Aturuxo e Cantigas da Terra, e heroes anónimos como o *Periquete*, o patrón máis novo que mandou un pesqueiro de altura e os percebeiros da Punta Herminia. Percorre tamén as tascas da cidade, dende o Bar Los Claveles, coa tapa de orella prensada, até A Toquera, refuxio de mariñeiros. Ademais recolle estrofas de cantigas populares e do tempo de Antroido. O conxunto ofrece unha imaxe da Coruña lonxe dos tópicos, unha cidade "silenciosa, traballadora, humilde, alegre, arroutada".

Valcárcel, Marcos (ed.), *Ramón Otero Pedrayo*. *Teoría de Galicia. Obra xornalística en Vida Gallega 1926-1963*, Santiago de Compostela/Vigo: Alvarellos Editora/Editorial Galaxia, col. Rescate, n.º 6, febreiro 2007, 400 pp. (ISBN: 978-84-89323-11-7/987-84-8288-978-8).

Recóllense neste volume setenta e dous artigos xornalísticos publicados por Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-Trasalba, 1976) na revista *Vida Gallega* ao longo de corenta anos, 1926 e 1963. O libro ábrese cunha nota do editor, Henrique Alvarellos, na que apunta o volume reproduce unha obra xornalística que estaba esquecida e inédita en libro e tamén detalla os criterios de corrección no tratamento dos textos. A seguir Marcos Valcárcel repasa en "Otero Pedrayo no xornalismo galego" a traxectoria xornalística do ourensán, que xebra en dúas etapas divididas pola Guerra Civil, para despois centrarse en analizar globalmente os artigos deste volume que foran publicados en *Vida Gallega*. Marcos Valcárcel sinala que nesta revista podemos ver tamén dúas etapas, unha entre 1926 e 1930 –con prosas ideolóxicas inzadas de galeguismo– e a outra entre 1954 e 1963, menos ideolóxica. Asemade estas dúas etapas serán as que sirvan para distribuír cronoloxicamente estes setenta e dous textos de Otero Pedrayo en dúas seccións: "*Vida Gallega*. 1.ª época: 1926-1936" -con trinta e nove textos onde predomina os redactados en galego- e mais "*Vida Gallega*. 2.ª época: 1954-1963", con trinta e tres onde priman os escritos en español. O volume conta con fotografías que dan conta de diferentes momentos da vida de Otero Pedrayo e coa reprodución de varios manuscritos inéditos.

Recensións:

- José Miguel A. Giráldez, "Teoría de Galicia. Volve Otero Pedrayo", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Letra e memoria", 1 abril 2007, p. 11.

Nun primeiro momento destaca o papel da editorial Alvarellos como recuperadora de historias literarias e xornalísticas, para a continuación informar da publicación de *Teoría de Galicia* dentro da súa colección "Rescate". Indica que esta obra recolle por primeira vez 72 artigos publicados por Otero Pedrayo na revista *Vida Gallega*. Seguidamente pasa a comentar a estrutura do libro, o labor xornalístico de Otero Pedrayo e a importancia de *Vida Gallega* na sociedade galega. Deixa aberta a posibilidade da existencia de máis artigos de Otero que fiquen sen recoller e afirma que isto acontece tamén con outros autores galegos da época, debido á enorme produción xornalística que mantiveron.

- Ramón Nicolás, "Universo Otero", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 212, , "Libros", 21 xuño 2007, p. V/*La Opinión*,"*Saberes*", n.º 204, "Libros", 30 xuño 2007, p. 7.

Considera unha fortuna que o sistema literario galego conte coa figura dun polígrafo do talle de Ramón Otero Pedrayo, pois isto permite de cando en vez rescatar algún dos numerosos inéditos do escritor ourensán, tal e como está a facer editorial Galaxia. No caso de *Teoría de Galicia. Artigos esquecidos en Vida gallega 1926-1963*, en coedición coa editorial Alvarellos, sinala que o volume rescata un conxunto de colaboracións xornalísticas precedidas dun rigoroso limiar de Marcos Valcárcel, no que o historiador comenta a actividade xornalística do grupo Nós e concretamente a de Otero Pedrayo a través dos artigos que escribiu para *Vida Gallega*. Ramón Nicolás salienta que esta recompilación reúne crónicas escritas en diversas épocas, ensaios, narracións de carácter lírico e mesmo auténticos relatos de ficción que permiten estabelecer relacións con outras obras de Otero, e traslocen a "orientación galeguizadora e didáctica que vertebra e vertebrou o seu discurso xornalístico", ao tempo que constitúen un exemplo "da extraordinaria capacidade comunicativa que posuía, tamén da sabedoría enciclopédica que atesouraba".

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, "Lembranza de Prego de Oliver", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 18 xaneiro 2007, p. 40.

O artigo celebra a apertura dunha mostra de pintura do ourensán Manuel Prego de Oliver inaugurada na Casa de Galicia de Madrid e presentada por Basilio Losada e parte da familia Prego. Menciónase de paso a gabanza e descrición que Otero Pedrayo fixo do pintor e da súa obra nun dos artigos deste autor que proximamente publicará a Editorial Alvarellos no volume *Teoría de Galicia. Obra xornalística en Vida Gallega 1926-1963*.

- maré, "Ramón Otero Pedrayo, o xornalista", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 marzo 2007, p. 26.

Recóllese a noticia da próxima publicación, por parte da editora Alvarellos, dos escritos que Ramón Otero Pedrayo foi facendo para a revista *Vida Gallega*. Destácase a faceta menos coñecida do escritor ourensán, a de escritor de artigos xornalísticos. Apúntase que o volume *Teoría de Galicia. Obra xornalística en 'Vida Gallega' 1926-1963* recolle 72 textos en galego e en castelán que ben se poden dividir en dúas etapas, a primeira entre 1926 e 1930, na que destacan a carga ideolóxica, o galeguismo latente e a admiración por Galicia, e unha segunda etapa, entre 1954 e 1963, na que a ideoloxía de Pedrayo está máis silenciada debido ao contexto. Tamén se fai fincapé na inclusión de fotografías e manuscritos inéditos do autor.

- Paula González, "Alvarellos edita los 74 artículos de Otero Pedrayo en 'Vida Gallega'", *El País*, "*Galicia*", 19 marzo 2007, p. 36.

Anúnciase a edición de todos os traballos que Ramón Otero Pedrayo escribiu entre o 1926 e o 1963 para a revista *Vida Gallega* e que agora aparecen recompilados baixo o título *Teoría de Galicia. Obra xornalística en 'Vida Gallega' 1926-1963*, na colección "Rescate" por parte de Alvarellos Editora, colección dedicada a recuperar textos das letras galegas de autores que se deixaron de editar ou cuxa obra se perdera ou simplemente nunca se editou. Sinálase que o volume conta con máis de catrocentas páxinas e que contén manuscritos inéditos e un prólogo do historiador e escritor Marcos Valcárcel. Ademais, apúntase que ao longo dos textos nótase o compromiso de Otero Pedrayo con Galicia incluso nas épocas de censura.

- Fina Ulloa, "Rescatando al Otero Pedrayo más apegado a la realidad", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 29 marzo 2007, p. 2.

Dá conta da presentación na Deputación de Ourense do volume *Teoría de Galicia. Obra xornalística en "Vida Gallega", 1926-1963* nun acto no que se afirmou que se editaron 1500 exemplares dos cales 140 serán distribuídos gratuitamente na provincia de Ourense, 90 nas biblioteca e 50 nos IES e onde Marcos Valcárcel subliñou que aínda fica sen publicar a metade da produción xornalística oteriana.

- Cándida Andaluz, "Recitando al articulista Ramón Otero Pedrayo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 6 xuño 2007, p. 2.

Infórmase de que no Liceo de Ourense tivo lugar un foro de análise dedicado á obra xornalística de Otero Pedrayo no que Loli Conde e Teresa Devesa declamaron textos tirados de *Teoría de Galicia. Obra xornalística en "Vida Gallega", 1926-1963*. Tamén se sinala que Marcos Valcárcel e mais Henrique Alvarellos disertaron sobre algunhas das peculiaridades deste volume.

Villares, Ramón, *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Centro de Estudos Oterianos, xuño 2007, 200 pp. (ISBN: 978-84-611-7617-5). ■

Segunda edición, corrixida e aumentada con respecto á primeira, publicada en 2006 por parte da Real Academia Galega na que se recollía o discurso de ingreso na Real Academia Galega de Ramón Villares Paz, lido o día 24 de novembro de 2006. Nesta

nova edición engádense novas observacións co obxectivo de documentar e contextualizar as claves do pensamento galeguista do Grupo Nós, deténdose especialmente en Ramón Otero Pedrayo e na súa novela *Arredor de si*, a partir da cal realiza unha lectura histórico-ideolóxica centrada na evolución psicolóxica e ideolóxica do propio Otero Pedrayo. Villares percorre as claves do personaxe da novela, Adrián Solovio, mediante o cal Pedrayo reconstrúe a súa propia biografía e o seu particular retorno a Ítaca. Ademais das seccións tituladas "Un romance 'rápido' e 'actual'", "Fuga a Madrid: Quen son eu?", "Ventos de Europa: París", "A chamada da Terra: Berlín", "Retorno: 'un camiño de redención", "De Solovio a Dumbría: Para que son bo?" e das "Fontes e bibliografía", engádense dous novos apartados ao comezo do volume, "Un relato e a varias voces" e "O autor de Solovio", e unha "Coda" final.

V.3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Comas Paret, Emilio, *Da vendima á Zafra. Crónica dun emigrante galego en Cuba*, trad. do castelán Xosé M. García Crego e Gustavo Luca de Tena, Santiago de Compostela: Edicións Sotelo Blanco, col. Diáspora Crónicas, 2007, 99 pp. (ISBN: 978-84-7824-539-0).

O escritor e xornalista Emilio Comas Paret (Caibarién, Cuba, 1942) explica na introdución do libro que o seu propósito foi recuperar a andaina vital dun galego emigrado a Cuba, o seu sogro, e que o volume naceu tras unha viaxe fortuíta a Galicia cando tivo oportunidade de coñecer a súa aldea de orixe, Eiras, en Ourense, da que tantas veces lle falara o ancián. Indica que se trata tamén dunha homenaxe á súa compañeira e ao seu pai, ambos xa falecidos, e da expresión dun desexo de achegamento entre cubanos e galegos. Nos doce capítulos que seguen recóllese a reconstrución do relato de Antonio Neira Ruivaz (que non é o nome verdadeiro do seu sogro por desexo expreso del antes de morrer), que comeza remontándose ás súas orixes familiares e á situación social e económica da pequena aldea de Eiras. Aborda tamén como partiu cara a Cuba en 1920, os diferentes traballos que realizou ao chegar e as múltiples experiencias e atrancos polos que pasou até que casou e conseguiu a carta de cidadanía, malia que se define como galego e cubano. Conta como se dedicou ao negocio da cana e perdeu os aforros en varias ocasións e como tivo desexos de volver á súa terra, pero por mor da Guerra Civil e as súas ideas republicanas decidiu quedar en Cuba e xa nunca máis pisou España, así que seguiu sempre coa aldea que levaba dentro da cabeza e coa Galicia que vivía na súa memoria.

Dasairas, Xerardo (ed.), *Luis Bazal. Memoria e fuga dun mestre anarquista galego*, trad. do castelán Xerardo Dasairas Valsa, Vigo: Promocións Culturais galegas/A Nosa Terra, col. O fardel da memoria, n.º 21, 2007, 180 pp. (ISBN: 978-84-8341-199-5).

Volume que recupera a autobiografía do mestre anarquista galego Luis Bazal, recuperada por Xerardo Dasairas a partir dun texto atopado na Biblioteca da Universidade de Toulouse. Na introdución, titulada "Luís Bazal. Restaurar a figura da memoria", o editor repasa os momentos máis importantes da biografía deste mestre tras o levantamento franquista de 1936 e relata a súa entrada en Francia como exiliado e o

seu regreso final a España, asentándose en Cataluña, onde morre en 1990. A seguir reprodúcese o relato do protagonista quen, a través dunha prosa áxil e sinxela, desenvolve a súa historia dende o 18 de xullo de 1936 cando, por mor da rebelión militar dos franquistas, ten que botarse aos camiños, sendo un dos que primeiro tentaron organizar a resistencia republicana fronte ás tropas falanxistas. No capítulo final Dasairas explica as diferentes notas que foi incluíndo no libro co propósito de ampliar e fornecer datos históricos que axudan a comprender mellor as palabras de Luis Bazal.

Referencias varias:

- L.R., "El escritor Dasairas rescata en un libro la historia de un maestro anarquista de Verín", *La Región*, "Monterrei", 4 decembro 2007, p. 19.

Infórmase da publicación do libro *Memoria e fuga dun mestre anarquista galego*. Recóllense as palabras de Xerardo Dasairas, responsábel da edición, quen afirma que descubriu a historia de Luis Bazal por casualidade tras atopar na Biblioteca da Universidade de Toulouse un escrito mecanografado e descubrir que non era unha novela senón un relato autobiográfico. Explica tamén que este mestre se dedicou, durante o seu longo exilio en Francia, á poesía e chegou a publicar en Toulouse títulos como *Vasos de Lágrimas* (1957), *Rebeldías* (1965) e o relato autobiográfico *¡Ay de los vencidos!* (1966).

González Muñoz, Fernando (ed.), *Aristóteles. Poética*, edición bilingüe grego-galego, A Coruña: Universidade da Coruña/Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, Serie branca. Outras literaturas teatrais, 2007, 232 pp. (ISBN: 978-84-9749-266-9). ◆

Edición que presenta o texto en grego e galego da *Poética* de Aristóteles, datada no século IV a.C. e considerado o primeiro tratado sobre estética da tradición occidental e mesmo o primeiro escrito de crítica literaria. Nel atópanse reflexións sobre a definición da poética e o seu obxecto, que para Aristóteles abrangue a creación da literatura. Xa nas primeiras liñas proponse diferenciar as distintas artes segundo os medios de imitación. Así existen artes que imitan a realidade, como a pintura, fronte a outras que utilizan outros medios como o ritmo, o canto e o verso, das cales menciona catro: "a poesía dos ditirámbicos, os nomos, a traxedia e a comedia", que define como artes literarias. Propón utilizar o termo poeta para aquel que trate temas literarios e naturalista, físico ou médico para aquel que aínda empregando o verso aborde outros temas, e diferenciar entre Historia e Poética, asentando o concepto da verosimilitude. Define a arte do teatro como a que imita por medio da linguaxe, o ritmo, o canto e o verso segundo o modo da representación e estabelece a diferenciación entre a comedia e a traxedia, considerando esta como o xénero arquetípico por excelencia e o máis importante e digno. Analiza as partes que compoñen unha traxedia, os personaxes, a relevancia da peripecia, a agnición, a catarse e os mecanismos da linguaxe na que debe estar escrita.

Gregorio González, Manuel, *Don Álvaro Cunqueiro, juglar sombrío*, IV Premio de Biografía Antonio Domínguez Ortiz, Sevilla: Fundación José Manuel Lara, col.

Biografía, 2007, 214 pp. (ISBN: 978-84-96824-18-8).

Neste libro faise un repaso pola vida de Álvaro Cunqueiro intentando dar conta da súa singularidade literaria e a súa particular capacidade imaxinativa e percorrendo todas as súas facetas, dende a literaria até a xornalística. Ao tempo, o autor Manuel Gregorio González (Sevilla, 1970) analiza as diferenzas da fantasía de Cunqueiro en relación coa literatura practicada por autores como Ionesco, centrado no absurdo, Sartre, quen incide no pesimismo vital, ou con aquela que indaga no terror, practicada por autores como Lovecraft, Meyrink ou Leo Perutz. Incide tamén o autor no seu relato biográfico nas convicción reiteradas por Cunqueiro arredor da súa fe na facultade de soñar do home, a presenza do mito e a secreta insistencia do sagrado. O ensaio mereceu o Premio Antonio Domínguez Ortiz que convoca a Fundación Lara, en recoñecemento á singularidade do seu enfoque e á excelencia na súa escrita.

Referencias varias:

- Ágatha de Santos, "Cunqueiro tiene la misma entidad que Valle Inclán y Cela", *Faro de Vigo/La Opinión*, "Sociedad y Cultura"/"Cultura", 30 outubro 2007/5 novembro 2007, p. 40/ p. 52.

Entrevista a Manuel Gregorio González, autor da biografía sobre Cunqueiro titulada *Don Álvaro Cunqueiro. Juglar sombrío* coa que logrou o Premio de Biografías Antonio Domínguez Ortiz 2007 que concede a Fundación José Manuel Lara e a Fundación Cajastur. Manuel Gregorio González sinala que o máis suxestivo de Cunqueiro é o seu carácter de escritor singular polo tipo de literatura fantástica que fixo, concibida dende o optimismo. Explica tamén que agarda que o seu libro sirva para que a xente goce coa escrita de Cunqueiro e se achegue ao escritor.

- Alejandro Posilio, "Cunqueiro y Borges son escritores similares", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 outubro 2007, p. 47.

Entrevista a Manuel Gregorio González autor de *Don Álvaro Cunqueiro, juglar sombrío*, Premio de Biografías Antonio Domínguez Ortiz 2007, concedido pola Fundación José Manuel Lara e a Fundación Cajastur. Ademais de cualificar a escrita de Cunqueiro de singular, salienta que na súa concepción literaria Occidente é unha mestura de orde e sabedoría e que sempre intenta recrear e recuperar un mundo que non existe. Compara a Cunqueiro con Borges aínda que ao seu ver o mindoniense quere recuperar a esperanza no ser humano e o arxentino xoga co lado sombrío da existencia.

- Ramón Loureiro, "Una nueva biografía destaca la universalidad de Cunqueiro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 outubro 2007, p. 49.

Salienta o articulista que Manuel Gregorio González transcende a escolma de anécdotas asociadas con Cunqueiro para analizar en *Don Álvaro Cunqueiro, juglar sombrío* a personalidade do escritor a través da súa escrita co fin de reivindicar a universalidade dun escritor que cambiou a literatura. Destaca que o libro pon de relevo aspectos como a fe no home do mindoniense e a importancia que lle concedía á capacidade humana de soñar, ao tempo que valora o apartado fotográfico que completa estas páxinas.

- Paco Correal, "O xograr sombrío", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 novembro 2007, p. 34.

Informa da presentación da biografía de Cunqueiro, *Álvaro Cunqueiro, juglar divino*, realizada polo escritor sevillano Manuel Gregorio González e, deseguido, realízase unha entrevista ao autor. Gregorio González explica por que escolleu a Cunqueiro para o seu estudo e relaciónao co escritor Álvaro Mutis. Ademais afirma que Cunqueiro pelexou, non contra o Réxime, senón contra o século no que viviu e compárao con outros escritores galegos como Valle ou Cela. Por último, afirma que lle gustaría que o seu libro fose un agasallo de Reis.

- Carlos Torres, "El Jurisgama para Zulueta", *El Progreso*, "Los unos, los otros", 2007.

Fai referencia ao Premio Jurisgama 2007 outorgado a Alfonso Zulueta de Haz, presidente do Consello da Cultura Galega. Explica que este premio é concedido pola Asociación de Xuristas galegos en Madrid e recoñece o labor de Zulueta durante os seus anos de traballo. Por outra banda, tamén fai referencia ao novo libro sobre Álvaro Cunqueiro, *Don Álvaro Cunqueiro, juglar sombrío*, de Manuel Rodríguez González, comentando que se trata dunha obra na que se recupera a vida e o valor da obra do escritor galego.

García Liñeira, María (ed.), *El laberinto editado. Los artículos periodísticos de Álvaro Cunqueiro en "Destino" (1961-1976)*, Vigo: Edicións Nigra Trea, 2007, 612 pp. (ISBN: 978-84-95364-60-9).

Recompilación de gran parte dos artigos publicados por Álvaro Cunqueiro na revista catalá *Destino* entre os anos 1961 e 1976. Aínda que a súa colaboración comezou no 1938, reúnense neste volume só aqueles artigos que non viran a luz anteriormente en formato de libro. En total, preséntanse case trescentos artigos, clasificados en nove seccións: "En la ruta de la seda" supón un itinerario que transcorre entre Venecia, Córdoba e China; "Florilegio" recolle publicacións de tema literario, de Sherlock Holmes ao cabaleiro de Olmedo; "Onírica" é un conxunto de textos máxicos onde habitan meigas, demos e unicornios; "Retratos de hermosas" acolle cinco visións femininas, desde a bailarina Cléo de Mérode á raíña de Saba; en "Del lejano país" xorde o mundo galego, cos seus tópicos revisitados (lobos, curandeiros) e o Camiño de Santiago; en "De lo coquinario y vinícola" atópanse exemplos da faceta de gastrónomo de Cunqueiro; "De santos y otras gentes" supón un percorrido polas vidas de santos e outros personaxes singulares; "El variado mundo" reúne artigos da década de 1970 onde se analiza a actualidade; e, por último, en "En tiempo de adviento" presenta un percorrido por terras galegas na busca das tradicións pagás e relixiosas do Nadal.

Referencias varias:

- Pilar Pousada, "Cunqueiro no seu labirinto", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 683, 18 novembro 2007, p. 14.

Dá conta da publicación dun novo libro sobre Álvaro Cunqueiro, realizado por María Liñeira co título de *El laberinto editado*, publicado por Nigra Trea. Comenta que na obra María Liñeira recolle os textos (galegos e casteláns) que Cunqueiro publicou na

revista catalá *Destino* entre 1961 e 1976, e salienta a faciana de xornalista do escritor mindoniense. Indica que no libro o lector atopará cousas moi diferentes e tamén Liñeira trata dúas das cuestións máis polémicas de Cunqueiro: a obra escrita en castelán e a súa relación coa política. A autora defende a escrita en castelán de Cunqueiro por "unha cuestión loxística" e, deseguido, fala sobre a ideoloxía do escritor. A continuación, Liñeira lembra os anos de traballo de investigación dedicados á elaboración do volume e salienta a estruturación do libro de xeito temático.

Sebald, W.G., *Camposanto (Campo Santo*, 2003*)*, ed. Sven Meyer, trad. Catuxa López Pato, Vigo: Galaxia, col. Literaria, n.º 248, outubro 2007, 269 pp. (ISBN: 978-84-9865-009-9). ■

Obra reunida de Winfred Georg Maximilian Sebald (Baviera, Alemaña, 1944-Norfolk, Reino Unido, 2001), desaparecido prematuramente vítima dun accidente automobilístico o 14 de setembro de 2001. Conta cun texto introdutorio do editor no que explica a xénese da obra, conformada por diversos traballos tanto de prosa literaria coma de ensaio. Dise que os traballos literarios en prosa, publicados independentemente dende 1996, pertencían a un proxecto inconcluso dedicado á illa de Córsega que levan por título "Pequena excursión a Ajaccio" ("En setembro do ano pasado, estando dúas semanas de vacacións na illa de Córsega", "Camposanto" ("O meu primeiro paseo cando cheguei a Piana"), "Os Alpes no mar" ("Sentado unha tarde ao pé da fiestra, no meu cuarto de hotel") e "La cour de l'ancienne école". No que se refire ao ensaio, preséntase un conxunto de trece títulos, organizados cronoloxicamente, que foran publicados en xornais científicos, revistas e gacetas literarias. Levan por título "O alleo, integración e crise", "Entre a historia e a historia natural", "Constructos do dó", "O remorso do corazón", "Cos ollos dunha ave nocturna", "O neno la lebre, a pequena lebre", "Cara ao bordel vía Suíza", "As texturas dos soños", "Kafka no cinema", "*Scomber Scombrus*, ou a xarda común", "O segredo do Pelello Pardo", "*Moments musicaux*" e "Un intento de restitución", ademais do seu "Discurso de entrada na academia alemá". En xeral, trátanse aspectos da obra de autores como Peter Weiss, Jean Améry, Ernst Herbeck, Vladimir Nabokov, Franz Kafka, Jan Peter Tripp ou Bruce Chatwin, pero tamén discursos con motivo de actos culturais como a apertura da temporada de ópera de Múnic ou a inauguración da Casa da Literatura de Stuttgart.

V.1.1. APÉNDICE. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS DOUTROS ANOS.

Alonso Montero, Xesús (ed.), *Gregorio San Juan. Trece poemas galegos e outras páxinas*, nota preliminar e epílogo do editor, prólogo de Xesús Rábade Paredes, Poio-Pontevedra: Litoral das Rías, col. Hipocampo Amigo. Poesía, n.º 19, 2006, 70 pp. (ISBN 13: 978-84-933408-8-9, ISBN 10: 84-933408-8-X).

Ver apartado II.5. deste *Informe*.

Debasa Navalpotro, Felipe R., Moncho **Paz González**, Paulo **Naseiro Ramudo** e

Mario **Paz González**, *A Voz de Vilalba. Xornal ao servizo do pobo (Vilalba, 1983-1986)*, prólogo de Ramón Villares, Madrid: Editorial Dykinson, 2006, 339 pp.

Edición facsimilar do xornal *A Voz de Vilalba*, publicación que viu a luz na capital chairega entre 1983 e 1986. O limiar do volume é de Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega. O estudo introdutorio consta de varios capítulos, redactados polo escritor e filósofo Antón Baamonde; por Chema González Barcia, actual alcalde de Burela e que naquela época exercía a docencia en Vilalba; por Felipe Debasa, investigador da URJC, que analiza a prensa local galega na era pre-internet; e polos membros do equipo de redacción da publicación, que achegan a súa propia visión daqueles anos e da súa experiencia, no capítulo "De como un día decidimos emular a Lou Grant". Esta iniciativa logra rescatar do esquecemento un xornal que recolleu nas súas páxinas moitos anacos da vida de Vilalba e dos vilalbeses daqueles anos. *A Voz de Vilalba* chegou a contar cunha tiraxe de cincocentos exemplares e 150 subscritores fixos, entre os que se atopaban ilustres vilalbeses como Manuel Fraga, Antonio María Rouco Varela, Xosé María García Leira, Suso Gayoso, e Fernando Martínez González, o que fora asesor de González Laxe na súa etapa como presidente da Xunta de Galicia. Outros subscritores que recibían puntualmente a publicación nos seus domicilios eran Ramón Piñeiro, Celestino Fernández de la Vega e Rosa Cal Martínez, profesora de Historia do Xornalismo na Universidade Complutense de Madrid.

García López, José Ángel (ed.), *Edición e estudo da obra poética de Emilio Pita*, limiar de Xoán Xosé García, Murcia: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Murcia, 2006, 468 pp. (ISBN: 84-8371-622-4).♦

Ver o apartado II.5. deste *Informe*.

González Gómez, Xesús (ed.), *Xoán-Manuel Casado. Crónica persoal. Poesía completa 1973-2002*, limiar de Basilio Losada, Santiago de Compostela: PEN Clube de Galicia/Danú S.L., col. Arte de trobar, n.º 9, outubro 2006, 471 pp. (ISBN: 84-933404-8-0). ■

Ver apartado II.5. deste *Informe*

Pavese, Cesare, *O oficio de vivir (1935-1950)* [*Il mestiere di vivere, 1935-1950*], trad. Xavier Rodríguez Baixeras, Vigo: Editorial Galaxia/Fundación Caixa Galicia, col. Clásicos Universais, n.º 15, decembro 2006, 489 pp. (ISBN: 978-84-8288-977-1/978-84-96494-90-9). ■

Edición en galego do diario do poeta e novelista italiano Cesare Pavese (Santo Stefano Belbo, Cuneo, 1908-Turín, 1950) realizada a partir do autógrafo conservado no Centro di Studi di Letteratura Italiana in Piemonte Guido Gozzano da Universidade de Turín por Marziano Guglielminetti e Laura Nay. Os textos inseridos neste volume conservan as marcas, subliñados e símbolos gráficos cos que o autor quixo salientar determinadas pasaxes. O diario comeza o 6 de outubro de 1935, cando Pavese é detido acusado de conspiración política e confinado en Brancaleone Calabro, e remata o 18 de agosto de 1950, nove días antes da súa morte, que se produce por mor dunha das súas repetidas

crises depresivas e que o levou ao suicidio o 27 de agosto de 1950 nun hotel de Turín, tras inxerir doce sobres de somníferos. Neste sentido son abondo reveladoras as palabras coas que se pecha o diario: "Todo isto dá noxo. Non palabras. Un xesto. Non escribirei máis". *O oficio de vivir* publicouse por vez primeira en italiano en 1952 e axiña acadou grande importancia en varias xeracións de lectores en todo o mundo. A aparición en 1990 da edición baseada no manuscrito autógrafo supuxo a emenda de numerosos erros de transcrición, ao tempo que recupera pasaxes omitidas nas anteriores que facían referencia a persoas vivas ou a contidos demasiado íntimos. Nas páxinas deste diario íntimo Pavese recolle as súas reflexións máis lúcidas arredor da arte moderna e da ciencia, arredor da literatura, ben achegando comentarios de lecturas clásicas e contemporáneas, anotacións sobre a súa obra literaria, opinións sobre a poesía, o teatro e a novela, ou críticas á vangarda e ao realismo social, expresando a súa postura a favor do simbolismo, os mitos e o alegórico. Aborda tamén o sentido da vida, o destino, o seu compromiso coa creación, a historia do seu tempo, o sexo e, sobre todo, reflexiona sobre a soidade, a incomunicación permanente cos demais e o suicidio, unha obsesión sempre presente na súa obra. No "Apéndice" desta edición inclúese o texto *Fragmentos da miña vida pasada*, diario xuvenil de Cesare Pavese, conservado tamén no Centro di Studi di Letteratura Italiana in Piemonte Guido Gozzano da Universidade de Turín, e publicado con ese título, proposto polos editores italianos, non polo autor, na edición italiana da que parte esta tradución. Tamén se inclúe unha escolma dos *Pensamentos riscados*, de Pavese e unhas follas escritas polo autor que os editores italianos titulan *En soños* retomadas no diario na entrada correspondente ao día 14 de febreiro de 1941. Complétase a edición co apartado dedicado ás "Notas", escolmadas, traducidas e adaptadas por Rodríguez Baixeras e mais cun "Índice de nomes e de obras".

Pita, Emilio, *Edición e estudo da obra poética de Emilio Pita*, ed. José Ángel García López, limiar de Xoán Xosé García, Murcia: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Murcia, 2006, 468 pp. (ISBN: 84-8371-622-4). ◆

Obra publicada pola Universidade de Murcia, coa axuda da Xunta de Galicia, e que se basea na tese de doutoramento de José Ángel García López, profesor de lingua e literatura galegas nesta universidade. Conta cunha breve presentación de Joaquín Hernández Serna, responsábel do Seminario de Estudos Galegos, na que explica cómo se foi xestando a presenza da lingua e literatura galega no Plan de Estudos de Filoloxía Románica dende 1963, e un limiar no que, baixo o título de "Unha chave de amor a Galicia", Xoán Xosé García evoca a figura de Emilio Pita e destaca a importancia de contar cunha obra coma esta que recupere a voz deste autor. Despois dunhas consideracións preliminares e de expoñer os criterios de edición, José Ángel García López presenta un amplo estudo introdutorio no que comeza situando a figura de Emilio Pita no ámbito da Xeración de 1936, repasa as directrices poéticas na obras dos escritores integrantes, detense no labor de recuperación do libro galego na Arxentina no ámbito do exilio cando estala a Guerra Civil e pasa a centrarse na vida de Pita, dende a súa infancia e a emigración a Bos Aires, onde se formou intelectualmente, ata as diferentes viaxes a Galicia, a primeira en 1931, a súa ampla participación en actividades culturais e políticas, a súa relación con intelectuais galegos como Castela, o seu ingreso en 1963 na Real Academia Galega e o seu pasamento en decembro de 1981. A seguir, céntrase no estudo da obra poética, da que sinala que malia as dificultades dun poeta que viviu aquén e alén mar, tenta ser un corpus definitivo. Sinala que a produción lírica

consta de cento cincuenta e seis poemas, dos cales cento corenta aparecen en cinco libros publicados en vida do autor e só doce están espalladas en diversas publicacións. Explica que esta produción abrangue case medio século, pois a primeira composición é "Aloumíñeme a man túa", publicado en *Céltiga* en outubro de 1930 e a última "Castelao", publicado en *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires* en xuño de 1975. Entre estas dúas composicións, detense nos procesos de configuración dos volumes publicados en vida do autor, dende *Jacobusland* (Galicia, Órgano de la Federación de Sociedades Gallegas, 1942), pasando por *Cantigas de nenos* (Arayl, 1944) e *Os relembros. As cantigas* (Citania, 1959) até *O ronsel verdegal* (Galaxia, 1964) e *Serán* (Galaxia, 1974), das que sinala a estética e as liñas temáticas fundamentais, os recursos estilísticos, a métrica e unha pormenorizada análise lingüística, que dá paso á reprodución dos poemas. Inclúese como apéndice as traducións dalgúns poemas ao castelán e portugués, así como parte do epistolario do autor con Castelao, Francisco Fernández del Riego e Xenaro Mariñas del Valle.

Villanueva, Darío (selecc. e prólogo), *Rafael Dieste. Obra literaria*, Madrid: Fundación Santander Central Hispano, col. Obra Fundamental, 2006, 421 pp. (ISBN: 84-89913-73-0). ■

Darío Villanueva é o encargado do prólogo e dunha selección das obras de Rafael Dieste. No prólogo que titula "La integridad creadora de Rafael Dieste" (IX-LV) fai un amplo percorrido pola biobliografía do autor destacando a súa forma de crear e as múltiples actividades e experiencias realizadas polo rianxeiro, deténdose especialmente en "Dieste narrador", en Dieste na súa actividade sobre "Teatro, poesía, ensaio". Reproduce "Viaje y fin de Don Frontán"(1-108), "Duelo de máscaras" (109-146), "Rojo farol amante" (147-216), "La vieja piel del mundo. Sobre el origen de la tragedia y la figura de la historia" (217-306) e "Historias y ambiciones de Félix Muriel" (307-421).

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

A.C.R., "Xoán V. Viqueira e o centenario da J.A.E. (1907-2007)", *Revista Galega de Educación*, n.º 39, outubro 2007, pp. 164-167.

Co gallo da celebración do centenario da "Junta para la Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas" (JAE) a *Revista Galega de Educación* aproveita a ocasión para homenaxear a Xoán V. Viqueira, ofrecendo un perfil biográfico no que se destaca que foi bolseiro desta "Junta" durante algúns anos en Alemania. Saliéntase que Xoán V. Viqueira foi un dos grandes humanistas do século XX, filósofo, psicólogo e educador. Tamén se lembra que foi membro das Irmandades da Fala e publicou "diversos e notables" textos n´*A Nosa Terra*, como "O meu programa político", "Da renascencia lingüística" e "Nosos problemas educativos", nos que trata da defensa da lingua galega e do seu ensino, da modernización dos estudos de bacharelato e da renovación didáctica e psico-pedagóxica do ensino e dos problemas da escrita do galego. O artigo, finalmente presenta unha bibliografía e acompáñase de tres fichas biográficas, con fotografías, dos fillos de Xoán V. Viqueira. Na ficha de Luisa Viqueira Landa dise que foi a única filla a quen lle ensinou a falar e escribir en galego; chegou a ser, a comezos dos 60, unha activa militante galeguista, en relación co Patronato da Cultura Galega e participou activamente na publicación da revista *Vieiros* do ano 1959 ao 1968. De Carmen Viqueira Landa saliéntase que, logo dun periplo por Europa debido ao exilio, chegou a México onde foi profesora de psicoloxía da Universidade Iberoamericana. Finalmente fálase do fillo Jacinto Viqueira Landa que salientou no campo da enxeñería eléctrica coa súa obra *Introducción a la ingeniería, sociedad y medio ambiente.*

Acuña, Ana, "A lembranza con nosoutros sexa' nos dez anos de *Madrigal*", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Crónica", 2007, pp. 171-172.

Con motivo do décimo aniversario da revista *Madrygal,* Ana Acuña, compoñente do proxecto cultural, fai un percorrido polas colaboracións e polos espazos de sociabilidade creados durante o tempo de vida da revista. Sinala como proba destas colaboracións para a revista achegas de Manuel Rivas e Xosé Ramón Pena no número un e dous, respectivamente; a disertación de Miro Villar; os recitais por parte do alumnado de galego da Universidade Complutense de Madrid e da Escola Oficial de Idiomas e por parte de Borobó, asi como o apoio da Galería Sargadelos de Isaac Díaz Pardo nos números tres, catro e cinco.

Adán Rodríguez, Rafael, "Por outro Día das Letras Galegas no Bierzo", *Xarmenta. Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta*, n.º 2, "Opinión", 2007, p. 6.

Reivindicación da figura de Antonio Fernández Morales como autor merecente de ser honrado cun Día das Letras Galegas. Para isto apóiase nunhas palabras do presidente da RAG, pronunciadas o 24 de xaneiro de 2007 na gala dos II premios "Xarmenta", nas que indicou que loitaría para que o Día das Letras Galegas recaese en Fernández Morales. Tamén se repasa a importancia de Fernández Morales na literatura galega e se explica brevemente que é o Día das Letras Galegas. Este artigo conta coa reprodución dunha carta asinada pola Asociación Berciana da Lingua Xarmenta, o Concello de Cacabelos, o Consejo Comarcal del Bierzo, o Instituto de Estudios Bercianos e mais a Comisión Martín Sarmiento na que reclaman o Día das Letras Galegas para Morales e que foi lida polo presidente da RAG na gala dos II premios Xarmenta á promoción do galego no Bierzo.

Agra, Agustín, "Os nosos libros", *Alameda*, n.º 28, setembro 2007, p. 64.

Sección na que se dá noticia da publicación do poemario de Martín Veiga, *Fundaxes* (2006), que resultou gañador na VI edición do Premio Fiz Vergara Vilariño, e do relato *Simeón Pantín inventor da liberdade* (2006), escrito por Maxi Olariaga e do contido das obras reproducindo as lapelas dos volumes.

Agustín Fernández, Susana, "Luis Pimentel, poeta del abismo interior", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos,* vol. 10, "Artigos", 2007, pp. 35-43.

Achega á figura de Luís Benigno Vázquez Fernández, máis coñecido como Luís Pimentel, do que se sinala que foi un escritor que participou de forma activa nas Mocidades Galeguistas, na Xeración do 27 e nas revistas *Resol* e *Galiza*. Tamén se lembra que foi un ser atormentado pola existencia, pola vida e pola morte debido, entre outros motivos, ao padecemento da represión franquista, ao coñecemento dos fusilamentos das amizades máis próximas e polo exercicio da medicina. Dise que esta existencia humana tráxica a plasmou na escrita mediante a transcendencia das experiencias próximas e que a súa obra se caracterizou polo pensamento krausista, pola saudade e polas influencias literarias de Dámaso Alonso, Gustavo Adolfo Bécquer, Jorge Guillén, Juan Ramón Jiménez, Antonio Machado e, sobre todo, Rosalía de Castro. Conclúe que, froito destas achegas foi a realización dunha poesía humana, comprometida co seu tempo e precisa na expresión.

Alcalá, Xavier, "Inmigrar e escribir", *Tempos Novos*, n.º 116, "Obertura", xaneiro 2007, p. 3.

Comenta a súa participación no I Encontro Internacional de Escritores, organizado polo PEN Clube de Galicia que versou sobre a literatura e a creatividade. Comenta o momento en que xurdiu a polémica con respecto á inmigración e dá a súa opinión en relación ao tema.

Alonso, Eduardo, "La soledad del director de escena", *ADE Teatro*, n.º 117, "III-Historia y significado de la ADE: el derrotero", setembro 2007, pp. 68-72.

Suscitase unha reflexión, partindo da lectura dun manual de dirección de escena, sobre a responsabilidade do director teatral, e, posto que é, segundo o autor, o máximo responsábel, debe ter variadas calidades e coñecementos de diversas materias. De modo que medítase sobre o concepto de creador e o lugar que a creación ocupa con respecto á arte e á ciencia, e apuntanse outras cuestións como a interposición e a xerarquización do proceso creativo. Considérase a necesidade de concretar e definir tal actividade, e neste senso, sublíñase a importancia da ADE no perfilado e definición deste oficio, diminuíndo o mito da soidade do director de escena.

Alonso Montero, Xesús, "Celso Emilio Ferreiro en Caracas no ano 1970: *Castealo é noso* (Edición anotada dunha antoloxía de *Sempre en Galiza*)", *Arraianos*, n.º VI, agosto 2006, 2007, pp. 66-81.

Inclúe a edición do folleto *Castelao dixo*, de Celso Emilio Ferreiro, publicado en Caracas, en 1970, e reproduce tamén amplos estratos de tres cartas que o escritor lle enviou a Xesús Alonso Montero, e unha máis que foi para Luís Soto. Analiza o seu contido, que xira arredor da publicación do folleto e, a seguir, entre outras declaracións de Celso Emilio, destaca a que realiza no prólogo "Verbas limiares", que reproduce íntegro ao final do artigo, xunto cos "Dez puntos da Unión do Pobo Galego" e o artigo "O noso Homenaxe a Castelo", de Alonso Montero. En "Verbas" arremete contra os da Editorial Galaxia por "despoxar a Castelao do seu rexo pulo revolucionario". A seguir analiza e repasa os diferentes esforzos que, na época, realizou a esquerda galega para enmarcar a Castelao no ideario marxista, centrándose na realizada por Celso Emilio, o folleto "Castelo dixo", que recompilaba "frases revolucionarias" que aparecían descontextualizadas. Finaliza aportando a súa opinión.

Alonso Montero, Xesús, "O nadal nas letras galegas (1940-1979)", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Artigos", 2007, pp. 11-33.

O catedrático Xesús Alonso Montero plasma a evolución literaria e política das felicitacións de Nadal dos galeguistas e intelectuais galegos no período comprendido entre a ditadura franquista e o ano 1977. O artigo está estruturado en dúas etapas: na primeira etapa (1963-1977) ofrécese unha visión sobre o Nadal no panorama literario galego, que se caracterizaba polo contido tradicional e pola intencionalidade crítica, e na segunda etapa (1959-1977) o escritor proporciona unha visión sobre os seus nadais, que foron realizados coa achega de determinadas influencias literarias, comoMiguel de Cervantes, o cancioneiro popular social e Daniel Rodríguez Castelao, tendo como premisa o laicismo, o compromiso social e o posicionamento político de esquerdas.

Alonso Montero, Xesús, "Cartas de Alonso Zamora Vicente a Francisco Fernández del Riego", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Varia", 2007, pp. 153-157.

A modo de homenaxe polo primeiro aniversario da morte de Alonso Zamora Vicente, o catedrático de literatura galega presenta vinte e seis textos epistolares entre o persoeiro falecido e Francisco Fernández del Riego, nos que se amosan acontecementos políticos, como as dúas detencións sufridas por Del Riego e a non concordancia entre os dous escritores sobre o ambiente espiritual do franquismo, e culturais, como o compromiso

coas letras galegas e a dirección da revista *Grial* por parte de Fernández del Riego, así como o interese filolóxico de Alonso Zamora por fenómenos lingüísticos da lingua galega moderna.

Álvarez, Aser, "Entrevista a X. L. Méndez Ferrín: 'Celso Emilio é o grande poeta social e político da Galicia Contemporánea'", *Arraianos*, n.º VI, agosto 2006, 2007, pp. 45-49.

Entrevista a Xosé Luís Méndez Ferrín na que, entre outras cousas, conta como coñeceu a Celso Emilio Ferreiro e explica que na súa poesía atópanse moitos rexistros, nos que combinou moi ben o intimismo co social. Logo de comentar a súa poesía satírica, explica porqué, dende o seu punto de vista, *Longa noite de pedra* tivo tanto éxito e tamén que impresión lle aporta, como marxista, "O monólogo do vello traballador". Conclúe destacando o gran éxito das obras de Celso Emilio, que contrasta co esquecemento no que caeron aqueles que o tentaron silenciar.

Álvarez, Aser, "Represión franquista nas Terras de Celanova. Historia de Elixio Rodríguez", *Caderno Arraiano*, "Represión, Solidariedade e Resistencia Antifranquista", verán 2007, pp.20-24.

Fáise un breve percorrido pola vida do galeguista Elixio Rodríguez con motivo da súa morte en México DF. O texto, moi próximo ao obituario, céntrase na experiencia de E. Rodríguez durante a Guerra Civil (1936-1939) e o seu posterior exilio en México coa súa muller, Gloria. Entre as distintas anécdotas que se contan destaca a súa experiencia coma coronel de aviación ou o drama que viviu ao ser acusado de traidor falanxista polo bando republicano. Da súa figura tamén salienta o protagonismo que tivo na fundación da revista *Vieiros*, á que lle deu o nome; o papel que xogou coma fundador das Mocidades Galeguistas de Bande; ou a amizade que mantivo con persoeiros da talla de A. Rodríguez Castelao, Lois Soto, Carlos Velo e Celso Emilio entre outros. Finalmente, para afondar na vida do ilustre galeguista, o autor do artigo recomenda a lectura do libro autobiográfico *Matádeo Mañá* (Xerais, 1994).

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "Extrovertida e xenerosa confidencia", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 122-123.

Antes de profundar na versión galega de *Serodio Amor* (Espiral Maior, 2006), de Emilio Coco, aborda a importancia da política editorial en canto á tradución no sistema literario galego, asi como no proceso de normalización cultural, xerando diálogo coas literaturas coétaneas. A continuación, amosa os trazos principais da obra que se mostra como un tratado epigramático de emoción sentimental dun suxeito maduro con parella de longa duración: Tamén se alude á problemática que recollen os versos do italiano, en canto que é unha confesión descarnada con matiz acusatorio cheo de autoironía. Recolle os subtemas (ausencia de paixón, demora do sexo, tenrura, espazo e poder compartidos, etc) e a perspectiva do autor (eu lírico con punto de vista ficcional que cede a voz á compañeira, equilibrando o diálogo entre iguais). Finalízase aludindo ao estilo confesional e de contención discursiva e ao rigor que labra "en lingua de arte a materia inmediata da experiencia".

Álvarez Cáccamo, Xosé M.ª, "O museo poético e antropolóxico de Alén", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 174, Tomo XLV, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2007, pp. 103-104.

Comézase aludindo ao xermolo de *Casa pechada* (2006), de Luz Pichel, a partir da morte do seu pai para centrarse na biografía da autora e na súa obra literaria en castelán. Coméntase que na obra, merecedora do Premio Esquío 2006, o lector é testemuña privilexiada do proceso de escrita dun libro que fala en voz transparente mentres que a propia autora anda á procura de restos da memoria. Fálase de que ten un ton conversacional e discurso numerativo do universo rural que conforma o pre-texto para a evocación, dende un eu escénico infantil (trasunto do eu biográfico en fusión coa voz e emotividade adulta), da nenez labrega de Luz Pichel facendo un alegato da memoria colectiva co fin de preservar os sinais de identidade. Sinálase que emprega termos con formulación máxica complementados coa verbalización directa da experiencia. Dise que todo esto resulta do "amoroso labor evocativo da filla que pecha a casa dos seus pais". Tamén se destaca que estamos perante unha poesía en acción directa cunha ampla esfera temática.

Álvarez-Ossório, Carlos, "El lugar del teatro", *ADE Teatro*, n.º 116, "Teatro de calle", agosto 2007, pp. 60-63.

Trátase o tema da arte escénica na rúa, peza clave na chamada crise do teatro, e pregúntase que é o que funciona mal no teatro para que este xa non sexa necesario para a sociedade. Saliéntase a importancia do lugar no acto teatral tanto para os actores como para os espectadores, pois opinase que o lugar é o que condiciona a posta en escena. Por outra banda, considérase o "lugar" como sitio físico coa necesidade de buscar novos espazos públicos que sorprendan aos espectadores, e o "lugar" como posicionamento, sinalando que o espazo escollido debe xurdir dunha necesidade e que a elección debe ser xustificada por parte do director.

Álvarez Pino, Andrea, "Que queres ver?", *Tempos Novos,* "*Protexta*", n.º 1, "proPostas", inverno 2006-2007, p. 31.

Coméntase o ensaio de Gustavo Pernas, *Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede,* Ed. Laiovento, 2006. Nesta obra o autor parte dun cadro *Le déjeneur sur l'herbe,* para reflexionar sobre a consagración do teatro naturalista e a implicación do público no mesmo seguindo a idea da "cuarta parede" para lograr o distanciamento do espectador coa escena que observa.

Álvarez Yágüez, Jorge, "Ensinanzas dun endiañado florentino", *Tempos Novos*, n.º 122, "Crítica", xulllo 2007, p. 86.

Aínda que hai varias lecturas sobre o pensamento de Maquiavelo, cre que unha das máis logradas é a de Manuel Fortes. Para este, o máis destacábel de Maquiavelo é o seu realismo, xa que opta pola República porque pensa que un goberno forte e estábel, composto por cidadáns libres e que está máis capacitado para facer fronte á fortuna que un monarca.

Ameixeiras, Diego, "Yolanda Castaño: 'Levo dez anos sen escribir un só poema erótico", *Tempos Novos*, n.º 117, "Todo é peixe", febreiro 2007, p. 12.

Nesta entrevista Yolanda Castaño fala de diferentes temas da actualidade. Indica tamén que leva máis de dez anos sen escribir ningún poema erótico e intenta, desta maneira, defenderse das etiquetas que recibe a súa poesía. Remata aludindo á tradución ao castelán do seu poemario *O libro da egoísta* (2003).

Ameixeiras, Diego, "María do Cebreiro, poeta: 'Non hai cousa máis triste que ir de poeta pola vida", *Tempos Novos*, n.º 122, "Todo é peixe", xullo 2007, p. 12.

Entrevista á poetisa María do Cebreiro, a cal comenta que non existen os poetas senón os poemas, polo que lle parece moi triste que algúns vaian de poetas para ligar. Tamén conta que hoxe en día xa non se leva o "malditismo" porque é máis provocador ser optimista e, finalmente, afirma que sempre leva caderno e bolígrafo, porque a calquera hora se lle aparecen as súas musas, sobre todo cando vai de viaxe.

Angueira, Anxo, "Lingua, nación e diferenza en Galicia", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 70, tomo II, ano XVIII, abril, maio, xuño 2007, pp. 180-194.

Afirma que a lingua é o signo de identidade por antonomasia, é un simbolo de resistencia e serve para preservar a diferenza e recuperar a autodeterminación. Sinala que a lingua tivo un importante papel no proceso de construción nacional, o cal comezaría no Rexurdimento. Di que a primeira declaración de independencia é o prólogo de *Cantares Gallegos* (1863), de Rosalía de Castro, xa que o proceso de recuperación da dignidade nacional xira arredor de tres eixes: un pobo, unha terra e unha lingua. Considera que Rosalía fai un retrato dignificador do pobo galego, resaltando os seus costumes, as tradicións e a cultura en xeral, por iso utiliza os cantares para facer unha literatura política, feminista, social e patriótica. Do mesmo xeito, afirma que dignifica a terra asocíandoa á verde paisaxe galega, oposta á seca Castela, como metonimia de España. Por iso considera que o dialecto doce e sonoro de *Cantares Gallegos* pasa a ser unha lingua literaria en *Follas Novas*. Por outra parte, destaca a figura do militar Fernández Morais, que escribiu en galego oriental *Ensaios poéticos en dialecto berciano* en 1861, onde dignifica os costumes, as xentes e a lingua do Bierzo. Considera que outros escritores que merecen mención son: o padre Sarmiento, Xoán Manuel Pintos, Francisco Añón, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal. No século XX destaca as Irmandades da Fala, Daniel R. Castelao que puxo o seu idioma por riba de todos, A Xeración Nós, Manuel Antonio, Ramón Piñeiro e X. L. Méndez Ferrín, entre outros.

Angueira, Anxo, "Asociacionismo e memoría política", *A Trabe de Ouro*. *Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 71, tomo III, ano XVIII, "Cuestións", xullo-agosto-setembro 2007, pp. 361- 372.

Conferencia pronunciada en Cerdedo (Terras de Montes), no salón da Cámara Agraria, o día vinte e tres de xuño de 2007, con motivo do acto de entrega do IV Premio "Roberto Vidal Bolaño" ao historiador Dionísio Pereira e á Asociación Ecoloxista e Cultural da Terra de Montes "Verbo Xido". Nela trázase un percorrido crítico ao longo da historia do asociacionismo galego, situando as súas raíces no movemento agrarista e o asociacionismo de finais do século XIX, até o recente agromar de asociacións culturais e a súa loita pola recuperación da memoria histórica. Anxo Angueira reflexiona sobre a importancia da diáspora no asociacionismo galego, asi como no peso que esta acadou nas principais cidades de Galicia, ligado moi especialmente á industria do wolfram de Santiago e á mariñeira nas rías viguesas. Tenta desmentir o tópico que acusa de individualista ao ser galego. Angueira apoia o seu percorrido cun poema anónimo da II República, un fragmento de Heriberto Bens, outro do poeta Xosé Otero Espadín e o célebre "Cunetas", de Luís Pimentel.

Angueira, Anxo, "Antonio Fernández Morales", *Xarmenta. Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta*, n.º 2, "Opinión", 2007, p. 7.

O poeta e narrador Anxo Angueira achégase á figura de Antonio Fernández Morales. Subliña a súa extraordinaria relevancia para o sistema literario galego e para a cultura do Bierzo, comenta algunhas das característica de *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861) e remata afirmando que o traballo de Fernández Morales é toda unha lección para os que tentan devolver ao Bierzo a "dignidade cultural e lingüística que merece e necesita".

Aragón González, Irene, "Les Translatines: veintiséis años sorprendiendo (Bayona, 17-21 octubre 2006)", *ADE Teatro,* n.º 114, "Festivales", xaneiro-marzo 2007, pp. 136-141.

Faise un percorrido polas distintas etapas do Festival francés Les Translatines, dende 1981 até a última edición en 2006: até 1986 tiña vocación rexional pero a partir desa data ábrese á vanguarda catalá, ao teatro peninsular e, finalmente, ao teatro hispanoamericano en 1992. Dise que o festival ten vocación renovadora, ofrecendo teatro visual ou intuitivo, teatro na rúa ou encontros con intérpretes e directores para intercambiar opinións. Sinálase que na última edición se presentaron obras de Andalucía, Galicia, Madrid, Barcelona, País Vasco, Francia e Chile. Explícase que, procedente de Galicia e con boa acollida entre o público novo, a compañía Matarile Teatro presentou o espectáculo visual, teatral e musical *Historia natural (Eloxio do entusismo)*, estruturado arredor de diferentes reflexións pero sen fío argumental na que os actores filosofan, discuten, comen, bailan e se moven polo escenario arrastrando ao público co seu vitalismo.

Aragón, Agustina, "Un galardón ex-aequo: Manuel F. Vieites, Eduardo Pérez-Rasilla y Julio Checa. Premio 'Leandro Fernández de Moratín' para estudios teatrales 2006", *ADE Teatro*, n.º 114,"Premios ADE 2006", xaneiro-marzo 2007, pp. 32-34.

Transcríbese a entrevista realizada a Manuel F. Vieites (Lorbé- A Coruña, 1956), despois de recibir o premio ex aequo "Leandro Fernández de Moratín" para estudos

teatrais 2006 polo seu traballo *Creación dramática, educación popular e construcción nacional (Galicia 1882-1936)* (2005) no que estuda a vida teatral galega dende unha óptica social e política. O galardonado salienta a relación existente entre teatro e educación en Galicia, é dicir, a creación dramática (texto) e teatral (espectáculo), que serven como instrumentos de educación popular transmitindo conceptos, valores e actitudes que se poden vincular coa construción nacional e co contexto peninsular. Tamén aproveita para reivindicar unha Lei orgánica para as Ensinanzas Artísticas Superiores que regule estes estudos e recoñeza plenamente as ESAD (Escolas Superiores de Arte Dramático) como centros de formación, investigación e creación de artes escénicas. Por último, fala do proxecto no que traballa actualmente: o deseño e organización da ESAD de Galicia.

Araguas, Vicente, "Yolanda", *Revista de Libros*, n.º 130, "Poesía", marzo 2007, p. 38.

O título do artigo fai referencia ao nome da poetisa Yolanda Castaño, a cal é eloxiada con motivo da publicación en castelán da súa obra *Libro de la egoísta*, cuxa tradución do galego fixo ela mesma. Noméanse a varias poetisas galegas actuais que, como ela, destacan por innovar o mundo da poesía, entre elas Olga Novo, Estíbaliz Espinosa, Emma Couceiro e Lupe Gómez, a par doutras maiores como Chus Pato e Medos Romero. Coméntase a diversidade de actividades emprendidas por Yolanda e o estilo da súa poesía: descarada, erótica, formalmente radical e de espírito transgresor. Saliéntase que o seu libro está escrito en prosa poética e é un canto irónico e tenro a si mesma, influenciado por Nietzche, W. Whitman e algunhas poetisas galegas.

Araguas, Vicente, "Teresa Moure", *Leer*, n.º 185, "Entrevista", setembro 2007, p. 78.

Entrevista á autora de *Herba moura*, obra pola que "a última sensación da narrativa galega" obtivo o Premio Xerais de Novela 2005 o e Premio da Crítica 2006. De *Herba moura* afirma que con ela pretendeu reflectir unha historia das mulleres alternativa á da versión oficial, de xeito que fosen elas mesmas as que tomasen a palabra. Respecto ao seu labor en múltiples campos da escrita, Moure afirma que traballou sobre todo como ensaísta, pero que non cre nas divisións, de xeito que o que se escribe dende unha perspectiva divulgativa ou científica pode ser tan poético como a narrativa. A tradución ao castelán de *Herba moura* fai, segundo a escritora, que a novela adquira un público moito máis amplo que o galego. Respecto ás boas críticas recibidas polo volume, sinala que o autor de calquera producto artístico debe buscar, sinxelamente, "non traizoarse".

Araguas, Vicente, "Historias do Hispano-Argentino. Xuvia Revisitada", *Revista de Neda*, n.º 10, 2007, pp. 118-125.

Araguas comeza lembrando unha publicación súa de 1983, *Xuvia*, un libro de poemas ilustrados por Siro e editada polos "Cadernos da Gadaña" da colección Brais Pinto. Comenta que a iniciativa nacera de Reimundo Patiño, o cal finou dous anos despois da publicación de *Xuvia*, que foi a derradeira do selo editorial. Afirma Araguas que a obra permaneceu no esquecemento até que viu de novo a luz dentro de *Maneiras de querer*, publicado no 2005 por Espiral Maior. Comenta o significado da obra e achega varios dos poemas que a compoñen: "Niza: Promenade", "Palabra fina foira dos anos que

pasaran e o tempo era un carro de vacas camiño do empedrón", "Chegaban as peixeiras con cheirumes de prata", "No periquito do coto a tarde semella un matiz tan de lavancos como as chalanas no puntal", "Outra volta de tornelo", "Volve a fruteira a min cando de madrugada", "Milicianos na ponte de Xuvia (1940)", "28 de setembro de 1936", "Viaxabamos no 2: parando no inferniño" e "Burning Mountain".

Arca, Juan Manuel, "Certame Intercentros de Teatro", *Revista Galega de Teatro*, n.º 52, "Festivais", outono 2007, pp. 90-91.

Explícase que a Coordinadora xurdiu pola agrupación de vintedous centros dos Equipos de Normalización Lingüística dos Institutos de Santiago e Comarca, e que o Certame Intercentros de Teatro constitúe un dos proxectos anuais que realizan. Detállase a finalidade deste proxecto, a participación, cando se realiza, como se organiza e o sistema de votación. Precísase que en 2007 se presentaron dez obras, de oito centros educativos e que resultou premiada *Romeo e Xulieta para nenos e nenas*, do grupo Tantometén, do IES Antón Fraguas. Remátase precisando que nesta edición tamén se premiaron aos mellores actores, cuxos galardóns recaeron en Alba López (IES Antón Fraguas) e Miguel Batalla (IES Rosalía de Castro).

Asensi, Xaime, "Como fixen o *Ubu rei*", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 35, 1º Semestre 2006, "Creación", 2007, pp. 257-265.

O artista Xaime Asensi resume nestas páxinas o seu proceso de creación do cómic *Ubu rei*, apoiando a explicación cunha serie de debuxos que dan conta das diferentes etapas: dende a estruturación en páxinas e viñetas da historia, os bocetos dos personaxes, os debuxos a lapis, o seu paso a tinta, o paso polo escáner, até o traballo de ordenador para colorear. Aborda tamén aspectos que considera básicos como o deseño da portada, onde debe figurar un elemento que represente o espírito da obra.

Atenea, "Manifesto polo día internacional do teatro. 27 de marzo de 2007", *Atenea*, n.º 27, abril-maio-xuño 2007, p. 23.

Achéganse as declaracións de Sheik Dr. Sultán bin Mohammed Ao Qasimi, membro do Consello Supremo dos Emiratos Árabes Unidos e gobernador de Sharjah, nas que afirma que pasou a súa vida dedicado ao coñecemento da arte teatral e que lle serviu para saber respectar as opinións dos demais. Asi mesmo, en columna á parte, saliéntase a celebración do cento vinte e cinco aniversario do teatro galego e destácase a importante función cultural, social e económica do teatro.

Balseiro, Ana, "Alquimia poética na Casa de Galicia", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Crónica", 2007, pp. 179-181.

Retrospectiva sobre a iniciativa "Estacións poéticas", de Alfonso Sobrado Palomares e Vicente Araguas, levada a cabo na Casa de Galicia en Madrid, que se caracterizou e caracteriza por seren veladas literarias de periodicidade mensual. Sinala que os trazos definidores da traxectoria deste proxecto son e foron a consolidación do propio

proxecto, a abundancia de público, a calidade e a variedade, resultado da participación de todas as liñas poéticas existentes no panorama literario galego.

Baltés, Blanca, "Entrega de los Premios ADE 2006. Renocimientos y esperanzas", *ADE Teatro,* n.º 114, "Premios ADE 2006", xaneiro-marzo 2007, pp. 14-19.

Relátase a cerimonia de entrega dos premios da Asociación de Directores de Escena de España 2006, na que resultaron galardoados coa primeira e segunda "Tarascas" Xosé Manuel Rabón e Damián Villalaín pola organización do XIII Congreso da ADE (11-15 de outubro), celebrado no Pazo de Mariñán. O Premio "José Luis Alonso" para mozos directores recaeu en Carlos Álvarez Ossorio polo seu traballo *A casa do pai* e o "Leandro Fernández de Moratín" para Estudios Teatrais repartiuse entre Eduardo Pérez Rasilla e Julio Enrique Checa (*El Premio Lope de Vega. Historia y desarrollo*) e Manuel F. Vieites coa súa obra *Creación dramática, educación popular e construcción nacional (Galicia 1882-1936)* (2005).

Bará, Luís, "Teatro, unha historia con futuro galego", *Escaramuza,* n.º 22, "En portada", xaneiro 2007, pp.14-16.

Luis Bará (Director Xeral de Creación e Difusión Cultural) presenta neste artigo un balance das medidas adoptadas pola Consellaría de Cultura e Deporte cando se cumpre ano e medio da chegada do bipartito á Xunta. De xeito esquemático, L. Bará sintetiza esas medidas en catro epígrafes fundamentais: fomento da creación e produción teatral, mellora da rede de espazos escénicos, promoción do teatro galego e modernización da xestión. Outro aspecto no que incide o artigo é a oportunidade que representa a celebración dos cento vintecinco anos do teatro galego para abrir un proceso de reflexión sobre o futuro do sector. Por último avánzanse algúns dos puntos principais dos que constará o Plano Xeral das Artes Escénicas e o desexo da Consellaría de conceder maior importancia social ás artes escénicas.

Bará Torres, Luís, "Bibliotecas galegas para o século XXI", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "Lectura pública", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 50-53.

Comeza dando conta do marco no que se desenvolve o mundo do libro e a lectura en Galicia, para logo referirse a novas liñas de promoción e ao orzamento. Logo aborda os cambios que se están a producir no modelo de biblioteca pública e as diversas melloras que se están a acometer. A continuación, ofrece unha radiografía dos profesionais, advirte da necesidade da participación dos usuarios e cita os servizos que prestan. Finaliza aludindo aos novos desafíos.

Barco, Lucía del, "Casares, Carlos (2005): *Á marxe, 1992; Á marxe, 1993*", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Recensións", 2007, pp. 220-221.

Comentario desta obra recompilatoria das colaboracións xornalísticas de Carlos Casares publicadas de maneira diaria para *La Voz de Galicia*. Explícase que os artigos expoñen

retrincos da actualidade política e social da época a través da reflexión enxeñosa, da obxectividade, da coherencia co estilo literario, do escepticismo, froito do rexeitamento á hipocrisia por parte do escritor, da temporalidade, elemento que transforma os seres, as lembranzas e as ideoloxías e da visión errática á hora de desenvolver os temas.

Barco, Lucía del, "Xesteira, J. A. (2005): *Contos de familia*, Vigo, Edicións Xerais, pp. 128", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Recensións", 2007, pp. 229-230.

Explícase que a acordanza das historias da nenez na cociña da casa serve de escusa a J. Ángel Xesteira para realizar un libro áxil e de lectura rápida, onde se fai un percorrido por situacións frecuentes de antes e de despois da Guerra Civil e da II Guerra Mundial. Sinala que os nexos de unión entre as narracións son o matriarcado, base de sociedade galega, os amores ilícitos con fillos sen recoñecer, a emigración, o estraperlo, unha economía minifundista, a guerra e a fame. Caracteriza a perspectiva narrativa pola alternancia e pola mestura entre o punto de vista da non comprensión do neno e a elaboración do adulto que conta a historia ao lector. Dise que o tema central é a morte, elemento co que se empeza e remata o libro e que a proximidade das situacións á realidade da historia familiar consegue unha fonda e forte identificación entre personaxe e lector.

Barro, David, "Cita a cegas de Yolanda Castaño", *Serendipia*, n.º 1, 2007, pp. 36-41.

Entrevista de David Barro á poetisa Yolanda Castaño na casa dela. En primeiro lugar, realiza unha descrición da casa da escritora e relaciona a estética da decoración coa da propia autora. A continuación, recolle a entrevista, na que lle formula a Yolanda Castaño cuestións relacionadas coa relación entre a política e a literatura, coa súa produción poética, o seu papel público e a privacidade ou a independencia da crítica literaria.

Barro, David, "…con Manuel Vilariño", *Serendipia*, n.º 1, 2007, pp. 42-47.

Continuación da entrevista a Yolanda Castaño na mesma revista, mais agora coa participación tamén do artista Manuel Vilariño. A conversa comeza xirando en torno á vaidade e continúa reflexionando sobre o silencio, a arte, o papel da clase intelectual na sociedade e na política, a universidade, a concepción da arte e da poesía, etc. con alusións a Nietzsche, a José Ángel Valente, a Gamoneda, etc. Remata cunhas declaracións inéditas de Manolo Gallego, arquitecto da casa de Manuel Vilariño, sobre arquitectura para un libro que será editado pola Editorial Galaxia.

Basoa Vizoso, Manolo, "O teatro en Ferrolterra", *Escaramuza*, n.º 24, "Crónica", verán 2007, p. 15.

Na actualidade o teatro na área ferrolá goza de boa saúde grazas a diferentes feitos, como, entre outros, a recuperación dos Xoves Teatrais por parte do Ateneo Ferrolán e a creación dunha Escola Municipal de Teatro no Concello de Narón. Varios concellos e

sociedades culturais tomaron conciencia ao longo destes anos da importancia do teatro para a dinamización cultural da cidadanía.

Baspino, Irene, "Todos os problemas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2, "proPostas", primavera 2007, p. 20.

Tras introducirnos no argumento da novela *Felicidade perfecta* (2006)*,* de Anjel Lertxundi, na que se transmite unha narración en primeira persoa dunha muller adulta que se atopa nun momento difícil da súa vida e se ve envolta indirectamente nun asasinato. Alúdese á falta de profundidade nos trazos descritivos da personaxe principal e dalgúns momentos narrativos que non conseguen espertar emocións. Pola contra si se considera que a súa lectura é áxil e que os perfís psicolóxicos dos personaxes están ben captados. Conclúese afirmando que é unha obra de lectura amena para un lectorado que non busque grandes complicacións.

Becerra de Becerreá, Afonso, "Amor enriba e debaixo do escenario", *Casahamlet. Revista de teatro*, n.º 9, "Teoría", maio 2007, pp. 4-11.

Reflexiónase sobre a temática amorosa ao longo da historia da dramaturxia. Para iso Afonso Becerra remóntase ás súas orixes nas composicións occitanas dos séculos XII e XIII e continúa até o desenvolvemento do tema na dramaturxia moderna con autores coma Edward Albee ou Álvaro Cunqueiro. Becerra dedica unha ampla análise aos autores canónicos, nomeadamente a William Shakespeare, esculcando nas súas obras co obxecto de elaborar unha visión máis ampla do tema amoroso. Nesta liña dedica unha atención especial a aspectos pouco estudados coma os celos ou mesmo a homosexualidade, que el recoñece coma presentes en gran número de obras. En segundo lugar fálase da convención teatral e o xénero sen deixar de centrarse na esfera amorosa. Reflexiónase despois sobre o concepto do romántico e todas as convencións que o integran, polo menos no que ao teatro burgués se refire. O obxectivo, tal e como se recoñece ao final, é a procura dunha expresión moderna do amor. Dar resposta, en definitiva, á cuestión que xa abrira Cunqueiro medio século antes en *Palabras de víspera* (1974): "Ti sabes falar de amor?".

Becerra de Becerreá, Alfonso, "En pé de pedra: outros xeitos de ver", *Tempos Novos*, n.º 122, "Crítica", xullo 2007, p. 81.

Comentario de "En pé de pedra" festival de danza e teatro no que destaca a importancia dos sentidos. Lembra que nel actuaron figuras como a xaponesa Hisako Horikawa, na praza das Praterías, bailou co sal e coa auga da fonte e o último día do festival, na Alameda, danzou cos carballos, a terra e a herba mollada.

Becerra de Becerreá, Afonso, "Dramaturxias do corpo en pé de pedra", *Revista Galega de Teatro*, n.º 52, "En danza", outono 2007, pp. 28- 36.

Explícase que as propostas deste Festival xiran arredor do "corpo como soporte da creación artítica", ademais de detallar os organizadores desta 12ª edición, e a análise da

programación de todos os espectáculos desenvolvidos entre os días 22 e 24 de xuño en distintos espazos, exteriores e interiores, de Compostela. Apúntase que o Festival En Pé de Pedra "se consolida como un laboratorio de reflexión e comunicación para os profesionais do teatro e da danza", ademais de "para todos aqueles que frecuentan os xéneros híbridos que prestan unha maior atención ás linguaxes corporais e cinéticas". Remátase precisando que o teatro-danza emprega tamén "a multiplicidade de estímulos procedentes do teatro" como a narratividade, noción de personaxe, intencionalidade dramática, e outros estímulos procedentes das artes plásticas e da música.

Bello, Alberte, "En pé de pedra. Opinións a pé de festival", *Revista Galega de Teatro*, n.º 52, "En danza", outono 2007, pp. 23- 27.

Apúntase que "durante tres días un fervello de xente" citouse en diferentes lugares de Compostela para "gozar do movemento do corpo" que ofrecían os espectáculos da 12ª edición de "En Pé de Pedra". Recóllense doce opinións de distintos participantes neste Festival: Mónica Valenciano, sobre *Despacito*, de Raravis/Andrés Corchero; Ana Marins, sobre o Festival e *Subterrâneos do corpo*; Maruxa Salas, sobre o Festival; Daniel Abreu, sobre o Festival; Victoria Pérez, sobre *ZZ*, de Akemi Takeya; Andrés Corchero, sobre *I Apolize*, de DACM; Davis Loira, tamén sobre *I Apolize*; Uxía Vaello, sobre Puro e Duro e o Festival; Sara Casasnovas, sobre o Festival; Comba Campoy, sobre Hisako Horikawa; este último sobre o seu estilo, e Cristina Domínguez, sobre o Festival.

Bermúdez, Silvia, "*Os hemisferios*. María do Cebreiro", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Libros", 2007, p. 195.

Silvia Bermúdez salienta con respecto a *Os hemisferios* (2006), de María do Cebreiro, que se trata dunha orixinal proposta que convida a visitar *hemisferios* a través das palabras e o diálogo con outras esferas artísticas recorrendo ás *perfomances*, xa que o proxecto non pode deixar de lerse sen ter en conta as fotografías que o acompañan, da artista portuguesa Joana Pimentel. Recoñece nos trinta e sete poemas que conforman o libro "viaxes interplanetarias" e mais "exploracións do proceso poético" e "poemas satélite" de contida brevidade, todos eles mostras da concepción da poesía como territorio de busca e experimentación na procura de novas formas de intervención na realidade.

Bernárdez, Carlos L., "*Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede*. Gustavo Pernas Cora", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Libros", 2007, pp. 179-180.

Cualifica o ensaio *Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede* (2006), de Gustavo Pernas Cora, como unha obra singular que se aproxima ao *Dèjeuner sur l'herbe* de Manet, "obra chave na evolución da Historia da Arte". Bernárdez apunta que o autor do ensaio fai dialogar este cadro co seu contorno cultural, en particular coa construción do teatro moderno, analizando nomeadamente a creación da "cuarta parede", a carón do abordamento de temas como a atracción erótica, o gozo e o pracer

dende a ollada da súa evolución cara á modernidade. Destaca tamén o texto limiar de Manuel Forcadela que encabeza o ensaio.

Bernárdez, Carlos L.,"Manuel Vilanova, *A Esmeralda Branca*." *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 69, tomo I, ano XVIII, "Publicacións", xaneiro-febreiro-marzo 2007, pp. 131-132.

Comentario sobre o último poemario de Manuel Vilanova, *A Esmeralda Branca* (2006). Destaca do poemario a súa extensión e a reiteración temática, asi como as nuemrosas referencias culturais, estéticas, artísticas e simbólicas que se manifestan ao longo do discurso poético. Afirma que a poesía para Manuel Vilanova funciona como "autocoñecemento, tradución e reflexión do mundo". Tamén salienta a débeda do poeta ourensán con figuras literarias tan destacadas como Ramón Otero Pedrayo ou os poetas bucólicos latinos (Virxilio, Tibulo...). Remata louvando o xeito no que os poemas reivindican a tradición e a renovación constante da linguaxe.

Bernárdez Vilar, Xoán, "Autonomía cultural", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 151, "Rolda da cultura", xaneiro-febreiro 2007, pp. 82-87.

O autor presenta unha compilación atendendo, dende distintos prismas, aos eventos máis destacados da cultura galega. En primeiro lugar lembra como foi a primeira interpretación pública do Himno Oficial de Galicia en 1907, na Habana, debido a peculiar interpretación que del realizaron Cuchés Pimentel e Delio Domínguez no Parlamento de Galicia co gallo do seu vinte e cinco aniversario. A seguir, no eido audiovisual, destaca que Lorenç Soler, recibiu a Medalla de Ouro da Academia Galega do Audiovisual polo seu traballo como profesional. Dentro da Banda Deseñada, ademais de renderlle homenaxe a Joseph Barbera e Iwao Takamoto, informa de que se celebrou, en Madrid, a mostra 'A historieta Galega' e, no museo Verbum-Casa das Palabras de Vigo, a exposición 'Cinco anos de *BD Banda*'. No apartado de cine e teatro menciona que a obra *O afundimento do Titánic*, de Breogán Riveiro, recibiu o Premio Internacional Barriga Verde para Teatro de Títeres 2006, na modalidade de monicreques para rapaces. A seguir menciónanse diversas novas, entre as que se destaca a aprobación no parlamento galego da *Lei do Libro e da Lectura* e que, segundo Xosé-Henrique Casas, existen trinta poemas que, antes se consideraban traducións, que son da autoría de Álvaro Cunqueiro. Tamén se informa de que Ramón Villares pronunciou o seu discurso de entrada na Real Academia Galega, no que fixo unha lectura histórico-idolóxica do pensamento galeguista de *Arredor de si* de Otero Pedrayo, que foi respondida por Víctor Freixanes. Finaliza comentando a entrega de diversos premios, como o Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil, convocado pola Deputación da Coruña, que foi para Antonio Iáñez, por *Viaxe a Libunca*; o Premio Lueiro Rei de Narrativa Curta, patrocinado polo Concello do Grove, que foi para *Canícula*, de Mariña Pérez e o Premio de Poesía Caixanova, que recibiu Marilar Aleixandre por *Mudanzas*.

Bernárdez Vilar, Xabier, "¿Lobos, "Carapuchiña"?", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 155, "Rolda da cultura", novembro-decembro 2007, pp. 24-27.

Despois dunha reflexión sobre a situación relixiosa nos anos cincuenta en Vigo e sobre o capitalismo, dáse conta de diversos actos culturais dende a entrega de diferentes premios ata novas relacionadas coa etnografía e o audiovisual galego. Referente ao audiovisual anúnciase que os premios "Opinión" de música de raíz organizados polo xornal *La Opinión* foron entregados no Teatro Colón da Coruña o 11 de outubro con diversas actuacións musicais. Tamén se comenta que o personaxe de banda deseñada Tarzán está de novo reeditándose por Planeta-De Agostini e que se celebrou en Ourense a "XIX edición das Xornadas de Banda Deseñada" na que houbo distintos espazos culturais e entrega de premios. No Carballiño celebrouse o Festival de Teatro Galego organizado pola compañía Nove Dous e a empresa Arteficción e paralelamente houbo unha mostra sobre os 125 anos do teatro galego. Asemade infórmase doutras edicións de festivais de cine e teatro noutros lugares galegos. Tamén hai un apartado de etnografía no que se comentan diversos traballos da escola de carpinteiros de Catoira ou da *Escola Obradoiro Mar de Vigo* ou novas sobre a Torre de Hércules, a muralla de Lugo e onomástica galega. Outro apartado refírese ás Letras con novas sobre a revista porriñesa *Malladoura* ou o encontro literario XXIV edición do Galeuscat con escritores de Galicia, Cataluña e Euskadi. Por último faise referencia a diferentes premios literarios outorgados ao longo do ano e á homenaxe recibida por Marica Campo en Guitiriz.

Bernárdez Vilar, Xoán, "O sempre carismático promontorio de Fisterra", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 153, "Rolda da cultura", maio-xuño 2007, pp. 93-99.

Entre os acontecementos culturais comentados, salienta a entrega de varios premios: o Premio Irmandade do Libro, os Premios da Asociación de Escritores, os Pedróns de Ouro e de Honra, os Premios da Crítica de Galicia, o Gran Premio do Salón Internacional do Cómic de Barcelona para Miguelanxo Prado e a sétima edición do María Casares de Teatro e do Fiz Vergara Vilariño de Poesía, entregado a Xosé Antón Neira Cruz. Por outra banda, aténdese ás obras dedicadas a María Mariño, co gallo do Día das Letras Galegas.

Biscaínho Fernandes, Carlos Caetano, "A dolorosa soidade de Inés de Valverde", *Casahamlet. Revista de teatro*, n.º 9, "Documentación", maio 2007, pp. 108-109.

Tal e como o seu propio título indica, Carlos Biscaínho esculca nas entrañas da soidade. Soidade que dá a coñecer mediante a súa interpelación a Inés de Valverde, espírito creador, desposuído de patria e sen entorno no que se sentir querida. A visión de Biscaínho semella ter sido fría e incríbel. De aí o cualificativo que completa o título: A dolorosa soidade. A ferramenta para facerlle fronte a este sentimento é a dimensión creadora, esa que, di Biscaínho, "inmuniza contra a vellice". Por iso a protagonista, Inés de Valverde é unha muller condenada á soidade, condenada por Deus a atormentarse todos os días da súa vida.

Biscaínho Fernandes, Carlos Caetano, "Estamos a falar de amor? Unha outra lectura d'*A árbore*, de Carvalho Calero", *Casahamlet. Revista de teatro*, n.º 9, "Documentación", maio 2007, pp. 110-115.

Reflexión en torno á obra dramática de Ricardo Carvalho Calero figura que reivindica como dramaturgo, máis aló do crítico literario, e o valor da súa obra e o compromiso desta na renovación da escena galega. O estudo céntrase na escolma publicada por Galaxia en 1971 baixo o título *Teatro completo* e que se compón das catro pezas: "A sombra de Orfeo", "Farsa das Zocas", "Auto do prisioneiro" e "A árbore". Todas elas conectadas por unha temática común: o amor e a vontade modernizadora do teatro galego. De entre as catro pezas, o artigo céntrase na análise da obra *A arbre. Auto en tres esceas e un epílogo-prólogo*. Dise que esta peza teatral, para moitos críticos unha obra innovadora e renovadora no panorama teatral galego, ten como eixo central a temática amorosa, concretamente, o difícil entendemento entre o home e a muller en asuntos de amor. Considera que *A arbre* representa a dualidade do ser humano diante da experiencia amorosa, na cal a muller é considerada na maioría das veces a responsábel do fracaso na parella.

Blanco Pardo, Isabel, "Análise dos problemas das bibliotecas públicas galegas", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "Lectura pública", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 26-35.

Afonda nas eivas do servizo público de bibliotecas en Galiza logo de dar conta dalgúns aspectos da Sociedade da Información. Critica o financiamento deficiente e o desinterese pola política bibliotecaria, advirte da debilidade que caracteriza as infraestruturas e instalacións e tamén alude aos problemas contextuais. Finaliza ofrecendo unha conclusión na que recolle os trazos da rede de bibliotecas e cita unhas propostas coas que mellorar a política bibliotecaria galega.

Blanco, Mighello, "FETEN '07: Verdade ou Fantasía?", *Revista Galega de Teatro*, n.º 51, "Festivais", verán 2007, pp. 39-43.

Comézase respondendo a diversas situacións da vida do articulista para debater se son verdade ou mentira os Reis Magos e Papá Noel, e as obras de teatro. A seguir reflexiónase que "cando imos descubrindo as verdades da vida, a miúdo nos resulta mellor voltar á fantasía". Debátese entre verdade e mentira, argumentando que "as dúas son códigos que fan vital o teatro". Explícase que estas reflexións serven de introducción á análise da Feira Europea de Teatro para Nenos e Nenas, celebrado anualmente en Xixón. Apúntase que todos os asistentes a consideraron a mellor edición celebrada até ese momento pola variedade de xéneros, polos contidos das pezas teatrais, polas interpretacións e traballos técnicos e polas direccións. Destácase que *Que viene el Lobo* recolleu os premios a Mellor Espectáculo (Kamante Teatro) e Mellor Actriz, Mellor Espectáculo Infantil e Mellor Guión (Luisa Aguilar) por ser "o mellor exemplo da marabilla de non enganar, utilizando a verdade e atreverse a partir de aí a voar cara á fantasía". Precísase que *La vida de un piojo llamado Matías*, de El Espejo Negro, mereceu o premio á Mellor Dirección (Ángel Calvente) e Mellor Iluminación, que *Pequenos paraísos*, de Arracaladanza, acadou *ex aequo* os premios de Mellor Música e Mellor Espectáculo; que *Niña Frida*, de Karlik Danza Teatro, recibiu o premio ao Mellor Vestiario, e que recibiron Mencións Especiais á difusión de outras culturas *África en cuento* (El Retablo), *La salida* (La Canela) e *La escuela vacía* (La Tentación Producciones). Dáse conta, así mesmo, de que ás noites se representaban obras cómicas

para o público adulto. Remátase aclarando que a producción teatral galega só estivo representada polo CDG coa peza *Tarará-Chis-Pum*, que "tivo unha acollida discreta entre os programadores".

Borrajo, Gena, "Antía Cal Vázquez, unha vida de superación", *Revista Galega do Ensino*, n.º 50, "Eduga", maio-agosto 2007, pp. 10-14.

Reportaxe sobre a vida de Antía Cal Vázquez, na que esta dá conta das súas experiencias como pioneira na docencia vinculada á cultura galega. Antía Cal fala da súa infancia na Habana e o retorno ao municipio de Muras, os estudos en Santiago, o seu casamento co galeguista Antón Beiras, a entrada en contacto coas innovacións pedagóxicas europeas e, finalmente, xa nos anos 60, a fundación do Colexio Rosalía de Castro de Vigo, onde traballa como docente e directora. Destaca o valor do documento como testemuño da presenza da cultura galega na escola durante a Ditadura, asi como da lingua, que se ben non se empregaba aínda como vehiculizadora de contidos, si se fomentaba no trato co alumnado.

Bouzas, Paula, "O arrecendo do superfluo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2, "proPostas", primavera 2007, p.15.

Breve recensión sobre unha das obras máis coñecidas da literatura recente, *O perfume* (2006), escrita polo autor alemán Patrick Süskind e a cal se presenta como "unha das mellores obras da literatura contemporánea". Todas as sensacións aromáticas que nela se detallan únense ao profundo realismo e crueldade con que se cuestiona a relación que as persoas temos co que nos rodea e isto, segundo di a autora do texto, "narrado marabillosamente a través da ironía e de imaxes de impactante realismo". Engádese tamén que os personaxes son presentados con realismo pero cunha visión moi pouco amábel do ser humano dentro dunha novela que nos transporta á Francia do século XVIII onde o protagonista, Grenouille, é un dos mellores aromistas coñecido pero ao tempo un cruel asasino.

Burgoa, Juan J., "Un apuntamento sobre Emiliano Balás Silva", *Atenea*, n.º 26, xaneiro-febreiro-marzo 2007, pp. 26-28.

Relata a biografía de Emiliano Balás Silva, un destacado pintor e escritor ferrolán. Conta que naceu o 25 de maio de 1859 e que estudou Medicina en Santiago, que realizou unha intensa actividade social, profesional e cultural e que foi membro de salientábeis institucións ate a súa morte o 23 de xuño de 1934. A continuación fai referencia á faceta de pintor de Balás, asi como, ás súas actividades literarias. Dá conta da súa relación co teatro e afirma que escribiu obras de corte popular, polo que foi catalogado como "costumista". Indica que moitas delas non foron nin representadas nin editadas e salienta as seguintes: *A noite de San Xoán*, *Estranxeiro na súa terra*, *A mal casada*, *O venideiro* e *A falsa venda*. En canto á obra poética de Balás, afirma que a maioría dos seus versos están escritos en castelán mais tamén realizou composicións en lingua galega coas que se adscribe ao grupo dos "epígonos do Rexurdimento". Comenta que os poemas de Balás están espallados por distintas publicacións, como por exemplo, *Almanaque Gallego*, *El Eco, Labor Gallega*, *A Nosa Terra*, etc. No seguinte apartado

fai referencia ao labor desempeñado por Balás no Ateneo Ferrolán, no que realizou varios traballos e presentou numerosas conferencias, asi como exercer a presidencia. Finalmente, reclama unha maior atención e estudo deste escritor e achega cinco poemas: "A Rosalía Castro", "¡T'envexo!", "A leitiriña", "A terra d'o feitizo" e "Cipriana".

Cabada Castro, Manuel, "Unha compartida teima galeguista ata o final: Díaz Baliño, Casal e Cabada Vázquez", *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, n.º 10, 2007, pp. 87-109.

Trata da amizade existente entre Camilo Díaz Baliño, Xesús Cabada Vázquez e Ánxel Casal. Sinálase que o motivo para afondar nesta liña é dobre, pois por unha banda ambos os tres morreron en 1936, polo que en 2006 se conmemora o septuaxenario das súas mortes. Pola outra, as tres figuras senlleiras do galeguismo apareceron vinculadas en *Conto de Guerra*, un "libriño-folleto" escrito e ilustrado por Díaz Baliño e editado por Ánxel Casal, que foi atopado recentemente na biblioteca de Cabada. En base a isto profúndase na relación existente entre os tres intelectuais galegos, relacionados co movemento galeguista, tanto no ámbito cultural coma político. Achéganse documentos de grande interese, coma a correspondencia entre Cabada, Baliño e Casal, asi como abondosos datos sobre a vida dos tres.

Camboy, Comba, "Ana Vallés. Programador de En pé de pedra", *Escaramuza*, n.º 24, "En portada", verán 2007, p. 5.

Tendo presente o incremento de espectadores, a diversidade de públicos e as dificultades económicas, Ana Vallés manifesta que consonte o paso do tempo os obxectivos e o festival foron variando, chegando o espectáculo de danza contemporánea a ter sona fóra de Santiago.

Campos Villar, Xabier, "A evolución ideolóxica de Manuel Lugrís Freire", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Artigos", 2007, pp. 45-52.

Esculca na evolución ideolóxica de Manuel Lugrís Freire mediante a participación en diferentes proxectos do rexionalismo, do agrarismo e do nacionalismo, como a Cova Céltica (A Coruña, 1896), a Liga Gallega (1897), Solidaridad Gallega (1907), a "Hirmandade de amigos da Fala Galega" (1916, A Coruña), a Federación Republicana Gallega, o Partido Autonomista Republicano Agrario, o Partido Galeguista, a redacción dos anteproxectos de Estatuto de Autonomía de Galicia e o proxecto estatutario definitivo de 1936.

Candal, Lázaro, "Vive la placa que dignifica el Himno Nacional Gallego", *Canal NW*, n.º 20, ano II, "Canal de opinión", outubro de 2007, p. 14.

Co gallo da celebración dos cen anos do Himno Galego, Lázaro Candal reflicte a galeguidade da Galicia emigrante. Proba disto foi a interpretación por vez primeira do "Himno Nacional Gallego" o 20 de decembro de 1907 no Centro Galego da Habana

grazas á iniciativa de José Fontenla Leal. Esta información quedou materializada nunha placa situada nos soportais do Centro Galego da Habana, ao lado da entrada ao teatro.

Carredano Cobas, Ramón, "Historia do Liceo (XXIII)", *Alameda*, n.º 28, setembro 2007, pp. 6-9.

Carredano dentro do relato sobre a historia do Liceo de Noia, dirixido por Xosé Luís Rodríguez Hermo, dá conta de que se levou a cabo unha exposición do libro galego, así como outras actividades como a formación dun grupo de teatro que ía representar a obra de Blanco Amor, *Farsa de Micomicón e Adelhala*, e que, posteriormente, se convertería no Grupo Candea.

Casal, Uxía, "Con bo pé", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1, "proPostas", inverno 2006-2007, p. 16.

Comentario da última novela de éxito de Domingo Villar, *Ollos de auga,* Ed. Galaxia, 2006, protagonizada polo inspector Leo Caldas e o seu axudante que desenvolven o seu labor na cidade de Vigo e os seus arredores. Destácanse as correctas descricións dos lugares onde se desenvolve unha acción que non cansa en ningún momento xa que presenta un ritmo fluído malia ter un final algo precipitado. Dise que a novela conta con todos os ingredientes do xénero, unha prosa coidada e trazos humorísticos que unido á variedade de personaxes que se van sucedendo achegan verosimilitude á obra.

Casal, Uxía, "Camilleri entre nós", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2, "proPostas", primavera 2007, p.14.

Primeiramente describe de forma breve os comezos literarios de Andrea Camilleri con relatos policiais e achega pequenos trazos da súa biografía para logo comentar a súa última obra *A pensión de Eva* (2006) traducida ao galego por Carlos Acevedo. Dela dise que é un relato "incualificable" no que "unha vez máis destacan as mellores características do autor" e a continuación cóntase a súa temática da que se destacan como temas centrais o espertar do sexo e a amizade. Por último destácanse como características da obra o ritmo áxil, un fino sentido do humor e ás veces un certo patetismo.

Castro, Aurelio, "Nas estremas do aparato cultural", *Tempos Novos*, n.º 116, "Entreculturas/Entrevista", xaneiro 2007, pp. 72-75.

Informa da entrevista feita por Aurelio Castro ao cineasta Alberte Pagán e ao escritor Samuel Solleiro. Na entrevista conversan de cadanseu oficio. Explícase que Alberte Pagán é un filólogo e crítico de cine que editou *Conversas en Zapatera* (2002), *Como foi o conto* (2004), *Os Waslala* (2006) e *Bs.As* (2006). Por outro lado, dise que Samuel Solleiro publicou o libro de relatos, *Elexías a deus e ao diaño* (2001) e *Dz ou o libro do esperma* (2006). Ambos sinalan que traballan á marxe de doutrinas normalizadoras e que o fan por puro pracer e amor á arte. Nesta conversa falan tamén da ética no facer cultural e das diferentes subvencións que hai en Galicia para o mundo do cine e a

literatura.

Castro, Francisco, "A pesar de todo", *Grial. Revista Galega de Cultura*, Tomo XLV, n.º 173, "Lectura pública", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 68-71.

Fala do baixo índice de lectura e da importancia de ler para o desenvolvemento dunha sociedade e despois pasa a afondar no fomento da lectura. Con prototipos, explica diversos xeitos de promocionala. Asi, analiza a repercusión dos contacontos, das sinaturas e presentación de libros, das campañas institucionais, dos medios de comunicación, do sistema educativo e das librarías. Finaliza animando a mudar a situación.

Castro, Xavier, "Risas, amores e vendimas", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 70, tomo II, ano XVIII, abril-maio-xuño 2007, pp. 209-241.

Analiza o traballo popular da vendima baseándose nos escritos dalgúns autores, como por exemplo *A lagarada* (1928)*,* de Ramón Otero Pedrayo; *Un hombre que se parecía a Orestes* (1969)*,* de Álvaro Cunqueiro; os poemas de Ramón Cabanillas e as novelas de Emilia Pardo Bazán, entre outros. Lémbrase que até comezos do século XX os concellos ou a Igrexa, a cal era receptora de rendas, estipulaban unha data para comezar a vendimar entre setembro e outubro, quen non a cumpría até podía ir ao cárcere. Sinálase que era habitual que houbese infractores porque os viticultores tiñan medo a que a choiva ou as aves estragasen o cultivo, outras veces facíano por envexa do primeiro que colleitou ou para ter viño para as festas e os xornaleiros.Tamén se explica que a comida que se facía na vendima era mellor e máis abondosa que a habitual e sempre estaba acompañada de viño, aínda que ás mulleres lles dában menos comida e en lugar de viño deixábanlles comer uvas. Remátase sinalando que o viño proporciona alegría polo que a vendima se convertía nun lugar propicio para as risas, o baile e o cante. Tamén era o lugar ideal para as relacións amorosas e sexuais.

Castro Buerger, Iago, "Os hemisferios de María do Cebreiro: novas xeografías poéticas", *Dorna. Expresión Poética Galega. Expresión Poética Galega*, n.º 31, "Caderno da crítica", 2006-2007, pp. 127-129.

Refírese ao novo poemario de María do Cebreiro, *Os hemisferios* (2006), que considera que demostra que é unha poetisa "que por vontade e capacidade ben pode ocupar espazos ata o de agora pouco transitados na nosa poesía". Explícase que os hemisferios aos que se refire o título son entendidos como, por unha banda, o lugar ocupado polo poema e a creación literaria mentres que, pola outra, os lugares a onde nos remiten todos estes versos. O autor do artigo salienta o conxunto de poemas titulados con nomes de astros. Estes, vertebradores do poemario, teñen en común o seu carácter dialóxico. En relación ás voces que habitan a obra, sinálase a rendibilidade do propio título, *Os hemisferios*, pois "se pode estabelecer unha división entre aqueles poemas planetarios de carácter dialóxico e aqueles en que unha voz reflexiona sobre distintos motivos desprendidos do título". Os primeiros, considera que ofrecen unha serie de encontros e situacións entre cotiáns e extravagantes, coloquiais e profundamente filosóficas mentres

que os segundos suxiren pausas e silencios que chegan a completar, en ocasións, aos anteriores.

Castro Vázquez, Olga, "*Sexo e lugar*. Carmen Blanco", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Libros", 2007, pp. 180-182.

A propósito de *Sexo e lugar* (2006), de Carmen Blanco, Olga Castro apunta que con este libro a autora pecha a triloxía que comezou con *Literatura galega de muller* (1991) e continuou en *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (1995), pois integra as dúas perspectivas anteriores: a análise da produción de escritoras galegas e a visión das mulleres por parte dos escritores. Salienta neste sentido o carácter interdependente e heteroxéneo dos ensaios que conforman *Sexo e lugar*, unidos polo discurso crítico feminista. Percorre a seguir os apartados do libro percibindo xa dende o expresado no "Limiar" certo desequilibrio no espazo concedido aos diferentes temas, variacións de ton e estilos de escrita, produto dos contextos para os cales foron escritas as diferentes achegas, e tamén frecuentes repeticións de referencias e ideas que aconsellan "a lectura illada de cada capítulo". Sinala tamén os temas abordados en cada un dos capítulos: "Amores", dedicado á literatura medieval galego-portuguesa; "Rosalías", onde aborda as imaxes da poetisa de Padrón; "Praceres e poderes", onde repasa as análises críticas feministas sobre as obras de Eduardo Pondal, Manuel Leiras Pulpeiro, Ramón Otero Pedrayo, Daniel Castelao e Anxel Fole; "Belezas e horrores", centrado nas poéticas de Rosalía, Olga Novo, Xohana Torres e Luísa Castro, entre outras; "Voces", onde caracteriza a escrita de María Mariño ou José Ángel Valente; e, finalmente, "Artes", que se achega á poesía plástica e á pintura surrealista de Eugenio Granell e aos lenzos libertarios de Isaac Díaz Pardo.

Cid, Xabier, "María do Cebreiro. O que teñen que facer os escritores é pensar e deixarse de caralladas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1, "proTagonista", inverno 2006-2007, pp. 24-27.

Longa entrevista a María do Cebreiro que se centra na súa obra *Os hemisferios* (2006) e o proceso que a levou a escribir. Segundo nos conta o título da obra foi moi debatido porque ela buscaba un que fose case de carácter científico aínda que resultase frío e logo céntrase na temática: a cotidianeidade, a incomunicación, os roles de xénero que a sociedade constrúe e mesmo afirma que pode considerarse un libro de amor.

Cid, Xabier, "Narciso de Gabriel ¿De que nos valeu saber ler?", *Tempos Novos*, n.º 120, "Entreculturas/Entrevista", maio 2007, pp. 66-72.

Xabier Cid entrevista a Narciso de Gabriel, Catedrático de Teoría e Historia da Educación e Decano da Facultade de Ciencias da Educación da Coruña. Na entrevista, Narciso de Gabriel fala do seu estudo *Ler e escribir en Galicia* (2006), traballo que trata sobre o proceso de alfabetización en Galicia ao longo da historia. As taxas de alfabetización, a súa distribución xeográfica, a incorporación da muller á escritura e lectura ou o impacto da emigración, son algúns dos apartados tratados nesta entrevista. Narciso de Gabriel destaca que a mediados do século XIX, Lalín e A Fonsagrada era dous dos lugares máis alfabetizados e, polo tanto, máis cultos de Galicia. Tamén resalta

que eran os homes os que tiñan a posibilidade de aprender a ler e a escribir, mentres que nas mulleres non acontecía isto. A explicación de por qué en Galicia existía unha taxa de alfabetización máis alta que no resto de España ou por qué eran os homes os máis alfabetizados, radica para o Catedrático de Teoría e Historia da Educación en dous aspectos fundamentais: a emigración (fundamentalmente de homes) e o servizo militar. Ao longo da entrevista tamén se salienta a importancia dos mestres de "ferrado" ou escolantes, é dicir, mestres afeccionados e que funcionaban normalmente no rural nos meses de inverno. A entrevista remata cunha reflexión sobre a máis que posibel pouca importancia da alfabetización no proceso de modernización dunha rexión ou bisbarra.

Cobas Carral, Andrea, "Literatura galega no café Tortoni", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "Crónica", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 130-135.

Despois de dar conta do que supuxo o golpe militar para os galegos en Bos Aires, céntrase en subliñar o papel do Café Tortoni, un lugar no que parte dos exiliados trataron de planificar "outra historia para Galicia". Logo de abordar a vinculación do Tortoni e da diáspora galega, alude ao proxecto "Lectores galegos en Buenos Aires" e aos textos seleccionados no corpus de traballo. Refírese á elección do material, aos sentimentos cos que os netos de emigrantes viviron o 2006 e ao traballo de lectura que están a seguir. Finaliza aludindo aos obxectivos do proxecto para iluminar "os buracos negros que minan as nosas lembranzas".

Corral Uzal, María Luz, "As bibliotecas municipais de Oleiros ante a Sociedade da Información e do Coñecemento", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "Lectura pública", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 36-41.

Logo de dar conta das actitudes lectoras da sociedade actual, de aludir aos parámetros da actuación das bibliotecas públicas e de referirse á realidade galega, pasa a afondar o caso de Oleiros, con nove bibliotecas municipais. Historia, orzamentos, datos de fondos e de empréstito, tecnoloxías e servizos que prestan son analizados pola autora, que fai fincapé nas actividades levadas a cabo nas bibliotecas.

Corrons, Fabrice, "Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede", *Revista Galega de Teatro*, n.º 50, "Libros", primavera 2007, pp. 94-95.

Recensión do ensaio de Gustavo Pernas Cora, *Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede* (2006), unha obra na que intenta contextualizar a xénese dun teatro en que a negación da presenza espectatorial induce certo tipo de *voyeurismo* de parte do espectador. Asemade, analiza *Le dejéuner sur l'herbe* (1863), cadro de Eduard Manet, que revoluciono o mundo da Arte con esta escena, estabelecendo relacións coa construción da "cuarta parede", así como as asociacións existentes entre teatro e pintura. Explícase que Pernas intenta nesta monografía implicar ao lector, invitándolle a participar na investigación.

Costa Rico, Antón, "Unha fértil biografía", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 174, Tomo XLVI, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2007, pp. 109-111.

Destaca que *Este camiño que fixemos xuntos* (2006), de Antía Cal, amosa unha muller que entra no circuíto da formación e da cultura escolar e que posteriormente casa cun médico, ten catro fillos e ten os azos para crear un colexio en Vigo. Tamén sinala que repasa a traxectoria vital de Antía Cal, deténdose na fundación en 1962 do colexio Rosalía, e remata falando do prólogo de Xesús Alonso Montero nos que reflexiona sobre os desafíos do galeguismo e da esquerda en Antía Cal.

Costas, Xaime, "I Xornadas de Teatro Afeccionado FEGATEA 2006 Distribución do Teatro Afeccionado", *Revista Galega de Teatro*, n.º 50, "Festivais", primavera 2007, pp. 81-83.

Recolle algunha das intervencións dos participantes nas primeiras Xornadas de Teatro Afeccionado FEGATEA (Federación Galega de Teatro Afeccionado), celebradas no Auditorio do CGAC (Centro Galego de Arte Contemporáneo) os días 8 e 9 de decembro de 2006. Indica que ao longo desta xornadas debateron sobre cuestións como a preparación dos "Circuítos de Teatro Afeccionado de Galiza" ou a ampliación de mostras xa existentes. Por último, comenta que, ao remate de cada xornada, os participantes asistiron ás representacións do V Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán.

Couto, Xerardo, "A lei de Shylock", *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico,* n.º 72, tomo IV, ano XVIII, outubro-novembro-decembro 2007, pp. 567-572.

Trátase a cuestión xudea, concretamente a denuncia do antisemitismo, na obra *O mercador de Venecia* (1600)*,* de Shakespeare, a través das versións cinematográficas de Trevor Nunn e Michael Radford que ofrecen distintos enfoques. Analízanse os diferentes recursos que empregan para agradar ao público moderno: a adición dunha introdución que estabelece o ton dos filmes, a alteración da orde das escenas para modificar significados e incluso a modificación do final da obra. Ao final saliéntase o poder do Dereito como eixe central que dá forma e unidade á obra.

Darriba, Manuel, "A moza que sabe", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1 "proPostas", inverno 2006- 2007, p. 28.

Gabanza da obra poética de María do Cebreiro, *Os hemisferios* (2006), da que se di que posúe unha madurez excepcional malia pertencer a unha xeración de poetisas moi novas pero cun gran talento. Sinálase que a temática principal é o "contacto" entre persoas que pode revestir formas moi diversas, de aí o título do libro, no que se observan "dualidades en perpetuo desencontro que levan, inevitabelmente a un ton nostálxico".

Dasilva, Xosé Manuel, "Nélida Piñón de novo en galego", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 117-118.

Logo de subliñar a importancia da aposta pola tradución nos últimos tempos, pasa a abordar a versión que Marga do Val fai de *A casa da paixón* (Galaxia, 2006), de Nélida Piñón. Refírese ás obras traducidas ao galego de Piñón e á grande acollida desta última obra nas súas distintas edicións. Fala da xestación da novela, da trama, dos personaxes, temática e intencionalidade. A defensa da muller e o compromiso social e político da obra tamén son salientados. Por último, céntrase na tradución de Marga do Val e demanda "a versión en galego de máis títulos de Nélida Piñón".

Dasilva, Xosé M., "As traducións galegas de Juan Ramón Jiménez", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 174, Tomo XLV, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2007, pp. 108-109.

Comenta o volume *Música de otros. Traduciones y paráfrasis* (2006), unha obra que contén traducións realizadas ao español por Juan Ramón Jiménez, con edición bilingüe de Soledad González Ródenas, do que se destaca a súa "requintada feitura". Con respecto ás versión de escritores galegos sinálase que conta con versos de Rosalía de Castro como "Dulce sueño", "Mayo largo… mayo largo", "Negra sombra" e un anaco de "¡Para La Habana!", e "¡Ay!", de Manuel Curros Enríquez. Fálase tamén da posibilidade que Juan Ramón Jiménez fixese outras traducións desde a lingua galega e remátase subliñando o celo extremo co que aparecen transcritas estas traducións galegas.

Dasilva, Xosé Manuel, "No centenario do escritor de Tras-os-Montes. Miguel Torga Galicia", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 175, Tomo XLV, "O espello das letras", xullo,agosto,setembro 2007, pp. 140-145

O profesor na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo aborda a figura de Miguel Torga, pseudónimo literario de Adolfo Correia Rocha. Miguel Torga é, segundo Dasilva, un dos autores máis importantes do panorama literario portugués do século XX . Sinala que neste ano se está a celebrar no país veciño o centenario do nacemento deste escritor e por este motivo sucédense múltiples actos de homenaxe, desde ciclos de conferencias, coloquios e exposicións até representacións teatrais, reedicións e entregas bibliográficas. Dasilva analiza en cinco apartados o decorrer existencial e literario de Miguel Torga. No primeiro bloque, repasa a obra literaria do autor portugués, centrándose nas súas obras máis destacadas e advertindo que era un autor polifacético. No segundo, aborda a tradución da obra literaria de Miguel Torga, afirmando que é un dos autores portugueses máis traducidos. "Galicia na visión de Torga" é o terceiro capítulo do estudo, no que analiza as alusións que aparecen na obra literaria do autor portugués respecto a Galicia. O cuarto apartado continúa coa temática do anterior, pero aquí céntrase na recepción que tivo a obra de Torga en diferentes autores galegos. Por último, a modo de coda, Dasilva salienta a "gloria futura" deste autor portugués na súa literatura e no panorama mundial.

Dasilva, Xosé Manuel, "Traducir *Longa noite de pedra ao castelán*", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 176, Tomo XLV, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2007, pp. 82-84.

Xosé Manuel Dasilva realiza un exame crítico acerca do proxecto editorial Rinoceronte, que naceu no ano 2006 dedicada en exclusiva á tradución. Esta editora dispón das coleccións "Contemporánea", "Clásica", "Poesía", "Vétera" e "Inversa". Esta última colección é obxecto dunha crítica por parte do articulista debido ao intervencionismo, proceso que propicia no lectorado a impresión de que recibe unha obra española e non galega, na acción da editorial e nas incoherencias na tradución de *Longa noite de pedra* ao castelán.

Delgado Corral, Concepción, "Desde a fronteira, memorial de perda e resistencia", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 120-121.

Comeza distinguindo catro partes en *Parábola do incrédulo* (Deputación de Pontevedra, 2006), libro de poesía de Manuel Álvarez Torneiro. Logo de advertir que non supón ningunha ruptura coa obra anterior, pasa a abordar a trama e revela que os poemas están cargados de emocións e sensacións. Tamén dá conta dos diferentes temas que trata e subliña a importancia do paso do tempo, presente en toda a obra. Finaliza advertindo da presenza continuada do "eu" do autor.

Díaz de Guereñu, Juan Manuel, "No triste, sino maravillado", *Revista de Libros*, n.º 126, "Clásicos españoles", marzo 2007, p. 43.

Con motivo da publicación de *Obras literarias* (2006), de Rafael Dieste, fálasenos da súa persoa e dos seus traballos e recórdasenos a importancia da súa obra, moitas veces esquecida debido á súa disparidade e variedade intelectual. Considera que Dieste destacou polo seu compromiso solidario e o seu carácter esperanzador. Entre outros temas, sinálase que se interesou pola reflexión filosófica e as matemáticas, que foi escritor, periodista, crítico e profesor. Explícase que esta edición das súas *Obras literarias* inclúe dúas obras dramáticas: *Viaje y fin de don Frontán* e *Duelo de máscaras*, o poemario *Rojo farol amante*, o ensaio *La vieja piel del mundo* e a colección de relatos *Historias e invenciones de Félix Muriel*. Sinálase que nos seus escritos destaca unha conciencia clara dos problemas da existencia que inclúen as desigualdades e as inxustizas, o cal afronta cun espírito esperanzador e presto á marabilla.

Díaz Martínez, Carlos, "Celso Emilio Ferreiro Emigrante: Edición e militancia", *Arraianos*, n.º VI, agosto 2006, 2007, pp. 113-120.

Análise da obra de Celso Emilio Ferreiro editada en Suíza e Venezuela dende 1966 a 1973 co obxectivo de dar luz nesta etapa do escritor tan pouco estudada. En primeiro lugar, para unha mellor comprensión do tema, aporta unha ampla información a cerca da militancia do escritor na UPG, da que foi cofundador. A seguir, comenta a etapa que vai de 1966 a 1972, na que estibo en Venezuela. Alí publica, ademais de diversa propaganda da UPG e o folleto "Castelao dixo", os números cinco e oito da revista *Terra e Tempo*, no primeiro deles aparece o seu poema "Cantigas da UPG". Entre outras publicacións tamén edita, xunto con outros militantes nacionalistas, o folleto de oito páxinas "O noso galeguismo" e realiza diversas composicións poéticas en castelán, e as *Cantigas de escarnio e maldecir*, que viron a luz co pseudónimo Aristides Silveira.

Da súa época en Suíza destaca, entre outras publicacións, a de tres poemas que viron a luz na revista *A Nosa Galiza* e *Cimenterio privado*.

D. L., "Blogs. Esperta do teu soño, Galpón de Breogán", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 4, "proXectil", outono 2007, p. 30.

Achega a algúns blogs galegos, como o de "Galpón de Breogán", no que se parodia á clase política galega, ademais de achegar información doutros sitios como "oportodosescravos" ou "ausenciaswikispaces", nos que se ofrecen reflexións sobre a literatura galega, os lectores e cuestións de actualidade.

Durán, Gabriel P., "*Spam*. Francisco Castro", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Libros", 2007, pp. 188-190.

Comentario centrado na novela *Spam* (2006), de Francisco Castro, gañadora do XXIV Premio Blanco Amor, que para Gabriel P. Durán participa dos códigos actuais da sociedade do espectáculo co engadido da cibercultura, a soidade existencial e unha singular arquitectura discursiva. Cualifica a narración como un labirinto de espellos no que existen dous marcos ficcionais que se vertebran a través de contraposicións como realidade / virtualidade, sometemento / liberdade ou represión / actividade fantasmática. Recoñece a presenza dun narrador consciente do seu status ficcional que manipula constantemente o lector, que ofrece mostras da súa retranca cunha intencionalidade crítica e ridiculizadora do poder social e económico e que interpela o lector para que interactúe na ficción, o que o converte "nun *voyeur* dunha auténtica *snuff movie*". Repara na introdución das novas formas de relación social, fornecidas pola rede, que aproximan o discurso textual aos correos electrónicos ou aos chats e cunha gran presenza do léxico informático. Aplicando o modelo actancial de Greimas, desenvolve o esquema actorial dentro dun proceso de privación no que actúa un agresor (o Director Xeral-*estehome*) e unha vítima (Gómez), que se proxecta á súa vez no obxecto do seu desexo inalcanzábel (Helena), e recoñece a plasmación "dunha modalidade de relación social que foi evolucionando desde a rexouba até o acto de comercializar coa existencia allea", asi como a despersonalización empresarial que se insire na ficción. Salienta que a novela propón "unha reflexión inquietante e aceda que remexe nas hipocrisias e nos mecanismos alienantes da sociedade da globalización e do espectáculo" e que se trata dunha "novela *en potencia*, de videoclip e de lectura áxil".

Equipo de Redación do Circo Nove, "O Novo Circo galego xa ten 'espazo", *Escaramuza*, n.º 23, "Salas e bares", maio 2007, pp. 15-18.

Analízase o proceso de consolidación do Novo Circo en Galicia, un dos xéneros máis eclécticos e modernos das artes escénicas. O artigo céntrase de xeito especial na labor que dentro deste xénero está a levar a cabo o espazo Circo Nove, dedicado á formación de novos artistas e a montaxe de espectáculos propios. Así, entre outros datos, fálase do seu esquema de organización interna, o modelo de traballo que emprega ou os retos que se plantexa para o futuro. Retos, estes últimos, que pasan polo necesario acondicionamento da súa nave de traballo e a compra dunha carpa de Circo itinerante.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Luz Pozo Garza", *Eco. Revista del Eje Atlántico*, n.º 191, "Entrevista", abril 2007, pp. 64-66.

Reprodúcese a entrevista que realiza Miguel Anxo Fernán Vello a Luz Pozo Garza con motivo da súa proposta como candidata ao Premio Nobel de Literatura, pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Na conversa, a poetisa e profesora, fala do que é a poesía para ela, que considera a súa propia vida; da súa formación literaria; do seu traballo como docente e investigadora como traballos sobre Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro ou Luís Seoane; do futuro cultural de Galicia, etc.

Fernández, Gonzalo, "O xigante comprimido", *Eco. Revista del Eje Atlántico*, n.º 189, "Libros", Febreiro 2007, pp. 70-71.

Informa do acto organizado con motivo do nomeamento do artista e empresario galeguista, Isaac Díaz Pardo, como doutor *honoris causa* pola Universidade da Coruña. Neste artigo saliéntase a importancia do creador de Sargadelos no mundo empresarial e cultural galego.

Fernández, Laura, "Baldo Ramos: escribo cuando las imágenes enmudecen y pinto cuando la palabra se hace visible", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 121, Ano XI, "Entrevista", maio 2007, pp. 16-19.

Conversa na que o celanovés Baldo Ramos comenta cómo empezou a escribir cando tiña dezasete anos pola morte do seu avó e a pintar, ao estar estudando en Santiago de Compostela. Afirma que escribe e pinta como as dúas caras dun mesmo oficio, indica que se identifica co nome de "calígrafo" e remata subliñando que lle enche de satisfacción que a Casa de Curros de Celanova se convertese nunha fundación aberta á literatura e á arte.

Fernández, Leonardo, "O universal inconfesábel", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1, "proPostas", inverno 2006-2007, p.18.

Comeza cunha referencia ás influencias que se atopan na nova obra de Xurxo Sierra Veloso, *Os mércores de Fra,* Ed. Sotelo Branco 2006, para introducirnos na temática da obra: a morte e a conversión da vida dun ser anódino en materia literaria. O autor do texto chama a atención sobre o logro de manter a intriga toda a novela para espertar a atención do lector. Por último valora que a obra se presente baixo un corsé narrativo tradicional pero "desafíe as regras da arte de contar" cun narrador en primeira persoa "nihilisciente".

Fernández, Leonardo, "Á conquista do salvaxe quiosco", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2, "proPostas", primavera 2007, p.17.

Tras unha pequena introdución na que se fai un repaso da evolución da chamada "literatura de quiosco" que engloba as chamadas "novelas de vaqueiros" e "novelas

románticas" dáse conta da aparición da obra de Xosé Díaz Díaz, *A morriña das balas* (2006), unha novela de vaqueiros ambientada na realidade galega. Resáltase o mérito lingüístico de recuperar o galego enxebre e de tentar facer unha novela de vaqueiros perfecta con todos os elementos típicos do xénero. Tamén se indica que quedan algúns fíos argumentais soltos e que hai certa inxenuidade para debuxar personaxes e situacións.

Fernández Pérez-Sanjulián, Carme, "Novas tecnoloxías, libros e bibliotecas dixitais", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 174, Tomo XLV, "Lectura pública", abril, maio, xuño 2007, pp. 140-147.

Fala da revolución que supuxo dentro da sociedade actual o desenvolvemento das tecnoloxías da información e das telecomunicacións (TIC) e céntrase en reflexionar sobre esta influencia no espazo da cultura, nomeadamente en relación co mundo do libro e da lectura. Destaca a influencia das TIC sobre todo o proceso que segue un libro, dende a súa escrita até a chegada ao lector, e despois analiza os novos servizos que as bibliotecas dixitais ou virtuais poden prestar, exemplificando coa "Biblioteca Virtual Galega" da Universidade da Coruña <http://bvg.udc.es> que é analizada polo miúdo.

Fernández Rei, Francisco, "A épica da pesca de altura segundo Jacobo Barros", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 69, tomo I, ano XVIII, xaneiro-febreiro-marzo 2007, pp. 133-137.

Ao comezo do artigo o autor refire publicacións recentes con temática de mariñeiros galegos. O groso do texto informa sobre a crónica novelada *Os ausentes de Castellón* (2005), de Jacobo Barros. Trátase dunha narración realista e con testemuñas dos protagonistas, mariñeiros galegos nos caladoiros do Gran Sol. A obra contén datos acerca da súa forma de vida, aparellos e técnicas empregadas para a pesca, e mesmo trazos que caracterizan o falar da xente do mar.

Fernández Rei, Francisco, "Homenaxe a Xosé Neira Vilas", *A Trabe de Ouro*. *Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 69, tomo I, ano XVIII, "Crónica", xaneiro-febreiro-marzo 2007, pp. 139-143.

Francisco Fernández Rei recolle por escrito a súa intervención na *Homenaxe a Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda*, que se celebrou no Auditorio Municipal de Cambados o 27 de xaneiro de 2007. Nesta homenaxe, Francisco Fernández Rei repasa a traxectoria vital de Xosé Neira Vilas, destacando os episodios e acontecementos máis importantes da súa vida: a súa infancia labrega e humilde, a súa emigración a Bos Aires, a súa colaboración na Revolución Cubana, o seu labor na defensa e promoción da lingua e cultura galega en América e o seu regreso a Galicia entre outros. Destaca tamén a importancia que tivo para el e para a literatura galega en xeral, a novela de Xosé Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego* (1961),da que analiza a figura de Balbino, o neno labrego que era o "outro eu" de Neira Vilas. A intervención de Francisco Fernández Rei remata cunhas palabras de admiración e agradecemento ao escritor de Gres.

Fernández Rei, Francisco, "Ramón Cabanillas. Galego Ilustre 'esquecido", *A Trabe de Ouro, Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 70, tomo II, ano XVIII, "Acoutacións", abril-maio-xuño 2007, pp. 269-273.

Francisco Fernández Rei achégase á figura literaria do poeta cambadés, Ramón Cabanillas. Neste traballo que é a reprodución da súa intervención na *Homenaxe a Cabanillas* que se celebrou no Auditorio Municipal de Cambados en decembro de 2006. Fernández Rei sinala que Cabanillas é, xunto aos tres grandes poetas do Rexurdimento, unha das figuras máis insignes e emblemáticas da lingua e cultura galegas. Destaca dous dos seus poemarios: *No desterro* (1913) e *Vento mareiro* (1915), obras das que sinala que renovan a lírica galega de comezos do século XX e que continúan o camiño iniciado por Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Tamén destaca a importancia da vila natal de Cabanillas, Cambados, na súa obra poética, asi como o feito de ser un autor monolingüe en galego, que o dominaba en todos os seus rexistros, sobre todo nun dos poemarios anteriormente citados: *Vento mareiro*. Tamén di que entre 1910 e 1920 foi o poeta simbolo da loita agraria debido ao emprego de simbolos como o lume e a fouce, que na década dos cincuenta foi o referente dos escritores aparecidos naquel momento e os seus poemas máis reivindicativos foron musicalizados na fase final do franquismo. Polo tanto, pensa que no seu momento foi respectado pero hoxe está esquecido xa que a crítica non lle dedica moitas páxinas e non hai nin unha asociación nin un premio literario co seu nome. Finaliza co requirimento do traslado dos restos de Cabanillas ao seu panteón de Fefiñáns, así como a creación dunha fundación que leve o nome do poeta cambadés.

Fernández Rei, María, "Toro, Suso de, (2006): *Home sen nome*, Vigo, Edicións Xerais, pp. 396", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Recensións", 2007, p. 229.

Comentario da última novela de Suso de Toro no que se sinala que se desenvolve a historia da vida dun vello en estado terminal que dende a habitación dun hospital compostelán relata as súas vivencias. Explícase que os oíntes son o compañeiro de cuarto e Celia, unha escritora que busca datos sobre a represión de 1936 en Compostela. Saliéntase que con lembranzas, como a pertenza ao exército fascista, os anos de vividor en Berlín e a pertenza á División Azul, se debúxa un home de ideoloxía franquista. Remata sinalando que o autor debuxa a visión da opresión do período da Guerra Civil mediante un achegamento ao personaxe principal que gozou coa destrución doutras persoas.

Fernández Salgado, Xosé A., "A última saída do gaiteiro do Burgo", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 174, Tomo XLVI, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2007, pp. 107-108.

Felicítase á profesora M.ª C. Ríos Panisse pola erudita investigación publicada baixo o título *Obra poética dispersa de Xoán Manuel Pintos* (2006). Detállase que este traballo recolle o estudo e a edición crítica de trinta e dúas composicións poéticas atribuíbeis a Pintos, que se publicaran n'*A gaita gallega*, asi como en xornais pontevedreses en 1850. Coméntase que conta cunha versión actualizada ortograficamente dos textos e destácase que nel o afán de Xoán Maneul Pintos é demostrar que o galego é unha lingua versátil válida para calquera manifestación artística.

Ferreiro, Alfredo, "De amor e deserto", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2, "Propostas", primavera 2007, p. 34.

Recensión da obra *As máscaras de Cronos* (2006), de Ramón Caride Ogando. Infórmase de que este volume contén tres libros anteriormente publicados (*Cerne das labaredas*, *Flor no deserto* e *Xeografías de sal*) e dous textos inéditos ou que só apareceron en revistas e libros colectivos (*Diacrónica* e *Addenda*). Saliéntase que esta obra poética ten preferencia pola temática amorosa erótica aínda que tamén trata do mar, da aldea, do cómic con referencias ao jazz e á decadencia social. Dise tamén que hai propensión polo verso lixeiro con doses de experimentalismo.

Ferreiro, Alfredo, "O retorno do corazón", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2, "proPostas", primavera 2007, p. 34.

Crítica do libro *Fundaxes*, de Martín Veiga, editado por Espiral Maior. A dor polo tempo perdido, polo que xa se foi, dende un ton fundamentalmente melancólico, é o tema central da obra, que parece ambientarse nos anos setenta, nunha Galicia rural que xa por entón comezaba a industrializarse. Sinálase que o pesimismo latente nesa reivindicación do pasado, que domina todo o poemario, é en ocasións "unha carga emotiva demasiado reincidente".

Ferreiro, Alfredo, "De saudades setentrionais", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 4, "proPostas", outono 2007, p. 13.

Fala da saída á luz do numero nove da revista anual portuguesa de poesía *Saudade*, que se define a si mesma como "setentrional". Lémbrase que ten contado coa colaboración de autores galegos como Xosé Lois García, José António Lozano, Xoán Neira, Carlos Quiroga, Xosé María Álvarez Cáccamo e Yolanda López, entre outros.

Ferreiro, Luís, "Que é o País dos anados?", *Arraianos*, n.º VI, agosto 2006, 2007, pp. 121-127.

Luís Ferreiro realiza un repaso da vida de seu pai, Celso Emilio Ferreiro, dividíndoa en dúas etapas diferentes, que coinciden coas obras *Longa noite de pedra* e *Viaxe ao País dos ananos*. Na primeira indica que Celso Emilio se dedica a escribir, incumprindo en moitas ocasións a lexislación vixente, pero tamén participa activamente nos movementos nacionalistas do momento. A seguinte etapa ten lugar xa na emigración en Venezuela, onde padecerá diferentes tipos de represión por culpa dun tipo concreto de emigrantes, que acabaría denominando "ananos".

Ferreiro Real, Cristina, "Arredor e Marta", *Alameda*, n.º 28, setembro 2007, pp. 35-40.

Publícanse o relato gañador do IV Concurso de Contos Liceo de Noia e as ilustracións de Alfonso Costa. O argumento resume a historia de desamor de dúas mulleres, cunha

terceira en discordia, observada desde unha ventá indiscreta a modo de evasión.

Figueroa, Soledad, "O galego é o cultivo máis fermoso que ten un pobo", *Xarmenta. Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta*, n.º 2, "Premios 2007", 2007, pp. 10-11.

Entrevista a Manuel Rivas co gallo de ser galardoado co III premio Xarmenta na que fala da honra de recibir este premio, de como chegou a ser escritor en lingua galega e da situación actual da lingua galega. Tamén destaca as vantaxes de estudar galego no Bierzo, anuncia que proximamente se publicará en Timor Leste unha edición bilingüe tetún-galego de *A lingua das bolboretas* e por último adianta que está a traballar nun libro de poemas que se titulará *A desaparición da neve* e tamén nunha novela.

Frías Conde, Xavier, "Interview to Dr Derek Flitter at the Café Comercial, Madrid", *Galician Review*, vol 5-6, 2006-07, pp. 106-111.

Lévase a cabo, por parte do autor, unha entrevista co profesor Derek Flitter, eminente hispanista e estudoso da lengua e da literatura galega. Perante unha serie de preguntas e comentarios varios a razón da súa estadía por motivos académicos en Madrid, o entrevistado vai facendo un percorrido polo interese e posterior desenrolo dos estudos de galego en diversos centros do Reino Unido. Afírmase o bo momento dos mesmos e o intersese por parte dos alumnos en varias universidades, ao considerar o galego como unha lengua vehicular no mundo da lusofonía e no da hispanofonía así como o enorme patrimonio etnográfico, cultural e histórico que lle pertence como resultado da evolución histórica de Galicia nun contexto tanto atlántico, vencellado a América, como Europeo.

Forcadela, Manuel, "A serea grega e o relato da castración en Álvaro Cunqueiro", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, 2007, "Estudos", pp. 7-27.

Análise do relato "A sirea grega", incluído no volume *Merlín e familia* (1955), onde Manuel Forcadela deseña as relacións entre a figura da serea, dona Teodora, e a da raíña Xenebra, outro dos personaxes principais. Rastrexa diferentes aparicións das sereas na literatura, aludindo á súa presenza na *Odisea* ou na lenda dos argonautas que relata Apolonio de Rodas. Salienta que no relato de Cunqueiro a presenza da personaxe mestura o tema do amor e o da morte e concentra a tensión entre a atracción e a repulsión, estabelecendo unha lectura cargada de referencias sexuais implícitas no ámbito da ficción. Afirma que as figuras da serea e de Xenebra resultan ser, ademais, correlatos no plano do imaxinario da nai de Cunqueiro no plano do real, tal e como o autor verbaliza as lembranzas familiares. Conclúe poñendo de relevo que o tema da castración (a incapacidade para resolver no plano do simbólico un conflito imaxinario) e do desexo como frustración (porque non sempre o Imaxinario resolve os conflitos do Real) comparecen, ademais, vinculados á propia comprensión do galeguismo como ideoloxía traumática, tal e como Cunqueiro os asimila intimamente ao longo da súa obra, converténdose nun dos seus temas reiterados e predilectos.

Forcadela, Manuel, "O ensaio no ano 2006", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Panorámicas", 2007, pp. 111-122.

Manuel Forcadela estrutura a produción de 2006 no eido do ensaio en tres grandes eixes temáticos: a literatura, a filosofía e a política. Entre os ensaios relacionados coa literatura destaca: *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*, de Ramón Villares, no que recoñece o seu afán divulgador e o seu carácter de libro imprescindíbel para construír o personaxe de Ramón Otero Pedrayo; *A pretensa nostalxia da autoridade (Unha interpretación parcelar d'*O porco de pé *de Vicente Risco)*, de Alva Martínez Teixeiro, IV Premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve, obra que Forcadela cualifica de iniciación, pero que sinala un bo facer por parte da autora; *Respirar polo idioma (os galegos e Julio Cortázar)*, de Francisco Xosé Fernández Naval, do que salienta a mestría narrativa do autor para abordar un percorrido pola vida e obra de Cortázar e a súa relación con personaxes vinculados a Galicia; e, finalmente, *Sexo e lugar*, de Carmen Blanco, do que comenta que a autora continúa coas súas liñas de investigación –feminismo, poder, literatura e nación – centrándose nos sucesivos capítulos do seu ensaio en temas como o matrimonio sen amor, a figura de Rosalía de Castro ou o tratamento da muller en Eduardo Pondal, Manuel Leiras, Ramón Otero, Daniel Rodríguez Castelao e Anxel Fole. Con respecto aos ensaios dedicados á filosofía, Forcadela céntrase en títulos como *O suxeito posmoderno*, de Rebeca Baceiredo, Premio Ramón Piñeiro de Ensaio, arredor da "crise do suxeito moderno e a emerxencia do suxeito posmoderno"; *A violencia excedente*, de Francisco Sampedro no que, segundo Forcadela, o autor dialoga arredor de cuestións como a morte, a violencia ou a vontade de dominio cunha corrente de pensamento que parte do marxismo e se incrementa coa psicanálise; e *Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede*, de Gustavo Pernas. Pechan esta panorámica as consideracións referidas a ensaios arredor da política e da memoria como *A terra cantada*, de Camilo Nogueira; e *Epistolario a Francisco Fernández del Riego de Ricardo Carballo Calero*, editado por Dolores Vilavedra e Montserrat Pena, que Forcadela cualifica como "un documento de enorme interese para calquera historiador e/ou crítico da cultura galega e da súa literatura".

Fraga, Xan, "Voces Ceibes e a censura franquista", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "Documentos", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 83-85.

Comézase ofrecendo o panorama político-social no que xurdiu a Nova Canción Galega (N.C.G) e concretamente o grupo Voces Ceibes: a represión franquista, a oposición antifranquista composta polos movementos obreiro e estudiantil e a recuperación nacional da lingua e cultura en Galicia mediante a Editorial Galaxia e a creación de distintas asociacións culturais. Logo dáse conta da carta na que Manuel María alude á N.C.G e ao nacemento de Voces Ceibes en 1968, trascríbese o poema dedicado ao músico catalán Raimon, titulado "Remol" (1970), e fálase do recital da Nova Canción Galega na Facultade de Medicina, da presentación do grupo Voces Ceibes cun recital no Cinema Capitol e da súa desaparición en xaneiro de 1975, cuxos integrantes pasaron a formar parte do Movemento Popular de Canción Galega. Por último, faise referencia ao informe policial, reproducido íntegramente, que se centra nas actividades da corrente.

Franco, Camilo, "O quinto elemento", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e*

Auditorios, n.º 1, "Comentario Teatro", marzo 2007, p. 29.

Comenta Camilo Franco a situación do teatro galego actual. Afirma que o teatro se fai para os espectadores e se representa ante un público que cada vez máis hai que motivar, comenta que o obxectivo da normalización do teatro galego está en conseguir que a xente cambie o seu espazo de lecer, xa que a variedade do espectáculo teatral galego é moi ampla, e propón como exemplo, a programación presentada este ano polo IGAEM. Por último, indica que outro sintoma positivo é a atención que mostran os nenos, os cales obrigan aos adultos a acudir con eles ás representacións.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón, "Enunciación e estilo na obra de Manuel María", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Artigos", 2007, pp. 67-76.

Análise pormenorizada da enunciación e o estilo na obra de Manuel María, que se caracteriza por un predominio do discurso subxectivo sobre o obxectivo consonte o nivel de implicación do autor; pola riqueza polifónica acadada a través do discurso directo, da voz colectiva do pobo e da polifonía implícita, e pola convocatoria de interlocutores e confidentes nos seus versos a través do uso dos vocativos, dos apóstrofes, das hipérboles, das formas de tratamento e das prosopopeas. Conclúe que a finalidade do escritor ao usar estes trazos foi a consecución da ironía, da parodia ou da sátira.

Fuentes, María Xosé, "O peso literario", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2, "proPostas", primavera 2007, p.15.

Describe o argumento da novela, *Unha soidade demasiado ruidosa* (2006), de Bohumil Hrabal, traducido ao galego por Fernando de Castro García, centrándose no seu protagonista Hanta, un solitario que vive rodeado dos libros que prensa día a día. Ofrécese na obra unha visión angustiosa da vida á que se ve levado o protagonista que porén ten sempre un matiz de optimismo conseguido a través da lectura e do humor nos que se refuxia o protagonista. Finalmente considérase este libro un agasallo que o autor ofrece aos lectores.

García, Eloy, "Irmáns do frío", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2*,* "proPostas", primavera 2007, p. 16.

Fai referencia á nova novela de Marrtin Amis na que volta a Rusia, tratando dende o stalinismo até a perestroika, titulada *A casa dos encontros* (2006) e traducida ao galego por Eva Almazán. Preséntase nela dúas visións radicalmente opostas de entender a vida e estar no mundo a través de dous irmáns que representan, por unha parte, a bestialidade de quen a produce e, por outra, de quen a padece. Dise que se amosa unha sociedade que anula completamente toda individualidade a medida que se van perfilando os caracteres dos personaxes. Considérase que non é unha das mellores obras do autor pero si é un libro "notable con partes verdadeiramente absorbentes malia algunhas lagoas narrativas facilmente perdoables".

García Domínguez, Eloy, "Estupor ou espanto", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1, "proPostas", inverno 2006-2007, p. 15.

Dáse a coñecer a última obra de Francisco Castro, *Spam,* Ed. Galaxia 2006, coa que segundo se afirma o autor dá un "novo pulo á súa narrativa".Trátase dunha novela na que se aborda un dos temas máis preocupantes da realidade actual: a absoluta adicción dalgúns individuos ás novas tecnoloxías como internet. Destácase a minuciosidade coa que se constrúe o protagonista, a ollada corrosiva sobre os abismos da condición humana e a lectura intensa que a obra provoca.

García López, Xosé Anxo, "Datos para unha edición do corpus poético de Emilio Pita", *Dorna. Expresión Poética Galega*, n.º 31, "Caderno da crítica", 2006-2007, pp. 145-152.

Comézase o traballo advertindo do pouco traballo crítico e recompilatorio que ten xerado a produción dun escritor tan prolífico como Emilio Pita. Sinálase que este intelectual exiliado na Arxentina escribiu a súa obra poética ao longo de case medio século pois o primeiro texto localizado, "Aloumíñeme a man túa", (*Céltiga*) data de outubro de 1930 e o derradeiro que viu editado en vida ,"Castelao", (*Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*) é de xuño de 1975. Lémbrase que o primeiro poemario de Pita en aparecer no panorama literario galego foi *Jacobusland*, trece anos despois de que o fixese a súa primeira composición. A seguir repásase toda a súa obra publicada e finalmente, abórdase a cuestión do interese que suscitou a edición de dous libros: *Polos camiños do pobo* (1963) e *Vieiros de brétema* (2005). Sinálase que "os orixinais que neles se inclúen (*Polos camiños do pobo* no primeiro; *Poemas e cantigas e Retesias* no segundo) e o inédito *Trilogía coral*, todos eles conservados na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, foron atribuídos por Xosé Manuel Maceira Fernández á man de Emilio Pita". Porén, indica que son cinco, e non catro, os orixinais que se atopan nesa biblioteca, pois é necesario engadir o manuscrito *Frouma Nova en Foupa Vella* que, igual que o resto, semella un libro de poemas presentado a algún certame literario. Conclúese que, tralo exame feito, nin a temática nin a lingüística, asi como tampouco o léxico ou a métrica concordan co utilizado normalmente por Pita o que implica que, o autor do texto, decida non sumalo ao "presente traballo".

García Martínez, Carlos, "Achegas para a xénese dunha biblioteca", *Adra. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*, n.º 2, 2007, pp. 11-23.

A xeito de homenaxe ao seu amigo, morto prematuramente no ano 1993, Manuel Taboada Cid, patrón do Museo do Pobo Galego (MPG) dende o ano 1987 e figura clave na creación da súa biblioteca, Carlos Martínez García fai un percorrido pola xénese da biblioteca, en canto á súa situación, rehabilitación, ampliación e política de adquisición de fondos bibliográficos e documentais coas importantes doazóns e depósitos das bibliotecas de Vicente Risco, Xaquín Lorenzo, Xesús Taboada Chivite, Antonio Fraguas, Antonio Rodríguez Fraiz, Fermín Bouza Brey, Manuel Beiras García e Ricardo Blanco-Cicerón, ademais de material antropolóxico, fotográfico e etnográfico. Tamén sinala a importancia de achegas de socios, patróns, colaboradores, concellos, administracións, fundacións e outras institucións. Para finalizar comenta a última

achega constituída pola Biblioteca da familia Baltar e fai unha numeración dos fondos existentes actualmente catalogados e informatizados.

García Negro, María Pilar, "Precisión dunha (re)leitura d'*Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao", *Casahamlet. Revista de teatro*, n.º 9, "Documentación", maio 2007, pp. 116-119.

Comézase denunciando a falta de institucionalización da cultura galega. Unha eiva que, coma sinala Pilar García Negro, responde a "unha política que cultiva a ignorancia de nós mesmos como principal dereito concedido". A modo de exemplo preséntase o legado literario de Castelao, peza clave da literatura galega e que non embargantes foi recollida por vez primeira en 2000, nun estudo que se sinala aínda coma incompleto. Na mesma liña, García denuncia o caso d'*Os vellos non deben de namorarse* (1953) obra tan fundamental coma infortunada no trato e que ten sido abordada baixo "unha lectura contaminada dun moralismo, didactismo e tradicionalismo que non posúe". No artigo, García esculca a súa temática e destaca dúas cuestións: o seu valor como esforzo conciliador entre a modernidade estética e o asunto galego, e a realidade marital da Galicia vilega. Unha análise en profundidade que remata reclamando un achegamento máis crítico ao texto.

García Vidal, Pedro, "Entrevista. Iria Lago", *Alameda*, n.º 28, setembro 2007, pp. 10-11.

Conversa con Iria Lago, tras ser escollida como directora de publicacións da Editorial Toxosoutos. Lago comenta que sente moita responsabilidade ante o posto que ocupa e afirma que vai manter algunhas liñas da editorial, mais tentará abrir outras novas, relacionadas con novas coleccións e a temática. Afirma que está ao fronte dunha empresa privada e cultural, polo tanto hai que atender a obxectivos diferentes segundo a perspectiva, aínda que está segura de que o importante é crer no que se fai. Entre os novos proxectos, confirma a súa participación na Feira do Libro de Frankfurt, na que espera "coller ideas e exportar as nosas". A continuación, lembra o seu pasado no Colectivo Sacou e as publicacións que engadía na revista *A Caramuxa*; comenta que nas vilas nacen boas iniciativas e que en Noia non existe un asociacionismo, asi mesmo, afirma que para implicar á xuventude no mundo da cultura deberiamos coñecer cales son os seus gustos e que é o que eles poden achegar.

García Villar, Benedicto, "Celso Emilio e Voces Ceibes", *Arraianos*, n.º VI, agosto 2006, 2007, pp. 51-55.

Benedicto García Villar relata como lle propuxeron musicar o poema "Carta a Fuco Buxán", que aparecía no "Limiar" da primeira edición de El Bardo de *Longa noite de pedra*, e como coñeceu a Xavier, autor da canción "María Soliña", unha das máis destacadas da Nova Canción Galega, co que logo, xunto co resto de compoñentes do grupo Voces Ceibes, musicaría varios poemas máis do escritor. Conclúe describindo a homenaxe que se lle tributou no Pavillón do Obradoiro de Santiago en 1979.

Gil, Antonio e Xaime **Asensi**, "En Compostela, con Paco Camarasa e Miguelanxo Prado", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 35, 1º Semestre 2006, "Encontros", 2007, pp. 227-247.

Reprodúcese o diálogo telefónico mantido o 17 de febreiro de 2006, dende o Estudo 1 da Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela, entre o editor Paco Camarasa dende Alacante, os artistas Miguelanxo Prado e Xaime Asensi, e o profesor de Teoría da Literatura Antonio Gil. Na conversa abórdanse diferentes temas relacionados co mundo do cómic, en particular, os problemas arredor da súa correcta denominación (cómic, historieta, *tebeo*, novela gráfica), a suposta crise do xénero, os diferentes formatos nos que se presenta, o seu carácter marxinal con respecto a outras producións culturais, o éxito do manga entre a xente nova, a interacción actual do cómic con xéneros como os videoxogos ou o cinema, as propostas actuais máis representativas ou a presenza de códigos literarios na banda deseñada.

Gómez Alén, José, "Os intelectuais galegos e a Guerra Civil", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 175, Tomo XLV, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2007, pp. 129-131.

Comentario do volume *Os escritores galegos ante a Guerra Civil Española. 1936-1939. Textos e actitudes* (2006), de Xesús Alonso Montero. José Gómez Alén destaca que este "denso volume" vén incrementar as numerosas obras publicadas nos últimos anos sobre a Guerra Civil Española. Sinala que Alonso Montero recompila neste libro textos xa publicados noutros volumes, artigos de xornais, conferencias, etc., xunto con textos inéditos. Ofrece unha visión panorámica da actitude dos intelectuais galegos diante do golpe militar do 18 de xullo de 1936 e sinala que o libro consta de trinta e tres artigos que se estruturan en sete capítulos. Explica que o primeiro destes está dedicado aos escritores franquistas que publican en galego, como por exemplo Francisca Herrera Garrido; que no segundo capítulo lembra as personalidades fusiladas ou "paseadas", como o poeta Manuel Gómez del Valle, Alexandre Bóveda, Roberto Blanco Torres ou os alcaldes republicanos Ánxel Casal e Suárez Ferrín. Gómez Alén destaca a importancia do cuarto capítulo, dedicado integramente á figura de Ramón Otero Pedrayo, no que Alonso Montero repasa as vivencias do escritor ourensán durante a Guerra Civil española, mentres que nos outros capítulos recolle a vida doutros escritores galegos na Guerra Civil e na posguerra. Gómez Alén remata a recensión afirmando que "estamos pois diante dun traballo que sitúa nomes significativos das letras galegas na súa relación ética e literaria co franquismo".

González Fernández, Begoña, "*XISTRAL, Revista de creación poética*, n.º 9, 2006", *Lvcensia. Miscelánea de Cultura e Investigación*, n.º 34 (Vol. XVI), "Libros", 2007, pp. 197-198.

Dáse conta do contido do número nove da revista *Xistral*, de creación poética. Saliéntase a participación autorial de Xía Arias, Ana Arias Saavedra, Carmen Blanco ou José Blázquez e sinálase a presenza de poemas de diversos xéneros poéticos e de gran diversidade estilística.

González Fernández, Begoña, "*CATRO RELATOS, VIII Certame de Narración Curta*. 2006", *Lvcensia. Miscelánea de Cultura e Investigación* , n.º 34 (Vol. XVI), "Libros", 2007, p. 198.

Anúnciase a convocatoria do VIII Certame Ánxel Fole de narración curta e sinala que se premian catro relatos, dous en galego e dous en castelán. Considérase que esta iniciativa pretende dar a coñecer ás escritoras e aos escritores que reciben o premio.

González Fernández, Begoña, "ALONSO MONTERO, Xesús*: Ánxel Fole, García Lorca e Os seis poemas galegos*, 2006", *Lvcensia. Miscelánea de Cultura e Investigación*, n.º 34 (Vol. XVI), "Libros", 2007, pp. 198-199.

Coméntase que, co motivo do nonaxésimo aniversario da primeira visita de Federico García Lorca a Lugo e do septuaxésimo aniversario da súa morte, o Foro pola Memoria Republicana de Galicia celebrou unha homenaxe ao escritor e o Concello asumiu a responsabilidade económica da edición de *Homenaje en Lugo a Federico García Lorca (1898-1936)*, que informa das actividades da devandita homenaxe e que conta con algúns textos. Ademais, indícase que o Concello tamén asumiu o financiamento da reedición ampliada do libro de Xesús Alonso Montero, *Ánxel Fole, García Lorca e Os seis poemas galegos* (1997).

González Fernández, Helena, "Carta de Barcelona. Rede.cat: o maio cultural que dura todo o ano", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 174, Tomo XLV, "Crónica", abril, maio, xuño 2007, pp. 130-133.

Describe as actividades que tiveron lugar en Barcelona relacionadas coa lingua e cultura galegas. Indícase que comezou en abril coa "Semana do Libro Galego" e que un feito esencial foi a plataforma intercultural chamada Rede.cat <http://rede.cat> que "en certo xeito" vén ser a continuación da experiencia de "Nunca Máis" en Cataluña. Indícase que se celebrou o "Ano da muller e a memoria", que contou coa presenza de Carmen Blanco, Teresa Moure, etc., do mesmo xeito que se quixo homenaxear a memoria da II República cun recoñecemento a Isaac Díaz Pardo. Tamén se destaca a presenza do cómic en galego, cun stand institucional, no Saló Internacional del Còmic, ou os actos institucionais sobre o Día das Letras Galegas coa presenza de Suso de Toro, Manuel Rivas ou Miguel Anxo Fernán Vello.

González Fernández, Helena, "Fórmulas de compromiso. A poesía en 2006", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Panorámicas", 2007, pp. 150-155.

Panorámica da situación da poesía galega ao longo do ano 2006, que considera un período de transición, "marcado polas fórmulas de compromiso", no dobre sentido da poesía comprometida e da concreción de proxectos poéticos para saír do paso. Confirma a aparición dunha nova promoción de poetas, na que abundan os xornalistas, asi como o cuestionamento dos estereotipos da masculinidade e a asunción da histórica marxinalidade das mulleres. Neste sentido cita títulos que corresponden a voces poéticas femininas como o póstumo *Elexías da luz*, de María Victoria Moreno, ou os que sitúa "nas coordenadas da gramática violeta": *O pozo da ferida*, de Medos Romero, Premio

Miguel González Garcés; *Fanerógama*, de Mariña Pérez Rei, XVIII Premio Lorenzo Baleirón; *A ollada de Astarté*, de Pura Salceda; *Aquí*, de Olalla Cociña; *Love me tender*, de Ana Romaní; *Abedecedario das árbores*, de Marilar Aleixandre; *As complexas mareas da noite*, de María do Carme Kruckenberg; *Perfís e poéticas*, de Ánxeles Penas; *Os hemisferios*, de María do Cebreiro; e *Monocromos*, de Olga Novo. Entre as poéticas próximas ao compromiso menciona *Éxodo*, de Daniel Salgado, e *Apostasia*, de Óliver Escobar, e baixo a temática "xeografías, desertos e estrañamentos" analiza *Tanxerina*, de Mario Regueira, XVIII Premio Xosé María Pérez Pallaré, no que o Magreb serve para poetizar as fronteiras, a identidade ou os campos de refuxiados; *Cartas do terceiro día*, de Marcos S. Calveiro, VIII Premio Concello de Carral; *Hoxe, que vén o vento do sur*, de Miguel Sande; e *As palabras furtivas*, de Pedro Rielo. Helena González salienta a presenza dunha elaborada cosmovisión a partir da experiencia cotiá da paisaxe e da xeografía galegas en *A esmeralda branca*, de Manuel Vilanova; a combinación de memoria, nación e territorio en *Cabalgada de brétema*, de Darío Xohán Cabana; e as indagacións no cosmos en *Materia de Lucrecio*, de Xabier Paz. Arredor do tempo e da memoria sitúa *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, de Xavier Lama, XXVI Premio Esquío; *O pan da tarde*, de Xavier Rodríguez Baixeras; *Para unha luz ausente*, de Xavier Seoane; *Fundaxes*, de Martín Veiga, IV Premio Fiz Vergara Vilariño; *Herdo do canto*, de Arcadio López-Casanova, IV Premio Caixanova; *As horas de María*, de Paco Souto, X Premio Johán Carballeira; *Os anos da memoria*, de Xesús Rábade Paredes; ou *Poética especulante*, de Abel Mendes. Salienta tamén a reaparición de Manuel M. Romón con *Poesía barata*, un poemario acompañado para a súa presentación dun espectáculo. No apartado dedicado ás reedicións céntrase en *Nimbos*, de Xosé María Díaz Castro e *A ponte das poldras*, de Chus Pato, da man de Galaxia; *As laranxas de Alí Babá*, de Carlos Negro e *Aracne 3*, de Helena de Carlos na serie Poeta en Compostela; ou *Cataventos de neutrós domesticados*, de Manuel María, e *Trece poemas galegos e outras páxinas*, de Gregorio San Juan, en Alvarellos. Das escolmas publicadas ao longo de 2006 cita *Amor en feminino. Antoloxía das poetas galegas. De Rosalía á Xeración dos 80*, preparada por Maximino Cacheiro, "un libro desigual con poemas magníficos, pero froito dunha concepción conservadora e temerosa"; e as tres escolmas que acompañaron as homenaxes realizadas co gallo do ano da memoria: *Poemas pola memoria (1936-2006)*, editado por Manuel Fernández Rodríguez; *Cartafol poético para Alexandre Bóveda* e *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo*, coordinada por Xoán Carlos Domínguez Alberte e Baldo Ramos, cun limiar de Xesús Alonso Montero, responsábel asi mesmo dunha "rareza anónima" como *Romances do dezaseis de febreiro de 1936*. Finalmente, entre as propostas poéticas dadas a coñecer en soporte virtual destaca *...mmmm...* (estibaliz.word-press.com), de Estíbaliz Espinosa ou *Casatlántica* (casatlantica.blogspot.com), de María Lado.

González González, Manuel, "Presentación da iniciativa Puntogal", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 69, tomo I, ano XVIII, xaneiro-febreiro-marzo 2007, pp.145-148.

Discurso pronunciado polo presidente da Asociación Puntogal, Manuel González González, no acto "Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información", celebrado o 17 de novembro de 2006 na Toxa (Pontevedra). O autor destaca o compromiso da Asociación Puntogal en conseguir que Galiza teña un dominio, .gal, na plataforma Internet, un espazo cultural e lingüístico na Sociedade da Información que nos identifique como pobo. Asemade agradece o apoio e o esforzo

mostrado por diversas institucións e particulares nunha tarefa ilusionante e de enorme relevancia para Galicia.

González Groba, Constante, "A voda", *Festa da palabra silenciada. Publicación Galega Feminista*, n.º 23, "Actualidade", 2007, pp. 147-149.

Faise un repaso biobibliográfico á figura de Carson McCullers, considerada unha das autoras estadounidenses máis prestixiosas e traducidas. Sinálanse como algúns dos temas recorrentes na súa obra o illamento e a incomunicación do individuo. A seguir céntrase na descrición da novela *A voda*, publicada inicialmente en1946. Indícase que é a obra máis autobiográfica da autora, que conta cun só personaxe e que nela xorde con intensidade a temática da limitación e presión do individuo. Sinálanse como outros puntos de interese da obra a segregación social racial e a dicotomía masculino e feminino, que se ve superada só nos soños, pois a realidade esmaga calquera tentativa de mudanza.

Grial, "Clúster do sector gráfico", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "O rego da cultura", xaneiro, febreiro, marzo 2007, p. 9.

Ábrese co anuncio da creación deste novo clúster para logo referirse aos sectores que se van agrupar no ente. Ademais de citar os obxectivos e a idea coa que xurdiu, ofrece datos estatísticos sobre a edición en lingua galega.

Grial, "La 'Nova Canción Galega': su aparición y desarrollo", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "Documentos", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 86-99.

Preséntase o exhaustivo documento policial no que se dá conta da aparición do movemento de protesta a través da canción, da definición do grupo, dos recitais e actuacións, dos seus membros, da incidencia na poesía, do rexurdimento da identidade nacional ou dos seguidores da corrente. Tamén se fala da reacción das autoridades e das cancións prohibidas. Por último, ofrece unha listaxe coas actuacións e un historial persoal dos compoñentes.

Grial, "Reencontro con Martínez López", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "O rego da cultura", xaneiro, febreiro, marzo 2007, p. 10.

Informa que o Concello de Boiro e a Real Academia Galega queren promover a edición do discurso de Ramón Martínez López na institución co gallo do centenario do nacemento do escritor. Ofrécese unha breve traxectoria de Martínez López.

Guerra, Marisa, "Mostra de Teatro do Baixo Miño", *Revista Galega de Teatro*, n.º 51, "Festivais", verán 2007, pp. 50-52.

Dáse conta da orixe da Mostra teatral "Gabriel Feixó Araúxo" e do financiamento e apoio para conseguir materializar a iniciativa dun "grupo de persoas do IES A Sangriña

da Guarda e do Centro Goianés integrantes de grupos de teatro afeccionado e escolar". Agradécese o apoio de Luis Bará, Director Xeral de Creación e Difusión Cultural, e da "madriña" desta iniciativa do Baixo Miño, a actriz e escritora Marga do Val, ademais da colaboración dos membros do xurado. Reprodúcese a relación das pezas teatrais e grupos gañadores, nas modalidades de grupo de teatro escolar e grupos de teatro afeccionado, e destácase que ás representacións dos días 27, 28 e 29 de abril acudiron máis dun millar de persoas. Remátase precisando a súa total disposición para preparar vindeiras edicións desta Mostra, como exemplo dunha iniciativa pensada para "grupos de teatro afeccionado e escolar que non sempre teñen a oportunidade de mostrar o seu traballo, o seu esforzo, a súa valía".

Guisan Seixas, João, "As máscaras dos tempos idos", *Revista Galega de Teatro*, n.º 52, "Espazos", outono 2007, pp. 61-69.

Lémbrase como xurdiu "o traballo de campo" do "Equipo de Investigación do Teatro Circo" ao comezo dos anos setenta. Vaise detallando as diversas saídas para realizar as pesquisas e os "relatórios" dos seus traballos, precisando que ao comezo só tiñan o título da pesquisa e que co tempo foron creando un método e termonoloxía propia. Destácanse mostras parateatrais cando aínda non había "consciência" de estar a facer teatro. Apúntase que non sabían definir o concepto teatral, xa que se movían entre dúas disciplinas antagonistas, a etnografía e a antropoloxía cultural, tentando mostrar "a tradiçom". Precísase que o "Testamento do Entrudo" ten precedentes na literatura latina. Cóntanse que tamén se converteron en "ratos de biblioteca" na Real Academia Galega. Detállanse os precarios medios cos que contaban para os seus traballos de campo e o nome dos integrantes do "Teatro Circo" e da "Escola Dramática Galega". Destácase que Manuel Lourenzo e o articulista querían coñecer as orixes do teatro galego, e tamén se enumeran as lecturas teatrais do articulista. Apúntase que "as festas marcavam o ritmo das vidas" e téntase explicar "a interpretaçom ou a utilizaçom que faziam os grupos de teatro" dos elementos parateatrais. Afírmase con tristura que "o Carnaval matou o Entrudo", xa que o mundo urbano substituíu "os Maios e as Janeiras" sen comunicar o impulso do mundo rural. Infórmase que tras a disolución da Escola Dramática Galega, Antón Lamapereira lle propuxo incorporar ese material ao Arquivo Galego da Imaxe, para ser recuperado por medios técnicos. E conclúese apuntando que este material ten interese "etnográfico, sociológico, musical, histórico, literário, linguístico".

Harguindey, Breixo, "*As Cantigas de Santa María*: obra mestra das orixes da historieta, *Boletín Galego de Literatura*, n.º 35, 1º Semestre 2006, "Estudos", 2007, pp. 47-60.

Breixo Harguindey achega unha análise das *Cantigas de Santa María* utilizando as ferramentas da teoría da historieta co fin de demostrar como os recursos da narrativa do cómic xa estaban presentes nesta mostra primixenia da literatura galego-portuguesa. Percorre a súa historia sinalando como se presentaron como poemario, logo foron musicadas en partitura e culminaron coa adaptación á historieta. Sinala que as *Cantigas* se basean nun ritmo específico que se manifesta na súa estrutura xeral e na súa posta en páxina, sincopada en viñetas, motivo polo can as considera un "acontecemento multimedia" de base musical que debe ser interpretado como unha historieta, xa que presentan diversos relatos organizados en cadriños nun medio que permite a súa

difusión xeográfica, o códice. Afirma así que se as *Cantigas* son a obra mestra das orixes da historieta occidental. En relación ao *découpage*, Harguindey exemplifica a presenza de raccords de espazo, tempo e acción e, en relación á posta en páxina, exemplifica un caso no que a vontade de estabelecer un paralelo espacial en dúas columnas, determina a ruptura do sentido de lectura, a pesar de tratarse dunha páxina de viñetas regulares e planos invariábeis.

Harrington, Thomas, "Risco and Portugal: Contacts Previous to the Institutional Consolidation of Galician Nationalism", *Galician Review*, vol 5-6, 2006-07, pp. 46-65.

Alude ao protagonismo do pensamento político de Risco, baséase na crítica romántica a modernidade, considerada como decadencia e abandono das formas de vida máis puras e lexítimas, a o mesmo tempo que exalta a irracionalidade, o misticismo e a relixiosidade popular, por iso mesmo rechazará a literatura realista. Risco tamén desprecia a civilización mediterránea e defende o celtismo e o atlanticismo, para o que mirará a Portugal e en especial cara Irlanda polo seu catolicismo e pola loita victoriosa contra o imperialismo inglés. A Galicia verdadeira, para Risco, é a tradicional, a dos labregos e mariñeiros, e esa é a Galicia na que se garda a esencia da raza; o sentimento relixioso da terra do mesmo xeito que acontece no país irmán, Portugal.

Hermida, Germida, "BD 2005: Apuntamentos e dirección", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 35, 1º Semestre 2006, "Estudos", 2007, pp. 61-71.

Percorrido pola historia da banda deseñada galega. Hermida sitúa o seu nacemento ao abeiro da vangarda artística e da contestación política dos anos setenta, con producións como *2 viaxes* ou *A cova das choias*, tras as cales a banda deseñada galega evolucionou polo carreiro das producións afeccionadas dende finais da década. Analiza o primeiro fanzine galego, *Xofre*, e o paso cara a unha fervente actividade nos anos oitenta, con múltiples publicacións deste tipo, como *Valium Diez*. Na seguinte década salienta novas e efémeras propostas, sendo *Frente Comixario* o grupo e publicación que acadarían un maior impacto, e apunta que fóra de tímidos intentos editoriais son as xornadas e os certames, en especial os de Ourense, os que manteñen a afección. A finais da década sitúa o nacemento de novos encontros como "Viñetas desde o Atlántico" e a aparición da revista infantil *Golfiño*. Co século XXI dá conta de feitos como a multiplicación da autoedición, a aparición de colectivos como BD Banda ou Polaqia e o afianzamento dos autores galegos no panorama estatal e mesmo no exterior. Cualifica o momento actual de auxe do xénero malia recoñecer que a banda deseñada galega se enfronta á súa normalización e afianzamento no marco xeral da cultura.

Hernández, Hilario, "Situación das bibliotecas públicas en Galicia", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "Lectura pública", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 13-25.

Comeza referíndose ao interese que está a suscitar a lectura. Logo de definir as bibliotecas públicas, pasa a dar conta dos aspectos metodolóxicos e as fontes documentais do contexto que ilustra os déficits en materia de lectura en Galiza e a lexislación. A información sobre a cobertura, os usuarios e os recursos informativos

tamén son debullados nun artigo que remata aludindo aos recursos humanos e económicos.

Iglesias, Bieito, "O ouro de Ourense", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 70, tomo II, ano XVIII, "Acoutacións", abril-maio-xuño 2007, pp. 243-249.

Bieito Iglesias fala da importancia da cidade de Ourense no universo literario galego e universal, sinalando que un grupo numeroso de escritores teñen convertido en mundo literario unha pequena vila que hoxe se converteu nunha cidade. Despois de analizar a presenza de cidades famosas na literatura universal (San Petersburgo, París, Madrid, Barcelona, Nova York) céntrase na presenza da cidade auriense en dúas das obras máis significativas da literatura galega do século XX: *O Porco de Pé* (1928), de Vicente Risco e *A esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor. Nestas obras, a cidade de Ourense convértese nunha protagonista esencial da trama narrativa, convivindo cos personaxes a través da descrición dos lugares e recunchos máis emblemáticos da citada cidade.

Iglesias, Bieito, "O Ceo dos Guitarristas," *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 72, tomo IV, ano XVIII, outubro-novembro-decembro, pp. 583-588.

Coméntase o cambio incríbel sufrido pola figura do escritor contemporáneo con respecto ao escritor de anteriores xeracións. Comézase falando da vacuidade do escritor actual, máis preocupado pola sona persoal que pola súa obra. Considera que non só o escritor sofre un cambio, senón tamén o lector; que se pasa dun lector de obras clásicas a un lector "atomizado, anticanónico, narcisista, interactivo, velocista" debido á transformación da sociedade. Sinala que desas obras mestras de séculos pasados sáltase agora aos *reality-shows* e ás comedias de situacións, ao romance histórico e ás intrigas policiais. Iglesias comenta asemade o impacto das novas tecnoloxías no eido do literario. Apunta que a introdución da imprenta e da Internet, o novo dominio de xéneros breves (microcontos, aforismos, *nouvelles*) e o paso dunha sociedade tradicional a unha hiperrealista obrigan ao autor a transmutar o seu xeito de escribir. Por último, Iglesias alude á colonización e á americanización levada a cabo polos *mass media* na sociedade actual.

Iglesias Bouza, Fernando, "Na procura das verbas perdidas e outros poemas", *A javiota de Cedeira*, n.º 17, inverno 2006-2007, pp. 64-65.

Reprodúcense os poemas "Na procura das verbas perdidas", "A beira da onda" e "Cedeira".

Jaureguizar, "Kafka, o corvo na beiramar", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "próLogo", verán 2007, p. 23.

Evocación da súa estadía no Hotel Kafka en Alemaña para realizar uns encontros cunha serie de escritores. Di que o primeiro foi o turco Orham Pamuk, quen lle contou que a

súa primeira lectura de Kafka, *A metamorfose*, que el chama "A transformación", lle resultou angustiosa porque lle impresionou a soidade do protagonista, aínda que el prefería involucralo nunha sociedade multirrelixiosa. Despois atopouse con Winfried George Sebald que confesou que descubrira a Kafka en *Vértigo* e faloulle de *Viaxe do Doutor K a un sanatorio de Riva.* Explica que despois sería o xaponés Kazuo Ishiguro a quen lle pediría que lle confirmase se os seus personaxes son creados a partir da lectura de Kafka n'*Os inconsolábeis* e *Non me deixes nunca.* Deseguido foi ao "Brookly Follies" para ver ao seu dono, Paul Auster, e agradecerlle que dese a coñecer a anécdota de que Kafka consola unha nena que perdeu a súa boneca e Auster comentoulle que o checo nunca estivera naquel local pero si noutros que tivera. Finalmente, encóntrase co novelista xaponés Haruki Murakani, este escribiu *Kafka na beiramar*, cuxos protagonistas se chaman Kafka Tamura e o Corvo, que é a tradución do termo checo"kafka". Con todo afirma que aínda que é un asiduo lector do escritor checo non está influenciado por el.

Karsch, Anna Luisa, "Se Safo escribe pola gloria?", *O ollo público. Revista das artes*, n.º 19, "Literatura", "Poesía", Segunda etapa, xuño-setembro 2007, pp. 14-15.

Acóllese nesta sección unha breve biografía da autora e o seu poema en alemán (*Ob Sappho für den Ruhm schreibt?*) e galego, traducido por Montse Bascoy Lamelas.

King, Stewart, "Reconstructing the Nation and the Detective novel: Carlos G. Reigosa's *Crime in Compostela*", *Galician Review*, vol 5-6, 2006-07, pp. 82-96.

Describe como con *Crime en Compostela* (1984), Carlos G. Reigosa convirtiuse no primeiro escritor en acadar un auténtico "best-seller" dentro da novelística galega. Até o momento saíron catorce edicións e venderónse cincuenta mil exemplares, cifra que representa superar todo tipo de expectativas. Co mesmo protagonista, o detective Nivardo Castro, Reigosa escribiu outras tres novelas, *O misterio do barco perdido*, *A guerra do tabaco* e *Narcos*, nas que segue moi de preto a actividade delictiva que soe acontecer en Galicia. A novela *Crime en Compostela* presentárase baixo o lema "Lagoa azul e branca" e competiu con vinte e nove orixinales, dos que o xurado seleccionou seis para a última deliberación, celebrada no propio hotel antes da cena de gala a que asistiron unhas 300 persoas vinculadas sao mundo da cultura en Galicia. *Crime en Compostela* é unha novela policíaca na que se narran as peripecias dun detective, Carlos Conde, chamado a Santiago por seu amigo Nirvardo para investigaren o asasinato en pleno centro da cidade do acaudalado constructor Aurelio Xieiro. Na historia concorren situacións amorosas e de negocios, posíbeis desencadeantes do crimen. Reigosa aproveita a narración e os perfiles dos personaxes para describila vida pequeño burguesa e estudiantil de Compostela, mesturada coa fantasía e os datos reais.

Lama López, María Xesús, "A Guerra Civil española na obra dos escritores exiliados galegos", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Estudos", 2007, pp. 38-53.

Análise da produción en lingua galega dun colectivo de exiliados e da plasmación literaria da causa do seu exilio: a Guerra civil española. Pártese da consideración dos factores extraliterarios que inciden sobre esa produción, condicionando non só a obra, senón o propio acto en si da creación, que se ve impulsado por un sentimento de deber fronte á comunidade máis que pola necesidade interior de comunicación. No eido da poesía o percorrido comeza co *Cancioneiro da Loita Galega* (1943), editado anonimamente por Florencio Delgado Gurriarán, e que constitúe unha crónica da epopea histórica vivida polo conxunto de exiliados, e segue con *A gaita a falare. Lembranzas e maldicións* (1939), de Rey Baltar, poemario precursor da poesía civil máis comprometida; *Jacobusland* (1942), de Emilio Pita; *Lonxe* (1954), de Lorenzo Varela, e *Cicatrices* (1959), de Luís Seoane. No apartado dedicado á memoria novelada, María Xesús Lama detense en *Non agardei por ninguén* (1957), de Ramón de Valenzuela; *O silencio redimido* (1976), de Silvio Santiago, e *Terra coutada* (1990), de Antón Fernández Pérez, que ilustran diferentes situacións e vivencias da guerra. A seguir propón diferenciar os textos que fan referencia á Guerra Civil en dúas pólas: a memoria persoal, na que se encadrarían obras como as de Antón Alonso Ríos, Xerardo Díaz Fernández e Elixio Rodríguez; e a memoria política, á que pertencerían *Sempre en Galiza*, de Castelao; *As décadas de T.L.*, de Luís Tobío; e *Castelao, a UPG e outras memorias* (1983), de Luís Soto. Finaliza o estudo destacando a influencia desta temática nas características formais dos textos, nos que se recoñece o predominio da chamada "literatura do eu" (biografías, memorias, memorias noveladas na prosa e vertente satírica popular e testemuñal no xénero poético) e a distancia temporal entre as datas de publicación e o final da guerra.

Lema, Carlos, "As revistas culturais na internet", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 174, Tomo XLV, "O rego da cultura", abril, maio, xuño 2007, p. 9.

Indícase que a Asociación de Revistas Culturais (ARCE), da que forma parte *Grial*, anunciou o proxecto de dixitalización dos fondos dos seus asociados. Afírmase que esta iniciativa xorde dun convenio co Instituto Cervantes e que durante o ano 2008 se poderá acceder a través da internet aos fondos editoriais dos integrantes de ARCE.

Liñeira, María, "O nobelo das mulleres", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1, "proPostas", inverno 2006-2007, p.16.

A terceira entrega literaria de María Reimóndez, *O club da calceta,* Ed. Xerais, 2006, defínese como unha novela de tese feminista onde sete mulleres tentan coller as rédeas da súa vida unidas por unha terapia común: o club de calceta da asociación veciñal. Indícase que a través da pluralidade de clases sociais, da que cada unha é un arquetipo, mestúranse xéneros (a fantasia, a lírica) e rexistros (o lírico e o cotián) dentro dunha novela ben escrita.

Liñeira, María, "O agoniar da alma", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2, "proPostas", primavera 2007, p. 15.

Comentario sobre a primeira novela de Luís Paradelo, *Xelamonite* (2006), que afonda na procura da propia identidade a partir de temáticas actuais como a loita entre o individuo

e o colectivo, o fracaso das relacións humanas e a migración. Entre outros trazos sublíñanse o estilo lírico cheo de referencias oníricas para logo adentrarse na estrutura da novela partindo dos espazos que nela se presentan como principais e antagónicos: Galiza e América, nos que o protagonista tentará dar sentido á súa existencia.

Liñeira, María, "*Os libros arden mal*. Manuel Rivas", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Libros", 2007, pp. 191-193.

Tras cualificar de novela ambiciosa *Os libros arden mal* (2006), de Manuel Rivas, María Liñeira analiza aspectos como a exploración do home e da muller en tanto individuos, ofrecendo percorridos que tratan a infancia dos personaxes e poñen de relevo a importancia das figuras paterna e materna; o retrato da masculinidade en formación e en conflito; o tratamento das mulleres dende a reverencia e a admiración; e, nomeadamente, a exploración da homosexualidade masculina. Apunta que todas estas cuestións relativas á individualidade se insiren na entidade colectiva tamén subvertida: a nación, para o cal o autor se serve do cronotopo narrativo que ensambla tempos e espazos. Neste sentido explica que o arco temporal da novela vai de 1881 ao final do século XX e que o autor recorre a unha estrutura fragmentaria de temporalidade lineal e a un narrador omnisciente, que por veces cede a súa voz aos personaxes principais. Menciona tamén que *Os libros arden mal* proba o "contrabando de xéneros" que Rivas adoita practicar e que se trata dunha novela "de segundas lecturas, xa que a súa estrutura deconstruída precisa dun lector atento que faga o traballo de ensamblado". Finalmente, detense na análise dos paratextos que como acontece noutras obras de Rivas son orixinais e significativos.

Lombao, David: "Emerecindo: Caderno de saudades e viaxes", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "ProXectil", verán 2007, pp. 30-31.

Fala de "Emerecindo", o primeiro blog galego que atopou hai tres anos, feito por unha xornalista luguesa no que se fai dende análises políticas até recomendacións literarias, utilizando sempre unha linguaxe simple, dende Compostela ou Lugo. Comenta que hai un ano trasladouse a Santiago de Chile e agora céntrase na súa vida social alí, aínda que o fai con morriña.

López López, Lorena, "Vivindo rápido", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 176, tomo XLV, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2007, p. 79.

Este primeiro libro de Iolanda Zúñiga supón unha proposta interesante xa que os corenta e seis relatos desenvolven temas vencellados coa actualidade e co cotián, tendo como protagonistas das historias dende persoas caracterizadas polo instinto de supervivencia ata outras cun impulso autodestrutivo. A maior parte dos personaxes son mulleres correntes que representan o papel do antiheroe. Mostra deste tipo de seres son a drogadicta que abandona a súa filla ata a ama de casa frustrada, que procuran saídas salvadoras do baleiro das súas vidas mediante o alcohol, o consumismo e o culto enfermizo á imaxe. Os relatos insireos a autora nun ambiente sórdido caracterizado polo baleiro existencial dentro das pautas socialmente estabelecidas e pola desesperación que leva á marxinalidade. As historias cóntanse de forma directa mediante unha prosa rápida

e contundente, na que as reiteracións e as enumeracións abundan coa finalidade de evocar o mundo viciado dos personaxes.

López Rodríguez, Marisol, "IX CERTAME DE NARRACIÓN CURTA 'ÁNXEL FOLE'; *Contos de 2006*, 2007", *Lvcensia. Miscelánea de Cultura e Investigación*, n.º 35 (Vol. XVII), "Libros", 2007, pp. 391-392.

Dá conta da publicación dun libro que recolle os relatos premiados no Certame de Narración Curta "Anxel Fole" xunto cunha pequena biografía dos premiados, que edita a Concellería de Cultura e Turismo do Concello de Lugo. Os contos premiados son *Nube de seda na Lúa*, de Xosé Luís Vázquez Somoza e *Un tinteiro no ceo de inverno*, de Ramón Noche Fraga na categoría de galego e en castelán *Ella, claro, como es tan simple*, de Jaume Calatayud e Manuel Terrín Benavides coa narración *Muchacha bella en la oscuridad.*

López Sández, María, "Imaxinario paisaxístico e espazo urbano. Tensións e ambigüidades da cidade na narrativa galega", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Estudos", 2007, pp. 54-61.

Abórdase neste estudo a tensión e polarización connotativa do rural e do urbano, intensificadas e enriquecidas pola condición periférica e subalterna da literatura galega. Aténdese asi ao proceso de incorporación do espazo urbano na narrativa galega, fortemente condicionado nos seus comezos pola concepción romántica do desgusto cara á cidade e a reivindicación da paisaxe natural, plasmada na obra fundacional *Cantares gallegos*, e con excepcións significativas como a loanza da cidade de Pontevedra incluída por Xoán Manuel Pintos en *A gaita gallega* (1853) ou tratamentos como os que se atopan en *A tecedeira de Bonaval* (1894), de López Ferreiro sobre o Santiago de mediados do XIX, e *Pé das Burgas* (1899), de Álvarez de Nóvoa. No período 1916-1936, cando a crítica sinala a incorporación da cidade á narrativa galega, recoñece aínda tensións que derivan da concepción dese espazo urbano tal como se plasma en *O porco de pé*, de Vicente Risco coa crítica aos comerciantes urbanos e na obra de Ramón Otero Pedrayo en relación aos fidalgos que abandonan o campo. Nos autores de posguerra constata o predominio de escenarios enxebres e rurais, deténdose nas creacións de Ánxel Fole e reparando no tratamento dos espazos urbanos que ofrece Eduardo Blanco-Amor, mentres que nos autores da Nova Narrativa se dá un xiro inevitábel a prol do retrato das cidades. Destaca neste sentido o labor narrativo de Carlos Casares ou Xohana Torres. A partir de 1975 salienta a importancia do xénero negro, que adopta a canónica ambientación urbana, o conflito retratado por Manuel Rivas entre a cosmovisión galega tradicional e a emerxente cultura urbana, e a aposta decididamente urbana de Suso de Toro "na que a escolla deste espazo vai directamente unida a unha actitude rupturista coa tradición da narrativa galega que ten a súa plasmación máis visibel na propia linguaxe". Finaliza apuntando que a conquista da cidade na narrativa galega está sendo un proceso lento e dificultoso ao implicar "un posicionamento respecto á tradición, á identidade e ao papel do texto literario dentro da sociedade".

López Sández, María, "Posmodernidade e metarrelato nacional: a creación ferriniá de Tagen Ata", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Artigos", 2007, pp. 77-84.

Comézase indicando que a obra de Xosé Luis Méndez Ferrín está alicerzada en factores extratextuais, como o concepto política-ficción, a complexidade do papel social da literatura e o escepticismo sobre a literatura como mecanismo de construción nacional, e factores textuais, como a intertextualidade. Considera que na intertextualidade ferriniá se observa a creación literaria posmoderna mediante a creación dun macrotexto con referencias a outras narracións previas e coa inclusión de referencias territoriais e de citas literais da literatura galega e universal. Sinala que á intertextualidade hai que engadirlle a dimensión metaficcional, o autosinalamento consciente dos recursos empregados, a introdución de notas alusivas ao Rexurdimento literario, que creba as fronteiras entre a realidade e a invención, e o recoñecemento de calquera construción, incluída a do imaxinario nacional, como froito dun artificio. Conclúe que estes factores constrúen un efecto remitificador, que contribúe ao tratamento afectivo e nostálxico, e fai viábel a condición de canonicidade e de valoración do literato por parte da crítica especializada e do imaxinario nacionalista.

López Silva, Inma, "Cincuenta números, mil teatros", *Revista Galega de Teatro*, n.º 50, "Temas", primavera 2007, pp. 27-30.

Dá conta do cincuenta aniversario da *Revista Galega de Teatro* que, dende a súa aparición en 1991 ofrece unha crónica dos espectáculos teatrais. Sinala que a década dos noventa significou o afianzamento da profesión teatral en Galicia, comezando a estabelecerse un repertorio de compañías e espectáculos que se converteron en auténticos representantes dun teatro diferenciado, en parte grazas á axuda institucional. A continuación salienta a importancia dunha serie de dramaturgos como Quico Cadaval, Candido Pazó, Eduardo Alonso ou Roberto Vidal Bolaño. Respecto ás compañías, cítanse, entre outras, Chévere, Matarile Teatro, Nut Teatro, Sarabela, Teatro do Noroeste ou A Factoría.

López Silva, Inma, "Entre o teatro e a literatura, o sangue", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 174, Tomo XLV, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2007, pp. 101-102.

Afirma que *Limpeza de sangue* (2006), de Rubén Ruibal, inaugura a "Biblioteca Dramática Galega" que é continuadora dos Libros do Centro Dramático Galego, en virtude dun convenio entre Edicións Xerais de Galicia e o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais. Detalla que o seu autor obtivo con este libro o prestixioso premio Álvaro Cunqueiro en 2006, que conta cunha estrutura cinematográfica e cun argumento ben dosificado, no que se pode ver unha excelente caracterización lingüística dos diálogos cun "galego coruñés" absolutamente críbel.

López Silva, Inma, "O teatro que está vivo", *Tempos Novos*, n.º 122, "Crítica. Teatro", xullo 2007, p. 80.

Inma López Silva opina que o teatro de Ana Vallés é transgresor porque fai referencia aos medos e o tedio da xente, mediante a pregunta "quen somos?" para demostrar que non hai resposta. Destaca o recurso á figura dun esqueleto observándo impasibel como metáfora do espectador morto, nun mundo no que todos temos que ser fortes e é rompedor porque difumina a fronteira entre realidade e ficción, entre actor e personaxe.

López Silva, Inma, "Teatro previsto para os palcos", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 175, Tomo XLV, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2007, pp. 127-128.

Destaca a publicación por parte da Editorial Tris Tram da triloxía teatral *Teatro imprevisto* (2006), de Eduardo Alonso. Advirte, Inma López, que este dramaturgo é "un home de teatro total", xa que escribe, dirixe, ilumina, produce, adapta teatro. A triloxía está composta das seguintes obras: *Alta comedia*, *As damas de Ferrol* e *Ensaio*. Estas obras son en si moi diferentes en aparencia pero como sinala Inma López: "están unidas polo nexo común do ton traxicómico que aparece e reaparece nos textos". *Alta comedia* é, segundo a autora do artigo, un relato dun triángulo amoroso con protagonistas burgueses. *As damas de Ferrol*, pola contra, relata unha difícil relación entre dúas irmás. Finalmente, *Ensaio*, é unha obra de teatro na que o autor "afonda nos medos e nas inseguridades das xentes do teatro". Inma López destaca tamén que os textos de Eduardo Alonso están escritos para os palcos, para o traballo do día a día de calquera compañía teatral; neste sentido, indica que se axustan os parámetros da compañía Teatro do Noroeste. O artigo remata ca alusión da autora o prólogo de Damián Villalaín o volume de Eduardo Alonso, o cal é unha breve introdución e contextualización das obras e do autor de *Teatro imprevisto*.

López Silva, Inma, "Política teatral: da boa intención ao erratismo", *Tempos Novos*, n.º 124, "Entreculturas", "Opinión", setembro 2007, pp. 89-92.

Partindo de que as boas intencións quedan en política baleira sen a debida planificación, analízanse as últimas decisións tomadas pola Xunta no mundo teatral dende o Plan das Artes Escénicas até a creación da AGADIC. Asi, a autora do texto asegura que "un Plan tan amplo que estabelece coma prioritario practicamente todo, denota que non había antes de acceder ao goberno un verdadeiro proxecto político-teatral, no que non estaban determinadas prioridades que, en lugar dun plan xeral permitisen estabelecer un plan estratéxico. Faise referencia tamén ao editorial da revista *Escaramuza* onde, no número de verán, a Asociación de Actores e Actrices se congratula dos compromisos amosados no Plan do que se sente partícipe. E neste senso cando López Silva se pregunta se esa sensación é xeral ou aínda hai sectores que consideran que o IGAEM, por exemplo, oe pero non escoita. Engade que o investimento en cultura é o que máis decepcións está causando, tanto no mesmo sector como entre a cidadanía.

Lopo, María, "O meu nome é María Casares", *Unión Libre*, n.º 12, 2007, pp. 87-99.

En forma de obra de teatro, con personaxes e actos ao uso, fáise un repaso pola traxectoria profesional e persoal de María Casares. Mestúranse os traxectos nos que a propia actriz toma a palabra con outros nos que se fai un repaso pola súa biografía en forma dramatizada. Nada en 1922, filla de Santiago Casares Quiroga, criouse en Galicia

até os nove anos, cando en 1931, o seu pai contrae novas responsabilidades políticas coa chegada da República e debe instalarse en Madrid. Coa victoria de Franco trala Guerra Civil, a súa familia sofre unha represión que a marca fondamente, obrigándoa a exiliarse a Francia a partires de 1936. Alí, converteuse con só vinte anos en primeira actriz do parisino Théâtre des Mathurins. Mantivo unha tempestuosa relación co intelectual Albert Camus, e trala súa morte, refúxiase totalmente no teatro. Volve a España en 1976, xa morto Franco, para representar a obra de Rafael Alberti *El Adefesio*. Faleceu en 1996 na súa casa de La Vergne, en Francia.

Lorenzo Heinze, Amaya, "Recursos literarios na obra poética de Úrsula Heinze de Lorenzo", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Artigos", 2007, pp. 85-91.

Estudo centrado nas obras *Atlantisches Tief* (2001), *Nachtbläue* (2001), *Schilfgang* (2002) e *Das Meer aufgeschlagen* (2002), de Úrsula Heinze, no que se analizan os elementos naturais, as descricións do estado físico e anímico, o sentimento de liberdade e a noción de patria, todos eles arredor de Galicia. Apunta que a manifestación destas ideas principais se materializa mediante os mecanismos expresivos da metáfora, mecanismo dominado polos elementos imaxinarios para expresar os sentimentos máis tenros; da aliteración, tropo mediante o cal se deixa entrever a dualidade entre a patria da xuventude e a patria actual; da onomatopea, que recrea verbas propias do mundo natural, e do encabalgamento, vía a través da cal a escritora acada vivacidade e frescura.

Lourido, Isaac, "Alfonso Pexegueiro. Unha vida no exilio", *Dorna. Expresión Poética Galega*, n.º 31, "Caderno da crítica", 2006-2007, pp. 131-144.

Achegamento á traxectoria de Alfonso Pexegueiro, un dos grandes esquecidos pola crítica galega dos últimos trinta anos. Sinálase que unicamente o traballo crítico levado a cabo por Luciano Fernández, dende mediados dos noventa, xenerou produtos que permiten achegarse á obra deste autor. Neste senso, este traballo busca ofrecer unha visión xeral do escritor e da súa actividade artística, partindo da súa condición, tanto física como existencial, de exiliado. Estrutúrase en dúas partes onde se trata sobre "a incerta posición do autor nos campos literarios nos que participou e á súa *poética do exilio*". Explícase que os materiais utilizados foron as obras de Pexegueiro, escasa a crítica á que estas deron lugar, a bibliografía existente sobre poesía e campo literario galego nos últimos trinta anos, asi como unha conversa gravada polo propio Lourido e que este mantivo con Pexegueiro no 2005.

Lourido Hermida, Isaac, "*Éxodo*. Daniel Salgado", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Libros", 2007, pp. 196-197.

Comentario arredor do poemario *Éxodo* (2006), de Daniel Salgado, no que se sinala que supón a terceira entrega do autor tras *Sucede* (2004, II Premio Uxío Novoneya) e *Días no imperio* (2004, Premio Esquío). Isaac Lourido sinala que o volume se presenta "coma un fragmento de fervenza desbocada, enmarcado polos puntos suspensivos que se poden ver ao comezo e ao final dun poema que se estende por vinte e oito páxinas", e recoñece algunhas fórmulas adoptadas por vangardas de vocación política e de esquerda, como o Futurismo ruso ou o Concretismo brasileiro. Asemade, percibe o

intento de artellar unha voz colectiva que "re-pense" Galiza como suxeito histórico e dando entrada a feitos que provocaron represión. No plano formal estas intencións amósanse, segundo indica, na quebra sintáctica, no discurso entrecortado e interrompido e nas similitudes con formas de expresión como a *jam session* ou o *free jazz*. Conclúe apuntando a distancia consciente que o autor mantén coa "poesía comprometida politicamente dun xeito monolóxico, abeirada ao panfleto e á consigna ineficaces", e a súa vontade dialéctica coa historia e a linguaxe.

Lourido Hermida, Isaac, "O tempo acubilla na mirada", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 174, Tomo XLV, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2007, pp. 105-106.

Comentario d'*A esmeralda branca* (2006), de Manuel Vilanova, da que se salienta que testemuña a entrega total e delongada do poeta a unha tarefa comprometida coa escritura. Sublíñase que esta obra se consagra ao territorio ourensán do Ribeiro, cunha absorta contemplación da súa paisaxe e co regreso ao pasado feliz. Destaca tamén a súa clara expresividade cun verso longo e irregular con fluidez rítmica.

Louzao Outeiro, Miguel**,** "Madrygal 2001-2005: subir ao tren en marcha", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Crónica", 2007, p. 173.

Confesión en primeira persoa sobre o traballo da predecesora no lectorado, Ana Mejía, e sobre a axuda da profesora Carmen Mejía na elaboración da revista *Madrygal.* O lector Miguel Louzao bosquexa neste artigo as dificultades iniciais debido á procura de colaboracións que se axustasen aos principios da revista e a posterior consolidación do proxecto, grazas á colaboración de moitos participantes do faladoiro mensual no Café Comercial, á complicidade do profesorado máis próximo no espazo da facultade e á amizade de certas persoas. Sinala que co transcorrer do tempo o froito do traballo se manifestou, ademais da continuidade nas liñas de traballo anteriores, na ampliación de temas vinculados coa realidade cultural galega coa finalidade de dar á revista un pulo de modernidade e actualidade.

Lucas Domínguez, Pedro, "Biblioteca Fundación Caixa Galicia. Un espazo de referencia para a literatura infantil e xuvenil", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "Lectura pública", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 42-49.

Co gallo da celebración dos trinta e tres anos da Biblioteca Nova 33 da Fundación Caixa Galicia repasa o labor desenvolto nestes anos. Cunha distribución do texto por etapas, afonda nos primeiros anos da biblioteca, onde fai fincapé nas súas funcións, na súa época de consolidación, na que destaca as actividades de tempo libre que organiza até a etapa actual. Finaliza, revelando novos proxectos e os desafíos nos que a biblioteca vai traballar nestes próximos anos.

Lueiro, Xosé, "Manuel Manquiña: 'Estase actuando para quen dá a subvención de rigor", *Naz-on. Revista Cultural Galega*, n.º 5, "Teatro", febreiro-marzo 2007, pp. 32-34.

Entrevista a Manuel Manquiña, precedida dunha reflexión sobre a personalidade do entrevistado, que, segundo Lueiro, é inconformista, imaxinativo e carece de todo sentido do pudor. As cuestións que lle formula refírense ao teatro independente actual, as compañías nas que traballou, sobre a calidade artística, a saúde do teatro galego, a falta de público, o teatro comercial e sobre a súa opinión como espectador. Manquiña móstrase radicalmente crítico co sector teatral galego, que cualifica de hipócrita, prexuízoso e que só procura a subvención.

Lueiro, Xosé, "Morder a man (subvencionista) que nos dá de comer?", *Naz-on. Revista Cultural Galega,* n.º 6, "O Latricario", maio-xuño 2007, p. 35.

Reflexiónase criticamente sobre a relación existente na actualidade entre as compañías teatrais e a administración preguntándose até que punto debe chegar o servilismo destas compañías fronte ao poder. Dise que ante todo o mundo teatral debe ser firme nas súas conviccióǹs e crear os seus espectáculos libremente atendendo fundamentalmente á relación emisor-receptor, é dicir, ao público que asiste aos teatros malia depender ecoconomicamente das institucións. Considérase que poucas compañías en Galicia poden autoxestionarse e que moitas nin queren poñer os medios para chegar a facelo. Asemade tamén se critica que "a tendencia institucional semella dirixir a súa acción política cara ao mantemento dun "status quo" que non cuestiona gravemente os seus intereses".

Lueiro, Xosé, "Manuel Guede: O teatro galego é víctima dun problema de ineptitude entusiasta", *Naz-on. Revista Cultural Galega*, n.º 7, agosto-setembro 2007, pp. 28-32.

Entrevista a Manuel Guede con motivo do seu inicio como director da Compañía de Teatro de Braga (Portugal). O director teatral aborda tamén o estado actual do teatro galego facendo unha comparativa co estilo inglés no tocante á audiencia e á asiduidade da asistencia ás representacións teatrais. Asemade, Guede considera oportuno crear un espazo de formación para educar ao público e impulsalo a que acuda ao teatro. O dramaturgo remata aludindo a unha certa confianza depositada no texto, polo que aboga por unha mellora da comunicación existente entre o escritor e o director de escena, encargado de levar ao escenario teatral o texto de ficción.

Lueiro, Xosé, "Cristina Domínguez, Directora do Centro Dramático Galego", *Naz-on. Revista Cultural Galega*, n.º 8, agosto-setembro 2007, pp. 10-14.

Entrevista a Cristina Domínguez, directora do Centro Dramático Galego (CDG), cando se cumpre un ano do seu nomeamento. Ao longo da entrevista fálase dos cambios internos do CDG no marco da inminente creación da Axencia Galega de Industrias Culturais; o proxecto Teatros de Compostela, co que se busca o artellamento dun espazo de exhibición na cidade xubilar; a xestión do Salón Teatro e a consolidación da figura do dramaturgo residente; ou os intentos por captar e fidelizar un público novo, especialmente infantil e xuvenil.

Lueiro, Xosé, "Cristina Domínguez, Directora do Centro Dramático Galego", *Naz-on. Revista Cultural Galega*, "O latricario", n.º 8, agosto-setembro 2007, p. 16.

Fálase de cómo a celebración dos cento vinte e cinco anos de teatro en galego pode converterse nunha oportunidade especial para avaliar o seu estado de saúde. Neste senso Xosé Lueiro considera que se debe prestar atención á funcionalidade cultural, social e económica da dramaturxia galega, asi como a súa saúde creadora e os seus problemas laborais e editoriais. Problemas todos eles que se recollen no Plan Galego das Artes Escénicas.

Lueiro, Xosé, "Un mercado 'marcado'", *Naz-on. Revista Cultural Galega*, n.º 9, "O latricario", outubro-novembro 2007, p. 19.

Comentarios críticos sobre a Feira Galega das Artes Escénicas onde se falou do deseño dunha nova política de bonificacións á contratación e distribución das obras galegas fóra de Galiza. Sinálase que foron oito as compañías contratadas por programadores para un total de setenta e oito funcións. Tamén se incide na necesidade de abrirse a novos mercados e fontes creativa.

Luna Alonso, Ana, "Unha clara aposta pola importación de narrativa contemporánea. A tradución en 2006", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Panorámicas", 2007, pp. 169-177.

Percorrido polas obras traducidas ao galego nos diferentes xéneros no que Ana Luna pon de manifesto a crecente consolidación do interese editorial pola tradución e a clara aposta pola narrativa contemporánea dirixida ao público adulto, salientando neste sentido o labor de Rinoceronte Editora e o salto cuantitativo de Galaxia. Apunta tamén que os autores contemporáneos gañan espazo fronte aos clásicos. No apartado dedicado á tradución de obras clásicas refírese á publicación de *Tao te king*, por parte de Xosé Lois García; de dúas obras de Gaio Salustio Crispo, traducidas por Xosé Martínez García, *A conxuración de Catilina / A guerra de Iugurta*; o traballo de Paulo Nogueira Santiago que traduciu dende o francés *Ponthus e Sidoine, reis de Galicia e Bretaña*; e *Decameron*, de Boccaccio, e *Oliver Twist*, de Dickens, en tradución de Moisés Barcia. No espazo da narrativa para adultos comenta o recoñecemento acadado en 2006, coa concesión do Premio Lois Tobío, por catro textos: *A posibilidade dunha illa*, de Michel Houllebecq, en tradución de Isabel García Fernández; *Arthur e George*, de Julian Barnes, en tradución de Jesús Fraga; *Don Xoán: contado por si mesmo*, de Peter Handke, en tradución de Luis Fernández Rodríguez; e *As aventuras de Pinocho*, de Carlo Collodi, en tradución de Pilar Martínez. Asi mesmo, refírese á aparición en galego de obras como *O Perfume: historia dun asasino*, traducida do alemán por Luis Fernández Rodríguez, e diversas obras integradas na colección "Clásicos universais" e "Biblioteca Compostela", de Galaxia, esta última froito da colaboración coa Concellaría de Cultura do Concello de Santiago que acolleu *A casa dos encontros*, de Martin Amis, "co esforzo editorial que supón publicar un texto en galego un mes despois da súa publicación en Inglaterra". Dos títulos de poesía, menciona a tradución e edición da profesora Tareixa Roca da primeira antoloxía poética de César Antonio Molina, *Soños nos cantís. Antoloxía poética (1974-2005)*; *Serodio amor*, obra de Emilio Coco, traducida por Xulio Valcárcel e Suso Pensado; e a aparición da edición bilingüe galego-

inglés de *De amor e vida*, de Jane Danko, traducida por Vicente Araguas. Procedentes do ámbito anglófono, felicita a Galaxia pola entrega no eido do teatro de *Otero e Macbeck*, de William Shakespeare, traducidas por Miguel Pérez Romero, e cita a aparición d'*A conquista da escola de Madhubai*, de Hélène Cixoux, na Biblioteca Francisco Pillado, en edición francés-galego realizada por Purificación Cabido, asi como a ampliación da colección de teatro realizada por Xerais coa incorporación d'*O que ocorreu despois de que Nora abandonara o seu home ou os piares das sociedades* da austríaca Elfriede Jelinek. No que atinxe ao ensaio, Ana Luna pon de relevo que na produción traducida en 2006 se percibe o labor de Toxosoutos e Galaxia e o importante volume de textos procedentes do castelán, unha tendencia que tamén domina a produción de literatura infantil e xuvenil traducida, neste caso liderada por Kalandraka, á que lle seguen Rodeira, Xerais, Tambre e Galaxia. Tras o castelán, sinala como segunda lingua de procedencia o inglés e o catalán, seguidas a moita distancia polo alemán, o francés, o italiano, o portugués e o éuscaro.

Luna, Luis, "Pato**,** Chus (2006): *A ponte das poldras*, Vigo, Editorial Galaxia, pp. 63", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Recensións", 2007, pp. 223-224.

Comentario desta reedición do poemario *A ponte das poldras*, de Chus Pato, que foi publicada por primeira vez no ano 1996 na colección "Noitarenga". Sinálase que Chus Pato é o prototipo da escritura ao servizo da denuncia da represión franquista, que ten unha traxectoria bosquexada por tres eixos: o compromiso militante, a cuestión de xénero, que foi desenvolvida polo recoñecemento do feminino, pola denuncia da postergación e da desigualdade das mulleres, e a vontade de ruptura perceptíbel en diferentes aspectos estéticos e nunha actividade parapoética. Sinálase que *A ponte das poldras* aborda estes parámetros caracterizadores do mundo literario da escritora e, ademais, conforma unha obra plena dentro da poética da autora. Marca como características do poemario a escrita como forma de resistencia ante a perda da memoria, o elemento feminino como elemento construtor da realidade, a inclusión do eu no eu poético, o prosaísmo do elemento liberado, a necesidade de empatía, o erotismo omnipresente e a multiplicidade de voces.

Macías, Santiago, "Manuel Rivas: río arriba contra a indiferenza", *Xarmenta. Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta*, n.º 2, "Premios 2007", 2007, p. 11.

Columna na que se loa a figura de Manuel Rivas como un dos mellores escritores actuais que lle fixeron merecente de numerosos premios literarios. Tamén destaca a súa faceta como xornalista e como persoa que sempre acode á chamada da dignidade e do recordo "aos que pasaron por aquí antes ca nós".

Marante Arias, Antía, "*Obra dramática completa*. Jenaro Marinhas del Valle", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Libros", 2007, pp. 200-202.

Achegamento ao conxunto de pezas do dramaturgo coruñés Jenaro Marinhas del Valle, reunidas no volume *Obra dramática completa*, editado por Espiral Maior en 2006, baixo a responsabilidade de Alexandrina Fernández Otero e Lino Braxe. Destaca que o volume reúne trinta e unha pezas, das cales as vinte primeiras non aparecen recollidas

en ningún epígrafe, as seis seguintes constitúen o que o autor deu en chamar "Teatro inerte" e as cinco últimas son as "Obras inéditas". Aínda asi, Antía Marante divídeas en catro grupos, atendendo ás súas datas de publicación: as sete pezas incluídas n'*A revolta e outras farsas* (1965), escritas na década dos corenta e publicadas na dos cincuenta; as trece pezas escritas e publicadas entre 1968 e 2000, da que destaca *A gaiola*, por se tratar da única representada polo teatro profesional en 2001; as seis pezas publicadas en diferentes revistas entre 1974 e 1998; e as cinco obras inéditas. Conclúe salientando que a publicación desta obra constitúe "un acto de verdadeiro compromiso co teatro e coa literatura galega en xeral" que rescata as pezas da invisibilidade.

Mariño Paz, Ramón, "Edición de estudo lingüístico do romance de María Francisca de Isla y Losada ao cura de Fruíme", *Revista Galega de Filoloxía*, n.º 8, 2007, pp. 57-98.

Achega biográfica á figura de Naría Francisca de Isla y Losada (1734-1808), caracterizada por ser unha muller letrada na súa época. Sinálase que mantivo unha fonda amizade con José Francisco de Isla, autor de *Fray Gerundio de Campazas*, e polo que traballou para editar a súa obra aínda inédita á súa morte. Repasa algunhas fontes bibliográficas que lle atribúen a autoría de diversos traballos e sinala que da súa obra poética en lingua galega só se coñece o romance ao cura de Fruíme, dado a coñecer por Martínez Barbeito en 1958. Explícase que parte da súa obra a mandou destruir antes da súa morte, aínda que se conservou unha copia feita polo polígrafo José Cornide y Saavedra. Explica que a composición se ten que situar entre outono de 1774 e marzo de 1777. Sinálase que a composición ten escaso valor literario, que se localiza na Real Academia Galega. Acompáñase este artigo cun estudo lingüístico.

Martínez, Iago, "Patricia de Lorenzo. "De cativa non me lían, cantábanme", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1 ,"Por que les?", inverno 2006-2007, pp. 36-37.

Entrevista a Patricia de Lorenzo, actriz galega de dobraxe e teatro, na que ela comenta os seus gustos literarios e reflexiona sobre o acto da lectura. Entre outras cousas opina que a lectura é indispensábel para ser unha persoa formada e culta e que é fundamental lerlle aos nenos para que eles tamén sexan futuros lectores. Expresa tamén os seus gustos literarios, declarándose sobre todo lectora de novela e tamén da lectura a través da internet.

Martínez, Iago, "Coidado: é fráxil", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2, "proVisión", primavera 2007, pp. 2-6.

Longa reflexión sobre a exportación de literatura galega cara ao mercado internacional a través da tradución e ao tempo a importación doutras literaturas mundiais grazas sobre todo ao traballo de Rinoceronte Editora que na súa curta vida xa deu ao prelo un gran número de obras doutras literaturas non hispánicas. Malia a continua aparición de obras galegas traducidas a outras linguas considérase que Manuel Rivas segue a ser o máis traducido a linguas como o italiano e o inglés. Afírmase tamén que gran parte do mérito deste traballo de exportación é debido aos centros de estudos galegos espallados polo mundo que serven de axentes literarios mediadores, pero é preciso profesionalizar a

figura do axente literario para que a difusión sexa maior e mellor. Segundo diferentes opinións de tradutores ingleses, franceses ou italianos de obras galegas cómpre que exista un maior esforzo das editoriais galegas e a creación dunha rede seria de tradutores que vertan as obras galegas a outras linguas. Por último conclúese lembrando que ten que existir unha boa iniciativa institucional e colectiva para que este proxecto acade o éxito esperado.

Martínez, Iago, "Homero é unha Constitución", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2, "proPostas", primavera 2007, pp. 7-12.

Longa e demorada entrevista a Nélida Piñón, unha das escritoras brasileiras de máis éxito que vén de publicar *A casa da paixón* (2006), obra que xa foi escrita e publicada en 1972 pero que segundo se di, pola súa temática tivo unha difícil difusión. A entrevista inclúe unha recensión da obra feita por María Liñeira na que se destacan como características principais a forza expresiva e conceptual, a temática do desexo feminino nas súas múltiples facetas e unha prosa altamente simbólica e lírica. Tamén se inclúe unha pequena nota biográfica da autora. Fálase tamén doutras obras reeditadas pola autora, da cultura, das literaturas lusófonas e do seu propio proceso de escritura.

Martínez, Iago, "Martin Wu. 'Na literatura galega tamén hai merda, e non sempre é culpa da CIA", *Tempos Novos*, " *Protexta*", n.º 2, "proNome", primavera 2007, p. 36-37.

Entrevista a Martin Wu, músico da banda de pop en galego The Homens. É unha entrevista que xira en torno aos gustos e opinións deste músico en relación á literatura, en especial á galega, das que salienta *O home inédito* (2005), de Carlos Meixide; *Solimán* (2004), de Xesús Fraga e *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982), de Víctor Freixanes. En diversos momentos relaciónase a literatura coa música, por exemplo compara as novelas aos singles no senso de que a moitas lles sobran partes ou cando di que non hai moito rocanrol na literatura galega.

Mato Fondo, Miguel A., "A importancia de se chamar: Lois Pereiro", *Naz-on. Revista Cultural Galega*, n.º 5, "A persoaxe", febreiro-marzo 2007, p. 26.

Reflexiona sobre a estética de Lois Pereiro, que considera contemporánea, persoal, onde están presentes o individualismo escéptico, a ironía, a melancolía, a marxinalidade e unha enorme sensibilidade artística. Relaciona tamén a ruptura de estereotipos e a desconformidade de Pereiro coa de poetas anteriores, entre os que existe, segundo Mato Fondo, un diálogo.

Mato Fondo, Miguel A., "A importancia de se chamar: Ricardo Carvalho Calero", *Naz-on. Revista Cultural Galega,* n.º 6, "A persoaxe", maio-xuño 2007, p. 20.

Intensa lembranza da figura de Ricardo Carvalho Calero na que se destaca sobre todo o seu traballo como filólogo e profesor, o seu traballo ensaístico máis importante, *Historia da literatura galega contemporánea* (1963), o seu labor como narrador e

dramaturgo e finalmente a súa faceta como poeta que foi amplamente estudada por Pilar Pallarés. Da súa poesía, dise que expresa o drama "dunha loita entre a condición humana, limitada, e a nostalxia da condición divina.

Mato Fondo, Miguel, "A Importancia de se chamar: Luz Pozo Garza", *Na-zon. Revista Cultural Galega*, n.º 7, "A persoaxe", agosto-setembro 2007, p. 22.

Breve repaso á traxectoria da poetisa Luz Pozo Garza, escritora que considera que evoca a poesía de Rosalía de Castro. Se ben os seus versos teñen un recendo claramente rosaliano, sinala que Pozo leva a cabo unha escrita actual, nun claro intento de modernizar a lírica de Rosalía. Considera que *Concerto de Outono* (1981) unha das súas mellores obras, xunto con *Códice Calixtino* (1986) ou *Prometo a flor de Loto* (1992), obras que considera unha clara homenaxe á poetisa, como evidencia o título dunha das creacións de Luz Pozo: *Vida Secreta de Rosalía* (1996).

Mato Fondo, Miguel Anxo, "Cen anos do himno galego", *Naz-on. Revista Cultural Galega*, n.º 8, agosto-setembro 2007, pp. 4-6.

Fálase do poema de Eduardo Pondal "Os pinos", que o bardo compuxo a petición do músico Pascual Veiga para a creación do himno galego. Miguel Anxo Mato estabelece unha relación entre o poema e as manifestacións hímnicas do romanticismo alemán coetáneo, ao tempo que sitúa o poema dentro da produción poética galega cunha liña que fai partir de autores anteriores como Xoan Manuel Pintos con "A gaita gallega" ou Francisco Añós, e que tería a súa continuidade en Ramón Cabanillas, Avilés de Taramancos ou Celso Emilio Ferreiro. Ese fío trazado por Mato chega até hoxe, cando se aprecian composicións hímnicas de corte social na obra de Miguel Anxo Fernán Vello ou Manuel Rivas. Remátase dando algúns apuntamentos sobre as circunstancias da redacción do poema, asi como certos datos sacados dos estudos do profesor Manuel Ferreiro verbo das manipulacións sufridas polo texto ao longo do tempo.

Mato Fondo, Miguel Anxo, "A importancia de se chamar: Eduardo Pondal", *Naz-on. Revista cultural galega*, "A personaxe", n.º 8, agosto-setembro 2007, p. 22.

Lóase a figura de Eduardo Pondal (Ponteceso, 1835-La Coruña, 1917), indicando en primeiro lugar o seu valor como artífice do galego literario moderno e, en segundo lugar, como continuador da liña iniciada polos grandes poetas do medievo, Meendinho e Pero Meogo. Sublíñase ademais a capacidade do bardo de Ponteceso para capturar a esencia do espírito galego.

Mato Fondo, Miguel A., "A importancia de se chamar: Celso Emilio Ferreiro", *Naz-on. Revista cultural galega*, n.º 9, "A personaxe", outubro-novembro 2007, p. 33.

Lembranza e eloxio do poeta galego Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979), cuxa obra se considera que semella un tanto esquecida. Destácase da súa obra o contido de denuncia do fascismo e a defensa da democracia, a riqueza estilística, a invención de palabras e sons e a creación de imaxes insólitas. Igualmente elóxiase o

emprego da ironía e da burla, herdada das cantigas satíricas medievais e da poesía popular. O poeta é descrito como un vitalista, mundano, algo epicúreo, de carácter forte e á vez sentimental.

Mato Gómez, María Dolores, "Lela: a sombra dun amor ingrato. En desagravio de Rosendo Mato Hermida", *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, n.º 10, 2007, pp. 289-303.

Refírese á autoría da musicalización de "Lela", o célebre laio que Castelao puxo en boca de don Saturio n'*Os vellos non deben de namorarse*. O artigo demostra que o autor da peza é Rosendo Mato Hermida, músico galego que compuxo a peza para a estrea d'*Os vellos* en Santiago, no ano 1961. Sinálase que dende entón dita autoría ten caído no esquecemento, chegando mesmo a ser suplantada en varias ocasións. A modo de proba do dito achégase abondosa información sobre a estrea d'*Os vellos*, entre a cal atopamos documentos de grande interese como o testemuño persoal de Xesús Alonso Montero ou notas publicadas na prensa da época. Tamén se achegan numerosas referencias a documentos que testemuñan directamente á autoría da música. Por último, remátase facendo unha breve reseña biográfica de Rosendo Mato.

Martínez, Iago, "Novos aires para o libro", *Tempos Novos*, n.º 116, "Entreculturas/reportaxe", xaneiro 2007, pp. 68-71.

Informa da aprobación no Parlamento Galego da nova Lei do Libro e da Lectura. Sinálase a importancia desta lei como un elemento estratéxico na economía do país que servirá para ampliar e informatizar bibliotecas, promover a edición, a tradución a outras linguas; estabelecer campañas de animación á lectura, etc. Iago Martínez destaca o consenso político que tivo a aprobación da Lei do Libro e da Lectura, pero advirte que se trata dunha lei moi xeral que os distintos gobernos de Galicia terán que ir ampliando e modificando segundo avance o tempo. Saliéntase tamén ao final do artigo a futura lei estatal do libro e a norma da liberalización do prezo dos libros, competencias que neste eido están descentralizadas.

Martul Vázquez, Purificación, "Sargadelos y la influencia cultural de sus empresas", *Lvcensia. Miscelánea de Cultura e Investigación*, n.º 35 (Vol. XVII), 2007, pp.227-240.

Dá conta da importancia cultural que tivo ao longo da súa historia a cerámica de Sargadelos, tanto como revitalizante da economía local de Cervo, onde Antonio Raimundo Ibáñez a creou no século XVIII, como simbolo de identidade e do emprendemento empresarial de galeguistas como Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo. Para iso, a autora ofrece un percorrido histórico de Sargadelos, dende que era un negocio local que se abre as portas e toma contacto co que se fai no exterior, até a industria que é hoxe, sen perder nunca o vínculo coa arte e cultura galegas. Destaca en Sargadelos unha vontade de conxunción de todas as artes, de acordo cos principios estéticos e funcionais da escola da Bauhaus, da que tamén bebe. Pero o fito más importante na historia desta idustria foi en 1949, cando se crea o Grupo Sargadelos, un entramado artístico-intelectual que destina boa parte dos seus beneficios á promoción da cultura galega e á investigación.

Mejía Ruíz, Carmen, "*Madrygal* e os seus piares", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Crónica", 2007, p. 175.

Neste artigo a profesora Carmen Mejía plasma unha serie de agradecementos aos diferentes alicerces da revista *Madrygal,* como son e foron os bolseiros de lingua e cultura galega -Ana, Miguel e Roberto-, os colaboradores e os filólogos Alonso Zamora -director honorífico- e Xesús Alonso Montero.

Méndez Ferrín, Xosé Luis, "Compromiso político en acción. A historia de Luis Soto", *Caderno Arraiano*, "Represión, Solidariedade e Resistencia Antifranquista", verán 2007, pp.128-134.

Biografía do intelectual Luis Soto, un dos activistas políticos máis importantes de Galicia durante a Guerra Civil (1936-1939) e a posterior dictadura franquista (1939-1975). Ao longo do seu artigo, Xosé Luis Méndez Ferrín aporta grande cantidade de datos sobre a vida de L. Soto, de xeito que o lector remata acadando unha ampla información sobre a súa labor docente, cultural e política. Precisamente esta última, a política, é á que lle dedica unha maior atención o autor, quen fai memoria da incansábel labor levada a cabo por L. Soto en prol da súa ideoloxía marxista-leninista e independentista. Por último, Méndez Ferrín recomenda a autobiografía escrita polo propio L. Soto, *Castelao, a UGP e outras memorias,* a todo aquel que queira afondar na súa figura.

Méndez Ferrín, Xosé L., "Ourense ten cor amarela", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 174, Tomo XLV, "Artes Plásticas", abril, maio, xuño 2007, pp. 148-151.

Recóllense as palabras pronunciadas por X. L. Méndez Ferrín, o 24 de marzo de 2007, no acto de inauguración da mostra "Os Chaos de Amoeiro" do pintor Virxilio na Casa Grande de Trasalba co gallo dunha homenaxe a Ramón Otero Pedrayo, patrocinada pola Fundación Otero Pedrayo. Nelas Ferrín gaba a figura do "poeta plástico" Virxilio, refírese aos vínculos de Otero e Virxilio con Ourense e relaciona esta exposición pictórica co poemario *Bocarribeira* (1958), de Ramón Otero Pedrayo.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "A Sombra Literaria do Rei Don García," *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 69, tomo I, ano XVIII, xaneiro-febreiro-marzo 2007, pp. 33-44.

Xosé Luís Méndez Ferrín ofrece un percorrido pola historia do rei Don García II de Galicia e I de Portugal (1063-1090). Comeza describindo a partición das terras que posuía seu pai, o rei Fernando I, entre os seus fillos e cómo dous deles (Sancho II e Afonso VI) devecían por converterse en donos e señores deses terreos. Quebrantan, pois, a promesa feita a seu pai de respectar as partillas e encerran de por vida a Don García no Castelo de Luna (León). Xustamente ese aprisionamento do rei galego sérvelle a Méndez Ferrín para comentar algunhas das obras literarias nas que aparece metamorfoseado noutros personaxes. Asi, a partir de dúas lendas, unha de orixe político

na que Don García é declarado incapaz para reinar e outra na que se lle amosa como vítima da maldade fraterna, o rei é mostrado como unha figura inferior, infantil e sen dotes de mando. Dende o *Roman de Ponthus et Sidoine* de finais do século XIV ou comezos do XV até o poema de Jaime Gil de Biedma "El Prisionero de Luna" incluído no seu libro *Moralidades*, de 1967, o rei Don García é presentado coma un rei infeliz na prisión da que endexamais saíu. Coa súa historia contribúe, segundo Méndez Ferrín, ao nacemento do mito do "Home da Máscara de Ferro," no eido literario e cinematográfico. Conclúese o percorrido coa mención do libro de Darío Xohán Cabana, *Morte de Rei* (1996), onde a figura do rei aparece por vez primeira desmitificada dos aspectos negativos que lle foran atribuídos co decorrer do tempo e coa mención asemade do café onde Méndez Ferrín escribe o seu artigo; un café en Vilar de Mouros, unha das terras pertencentes ao rei Don García.

Miguélez Carballeira, Helena, "A madurez de Gertrude Stein", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 116-117.

Primeiro, céntrase tanto no labor como nas críticas dos tradutores e a continuación dá conta de *Tres vidas* (Galaxia, 2006), de Gertrude Stein. Sinálase que se estrutura formalmente en tres contos con estruturas internas parellas que relatan as vidas de tres serventas facendo unha crítica da sociedade estamental e inmobilista americana. Fáise un tratamento innovador do cotián como materia literaria trascendendo o esencial. Saliéntase que a obra ten unha clara vontade de estilo, mesturando a linguaxe experimental coa referencialidade. Despois pásase a abordar a tradución de María do Cebreiro e refírese ás modulacións lingüísticas e complexidades que pasan a un galego "axeitadamente sinxelo e vívido".

Miguélez Carballeira, Helena, "A escrita de Teresa Moure no contexto da narrativa feminista contemporánea. Inaugurar, reanudar, renovar", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Estudos", 2007, pp. 72-87.

Aténdese á recepción do traballo narrativo e ensaístico de Teresa Moure, que foi cualificado como un paso innovador e orixinal no contexto da produción literaria galega e que atopou un extraordinario reforzo grazas aos numerosos premios outorgados, para tratar de obxectivar o valor innovador da escrita de Moure. Achégase a *A xeira das árbores* (2004) e a *Herba moura* (2005) para contrastalas coas liñas teóricas desenvolvidas pola crítica feminista contemporánea, co fin de poñer de relevo que as estratexias discursivas e temáticas das novelas de Moure non se afastan de xeito substancial das xa exploradas, ou mesmo esgotadas, pola literatura feminista dos anos sesenta e setenta e até pola narrativa galega, a través da voz de María Xosé Queizán. Recoñece a presenza de características como a tendencia á materia testemuñal e autobiográfica, a reiteración na concepción da linguaxe como un artefacto de feitura patriarcal e a busca utópica dunha linguaxe alternativa, e o concepto de matrilinealidade, todas elas xa cuestionadas e até rexeitadas na crítica feminista. Conclúe comparando a recepción crítica acadada por Teresa Moure coa doutras escritoras como María Xosé Queizán, Margarita Ledo ou Belén Feliu, "fitos ensombrecidos e distorsionados por un medio crítico que obviaba e terxiversaba a valía dos produtos", e apuntando feitos como a incorrecta adscrición de *Anaiansi* (1989), de

Úrsula Heinze á novela feminista, agachando "unha certa contradición entre o seu contido e a forma na que foi presentado no sistema literario galego", ou as estratexias editoriais e paraeditoriais que se utilizan recorrentemente para presentar a literatura galega de mulleres nos últimos anos.

Monteagudo, Henrique, "O centenario d'*A Nosa Terra*", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 176, tomo XLV, "O rego da cultura", outubro, novembro, decembro 2007, p. 11.

O 4 de decembro de 2007 celebrouse o centenario do semanario *A NosaTerra.* O filólogo Henrique Monteagudo realiza un bosquexo sobre a traxectoria vital da publicación dende o no 1907, ano da súa creación, para rematar por aludir ás mudanzas experimentadas polo semanario *A Nosa Terra,* como, entre outros, a renovación experimentada polo semanario e a estrea do portal dixital *A Nosa Terra Diario*. Ao longo deste ano o xornal recibiu numerosos galardóns, como a Medalla Castelao ou o Premio Ramón Piñeiro, sendo protagonista dunha exposición itinerante polas cidades galegas e nas xornadas sobre 'Medios de comunicación e identidade', celebradas no Consello da Cultura Galega.

Montero Santalha, José Martinho, "Dois poemas inéditos de José María Álvarez Blázquez", *Agália*, n.º 91-92, 2º semestre 2007, pp. 39-42.

Recóllense dous poemas inéditos de Xosé María Álvarez Blázquez facilitados polo seu fillo, Celso Álvarez Cáccamo. Indícase que os dous poemas presentan grafía portuguesa e pertencen aos anos 1932 e 1934, cando o escritor tiña dezasete e dezanove anos, respectivamente. Sinálase que no primeiro caso o poema "Foje!" aparece recollido dentro dunha serie de poemas escritos en diferentes linguas e aparece co subtítulo de "Portugués". Logo, coméntase que o poema "A final…", con data de 1934, aparece recollido dentro dunha serie de poemas en galego, e conclúese que non considera que estea escrito nunha lingua diferente da galega, aínda que si con distinta grafía.

Montes, Amaya, "O teu bando", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1, "proPostas", inverno 2006-2007, p. 20.

Descríbese pormenorizadamente o argumento da obra de Jaureguizar, *A cova das vacas mortas,* Ed. Xerais 2006, resaltando o atractivo da mestura de personaxes ficticios con outros reais e o progresivo interese que vai espertando no lector ao ir creando diversas expectativas que non se resolven. Asemade indica como un dos grandes temas da novela o nazismo. Polo contrario, alude ao precipitado e mal resolto desenlace como un dos principais defectos da obra.

Mosquera, Ana, "Onde o mundo se chama Celanova", *O ollo público. Revista das artes*, n.º 18, "Viaxa", marzo-xuño 2007, pp. 41-42.

Contén unha proposta de viaxe á comarca de Celanova, onde se atopan lugares evocados polas obras de Manuel Curros Enríquez, como Vilanova dos Infantes. Tamén se lembran que se evocan os momentos dramáticos da Guerra Civil descritos por Celso Emilio Ferreiro na súa *Longa noite de pedra* (1962) e Elixio Rodríguez no libro *Matádeo mañán* (1994) que tiveron lugar no monte de Furriolo, preto de San Salvador de Celanova.

M.P.P., "Un novo territorio na Rede", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "O rego da cultura", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 8-9.

Dá conta da publicación en liña *Galicia 21*, que achega aproximacións multidisciplinares a temas de interés no eido dos Estudos Galegos, ocupando un lugar privilexiado os debates e discusións. Ofrece os trazos significativos da revista conforme a súa filosofía e temática. Concíbese como unha publicación gratuita anual cunha primeira entrega prevista para outono de 2008 cun corpo básico de sete artigos, cinco recensións de traballos críticos e un ensaio asinado por un autor ou autora convidado que achega traballos relacionados coa lingua galega de sociolingüística, historia cultural, estudos de tradución, filosofía, mercadotecnia, etc en galego ou inglés. Fáise unha relación dos académicos que forman parte do consello editorial.

Muñoz Carrobles, Diego, "Moure, Teresa (2005): *A palabra das fillas de Eva*, Vigo, Editorial Galaxia, pp. 130", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Recensións", 2007, p. 221.

Achega á obra de Teresa Moure, considerada como modelo que desenvolve a loita contra o machismo do discurso e a favor da liberación da palabra. Dise que Moure critica as convencións sociais estabelecidas pola linguaxe, que favorecían a submisión do sexo feminino e que a obra está dividida en catro partes "A palabra perdida", "Linguaxe feminina fronte á linguaxe masculina", "Usando a linguaxe para cambiar o mundo" e "Depositarios da palabra", que mostran a notoria capacidade narrativa da autora. Probas desta facilidade narrativa son os fragmentos de diferentes eventos, como un parto, a historia dunha alumna de socioloxía ou a visión particular da Xénese bíblica. Considera como elementos caracterizadores da obra a lingua, como elemento natural e ferramenta de poder; a crítica do xénero masculino, como elemento xenérico ou epiceno; o equilibrio entre a escritura lírica e escritura ensaística; o estilo áxil e directo, e unha sinxeleza chea de contido.

Neira Rodríguez, Marta e Blanca-Ana **Roig Rechou**, "Escrito por mulleres", *Festa da Palabra Silenciada. Publicación Galega Feminista*, n.º 23, "Actualidade", 2007, pp. 136-146.

Achega á produción realizada por mulleres durante o ano 2006, na que se toma como fonte o *Informe de literatura 2006*, publicado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Iníciase o traballo cunhas estatísticas nas que se ofrecen os datos da produción de autoría feminina no ano 2005 en comparación co 2006, estruturado segundo os apartados do propio *Informe*: narrativa, poesía, literatura dramática, Monografías, biografías, crónicas, volumes colectivos e Día das Letras

Galegas, e a través dos que se constata unha diminución en practicamente todos os casos na literatura institucionalizada, fronte ao aumento considerábel en tódolos apartados na infantil e xuvenil. Adiántase que en próximas entregas se computará tamén a participación das mulleres en revistas e na prensa. De seguido ofrécense as fichas bibliográficas das máis de dúas centas obras de autoría feminina, remitindo á páxina web do *Informe de literatura* (www.cirp.es) a todos aqueles interesados en coñecer o descritor destes volumes.

Nicolás Rodríguez, Ramón, "Tres calas no primeiro Celso Emilio Ferreiro", *Arraianos*, n.º VI, agosto 2006, 2007, pp. 19-22.

Realiza unha aproximación biobibliográfica á primeira etapa vital de Celso Emilio Ferreiro, no período que vai dende a mocidade até o seu retorno a Celanova logo da Guerra Civil co obxectivo de aportar luz nunha das etapas máis importantes da vida do escritor, xa que, nela se formou o seu espírito crítico, a súa conciencia ideolóxica e a súa maneira de estar no mundo. Divide todo o período en tres partes: "Abisinia. 1935", onde comeza a súa actividade escrita e tamén a política. Na seguinte "cala", "Xullo de 1936", descríbese como se mantivo fiel, na medida das circunstancias, aos ideais republicanos. Finalmente, no apartado "A Guerra Civil", relátase como foi a súa estadía na fronte de Asturias, a onde foi recrutado.

Nicolás, Ramón, "El momento de la verdad", *Qué leer*, n.º 117, "Letras gallegas…", xaneiro 2007, p. 30.

Explica, nesta sección dedicada á cultura galega, que se celebrou no Liceo Casino de Pontevedra, a finais de decembro de 2006, a Noite da Edición, na que "A Asociación Galega de Editores" entregou os seus premios a creadores como Paula Carballeira, Peter Handk e fixo dúas merecidas homenaxes a Isaac Díaz Pardo e a Sabino Torres. Sinálase que esta celebración coincide coa aprobación da 'Lei do Libro' polo Parlamento de Galicia.

Nicolás, Ramón, "Homenajes editoriales", *Qué leer*, n.º 118, "Letras gallegas…", febreiro 2007, p. 28.

Repaso por algúns eventos relacionados co mundo editorial como que Kalandraka foi galardonada co Premio Cidade de Pontevedra, un dos moitos galardóns que recibiu ao longo da súa historia. Ao mesmo tempo o selo histórico Alvarellos cumpre trinta anos de vida, coincidindo coa publicación do libro de Camilo José Cela, *Retorno a Iria Flavia*. E por último, faise mención da invitación que recibiu Galicia para participar na Feira Internacional del Libro da Habana.

Nicolás, Ramón, "La feria de las novedades", *Qué leer*, "Letras gallegas", n.º 120, abril 2007, p. 36.

Nicolás fai referencia á celebración da Feira Cultur.gal en Pontevedra e destaca a gran cantidade de publicacións de textos teatrais e de ensaios. Dentro dos ensaios de tema

histórico salienta títulos como *Da arqueoloxía ao soño popular: a deconstrucción da Paixón Céltic*, de Ana Ibarra, *Xénese do espazo urbano en Galicia*, de Tania Galán ou o *Urbanismo medieval galego*, de César Candelas. Dentro dos ensaios centrados no uso da lingua nomea *Lingua, nación e identidade*, de Freixeiro Mato; *Letras de cal*, de Miguel Louzao ou *Dun tempo e dun país*, de Manuel Caamaño. Dentro do teatro cita diversas obras como a *Farsa de Bululú*, de Manuel María; unha traducción da obra de Elfriede Jelinek, *O que ocorreu despois de que Nora abandonara o seu home ou os piares das sociedades* e *Limpeza de sangue*, de Rubén Ruibal.

Nicolás, Ramón, "De galardonados y ferias", *Qué leer*, "Letras gallegas", n.º 122, xuño 2007, p. 30.

Recóllense unha gran cantidade de premios literarios entregados durante o mes de maio. Entre as obras premiadas destaca *Os libros arden mal* (2006), de Manuel Rivas, que conseguiu oito galardóns. Segundo Nicolás " ..sin temor a equivocarme, ninguna novela en los últimos años ha sido capaz de concitar entre nosotros tantos reconocimientos". Tamén se fai referencia á Feira Cultur.gal., celebrada na cidade de Pontevedra, da que o seu director, Roberto Pérez Pardo, afirma que o balance non pode ser mellor. Sinálase que esta feira se caracteriza pola multitude de actos como cafés literarios, faladoiros, emisión de programas, concertos,etc.

Nicolás, Ramón, "Propuestas de nueva temporada", *Qué leer*, "Letras gallegas", n.º 124, setembro 2007, p. 30.

Preséntase unha serie de propostas sobre literatura galega. Asi no que se refire ao ensaio salienta *De provincia a nación*, de Justo G. Baramendi, un ensaio historiográfico que recolle os grandes movementos sociais e políticos do noso tempo. No campo da narrativa destaca *O señor Lugrís e a negra*, unha biografía novelada do pintor Urbano Lugrís; e *A casa dos Lucarios*, de Teresa Moure, obra destina a un público xuvenil, e *Terrorist*, de John Updike. Outras obras consideradas interesantes son *Mentres a herba medra*, Premio Blanco Amor de novela, de Xesús Rábade Paredes, e *O soño da febre*, de Miguel Anxo Murado. Dentro da poesía destaca *Eume*, de Cesar Antonio Molina e *Teatriños*, de Erín Moure, e no terreo da tradución a *Vida interior de Martín Fros*, de Paul Auster. Por último, recolle algúns títulos para o público infantil como *Só un segundo*, de Silvio Freytes ou *Todas as respostas ás preguntas que nunca te fixeches*, de P. Nessmann.

Nicolás, Ramón, "De María Pita al galeusca", *Qué leer*, "Letras gallegas", n.º 125, outubro 2007, p. 28.

Preséntanse tres novas propostas da narrativa galega: *María das batallas*, de Alfredo Conde, centrada na heroína coruñesa que loitou contra Drake; *Aquel lugar*, de Antía Nara, relato da viaxe dunha muller a Lahore en Pakistán, entendendo a viaxe como unha experiencia enriquecedora e vitalmente necesaria, e *Vidas pos-tit*, de Iolanda Zúñiga, obra innovadora articulada mediante unha serie de microrrelatos que xiran sobre acontecementos da vida cotiá. O autor tamén fai referencia á celebración das Primeiras

Xornadas da Crítica Galega, á reunión de autores Galegos e portugueses no acto "Letras na raia", ás primeiras Xornadas Virtuais de Literatura Galega e a Galeusca.

Nicolás, Ramón, "Reconocimientos y charlas", *Qué leer*, "Letras gallegas", n.º 126, novembro 2007, p. 32.

Fálase da elección de Agustín Fernández Paz como candidato ao premio Astrid Lindgren, xunto co ilustrador Xan López Domínguez. Tamén fai referencia á importancia do xénero de "conversas" con representantes como X. L. Méndez Ferrín, Manuel María ou Carlos G. Reigosa. Por último fai referencia ao Premio Internacional Compostela para álbums ilustrados, convocado polo Concello de Santiago e a editorial Kalandraka.

Nicolás, Ramón, "La narrativa de las fiestas", *Qué leer*, "Letras gallegas", n.º 127, decembro 2007, p. 32.

Nicolás propón algunhas obras en galego interesantes para o Nadal como *Madeira de zapaterio*, de Suso de Toro; *Cardume*, de Rexina Vega; *Soidade*, de An Alfaya; *Minimaladas*, de Carlos López; e *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz, entre outras.

Núñez, Javier, "Proyecto Meiga. Diez años poniendo el libro gallego al alcance de una tecla", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 119, Ano X, marzo 2007, p. 33.

Explícase que o "Proxecto Meiga" é un programa de informatización e creación dunha rede de bibliotecas galegas municipais, coma escolares e outros centros bibliográficos, que xurdiu en 1997, e que está integrado por máis de catrocentas bibliotecas galegas con máis de dous millóns de volumes.

Ogando, Iolanda, "Da importancia da educación", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2, "proPostas", primavera 2007, p. 21.

Refírese á obra de José Saramago *As pequenas memorias* (2006) na que o autor vai tecendo de maneira descontinua lembranzas, imaxes, palabras e sensacións, con poucas indicacións cronolóxicas, derivadas dunha historia do cotián a través dos ollos do José de Saramago neno. Dise que coñecemos o Portugal dos anos vinte e trinta, as súas xentes, os seus conflitos e, asemade, o proceso de aprendizaxe do mundo que explica a andaina literaria do autor. Malia ser unha faixa de tempo pequena, só até os quince anos, están cheas de emoción e a lucidez que o paso do tempo deu ao Premio Nobel do que se di constrúe aquí un relato intenso, sobrecolledor e ás veces divertido.

Otero Varela, Inmaculada, "Cunqueiro en italiano", *Revista Galega de Cultura*, n.º 174, Tomo XLV, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2007, pp. 100-101.

Comeza falando da certa tradición que existe en Italia de traducir a escritores en lingua

galega se ben, agás Manuel Rivas na editorial Feltrinelli, as traducións son de pequena tiraxe e pouca distribución. A seguir céntrase no volume *Merlino e famiglia (Miranda)* (2007), tradución de Andrea Bernardi, do que non se cuestiona a calidade do seu resultado mais agradeceríase un meirande coñecemento da realidade galega e do seu sistema literario, por parte do tradutor, xa que se constata "grazas a diferentes índices" que Bernardi segue o texto español publicado por Destino en 2003.

Otero Varela, Inmaculada, "Ameixeiras**,** Diego (2006): *Tres segundos de memoria*, Vigo, Edicións Xerais, pp. 211", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Recensións", 2007, p. 217.

Comentario desta obra de Diego Ameixeiras da que se sinala que se materializa en forma de diario, que a acción se desenvolve nunha cidade e que ten como protagonista a un mozo de trinta anos con formación universitaria.Deste xeito, o personaxe principal manifesta a precariedade laboral e sentimental mediante a introspección e as reflexións sobre a sociedade. Considera que froito desta carestía no eido emocional é a frustración e a inestabilidade emocional, mentres que o percorrido erótico-sentimental do mozo se fortalece polos personaxes do seu contorno. Sinala como trazos senlleiros da obra a creación dunha xerga xuvenil, as construcións sintácticas cheas de metáforas a medio camiño entre a moda urbana e o sarcasmo autocrítico, a ironía e a orixinalidade.

Paraíso, "Nut Teatro. Olor a novo", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios*, n.º 1, marzo 2007, pp. 12-13.

Coméntase que Carlos Neira dirixe unha compañía netamente feminina que presenta unha proposta escénica interdisciplinaria, unha mestura de performance e teatro conceptual. Dise que pretende ser unha compañía innovadora en canto a estilo e reacción no público que implica abrilo a outras disciplinas e soportes tecnolóxicos. Saliéntase que a súa fórmula se basea no uso e xogo das imaxes para crear conceptos e que "cada persoa captará a mensaxe en función das sensacións e impresións que lle produza a obra". Noméase a súa montaxe de presentación *Corpos Disidentes.*

Paraíso, "Máis alá do máis difícil aínda", *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios*¸ n.º 2, setembro 2007, pp. 18-19.

Fálase do Novo Circo de Galicia e do espectáculo *Kamikazes* de PistaCatro e o Centro Dramático Galego. Dise que este movemento aposta pola versión máis intimista do espectáculo da carpa, que recupera a presenza de artes escénicas como o teatro, a danza e a música e que poñen a técnica ao servizo da expresión artística. Fálase que o Novo Circo de Galicia realiza didáctica de técnicas circenses e que a iniciativa xurdiu na chamada Casa Encantada de Compostela e materializouse máis tarde na Festa do circo, con espectáculos de malabares, clown ou cabaré e no Festival D'Gorra, celebrado nas rúas de Compostela para achegarse ao público.

Pardo, Xulio M., "Esculturas urbanas llenas de historia", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 122, Ano XI, "Ciudad", xuño 2007, pp. 38-40.

Fai un repaso polas diferentes esculturas urbanas da cidade de Ourense e entre elas detense nas de Eduardo Blanco Amor, Castelao ou O Carrabouxo.

Pascual, Roberto, "As políticas teatrais, entre a farfalla local", *Tempos Novos*, n.º 125, outubro 2007, "Entreculturas", pp. 78-80.

Denúnciase a falta de políticas teatrais e mesmo culturais ou a precariedade das mesmas en Galicia, poñendo como exemplo a Carballiño, xa que alí o FETEGA (Festival de Teatro Galego) sobrevive aos bandazos políticos e ao illamento en canto a axudas e subvencións. Sinálase que pese á falta de medios culturais en xeral o FETEGA loita por conservar a súa existencia, que este ano celebra a cuarta edición da súa nova etapa.Lémbrase que os seus inicios datan da década dos oitenta, promovido polas asociacións culturais Avantar e Orballo. O ton irónico do artigo denuncia feitos como a cesión do auditorio por parte do goberno municipal para poder incluír no festival funcións do IGAEM e a falta de axudas para o equipamento e infraestruturas do local, cuxas carencias son evidentes para os grupos teatrais visitantes. Aínda asi, o Concello do Carballiño nin sequera solicita as axudas para investimentos nos espazos da Rede Galega de Teatros e Auditorios convocadas pola Consellería de Cultura e Deporte, polo que, para rematar, se cuestiona a permisividade de tantas carencias nas políticas teatrais e culturais galegas coma a de Carballiño.

Pascual, Roberto, "O sangue da rúa", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 5, "ProPostas", inverno 2007-2008, p. 17.

A editorial Xeral acaba de publicar a obra de Rubén Ruibal, *Limpeza de Sangue* (Premio Álvaro Cunqueiro 2005 e Premio Nacional de Literatura Dramática 2007). Cento setenta e seis páxinas nas que se recolle unha peza teatral de tan dramático na que se profundiza nos sentimentos das personaxes e do seu contexto social.

Pascual, Roberto, "Creación, investigación, madurez. Teatro en 2006", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Panorámicas", 2007, pp. 156-168.

Repaso á produción da literatura dramática do ano 2006 e comeza aludindo á nova denominación da colección "Os libros do Centro Dramático Galego" editada por Xerais, que nesta nova xeira pasa a denominarse "Biblioteca Dramática Galega". Inseridas nesta serie, comenta títulos como *Os homes só contan até tres*, de Lopo, unha historia de mulleres marcada polo fragmentarismo e a autonomía das escenas; *Limpeza de sangue*, de Rubén Ruibal, que dá entrada a trazos como a linguaxe cinematográfica, a marxinalidade, a poeticidade ou cuestións de actualidade; e *Farsa de Bululú*, de Manuel María, cuxa edición cobre unha débeda histórica ao se tratar dunha peza de referencia na historia da literatura dramática galega que se edita trinta anos despois de gañar "ex aequo" o I Concurso de Obras Teatrais en Galego Abrente. A seguir atende ás publicacións suscitadas con motivo de lle dedicar o Día das Letras Galegas 2006 a Lugrís Freire: *Manuel Lugrís Freire. Do texto ao escenario*, volume coordinado por Manuel Vieites que recolle estudos realizados por profesores da ESAD galega; ou *Na outra banda da ponte,* de Francisco Pillado Mayor. Pascual salienta a aparición de ensaios centrados tanto no traballo artístico coma en cuestións que rodean a empresa

teatral como *Xestión de proxectos e produción de espectáculos*, de Francisco Oti Ríos; *A fábrica do teatro*, de Michel Pruner e *Introdución á linguaxe musical*, de Mónica Groba. Detense tamén na traxectoria de publicacións periódicas que adoitan acoller a creación dramática como *Revista Galega de Teatro* e *Casahamlet*, ás que engade a aposta de *Madrygal*, a continuidade do *Anuario Galego de Estudos Teatrais*, tras dous anos de irregular aparición, e *Escaramuza*, salientando dun xeito especial a presentación do número 112 da revista *ADE Teatro*, da Asociación de Directores de Escena de España. No que atinxe ás creacións de mulleres menciona *Confusión e morte de María Balteira*, de Marica Campo; e mais a tradución do alemán editado en Xerais d'*O que ocorreu despois de que Nora abandonara o seu home ou os piares da sociedade*, da austríaca Elfriede Jelinek. Arredor da prolífica obra de Manuel Lourenzo recensiona a aparición de publicacións como *Palabra e acción. A obra de Manuel Lourenzo no sistema teatral galego*; as tres pezas recollidas por Laiovento en *Eclipses* ou as tres pezas curtas inseridas na colección "A Pinguela" da editorial Fervenza. Da man de actores refírese a propostas como *Medidas preventivas*, de Gustavo Pernas Cora; *García* e *Binomio de Newton*, de Cándido Pazó; e *Teatro imprevisto* e *Imperial, café cantante*, de Eduardo Alonso. No apartado titulado "Rescates, estudos e outros", apunta a singularidade de obras como *Valle-Inclán e o teatro galego*, coa que Euloxio R. Ruibal obtivo o Premio Valle-Inclán 2005; *Performance. Unha introdución crítica*, de Marvin Carson, traducido por Manuel F. Vieites; *O ollos de Victorine e a construción da cuarta parede*, de Gustavo Pernas; a edición da *Obra dramática de Jenaro Marinhas del Valle*, editada en Espiral Maior, e *Obra inédita e esquecida*, de Leandro Carré Alvarellos, recuperada por Alvarellos Editora.

Pascual Rodríguez, Roberto, "Camilo Díaz Baliño, escenas segadas", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Varia", 2007, pp. 165-169.

Comeza coa alusión á efeméride en 2006 do pasamento de numerosos artistas e intelectuais asasinados en 1936. Nesta liña céntrase na figura de Camilo Díaz Baliño, pintor, escritor, deseñador, cartelista e escenógrafo. Define a Díaz Baliño polo seu ideario político próximo aos presupostos revolucionarios, pola vertente católica presente na súa obra, polo simbolismo da súa creación escenográfica, na que se manifesta a fusión da natureza, a paisaxe e a patria. A seguir céntrase na súa obra cretaiva como escenógrafo, coa adaptación de títulos como *Rosiña* ou *O fidalgo*, de San Luis Romero; ou *A man da santiña*, de Ramón Cabanillas, na que se destaca a contribución deste autor a unha escenografía netamente galega, aínda que con concesións ao costumismo.

Pascual, Roberto, "Arrimo e faro de estudos galegos", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Crónica", 2007, p. 177.

Reflexión persoal estruturada en dúas partes: na primeira reflicte a visión sobre os cambios estruturais da publicación *Madrygal*, que se materializaron nas inclusións da sección "Varia" e da sección de "Teatro na creación", nos trocos esixidos polas normas internacionais para publicacións científicas e no reparto equitativo de atención arredor dos temas da lingua, da literatura e das artes e ciencias de Galicia, e na segunda define *Madrygal* como o resultado dunha fusión de materia e contexto(s) ao ser canle de divulgación, de rigorosidade e de construción dun panorama galaico propio.

Pascual Rodríguez, Roberto, "O harmónico cosmos de Luz Pozo Garza", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Entrevista", 2007, pp. 211-216.

Entrevista á poetisa e candidata ao Premio Nobel de Literatura, Luz Pozo Garza, na que fai unha viaxe no tempo baixo a sombra dos estados anímicos, mostrando as luces e as sombras da súa vida. Aproveita a ocasión para observar con detemento histórico acontecementos positivos, como a liberdade de pensamento da época republicana, o casamento con Eduardo Moreiras e o exercicio da docencia, e o negativismo de eventos como, entre outros, a incerteza do levantamento militar, o clima de inseguridade do ano 1936, o encarceramento de persoas de ideoloxía franquista, entre os cales estivo Gonzalo Pozo, pai da literata, e o exilio da familia en Tetuán durante o período de prisión do pai. Ao longo destas manifestacións amosa estreito vínculo entre a súa vida e a súa obra e confesa a utilización da lingua castelá nos seus comezos, decantándose despois pola lingua galega por influencia do seu marido e por convicción persoal. Deseguido fai un percorrido pola súa obra: *O paxaro na boca* (1952), *Últimas palabras* (1976), libro en castelán traducido ao galego, que se caracteriza pola crise profunda e pola falta de comunicación con Eduardo Moreiras; *As arpas de Iwerddon* (2004), poemario de temática irlandesa; *As vodas palatinas*, libro de poesía atemporal que se realizou en 2002 e en 2005; *Medea en Corinto*, obra na que se debuxa unha colisión entre as civilizacións protohistórica e mítica mediante a mestura de drama, narrativa e lírica; *Códice Calixtino* (1986); *Prometo a flor de loto* (1992) e *Memoria solar* (2004), compendio da obra da escritora por parte de Manuel Ramos. Caracterízase a súa creación literaria pola riqueza na intertextualidade cultural, polo vocabulario culto, polo esoterismo e pola linguaxe metafórica á hora de desenvolver temas, como a dualidade amor-morte, o intimismo, o existencialismo, a amizade, a Terra e a xustiza social.

Patterson, Craig, "Traducir Castelao ó inglés: desafíos de difusión e recepción no mundo anglófono," *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico,* n.º 69 , tomo I, ano XVIII, "Acoutacións", xaneiro-febreiro-marzo 2007, pp. 57-71.

Craig Patterson fala neste artigo sobre o seu proxecto de traducir do galego ao inglés o ensaio *Sempre en Galiza* (1944), de Alfonso Rodríguez Castelao. Comeza cunha breve historia da tradución do galego ao inglés, destacando as obras e escritores que tiveron máis fortuna: X. L. Méndez Ferrín, Carlos Casares, Manolo Rivas, etc. Logo dedica un pequeno epígrafe á situación actual da tradución do galego á lingua inglesa no mundo académico, sobre todo no ambiente universitario. A recepción das traducións dos textos galegos no Reino Unido é outro dos apartados do artigo, no que analiza o papel das editoriais inglesas na edición e publicación de libros galegos traducidos ao inglés; destaca o papel das editoriais Planet e Harvill, encargadas de editar obras tan significativas da literatura galega actual como: *O lapis do carpinteiro*, *Que me queres amor?* e *A lingua das bolboretas*, de Manolo Rivas; *Cousas*, de Castelao, ou *Vento ferido*, de Carlos Casares. Outro apartado do artigo céntrase en enumerar posibeis solucións para mellorar a problemática da tradución de obras literarias galegas á lingua inglesa. Por último, Craig Patterson sinala o desafío que supón para el o intento de traducir ao inglés o ensaio máis importante da literatura galega: *Sempre en Galiza*, de Castelao.

Pawley, Martin, "Xuventude en marcha", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1, "proPostas", inverno 2006-2007, p.14.

Coméntase a obra gañadora do Premio Xerais 2006, *Tres segundos de memoria,* ed. Xerais, 2006. Pártese de que o libro foi xulgado negativamente por algunhas voces sen coñecelo pero que para outros supuxo unha muda no sistema cultural galego. Tanto nun caso coma noutro o argumento é a xuventude do autor. Dise que a obra presenta un protagonista de trinta anos desencantado da vida que tenta vivir o presente aceptando sarcasticamente que as ilusións de mocidade non chegarán a concretarse nunca. Destácase a prosa de frases lacónicas, o gusto pola desmitificación, a narración fragmentaria e a suma dunha voz máis íntima con outra que refire unha acumulación de episodios cotiáns de carácter anecdótico. Por último dise que o grao de aceptación da novela depende da empatía que se poida sentir polo protagonista, moi próximo para uns e demasiado distante para outros.

Paz Andrade, Alfonso, "Díaz Pardo, home doutro tempo", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "O rego da cultura", xaneiro, febreiro, marzo 2007, p. 11.

Co gallo da investidura de Isaac Díaz Pardo como doutor *Honoris Causa* pola Universidade da Coruña, ofrécese un perfil "dun dos fillos máis sobranceiros e egrexios da Galiza". A defensa dos intereses de Galicia, a vontade emprendedora, a recuperación da memoria histórica e a súa faceta de pintor, escritor, ceramista ou arquitecto tamén son abordados polo autor.

Pazos, Xosé Manuel, "A política teatral desde o Concello de Vigo", *Revista Galega de Teatro*, n.º 51, "Opinións", verán 2007, pp. 26-28.

Comézase criticando que a pesar de que Vigo é "a cidade máis poboada de Galicia" e que se considera que é "a máis puxante en termos económicos", a Institución Municipal fai escasos esforzos por normalizar o teatro. A seguir vanse analizando os obxectivos do programa municipal: infraestruturas culturais e teatrais, apoio á actividade realizada no municipio e a programación estábel, argumentando a falta de interese municipal á hora de cumprir eses obxectivos. Así, non existe ningún espazo municipal teatral; fóronse perdendo espazos céntricos emblemáticos que puideron converterse en "teatros municipais"; a actividade teatral limitouse a "Vigo a escena", un Festival de Teatro Alternativo, unha Escola de Teatro Municipal sen repercusión social e que a programación "estable" se limita ás xornadas anuais de "Teatro en familia" e xornadas de teatro infantil no verán. Destácase a programación do Centro Cultural Caixanova como "referente cultural indudidable" e remátase apuntando que ogallá se equivoque ao afirmar que "ninguén con responsabilidades políticas parece ter a máis mínima intención de cambiar o panorama".

Pedrós-Gascón, Antonio Francisco, "*Home sen nome*. Suso de Toro", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Libros", 2007, pp. 193-194.

Recoñécese no personaxe do médico que aparece en *Home sen nome* (2006), de Suso de Toro, o negativo de Pedro de *Tempo de silencio*, de Luis Martín-Santos, pois ambos

estudan alegoricamente un corpo, o da nación, aínda que dende posturas antagónicas, pois Isidro pertence ao grupo dos vencedores. "Tanto para Martín-Santos como para De Toro, Ortega y Gasset é un dos axentes que inocularon o virus, un dos (ir)responsables morais do que veu despois". Apunta que a novela ilustra o actual proxecto de recuperación da memoria histórica, sendo unha constante na obra do autor expresada, por exemplo, en *Parado na tormenta* (1996), *A carreira do salmón* (2001), *Ten que doer* (2004), *Españois todos* (2004) ou *Outra idea de España* (2005), e que o texto ofrece unha mestura de realidade e ficción na que Suso de Toro emprega unha linguaxe barroquizante e excesivamente poética para tratar o discurso das armas e denunciar a crueldade e a violencia. Destaca tamén o personaxe de Nano, protagonista da triloxía reunida en *O príncipe manco* (2004), composta por *Aquí somos asi, positivamente* (1990), *Tic-Tac* (1993) e *Círculo* (1998), asi como os saltos da voz narrativa para crear un realismo multiforme ou a presenza de elementos máxico-realistas, probas do intento do autor de reunir personaxes e escenarios doutras das súas obras.

Pena Presas, Montse, "Coa cor violeta de fronte", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 113-114.

Comézase aludindo á tese feminista, usada por María Reimóndez para ficcionalizar a súa ideoloxía, xa presente nas súas obras anteriores *Moda galega* (2002), *O caderno de bitácora* (2004) e *Usha* (2005) para logo centrarse na obra *O club da calceta* (Xerais, 2006). Refírese ás seis protagonistas, que conforman diferentes modelos de muller, e á trama, despertaran o xermolo da conciencia feminista na clase de calceta a partir da historia da tía Davinia, "nai ideolóxica e sentimental" de todas elas, valorando a independencia, autoconciencia e cooperación entre iguais para superar a problemática sexista. Sinálase que, no tocante á construción formal, a autora decide brindar a cada protagonista voz e visión en cadanseu capítulo, formando unha unión de voces e motivos. Finalmente fálase da inserción da obra de Reimóndez nunha serie de novelas onde o "aparello feminista" aparece como "pano de fondo", como pode ser *Herba moura* (2005).

Pena Presas, Montse, "A necesidade de sentir", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 174, Tomo XLV, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2007, pp. 96-97.

Salienta de *Se algún día esta muller morta* (2006), de Miguel Sande, que trata dun xeito intelixente o tema dos malos tratos ás mulleres e comenta que a película *Te doy mis ojos*, de Icíar Bollaín, funciona como hipotexto. Destaca tamén que as diferentes voces narrativas desta novela conseguen potenciar a historia contada, asi como que as intervencións do narrador heterodiexético funciona como unhas didascalias teatrais.

Pena Presas, Montse, "Auster**,** Paul (2006): *Brooklyn Follies*, Vigo, Editorial Galaxia, pp. 328", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Recensións", 2007, pp. 218-219.

Reseña da novela *Brooklyn Follies* (2005), de Paul Auster, última obra que obtivo o Premio Príncipe Asturias das Letras A obra ten como escenario Nova York e, máis en concreto, Brooklyn. O protagonista da novela é Natham, un axente de seguros retirado

que manifesta pensamentos, sufrimentos e vivencias procedentes do entorno familiar, laboral e amistoso. Natham ao longo da novela adopta o papel de intermediación entre receptor e emisor/personaxes. Ao longo da obra Paul Auster reflicte, ademais das ensinanzas sobre a literatura universal e da reflexión sobre as novas xornlísticas, o retrato da sociedade norteamericana mediante as críticas ao presidente estadounidense, o notorio aumento das seitas relixiosas e o enfrontamento entre republicanos e demócratas.

Pérez, Gabriel, "Coidado que se moven", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2, "proPostas", primavera 2007, p. 18.

A nova entrega do álbum da serie de Simon Martel completa os catro anteriores; é descrita por Gabriel Pérez como un novo logro de Fausto Isorna e do novo equipo de creadores que dan vida aos personaxes que conforman devandita serie. Este novo título *Están vivas¡*, 2006, "viaxa polos prototipos clásicos do xénero detectivesco e de misterio sen deixar de lado os feitos de ciencia-ficción e sobrenaturais. Destácase a retranca, a intriga en pequenas doses e a liña de tradición europea que se observa nas ilustracións do álbum que achegan as novas peripecias de Simon Martel con historias fantásticas ambientadas en paraxes perfectamente recoñecíbeis.

Pérez, Marta, "Proposta gráfica", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1, "proPostas", inverno 2006-2007, p.14.

O libro de Paula Mariño Pazó, *Na derruba,* Ed. Ir Indo, 2006, é cualificado como unha obra plástica na que os doce contos que o conforman xéranse a partir das imaxes que acompañan cada un deles, converténdose no cerne da obra. Dise que hai unha idea común de perda, de destrución xa que cada personaxe está vencellado a un obxecto xa inservíbel e ao relato da súa caída. Sublíñase a crueza dos relatos nalgúns intres e pola aparición do "realismo máxico" noutros.Finalmente apúntase que nalgunhas ocasións a escritora cae en sobreexplicacións que provocan certas redundancias malia a brevidade dos contos.

Pérez, Marta, "O fantástico sen cancelas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2, "proPostas", primavera 2007, p.16.

Dos contos que conforman a obra de Uxía Casal, *Vidas exemplares* (2006), dise que se achegan ao xénero da prosa de terror con personaxes dubidosos que sofren as consecuencias dos seus actos. Diferencia a autora tres tipos de contos: os fantásticos, os de terror e as lendas urbanas e destácanse os diálogos dos personaxes mediante os cales a obra gaña no seu aspecto narrativo. Tamén se engade que o libro consegue espertar sensacións e que os lectores tiren as súas propias conclusións.

Pérez González, David, "África na ollada", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 119-120.

En primeiro lugar advirte do sorprendente "imaxinario poscolonial" de *Tanxerina*, (Espiral Maior, 2006), de Mario Regueira, que acadou o XVIII premio nacional de poesía "Xosemaría Pérez Parallé". A identidade do poemario, a xeografía real e imaxinaria que mestura, as aprendizaxes vitais e sentimentais e as voces están presentes. Dise que o imaxinario africano dálle ao libro unha perspectiva internacionalista. Tamén fai referencia ao cromatismo e subliña o filtro de evocación que fai Mario Regueira para viaxar por África. Finaliza anunciando que o lector acabará familiarizado coa cultura africana a través das referencias e a intertextualidade nos versos de Regueira.

Pérez González, David, "*Palabra e acción. A obra de Manuel Lourenzo no sistema teatral galego*. Roberto Pascual (ed.)", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Libros", 2007, pp. 183-185.

Centra a atención en *Palabra e acción. A obra de Manuel Lourenzo no sistema teatral galego* (2006), coordinada por Roberto Pascual, na que se destaca a variedade de autores e de puntos de vista arredor da figura e da obra de Manuel Lourenzo, coa intención de saldar unha débeda cun dos principais dramaturgos galegos. Percórrense cada unha destas achegas, salientando o traballo de Laura Tato, encargada de ofrecer unha visión xeral da traxectoria de Lourenzo e apuntar as características da súa escrita e constantes como o seu diálogo co teatro universal e o mundo da traxedia grega, o tratamento do mundo do teatro por dentro ou o compromiso co ser humano e con Galiza. A seguir, apúntanse algúns dos contidos abordados nos seguintes estudos, citando as achegas de Roberto Pascual, que se ocupa da importancia de Manuel Lourenzo no contexto dos escenarios "dun abrente teatral galego"; de Iolanda Ogando, que revisa o teatro histórico do autor; María José Ragué Arias, que aborda os mitos presentes no teatro de Lourenzo; Inma López Silva, encargada de analizar a recepción crítica do autor en Galiza; Manuel F. Vieites, quen se achega ao traballo docente e investigador do autor; Helena González, que se ocupa de ofrecer unha lectura dos roles de xénero; Roberto Salgueiro, que reivindica a figura de Lourenzo como á marxe da institución; Pablo Rodríguez, que ofrece unha conversa co dramaturgo; e Isaac Ferreira, encargado de elaborar unha clasificación do corpus textual de Manuel Lourenzo. Conclúe salientando a inclusión dunha peza titulada *Futuro* e valorando a presenza dos diversos documentos gráficos distribuídos ao longo do volume.

Pérez Grueiro, Manuel, "Antonio Vázquez Rey e Rosalía", *Revista de Neda*, n.º 10, 2007, pp. 10-11.

Fai referencia ao cronista oficial do Concello de Neda, Antonio Vázquez Rey, ao que se lle publicaron dous libros: *Crónicas nedenses y otros temas* e *Esbozo para unha biografía de Rosalía*. De seguido, achega os comentarios dalgúns escritores como Álvaro Cunqueiro, quen afirma que Vázquez Rey tiña dous temas fundamentais: Rosalía e a porcelana de Sargadelos. A continuación, indica que outro dos autores que fixo referencias a Vázquez Rey foi Borobó e achega tres citas deste publicadas no xornal *La Noche*.

Pérez Pena, Marcos S., "50 anos de *Follas Novas*", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 176, Tomo XLV, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2007, pp. 104-107.

Na década dos cincuenta do século pasado a cultura agromaba na outra beira do Océano Atlántico a través de escritores, como Luis Seoane, Arturo Cadrado ou Lorenzo Varela, e das iniciativas colectivas das Mocedades Galeguistas. Neste panorama Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda fundaron en Bos Aires a librería Follas Novas (1957), concibida como centro de reunión e debate sobre temas da cultura galega, foco dinamizador e promotor de abundantes iniciativas a prol da identidade galega. Os beneficios obtidos pola editorial enviábanse ás institucións e bibliotecas públicas co obxecto de divulgar a cultura galega en Arxentina. Coa marcha de Xosé Neira e Anisia Miranda para poder vivir a revolución, o proxecto continuou vivindo dende 1961 até 1964 grazas a Elsa Fernández, data do pasamento da daquela alma do proxecto editorial. Coa desaparición de Follas Novas desaparecía paseniñamente a vitalidade cultural e política galega do Río de la Plata. Cincuenta anos na vila de Gres o propósito do pasado agromou na Fundación Neira Vilas baixo as arelas e propósitos de difusión da cultura galega de Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda.

Piña, Begoña, "Manuel Rivas", *Qué leer*, n.º 117, enero 2007, pp. 74-76.

Recóllese unha entrevista a Manuel Rivas, na que se aborda a novela *Os libros arden mal* (2006), da que dí que está escrita cunha "linguaxe orgánica, corporal" que forma parte del e que no proceso de creación tivo momentos de desacougo e de estar perdido pero a propia enerxía que manaba do libro deulle o empurrón para rematala. Tamén fala da súa recente obra sobre a Guerra Civil, *Vuelve a dar guerra*, que segundo el mesmo dí xorde porque "en España hay un problema de desmemoria e a literatura non pode facer pactos de silencio". Dise que a novela loita contra a dictadura e o totalitarismo mediante a capacidade de rebelarse contra a inxustiza e o destino e a reclamación da nosa herencia cultural popular. Tamén salienta que "a identidade española ten que ver coa pasión pola liberdade" e non co servilismo e obediencia ao poder autoritario como nos quixeron crer. Finalmente, fálase da rebelión de Manuel Rivas, da súa conexión coa xeración de Aldecoa, de que escribe en lingua galega porque "a lingua escóllete a ti" e das traducións, das que dí que "todas as linguas poden expresar todo, porque a lingua é sensorial".

Piñeiro, Antonio, "*Auria*: diez años mirando a Ourense en positivo", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 120, Ano XI, "Reportaje", abril 2007, pp. 10-15.

Artigo no que repasan en cifras os dez anos da revista *Auria*, nos que leva publicadas máis de seis mil duascentas corenta páxinas, con mil douscentos reportaxes e artigos e "un sin número de imágenes que podríamos cifrar en unas doce mil". Comenta que se publicou por primeira vez o último domingo de marzo de 1997 cunha vocación de dar a coñecer o mellor do patrimonio artístico e cultural ourensán e fala dalgúns dos seus principais colaboradores, entre eles, Marcos Valcárcel, Anselmo López Morais, Rafael Cid, etc, todo isto acompañado coa reprodución dalgunhas das portadas máis representativas destes dez anos de vida da revista *Auria*.

Piñeiro Domínguez, María Jesús, "Cronología comparativa del exilio en las narrativas gallega y castellana: 1942-2006", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*,.vol. 10, "Artigos", 2007, pp. 117-125.

Entre as obras *Campo francés* (1965), de Max Aub, escrita en 1942; *Non agardei por ninguén* (1957), de Ramón de Valenzuela; *Duelo por la tierra perdida* (1959), de José Blanco Amor; *O silencio redimido* (1976), de Silvio Santiago; *A fuxida* (1980), de Xosé Manuel Martínez Oca; *Amarga canción del recuerdo* (1988), de Mariano Tudela; *O exiliado e a primavera* (2004), de Manuel Veiga e *Llámame Brooklyn* (2006), de Eduardo Lago, estabelécese unha comparanza co exilio como eixo central. Explícase que este tema foi plasmado nas obras a través de diferentes estratexias narrativas, como a lectura crítica de Veiga, a crónica de guerra de Aub, a novela de aprendizaxe de Martínez Oca, as narracións sentimentais e nostálxicas de Blanco Amor ou Veiga e o lirismo de Silvio Santiago.Considera que o tempo das historias dende a Guerra Civil até o ano 2010 propicia a aproximación do lector ás distintas novelas, debido ao tratamento do exilio como situación universal.Sinala que a diverxencia entre as obras escritas en galego e as escritas en castelán é mínima e radica nuns poucos puntos, como, por exemplo, na evocación constante da terra de orixe cun ton máis bucólico e sentimental nas novelas en galego fronte ao enfoque máis reivindicativo e político nas novelas en castelán.

Pose, Héctor M., "La ciudad creadora", *ADE Teatro*, n.º 117, "Política cultural. Política teatral", setembro 2007, pp. 35-44.

Ao longo das case dez páxinas das que consta o artigo, o autor tenta poñer de manifesto as posibilidades que as políticas culturais ofrecen para incrementar o desenvolvemento das cidades, como motor para potenciar o seu capital humano e social e as súas posibilidades turísticas. "La cultura no es sólo un servicio público, sino un sector económico en toda regla", subliña Héctor M. Pose. Ademais, as políticas culturais e educativas son fundamentais para fomentar a densidade democrática. O autor sentencia que "la clave de la cultura se sitúa hoy en las ciudades". Sen embargo, para iso precísase un desenvolvemento que aínda non se deu na maior parte das nosas urbes. Así, por exemplo, faltan nelas espazos para a creación e a experimentación artística. Entre os que xa existen, destaca o centro Imaxin@arte, promovido pola Fundación Caixa Galicia, que tenta fomentar o achegamento ás novas tecnoloxías. En Boiro, o proxecto Leñaverde promoveu a creatividade da comarca do Barbanza, e en Santiago, a curta experiencia de La Chocolatería tentou dinamizar o casco histórico de Compostela. As artes escénicas son outro dos recursos cos que contan as cidades para desenvolver a cultura. O teatro de rúa, o novo circo ou os malabaristas preséntanse como exemplos de artes que se foron apropiando de espazos públicos. Levar os espectáculos ás rúas posibilita a interacción entre artistas e públicos, permitindo que se acheguen á creación moitas persoas que non frecuentan teatros ou auditorios. O autor conclúe que os espazos de creación artística, en xeral, crean unha especie de "onda expansiva" con beneficios para todo o vecindario no que están enclavados. Como exemplo, menciónanse os casos das salas alternativas Nasa, de Santiago, ou Teatro del Andamio e Casahamlet na Coruña.

Pozo Garza, Luz, "Luis Seoane: o regreso", *Eco. Revista del Eje Atlántico*, n.º 188, "Opinión", xaneiro 2007, p. 89.

Fala do regreso de Luís Seoane e a súa dona Maruxa, do desterro en 1960. explica que chegaron a Barcelona onde se sentiron vixiados, á vez que descubriron que a sociedade española estaba mudando en aspectos como que as novas xeracións españolas sentían certo desapego polo pasado da Guerra Civil. Lembra que os estudantes e intelectuais lían a autores estranxeiros (Joyce, Durrell, Mann...), polo que Luís Seoane se doía fondamente deste esquecemento nun poema seu titulado, "Novamente".

Pozo Garza, Luz, "Luís Seoane: Muralismo. Integración das artes", *Eco. Revista del Eje Atlántico*, n.º 189, "Opinión", febreiro 2007, p. 80.

Cita un artigo de Luís Seoane titulado "Arte mural", publicado en 1974 na revista *La Ilustración*. Tamén aparece un fragmento dun poema de Seoane dedicado a Isaac Díaz Pardo, que pertence ao poemario, *Na brétema Sant-Yago* (1956).

Pozo Garza, Luz, "Homenaxe a Rosalía: 1837-1885 (I)", *Eco. Revista del Eje Atlántico*, n.º 190, "Opinión", marzo 2007, p. 73.

Fala do misterio e enigma que rodea o bautismo de Rosalía de Castro. Sinala as diferentes interpretacións ou hipóteses dos biógrafos respecto a esta cuestión. Luz Pozo inclúe tamén un poema seu sobre Rosalía, que pertence ao poemario *Vida secreta de Rosalía* (1996).

Pozo Garza, Luz, "Rosalía e a negra sombra (II)", *Eco. Revista del Eje Atlántico*, n.º 192, "Opinión", maio 2007, p. 81.

Luz Pozo Garza reflexiona sobre un dos poemas máis famosos de Rosalía de Castro, "Negra Sombra". Reproduce este poema e destaca as múltiples interpretacións que podemos atopar nos versos de Rosalía, entre as que salienta o desacougo, a intimidades e os sentimentos humanos en xeral..

Pozo Garza, Luz, "Rosalía: Magna Mater (III)", *Eco. Revista del Eje Atlántico*, n.º 193, "Opinión", xuño 2007, p. 73.

Fala da importancia de Rosalía de Castro na literatura e cultura galega. Denomínaa "Magna Mater", a guía recoñecida unha e outra vez por escritores posteriores. Luz Pozo reproduce no artigo un dos seus poemas pertencentes ao poemario *Vida secreta de Rosalía* (1996).

Pozo Garza, Luz, "Carril: o mar do adeus (IV)", *Eco. Revista del Eje Atlántico*, n.º 194, "Opinión", xullo 2007, p. 81.

A autora de *Diálogos con Rosalía*, reflexiona neste artigo acerca dos sentimentos de

Rosalía de Castro vividos en Carril, centro de idas e chegadas dos emigrantes. A seguir reproduce un poema da súa obra *Diálogos con Rosalía* (1996), no que fala do significado do mar para a autora padronesa.

Pozo Garza, Luz, "Extranxeira na súa patria(V)", *Eco. Revista del Eje Atlántico*, n.º 195, "Opinión", agosto 2007, p. 73.

Luz Pozo cita varias referencias de investigadores sobre o concepto de "extranxeira na súa patria" en Rosalía de Castro. Reproduce tamén un poema de José Ángel Valente sobre este tema, incluido en *Cantiga*s *do Alén* (1989).

Pozo Garza, Luz, "Ocultacións e misterio VI", *Eco. Revista del Eje Atlántico*, n.º 196, "Opinión", setembro 2007, p. 73.

Reprodúcense dous fragmentos de obras de Domingo García Sabell e Rof Carballo, acompañados dun poema de Luz Pozo Garza. O texto de García Sabell pertence a "A realidade humana", en *Ensaios II* (1976) e fala das ocultacións nos poemas rosalianos, das alusións ao velado, aos encubrimentos. O texto de Rof Carballo pertence á obra *Rosalía: ánima galaica* (1952), e xira arredor da "negra sombra" e o seu significado na poética rosaliana. Por último, o poema de Luz Pozo Garza, "Potestade da flor", do volume *Vida secreta de Rosalía* (1996)*,* refírese ao silencio, ao irreversibel e á morte da Rosa.

Pozo Garza, Luz, "Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer (USC, Campus de Lugo): a emoción rosaliana no espírito. Na voz (I)", *Eco. Revista del Eje Atlántico*, n.º 198, novembro 2007, p. 81.

Con motivo da publicación dun novo libro sobre Rosalía de Castro editado por Carmen Blanco, *Extranjera en su patria* (2006), Luz Pozo Garza achega un poema de Carmen Blanco dedicado á poetisa galega e máis un comentario sobre o sentir de Rosalía de Castro.

Pozo Garza, Luz, "Claudio Rodríguez Fer (USC, Campus de Lugo): incorpora simbolos rosalianos á súa fascinante dimensión erótica (II)", *Eco. Revista del Eje Atlántico*, n.º 199, decembro 2007, p. 81.

Achega o poema "Morderás esta lingua como o crótalo" de Claudio Rodríguez Fer, tomado do seu poemario *Historia da lúa* (1984).

Prieto, Jose, "Finis minifundis [A revolta teatreiriña]", *Escaramuza,* "Opinión", n.º 23, maio 2007, pp. 13-14.

Artigo de opinión no que se analiza a situación do teatro en Galicia. Con ton crítico e evidente ironía, o autor denuncia a pasividade das políticas teatrais postas en práctica pola Xunta; pero tamén o papel dos programadores das salas e a actitude dun público

que, segundo el, permanece impasibel ante a extinción do teatro. Por último, fálase do impacto que todo isto está tendo no sector e especialmente nas principais compañías profesionais de Galicia.

Prieto, José, "Conto non funciona porque non ten conflito", *Escaramuza*, n.º 24, "Opinión", verán 2007, p. 14.

Reflexión persoal sobre a importancia do conflito para o desenvolvemento no acto e no entorno dramático.

Puñal, Belén e Iago **Martínez**, "Literatura e pasado. A veta da memoria", *Tempos Novos*, " *Protexta*", n.º 1, "proVisión", inverno 2006-2007, pp.2-6.

Analízase o desenvolvemento da temática da Guerra Civil ao longo de setenta anos, dende o primeiro memorialismo até as ficcionalizacións contemporáneas. Apúntase que as perspectivas desta materia foron distintas xeración tras xeración xa que se parte do pacto de silencio instaurado durante o franquismo e o medo lóxico a destapar feridas. Asemade afírmase que a partir da década dos oitenta unha nova xeración de escritores como Carlos Casares producen unha creba nesta perspectiva pasando a asumir a función de mediadores entre o presente e a memoria con obras como *Os mortos daquel verán* (1987). O outro punto de inflexión segundo se di é a obra *O lapis do carpinteiro* (1998), de Manuel Rivas onde a partir de historias domésticas reais e anónimas créase unha ficción que serve de ponte entre pasado e presente. Danse a coñecer igualmente unha serie de obras que mesturan historia e literatura na recuperación da memoria como *As rulas de Bakunin* (2000), de Antón Riveiro Coello ou obras que forman parte da literatura infantil e xuvenil como *Corredores de sombras* (2006), de Agustín Fernández Paz. Inclúense tamén algúns artigos de opinión sobre a obra de Xabier Alcalá, Manuel Rivas, Suso de Toro e J. A. Xesteira para rematar cunha ollada sobre a mesma temática da memoria histórica nas literaturas catalá e alemá.

Puñal, Belén, "Noticia das nosas xenias", *Tempos Novos*, n.º 120, "En foco/Investigación", maio 2007, pp. 19-28.

Nesta reportaxe Belén Puñal repasa os nomes femininos máis importantes do mundo artístico galego. O artigo quere reivindicar ás artistas galegas que sobresaen en diferentes ámbitos da arte: literatura, teatro, audiovisual ou música entre outros. No apartado da escrita, o artigo céntrase en figuras literarias tan actuais como: María do Cebreiro, Ana Romaní, Helena González, Inma López Silva, Yolanda Castaño, etc. Nas artes escénicas, tanto na produción de textos teatrais coma na representación, destacan: Xohana Torres, Ánxeles Cuña, Cristina Domínguez e Ana Vallés entre outras. Sinálase que neste ámbito son poucas, mais os seus traballos son abondo recoñecidos (gañadoras dos Premios María Casares de teatro). En canto ao audiovisual galego, a figura de Margarita Ledo aparece con forza nas longametraxes, aínda que destacan máis mulleres nas curtametraxes (Belén Montero, Cora Peña, Sandra Sánchez...). Dise que no ámbito musical son moitos os nomes propios como: Rosa Cedrón, Uxía, Guadi Galego, Ugía Pedreira, etc. Por último, Belén Puñal destaca a presenza de mulleres como María Ruido, Andrea Costas ou Antía Moure nas artes plásticas e visuais.

Puñal, Belén, "Andel de novidades", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 4, "proCura", outono 2007, pp. 28-29.

Fala das novidades que houbo no eido editorial no último trimestre de 2007. Asi, sinala que en narrativa se estreou *Mentres a herba medra*, de Xesús Rábade Paredes; *Asi nacen as baleas*, de Anxos Sumai; *Unha falsa luz*, de Xavier Alcalá e a última entrega da trioloxía de Ramiro Fonte, entre outras. No que se refire á poesía destaca o regreso da colección Leliadora e obras como *Profundidade de Campo*, de Yolanda Castaño; *Poesía en ruta*, de Xerardo Quintiá; *Dicionario do estremecemento*, de Miguel Anxo Fernán Vello; *Vigo*, de Helena de Carlos e a poesía completa do homenaxeado no Día das Letras; Xoseé Mª. Álvarez Blázquez. Indica que se publicaron traducións ao castelán de autores galegos e traducións de escritores foráneos á lingua galega. En canto ás novidades para os máis pequenos, sinala títulos como, por exemplo, *Illa Soidade*, de An Alfaya; *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz; *Apertas de vainilla* e *Xela volveuse vampira!!*, de Fina Casalderrey e *Saladina*, de Xavier Queipo. En canto ao ensaio e á investigación, sinala que saíron do prelo cousas como a reedición de *Por unha Galicia liberada. Ensaios en economía e política*, de Xosé Manuel Beiras; *Da palabra no tempo*, de Darío Villanueva; *As matemáticas da literatura*, de Xenaro García Suárez e *Reexistencia. A obra de Manuel Rivas*, de Isabel Castro.

Puñal, Belén, "As Garotas: 'Comprar libros é un lastre", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 4, "proNome", outono 2007, p. 31.

Entrevista feita ás Garotas, Sofía Tarela e Paola Beiro, as cales confesan que lles gusta ler antes de deitarse, que entre as súas obras de referencia está *Cantares gallegos* (1863), de Rosalía de Castro, que case non mercan libros porque en Barcelona funciona moi ben a rede de bibliotecas e hai de todo nelas. Explican que unha das obras favoritas das súas fillas é *Cousas de nenos*, de Castelao. Sofía evoca a súa infancia, na que pasou moito tempo na libraría da súa avoa no Son, onde coñeceu moita literatura. Finalmente din que escriben cousas duras pero con tenrura, isto ten que ver co seu nome xa que "garota" en catalán é un ourizo de mar, e que se inspiran na literatura oral, na regueifa e no hip hop, o que as fai moi espontáneas.

Puñal, Belén, "Andel de novidades", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 5, "proCura", inverno 2007-2008, pp. 28-29.

Fálase das novidades editorias para a primavera do 2008. Asi en narrativa destaca *A vida nova de Madame Bovary,* de Xosé Carlos Caneiro; *Pan e coitelo*, de Bieito Iglesias; *Palabras brancas*, de Elvira Riveiro Tobío; *Máis vidas* e *Para dicir abril,* de Xosé Vazquez Pintor ou a tradución de *Istambul*, do premio Nobel Orhan Pamuk, entre outros. No que se refire á poesía destaca a creación dunha nova colección de Factoría K de autores galegos clásicos; *Hordas de escritura*, de Chus Pato; *Acendede as almenaras*, de Bernardino Graña ou a primeira antoloxía poética de Rosalía adicada a Compostela, *Versos a Compostela*. En canto ás novidades para os máis pequenos, sinala títulos como, por exemplo, *A caricia da bolboreta* e *Sar, Sarela e os monstros de Compostela*, de Paco López-Barxas; *Non é unha caixa* e *Bocas* de factoría K; *Lía e as*

zapatillas de deportes, de María Reimóndez; *O ladrón das palabras*, de Anxo Fariña, asi como traducións e novos títulos da colección "Contos pola Igualdade" e do "Álbum de Xela". No tocante ao ensaio e á investigación, sinala que saíron do prelo as obras *Europa, o continente pensado* e *Galiza na Unión Europea, erguida vontade*, de Camilo Nogueira; *Diccionario Xerais de fraseoloxía galega* ou a miscelánea de contos, ensaios, poemas e crónicas *Balada de los mares del norte*, de Urbano Lugrís. En escritura dramática saliéntase *Game over*, de Carlos Losada e *Historia dunha chuvia que cae todos os días*, de Roberto Salgueiro. En canto a banda deseñada, Factoría K edita *Archimboldo Roque*, de Jacobo Fernández. Aparece un apartado especial dedicado ao homenaxeado no Día das Letras Galegas, Xosé María Álvarez Blázquez, que da conta das reedicións de *Canle segredo*, d'*A pega rabilonga e os ruíns* e, para os máis pequenos, *O que ben che quer,* con poemas inéditos e poemas de *Roseira do teu mencer.*

Queizán, María Xosé, "Rituais sanguinarios", *Festa da palabra silenciada. Publicación Galega Feminista*, n.º 23, "Monográfico", 2007, pp. 29-34.

Artigo sobre a figura histórica de Erzsébeth Báthory (1575-1610), condesa húngara que someteu as súas doncelas a prácticas de sadismo e torturas, polas que foi condenada a morte. A escuridade desta muller fascina a María Xosé Queizán, que lle inspira un poema incluído en *Non o abras como unha flor* (2004), que reproduce no artigo. A figura de Báthory serve para introducir un tema universal: o da violencia irracional, secularmente territorio de homes. Considera que a condesa húngara é, xa que logo, unha rebelde que nega a feminidade estabelecida por gozar do sufrimento das vítimas. O pracer a expensas do débil é aínda hoxe un desideratum á orde do día, que se explicita na guerra e no tratamento emocional que dela fan os medios de comunicación. Queizan subliña o gusto evidente pola guerra, polos martirios e os mártires, convertidos en mitos, porque a dor apaixona. "Dona dos Cárpatos" e "Sangue ritual", os poemas de Queizán incluídos no artigo, reforzan a idea do sufrimento alleo como unha sorte de redención, asi como o valor ritualístico da sangue, que impide o arrepentimento do agresor.

Quesada, Xaime, "Celeso Emilio Ferreiro e o Volter", *Arraianos*, n.º VI, agosto 2006, pp. 83-84.

Comeza expresando a admiración que sentía por Celso Emilio Ferreiro, xunto o cal creou o movemento plural de demócratas antifranquistas galeguistas 'Volter'. A seguir relata como fundou a UPG, xunto con Méndez Ferrín, entre outros.

Rábade Villar, María do Cebreiro, "A construción do espazo compostelán na poesía galega", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Estudos", 2007, pp. 88-95.

Percorre a historia da poesía galega do século XX á luz das figuracións urbanas, co obxectivo de poñer de relevo a importancia de Compostela como escenario e motor de modelos identitarios diferenciais, cando non abertamente contrapostos. Pretende vincular a representación de Santiago de Compostela cos procesos de construción da

identidade galega contemporánea, privilexiando as diferentes figuracións da cidade, dado o seu carácter de metonimia de Galicia. Analiza o papel da cidade en distintos poemarios como *Con pólvora e magnolias* (1976), de X.L. Méndez Ferrín; *Depósito de espantos* (1994), de Manuel Outeiriño; *A vella peneira e a noite* (2001), de Xabier Cordal; antoloxías como *Cancioneiriño Novo de Compostela* (1969), de Xosé Filgueira Valverde ou as escolmas do movemento Nunca Máis; catálogos e guías de viaxes como *Os pousos de pedra / The Stone Sediments* (2000); *Santiago de Compostela* (Concello de Santiago, 2004); *Terra de Santiago* (1997), de Xosé Luís Laredo Verdejo; *Descubre Compostela en 7 días* (2000); libros colectivos e coleccións como "Poeta en Compostela", editada pola Concellaría de Cultura do Concello de Santiago, a Asociación de Escritores en Lingua Galega e o xornal *El Correo Gallego*. Por último, María do Cebreiro Rábade detense tamén nas implicacións socioliterarias da inclusión dos textos e fragmentos poéticos en soportes como a tarxeta postal.

Rábade Villar, María do Cebreiro, "Ler os labios do texto. Usos da voz dramática na poesía galega", *Revista Galega de Teatro*, n.º 52, "Temas", outono 2007, pp. 7-22.

Propóñense, na introdución, reflexións sobre as voces poéticas de Alfonso Pexegueiro, Chus Pato e Emma Couceiro, tentando recoñecer o pouso da substancia dramática, "entendida a dramaticidade como ferramenta inmanente ao traballo poético" e "como confluencia natural entre procedementos de representación verbal". Así mesmo, analízanse "xeitos usados para representar a voz e o silencio no poema", vinculando a voz ao carácter corporal e xestual que marcan os límites do texto. Tense en conta a dialéctica entre voz e letra, proposta por Paul Zumthor en 1987, á hora de afirmar que a modernidade lírica intensificou esa tensión. No apartado "Voz corporal. Memoria dos acenos", pártese dunhas opinións de Olvido García Valdés sobre a poetisa Anna Akhmátova para "estabelecer unha correlación entre a voz e a memoria", para recoller despois unhas palabras de Nadezhda Mandelstam que evocan "o verdadeiro sentido da expresión 'ler os labios". Recoñécese que non existe "creación literaria sen voz" e por iso se sorprende da desatención teórica da voz como recurso técnico, que se explica por estar "ligada ao orgánico". Evócase a Harold Pinter para abrir a posibilidade de relacionar as propiedades da voz física coas calidades da voz literaria. No apartado "A representación das voces na poesía", analízase como algúns poetas galegos recentes traducen a oralidade da poesía á súa difusión escrita. Distínguese "entre a voz poética e as voces do poema" para probar a existencia de voz nos libros de poemas. Precísase que Álvaro Cunqueiro, en *Herba aquí e acolá* (1980) foi pioneiro no uso do monólogo dramático na poesía galega e como este procedemento non foi secundado polos poetas dos anos ostenta, mais si o empregaron autores dos anos setenta, "vinculados ás experiencias vangardistas de Rompente", como Alfonso Pexegueiro. Analízanse as voces poéticas duns versos de *A illa das mulleres loucas*, destacando o emprego das letras maiúsculas, que constitúen un procedemento gráfico moi rendíbel así mesmo en *m-Talá* (2000), de Chus Pato, de "clara polivalencia elocutiva", como se demostra ao considerar un fragmento desta creación. Compáranse estes versos de Alfonso Pexegueiro e este fragmento de Chus Pato para marcar un tratamento distinto das voces poéticas, en canto ao "grado de textualidade". A seguir, repárase no poemario (*Cito*), de Emma Couceiro, onde se observa a "imposibilidade de distinguir entre o corpo e a texto", confirmando, co uso das comiñas, que a poesía pide ser ollada, lida e escoitada. Estabelécese que os autores dos tres textos observados empregan unha "dramaticidade autorreferencial", cunha "voz ligada á escrita", é dicir, unha voz silenciosa. No

subapartado “A voz non é o contrario do silencio” saliéntase que algunhas reflexións sobre a voz poética nos autores contemporáneos tamén introducen “os modos de representación textual do silencio”, como as “logofaxias” de Túa Blesa (1998). Mais apúntase que no ano 2004 Matteo Colombi, ao teorizar sobre o silencio, sigue insistindo na dependencia do son e na identificación coa oralidade, e que Maria João Mayer “cuestiona a identificación habitual entre silencio e ausencia de son”, seguindo as teses de Pascal Quignard (2000) cando identifica o oído como “ollo sen pálpebras”. Dánse como exemplos do emprego dos puntos suspensivos para marcar o silencio *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*, de Rosalía de Castro; María Mariño, e *Éxodo* (2006), de Daniel Salgado. Proponse, fronte ás afirmacións de Quignard, que a voz non é contraria ao silencio, “senón, en todo caso, o contrario do son”. E na “Coda” resúmese que neste artigo partiu “da categoría de voz corporal, estreitamente vinculada ao dominio da oralidade, para mostrar a complexidade dos seus múltiples traspasos ao texto poético”. Preséntase o funcionamento específico das voces dramáticas na lírica galega contemporánea como “cifra da propia identidade”, como se estes tres autores galegos dixeran “falo, logo existo”, aínda que a relación entre oralidade e escrita posúe unha natureza problemática, como se percibe en *Fascinio* (Chus Pato, 1995). Conclúese afirmando que as voces da poesía contemporánea “aínda sendo dramáticas, son mudas”. Engádense XII “Notas” aclaratorias dalgúns termos ou obras citadas no artigo, ademais das “Referencias bibliográficas” dos autores e obras nomeados.

Rabuñal, Henrique, “Amor e teatro”, *Casahamlet. Revista de teatro*, n.º 9, “Teoría”, maio 2007, p. 12-13.

Reflexión sobre a presenza da temática amorosa na dramaturxia galega. O autor parte d’*A Casamenteira*, datada en 1812, para chegar até a produción actual de autores como Miguel Sande. Entremedias centra a súa reflexión no teatro de posguerra, nomeadamente na obra de Manuel Lourenzo, Xesús Pisón e Carvalho Calero, onde o amor queda equiparado a quimera inalcanzábel. A conclusión final do autor é, nas súas propias palabras: “os seres humanos nacemos do amor e nacemos para o amor. Pero a vivencia do amor contén as lousas que o afogan”.

Rafart, Susanna, “Filosofía sentimental”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 1, “proPostas”, inverno 2006-2007, p. 22.

Pártese dunha pequena introdución sobre as novas formas de novelar no século XXI para achegarnos á prosa poética que Teresa Moure emprega na súa obra *Herba moura* (2005) da que se presenta a tradución ao catalán feita por Pere Comellas co título de *Herba d’enamorar* (2006). Despois de comentar o seu argumento, que parte da figura real do filósofo René Descartes e a visión do mesmo a través de tres mulleres de épocas moi distantes, sinálase a estrutura da obra e faise unha descrición da escrita de Teresa Moure da que se resalta especialmente a tensión emocional e a procura da metáfora. Finalmente cualifícase a novela de singular e tamén a súa recepción en Cataluña.

Rebolo Vázquez, Mónica, “A voz incansable dos galegos de alenmar”, *Tempos Novos*, n.º 125, outubro 2007, “As claves”, pp. 47-49.

Artigo no que se fala da conmemoración dos cincuenta e sete anos que cumpre o espazo radiofónico en galego *Sempre en Galicia*, retransmitido en Uruguai dende setembro de 1950. En primeiro lugar, resalta a súa importancia por ser o programa máis veterano en lingua galega, que para moitos galegos emigrados xa se converteu nunha cita imprescindíbel nas súas vidas, por ser un forte lazo que aínda os une á súa terra de orixe. Salienta que o programa se definiu como galeguista, republicano e cultural nos seus comezos e que se caracterizaba por ser unha voz crítica da Galicia exterior. Sinala tamén que ao longo dos seus cincuenta e sete anos o programa presenciou a morte dos seus fundadores e sufriu numerosas presións políticas e inestabilidades por mor de cambios internos e externos. Remata lembrando que Manuel Meilán foi un dos fundadores do espazo e estivo activo no programa durante máis de corenta anos.

Redondo Abal, Francisco Xavier, "A pillaxe da biblioteca de Santiago Casares Quiroga: un exemplo de incautación dunha biblioteca privada", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 69, tomo I, ano XVIII, "Acoutacións", xaneiro, febreiro, marzo 2007, p. 73-85.

Repaso do proceso de incautación e expolio de milleiros de exemplares da biblioteca que tiña Santiago Casares Quiroga na súa casa da rúa Panaderas na Coruña. O artigo recorre o camiño iniciado desde o asalto á casa do Presidente do Goberno da II República e o posterior traslado da súa biblioteca até as dependencias do Pazo de Xustiza da cidade. Descríbense as características da biblioteca de Casares (número de exemplares, autores, etc), para centrarse posteriormente na incautación, expolio e destrución da maior parte dos exemplares por parte dos "salvadores da patria", encabezados polo falanxista Rafael Salgado Torres. Tamén repasa a posterior sorte da biblioteca, destacando a desaparición do noventa por cento dela, debido basicamente á queima por parte dos sublevados, o roubo impune e a unhas condicións de conservación pésimas.

Regueiro Salgado, Begoña, "Rodríguez González, Olivia (ed.): *Das sonorosas cordas*, *15 poetas desde Galicia*, Madrid, Ediciones Eneida, pp.409", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Recensións", 2007, pp. 228-229.

Das sonorosas cordas é unha antoloxía bilingüe que recompila a obra de quince autores galegos nacidos entre 1971 e 1988. A pertenza a unha mesma xeración e a xuventude determinan unha mesma visión presente en todos eles. Entre os temas repetidos nos quince autores están a nenez; a adolescencia; o proceso de maduración persoal; a presenza de Galicia enfocada mediante o erotismo mariño ou como materia prima de arte; as reivindicacións revolucionarias sobre Galicia, e o erotismo. No tocante á forma existe variedade (poemas breves e longos, prosa poética, formas métricas tradicionais, epístolas e poesía visual) pero co nexo da búsqueda dunha linguaxe propia. A riqueza da lingua é destacábel debido ao predominio do galego respecto ao castelán e ao uso de diferentes normativas e de diferentes fenómenos lingüísticos da lingua galega (como amosa a gheada e o seseo de Carlos Solla). A ampla nómina de literatos e literatas caracterízase por unha linguaxe propia e orixinal debedora do seu tempo pero portadora da tradición.

Reimóndez, María, "A 'raíña dos bandidos' á que lle quixeron roubar a voz", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 5, "proPostas", inverno 2006-2007, p.13.

A partir da publicación da última novela de Carlos Reigosa *Pepa a Loba* (2006), María Reimóndez presenta a historia doutra "bandida india", Phoolan Devi, que se dedicou a vingar os abusos e mortes sufridas por moitas mullers indias. Sublíñase o feito de que se fixese unha novela sobre ela estando viva e tamén un filme para o cla non foi consultada. Engádese que a visión patriarcal occidental non entendeu o verdadeiro valor da súa historia mentres que asi sucede no seu testemuño recollido na obra *Eu, Phoolan Devi,* onde o punto principal é a visión máis colectiva das cousas e do concepto de "xustiza".

Requeixo, Armando, "Celso Emilio e a colección poética Juan Rodríguez del Padrón", *Arraianos*, n.º VI, agosto 2006, 2007, pp. 91-105.

Logo de analizar a relación de Camilo José Cela coa cultura galega e co mundo do galeguismo, comenta a revista que creou en Mallorca, *Papeles de Son Armadans*, que tivo entre os seu proxectos máis serios a publicación de coleccións literarias que servirían para dar a coñecer diferentes mostras literarias. Destaca a Colección 'Juan Rodríguez del Padrón', que dirixiría un dos seus grandes amigos, Celso Emilio, na que se editarían textos en galego. Finalmente, só a destinada aos textos casteláns veu a luz debido, segundo indicou o propio Cela, a que a fórmula de subscrición que deseñara para elas non acadou os mínimos imprescindíbeis. A seguir comenta o proxectado para a colección Juan Rodríguez e a gran importancia que acadaría para a literatura galega se se chegase a materializar. Recolle, ao final do artigo, un apéndice no que se inclúen os textos orixinais de tres cartas de Celso Emilio a Cela, acompañadas dunha transcrición.

Requeixo, Armando, "Escritas do incre", *Tempos Novos*, n.º 117, "Libros", febreiro 2007, p. 87.

Fálase da recuperación facsímilar e da ardua tarefa de búsqueda de exemplares da revista luguesa republicana *Yunque*. *Periódico de vanguardia política*, dirixida por Ánxel Fole entre 1931 e 1932. Dise que só se coñecían os tres últimos números que viran a luz e que Rodrígez Fer, logo de procuras feitas por foleólogos e estudosos da historia da prensa galega, atopou os tres primeiros números (cunha liña de maior compromiso político) entre os herdeiros madrileños de Francisco Lamas; este feito fixo posíbel a edición facsímil ao coidado de Alonso Girgado e os seus colaboradores. Entre o contido que presenta a revista, saliéntase as prosas poéticas casteláns de Luís Pimentel e textos ensaísticos, en castelán, de Anxel Fole ou Luís Manteiga e, en galego, de Víctor Casas, Álvaro Cunqueiro ou Ramón Piñeiro. Destácase o valor documental, histórico, sociopolítico e literario da publicación, con textos de colaboradores que souberon reflectir os problemas e inquedanzas do seu tempo e ilustradores como Colmeiro, Eiroa, Maside ou Seoane.

Revista Galega de Teatro, "Crónica do XIII Congreso da Asociación de Directores de Escena en Galicia", *Revista Galega de Teatro*, n.º 50, "Festivais", primavera 2007, pp. 75-79.

Dáse conta da celebración do XIII Congreso da Asociación de Directores de Escena en Galicia, que tivo lugar no Pazo de Mariñán da Coruña entre o 11 e o 15 de outubro de 2007. Indícase que os participantes asistiron á representación da obra *Final de película*, de Ancora Producións, con texto e dirección de Gustavo Pernas. Asemade, coméntase que se presentou o número 112 da revista ADE Teatro, consistente nun monográfico sobre "Teatro Galego Actual". Por último, refírese á entrega das Medallas de ADE concedidas pola xunta directiva a destacadas entidades e personalidades da vida cultural galega. Nesta ocasión resultaron premiadas as publicacións a revista *Cuadrante*, *Amerio Valle Inclán* e a *Revista Galega de Teatro*. Asemade, entregouse esta distinción a Isaac Díaz Pardo.

Reza, Xosé Benito, "Celso Emilio Ferreiro e a paisaxe da Matria", *Arraianos*, n.º VI, agosto 2006, 2007, pp. 86-88.

Comenta a presenza e o significado da Paisaxe da Matria na obra de Celso Emilio Ferreiro. Segundo indica a paisaxe da infancia, é, para o escritor, a evocación dun tempo irrecuperábel, dun paraíso perdido, pero que endexamais desaparece.

Riobó, Pedro P., "XI Mostra de Teatro do Ensino Secundario do Morrazo", *Revista Galega de Teatro*, n.º 51, "Festivais", verán 2007, pp. 47-49.

Comézase explicando que como parte da organización desta Mostra coñece ben os traballos e enfoques das súas propostas, pero que os rapaces e rapazas que participan "nos talleres, aulas, obradoiros e grupos" sempre logran sorprendelos. A seguir céntrase nas "propostas textuais que La Caixa fixo a algúns grupos participantes dentro do seu programa Caixa escena", de aí que se representaran, nesta Mostra de Ensino Secundario do Morrazo, obras dos clásicos Aristófanes (*As aves* e *Lisístrata*), Goldoni (*A posadeira*) e Valle-Inclán (*A cabeza do dragón*), ademais do *Pic-nic*, de Fernando Arrabal. Detense en destacar a estrea nesta Mostra do grupo Rodeira I de Cangas e que Rodeira II representara unha experiencia das presas do cárcere de Yeserías. Conclúese dando conta de que o grupo Capaces, do Centro Xoán XXIII de Cangas, clausurou a Mostra; que María García Gómez, alumna do IES María Soliño, resultou gañadora do cartel e que Nuria Montero, Fran Paredes e A. Lamapereira foron preguntados polos alumnos-actores na mesa redonda que serviu de colofón da Mostra o 27 de abril.

Riobó, Pedro, "Chelo Pampillón", *Revista Galega de Teatro*, n.º 52, "Espazos", "Fotoentrevistas", outono 2007, pp. 57-59.

Entrevístase a Chelo Pampíllón, animadora teatral en Vigo e no Porriño e directora dos grupos teatrais Atrezo, de Vigo e Fontevella, do Porriño, ademais de dirixir a escola de teatro do concello de Salceda, e ser vicepresidenta de FEGATEA, entre outras actividades. Cóntanse os seus inicios teatrais na empresa Culper Zeltia, antes de montar Atrezo e xurdir Fontevella. Destácanse da súa traxectoria teatral a censurada montaxe de *A emigración*, con Verbas e Cousas; as montaxes, con Atrezo, de *Un ollo de vidro*, de Castelao, *Morte accidental dun anarquista*, de Darío Fo, *Lector por horas*, de Sinisterra e *Historias peregrinas*, de Murado; e *As árbores morren de pé*, con

Noitébrega. Sinálanse entre as súas ocupacións e proxectos teatrais da actualidade as clases con Atrezo, os proxectos teatrais con Fontevella, a dirección da Escola Municipal de Tetrao de Salceda e o seu traballo na FEGATEA. Precísase que a ensinanza e dirixir constitúen os aspectos da actividade teatral que máis lle interesan. Apóstase porque o teatro se faga materia escolar a que se creen locais para a difusión teatral, ademais de impulsar o apoio e e "potenciar a difusión".

Ríos, Xulio, "Revisando a Plácido Castro", *Eco. Revista del Eje Atlántico*, n.º 195, "Opinión", agosto 2007, p. 47.

Xulio Ríos repasa a vida e obra de Plácido Castro, profesor de inglés, xornalista e tradutor. Lémbrase que este intelectual estivo durante moitos anos traballando no Reino Unido e recoñécese o seu traballo e valía para fomentar a cultura galega no estranxeiro.

Rodríguez Fer, Claudio, "Entre o cine e o cinepoema", *Unión libre,* n.º 12, 2007, pp. 107-164.

Artigo no que se mestura a narración coa poesía, as fotos coas escenas de películas, obras de arte con carteis, etc. Deste xeito, faise un percorrido pola historia do cine, dende o cineclub ao cinéforum, sen esquecerse do cine clásico. Tamén se fai unha comparación e, de paso, unha caracterización, do salto do cine de vangarda ao cine de xénero. Contra o final, faise unha reivindicación e caracterización do cine como arte de autor; o que serve para facerlle a introdución á obra e á persoa de Woody Allen.

Rodríguez Fischer, Ana, "Coruña: 1936-1963. Los libros arden mal", *Revista de Libros*, n.º 123, marzo 2007, p. 44.

Céntrase na novela *Os libros arden mal* (2006), de Manuel Rivas, publicada en español pola editorial Alfaguara. Describe a estrutura da obra, que xira en torno a unha cidade, A Coruña, a uns anos: 1936-1963, e a uns personaxes protagonistas, tres en concreto, que representan figuras ben diferenciadas entre si e que se mesturan coas figuras históricas ausentes, como Ánxel Casal ou Federico García Lorca, e cos personaxes puxantes na avanzada política e intelectual. Explícase que a novela parte dun feito histórico sucedido o 19 de agosto de 1936, o auto de fe a partir do rexistro, incautación e queima dos fondos de bibliotecas republicanas ou privadas, como a de Casares Quiroga. Tamén se menciona que a idea de escribir un libro destas características partiu dun proxecto do periodista Tito Balboa, quen planeaba darlle a voz narrativa á Torre de Hércules que relataría a historia oculta da cidade. Destácase a multitude de cadros e escenas que se xustapoñen como fragmentos autónomos.

Rodríguez González, Olivia, "Rivas, Manuel (2006): *Os libros arden mal*, Vigo, Edicións Xerais, pp. 752", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Recensións", 2007, pp. 226-228.

Coméntase que a novela de Manuel Rivas desenvolve a historia da guerra e da represión na Coruña e nas súas proximidades. Explícase que ao longo do libro se relatan historias

de moitos personaxes, de tipo ficticio pero cunha base tomada da realidade, aínda que todos vinculados polas lumieiras e, máis en concreto, pola lumieira da Dársena, onde eran queimados os libros do espolio franquista o 19 de agosto de 1936. Indica que o período cronolóxico que comprende o libro é dende 1936 até 1963 e que no binomio espazo-tempo os obxectos caracterizan o mundo e interaccionan, ao mesmo tempo, cos personaxes. Outros trazos destacábeis da obra que salienta son o animismo das palabras e a forza telúrica, que está en comuñón coas cousas nimias. Deste xeito, sinala que se vai debuxando un misterio, influencia do postformalista M. Bajtin. Remata sinalando que a construción da novela se alicerza na pervivencia dos relatos contados polas testemuñas e nunha serie de documentos históricos e literarios.

Rodríguez Santamaría, Xoán Pastor, "Un tradutor do Son nas Irmandades da Fala", *Alameda*, n.º 27, xuño 2007, pp. 34-42.

Estudo da faceta de traductor de Xosé Prudencio Iglesias Roura, membro fundador das Irmandades da Fala. O artigo estrutúrase en oito apartados: "Introdución", "A tradución na época das Irmandades da Fala", "As traducións do francés", "Unha tradución do italiano", "As traducións do alemán", "As traducións de Maragall", "Outras traducións" e unha "Bibliografía" final. Rodríguez Santamaría salienta que na época anterior ás Irmandades as únicas traducións que existían en Galicia eran feitas da Biblia e só a revista lucense *A Monteira*, presentaba algunha tradución máis moderna. Sinala que co traballo levado a cabo polas Irmandades, o número de traducións en Galicia aumentou e publicáronas no seu voceiro *A Nosa Terra*, onde había unha sección titulada "Traduciós". Sinala que nesta labor de tradución destacou Iglesias Roura coas traducións de textos de poetas románticos franceses, italianos, alemáns, cataláns e casteláns. A continuación, Rodríguez Santamaría analiza de xeito detallado as traducións feitas por Iglesias Roura e sinala que o poeta máis traducido do francés foi Vincent Arnault e despois Alfred de Musset, dos que achega algúns dos textos traducidos por Iglesias Roura. En canto á tradución do italiano, salienta o poema "La Rondinella", de Tommaso Grossi, que recolle Rodríguez Santamaría neste artigo e, sobre as traducións do alemán, afirma que Iglesias Roura non debía coñecer ben o idioma, porque as traducións están feitas ao galego a partir doutras linguas e os autores trasladados foron Hans Theodor Storm e a Eduard Mörike. Sinálase que da lingua catalá Iglesias Roura se centrou na figura de Joan Maragall, coetáneo seu e, por último, dos autores casteláns, escolleu os textos de Pedro de Répide, concretamente, o seu poema "Lenda sobre doña Catalina de Santiso, jacente no mosteiro de Sobrado".

Salgado, Ana, "Eu creo que este mundo é moi fecundo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1, "proPostas", inverno 2006-2007, p. 28.

Dá conta da nova obra lírica de Óliver Escobar, *Apostasia* (2006), na que a crítica á igrexa católica é evidente e iníciase cunha "epístolas aos xerarcas" onde declara o autor a súa pretensión. Logo explícase o resto da estrutura que comeza con catro series cunha voz lírica en primeira persoa de carácter autobiográfico e iniciático. As derradeiras series compoñen un discurso máis ideolóxico entre o cívico e a dialéctica marxista que lle dá carácter de libro de tese.

Salgado, Ana, "A avoa Lola plantaba arroz con leite", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1 "proPostas", inverno 2006-2007, p. 29.

Coméntase o novo poemario de Marcos Calveiro, *Cartas do terceiro día* (2006), do que se indica que está composto por vinte e nove cartas, as pares escritas pola figura dunha nai e as impares das irmás-compañeiras dirixidas a quen puido ser a última falante do nuxu, lingua exclusiva das mulleres dun anaco da China interior. Dise que se realiza asi un exercicio de achegamento á cultura rural chinesa coma se dunha alegoría da desaparición da cultura tradicional se tratase.

Salgado, Daniel, "Narrativa de clase", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1, "proPostas", inverno 2006-2007, p.17.

Considera o autor do texto que Michel Houellebecq na súa obra *A posibilidade dunha illa,* Ed. Rinoceronte, 2006, volve construír unha novela de tese na que achega unha nova entrega da súa visión do mundo occidental. Resalta a crítica mordaz e a condición violentamente pesimista do estado das cousas. Dise que basicamente a novela atribúe á liberación sexual a orixe de todos os males e ao tempo fai unha crítica á relixión islamista.

Santos Cabanas, Xosé Luís, "Homenaxe a Ánxel Casal en Cacheiras-Teo", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 72, tomo IV, outubro-novembro-decembro 2007, pp. 635-639.

Céntrase na figura de Ánxel Casal Gosenge ao que cualifica como un gran editor que participou nas Irmandades da Fala da Coruña, que militou no Partido Galeguista e que foi o primeiro mestre que utilizou o galego no ensino na primeira escola laica, até a súa morte nos primeiros días da Guerra Civil. Lémbrase que poucos meses antes fora alcalde de Santiago e o editor de revistas, xornais, follas voandeiras e publicacións republicanas máis importante dos anos trinta. Salienta a coincidencia de que o mesmo día mataban en Granada ao seu amigo Federico García Lorca, cuxos seis poemas galegos foron editados por el. Ademais, fai referencia, cun poema dedicado ás dúas Marías, a María Miramontes, a muller de Casal, que grazas ao seu traballo como costureira podía axudar economicamente a sustentar a casa. Finalmente, tamén quere lembrar ao canteiro e Tenente de alcalde de Teo, Constante Liste que desapareu no 1936 e que, aínda hoxe, non se sabe onde o mataron.

Santos Palmou, Xandra, "Baceiredo, Rebeca (2006): *O suxeito posmoderno. Entre a estética e o consumo*, Vigo, Editorial Galaxia, pp. 141", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 10, "Recensións", 2007, pp. 219-220.

Esta obra, gañadora do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2005, ten como eixo temático o suxeito posmoderno avaliábel dende a perspectiva interdisciplinaria. Esta técnica de investigación permite a cooperación entre distintas ópticas (a neurobioloxía, a filosofía, a arte, a socioloxía...) e a contribución das teorías co obxectivo de realizar un estudo da sociedade. Este ensaio supón unha resposta múltiple para un individuo e unha sociedade

complexa, aportando novos métodos e paradigmas interpretativos para comprender a composición dos individuos e da sociedade actual.

Seara, Teresa, "Sen incertezas", *Tempos Novos*, n.º 117, "Libros", febreiro 2007, p. 86.

Salienta a publicación na Editorial Libros da Frouma do poemario *A esmeralda branca* (2006), de Manuel Vilanova. Dise que este libro supón o terceiro poemario de Manuel Vilanova e que o autor alicerza o seu edificio poético sobre tres eixos fundamentais: a natureza ou terra, o amor e a palabra. Salienta que a terra para Manuel Vilanova é a paisaxe de Ourense, Barbantes e Vigo e que o amor se converte no centro do eu, aparecendo asi reflectido a través da palabra, da poesía, o último eixo temático do poemario.

Seara, Teresa, "Da misteriosa luz", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 118-119.

Comézase falando sobre o amor antes de centrarse na análise de *Para unha luz ausente* (2006), de Xavier Seoane, gañadora do XIV "Premio Espiral Maior" Trátase a liña temática da búsqueda do amor e da súa natureza, inserida na tradición do amor como bálsamo para a fenda existencial. Refírese a outras obras do autor que abordan esta temática como son *O canto da terra* (1987) ou *Eu tamén oín as voces do orvallo* (1994). Recóllese a dualidade Eros contra Thánatos, amor contra morte, destino final de todos os seres. Tamén se alude ao papel da muller na que reside a fortaleza para sobrevivir á ameza do final e ás múltiples cualidades telúricas que adopta.

Seara, Teresa, "Matriz de sentido", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 121-122.

En primeiro lugar, achega impresións que Luís G. Soto revela no estudo introdutorio de *Soños nos cantís. Antoloxía poética (1974-2005)* (Espiral Maior 2006). Salienta a importancia da mirada e da metapoesía de César Antonio Molina e dá conta das peculiaridades do volume. Refírese á tradución, a cargo de Tareixa Roca, e aos lugares comúns na poesía do autor. Finaliza subliñando o eu do poeta e as contraposicións do paso do tempo.

Seara, Teresa, "Escribindo sobre casca de ovo", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 175, Tomo XLV, "O espello das letras", xullo-agosto-setembro 2007, pp. 121-122.

Informa da publicación polo Pen Clube de Galicia do poemario *Mudanzas* (2006), de Marilar Aleixandre que foi gañador do Premio Caixanova de Poesía 2006. Teresa Seara advirte que este poemario intenta conxugar o mundo mitolóxico clásico coa temática máis actual, cunha recuperación dos mitos por parte da poetisa para "imprimir ás súas historias actuais unha ollada contemporánea que facilite ao lector a súa identificación con eles". Sinala que o poemario presenta unha estruturación en tres partes enmarcadas por un "Envío" e un "Epílogo". A autora do poemario, segundo Teresa Seara, pretende pescudar elementos actuais que aproximen aos personaxes mitolóxicos ao lector do

século XX. Desta maneira preséntase un Averno comparado con Abu Ghraib ou o desxeo da Antártida por acción dun carro de lume (Faetón). Sinala que a segunda sección do poemario, "A voz, o ollo", trata as historias daqueles que padeceron a prohibición de falar ou ver a través de personaxes como Sibila, Polifemo, Orfeo,etc. Por último, sinala que a parte final da obra recompila historias amorosas de desgraciado final, como a loucura de Medea, a historia imposibel de Eco e Narciso ou a aventura de Ulises con Circe.

Seara, Teresa, "Xeografía do encontro", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 4, "proPostas", outono 2007, p. 13.

Comenta que no libro *O ourego e o compás* (2007),de Baldo Ramos, hai unha mestura de poemas e ilustracións, basicamente fotografías que recollen elementos da natureza e construcións humanas. Asi, constrúese un diálogo entre a terra e quen a habita, tamén representados polo ourego, simbolo de orixe, e o compás, simbolo do camiño vital que vai marcando cada un, de aí que nos poemas se recollan tantos topónimos. Sinala que os temas que trata Baldo Ramos son: a memoria, o poder da palabra, o paso do tempo e a morte.

Seara, Teresa, "*Herdo do canto*. Arcadio López-Casanova", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Libros", 2007, pp. 197-198.

Teresa Seara apunta que en *Herdo do canto* (2006), de Arcadio López-Casanova, IV Premio Caixanova 2005, o autor compendia os seus catro períodos histórico-literarios e biopoéticos: o tempo da historia, o tempo do exilio, o tempo da liturxia e o tempo do degoro. Salienta a división do poemario en dúas partes enmarcadas por un "Pórtico" e un "Epílogo" que dialogan a través das figuras de Electra e Orestes. Recoñece tamén a preocupación da voz poética por levar adiante a función memorialística coa volta á terra natal e o reencontro cos escenarios da infancia, identificados con precisas referencias toponímicas na primeira parte e, tras esta mirada externa, a concentración no seu interior visibel na segunda parte.

Seara, Teresa, "Desconcerto de Eva Veiga", *Festa da palabra silenciada. Publicación Galega Feminista,* n.º 23, "Actualidade", 2007, pp. 150-151.

Análise do cuarto poemario de Eva Veiga, *Desconcerto,* publicado en 2006 por Biblos Clube, no que se indica que ten moi en conta a simboloxía esgrimida na obra, como o poder da paisaxe e do mundo animal, para aproximarse ás presións que atormentan o *eu* poético. Sinala que o amor aparece como unha forza de salvación que encamiña ao ser humano cara a luz que precisa. Estas explicacións ilústranse con fragmentos da obra.

Seisdedos, María, "Nos labirintos do maxín", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1, "proPostas", inverno 2006-2007, p. 15.

Fálase do último libro de Samuel Solleiro, *Dz ou o libro do esperma* (Xerais, 2006), do cal se di que reflicte uns personaxes mediocres sen moitas aspiracións vitais tendo como

resorte todos os humores que pode producir o corpo dos mesmos: suor, bágoas, esperma e mesmo sangue. Coméntase que son dez relatos que tratan de dar outra visión do cotián na busca do equilibrio final sendo unha obra que resulta demoledora no panorama literario actual.

Seisdedos, María, "Frases feitas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 2, "proPostas", primavera 2007, p. 22.

Faise unha breve alusión á última obra de Camilo Franco, *Palabras contadas,* 2006, comparándoa coa anterior do mesmo autor, *Por conto alleo,* para seguidamente construír, a propia autora do texto, unha nova historia a partir de frases extraídas da obras.

Senén, Felipe, "Onte e hoxe da Trasalva de Otero Pedrayo", *O ollo público. Revista das artes*, n.º 21, "Vieiros vellos e novos", decembro-marzo 2007, pp. 41-42.

Amósase o tesouro que Don Ramón Otero Pedrayo deixou, do seu querido patrimonio de Trasalba, para todos os galegos. E conségueo grazas ao xogo de descricións da Íthaca deste clásico escritor galego. Son motivo de cita, ademais, obras como *Arredor de si* (1930) do mesmo Otero Pedrayo*, Les Memories de Ultratumba* (1848), de Chateaubriand e *Prosas Galegas* (1962), de Florentino López Cuevillas.

Seoane García, Miguel, "Necrolóxica, Andrés Tarrío Barreiro (1970-2007)", *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, n.º 10, 2007, pp. 421-424.

Percorrido pola vida e obra de Andrés Tarrío Barreiro, filólogo e xornalista. O artigo centrase dun xeito especial nesta última tarefa, que exerce case en exclusiva dende as páxinas d'*O Correo Galego* e os seus distintos suplementos. Saliéntanse aínda algunhas colaboracións no eido da lingüística, especialmente no referido á relación entre lingua e medios. O autor do artigo achega datos biográficos de Seoane García que abarcan dende a súa infancia no lugar de San Miguel de Cora até o seu finamento.

Serantes, Arantxa, "London Jazz", *O ollo público. Revista das artes*, n.º 18, "Literatura", segunda etapa, marzo-xuño 2007, pp. 5-6.

Reprodúcese esta poesía dividida en dúas partes.

Serantes, Arantxa, "Concepción Arenal e a muller do porvir: pasado, presente e futuro", *Atenea. Revista trimestral do Ateneo Ferrolán*, n.º 28, xullo-agosto-setembro 2007, pp. 22-23.

Lémbrase a figura de Concepción Arenal, reivindicadora dos dereitos da muller como persoa. Saliéntase que o pensamento de escritora non era "adiantado" nin "utópico" senón que o seu testemuño debe ser entendido como respostas que deu contra os males do seu tempo. Arantxa Serantes opina que a perda do legado de Concepción Arenal é un

feito e que se debera pór en marcha un centro de investigación que leve o seu nome, e ser, asi mesmo, un icono para outras mulleres.

Sobrino, Iria, "*A esmeralda branca*. Manuel Vilanova", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Libros", 2007, pp. 199-200.

Destácase o contudente regreso de Manuel Vilanova á literatura galega con *A esmeralda branca* (2006), un extenso poemario que mereceu o Premio da Crítica Española e que aparece vinte e un anos despois d'*A lenda das árbores de prata*.(1985). Cualifícase o libro de "sólido e unitario", artellado arredor do canto á natureza, fundamentalmente ao Ribeiro, elevado a lugar sagrado e impregnado de relixiosidade. Recoñécense como constantes a subxectividade e a ironía, a adopción de figuras das mitoloxías pagás e a gran variedade de rexistros. Por último, saliéntase o vínculo que se estabelece na obra entre natureza, divindade e poesía e a oposición entre o carácter transcendente e divino do acto poético e o humano a través da ironía e de procedementos de *desrealización* como as apelacións ao lector, a autorrepresentación do autor dentro do poema ou o cuestionamento dos límites da poeticidade.

Sobrino, Iria, "Contra as esencias", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1, "proPostas", inverno 2006-2007, p. 29.

Aproximación ao último poemario de Daniel Salgado, *Éxodo* (2006), que presenta as pegadas dun percurso vital individual para dar paso a outro colectivo onde cobran vida as temáticas da denuncia da escravitude, da desmemoria e do subdesenvolvemento. Dise que a obra se converte nunha posición política pero deixando en cada poema fíos soltos para que sexan os lectores os que reconstrúan as mensaxes implícitas.

Sotelo, Vanesa M., "Nora inmaterial", *Festa da palabra silenciada. Publicación Galega Feminista,* n.º 23, "Actualidade", 2007, pp. 163-165.

Artigo sobre o personaxe de Nora, que Henrik Ibsen e Elfriede Jelinek aproveitaron nas súas obras, *Casa de bonecas* (1879) e *O que ocorreu despois de que Nora abandonara o seu home ou os piares da sociedade* (1979). A autora propón unha análise da evolución desta muller até que consegue finalmente imporse aos valores estabelecidos. A Nora de Ibsen adiántase un século á de Jelinek, a segunda é continuación da primeira, pero ámbalas dúas poñen en evidencia os valores burgueses. A Nora de Ibsen é prisioneira do home, a de Jelinek escapa das ataduras que lle impón o seu e a partir dese intre comeza a súa loita pola supervivencia nun mundo de imposicións masculinas. Perante as dificultades, vence a convinción firme contra o estabelecido.

Sotelo, Vanesa, "A política Cultural debe ser unha política de proxecto e non de efeméride", *Revista Galega de Teatro*, n.º 53, inverno 2007, pp. 43-47.

Roberto Salgueiro, gañador do XVI Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais, revela que a súa obra *Historia da choiva que cae todos os días* naceu da súa precupación polo destrozo urbanístico de zonas con gran valor sentimental para él.

Aínda que esta é a súa primeira obra propiamente realista, sinala que outra anterior, *Memoria de Helena e María*, tamén pode considerarse realista no seu estilo. Respecto aos personaxes, afirma que teñen as contradicións habituais das persoas reais, que saen á luz grazas aos diferentes puntos de vista ofrecidos no texto.

Soto, Luís G., "Contra o mal social", *Agália*, n.º 91-92, 2º semestre 2007, pp. 280-283.

Recensión da novela *Xelamonite*, escrita por Luís Paradelo e publicada por Galaxia en 2006. Sinálase que a obra conta a peripecia vital do seu protagonista, que relata a súa historia en primeira persoa. Coméntanse os lugares por onde transcorre, o amor como único medio de contacto co mundo para o protagonista, as súas relacións, etc. Remátase cunha crítica da obra, considerada unha "obra-prima" por ser a primeira do autor e pola súa mestría.

Soto, Luís G., "Rebeca Baceiredo: *O suxeito posmoderno. Entre a estética e o consumo*, Galaxia, Vigo, 2006", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 72, tomo IV, ano XVIII, outubro-novembro-decembro 2007, pp. 621-623.

Analiza o traballo de Rebeca Baceiredo *O suxeito posmoderno. Entre a estética e o consumo* (2006), gañador do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio en 2005, onde contrapón o espectador-consumidor e o artista e compara a súa proposta coa doutros pensadores modernos cuxas obras examina. Asi, afirma que Baceiredo estrutura o seu texto en tres partes: na primeira contextualiza o tema a tratar, na segunda avalía a experiencia do consumidor posmoderno e, finalmente, na terceira examina a experiencia do artista. Ela retrata a sociedade occidental actual dende un punto de vista parecido ao dos pensadores posmodernos e posmarxistas e sempre poñendo máis atención na creación e no creador pero sen descoidar o receptor. Ao longo do libro mantén un diálogo con algunhas ciencias como a antropoloxía, a psicoloxía, a neurobioloxía, a filosofía ou as ciencias sociais e repasa o que se fai nalgunhas artes como a fotografía, a pintura e o cinema, entre outras.

Souto, Lorena, "O sorriso do medo", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 115-116.

En primeiro lugar resume a esencia de *Vidas exemplares* (Xerais, 2006), de Uxía Casal e pasa a dar conta do terror no que se adentra o libro de relatos. Refírese ao papel da psicoloxía na narración dos feitos e aos trazos dalgúns personaxes. Subliña a ironía, o humor e a tensión narrativa "que se mantén dende o primiero momento", á vez que alude a un xiro inesperado da obra e finaliza centrándose na reinterpretación que Casal fai do xénero de terror.

Tajes, Ángela, "Feira Galega de Artes Escénicas 2007", *Revista Galega deTeatro*, n.º 53, inverno 2007, pp. 68-70.

Refírese aos máis de dúas ducias de espectáculos xa estreados que se representaron na Feira Galega das Artes Escénicas, onde tamén acolleron catro produtos foráneos,

procedentes de países lusófonos. En primeiro lugar cita dous textos traducidos: *Rosso profundo in punto di morte*, de Luigi Lunari, executado por Galileo Teatro; e *As últimas lúas*, de Furio Bordon, traducido por Candido Pazó. Entre os textos de autoría galega salienta *O merlo blanco*, de Candido Pazó; *Robin Hood*, d'Acontrabutaca: *Margar no pazo do tempo*, de Sarabela; e *Medidas preventivas*, de Gustavo Pernas. Por último, nomea adaptacións como *O burgués fidalgo*, do Teatro do Morcego; *A bombilla máxica*, do Teatro do Atlántico.

Tarrío Varela, Anxo, María Xesús **Nogueira Pereira** e María Pilar **López Suárez**, "La producción literaria en Galicia en el 2006", *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, n.º 724, "Almanaque 2006", "Letras Gallegas 2006", abril 2007, pp. 19-21.

Estudo sobre a produción literaria do ano 2006 en Galicia que bebe dos *Informes de Literatura*, publicados anualmente polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e que atende á narrativa, ao ensaio, á poesía e á literatura dramática. Achegamento á produción literaria do ano 2006 en Galicia no que Anxo Tarrío, María Xesús Nogueira e María Pilar López, no tocante á narrativa, destacan a existencia dunha convivencia xeracional "que no parece conflictiva", salvo excepcións xa previstas no sistema, e no que, ante a imposibilidade de ser exhautivos, se deteñen naqueles títulos aos que a crítica máis atención prestou. Así, achéganse, na liña de obras que glosan asuntos sobre a memoria histórica, a *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas, *Home se nome*, de Suso de Toro, *Xullo-Agosto*, de Manuel Riveiro Loureiro, e *Espérame*, de Xosé A. Perozo. Tamén reparan, no ámbito das miradas retrospectivas, en *Pepa a Loba*, de Carlos G. Reigosa, e n'*O protoevanxeo do neto de Herodes*, de Bernardino Graña. Na liña policíaca fan comentarios sobre *Ollos de auga*, de Domingo Villar, *Luar no inferno*, de Miguel Anxo Fernández, *O xuízo de Kaisse*, de Pablo Roibás, e *Chuvia mansa*, de Ramón Díaz. En relación cos premios que galardoan o xénero narrativo fálase das obras gañadoras do Blanco Amor e do Xerais, respectivamente, *Spam*, de Franciso Castro, e *Tres segundos de memoria*, de Diego Ameixeiras. Anxo Tarrío, María Xesús Nogueira e María López tamén se centran nas "novelas de personaje" como *Blúmsdei*, de Xosé Cid Cabido, *Lukumí*, de Alfredo Conde, *Os mércores de Fra*, de Xurxo Sierra Veloso, e *Esta historia*, de Xosé Monteagudo, e citan a Xavier Quiroga, por *Se buscabas un deus*, Luis Paradelo, por *Xelamonite*, e Inma López Silva, por *Non quero ser Doris Day*. Para rematar co apartado de narrativa, os autores do artigo abordan o relato curto. Entre os de notábel interese nomean *Inxalá*, de Carlos Quiroga, *Palabras contadas*, de Camilo Franco, *A bisneta lercha*, de Paco Martín, *Vidas exemplares*, de Uxía Casal, *Aconteceres*, de Bieito Ledo e, finalmente, *Na derruba*, de Paula Mariño, *O rei dos lobos*, de Xerardo Neira, e *Luz divina e outros retratos*, de Pablo Vaamonde. No apartado "Ensayo", despois de aludir á abundante presenza deste xénero en revistas especializadas e na prensa, coméntase a achega de Xosé María Álvarez Cáccamo con *Memoria de poeta* e Xosé Neira Vilas con *Vinte anos retornando*. Os autores tamén se deteñen n'*O suxeito posmoderno*. *Entre a estética e o consumo*, de Rebeca Baceirado, *Diálogos na néboa: Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra*, de Xiro López e *Os dominios de Caín. Estética e liberdade na literatura*, de Xosé Carlos Caneiro, moitos deles gañadores ou finalistas do Premio Ramón Piñeiro. Baixo o epígrafe "La poesía" coméntase en primeiro lugar a superación, á espera de novas propostas de periodización, da bipolarización entre "poesía de los ochenta" y "poesía de los noventa". Tarrío,

Nogueira e López falan da convivencia xeracional, da presenza de escritoras e da relevancia dos escritores noveles. Entre os títulos aos que se achegan atópanse *Fanerógama*, de Marina Pérez Rei, *Tanxerina*, de Mario Regueira, e *Contatrás*, de Paula Carballeira. Tamén fan comentarios sobre *Cartas do terceiro día*, de Marcos S. Calveiro, *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, de Xavier Lama, *Obertura sen héroe*, de Yolanda López, *Océnao e silencio*, de Antón Patiño, e *Casa pechada*, de Luz Pichel. As achegas poéticas daqueles escritores máis novos, "poetas de los noventa", que foron consolidando o seu proxecto literario, son así mesmo tratados. É o caso de Martín Veiga, con *Fundaxes*, Olga Novo, con *Monocromos*, María do Cebreiro, con *Os hemisferios*, Oliver Escobar con *Apostasía*, e Daniel Salgado, con *Éxodo*. Tamén se deteñen nas obras de Xabier Paz, Eva Veiga, Manuel Darriba, Medos Romero e Caride Ogando. Entre os autores e autoras xa "clásicos", fálase de María do Carme Kruckemberg, por *As complexas mareas da noite*, ou Manuel Álvarez Torreiro, por *Parábola do inxenuo*. En canto a escritores que publicaron nos anos setenta e oitenta noméanse as novas achegas de Darío Xohán Cabana, *Cabalgata na brétema*; Xavier Rodríguez Baixeras, *O pan da tarde*; Xesús Rábade, *Os anos da memoria*, e Xesús Manuel Valcárcel, *Morte do Cerveiro*. En canto aos premios sobrancéase o Espiral Maior, *Para unha luz ausente*, de Xavier Seoane, e o Premi Caixanova, *Herdo do canto*, de Arcadio López Casanova. Coméntase tamén a singularidade *d'A esmeralda branca*, de Manuel Vilanova, voz poética desaparecida durante máis de dúas décadas. Tarrío, Nogueira e López detéñense tamén na importancia na difusión da poesía nos últimos tempos grazas aos libros colectivos, algúns froito de exposicións e outros con propósito reivindicativo ou de homenaxe. Conclúese, en relación co xénero poético, dicindo que este atravesa un período de vitalidade, con pluralidade de voces e formas e cunha "extensa nomina de autores reconocidos y un público nostálgico de novedades". No tocante á literatura dramática dise que, malia a posta en marcha da colección "Biblioteca Dramática Galega" se produciu unha disminución cuantitativa respecto ao ano 2005. Destácase a aposta editorial por traxectorias xa consolidadas tanto de dramaturgos como de directores e a continuidade na convocatoria de Premios como o Rafael Dieste e o Álvaro Cunqueiro. Fanse comentarios a respecto de *Final de película*, de Gustavo Pernas, e *Limpeza de sangue*, de Rubén Ruibal, gañadores, respectivamente dos premios citados. No tocante a "obras materializadas en la escena" detéñense en *Eclipses*, de Manuel Lourenzo, *Imperial, café cantate*, de Alonso, e *Binomio de Newton* e *García* de Cándido Pazó, das que se ofrece a liña argumental. Ademais, noméanse as obras *A costureira d'aldea*, de Manuel Lugrís Freire e *Confusión e norte de María Balteira*, de Marica Campo, publicadas con motivo do Día das Letras. Para rematar, destacan os autores a importancia das revistas especializadas no xénero, tales como *Casahamlet* e *Revista Galega de Teatro*, á hora de paliar as dificultades na publicación das obras

Tato Fontaíña, Laura, "O descontrolado amor de Xaime Quintanilla", *Casahamlet. Revista de teatro*, n.º 9, "Documentación", maio 2007, pp. 120-123.

Fálase das dúas principais obras teatrais de Xaime Quintanilla: *Donosiña* e *Alén,* marcadas ámbalas dúas pola temática amorosa. Dise que a primeira, *Donosiña* (1997), foi encargada polo Conservatorio Nacional de Arte Galega co obxectivo de renovar o teatro galego e sacalo do localismo imperante nos textos costumistas. De aí a súa aposta por temáticas universais coma o amor. Da segunda peza teatral, *Alén* (1921), indica que continúa co mesmo tema, afondando nas liñas que xa se trataran na primeira. Outro dos aspectos que se sinalan coma claves é o seu innegábel rexistro poético, co que

Quintanilla se propuña demostrar que o galego é lingua válida para todos os falantes e usos.

Toro, Suso de, "Entre Escila e Caribdis", *Tempos Novos*, n.º 117, "Obertura", febreiro 2007, p. 3.

Suso de Toro fala do seu dilema entre escribir periodismo en galego, pero con censura (Caribdis) ou escribir noutra lingua que non é a súa, o castelán, mais con liberdade (Escila). Afirma que el escolleu escribir artigos en castelán no xornal *El País* porque en galego, aínda que fora a súa lingua, non podía opinar sen a censura.

Torreiro, Henrique, "Algunhas reflexións en torno á banda deseñada na sociedade peninsular actual", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 35, 1º Semestre 2006, "Estudos", 2007, pp. 179-189.

Comeza Henrique Torreiro interrogándose sobre as razóns polas cales un medio como a banda deseñada, que demostrou sobradamente a súa madurez e a súa riqueza expresiva e creativa, segue a ser totalmente descoñecido para o gran público. O presente artigo trata de ofrecer algunhas claves para entender a dificultade da difusión da novena arte na sociedade, unha difusión que se produce, segundo Torreiro, en gran medida, a través da promoción feita polos propios afeccionados (como labor persoal e anónimo ou mediante a organización de actividades de divulgación), máis que pola efectuada mediante a publicidade e os medios propios do mercado do libro. Revisa a situación e fai fincapé na interacción dos elementos que compoñen o conxunto , como os editores, os autores e o público destinatario das obras producidas por eles, coa consciencia de que responder á pregunta de partida supón procurar unha actitude crítica, non só cos factores que na sociedade impiden esa correcta introdución da novena arte, senón tamén cos que a impiden dende dentro, que non son poucos. Para este fin emprega a comparanza con outros medios e con mercados da banda deseñada noutras zonas

Torres Ferrer, Sabino, "Recordando a Celso Emilio Ferreiro na Pontevedra dos anos corenta 'Os mellores anos da miña vida'", *Arraianos*, n.º VI, agosto 2006, pp. 39-40.

Lembranza da década que Celso Emilio viviu en Pontevedra, nos anos corenta, onde realizou unha tertulia no café Savoy e colaborou, con Emilio Canda, na fundación da revista mensual *Finisterre*, onde viron a luz, por primeira vez, logo da Guerra Civil, os poemas galegos de García Lorca. Tamén se menciona que glosou diferentes zonas da cidade nun artigo publicado no *Anuario de Pontevedra-Marín*. Indícase que participou en diversas publicacións rexionais e destaca que colaborou na creación do semanario *Ciudad*, que tivo unha curta duración, pero, nos seus talleres, naceu, posteriormente, a colección de poesía 'Benito Soto', da que Celso Emilio foi, nos primeiro tempos, o director.

Valcárcel, Marcos, "O divino roteiro: un paseo de ficción polo inmorrente Ourense literario", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 124, Ano XI, "Literatura", agosto 2007, pp. 28-33.

Reprodúcese o texto titulado "O divino roteiro" que Marcos Valcarcel escribiu e posteriormente leu na Feira do Libro de Ourense de 2007 e que tamén aparece reproducido no n.º 673 de "*Revista das Letras*", en *Galicia hoxe*, publicado o 21 de xuño de 2007. Nesta reprodución da revista *Auria* conta con abondoso apoio fotográfico, referido a este roteiro literario por Ourense e realizado por Xesús Fariñas. O texto de Marcos Valcárcel fai un percorrido polas raíces literarias e galeguistas de Ourense da man de Carlos Casares no que aparecen Valentín Lamas Carvajal, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Blanco Amor, Ramón Otero Pedrayo, etc.

Valiente Fernández, Alicia, "Visión de Vicente Risco hacia Portugal en *Nós* y en su obra *Teoría do Nacionalismo Galego*", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos,* vol. 10, "Artigos", 2007, pp. 135-143.

Estudo sobre a simpatía de Vicente Risco cara a Portugal. Sinala que mostra desta boa disposición cara ao país veciño foi a definición do nacionalismo do ideólogo da Xeración Nós mediante a contraposición coa civilización mediterránea, predominante en España, e a vinculación co celtismo e co atlántismo. Considera que estes argumentos, xunto a outros de tipo social, xeográfico e filóloxico, presentes na *Teoría do Nacionalismo Galego* (1920) e na revista *Nós* (1920-1935) pretendían demostrar de forma científica todas as semellanzas e a misión compartida dos pobos galego e portugués.

Valiño, Carmen V., "Vai de festivais", *Escaramuza*, n.º 24, "En portada", verán 2007, pp. 3-4.

A dirección da revista realizou unha serie de cuestións aos representantes dos festivais da comunidade galega sobre o estado e a necesidade dos festivais. Froito desas preguntas os persoeiros dos festivais, ademais da solicitude dunha maior implicación das institucións, realizaron unha serie de consideracións negativas relativas aos problemas de autofinanciamento, á carencia de infraestruturas e ao atranco económico, derivado da inxerencia das administracións, e o factor positivo de seren os festivais pezas destacadas do sistema teatral galego por mor da divulgación das tendencias e dos espectáculos teatrais.

Valverde, Alberte, "Unha panorámica polas estatuas do século XX", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 111-113.

Comézase aludindo aos efectos do cambio de século na literatura para situar entre os século XX e o XXI *Xelamonite* (Galaxia, 2006), de Luís Paradelo. A seguir céntrase nos trazos da novela, posicionada no eixo "existencial" que recorda as novelas beat norteamericanas pero que tamén se inflúe da Nova Narrativa Galega e reactualiza o existencialismo dos sesenta. Dáse conta do argumento que relata a historia dun personaxe angustiado e conflictivo, cunha vida destrozada pola violencia, o amor e o capitalismo. Incídese nas distintas voces narrativas que procuras unha obra plural e que xeneran intriga na trama. Saliéntase o tratamento dos distintos espazos (Nova York,

Ourense e Vigo) que contan cunha grande carga simbólica, que se unen pola loucura e as drogas e que recorda a escrita de Kafka. Nova York defínese como espazo onírico e multicultural, Ourense é espazo materno e pretérito e Vigo que fai de conexión, gracias ao mar, entre Nova York crisol e Ourense rural é simbolo de vida. Tamén se aborda o tema dos espazos psicolóxicos como o soño, ligado á droga, fonte surrealista e achega á consciencia do protagonista e o hospital que funciona como "trasunto neurótico do eu". Fáise alusións a outros escritores e correntes literarias, á vez que se aconsella ao lector que asuma o rol de psicoanalista para ler a obra.

Valverde, Alberte, "O oficio de contar palabras", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 174, Tomo XLV, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2007, pp. 98-99.

Coméntase que *Palabras contadas* (2006), de Camilo Franco, se sitúa nunha liña híbrida de tradición oral e posmodernismo cultural que usa o molde do conto e que, a primeira vista, o libro ten unha estrutura de concerto de rock cunha primeira parte "Palabras contadas", seguida de dedicatoria ou "Bises" e cinco pequenos relatos; son un conxunto de textos sin relación aparente. Destácase a escrita concisa na que retoma o "dedutismo", unha constante nas súas obras, consistente en colleitar palabras para facer delas contos. En canto á temática, saliéntase a pluralidade de eidos con tratamento irónico: relixión, literatura, autorreflexión ou a tradución grotesca de textos clásicos, entre outros. Coméntase no tocante ao estilo o fragmentarismo, a desconexión, a concreción ou minimalización da escrita, valorándose o carácter performativo da palabra. Asemade sinálase que conta cunha escrita concisa na que se narra unha cultura "underground" ou proletaria.

Valverde, Alberte, "Glosoladia como truel de miradas líquidas", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 174, Tomo XLV, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2007, pp. 106-107.

Afirma que *Océano e silencio* (2006), de Antón Patiño, é un poemario cunha linguaxe profunda e intelectualizada, estruturado en sete apartados que están conectados entre si mediante "un discurso teórico verbo das imaxes e a concepción destas como materia". Asemade comenta que un dos trazos máis salientábeis da lírica deste autor é a extensión do campo artístico e indícase que o poeta se introduce dentro dun diálogo entre diferentes linguaxes artísticas.

Vaz, Jorge, "A figura do dobre na narrativa de Manuel Rivas", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Estudos", 2007, pp. 96-109.

Cualifica a presenza do tema do dobre como unha das características máis turbadoras e orixinais da obra narrativa de Manuel Rivas, verdadeiro leitmotiv das súas creacións que se manifesta ben a través do desdobramento da personalidade do protagonista, ben introducindo figuras cómicas ou paródicas do dobre que se opoñen en dúos de xemelgos de caracteres contrapostos; en definitiva a través dun caleidoscopio de motivos que van do dobre dun personaxe como xemelgo, boneco, irmán ou pai, á figura autorial representada por Dombodán, pasando por un dobre textual creador en particular pola intertextualidade ou pola rememoración. Jorge Vaz detense especialmente na figura do

pai, que na obra de Rivas adoita dar entrada ao maior número de dobres e alter egos, sinteses plurais da imaxe dual do pai, asi como na importancia que o tema do desdobramento adquire desde o punto de vista da economía narrativa e do acto creador do autor. Conclúe que a figura do dobre constitúe sen dúbida un trazo característico da narrativa de Rivas, "un punto de atracción e de esperanza cara ao que se dirixe o individuo para acougar e superar a fobia innata á morte e asi depositar nel a confianza na súa inmortalidade", cuxa dualidade "materializa do mesmo xeito a fractura que experimenta a figura autorial e, detrás dela, a do autor sumido nunha realidade dicotómica e debilitada e sempre en busca da *imago* paterna fuxidía e inestable".

Vidal Collazo, Marisa, "Libros chegados", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 152, marzo-abril, p. 115.

Explícase que o libro do filólogo e historiador Pardo de Neyra, *Literatura galega de vangarda. A iconoclastia rupturista dos primeiros manifestos galegos* (2006) afonda no nacemento e as sinaturas do vangardismo galego de primeira hora seguindo as pegadas do xornalista lucense Evaristo Correa Calderón.

Vieites, Manuel F., "Pernas Coras, Gustavo: *Os ollos de Victorine e a construcción da cuarta parede*", *ADE Teatro*, n.º 115, "Libros", xuño 2007, pp. 185-187.

Manuel F. Vieites fai uns apuntamentos da obra de Gustavo Pernas Cora, prologada polo profesor Manuel Forcadela, na que se estudia a relación da pintura, fotografía e creación escénica coa representación do mundo real. A partir do cadro de Manet, titulado *Déjeneur sur l´herbe* e da mirada de Victorine, reflexiónase sobre o concepto da "cuarta parede", que explica a interconexión obra-receptor, no senso de que éste é o construtor dos significados e non mero espectador, analízase a natureza e dimensión ficcional do teatro, a interacción con outras artes e linguaxes e a súa relación coa vida real.

Vieites, Manuel F., "El cierre evitable de la Sala Yago de Compostela", *ADE Teatro,* n.º 116, "Editoriales", agosto 2007, p. 8.

Opínase que as autoridades deben tomar cartas no asunto ante o peche da Sala Yago, co fin de garantir a súa continuidade na programación cultural do país fronte ao rexeitado proxecto da chamada "Cidade de Cultura". Considérase que o peche do emblemático inmóbel é unha situación máis que defende a necesidade de impulsar a Lei do Teatro proposta pola ADE.

Vieites, Manuel F., "Alonso, Eduardo: *Teatro imprevisto*", *ADE Teatro,* n.º 117, "Libros", setembro 2007, pp. 278-279.

Fáise un percorrido pola actividade profesional de Eduardo Alonso, subliñando a importancia que tivo na súa andaina teatral a publicación en 2001 de *O país acuático*, obra coa que obtivo unha mención especial no premio Estornela. A seguir, coméntanse as tres obras do dramaturgo que foron recollidas no volume *Teatro imprevisto* (2006).

prologado por Damián Villalaín: *Alta Comedia, As damas de Ferrol* e *Ensaio.* Infórmase ademais que estas obras xa foron levadas á escena polo Teatro do Noroeste.

Vieites, Manuel F., "De John Philip Kemble a The Living Theater. Lembrando algunhas efemérides teatrais", *Revista Galega de Teatro*, n.º 50, "Temas", primavera 2007, pp. 10-17.

Refírese a diversas efemérides relacionadas co eido teatral coa intención de facer un balance da evolución do teatro galego, como o cento vinte cinco aniversario da estrea do espectáculo *A fonte do xuramento* (1882), baseado nun texto homónimo de Francisco María de la Iglesia, que tivo lugar no actual Teatro Rosalía d'A Coruña. Asemade, indica que no 2007 hai efemérides salientábeis a nivel europeo que poden resultar de interese para analizar el proceso de reconfiguración da identidade e da idea de nación que se está a producir en Galicia , así como os discursos dominantes, emerxentes ou marxinais. Neste senso cita o espectáculo *The Playboy of the Western World*, escrito por John Millington Synge e estreado no Abbey Theatre de Dublín, que provocou un cisma no movemento republicano irlandés pola idea de nación que amosaba.

Vieites, Manuel F., "Pola converxencia teatral con Europa", *Revista Galega de Teatro*, n.º 52, "Espazos", outono 2007, pp. 53-56.

Preséntase neste pregón como teórico e ideólogo para decir, dende esta posición de observador, "algunha cousa que teña sentido, pois no teatro é onde as cousas se enchen de sentido". Apóstase pola dialéctica porque todo espectáculo propón implicitamente, unha idea de teatro e de sociedade. Critícase que o poeta Luis Alberto de Cuenca, sendo Secretario de Estado do Partido Popular, propuxera rematar coas subvencións, ao ser España un país europeo. Pídese que a educación, como noutros países europeos, estea presente no currículo escolar, que existan "verdadeiras empresas teatrais cun cadro de persoal suficiente (artístico, técnico, de adminisración) para desenvolver o seu traballo" e cuns medios e recursos axeitados para cumprir as súas funcións. Tamén se pide que as programacións teatrais se manteñan varios días ou semanas en cartel para que os espectadores teñan posibilidades certas de ir ao teatro, que os teatros conteñan unha oferta teatral diversa, rica e permanente, e que os municipios potencien o teatro afeccionado, escolar e comunitario, ademais de específicos procesos de formación. Destácase, en suma, que nalgúns países europeos o teatro constitúe un sector económico que crea riqueza e "contribúe a mellorar o nivel de calidade de vida e o benestar da cidadanía". Así mesmo se critica a hipocresía de certo sector de opinión respecto á "falta de valores da infancia e da mocidade, ou os seus usos e costumes, cando nada se lles ofrece para mudar os seus hábitos". Confíase en que o Plan Galego das Artes Escénicas, a Consellería de Cultura, o IGAEM e a Xunta de Galicia poñan medios, ferramentas e recursos "para acadar obxectivos estratéxicos para o pleno desenvolvemento do noso tecido cultural e teatral". E remátase dando a benvida aos artistas que na Mostra de Cangas han reclamar "a converxencia teatral con Europa".

Vilar Álvarez, Manuel, "Un presente de Castelao a Ruth Matilda Anderson", *Adra. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*, n.º 2, 2007, pp. 113-118.

En primeiro lugar, relátase o proceso de creación da obra pictórica de Castelao, postumamente titulada "Festival of Spanish Sony", como presente para a súa amiga, a fotógrafa norteamericana Ruth Matilda Anderson, na súa segunda viaxe a Galicia en 1926 na procura de novas fotos. Faise unha descrición detallada da composición, física e artística, que actualmente se atopa na Hispanic Society of America. Por último, co subtítulo de "Castelao en Nova York", Manuel Vilar Álvarez fai unha breve achega biográfica a Castelao durante a súa estancia na cidade neoyorquina, na que propiciou a unidade dos galegos emigrados coa participación na creación da Casa Galicia. Tamén se citan as súas facetas literaria, política e gráfica, das que se fixeron eco os xornais locais daquela época.

Vilavedra, Dolores, "Un ano singular. A narrativa en 2006", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Panorámicas", 2007, pp. 141-149.

Resume o acontencido no eido da narrativa ao longo de 2006, ao que cualifica de "ano singular", destacando a actualización de vellos modelos narrativos como o policial, de experimentos máis ou menos ousados e de fracasos silenciados polo desinterese ou pola compaixón da crítica. Constata tamén o desexo de fuxir de camiños xa transitados e de se arredar do previsibel, asi como a aparición da esperada novela de Manuel Rivas, *Os libros arden mal*, da que sinala que consagra A Coruña como cidade literaria e na que os libros actúan como fío condutor do argumento, ademais de compartir tema arredor da guerra con *Home sen nome*, de Suso de Toro, "exemplar no manexo do monólogo interior e do diálogo". Dentro do xénero policial sitúa textos como *Ollos de auga*, de Domingo Villar, que localiza a súa trama en Vigo e que se converteu nunha das sorpresas literarias do ano; *O cidadán do mes*, de Diego Ameixeiras, outra nova peripecia do detective Horacio Dopico en Ourense, un antiheroe que "acaba por resultarnos simpático", algo que non acontece, en opinión de Vilavedra, co protagonista do Premio Xerais 2006, *Tres segundos de memoria* arredor do desencanto; e *Luar no inferno*, de Miguel Anxo Fernández, que recupera o detective Frank Soutelo. A seguir, recoñece a autora do artigo as pegadas do mundo dixital en *Spam*, de Francisco Castro, Premio Blanco Amor 2005; fala de certa decepción suscitada por *Se buscabas un Deus*, de Xabier Quiroga, excesivamente dependente da entrega anterior *Atuado na braña*. Nos lindeiros da memoria sitúa *Esta historia*, de Xosé Monteagudo; *Espérame*, de Xosé A. Perozo; e *Lukumí*, de Alfredo Conde. Inseridas na colección non venal "Mandaio" de Biblos, destaca *Dor pantasma*, de Alberto Ramos, e *Non quero ser Doris Day*, de Inma López Silva; mentres que dos clásicos cita a recompilación da *Obra narrativa*, de Manuel Lugrís, publicada polo Centro Ramón Piñeiro en edición de Xabier Campos; e a aparición da novela *A nova vida*, de Lois Tobío, rescatada pola filla do galeguista entre os papeis de seu pai. Adscribe á categoría de novos camiños discursivos que indagan na experimentación novelas como *Se algún día esta muller morta*, de Miguel Sande, I Premio de Narrativa Breve Repsol-YPF; *Blúmsdei*, de Cid Cabido; *dz ou o libro do esperma*, de Samuel Solleiro e *Palabras contadas*, de Camilo Franco. Inclúe baixo o apartado de "Voces singulares" a Luís Paradelo pola súa novela *Xelamonite*; a Manuel Veiga por *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*, Premio García Barros; a Xurxo Sierra por *Licor de abelá con xeo* e *Os mércores de Fra*; e a Carlos Reigosa pola reedición de *Oxford, amén* e por *Pepa A Loba*. Finalmente, menciona novelas que comparten a autoría feminina como *O club da calceta*, de María Reimóndez; *Quero bailar*, de Lupe Gómez e *Vidas exemplares*, de Uxía Casal.

Vilavedra, D., "Editorial Galaxia", *Serendipia*, n.º 1, 2007, pp. 64-65.

Percorrido pola traxectoria da Editorial Galaxia e da súa revista, *Grial*, dende a súa creación en 1950 até a actualidade, pasando polos tempos da censura, dende os comezos até 1963. Salienta o papel da editorial como plataforma da literatura galega e lembra a existencia da colección "Illa Nova", da que saíron escritores que hoxe están no canon da literatura galega. Nomea as persoas que formaron parte do proxecto ao longo da súa historia e na actualidade.

Vilavedra, Dolores, "Vía de escape", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1, "proPostas", inverno 2006-2007, p.16.

Coméntase a obra *A nova vida,* de Luís Tobío en Ed. Do Castro 2006 que a súa filla atopo tras o seu pasamento en 2003. Novela inzada de trazos autobiográficos escrita nos anos 20-30 definida como unha novela de ideas na que o protagonista ten moito que ver con Adrián Solovio e chea de trazos costumistas. Dise que reivindica a liberdade do ser humano baixo a fórmula da emigración e dela destácanse algúns trazos que a singularizan como os magníficos capítulos finais centrados en Vigo.

Vilavedra, Dolores, "A Revista Galega de Teatro no contexto da Cultura Galega", *Revista Galega de Teatro*, n.º 50, "Temas", primavera 2007, pp. 21-25.

Remóntase ao ano 1893 para lembrar o nacemento do *Boletín de Información Teatral da Escola Dramática* Galega, o xermolo do que chegaría a ser anos despois a *Revista Galega de Teatro*. Explica que esta publicación monolingüe en galego, dirixida por Antón Lamapereira apareceu co obxectivo de contribuír á normalización lingüística de Galicia, un papel que considera non recoñecido abondo ao teatro. Aínda que desapareceu axiña, volve a escena en 1998 coa cabeceira de *Boletín de Información Teatral*, mantendo os mesmos colaboradores, entre os que cita a Manuel Vieites e Candido Pazó, un grupo imprescindíbel para a continuidade da revista ao que despois se sumarían Inma López Silva ou Vanesa Sotelo. Comenta que acadou un papel referencial como canle de comunicación e como punto de encontro dunha serie de intereses comúns do colectivo teatral. Considera que a publicación priorizó sempre a función informativa, e que se preocupou por desempeñar unha certa función documental, así como por reivindicar a dimensión pedagóxica do feito teatral. Así, sinala que na etapa de *Información teatral. Revista Galega de Teatro* tentouse realizar unha "Aproximación a un inventario do teatro galego". Por último, indica que a revista adoptou máis tarde o nome de *Información Teatral. Revista Galega de Teatro* e definitivamente, desde o número 11, xa adopta o nome actual de *Revista Galega de Teatro*. Engade que aparece nunha comarca de ampla tradición teatral: o Morrazo, editada pola Asociación Cultural "Entre bambalinas".

Vilavedra, Dolores, "O lector galego, ¿un proxecto de futuro?", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 174, Tomo XLV, "Lectura pública", abril, maio, xuño 2007, pp. 134-139.

Neste texto Dolores Vilavedra reflexiona sobre a aparente irrelevancia do lector no sistema literario galego. Comenta o concepto de lector galego, analiza, con numerosos datos, se son equiparábeis as cifras de falante e a de lectores, e tamén se detén no concepto de destinatario e indica que se albisca un futuro incerto para o sistema literario galego. Ante isto propón que hai dúas saídas, a de seguir apostando por unha cultura numantina ou a de tentar dotar o discurso literario de novas valencias identitarias para captar potenciais destinatarios, de aí que conclúa afirmando que o lector e a literatura galega son "sempre un proxecto de futuro".

Vilavedra, Dolores, "Nos 125 anos do teatro glego", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 176, Tomo XLV, "O rego da cultura", outubro, novembro, decembro 2007, pp. 8-9.

A celebración polos cento vinte e cinco anos do teatro galego, tomando como data fundacional a estrea d'*A fonte do xuramento* en agosto de 1882, levouse a cabo mediante unha exposición comisariada por Carlos Biscaínho e a publicación da obra *Cento vinte e cinco anos de teatro en galego*, baixo a coordinación de Manuel F. Vieites. En verbas de Dolores Vilavedra, a consolidación do proxecto teatral galego veu da concesión do Premio Nacional de Literatura Dramática a Rubén Ruibal pola obra *Limpeza de sangue*.

Vilavedra, Dolores**,** "Unha achega ao discurso narrativo de autoría feminina", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Artigos", 2007, pp. 145-151.

Bosquexo de interrogantes e evidencias na narrativa de autoría feminina xurdidas ao redor dunha serie de aspectos, como o rol fundacional de Rosalía no sistema literario galego, a recuperación do terreo perdido por parte das escritoras, a presenza notábel de escritoras na literatura infantil e xuvenil, froito do protagonismo das mulleres no mundo do ensino, a desaparición de escritoras do mapa literario galego despois de publicar un ou dous libros de narrativa e a carencia de modelos actualizados dende a década dos 80. Considera que a consolidación da narrativa de autoría feminina partiu da actividade das escritoras periféricas Marina Mayoral e Úrsula Heinze e de obras, como *Morrer en Vilaquinte* (1980), de Helena Villar Janeiro, que foi escrita a catro mans xunto a Xesús Rábade Paredes; *A orella no buraco* (1965), *Amantia* (1982), *Ten o seu punto a fresca rosa* (2000) e *A semellanza* (1988), de María Xosé Queizán, novelas caracterizadas pola construción dun discurso narrativo de autoría feminina; *A expedición do Pacífico* (1994), *Tránsito de gramáticos* (1992), *Lobos nas illas* (1996), *A compañía clandestina de contrapublicidade* (1998) e *Teoría do caos* (2001), de Marilar Aleixandre, obras que se caracterizaron pola transición entre unha práctica militante e unha práctica comprometida da escrita de muller; *Resistencia* (2002), de Rosa Aneiros, e *Concubinas* (2002), de Inma López Silva, ambas as dúas novelas representaron un achegamento á historia sen botar man de convencións relativas á novela histórica galega; *Ácaros verdes* (2003), de Pilar Buela, exemplo de reivindicación do protagonismo feminino na historia; *Anxos de garda* (2003), de Anxos Sumai, paradigma da posmodernidade que consagrou a literatura intimista, e *Herba moura* (2005)*,* de Teresa Moure, combinación de reivindicación do protagonismo histórico de determinadas mulleres que a historiografía oficial relegou e da defensa do dereito a cultivar a privacidade.

Villar, Miro, "Celanova e o paraíso perdido da infancia en Celso Emilio Ferreiro", *Arraianos*, n.º VI, agosto 2006, 2007, pp. 13-17.

Devido a que a recuperación evocadora e nostálxica do paraíso perdido da infancia ten bastante importancia en *Longa noite de pedra*, domina gran parte de *O soño sulagado* e ten unha presenza moi importante en *Onde o mundo se chama Celanova*. Realiza unha reconstrución do "eu infantil" describindo o proceso de elaboración de imaxes reais ou simbólicas sobre esa etapa da vida. Emprega para exemplificar, entre outros, os poemas "O medo", "Fareivos de min", "Lonxana primavera nunca volta", "Nai", "O val" e "O galo".

Villar, Miro, "Quen sabe falar nunca é pobre", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 176, Tomo XLV, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2007, pp. 77-78.

Made in Galiza(2007), de Sechu Sende, supón, en verbas de Miro Villar, un retorno ás orixes do escritor. Obra composta por diferentes relatos, que se pode dividir en dúas partes ben diferenciadas. A primeira delas reflexa o conflito lingüístico dende múltiples perspectivas e a segunda consta dun grupo de textos máis reducido de impronta lírica, nos que se desenvolven os conflitos do ser humano e a súa correspondente convivencia desharmónica co medio. O estilo literario deste escritor, presente noutras obras, caracterízase pola poeticidade, a ironía, a parodia, a observación crítica da realidade e a fusión do máxico e do marabilloso.

Villares Mouteira, Félix, "A Escola Poética do Seminario de Mondoñedo", *Lvcensia. Miscelánea de Cultura e Investigación*, n.º35 (Vol. XVII), "Estudios", 2007, pp. 213-226.

O artigo comeza explicando que o Real Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo deu un bo número de poetas á literatura galega, o que lle permite a Félix Villares falar da existencia dunha escola poética formada por escritores que cursaron alí os seus estudos. Entre eles están Antón María de Castro e Neira, Nicomedes Pastor Díaz, Manuel Leiras Pulpeiro, Antón Noriega Varela, Xosé Trapero Pardo ou Aquilino Iglesia Alvariño. O autor sinala como riscos desta escola poética a formación humanística, o coñecemento dos clásicos latinos, a preocupación pola fala, unha grande riqueza léxica, unha liña de poesía popular e costumista, a importancia que se lle dan as cousas pequenas e humildes, aos detalles e á descrición e a relixiosidade como tema transversal da meirande parte das obras. O autor cita poemas ilustrativos de cada unha destas características, o que fai máis doada a comprensión.

Villares, Ramón, "Onde o mundo se chama Trasalba. No quincuaxésimo aniversario da constitución da Unión Europea", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 174, Tomo XLV, "O rego da cultura", abril, maio, xuño 2007, pp. 12-19.

Fala da concepción de Europa elaborada por Ramón Otero Pedrayo, que é cualificado como o "verdadeiro intelectual europeo" e que asemade formou parte dunha "auténtica" xeración. Sinala que os traballos da Xeración Nós fixaron os alicerces da idea de Galiza entroncada nunha común raíz europea e destaca que Vicente Risco en *Mitteleuropa*

(1934), Castelao en *Diario* (1921) ou *As cruces de pedra na Bretaña* (1930) ou o mesmo Otero Pedrayo en *Arredor de si* pensaron en Galiza en clave europea. Asemade afirma que a Xeración Nós recalcou que Galiza é "unha pura creación europea, pero tamén un actor sobranceiro dela", que recorreron á cultura europea como chave para descubrir Galiza e remata facéndose referencia á evolución seguida por estas ideas europeizantes na Xeración Nós e mais no Partido Galeguista.

Viveiro Mogo, Prudencio, "Feliz Memoria", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2007, pp. 125-126.

En primeiro lugar, ofrece uns trazos do contexto no que sae ao prelo *Guerra Civil e literatura galega (1936-1939)*, (Xerais, 2006). A continuación dá conta do que supuxo o estoupido da guerra civil para a nosa literatura e pasa a referirse aos textos que inclúe esta obra coordinada por Xesús Alonso Montero e Miro Villar. Explica a estrutura e de cada unhas das partes que distingue, subliña as obras máis relevantes. Por último, salienta a importancia deste volume por considerar que se debe facer "da lectura o mellor antídoto contra o esquecemento".

Viveiro Mogo, Prudencio, "Memoria do exilio galego", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 175, Tomo XLV, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2007, pp. 132-133.

Informa da publicación pola Editorial do Castro das actas do *Congreso Internacional O Exilio Galego*, organizado polo Consello da Cultura Galega entre o 24 e o 29 de setembro do 2001. Sinálase que o título das actas é *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios* e os encargados da edición foron Xosé M. Núñez Seixas e Pilar Cagiao Vila. Prudencio Viveiro destaca que este libro de actas súmase ás iniciativas constitucionais e académicas levadas a cabo no ano 2006 co motivo da declaración deste ano como da memoria. Advirte que o libro se artella arredor de cinco seccións e unha coda final: a primeira das seccións achégase ás características xerais do exilio galego, facendo fincapé no debate conceptual e na clasificación tipolóxica dos diferentes exilios de 1936-1939; o segundo bloque do libro fai un percorrido polo exilio galego segundo o país de acollida; o terceiro apartado aborda a diversidade ideolóxica dos exiliados, tan plural como os países que os acolleron; Castelao é a figura que ocupa o cuarto capítulo do libro no que, grazas a artigos de Bieito Alonso, Carlos Casares e Xoán Carlos Garrido se sabe da política seguida polo líder do nacionalismo galego no exilio e da súa interesante etapa como ministro da República no desterro. Finalmente, sinala que na última sección do libro toman a palabra os propios exiliados, para ofrecer as súas experiencias. Advirte que xunto a este libro de actas tamén se publicou un CD que contén outros estudos sobre o exilio galego.

Whitman, Walt, "Song of my self", *O ollo público. Revista das artes*, n.º 18, "Literatura", marzo-xuño 2007, pp. 9-10.

Resúmese brevemente a traxectoria do autor estadounidense e aparece a súa poesía en inglés e galego, traducida por Eugenia Fernández Fernández.

Xarmenta, "Luís Paradelo, nominado para o Premio Nacional de Literatura", *Xarmenta. Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta*, n.º 2, "Conversa", 2007, p. 9.

Conversa na que o escritor Luís Paradelo comenta que a súa relación co Bierzo vén de lonxe, dado que naceu en Ponferrada e alí tivo o seu primeiro contacto coa lingua galega. Indica que na súa novela *Xelamonite* (2006) hai espazos que están ligados emocionalmente co Bierzo, a onde comenta que regresou recentemente co gallo da súa presenza no stand de Xarmenta na Feira do Libro de Ponferrada.

Xarmenta, "Actividades 2007", *Xarmenta. Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta*, n.º 2, "Actividades 2007", 2007, pp. 16-17.

Danse a coñecer e coméntase todas as actividades que a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta desenvolveu no Bierzo, nomeadamente en Ponferrada e en Cacabelos, durante o ano 2007. Comézase resumindo as actividades máis salientábeis desta asociación desde a súa fundación en marzo de 2005 até 2006. Con referencias ás actividades realizadas en 2007 infórmase de que Xarmenta organizou encontros escolares sobre o Día das Letras Galegas, xuntanzas entre escolares galegos e bercianos, participou na XII Feira do Libro de Ponferrada ou que, en colaboración co Concello de Cacabelos, estabeleceu as bases do I Concurso Literario "Poeta Antonio Fernández Morales". Remátase este artigo sinalando que o número 2 da revista *Xarmenta* saíu á luz o 14 de decembro de 2007 e anunciando que a gala dos III premios Xarmenta á promoción do galego no Bierzo terá lugar o 16 de xaneiro de 2008 no Teatro Bérgidum de Ponferrada e que os premiados serán Manuel Rivas e de xeito conxunto a Xunta de Galicia e a Junta de Castilla y León.

X.B., "Dous editores", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 173, Tomo XLV, "O rego da cultura", xaneiro, febreiro, marzo 2007, p. 9.

Dáse conta do falecemento de Alexandre Finisterre e de Carlos Díaz Martínez. En primeiro lugar céntrase na traxectoria profesional e no labor desenvolvido no mundo editorial de Finisterre, sobre todo en América coa fundación da Editorial Finisterre e a edición da revista do Centro Galego ou a edición facsimilar da revista Galeusca. Logo pásase a abordar os logros de Díaz Martínez no eido editorial, como partícipe do proxecto d*'A Nosa Terra* e o lanzamento de Espiral Maior, xunto con Miguel Anxo Fernán Vello e, posteriormente, a Editorial Artesa e, no eido literario, destacou por crear edicións artísticas do *Poema en catro tempos* (2000),de Eduardo Blanco Amor ou *Sempre en Galiza* (2004), de Daniel Rodríguez Castelao entre outros.

V.4.1. APÉNDICE. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS DOUTROS ANOS NON RECOLLIDAS NOS INFORMES ANTERIORES

AELG, *Escrita contemporánea*, A, B, C, D e E, Vigo: AELG, 2005. (DL:VG-1293-2005).

A Asociación de Escritores en Lingua Galega retoma a publicación dunha revista que segue a tradición doutras realizadas pola entidade en diferentes etapas baixo denominacións de *Nós*, *Escrita* e *Contemporánea*, e celebra así os seus vinte e cinco anos de existencia. Dende o ano 2005 editáronse cinco entregas designadas coas letras A, B, C, D e E, que comparten a particularidade de estaren dedicadas a cadanseu tema monográfico.

O primeiro deles, baixo o título *Homenaxe a Ánxel Casal* recolle, ademais de propostas narrativas, teatrais e poéticas e do traballo fotográfico de Maribel Longueira, colaboracións ensaísticas, todas elas centradas na figura do homenaxeado co obxectivo de reivindicar a figura dun home comprometido co seu país, que loitou por achegar as máis salientábeis figuras da literatura galega e artellar un proxecto político progresista para o seu pobo, tal e como salienta Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG, na presentación desta entrega da revista. Á marxe da admiración polas súas dimensións públicas, os valores persoais e o tráxico final de Ánxel Casal son os aspectos que centran a meirande parte das colaboracións que reúne o volume. Recóllense así narracións de Álvaro Lago, Antón Grande, Inma López Silva, Laura Caveiro, Lourdes Maceiras, Marilar Aleixandre, Xavier Queipo; poemas de Antía Otero, Baldo Ramos, Carlos Figueras, David Otero, Fidel Vidal, Francisco Castro, Francisco X. Fernández Naval, Henrique Rabuñal, Igor Lugris, Lucía Novas, Marga do Val, Marica Campo, Marta Dacosta, Paco Souto, Rafa Villar, Rafael Lema, Ramón Caride, Román Raña, Rosa Méndez, Xavier Lama, Xavier Seoane, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Xoán Neira, Xoán Xosé Fernández Abella, Xoaquín Agulla Pizcueta, Xosé Abeal, Xosé Luis Martínez Pereiro, Xosé Manuel Cairo Antelo, Xosé Vázquez Pintor e a breve peza teatral "Uns fascistas inimigos do galego e da república", de Vicente Piñeiro González. Os artigos deste número correspondentes á Literatura galega descríbense a seguir:

- Andrés Pociña, "A semente de Ánxel Casal", *Escrita Contemporánea*, *A. Homenaxe a Ánxel Casal,* 2005, p. 9.

Breve colaboración que Andrés Pociña escribiu para o número de presentación da nova etapa da revista *Escrita contemporánea* que edita a Asociación de Escritores en Lingua Galega e que está dedicado á figura de Ánxel Casal. O autor refírese ao homenaxeado como un home da cultura con vistas cara ao futuro e preocupado por deixar unha herdanza significativa ás xeracións vindeiras.

- Avelino Pousa Antelo, "Ánxel Casal, o alcalde mártir", *Escrita Contemporánea*, *A. Homenaxe a Ánxel Casal,* 2005, p. 15.

Breve colaboración que Avelino Pousa Antelo escribiu para o número de presentación da nova etapa da revista *Escrita contemporánea* que edita a Asociación de Escritores en Lingua Galega e que está dedicado á figura de Ánxel Casal. Neste caso Avelino Pousa ofrece o seu testemuño, especialmente valioso dada a súa relación persoal con Ánxel Casal, a quen el chama 'o alcalde mártir' e o que considera unha das figuras máis esclarecidas do galeguismo.

- Emilio Xosé Ínsua, "Casal e Villar Ponte: a letra como bandeira", *Escrita Contemporánea*, *A. Homenaxe a Ánxel Casal,* 2005, p. 23.

Breve colaboración que Emilio Xosé Ínsual escribiu para o número de presentación da nova etapa da revista *Escrita contemporánea* que edita a Asociación de Escritores en Lingua Galega e que está dedicado á figura de Ánxel Casal. Refírese a Antón Villar Ponte como un dos principais aliados de Ánxel Casal, autor de brillantes artigos ao servizo da causa galeguista e dalgúns dos libros saídos do seu prelo.

- Luís Martínez-Risco Daviña, "Ánxel Casal", *Escrita Contemporánea*, *A. Homenaxe a Ánxel Casal,* 2005, p. 43.

Breve colaboración que Luís Martínez-Risco Daviña escribiu para o número de presentación da nova etapa da revista *Escrita contemporánea* que edita a Asociación de Escritores en Lingua Galega e que está dedicado á figura de Ánxel Casal. A súa achega céntrase no tema do emprego do galego na publicidade, unha cuestión que Ánxel Casal tivo en conta procurando que os anunciantes de revistas como *Nós* o considerasen rendible.

- Teresa Seara, "Semblanza de Ánxel Casal", *Escrita Contemporánea*, *A. Homenaxe a Ánxel Casal,* 2005?, p. 65.

Breve colaboración que Teresa Seara escribiu para o número de presentación da nova etapa da revista *Escrita contemporánea* que edita a Asociación de Escritores en Lingua Galega e que está dedicado á figura de Ánxel Casal. Da faceta política deste destacado persoeiro galego Teresa Seara salienta que estivo presente tanto nas Irmandades da Fala como na comisión que levou o Estatuto de Galicia ao Congreso dos Deputados.

- Xulio López Valcárcel, "Maruxa, a compañeira", *Escrita Contemporánea*, *A. Homenaxe a Ánxel Casal,* 2005, p. 95.

Breve colaboración que Xulio López Valcárcel escribiu para o número de presentación da nova etapa da revista *Escrita contemporánea* que edita a Asociación de Escritores en Lingua Galega e que está dedicado á figura de Ánxel Casal. O seu artigo céntrase na figura de María Dolores Miramontes Mato, a cómplice e compañeira de Ánxel Casal, da cal ofrece unha nota biográfica.

A segunda das entregas, B, titulada *As escritoras na súa terra. Homenaxe a Pura e Dora Vázquez*, quere renderlles homenaxe á actividade creativa das irmás ourensás. Recolle as intervencións pronunciadas no acto celebrado o 25 de xuño de 2005. A publicación ábrese coas palabras de Cesáreo S. Iglesias e por Xerardo Méndez no Parque do Barbaña, no que se procedeu á plantación das árbores das escritoras (dous camelios), ao descubrimento dunha Pedra Escultórica gravada con dous poemas das escritoras homenaxeadas e á inauguración da Fervenza das Poetas. Ademais, inclúese a acta da Asemblea Ordinaria Anual de Socios e Socias da AELG celebrada o 19 de febreiro de 2005, na que se decidiu dedicar a homenaxe anual da asociación a Pura e Dora Vázquez; o discurso de Cesáreo S. Iglesias durante o acto de entrega do Premio "E" ás escritoras; unha laudatio de Marcos Valcárcel e as palabras de agradecemento das homenaxeadas. O volume complétase con dous poemas de María Xosé Queizán

dedicados a Pura e Dora e cunha escolma das súas creacións elaborada por Xerardo Méndez. As páxinas finais reproducen fotografías dos actos de homenaxe. Os artigos deste número correspondentes á Literatura galega descríbense a seguir:

- María Xosé Queizán, "Pura e Dora Vázquez", *Escrita Contemporánea*, *B. As escritoras na súa terra. Homenaxe a Pura e Dora Vázquez*, 2005, pp. 9-10.

Texto co que María Xosé Queizán homenaxea o labor de Pura e Dora Vázquez das que sinala o seu carácter de pioneiras no cultivo da literatura galega durante a posguerra. Fala das súas vivencias familiares, salientando a súa infancia na aldea de Outeiro, a súa dedicación ao ensino, como seu pai, socialista, foi detido ou como o noivo de Pura morreu na guerra, feito que invade as súas creacións poéticas a través da expresión da nostalxia dese amor. Alude tamén ao seu achegamento á literatura, apuntando a precocidade de Pura, visíbel nas colaboracións que mantén cos xornais ourensáns *La Zarpa* e *Galicia*, e posteriormente ao longo da súa vida en diversos medios de Galicia, España e Venezuela, onde pasou algúns anos da súa vida. Menciona libros de Pura como *Íntimas*, *Maturidade, A Saudade,* así como as súas achegas ao conto e ao teatro infantil, e repara en que "escriben, como mulleres do seu tempo, desvelando o seu interior, o seu desacougo, o amor e desamor, a angustia existencial. Escriben sobre o íntimo, o mundo privado onde foran recluídas as mulleres da súa xeración. Foi o único mundo que lles permitiron. E elas fano con autenticidade, como se fose natural, como se lles brotase do propio corpo, mesmo con sangue", o cal ten o seu reflexo na expresión da paixón, a forza telúrica, a relación case panteísta coa natureza, o emprego dun léxico rico e enxebre. Con respecto a Dora Vázquez destaca a súa recreación do mundo tradicional galego e o amor pola súa irmá, que verte en *Irmá, poemas da ausencia*, "un libro sobre a Sororidade, un tema a penas tratado na nosa literatura, escrito cando Pura estaba en Venezuela, ausencia que Dora non acepta, que sabe que é dolorosa para ambas". Conclúe sinalando que coñeceu as irmás ourensáns nos anos oitenta e que deseguido pasaron a colaborar en *Festa da Palabra Silenciada*, o cal supuxo a descuberta dunha obra poética intensa e dunhas persoas que constitúen "un raro exemplo de nobreza, de xenerosidade".

- Marcos Valcárcel, "Pura e Dora Vázquez, poesía e sonoridade", *Escrita Contemporánea*, *B. As escritoras na súa terra. Homenaxe a Pura e Dora Vázquez*, 2005, pp. 23-30.

Sitúa a Pura e Dora Vázquez como continuadoras do labor de Rosalía e defíneas como un "exemplo máximo de sororidade e fraternidade na nosa literatura. Como as irmás Brontë na literatura inglesa ou os Machado nas letras españolas". Cita títulos como *Irmá* (1970), onde Dora sente a ausencia de Pura durante a súa estadía en Venezuela, e a obra conxunta *Dúas novelas galegas* (1978), que contén *Segundo Pereira,* de Pura e *Augas Soltas,* de Dora, así como estudos críticos dedicados ao seu labor e dados a coñecer en publicacións como o *Diccionario da Literatura Galega* de Galaxia, o colectivo *Palabra de Muller* (1992), de Camino Noia e Celina Ramos, ou en monográficos de revistas literarias como *Festa da Palabra Silenciada* ou *Fadamorgana,* con traballos de Xosé A. Neira e Blanca-Ana Roig sobre a extensa obra de temática infantil e xuvenil de ambas. A seguir percorre a vida e a obra de Pura Vázquez e subliña a presenza de temas como a relixiosidade, o intimismo, certa preocupación social polas xentes populares e campesiñas e a saudades de Galicia desde a emigración americana. Fai o mesmo cos datos biobibliográficos de Dora Vázquez, aludindo á amplitude da súa obra e á súa

dedicación á literatura infantil e xuvenil, coa escrita de arredor de vinte títulos de poesía, teatro infantil, narrativa e contos didácticos e moralizantes. Marcos Valcárcel remata a súa colaboración destacando a enorme relevancia que adquire Ourense nos textos de Pura e Dora Vázquez e a presenza de ambas as escritoras na cidade.

A entrega correspondente á letra C, baixo o título *25 anos da Asociación de Escritores en Lingua Galega*, recolle as intervencións lidas no Congreso "XXV Aniversario da Asociación de Escritores en Lingua Galega" celebrado en Poio en 2005. Complétase a entrega cun texto de Xosé Vázquez Pintor relatando un percorrido polo casco histórico de Pontevedra que tivo lugar durante o congreso; un texto de Marica Campo sobre un acto de homenaxe que se realizou dentro das actividades do congreso aos escritores asasinados en Caeira; os textos lidos no recital poético que se levou a cabo presentado por Yolanda Castaño e no que interviron Rosa Aneiros, Lino Braxe, María Lado, Pilar Pallarés, Gustavo Pernas, Alfonso Pexegueiro, Luz Pozo, Ana Romaní, Euloxio R. Ruibal e Rafa Villar e, por último, cun apéndice fotográfico con imaxes tomadas durante as diferentes actividades do evento. Os artigos deste número correspondentes á Literatura galega descríbense a seguir:

- Bernardino Graña, "No XXV Aniversario da AELG en Poio", *Escrita Contemporánea*, *C. 25 anos da Asociación de Escritores en Lingua Galega*, 2005, pp. 14-15.

Recóllense as palabras pronunciadas por Bernardino Graña no congreso celebrado en Poio en 2005 para conmemorar os vinte e cinco anos de existencia da Asociación de Escritores en Lingua Galega. O escritor remóntase á xénese da creación da institución, da que el foi o primeiro Presidente, constituída definitivamente o 3 de maio de 1980, e fala dos tempos aínda convulsos que se vivían naqueles primeiros atoutiños da democracia. Como exemplo alude á nova da detención, publicada o 5 de setembro de 1980 en *La Voz de Galicia*, de nove persoas, entre elas Xosé Cid Cabido e Xosé Luís Méndez Ferrín. Comenta tamén que a primeira actividade levada a cabo pola Asociación, o día 11 de novembro de 1980 en Barcelona, ante un público de escritores pertencentes ao Pen Club e a Associació d'escriptors en llengua catalana, acto no que o secretario, Alfonso Pexegueiro, e mais el, informaron de quen era e como estaba Xosé Luís Méndez Ferrín, naquel intre no cárcere, en Segovia. Lembra tamén a súa asistencia, en marzo de 1981, a Mondoñedo para acompañar o cadáver de Álvaro Cunqueiro; e a súa asistencia, en Poio, ao primeiro Congreso literario de Galicia, que contou coa presenza de persoeiros como o peruano Manuel Scorza, Claudio Murilo, de Brasil, Egipto Gonçalves, José Augusto Seabra, Manuel Ferreira, de Portugal.

- Carlos López Bernárdez, "XXV anos de literatura galega", *Escrita Contemporánea*, *C. 25 anos da Asociación de Escritores en Lingua Galega*, 2005, pp. 21-24.

Conferencia inaugural do congreso "XXV Aniversario da Asociación de Escritores en Lingua Galega" celebrado en Poio en 2005 para conmemorar os vinte e cinco anos de existencia da asociación. Carlos López Bernárdez comeza a súa intervención facendo referencia á conformación dun espazo cultural propio que se vén desenvolvendo en Galiza dende o século XIX, cando comezou a loita contra a cultura dominante española, que concentraba a práctica totalidade dos usos lingüísticos cultos e da produción cultural elevada. Refírese á presenza de preocupantes factores sociais que xogan contra

a cultura galega actual, tales como a situación da lingua, lonxe da súa normalización e con síntomas de perda de usuarios, o que non axuda á creación de lectores en galego; o desfavorábel contexto político, que non axudou ao proceso de normalización; e o cuestionamento do papel dos intelectuais. Reclama dos escritores un esforzo por conectar cos movementos sociais do país, así como o desenvolvemento de estratexias para que a presenza do escritor galego chegue a sectores da poboación que se manteñen á marxe do proceso de normalización do uso da lingua, nomeadamente no ámbito urbano. Destaca o papel que, neste sentido, poden desempeñar asociacións como a AELG, a Asociación de Editores, a Asociación de Tradutores e outros colectivos, se poñen en práctica unha liña de traballo conxunta. Afirma que o escritor debe dialogar coa tradición e situar ese seu diálogo no ámbito universal, seguindo o labor da Xeración Nós e o dos creadores do exilio. Conclúe apuntando que a literatura galega do século XXI terá que afrontar retos de carácter creativo e, sobre todo, de carácter social, e cita como remate unhas palabras da escritora Luísa Villalta: "só seremos un país literariamente acougado cando poidamos permitirnos escribir mesmo para quen non le".

- Xurxo Souto, María do Carme Kruckenberg, Henrique Rabuñal, "O escritor na Galiza, presente e futuro", *Escrita Contemporánea*, *C. 25 anos da Asociación de Escritores en Lingua Galega*, 2005, pp. 25-32.

Xurxo Souto encabeza a reprodución dos contidos da mesa redonda titulada "O escritor na Galiza, presente e futuro" celebrada no marco do congreso "XXV Aniversario da Asociación de Escritores en Lingua Galega", na que participaron Camilo Franco, María do Carme Kruckenberg e Henrique Rabuñal. Nas súas palabras de presentación sinala que Camilo Franco é "quen de superar a escravitude da información diaria, para experimentar noutros mundos, mesmo ás veces virtuais"; cualifica a Henrique Rabuñal como un "escritor total"; e salienta de María do Carme Kruckenberg, "que xa era moderna antes de que estivese de moda selo, vida tecida de viaxes, de múltiples ocupacións e unha grande paixón: a poesía". A seguir, ofrécense as palabras de María do Carme Kruckenberg, quen leu un artigo de prensa de Xosé A. Perozo onde se recollen as conclusións do I Encontro de Escritores de Lingua Galega, "Cen mil primaveras máis para Galicia", celebrado os días 2, 3 e 4 de maio de 1981 no Mosteiro de Poio, para facer notar que vinte e cinco anos despois daquel encontro, case ningunha daquelas aspiracións se teñen materializado. Pola súa parte, Henrique Rabuñal achega algunhas reflexións en torno ás funcións do escritor galego na actualidade, salientando aspectos como o feito de seren cronistas do país e defensores da lingua galega.

- María Pilar García Negro, "Os monográficos literarios d'*A Nosa Terra*: exemplar construción da historia da Literatura galega", *Escrita Contemporánea*, *C. 25 anos da Asociación de Escritores en Lingua Galega*, 2005, pp. 35-37.

Reprodúcese un resumo da intervención de María Pilar García Negro na mesa redonda dedicada ás revistas e suplementos literarios en Galiza celebrada no marco do congreso "XXV Aniversario da Asociación de Escritores en Lingua Galega" celebrado en Poio en 2005. García Negro fala do papel decisivo que desempeñou Cesáreo Sánchez Iglesias durante a súa etapa como Presidente do Consello de Administración do semanario *A Nosa Terra*, no proxecto de edición dos monográficos literarios do xornal, que comezaron en 1984 e que se sitúan entre as "mellores aportacións contemporáneas ao coñecemento e á divulgación da nosa literatura e da nosa historia". Destaca o rigor científico destes estudos, así como o seu espírito divulgativo, e a a pluralidade de voces

coas que contaron coa intención de conciliar perspectivas, xeracións e modalidades interpretativas.

- X.M. Álvarez Cáccamo, "Intervención de X.M. Álvarez Cáccamo", *Escrita Contemporánea*, *C. 25 anos da Asociación de Escritores en Lingua Galega*, 2005, pp. 38-40.

Reprodúcese un resumo da intervención de X.M. Álvarez Cáccamo na mesa redonda dedicada ás revistas e suplementos literarios en Galiza celebrada no marco do congreso "XXV Aniversario da Asociación de Escritores en Lingua Galega" celebrado en Poio en 2005. Álvarez Cáccamo refírese na súa intervención ás revistas culturais e de creación e crítica literaria que apareceron dende finais dos setenta e ao longo dos oitenta, creadas polos escritores da Xeración dos 80, coas que se pretendeu favorecer o diálogo interxeracional e amosar novas visións e estilos tanto dende o ámbito da escrita coma dende o deseño. Menciona exemplos como *Nordés* (1980-1995), dirixida por Luz Pozo Garza; *Escrita* (1983-1985), creada por Margarita Ledo como órgano de expresión da AELG e as súas herdeiras *Nó*, da que se publicaron dous números (1986 e 1987), e *Contemporánea* (1995); *Bonaval*, que naceu en Compostela en 1979 e editou un único número dirixido por Xoán Manuel Carreira; ou *Luzes de Galiza* (1985-2000), creada na Coruña por Xavier Seoane, Manuel Rivas e Lino Braxe. Refírese tamén ao número especial de *Coordenadas. Poesía galega actual* (1980), dirixido por Xulio Valcárcel, que supuxo "a primeira presentación pública da Poética colectiva dos 80"; e a *Dorna* (1981), dirixida por Luis González Tosar, "a plataforma máis activa da nosa escrita poética, o lugar de encontro dos mozos e mozas poetas daquela hora".

- Margarita Ledo Andión,, "Sempre se volve á revista", *Escrita Contemporánea*, *C. 25 anos da Asociación de Escritores en Lingua Galega*, 2005, pp. 41-42.

Reprodúcese un resumo da intervención de Margarita Ledo Andión na mesa redonda dedicada ás revistas e suplementos literarios en Galiza celebrada no marco do congreso "XXV Aniversario da Asociación de Escritores en Lingua Galega" celebrado en Poio en 2005. Margarita Ledo fala da súa experiencia na creación da revista *Escrita*, que pretendeu "estabelecer ligames entre texto e imaxe na cultura, entre todos os xéneros do xornalismo cultural –do ensaio á entrevista, da noticia á pesquisa– e todas as expresións visuais: a do cómic, a da fotografía, a da ilustración, a da gráfica e a da gralla". Alude tamén ás características do seu deseño, tirado de *Interview* de Andy Warhol, e aos tempos de militancia nos que naceu, salientando que nos seus seis números de vida a súa portada máis querida foi a dedicada a Xohan Casal, así como a campaña realizada a prol da designación de Ánxel Fole para o Premio Nóbel.

O número designado pola letra D, titulado *I e II Simposio Internacional Letras na raia*, recolle os traballos pertencentes á primeira e á segunda edición dese Simposio, acompañados de fotografías das actuacións musicais de Alexandra Bernarda e Alberto Augusto Miranda, da de Lino Braxe, e dos grupos Dios Ke Te Crew e De outra margem; imaxes da visita á fortaleza de San Lourenzo; fotografías dos respectivos actos de clausura; e fotografías do recital presentado por Aurelino Costa e María Lado. Os artigos deste número correspondentes á Literatura galega descríbense a seguir:

- Francisco Salinas Portugal, "Portugal e a lingua portuguesa na configuración do campo literario galego, unha loita de intereses", *Escrita Contemporánea*, *D. I e II Simposio Internacional Letras na raia*, 2005, pp. 13-20.

Texto da conferencia pronunciada por Francisco Salinas Portugal no marco do I Simposio Internacional Letras na raia, que comeza propoñendo interrogantes arredor do significado tanto para os galegos e portugueses en xeral como para os respectivos intelectuais deses dous territorios, das relacións entre as súas linguas e literaturas, fóra de tópicos como "pobos irmáns, cultura común, pasado literario glorioso, pobos unidos polo sentimento da saudade". Pronúnciase a seguir sobre a importancia da lingua como marca visíbel da identidade como nación, un debate que sitúa no pasado e que na contemporaneidade a clase letrada galega dirime a través de variados posicionamentos. Apoiándose no concepto de campo literario definido polo sociólogo francés Bourdieu, apunta que na actualidade a loita no interior do campo literario galego "xa non é, ou non é só", español fronte a galego, senón que na súa opinión "a batalla líbrase (...) na mesma lexitimidade da lingua", botando man de argumentos como que unha maior aproximación do estándar galego ao portugués favorecería un enorme mercado para o libro galego e prestixiriaría a literatura galega, os seus produtores e o seu mercado, defendidos polo reintegracionismo. Neste sentido, sinala que o nulo interese da clase letrada portuguesa pola literatura galega posibelmente estea na base do fracaso desta opción nas loitas polo poder no interior do campo. Contrasta esta postura coa da opción anti-reintegracionista, que formula o diferencialismo do portugués e do español como a marca definidora e definitoria do galego, condenando calquera aproximación ao portugués e considerando que a lingua galega posúe o grao de distinción suficiente para se impor no mercado mundial das letras. Salinas Portugal alude tamén ao feito de que a emerxencia literaria galega xorde paralela á emerxencia política da conciencia do país, de tal xeito que o discurso nacionalista se construíu utilizando discursos literarios, o cal deriva na superposición e traxectoria paralela da emerxencia literaria e da emerxencia nacional. Conclúe sinalando que a constitución e conformación do campo literario galego nestas últimas décadas é extremamente interesante desde o punto de vista teórico, xa que permite albiscar os mecanismos postos en funcionamento pola clase letrada galega nas loitas que se operan no interior do campo e, particularmente, situar o debate sobre a norma lingüística, "que non o é e a proba está en que a famosa "pax normativa" á que se chegou non alterou en nada a situación no espazo (social) dos diferentes axentes e simplesmente sancionou xuridicamente quen detenta o poder lexítimo dentro do campo e posibelmente teña acabado coas disfuncións dentro do mercado dos bens culturais onde se integra a literatura".

- Xurxo Borrazás, "Intervención", *Escrita Contemporánea*, *D. I e II Simposio Internacional Letras na raia*, 2005, pp. 43-54.

Reprodúcese a intervención de Xurxo Borrazás na mesa redonda "Actualidade da literatura portuguesa e da literatura galega: Universos tanxentes?" celebrada no marco do I Simposio Internacional Letras na Raia. Comeza o seu discurso sinalando que non cre moito na literatura galega, nin na portuguesa e que pode sentirse máis próximo de autores americanos que Otero Pedrayo. Afirma que malia ser un autor galego, non fai "literatura galega", porque os autores galegos non son un equipo nin un exército, nin comparten poética, nin ideario, e cústalle ver especificidades na narrativa galega, aínda máis cando atopa supostos tópicos da cultura galega en autores do resto do mundo como o conflito rural-urbano, a tradición oral, o real mesturado co máxico, "a reviravolta

barroca nas conversas", o contacto natural coa morte, a integración coa terra, a saudade, temas que cualifica de universais. Dende o punto de vista do lector, opina que sendo a literatura galega un reduto de escasas dimensións na que se publican ao pé de cincuenta títulos novos de narrativa ao ano, non sería lexítimo esixir que aparecese unha obra mestra cada seis meses e malia isto "entre nós hai quen ve agromar as marabillas coma os cogomelos no outono. Eu (...) non vexo tanto diamante". Relaciona a situación da narrativa coa da lingua, ferida por unha "institucionalización ritual e virtual, xustamente o oposto do real e o normalizador", e sinala que os medios actúan en ocasións con hostilidade e belixerancia fronte á lingua, reservando espazos marcados e ofrecendo tratamentos diferentes a quen publica en castelán. Con respecto á abundancia de títulos publicados considera que se unha parte garanten a variedade, a edición pouco discriminada pode desorientador o público e mesmo as políticas editoriais poden resultar confusas: "o público esixente bate con simplezas e lugares comúns, e o público amplo bate con obras difíciles e inquietantes, que non son precisamente as que busca. Cando alguén merca unha guía de aves, ou do Camiño de Santiago, ou unha historia da romanización na Gallaecia, ou un libro de cociña... atopa, basicamente, o que busca. Cando se merca un libro de narrativa, pódese atopar calquera cousa. E para quen le narrativa, non hai nada tan insoportábel de ler como a narrativa da que non gosta". Sobre a crítica considera que as recensións dos xornais "son pouco accesíbeis e pouco rigorosas" e que ao sermos un país pequeno se estabelecen criterios de amizade, "por iso, en Galiza as críticas... son case sempre boas" e "é habitual ver obras mediocres con críticas excelentes". Coa irrupción de Internet apunta que comezan a aparecer algunhas críticas malas "porque aí non hai caras, é coma escribir nas portas dos baños". Sobre a repercursión dos premios sinala que unha novela premiada adoita concentrar a atención mediática pero primando criterios como número de edicións, exemplares vendidos, traducións, etc. Na súa definición do sistema literario galego identifica os autores e autoras cos que a xente se identifica (e cita a Rosalía de Castro, Castelao, Manuel Rivas), e "unha corrente esfarelada de autores e autoras, que avanzan tortos coma o burro polo camiño. Non se emocionan coas bandeiras, gostan da ruptura, cuestionan os valores, e a maioría... pódeos "tolerar", pero neles, non se ve representada como pobo. Autores como Pondal, ou Manuel Antonio, ou Méndez Ferrín", dos que afirma sentirse máis preto. Ao seu ver, á literatura galega sóbralle corrección política, e declárase partidario de novelas que teñan moito de "non-novela", que invadan outros xéneros e "canto menos estilo, mellor". Tamén apunta que na literatura galega van caendo mitos como a tendencia da narrativa máis ao relato curto cá novela, a súa inaccesibilidade para as narradoras ou a idea de ir cubrindo etapas e personaxes da nosa historia que se concretasen na "grande novela do mar, a grande novela de Compostela, a grande novela do arcebispo Xelmírez, ou do mariscal Pardo de Cela, ou dos maquis, da resistencia anti-franquista. Ou ben a grande novela da emigración, ou a do exilio, ou simplemente a grande novela galega". Sinala que escribir novelas non funciona así e que se alguén lle suxire un tema, adoita desbotalo porque escoller un tema "parte sempre dunha implicación emocional profunda, non dunha lista ou un catálogo". Conclúe sinalando que malia que todo semella funcionar con normalidade, como "un mundo pacífico e previsíbel", no que "todo funciona razoabelmente. Coma un reloxo", "Xa vai sendo hora de que alguén, poña un pouco... de desorde".

- Joel R. Gômez, "Um tema central de repertório na Literatura Galega dos últimos séculos", *Escrita Contemporánea*, *D. I e II Simposio Internacional Letras na raia*, 2005, pp. 87-97.

Reprodúcese o contido da intervención de Joel R. Gômez na mesa redonda "Portugal como motivo literario" celebrada no marco do I Simposio Internacional Letras na Raia. Percorre a presenza de Portugal como tema literario no repertorio da literatura galega dende o Rexurdimento, xa a través de Rosalía de Castro, que dedicou un poema ao centenario de Luís de Camões, ou de Pondal dentro da obra do cal Portugal ten gran presenza. Sinala tamén referencias como a publicación por parte d'*A Nosa Terra* de relatos como "A Aia", de Eça de Queirós, o cal pon de manifesto o interese da lingua e a literatura portuguesas como modelo para Galiza; as consideracións sobre Portugal vertidas por Castelao na súa produción artística e ensaística e nas súas cartas; ou as alusións que se poden atopar na obra de Manuel María, ou na de Antón Tovar, entre outros. Salienta especialmente a importancia que adquire Portugal no pensamento e na obra de Ernesto Guerra da Cal (Ferrol, 1911-Lisboa, 1994), até se converter no "eixo principal da sua existência vital" e definirse como "portugalego em repetidas ocasions". Céntrase en aspectos como a súa devoción por Eça de Queirós, o seu papel de divulgador da literatura galega e portuguesa, o seu labor como estudoso e teórico da literatura, a súas posicións a prol da relación entre Galiza e Portugal e mesmo os motivos que aparecen na súa obra poética. Da actualidade salienta a presenza de Portugal na obra de autores como Antón Riveiro Coello ou Carlos Quiroga, quen mesmo dedicou a súa tese de doutoramento a Fernando Pessoa.

- Antón Riveiro Coello, "Portugal: o horizonte mixto das palabras", *Escrita Contemporánea*, *D. I e II Simposio Internacional Letras na Raia*, 2005, pp. 99-101.

Reprodúcese o texto da intervención de Antón Riveiro Coello na mesa redonda "Portugal como motivo literario" celebrada no marco do I Simposio Internacional Letras na Raia. Dende un enfoque persoal, o autor comenta que considera a Portugal como un horizonte amigo e unha paisaxe afectiva próxima coa que compartimos unha "innegable unidade lingüística e cultural". Defínese "por memoria e por emoción", da "nacionalidade umbilical" do Couto Mixto, unha herdanza que recibiu por liña materna e que representa a harmonía na convivencia entre galegos e portugueses e unha lingua arraiana. Salienta a presenza e o compromiso na súa obra literaria coa temática arraiana, territorio no que adoita "crear un espazo para fixar a ficción, unha xeografía propia na que espallar o imaxinario". Menciona tamén como outros creadores empregaron a maxia desa localización: Xosé Luís Méndez Ferrín, Bento da Cruz ou Luís Manuel García Mañá.

- Paco Souto Barreiro, Antonieta Preto e Carlos González, "Os editores levan tanto tempo a publicar un libro que non admira que tantos sexan póstumos", *Escrita Contemporánea*, *D. I e II Simposio Internacional Letras na Raia*, 2005, pp. 113-132

Reúnense baixo este epígrafe as intervencións dos participantes na mesa redonda dedicada á edición celebrada no II Simposio Internacional Letras na Raia. A coordinadora da mesa, Mercedes Queixas Zas sinala que o tema proposto procede dunhas palabras de Teresa Skelton e pretende darlle a palabra á mocidade que procura "abrir unha fenda e procurar un oco de seu, un espazo de visibilidade, unha fisgoa de alento comunicador que o identifique como creador e creadora" e que sofre particularmente os condicionamentos do proceso da edición, distribución e difusión. A seguir, Paco Souto Barreiro, dá conta do desenvolvemento de experiencias como Edicións do Dragón a finais dos oitenta, un proxecto de edición cooperativa no que se daban a coñecer textos autógrafos en cartafoles numerados e selados á man cunha

coidada estética, en tiraxes pequenas, a prezos económicos e apoiando os actos de presentación con exposicións. Alude á desaparición do proxecto e á nova etapa, neste caso baixo a súa dirección, a de Fran Alonso e Miro Villar, que consistiu na edición de novas propostas en carpetas individuais e colectivas, neste caso apoiadas por recitais en Compostela. A seguir sinala que a experiencia continuou con Letras de Cal dende 1997 coa intención de promover o acceso de novas voces ao panorama editorial galego a través de libros de pequeno formato editados de dous en dous, en tiraxes de 400 exemplares, ao prezo de 3 euros. Indica que pretenderon achegarlle a poesía en directo a todo tipo de público e que o proxecto acabou esmorecendo. Conclúe expresando a súa ledicia polo nacemento da colección "Bourel", que aposta pola edición dos textos autógrafos e o encadernado artesanal, da man de Antonio Piñeiro. A escritora portuguesa Antonieta Preto aborda, relatando a súa experiencia persoal, as dificultades dun autor novo á hora de se enfrontar ao proceso de edición, no que se ve sometido á valoración do editor e a outros criterios que afectan á demora na publicación, como a escasa aposta por novas voces por seren descoñecidas. No caso da cultura portuguesa sinala como se recorre sempre aos mesmos protagonistas para as entrevistas, os debates e as reportaxes nos diversos medios de comunicación social, o cal deriva nunha incesante repetición de ideas e modelos. Carlos González presenta a filosofía do proxecto galego Estaleiro Editora, unha alternativa editorial que imprime baixo demanda, o cal permite lanzar pequenas tiradas a prezos reducidos e, asemade, tentar o mercado e decidir se se amplía a edición ou non, coa conseguinte eliminación do almacenamento e escasos riscos económicos. Explica que Estaleiro é unha asociación cultural sen ánimo de lucro que aposta pola edición independente dentro do sistema literario galego, rexeitando a política das subvencións, e cuxos beneficios se dedican á produción de novas obras. Sinala que non existe retribución económica para os autores coa intención de acumular capital simbólico dentro do campo literario, a nivel individual e colectivo, e que a editorial defende a libre e gratuíta circulación da cultura a través de Internet. Apunta tamén a súa intención de publicar unicamente en galego dando liberdade de escolla na elección da norma ortográfica

- María Lado, Daniel Salgado, Luís Filipe Cristóvão, "Un fracaso vivo é mellor do que unha obra prima morta", *Escrita Contemporánea*, *D. I e II Simposio Internacional Letras na Raia*, 2005, pp. 133-152.

Ao fío do título da mesa redonda "Un fracaso vivo é mellor do que unha obra prima morta", reprodúcense as intervencións de María Lado, Daniel Salgado e dos portugueses Luís Filipe Cristóvão e Aurelino Costa no marco do II Simposio internacional Letras na Raia. María Lado reflexiona sobre o concepto do fracaso dende o punto de vista do escritor e recoñece que o único aceptábel é "o feito de non escribir, de non rematar unha obra, de non sacar adiante unha idea". Fala tamén da figura do editor como intermediario, que decide se as creacións pasan ás mans do público, e de criterios como a necesidade de asumir un risco, pois defende que é "mellor un primeiro libro fracasado que un primeiro libro invisible". Sobre os novos sistemas de posta en circulación de creacións valora especialmente que permiten o feedback, a comunicación directa entre autor e lector de maneira inmediata, e cita ao respecto experiencias galegas como a editora virtual Edicións da Rotonda ou Estaleiro Editora; blogs, como *Anxos da Garda*, de Anxos Sumai, que viaxaron dende o espazo virtual á edición en papel; sitios onde se poden aloxar obras, como Letras de Balde, Arredemo ou A Regueifa Plataforma. Daniel Salgado, poeta e membro da editora Estaleiro, achega un conxunto de breves pensamentos referidos ás perversións do sistema literario galego, sometido a

unha “depredación como política cultural”, que apoia cos seus versos. Por parte portuguesa, Luís Filipe Cristóvão, director das revistas literarias *Quase* e *Sítio*, autor de varios blogs e editor e xerente da Libraría Livrododia, refírese na súa intervención aos problemas da literatura na sociedade actual, tales como o recoñecemento acadado por escritores de gran proxección mediática independentemente da calidade da súa escrita; as dificultades para distribuír e visibilizar os libros nas librarías.

- Elvira Riveiro Tobío, “Transmutar e combinar os materiais máis diversos e inverosímiles para formar unha poética propia”, *Escrita Contemporánea*, *D. I e II Simposio Internacional Letras na Raia*, 2005, pp. 183-186.

Intervención de Elvira Riveiro Tobío pronunciada na mesa redonda “O poeta ten dereito a pór as mans en calquera material que ache necesario para o seu traballo” celebrada no II Simposio Internacional Letras na Raia. A poeta avoga por outras formas da creación poética, tales como as múltiples vertentes da poesía experimental (visual, sonora, obxectual...), aínda que recoñece o debate en Galiza está dominado pola hexemonía da “poesía convencional”. Reivindica os novos significantes, soportes e ferramentas para a poesía, así como a interacción coas artes plásticas, a música, o cinema, etc., nunha liña xa practicada polas vangardas. Aposta pola escolla do xogo e da experimentación e menciona as propostas do catalán Joan Brossa, ao que considera “un dos máximos referentes europeos da vangarda poética, que coa súa máxima “A arte é vida, e a vida, transformación” lévanos da man cara ao carácter dinámico e transformador do fenómeno artístico”. Cita tamén os poemas-obxecto-denuncia do arxentino León Ferrari, o proxecto crítico e artístico do Colectivo Stidna, o traballo performático e poético de J.M. Calleja, os obxectos poéticos do venezolano Fránklin Fernández, a ciberpoesía, ou propostas *tecnoesqueléticas* da vasca Ainize Txopitea, a colaxe de palabras e montaxe de obxectos semánticos de Sofía Rhei; e, en Galiza, os experimentos visuais da Corporación Semiótica Galega, a confluencia de poesía e videocreación ensaiada por María Lado, Lara Bacelo ou Antía Otero; o encontro entre poesía, artes plásticas e artes gráficas que levan a cabo Baldo Ramos, Xoán Anleo, Claudio Rodríguez Fer, Lino Braxe, Minus Bálido ou Calros Solla, os *objects trouvés que son poesía* de Xosé María Álvarez Cáccamo, ou o hiperxénero poético de Chus Pato.

- María Reimóndez Meilán, “Cando o material é tecido (ou xénero)”, *Escrita Contemporánea*, *D. I e II Simposio Internacional Letras na Raia*, 2005, pp. 191-198.

Intervención de María Reimóndez pronunciada na mesa redonda titulada “O poeta ten dereito a pór as mans en calquera material que ache necesario para o seu traballo” e celebrada no II Simposio Internacional Letras na Raia. Comeza a súa reflexión aludindo á imaxe das mulleres na poesía ao longo dos tempos, representadas como “o obxecto amado dos trobadores, o corpo do desexo dos poetas malditos, as mais que facían o pan de broa, o antagonismo aberto dos misóxinos e as mans que traballamos cos tecidos e as comidas. En calquera caso –aparentemente–, sen voz”. Apunta que mentres os homes vían unha longa tradición tras de si, mantida por eles mesmos con mecanismos idénticos aos que invisibilizaron as mulleres, para estas, mirar atrás significaba non ter referencias claras e tomar as dos homes ou emprender unha longa busca até atopar voces anteriores. Considera que a poesía non pode ser allea ao contexto social e, neste sentido, a literatura producida polas mulleres ten que enfrontarse a pexas da mentalidade colectiva instaladas na sociedade. A herdanza de liñaxe feminina, sinala María Reimóndez, e variada e mesmo inabranguíbel, pois pasa polas voces coñecidas e por aqueloutras

anónimas das avoas e das mais, convertendo a poesía de moitas mulleres "nun eco fermosísimo onde non hai un eu porque o que interesa é o nosoutras". Na súa poética identifica a busca dese eco para construír unha voz propia, proceso que se materializou ao atopar mulleres que lle ensinaron a ver a vida dun xeito diferente á visión patriarcal e "a tentar desfacer as gaiolas que non se ven facéndoas visibles (...). Iso, por certo, chámase feminismo". No caso galego, alude ao recoñecemento social de Rosalía como predecesora, mais nunha imaxe "deturpada" que reconstruíu grazas ao feminismo, o cal lle axudou a superar o seu rexeitamento diante dunha concepción creada polo patriarcado. Como condicionantes que marcan a situación actual do labor das poetas en Galiza sinala consideracións como a de xa hai "moitas poetas", "o uso duns parámetros sexistas de suposta calidade literaria que seguen deixando fóra ás mulleres de moitos campos da literatura", ou a asunción expresada polos xornalistas e pola crítica de que as mulleres "só" escriben para as mulleres". Apunta que este tipo de interpretacións supoñen novos desafíos para as poetas actuais, "para non quedarmos perdidas en sermos "a guapa poeta de X" (nunca oín dicir tal cousa de Manolo Rivas, por exemplo) ou nas críticas que se centran nas nosas persoas, no noso aspecto e ata nas nosas vulvas con insulto e falta de respecto incluído e non nos nosos valores ou falta deles rompedores, estéticos ou sociais". Identifica a recuperación do corpo feminino e da súa sexualidade nas creacións das poetas da súa xeración, manifesta na tendencia a abordar estes temas en primeira persoa e mesmo no feito de amosar o corpo con total honestidade e dignidade, acto que "foi consumido polos señores da crítica como pura pornografía". De aí que considere importante que as poetas rindan homenaxe a aquelas que cantaron e que romperon os moldes. Con respecto á súa obra sinala que o corpo é un dos temas centrais do seu poemario *Moda Galega*, visto como "o lugar de loita social onde se definen significados sobre o que é ser muller hoxe en día (...), sen saír do lugar do obxecto", a carón doutros como a moda e a roupa, elementos aparentemente superficiais que non merecen ser obxecto de poesía, ao igual que o fogar, a costura, os espazos domésticos e pechados que aparecen nas creacións doutras poetas e que "tampouco foron nunca dignos da poesía entendida polos canons patriarcais". De cara ao futuro, apunta que ás poetas galegas quédanlles aínda moitos materiais por descubrir e que persoalmente lle gustaría que perdurase o eco das que viñeron antes. Invita a seguir traballando e resistindo no interesante espazo das marxes.

- Estíbaliz Espinosa e Sérgio Almeida, "Onde acaba a lingua comeza a música", *Escrita Contemporánea. Asociación de Escritores en Lingua Galega*, Volume D, 2005, pp. 199-209.

Mesa redonda que conta coas intervencións de Estíbaliz Espinosa "Plano secuencia sobre un xeográfico lugar chamado ondeacabaalinguacomezaamúsica" e de Sérgio Almeida "Onde acaba a língua, começa a música", en que reflexionan sobre as febles barreiras que existen entre a música e o canto e a poesía.

- Estíbaliz Espinosa, "Plano secuencia sobre un xeográfico lugar chamado ondeacabaalinguacomezaamúsica", *Escrita Contemporánea*, *D. I e II Simposio Internacional Letras na Raia*, 2005, pp. 203-206.

Intervención de Estíbaliz Espinosa pronunciada na mesa redonda "Onde acaba a lingua comeza a música" celebrada no II Simposio Internacional Letras na Raia. Refírese ás relacións entre música e poesía, que considera, tal como se ten afirmado dende sempre "as dúas caras dunha mesma moeda" en virtude da presenza en ambas do ritmo e da

rima. Mais a seguir cuestiona esta afirmación ao ter en conta que a poesía de hai máis dun século xa non se cingue exclusivamente aos requirimentos do ritmo e da rima, e de feito "non ten por que ser musical para lexitirmarse". Sinala así que a poesía se ten convertido "nunha lingua mutante, metamórfica, que se publica baixo a forma de libro e cuxos sinais de identidade son outros". Con respecto á súa poética destaca o seu desexo de fuxir da convencionalidade: "sabotar a escrita tradicional, non facer da poesía o que se espera dela, esbozar textos a dúas voces, textos dende o punto de vista dunha máquina, escribir que escribiamos demasiado, que o exceso de demostracións de cousas interesantes que dicir por parte dos humanos era insoportable e pouco crible; que entón eu sería irónica, triste ou paradóxica, non sei; que estabas atrapado nesta liña como antes o estivera eu; que quería saír exectada dende este texto ata ese cosmos; que a emoción era unha emotiva impostura; que talvez podías estar dentro do meu texto, pero non dentro da miña vida; escribir textos que finxían ser textos ou historias sen contar nada en absoluto; escribir que isto era unha trampa... pero que non sabía moi ben por qué. Hai tempo que me dedico a facer biomecánica coa lingua".

- María Canosa, "Intervención", *Escrita Contemporánea*, *D. I e II Simposio Internacional Letras na Raia*, 2005, pp. 243-248.

Intervención de María Canosa na mesa redonda titulada "Sen tradición a arte é un rabaño de ovellas sen pastor. Sen innovación é un cadáver", celebrada no II Simposio internacional Letras na Raia. María Canosa repasa a historia da literatura galega identificando as tensións producidas entre a tradición e a innovación. Así, no que atinxe á narrativa, identifica as sucesivas innovacións que supoñen textos como *Maxina ou a filla espúrea*, de Marcial Valladares; a obra de López Ferreiro; o labor das Irmandades da Fala e da Xeración Nós. Con respecto á produción tras a Guerra Civil, menciona a conexión coa tradición decimonónica que supuxo *A xente na barreira*, de Ricardo Carballo Calero, e as innovacións practicadas por autores como Cunqueiro e Blanco Amor, mentres que dos anos cincuenta, apunta a representación dos conflitos dese tempo mediante a dificultade de identificar un suxeito enunciativo, a inestabilidade da voz narrativa ou o cuestionamento da propia. Sinala os setenta viven a consolidación de diferentes innovacións técnicas e nos oitenta despega a novela longa, mentres que na época actual, ademais, aparecen novas técnicas da escrita, que poden entenderse incluso como a negación total do texto literario, suxerindo cuestións que enfronten ao lector cos seus propios conflitos, codificando a desorientación etnolóxica contemporánea e, ao tempo, a literatura galega actual segue a beber da literatura oral e popular. No campo da lírica, analiza a evolución da poesía costumista do século XIX cara a terreos como a denuncia social e política e a mudanza que supuxo a aparición de *Con pólvora e magnolias* (1976), de Xosé Luís Méndez Ferrín. Das xeracións sucesivas menciona autores como Xavier R. Baixeras, Xosé María Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán-Vello, Xulio L. Valcárcel, Pilar Pallarés, Ramiro Fonte ou Xavier Seoane, e feitos como a convocatoria de premios de poesía, a creación de empresas marxinais e de grupos poéticos e o cuestionamento de modelos patriarcais levado a cabo polas mulleres, que derivan na heteroxeneidade. Conclúe afirmando que é significativo que os novos escritores recoñezan a necesidade da tradición, o valor do pasado, e que se manteñan encontros como o Simposio Internacional de Letras na Raia para que os galegos e os portugueses se unan de novo, lembrando a creación dunha lírica e tradición común.

A quinta entrega, E, acolle, baixo o título *Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, ademais de artigos teóricos recollidos no apartado "Estudos", a reprodución dunha entrevista radiofónica con Uxío Novoneyra realizada o 26 de marzo de 1988, que se emitiu no programa "Terra e Xente" de R4 de Radio Nacional de España en Galicia, baixo a dirección de Manuel Rico Verea. Completan o volumen textos de creación dedicados a Uxío Novoneyra asinados por Alberte Momán Naval, Andrés Pociña, Antón Cortizas, Baldo Ramos, David Otero, Francisco Álvarez-Koki, Francisco Brives, Francisco Castro Veloso, Henrique Rabuñal, Isidro Novo, Lino Braxe, Lois Diéguez, Lourdes Maceiras, Lucía Novas, Marilar Aleixandre, Olga Patiño, Rafa Villar, Ramón Caride, Raúl Gómez Pato, Román Raña, Rosa Enríquez, Rosa Méndez Fonte, Vicente Piñeiro, Xosé Henrique Rivadulla Corcón, Xavier Lama, Xavier Queipo, Xavier Seoane, Xoán Neira, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Xosé Leira López, Xosé Luís Martínez Pereiro, Xosé Vázquez Pintor e Yolanda López, ademais de fotografías e outros documentos relacionados co homenaxeado. Os artigos deste número correspondentes á Literatura galega descríbense a seguir:

- Bernardino Graña, "Sobre Uxío Novoneyra", *Escrita Contemporánea*, *E. Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, 2005, pp. 9-10.

Bernardino Graña lembra o seu primeiro encontro con Uxío Novoneyra, que tivo lugar en Lugo en 1961, cando entrou a formar parte, a carón de Carballo Calero, do claustro de profesores do Colexio Fingoy. Dende aquela, segundo relata, comezou unha fonda amizade que os levou a estaren xuntos en gran cantidade de lugares. Lembra tamén como o sucedeu á fronte da Asociación de Escritores en Lingua Galega en 1982, ocupando o cargo de presidente, que mantivo até a súa morte. Con respecto ao seu labor poético, Bernardino Graña refírese a unha das súas primeiras composicións, "Poema dos caneiros", que cualifica de "texto maxistral e antolóxico", no que o río evocado "connota vitalidade, resistencia contra a morte, pracer e amor para máis alá da morte", e menciona outros textos antolóxicos como a "Letanía de Galicia", o "Vietnam canto" e todos os dedicados ao Courel. Comenta que a súa imaxe "de digno, sereno, firme, resistente presidente dos nosos escritores permanecerá moito tempo entre nós e mesmo entre os escritores de lingua catalá e os de lingua éuscara, que o coñeceron en sucesivos congresos de GALEUSCA, onde impresionaba sempre co seu bo, honrado, tranquilo, xeneroso, solidario comportamento, coa súa fonda, amorosa, sincera vivencia da nación galega e da Poesía".

- Antonia López García, "Achegas de Uxío Novoneyra á poesía galega", *Escrita Contemporánea*, *E. Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, 2005, pp. 13-26.

Análise da obra poética de Uxío Novoneyra na que Antonia López García comeza sinalando que xa na súa primeira obra, *Os Eidos* (1955), se revelan ás claras os seus trazos definitorios. Repara na humanización da poesía que supuxo a aparición desta obra, no estilo sobrio, próximo á sentenza, e tamén denso e paradoxal, na riqueza de recursos estilísticos, até daquela apenas empregados na literatura galega. Cualifica a natureza como piar central da poesía do autor, que verbaliza as súas emocións recorrendo aos versos breves, á máxima sinxeleza sintáctica, á enumeración substantiva, á ausencia de artigo, á utilización da distribución gráfica do poema na páxina en branco, vinculando silencio e emoción, ao ton exclamativo, que vehicula a emoción subxectiva do autor, aos puntos suspensivos e á ausencia de punto final. Pon de relevo a peculiar caracterización que ofrece Novoneyra da terra do Courel, que representa o cosmos e un

espazo vital no que conflúen a historia, a patria e o tempo, de aí que o elemento descritivo teña unha importancia menor fronte á angustia existencial que encontrará un alivio no compromiso social de obras posteriores. Achégase tamén ao simbolismo gráfico-visual da poesía de Novoneyra que se concreta no emprego de grandes espazos en branco que preceden ao poema impreso, na separación irregular das palabras ou dos grafemas, nas variacións na tipografía, na distribución dos versos formando debuxos ou na letra de imprenta substituída pola caligrafía do autor. Destaca ademais o coidado de Novoneyra na reprodución da voz da natureza, afondando nas vías abertas polo vangardismo co emprego de forma recorrente de recursos como a onomatopea e a aliteración e introducindo, como achado de seu, o espírito da natureza a través de recorrencias fónicas, o fonosimbolismo, que crean ambientes claros e optimistas e outros sombríos e tráxicos.

- Emilio Araúxo, "Na rebolegando de comezo sempre enunciación de Uxío Novoneyra", *Escrita Contemporánea*, *E. Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, 2005, pp. 33-40.

Emilio Araúxo reúne na súa colaboración neste número da revista *Escrita Contemporánea* dedicado integramente a Uxío Novoneyra, citas e sentenzas do poeta baixo as entradas: "TERRA", "VIETNAM CANTO", "SILENCIO", "NATUREZA", "CORRENTES", "GADAÑO CADA VRAO", "POESÍA", "IREI UN DIA", "CURSO XORDO", "ELEXÍAS", "GUINDO A ALMOFADA", "DOADA CERTEZA", "LETANÍA DE GALICIA", "RETRATO DE NOVONEYRA POR LAXEIRO", "ESTRELAMPADA", "RAGOADA", "TROUSOS", "A DEVESA DA ROGUEIRA", "NON QUEDARÁ FUMENCIA", "DO COUREL A COMPOSTELA", "SOÑOS TEIMOSOS", "HAIKU", "CLARO COMA O OLLO DO GALO", "UXÍO", "ÁNXEL FOLE", "APROVECER", "BRAIS PINTO", "RAFAEL ALBERTI", "PROFETA DANIEL", "IMAXE", "ROSALÍA DE CASTRO", "DESTOTALIZACIÓN", "DEREITOS DE AUTOR", "BLOQUES DE MEMORIA", "AGONÍA RURAL", "CAMPA DE LUCENZA", "OS EIDOS", "MULLER PRA LONXE", "POEMAS CALIGRÁFICOS", "MARÍA MARIÑO", "OS EIDOS", "CANTO", "TROBADORES", "ELEXÍA", "ARRODEOS E DESVÍOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO E OUTRAS ROTAS", "POEMA", "RAP", "CINE", "O MOUCHO DA ALAMEDA / LUGO".

- Pilar García Negro, "Uxío Novoneyra, visto por el propio", *Escrita Contemporánea*, *E. Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, 2005, pp. 55-57.

Reprodúcese un texto que Uxío Novoneyra escribiu para un opúsculo editado en 1990 polos Concellos de Santiago de Compostela e de Vigo, titulado "Revisión dunha década: 1978-1988", para acompañar unha exposición sobre o mundo editorial galego. Nel, o poeta reflexiona arredor da pregunta "¿Por que escritor?" e afirma que "soñar é crear" e que "a palabra viva, a escrita de creación, permitía, permitiume a prosecución de soño máximo como única realización dun home sen poder nun pobo sen poder. A escrita de creación, como unha forma de autosuficiencia, blindábame e sen arredarme permitíame seguir ou non demitir". Avoga pola "función do escritor como función máxima e no cas galego a Literatura como misión, como gardadora do pasado, como veladora e como adianto do porvir".

- Emilio Xosé Ínsua, "Algunhas reflexións sobre a figura e a obra de Uxío Novoneyra", *Escrita Contemporánea*, *E. Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, 2005, pp. 41-48.

Emilio Xosé Ínsua comeza evocando a súa primeira visión de Uxío Novoneyra lendo un poema, que aconteceu en Compostela durante unha manifestación, o cal supuxo a descuberta dun poeta que viña de estudar no COU como exemplo de autor telúrico, paisaxista e comprometido. Chama tamén a atención sobre o feito inusual de se tratar dun autor canonizado rapidamente e sinala que os seus poemas aparecen en todas as antoloxías de poesía galega dende entón até hoxe, sexa no país, sexa noutros ámbitos. Menciona deste xeito publicacións como *Antología de la poesía gallega contemporánea* (1958), preparada por Ramón González Alegre; *Os cen mellores poemas da lingua galega* (1970), de Alonso Montero; *De foice erguida. Poesia galega de combate* (1978), de Viale Moutinho; *Antoloxía de Nordés* (1978), confeccionada por Tomás Barros; *Antoloxía de poesía galega. Do posmodernismo aos novos* (1980), preparada por Fernández del Riego; ou *Antología de la poesía gallega contemporánea* (1984), de César A. Molina. Atribúe a súa valoración inmediata á consideración da súa obra por parte dos intelectuais relacionados con Galaxia como a voz da terra e a valoración da paisaxe, unha liña que o autor vira cara ao verso político debido ao seu illamento no Courel desde 1952 a 1962 por razóns de tipo médico e á súa estadía en Madrid entre 1962 e 1966, cando contacta cos pintores Carlos Maside e Raimundo Patiño e co grupo "Brais Pinto", abraza o pensamento nacionalista, en chave revolucionaria e anti-imperialista, e milita na causa do idioma. Sinala como daquela Novoneyra deixa de recibir a benzón do grupo Galaxia e comeza unha fase da súa traxectoria visíbel na súa peregrinaxe por distintas editoriais para publicar *Poemas caligráficos* (Brais Pinto, 1979), *Os eidos. Libro do Courel* (Xerais, 1981 e 1985), *Muller pra lonxe* (Deputación de Lugo, 1986), *Folga xeral contra da historia. Do Courel a Compostela* (Sotelo Blanco, 1988), *O cubil do xabarín*, *Gorgorín e Cabezón* e *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín* (Edelvives, 1990, 1992 e 1998, respectivamente), *Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras* (Espiral Maior, 1994), *Tempo de elexía* (Vía Láctea, 1991), o libro de conversas con Emilio Araúxo *Dos soños teimosos* (Noitarenga, 1998), *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (Hércules de Ediciones, 1999), e *Onde só queda alguén pra aguantar dos nomes* (Noitarenga, 1999), en colaboración co fotógrafo Federico García Cabezón e co escritor Emilio Araúxo. Ademais salienta como Novoneyra tivo que afrontar con desgusto o esquecemento en que nalgunhas historias e libros de texto colocaron os seus poemas máis sociais e políticos. Sinálao tamén como un pioneiro na denuncia da desfeita do rural galego, abrindo unha liña temática pola que transitan poetas como Emilio Araúxo, Vázquez Pintor, Carlos Negro ou Antía Otero e non esquece se referir á difícil relación que mantivo con determinados membros das novas xeracións poéticas, primeiro pola publicación en 1982 en *Dorna* dun texto con consellos aos poetas novos, o cal provocou os ataques do grupo Ronseltz; en 1989, por mor do seu pronunciamento a respecto da normativa, manifestándose crítico con ambos os bandos en loita, o ILG e a AGAL; e en 1996, pola polémica de "matar ao pai" mantida con Rafa Villar e outros poetas dos 90 por mor dun texto lido no transcurso dun "Encontro de Novos Escritores" organizado pola AELG en Compostela.

- Xulio López Valcárcel, "Uxío Novoneyra o poeta da terra", *Escrita Contemporánea*, *E. Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, 2005, pp. 65-70.

Xulio López Valcárcel lembra o poeta Uxío Novoneyra e sinala que na súa mocidade o consideraban un mito, sabían os seus poemas de memoria e profesaban admiración e veneración pola súa figura. Recupera algunhas vivencias compartidas cando o poeta visitaba Lugo, onde a súa imaxe poderosa inspiraba un enorme respecto, e comentaban as últimas novas políticas contra a ditadura, os problemas da lingua, a poesía, e mesmo a revolución sexual. Apunta que Novoneyra oficiaba de irmán maior, tanto na narración dos seus encontros literarios en Madrid con Patiño e o Grupo Brais Pinto, como na recomendación da poesía de Carlos Oroza a quen adoraba. Comenta tamén que a mediados dos setenta, Novoneyra os visitaba en Santiago e a súa "calidade humana e a calidez persoal fixérono pronto un máis entre nós". Con respecto á súa obra indica que se cadra as novas xeracións non souberon acceder á súa poesía, e que malia ser escaso, o seu traballo propón unha nova linguaxe, supón unha "ourivería da palabra" e a materia poética é a propia palabra que se obxectiviza, configurando unha poética do silencio, da contemplación e da reflexión. Destaca a sonoridade dos seus topónimos, o emprego fónico das palabras e o descubrimento da terra que plasma en *Os eidos* (1955) e nas súas continuacións, que demostran o abraio e a mudez do poeta diante da constatación da súa pequenez ante a grandeza sobrecolledora que o rodea. Apunta que o poeta pretende chegar á esencia da terra, ao seu latexo profundo, integrando o humano e o telúrico, "desde a intuición natural, desde a inocencia e a humildade, desde a observación e a meditación, desde o silencio", o cal o emparente con certas escolas poéticas orientais.

- Antón Patiño, "Uxío Novoneyra", *Escrita Contemporánea*, *E. Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, 2005, pp. 11-12.

Relaciona a poesía de Uxío Novoneyra coa plasmación dos ritmos da paisaxe e a a sonoridade da natureza, nunha liña que practica a depuración característica dos haiku e da sensibilidade oriental. Antón Patiño refírese tamén aos seus poemas caligráficos, nos que as palabras falan "nunha linguaxe táctil" e intensamente visual, cun ritmo secreto. Sinala ademais que Novoneyra concibía a poesía como parte da comunidade e coincide coa opinión expresada por Méndez Ferrín considerándoo o poeta nacional, xunto a Rosalía. Recupera o momento do seu primeiro encontro co poeta no Courel a comezos dos setenta, cando o sorprendeu concentrado e absorto, "como un monxe zen tracexando ideogramas de urxencia", e explica a súa relación con Raimundo Patiño, o seu compañeiro na aventura vangardista.

- Armando Requeixo, "Novoneyra e Díaz Castro", *Escrita Contemporánea*, *E. Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, 2005, pp. 27-32.

Aproxímase á relación que mantiveron Uxío Novoneyra e Xosé María Díaz Castro, baseada no recoñecemento mutuo e o sincero afecto persoal, dende que se coñeceron en Madrid en 1949, no marco dun recital poético organizado por Ben-Cho-Shey no Centro Galego, onde naceu un clima de gran complicidade e entendemento que mantiveron ao longo dos anos, seguindo os seus respectivos traballos e creacións. Apunta tamén que Díaz Castro coñeceu, entre fins dos corenta e primeiros cincuenta, o quefacer poético de Novoneyra en castelán e que se sorprendeu coa aparición de *Os eidos*, tal como lle confesou nunha carta, que reproduce a seguir, escrita na segunda metade de 1955 e que, segundo indica Requeixo, lle cedeu Francisco Fernández del Riego. Comenta que as palabras da carta certifican tanto o aprecio de Díaz Castro pola poesía de Novoneyra como a estima que o xuízo daquel amigo lle merecía a este, e que isto explica que lle

mandase dedicado o seu primeiro libro. Comenta tamén como en 1961, cando se publica *Nimbos*, Díaz Castro insiste en varias cartas no seu desexo de enviarlle un exemplar a Novoneyra que, cando o recibe, memoriza poemas enteiros do libro que recitaría perante os seus amigos, e como a súa admiración mutua se afirmou co tempo até deixar un derradeiro testemuño no enterro de Díaz Castro, pois Novoneyra foi un dos encargados de portar o féretro, a carón doutros íntimos como Manuel María, Darío Xohán Cabana, Luís González Tosar, Paco Martín e Xulio Xiz.

- Francisco Sampedro, "A condición de Novoneyra", *Escrita Contemporánea*, *E. Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, 2005, pp. 49-53.

Repara na conexión que estabelece o discurso poético de Uxío Novoneyra coa filosofía e contradi un tópico reiterado por algúns críticos que definen a Novoneyra "como nostálxico da orixe, como vontade, consciente ou non, da obliteración do persoal a prol do cósmico, como unha caste de arauto da fusión do eu coa natureza". Na súa opinión, a obra de Novoneyra revela unha vontade precisa de "forzar" á natureza a unha sorte de contención fronte á morte, iluminando trazos como unha ausencia pura; a certeza da finitude; o afastamento absoluto entre o home e o mundo natural; a dialéctica entre o explícito e un inmenso silencio no que predomina a nominación; a concepción maternal, acolledora, da terra; e o imposíbel diálogo entre o home e a terra. Apunta que na obra do poeta do Courel o único que conforta é o propio poema que nomea reiteradamente as cousas da natureza esconxurando deste xeito a súa distancia.

- Teresa Seara, "Vivencias do Courel", *Escrita Contemporánea*, *E. Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, 2005, pp. 59-60.

Sinala que Uxío Novoneyra expresou como ningún outro na poesía galega a sensación de desvalemento do eu fronte ao cosmos na súa contemplación da Serra do Courel. Apunta así mesmo a identificación do poeta cos elementos naturais, "o eu disólvese na auga ou déixase ir coas ás do vento", de xeito que, nesta integración co contorno, chega a formar parte dos ciclos da natureza que acaban por ser tamén os seus. Lembra neste sentido as palabras do poeta sinalando a existencia no Courel dun son interior e dun ritmo propio.

- Xulio Cobas Brenlla, "Uxío Novoneyra, narrador", *Escrita Contemporánea*, *E. Uxío Novoneyra. A emoción da terra*, 2005, pp. 61-63.

Xulio Cobas Brenlla aborda a faceta como narrador de Uxío Novoneyra destacando que tanto na súas conversas como nas súas creacións asomaba unha forza narrativa extraordinaria e engaiolante. Conta como lle propuxo en 1990 que colaborase nunha colección de libros infantís e como Uxío Novoneyra lle entregou os seus contos *O cubil do xabarín,* publicado no 1981 con ilustracións do pintor Manuel Quintana Martelo, onde se pon de manifesto "a temeridade por descoñecemento, por desconexión vital coa natureza", nun relato de ritmo narrativo, rápido e visual e cun suspense mantido até o final; *Gorgorín e Cabezón*, publicado en 1992 con ilustracións de Quintana e Vázquez, do que Xulio Cobas destaca a caracterización dos protagonistas; e, finalmente, *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín*, publicado en 1998 con ilustracións de Manolo Uhía, que define como unha historia ao xeito de lenda medieval situada no Courel que, a diferenza dos anteriores, se desenvolve cun ritmo pausado. Remata apuntando como características comúns nestes tres contos a súa forza narrativa, a riqueza de vocabulario

e de expresións, a envoltura poética coa que están concibidos, a perfecta ambientación nas terras do Courel e a atmosfera ou ambientación temática, que fai evocar no lector a recreación imaxinativa dos lugares, das paisaxes, dos sentimentos e das sensacións. Sinala tamén que Novoneyra proxectaba publicar un cuarto conto que non lle deu tempo a publicar.

Recensións:

- Joel R. Gômez, "Actas dos I e II simpósito internacional 'Letras na raia", *Agália*, n.º 89-90, 1º semestre 2007, pp. 219-224.

Dá conta da publicación, por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega, das actas dos dous primeiros simposios internacionais "Letras na raia", celebrados en 2005 e 2006 nas dúas marxes do río Miño. Indica que no volume se recollen textos de Xurxo Borrazás ou Antón Riveiro Coello na primeira edición, e de María Lado, Daniel Salgado, María Reimóndez, Estíbaliz Espinosa ou Paco Souto na segunda. Percorre os contidos desta publicación, sinalando que contén contribucións literarias e escritos de actuación política e cultural, e detense nas afirmacións de autores como Xurxo Borrazás, destacando que o seu artigo pon sobre a mesa a cuestión da perda de falantes do galego, o cal atribúe, en boa medida, a unha "institucionalización ritual e virtual" da lingua; Paco Souto, quen relata a experiencia da colección de poesía "Letras da Cal", á vez que anuncia a nova colección "Bourel"; Carlos González Figueiras, que presenta Estaleiro Editora, unha iniciativa que aposta pola difusión libre e gratuíta da cultura, de xeito que colocará todos os seus libros para a descarga sen custos en Internet; María Lado, quen sinala a escaseza de iniciativas literarias en galego na rede, ao tempo que apunta as posibilidades que esta ofrece para os autores; Daniel Salgado, que en "Por unha literatura pobre" critica a actual fixación mercantilista da literatura galega; ou María Reimóndez, que estabelece as distincións entre a escrita de homes e de mulleres. O autor do artigo conclúe que un dos aspectos máis positivos destes simposios é que posibilitaron o diálogo entre voces e ideoloxías dispares, se ben alude tamén á necesidade de buscar a proxección exterior da literatura galega. Portugal sería, para Gômez, unha das mellores alternativas. Para solidificar o diálogo a ambos os lados da raia, apunta a necesidade da presenza de defensores do reintegracionismo, por entender que serán mellores coñecedores dos repertorios portugueses. Neste sentido, incide na idea das dispares opcións gráficas entre os produtores de literatura en Galicia, á vez que apunta a maior corrección daqueles que empregan o galego-portugués. A publicación do volume comentado supón para o autor a demostración dunha literatura galega moi activa, se ben con moitas contradicións e, en moitas ocasións, pregada ás esixencias do poder. Esa dependencia estaría na orixe do mantemento de esquemas estilísticos máis propios do pasado que do século XXI.

- Ramón Nicolás, "Revista da AELG", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 209, "Libros", 24 maio 2007, p. 5.

Recensión centrada na tripla entrega da revista *Escrita contemporánea* que edita a Asociación de Escritores en Lingua Galega co obxectivo de recuperar a tradición desta entidade de contar cunha canle de expresión. Apunta que esta nova publicación retoma o herdo de proxectos semellantes desenvolvidos pola AELG en diferentes etapas e con

diferentes denominacións: *Nós*, *Escrita* e *Contemporánea*. Faise eco tamén da sinatura dun convenio entre a AELG e a Consellería de Industria grazas ao cal será posible crear un novo espazo web para que os escritores galegos participen nunha editora dixital na que a asociación seleccionará os textos e nas que se porán a disposición dos usuarios un buscador, foros e outras ferramentas. A seguir sinala que cada un os tres volumes independentes dados a coñecer da revista *Escrita contemporánea* trata un tema de xeito monográfico baixo os títulos de *Homenaxe a Ánxel Casal*, *As escritoras na súa terra. Homenaxe a Pura e Dora Vázquez* e *25 anos da Asociación de Escritores en Lingua Galega*, e nomea algúns dos colaboradores que participan nestas entregas. Conclúe felicitando a AELG por ter retomado esta publicación.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, "Pura e Dora Vázquez", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 11 xaneiro 2007, contracuberta.

Lembra a homenaxe que recibiron as irmás Pura e Dora Vázquez o 25 de xuño de 2005 en Ourense, un ano antes do pasamento de Pura. A continuación, refírese ao número que lle dedicou a revista *Escrita Contemporánea*, que recolle as intervencións daquela xornada a cargo de Cesáreo Sánchez, Xerardo Méndez , María Xosé Queizán e Marcos Valcárcel. Asemade, indica que contén unha escolma da obra das dúas irmás, preparada por Xerardo Méndez, cun total de corenta poemas.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Abelenda, Ana, "A soidade da egoísta", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 193, "Letras en galego", 6 xaneiro 2007, p. 13.

Fai referencia ao poemario de Yolanda Castaño, *Libro da egoísta* (2003), publicado xa hai oito anos pero que agora volve ser editado en edición bilingüe galego-castelán, traducido pola propia autora. Comenta que na obra conflúen varios xéneros literarios e nela o lector percibe a sensación de "estar perdido no labirinto dun ser humano". Ademais achega versos da obra tanto en galego coma en castelán.

Abelenda, Ana, "A idade da memoria", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 194, "Letras en galego", 13 xaneiro 2007, p. 11.

Comenta o poemario de Álvarez Torneiro, *Parábola do incrédulo* (2006), no que a poesía se revela "como un modo necesario de mentir ao obxecto de contar a verdade". Indica que a obra expresa sensacións humanas que acontecen na tarde e na chegada do inverno. Afirma que é un libro que fala da morte pero o obxectivo é escribir sobre a vida.

Abelenda, Ana, "O verso como trazo xestual", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 196, "Letras en galego", 3 febreiro 2007, p. 12.

Comenta a obra de Antón Patiño, *Océano e silencio* (2006), editada pola Deputación de Pontevedra dentro da colección "Tambo". Indica que se trata dun libro metafísico no que a escrita prescinde de puntos e comas, buscando a liberdade expresiva. Explica cómo se estruturan os poemas e salienta os trazos característicos dos mesmos. Ademais, destaca que os protagonistas da obra son o océano e máis o silenzo e achega algúns versos do poemario.

Abelenda, Ana, "O canto do desherdado", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 198, "Letras en galego", 10 febreiro 2007, p. 10.

Analiza a poética de Arcadio López-Casanova e, concretamente, o seu poemario *Herdo do canto* (2006). Caracteriza a López-Casanova como un escritor que traballa cos grandes temas da literatura (o Tempo, a Morte, o Amor e a Terra) e salienta o poema "Herdo da terra".

Abelenda, Ana, "A vida como ópera bufa", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 200, "Letras en galego", 24 febreiro 2007, p. 14.

Neste artigo dáse conta da publicación na colección "Esquío" do poemario *Tigres como Fausto con ollos de bruma* (2006), libro que acadou o accésit do último Premio Esquío de Poesía. Dise que o autor deste poemario é Xavier Lama, xornalista e escritor polifacético. Ana Abelenda destaca que abondan as citas de grandes escritores (Goethe, Holderlin, Borges, Blake…) e numerosas referencias artísticas (Vermeer, Caravaggio…). Salienta tamén Ana Abelenda que este poemario "constitúe en boa medida unha ollada minuciosa cara os acertos de grandes poetas de diversos ámbitos".

Abelenda, Ana, "O poema aberto ao mundo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 201, "Letras en galego", 3 marzo 2007, p. 12.

Informa da publicación na Editorial Galaxia do poemario *As máscaras de Cronos. Poemas 1994-2005* (2006), de Ramón Caride Ogando. Explícase que a obra recolle toda a poesía escrita polo ourensán, agás os seus dous primeiros libros. Consta polo tanto esta entrega de tres poemarios xa publicados anteriormente por Ramón Caride: *Cerne das labaradas* (1994), *Xeografías do sal* (1999), *Flor no deserto* (2002) e outros dous inéditos: *Diacrónica* e *Addenda*. Ana Abelenda, a autora deste artigo, sinala que a principal característica da poesía de Ramón Caride é que é unha lírica "aberta á vida e ao mundo".

Abelenda, Ana, "Procurar o coñecemento", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 202, "Letras en galego", 10 marzo 2007, p. 11.

Nesta recensión fálase da recente publicación de Xabier Paz, *Filoxenia do sangue* (2006), publicado na colección "Tambo", polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra. Dise que é unha obra difícil, na que se fala do home, dese ser racional que é consciente da súa vinculación cos mortos.

Abelenda, A., "A poesía como homenaxe", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 205, "Letras en galego", 31 marzo 2007, p. 11.

Comenta o último poemario de Ánxeles Penas, *Perfís e poéticas* (2006), no que a autora rende homenaxe a figuras como Manuel Curros Enríquez, Rosalía de Castro, Luz Pozo ou Uxío Novoneyra e indica que o libro se estrutura en tres tramos: "Poética da palabra", "Poética da ollada" e "Poética do espazo".

Abelenda, Ana, "O lector está dentro do poema", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 208, "Letras en galego", 28 abril 2007, p. 11.

Despois da publicación de *Non queres que o poema te coñeza* (2004), dise que María do Cebreiro deu a coñecer *Os hemisferios* (2006), publicado por Galaxia. Unha obra, segundo se indica, na que a poeta esperta a curiosidade do lector a través de adiviñas e preguntas; trátase dun xogo de contrastes e caracterízase esta escrita como "poesía da conversación", onde mostra en verso relatos elaborados a dúas voces. Así mesmo, analízase a estrutura dos poemas de carácter moi heteroxéneo, que poden ter un par de páxinas ou, simplemente, dúas ou tres liñas.

Abelenda, Ana, "Conto-poema para nenos do século XXI", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 226, 1 setembro 2007, p. 7.

A escritora Yolanda Castaño consegue o ránking de vendas co seu libro que transmite unha historia en verso e é titulado *Punver* (2006). O conto é recomendábel para aqueles que consideran a poesía como un xénero pesado e conta as historias de Punver, un verme punk.

Abelenda, Ana, "O home fronte ao tempo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 227, "En galego", 8 setembro 2007, p. 13.

Céntrase no comentario de *Con sangue nos beizos*, o segundo volume de Paco de Tano, un "trobador que revela a xeografía íntima da Costa da Morte". Sinala que o poeta xunta á crónica dun lugar a dun tempo vital igualmente preciso, unha idade na que, polo xeral, un leva xa vivido o suficiente como para saber que tipo de cousas pagan a pena. Así mesmo, apunta que, sen a penas signos de puntuación e en pezas polo xeral breves e directas, o autor escribe a peito descuberto para escribir o que sente: "ímpeto e abatemento". Tamén recolle fragmentos dos seus poemas.

Abelenda, A., "Vinte historias de amor... e un canto á esperanza", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 238, 24 novembro 2007, p. 7.

Coméntase que a obra de Cristina de la Vega Jiménez, *Vinte historias de amor… e un canto á esperanza* (2006), presenta a historia de vinte mulleres marcadas por un amor de novela romántica e nas que todas contan co mesmo varón, Antonio Buendía. Indica que é un canto á esperanza, narrada dun xeito semellante ao de Laura Esquivel e no que as protagonistas mostran a paixón, o sufrimento, o desengano,… sempre por amor. Por último, afirma que todas as historias son reais.

Abuín de Tembra, Avelino, "Luís Aguirre del Río (I) "Crónicas da Bouza", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 11 febreiro 2007, p. 26.

Dá conta dos escritores galegos naturais de Laíño e comeza citando a Fortunato Cruces Angueira que estivo moi influenciado por Eusebio Lorenzo Baleirón. Outros dous escritores laiñeses que cita, e que aínda están vivos, son Anxo Angueira e Ramón F. Reboiras. De seguido, céntrase na figura de Luís Aguirre del Río, nado en Lestrove, e caracterízao como autor que racha con todos os esquemas prefixados. Comenta os escasos datos que existen sobre a figura deste poeta e sobre as súas obras e dá conta dos investigadores que lle dedicaron estudos a Luís Aguirre del Río.

Abuín de Tembra, Avelino, "Luís Aguirre del Río (II)", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 25 febreiro 2007, p. 34.

Continúa a falar sobre o poeta Luís Aguirre del Río. Indica que o único biógrafo existente sobre o escritor é Nicasio Rodríguez de Castro e achega verbas do biógrafo que clarifican momentos da vida de Aguirre.

Abuín de Tembra, Avelino, "Escritores de Arousa (I) "A lúa nos beizos", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 20 maio 2007, p. 28.

Repásase neste artigo os lindes da ría de Arousa, un espazo que comprende unha zona norte, a do Barbanza, e unha zona sur que é onde se sitúa a comarca do Salnés. Indica que na comarca do Salnés situamos a Ramón Cabanillas, quen canta esta terra nalgúns dos seus poemas. Por este feito, chámalle a Cabanillas "poeta da Arousa" ou "poeta do Salnés".

Abuín de Tembra, Avelino, "Escritores de Arousa (e II) "Crónicas da Bouza", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 27 maio 2007, p. 29.

Coméntanse as II Xornadas de Literatura do Salnés, sinalando que houbo intervencións de X. Ramón Pena, Román Raña, Antón Santamarina, Manuel Forcadela ou Emilio Insua. Asemade, indica que tamén tiveron lugar nestas xornadas recitais poético, obras de teatro e presentacións de libros. Respecto aos homenaxeados, lembra que foron Ramón Cabanillas, en 1999, e Manuel Antonio e Daniel Rodríguez Castelao no ano 2000. Por último, considera que se estas xornadas continuasen, serían moitos máis os invocados porque son numerosos os escritores que teñen as súas raíces ou un vínculo especial coa Arousa como Ramón del Valle Inclán, Rafael Dieste ou Ramón Martínez López de Boiro, entre outros.

Abuín de Tembra, Avelino, "Perpetuarse como etnia", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 21 outubro 2007, p. 26.

O autor do artigo reflexiona sobre os conceptos de etnia, raza, estirpe e liñaxe. Segundo Abuín, a estirpe dos galegos procede dos cantos de Eduardo Pondal, do seu interese polos séculos protohistóricos e do elemento étnico-celta da súa obra.

Allegue, Alexandre, "Cabanillas, Valle-Inclán e a Comarca do Salnés", *Diario de Arousa*, "Cambados Local", 18 marzo 2007, p. 15.

Indica que Francisco Fernández Rei propuxo que se crease unha Fundación dedicada ao estudo da vida e obra de Ramón Cabanillas e que esta debería estar creada antes de 2009, cando se celebra o cincuenta aniversario do seu pasamento. Así mesmo, propón a creación da Ruta Literaria do Salnés, que xa hai anos iniciaran Ramón del Valle-Inclán e Ramón Cabanillas e achega lembranzas de Cabanillas sobre aquela época.

Alonso, Bieito, "Falta paixón", *A Nosa Terra*, n.º 1.252, "Cultura", 18-24 xaneiro 2007, p. 24.

Fai referencia á situación actual do xénero ensaístico en lingua galega e en Galiza. Advirte que o ensaio a penas ten difusión na sociedade lectora galega e tampouco as editoriais levan a cabo un esforzo neste eido do pensamento. Salienta, sen embargo, o traballo meritorio de un reducido número de revistas culturais como *Grial*, *Murguía*, *A Trabe de Ouro*… Engade a ausencia de ensaístas recoñecidos de diferentes campos (economistas, sociólogos, historiadores, matemáticos). En Galiza, segundo o autor do artigo, "son moito máis ousados á hora de opinar sobre asuntos da actualidade, as xentes da novela, da poesía e doutras fabulacións". Bieito Alonso non entende ese "desprezo ou falta de paixón" polo xénero ensaístico; cita algúns ensaístas que son excepcións na actualidade, como é o caso de Xosé Luís Barreiro, Ofelia Rei e Anselmo López Carreira, entre outros. Remata cunha arenga a favor de que os intelectuais galegos practiquen o ensaio en lingua galega e sobre a sociedade e a cultura de Galiza.

Alonso, Fran, "Lupe Gómez, a provocación libertaria", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 marzo 2007, p. 47.

Analiza a personalidade e o carácter de Lupe Gómez, descríbea como unha muller tímida pero que, literariamente, está considerada como unha poeta provocadora. Fai referencia ao escándalo que provocaron algunhas das súas obras como *Os teus dedos na miña braga con regra* (1999), *Levantar as tetas* (2004) ou o seu primeiro poemario *Pornografía* (1995). De seguido, fai referencia a outra obra distinta, *Fisteus era un mundo* (2001), que se considera entre o confesional e as súas memorias da nenez, onde reflicte a súa marcha á Coruña e os seus medos. Por último, comenta a súa vida actual en Santiago de Compostela e afirma que a partir de agora será máis esixente consigo mesma.

Alonso, Rodolfo, "Rosalía está viva", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 452, "Enfiando", 28 outubro 2007, p. 23.

O autor do artigo reflexiona sobre a figura da poeta Rosalía de Castro e a súa obra *Cantares Gallegos* (1863). Segundo as súas palabras: "No es menos difícil que no sólo todo un pueblo se identifique a sí mismo a través de esa obra , sino que todo el mundo la reconozca como un valor universal". Considera de gran mérito este dobre recoñecemento, pois, constitúe unha peza clave na construcción da identidade galega e unha das figuras máis salientábeis do Romanticismo español. Sobre a autora afirma que encarna ao mesmo tempo, en su vida e na súa obra, o seu ser máis íntimo e unha verdade máis xeral, desencubridora do sentido profundo da súa época.

Araguas, Vicente, "De silva relixiosa varia", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 412, "Libros", 21 xaneiro 2007, p. 20.

Vicente Araguas informa da publicación na Editorial Positivas do poemario *Apostasía* (2006), de Óliver Escobar. Sinala o estraño que é no mundo poético e literario actual publicar poemas de temática anticlerical como é o caso deste libro. Destaca tamén as referencias de Óliver Escobar a filósofos como Nietzsche ou a escritores místicos (San Juan de la Cruz, Santa Teresa de Jesús). Advirte que é un volume "carregado de boas intencións que se perde un pouco no vieiro da monotonía", é dicir, que a temática anticlerical e de apostasía é recorrente ao longo dos versos do libro.

Araguas, Vicente, "Máis do mesmo (ou xatevín)", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 413, "Libros", 28 xaneiro 2007, p. 20.

Dáse conta da publicación na Editorial Galaxia da última novela de Miguel Anxo Fernández, *Luar no inferno* (2006). Vicente Araguas destaca que esta novela continúa a temática policiaca iniciada por Miguel Anxo Fernández en *Un nicho para Marilyn* (2003). A temática de *Luar no inferno* bebe en autores como Manuel Vázquez Montalbán ou o cine americano. Explica que o argumento da novela responde eficazmente á temática anteriormente citada: Frank Couselo, protagonista das dúas novelas comentadas, investiga o mundo das "snuff movies". O autor do artigo destaca que esta novela é "máis do mesmo, ou xatevín".

Araguas, Vicente, "Corazón da poesía", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 414, "Libros", 4 febreiro 2007, p. 20.

Comentario centrado na publicación da colección "Esquío" do poemario *Casa pechada* (2006), de Luz Pichel. Lembra que este libro resultou gañador do Premio Esquío de Poesía 2006 e advirte que Luz Pichel publica por primeira vez poesía en lingua galega, aínda que xa o fixera en castelán cos poemarios *El pájaro mudo* e *La marca de los potros*. Sinala tamén que a autora pertence á Xeración do 68 e que o seu poemario se centra na descrición dun mundo rural ao que o protagonista dos poemas regresa despois de moito tempo. Conclúe que a casa pechada é o símbolo dese mundo ao que volta o suxeito lírico.

Araguas, Vicente, "Realismo puro e duro", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 415, "Libros", 11 febreiro 2007, p. 20.

Infórmase da publicación en Ediciós do Castro do poemario *Unha vida calquera* (2006), de Xosé Fariña Jamardo. Vicente Araguas sinala que este autor xa publicara obra narrativa, pero indica que neste libro se achega ao mundo da poesía. *Unha vida calquera* ten como protagonista ou suxeito lírico a un emigrante galego no Madrid dos anos sesenta e setenta. A visión do mundo e da vida deste emigrante galego, xunto coa experiencia erótica que aparece explicitamente ao longo de todo o poemario, vertebran o discorrer argumental do libro de Fariña Jamardo.

Araguas, Vicente, "Que trata do tempo", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 416, "Libros", 18 febreiro 2007, p. 20.

Neste artigo dáse conta da publicación, na Colección Esquío, do poemario *Tigres como Fausto con ollos de bruma* (2006), libro que acadou o accésit do último Premio Esquío de Poesía. O autor deste poemario é Xavier Lama, xornalista e escritor prolífico. Vicente Araguas sinala tamén as numerosas connotacións culturalistas que aparecen nos versos de Xavier Lama, mais destaca que é unha cultura que non fica só na "cita ou anécdota". Escritores e pintores como Flaubert, Goethe, Nabokov, Vermeer ou Caravaggio desfilan polas estrofas deste volume.

Araguas, Vicente, "Escolma de escolmas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 417, "Libros", 25 febreiro 2007, p. 20.

Comenta que o número de poetas galegos coñecidos e descoñecidos pode chegar, na actualidade, a mil e afirma que a cantidade de poesía non garante a súa calidade. Recomenda o ensaio de Miguel Louzao Outeiro, *Letras de Cal na produción poética galega dos 90*, editado por Laiovento (2006) e gañador do Premio de investigación lingüística e literaria Ricardo Carbalho Calero. Indica que é un estudo moi elaborado no que o autor repasa a poesía galega desde 1975 até a creación da editora Letras de Cal. Por último, achega datos biográficos de Louzao Outeiro.

Araguas, Vicente, "Que trata de Jane", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 418, "Libros", 4 marzo 2007, p. 20.

Comenta a última obra da poeta texana Jane Danko, titulada *De amor e vida* (2006). Indica que consta de vinte e un poemas nos que desenvolve un proceso complexo relacionado con eros e tánatos e nos que traballa o costumismo, o folclorismo, a nostalxia e a saudade como maneiras de vivir. Tamén salienta a elección do léxico e conclúe que o volume é "de luxo e regalía".

Araguas, Vicente, "Economía expresiva", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 419, "Libros", 11 marzo 2007, p. 20.

Salienta a portada do último libro de Camilo Franco, *Palabras contadas* (2006), na que o propio autor é o protagonista e de quen destaca a súa economía expresiva. Indica que o libro é un conxunto de relatos que se poden ler "ao chou", como un crebacabezas e achega algúns dos autores que influíron na creación de Camilo Franco.

Araguas, Vicente, "Estes non son poemas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 420, "Libros", 18 marzo 2007, p. 20.

Dáse conta da publicación na colección "Dombate" de Poesía da Editorial Galaxia dun dos poemarios fundamentais da literatura galega de posguerra, trátase de *Nimbos* (2006), de Xosé María Díaz Castro. Vicente Araguas sinala a importancia deste libro na literatura galega, afirmando que está á altura da obra poética de Rosalía, Curros e Pondal. *Nimbos* é un poemario telúrico, onde Díaz Castro describe con grande acerto a Galicia daquela época. Salienta que o poema "Penélope" reflexa nos seus dezaseis versos a sociedade galega daquel momento, pero ao mesmo tempo a Galicia de calquera época.

Araguas, Vicente, "Ao saír do cinema", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 421, "Libros", 25 marzo 2007, p. 20.

Vicente Araguas dá conta da publicación na Editorial Galaxia da novela *Se algún día esta muller morta* (2006), de Miguel Sande. Sinala que esta novela resultou gañadora do Premio de Narrativa Breve Repsol YPF. *Se algún día esta muller morta* é unha narración curta que "circula por espazos nos que a realidade e a imaxinación andan a mesturarse alevosamente", ou dito doutra maneira, a novela ten como protagonista a unha muller que vive nunha furna dunha praia, nun espazo claustrofóbico. Destaca o autor do artigo a complexidade da narración, algo que no mundo literario actual non ten moito éxito.

Araguas, Vicente, "Galleguito Lindo", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 422, "Libros", 1 abril 2007, p. 20/*El Correo Gallego*, "*El Correo2*", "Agora xa foi", p. 17.

Refírese aos versos de Mechitas de Vigo (Mercedes Viso Troncoso), unha señora que dera en chamar a Franco nun dos seus poemas "Galleguito lindo". A continuación, cita a obra publicada en 2006 por Xerais *Guerra Civil e Literatura Galega (1936-1939)*, que recolle as intervencións dos distintos participantes dun congreso sobre o mesmo tema, organizado polo Consello da Cultura Galega en 1999 e coordinado por Xesús Alonso Montero e Miro Villar. Salienta o traballo de Teresa Seara titulado "As musas francófilas: poetisas galegas no período da Guerra Civil (1936-1939)", onde se fala de Mercedes Viso Troncoso. Ademais fala das achegas de Alonso Montero, Gonzalo Bouza-Brey, Freixeiro Mato e Borobó Freixeiro Mato.

Araguas, Vicente, "Panda de friquis", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 423, "Libros", 8 abril 2007, p. 20.

Informa da publicación na Editorial Xerais do libro de relatos *Vidas exemplares* (2006), de Uxía Casal. Esta serie de narracións curtas achégase ao xénero do terror, aínda que como sinala o autor deste artigo, Vicente Araguas, son historias máis absurdas e "friquis" que terroríficas. Advirte tamén a débeda da autora do libro con escritores de relatos tan importantes como Xulio Cortázar, Borges ou tamén ao teatro do absurdo (Iosnesco). É, polo tanto, para o autor do artigo, un libro de relatos que intenta provocar terror, pero que se queda "entre o humor vitriólico e o desacougo fantástico".

Araguas, Vicente, "Da rosa exquisita", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 424, "Libros", 15 abril 2007, p. 20.

Dá conta da publicación en 2006 do poemario *As máscaras de Cronos. Poemas 1994-2005*, de Ramón Caride Ogando. O poemario recolle toda a poesía escrita polo ourensán agás os seus dous primeiros libros. Conforman o volume tres poemarios xa publicados anteriormente por Ramón Caride, como son: *Cerne das labaradas* (1994), *Xeografías do sal* (1999) e *Flor no deserto* (2002) e outros dous inéditos: *Diacrónica* e *Addenda*. Explica que este último poemario acadou o accésit do Premio de Poesía González Garcés no ano 1998. Vicente Araguas tamén destaca a obra narrativa de Caride Ogando e non entende por qué este autor non aparece nas recentes antoloxías de poesía galega.

Araguas, Vicente, "Daquela andabamos tantos xuntos", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 425, 22 abril 2007, p. 20.

Vicente Araguas dá conta da publicación na Editorial Galaxia do libro *Este camiño que fixemos xuntos* (2006), de Antía Cal. Lembra que esta muller foi a creadora do colexio Rosalía de Castro, "un auténtico oase en tempos do ensino represor". Salienta que o libro repasa a historia persoal de Antía Cal, pero tamén fala de Antón Beiras, o seu marido, eminente oftalmólogo que exercía "un galeguismo nada alleo a formulacións marxistas". A raíz deste libro, Vicente Araguas repasa a súa xuventude estudiantil na Universidade de Santiago de Compostela no curso 1967-1968.

Araguas, Vicente, "Poesía de tendencia", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 428, 13 maio 2007, p. 20.

Preséntase neste artigo a Daniel Salgado e á súa obra *Éxodo* (2006). Considera que este poeta é continuador do escritor Méndez Ferrín, e que súa é unha poesía de compromiso como a obra de Ferrín, que recolle un afán solidario. Dende o punto de vista formal, sinala que emprega un verso melódico que remata cun colofón final.

Araguas, Vicente, "Ciencia do petit point", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 430, 27 maio 2007, p. 20.

Reflexión acerca da novela de María Raimóndez, *O club da calceta* (2006). Sinala que a obra está centrada na vida dunha serie de damas reunidas nun club de calceta, argumento que se utiliza como pretexto para desenvolver unha reflexión feminista.

Engade que os capítulos tamén poden funcionar como relatos independentes, aínda que relacionados por unha punta de misterio.

Araguas, Vicente, "Da vida vivida", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 431, 3 xuño 2007, p. 20.

Xoán Manuel Casado e a súa obra *Crónica persoal* (2006) son motivo de reflexión neste artigo. Indica que se trata dunha obra relacionada coa chamada escola de Barcelona, onde atopa confesionalidade que ten que ver cun enfoque de vangarda sentimental. Tamén sinala que o libro conta cunha introdución de Xesús González Gómez e cun limiar de Basilio Losada.

Araguas, Vicente, "As vangardas: acordos e trasacordos", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 432, 10 xuño 2007, p. 20.

Explícase neste artigo un libro de Xulio Pardo de Neira titulado *Introdución do vangardismo na literatura galega* (2005). Indica que se trata dun libro dedicado ao estudo do fenómeno das vangardas, onde aparecen figuras literarias como Manuel Antonio, Amado Carballo, Eugenio Montes ou Evaristo Correa Calderón, entre outros . Deste último dise que foi unha peza decisiva no achegamento da literatura galega aos "ismos" do primeiro terzo do século XX polo seu labor de guía de todos aqueles que tiñan interese nestes movementos. Asemade, Guillermo de la Torre, conectado con Arxentina, e Vicente Risco, suscritor de revistas de vangarda e espallador dos seus contidos, contribuíron á súa difusión.

Araguas, Vicente, "Do norte ao sur con María do Cebreiro", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 433, 17 xuño 2007, p. 20.

Preséntase neste artigo o libro de María do Cebreiro, titulado *Hemisferios* (2006). Sinala que un libro no cal o "eu" dá unha mensaxe hermética ao lector, con pistas para a súa interpretación. Apunta tamén que ás veces a linguaxe faise máis explícita e erótica. Asemade explica que no libro se usa o verso, a prosa, os diálogos e os poemas, especificando que teñen por momentos un formato pequeno, como se fosen adiviñas.

Araguas, Vicente, "Benvidos ao cabaré", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 434, 24 xuño 2007, p. 20.

Dá conta da presentación da obra de Xosé A. Perozo, *Espérame* (2006). Sinala que se trata dunha novela que conta a historia dunha muller de orixe aldeá que despois dunha longa viaxe vital ao cargo de diversos locais de espectáculo e con numerosos amantes, acaba nun cabaré de Santiago amenizando o persoal con intervencións nas cales conta anacos da súa vida. Considera que a novela destínase ao público adulto polo seu carácter erótico. Engade que tamén posúe un compoñente costumista con transfondo de canción sentimental.

Araguas, Vicente, "Homérico", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 448, "Libros", 30 setembro 2007, p. 20.

O autor do artigo analiza a obra de Yolanda López López, *Obertura sen héroe* (2006), que recibiu o I Premio Antón Tovar. Define a obra como "homérica" pola impresión de confusión, ruído e caos que lle produce a visión da violencia sobre a muller descrita no libro. Respecto á forma, considera que se trata dunha especie de collage polo emprego conxunto de poemas, reflexións políticas ou anacos de narración, entre outros elementos. Asemade comenta que se acompañan os textos con ilustracións da propia autora.

Araguas, Vicente, "Poemas zen ou zen poemas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 452, "Libros", 28 outubro 2007, p. 20.

Analiza o poemario *Zen invernos* (2005), de Román Raña Lama, no que o autor volve a optar pola fórmula do soneto. Respecto ao proceso de escrita, sinala que no prólogo o escritor confesa ter reflexionado moito sobre o concepto do libro dende unha idea "zen",é dicir, con toda a parafernalia orientalizante. Por último, insiste na altura poética do conxunto da súa obra.

Araguas, Vicente, "Lúa de cristais", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 458, 9 decembro 2007, p. 20.

Vicente Araguas fai neste artigo unha recensión da obra de Enrique Rabuñal, *O cristal na sede*, publicada no ano 2006 na Coruña pola editorial "Espiral Maior". Poemario no que se amosa o compromiso latente do autor co seu tempo.

Baamonde, Antón, "Non é a saudade, é a falta de pintura", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 19 xaneiro 2007, p. 32.

Comenta a obra *La Saudade*, un volume de ensaios publicados pola editorial Galaxia en 1953. Explica que naquela época o ensaio non era un xénero moi aceptado polo Réxime e, os autores que asinan os ensaios deste volume eran personalidades como Ramón Piñeiro, Lois Tobío, Fernández del Riego, Domingo García-Sabell, etc. que, nalgúns casos pertencían ao Partido Galeguista e noutros, estaban exiliados. A continuación fala do tema central do libro, a saudade; propón distintas definicións do concepto e conclúe que a saudade é "unha forma da común experiencia humana".

Carballa, Xan, "Antía Cal, memoria dunha educadora", *A Nosa Terra*, n.º 1.253, "Cultura", 25 xaneiro 2007, p. 24.

Comenta a traxectoria vital de Antía Cal e o seu labor pedagóxico que, en numerosos casos, aínda está sen publicar, segundo indica Alonso Montero, e que agora é máis coñecido grazas á edición das súas memorias, *Este camiño que fixemos xuntos* (2006). Neste volume explica Antía Cal cómo foron os seus primeiros anos en Cuba e a súa volta a Galiza, así como, o proxecto de levar a cabo a creación do colexio Rosalía de

Castro en Vigo. Fai referencia ás prácticas docentes innovadoras de Antía Cal e á ensinanza bilingüe galego-castelá, tamén ao apoio que recibiu por parte do seu marido, Antón Beiras, un dos oftalmólogos con máis sona da época. Por último, explica o porqué do título das memorias. En dúas columnas á parte fai referencia ao tipo de educación libre que propuxo Antía Cal e ao seu amor: Antón Beiras.

Carballa, Xan, "Todo o meu mérito foi ser mestra", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 9 febreiro 2007, p. 43.

Comenta que a pedagoga e escritora Antía Cal acaba de publicar as súas memorias baixo o título de *Este camiño que fixemos xuntos* (2006), na editorial Galaxia. Explica que no volume se recolle o seu ideario pedagóxico e a experiencia a partir da creación do colexio Rosalía de Castro, en Vigo. Achega as palabras da propia autora sobre o regreso de Cuba e a fundación do colexio. Explica que sempre quixo ser unha muller independente economicamente e dá conta da súa viaxe por Europa, os contactos influíntes e as satisfactorias experiencias na vida da escola.

Carballa, Xan, "Fixemos unha revolución pacífica", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 9 marzo 2007, p. 46.

Fai referencia ao traballo levado a cabo por María Xosé Queizán en defensa dos dereitos das mulleres. Carballa comenta o seu ensaio inaugural *A muller en Galicia* (1977) e destaca a Queizán como directora da revista *Festa da palabra silenciada*, que recolle desde 1983 toda a evolución teórica do feminismo. Outros ensaios da autora sobre este tema son *Racionalismo político e literario* (2004), no que salienta a Rosalía de Castro como a primeira muller que reivindica a perspectiva feminista, e o traballo no que analiza a misoxinia de Eduardo Pondal, que, en palabras de Queizán, recibiu certas descualificacións.

Casal González, César, "Un tiro de gracia en prensa", *La Voz de Galicia*, " *Culturas*", n.º 199, "Letras en galego", 17 febreiro 2007, p. 15.

Comenta a última publicación de Xosé Carlos Caneiro, *De bar en bar. Para abrazarte escribo* (2006), publicada por Difusora de Letras, Artes e Ideas. Explica que se trata dunha escolma dos artigos que Caneiro publica todas as semanas no xornal e aproveita a ocasión para salientar as obras publicadas polo escritor, tanto no xénero poético, coma no novelístico e ensaístico. Indica que Caneiro é un escritor afastado da literatura do *best-seller* e loa a idea de recuperar os seus artigos en formato libro.

Casanova, Jorge, "A historia de Galicia conta ata agora con só tres grandes obras de referencia", *La Voz de Galicia*, 12 agosto de 2007, p. 37.

Nesta reportaxe sinálanse cales son as obras de referencia á hora de encontrar unha boa historia de Galicia. Salienta as obras de Manuel Murguía, Otero Pedrayo e Ramón Villares. Da obra de Manuel Murguía dise que ten importancia por ser a primeira historia de Galicia, da de Otero Pedrayo que está considerada como igualmente

destacada por mostrar a conexión entre Galicia e o mundo da diáspora, mentres que da de Ramón Villares afirma que o seu valor débese á súa gran difusión tanto a nivel escolar como entre o gran público. Outros historiadores sinalados no artigo son Benito Vicetto, Antonio López Ferreiro, Florentino López Cuevillas ou Vicente Risco. Asemade, na actualidade son destacados os estudos de Hércules Ediciones e os de Xosé Ramón Barreiro Fernández.

Castro Rodríguez, Xavier, "Compostela no tempo da presenza e das ausencias", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 6 xaneiro 2007, p. 2.

Salienta o periplo vital de Salvador García-Bodaño, a súa vinculación coa cidade compostelá e a súa traxectoria literaria, ensaística e xornalística. En palabras do propio García-Bodaño, inclúeo na Xeración de 1950 e afirma que dúas figuras que influíron no seu pensamento foron Carlos Maside e Ramón Piñeiro. A continuación, fai referencia ao seu poemario *Tempo de Compostela*, aparecido en 1978, e que tivo diversas edicións: a primeira por Edicións do Cerne, despois por Xerais e, recentemente, na colección "Poetas en Compostela". Explica que o primeiro volume publicado en 1978 presentaba augafortes de Alfonso Costa e un limiar de Álvaro Cunqueiro.

Castro Rodríguez, Xavier, "Versos musicais entre foulas, galerna e xentes do mar", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 20 xaneiro 2007, p. 2.

Salienta o facer literario de Eduardo Blanco Amor que é recoñecido como indiscutíbel narrador e creador de novelas e libros de relatos. Comenta que xunto a Blanco Amor outros escritores das décadas dos anos vinte e trinta tiveron grande importancia para o desenvolvemento literario posterior xa que desexaban un cambio na dirección e unha modernización da poesía galega. Finalmente, fai referencia á obra *Poema en catro tempos* (1931), como exemplo desa nova poesía galega.

Castro Rodríguez, Xavier, "Antoloxía de poesía galega en Seix Barral", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 27 xaneiro 2007, p. 2.

Destaca a abundancia de seleccións e antoloxías que se teñen realizado sobre as letras galegas e, dos críticos dedicados ao estudo da nosa literatura, salienta a Basilio Losada Castro, quen investigou sobre a literatura galega, portuguesa e brasileira. Indica que os traballos de Basilio Losada foron publicados en prestixiosas editoriais como Seix Barral, Salvat, Ocnos, etc. e recibiu numerosos premios como o Premio Nacional de Tradución, o Pedrón de Honra, a Medalla Castelao da Xunta de Galicia, etc. Por último, salienta a antoloxía bilingüe galego-castelán, *Poetas Gallegos Contemporáneos* (1972), na que inclúe once figuras da literatura galega xunto ás súas biobibliografías.

Castro Rodríguez, Xavier, "Eduardo Pondal en 'Emecé editores" de Bos Aires (1940)", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 3 febreiro 2007, p. 2.

Partindo do estudo realizado por Xosé Luís Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra* (1990), Castro Rodríguez salienta a Eduardo Pondal como o fundador da Escola Formalista. Indica que pertencerían a este movemento, liderado polo Pondal, entre outros os seguintes escritores nacidos na década de 1860: Aurelio Ribalta, Florencio Vaamonde, Manuel Lugrís Freire, Leiras Pulpeiro, Tettamancy e Gastón. Comenta o estrago que fixo a Guerra Civil nos escritores galegos que continuaron o seu labor no exilio, sobre todo, desde Bos Aires, e os cales conseguiron crear numerosas editoriais que difundiron a cultura galega.

Castro Rodríguez, Xavier, "Castelao, ilustrador dunha novela de Sofía Casanova", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 17 febreiro 2007, p. 2.

Comenta a celebración do centenario da colección "El Cuento Semanal" e indica que en 1909 Sofía Casanova publicou a novela curta *Princesa del amor hermoso*, onde se incluía un diálogo final en galego, algúns versos de Rosalía de Castro e a cuberta do volume cun retrato da autora feito por Castelao.

Castro Rodríguez, Xavier, "O niño de pombas': historia, lenda e mito en López Ferreiro", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 24 febreiro 2007, p. 2.

Salienta a figura de Antonio López Ferreiro e o seu labor erudito do século XIX. Destaca o traballo de investigador e tamén de escritor e repasa algúns episodios da súa vida. De seguido comenta que podería ser incluído no grupo de seguidores da tradición romántica e histórica, e salienta as súas tres novelas máis significativas: *A tecedeira de Bonaval* (1894), *O castelo de Pambre* (1895) e *O niño de pombas* (1905). Finalmente, achega unhas verbas do crítico Paulino Pedret Casado sobre o escritor nas que sinala que estudosos da historia galega, como os composteláns Neira de Mosquera e Bernardo Barreiro tiñan dedicado, á sua maneira de periodistas, denantes de López Ferreiro, algún dos seus leceres á elaboración de novelas históricas.

Castro Rodríguez, Xavier, "Farruco Sesto Novás, poeta galego en Venezuela", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 10 marzo 2007, p. 2.

Fala sobre a lírica de Farruco Sesto Novás, quen converteu a súa escrita nunha arma de combate e resistencia no exilio, en Venezuela. Indica que un dos seus libros, *Da estrela e da fouce*, saíu publicado en 1967 con ilustracións de seu pai, Xosé Sesto, e cun limiar de Celso Emilio Ferreiro. De seguido, comenta que a obra se divide en cinco partes ("Galiza paseada", "Poemas pequenos", "Paisaxes", "Canzóns" e "Da espranza") e afirma que se trata dun poemario de dor, de guerra, tristura, ausencia, etc.

Castro Rodríguez, Xavier, "Vento mareiro': dúas edicións significativamente diferentes", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 17 marzo 2007, p. 2.

Lembra a volta a Galiza de Ramón Cabanillas despois de estar no exilio cubano e o seu compromiso co agrarismo. Tamén salienta a nova vertente da súa poesía como un servizo social que a plasmou en tres poemarios fundamentais: *No desterro. Visións galegas* (1913), *Vento mareiro* (1915) e *Da terra asoballada* (1917). De seguido, céntrase na análise de *Vento mareiro*, explicando que viu a luz en Cuba no ano 1915 e, pouco máis dun lustro despois, unha segunda edición aparecía en Madrid, dentro da colección "Biblioteca Galicia", incluída na Editorial Galatea e imprentada na casa comercial Juan Pueyo. Por último, reproduce un pequeno fragmento da primeira edición.

Castro Rodríguez, Xavier, "Arturo Cuadrado: poemas de militancia e denuncia", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 24 marzo 2007, p. 2.

Realiza un percorrido pola vida de Arturo Cuadrado Moure, salientando a súa participación activa en momentos decisivos da historia e da literatura galegas a través da dedicación militante e difusora de numeroso libros, editoriais e empresas culturais. Sinala que o seu nome está estreitamente vencellado con publicacións de dentro e fóra de Galicia, como *El Pueblo Gallego*, *El Sol, El Combatiente del Este*, *Resol Galicia Emigrante*, *Correo Literario...* e os selos editoriais Emecé, Camino de Santiago, Dorna e Botella al Mar. Sobre a revista literaria *Resol* engade que tamén sería lembrada por Luís Seoane como unha publicación que se distribuía os xoves de maneira gratuíta polas rúas e feiras de Compostela.

Castro Rodríguez, Xavier, "Lirios de Compostela': libro bilingüe editado en Murcia", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 31 marzo 2007, p. 2.

Dá conta da traxectoria vital do poeta ferrolán Dictinio de Castillo-Elejabeytia e analiza a súa produción poética da que salienta, como obra escrita en galego, *O espello das brétemas e outros poemas* (1987, Ediciós do Castro) e tamén *Lirios de Compostela*, este último editado en Murcia en 1949. Indica que *Lirios en Compostela* inclúe numerosos elementos paratextuais e nomea cada un deles, así como, os poemas principais do libro.

Castro Rodríguez, Xavier, "Maxina': primeira novela contemporánea en edición do 70", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 14 abril 2007, p. 2.

Salienta o labor de Marcial Valladares Núñez non só como investigador, senón como escritor e, principalmente, por ter dado á literatura galega a primeira novela de "asunto contemporáneo e prosa de ficción", *Maxina ou a filla espúrea*. Indica que a obra se deu a coñecer por primeira vez en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, como novela por entregas e, posteriormente, en 1970 foi editada pola editorial Galaxia con ilustracións de Xohán Ledo e cun limiar de Carballo Calero. Por último, comenta que a historia se desenvolve en dezasete capítulos, nunha liña romántica, costumista e sentimental.

Castro Rodríguez, Xavier, "4 Ventos', desde Portugal para as culturas lusíadas", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 28 abril 2007, p. 2.

Fai referencia á publicación periódica *Quatro Ventos*, editada pola Livraria Cruz & Companhia de Braga entre 1954 e 1957, e dirixida a lectores portugueses, brasileiros e galegos. Sinala que entre os coordinadores galegos formaban parte Leandro Carré Alvarellos, Ramón Otero Pedrayo e Vicente Martínez Risco. De seguido achega algunhas verbas do manifesto que se presentou no primeiro número e dá conta das seccións que contiña a revista, así como dos nomes dalgúns dos colaboradores. Finalmente, salienta o número sete da publicación que foi elaborado como unha homenaxe a Galiza.

Castro Rodríguez, Xavier, "Castelao lembrado polo Centro Galego de Bos Aires", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 5 maio 2007, p. 2.

Explica que a avenida Belgrano, en Bos Aires, é o lugar de referencia de todos os galegos emigrados, xa que nela se atopa o Centro Galego que cumpriu un século de existencia. En palabras de Luís Seoane, lembra cal foi o voceiro da emigración en Arxentina, a revista *Galicia*, que naceu no ano 1950 coa temática central do pasamento de Castelao. Neste número descríbese todo o proceso do enterro do escritor rianxeiro e dáse conta das personalidades que asistiron ao enterro, sobre todo, a través de fotografías e artigos sobre a súa vida e obra.

Castro Rodríguez, Xavier, "López-Aydillo, estudoso da lírica galega", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 26 maio 2007, p. 2.

Refírese ao Centro de Estudios Históricos creado en 1919 para a promoción de traballos de investigación científica e cultural. Este centro publicou edicións críticas, documentos, glosarios, monografías, obras literarias e históricas, entre as que cita a compilación de poemas galegos vencellado á cultura ourensá realizada por Eugenio López-Aydillo. Indica que López-Aydillo tentou abranguer desde a Idade Media deica o século XX, situando nas últimas páxinas composicións de Valentín Lamas Carvajal, Arturo Vázquez, Curros Enríquez e Manuel Leiras Pulpeiro, entre outros. Explica que o antólogo tentou realizar un ensaio arredor dos máis significativos poetas da historia procurando ofrecer un volume divulgativo no que López-Aydillo non agocha a súa preferencia polos que el considera os tres grandes rimadores da lírica galega, os tres fulgores do xenio da raza: Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Valentín Lamas Carvajal.

Castro Rodríguez, Xavier, "Da rosa heroica ao Miño, pastor de ríos", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 9 xuño 2007, p. 2.

Indica que Aquilino Iglesia Alvariño foi poeta, tradutor e profesor despois de cursar estudos no Seminario de Mondoñedo. Explica que, do mesmo xeito que un importante número de escritores do seu tempo, Iglesia Alvariño foi poeta bilingüe en galego e castelán. Os dous textos destacados son dúas mostras diferentes dese labor. De *Rosa de España ardiente* (1946) dise que é un deses exemplos de poesía encadrada nas novas circunstancias de poder que se estaban a vivir logo do final da guerra civil: épica, enxalzamento do propio, patriotismo, tópicos de beleza, literatura e valor. Do outro poema, en galego e con máis de cen versos, datado no 1960 comenta que recolle os tres

traballos galardoados no Premio Noriega Varela: Aquilino Iglesia con *Pastor de Ríos* (1º Premio); Antonio Saravia Leitâo, *Cántico* (accésit en portugués) e José Conde, *Ballet del Miño* (accésit en castelán).

Castro Rodríguez, Xavier, "Otero, De Lorenzo, Maiztegui, Cabanillas e Ledo, sobre Macías", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 16 xuño 2007, p. 2.

Refírese ao libro titulado *Macías o namorado* (Editorial Galaxia, 1956), unha peza coral que foi creada por Ramón Cabanillas e Antonio de Lorenzo con música do compositor arxentino Isidro Maiztegui Pereiro. Segundo nos informa este artigo, as tres figuras encargadas da elaboración do poema escénico entraron en contacto en Madrid no Café Lyon d'Or. Engade que a obra trata sobre a figura de Macías o poeta de Padrón e que foi representada no teatro Colón de Bos Aires en 1984.

Castro Rodríguez, Xavier, "Esther Cáceres no universo editorial galego en América", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 23 xuño 2007, p. 2.

Dá conta da aparición a finais do ano 1945 d'*Antoloxía (1929-1945)*, da poeta Esther de Cáceres. Comenta que se publicou en Ediciones Correo Literio, unha editorial que foi iniciativa de Lorenzo Varela, Luís Seoane, os irmáns Dieste e Arturo Cuadrado, entre outros. Explica que esta escritora uruguaia foi compañeira dos promotores galegos e, como mostra desta boa relación, sabemos que cando viaxou a Galicia se hospedou na casa de Rafael Dieste. Tamén indica como mostra da amizade o feito de que na capa deste libro encontremos un debuxo de Luís Seoane e que no libro apareza un poema de Rafael Dieste ("A Esther de Cáceres") que consiste nunha descrición da poetisa.

Castro Rodríguez, Xavier, "Nordés': espazo da lírica e territorio da plástica", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 30 xuño 2007, p. 2.

Salienta que nas décadas dos anos 60 e 70 se produciu unha transformación no ámbito da poesía e esa renovación foi levada a cabo polo cambio na actitude dos poetas e máis pola creación de numerosas revistas, a menor presión da censura, a creación de asociacións e editoriais, etc. De seguido, fai referencia ao nacemento da revista *Nordés* da man de Tomás Barros e a súa continuidade coa dirección de Luz Pozo Garza. Comenta que saíron á luz vinte e dous números da revista en trece anos, e dá conta dos colaboradores gráficos que participaron e máis dos poetas que publicaron os seus versos nela.

Castro Rodríguez, Xavier, "Novelas de Blanco-Amor editada en Bos Aires", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 7 xullo 2007, p. 2.

Explica que para moitos escritores galegos a emigración e o exilio foron unha constante durante décadas. Engade que, forzados polas circunstancias da Guerra Civil, abriron unha nova vía de expresión (en castelán) sen obviar nin esquecer por iso a produción escrita en galego que tamén formaría parte esencial da súa creación nalgúns espazos que

se significaron fundamentais (Bos Aires, A Habana, Caracas, México…) para a supervivencia da escrita do idioma do país. Da listaxe de poetas, narradores, políticos e ensaístas que conxugaron o galego e castelán na súa obra cita os nomes de Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado, Álvaro de las Casas, Celso Emilio Ferreiro, Luís Seoane e Eduardo Blanco Amor. Do autor de *Xente ao lonxe* (1972) di que xa escribía en castelán na década dos trinta e salienta *La catedral y el niño* (1948). Considera que estas dúas novelas poderían representar por si soas a esencia da narrativa do ourensán, escritas en etapas diferentes, marcadas por circunstancias distintas e encadradas na necesidade de ofrecer novas formas de narrar e novas fórmulas para unha prosa áxil, contundente e, nalgúns momentos, aberta á experimentación.

Castro Rodríguez, Xavier, "Poetas do norte na sureña 'Caracola", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 14 xullo 2007, p. 2.

Refírese á revista malagueña *Caracola*, que se dá a coñecer en plena época da ditadura franquista ao mesmo tempo que outras moitas revistas como *Pleamar* ou *Poesía Española*. Xustifica a importancia de Caracola co feito de que nesta revista publican os escritores españois de gran fama como Gerardo Diego, Pedro Salinas e outros pertencentes a esta xeración. Segundo nos informa este artigo, no primeiro número dedicouse a publicar a poesía de "Poetas del Norte", e nela aparecen poetas galegos relacionados coa xeración dos 50 como Isidro Conde, Tomás Barros, Alfonso Gallego Vila e a poetisa Matilde Lloria, de orixe albaceteña.

Castro Rodríguez, Xavier, "Edición madrileña dos poemas de Curros no seu centeneario", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 21 xullo 2007, p. 2.

Conta que con motivo do centenario da morte do poeta Curros Enríquez en 1951, sae á luz un libro de poesías bilingüe editado en Madrid. Do libro titulado *Poesías* di que mantén un predominio de composicións en galego (17 fronte a 4 en castelán). Por outra parte, indica que se insire neste libro un prólogo de M. G. García e un retrato de Curros Enríquez elaborado por J. Cuevas.

Castro Rodríguez, Xavier, "Tradición, antropoloxía e sentimento da terra", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 28 xullo 2007, p. 2.

Afirma que o libro *La Galicia insólita*, de Antonio Fraguas Fraguas (1973) é unha obra ensaística que comenta a realidade do universo galego como as supersticións, as bruxas, os animais no folclore ou as romarías. Indica que se trata dun conxunto de traballos que se mostran despois dun limiar dedicado a explicar en que consiste o sentimento da terra a partir do que nos din distintos escritores, entre os que está Castelao, a quen identifica con este sentimento con aquela forza que te atrae á terra.

Castro Rodríguez, Xavier, "Noia: unha manifestación da heráldica galega", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 11 agosto 2007, p. 2.

Neste artigo dáse a coñecer un libro de ensaio titulado *Escudos de Noia* (1979), froito do labor de investigación feita por José Ramón Fernández Oxea e Manuel Fabeiro Gómez. Sinala que os dous ensaístas, que tamén foron escritores de literatura de ficción, mostran neste artigo unha recompilación dos escudos de Noia a partir da cal se aproveita para facer explicacións de carácter histórico e lendario.

Castro Rodríguez, Xavier, "E chegaba de lonxe a lelía da mar", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 18 agosto 2007, p. 2.

Artigo dedicado a recordar a figura de Emilio Pita quen no exilio arxentino mantivo a súa creación en lingua galega acompañado doutros escritores que naquel momento estaban a manter viva a cultura e literatura galega. os libros de Emilio Pita que se lembran son *Jacobusland* que presenta unha ilustracións de Castelao é un libro publicado en Ediciós do Castro con limiar de Alonso Montero. Outro libro destacado de Emilio Pita é *Os Relembros. As cantigas,* con ilustración de Seoane, son consideradas por Luís Seoane como saudade de quen comprende que está lonxe, este libro foi publicado na Editorial Citania na colección Herba de namorar. Estes e outros libros de Emilio Pita como *O ronsel verdegal*, *cantigas de nenos* caracterízanse por seguir unha liña musical da cal o autor confesa que mesmo abusou.

Castro Rodríguez, Xavier, "Leria': a transfiguración metafísica da terra", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 25 agosto 2007, p. 2.

Neste artigo repásase a obra de Vicente Risco como un dos fundadores da prosa galega moderna para centrarse no fin do artigo na súa obra Leria. Esta foi a última obra do autor ourensán e contén prosas desde os anos 20 a 50, textos todos eles escritos para pór en común o pensamento galego coas correntes do mundo como din as palabras de Risco recollidas no final deste artigo.

Castro Rodríguez, Xavier, "Edicións catalá e inglesa de Rosalía de Castro", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 1 setembro 2007, p. 2.

Neste artigo faise unha presentación de dúas escolmas de poesía da obra de Rosalía de Castro. A primeira é do ano 1917 editada en Barcelona con prólogo de Aurelio Ribalta quen se encargou tamén de crear esta escolma, a segunda das escolmas é de David Ley editada en inglés no ano 1964 en Madrid.

Castro Rodríguez, Xavier, "Muller pra lonxe' e 'Poema dos Caneiros' de Novoneyra", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 22 setembro 2007, p. 2.

Repasa a traxectoria do escritor Uxío Novoneyra e afirma que foi un dos escritores máis involucrados coa terra, entendida coma esencia e materia do país. Entre as súas obras destaca *Muller pra lonxe* (1986) e *Poema dos Caneiros* (1997).

Castro Rodríguez, Xavier, "Lisardo R. Barreiro: xornalista e poeta biligüe", *Galicia*

Hoxe, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 29 setembro 2007, p. 2.

Reflexiona sobre a figura de Lisardo Rodríguez Barreiro, poeta e xornalista. Entre a súas obras destacan *El soldado gallego* (1986) e *Escuma e brétemas* (1997). Barreiro tamén dedicouse a investigación científica e foi membro numerario da Real Academia Galega.

Castro Rodríguez, Xavier, "Alfredo Brañas, ideólogo do rexionalismo e poeta", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 6 outubro 2007, p. 2.

Indica queO longo do século XIX foron aparecendo tanto en Galicia como Euskadi ou Cataluña personalidades da cultura e a política de signo nacionalista. Neste marco xurde a figura de Alfredo Brañas Menéndez, ideólogo do rexionalismo e poeta.

Castro Rodríguez, Xavier. "Brais Pinto e a creación nos Cuadernos da Gadaña", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 10 novembro 2007, p. 2.

Lembra que no ano 1958 nace en Madrid un grupo de escritores e traballadores que se arremuiñaron arredor de Brais Pinto e compartiron espazo creador coa promoción compostelá, vinculada ao proxecto de Galaxia e responsábeis da colección "Illa Nova". Explica que o grupo conformado en Madrid evolucionou co paso do tempo cara un maior compromiso ideolóxico de sesgo nacionalista e de esquerdas, como foi o caso, entre outros, de Reimundo Patiño, Fernández Ferreiro, Bernardino Graña, Ramón Lourenzo ou Alexandre Cribeiro. Considéraos creadores no amplo sentido da palabra, cunha proxección do vangardismo na súa obra artística e de expresión en galego. Indica que, froito daquel labor, verían a luz *O Naranxo* (1974), de Ramón de Valenzuela ou *Fins do mundo* (1974), de Bernardino Graña. Asemade, comenta que este grupo foi o responsábel dos *Cuadernos da Gadaña*, que viron a luz no 1979 coma unha publicación descontinua e de carácter experimental, que publicou traballos até o momento censurados e monográficos dedicados a diversos pintores e escritores, como o espcial dedicado aos *Poemas Caligráficos* (1979), de Uxío Novoneyra, cun prólogo realizado por Reimundo Patiño no que salienta o traballo do poeta

Castro Rodríguez, Xavier, "Pastor Díaz: político, poeta e prologuista de Zorrilla", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 13 outubro 2007, p. 2.

O autor analiza a traxectoria de Nicomedes Pastor Díaz Corvelle, político, poeta e autor de prólogo da obra de Zorrilla, *Don Juan Tenorio*, salientando que estaba chamado a ser o autor do limiar de *Cantares Gallegos* (1863), de Rosalía de Castro, mais a morte sorpréndeuno en 1863 en Madrid. Da súa producción poética cita o libro *Poesías* (1840) e, en galego, a composición *A alborada* (maio de 1828), considerada unha das primeiras mostras do renacemento literario das nosas letras, así como a *Égloga de Belmiro e Benigno*. Indica que estas dúas obras son recollidas nun volume da viguesa Edicións Monterrey no ano 1951, selo editor detrás do que estaba a figura de Xosé María Álvarez Blázquez, quen ademais é o autor do seu prólogo.

Castro Rodríguez, Xavier, "Berzas' para o caldo literario da nosa terra", *Galicia Hoxe*, "Estraños, raros e esquecidos", 22 decembro 2007, p. 2.

A modo de nota biográfica, indica que Xosé Ramón Fernández-Oxea se dedicou á docencia e ao labor xornalístico nalgunhas das máis importantes cabeceiras de Ourense, como *La Zarpa* ou *O Tío Marcos da Portela*, así como fóra de Galicia. Da súa faceta como creador literario cita *Berzas* (1951), un libro de poemas de algo menos de setenta páxinas, que vía a luz baixo o pseudónimo de *Ben-Cho-Se*. Explica que esta obra se presenta como un corpus moi variado na temática das tres ducias de composicións nas que agroman os espazos, as persoas (un dos poemas está escrito no barallete dos afiadores e paraugueiros, un terreo ao que dedicaría esforzo e estudo), a experiencia persoal e confesional, os cantos de berce, o epitafio e mesmo as composicións do tempo de Nadal.

Castro Soliño, Dorinda, "Poesía dos 90", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 191, "Libros", 18 xaneiro 2007, p. IV.

Informa da publicación na Editorial Laiovento do ensaio *Letras de Cal na produción poética galega dos 90* (2006), de Miguel Louzao Outeiro. Este estudo mereceu o primeiro premio na modalidade de investigación lingüística do Certame Carvalho Calero 2004, convocado polo Concello de Ferrol. Sinala que este ensaio é unha achega ao panorama literario galego dos últimos anos no eido da poesía.

Castro Soliño, Dorinda, "Federico e nós", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 193, "Libros", 1 febreiro 2007, p. IV/"Federico e nós. Madrigais de Lorca", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 185, 10 febreiro 2007, p. 7.

Fai referencia ás visitas que realizou García Lorca a Galiza; unha en 1916 en viaxe de estudos, e outra en 1932 para realizar unha conferencia. A partir destas visitas e máis da relación que Lorca tivo con Ánxel Fole, comenta que o Foro pola Memoria Republicana de Galicia acaba de publicar o volume *Ánxel Fole, García Lorca e os seis poemas galegos* (2006). Esta obra, segundo se indica, contén, ademais do prólogo de Xesús Alonso Montero, nove textos sobre a presenza de Lorca en Lugo, ademais dunha bibliografía e dous capítulos de apéndices: un de textos sobre os seis poemas e outro de facsímiles. Por último, indícase que a obra conmemora o Ano da Memoria e máis o noventa aniversario da primeira visita de Lorca a Lugo.

Castro Soliño, Dorinda, "De aceiro e de mel', *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 200, "Libros", 22 marzo 2007, p. IV.

Dorinda Castro informa da publicación na Editorial Tris Tram da última novela de Xoán Ramón Díaz, *Chuvia mansa* (2006). Esta narración ten os mesmos personaxes protagonistas que *A xeada negra* (2002), é dicir, Manolo Meiriño, un solitario detective que ten como fiel amigo, cómplice e colaborador a Gaiarre. *Chuvia mansa* é, para a autora do artigo, a novela da cidade de Lugo, igual que *A Esmorga* (1959), de Blanco Amor é a novela de Ourense.

Castro Soliño, Dorinda, "Lene son", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 205, 3 maio 2007, p. IV.

Destácase que *Lene son* (2006), de Rosa Llorente é un pequeno volume de noventa páxinas con quince relatos breves introducidos por cadansúa fotografía de tema mariño. Anótase tamén que as mulleres son as protagonistas ou os eixes dos relatos, sexa na voz ou sexa na propia ausencia delas. Por último, dise que se alternan segundas e terceiras persoas, voces masculinas e femininas, cartas, monólogos e outros tipos de discursos.

Castro Soliño, Dorinda, "Da traxedia e da ironía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 215, 12 xullo 2007, p. IV.

Fálase de *Libertarios*, de Salvador Rodríguez, como unha obra moi anárquica dende o punto de vista argumental, os narradores, a técnica e á lingua. Dise que son unha serie de relatos cuxo fío argumental ten que ver coa creación do Exército Galego Libertario no ano 1949, e que o lector acompañará a uns estudantes de xornalismo na súa procura de datos ao respecto. Por último, recóllense unhas palabras nas que o autor di que ese volume é unha apoloxía do anarquismo e unha condena do terrorismo.

Caveiro, Laura, "En Molloy", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 192, "Libros", 25 xaneiro 2007, p. IV.

Destaca a Samuel Beckett como autor cunha obra revolucionaria e céntrase na novela *Molloy* (Galaxia, 2006), unha das mellores do século XX, traducida actualmente ao galego por Anxo Rei Ballesteros. Indica que esta obra está escrita en dúas linguas, inglés e francés, e construída de maneira simétrica pois divídese na narración de Molloy e na narración de Moran; ademais os personaxes aparecen por parellas.

Caveiro, Laura, "Partes da alma", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 198, "Libros", 8 marzo 2007, p. IV./"Camiñando con Antía", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 190, 17 marzo 2007, p. 7.

Dá conta da publicación na Editorial Galaxia do libro *Este camiño que fixemos xuntos* (2006), de Antía Cal. Dise que Antía Cal foi a creadora do colexio Rosalía de Castro en Vigo, no ano 1961, "unha illa na abafante sociedade da época" e que o libro repasa a historia persoal desta muller, aínda que tamén fala de Antón Beiras, o seu marido, eminente oftalmólogo e nacionalista. A autora do artigo destaca tamén a Antía Cal como unha das precursoras no eido da pedagoxía galega.

Caveiro, Laura, "Terra e corpo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 201, "Libros", 29 marzo 2007, p. V.

Laura Caveiro dá conta da publicación na Editorial Galaxia da novela *A casa da paixón* (2006), de Nélida Piñón. Dise que a tradución desta obra ao galego foi feita por Marga do Val e inicia o artigo cun repaso da obra e vida da autora brasileira. Destaca a súa

importancia na literatura brasileira, tanto polas súas obras como por ser a primeira muller que presidiu unha Academia das Letras. Sinala tamén os numerosos premios que recibiu ao longo da súa vida: o Premio Internacional Menéndez Pelayo, o Premio de Literatura Latinoamericana Juan Rulfo, o Príncipe de Asturias das Letras, etc. Logo deste breve repaso pola obra e vida da autora brasileira, Laura Caveiro analiza a novela *A casa da paixón*, da que salienta a súa temática feminista e erótica. Advirte que se trata dunha novela de formación, de transición da adolescencia á idade adulta "a través dos ritos de iniciación sexual".

Caveiro, Laura, "A árbore dos días", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 224, 8 novembro 2007, p. I.

Dá conta da publicación da tradución ao galego por parte de Xavier Rodríguez Baixeras d'*O oficio de vivir* (2006), o diario de Cesare Pavese. Salienta que en boa medida a sona deste escritor procde desta obra, publicada dous anos despois da súa morte por Giulio Einaudi, de quen foi amigo e colaborador na editorial. Menciona tamén a publicación póstuma da súa correspondencia e dos poemas de *Verrà la morte e avrà i tuoi occhi*, escritos días antes da súa morte e inspirados no seu amor pola actriz norteamericana Constance Dowling. A seguir, repara nos recantos íntimos que revelan os diarios de autores como Ionesco, Kafka, Dostoievski, Sylvia Plath, Anaïs Nin ou Katherine Mansfield, e cita algunhas obras do sistema literario galego que recorren aos recursos do diario para crearen un xénero híbrido, como é o caso de *Diarios dun nómada*, de Xavier Queipo, *Anxos de garda*, de Anxos Sumai, ou *O señor Lugrís e a negra sombra*, de Luís Rei Núñez, que utiliza un manuscrito apócrifo que cingue vida e creación. Conclúe apuntando a intensa sensación de verdade que se percibe en todas as páxinas do diario de Pavese, deseñando unha vida inmersa na literatura e a inadaptación dun intelectual italiano fillo da súa época, arrestado en 1935 e tradutor de Defoe e Faulkner.

Costa, Xosé María, "A cerimonia e a palabra espontánea en honra de Lorca", *A Nosa Terra*, n.º 1.257, "Cultura", 22-28 febreiro 2007, p. 28.

Dá conta da publicación polo Pen-Clube de Galicia da escolma poética *Homenaxe dos poetas galegos a Federico García Lorca contra a súa morte* (2006). Sinala que este poemario recolle un feixe de poemas e prosas poéticas de moi variado interese e autoría. Entre os poetas que aparecen homenaxeando ao autor granadino están: María do Cebreiro, Xavier Frías Conde, Luís González Tosar, Xulio L. Valcárcel, etc.

Eyré, Xosé M., "Literatura irónica e brevísima", *A Nosa Terra*, n.º 1.252, "Cultura", 18-24 xaneiro 2007, p. 26.

Comenta o éxito que está a ter a literatura mínima ou literatura ultrabreve, na que as historias son moi curtas e intensas e considera que será o xénero predominante do século XXI. Sinala que a este xénero pertence a obra de Camilo Franco, *Palabras contadas* (2006), entre outras das que dá conta. Sobre a obra de Camilo Franco indica que se estrutura en cen microrrelatos divididos en microcontos, argumentos de novela e bises, e salienta a importancia do índice para unha boa lectura da obra. Comenta a temática das historias e algúns dos recursos expresivos que utiliza o autor, destacando o emprego da ironía.

Eyré, Xosé M., "Novela breve en ton lírico", *A Nosa Terra*, n.º 1.254, "Cultura", 1-7 febreiro 2007, p. 26.

Fai referencia á novela de Miguel Sande *Se algún día esta muller morta* (2006), da que comenta a súa pertenza á narrativa breve, onde o número de personaxes é reducido e a extensión é maior que a dun conto. Indica que a novela consiste "na exploración lírica narrativa das sensacións da muller morta", que é a protagonista da historia, e dá conta do suceder do monólogo que se desenvolve. Comenta algúns aspectos técnicos e, por último, aconsella a lectura de *Destrucción* (2003), de Xabier López Rodríguez.

Eyré, Xosé M., "Camillieri, unha lectura agradábel", *A Nosa Terra*, n.º 1.255, "Cultura", 8-14 febreiro 2007, p. 26.

Fai referencia ao escritor siciliano Andrea Camillieri, considerado como un dos escritores máis lidos de Europa na actualidade. Salienta a súa novela *A pensión Eva* (2006), caracterizada como novela de aprendizaxe onde un neno retrata o mundo da prostitución anos antes do comezo da Segunda Guerra Mundial. Explica que se trata dun discorrer de personaxes coas súas anécdotas e o máis importante nelas é o amor. Tamén destaca unha das características da escrita de Camillieri: o seu humorismo. Por último, recomenda aos lectores a obra *Casas baratas* (2005), de Antón Riveiro Coello.

Eyré, Xosé M., "Galiza versus Galilea", *A Nosa Terra*, n.º 1.256, "Cultura", 15-21 febreiro 2007, p. 26.

Comenta que a Historia ten múltiples interpretacións e a relixión tamén pode ser entendida segundo unha interpretación ou outra. Sobre isto é o que trata a novela de Bernardino Graña, *Protoevanxeo do neto de Herodes* (2006), na que comenta as orixes de Xosé e fala do misterioso nacemento de Xesús. Indica que os protagonistas son María e Xosé e o resto de personaxes teñen unha función similar á do coro grego. Outro aspecto ao que fai referencia é o tratamento lingüístico.

Eyré, Xosé M., "Historia alegórica dun asasino e dunha época", *A Nosa Terra*, n.º 1.257, "Cultura", 22-28 febreiro 2007, p. 26.

Comenta a novela do alemán Sünskind, *O perfume* (2006), traducida ao galego por Luís Fernández Rodríguez. Indica que a obra recrea a Francia do século XVIII e dá conta do argumento da novela, así mesmo, salienta algúns dos simbolismos ou a alegoría presente no final da obra (a comparación co corpo de Cristo cando o protagonista é devorado pola xente). Fai referencia a outros aspectos da novela como a hipocrisía social, a burguesía sen escrúpulos, a nobreza idealista, etc. e, por último, comenta aspectos técnicos e formais.

Eyré, Xosé M., "Uxía Casal presenta vinte e unha historias de terror contemporáneo", *A Nosa Terra*, n.º 1.258, "Cultura", 1-7 marzo 2007, p. 26.

Reflexiona sobre o sentimento do terror e afirma que está presente no mundo popular a través de múltiples representacións como, por exemplo, na novela de Uxía Casal, *Vidas exemplares* (2006), na que presenta vinte e unha historias de terror que non pretenden só infundir medo nos lectores, senón tamén facer reflexionar sobre diferentes actos. Explica que as historias se desenvolven nun principio en ambientes sobrenaturais pero, pouco a pouco, vanse situando en mundos cotiáns, nos que entra o poder da suxestión.

Eyré, Xosé M., "Historias de mulleres en pos da súa autorrealización", *A Nosa Terra,* n.º 1.261, "Cultura", 22-28 marzo 2007, p. 26.

Comenta a obra de María Reimóndez, *O club da calceta* (2006), da que sinala que é unha novela de temática feminista, centrada na historia de seis mulleres que asisten a un club de calceta e isto vai provocar un cambio nas súas vidas, xa que van ser conscientes de que poden xestionar o seu tempo e a súa personalidade. De seguido, comenta brevemente cada historia e, por último, salienta a necesidade dunha lectura "relaxada, reflexiva e concentrada".

Eyré, Xosé M., "Visita exploratoria á casa poética. María do Cebreiro publica a *Os hemisferios*", *A Nosa Terra*, n.º 1.262, "Cultura", 29 marzo-11 abril 2007, p. 26.

Fai referencia ao poemario de María do Cebreiro, *Os hemisferios* (2006), no que a poeta invita ao lector a acompañala cara ao mundo da beleza, que non é outra que a capacidade de sentir. Describe a obra como unha casa sen chave onde o lector ten que descubrir o que hai e que consta de tres andares máis un cuarto escuro. Explica que un dos andares é un Planetario rexido polos planetas do Sistema Solar, outro andar é o das árbores e o terceiro é a categoría "o outro".

Eyre, Xosé M., "Análise feminina do mito de Don Xoán", *A Nosa Terra,* n.º 1.284, "Cultura", 11-17 outubro 2007, p. 26.

Refírese ao volume *As naos afondando*, de Laura Caveiro, que considera de interese a pesar de estar publicado en 2000. Céntrase en describir o mito de Don Xoán, que se trata dende a súa creación, dun mito fundamentalmente masculino, que foi especialmente combativo polas súas vítimas, o universo feminino. Tamén se destaca que nesta novela a súa autora non quixo limitarse a este mito na figura do seu personaxe, Henrique Amaros, senón que quixo sincretizar calquera dos mitos de Don Xoán ou de Casanova que poboan a literatura.

Eyré, Xosé M., "*Limpeza de sangue*, teatro oportuno para ler", *A Nosa Terra*, "Cultura 28", n.º 1.288, 4-13 decembro 2007, p. 28.

A obra teatral *Limpeza de Sangue* de Rubén Ruibal gaña o premio Nacional de literatura dramática e o Álvaro Cunqueiro. O autor do artigo espera que estes premios axuden a que o dramático saia "dese túnel que o converte nun xénero case invisíbel para o lector".

A obra relata como dúas persoas moi diferentes coinciden nunha sala de diálise para limpar o seu sangue. Nesta historia os personaxes defínese polos seus actos.

Faginas, Sandra, "Punzadas de sinceridade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 193, "Letras en galego", 6 xaneiro 2007, p. 12.

Salienta da obra de Camilo Franco, *Palabras contadas* (2006), o feito de que se poida ler de xeito desordenado, é dicir, a obra non obriga a unha lectura secuencial. Así mesmo, comenta que algúns dos elementos vertebradores da mesma son a ironía e o humor que emprega para realizar unha crítica á rutina, á convención social, á relixión, etc. e tamén serve para reflexionar sobre o propio feito de escribir e a literatura con maiúsculas.

Faginas, Sandra, "Sexo, música...e macarróns", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 195, "Letras en galego", 20 xaneiro 2007, p. 14.

Comenta a obra de Diego Ameixeiras, *Tres segundos de memoria* (2006), gañadora do premio Xerais de novela e publicada por Xerais. Explica que Ameixeiras retrata nesta obra a xeración de seres que naceron a finais dos anos setenta e expón os seus maiores problemas (a falta de traballo, de parella estábel, de fillos, etc.), elaborada cun estilo de prosa de novela clásica e cunha boa construción dos diálogos.

Faginas, Sandra, "Maltrato sen violencia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 196, "Letras en galego", 27 xaneiro 2007, p. 10.

Analiza a última novela de Miguel Sande, *Se algún día esta muller morta* (2006), gañadora do Premio de Narrativa Breve Repsol 2006. Comenta que se trata dunha novela-monólogo na que a protagonista é unha muller maltratada que non é capaz de saír da súa desesperación. Indica que o ambiente de tormento e desesperanza contaxia ao lector e dá conta dos seus trazos formais; explica que a obra se estrutura en función do tempo e o espazo e que a división en capítulos ofrece intensidade, ademais de que o acerto da novela se atopa na linguaxe primaria e na sintaxe entrecortada.

Faginas, Sandra, "A desventura do desamor", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 197, "Letras en galego", 3 febreiro 2007, p. 13.

Fai referencia á novela de Manuel Veiga, *Lois e Helena buscándose un día de tormenta* (2006), gañadora do Premio García Barros 2006. Explica o contido da obra e analiza a actitude dos dous personaxes protagonistas, Lois e Helena, que sofren unha historia de desamor. Así mesmo, comenta que a obra se pode considerar unha novela de cidade, onde se describe a vida de Vigo e os seus espazos.

Faginas, Sandra, "Vivir marcado polo destino", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 201, "Letras en galego", 3 marzo 2007, p. 11.

Sandra Faginas informa da publicación na Editorial Sotelo Blanco da novela *Os mércores de Fra* (2006), de Xurxo Sierra. Sinala que esta narración resultou gañadora do Premio Risco de Creación Literaria. A novela narrada en primeira persoa e en *flash-back* ten como protagonista a Arturo Fra, un home que desde neno estivo marcado polo presaxio de que ía morrer un mércores. Desta maneira transcorre o tempo para o protagonista, e así a idea da morte convértese nunha obsesión que o leva a unha vida sen sentido. Desta maneira, e como sinala Faginas, o pánico vital e o humor traxicómico vertebran e enfían a historia do funcionario Arturo Fra.

Faginas, Sandra, "Tecer o universo feminino", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 202, "Letras en galego", 10 marzo 2007, p. 11.

Coméntase que María Reimóndez saca á luz o seu novo libro *O club da calceta* (2006), publicado en Xerais. A seguir, explícase que nesta obra a autora trata de debuxar o mundo feminino, coas súas contradicións, que na obra se plasman a través das preocupacións e dúbidas dun grupo de mulleres que o único que teñen en común é pertencer á mesma asociación onde as ensinan a calcetar.

Faginas, Sandra, "Terror no supermercado", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 205, "Letras en galego", 31 marzo 2007, p. 11.

Deténse no comentario do libro de relatos *Vidas exemplares* (2006), de Uxía Casal, publicado por Edicións Xerais de Galicia. Sandra Faginas, a autora deste artigo, sinala que Uxía Casal experimenta en cada un dos vinte e un relatos do libro diferentes posibilidades de amosar o terror, a anguria, o pánico e o medo. Ao mesmo tempo, os relatos de Casal constrúen unha atmosfera envolvente, estraña, fantasmal, pero chea de personaxes próximos que lle dan verosimilitude. Sandra Faginas destaca o xogo da apariencia, un dos recursos máis empregados nos relatos de *Vidas exemplares*.

Faginas, Sandra, "A praia literaria", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 222, "Letras en galego", 4 agosto 2007, p. 11.

O libro de verán que se recomenda para a súa lectura é *O home inédito* (2006), de Carlos G. Meixide. Afirma que se trata dunha historia de humor feita sobre un protagonista que ten parecido co propio escritor do libro. Engade que nesta obra aparecen datos reais, como o 11-S, e personaxes que tamén son reais, como o presentador da TVG, Anxo Quintela.

Fernández del Riego, Francisco, "Prosas literarias dun prehistoriador", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 215, "Letras en galego", 16 xuño 2007, p. 13.

Preséntase o libro *Prosas galegas* (1962), onde o prehistoriador Florentino López Cuevillas amosa a súa faceta de escritor literario, pola que se considera que debería ser unha figura recoñecida. Indica que o seu libro expresa a profunda preocupación polo tempo que lle tocou vivir e o seu apaixonado amor por Galicia, representada a través da súa paisaxe. Asemade, sublíñase a idea de que os seus estudos de prehistoria non son

máis que unha preocupación pola singularidade de Galicia e, por tanto, unha mostra máis do seu amor para ela.

Fernández del Riego, Francisco, "Astorgano na cultura galega", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 220, "Letras en galego", 21 xullo 2007, p. 11.

Afírma que o historiador astorgano Martínez Salazar foi moi importante na cultura galega porque botou a andar a Biblioteca Gallega na cal se publicaron 52 volumes sen propósito de lucro, sacrificando os seus medios económicos. Explica que nos primeiros anos de século a empresa paralizouse e fundou a revista *Galicia* para despois colaborar en xornais e revistas con traballos de investigación, ademais de deixar publicados moitos libros.

Fernández del Riego, Francisco, "Protagonistas dunha cultura común", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 225, "Letras en galego", 25 agosto 2007, p. 10.

Fai fincapé nas relacións que dende principios do século XX se estabeleceron entre intelectuais portugueses e galegos. Sinala que, igual que en Portugal, houbo en Galicia distintas plataformas destinadas a pór en común o pensamento dun e doutro lado do Miño como é o caso da revista *Renascença Portuguesa*, na cal colaboran escritores destacados de Galicia, así como na revista *Nós* tamén colaboraron escritores de Portugal. Tamén apunta que o Seminario de Estudos Galegos foi outra plataforma que impulsou as relacións culturais entre os dous pobos con iniciativas como a Semana da Cultura Galega, que creou en colaboración coa universidade do Porto. Remata especificando que a xeración que impulsou esta relación se dedicou a estudar os elementos comúns entre Galicia e Portugal de carácter filolóxico, xeográfico e etnográficos.

Fernández del Riego, Francisco, "O Castelao da nosa mocidade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 231, "Letras en galego", 6 outubro 2007, p. 13.

Reflexión sobre a figura de Daniel Rodríguez Castelao, sobre quen afirma que, grazas ás súas publicacións, aprendeu as esencias da vida de Galicia. Asemade, indica o considerado "director espiritual dunha xeneración" fascinaba polos seus debuxos e polos seus escritos, mais tamén pola súa vida, intelexencia e personalidade. Conclúe, tras unha detallada semblanza do persoeiro, que quizais ninguén creou ideas e imaxes máis próximas ao cerne do pobo

Flores, Jesús, "Alberto Ramos: non hai billetes", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 194, "Emerxentes", 13 xaneiro 2007, p. 12.

Refírese á obra prima de Alberto Manuel Ramos Ríos, *Dor pantasma* (2006), gañadora da segunda edición do Premio Biblos-Pazos de Galicia e traducida posteriormente ao castelán por Saleta Fernández Fernández. Comenta que a obra versa sobre a desaparición dunha rapaza nova e o baleiro que supón para a súa familia e, en xeral, para toda a sociedade. Saliéntase da obra a súa narración sinxela, clara e con linguaxe

directa, así como o estilo fresco, o uso de recursos audiovisuais, a descrición dos ambientes, etc. e indícase que incluso presenta pinceladas da novela negra.

Fonte, Ramiro, "Brazos amigos, costas viradas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 2 febreiro 2007, p. 42.

Ramiro Fonte, director do Instituto Cervantes en Lisboa, estabelece as relacións existentes entre os galegos e os portugueses ao longo da historia dos dous países. Dá conta dalgúns escritores lusitanos que fan referencia a galegos nas súas obras, como Eduardo de Noronha en *Memorias dun galego* (1912), ou Teófilo Braga quen inclúe a Rosalía de Castro e Valentín Lamas Carvajal na súa antoloxía *Parnaso portugués contemporáneo* (1877). De seguido, comenta a importancia do Miño en obras literarias como a de Camilo Castelo Branco. Tamén fai referencia á relación que mantiveron os escritores do Grupo Nós cos intelectuais da Renascença portuguesa, principalmente, con Teixeira de Pascoães, e, finalmente, salienta a importancia de manter boas relacións co país veciño.

Fraga, Xesús**,** "Unha edición facsimilar presenta a colección completa da revista '*Yunque*", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 xaneiro 2007, p. 49.

Dáse conta da recuperación do Centro Ramón Piñeiro da publicación *Yunque*, dirixida por Ánxel Fole. Publicación da que se tiña coñecemento dos número catro, cinco e seis pero descoñecíanse os tres primeiros. O achado deses números, levado a cabo por Claudio Rodríguez Fer na casa dun ex-alcalde republicano de Lugo, amosa que os primeiros pasos estiveron vinculados coa publicación *Guión,* da cal se separaron por motivos políticos. Trala desvinculación, observábel na desaparición do subtítulo "Periódico de vanguardia política", na revista perdeu presenza o enfoque político e social a favor do aumento das colaboracións literarias, caracterizadas polo cosmopolitismo e precisión dos temas.

Fraga, Xesús, "O 'método ruso' de Amis", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 194, "Letras en galego", 13 xaneiro 2007, p. 10.

Comenta a obra de Martin Amis, *A casa dos encontros* (2006), publicada por Galaxia e traducida ao galego por Eva Almazán. Explica o porqué do título da novela e indica que a historia se centra no acontecer dos campos de traballo, chamados gulags. Comenta que o protagonista relata a modo de carta, á súa fillastra, as xornadas que viviu no campo de traballo e o triángulo amoroso que alí estabeleceu. Por último, analiza de xeito detallado o narrador da novela.

Fraga, Xesús, "O triunfo da intelixencia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 200, "Letras en galego", 24 febreiro 2007, p. 15.

Refírese o *Decamerón*, un dos clásicos italianos que publicou a editorial Rinoceronte en 2006. Da obra salienta a exaltación do feito narrativo e da arte de contar . Indica que as súas historias están íntimamente vinculadas á vida e que están estruturadas en conxunto

de dez por día durante dez xornadas. Engade que cada un destes apartados está presentadp por unha introdución e remata nunha conclusión na que se recita ou canta algún tipo de poesía popular. Respecto aos temas, sinala que a obra mostra unha patente influencia da mística medieval, pero considera que o ánimo satírico distancian os contos dos ideais medievais. Por último, considera de especial interese o prólogo de Cunqueiro, concebido inicialmente como unha conferencia sobre Bocaccio.

Franco, Camilo, "Normalidade do paradoxo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 198, "Letras en galego", 10 febreiro 2007, p. 11.

Fai referencia á obra de Samuel Solleiro, *Dz ou o libro do esperma* (2006), na que o autor expón as súas queixas contra a saudade. Comenta que se trata dun libro de relatos melancólicos, no que xoga coas circunstancias, cheas de humor malintencionado. Ademais, explica que as obras de Solleiro "invitan a participar no intercambio social da lectura" e nas que personaxes mediocres están convencidos de que selo é un estilo de vida.

Franco, Camilo, "Algúns camiños do esperpento", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 202, "En Portada", 10 marzo 2007, p. 12.

Camilo Franco informa da publicación na Editorial Xerais da obra dramática *Limpeza de sangue* (2006), de Rubén Ruibal. Este libro resultou gañador do Premio de Teatro Álvaro Cunqueiro 2005. Sinala o autor deste artigo que esta obra de teatro ten características que a achegan á novela: os personaxes resistentes, os espazos parcheados… Trátase dun teatro que bebe nas últimas obras dun dos máis importantes dramaturgos da literatura galega actual: Roberto Vidal Bolaño. Insiste tamén, Camilo Franco, no autorecoñecemento do propio autor das súas débedas teatrais.

Franco, Camilo e Xesús **Fraga**, "Galicia na babel de linguas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 233, "Letras en galego", 20 outubro 2007, pp. 2-3.

Analízase o aumento de traducións de obras ao galego e dalgunhas tradución de obras galegas ao inglés. Con convencemento de que o galego pode ser unha lingua normalizada para o acceso á cultura universal, escritores dende Álvaro Cunqueiro a Carlos Casares achegaron a importantes autores, como William Shakespeare ou Paul Auster, coas súas traducións. Asemade, saliéntanse iniciativas como a editorial Rinoceronte, dirixida por Moisés Barcia, que, pese a atopar unha actitude favorábel cará a literatura universal en galego, afirma que as vendas son moi escasas.

Freire, Carlos, "Camora de Nápoles", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 190, "Libros", 11 xaneiro 2007, p. V/"Camorra de Nápoles. Unha viaxe sen retorno", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 182, 20 xaneiro 2007, p. 7.

Comenta a obra *Pericles o negro* (2006), do escritor italiano Giuseppe Ferrandino, que foi traducida ao galego por María Cristina González Piñeiro e publicada pola editorial Rinoceronte. Explica que a novela está narrada por un personaxe que é ex actor de

películas pornográficas e que traballa como sodomita a soldo; indica que a obra mostra a desesperación e a crueldade da Camorra napolitana. A continuación, comenta que Giuseppe Ferrandino é guionista de cómics e isto nótase na construción da obra porque é moi visual, esquemática e cunha linguaxe directa. De seguido, caracteriza ao protagonista da novela e os espazos, así como, diferenza o xeito de actuar da Camorra napolitana e da Mafia siciliana.

Freire, Carlos, "O sexo é delas. Nova narrativa erótica feminina", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 219, 4 outubro 2007, p. I/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 211, 6 outubro 2007, p. 6.

Reflexiona sobre o mundo da literatura erótica en Europa, no que, na actualidade, triunfan as mulleres. Indica que unha das autoras máis representativas desta corrente é a francesa Véronique Olmi coa novela *A chuvia non mata o desexo.* En Galicia pódese destacar a colección de ensaios "Sexo e lugar", na que participa Carmen Blanco.

Garea, Fernando, "O cubano Lugrís", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 638, 7 xaneiro 2007, p. 15.

Recensión en recordo de Manuel Lugrís para rememorar e loar o seu labor de promotor e impulsor da lingua galega dende o exterior, concretamente dende Cuba, onde fundou, xunto con Ramón Armada Teixeiro, no ano 1885, a *Gaita Gallega*, primeira publicación en galego de América.

Garea, Fernando, "Semente do galeguismo", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 639, 14 xaneiro 2007, p. 15.

Neste artigo téntase deixar clara a importancia que tiveron personaxes coma Ramón Armada Teixeiro ou Manuel Curros Enríquez, entre outros, na difusión e non abandono da lingua galega, coidando polo mantemento da mesma dende a emigración.

Garea, Fernando, "Escolas republicanas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 651, "Áreas galegas de identidade propia", 8 abril 2007, p. 18.

Achega ás escolas republicanas, na que sinala que foron moito máis que escolas, pois convertéronse tamén nun símbolo idealista dun novo tempo que terribelmente se verá asasinado e máis mutilado. Detense nalgúns traballos literarios nos que estas institucións foron obxecto de atención, como a crónica da escola de Coirós. Considera entre as máis destacadas sexa a obra de Manuel Rivas, *A lingua das bolboretas* (Galaxia, 2005), que posteriormente foi levada ao cine.

Giadás, Luis, "Un feixe de tesouros", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 638, 7 xaneiro 2007, p. 14.

Faise neste artigo unha loa a algúns escritores que dende o exterior de Galicia no derradeiro terzo do século XIX, levaron a cabo un labor defensivo e divulgador da lingua e a cultura galegas. Forman parte deste grupo personaxes coma Aureliano Pereira, Alfredo Brañas ou Manuel Murguía, entre outros.

Gil Gómez, Adolfo, "Caperucita Roja y demás cuentos nacionalistas", *La Opinión*, "Opinión", 13 marzo 2007, p. 29.

Despois de aludir á instrumentalización que se fixo dalgúns contos clásicos, critica unha representación de títeres incluída no programa "A Cultura Circula", que alude ao conflito lingüístico en Galicia. Considera que o importante é o criterio de selección de actividades que se propician e "se perpetran contra nuestros niños".

Giráldez, José Miguel A., "Miller volve en galego", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Literatura", 18 febreiro 2007, p. 10.

O filólogo Xurxo Borrazás, publica a súa tradución da obra *Trópico de Cáncer* (1934), de Henry Miller. Pero non cesa no seu traballo, e agora está a traducir do inglés a obra *O son e a furia* (1929), de Faulkner. O seu labor non só consiste na tradución, senón que este home está a ser considerado un dos máis sobresaíntes escritores en lingua galega das dúas últimas décadas.

Gómez, Jose, "Revisitando a romántica fantasía de Vicetto", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 431, "Reportaxe", 3 xuño 2007, pp. 2-4.

Afirma que a obra de Benito Vicetto quedou eclipsada pola obra de Manuel Murguía, outro historiador do seu tempo que practicou unha historia positivista. Explica que a razón pola que se lle restou importancia á obra de Vicetto foi debido a que tiña unha especial predilección por incorporar narrativa literaria dentro da súa obra historiográfica. Indica que a obra historiográfica deste escritor tivo grande importancia, xa que foi o único que fixo unha *Historia de Galicia* completa, obra que contribuíu a crear o espírito nacional. Asemade, sinala que outro feito importante na historiografía de Vicetto foi que descubriu e deu a coñecer o nobiliario de Vasco da Ponte, básico para entender a transición da Idade Media á Moderna. Por último precisa que a obra de Vicetto está en castelán, mesmo a *Historia de Galicia*, a pesar da defensa que fai do galego en todos os ámbitos.

Gómez, Jose, "Colección Céltiga: os 20 e a normalización literaria", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 443, "Reportaxe", 26 agosto 2007, pp. 2-4.

Reportaxe destinada a dar a coñecer o significado da *Colección Céltiga* para a cultura e literatura galega. Explica que *Céltiga* é unha obra que conta cunha importante función normalizadora, que é a de dotar a literatura galega dos xéneros narrativo e dramático dos cales non estaba aínda provista. Por outra parte, recóllese como outro dos obxectivos da colección o feito de estar dirixida a un sector social que estaba lonxe da literatura galega como era a burguesía urbana. Sinálase como mérito desta colección a

achega da literatura aos quioscos. Finalmente, faise unha pequena síntese dos autores e do tipo de obras que podemos encontrar en *Céltiga*. Así conclúe que a colección cumpre un dos obxectivos das Irmandades, que é o achegamento das masas a unha literatura concienciada.

González Pérez, Clodio, "Barbantia'. Anuario de Estudos do Barbanza", *Galicia Hoxe*, "O rodicio do tempo", 6 xaneiro 2007, p. 4.

Indica que como agasallo de Nadal recibiu o volume número dous do anuario *Barbantia* e que trata aspectos relacionados coas terras da península do Barbanza. Explica cáles son as vilas que compoñen esta comarca e, de seguido, fai referencia ao volume do que salienta e achega as verbas iniciais. A continuación indica algúns dos traballos recollidos no anuario, entre os que se atopan os relacionados coa literatura galega, que son, entre outros, o artigo sobre a poeta María Mariño, sobre o almirante trobador Paio Gómez Chariño, a achega de Rodríguez Santamaría sobre a Guerra Civil e os narradores do franquismo, as versións galegas d'*A caída de Finnegan*, de James Joyce, e *As Iluminacións*, de Rimbaud, etc. Por último, comenta que a Biblioteca Barbantia, durante o 2006, tirou do prelo os seguintes libros: *Voces na materia* ("Encontro de creadores no Barbanza", Porto do Son, 2005), *Un río de sangue e tinta. A Guerra Civil española e o franquismo na narrativa dos galegos* (Román Arén), *Voces na guerra* (coordinación Lola Arxóns e Antón Riveiro Coello) e *Luces na cidade. II Encontro de Creadores do Barbanza materia* (Riveira, 2006).

Iglesias, Óscar, "Pode haber un Valéry en Carballo e non o sabemos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 9 febreiro 2007, p. 44.

Texto no que Alberto Vilanova fala do seu regreso á poesía en lingua galega despois de vinte anos publicando en español. Indícase que o seu primeiro libro en galego foi *A lenda das árbores de prata* (1985) e que agora publica *A esmeralda branca* (2006). Con referencia a este volume, apúntase que é un cancioneiro de máis de cinco centas páxinas e tamén se detén na descrición da súa produción literaria e nas súas lembranzas sobre Galicia e sobre España. Finalmente indica que lle gustaría que se recoñecese "o meu traballo en galego e en castelán".

Lorenzo Gil, César, "Rinoceronte publica a primeira obra orixinaria do xaponés", *A Nosa Terra*, n.º 1.273, "Cultura", 21-27 xuño 2007, p. 25.

Indica que a editorial Rinoceronte que en xaneiro de 2006 presentaba o seu primeiro volume titulado *O bosque dos raposos aforcados*, do finés Arto Paasilinna, ten hoxe vinte dous novos libro en elaboración despois de publicar trece dende o momento en que se puxo en marcha. Explica que a editorial Rinoceronte se presenta así no panorama editorial galego como unha empresa que pretende dar a coñecer libros clásicos de literaturas afastadas á nosa, como a xaponesa, lingua da que se traduce por primeira vez un libro en galego nesta editorial.

Loureiro, Ramón, "Secreta emoción, alma de versos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*",

n.º 199, “Letras en galego”, 17 febreiro 2007, p. 14.

Comunícase a publicación do ensaio *Tres miradas poéticas* (2006), do crítico da literatura galega Luciano Rodríguez, pola editorial Laiovento. Indica que a obra abarca os seus traballos sobre Fernando Pessoa, Aquilino Iglesia Alvariño e Xavier R. Baixeiras, explicando que o feito de estar recollidos nun só volume achega unha nova perspectiva sobre a “maneira de mirar a poesía”. Como valoración desta obra, dise que leva ao lector até a cerna da escritura, ao que permite comprender o feito creativo.

Loureiro, Ramón, “Pavese, tamén el entre as sombras”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 228, “En Galego”, 15 setembro 2007, p. 13.

A propósito da publicación por parte da editorial Galaxia da tradución ao galego d’*O oficio de vivir* (2006) realizada por Xavier Rodríguez Baixeras, comeza lembrando que Cesare Pavese, unha das figuras fundamentais da cultura europea do século XX, traballou na escrita do libro até poucos días antes do seu suicidio, aos corenta e dous anos de idade. Salienta que se trata dunha das obras que máis influíron nos creadores actuais, e cita como exemplo a Carlos Casares, e que Pavese responde ao prototipo do intelectual ademais de ser un atento lector de clásicos como Defoe, Joyce, Melville e Faulkner, o cal lle fai pensar nas “zonas de sombra nas que a literatura se volve especialmente fértil, porque nelas os autores se enchen de voces que lles falan sen necesariamente desvelar a súa procedencia, e porque alí, nas temibles proximidades do delirio, descorre doutro xeito o río da conciencia”.

Lourido Hermida, Isaac, “O mundo non coñece o seu naufraxio”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 415, “Libros”, 11 febreiro 2007, p. 20.

Informa da publicación na Editorial Libros da Frouma do poemario *Obertura sen héroe* (2006), de Yolanda Vázquez. Explícase que este é o segundo poemario da autora, despois de *Verdugos impolutos* (2005) e que resultou gañador do I Premio de Poesía Antón Tovar (2006). Sinálase que o libro conta tamén con ilustracións da propia Yolanda Vázquez e é un poemario de compromiso social, “de risco formal e de expresión complexa dunha subxectividade”. Isaac Lourido destaca tamén o feminismo presente en moitos dos poemas de *Obertura sen héroe*.

Martínez Bouzas, Francisco, “Relato dunha fuxida”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 191, “Libros”, 18 xaneiro 2007, p. V/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 187, 24 febreiro 2007, p. 7.

Comenta os éxitos obtidos polo escritor Carlos Quiroga, que é un dos poucos que escollen a ortográfica reintegracionista para as súas obras, e propón como exemplo, *Inxalá* (2006), na que a lingua se aproxima ao portugués na ortografía, no léxico e nas estruturas gramaticais. De seguido comenta o seu contido, do que salienta a complexidade da obra e que xira ao redor dunha fuxida. Ademais salienta a escasa acción da obra e critica as “excesivas doses de reflexión e de metaliteratura”.

Martínez Bouzas, Francisco, “Trópico, trópico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º

196, 22 febreiro 2007, p. IV/"Trópico, trópico. O caos existencial de Miller", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 188, 3 marzo 2007, p. 7.

Comenta a novela de Henry Miller, *Trópico de Cáncer* (2006), traducida ao galego por Xurxo Borrazás e publicada por Galaxia. A obra escapa a toda convención e nela trátase o sexo con toda naturalidade. Indica que a obra se ambienta en París e o seu desenvolvemento narrativo é moi caótico, ao tratarse dunha serie de situacións, de encontros esporádicos. Tamén comenta que a novela non se axusta ás expectativas do feminismo, xa que as mulleres son consideradas como instrumentos para obter pracer.

Martínez Bouzas, Francisco, "Prosa densa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 197, "Libros", 1 marzo 2007, p. V/"Martin Amis, obsesións en galego dun inglés", *El Correo Gallego*, "*El Correo2*", "Literatura", 11 marzo 2007, p. 8.

Informa da publicación por parte da Editorial Galaxia, dentro da colección "Biblioteca Compostela de Narrativa Europea", da novela de Martin Amis, traducida ao galego por Eva Almazán, *A casa dos encontros* (2006). Comenta o seu argumento, que se centra no tema da Unión Soviética, tratado xa anteriormente por Amis noutras obras, e a historia transcorre a través dun triángulo amoroso. Salienta a importancia do narrador e comenta o estilo realista da novela. Finalmente, afirma que se trata dun libro político aínda que o autor considere que non reflicte nel a súa ideoloxía.

Martínez Bouzas, Francisco, "A pomba dos anxos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 198, "Libros", 8 marzo 2007, p. V/, "Xesús neto de Herodes: a versión galega", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*" , 1 xullo 2007, p. 10.

Explica que os evanxeos se poden considerar como un xénero literario independente, que contan a historia dun xeito particular, aínda que non sempre auténtico. Así pois, fai referencia á interpretación que Bernardino Graña amosa na súa novela *Protoevanxeo do neto de Herodes* (2006), sobre o nacemento e os primeiros anos da vida de Xesús. Narra o argumento da obra e salienta que non se trata dun libro de historia, senón de ficción, cun léxico galego e unha sintaxe "exquisita".

Martínez Torres, Dolores, "Dor que lacera", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 195, "Libros", 15 febreiro 2007, p. IV.

Comenta a obra de Alberto Manuel Ramos Ríos, *Dor pantasma* (2006), gañadora da segunda edición do Premio Biblos-Pazos de Galicia. Comenta que a obra versa sobre a desaparición dunha rapaza nova e o baleiro que supón para a súa familia e, en xeral, para toda a sociedade, e dá conta do argumento. Salienta o ritmo lento, cunha narración sinxela, clara e cunha linguaxe directa. Indica que bota en falta unha maior profundidade, sobre todo, no tratamento da dor.

Martínez Torres, Dolores, "Da maxia redentora", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 196, "Libros", 22 febreiro 2007, p. V.

Fai referencia á novela do escritor checo Bohumil Hrabal, *Unha soidade demasiado ruidosa* (2006), traducida ao galego por Fernando de Castro e publicada pola Editorial Rinoceronte. Comenta o argumento da novela e dá conta do sufrimento que está a pasar o seu protagonista, así mesmo, indica que nela se produce a decadencia da letra escrita xunto á traxedia do protagonista.

Martínez Torres, Dolores, "Modernismo británico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 199, "Libros", 15 marzo 2007, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 191, 24 marzo 2007, p. 7.

Fai referencia á obra *De espellos, trens e outros velenos* (2006), traducida ao galego por Begoña Rodríguez Otero. Explícase que o volume é unha escolma de contos de tres escritores representativos do modernismo británico: V. Woolf, D. H. Lawrence e K. Mansfield. A continuación comenta que, aínda que son ben diferentes en canto a estilo e experiencias, os tres comparten unha lúcida sensibilidade fronte ás circunstancias dunha época. Por último, sinala que mentres Wolf estabelece un diálogo interior na súa obra, Lawrence plasma o colflito entre o individuo e a civilización, mentres que de Mansfield subliña unha psicoloxía sutil.

Martínez Torres, Dolores, "Klandestina", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 218, "Libros", 27 setembro 2007, p. V.

Comenta que este libro publicado en 2007 é a terceira reedición do volume "de rancores enquistado" titulado *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade*, de Marilar Aleixandre, que xa se publicara en 1998. Coméntase que está ambientada nunha cidade imaxinaria cunha trama que xira ao redor das campañas organizadas por unha misteriosa organización chamada Kompañía Klandestina de Kontrapublicidade que se dedica a denunciar os abusos das entidades que deberían "contribuír ao benestar da sociedade: metro, bancos, Facenda, sectores eléctrico e telefónico, etc.". Finalmente apunta que as historias transversais deixan máis pouso que a orixinalidade do seu argumento.

Méndez Ferrín, X.L., "Camilo X. Cela", *Faro de Vigo*, "No fondo dos espellos", "*El Sábado*", n.º 502, 3 marzo 2007, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 189, "Ensayos", 10 marzo 2007, p. 3.

Refire as diversas relacións que mantivo Camilo José Cela coa cultura galega. Dá conta das persoas galegas coas que mantivo un trato máis directo e comenta que el mesmo promoveu a tradución ao galego de *La familia de Pascual Duarte*. Afirma que Cela publicou en *Papeles de Son Armadáns* varios textos galegos e que ademais conseguiu retirar do dicionario da RAE, as consideracións despectivas do termo "galego" e introduciu a verba "saudade". Así mesmo, apunta que Olivia Rodríguez González compilou os textos galeguistas de Cela publicados entre 1940 e 2001 baixo o título de *Retorno a Iria Flavia*. Por último, fai referencia a dúas obras do escritor baseadas en Galicia: *Mazurca para dos muertos* e *Madera de boj*.

Méndez Ferrín, Xosé Luis, "Librarías dun Ourense defunto", *Faro de Vigo,* "*El*

Sábado", n.º 505, "No fondo dos espellos", 24 marzo 2007, p. 4/"Librarías dun Ourense defunto", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 192, "Ensayos", 31 marzo 2007, p. 3.

Lembra algunhas das librarías que existiron en Ourense e comeza citando as dúas barracas que había na Alameda, unha especializada en novela rosa e de vaqueiros, e outra, pertencente ao señor Clemente, que comerciaba con novelas e contos. A seguinte libraría que fai referencia é La Industrial, dirixida por Paco e Caamaño, e na que Ferrín tivo os primeiros contactos co mundo da imprenta. De seguido, lembra a libraría Viúda de Lisardo, a cal é a única que permanece aberta na actualidade. Por último, fai referencia ás grandes librarías da Praza Maior: Resvié, Riol e a Libraría Casas, situada no Espolón.

Méndez Ferrín, Xosé Luis, "Pobre pai de Curros", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 514, "No fondo dos espellos", 2 xuño 2007, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 201, "Ensayos", 9 xuño 2007, p. 3.

Comézase facendo unha loubanza de Manuel Curros Enríquez como un dos poetas máis biografiados de Galicia para centrarse logo na figura do seu pai. Explícase que non é de todo certo que o carácter e a vida de Curros estivesen determinados pola figura paterna, xa que nun recente documento de 1854, atopado por un investigador galego, aparece o pai do poeta como unha das persoas que desempeñaron un dos postos de importancia no goberno republicano do concello de Celanova.

Méndez Ferrín, X.L., "Masón e evanxelista", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 515, "No fondo dos espellos", 9 xuño 2007, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 202, "Ensayos", 16 xuño 2007, p. 3.

Rectifícase un episodio da vida de Curros que foi tratado como verdadeiro por moitos biógrafos, trátase da súa estancia en Londres ensinando á familia dun pastor protestante castelán despois de abandonar a casa paterna por malos tratos do pai de Curros. Segundo informa este artigo Curros foi evanxelista na cidade de Madrid. Desta forma, segundo as investigacións de Patrocinio Ríos a imaxe de Curros é a dun home preocupado pola cuestión relixiosa e crítico coa Igrexa Católica, pero partidario da fe pura.

Méndez Ferrín, X.L., "O povo é quem mais ordena", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", "No fondo dos espellos", n.º 516, 16 xuño 2007, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 203, "Ensayos", 23 xuño 2007, p. 3.

Considera que a figura de Curros Enríquez continúa a ser lembrada a base de reedicións das súas obras, actos e creación de estatuas durante o rexime franquista. Sinala que os franquistas mesmo chegaron a participar en actos de loubanza a Curros, a pesar de ser republicano e anticatólico. Estes acontecementos son explicados mediante a cita de José Afonso: "o povo é quem mais ordena", pois cre que, aínda que haxa un rexime totalitario, o pobo é capaz de paralizalo coas súas ideas.

Méndez Ferrín, X.L., "Curros indivisíbel", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 517, "No fondo dos espellos", 23 xuño 2007, p. 4/ "Curros indivisíbel", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 204, "Ensayos", 30 xuño 2007, p. 3.

Confesa o firmante deste artigo que procede dunha tradición que considera que Curros Enríquez é indivisíbel. Neste senso, explica que xa o seu pai escribía sobre el con ton admirativo en *La Zarpa*, de Basilio Álvarez en 1919. Asemade, Celso Emilio Ferreiro, padriño do seu pai, tíñao por modelo poético e de conduta. Pola súa banda, recolleu toda esta admiración polo conxunto da súa obra, sen distincións entre a súa literatura ideolóxica, prescindíbel para algunhos, e a máis sentimental, que se acepta deun xeito unánime. Afirma que a división que se fai entre a literatura costumista e satírica é froito de interpretacións que se fixeron por parte de figuras que criticaron a Curros por reaccionario, como os galeguistas que lideraba Ramón Piñeiro, Emilia Pardo Bazán ou Ricardo Carballo Calero.

Méndez Ferrín, Xosé Luis, "Coruña e femias armadas", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 518, "No fondo dos espellos", 30 xuño 2007, p. 4.

Méndez Ferrín lembra neste artigo o valor dalgunhas mulleres coruñeses que se dedicaron ás letras e que na actualidade os seus nomes non son coñecidos. Refire a historia de Fanny Garrido, de Francisca de Herrera, de Sofía Casanova, de Xoana Vega e da máis coñecida, Emilia Pardo Bazán. Comenta ademais que moitas destas mulleres sobresaíron tamén no mundo militar, defendendo a súa cidade con coraxe e valor.

Méndez Ferrín, X.L., "Poesía e música de Balneario", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 208, "Ensayos", 28 xullo 2007, p. 3.

Comenta que o médico Enrique Peinador Vela foi o dono do balneario de Mondariz e para ver incrementados os ingresos do seu negocio faise amigo da poetisa Fanny Garrido, viúva de Marcial del Adalid. A partir da relación con esta consegue a letra e a música que serven para impulsar balneario de Mondariz durante finais do x XIX, momento en que o balneario tiña moita fama. Sabemos por este artigo que tanto a letra como a música que servían como publicidade da empresa non foi creado inicialmente con este fin e é colocado ao poema de Fanny Garrido o título de "Mondariz" despois de llo pedir por encargo Enrique Peinador Vela.

Méndez Ferrín, X.L., "Breogán Cabeleira Florida", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 524, "No fondo dos espellos", 11 agosto 2007, p. 4.

Neste artigo transmítese a historia de Breogán tal e como aparece no libro que usaron Murguía e Pondal que é unha tradución francesa do Lebor Gabala fita por Henri Lizeray e William O'Dwyer. Segundo este libro Brath chegou a Hispania onde lle naceu un fillo chamado Breogán quen construíu a cidade da Coruña (Brigantia). O fillo de Breogán chamado Ith foi quen viu Irlanda situado na Coruña e dirixíronse alí el e o resto dos habitantes da Gallaecia. Despois conquistaron esta terra e desta forma sabemos que os descendentes de Breogán que partiran Brigantia foron os habitantes de Irlanda.

Méndez Ferrín, X.L., "Nazón de Breogán", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 525, "No fondo dos espellos", 18 agosto 2007, p. 4.

No artigo recóllese unha explicación do que significa o celtismo para o movemento nacionalista e para os galegos. O autor do texto considera que a historia de Breogán incorporada ao nacionalismo do s XIX é realmente hoxe en día un sentimento que une aos galegos e que tamén está presente en Portugal como o Ferrín constatou persoalmente. O mito de Breogán é neste sentido un mito hoxe en día útil porque nos une desde o punto de vista sentimental, pero hai que ter en conta que a realidade histórica de Galicia e do nacionalismo galego presenta unha realidade diferente.

Méndez Ferrín, Xosé Luis, "Editores vigueses", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 528, "No fondo dos espellos", 8 setembro 2007, p. 4.

Ferrín fai un repaso á historia da cidade de Vigo como símbolo ou capital da editorial galega. Entre todas as empresas editoriais destaca Edicións Xerais de Galicia, xa que considera que se atopa en plena forma produtiva. Conclúe que na actualidade Vigo xera un cincuenta por cento da produción editorial de Galicia.

Méndez Ferrín, X. L., "A Virxe do Cristal", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 537, "No fondo dos espellos", 10 novembro 2007, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 161, "No fondo dos espellos", 17 novembro 2007, p. 12.

Fai referencia á celebración que se realiza todos os anos en Vilanova dos Infantes como homenaxe á Virxe do Cristal. Describe como se representa esta imaxe e o descoñecemento que existe en canto á súa orixe e, de seguido, comenta que Manuel Curros Enríquez dedicou un poema á Virxe baseado na lenda. Por último, relata o que acontece o día da procesión e explica o tipo de danza que realizan en homenaxe.

Méndez Ferrín, X. L., "Pómulos famosos: pé de foto", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 538, 17 novembro 2007, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 162, "No fondo dos espellos", 24 novembro 2007, p. 12.

Presenta unha fotografía de Rosalía de Castro coa súa familia na horta da Casa da Matanza, na que aparecen Murguía e os seus fillos: a maior, Alexandra, as dúas nenas Gala e Amara, e os xemelgos, Ovidio e Aura. Describe a posición de cada un dos fotografados e céntrase en Rosalía de Castro, da que salienta o seu xesto, a vestimenta, o peiteado, etc. Por último, comenta que presentan unha familia esquecida dos modais afidalgados e que podemos consideralos "fillos da Revolución Galega".

Méndez Ferrín, X. L., "A novela familiar de Rosalía de Castro", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 539, "No fondo dos espellos", 24 novembro 2007, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 163, "No fondo dos espellos", 1 decembro 2007, p. 12.

Explica que hasta mediados do século XX as circunstancias do nacemento e infancia de Rosalía de Castro eran claras. Achega a descrición de Carballo Calero sobre a vida da poeta e, de seguido, afirma que eses datos non son correctos. Indica que non é seguro que o seu pai fose Xosé Martínez Viojo, nin que a súa nai a abandonase ao nacer, o que si afirma Méndez Ferrín é que a súa segunda nai foi a criada María Francisca Martínez e que viviron as tres (nai, filla e criada) en Padrón no ano 1842. A continuación explica cáles puideron ser os motivos para crear tal confusión e, finalmente, afirma que a vida de Rosalía de Castro "áchase embazada pola mitificación e polas fantasías escritas e de transmisión oral", a cal require unhas investigacións ben consolidadas neste século XXI.

Méndez Ferrín, X. L., "Sol Negro, Negra Sombra ("Sobre a paternidade de Rosalía de Castro" (entrega n.º 2)", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 540, 1 decembro 2007, p. 4*/La Opinión*, "*Saberes*", n.º 164, "No fondo dos espellos", 8 decembro 2007, p. 12.

A partir dun soneto de Gérard de Nerval, titulado en castelán "El desdichado" e recitado en galego por Ramón Otero Pedrayo nunha entrevista que lle fixera Ricardo Carballo Calero, vanse fiando as distintas coincidencias entre o poeta romántico francés e Galicia, como unha estatua dedicada a el no centro de París xunto a outra de Santiago peregrino. Máis alá desta anécdota, sinala que Manuel Outeiriño escribiu unha potente paráfrase do soneto de Nerval, ao mesmo tempo que Eduardo Pondal aproximouse ao seu *Sol Negro*. Chégase finalmente á idea de que a figura de Nerval é realmente "o pai" de Rosalía de Castro, como así o sinalan certos elementos da súa obra, como a aparición continua das rosas ou do propio nome de Rosalía nalgún dos seus versos.

Méndez Ferrín, X. L., "O verdadeiro pai de Rosalía de Castro (entrega n.º 3), *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 541, 8 decembro 2007, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 165, "No fondo dos espellos", 15 decembro 2007, p. 12.

Dáse unha nova versión sobre a verdadeira identidade do pai de Rosalía de Castro que tamén se recolle nun boletín francés. Coméntase como posíbel identidade a dun poeta romántico francés, Gérard de Nerval, o cal vivía en París pero nunha visita a Compostela para esquecer penas de amor coñece á nai de Rosalía coa que comeza unha relación furtiva. Engádese finalmente que, unha vez de volta a París, recibira unha carta de Teresa De Castro Abadía facéndoo sabedor de que tiveran unha filla e que el escribe un poema titulado *El Desdichado* onde dá conta do feito e posteriormente, antes do seu suicidio en París en 1855, redactou as páxinas da novela curta *Aurelia* na que lembra a figura da nai de Rosalía.

Méndez Fonte, Rosa, "Os nosos poetas: Alberto Camino Siguert", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 444, "Patrimonio e sociedade", 2 setembro 2007, p. 7.

Recóllese o conxunto de poemas de Alberto Camino e a publicación onde viron á luz xunto coa temática dos seus poemas. Entre os poemas en lingua galega cítase "O desconsolo", "Nai chorosa", "Dorme", "Lejos d-éla", "Coitadiño", de carácter sentimental e "A foliada de San Xoán", "Repique" e "Obligado de Corno" de corte costumista. En castelán cítanse poemas como "Amor maternal", a comedia "A la vejez aladares de pez" e o drama "Lisardo el estudiante".

Méndez Fonte, Rosa, "Vellos libros de poesía", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 448, "Patrimonio e sociedade", 30 setembro 2007, p. 7.

A autora do artigo repasa a historia da poesía en Ferrol e rememora dúas obras, *I Muestra de Poesía* (1977) e *Mostra de poetas ferrolanos de expresión galega* (1978). Da segunda das obras dise que pretende, dende o localismo, difundir os nomes dunha serie de ferroláns dedicados a poesía, entre os que cita a Fernando Esquío, Alberto Camino ou Domingo Díaz de Robles. Asemade, recolle os poemas doutros escritores máis novos, como Mario Couceiro, Berm¡nardo Maiz ou Pedro Blanco Llano.

Méndez Fonte, Rosa, "Cousas de Ferrol: Miguel González Garcés", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 458, "Patrimonio e sociedade", 9 decembro 2007, p. 7.

Fálase neste artigo de Miguel González Garcés, "poeta e autor de hermosos libros como *As faíscas do soño* (1972) ou *Un nome só na néboa* (1989). Rosa Méndez Fonte aproveita para falar doutros creadores: Santiago Montero Díaz, Ricardo Carballo Calero, Mario Couceiro…

Mera, Héitor, "D'O Perfume", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 194, "Libros", 8 febreiro 2007, p. IV.

Comenta que no século XX se avanzou moito nas técnicas narrativas e unha mostra é a novela do alemán Patrick Süskind, *O perfume* (2006), traducida ao galego por Luís Fernández Rodríguez e editada por Sotelo Blanco. Dá conta do argumento da novela e salienta a calidade literaria da mesma. Por último, anima a todos aqueles que aínda non a leron, que o fagan e critica a versión cinematográfica que se fixo da novela.

Mera, Héitor, "Bocaccio en galego", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 201, "Libros", 29 marzo 2007, p. IV.

Dise que a Editorial Rinoceronte publicou a tradución ao galego do *Decamerón* (2006), de Giovanni Boccacio, realizada por Moisés Barcia, así como tamén a edición e as notas. Explícase que na obra se ofrece como prólogo un discurso dado por Álvaro Cunqueiro hai trinta anos. Sinálase que con este volume se inicia a colección "Vétera", na que se outorgará especial coidado ás edicións.

Mera, Héitor, "Da Inocencia. Con metáforas forzadas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 203, "Libros", 19 abril 2007, p. IV.

Comenta o poemario de Ánxeles Penas, *Perfís e poéticas* (2006), e afirma que se trata dunha obra na que sobresae a inocencia, a inxenuidade, a bondade e a xenerosidade. Mais critica que aos versos lles falte ritmo e pulsión poética, afirma que hai un exceso de erudición e as metáforas aparecen forzadas. Ademais, comenta que se lle presta

pouca atención ao ritmo interno do verso e pensa que pode ser debido á tradución que se fixo da obra do castelán ao galego.

Mera, Héitor, "Dicir Vangarda", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 210, "Libros", 7 xuño 2007, p. IV.

Considera que as vangardas galegas teñen sido tratadas dun xeito inxusto pola crítica, que tradicionalmente só recoñecía a Manuel Antonio como poeta pelnamente vangardista, con algunhas concesións respecto a Luís Amado Carballo, co seu hilozoísmo, ou Euxenio Montes. Afirma que a obra de Xulio Pardo de Neyra, *Literatura galega de vangarda* (2006), está na liña de revisión destes primeiros supostos. Indica que leva a cabo unha análise rigurosa sobre estos fenómenos, estabelecendo relación entre a súa arte e o ideario nacionalista galego.

Neira Vilas, Xosé, "A pegada dos 'oriúndos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 abril 2007, p. 31.

Fai referencia á revista semanal bilingüe *El eco de Galicia* (1878), fundada e dirixida por Waldo Álvarez Insua. Comenta que a publicación deixou de saír no ano 1881 por causa de dúas campañas e dá conta dos colaboradores, en castelán e en galego, que participaron nela. Indica que no primeiro número aparece un comentario de Luis Rodríguez Seoane sobre a obra de Eduardo Pondal, *Rumores dos pinos* (1877), e no segundo número aparece *Queixas*, de Valentín Lamas Carvajal. Finalmente, comenta outras curiosidades publicadas na revista e loa o labor realizado por Álvarez Insua durante toda a súa vida.

Neira Vilas, Xosé, "O emigrante Chané", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 outubro 2007, p. 30.

Neira Vilas reflexiona sobre a figura de Chané, pseudónimo de José Castro, un músico emigrado á Habana, onde se converteu nun reputado profesional e mesmo chegou a dirixir o orfeón El Eco, ademais de traballar como profesor de música. Dise que durante a súa carreira creou unha obra non moi extensa, pero de moita calidade, da que salienta as cancións realizadas a partir de varios poemas do seu amigo Curros Enríquez, como *Tangaraño*, *Os teus ollos*, *Un adiós a Mariquiña* ou *Unha noite na eira do trigo*.

Neira Vilas, Xosé, "Proxecto da diáspora", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 decembro 2007, p. 32.

Neira Vilas reflexiona sobre o feito de que todos os emigrantes necesitan símbolos, algo ao que aferrarse cando están lonxe do seu pais. Sinala que un destes símbolos é o himno galego que naceu na emigración no ano 1907. Pero explica que non foi o único himno, pois figuras como Xesús Calviño Castro ou Ramón Armada Teixeiro tamén crearon outros himnos dedicados a Galicia.

Nicolás, Ramón, "Cidade e conflito", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 180, 6 xaneiro 2007, p. 7.

Repasa a traxectoria literaria de Manuel Veiga e céntrase na súa última obra, *Lois e Helena buscándose un día de tormenta* (2006), gañadora do Premio García Barros do 2006. Salienta a atención que Veiga presta a dous aspectos: o espazo físico que rodea aos protagonistas e a importancia das relacións sentimentais. Explica que os personaxes se buscan a través dunha cidade identificábel con Vigo que aparece tamén como protagonista.

Nicolás, Ramón, "No ronsel do medo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 191, "Libros", 18 xaneiro 2007, p. V/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 187, 24 febreiro 2007, p. 7.

Repasa a produción literaria de Uxía Casal e céntrase na colección de relatos curtos, *Vidas exemplares* (2006), publicado por Xerais. Comenta que son vinte e un contos que pretenden provocar a sensación de medo no lector, a través duns personaxes que se atopan entre a cordura e a loucura. Indica que os contos teñen diferente extensión e afirma que a autora mide ben a estrutura e a liña argumental.

Nicolás, Ramón, "Galicia en Cela", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 193, "Libros", 1 febreiro 2007, p. V.

Destaca o labor que está a realizar a Editorial Alvarellos de recuperar textos galegos dispersos en publicacións periódicas e dá conta do último volume que saíu do prelo: *Retorno a Iria Flavia* (2006). Son textos galegos, segundo se afirma, de Camilo José Cela que gardan relación directa con Galicia. Indica que a selección dos textos e máis o prólogo son de Olivia Rodríguez quen inclúe as tres obras de Cela centradas en Galicia (*Mazurca para dos muertos*, *La cruz de San Andrés* e *Madera de boj*), ademais de salientar as relacións que o escritor mantivo con Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Francisco Fernández del Riego e Celso Emilio Ferreiro.

Nicolás, Ramón, "Guerra e literatura galega", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 194, "Libros", 8 febreiro 2007, p. V.

Fai referencia á obra publicada en 2006 por Xerais *Guerra Civil e Literatura Galega (1936-1939)*, que recolle as intervencións dos distintos participantes dun congreso sobre o mesmo tema, organizado polo Consello da Cultura Galega en 1999 e coordinado por Xesús Alonso Montero e Miro Villar. Valora o traballo de todos os colaboradores por crearen un discurso expositivo fluído e rigoroso e salienta os artigos de Alonso Montero, Gonzalo Bouza-Brey, Concepción Delgado, X. G. Ferreiro Fente, Xosé Ramón Freixeiro Mato, Inma López Silva, Manuel Maceira, Xulia Marqués, etc., así como, destaca os abondosos documentos que se achegan na edición.

Nicolás, Ramón, "A palabra, esa forza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 196, "Libros", 22 febreiro 2007, p. V.

Informa de que Camilo Franco acaba de inaugurar unha exposición na Fundación Luís Seoane da Coruña co título de "Palabras contadas", homónimo do seu último libro publicado. Indica que esta obra de Camilo Franco é un conxunto de minirrelatos nos que nos que a temática xira arredor do sentimento, a violencia, a memoria, as convencións sociais, a morte, a guerra, o sexo, etc., e todos eles tratados cunha ollada irónica, transgresora e, ás veces, cruel e sarcástica. Salienta o éxito que está a ter a novela de Franco e lembra como escritores precedentes deste xénero a Daniel Rodríguez Castelao, Rafael Dieste e Xosé Neira Vilas.

Nicolás, Ramón, "Galicia en Caracas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 197, "Libros", 1 marzo 2007, p. V.

Informa de que o Centro Ramón Piñeiro editou a revista *Galicia. Revista del Centro Gallego de Caracas*, que inclúe un prólogo de Francisco Fernández del Riego, un epílogo de Xurxo Martínez Crespo e máis un estudo introdutorio da man de Luís Alonso Girgado. Explica que o volume recolle os dez números de vida que tivo a revista, dende o ano 1952 até 1954 e que nela se atopan algunhas das publicacións máis salientábeis da emigración galega en América. Así mesmo, dá conta de todas as persoas que dirixiron a publicación.

Nicolás, Ramón, "Esoutro Otero", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 199, "Libros", 15 marzo 2007, p. V.

Breve repaso da traxectoria vital de Xosé Otero Espasandín, no que comenta que nun principio non foi considerado como escritor galego, xa que a maior parte da súa obra estaba en castelán e a súa obra galega atopábase dispersa en diversos medios. Indica que María Cuquejo acaba de editar o volume *Obra galega de Otero Espasandín* (2006), na que achega datos máis esclarecedores sobre a súa obra e biografía. Nesta *Obra galega* inclúese un poemario descoñecido, *Alfabeto*, vinte e dous poemas soltos e, a xeito de apéndice, diversas cartas do escritor.

Nicolás, Ramón, "Coutando o alento", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 201, "Libros", 29 marzo 2007, p. V.

Informa da publicación por parte da Deputación da Coruña do poemario *O pozo da ferida* (2006), de Medos Romero. Dise que este libro de poemas resultou gañador do Premio de Poesía Miguel González Garcés 2006. Ramón Nicolás fai un breve repaso da obra poética e narrativa de Medos Romero. Logo, analiza o poemario anteriormente citado, *O pozo da ferida*. Destaca que neste libro, a autora describe, a través dunha visión feminina, a situación dramática de moitas mulleres no mundo (a ablación, o emprego do burka, a prostitución, etc). Conclúe que, dende as voces da dor e "coutando o alento", Medos Romero denuncia os oprobios e desigualdades que padeceu e padece a muller no mundo.

Nicolás, Ramón, "Unha voz compacta. Na cobiza do lonxe", *Faro de Vigo*, "*Faro da cultura*", n.º 202, "Libros", 12 abril 2007, p. IV/"Unha voz compacta", *La Opinión*,

"*Saberes*", n.º 194, 21 abril 2007, p. 7.

Comenta a existencia na literatura galega de escritores que comparten a creación literaria coa creación pictórica como é o caso de Antón Patiño. Confirma que Patiño acaba de publicar o seu primeiro poemario independente, *Océano e silencio* (2006), editado dentro da colección "Tambo", dirixida por Luís Rei. Comenta que Patiño mostra na obra unha "voz madura, rotunda e compacta", e que aparece dividida en sete bloques, nos que se expresa con brevidade, case de xeito epigramático. Indica que o poeta non renuncia en ningún momento á reflexión.

Nicolás, Ramón, "Encontro con Antía. Ecos dunha homenaxe", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 203, 19 abril 2007, p. V.

Salienta o labor pedagóxico que desenvolveu sempre ao longo da súa vida a directora da Escola Rosalía de Castro de Vigo, Antía Cal. Comenta que acaba de saír do prelo un novo volume sobre Cal, *Encontro con Antía Cal* (2006), coordinado por Pepe Pintado e que inclúe numerosas mensaxes, adhesións e cartas dirixidas á pedagoga. De seguido, dá conta dos colaboradores que participan no volume como Xesús Alonso Montero, que presenta unha rigorosa biografía, Dorothy Coombe, adhesións de Xosé Neira Vilas, Isaac Díaz Pardo, etc. Finalmente, loa o traballo exposto neste volume.

Nicolás, Ramón, "Volver a palabra", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 196, 5 maio 2007, p. 7.

Comenta a obra *Volverlles a palabra* (2006), un volume colectivo coordinado por Xoán Carlos Domínguez e Baldo Ramos, que recolle un amplo número de voces poéticas e narrativas que dedican os seus escritos a todos aqueles que sufriron a violencia da Ditadura. Indica que a obra aparece prologada por Xosé Alonso Montero e, en canto á calidade dos traballos, afirma que esta é variábel debido á ampla nómina de colaboradores que pertencen a diferentes xeracións, mais, Ramón Nicolás considera que todos os participantes cumpren coas expectativas.

Nicolás, Ramón, "Clásico entre os clásicos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 233, "Letras en galego", 20 outubro 2007, p. 12.

Considera o *Decamerón* (Rinoceronte, 2006) como unha obra que sempre ofrece novos ángulos e perspectivas de análise, como o seu valor didáctico, a defensa do hedonismo ou as súas diversas liñas de sentido, entre as que salienta a vinganza, o amor, o humor, o sexo, o traizón, o enxeño, etc. Sinala que se trata en suma dunha serie de situacións heteróxeneas que na actualidade poderiamos considerar pintorescas, mais revelan claramente a natureza humana. Po último, sinala que o prólogo recolle unhas palabras de Álvaro Cunqueiro.

Otero, M., "Retrato dunha xeración", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 222, 4 agosto 2007, p. 10.

Considérase *Tres segundos de memoria* (2006), de Diego Ameixeiras, 'Premio Xerais

2006', como unha novela na que o autor reflicte a realidade con finas doses de humor. Dise que isto se percibe en que todos coñecemos a alguén que podería protagonizala: un mozo de trinta anos, parado, á espera dun traballo precario e mergullado nunha eterna adolescencia.

Otero, Marta, "Viaxe ao descoñecido", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 201, "Letras en galego", 3 marzo 2007, p. 11.

Comenta a obra de Robustiano Rodríguez *Un autobús camiño da cidade* (2006), na que a historia se narra desde a perspectiva dun neno que sofre a miseria, a emigración e a loita dos adultos.

Pato, Alfonso, "A Rede impulsa os videopoemas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 12 outubro 2007, p. 36.

Diversos artistas exploran os distintos xéneros mediante as novas vías da lírica audiovisual. Entre estes proxectos destaca *Publipoemas*, do actor e escritor Manuel Cortés, que explica como a partir dun libro de poemas que poderían ser spots naceu este proxecto. Indica que Cortés, membro do colectivo poético Ronseltz, considera que a publicidade é a linguaxe poética actual, pois cre que os slogans son case como haikus. Asemade, refírese a outros como o blog de María Lado, chamado "Casatlántico", que naceu para promocionar a súa obra poética. Pola súa banda, Antía Otero móvese entre a interpretación e a escrita nos seus videopoemas.

Pena, Xosé Ramón, "Tempo de vangarda", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 198, "Libros", 8 marzo 2007, p. V.

Inicia o artigo coas palabras do editorial do primeiro número do xornal *Yunque* "periódico de vanguardia política", nacido en Lugo o 14 de maio de 1931, e, de seguido, comenta as dificultades existentes para atopar calquera dos seis números deste xornal. Explica que o Centro Ramón Piñeiro conseguiu publicar unha edición facsimilar, precedida dun estudo preliminar, dos seis números do periódico. Indica que o resultado foi grazas ao labor de Elvira M. Meilán e de Claudio Rodríguez Fer, ademais do equipo formado por Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez. Finalmente, comenta o contido do limiar e a importancia que tivo este xornal como renovador da cultura galega dos anos vinte e trinta.

Pena Presas, M. , "Procurando Ítaca", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 180, 6 xaneiro 2007, p. 7.

Comenta que a gañadora do Premio Xerais 2006 foi a novela de Diego Ameixeiras, *Tres segundos de memoria* (2006). Indica que o protagonista é un home de trinta anos que relata a súa vida a través do diario e no que flúen os temas clásicos da amizade, o amor e o sexo, ademais dos cambios ideolóxicos, a procura dun traballo e a falta de expectativas. Salienta da novela a influenza de internet e indica que no seu final se

condensa a ironía. Por último, afirma que a prosa de Ameixeiras realiza unha introspección e reflicte unha xeración marcada pola desesperanza.

Pena Presas, Montse, "O elo dos espazos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 194, "Libros", 8 febreiro 2007, p. V.

Comenta a novela do escritor italiano Andrea Camilleri, *A pensión Eva* (2006), traducida ao galego por Carlos Acevo. Explica que a historia se sitúa na cidade de Vigàta, a real Sicilia e, concretamente, na pensión Eva, que é en realidade unha casa de citas. A continuación, confirma a importancia que na obra teñen os espazos e indica que un dos temas centrais é a iniciación á vida adulta. Loa a caracterización dos personaxes e, principalmente, das prostitutas.

Pena Presas, Montse, "A ollada do paxaro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 195, "Libros", 15 febreiro 2007, p. V.

Dáse conta da publicación na Editorial Galaxia da última novela de Miguel Anxo Fernández, *Luar no inferno* (2006). Comenta que se trata dunha continuación da novela anterior *Un nicho para Marilyn* (2003), na que o protagonista, Frank Couselo, ademais de vivir conflitos emocionais ten que investigar o mundo das "snuff movies" e da prostitución de luxo. Finalmente confirma que a novela negra galega está de actualidade e a súa novidade é a mestura coa filmografía.

Pereiro, Xosé Manuel, "Cen anos de rumorosos", *El País.*, "*Galicia*", "Luces", 14 setembro 2007, pp. 36-37.

Faise un demorado repaso pola historia do himno galego desde a súa primeira interpretación, o 20 de decembro de 1907 na Habana, pasando pola súa institucionalización en 1980 até 2007, cando se celebraron numerosos actos en Galiza e en América co gallo do seu centenario. Fálase da discrepancia que houbo sobre a data inaugural do himno, sobre a importancia de Curros na súa estrea e indícase que o himno galego é un poema sen proclamacións patrióticas que calou no fondo sentimento popular galego que nin sequera fora recoñecido oficialmente no Estatuto da IIª República. Finalmente descríbese unhas instrucións de uso do himno galego, que se equipara con " Negra sombra" e "Miudiño".

Pereiro, Xosé Manuel, "A paisaxe fai cultura", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 26 outubro 2007, pp. 7-8.

O autor reflexiona sobre a presenza da paisaxe na literatura e cómo o lamento pola destrución do entorno marca tanto a literatura como a arte en xeral. Afirma que a xeración Nós e o posterior grupo Galaxia entenderon a paisaxe como un dos elementos fundamentais do carácter galego, e considera que dende entón o binomio paisaxe-rural e literatura é un dos máis consolidados en Galicia. Concretamente, refírese a Uxío Novoneyra como un claro exemplo de influencia da paisaxe. Na actualidade, según

Carlos Lema, director de edicións de Galaxia, só empregan a paisaxe (rural ou urbana) como recurso narrativo que fornece verosimilitude ao relato.

Picallo, Heitor, "Viaxe a Galiza de 1745", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 647, "Versos para unha arquitectura extinguida", 11 marzo 2007, p. 13.

Narra a volta de Frei Martín Sarmiento a Galicia en 1745 tras a súa saída dos claustros de Madrid. De seguido, describe a viaxe, que un mes máis tarde da súa chegada, realizou a Santiago de Compostela e dá conta de todos os edificios (castelos, torres, fortificacións,…) que lle chamaron a atención durante as viaxes que realizou pola terra galega.

Ponte, Pilar, "Non mente, non remata", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 190, "Libros", 11 xaneiro 2007, p. IV.

Fai referencia ao poemario de María do Cebreiro, *Os hemisferios* (2006), publicado por Galaxia dentro da colección "Dombate". Salienta que o libro é de lectura sinxela, apto para todo tipo de lector, no que a poeta invita a acompañala polo mundo planetario. Tamén destaca a variedade na extensión dos poemas e a velocidade con que se avanza na lectura.

Ponte, Pilar, "Sorpresa creativa. Cando o que parece non é", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 203, "Libros", 19 abril 2007, p. IV.

Comenta a última novela de Miguel Sande, *Se algún día esta muller morta* (2006), e caracteriza ao autor como un home con experiencia nas letras, tanto en narrativa como en teatro. Salienta que esta obra foi gañadora do I Premio de Narrativa Breve Repsol IPF e loa o interese da petroleira por apoiar o xénero breve das nosas letras. Comenta que na obra a protagonista é unha muller con personalidade complexa que se ten que enfrontar á realidade e afirma que a novela se artella a partir dun discurso de períodos mínimos, case irracional, onde o que prima é a ausencia de sensacións.

Ponte, Pilar, "Na Fronteira. Manuel Recuero presenta unha novela histórica dedicada ao fronteiro Munio Alfonso", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 196, 5 maio 2007, p. 7.

Comenta a obra de Manuel Recuerdo Astray, *Extremum (A Fronteira)*, traducida ao galego polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña en 2006. Comenta que esta novela histórica se basea en dous ensaios anteriores de Recuerdo Astray e recrea parte da historia peninsular do século XII, a través da vida do fronteiro galego Munio Alfonso. Dá conta do argumento da novela e salienta a inclusión que realiza o autor dun vocabulario que recolle o significado de termos hoxe en desuso.

Ramos García, Pedro A., "Letras en estado crítico", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 193, "En Portada", 6 xaneiro 2007, pp. 2-3.

Achega as opinións de catro expertos (Manuel Bragado Rodríguez, director de Edicións Xerais; Fidel López Criado, profesor da Universidade da Coruña; Xavier Seoane, profesor e escritor; e Cesáreo Sánchez Iglesias, poeta e presidente da AELG) sobre a situación actual da crítica literaria feita desde e por Galicia. Os catro afirman que a crítica literaria galega é mellorábel; Bragado comenta que o problema se atopa na falta de espazos para publicar os traballos; Seoane cre que o asunto é moi grave xa que non hai profundidade nas análises; Cesáreo Sánchez é máis positivo e afirma que hai unha boa crítica en Galicia grazas á tradición; e López Criado considera que debe ser moi mellorábel. De seguido, propoñen as características que debe ter un bo crítico literario e coinciden en afirmar que "debe ser culto, independente e obxectivo", a pesar das influencias sociais que exerzan sobre eles. Outro tema sobre o que debaten é o de considerar a crítica como un xénero literario e ver a repercusión que pode ter nas obras de creación. A continuación, tratan o tema da aparición do "lector medio" e conclúen afirmando que a crítica galega é mellorábel, mais moi influínte e debe realizarse con obxectividade e independencia.

Raña, Román, "Existencia exemplar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 191, "Libros", 18 xaneiro 2007, p. IV.

Dá conta da publicación pola Fundación Caixa Galicia do estudo *Nicomedes Pastor Díaz, unha existencia exemplar* (2006), de Ramón Vilar Ponte. Este estudo foi editado, contextualizado e analizado por un grupo de estudosos (Xesús Blanco, Silvana Castro, Pilar García Negro, Amelia Sánchez, Goretti Sanmartín) e mereceu o XIX Premio Literario Ánxel Fole. Román Raña sinala tamén a importancia do precursor Nicomedes Pastor Díaz na literatura e cultura galegas, aínda que tamén salienta o seu traballo na gobernación de España e as súas amizades con personaxes históricos tan importantes como: O´Donell, Zorrilla ou Juan Valera.

Raña, Román, "Entendemento do mundo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 192, "Libros", 25 xaneiro 2007, p. IV.

Indica que se publicou en 2006 o volume *Soños nos cantís. Antoloxía poética 1974-2005*, de Antonio Muñoz Molina. Explica que é unha escolla de poemas que vai dende *Épica* até *No mar de ánforas*, traducidos ao galego por Tareixa Roca e cun estudo introdutorio de Luís G. Soto. Salienta o sentir que reflicten os versos e divide a obra en dous grandes apartados: marcados porque ao principio predomina a tendencia culturalista e, posteriormente, se acrecentan os conceptos.

Raña, Román, "Escrita madura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", "Libros", 1 febreiro 2007, p. IV/"Escrita madura. Illas no medio do deserto", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 185, 10 febreiro 2007, p. 7.

Román Raña comenta a obra de Mario Regueira, *Tanxerina* (2006), gañadora do XVIII premio nacional de poesía Xose María Pérez Parallé. Comenta que o máis salientábel do poemario é o uso dun rexistro lingüístico cheo de termos exóticos, propios das zonas árabes do norte de África. Outro elemento importante é a perspectiva poética, xa que o suxeito lírico é unha muller explotada que sofre continuas penurias. Tamén fai

referencia a outro tema tratado na obra que é o sexo e, finalmente, afirma que a parte final da obra tende á narratividade.

Raña, Román, "Sen heroe", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 195, "Libros", 15 febreiro 2007, p. IV.

Informa da publicación na Editorial Follas Novas do poemario *Obertura sen heroe* (2006), de Yolanda Vázquez, gañador do I Premio de Poesía Antón Tovar. Comenta que o libro mostra unha maior liberdade formal con respecto a outros poemarios anteriores da poeta, xa que aparecen caligramas, composicións iconográficas e trazos do futurismo e cubismo. Ademais, explica que no libro aparecen ilustracións da propia Yolanda Vázquez. Por último, dá conta da temática que presenta a obra: a guerra de Irak, os nenos que morren, os atentados islámicos, etc., converténdose nunha denuncia do terror.

Raña, Román, "Darse a palabra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 196, "Libros", 22 febreiro 2007, p. IV.

Comenta que Arcadio López Casanova volve renacer cun breve e intenso poemario, *Dicir unha razón* (2006), subtitulado "Varia silva de proverbios, ditados e glosas". Explica que a obra se divide en cinco seccións, nas que as catro primeiras son as máis curtas, xa que só conteñen un poema, e dá conta do contido de cada unha delas: "Do poeta", reflexiona acerca da tarefa creadora do artista; "Do poema", analiza os mecanismos ocultos do moo de expresión poético; "Da creación", expón a realidade que se converte en verso; "Dicires e ditados", con advertencias contra os erros estéticos; e "Glosas", que amosa un elenco de poetas homenaxeados.

Raña, Román, "Amor universal", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 198, "Libros", 8 marzo 2007, p. IV/"Amor universal, multiplicidade de rexistros", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 190, 17 marzo 2007, p. 7.

Fai referencia á publicación na Editorial Bubela do poemario *Tratado de amor universal* (2006), de Xesús Manuel Valcárcel. Román Raña destaca a valentía do autor ao publicar un libro sobre o sentimento máis universal como é o amor "tema xa abondo peneirado polas mentes de todos os tempos". Salienta a variedade de rexistros lingüísticos e sinala tamén que o volume se divide en sete partes; as catro primeiras tratan de responder a preguntas xerais sobre o amor e, as tres últimas seccións son reflexións persoais sobre o amor do propio poeta.

Raña, Román, "Caudalosa fervenza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 199, "Libros", 15 marzo 2007, p. IV.

Informa de que saíu do prelo a edición da poesía de Ramón Caride Ogando baixo o título d'*As máscaras de Cronos* (2006). Indica que neste volume non se inclúen os dous primeiros poemarios: *Paisaxe de verde chuvia* (1986) e *Tudo quanto há no mundo* (1989), mais si aparecen as seguintes obras das que achega un breve comentario: *Cerne*

das labaredas (1994), *Flor no deserto* (1995) e *Xeografías do sal* (1999). Do primeiro dise que é un libro de confidencias que retoma a cuestión amorosa no máis amplo sentido. Repecto o segundo, afirma que é o máis ambicioso, o máis lúcido que xira aorredor da natureza. Por último, considera que en *Xeografías do sal* hai unha explícita aclamación do amor.

Raña, Ramón, "Castelao pintor", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 189, 10 marzo 2007, p. 7.

Dá conta da publicación por parte da Editorial Galaxia do volume *Castelao pintor*, cunha edición "primorosa" e dentro da colección "Biblioteca Castelao". Explica que o volume inclúe as obras do artista, introducidas cunha biografía realizada por Miguel Anxo Seixas Seoane, ademais dun epílogo a cargo de José Manuel B. López Vázquez, onde analiza o proceso creativo do rianxeiro. A continuación, indica os retratos que aparecen no volume e salienta a importancia da natureza na obra de Castelao.

Raña, Román, "Ollos de bruma", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 200, "Libros", 22 marzo 2007, p. IV.

Fai referencia a publicación, na colección "Esquío", do poemario *Tigres como Fausto con ollos de bruma* (2006), libro que acadou o accésit do último Premio Esquío de Poesía. Dise que o autor deste poemario é Xavier Lama, xornalista e escritor prolífico. Román Raña sinala tamén as numerosas connotacións culturalistas que aparecen nos versos de Xavier Lama e cita escritores e pintores como, Goethe, Nabokov, Vermeer ou Caravaggio, os cales desfilan polas estrofas deste volume.

Raña, Román, "Dura realidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 201, "Libros", 29 marzo 2007, p. IV.

Céntrase no comentario dun novo número da colección "Esquío" de Caixa Galicia, na que se edita a obra de Luz Pichel, *Casa pechada* (2006). Sinálase que con esta obra a autora gañou en Lalín, no ano 1947, o XXVI Premio Esquío de Poesía. Apúntase que é un poemario no que a autora deixa ver ao lector o seu pasado rural e non dubida en mostrar as cousas con dureza.

Raña, Román, "Exaltación dos afectos. Desde os humores da alma", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 202, "Libros", 12 abril 2007, p. IV/"Exaltación dos afectos", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 194, 21 abril 2007, p. 7.

Comenta a obra de Xabier Paz, *Filoxenia do sangue* (2006), que versa sobre o sangue e os humores do corpo e da alma. Explica que o poeta quere coñecer as profundidades da vida e do universo e por isto se somerxe no interior do ser humano. Afirma que o poemario amosa emoción e afectos, nos que o poeta se deixa levar polo enigma de vivir. Finalmente, salienta o último poema dedicado á figura feminina.

Raña, Román, "De Vizoño", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 218, "Libros", 27 setembro 2007, p. IV.

Anuncia a publicación do primeiro libro de poemas de Maximino Rei Vázquez, (A. C. Eira Vella, 2006) destacando que é "íntimo e intimista" e que conta con títulos longos que aclaran o contido dos poemas. Explica que a temática xira arredor da morte vista dende diferentes puntos de vista: a dos familiares amados, a da infancia que vai pasando e a da terra nativa, que se vai despoboando.

Raña, Román, "Contra o abismo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", 20 decembro 2007, p. IV.

Sinálase que *Para unha luz ausente* (2006), de Xavier Seoane obtivo o XIV Premio Espiral Maior de poesía. Fai fincapé no xeito en que mudou a súa poesía dende unha inicial inclinación á ruptura vangardista até dar paso a unha refinada serenidade. Un discurso poético que circula parello ao discurso vital do autor, quen pide piedade ás forzas misteriosas que gobernan o cosmos, unha mísera tranquilidade para as profundas aflicións humanas. Finaliza sentenciando que dita obra podería "chamarse simplemente un acto de amor contra o abismo dos séculos."

Requeixo, Armando, "Revelación do vidro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 190, "Libros", 11 xaneiro 2007, p. IV.

Salienta o labor literario de Henrique Rabuñal nos diversos xéneros e informa de que acaba de publicar case a totalidade da súa obra poética baixo o título *O cristal da sede*. Comenta que neste volume non se inclúe o seu primeiro poemario xa que, en palabras do propio Rabuñal, non sabía como conectalo co resto da obra. Inclúe *Poemas da luz e da locura* (1992), *O tempo demorado nos marmelos* (2000) e cinco textos líricos soltos: "O país que veu do chapapote", "A xema dos confíns", "Noticia da morte", "Humus e grito" e "Últimas palabras reveladas". A continuación, explica a poética de Rabuñal que trata os temas do amor, a morte, a nación, a palabra e a memoria.

Requeixo, Armando, "Amores tardíos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 191, "Libros", 18 xaneiro 2007, p. IV.

Dá conta da publicación do libro *Serodio amor* (2006), de Emilio Coco. Do autor italiano salienta o seu antiromanticismo sarcástico e a súa visión reflexiva do cotián próximo á senectude, mentres que do labor de Xulio López Valcárcel e Suso Pensado como tradutores valora a súa vontade por interpretar un espíritu lírico que necesitou de frecuentes adaptacións dende a cultura de partida á de chegada, así como a aposta pro moldes versais máis actuais, sacrificando o versolibrismo dos sonetos orixinais.

Requeixo, Armando, "Plástica e literatura galega, escritores entre imaxes", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Letras de noso", 21 xaneiro 2007, p. 10.

Fai referencia aos escritores que debuxan as imaxes dos seus textos, personaxes, espazos,… e dá conta dos galegos que desenvolveron a súa arte pictórica. Nomea a Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro, Luz Pozo Garza, Xosé María Álvarez Cáccamo, Luís Seoane, Daniel Rodríguez Castelao e Vicente Risco, de quen comenta que acaba de saír do prelo a súa *Obra gráfica* (2006), editada por Galaxia baixo a coordinación e edición de Carlos Lema. Tamén indica que achega un limiar de Carlos L. Bernárdez e un epílogo do profesor e ensaísta David Cortón.

Requeixo, Armando, "Iris da palabra", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 413, "Libros", 28 xaneiro 2007, p. 21.

Fai referencia ao poemario de Medos Romero, *A seitura dos tristes* (2006), e destaca esta obra como outro dos éxitos acadado pola súa autora. Comenta que os versos procuran un bálsamo eficaz contra a dor e o sufrimento e dá conta das sensacións e a presenza das paisaxes que aparecen nela.

Requeixo, Armando, "Brumas de silencio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", "Libros", n.º 193 , 1 febreiro 2007, p. IV.

Caracteriza a Manuel M. Romón como un escritor que nos seus inicios era rompedor, transgresor, mais co paso do tempo, evolucionou adquirindo fondura. Sinala que o último poemario publicado é *Poesía barata* (2006), obra breve de trinta composicións nas que se xunta Eros e a evocación. Comenta que se trata dunha poesía de xogos iterativos e de reflexións verbais, na que abundan os recursos expresivos.

Requeixo, Armando, "Clamor das gabias", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 417, 25 febreiro 2007, p. 21.

Comenta a obra *Volverlles a palabra* (2006), un volume colectivo coordinado por Xoán Carlos Domínguez e Baldo Ramos, que recolle un amplo número de voces poéticas e narrativas que dedican os seus escritos a todos aqueles que sufriron a violencia da Ditadura. Indica que a obra aparece prologada por Xesús Alonso Montero e, en canto á calidade dos traballos, afirma que esta é variábel. De todos xeitos, Requeixo loa o traballo realizado e anima á lectura do volume.

Requeixo, Armando, "Ácido púrpura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 197, "Libros", 1 marzo 2007, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 189, 10 marzo 2007, p. 7.

Salienta o poemario de Manuel Álvarez Torneiro, *Parábola do incrédulo*, como un dos mellores publicados en 2006. Explica que é unha obra extensa na que o poeta ofrece "esencias decantadas da súa arte verbal" e dá conta dos temas fundamentais: a memoria latexante, o paso do tempo, o presente, a reflexión metaliteraria, as máscaras do amor, etc.

Requeixo, Armando, "Versos de Ítaca. Presenza de Díaz Castro", *Faro de Vigo*, "*Faro*

da Cultura", n.º 198, 8 marzo 2007, p. I.

Critica a falta de atención que se ten prestado ao poeta de Guitiriz, Xosé María Díaz Castro. Comenta que o seu poemario *Nimbos* (2006) é de difícil acceso, mais a Editorial Galaxia acaba de publicar unha nova edición. Indica que os estudos sobre Díaz Castro son escasos, exceptuando o de Alfonso Blanco Torrado e algúns artigos de Xabier Castro Rodríguez, Manuel Xosé Neira López ou Francisco Fernández del Riego e, de seguido, propón unha serie de preguntas sobre o labor literario de Díaz Castro. A continuación fala da reedición de *Nimbos* realizada por Carlos Lema e sente mágoa pola supresión ou corrección de certos castelanismos, vulgarismos ou dialectalismos.

Requeixo, Armando, "Aquí non pasa nada", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 199, "Libros", 15 marzo 2007, p. IV/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 191, 24 marzo 2007, p. 7.

Dá conta do labor cultural e pictórico que desenvolve na actualidade Fidel Vidal, compaxinado co "cultivo da escrita de ficción" e informa de que acaba de publicar o seu primeiro poemario, *A camelia oxidada*, na colección "Tambo". Indica que os textos se dividen en tres seccións ("Cuarto interior", "Portas abertas" e "Amorosa inconfesable"), e analiza os contidos e os aspectos formais da obra de Fidel Vidal. Concretamente, salienta o seu estilo neovangardista vagamente creacionista e mesmo surrealista. Asemade, sinala que os seus poemas constrúense por acumulación de imaxes e que tratan temas clásicos como o amor, o fluír do tempo ou a razón que anima a escrita.

Requeixo, Armando, "Literatura galega traducida. Noutras palabras", *El Correo Gallego*, "*El Correo2*", "Letras de noso", 25 marzo 2007, p. 12.

Salienta a importancia das traducións que se están a facer de clásicos galegos e de autores máis actuais, a diferentes linguas, tanto romances, como a outras máis descoñecidas. Informa de que recentemente se editaron dous libros en Madrid que fan referencia á literatura galega. O primeiro, *Poetas en blanco y negro. Contemporáneos* (2006), de Amalia Iglesias, é unha compilación de máis de douscentos creadores nas cinco linguas peninsulares e, entre os escritores galegos, aparecen Xoan Abeleira, Yolanda Castaño, Mª do Cebreiro, Estevo Creus, Estíbaliz Espinosa, Ramiro Fonte, Xosé Luís Méndez Ferrín, Olga Novo, Chus Pato, Alfonso Pexegueiro, Baldo Ramos e Luís Rei Núñez. Indica que cada un deles presenta os textos orixinais en galego, acompañados da tradución castelá e dunha ficha biobibliográfica. O segundo libro ao que fai referencia Requeixo é *Música de otros. Traducciones y paráfrasis*, de Soledad González Ródenas, sobre a figura de Juan Ramón Jiménez. Explica que neste volume recupera traducións inéditas e variantes de poemas de Rosalía de Castro e de Manuel Curros Enríquez.

Requeixo, Armando, "Barbanza literaria", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 214, "Libros", 5 xullo 2007, p. IV.

Salienta a publicación do segundo número de *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza* na contribución ao enriquecemento sociocultural común coas súas destacadas achegas e no coidado da súa edición. Dise que a publicación acolle traballos de diversa

índole que van dende estudos sobre personaxes locais, até textos de historia sociopolítica, análises antropolóxicas ou catalogacións do patrimonio artístico. No eido literario, saliéntanse as colaboracións sobre a figura do trobador Paio Gómez Charinho, de I. Rodiño Caramés; sobre María Mariño, de María do Cebreiro; a panorámica da presenza do tema da Guerra Civil e o franquismo nos narradores do Barbanza, de X. Pastor Rodríguez, e a suxestiva aproximación ao hidropaisaxismo poético galego, de P. García Vidal e Riveiro Coello. Tamén resultan de interese as traducións de fragmentos do *Finnegans Wake*, de Joyce, e as *Illuminations*, de Rimbaud, feitas por A. Pagán e E. Cartea. Finalmente Requeixo aproveita para felicitar aos coordinadores, Lola Arxóns e Antón Riveiro Coello, e nomear aos membros do consello editor, composto de escritores e estudosos.

Requeixo, Armando, "Palabras e imaxes. O ruído do sangue", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 209, "Libros", 31 maio 2007, p. V/"Palabras e imaxes", *La Opinión*, "*Saberes*" n.º 201, 9 xuño 2007, p. 7.

Sobre o autor de *Limpeza de sangue* (2006), co que Rubén Ruibal acadou o Premio Álvaro Cunqueiro 2005, Armando Requeixo sinala que a súa traxectoria teatral estivo unida á do mestre Roberto Vidal Bolaño, con quen colaborou ao longo dunha década e en cuxa compañía, Teatro do Aquí, aprendeu as armas do oficio para formar a súa propia compañía, Teatro Cachuzo, coa que representou *Fume* (2000) e *Nunca durmo* (2003). Sinala que *Limpeza de sangue* é unha obra moi literaria tanto na súa concepción verbal como no xogo estrutural, que a converten nunha peza de dramaturxia complexa. Apunta a dimensión humorística do texto, as chiscadelas a William Shakespeare e Ramón del Valle-Inclán, a depurada técnica dialogal e a profusión de escenarios e personaxes, que fan críbel un teatro de palabras e imaxes.

Requeixo, Armando, "Coa tinta da memoria", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 212, "Libros", 21 xuño 2007, p. IV.

Comenta a obra *Un río de sangue e tinta* (2006), de Pastor Rodríguez e Román Arén, do que salienta que intenta inventariar toda a produción sobre a Guerra Civil e o franquismo. Afirma que se trata dun traballo valioso por ser o primeiro que intenta catalogar o repertorio de títulos encadrábeis nesta temática na narrativa dos galegos, nos autores foráneos e mais noutros relacionados con Galicia. Aínda así detecta certos aspectos que considera mellorábeis e dignos dunha revisión, como a ausencia de textos de autores como Xosé Miranda ou Antón Cortizas e "un non pequeno etcétera", a corrección das datas de nacemento e morte dalgúns dos mencionados e a revisión da bibliografía pasiva das obras tratadas.

Requeixo, Armando, "Prospeccións líricas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 220, "libros", 11 outubro 2007, p. IV./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 213, "Lecturas", 20 outubro 2007, p. 7.

Comézase explicando os dez anos do certame poético Francisco Añón, que abrangue a autores noveis galegos, dende o ámbito infantil até o mundo adulto., e que nos últimos anos resultaron gañadores poetas recoñecidos como Enma Pedreira, Modesto Fraga,

Estíbaliz Espinosa, Xurxo Alonso, Baldo Ramos, Daniel Salgado ou Lucía Novas, entre outros. Coméntase que este volume recolle os poemarios de oito premiados, acompañados dun ensaio de Yolanda Castaño, sobre o labor literario actual e futuro. Apúntase que formaron parte do xurado os escritores Yolanda Castaño, Daniel Salgado e Xosé Luís Cabana, a profesora Pilar Sampedro Martínez, ademais do concelleiro de cultura da Serra de Outes. Salíéntase, entre a categoría de maiores de 15 anos, a Alba Cid Fernández (participante xa nos certames Ánxel Casal e no Minerva), polos seus versos "sensorialistas", Iria Gestoso Ríos, polo remanso das suás composicións, a "saudosa esperanza" de Paulino Peña Älvarez e e o metaliterario de Mª Carmen Caramés Gorgal. E remátase recoñecendo que deste tipo de certames literarios se extraerán as futuras voces da literatura galega.

Rodríguez, Ana, "Amor e sexo enfermidade e fe, na primeira novela de Miguel Boó", *La Opinión*, "Cultura", 8 novembro 2007, p. 12.

Indica que este volume é a primeira incursión de Miguel Boó no mundo da novela. Segundo palabras do propio autor deste libro, o protagonista parte dun personaxe real e sinala que para documentarse falou con sexólogos, sacerdotes e enfermos terminais. Tamén apunta outras característica de *Abreviatura* (2006) como que fai referencias a diversos gobernantes de Galicia e que se caracteriza polo amor á morte e mais á realidade e á ficción.

Rodríguez, C., "A percepción do individuo e o suxeito vulnerable", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", nº 642, "Arquipélago", 4 febreiro 2007, p. 9.

Comenta a obra de Rebeca Baceiredo, *O suxeito posmoderno (entre a estética e o consumo)*, gañadora de Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2005 e publicada en 2006. Explica que é unha obra complexa e de reflexión, onde a autora aglutina diversos elementos como a perspectiva histórica, o pensamento universal e a filosofía, os medios de comunicación, etc. Afirma que é unha obra con dificultade para o lector medio, mais chea de calidade.

Rodríguez, C., "Álvarez Torneiro: poeta indispensable das letras galegas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", nº 643, "Arquipélago", 11 febreiro 2007, p. 9.

Dá conta do bo labor literario e a madureza que o poeta Álvarez Torneiro amosa nos seus versos. Cualifica a súa escrita como "madura", chea de metáforas, símbolos, imaxes,… que se observan no seu último poemario *Parábola do incrédulo* (2006). Reclama unha maior atención para este poeta consolidado e comenta o recente volume. Indica que a obra se divide en catro partes ("Tempo e lugar", "Amor no es voluntad sino destino", "Semente reiterada" e "Os espellos cruzados") e que nela aparecen motivos recorrentes como a esencia da música, os motivos persoais e familiares, a soidade, a desesperanza, etc.

Rodríguez, C., "Si é que o poema é só un nimbo de lus", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º

646, “Arquipélago”, 4 marzo 2007, p. 9.

Salienta a importancia que tivo a promoción literaria do 36, da que formaban parte autores como María Mariño Carou, Antón Tovar, Ricardo Carballo Calero, Eduardo Moreiras, Xosé María Álvarez Blázquez, Pura Vázquez e Xosé María Díaz Castro, de quen se acaba de reeditar un dos seus poemarios, *Nimbos* (2006). O volume editado por Galaxia, na colección “Dombate”, inclúe un limiar a cargo de Carlos Lema, quen afirma que se basea na edición de 1961. Comenta que se trata dun poemario clásico das letras galegas, con “composicións rotundas e liñas poéticas reveladoras”, nas que o poeta anda á procura do ser humano, a cosmovisión, a proxección relixiosa, a realidade da terra, do país e da natureza.

Rodríguez, C., “Antía Cal: historia dunha vocación pedagóxica”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 648, “Arquipélago”, 18 marzo 2007, p. 5.

Comenta que nunca se falará o suficiente sobre o importante traballo que realizaron moitos educadores nos anos sesenta, como é o caso de Antía Cal, que acaba de publicar as súas memorias baixo o título de *Este camiño que fixemos xuntos* (2006). Dá conta da súa traxectoria vital e dos logros que acadou (como a creación e consolidación do colexio Rosalía de Castro en Vigo), ao lado de Antón Beiras García. Por último, achega as verbas de Alonso Motero, autor do limiar da obra, e indica que foi presentada no Museo Pedagóxico de Galicia, en Compostela.

Rodríguez, C., “Letras de Cal’ no universo literario galego”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 652, “Arquipélago”, 15 abril 2007, p. 7.

Comenta o ensaio de Miguel Louzao Outeiro, *Letras de Cal na produción poética galega dos 90* (2003), gañador do Premio de Investigación Lingüística no certame Carvalho Calero, e no que o autor presenta a súa investigación sobre o grupo de escritores e escritoras novos da nova poesía de finais do século XX e principios do XXI. Indica que nos anos noventa as posibilidades de publicación eran escasas, polo que apareceron moitas edicións de autor, e salienta as empresas Edicións do Dragón e Letras de Cal.

Rodríguez, C., “Anuario da Asociación Cultural Barbantia 2006”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 653, “Arquipélago”, 22 abril 2007, p. 7.

Con motivo da publicación do segundo volume do *Anuario de Estudos do Barbanza*, faise un percorrido pola xénese da Asociación Barbantia, os seus integrantes, a adhesión de colaboradores, e as diferentes actividades levadas a cabo como mesas redondas, encontros de escritores, xornadas e conferencias, entre outras, que fomentan a promoción cultural da comarca do Barbanza nos eidos da literatura, o folclore, a arte ou a historia. Tamén se di que este volume, nas máis de trescentas páxinas, recolle diversos temas que arrancan con “As letras da paisaxe”, de Pedro García Vidal e Antón Riveiro. Finalmente noméanse diferentes estudos, salientando no eido da literatura, “Quen foi María Mariño?”, de María Rábade Villar, e “A guerra civil e o franquismo nos narradores do Barbanza”, de Xoán Pastor Rodríguez e as seccións “Aires de fóra”, con

achegas sobre James Joyce e Rimbaud, "Barbantia, segundo acto", que recolle as numerosas actividades desenvolvidas pola asociación, e "Publicacións no Barbanza".

Rodríguez, C., "A versatilidade do medo e a angustia", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 665, "Arquipélago", 15 xullo 2007, p. 7.

Fálase de *Vidas exemplares* (2006), de Uxía Casal, como unha obra na que a autora explora unha serie de personaxes e de espazos, dando preeminencia ao sobrenatural, á violencia, á loucura. Dise que son relatos de intriga e de terror, e a propósito disto lémbrase a mestres do xénero como Mary Shelley, Lovecraft, Cortázar ou Guy de Maupassant. Como fío condutor anótase a singularidade de todas as vidas que se describen, e o paralelismo na sensación que proxectan sobre os demais.

Rodríguez, C., "Carlos Casares: O don da palabra e da comunicación", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 670, "Arquipélago", 5 agosto 2007, p. 6.

Dise que Carlos Casares era un escritor que soubo manter sempre un diálogo persoal co lector e isto podémolo deducir a partir da análise da súa escrita nos xornais. Indica que a editorial Galaxia ven de reeditar a súa produción xornalística (volumes III e IV) baixo o título xenérico da súa columna, "Á marxe", publicada entre os anos 1994 e 1995 diariamente.

Rodríguez, C. , "Dirección de actores e xestión de proxectos teatrais", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 676, 30 setembro 2007, p. 6.

Saliéntase a colección "Breviarios" da Biblioteca de Teatro, dirixida por Manuel F. Vieites, que recolle estudos e propostas arredor do xénero dramático. Dise que neste proxecto colaboran a Editorial Galaxia, o Instituto Galego das Artes Escénicas e a Consellería de Cultura para acadar unha bibliografía fundamental da escenografía. A continuación presenta o sétimo volume, *A dirección de actores*, de Dani Salgado, centrado na figura do director de actores e na posta en escena, e o oitavo, *Xestión de proxectos e produción de espectáculos*, de Francisco Oti Ríos, estruturado en tres partes, nas que reflexiona sobre o ciclo da creación, a posta en marcha dun proxecto, e a relación entre a área do público e a área da escena.

Romero, Marga, "Feitos e ficcións", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 192, "Libros", 25 xaneiro 2007, p. V/"Feitos e ficcións. Medir é unha grande arte", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 184, 3 febreiro 2007, p. 7.

Refírese á tradución en galego d'*A medición do muno* (2006), obra de Daniel Kehlmann, como un feito importante para a literatura galega. Sobre a obra en sí mesma afirma que se trata dun *best seller* que ofrece varias lecturas, unha máis superficial e outra máis profunda, xa que se cuestiona a personalidade do pobo alemán, o seu humor, a súa obediencia ou a necesidade do coñecemento metafísico.

Romero, Marga, "Palabras recadadas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 197, "Libros", 1 marzo 2007, p. IV.

Loa os versos do poeta Xosé Luís Santos Cabanas que recolleu no seu poemario *Por estas palabras recadadas* (2006). Salienta da linguaxe do libro a súa musicalidade e indica que se trata dunha poética comprometida que procura o saber e chega ao cerne das cuestións tratadas, dende Palestina a Hirosima ou Compostela. Ademais, comenta que a obra foi editada polo propio autor, o que lle permitiu decidir dada detalle deste volume preciosista.

Romero, Marga, "Prosa cotiá", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 205, 3 maio 2007, p. IV.

Coméntase a publicación da obra xornalística de Carlos Casares da súa columna diaria de *La Voz de Galicia*, titulada como o libro de que se fala *Á marxe* (2006). Dise que as columnas están ben datadas e que facilitarán estudar ao autor, á vez que se resalta que algunhas proseguen na mellor tradición da nosa literatura, a enganchar coas *Cousas*, de Castelao. Anótase tamén que o autor alternaba comentarios sobre lugares que visitaba con cousas pequenas da vida e que o facía con grandes doses de humor e ironía.

Rosales, Manuel, "No espello", *Faro de Vigo*, "*Faro da cultura*", n.º 208, 24 de maio 2007, p. IX.

Recensión da obra de Manuel Caamaño, *Dun tempo dun país* (2006). Explícase que se trata dunha escolma das súas intervencións e discursos realizados entre 1989 e 2005 e que está dividida en dúas partes, "Escritos e intervencións orais"; que recolle as lembranzas e evocacións de diferentes persoas significativas deste país, e "Das construcións populares de Galicia", que recolle diferentes intervencións sobre o patrimonio popular galego.

Ruibal, Tomás, "Literatura contemporánea", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 345, "Anaquel dos libros", 11 febreiro 2007, p. 8.

Salienta a importancia de poder ler en lingua galega a obra de escritores doutras linguas, grazas á normalización da oferta literaria, e propón os exemplos da brasileira Nélida Piñón e a súa obra *A casa da paixón* (2006), e do escritor inglés Martin Amis coa obra *A casa dos encontros* (2006). Analiza cada unha das obras e achega o argumento das mesmas.

Ruibal, Tomás, "Teatro galego e en galego", *Diario de Pontevedra*, *"Revista!"*, "Anaquel dos libros", 13 maio 2007, p. 8.

Edicións Xerais de Galicia e o IGAEM coa súa iniciativa de crear a "Biblioteca Dramática Galega" publican tres obras dramáticas. A primeira delas é *Limpeza de sangue* de Rubén Ruibal trátase dunha historia ambientada nun hospital onde dous personaxes esperan por unha operación, a segunda titúlase *Farsa de Bululú* e é de

Manuel María, é unha farsa lúdica con personaxes arquetípicos e a outra obra leva por título *O que ocorreu despois de que Nora abandonara o seu home ou os piares da sociedade* é de Elfried Jelinek e é unha obra que xoga coa intertextualidade con Casa de muñecas de Henrik Ibsen.

Salgado, Daniel, "As letras arredor do mundo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 1 xuño 2007, p. 42.

Refírese tanto escritores consolidados como a novos escritores que son obxecto de tradución a distintas linguas. Concretamente cita a Chus Pato a quen Erín Moure lle traduciu para inglés *Charenton* (2004) e *M-Talá* (2000). Engade que a obra de Méndez Ferrín *Con pólvora e magnolias* (1977) publicouse en castelán, así como Carlos Casares ten en inglés *Vento ferido* (1997) e en castelán *Deus sentado nun sillón azul* (1997) e *O sol do verán* (2004). Sinala que os escritores máis novos tamén contan con traducións, aínda que non está plenamente normalizado o tráfico de idiomas. Como exemplo nomea a Yolanda Castaño, que ten en castelán *O libro da egoísta* (2003), así como María do Cebreiro tamén ten poemas seus vertidos nesta lingua.

Salgado, Daniel, "A literatura que escapa do papel", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 12 outubro 2007, p. 35.

Afirma que en moitas ocasións a literatura sobrepasa os límites do papel para a súa creación e expresión e sinala que escritores como Yolanda Castaño, Camilo Franco, Manuel Rivas, Xosé Carlos Caneiro e outros moitos están a experimentar con todo tipo de soportes, como o vídeo dixital, a experimentación acústica, a rede, a *performance*, o acompañamento instrumental ou a música electrónica, entre outros. Explica que se trata dunha tradición que en Galicia arrinca xa nos primeiros anos 80 co pioneiro grupo Rompente, cuxas performances supuxeron unha ruptura co xeito tradicional de concibir o xénero.

Salgado, Daniel, "Entre a novela negra e a Xeración Nós", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 26 outubro 2007, p. 9.

O autor reflexiona sobre como a paisaxe galega está presente en todos os xéneros literarios. Afirma que este feito vese en obras de Ramón Otero Pedrayo, Carlos García Reigosa ou Rosalía de Castro.

Sande, Miguel, "Sentimento e compromiso", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 204, "Letras en galego", 24 marzo 2007, p. 10.

Explica que o libro *O cristal da sede* (2006) recolle os seguintes poemarios de Henrique Rabuñal: *Poemas da luz e da loucura* (1992), *O poema demorado nos marmelos* (2000) e varios poemas inéditos ou dispersos nalgún dos casos. Indica que o volume conta ademais un estudo preliminar de Teresa Seara. A continuación, define o esencial da súa obra poética, que, según o propio autor, pode resumirse en catro palabras: Amor, Morte, Nación e Palabra. Miguel Sande engade dúas máis: sentimento e compromiso. Por

último, salienta a súa pertenza a un grupo literario que naceu nos anos oitenta, no que estarían inseridos Ana Romaní, Antonio Lopo, Lino Braxe ou Xela Arias, entre outros.

Sar, Máximo, "Ramón Otero Pedrayo en Santander", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 3 xullo 2007, p. 28.

A partir dun encontro producido en Santander con Ramón Otero Pedrayo, o autor deste artigo detense en describir a personalidade de Otero e algunhas anécdotas da súa biografía. Comenta que Otero Pedrayo foi un conversador moi bo e que con el podíase aprender moitas novas cousas. Asemade, refíorese á conversa que con el mantivo Otero en Santander, cidade na cal encontrou a súa muller. A partir destas palabras de Otero, dá a coñecer experiencias vitais, como que non lle gustaban pasear polas covas de Altamira porque teñen a estrutura dun ataúde. Unha anécdota que se conta del é que tiña parecido físico cun mestre de escola a quen un día encontrou. Nas palabras que intercambian pódese ver a lamentación do mestre porque o parecido é só físico.

Soria, Félix, "A xeración Nós: os pioneiros galegos do europeísmo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 211, "En portada", 19 maio 2007, pp. 2-3.

Dáse conta da exposición que tivo lugar no Museo do Pobo Galego baixo o epígrafe "Europa e a xeración Nós" con motivo do quincuaxésimo aniversario da constitución da CEE. Indica que entre as personalidades que defenderon Europa está Castelao, quen na súa obra *Perante a Unión Europea* demostra unha grande inclinación a favor da Unión Eurpea. Dise que o europeísmo galgo se caracterizou, segundo Gómez-Reino, pola fonda significación cultural e que por este motivo a mostra do Museo do Pobo Galego está dividida en tres grandes áreas: a historia, a cultura e a política. Explica que a cadea de feitos que tiveron lugar xunto coa mostra para conmemorar o aniversario do Tratado de Roma iniciouse cun acto institucional da Xunta e que ao día seguinte houbo un debate no Auditorio do Museo do Pobo Galego para expor as vantaxes de pertencer a España e á Unión Europea. Engade que paralelamente tivo lugar o acto homenaxe á xeración Nós como pioneiros do europeísmo na Casa Grande de Cima de Vila.

Soria, Félix, "Arredor dun país de Europa", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 215, "Letras en galego", 16 xuño 2007, p. 12.

Refírese a edición facsímile de "Nós. Pubricacións galegas" en 1930, publicado pola Xunta coa intención de subliñar os significados históricos e culturais do quincuaxésimo aniversario do Tratado de Roma, constitutivo da Comunidade Económica Europea. Explica que o protagonista está a procura das dúas identidades: a individual e a de Galicia como país de Europa. Ademais indica que o autor foi un dos intelectuais que mellor entendeu o europeísmo que provocou a Primeira Guerra Mundial. Por último, considérase esta obra como unha proba da forza moral da xeración Nós co seu estilo vangardista, perceptíbel aínda na actualidade.

T.G./O.R./S.R., "En el umbral del desasosiego", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 505, "Libros", 24 marzo 2007, p. 2.

Anúnciase que o escritor Xesús Cameselle Ben publica un novo libro *Tres contos á beira do medo*, publicado por Edicións Cardeñoso. Explícase que nesta obra o autor relata unha serie de contos de "realismo fantástico" que deixarán no lector unha sensación de medo, como ben anticipa o seu título. Anticípase que este volume é a primeira entrega doutros nove, dunha serie que publicará ao longo dous anos.

Valcárcel, M., "1949: Suplemento de 'La Noche", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 638, "Cen anos de historia cultural", 7 xaneiro 2007, p. 8.

Salienta como as dúas novas culturais máis importantes do ano 1949 o nacemento, en Pontevedra, da colección de poesía "Benito Soto", da que indica os volumes que se publicaron; o segundo feito destacábel foi a aparición do *Suplemento del Sábado*, do xornal *La Noche*, dirixido por Francisco Fernández del Riego e Xaime Isla Couto. Indica os colaboradores que participaron no suplemento, que chegou á cantidade de quince números, e comenta que ademais de publicar narrativa, poesía e ensaio en galego tamén se incluíron traballos sobre escritores estranxeiros.

Valcárcel, M., "1950: nace Galaxia", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 639, "Cen anos de historia cultural", 14 xaneiro 2007, p. 8.

Indica que o 25 de xullo de 1950 naceu en Santiago a Editorial Galaxia da man de Ramón Piñeiro, quen foi unha figura clave deste período, xunto a outros galeguistas dos que dá conta. Ademais de Galaxia, confirma que existían outras dúas iniciativas regulares, a colección "Benito Soto", de Pontevedra, e Bibliófilos galegos, xunto á nova Editorial Monterrey, fundada tamén en 1950. De seguido, caracteriza este ano como "extraordinario" para as letras galegas, sobre todo para a poesía, e nomea algunhas das obras máis significativas. Por último, remata o artigo con outro dos acontecementos centrais de 1950, a morte de Daniel Rodríguez Castelao.

Valcárcel, M., "1951: Os cadernos Grial", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 640, "Cen anos de historia cultural", 21 xaneiro 2007, p. 8.

Destaca como feito importante do ano 1951 a aparición dos *Cadernos Grial* polo grupo Galaxia e indica que neste ano viron a luz catro números titulados *Presencia de Galicia*, *Pintura actual en Galicia*, *Presencia de Curros y Doña Emilia* e *Aspectos económicos e jurídicos de Galicia*. Comenta que estes números eran de edición bilingüe e que neles aparecen ensaios de gran relevo. Máis adiante, indica que neste ano de 1951 a colección de poesía "Benito Soto" pechou coa publicación de tres títulos: *As cancións dise amor que se diz olvido*, de Juan Pérez Creus; *Follas dun arbre senlleiro*, de Manuel Fabeiro Gómez; e *Musa alemá*, que son quince poemas alemáns traducidos por Antonio Freijeiro. Novamente, e como remate do artigo, dá conta do resto de publicacións máis salientábeis do ano.

Valcárcel, Marcos, "1952: Aturuxo e Xistral", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 641, "Cen anos de historia cultural", 28 xaneiro 2007, p. 8.

Continuando coa serie de artigos dedicados a repasar a historia cultural galega, Valcárcel salienta do ano 1952 o gran número de libros que saíron publicados e destaca a aparición, na cidade de Lugo, da colección de poesía "Xistral", dirixida por Ángel Johán, que publicaría seis volumes até 1955. Ademais tamén dá conta da creación en Ferrol da revista *Aturuxo*, dirixida por Tomás Barros e Miguel C. Vidal.

Valcárcel, M., "1953: Á lus do candil", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 642, "Cen anos de historia cultural", 4 febreiro 2007, p. 8.

Comeza directamente anotando as obras poéticas máis importantes do ano 1953, que son: *A fouce. A roseira da soidade*, de Antón Zapata García; *Cancioneiro da Nosa Señora de Faro*, de Avelino Gómez Ledo; *Orvallo*, de Carlos Vidal; e *Cancioneiro de Monfero*, de Xosé María Álvarez Blázquez. Sinala que en narrativa sobresae, con diferenza, a obra de Ánxel Fole, *Á lus do candil. Contos a carón do lume* e, en teatro, destaca a edición de Galaxia da obra de Castelao, *Os vellos non deben de narmorarse*. Por último, dá conta das obras procedentes de América e finaliza facendo referencia ás experiencias de Vicente Risco na literatura castelá.

Valcárcel, M., "1954: O idioma prohibido", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 643,"Cen anos de historia cultural", 11 febreiro 2007, p. 8.

Comeza facendo referencia ao opúsculo que desde América se presentou á Unesco en defensa do idioma galego, co título de *Denuncia diante a Unesco da perseguizón do idioma galego polo Estado Hespañol*. Explícase que neste documento denunciaban a prohibición de España de publicar revistas, xornais e artigos en galego, así como a ausencia do galego na Igrexa. Outro feito destacábel é o nacemento da revista mensual *Galicia Emigrante* da man de Luís Seoane, da que ofrece a relación dos colaboradores da mesma. Por último, achega as publicacións máis importantes dese ano: *Lonxe*, de Lorenzo Varela; *Advento*, de Manuel María; *Galicia no espello*, de Francisco Fernández del Riego; *Da miña zanfona*, de Ramón Cabanillas; *Terra Cha*, de Manuel María; e *Romance do escritor peleriño*, de Xosé María Álvarez Blázquez.

Valcárcel, Marcos, "1955: 'Merlín', 'Os eidos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 644, "Cen anos de historia cultural", 18 febreiro 2007, p. 8.

Novamente Marcos Valcárcel refire as obras galegas máis significativas do ano 1955. Comenta que neste ano os galegos van descubrir toda a potencia creadora de Álvaro Cunqueiro como narrador, sobre todo pola publicación de *Merlín e familia*. Ademais, en poesía, tamén se dá a coñecer un dos grandes poetas contemporáneos, Uxío Novoneyra, coa súa obra *Os eidos*. A continuación, achega outras obras publicadas neste ano e dá conta daquelas que proviñan de América.

Valcárcel, Marcos, "1956: A emigración galega", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 645, "Cen anos de historia cultural", 25 febreiro 2007, p. 8.

Comeza lembrando que entre o 25 e 28 de xullo se celebrou en Bos Aires o primeiro Congreso da Emigración Galega, e que tamén se crearon revistas como *Galicia Emigrante* e se fixeron campañas en defensa da lingua. Así mesmo, comenta que en 1956 naceu a Agrupación Gallega de Universitarios, Escritores y Artistas que informaba das súas actividades a través de *Galicia Emigrante*. Indica que outra nova cultural deste ano foi a aparición da revista dirixida por Camilo José Cela, *Papeles de Son Armadáns*, dedicada fundamentalmente á poesía e na que colaboraron moitos poetas. Por último, dá conta da publicación de dúas obras importantes que chegaron de América: *Na brétema*, de Luís Seoane e *Cancioneiro*, de Eduardo Blanco Amor.

Valcárcel, M., "1957: Ferrín e Xoana Torres", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 646,"Cen anos de historia cultural", 4 marzo 2007, p. 8.

Continuando coa serie de artigos dedicados a repasar a historia cultural galega, Valcárcel salienta do ano 1957 a inauguración da libraría Follas Novas por parte de Xosé Neira Vilas, a fundación da Editorial Citania por parte de Luís Seoane e máis a creación do Teatro Popular Galego da man de Euardo Blanco Amor. A continuación dá conta das publicacións que tiveron lugar tanto en América como en Galicia e destaca o volume de investigación, *Literatura gallega actual*, realizado por Xavier Costa Clavell, no que incluía a cento corenta escritores galegos, tanto de escrita galega como castelá. Por último, nomea as obras que a Editorial Galaxia sacou do prelo ese ano: *Voce na néboa*, de Xosé Luís Méndez Ferrín, *Do sulco*, de Xohana Torres; e *Auto do Taberneiro*, de Manuel María.

Valcárcel, Marcos, "1958: Brais Pintos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 647,"Cen anos de historia cultural", 11 marzo 2007, p. 8.

Salienta como o feito máis importante do ano 1958 a creación do grupo Brais Pinto, dá conta dos seus compoñentes e comenta o labor cultural que desenvolveron, así como, a creación dunha editorial que se inaugurou coas obras *Bocarribeira*, de Ramón Otero Pedrayo e *Poemas do home que quixo vivir*, de Bernardino Graña. De seguido, dá conta dos libros máis importantes que se publicaron, tanto en Galicia como en América, e salienta, finalmente, a *Antología de poetas asturianos. Poesía en bable*.

Valcárcel, Marcos, "1959: 'A Esmorga'. 'Vieiros'. Pimentel", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 648, "Cen anos de historia cultural", 18 marzo 2007, p. 4.

Salienta como feitos importantes deste ano a publicación da mellor novela galega de posguerra, *A Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor. Dá conta doutras publicacións destacábeis e fai referencia ao nacemento da publicación periódica *Vieiros*, pertencente ao Padroado da Cultura Galega de México. Comenta que era unha revista cultural e literaria, monolingüe en galego e na que participaron moitos escritores do momento. Por último, dá conta das obras poéticas saídas do prelo en 1959 e comenta o poemario de Pimentel, *Sombra do aire na herba*.

Valcárcel, Marcos, "Balance dunha década: os 50", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 649,

"Cen anos de historia cultural", 25 marzo 2007, p. 14.

Faise un percorrido pola fructífera década no eido galego: o dinamismo en América coas revistas *Galicia Emigrante* e *Vieiros*, o primeiro Congreso da Emigración Galega, as novidades editoriais como a *Obra Completa*, de Ramón Cabanillas e o nacemento da poesía civil da posguerra co Manifesto de 1953. Tamén se fala das novas na Galicia interior como o nacemento da editorial Galaxia e Monterrey, as Festas Minervais de Santiago, a colección "Xistral" ou as numerosas revistas. Finalmente enuméranse as principais novidades editoriais da década en canto a narrativa, poesía, teatro e ensaio e faise mención ás artes plásticas, cine e fotografía, e á música. Sinala que a década rematou coa morte de Ramón Cabanillas e Luís Pimentel.

Valcárcel, Marcos, "1960: Cunqueiro, Del Riego, Martínez Risco", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 650, "Cen anos de historia cultural", 1 abril 2007, p. 6.

Indica que o ano 1960 non foi moi fecundo para as letras galegas de posguerra mais, aínda así, houbo publicacións de grande importancia. Comenta que Ramón Otero Pedrayo sacou do prelo *O señorito da Reboraina*, tamén se publicou o segundo tomo do *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* e viron a luz os poemarios de Aquilino Iglesia Alvariño, *De día a día*, e o de Luís Pimentel, *Barco sin luces*. A continuación comenta que neste mesmo ano, a revista literaria *Aturuxo* editou un número monográfico dedicado a Pimentel, tras o seu pasamento e comenta que nel aparecían poemas do propio poeta, entregas doutros autores e traballos críticos sobre a súa figura. Outros números de poesía que apareceron en 1960 foron: *Escola de menciñeiros e fábula de varia xente* e *Las mocedades de Ulises*, de Álvaro Cunqueiro; *Poema das materias sagras*, de Faustino Rey Romero; *Fábulas galegas dos nenos grandes e pequenos*, de Xosé Rubinos; e *Acoitelado na espera*, de X. Alexandre Cibreiro. No ámbito teatral dá conta das seguintes obras: *Traxicomedia da noite de Santos*, de Otero Pedrayo; *Edipo*, de Manuel María, e *A volta de Ulises*, de Xosé Luis Franco Grande. Finalmente, comenta que neste ano de 1960 ingresou na Real Academia Galega Francisco Fernández del Riego e afirma que foron anos difíciles para a institución.

Valcárcel, M., "1961: Esplendor na narrativa", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 651,"Cen anos de historia cultural", 8 abril 2007, p. 6.

Comeza o artigo salientando a edición dun dos grandes *best seller* da literatura galega, *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas, así mesmo, dá conta doutras publicacións salientábeis no panorama poético e tamén no narrativo, sobre todo daqueles autores pertencentes á Nova Narrativa Galega. Finalmente, comenta que en 1961 Rafael Dieste volveu do exilio, Neira Vilas marchou da Arxentina para Cuba e Álvaro Cunqueiro foi elixido académico da Real Academia Galega.

Valcárcel, M., "1962: Longa noite de pedra", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 652,"Cen anos de historia cultural", 15 abril 2007, p. 6.

Afirma que o ano 1962 foi "excepcional" nas nosas letras. Explica que primeiro apareceron os dous tomos da *Historia de Galicia*, dirixida por Ramón Otero Pedrayo e

explica as partes das que consta e como naceu o proxecto. O segundo feito importante foi a publicación dos sete relatos de *Os biosbardos*, de Eduardo Blanco Amor. Repasa outras publicacións importantes como as de Manuel María, Álvaro Cunqueiro, José María Castroviejo e Florentino Cuevillas.

Valcárcel, M., "1963: Día das letras, 'Grial', Do Castro", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 653,"Cen anos de historia cultural", 22 abril 2007, p. 6.

Afirma que o acontecemento cultural máis importante do ano 1963 foi a creación do Día das Letras Galegas para homenaxear anualmente a un escritor galego xa falecido. Explica cal foi o proceso de creación desta festividade e indica as novidades editoriais desta data. Así mesmo, tamén salienta o nacemento da revista *Grial*, dirixida por Ramón Piñeiro, e dá conta do ingreso na Real Academia Galega de Ánxel Fole e Álvaro Cunqueiro.

Valcárcel, Marcos, "1964: Ferrín. Os Álvarez Blázquez", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 654, "Cen anos de historia cultural", 29 abril 2007, p. 6.

Comenta que en 1964 saíu publicada unha das obras máis representativas da primeira narrativa de Xosé Luís Méndez Ferrín, *Arrabaldo do norte*. De seguido, indica que os irmáns Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez fundaron Ediciós Castrelos en Vigo e a súa primeira xeira foi a serie de *Cuadernos de Arte Gallego*; ademais comenta que Xosé María ingresou na Real Academia Galega ocupando o lugar de Iglesia Alvariño, e Emilio gañou o premio de poesía do Centro Galego de Bos Aires. A continuación, dá conta dalgunhas obras fundamentais: *Cen anos de literatura galega*, de Xesús Alonso Montero; *O ronsel verdegal*, de Emilio Pita Romero; *Tesouros novos e vellos*, de Álvaro Cunqueiro, etc. Por último, comenta que o Día das Letras Galegas, no seu segundo ano de existencia, estivo dedicado a Castelao.

Valcárcel, Marcos, "1965: Primeira misa en galego", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 655, "Cen anos de historia cultural", 6 maio 2007, p. 6.

Lembra o ano de 1965 como un ano complexo no que sucederon feitos importantes, como a denominación de Franco *honoris causa* pola Universidade de Santiago de Compostela ou a aprobación pola mesma Universidade, de impartir en materia de ensino oficial a Lingua e a Literatura Galega. Ademais foron publicadas dúas obras narrativas relevantes: *Xente no rodicio*, de Xosé Neira Vilas, e *A orella no buraco*, de María Xosé Queizán; e Bibliófilos Gallegos publicou o volume *Lago González. Biografía e selección da súa obra galega*, preparado por Xosé Filgueira Valverde, do mesmo xeito que apareceron poemas de Arcadio López-Casanova, Elsa Fernández ou Anne Marie Morris. No campo do teatro, as dúas obras salientadas son *A outra banda do Iberr*, de Xoana Torres e *A revolta e outras farsas*, de Marinhas del Valle; ademais, a revista *Grial* publicou varias pezas de Ricardo Carballo Calero, Álvaro Cunqueiro, etc. En canto ao Día das Letras Galegas, ese ano estivo dedicado a Eduardo Pondal e, por último, comenta as publicacións realizadas en América e os esforzos de mellora por parte dos exiliados.

Valcárcel, Marcos, "1961: Novoneyra, B. Graña, Otero", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 656 ,"Cen anos de historia cultural", 13 maio 2007, p. 6.

Recóllese unha relación de títulos publicados en 1966, entre os que salienta tres libros de poesía: *Elegías del Caurel y otros poemas*, de Uxío Novoneyra; *Profecía do mar*, de Bernardino Graña; e *Terra-nai*, de Avelino Gómez Ledo. Asemade indica que Ricardo Carballo Calero publica na colección de manuais de Galaxia *Gramática elemental del gallego común*. Por último, salienta o estudo *Cancioneiro de Pero Meogo*, de Méndez Ferrín; e a peza dramática *Nicolás Flamel*, de Daniel Cortezón.

Valcárcel, Marcos, "1968: Nace Voces Ceibes", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 658, "Cen anos de historia cultural", 27 maio 2007, p. 6.

Explica que 1968 é o ano dos conflitos estudantís na universidade de Santiago, contexto da Nova Canción Galega, que se presentou nun concerto celebrado na facultade de Medicina coas actuacións de Benedicto, Xavier González del Valle, Guillermo Rojo, Xerardo Moscoso e Vicente Araguas; dá conta dos autores dos textos orixinais das súas cancións, entre os que cita a Alfredo Conde, Celso Emilio Ferreiro e Lois Diéguez, ademais doutros poetas cataláns e doutras culturas. Respecto ao campo da literatura, sinala que se publicou *Vietnam canto*, de Uxío Novoneyra; *Viaxe ao país dos ananos*, de Celso Emilio Ferreiro; e *As ponlas baixas*, de Vicente Vázquez Diéguez, entre outras obras.

Valcárcel, Marcos, "1969: Nace a revista 'Chan'", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 659,"Cen anos de historia cultural", 3 xuño 2007, p. 6.

Dá conta da aparición da revista *Chan* en Madrid baixo a dirección Raimundo García Domínguez, Borobó, con periodicidade quincenal. Explica que a revista era bilingüe e que contaba con fotografías abundantes, co obxectivo de ser unha revista de información xeral sobre música, economía, deportes, política ou política internacional. Nese mesmo ano salienta a publicación da obra de Marcial Suárez Fernández, *O acomodador e outras historias*, e a de Carlos Casares, *Cambio en tres*. Dos poemarios cita o de Manuel Casado Nieto, *Canta de lonxe e corazón do tempo*.

Valcárcel, Marcos, "Balance dunha década: os 60", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 660, "Cen anos de historia cultural", 10 xuño 2007, p. 6.

Na década de 60 ten lugar a conmemoración do día das Letras Galegas por primeira vez na historia, pero esta é unha década significativa tamén porque se dan a coñecer libros de distintas xeracións de autores como a xeración de Díaz Castro que publica Nimbos, Xohana Torres, Pura Vázquez, Aquilino Iglesia Alvariño xunto coa xeración de Arcadio López Casanova, Salvador García Bodaño e mesmo autores mais novos como Méndez Ferrín ou Manuel María.

Valcárcel, Marcos, "1970: Os cen mellores poemas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 661,

"Cen anos de historia cultural", 17 xuño 2007, p. 10.

Indica que foi publicada a antoloxía de poemas dos séculos XIX e XX de Xesús Alonso Montero, titulada *Os cen mellores poemas*. Asemade, salienta que sairon á luz dúas novelas de especial importancia: *Paco Pixiñas. Historia dun desleigado*, de Celso Emilio Ferreiro, que é un romance de cego con debuxos de Isaac Díaz Pardo e música de Isidro Maiztegui; *O camiño de abaixo*, de Xoán Casa. Do xénero teatral cita a obra *Prisciliano*, de Daniel Cortezón. Por último, comenta que Xoana Torres recibe o Premio Galicia do Centro Gallego, configurándose así como unha das voces máis destacadas da cultura nese ano.

Valcárcel, Marcos, "1971: Nace o instituto da Lingua Galega", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 662, "Cen anos de historia cultural", 24 xuño 2007, p. 6.

O nacemento máis destacábel do ano 1971, segundo indica Valcárcel, foi a creación do Instituto da Lingua Galega, dedicado á investigación do idioma. Comenta que as súas primeiras obras foron os manuais *Gallego 1*, *Gallego 2* e *Gallego 3*, que serviron de base para aqueles que estaban aprendendo a lingua. A continuación, afirma que tamén foi un ano bo para as publicacións, tanto en narrativa como en poesía e dá conta ademais dos libros que se editaron en Bos Aires. Por último, comenta unha das obras clave da historia cultural galega: *Antropología cultural de Galicia*, de Lisón Tolosana.

Valcárcel, Marcos, "1972: 'Xente ao lonxe'", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 663,"Cen anos de historia cultural", 1 xullo 2007, p. 6.

Continuando coa serie de artigos dedicados a repasar a historia cultural galega, Valcárcel salienta do ano 1972, ademais dos grandes movementos laborais e políticos, a publicación da "auténtica epopea" de comezos de século XX: *Xente ao lonxe*, de Eduardo Blanco Amor. Achega outros títulos importantes de narrativa e poesía, publicados tanto en Galicia como en América, e ao final, dá conta das novidades na literatura xuvenil. Indica que Carlos Casares traduciu ao galego a obra *O Principiño*, Delgado Rodríguez publicou *O neno mentirán e o lobo*, Agrelo Hermo deu a coñecer *O espantapaxaros* e Xoán Carlos Arias editou *Carliños e o abó*.

Valcárcel, Marcos, "1973: Mostra de teatro abrente", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 665, "Cen anos de historia cultural", 15 xullo 2007, p. 6.

Artigo dedicado a dar a coñecer as publicacións de 1973 e outros acontecementos culturais importantes como a Mostra de Teatro Abrente en Ribadavia. Entre as publicacións destaca a de Xesús Alonso Montero, *Informe dramático sobre la lengua gallega*; *O atraso económico de Galicia*, de Xosé Manuel Beiras. Explica que ambas as dúas obras son da mesma época que obras teatrais que se publican neste ano tan importante para o teatro galego, como é o caso d'*As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares; ou a obra de Eduardo Blanco Amor, *Farsas para títeres*.

Valcárcel, Marcos, "1974: Nace a grande enciclopedia galega", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*",

n.º 666, “Cen anos de historia cultural”, 22 xullo 2007, p. 6.

Amosa as novidades culturais do ano 1974, salientando que aparecen novos títulos como a *Gran enciclopedia galega* ou no ámbito do ensaio a obra de Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*. Ademais indica que no ámbito musical Amancio Prada publicou o disco *Vida e morte*. Tamén sinala que Carlos Casares escribía en *La Región* os seus retratos literarios con caricaturas de Siro López.

Valcárcel, Marcos, “1975: Os poemas a Moraima”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 667, “Cen anos de historia cultural”, 29 xullo 2007, p. 6.

Recóllense os principais títulos publicados no ano 1975, ao mesmo tempo que se refire a outras parcelas culturais, como as novas edicións musicais e as estreas no cine galego. Tamén hai unha alusión para aquelas persoas da cultura galega que morreron nese ano e para os que naceron. Entre os títulos publicados destaca o libro de poemas de Celso Emilio Ferreiro, *Moraima: diario de abordo*.

Valcárcel, Marcos, “1976: *‘Con pólvora e magnolias*”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 673, “Cen anos de historia cultural”, 9 setembro 2007, p. 7.

Reflexiona sobre os acontecementos culturais ocorridos en Galicia tras a morte do ditador. Nesta época as letras galegas vense representadas principalmente pola poesía. Así xorden obras como *Con pólvora e magnolias*, que supuxo una cambio radical na concepción da poesía, *Mesteres*, *Seraogna* ou *Verbas derradeiras*.

Valcárcel, Marcos, “1977: *Redes*cuberta do país”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 674, “Cen anos de historia cultural”, 16 setembro 2007, p. 7.

Repásanse algúns dos acontecementos culturais ocorridos en Galicia durante 1977. Destaca que foi un ano marcado pola política, e por esta razón moitas das novidades literarias van nesa dirección. Así temos obras como *Os partidos políticos*, de Manuel Rivas e X.I.Taibo ou *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, de José A. Barreiro Fernández

Valcárcel, Marcos, “1978: Premios da Crítica de Galicia”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 675, “Cen anos de historia cultural”, 23 setembro 2007, p. 4.

Reflexión sobre os acontecementos culturais ocorridos no ano 1978. Destaca a aprobación da Constitución e a posta en marcha da primeira Xunta preautonómica. No campo da narrativa salienta a figura de Xosé Fernández Ferreiro coa obra *Morrer en Castrelo do Miño*. Alfredo Conde, Xabier Alcalá ou Xoán Ignacio Taibo son algún dos representantes da literatura deste ano.

Valcárcel, Marcos, “1979: tempo de despedidas”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 676, “Cen anos de historia cultural”, 30 setembro 2007, p. 4.

Repaso aos acontecementos culturais de Galicia durante o ano 1979, no que salienta feitos como o finamento de escritores como Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor ou Celso Emilio Ferreiro. Tamén foi un ano de grandes obras como *Os outros feirantes*, de Álvaro Cunqueiro, ou *Os escuros soños de Clío*, de Carlos Casares.

Valcárcel, Marcos, "1980: Casares, Ferrín, Alcalá", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 688, "Cen anos de historia cultural", 14 outubro 2007, p. 4.

O autor repasa os acontecementos culturais máis relevantes do ano 1980. Tamén fai referencia ao 1880 cando Carballo Calero consegue a súa consagración. No 1980 destacan figuras coma Carlos Casares e *Ilustrísima*, Xabier Alcalá e *A nosa cinza* ou Ferrín con *Crónica de nós*.

Valcárcel, Marcos, "1981: Dorna. Premio Blanco Amor", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 689, "Cen anos de historia cultural", 21 outubro 2007, p. 4.

O autor rememora importantes acontecementos culturais do ano 1981, destaca o nacemento de premio de novela Blanco Amor. O primeiro gañador deste premio foi Daniel Cortezón con *A vila salugada*. Tamén nace a revista *Dorna* dedicada a poesía.

Valcárcel, Marcos, "1982: A Biblioteca Básica", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 690, "Cen anos de historia cultural", 28 outubro 2007, p. 4.

O autor repasa os acontecementos culturais máis relevantes do ano 1982. Entre eles destaca a aparición dos cincuenta tomos da Biblioteca Básica da Cultura Galega de Galaxia. Explica que este proxecto foi pioneiro na busca da popularización da cultura galega, no que se recuperaron moitos clásicos da Xeración Nós, das Irmandades e dos autores de Seminario de Estudos Galegos.

Valcárcel, Marcos, "1983: Nace o Consello da Cultura", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 691, "Cen anos de historia cultural", 4 novembro 2007, p. 4.

O autor repasa os acontecementos culturais máis relevantes do ano 1983, entre eles destaca a Lei do Consello da Cultura Galega. Tamén se puxeron en marcha os Premios Trasalba creados pola fundación Ramón Otero Pedrayo, a Casa das Ciencias da Coruña e o Outono Fotográfico de Ourense.

Valcárcel, Marcos, "1984: Centro Dramático Galego", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 692, "Cen anos de historia cultural", 11 novembro 2007, p. 8.

O autor repasa algúns acontecementos importantes na vida cultural do 1984: a creación do premio Xerais de novela e a fundación do Centro Dramático Galego.

Valcárcel, M., "1985. Leliadoura. 'Luzes de Galiza", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 683, "Cen anos de historia cultural", 18 novembro 2007, p. 4.

Lembra de 1985 que a Editorial Sotelo Blanco iniciaba a súa colección de poesía "Leliadoura" que había de durar doce anos. A continuación, achega unha listaxe de moitos títulos publicados por esta editorial nos tres xéneros literarios: en narrativa, poesía e teatro.

Valcárcel, M., "TVG (1985), Gramática galega (1986)", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 684, "Cen anos de historia cultural", 25 novembro 2007, p. 4.

Salienta que no ano 1985 tiveron lugar as primeiras emisións da Televisión Galega e dá conta dalgúns dos libros que se publicaron ese ano. En 1986 destaca a publicación da primeira *Gramática Galega*, editada por Galaxia e nomea as publicacións das editoriais Ir Indo, Sotelo Blanco e Edicións do Castro. Deseguido, indica que nese mesmo ano se celebraron os aniversarios dos nacementos de Daniel Rodríguez Castelao, Florentino Cuevillas e Salvador de Madariaga, e dá conta dos libros que se publicaron sobre eles. Por último, fai referencia ás montaxes que estaba a realizar o Centro Dramático Galego naquel ano.

Valcárcel, M., "1987: Diario sen datas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 685, "Cen anos de historia cultural", 2 decembro 2007, p. 4.

Salienta a data de 1987 como un ano moi fecundo na publicación de obras literarias. Dá conta das obras narrativas publicadas nese ano, así como, das máis salientábeis da literatura xuvenil. Por último, salienta aos novos poetas Antón Dobao, Ana Romaní e Antón Lopo, e achega unha sucesión de autores e obras poéticas. En columna a parte, dá conta das obras teatrais que se representaron nese ano.

Valcárcel, Marcos, "1988: O esplendor da novela", Galicia Hoxe, "*Lecer*", n.º 696, 9 decembro 2007, p. 4.

Faise un minucioso percorrido polos principais feitos culturais galegos acaecidos ao longo dos anos 1987 e, especialmente, de 1988. A listaxe abrangue dende as principais publicacións no ámbito da novela ate a creación de publicacións ou premios de ensaio e literatura.

Valcárcel, Marcos, "A Esmorga", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 687, "A memoria da cidade en Blanco Amor", 16 decembro 2007, p. 5.

Fala da xeografía literaria na obra de Eduardo Blanco Amor e a aportación do escritor á consolidación do xénero da novela urbana en Galicia. Dise que toda a obra do escritor transcorre na cidade de Ourense entre os anos 1897 e 1919, creando o nome literario Auria, reducido a A. Salientáse *A esmorga*, como novela itinerante na que o héroe moderno inicia a súa aventura iniciática, describindo o Roteiro Oficial da obra, que percorre o núcleo antigo da cidade e zonas marxinais do lumpenproletariado, "espazos

sagrados cunha significación paródica ou simbólica", e xogando co contraste entre lugares pechados e abertos, definindo a psicoloxía de orfandade dos protagonistas mediante a carencia do ámbito interior. Tamén se tratan os espazos da acción e simbólicos nas obras *La catedral y el niño* (1948), *Os biosbardos* (1962) e *Xente ao lonxe* (1972), salientando as "xerarquías no plano físico como manifestación do clasismo"e os espazos da liberdade e a transgresión, nos que destaca o Campos dos Remedios, como lugar de concentración das organizacións agrarias e sindicatos obreiros.

Valcárcel, Marcos, "1989: Darío Xohán Cabana, Avilés, A. Risco", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 698, 23 de decembro de 2007, p. 6.

Percorrido polos feitos máis destacados da cultura galega ao longo de 1989, abordando, entre outros, o campo da literatura, a música, o cine, o teatro, o ensaio e o xornalismo. Entre os máis destacados atópase a estrea de *Sempre Xonxa*, de Chano Piñeiro; a publicación do estudo *Escolas e mestres*, de Antón Costa; ou a creación do Centro Galego de Artes e Imaxe.

Valcárcel, Xulio, "Dominios de Caín", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 448, "Páxina literaria", 7 xaneiro 2007, p. 4.

Fai referencia á obra de Carlos Caneiro, *Os Dominios de Caín* (2006), na que o autor reflexiona sobre o concepto da literatura e afirma que a literatura non se debe guiar polo número de vendas ou o éxito do mercado, senón pola calidade estética. Comenta que Caneiro admira a tres escritores da literatura española, Ramón María del Valle Inclán, Camilo José Cela e Gonzalo Torrente Ballester e achega os seus motivos. Ademais, lamenta Caneiro que os escritores novos sufran un deterioro e que sexan presas doadas do éxito e da fama.

Valcárcel, Xulio, "Musas francófilas", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 449, "Páxina literaria", 14 xaneiro 2007, p. 4.

Refire o traballo de Teresa Seara sobre o mundo da literatura feminina en Galiza durante o conflito bélico, baixo o título de "As musas francófilas: poetisas galegas no período da Guerra Civil (1936-1939)" inserido no libro *Guerra Civil e literatura galega* (2006), coordinado por Alonso Montero e Miro Villar. Salienta Teresa Seara as principais dificultades que atoparon estas escritoras e achega algúns nomes: Juana Teresa Juega, Carmiña Prieto Rouco ou Francisca Herrera Garrido. Desta literatura destaca o fanatismo, a irracionalidade, a chufa, etc.

Valcárcel, Xulio, "Obra dramática de Jenaro Marinhas", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 450, "Páxina Literaria", 21 xaneiro 2007, p. 4.

Informa da publicación por parte de Espiral Maior do volume *Obra dramática completa* (2006), de Jenaro Marinhas del Valle, cun limiar de Pablo González Mariñas. Comenta que este dramaturgo foi un dos máis preocupados por Galicia e propuxo a

diferenciación entre "unir" e "unificar". Escribiu a súa obra en plena ditadura franquista e non a deu a coñecer até ben entrados os anos cincuenta na colección Grial.

Valcárcel, Xulio, "Revista Grial", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 452, "Páxina Literaria", 4 febreiro 2007, p. 4.

Indica que os contidos do número cento setenta e un da revista *Grial* (2006) están dedicados ao centenario da Real Academia Galega. Salienta os traballos de Xosé Neira Vilas, Xosé Luís Axeitos e Manuel Ferreiro e comenta que tamén recolle a revista a correspondencia entre Basilio Losada e Ramón Piñeiro. Por último, fai referencia á entrevista que Víctor Freixanes lle realizou ao presidente da RAG, Xosé Ramón Barreiro, sobre diversos aspectos que lle competen á Academia.

Valcárcel, Xulio, "Mariscal Pardo de Cela", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 454, "Páxina Literaria", 18 febreiro 2007, p. 4.

Fai referencia á vida do mariscal Pedro Pardo de Cela e achega as opinións de Antón Xosé Meilán García, quen, no seu libro *O Mito do Mariscal Pardo de Cela. Historia, lendas e literatura* (2004), afirma que na morte do mariscal estiveron implicados directamente os Reis Católicos. Dá conta do ascenso social de Pardo de Cela e confirma os seus enfrontamentos con Castela; tamén engade a complicidade da Igrexa e da Nobreza.

Valcárcel, Xulio, "Tres novas entregas poéticas", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 455, "Páxina Literaria", 25 febreiro 2007, p. 4.

Comenta tres poemarios publicados recentemente. O primeiro é a obra gañadora do Premio Esquío, *Casa Pechada* (2006), de Luz Pichel. Explica que Pichel presenta unha poesía moi suxestiva e directa, cargada de intensidade, de intención e de emoción. A segunda obra á que fai referencia é *Tigres como Fausto con ollos de bruma* (2006), de Xavier Lema. Comenta que nesta obra o poeta prima o aspecto ideolóxico sobre o emotivo e, formalmente, son versos longos cunha métrica moi coidada. Por último, o terceiro poemario é o libro de Ánxeles Penas, *Perfís e poéticas* (2006), dedicado a homenaxear a poetas e pintores a través dunha poesía núa, de fonda densidade e contundente tensión expresiva.

Valcárcel, Xulio, "Tres entregas", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 457, "Páxina Literaria", 11 marzo 2007, p. 4.

O autor do artigo recolle o título de varios libros de poemas publicados no 2006. Entre eles destacan: *A camelia oxidada*, de Fidel Vidal e *Vizoño AC Eira Vella* de Maxi Rei.

Valcárcel, Xulio, "Blanco Amor xornalista", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 463, "Páxina Literaria", 22 abril 2007, p. 4.

Realiza un percorrido pola traxectoria vital e literaria de Eduardo Blanco Amor. Lembra os seus inicios en Ourense e a etapa que viviu na emigración, así como, as súas colaboracións en diversos xornais e as viaxes que realizou por América. Da súa estadía en Chile, nace o libro *Chile a la vista* (1950) e comenta Valcárcel cómo o localizou e dá conta da súa importancia.

Valcárcel, Xulio, "Encol da escrita", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 467, "Páxina literaria", 20 maio 2007, p. 4.

Opina que o lector é o encargado de descifrar as mensaxes escritas por un escritor, é por tanto o elemento sen o cal a escrita non tería sentido; a pesar desta importancia, case non hai estudos nin reflexións sobre a lectura. Será necesario, segundo Xulio Valcárcel, crear un conxunto de reflexións que considere o lector como suxeito activo que dialogue co autor. Indica que a finalidade é propiciar que a lectura non se esgote no texto proposto, senón que se proxecte a través das particularidades ou connotacións que o lector ofrece. Considera que a escrita é unha forma de comunicación e de conservación con diferentes estatus a través do tempo. Explica que na antiga Roma os escravos eran os encargados de escribir hoxe en día a escrita realízase sobre todo a máquina, salvo os documentos persoais, mentres que nos séculos VI e VII a copia de manuscritos ten lugar nos mosteiros e a partir do século XIII os escritores son de carácter laico. Engade que a sinatura, obrigatoria a partir do ano1554 coa ordenanza de Enrique II, fai que a escrita convértase en algo persoal, na expresión da identidade.

Valcárcel, Xulio, "Encol da lectura", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 469, "Páxina literaria", 3 xuño 2007, p. 4.

Afirma que consideramos a escrita como obra de autor , como resultado, esforzo e mérito do escritor, mentres que o lector considérase un cómplice necesario que accede á alma do escritor a través da decodificación da súa mensaxe e da identificación. Sobre o proceso da lectura di que, ao contrario que no caso da escrita, até datas ben recentes non se levaron a cabo estudos. Indica que o obxectivo desexábel sería propiciar unha lectura activa, na que as connotacións tamén procederan do lector, en función do nivel social ou de calquera outra circunstancia persoal.

Valcárcel, Xulio, "En Zaragoza", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 470,"Páxina literaria", 10 xuño 2007, p. 4.

Fai referencia este artigo a unha viaxe realizada por Xulio Valcárcel a Zaragoza onde están a preparar as obras para a Expo 2008. Indica que en Zaragoza acoden ao centro galego que cumpre cincuenta anos e que conta cunha sede de 800 metros cadrados no centro da cidade. Comenta que neste local encontran con galegos residentes en Aragón que están a participar na dirección do centro galego, entre eles Amadeo Cobas, quen publicou a súa novela, *Miranda* (2004), con gran éxito. Engade que son numerosos os actos en que participan, como a conferencia sobre María Mariño.

Valcárcel, Xulio, "Xuristas escritores", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 484, "Páxina Literaria", 16 setembro 2007, p. 4.

Analiza o papel de xuristas que tamén son escritores, como é o caso de Antonio Díaz Fuentes coa súa obra *Contos de Sarria*, unhas memorias da zona en clave de humor, ou Enrique Rajoy que presentou na Feira do libro a súa novela *La Coruña 1936*, que obtivo o Premio Literario Fernando Arenas Quintela en 2007. Comenta desta novela que se trata dun retrato dunha sociedade hipócrita, que aposta por un sistema de valores caduco e que se deixa levar polas apariencias. Por último, cita *Seavia é nome de parroquia*, obra de J.Antonio Andrade, de quen salienta a súa calidade como narrador e o seu bo nivel lingüístico.

Valcárcel, Xulio, "Homenaxe a Lois Pereiro", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 490, "Páxina Literaria", 28 outubro 2007, p. 4.

Repasa a figura de Lois Pereiro, unha voz atípica dentro da poesía galega. Refírese a súa obra, recollida en *Poemas 1981/1991* (1992) e *Poesía última de Amor e Enfermidade 1992-1995* (1995). Considera que no seu caso non hai literatura nin retórica, senón unha proxección de do seu propio drama vital no papel. Con motivo desta circunstancia, reflexiona sobre se a obra se xustifica en sí mesma, se logra superar a circunstancia persoal para acadar valor universal. Conclúe que tanto pola temática como pola forza expresiva e á influencia da tradición xermánico-centroeuropea, merece un posto de honra nas letras galegas.

Valcárcel, Xulio, "Revista 'Garoza' ", *El Ideal Gallego,* "Páxina literaria", "*La Galería*", n.º 497, 16 decembro 2007, p. 4.

Acábase de publicar o número sete de *Garoza*, na que se destaca o artigo de Manuel Cousillas sobre a interacción entre a literatura popular irlandesa e a galega e o traballo de Alejandra Moreno Álvarez, "Trastornos alimentarios: lenguajes de mujeres en Doña Oráculo".

Ventura, Joaquim, "Cal futuro?", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 191, 18 xaneiro 2007, p. I.

Fai referencia ao tipo de literatura que nace a raíz da decadencia planetaria, é dicir, textos e obras creados como protesta contra a contaminación da atmosfera. Comenta que autores como Manuel Rivas inclúen nas súas obras a presenza da ecoloxía.

Vidal, Nicolás, "Nos vinte anos de Xosemaría Pérez Parallé", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 438, "Reportaxe", 22 xullo 2007, pp. 2-4.

Indica que o vindeiro mes de novembro se cumpren vinte anos da morte de Xosé María Pérez Pallaré e que na súa honra a Liga de Amigos de Barallobre organiza un congreso na parroquia de Fene do 5 ao 8 de novembro, onde se reunirán personalidades coñecedoras da súa vida e obra. Sinala que o congreso está dirixido por Xosé María Dobarro e José Luis Tasset e que consta dunha serie de conferencias que están destinadas a mostrar como foi a vida e obra deste poeta. Por outra parte, explica que se

farán máis recoñecementos, como a colocación do nome do poeta a un parque que rodea ao local social, entre outros. Asemade, dá unhas notas biográficas do autor ferrolán, informando de que estudou en Santiago Filosofía e Letras e de que foi mestre até que as autoridades franquistas lle pecharon a escola. Comenta que a súa vida se caracterizou pola simpatía que sempre tivo coas clases populares, ás que axudou sen cobrar polo seu traballo.

Vieites, Manuel F., "Terra de caciques", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 197, "Teatro", 1 marzo 2007, p. VIII.

Recesión elaborada a raíz da lectura dun estudo de Euloxio R. Rubial titulado *Valle-Inclán e o teatro galego* (2006), publicado por TrisTram, que no ano 2005 acadou o Premio Valle-Inclán concedido pola Deputación de Pontevedra. Explícase que esta obra trata sobre a forte pegada de Valle-Inclán na literatura e na cultura galega en xeral.

Vieites, Manuel F., "Unha heroína para Hélène Cixous", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 199, "Escena", 15 marzo 2007, p. II.

Refírese á Hélène Cixous pola súa obra *A conquista da escola de Madhubai* (2006), que constitúe unha das novas propostas da Biblioteca Francisco Pillado Mayor da Universidade da Coruña. Explica que se trata dunha representación dramática dun feito real. En concreto narra o heroico labor da nena Phoolan Devi, que chegou a ser xefa da mesma banda pola que foi raptado, despoisde pasar unha chea de calamidades. Salienta desta obra, ao marxe do seu compromiso coa causa feminista, que participa de todos os elementos que Vladimir Propp identificou na súa análise da morfoloxía do conto tradicional.

Vieites, Manuel F., "Teatro nacional e popular", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 201, "Teatro", 29 marzo 2007, p. VIII.

Comentario acerca da figura de Manuel María e o seu desexo de facer un teatro popular, pero que fose ao mesmo tempo tamén nacional. Explica que se trata dun teatro de axitación e propaganda, mesturado con outro de caretas, como o que xa propuxera Castelao na súa obra *Os vellos non deben namorarse* (1953). Considera que tería que ser un teatro no que se recolla a realidade da sociedade e da política. Indica que a obra dramática de Manuel María sempre ten como referentes elementos formais tirados da tradición nacional e popular, mais unhas veces opta polo divertimento, como en *Barriga verde* (1968), e outras pola crítica social e cultural, como no *Auto do maio esmaiolado* (1982). Nesta liña tamén cita *Abril de lume e ferro* (1989) ou *Edipo* (2003), ambos os dous vinculados coas peropecias da nación.

Vieites, Manuel F., "Dramas da terra engurrada e vella", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 203, "Teatro", 19 abril 2007, p. VIII.

Informa da publicación na Editorial Espiral Maior e coa colaboración da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, do libro *Obra dramática completa* (2006), de Jenaro

Marinhas del Valle. Sinala que os responsábeis desta edición foron Alexandrina Fernández Otero e Lino Braxe. Complementa o conxunto un estudo preliminar dos editores e un prólogo de Pablo González Mariñas. Manuel Vieites destaca o descoñecemento da figura e obra de Jenaro Marinhas e advirte da importancia deste volume que agora se presenta como "un documento ben interesante para coñecer a historia do país, da nosa cultura e da nosa literatura".

Vieites, Manuel F., "Delirium ludens", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 210, 7 xuño 2007, p. VIII.

Con motivo da publicación de *Teatro imprevisto* (2006), de Eduardo Alonso na colección "Teatro" de TrisTram, Vieites detense na traxectoria do autor quen tras varios traballos realizados nos seus anos de mocidade e de adaptacións e reescritas realizadas en colaboración con Manuel Guede, obtivo en 2001 unha mención especial nun premio de literatura dramática infantil con *O país acuático* (2001), que fai agromar unha nova dimensión da súa actividade creativa, da que dan conta *Imperial Café Cantante, Vigo 1936* e o espectáculo *Ensaio*, producido por Teatro do Noroeste, peza que xunto a *Alta Comedia* e *As damas de Ferrol* aparecen neste volume. Arredor de *Ensaio* comenta que presenta a peripecia dunha actriz que loita por sobrevivir na escena e ante a crítica teatral, que se presenta aceda e corrosiva. Con respecto a *Alta Comedia* apunta que pode lerse como un estudo das relacións humanas entre os catedráticos da universidade para amosar as relacións de poder que configuran situacións patéticas e asemade risíbeis e sarcásticas. O mesmo espírito percibe en *As damas de Ferrol* a través da historia de dúas irmás que comparten vellez, traumas, soños e frustracións e que presenta novos xogos de submisión. En columna á parte dáse conta da aparición, tamén na editorial TrisTram e na súa colección "Máscaras", dun volume de estudos dedicado a Manuel Lourenzo coordinado por Roberto Pascual e que se detén na traxectoria multiforme do creador. Menciona os traballos de Laura Tato, María José Ragué, Helena González, Iolanda Ogando, Inma López Silva, Roberto Salgueiro e Roberto Pascual; a entrevista de Pablo Rodríguez a carón dunha completa biobibliografía de Isaac Ferreira e un texto do propio Manuel Lourenzo titulado "Futuro".

Vieites, Manuel F., "Veladas dadaístas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 212, "Teatro", 21 de xuño 2007, p. VIII.

Repasa o nacemento das vangardas e salienta as festas que organizaban as mocidades dadaístas. Dá conta do nacemento dalgúns movementos e destaca a importancia que tivo París como núcleo difusor e lugar de encontro de moitos escritores. De seguido, comenta os dous primeiros espectáculos organizados polo movemento surrealista: o ballet Parade e máis a estrea de *As mameiras de Tiresias*. Por último, salienta as investigacións e estudos sobre a dramaturxia surrealista de Xesús González Gómez.

Vieites, Manuel F., "Castigat ridendo mores", *Faro de Vigo*, *"Faro da Cultura"*, nº 226, "Teatro", 22 novembro 2007, p. VIII.

O autor fai unha reflexión sobre o teatro dende o mundo greco-latino, que levaban a cabo prácticas escénicas a partir dunha lectura crítica do cotiá, con recursos como a

metáfora do mundo do envés, con ironía e mesmo cuhna certa pulsión tráxica. Nesta liña sitúa aquelas formas populares de creación teatral e teatral que percorre tantas celebracións , como o Entroido no caso galego. Considera que, malia o tempo que separa a súa concepción, a súa escrita e a súa presentación escénica, algúns textos, como *O burgués fidalgo* (1670), de Molière (Jean-Baptiste Poquelin), ou *Medidas preventivas* (2006), de Gustavo Pernas participan desa visión crítica.

Vilavedra, Dolores, "Unha misteriosa enfermidade", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 19 xaneiro 2007, p. 31.

Reflexiona sobre o concepto da saudade que se considera como un tópico de todos os galegos, xente moi apegada á terra pero sempre "dispostos á hora de facer a maleta". Realiza un percorrido polo uso do concepto, desde a súa versión nostálxico-sentimental, pasando pola súa dimensión telúrica (empregada polos homes da Xeración Nós), até a saudade "sebastianista" aparecida na novela de Víctor Freixanes, *O triángulo inscrito na circunferencia* (1987). Tamén fai referencia á saudade tratada por Xoán Vicente Viqueira, Daniel Rodríguez Castelao, Vicente Risco ou Ramón Cabanillas, que a propuxo como tema central do seu discurso de ingreso na RAG. Por último, salienta que foi grazas a Ramón Otero Pedrayo e á súa obra, *Polos vieiros da saudade* (1952), como o termo se modernizou cun novo significado.

Vilavedra, Dolores, "Nós, os europeístas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 11 de maio 2007, p. 49.

Informa de que con motivo do día de Europa ten lugar unha exposición no Museo do Pobo Galego baixo o lema "Galicia, célula de universalidade e a Xeración Nós". Indica que esta exposición é o motivo de que parte Dolores Vilavedra para facer unha disertación sobre o significado de Europa para os galegos. Considera que hoxe hai unha nova Galicia na diáspora que se pode observar en programas de intercambio Erasmus e na rede de centros de estudos Galegos espallados polo continente. Cre que esta conexión de Galicia con Europa está presente nos estudos que fixo a Xeración Nós, que son en boa medida premonicións da realidade que hoxe en día se está conformar. Os datos que presenta Vilavedra relativos á relación entre Galicia e Europa son os seguintes: dous de cada tres cidadáns pensa que estar na Unión Europea é bo. Engade que os máis novos e os de máis idade son os menos proclives a definirse como europeos.

Xestoso, Manuel, "Alta comedia na India", *A Nosa Terra*, n.º 1.256, "Cultura. Libros", 15-21 febreiro 2007, p. 27.

Comenta a obra da escritora india Manjula Padmanabhan, *Luces fóra!* (2006), editada pola Biblioteca Teatral Francisco Pillado. Salienta o labor literario da autora e dá conta do argumento da peza teatral, así como, de "momentos espléndidos" da mesma. Indica que a trama se desenvolve entre o horror e o humor e explica que o final da obra perde calidade. Así mesmo, tamén critica certos aspectos da edición.

Xestoso, Manuel, "A procura da grandeza na vida cotiá", *A Nosa Terra*, n.º 1.288, "Cultura. Libros", 4-13 decembro 2007, pp. 28-29.

Neste artgo faise unha demorada reflexión sobre *O oficio de vivir* (2006), obra de Cesare Paves . Explícase que é o diario que Pavese escribiu dende outubro de 1935 até o 18 de agosto de 1950, pouco antes do seu sucidio. Coméntase que é máis que un diario dado que é un laboratorio onde se mesturan reflexións teóricas e angustias existenciais e que del se desprende a vella concepción da arte como expresión da totalidade. Tamén se afirma que coa súa lectura se pode ver quer a ambigua relación que mantiña coas mulleres quer a esencia do seu pensamento e da súa obra.

X.F., "Pericle o negro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 196, "Letras en galego", 27 xaneiro 2007, p. 10.

Comenta a novela de Giuseppe Ferrandino, *Pericle o negro* (2006) e indica que pertence á novela negra porque trata o mundo da mafia italiana. Explica que o seu protagonista, Pericle, obedece as ordes dun capo napolitano e comenta algunha das súas aventuras. Considera que Ferrandino valse do seu personaxe para pescudar na psicoloxía de xentes que conviven de xeito cotiá coa morte e coa violencia.

X.F., "Historia dos manifestos literarios", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 200, "Letras en galego", 24 febreiro 2007, p. 14.

Salienta a importancia que tiveron os manifestos para a difusión das ideas vangardistas e dá conta do manifesto *Máis alá*, de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro. De seguido, comenta que o investigador Xulio Pardo de Neyra publicou un libro baseado no estudo da vangarda e no que concede especial importancia a Evaristo Correa Calderón. Engade que esta obra, titulada *Literatura galega de vangarda. A iconoclastia rupturista dos primeiros manifestos galegos* (2006), rastrexa as revistas literarias, así como outro tipo de prensa da época, como *A Nosa Terra* ou *La Idea Moderna*.

X. G. G., "Caneiro, a forma e a trama", *A Nosa Terra*, n.º 1.261, "Cultura", 22-28 marzo 2007, p. 28.

Reflexiona sobre a crítica literaria que os escritores fan das súas propias obras e comenta que Xosé Carlos Caneiro acaba de publicar *Os dominios de Caín* (2006), onde explica o que el entende por literatura. Considera que é un texto baseado só na literatura, non la historia da literatura ou na socioloxía da literatura e, polo tanto, está "inzado dun idealismo tan baixo, que o que di non serve para discutir". De seguido fala do concepto de espazo literario e achega diferentes citas de escritores.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

Abeleira, Xoán, "Árbore", *La Opinión,* "Asieu", 18 xuño 2007, p. 17.

Faise a tradución ao galego dun poema de Igor Estankona, poeta vasco que se presenta como evidencia de que a poesía peninsular ten moito futuro máis alá da capital.

Abeleira, Xoán, "O telégrafo de Manuel Antonio", *La Opinión*, "Asieu", 24 setembro 2007, p. 13.

Destaca o intenso labor de Xosé María Álvarez Cáccamo nos últimos tempos e apoia esta afirmación mencionando o volume que reúne a súa obra poética, *Ancoradoiro* (Espiral Maior, 2003), a edición de *Memoria de poeta* (Galaxia, 2006), no que evoca a memoria literaria da súa familia, o seu labor arredor da recuperación do labor de seu pai con motivo de ser homenaxeado co Día das Letras 2008, así como a súa exposición dos seus obxectos poéticos que circula por toda Galiza. Arredor desta mostra sinala o seu parentesco coas concepcións do dadaísmo e do superrealismo, coas propostas de Duchamp e os seus *ready made*, Giacommeti e a súa *bóla suspendida*, Dalí e os seus *obxectos de funcionamento simbólico* e cos textos teóricos arredor deses obxectos de Breton. Recolle tamén a clasificación elaborada por Fèlix Fanés arredor dos obxectos que saíron da man dos superrealistas entre "*obxectos atopados* (naturais e manufacturados), os *obxectos atopados interpretados* e os *obxectos superrealistas* propiamente ditos". No caso das pezas expostas por Álvarez Cáccamo, Abeleira salienta que se trata dun conxunto articulado arredor da escrita, en particular do libro e a máquina de escribir e menciona algunhas como "O telégrafo de Manuel Antonio" ou "Vento do abismo". Conclúe afirmando que moitas delas ben poderían figurar en museos de arte contemporánea malia que recoñece que "algúns diles están excesivamente 'matinados', 'racionalizados'.

Abuín de Tembra, Avelino, "Represión", *Galicia Hoxe*, "Ventos ábregos", 12 febreiro 2007, p. 5.

Reflexiona sobre a situación das persoas que morreron por causas políticas, entre as que destaca a Alexandre Bóveda convertido nun "protomártir" da Galicia moderna. Para Abuín o "Ano da Memoria" rematou sen demasiados resultados positivos.

Abuín de Tembra, Avelino, "Unha vida calquera", *Galicia Hoxe*, "Ventos ábregos", 11 marzo 2007, p. 5.

Refírese aos endóvelicos como un cabido brillante de intelectuais, escritores e oradores residente en Caldas de Reis: García Bayón, Borobó, Hipólito de Sáa, Fariña Jamardo, Máximo Sar, Pesqueira, Piñeiro Ares, Santos Suárez, Oujo Bello, os Fernández de la

Cigoña, Juan López e os mentores, que eran, especialmente, tres: García Bayón, caldés como Fariña Jamardo, Borobó e Máximo Sar. De entre todos eles, loa especialmente a Xosé Fariña Jamardo, que ten escrito *Unha vida calquera* (Ediciós do Castro, 2006), un relato autobiográfico dunha vida común e ordinaria antes e despois dun accidente de automóbil. O libro serve de escusa para reivindicar a figura deste intelectual polo seu labor ao servizo de Galicia.

Abuín de Tembra, Avelino, "Lingua e modernidade", *Galicia Hoxe*, "Ventos ábregos", 25 marzo 2007, p. 5.

Manifféstase sorpresa polo entusiasmo con que se celebrou o Día da Poesía en certas latitudes de Galicia, con iniciativas como a primeira rede de poesía de España, presentada en Compostela baixo o acrónimo de "Espoesía", que acolle a todas as linguas españolas. Indica que o obxectivo deste organismo é espallar a poesía entre a cidadanía, e para iso estase a artellar o I Festival Internacional de Poesía, que se celebrará en Madrid. Ademais engade que nese festival Galicia e Cataluña serán as invitadas de honra. A continuación, recóllense as palabras de Fernán-Vello salientando a urxencia de activar mecanismos de difusión da poesía, de propiciar os intercambios lingüísticos, de fomentar a colaboración nos ámbitos poéticos, de impulsar a tradución de obras poéticas e de defender o xénero poético como espazo de liberdade social e cultural.

Abuín de Tembra, Avelino, "A sesenta anos de Noriega", *Galicia Hoxe*, "Ventos ábregos", 1 abril 2007, p. 5.

Refírese á ampla homenaxe ao poeta Antonio Noriega Varela, co gallo do sesaxésimo aniversario do seu pasamento (Viveiro, 27 de marzo do 1947) levado a cabo pola revista *O pazo das musas,* da Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo. Reflicte as dúas posturas enfrontadas que hai respecto a el: por unha band hai quen sente por Noriega respecto e simpatía por ser un dos grandes poetas de Galicia da época contemporánea, mais, por outra banda, considérano o poeta da humildade, da rusticidade e do franciscanismo da paisaxe. A continuación, cita a algúns dos colaboradores da nomeada revista: Xosé R. Freixeiro Mato, profesor da Universidade da Coruña, Cristina Lombao, Miguel Lustres e incluso dous netos do poeta, Daniel e Santi Noriega, ademais de Antonio Reigosa, responsábel do epílogo. O que lamenta é que non haxa máis iniciativas coma esta para lembrar aos clásicos galegos do século XX No caso de Noriega advirte que a súa esencia conténse na obra *Do ermo*: diálogo íntimo coa natureza, finura artística, tenrura expresiva, como advirte Fernández del Riego.

Abuín de Tembra, Avelino, "Teoría do caos", *Galicia Hoxe*, "Ventos ábregos", 2 abril 2007, p. 5.

A situación que viven as letras de Galicia, cualifícase de espléndida e brillante, con autores catalogados como os da Autonomía e do Estatuto e, máis propiamente, como *Xeración dos Oitenta,* propiciaron un período de fulgor. Trátase de figuras que xiran arredor de Manuel Rivas, Suso de Toro e Anxo Angueira, herdeiros da escola de Méndez Ferrín. Sen embargo, os autores de aparición finisecular revelan un dato

alarmante: interesa o oficio de escritor, facerse semiprofesional das letras e incluso acadar un altísimo grao de perfección, pero desviculándose da lingua. Esta tendencia considérase unha deriva perigosa, pois, por agora, a lingua galega necesita combinar estreitamente a literatura coa gramática. Avelino Abuín de Tembra define a situación actual coa "teoría do caos en triplo trance": 1. Para ser escritor, novelista ou poeta, non é imprescindíbel coñecer exhaustiva e fondamente a lingua. 2. A lingua en que escribes nada ten que ver coa túa patria. A patria escóllese e a lingua tamén. 3. Un escritor nacido en Galicia, para ser verdadeiramente internacional, podería escribir en inglés, ser premio Nobel e ser considerado como escritor galego. Na súa opinión, poderá haber gramática sen literatura, pero nunca literatura sen gramática.

Abuín de Tembra, Avelino, "Fundación Ramón Cabanillas", *Galicia Hoxe*, "Ventos ábregos", 8 abril 2007, p. 5.

Refírese ao discurso de Francisco Fernández Rei con motivo do seu ingresou na RAG en 1999, baixo o enunciado *Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o Mar de Arousa. Dúas singraduras na construcción dun idioma para unha Patria*, para despois loar a súa tarefa de promover a Fundación Ramón Cabanillas para lle devolver o lugar que lle corresponde entre os grandes poetas de Galicia, xa que destes grandes poetas de Galicia, Cabanillas é o único que non posúe fundación. Respecto a esta iniciativa, Fernández Rei agromou publicamente nun acto cultural celebrado en Cambados o 23 de decembro do 2006. Entre os seus enunciados salienta as seguintes frases: 1. "Ninguén pon en dúbida que, antes de 1936, a gran figura poética de Galicia foi Cabanillas, á altura de Rosalía, Curros e Pondal, as tres coroas do noso Rexurdimento". 2. "A min gustaríame que Rosalía volvese ao seu cemiterio de Padrón, de onde a sacaron para trasladala a Compostela, como tamén me gustaría que Castelao estivese enterrado en Rianxo; e, por suposto, gustaríame que Cabanillas volvese ao seu humilde panteón do cemiterio de Fefiñáns". 3. "Tamén me gustaría que en novembro do 2009, cando haxa que celebrar o cincuentenario da morte do poeta, que daquela existise unha fundación que leve o nome de Ramón Cabanillas e que se ocupe da súa obra e da cultura galega, e tamén do que pasa no mundo, pero desde o Salnés e desde Galicia. Nesa fundación deberían estar todas as institucións, asociacións e persoas que teñen que ver con Cabanillas e que aman a súa obra".

Abuín de Tembra, Avelino, "Centenario de Miguel Torga", *Galicia Hoxe*, "Ventos ábregos", 14 maio 2007, p. 5.

Comenta que a Consellería de Cultura está a colaborar co Ministerio de Cultura portugués no programa denominado Interreg III da Unión Europea, nun proxecto específico denominado "Letras na corrente", que pretende fomentar o intercambio de autores e obras literarias entre Galicia e Portugal. No 2007 a figura escollida foi Miguel Torga, autor de *Tras os Montes*.

Abuín de Tembra, Avelino, "Carta galega a Díaz Pardo", *Galicia Hoxe,* "Ventos ábregos", 3 xuño 2007, p. 5.

Dirixe o artigo en forma de carta a Isaac Díaz Pardo para mostrarlle o apoio pola traizón vivida, que o levou a deixar a dirección da Galería Sargadelos e con isto a dirección tamén de Ediciós do Castro. Comenta que foi traizoado por algúns dos membros da dirección e que é coñecido o apoio que a maior parte da sociedade galega mostra ao galeguista.

Abuín de Tembra, Avelino, "Esplendor literario", *Galicia Hoxe*, "Ventos ábregos", 9 setembro 2007, p. 5.

Refírese ás teorías que circulan entre algúns estudosos arredor do mal momento que vive a literatura galega porque os escritores galegos descoñecen a lingua, que adoptan formas e plaxios do castelán e mesmo do inglés ou porque os temas son insubstanciais. Todo isto parécelle un "improperio inxusto". Tamén indica que existe un grupo de poetas e prosistas que afirman que a literatura é o patrimonio máis destacado de Galicia e afirma non concibir a separación de lingua e poesía: "Unha conduce á outra: o esplendor da literatura".

Abuín de Tembra, Avelino, "Padrón, ponliña verde", *Galicia Hoxe*, "Ventos ábregos", 25 novembro 2007, p. 5.

Reclama á vila de Padrón que proclame o tema rosaliano e que non se esqueza que Rosalía de Castro foi, e é, a súa alma. Afirma que o mellor "slogan" da vila é o que propuxo a poeta: "Padrón, ponliña verde, fada branca ao pé dun río".

Abuín de Tembra, Avelino, "Sobre Eusebio Lorenzo Baleirón", *Galicia Hoxe*,"Ventos ábregos", 16 decembro 2007, p. 5.

En primeiro lugar, lembra as figuras de Luís Aguirre, poeta de Lestrove, e do seu sobriño Sixto Aguirre, que nunca estiveron nos actos de desagravio e homenaxe a Eusebio Lorenzo Baleirón. Asiste case sempre, en cambio, Anxo Angueira Viturro, que se converteu no catalizador e impulsor das novísimas literaturas de Laíño. Sobre Eusebio Lorenzo Baleirón, comenta que tivo que morrer para ser triunfador no seu Laíño. A continuación explica que cun periplo vital de só vinte catro anos, acada unha intensa e lograda lírica, especialmente nas elexías. Como exemplo, citase *O corpo e as sombras* e *A morte presentida*.

Agís Villaverde, Marcelino, "Vixencia do galeguismo", *Galicia Hoxe*, "O recanto da filosofía", 19 abril 2007, p. 5.

Revísase o termo galeguismo dende a óptica moderna e pénsase que como soñaba Ramón Piñeiro agora xa non pertence a un único partido político como o fixo no seu día, o Partido Galeguista, senón que é un ideario que asumen todos sen condición. Explícase que non se pode confundir galeguismo con nacionalismo e ademais non son vinculantes, así se ben todos os partidos son galeguistas non todos son nacionalistas. Por galeguismo, enténdese o sentimento de avance de Galicia, a súa cultura, a súa lingua e a súa identidade.

Agís Villaverde, Marcelino, "Orfandade política do galeguismo", *Galicia Hoxe,* "O recanto da filosofía", 31 maio 2007, p. 5.

Partindo dunha tese hoxe defendida sobre que o galeguismo non é patrimonio exclusivo de ningún partido político, analízanse dúas figuras sobranceiras que serviron de mestres e de elo de unión entre xeracións de galeguistas: Ramón Piñeiro e Xaime Isla Couto. Engádese que queda unha tarefa pendente: a asunción real e efectiva deste patrimonio por parte de todos os partidos políticos.

Agís Villaverde, Marcelino, "La Misa de Rosalía (I)", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Al. Sur", 30 xullo 2007, p. 2.

Pregúntase a razón de que a Fundación Rosalía de Castro deixe de celebrar a misa en honra da poetisa de Padrón. Dise que hai fontes documentais que avalan que se oficiou antes da Guerra Civil, pero do que non hai dúbidas e de que a partir do ano corenta e nove organizouna o Padroado Rosalía de Castro e nela cada 25 de xullo dábanse cita galeguistas crentes e non crentes, no que era un acto de compromiso cultural co país, por iso non se entende a razón de que deixara de organizarse.

Agís Villaverde, Marcelino, "Lembrando a Ramón Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O recanto da filosofía", 30 agosto 2007, p. 5.

Lembra a morte de Ramón Piñeiro con tristura cando se achega o seu cabodano, un persoeiro que coñeceu e do puido aprender moito e ao que considera un mestre. Sinala que o seu primeiro encontro foi no ano 1979 cando lle realizou unha entrevista para a revista xuvenil que daquela dirixía e que, dende entón, cultivaron a súa amizade, aínda que o 27 de agosto de 1990 a enfermidade puido con el e deulle o seu último adeus en San Domingos de Bonaval.

Alcalá, Xavier, "Novelas e historia", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "A voo de tecla", 11 setembro 2007, p. 13.

Céntrase nos distintos enfoques que a literatura ofrece sobre a historia cando recorre a estes temas e sinala que mesmo un departamento da Universidade de Bos Aires estudou as achegas das novelas históricas sudamericanas á construción das historias oficiais. Apunta que o criterio fundamental á hora de valorar estas producións é o papel do escritor, que "xoga co lector un xogo de liberdade no que todo é lícito se soa a histórico", mentres que a historia non pode xogar con sentimentos senón con feitos, o cal determina diferentes dominios de ambas as disciplinas.

Alonso Montero, Xesús, "Victoriano Taibo: inéditos valiosos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 195, "Beatus qui legit", 20 xaneiro 2007, p. 15.

Reivindica a figura do escritor Victoriano Taibo García, que deixou dos poemarios inéditos, *Abicedo* e *Cabrinfollas,* que el cualifica, respectivamente, como "Poemas de Amore da Suidade" e "Versos d´outrora". Entre as súas obras publicadas destacan *Da agra aberta. Contos e lendas e Contos pequenos.*

Alonso Montero, Xesús, "Alejandro Finisterre e a revista 'Compostela", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 202, "Beatus qui legit", 10 marzo 2007, p. 12.

Alude á publicación da revista Compostela por parte de Alejandro Finisterre que no ano 1967 publicou o seu único número. Sinala que se trata dun número moi vasto, máis de novecentas sete páxinas que recollen diferentes obras, gravados e varias cousas máis, entre as que están o poemario *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro; *Notas ao diccionario de don Eladio Rodríguez González*, de Florencio Delgado Gurriarán; o *Macías namorado* de Mariano José de Larra, e a *Colección de estampas que representan los principales hechos y prodigios del Beato Frai Sebastián de Aparicio*.

Alonso Montero, Xesús, "Lorenzo Varela e Amado Granell", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 203, "Beatus qui legit", 17 marzo 2007, p. 13.

Céntrase na obra de Rafael Torres *El hombre que liberó París*. *Amado Granell y la última batalla de la República*, salientando que contén unha biografía política e amorosa de Amado Granell, militante de Izquierda Republicana, con especial atención na súa participación na guerra civil contra os franquistas e posterior exilio en Francia, onde liberou con outros o concello de París no momento en que participa na Segunda División Blindada. Por último, refírese á primeira parte da obra, dedicada ao repaso de dez capítulos centrados na vida e obra poética de Lorenzo Varela.

Alonso Montero, Xesús, "Cunqueiro e Guernica: 70 anos despois", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 211, "Beatus qui legit", 19 maio 2007, p. 12.

Refírese ao xeito en que afamados escritores galegos recolleceron o bombardeo que tivo lugar en Guernica o 28 de abril de 1937. Manifesta, por unha banda, que Cunqueiro e Risco dedicaban o seu talento literario a lexitimar o discurso factual da represión, e por outra que Celso Emilio Ferreiro inspirouse no cadro de Picasso para un dos seus poemas.

Alonso Montero, Xesús, "Castelao, en Cuba, con Mirta Aguirre", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 221, "Beatus qui legit", 28 xullo 2007, p. 13.

Fálase dunha poeta, ensaísta, crítica literaria e profesora na Universidade da Habana, Mirta Aguirre, que participou nas actividades en prol da causa republicana durante a Guerra Civil española. Anótase que a poeta posuíu un exemplar con dez estampas de Castelao de *Galicia mártir* e que escribiu á beira delas oito poemas seus, ademais de indiacrse que ese libro está hoxe en mans de Ricardo Hernández, investigador do Instituto de Literatura, e que Edicións do Castro quería facer unha edición facsímile que non foi adiante por problemas de mercado.

Alonso Montero, Xesús "A poesía negra, en Lugo, hai corenta anos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 231, "Beatus qui legit", 6 outubro 2007, p. 13.

O autor reflexiona sobre unha conferencia que realizou titulada "Poesía negra en África y América", onde realizou un percorrido pola obra de diversos poetas de raza negra coma Langston Hughes.

Alonso Montero, Xesús, "O asasino do Che recupera a vista", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 232 , "Beatus qui legit", 13 outubro 2007, p. 12.

Faise eco da aparición na prensa da nova da operación de Mario Terán, o militar boliviano que matou a Ernesto Guevara o 9 de outubro de 1967 e que sufriu unha intervención de cataratas. Aproveita a nova para lembrar que a morte do Che suscitou no mundo das letras a aparición de centos de elexías asinadas por escritores ilustres como Vicente Aleixandre, Nicolás Guillén, León Felipe ou José Ángel Valente, entre outros, e tamén por dezaseis poetas galegos recollidos no volume *16 poemas galegos para Ernesto Che Guevara contra a súa morte (1967-1973)*, editado pola Universidade de Santiago en 1977 e coordinado por Xosé M. Salgado e mais Alonso Montero. Sinala que o volume vai ser reeditado e que nel se inclúen ilustracións de Luís Seoane, Díaz Pardo, Agustín Pérez Bellas, Saturno Lois, Reimundo Patiño ou Xaime Quessada. Conclúe citando uns versos pertencentes a unha composición anónima dedicada ao asasino do Che: "Carta a Mario Terán, executor de Ernesto Che Guevara", que compara coa "Carta a Fuco Buxán" de Celso Emilio Ferreiro.

Alonso Montero, Xesús, "Curros Enríquez e Antonio Machado en Ourense", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 235 , "Beatus qui legit", 3 novembro 2007, p. 12.

Lembranza dedicada ao pedagogo Albino Núñez (1901-1974) de quen sinala que sabía de memoria fragmentos do *Divino sainete*, de Manuel Curros Enríquez e todos os seus poemas galegos. Tamén apunta que foi o primeiro en traducir o poema "Retrato" de Antonio Machado, que publicou en *La Noche* o 19 de xuño de 1965.

Alcalá, Xavier, "Literatura no ciberespazo", *La Voz de Galicia*, "Opinión" , "A voo de tecla", 18 novembro 2007, p. 19.

Relata como en 1976 dous escritores confrontaron posturas pola daquela incipiente irrupción dos ordenadores. Vinte anos despois sinala que internet foi o mellor invento dende o telégrafo para as relacións humanas, até o punto de que "só *existe* o que se atopa polo ciberespazo". Refírese tamén a que no encontro Galeuzca falouse da presenza da literatura galega na web e destacouse a importancia de mostrar no ciberespazo os datos dos autores galegos e as súas obras para que o mundo os descubra e saiba que existen.

Alonso Montero, Xesús, "Castelao en Valencia (1937-2007)", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 241, "Beatus qui legit", 15 decembro 2007, p. 13.

Refírese ao Congreso dos Escritores contra a Guerra e o Fascismo, celebrado en Valencia o 4 de xullo de 1937, no que participaron tres galegos: Rafael Dieste, Arturo Soto e Lorenzo Varela. Sen embargo, Castelao, residente en Valencia nesa época, non tivo ningún tipo de participación, algo que se considera un motivo probábel de que non se redactara unha ponencia colectiva como grupo galego.

Alvarellos, Henrique, "Porco sublimado", *Galicia Hoxe*, "Caderno de brumas", 17 febreiro 2007, p. 5.

Reflexión a propósito do Entroido como momento de particular exaltación do bo comer, sobre todo da carne de porco e dos seus derivados, para o que cita a Pablo Neruda, Ramón Otero Pedrayo e Álvaro Cunqueiro.

Alvarellos, Henrique, "O intelectual", *Galicia Hoxe*, "Crónica da semana invisible", 6 marzo 2007, p. 48.

Céntrase en tres cuestións na vida sociocultural galega desa semana: a primeira, no debate aberto no blog de Marcos Valcárcel sobre quen pode definirse como intelectual, cunha inclinación polas personalidades cheas de matices e contra o dogmatismo; a segunda, no día sen móbiles; a terceira na homenaxe a Isaac Díaz Pardo no Teatro Jofre e no libro *I. Díaz Pardo. Homenaxe Galega*, editado pola Asociación Fuco Buxán.

Alvarellos, Henrique, "Nos devalos de agosto", *Galicia Hoxe*, "Crónica da semana invisible", 7 agosto 2007, p. 48.

Faise eco da entrevista que Lupe Gómez fixo nese xornal días antes ao escritor Suso de Toro, que di escribir como resposta ao fracaso de vivir. Entende que as persoas que viven e non reflexionan non precisan escribir, mentres que aquelas ás que lles custa lazarse aos brazos da vida teñen a obriga de crear. Sinala que debaixo destas palabras está a melancolía que invade a moitos autores.

Álvarez Pousa, Luís, "O motor de Sargadelos", *El Ideal* Gallego, 26 abril 2007, p. 26/*Diario de Arousa*, "O galo no tellado", p. 34.

Fala sobre a figura de Isaac Díaz Pardo e a súa importancia para Galicia como creador de Sargadelos. Tamén apunta a necesidade de que a Xunta declare Sargadelos coma un ben cultural a protexer para que poida sobrevivir.

Alvite, José Luís, "Literatura con proctólogo", *Faro de Vigo*, "Opinión", 4 agosto 2007, p. 22/*La Opinión*, "Áspero y sentimental", p. 27.

Entende que hai unha parte da intelectualidade galega que serve aos políticos a cambio da concesión de premios e outros galardóns. Observa como os escritores están ao servizo da clase política e a cambio reciben recompensas, por esta razón son os de

sempre os que gañan os premios neste país. Contrapón a estas figuras outras que se manteñen na súa independencia e que por iso son esquecidos ou denostados como Alfredo Conde ou Darío Villanueva. Loa o seu labor discreto e a súa vida sinxela que non encaixa coa dos escritores que teñen sona por cobrar por escribir. Denomina mafia de intelectuais a aqueles que xa non poden opinar libremente porque se venderon con anterioridade a unha siglas.

Aneiros, Rosa, "A materia dos soños", *El Progreso*, "Nove ondas", 15 maio 2007, p. 35/*Galicia Hoxe*, 16 maio 2007, p. 4.

Recolle unha cita de Álvaro Cunqueiro que a súa vez fai referencia a Shakespeare "Estamos feitos da materia dos soños". Con esta idea Aneiros pretende recoller a sensación que lle deixou a celebración do Culturgal de Pontevedra como mostra da reafirmación da nosa industria e da nosa lingua.

Aneiros, Rosa, "Ler, ler, ler", *Diario de Pontevedra*, "Nove ondas", 19 xuño 2007, p. 30/*Diario de Ferrol*.

Reflexiónase sobre a lectura como fonte de pracer, de interpretación do mundo e entendemento fronte a insultos e falta de cultura e educación. Dise que un exemplo da necesidade de lermos máis é o que ocorre a diario nos medios de comunicación onde a noticia está chea de insultos e violencia verbal.

Aneiros, Rosa, "Misións pedagóxicas", *Diario de Pontevedra,* "Opinión & análisis", 26 xuño 2007.

Lembranza emotiva das "Misións pedagóxicas" levadas a cabo entre 1931-36 co gallo da exposición sobre as mesmas no Quiosco Alfonso da Coruña en xullo deste ano. Coméntase que un grupo de mestres e intelectuais comezaron unha peregrinaxe polas aldeas para levar até elas os libros, o cine, a pintura, a música, os monicreques e que en agosto de 1933 Rafael Dieste chega a Galiza cun grupo de pintores, cineastas, escritores e pedagogos para levar a cabo esta "misión".

Aneiros, Rosa, "Cando leas", *Diario de Pontevedra*, "Nove ondas", 20 novembro 2007, p. 28/ *El Progreso*, 20 novembro 2007, p. 27/*Diario de Ferrol*, 20 novembro 2007, p. 26/*Galicia Hoxe*, 21 novembro 2007, p. 4.

Céntrase no simposio *Libro e mercado* organizado como cada ano pola Asociación Galega de Editores salientando que nel se abordaron temas arredor do labor dos editores, dos axentes literarios, das traducións, do volume de mercado, do futuro e visibilidade do libro galego, do papel dos libreiros ou do perfil dos lectores. Salienta o importante papel dos libreiros no ciclo vital do libro e remata cunha anécdota do que se aconteceu nun centro comercial ao preguntar pola sección de poesía.

Aneiros, Rosa, "Alba de gloria", *Diario de Pontevedra*, "Nove Ondas", 11 decembro

2007, p.28/ *El Progreso*, 11 decembro 2007, p. 32/*Diario de Ferrol*, 11 decembro 2007, p. 27/*Galicia Hoxe*, 12 decembro 2007, p. 4.

Lembra a figura de Isaac Díaz Pardo como unha figura ao nivel de Rosalía, Castelao, Curros ou Celso Emilio na creación da identidade galega co seu traballo na recuperación das cerámicas do Castro e outras moitas iniciativas. Mesmo agora, no presente, considérase que ten moito que dicir e lamenta que algunhas persoas intenten eliminar a súa pegada, expresando a súa solidariedade.

Araguas, Vicente, "Dourada Occitania", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Agora xa foi", 7 xaneiro 2007, p. 17.

Comenta a súa estancia en Tolosa dentro do programa de actos de homenaxe a Xoán Neira Vilas, Bernard Lesfargues e Jordi Pere Cerdá, en representación de tres linguas: galega, occitana e catalá. Ademais de informar sobre o decorrer das diferentes actividades, realiza algún comentario sobre a situación da lingua e da literatura occitana.

Araguas, Vicente, "Dama", *Diario de Ferrol*, "Miudiño", 16 xaneiro 2007, p. 26.

Rende homenaxe ás grandes "damas" da nosa poesía: Amália Rodrigues, Edith Piaf e Rosalía de Castro.

Araguas, Vicente, "Poetizando", *Diario de Ferrol*, "Miudiño", 30 xaneiro 2007, p. 27.

Coméntase que Luz Pozo Garza, Luís González Tosar e Luz Pichel enchen a Casa de Galicia de Madrid para ofrecer un recital de poesía. Considera que este feito rompe o tópico de que a poesía non reúne a xente.

Araguas, Vicente, "Larpeiros", *Diario de Ferrol*, "Miudiño", 5 marzo 2007, p. 13.

Fálase da Casa de Galicia do Palacio de Amenzua, en Madrid, e do que posúe a cidade para as mentes inquedas e amantes da poesía. Menciónase tamén o convite que lle fixeron alí a Luísa Castro e a influencia desta poeta bilingüe na nova poesía galega.

Araguas, Vicente, "A casa aberta de Luz Pichel", *El Correo Gallego*, "*El Correo2*", "Agora xa foi", 11 marzo 2007, p. 20.

Entre outros libros non literarios, fálase do poemario de Luz Pichel, *Casa pechada* (2006), que recibiu o XXVI "Premio Esquío", que supón o debut da autora na poesía galega. Coméntase o seu tratamento dun mundo que xa non existe, un rural galego de hai moitos anos, así como o seu uso do verso curto que se di que dá forza e densidade á súa poética.

Araguas, Vicente, "Poeta", *Diario de Ferrol*, "Miudiño", 11 abril 2007, p.28.

Confesa que ten lidos moitos libros de poesía, pero moi poucos da calidade d'*A esmeralda branca*, de Manuel Vilanova que acaba de gañar o Premio da Crítica. Considérase aínda máis importante o galardón porque non ten dotación económica, só é un recoñecemento simbólico que se considera que merece o poeta. Defínese o libro cos cualificativos de milagreiro e libertario como toda a poesía de Vilanova. Infórmase que o autor acolleu a boa nova na Piazza Venezia en Roma e o articulista, diante dos escolares que se alegraron aínda que nunca o leron, pero pensa que o terán que facer cando as cousas da poesía encontren a normalidade neste país.

Araguas, Vicente, "Lulú", *Diario de Ferrol*, "Miudiño", 3 xullo 2007, p. 27.

Conta que hoxe se ergueu con ganas de ler os chistes da Pequena Lulú que o acompañaron durante a súa infancia xunto a outros cómics como Pulgarciño, Tiovivo, DDT, Superman ou Batman. Lembra como na hora da merenda, na que tomaba pan con "chiculate" lía extenuado aquelas historias. Así mesmo, apunta que hoxe tamén se ergueu co mesmo devezo e mercou un exemplar de Lulú para Luís Torres Foira.

Araguas, Vicente, "Xeitos", *Diario de Ferrol*, "Miudiño", 3 outubro 2007, p. 28.

Refírese á pouca asistencia de público que polo xeral adoitan ter os recitais poéticos, a non ser que os "recitantes" consigan chegar ao público. Sinala que converter os recitais nunha especie de "cerimonia lúdica" é o obxectivo da Casa de Galicia en Madrid dirixida por Alfonso S. Palomares

Araguas, Vicente, "Falar como se escribe", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Agora xa foi", 14 outubro 2007, p. 17.

Con motivo dos recitais poéticos celebrados na Casa de Galicia en Madrid, salienta que "a poesía galega está fresca, fresquiña, tamén que os seus practicantes saben dicila (ou lela, ou recitala, mesmo declamala) en público" e cita os participantes neses recitais: Maite Dono, María do Cebreiro, Luís Tosar, Luz Pichel, Miguel Anxo Fernán Vello, Román Raña, María Lado, Alfonso Armada ou Rafa Yáñez. Reflexiona, a seguir, sobre as boas calidades dalgúns poetas para presentar en público as súas creacións e lembra, entre outros, a Celso Emilio Ferreiro, "todo un 'crack' da palabra vivida", e apunta que hai outros escritores excelsos que o estragan todo ao transmitir de viva voz.

Araguas, Vicente, "Donas", *Diario de Ferrol*, "Miudiño", 5 novembro 2007, p. 13.

Refírese á poesía elaborada por mulleres sinalando que nos últimos tempos despunta en calidade e cantidade fronte á dos homes, por moito que historicamente fose patrimonio dos homes, aínda que xurdisen figuras tan relevantes como Emily Dickinson ou Rosalía. A seguir, comenta o comezo do ciclo lírico na Casa de Galicia de Madrid coa intervención de tres poetas: a galega Yolanda Castaño, "poeta rachada (...) desde un eros dramático que acada arreo o 'pathos', a cordobesa Elena Medel, "poeta entre o coloquio, o sentimento 'pop' e o humor íntimo", e a portuguesa Helga Moreira, "poeta

que opera baixo mínimos (...) entre o bolero e o fado".

Araguas, Vicente, "A música do axóuxere", *El Correo Gallego*, "*El Correo2*", "Agora xa foi", 2 decembro 2007, p. 14.

Fai referencia á obra publicada por Manuel Gregorio González, *Don Álvaro Cunqueiro, juglar sombrío*, da que critica que o autor pretende "desvelar as falcatruadas melancólicas" de Cunqueiro, sen conseguilo. Finalmente, comenta que críticos sobranceiros son Anxo Tarrío, Darío Villanueva ou Basilio Losada.

Araguas, Vicente, "Azul", *Diario de Ferrol*, "Miudiño", 6 decembro 2007, p. 27.

Refírese á súa visita a Lugo para participar nunha actividade organizada por Ignacio Elguero, director dun programa dedicado á poesía en Radio Nacional, que consistiu en rodear a muralla da cidade de poemas. Destaca tamén a participación de moitos rapaces e rapazas nesta iniciativa.

Araguas, Vicente, "Encontros na primeira fase", *El Correo Gallego*, *"El Correo 2"*, "Agora xa foi", 16 decembro 2007, p. 14.

Refírese a convocatoria dos poetas galegos en Lugo, organizada por Radio Nacional, que considera actualmente é ben audíbel por facer programas de toda tipo, incluíndo aos culturais, propios dunha emisora pública. Nestes encontros poéticos, apoiados tamén polo Ministerio de Cultura e o Concello de Lugo, participaron Luz Pozo Garza, Yolanda Castaño, Salvador García-Bodaño, Ramiro Fonte, Miguel Anxo Fernán-Vello, Darío Xohán Cabana e Manuel Rivas. Tamén contaron coa asistencia do ministro César Antonio Molina, de quen lembra os poemas do seu libro *Eume*.

Baliñas, Carlos, "Negra Sombra' na Fundación Rosalía", *El Correo Gallego*, "A propósito dunha polémica", 18 setembro 2007, p. 68.

Ao fío da publicación dun artigo de Marcelino Agís sobre que se deixase de organizar o 25 de xullo a chamada Misa de Rosalía e a posterior ofrenda floral na Fundación que leva o nome da padronesa, e a posterior resposta de Ramón Lorenzo en "Un hermoso día, Sr. Agís" publicado o 15 de agosto de 2007, no que inseriu ironías sobre a "filosofía barata" e a "altura filosófica" do señor Agís, Carlos Baliñas terza na liorta. Apunta que as orixes deses actos de homenaxe e se remonta a 1932 ou 1933 e que a misa non foi en galego até 1969, e supón que entre as orixes da misa estaría o feito de que días antes de morrer Rosalía mandou dicir unha misa por todos os seus familiares defuntos á que asistiu toda a súa familia, segundo contou Murguía. Neste sentido sinala que "un acto relixioso ten o seu fin propio, pero cadaquén pode asistir por motivos diversos: ou por devoción ou para recollerse durante uns intres da dispersión e reflexionar sobre o sentido da nosa vida ou por celebrar algo ou por unirse espiritualmente a outras persoas". Recolle tamén as manifestacións de Ramón Lorenzo, que sinalou no seu escrito que a misa en galego tiña a súa función na ditadura como acto de afirmación nacional e de defensa contra a represión lingüística, mais "nos últimos anos se

convertera nunha parafernalia na que levaban a voz cantante moitos políticos que non se caracterizaban precisamente por ser defensores da nosa lingua". Baliñas opina que un acto relixioso non é un congreso de linguas. A seguir alude ao feito de que o acto foi suprimido por maioría na xuntanza mantida na Fundación o 2 de xaneiro e menciona que Lorenzo cala que o asunto non figuraba na Orde do Día, que apenas estaban presentes un terzo dos membros, que a proposta partiu de Alonso Montero, Axeitos e Lorenzo, que todos os asistentes calaron menos el, que se trata dun acordo ilegal porque os estatutos obrigan a realizar o acto e que ese mesmo día se acordou organizar todos os actos da Fundación na Casa-Museo en Padrón, co cal "a Fundación abandona o sartego de Rosalía no Panteón de Galegos Ilustres". Conclúe desexando que sexan moitos os "bos e xenerosos" que o 25 de xullo cubran o sartego de Rosalía con coroas de flores como se veu facendo desde hai setenta anos.

Bande Rodríguez, Enrique, "Feria del libro en Ourense", *La Región*, 5 xuño 2007, p. 22.

Faise unha lembranza da historia da Feira do Libro ourensá dende a inauguración en 1984 até a actualidade e logo reflexiónase sobre o pouco hábito lector que ten a sociedade española e en concreto a galega par enxalzar finalmente o libro como a obra máis transcendental do ser humano.

Barcón, Carlos, "25 años de poesía", *Diario de Ferrol*, "Entre nosotros", 14 decembro 2007, p. 20.

Refírese a revista *Poesía Galicia*, fundada en xaneiro de 1982 como suplemento da tamén revista *Arte* Galicia. A continuación, lembra a editorial de Manuel Vázquez Méndez en 1995, director da revista nese momento, chea de bos propósitos que hoxe se ven cumpridos coa celebración do vixésimo quinto aniversario da revista. Con motivo da presentación do seu último número, reuníronse un bo número de poetas, que tamén aparecen nas súas páxinas, como Javier de la Rosa, Aurora Varela, Emilio Dopico, Pepa antón ou Darío Baro, entre outros.

Barreiro Gil, Jaime, "Encontros en Mondariz Balneario 2007", *El Correo Gallego*, "Posdata", 27 setembro 2007, p. 3.

Comenta que o ex-decano de Económicas na USC gaba os cinco anos de traxectoria que teñen no seu haber os encontros de escritores celebrados en Mondariz Balneario, que organiza a Fundación Carlos Casares, baixo a dirección de Carlos Fernández, co fin de debater sobre temas de interese. Sinala que nesta edición o tema xirou arredor de América Latina e o seu futuro e os relatorios correron a cargo de Carlos Taibo, Roberto Mansilla, Marcelo Cavarozzi, Ramón Máiz, Araceli Burguete, Carlos Malamud e o Ministro de Cultura do Goberno venezolano, Francisco Sesto Novas, vigués de nacemento.

Barreiro Rivas, Xosé Luís, "El himno de Arturo Pondal", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "A torre vixía", 23 agosto 2007, p. 10.

Enfróntase á mala prensa nacional que se fai dende Madrid sen base en documentación, pero ao servizo de loitar por unha España monolingüe e en contra da identidade, da cultura e do pensamento propio. Arremete contra esa maneira de facer xornalismo que desenfoca a realidade pretendendo transmitir as ideas que eles queren e que pretende que prendan na poboación, por iso hai unha crítica ao himno galego escrito, segundo eles por Arturo Pondal e non hai unha soa referencia ao canto da infantería que segundo o articulista pouco ten de tolerante e de moderno.

Barros Guede, José, "El himno de Galicia", *La Opinión*, "Opinión", 14 decembro 2007, p. 34.

Dá conta dos acontecementos de conmemoración organizados con motivo do centenario do Himno de Galicia, chamado daquela "Marcha Rexional Galega", que levou ao Presidente da Xunta e a outras autoridades ao Gran Teatro Nacional de Habana. Nace no ano 1890 en A Coruña, a iniciativa de Pascual Veiga Iglesias, presidente e director do Orfeón Coruñés e presidente tamén da Comisión de un Certame Musical. A finais de marzo de dito ano, Pascual Veiga escribe a Eduardo Pondal informándolle de que vai celebrarse un Certame Musical e que dita Comisión acordou conceder un premio á mellor Marcha Rexional Galega. Pascual Veiga contéstalle que a súa proposta quedará composta polas nove primeiras estrofas do seu poema "Os pinos". O 30 de agosto de 1890, celébrase o mencionado Certame Musical no Coliseo de San Jorge de A Coruña, no que se da a coñecer o fallo do xurado, concedendo o premio a Juan Montes. Isto ocasiona gran contrariedade á Comisión, de tal xeito que non se interpreta a súa composición musical, nin tampouco a de Pascual Veiga, futuro Himno de Galicia, que había asinado o 13 de xullo.

Bello, Xaime, "O noso himno", *Diario de Ferrol*, "Cabo prior", 4 setembro 2007, p. 22.

Co gallo da celebración do centenario do himno galego, coméntanse as reaccións dalgúns políticos á proposta feita polo vicepresidente da Xunta de Galicia, Anxo Quintana, para que todos os nenos e nenas de Galiza coñezan o himno dende os tres anos nas escolas. Saliéntase a figura de Xosé Fontenla Leal por ser a persoa que pediu a Eduardo Pondal que escribise a letra do himno e a Pascual Veiga que compuxese a música.

Bello, Xaime, "Sonata de outono", *Diario de Ferrol*, "Cabo prior", 10 de outubro 2007, p. 25.

Dálle á benvida ao equinocio do outono co título da obra de Valle Inclán que encabeza o artigo e lembra o poema de Manuel María, "Os meus outonos", incluído en *Sonetos á Casa de Hortas*, musicado por Milladoiro. Indica que nel se reflicte a memoria da vida e unha actitude serena cos erros e debilidades humanas.

Bouza-Brey, Gonzalo, "Ramón Piñeiro e a súa rúa", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", "A Regandixa", 24 agosto 2007, p.10.

Lamenta o erro que se cometeu en Vilagarcía ao poñerlle a unha rúa o nome de Ramón López Piñeiro en lugar de Ramón Piñeiro, erro que xa advertiu e que se perpetúa no tempo. Comenta como Francisco Martínez López, presidente da Asociación de ex-guerrilleiros de España, cando paseaba pola rúa, decatouse da peculiaridade pois el coñeceuno cando era representante do Partido Galeguista na clandestinidade e sinala que ese home foi tiroteado pola policía na Gran Vía de Madrid e que fundou a Editorial Galaxia, entre outros méritos, é a persoa que ten unha rúa en Vilagarcía. Por último, indica que agarda que se restitúa co nome verdadeiro.

Bragado, Manuel, "Plan de lectura", *Faro de Vigo*, "Opinión", 13 maio 2007, p. 28.

Reflexiona sobre o plan de lectura que se leva acabo en Galicia sinalando a importancia de mellorar o nivel de lectura da sociedade galega e recalcando que na actual sociedade da información a lectura non se pode identificar con soportes impresos e é necesario a implantación da denominada "alfabetización informacional".

Bragado, Manuel, "Seguindo a Cunqueiro en Damasco", *Faro de Vigo*, "Campo de Granada", 20 maio 2007, p. 42.

Recolle as súas vivencias na "semana Cultural Galega", organizada polo Instituto Cervantes en Damasco. Sinala que todas estas actividades xiran en torno á creación da Biblioteca Álvaro Cunqueiro na sede de Instituto.

Bragado, Manuel, "Read Galicia", *Faro de Vigo*, "Campo de Granada", 14 outubro 2007, p. 29.

Dá a coñecer tres novas de interese para o futuro do libro e do fomento da lectura en Galicia que apareceron coincidindo coa Feira do Libro de Frankfurt: a divulgación dos datos do estudo sobre o *Comercio interior do libro en 2006*, a aprobación por unanimidade na comisión de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia do "Plan de lectura de Galicia" e a presentación do primeiro catálogo en internet para a venda no exterior de libros galegos (readgalicia.com). Salienta que os datos sobre a edición galega invitan ao optimismo e revelan as luces e sombras que rodean o sector, así como do Plan de lectura valora o seu carácter de compromiso asumido polo conxunto da sociedade galega e a súa función esencial para consolidar o sector do libro e a súa cadea de valor en Galicia. Por último, apunta que o catálogo en rede abre as portas á resolución da carencia de visibilidade exterior do libro galego.

Bragado, Manuel, "Literatura con denominación de orixe", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Opinión", 21 decembro 2007, p. 9.

Amosa o seu acordo coas declaracións de Xose Luís Méndez Ferrín, nas que afirma que "a literatura galega é perfectamente invisible fóra de Galicia", aínda que sinala o

aumento dos narradores galegos que nos últimos quince anos ven traducidos os seus textos a diversas linguas, especialemente ao castelán e singularmente no eido da literatura infantil e xuvenil. Considera que o único xeito de solucionar o problema é desmontar os tópicos que se manexan, como a idea de que se trata dunha literatura subvenciondad de ínfima calidade. Ao mesmo tempo, salienta a necesidade de crear unha estratexia para crear unha "literatura galega con denominación de orixe", é dicir, propón a creación de unha marca asociada aos valores de excelencia e de calidade coa colaboración de autores, editores, críticos e responsábeis de cultura do Goberno galego.

Braxe, Lino, "Pancho Pillado", *La Opinión*, "Opinión", 2 abril 2007, p. 17.

Sinala que un grupo numeroso de amigos criou un comité para facer unha homenaxe a Francisco Pillado Maior, que tantas actividades ten desenvolto arredor do mundo da literatura achegando a palabra de autores doutras latitudes para dotar ás escolas e ás compañías de teatro. Entre estes clásicos, cita a Moliére, Chékhov, Lorca, Ghelderode, Genet, Beckett, Terrence MacNally, Osvaldo Dragún, Strindberg, Nicolás Bela, Ionesco, Edmond Rostand ou Sartre. Ademais salienta o seu labor de criación de editoriais e coleccións de libros, como os Cadernos da Escola Dramática Galega e os Cadernos de Poesía "Cen Augas" (en colaboración con Miguel Anxo Fernán-Vello), a Biblioteca do Arlequín ou Edicións Laiovento, entre outras. , *Shakespeare irreverente*

Campo, Marica, "Memoria da Academia, memoria de nós", *A Nosa Terra*, n.º 1.254, "Fin de semana", 1-7 febreiro 2007, p. 33.

A autora do artigo fala dun documental emitido pola Segunda de TVE por mor do centenario da Academia Galega. Dise que *O nacemento dunha ilusión* é o título do documental que recolle de maneira exhaustiva o percorrido da Academia dende o seu nacemento até hoxe.

Campo, Marica, "E din que os libros son caros", *A Nosa Terra*, n.º 1.262, "Fin de Semana", 29 marzo-11 abril 2007, p. 32.

Manifesta o seu asombro ante a reticencia dos pais a mercar libros, argumentando que o seu prezo é demasiado elevado, mentres que non teñen reparos en agasallar os seus fillos cos últimos modelos de consolas de videoxogos.

Caneiro, Xosé Carlos, "Oficio predilecto", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 193, "Club dandi", 6 xaneiro 2007, p. 12.

Protéstase contra o exceso de traducións nun momento estratéxico para a venda de libros como é o Nadal: Andrea Camilleri, Martin Amis, Daniel Kehlmann, Beckett, Nélida Piñón e Henry Miller. Fóra diso, menciónase o premio García Barros de Manolo Veiga, a magnífica edición da obra gráfica de Vicente Risco, o humor intelixente de Inma López Silva en *Non quero ser Doris Day*, e a literatura perenne de César Antonio Molina, nunha antoloxía de trinta anos de creación en galego, *Soños nos cantís*.

Caneiro, Xosé Carlos, "Literatura, en suma", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 194, "Club dandi", 13 xaneiro 2007, p. 10.

Explica que existen dous modos de escribir sobre a actualidade e que un deles é o que empregan aqueles escritores que ven a realidade, reflexionan sobre ela e despois comentan. Dentro deste grupo inclúe a Francisco Franco e salienta del as obras *Spam* e *Xeración perdida*. Así mesmo, tamén aconsella a lectura de dúas traducións: *A pensión Eva*, de Andrea Camilleri e *A casa dos encontros*, de Martin Amis. Por último, propón a obra de Uxía Casal, *Vidas exemplares*.

Caneiro, Xosé Carlos, "De noite e de día", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 195, "Club dandi", 20 xaneiro 2007, p. 14.

Aconsella a lectura de tres obras fundamentais que acaban de aparecer no panorama da literatura galega. Son: *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*, de Manuel Veiga, *Palabras contadas*, de Camilo Franco e *As máscaras de Cronos*, de Ramón Caride.

Caneiro, Xosé Carlos, "Literatura vs. literatura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 196, "Club dandi", 3 febreiro 2007, p. 12.

Reflexiona sobre o desprestixio e a decadencia que na actualidade vive a arte literaria. Segundo Caneiro, a literatura deixou de ter relevancia porque deixou de contar o relevante para contar o irrelevante, e parte da culpa desta situación téñena as editoriais que equivocaron a súa formulación. Aínda así recoñece que no panorama actual se poden encontrar reliquias coma *Tigres como Faustos con ollos de bruma* (2006), de Xavier Lama ou *Obertura sen heroe Obertura sen heroe* (2006), de Yolanda López.

Caneiro, Xosé Carlos, "Aventuras e desventuras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 199, "Club dandi", 17 febreiro 2007, p. 14.

Nesta achega das novelas de aventuras, destácase o personaxe de Corto Maltés e a novela *A balada do mar salgado*, de Hugo Pratt, sobre este personaxe. Tamén se comentan outras recentes edicións coma *A medición do mundo*, de Daniel Kehlmann, editada por Galaxia e *Protoevanxeo do neto de Herodes*, de Bernardino Graña, editada por Xerais.

Caneiro, Xosé Carlos, "Palabra abril", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 218, "Lecturas para sempre", 7 xullo 2007, p. 7.

Neste artigo hai unha reivindicación do escritor Álvaro Cunqueiro mediante unha crítica a aqueles que o atacan por ser un escritor que prescinde dos problemas sociopolíticos para centrarse no mundo da imaxinación. Refírese á poesía de Álvaro Cunqueiro loubando a súa forma de escribir. Salienta a obra *Herba aquí e achola*, que considera o seu mellor libro. Indica que a obra se caracteriza por facer alusión ao mito de ser un libro de madurez, marcador de canon.

Caneiro, Xosé Carlos, "Crear e crecer", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 224, "Club dandi", 28 xullo 2007, p. 12.

Recomenda para as vacacións unha serie de lecturas en galego que considera de moi alto nivel, só agarda que o público se achegue a elas e entenda que as letras galegas non lle negan pares a ningunha outra literatura. En narrativa, decántase polo título *Game Over*, de Santiago Lopo que se pode atopar na colección "Mandaio" de Biblos e *Made in Galiza*, de Sechu Sende que por ter unha narrativa áxil resulta apetecíbel para os días estivais. En poesía, *Fóra do sagrado*, de Anxo Angueira e *Cólera*, de María Xosé Queizán son as apostas que fai, mentres en teatro recomenda *Casa de bonecas*, de Ibsen e *Ciclos de Venus, Mercurio, Terra e Marte*, de Millán Picouto.

Caneiro, Xosé Carlos, "Otero eterno", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 239, "Lecturas para sempre", 8 decembro 2007, p.3.

Fai referencia á crítica actual á novela longa en beneficio da brevidade. Considera que a grandeza literaria non se mide polo número de páxinas dunha obra, mais as grandes novelas precisan unha boa estrutura e, para que a novela estea ben estruturada, segundo Caneiro, a estrutura necesita espazo. Dá conta dalgunhas das que considera grandes novelas e non resta méritos aos escritores que se dedican á novela breve.

Caneiro, Xosé Carlos, "Casares", *La Voz de Galicia*, "De bar en bar", 11 decembro 2007, contraportada.

Anuncia a celebración en Ourense do Simposio Internacional Carlos Casares, a quen se describe como un home optimista que escribía en transparencia e contaba as historias de tal xeito que engaiolaba a súa audiencia.

Casal, César, "Gigantes", *La Voz de Galicia*, "En tinta china", 18 xaneiro 2007, p. 47.

Reflexións sobre o escritor Camilo José Cela, que sobre todo foi e é un escritor galego o mesmo que Álvaro Cunqueiro ou Xosé Luís Méndez Ferrín. Comenta que "Las letras en Galicia están huérfanas de Cela, de Cunqueiro, sobre todo de Valle. Sólo Ferrín, que mamó sobre lo que escribe, acierta a grabar corazones sobre los carballos".

Castaño, Yolanda, "Moitas grazas", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 14 xaneiro 2007, p. 44.

Entre outros temas, fálase do libro que coeditan a Consellería de Cultura e Difusora de Letras, Artes e Ideas, titulado *Volverlles a palabra*, no que se di que converxen prosa, poesía e artes plásticas, nunha homenaxe aos represaliados na ditadura franquista. Menciónase tamén a presentación do último libro de Yolanda Castaño en edición bilingüe en Madrid.

Castaño, Yolanda, "Xeografías persoais", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 21 xaneiro 2007, p. 44.

Fala sobre a experiencia de vivir en Madrid e en Galicia. Destaca que en Galicia as poetas xa están fartas das etiquetas excluíntes tipo "só para mulleres", e que a nivel español ocorre o mesmo. Comenta que este feito motivou a preparación dunha exposición na que diversas escritoras aparecen caracterizadas coma famosos escritores masculinos.

Castaño, Yolanda, "...e aparezo ó teu lado", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 4 febreiro 2007, p. 35.

Narra a experiencia vivida no acto dedicado a Isaac Díaz Pardo no Reitorado da Universidade da Coruña.

Castaño, Yolanda, "A forza da palabra", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 11 febreiro 2007, p. 44.

Analiza a súa visita a exposición A forza da palabra na Fundación Caixa Galicia. Esta exposición versa sobre o primeiro centenario da Real Academia Galega, onde se presentan manuscritos de Rosalía, a mesa onde se xuntaban os primeiros académicos...

Castaño, Yolanda, "¿Poesía feminina?", "Columna invertebrada", *El Progreso,* 30 marzo 2007, p. 30/*Diario de Ferrol*, 31 marzo 2007, p. 27.

Refírese ao encontro de poetas mulleres novas ceñebrado en Málaga, un evento no que moitas delas manifestaron sentirse fartas da etiqueta de "poesía feminina", asociada á cursilería e aos valores conservadores. Aínda que recoñece que é lóxico que a condición sexual se reflicta nos textos literarios, cre que isto non debe marcar a literatura feita por mulleres.

Castaño, Yolanda, "Dime cando, cando, cando", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Días (des)contados", 15 abril 2007, p. 40.

Anúnciase moi brevemente que se inaugura un novo ciclo na Galería Sargadelos da Coruña baixo o título "Martes Literarios" que pretenden estabelecer lazos entre os escritores e os eu público. Considérase que non se pode comezar de mellor maneira que coa poetisa Luz Pozo Garza, unha das autoras máis significativas dos séculos XX e XXI. Anúnciase que ela vai facer un percorrido por *Memoria solar*, leranse textos e farase tamén un coloquio coa posta en común da autora e os seus lectores.

Castaño, Yolanda, "Cousas para contar", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 22 abril 2007, p. 40.

Sinala que a Galería Sargadelos da Coruña pon en marcha os "Venres de Lecer" unha proposta cultural de caracter lúdico, que tamén buscan desolemnizar o feito artístico. Comenta que o ciclo ábrese coa divertida Sonora Callejera.

Castaño, Yolanda, "Mulleres artistas", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 29 abril 2007, p. 40.

Recóllense tres actos relacionados coas mulleres artistas. En primeiro lugar, os III Encontros en Mariñán nos que toman parte pintores e poetas, en segundo lugar a exposición de Tamara Lempicka en Vigo, e, por último, a actuación de Rosa Cedrón no Teatro Principal de Santiago.

Castaño, Yolanda, "¿Infancia, paraíso perdido?", *El Progreso,* "Columna invertebrada", 1 xuño 2007, p. 30.

Cuestiónase o tópico de que en poesía sempre se ve con nostalxia a infancia como unha das mellores etapas da vida. Dise que non sempre é así e que moitas persoas non son realmente felices até que senten a autonomía da idade adulta, a liberdade, o xuízo e a toma de decisións que cando se é neno sempre depende da visión dun adulto.

Castaño, Yolanda, "Cousas feitas con palabras", *Galicia Hoxe,* "A contra", 10 xuño 2007, p. 40.

Entre lembranzas e reflexións varias faise referencia a unha actividade tradicionalmente organizada pola Fundación Carlos Casares, "Diálogos en Mariñán". Dise que consiste en mesas redondas e lecturas poéticas adobiadas por debates realizados nesta ocasión na "Fundación Caixa Galicia". Saliéntase a recitación de Luís Alberto de Cuenca e César Antonio Molina, valorando a intervención de cada un deles.

Castaño, Yolanda, "Cousas boas", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 8 xullo 2007, p. 40.

Breve comentario no que manifesta a súa satisfacción ao asistir a un espectáculo teatral organizado no Porto no Teatro do Campo Alegre. Destaca a atención que merece a poesía e o ben que funciona a programación, esgotándose as entradas no mesmo día en que saen á venda. Viaxa cun día de antelación para poder ensaiar a posta en escena e realizar os axustes necesarios cos técnicos de luces, son e audiovisuais.

Castaño, Yolanda, "Cultura en Portugal", *Diario de Pontevedra*, "Columna invertebrada", 13 xullo 2007, p. 28*/El Ideal Gallego*, "Opinión&Análisis"*/Galicia Hoxe*, "Días (des)contados".

Loa o tratamento que lle dan en Portugal á cultura, entende que neste campo están moi riba dos galegos aínda que moitas persoas aínda miran o país veciño con superioridade. Pon como modelo o Teatro do Campo Alegre que un xoves ao mes organiza unha

velada arredor da poesía, e aínda que concorren poetas portugueses, de cando en vez invitan a autores de fóra como á propia articulista, Yolanda Castaño. Entende que cando as cousas se fan crendo nelas saen ben, así o demostra que se esgoten as localidades o mesmo día que saen á venda.

Castaño, Yolanda, "Botando unhas risas", *Galicia Hoxe,* "A contra", "Días (des)contados", 29 xullo 2007, p. 40.

Pequenos fragmentos en forma de diario semanal nos que a autora fai diversas reflexións como un comentario sobre o poemario de María do Cebreiro, *Os Hemisferios* (2006). Dise que a súa lectura atrapa o lector e que, entre outros, os seus trazos son a sutileza, tenrura e intelixencia.

Castaño, Yolanda, "Para a inmensa minoría", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 23 setembro 2007, p. 40.

Menciona as súas actividades dende o venres 14 ao xoves 20 de setembro, entre elas, a inauguración na Galería Sargadelos da Coruña da colección de poemas-obxecto de Pepe Cáccamo, *Underwood*; e a visita de Alfredo Ferreiro, autor do blog *O levantador de minas*, tamén á Galería Sargadelos onde lle descubriu "dous poemarios inéditos".

Castaño, Yolanda, "Non unha hora", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 21 outubro 2007, p. 40.

Dá conta de varias actividades levadas a cabo nestes días, entre elas do recital poético celebrado na Galería Sargadelos da Coruña a cargo de Lucía Aldao, "unha autora coñecida e igualmente seguida, só que a través de infinidade de lecturas públicas e, máis recentemente, espectáculos poéticos"; e da súa visita á Biblioteca Pública de Zamora e a catro institutos da cidade para escoitar as súas experiencias e os seus textos poéticos.

Castaño, Yolanda, "De dous en dous", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 11 novembro 2007, p. 40.

Refírese ás súas actividades dende o venres 2 ao mércores 7 de novembro. No epígrafe dedicado ao mércores 6, lembra que coñeceu Melilla e Ceuta hai anos con motivo dun recital organizado pola UNED no que o se público negou a que os seus poemas fosen traducidos.

Castaño, Yolanda, "Atopar lugar", *Galicia Hoxe*, "Días (Des)contados", 18 novembro 2007, p. 48.

Comenta a súa participación nun ciclo de conferencias en Málaga para falar sobre a xeración do 27 e a súa presenza nun ciclo de recitais en Granada. A partir disto, Yolanda Castaño afirma que debemos tomar exemplo e tratar a tradición poética no noso país.

Castaño, Yolanda, "Tradicións poéticas", *El Progreso*, "Opinión", 23 novembro 2007, p. 32.

Reclama unha maior atención ao xénero poético e toma como modelo as cidades andaluzas de Córdoba e Granada, nas que se levan a cabo actividades relacionadas coa poesía. Indica que en Galicia debería haber máis recitais poéticos, certames literarios, encontros ou calquera actividade destinada a dinamizar o xénero poético, xa que uns movementos chaman por outros.

Castaño, Yolanda, "Nunca digas nunca", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 16 decembro 2007, p. 40.

Afirma que as novas xeracións de poetas, tanto en Galicia coma fóra dela, conciben o motor do texto a partir do cal se resolven novas expresións híbridas: sérvense da música, da interpretación e declamación, do audiovisual ou das novas tecnoloxías. Conclúe que a expresividade flúe libre e que bota man doutras propicias linguaxes.

Castro, Víctor, "El curso de 'Formación en igualdad' en octubre", *El Ideal Gallego*, "A Coruña/Área Metropolitana", 25 setembro 2007, p. 20.

Entre outras novas, anuncia a apertura do prazo de inscrición para asistir ás clases do curso 2007-2008 da Escola Municipal de Teatro de Sada e a creación da Compañía de Teatro de Sada, o cal permitirá incluír o concello na rede e nos circuítos da Xunta de Galicia.

Castro, Xavier, "Lecturas na vella escola", *Galicia Hoxe*, "Da nosa acordanza", 5 xaneiro 2007, p. 5.

Fálase das lembranzas de García Barros sobre a súa aprendizaxe da lectura e sobre os libros que circulaban nas aldeas, moi poucos, basicamente vidas de santos, a historia de "Bertoldo", o "Lunario Perpetuo" e algún calendario. En galego, anótase a copla de "Farruco", o romance "O preiteante galego" e "Non máis emigración".

Castro, Xavier, "Literatura de cintura para arriba", *Galicia Hoxe*, "Da nosa acordanza", 2 marzo 2007, p. 5.

A partir da frase coa que Blanco Amor describía a literatura galega, reflexiónase sobre o puritanismo ao que o franquismo deu lugar na nosa literatura, e enfíase iso coas notas de Castelao sobre a súa viaxe de 1921 e con un relato de Ánxel Fole.

Castro Rodríguez, Xavier, "Novelas de Blanco-Amor editadas en Bos Aires", *Galicia Hoxe*, "Estraños, raros e esquecidos", 7 xullo 2007, p. 2.

Destácase a figura de Eduardo Blanco Amor que no exilio deu dúas obras moi importantes que o fan merecente da consideración de narrador fundamental do século XX, refírese a *La catedral y el niño* e *A esmorga*, que coñecería un ano despois da publicación en galego a súa tradución ao castelán como *La parranda*, feita polo propio autor. Sinálase que a censura impediu que en Galicia se coñecera até os anos setenta porque se considerou unha insignificante obra que trataba cunha linguaxe por veces moi vulgar a historia de tres borrachos, pero en realidade o que se atopa en calquera das novelas é unha prosa áxil, aberta á experimentación e a novas fórmulas de narrar.

Castro Rodríguez, Xavier, "Sociedade, cultura e mais historia na Galicia do XVIII", *Galicia Hoxe*, "Estraños, raros e esquecidos", 17 novembro 2007, p. 2.

Salienta a importancia que tivo a Editorial Galaxia non só da difusión da creación literaria galega, senón tamén dos estudos de investigación histórica e antropolóxica. Dá conta dos traballos de autores como Xesús Ferro Couselo, Carro García, González López, Victoria Armesto e Otero Pedrayo. Sobre este último, destaca a súa obra *Síntesis histórica do século XVIII en Galicia*, publicada en 1969. Comenta os aspectos narrativos da obra e indica que se divide en seis amplos capítulos ("A aldea, a vila e a cidade", "A Eirexa e mais a vida relixiosa", "A metáfora da lus e espello do tempo pasado", "O Reino de Galicia. Institucións xurídicas e administrativas", "Economía" e "Acontecementos políticos e militares"), centrados na temática dos espazos, a estrutura social, a economía e as institucións.

Castro Rodríguez, Xavier, "Rainer María Rilke en galego por Lois Tobío", *Galicia Hoxe*, "Estraños, raros e esquecidos", 24 novembro 2007, p. 2.

Fai referencia ás traducións que realizaron tres intelectuais galegos en 1949 de escritores ingleses e franceses e que foron publicadas en Bos Aires pola editorial Alborada. Comenta que Plácido R. Castro foi responsábel dos textos de Christina Rossetti, William B. Yeats ou John Masefield; por outra banda, Florencio Delgado traduciu a Mallarmé, Paul Claudel, Jean Cocteau e Klingsor; e, finalmente, Lois Tobío Fernández encargouse das traducións de John Keats, Baudelaire, Verlaine e Rimbaud. Posteriormente, indica que en 1980 Ediciós do Castro levou a cabo a publicación dos poemas de Rainer María Rilke, *Os sonetos a Orfeu*, que foron traducidos por Lois Tobío en edición bilingüe alemán-galego.

Cepadas, Andrés, "Isaac", *La Opinión*, "Carlas a Laila", 29 setembro 2007, p. 80.

Baixo un discurso epistolar, diríxese a Lalia para falarlle de Isaac Díaz Pardo con motivo do conflito que mantén arredor do complexo Sargadelos e dun documental sobre a súa vida e os seus pensamentos realizado por Xosé Abad e estreado na Coruña.

Conde, Alfredo, "A Historia da Literatura", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 21 xaneiro 2007, p. 4.

Reflexiona sobre a existencia de grandes escritores galegos descoñecidos para a maioría. En palabras do autor, "A historia da Literatura está chea de realidades coma esta. Quén sabía quen era Sándor Márai hai nada? (...) Claro que hai grandes poetas e escritores na nosa lingua absolutamente descoñecidos mesmo para non poucos galegos".

Conde, Alfredo, "As traduccións aportan luz", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 27 xaneiro 2007, p. 4.

Defende a necesidade de facer tradución, pois considera que "aportan luz. E que isto está moi escuro".

Conde, Alfredo, "Ogallá houbera cen así", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 5 febreiro 2007, p. 4.

Conde rende homenaxe a figura de Filgueira Valverde; en palabras do autor "A gran beneficiaria do paso pola vida do pontevedrés Filgueira Valverde foi Galicia"

Conde, Alfredo, "Excelencia versus audiencia", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 14 febreiro 2007, p. 4.

Reflexiona sobre o concepto de excelencia na literatura, apuntando que un libro faise excelente en función do numero de lectores que teña: "Hoxe un libro é bo se vende e resulta certa a verdade de barqueiro dependendo do número de ouvintes ou de espectadores que concite. Excelencia versus audiencia".

Conde, Alfredo, "Tramas fantásticas da literatura", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 18 febreiro 2007, p. 4.

Cóntase unha anécdota de Stefan Zweig co seu idolatrado Paul Valery, cando lle dixo que coñecía os seus poemas dende había máis de trinta anos porque os lera nunha pequena revista literaria de 1898, dato que se toma para contrastar unha época na que os mozos descubrían os seus poetas porque querían descubrilos, e outra na que os poetas están máis próximos e os mozos non teñen interese neles.

Conde, Alfredo, "A Xeneración Todos Nós", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 27 febreiro 2007, p. 4.

Recoméndase a novela de Felipe Benítez Reyes, *Mercado de espejismos*, e comézase unha reflexión a partir dunha afirmación que sae nela "el infierno consiste en creer en el infierno" e doutra que di "pobo pequeño, inferno grande". Conclúese coa afirmación de que está por vir unha xeración grande, e de que hai que esperar por ela.

Conde, Alfredo, "As lecturas das nosas letras", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 11 marzo 2007, p. 4.

Fálase das lecturas que teñen que facer os rapaces do instituto e do inconveniente de darlles textos de autores aínda non formados literariamente que poidan decepcionalos. Lémbrase a Castelao e bótase contra os ríxidos criterios de escolla dos homenaxeados no Día das Letras Galegas que se consideran caducos.

Conde, Alfredo, "Pérdome polas últimas frases", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 20 abril 2007, p.4.

Escribe o artigo a propósito das críticas recibidas polo do día anterior. Confesa que non lle importan demasiado as opinións dalgunhas persoas, pero aínda así quere facelo neste caso para propor que se lle dedique o Día das Letras Galegas a Carlos Casares que foi o gran polígrafo do século XX, escritor, articulista, biógrafo e ensaísta, pero tamén un home próximo ao pobo, aínda permanece na memoria da maioría e cre que iso é moi necesario, tanto el coma moitos outros nomes poderían optar a este recoñecemento.

Conde, Alfredo, "En beneficio da colectividade", *El Correo Gallego,* "Os outros días", 11 xuño 2007, p. 4.

Reflexión do autor sobre unha mensaxe anónima pendurada do xornal dixital na que se fala sobre aqueles que "o executaron publicamente" cando resultou gañador do Premio Nadal cunha novela na súa versión en lingua castelá. Dise que hoxe eses autores que o criticaron por ese motivo, hoxe escriben en castelán nos xornais.

Conde, Alfredo, "Poñamos que alguén escriba novelas", *El Correo Gallego,* "Os outros días", 17 xuño 2007, p. 4.

Coméntase que o oficio d escritor debe ser apoiado pola sociedade porque nas novelas ela mesma é recreada. Dise que arredor dunha novela hai moitas de traballo e de reflexión así como o traballo dos editores. Conclúese que é máis fácil facer unha novela ca unha boa novela e que por iso hoxe abondan moitos escritores e novelas que son prescindíbeis.

Conde, Alfredo, "Ollos de auga, unha de polis", *El Correo Gallego,* "Os outros días", 18 xuño 2007, p. 4.

Lóubase a novela policíaca publicada recentemente por Galaxia, "Ollos de auga", de Domingo Villar. Destácase a súa calidade dentro do xénero, o cal vén avalado por estar xa na cuarta edición. Coméntase que a súa lectura é rápida, fácil e atraente.

Conde, Alfredo, "Un mundo algo inevitable", *El Correo Gallego,* "Os outros días", 22 xuño 2007, p. 4.

Reflexiónase sobre os enfrontamentos continuos que existen na sociedade actual entre heterosexualidade-homosexualidade, machismo-feminismo ou racismo-non racismo

partindo dunha crítica literaria feita ao autor por unha obra súa. Dise que un crítico literario en Australia adicou un ensaio a demostrar que a obra de Alfredo Conde *Sempre me matan* e por extensión toda a súa obra ten unha visión falócrata da vida.

Conde, Alfredo, "O que resiste, gana", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 29 xuño 2007, p.4.

Coméntase que hoxe en día as novas tecnoloxías permiten que os lectores se poidan poñer en contacto cos escritores e comentar calquera aspecto da súa obra. Anima a que se faga, pero antes hai que ler bos libros e iso si que non é doado, el entende que non só hai que comezar de maneira brillante, senón que hai que manter ese pulso até o final e eses non abundan polo que cando atopa un ten que ir a celebralo. Define ao escritor non como un inventor de historia, senón como un cultivador impenitente que é quen de crear un mundo e habitalo.

Conde, Alfredo, "Tiro a pedra e agacho a man", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 25 xullo 2007, p.4.

Comenta que vendo unha entrevista realizada por Joaquín Soler Serrano a Gonzalo Torrente Balleste reflexionou sobre a prosa que dende Galicia se está a facer en castelán e en galego. O escritor ferrolán entendía que sempre houbo destacados autores galegos dentro das letras hispánicas porque trasladaban a música propia do galego á súa escrita na outra lingua o que lle imprimía unha personalidade única. Entende que agora coa contaminación da lingua ese transvase non se fai e en todo o caso sería xusto o contrario tendo en conta o número de escritores en galego que son neofalantes. Considera que se perdeu a primacía nas letras hispánicas e tampouco se consegue facer unha prosa brillante en galego polo que se pregunta qué acontece.

Conde, Alfredo, "Repeinados fillos da nada", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 29 xullo 2007, p.4.

A partir da frase "repeinados fillos da nada" que aparece no blog "as uvas na solaina" de Marcos Valcárcel elabora o seu artigo. Agradece que lle recorden a súa condición de fillos da nada e tamén de repeiteado ou estirado, el entende que todos temos un pouco diso. No blog tamén di que o articulista lle caía peor cando ostentaba un cargo, el entende que iso soe pasar e despois de darlle unhas voltas agradece aos tamén "repeinados fillos da nada".

Conde, Alfredo, "Afán de comunicar e saber", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 30 xullo 2007, p.4.

Alégrase de que haxa espazos como os blogs en internet que permitan intercambiar cultura galega e en galego. Refírese ao blog "con uvas na solaina" que entende é un parladoiro onde moitas persoas expresan a súa opinión, as súas críticas, intercambias referencias bibliográficas sobre cultura actual, galega e universal que racha coa idea de

que imos atrasados no uso das tecnoloxía. Para rematar critica ao Ministerio de Cultura porque mentres a sociedade avanza os poderes públicos quedan ancorados no pasado.

Conde, Alfredo, "Alvite, escritor de xénero", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 2 agosto 2007, p.4.

Loa a prosa do seu amigo José Luís Alvite que presentou *Almas del nueve largo. Historias del Savoy* presentado no Dado-Dadá, club de jazz de Santiago. Entende que é un mestre da literatura negra, pero que sería capaz de alcanzar mestría en calquera outro xénero que se propuxera. Define a súa prosa como brillante, na que se crea un mundo habitado por personaxes cabais aos que lle suceden distintas historias.

Conde, Alfredo, "Falar de medallas", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 8 agosto 2007, p.4.

Enténdese que as Medallas Castelao teñen que responder ao espírito da galeguidade independentemente da militancia política de cada quen. Quéixase que durante moito tempo estiveron a expensas do presidente da Xunta e así outorgáronselle a persoas que quizais merecerían algunha medalla, pero nunca a Medalla Castelao. Esta, ao seu modo de ver, debera estar reservada a persoas como Giuseppe Tavani que a recibiu no mesmo ano que a rexeitou Constantino García, fundador do ILG e que si responden ao espírito do galardón.

Conde, Alfredo, "Branco, negro e gris", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 25 agosto 2007, p.4.

Deféndese das críticas vertidas por unha profesora coñecida e por un articulista que asina no mesmo xornal ca el baixo o nome de Penoucho da súa desubicación. Indica que se se están a referir a que el sempre analiza os feitos e non as persoas que hai detrás deles este cualificativo élle adecuado, pero non máis alá diso. Admite as críticas cando escribe as súas obras, pero non entende as adhesións sen máis a unha determinada figura independentemente das empresas que realiza.

Conde, Alfredo, "Amólame a lei do funil", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 26 agosto 2007, p.4.

Non entende que o tachen de escritor "ubicuo" e desubicado" cando non hai ningún escritor galego vivo que escribise máis en galego ca el, o cal non implica que non poida traducir as súas propias obras á que considera a súa outra lingua, o castelán. Aclara que a súa lingua é o galego, pero non renuncia á outra e pide que non se empregue a lei do funil porque el escribe no galego que quere e ten os seus lectores. Considera que cada vez que alguén o le estalle devolvendo esplendor á lingua.

Conde, Alfredo, "O pracer e dispracer da lectura", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 20 outubro 2007, p. 4.

Comeza recorrendo a unha cita de Jonathan Swift na que o escritor apunta que o verdadeiro crítico ao examinar un libro é "coma un can nun banquete pois que o seu pensamento e mailo seu bandullo están concentrados no que tiran ao chan os comensais e que por iso ladra máis cantos menos ósos encontra pra rillar". Tamén recolle as súas opinións sobre os críticos, aos que compara cos pozos: "Un crítico que teña boa vista pode ser quen de ollar o fondo do pozo máis fondo, sempre e cando o pozo teña auga. Pero que ese mesmo individuo (...) se no fondo non hai máis que sequedade e lama, se non ten boa vista e malia que o pozo só teña un metro de fondo, antollaráselle o abondo profundo como pra loubalo sen máis razón que a da extrema escuridade que percibe". Así, indica que algúns dos que deostaron a Cunqueiro no seu día, hoxe son devotos seus e que o que a el lle importa é "o pracer ou dispracer que me provoque a lectura das súas obras".

Conde, Alfredo, "O pasmo que nos guía", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 22 outubro 2006, p. 4.

Recorre a unha cita de Voltaire, que indica que a maior desgraza dun home de letras é "ser xulgado por parvos" e "carecer de socorro", mentres que Jonathan Swift consideraba que "a disposición natural de moitas persoas e mais tamén das moitedumes á credulidade levárono sempre a el a un estado de perplexidade e indefensión diante desa máxima (...) que asegura que a verdade acabará sempre trunfando". Conclúe afirmando que os escritores comparten "o pasmo que nos guía" e que a maior desgraza do home de letras estriba en selo. "Máis hoxe ca nunca".

Conde, Alfredo, "Vivan os cafés literarios", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 18 novembro 2007, p. 4.

Nun paseo por Chile, Alfredo Conde relata que bateu cun café restaurante literario onde se pode aproveitar a estancia para ler e trocar libros. Intúe que a razón está no prezo dos libros no país, polo IVE dun 18 ou 19% que teñen.

Conde, Alfredo, "De sestiñas e escritores", *El Correo Gallego*, "Os outros días", 20 novembro 2007, p. 4.

Alfredo Conde confesa que non foi quen de rematar a lectura dunha novela, que lle resultou tediosa e gris, tanto que acabou botando unha sesta. Apunta que o fundamental dunha novela é ter unha historia dentro e que non todos posúen a condición da artista, "o *sine qua non* da arte, algo que sempre afectou a moi pouca xente entre os mortais. Quizais hoxe haxa demasiados, ou tal parecería ás veces, algo que non se me antolla moi posíbel. O que si é máis probábel é que haxa moito artista de matute, con todo o dereito a selo, pero de matute".

Conde, Alfredo, "Cousas de novelistas", *El Correo Gallego*, "Opinión", 14 decembro 2007, p. 4.

Refírese á xénese da súa obra *Breixo* (1981), que partiu dunha regresión en sonos. A raiz desta práctica, explica a súa fecundidade na produción de novelas históricas, mais dubida se é un hábito beneficioso para a súa saúde mental

Conde, Alfredo, "A proba de lume de ler en castelán", *El Correo Gallego*, 17 decembro 2007, p. 4.

Comenta que, pese a abundancia actual de obras en galego nas biliotecas respecto á xeracións anteriores, o nivel lingüístico descendeu notabelmente, xa que os escritores novos castelanizan en exceso os seus textos en prol da comprensión por parte dos lectores. Cita como excepción a obra de Ramón Loureiro, cuxas obras considera de extraordinaria beleza formal e conceptual. Concretamente, refírese a *Las galeras de Normandía*, que se publicou en galego en 2005 e ven de editarse en castelán. Deste xeito, cre que aqueles que non están afeitos a ler en galego e gusten desta obra, empezarán a valorar a posibilidade de escoller a versión orixinal para captar plenamente a súa beleza.

Cores, Baldomero, "De Luís Porteiro e de Xohán Vicente Viqueira", *A Nosa Terra*, nº 1.258, "O ronsel de Viqueira", 1-7 marzo 2007, p. 34.

Lembranza de dous persoeiros de gran importancia para o galeguismo que compartiron o mal fado de desapareceren pronto. Destácase sobre todo o vínculo das ideas que compartían sobre as súas mentalidades tan diferentes, e tómanse palabras dun artículo de Cortón do Arroyo publicado n*'A Nosa Terra* o 1 de outubro de 1924, así como se lembra que foi Antón Villar Ponte quen atraíu a Viqueira para as Irmandades.

Cores, Baldomero, "Os heroes morren novos", *A Nosa Terra*, n.º 1.260, "O Ronsel de Viqueira", 15-21 marzo 2007, p. 34.

Refírese á obra de Manuel Murguía, *Los Precursores* (1885), que representa unha galería dos perseiros que máis contribuíron á construción da cultura galega. Entre outros, figuran Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal, Rosalía de Castro, Serafín Avendaño e Antolín Faraldo, mentres que aos considerados inimigos nin tan sequera os nomea. Afirma que o obxectivo de Murguía, ademais de describir grandes perfís persoais, era "crear unha fórmula plástica de rexenaración coletiva, que tantas vocacións abriría e tantas leccións lles deu a xente que buscaban os miolos da galeguidade". Por último, engade que a todos aqueles que un día foron promesa, aos que Antón Vilar Ponte chamou malogrados, formasen on non parte dos heroes clásicos que morrían novos, xuntáronse os heroes irmandiños máis novos, como Luís Porteiro, Xohán Vicente Viqueira e Antón Losada.

Cruz, Juan, "Alejandro Finisterre, editor e inventor del futbolín", *El País*, "Necrológicas", 13 febreiro 2007, p. 50.

O autor do artigo rende homenaxe a Alejandro Finisterre. Moitos coñéceno tan so como o inventor do futbolín, pero foi moito máis, e a el gustaríalle ser recordado como o impulsor da obra de León Felipe, como un gran editor, comprometido co exilio.

Dacosta, Marta, "Digo que son muller", *A Nosa Terra*, nº 1.258, "Cultura", 1-7 marzo 2007, p. 25.

Reivindicación do que supón ser muller perante a escrita e recoñecemento da dificultade de levar ao verso a dor dunha muller maltratada. Dise que o premio "González Garcés" 2006 para o libro de Medos Romero, pór título que trata do maltrato, é un antídoto para o tempo que vivimos.

Do Cebreiro, María, "Contra a lei do xénero. A poesía das mulleres", *El Progreso*, "Opinión", 12 maio 2007, p. 37.

Reflexiona sobre o positivo e negativo das políticas de igualdade na literatura e o problema de integrarse na etiqueta "poesía galega de mulleres". Considera que "o verdadeiro feminismo non pretende dictarlles ás mulleres o que teñen que ser, nin ás poetas o que deben escribir".

Dobarro, Xosé María, "Isaac Díaz Pardo", *Diario de Ferrol*, "Outra volta", 21 xaneiro 2007, p. 25.

Alude á figura de Isaac Díaz Pardo tras o anuncio do seu nomeamento como "doutor honoris causa" pola Universidade da Coruña

Dobarro, Xosé María, "Cancións de amor", *Diario de Ferrol*, "Outra volta", 20 maio 2007, p. 33.

A partir dunha canción de amor de Pablo Milanés e a poesía de Fran Alonso, reflexiona sobre a actuación dos accionistas da Galería Sargadelos que decidiron retirarlle a responsabilidade da xestión a Isaac Díaz Pardo.

Dourado Deira, Manuel, "Cinco 'grandes' de Galicia", *Galicia Hoxe*, "Ardentía", 17 febreiro 2007, p. 5.

Refírese ao número 1.255 d'*A Nosa Terra,* que publica unha fotografía onde aparecen cinco persoeiros de Galicia: Isaac Díaz Pardo, Avelino Pousa Antelo, Manuel Beiras, Antonio Fraguas e Francisco del Riego. Dos cinco "grandes"comenta que foron modelo para outras xeracións que, a partir deles, tamén se entregaron en corpo e alma na defensa de Galicia. De todos eles valora que traballaron sen descanso para lle dar sentido e avivecer a identidade galega. Defíneos como a xeración do Seminario de Estudos Galegos, os herdeiros das Irmandades da Fala e sacrificados membros do Grupo ou Xeración Nós, que protagonizaron a época dourada da Cultura Galega.

Dourado Deira, Manuel, "A casa e a gloria de Castelao", *Galicia Hoxe*, "Ardentía", 4 agosto 2007, p. 5.

Aclara e responde a unhas polémicas declaracións feitas por Javier Baltar sobre o destino da casa de A. Daniel R. Castelao. Como membro da Fundación Castelao, entende que debería ser a sede da obra do rianxeiro como finalmente o cría súa irmá, Teresa R. Castelao. Explica que debido a algúns incidentes nos que foran agredidas ela e Xosefina R. Castelao por mulleres falanxistas mostrábanse reticentes, pero pouco a pouco entenderon que os tempos mudaran e a vontade final era que se fixera a Casa-Museo de Castelao. Sinala que para que isto se produza levan loitando moitos anos e agardan que pronto se resolva a situación.

Dourado Deira, Manuel, "Taxación e prezo da casa de Castelao"", *Galicia Hoxe*, "Ardentía", 18 agosto 2007, p. 5.

Remata a polémica con Javier Baltar, insistindo no seu convencemento de que se está a especular coa Casa de Castelao, sen procurar a salvagarda da obra e da obra do escritor.

Ezequiel, "Isaac, un monumento vivo", *El Ideal Gallego*, "Gente y noticia", 24 xaneiro 2007, p. 10.

Sinala que Isaac Díaz Pardo será investido Doctor Honoris Causa pola Universidade da Coruña.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Internacionalización cultural", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 13 febreiro 2007, p. 3.

Reflexiónase sobre o feito de que Galiza precisa internacionalizarse, sendo a mellor tarxeta de presentación a súa cultura nas súas diferentes expresións. Dise que isto sería fundamental non só para desenvolvemento global senón tamén económico e social. Os elementos fortes que se propoñen como apoio para isto son, entre outros, a música, a literatura, a moda ou as artes plásticas. Conclúese comentando que se deben fomentar bolsas de investigación e formación e crear auténticas canles de difusión explorando outros mercados.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Malecón galego", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 15 febreiro 2007, p. 3.

Lembranza nostálxica do acto da irmandade poética entre A Habana e Galiza no cal interveñen, entre outros, o propio autor do artigo e Nancy Morejón, Premio Nacional de Literatura de Cuba. Dise que o acto se celebrou no Malecón da Habana cun certo ton nostálxico pola unión comunicacional que sempre houbo entre Galiza e Cuba e que debe ser recuperada.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Galiza en Cuba", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 16 febreiro 2007, p. 3.

Infórmase da boa acollida da nova de que Galicia será no 2008 "invitado de honor" na XVII Feira Internacional do libro da Habana, unha das máis importantes de Latino América. Apúntase tamén a relevancia deste feito para a industria editorial galega e para o recoñecemento de Galicia en xeral.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Diversidade cultural na Habana", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 19 febreiro 2007, p. 3.

Salienta a dous dos persoeiros, o premio Nobel Wole Soyinka e o filósofo Gianni Vattimo, que celebraron a decisión de que Galicia sexa "país invitado de honor" na XVII edición da Feira Internacional do Libro da Habana no ano 2008, ao igual que fixeron moitos políticos e escritores que recoñecen os aspectos culturais distintivos de Galicia.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Nenos lectores", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", 20 febreiro 2007, p. 3.

Fai referencia á ilusión coa que os rapaces cubanos lían na Feira Internacional do Libro de la Habana, ademais de citar autores como Aidan Chambers, Günter Grass e Emili Teixidor para falar das vantaxes que ofrece a lectura e avogar pola necesidade de estabelecer un tempo para exercer a súa práctica.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Sobre que escribir", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 21 febreiro 2007, p. 3.

Breve reflexión sobre o papel da literatura galega formulando a pregunta de que debería escribir un escritor galego. Cítanse a persoeiros como a escritora mexicana Elena Poniatowska que considera importante falar do propio de cada un, e avógase polo multiculturalismo fronte á globalización.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Bibliotecas municipais", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 5 marzo 2007, p. 3.

Crítica a aqueles concellos que carecen dunha biblioteca digna, como é o caso de Cariño, onde non tiñan a novela *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas. Recórdase que os concellos teñen a responsabilidade de crear e manter bibliotecas en municipios con máis de cinco mil habitantes.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "García Márquez e nós", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 8 marzo 2007, p. 3.

Coméntase a celebración en Aracataca, lugar natal de García Márquez, dos oitenta anos do escritor e dos vintecinco do seu Premio Nobel. Destácase o interese do famoso autor colombiano por Galicia, a onde viaxou, en parte, para coñecer a terra de Álvaro Cunqueiro, ao que considera merecedor do Premio Nobel.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Defensa das humanidades", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 20 marzo 2007, p. 3.

Recomenda a lectura do libro de ensaio titulado *Saudar a vida*, de Xavier Seone por ser un libro con gran actualidade na nosa época. O libro de Seoane trátase dunha defensa das humanidades, xustificada polas importantes funcións na nosa realidade política, social e cultural xa que delas depende que teñamos un pensamento máis libre e unha sociedade mellor educada para resolver problemas.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Por unha sociedade de cidadáns cultos", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 22 marzo 2007, p. 3.

Céntrase na definición de home culto como home con experiencia na vida e ademais formación a través da lectura. A partir desta definición, mantense que unha sociedade é culta cando ten trato cos libros e isto é indispensábel para que esta sociedade estea encamiñada a unha maior consecución de riqueza. Hoxe en día, a cultura das sociedades e da persoa ten unha dobre orixe o trato cos libros e coa tecnoloxía. A tecnoloxía é por tanto unha fonte que xera cultura igual que os libros porque forma parte da vida cotiá e aporta experiencia vital.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Arredor de Francisco Pillado", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 23 marzo 2007, p. 3.

Faise unha reflexión sobre a personalidade de Francisco Pillado, do que sosten que ante todo foi home creador, capaz de dar vida a libros e obras tanto na súa faceta de editor como na súa faceta de director de empresas editoriais. A conclusión deste artigo realízase a partir dos comentarios feitos por Xosé Manuel Beiras na homenaxe a Francisco Pillado que se fixo na Coruña recentemente.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Un excelente documental sobre Lorca", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 3 abril 2007, p. 3.

Coméntase o documental *El mar deja de moverse*, de Emilio Ruiz Barrachina, documental considerado excelente polo que documenta e demostra, así como pola súa forma coidada de carácter narrativo. Sobre as razóns da súa morte, especifícanse a homosexualidade, a participación no goberno da República e, por último, as disputas familiares.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Bibliotecas, bibliotecas", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 7 maio 2007, p. 3.

Recolle o seu pesar e "envexa, agora mesmo, do Plan de Fomento da Lectura da Comunidade de Madrid", polas malas novas acerca da pouca aficción lectora que hai en Galcia, como comunicaron Isabel Blanco, presidentea de Anabad-Galicia; Manuel Bragado, director de Edición Xerais; e Tucho Calvo, xornalista, escritor e director literario de Biblos Clube de Lectores na X Edición do premio de Poesía de Carral.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Poesía no ensino", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 8 maio 2007, p. 3.

Mostra o seu acordo con estudiosos como Darío Xohán Cabana e varios profesores da Universidade de Barcelona, que consideran a poesía necesaria para desenvolver a imaxinación e a capacidade creativa do neno-lector.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Cultur.gal", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 15 maio 2007, p. 3.

Apunta que "Cultura.gal", a Feira do Libro e da Industria Cultural organizada pola Asociación Galega de Editores foi todo un éxito, cumprindo o seu obxectivo inicial de pór a dipón de todo o mundo a cultura galega, en especial, os seus libros. Sinala que axudou a situación e o óptimo e adecuado reparto de espazo onde se celebrou o encontro, así como a contribución de tres Direccións Xerais.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Libro galego: estado crítico", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 28 maio 2007, p. 3.

A partir dun informe da Asociación Nacional de Editores de Libros y Material de Enseñanza, do 25 de maio de 2007, reflexiónase sobre as consecuencias que trae para os editores e libreiros o novo sistema de préstamo. Engádese tamén que esta situación non só afecta as editoriais galegas dedicadas ao libro de texto, senón tamén as que apostan pola creación literaria e publican obras de ensaio, teatro ou poesía nun sistema literario feble como o galego.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Poesía europea e patrimonio cultural", *Galicia Hoxe,* "Caderno aberto", 5 xuño 2007, p. 3.

Lémbrase o Festival Poética 2007 celebrado en Pisa no que se deron cita poetas de diferentes partes de Europa e as poesías da antiga Europa como a lírica provenzal ou os versos da Grecia clásica. Dise que se fixeron diversas declamacións nas que "vibraron no ar versos en galego, portugués e italiano", constatando o gran patrimonio poético que culturalmente une os pobos europeos. Finalmente, afírmase que a poesía é cultura e coñecemento, mais que na Europa actual está moi desprestixiada.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Nova libraría Couceiro", *Galicia Hoxe,* "Caderno Aberto", 22 xuño 2007, p. 3.

Saliéntase a inauguración en Santiago de Compostela da nova libraría Couceiro como un dos maiores referentes culturais da actualidade. Dise que esta situada na Praza Cervantes con 350 metros cadrados e seis andares e cun grande espírito galeguista e universal. Compárase a figura do libreiro Suso Couceiro coa de Ánxel Casal como dúas das persoas que máis fixeron polo libro galego en tempos pouco propicios.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "O Courel de Novoneyra", *Galicia Hoxe,* "Caderno Aberto", 26 xuño 2007, p. 3.

Refírese a un artigo publicado dous días antes por X. Manuel Beiras no mesmo xornal onde se expón a situación pola que está a pasar a serra do Courel fronte ás empresas louseiras que estragan este espazo natural incluído na Rede Natura 2000. Destácase a figura de Uxío Novoneyra como o gran poeta do Caurel que sería o primeiro en denunciar a situación mediante os seus versos, algúns dos cales son citados.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Poesía contra a destrución", *Galicia Hoxe,* "Caderno aberto", 27 xuño 2007, p. 3.

Proponse unha xuntanza de poetas para que fagan un recital poético no Courel en lembranza de Uxío Novoneyra para loitar contra a destrución paisaxística da zona. Transmítese a idea para que sexa considerada pola AELG, o PEN Clube ou a mesma Asociación Cultural SOS Courel.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Coidar a terra, defender a identidade", *Galicia Hoxe*, "Caderno Aberto", 5 xullo 2007, p. 3.

Quéixase da destrución que se leva acabo a través das minas de seixo e cuarzo, das desfeitas ambientais e paisaxísticas e tamén da instalación dunha piscifactoría en zonas virxes como Corrubedo. Entende que a natureza é tamén a nosa identidade e ademais ten o engadido de ser un valor económico, o do ecolóxico. Refírese á Asociación Cultural Canle de Lira que organizan xa as oitavas xornadas de Cultura Tradicional que este ano se desenvolveron baixo o título "Custodia do territorio: coidar a terra, defender a identidade" que acae moi ben á problemática que se presenta.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Poesía, sociedade e coñecemento", *Galicia Hoxe*, "Caderno Aberto", 11 xullo 2007, p. 3.

Manifesta o poder da poesía como un instrumento do máis valioso para a formación das persoas e tamén para o coñecemento da realidade. Bota man das impresións de varios autores que apoian esta tese como os poetas Octavio Paz ou Ramón Gamoneda, pero tamén científicos da categoría de Werner Karl Heisenberg ou Roald Hoffmann, pois para todos eles a poesía permite penetrar e entender o mundo.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "50 aniversario da editorial Follas Novas", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Tribuna Libre", 15 xullo 2007, p. 76.

Lembra que o 15 de xullo de 1957 cúmprense cincuenta anos do nacemento da editorial Follas Novas en Arxentina da man de Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda, que crearon unha plataforma na que desenvolveron as tarefas de editores, distribuidores, libreiros, bibliotecarios, bibliófilos, publicistas e escritores, é dicir, todos os papeis coa finalidade de difundir o libro galego na Galicia emigrante. Tamén sinala que quere render homenaxe a un proxecto que tiña fins patrióticos e culturais máis ca económicos.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "A poesía na UIMP de Santander", *Galicia Hoxe*, "Caderno Aberto", 16 xullo 2007, p. 3.

Conta a experiencia nas Veladas Poéticas de Santander que cada ano celebra a Universidade Internacional Menéndez Pelayo. O tema nesta edición foi "La península literaria: los editores eligen" na que se tratou a moitas veces complexa relación entre o escritor e o editor. Coméntase que todo poesía é periférica e o impacto que produciu a presenza da poetisa galega Yolanda Castaño que se converteu no centro do evento por emanar luz e intelixencia, pola súa "radicalidade identitaria do "eu" poético" e tamén por facelo dende o idioma galego.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Día da Patria Galega", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 25 xullo 2007, p. 3.

Comenta brevemente que o 25 de xullo se celebra o Día da Patria Galega ou oficialmente Día Nacional de Galicia. Reflexiona sobre a significación do lexema patria que para el é o berce, a nación, o país, o estado, a procedencia, orixe, alicerce, conformidade, conxunto, dereito, estirpe, principio, condición, identidade, historia, comunidade, territorio, internacionalismo, liberdade, idioma, símbolo, cultura, pobo e democracia, para rematar gritando "¡Viva a patria!.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Sobre a biblioterapia", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 3 agosto 2007, p. 3.

Defende a lectura como unha terapia para sandar os enfermos porque hai lecturas que poden ser utilizadas con fins terapéuticos. Remóntase á crenza dos exipcios que consideraban as bibliotecas como "casas de vida" nas que había "remedios para a alma", por iso, se aplaude o feito de que o hospital madrileño San Carlos puxera en marcha baixo o lema "Saúde e Lectura" un programa no que se ofrece unha biblioteca con catro mil exemplares aos pacientes para que mitiguen así a dor e a soidade.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Libros na rúa", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 10 agosto 2007, p. 3.

Festexa o inicio das Feiras do Libro que organiza a Federación de Libreiros durante o mes de maio. Entende que é moi importante achegar os libros ao público, levalos á rúa e

que ocupen un lugar relevante nas cidades. Considera que os libros axudan a interpretar a realidade, a descubrir novos aspectos da mesma e a abrir a imaxinación a través da lectura, pero tamén das imaxe ou das texturas. Sinala que estas propiedades dos libros son para celebrar e achegalas ás persoas para que dean luz ás súas vidas.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Poetas en Polonia", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 15 outubro 2007, p. 3.

Fala da súa participación no XXXVI Outono Poético de Varsovia e sinala que comparte mesa co poeta de Estepona, Javier Benítez, e co portugués, José Luis Peixoto. Sinala que "ler en galego en Cracovia chega a ser e significar, déixenme expresalo así, un acto case máxico de resonancia mórfica e simbólica". Valora tamén a asistencia de numeroso público aos actos e o bo recordo que deixaron entre os organizadores as poetas Chus Pato e Yolanda Castaño, que participaron en anteriores edicións. Conclúe animando a seguir esta iniciativa de proxección da poesía galega en Europa.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Actividades culturais", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 12 novembro 2007, p. 3.

Dá conta das numerosas actividades culturais que teñen lugar nestes días de novembro en Galicia. Cita a homenaxe celebrada en Guitiriz á escritora Marica Campo, que a Fundación Manuel María nomeou "Chairega de Honra", e a exposición que ten lugar na galería María Martínez de Santa Cruz, en Oleiros.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Libro e mercado", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 15 novembro 2007, p. 3.

Fai referencia ao IV Simposio "O Libro e a Lectura" que se realiza en Santiago e está organizado pola Asociación Galega de Editores. Comenta que as xornadas versarán sobre o libro e o mercado e que se analizarán temas como os libros máis vendidos, a oferta e a demanda, editores de cultura fronte a editores de mercado, etc. Así mesmo, cuestiona se o mercado non exerce na actualidade unha forma de censura sobre os escritores.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Literatura e calidade", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 16 novembro 2007, p. 3.

Achega as súas opinións sobre as diferenzas existentes entre os produtos literarios e os produtos editoriais e, tomando as palabras de Lorenzo Silva, afirma que na actualidade se creas un relato con misterio, esoterismo e intriga, terás un éxito inmediato.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "María Casares, viva na lembranza", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 22 novembro 2007, p. 3.

Evoca a figura da actriz María Casares, "a gran dama do teatro francés e europeo contemporáneo", que naceu un 21 de novembro de 1922. Lembra que cando coincidiu con ela, á saída dunha representación de Eurípides na que interpretaba a Hécuba, papel polo que recibiu o Premio Moliére, preguntoulle "¿Que tal Galicia?". Tamén evoca unha foto na que a actriz aparece xunto a Rafael Dieste e Blanco Amor en Bos Aires: "Ela fala. Escóitana con reverencia. Son os ollos e a voz da Terra".

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Poetas en Lugo", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 3 decembro 2007, p. 3.

Salienta o abundante número de poetas que cantaron á cidade de Lugo, como Luís Pimentel, Ánxel Fole, Manuel María e Novoneyra, e afirma que Lugo é "un espazo poético de seu". Por este motivo, confirma que fose escollida a cidade das murallas para realizar o I Encontro de Poesía Galega no que participaron uns vinte poetas e que foi clausurado polo Ministro de Cultura, César Antonio Molina.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Xohán Ledo e as caras do libro", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 14 decembro 2007, p. 3.

Refires á homenaxe a Ricardo García Martínez (Xohán Ledo), organizada pola editorial Galaxia en Vigo polos máis de trinta anos ao servizo do deseño editorial en Galicia. Asemade, comenta que este recoñecemento serve para levar a cabo toda unha gran reflexión, acompañada de debates, sobre a realidade do libro. Miguel Anxo Fernán Vello, baseándose na definición de *libro* que realiza Luis Seoane, defende a existencia dunha estética propia do libro galego no tempo, na historia, como un signo de identificación dunha nacionalidade. Neste senso, salienta a achega e Xohán Ledo como un dos grandes artífices da identidade física, formal e visual do libro galego.

Fernández Albor, Gerardo , "Literapia, Humanismo y Medicina", *El Correo Gallego*, "Comentarios y recuerdos", 28 outubro 2007, p. 3.

Ademais doutras reflexións arredor da medicina e da súa visión humanística por parte de figuras galegas como Novoa Santos, Castelao, Rof Carballo ou García Sabell, alude ao proxecto "Literapia" no que participan Darío Villanueva e varios colaboradores e que promove a utilización da lectura e da escritura para minimizar a soidade e o sufrimento das horas no hospital ou da convalencencia na casa.

Fernández, Xurxo, "El arquetipo de 'Yunque', facsimilado", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 5 febreiro 2007, p. 72.

Refírese á publicación dunha reedición facsimilar da revista "Yunque", feita polo Centro Ramón Piñeiro e levada a cabo por Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda e María Vilariño. Primeiramente dise que se editou inicialmente entre 1931-1932 tendo só seis números para logo destacar o seu formidábel deseño e o gran número de persoeiros que participaron nela como Federico García Lorca, Álvaro Cunqueiro ou Ramón Piñeiro.

Fernández del Riego, Francisco, "Paulos e aquel ano do cometa", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 203, 17 marzo 2007, p. 13.

Artigo dedicado a repasar o contido da obra de Álvaro Cunqueiro titulada *El año del cometa con la batalla de cuatro reyes*. O protagonista da obra Paulos é un home encargado de procurar os sinais de influencia do cometa o ano en que segundo os astrólogos habería cometa. Nese mesmo ano o protagonista tense que preparar contra a invasión de Asad Pirónida para o que acode á axuda decisiva de varios personaxes mítcos.

Fernández del Riego, Francisco, "O libro na vida sociocultural", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 208, "Decotío", 28 abril 2007, p. 11.

Realiza un recorrido polo nacemento e a historia do libro. Lembra as orixes dos manuscritos e a creación do libro a través dunha prensa grazas ao descubrimento de Gutenberg. Tamén a situación do libro medieval. De seguido pregúntase se o libro actual é mellor do pasado e afirma que se debe crear unha boa literatura e non crear obras ao gusto do público.

Fernández del Riego, Francisco, " Visións do mestre sobre a paisaxe", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 222, "Decotío", 4 agosto 2007, p. 12.

Recorda como entendía Ramón Otero Pedrayo a xeografía e subliña que non ten nada que ver coa visión que predomina na actualidade. O escritor ourensán tentaba mostrar nos seus estudos toda a realidade da terra galega, é dicir, a paisaxe, o home, a cultura, o idioma, a tradición, en fin todos os actantes que conforman un país. Sinala que isto se reflicte en obras como *Pelegrinaxes*, *Historia de Galicia*, *Guía de Galicia* ou en *Paisajes e problemas*.

Fernández del Riego, Francisco, "Con Pondal na terra de Bergantiños", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 241, "Decotío", 15 decembro 2007, p. 13.

Manifesta o seu especial aprezo pola figura e obra de Eduardo Pondal, a quen considera moi influenciado pola paisaxe bergantiñá, suscitadora de moitos sentimentos presentes na súa obra. Sen embargo, considera que na paisaxe pondaliana, ademais de elementos de carácter íntimo e elemental, está presente unha visión trascendental, e incluso onírica, da esencia de Galicia.

Fernández Fernández, Ruth, "Yunque' ou a vangarda dos anos 30 en Lugo (I)", *Galicia Hoxe*, "Noticias cotiás", 27 febreiro 2007, p. 4.

Infórmase da presentación en Lugo da edición facsímile da revista titulada *Yunque*, nun principio co subtítulo *Periódico de vanguardia política*, dirixida por Ánxel Fole do 1931 ao 1932. O artigo comenta os apartados dos seis números publicados desta revista.

Fernández Fernández, Ruth, "Yunque' ou a vangarda dos anos 30 en Lugo (II)", *Galicia Hoxe*, "Noticias cotiás", 6 marzo 2007, p. 4.

Rememóranse os inicios da revista "Yunque", cuxos creadores reaccionaban contra o conservadorismo e a Ditadura, a favor de novos rumbos esquerdistas. Mozos inconformistas como Ánxel Fole lanzaron iniciativas como *¡Ahora!* e *Guión* ou *Ronsel* alá polos anos trinta en Lugo, xornais predecesores de "Yunque". O achado da colección completa de "Yunque" non sucedeu até a morte de Francisco Lamas, que a gardaba entre os seus arquivos.

Fernández Fernández, Ruth, "'Yunque' ou a vangarda dos anos 30 en Lugo (III)", *Galicia Hoxe*, "Noticias cotiás", 13 marzo 2007, p. 4.

O artigo continúa a falar da revista "Yunque". Comenta como pasou de ser un xornal de vangarda política a un de vangarda cultural e, en definitiva, de vangarda integral, con gran diversidade de contidos, xéneros e linguas, con impresións políticas de Luís Pimentel e Álvaro Cunqueiro, achegas literarias de Ánxel Fole, Pimentel e outros ou reflexións sociais e políticas de persoeiros como Ramón Piñeiro, quen asinaba como Luís de Veiga.

Fernández Fernández, Ruth, "Amor libre", *Galicia Hoxe*, "Noticias cotiás", 20 marzo 2007, p. 4.

Con motivo da celebración do Día da Muller Traballadora, lembra unhas palabras do manifesto romántico *Lieders* da escritora que inaugurou a literatura feminista de Galicia e en galego, Rosalía de Castro. Partindo das súas palabras en defensa da igualdade entre homes e mulleres, condena a violencia machista da sociedade actual.

Fernández Fernández, Ruth, "A Rosalía máis actual", *Galicia Hoxe*, "Noticias cotiás", 27 marzo 2007, p. 4.

Comentario acerca do libro de Carmen Blanco no cal se fai unha análise da obra de Rosalía de Castro titulado *Sexo e lugar*. Segundo o que este libro transmite Rosalía é unha escritora cunha obra centrada en temas de carácter étnico, do poder sexual e a orfandade e por último en temas que mostren calquera tipo de marxinación sufrida polas mulleres. Tamén hai reflexión sobre a súa vida persoal que foi familiar e de angustia pola súa autoría en toda a súa poética.

Franco, Camilo, "Andando polas esquinas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 194, "Entreacto", 13 xaneiro 2007, p. 3.

Destaca aquí Camilo Franco o lugar que ten o teatro de aficionado en Galicia, "esquinado". Isto é debido a que a profesionalización do teatro deixouno en mal lugar e

todo isto unido a factor económico, non só nos soldos, senón tamñen no prezo das entradas.

Franco, Camilo, "¿Hai xente aquí dentro?", *La Voz de Galicia*, "Menú de cultura rápida", 1 maio 2007, p. 46.

"Ritualizar as cousas significa baleirarlles os contidos, restarlle a vitalidade das imperfeccións". Con esta sentencia tenta o autor deixar clara a súa opinión acerca dos actos rituais celebradois mecánicamente o Día das Letras Galegas, pero que, en realidade, non supoñen nada, como se pode ver na fuxida de grandes creadores galegos ao extranxeiro, porque aquí non se lles valora.

Franco, Camilo, "Un pasado de premio literario", *La Voz de Galicia*, "Menú de cultura rápida", 7 maio 2007, p. 53.

Dura crítica realizada por Camilo Franco aos Premios Literarios, por consideralos excesivos e incluso monótonos, perdendo a súa función de diferenciador dunha obra especialmente agradábel e boa para ser lida; así todas, e por tanto ningunha, será especial.

Franco, Camilo, "Pensar antes dos apriorismos", *La Voz de Galicia,* "Menú de cultura rápida", 11 xuño 2007, p. 56.

Fanse pequenos comentarios sobre a actualidade galega como o audiovisual ou o teatro e destácase o encontro de escritores que anualmente se reúnen en Mariñán para falar da realidade de Galicia, entre outras cousas sobre o iberismo.

Franco, Camilo, "Só falta o público", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Reserva india", 24 outubro 2007, p. 54.

Reflexiona, valéndose da ironía, das circunstancias que vive o teatro galego: "actores famosos, compañías con traballo, feiras do teatro, festivais internacionais, respaldo institucional, circuítos, programación de verán, versións de Shakespeare e autores premiados" mais que só falta o público.

Franco Grande, X. L., "Pouca lectura", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Soleira", 16 decembro 2007, p. 18.

Considera lóxico que a xente non lea literatura galega, nin, en xeral, o libro galego, porque cre que o que se escribe nesta lingua acostuma a ser de moi pouca calidade e, incluso, o cualifica de "timo á cultura, á intelixencia e ao bo gusto". Argumenta que este feito, común ao mundo en xeral, débese ás mentiras das editoriais, á ausencia dunha verdadeira crítica e á banalización intelectual. Como unha posíbel solución, propón aumentar o número de traducións da literatura foránea.

Freixanes, Víctor F., "Cultur.gal", *La Voz de Galicia*, "Vento nas velas", 12 maio 2007, p. 15.

Mostra neste artigo Víctor F. Freixanes a importancia do simbolismo nos actos que se realizan como medios de difunsión dun lugar ou dunha cultura; con esta idea clara é a causa pola que se reúnen este días en Pontevedra as industrias da cultura galega ("cultur.gal"), para atopar o modo de promover a súa cultura, "o seu producto".

Freixanes, Víctor, "A Europa dos devanceiros", *La Voz de Galicia*, "Culturas", n.º 211, "Vento nas velas", 19 maio 2007, p. 3.

Explica que o feito de que membros da xeración Nós, como Vicente Risco, Otero Pedrayo ou Castelao, estiveran en distintos países de Europa de viaxe serviu para reivindicar Europa en distintos ensaios. Igualmente, sinala que membros das Irmandades da Fala reivindicaron Europa dende o punto de vista político como unha realidade que se opón á España fundamentalista.

Freixanes, Víctor F., "Os Encontros de Verines", *La Voz de Galicia*, "Vento nas velas", 22 setembro 2007, p. 15.

Crónica da súa participación dos anuais encontros celebrados en Verines organizados polo Ministerio de Cultura, o Principado de Asturias e a Universidade de Salamanca arredor do tema "Literatura sin fronteras. La recepción de las letras españolas actuales en Europa". Comenta que estes encontros comezaron en 1984 da man de Víctor García de la Concha e o seu éxito reside na pluralidade de voces e na espontaneidade dos debates, xa consolidados tras vinte e tres anos de traxectoria. Repasa os nomes dos asistentes e os temas abordados en edicións anteriores e apunta que se bota en falta a persoas habituais dos encontros, como Carlos Casares, Vázquez Montalbán ou Montserrat Roig. Conclúe sinalando que "na compaña de Rosa Aneiros, Dolores Vilavedra e Xosé Antonio Neira Cruz, que tal foi a expedición galega nesta ocasión, volvemos a ollada atrás e, ao mesmo tempo falamos de estratexias de futuro. Da Feira de Fráncfort deste ano, por exemplo, na que a cultura invitada é Cataluña (nación sen Estado) ante non pouco escándalo internacional, tamén dalgún dos presentes".

García, Xosé Lois, "A Galiza no contexto lusófono", *Galicia Hoxe*, "Opinión", 27 novembro 2007, p. 4.

Comenta a importancia da defensa do idioma galego e a súa semellanza co portugués e fai referencia ao III Encontro de Profesores de Literaturas Africanas, no que el participou falando sobre a divulgación da literatura lusófona en Galicia e viceversa.

García Bodaño, Salvador, "Facsímiles do pasado", *El Correo Gallego*, "No pasar dos días", 21 xaneiro 2007, p. 3.

Coméntase unha edición facsimilar de dúas publicacións periódicas da primeira metade do s. XX levada a cabo polo Centro Ramón Piñeiro: *Yunque* (Lugo, 1931-32) con seis números e *Galicia* (Caracas 1952-53). Aprovéitanse unhas palabras do propio Ramón Piñeiro na revista Yunque para facer unha reflexión sobre a situación política actual en Galiza, de desleixo e abandono do propio. Reclámase finalmente (servíndose das palabras de Ramón Piñeiro) que a política galega se axeite á realidade social actual.

García Bodaño, Salvador, "Librerías na lembranza", *El Correo Gallego*, "No pasar dos días", 11 febreiro 2007, p. 3.

Lembranza nostálxica de librerías senlleiras coñecidas polo autor, concretamente na Librería Colón, inaugurada en 1935 na Rúa Real da Coruña, pechada por mor da venda do inmóbel a un construtor. Dise que xa fora un referente da súa nenez e mocidade e que a mesma sensación nostálxica lle produciu o peche da Librería Galí, na Rúa do Vilar de Santiago de Compostela que era a máis antiga das librerías do Estado.

García Bodaño, Salvador, "Simbólica despedida", *El Correo Gallego*, "No pasar dos días", 8 abril 2007, p. 3.

O autor deste artigo dedica unhas liñas para expresar a súa admiración porque se pechou en Santiago a librería Manolo González. Como recordo compra dous libros de Espasa-Calpe titulados Historia del corazón de Vicente Aleixandre, reeditado cando recibiu o premio Nobel e El Vaticano y la guerra. Notas históricas (1961) de Alberto Giovannetti.

García Bodaño, Salvador, "Homenaxe na terra natal", *El Correo Gallego*, "No pasar dos días", 15 xullo 2007, p.3.

Felicita ao catedrático de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago de Compostela, Manuel González González, pola homenaxe que a Federación de Asociacións de Mazaricos lle vai outorgar na súa terra natal. Indícase que está coordinada por Xosé Manuel Pensado Figueiras, titular da parroquia mazaricá e na que participaron asociacións moi diversas coa única finalidade de apreciar o veciño e a súa dimensión profesional como profesor universitario, secretario da Real Academia Galega, director dos Seminarios de Sociolingüística e Lexicografía, director do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e do Servizo de Terminoloxía de Galicia amais da súa extensa produción ensaística. Destaca da persoa a calidade humana, o temperamento político e conciliador, a súa actitude colaboradora e solidaria e tamén a súa capacidade de traballo.

García Bodaño, Salvador, "Confín dos verdes castros", *El Correo Gallego*, "No pasar dos días", 26 agosto 2007, p.3.

Expresa o seu malestar polo ataque frontal dende algún xornal de Madrid ao himno galego que vén de cumprir cen anos dende a súa primeira interpretación pública na cidade da Habana. Comenta que o nacemento estivo na pluma de Eduardo Pondal e a

letra foi composta por Pascual Veiga e que se recolle como canto solemne da patria galega dende o ano 1984. Engade que se se compara con Els segadors ou co Eusko gudariak, himnos catalán e éuscaro respectivamente, o galego é de baixa belixerancia, non obstante sorprende o medo que lle teñen en Madrid. Manifféstase en contra do centralismo abafante e esixe respecto polos galegos.

García Bodaño, Salvador, "Tras dos pasos de Murguía", *El Correo Gallego*, "No pasar dos días", 7 outubro 2007, p. 3.

Anuncia que Xosé Ramón Barreiro Fernández ten case rematada unha biografía de Manuel Murguía e expresa a súa fonda satisfacción por tal feito da man do "máis brillante historiador galego do noso tempo". Apunta moitos interrogantes que rodean a biografía de Murguía e remata afirmando que o traballo de Barreiro será ben interesante e a súa lectura un auténtico pracer.

García Bodaño, Salvador, "Vigo: ¿abandono cultual?", *El Correo Gallego*, "No pasar dos días", 4 novembro 2007, p. 3.

Ao fío dun artigo de Manuel Bragado titulado "Museos sen marco" e referido á preocupante situación que estaban a atravesar algúns museos e bibliotecas de Vigo, Salvador García-Bodaño manifesta que lle doe que a cidade estea a sufrir este abandono por falta de plans de reactivación e promoción, situación que veu confirmar un correo electrónico que anunciaba o peche das bibliotecas Penzol e Fernández del Riego polas tardes por mor da falta de persoal, e que lle asegurou o mesmo Paco del Riego en conversa telefónica con gran pena.

García Iglesias, José Manuel, "Seoane en Compostela", *El Correo Gallego*, "Notas de actualidad", 15 febreiro 2007, p. 2.

Neste artigo de José Manuel Iglesias faise un comentario acerca da exposición das pinturas de Luís Seoane que se están a expoñer no auditorio de Galicia. segundo o autor deste artigo é difícil determinar se son pinturas pertencentes á cultura galega ou arxentina xa que foron pintadas entre 1948 e 1978 cando o escritor Luís Seoane se encontraba na emigración. As pinturas expostas pertencen ao coleccionista Salvador Alcalde.

García López, Xoán, "O teatro da vida", *Diario de Ferrol*, "La ventana", 6 febreiro 2007, p. 18.

Crítica aos galegos e galegas que non senten ningún interese pola lingua galega a pesar de vivir ou nacer en Galiza. Dise que nun encontro de escritores e colaboradores de prensa, unha das asistentes expresou esta opinión respecto á lingua sendo galega mentres que salienta a figura da escritora holandesa Vaarwerk, que se sente galega e non concibe a existencia de galegos e galegas que desprecen a súa lingua. Por último lóubase a figura de Suso Fraga que dende Barcelona loita pola cultura e o progreso.

García López, Xoán A., "Do azul e o branco. Poeta", *Diario de Ferrol*, "La ventana", 15 novembro 2007, p. 21.

Felicita os organizadores do Congreso e da homenaxe que conmemoraron o vixésimo cabodano de Xosé María Pérez Parallé. Cita os relatorios de Javier Rodríguez González, profesor de Historia Contemporánea da Universidade de León, que destacou o activismo cultural e a sinceridade de Pérez Parallé; e o de Suso Fraga Castro, que o considerou como un mestre. Reclama que se distinga o autor co Día das Letras 2009, ano que coincide co centenario do seu nacemento.

García Negro, Mª Pilar, "Xosé Chao Rego", *A Nosa Terra*, nº 1.267, "Galiza", 10-16 maio 2007, p. 13.

A autora fai mención da homenaxe realizada ao grande mestre Xosé Chao Rego no eido das Xornadas de Lingua Galega e de Lieratura. A loubanza correu a cargo do profesor Francisco Fernández Rei e de Mª Pilar García Negro (autora deste artigo), que conta en primeira persoa a grande valor que ela considera que ten este grande creador, que tan boas obras non dou e nos segue a dar.

García, Xosé Lois, "O rumor dos rumorosos", *Galicia Hoxe*, "Ecos da berenguela", 11 setembro 2007, p. 4.

Ao respecto do himno galego, sinala que o 20 de decembro de 2007 se cumpre o centenario da súa primeira interpretación no teatro Chacón na Habana e apunta que se trata dun símbolo colectivo para cantar, amar e esculcar mesmo dende as escolas, o cal non agrada os seguidores do PP galego. Lembra a prohibición de cantalo durante o franquismo e a autorización posterior que permitiu cantar as dúas primeiras estrofas "por consideralas as máis suaves". Considera que somos unha nación sen Estado, sumida en contradicións e falta de normalización e valora os esforzos da Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

Giráldez, J. Miguel, "Lembranza dos días de Irlanda", *Galicia Hoxe,* "A Contra", 15 decembro 2007, contracuberta.

Tras un congreso paneuropeo sobre literatura irlandesa celebrado en Sevilla, lémbranse diversos días pasados en Irlanda coñecendo e traballando con profesores irlandeses e outras xentes relacionadas coa súa cultura como Declan Kiberd. Finalmente ponse en relación a cultura irlandesa coa galega nas súas múltiples facetas como literatura ou arte anunciando o desenvolvemento deste tema nun próximo encontro na Universidade da Coruña coa figura principal de David Clark.

Gómez Espinosa, Juan, "Filgueira Valverde", *El Correo Gallego*, "Tribuna libre", 13 febreiro 2007, p. 76.

Lembranza da figura de Xosé Filgueira Valverde a partir das valoración positiva que uns días antes fixera Alfredo Conde sobre a achega á Galiza do intelectual. Dende a visión do seu alumno, autor do artigo, dise que a contribución do intelectual galeguista parte da instalación de Celulosa na ría de Pontevedra cando el era alcalde da vila até o seu traballo como profesor de instituto na mesma cidade. Dise que debe entenderse a súa colaboración no réxime franquista como un produto das circunstancias vividas e debe valorarse a herdanza que deixou a Galiza coa súa obra ao quedar na terra duramente durante o réxime en lugar de exiliarase.

Gómez López, J., "La Virgen del Cristal y Curos", *La Región*, "Opinión", 18 setembro 2007, p. 22.

Ademais de reflexións relixiosas arredor do culto a María, refírese á lenda poética creada por Curros Enríquez arredor da Virxe do Cristal na que segundo o articulista o escritor describe delicadamente a imaxe e a tradición do pobo arredor do culto, que perviviu até hoxe.

Gómez, Lupe, "As chaves do traxe", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 639 , "A bailarina", 14 xaneiro 2007, p. 12.

En forma de diario semanal a autora fai referencia á poesía de Lucía Aldao como unha poesía sinxela e doce que fala do cotián. Mestúrase esta alusión con vivencias da propia Lupe Gómez como unha cea de empresa nunha casa rural ou a descrición da Noite de Reis na súa casa.

Gómez, Lupe, "Son unha náufraga", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 640 , "A bailarina", 21 xaneiro 2007, p. 12.

En forma de diario, a escritora fala das súas impresións dende o dez até o dezaseis de xaneiro. Comenta que o seu libro *Os teus dedos na miña braga con regra* vai ser traducido ao portugués, recorda cando presentou o seu primeiro libro *Pornografía* e revela que os títulos dos seus libros fana sentir libre. Salienta o libro de poemas *Océano e silencio*, de Antón Patiño, o cal lle recorda ao mar. Os seus poemas falan de pintores como Van Gogh, Monet e Urbano Lugrís. Fala das palabras bonitas do galego e do universo que esconden os dicionarios.

Gómez, Lupe, "A palabra primeira", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 642, "A bailarina", 4 febreiro 2007, p. 12.

Refírese ao libro *Parábola do incrédulo*, do poeta Manuel Álvarez Torneiro que foi editado na colección "Tambo". Considérase un poeta galego e universal que traballa coas palabras como se a palabra primeira fose a máis importante. Fanse reflexións diversas acerca da obra e doutros autores como Rivas e mesmo da obra da propia Lupe Gómez, con comentarios escritos a modo de diario no que cada día leva a unha reflexión diferente.

Gómez, Lupe, "Simétrica asimetría", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 643 , "A bailarina", 11 febreiro 2007, p. 12.

A partir dun texto introdutorio de carácter lírico de Camilo Franco, fanse unha serie de reflexións a modo de diario coas sensacións que provoca a lectura da obra *Palabras contadas* do mesmo autor. Indícanse tamén nesas reflexións algúns dos temas que se tratan na obra: o sentido da vida, a morte ou as relacións de parella.

Gómez, Lupe, "Raiolas de primavera", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 644, "A bailarina", 18 febreiro 2007, p. 12.

O artigo é unha composición literaria con formato de diario no que a autora describe cun ton un tanto poético tres días da súa vida. Entre outras cousas fala da poeta Maxi Rei e do seu libro *Vizoño*, de varios cantantes populares e dos sentimentos que a invaden ao experimentar as súas vivencias.

Gómez, Lupe, "Portugal-Brooklin-Fisteus-África", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 645 , "A bailarina", 25 febreiro 2007, p. 12.

A escritora relata, coma nun diario, as súas impresións do trece ao vinte de febreiro. Le *Ébano*, de Ryszard Kapuscinski, e envexa a súa viaxe por África, ao igual que envexa á súa amiga María por coñecer Brooklin. Comenta a fascinación que sente por María Mariño e fala da comida e da súa amiga portuguesa.

Gómez, Lupe, "Deixarse levar", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 648 , "A bailarina", 18 marzo 2007, p. 6.

Reflexión sobre o libro *Poesía barata* de Manuel M. Romón a autora transmite as súas impresións do día a día tendo en conta os versos que están contidos na obra deste autor. Vemos como transmite a impresión de que igual que outros elementos que podemos encontrar na nosa vida diaria a poesía é barata e a vida é un deixarse levar como se transmite nos versos que inician o artigo. Sabemos que a autora neste relatar do seu cotián foi á presentación do libro O son das buguinas de e maniféstase contaxiada polo ánimo de crítica contra as inxustizas que nesta conferencia se formula.

Gómez, Lupe, "Pétalos de camelia", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 649 , "A bailarina", 25 marzo 2007, p. 16.

O libro de Fidel Vidal titulado *A camelia oxidada* é comentado nesta páxina ao mesmo tempo que se fai un diario da vida da autora do artigo. *A camelia oxidada* é unha obra que contén poemas de madurez e responsabilidade, segundo o comentario da escritora Lupe Gómez. Sabemos tamén que son versos nos cales a camelia, flor especial pola súa delicadeza, é protagonista e a través da alusión a esta evócase o paso do tempo.

Gómez, Lupe, "As raíces da terra", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 650, "A bailarina", 1 abril 2007, p. 16.

Comentario do libro de Medos Romero *O peso da derrota* ao mesmo tempo que fai o diario da súa vida. A obra de Medos Romero é definida como un libro en que ten moito valor os silencios e ten como un dos temas fundamentais o paso do tempo. Os acontecementos da vida diaria teñen igualmente protagonismo, desta forma sabemos que a autora deste artigo recibe un cheque polas vendas do seu libro *Luz e Lupe* o que lle aporta grande positivismo e vontade de comprar cousas como o libro de Clarice Lispector *Para no olvidar*. Un día vai ao recital de poesía e outro coñece o poeta Xesús Franco quen lle fala do seu libro *Atlántico, Atlántico*, poesía centrada no mar.

Gómez, Lupe, "A presenza da luz", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 655, "A bailarina", 6 maio 2007, p. 16.

Diversas reflexións sobre a luz e a claridade cotiá levan á autora a comentar a recente publicación do poemario *Para unha luz ausente,* de Xavier Seoane editado por Espiral Maior. Dise que son poemas lenes e encantadores que xiran arredor da temática amorosa e da luz.

Gómez, Lupe, "Contar ata centoonce", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 656 , "A bailarina", 13 maio 2007, p. 16.

Reflexións varias que xorden trala lectura do poemario *Centoonce* de Kiko Neves cualificado como "poesía pesimista, chea de rutina, amor e desamor". Dise que é un poeta diferente aos demais porque parece terreal e máis real e que a lectura do seu libro leva a reflexións sobre o mundo laboral e o paro ou sobre as miserias da vida.

Gómez, Lupe, "Granell era unha illa?", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 660 , "A bailarina", 10 xuño 2007, p. 16.

Reflexións varias sobre diferentes aspectos da vida cotiá da autora a partir dun libro sobre Eugenio Granell que un amigo lle regala. Coméntase nunha destas reflexións outro regalo que María do Cebreiro lle fai á autora: un poema propio titulado *Felo dos nomes propios.*

Gómez, Lupe, "Desglaç", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 663 , "A bailarina", 1 xullo 2007, p.16.

Confesa a inmensa alegría que lle produciu recibir unha carta do poeta Antonio Gamoneda e ese mesmo día tamén Xosé Manuel Beiras. O primeiro confésalle que admira a Novoneyra e que ama a lingua galega e o segunda convídaa a que lle faga unha entrevista na súa casa. Está contenta de ter cartas de Berger, Araúxo, Neira Vilas, Beiras ou Gamoneda. Tamén lle produciu un fondo pracer que un mozo do mundo do teatro lle comentara que lle gustaría facer unha obra a partir dos eu libro *Quero bailar*. Comenta anécdotas da súa vida cotiá a través dos versos da autora catalá Maria-Mercé Marçal.

Gómez, Lupe, "Néboa caníbal", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 673 , "A bailarina", 9 setembro 2007, p. 5.

Ao fío do decorrer dos días, entre o 28 de agosto e o 5 de setembro, recorre a versos de Lino Braxe pertecentes a *Acantilados*, premiado co accésit de poesía Miguel González Garcés 2006, para explicar as emocións vividas neses días. Define a súa poética: "radical como un alarido, escura como o cuspe, limpa como a loucura", cita algúns poemas breves do autor, como "Acuarela", e fala do seu encontro con María do Cebreiro, "a poeta dos obxectos perdidos, a poeta dos hemisferios divididos, a poeta moderna e antiga.

Gómez, Lupe, "Pulmóns baleiros", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 675 , "A bailarina", 23 setembro 2007, p. 5.

Entre as anotacións dedicadas aos días que van entre o 12 e o 19 de setembro insire os versos de Chus Pato e cometarios arredor dos temas e intencións que subxacen na obra da poeta e na súa propia lectura, que Lupe Gómez adapta ao seu decorrer cotián. De *A ponte das poldras* salienta a súa valentía e o seu ton íntimo e que "os versos parecen pulmóns baleiros".

Gómez, Lupe, "Tropezar nos acantilados", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 680 , "A bailarina", 28 outubro 2007, p. 5.

Entre outras reflexións ao fío do decorrer dos días, Lupe Gómez fala na dedicada ao sábado 20 de outubro da saturación do mercado editorial e da chegada constante de novos libros ás librarías, aínda que "non se nota esa presión en Fisteuz. Aquí os tractores seguen sendo vermellos, azuis ou verdes. Os domingos a xente vai á misa, e o cura alivia os pecados. As árbores no outono seguen sendo altas. As pedras do río non soñan con escribir libros (...) Aquí non tropezas con poetas nin con intelectuais".

Gómez, Lupe, "Aturuxos e laranxas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 683 , "A bailarina", 18 novembro 2007, p. 5.

Lupe Gómez divide o artigo en varios días da semana nos cales trata diferentes cuestións. Relacionadas coa literatura galega, fai referencia ao poemario *Teatriños ou aturuxos calados* da poeta canadense Erín Moure e editado na colección Dombate de Galaxia. Así mesmo, tamén comenta os baixos índices de lectura que hai en Galicia e dá conta da creación dunha nova colección de poesía: Edoy Leliadoura.

Gómez Macías, Fernando, "*Tan gallego como el gallego*", *La Opinión*, 17 maio 2007, p.46.

O autor do artigo analiza a situación da política lingüística do goberno e como un sector importante da sociedade non acepta esta nova situación.

González Pérez, Clodio, "De Sargadelos a Sargadelos", *Galicia Hoxe*, "O rodicio do tempo", 12 maio 2007, p. 4.

O autor recolle a historia de Sargadelos. Primeiro unha pequena, pero importante fábrica creada polo asturiano Antonio Raimundo Ibáñez no ano 1791 e que en 1804 converteuse nunca famosa fábrica de louza e que a finais do século XIX sufrirá unha etapa de abandono; volve renacer no ano 1972 nas mans de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane.

González Pérez, Clodio, "O galego e a xustiza", *Galicia Hoxe*, "O rodicio do tempo", 4 agosto 2007, p.4.

Recolle unha das escenas pintadas por Castelao na que unha muller está de pé perante os xuíces que lle preguntan en castelán, ela non entende ben e contesta de maneira equivocada provocando unha situación que para moitos é cómica, pero que en realidade denuncia unha situación moi seria pois en moitas ocasións estaba en xogo a vida da persoa. Aínda que esta caricatura está feita na primeira década do século vinte o articulista pregúntase se xa se remataron este tipo de escenas ou aínda a xustiza segue a ser xorda ao galego.

González Pérez, Clodio, "Juan R. Jiménez, Curros e 'Platero'", *Galicia Hoxe*, "O rodicio do tempo", 15 decembro 2007, p. 4.

Lembra que cada vez que ten na man *Platero y yo* sempre rele o capítulo XVII, *El niño tonto*, polo verso de Curros Enríquez que insire neste Juan Ramón Jiménez. Deseguido, colle *Aires da miña terra* e tamén rele o poema ao que pertencen as devanditas palabras. Fai constar que varios estudosos, como Luís Seoane, F. Cadaval, H. Castro Ramos e Xesús Alonso Montero, xa teñen tratado verbo da admiración do escritor andaluz pola obra do noso poeta de Celanova, e unha das probas de que a coñecía ben é, precisamente, o feito de engadir este verso galego no seu *Platero y yo*. Por último, refírese a un almanaque, *Platero e mais eu*. *Homenaxe galego a J. Ramón Jiménez i-a Platero* (Lugo, 1965), no que se publican por primeira vez quince capítulos da súa obra vertidos ao galego, na versión por varios intelectuais e escritores: Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Méndez Ferrín, Ánxel Fole, Mª. Xosé Queizán, Antía Cal, Xohana Torres e Ricardo Carballo Calero, entre outros.

González Tosar, Luís, "Cultura oficial", *El Correo Gallego*, "Extramuros", 2 xaneiro 2007, p. 2.

Unha recente viaxe de ida e volta en tren entre Santiago e Vilagarcía realizada polo autor e varios escolares a comezos da primavera faille lembrar momentos onde o tren sempre estivo presente. Dise que antes de saír, Anisia Miranda narroulles un conto e tamén en Vilagarcía houbo máis contos. Lémbrase que o tren sempre gustou aos nenos e que foi tema de narradores, dramaturgos e poetas, entre outros Rafael Dieste, Carlos

Casares ou Castelao. Por último lémbrase a primeira vez que o autor subiu a un tren por causa de emigrar e o engado especial que sempre tivo para el.

González Tosar, Luís, "Vilas do libro", *El Progreso*, "Ao raiar o sol", 11 febreiro 2007, p. 23.

Lembranza da xeración de mozos e mozas que crearon nos anos 80 a revista de poesía *Dorna,* alentados por Salvador García-Bodaño, contando coa colaboración de Antón Avilés de Taramancos que naquel tempo volta a Galiza. Dise que en 1984 xa maquetaban a sétima entrega da revista e que entre outros formaron parte da edición da revista Eusebio Lorenzo Baleirón ou Henrique Monteagudo.Por último e a partir dunhas declaracións de Santiago Jaureguizar critícase a novos autores que se senten próximos a Europa e EEUU pero que malia escribiren en galego non coñecen ben a literatura galega nin lles interesa demasiado.

González Tosar, Luís, "Alejandro Finisterre", *El Correo Gallego*, "Extramuros", 13 febreiro 2007, p. 2.

Lembranza elexíaca do escritor exiliado Alejandro Finisterre que faleceu na súa casa de Zamora o sábado 10 de febreiro do 2007 co cal tiña unha fonda amizade o autor do artigo. Saliéntase a súa xenerosidade e entrega total á causa republicana e a súa participación, coa saúde moi decrebada, no I Encontro tradicional de escritores organizada polo PEN onde puideron intercambiar últimas apertas con el, entre outros, Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Rivas, o mexicano Luís Emilio Pacheco e o propio Luís González Tosar.

González Tosar, Luís, "X.G.G.", *El Correo Gallego*, "Extramuros", 6 marzo 2007, p. 2.

Eloxio a Xesús González Gómez, crítico galego que aínda vivindo en Barcelona acostumaba ler e escribir sobre todo o escrito en galego. Menciónase a relevancia do seu traballos na *Táboa*, de *El Progreso*, xunto con outros coma Ánxel Fole e Álvaro Cunqueiro.

González Tosar, Luís, "Carlos Casares, hoxe", *El Correo Gallego*, "Tribuna libre", 10 marzo 2007, p. 76*/El Progreso*, "Ao raiar o sol", 11 marzo 2007, p. 33.

O artigo recorda a trazo máis esquecido do escritor Carlos Casares, a quen se recorda máis pola súa faceta mediadora ou como narrador de historias, que como político galeguista e socialista. Tamén se recorda ao seu amigo Ramón Piñeiro, co que compartiu o ideal de Galicia como Estado federal integrado nunha Europa de moitos pobos coas súas propias identidades.

González Tosar, Luís, "Cozampan", *El Progreso*, "Ao raiar o sol", 27 maio 2007, p. 26 */El Ideal Gallego*, p. 27.

Coméntase como o autor do artigo, mentres se repoñía dunha pneumonía, escribe un breve conto situado temporalmente nos anos corenta e protagonizado por un mozo alcumado Cozampán que é moi pouco amigo de traballar. Dise que recibiu este alcume por unha frase que dicía sempre aos seus cando se erguía e mandábano traballar: "cozan pan".

González Tosar, Luís, "Un poeta do Ribeiro", *El Correo Gallego*, "Extramuros", 15 maio 2007, p. 2/*Diario de Pontevedra*, "Ao raiar o sol", 12 maio 2007, p. 37.

Luis González Tosar expón, a modo de introducción, a diferencia entre o nado na montaña e na ribeira. Neste último lugar foi onde naceu o autor que centra este artigo, Xosé Carlos Alfaro, e do cal reproduce algúns versos da súa obra *As laboradas da lembranza.*

González Tosar, Luís, "Trasalba", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 7 xullo 2007, p. 27/*El Progreso*, "Ao raiar o sol", 8 xullo 2007, p. 29.

Explica que devece por ler o libro *Cartas á nai* que a Editorial Galaxia acaba de publicar e no que a través das epístolas se debe notar a forza de dona Eladia Pedrayo Ansoar que sendo pequeniña no físico tiña unha forza que conseguiu manter o señorío do pazo até mediados do século XX cando a maior parte dos pazos e maiorazgos galegos morreran. Opúxose por exemplo ao progreso que supoña a estrada de Parada á Porta do Prado en Trasalba porque atravesaba polos mellores terreos que tiña e o seu fillo, Ramón Otero Pedrayo, preiteou para evitar a desfeita, pero non puido. Finalmente dise que asistiu a Trasalba con motivo de honrar a John Rutherford, un investigador inglés afincado en Ribadeo moi merecente da distinción.

González Tosar, Luís, "Taranga, Senegal", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Extramuros", 17 xullo 2007, p.2.

Conta a súa estadía na capital senegalesa, Dakar, con motivo do 73º Congreso Internacional do PEN clube ao que asistiron o articulista e o profesor Gonzalo Navaza. Participaron no debate "A palabra, o mundo e os valores do home" no continente africano que está a catro horas de avión de Galicia e onde hai millóns de homes e mulleres que teñen que revolver no lixo para poder comer. Pretende co escrito combater a rabia e a impotencia que lle produce esta situación da que el tamén é cómplice coa súa vida de benestar.

González Tosar, Luís, "O'Rivas na cadea", *El Correo Gallego*, "Extramuros", 9 outubro 2007, p. 2/*Diario de Pontevedra*, "Ao raiar o sol", 9 outubro 2007, p. 24/*El Progreso*, "Ao raiar o sol", 7 outubro 2007, p. 33/*El Ideal Gallego*, "Ao raiar o sol", p. 27.

Apunta ao éxito que está a ter o club de lectura organizado na prisión de Teixeiro, apoiado polo IES San Clemente de Santiago, responsábel e coordinador do ensino a

distancia que se ofrece nese centro penitenciario. Refírese tamén á asistencia de Manuel Rivas a un acto celebrado cos presos arredor da súa novela *Os libros arden mal.*

González Tosar, Luís, "O PEN, Lorca e Neruda", *El Correo Gallego*, "Extramuros", 30 outubro 2007, p. 2.

Conta que leu a García Lorca aos vinte anos por recomendación de Avelino Cachafeiro Bugallo e que os títulos destes dous poetas, *Poeta en Nueva York* e *Voando coas aas da vida* foron as súas primeiras lecturas de universitario. Lembra que o Pen Internacional, fundado en Londres en 1921, organizou a través do Pen arxentino o encontro entre Neruda e Lorca, que se produciu en Bos Aires en 1933, e que foi a primeira institución que denunciou o asasinato do granadino.

González Tosar, Luís, "De repente, Guadalajara", *El Correo Gallego*, "Opinión", 4 decembro 2007, p. 2.

Comenta que en Galicia non todo é morriña e ruindade senón que as nosas fronteiras deben ser traspasadas e aprender do que se fai fóra. Fai referencia á participación de moitos escritores galegos na xuntanza de Guadalajara.

Jaureguizar, "Desprezar o pai", *El Progreso*, "Cultura", "Ollo mol", 25 febreiro 2007, p. 78.

Contrapón a opinión e postura de tres escritores galegos fronte á necesidade de ler os clásicos galegos tras o manifesto de Samuel Solleiro, escritor da nova "Xeración dos Peixes", afirmando o seu desinterese pola tradición literaria galega. Sinala que Luís González Tosar expresa o seu desacordo con esta postura, mentres que Manuel Rivas se amosa máis comprensivo.

Jaureguizar, "Sherlock, o cazafadas", *El Progreso*, "Cultura", "Ollo mol", 4 marzo 2007, p. 73.

Menciona a publicación da obra *Arthur & George*, de Julian Barnes, editada por Rinoceronte, e que trata sobre parte da biografía de Arthur Conan Doyle. Sinala que a obra versa sobre a amizade do escritor co mago Harry Houdini, sobre a sesión de espiritismo que levaran a cabo para comunicarse coa nai falecida do mago e tamén sobre as fotografías de fadas que tomaron dúas curmás do escritor.

Jaureguizar, "En perigo de extinción", *El Progreso*, "Cultura" , "Ollo mol", 18 marzo 2007, p. 76.

Recóllense as palabras do escritor ourensán José María Pérez Álvarez, que xulgan o sistema literario galego como un sistema moi subvencionado e fácil á hora de editar. Este comentario sérvelle para buscar unha explicación ao autor do artigo no feito de que a súa obra *Nembrot* fose loada por Juan Goytisolo. Outras noticias son que *Nunca me*

abandones aparece en Galaxia á volta da Semana Santa, obra na cal reflexiona sobre se a fin xustifica os medios ou non, entre outros temas. Por outra parte, *A posibilidade dunha illa*, de Houellebecq foi agora editada por Rinoceronte.

Jaureguizar, "Contrabando", *El Progreso*, "Ollo mol", 1 abril 2007, p. 66.

Indícase o nome de distintos escritores que por distintas razóns cambiaron de lingua á hora de escribir libros. O caso de Marilar Alexandre, motivado por un desprazamento xeográfico, non é único, xa que encontramos tamén o do irlandés Beckett , que emigrou a París. Vladimir Nabokov foi un escritor ruso que mudou do ruso para o inglés e francés, linguas que aprendeu no ámbito familiar e mediante un estudo.

Jaureguizar, "Os felices plaxiados", *El Progreso*, "Ollo mol", 8 abril 2007, p. 70.

Refírese positivamente ao plaxio como a copia que chega a engrandecer ao escritor plaxiado cando este era un escritor recoñecido e como respaldo cando o copiado é un autor non coñecido. Ademais dá conta dun concurso de microrrelatos que premiaba ao que mellor imitase a Manuel Rivas cun exemplar de *Os libros arden mal*, animando ao propio Rivas a participar.

Jaureguizar, "¿ 'Nobel' para Ferrín?", *El Progreso*, "Ollo mol", 5 novembro 2007, p. 77.

Refírese á unanimidade que suscita a proposta de Méndez Ferrín para o Nobel, ao importante que sería para a literatura galega contar con tal distinción e á nova proposta presentada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, na que figura de novo Ferrín e tamén Luz Pozo. Apunta que os requirimentos imprescindíbeis para converterse en candidato son contar con libros traducidos para o sueco e conseguir que os lean os académicos, aspectos dos que poderían ocuparse os responsábeis de Cultura. Mesmo menciona a Hakan Casares como posíbel tradutor. Nun cadro á parte, apunta que se cadra o candidato con máis posibilidades sería Manuel Rivas pola súa proxección internacional.

Jaureguizar, "Exportar 'á feira", *El Progreso*, "Libros", 2 decembro 2007, p. 83.

Fala sobre tres métodos de traducións de libros a outras linguas. O primeiro é o método das literaturas organizadas, o segundo, o das literaturas pobres e o terceiro o método "á feira", propio do noso país. Explica en qué consiste cada un e dá un exemplo do método "á feira" que está baseado nas recomendacións persoais. En columna á parte, salienta a participación de Galicia na Feira da Habana e indica que é un bo espazo para que os escritores contacten cos editores.

Kühn-Bode, Heidi, "Páxinas coruñesas", *A Nosa Terra*, nº 1.259, "Cultura", 8 marzo 2007, p. 25.

É este o primeiro artigo da escritora Heidi Kühn-Bode nel fai unha explicación de como é a realidade alemá para despois centrarse na realidade galega. O artigo fai unha mostra de asuntos característicos de Alemaña como son os nomes, monumentos, literatura para despois centrarse na realidade máis tipicamente galega como é a gastronomía, as fotos de tractores ou da chuvia. A realidade galega tamén é tratada desde o punto de vista político.

Lago, Santiago, "Nova libraría Couceiro", *La Región*, "Opinión", 8 agosto 2007, p. 23 /*Atlántico Diario*.

Celébrase a apertura na zona vella de Santiago da libraría Couceiro tan coñecida dende hai moitos anos polo especial tratamento ao libro galego. Repárase en que o edificio situado na Praza de Cervantes conta con seis andares dedicados a acoller corenta mil volumes que o lector pode follear, tocar, sentarse a lelos, tomar un café son boa música e nun ambiente agradábel. Enténdese que este tipo de iniciativas son un impulso para a zona vella onde hai demasiada "contaminación turística" con tendas de agasallos e precisa dunha remodelación polo que as institucións debían incentivar este tipo de empresas familiares.

Lago, Santiago, "Isaac Díaz Pardo", *Atlántico Diario,* 26 decembro 2007, p. 4.

Coméntase a loita interna que está sufrindo a empresa Sargadelos e a figura concreta de Isaac Díaz Pardo. Dise que ambos son un referente da cultura galega e que é necesario buscar un equilibrio entre as dúas posturas enfrontadas e que por suposto a Xunta debe ser mediadora para que se chegue a unha solución final rápida e satisfactoria e sobre todo que Isaac Díaz Pardo reciba o recoñecemento que merece.

Limia de Gardón, Xabier, "Orfo de ti", *La Región*, "Ourense", 5 abril 2007, p. 7.

Refírese á faceta de director teatral de Segundo Alvarado, que levou a escena diversas montaxes con gran dignidade pese á falta de medios. O resto do artigo céntrase nasa lembranzas persoais desta figura, recentemente falecida.

Limia de Gardón, Xabier, "Patrimonio en tránsito: o cruceiro de Quebracús e os versos de Chus Pato", *La Región*, "Auria et alia", 5 abril 2007, p. 11.

"Patrimonio en tránsito: o cruceiro de Quebracús e os versos de Chus Pato" en La Región a 5 de abril de 2007 por Xabier Limia de Gardón. Neste artigo hai unha comparación positiva dos versos de Chus Pato co pan de Cea. A comparación adquire tamén tintes relixiosos no momento en que se compara co pan bendito e se relaciona co cruceiro da rúa que antes se chamaba de Quebracús que agora está situado noutro lugar. o artigo aprovéitase para relamar unha nova localización do cruceiro.

Lizancos, Plácido, "Adrián Solovio: "Tivo noxo do acento galego", *La Opinión*, "Opinión", 11 xullo 2007, p.27.

A propósito do Decreto que equipara na educación a docencia en galego coa do castelán, polo tanto que impón un cincuenta por cento nas dúas linguas, abriuse un debate no que houbo persoas que manifestaron a súa discrepancia como Núñez Feijoo ou o colectivo *Tan gallego como el gallego*. Pregúntase que os outros tres millóns de galegos que están calados deberan manifestarse. Recorre a Adrián Solovio, protagonista da novela de Ramón Otero Pedrayo *Arredor de si* na que comeza tendo noxo do seu acento galego para despois chegar a unha comuñón absoluta coa lingua e co seu pobo. Aposta por educar aos rapaces na lingua materna aínda que considera que o bilingüismo é un método axeitado porque ademais favorece a adquisición de novas linguas.

Lloreda, Jaume Marí, "Ramón Cabanillas", *Diario de Pontevedra,* "Opinión&Análisis", "A firma", 3 xuño 2007, p. 30.

Lembranza da figura de Ramón Cabanillas con apuntamentos sobre a súa emigración a Cuba, o seu regreso a Galicia e o comezo do seu labor como político xunto con Alfonso Daniel Castelao e Alexandre Bóveda levando o Estatuto ás Cortes. Destácase por último os seus últimos traballos poéticos e os seus últimos anos en Cambados até a súa morte aos 83 anos.

Lloreda, Jaume Marí, "O Partido Galeguista na clandestinidade (1936-1960)", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 19 xullo 2007, p. 30.

Nárrase sucintamente a historia do Partido Galeguista dende que se instalou un réxime ditatorial en España e moitos dos seus integrantes tiveron que exiliarse e seguir coa loita fóra de Galicia. Sinálase que dende alí se crea o Consello de Galiza coa intención de derrubar o réxime e que no interior se opta pola liña cultural coa andaina das editoriais *Bibliófilos Gallegos, Gallegos* ou *Benito Soto*, o xornal *La Noche* en Santiago e outras iniciativas. Comenta que no ano 1958 houbo un encontro entre un representante do Consello de Galiza e o galeguismo do interior, pero a negativa dos culturalistas para tentar acabar co poder estabelecido de maneira ilexítima, produciu unha fenda insalvábel entre as partes.

López López, Iolanda, "Á túa beira", *La Región*, "Opinión", 14 marzo 2007, p. 20/*Galicia Hoxe*, "A extracción da pluma", 12 marzo 2007, p. 5.

Refírese á homenaxe de Carlos Casares que tivo lugar no Liceo de Ourense a día nove de marzo, no que se realizaron lecturas deste escritor aos asistentes, moitos deles amigos, que sentiron unha forte emoción ao recordar a súa figura humana e intelectual. Mostra o seu interese por coñecer todo da figura de Carlos Casares e da súa escrita. Engade que para amosar as principais características da escrita do autor empregáronse preto de sesenta textos.

López Boullón, Xosé Ramón, "O Himno cumpre un século", *Galicia Hoxe*, "Opinión", 12 decembro 2007, p. 5.

Trátase dunha homenaxe á figura de Eduardo Pondal co motivo do centenario do himno galego e ao tempo faise unha referencia á letra do poema e a motivos centrais do mesmo como o bardismo, os corvos, os pinos, os castros ou a fala. Coméntase que esta poesía apela ao carácter de pobo culturalmente determinado que caracteriza os galegos e que verdadeiramente pode ser cantada con orgullo polos nenos e nenas galegos cun ton conciliador e integrador para celebrar os cen anos dende que foi interpretado por primeira vez na Habana.

López, Yolanda, "Poesía 'Pura", *Galicia Hoxe*, "A extracción da pluma", 23 marzo 2007, p. 5.

Comentario da poesía de Pura Vázquez a partir da comparación entre seus versos e unha tormenta no océano. Este comentario marcadamente poético fai unha descrición dunha tormenta en estado puro, fenómeno que lle serve para relacionar versos e nomes de distintos escritores entre os que están Rosalía, Eudora Welty ou Longfellow.

López, Yolanda, "Libros (in)visibles", *La Región,* "Opinión", 27 xuño 2007, p. 24.

Referencia á obra de Manuel Rivas, *Os libros arden mal*, a partir de pequenas estruturas sintácticas con alusións a diferentes obras históricas, á Guerra Civil, ao racismo e á memoria histórica lembrando que aínda quedan "incurables cicatrices".

López Silva, Inma, "Escritores revolucionarios", *La Voz de Galicia*, "Caleidoscopio", 17 novembro 2007, p. 15.

Pregúntase que ocorrería en Galicia se os escritores galegos, como pasa cos guionistas de Hollywood, deixasen as páxinas de opinión en branco, se se negasen a vender os libros nos institutos e dar conferencias o Día das Letras Galegas, ou se non se presentasen aos premios literarios. Na súa opinión, ninguén se inmutaría e algúns mesmo se aledarían. Conclúe afirmando: "Por iso, cada día me sorprende máis que, co innecesarios que somos, aínda haxa quen nos fai tanto caso. Polo que parece estamos contentos así...".

Lorenzo, Fran P., "Velaquí un devoto de Álvarez Torneiro", *Galicia Hoxe*, "Vai de blog", 18 xaneiro 2007, p.40.

Confésase seguidor de Manuel Álvarez Torneiro e reaccionario de todo o mundo de intelectuais que coñeceu ao longo da súa vida como xornalista cultural. Confesa que el entrevistou ao poeta coruñés no ano 2002 cando acababa de saír á luz *Os reinos do fulgor*, un libro no que rescata versos de vinte anos de creación poboados de soños e de homenaxes a Vallejo, Mozart, Neruda, Ocatavio Paz, Valente ou Eugénio de Andrade. Infórmase que na actualidade publicou *Parábola do incrédulo* (2006), que ten coma un tesouro, porque se considera "devoto" do autor do que loa a súa poesía cargada de memoria, de música, de riqueza léxica e de luces.

Loureiro, Ramón, "Entre libros, unha prestidixitación", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 201, "Velut umbra", 3 marzo 2007, p. 10.

Anécdota dunha noite nun café con libros en Santa Mariña de Sillobre, xunto á fonte do San Ramón dos Milagres, onde o mago Antón fala dos seus recordos, do seu amigo Facundo de cartón pedra ou da súa máquina de facer billetes. Menciónase un manuscrito alí enmarcado e firmado por Carlos Casares, autor de *Vento ferido*. Mentres o mago fai algún dos seus trucos algunha mirada ve unha estraña presenza pasar na escuridade por diante dunha ventá.

Loureiro, Ramón, "Tinta de verdade", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 20 decembro 2007, p. 47.

Enxálzase a figura de Manuel Curros Enríquez no centenario da súa morte centrándose na súa vertente de poeta cívico. Dise que sempre defendeu, tanto coma xornalista e coma cidadán, os males que afectaban á sociedade do seu tempo e que nos deixou a través da súa poesía e do seu xornalismo un legado exemplar ao igual que fixo coa súa vida.

Mallo, Albino, "Nazón de Breogán", *Galicia Hoxe*, "Visións", 12 decembro 2007, p. 4.

Co gallo do centenario do himno galego, reivindícase a necesidade de que todo o mundo coñeza e cante a súa letra cada vez que haxa un acto onde sexa interpretado. Coméntase o feito de que na propia Galicia só se escoite o último verso "nazón de Breogán " cando é cantado e que soou tamén na Habana na homenaxe que se lle fixo nesta cidade.

Marí Lloreda, Xaume, "Ramón Otero Pedrayo", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 10 abril 2007, p. 24.

Breve biografía de Otero Pedrayo, centrada no seu labor político de carácter galeguista durante a II República, a represión sufrida por el e outros galeguistas durante a Guerra Civil e a ditadura de Franco, escritos e conferencias que realizou e homenaxes que recibiu.

Marí Lloreda, Xaume, "Vicente Risco", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 30 abril 2007, p. 16.

Conta sucintamente as circunstancias biográficas de Vicente Risco, centrándose naquelas que máis teñen a ver coa súa evolución ideolóxica e política, dende a publicación da súa *Teoría do Nacionalismo Galego* e a súa pertenza ao Partido Galeguista até a mudanza de rumbo que supuxo o seu apoio ao réxime de Franco por medo á represión despois do levantamento militar do 36.

Marí Lloreda, Xaume, "Manuel Murguía", *Diario de Pontevedra*,

"Opinión&Análisis", 17 maio 2007, p. 36.

Repasa a biografía de Manuel Murguía, dende o seu nacemento até a súa morte. Céntrase no seu labor galeguista, as súas obras e os seus discursos. Tamén salienta que, segundo Murguía, Galicia reúne todas as condicións para ser unha nación.

Marí Lloreda, Jaume, "Anxel Casal", *Diario de Pontevedra,* 18 decembro 2007, p. 28.

Aproximación biográfica á vida de Anxel Casal facendo un percorrido polos feitos máis destacados da súa vida dende o seu nacemento na Coruña até o seu asasinato nunha cuneta de Cacheiras en Teo o 19 de agosto de 1936. Dise que un dos seus principais legados foi a creación da Editorial Lar na Coruña e, posteriormente, a fundación da Editorial Nós na mesma cidade, logo trasladada a Santiago, cidade da que foi alcalde até que os franquistas o asasinan pola súa militancia política no galeguismo republicano da época.

Martín, Paco, "San Miguel e os libros", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 22 abril 2007, p. 28.

Válese dunha pequena historia que viviu hai anos para explicar que, aínda sendo o Día do Libro, non vai verter moitas letras sobre o tema pois pensa que é o que fixo durante outros anos. Defende a importancia dos libros, pero tamén se dá conta de que o ben que eles han facer vano facer de igual maneira, independentemente, de se o autor escribe sobre eles ou non. Por iso o único que aconsella é celebrar a festa do libro como é debido, xa que eles xa saberán darnos todo o bo que teñen.

Martínez Bouzas, Francisco, "O regreso de Pepa a Loba", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Olladas", 7 xaneiro 2007, p. 17.

Refírese á publicación da novela de Carlos G. Reigosa sobre Pepa a Loba e anuncia a existencia dun proxecto fílmico en estado avanzado de realización. A continuación recolle as diferentes teorías sobre a existencia real desta bandoleira e comenta os fundamentos reais que se encontran na base da obra de Reigosa.

Martínez Sevilla, J. A., "Nueva telmporada teartral", *El Ideal Gallego*, "La columna", 4 setembro 2007, p. 28.

Coméntase a inauguración da nova tempada teatral na Coruña no Teatro Rosalía, no Coliseum, no Palacio da Ópera e no Forum. Dise que comezan coa obra de Agatha Christie *Unha visita inesperada* pola compañía vasca Txalo Teatros da cal se fai unha crítica moi positiva.

Martínez Sevilla, J.A., "Teatro galego", *El Ideal Gallego*, "La Columna", 6 setembro 2007, p. 28.

Reflexión centrada no teatro galego que, segundo se afirma e consonte os datos oficiais, rebasou xa con amplitude o seu centenario. Recolle as palabras de Vidal Bolaño, do ano 1980, nas que se indica que o teatro galego leva o estigma da súa condena á inexistencia, mais aínda segue en pé malia as dificultades, a guerra de subvencións, os apoios oficiais e os ninguneos. Afirma que en escena se plasman os problemas e miserias dunha sociedade, como ben soubo ver Cunqueiro en *O incerto Señor Don Hamlet*, representada na Coruña en 1960, "hasta hoy mejor texto de teatro gallego" tratado desde a ironía e a parodia.

Méndez Ferrín, X. L., "Leopoldo Nóvoa", *Faro de Vigo*, "Os camiños da vida", 9 febreiro 2007, p. 26.

Lembra como coñeceu a obra artística de Leopoldo Nóvoa, da man de Luis Seoane, nunha a viaxe deste a Madrid dende o exilio. Comenta algunha das circunstancias vitais de Nóvoa e, por último, afirma que encarna as ambicións estéticas do seu tempo e do grupo Brais Pinto.

Méndez Ferrín, X. L., "Rosalía de Castro e a Academia", *Faro de Vigo*, 16 marzo 2007, p. 24/*La Opinión*, "Os camiños da vida", p. 31.

Denuncia que con todo o que se ten escrito sobre Rosalía de Castro aínda non se desterrasen os mitos que se continúan a difundir sobre a súa biografía e que non foron suficientemente contrastados con informacións verídicas. A continuación, sinala o traballo dunha investigadora, Victoria-Álvarez Ruiz de Ojega, como unha importante achega neste terreo e agradécelle que dea a coñecer unha biografía diferente de Rosalía de Castro. Para finalizar, dá conta da cesión da casa coruñesa de Rosalía de Castro e o seu home, Murguía, por parte de Caixa Galicia á Real Academia Galega, que a utilizará como sede principal.

Méndez Ferrín, X. L., "Coruñés e patriota", *Faro de Vigo*, "Segunda feira", 10 abril 2007, p. 19/*La Opinión*, "Os camiños da vida".

A raíz do falecemento de Carlos Xohán Díaz Martínez, repasa a súa vida a prol dos ideais republicanos, nacionalistas, laicos e humanistas. Fai referencia á súa emigración en Suíza e ao seu labor galeguista na emigración. Comenta a súa militancia na UPG e sinala que Luis G. Blasco Foz, exiliado en París, e Carlos Díaz se constituíron en "executores dunha renovación política na emigración galega en Francia e en Suíza". Por último, salienta o seu labor editorial a través de Edicións Roi Xordo, Espiral Maior, Promocións Culturais Artesa ou Edicións Xerais de Galicia.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Perpetuación de Juan Canalejo", *La Opinión*, "Os Camiños da Vida", 20 abril 2007, p.28.

Arremete contra as persoas que intentaron boicotear a inauguración da casa-museo Casares Quiroga en Panadeiras, na Coruña. Comenta como este sindicalistas se manifestaron en contra dunha homenaxe que se ten que dar porque Casares Quiroga

representa dende os anos dez aos trinta o radicalismo, o federalismo pro-galeguista, o republicanismo coruñés e unha autoridade que conseguiu que os anarquistas non só votasen na Coruña, senón tamén que ocupasen o poder municipal. Informa que cando chegaron os falanxistas unha das primeiras cousas que fixeron na cidade foi queimar a biblioteca de Casares na Coruña, como recorda o libro de Manuel Rivas, *Os libros arden mal*. Considera que é unha materia pendente un acto de desagravio a Casares Quiroga, mentres que o falanxista Juan Canalejo segue a levar o nome do hospital da cidade.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Galeguistas de antano", *Faro de Vigo*, "Os camiños da vida", 8 xuño 2007, p. 29.

Faise unha lembranza do ilustre galeguista Arturo Noguerol Buxán, a partir do libro que sobre el publica Fernando Román Alonso e que aparece na separata do *Boletín Auriense*. *A ética do gentelman: Arturo Noguerol Buxán.* Dise que este galeguista foi membro destacado das Irmandades da Fala e do Grupo Nós, sendo un dos pilares da escasa teorización xurídico-política da Xeración Nós. Destácase o seu fusilamento en 1936 xunto con outras trece persoas e como foi lembrado por Ramón Otero Pedrayo no seu *Libro dos amigos*. Fálase dun texto escrito por Noguerol onde expón moi ben cal era a idea de galeguista para el e os demais membros da súa xeración. Por último compárase esta xeración con algún novo Partido Galeguista que representa actualmente todo o contrario.

Méndez Ferrín, Xosé Luís,"Contra o himno galego", *Faro de Vigo*, "Opinión"/*La Opinión,* "Segunda feira", 11 xuño 2007, p. 17.

Faise unha crítica ao Parlamento Galego polo uso que fan do Himno galego e a X. C. Caneiro e Bieito Iglesias polas críticas que fan á letra do mesmo como que "a letra só a entenden os críticos especialistas en lírica simbolista". Tamén se critica aos que escriben dende as páxinas de xornais españois minusvalorando calquera simboloxía de Galiza pero si enxalzando "a empanada e o polbo".

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Que din os rumorosos?", *La Opinión,* 15 xuño 2007, p. 29.

Faise unha defensa da letra do Himno galego e do poema pondaliano a partir das consideracións sobre o mesmo que fixeron X. C. Caneiro e Bieito Iglesias. Enxálzase a súa beleza, a forza da súa simboloxía e afírmase que é comprendido perfectamente por aqueles que realmente senten a Galicia.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "A laranxeira de Trasalba", *Faro de Vigo*, "Segunda feira", 2 xullo 2007, p.12*/ La Opinión*, p. 15.

Lembranza da figura de Ramón Otero Pedrayo e en concreto da figura do seu pai, o médico liberal Enrique Otero Sotelo, que fora moi bo narrador. Fálase sobre o planalto de Cima de Vila, en Trasalba. Dise que o pai morreu cando Otero Pedrayo ía á

Facultade en Madrid e que nas conversas que durante anos mantivo este cos amigos no pazo sempre estaba presente a figura do pai mesmo cando as pólas da laranxeira batían na fiestra. Por último, exprésase o desexo dos amigos de D. Ramón, entre eles o propio Ferrín, de que sexa posta unha placa que marque a importancia da laranxeira.

Méndez Ferrín, X. L., "A cidade máis novelada", *La Opinión*, "Os camiños da vida", 20 xullo 2007, p.27.

Detense a analizar algunhas reflexións de diferentes autores que destacaron a cidade de Ourense como a máis literaturalizada de Galicia. Concórdase nesta afirmación, pero preténdese ir máis alá, polo que se recomenda a lectura dun breve ensaio que Bieito Iglesias publica no número setenta d'*A Trabe de Ouro*, no que se analiza a cidade literaria a través de dúas obras moi representativas: *A Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor e *O porco de pé*, de Vicente Risco. Considérase que o peso alcanzado por Ourense na prosa galega se debe en boa parte ao carácter rural e agrícola que non tiñan outras cidades galegas e que sustentaba ben a ideoloxía da Xeración Nós.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Casa Grande da Arretén", *Faro de Vigo*, "Segunda Feira"/*La Opinión*, "Os camiños da vida" , 21 setembro 2007, p. 28.

Recupera a memoria do solar da familia de Rosalía, a chamada Casa Grande da Arretén, un pazo situado na aldea de Iria do mesmo nome. Sinala que Rosalía evoca esa casa, aínda que nunca viviu nela, e que na súa memoria as súas pedras están escurecidas polo paso do tempo e pola chuvia. Apunta ademais que na biografía de Rosalía o pazo significa a súa ancoraxe na vella fidalguía rural. A seguir, percorre a historia da casa salientando que pasou por diversas mans des que foi vendida por Xosé María de Castro no século XIX, e por moito que se difunden fotografías dela e descricións como as que se atopan na *Enciclopedia Galega Universal*, a casa foi botada abaixo e reconstruída co beneplácito das administracións do concello de Padrón e da Xunta de Galicia e mesmo co silencio dos "rosalianos" que cada ano asistían ao Pedrón de Ouro.

Méndez Ferrín, X. L., "Xosé Luís, naturalemente", *Faro de Vigo*, "Segunda Feira", 26 outubro 2007, p. 29/*La Opinión*, "Os camiños da vida", p. 28.

Compara a situación da cultura catalá coa galega botando man dos nomes cataláns dalgúns dos seus persoeiros. Apunta que a literatura catalá brillou por un día na Feira do Libro de Fráncfort, aínda que recoñece que non é superior á galega, pois non contan cun Eduardo Pondal, cunha Rosalía de Castro ou cun Manuel Antonio, aínda que a este último se lle aproxime Joan Salvat-Papasseit e os cataláns "poderán chufarse de autores dos que nós carecemos". O que si envexa é a existencia dun círculo de lectores propio orgulloso da súa literatura, mentres que os lectores galegos seguen afectados dun sentimento de inferioridade e os creadores carecen de apoios institucionais que fagan visíbeis as nosas letras no mundo, mesmo "nin Touriño nin Quintana cren na literatura galega".

Méndez Ferrín, X.L., "Hípica galega", *Faro de Vigo*, "Segunda feira", 12 novembro

2007, p. 14/*La Opinión*, p. 15.

Entre outros asuntos relacionados coa hípica e os curros de cabalos, refírese á súa asistencia ao acto de homenaxe celebrado en Barallobre arredor do poeta Xosé María Pérez Parallé. Menciona que no acto se leu unha cantiga ao Curro da Capelada e que cando os poderes públicos tomen en serio o cabalo de pura raza galega, sería oportuno reeditar eses versos e convertelos nunha especie de himno.

Méndez Ferrín, X. L., "Esto es Cuba, hermano", *Faro de Vigo*, "Os camiños da vida", p. 34/*La Opinión*, 14 decembro 2007, p. 33.

A partir dunhas palabras de Emilio Pérez Touriño na Habana en referencia ao himno galego como "himno de todos", critícase ironicamente a aqueles que sendo naturais de Galicia non asumen o himno, denominados por Xosé Luís Méndez Ferrín "sociedade neofranquista que se mobiliza nos últimos tempos contra o idioma galego". Lémbranse todas as fases polas que tivo que pasar o himno até ser aceptado por toda a sociedade como tal e rescatado do esquecemento tras finalizar a época franquista.

Molares do Val, Manuel, "Memoria sin odio", *La Región*, "Opinión", 2 xaneiro 2007, p. 17/*Atlántico Diario*, "Crónicas bárbaras", p. 4/*Galicia Hoxe*, "Calidoscopio", p. 4.

Comentario sobre a obra de Xavier Alcalá, *Entre fronteiras* (2004), primeira parte dunha triloxía que abarca dende Afonso XIII até a morte de Franco. Considera que esta produción podería converterse nun "clásico literario e documental sobre a guerra que arrasou os españois". Salienta que a filosofía do libro está na mensaxe de lembrar a Guerra Civil "sen rabia nin odio". Asemade, dise que a súa obra constitúe unha referencia imprescindíbel da literatura galega contemporánea.

Monteagudo, Henrique, "Olladas no futuro: Piñeiro e o galego", *El País*, "*Galicia*", "Notas a rodapé", 7 decembro 2007, p. 9.

Lembra o ingreso de Ramón Piñeiro na Real Academia Galega o 25 de novembro de 1967, acto no que pronunciou o seu discurso *A linguaxe e as linguas*, "un dos ensaios máis significativos do autor e unha das súas achegas máis relevantes ao espertar da consciencia idiomática na Galicia asoballada pola ditadura franquista". Salienta que neste ensaio, "un fito na historia cultural e lingüística da Galicia contemporánea", o autor realiza, por primeira vez unha análise sistemática dos prexuízos lingüísticos que rodeaban a lingua galega, así como unha apaixonada apoloxía desta e unha valente aposta de futuro. A seguir sinala que o acceso á Academia supuxo para Piñeiro o recoñecemento ao seu labor de defensa e promoción do idioma nun período escuro e Monteagudo expresa o seu desexo de contribuír ao que considera como un necesario revisionismo histórico que poña de manifesto o carácter opresivo da ditadura franquista e a súa represión contra o galego. Recupera tamén para "refrescar a lembranza dunha das figuras máis dignas, intelectual e moralmente, da Galicia contemporánea" algunhas das súas actividades naqueles anos, entre elas, a súa participación na loita política clandestina e na fundación da Editorial Galaxia, o seu labor como tradutor ou a redacción dun relatorio para o Congreso da Emigración Galega celebrado en Bos Aires

en 1956. Alude tamén á publicación da súa recompilación de artigos e ensaios no ano 1974 co significativo título de *Olladas no futuro*, xa que "Piñeiro sempre falou da cultura e do idioma galegos en termos de modernidad, con perspectiva de futuro".

Neira, Manuel Xosé, "Fole no xardín. Pimentel: no parque", *El Progreso*, "Búcaro de violetas", 2 xaneiro 2007, p. 16.

Realiza unha semblanza de Ánxel Fole, a quen describe como un grande escritor, bonachón e despistado que pasou por moitas dificultades económicas. Afirma que, mentres que Carlos Martínez Barbeito simboliza a Galiza ilustrada e Antón Fraga a Galiza popular, non atopa o lugar que deberían ocupar os escritos de Fole e reivindica unha análise en profundidade da súa obra.

Neira, Manuel Xosé, "José Ángel Valente e os Talking Heads", *Galicia Hoxe*, "A danza das aveleiriñas", 10 xaneiro 2007, p. 5.

Salienta a importancia da creatividade na literatura e ofrece exemplos como José Ángel Valente, Manuel Antonio, Vicente Risco, Aquilino Iglesia Alvariño, Ernesto Guerra da Cal ou Ramón del Valle Inclán.

Neira, Manuel Xosé, "Algo frouxo", *Galicia Hoxe*, "A tenda de gramolas", 13 xaneiro 2007, p. 5.

Crítica do libro de Daniel Salgado, do que unicamente considera salientábel o seu compromiso, mais, tendo en conta que se trata da súa primeira obra, aprecia certo interese. A continuación expón os seus criterios estéticos en canto a cinema, arte e literatura.

Neira, Manuel X., "Unha Galiza", *Galicia Hoxe*, "Licor de herbas", 20 xaneiro 2007, p. 5.

Parte da idea de que hai catro persoeiros importantes galegos que son Ramón Piñeiro, Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo e Ramón del Valle-Inclán e, a partir desta afirmación, defende a necesidade de estudar a obra de José Ángel Valente, a quen compara con Antonio Gamoneda e Eliot.

Neira, Manuel X., "A novela que se pode facer", *Galicia Hoxe*, "Tenda de gramolas", 24 marzo 2007, p. 4.

Sinala o interese de realizar unha novela sobre a vida de Luís Manteiga e, a continuación, enumera algúns nomes que considera fixeron algo polo país: Avilés de Taramancos, Xohana Torres, Manuel María, Pilar García Negro e Paco Rodríguez. Tamén salienta a figura de Luís Pimentel como poeta e a de Luz Pozo Garza.

Neira, Manuel X., "A poesía de Novoneyra", *Galicia Hoxe*, "Tenda de gramolas", 1 abril 2007, p. 4.

Comeza sinalando a necesidade de estudar a poesía de Novoneyra e, a continuación, declara que é unha poesía profunda, contemplativa, paisaxística, de extracción popular, pura e patriótica.

Neira, Manuel X., "Conversas de café", *Galicia Hoxe*, "Tenda de gramolas", 19 abril 2007, p. 5.

Escríbese dende a tristura que ten porque hoxe en día perdéronse os faladoiros, as conversas nos cafés onde os interesados se reunían ao redor dunha persoa tan senlleira como don Ramón Otero Pedrayo, Ánxel Fole ou Ramón Piñeiro. Cre que dende a súa perda morreu tamén en certo modo a Galicia harmónica e chegou esta máis deshumanizada onde só se atopa acougo na escritura cos lectores do xornal. Bótase en falta a conversa intelixente e cre que poder asistir ao parrafeo dos mestres citados sería mellor, tería amado máis porque no fondo considera que diso se trata, de amar.

Neira, Manuel X., "O que é a historia galega", *Galicia Hoxe*, "Tenda de gramolas", 3 maio 2007, p. 5.

Reflexiona sobre a ilustración galega, citando a Manuel Curros, Rosalía de Castro e Eduardo Pondal como representantes do período romántico-realista. No caso de Ramón Cabanillas, considera máis axeitado situalo no século XIX que no XX pola súa débeda co xenio lendario ou mítico do celtismo. Por outra banda, cualifica a Vicente Risco e Evaristo Correa Calderón como unha especie de ideólogos ou guieiros.

Neira, Manuel X., "Consideracións literarias", *Galicia Hoxe*, "Luz de Jazz", 2 agosto 2007, p. 5.

Pénsase na emigración que moitos escritores galegos experimentaron e trasladaron ás súas obras como Xosé Neira Vilas, Castelao ou Celso Emilio Ferreiro. Lémbrase que na emigración só unha minoría fixo cartos, pero a gran parte da poboación que marchou non conseguiu mellorar moito a súa situación. Propón unha revolución, unha reviravolta a todo o engranaxe da sociedade actual.

Neira, Manuel X., "Aproximación ó conto galego", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 23 novembro 2007, p. 4.

Fai referencia á teoría do conto e salienta a Eduardo Blanco Amor e Rafael Dieste como os mellores contistas galegos do século XX. Tamén nomea a Álvaro Cunqueiro e Xosé Luís Méndez Ferrín, mais indica que estes escritores son doutra caste, das lendas artúricas ou do mito Bretón.

Neira, Manuel Xosé, "Libros, cancións", *El Progreso*, "Tenda de gramolas", 16 abril 2007, p. 22.

Quéixase da perda de identidade da cidade de Lugo, pois xa non hai lugares de reunión para os poetas e *Xistral* existe pero sen forza, quedándolles Santiago e Vigo, aínda que non Lugo. Pénsase que ninguén continuou o labor de Ánxel Fole dentro da literatura, aínda que si nas artes plásticas se pode observar un maior pulo. Séntese magoado de que a cidade camiñe cara á despersonalización, cara ao feísmo e o neón. Agarda que chegue o San Froilán e veña Manolo García pois el pode alegrarlles a vida.

Neira, Manuel Xosé, "A boa literatura", *El Progreso*, "A tenda de gramolas", 9 xullo 2007, p. 18.

Aposta pola boa literatura e en concreto por unha boa poesía como a do autor Xavier Rodríguez Baixeras que escribe con frialdade os seus poemas, moi pensados e moi meditados ademais. Tamén estaría nesta categoría Álvaro Cunqueiro ou como non Xulio Cortázar que sería o autor que necesitaría a cidade de Lugo para que estourara e comezara de novo a ser reconstruída na base cultural. Tamén espera cousas das persoas do común, aínda que engade que cada vez é máis escéptico porque a sociedade está máis "encanallada". Entende que canto mellor escribas mellor para o autor, pero tamén para a sociedade.

Neira, Manuel Xosé, "Hanche ser contos", *Galicia Hoxe*, "Luz de jazz", 27 setembro 2007, p. 5.

Artigo no que se evoca literariamente a Álvaro Cunqueiro, Uxío Novoneyra, Ánxel Fole, Luís Pimentel, Manuel María, Rafael Dieste ou Xosé Otero Espasandín.

Neira, Manuel Xosé, "Cousas", *Galicia Hoxe*, "Luz de jazz", 17 decembro 2007, p. 5.

Reflexión sobre o papel da literatura e dos escritores actuais nunha sociedade onde todo o mundo cre ter criterio para opinar sobre autores e obras. Póñense diferentes exemplos de autores como Jacinto Benavente, Pérez de Ayala ou o poeta Fiz Vergara Vilariño para referirse á existencia ou non de bos creadores na actualidade.

Neira, Xosé Manuel, "Celestino Fernández de la Vega", *Galicia Hoxe,* "Luz de Jazz", 31 decembro 2007, p. 6.

Refírese á figura de Celestino Fernández de la Vega como un dos grandes autores de Galicia pero destacando sobre todo o seu papel de ensaísta a carón do seu grande amigo Ramón Piñeiro. Dise que de moitos dos poetas só se salvará un, dous ou tres poemas e fanse ao tempo referencias a outros grandes das letras galegas como Álvaro Cunqueiro, Miguel González Garcés, Rafeael Dieste ou Eduardo Blanco Amor.

Neira Vilas, Xosé, "Laio por Agrelo", *El Correo Gallego*, "Arredor do mundo", 14

xaneiro 2007, p. 2.

A raíz do falecemento de Pepe Agrelo, fundador da editorial Toxosoutos, lembra momentos compartidos e algunhas das escenas da vida de Agrelo das que foi testemuña. Salienta a súa visión do teatro e menciona algunhas obras que publicou.

Neira Vilas, Xosé, "Federico sempre", *El Correo Gallego*, "Arredor do mundo", 1 abril 2007, p. 2.

Nesta homenaxe a Federico García Lorca, despois de lembrar o seu asasinato a mans dos fascistas, nomea persoas que dalgún xeito estiveron vinculadas a el, especialmente escritores. Remata dando conta dunha viaxe que realizou xunto con Anisia Miranda á casa-museo do poeta en Fuentevaqueros.

Neira Vilas, Xosé, "Viño e morriña", *El Correo Gallego*, "Arredor do mundo", 29 abril 2007, p. 2.

Diserta sobre as tarefas da elaboración do viño e sobre os sentimentos de morriña e lembranza da terra que unha botella de viño do país espertaba nas persoas galegas na emigración. Por último, comenta unha anécdota que lle aconteceu a Manuel Curros Enríquez na Habana e que lle fixo perder os aforros ao ser enganado e pensar que podía obter un bo viño alí.

Neira Vilas, Xosé, "Na terra de Cabanillas", *El Correo Gallego*, "Lóstregos", 6 maio 2007, p. 2.

Lembra momentos da súa vida relacionados coa figura de Ramón Cabanillas, dende un acto organizado pola Agrupación de Libreiros de Pontevedra que preside o dono da libraría "que leva o nome do Poeta da Raza" e a visita á súa casa-museo, onde lle entregaron unha impresión facsímile das revistas *El Umia* e *El cometa*, fundadas por Cabanillas e escritas por el en boa medida, das que recolle algúns fragmentos neste artigo. Por último, comenta que non se coñeceron, mais que si se cartearon e que Cabanillas lle dedicou a súa obra *Antífona da cantiga*. Remata dicindo que en 1960, nunha mesa redonda sobre el, falou da súa emigración, que en Cuba estudou a súa estancia de cinco anos e que atopou os seus primeiros poemas na revista *Suevia*.

Neira Vilas, Xosé, "Ho Chi Minh en galego", *El Correo Gallego*, "Lóstregos", 13 maio 2007, p. 2.

A partir da publicación do *Xornal de prisión*, de Ho Chi Minh en galego, edición acordada entre Xosé Neira Vilas e Isaac Díaz Pardo, comenta brevemente a biografía deste líder vietnamita e explica en que consiste. Para rematar, ofrece información sobre as características desta edición, da que salienta ser a primeira nunha lingua do Estado español e indica que foi el quen traduciu os poemas.

Neira Vilas, Xosé, "Cátedra en Cuba", *El Correo Gallego,* "Lóstregos", 10 xuño 2007, p. 2.

Loubanza do labor desenvolvido polos profesores e integrantes da Cátedra de cultura galega que dende hai quince anos (1992) existe na Universidade da Habana. Dise que foi o propio Xosé Neira Vilas xunto con Gonzalo Torrente Ballester quen foron alá para inaugurala. Coméntanse cales son os seus obxectivos principais e que son moitos estudantes de diversas carreiras humanísticas, traballadores da universidade e outros os que formas parte da súa matrícula. Noméanse tamén varios autores/as galegos/as que foron estudados e outros traballos de investigación que alí se levaron a cabo.

Neira Vilas, Xosé, "Institución centenaria", *El Correo Gallego*, "Lóstregos", 15 xullo 2007, p. 2.

Lembra que se vén de cumprir o centenario do Centro Galego de Bos Aires, fundado o 2 de maio de 1907. Comenta que foi membro do mesmo durante os doce anos que estivo na cidade porteña e que alí trabou amizade con Alberto Vilanova, Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela ou Eduardo Blanco Amor. Sinala que a relación entre moitos deles deu como resultado Mocedades Galeguistas e que ademais dispuñan de servizos como un hospital que no seu momento era o mellor dotado da capital, medicinas gratuítas, ambulancias e demais servizos. Tamén apunta que o Centro posuía unha importante biblioteca e unha pinacoteca e que outorgaba diversos premios, así como que no panteón social descansaron os restos de Castelao e aínda o fan os de Ramón Suárez Picallo e Elpidio Villaverde.

Neira Vilas, Xosé, "En Melide con Broz", *El Correo Gallego*, "Lóstregos", 29 xullo 2007, p. 2.

Repasa a figura de Manuel Broz, profesor de Historia, Xeografía e Debuxo que aínda tira tempo para ser o director do Museo da Terra de Melide, fundado en 1978 por el entre outros. Recórdase como cando se lle quedaba o local pequeno puido mercar o Hospital de Peregrinos grazas ás axudas dos seus veciños e a unha pequena doazón da Dirección Xeral de Patrimonio. Sinala que a nova sede se inaugurou en 2002 e conta con tres andares nos que se recollen restos arqueolóxicos dos castros próximos, mostras de oficios, sartegos funerarios medievais, etc. Tamén apunta que publicou o libro *Sentispíritus de Melide* sobre a historia da zona e dirixe o Centro de Estudos Melidenses que edita un Boletín que xa vai polo número dezaoito.

Neira Vilas, Xosé, "Unha canción para Castelao", *El Correo Gallego*, "Lóstregos", 19 agosto 2007, p. 2.

Recórdase que a cantiga da Rianxeira está vinculada á figura de Castelao no exilio. Indícase que a colectividade galega entoouna en público por primeira vez durante un banquete na honra do galeguista en Bos Aires pouco tempo antes do seu pasamento. Sinálase que con letra de Suso Frieiro "Pinciñas" e música de Anxo Romero, os dous de Rianxo, pronto se popularizou entre os coros galegos da cidade arxentina e incluírona no seu repertorio gaiteiros tan famosos como Avelino Rodríguez e Manuel Dopazo.

Explícase que no enterro de Castelao tamén se cantou xunto co Himno Galego e que despois se popularizou ao outro lado do océano. Para finalizar lémbrase que a Rianxeira cumpre setenta nos e despois de tanto tempo, ao escritor de Rianxo lle gustaría saber da popularidade que acadou en Galicia.

Neira Vilas, Xosé, "Galicia en Toulouse", *Galicia Hoxe*, "Lóstregos", 7 outubro 2007, p. 2.

Céntrase na creación da Casa de Galicia en Toulouse, nacida en 2000, presidida por María López Muradás e cun carácter marcadamente sociocultural. Realiza unha breve crónica das actividades levadas a cabo por esta institución e refírese brevemente á homenaxe que lle renderon á súa obra no II Encontro de poesía e poéticas galega, catalá e occitana: Arte de Migrar.

Neira Vilas, Xosé, "A presenza de Curros", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 outubro 2007, p. 30.

Fai un percorrido pola estadía en Cuba de Manuel Curros Enríquez sinalando que chegou á illa en 1984 aos corenta e dous anos e que traballou na fundación do semanario *La Tierra Gallega*, cesado por sanción administrativa, e como redactor no *Diario de la Marina*. Apunta tamén que como emigrante tardío xa contaba cunha obra xornalística e literaria de peso en galego e castelán e fala da súa volta temporal a Galiza en 1904 e da súa coroación no Teatro Principal da Coruña, un acto que en carta ao seu amigo Armada Teixeiro cualificou como uns agasallos que soaban a festa fúnebre, dada a súa mala saúde e o seu esmorecemento de ánimos. Aborda a seguir a súa volta á Habana, onde asistiu ao nacemento da Asociación Iniciadora da Academia Galega, que presidiu pola insistencia do seu iniciador, Xosé Fontela Leal. Neste sentido conta o que aconteceu na estrea do Himno Galego o 20 de decembro de 1907. Curros tiña que estar presente polo seu prestixio e el puxo dúas condicións: que non sentaría no escenario e que pagaría a entrada, e así o fixo, lendo desde o palco un poema composto para o acto, "a súa derradeira composición poética dita precisamente na estrea do Himno. Esta singular presenza xerarquiza aínda máis o acontecemento".

Neira Vilas, Xosé, "Entre Prado e Dragones", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 outubro 2007, p. 29.

Lembra que a primeira sede do Centro Galego da Habana estivo situada na escola de primaria Concepción Arenal, nun edificio ateigado de historia da emigración galega. Salienta que nese edificio ondeou por vez primeira a bandeira galega e nomeouse Socia de Honra a Rosalía, ademais de tecer proxectos Alberto Álvarez Ínsua, Manuel Lugrís Freire ou Ramón Cabanillas, entre outros, xestar o nacemento da Academia Galega e servir de punto de reunión a figuras da cultura. Relata tamén que nesa casa de Prado esquina Dragones se proxectou a homenaxe a Pascual Veiga e a estrea dun himno que, segundo a idea de Fontenla Leal, serviría para identicar os galegos co seu país.

Neira Vilas, Xosé, "Vencello con Portugal", *Galicia Hoxe*, "Lóstregos", 11 novembro 2007, p. 2.

Recupera algúns vínculos culturais que Galicia mantivo con Portugal: a revista *Quatro ventos*, de Braga, dirixida conxuntamente por portugueses, galegos e brasileiros, que mostraba creacións dos tres países; o *Diccionario das literaturas portuguesa, galega e brasileira*, dirixido por Jacinto do Prado Coelho, no que Galicia contaba con Ernesto Guerra Dacal e Emilio González López; e a revista *Céltica*, cun amplo apoio do mundo literario galego representado por Pura Vázquez, Uxío Novoneyra, Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, Xosé María Álvarez Blázquez, Xohana Torres, González Garcés, Leandro e Lois Carré, María Victoria Armesto ou Maximino Castiñeiras.

Neira Vilas, Xosé, "O himno na homenaxe a Curros", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 decembro 2007, p. 24.

Xosé Neira Vilas cóntanos que o 20 de decembro de 1907 fíxose unha homenaxe en Cuba a Pascual Veiga, que morrera meses antes, para recadar cartos para facerlle un mausoleo. Segundo conta, Manuel Curros Enríquez insistiu en pagar a súa entrada porque senón non se podería reunir suficiente para o mausoleo. Ese día estreouse o Himno, pero ao igual ca bandeira, consagrouse grazas a Curros Enríquez, isto é, a bandeira ondeou por primeira vez en Cuba o 25 de xullo de 1904 pero adquiriu maior significado cando cubriu os restos de Curros o 31 de marzo de 1908; así tamén, o himno ratificouse cando foi tocado na homenaxe que lle fixo a revista *Suevia* en 1910, do que fora presidente, onde presentou o seu busto que aínda podemos atopar no Palacio Social do Centro Galego.

Neira Vilas, Xosé, "Centenario do himno galego", *El Correo Gallego*, "Tribuna libre", 20 decembro 2007, p. 75.

Co motivo do centenario do himno galego, faise unha lembranza de diferentes anécdotas que teñen que ver co seu nacemento e escolla. Entre outras cousas, apúntase que tamén autores como Manuel Curros Enríquez puideron ter sido os autores e que foi estreado no Teatro Nacional da Habana, onde tamén se interpretaron varias cancións galegas e o mesmo Curros dixo varias palabras escritas para a ocasión.

Neira Vilas, Xosé, "A prensa de Cuba en 1907", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 novembro 2007, p. 34.

Salienta a abundancia de publicacións periódicas que houbo na emigración galega en Cuba. Dá conta dalgunhas das máis coñecidas e achega datos sobre as publicacións, sinalando que das setenta e unha que houbo, tres estaban completamente en lingua galega (*A gaita galega*, *Nós* e *Terra Gallega*) e corenta e sete eran bilingües. A continuación, comenta dúas das máis coñecidas en 1907: *Galicia* e *Follas Novas*.

Neira Vilas, Xosé, "Emigrantes libreiros", *Galicia Hoxe*, "Opinión", 2 decembro 2007, p. 2.

Salienta a importancia que tiveron os emigrantes libreiros principalmente en América e dá conta dos nomes dos propietarios das librarías máis importantes de Cuba, Chile, Uruguai, República Dominicana, Porto Rico, etc.

Neira Vilas, Xosé, "Vida cultural galega na Habana", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 decembro 2007, p. 30.

Comenta como se desenvolveu a vida social e cultural dos primeiros anos do século XX en Cuba. Indica que a pesar da convulsa que se vivía na cidade, se realizaron moitas actividades e actos culturais. Así mesmo, sinala que se creou a entidade iniciadora da Real Academia Galega, se realizaron concertos, representacións teatrais, óperas, etc. e incluso apareceu unha "cova" semellante á Cova Céltica de Galicia, na que participaban escritores, profesores, pintores ou xornalistas. Ademais, tamén salienta a importancia que tiveron as revistas semanais como *Galicia*, *Follas Novas*, ou *Airiños da miña Terra*.

Neira Vilas, Xosé, "Espallamento do Himno", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 decembro 2007, p. 29.

Xosé Neira Vilas conta que ao principio o Himno só se cantaba nos actos públicos do Centro Galego da Habana, despois comezou a utilizalo a Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega e as vinte e tantas Sociedades de Instrución, presentes na estrea da composición o 20 de decembro de 1907, empregábano nas súas asembleas anuais. Así mesmo, os nenos, fillos de emigrantes, cantábano no Plantel Concepción Arenal. Máis tarde, o Himno foise espallando por América do Sur; en Montevideo e Bos Aires considerábano símbolo da patria afastada; así, nalgún coro de Bos Aires como as filiais das Irmandades da Fala, a Sociedade Nazonalista Pondal, o grupo de gaiteiros Breogán ou o coro Os rumorosos, formaba parte do seu repertorio. Incluso se constituíu unha Comisión de Espallamento do Himno, polo que a composición seguiu estendéndose e chegou a Chile, México, Estados Unidos e Brasil.

Nicolás, Ramón, "Ser crítico", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 setembro 2007, p. 47.

Afirma que a condición de crítico literario en Galicia esixe a súa profesionalización, pois só deste xeito é posíbel emitir un xuízo ponderado, breve, independente e honesto, que informe, analice e valore ao mesmo tempo unha obra. Aínda que esta aspiración resulte utópica, considera que debe avanzarse nesta dirección para estimular o sistema literario galego e a cultura en xeral. Por último, defende o labor dos críticos, pese ás acusacións que os tildan de autores frustrados, sometidos aos grupos de poder ou "mercados" polas editoriais.

Otero, Álvaro, "Cunqueiro y la anilla dorda", *Faro de Vigo*, "Intrahistorias", 28 outubro 2007, p. 29.

Dá conta da publicación do libro *Jordán escondido y otros cuentos*, publicado por Hiperión por iniciativa de Paula Casal, afillada de Álvaro Cunqueiro, no que se reúnen

anécdotas familiares protagonizadas polo escritor e tres contos escritor polo mindoniense para celebrar os nacementos das fillas da familia Casal.

Pato, Alfonso, "Versos de Pondal, del flamenco a las rancheras", *El País*, "*Galicia*", 8 decembro 2007, p. 2.

Coméntanse as diferentes adaptacións musicais que se levan feito do himno galego con ritmos andaluces, mexicanos, rusos ou pop, tras a polémica xurdida pola interpretación que Delio Domínguez fixera do mesmo no Parlamento Galego, pola cal recibiu múltiples críticas.

Pavón, Lulo, "Sujeto, verbo", *La Región*, "Ourense", "O candil", 21 marzo 2007, p. 6.

Refírese á morte de Segundo Alvarado Feijoo, director teatral no profesional, lamentando que non tivera un recoñocemento oficial en Ourense, pese a gran actividade que levou a cabo en eidos tan diversos como o xornalismo, a crítica de arte e a literatura.

Paz Andrade, Alfonso, "Isaac Díaz Pardo, dos bos e xenerosos", *Faro de Vigo*, "Crónicas do noso tempo", 28 abril 2007, p. 31.

Refírese á publicación, por parte da Deputación da Coruña, dun volume sobre a vida e obra de Isaac Díaz Pardo. Sinálase que o traballo está coordinado por Xosé Díaz Arias e que nel se incluen colaboracións de medio cento de persoeiros de diversas tendencias, entre eles, o editor Víctor Freixanes ou o historiador Ramón Villares, así como distintos políticos. Fai referencia á "aldraxe" que considera que está a sufrir o galeguista por parte dos novos dirixentes de Sargadelos, desprezo que, segundo sinala, sinte como propio gran parte de Galicia. A partires de aí, destaca diferentes aspectos da traxectoria humana e artística de Díaz Pardo, resaltando as súas principais virtudes. Finalmente, recolle a proposta que fixo á Xunta de Galicia de habilitar dentro da Cidade da Cultura un espazo para a creación de dúas potentes fundacións cos nomes do propio Díaz Pardo e de Castelao.

Paz Rodríguez, José, "A dignidade de Díaz Pardo", *La Región*, "Opinión", 1 febreiro 2007, p. 26.

Resáltase a figura de Isaac Díaz Pardo, un home do que se defende a súa intelixencia, dignidade, xenerosidade e entrega á Terra. Laméntase que non haxa máis persoas coma el porque de seguro Galicia crecería e como non máis empresarios comprometidos. Coñeceu a todas as persoas dignas do século XX das que herdou esa virtude e o labor incesante a prol do galego, así cedeu locais para a realización de cursos, serviu de guieiro en Sargadelos, imprimiu revistas como *O Ensino* e como figura viva que é enténdese que merece todos os recoñecementos que se lle dean por parte das distintas institucións.

Paz Rodríguez, José, "Poesía para educar a sensibilidade", *La Región*, "Opinión", 31 marzo 2007, p. 23.

Pensa que a poesía debería ser máis importante na sociedade pois é necesaria unha educación en sensibilidade, en afectividade, en emocións e sentimentos. Sinala que para iso se debería impartir nas escolas como na antiga China ou Grecia para os que a beleza e a educación estética ocupaban un lugar sobranceiro. Entende que dende as escolas e os medios de comunicación se debe fomentar o aprecio pola música, a plástica e especialmente a poesía, así como se deberían organizar recitais poéticos, festas e festivais de poesía. Para rematar comenta que se lle proxectou aos seus alumnos da Universidade o filme *O carteiro de Neruda* para sensibilizalos do valor da poesía e entende que todas as persoas deberían ler *Vinte poemas de amor e unha canción desesperada* de Pablo Neruda, o libro de poesía máis vendido e traducido do mundo.

Paz Rodríguez, José, "Hai que renovar as feiras do livro", *La Región*, 5 xuño 2007, p. 22.

Faise unha crítica ao modo no que se desenvolven as actuais feiras do libro, en concreto a de Ourense, propoñendo unha renovación total. Dise que na de Ourense se errou, entre outras cousas, na situación e nalgunhas das librarías que se presentaban. Achéganse así unha serie de propostas para que poidan ser melloradas, como seleccionar mellor as librarías participantes, ter máis implicación e axudas da Administración ou darlles un sentido máis lúdico e creativo.

Paz Rodríguez, José, "Desagraviar a Vicente Risco", *La Región*, "Opinión", 28 xullo 2007, p. 22.

Deféndese a figura de Vicente Risco de acusacións como as de Xesús Alonso Montero que pronunciou palabras tan desafortunadas como que el e Álvaro Cunqueiro foron responsabéis da morte de Alexandre Bóveda e de Gómez del Valle. Indícase que como calquera ser humano Risco tivo os seus acertos e as súas equivocacións, entre elas a súa adhesión ao réxime franquista, pero non se poden esquecer obras como a *Teoría do nazonalismo galego*, as achegas etnográficas á *Historia de Galiza*, o seu plan de galeguización das escolas, a súa pertenza ao Seminario de Estudos Galegos, ás Irmandades da Fala ou ao Partido Galeguista. Remátase coa frase bíblica de quen estea libre de pecado que tire a primeira pedra.

Pino, Concha, "É preciso sacar do silencio a dor e o conflito dos retornados", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 abril 2007, p. 48.

Entrevístase a Alexandre García-Caballero e Ramón Area Carracedo, autores do ensaio *Psicopatoloxía do retorno*, que gañara en 2006 o premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve. Explícase que decidiron abordar un ensaio sobre este tema dende unha perspectiva antropolóxica e sociolóxica, querendo dotar á nosa cultura "dunha épica do retorno".

Pino, Concha, "Apuestas distintas, y en positivo", *La Voz de Galicia*, "Patio de

vecinos", 13 outubro 2007, p. L12.

Entre outros temas, refírese ao ciclo "Feminino plural: a palabra e a memoria da muller galega" organizado polo Instituto de Estudos Padre Sarmiento, no que anuncia a participación de Dolores Villarino, Teresa Moure, Mar Linares García, Ofelia Rey Castelao, Carmen Blanco, María Xosé Rodríguez Galdo, María do Carme García Negro ou Rita Martín Sánchez, que falarán dos seus respectivos campos profesionais.

Reigosa, Carlos G., "Literatura e xornalismo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 232, "Letras en Galego", 13 outubro 2007, p. 12.

Salienta que a literatura e mais o xornalismo teñen moito en común aínda que os separe a natureza real ou ficticia dos seus contidos e cita obras como *A sangue frío*, de Truman Capote, *As ilusións perdidas*, de Balzac, ou *Crime e castigo*, de Dostoievski, que aínda que, baseados en feitos reais, traspasan os límites da realidade para se reconstruír literariamente. Aínda así, afirma que as fronteiras non están claras e ambos os xéneros aliméntase mutuamente nunha enriquecedora relación. Cita o exemplo de *Relato dun náufrago*, de García Márquez, "concibido como unha impecable investigación periodística (...) Porén, ¿quen diría hoxe que ese relato non é literatura, por riba de que estea ou non baseado nun feito real?".

Reixa, Antón, "Literatura en acción", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Psicofonías", 26 xaneiro 2007, p. 44.

Recoméndase a exposición que Camilo Franco acaba de inaugurar na Fundación Luís Seoane da Coruña baixo o título de *Palabras contadas*, na que hai unha comuñón entre imaxe e texto. Sinálase que, a través dun contexto, que as palabras teñan unha determinada forza e tamén se condiciona unha lectura. Coméntase que a idea non é nova e que a lírica medieval galego-portuguesa estaba vinculada á música, así como tamén na actualidade Manuel Rivas, Yolanda Castaño, Carlos Santiago ou no seu día o Colectivo Ronseltz ou Rompente traballaron neste sentido.

Reixa, Antón, "Que dicimos os rumorosos?", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Psicofonías", 23 febreiro 2007, p. 41.

Pensa que o actual himno galego con letra de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga é descoñecido para a maioría dos galegos, especialmente a segunda parte atÉ que chega a frase *nazón de Breogán* entón os galegos entoan fortemente a letra. Considera que os símbolos non pertencen a ninguén, e que son como as emocións, patrimonio de quen as sente. De todas maneiras, entende que quizais represente máis aos galegos por exemplo o poema "Negra Sombra" de Rosalía de Castro ou a "Marcha do Antigo Reino de Galicia".

Reixa, Antón, "As letras, ben, grazas, pero depende", *El País*, "*Galicia*", 17 maio 2007, p. 12.

Comenta a situación da literatura galega na actualidade. Explica que en relación á creación a saúde da literatura é boa porque se editan moitos libros e os escritores non teñen problemas para atopar editores, ademais a normalización está chegando ao cinema e ao teatro. Afirma que a situación de crise de renovación dos lectores afecta a toda Europa.

Reixa, Antón, "Pondal y la demagogia", *El País*, "*Galicia*", 28 agosto 2007, p. 28.

Protesta contra o diario *El Mundo* e o Partido Popular por facer unha cruzada en contra do himno galego ao interpretar os termos *imbéciles, escuros* e *non nos entenden non* como insultos a aqueles que descoñecen a lingua galega, cando o que se pretende é unha identificación como galegos. Ademais do anterior, acusa ao xornal citado da falta de documentación e grande ignorancia ao indicar nas súas páxinas que o autor da composición era Arturo Pondal. Defende a aprendizaxe do himno e o seu coñecemento e sentimento por parte da poboación galega, así como o seu respecto por quen non o comparte.

Rivas, Manuel, "Retrato non autorizado de Ferrín", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Grouchos", 12 xaneiro 2007, p. 43.

Neste artigo Manuel Rivas trata diversos asuntos e comeza coa loanza á figura de Xosé Luís Méndez Ferrín comparando o seu traballo co de grandes escritores europeos. Considera que Méndez Ferrín é un escritor polémico e provocador nos seus artigos, que crea poemas desde o seu sentir, e cre que a algúns dos seus relatos non se lles fixo xustiza, como por exemplo *Bretaña esmeraldina* (1987). De seguido, indica que é un bo momento para empezar a publicar as súas obras completas. Outro asunto que trata Manuel Rivas é a interpretación que realizou María del Mar Bonet do poema de Rosalía de Castro "Negra sombra", na gala do trinta aniversario da asociación cultural Alexandre Bóveda. A continuación, comenta a proposta feita á Real Academia Galega para que o poeta Lois Pereiro fose proposto como candidato ao Día das Letras Galegas, e, finalmente, trata outros temas alleos á literatura galega.

Rivas, Manuel, "Camarada, isto non é un libro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Grouchos", 2 febreiro 2007, p. 47.

Laméntase de que peche a libraría coruñesa Colón que se encontraba situada na rúa Real dende que abriu e entende que as institucións non deberían permitilo. Sinala que non sabe as tabernas que hai en Galicia, pero comenta que foron moi importantes, pois deron lugar a obras como *Cantiga nova que se chama ribeira*, de Álvaro Cunqueiro. Fai notar como moitos destes lugares en Galicia teñen tamén libros e considera que quizais este sexa un bo lugar para interactuar estes dous mundos. Así mesmo, alude á taberna de Avilés de Taramancos que en Noia reunía a moi variadas persoas, e conclúe que existe unha conxunción entre as tabernas e as letras en Galicia.

Rivas, Manuel, "O himno, en confianza", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Grouchos", 14 setembro 2007, p. 40.

Recolle algúns apuntamentos referidos á historia do himno galego e á súa estrea solemne o 20 de decembro de 1907 na Habana e apunta que a pescuda máis completa sobre as súas vicisitudes se atopa en *O Himno: historia, texto e música*, de Manuel Ferreiro e Fernando López-Acuña. Recoñece no himno a feitura de canción romántica na que dialogan xente e natureza, repara no seu comezo con interrogacións e mesmo estabelece paralelismos cun lieder de Shubert, *O camiñante*, que tamén contén preguntas e mais unha referencia a un rumor. Declara que o himno galego lle agrada porque representa un "lugar onde se delibera aínda o nome do lugar", unha imaxe de "xente a debater, na barra do verán, se lle gusta ou non o himno, se o deben cantar os pícaros na escola, se é longo de máis ou atinado nos adxectivos cualificativos". Coida que o auto-odio do que tanto se fala "é, en realidade, outro xeito de amor. Un amor doente, revirado. Un amor sádico, masoquista" e "que unha lingua esperte estas paixóns propias da líbido é un sinal de vitalidade". Sinala tamén que dubida de que alguén poida rematar de cantar o himno máis anoxado ou irado do que estaba ao comezo e de que sirva para principiar batallas, porque nel "non hai constancia de inimigos". Conclúe afirmando que "á hora da verdade, cada canción que significa algo é un himno do mesmo xeito que cada persoa é unha nación".

Rivas, Manuel, "É mala a literatura galega?", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Grouchos", 21 decembro 2007, p. 11.

Rebate a Xosé Luís Franco Grande "unha sutileza" que este último escribiría en *La Voz de Galicia* o domingo 16 de decembro do 2007. Así, asegúralle que a literatura galega non é unha literatura esquecida polos galegos por causa desa "pouca calidade" así como por ser un "timo á cultura, á intelixencia e ao bo gusto" segundo afirma o membro da Real Academia Galega. Rivas considera que hoxe existe ese "pobo lector ceibe" que elixe as obras do país xustamente por ser como son, de boa calidade.

Rivas Troitiño, Xosé M., "Gabo e Cunqueiro", *Galicia Hoxe*, "Porta de palla", 9 marzo 2007, p. 5.

Deféndese que a literatura de Álvaro Cunqueiro responde ao que se coñece como realismo máxico, un termo cuñado por Carpentier e que se empregou especialmente para a literatura hispanoamericana. Con motivo do oitenta aniversario do nacemento de Gabriel García Márquez, indícase que, se en *Cien años de soledad* latexa esa mestura de realidade e fabulación, antes estaba no *Merlín* con máis forza e tamén despois na *Saga/fuga*, de Gonzalo Torrente Ballester. Tamén se apunta que isto non invalida a grandeza da obra do escritor hispanoamericano, nin a mestría da súa pluma, pero o feito de que Cunqueiro non entrara no mercado editorial fixo que non fose catalogado como se merece.

Rivas Troitiño, Xosé M., "O noso himno", *Galicia Hoxe*, "Porta de palla", 24 agosto 2007, p.5.

Laméntase do debate xurdido polo himno galego que algunhas persoas pretenden tomar na súa literalidade e denuncia que fagan isto só cando lles convén. Festexa que o

vicepresidente da Xunta de Galicia elixise a XXVIII Festa do Gaiteiro de Soutelo para falar do noso himno. Sinala que defende a existencia dun segundo texto patriótico como teñen os británicos, o *Rule Britannia*, e este sería o *Falade meniñas, falade galego* do propio Eduardo Pondal, porque sempre lle pareceu que cando se cantaba ao final das festas soaba como un himno de unión colectiva.

Rodríguez Calvo, Puri, "Lectura", *Diario de Ferrol*, "Pensando en las musarañas", 9 novembro 2007, p. 29.

Comenta os resultados da enquisa feita pública polo Instituto Galego de Estatística, que sinala que o 60% dos galegos non leron un só libro ao longo do pasado ano. Como dato esperanzador, sinala que o sector de poboación que máis le sexa o comprendido entre os 10 e os 14 anos. Apunta tamén outros datos como a preferencia pola televisión en detrimento da prensa diaria.

Rubia, Xoán, "De himnos e letras", *Diario de Ferrol,* "Miradas poliédricas", 23 decembro 2007, p. 24.

Co motivo da conmemoración do centenario do himno galego lémbrase como se xestou a idea de converter o poema de Eduardo Pondal en himno, cando así llo pediu Pascual Veiga en 1890. Dise que o impulsor da idea foi José Fontela Leal, o cal marchara para a Habana cando tiña só dez anos. Coméntanse os actos de homenaxe que se farán en Cuba no Teatro Nacional e ao tempo fálase dos casos doutros himnos que só posúen música e non letra. Finalmente, anímase á xente a coidar o himno, a cantalo e, sobre todo, a respectalo.

Salgado, D., "Crónicas para explicar un país", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Do Trinque/libros", 16 febreiro 2007, p. 43.

Faise un repaso por unha serie de libros que se recomendan como lectura, entre eles está *Intelectuais marxistas e comunistas en Galicia*, de Xesús Alonso Montero; *Documentos* , de Emilio Grandío Seoane; *Dun tempo e dun país*, onde se recollen os discursos de Manuel Caamaño Suárez; *Lingua, nación e identidade*, do profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato, entre as propostas de ensaio. Destácanse en narrativa os libros de Xavier Queipo, *Dragona*; de Manuel Veiga, *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*; e de Miguel Sande, *Se algún día esta muller morta*. Coméntanse tamén as novidades en tradución como *Viaxes no scriptorium*, de Paul Auster; *Oliver Twist*, de Charles Dickens; ou o *Decameron*, de Bocaccio. En poesía, destácanse as obras de Ramón Reboiras, *Shakespeare mata o porco cunha rosa*; de Pura Salceda, *A ollada de Astarté*; ou de Paco Soto, *As horas de María*. Para finalizar, en teatro destácanse as obras de Rubén Ruibal, *Limpeza de sangue* e a reedición de *Farsa de Bulubú*, de Manuel María e unha tradución de Elfried Jelinek.

Salgado, Daniel, "O imaxinario literario centra os debates dos autores de Galeusca", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 2 novembro 2007, p. 9.

Con motivo da vixésimo cuarta edición do encontro Galeusca aorredor das "fontes do imaxinario nas literaturas éuscara, catalá e galega", recolle as intervencións dalgúns participantes das mesas redondas. Por unha banda, cita as palabras do escritor valenciano Alfons Llorenç afirmando que "o imaxinario é unha das partes fundamentais da cultura, máis feble na literatura", e engade que, a pesar do fenómeno urbano, os mitos clásicos non se perderon e que seguen formando parte da cultura occidental. Por outra banda, refírese á Marica Campo, que tamén participa neste encontro pola importancia que otorga ao pulo das literaturas en linguas minorizadas.

Sánchez Agustino, José Luis, "La ruta literaria del mar de Arosa", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 9 setembro 2007, p. 24.

O Presidente da Fundación Ruta Xacobea do Mar de Arousa e Ulla, José Luis Sánchez Agustino, aproveita neste artigo sobre o "mar de Arousa" para falar das figuras literarias vencelladas ao mesmo, tales como Rodrigo de Padrón, Macías o Namorado, Rosalía e Camilo José Cela, que consideran un atractivo máis relevante para esta zona.

Senín, Xavier, "Outra galiña azul", *El Correo Gallego*, "Devagar", 5 decembro 2007, p. 4.

Lembra que durante os anos da estadía de Castelao na cidade de Pontevedra, o intelectual asistía ao parladoiro do Café Moderno e valora positivamente a súa recuperación para actos culturais, así como a instalación na praza na que está situado dun conxunto escultórico de César Lombera que representa o parladoiro e no que están representados o propio Castelao, Alexandre Bóveda, Valentín Paz Andrade, Ramón Cabanillas e, de pé, Carlos Casares, e no que o escultor quixo deixar unhas cadeiras baleiras para invitar os cidadáns a sentar e fotografarse. Remata cunha anécdota protagonizada por unha nena que pasaba pola escultura e que lle deu un bico a Casares e conclúe Senín afirmando que "esa noite Carlos, ao que tanto cariño lle tiñan os cativos, comezaría a escribir outra obra mestra como *A galiña azul*".

Sotelo Blanco, Olegario, "Manuel Rivas: un recuperador da historia esquecida do país", *Galicia Hoxe*, "A opinión", 23 xaneiro 2007, p. 38.

Admírase a Manuel Rivas como escritor e como persoa e non só na súa faceta narrativa, senón na veta poética, comentándose que esta última faceta quedou un pouco escurecida pola súa gran proxección narrativa. A continuación, céntrase na súa última publicación, *Os libros arden mal*, que se desencadea a partir do 19 de agosto de 1936 cando os falanxistas queiman libros na dársena da Coruña. Defínese este texto como o máis maduro e esclarecedor dos até o momento escritos por Rivas. Sinálase que nel fai un retrato dende unha prosa directa que pode chegar a todos os públicos e que pretende mostrar a historia e que esta sirva, sen nostalxia nin lamentacións, para orientar os esforzos futuros.

Suárez Abel, Miguel, "A poesía dos átomos", *Diario de Pontevedra*, Opinión&Análisis", 2 febreiro 2007, p. 29.

Sinala que o ser humano está pouco preocupado pola educación e que non temos curiosidade polas cousas que nos rodean, sendo esa é a grande eiva da sociedade actual. Comenta que é unha triste realidade que non se entenda a importancia dun poema como o Gilgames, unha obra como a Biblia, a *Odisea*, a *Ilíada* ou as grandes obras de Shakespeare, Rosalía de Castro, Poe, Man ou Tolstoi. Preocúpase pola falta de curiosidade e incluso polo desprezo das persoas por saber, ben sexan letras ou ciencias.

Tarrío Varela, Anxo, "Poesía e miseria", *Galicia Hoxe*, "De letras e de signos", 22 marzo 2007, p. 4.

Conta que asistiu a unha conferencia de Manuel Fernández Rodríguez na Facultade de Filoloxía en Santiago de Compostela sobre o Romanticismo en José Valente (1929-2000). Salienta que o poeta ourensán admirou moito aos poetas románticos europeos, sobre todo, ingleses e alemáns, pero tamén españois como G. Adolfo Bécquer ou galegos como Rosalía de Castro, da que apunta que só foi romántica en parte. Comenta que Valente reflexionou sobre Coleridge, Worsworth, Shelley, Emily Dickinson, Byron, Novalis, os irmáns Schlegel, Heine, Leopardi, Hugo, Keats, Hölderlin e Heidegger. Por último, tendo en conta toda esta tradición europea coa que dialogou se entende mellor a súa obra.

Tarrío Varela, Anxo, "Cultur.gal e o europeísmo", *Galicia Hoxe*, "De letras e signos", 17 maio 2007, p. 4.

Comenta que a feira da industria cultural galega Cultur.gal reuniu en Pontevedra, por iniciativa da Asociación Galega de Editores, unha boa parte das empresas dedicadas á producción, difusión e venda de libros e doutros bens culturais en lingua galega. Sinala que con esta xuntanza se pretende reivindicar un dominio de internet exclusivo para Galicia. Por outra parte, indica que na mesma semana un acto lembrou en Trasalba os vínculos entre a Xeración Nós e Europa. Deste acto, critica que sexa un máis dos exercicios de "autocompracencia e ensimismamento" da cultura galega, á vez que cita un artigo de Rafael Dieste no que este manifestaba o seu cansazo cara a esa continua busca das esencias de Galicia polas esencias. Así mesmo, considera que o europeísmo é outra desas esencias que dubida que se deban seguir manexando no discurso cultural, ideolóxico e político galego. Na súa opinión, é moito máis interesante a iniciativa de Cultur.gal que a de Trasalba, posto que a primeira pode ser, segundo afirma, exemplo do que Galicia "pode dar de si cando non practica o ensimismamento".

Tarrío Varela, Anxo, "Edoy Leliadoura", *Galicia Hoxe*, "De letras e signos", 22 novembro 2007, p. 4.
Refírese á colección que Olegario Sotelo Blanco emprendeu na época dos anos 80 e parte dos 90 baixo un título que reproducía un dos versos do refrán (*Lelia doura*) dunha cantiga de Pedr'Eanes Solaz, trobador, posibelmente galego do século XIII, de quen se coñece un total de sete cantigas. A continuación, anuncia unha nova colección co título do segundo daqueles versos: *Edoy Lelia* Doura, que conta con estes seis poemarios representativos de catro xeracións: *Sextinario: trinta e seis + tres,* de Marica Campo (1948); *Onde o ollar comeza a doer,* de Antón L. Dobao (1963); *Bingo,* de Pilar Beiro

(1968); *Derrotas con raíces,* de Modesto Fraga (1974); *Memoria de Ahab,* de Rafa Villar (1968); e *Os poemas de como se rompe todo*, de Daniel Salgado (1981). Ante esta inusitada eclosión de obras poéticas, lembra que hai trinta anos non se podía agardar un dinamismo tan grande no sistema literario galego e, concretamente, no discurso poético. Explica que a poesía galega pasou de ser unha tarefa case exclusiva de profesores, polo tanto adultos e maiormente varóns, a contar con poetas próximos á adolescencia, estudantes e mulleres. Engade que o outro factor de expansión é o dinamismo discursivo, dende os derradeiros estertores da denominada "poesía social" até a de última hora, con tendencias como o coloquialismo, o fragmentarismo, o experimentalismo ou o culturalismo, entre outras, que demostran unhas inquedanzas rupturistas.

Toro, Suso de, "Conversando cos mortos", *El País*, "Botella ao mar", 16 febreiro 2007, p.43.

Comenta o libro de poesía de Eduardo Moreiras, un autor xa morto que non obstante ten unha poesía viva na que con naturalidade cita a Góngora, Orwell, Kinrad, Lorenz, Bach, Otero, María Mariño ou Miguel Hernández, sen esquecer aos veciños do Courel, os lobos, os cans ou os cabalos. Dá conta de que era un poeta xeneroso que escribía sabendo que non o ían ler, pero anos despois alguén está escribindo sobre el e iso é un éxito que moitos dos que son lidos na actualidade quizais non teñan. Tamén se refire a unha antoloxía da poesía de Xoán Manuel Casado, quen cría na Galicia da montaña pura, sen contaminar, no paraíso da infancia, pois era un home inocente e por iso tiña o don da poesía que non é dado a todos. Finalmente, defende a Dionisio Pereira, que está sendo condenado por volver a vista atrás, e confesa que se o culpan el tamén é cómplice.

Valcárcel, Marcos, "Prego de Oliver", *La Región*, "Pan por pan", 11 xaneiro 2007, p. 69.

Dáse conta nunha breve noticia da exposición que se está levando a cabo na Casa de Galicia de Madrid presentada por Basilio Losada e boa parte da familia do pintor, Prego de Oliver. Coméntase que este ourensán foi un gran artista aínda que moi esquecido polos intelectuais galeguistas, de todas maneiras Otero Pedrayo gabou a súa obra nuns artigos que se publicarán como libro proximamente.

Valcárcel, Marcos, "Yunque', a vangarda política", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 12 xaneiro 2007, contracuberta.

Faise eco da publicación, por parte do Centro Ramón Piñeiro, da edición facsimilar da revista *Yunque (Periódico de vanguardia política)*, publicado en Lugo e do que só saíron á luz seis números. Sinala que Elvira Meilán e Claudio Rodríguez Fer recuperan agora os tres primeiros, descoñecidos até o momento por moitos investigadores desta revista, a máis esquerdista da época, se ben mesturaba elementos ideoloxizantes con textos de autores tan coñecidos como Luís Pimentel, Ánxel Fole ou mesmo Federico García Lorca. Así mesmo, apunta que *Yunque* levaba ás súas páxinas entregas de artistas da talla de Seoane, Maside ou Colmeiro. Indica tamén que nela apareceron os

primeiros artigos de Ramón Piñeiro e outros asinados por Álvaro Cunqueiro ou Víctor Casas.

Valcárcel, Marcos, "O primeiro Fole", *La Región*, "Pan por pan", 14 xaneiro 2007, p. 77.

Comenta que Ánxel Fole defendeu, cando mozo, unha postura de oposición ao caciquismo e en favor do comunismo, coincidindo coa súa etapa de dirección da revista *Yunque*. A seguir, apunta que o autor militou na ORGA e no Partido Radical-Socialista antes de entrar no Partido Galeguista. Por último, indica que a súa tendencia comunista queda patente no poema "Diana", publicado en 1932 na revista que dirixía.

Valcárcel, Marcos, "A etapa radical de Ánxel Fole", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 17 xaneiro 2007, contracuberta.

Lembra os primeiros anos de Ánxel Fole nos que militaba na ORGA e, posteriormente, no Partido Radical-Socialista, antes de facelo no Partido Galeguista. Sinala que por aquela dirixía a revista *Yunque* e escribía en castelán artigos nos que alentaba á mocidade galega a situarse en contra do caciquismo, así como indica que tamén nas súas páxinas fixo as súas incursións literarias. Remata cun poema no que expresa a súa filiación socialista, pero cun pouso de comunismo.

Valcárcel, Marcos, "Nimbos", *La Región*, "Pan por pan", 20 xaneiro 2007, p.48/"A beleza intacta de "Nimbos", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 29 xaneiro 2007, contracuberta.

Rescátase a idea de que os escritores son uns adiantados ao seu tempo e ven cousas para as que os demais precisan de máis tempo. Lémbrase o poemario de Xosé María Díaz Castro, *Nimbos*, no que se falaba dunha Galicia estancada e esa é a sensación que ten o articulista cando novamente fracasa a reforma do Estatuto de Autonomía. Aproveita para destacar as calidades do poemario que se acaba de reeditar, no que se funden contidos filosóficos e relixiosos con elementos clasicistas que o enchen de beleza.

Valcárcel, Marcos, "Encontros literarios", *La Región,* "Pan por pan", 23 xaneiro 2007, p.61/"Escribir dende a liberdade", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 31 xaneiro 2007, contracuberta.

Recórdase que durante esa semana se celebrou en Ourense a XVIIª edición dos "Encontros Literarios do Liceo", que se realizaron por primeira vez no ano 1990 á iniciativa de Carlos Casares. Sinálase que, seguindo co seu espírito, nesta edición o tema foi a literatura e a memoria e que nestes encontros participaron, entre outros, Suso de Toro e Benjamín Prado, que publicaron as novelas *Home sen nome* e *Malas gentes que caminan*, respectivamente, cunha temática afín. Deféndese a escrita dende a liberdade da que fixo gala M. Caballero Bonald na conferencia "A novela da memoria".

Valcárcel, Marcos, "Efemérides cultural", *La Región*, "Pan por pan", 4 febreiro 2007,

p. 77.

Destácanse os centenarios máis importantes que terán lugar durante o ano 2007, entre os que están os cen anos da homenaxe póstuma a Pascual Veiga celebrada no Gran Teatro da Habana; do mitin de Betanzos convocado por Solidariedad Gallega e no que Lugrís Freire participou en galego; do nacemento do xornal *A Nosa Terra*, e de personaxes tan importantes como Ramón Martínez López, Xaquín Lorenzo, Xesús Taboada Chivite e Antón Failde.

Valcárcel, Marcos, "Palabras contadas", *La Región*, "Pan por pan", 6 febreiro 2007, p. 61/"Microrrelatos de Camilo Franco", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 7 febreiro 2007, contracuberta.

Comentario sobre o libro de Camilo Franco, *Palabras contadas* (2006), no que se recollen un conxunto de historias breves que se poden enmarcar dentro do xénero que dá título á columna. Sinálase que Franco é un defensor da brevidade dos textos literarios e apúntase que o microrrelato esixe, ademais desa concisión, virtuosismo á hora de contemplar o mundo que se vai plasmar na folla. O humor e a ironía son outros elementos que, para Valcárcel, definen a produción de Camilo Franco.

Valcárcel, Marcos, "Seoane", *La Región*, "Pan por pan", 7 febreiro 2007, p. 69/"Seoane e os cartos de América", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 10 febreiro 2007, contracuberta.

Sinala que Luís Seoane se converte, trala morte de Castelao en 1950, na gran voz da cultura galega no exilio. Comenta que, precisamente, dende Bos Aires publica a revista *Galicia Emigrante*, na que toman parte destacados persoeiros da cultura galega, entre eles Ramón Otero Pedraio. Indica que a publicación se configurou, ademais, cun forte sentido crítico. Como exemplo, menciona o editorial do número 4, no que se denuncia que se pidan cartos para a mellora de Galicia aos emigrantes e non aos ricos que viven na propia comunidade.

Valcárcel, Marcos, "Poeta e inventor do futbolín", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 13 febreiro 2007, contracuberta.

Dá conta do pasamento de Alejandro Finisterre, pseudónimo de Alejandro Campos Ramírez coñecido polo seu labor de poeta e editor, mais, sobre todo, polo invento do futbolín en plena guerra civil, inspirándose no tenis de mesa. Indica que o falecido estivo en Galicia, no congreso *De Pedra e de Palabra* organizado polo PEN Clube hai poucas semanas.

Valcárcel, Marcos, "Finisterre", *La Región*, "Pan por pan", 13 febreiro 2007, p. 69.

Con motivo da morte do poeta e editor Alejandro Finisterre, faise un repaso pola súa produción, que comeza en 1936 coa obra poética *Cantos quintos*, á que seguiron *Cantos Esclavos. Versos de buen y mal humor*. Tamén se apunta que Edicións

Libertarias publicou en 1992 a antoloxía *Cantos Rodados*, na que se inclúe o poema "Soy de la mar", que é reproducido.

Valcárcel, Marcos, "Libertario", *La Región*, "Pan por pan", 14 febreiro 2007, p. 61/"Dúas achegas a Alejandro Finisterre", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 14 febreiro 2007, contracuberta.

Despois de lembrar o escaso coñecemento da obra deste poeta e editor, menciónanse dúas referencias de interese sobre a súa figura: un artigo de Carmen Blanco na revista madrileña en rede *Madrygal* e un extenso artigo de Antón Capelán en *A Nosa Terra*, no que, por exemplo, fai referencia a algúns poemas satíricos que Finisterre publicou contra o "felipismo" socialista e un par de poemarios inéditos en galego do autor.

Valcárcel, Marcos, "Memoria e cidade", *La Región*, "Opinión", 26 febreiro 2007, p. 16.

Propón o edificio do Banco de España como lugar de encontro da memoria en Ourense no que se expoña toda a cultura da cidade. Pensa na Xeración Nós ou nos escritores como Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Carlos Casares, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Blanco Amor, Valentín Lamas Carvajal, Antón Tovar, Valente, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Pura Vázquez. Tamén se recorda a importancia do cine, da radio, da música e como non da prensa tendo en conta que en Ourense se publicaron *O tío Marcos da Portela*, *La Zarpa*, *Heraldo Gallego* ou a *Revista Nós.*

Valcárcel, Marcos, "Pascual Veiga", *La Región*, "Pan por pan", 4 marzo 2007, p. 93.

Coméntase sucintamente que a celebración en Compostela dun encontro sobre Pascual Veiga, autor da música do himno galego, achegou novidades por parte dos participantes. Así infórmase que aínda que se pensa que a primeira interpretación en público do Himno Galego tivo lugar na Habana en 1907, o musicólogo Fernando López-Acuña sostén que xa se puido escoitar en 1896. Tamén se falou da penuria económica na que viviu o autor e a súa familia.

Valcárcel, Marcos, "O blog de Carlos Casares", *La Región*, "Pan por pan", 9 marzo 2007, p. 69/*Galicia Hoxe*, "Andoliña", contracuberta.

Lémbrase o pasamento de Carlos Casares que hai cinco anos deixaba o mundo da cultura galega orfo de maneira repentina. Fálase del como un magnífico escritor, home de conversa e para moitos un grande amigo que se vai recordar na cidade de Ourense coa lectura por parte de moitas persoas dos seus textos xornalísticos. Engádese que ademais se convocaron aos blogs galegos para que lle dediquen un comentario nas súas bitácoras. Lémbrase que Casares non tivo un espazo así na internet, pero el comunicábase cos seus lectores a través do xornal, era amigo dos trebellos polo que, se vivise nestes días, seguro tiña un blog e gustaríalle saber que hoxe vai ter un blog en múltiples bitácoras.

Varcárcel, Marcos, "Lembrando a Carlos Casares", *La Región*, "Opinión", 12 marzo 2007, p. 16.

Alude á relación que Carlos Casares mantivo co Liceo de Ourense, a través dos Encontros Literarios realizados entre 1990 e 2002 e da súa participación en numerosas citas culturais. A seguir, refírese a unha xornada de lembranza da figura do autor ourensán, na que se falou da súa personalidade, da súa capacidade imaxinativa e da súa primeira colaboración xornalística en *La Región* no ano 1961. Apunta que tamén se leron os seus textos xornalísticos e que o acto se pechou cun poema de Modesto Fraga dedicado a Casares. Por outra parte, comenta que el tivo a ousadía de convocar dende "As uvasnasolaina.blogs-pot.com" unha homenaxe, na que responderon máis de corenta bitácoras con textos conmemorativos. Explica que a experiencia tivo tanto éxito que a Fundación Carlos Casares está a pensar en editar en libro todos estes textos, ademais de anunciar que a citada institución traballa coa Universidade de Vigo na organización dun Simposio dedicado a Casares que se celebrará en decembro en Ourense.

Valcárcel, Marcos, "O ovo da serpe", *La Región*, "Pan por pan", 11 marzo 2007, p. 77/ "Crispación, o ovo da serpe", *Galicia Hoxe,* "Andoliña", 13 marzo 2007, contracuberta.

Ponse de manifesto que moitos dos artigos xornalísticos de Carlos Casares que se leron no Liceo están de plena actualidade como nos que se refería á inmigración, á saturación do tráfico nas cidades ou á crispación política. Recóllese este último tema para facer notar que non é un debate novo e que xa houbo noutros momentos políticos non afastados no tempo nos que a tensión foi moi elevada entre a clase dirixente.

Valcárcel, Marcos, "Pura Vázquez", *La Región*, "Pan por pan", 21 marzo 2007, p. 69 /"Lembrando a Pura Vázquez", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 22 marzo 2007, contracuberta.

Lémbrase a figura de Pura Vázquez, falecida hai menos dun ano, por ser o Día Mundial de Poesía. Sinálase que na cidade de Ourense se anuncian os actos que se van levar a cabo no Liceo para recordala, sendo o primeiro unha mesa redonda na que se tratarán aspectos da súa vida e obra, para despois a media tarde facer un recital, no que participarán mozos e mozas da cidade e onde se recitarán os versos da autora de *Se digo Ourense*. Pénsase que a ela lle gustaría unha homenaxe entre a xuventude porque a súa voz encheu moitas veces as aulas e ela mesma dedicou moitos dos seus libros aos rapaces e rapazas galegos.

Valcárcel, Marcos, "Virxilio en Trasalba", *La Región*, "Pan por pan", 25 marzo 2007, p. 77/"Otero, Virxilio, Ferrín", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 27 marzo 2007, contracuberta.

.

Recórdase que en 1960 Ramón Otero Pedrayo, na revista *Vida Gallega* se mostraba admirador de moitos pintores galegos como Castelao, Seoane, Prego, Maside, Laxeiro ou o ourensán Virgilio. Infórmase que este autor volveu a Trasalba nunha mostra que leva por título "Os Chaos de Amoeiro", que contou coa intelixente visión de Xosé Luís Méndez Ferrín que se encargou de revisar o significado da súa obra.

Valcárcel, Marcos, "Cartas do pasado (1)", *La Región*, "Pan por pan", 31 marzo 2007, p. 69/"Cartas dende o pasado (I)", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 5 abril 2007, contracuberta.

Coméntase que se están a ler unha serie de epistolarios de galeguistas dos anos cincuenta, da Xeración Galaxia, nos que se ofrecen novas interesantes e ademais deixan ver o forte compromiso que tiñan co país, coa súa cultura e a súa lingua. Así, apúntase que nunha delas, do ano 1949, Ramón Piñeiro fala con Francisco Fernández del Riego sobre un rapaz de Outeiro de Rei que estaba rematando un libro de versos titulado *Muiñeiro de brétemas*. Aclárase que se trataba de Manuel María, ao que reciben con entusiasmo, o mesmo que tamén se pon en Uxío Novoneyra.

Valcárcel, Marcos, "Cartas do pasado (2)", *La Región*, "Pan por pan", 1 abril 2007, p. 77/"Cartas dende o pasado (II)", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 6 abril 2007, contracuberta.

Recóllese unha carta que Ramón Piñeiro envía a Fernández del Riego por medio de Xosé Luís Méndez Ferrín na que se fala do autor de *Voce na néboa* como un escritor galego que non pretende ser outra cousa e que será un dos anovadores da prosa literaria galega. Engádese que Ramón Piñeiro anima a Francisco Fernández del Riego a que o poña en relación en Madrid cos amigos.

Valcárcel, Marcos, "Cartas do pasado (3)", *La Región*, "Pan por pan", 3 abril 2007, p. 61/"Cartas do pasado (III)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 11 abril 2007, contracuberta.

Explícase que no ano 1962 a Fundación March convocou Premio Galicia para o escritor galego que máis contribuíse á exaltación literaria da súa terra. Os candidatos máis claros eran Otero Pedrayo e Vicente Risco, o xurado presidido por Filgueira Valverde decantouse polo primeiro e isto recóllese nunha cara de Ricardo Carballo Calero a del Riego, pero bótase en falta que Carballo comentase as supostas interferencias políticas que prexudicaron a Vicente Risco en favor de Ramón Otero Pedrayo.

Valcárcel, Marcos, "Turismo", *La Región*, "Pan por pan", 8 abril 2007, p. 77.

Pensa que estes días son adecuados para coñecer novos lugares e xentes, é dicir, para facer turismo. Así, decide recoller as palabras de Vicente Risco en *Mitteleuropa*, coas que arremete contra o turismo que considera unha explotación xustificada, pois xa que hai que aturalos entende que é xusto que paguen. Na súa opinión, o turista emporca, profana lugares e di que é o que máis se asemella á prostitución.

Valcárcel, Marcos, "Galegos en Madrid", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 461, "Páxina literaria", 8 abril 2007, p. 4.

Cóntase que o escritor Vicente Araguas organiza unha xuntanza de escritores galegos na Casa da Cultura de Madrid e que alí acudiron, entre outros, Medos Romero, que se encargou de viaxar pola súa obra de maneira clarificadora, falou da muller e a dor como dúas caras complementarias e dende a súa condición de enfermeira profesional. Tamen se apunta que, pola súa banda, Rafael Yáñez recitou poemas cunha grande escenificación. Engade que foi moi grata a súa participación, pois tivo a oportunidade de saudar a Luz Pichel, Premio Esquío, e a Manuel Pereira Valcárcel, que lle anunciou a próxima publicación da súa novela na editorial Galaxia.

Valcárcel, Marcos, "O sorriso da desilusión", *La Región*, "Opinión", 9 abril 2007, p. 14.

Achégase á figura de Wenceslao Fernández Flórez que se coñece sobre todo por ser o creador da novela *O bosque animado*, que tanto éxito tivo na gran pantalla. Coméntase que releu *El hombre que compró un automóvil* de 1932 na que xoga co humor, o absurdo, a caricatura, a ironía, o sarcasmo e a parodia que quere contrarrestar a desilusión. Enténdese que é un humor na liña do empregado por Vicente Risco en *O porco de pé* (1928) ou en *Os europeos en Abrantes* (1927). Engádese que remata esta pequena novela cun "Colofón fantástico" en clave de ciencia ficción. Considérase que todos estes compoñentes se cren suficientes para que os lectores se acheguen a Fernández Flórez.

Valcárcel, Marcos, "Cartas dende o pasado (IV)", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 12 abril 2007, contracuberta.

Alúdese ao epistolario que Xosé Neira Vilas, grazas a Edicións do Castro, publicou baixo o título *Eduardo Blanco-Amor, dende Buenos Aires*. Coméntase que nel destaca a amargura coa que viviu non ter gañado o premio de novela do Centro Galego de Buenos Aires en 1970, con *Xente ao lonxe*, e da falta de apoios da galeguidade para publicar *A esmorga*. Por outra parte, sinala que se laia de como por non ser obediente o apartaron os galeguistas e que agora xa non está protexido, ademais de comentar que necesita marchar para Vigo ou A Coruña, porque en Ourense séntese abafado pola mediocridade da súa sociedade.

Valcárcel, Marcos, "Cartas dende o pasado (V)", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 13 abril 2007, contracuberta.

Recórdanse dous comentarios contrapostos de Ramón Piñeiro sobre a pertinencia na literatura galega da veta socialrealista. Lóase o traballo de Xesús Alonso Montero *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane*, na que se recupera unha carta que Piñeiro escribiu a Luís Seoane e onde se mostra crítico no cultivo da veta revolucionaria, mentres que catro anos despois escríbelle a Celso Emilio Ferreiro con grandes gabanzas, ante a publicación de *Longa noite de pedra*.

Valcárcel, Marcos, "Mulleres", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 18 abril 2007, p. 61/"As mulleres na cultura galega", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 18 abril 2007, contracuberta.

Anúnciase que no Liceo ourensán se está a levar a cabo un ciclo da Sección de Literatura onde se quere subliñar a presenza feminina na literatura galega. Coméntase que foi Encarna Otero a encargada de abrir este espazo de reflexión, no que apareceron nomes como a singular Sofía Casanova ou Felicia Auber, rescatada do esquecemento esta última por Rosa Aneiros. Entre as especialistas que acudiron ao encontro, están Carmen Blanco, Dolores Vilavedra, Carme Vidal e Aurora Marco, que pretenden achegar luz dentro da literatura á importancia das voces femininas.

Valcárcel, Marcos, "Lembranza de Bonifacio Borreiros", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 20 abril 2007, contracuberta.

Columna na que se comenta brevemente o libro *Bonifacio Borreiros na memoria de Galicia*, que acaba de editar Biblos baixo a coordinación de Pedro X. Blanco Llano. Sinálase que o volume se configura coma unha homenaxe a este militante galeguista e socialista, falecido pouco tempo antes da súa saída ao prelo e do que se fai unha semblanza biográfica. Apúntase que no libro colaboran máis de oitenta persoeiros da cultura ou a política, entre os que sobresaen Xosé Ramón Barreiro, Ramón Villares, Justo Beramendi, Salvador García Bodaño ou Isaac Díaz Pardo. Tamén se indica que a obra se acompaña dunha escolma de versos de coñecidos poetas da literatura galega e universal, entre os que está Celso Emilio Ferreiro.

Valcárcel, Marcos, "Celebramos onte", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 24 abril 2007, p.61.

Faise eco de que no Instituto da Carballeira polo Día do Libro, se leron durante dúas horas poemas en diversas linguas e conseguiron que os mozos e mozas escoitaran con atención e interese poemas de autores como Lorca, Alberti, Pedro Salinas ou Miguel Hernández, en lingua castelá. Apúntase que, en galego, os autores escollidos foron Celso Emilio Ferreiro, Antón Tovar, Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Luís Acuña, Olga Novo ou María do Cebreiro. Así mesmo, sinala que tamén estiveron presentes Catulo, Ovidio, Shakespeare ou Paul Éluard.

Valcárcel, Marcos, "Sete parabéns sentidos", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 26 abril 2007, contracuberta.

Realiza unha unha serie de felicitacións a personaxes que protagonizaron novas culturais. Entre elas, sobresaen as que dedica a Agustín Fernández Paz, polos máis de sesenta mil exemplares que vendeu da súa obra *Cartas de inverno*; a Darío Xohán Cabana, polo seu poemario *Cabalgada na brétema*; a Manuel Rivas, polo premio que recibiu dos Libreiros de Madrid por *Os libros arden mal*; e a Francisco Xosé Fernández Naval, que obtivo o premio de poesía Cidade de Ourense con *Miño*.

Valcárcel, Marcos, "Un consello", *La Región*, "Pan por pan", 28 abril 2007, p. 69/"Cine e Literatura, un consello", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 1 maio 2007, contracuberta.

Breve reflexión sobre os vínculos que existen entre literatura e cine, e á inversa. Considera que no mundo actual Cine e Literatura non son xa realidades paralelas, senón acotío complementarias ou converxentes. Respecto ás letras galegas, afirma que, polo menos dende os anos 50 e, sobre todo dende os autores da Nova Narrativa Galega, o cine está presente na obra de Carlos Casares, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Camilo Gonsar. No senso contrario, sinala que os cineastas fan o mesmo cos escritores: narrar unha historia.

Valcárcel, Marcos, "Humor", *La Región*, "Pan por pan", 4 maio 2007, p. 93/"Humor, provocación, televisión", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 5 maio 2007, contracuberta.

Despois de sinalar que Galicia é unha terra de grandes humoristas (Julio Camba, Wenceslao Fernández Flórez, Álvaro Cunqueiro ou Celestino Fernández de la Vega), o autor bota de menos na televisión galega a sátira que si se aprecia neste medio de comunicación noutras autonomías españolas.

Valcárcel, Marcos, "Cunqueiro", *La Región*, "Pan por pan", 8 maio 2007, p. 61/"O señor de Mondoñedo na televisión", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 9 maio 2007, contracuberta.

Referencia á entrevista que Joaquín Soler Serrano efectuou ao literato no ano 1978 e que agora pode consultarse na rede. Sinálase que nela, Cunqueiro fala da súa condición de escritor, dos seus hábitos de escritura e dos segredos da literatura. Coméntase que os novos escritores aprenderán moito máis con esta conversa que lendo os manuais nos que se tenta ensinar a redactar. Remata coa reivindicación de que tamén a televisión galega debería recuperar as entrevistas feitas aos nosos escritores clásicos.

Valcárcel, Marcos, "Galicia e Europa", *La Región*, "Pan por pan", 10 maio 2007, p. 85/"Europa, Galicia e a Xeración Nós", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 8 maio 2007, contracuberta.

Comenta que a exposición "Galicia, célula de universalidade. Europa e a Xeración Nós", que se inaugura o día da publicación deste artigo no Museo do Pobo Galego, busca resaltar a estreita vinculación que este movemento galeguista tivo, dende sempre, coa idea de Europa. Sinala que se trata dunha exposición organizada pola editorial Galaxia, na que se destaca que a obra de Vicente Risco, Ramón Otero Pedraio ou Castelao beberon na cultura continental e vinculárona ás súas propias raíces galegas. "Somos Europa" é a frase de Otero Pedraio que recolle para sinalar esa conciencia que os homes da Xeración Nós tiveron da necesidade de unir inseparabelmente a cultura galega á identidade europea.

Valcárcel, Marcos, "Onde Europa", *La Región*, "Pan por pan", 12 maio 2007, p. 85/"Onde Europa se chama Trasalba", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", contracuberta.

A partires dun discurso titulado "Onde Europa se chama Trasalba", pronunciado por Ramón Villares no lugar que fora residencia de Ramón Otero Pedrayo, o autor reflexiona sobre as pegadas europeas do galeguismo dos anos trinta, coa Xeración Nós. Fai así referencia ás diferenzas que no seo desta xeración existían ideoloxicamente ao respecto deste tema, tanto antes da guerra coma despois dela, cando Castelao aposta polo federalismo e a idea europea e o grupo de Galaxia e Ramón Piñeiro o fan tamén, mais dende outra perspectiva. Por último, recolle unhas declaracións do propio Otero Pedraio para poñer de manifesto a convicción destes homes na necesidade de unión dos pobos do continente.

Valcárcel, Marcos, "Galicia, Europa, Nós", *La Región*, "Opinión", 14 maio 2007, p. 14.

Con motivo do día de Europa inaugurouse no Museo do Pobo Galego de Compostela a mostra *Galicia, célula de universalidade. Europa e a Xeración Nós*, coa que se pretende amosar o europeísmo do galeguismo histórico dos trinta. Para expresar eses vínculos recóllense unhas declaracións de Otero Pedraio, Plácido Castro e Castelao ilustrativas ao respecto, xa que todos eles defenden a relación da súa terra co continente.

Valcárcel, Marcos, "As grandes preguntas da historia", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 23 maio 2007, contracuberta.

Reflexión sobre os persoeiros da cultura que se sentiron atraídos por doutrinas totalitarias coma o fascismo e sobre a necesidade de ter presentes os grandes conflitos, marcados pola barbarie e a sinrazón. Neste sentido, faise referencia á novela *Deus sentado nun sillón azul*, que Carlos Casares escribiu tras coñecer en Alemaña o pazo onde se tomou a denominada "solución final" contra os xudeus.

Valcárcel, Marcos, "Libros galegos", *La Región,* "Pan por pan", 2 xuño 2007, p. 77.

Lémbrase a presentación hai vinte e cinco anos en Trasalba da Biblioteca Básica da Cultura Galega, impulsada por Galaxia da man de Bieito Ledo. Destácase que alí estivo Xaquín Lourenzo, xa que tamén se recuperaba na colección o II tomo da súa *Etnografía. Cultura material.* Sublíñase que nela apareceron cincuenta tomos cos máis valiosos clásicos galegos (poesía, narrativa e ensaio) e que dende aquela non houbo outra iniciativa igual.

Valcárcel, Marcos, "Radignet, o diaño no corpo", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 27 xuño 2007, contracuberta.

Fálase sobre o amor apaixonado que remata ás veces en loucura irracional e mesmo en suicidio para referirse á obra de Raymond Radignet, *O diaño no corpo*. Dise que a novela foi escrita cando o autor tiña vinte anos e que quizais tivese algo de autobiográfica. Coméntase que foi levada ao cine en 1947 e que se trata dunha historia

de amor adúltero entre un inmaturo, case neno, e unha muller casada que ten o home na guerra do 14.

Valcárcel, Marcos, "Nin sequera no amor", *La Región*, "Pan por pan", 28 xuño 2007, p. 69.

Reflexiónase sobre a non universalidade dos códigos do amor e de como a concepción do amor total é sinónimo de sufrimento. A modo de diferentes concepcións, póñense versos de Quevedo e outros de Rosalía de Castro como autora que rexeitou nos seus versos o amor paixón.

Valcárcel, Marcos,"Os escritores galegos ante a guerra civil", *La Región*, "Opinión", 2 xullo 2007, p. 14/ "Escritores na Guerra Civil", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 3 xullo 2007, contracuberta.

Comentario do libro *Os escritores galegos ante a guerra civil* (2006), de Alonso Montero, que inclúe traballos inéditos e xa publicados que nos informan da posición adoptada polos literatos galegos ante o novo réxime e a guerra civil española. Na obra amósase duro coa posición adoptada por Vicente Risco ou Álvaro Cunqueiro, mais comprende as actitudes de Ramón Otero Pedrayo, quen se exiliou interiormente, e as de Celso Emilio Ferreiro, que se viu obrigado a escribir versos en favor de Franco.

Valcárcel, Marcos, "Escritores na Guerra Civil (II)", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 3 xullo 2007, contracuberta.

Volve a referirse á obra de Xesús Alonso Montero, que critica a Ramón Cabanillas por volver a Cambados dende a zona republicana, e a Francisco Javier Sánchez Cantón, amigo de Castelao. Engade que sobre os antifranquistas, entre os que cita a Ricardo Carballo Calero e Eduardo Blanco Amor, tamén atopou notas de interese. Como xa comentara na primeira parte deste artigo, condena especialmente as actitudes de Vicente Risco e de Álvaro Cunqueiro, mentres que comprende mellor o camiño intermedio tomado por Aquilino Iglesia Alvariño e Celso Emilio Ferreiro. Por último, considera que un dos capítulos máis valiosos é aquel dedicado a Ramón Otero Pedrayo no exilio interior (1936-1949).

Valcárcel, Marcos, "Escritores na Guerra Civil (e III)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 5 xullo 2007, contracuberta.

Comeza falando do traballo de Alonso Montero na recuperación da Memoria Histórica para pasar a referirse a propostas concretas que ofrece no seu último libro, *Os escritores galegos ante a guerra civil española, 1936-1939. Textos e actitudes* (2006). Por último, acaba expresando o seu desexo de que figuras como Risco ou Cunqueiro non rematen no esquecemento.

Valcárcel, Marcos, "O zoo de cristal", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 21 xullo 2007, p. 53.

Recoméndase a lectura da obra *O zoo de cristal*, do dramaturgo norteamericano Tennessee Williams, quizais a máis autobiográfica das escritas por el. Considérase de máis calidade que outras que non obstante son máis coñecidas como *Un tranvía chamado desexo* ou *Unha gata sobre un tellado de zinc*. Remátase cuns versos inspirados por súa irmá que rematou nun psiquiátrico e que aparece retratada na peza recomendada baixo a figura da moza coxa e tímida que coleccionaba figuriñas, a irmá de Tom, o protagonista.

Valcárcel, Marcos, "Manuel Lourenzo", *La Región*, "Pan por pan", 1 setembro 2007, p. 62/"Manuel Lourenzo Pérez", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 1 setembro 2007, contracuberta.

Faise un percorrido pola vida profesional de Manuel Lourenzo que recibirá o premio Casa dos Poeta en Celanova, vila onde naceron Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro. Trázase a súa traxectoria como home de teatro dende os sesenta até a actualidade. Lémbrase que é autor de textos para a escena, ensaios, actor, directo e impulsor de iniciativas como O Facho, Teatro Circo, Compañía Luís Seoane ou Casahamlet.

Valcárcel, Marcos, "Denunciar a Deus", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 26 setembro 2007, contracuberta.

A propósito da denuncia que o senador norteamericano Ernest Chambers emprendeu contra Deus pola súa falta de compaixón, lembra que Manuel Curros Enríquez fixo acusacións moi semellantes no poema "Mirando ao chau" que lle causaron ben de problemas. Cita tamén versos de Antón Tovar nos que culpabiliza a Deus.

Valcárcel, Marcos, "Cen máis cen pés", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 4 outubro 2007, contracuberta.

Dá conta da publicación do volume *Cen + Cen Pés*, no que Xaquín Marín reúne douscentos debuxos. Lembra as colaboracións do debuxante en revistas como *Chan*, impulsada por Borobó, e tamén en *La Codorniz*, e comenta que sempre lle chamou a atención a súa representación do poder, a opresión, os vencedores e os perdedores. Ademais refírese ás súas declaracións nunha entrevista para *Vieiros* nas que Marín se laia da desaparición progresiva do humor e da retranca galega. Sinala que a pesar da gran cantidade de medios actuais para afortalar a nosa visión do mundo e da existencia da Televisión Galega, nin Siro nin Marín nin outros, non tiveron nin teñen presenza nela.

Valcárcel, Marcos, "Cunqueiro e os caracois", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 13 outubro 2007, contracuberta.

Recolle algunhas das anécdotas que relataba Álvaro Cunqueiro arredor dos caracois e a incontinencia sexual que causa o consumo destes bichos recollidas nunha serie de artigos publicados nas revistas *Bazaar* e *Primeira plana* a finais do franquismo.

Valcárcel, Marcos, "Vázquez Núñez", *La Región*, "Pan por pan", 18 outubro 2007 p. 69/"Arturo Vázquez Núñez", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 20 outubro 2007, contracuberta.

Retrata a Arturo Vázquez Núñez, homenaxeado estes días con motivo do centenario da súa morte no Liceo de Ourense. Destaca que impulsou a Comisión de Monumentos e que posuía unha gran biblioteca que alimentou os intelectuais da Xeración Nós.

Valcárcel, Marcos, "Cultura e nacionalismo (I)", *La Región*, "Opinión", 29 outubro 2007, p. 14/"Nacionalismo e cultura, reflexións (I)", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 6 novembro 2007, contracuberta.

Destaca o labor cultural das asociacións culturais na conformación do pensamento nacionalista a través da creación de revistas, debates, mesas redondas, conferencias, exposicións, etc. Declara ter participado dende a Fronte Cultural da AN-PG a carón de Manuel María, Lois Diéguez, Felipe Senén, Millán Picouto, Claudio Rodríguez Fer, Carmen Blanco, Perfeuto Estévez, entre outros moitos. Tamén destaca o núcleo compostelán arredor de Margarita Ledo ou Pepe Barro e a participación do estudantado nas asociacións O Galo e O Eixo e nos cine clubs da época. Coa chegada da democracia recoñece o decrecemento deste labor e as máis activas foron as que separaron cultura e política. A propósito do momento actual sinala que "a realidade de hoxe, cando mesmo [o nacionalismo] está gobernando, non é excesivamente optimista. A consellería de cultura, en mans do BNG, semella estar vampirizada e engulida pola pantasma do monte Gaiás (...) mentres se expande o desánimo entre moitos axentes e creadores culturais".

Valcárcel, Marcos, "O valor do xornalismo cultural", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 31 outubro 2007, contracuberta.

Destaca os contidos do caderno *Cultura* nacido da man de Luís Álvarez Pousa en *La Voz de Galicia* en 1980, reparando na atención prestada a escritores como Eduardo Blanco Amor, Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro ou Vicente Risco, nos debates arredor de diferentes aspectos relacionados coa literatura galega e na presenza de firmas como as de Carlos Casares, Anxo Tarrío, Xesús Alonso Montero, Ricardo Carballo Calero, Basilio Losada, Víctor Freixanes, Xosé Antonio Perozo, Manuel Rivas ou Xavier Seoane.

Valcárcel, Marcos, "Conferencias", *La Región*, "Pan por pan", 31 outubro 2007, p. 61/ "Conferencias, temores, tópicos...", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 2 novembro 2007, contracuberta.

Parte dunha anécdota que lle contou o director de teatro Manuel Lourenzo cando nunha vila galega tivo que representar unha das súas obras para unha soa persoa. Recolle tamén a experiencia que relatou Juan José Millás sobre un dos temores de calquera conferenciante: atopar a sala baleira. Engade que aínda é peor que a sala vaia quedando baleira pouco a pouco até que o orador queda só.

Valcárcel, Marcos, ”Cultura e nacionalismo”, *La Región*, “Opinión”, 5 novembro 2007, p. 13/“Cultura e Nacionalismo (II)”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 7 novembro 2007, contracuberta.

Destaca o labor cultural do estudantado nas asociacións culturais dos anos setenta arredor de entidades como a Auriense, O Galo e O Eixo e nos cine clubs da época, nos que participaban, entre outros, Antón Baamonde, Camilo Valdeorras, Luís González Tosar ou Xosé Miranda. Coa chegada da democracia recoñece o decrecemento deste labor e como as asociacións máis activas foron as que separaron cultura e política, mentres que outras desapareceron. A propósito do momento actual sinala que “velaí a realidade actual cunha consellería de cultura vampirizada pola pantasma do monte Gaiás”.

Valcárcel, Marcos, “Leliadoura”, *La Región*, “Pan por pan”, 9 novembro 2007, p. 73.

Alude á aparición da colección de poesía “Leliadoura” da man de Olegario Sotelo Blanco en 1985, pola que pasaron nomes como Manuel Rivas, Miguel Anxo Fernán Vello, Ramiro Fonte, Pilar Pallarés, Claudio Rodríguez Fer, Cesáreo Sánchez ou Manuel Guede. Anuncia a reaparición da colección, agora denominada “Edoy Leliadoura”, baixo a dirección de Xesús González Gómez, con seis poemarios: *Memoria de Abad*, de Rafa Villar; *Onde o ollar comeza a doer*, de Antón Dobao; *Os poemas de como se rompe todo*, de Daniel Salgado; *Bingo*, de Pilar Beiro; *Xestinario: 36 + 3*, de Marica Campo; e *Derrotas con raíces*, de Modesto Fraga.

Valcárcel, Marcos, “Corenta anos da Auriense”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña, 13 novembro 2007, contracuberta.

Lembra os aniversarios que se celebran en terras aurienses: os vinte e cinco anos da creación do Outono Fotográfico e d’*O Carrabouxo*, o personaxe de humor gráfico de Xosé Lois González; e os corenta anos da Auriense, que se celebrou cun sinxelo acto no que partiparon Nemesio Barxa, Xosé Lois González e Montse Gómez. Refírese á traxectoria desta agrupación e á presenza nela de Ramón Otero Pedrayo, Manuel Ferro Couselo, Xaquín Lorenzo ou Eduardo Blanco Amor.

Valcárcel, Marcos, ”Consumo cultural”, *La Región*, “Pan por pan”, 14 novembro 2007, p. 69.

Achega datos oficiais sobre os hábitos de lectura que teñen os galegos e indica que só un corenta e un por cento leron algún libro no último ano, polo tanto, afirma que a cultura segue sendo minoritaria no noso país.

Valcárcel, Marcos, ”Bisbarra”, *La Región*, “Pan por pan”, 14 novembro 2007, p. 69.

Refírese á revista *Bisbarra*, aparecida en 1984 co propósito de dar a coñecer a cultura popular dos concellos de Amoeiro, A Peroxa, Cea, Coles, Vilamarín e Piñor, así como presentar os seus escritores e poetas, entre os que cita a Ramón Caride Ogando, Franciso Fernández Naval e Ánxel Sevillano. Nomea entre os colaboradores a Manuel María, Víctor Freixanes e Xoaquín Lorenzo, ademais do propio Marcos Valcárcel.

Valcárcel, Marcos, “Sección de literatura do Liceo”, *La Región*, “Opinión”, 26 novembro 2007, p. 14.

Celebra a boa marcha que está a levar a Sección de Literatura do Liceo, creada en 2001 cunha conferencia ao seu cargo sobre Eduardo Blanco Amor. Comenta que nestes cinco anos son moitos os socios cos que conta a Sección e afirma que realizaron máis de trescentas actividades. Salienta o Premio de Microrrelatos Carlos Casares, os Encontros Literarios, o ciclo Visións de Galicia, as visitas literarias e as lembranzas a personalidades culturais.

Valcárcel, Marcos, “Blanco Amor e a memoria da cidade (I)”, *La Región*, “Opinión”, 3 decembro 2007, p. 14/“Eduardo, homenaxe e desagravio”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 5 decembro 2007, contracuberta.

Conta como despois de moitas conversas con Luís González Tosar arredor da necesidade de que Ourense lle fixese unha recoñecemento relevante a Blanco Amor que servise de desagravio á indeferenza con que foi tratado en vida, xurdiu, por iniciativa do Pen Club galego que preside Tosar, tal homenaxe que conta xa con catro anos de vida. Indica que se realiza un percorrido que comeza no cemiterio de San Francisco no que participan os institutos da cidade e que tras as sucesivas edicións “o balance do realizado non é malo”: unha edición escolar de *A esmorga*, un monumento a Blanco Amor no centro de Ourense, a recuperación da súa poesía amatoria en castelán en *Ars Amandi*. De cara ao futuro, o Concello da cidade organizará un premio de investigación e outro de relatos da mocidade en lembranza do autor.

Valcárcel, Marcos, “Pan por pan”, *La Región*, “Pan por pan”, 6 decembro 2007, p. 69.

Reflexiónase sobre o ocorrido na homenaxe a Eduardo Blanco Amor feita na cidade de Ourense. Dise que neste o propio Marcos Valcárcel e as demais persoas alí presentes quedaron abraiados ao descubriren a estatua do homenaxeado cuberta dunha estrutura metálica que se empregaba como iluminación do Nadal. Finalmente resolveuse o problema e lembraron a importancia do ilustre escritor ourensán.

Valcárcel, Marcos, **“**Blanco Amor e a memoria da cidade (II)”, *La Región* , 10 decembro 2007, p. 16/“Blanco Amor, engaiolado”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 6 decembro 2007, contracuberta.

Coméntase a importancia do espazo urbano da cidade de Auria, trasunto de Ourense, na obra de Eduardo Blanco Amor, onde se observa a presenza constante de lugares simbólicos e moi significativos do Ourense da época que o autor reflicte nas súas páxinas. Serve de exemplo a referencia a lugares como a Praza Maior, a Fonte Nova, a rúa da Paz, o Campo dos Remedios como simbolismo das loitas obreiras e agrarias, O Posío e outros moitos que forman parte dese pasado que o autor recolle nas súas novelas e contos como *Xente ao lonxe* ou *As arrasadeiras*.

Valcárcel, Marcos, "Carlos Casares a estudo", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 12 decembro 2007, contracuberta.

Preséntase o I Simposio Internacional Carlos Casares organizado polo Fundación Carlos Casares e as tres universidades galegas, no cal se fará o primeiro achegamento académico relevante á figura do escritor. Dise que nel se analizará a vida e obra do escritor nas súas múltiples facetas e que mesmo persoeiros relevantes como Xavier Carro ou Arcadio López-Casanova compartirán cos presentes as súas propias vivencias co escritor, xa que forman parte da súa biografía como amigos e compañeiros.

Valcárcel, Marcos, "México", *La Región*, "Pan por pan", 13 decembro 2007, p. 69/"Homenaxe ó exilio mexicano", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 13 decembro 2007, contracuberta.

Lémbranse figuras representativas do galeguismo que dende o exilio mexicano loitaron por Galicia dende ámbitos tan diversos como o cine (Carlos Velo), a poesía (Florencio Delgado Gurriarán), a política (Castelao) ou a medicina (Francisco Comesaña). Entre outros feitos, destácase a creación da revista *Vieiros* ou obras como o *Cancioneiro da loita galega* (1943) e que México mantivo o apoio ao goberno republicano no exilio até a morte de Francisco Franco. Por último, coméntase que a Xunta de Galicia organizará unha homenaxe a todas estas persoas.

Valcárcel, Marcos, "Escaparate cheo de libros", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 14 decembro 2007, contracuberta.

Dise que no I Simposio Internacional sobre Carlos Casares, o seu amigo Xavier Carro lembrou o momento no que o homenaxeado viu nun escaparate dunha librería compostelá cheo de libros galegos, un exemplar da súa obra *Vento ferido* e que, a partir deste feito, se falou da mocidade galeguista dos dous amigos xunto a outros mozos cos que compartían faladoiros. Analizouse tamén outra obra de Casares, *Xoguetes pra un tempo prohibo*, que contén o transfondo desa época e o compromiso político do autor ourensán.

Valcárcel, Marcos, "Corría o ano 1967", *La Región*, "Pan por pan", 14 decembro 2007, p. 77 */Galicia Hoxe*, "Andoliña", contracuberta.

Comeza coa lembranza de Carlos Casares e Xavier Carro no ano 1967, cando paraban diante da libraría Porto na Rúa do Vilar compostelá, de camiño para a Facultade. Dise que isto foi referido por Xavier Carro no I Simposio sobre Carlos Casares, onde tamén lembrou os anos mozos de faladoiro con el e os outros mozos universitarios. Finalmente, alúdese a que isto valeu de substrato cultural no que sería logo a súa obra *Xoguetes pra un tempo prohibido*.

Valcárcel, Marcos, "Risco, Piñeiro, Casares", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 15 decembro 2007, contracuberta.

Destácase en concreto unha das ponencias habidas no Simposio Internacional Carlos Casares, impartida por Arcadio López Casanova, lembrando os anos mozos compartidos e aludindo á figura de Vicente Risco como un dos maiores amigos e mestres de Carlos Casares. Dise que malia as diferentes ideas dos dous escritores, Casares sempre defendeu o seu mestre e amigo o cal foi para el unha grande influencia estética e en valores.

Valcárcel, Marcos, "Chea de intervencións", *La Región*, "Pan por pan", 16 decembro 2007, p. 85.

Coméntase que na última xornada do Simposio sobre Carlos Casares se realizou un roteiro pola cidade natal deste autor, no que o remate final estivo presidido polo poeta Luís González Tosar, que lembrou varios momentos vividos con el. Sinala que se referiu especialmente algún dos encontros vividos co autor portugués, Miguel Torga, tanto en Portugal como en Galicia.

Valcárcel, Marcos, "O placer de contar o mudo e a vida", *La Región*, "Pan por pan", 17 decembro 2007, p. 13.

Analízase o Simposio Internacional Carlos Casares no que o propio articulista foi encargado de abrir o encontro. Coméntase o esforzo laborioso que Casares levou a cabo para escribir a súa obra, a súa faceta como narrador realista e como xornalista, así como a súa actividade nos movementos socio-políticos da Compostela dos anos 60, como editor de literatura infantil e xuvenil ou a relación da súa obra coa de outros escritores galegos e non galegos. Por último, destácase a descuberta dunha placa conmemorativa no Liceo de Ourense en lembranza do escritor e dos faladoiros que alí tiñan lugar.

Valcárcel, Marcos, "Os maiores na cultura e nas letras", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 20 decembro 2007, contracuberta.

Lémbrase unha conferencia de Marcos Valcárcel no Club de Maiores de Ourense con motivo do 25 aniversario, no que lles falou sobre a visión do mundo dos maiores na literatura e nas artes. Coméntase que abordou este tema a partir da obra de autores de diferentes latitudes, dende o Barroco até o s. XX, poñendo como exemplo, entre outros a Castelao ou os trobadores medievais.

Valcárcel, Marcos,"A vidreira de Díaz Pardo", *Galicia Hoxe,* "Andoliña", 21 decembro 2007, contracuberta.

Dise que a figura do insigne galeguista Isaac Díaz Pardo está a recibir diversas homenaxes a pesar dos difíciles momentos que lle están tocando vivir. Destácase sobre todo unha vidreira que el deseñou e que pasou a formar parte do salón de plenos do Parlamento de Galicia, na cal se representan dúas figuras humanas que sosteñen un escudo cun dolmen e a lenda "Gallaecia". Coméntase tamén que presenta unha forte simboloxía galeguista, xa que aparecera na portada da revista *Nós* ou nalgúns carteis deseñados polo seu propio pai, Camilo Díaz Baliño.

Valcárcel, Xulio, "Galegos en Madrid. A Casa de Galicia acolle unha serie de achegas literarias", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 461, "Páxina Literaria", 8 abril 2007, p. 4.

Refírese á xuntanza de escritores galegos na Casa de Cultura de Madrid, organizada por Vicente Araguas. Dá conta da asistencia de Medos Romero, que recitou uns poemas e explicou os condicionantes da súa obra, entre os que salienta o momento histórico, a muller e a dor. Asemade, comenta que Rafael Yáñez fixo unha posta en escena espectacular que quitou protagonismo aos seus poemas. Por último, indica que o evento tamén contou coa presenza de Luz Pichel e Manuel Pereira Valcárcel.

Vázquez, Dora, "Cousas da nosa Galicia", *La Región*, "Opinión", 24 xaneiro 2007, p. 20.

Lémbrase do Coro de Ruada de Ourense que no ano 1964 dirixía Daniel González e que recollían as cancións do pobo e dábanas a coñecer fóra dos lugares de orixe. Sinálase que reuniron un corpus importante que recolleron baixo o título *Así canta Galicia*, aínda que tamén se fai saber que queda moito por compilar e deséxase que se faga para que non se perda a riqueza da Terra. Enténdese que a música pode facer chorar ou rir, e que serve para alegrar en tempos difíciles, así como se explica que baixo alalás, foliadas ou pandereitadas se foi transmitindo o espírito de Galicia.

Vázquez, Dora, "Homenaxe a Pura Vázquez", *La Región*, "Opinión", 20 marzo 2007, p. 20.

Recórdase a Pura Vázquez, irmá da articulista, á que se está homenaxeando en Ourense, cidade na que naceu na que comezou a escribir. Lémbrase a súa obra en galego e castelán como autora de poemarios, novelas e contos para nenos, así como a súa profesión de mestra e a de escritora de artigos en diferentes xornais. Dáse a coñecer que con catorce anos publicou en *La Zarpa*, para despois facelo en *La Región*, *La Noche* ou revistas como *Páginas* ou *Vida y Letras*. Para finalizar, engádense algunhas homenaxes que lle foron dadas e espérase que esta tamén a reciba no ceo.

Vázquez, Dora, "Onde se irisa la flor", *Galicia Hoxe*, "Ronseis", 22 marzo 2007, p. 5 */La Región*, "Opinión", 4 abril 2007, p. 20.

Manifesta o seu agradecemento polo envío do poemario *Onde se irisa a flor* (2006) que o seu autor, Maximino Cacheiro, lle fixo chegar cunha cariñosa dedicatoria. Define o libro como un fermoso poemario e sinala que ten tamén unha lembranza para Luz Pozo, que comentou o volume en "A entidade da flor".

Vázquez, Dora, "Aniversario de Pura Vázquez", *La Región*, "Opinión", 16 xullo 2007, p. 15.

Lembra a súa irmá Dora Vázquez que morreu o 25 de xullo de 2006 na cidade de Ourense. Faise notar que coincide co día do Apóstolo Santiago que a levou pola tardiña e xa non a volveron ver máis os seus seres queridos. Entende que foi poeta dende o berce, xa con catorce ou quince anos escribía en varios xornais peninsulares e de fóra, como cando viviu en Caracas. Quérea recordar o día de Galicia e de todos os galegos como a gran poetisa que foi e será sempre.

Vázquez, Dora, "¡Cumpreanos feliz!", *La Región*, "Opinión", 27 agosto 2007, p.14.

Agradece os noventa e catro anos de vida que acaba de festexar a Deus pois nunca pensou chegar a esa idade. O vinte e un de agosto de 2007, presume de ter cumprido noventa e catro anos e estar en boas condicións intelectuais e físicas polo que resulta gozoso para ela. Dedica estas liñas de agradecemento á familia, aos amigos, a Deus e como mención especial ao seu bisneto Daniel, que con dous aniños comeza a dicir as súas primeiras palabras.

Vázquez Monxardín, Afonso, "Cinco anos sen Carlos Casares", *Galicia Hoxe*, "Camiño do vao", 13 marzo 2007, p. 5.

Lémbrase a Carlos Casares ao que se lle rendeu homenaxe no Liceo de Ourense coa lectura de máis de medio cento de artigos xornalísticos que escribía cada día na sección *Á marxe* do diario *La Voz de Galicia*. Pénsase cantos lectores se terán perdido para o galego dende que faleceu, xa que sabía contar a realidade das cousas sen máis transcendencia, sen grandilocuencias, achegándose ao lector. Coméntase que falaba do seu gato Samuel, de conversas oídas, crispacións varias, situacións simpáticas ou temas de actualidade, pero sempre trataba a noticia restándolle gravidade, pois quizais era consciente que un día un vaise e nada é importante. Laméntase do seu pasamento por ser tan novo e porque con el se foi un bastión fundamental para a lingua e a literatura galegas.

Veiga Pombo, Pura, "Homenaxe a Pura Vázquez. Día Internacional da Muller", *La Región*, "Opinión", 10 marzo 2007, p. 30.

Lémbrase a homenaxe que recibiu a escritora Pura Vázquez en 1992 polo Día Internacional da Muller no Teatro Principal de Ourense. Confésase que para a autora,

acostumada a recibir recoñecementos públicos, foi unha data memorábel, pois era nun día moi significativo e, xunto a un recital de poesía, un monólogo interpretado por Mariluz Villar e un texto de Víctor Campio, a escritora leu un manifesto feminista no que falaba da súa ledicia porque as mulleres podían ser académicas, condutoras de camión ou mineiras, pero tamén subliñaba que a igualdade real era a que había que conseguir e non só a formal, aínda que era un logro importante nesta pequena parte do mundo.

Vidal Villaverde, Manuel, "Volverlles a palabra", *Atlántico Diario*, "Opinión", 14 febreiro 2007, p. 3.

Recoméndase a lectura do libro *Volverlles a palabra* (2006), de Xoán Carlos Alberte Domínguez e Baldo Ramos que deu ao prelo Difusora de Letras Artes e Ideas e a Asociación Arrainos, sen esquecer o apoio da Consellería de Cultura. Destácanse as voces que aparecen como Marilar Aleixandre, An Alfaya, Pilar Buela, Marica Campo, María do Cebreiro, Marta Dacosta, Estíbaliz Espinosa, Olga Novo, Enma Pedreira, Pilar Pallarés, Chus Pato, Eva Veiga, Carmen Blanco, Manuel Outeiriño, Darío X. Cabana, Arturo Casas, Anxo Angueira, Manuel Álvarez Torneiro, Antón L. Dobao e outras voces, pero tamén se botan en falta outras como a de Oriana Méndez, Alfonso Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán-Vello ou Manuel Rivas, entre outros.

Vidal Villaverde, Manuel, "Galería de sombras (I)", *Galicia Hoxe*, "Fai fume", 7 marzo 2007, p. 4.

Conta unha anécdota que lle ocorreu cando era mozo nunha visita á casa do escritor Ramón González-Alegre que vivía en Vigo. Sinala que naquel momento só lera algunhas páxinas de *Entre el harpa y la soledad* do citado poeta, e que non tiña máis coñecemento del. Explica que, cando se presentou na súa casa con algunhas composicións propias da súa mocidade, o levou a mercar un dos seus volumes, *El libro de los andares*, lle pediu que o lera e, a continuación, comezoulle a falar de Espronceda, dos místicos españois e mesmo lle recitou algúns versos que non esquecerá.

Vidal Villaverde, Manuel, "Galería de sombras (II)", *Galicia Hoxe*, "Fai fume", 21 marzo 2007, p. 4.

Recorda ao seu amigo xa falecido, Pedro Díaz Álvarez, como un mestre, arqueólogo vocacional, etnógrafo e poeta que contaba entre os seus amigos aos irmáns Álvarez Blázquez ou a Celso Emilio Ferreiro. Comenta que garda unha fotografía que el mesmo lle deu cando presentou a Celso Emilio nunha conferencia no Teatro Fraga de Vigo nos anos cincuenta. Por outra banda, Manuel Vidal Villaverde traduciu ao galego a súa obra, *En Tui llueve diferente*, que ademais presentou xunto a Xosé Luís Méndez Ferrín.

Vidal Villaverde, Manuel, "Galería de sombras (V)", *Galicia Hoxe*, "Fai fume", 18 abril 2007, p. 4.

Lembra a figura do poeta Luís Pimentel que faleceu no ano 1958 sen deixar unha grande obra en número, pero si unha achega de calidade á poesía galega a través do breve poemario *Triscos*, que foi publicado na colección Benito Soto, a grande iniciativa de Sabino Torres Ferrer. Sinala que antes de morrer deixou preparado *Sombra do aire na herba*, que se considera da mellor poesía que se fixo nas letras galegas, e andaba rematando *Barco sin luces*, que xa non puido ver prologado por Dámaso Alonso. Entende que foi unha figura fundamental á que recorda con agarimo polas rúas de Lugo onde desempeñaba a profesión de médico.

Vidal Villaverde, Manuel, "Galería de sombras (VI)", *Galicia Hoxe*, "Fai fume", 2 maio 2007, p. 4.

Lembranza da traxectoria persoal de Xosé Filgueira Valverde, incidindo sobre todo nas persoas coas que trabou amizade e na relación que mantivo co réxime franquista. Salienta que Filgueira era un erudito, non un creador, pero que, a pesar diso, resaltaba pola súa intelixencia e ampla cultura. Apunta que *Seis canciones del mar in modo antico* foi a súa achega á poesía.

Vidal Villaverde, Manuel, "Galería de sombras (VII)", *Galicia Hoxe*, "Fai fume", 9 maio 2007, p. 4.

Lembranza de José Trapero Pardo, autor en prensa e académico da Real Academia Galega, que define, non obstante, como un intelectual "menor", centrado en temas de escaso interese máis aló do ámbito local. A pesares da súa relación con galeguistas como Álvaro Cunqueiro, Ramón Piñeiro ou Luís Pimentel, sinálase que non se pode adscribir á corrente destes autores. Tamén se alude aos paseos de Ánxel Fole por Lugo, á súa particular concepción da fonética e á unha nómina de persoeiros da cultura que paseaban pola cidade nos anos cincuenta, entre eles, o editor e novelista Enrique Iglesias Alvarellos.

Vidal Villaverde, Manuel, "Literatura e compromiso (e II)", *Galicia Hoxe*, "Fai fume", 23 maio 2007, p. 4.

Resalta unha serie de obras e autores que se caracterizan por enmarcarse dentro da "literatura con mensaxe". Destaca, especialmente, a Anxo Angueira con *Pensa nao*, a Vítor Vaqueiro con *Os xenerales de África* e a Manuel Rivas con *Os libros arden mal*. De Teresa Moure apunta que o seu compromiso, aínda que presente, é "parcial". No último parágrafo, volve a retomar o volume de Rivas para sinalar que nel o escritor adquire un compromiso habitual nos grandes novelistas galegos, de Eduardo Blanco-Amor a Xosé Luís Méndez Ferrín.

Vidal Villaverde, Manuel, "Día da Patria Galega", *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "Fai fume", 25 xullo 2007, p.4.

Lembra outros momentos históricos nos que se celebra o Día de Galicia, nomea o famoso discurso que Castelao pronunciou en Bos Aires, o célebre "Alba de Groria" ou

as homenaxes que se realizaban a Rosalía no Panteón de Galegos Ilustres con discursos pronunciados moitas veces complicados e perseguidos. Quéixase que na situación actual haxa só unha manifestación pacífica polas rúas de Santiago organizada polo Bloque Nacionalista Galego que non ten pretensións independentistas.

Vidal Villaverde, Manuel, "Bernardino Graña", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Francisco muro de Iscar", 3 outubro 2007, p. 3.

Súmase á homenaxe que vai recibir Bernardiño Graña destacando a calidade da súa obra e lembrando algunhas anécdotas compartidas. Cita uns versos que corresponden a un dos mellores libros de poesía mariñeira: "O mar é teu, Tío Emilio. / Ti sabes do mar. / Eu non sei. / Véxote lonxe, vogando, / namentres peixes de aire / refrescan a túa pel.

Vidal Villaverde, Manuel, "Crónica do mundo próximo", *Atlántico Diario*, "Opinión", 5 decembro 2007, p. 3.

Con motivo dunha crítica a Hugo Chávez, cita a "Carta a Fuco Buxán", de Celso Emilio Ferreiro, que se refire a un líder, teoricamente marxista, que na práctica fica ao marxe das demandas do pobo.

Vilavedra, Dolores, "Literatura sen fronteiras", *El País*, "*Galicia*", Luces", "Tribuna", 21 setembro 2007, p. 42.

Céntrase no tema do debate elixido na XXIII edición dos encontros de críticos e escritores que se celebran en Verines: "Literatura sen fronteiras. A recepción das Letras Españolas actuais en Europa". Pregúntase se o epígrafe "Letras españolas" inclúe a actividade realizada en idiomas como o galego, o vasco, o catalán e o castelán, xa que os contextos son diversos. No caso da literatura galega, apunta que aínda pelexa por acadar unha autonomía de seu e un grao de institucionalización mínima. Salienta tamén que cómpre analizar como se exportan as literaturas que non están escritas en castelán, e , no caso da galega, a resposta máis realista pasa por recoñecer "que cando saímos polo mundo adiante, facémolo como parte das Letras Españolas ou, no mellor dos casos, como a cuota que nestas nos corresponde". Engadíndolle autocrítica á súa reflexión recoñece a ausencia de axentes exportadores de literatura galega e a falta de apoios institucionais e de planificacións, aínda que como factor fundamental da invisibilidade apunta "a fagocitación á que, voluntaria ou involuntariamente, nos someten as Letras Españolas, cal xigantesca ameba. Cando a literatura galega sae apadriñada por estas, prodúcese unha especie de adopción das nosas obras a partir do momento en que son traducidas ao castelán".

Vilavedra, Dolores , "O escritor e a síndrome do Padornelo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 23 novembro 2007, p. 8.

Critica a falta de consideración dos escritores actuais con respecto á tradición literaria galega e, como excepción, propón a Rubén Ruibal quen, tras acadar o Premio Nacional de Literatura Dramática, confesou que se consideraba discípulo de Roberto Vidal

Bolaño. Así mesmo, tamén fai crítica daqueles escritores que tiran contra as institucións mais, pola contra, son os primeiros en presentarse aos premios literarios e consolidar as súas carreiras a partir deles.

Vilavedra, Dolores, "O risco da invisivilidade", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 14 decembro 2007, p. 9.

Artigo no se que fai unha síntese xenérica da produción literaria no 2007. Xénero por xénero, vaise informando das principais achegas ao ámbito das letras galegas: as novas apostas poéticas, coma os "Hai cu" ou a colección *Leliadoura*; as pezas creadas co gallo dos cento vintecinco anos do teatro galego; a prosa, tanto narrativa coma ensaística; e as traducións de obras foráneas feitas durante o ano.

Villar, Mariluz, "Alvarado, palabra viva", *La Región*, "Ourense", 22 marzo 2007, p. 10.

Recórdase a Segundo Alvarado Feijóo-Montenegro que foi enterrado un día antes de que se celebrara o día da poesía. Relátanse as diferentes vivencias que uniron a este xornalista coa articulista e destácase a súa xenerosidade nas críticas cando ela comezou a darse a coñecer na cidade de Ourense con diferentes proxectos moitos deles vinculados ao teatro. Conta como cando deu o seu primeiro recital poético na Delegación de Cultura da cidade el foi un dos primeiros en dedicarlle unhas palabras afectuosas na columna do xornal *La Región*. Manifesta que a súa relación con el sempre estivo marcada polo afecto e o respecto mutuo.

Villar Janeiro, Helena, "Libros para un tempo de rebaixas", *El Correo Gallego*, "Opinión", 19 xaneiro 2007, p. 3.

Coa época das rebaixas a autora entende que sería bo recorrer tamén aos libros e considera un bo momento para falar deles. Conta como ela ocupa este tempo en diversas lecturas dependendo do que lle apeteza ler, así goza por exemplo d'*A casa da paixón*, de Nélida Piñón, dos gráficos de *Nós* que edita Galaxia ou da poesía de *Pájaros bajo la piel*, de Alfredo P. Alencart. Noutras ocasións indica que opta polas relecturas como as de *Amor de perdiçao*, *Follas Novas* ou *La escolta del alma*, de Luís Vives.

Villar Janeiro, Helena, "Rianxo turístico", *El Correo Gallego,* "Notas de actualidade", 22 xaneiro 2007, p. 3.

Enxálzase a vila de Rianxo despois de ser declarada polo Consello da Xunta como concello turístico. Dise que non renunciou á súa propia identidade (idioma e tradicións) por mor do seu atractivo turístico en contraposición a outras vilas que si o fixeron. Lémbrase que foi berce de tres grandes referentes literarios, Castelao, Rafael Dieste e Manuel Antonio e que por isto un grupo de intelectuais están desenvolvendo o proxecto "Academia literaria de Rianxo" para lembrar o seu valor.

Villar Janeiro, Helena, "Polo 'e' de Rosalía", *El Correo Gallego*, "Notas de

actualidade", 2 marzo 2007, p. 3.

Alégrase que o cento setenta aniversario do nacemento de Rosalía de Castro estivera acompañado de moitos e variados actos de homenaxe entre os que destaca o anuncio da aparición dunha aeronave para levar a cabo axuda marítima co seu nome. Recorda que hai que lembrar tamén a Rosalía como unha protectora da lingua oral na que tiña cabida a conxunción copulativa "i" só diante de vogal e nunca noutros contextos como fan moitas persoas na actualidade que, entre outras cuestións, tamén descolocan os pronomes, cambian o xénero das palabras ou mudan as estruturas verbais. Promove corrixir todas estas accións que feren directamente á lingua.

Villar Janeiro, Helena, "Día mundial da poesía", *El Correo Gallego*, "Memoria de los días", 16 marzo 2007, p. 3.

Recóllense os comezos do Día Mundial da Poesía que nace como unha iniciativa das autoridades marroquís que no ano 1998 propuxeron á Unesco a proclamación deste día. Noméase a Alexander Blokh como unha das persoas que secundaron a proposta e así cada 21 de marzo, coincidindo co inicio da primavera no hemisferio norte, celébrase instando a que participen todas as entidades públicas e privadas como escolas, concellos, asociacións, museos, editoriais e medios de comunicación. Recóllense palabras de diferentes poetas sobre o sentido da poesía, para Pimentel era o gran milagre do mundo, para Celso Emilio o medio no que se buscaba a verdade e para Mallarmé a linguaxe humana tornada ao ritmo esencial.

Villar Janeiro, Helena, "Primavera e poesía", *El Correo Gallego*, "Notas de actualidade", 23 marzo 2007, p. 3.

O motivo da chegada da primavera a Galicia, desencadea unha revisión deste motivo en varios autores aos que cita xunto aos versos nos que se nomea esta estación na que a natureza acada vida. Así comeza por versos de Manuel Antonio, para a continuación citar a Uxío Novoneyra, Ramón Cabanillas, Aquilino Iglesia Alvariño, Xoán Airas, Avilés de Taramancos, Álvaro Cunqueiro, Rosalía de Castro, Manuel Curros e rematar con Luís Pimentel.

Villar Janeiro, Helena, "Apadriñar/amadriñar palabras", *El Correo Gallego*, "Opinión", 27 abril 2007, p. 3.

Comenta que a Escuela de Escritores e a Escola d´Escriptura, con motivo da celebración do día do libro, puxeron en marcha a iniciativa de apadriñar/amadriñar palabras. Critica a falta de este tipo de iniciativas en Galicia e sorpréndese de que as poucas iniciativas que existen estean mal encamiñadas, como o caso da Asociación de Libreiros de Ourense, que regala a cada recén nado da provincia un exemplar de *El Quijote*, cando debería regalar *Cantares Gallegos.*

Villar Janeiro, Helena, "Poesía e violencia", *El Correo Gallego,* "Notas de actualidade", 1 xuño 2007, p. 3.

Coméntase a celebración en Coimbra do VI Encontro internacional de poetas (24-27 maio) organizado polo grupo de Estudos Anglo-Americanos e a Universidade. Dise que estaban alí corenta e un poetas e poetisas do mundo (cinco galegos) que leron textos en diferentes linguas. Saliéntase que as mesas redondas se foron celebrando en distintos e fermosos lugares como a Biblioteca Joanina entre outros. Engádese que se iniciou cunha conferencia de C.D. Wright, seguida da presentación dunha antoloxía bilingüe, *Poesía no mundo 5*, e do número especial da *Oficina de Poesía*, que conmemora os dez anos de funcionamento dun taller de creación que presentou unha sorprendente *performance* participada por varias artes.

Villar Janeiro, Helena, "Albariño 'Rosalía de Castro", *El Correo Gallego*, "Notas de actualidade", 29 xuño 2007, p. 3.

Coméntase que por iniciativa da Cooperativa Vitivinícola Arousana un viño albariño leva o nome de Rosalía de Castro, así como sinala que foi presentado na Casa da Matanza, que ten na parte dianteira unha cepa deste tipo de uva. Recóllense aqueles versos nos que fai referencia ao viño e atopa máis dun, concluindo que a poetisa coñecía perfectamente as propiedades deste caldo galego, aínda que non fala concretamente do Albariño, que puxeron de relevo outros autores como Álvaro Cunqueiro.

Villar Janeiro, Helena, "Cantan os galos pra o día", *El Correo Gallego*, "Notas de actualidade", 17 agosto 2007, p.3.

Alégrase das iniciativas que se levan a cabo arredor da figura e da obra de Rosalía de Castro que quedan máis visíbeis aínda con proxectos como o terceiro premio de Experiencia Pedagóxicas que pretende achegar os máis novos á poetisa e á muller que había nela. Coméntase como varios centros de Vigo construíron unha peza teatral baixo o título de *Agasallo para unha dama* ou como no norte da Coruña se montou unha obra de monicreques, *O moucho remexe nas obras de Rosalía*. Tamén se destaca o interese de moitos autores polo poema "Cantan os galos pra o día", que ten concomitancias , segundo Afonso Becerra, autor e profesor da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, cunha escena de *Romeo e Xulieta* de Shakespeare. Laméntase que non haxa un biógrafo ou biógrafa, aínda que si estudosos e intelectuais interesados pola súa figura.

Villar Janeiro, Helena, "Rosalía, a ilustre notaria", *El Correo Gallego*, "Notas de actualidade", 28 setembro 2007, p. 3.

Ao fío dunhas declaracións de Ramón Pernas publicadas en *El Correo Gallego*, nas que se converteron en titular unhas palabras do entrevistado nas que manifestaba que Rosalía lle fixera moito dano a Galicia coa súa negra sombra, defende o carácter de "ilustre notaria" de Rosalía, dando fe do atraso, a miseria e a hipocrisía social que rodeaba a Galicia, en ocasións con grande ironía e humor retranqueiro. Rexeita a imaxe sacralizada que a converteu na santiña e na chorona, "apelativos ambos que non teñen nada que ver coa muller senlleira que traspasa o tempo no esencial do ser humano e na denuncia social".

Villar Janeiro, Helena, "Salvador Espriu e Galicia", *El Correo Gallego*, "Notas de actualidade", 16 novembro 2007, p. 3.

Refírese aos contidos de *Indesinenter. Anuari Espriu*, 2, 2007, publicación que inclúe o suplemento "Salvador Espriu i Galícia", onde se recollen as traducións inéditas ao galego duns poemas de Salvador Espriu, realizadas por Helena Villar e Xesús Rábade, e os traballos: "Espriu y la literatura gallega", de Basilio Losada; "Cartas de Salvador Espriu a Basilio Losada", de Gabriella Cavagnin; "Mi relación intelectual con Salvador Espriu", de Xesús Alonso Montero; "Salvador Espriu i Xosé Lois García", de Víctor Martínez Gil; "Els llibres gallecs a la biblioteca de Salvador Espriu", de Gabriella Cavagnin; e "La cultura gallega al Fitxer d'aprenentatge", de Olívia Gassol. Remata sinalando que resulta un pracer descubir o interese de Espriu polos *Sete poemas galegos*, de Lorca, *Os dous de sempre*, de Castelao, e *Follas Novas*, de Rosalía.

Villar Janeiro, Helena, "Viño da terra", *El Correo Gallego*, "Opinión", 30 novembro 2007, p. 3.

Fai referencia á presenza do viño na literatura galega. Comenta que hai textos orais que se centran neste tema ou, por exemplo, o papel do viño nas troulas. Tamén salienta a Ramón Cabanillas como un dos escritores que deixou algún poema dedicado a esta bebida.

Xesteira, "Os premios de poesía", *La Región*, "Opinión", 2 xaneiro 2007, p. 18.

Reflexiona sobre o feito de que os concursos de poesía taxen o número de versos como se o xenio se puidera cuantificar, considerando que se pide é un traballo moi pormenorizado pois ponse como mínimo en moitas ocasións os catrocentos versos polo que a *Odisea* tería problemas para poder gañar. Di non entender a poesía que se fai nesta época na que parece que se busca o estrañamento, as palabras rebuscadas, a perda do ritmo e, en definitiva, todos os elementos que con anterioridade definía o xénero. Defende que a obra poética ten que ser produto das musas e non dun traballo de artesáns.

Xil, Antón, "A voltas co himno", *El Ideal Gallego*, "Cousas de ningures", 28 agosto 2007, p. 26.

Rexéitanse os discursos estériles arredor do Himno de Galicia con letra de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga que no seu centenario algúns intelectuais intentan revisar. Enténdese que neste tipo de composicións patrióticas o importante non é tanto o que se di, senón a unidade que crea entre as persoas que o cantan e escoitan. Opina que se se analizan os himnos dos demais estados democráticos, tamén nos levaríamos algunhas sorpresas se os lemos en sentido recto, polo que pide desterrar os debates artificiais que só fan mal aos intereses galegos.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Abad de Larriva, Ana, "12 millóns de persoas poderán ver os proxectos", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 24 agosto 2007, p. 38.

Anxo Tarrío, director técnico de literatura do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, responde a unha serie de preguntas con motivo do convenio que esta entidade acaba de asinar coa Biblioteca Miguel de Cervantes para que as súas obras se poidan ver na web desta entidade. Sinala que se trata dunha iniciativa do Patronato da Biblioteca e do Consello Científico da Fundación da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, así como que o proxecto comezará por introducir na rede *A gaita gallega*, primeira publicación periódica monolingüe en galego, e *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*, como unha conmemoración ao Día das Letras Galegas do 2006. Considera que a principal vantaxe do convenio radica na posibilidade que lle dá a unha gran cantidade de usuarios para acceder a obras que, por motivos de rendabilidade, é imposíbel atopar no mercado editorial convencional. Nunha columna complementaria, o director técnico do Ramón Piñeiro sinala que os traballos do centro son positivos para a expansión e normalización do galego e para amosar que se trata dunha lingua completamente válida para ser empregada no ámbito científico.

Alonso, Carmen, "Eu non creo neso de escribir por arrebato absoluto", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 459, "La Entrevista", 25 marzo 2007, p. 9.

A poeta Enma Couceiro comeza a conversa falando sobre a súa obra e revélanos a razón pola que lle gusta escribir. Logo de referirse aos artistas, comenta que a poesía tanto se le como se recita. Tamén alude á temática frecuente da súa obra e expón o motivo polo cal non publicou nada nos últimos tres anos. Remata facendo referencia á nova xeración de poetas.

Álvarez, Natalia, "O interese da novela está en manter a tensión sen recorrer a feitos excepcionais", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 190, "Entrevista", 11 xaneiro 2007, p. 3.

Comeza dando conta da relación da cidade da novela, Oliveira, con Vigo. A continuación, fala do *flashback* na obra e dos cambios de tempo que aparecen en *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*. Logo de centrarse nos protagonistas, Manuel Veiga alude á cotidianidade do relato. Por último, fai referencia ao estilo e ao premio que obtivo pola novela, o "García Barros 2006".

Álvarez, Natalia, "Tras gañar o Premio Biblos teño unha experiencia e unha rodaxe importantes", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 193, "Entrevista", 1 febreiro 2007, p. 3.

A raíz de gañar o premio "Biblos", Alberto Ramos conta a súa experiencia con Darío Xohán Cabana como mentor. Tamén dá conta das diferenzas entre o manuscrito orixinal que presentou ao premio e a versión definitiva. Fala das súas preferencias á hora de escribir, da temática de *Dor Pantasma* (2006), do tratamento que a prensa lle dá aos sucesos e do significado do premio. Remata aludindo aos proxectos.

Álvarez, Natalia, "Manuel M. Romón. 'A materia prima de *Poesía Barata* é cotiá, normal, minúscula", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 195, "Entrevista", 15 febreiro 2007, p. III.

Manuel M. Romón descubre o porqué do título da súa última obra, *Poesía Barata* (2006). A continuación, vincula os seus poemas cos sentimentos e explica a evolución da súa escrita nos seus trinta anos como autor. Logo de dar conta do tempo que lle levou escribir *Poesía Barata*, Romón fala do programa "Miraxes". Tamén alude á situación da poesía galega e ao seu traballo como "minicolumnista".

Álvarez, Natalia, "Non hai unha xusta valoración do que fixo o Partido Comunista", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 204, "Entrevista", 26 abril 2007, p. III.

Xesús Alonso Montero comeza a conversa referíndose ao Partido Comunista e continúa revelando parte da acta da I Asemblea de Intelectuais do PC de Galicia. Ademais de incluír comentarios de actualidade política, dá conta dalgún represaliado sobre o que escribiu en *Intelectuais marxistas e militantes comunistas en Galicia*. Logo de aludir ao contido da súa última obra, *Os escritores galegos ante a Guerra civil española* (2006), anuncia que está a traballar nun novo libro.

Álvarez, Natalia, "Libertarios é unha apoloxía do anarquismo e unha condena do terrorismo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 213, "Entrevista", 28 xuño 2007, p. 3.

Nesta entrevista, Salvador Rodríguez declara que o fío común dos relatos que compoñen *Libertarios* é, a parte de el mesmo como escritor, o Morrazo, neste caso como universo literario, así como a utilización de técnicas narrativas xornalísticas. Asemade, salienta a presenza de *outsiders*, de aqueles que viven a outra cara da vida. Por último, afirma que a súa intención coa incorporación de historias entre a trama central do relato é, por unha banda, procurar unha lectura activa até chegar a recompoñer as pezas, e, por outra banda, reflectir ao achegamento aos acontecementos reais, que nunca se producen dun xeito lineal.

Álvarez, Natalia, "Carme Portaceli. Creo que o teatro debe ser compromiso e poesía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 218, 27 setembro 2007, p. III.

Carmen Portaceli comenta nesta entrevista que para facer teatro hai que traballar moi duro e hai que comprometerse con este labor. Indícase que a directora de escena impartiu un curso no Primeiro Plan de Formación de Traballadores das Artes Escénicas, promovido polo IGAEM e a Consellería de Cultura coa colaboración da Escola

Superior de Arte Dramática de Galicia.

Álvarez, Natalia, "Urco Editora: 'Comezamos a nosa andaina editando os grandes clásicos do xénero'", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 229, 13 decembro 2007, p. III.

Entrevista realizada a Pablo Fuentes, Cristina Felpeto e Tomás González, creadores de Urco Editora. Esta editora, que se vai presentar o vindeiro 20 de decembro na sede da Fundación Caixa Galicia ten como proxecto central a edición en galego da obra de terror, ciencia-ficción e fantasía. Declaran que o seu proxecto nace coa intención de encher o oco no sistema literario galego que existía, pois até a súa creación este tipo de obras estaban catalogadas como clásicos ou dentro da literatura xuvenil, mais non había coleccións desta temática. Anuncian a publicación na colección "Urco Gótica" d'*O Corvo*, de EdgarAllan Poe; *Sleepy Hollow e outros relatos*, de Washington Irving; e *Relatos de terror sobrenatural*, de Robert E. Howard. Na liña "Urco Ciencia-Ficción" aparecerán *Os primeiros homes na lúa*, de H.G. Wells, e *Retrospectio 2000-1887*, de Edward Bellamy. Por último, na liña "Urco Fantasía" publicarán os relatos de *Conan,* de Robert E. Howard, e *A princesa e o trasgo*, de George MacDonald.

Arnáiz, Ángel, "O espectador, no teatro, gáñase coa calidade do que se lle ofrece", *El Correo Gallego*, "Entrevista", 27 febreiro 2007, p. 8.

Tereixa Campo fala dos primeiros pasos no mundo do teatro e ofrece unha panorámica da situación na que se atopa o xénero en Galicia. Refírese ao interese que suscita o teatro na sociedade e do papel da dramática nas artes escénicas. Logo de aludir ao apoio institucional, céntrase na experiencia do grupo que ela dirixe, Achádego. Por último, relaciona teatro e ensino e ofrece unhas recomendacións aos que se queren dedicar ao teatro.

Barros, M., "Nelsom Quinteiro. 'O cabaré galego é corrosivo", *A Nosa Terra*, n.º 1.260, "Fin de semana", 15-21 marzo 2007, p. 33.

Tras salientar o labor que está a realizar Nelsom Quinteiro, achega unha entrevista do director do I Festival Galego de Cabaré. Quinteiro explica cómo naceu a idea de crear un cabaré e máis de realizar un festival dedicado a el. Indica que tiveron bastantes problemas, sobre todo, económicos pero a idea seguiu adiante a afirma que este ano o espectáculo terá lugar en Pontevedra. Comenta que si existe a escena de cabaré galego, mais é necesario darlle saída. Dá conta dalgúns grupos que considera que fan cabaré como o creado a partir do Festival, "Femme fatale", e, por último, fala sobre a súa asociación "3º Pé Andar Criativo" e sobre as actividades que realiza.

Blanco, María, "Todos contamos lo mismo, pero la visión es lo que cambia", *Atlántico Diario*, 22 abril 2007, p. 23.

Nesta entrevista Rosa Llorente afirma que sente a escritura como unha necesidade, mais que non se planea substituír aos relatos breves pola novela, dada a súa complexidade. Ademais, defende o relato como un xénero moi profundo e eficaz de contar historias.

Carballa, Xan, "Francisco Fernández del Riego: 'Queimamos a vida en defender a cultura dun país", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 26 xaneiro 2007, p. 43.

Francisco Fernández del Riego comeza facendo referencia a Vicente Risco, a Ramón Otero Pedrayo e máis a Florentino Cuevillas para logo pasar a falar da súa experiencia vital no 1936. Logo de dar conta do labor cultural que desenvolveu agochado tras os pseudónimos, del Riego alude ao pensamento galeguista. Tamén trata a acción política xunto a Ramón Piñeiro e Xaime Illa e céntrase no seu traballo na RAG. Por último, fala dos logros do 1963 e ofrece a súa visión sobre o futuro do galego.

Carballa, Xan, "José Viale Moutinho. Xornalista e poeta. 'A separación funcionou como un río de esquecemento mutuo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 2 febreiro 2007, p. 45.

O portugués José Viale Moutinho fala da relación cultural entre o país luso e Galicia para logo facer referencia a tradución que fixo de Xosé Neira Vilas ao portugués. Tamén alude aos problemas que se daban na fronteira, explica como coñeceu a literatura galega e fai referencia á situación que deixou en Galicia a ditadura. Por último, dá conta do intercambio comercial entre Galicia e Portugal.

Carballa, Xan, "Hakan Casares: 'O meu pai gardaba narrativa curta inédita", *A Nosa Terra*, n.º 1.261, "Cultura", 22-28 marzo 2007, p. 29.

Ao principio da entrevista Hackan Casares dá conta do balance da fundación que leva o nome do seu pai para logo pasar a falar das obras inéditas que deixou escritas Carlos Casares antes de falecer. A continuación, alude a unha posíbel biografía de seu pai e sinala algunhas das súas afeccións. Por último, aborda o seu traballo na sociolingüística.

Carballa, Xan, "Roberto Pérez Pardo: 'Todos os países defenden a súa lingua", *A Nosa Terra*, n.º 1.264, "Cultura", 19-25 abril 2007, p. 24.

Roberto Pérez Pardo é o director de Cultur-gal, unha feira que recolle as novidades e fondos da industria cultural galega en Pontevedra. Sinala que a feira pretende recoller a gran creatividade que está a experimentar o sector a pesares de que a industria en si non estea demasiado desenvolvida. Respecto á situación do libro, sinala que os pequenos estabelecementos poden verse ameazados polas novas medidas gobernamentais referentes á gratuidade dos libros de texto. Considera tamén que o tratamento especial que os libros galegos recibían nun primeiro momento se perdeu e xa non son un produto singularizado nos andeis. De feito, un dos obxectivos de Cultur-gal é, precisamente, facer visíbel a produción editorial galega. Para Pérez Pardo, é importante que as librarías comprendan que os soportes para a lectura van moito máis alá do libro co xurdimento das novas tecnoloxías. Como aspectos positivos do sistema editorial galego,

apunta a diversificación, o xurdimento de editoriais especializadas e a existencia dun mercado de traducións normalizado. Finalmente, recalca que o apoio ao galego é necesario no ámbito da cultura, posto que supón un dos elementos básicos que nos dá carácter como país.

Carballa, Xan, "Xosé Neira Vilas, escritor: 'Quixen rematar coa teima de idealizar a aldea, que tamén é espazo de drama", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 abril 2007, p. 44.

Xosé Neira Vilas comeza a conversa falando de *Memorias dun neno labrego* (1960), dá conta das linguas nas que se editou, do interese que espertou, de como a escribiu e de Balbino, o protagonista. Antes de entrar no xornalismo, tamén fai referencia a *Xente no rodicio* (1965), *Cartas a Lelo* (1971), *Aqueles anos do Moncho* (1977) ou *Memorias* e fai fincapé na psicoloxía dos seus libros. Finaliza aludindo á súa marcha para a Habana.

Carballa, Xan, "Jon Kortázar: En xeral a obra dos autores en euskera é toda monolingüe", *A Nosa Terra*, n.º 1.271, "Cultura", 7-13 de xuño 2007, p. 29.

Un dos principais difusores da literatura vasca fóra das súas fronteiras responde na entrevista a unha serie de cuestións sobre a situación actual dese sistema literario: escritores principais, influencia sobre a escrita do problema do terrorismo, escolla lingüística dos autores… Por outra parte, Kortázar estabelece paralelismos co caso galego no referente ao panorama comercial da industria e sinala que o sostén básico é a escola e a produción infantil e xuvenil. Finalmente, recomenda unha serie de autores que, segundo o seu punto de vista, poderían constituír un "canon" da literatura vasca.

Carbelle, Sabela, "Cadaquén trata de vivir do conto como pode", *El Progreso,* "Entrevista", 20 maio 2007, contracuberta.

Candido Pazó comeza falando sobre como se gaña a vida antes de pasar a tratar a súa formación. A continuación, alude aos premios que recibiu, aos actores de cine e de teatro e fai referencia ao cinema, á política e ao mundo do corazón. Despois de ofrecer as súas impresións sobre os galegos como actores e cómicos, revela nun pequeno test trazos da súa personalidade.

C.G., "Rosalía é un ben que tamén ten que estar metido no tecido empresarial", *El Correo Gallego*, "Entrevista", 23 febreiro 2007, p. 8.

Helena Villar comeza dando conta da situación na que se atopaba a Fundación Rosalía cando accedeu a súa presidencia. Fala das complicacións, das tarefas que asumiu, das axudas das institucións e das posíbeis solucións. Logo de facer referencia á importancia de Rosalía de Castro, céntrase no Centro de Estudos Rosalianos. Tamén cita os actos do 170 aniversario do nacemento da escritora e aborda os proxectos nos que van traballar.

C.P., "Os premios axudan, pero o mellor xurado é o lector", *La Voz de Galicia*, "Entrevista", 16 febreiro 2007, p. 2.

Alberto Ramos, que vén de escribir *Dor pantasma* (2006), grazas a ter gañado o concurso Biblos Club para novos talentos, fala dos certames literarios e explica as directrices que seguiu para escribir a obra. Logo de dar conta de quen tutelou o seu traballo, di que os premios poden chegar a ser perigosos. Por último, alude ao seu futuro e fala da escritura en galego.

C.P., "O sector do libro está en vías de renovación e de reconversión", *La Voz de Galicia*, "A pie de calle", 2 maio 2007, p. 12.

O director da segunda edición da Feira do Libro de Santiago, Antonio Rodríguez, comenta o balance da feira, fala dos libreiros composteláns que participan nela e dá conta dos cambios nos que traballa a organización de cara ao ano que vén. Finaliza referíndose ás axudas administrativas e privadas.

Conde, Perfecto, "Xosé Pedreira: 'A Administración debería comprar os libros a través das librarías e non das editoriais", *A Nosa Terra*, n.º 1.273, "Cultura", 21-27 xuño 2007, p. 29.

Xosé Pedreira, dono da librería de Compostela que leva o seu nome, sinala que o libro galego está atravesando un bo momento debido á creatividade dos autores. Denuncia, non obstante, que as últimas medidas gobernamentais poden poñer en perigo a moitas librarías tradicionais, sobre todo no referente á gratuidade dos textos escolares. Tamén critica que non se tomen medidas para fomentar a lectura e para apoiar ao sector, ao tempo que manifesta a súa contrariedade coa idea do canon nas bibliotecas. A pesares de todos eses problemas, sinala que cada vez máis lectores desexan acceder a textos doutros idiomas en galego.

Cordal, Xabier, "Velaí a gran novela galega", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 novembro 2007, p. 31.

Entrevista na que Anxo Angueira adianta algunhas ideas que desenvolverá no seu ensaio *A espiral no espello*, dedicado á novela *Bretaña, Esmeraldina* (1987), de Xosé Luís Méndez Ferrín, un traballo do que sinala que parte da súa tese de doutoramento. Angueira opina que se trata dunha obra difícil que require un lector esixente e mesmo supón un reto para a crítica, que cualifica de "acomodaticia" e receosa de asumir retos. Considera que a novela conserva a frescura do momento da súa primeira aparición nos anos oitenta, pois constitúe unha aposta pola literatura en estado puro saída da pluma dun autor "vangardista en todos os xéneros". Sinala as filiacións do texto co *Nouveau roman* francés, con autores como Kafka, Joyce ou Faulkner, coa poética de *The Star Rover*, de Jack London, con *Vixiar e castigar* de Foucault, con Deleuze, con *La saga/fuga de J. B.* de Torrente Ballester e as *Crónicas do sochantre* de Cunqueiro. En relación coas dificultades para elaborar a súa tese de doutoramento apunta o esforzo que supuxo a documentación e o desvelamento da diéxese da obra, que abrangue poéticas diversas, "a da identidade, a da escritura, a da lectura, a da ficción, a do regreso, a da espiral...". Ao seu ver, estamos perante a gran novela galega que, ao

tempo, forma parte do macrotexto ferriniano, conectando sobre todo co seu primeiro conto, "Medo" (1954), e con *Retorno a Tagen Ata* (1971).

Correa, Anxa, "O éxito das tradicións galegas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 xaneiro 2007, p. 33/"A nosa aposta debe manterse", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", 15 xaneiro 2007, p. 67.

Moisés R. Barcia dá conta do balance do primeiro ano de Rinoceronte. Tamén fai referencia á venda por internet e ao éxito de *Seda* e de *Brooklyn Follies*. Alude á saturación do mercado de literatura galega e á tradución do galego ao castelán. A descarga gratuíta na rede, a tradución de poesía e o volume de vendas previsto son outros dos temas que trata. Por último, fala da diversificación da tradución.

Correa, Anxa, "Había unha situación de anormalidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 xaneiro 2007, p. 20/"Moisés Barcia: Sorprende o éxito da tradución ao galego, ao castelán é normal", *El Progreso*, "Cultura y espectáculos", p. 81.

Moisés R. Barcia dá conta do balance do primeiro ano de Rinoceronte. Tamén fai referencia á venda por internet e ao éxito de *Seda.* Alude á saturación do mercado de literatura galega e á tradución do galego ao castelán. A descarga gratuíta na rede, a tradución de poesía e o volume de vendas previsto son outros dos temas que trata. Por último, fala da diversificación da tradución e dunha posíbel colaboración con Ediciós da Rotonda.

Correa, Anxa, "Para un filólogo é unha regalía estar na RAE", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Verán/Cultura", 30 xullo 2007, p. 51.

O filólogo e ex-reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Darío Villanueva, inicia unha nova etapa ocupando a cadeira D da Real Academia Española. Sinala Villanueva que a dinamización da lectura é fundamental e que a pervivencia do galego dependerá, sobre todo, da vontade dos seus falantes e de contar con circunstancias favorábeis. O galego atópase actualmente nun contexto especialmente propicio, pero ten que competir coa fortaleza do inglés, que ocupa todos os ámbitos. Aínda así, conclúe que sería unha aberración que existise un único idioma para todos.

Correa, Anxa, "Pola senda do risco", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 agosto 2007, p. 31.

Carlos Neira, director da Escola de Actores Espacio Aberto e creador da compañía Nut Teatro, considera que as artes escénicas actuais en Galicia precisan de moitas melloras, entre elas a maior dotación para a creación contemporánea. Sinala que a formación debe preceder á profesionalización. Respecto ao Plan Galego de Artes Escénicas, destaca que vai significar un "avance importante", pero manifesta que se ben o punto de partida é positivo, "hai que ver como chega ao seu remate".

Correa, Anxa, "Primeiras escenas con lingua", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 agosto

2007, p. 24.

Entrevista ao investigador teatral Francisco Pillado, que está a estudar a primeira representación teatral en galego, *A fonte de xuramento*, de Francisco María de la Iglesia, da que no mes de publicación da noticia se celebra o 125 aniversario. Apunta a que esta peza tivo o mérito de enxalzar o idioma e converter as mulleres de aldea en protagonistas, o que o leva a definila como "totalmente revolucionaria". Tamén sinala o valor dos pioneiros do teatro galego, que puxeron en marcha unha serie de obras en condicións adversas para a lingua na que escribían. Finalmente, subliña que os políticos deberían apostar moito máis polas artes escénicas, cunha política prolongada e non puntual de defensa do teatro.

Correa, Anxa, "Empezando a temporada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 setembro 2007, p. 31.

Entrevista a Cristina Domínguez, directora do Centro Dramático Galego, na que sinala que a institución que dirixe foi un motor fundamental para apoiar o teatro da comunidade e profesionalizalo, así como considera que ten que seguir sendo, sobre todo, un espazo para a creación. Destaca que o número de compañías galegas se incrementou moito e que os seus espectáculos xa forman parte do ocio en Galicia, se ben é consciente de que a súa extensión á poboación ten que ser aínda maior. Fai tamén referencia á iniciativa Espazo CDG e incide en que as artes escénicas teñen que arriscar continuamente para competir con outras propostas culturais, aínda que afirma que o balance da temporada teatral foi "moi positivo", sobre todo no ámbito do teatro infantil. Finalmente, sinala que a nova temporada seguirá unha liña de "continuidade co proxecto" que ela dirixe dende hai un ano.

Correa, Anxa, "Os primeiros en facer teatro eran obxecto de escarnio", *Diario de Pontevedra,* "*Revista*", n.º 376, 16 setembro 2007, p. 8.

Francisco Pillado, creador do grupo teatral "O Facho" xunto con Manuel Lourenzo, fala da enorme carga política e ideolóxica que, segundo el cre, ten o teatro galego, ademais da súa importancia como "fenómeno de culturización do país". Salienta especialmente o período dos anos sesenta polo interese que había arredor do teatro como forma de contrarrestar a censura fascista. Por outra banda, refírese a investigación que está a realizar sobre *A fonte do xuramento* (1882), de Francisco María de la Iglesia. Da considerada primeira obra do teatro en galego sinala a súa intención de fomentar ao sentimento de identificación do pobo con Galicia.

Cuíñas, Teresa, "Bernardino Graña. Poeta. 'Non lle hai que ter medo ao verso, ten lectores", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 5 outubro 2007, p. 40.

Nesta entrevista recóllense as verbas de Bernandiño Graña, poeta que, segundo el mesmo di, escribe dende o neno que leva dentro, deixando en cada composición súa parte das súas vivencias. Prefire que o chamen "poeta do amar" e non *poeta do mar*, como é habitual. Tamén sinala que prefire escribir poesía a novela, pois considérase un xograr do seu tempo.

Domínguez Serén, Eloy, "Os números poden ser exactos pero as palabras son imprevisibles", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 360, 27 maio 2007, p. 8.

O profesor de Filoloxía Galega, Benigno Fernández Salgado, fala do salto a Nova York, cidade na que traballa. Logo de dar conta dos cambios que supón vivir na cidade, lembra a súa estadía en Birmingham e Oxford. Tamén alude ao seu labor como tradutor e ás súas publicacións sobre o galego. Revela que o motiva para traballar arreo a prol da lingua.

Estévez, J.L., "El escritor ya no tiene ambición creativa", *El País*, "*Galicia*", 23 setembro 2007, p. 36.

Entrevista a Darío Villanueva, na que amosa a súa actitude positiva con respecto á expansión da cultura galega máis alá de Galicia. Comenta que o problema da pouca difusión da boa literatura non é exclusiva de Galicia, pois en todas partes a actitude mercantilista gañou á boa literatura.

Españadero, E., "Poesía de Manuel María e música de Milladoiro", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 546, "Feitizo de sons", 4 marzo 2007, p. 5.

Entrevista a Milladoiro na que o grupo comenta o seu último traballo no que se mestura a súa música coa poesía de Manuel María e que se engloba dentro dos distintos actos e proxectos de homenaxe ao poeta. Coméntase que tiveron varias colaboracións significativas como Mabel Rivera, Luís Tosar ou o grupo Leilía.

Fariña, Pilar, "Mi padre decía que era una de las personas más queridas de Galicia", *El Correo Gallego*, "Entrevista", 15 febreiro 2007, p. 8.

José Fernando Filgueira Iglesias conta como viviu a familia os actos da homenaxe do cen aniversario do nacemento do seu pai. Logo de revelar que foi o que máis lles sorprendeu, fala do grupo de intelectuais no que se movía o recordado profesor Filgueira Valverde.

Fernández, Laura, "No todo el turismo de la villa pasa por la Casa dos Poetas", *La Región*, "Celanova", 8 abril 2007, p. 18.

A responsábel da Casa-Museo de Curros Enríquez, Paula Conde, é entrevistada para falar do interese que esperta a Casa de Curros e dos proxectos que se levarán a cabo nela nos vindeiros meses, como a presentación dunha guía literaria de Celanova e a edición dunha colección de poemas de Baldo Ramos.

Fraga, Xesús, "A forza da lingua é a maior das miñas preocupacións", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 202, "O escritor do mes", 10 marzo 2007, p. 13.

Xosé Vázquez Pintor comeza facendo referencia á obra *A memoria de boi* (2000) e relaciónaa coa literatura como medio para recuperar espazos esquecidos. Sinala que a paisaxe, Agolada, a situación da lingua e mesmo o fútbol son outro dos temas que trata. Por outra parte, alude ao seu estilo e fala da súa obra como un todo que acolle os distintos xéneros.

Franco, Camilo, "Distancias curtas", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 354, "Musas", 3 xuño 2007, p. 51.

Ao longo desta conversa, repasa a súa traxectoria, con catro libros de ficción, e afirma sobre o estado da literatura galega que "sobra academia, sobra o complexo constante a ser pequenos".

Franco, Camilo, "Na cultura galega ábrese un tempo de procura e mudanzas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 220, "O escritor do mes", 21 xullo 2007, p. 12.

Ana Romaní reflexiona nesta entrevista sobre o perigo da etiqueta "poesía de muller" e afirma que entende a palabra poética como indagación e cuestionamento. Manifesta tamén o interese que ten por levala fóra dos propios libros. Respecto á situación da cultura e a literatura galegas na actualidade, considera que vivimos unha etapa de tránsito que conducirá a novas dinámicas.

Franco, Camilo, "A novela histórica é unha mala solución a un problema", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 223, "O escritor do mes", 11 agosto 2007, p. 13.

O historiador Ramón Villares reflexiona sobre os vínculos e diferenzas entre historia e literatura e considera que a novela histórica é un síntoma de que cada día resulta máis difícil distinguir entre realidade e ficción. Critica este xénero por producir "libros para o consumo". Respecto aos tópicos falsos sobre a historia de Galicia, menciona o excesivo diferencialismo e a concepción da comunidade coma un país de frades e labregos. Neste sentido, apunta a unha obra historiográfica coordinada por Xosé Ramón Barreiro e na que el mesmo participa, que tentará ofrecer outra imaxe da historia galega.

Franco, Camilo, "Os dramaturgos invisibles", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 236, "Teatro", 10 novembro 2007, pp. 8-9.

Extensa reportaxe sobre as dificultades de ser autor teatral en Galicia, centrándose nas figuras de Roberto Salgueiro, José Luis Prieto e Rubén Ruibal. Os tres consideran que o seu traballo está pouco valorado e que os grupos non acostuman escoller textos de autores galegos. Coinciden, ademais, en que hai unha barreira entre eles e os espectadores. Entre as trabas coas que se atopan, está a da invisibilidade, derivada do feito de que a maior parte das editoriais consideran que o teatro é un xénero deficitario e, polo tanto, non se animan a publicalo. Cren que no teatro galego instalouse a consigna do "todo vale", pola que se entende que calquera pode escribir. Salgueiro, en concreto, critica que os dramaturgos galegos tradicionalmente se centrasen en producir obras moi abstractas, que, por exemplo, resultaban difíciles de poderen ser usadas na

televisión. A reportaxe compleméntase con declaracións breves de cada un dos autores. José Luís Prieto sinala que, pese aos premios e resultados que obtivo, non o reclaman tanto como cabería supoñer; Rubén Ruibal, Premio Nacional de Literatura Dramática, agarda que o texto polo que resultou gañador, *Limpeza de sangue* (2006), pase do papel ao escenario, á vez que critica a escasa conexión existente en Galicia entre narradores e dramaturgos, o cal dificulta aínda máis a creación de públicos e tecidos culturais; finalmente, Roberto Salgueiro, gañador de catro premios Álvaro Cunqueiro, entre outros moitos galardóns, lembra que non pode haber teatro sen autores.

García, Laura, "A poesía debe ser sinxela e accesible para que poida chegar a todos os lectores", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 21 outubro 2007, p. 30.

Entrevístase a Manolo Olveira, con motivo da presentación do seu poemario *Retazos de esperanza*. *Poemario de silenzos*, do que se salienta que se compón de trinta e nome poemas de temática variada, nos que amosa a súa inquedanza persoal e social no mundo actual. Explícase que o título responde ao contido plasmado nel: "retazos de Vilagarcía" e que ten boa recepción, grazas á súa sinxeleza. Ademais, recoñece que critica todo o que resulta repulsivo da sociedade actual, na moralexa que finaliza cada poema, tentando facer un poemario "didáctico". Coméntase que se tratan temas variados como a definición do terrorismo actual, a violencia de xénero, a morte, a fe ou o ser, e que salientaría o ton "jocoso" co que critica o desfalco público, e o poema "Ora Pronovis", no que rebaixou o ton de protesta contra o fanatismo relixioso, por indicación do seu editor. E ademais apúntase que a variedade tamén aparece na métrica, predominando os pareados e cuartetos sobre a versificación libre, pero escollendo sempre formas que cheguen ao lectorado. Opínase que a poesía é un xénero pouco coñecido, e defínea como "soño, liberdade". Remátase co dito "o bo, se breve, dúas veces bo", porque considera que o importante na poesía é ser explícito.

García, Rodri, "En Galicia fálase un castelán moi malo, pobrísimo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 207, "O escritor do mes", 21 abril 2007, p. 16.

O escritor e académico Camilo Gonsar recoñece que a súa escrita é lenta e critica que moitas obras se publiquen sen reunir uns mínimos criterios de calidade. Lembra que a xeración na que el se enmarca tivo que comezar a escribir sen ter presentes os referentes da preguerra. Respecto á situación actual da Real Academia Galega, considera que se atopa nunha etapa de vitalidade. Das editoriais en Galicia, comenta que traballan en moitos casos máis por vocación que por rendemento, posto que a literatura galega non lles permite obter excesivos beneficios. Parécelle preocupante que os máis novos se distancien do galego e considera que a persuasión, e non a coacción, debe ser a ferramenta empregada para incrementar o número de falantes. A situación do galego, sinala Gonsar, é mala pero pode cambiar.

García, Rodri, "O meu gran encontro coa cultura galega foi en Madrid", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 216, "O escritor do mes", 23 xuño 2007, p. 12.

Xavier Rodríguez Baixeras, que vén de publicar en Galaxia *O pan da tarde* (2006), comenta que os seus intereses literarios se moven entre a poesía, a tradución e a

gastronomía. Confesa que a creación poética é un proceso doloroso porque chega un momento no que o texto acaba por dominar os propios intereses do poeta. Así mesmi, sinala que sente un gran respecto polos poetas novos, se ben explica que en moitas ocasións ten dificultades para entender a súa produción.

García, Rodri, "Creo no poder transformador da literatura, pero a longo prazo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 238, "O escritor do mes", 24 novembro 2007, p. 16.

Conversa con Xosé María Álvarez Cáccamo na que lembra a súa infancia sempre rodeado de escritores, artistas, pintores, etc., feito que resultou favorábel para a súa formación. De seguido, comenta o seu primeiro libro publicado, *Galego cero*, do que non garda bos recordos pero a partir do cal se converteu en escritor monolingüe en galego. A continuación fala das súa lecturas e dos escritores coetáneos da xeración dos 80, salientando a Miguel Anxo Fernán Vello e Xavier Rodríguez Baixeiras. Por outra banda, comenta as súas creacións teatrais, relatos e algúns libros infantís, para finalizar salientando os seus traballos biográficos, concretamente a obra dedicada a Avilés de Taramancos e a que vai publicar proximamente sobre o seu pai. Por último, informa de que tamén sairá do prelo un novo libro de poemas, *Vento de sal*.

García, Rubén, "Antonio Seijas: 'Centro mis historias en los sentimientos de los personajes'", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 458, 9 decembro 2007, p.18-19.

Antonio Seijas, autor que obtivo o premio Castelao 2006 coa súa obra *Un home feliz* , aproveita esta entrevista para reivindicar o papel do cómic como xénero narrativo, "o cómic é algo máis que debuxos e diálogos". O autor define o seu estilo como cambiante en función da finalidade do debuxo. En calquera caso, afirma fuxir do resultado frío do coloreado por ordenador, en busca dunha composición máis pictórica. Asemade, recoñece que *Un home feliz* sitúase nun ambiente melancólico que sirve de pano de fondo a unha historia intimista, centrada no conflito do protagonista co seu pasado. Por último, considera que o cómic é un xénero apto para narrar calquera tipo de tema e de grandes posibilidades creativas. Do panorama galego, salienta iniciativas como o evento "Viñetas desde o Atlántico".

G. M. O., "Cada un ten que facer a súa lectura", *La Opinión*, "A Coruña", 4 xaneiro 2007, p. 11.

Entrevista ao escritor Xavier Seoane na que fala do seu último libro de poemas *Para unha luz ausente* (2006, XIV Premio de Poesía Espiral Maior): de cómo naceu o poemario ,da temática de apego á terra, do uso do verso libre musical e harmónico e da significación do título.

Gómez, Chus, "O espacio dixital non matará o libro en papel nin os xornais que coñecemos hoxe en día", *Diario de Pontevedra*, "Entrevista", 21 marzo 2007, p. 7.

A gañadora do premio "Roberto Blanco Torres" de xornalismo, Anxos Sumai, comeza facendo referencia ao galardón. A continuación, fala do espazo dixital que ofrece

internet, aborda os artigos que a proclamaron vencedora e fala das próximas publicacións. Finaliza aludindo ao galego como lingua vehicular da súa obra e á controversia literatura feminina/masculina.

Gómez, Lupe, "Ler dáme liberdade", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 22 xaneiro 2007, p. 40.

Daniel Salgado sinala de que cores ve Compostela e Monterroso antes de falar de Galicia e do mundo en xeral. Dá conta da poesía anglófona e do significado que ten para el este xénero da literatura. Fai referencia á admiración que sente por Manuel Outeiriño e ás lecturas que prefire. Ademais de aludir a súa profesión de xornalista, fala dos blogs, da música, de *Sonotone* e do cine. Por último, revela a súa fascinación por Celso E. Ferreiro.

Gómez, Lupe, "O teatro é algo innato", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 5 febreiro 2007, p. 40.

Carlos Labraña fala da súa cor favorita e da cor que ten Cedeira e Santiago, ademais de lembrar a súa infancia. Comenta que é galeguista, porque pensa que calquera pobo ten que defender o seu, e refírese á súa querenza pola escrita, que se converteu nunha necesidade. Considera que o teatro é "como música, como algo innato no ser humano" e alude á creación do colectivo teatral Garola. Tamén explica que é unha buguina e alude ao misterio, ademais de expresar que un libro é como unha viaxe. Sinala que soña máis esperto ca durmido e responde a unha serie de preguntas sobre a cociña, a internet e o seu carácter.

Gómez, Lupe, "Cando pinto estou noutro mundo", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 12 febreiro 2007, p. 40.

Antón Sobral revela o significado que ten para el pintar e fotografar. Tamén alude ao seu labor como escritor e á poesía. Logo de asegurar que as mulleres escriben mellor que os homes, o artista fala de John Berger, de Galicia, da cociña, dos blogs e da esperanza.

Gómez, Lupe, "Paula Carballeira. 'O teatro é un xogo", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 19 febreiro 2007, p. 40.

Despois de vincular Fene e Compostela coas cores, Paula Carballeira fala do seu traballo como contacontos, da tradición oral arraigada en Galicia e da poesía e do teatro para nenos. Despois de declararse "paiasa" céntrase no proxecto Berrobambán. Por último, alude ás viaxes, á cociña, aos seus estudos, á rede e á vida.

Gómez, Lupe, "Luís G. Soto. 'Pensamos pois non queda máis remedio", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 26 febreiro 2007, p. 40.

Logo de relacionar as cores con Compostela, coa Coruña e con Galicia, Luís G. Soto fala

da filosofía, dos seus alumnos e da súa experiencia como decano. Revela qué é o que aprendeu sendo mestre e por que lle interesa a figura de R. Barthes. Alude á literatura galega como compendio da cultura e, logo de responder cuestións de carácter persoal, comenta qué é para el a poesía.

Gómez, Lupe, "María do Cebreiro. 'Ás veces encontraste coa poesía", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 5 marzo 2007, p. 40.

Desta vez, é María do Cebreiro quen se expón ás preguntas sobre as cores. Logo de referirse a Compostela, a Lisboa e a Barcelona, fala dunha Galicia urbana cunha reivindicación do rural. A continuación, explica o título da súa última obra, *Os Hemisferios* (2006), e alude ás mulleres como escritoras. Tamén revela qué é para ela a poesía e fai referencia a María Mariño. As cartas, os estudos, a cociña e a música son outros dos temas que aborda.

Gómez, Lupe, "Miguel de Lira: 'Compostela é multicolor", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 12 marzo 2007, p. 40.

Logo de dar conta das cores que máis lle gustan e das cores que lle evoca Santiago, Miguel de Lira fai referencia á Sala Nasa. A televisión e o cine son outros dos temas que toca. A continuación, céntrase na súa facenta de humorista. Tamén alude á poesía, á liberdade, á cociña e aos seus estudos. Finaliza revelando os seus próximos proxectos.

Gómez, Lupe, "Canto dende a emotividade", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 19 marzo 2007, p. 40.

Logo de responder ás preguntas sobre as cores, Uxía Senlle fala da súa faceta como cantante antes de abordar a poesía galega. Di que en Galicia "hai unha actualidade riquísima, sobre todo na poesía feminina". A continuación, responde preguntas que revelan a súa personalidade.

Gómez, Lupe, "Ser libreiro é un sentimento", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 26 marzo 2007, p. 40.

Antón Pedreira, propietario da libraría compostelá Pedreira, dá conta do que significa para el a súa terra, Ordes, e a cidade na que vive, Santiago. A continuación, fala da súa libraría e do seu oficio. Asemade, aborda a situación da literatura, os problemas das librarías e fai referencia a Mariña Mariño e a Manuel María. Remata revelando os seus gustos.

Gómez, Lupe, "Gozo do proceso creativo", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 2 abril 2007, p. 40.

Logo de expresar que significan as cores para ela e despois de relacionalas con espazos xeográficos, a poeta Antía Otero explica que é para ela a poesía e ser actriz. Tamén

alude ao labor das costureiras e revela aspectos dun novo documental no que está a traballar. Finaliza referíndose á cociña, ao seu blog e ao sentido do día a día.

Gómez, Lupe, "Gústame crear diálogo", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Calidoscopio de cores", 21 maio 2007, p. 46.

Entrevista coa escritora e xornalista Rosa Aneiros, galardoada co Premio de Xornalismo Francisco Fernández del Riego, na que ademais de abordar moitos dos seus gustos persoais, afirma que o mar é un espazo de grande importancia para ela, "un espazo de liberdade", de aí que vivise con moita dor a época do afundimento do Prestige e participase no movemento Nunca Máis. A propósito da identidade de Galicia, considera que o complexo de inferioridade leva á imitación de modelos foráneos dun xeito constante. Expresa a súa opinión arredor da suposta crise da novela, que para ela non existe malia a omnipresenza do medios audiovisuais e sinala que entre os seus escritores preferidos están Gabriel García Márquez e Manuel Rivas. Apunta tamén que non cre na etiqueta da "literatura de muller" e manifesta a súa paixón pola escrita xornalística, pola posibilidade de crear diálogo. Conclúe anunciando a aparición do seu próximo libro en Xerais, *Ao pé do abismo*, un itinerario por artigos de opinión e textos literarios, e mais dun texto infantil.

Gómez, Lupe, "Ser editor é divertirme", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 2 xullo 2007, p. 40.

Paco Macías, editor de Positivas, define o galego como a lingua que o une a este mundo, que o fai diferente e que configura unha auténtica cultura por si mesma. Respecto ao seu labor á fronte da editorial, afirma que persegue sobre todo achegar algo á cultura galega por medio de obras baratas e con forza nas que se aposte pola xente nova. Sobre a actual situación desa cultura, considera que se está a vivir unha etapa de activa creación, se ben faltan infraestruturas e empresarios.

Gómez, Lupe, "A cultura é un plaxio", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 16 xullo 2007, p. 40.

Estíbaliz Espinosa repasa nesta entrevista unha serie de cuestións xerais referidas á cultura e a aspectos máis persoais da súa vida, se ben non hai referencias directas ao seu labor literario.

Gómez, Lupe, "A melancolía é a natureza do escritor", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 30 xullo 2007, p. 40.

Suso de Toro comenta que escribir unha novela é unir racionalidade e irracionalidade e fala da súa amizade con Manuel Rivas e da universalidade á que aspira todo escritor. Considera que a escritura dos xornais é perecedoira e que, fronte a este feito, como escritor literario aspira á perdurabilidade.

Gómez, Lupe, "O pensamento é unha necesidade", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 10 setembro 2007, p. 32.

Entrevista realizada á autora do ensaio *O suxeito posmoderno* (2006), Rebeca Baceiredo, unha moza de 28 anos que goza do seu tempo e das artes. Afirma que, aínda que considera que a arte libera ao individuo, o primeiro paso, o da creación, é doloroso. Recoñece que sente a escrita como un impulso, producido pola súa incontinencia verbal.

Gómez, Lupe, "A política é osíxeno", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 17 setembro 2007, p. 32.

Entrevista ao político e intelectual Xosé Manuel Beiras, que concibe a literatura como un arma máis de combate, no seu profundo sentido, pois, como el mesmo di "a literatura é a verdadeira Historia". Asemade, cualifica a poesía de Rosalía de Castro como un cantar de combate, como unha poesía que é a expresión das dúbidas e das angustias cardinais do ser humano. Á escritora defínea con tres palabras: rebelde, revolucionaria e feminista.

González, Eva, "Quero sentar as bases para a creación dunha escola de teatro", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", 28 xullo 2007, p. 18.

Jesús Castiñeira Diz, concellal delegado de Cultura, Educación e Participación Veciñal de Tomiño, fala nesta entrevista dos seus obxectivos dende o ámbito municipal: a creación dunha escola de teatro, a posta en marcha de distintas iniciativas de animación á lectura e a celebración do primeiro festival de animación de rúa do concello, organizado baixo o nome de "Divírtete na rúa".

Guzmán, Jorge, "Helga Méndez: O teatro aliméntase das emocións do público", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 438, "Entrevista", 22 xullo 2007, p. 18.

A actriz fai un repaso pola súa traxectoria sobre as táboas, dende que comezara no teatro afeccionado até os seus traballos no ámbito das marionetas, da ensinanza e dos contacontos. Considera que o teatro é, sobre todo, comunicación e comenta especialmente as súas actuacións como actriz en Ferrol. Finalmente, fala do estado do teatro nesta cidade e en Narón, e critica a falta de apoio institucional para poñer en marcha unha programación estábel na zona.

Jaureguizar, "Ameixeiras. 'A miña novela descolocou aos críticos clásicos'", *El Progreso*, "Cultura y espectáculos", 3 febreiro 2007, p. 81.

Recóllense as palabras de Diego Ameixeiras na que reflexiona sobre a recepción que tivo *Tres segundos de memoria* (2006) dentro da crítica. Comenta que fixeron unha lectura xeracional e que sabía que en certos "cenáculos" non acabarían de ver esta novela como un produto de calidade. Recalca que rexeita a afirmación que di que estamos perante unha novela simple e afirma que este libro xorde de vivencias e de moita observación.

López, Belén, "Pódeme a necesidade de contar en galego", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 20 marzo 2007, p. 74.

Breve entrevista a Rosa Aneiros na que expresa a súa impresión logo de coñecer que obtivo o Premio Fernández del Riego de Xornalismo. Entre outras afirmacións sinala que no seu artigo 'A última vaca', está realizando unha lembranza de toda unha cultura, a labrega.

López, Lidemar, "Los cómics de la televisión tienen más éxito de ventas", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 1 setembro 2007, p. 2.

Conversa con Santiago Navía, dono da libraría A Gata Tola de Santiago de Compostela, que está especializada en cómics. Sinala que a súa afección a este tipo de literatura vén dende que era un neno. Tamén lembra que o marcou a obra *Conan el Bárbaro* e que o nome da súa tenda procede dunhas caricaturas americanas dos anos corenta. En canto aos clientes, sinala que en xeral os adultos son afeccionados e os máis novos piden aqueles que máis coñecen polos medios de comunicación. Remata salientando o cambio que supuxo nos últimos anos a consideración desta literatura, que pasou de ser un gueto a contar en Galicia con tres salóns: o de Cangas, Coruña e Ourense.

López, Uxía, "Los premios animan pero el mayor placer es escribir", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Al día", 22 marzo 2007, p. L2.

Conversa con Beatriz Olivenza Bernardo, gañadora do certame Camilo José Cela de narrativa do Concello de Padrón do ano 2006, coa obra *Los que habitan la noche*, na que comenta a súa sorpresa pola concesión do premio, a afición a escribir, o gusto por escritores como Cela e Rosalía de Castro, a súa participación en numerosos premios e a posibilidade de publicar.

Lorenzo Gil, César, "Diego Ameixeiras: 'Intento adaptar a nosa lingua oral aos rexistros urbanos", *A Nosa Terra,* n.º 1.252, "Cultura", 18 xaneiro 2007, p. 29.

Diego Ameixeiras comeza a conversa aludindo ao personaxe Horacio Dopico para continuar falando, do fracaso, dos personaxes e do contido de *Tres segundos de memoria* (2006). Logo de dar conta do seu estilo, refírese ao galego e pasa a centrarse no xénero da novela negra e na situación na que hox en día se atopa. Por último, revela de onde sacou a Horacio Dopico e conta as súas últimas lecturas.

Lorenzo Gil, César, "Ramón Caride. 'A poesía galega non vive ningunha Idade de Ouro", *A Nosa Terra,* n.º 1.255, "Cultura", 8 febreiro 2007, p. 29.

En primeiro lugar, Ramón Caride conta por qué elixiu o período 1994-2005 e non outro en *As máscaras de Cronos. (Poemas 1994-2005)*. Tamén fala da súa poesía e alude á falta de rigor na crítica poética galega. Logo de facer referencia á Xeración dos 80 e a dos 90, asegura que a poesía galega non vive un momento de bonanza e revela como afronta a escritura dun poema. Por último, trata o seu labor na literatura infantil e xuvenil e dá conta do que está a ler nestes intres.

Lorenzo Gil, César, "Samuel Solleiro: 'Escribir sobre a condición masculina pode ser profundamente feminista", *A Nosa Terra*, n.º 1.259, "Cultura", 8-14 marzo 2007, p. 29.

Samuel Solleiro comeza revelando os motivos que o levaron a escribir e o porqué de elixir o galego como lingua vehicular. Logo de facer referencia á castelanización, alude ás súas preferencias na literatura e ás súas influencias da vida actual. A provocación e a escritura para homes son outros dos puntos que toca. Por último, refírese a súa faceta no eido musical.

Lorenzo Gil, César, "Xosé Miranda: 'A literatura fantástica non nos evade, descóbrenos partes ocultas do mundo", *A Nosa Terra*, n.º 1.262, "Cultura", 29 marzo-11 abril 2007, pp. 28-29.

Xosé Miranda comeza dando conta das obras que ten publicadas e explica os motivos que o levan a escribir. A continuación, aborda a problemática da literatura fantástica e da social para logo centrarse na temática das súas obras. A cidade de Lugo e a súa familia tamén se recollen nunha entrevista na que non se esquece da mitoloxía, das posibilidades da lingua e das preferencias persoais na literatura.

Lorenzo Gil, César, "Bernardino Graña: 'A literatura foi o meu bálsamo para superar os momentos difíciles da vida", *A Nosa Terra*, n.º 1.281, "Cultura", 20-26 setembro 2007, p. 29.

Entrevista a Bernardiño Grañan que amosa o seu entusiasmo pola homenaxe, a cargo dos seus amigos, que se lle vai realizar na súa vila natal polo seu 75º aniversario. Di que el é máis que poeta, pois ten "dúas novelas inéditas na gabeta". Comenta que a súa última novela publicada se titula *Protoevanxeo do fillo de Herodes* (2006).

Loureiro, Ramón, "Quero pagar con libros novos todo o amor de Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 outubro 2007, p. 31.

Nesta entrevista recóllense as verbas do escritor Bernardino Graña, "dono dunha das voces da literatura galega", tras recibir unha homenaxe do mundo das letras pola súa obra, na súa terra do Morrazo. Considera que á literatura galega aínda lle queda un longo camiño por recorrer, porque a lectura segue a ser vista por moitos adolescentes como unha tarefa obrigatoria e incluso moitos adultos conservan esa idea.

L.R., "Trato todo sen tapuxos, o que lle ocorre ó personaxe é un reflexo real da vida do emigrante", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Entrevista", 25 marzo 2007, p. 33.

O escritor Xosé Fariña Jamardo comeza referíndose á evolución do personaxe de *Unha vida calquera* (2006) e explicando con qué finalidade nace a novela. A continuación, aborda o eixo central do libro, a emigración, e pasa a falar do despoboamento do rural. Por último, refírese á escritura en galego ou en castelán e aos proxectos que ten na

mente.

Lueiro, Xosé, "A voz: arte da sedución", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Venres", "A contrabutaca", 26 xaneiro 2007, p. 4.

Santiago Fernández explica como comezou a encamiñar o seu traballo cara á voz para logo revelar os defectos das persoas matriculadas nos seus cursos de expresión oral. Tamén fala da relación entre os profesionais e a voz e das liñas metodolóxicas que emprega nas clases que imparte. O manexo do silencio como vehículo de comunicación e a preparación dos actores en Galicia son outros dos asuntos que trata.

Lueiro, Xosé, "O CDG prepara a súa remuda", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Venres", "A contrabutaca", 3 agosto 2007, p. 4.

Cristina Domínguez, directora do Centro Dramático Galego (CDG), fai balance do seu ano de xestión á fronte desta entidade, avogando por dar continuidade ás súas propostas pero dentro do marco dun importante cambio estrutural en canto ao que modelo se refire. Admite que a captación de público segue sendo un dos grandes problemas do teatro galego, que tamén debe enfrontarse á necesidade de crear un repertorio de teatro infantil e xuvenil propio. Asegura ademais que o CDG seguirá dando a alternativa ás novas xeracións de actores.

Lueiro, Xosé, "Factoría de novo cuño", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Venres", "A contrabutaca", 7 decembro 2007, p. 4.

Entrevista realizada ao actor e produtor teatral Alfredo Rodríguez, que é a cabeza visíbel da compañía "Factoría Teatro". Destácase o cambio de rumbo que supuxo para a compañía a marcha de Cristina Domínguez, que interveu na súa fundación en 1992, ao Centro Dramático Galego.

Mato, Mar, "É un erro andar a cambiar a normativa dunha lingua", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 6 febreiro 2007, p. 39.

Logo de revelar que sinte ao ser candidata ao premio Nobel, Luz Pozo Garza aventura qué suporía para Galicia recibir o galardón. Fala con optimismo do futuro do galego e alude aos cambios da normativa da RAG dos últimos 25 anos. Por último, refírese ao número de mulleres que hai na RAG e conta que non ten sufrido problemas de inspiración.

Mato, Mar, "Gañar o Nobel, daría orgullo de falar galego aos que o odian", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 6 febreiro 2007, p. 39.

Xosé Luís Méndez Ferrín cóntanos que contraprestacións dan os premios e fálanos das escasas posibilidades que teñen as literaturas de linguas minoritarias. Logo de revelar que non cre que lle outorguen o Nobel, o escritor apunta que sería "importantísimo" que

o recibise de cara ao prestixio do galego. Por último, alude á situación que vive a lingua e á literatura que sae de Galicia.

Mato, Mar, "As obras de autores galegos teñen moito éxito na Rusia", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 14 outubro 2007, p. 48/*La Opinión*, 15 outubro 2007, p. 64.

A rusa Elena Zernova fala nesta entrevista do éxito que acadan en Rusia as obras galegas, que ela mesma traduce ao ruso. Sinala que a próxima entrega estará adicada a Ramón Cabanillas e que xa leva traducidas case todas as novelas de Alfredo Conde e moitas de Manuel Rivas, Suso de Toro, Álvaro Cunqueiro… Tamén opina que para ela Rosalía de Castro é inmellorábel.

Mauleón, Amaia, "Los lectores buscan un refugio a tanto debate político", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 21 marzo 2007, p. 42.

Como gañadora do premio de xornalismo "Francisco Fernández del Riego", Rosa Aneiros fala do despoboamento do rural, do estilo literario co que escribiu o artigo que a proclamou gañadora, "A última vaca", e dos temas informativos que lle interan á audiencia. Finaliza facendo referencia ao xénero da opinión e á novela.

Mayoral, Montse, "A prensa tería que ser un lugar de encontro de diferentes ideas", *Diario de Ferrol*, "Ferrol Ciudad", 26 marzo 2007, p. 6.

Co gallo do anuncio do premio de xornalismo "Francisco Fernández del Riego", a escritora Rosa Aneiros revela os motivos que a levaron a escribir "A última vaca". A continuación, explica que supuso para ela o premio e que significa para ela escribir cada semana a columna "Nove Ondas". Por último, dá conta dos proxectos que ten previsto poñer en marcha.

M.B., "Anxos Sumai: 'Está ben que se premie o periodismo de radio", *A Nosa Terra*, n.º 1.261, "Fin de Semana", 22-28 marzo 2007, p. 34.

Anxos Sumai conta como recibiu o premio e revela as razóns polas que cre que o xurado do "Roberto Blanco Torres" elixiu como gañadores os seus artigos radiofónicos. Logo de dar conta da temática dos artigos premiados, di cal é o seu preferido e adianta os seus proxectos.

Méndez, Roberto G., "Xavier Manteiga. 'Ler é un bo sustituto para o tiro na sen", *El Correo Gallego*, "Entrevistas", 25 febreiro 2007, p. 80.

Logo de dar conta dos soños, Xavier Manteiga fala da súa faceta como escritor e revela que lle gusta ler. Os seus intereses, os títulos que elixe para as súas obras e mesmo a Igrexa son outros dos asuntos dos que fala.

Méndez, Roberto G., "O bo xornalismo atrápate do pescozo", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 15 abril 2007, p. 80.

Rosa Aneiros, que acaba de gañar o Francisco Fernández del Riego de xornalismo polo artigo "A última vaca", reflexiona acerca das relacións entre literatura e xornalismo e defínese como "comunicadora". Afirma que o relato, sexa de ficción ou de realidade, sempre require a posta en marcha dunha serie de ferramentas de sedución do lector, co fin de que este poida emocionarse con el.

Méndez, Roberto G., "As palabras son para berralas forte", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 18 marzo 2007, p. 81.

Logo de dar conta das preguntas con carácter persoal, a poeta Lupe Gómez fala da poesía masculina e da feminina antes de definir que e para ela a poesía. A continuación, refírese ao seu primeiro poema e á súa escrita. Alude aos títulos polémicos das súas obras e dos contidos da súa poesía. Remata con preguntas de carácter persoal.

Méndez, Roberto G., "Patria' é das palabras máis feas que coñezo", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 10 xuño 2007, p. 81.

Para a poeta María do Cebreiro, o xénero non é determinante para a escrita, pero si inflúe na recepción. Critica que moitos medios estabelezan unha distinción etiquetando a produción realizada por mulleres e entende a literatura como "disidencia".

Méndez, Roberto G., "Falta quen acepte que se equivocou", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 9 setembro 2007, contracuberta.

Nesta entrevista realizada ao polifacético Miguel Anxo Murado, fálasenos do Premio "Café Gijón" que gañou cando só tiña 17 anos, polo que agora mestura o seu labor de xornalista e arqueólogo co de escritor.

Mirás Fole, Nacho, "Isaac Díaz Pardo: 'Son un conservador libertario", *La Voz de Galicia*, "A cara b", 12 marzo 2007, p. 72.

Isaac Díaz Pardo fala da batalla que se está a librar en Sargadelos e faino revelando as causas. Di que se sente traizoado e, a continuación, alude ao galeguismo. A situación de Galicia e a política tamén son tratados. Por último, Díaz Pardo refírese ao existencialismo.

Mirás Fole, Nacho, "Fun un hipócrita excepcional", *La Voz de Galicia*, "A cara b", 26 marzo 2007, p. 64.

Logo de facer referencia ao seu estado de saúde e de aludir aos galeguistas que seguen vivos, Avelino Pousa Antelo fala da súa experiencia cando tivo lugar o golpe militar. A continuación, aborda a situación actual de Galicia, do Estado e remata facendo

referencia ás súas obras. Tamén confesa que xa non lle "tenta" facer unha segunda parte das súas memorias.

Munín, María, "Desde a ágora editorial", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 agosto 2007, p. 30.

Con motivo da estrea dun novo local por parte da libraría Couceiro no casco vello de Compostela, o seu propietario, Xesús Couceiro, recorda como comezou a interesarse polo libro galego a finais dos setenta e subliña que este tipo de obras non deben mercarse por militancia, senón como libro principal e de saber. Considera que a nosa literatura vive actualmente un mal momento, xa que ten que competir con moitos outros produtos culturais e coas subvencións que se outorgan sen ter en conta a difusión do produto. Recomenda, finalmente, que a edición de *Sempre en Galiza* se distribúa por todos os colexios, xa que considera que é un libro de cabeceira.

M.V., "Os tradutores, creadores de idioma", *A Nosa Terra*, n.º 1.254, "Cultura", 1-7 febreiro 2007, p. 24.

Despois dunha reflexión sobre a importancia da tradución como modelo na conformación dunha lingua, entrevístase a Luís Fernández, tradutor de obras de Kafka e doutros autores, que recibiu o Premio de Tradución Lois Tobío en 2006 pola tradución *Don Xoán (contado por si mesmo)*, de Peter Handke. Nesta entrevista, Luís Fernández incide na idea anterior, que relaciona coa importancia que a Xeración Nós deu á traducir as obras máis importantes da súa época, ademais de producir as súas propias. Tamén comenta a situación da profesión de tradución e compara o caso galego co español.

M.V., "Francisco Castro: 'O blog e a novela son mundos diferentes e débeno seguir sendo", *A Nosa Terra*, n.º 1.256, "Cultura", 15 febreiro 2007, p. 29.

Francisco Castro comeza a conversa falando da temática dos seus libros. Tamén do sentido que ten para el a escritura e do significado que lle deu a súa última obra, *Spam* (2006). A problemática dos traballadores, o éxito do seu blog e a comunicación nas empresas son outros dos asuntos que trata. Por último, alude á importancia da imaxe e á súa literatura, como lector, preferida.

M.V., "Camilo Franco: 'As últimas modificacións importantes da literatura viñeron da liberdade que dá o relato breve'", *A Nosa Terra*, n.º 1.258, "Cultura", 1-7 marzo 2007, p. 29.

Camilo Franco explica o motivo polo que escolleu o formato breve á hora de escribir *Palabras contadas* (2006). A continuación, céntrase na estrutura, na temática e no estilo da súa obra. Tamén fala das súas influencias e da promoción da literatura. Logo de debullar o panorama da literatura galega actual, o escritor revela cal é a súa literatura preferida.

M.V., "Estro Montaña: 'O Miño é un gran río, pero está morto", *A Nosa Terra*, n.º

1.260, “Cultura”, 15-21 marzo 2007, p. 29.

Estro Montaña comeza revelando por qué escribiu *Polos vieiros do vello Miño* (2005). Logo de dar conta da situación do río, aborda a estrutura e estilo do libro e das lendas que incluíu. Tamén fai referencia ás recreacións que fixo da época e do rigor co que se documentou. A continuación alude ao seu libro de relatos *As armas delicadas* (1997) e, por último, céntrase nos seus gustos literarios e na situación da literatura galega.

Nieto, Álvaro, “El cine da un gran impulso a la literatura”, *El Ideal Gallego,* “Rostros de la ciudad”, 30 decembro 2007, p. 8.

Entrevista realizada a Ana Núñez Maside, dona da Librería Maside, que fala sobre a diferente influencia dos medios na venda de libros. Considera que Internet é un gran competidor que baixa a súa venda, baixada que é contrarrestada polo cine, grazas a obras como *Harry Potter* ou as *Crónicas de Narnia.*

Oliveira, Vanesa, “Paco Zarzoso, autor, actor e director. ‘É importante coidar os autores de teatro”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 642, “Entrevista”, 4 febreiro 2007, p. 10.

En primeiro lugar, Paco Zarzoso dá conta da súa experiencia impartindo obradoiros no Centro Dramático Galego. Tamén fala da súa obra *Arbusht* e da compañía de teatro que creou hai unha decada, Honganesa de Teatre. Explica a evolución do teatro na súa terra natal, Valencia, e apunta ás axudas económicas que fornecen as institucións valenciás. Logo de centrarse en *Vacantes*, alude ao labor que desenvolve na escrita, na dirección e máis na actuación. A temática, o público valenciano e os seus dramaturgos preferidos pechan a conversa.

Outeiral, Sara, “A autonomía galega da etapa anterior foi rexentada por un goberno que non cría nela”, *Galicia Hoxe*, “Comunicación Hoxe”, 4 agosto 2007, p. 37.

Co gallo do centenario d’*A Nosa Terra*, o seu actual director, Afonso Eiré, comenta que une nas páxinas desta publicación xornalismo e reivindicacións para ofrecer unha visión “á galega” do que sucede no mundo. Así mesmo, sinala que a publicación foi creada en 1907 por intelectuais como Eduardo Pondal ou Manuel Murguía co fin de que se convertera nun voceiro da identidade galega. Apunta que o xornal é quen de unir militancia e xornalismo independente porque ve o mundo dende Galiza. Considera que a súa xeración, a dos que accederon á universidade nos setenta, debe ser a que poña as bases para que a xente poida expresarse a través da súa propia identidade.

Picallo Fuentes, Héitor, “En só media hora logrei que a xente se sentira ben”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir en Caldas”, 17 outubro 2007, p. 4.

Entrevista realizada ao actor, músico e locutor de radio cuntiense, na que se citan os premios que obtivo polo seu labor artístico: o terceiro premio no Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) no Concello de Carballo, o segundo en Laracha e o segundo, terceiro e primeiro premio no concurso de Monólogos de Cuntis, ao longo de tres anos

consecutivos. Así mesmo, indica que no plano musical tamén acadou éxitos, como lle sucedeu no Concurso de Xóvenes Intérpretes Solistas.

Peña, Abel, "Somos un referente para toda Galicia", *El Ideal Gallego*, 22 abril 2007, p. 80.

Juan Carlos San Miguel, presidente da agrupación de libreiros da Coruña, pretende incrementar dende o seu cargo o número de feiras do libro que se celebran na cidade. Considera San Miguel que a xente le moito en proporción á cantidade de obras que saen, posto que, afirma, as editoriais entraron nun frenesí de publicación que fai imposíbel que se lea tanto como se publica.

Peña, Abel, "El teatro es como una esquizofrenia", *El Ideal Gallego*, "Entrevista", 13 maio 2007, p. 72.

O dramaturgo Manuel Lourenzo comeza citando as obras nas que traballa no momento de ser publicada a entrevista. A continuación, fala do que supón o teatro para as persoas e céntrase na situación do xénero na Coruña. Finaliza aludindo á formación teatral.

Pino, Concha, "A dramaturxia ten que responder á realidade cotiá", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "Santiago", 18 novembro 2007, p. L6.

Entrevista realizada a Rosa Sánchez e Alain Baumann, compoñentes da plataforma artística Kònic Thtr, que están a levar a cabo un proxecto pioneiro de investigación sobre a relación da escrita escénica co vídeo e o audio. Sinálase que este proxecto está financiado pola Consellería de Innovación e a colaboración da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

R.M.C., "Cando abro un libro entro nun universo totalmente diferente", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 25 marzo 2007, p. 38.

Anxos Sumai comeza referíndose ao premio que vén de gañar, o "Roberto Blanco Torres". A continuación, fala da internet como medio de comunicación e da súa obra literaria. Tamén aborda os contidos da súa sección na radio "Somos perigosamente normais". Por último, amosa as súas impresións como lectora.

Rodríguez, Rosa, "Deixo a dirección de 'A Nosa Terra', pero sigo sendo xornalista", *El Correo Gallego*, "Comunicación", 1 decembro 2007, p. 77/*Galicia Hoxe*, "Comunicación", p. 38.

Coméntanse os cambios que vai realizar o xornal *A Nosa Terra*, o cal pasa a converterse nunha publicación "multimedia" e Alfonso Eiré deixa a dirección que retoma Manuel Veiga. Infórmase que será presentado o novo semanario con máis páxinas e cor, así como que tamén nacerá o xornal dixital "anosaterradiario". A continuación, realízase unha entrevista a Alfonso Eiré quen afirma que o xornal prestará a mesma atención á

publicación en papel que a de internet, aínda que comenta que a escrita para internet deberá ser adaptada. Finalmente, fala da evolución ideolóxica d'*A Nosa Terra* que sempre estivo vinculada ao nacionalismo e comenta os cambios que se produciron nos últimos trinta anos no país.

Rodríguez, Ignacio, "Luis Pimentel disputou a Bal y Gay a voz galega da Xeneración do 27", *El Progreso*, "Campus", 31 xaneiro 2007, p. 3.

A profesora Araceli Herrero comeza a conversa referíndose ao alcume de poeta de Lugo que lle puxeron a Luís Pimentel. Tamén alude ao bilingüismo do escritor e ás influencias das que bebeu. Logo de falar da política no lugués, revela en qué corrente o insire. A continuación, trata os trazos da súa poética, sinala os traballos que analizaron a súa obra e dá conta do seu recoñecemento. Por último, fai referencia á literatura que xorde no Lugo actual, á literatura de Galicia e apunta reivindicacións.

Salgado, Daniel, "Nélida Piñón: 'En Galicia siento la antigüedad de mi imaginación", *El País*, "*Galicia*", 2 xaneiro 2007, p. 44.

Nélida Piñón revélanos que libros lle gusta ler e fálanos da conexión e das diferenzas entre a súa poesía e a prosa. Tamén dá conta da realidade e dos mitos na literatura e fai referencia ao sentido da súa obra. A continuación, alude a Galicia, á emigración e ao exilio. Por último, céntrase na relación que estabelece entre a súa literatura e o país e ofrece as claves que vinculan Galicia a súa obra.

Salgado, Daniel, "Xosé Luís Méndez Ferrín: 'O escritor debe roubar, ser un predador, un pirata", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 19 xaneiro 2007, p. 36.

Xosé Luís Méndez Ferrín comeza facendo referencia a súa última obra *Contra Maquieiro* (2005) para continuar aludindo ao socialrealismo de *Con pólvora e magnolias* (1976) e á política na súa obra. Logo de falar da lingua galega e manierismo, Ferrín céntrase na escritura de poemas e na escritura como profesión. Asegura que non segue a poesía española e que non hai vangarda na literatura galega. Por último, fala do tópico da saudade na escrita.

Salgado, Daniel, "Sen os nomes que inventa o poema non poden existir cambios no mundo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 30 marzo 2007, p. 47.

Chus Pato revela nesta conversa para quen e por que escribe. Tamén expresa o seu malestar co esencialismo e fala da linguaxe coa que tece os seus poemas. Logo de dicir que "o real doe", céntrase nos enfoques que lles dá ás súas obras e descúbrenos que significa *M-Tatá*. A tradición poética e a realidade e futuro da poesía galega son outros dos asuntos que aborda. Por último, fala da independencia da literatura galega.

Sierra, Celia, "Prefería la etapa de Corín Tellado, cuando la novela era emocional", *La Opinión*, "Cultura", 30 xullo 2007, p. 37.

Manuel Rivas concibe a escritura como un instrumento de resistencia para o que escribe e o que le. Considera que debe ser comprometida e libertaria. Afirma así mesmo que o humor é un ingrediente fundamental para facer unha literatura "de piel roja, y no de rostro pálido" e que o xornalismo pode ser unha ferramenta da que tomar elementos útiles para a escrita literaria, que sempre fai falar á condición humana.

Silva, Araceli, "Hai que eliminar a crenza de que só se pode falar galego normativo", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 346 ,"Entrevista", 18 febreiro 2007, pp. 14-15.

Tareixa Alonso explícanos os motivos que a levaron a ser contacontos. Fala dos seus relatos preferidos cando era cativa e revela por que se interesou tanto polo traballo a prol do galego. Tamén conta como xurdiu Pavís Pavós antes de centrarse na evolución da lingua nos últimos anos. O seu labor como contacontos, o interese que espertan os contos clásicos, os cambios que se deron nas crianzas e as súas afeccións pechan a conversa.

S.R., "O difícil, o peor deste traballo é dicirlle a unha persoa que non", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", "Entrevista", 12 maio 2007, p. 48.

Paco Macías, editor de Edicións Positivas, comeza explicando por que se fixo editor e como comezou co proxecto. Tamén dá conta dos primeiros pasos como dobrador e a continuación céntrase no labor da súa editorial. Finaliza subliñando a dificultade que supón elixir os autores.

Tojo, Marga, "Os meus personaxes non son felices", *Galicia Hoxe*, "Verán", 3 xullo 2007, p. 16.

Conversa co ilustrador Estévez, na que con preguntas breves se tenta comprender a súa forma de reflectir a vida e a sociedade a través dos seus deseños. Sinala que debuxa dende que era un neno, que para el debuxar é unha necesidade e que está influenciado polo cómic *underground* americano. Tamén anuncia que en breve se vai publicar un libro de fotomontaxes baseado nas súas ilustracións, en colaboración con Chico Mirás. Do seu estilo, sinala que os personaxes que debuxa son infelices, pois transmítenlle máis os seres atormentados que os felices e planos. Fai unha serie de recomendacións de cómics estranxeiros e fala de onde vai pasar o seu verán, da súa visión desta estación en Galicia ou a visión aceda de calquera situación da vida normal. Remata coa consideración de que en Galicia se valora a banda deseñada e que hai grandes profesionais traballando no sector, polo que calquera persoa, nova ou vella, pode achegarse a este tipo de literatura e que lle guste.

Torre, Sonia, "Hoy se escriben versos de cualquier manera", *La Región*, "Ciudad", 11 xaneiro 2007, p. 13.

Co gallo da presentación en Ourense de *Metástase da paixón* (2006), Esteban Plaza dá conta do significado do libro e dos obxectivos que persegue coa obra. O estilo, a temática

e a estrutura revélanse nesta conversa, que remata facendo alusión ao intimismo, a Ulises e á situación que atravesa a narrativa no Estado.

Vidal, Nicolás, "Medos Romero: 'Escribo por dor e por xenreira, por non asumir un mundo que non me gusta", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 411, "Entrevista", 14 xaneiro 2007, p. 18.

Co gallo da próxima saída do prelo de *A seitura dos tristes* (2006), Medos Romero fala da súa faceta como escritora. Ao comezo, refírese á súa infancia e á súa familia, sen esquecer as súas primeiras lecturas nin os seus primeiros escritos. A temática das súas obras, o enfoque da súa escrita e a atracción pola dor son algúns dos puntos que comenta. Tamén alude aos trazos principais da súa poesía e ás distincións que lle imprime á súa prosa. Logo de centrarse na análise da súa última obra e de referirse a Manuel María, fala das próximas presentacións.

Vidal, Nicolás, "Luis Alonso Girgado: 'Falta o día no que durmira mal por glorificar unha novela que estimara mala", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 413, "Entrevista", 28 xaneiro 2007, pp. 18-19.

Luis Alonso Girgado fala da problemática da lectura entre os estudantes e revélanos os criterios que segue ao ler unha obra. Tamén comenta os seus gustos pola literatura sudamericana e os escritores que máis lle interesan. O seu traballo no Centro Ramón Piñeiro é outro dos temas que trata, ao igual que o seu labor para rescatar publicacións chegadas da emigración. A súa faceta de editor e a súa visión sobre Ferrol pechan a entrevista.

Vidal, Nicolás, "Isaac Díaz Pardo: 'O problema de Galicia é que nin é dona do seu propio vento", *Diario de Ferrol,* "*Nordesía*", n.º 418, "Entrevista", 4 marzo 2007, pp. 18-19.

Isaac Díaz Pardo comeza comentando que lle pareceron as homenaxes que vén de recibir en Ferrol para logo centrarse na problemática de Sargadelos. Fala da situación na que se atopa o proceso e da confianza que ten na xustiza. A continuación, conta os motivos que o levaron a crear o Laboratorio de Formas e os proxectos polos que traballou arreo. Tamén se refire ás empresas galegas. Por último, fala da figura galega á que admira e dá conta do seu futuro.

Vidal Villaverde, Manuel, "A poesía como combate", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 334 , "Musas", 14 xaneiro 2007, p. 44.

Daniel Salgado dá conta da súa faceta como poeta e como ensaísta. Comenta que lle interesa "o pensamento en insurreción" e fai referencia aos seus proxectos de futuro. Por último, ofrece a súa visión sobre o panorama da poesía galega actual.

Vidal Villaverde, Manuel, "Vivir para poder ser poeta", *Atlántico Diario*, "*La Revista*",

n.º 335, “Musas”, 21 xaneiro 2007, p. 53.

Miguel Sande comeza a conversa ofrecendo unha breve autobiografía antes de dar conta dos libros que ten escritos, entre os que se atopa a súa última publicación, *Hoxe, que vén o vento do sur* (2006). Sande prefire non encadrarse en ningún dos xéneros e fala da súa obra teatral *Ninguén chorou por nós.* Logo de referirse ao seu primeiro libro, alude aos seus proxectos futuros.

Vidal Villaverde, M., “Antón Reigosa. ‘A poesía non me ama”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, n.º 337, “Musas”, 4 febreiro 2007, p. 45.

En primeiro lugar, Antón Reigosa fai un pequeno perfil sobre el. A continuación, alude aos títulos que leva publicado e aos xéneros nos que prefire escribir. Por último, fala da vida en Lugo e do labor dun escritor na cidade da muralla.

Vidal Villaverde, Manuel, “Francisco A. Vidal. O tempo sen ancorar”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, nº 339, “Musas”, 18 febreiro 2007, p. 38.

Francisco A. Vidal conta cales foron os seus primeiros escritos antes de referirse aos seus xéneros preferidos. Logo de citar títulos que publicou, fala das mensaxes que esconden os seus textos. Por último, alude aos seus proxectos e explica que é para el Galicia.

Vidal Villaverde, Manuel, “Tirando das palabras da vida”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, n.º 342, 11 marzo 2007, p. 51.

Trátase de descubrir o verdadeiro Samuel Solleiro e a súa obra literaria. O autor refírese aos seus comezos, ao significado da súa obra e ao seu estilo. Tamén alude aos problemas dos escritores e ás mensaxes que emite nos seus escritos. Ao final da entrevista, recóllese unha pequena paraxe dunha das súas obras.

Vidal Villaverde, Manuel, “Un tempo noutro tempo”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, n.º 345, “Musas”, 1 abril 2007, p. 45.

O polifacético Bieito Ledo comeza definindo os seus múltiples traballos para logo pasar a centrarse no mundo editorial. Lembra a cifra de títulos publicados como editor e revela o nome da publicación da que se sinte “máis orgulloso”. Logo de referirse ao libro que lle gustaría escribir, Ledo fala sobre o que é para el Galicia.

Vidal Villaverde, Manuel, “O Tempo recobrado”, *Atlántico Diario*,“*La Revista*”, n.º 349, “Entrevista”, 29 abril 2007, p. 47.

Antes de iniciar a conversa, ofrece un perfil do entrevistado, Héctor Carré, que comeza anunciando que ten previsto escribir unha nova novela e revela algún outro traballo. A continuación, fala da poesía e alude ao salto do cinema á novela. Por último, fai

referencia a Galicia.

Vidal Villaverde, Manuel, "Distancias curtas", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 354, 3 de xuño do 2007, p. 51.

O escritor Camilo Franco considera que á literatura galega actual lle sobran academicismo e complexo de inferioridade, ademais de que mira en exceso cara ao pasado e non ten en conta até onde podería proxectarse. Destaca que non coñece ningunha literatura sen mensaxe, aínda que inevitábelmente os tempos modifiquen o que se quere inculcar.

Vidal Villaverde, Manuel, "A febra e o ámago", *Atlántico Diario,*"*La Revista*", n.º 359, "Musas", 8 xullo 2007, p. 36.

Xoán Carlos Domínguez Alberte, escritor e colaborador en revistas literarias, ademais de tradutor, considérase ante todo creador literario que escribe fundamentalmente poesía. Considera que a literatura galega mestura luces e sombras e que a súa mellora pasa por proxectala cara dentro e cara fóra do país implicando a toda a poboación. Afirma, ademais, que toda literatura leva implícita unha mensaxe.

Vidal Villaverde, Manuel, "A paixón pola literatura", *Atlántico Diario*,"*La Revista*", n.º 363, "Musas", 5 agosto 2007, p. 36.

O escritor Paulino Ambrosio sinala que a literatura é para el descubrir a existencia humana. Respecto á situación actual en Galicia neste ámbito, afirma que existen poucas voces de grandes escritores. Entre eles, menciona a Xosé Luis Méndez Ferrín, Manuel Rivas, Suso de Toro, María Xosé Queizán, Chus Pato e Gonzalo Allegue.

Vidal Villaverde, Manuel, "A cerna do vivir en poesía", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 364, "Musas", 12 agosto 2007, p. 47.

Con motivo da próxima publicación dun cartafol con ilustracións e poemas, Xosé María Ferreiro Lado reflexiona sobre o significado que ten para el a poesía e destaca que é, sobre todo, amor. Tamén subliña que ve a produción do seu pai, Celso Emilio Ferreiro, como a dun poeta máis e non dende o punto de vista do fillo. Finalmente, afirma que para el Galicia é a patria e que soña con que se converta nunha República socialista.

Vidal Villaverde, Manuel, "Na procura das orixes", *Atlántico Diario,* "*La Revista*", n.º 377, "Musas", 4 novembro 2007, p. 44.

O poeta, filólogo e mestre Xiao Roal fala da nova teoría sobre o celtismo en Galicia, na que está a traballar xunto con outros compañeiros, a raíz da saída á luz no ano 2000 da chamada TCP (Teoría da Continuidade Paleolítica). Tamén fala sobre o seu poemario épico, *Ortegal*: "trescento e algo versos en alexandrinos sobre a creación, o mundo e a palabra".

Vidal Villaverde, Manuel, "Rubén Ruibal. Aberto a todo", *Atlántico Diario,* "*La Revista*", n.º 378, "Musas", 11 novembro 2007, p. 47.

Entrevista realizada ao polifacético compositor Rubén Ruibal, que escribiu ensaio, narración, música, teatro e poesía, aínda que a súa faceta de poeta abandonouna pronto. Comenta que a súa última obra chámase *Limpeza de Sangue* (2006), publicada en Xerais co patrocinio da Xunta e o IGAEM, e que agora está inmerso nun novo proxecto para o Centro Dramático Galego, "Drama3".

Vidal Villaverde, Manuel, "A vontade indestructíbel da palabra", *Atlántico Diario*, "*La Revista"*, n.º 379, "Musas", 18 novembro 2007, p. 45.

Entrevista a Xulio Alonso sobre a súa próxima obra *De vivos e de mortos* que sairá á luz na primavera e, segundo explica, trátase dunha compilación dos seus artigos. Comenta o que sente ao publicar a súa primeira obra e prefire a narrativa e o xornalismo fronte a outros xéneros. Deseguido, opina sobre a situación da literatura galega actual e fala sobre a novela na que está a traballar.

Vidal Villaverde, Manuel, "Xosé Lois. A arte de dicir e debuxar os días", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 380, "Musas", 25 novembro 2007, p. 44.

Entrevista a Xosé Lois, creador de "O Carrabouxo", quen fala sobre o que significa para el Galicia e lembra a vergoña que sentiu de neno ao falar galego, até que escoitou a Manuel María dar unha conferencia en galego e a súa autoestima medrou. Comenta que xa ten nove libros de debuxos publicados e que non ten pensado publicar sobre a súa vida.

Vidal Villaverde, Manuel, "Fina Casalderrey. Na procura das palabras precisas", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 381 , "Musas", 2 decembro 2007, p. 50.

Entrevista a Fina Casalderrey quen comeza comentando a dificultade que ve para definirse, e afirma que o xornalismo é unha experiencia cotiá na súa vida. De seguido, achega a súa opinión sobre a controversia entre os termos Galiza ou Galicia, e a continuación, fai referencia a certos poemas inéditos e indica que, aínda lle queda moito por dicir coa súa poesía. Por último, fala das mensaxes que quere transmitir coas súas narracións.

Vieiro, Laura, "Luís G. Tosar: 'Somos galegos por termos unha literatura propia", *El Correo Gallego*, "Cultura", 3 agosto 2007, p. 76.

A lingua e a literatura son para o escritor o patrimonio identificativo principal de Galicia. Chega a afirmar que se o pobo galego non fixera de Rosalía de Castro un símbolo, actualmente habería pouco que reivindicar. Advirte ademais que a literatura galega ten que abrirse ao mundo e ter unha vocación universal. Sobre a situación actual

da produción en galego, denuncia que moitos autores non acadaron o nivel de coñecemento da lingua preciso e critica que a poesía siga a verse con certos prexuízos e que a literatura se rodee nos nosos días, en moitas ocasións, de toda unha aparataxe mediática. Por todo isto, considera necesario que a literatura galega busque espazos novos sendo plural e internacionalista.

Villar, Carmen, "Con los palestinos no veo posibilidad de paz", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 2 febreiro, p. 39./*La Opinión*, "Cultura", 4 febreiro 2007, p. 71.

Dise que Abraham B. Yehoshúa viaxou a Galicia para recoller o Premio Arcebispo San Clemente de novela estranxeira, pola obra *La novia liberada* e realízaselle unha entrevista na que fala do compromiso político, do conflito palestino-israelí, do muro de Israel, da situación no Oriente Medio, da alianza de Israel con Estados Unidos e do terrorismo fundamentalista.

Vila, Adriana, "O único que lle falta á cultura galega é promoción e mercado", *Faro de Vigo*, "Vigo", 29 agosto 2007, p. 10.

Entrevista á poetisa Yolanda Castaño, quen afirma que a cultura galega non ten nada que envexar ás que se producen noutros contextos. Só lle falta, sinala, promoción e mercado, algo do que culpabiliza tanto ás institucións como aos propios artistas e institucións privadas. Respecto á situación do galego, apunta que non se falará máis porque haxa máis leis que o protexan, senón, sobre todo, porque resulte unha lingua atraínte. Sinala que se perderon prexuízos respecto a ela, pero tamén falantes, se ben non se considera pesimista respecto á súa situación no futuro.

Xestoso, Manuel, "Rosalía fixo unha grande obra a nivel europeo", *A Nosa Terra. 1907-2007*, n.º 1.288, 4 decembro 2007, p. 40.

Tony Frazer, o editor e fundador da revista *Shearsman* e de *Shearsman Books* fala sobre a recente publicación en Inglaterra dunha antoloxía poética de Rosalía de Castro, traducida ao inglés polo poeta irlandés Michael Smith. Tamén sinala que esta editora publicou unha tradución da poeta galego-canadiana Erín Moure, da obra *Charenton* (2004), de Chus Pato.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

Abeleira, Xoán, "Sete laias sobre a propia morte", *La Opinión*, "Opinión", "Asieu", 3 setembro 2007, p. 16.

Poema no que a morte é a protagonista ao longo das sete partes nas que se divide a composición.

Abeleira, Xoán, "20 escritores de 'a raia' alrededor del cine y la literatura", *El País*, "*Galicia*", 25 novembro 2007, p. 7.

Fai referencia á celebración do III Simposio Internacional Letras na Raia, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, que se centra no tema da relación entre a literatura e o cine. Os relatores que participaron no simposio partiron da base de que o cine é fillo da literatura mais, as súas posturas mudaron en canto á influenza beneficiosa ou prexudicial dunha arte sobre a outra. Por último, indica que como actividade complementaria proxectáronse dúas películas: *A costa dos murmurios*, adaptada dunha novela da portuguesa Lidia Jorge, e *A mariñeira,* unha tv movie, baseada nun texto do escritor galego Darío Xohán Cabana.

Abelenda, Ana, "Delicia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 210, "A festa das letras. Os críticos do Culturas recomendan", 12 maio 2007, p. 3.

Recoméndase este poemario de Yolanda Castaño e recórdase o bo facer da poeta noutras entregas. Saliéntase que en *Delicia* soa unha voz poética que se fai totalitaria por causa da necesidade.

Abelenda, Ana, "O pai do vangardismo galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 abril 2007, p. 57.

Pequena reportaxe sobre a publicación de *Literatura galega de vangarda. A iconoclastia rupturista dos primeiros manifestos galegos* (2006), do profesor Pardo de Neyra, estudo centrado no primeiro terzo do século XX, na etapa da Real Academia Galega e as Irmandades da Fala. Sinálase que o máis novidoso do volume á e reivindicación que fai da figura de Evaristo Correa Calderón como pai do vangardismo en Galicia, un autor que esixiu o espallamento do galego e, segundo Pardo de Neyra, en 1917 lanzou en *La Idea Moderna* o que se pode considerar o primeiro documento panfletario da literatura galega. Tamén colaboraba c'*A Nosa Terra*, onde publicou o documento "Hai que sere violento", a súa proclama futurista máis explícita. Pardo de Neyra pon en cuestión, por tanto, que Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro fosen os pioneiros do vangardismo en Galicia.

Abelenda, Ana, "Arte para espantar os medos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 decembro 2007, p. 8.

Faise eco do ciclo teatral que se desenvolve no teatro coruñés Colón para animar coa arte este outono dos máis novos. A primeira representación titulada *Juguetes*,

sucedéronlle outras de clásicos como *La bella y la bestia e Meter Pan*. O ciclo péchase ca obra *Uhhhh!!*; a historia de Marta unha rapariga que treme cada vez que chega o momento de durmir ata que descubre que os Reis Magos elixiron a noite para ir deixando os seus regalos.

Abuín de Tembra, Avelino, "Os fastos galegos de decembro", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 9 decembro 2007, p. 26.

A raíz da traxedia do Prestige o xornalista alude á importancia de decembro na vida de Galicia debido a acontecementos históricos como o martirio de Pedro de Cela (17-XII-1483), o saqueo de Cangas do Morrazo (8-XII-1617) e a finalización da batalla de Ponte Sampaio (15-XI-1811) e culturais como a fundación do Partido Galeguista (6-XII-1933), a creación da sección galega no Instituto de Literatura da Academia de Ciencias de Cuba ou o nacemento dos escritores Antón Losada Diéguez, Álvaro Cunqueiro e Luís Pimentel.

A.C., "O que aínda din os rumorosos", *El Correo Gallego*, "Cultura", 16 febreiro 2007, p. 75.

Infórmase da presentación dos diferentes actos que se realizarán ao longo do ano con motivo do centenario da estrea pública na Habana da versión cantada do himno galego, a cargo do músico Pascual Veiga, entre os que se salienta a celebración dun congreso adicado ao músico, a publicación en dous volumes das composicións de Pascual Veiga, un ciclo de concertos e o curso "No centenario de Pascual Veiga: visións de Galicia no tempo do nacemento da Academia Galega", estos últimos organizados pola Universidade de Santiago. Finalmente, alúdese á intención da Real Academia Galega e o Consello da Cultura Galega de elaborar un estudo sobre os símbolos nacionais de Galicia con anexos documentais.

A.C., "A pioneira rede poética 'Espoesía' integra todas as linguas do Estado", *El Correo Gallego*, "Cultura", 23 marzo 2007, p. 76.

Destácase que Espoesía é a primeira rede de poesía de España e integra todas as linguas do Estado co obxectivo de espallar este xénero entre a cidadanía a través da organización de actividades durante todo o ano. Sinálase que a primeira será o I Festival Internacional de Poesía Madrid Poesía 2007, no que Galicia será invitada de honor xunto con Cataluña. Recóllese tamén información sobre o acto de presentación da rede, ao que asistiu o escritor Miguel Anxo Fernán Vello, quen resaltou a pertinencia da iniciativa para axudar a difundir a poesía e "propiciar o intercambio e a colaboración" neste ámbito, ademais de impulsar a tradución do xénero.

A.C., "As compañías teatrais galegas viven no limiar da rendibilidade", *El Correo Gallego*, "Cultura", 26 outubro 2007, p. 76.

Resúmense os puntos principais recollidos nun estudo promovido polo IGAEM sobre a situación do teatro galego , no cal se ofrecen resultados sobre o mercado teatral, o tecido empresarial e o mercado laboral do sector, así como sobre a demanda e a difusión deste tipo de espectáculos. Del dedúcese que as compañías teatrais galegas viven no limiar da

rendibilidade: o 91% posúen menos de cinco asalariados, que na maior parte dos casos non son estábei; máis da metade facturan menos de cen mil euros ao ano, e os seus profesionais móvense nun contexto "precario e inestable", cunha escasa especialización, de xeito que as empresas non contan con recursos humanos propios. Segundo o estudo, existen problemas na distribución, até o punto de que existe unha forte dependencia das subvencións. O 87% dos espazos escénicos en Galicia son de titularidade pública. A demanda de espectáculos é escasa na comunidade, de xeito que as tres cuartas partes dos espectadores asisten ao teatro cunha frecuencia inferior a unha vez ao ano.

A.C., "Máis de 66 millóns para a escena", *El Correo Gallego*, "Cultura", 13 novembro 2007, p. 74.

Infórmase de que as artes escénicas contarán dende principios do 2008 cun plan específico co que se pretende favorecer unha maior presenza do teatro na sociedade galega e unha maior estabilidade das compañías, afianzando a promoción da industria escénica e o fomento da creación. Sinálase que para achegar o teatro á sociedade está previsto ordenar as programacións segundo as idades do público, incidindo sobre todo nos máis novos, e como novidade salientábel, crear residencias, de xeito que as compañías se liguen a un espazo escénico no que traballarán de maneira estábel.

ACB, "Unha partitura oficial do himno de Galicia evitará o pago de dereitos de autor", *El Progreso*, "Vivir", 29 decembro 2007, p. 79.

Nota que informa da posta en marcha dos trámites por parte da Xunta de Galicia para elaborar unha partitura orquestrada oficial do Himno Galego para convertela en gratuíta para todos os cidadáns e cidadás e evitar o pago de dereitos de autor ao músico Rogelio Groba.

A.F., "Siguiendo la senda del Teatro Galán y la Sala Yago", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 7 setembro 2007, p. L3.

Análise sobre o peche nos últimos anos dunha gran cantidade de salas de artes escénicas en Compostela. Veciños, propietarios dos edificios, limitación de usos e falta de apoios municipais son algunhas das razóns que, segundo o artigo, poderían estar na causa dos reiterados peches. Ao inminente peche da Capitol súmanse os anteriores da Sala Nasa e da Sala Yago. Critícase que este tipo de locais estean sendo substituídos por "costosos chiringuitos culturais" creados por grandes mecenas das finanzas e as institucións, que así desenvolven unha "cultura dirixida, tutelada e orientada" por eles mesmos.

Aira, Laura L. "P.E.N. e Fegape saen en defensa dos 'traballadores da palabra", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 setembro 2007, p. 27.

Infórmase sobre a sinatura dun convenio entre o PEN Clube de Galicia e a Federación

Galega de Asociacións de Periodistas para poñer en marcha unha serie de actividades que defendan a liberdade de expresión dos escritores. Indícase que no acto de asinatura estivo presente o escritor Luis González Tosar, presidente do PEN Clube e que as dúas entidades acordaron convocar un premio de xornalismo literario e organizar un coloquio anual entre xornalistas e escritores do PEN, co fin de "profundar na problemática" de ambos os colectivos. Luis Menéndez Villalba, representante da Asociación de Periodistas de Santiago, resaltou que a relación entre xornalistas e escritores foi o xermolo de institucións como as Irmandades da Fala ou a Real Academia Galega.

A.I.S., "Recordando a Pondal y Aguirre", *El Correo Gallego*, "Santiago", 28 marzo 2007, p. 32.

Resúmense os actos conmemorativos do Banquete de Conxo, con motivo de se cumprir en 2006 o cento cincuenta aniversario da súa celebración, que comezaron coa ofrenda floral na tumba do poeta Aurelio Aguirre no cemiterio santiagués de Boisaca. Os organizadores definírono como "un brindis á liberdade promovido por Aurelio Aguirre e Eduardo Pondal", e lembraron que o 2 de marzo de 1856 se reuniron obreiros e estudantes nunha comida de confraternidade na que participaron Manuel Murguía ou Rosalía de Castro, e que foi concibida como unha "homenaxe do mundo da cultura ao mundo do traballo".

A.L., "…e o pé non se moveu", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 setembro 2007, p. 29.

Alude a presentación, na Librería Couceiro, do libro *Cen+Cen pes*, de Xaquín Marín onde volve pór a lupa sobre a resignación dos oprimidos. Miguel Toval, editor do libro, Xaquín Marín e Xosé Luís Barreiro Rivas, na presentación realizaron un percorrido pola vida e traxectoria do autor facendo fincapé naqueles personaxes que o fixeron máis célebre. O autor, tamén debuxante e ilustrador, recupera un dos seus temas máis recorrentes que en verbas do humorista "resume un pouco como é a nosa vida".

A.L., "Vaiadous Teatro' presentará su espectáculo en Portugal", *El Progreso*, "Terra de Lemos/ Quiroga/ Chantada", 2 decembro 2007, p. 17.

Informa de que o grupo Vaiadous Teatro de Chantada vai comezar a súa xira coa participación nun festival de teatro en Aveiro. Así mesmo, tamén comenta que levarán a cabo representacións en A Garda e O Rosal.

Albo, Francisco, "Usos, costumes e cousas do Courel", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 237, 17 novembro 2007, p. 12.

Comenta o libro de Jesús Alfonso Parada Jato, *Usos, costumes e cousas do Courel* (2007), editado por Toxosoutos. Indica que o autor non é unha persoa experta en antropoloxía ou etnografía mais describe de xeito minucioso a civilización rural da montaña galega. Explica que a obra é extensa e que se divide en apartados nos que vai relatando aspectos da vida cotiá. Algúns dos textos que aparecen son lendas, contos populares, anécdotas, refráns, etc.

Alonso, Carlos, "O único lugar en ti", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 setembro 2007, p. 25.

Acóllese nesta sección fixa un poema Carlos Alonso, titulado "O único lugar en ti".

Alonso, Eladio, "Despois", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 outubro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Eladio Alonso, titulado "O peor do suicidio é o pasmo previo".

Alonso, Fran, "5 motivos para ler poesía", *A Nosa Terra,* n.º 1261, "Fin de semana", 22-28 marzo 2007, p. 31/*Galicia Hoxe*, "Vivir. Sociedade", 21 marzo 2007, p. 13.

O escritor resume as bondades deste xénero en base a cinco puntos: non é aburrida, cursi nin difícil e presenta unha gran variedade para elixir; ten múltiples utilidades, sobre todo, "explicar as razóns e as emocións que non veñen no diccionario"; pode curar diversas enfermidades; está nas cousas que nos rodean a diario; o importante na poesía é "saber gozala, sentila e intuíla", en suma, facer dela un pracer.

Alonso, José, "Antípodas en galego", *El Correo Gallego*, "*El Correo2*", "Universidade", 22 abril 2007, p. 16.

Artigo dedicado á revista australiana *Antípodas*, do Centro de Estudos Galegos da Universidad de Trobe, centrada no espallamento da lingua e a cultura galegas polo mundo cun maior recoñecemento na actualidade. Indícase que foi fundada en 1988 e acada xa o seu número XVII. Recóllese que segundo o seu director xeral, Roy C. Boland, o interese pola lingua e a cultura galegas son moi fortes en Australia dende hai xa tempo, e que a revista tentará agora espallar ambas sobre todo en Estados Unidos. Ademais, o propio Roy Boland e María Jesús Lorenzo Modia, da Universidade da Coruña, están a traballar nun volume sobre os universos multiculturais de Galicia e Australia, con traballos de especialistas de todo o mundo, que está previsto que se publique coa propia revista *Antípodas*, en galego e en inglés. Ademais, sinálase que a revista publicará un número especial sobre a lingua e a literatura galegas, centrándose sobre todo nas dúas últimas décadas, coa intención de presentar un panorama dos autores mozos con máis éxito en Galicia e incluír artigos orixinais dende o ámbito da literatura comparada ou os estudos de xénero. O resultado final tería que ofrecer un panorama da literatura galega actual e das súas perspectivas de futuro.

Alonso, José, "Trinta anos dunha historia do libro galego", *El Progreso*, "Lugo", "Historias de Lugo", 11 novembro 2007, p. 4.

Sinala que a editorial Alvarellos cumpre tres décadas no panorama da cultura galega, tras a súa posta en marcha o 17 de xuño de 1977 coa publicación das obras *Botei 40 anos*, do propio editor, Enrique Alvarellos Iglesias, e *Poesía dun labrego*, do poeta Paco

Ledo, entre os seus máis de douscentos títulos. Con respecto ao labor da editorial, indica que a empresa continúa a súa actividade baixo a dirección de Henrique Alvarellos Casas, fillo do fundador. Entre os editados na primeira etapa, a finais dos anos setenta, cita obras como *Antífona de redención*, de Xavier Rodríguez Barrio; *Argalladas do pobo*, de Antonio Yebra de Ares; *Melodías diversas*, de Xosé Molejón Rañón; *Cen anacos*, do propio editor e *Pensamento de Vicente Risco*, de Antón Risco. Ademais, menciona que a editorial reeditou en 1978 a *Historia de Galicia*, de Benito Vicetto e, no mesmo ano, *A ínsua*, a primeira novela de Xavier Alcalá; e en 1979 saíron do prelo *Catavento de neutrós domesticados*, de Manuel María, e o primeiro catálogo da editorial, no que esta confirmaba o seu compromiso de centrarse no libro galego, as edicións populares e os facsímiles. Tamén expresaba a súa vontade de dar a coñecer a toda unha serie de autores "dos que ninguén se lembra".

Alonso Montero, Xesús, "Cartas de Luís Seoane a Isaac Díaz Pardo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 210, "A festa das letras. Os críticos do Culturas recomendan", 12 maio 2007, p. 3.

Recomenda a edición que hai tres anos publicou Edicións do Castro onde se recollen cartas anteriores á morte de Franco. Dise que no epistolario "está o drama e a grandeza do exilio republicano".

Alonso Montero, Xesús, "Breves suxestións sobre o himno", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 229, "Letras en galego", 22 setembro 2007, p. 14.

Breve artigo que analiza o contido do poema *Os pinos*, de Eduardo Pondal, himno oficial de galicia, ofrecendo chaves interpretativas sobre a estrutura dialóxica entre o lector e os pinos e o significado simbólico de termos como a "voz" dos pinos con contido ideolóxico ou "inxuria". Finalmente, Xesús Alonso Montero reflexiona sobre as distintas interpretacións da letra do himno, motivo polo que considera que non "cumpre a función aglutinante e estimulante esixible a un cántico patrio".

Alonso Novelle, Artur, "De 'Dez x dez", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 setembro 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle o poema "LOGOS" da obra *Dez x dez*, de Artur Alonso Novelle.

Álvarez, Eduardo, "Lopo, Molina e De Cuenca, en Mariñán", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 xuño 2007, p. 27.

Destaca que a Fundación Carlos Casares, coa colaboración da Deputación da Coruña, promoveu por cuarto ano consecutivo os "Diálogos literarios de Mariñán", un encontro sobre literatura no que participaron escritores, poetas e xornalistas como César Antonio Molina, Román Raña, Camilo Franco ou Antón Lopo. Sinálase que Celestino Poza, responsábel en funcións de Cultura, cualificou o pazo de Mariñán como un auténtico "espazo de creación" que amosa a colaboración entre os creadores e a Deputación, e tamén subliñou que os diálogos son unha homenaxe permanente a Carlos Casares.

Álvarez, Eduardo, "Intelectuais de Galicia reflexionan sobre a 'arte' da tradución", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 novembro 2007, p. 37.

Informa da celebración da V edición do Encontro de Escritores Galegos que cada ano se realiza no Pazo de Mariñán e que este ano leva o título de "Ámbitos da tradución". Indica que a conferencia inaugural correrá a cargo do profesor e tradutor Valentín Arias López e, finalmente, comenta que a duración do evento contará con seis comunicacións de diversos relatores.

Álvarez, Manuel, "O pano subiu hai 125 anos", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 376, "Mil Primaveras Máis", "Reportaxe", 16 setembro 2007, pp. 6-7.

Reportaxe sobre a conmemoración do cento vintecinco aniversario da primeira representación teatral en galego, *A fonte do xuramento*, o 13 de agosto de 1882 no Liceo Brigantino da Coruña. Resáltase que cando noutros sitios do mundo estaba a piques de nacer o cine, na nosa comunidade aínda se estaba traballando na normalización dunha escena teatral propia. Con todo, a escasa aceptación social do galego oral dificultou a expansión das representacións. Entre os principais defensores do uso do idioma propio sobre as táboas menciónase a Francisco María de la Iglesia, que finalmente decidiu escribir a obra fundacional do teatro en galego para impulsalo*, A fonte do xuramento*, un drama de costumes galegos en dous actos. Recóllese tamén que a verdadeira renovación se produciu a partir de 1916, primeiro coas Irmandades da Fala e logo coa Xeración Nós, e que Antón Vilar Ponte xa reparou nas posibilidades que as obras teatrais ofrecían para a galeguización do público. Apúntanse feitos como a representación, por parte do Conservatorio Nazonal de Arte Galega, na Coruña d'*A man da santiña* en 1919, de Ramón Cabanillas, coa intención de demostrar que o galego era apto para calquera propósito. Destácase como, a partir de 1920, a Xeración Nós introduce unha fonda evolución do teatro en galego, que con Risco, Otero e Castelao se abre a novas correntes e expande as posibilidades do idioma nos textos dramáticos, e como co inicio da Guerra Civil viuse cortada esta evolución.Tamén se pon de relevo, o pulo nos últimos anos de vida de Franco, por medio de colectivos como a Asociación Cultural Abrente ou a Asociación O Galo, a aparición en 1973 dunha Mostra de Teatro Galego e un Concurso de Textos Teatrais, que reinician a actividade do teatro propio de Galicia, que se vería reforzado institucionalmente coa creación do Centro Dramático Galego en 1984 e coa posterior fundación do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e a creación do primeiro Plan Galego das Artes Escénicas. A reportaxe complétase coa transcrición de certos fragmentos do terceiro lance da obra de Castelao *Os vellos non deben de namorarse*.

Álvarez, Natalia, "Un valioso rexistro do acontecer cultural de Galiza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 200, "Reportaxe", 22 marzo 2007, pp. II-III.

Con motivo de se cumprir douscentos números do suplemento "*Faro da cultura*", durante os cales recolleu máis de dous millares de recensións de libros galegos, recóllense declaracións de diferentes axentes culturais, como Carlos Lema, Cristina Domínguez, Iñaki Martínez Antelo, Manuel Olveira, Vítor Belho, entre outros. Para

Miguel Anxo-Fernán Vello, director de Espiral Maior, xa se converteu nun "rexistro do acontecer editorial e literario en Galicia". Tamén se recollen declaracións de Manuel Bragado, director de Xerais, e de Carlos Lema, director de edicións de Galaxia, sobre a importancia do suplemento para a literatura galega e, sobre todo, para a súa crítica. Moisés Barcia, editor de Rinoceronte, pon de manifesto que na actualidade apenas existen en Galicia críticas negativas, e que, por tanto, se lles debería esixir aos seus autores maior audacia. Apúntase que o suplemento, ademais de literatura, inclúe información sobre o teatro, a música ou a creación artística, é dicir, sobre calquera manifestación cultural que se dea en Galicia, e que entre os obxectivos do suplemento estivo o de escribir nun idioma comprensíbel polo público medio dos xornais, así como o de potenciar o uso do galego. De feito, é o único suplemento cultural que emprega exclusivamente o noso idioma. Para Méndez Ferrín, o "*Faro da Cultura*" "vai pasar á historia".

Álvarez Moreira, Manuel, "Unha persoa, un poema", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 350, "Mil primaveras máis", "Reportaxe", 18 marzo 2007, pp. 6-7.

Alúdese ao uso poético da palabra, "a máis ancestral das expresións literarias", dende o mundo antigo até a actualidade con motivo da celebración do Día Mundial da Poesía (21 de marzo). Faise unha reflexión na que se comenta que, a pesar de ser un xénero minoritario entre os lectores, vive unha etapa de renacemento e recoñecemento na literatura galega, grazas á normalización lingüística, aos galardóns literarios, ás editoriais e achegas como a autoedición en internet. Finalmente varias figuras da sociedade galega escollen e argumentan os seus versos favoritos, que se reproducen a continuación. Así Cesáreo Sánchez escolle o poema "Mañá da miña rúa", de Luís Pimentel; Yolanda Castaño decántase pola cantiga "Sedia-m'eu na ermida de San Simión", de Meendinho, e "Penélope", de Xohana Torres; Luís Bará elixe "Sós", de Manoel Antonio e, por último, Fernando Vázquez "Jerry Lee Lewis" da obra *Estirpe*, de Méndez Ferrín.

Álvarez Moreira, Manuel, "A palabra filmada: literatura galega e cine", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 390, "Mil primaveras máis", "Reportaxe", 30 decembro 2007, pp. 6-7.

Comenta que entre as artes todas non hai vínculos máis naturais que os da literatura e o cine e sinala que o Ministerio de Cultura posúe unha moi completa base de datos da historia do cine feita en España (www.mcu.es). Explica que se introducimos nela o nome de calquera escritor galego, se poden ver cantos filmes naceron inspirados pola súa pluma. A seguir, dá conta de producións fílmicas que partiron de autores galegos que escribiron en castelán, caso de Ramón María del Valle-Inclán, Emilia Pardo Bazán, Alfredo Pérez Lugín, Wenceslao Fernández Flórez, Gonzalo Torrente Ballester ou Camilo José Cela. Por outra parte, cita aqueles autores galegos dos que tamén se levaron as súas obras ao cinema como é Castelao, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Blanco-Amor, Ánxel Fole, Xosé Luís Méndez Ferrín, Miguel Anxo Murado, Carlos González Reigosa, Manuel Rivas ou Suso de Toro. Por último, refírese a outras obras obxecto de desexo dos realizadores.

Álvarez Moreira, Manuel "Playas ilustradas", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 367, "Lecturas de verán", 15 xullo 2007, pp. 8-9.

Amplo repaso polas novidades que van chegando ao mercado de cara ao tempo de lecer do verán. Repasa novidades do ámbito español e dedica unha pequena nota ás novidades galegas, entre as que destaca a obra de Manuel Rivas, *Os libros arden mal* (2006) e a de Diego Ameixeiras, *Tres segundos de memoria* (2006) para, finalmente, recomendar tamén a lectura de *Pepa a loba* (2006), de Carlos G. Reigosa.

Álvarez Torneiro, Manuel, "De 'Apunte en gris", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 marzo 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Apunte en gris*, de Manuel Álvarez Torneiro, titulada "Tamén o sur estaba..."

Álvarez Torneiro, Manuel, "Interior (II)", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 abril 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Manuel Álvarez Torneiro, titulado "Interior (II)".

Álvarez Torneiro, Manuel, "De 'Parábola do incrédulo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 xullo 2007, p. 46.

Sección fixa que acolle un poema da obra *Parábola do incrédulo*, de Manuel Álvarez Torneiro, titulado "Mentira".

Álvarez Torneiro, Manuel, "De 'Parábola do incrédulo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 setembro 2007, p. 25.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Manuel Álvarez Torneiro, de *Parábola do incrédulo*, titulado "NUNCA".

Álvarez Torneiro, Manuel, "De 'Setembro Stradivarius", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 setembro 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema da obra *Setembro Stradivarius*, de Manuel Álvarez Torneiro, titulado "VERTICAL DE SETEMBRO".

Álvarez Torneiro, Manuel, "De 'Parábola do incrédulo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 outubro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Manuel Álvarez Torneiro, de *Parábola do incrédulo*, titulado "AQUELES".

Alves, Amada, "Un proxecto cultural e deportivo aberto nun entorno educativo", *La Voz de Galicia*, "Crónica", "Copa LEB2", 2 febreiro 2007, p. 6.

Reportaxe sobre as actividades culturais que dende hai tres décadas desenvolve o instituto compostelán Rosalía de Castro. Entre elas destácase o Premio Literario Arcebispo Juan de San Clemente, que conta no seu palmarés con trinta e seis novelistas internacionais. Tamén se menciona o labor do Departamento de Artes Plásticas e Visuais do Centro, no que os alumnos participan todos os anos nos proxectos que se desenvolven con motivo do Día das Letras Galegas, e cuxos traballos se editan nun volume. A reportaxe complétase cun despece no que se fai referencia á recente entrega dos premios da décimosegunda edición do Arcebispo Juan de San Clemente, que recolleron o escritor lucense Isidro Novo, o estremeño Javier Cercas e o israelí Abraham B. Yehshúa polas súas novelas en galego, castelán e inglés do ano 2005. A recoller o galardón acudiron, ao longo das súas diferentes edicións, autores tan recoñecidos como Vargas Llosa, José Saramago ou o estadounidense Paul Auster. Entre os autores españois, tamén acudiron a Compostela Javier Marías, Carmen Martín Gaite ou Almudena Grandes e, dos autores en galego, Suso de Toro, Xurxo Borrazás, Gonzalo Navaza, Manuel Rivas, Marilar Aleixandre, Rosa Aneiros ou Teresa Moure. Son os propios alumnos de bacharelato de cinco institutos galegos os que seleccionan os gañadores do certame.

A.M., "Villalobos, Ferrín y Nóvoa presentan el álbum 'ALBH' en un acto cultural en Vigo", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 27 setembro 2007, p. 40.

Coméntase a presentación no Marco de Vigo de *ALBH* cos tres implicados neste proxecto: o pintor Leopoldo Nóvoa, o escritor Xosé Luis Méndez Ferrín e mais o editor e pintor Nelson Villalobos. Explícase que do libro só se editan vinte exemplares e que se compón de cinco serigrafías orixinais, acompañadas dun poema de Méndez Ferrín, recitados durante a presentación. Deseguido, recóllense as primeiras palabras galegas en público do pintor nas que detalla que se trata dunha labor a tres mans pero feita separadamente por cada creador, e que os tres foron cómplices grazas ás súas "afinidades plásticas". Finalízase coa valoración do escritor da calidade do traballo, ao que considera "unha obra de arte".

A.M., "Xavier Alcalá deposita os orixinais de seis das súas obras na RAG", *El Correo Gallego*, "Cultura", 19 decembro 2007, p. 67.

Fálase de que, froito do convenio asinado entre a Real Academia Galega e a Asociación de Escritores en Lingua Galega, Xavier Alcalá entregou á institución académica unha primeira achega de material referida á elaboración de diferentes obras (*Nos pagos de Huinca Loo* (1982), *Latitude austral* (1991); *Codigo Morse* (1996); *Alén da desventura* (1998); *La Habana flash* (1998) e *Tertulia*, de 2001) co obxecto de manter un Acordo Marco de colaboración baseado no común interese no proceso de normalización cultural e lingüística de Galicia.

Amenedo, Cristina, "Centro de poesía", *El Correo Gallego*, "Opinión/Lorelei", 10 agosto 2007, p. 4.

Alude á creación, por parte da revista *Aturuxo* que edita a Casa de Galicia das Palmas, do Centro de poesía Cristina Amenedo. Sinala que se reproduce o primeiro capítulo do seu libro *Dadin Abelar* e expresa o seu sincero recoñecemento a toda a directiva da institución.

Andaluz, Cándida, "Enjaulando a Blanco Amor", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 decembro 2007, p. 52.

Recóllese o incidente ocorrido na cidade de Ourense no acto convocado polo Pen Club de homenaxe a Eduardo Blanco Amor, no vinte e oito aniversario da súa morte, cando se atoparon os presentes coa estatua do escritor cuberta por un gran piñeiro de Nadal en forma de cono que formaba parte da decoración da cidade nesa época festiva. Sinálase que en media hora a Concelleira de Cultura solucionou o problema e realzouse a homenaxe, ao tempo que se anunciou a edición en francés da obra *A Esmorga* e a creación dunha bolsa por parte do Concello de Ourense para o estudo da vida e obra do autor da mesma.

Andaluz, Cándida, "Recreando a Blanco Amor", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 11 decembro 2007, p. 8.

Infórmase de que a sección de literatura do Liceo de Ourense organizou un novo roteiro d'*A Esmorga* na cidade de Ourense. Coméntase que este roteiro se realiza todos os anos co gallo do aniversario da morte de Eduardo Blanco Amor e recálcase que a novidade desta edición foi que esta andaina literaria rematou a carón da nova estatua que este autor ten na Alameda de Ourense.

Andaluz, Cándida, "El Liceo pide que se dedique una calle de la capital a Carlos Casares", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 15 decembro 2007, p. 7.

Comenta que se inaugurou unha placa no Liceo de Ourense na que se recorda a figura de Carlos Casares nun acto no que tamén se indicou que o Liceo vai liderar unha campaña para conseguir que algunha rúa da cidade de Ourense leve o nome de Carlos Casares. Tamén se informa de que, ás 13.00 horas de hoxe, Marcos Valcárcel dirixirá un roteiro na cidade de Ourense centrado na figura de Carlos Casares.

Andaluz , Cándida, "Libros, puzzles, música e cómics, pero pouco máis", *La Voz de Galicia*, "Sociedad", 31 decembro 2007, p. 24.

Reflexiónase de xeito persoal sobre a dificultade para encontrar agasallos en galego en diferentes locais comerciais de Ourense, tendo en conta a escaseza de xoguetes para os nenos e nenas.

A.N.T., "Santiago Prado recibe o 'Risco' de ciencias sociais por un estudo sobre ensino

rural ", *A Nosa Terra*, n.º 1.256, "Cultura", 15-21 febreiro 2007, p. 28.

Ademais de atender ao premio Risco de Ciencias Sociais, dáse conta de que *Psicopatoloxía do retorno*, de Alexandre García-Caballero e Ramón Area foi merecente do premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve. Destácase que "achega o ensaio ás disciplinas da medicina e da psicoloxía e que profundiza na importancia social dos emigrantes que retornaron". Rematase referenciando ao xurado do premio Ramón Piñeiro e engadindo datos profesionais dos autores.

A.N.T., "Morre Alexandre Finisterre", *A Nosa Terra*, n.º 1.256, "Cultura", 15-21 febreiro 2007, p. 30.

Repásase o labor desenvolvido por Alexandre Finisterre, destacando os seus comezos no mundo da cultura en 1936, cando funda unha revista quincenal co poeta Rafael Sánchez Ortega, de efémera duración. Percórrese a súa traxectoria como editor e poeta no exilio mexicano, tras a ditadura do xeneral Franco, con poemarios como *Cantos Esclavos, Cantos rodados, 18 de julio, Cumbres borrascosas* e *Café, coñá e puro*, ademais de *Rial*. Cítanse tamén as súas antoloxías de poesía latinoamericana e galega e o ensaio *Con, sin, sobre, tras la Poesía*, así como o seu traballo de editor, xa que publicou máis dun milleiro de obras de autores tan coñecidos como Max Aub, Américo Castro ou Francisco Ayala, contribuíndo a conservar o legado cultural e histórico que a ditadura franquista tentou esnaquizar. Atribúeselle ademais a fundación e dirección de *Ecuador 0º 0' 0*" *Revista de Poesía Universal*, na que participaron as principais plumas do exilio español do 1939 e tamén diversos escritores latinoamericanos, entre eles Octavio Paz; e *Compostela. Revista de Galicia*, con colaboradores como Bal y Gay ou Ramón Villar Ponte. Conclúese relatando que despois de apoiar durante a ditadura franquista ao galeguismo do exilio e de ser nomeado membro da Real Academia Galega, volveu a España no 1975, e continuou traballando na súa obra poética e na divulgación da obra dos exiliados. Nunha columna complementaria titulada "Finisterre", Damián Villalaín destaca que este persoeiro foi quen publicou a primeira edición completa das *Farsas para títeres* de Eduardo Blanco-Amor en 1962.

A.N.T., "A Semana de Filosofía reflexiona sobre a diferenza", *A Nosa Terra*, n.º 1.263, "Cultura", 12-18 abril 2007, p. 24.

Dáse conta da celebración da XXIV edición da Semana Galega de Filosofía, que este ano leva por título "Pensar a diferenza", e que reuniu en Pontevedra, entre outros, a Anxo Angueira e Darío Xohán Cabana. Ofrécese un breve resumo da súa sesión conxunta, titulada "Lingua e nación". Nela, Angueira subliñou o carácter do galego como elemento principal para a diferenza nacional, puxo de relevo a importancia das obras de Rosalía de Castro como proxecto literario patriótico e situou a Curros, Pondal, as Irmandades da Fala, Manuel Antonio, Castelao ou Méndez Ferrín como autores de "auténticos discursos de independencia" que continuaron a obra literaria "de descolonización" da propia Rosalía. Pola súa banda, Darío Xohán Cabana centrouse na aplicación que se fai hoxe en día da normativa lingüística do galego, resaltando as súas eivas.

A.N.T., "Publícanse os tomos III e IV da obra xornalística de Carlos Casares", *A Nosa Terra*, n.º 1.264, "Cultura", 19-25 abril 2007, p. 25.

Nota que informa sobre a publicación das colaboracións de Carlos Casares na sección "Á marxe" de *La Voz de Galicia*, por parte da editorial Galaxia. Sinálase que en 2006 se editaron os tomos correspondentes aos anos 1992 e 1993, e que ao longo de 2007 saíran novos volumes, e que a editorial ten previsto que o último recolla traballos publicados con anterioridade noutros medios. Coméntase que a obra xornalística de Casares deu preferencia ao aspecto literario á plasmación de pequenos detalles e a trazos humorísticos e sorprendentes da vida cotiá.

A.N.T., "A industria cultural busca consolidar a cita en Pontevedra", *A Nosa Terra*, n.º 1.268, "Cultura", 17-23 maio 2007, p. 30.

Coméntase que arredor de dez mil persoas acudiron ás máis de cen actividades organizadas no marco do Cultur-gal, en Pontevedra, e que a cita reuniu sesenta postos, quince encontros con escritores e cinco lecturas, entre outras actividades. Saliéntase que a Asociación Galega de Editores foi a promotora da feira, definida polo escritor Fran Alonso, vicepresidente da entidade, como "aglutinador" de todas as propostas que se están a levar a cabo en Galicia no ámbito da cultura e como unha ferramenta para "crear sinerxias entre os distintos sectores da industria cultural".

A.N.T., "Promocións Culturais anuncia a renovación de *A Nosa Terra* e a saída diaria na rede para o 4 de nadal", *A Nosa Terra*, n.º 1.276, "Sociedade", 12-18 xullo 2007, pp. 14-15.

Anúnciase que a Xunta Xeral de Accionistas de Promocións Culturais Galegas S.A.deu conta dos resultados da empresa en 2006 e avanzou os actos a celebrar en relación co centenario da cabeceira *A Nosa Terra*, a saída, antes de fin de ano, na rede e a renovación do semanario. Tamén se menciona os novos membros do Consello de Adminitración. Resáltase que segundo os datos presentados nesta xuntanza, Edicións A Nosa Terra publicou no 2006 máis dun cento de novidades, o que a sitúa como segunda editora de libro galego por número de títulos novos, cun catálogo moi próximo aos mil títulos.

A.N.T., "O 4 de agosto comezan na Coruña os actos do centenario d*'A Nosa Terra*", *A Nosa Terra*, n.º 1.278, "Cultura", 26 xullo-5 setembro 2007, p. 24.

Resúmense algúns dos actos que forman parte da programación para conmemorar os cen anos da saída á rúa d*'A Nosa Terra*, sinalando que un pavillón itinerante percorrerá as sete grandes cidades galegas, acollendo unha exposición na que se repasa a súa historia. Ademais anúnciase un ciclo de charlas sobre a historia de Galicia e o xornalismo, e a publicación dalgúns volumes como o que percorre, a través das portadas, a historia do xornal ou unha escolma das entrevistas máis representativas publicadas dende 1977.

A.N.T., "O futuro de América Latina a debate", *A Nosa Terra*, n.º 1.281, "Cultura", 20-26 setembro 2007, p. 26.

Recóllese información referida á celebración dos V Encontros de Mondariz-Balneario que promove a Fundación Carlos Casares, nesta edición baixo o título de "América Latina e o futuro". Saliéntase que se pretende analizar o momento político desta zona mediante as reflexións de sete expertos en análise internacional, entre eles os galegos Carlos Taibo (cunha conferencia sobre a relación entre América Latina e a globalización), Roberto Mansilla Blanco (con "Xeopolítica en América Latina") e Ramón Máiz, cunha intervención sobre nacionalismo e indixenismo.

A.N.T., "Pequenas compañías, pouco público", *A Nosa Terra*, n.º 1.286, "Cultura", 25-31 outubro 2007, p. 24.

Noticia sobre o informe do IGAEM acerca do estado do teatro galego, do que se conclúe a escasa demanda do público polo teatro propio, un teatro con poucos medios, precarizado e moi pouco profesional. O noventa e un por cento das compañías ten menos de cinco empregados. Máis da metade dos entrevistados non coñece a programación teatral da súa zona, e máis dun trinta por cento non vai ao teatro porque non lle interesa. Como consecuencia de todo isto, o teatro galego non consegue ampliar o seu público, e carece de capacidade de innovación. Respecto ao perfil habitual do consumidor de teatro galego, trátase dunha muller de entre 30 e 49 anos, con estudos superiores e que habita nun concello urbano. O investimento público preséntase como a principal solución para saír deste círculo vicioso. Entre as iniciativas máis exitosas, sinálase a creación da Rede Galega de Teatros (RGT). Cos datos do primeiro semestre do 2007 compróbase que se incrementaron o número de funcións, a media de representacións por compañía (case o dobre) e a facturación das mesmas. Ademais, a Rede Galega de Salas promoveu que o setenta por cento dos espectáculos exhibidos nos escenarios que forman parte dela sexa de produción galega.

A. P., "Familiares y amigos rinden homenaje a Díaz Pardo en una emotiva ceremonia", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Ciudad", 23 xaneiro 2007, p. 15.

Infórmase sobre o desenvolvemento, na Universidade da Coruña, do primeiro dos seis actos programados en homenaxea Díaz Pardo, con motivo da súa investidura como Doutor Honoris Causa. No acto titulado "Memoria viva", participou, entre outras personalidades, o escritor Xosé Neira Vilas. Na nova resáltase o labor de Díaz Pardo na recuperación da memoria histórica de Galicia a través da súa creación como escritor e editor. Entre o resto de actos previstos, destácase o denominado "A construción cultural", no que participarán Manuel Rivas, Antón Patiño, Luz Pozo Garza, Xavier Seoane, Henrique Rabuñal, Manuel Lourenzo ou Marilar Alexandre.

Arias Rego, Xiana, "De 'Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 agosto 2007, p. 32.

Publícase nesta sección fixa unha composición poética de *Ortigas*, de Xiana Arias Rego, titulada "Teño no salón unha lámpada de pé que remata en cunca".

Arias Rego, Xiana, "De 'Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 setembro 2007, p. 27.

Sección fixa que acolle unha composición poética de *Ortigas*, de Xiana Arias, titulada "Imaxina que nunca soubeches o que é a palabra".

Arias Rego, Xiana, "De 'Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 maio 2007, p. 31.

Publícase nesta sección fixa unha composición poética de *Ortigas*, de Xiana Arias Rego, titulada "Ídevos".

Arias Rego, Xiana, "De 'Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 agosto 2007, p. 27.

Sección fixa que acolle unha composición poética de *Ortigas*, de Xiana Arias Rego, titulada "Ensíname a deda grande do pé montada no".

Arias Rego, Xiana, "De 'Ortiga", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 agosto 2007, p. 27.

Publícase nesta sección fixa unha composición poética de *Ortigas*, de Xiana Arias Rego, titulada "Comen o baleiro".

Arias Rego, Xiana, "Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 setembro 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema de *Ortigas*, de Xiana Arias Rego, titulada "Sentada na porta da casa cun coxín na barriga".

A.S., "Una veintena de escritores participan en la XIII Feria del Libro de Vigo", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 26 xuño 2007, p. 46.

Nova referida aos actos que terán lugar ao longo da Feira do Libro de Vigo, na que nesta edición se contará coa presencia de máis de vinte postos. O seu coordinador, José Antonio Fernández Maira, destaca que nos dez días de feira pasarán por ela vinte e un escritores e presentaranse dez novidades editoriais. Entre os autores que acudirán figuran Marta Rivera de la Cruz, finalista do Premio Planeta, Camilo Franco, Teresa Moure, Lois Diéguez e Fran Alonso, que ademais lerá o pregón inaugural. Ademais da sinatura de exemplares, a feira inclúe recitais de poesía, charlas, talleres e contacontos. En relación co tema da nova, nun despece alúdese ao anuncio do primeiro tenente de alcalde de Vigo, Santiago Domínguez Olveira, que prometeu que o BNG elaborará un plan global de fomento da lectura en Vigo. Nunha columna recóllense os actos máis destacados dos dez días de feira.

A.S., "El pregonero de la Feria del Libro critica el déficit bibliotecario de Vigo", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 30 xuño 2007, p. 59.

Saliéntase que o escritor Fran Alonso, pregoneiro na XXXIII Feira do Libro de Vigo, pediu ao goberno municipal durante a súa intervención a fin do déficit bibliotecario que, segundo el, padece a cidade. Recordou que só ten unha biblioteca pública para os seus trescentos mil habitantes. Alonso engadiu que "é necesario que a lectura se convirta nunha cuestión social". A noticia recolle que ningún dos representanes políticos presentes no acto deron resposta á petición do pregoeiro. Nun pequeno despece achégase unha serie de datos sobre a Feira, que reúne títulos de todos os xéneros, dende a novela até os libros infantís e de divulgación.

A.S., "Molina clausura el I Encontro de Poesía Galega", *El País*, "*Galicia*", 1 decembro 2007, p. 7.

Dá conta da participación do Ministro de Cultura, César Antonio Molina, no acto de clausura do I Encontro de Poesía Galega, celebrado en Lugo con motivo da conmemoración do sétimo aniversario da declaración da muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade.

A. Taladrid, "Contacontos de Ames para animar a la lectura de los escolares de Primaria", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", 11 xaneiro 2007, p. 33.

Información referida ás actividades que conformarán o segundo trimestre do programa de animación á lectura que se leva a cabo no Concello de Oroso, e que incluirá espectáculos de contacontos nas diferentes bibliotecas do concello.

Baldomir Cabanas, María Carmen, "Chovía…", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 3 agosto 2007, p. 40.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia,* para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por María Carmen Baldomir Cabanas, "Chovía…".

Baleato Lamas, Isabel, "Sen ti", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 8 agosto 2007, p. 35.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Isabel Baleato Lamas, "Sen ti".

Barcón, Carlos, "Con la poesía", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "Entre nosotros", 8 setembro 2007, p. 19.

Anuncia a próxima saída do número 22 da revista *Poesía Galicia*, editada con moi poucos recursos en Ferrol dende o ano 1982 e salienta como unha cidade que transcorre por tempos tan pouco favorábeis mantén un espírito de apoio cultural. Relaciona algúns

dos colaboradores deste número, entre outros, José Ramón Vázquez Martínez, autor dun amplio traballo sobre Ricardo Carballo Calero.

Barcón, Carlos, "Poeta Prado Nogueira", *Diario de Ferrol*, "Entre nosotros", 30 novembro 2007, p. 25.

Anuncia a presentación do libro *Oratorio del Guadarrama/Mirasierra en la tumba de R.N.* na Casa de Galicia en Madrid, do poeta ferrolán José Luis Prado Nogueira, ao que sitúa dentro do grupo "Juventud Creadora" dos anos corenta que se deu a coñecer nas revistas *Garcilaso*, *Juventud*, *El Español*, *La Estafeta literaria* e *Fantasía.*

Barros, M., "Milladoiro cántalle a Manuel María", *A Nosa Terra*, n.º 1256, "Fin de semana", 15-21 febreiro 2007, p. 31.

Informa sobre a saída dun disco que Milladoiro dedica a Manuel María, titulado *Unha estrela por guía*. Indícase que nel colaboran Laura Amado, Laura Arbiol, Leilía, Mabel Rivera, a coral Máximo Gorka e Luís Tosar, e que se trata dunha proposta da AS-PG, a Mesa pola Normalización Lingüística, a AELG e CIG-Ensino dentro da programación da homenaxe a Manuel María. Así mesmo, destácase que Milladoiro tentou nesta obra representar todas as dimensións do poeta, dende o amor á patria até o que sentía pola súa muller.

Barros, M., "Ás portas do futuro", *A Nosa Terra*, n.º 1276, "Sociedade", 12-18 xullo 2007, p. 15.

Miguel Barros, Presidente do Consello de Administración de Promocións Culturais Galegas, incide en que *A Nosa Terra* pode gabarse de ser o único periódico escrito en galego dende 1907, "facendo do idioma o símbolo da nosa identidade". Asemade salienta como obxectivos da empresa: a defensa da identidade, o interclasismo accionarial, a apertura ao pluralismo ideolóxico e o compromiso de información veraz e independente. Apunta ademais que os actos de celebración do centenario porán de manifesto "o desenvolvemento da idea de Galicia como proxecto colectivo".

Barros, M., "Versos para recuperar a memoria", *A Nosa Terra*, n.º 1279, "Cultura", 6-12 setembro 2007, p. 24.

Refírese á celebración da vinte e unha edición do Festival de Poesía do Condado, centrado este ano na memoria histórica. Salienta que máis de doce mil persoas acudiron a Salvaterra do Miño a escoitar os versos de Marica Campo, Celso Álvarez Cáccamo ou Ana Romaní e os concertos de varios grupos, entre os que se atopaba Marful, e que o festival quixo render homenaxe a todos os represaliados pola ditadura franquista, á vez que denunciar as trabas coas que moitas veces se atopan os historiadores para traballar sobre o tema. No recital, Marica Campo recordou cos seus versos a Alexandre Bóveda e

Ánxel Casal. O festival tamén apostou nesta nova edición por un xénero novidoso, a videopoesía e presentou traballos de María Lado, entre outros moitos.

Barros, M., "A literatura galega abre as portas do mercado castelán", *A Nosa Terra*, n.º 1285, "Cultura", 18-24 outubro 2007, pp. 24-25.

Extensa reportaxe sobre o auxe da tradución de obras galegas ao castelán. Segundo as cifras da Consellaría de Cultura, o número de solicitudes de axudas para a tradución duplicouse respecto do pasado ano. Se ben a contía das subvencións tamén foi incrementada, os profesionais botan en falta a existencia dunha axencia propia para promover o galego noutros idiomas. Entre os títulos máis recentes en galego que pasaron a engrosar a nómina das librarías en español encontránse *Ser ou non*, de Xurxo Borrazás (traducido como *La aldea muerta*) e *Elegías a Dios y al Diablo*, de Samuel Solleiro. Rivas, Suso de Toro ou Teresa Moure son outros dos autores que tamén se abriron paso no mercado castelán, aos que se suman os nomes de Domingo Villar ou Inma López Silva. A pesar de todo, o director literario de Caballo de Troya, Constantino Bértolo, considera que os cambios non foron de grande entidade e que as editoras españolas seguen tendo cara ás que traballan noutros idiomas unha visión "paternalista". Tanto Bértolo como Miguel Anxo Fernán-Vello, director de Espiral Maior, critican que haxa xéneros, como a poesía, nos que a tradución é residual. Bértolo resalta que "domina o código comercial" á hora de elixir as obras galegas que serán verquidas ao castelán, de xeito que teñen moitas máis posibilidades as escritas por autores recoñecidos ou as que gañaron algún premio. Sinálase a iniciativa da editorial Rinoceronte, que coa súa serie "Inversa" pasou a recoller as versións en castelán de obras escritas orixinalmente en galego. A serie vai ser inaugurada por *Gramática del silencio*, de Eusebio Lorenzo Baleirón e *Larga noche de piedra*, de Celso Emilio Ferreiro.

Barros, M., "Rosalía inspira os músicos", *A Nosa Terra*, n.º 1291, "Cultura", 28 decembro 2007-3 xaneiro 2008, pp. 18-19.

Fálase dos gustos musicais de Rosalía, quen glosou coplas e cantigas populares en *Cantares Gallegos*. Infórmase de que o grupo de música antiga Resonet está a musicar dezasete poemas da poetisa, rescatando dos cancioneiros populares as súas melodías e ritmos. Díse que o traballo se presenta en formato digipack que inclúe un libreto cos poemas orixinais de Rosalía, que "soubo comprender a psicoloxía e mentalidade galega". Por último cita aos músicos implicados neste traballo, especializados en música antiga. Nun despece titulado "*Maio longo* a ritmo de jazz" infórmase sobre o disco de Pepe Evangelista, *Teima*, no que se recolle a primeira versión jazzística dos poemas de Rosalía de Castro "Maio Longo" e "Sin niño", ambos os dous recollidos no poemario *Follas Novas*.

Barros Peña, Rosario, "¡Sonche troitas!", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 4 agosto 2007, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia,* para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e

adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Rosario Barros Peña, "¡Sonche troitas!".

Beceiro, M., "La desaparición de los espacios escénicos continuó con la Sala Yago", *La Voz de Galicia*, "Adiós al 2007", 31 decembro 2007, p. 22.

Afírmase que ademais da desaparición de locais nocturnos de actuacións, a desaparición de espazos escénicos é unha tendencia constatábel nos últimos anos e contraproducente coa recén posta en marcha de circuítos subvencionados pola propia administración autonómica.

Beiro, Pilar, "De 'Bingo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 novembro 2007, p. 36.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Bingo*, de Pilar Beiro, titulada "Lavan e lavan e ...".

Bernárdez, Carlos L., "As caras do libro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 227, "Arte", 29 novembro 2007, p. VI.

Informa da iniciativa levada a cabo pola Editorial Galaxia ao organizar a exposición *Xohán Ledo. As caras do libro. Homenaxe a Ricardo García Suárez.* Comenta que Ricardo García Suárez, Xohán Ledo, foi durante décadas o deseñador gráfico e ilustrador da Editorial Galaxia e afirma que a súa obra se afasta do convencionalismo. Compara a obra deste artista coa de Luís Seoane ou Carlos Maside e a influencia destes sobre Xohán Ledo.

Blanco, Concha, "Todos soñamos", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Novela por entregas", 1 agosto 2007, p. 43.

Capítulo un da Novela por entregas realizada ao longo do mes de agosto por Concha Blanco. Ofrécese tamén unha pequena nota "A autora", cos premios e as obras máis salientábeis da autora.

Blanco, Concha, "Asalto á memoria", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Novela por entregas", 2 agosto 2007, p. 43.

Capítulo dous da Novela por entregas realizada ao longo do mes de agosto por Concha Blanco.

Blanco, Concha, "Parecía cousa do demo", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Novela por entregas", 3 agosto 2007, p. 41.

Capítulo tres da Novela por entregas realizada ao longo do mes de agosto por Concha Blanco.

Blanco, Concha, "Non levanta cabeza", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Novela por entregas", 4 agosto 2007, p. 43.

Capítulo catro da Novela por entregas realizada ao longo do mes de agosto por Concha Blanco.

Blanco, Concha, "O reporteiro Correlixeiro", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Novela por entregas", 6 agosto 2007, p. 40.

Capítulo seis da Novela por entregas realizada ao longo do mes de agosto por Concha Blanco.

Blanco, Concha, "A falsa alarma", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Novela por entregas", 7 agosto 2007, p. 36.

Capítulo sete da Novela por entregas realizada ao longo do mes de agosto por Concha Blanco.

Blanco, Concha, "Nos pousos do café", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Novela por entregas", 8 agosto 2007, p. 36.

Capítulo oito da Novela por entregas realizada ao longo do mes de agosto por Concha Blanco.

Blanco, Concha, "Unha mentira para dous", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Novela por entregas", 9 agosto 2007, p. 43.

Capítulo nove da Novela por entregas realizada ao longo do mes de agosto por Concha Blanco.

Blanco, Concha, "Poderes de adiviña", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Novela por entregas", 10 agosto 2007, p. 42.

Capítulo dez da Novela por entregas realizada ao longo do mes de agosto por Concha Blanco.

Blanco, Concha, "Presenza de espíritos", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Novela por entregas", 11 agosto 2007, p. 37.

Capítulo once da Novela por entregas realizada ao longo do mes de agosto por Concha Blanco.

Blanco, Concha, "Guille, fiel seguidor", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Novela por entregas", 14 agosto 2007, p. 43.

Capítulo catorce da Novela por entregas realizada ao longo do mes de agosto por Concha Blanco.

Blanco, Concha, "Señorito para Zaira", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Novela por entregas", 24 agosto 2007, p. 42.

Capítulo vinte e catro da Novela por entregas realizada ao longo do mes de agosto por Concha Blanco.

Blanco, Concha, "Sen explicación razoable", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Novela por entregas", 25 agosto 2007, p. 37.

Capítulo vinte e cinco da Novela por entregas realizada ao longo do mes de agosto por Concha Blanco.

Blanco, Concha, "Comprendía o seu código", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Novela por entregas", 27 agosto 2007, p. 46.

Capítulo vinte e sete da Novela por entregas realizada ao longo do mes de agosto por Concha Blanco.

Blanco, Concha, "Cousas da tradición", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Novela por entregas", 28 agosto 2007, p. 35.

Capítulo vinte e oito da Novela por entregas realizada ao longo do mes de agosto por Concha Blanco.

Blanco, Concha, "Logo xa se verá", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Novela por entregas", 31 agosto 2007, p. 42.

Capítulo trinta e un da Novela por entregas realizada ao longo do mes de agosto por Concha Blanco.

Blanco, Elizabeth, "Veinte años de lectura en la biblioteca de Sanxenxo", *Diario de Arousa*, "Sanxenxo", 14 febreiro 2007, p. 19.

Dá conta da organización por parte do Concello de Sanxenxo dunha serie de actividades para conmemorar o vixésimo aniversario da súa biblioteca central. Sinálase que, na actualidade, o municipio posúe toda unha rede de bibliotecas, que en 2006 contou con máis de dezaoito mil usuarios, con vinte e cinco mil rexistros. Entre as diversas

iniciativas que desenvolveu, como o carné único ou a xestión telefónica das renovacións, destácase o programa anual de animación á lectura, que se promove dende hai cinco anos para nenos até os dez anos e que recibiu varios premios por parte do Ministerio de Cultura.

Blanco, Xosé Luís, "Buenos Aires y centenario del Centro Gallego", *El Correo Gallego*, "Vips de Galicia", 5 maio 2007, contracuberta.

Sinala que entre os actos de conmemoración dos cen anos do Centro Gallego de Bos Aires figurou a colocación dunha coroa de flores perante os bustos de Rosalía de Castro e Castelao. Alude ás orixes do centro, relacionadas con Pascual Veiga e co xornalista José R. Lence, e ao seu obxectivo de dar resposta ás necesidades do colectivo galego en Arxentina. Ademais, salienta que no seu Instituto Argentino de Cultura Gallega se editaron moitos libros que naqueles momentos non se podía publicar en Galicia e que o centro conta na actualidade cunha biblioteca de máis de vinte mil volumes.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 190, "Andel de novidades", 11 xaneiro 2007, p. VII.

Sección fixa que anuncia a aparición no mercado editorial de *Literatura galega do século XX*, de Rosario Fernández e Xesús Sambade, que recolle unha escolma de textos; a primeira novela de vaqueiros da colección "Fora de xogo", *A morriña das balas*, de Xosé Díaz Díaz; os microrrelatos *Palabras contadas*, de Camilo Franco e o relato *Tres princesas namoradas*, de Ánxeles Ferrer, na colección "Árbore". Ofrécense comentarios argumentativos mínimos de cada unha delas.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 192, "Andel de novidades", 25 xaneiro 2007, p. VII.

Sección fixa que anuncia a aparición no mercado editorial dos seguintes poemarios: a edición bilingüe *Serodio amor*, de Emilio Coco; *Aporías do tempo fuxidío*, de Luciano Piñeiro González e *Tanxerina*, de Mario Regueira, XVIII Premio Nacional de Poesía Xosémaría Pérez Parallé. No tocante a literatura infantil e xuvenil, publícase a obra de teatro *Os sons da buguina*, de Carlos Labraña, finalista no segundo premio Meiga Moira. Ofrécense comentarios argumentativos mínimos de cada unha delas.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 192, "Andel de novidades", 1 febreiro 2007, p. VII.

Sección fixa que presenta brevemente os volumes *Lingua, nación e identidade*, de Xosé Ramón Freixeiro Mato; *Alves & C.ª*, de Eça de Queiroz; *Defensa do laicismo (1931-1936)*, de Ernesto Vázquez Souza, e *Dun tempo e dun país*, de Manuel Caamaño Suárez, ofrecendo un pequeno argumento das obras.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 194,

"Andel de novidades", 8 febreiro 2007, p. VII.

Sección fixa deste suplemento que anuncia obras que acaban de publicarse. Nesta ocasión, menciónase a revista *Longa Lingua*, así como a obra *Tres miradas poéticas*, de Luciano Rodríguez. En canto á literatura infantil e xuvenil, coméntanse tres novos títulos da colección "Os Bolechas", de Pepe Carreiro: *Os Bolechas van de viaxe*, *Os Bolechas e os dereitos da infancia* e mais *Os Bolechas festexan o Nadal*. Ofrécense comentarios argumentativos mínimos de cada unha delas.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 197, "Andel de novidades", 1 marzo 2007, p. VII.

Sección fixa que anuncia a aparición no mercado editorial da novela *Dragona*, de Xavier Queipo; o volume *Arqueoloxía e celtismo*, de Ana Ibarra Jiménez; a novela *Acio sanguento*, de Carlos Freire Cordeiro; e a peza *Farsa de Bululú*, de Manuel María. Ofrece varios trazos característicos de cada unha das obras.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 198, "Andel de novidades", 8 marzo 2007, p. VII.

Sección fixa deste suplemento que se refire á recente publicación das novelas *Os pecados capitais*, de Francisco A. Vidal e *Ratas en Manhattan*, de Francisco Álvarez, das que se apunta o argumento.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 199, "Andel de novidades", 15 marzo 2007, p. VII.

Sección fixa que anuncia a publicación de *Canícula.* de Mariña Pérez Rei; *A lagoa das nenas mudas*, de Fina Casalderrey e *Limpeza de sangue*, de Rubén Ruibal. Ofrécense comentarios valorativos mínimos de cada unha delas.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 200, "Andel de novidades", 22 marzo 2007, p. VII.

Sección fixa que presenta brevemente os volumes *Os intelectuais marxistas*, de Xesús Alonso Montero e *Aínda*, de Xavier Franco Alonso, ofrecendo un pequeno argumento da obra

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 201, "Andel de novidades", 29 marzo 2007, p. VII.

Sección fixa que anuncia a saída das obras *A voda*, de Carson Mc Cullers; *Disidencia ferida*, de Xabier Alcalde e *O que ocorreu despois de que Nora abandonara ao seu home ou os piares das sociedades*, de Elfriede Jelinek. Ofrece algún apuntamento sobre cada unha das obras.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 202, "Andel de novidades", 12 abril 2007, p. VII.

Sección fixa que nesta ocasión presenta catro obras, dúas delas en relación coa literatura galega: *María Mariño. Vida e obra*, de Carmen Blanco, e *Poesía relixiosa en galego*, de Victorino Pérez Prieto. Ofrece algún apuntamento sobre cada unha das obras.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 203, "Andel de novidades", 19 abril 2007, p. VII.

Sección fixa que anuncia a aparición no mercado editorial do *Adiviñanceiro popular*, de José Luis Gárfer e Concha Fernández; a traducción do drama surrealista *As mameiras de Tiresias*, de Guillaume Apollinaire; a novela policíaca *Investigación 091*, de Pepe Carballude, e, no que respecta á literatura infantil e xuvenil, a novela de Jordi Sierra i Fabra, *Do outro lado do espello*, das que ofrece apuntamentos sobre o seu argumento.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 204, "Andel de novidades", 26 abril 2007, p. VII.

Sección fixa que anuncia a aparición no mercado editorial d'*Os ríos de Galiza*, de Manuel Núñez, Adela Leiro e Mon Daporta; a traducción da novela de Jean Rhys, *Ancho mar de argazo*; o ensaio *A construción da identidade*, de Josep Fontana, e, na literatura infantil e xuvenil, *Os Megatoxos*, de Anxo Fariña, das que ofrece apuntamentos sobre o seu argumento.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 205, "Andel de novidades", 3 maio 2007, p. VII.

Sección fixa na que se anuncia a publicación do *Diccionario de mulleres galegas*, de Aurora Marco; o estudo *María Mariño*, de María Pilar García Negro, que recolle unha escolma de poemas; e, no tocante a literatura infantil e xuvenil, *A Pomba e o Degolado*, de Fina Casalderrey, e, a escolma de relatos de varios autores *O son das buguinas*, de todos eles se fan uns apuntamentos descritivos.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 206, "Andel de novidades", 10 maio 2007, p. VII.

Sección fixa na que se anuncia a publicación dos volumes *A Escola Dramática Galega*, de Carlos Caetano Biscaínho Fernandes; *A vangarda da presenza e outros escritos colectivos situacionistas*, editada por Xesús González Gómez; a novela de Silverio Cerradelo *Os paxaros tamén migran ao sur*; e, no que respecta á literatura infantil e xuvenil, a obra de Agustín Fernández Paz *Cartas de inverno*.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 208, "Andel de novidades", 24 maio 2007, p. VII.

Sección fixa que nesta ocasión presenta as novelas *Case perfecto*, de Marina Mayoral, e *O canto do muecín*, de Lois Dieguéz; o libro de relatos *A vinganza da mantis*, de Paloma Calvo Varela, e, a trascrición e tradución ao galego do Catastro do Marqués da Ensenada titulado *Boiro e a súa comarca (1753)*, por Xosé Agrelo Hermo. Ofrécense comentarios valorativos mínimos de cada unha delas.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 209, "Andel de novidades", 31 maio 2007, p. VII.

Sección fixa que nesta ocasión presenta a novela de Héctor Carré *Diario do impostor* (atribuída no texto a Carson MacCullers por erro) e o poemario trilingue galego-español-francés *Bergondo*, de Antonio Placer. Por outra banda, anúnciase a publicación das obras de literatura infantil e xuvenil *O homiño valente*, de Hans Traxler e *Ningún bico para mamá*, de Tomi Ungerer.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 210, "Andel de novidades", 7 xuño 2007, p. VII.

Sección fixa deste suplemento que recolle a aparición dos seguintes títulos: a novela *Benquerida catástrofe*, de Teresa Moure e a tradución da obra de Henrik Ibsen *Casa de bonecas*. No que respecta á literatura infantil e xuvenil, ofrécese unha breve recensión da obra *Tarzán de goma*, de Ole Lund Kirkegaard e André Meixide.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 211, "Andel de novidades", 14 xuño 2007, p. VII.

Sección fixa na que se anuncia a publicación da reedición da novela *Adeus, India, adeus*, de Xosé Manuel Villanueva; a obra gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais 2006, *Ocaso Otero*, de Manuel Guede Oliva; e o novo poemario de Anxo Angueira, *Fóra do sagrado*.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 213, "Andel de novidades", 28 xuño 2007, p. VII.

Sección fixa na que se presentan as novidades editoriais, neste caso *Poesía de Asturias en galego*, de Xoán Babarro González, e, en canto á literatura infantil e xuvenil, a peza teatral *Boas noites*, de Paula Carballeira.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 214, "Andel de novidades", 5 xullo 2007, p. VII.

Sección fixa deste suplemento que recolle a aparición dos seguintes títulos: os

poemarios *Ortigas*, de Xiana Arias Rego, Premio Nacional de Poesía Xosemaría Parallé, e *No imo do tempo*, de Xosé Lois García; e, no tocante á literatura infantil e xuvenil, *A vida secreta de María Mariño*, de Fran Alonso, e *A carreira de sacos*, de Rodrigo Chao e Silvia Pazos. Ofrece apuntamentos valorativos de cada unha delas.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 215, "Andel de novidades", 12 xullo 2007, p. VII.

Sección fixa deste suplemento que, nesta ocasión, ofrece catro apuntamentos referidos á publicación do poemario *A ollada de Astarté*, de Pura Salceda; e das revistas *Longa Lingua* e *Animal+*.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 216, "Andel de novidades", 13 setembro 2007, p. VII.

Sección fixa deste suplemento que anuncia a aparición da reedición de *Bretaña, Esmeraldina*, de Xosé Luís Méndez Ferrín; o libro de relatos *Cemiterio de elefantes*, de Fran Alonso; e a tradución, dentro da colección xuvenil "Xabarín", de Xerais, da obra *O can dos Baskerville*, de Arthur Conan Doyle.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 217, "Andel de novidades", 20 setembro 2007, p. VII.

Sección fixa na que se presentan as novidades editoriais, neste caso *Terrorista*, de John Updike; o ensaio antropolóxico *Usos, costumese cousas do Courel*, de Jesús Afonso Parada Jato; *Cadernos da Cultura*, de Xavier Queipo, e *Memoria da escola*, de Mercedes Suárez, Manuel Cid e Carmen Benso.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 218, "Andel de novidades", 27 setembro 2007, p. VII.

Sección fixa deste suplemento que dá conta da publicación de *Seis cordas e un corazón*, de Roque Monteiro (reedición); *Querer crer entrever*, de Carlos Paulo Martínez; e *Barrotes Dourados*, novela xuvenil de Pasqual Alapont. Ofrece algúns trazos característicos de cada unha delas.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 219, 4 outubro 2007, p. VII.

Sección fixa que nesta ocasión se refire á aparición no mercado editorial dos volumes *Conversas con Darío Xohán Cabana*, de J. Luis Calvo e Yago Rodríguez; *Terra de Montes*, de José Raposeiras Correa (coord.), e mais a novela de Antía Nara *Aquel lugar.*

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 220, 11

outubro 2007, p. VII.

Sección fixa que nesta ocasión menciona os seguintes títulos que acaban de publicarse: *A casa dos Lucarios*, de Teresa Moure e *A lenda da lúa de Montealto*, de An Alfaya.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 221, 18 outubro 2007, p. VII.

Sección fixa que comenta brevemente os seguintes títulos: *Lugrís e a negra sombra*, de Luís Rei Núñez; *A derradeira campaña do capitán Samuel*, de Mario Franco Rodríguez, gañadora do Premio "Avilés de Taramancos" de relato de aventuras 2007; a *Odisea*, de Homero, traducida ao galego; e, finalmente, *Arredor do mundo*, de Xosé Neira Vilas.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 222, 25 outubro 2007, p. VII.

Sección fixa que anuncia a aparición das seguintes novidades editoriais: *A escola da lareira*, de Manuel Quintáns Suárez; *Vidas post-it*, novela de Iolanda Zúñiga; e a obra de literatura infantil e xuvenil *Honorato, o rato namorado*, de Antonio G. Teijeiro e Manolo Uhía.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 223, 1 novembro 2007, p. VII.

Sección fixa que recolle a recente publicación d'*A escola da lareira*, de Manuel Quintáns Suárez; e en relación á literatura infantil e xuvenil menciona as obras *O sorriso de Claudia*, de X.H. Rivadulla e Andrés Meixide, así como *A carreira de sacos*, de Silvia Pazos Hermida e Rodrigo Chao.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 224, 8 novembro 2007, p. VII./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 161, 17 novembro 2007, p. 11

Sección fixa que comenta brevemente *Cardume*, de Rexina Vega, gañadora do Premio Xerais de novela 2007, e *A lúa dos Everglades*, de Xesús Manuel Marcos, Premio Terra de Melide 2007. En relación á literatura infantil e xuvenil menciona a obra *Minimaladas*, de Carlos López, gañadora do Premio Merlín de literatura infantil 2007. Fai tamén referencia á obra dramática *O burgués fidalgo*, de Molière, traducida do francés por Henrique Harguindey.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 225, 15 novembro 2007, p. VII./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 162, 24 novembro 2007, p. 11.

Sección fixa que anuncia a aparición das seguintes novidades editoriais: *Consultorio dos nomes galegos*, de X. L. Méndez Ferrín; *O nacionalismo cívico*, de Xosé Manuel

Maceira Fernández, Premio de Investigación Ricardo Carvalho Calero 2007 e o poemario de Paco Souto, *As horas de María*, Premio de poesía Johán Carballeira 2006. No tocante á literatura infantil e xuvenil, menciona *Illa Soidade*, de An Alfaya, Premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil 2007.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 226, 22 novembro 2007, p. VII./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 163, 1 decembro 2007, p. 11.

Sección fixa que comenta brevemente a guía *As árbores de Galicia*, de Marisa Castro, Antonio Prunell e Jaime Blanco; o libro de poemas *Memoria de Ahab*, de Rafa Villar e a reedición do estudo *A patria de Colón*, de Celso García de la Riega. En relación á literatura infantil e xuvenil menciona *O ceo dos afogados*, de Francisco Castro.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 227, 29 novembro 2007, p. VII.

Sección fixa que recolle a recente publicación do volume de poesía *Onde o ollar comeza a doer*, de X. Antón L. Dobao e o homenaxe *Bernardino Graña*, baixo a coordinación de Heitor Mera. En literatura infantil e xuvenil, coméntase o estudo *Teatro infantil*, de Blanca Roig, Isabel Soto e Pedro Lucas.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 228, 6 decembro 2007, p. VII.

Sección fixa que anuncia a aparición das seguintes novidades editoriais: as novelas *As pontes no ceo*, de Ramiro Fonte, que pecha a triloxía *Vida de infancia* e *A noite d'o Risón*, de Gonzalo Moure; o poemario *Derrotas con raíces*, de Modesto Fraga e, na literatura infantil e xuvenil, *O ladrón de mel*, primeiro número da colección *Os pequenos barbanzóns*, de Carreiro e Carreiro.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 229, 13 decembro 2007, p. VII./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 165, 15 decembro 2007, p. 11.

Sección fixa que comenta brevemente os seguintes títulos: *Madeira de Zapatero*, de Suso de Toro; o número 12 da revista *Murguía*, da Asociación Galega de historiadores, monográfico adicado á temática da alma; o poemario *Bingo*, de Pilar Beiro, e o libro de relatos *Ao pé do abismo*, de Rosa Aneiros.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 230, 20 decembro 2007, p. VII./ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 167, 29 decembro 2007, p. 11.

Sección fixa que recolle a recente publicación da biografía *Fidel Castro. A miña vida*, de Ignacio Ramonet; a antoloxía *Chispas de Quesada*, o estudo sobre a obra de Manuel Rivas titulado *Reexistencia*, de Isabel Castro Vázquez e un novo número da revista *Longa Lingua*, da Mesa pola Noramlización Lingüística.

Blasco, Ana, "A poeta de Padrón 'canta' en xaponés", *La Opinión*, "El Domingo 2", 11 febreiro 2007, p. 2-4.

Reportaxe que aborda o labor de Shazo Nakanishi e Tatekazu Asaka, dous namorados xaponeses de Rosalía de Castro que están a difundir a obra da poetisa de Padrón en terras niponas. O primeiro vén de publicar nese mercado *A mi madre*, a súa segunda tradución da obra rosaliana tras a de *Cantares gallegos*, que obtivo unha boa aceptación. Por iso, para esta segunda ocasión a editorial proxectou unha tirada dun milleiro de exemplares e a súa difusión a través da rede. Nakanishi asegura que existen grandes similitudes entre a obra de Rosalía e a dalgúns contemporáneos nipóns, pois, sinala, "nipóns e galegos temos o mesmo corazón". De feito, na actualidade está traballando na tradución ao xaponés de *Follas novas*. Tatekazu Asaka, pola súa banda, é un dos máis importantes embaixadores do galego no afastado Oriente, sobre todo na súa dimensión lingüística. A partir dos anos oitenta vén publicando en distintas revistas niponas artigos en castelán sobre os problemas morfosintácticos do galego. É autor tamén de obras sobre a gramática ou o vocabulario do noso idioma. O filólogo resalta a importancia de conservar as linguas minoritarias. De feito, el tamén contribuíu a este obxectivo en Xapón traducindo ao xaponés os *Seis poemas galegos* de Lorca e *Cantares Gallegos*, obra que así ten dúas versións na lingua nipona. Tamén trasladou ao xaponés a única cantiga do trobador medieval Mendiño. Nun despece complementario alúdese á presenza da literatura galega en Rusia, pois o Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo editou o décimo tomo da *Antoloxía da literatura galega*, no que figuran *Follas novas* e *Cantares Gallegos* en edición bilingüe. O volume está prologado polo director do Centro de Estudios Rosalianos, Xesús Alonso Montero, quen asegura que se trata dunha das poucas antoloxías sobre a poetisa de Padrón publicadas no mundo. O undécimo tomo está previsto que se centre na obra de Castelao. A profesora Elena Zernova é a coordinadora deste proxecto que se leva desenvolvendo dende o ano 1995.

Bom, José Xavier, "Dez centros estrean un taller de teatro con apoios e asesoramento", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 14 xaneiro 2007, p. L9.

Informa de que dez centros escolares da zona de Santiago comezaron a traballar no proxecto "Talleres a escena", unha iniciativa da Fundación La Caixa que ofrece toda unha serie de materiais vinculados co mundo do teatro para que os rapaces traballen con eles e cheguen a representar unha serie de obras da literatura universal. Os talleres esténdense a dez centros de Vigo.

Bore, Natalia, "Carlos G. Reigosa presentó en la Casa de Galicia en Madrid su novela *Pepa la Loba*", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 31 xaneiro 2007, p. 43.

Da conta da presentación da versión en castelán da obra *Pepa, a loba* na Casa de Galicia que contou coa presencia da escritora Luisa Castro e Gregorio Salvador, Vicedirector da Real Academia Española. Dise que a obra narra as peripecias da bandoleira galega, personaxe entre a historia e o mito e, finalmente, salienta o éxito de público obtido coa versión orixinal galega.

Bore, Natalia, "Libros en gallego para las tropas españolas en el Líbano", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 outubro 2007, p. 46.

Informa que o Ministerio de Cultura envioulle aos militares españois que están en Marjayoun (Líbano), un lote de trescentos once libros, dos que setenta títulos son en galego, iniciativa coa que se pretende contribuír á difusión da cultura española na zona.

Borrallo Arijón, José Antonio, "O home dos cans", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 10 agosto 2007, p. 41.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia,* para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por José Antonio Borrallo Arijón, "O home dos cans".

Botrán, Cristina, "Nieves Soutelo ou o froito do labor interior", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 decembro 2007, p. 31.

Infórmase de que a polifacética historiadora Nieves Soutelo obtivo o XX Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón coa obra *Código poético*, resultado de varios anos de traballo e dunha grande labor interior. Segundo a poetisa a obtención do galardón debeuse ao azar pois presentarase de forma fortuíta tras acabar un poemario que encaixaba coas bases do certame literario.

Bouza Suárez, Pablo, "De 'In aeternum", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 maio 2007, p. 31./ *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 novembro 2007, p. 39.

Sección fixa que acolle un poema de Pablo Suárez Bouza, titulado "A covardía que profeso".

Bugallal, Isabel, "Bodas de saudade", *La Opinión*, 14 setembro 2007, contracuberta.

Recolle que a igrexa madrileña de San Ildefonso, no barrio de Malasaña, recorda nunha placa a voda en 1858 de Rosalía de Castro e Manuel Murguía. A placa foi colocada por iniciativa do Centro Galego de Madrid no ano 1983. A xornalista resalta que na actualidade, case ninguén lembra a presenza deste recordatorio.

Bugallal, Isabel, "Asedio a Díaz Pardo", *Faro de Vigo,* "Sociedad y Cultura", p. 42./"Asedio a Isaac Díaz Pardo", *La Opinión*, "Cultura", p. 54, 4 decembro 2007.

Fai referencia á polémica nacida a partir da expulsión de Isaac Díaz Pardo da dirección do grupo de Cerámicas Castro e Sargadelos. Comenta que agora os novos administradores de Sargadelos queren expulsar a Díaz Castro da súa vivenda no

Instituto Galego da Información e desfacerse do edificio. Por outra banda, achégase o rexeitamento de Díaz Castro a marchar da súa residencia.

Bustabad, Lorena, "Díaz Pardo recibe en Ferrol un homenaje ante el busto en memoria de su padre", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 25 xaneiro 2007, p. 34.

Sinala que Isaac Díaz Pardo foi o protagonista, dentro dos actos de homenaxe que lle está tributando a Universidade da Coruña, da ofrenda floral en recordo do seu pai, o pintor Camilo Díaz Baliño, que se celebrou en Ferrol. Fai referencia a que a morte do proxenitor cando el tiña dezaseis anos, fixo que Díaz Pardo incrementase o seu compromiso con Galicia a través da arte. Ao día seguinte ao da publicación da nova, o galeguista será investido Doutor Honoris Causa pola Universidade da cidade herculina.

Calvo, Tucho, "¿Facemos o amor en galego?", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 205, "Enportada", 31 marzo 2007, p. 2.

Tucho Calvo informa sobre o debate no que participaron varias persoas significativas no panorama cultural galego para debater sobre o futuro da lingua galega e chegar a conclusións diversas pero cun fío común: a falta de uso da lingua galega entre as xeracións máis novas. Sinálase que as opinións de Isaac Díaz Pardo, Marisol López, Inma López Silva, Xosé Ballesteros e María Xosé Jamardo son dispares, mais en xeral constatan a necesidade de levar o galego á xente máis nova, ás novas tecnoloxías que estes empregan e de traballar en serio dende todos os ámbitos tanto culturais coma políticos coas ferramentas tan amplas coas que hoxe se contan.

Campo, Marica, "De 'Abracadabras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 xaneiro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema da obra *Abracadabras*, de Marica Campo, titulado "Da nave da Terra".

Campo, Marica, "De 'Abracadabras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 marzo 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Abracadabras*, de Marica Campo, titulado "O quiosco de Isolina".

Campo, Marica, "De 'Abracadabras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 xuño 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema da obra *Abracadabras*, de Marica Campo, que comeza "O meu zoo non ten gaiolas".

Campo, Marica, "Morcego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 xullo 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle o poema "Morcego", de Marica Campo.

Campo, Marica, "De 'Abracadabras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 outubro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Abracadabras*, de Marica Campo, titulada "Soño cunha casa...".

Candal, Lázaro, "Vive la placa que dignifica el Himno Nacional Gallego", *Canal NW*, "Canal de opinión", nº 20, outubro 2007, p. 14.

Considera que as homenaxes que se están a celebrar con motivo do centenario do himno galego debería ter en conta que a súa primera interpretación na Habana o 20 de decembro de 1907 significou "un reto de la Galicia emigrante hacia sus hermanos de la Tierra Madre para que se dieran cuenta de que no hace falta vivir en Galicia para ser gallego, sino que hay que saberlo ser viviendo muy lejos de ella". Sinala que a Xunta debería facerlle un recoñecemento histórico ao Centro Gallego da Habana xa que nel existe unha placa que lembra aquela primeira interpretación.

Caneiro, Xosé Carlos, "Merlín e familia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 210, "A festa das letras. Os críticos do Culturas recomendan", 12 maio 2007, p. 3.

Breve comentario sobre *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro, salientando que "cando o mestre escribe o Merlín rompe barreiras entre realidade e ficción" e indicando que hoxe falta imaxinación.

Caneiro, Xosé Carlos, "Crear e crecer", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 221, 28 xullo 2007, p. 12.

Recomenda a lectura de *Game Over*, de Santiago Lopo, gañadora do Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia*, como obra áxil e ben escrita e a de *Made in Galicia,* de Sechu Sende como fresca e arriscada. Lóase tamén a poesía de *Fóra do sagrado* de Anxo Angueira por rompedora, e a de María Xosé Queizán en *Cólera*, como unha volta á rebeldía do tardofranquismo. Por último, destácase no teatro a tradución *Casa de bonecas*, de Ibsen, e os ciclos autóctonos de Millán Picouto. Remata afirmando a altura da nosa literatura e a necesidade de que o público se decate para medrar con ela.

Caneiro, Xosé Carlos, "Cemento e cemiterios", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 229, "Libros en galego", 22 setembro 2007, p. 13.

Reflexión sobre a complexa situación actual do teatro galego que, segundo indica Xosé Carlos Caneiro, está perecendo por "inanición e por deshábito". Afirma que, a pesar dos apoios tanto públicos, por parte da Xunta de Galicia, como privados, mediante diversas empresas como as editoriais Xerais e Galaxia, o teatro continua sendo unha illa no medio do mundo da cultura. Cita e recomenda as obras *Dramaturxia. Teoría e Práctica* de Afonso Becerra, *O caso Otero*, de Guede Oliva e a *Casa de bonecas* de Ibsen. Sinala

que é moi necesaria unha nova política teatral que, entre outros factores, estimule ao publico.

Caneiro, Xosé Carlos, "Novela exemplar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 243, 29 decembro 2007, p. 5.

Comenta a obra *Las galerías de Normandía*, de Ramón Loureiro. Indica que estamos perante unha tradución ao español dunha obra publicada en 2005 en galego. Cualificaa como novela moral e ética, como novela de melancolías das terras de Ferrol e remata afirmando que será perdurábel, decisiva e eximia.

Cañó, X. M. del, "De Trasalba a Europa", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 12 maio 2007, p. 46.

Dáse conta dos actos celebrados con motivo do cincuenta aniversario da firma dos tratados da Comunidad Económica Europea no pazo Museo Ramón Otero Pedrayo en Trasalba e das personalidades que asistiron. Saliéntase a interrelación de Galicia con Europa a través da Compostela medieval, legado que, segundo Emilio Peréz Touriño, Presidente da Xunta de Galicia, se mantén "nas pontes e camiños, as grandes catedrais, a lingua dos cancioneiros e a espléndida cidade xacobea", poñendo en galego a cultura europea. Finalmente, informa da presentación da reedición d'*Arredor de si*, de Ramón Otero Pedrayo e da descuberta dunha placa de Buciños adicada á Xeración Nós.

Carballa, Xan, "*Cultur-Gal*, trinque para a industria cultural", *A Nosa Terra,* n.º 1264, "Cultura", 19-25 abril 2007, p. 24.

Refírese á inauguración do evento único que reunirá varios sectores da industria cultural galega, *Cultur-Gal*, da man da Asociación Galega de Editores. Dise que é un lugar aberto ao público onde se verán exposicións, documentais, ludotecas e actuacións de música e teatro e que se pretende converter nun acto permanente e anual. Por último engádese unha entrevista co director da feira, Roberto Pérez Pardo, onde este fai unha radiografía do futuro do sector.

Carballa, Xan, "Ramón Cabanillas, un esquencido a lembrar no 2009", *A Nosa Terra,* n.º 1.265, "Cultura", 26 abril-2 maio 2007, pp. 24-25.

Fai referencia á proposta presentada por Francisco Fernández Rei, nunha homenaxe realizada a Ramón Cabanillas pola Asociación Cultural Unha boa chea, de crear a Fundación Ramón Cabanillas en 2009, cando se celebre o cincuentenario da morte do escritor. Salienta a importancia que tivo o escritor na súa época e a escasa atención que está a recibir na actualidade, pois, existen obras súas que aínda están inéditas. Con respecto á biografía de Cabanillas, tamén segue pendente de completarse e o que se coñece, pertence ao investigador Luis Rei.

Carballa, Xan, "Os libros galegos nas librarías?", *El País*, "*Galicia*","Letras de Galicia", 17 maio 2007, p. 7.

Analiza a situación da venda de libros escritos en galego no noso país. Comenta que a presenza do noso idioma nas librarías non é equilibrado e salienta a importancia dos libros recomendados polos colexios. Achégase a opinión de Xaime Corral, presidente da Federación de Libreiros de Galicia, sobre a situación actual do libro galego e explica as diferenzas entre as librarías especializadas e as mixtas. Propón algunhas librarías que só venden libros en galego e indica que a presenza dos mesmos nas grandes superficies é practicamente nula. Por último, destaca o bo nivel do libro galego infantil fronte ao castelán.

Carballa, Xan, "Un grande centro libreiro para Santiago", *A Nosa Terra,* n.º 1277, "Cultura", 19-25 xullo 2007, p. 24.

Gabanza da nova libraría Couceiro na Praza de Cervantes en Santiago de Compostela inaugurada o día 23 de xullo e que se define como un dos referentes culturais máis importantes da cidade. Infórmase de que a nova libraría ten cinco andares divididos en diferentes seccións tendo especial importancia a dedicada á literatura infantil no soto do edificio. Engádese unha entrevista con Pablo Couceiro, fillo do creador desta saga de libreiros, que destaca a necesidade de máis axudas para o libro galego.

Carballeira, Paula, "De 'Contatràs", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 xaneiro 2007, p. 39.

Sección fixa que acolle un poema da obra *Contatrás*, de Paula Carballeira, titulado "O barco é un berce".

Carballeira, Paula, "Unha nube gris pasou por África", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 setembro 2007, p. 25./"De 'Contatràs", *Galicia Hoxe*, 29 decembro 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle o poema de *Contatràs*, de Paula Carballeira, titulado "Unha nube gris pasou por África".

Carlos, Helena de, "1999", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 maio 2007, p. 33.

Recóllese nesta sección fixa o poema "1999", de Helena de Carlos.

Carlos, Helena de, "De 'Vigo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 outubro 2007, p. 33.

Sección fixa que acolle un poema da obra *Vigo*, de Helena de Carlos, titulado "Vigo ten dobre faciana, o mesmo ca xaneiro".

Carlos, Helena de, "De 'Vigo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 decembro 2007, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa un poema da obra *Vigo*, de Helena de Carlos, titulado "O CAN ANUNCIA que está a chegar o verán,",.

Carneiro Río, Inés, "O castelo", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Menos de 15 anos", 14 agosto 2007, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Inés Carneiro Río, "O castelo".

Casagrande, Ada, "Parque", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 xaneiro 2007, p. 38.

Sección fixa que acolle o poema "Parque", de Ada Casa Grande.

Casagrande, Ada, "Espinte…", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 marzo 2007, p. 35.

Publícase nesta sección fixa o poema "Espinte coa mirada e en silencio", de Ada Casagrande.

Casal, César, "O triángulo inscrito na circunferencia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 210, "A festa das letras. Os críticos do Culturas recomendan", 12 maio 2007, p. 3.

Recoméndase esta obra de Víctor F. Freixanes "poderosa saga dos Mariño" que mereceu o Premio Blanco Amor no ano 1982. Saliéntase a vida pública do seu autor.

Casanova, Jorge, "El tamaño sí que importa", *La Voz de Galicia*, " *Culturas*", n.º 202, "Debate-Edición", 10 marzo 2007, pp. 2-3.

Jorge Casanova informa sobre a situación actual na que se atopan as editoriais galegas de libros escritos en lingua galega. Sinala que os principais responsábeis das editoriais en galego (Rinoceronte, Kalandraka, OQO, Lóstrego, Toxosoutos, Difusora de Artes e Ideas…) atópanse cun mercado no que se edita moito pero, no entanto, lese pouco, e menos en galego. A presión do mercado é polo tanto un aspecto moi negativo tanto para as editoriais como para a literatura galega. Advirte tamén Casanova a recente aprobación da Lei do libro, a cal aínda está sen aplicar efectivamente, pero que sementa a esperanza no mundo editorial. Por último, informa tamén da constitución oficial do primeiro clúster do libro galego.

Casanova, Jorge, "Mil anos de idioma galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 outubro 2007, p. 38.

Ofrécese un percorrido pola historia da lingua galega, destacando os trazos máis relevantes de cada etapa. O galego comezou a balbucirse no contorno dos campamentos romanos instalados no territorio máis noroccidental da Península, e comezou a expandirse coa decadencia de Roma e a entrada dos bárbaros. O documento literario máis antigo no que se deu en chamar galego é a cantiga satírica "Ora faz ost´o señor de

Navarra", do trobador Joam Soares Paiva, que foi escrita arredor do ano 1200. Os primeiros documentos non literarios que se conservan, pola súa banda, datan tamén de comezos do século XIII. O galego configurouse como unha lingua cun forte compoñente popular que experimentou numerosos altos e baixos na súa evolución. Non obstante, nos seus primeiros anos de vida escrita, o que por entón era galego-portugués foi lingua das clases dominantes e o idioma lírico por excelencia. Entre os séculos XIII e XV, convértese nunha lingua internacional, de xeito que a poesía medieval escrita en galego está á altura das máis importantes de Europa, segundo apunta Basilio Losada, primeiro catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa que houbo na Universidade de Barcelona. A crise chegou co reinado dos Reis Católicos: o galego queda relegado como lingua do pobo e deixa de existir como idioma escrito. Tamén nesta etapa comeza a evolucionar dun xeito diferente ao portugués. O baleiro dura até a chegada de Rosalía de Castro, xa no século XIX. Un ano especialmente importante neste século será o 1880, cando se editan *Follas novas*, da poetisa de Padrón, e *Aires da miña terra*, de Curros Enríquez. O Rexurdimento devolveu así a Galicia a súa dimensión literaria, se ben co franquismo, este desenvolvemento veríase subitamente cortado, recuperándose coa chegada das autonomías e o seu recoñecemento definitivo como lingua oficial. Nunha columna complementaria ofrécese unha reflexión sobre as peculiaridades da evolución do galego dende o latín fronte á que presentaron outras linguas románicas.

Cascallar, Marina, "Touriño celebra el Día de Galicia en Rianxo y preside la ofrenda floral a Daniel Castelao", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", "Día da Patria Galega", 26 xullo 2007, p. 21.

Coa celebración do Día da Patria Galega destácase a visita que o Presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, fixo a Rianxo para conmemorar esta data mediante unha ofrenda floral a Daniel Castelao, símbolo do galeguismo, acompañado do alcalde da vila e de conselleiros como o de Pesca ou o de Economía e Traballo, así como de numerosos militantes.

Cascallar, Marina, "Baltar quiere crear una Fundación 'sólida' para gestionar el legado de Daniel Castelao", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", 12 agosto 2007, p. 20.

Sinálase que o propietario da casa de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao en Rianxo está buscando o mellor acordo co concello rianxeiro para constituír unha Fundación seria na que participen o propio concello e a Fundación Castelao, e crear ao tempo unha rede de museos coas casas de Castelao, Manuel Antonio e Rafael Dieste.

Cascallar, Marina, "Rianxo y Padrón sellan su hermandad con una ofrenda frente a los bustos de Castelao y Rosalía", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", "Fiestas de la Guadalupe", 12 setembro 2007, p.24.

Co gallo das Festas da Guadalupe e despois de trece anos de irmandade, a vila de Rianxo dedicou o quinto día das mesmas á vila de Padrón celebrando unha ofrenda floral conxunta aos dous escritores representativos destas vilas: Castelao e Rosalía. Dise que se celebrou do mesmo xeito que se facía na Idade Media con gardas reais honoríficos presidindo a comitiva que percorreu a vila rianxeira, seguidos dos rexedores

e demais autoridades das dúas vilas até realizar a ofrenda floral ante os bustos dos dous escritores.

Cascudo, Xosé Antón, "De 'Manual do Misántropo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 xuño 2007, p. 31.

Publícase nesta sección fixa un texto poético de *Manual do Misántropo*, de Xosé Antón Cascudo, titulado "Aproveito os concertos ao aire libre".

Cascudo, Xosé Antón, "De 'Manual do misántropo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 xullo 2007, p. 32.

Sección fixa que acolle un texto poético de *Manual do Misántropo*, de Xosé Antón Cascudo, titulado "Un dos invernos máis cruentos".

Castro, Víctor, "Teatro artesán dirigirá la 'compañía municipal", *El Ideal Gallego*, "A Coruña. Área Metropolitana", 5 decembro 2007, p. 22.

Dáse conta do encargo que a Concellaría de Cultura do Concello de Sada lle fixo á Compañía Teatro Artesán do propio concello para dirixir a Compañía Municipal de Teatro (CMT) que acaba de crearse na cidade. Dise que o director é Juan Sanmartín, con moita traxectoria no mundo teatral e creador da compañía en 2004, a cal verá así recompensado o esforzo desenvolvido ao longo de todos estes anos.

Castro Ratón, Xosé, "Honoris Causa para Díaz Pardo", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 28 xaneiro 2007, p. 30.

Faise unha semblanza emotiva da figura do ilustre galeguista Isaac Díaz Pardo con motivo do seu nomeamento como Doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña, onde foi homenaxeado. Ademais de sinalar os conflitos que actualmente existen dentro da súa Fundación Sargadelos, lémbrase a súa biografía recollendo os datos máis importantes da súa vida e do seu labor galeguista.

Castro Ratón, Xosé, "A forza da palabra", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 7 febreiro 2007, p. 30.

Fai referencia á celebración do centenario da Real Academia Galega e da exposición que leva a cabo para conmemorar os cen anos e que se presenta baixo o título de "Galicia, a forza da palabra". Dá conta dos inicios da Academia e remóntase ao ano 1905 cando se creou a Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega na Habana. Así mesmo, salienta a importancia dos emigrantes na creación da RAG e o papel que desenvolveu Murguía como presidente. De seguido, comenta os anos da Guerra Civil e a posguerra ata 1963, data importante grazas á creación do Día das Letras Galegas, e destaca o labor de Francisco Fernández del Riego ao fronte da institución. Por último, indica que o presidente actual é Xosé Ramón Barreiro e achega a súa

felicitación polos cen anos de vida.

Castro Rodríguez, Xavier, "Ánxel Sevillano poeta en galego no ano 1938", *Galicia Hoxe*, "Estraños, raros e esquecidos", 1 decembro 2007, p. 2.

Lembra a figura de Ánxel Sevillano García, pertencente á xeración do 1925, que foi na súa vida poeta, xornalista e narrador. Explica que a súa andaina poética comezou con *O muíño albeiro* en 1935, seguida de *O amor, o mar, o vento e outros gozos*; *Terra liñar* e *As dornas da preguiza*. A continuación comenta individualmente os dous primeiros poemarios: d'*O muíño albeiro*, achega unhas verbas de Otero Pedrayo que encabezan esta obra, e d'*O amor, o mar, o vento e outros gozos* dise que consta de trece composicións nas que destaca a paisaxe e a natureza, concretamente, o universo marítimo.

Castro Rodríguez, Xavier, "Edicións bonaerense e mexicana de Blanco-Amor", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", 8 decembro de 2007, p. 2.

Dise que durante case corenta anos o xénero dramático foi unha constante na obra de Eduardo Blanco-Amor (1897-1979). A mediados do século vinte o escritor ourensán fundou e dirixiu o Teatro Popular Galego en Bos Aires e fundou a revista *Galicia Emigrante*. En 1953 na capital arxentina Eduardo Blanco Amor publicou o libro en castelán *Farsas* (*Angélica en el umbral del cielo, La verdad vestida* e *Amor y crímenes de Juan el Pantera*), que se correspondía, segundo o literato ourensán, con pezas de 'teatro para nunca', e en 1962 en México editou as *Farsas para títeres*, que, ademais das tres anteriores, incluía *Romance de Micomicón y Azofaifa, El refajo de Celestina* e *Muerte fingida y veraz de Estoraque el indiano*.

Castro Rodríguez, Xavier, "Escolla do pensamento de Castelao no Ruedo Ibérico", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia/Estraños, raros e esquecidos", 8 setembro 2007, p. 2.

O autor do artigo fai un repaso as empresas culturais realizadas durante a ditadura franquista. Entre elas, destaca o selo editorial Ruedo Ibérico, no que se recolleu o pensamento político de Castelao.

Castro Rodríguez, Xavier, "Da saudade como riqueza anímica e sentimental", *Galicia Hoxe*, "Estraños, raros e esquecidos", 15 decembro 2007, p. 2.

Comeza, en primeiro lugar, reflexionando sobre o concepto de saudade, que di ser inherente á realidade galega, portuguesa e brasileira. A continuación realiza un percorrido por diferentes autores que trataron este tema, como Teixeira de Pascoaes, Ramón Piñeiro, Andrés Torres Queiruga ou Ramón Cabanillas. Nesta liña sitúa a obra de Daniel Cortezón, *De la saudade y sus formas*, ofrecendo información sobre a obra.

Castro Rodríguez, Xavier, "Lorenzo Varela: poemas na guerra e un libro infantil", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Estraños, raros e esquecidos", 29 de decembro de 2007, p. 2.

Xavier Castro Rodríguez esculca na vida do escritor Lorenzo Varela, marcada literaria e existencialmente pola diáspora cubana e arxentina. Durante a mocidade participou no movemento nacionalista xunto a persoeiros como Celso Emilio Ferreiro e Francisco Fernández del Riego. Despois trasladouse a Madrid onde estivo en contacto con Rafael Dieste, coa revista *Poetas Andaluces e Navegantes*, coas Misións Pedagóxicas e con destacados pintores galegos como Laxeiro, Maside e Colmeiro. Ao longo da Guerra Civil mantivo unha intensa actitude contestataria a través da militancia no Partido Comunista e da colaboración en diferentes medios a favor da causa republicana. Resultado do activismo político tivo que exiliarse. No tocante á obra literaria, ademais do desenvolvemento dunha ampla actividade como tradutor , apareceu na antoloxía *Poetas en la España* cos poemas "Primero de Mayo", "Palabras en el fuego" e "Hoy". Durante o exilio na capital bonaerense escribiu *Cuentos para un chamaquito*, poemario no que o literato galego adaptou e recompilou os tres cantos incluídos na recompilación de poemas.

C.D., "Recuperar la memoria de Galicia", *El Correo Gallego*, "Santiago", 3 decembro 2007, p. 18.

Sinala a participación do intelectual galego Isaac Díaz Pardo no programa *Cita en San Francisco*, no que falou sobre a súa traxectoria persoal e literaria. Lembra a infancia que Díaz Pardo pasou na Casa da Tumbona, na que seu pai realizaba tertulias, o paso da Guerra Civil, que truncou a carreira artística de seu pai, o exilio e a volta a Galicia en 1968, momento no que Díaz Pardo leva a cabo os proxectos de creación do Museo Carlos Maside e a apertura da fábrica de Sargadelos.

Cebreiro, María do, "A febre", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 xaneiro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de María do Cebreiro, titulado "A febre".

Cebreiro, María do, "De 'Os hemisferios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 xaneiro 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle unha composición poética da obra *Os hemisferios*, de María do Cebreiro, titulado "O meu lapis vermello segue a neve".

Cebreiro, María do, "De 'Os hemisferios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 marzo 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema d'*Os hemisferios*, de María do Cebreiro, titulado "Poesía erótica".

Cebreiro, María do, "De 'Os hemisferios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 marzo 2007, p. 31./*Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 xuño 2007, p. 30.

Acóllese nesta sección fixa un poema d'*Os hemisferios*, de María do Cebreiro, titulado "O RASTRO".

Cebreiro, María do, "De 'Os hemisferios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 abril 2007, p. 39.

Acóllese nesta sección fixa un poema d'*Os hemisferios*, de María do Cebreiro, titulado "O ORIXINAL".

Cebreiro, María do, "De 'Os hemisferios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 maio 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética d'*Os hemisferios*, de María do Cebreiro, titulada "ISTO NON é un himno:...".

Cebreiro, María do, "De 'Os hemisferios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 maio 2007, p. 31.

Publícase nesta sección fixa unha composición poética da obra *Os hemisferios*, de María do Cebreiro, que comeza "Non os pasos que dás".

Cebreiro, María do, "De 'O barrio das chinesas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 xullo 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema da obra *O barrio das chinesas*, de María do Cebreiro, titulado "Pranto de Cleopatra".

Cebreiro, María do, "Os hemisferios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 xullo 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema da obra *Os hemisferios,* de María do Cebreiro,que comeza "Atei o manuscrito. Afogaba as palabras".

Cebreiro, María do, "De 'O barrio das chinesas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 setembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema d'*O barrio das chinesas*, de María do Cebreiro, titulado "EU TAMÉN NAVEGAR".

Cebreiro, María do, "De 'Os hemisferios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema d'*Os hemisferios*, de María do Cebreiro, titulado "O REGRESO".

Cebreiro, María do, "De 'Objetos perdidos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 decembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Objetos perdidos*, de María do Cebreiro, titulada "Triunfal cursus honorum ou turba traxectoria persoal...".

Cebreiro, María do, "De 'Objetos perdidos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 decembro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema da obra *Objetos perdidos,* de María do Cebreiro, titulado "morgana tende as pálpebras á lúa".

C.F., "Un estudo de públicos da rede do Igaem sinala a satisfacción dos espectadores co teatro galego", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 2 maio 2007, p. 38.

Faise eco dun estudo de públicos realizado polo Igaem que sinala que os espectadores asistentes aos espectáculos da rede de teatro están satisfeitos con estes. Explica como se fixo a enquisa e describe o perfil medio dos preguntados, ademais de recoller algunha das conclusións que deixan ver que os espectadores da rede acoden máis habitualmente ao teatro en galego. Así mesmo, apunta que canto maior é o nivel de estudos dos enquisados, peores son as cualificacións e que os públicos das grandes cidades cualifican pero cós das poboacións máis pequenas. Por último, sinala que outra das conclusións apunta que as producións teatrais están, en xeral, mellor cualificadas cás de danza e monicreques.

C.F., "Os editores publicarán unha revista coas novidades editoriais", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 12 maio 2007, p. 49.

Coméntase a creación dunha publicación trimestral que os editores galegos presentaron en Cultur.gal que dará conta, de xeito gratuíto, da catalogación e novidades publicadas polas editoras galegas nese trimestre. Dise que o obxectivo principal será unha visión conxunta de toda a produción editorial do país cunha pequena descrición de cada libro publicado. Engádese que o formato será a toda cor e sairán vinte mil exemplares do primeiro número.

C.F., "Cultur.gal pechou onte tras recibir 10.000 persoas", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 14 maio 2007, p. 53.

Destácase o éxito acadado por Cultur.gal, a Feira do Libro e da Industria Cultural, na súa primeira edición realizada en Pontevedra. Tras múltiples actividades e o concerto final do grupo Marful, dise que os organizadores están moi satisfeitos e que conseguiron

o seu obxectivo coa intención de ampliar a oferta de expositores e implicar novos sectores culturais.

C.F., "A Consellería de Cultura pon en marcha a axencia galega do sector", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 16 maio 2007, p. 59.

Faise referencia á creación, por parte da Consellaría de Cultura, da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) que asume as funcións do IGAEM (Instituto galego das artes Escénicas e Musicais) e amplía o seu campo operativo a todas as disciplinas artísticas, incluído o mundo do libro. Dise que podería entrar en funcionamento nos primeiros meses do 2008 e que manterá a estrutura do antigo IGAEM, asumindo plenas competencias de xestión comercial e contando para isto cun director/a que renderá contas a un consello de dirección con membros da propia consellaría.

C.F., "A Fundación Castelao apoia o uso público da casa do intelectual", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 28 xullo 2007, p. 49.

Dáse conta de que o presidente da Fundación Castelao, Avelino Pousa Antelo, fai un chamamento para que se chegue a un acordo entre a fundación e a Xunta de xeito que a casa natal do escritor teña uso público. Dise que xa se lle fixeron varias ofertas ao dono da casa para que así o aceptase.

C.F.C., "La Academia Galega incluirá la modalidad berciana y reconocerá a Antonio Fernández Morales", *Diario de León*, "El Bierzo", 25 xaneiro 2007, p. 8.

Longa crónica referida á entrega dos II Premios Xarmenta que recaeron na Real Academia Galega e mais no cantautor berciano Amancio Prada. Nela fálase dos detalles desta gala e sublíñase que no seu discurso, o presidente da RAG se lembrou que en 2002 se lle dedicou o Día das Letras Galegas ao berciano padre Sarmiento e mais que nun "futuro próximo" a RAG volverá ao Bierzo para celebrar un Día das Letras Galegas na honra de Antonio Fernández Morales.

C.G., "La fundación Rosalía organiza unas jornadas en torno a la poetisa", *El Correo Gallego,* 22 febreiro 2007, p. 33.

Refírese aos diferentes actos promovidos pola Fundación Rosalía con motivo do 170 aniversario do nacemento da escritora que comezarán no IES Rosalía de Castro de Santiago e continuarán na Casa da Matanza en Padrón cun festival literario para escolares onde se fará tamén unha simbólica festa de aniversario. Engádese que tamén será homenaxeado neses actos o que fora presidente da Fundación durante 33 anos, Agustín Sixto Seco.

C.G., "Recordando a Sixto Seco", *El Correo Gallego,* 24 febreiro 2007, p. 34.

Faise referencia á homenaxe a Agustín Sixto Seco que no 170 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro lle dedicou a Fundación Rosalía así como á lembranza que no mesmo acto se realizou da súa figura, xa que foi presidente da fundación durante 33 anos (1970-2004). Dise que foron lidos varios poemas da poetisa por varios escolares de Brión e Dodro e por varios escritores e escritoras que tamén leron os artigos que eles escribiran co gallo da morte de Agustín Sixto Seco e que foron publicados en *El Correo Gallego*. Por último engádese que a familia do homenaxeado estivo presente no acto e que se descubriu unha placa conmemorativa no seu nome.

C.G., "El placer de hojear libros", *El Correo Gallego*, 1 maio 2007, p. 38.

Destácase a exposición feita na biblioteca de Padrón durante o mes de abril dende a celebración do Día do Libro até fin de mes e na cal se reuniron exemplares singulares pola súa antigüidade, polas súas características de edición ou simplemente por ser volumes curiosos. Dise que a gran cantidade de volumes que se lograron reunir se debe a fondos propios e a doazóns de particulares, polo que a biblioteca alcanzou xa os dezaoito mil volumes.

C.G., "Brión rinde homenaje en sus Encontros coa Arte al escritor Álvaro Cunqueiro", *El Correo Gallego,* 8 xuño 2007, p. 31.

Faise referencia a que nos Encontros coa Arte que se celebran en Brión reuniranse unha trintena de artistas que lembrarán a figura de Álvaro Cunqueiro dende as súas diferentes facetas artísticas. Coméntase que ademais de escritores haberá pintores que realizarán distintas obras coas que encherán un mural en lembranza do escritor e que tamén se realizarán outras actividades, como saídas a paisaxes próximas, conferencias, actuacións musicais e unha comida de confraternidade na última xornada.

C.G., "La faceta teatral de Rosalía", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", 16 xullo de 2007, p. 25.

Describe a celebración, a cargo da Fundaciónb Rosalía de Castro, do CXXII aniversario da morte da autora de *Follas novas*. Dá conta das diferentes intervencións realizadas no acto e salienta especialmente a faceta teatral de Rosalía de Castro, xa que a institución padronesa centrou o seu premio de experiencias pedagóxicas na relación da Cantora do Sar e a súa obra co teatro. Por último, refírese á entrega destes premios durante esta celebración.

C.G., "Abren un portal para 'lanzar' las obras de los nuevos poetas gallegos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 novembro 2007, p. 22.

Dá conta da creación da páxina web www.poesiagalega.com para servir de plataforma para as e os poetas que queiran dar a coñecer a súa obra por internet. Sinala tamén que a intención é convocar un premio literario anual. Explica que detrás desta iniciativa están Javier Figueroa e Vili Mosquera, que contan co apoio do Concello de Padrón.

C.G., "La placa perdida de Barros", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", "Padrón", 20 decembro 2007, p. 38.

Con motivo da desaparición da placa da casa natal de Manuel Barros o articulista realiza un alegato contra a especulación urbanística e a prol da intrahistoria de Padrón.

C.G., "Fallece en Ferrol el poeta nicrariense Xosé Manuel López 'Ardeiro"*, El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Obituario", 22 decembro 2007, p. 36.

Infórmase de que á idade de sesenta e tres anos morreu o poeta Xosé Manuel López, "Ardeiro", vate marxista caracterizado pola súa fonda galeguidade, humanidade e apaixonamento pola vida.

C.G., "Nieves Soutelo señala que 'Código poético' es fruto de un gran trabajo interior", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Dodro", 22 decembro 2007, p. 34.

Infórmase do vixésimo galardón de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón de Dodro que foi parar ás mans de Nieves Soutelo pola súa obra *Código poético*. Sinálase que este poemario é froito de moitos anos de traballo e dun gran labor interior, segundo asegura a súa autora. Ademais engade que o máis difícil foi a estruturación dos poemas, reunir os versos que non estaban unidos ao principio e facelo partindo dunha estrutura para dar conxunto, que, ao final, quedou en catro partes.

C.G., "Padrón alberga hoy unas jornadas sobre el Rexurdimento gallego", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 decembro 2007, p. 37.

Dise que o 28 de decembro de 2007 se celebraron as IV Xornadas do Rexurdimento Galego, organizadas pola Asociación de Amigos do Museo Romántico en colaboración coa Fundación Rosalía de Castro e coa Deputación da Coruña, na Casa Museo de Rosalía de Castro. No acto, ademais do concerto dun trío de corda, analizouse a figura de Rosalía de Castro no marco da poesía española por parte de Xesús Rábade Paredes e realizouse unha visita polas instalacións da entidade cultural padronesa.

C. H., "La Diputación orensana pierde la biblioteca que donó un particular", *El País*, "*Galicia*", 15 decembro 2007, p. 6.

Infórmase da importante perda do material bibliográfico, donado hai trece anos por un particular, no que salientaban as bibliotecas personais de Eduardo Blanco Amor, Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben-Cho-Sey), Xaquín Lorenzo (Xocas), Vicente Risco e parte da de Otero Pedrayo, ademais da colección completa da revista ourensana *La Zarpa*, editada de 1921 a 1936.

Cid Cadavid, Anxo, "Hotel", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 7 agosto 2007, p. 36.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Anxo Cid Cadavid, "Hotel".

Cid Neira, Xulio, "De 'Gasumelo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 febreiro 2007, p. 38.

Recóllese nesta sección fixa un texto poético de *Gasumelo*, de Xulio Cid Neira, que comeza "E marcha o sol iste".

C.L., "Profundizar na realidade", *A Nosa Terra*, n.º 1252, "Cultura", "Ler ensaio en galego", 18-24 xaneiro 2007, p. 25.

Recolle a opinión do director de Xerais, Manuel Bragado, para quen o ensaio segue a ser de uso minoritario entre os lectores galegos; de Francisco Pillado, quen pensa que é silenciado nos medios; e Carlos Lema, que incide na necesidade de potenciar o premio "Ramón Piñeiro". A seguir, achega algúns ensaios publicados recentemente, entre os que están *Literatura galega de vangarda. A iconoclasta rupturista dos primeiros manifestos galegos*, de Xulio Pardo de Neyra; ou *Da arqueoloxía á imaxinación popular. A deconstrución da paixón céltica*, de Ana Ibarra.

C.O, "Un idioma minorizado no centro de Europa", *El Correo Gallego*, "Cultura", 5 marzo 2007, p. 76.

Comenta en primeiro lugar as impresións de Xavier Queipo, xa que un dos seus poemas está na Grand Place de Bruxelas formando parte dunha iniciativa da WIT. A continuación faise eco do recital poético, organizado pola mesma entidade, no que se leron nas súas linguas orixinais todas as composicións realizadas polos nove autores participantes.

Coco, Emilio, "De 'Serodio amor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 xaneiro 2007, p. 38.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle un poema de *Serodio amor*, de Emilio Coco, titulado "Quixera compoñer versos audaces".

Coco, Emilio, "De 'Serodio amor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 xaneiro 2007, p. 35.

Sección fixa que acolle un poema de *Serodio amor*, de Emilio Coco, titulado "Demorábanme os *Malos pensamientos*".

Coco, Emilio, "De 'Serodio amor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 xaneiro 2007, p. 31.

Publícase nesta sección fixa un poema de *Serodio amor*, de Emilio Coco, titulado "Camiñas cara ó mar despreocupada".

Coco, Emilio, "De 'Serodio amor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 abril 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Serodio amor*, de Emilio Coco, titulada "¿E que lembranza quedará de nós...".

Conde, Alfredo, "A visita do druída Carlos Núñez", *El Correo Gallego*, "Opinión", 10 decembro 2007, p. 4.

Fala dunha visita que lle fixo á súa casa o gaiteiro Carlos Núñez. Dedícalle palabras de admiración e loanza e comenta que lle deixou un libro de conversas que lle fixo Salvador Rodríguez titulado *Entre Fisterras* e editado por Xerais.

Cordal, Xavier, "As contradicións do mercado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 marzo 2007, p. 30.

A respecto da mercantilización da cultura, froito dun constante debate en Galicia nestes momentos, e fronte aos que reclaman unha adaptación da mesma ás esixencias da mundialización para que poida sobrevivir nun mundo cada vez máis global, opina que outros consideran que habería que apoiar as propostas máis creativas, independentemente da súa viabilidade comercial. Considera que nunha cultura minorizada como a galega é case imposíbel que coincidan calidade, reivindicación, soporte empresarial e grandes públicos. Denuncia ademais que quen desexe obter o éxito no ámbito da cultura ten que abandonar, en primeira lugar, os "códigos rexionais". Destaca, poren, que existe unanimidade nun punto: o de considerar que a Xunta de Galicia debe asumir as responsabilidades que lle correspondan como xestor cultural, apoiando aos creadores con talento antes de que se teñan que ir fóra.

Cordal, Xabier, "Do escarnio ao maldicir", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 marzo 2007, p. 29.

A partir dunha iniciativa levada a cabo por un xornal, mediante a cal se pretendía atopar as palabras máis fermosas da lingua galega, reflexiona sobre os prexuízos negativos que existen sobre a mesma e propón unha nova procura: a da palabra máis fea do idioma galego.

Cordal, Xabier, "Cunqueiro: eterno retorno", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 maio 2007, p. 28.

Lembra unha entrevista feita na TVE no ano 1978 a Álvaro Cunqueiro onde o escritor falaba da súa traxectoria e das dificultades que as literaturas periféricas tiñan durante o franquismo para darse a coñecer. Comenta o feito de que trinta anos despois esa entrevista estea circulando por internet, ao tempo que enxalza a figura do mindoniense.

Cores, Baldomero, "A literatura necrolóxica e os silencios de Viqueira", *A Nosa Terra*, n.º 1.257, "O Ronsel de Viqueira", 22-28 febreiro 2007, p. 34.

Comenta que Xohán Vicente Viqueira pertenceu a diferentes cabeceiras galeguistas como ao Boletín da Institución Libre de Enseñanza ou ao xornal *A Nosa Terra*, e comenta que cando lle estaban a organizar unha homenaxe, lle sorprendeu a morte en 1924. Indica que o número seguinte d'*A Nosa Terra* estivo dedicado a Viqueira para dar a coñecer a valía da figura que se acababa de perder.

Cores, Baldomero, "De Luís Porteiro e de Xohán Vicente Viqueira", *A Nosa Terra*, n.º 1.258, "O Ronsel de Viqueira", 1-7 marzo 2007, p. 34.

Lembra as figuras de Luis Porteiro e de Xohán Vicente Viqueira como dous homes importantes que loitaron polo nacionalismo galego e sinala que, a súa morte, con seis anos de diferenza a unha pronta idade, interrompeu o traballo que estaban a realizar. A continuación, fai referencia ao artigo publicado por Antón Vilar Ponte sobre Viqueira onde o denomina "malogrado" e lembra o momento en que Vilar Ponte e máis Porteiro falan con Xohán Vicente para que ingrese nas filas do movemento irmandiño.

Cores, Baldomero, "A comunidade dos malogrados", *A Nosa Terra*, n.º 1.259, "O Ronsel de Viqueira", 8-14 marzo 2007, p. 34.

Fai referencia ao conxunto de figuras literarias e sociais que intentaron aumentar o sentimento de galeguidade mais, por diversas causas, non acadaron os seus obxectivos. A este grupo Antón Vilar Ponte nomeou "comunidade de malogrados" e nel inclúese ao poeta Xohán Vicente Viqueira.

Corral Escribano, Rafael, "O orfo", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 24 agosto 2007, p. 41.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Rafael Corral, "O Orfo".

Correa, Anxa, "París acolle en dúas sedes o legado de Julio Cortázar antes de viaxar a América", *El Progreso*, "Cultura y Espectáculos", 13 xaneiro 2007, p. 79.

Achégase información sobre o contido da exposición "Le voyage infini (A viaxe infinita)" que amosa o legado fotográfico e audiovisual doados a Galicia pola primeira esposa de Julio Cortázar e agora expostos en París. Dise que a Casa de América Latina e a sede do Instituto Cervantes en París, en colaboración coa Fundación Caixa Galicia, fixeron posíbel este feito e que se amosan, entre outros fondos, o álbum persoal do escritor con fotografías da súa infancia, algúns libros da súa biblioteca persoal ou algunhas películas filmadas polo autor.

Correa, Anxa, "1,5 millóns de euros para a escena galega", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 17 xaneiro 2007, p. 75.

Sinala que a Conselleira de Cultura, Anxela Bugallo, e o xerente do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) anunciaron un programa de axudas para as artes escénicas e musicais profesionais. Apunta que estas axudas contemplan seis liñas relacionadas coas actividades escénicas, a distribución, a dotación de espazos da Rede Galega de Teatros e Auditorios, a programación de salas privadas, o asociacionismo e a investigación.

Correa, Anxa, "Isidro Novo cre o 'San Clemente' axeitado para 'autores somerxidos", *El Progreso*, "Cultura y espectáculos", 2 febreiro, p. 87.

Recóllense as palabras de satisfacción de Isidro Novo no acto de entrega dos premios San Clemente e considera que "é un galardón para promocionar aos autores somerxidos". Tamén se recollen as impresións dos outros galardoados: Javier Cercas e Abraham Yehoshúa que salientan o recoñecemento do premio e a importancia para o futuro da lectura ao seren un galardón outorgado por alumnos de instituto e abordan as liñas temáticas das súas obras. Noméanse os institutos que formaron parte do xurado e os galardoados en edicións anteriores.

Correa, Anxa, "O CCG busca o sentido da cultura", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 6 febreiro 2007, p. 77.

Coméntase o novo foro de discusión creado polo Consello da Cultura Galega que se abre co seminario "O(s) sentido(s) da(s) cultura(s)", que foi presentado polo Presidente do CCG, Ramón Villares e que abriu o filósofo Félix Duque. Dise que o obxectivo destas xornadas será debater e coñecer o que se debe entender por cultura e que se continuarán en anos posteriores con diferentes temas relacionados coa política, economía e cultura con relatores de distintos países.

Correa, Anxa, "Milladoiro relé no seu último disco a obra de Manuel María", *El Correo Gallego*, "Cultura", 11 febreiro 2007, p. 76./"Milladoiro pon música á obra de Manuel María no seu último disco", *El Progreso*, "Cultura y Espectáculos", 11 febreiro 2007, p. 69./"Milladoiro con Manuel María", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 12 febreiro 2007, p. 69.

Coméntase a publicación do último disco de Milladoiro, *Unha estrela por guía,* no cal o grupo musica os textos de Manuel María a partir da proposta que lles fixeran os organizadores da homenaxe que no 2005 recibiu o escritor. Entre outras ,coméntanse as colaboracións das pandereteiras de Leilía e a dos actores Luís Tosar e Mabel Rivera. Por último dáse conta do comezo inmediato da súa xira e do próximo proxecto musical, que estará relacionado con Portugal.

Correa, Anxa, "A publicación de poesía superou á de narrativa en Galicia", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 28 febreiro 2007, p. 83.

Coméntase a publicación do *Informe de Literatura* que anualmente realiza o Centro Ramón Piñeiro, do cal se desprende que no ano 2005 a publicación de poesía foi maior que a de narrativa achegando as cifras que dan conta da inxente produción de literatura galega nese ano. Tamén se dá conta das últimas publicacións do Centro Ramón Piñeiro presentadas en Santiago, así como do ditame do IV Premio Centro Ramón Piñeiro de Ensaio Breve que recaeu en mans de Alva Martínez coa obra *A pretensa nostalxia da autoridade* onde fai un estudo da novela *O porco de pé*, de Vicente Risco.

Correa, Anxa, "As cifras do mercado editorial", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 febreiro 2007, p. 26.

Achega os datos ofrecidos polo *Informe de Literatura* sobre a situación da literatura galega no 2005. Comenta que este Informe está editado polo Centro Ramón Piñeiro e coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou. Segundo os datos que aporta o Informe, salienta que ese ano houbo nas librerías máis títulos de poesía que de narrativa, así como, destaca a diferencia entre as publicacións xornalísticas con sinatura masculina ou feminina. Tamén indica que o Informe recolle outros datos como as referencias teatrais, as publicacións relacionadas co Día das Letras Galegas, a literatura infantil e xuvenil, a literatura medieval e de transmisión oral, os premios literarios, entre outros. Por último, en palabras da coordinadora, afirma que este é o único Informe de España que describe a produción anual de literatura e sobre literatura galegas.

Correa, Anxa, "A arte, en feminino", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 marzo 2007, p. 33.

Reflexiónase sobre a presenza feminina nos diferentes ámbitos do mundo cultural galego e constátase que esta foi medrando, aínda que non acada cotas moi elevadas no que se refire ao desempeño de altos cargos nas institucións culturais galegas. Transmítense as opinións de creadoras como Yolanda Castaño ou a pintora Menchu Lamas, que achegan un punto optimista neste proceso de cambio que é moi lento pero que se está a producir.

Correa, Anxa, "Bugallo cre que o Clúster do Libro Galego achegará solidez ao sector", *El Progreso*, "Cultura", 21 marzo 2007, p. 79.

A Conselleira de Cultura salienta, no acto de constitución do Clúster do Produto Gráfico e do Libro, o seu papel para o desenvolvemento do sector do libro, a súa modernización e estruturación e a importancia da apertura aos mercados de Europa, Latinoamérica e Portugal.

Correa, Anxa, "Galicia intégrase en 'Espoesía', que espallará a lírica pola rúa", *El Progreso*, "Cultura", p. 76./"Primeira rede de poesía do estado", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 85, 23 marzo 2007.

Indícase que a nova rede de poesía de España, presentada co nome de Espoesía e que integra toda as linguas de España, desenvolverá iniciativas todo o ano para espallar a poesía entre a cidadanía. Dise que comezará cun Festival Internacional de Poesía Madrid 2007 no que

Galicia e Cataluña serán invitadas de honor e que se busca, sobre todo, activar os mecanismos de difusión da poesía e fomentar a colaboración e o intercambio lingüístico impulsando a tradución de obras poéticas.

Correa, Anxa, "Máis alá de Tosar", *El Progreso*, "Cultura", 27 marzo 2007, p. 79.

Co gallo do cento vinte e cinco aniversario da estrea da primeira obra en galego, *A fonte do xuramento,* dáse conta dos diversos actos que a Consellería de Cultura preparou para conmemoralo e que foron presentados na véspera do Día Internacional do Teatro. Coméntase que, entre as actividades, se programarán cento vinte e cinco funcións ao longo de todo o ano e que o groso da programación terá lugar no verán, cando se celebrará tamén unha exposición itinerante que percorrerá os diferentes períodos do teatro en galego. Sublíñase que o día grande será o 13 de agosto cando se fará unha homenaxe á obra fundacional do teatro galego e ao seu autor e que posteriormente se elaborará o primeiro Plan Galego de Artes Escénicas con diversas mesas de traballo que analizarán a situación do sector para poder captar novos públicos.

Correa, Anxa, "Non máis teatro na Yago", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 maio 2007, p. 30.

Faise eco da resolución da sentenza xudicial de desafiuzamento que obriga a Teatro do Noroeste e Títeres Cachirulo a abandonar a Sala Yago a finais de xuño, compañías que realizaron durante cinco anos proxeccións cinematográficas, funcións teatrais e de monicreques para todos os públicos. Tamén se fai referencia ao interés amosado polo Concelleiro de Cultura, Néstor Rego, para adquirir a titularidade do inmóbel e darlle un uso sociocultural.

Correa, Anxa, "Seis cabeceiras da prensa galega da emigración ven a luz en facsímile", *El Correo Gallego*, "Cultura", 28 xuño 2007, p. 75.

Faise referencia á presentación, en Santiago, de seis cabeceiras da prensa galega na emigración por parte do Centro Ramón Piñeiro, entre outras a revista *Suevia* ou *Galicia*. Tamén se dá conta da presentación no mesmo acto doutra publicación do Centro Ramón Piñeiro, a obra narrativa en galega de Amador Montenegro (Santiago, 1864-1932).

Correa, Anxa, "Un legado para gozo do seu pobo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 setembro 2007, p. 28.

Coméntase que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) mostra o seu apoio á Consellería de Cultura para conseguir que a casa natal de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao sexa declarada Ben de Interese Cultural, xa que o proceso está atopando dificultades para levarse a cabo por diversos desacordos co propietario actual da mesma. Recoñécese tamén o labor da Fundación Castelao e do seu Presidente, Avelino Pousa Antelo, na loita para que poida ser aberta ao público e se converta nun lugar de encontro aberto a todos.

Correa, Anxa, "O libro galego viaxa polo mundo", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Promoción", 2 outubro 2007, p. 76.

Infórmase sobre a importante presenza do libro e da cultura galega en xeral nas vindeiras feiras internacionais como a da Habana, grazas ao apoio da Consellería de Cultura. Dise que Galicia contará cun posto e cunha marca propia cara á promoción da súa produción editorial en todo o mundo. Tamén se di que se desenvolverá un catálogo online da produción editorial galega máis recente e que outra das iniciativas será a presentación dunha escolma de poesía galega en alemán e galego con textos de Rosalía de Castro, Manuel Antonio, María Mariño ou Yolanda Castaño, entre outros.

Correa, Anxa, "O Igaem ve no teatro galego un exceso de dependencia", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 26 outubro 2007, p. 81.

Recóllense algúns datos tirados dun estudo do Instituto Galego das Artes Escénicas (IGAEM) no que se pon de manifesto a gran dependencia do teatro galego das axudas públicas. Ademais, os seus profesionais móvense nun escenario laboral "precario e inestable". A terceira parte dos espectadores da Rede Galega de Teatros e Auditorios asistiu con convite. Galicia ten o 6,7% da poboación de España, pero só o un por cento da recadación e o tres por cento do público.

Correa, Anxa, "Os autores aconsellan menú literario para estes días de Nadal", *El Progreso*, "Galicia a fondo", pp. 8-9/"Menú literario para o Nadal", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 387, "Mil primaveras máis", 16 decembro 2007, pp. 6-7.

Recóllense recomendacións literarias de diferentes creadores galegos. Entre as pertencentes á literatura galega destacan as citadas por Víctor Freixanes, *Así nacen as baleas*, de Anxos Sumai; por Manuel Rivas, quen recomenda as traducións *Porca terra*, de John Berger e *Teatriños ou aturuxos calados*, de Erín Moure; por Marta Rivera de la Cruz, quen cita *Galicia borrosa*, de Santiago Lama; por Jaureguízar quen prefire *A noite d'O Risón*, de Gonzalo Moure, *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz e a tradución de *Arthur e George*, de Julian Barnes. Entre outras propostas destacan as de Rosa Aneiros (*O soño da febre*, de Miguel Anxo Murado), Agustín Fernández Paz (*Minimaladas*, de Carlos López; e *As mans do medo*, de Xosé Miranda), Yolanda Castaño (*Os hemisferios*, de María do Cebreiro) e Fina Casalderrey (*Parábola do incrédulo*, de Manuel Álvarez Torneiro; e *Galego*, de Juan Farias).

Costa, Violeta, "Realzan a transcendencia da figura de Filgueira Valverde para o século XX", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 23 xaneiro 2007, p. 11.

Dentro dos actos de conmemoración do centenario do nacemento de Xosé Filgueira Valverde, infórmase da celebración dunha xornada de enxalzamento e lembranza da importancia do ilustre galeguista para a cidade de Pontevedra, na Facultade de Ciencias

Sociais e na de Comunicación da cidade. Dise que o acto foi organizado pola Cátedra Filgueira Valverde e que asistiron, entre outras personalidades, Isaac Díaz Pardo, Víctor Freixanes ou o director do Museo de Pontevedra, Carlos Valle. Lémbrase o labor de Filgueira como director do museo da cidade, como mestre e como alcalde da cidade, entre outras das súas actividades.

Costas Álvarez, Ledicia, "Aparición de triste", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 outubro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Ledicia Costas Álvarez, titulado "Par que vou pintar os labios de vermello".

Cortés, Carlos, "Los libros gallegos que ya hacen las Américas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 novembro 2007, p. 34.

Recóllense as opinións de Carlos del Pulgar, editor de Nova Galicia, e de Ballesteros, director de Kalandraka, a propósito da situación do libro galego no exterior con motivo da súa presenza na Feira Internacional do Libro de Guadalajara. Segundo ambos os editores, cómpre presentar os produtos e arriscar na súa difusión para obter resultados, algo que xa se está a producir nas súas respectivas editoriais. En nota á parte infórmase da presentación na Feira dun número monográfico da revista *Reverso* dedicado á poesía galega que reproduce poemas de catorce autores seleccionados por Teresa Seara.

C.P. , "Camilo Franco explora dende a ironía nos eidos literarios", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Al día", 25 xaneiro 2007, p. L2.

Dáse conta da presentación do último libro de Camilo Franco, *Palabras contadas* (2006), que o propio escritor fará esa noite no Café Casino de Santiago, acompañado da música de Magín Blanco nun acto que el mesmo cualifica de lúdico e divertido. Coméntase tamén que o libro é un conxunto de relatos breves onde mediante a ironía reflexiona sobre a creación literaria e sobre as diversas maneiras de contar, e que inclúe tamén unha parodia de escritores galegos contemporáneos.

C.P., "O libro, o disco e o audiovisual unen esforzos comerciais en Cultur.gal", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 3 marzo 2007, p. 49.

Confírmase que co patrocinio da Consellería de Cultura e Industria, Pontevedra acolle entre o 10 e o 13 de maio de 2007 a I Feira do Libro e das Industrias Culturais, Cultur.gal, organizada pola Asociación Galega de Editores e a colaboración da Consellería de Educación que realizará actividades para escolares. Tamén se engade que se contará co apoio das asociacións de ilustradores, produtores fonográficos, escritores, a Federación de Libreiros ou o Clúster do Audiovisual.

C.P., "Unha mostra documenta a vocación europea de Galicia dende o rei Artur", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 maio 2007, p. 48.

O artigo dá conta da exposición documental inaugurada no Museo do Pobo Galego co título *Galicia. Célula de universidade. Europa e a Xeración Nós*, que arranca cos actos da Semana de Europa en Galicia. Na presentación da exposición destacouse a vocación europea que xa amosaban as Irmandades da Fala e a Xeración Nós. Otero Pedrayo preséntase como o intelectual galego identificado cos valores intelectuais europeos. Tamén hai paneis dedicados a figuras coma Vicente Risco e o seu *Mitteleuropa*, o labor cultural da Xeración Galaxia durante o franquismo, Plácido Castro, Castelao e Schuman. A exposición amosa a relación entre Galicia e Europa desde os seus inicios, pasando polo mito artúrico e a etapa dos poetas provenzais.

C.P., "A libraría Couceiro abre ao público o día 23 as novas instalacións na praza de Cervantes", *La Voz de Galicia*, 10 xullo 2007, p. L7.

Infórmase da apertura na Praza de Cervantes en Santiago de Compostela das novas instalacións da libraría Couceiro, despois dunha rehabilitación integral do edificio no que se atopa. Dise que nos máis de trescentos cincuenta metros cadrados da casa o lector ou cliente atopará tres andares máis o soto e planta baixa divididos en varias seccións, incluída unha dedicada ao libro antigo que conta con preto de corenta mil exemplares. Tamén se di que se realizarán actos literarios e presentacións e que existe tamén un pequeno obradoiro de encadernación.

C.P., "Ambiente de farándula en el 125 cumpleaños del teatro gallego", *Diario de Ferrol*, "Provincia", "A Coruña", p. 18./*El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura". p. 13, 14 agosto 2007.

Coméntase que para a celebración do cento e vintecinco aniversario do teatro galego celebráronse diversos actos na Coruña, entre eles o descubrimento dunha placa conmemorativa no lugar onde se representou a primeira obra en galego hai cento e vintecinco anos e a representación dun pequeno fragmento desa obra, *A fonte do xuramento*. Engádese que ao mesmo tempo hai unha exposición itinerante por varios lugares de Galicia sobre a historia do teatro galego.

C.P., "A Federación de Libreiros concédelle a Xesús Couceiro a medalla de ouro", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 30 novembro 2001, p. 9.

Comenta que na celebración do trixésimo aniversario da Federación de Libreiros Galegos, se lle vai conceder a Medalla de Ouro a Xesús Couceiro por ser un dos fundadores da asociación e por promover e impulsar iniciativas sobre o libro galego e a lectura. Dá conta da primeira libraría que abriu Couceiro e dos seus posteriores traslados na cidade de Santiago. Por último, achégase a afirmación de Xaime Corral, Presidente da Federación de Libreiros, sobre o futuro do libro galego e a influencia do libro dixital.

C.R.C., "La ciudada abre su 'caja de libros", *Diario de Ferrol*, 16 maio 2007, p. 03.

Dáse conta da apertura ao público da nova biblioteca pública de Ferrol na praza de España da cidade, tras seis anos pechada. Coméntase que conta coas novas tecnoloxías e que no acto inaugural numerosas personalidades políticas da cidade e da Deputación lembraron a importancia deste novo espazo cultural e a intención de aumentar fondos e socios.

C.U., "Comienzan los fastos", *El Progreso*, "Lugo", 29 novembro 2007, p. 3.

Dá conta dos actos que se levarán a cabo para conmemorar os mil setecentos anos de historia da muralla de Lugo. Entre eles, relacionado coa literatura galega, indica que ás doce da mañá se iniciará o I Encontro de Poesía Galega con Yolanda Castaño, María do Cebreiro, Suso Pensado, Luz Pozo Garza e Claudio Rodríguez Fer. Na sesión da tarde, ás sete, participarán Álvarez Cáccamo, Álvarez Torneiro, Arcadio López-Casanova, Chus Pato, Ana Romaní e Xavier Seoane.

C.U., "Versos para la muralla", *El Progreso*, "Lugo", 30 novembro 2007, p. 3.

Comenta que once poetas de diferentes xeracións participaron nun recital de poesía en homenaxe á muralla de Lugo. Indica que os temas tratados foron o amor, a emigración, as drogas ou o Prestige. Dá conta das personalidades que inauguraron o acto e indica algúns dos poemas que leron María do Cebreiro, Luz Pozo Garza e Suso Pensado, entre outros.

Cuba, Ana, "Cunqueiro no tendrá la casa museo que querían en su Mondoñedo natal", *La Voz de Galicia*, "El reverso del día", 24 febreiro 2007, p. 60.

Dáse conta da adquisición por parte de mans privadas da casa natal de Álvaro Cunqueiro en Mondoñedo, feito que supón a perda dunha oportunidade para convertela en museo e referente do concello mindoniense. Laméntase a falta de estímulo por parte da Xunta para adquirila por cento oitenta mil euros, tal e como pedían os herdeiros do escritor.

Cuíña, S., "Couceiro: libros de saldo", *Galicia hoxe*, "MARÉ", 13 abril 2007, p. 26.

Infórmase da venda a prezos de saldo dos exemplares da libraría Couceiro e do mobiliario debido ao seu peche na rúa do Hórreo e a donación dos exemplares que non se consigan vender ás bibliotecas da cidade. Tamén se fala da próxima apertura da súa sede na praza de Cervantes.

Cuíña, S., "Couceiro, libros a precio de saldo", *El Correo Gallego*, "Santiago", 13 abril 2007, p. 31.

Infórmase do peche da libraría Couceiro, sita na rúa do Hórreo, e da venda a prezos de saldo dos exemplares e do mobiliario, incluidos os cadros de Garaball e Ventura Cores.

Tamén se fala da próxima apertura da súa sede na praza de Cervantes, edificio rehabilitado polo arquitecto Iago Seara, que contará con seis plantas: no soto ubicarase o almacén, a planta baixa será o punto de venda da libraría, a primeira planta adicarase ao libro galego, a segunda será para usos múltiples, a terceira dividirase nunha exposición do libro antigo e de ocasión e un taller de encuadernación artística e a última para oficinas.

Cuíña, Sandra, "Literapia' marineros en Sar", *El Correo Gallego*, "Santiago", 6 outubro 2007, p. 30.

Sinálase que os expertos aseguran que a lectura pode ser unha boa terapia para diversas enfermidades, entre elas o cancro. Por isto, un grupo de médicos, filólogos, psicólogos, escritores e periodistas acuñou o termo "literapia" e creou un grupo arredor do tema, no que participan Darío Villanueva ou Blanca Roig.

Cuíñas, Teresa, "'Un discurso de Fran Alonso inaugura la Feria del Libro de Vigo", *El País*, "*Galicia*", 30 xuño 2007, p. 40.

Destácase o discurso pronunciado por Fran Alonso na inauguración da XXXIII edición da Feira do Libro en Vigo, no que o escritor indicou a necesidade de interacción entre escritor, libro e lector para a supervivencia do sector fronte ás novas tecnoloxías como Internet. Dise que haberá variadas actividades e que se contará coa presenza de moitos escritores como Teresa Moure ou María Reimóndez.

Cuíñas, Teresa, "Un libro reúne inéditos de Méndez Ferrín y Leopoldo Nóvoa", *El País*, "*Galicia*", 27 setembro 2007, p. 38.

Comézase explicando que se presentará un volume onde o editor Nelson Villalobos fixo coincidir a ambos creadores no taller do pintor, para presentalos, seleccionar cinco obras pictóricas e proporlles unha colaboración mutua. Explícase que non foi un encargo, xa que a Méndez Ferrín saíronlle os poemas do corazón, ao inspirarse na obra pictórica de Nóvoa. Conclúese explicando que este ano de traballo deu como froito unha serie de vinte exemplares, firmados polos autores e selados polo taller, feitos artesanalmente e incluíndo as cinco serigrafías de Nóvoa, ademais de pequenas pezas de madeira.

Cuíñas, Teresa, "El 'puzzle' de Vigo y la cultura", *El País*, "*Galicia*", 15 outubro 2007, p. 38.

Analízase a situación do movemento cultural na cidade de Vigo centrándose en diversos aspectos como os festivais Imaxina Sons, Are more e Alt; os museos de referencia da cidade como o Verbum ou o Marco e as novas salas de teatro alternativo que existen (Teatro Arte Livre e El Ensalle). Coméntase que o Concelleiro de Cultura, Xesús López ten como obxectivo mellorar substancialmente a situación cultural da cidade con medidas como o fomento da lectura ou a revisión da rede museística.

Cuíñas, Teresa, "Galaxia recuerda al diseñador de sus libros históricos", *El País*, "*Galicia*", 21 novembro 2007, p. 7.

Dá conta dos contidos da exposición "As caras do libro", que recorda, no Museo Quiñones de León de Vigo, a obra de Ricardo García Súarez, máis coñecido como Xohán Ledo, o primeiro xefe de deseño de Galaxia. Destácase que até mediados dos oitenta foi o principal responsábel da parte gráfica da editorial, ademais dun dos grandes nomes da edición en galego xunto con Luís Seoane e que elaborou portadas para libros senlleiros de Ánxel Fole, Cunqueiro, Blanco Amor ou Neira Vilas. Infórmase de que a mostra percorre a traxectoria profesional e vital de Ledo dende tres puntos de vista: biográfico, traballo editorial e obra pictórica. O seu traballo caracterizouse pola orixinalidade, pois dotaba ás obras de cada autor dunha personalidade inconfundíbel co emprego de tipografías e deseños diferenciados. Indícase que en paralelo á exposición desenvólvese un ciclo de mesas redondas sobre os novos camiños gráficos das editoriais galegas e que a charla inaugural versará, xustamente, sobre o traballo de Xohán Ledo. Nela participarán o presidente da Fundación Penzol, Francisco Fernández del Riego, o director de Galaxia, Víctor Freixanes, e a filla de Ledo, María do Carme García Alonso.

Cuíñas, Teresa, "A Nosa Terra' entra en la Red", *El País*, "*Galicia*", 5 decembro 2007, p. 7.

Infórmase da presentación editorial da nova versión dixital do semanario *A Nosa Terra* coincidindo coa celebración do seu centenario. Dise que a carón do seu novo deseño con máis cor e mellor calidade xorde un portal dixital con contidos renovados a diario e que o seu novo director será Manuel Veiga, membro da redacción dende 1984 e cunha ampla traxectoria periodística e literaria. Tamén se informa da incorporación de novas firmas como Suso de Toro e de moitos xornalistas mozos.

Cuñarro Otero, Xela, "O oco", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 1 agosto 2007, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Xela Cuñarro Otero, "O oco".

C.V., "Unha festa para erguer puño e dignidade", *Diario de Arousa*, 9 abril 2007, p. 56.

Co gallo do quinto aniversario da revista *Mundo Vermello*, posta en marcha polas Xuventudes Comunistas de Arousa e que ofrece a información alternativa na comarca arousá, dise que se organizaron unha serie de actividades para celebralo. Entre outras cousas ofrecerase unha sesión de contacontos, concertos musicais ou intervencións políticas varias.

C.V., "Encontro con novos versos e vellos amigos", *Diario de Arousa*, "Casa da Cultura", 22 outubro 2007, contracuberta.

Faise eco do acto de presentación na Casa da Cultura de Vilagarcía do libro de poemas *Poemario de Silencios*, de Manuel Olveira, que estibo arroupado por un gran número de amigos. Dise que Olveira traballa recuperando información da comarca de Vilagarcía, xunto a Xosé Lois Vila Fariña e Víctor Viana, elabora un programa de radio sobre a historia desta cidade arousá e é dinamizador social (presidente do Club Xuvenil, fundador e colaborador da revista *Rodeira* e colaborador da revista *O Noso Pobo*, publicada por Vila Fariña). Remátase augurándolle un prometedor camiño, tendo en conta a "calidade" deste poemario.

Dacosta Diehl, Alexandre, "As aventuras do Pirata Bieito Fogata", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Menos de 15 anos", 7 agosto 2007, p. 35.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Alexandre Dacosta Diehl, "As aventuras do Pirata Bieito Fogata".

D.F., Uxío, "Homenaxe Querida a ONAM", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 agosto 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle o poema "Homenaxe Querida a ONAM", de Uxío D. F.

Díaz Castro, Antía, "Silenzo", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 7 agosto 2007, p. 35.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Antía Díaz Castro, "Silenzo".

Díaz Castro, Xosé Mª, "De 'Nimbos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 xaneiro 2007, p. 32.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle o texto poético "SI é que o poema é só un nimbo de lus" de *Nimbos*, de Xosé Mª Díaz Castro.

Díaz Castro, Xosé Mª, "De 'Nimbos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 maio 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Nimbos*, de Xosé Mª Díaz Castro, titulado "QUEZAIS".

Díaz Castro, Xosé Mª, "De 'Nimbos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 agosto 2007, p. 39.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle o poema "TRANSFIGURACIÓN" de *Nimbos*, de Xosé Mª Díaz Castro.

Díaz Castro, Xosé Mª, "De 'Nimbos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 outubro 2007, p. 35.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Nimbos*, de Xosé María Díaz Castro, titulado "TERRA SUCADA".

D.L., "Prada y la Academia confirman su asistencia a los premios Xarmenta", *Diario de León*, "El Bierzo", 21 xaneiro 2007, p. 12.

Coméntase que tanto a Real Academia Galega como o cantautor berciano Amancio Prada asistirán á gala de entrega dos II Premio Xarmenta e asemade indícase que os galardoados queren compartir este premio con todos os bercianos que contribúen a conservar a lingua e a literatura galegas no Bierzo.

D.L., "As cousas dun tal Zero Vacas", *Tempos Novos*, "*Protexta"*, n.º 5, "ProXectil", "Blogs", inverno 2007-2008, p. 30.

Detrás do alcume Zero Vacas agóchase un xornalista da sección dos asuntos culturais do xornal dixital galego *Vieiros*. O blog trata de literatura, xornalismo, crítica política e modernidade cun diseño atractivo e ligazóns interesantes. Para rematar, faise unha breve referencia a dous blogs con contido literario. No blog haicu.blogspot.com o poeta Leo presenta petiscos poéticos de sabor oriental (haicus). O segundo blog é modernodemerda.blogspot.com, asinado por Gustavo Harvey, no que fala de literatura, música, crítica e outras artes.

Dobao, Ángeles, "El verdadero valor de un libro", *El Ideal Gallego*, 3 setembro 2007, contracuberta.

Fálase do valor do libro antigo, usado ou de ocasión e o labor do libreiro no rastrexo de títulos descatalogados, edicións raras ou clásicos en vellas bibliotecas particulares e no proceso de restauración para a posta á venda.

Dobao, Ángeles, "Lección de Literatura para abrir el curso", *El Ideal Gallego*, 22 setembro 2007, p. 13.

Infórmase do acto de inauguración do curso escolar, no Instituto de Estudios Superiores Rafael Puga Ramón, no que o escritor manuel rivas realizou unha conferencia na que salientou a importancia da aprendizaxe, a imaxinación e o humor para o ser humán, empregando textos literarios exemplificadores de Rafael Dieste, Eduardo galeano, manuel Antonio e clásicos como *As mil e unha noites*, *A odisea* ou *O Quixote*. Tamén destacou a Rosalía de castro que lle serviu para achegarse ao apego á terra e ao galego como punto de partida para entender o mundo.

Dobao, Xosé Antón L., "De 'Onde o ollar comeza a doer", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Onde o ollar comeza a doer*, de Xosé Antón L. Dobao, titulada "Todo estático...".

Dopico, Montse, "Outros tempos para a lírica", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 novembro 2007, p. 31.

Informa sobre a posta en marcha, por parte da Editorial Sotelo Blanco, da colección "Edoy Leliadoura" que recolle a herdanza de Leliadoura, que dera voz a toda unha serie de poetas nos anos oitenta. Sinálase que o novo proxecto se abre coa publicación de *Memoria de abad*, de Rafa Villar; *Derrotas con raíces*, de Modesto Fraga; *Onde o ollar comeza a doer*, de Antón Dobao; *Os poemas de cómo se rompe todo*, de Daniel Salgado; *Bingo*, de Pilar Beiro e *Xestinario: 36+3*, de Marica Campo. Xesús González Gómez, responsábel desta nova iniciativa, defínea como un intento de plasmar a diversidade da poesía actual e dar cabida a novas voces e anuncia a publicación de entre seis e oito títulos novos cada ano, a maioría inéditos.

Dopico, M., "A subversión do canon", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 novembro 2007, p. 35.

Sinala que a obra de Xosé Manuel Pacho Blanco, *A choiva do mundo,* foi a gañadora do XIX edición do Premio Torrente Ballester outorgado pola Deputación da Coruña. Comenta que a obra foi escollida entre trescentas procedentes de dezasete países distintos, e que se trata dunha novela sobre a metáfora da construción do mundo a partir de historias das persoas. Salienta a sorpresa do escritor ao recibir a noticia. Por último, comenta que se trata dunha obra vangardista na que se mesturan os xéneros: artigos xornalísticos, textos de teatro, relatos, prosa poética, etc.

Dopico, M., "A vixencia dunha loita", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 novembro 2007, p. 27.

Comenta que o Concello de Teo vai nomear a Avelino Pousa Antelo como fillo adoptivo, pola súa traxectoria de galeguista histórico, agrarista, docente, etc. Indica que Pousa Antelo traballou na propaganda a favor do Estatuto de 1936 e que era un membro activo das Mocidades Galeguistas. Deseguido, Pousa Antelo salienta a importancia do pensamento e labor de Castelao e considera que o ideario do Partido Galeguista aínda segue vixente. Lembra como conseguiu sobrevivir á Guerra Civil e comenta a situación do galeguismo durante a etapa franquista e as poucas cousas que puideron facer nese período.

Domínguez, C., "Luz Pozo cara ó Nobel", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 xaneiro 2007, p. 33.

Infórmase da celebración da Asemblea Anual da Asociación de Escritores en Lingua Galega, no Museo do Pobo Galego, na que se renovou a directiva e se propuxo a realización de diferentes actividades como a edición do *Homenaxe aos Bos e Xenerosos*,

xornadas sobre propiedade intelectual e da crítica en Galicia, a homenaxe ao dramaturgo Manuel Lourenzo, entrega de premios e galardón "Escritor galego universal". Finalmente, alúdese á proposta das candidaturas de Luz Pozo Garza e X. L. Méndez Ferrín ao Nobel e á outras actividades como o Proxecto Editora Virtual da AELG, a iniciativa que pretende conservar as casas de escritores así como a celebración de Galeusca na cidade de Lugo baixo o lema "O Imaxinario na literatura" e as xornadas "Letras na raia".

Domínguez, C., "No espello de Ramón Caride", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 xaneiro 2007, p. 36.

Anúnciase a publicación d'*As mascaras de Cronos*, de Ramón Caride Ogando, que recolle dez anos de poemas cunha liña temática compartida arredor da paisaxe, o amor, o erotismo, a destrución do medio rural ou a poesía social contra as guerras e inxustizas. Dise que o volume recolle cinco libros, dous inéditos *Diacrónica* (2002) e *Addenda* (2002-2005), xunto con *Cerne das labaredas* (libro de transición), *Flor no deserto* (o máis narrativo) e *Xeografías do sal* (o máis lírico), co que se ofrece unha visión totalizadora da súa obra poética. Finalmente alude ao enfoque clásico do título e apunta que está a rematar duas novelas.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, "De 'As horas luminosas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *As horas luminosas*, de Xoán Carlos Domínguez Alberte, titulada "En marea baixa...".

Domínguez Toxo, Xaime, "Fóra de xogo", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 4 agosto 2007, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia,* para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Xaime Domínguez Toxo, "Fóra de xogo".

D.S., "A existencia dunha literatura bravú", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 23 febreiro 2007, p. 38.

Fai referencia á existencia da literatura bravú que naceu a partir do ámbito musical. Menciona algúns escritores encadrados nesta etiqueta, como Santiago Jaureguizar que publicou *Fridom Speak*, ou Manuel Rivas, con *Un millón de vacas*. Pola contra, recóllese a opinión de María Yáñez que se amosa escéptica ante a existencia dunha literatura bravú.

D.S., "Anxos Sumai gana el premio Blanco Torres de periodismo", *El País*, "*Galicia*", 17 marzo 2007, p. 43.

Infórmase da concesión do premio á escritora Anxos Sumai pola sección de opinión, titulada *Somos perigosamente normais*, no programa Diario Cultural da Radio Galega. Dise que é a primeira vez que se premian artigos en espazos radiofónicos e electrónicos. Dáse conta dos membros do xurado, da dotación económica do premio e dos nomes dos anteriores galardonados, sendo Anxos Sumai a pimeira muller premiada.

D.S., "Clásicos en recuperación", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Do trinque", 20 abril 2007, p. 42.

Coméntase a aparición da primeira edición completa dos textos teatrais de Álvaro Cunqueiro baixo o título *Don Hamlet e outras pezas. Teatro galego completo (1932-1968)*, de dous dos volumes centrados en María Mariño (*Más allá del tiempo*, en español, e mais *María Mariño. Vida e obra* de Carmen Blanco), así como *New York, New York,* de Inma López Silva; *Diario dun impostor,* de Héctor Carré; *A voda,* de Carson Mc-Cullers ou *Ancho mar de argazo,* de Jean Rhys. Asemade recálcanse os proxectos que está a levar a cabo a editora Amastra-N-Gallar no campo literario sobre a desaparición do mundo labrego, unha serie de opúsculos de poetas e a publicación trimestral dunha revista poética.

D.S., "La asociación de escritores reparte 20.000 carteles con imágenes de poetas", *El País*, "*Galicia*", 26 abril 2007, p. 45.

Dá conta do reparto de vinte mil carteis con imaxes de poetas por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Indica que levan o título "Poetas da Galiza" e que a edición está sufragada pola Consellería de Cultura co obxectivo de visibilizar socialmente as autoras e autores do noso país. Ofrece o nome das e dos poetas que aparecen no cartel e, por outro lado, anuncia a entrega dos premios da AELG que terá lugar no transcurso da Cea das Letras.

D.S., "Los Diálogos de Mariñán reúnen a 18 escritores en mesas de debate", *El País*, "*Galicia*", 5 xuño 2007, p. 44.

Nota informativa sobre a celebración dos IV Diálogos literarios de Mariñán, organizados pola Fundación Carlos Casares, que acolllen a escritores galegos e españois. Noméanse os participantes e as temáticas das diferentes mesas de debate.

D.S., "Unha poesía orfa do Fiz", *El Progreso*, "Sarria", 17 xuño 2007, p. 35.

Faise eco da viaxe literaria polo Val de Lóuzara para recordar a Fiz Vergara de Vilariño, organizada pola asociación Ergueitos, na que participaron escritores, poetas, músicos e xente da cultura galega e que incluíu ofrenda floral, o himno galego,a actuación do flautista Luis Soto e un recital poético. Saliéntase a petición do Días das Letras Galegas na honra do poeta.

D.S., "A condición galega de Espriu", *El País*, "*Galicia*","Luces", 30 novembro 2007, p. 11.

Dá conta da edición do segundo número do anuario do Centre de Documentació i Estudi Salvador Espriu, *Indesinenter*, dedicado á relación do poeta catalán con Galicia. Cita os nomes dos estudosos galegos e cataláns que participan na publicación, entre os que se atopan Xesús Alonso Montero e Basilio Losada, e salienta a tradución ao galego de varios poemas de Espriu, realizada por Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes. Conclúe destacado que a revista inclúe unha listaxe dos libros galegos que figuraban na biblioteca de Espriu: a *Gramática Elemental del Gallego*, de Carvalho Calero, *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, *Gallego 2*, editado polo ILG, e o dicionario de Eladio Rodríguez.

D.S., "Vicepresidencia llevará literatura gallega a los centros sociales", *El País*, "*Galicia*", 15 novembro 2007, p. 7.

Destácase que a realización de actividades de difusión da literatura galega nos centros de servizos sociais é un dos puntos clave do acordo de colaboración asinado entre a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e a Vicepresidencia da Xunta.

D.S., "La universidad de Tubinga debate la obra de Rosalía", *El País*, "*Galicia*", 15 decembro 2007, p. 6.

Dá noticia da celebración dun simposio sobre Rosalía de Castro organizado polo Centro de Estudos Galegos da Universidade de Tubinga e dirixido polo profesor Johannes Kabatek, no que se ofreceu un recital poético a cargo de Anxo Angueira e O Leo. No encontro, que se titulou "Na fronte unha estrela... no bico un cantar. Rosalía, 170 anos despois", interviñeron varios profesores como Helena González, os xermanos Wolfang Matzat e Inga Baugmann e o galego Anxo Angueira, que falaron sobre distintas facetas da autora e as relacións das súas obras co romanticismo europeo, coas escritoras galegas actuais e con autores estranxeiros como Heinrich Heine. Tamén se celebrarán concertos e remátase comentando as actividades do Centro, no que trinta alumnos cursan galego.

D.S., "TVG estrena un telefilme sobre un relato de Darío X. Cabana", *El País*, "*Galicia*", 18 decembro 2007, p. 7.

Dá conta da estrea do telefilme *A mariñeira de Quilmas*, baseado nun relato do escritor Darío X. Cabana, incluído no libro *Vidas senlleiras*. A obra enmárcase no proxecto "Un mundo de historias", creado por Xoán Antón Dobao para TVG e coproducida por TVG, Ficción Producciones e as catalás Diagonal e Televisió de Catalunya. Dise que *A mariñeira de Quilmas* está ambientada na Guerra Civil e conta a historia dunha familia de Carnota que se bota ao monte tras a sublevación franquista de 1936.

E.A.R., "Primavera cargada de literatura", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Comarcas", 22 marzo 2007, p. L11.

Fálase sobre as actividades culturais que promove o Concello de Ames durante a primavera, entre os meses de maio e xuño, entre as que se destaca a "Semana do libro e da literatura" que se celebrará entre o 6 e o 12 de maio. Sinálase que o programa inclúe encontros e actividades con alumnos e profesores, obradoiros de creación literaria e cómics ou xogos de dinamización e animación á lectura. Tamén se di que estes actos se completarán coas celebracións do Día do Libro, cunha festa musical e literaria do Día das Letras Galegas e cos premios do concurso literario promovido polo Concello.

E.D., "A edición en galego gañou en vendas e perdeu en títulos e tiraxe", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 de decembro 2007, p. 33.

Recolle o balance da venta e edición de libros en galego no 2007 que fai o presidente da Asociación Galega de Editores, Alfredo García. A pesar de que aumentaron as vendas un 22%, sobre todo grazas á venda de libros de texto e de literatura infantil e xuvenil, descenderon en catrocentos mil títulos editados con respecto ao ano anterior. Aínda así, Alfredo García ve con preocupación a escasa rendibilidade da edición de libros escolares para optativas, con moi poucos alumnos, así como a previsíbel diminución da edición escolar. Por outra banda, seis de cada dez galegos confesaron non ler ningún libro en 2006, mentres que se estima que o público de literatura galega é de cento cuarenta e catro mil lectores.Apúntase que a literatura para os máis novos é o sostén da edición en galego, xa que supón unha cuarta parte das vendas neste idioma, pero percíbense problemas na continuidade do hábito lector a partir da adolescencia. Alfredo García insiste en que hoxe a selección das obras editadas é máis profunda e que a participación en feiras internacionais é clave para abrirse a novos mercados.

E.F., "La editorial TresCtres presenta los libros ganadores de los premios Xulián Magariños y Afonso Eanes", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 3 febreiro 2007, p. L12.

Dáse conta da presentación en Negreira dos libros *Matei un home*, de An Alfaya, premio de novela curta "Xulián Magariños" 2005 e *Cara a un solpor de gatos*, de Verónica Martínez Delgado e Antonio Fernández Seoane, obra gañadora da terceira edición do premio de poesía "Alfonso Eanes do Cotón". Saliéntase que, coa publicación dos libros, se pretende fomentar a cultura no concello.

E.G., "La Biblioteca Municipal tudense inicia el 'Mes dos libros' con un recital", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/Área metropolitana", 25 abril 2007, p. 18.

Dáse conta da serie de actividades de animación á lectura que baixo o título "Mes dos Libros" realizará o Concello de Tui na súa Biblioteca Municipal e que se abrirá cun recital poético-musical de Afonso Pexegueiro e dous dos membros de Berrogüeto con poemas musicais do libro *A illa das mulleres loucas*. Tamén se informa doutras actividades como a presentación da obra de Camilo Franco, *Palabras contadas,* ou unha conferencia literaria a cargo de Marga Romero.

E.G., "Exposición interactiva de textos y fotografía, al aire libre, en Tui", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área metropolitana", 8 decembro 2007, p. 14.

Faise referencia á celebración en Tui dos actos promovidos polo Parlamento Galego co nome de "Convivir Convivencias" que se presentan nas sete cidades que conformaron o Antigo Reino de Galicia. Dise que consisten nunha grande exposición de textos e fotografías de autores galegos xunto a un gran panel en branco onde os cidadáns poderán escribir a súa idea de convivencia e que se contará coa presenza da Presidenta do Parlamento Galego, Dolores Villarino. Tamén se comenta que a cidade de Tui foi escollida como exemplo de convivencia de culturas pola súa proximidade fronteiriza con Portugal.

Eiré, Afonso, "Un novo camiño despois de cen anos", *A Nosa Terra*, n.º 1.276, "Sociedade", 12-18 xullo 2007, pp. 14-15.

O director d'*A Nosa Terra* sinala que a empresa naceu, na súa actual etapa, no 1977, como unha compañía que tentaba "sementar ideas", como escribira Ramón Cabanillas nas súas propias páxinas. Eiré apunta que *A Nosa Terra* loita por defender "os intereses de Galiza e da súa identidade, comezando polo idioma"e fai un percorrido pola historia da empresa, centrándose nos dous grandes proxectos actuais: a remodelación integral do semanario e a aposta pola comunicación dixital mediante a creación dun portal cun diario dixital e interactivo.

E.O., "Despega la biblioteca de Xoán XXIII", *El Correo Gallego*, "Santiago", 30 setembro 2007, p. 19.

Indícase que a nova biblioteca pública de Xoán XXIII, en Santiago de Compostela entrará en funcionamento en decembro deste ano como referente da produción literaria máis contemporánea e que os volumes non terán máis de dez anos. Engádese que será o primeiro centro cultural de titularidade estatal e que contará con materiais diversos, como cómics, literatura infantil, audiovisuais ou música.

E.P., "Rivas recibirá o Premio Cálamo Extraordinario", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 xaneiro 2007, p. 33.

Dáse conta da entrega dos premios Cálamo, entregados pola libraría zaragozana do mesmo nome, que na categoría de "Extraordinario" en 2006 concedeuse a Manuel Rivas pola súa dedicación a todos os xéneros "de xeito brillante" e polo seu "exemplo de responsabilidade e compromiso social" con obras como *Os libros arden mal* (2006). Engádese que a entrega do galardón tivo lugar o 16 de febreiro.

Escobar, Óliver, "De 'Apostasía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 xaneiro 2007, p. 31.

Publícase nesta sección fixa unha composición poética titulada "nunha pedra de Marmaris (sec. IV)" do poemario *Apostasía*, de Óliver Escobar.

Escobar, Óliver, "Apostasía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 xaneiro 2007, p. 35.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Apostasía*, de Óliver Escobar, titulado "CON SANGUE ENTRA".

Escobar, Óliver, "Opus Night", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 febreiro 2007, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema "Opus Night", de Óliver Escobar.

Escobar, Óliver, "De 'Apostasía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 febreiro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Apostasía*, de Óliver Escobar, titulada "teño un recuncho...".

Escobar, Óliver, "De 'Maos doces", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 marzo 2007, p. 28.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Maos doces*, de Óliver Escobar, titulada "Mercamos doces...".

Escobar, Óliver, "De 'Apostasía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 xullo 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un texto poético de *Apostasía*, de Óliver Escobar, titulado "18/07/36".

Escobar, Óliver, "De 'Apostasía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 xullo 2007, p. 39.

Publícase nesta sección fixa un poema de *Apostasía*, de Óliver Escobar, titulado "Vésperas".

Escobar, Óliver, "De 'Apostasía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 setembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Apostasía*, de Óliver Escobar, titulado "FE".

Escobar, Óliver, "De 'Apostasía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 outubro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Apostasía*, de Óliver Escobar, titulada "escoitando...".

Escobar, Óliver, "De 'Apostasía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 outubro 2007, p. 39.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Apostasía*, de Óliver Escobar, titulado

“ANXIÑO”.

Escrigas, Carmen, “Novo buque insignia da Academia”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 17 marzo 2007, p. 75.

Anúnciase a firma dun novo convenio entre Caixa Galicia e a Real Academia Galega (RAG) mediante o cal a entidade bancaria lle cede á Academia a casa da Coruña onde viviron Rosalía de Castro e Manuel Murguía mentres este foi director do Arquivo do Reino de Galicia. Sinálase que se prevé que o 10 de outubro de 2008, cando se cumpren cento cincuenta anos do casamento de Rosalía e Murguía, se inaugure a casa despois das oportunas reformas.

Estévez, José Luis “Tempo de mudanza na escena galega”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 9 febreiro 2007, p. 45.

Infórmase de que debido á reforma do Instituto de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), promoveranse unha serie de cambios no funcionamento do teatro e da danza en Galicia. Dise que un dos principais obxectivos será a captación de novos espectadores e que un dos problemas que necesitan resolverse é un convenio que regule a relación entre os actores e as compañías para acadar unha profesionalización completa do sector.

Estévez, José Luis “Buenos Aires, capital das artes”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 4 maio 2007, p. 45.

Reflexiónase sobre a importancia da pegada dos artistas galegos en Arxentina, uns fuxidos durante a Guerra Civil e outros que chegaron despois. Gábase, entre outras, as figuras de Afonso Daniel Rodríguez Castelao, Luís Seoane ou o pintor Laxeiro. Compárase esta situación coa das xeracións actuais que xa non se senten tan atraídas coma as anteriores por Iberoamérica e lémbrase que ,malia que Bos Aires foi a capital da arte galega, as grandes contribucións se fixeron dende Galiza.

Estévez, José Luis “Tempo para renovar as feiras”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 11 maio 2007, p. 48.

Apunta que ao longo deste ano se celebrarán en Galicia un total de 13 feiras do libro en Galicia, algunha das cales xa se aproxima ás 30 edicións. Así mesmo, recolle a opinión do director de Edicións Xerais, Manuel Bragado, o presidente da Federación de Libreiros de Galicia, Xaime Corral, e o director comercial da editorial Galaxia, Xulio Amigo, que coinciden nos beneficios deste tipo de eventos para achegar o libro aos lectores, aínda que reclaman mudanzas e propostas para atopar novos instrumentos de promoción e facer que as feiras sexan máis atractivas.

Estévez, José Luis “Cultura creará una agencia que sustituirá al IGAEM y gestionará las ayudas”, *El País*, “*Galicia*”, 16 maio 2007, p. 43.

Coméntase a presentación por parte da Consellería de Cultura do anteproxecto de lei da creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) que absorberá ao actual Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Dise que o obxectivo principal será a promoción e consolidación do tecido empresarial no sector da cultura e que comezará a funcionar cando finalice a tramitación parlamentaria da lei. Engádese que os traballadores do IGAEM pasarán a formar parte da axencia e manterán os seus dereitos laborais.

Estévez, José Luis "Trece editoriales presentan sus novedades en la feria de Francfort", *El País*, "*Galicia*", 10 outubro 2007, p. 41.

Sinálase que na Feira do Libro de Frankfurt estarán presentes trece editoriais galegas que presentarán as súas novidades e poderán estabelecer contactos cos diferentes actores do sector. Entre outras dise que estarán presentes A Nosa Terra, Rinoceronte, Kalandraka Editora, Galaxia ou OQO Editora. Tamén se indica que a Consellería de Cultura presentará na feira un catálogo On line (en galego, inglés e castelán) que funcionará como ventá permanente á produción literaria galega e que dará a coñecer unha antoloxía de poesía galega nunha edición bilingüe alemán-galego con poemas de Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro ou Xosé Luís Méndez Ferrín, entre outros.

Estévez, José Luís, "Una exposición en Santiago repasa los 100 años del himno", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 20 decembro de 2007, p.8.

Fálase de que, un século despois da primeira interpretación do himno galego na Habana, a exposición "A Nosa Voz" recolle a súa historia. Dise que a apertura se celebrou na igrexa de Santo Domingo de Bonaval e a ela asistiron diversas personalidades do goberno galego, como o Presidente Emilio Pérez Touriño, que asegurou que o himno "forma parte da banda sonora da loita pola democracia".

Faginas, Sandra, "O crepúsculo e as formigas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 210, "A festa das letras. Os críticos do Culturas recomendan", 12 maio 2007, p. 3.

Recoméndase esta obra de X. L. Méndez Ferrín e cualifícase de "o segundo gran éxito do renovador da narrativa galega". Dise que é unha obra publicada hai máis de corenta anos.

Fariña, Juan, "Un libro reúne todos los vestigios celtas que existen en Galicia", *Faro de Vigo*, "Cultura", 2 maio 2007, p.37.

A partir da publicación da obra de Antonio Balboa, *A Galicia celta,* analízase a presenza dos celtas en Galiza posto que este volume marca unha "vía intermedia entre celtoescépticos e celtistas tradicionais". Saliéntase a presenza de diversas fontes historiográficas de autores clásicos que afirman a importancia da cultura celta en diferentes restos arqueolóxicos como lápidas achadas en moitos lugares galegos ou a abondosa toponimia de procedencia celta como O Grove ou Ledesma.

Fariña Pedreira, Juan Antonio, "Medo", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 9 agosto 2007, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Juan Antonio Fariña Pedreira, "Medo".

Fernán, Juan, "Una calle con el nombre de Luz Pozo Garza", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 457, "Vivir en A Coruña", 11 marzo 2007, p. 6.

Dáse conta da inauguración dunha rúa no barrio de Eirís, da Coruña, dedicada a Luz Pozo Garza como muller defensora de Galicia. Realízase un percorrido pola súa traxectoria vital e literaria e, por último, noméanse a outras mulleres ás que tamén lles dedicaron unha rúa na cidade.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Poetas en Lugo", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 3 decembro 2007, p. 3.

Con motivo do I Encontro de Poesía Galega organizado en Lugo por Ignacio Elguero, que reuniu a vinte poetas, Miguel Anxo Fernán Vello nomea os creadores que provocaron que Lugo fose e sexa un espazo poético de seu, entre eles, Lorenzo Varela, Pimentel, Fole, Cunqueiro, Manuel María, Novoneyra, Claudio Rodríguez Fer, Paco Martín, Darío Xohán Cabana, Xosé Miranda ou Isidro Novo.

Fernández, Francisco X., "Ourense", *La Región*, "Sociedad", "Historia en 4 tiempos", 10 xuño 2007, p. 85.

Recóllese nesta sección o poema "Ourense", de Francisco X. Fernández.

Fernández, F., "Quijote y Sancho resucitan en la playa para incitar a los gallegos a leer libros", *La Voz de Galicia*, "Al sol", 25 xullo 2007, p. 50.

Noticia que dá conta da iniciativa "Lee en la playa", levada a cabo pola Federación de Gremios de Editores de España, para fomentar a lectura consistente en que personaxes da literatura universal, como don Quixote, Pinocho ou Mary Poppins, interpretados pola compañía de teatro de Alberto Díaz de la Quintana, percorren o litoral español e premian aos bañistas que se atopen lendo libros, revistas ou mesmo as etiquetas dos protectores solares.

Fernández, F., "Quico Cadaval enganchó con la magia de la palabra gallega", *Diario de León*, "Cultura", 7 novembro 2007, p. 71.

Infórmase de que Quico Cadaval demostrou o seu oficio de "contador de historias" na Biblioteca Pública do Estado en León, dentro do ciclo "Magostos culturales", cunha actuación chea de momentos máxicos e con múltiples referencias a Galicia.

Fernández, L., "La Casa dos Poetas se llena", *La Región*, "Celanova", 8 abril 2007, p. 18.

O artigo comenta as actividades que se están a levar a cabo na Casa-Museo de Curros Enríquez e salienta o aumento no número de visitantes que recibe, principalmente escolares. Na casa non só se dá a coñecer a vida e obra de Curros, senón que tamén se fai referencia a outros escritores ilustres da zona, fanse presentacións de libros, exposicións temporais, como a de Xurxo Lourenzo, ou a ruta Currosiana, que percorre lugares emblemáticos descritos polo autor na súa obra.

Fernández, Laura, "La Casa de Curros amplía su biblioteca", *La Región*, "Celanova", 3 maio 2007, p. 22.

Recolle a breve noticia da ampliación da biblioteca da Casa dos Poetas que acolle máis de mil trescentas obras de autores celanoveses, trinta por cento das cales son obras de Curros Enríquez.

Fernández, Sara, "Na mañá", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 xuño 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle o poema "Na mañá", de Sara Fernández.

Fernández, Xurxo, "2006, año en la línea de sombra", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 2 xaneiro 2007, contracuberta.

Faise un percorrido polas novidades que trouxo o ano 2006, entre elas, no ámbito galego, salienta a tradución feita pola editorial Galaxia de *Trópico de cáncer*, de Henry Miller.

Fernández, Xurxo, "Los sones pletóricos del Metal", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 26 febreiro 2007, contracuberta.

Sección que acolle acontecementos culturais e literarios entre os que salienta a celebración do acto de entrega dos Premios San Clemente, na que os estudiantes puideron conversar con Javier Cercas, Abraham Yeoshua e Isidro Novo.

Fernández, Xurxo, "Los frutos frescos del Nadal 2007", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 5 marzo 2007, contracuberta.

Salienta o prestixio que ten o Premio Nadal e lembra algúns dos gañadores e finalistas de diferentes edicións. Comenta que en 1968 o gañador foi Álvaro Cunqueiro coa obra *Un hombre que se parecía a Orestes* e, en 1991, Alfredo Conde alcanzou o premio coa obra *Los otros días*.

Fernández, Xurxo, "De Dante a las cruces de piedra", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 24 decembro 2007, contracuberta.

Xurxo Fernández acércanos á comedia dantesca mediante a exitosa adaptación realizada por Elena Martínez, co obxectivo de achegar a obra a lectores de todas as idades e co acompañamento das imaxes de Carla Olivé, en Gadir.

Fernández Abella, Xoán Xosé, "Tríptico para María Mariño Carou", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 maio2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Xoán Xosé Fernández Abella, titulado "Tríptico para María Mariño Carou".

Fernández Abella, Xoán Xosé, "De 'A Avelino Pousa Antelo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 setembro 2007, p. 30.

Sección fixa que recolle un poema de Xoán Xosé Fernández Abella, titulado "Un galego esencial, extraordinario", co gallo do noemamento de Avelino Pousa Antelo como Fillo Adoptivo de Teo.

Fernández Abella, Xoán Xosé, "Elexía por un paxariño morto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 outubro 2007, p. 25.

Acóllese nesta sección fixa un poema titulado "Elexía por un paxariño morto", de Xoán Xosé Fernández Abella

Fernández Abella, Xoán Xosé, "De 'Elementos de arquitectura sentimentalista", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Elementos de arquitectura sentimentalista*, de Xoán Xosé Fernández Abella, titulado "A Rafael Dieste".

Fernández Areal, Manuel "Poesía Galicia", *El Correo Gallego*, "Opinión", 8 xaneiro 2007, p. 2.

Fai referencia a un novo número da revista *Poesía Galicia*, editada pola Sociedad Artística Ferrolana e na que se recollen os traballos de diferentes poetas, literatos e pintores ferroláns e galegos, en xeral. Indica que neste volume, concretamente na sección Poetas en el recuerdo, aparece un artigo dedicado a José Ramón de Dolarea Pinillo. Finalmente, loa o traballo e a iniciativa da xuventude por difundir a cultura

Ferreira, Isaac, "Puro conto", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 14 agosto 2007, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Isaac Ferreira, "Puro conto".

Flowers, Margarito, "Premios gastronómicos con mucho sabor y lección magistral de historia compostelana", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 24 xaneiro 2007, contracuberta.

Entre outros acontecementos da vida social, dáse conta do acto de entrega do premio San Clemente aos gañadores da edición pasada Isidro Novo, na categoría de novela en lingua galega, Javier Cercas, na categoría castelá e Abraham Yeoshua en novela estranxeira e mencionanse escritores recoñecidos que acadaron este premio noutras edicións como Paul Auster, Mario Vargas Llosa ou Manuel Rivas entre outros.

Flowers, Margarito, "El lucidísimo sentimiento de Ángela B.", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 29 xaneiro 2007, contracuberta.

Sección que acolle acontecementos culturais e literarios entre os que salienta o acto de entrega dos premios Arcebispo Juan de San Clemente aos galardoados na edición do ano 2006: Isidro Novo, Javier Cercas e Abraham Yeoshua.

Flowers, Margarito, "Carlos Herrera ensalza el cocido y Arguiñano prepara un desembarco 'rico, rico' en Lalín", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 31 xaneiro 2007, contracuberta.

Entre outros acontecementos da vida social, dáse conta dos galardoados nos Premios Arcebispo Juan de San Clemente e do acto de entrega que terá lugar no salón de actos do Instituto Rosalía de Castro de Santiago no que recibirán a contía estabelecida e unha escultura de César Lombrera, realizada ex profeso.

Flowers, Margarito, "La 'top' Valeria Mazza aterriza en Santiago para inaugurar el 'palacio de los baños", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 28 febreiro 2007, contracuberta.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, salienta a participación do escritor Xavier Alcalá no círculo de tertulias tituladas Conversas literarias, no colexio maior La

Estila. Tamén se dá conta da presentación do libro de Xosé Otero Canto, *Salaios da Chaira*, na Galería Sargadelos de Lugo, editado pola Fundación Manuel María da Terra Cha.

Flowers, Margarito, "Down Compostela estrena sede en todo tren y cita en A Estrada para 'jartarse' de jamón", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 25 abril 2007, contracuberta.

Entre outras cuestións da vida social, dá conta da participación de Xosé Neira Vilas no pregón do inicio da Festa do Salmón na Estrada, na súa trixésima cuarta edición.

Flowers, Margarito, "Premios fotográficos con nombre de genio y fiestas sabrosonas para llenar el buche a gusto", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 16 maio 2007 contracuberta.

No que atinxe á literatura, comenta a participación de Xosé Neira Vilas como lector do pregón das festas que se realizan na Estrada e nas que se exalta a degustación do salmón.

Flowers, Margarito, "El hotel Araguaney reorganiza su plana mayor e incorpora a primeros 'espadas", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 17 maio 2007, contracuberta.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, saliéntase a homenaxe que o Instituto de Negreira realizou ao poeta local Xosé Manuel Gómez, alcumado Ardeiro. Ademais indica que se editou un compendio das súas mellores creacións líricas e que os rapaces recitaron os seus poemas.

Fonte, Ramiro, "De 'Adeus Norte", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 febreiro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Adeus Norte*, de Ramiro Fonte, titulada "Daquela prometíchesme...".

Fonte, Ramiro, "De 'Adeus Norte", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 febreiro 2007, p. 35.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Adeus Norte*, de Ramiro Fonte, titulado "ANXO NOVO".

Fontenla A., Susy, "Fado de princesa' conquista aos alumnos do Johán Carballeira", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo/Bueu", 4 decembro 2007, p. 18.

Faise eco da participación dos alumnos de primeiro de Bacharelato do instituto Johán Carballeira nunha actividade promovida polo Concello para fomentar o trato igualitario entre homes e mulleres e acabar coa violencia de xénero. Explica que se trata dun

encontro co novelista Xosé Ramón Pena, co que falaron da súa obra *Fado de princesa* (2005). Achega o argumento desta novela e recolle a opinión do seu autor, que se sorprendeu do ben que leron o texto e do seu grao de madurez para entender á perfección a historia pertencente a unha época afastada. Así mesmo, apunta que aos rapaces o que máis lles chocou foi o feito de ver que el, un "señor de barbas, adopte a voz dunha muller nunha novela, facendo, en certo modo, un exercicio de travestismo".

Franco, Camilo e Xesús Fraga, "Galicia na babel de linguas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 233, "Letras en Galego", 20 outubro 2007, pp. 2-3.

Analízase o aumento de traducións de obras ao galego e dalgunhas tradución de obras galegas ao inglés. Con convencemento de que o galego pode ser unha lingua normalizada para o acceso á cultura universal, escritores dende Álvaro Cunqueiro a Carlos Casares achegaron a importantes autores, como William Shakespeare ou Paul Auster, coas súas traducións. Asemade, saliéntanse iniciativas como a da editorial Rinoceronte, dirixida por Moisés Barcia, e a páxina web www.readgalicia.com, que a Consellería de Cultura creou para difundir as obras galegas traducidas a outras linguas. Engádese que Xurxo Borrazás é un dos autores presentes nesta páxina, considerada polo escritor como un medio válido para achegar a súa obra, *Ser ou non* (2004), a un público académico.

Fraga, Modesto, "De 'Derrotas con raíces", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Derrotas con raíces*, de Modesto Fraga, titulada "Alborexaba a luz e, sen embargo, ...".

Fraga, Modesto, "De 'Derrotas con raíces", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Derrotas con raíces*, de Modesto Fraga, titulado "ANTECEDENTES DE FEITO".

Fraga, Modesto, "De 'Derrotas con raíces", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Derrotas con raíces*, de Modesto Fraga, titulada "Nas mans...".

Fraga, Xesús, "Fernández Paz e Moure, entre as novidades editoriais do ano", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 xaneiro 2007, p. 39.

Enuméranse as novidades editoriais en galego que aparecerán ao longo de 2007. De ficción salienta *Dragona*, de Xavier Queipo; *Benquerida catástrofe*, de Teresa Moure ou *New York, New York*, de Inma López Silva. No apartado de "non ficción" nomea,

entre outros, *Adiviñanceiro popular galego*, de J.L. Garfer e C. Fernández; *Arte e parte*, de Xurxo Borrazás; *Animalario* editado por Factoría K e producido por artesáns indios. Na poesía salienta *Fundaxes*, de Martín Veiga ou *A ollada de Astarté*, de Pura Salcedo. No tocante a literatura infantil e xuvenil, cita *A pomba e o degolado*, de Fina Casalderrey; *Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz, entre outros e no apartado das traducións o *Decameron*, de Bocaccio; *Non me deixes nunca*, de Kazuo Ishiguro; *Lolita*, de Vladimir Nabokov e *Viaxes no scriptorium*, de Paul Auster. O artigo complétase cunha sección chamada "Crónica" na que se enumeran as novidades máis salientábeis en castelán.

Fraga, Xesús, "A conquista da lingua literaria", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 xaneiro 2007, p. 50.

Faise un percorrido polos escritores alófonos que quedaron cautivados pola lingua galega e decidiron empregala nas súas producción literarias: Erín Moure, Franck Meyer, Xosé A. Perozo ou Marilar Aleixandre. Amósanse as opinións destes escritores, salientando a integración lingüística e o valor literario por riba do lugar de nacemento.

Fraga, Xesús, "A literatura debate o tamaño dos textos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 febreiro 2007, p. 57.

Abórdase a cuestión da extensión das obras na literatura galega, comparando obras moi extensas como *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas e *O canto do muecín*, de Lois Dieguez con *Palabras contadas*, de Camilo Franco, formado por microrrelatos dunha páxina. Dise que Lois Dieguez precisa desa extensión para desenvolver a complexidade psicolóxica dos personaxes. Preséntanse as opinións dos escritores sobre a preferencia de extensión dos lectores e coinciden en manifestar a similitude entre os relatos breves e o ritmo de vida moderno. Noméanse premios especializados en narrativa curta e, finalmente, o artigo presenta dous pequenos artigos nos que se reflicten as opinións de César Casal e Camilo Franco acerca da duración das obras.

Fraga, Xesús, "Novos retos para o deseño galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 febreiro 2007, p. 34.

Comenta que hai poucos meses se creou a Asociación Galega de Deseñadores, os cales mostran a importancia do deseño dos libros tanto á sociedade en xeral coma ás empresas en particular. Explica que a imaxe que presente unha empresa é fundamental para o seu desenvolvemento. A continuación, fai referencia ao libro *Caras do libro*, publicado por Galaxia como homenaxe a Xohán Ledo, autor de moitos dos deseños históricos da editorial. Finalmente, achega os comentarios de Pepe Barro e Uqui Permui sobre a situación actual dos deseñadores galegos e a demanda dunha mellora neste sector, así como a aparición duns estudos regrados.

Fraga, Xesús, "A literatura oral revive en Internet", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 marzo 2007, p. 49.

Na páxina web "Galicia Encantada" recóllense as lendas e tradicións transmitidas oralmente durante séculos polas xeracións galegas. Explica que tamén inclúe lugares e costumes considerados máxicos ou especiais para a cultura galega.

Fraga, Xesús, "Os editores apostan por consolidar no 2007 o auxe das traducións", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 marzo 2007, p. 56.

Sinala que, concluído o 2006, o lector galego pode ler na súa lingua as últimas obras de autores como Martin Amis, Peter Handke, Paul Auster, Michel Houellebecq ou Julian Barnes. Entre as razóns que xustifican esta boa marcha das traducións, alude á boa aceptación dos lectores, pois Galaxia xa leva vendidos catro mil exemplares de *Brooklyn Follies*, de Paul Auster, e Rinoceronte, o selo de nova creación especializado en traducións, imprimiu dúas tiraxes de mil libros de *Seda*, de Alessandro Baricco. Apunta que, a través de Rinoceronte, por primeira vez se publican en galego versións literarias vertidas directamente dende o finés, húngaro e xaponés e indica que na literatura para os máis novos, se publicou recentemente *Corto Maltés. A balada do mar salgado*, de Hugo Pratt. Por outra parte, fala das traducións levadas a cabo por Xerais, que vén de ampliar a súa colección "As literatas" con *A voda*, de Carson McCullers, e *Ancho mar de argazo*, de Jean Rhys, por Sotelo Blanco e polo catalán Grup 62, que baixo a marca de El Aleph publicaron de Dan Brown, *O código da Vinci* e *Anxos e demos*.

Fraga, Xesús, "Galicia deja de ser la última comunidad en porcentaje de lectores", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 marzo 2007, p. 48.

Coméntase que Galicia mellorou os seus índices de lectura pero aínda nos atopamos lonxe da media estatal. Indica que agora a última posición na lista corresponde a Estremadura e menciona outras comunidades que tampouco chegan á media. Deseguido, explícase que o modelo do lector español é dunha muller nova con estudos universitarios e que le por entretemento.

Fraga, Xesús, "Cultura consultará ao teatro para facer unha diagnose do sector", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 marzo 2007, p. 43.

Informa que a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia vai elaborar un plan de análise da situación teatral galega e quere dar a coñecer o recoñecemento e a importancia do teatro na sociedade. Comenta que tomará diferentes medidas e, entre elas, salienta a participación dos espectadores nesta diagnose.

Fraga, Xesús, "Limpeza de sangue", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 210, "A festa das letras. Os críticos do Culturas recomendan", 12 maio 2007, p. 3.

Recoméndase esta obra de Rubén Ruibal, gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro 2005 para textos teatrais, que "se pode ler como unha novela social ou negra" e reclámase a súa posta en escena.

Franco, Camilo, "A arte galega instálase en Damasco", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Crónica", 21 abril 2007, p. 50.

Infórmase de que Xosé Freixanes está elaborando unha obra de gran formato, titulada *Voces de basalto negro*, con poemas de Álvaro Cunqueiro, José Ángel Valente e Alfonso Pexegueiro, que ocupará a sala central do centro cultural Khan Asad Pacha en Damasco, e que se escoitarán as voces dos poetas seleccionados falando no seu idioma.

Franco, Camilo, "Unha exposición ilustra a vocación europeísta da Xeración Nós", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 maio 2007, p. 48.

Sinala que, con motivo da celebración do Día de Europa, o día 9 de maio levaranse a cabo varias iniciativas presentadas pola Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e promovidas pola Fundación Otero, reivindicando o carácter europeísta do galeguismo. O artigo menciona a vocación europea que xa caracterizaba o pensamento político da Xeración Nós. Anuncia a inauguración para o mesmo día, no Museo do Pobo Galego, da exposición dedicada á tradición europeísta do galeguismo, co título "Galicia. Célula de universidade. Europa e a Xeración Nós*"*, o debate que terá lugar o día 10 no que participará, entre outros, Suso de Toro, e a clausura, prevista para o día 11, cunha conferencia de Ramón Villares. O artigo tamén dedica varios parágrafos á visión europeísta que Castelao amosou n'*A Nosa Terra*, onde defendía a unión do galeguismo cunha Europa plural e federalista.

Franco, Camilo, "Non se pode ir á feira sen cartos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Crónica", 11 maio 2007, p. 47.

Faise eco da apertura de Cultur.gal en Pontevedra aludindo á intervención do seu máximo responsábel, Roberto Pérez Pardo, e das autoridades comprometidas coa feira, que repasaron as potencialidades dun sector que quere abandonar o voluntarismo para encontrar un territorio natural no que se encontrar cos lectores e cos espectadores. Así mesmo, alude a algunha das actividades celebradas, entre as que están a actuación de Quico Cadaval, a presentación do libro de Miguel Anxo Murado, *O soño da febre*, e un seminario, co que se pretende facer visíbeis iniciativas que van dende a conservación do patrimonio até innovacións culturais ligadas ao carácter da Rede.

Franco, Camilo, "Toda unha vida", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Crónica", 12 maio 2007, p. 49.

Entre outra información, saliéntase a presentación do volume, *Plastilina nos pulmóns*, de Jaureguízar, que trata de contar unha aventura na que alguén busca a cámara de fotos que revelaría se Mallory chegou a pisar o cimo do Everest.

Franco, Camilo, "É", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 210, "A festa das letras. Os críticos do Culturas recomendan", 12 maio 2007, p. 3.

Recoméndase este poemario de Manuel Outeiriño no que "colle o convencional da linguaxe e dálle unha volta para deixalo recoñocible para todos os seus campos semánticos".

Franco, Camilo, "Só o 4 % do audiovisual galego está baseado en obras literarias propias", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 maio 2007, p. 48.

Achega os datos do estudo realizado pola Axencia Audiovisual Galega sobre as porcentaxes de adaptación de obras ao formato audiovisual. Indica que só un 4% son adaptacións de obras literarias galegas e que as películas de maior éxito pertencen aos escritores Antón Reixa, Xabier Villaverde, Manuel Rivas ou Suso de Toro. Así mesmo, confirma que os resultados porcentuais das curtametraxes son aínda máis negativas. Por último, achega o comentario dalgúns directores sobre estes datos, como Antón Dobao, Manuel González ou Pancho Casal.

Franco, Camilo, "A crítica galega reclama espazos e visibilidade para o seu traballo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 setembro 2007, p. 47.

Recóllense as reflexións das xornadas da crítica galega, celebradas no Consello da Cultura Galega, nas que Ramón Nicolás tratou da crítica nos medios de comunicación, falando da falta de profesionalización e de espazos estábeis. Por outro lado, Arturo Casas falou da importancia da autoridade e da visión historicista da crítica académica e, finalmente, ofreceuse un perfil do crítico literario galego: profesional do ensino medio,con formación maioritaria en estudos de filoloxía; xornalistas ou escritores que fan crítica nos medios de comunicación, salientando a falta de espazos estábeis.

Franco, Camilo, "O libro galego estará presente nas principais feiras do sector", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 outubro 2007, p. 48.

O artigo recolle as diferentes feiras do libro nas que participará o libro galego, así como aquelas que se explorarán para estudar a participación nelas no futuro. As feiras nas que haberá expositor do libro galego son as de Montevideo, Guadalajara (México), Líber (Barcelona), Frankfurt, A Habana, Bos Aires e Boloña. Por outro lado, o artigo recolle a noticia dunha iniciativa paralela ás feiras, a da posta en marcha da web readgalicia.com, para promover o libro galego, e a publicación de títulos antolóxicos ou recompilatorios en paralelo coas feiras, por exemplo unha antoloxía poética bilingüe galego-alemá na feira de Frankfurt, unha antoloxía narrativa galego-castelá na feira da Habana ou un número monográfico sobre a literatura galega na revista *Reverso* na feira de Guadalajara.

Franco, Camilo, "Os escritores galegos ensinarán literatura a través de Internet", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 outubro 2007, p. 47.

Infórmase da posta en marcha do proxecto Aula Virtual, un espazo na rede dende novembro a maio, que pretende formar a lectores nun curso de literatura a distancia. As figuras galegas escollidas foron Xosé María Álvarez Blázquez (a quen se lle dedicará o

Día das Letras Galegas o próximo ano) e Agustín Fernández Paz. O curso vai dirixido a profesorado non universitario en activo, aínda que calquera lector en xeral pode unirse. Haberá coloquios virtuais tras os relatorios. O artigo tamén informa de que en novembro a Asociación de Escritores celebra o congreso Galeusca en Lugo e Mondoñedo, o cal explicará as características do imaxinario galego, vasco e catalán a través da obra de Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole.

Franco, Camilo, "O congreso Galeusca reúne a escritores cataláns, vascos e galegos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 novembro 2007, p. 43.

Faise eco do número de escritores, máis de cincuenta, que participan na edición número vinte e catro do congreso Galeusca, adicado desta volta ao funcionamento dos imaxinarios colectivos e que tenta favorecer o debate entre escritores das linguas minoritarias do Estado. Sinala que o encontro ten unha periodicidade anual e a súa organización vai rotando, correspondéndolle este ano á parte galega de Galeusca, representada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Indica que un dos obxectivos do congreso é analizar se as tres literaturas participantes son capaces de seguir xerando ideas para os seus imaxinarios dende a tradición.

Franco, Camilo, "O teatro galego considera un 'erro' o informe do Igaem sobre o sector", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 novembro 2007, p. 34.

Recolle que as compañías e os actores galegos coinciden en sinalar que o recente informe sobre a situación económica do teatro na comunidade publicado polo IGAEM foi inoportuno polo momento no que foi publicado e, ademais, conduce a confusión aos espectadores.Indica que o sector critica tamén que os datos se presenten de xeito parcial, sen comunicación previa ás compañías e con cifras sen explicar, xa que o teatro non se pode analizar "como se fose calquera outro tipo de mercadoría". No adianto do Informe, o IGAEM sinalaba que o teatro galego tiña unha excesiva independencia das institucións públicas e un escaso tamaño económico e laboral das compañías. O resultado, segundo esta entidade, era que a oferta superaba á demanda.

Franco, Camilo, "O territorio literario máis profundo de Europa", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 novembro 2007, p. 56.

Comenta a participación e o debate que estabeleceron o escritor portugués João de Melo e o galego Ramiro Fonte, na quinta edición da Mostra Portuguesa. Achega as opinións que intercambiaron os dous escritores sobre as literaturas peninsulares e a importancia e bo éxito da literatura portuguesa.

Franco, Camilo, "O sector editorial busca un espazo no mercado dos libros", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 novembro 2007, p. 57.

Crónica do que deu de sí a primeira xornada do Simposio do Libro e da Lectura, en Compostela, que busca analizar a relación entre mercado e libro e lograr unha industria editorial menos dependente do apoio institucional e máis potente, organizado pola

Asociación Galega de Editores. Destácase que o seu presidente, Alfonso García Sanmartín, apuntou na súa intervención a necesidade de que o libro galego atope un espazo propio tendo en conta o mercado. Silvia Querini, editora de Lumen, pediu tamén que os editores perdesen o medo a palabras como mercado e márketing e incidiu no perigo da crecente polarización do mercado editorial. O escritor Xurxo Borrazás, pola súa banda, sinalou que a literatura galega está lonxe das grandes vendas porque ten un perfil de lector moi determinado, culto e universitario.

Franco, Camilo, "Editores cun ollo na cultura e outro no mercado", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 novembro 2007, p. 49.

Saliéntase que a segunda xornada do Simposio do Libro e da Lectura que se está a celebrar no Consello da Cultura Galega, en Compostela, co obxectivo de dilucidar os claroscuros da relación entre mercado e cultura, centrouse na visibilidade dos libros galegos.

Franco, Camilo, "Cuba, Arxentina, Brasil e Uruguai conmemorarán o himno galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 decembro 2007, p. 51.

Comenta que este ano se celebra o centenario do nacemento do himno galego e que se levarán a cabo multitude de actos para conmemorar tal efeméride. Indica que a maioría dos actos partirán da Habana, e dá conta dos grupos e asociacións que máis se comprometeron con esta celebración.

Franco, Camilo, "Culturgal busca en A Coruña unha ubicación alternativa a Pontevedra", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 decembro 2007, p. 50.

Explícase que a seis meses da celebración da feira do sector cultural "Culturgal", a situación aínda está por decidir entre A Coruña e Pontevedra. Dise que este atraso está afectando ao seu desenvolvemento organizativo e ao peche dos diferentes orzamentos. Por último, coméntase que se espera superar as cifras de asistencia da pasada edición e que a feira naceu ao abeiro da Asociación Galega de Escritores.

Franco, Camilo, "Relatos con uniforme", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 239, "Letras en Galego", 8 decembro 2007, p. 10.

Sinala que o volume *Relatos con uniforme* recolle un conxunto de relatos para promover a lingua galega nos corpos de seguridade. Indica que se publican grazas á Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística e que se encadran dentro de once cadernos en edición non venal. Finalmente faise a relación dos diferentes autores que interveñen nesta colección.

Franco, Camilo, "Quen puidera namorala' vólvese sinfónica para o cine", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 decembro 2007, p. 57.

Informa da volta ao estudo de grabación de Luís Emilio Batallán, trinta anos despois, para interpretar a canción de Álvaro Cunqueiro, "Quen puidera namorala", co acompañamento dunha orquestra sinfónica, xa que a canción formará parte da banda sonora da película *Pradolongo* do cineasta valdeorrés, Ignacio Vilar.

Franco, Camilo, "Actos académicos e cívicos celebrarán o centenario de Curros Enríquez", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 decembro 2007, p. 47.

Informa sobre o acto de presentación do libro *Os símbolos de Galicia*, desenvolvido no Consello da Cultura Galega, no que o Presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro Fernández, anunciou que 2008 será o ano de Curros Enríquez. Entre as xustificacións desta conmemoración están o centenario da morte de Curros Enríquez, o enterro multitudinario na cidade herculina e a achega fundamental do poeta para a creación da Real Academia Galega.

Franco, C., "Rogelio Groba ten dereitos de autor sobre o himno galego oficial", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 decembro de 2007, p. 54.

Apunta que o himno galego xera dereitos de autor debido ao encargo de Xosé Luís Barreiro no ano 1985 para o estabelecemento dunha versión institucional. Saliéntase que os arranxos foron efectuados por Rogelio Groba e até a actualidade non houbo propostas por parte da Xunta ou outras instancias para que as modificacións do compositor ponteareán puidesen estar libres de dereitos ou ser usadas de xeito universal.

Franco, Camilo, "Editado en facsímile o volume 'Presencia de Galicia en México", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 decembro 2007, p. 56.

Informa da edición facsímile do libro *Presencia de Galicia en México*, publicado en 1954 nese país. Sinala que abre o volume un prólogo de Xesús Alonso Montero e recolle as declaracións deste profesor sobre as orixes da obra, que tivo como antecedente as emisións radiofónicas semanais organizadas polo Patronato da Cultura Galega.

Franco, Fernando, "De poetas del país", *Faro de Vigo*, "Mira Vigo", 14 outubro 2007, p. 13.

Entre outras moitas cuestións non relacionadas coa literatura, menciónase que existe un

nutrido territorio poético na Galicia do sur, como José María Álvarez Cáccamo, que asistiu en Frankfurt á presentación da selección bilingüe (galego-alemán) de vinte poetas galegos como X.L. Méndez Ferrín, María Xosé Queizán e Marga do Val.

Franco, Xesús, "De 'Atlántico, Atlántico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 xuño 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Atlántico, Atlántico*, de Xesús Franco, titulado "O meu sino".

Franco Iglesias, "Cultura declarará ben de interese a casa familiar de Castelao en Rianxo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 xullo 2007, p. 55.

Afirma que a Consellería de Cultura declarará a casa familiar de Castelao en Rianxo ben de interese cultural con categoría de sitio histórico, obrigando o seu propietario a que permita as inspeccións necesaria para realizar o expediente e para elaborar unha catalogación do edificio. Por outra parte, incide na negativa do seu propietario actual para que se proceda á inspección do inmóbel.

Freixanes, Víctor F., "As caras do libro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 237, 17 novembro 2007, p. 3.

Salienta o traballo ilustrador de Xohán Ledo e, en xeral, o bo nivel da historia gráfica dos libros galegos. Comenta que Ledo dotou aos libros dunha personalidade, un estilo e unha marca de identidade propias, e que foi admirado por Carlos Maside e Luis Seoane. Por último, salienta a importancia das ilustracións, as cubertas, os logotipos, etc.

Frieiro, Fátima, "Escritores e intelectuales arroparon a Caride en la presentación de su última obra poética", *Diario de Arousa*, "Cambados", 27 xaneiro 2007, p. 12.

Infórmase do acto de presentación d'*As mascaras de Cronos*, de Ramón Caride en Cambados que contou coa presencia de Francisco Fernández del Riego, Miguel Anxo Martínez ou Manuel Bragado entre outras personalidades da cultura galega, e no que o grupo Arias interpretou varios dos poemas. Dise que o libro é un compendio da obra poética, editada ou inédita, de Caride con "gran variedade de rexistros".

Frieiro, Fátima, "Escolares e intelectuais rendiron homenaxe a Neira Vilas, un grande da literatura galega", *Diario de Arousa*, "Cambados", 28 xaneiro 2007, p. 10.

Recóllese a homenaxe, organizada pola Asociación de Libreiros de Pontevedra, a Xosé Neira Vilas e á súa muller, Anisia Miranda, na que participaron personalidades como o académico Francisco Fernández Rei que salientou *Memorias dun neno labrego* como "documento histórico da vida rural da posguerra". Dise que os nenos dos colexios do Salnés fixeron unha lectura dos fragmentos máis representativos da obra. Cóntase que os homenaxeados recibiron un busto de Ramón Cabanillas e varias obras fotográficas

sobre Cambados como agasallo. Finalmente, dise que o acto se pechou coa interpretación de varias pezas por parte do grupo tradicional Treixadura.

Frieiro, Fátima, "Receitas de lectura' achega a literatura a todos os usuarios da Casa do Mar", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "A Illa", 1 maio 2007, p. 10.

Noticia que informa sobre a iniciativa presentada polo alcalde da Illa, Manuel Vázquez, e a responsábel da biblioteca municipal, Ángela Otero, que pretende achegar a literatura aos usuarios da Casa do Mar para evitar o aburrimento nas salas de espera.

Frieiro, Fátima, "Políticos y literatos ensalzan la figura del escritor y periodista vilanovés Julio Camba", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 29 setembro 2007, p. 11.

Recóllese a noticia da presentación do documental *Julio Camba, vida y obra* en homenaxe ao escritor e periodista vilanovés. O acto celebrouse na Casa da Cultura de Esteiro, ao cal asistiron o Vicepresidente da Deputación e Deputado de Cultura, José Juan Durán, o alcalde vilanovés Gonzalo Durán e a divulgadora da obra de Camba, Lourdes Pombo, a cal relata na cinta anécdotas do seu amigo e mentor. O productor e director do documental, Federico Peña, e o licenciado en Filosofía e Ciencias da Información, Germán Torres de Aboal, estudioso da figura de Camba, tamén asistiron ao acto.

Fuentes, Eva, "Camilo Franco ofrece ideas de novelas para construír en 'Palabras contadas", *El Progreso*, "Cultura y espectáculos", 25 xaneiro 2007, p. 69.

Informa da presentación de *Palabras contadas*, do escritor ourensán Camilo Franco. Dise que a obra está composta por máis dun cento de microrrelatos, trinta ideas de novela e cinco relatos máis extensos, xa que o importante é a idea e salienta a ironía que reflicte. Finalmente, apúntase que os microrrelatos deron lugar a unha exposición co mesmo nome.

Fuentes, Eva, "Otilia Seijas presenta 'Escuchar el silencio', una novela generacional", *El Progreso*, "Cultura", 15 febreiro 2007, p. 67./"Otilia Seijas, traducida al castellano", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 15 febreiro 2007, p. 76.

Dá conta da presentación da obra de Otilia Seijas, *Escuchar el silencio*, que xa fora publicada en 1993 en galego por Edicións do Castro. Achégase a satisfacción da autora por poder editar tamén en lingua castelá e comenta algunhas características da novela.

Galán, Eduardo, "O mellor regalo para un cinéfilo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 242, 22 decembro 2007, p. 15.

Comenta a reedición actualizada do libro *Rodado en Galicia*, que saíra por primeira vez en 2004, da man do Consorcio Audiovisual de Galicia e baixo a coordinación de Miguel Anxo Fernández. Explica que se trata dun volume que contén información sobre filmes

que foron rodados en Galicia. Indica que esta reedición engade títulos esquecidos na primeira e trinta novos rodados durante os tres últimos anos. Conclúe que Galicia é un plató barato, o que se deduce de que de cento setenta e catro filmes comentados, só corenta presentan dirección galega.

Gámir, Chinny, "Carlos Reigosa recupera en una novela el mito de la bandolera gallega 'Pepa, la Loba", *La Región*, "Sociedad", 31 xaneiro 2007, p. 74.

Informa da presentación en Madrid da novela histórico-lexendaria de C. Reigosa, inspirada nunha personaxe real de grande integridade persoal. Dáse conta da posíbel adaptación cinematográfica da obra.

Gancedo, E., "Pablo Andrés Escapa: la literatura es cosa lenta, como los trenes de vapor", *Diario de León*, "Cultura y Espectáculos", 21 novembro 2007, p. 65.

Conversa co escritor berciano Pablo Andrés Escapa na que fala do seu libro *Voces de humo* e onde afirma que entre os seus escritores máis admirados están Álvaro Cunqueiro, Xuan Bello, Pío Baroja ou Rafael Dieste.

Garcés, L**.**, "Xavier Alcalá dona libros, documentación y manuscritos a la Academia Gallega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 decembro 2007, p. 56.

Recóllense as declaración de Presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, a propósito da doazón de material de Xavier Alcalá á Real Academia Galega, que sitúa dentro do acordo asinado entre RAG e a Asociación de Escritores en Lingua Galega en setembro de 2005 "procurando unha aplicación práctica do coñecemento da lingua e literatura galegas dentro e fóra das nosas fronteiras".

García, Isabel, "Literatos y amigos participaron en Mondoñedo del homenaje a 'Merlín", *El Progreso*, "A Mariña", 24 setembro 2007, p. 8.

Infórmase do homenaxe ao mago "Merlín" no Museo Manolo Montero polo seu compromiso e labor de transmisión da literatura galega, organizado polo movemento cultural *A carón da lareira*. Noméanse as personalidades asistentes ao acto como os escritores Ramón Loureiro ou Xaime Pereira, entre outros. Dise que Manolo Montero ten sido personaxe en libros como *Merlín e familia e outras historias*, de Álvaro Cunqueiro ou *O corazón portugués*, de Ramón Loureiro. Finalmente, coméntase a posibilidade de creación dun premio de narrativa corta co seu nome.

García, Jesús M., "A capital e as nosas vilas afondan na nosa cultura", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 17 maio 2007, p. 2.

Indícanse os diferentes actos que terán lugar na provincia de Ourense co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. Coméntase que se inaugurará na cidade de Ourense unha escultura de Eduardo Blanco Amor, que en Allariz haberá unha mostra do libro galego e detense noutros actos en Xinzo de Limia, O Carballiño, Ribadavia e Verín.

García, Jesús Manuel, "Un estudio recuerda los 80 años del incendio de la Biblioteca Provincial", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 2 decembro 2007, p. 11.

Repásase o suceso que supuxo unha perda irrecuperábel para a cultura galega e para a cidade de Ourense: o incendio da biblioteca do actual IES Otero Pedrayo de Ourense, sucedido o 7 de decembro de 1927.

García, Laura, "A poesía debe ser sinxela e accesible para que poida chegar a todos os lectores", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós...", 27 outubro 2007, p. 30.

Entrevista a Manuel Olveira, que acaba de publicar *Retanzos de Esperanza: Poemario de Silencios*, onde explica, en primeiro lugar, a orixe do título da obra, que representa o que quixo reflectir nela. A seguir destaca, entre outros aspectos, o bo acollemento que tivo por parte do público, que trata temas diversos que afectan a sociedade actual e que, en canto o aspecto formal, dominan os pareados e os cuartetos, aínda que tamén hai outras formas estróficas.

García, R., "A casa de Rosalía e Murguía na Coruña será outra sede da Real Academia Galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 marzo 2007, p. 49.

Coméntase o acto no que se asinou o acordo entre a Fundación Caixa Galicia e Xosé Ramón Barreiro, presidente da RAG, polo que se cede á RAG ,para a súa sede, o edificio que foi a casa de Rosalía e Murguía na Coruña. Dise que no acto estivo presente Ánxela Bugallo, Conselleira de Cultura, que pediu maior presencia da mulleres na Academia. Xosé Ramón Barreiro fixou a data de inauguración o día 10 de outubro de 2008, coincidinco cos cento cincuenta anos da voda de Rosalía e Murguía.

García, Rodri, "Palabras contadas', unha novidosa mostra pensada 'para provocar a lectura", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 xaneiro 2007, p. 49.

Infórmase da inauguración da exposición, montada por Camilo Franco e Miguel Mosquera, titulada "Palabras Contadas" e incluída no proxecto Edición, na Fundación Luís Seoane na Coruña . Dise que toma o nome da obra de Camilo Franco e que pretende "provocar a lectura". Saliéntase que os textos son o elemento central da exposición, que inclúe tamén xogos audiovisuais e que propón un espazo ideal para a lectura.

García, Rodri, "Una lección de cine y literatura", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 marzo 2007, p. 48.

Trátase do coloquio "Cinema e creación literaria", realizado na Fundación Caixa Galicia, no que participaron José Luis Cuerda, Héctor Carré, Miguel Anxo Murado, Antonio Gasset e Luis Hueso e falaron da influencia do cine e a literatura xa que as "grandes adaptacións son de relatos". Tamén se informa da próxima publicación da novela *Diario dun impostor*, de Héctor Carré, que une cine e literatura.

García, Rodri, "Editados 20.000 carteis co obxectivo de facer visibles aos poetas galegos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 abril 2007, p. 50.

Infórmase de que a AELG editou, coa colaboración da Consellería de Cultura, vinte mil carteis distribuidos por toda Galicia e institucións fora de Galicia dedicados aos poetas galegos. Dise que recollen as súas imaxes e algúns versos de escritores como Rosalía, Eduardo Pondal, Curros Enríquez ou María Mariño. Tamén saliéntase a celebración da Cea das Letras da AELG na que se entregaron os premios anuais e dáse conta da dotación do premio e da creación de dous novos galardóns, o de Literatura Infantil e Xuvenil, en colaboración con GALIX, e a mellor traxectoria xornalística, co apoio do Colexio de Xornalistas. Díse que o obxectivo dos premios é ofrecer unha visión ampla do panorma literario galego. Finalmente, anúnciase a axenda cultural na web aelg.org, centrada nas novas do sistema literario galego.

García, Rodri, "Cultura promueve el inventario de las casas de escritores para protegerlas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 xuño 2007, p. 34.

Faise eco da iniciativa da AELG, co respaldo da Consellería de Cultura, co obxectivo de protexer as casas dos escritores e convertilas nun foco de actividade cultural, creando rutas literarias, visitas virtuais e favorecendo o turismo cultural, mediante solucións xurídicas como casas-museos e fundacións. A continuación, amósanse exemplos positivos como a Fundación Xosé Neira Vilas en Gres (Vila de Cruces) que conta con biblioteca e museo etnográfico ou a casa de Rosalía e Murguía (sede da RAG) e, por outra banda, a casa de Ricardo Carballo Calero en Ferrol que se atopa en ruinas, amenazada por posíbel derribo.

García, Rodri, "A diversidade marca as novidades literarias galegas deste outono", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 setembro 2007, p. 49.

Afirma que renovación e diversidade son as dúas liñas que marcarán o novo outono literario en Galicia, no que o ensaio aparece como un dos xéneros emerxentes. Faise eco dalgunhas das últimas novidades editoriais, entres as que salienta *Minimaladas*, de Carlos López; a tradución d´*O Reino en perigo*, do irlandés Herbie Brennan; e a novela de Luís Rei Núñez, *O señor Lugrís e a negra sombra*.

García, Rodri, "Ramón Loureiro presenta el próximo martes en Madrid la versión castellana de 'Las galeras de Normandía", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 decembro 2007, p. 54.

Informa da presentación en Madrid desta obra traducida ao castelán, *Las galeras de Normandía*, publicada pola editorial Edaf. Comenta o autor o agrado de poder chegar non só ao público da Península senón tamén ao hispanoamericano e salienta as dificultades que atopou para a tradución da obra. Resume o contido da obra e dá conta dalgunha das súas fontes.

García, Xosé Lois, "De 'Poemas pornofálicos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 maio 2007, p. 39.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Poemas pornofálicos*, de Xosé Lois García, titulada "A vaxina engule...".

García, Xosé Lois, "De 'Poemas pornofálicos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 maio 2007, p. 27.

Sección fixa que acolle un poema de *Poemas pornofálicos*, de Xosé Lois García, titulado "A enorme femia".

García, Xosé Lois, "De 'Falo de Baco", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 xuño 2007, p. 32.

Sección fixa que acolle un poema de *Falo de Baco*, de Xosé Lois García, titulado "AGROMOU VARANDAMIO PARA SER ACIO".

García, Xosé Lois, "De 'No imo do tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 xuño 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *No imo do tempo*, de Xosé Lois García, titulado "No ardor a seda".

García, Xosé Lois, "De 'No imo do tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 xuño 2007, p. 31.

Publícase nesta sección fixa un poema de *No imo do tempo*, de Xosé Lois García, titulado "LÉVENLLE ese vaso de neve".

García, Xosé Lois, "De 'No imo do tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 xullo 2007, p. 38.

Sección fixa que acolle un poema de *No imo do tempo*, de Xosé Lois García, titulado "ROSTRO crepuscular dun olimpo".

García, Xosé Lois, "De 'No imo do tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 agosto 2007, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *No imo do tempo*, de Xosé Lois García, titulado "ELECTRA pastoreando o brillo dos rabaños".

García, Xosé Lois, "De 'No imo do tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 outubro 2007, p. 35.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *No imo do tempo*, de Xosé Lois García, titulada "Para o Nordés,...".

García, Xosé Lois, "Galiza e Portugal no vencello da lusofonía", *A Nosa Terra*, n.º 1.285, "Fin de semana", 18-24 outubro 2007, p. 32.

Detalla a importancia das relacións culturais entre Galicia e Portugal falando do traballo realizado neste senso por Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Currros Enríquez, Manuel Murguía, a xeración Nós, Antón Vilar Ponte, Xohán Vicente Viqueira ou Castelao, e dende o lado portugués destaca a figura de Teixeira de Pascoaes e nomeadamente a de Manuel Oliveira Guerra coa súa revista *Céltiga*.

García, Xosé Lois, "A web de Uxío Novoneyra", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ecos da berenguela", 30 outubro 2007, p. 4.

Anuncia que no oitavo aniversario da morte de Uxío Novoneyra, créase unha páxina web na que as amizades do poeta reivindican que se lle dedique o Día das Letras 2010 ao escritor do Courel. Ademais, ofrece información biográfica e sobre a obra e o espírito do autor.

García, Xosé Lois, "O poeta Gonzalo Armán", *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "Ecos da Berenguela", 11 decembro 2007, p. 4.

Fala de que no III Encontro de Profesores de Linguas Africanas, na Universidade Federal de Río de Janeiro, coñeceu a Gonzalo Armán, un emigrante coruñés que marchou cara Brasil con vinte anos e que lle deu un *curriculum vitae* do que salienta que traballou como zapateiro, antes de exercer na actualidade como libreiro itinerante polas feiras máis importantes do país carioca. Froito do seu interese por conservar a súa lingua materna escribiu tres libros de poesía en galego: *Soedades, Río de Janeiro* (1979), *Anacos d'alma* (1991) e o inédito *Soños e bágoas*, como salienta Edwaldo Cafezeiro, prologuista dalgúns libros seus, ao afirmar que "garda nos seus versos a tristeza da patria (Galicia) de onde se exiliou na busca de días mellores".

García, Xoán Xosé, "do libro 'In-Ventos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 maio 2007, p.

42.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *In-Ventos*, de Xoán Xosé García, titulado "VIRAR".

García, Xoán Xosé, "De 'In-ventos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 abril 2007, p. 32.

Sección fixa que acolle un poema do poemario *In-ventos*, de Xoán Xosé García, titulado "SOSTE-LAS túas miserias".

García, Xoán Xosé, "De 'In-ventos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 agosto 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema de *In-ventos*, de Xoán Xosé García, titulado "DESALMA o asubío".

García, Xoán Xosé, "In-ventos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 agosto 2007, p. 32.

Sección fixa que acolle un poema de *In-ventos*, de Xoán Xosé García, titulado "Un invento aterecido".

García-Bodaño, Salvador, "De 'Elexías", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 xaneiro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Elexías*, de Salvador García-Bodaño, titulada "Baixo da terra dormes silandeiro...".

García-Bodaño, Salvador, "De libros e lembranzas", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 20 maio 2007, p. 3.

Co motivo de recibir dous volumes recentemente editados na artesanal colección "Bourel", *Manuscritos no ar*, de Xosé María Álvarez Cáccamo, e *A lúa nun ichó*, de Xavier López Marqués, reflexiona sobre o amor aos libros e as edicións especialmente coidadas, "nos finos lindeiros entre a arte e o artesanal". Lembra que coñeceu a Antonio Piñeiro, creador da editorial antes citada, porque este o convidara a participar na antoloxía colectiva *37 poemas por man propia*. Di festexar esa paixón de Piñeiro "por lograr libros fermosos".

García Márquez, Marta, "O libro galego viaxa por internet", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 4 xaneiro 2007, p. 15.

Saliéntase a importancia das novas tecnoloxías para a promoción do libro galego, pois aparecen reseñas dos últimos libros de Suso de Toro e Manuel Rivas na páxina web de vídeos You Tube. Jaime Corral, Presidente da Federación de Libreiros de Galicia, salienta a diversidade de autores noveles e a importante presencia femenina. Pola

contra, sublíñase a precaria situación pola que están pasando as librarías e a necesidade de reconversión do sector. Por último, Corral recomenda como agasallo de reis *Herba moura*, de Teresa Moure ou *Tres segundos de memoria*, de Diego Ameixeiras e salienta a calidade da literatura infantil e xuvenil galega.

García Márquez, Marta, "Cen anos da 'nazón de Breogán'", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 19 decembro 2007, p.15.

Sinálase que co gallo do cen aniversario do himno galego o Concello da Coruña e a Xunta de Galicia celebraron no Teatro Rosalía de Castro a gala "A nosa voz pregoa", onde se levou a cabo un recital, reflexións e música acerca da composición pondaliana

García Posada, Miguel, "En la tierra de Escandoi", *ABC*, "*ABC de las Artes y las Letras*", n.º 828, 15-21 decembro 2007, p. 17.

Debulla o argumento desta novela, traducida ao español polo seu propio autor, e comenta que o xerme da acción atópase nas misteriosas pintadas que aparecen nas sancristías dalgunhas igrexas. Asemade declara que a prosa de R. Loureiro é belísima, de poesía profunda e sabia, marabillosamente artellada e dotada dunha evidente axilidade rítmica.

García Teijeiro, Antonio, "Medellín, a máis educada", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 523, "En portada", 4 agosto 2007, pp. 1-2.

Crónica persoal que reflicte as experiencias, impresións e a axenda de Antonio García Teijeiro durante a súa estancia na cidade colombiana de Medellín como único representante galego no XVII Festival Mundial da Poesía e no XV Xogo Literario, salientando a mestura de modernidade e tradición da cidade e as actividades culturais e educativas. A continuación descríbe a súa axenda no Festival Mundial da Poesía, que xira arredor da revista *Prometeo* e é símbolo da libre expresión do pensamento e do abrazo das culturas e tradicións poéticas do mundo, e as distintas actividades como lecturas conxuntas ou talleres de poesía, entre outras, que rompen co esquema da educación precaria. Dise que o Xogo Literario amosoulle proxectos interesantes dende a perspectiva poética e educativa, como o Taller de Letras de Jordi Sierra i Fabra, o Plan de Lectura Municipal, o Festival de Poesía Ecolóxica 2006, os Parques-Bibliotecas e a Red de Escritores Escolares, que pretende "potenciar o desenvolvemento cognitivo, afectivo, ético , cívico e cultural de nenos e mozos a través da comunicación escrita". Comenta que de todos eles tomou exemplos para axudarse nas actividades de creación literaria na escola. Finalmente salienta a participación en dous talleres para ensinantes nos que se intercambiaron experiencias, houbo "conversatorios", entrevistas, trobas, teatro ou monicreques, entre outras actividades.

Garea, Fernando, "O cubano Lugrís", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 638, 7 xaneiro 2007, p. 15.

Homenaxea a Manuel Lugrís polo seu labor de promotor e impulsor da lingua galega dende o exterior, concretamente dende Cuba, onde fundou, xunto con Ramón Armada Teixeiro, no ano 1885, *A Gaita Gallega*, primeira publicación en galego de América.

Garea, Fernando, "Semente do galeguismo", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 639, 14 xaneiro 2007, p. 15.

Salienta a importancia que tiveron personaxes coma Ramón Armada Teixeiro ou Manuel Curros Enríquez, entre outros, na recuperación nacional de Galicia e na difusión da súa lingua, coidando polo mantemento da mesma dende a emigración. No caso de Ramón Armada Teixeiro, refírese ao seu apoio decisivo a iniciativas como a realización de pezas teatrais, entre as que cita *Non máis inmigración*. Ademais, indica que formou parte da Cova Céltica e participou en publicacións como *A gaita galega* ou *Eco de Galicia*, onde coincidiu con Curros Enríquez.

Garea, Fernando, "Escolas republicanas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 651, "Áreas galegas de identidade propia", 8 abril 2007, p. 18.

Achega ás escolas republicanas, na que sinala que foron moito máis que escolas, pois convertéronse tamén nun símbolo idealista dun novo tempo que terribelmente se verá asasinado e máis mutilado. Detense nalgúns traballos literarios nos que estas institucións foron obxecto de atención, como a crónica da escola de Coirós. Considera entre as máis destacadas sexa a obra de Manuel Rivas, *A lingua das bolboretas* (Galaxia, 2005), que posteriormente foi levada ao cine.

Gea, J. C. e A. **Mauleón**, "Los Ángeles de Cunqueiro", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 22 decembro 2007, p. 41.

Dá conta da publicación dunha obra titulada *De demonios y ángeles*, que reúne unha colección de once textos de Álvaro Cunqueiro ilustrados por outros tantos deseños do pintor asturiano Javier del Río. Ofrece os títulos dos artigos do escritor mindoniense que aparecen reunidos por primeira vez neste volume. Sinala que se trata dunha obra para persoas bibliófilas, xa que só se editaron cento cincuenta exemplares enumerados e outros quince non venais. Por último, indica que a editorial Nigra Trea celebra dez anos co lanzamento de dúas publicacións que homenaxean a Cunqueiro, a anteriormente citada e *El laberinto habitado*, que recolle moitos artigos do escritor publicados na revista *Destino* entre 1961 e 1976. Tamén se refire ao acto de presentación en Vigo destes dous volumes.

Gea, J. C., "Del Río lee a Cunqueiro", *La Opinión*, "Cultura", 26 decembro 2007, p. 37.

Destácase a saída do prelo deste volume que é cualificado de alfaia bibliográfica e que conta con once textos en galego de Álvaro Cunqueiro ilustrados polo pintor asturiano Javier del Río. Indícase que sairán á venda cento vintecinco exemplares numerados mais outros quince non venais.

Gippini, D., "Cultura retirará las ayudas directas a las compañías teatrales", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 xaneiro 2007, p. 44.

Infórmase das axudas directas que recibirán as compañías teatrais por parte da Consellería de Cultura para financiar a producción, distribución , formación dos profesionais, reforzo asociativo e mellora de infraestruturas. Tamén se anuncia a sustitución da forma de financiamento para promover a independencia das compañías. Finalmente, recóllense as reaccións do sector, así Eduardo Alonso, director de Teatro do Noroeste, opina que "será un golpe mortal para o teatro galego, que debe recibir o apoio das institucións" e Pedro Rubín, director do Teatro Galileo, apoia "un plan de viabilidade a longo prazo".

Giráldez, José Miguel A., "Galicia 21' para o mundo. Nova publicación académica", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", 4 marzo 2007, p. 11.

A mans de Helena Miguélez-Carballeira e Craig Patterson xorde a revista dixital "Galicia 21", coa que se quere impulsar o coñecemento da lengua galega, máis alá das súas fronteiras. Participan neste proxecto as tres universidades galegas, dez do Reino Unido y outros de Europa.

Giráldez, J. Miguel, "Días en 'The Eagle and the Child", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Foto finish", 29 de decembro de 2007, contracuberta.

Co Nadal como pano de fondo, Miguel Giráldez reflexiona sobre a vinculación entre o mito da infancia recuperada e o eterno retorno da literatura. A relación entre a sensibilidade dos tempos mozos e a persistencia das lembranzas lévao a aludir a John R.R. Tolkien, pois o profesor inglés elaboraba ao mesmo tempo o universo da Terra Media e a obra *Cartas de Papá Noel*, caracterizadas polo seu intimismo e elaboración.

Gladás, Luis, "Un feixe de tesouros", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 638, 7 xaneiro 2007, p. 14.

Recoñece o labor dalgúns escritores que dende o exterior de Galicia, Cuba ou Arxentina fundamentalmente, levaron a cabo un labor defensivo e divulgador da lingua e a cultura galegas no derradeiro terzo do século XIX. Sinala como integrantes deste grupo personaxes como Aureliano Pereira, director do *Diario de* Lugo, Ramón Cabanillas quen escribiu na Habana *No desterro* (1913) ou Manuel Murguía, quen publicou por primeira vez tamén alí a obra *Soidades* (1854).

G. M. O., "Versos do levantador de minas", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 19 setembro 2007, p. 12.

Infórmase do encontro do poeta coruñés, Alfredo Ferreiro, cos seus seguidores dentro do ciclo "Martes literarios" na galería Sargadelos, no que ofreceu unha lectura dun texto seu e un posterior diálogo. Tamén se dá conta da mostra *Underwood* que recolle os poemas obxecto de Pepe Cáccamo, coa que pretende difundir a poesía pola vista e polo tacto.

G.M.O., "O Rosalía e a Casares, sedes dos 100 anos do himnos", *La Opinión*, "A Coruña", " Ciudad y Cultura", 19 decembro de 2007, p.12.

Saliéntase que tras cen anos de vixencia do himno galego, a composición poética pondaliana, musicada por Pascual Veiga, toma corpo mediante actos como a gala "A nosa voz pregoa" no Teatro Rosalía de Castro o 20 de decembro e a exposición itinerante "O Himno. Os tempos son chegados" na Casa Museo Casares Quiroga o 10 de xaneiro.

Gómez, Chus, "Fomentando a lectura en Caldas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 31 xaneiro 2007, p. 5.

Dáse conta das actividades realizadas na Biblioteca de Caldas para fomentar a lectura, entre as que se atopa o Club de Lectura.

Gómez, Chus, "Anxos Sumai, primeira muller que gaña o Premio Blanco Torres", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 17 marzo 2007, p. 67.

Infórmase da concesión do premio pola serie de artigos *Somos perigosamente normais*, emitidos na sección semanal no Diario Cultural da Radio Galega no ano 2006, salientando a "calidade literaria, a capacidade de observación da realidade e a sensibilidade sen deixar espírito crítico ante a noticia". Dáse conta da dotación do premio e da importancia das novas tecnoloxías da información e comunicación no xornalismo. Por último recóllense as impresións da gañadora que valorou o galardón e aos galardonados en edicións anteriores pois "foron os que nos ensinarosn galego na escola".

Gómez, Chus, "Rosalía Ilustrada' ou como sentir a poesía de 25 xeitos diferentes", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 4 abril 2007, p. 7.

Fálase da exposición no Auditorio Municipal de Caldas de Reis, dentro das actividades do Mes dos Libros, no programa Caldas10, patrocinado pola Fundación Caixa Galicia. Dise que é unha mostra didáctica na que vinte e cinco artistas recrearon as sensacións evocadas polos poemas de *Follas Novas*, *Cantares Gallegos* y *En las orillas del Sar*. Noméanse os artistas participantes na esposición e as diferentes actividades

programadas.

Gómez, Fernando, "Centro Galego de Barcelona", *Canal NW*, n.º 20, "Canal de Cultura", outubro 2007, p.15.

Achega información referida ao Centro Galego de Barcelona unha asociación, declarada de utilidade pública, que apareceu no ano 1892, cuxa sede está situada no centro de Barcelona, ao carón das Ramblas e do Liceo. Sinala que na súa sede existen frescos do ano 1850, unha biblioteca de vinte e cinco mil exemplares e que nela se realizan diversas actividades, como conferencias, concertos da coral *Lonxe da Terra* e cursos de lingua galega. Cita tamén o seu voceiro, a revista *Alborada,* aparecida no ano 1948, de gran calidade.

Gómez, Melisa, "Multitudinario estreno de la Librería Couceiro", *El Correo Gallego*, "Santiago", 24 xullo 2007, p. 28.

Noméanse as diferentes personalidades que acudiron á inauguración da Libraría Couceiro e saliéntase a rehabilitación do entorno da praza de Cervantes e o papel de dinamización cultural mediante a promoción do libro galego, da labor editora e punto de encontro cultural da libraría. Finalmente, noméanse as seccións que terán as seis plantas do novo edificio.

Gómez Alfaro, X.C., "De 'Confíteor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 marzo 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Confíteor*, de X.C. Gómez Alfaro, titulada "Se foras menos deus e maís humano,...".

Gómez Alfaro, X.C., "De 'Confiteor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 abril 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Confiteor*, de X. C. Alfaro, titulado "Can xusticieiro".

Gómez Alfaro, X.C., "De 'Confiteor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 maio 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Confiteor*, de X. C. Gómez Alfaro, titulado "NUNCA".

Gómez Alfaro, Xosé Carlos, "De 'Mar Aberto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 xuño 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema de *Mar Aberto*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro, titulado "NON TE ODIO".

Gómez Alfaro, Xosé Carlos, "Mar aberto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 agosto 2007, p. 38./"De 'Mar Aberto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 agosto 2007, p. 23.

Sección fixa que acolle un poema de *Mar Aberto*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro, titulado "Se hai que seguir vogando máis, eu sigo".

Gómez Alfaro, X.C., "De 'Confiteor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 outubro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Confíteor*, de X.C. Gómez Alfaro, titulada "BLASFEMAR".

González, Sara, "Difundindo a literatura galega", *El Correo Gallego*, "Cultura", 20 xullo 2007, p. 67.

Anúnciase o convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Fundación Biblioteca Virtual Cervantes para permitir a difusión e acceso aos fondos documentais do Centro Ramón Piñeiro que posibilitará a universalización da lingua e literatura galegas.

González, Sara, "Os verdadeiros berces da literatura galega", *El País,* "*E7P*", "Galicia a fondo", 16 setembro 2007, pp. 8-9.

Infórmase do proxecto de inventariar as casas dos escritores galegos da AELG, coa colaboración da Consellería de Cultura, pola necesidade de protexer ese patrimonio. Dise que o proxecto aínda está na primeira fase de inventariado e que máis adiante se pretende crear unha web que posibilite visitas virtuais. Coméntase a situación das casas, contrastando casas impolutas, como a de Manuel Antonio en Rianxo, con outras en ruinas, como a de Carvalho Calero en Ferrol. Tamén se fala da sinalización con placas das casas e da figura das casas-museo, como modo de coñecer o fogar dos escitores. Finalmente, saliéntanse as posibilidades das rutas literarias como a de Valle-Inclán, Cunqueiro ou Rianxo (berce de Castelao, Rafel Dieste e Manuel Antonio)

González Comesaña, Fátima, "O faiado", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 14 agosto 2007, p. 43.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia,* para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Fátima González Comesaña, "O faiado".

González Tosar, Luís, "Blanco Amor no bronce, en Auria", *La Voz de Galicia*, "*Especial Día das Letras Galegas. Ourense*", 17 maio 2007, p. 2.

Describe as derradeiras horas da vida de Eduardo Blanco Amor nunha clínica de Vigo, comenta que era moi coidadoso coa súa figura e que a súa personalidade era o resultado da mestura entre a cortesía, o sarcasmo inglés e mais o "dandismo dos señoritos ourensáns do seu tempo". Remata apuntando que hoxe se inaugura en Ourense unha escultura de Xosé Cid dedicada a Eduardo Blanco Amor, monumento que fora prometido en decembro de 2004 polo presidente da Deputación de Ourense.

González Pérez, Clodio , "Barbantia'. Anuario de Estudos do Barbanza", *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", 6 xaneiro 2007, p. 4.

Logo dunha disquisición sobre a importancia dos estudos locais para os estudos xerais, do inmenso traballo da procura de datos e dos límites xeográficos da península do Barbanza, o autor salienta o segundo volume do *Anuario de Estudos do Barbanza* e as verbas da lapela, que recollen o espírito da asociación, dos coordinadores e do equipo directivo. Noméanse os diferentes traballos recollidos no *Anuario*, entre os que se atopan estudos sobre María Mariño, o almirante trobador rianxeiro Paio Gómez Charinho, a guerra civil e o franquismo nos narradores do Barbanza e as versións galegas d'*A caída de Finnegan*, de James Joyce, realizada por Alberte Pagán, e as *Iluminacións*, de Rimbaud, por Eme Cartea. Finalmente tamén se fai eco dos catro libros publicados no ano 2006 na Biblioteca Barbantia.

Guillén Vázquez, Xan, "Netos", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 9 agosto 2007, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Xan Guillén Vázquez, "Netos".

Hermida, Patricia, "Homenaxe a Díaz Pardo, testemuña do exilio galego", *El Correo Gallego*, "Cultura", 9 febreiro 2007, p. 76.

Infórmase de que o Centro Torrente Ballester de Ferrol albergará unha exposición antolóxica do Laboratorio de Formas que fundaran en Argentina hai corenta e tres anos Isaac Díaz Pardo e mais Luís Seoane.

Hernández, Imanol, "Ourense honra al autor de 'A Esmorga", *La Región*, "Ourense", 5 decembro 2007, p. 10.

Coméntase a homenaxe que se lle rendeu ao escritor ourensán Eduardo Blanco Amor na cidade de Ourense no vinte e oito aniversario do seu falecemento, onde unha discípula súa tivo palabras de agradecemento e de enxalzamento do seu mestre. Dise que o acto, no que participaron diversos persoeiros políticos, foi organizado polo Pen Club de Galicia.

Hernández, Imanol, "El encendido del alumbrado de Navidad se retrasa un semana por falta de seguridad", *La Región*, 5 decembro 2007, p.10.

Fálase sobre o atraso que terá o alumeado das luces de Nadal na cidade de Ourense por diversos problemas técnicos e da sorpresa que recibiu a Concelleira de Cultura, Isabel Pérez, cando se dirixiu cun grupo de alumnos do IES Blanco Amor á estatua do escritor na Avenida de Pontevedra, para renderlle unha homenaxe o día do vinte e oito aniversario do seu falecemento. Sinálase que alí atoparon a estatua engaiolada dentro dun dos adornos do Nadal en forma de piñeiro que instalaran na cidade.

Hernández, Imanol, "Las tres universidades gallegas se unen para homenajear al escritor Carlos Casares", *La Región*, "Ciudad", 14 decembro 2007, p. 15.

Despois de referir os méritos e cargos do escritor ourensán Carlos Casares, informa do Simposio Internacional Carlos Casares, que organiza a Fundación que leva o seu nome, en colaboración coas tres universidade galegas. A seguir, dá conta das intervencións de Luísa Blanco, Marcos Valcárcel, Xosé Luís Ferraces, Xosé Manuel Dasilva, Xabier Carro, Carmen Mejía ou Blanca-Ana Roig sobre a obra ou a vida de Carlos Casares cando se cumpren cinco anos da súa morte.

Hernández, Imanol, "De la mano de Carlos Casares por Ourense", *La Región*, "Ourense", 16 decembro 2007, p. 8.

Comenta que o Simposio Internacional sobre Carlos Casares concluíu as súas actividades en Ourense cun roteiro literario polas rúas do casco vello que aparecen significadas na obra ou están vinculadas dalgunha forma co autor. Sinala que este percorrido estivo dirixido polo historiador Marcos Valcárcel, quen confirmou que dentro duns anos haberá un congreso de maior dimensión. Sinala que o simposio se centrou na obra narrativa e na literatura xuvenil do novelista ourensán, así como no seu labor xornalístico. Por outra parte, refírese á presenza da súa viúva, Kristina Berg, á exposición "Os mundos de Casares".

Huerta, María de la, "Alergia a los libros", *La Opinión*, "Sociedad", 6 decembro 2007, p. 36.

Reflexiónase sobre a falta de hábito lector que afecta á maioría de mozos e mozas galegos e o baixo nivel de lectura que sitúa a Galicia por encima da media española pero moi inferior a outros países europeos, segundo o informe PISA 2006. Tanto editores, bibliotecarios como escritores achegan como unha das causas a falta de hábito lector dos pais e profesores dos alumnos galegos e o fomento de contidos audiovisuais fronte aos libros por parte da Administración.

Huete, Cristina, "Los amigos de Casares rememoran las vivencias del escritor cinco años después", *El País*, "*Galicia*", 10 marzo 2007, p.41.

Indícase que un lustro despois da morte de Carlos Casares algúns dos seus amigos, nomeadamente os da peña literaria do Cortijo, se reuniron para falar sobre o escritor. Infórmase de que ao acto, que tivo lugar no Liceo de Ourense, asistiron Julio Losada, Javier Casares ou Marcos Valcárcel.

Huete, Cristina, "El eterno exilio de Blanco Amor", *El País*, "*Galicia*", 5 decembro 2007, p.12.

Dise que se celebrou no cemiterio ourensán de San Francisco unha homenaxe ao escritor Eduardo Blanco Amor no vinte e oito aniversario da súa morte, na cal estiveron presentes escritores, autoridades locais e estudantes adolescentes. Engádese que foi organizada polo Pen Club de Galicia, a Deputación ourensá e o concello de Ourense e que se louou o seu traballo literario e a súa persoa polo seu espírito de loita e de defensa da cultura galega e das liberdades individuais.

Huete, Cristina, "Ourense homenajea a Carlos Casares con un acto de fe en su faceta literaria", *El País*, "Galicia", 16 decembro 2007, p. 8.

Faise eco da primeira homenaxe que se lle realiza a Carlos Casares en Ourense a través dun simposio, que se cerrou cun roteiro con parada e recordatorio nos lugares da vella Auria que deixaron pegada na vida e obra de Casares. Sinala cada un deses lugares e apunta as lecturas feitas nalgunha das paradas.

Iglesias, Ana, "Lectores insumisos y sin prejuicios", *El Correo Gallego*, "Santiago", 2 febreiro 2007, p. 27.

Dáse conta da entrega dos Premios San Clemente a Isidro Novo, Javier Cercas e Abraham B. Yeshouá e recóllense as verbas de satisfacción dos galardoados. Tamén se reflicten os comentarios dos autores sobre as súas obras premiadas falando do argumento e das técnicas empregadas,e Isidro Novo, galardoado co premio en lingua galega por *Un escuro rumor tralo silencio*, salienta que "é un premio ideal para promocionar aos autores que estamos sumerxidos e que se nos coñece casi localmente" ao mesmo tempo que "en Galicia se lle dará un impulso ás obras". Finalmente infórmase das personalidades que asistiron ao acto, dos institutos participantes como xurado e da axenda do acto de entrega.

Iglesias, Ana, "Mofa e Befa inaugurará el sábado las fiestas de Carnaval con su pregón", *El Correo Gallego*, "Santiago", 14 febreiro 2007, p. 27.

Dáse conta da programación e das diferentes actividades das Festas de Antroido de Santiago que comezarán coa lectura do pregón a cargo do dúo humorístico Mofa e Befa e coa colocación da figura do Meco no balcón do Pazo de Bendaña.

Iglesias, Ana, "El placer de la lectura para todos", *El Correo Gallego*, "Santiago", 28 abril 2007, p. 28.

Artigo centrado na descrición da XXVI edición da Feira do Libro de Santiago de Compostela. Indícase que, como novidade, a Concellaría de Cultura do Concello contará cun posto propio no que repartirá gratuitamente volumes como *Poetas en Compostela* ou exemplares da Biblioteca Compostela de Narrativa Europea e afírmase que Imma López Silva será a pregoeira nesta edición da feira.

Iglesias, Ana, "Literatura de largo recorrido", *El Correo Gallego*, "Santiago", 29 xullo 2007, p. 29.

Fálase da publicación da versión revisada e en español de *Adeus India, adeus* de X. M. Villanueva, coa que gañou o Premio da Crítica en Galiza en 2001 e indícase que neste volume fala de relacións ao servizo da expresión poética. O escritor destaca o bo trato que tivo con el a crítica especializada.

Iglesias, Franco, "Cultura declarará ben de interese cultural a casa familiar de Castelao en Rianxo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 xullo 2007, p. 55.

Infórmase de que a Consellería de Cultura e Deporte iniciou o proceso de declaración de Ben de Interese Cultural da casa familiar de Castelao en Rianxo e recálcase que o seu actual propietario se nega a que os técnicos da Consellería entren no predio para facer a inspección para a catalogación.

Iglesias, Mar, "Amancio Prada y Xosé Ramón Barreiro reciben los Xarmenta 2007", *Bierzo 7*, "La cultura", 18 maio 2006, p. 22.

Coméntase a gala de entrega dos II Premios Xarmenta e reprodúcense as palabras de Xosé Ramón Barreiro nesta gala onde afirmou que se compromete a homenaxear a Antonio Fernández Morales e mais a introducir na normativa do galego as variedades do galego do Bierzo.

Iglesias, Moncho, "Teño coche", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 decembro 2007, p. 32.

Acóllese baixo este epígrafe o poema "Teño coche", de Moncho Iglesias.

Iglesias, Moncho, "Cando me sangran os sentimentos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 decembro 2007, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema "Cando me sangran os sentimentos", de Moncho Iglesias.

Iglesias, Óscar, "Camilo Franco traslada sus relatos a una exposición", *El País*, "*Galicia*", 25 xaneiro 2007, p. 35.

Sinala que o escritor ourensán Camilo Franco decidiu transversalizar vinteunha pezas do seu libro *Palabras contadas* (2006) na exposición homónima que estará aberta até o 9 de marzo na Fundación Luís Seoane da Coruña. Nela escenificaranse e recíclanse fragmentos de relatos deste libro que se articulan arredor do concepto "Lectura con mobles: a literatura é creación e o soporte é unha circunstancia".

Iglesias, Óscar, "Auster, Updike y Kawabata, en gallego", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 31 xaneiro 2007, p. 38.

Comenta que a editorial Galaxia publicará en galego *Viaxes no scriptorium*, de Paul Auster, ao mesmo tempo que a versión en español, en catalán e en éuscaro. Recálcase que en 2006 Galaxia publicou trinta e sete novidades galegas e dezaoito traducións, e que en 2007 pretende sacar vinte e dúas traducións. Menciónanse algúns títulos e coméntase a importancia que está a adquirir a tradución no sistema literario galego con editoriais como Xerais, Galaxia ou Rinoceronte e como exemplo indícase que obra de Amis ou Camilleri saen antes en galego que en español.

Iglesias, Óscar, "Pode haber un Valéry en Carballo e non o sabemos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 9 febreiro 2007, p. 44.

Texto no que Alberto Vilanova fala do seu regreso á poesía en lingua galega despois de vinte anos publicando en español. Indícase que o seu primeiro libro en galego foi *A lenda das árbores de prata* e que agora publica *A esmeralda branca*. Con referencia a este volume, apúntase que é un cancioneiro de máis de cinco centas páxinas e tamén se detén na descrición da súa produción literaria e nas súas lembranzas sobre Galicia e sobre España. Finalmente indica que lle gustaría que se recoñecese "o meu traballo en galego e en castelán".

Iglesias, Óscar, "Bernard-Marie Koltès regresa a Galicia en la versión de Cámara Negra Teatro", *El País*, "*Galicia*", 5 abril 2007, p. 30.

Entre outros datos referidos ao teatro en español, coméntase que Álvarez-Ossorio recibiu en 2005 o Premio José Luis Alonso para novos directores con *A casa do pai* e que contou co apoio de Teatro do Noroeste e de Noescafé Teatro.

Iglesias, Óscar, "Unha literatura sen imaxes", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 20 abril 2007, p. 42.

Reflexiónase sobre a escasa presenza da narrativa galega no cinema e indícase que estas adaptacións literarias son un signo de normalidade industrial. Detállase que a primeira curtametraxe en trinta e cinco milímetros en galego foi *Retorno a Tagen Ata* (1974) do ourensán Eloy Lozano, baseado nun relato de X. L. Méndez Ferrín, e coméntanse os intentos de levar á pantalla *A esmorga*, que finalmente conseguiu Gonzalo Suárez en español baixo o título *La parranda*. Tamén se repasan os diferentes relatos orixinais en lingua galega que foron levados ao cinema, desde *Fuxidos*, de Sancho Gracia, até *Trece badaladas*, de Xavier Villaverde.

Iglesias, Óscar, "Asistimos ao holocausto do rural galego", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 1 xuño 2007, p. 43.

Entrevista a Emilio Araúxo, introducida por unha breve biografía do poeta, a raíz da publicación da súa obra *Act ivida desc culturais*, un longo poema visual acumulado dende 1986. As palabras do escritor xiran ao redor da desaparición do mundo rural e, ao mesmo tempo, ofrece nomes de homes que o influíron fondamente, entre os que cita a Novoneyra e Ferrín, mais tamén a Derrida, Lacan, Althusser, Celan ou Bakhtin.

Iglesias, Óscar, "Grafar 'ó' ou 'ao' nunca debe ser motivo de polémica", *El País*, "*Galicia*", 8 xuño 2007, p. 47.

Recóllense as palabras de Itamar Even-Zohar nas que se lembra da polémica que tivo con Carlos Casares en 1994, fala das persoas que viven da lingua galega en Galiza, refírese a Castelao e indica que unirse con Portugal non ten ningunha vantaxe. Tamén advirte que a defensa da cultura galega non se debe centrar só na lingua.

Iglesias, Óscar, "El primer Plan de Artes Escénicas intentará fomentar la 'independencia' del sector", *El País*, "*Galicia*", 13 xuño 2007, p. 42.

Infórmase de que a Consellería de Cultura e Deporte ven de presentar o borrador do Plan Galego das Artes Escénicas 2008-2011 e que se negociará con máis de sesenta representantes do sector organizados en mesas temáticas. Indícase que contará con cinco grandes eixos temáticos e que ,entre outras medidas, triplicará as axudas directas no ano 2011.

Iglesias, Óscar, "Nanotecnólogos en el teatro", *El País*, "*Galicia*", 16 xuño 2007, p. 45.

Dá conta da actuación do primeiro Obradoiro de Teatro Científico, organizado pola Dirección Xeral de I+D+I e que contou coa actuación de investigadores da Área de Nanotecnoloxía da USC e da Universidade de Vigo xunto con actores de Factoría, Chévere, Buratini, The Pinga e Nut Teatro. Coméntase que neste acto sucedéronse unha serie de "sketchs" didácticos (Nanomundo ou Nanotenda) sobre as potencialidades da nanotecnoloxía.

Iglesias, Óscar, "Os problemas dun poeta nacional", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 14 setembro 2007, p. 37.

Repásase a vida e obra de Eduardo Pondal destacando algunhas das súas características literarias como que compuxo poemas misóxinos que son unha aberración lidos naquela altura e hoxe en día, indícanse algúns dos estudos centrados na vida de Pondal e sublíñase que Pondal, pola vía do celtismo, se converteu no meirande cohesionador social de Galiza e que é o gran poeta nacional é épico do Rexurdimento literario galego.

Iglesias, Óscar, "Debús, manuais e ocos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Do trinque", 14 setembro 2007, p. 41.

Dá conta das principais novidades de narrativa, ensaio, poesía e literatura infantil e xuvenil nas librarías, no mes de setembro, das editorias Xerais, Galaxia, Do Castro, Sotelo Blanco, Laiovento e Rinoceronte Editora e das distintas coleccións. Salienta, entre outras, *Ferrín e outras historias*, de Santiago Lamas; *De provincia a nación*, de Beramendi; *Vidas post-it*, de Iolanda Zúñiga; *Vigo*, de Helena de Carlos; *O filibustero do mar da marola*, de Antonio Cordero ou *Ratas en Manhattan*, de Francisco Álvarez.

Iglesias, O. e M. **Pampín**, "Entre escépticos e emocionados", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 14 setembro 2007, p. 38.

Reprodúcense as reflexións de catorce persoeiros, entre eles Antón Lopo, Xosé Ramón Barreiro, Luís Rei Núñez, Artura Lezcano, Anxos Sumai, Yolanda Castaño ou Xosé Manuel Beiras, sobre a súa relación co himno galego, entre os que destacan os que loan o escaso ardor guerreiro das súas estrofas e os que se declaran indiferentes.

Iglesias, Óscar, "Os poderes da creación", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 28 setembro 2007, pp. 42-43.

Indícase que as industrias culturais en Galiza suman xa o 2% do PIB galego, malia o estancamento de sectores como o do libro, e que máis de vintecinco mil persoas viven en Galicia destas industrias, segundo datos tirados de anuarios estatísticos, directorios empresariais e estudos universitarios. Reflexiónase sobre estes datos e, con respecto ao mundo do libro, recóllense as palabras de Manuel Bragado, quen fala do estancamento do libro galego e, como exemplos, indica que a primeira editorial galega é a Xunta ou que Xerais edita a metade dos seus títulos para o ensino. Tamén se reflexiona sobre o proxecto da Axencia Galega das Industrias Culturais por parte da Xunta de Galicia.

Iglesias Diéguez, Alfredo, "Laiovento fusiona a Galeano co galego", *Galicia Hoxe*, "*Altermundo*", n. º 8, "Miscelánea", 30 decembro 2007, p. 7.

Fala da publicación en galego dunha selección de artigos de Eduardo Galeano baixo o título *Carta ao señor futuro*, na editorial Laiovento. Afonda nas atrocidades do mundo en que vivimos para afirmar que Eduardo Galeano é unha das voces máis salientábeis do movemento altermundista actual e que esta obra é a dun intelectual comprometido capaz de forxar conciencias necesarias para transformar o mundo.

Jabois, Manuel, "Manuel y Jorge Cuña dan nombre a un premio internacional de poesía", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 5 decembro 2007, p. 82.

Infórmase da homenaxe que a Asociación Nueva Musa de Aprilia, localidade preto de Roma, ofrece aos poetas Manuel Cuña Novás e ao seu fillo Jorge Cuña Casasbellas e dise que é froito dunha viaxe que oito poetas pertencentes á Asociación realizaron a

Pontevedra onde coñeceron os poemas dos escritores galegos. Coméntase que os actos serán lecturas colectivas dos poemas de Manuel Cuña Novas e do seu fillo e a convocatoria dun premio internacional de poesía, Raíces, que na súa edición levará o nome de Manuel Cuña e Jorge Cuña.

Jamardo, J. M., "La casa natal de Rafael Dieste pasa a ser patrimonio de los rianxeiros", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Barbanza*", 28 decembro 2007, p. L1.

Faise eco da adquisición da casa natal de Rafael Dieste polo Concello de Rianxo grazas ás achegas económicas do Ministerio de Cultura. Sinala que a vivenda se inclúe nun ambicioso proxecto ideado polas autoridades locais, que quere pór en marcha a Academia Literaria de Rianxo, unha vella aspiración do Concello e dun grupo de intelectuais, entre os que se encontran, Isaac Díaz Pardo, Xosé Luís Axeitos e Xesús Alonso Montero. Así mesmo, explica que esta iniciativa ten como obxectivos habilitar un centro de investigación dedicado aos tres artistas, no que ademais se promocionen as súas obras e se inclúa á súa vez un espazo de difusión da Segunda República, que constitúa un referente para os rianxeiros e para pór en valor a memoria histórica desa etapa e do galeguismo. Por outra parte, comenta que agora só falta chegar a un entendemento coa familia de Baltar, propietaria da vivenda na que viviu Castelao.

Jaureguizar, "Un 'Babel' comprensible", *El Progreso*, "Cultura", 16 xaneiro 2007, p. 81.

Anúnciase que un novo club cultural comezará a funcionar na rúa San Roque da cidade de Lugo que contará cunha programación mensual de música, teatro, maxia e mais arte.

Jaureguizar, "Nace en Lugo un club de lectura para analizar libros de ficción con temas sociais", *El Progreso*, "Cultura", 7 febreiro 2007, p. 72.

Infórmase de que as ONG "Implicad@s no desenvovemento" e mais "A cova da terra" promoveron a creación en Lugo dun club de lectura que comezará a funcionar con xuntanzas arredor dos libros *Calella sen saída*, de Víctor Omghá e mais *O club da calceta,* de María Reimóndez.

Jaureguizar, "¿Que será o que ten o negro?", *El Progreso*, "Cultura", 19 febreiro 2007, p. 81.

Reflexiona sobre o crecente número de creadores galegos que cultivan a novela de intriga e que asemade contan co favor do público. Entre eles destácase a Domingo Villar, coa novela *Ollos de auga*, e a Diego Ameixeiras, xunto con outros autores como Aníbal Malvar, Leo Coyote ou Carlos Reigosa. Tamén se comparan os detectives Leo Caldas, de Domingo Villar, e Dopico, de Diego Ameixeiras.

Jaureguizar, "Rodríguez Fer dividiu 'Yunque' en dúas etapas, política e cultural", *El Progreso*, "Cultura", 23 febreiro 2007, p. 88.

Afírmase que o profesor Claudio Rodríguez Fer sinalou, nun acto realizado na Galería Sargadelos de Lugo, que se poden diferenciar dúas etapas na revista *Yunque*, a primeira que é a máis política e xornalística, que abrangue o ano 1931, e a segunda ,que corresponde ao ano 1932, que é a máis literaria e con máis ilustracións.

Jaureguizar, "Kalandraka traducirá obras de Vian e Nabokov ao galego", *El Progreso*, "Cultura", 6 novembro 2007, p. 71.

Noticia centrada nas novas propostas de tradución do selo Faktoría K. Indícase que traducirá ao galego seis obras dentro da colección "Caixón de Narrativa" que serán *Cuspirei sobre as vosas tumbas*, de Boris Vian; *O señor Ibrahim e as flores do Corán*, de Eric-Emmanuel Schmitt; *O neno do pixama a raias*, de John Boyne; *Lolita,* de V. Nabokov; *Obabakoak*, de Bernardo Atxaga e mais *A conxura dos parvos*, de O'Toole. Asemade apúntase que tamén comezarán cunha liña de tradución ao español de textos galegos coas obras *La frontera infinita*, de Celso Emilio Ferreiro e mais *Males de cabeza*, de Fran Alonso, da que se indica que tamén terá versión catalá e polaca.

Jaureguizar, "Unha 'Lucensia' solidaria", *El Progreso*, "Lugo", 16 novembro 2007, p. 9.

Informa da presentación, na Fundación Caixa Galicia de Lugo, dun novo número da revista *Lvcensia*, editado polo Seminario Diocesano de Lugo. Resume o contido da revista e, en relación á literatura galega, inclúese un estudo sobre a Escola Poética do Seminario de Mondoñedo. Ademais, comenta que Nicandro Ares presenta unha análise da toponimia do concello da Pobra de Brollón e achéganse testamentos sobre as vidas e as relacións familiares e sociais de certas comunidades galegas.

Jaureguizar, "Miranda bebe da tradición inglesa de terror no libro *As mans do medo*", *El Progreso*, "Cultura", 24 novembro 2007, p. 79.

Jaureguizar dá conta da presentación en Lugo do libro de Xosé Miranda *As mans do medo*, destacando que o autor citou entre as súas influencias na escrita deste tipo de relatos de terror a Nerval, Maupassant ou Doyle. Con respecto á intervención de Marcos Valcárcel salienta que o profesor incidiu nas múltiples lecturas destes textos e na modernización da tradición oral que representan. Finalmente, sinala que Manuel Bragado, anunciou a próxima publicación da novela *Vestio* e dunha guía de Galicia que reflicte o patrimonio material e inmaterial e vai acompañada de fotografías de Xurxo Lobato.

J.M.I., "El pleno del senado aprobó el proyecto de la nueva ley del libro", *La Voz de Galicia*, 7 xuño 2007, p. 47.

Anúnciase que o pleno do Senado aprobou o proxecto de Lei do Libro co apoio de todos os grupos agás do de ERC e os de IU, que se abstiveron, e indícase que esta lei outorgará rango legal ao prezo fixo dos libros.

J.M.R. , "Concello, librerías, cafés y pubs en pro del gallego", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Carballo", 12 xaneiro 2007, p. 37.

Coméntase que o Concello de Carballo ven de presentar o programa Literactúa, que durará nove meses, co que se tenta difundir a lectura en galego en librarías, pubs e cafés. Indícase que cada mes se proporá a lectura dun libro e que os tres primeiros serán *Tres segundos de memoria*, de Diego Ameixeiras, *Herba moura*, de Teresa Moure e mais *Spam*, de Francisco Carballo.

J. P., "A agrupación de Libreiros homenaxea a Neira Vilas e a súa dona en Cambados", *Diario de Arousa*, "Cambados", 25 xaneiro 2007, p. 15.

Infórmase de que a Agrupación de Libreiros de Pontevedr,a xunto coa Consellería de Innovación e Industria, están a ultimar os preparativos de homenaxe que lle tributarán ao escritor Xosé Neira Vilas e mais á súa dona, Anisia Miranda, o vindeiro sábado en Cambados, nun acto que contará coa presenza de alumnado de Cambados, Dena e Barrantes, do grupo Treixadura e mais de Francisco Fernández Rei e Ramón Caride Ogando.

J. P., "El BNG propone a Concello y colectivos la creación del "Ano Cabanillas 2009", *Diario de Arousa*, "Cambados", 12 outubro 2007, p. 16.

Infórmase de que o grupo municipal do BNG de Cambados presentou unha moción na que propón a creación dunha comisión, onde estarán todos os colectivos e institucións cambadeses, que se encargará de organizar os actos do Ano Cabanillas 2009, co gallo do cincuenta aniversario da súa morte, como paso previo á creación dunha fundación.

J.R.S., "Gales e Escocia editan en galego na rede", *Galicia Hoxe*, "Maré", 25 febreiro 2007, p. 32.

Gales e Escocia promove o coñecemento do galego, mediante o uso das novas tecnoloxías; para iso púxose dacordo coas tres universidades galegas e otras de Europa coa idea de crear unha páxina web na que se puidera consultar e aprender todo o que un quixera sobre o galego. Esta idea viuse plasmada na revista "Galicia 21: journal of contemporary galician studies".

J.R.S., "Cultura reparte 'Eles' de Méndez Ferrín en la campaña 'Contos do tren", *El Correo Gallego*, "Cultura", 19 maio 2007, p. 75.

Infórmase da campaña "Contos do tren", na que a Consellería de Cultura reparte contos relacionados co mundo do tren firmados por autores galegos. Dise que, na súa terceira

entrega, repartiu a obra *Eles*, de X.L: Méndez Ferrín, entre os viaxeiros do tren.

J.R.S, "Cultura trabaja para crear una marca comercial gallega propia", *El Correo Gallego*, "Cultura", 20 maio 2007, p. 75.

Anúnciase que a Consellería de Cultura e Deporte está a perfilar unha marca propia, un selo, para os artistas do cómic galego e que se tentará estender a outros sectores como o do libro, a música e o teatro, dado que até agora os artistas ían en solitario, segundo as palabras da Conselleira Ánxela Bugallo.

Kortazar, Jon, "Identidad(es)", *El País*, *"Babelia"*, n.º 789, "Poesía", 6 xaneiro 2007, p. 8.

Detállanse as principais obras de Yolanda Castaño e destácase a súa importancia no panorama lírico galego actual. A seguir céntrase na análise de *Libro de la egoísta* (2006), con tradución da propia autora, do que se indica que presenta unha retórica plural do eu a través de diversas voces coas que reflexiona sobre unha nova dimensión da identidade.

Kruckenberg, María do Carme, "De 'Lembranzas da beleza triste", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 febreiro 2007, p. 35.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Lembranzas da beleza triste*, de María do Carmo Kruckenberg, titulada "Desolador o rumor do silencio...".

Kruckenberg, María do Carme, "De 'As complexas mares da noite", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 marzo 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *As complexas mares da noite*, de María do Carmo Kruckenberg, titulada "EMERXE intacta e húmida...".

Lama, Xavier, "De 'Tigres como Fausto con ollos de bruma", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 xuño 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, de Xavier Lamas, titulado "PERSPECTIVA 2".

Lama, Xavier, "Riso redentor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 xuño 2007, p. 27.

Publícase nesta sección fixa o poema "Riso redentor", de Xavier Lama.

Lamas, Jorge, "Xesús Alonso Montero repasa nun libro a actitude dos escritores galegos ante a Guerra Civil", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 abril 2007, p. 46.

Breve nova na que se informa da presentación d'*Os escritores galegos ante a Guerra Civil española, 1936-1939*, (Galaxia), de Xesús Alonso Montero. Destácase, entre outras características, que na obra recóllense algúns textos inéditos e outros pouco coñecidos da época, que ofrecen unha visión panorámica da problemática moral e política que había.

Lamas, Jorge, "O renacer da ilustración galega", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 237, "En portada", 17 novembro 2007, p. 2.

Dá conta da realización dunha exposición sobre a vida e obra de Xohán Ledo, organizada pola Editorial Galaxia. Nela saliéntase a Ledo como un dos mellores ilustradores e diagramadores galegos e descóbrense segredos importantes sobre a súa persoa, por exemplo,que o seu verdadeiro nome era Ricardo García Suárez. Salienta a súa traxectoria vital até ingresar como colaborador na Editorial Galaxia no ano 1950, o que supón unha modernización da edición bibliográfica en Galicia, e ademais, dá conta da súa faceta de pintor. A continuación explica a estrutura da exposición. En columna á parte, recóllense os comentarios de Fernández del Riego e Gustavo Garrido, comisario da exposición, sobre a figura e a obra de Xohán Ledo.

Larena, Arturo, "Autores vs. contaminación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 marzo 2007, p. 29.

Informa de que Lola Pereira Varela coordinou o I Encontro de Escritores pola Terra, que se celebrou en Granada (Nicaragua), e que concluíu co 'Manifesto de Solentiname', onde os distintos participantes reclamaron compromisos reais co medioambiente por parte dos gobernos, empresas e dos cidadáns.

L.B., "Rosalía de Castro, un recuerdo imborrable", *Diario de Arousa*, 22 febreiro 2007, contracuberta.

Co gallo do cento setenta aniversario do nacemento de Rosalía de Castro e, coincidindo tamén co cento cincuenta da publicación de *La Flor*, a Biblioteca Municipal de Vilagarcía, denominada co nome da escritora, celebra unha exposición bibliográfica das súas obras e tamén dos estudos críticos e biográficos que hai nos fondos da súa biblioteca relacionados con ela e a súa produción.

Lema, Alberto, "Retrato xeracional", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 setembro 2007, p. 31.

Sección fixa na que se recolle o poema titulado "Retrato xeracional", de Alberto Lema.

L.F., "Méndez Ferrín, entre los ponentes del curso internacional sobre patrimonio y turismo", *La Región*, "Celanova", 11 setembro 2007, p. 17.

Nova na que se fai eco da participación de Xosé Luís Méndez Ferrín no seminario "Patrimonio y Turismo. La conservación. Nuevos patrimonios, nuevos conceptos, nuevos usos", dirixido por Mario Crecente e organizado pola Universidade Menéndez Pelayo no mosteiro de San Salvador de Celanova.

L. F., "Homenaxe a Elixio Rodríguez", *La Región*, "Celanova", 7 decembro 2007, p. 15.

Nota referida aos actos que conformarán a homenaxe en honra de Elixio Rodríguez, falecido en xullo en México, organizada pola Asociación Arrainos e a Fundación Galiza Sempre. Apúntase que os actos coincidiran co día do seu aniversario, o 4 de xaneiro, cando este histórico galeguista tería cumprido noventa e oito anos, e que se inaugurará a Praza Elixio Rodríguez, en Grou, Lobios, se presentara a reedición de *Matádeo mañá* e se celebrara un acto público no Instituto de Celanova ao que asistirán Xosé Manuel Beiras e Anxo Quintana.

L.O.C., "Galicia, a forza da palabra", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 180, "Artes", 6 xaneiro 2007, p. 8.

Anuncia que, para conmemorar o seu centenario, a Real Academia Galega organizou na sede da Fundación Caixa Galicia a exposición 'Galicia a forza de palabras', onde, mediante esculturas, pinturas, material bibliográfico e sonoro, analiza o proceso de construción da identidade galega dende o século XIX.

Lois García, Xosé, "Galiza e Portugal no vencello da lusofonía", *A Nosa Terra*, n.º 1285, "Fin de semana", 18-24 outubro 2007, p.32.

Reflexiona sobre as interrelacións entre os intelectuais de Galicia e Portugal aportando un gran número de exemplos de escritores que fixeron mención a Portugal ou a Galicia. Dos escritores galegos destaca, aportando exemplos, a Rosalía de Castro, Pondal, Murguía, Curros, Xeración Nós, Antón Villar Ponte, Xohán Vicente Viqueira e Castelao. Do lado portugués menciona, entre outros, a Teixeira de Pascoaes e a Manuel Oliveira Guerra, que fundou a revista *Céltiga*.

Lomarti, Xoan, "Todos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 xuño 2007, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema "Todos", de Xoan Lomarti.

Lombao, David, "Casatlántica, se o mundo acaba hoxe voume cabrear bastante", *Tempos Novos* , "*Protexta*", n.º 1, "proXectil", inverno 2006/2007, pp. 38-39.

Reseña sobre o blog casatlantica.blogspot.com, do que se recollen ademais toda unha serie de entradas de diferentes días. O autor da crítica sinala que se trata da bitácora dunha muller, mariademallou, "que escribe, e que aínda por riba vai e cóntao". Faino nun blog no que fala de Compostela, de experiencias colectivas ou de períodos de

exames, ata constituír unha especie de libro de viaxes, no que teñen cabida, ademais da propia Galicia, Andalucía e Europa. "Ao cabo, a atlántica é unha Casa de Poeta", resúmese.

Lombao, David, "Literatura e rede. AELG: se non podes co inimigo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 4, "proXectil", outono 2007, p. 30.

Dá conta da inauguración da web da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Explica que esta web nace debido a que, aínda que os editores tiñan certa desconfianza, a demanda de información sobre literatura a través da rede superaba a oferta. Sinala que nesta páxina se pode atopar un apartado chamado "Centro de documentación" onde cada mes se introducirán os datos biográficos e algúns textos dun autor. David Lombao cre que, de todos xeitos, se podería mellorar introducindo son e vídeo, por exemplo.

Lombao, David, "Novos autores, vellos erros", *Tempos Novos*, "*Protexta"*, n.º 5, "ProXectil", "Literatura e rede", inverno 2007-2008, p. 30.

Preséntase esta web como punto de encontro de novos autores xa que aposta pola poesía visual, o foro de debate e un espazo adicado a noticias sobre novidades, certames literarios e eventos poéticos. Como aspecto negativo resáltase o desfase no diseño, a súa estaticidade, sen espazo multimedia e con menús que non facilitan a navegación. Igual acontece coa súa predecesora, a Biblioteca Virtual Galega, coa diferenza que ésta conta cun catálogo de autores clásicos ou consagrados.

Lombardero, Xavier, "Los libros se leen entre semana y el 38% de los gallegos nunca lo hace", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 outubro 2007, p. 34.

Comenta as conclusións da última enquisa de hábitos e prácticas culturais elaborada polo Ministerio de Cultura referida aos anos 2006 e 2007. Destaca, entre outros datos, que o 38% dos enquisados confesa non ler nunca ou case nunca, que a novela é o xénero favorito dos galegos e que o lector medio vive nunha capital de provincia e dedica cento dous minutos cada día ao hábito lector.

Lombardero, X., "Os 'Cantares galegos' de Rosalía volven soar como cantigas da man do grupo Resonet", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 31 decembro 2007, p. 39.

Nota que informa sobre a inclusión de dezasete poemas de *Cantares gallegos* na gravación do último traballo do grupo de música antiga compostelán Resonet. Indícase que na adaptación musical se empregan gaitas, guitarras, violas, frautas, oboes e percursións para acompañar a soprano Mercedes Hernández, nun disco gravado no Museo do Pobo Galego co apoio da Fundación Rosalía de Castro.

López, Ana R., "Las obras del nuevo conservatorio de Ponferrada comenzarán antes del verano", *El Mundo*, "El Bierzo", 25 xaneiro 2007, p. 41.

Recóllense diversas información referidas á entrega dos II premios Xarmenta entre as que destacan ás do presidente da RAG quen sinalou que en próximas edicións a RAG dedicará un Día das Letras Galegas ao poeta berciano romántico Antonio Fernández Morales cuns actos que se desenvolverán no Bierzo.

López, A.R., "O espectador faise un lector", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 xaneiro 2007, p. 32.

Dá noticia da inauguración na Fundación Luís Seoane da Coruña da mostra elaborada por Camilo Franco, 'Palabras contadas', que tamén lle da título á obra que publicou en Xerais. Afirma que o seu obxectivo, nas dúas experiencias, foi amosar que a lectura é o único comportamento cultural que o ser humano fixo instintivo.

López, A. R., "Máis alá do lugar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 xaneiro 2007, p. 27.

Fálase da tradución desde o galego de obras de poetisas actuais. Indícase que serán traducidas ao inglés *m-Talá*, no Reino Unido, e *Charenton*, en Canadá, ambas as obras de Chus Pato, e que Yolanda Castaño traducirá ao portugués *Os teus dedos na miña braga con regra* e que tamén contará con versión española de *O libro da egoísta*.

López, A.R., "Crónica do 'escritor integral", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 febreiro 2007, p. 27.

Fai referencia á presentación en Compostela da novela *Dragona*, de Xavier Queipo, que estivo acompañada pola banda sonora composta para a ocasión por Míster Choco. Despois de comentar brevemente o argumento, recolle as palabras de Queipo nas que se define como un "escritor integral" e nas que xustifica que no sistema literario galego só se comenten as obras que gustan.

López, A.R., "O mercado galego aposta polas traducións con Auster e Jelinek", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 75./"Os andeis cosmopolitas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", p. 31, 27 febreiro 2007.

Repasa os diferentes títulos que se publicarán durante a primavera en Galicia. En primeiro lugar fala da editorial Rinoceronte, que editará traducido ao galego, *Desgraza*, de J.M. Coetzee; *A Casa das belas adurmidas*, do xaponés Yasumari Kawabata e, *Porca Terra*, de John Berger. Logo menciona que Galaxia sacou á venta *Viaxes no scriptorium*, de Auster, ao mesmo tempo que o fixo na súa versión orixinal en inglés e en castelán. Tamén anuncia que publicará o guión literario *The Inner life of Martin Frost*, pertencente á próxima película do escritor, e que Xerais publicará *O que ocorreu despois de que Nora abandonara o seu home ou os piares da sociedade*, de Elfriede Jelinek.

López, A.R., "Son un personaxe literario", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 marzo 2007, p. 27.

Nova na que se informa da asistencia de Marilar Aleixandre á conferencia internacional "Ao fío da lingua", que terá lugar en Budapest e que reunirá a escritores das fronteiras lingüísticas. Dise que o discurso que pronunciará tratará o tema das identidades múltiples, que ela considera como un signo dos tempos actuais e co que se identifica.

López, A. R., S. **Noia** e Montse **Dopico** (coords.), "Escritores: a base da pirámide", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 653, 25 xaneiro 2007, pp. 1-7.

Monográfico que analiza a situación dos dereitos dos escritores en Galicia, a súa profesionalización e a difusión en internet, aportando testemuñas críticas de Marilar Aleixandre, Alfredo Conde, Fran Alonso, Yolanda Castaño, Chus Pato, Diego Ameixeiras, Suso de Toro, Rosa Aneiros, Mónica Campo e Jaureguízar. Infórmase da historia dos dereitos de autor e das variacións na propiedade intelectual entre os países, diferenciando dereito de autor, dereito de explotación e dereito moral. Dise que os problemas de dereitos veñen por a deficiente normalización da lingua e cultura galegas e a escasa consolidación da industria editorial. Aportánse alternativas como Creative Commons ou Copy Left. Pola súa banda, Cesáreo Sánchez, presidente da AELG, salienta como solucións os avances legais para loitar contra a piratería, a necesidade da visibilidade social do escritor como referente social con opinión social e política, a solidez editorial, as novas tecnoloxías con edicións na rede, a creación de centros de documentación, a difusión en internet e a profesionalización.

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "De galicia para Cuba. Damián Rabilero del Castillo/ Olalla Cociña/ José Ovis Jiménez", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 654, 1 febreiro 2007, pp. 1-8.

Ofrécese un proxecto froito dos intercambios que reúne artistas de Santiago de Cuba e Santiago de Compostela. A parella de Rabilero e Cociña encárganse de verter ao galego versos do poeta cubano e fotografías de José Ovis.

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Biorritmos. Lupe Gómez", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 655, 8 febreiro 2007, pp. 1-8.

Ofrécense textos narrativos e poéticos da autora.

López, A. R., S. **Noia** e Montse **Dopico** (coords.), "Alejandro de Finisterre", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 656, 15 febreiro 2007, pp. 1-7.

Monográfico que homenaxea a Alejandro Finisterre ou Alejandro Ramos Ramírez. Faise un percorrido pola súa biografía: inventor do futbolín, exiliado republicano, editor da revista *Ecuador 0º 0' 0"* en México, custodio testamentario da obra de León Felipe

en Zamora, fundador da editorial Finisterre Impresora, redactor do xornal *El Nacional*, membro da RAG e escritor de obras como *Cantos rodados* e *Versos del maquis*.

- Albino Mallo, "A aventura", p. 5.

Entrevista ao homenaxeado na que fala do seu labor no mundo editorial, dende os seus inicios até a Fundación León Felipe e a recuperación do patrimonio literario e persoal de Juan Larrea.

- Manuel Ruiz Torres, "Eu nacín dúas veces", p. 5.

Comenta a faceta editorial, o sentido da orde, a imaxe de xovialidade e desenfado e a anécdota do alcume "Finisterre".

- Nuria Navarro, "Nunca escribín poesía, só versos", p. 6.

Entrevista na que repasa a historia da invención e a patente do futbolín, a creación da revista *Ecuador 0º 0' 0"* e o seu secuestro en Guatemala.

- Juan F. Graduada, "Un editor para os exiliados en México", p. 6.

Salienta a vocación literaria e o interese polas artes gráficas, principalmente coa revista *Ecuador 0º 0' 0"* que difunde poesía, teatro e ensaio literario de escritores hispanoamericanos e exiliados españois e a Colección Perspectivas Españolas que agrupa ensaios sobre exilio, literatura e cultura española.

- Valdemar Cruz, "O pasafolhas", p. 7.

Presenta unha visión panorámica biográfica do finado, parándose nos acontecementos máis salientábeis como a invención do futbolín, a invención en París do "passa-folhas", a fundación da revista *Ecuador 0º 0' 0"* e a edición de textos de León Felipe.

López, A. R., S. **Noia** e Montse **Dopico** (coords.), "8 DE MARZO mulleres en conexión", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 659, 8 marzo 2007, pp. 1-7.

Monográfico dedicado ás mulleres no seu día como traballadoras, no que se dá dunha serie de mulleres escritoras e galegas, unidas por seren "testemuño de solidariedade e de afinidades creativas". A cadea comeza pedíndolle a Lupe Gómez que escolla unha escritora e dea as razóns da súa escolla, até chegar ao nome de Carmen Blanco, coa que se corta a cadea, ao non poder localizala antes de pechar o monográfico. Os nomes encadeados neste número da Revista das Letras son Lupe Gómez-Emma Pedreira-María Reimóndez-MarilarAleixandre-Ana Romaní-Xohana Torres-Pilar Pallarés-Eva Veiga-Marica Campo-Medos Romero-Marta Dacosta-Rosa Aneiros-María do Cebreiro-Chus Pato-Helena de Carlos-Olga Novo-Carmen Blanco.

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Dramaturgos. M. Lourenzo/ G. Pernas/ X: Pisón/ Roi Vidal", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 662, 29 marzo 2007, pp. 1-8.

Despois de facer referencia a que en Galicia nos últimos anos xurdiu unha nova xeración de dramaturgos, acóllense neste monográfico catro textos dramáticos debidos a dramaturgos forxadores do xénero en Galicia (Manolo Lourenzo), outros que conforman a xeración de recambio (Pernas e Pisón) e por último unha voz nova, Roi Vidal. De cada un ofrécese unha breve biografía.

López, A. R. e S. **Noia** (coords.), "IN MEMORIAM Gabriel Ferrater", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 664, 12 abril 2007, pp. 1-8.

Monográfico dedicado a Gabriel Ferrater (1922-1972), ao cumplirse vintecinco anos do seu suicidio. Reprodúcese a tradución de Manuel Outeiriño do seu texto "In memoriam" (pp. 3-8), por ser o seu escrito "máis influínte na Literatura do noso país". Gabriel Ferrater destacou, na Literatura catalana, como poeta tardío, lingüista, tradutor de Kafka e Gombrowicz ao catalán e ao castelán, ademais de como ensaísta e autor da novela negra *Un corpo, ou dous*.

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "¿Que é a poesía?", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 668, 10 maio 2007, pp. 1-7.

Preséntanse as definicións do termo "poesía" de dezasete poetas galegos: Lupe Gómez, Xavier Seoane, Rafa Villar, Fran Alonso, Elvira Riveiro, Manuel Forcadela, Xosé María Álvarez Cáccamo, Carlos Negro, Xosé Lois García, Miguel Anxo Fernán-Vello, María do Cebreiro, Daniel Salgado, Emma Pedreira, Xabier Cordal, María do Carmo Kruckenberg, Antón Dobao e Vicente Araguas. Salientan, a gran maioría, as ideas de poesía como arte, linguaxe, forma de coñecemento ou forma de vida.

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Lupe Gómez/Emma Pedreira", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 672, 10 xuño 2007, pp. 1-7.

Reprodúcese un conxunto de textos a modo de epistolario entre Lupe Gómez e Emma Pedreira, froito dunha experiencia para crear o primeiro libro e-mail da literatura galega, nos que se reflicten acontecementos diarios, conflictos existenciais e sentimentos de amor e que ofrecen unha crónica da amizade e da admiración mutua das escritoras.

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Ourense: o divino roteiro", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 673, 21 xuño 2007, pp. 1-8.

Reprodución do pregón lido por Marcos Valcárcel con motivo da celebración da Feira do Libro en Ourense, no que este escritor ourensán, guiado por Carlos Casares, fai un percorrido por lugares emblemáticos de Ourense. Apunta como, despois de ir ao Liceo, se desprazan ao Espolón da Praza Maior, á casa natal de Alexandre Bóveda, ao Museo Arqueolóxico Provincial, á Praza do Correxedor, a Alameda e, finalmente, ao Paseo, até que Casares se marcha con Vicente Risco. Alude aos ilustres ourensáns nos que se encontra en cada un destes puntos, entre os que están Valentín Lamas Carvajal, Manuel Curros Enríquez, José Ángel Valente, Eduardo Blanco Amor, Florentino López

Cuevillas, Vicente Risco ou Ramón Otero Pedrayo, dos que sinala con quen están a falar e dos temas que tratan, destacándose aqueles de carácter cultural e literario.

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "David Lista. Desenlace", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 674, 28 xuño 2007, pp. 1-8.

Monográfico dedicado ao deseñador e creador interdisciplinar David Lista (Xenebra, 1970), recollendo as series fotográficas *Ícaro*, de 2003 (pp. 4-5) e *European arts*, baseadas nos gravados *L'art arabe, d'après les monuments du Caire*, de Émile Prisse d'Avennes, de 1877, acompañadas de once poemas sen título e numerados (pp. 3-8).

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Francisco Salinas Portugal. Boca de cobra", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 674, 5 xullo 2007, pp. 1-8.

Monográfico dedicado a Francisco Salinas Portugal (Güín, 1955), para recuperar a súa voz tras anos retirado da vida pública, nos que continou a crear sobre todo poemas, ademais de novelas e relatos. Reprodúcense seis textos extraídos dos poemarios inéditos *Boca de cobra* e *O xesto do vencido*: "Mil palabras na boca da cobra", "O amor da cobra", "Os amigos da infáncia", "Renúncio aos poetas da miña terra&cobra", "Carta de amor sen endrezo" e "Tres impresións de 'hóspede do museu", dividido en tres partes con numeración romana.

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Daniel Salgado. Ofensiva", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 679, 19 xullo 2007, pp. 1-7.

Monográfico dedicado a Daniel Salgado (Monterroso, Lugo, 1981), no que os poemas presentan o xénero lírico como "o cascallo dunha civilización fracasada e as costuras rebentadas da linguaxe". Reprodúcense os seguintes poemas: "por un poema en ofensiva..." dividido en oito partes con numeración romana, "Asfalto", "Chris Marker", "Ser de esquerdas...", "Os helicópteros están a arder...", "O sabor do sake..." e "Arte poética '07...".

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Mario Regueira", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 680, 26 xullo 2007, pp. 1-8.

Despois de ofrecer uns datos biográficos sobre Mario Regueira (Ferrol, 1979), reprodúcese uns textos narrativos do autor.

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Andrés Ajens", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 681, 2 agosto 2007, pp. 1-8.

Despois de ofrecer datos profesionais de Andrés Ajens, reprodúcese uns textos poéticos do autor que supoñen o primeiro contacto co mundo editorial galego.

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Víctor F. Freixanes", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 683, 16 agosto 2007, pp. 1-8.

Despois de ofrecer uns datos biográficos sobre Víctor F. Freixanes, reprodúcese uns textos narrativos do autor e unha entrevista titulada "O caciquismo é o resultado da incultura" na que o entrevistado bota de menos, por exemplo, a gran novela da emigración e fala sobre os seus proxectos, os seus gustos, a relación co alumnadoe referencias ao estado, futuro da lingua galega e da sociedade.

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Manuel Outeiriño. Boas lenturas", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 684, 23 agosto 2007, pp. 1-8.

Monográfico dedicado a Manuel Outeiriño (Ourense, 1962), no que se reproducen algúns dos seus últimos poemas, unidos pola ironía e súa obsesión lírica de "converter a poesía nunha experiencia de sonoridade conceptual". Aparecen reproducidos os seguintes poemas: "Do amargo invernal...", "Botan fume as palabras...", "Leiras e lerias...", "Prás medras...", "Sen cabo...", "Reiniciar...", "Helena á sombra dun carballo inmenso...", "Horticultura...", "Música mesta...", "Apalambrado...", "Bruar...", "Busca e captura (de imaxes perdidas)...", "Na brétema...", "O do estrés...", "Decalàge...", "Xeración uns...", "Boas lenturas..." e "Pasmo de Compostela..."].

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Alberto Lema", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 685, 30 agosto 2007, pp. 1-7.

Monográfico dedicado a Alberto Lema, con motivo de que vai presentar o seu primeiro poemario, que ha saír do prelo publicado baixo o título *Plan de fuga*. Saliéntase que foi escrito tras ler a Rimbaud, pero que este poemario ten na novela o "seu ámbito literario natural". Como liñas básicas do mundo de Alberto Lema apúntanse "a experiencia dunha xeración marcada pola precariedade laboral e a rebeldía, a paixón do impulso ideolóxico e o seu compromiso emocional". A seguir, reprodúcense os poemas "Crónica do chan", "Sete e media, Lázaro", "Colombia capital Cambados", "Ítaca", "Tara" e "Retrato xeracional".

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Germán Sierra. Standards", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 689, 7 setembro 2007, pp. 1-7.

Monográfico dedicado a Germán Sierra (Compostela, 1960), neurólogo que escribe habitualmente en castelán. Reprodúcense, dende hai anos, na *Revista das Letras*, fragmentos da súa obra en galego. Nesta ocasión trátase dos fragmentos "1966" e "2006" da súa próxima novela, titulada provisionalmente *Standards*.

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Manuel Forcadela", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 687, 8 setembro 2007, pp. 1-7.

Despois de ofrecer uns datos biográficos sobre Manuel Forcadela (Tomiño, 1959), reprodúcese uns textos poéticos do autor.

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Xoán Abeleira. O home que non lle temía ao mercurio", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 688, 20 setembro 2007, pp. 1-7.

Monográfico dedicado a Xoán Abeleira (Maracai, Venezuela, 1963), poeta e tradutor en castelán e en galego. Neste monográfico, reprodúcese unha escolma dos seus últimos poemas, concebidos baixo o obxectivo vital e literario de "devir nun poeta primitivo". Aparecen os seguintes poemas: "OAN ANKÉN...", "PEDRAS DA ALMA...", "TIMANFAYA. Montañas de fuego...", "PASAMENTO. Sipe bardo...", "BHAVANA...", "ANTESOÑO...", "IDILIO...", "BISONTE BRANCADO. Cova de Alatamira...", "SETE LAIAS SOBRE A PROPIA MORTE...", dividido en sete partes con numeración romana, "8 DE MARZO...", "DOLMEN DA CORVEIRA...", "APAÑA AMORAS..." e "XALUNDES...". Algúns dos poemas van precedidos de citas literarias e outros aparecen dedicados.

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Rita Rodríguez", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 690, 4 outubro 2007, pp. 1-7.

Monográfico dedicado á performer Rita Rodríguez. Contén unha pequena presentación da artista sen sinatura; a seguir, insírese un prego coa seguinte inscrición: "Rompe este prego en mil pedazos e arróxaos pola fiestra". Remata cun pequeno texto lírico sobre Rodríguez asinado por Laura S. García.

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Suso de Toro", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 691, 11 outubro 2007, pp. 1-7.

Despois dunha breve biografía, ofrécense un conxunto de relatos do autor compostelán nacido en 1956.

López, A. R. e Montse **Dopico** (coords.), "Roumain, o legado da negritude", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 699, 13 decembro 2007, pp. 1-7.

Neste número, a *Revista das Letras* (RdL) presenta un monográfico no cal pretende celebrar o centenario do nacemento de Jacques Rouman, autor que describiu unha traxectoria onde a política, a etnografía e a literatura son inseparábeis. A introdución, onde se nos perfila a etapa e a vida deste autor, e a tradución de "Lordas negras", un extenso poema onde os negros se manifestan contra o colonialismo, corren da man de Xosé Lois García.

López, A. R. e Montse **Dopico** (coords.), "700", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 700, 20 decembro 2007, pp. 1-8.

Con motivo de acadar a publicación do seu número 700 e case dezasete anos da saída do primeiro, a *Revista das Letras* (RdL) pídelles aos seus colaboradores habituais que

fagan memoria do que facían daquela cando a Guerra do Golfo. Así pois, Pepe Coira, Isabell Bugallal, Xabier Cordal, Xavier Queipo, Herminio Barreiro, Lupe Gómez, Roberto González Fernández, Lidia Teixeiro, Xosé María Álvarez Cáccamo, Manuel Outeiriño, Antón Patiño, Dolores Vilavedra, Oriana Méndez, Berta Cáccamo, Juan de Nieves, Soedade Noia, Ana Romaní e Manolo Martínez, teñen o seu espazo neste suplemento.

López, Belén, "L'Harmattan publica en francés unha obra de Arturo Ruibal", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 14 febreiro 2007, p. 82.

Faise eco da publicación da tradución da obra dramática *El jugador de billar*, de Arturo Ruibal. Tamén se menciona que se está a traducir a peza dramática *Piel de artista* do mesmo autor. Recóllense as impresións do autor que tamén repasa os protagonistas e a trama da historia. Finalmente saliéntase da obra que "é unha reflexión sobre o poder e o mundo da política".

López, Belén, "Rosa Aneiros gaña o Fernández del Riego", *Diario de Pontevedra*, "viviraQui", 20 marzo 2007, p. 74.

Faise eco do acto, celebrado no Centro Social de Caixanova de Pontevedra, no que se anunciou que Rosa Aneiros obtivo o Premio Francisco Fernández del Riego de Xornalismo en lingua galega polo artigo "A última vaca", publicado o un de agosto de 2006 no *Diario de Pontevedra*, *El Progreso* e *Diario de Ferrol* que fala da transformación do mundo a través das vacas. No mesmo evento tamén se deu a coñecer o galardonado co Premio Julio Camba, (idéntico ao anterior pero en castelán), a Felipe Benítez Reyes polo traballo "El tiempo y el paraíso", publicado no suplemento *Dominical* o 7 de maio de 2006. Finalmente aporta a lista dos membros do xurado e algunhas das súas impresións sobre os premiados, así como a tendencia a premiar ao xornalismo literario.

López, Belén, "Versos con 'miga", *Diario de Pontevedra*, "aContraportada", "historias", 1 maio 2007, contracuberta.

Nota que informa da inauguración da iniciativa 'Pan con poesía' na panadería Palacio de Pontevedra a cargo da poetisa María do Carme Kruckenberg. Dise que, con esta proposta, a Concellería de Cultura pretende achegar a literatura á cidadanía mediante a impresión de poemas nas bolsas de pan e que se trata dunha iniciativa itinerante que percorrerá as comarcas galegas.

López, Belén, "Galicia ferve de creatividade", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 11 maio 2007, p. 80-81.

Informa do acto de presentación en Pontevedra da Feira da Edición e da Industria Cultural Galega, 'Cultur.gal', na que participaron o director do evento, Roberto Pérez, diversas autoridades políticas, e o dramaturgo Quico Cadaval, que realizou un discurso

alarmista sobre a situación actual do galego, que contrastou co que efectuaron o resto dos persoeiros, que ofreceron un panorama bastante optimista.

López, Belén, "Cultur.gal pecha con 10.000 visitas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 14 maio 2007, p. 67.

Dá conta do acto de clausura da Feira da Edición e da Industria, 'Cultur.gal', organizado pola Asociación Galega de Editores coa colaboración das Consellerías de Cultura e de Educación en Pontevedra. Alfonso García Sanmartín e Fran Alonso, presidente e vicepresidente da AGE, xunto con Roberto Pérez Pardo, director do evento, realizaron un balance informando que houbo cento trinta actos culturais entre os que se destacan cinco lectura públicas, presentacións de oito discos, trinta e cinco actividades para nenos, mesas redondas e exposicións. En resumo amósanse moi optimistas e, nun epígrafe a parte, sinalan que non saben a localización da vindeira edición.

López, Belén, "Ferrín colabora con Leopoldo Nóvoa no álbum do artista 'Albh", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 26 setembro 2007, p. 75.

Comenta a presentación no Marco de Vigo do álbum *Albh*, formado por cinco serigrafías de Leopoldo Nóvoa acompañadas por un poema de Xosé Luís Méndez Ferrín. Indica, logo de apuntar que a edición está formada só por vinte exemplares, que o editor, Nelson Villalobos, foi tamén quen ideou a obra e describe a súa xénese laboriosa ao empregar métodos artesanais. Remátase apuntando que o taller de Villalobos está especializado en traballos de serigrafía artística, baseado en reproducir e estampar obras de arte en edicións limitadas.

López, Belén, "Había un vello xornal en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", 11 decembro 2007, p. 76.

Anuncia a presentación do libro de Miguel Boó *La Correspondencia Galega e o desastre do 98* un traballo xornalístico sobre esta cabeceira pontevedresa durante o ano 1898.

López, Cristina, "A 'inmellorable posición' dun arte innato á terra", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 novembro 2007, p. 50.

Dá conta da celebración da primeira sesión do I Encontro de Poesía Galega, celebrado en Lugo e organizado por Ignacio Elguero, director e presentador do programa de radio *La estación azul*. Indica que os participantes da primeira sesión foron Yolanda Castaño, María do Cebreiro, Suso Pensado, Claudio Rodríguez Fer e Luz Pozo Garza, os cales dialogaron sobre se a poesía galega está a vivir unha época dourada. Deseguido, dá conta dos poemas que leron cada un deles, e sinala que os políticos que inauguraron o acto tamén citaron versos de Rosalía de Castro e de Lorenzo Varela.

López, Elizabeth, "París contempla los vínculos galleogs de Cortázar a través de una muestra", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 13 xaneiro 2007, p. 41.

Achega información sobre a inauguración en París da exposición 'El viaje infinito', que recolle as imaxes máis representativas de Julio Cortázar, que foron cedidas temporalmente pola Xunta de Galicia, que é a propietaria do seu legado fotográfico e fílmico logo de que a primeira dona do escritor o doara a Galicia en 2005.

López, Pablo, "Díaz Pardo recordó en un acto los hechos históricos que vivió", *La Opinión*, "A Coruña", 23 xaneiro 2007, p. 14.

Infórmase que, co obxectivo de homenaxear a Isaac Díaz Pardo, a Universidade da Coruña organizou un ciclo no que, ademais de celebrar varias conferencias e coloquios, vai nomealo Doutor Honoris Causa. Sinálase que tamén terá lugar unha ofrenda floral diante da estatua de seu pai e que a Asociación de Escritores en Lingua Galega vai galardoalo co premio 'Os bos e xenerosos'.

López, Pablo, "La biblioteca sale a la calle", *La Opinión*, "A Coruña", 25 outubro 2007, p. 14.

Co gallo da celebración do Día da Biblioteca, infórmase de que a dirección da Biblioteca da Deputación organizou visitas guiadas polas diferentes salas do edificio e colocou un posto informativo na rúa Riego de Agua para, ademais de aportar información sobre o edificio e os diferentes servizos que oferta, aumentar a lista dos socios. Tamén se describe como se foi desenrolando a xornada.

López, Uxía, "La Fundación Cela revindica la galleguidad del autor de Iria Flavia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 xaneiro 2007, p. 47.

Dá conta da inauguración da vixésima exposición que ten lugar na Fundación Camilo José Cela, logo do seu pasamento, do que se cumpren cinco anos. Sinala que está dedicada á "relación tan extensa como intensa" que tiña con Galicia. Comenta o acto de inauguración, ao que acudiu a viúva, Marina Castaño e a Conselleira de Educación. A continuación explica que na mostra poderase apreciar unha parte do epistolario do escritor que trata temas galegos e que está formado por un millar de cartas. Logo informa de que a editorial Alvarellos publicou a obra *Retorno a Iria Flavia*, onde se recolle unha selección de textos de temática gallega seleccionados pola profesora Olivia Rodríguez.

López, Xavier e Antonio **Piñeiro**, "De 'Tránsitos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 marzo 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Tránsitos*, de Xavier López e Antonio Piñeiro, titulado "As batallas verticais".

López Gómez, Xesús Anxo, "Malos tempos, señor Manet", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 14 agosto 2007, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Xesús Anxo López Gómez, "Malos tempos, señor Manet".

López Marqués, Xavier, "De 'A lúa nun ichó", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 setembro 2007, p. 24.

Sección fixa que acolle un poema d'*A lúa nun ichó*, de Xavier López Marqués, titulado "Hai mañás nas que dicir".

Lorenzo Gil, César, "Editores de pensamento", *A Nosa Terra*, n.º 1252, "Cultura", "Ler ensaio en galego", 18-24 xaneiro 2007, p. 24.

Repasa as novidades editoriais que apareceron no eido do ensaio comezando cunhas palabras de Carlos Lema, director de edicións de Galaxia, nas que, ademais de realizar unha breve reflexión sobre ese xénero, salienta o compromiso que ten a súa editora co ensaio, destacando a colección específica que teñen na que ven a luz os textos gañadores do Premio Ramón Piñeiro. A seguir, César Lorenzo Gil, anuncia tamén que proximamente, tamén en Galaxia, se publicaran *Arte e parte* de Xurxo Borrazás e un volume sobre xornalismo de Carlos G. Reigosa. Logo recolle a opinión de Francisco Pillado, director de Laiovento, que destaca que, na súa colección, ten vertido ao galego a obra do esloveno Slavoj Zizek e tamén a de Noam Chomsky e anuncia que xa editou *Lingua, nación e identidade*, de Xosé Ramón Freixeiro Mato, e que pronto sairán: *Alexandre Bóveda. Na demanda da restauración*, de David Otero; *Do tempo e dun país*, de Manuel Caamaño; *A vangarda da presenza e outros escritos colectivos situacionistas*, editado por Xesús González Gómez; *A construción da identidade. Reflexións sobre o pasado e sobre o presente*, de Josep Fontana;a tradución d'*O mito da alma*, de Gonzalo Puente Ojea e, por último, cita a reedición aumentada e corrixida d'*O carlismo en Galicia*, de Xosé Ramón Barreiro Fernández.

Lorenzo Gil, César, "As moitas voces da poesía", *A Nosa Terra*, n.º 1270, "Cultura", 31 maio-6 xuño 2007, p. 24.

Realiza un percorrido polas novidades editoriais que se dan no mundo da lírica destacando, en primeiro lugar, que as tendencias da poesía actual non se poden adscribir claramente a unha escola poética determinada xa que hai unha gran variedade de nomes, estilos, intereses e idades. A continuación destaca e comenta brevemente *Manual do misántropo*, de Xosé Antón Cascudo, primeiro premio do Certame Galego de Creadores Novos GZCrea 2006, e o volume colectivo *Isto é un poema e hai xente detrás*, que recolle o resto dos premiados. Dise que as dúas obras están coeditadas pola Xunta de Galicia e Espiral Maior. Esta última empresa tamén publicou *Ortigas*, de Xiana Arias Rego, que obtivo o Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé 2006 convocado polo Concello de Fene e *A ollada de Astarté*, de Pura Salceda. César

Lorenzo Gil finaliza comentando *As horas de María* de Paco Souto, que acadou o 'Johán Carballeira' 2006, convocado polo Concello de Bueu, e *Mar aberto*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro, que gañou o premio 'Cidade de Ourense'.

Lorenzo Gil, César, "Mariñán, capital da literatura", *A Nosa Terra*, n.º 1270, "Cultura", 31 maio-6 xuño 2007, p. 25.

Anuncia o comezo dos IV Diálogos de Mariñán, organizados pola Fundación Carlos Casares, coa colaboración da Deputación da Coruña, a Xunta de Galicia e Caixa Galicia. Sinala que, nesta edición, están dedicados ao estado das letras peninsulares e a poesía de muller e aporta o programa de actos.

Lorenzo Gil, César, "Dúas enciclopedias universais en galego", *A Nosa Terra*, n.º 1271, "Cultura", 7-13 xuño 2007, p. 24.

Reflexiona sobre se é viábel unha enciclopedia en papel na actualidade e aporta abundante información sobre a EGU, (Enciclopedia Galega Universal), realizada pola editorial Ir Indo e tamén da Diciopedia, que xurdiu do Proxecto Século XXI, que engloba as editoriais Galaxia, Do Cumio e Do Castro. Todos os editores coinciden en afirmar que, aínda que os distintos soportes informáticos avanzaron moito, as enciclopedias en papel sobrevivirán, ao igual que o fixo a radio logo da chegada da televisión. Tamén sinalan que tentarán acadar maior rendibilidade en papel para elaborar a obra na rede, que tería o beneficio de poder estar permanentemente actualizada.

Lorenzo Gil, César, "As páxinas galegas de Pamuk, Berger e Schlink", *A Nosa Terra*, n.º 1.273, "Cultura", "Novidades en tradución", 21-27 xuño 2007, p. 24.

Artigo dedicado a dar a coñecer as novidades en tradución que presentan as editoriais galegas. Indícase que Xerais presenta *Terrorista*, de John Updike; e, dentro do campo da literatura infanto-xuvenil, *A noite que Wendy aprendeu a voar*, de Andreu Martín; *O escaravello de Ouro e outros contos*, de Edgar Allan Poe, e *O can dos Baskerville*, de Arthur Conan Doyle, entre outros. Da editorial Sotelo Blanco dise que prepara unha tradución do catalán Quim Monzó, mentres que Galaxia tamén ten novidades internacionais que presentar como *Non me deixes nunca*, de Kazuo Ishiguro; *O retorno*, do alemán Gerhard Schlink; *O castelo branco*, de Orhan Pamuk, premio Nobel de Literatura; *A vida íntima de Martin Frost*, de Paul Auster, que consta do guión de filme do mesmo nome; *As mágoas do mozo Werther*, de Goethe; e *Tres contos*, de Gustave Flaubert.

Losada, A., "Impulsarán unha nova plataforma de apoio aos traballadores do IGI", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 75/"O IGI pasará á acción", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", p.27, 9 maio 2007.

.

Faise eco da constitución da plataforma de apoio a Isaac Díaz Pardo formada, entre outros, por Xesús Alonso Montero, Francisco Pillado Maior, Xosé Luís Axeitos e Xosé

Manuel Beiras. Sinálase que tamén ten como obxectivos dar a coñecer a situación do Instituto Galego da Información (IGI) á sociedade, facerlle presión ao Grupo Sargadelos, que é o propietario, e solidarizarse cos trece empregados represaliados pola nova dirección. Cítanse tamén os destacados persoeiros do mundo da cultura que tamén asistiron ao acto e menciónanse diferentes medidas de presión que a nova dirección do grupo emprega co IGI.

Losada, A., "Remata o seu silencio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", p. 27./"Luis G. Tosar volve á poesía co libro *Estúrdiga materia*", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 76, 19 outubro 2007.

Anunciase a publicación do libro *Estúrdiga materia*, de Luis G. Tosar, poeta e presidente do PEN Clube de escritores de Galicia, nun volume de luxo ilustrado por Manuel Quintana Martelo e prologado por X. L. Méndez Ferrín na editorial Galaxia. Fálase do infarto que sufriu no ano 2006 e que supuxo apurar a edición da obra. Destaca que a obra "bebe" da ironía e do distanciamento, pero con intres de lirismo e que nela, como é habitual no escritor, hai unha gran cantidade de "léxico rural". Finalmente, Tosar critica as novas xeracións de escritores galegos por considerarse xenios e exceptúa a Daniel Salgado, Olga Novo e Antón Lopo. Faise unha pequena nota biográfica coa mención das obras e premios acadados polo escritor.

Losada, Óscar, "Milladoiro canta a Manuel María", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 495, 13 xaneiro 2007, p. 1/"Milladoiro edita o disco no que cantan os poemas de Manuel María", *La Opinión*, "Cultura", 8 xaneiro 2007, p. 47.

Anúnciase que o grupo Milladorio, a petición dunha asociación que traballa para preservar a memoria de Manuel María, acaba de editar un disco, que ten colaboracións de Laura Amado, Luís Tosar e Mabel Rivera, no que cantan diferentes poemas do escritor, como "Os meus aoutonos", "Teu corpo delgado", "Chinelas", "O castrapista", "Ese breve ronsel", "Canción da noite", "Labrego", "Galicia era unha brétema mollada" e "Unha estrela por guía". Tamén informa de que a editorial Galaxia publicou *Milladorio. A Galicia de Maeloc*, no que aporta un percorrido fotográfico pola historia do grupo.

Losada, Óscar, "Resonet realiza unha adaptación dos 'Cantares galegos' de Rosalía", *La Opinión*, "Cultura", 24 decembro 2007, p. 60.

Nota que informa sobre a gravación dun traballo do grupo de música antiga Resonet que recolle a adaptación de textos de *Cantares gallegos*, entre eles, "Airiños, airiños, aires", "Campanas de Bastavales", "Adiós ríos, adiós fontes" e "Como chove miudiño". Entre as fontes utilizadas menciónanse o *Cancionero gallego* de Eduardo Martínez Torner e Xesús Bal y Gay, *O cancionero musical de Galicia*, de Casto Sampedro e Folgar, e o *Cancioneiro* de Perfecto Feijoo. Indícase tamén que a dirección musical corre a cargo de Fernando Reyes e que o proxecto será editado polo selo Ouvirmos.

Loureiro, Ramón, "Os intelectuais volven ao Camiño de Santiago para lembrar a Casares", *La Voz de Galicia*, "Sociedad", 30 marzo 2007, p. 34.

Dá conta da peregrinación que realizarán dende o Cebreiro a Santiago diversas personalidades do mundo da cultura para revivir a que realizaran en 1992 con Carlos Casares. Indica que participarán, entre outros, o editor Bieito Ledo, Alfredo Conde, Antón Pulido, Manuel González, Antón Santamarina, Antonio Arenas, Xesús Ferro Ruibal, así como representantes do sector vitivinícola, médicos, notarios e o Presidente da Fundación dos Premios da Crítica Xosé González Martínez. Sinala que algúns xa foran con Casares e conclúe explicando a ruta que seguirán.

Loureiro, Ramón, "Tras las huellas de tinta de Castelao", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 abril 2007, p. 52.

Nota na que se fai eco dos resultados do estudo dos manuscritos de Castelao realizado por Germán Belda Gacía-Fresca e publicado no boletín da Sociedade Galega de Grafoloxía, dirixido por José Ramón Vázquez Martínez. Indícase que a personalidade do escritor era san e nobre, cunha gran fortaleza de carácter e primaban os procesos lóxicos e dedutivos sobre a intuición, pero tamén mandaba a consideración do afectivo e os sentimentos sobre a razón. Así mesmo posuía un elevado gusto pola sinxeleza e a busca duns ideais localizados nun contexto de certa utopía.

Loureiro, Ramón, "César Antonio Molina dona a la Diputación coruñesa los 50.000 volúmenes de su biblioteca", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 abril 2007, p. 48.

Faise eco da doazón realizada polo Director do Instituto Cervantes, César Antonio Molina, á Deputación da Coruña da súa biblioteca persoal, formada por máis de cincuenta mil volumes, nos que se inclúe o seu epistolario.

Loureiro, Ramón, "Xulio López Valcárcel, incluído en Italia nunha antoloxía da poesía do século XX", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 abril 2007, p. 49.

Dá conta da inclusión de Xulio López Valcárcel (Lugo, 1953) nunha antoloxía da lírica do século XX realizada polo italiano Edoardo Esposito, xunto cos poetas Juan Ramón Jiménez, Vicente Aleixandre, Pessoa, Borges, Pasternak e Neruda. Sinala que este feito xustifica a gran proxección exterior do escritor e recolle as súas impresións.

Loureiro, Ramón, "A rede, territorio literario", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 231, "Blogs", 6 outubro 2007, p. 15.

Repasa os principais temas de conversa que están activos nos blogs "Cabaret Voltaire", de Santiago Jaureguizar (www.cabaretvoltaire.canalblog.com); "Brétemas", de Manuel Bragado (www.bretemas.blogspot.com); "A canción do náufrago II", de Francisco

Castro (www.blogoteca.com/franciscocastro); "Xabier do Campo", de Xabier do Campo (xabierdocampo.net/blog); "As uvas na solaina", de Marcos Valcárcel (www.asuvasnasolaina.blogspot.com); "Trasalba" (www.trasalba.blogspot.com) e, "O levantador de minas" (www.olevantadordeminas.blogaliza.org).

Loureiro, Ramón, "Ferrolterra, Mondoñedo e Terra Chá lembran a Xosé Crecente Vega cunha ruta literaria", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 8 outubro 2007, p. 31.

Neste artigo faise mención da ruta literaria realizada como tributo ao autor de *Codeseira*, Xosé Crecente Vea. Esta xornada de homenaxe concluíuse cunha mesa redonda sobre a vida e a obra do autor.

Lozano, Pilar, "Recuperar la alegría de leer y escribir", *El País*, "Cultura", 30 xaneiro 2007, p. 48.

Co gallo da clausura do "Hay Festival", que ten lugar en Cartagena de Indias, afirma que un dos seus maiores encantos é que baixa do pedestal aos escritores poñéndoos a dialogar cos cidadáns de a pé e realiza un repaso polas diferentes conferencias que se impartiron, entre elas a de Manuel Rivas, que recitou en galego e relatou algunhas anécdotas.

L.R., "Falleció Alvarado, periodista y director teatral", *La Región*, "Ourense", 21 marzo 2007, p. 6.

Informa do falecemento do xornalista Segundo Alvarado Feijoo-Montenegro, que foi funcionario da Deputación, periodista, crítico de arte, director de teatro e poeta. Eloxia a súa faceta de xornalista no diario *La Región*, entre outros, e destaca que era un gran conversador que tiña entre a nómina dos seus amigos a Otero, Risco, Cuevillas ou Xocas e repasa a súa actividade no eido da cultura. Reprodúcese un artigo do finado en memoria do admirado Antón Risco.

L.R., "La cultura añora al escritor y al hombre", *La Región*, "Ourense", 21 marzo 2007, p. 7.

Faise eco das diferentes opinións que xerou o falecemento de Segundo Alvarado, ao que todos definen como un gran dinamizador cultural, divulgador dos "valores ourensáns" e gran conversador e recolle as palabras de eloxio de diferentes personalidades políticas, como José Luis Baltar, e intelectuais, como Abelardo Pérez Gabriel, Víctor Campio ou Eduardo González.

L.R., "Adiós a Alvarado en el día de la poesía", *La Región*, "Ourense", 22 marzo 2007, p. 10.

Faise unha relación das distintas personalidades institucionales e culturais que acudiron ao sepelio de Segundo Alvarado, definido como "memoria histórica da cidade", no Día

Mundial da Poesía.

L.R., "Amigos y familiares de Segundo Alvarado homenajean al escritor con una misa en Coles", *La Región*, "Ciudad", 31 marzo 2007, p. 13.

Breve nova na que se indica que os amigos e familiares de Segundo Alvarado ofrecerán unha misa na súa honra na parroquia de San Eusebios, (Coles), onde se desenrolou unha gran parte da súa adolescencia.

L.R., "Vintecinco ilustradores galegos poñen cor aos poemas de Rosalía de Castro", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 8 abril 2007, p. 27.

Dá conta da exposición que percorre diversos concellos galegos e que está organizada pola Fundación Caixa Galicia, "Rosalía Ilustrada", que contén vinte e cinco poesías pertencentes a *Follas Novas*, *Cantares Gallegos* e *En las orillas del Sar*, que están acompañadas por unha ilustración relacionada co contido do poema. Afirma que o seu obxectivo é achegarlle a figura de Rosalía de Castro aos nenos e, para tal fin, tamén se elaboraron fichas didácticas e un gran número de actividades para realizar na visita á exposición.

L.R., "Los panaderos de la comarca repartirán bolsas con versos de María Xosé Queizán", *La Región*, "Valdeorras", 21 abril 2007, p. 16.

Nova na que se informa de que as bolsas de pan que repartirán as panaderías dos Concellos de 'O Barco', 'A Rúa', 'Vilamartín', 'Ruibá', 'Petín', 'Larouco', 'A Veiga' e 'Carballeda de Valdeorras' levarán impresos versos de Mª Xosé Queizán. Sinálase que esta iniciativa enmárcase dentro do proxecto 'Pan con poesía', da Consellería de Cultura e Deporte e anuncia o acto de presentación, que terá lugar na sede do Concello do Barco.

L.R., "La literatura ensalza el misterio de los 'maios", *La Región*, "Ciudad", 4 maio 2007, p. 14.

Destaca o gran número de escritores de Ourense que empregaron nos seus escritos o tema dos Maios e destaca a Ben Cho Sey, que publicou artigos relacionados no diario *El Pueblo Gallego* e en *Galicia Emigrante*. Tamén se cita a Vicente Risco, Florentino Cuevillas, Curros, Otero Pedrayo e Xocas. Finaliza destacando que a forma poética empregada maioritariamente é a copla.

L.R., "Os versos dos poetas animan o 'Roteiro de Manuel María", *La Región*, "Carballiño", 6 maio 2007, p. 26.

Nota na que se informa de que o Festival Orcellón Fala e Canta concluíu co "Roteiro de Manuel María", organizado pola Agrupación Avantar, no que diferentes poetas locais e

amigos do escritor recitaron diferentes versos do poeta mentres percorreron lugares emblemáticos da vila.

L.R., "Vintecinco ilustradores galegos poñen cor aos poemas de Rosalía de Castro", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 6 maio 2007, p. 29.

Anuncia e describe a exposición de Pepe Cáccamo que ten lugar no Auditorio de Vilagarcía titulada "Underwood", e formada por trinta e oito pezas artísticas. Máquinas de escribir

L.R., "Pepe Cáccamo transforma os instrumentos da palabra en esculturas con vida propia", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 6 maio 2007, p. 29.

Dá conta da exposición 'Underwood' que ten lugar no Auditorio de Vilagarcía e que recolle trinta e oito pezas de Pepe Cáccamo, nas que se mestura a escultura co mundo poético, as máquinas de escribir e libros antigos (esnaquizados, recompostos ou esgazados), transfórmandoos en novas pezas ao mestúralos con diferentes materiais como un tronco, un escaravello, etc. Afirma que o seu obxectivo é chamar a atención sobre a palabra e comenta as máis salientábeles.

L.R., "La poesía se hace fuerte en Salvaterra", *La Región*, "Verano", 31 agosto 2007, p. 31.

Dá conta da celebración do XXI Festival de Poesía no castelo de Salvaterra do Miño, organizado pola Sociedade Cultural e Deportiva do Condado co obxectivo de recuperar a memoria histórica na loita antifascista. Destaca a riqueza e a variedade do programa que inclúe diversos recitais poéticos, actuacións musicais, exposicións pictóricas e proxeccións audiovisuais.

L.R, "La Asociación Galega da Lingua recuerda al escritor alaricano Marcial Suárez", *La Región*, "Ourense", 14 novembro 2007, p. 8.

Informa que a Asociación Galega da Lingua vai desenvolver unha serie de actividades para promover a cultura galega. Entre elas, salienta a charla e o recital poético de Manuela Ribeira e Isaac Alonso Estraviz sobre a vida do escritor Marcial Suárez e sobre a súa obra *O acomodador e outras historias*. Ademais, indica que a Asociación puxo en marcha o primeiro "Roteiro literario-cultural por Galiza", co que se pretende dar a coñecer aos autores galegos máis esquecidos.

L.R., "Escritores lusos y gallegos rinden tributo al patrimonio artístico y natural de A Limia", *La Región*, "A Limia", 24 novembro 2007, p. 21.

Dá conta da celebración dos Espazos Literarios da Limia, organizados pola Consellería de Cultura e mais o Ministerio de Cultura portugués, e comenta o programa que se levará a cabo.

L.R., "Un paseo literario con Cibrán 'o castizo", *La Región*, "Ciudad", 11 decembro 2007, p. 12.

Faise eco da lectura colectiva d'*A Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, e do paseo literario polo casco vello de Ourense, organizado pola Sección de Literatura do Liceo, seguindo os pasos dos seus protagonistas. Finalment saliéntase a importancia de Blanco Amor e a súa obra, que será traducida ao francés e italiano.

L.R., "El Centro de Cultura Popular do Limia rinde homenaje a Xaquín Lourenzo", *La Región*, "A Limia", 29 decembro 2007, p. 19.

Anuncia a presentación da reedición do libro de Xaquín Lourenzo, *Vila de Calvos de Randín,* durante un acto de homenaxe, ao se cumprir o centenario do seu nacemento. Sinala que este é o traballo máis completo sobre Vila de Calvos de Randín e lembra que a súa publicación data de 1930. Por outro lado, salienta que este estudo serviu de modelo a outras monografías posteriores.

L.R., "Piñeiro adquiere la casa de Dieste y anima a Baltar a que negocie la venta de la de Castelao", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", 29 decembro 2007, p. 29.

Anuncia a compra da casa de Rafael Dieste como parte do ambicioso proxecto da Academia Literaria, auspiciado polo Concello de Rianxo e que busca incluír a citada casa, a de Manuel Antonio e a de Castelao. Sinala que con esta Academia se quere crear unha rede de museos, profundar e investigar na obra dos tres escritores e fomentar a súa promoción, ademais da de todo o espazo literario da Segunda República para poñelos en valor non só no municipio senón en todo o mundo. Tamén se comenta que, tras conseguir a casa de Dieste e Manuel Antonio, agora a dificultade radica en adquirir a de Castelao.

L.R.I., "Cen anos de historia", *La Región*, "Centenario do Himno Galego", 28 decembro 2007, p. 30.

Repaso pola xénese que deu lugar á creación da música e do texto do himno galego, froito do traballo conxunto de Eduardo Pondal e Pascual Veiga no ano 1890. Sinálase que se publicou por vez primeira o 22 de maio de 1890 nun pasquín do certame musical convocado polo Orfeón número catro da Coruña para elixir a mellor marcha rexional galega e como dende aquela se difundiu en diferentes actos até ser estreado oficialmente na Habana en 1907. Repásanse tamén outros feitos como a súa institucionalización polo Parlamento de Galicia en 1984 e as variacións que foi sufrindo o texto ao longo do tempo.

L.R.I., "Unha mensaxe de loita e redención", *La Región*, "Centenario do Himno Galego", 28 decembro 2007, p. 32.

Analízase o contido do texto do himno galego, baseado no poema "Os pinos" de Eduardo Pondal, salientando que se trata dun canto á esperanza e ao espertar dun país e dunha cultura silenciada durante séculos. Cualifícanse as máximas da letra como acertadas para ser entendidas polo pobo malia non aparecer nunca a palabra Galicia, substituída por "Fogar de Breogán".

L.T., "El relevo municipal obliga a aplazar la Semana de Cine y el Festival de Poesía", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Área Metropolitana", 20 xullo 2007, p. 19.

Nova na que se informa do aprazamento 'sine die' tanto da Semana do Cine como do II Festival de Poesía de Betanzos, que organiza o Concello da localidade, a causa do relevo do equipo de goberno. Tamén se describe brevemente a planificación de ambos eventos.

Luca, Gustavo, "Pero de quen é Valle?, *A Nosa Terra*, n.º 1257, "Cultura", 22-28 febreiro 2007, p. 24.

Reflexión sobre a consideración que se ten de Valle Inclán en Galicia e a definición que se lle dá a súa obra. Menciónase, entre outros datos, que tiña unha gran admiración por Castelao, quen lle fixera os decorados para a estrea de *Divinas Palabras*.

Lueiro Rey, Manuel, "Derradeira escolma ferida", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 xaneiro 2007, p. 32./"Taramela' de 'Derradeira escolma ferida", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 abril 2007, p. 38.

Sección fixa que acolle unha composición poética da obra *Derradeira escolma ferida*, de Manuel Lueiro Rey, titulada "TARAMELA".

Lueiro Rey, Manuel, "De 'Derradeira escolma ferida", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 marzo 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Derradeira escolma ferida*, de Manuel Lueiro Rey, titulada "Unha palabra caíndo...".

Lugrís, Igor, "Sim", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 xaneiro 2007, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Sim", de Igor Lugrís.

Lugrís, Igor, "De 'O livro das confusóns", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 febreiro 2007, p. 39.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética d'*O livro das confusóns*, de Igor Lugrís, titulada "Compreendim tarde de mais...".

Lugrís, Igor, "De 'O livro das confusons", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 decembro 2007, p. 32.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle un poema d'*O livro das confusons*, de Igor Lugrís, titulado "Eu aguardaba por ti".

L.V., "Destrúen Sargadelos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 xullo 2007, p. 29.

Dáse conta da concesión da Medalla de Ouro de Galicia ao artista, empresario e deseñador Isaac Díaz Pardo e recóllense as súas opinións sobre a delicada situación pola que está a pasar o Grupo Sargadelos. Finaliza coas palabras de eloxio do escritor Euloxio Ruibal, o editor Miguel Anxo Fernán-Vello e o Vicerreitor de Cultura da Universidade de Santiago de Compostela, Elías Torres.

L.V.P., "Más de 50 empresas integran el Clúster del libro gallego", *El Correo Gallego*, "Cultura", 21 marzo 2007, p. 75.

Faise eco do acto de presentación do Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego, que ten como principais obxectivos reforzar a imaxe do sector en Galicia e a proxección exterior das cincuenta e tres empresas que o engloban, fomentar a diferenciación e a creación dun produto dotado dunha identidade propia e impulsar a creatividade.

Llorca Freire, Guillermo, "Tempo de ocio: espectáculos teatrais", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 418, 4 marzo 2007, p. 5.

O primeiro teatro do que gozou Ferrol entre os anos 1769-1770 é o obxecto de atención deste artigo. Lémbrase que alí se xuntaba toda a xente do lugar, especialmente a burguesía urbana, que ía ver o espectáculo como medio de satisfacer o seu desexo de diversión. Explícase que a sociedade se repartía xerárquicamente, pois segundo o seu poder adquisitivo, así era a súa situación no recinto.

M.A.C., "Cándido Pazó sustituirá mañana a Suso de Toro como pregonero", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 21 xuño 2007, p. 12.

Informa de que Candido Pazó será o encargado do pregón de festas do Concello de Poio, substituíndo a Suso de Toro por problemas de saúde. Achega algún dato da traxectoria artística de Pazó.

M.A.C., "Poetas na Rúa congrega a ocho jóvenes autores en Combarro", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/ Poio/ Meis", 17 setembro 2007, p. 9.

Comenta que se celebrou no casco histórico de Combarro o recital Poetas na Rúa no que participaron novos escritores (Iago Castro, Brais González, Oriana Méndez, Silvia Penas, Óscar Antón Pérez, Elvira Riveiro, Xavier Xil Xardón e Isaac Xubín), e informa que este acto é a segunda parte do programa "Arte Próxima".

Mallo, Albino, "Unha semana de actos conmemora o 'honoris causa' para Díaz Pardo'", *El Correo Gallego*, "Cultura", 20 xaneiro 2007, p. 76.

Con motivo da investidura de Isaac Díaz Pardo como Doutor *Honoris Causa* pola Universidade da Coruña, dá conta dos actos conmemorativos que se levarán a cabo durante a semana previa ao evento. Indica que o luns haberá un acto no que participará o homenaxeado titulado "Memoria viva". O martes terá lugar un relatorio de varios autores sobre "A construción cultural" e a Asociación de Escritores en Lingua Galega fará entrega a Díaz Pardo do galardón "Os bos e xenerosos". De seguido, informa que o mércores os actos se trasladarán a Ferrol para homenaxear ao pai de Díaz Pardo e o xoves dedicarase a analizar a faceta empresarial do protagonista. O último día, terá lugar o acto de concesión do título de Doutor *Honoris Causa*.

Mallo, Albino, "Galicia, a forza da palabra. Centenario da Real Academia", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 640, "Desde a miña fiestra", 21 xaneiro 2007, p. 4.

Informa de que até o día 16 de febreiro estará aberta na Fundación Caixa Galicia a exposición organizada pola Real Academia Galega, "Galicia, a forza da palabra", para celebrar o centenario da institución. Comenta que na exposición se reúnen preto de catrocentas pezas que fan referencia á institución en relación coa lingua e a cultura galegas. Explica que a mostra comeza, cronolóxicamente, co medievo, logo detense na etapa dos Séculos Escuros e nas referencias ao fusilamento dos mártires de Carral, até chegar á etapa dos precursores con Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal.

Mallo, Albino, "Biblioteca en guerra', libros na República", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 marzo 2007, p. 32.

Refire que na Biblioteca Pública Miguel González Garcés da Coruña, móstrase unha exposición titulada "Biblioteca en guerra" coa que se pretende ensinar as importantes actuacións que realizou a República española en beneficio do campo bibliotecario. Salienta a creación de bibliotecas, campañas de fomento da lectura, ou incluso, as bibliotecas no fronte.

Mallo, Albino, "Novo espazo *simbólico*", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 marzo 2007, p. 26.

Refírese á inauguración da casa onde viviron Rosalía de Castro e Manuel Murguía na Coruña como espazo museístico, onde serán exhibidos recordos do matrimonio, e como lugar de traballo de académicos e investigadores, tras a cesión da Fundación Caixa Galicia á Real Academia Galega.

Mallo, Albino, "Luís Bará leva á Coruña 'Pan con poesía' que percorrerá Galicia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 marzo 2007, p. 27.

Dá conta da presentación do programa "Pan con poesía 2007" na Coruña. Comenta que esta iniciativa vai viaxar por distintos concellos e pretende difundir a poesía a través das bolsas do pan. Achega os nomes dos poetas que van difundir a súa obra e indica que no acto de presentación leuse o manifesto do Día da Poesía.

Mallo, Albino, "II Encontro coa pintura e a poesía", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 649, "Desde a miña fiestra", 25 marzo 2007, p. 15.

Comenta que despois de realizado o II Encontro coa Pintura e a Poesía en Mariñán, a Deputación da Coruña publicou un catálogo coas obras individuais e colectivas dos pintores e máis algunhas poesías dos escritores que asistiron. Salienta que estas xornadas serviron para contrastar opinións e mesturarse coa natureza viva e a relaxación. Indica que os cadros os realizaron tanto no interior do pazo, como nos xardíns e tamén na Coruña e Betanzos. Explica que cada artista realizou tres obras individuais e tamén seis colectivas de tema mitolóxico. Finalmente, achega a experiencia do encontro da poeta Eva Veiga e do pintor Manuel Gandullo.

Mallo, Albino, "III Encontro de Mariñán", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 abril 2007, p. 31.

Comenta que se vai celebrar o III Encontro coa Pintura e a Poesía no que participarán corenta e seis artistas e poetas de diferentes puntos do país. Explica cómo se van desenvolver as actividades que se farán na Coruña e Pontedeume, tamén recitais poéticos e, como actividade final, elaborarán oito teas que pintarán entre todos os participantes. Dá conta das autoridades que intervirán e salienta este evento como unha oportunidade para o diálogo entre a pintura e a poesía.

Mallo, Albino, "Case 50 poetas e artistas plásticos participan no Encontro de Mariñán", *El Correo Gallego*, "Cultura", 13 abril 2007, p. 75.

Da conta da participación neste III Encontro coa Pintura e a Poesía de corenta e seis artistas e poetas de diferentes puntos do país. Os organizadores salientan que nestes encontros trátase de buscar novos espazos para o diálogo, intercambios de experiencias e consecución de obxectivos comúns. Saliéntase que nos catro días de reunión se conseguiron os obxectivos a través do diálogo entre pintura e poesía. Cítanse a a lgúns dos participantes.

Mallo, Albino, "Salvador Moreda inspírase co pincel", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 abril 2007, p. 28.

Dá conta da celebración do III Encontro coa Pintura e a Poesía, organizado pola Deputación da Coruña, no que participan corenta e seis artistas pictóricos e poetas. Indica que o primeiro día realizaron os cadros na Coruña, no Pazo de Mariñán tivo lugar a primeira exposición e máis un faladoiro sobre as pezas creadas e un recital poético a cargo de Xulio L. Valcárcel, Fernán Vello, Carlos Pereira, Pablo Bouza, Eva Veiga, Álvarez Cáccamo e Yolanda Castaño. De seguido, comenta que o segundo día pintarán os seus cadros en Pontedeume e o último día farán oito obras colectivas. Finalmente, dá conta dalgúns dos pintores que participaron.

Mallo, Albino, "Pintores e poetas intercambian os seus papeis no pazo de Mariñán", *El Correo Gallego*, "Cultura", 23 abril 2007, p. 68.

Fai referencia ao III Encontro coa Poesía e a Pintura celebrado no Pazo Mariñán e organizado pola Deputación da Coruña. Explica que durante tres días oito poetas e máis de corenta pintores traballaron en conxunto na creación de cadros colectivos e tamén individuais. Salienta o intercambio de impresións nos faladoiros organizados e dá conta de todos os artistas que participaron. Así mesmo, indica que Yolanda Castaño deixou escrito nun dos cadros o seu poema "Reflexos do si, maravillas do sol".

Mallo, Albino, "Xulio L. Valcárcel nunha antoloxía italiana do s. XX", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 maio 2007, p. 27.

Dá conta da inclusión do poeta Xulio López Valcárcel nunha antoloxía italiana titulada *Poesía del Novecento in Italia e in Europa*. Indica que o poema seleccionado é "Abiti strade di paura" e Valcárcel afirma sentirse orgulloso por ser el o que representa á literatura galega, aínda que lamenta a ausencia doutros poetas.

Mallo, Albino, "Europa é Trasalba", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 maio 2007, p. 27.

Indica que o acto de celebración do Día de Europa tivo lugar na casa de Ramón Otero Pedrayo en Trasalba. Achega parte das intervencións de Emilio Pérez Touriño, Presidente da Xunta de Galicia, quen salientou o concepto de Europa coa Xeración Nós, e Ramón Villares, presidente do Consello Galego da Cultura, destacou tamén as ideas de Otero Pedrayo ou Manuel Murguía, no sentido de cómo eles entenderon Europa.

Mallo, Albino, "Preséntase na Coruña a mostra colectiva de 'Poemas pola memoria", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 76./"Os versos silenciados da memoria", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", p. 28, 26 maio 2007.

Informa da presentación, na sede da Asociación Alexandre Bóveda da Coruña, da exposición "Poemas pola memoria", organizada pola Marcha Mundial das Mulleres. Comenta que a mostra acolle fotografías de Manuel Graña acompañadas de textos poéticos e debuxos sobre a represión fascista en Galicia.

Mallo, Albino, "Proxecto Galicia celebra os seus 50 volumes cunha mostra bibliográfica", *El Correo Gallego*, "Cultura", 1 xuño 2007, p. 75.

Comenta que o "Proxecto Galicia" publicado por Hércules Edicións acaba de conseguir o seu tomo número cincuenta, dedicado á materia de Dereito. O editor, Francisco Rodríguez Iglesias, salienta a importancia deste proxecto que "constrúe a identidade do pobo galego" e sinala que, para conmemorar este feito, a editorial inaugurou unha exposición sobre o libro galego. Tamén se realizou unha conferencia a cargo de Darío Villanueva.

Mallo, Albino, "Un fito na historia cultural", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 xuño 2007, p. 27.

Sinala que o "Proxecto Galicia", de Hércules de Edicións, conseguiu acadar o seu tomo número cincuenta, e que o seu editor, Francisco Rodríguez Iglesias, o definiu como "unha titánica aposta editorial que procura recoller nunha súa obra todo o coñecemento sobre Galicia". Tratáse, en efecto, segundo apunta Albino Mallo, da "maior enciclopedia mundial sobre un país". Coincidindo coa presentación do tomo número cincuenta, correspondente á serie Dereito, apunta que a editorial inaugurou a exposición "O libro galego", que inclúe importantes achegas bibliográficas, algunhas difíciles de achar. Por primeira vez reúnense obras que van dende o século XVIII até a actualidade, con autores como Rosalía de Castro, Otero Pedrayo ouValle-Inclán. Conclúe mencionando que os actos se completaron cunha conferencia de Darío Villanueva sobre o presente e o futuro do libro en Galicia.

Mallo, Albino, "A socialización da cultura", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 xuño 2007, p. 34.

Faise eco da inauguración da exposición sobre a pegada das Misións Pedagóxicas, no Kiosko Alfonso na Coruña. Dise que as Misións perviviron dende 1931 até 1936 coa finalidade de levar a cultura a todos os españois e que en Galicia se creou a primeira en 1933 dirixida polo escritor Rafael Dieste. Finalmente ofrecese a relación das súas actividades entre as que destacaban as bibliotecas, o Teatro do Pobo, cine, música e o retablo de monicreques, que naceu en Galicia.

Mallo, Albino, "A lembranza de Casares preside o foro de Mariñán", *El Correo Gallego*, "Cultura", 6 xuño 2007, p. 76.

Anuncia a inauguración da cuarta edición dos Diálogos Literarios que se celebran cada ano no Pazo de Mariñán, en homenaxe a Carlos Casares. Dá conta das persoas que participaron no acto inaugural e salienta o máis importante dos seus discursos.

Mallo, Albino, "Espazos para o debate", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 xuño 2007, p. 31.

Infórmase da inauguración da cuarta edición dos Diálogos de Mariñán, "homenaxe permanente a Carlos Casares", que supoñen un "referente no panorama literario de Galicia" e , nos que se abordará a diversidade das literaturas ibéricas. Dáse conta das personalidades presentes, entre as que salienta a Kristina Berg, viúva de Carlos Casare, e os escritores galegos César Antonio Molina, Román Raña e Luz Pozo Garza.

Mallo, A., "Luís Rei, Antón Lopo e Camilo Franco participan nos Diálogos de Mariñán", *El Correo Gallego*, "Cultura", 8 xuño 2007, p. 76.

Comenta que o escritor Luís Rei Núñez e mais Antón Lopo foron os responsábeis de abrir a última xornada dos IV Diálogos Literarios de Mariñán, centrados no tema Literatura e comunicación. Comenta que Rei falou sobre a presenza dos escritores nos medios de comunicación, e Lopo sobre o xornalista como escritor.

Mallo, Albino, "Misións pedagóxicas entre 1931 e 1936", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 663, "Desde a miña fiestra", 1 xullo 2007, p. 15.

Informa de que no Kiosco Alfonso da Coruña está aberta unha exposición sobre a historia das Misións Pedagóxicas, creadas durante a II República por Manuel Bartolomé Cossio. A finalidade das Misións, segundo explica Albino Mallo, era dar a coñecer a cultura en todos aqueles lugares máis afastados e que na exposición se poden observar os servizos que ofrecían as Misións. Por último, dá conta da traxectoria vital de Bartolomé Cossío.

Mallo, Albino, "Eva Veiga levoulle ao público da Coruña o seu 'sexto sentido", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 67./"Eva Veiga intérnase no vento verbal da poesía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", p. 28, 28 xullo 2007.

Informa que a poeta Eva Veiga realizou un recital poético no forum da Fnac, na Coruña, titulado "O sexto sentido". Achega algúns comentarios da autora sobre o seu sentir da poesía e indica que realizou unha lectura de poemas seus e doutros escritores, entre os que salienta a Luísa Villalta.

Mallo, Albino, "Unha exposición percorre os 125 anos de historia do teatro galego", *El Correo Gallego*, "Cultura", 3 agosto 2007, p. 75.

Informa da apertura, no Museo de Belas Artes da Coruña, da exposición "Un país desde as táboas. 125 anos de historia do teatro galego", na que se mostran paneis con textos e reproducións fotográficas, así como proxeccións audiovisuais. Indica que a Consellería de Cultura foi quen organizou esta exposición para conmemorar a historia do teatro galego desde a primeira obra galega representada, *A fonte do xuramento*, de Francisco María de la Iglesia. Deseguido, explica que os paneis da exposición se dividen en seis microespazos.

Mallo, Albino, "Un ensaio describe o influxo renovador de Correa de Calderón", *El*

Correo Gallego, "Cultura", 8 agosto 2007, p. 68.

Comenta que Evaristo Correa Calderón foi un grande incitador do vangardismo histórico galego a partir de 1917, a quen seguiron, fundamentalmente, Amado Carballo e Manuel Antonio, segundo o volume *A literatura galega de vangarda. A iconoclastia rupturista dos primeiros manifestos galegos*, de Xulio Pardo de Neyra. Explica que, segundo esta investigación, se deduce que a chegada a Galicia do vangardismo histórico foi unha consecuencia do mergullamento que Correa Calderón fixo polos cenáculos de Madrid. Por último, alude á súa autoría do primeiro documento de vangarda galega no 1917 con *Poemas sinxelos* e á súa aproximación ás ideas falanxistas.

Mallo, Albino, "A paixón dos ismos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 agosto 2007, p. 27.

Con motivo da presentación da Feira do Libro da Coruña do libro *Literatura galega de vangarda. A iconoclastia rupturista dos primeiros manifestos galegos* (2006), do Doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e na actualidade profesor na Universidade de Estremadura, Xulio Pardo de Neyra, analiza as liñas fundamentais que se desenvolven no traballo. Sinala que Pardo de Neyra pretende recuperar a figura de Evaristo Correa Calderón e as súas decisivas achegas á vangarda galega nas primeiras décadas do século XX.

Mallo, Albino, "A poesía mesturada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 agosto 2007, p. 29.

Dá conta da presenza do escritor Henrique Rabuñal na Feira do Libro da Coruña, para asinar exemplares do seu último libro, *O cristal da sede. Poesía reunida*. Comenta que se trata dunha obra con dúas partes: a primeira é unha compilación da obra anterior, e a segunda, achega poemas inéditos. Deseguido, indica que o libro foi publicado por Espiral Maior e a súa temática é moi variada. A continuación, Rabuñal analiza a situación da poesía galega actual e salienta o éxito que está a ter a poesía combativa das novas poetas como Yolanda Castaño ou Eva Veiga. Tamén salienta o labor dos escritores loitadores como Celso Emilio Ferreiro, Novoneyra ou Manuel María e afirma, por último, que a poesía combativa segue a facer falla no noso país.

Mallo, Albino, "O futuro do teatro en Galicia", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 673, "Desde a miña fiestra", 26 agosto 2007, p. 4.

Dá conta das actividades organizadas pola Consellería de Cultura e Deporte e o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais para a conmemoración da primeira obra representada en galego hai cento vinte cinco anos. Salienta entre as actividades a exposición de paneis explicativos e de material audiovisual inédito de gran valor histórico. Por outra parte, indica que se programaron cento vinte cinco funcións para conmemorar cento vinte cinco anos de teatro que percorrerán corenta localidades até o 30 de setembro co fin de achegar o teatro a novos públicos.

Mallo, Albino, "Un convenio para acercar la cultura a 'todos los públicos", *El Correo Gallego*, "Cultura", 4 setembro 2007, p. 68.

Faise eco do convenio asinado entre Caixanova e o alcalde da Coruña para levar a cabo a programación cultural de outono que inclúe danza, ópera e teatro. Saliéntase, entre as diferentes actividades, o taller literario de Francisco Castro e as representacións teatrais d'*A bombilla máxica*, de Woodie Allen, interpretada pola compañía Teatro do Atlántico, e d'*O burgués fidalgo*, de Moliére, por Teatro do Morcego.

Mallo, Albino, "Leopoldo Nóvoa ilustrará a próxima obra de Méndez Ferrín", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 setembro 2007, p. 29.

Sinala, en primeiro lugar, que o escultor e pintor Leopoldo Nóvoa acaba de rematar unhas obras pictóricas que, grazas ao artista e gravador Nelson Villalobos, van acompañar a un poema de Xosé Luís Méndez Ferrín no álbum *Albh*. A seguir, faise eco da presentación, na galería Ana Vilaseco na Coruña, do libro *Alén*, que, ademais de ter unha ilustración de Nóvoa, vai prologada por Claudio Rodríguez Fer e recolle cinco poemas de José Angel Valente, da obra *Cantigas do Alén*, e tamén a composición inédita "Na mar de Vigo", traducidos ao galego por César Antonio Molina.

Mallo, Albino, "A poesía obxectual de Cáccamo", *El Correo Gallego*, "Cultura", 16 setembro 2007, p. 75.

Informa sobre a exposición que Xosé María Álvarez Cáccamo acaba de abrir na Galería Sargadelos da Coruña, e que titula como "Underwood. O concepto e a letra". Indica que se trata dunha mostra a medio camiño entre a literatura e a arte plástica e, ao mesmo tempo, é unha homenaxe ao poeta Manuel Antonio. Explica unha das pezas da exposición, "O telégrafo de Manuel Antonio", e salienta que se trata en xeral dun traballo manual, artesán, para descansar do esforzo intelectual que supón escribir poesía. Por último, Cáccamo comenta que cada peza exposta ten unha orixe diferente aínda que a maioría son libros e máquinas de escribir, e explica o porqué do título da exposición.

Mallo, Albino, "O arquivo da Asociación de Escritores en Lingua Galega pasa á Real Academia", *El Correo Gallego*, "Cultura", 20 setembro 2007, p. 75.

Salienta que a Asociación de Escritores en Lingua Galega, de acordo co Marco de Colaboración asinado coa Real Academia Galega, acaba de entregarlle parte dos documentos do arquivo da AELG, concretamente, sete cartafoles con fotos, biografías, traducións, entrevistasn e prólogos.

Mallo, Albino, "A mudanza ás novas dependencias da RAG completarase nun ano", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 75./"A residencia de Murguía e Rosalía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", p. 28, 5 outubro 2007.

Comenta que a Real Academia Galega vai cambiar, dentro dun ano, algunhas das súas pertenzas ao novo edificio situado na rúa do Príncipe da Cidade Vella da Coruña. Explica que este inmóbel foi doado pola Fundación Caixa Galicia e pertenceu a Rosalía de Castro e Murguía. Así mesmo, dá conta das actividades que farán en conxunto a

RAG e máis a Fundación Caixa Galicia: unha mostra e un ciclo de conferencias sobre a Historia da Coruña. Por último, indica que a RAG levará a biblioteca e a hemeroteca á nova sede.

Mallo, Albino, "Cristina de la Vega: 'Interpretar o amor é sempre aberto e ceibe", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", p. 29./"Sae á luz 'Vinte historias de amor e un canto á esperanza", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 68, 3 decembro 2007.

Fai referencia á obra publicada por Cristina de la Vega Jiménez, *Vinte historias de amor e un canto á esperanza* (2006). Comenta que se trata dunha obra na que se recollen cartas remitidas por diferentes mulleres nas que se reflexiona sobre as múltiples facetas do amor e afirma que son historias noveladas cunha base real. Indica que a presenza do home está representada por Antonio Buendía en homenaxe a García Márquez e asegura que en todas as historias predomina o amor.

Malvido, Gemma, "Yolanda Castaño é a directora da nova Galería Sargadelos", *La Opinión*, "A Coruña", 8 marzo 2007, p. 12.

Comenta que a Galería Sargadelos escolleu á poeta Yolanda Castaño como a directora da nova sede que Sargadelos abriu na Coruña. Salienta o labor creativo e as iniciativas levadas a cabo por Castaño, así como a súa experiencia de directora noutras institucións. Por último, dá conta da evolución poética de Yolanda Castaño.

Malvido, Gemma, "A casa de Rosalía e Murguía será a sede da promoción da lingua galega", *La Opinión*, "A Coruña", 16 marzo 2007, p. 13.

Indica que o Director Xeral de Caixa Galicia, José Luís Méndez, e máis o Presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, van asinar un convenio de colaboración para o estudo e a defensa da lingua e a cultura galegas, nese acordo a Fundación vai entregar á RAG a casa de Rosalía de Castro e Murguía, sita na rúa do Príncipe da Cidade Vella da Coruña. Tamén informa que despois do acto, o escritor Anxo Angueira recitará unha escolma de poemas de *Follas Novas*, e por último, dá conta das autoridades presentes no acto.

Malvido, Gemma, "A casa do rexurdimento", *La Opinión*, "A Coruña", 17 marzo 2007, p. 10.

Fai referencia ao acto no que o Presidente de Caixa Galicia, José Luís Méndez, e máis o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, asinaron o convenio polo que a Fundación lle fixo entrega á Academia da casa na que viviron Manuel Murguía e Rosalía de Castro. Achega os comentarios dos asistentes ao acto, dos dous citados e tamén da Concelleira de Cultura, Ánxela Bugallo. Todos salientan a importancia desta concesión como un xeito de recuperar a historia e de preocuparse pola cultura galega. Ademais, consideran que este é un primeiro paso doutros moitos que ambas entidades farán en conxunto.

Malvido, Gemma, "Luz Pozo Garza abrirá os 'Martes literarios' da galería Sargadelos", *La Opinión*, "A Coruña", 5 abril 2007, p. 12.

Informa que se vai iniciar na Galería Sargadelos da Coruña a actividade os "Martes literarios". Comenta que na primeira sesión participará Luz Pozo Garza e, en palabras da directora da galería, Yolanda Castaño, esta actividade pretende crear un espazo interactivo entre as obras literarias e os seus lectores. Explica que os "Martes literarios" constarán de dúas partes: a primeira na que o autor compartirá co público os seus textos, e a segunda, onde o público falará sobre o proceso creativo e comentará as súas impresións. Deseguido, dá conta doutras actividades que realizará a Galería Sargadelos.

Malvido, Gemma, "O vínculo entre a muller e a escrita, a debate nos diálogos de Mariñán", *La Opinión*, "A Coruña", 6 xuño 2007, p. 9.

Salienta que na cuarta edición dos Diálogos Literarios de Mariñán unha das sesións está dedicada a debater sobre o vínculo da muller co oficio da escritura. Indica que as poñentes do tema serán Marta do Cebreiro e Teresa Moure. Así mesmo, informa que na Fundación Caixa Galicia tamén se realizará unha conferencia co título "Os poetas falan de si", con Luis Alberto de Cuenca e César Antonio Molina. Por último, comenta que o presidente da Deputación da Coruña, destaca a importancia destes Diálogos como homenaxe a Carlos Casares.

Malvido, Gemma, "Homenaxe polos 125 anos de teatro galego", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", p. 33./*La Opinión*, "Revive o teatro pasado", "A Coruña", p. 11, 14 agosto 2007.

Comenta que tivo lugar, na praza do Humor da Coruña, a homenaxe aos cento vinte e cinco anos do teatro galego. Indica que no acto estivo presente a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, quen salientou a necesidade deste acto para homenaxear ao teatro galego desde a primeira obra representada, *A fonte do xuramento* de Francisco María de la Iglesia, en 1882. Así mesmo, informa que a mostra "Un país desde as táboas", onde se lembra a historia da dramaturxia galega, viaxará por diferentes localidades e indica que se representarán cento vinte e cinco obras, por vinte e cinco compañías diferentes.

Malvido, Gemma, "Manuel Rivas inaugurará o venres o curso no Puga Ramón", *La Opinión*, "A Coruña", 18 setembro 2007, p. 12.

Informa da inauguración do curso escolar no instituto de educación secundaria Puga Ramón por parte do escritor Manuel Rivas. A conferencia inaugural do escritor leva o título de "O día que fomos co chófer de Albert Einstein". Dá conta tamén do último traballo de Manuel Rivas, a novela *Os libros arden mal*, que segundo a autora do artigo é un "percorrido histórico pola Galicia do século dezanove ata a Galicia de hoxe en día".

Malvido, Gemma, "Os textos que falan dos outros", *La Opinión*, "A Coruña", 20 setembro 2007, p. 11.

Informa da entrega por parte do Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez, ao Presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, de sete cartafoles que recollen unha escolma de documentos sobre cento cincuenta autores galegos. Salienta que esta entrega de documentos (críticas literarias, fotografías, portadas de libros, biografías, limiares) xorde dun acordo entre as dúas institucións. A segunda parte deste proceso de cooperación entre as dúas institucións continuará a partir de agora coa escolma de textos autografados, orixinais e manuscritos de varios escritores galegos.

Malvido, Gemma, "Un libro, unha canción", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 23 outubro 2007, p. 12.

Comenta que na semana das Bibliotecas Municipais vanse realizar moitas actividades musicais para mostrar que nestes espazos non só se prestan libros, senón que "se poder facer moitas cousas máis".

Malvido, Gemma, "Oitenta autores participan na mostra 'Plantando libros", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 9 novembro 2007, p. 12.

Infórmase da exposición itinerante gratuíta "Plantando libros", promovida pola Asociación Galega de profesionais da Ilustración (AGPI), acollida na Biblioteca Municipal González-Garcés, na que escritores e xornalistas lle poñen palabras a oitenta creacións pictóricas. Díse que a exposición viaxará ao Salón de Libro da Habana.

Malvido, Gemma, "Bóveda nas viñetas", *La Opinión*, "Ciudad", "Cultura", 4 decembro 2007, p. 13.

Dá conta da inauguración da exposición "Alexandre Bóveda, unha vida por Galiza", no Forum Metropolitano da Coruña. Explica que a mostra está composta por vinte e catro paneis en branco e negro realizados polo debuxante Alberto Vázquez e o guionista Rai Fraga, que analizan a vida de Alenxadre Bóveda nos tempos previos á Guerra Civil.

Malvido, Gemma, "O concello oponse ao canon das bibliotecas imposto por Europa", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 13 decembro 2007, p. 12.

Gemma Malvido recolle que a Concelleira de Cultura da Coruña, María Xosé Bravo, se opón ao canon bibliotecario imposto pola Unión Europea, e que intentará que o pague o Ministerio de Cultura e non o Goberno local. A Unión Europea propón dúas opcións para sufragar este gasto: ou sacar diñeiro destinado a outras actividades, como a compra de libros ou o obradoiro de animación á lectura, ou que os usuarios da biblioteca afronten o gasto da taxa, que supón vinte céntimos de euros por libro prestado. Indica tamén que na biblioteca municipal Salvador de Madariaga xa está a disposición do usuario unha folla de recollida de sinaturas en contra do dito canon e que a concelleira

tamén adiantou que no mes de xullo se organizará o Encontro de Escritores Cidade da Coruña, unha xornada na que escritores de Galicia e do estranxeiro falarán da súa obra cos lectores coruñeses en espazos relacionados coa cultura como bibliotecas, salas de exposicións, etc e que ademais se desenvolverá a segunda edición do ciclo de escritores mozos, onde se impartirán obradoiros de creación literaria.

Malvido, Gemma, "Xavier Alcalá cede á Real Academia Galega orixinais e manuscritos", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 19 decembro 2007, p. 12

Refírese á entrega á real Academia Galega dos manuscritos e orixinais das obras de xavier Alcalá para que os poñan ao servizo de todo aquel que queira estudar a súa obra. O escritor afirma sentir non ter atopado os textos que Ramón Piñeiro lle pasou a máquina. Finalmente, indícase que tamén entregará a súa colección *Evanxélica Memoria* en canto estea ordenada.

Mangas, Álvaro, "¿Qué libro te comprarías en otoño?", *La Opinión,* "Cultura", 20 agosto 2007, p. 44.

Neste artigo a autora salienta as novidades editoriais para este outono a nivel estatal. Tamén cita as principais novidades no panorama galego, entre as que salienta, o poemario *Eume,* de César Antonio Molina e a novela histórica *María das batallas,* de Alfredo Conde. Na literatura infantil destaca o conto *Os tres lobiños e o porco,* de Carles Cano. Tamén da conta da aparición da primeira novela de vaqueiros publicada en galego, *A morriña das balas,* de Xosé Díaz Díaz.

maré, "O máis lindo do mundo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Letras", 2 febreiro 2007, p. 29.

Reflíctense as palabras de satisfacción dos tres galardoados co Premio San Clemente: Isidro Novo en galego, con *Un escuro rumor tralo silencio*; Javier Cercas en castelán, coa novela *La velocidad de la luz* e Abraham B. Yehoshua no apartado internacional por *La novia liberada*. Os tres autores salientan a importancia deste premio pois "os adolescentes son o público máis poroso, receptivo e insubmiso". Finalmente os galardoados falan das características das súas obras e de outros temas de interese como o conflito de Oriente Medio ou a importancia da lectura.

maré, "O engado intacto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 xaneiro 2007, p. 27.

Dá conta do panorama editorial galego máis destacado do ano 2006. Cita a autores consagrados, como Manuel Rivas coa súa novela *Os libros arden mal*, ou Suso de Toro, coa obra que leva o título de *Home sen nome.* Á beira destes autores nomea tamén aos escritores que triunfaron coas súas novelas, é o caso de Francisco Castro con *Spam*, Diego Ameixeiras con *Tres segundos de memoria* ou Samuel Solleiro, coa súa novela *dz ou o ollo do esperma*. De seguido, tamén informa das novidades coas que se inicia o ano 2007, como son as novelas *Protoevanxeo do neto de Herode,* a primeira novela de Bernardino Graña, ou *Palabras contadas* de Camilo Franco.

maré, “Máis sorrisos que bágoas”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 4 xaneiro 2007, p. 27.

Dá conta do balance positivo que conseguiron as editoriais galegas en canto ao número de vendas. Achega os comentarios dos directores das editoriais Xerais, Alvarellos, Rodeira-Edebé, Galaxia e 3C3. Todos salientan o bo ano editorial, principalmente grazas á boa acollida que tiveron algunhas obras, e tamén pola incorporación de autores contemporáneos doutras literaturas. Así mesmo, os directores salientan que o programa de gratuidade dos libros de texto trouxo certas complicacións para as editoriais, sobre todo para as pequenas, e indican que terán que saír deste baixón coa diversificación temática ou a produción noutros soportes.

maré, “O público de Galicia aumenta o seu gasto en teatro”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 6 xaneiro 2007, p. 29.

Faise referencia a que o gasto medio dos espectadores de teatro galego incrementouse de 4’1 a 5 euros en 2005 e que outras comunidades autónomas tamén seguen esa mesma liña. Dise que as cifras proceden do *Anuario de Estatísticas Culturais 2006* do Ministerio de Cultura.

maré, “Cuba lerá tamén en galego”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 10 xaneiro 2007, p. 31.

Infórmase da presencia do libro e a industria editorial galegos na Feira da Habana e das diferentes actividades que se realizarán para promocionar a cultura galega. Dise que a Consellería de Cultura enviará unha delegación, formada por Luís Bará e representantes da Asociación Galega de Editores, da Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil.

maré, “Subvencións en equilibrio”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 17 xaneiro 2007, p. 27.

Informa do incremento das axudas á escena galega por parte da Consellería de Cultura. Sinala que estas axudas sufriron un lixeiro incremento de apenas sesenta mil euros con respecto ao un millón e medio de euros no 2006. Advirte tamén que o orzamento total das axudas supón un aumento do investimento nalgúns apartados respecto do anterior, como é o caso da produción de espectáculos. Outro aspecto que destaca é a desaparición das axudas destinadas á actividade universitaria e non profesional.

maré, “A Coruña entrega a súa medalla de ouro á RAG”, *Galicia Hoxe,* “MARÉ”, 27 xaneiro 2007, p. 27.

Coméntase o acto de entrega da medalla de ouro da cidade da Coruña á Real Academia Galega (RAG), que o alcalde Javier Losada presidiu. Dise que esta medalla se suma a outras distincións recibidas nos últimos meses co motivo do seu centenario.

maré, "Mensaxes desde os antípodas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 xaneiro 2007, p. 35.

Informa da tradución ao xaponés por parte de Shozo Nakinishi, un banqueiro con vocación de poeta, dalgúns poemas de Rosalía de Castro. Advirte que esta é a segunda vez que realiza unha tradución da escritora galega, xa que no ano 2006 traducira algúns poemas de *Cantares gallegos*. O título que aparece en xaponés é *A miña nai* e ten unha tirada inicial de mil exemplares.

maré, "Realidade e ironía dos momentos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 xaneiro 2007, p. 34.

Dá conta da publicación pola Editorial TrisTram da compilación teatral *Teatro imprevisto* de Eduardo Alonso. Nesta compilación aparecen tres obras estreadas con anterioridade: *Alta comedia* (2002), *As damas de Ferrol* (2003) e *Ensaio* (2004). A presentación da publicación levouse a cabo na Galería Sargadelos de Compostela, coa presenza do editor Pepe Coira e o autor do prólogo, Damián Villalaín. Tamén informa da biografía e traxectoria profesional de Eduardo Alonso.

maré, "Unha mostra revisará a vida de Isaac Díaz Pardo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 febreiro 2007, p. 30.

Informa que a Asociación Cultural Fuco Buxán vai inaugurar unha exposición no Centro Cultural Torrente Ballester de Ferrol, na que se recolle a traxectoria vital de Díaz Pardo. Así mesmo, salienta que esta exposición se inclúe no ciclo de homenaxes dedicado a Díaz Pardo.

maré, "Un CCG máis activo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 febreiro 2007, p. 36.

Achega as afirmacións de Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega, sobre o cambio que pretende dar a institución de celebrar máis seminarios e foros de debate que congresos. Comenta que vai ter lugar o primeiro foro dedicado a O(s) sentido(s) da(s) cultura(s), e dá conta dalgúns dos participantes. Así mesmo, Villares salienta que hai que crear máis espazos para que os cidadáns sexan partícipes da cultura.

maré, "Fuco Buxán recolle a historia de Sargadelos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 febreiro 2007, p. 29.

Preséntase a mostra antolóxica sobre o "Laboratorio de Formas", creado no exilio por intelectuais como Isaac Díaz Pardo ou Luís Seoane e que deu orixe á empresa Sargadelos, con motivo do seu corenta e catro aniversario. Coméntase que a Asociación Cultural Fuco Buxán de Ferrol foi a encargada da súa presentación e que se albergará no antigo Hospital da Caridade de Ferrol. Haberá tamén mesas redondas sobre a figura de Díaz Pardo nas que, entre outros, intervirán o seu fillo Camilo Díaz ou Xosé Neira Vilas. Finalmente, anúnciase a publicación en datas próximas dun libro homenaxe ao galeguista.

maré, "Un ensaio' sobre emigración gaña o Premio 'Ramón Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "A fondo", 10 febreiro 2007, p. 27.

Dáse conta de que *Psicoloxía do retorno* dos psiquiatras Alexandre García-Caballero e Ramón Area Carracedo gaño o premio Ramón Piñeiro de Ensaio. Apúntase que os autores se enfrontan ás "narracións dos emigrantes retornados, relatos autobiográficos influídos por guións culturais" e que recomendan "escoitar atentamente". Remátase precisando o xurado da VI edición e engadindo unhas pinceladas da traxectoria profesional dos autores.

maré, "Análise da identidade oficial", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 febreiro 2007, p. 26.

Adiántase que a Real Academia Galega, en colaboración co Consello da Cultura Galega, presentará un publicación destinada a recoller estudos sobre os símbolos nacionais de Galicia: o himno, o escudo e a bandeira. Encádrase esta achega no marco das conmemoracións do centenario do Himno Galego e da homenaxe a Pascual Veiga, o compositor da música. Recóllense as declaracións de Ramón Villares, presidente do CCG, en relación ás actividades previstas e á importancia da iniciativa como "contribución esencial á cultura galega presente e futura"; e de Xosé Ramón Barreiro, presidente da RAG, quen apunta o esforzo realizado para localizar e catalogar os diferentes materiais existentes. Anúnciase tamén a celebración do congreso "Pascual Veiga e a súa época", coordinado pola Consellería de Cultura, que se celebrará na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia.

maré, "Que din os rumorosos?", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 febreiro 2007, p. 27.

Dá conta dos actos que se levarán a cabo para homenaxear este ano a Pascual Veiga, creador da letra do himno galego. Indica que no mes de marzo celebrarase o congreso "Pascual Veiga e a súa época", tamén comenta que a partir dos traballos de recuperación e investigación publicarase a edición da súa obra completa en dous volumes e, por último, salienta a celebración do curso "No centenario de Pascual Veiga (1842-1906): visións de Galicia no tempo do nacemento da Academia Galega".

maré, "Somos o que recordamos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 febreiro 2007, p. 29.

Recóllense as palabras que o escritor Manuel Rivas dirixe a alumnos de secundaria cos que se reúne na Biblioteca de Valencia e aos que lles di que a literatura cumpre un papel fundamental na recuperación da memoria. Dise que tamén foi interrogado sobre algunhas das súas obras que están ambientadas na época da Guerra Civil como a recente *Os libros arden mal*, da cal lles leu unhas liñas.

maré, "De camiño con Rosalía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 febreiro 2007, p. 31.

Dá conta dos diferentes actos que se levarán a cabo para celebrar o cento setenta aniversario de Rosalía de Castro. Salienta entre as propostas un roteiro pola zona de Iria e a publicación dun caderniño monográfico gratuíto sobre a poeta. Así mesmo, no instituto de Santiago que leva o seu nome, realizarase unha mesa redonda sobre o poema "A xustiza pola man" e un colectivo de alumnos levará a cabo un recital na casa da Matanza, en Padrón.

maré, "Fronte ao adormecemento, xorde a aposta 'Nova Ólisbos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 marzo 2007, p. 29.

Dáse conta da nova etapa que inicia a revista *Nova Ólisbos*, dirixida por Xandra Santos e Roberto Pascual, destinada fundamentalmente aos escritores noveis. Comenta que a revista se presentou nun recital en Compostela e que acolle poemas, narracións, entrevistas, textos filolóxicos e pezas de teatro.

maré, "O café Tortoni debate a Guerra Civil con galegos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 marzo 2007, p. 25.

Saliéntase que nun mítico local de Bos Aires, o café Tortoni, se realiza durante ese ano un ciclo que percorre o franquismo na nova literatura galega, que se analizará sobre todo, en obras recentes de autores como Xosé Luís Méndez Ferrín, Suso de Toro ou Manuel Rivas, entre outros.

maré, "A enciclopedia da fantasía popular", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 marzo 2007, p. 34.

A web "galiciaencantada.com" xa conta con res anos de rodaxe. Nesta páxina pretende achegarse a todo o queira coñecer a cultura galega máis ancestral e "máxica", pero sobre todo aos docentes e a os seus alumnos, as novas xeracións galegas.

maré, "De poeta a xestora", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 marzo 2007, p. 31.

Faise eco do nomeamento da poetisa compostelá Yolanda Castaño como directora da nova Galería Sargadelos da Coruña, reto que asume con ideas de renovación cultural mediante liñas de traballo como "conectar coa cidadanía, coa mocidade, intentar restar solemnidade ao feito cultural e dinamizar a vida cultural galega". Dise que a súa elección responde á súa capacidade de xestión, iniciativa cultural e innovación. Finalmente realízanse uns apuntamentos biográficos da poetisa, salientando a súa faceta literaria e xornalística, e noméase a súa páxina web yolandacastaño.com e o éxito do seu *Libro da egoísta*, editado tamén en castelán.

maré, "Anxos Sumai gaña o Blanco Torres", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 marzo 2007, p. 28.

Dá conta da concesión da oitava edición do Premio de Xornalismo Literario e de

Opinión Roberto Blanco Torres, á escritora Anxos Sumai polos seu espazo de opinión "Somos perigosamente normais", que emitiu semanalmente no Diario Cultural da Radio Galega. Comenta o estilo desta autora e indica que ademais da dotación económica, os artigos serán publicados nun libro cun estudo e presentación dun profesor da Universidade de Santiago. Tamén informa que está a punto de ver a luz o libro da edición anterior, *Crónicas Inconformistas*, de Díaz Pardo

maré, "A cabeza da estirpe", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 marzo 2007, p. 35.

Salienta que as editoriais galegas preparan un libro de homenaxes para celebrar o vindeiro aniversario de Xosé Luís Méndez Ferrín. Concretamente, Sotelo Blanco e Xerais crearon unha comisión xestora para unir os diferentes textos que deberán tratar sobre as relacións persoais do escritor, análises filolóxicas, reflexións emotivas dos seus textos, etc. Ademais, comenta que a lingua que se pode empregar é o galego ou o portugués. A continuación, salienta a traxectoria literaria de Méndez Ferrín, dando conta de obras significativas na literatura galega e destacando tanto o labor de narrador, ensaísta como xornalista, de Méndez Ferrín.

maré, "O PEN e a AELG celebran o Día Mundial da Poesía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 marzo 2007, p. 27.

Informa que para celebrar o Día Mundial da Poesía, o PEN Club celebrará na sede do Consello da Cultura Galega un recital poético no que participarán escritores de todo o estado. Os que representan a Galicia son González Tosar, Fernán Vello e Manuel Rivas. Así mesmo, tamén comenta que a Asociación de Escritores en Lingua Galega editou un cartel con textos e fotos dos poetas máis significativos da literatura galega.

maré, "A memoria dos Casares", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 marzo 2007, p. 27.

Fai referencia á recuperación da biblioteca da familia Casares que, tras a súa espoliación co golpe franquista, os libros estaban espallados e moitos perdéronse. Salienta que a biblioteca conta con exemplares moi variados, desde libros de texto ou novelas de evasión, ata tratados de dereito e obras literarias. Por último, informa que o vindeiro 14 de abril abrirase a Casa Museo Santiago Casares Quiroga.

maré, "Na liñaxe da escena", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 marzo 2007, p. 27.

Comenta que a conselleira de cultura, Ánxela Bugallo, presentou as actividades previstas para celebrar os cento vinte e cinto anos do teatro galego, desde a primeira representación en 1882 con *A fonte do xuramento*, de Francisco de la Iglesia. Salienta que no programa se inclúe a elaboración do I Plan Galego das Artes Escénicas e multitude de representacións en espazos alternativos, que habitualmente non teñen un acceso directo ao teatro. Así mesmo, tamén destaca que outra das actividades será unha exposición itinerante, *Facendo país dende as táboas*, que mostra os diferentes períodos históricos da dramaturxia galega.

maré, "O poeta que veu da montaña", *Galicia Hoxe*, "Maré hoxe", 20 marzo 2007, p. 26.

Dáse conta dos contidos das revistas *O pazo das musas* e *A voz dos carraos*, editadas pola Rede de Museos da Deputación de Lugo, e dedicadas a homenaxear o poeta Antonio Noriega Varela co motivo do sesenta aniversario do seu pasamento. Indícanse os nomes dos colaboradores no número 9 d'*O pazo das musas*, coordinado por Antonio Reigosa, entre os que se contan Antón Castro, Xosé Ramón Freixeiro Mato, Daniel e Santiago Noriega (netos do escritor homenaxeado), Miguel Lustres ou Cristina Lombao. Conclúe a nota cun resumo da biografía do mindoniense Noriega Varela.

maré, "Cumio en Teo para revisar a figura de Enrique Líster", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 marzo 2007, p. 29.

Informa que entre o 13 e o 15 de abril vanse celebrar en Cacheiras as xornadas "Enrique Líster, a longa viaxe dun home de Ameneiro". Dá conta dalgúns dos participantes como Neira Vilas, Ferrín, Ramón Villares, Alonso Montero ou Díaz Pardo.

maré, "Os editores galegos estarán en Barcelona e en Boloña", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 abril 2007, p. 29.

Dá conta da organización, por parte da Asociación Galega de Editores, do Programa da Semana do Libro Galego en Barcelona, que coincide coa celebración do San Jordi catalán. Indica que unha das actividades do programa é a mostra "A historieta galega", producida pola Fundación Feima. De seguido, comenta que a AGE tamén vai participar, en colaboración coa Consellería de Cultura, na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Bolonia.

maré, "O libro en galego estará tamén na feira de Ponferrada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 abril 2007, p. 36.

Comenta que a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta vai participar na décimo segunda edición da Feira do Libro de Ponferrada. Indica que a asociación presentará unha ampla mostra do libro galego e, sobre todo, do libro infantil e xuvenil. Tamén contarán con dicionarios e gramáticas, os clásicos da literatura galega, as traducións e, como novidade, presentará libros en galego creados por escritores do Bierzo.

maré, "Uxía Senlle abre o ciclo de Galicia na Feira de Bos Aires", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 abril 2007, p. 27.

Comenta que na Feira do Libro de Bos Aires, a literatura galega estará representada polos escritores Carlos Arias, María do Cebreiro e Anxo Angueira.

maré, "Versos de Marilar Aleixandre para Santiago", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 abril 2007, p. 27.

Refire que dentro do programa "Pan con poesía", vanse repartir cincuenta mil bolsas nas panaderías de Santiago e a súa comarca, con poemas de Marilar Aleixandre. Tamén se repartirán folletos que recollen todos os poetas que participan na campaña e información sobre as súas obras.

maré, "Viaxar cos libros", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 abril 2007, p. 35.

Comenta que a Consellería de Cultura e máis Renfe acordaron repartir corenta mil exemplares de catro relatos breves, dos autores galegos Blanco Amor, Luísa Villalta, Méndez Ferrín e Xosé Carlos Caneiro. Salienta que o obxectivo é difundir a lectura en galego e que os viaxeiros relacionen o tren coa lectura. Así mesmo, Bugallo fai referencia ao bo traballo que está a facer a Consellería co fomento da lectura e refire a campaña de "Pan con poesía".

maré, "Espectros republicanos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 abril 2007, p. 36.

Con motivo da estrea d'*O bosque de levas*, un filme de Antón Dobao baseado na obra homónima de Alfonso Álvarez Cáccamo, coméntase o bo momento creativo que vive o escitor, que acudiu con curiosidade á recreación en imaxes da súa novela.

maré, "Pontevedra será a sede do Festival galego de cabaré", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 abril 2007, p. 36.

Salienta que se vai celebrar en Pontevedra, entre o vinte e oito de abril e once de maio, o II Festival Galego de Cabaré. Comenta que se trata dun proxecto pioneiro e explica por qué escolleron esta cidade para celebralo. Tamén indica que haberá un obradoiro formativo para actores, bailaríns e xente interesada no cabaré.

maré, "A lectura volve á Alameda", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 abril 2007, p. 27.

Dá conta do comezo da Feira do Libro en Santiago de Compostela e achega os nomes das autoridades que participaron no acto de apertura. Salienta que a Consellería de Cultura está a realizar un bo labor difusor do libro galego e explica que este ano contará cun posto no que regalarán un libro a aquelas persoas que xa teñan comprado dous exemplares na feira. Así mesmo, fai referencia ás actividades que se levarán a cabo e salienta que un día estará dedicado á poesía, tamén haberá recitais, coloquios, mesas redondas, presentacións de libros e sinaturas de exemplares.

maré, "Manuel Rivas lerá o pregón do Culturgal en Pontevedra", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 abril 2007, p. 27.

Refire que o escritor Manuel Rivas vai ser o encargado de ler, en Pontevedra, o pregón da primeira edición do Culturgal. Indica que esta é unha iniciativa da Asociación Galega de Editores e salienta que ademais desta actividade hai un completo programa de actos en Pontevedra: obradoiros, ludotecas, proxeccións de longametraxes, recitais poéticos e presentacións de libros como *Palabras contadas* de Camilo Franco, mesas redondas, etc.

maré, "Polas catro témporas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 maio 2007, p. 29.

Crónica da presentación en Compostela do libro que reúne unha escolma das colaboracións máis representativas que Antón Fraguas fixo n*'O Correo Galego* e *La Voz de Galicia* e que leva por título *Polas catro témporas (1992-1999)*. Dise que no acto estiveron presentes varias personalidades pertencentes ao Consello da Cultura Galega como Ramón Villares, que gabaron a figura do ilustre galeguista e que afirmaron que na edición se respectou o estilo de Don Antón.

maré, "A Xeración Nós será o eixe do Día de Europa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 maio 2007, p. 30.

Dáse noticia de que na celebración do Día de Europa o 9 de maio, a Xunta e a Fundación Otero Pedrayo farán unha serie de actividades para destacar a importancia do europeísmo no galeguismo da Xeración Nós. Infórmase de que se inaugurará unha exposición sobre este feito no Museo do Pobo Galego e que se fará unha visita á Casa Museo de Otero Pedrayo.

maré, "Versos compartidos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 maio 2007, p. 28.

Comenta que o escritor Darío Xohán Cabana participou no ciclo "Venres literarios", organizados polo Museo Pedagóxico de Galicia. Cabana afirma que a poesía é fundamental na ensinanza e considera que debe aparecer xa nos primeiros anos, dun xeito lúdico. Finalmente, achega os nomes doutros escritores que tamén van participar no ciclo.

maré, "A cultura galega chega a Lisboa con Portugalizando", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 maio 2007, p. 28.

Informa que a Consellería de Cultura organiza "Portugalizando. A semana da cultura galega" en Lisboa. Explica que con esta iniciativa pretende achegar ao país veciño a música, o cinema e a banda deseñada de Galicia. Tamén indica que as xornadas comezarán coa inauguración da mostra "Banda deseñada Galega".

maré, "Último día da Feira", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 maio 2007, p. 30.

Informa do remate de Cultur. Gal, a Feira do Libro e da Industria Cultural, que se está a celebrar en Pontevedra. Dita feira finaliza cun concerto de Marful e Corpo de Baile no

Auditorio. Tamén salienta que ao longo da feira se celebraron diferentes actividades: recitais poéticos por parte de Antón Lopo e Eva Veiga, mesas redondas sobre diferentes temas, creación de graffitis en vivo por Sekone, presentación de discos musicais por parte dos grupos Quempallou e GalegoZ. Salienta tamén que a feira contou con máis de catro mil visitantes.

maré, "A AELG constitúe unha editorial dixital para publicar obras na rede", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 maio 2007, p. 29.

Informa que o Conselleiro de Innovación e Industria, Blanco Álvarez, e máis o Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez, acaban de asinar un convenio de colaboración para crear novos contidos e servizos na páxina web da asociación, ademais de promover o proxecto de creación da editorial dixital da AELG e de ampliar o espazo didáctico da web da AELG.

maré, "A cultura apoia nun manifesto á Deputación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 maio 2007, p. 33.

Faise referencia ao manifesto que asinaron cento dezaoito artistas do mundo da cultura para recoñecer o traballo de colaboración que está a desenvolver a Deputación da Coruña, da man de Celestino Poza, pola cultura galega. Tamén achega os nomes de varios artistas que asinaron o documento.

maré, "Unha cita na Habana", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 maio 2007, p. 29.

Indíca que o escritor lucense Xosé Loís García será o único español que participe no XXII Festival Internacional de Poesía da capital cubana entre o centenar aproximado de invitados ao evento. A súa asistencia xustifícase por ter feita a primeira tradución ao castelán da obra *Sagrada Esperança*, o libro de poemas de Agostinho Neto.

maré, "Pacto entre o Consello da Cultura e a AELG", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 maio 2007, p. 29.

Salienta que o Presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, e o Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez Iglesias, asinaron un protocolo de colaboración institucional para favorecer a creación de literatura en lingua galega. A continuación, dá conta das principais propostas como a organización dunhas xornadas de debate, obradoiros literarios e tamén consolidar as súas respectivas páxinas web.

maré, "Compostela e Valle-Inclán", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 xuño 2007, p. 26.

Dá conta do ciclo de homenaxes que se lle vai render a Valle-Inclán en Compostela. Indica que haberá unha mostra e tamén unha lectura de poemas seus. Así mesmo, farán

un itinerario polos lugares da cidade máis queridos polo escritor e terá lugar unha conferencia sobre Valle-Inclán e a arte galega.

maré, "Alguén deberá cambiar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 xuño 2007, p. 29.

Achega os comentarios de González Tosar sobre a dirección do PEN Clube de Galicia. Salienta que proximamente se celebrará a Asemblea Xeral e afirma que aínda non presentou a súa candidatura. Dáse conta dos compoñentes da directiva actual e Tosar afirma que se deben producir cambios na asociación aínda que, até o momento, o balance do traballo é positivo.

maré, "Yolanda Castaño será a única representante galega en Xénova", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 xuño 2007, p. 29.

Dá conta da participación da poeta Yolanda Castaño na décima terceira edición do Festival Internacional de Poesía de Xénova. Indica que Castaño vai ser a única representante de España e salienta o nacemento desta cita literaria, así como a súa importancia actual. Así mesmo, comenta que a poeta tamén vai participar no Instituto Cervantes de Milán.

maré, "A vía alternativa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 xuño 2007, p. 29.

Infórmase de que o director de cine Antón Dobao inicia a rodaxe d'*A mariñeira*, longametraxe baseada no relato *A mariñeira de Quilmas*, de Darío Xohan Cabana, e que supón a cuarta entrega do proxecto *Un mundo de historias*. Dise que Dobao aposta por "cine galego en galego menos ambicioso a nivel de produción, pero máis ambicioso en termos de producto cultural" e "propiciando un transfego entre a literatura e a imaxe, a través da adaptación e tamén coa participación dos escritores como autores do guión". Finalmente alúdese ao argumento do filme que desenvolve os momentos da represión franquista e que supón a restitución da memoria das mulleres na resistencia.

maré, "O director Antón Dobao inicia a rodaxe da película 'A mariñeira", *El Correo Gallego*, "Cultura", 23 xuño 2007, p. 76.

Informa que o director Antón Dobao vai iniciar a rodaxe d'*A mariñeira*, que se trata da cuarta entrega do proxecto "Un mundo de historias". Indica que esta longametraxe está tomada da obra de Darío Xohán Cabana, *A mariñeira de Quilmas,* e dá conta doutros autores que Dobao tamén levou ao cinema. Deseguido, achega as opinións de Dobao sobre a situación do cine galego actual, os principais problemas cos que se atopa e, por último, comenta a axuda de Xabier Cordal como guionista.

maré, "Jacobo Bermejo, elixido presidente do Clúster do Libro Galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 xuño 2007, p. 28.

Informa que o Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego celebrou a súa primeira asemblea xeral da que saíron os novos membros directivos. Dá conta das persoas que ocupan os cargos e indica que na reunión se informou aos socios dos novos proxectos, fixáronse os estatutos e estabelecéronse as cotas.

maré, "Fitos da cultura na diáspora", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 xuño 2007, p. 28.

Salienta que o Centro Ramón Piñeiro recuperou seis revistas históricas da diáspora galega en América. Indica que estas revistas, publicadas agora como edicións facsímiles, son *Alalá*, *Alborada*, *Lar Galición*, *Alén Mar*, *Galicia. Revista semanal ilustrada* e *Suevia*. Fai referencia ao acto de presentación ao que asistiron Marisol López, Secretaría Xeral de Política Lingüística, e Alonso Girgado, coordinador do proxecto de recuperación da prensa galega emigrante no Centro Ramón Piñeiro. Ambos salientan a importancia destas revistas no seu momento e achegan os nomes dalgúns colaboradores literarios.

maré, "Arrinca a Feira do Libro en Vigo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "En axenda", 30 xuño 2007, p. 31.

Anúnciase a inauguración da trixésimo terceira edición da Feira do Libro coa lectura do pregón a cargo do escritor Fran Alonso e a realización de diferentes actividades de fomento de lectura como presentación de publicacións ou talleres, entre outras.

maré, "Libros comprometidos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 xullo 2007, p. 28.

Dá conta da proposta feita pola nova editorial viguesa Cydonia, que consiste en que o cinco por cento de todos os libros que vendan será destinado a accións benéficas. Indica que o proxecto se titula "Libro solidario" e comenta que xa teñen dúas obras no mercado, publicadas en lingua castelá.

maré, "Nace na emigración a Biblioteca Galega de Bos Aires", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 xullo 2007, p. 30.

Infórmase da inauguración e dos servizos cos que conta a biblioteca, creada pola Federación de Sociedades Galegas de Arxentina. Dise que está conectada coa Rede de Bibliotecas de Galicia e que pón á disposición doce mil volumes. Finalmente fálase do Ateneo Curros Enríquez, antecedente da biblioteca, que fomentou a cultura de toda a colectividade galega e que contou con doazóns de entidades e particulares, como o Centro Republicano Español ou os herdeiros de José González Ledo, entre outros.

maré, "Gres vive os 50 anos de Follas Novas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 xullo 2007, p. 34.

Fai referencia á celebración en Gres, do cincuenta aniversario da creación do Centro Follas Novas en Arxentina que naceu co obxectivo de impulsar o mundo do libro e da

cultura galega. Dá conta das personalidades que acudiron ao acto e lembra a historia da primeira distribuidora dedicada en exclusiva ao libro galego.

maré, "Acceso universal ó galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xullo 2007, p. 29.

Alúdese ao convenio de colaboración asinado entre a Secretaria de Política Lingüística, Marisol López, e o Vicepresidente da Fundación Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes que permitirá difundir os fondos do Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades na páxina web da Biblioteca Virtual Cervantes así como a posibilidade de "consultar, ver, baixar ou ler literatura galega". Dise que ao acto asistiron entre outros Manuel González, coordinador científico, Anxo Tarrío, director da sección de Literatura e Guillermo Rojo, director da sección de Lingüística do C.I.R.P., así como Darío Villanueva, impulsor da biblioteca en liña, e que os primeiros volumes dixitalizados serán *A obra narrativa en galego de Manuel Luís Freire* e a revista monolingüe en galego *A gaita gallega*.

maré, "Só os cativos collen libros", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xullo 2007, p. 31.

Reflíctese o aumento do hábito lector entre os nenos de dez a trece anos por riba dos demais españois, a partir dos datos obtidos no Barómetro de Hábitos de Lectura e compra de libros que foron difundidos pola Federación de Gremios de Editores de España. Engádense tamén outros datos sobre os hábitos lectores da poboación española atendendo a diferentes criterios como idade, sexo ou formación académica.

maré, "A vontade dun mestre de libreiros", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 xullo 2007, p. 28.

Destaca a importancia de Xesús Couceiro, o creador da libraría Couceiro en Compostela, como impulsor do libro en galego. Salienta a creación da súa libraría no ano 1969, cando a situación das letras galegas era moi difícil. O artigo fai un repaso polas diferentes actividades que realizou ao longo da súa vida Xesús Couceiro, todas elas encamiñadas á defensa do idioma galego e tamén do portugués. Salienta os seus logros como promotor das Feiras do Libro e da literatura galega no exterior.

maré, "Acordo para difundir as letras galegas no exterior", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 xullo 2007, p. 42.

Dá conta do apoio que recibirá o PEN Clube de Galicia por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística para levar a cabo unha serie de actividades e, sobre todo, incrementar a proxección exterior da literatura galega. Indica que o acordo tivo lugar nunha xuntanza e dá conta dos asistentes á mesma, tamén destaca as medidas que propón a asociación para o contacto con outras literaturas e fai referencia ao Centro de Estudos Galegos.

maré, "O retroceso das librerías tradicionais", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 26 xullo 2007, p. 38.

Apúntase o retroceso das vendas nas librarías tradicionais fronte ás grandes superficies malia que case a metade dos españois prefire as primeiras para mercar os libros, como certifica a Federación de Gremios de Editores de España no seu Barómetro de Hábitos de Lectura e Compra de Libros correspondente ao primeiro trimestre do 2007. Conclúese que é posíbel a convivencia entre estabelecementos tradicionais e as grandes cadeas, segundo manifestou o Presidente da Confederación Española de Gremios e Asociacións de Libreiros (CEGAL).

maré, "A prol do partido do riso", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 xullo 2007, p. 38.

Coméntase a intervención do escritor Manuel Rivas nun curso da Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP) sobre *O escritor e a súa obra,* onde fixo unhas declaracións sobre o secuestro da revista *El Jueves* tras publicar un número cunha caricatura sobre os Príncipes de Asturias. Tamén se di que verteu a súa opinión sobre outros temas de actualidade e falou sobre a súa obra.

maré, "Historia do teatro galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 agosto 2007, p. 26.

Salienta que con motivo da celebración do cento vinte e cinco aniversario da representación da primeira obra teatral galega, *A fonte do xuramento,* de Francisco de la Iglesia, vanse celebrar cento vinte e cinco representacións da obra, ademais dunha exposición itinerante titulada "Un país desde as táboas". Explica que esta mostra recolle desde o teatro popular, o nacemento da dramaturxia galega, os intentos de modernización e o parón que supuxo a ditadura até a consolidación nas últimas décadas.

maré, "Desconxestionar a ruta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 agosto 2007, p. 27.

Informa da chegada a Compostela de medio centenar de escritores e xornalistas que finalizaron unha "translatio literaria" iniciada en Valencia para promover a ruta xacobea por mar. Salienta tamén a opinión de varios destes escritores como Espido Freire, Juan Manuel de Prada ou Rosa Regás, ante a experiencia de facer o camiño.

maré, "Carballo reconcibe a forma de exhibir o libro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 agosto 2007, p. 30.

Informa da inauguración e a programación da Feira Literaria de Carballo que durará catro días e mesturará os libros coas actividades lúdicas e formativas, tanto para nenos como para maiores. Sinala que tamén se farán recitais, actuacións, presentacións e sinaturas de libros. Salienta que a feira será inaugurada co pregón de Mercedes Queixas, Secretaria Xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), e que no transcurso da feira se presentaran diferentes novidades editoriais.

maré, "A obra de Murguía determinou o patrón literario de Valle-Inclán", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 setembro 2007, p. 29.

Dáse conta da presentación do último número da revista *Cuadrante*, editada pola Asociación Cultural de Amigos de Valle-Inclán no Pazo de Fefiñáns de Cambados. Destácase que este número contén, ademais de colaboracións de Sandra Domínguez arredor da presenza de Valle na revista satírica *El Gran bufón*, do musicólogo López Acuña sobre a adaptación operística de *Divinas palabras* e de Espejo Trenas sobre as novas achegas bibliográficas ao escritor, un artigo de Francisco Charlín centrado na influencia que exerceu o patrón histórico de Manuel Murguía na concepción literaria de Valle-Inclán, que utilizou as súas teses en múltiples ocasións. Indícase tamén que a presentación da revista coincidiu coa homenaxe anual da asociación ao autor dos esperpentos e contou con diferentes actuacións musicais e poéticas e cunha conferencia de Juan Fernando de la Iglesia, profesor de Estética da Universidade de Vigo titulada *Valle-Inclán e os espellos*.

maré, "Na Terra Cha", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 setembro 2007, p. 23.

Dáse conta do acto de homenaxe a Manuel María, no que amigos e admiradores percorrerán espazos míticos do escritor chairego, celebrarán un xantar de irmandade, un recital poético, unha ofrenda floral e, para rematar a xornada, o rito da "Navalla de Manuel", no que se mesturarán poemas coa música de Quenlla, Miro Casavella ou Antón Valcarce. O artigo péchase coa reproducción dun poema de David Otero, adicado ao homenaxeado, titulado "E que estas palabras nos abracen...".

maré, "Cambios na Feira do teatro para facela 'máis mercado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 setembro 2007, p. 29.

Fai referencia á celebración da XV edición da Feira Galega das Artes Escénicas, organizada polo IGAEM co obxectivo de crear un "espazo de auténtico mercado". Informa que participarán vinte e cinco compañías, vinte e unha galegas e catro de Cabo Verde, Brasil e Portugal. Entre as galegas, segundo explica, hai oito compañías de teatro de autor, dúas de teatro de monicreques, dúas de danza e dúas de nova creación. A continuación, dá conta das obras que representará cada compañía e, por último, destaca outras actividades que se levarán a cabo, como un encontro internacional de críticos teatrais, o encontro da Coordinadora Estatal de Feiras de Teatro, seminarios de formación e mesas de debate, entre outras.

maré, "Na rede con todos os dereitos do papel", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 setembro 2007, p. 28.

Salienta que a Asociación de Escritores en Lingua Galega quere que Internet sexa un soporte equiparábel ao editorial e, por isto, vai crear unha nova editorial virtual dentro da páxina web da asociación. O Presidente, Cesáreo Sánchez Iglesias, comenta que se trata de crear unha plataforma para que emerxan os escritores novos e indica que a editora vai comezar coas obras que os rapaces fixeron no programa Infoxove, ademais, afirma que pode participar quen queira. A continuación, informa que a AELG vai

celebrar as I Xornadas da Crítica Galega coa primeira conferencia a cargo de Ramón Nicolás Rodríguez.

maré, "Galicia será o único país europeo na Feira do Libro de Uruguai", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 setembro 2007, p. 27.

Dá conta da participación de Galicia na trinta edición da Feira do Libro de Uruguai. Entre os actos relacionados coa literatura galega, salienta a lectura de obras de Castelao, un recital e concerto de homenaxe á poesía galega e a recitación de poemas galegos publicados na revista uruguaia *La Tertulia*.

maré, "A internacional libreira", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 outubro 2007, p. 33.

Dá conta da presenza da industria editorial galega en diferentes feiras internacionais como a Feira do Libro de Frankfurt (Alemaña), a Feira de Guadalajara (México) e a Feira de Uruguai como mellor xeito de abrir novos mercados. Destaca tamén que na Feira do Libro de Frankfurt se presentara o sitio web readgalicia.com, o cal foi destacado pola Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, como "unha fiestra permanente á literatura galega".

maré, "Once libros galegos optan ó Planeta entre 469 obras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 outubro 2007, p. 29.

Salienta que once libros galegos ,cinco da Coruña, cinco de Ourense e un de Pontevedra, participan na cincuenta e seis edición do Premio Planeta. Indica a cantidade económica para o gañador e dá conta do xurado do premio.

maré, "Un pouco máis lonxe", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 outubro 2007, p. 26.

Informa da tradución de varias obras de literatura galega a outras linguas. Destaca que existen varios escritores galegos que rompen fronteiras e mídense cos grandes do catálogo internacional. Entre estes escritores salienta a Teresa Moure, coa súa obra *Las palabras de las hijas de Eva* (traducida ao castelán), Xurxo Borrazás con *La aldea muerta* e Chus Pato con *Charentón*, traducida ao inglés pola profesora e escritora canadiense Erin Moure, tarefa iniciada xa por Manuel Rivas e Suso de Toro.

maré, "Cúmprense cen anos do primeiro mitin político en galego de Lugrís", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 outubro 2007, p. 30.

Salienta que no día de onte cumpriuse o centenario do primeiro discurso pronunciado en galego por Lugrís Freire, durante un mitin de Solidaridad Gallega en Betanzos.

maré, "Ás veces son intrépico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 outubro 2007, p. 27.

Informa que o suplemento *Revista das Letras* do xornal *Galicia Hoxe*, vai pechar a temporada co relato *To*, de Suso de Toro. Comenta que esta é a primeira vez que se publica a este escritor e, deseguido, fai referencia ao seu próximo libro *Madeira de Zapatero*, dedicado ao Presidente do Goberno. Refire algúns comentarios de Suso de Toro sobre o presidente e, finalmente, volve tratar os relatos do escritor salientando que todos son moi parecidos, nos que "alguén perde a identidade". Por último, fai referencia ao seu traballo de xornalista.

maré, "Tomas de contacto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 outubro 2007, p. 31.

Explícase que na Feira de Frankfurt foi presentado o volume *20 Geditche aus galicien/20 poemas galegos*, coordinado polo editor Kieter Kremer, que consiste nunha selección de poemas publicados na revista *Galicien Review*, da Asociación Galego-Alemá. Detállase que se trata dun percorrido pola historia lírica galega, incluíndo a Rosalía de Castro, Manuel Antonio, María Mariño, Álvaro Cunqueiro, Xosé María Álvarez Blázquez e o seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo, Luz Pozo, Manuel María, María Xosé Queizán, Pilar Pallarés, Manuel Rivas, Miguel Anxo Fernán-Vello, Ana Romaní, María Reimóndez ou Yolanda Castaño, entre outros autores. Remátase apuntando que este volume foi materia de traballo de "No embigo do mundo", grupo poético nacido da colaboración entre o Galicien Zentrum da Universidade de Trier e a lectora portuguesa Paula de Lemos.

maré, "O Galeusca literario deste ano estudará o imaxinario", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 outubro 2007, p. 30.

O imaxinario na literatura centrará a edición número vintecatro deste encontro entre autores de Galicia, Euskadi e Cataluña, que se inaugurará cunha mesa redonda na que participará, por parte galega, Xosé Miranda.

maré, "O Igaem presenta un estudo dos hábitos do público feminino", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 outubro 2007, p. 26.

Informa da presentación por parte do IGAEM, na Fundación Gonzalo Torrente Ballester e dentro da Feira Galega das Artes Escénicas, do estudo sobre os hábitos do consumo cultural do público potencial feminino da Rede Galega de Teatros e Auditorios, feito pola empresa de investigación Cidadanía. Tamén salienta os espectáculos teatrais que se levarán a cabo na Feira Galega das Artes Escénicas.

maré, "Galaxia afianza a súa liña editorial con oito novas traducións", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 outubro 2007, p. 26.

Anúnciase a publicación, por parte de Galaxia, de oito libros de literatura internacional traducidos ao galego: *Camposanto*, de W.G. Sebald; *O* retorno, de Bernhard Schlink; *Tres* contos, de Gustave Flaubert; *As mágoas do mozo Werther*, de Johann Wofgang Goethe; *A pista de area*, de Andrea Camilleri; *O ruído e a furia*, de William Faulkner; *O castelo branco*, de Orhan Pamuk e *O viaxeiro astral*, de Jack London.

maré, "Do Courel a Compostela", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 outubro 2007, p. 39

Fai referencia á campaña que se está a levar a cabo para a defensa de Uxío Novoneyra como autor homenaxeado o Día das Letras Galegas do 2010 e indica a creación da súa páxina web. Comenta a súa viúva, Elba Rei, que a iniciativa estará apoiada por diferentes institución e, finalmente, achega un resumo da súa traxectoria literaria.

maré, "Jaureguizar lanza a idea de que Rivas opte ao Nobel", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 outubro 2007, p. 39.

Comenta que o xornalista Jaureguizar propón no seu blog nomear a Manuel Rivas como candidato por parte de Galicia ao Premio Nobel de Literatura en detrimento de X.L. Méndez Ferrín, xa que, considera que é máis probábel que o gañe Rivas e non Ferrín porque ten un maior número de libros traducidos.

maré, "Galeusca di que o Estado 'non é garantía para desenvolver as identidades", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 novembro 2007, p. 30.

Comenta que as xornadas do Galeusca, celebradas en Lugo, chegaron ao seu fin este ano. Indica que o último día os participantes denunciaron a situación das literaturas galega, catalá e vasca e dá conta das novas propostas que queren levar a cabo.

maré, "Fanny+Alexander sacan novo disco", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 novembro 2007, p. 34.

O segundo traballo do grupo compostelán Fanny+Alexander titúlase *Finais dos 70s, comezos dos 80s*, composto integramente por adaptacións de poetas galegos como María do Cebreiro, Daniel Salgado e Ricardo Carvalho Calero.

maré, "A debate en Santiago a relación do libro co mercado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 novembro 2007, p. 33.

Informa que a Asociación Galega de Editores organiza o IV Simposio "O Libro e a Lectura", no que se debaterá sobre a relación do libro e o mercado. Comenta que terán lugar seis conferencias e tres mesas redondas e dá conta dalgunhas das personalidades que intervirán.

maré, "Radiografía do impás ", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 novembro 2007, p. 33.

Dá conta da publicación dunha enquisa feita polo Instituto Galego de Estatística (IGE) na que se sinala que case o sesenta por cento dos galegos non leu ningún libro no último ano, unha proporción semellante aos que tampouco acoden nunca ao cine. Tamén destaca outros datos estatísticos relacionados con diferentes apartados da cultura: o teatro, a música, a televisión ou a prensa.

maré, “Entre o fado e a literariedade”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 8 novembro 2007, p. 36.

Dá conta da celebración, en Santiago de Compostela, da V Mostra Cultural Portuguesa que presentará encontros musicais, literarios e cinematográficos. Salienta o obxectivo deste proxecto que é promover un maior coñecemento entre España e Portugal e, en relación ás actividades literarias, destaca o encontro sobre literatura “Portugal na literatura galega e española. España e Galicia na literatura portuguesa”, no que participarán Ramiro Fonte, Joao de Melo e Darío Villanueva.

maré, “Cuadrienio dramatúrxico”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 13 novembro 2007, p. 31.

Informa da creación do Plan das Artes Escénicas, pendente de aprobación, por parte da Consellería de Cultura. Dise que inxectará, até o 2011, sesenta e seis millóns de euros no sector e que suporá un incremento do vinte e dous por cento anual respecto o ano anterior. Tamén indica as novidades máis importantes que se introduciran con este plan.

maré, “Blanco Amor cruza os Pireneos”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 14 novembro 2007, p. 34.

Comenta que a obra de Eduardo Blanco Amor, *A esmorga*, foi traducida ao francés por Vicent Ozana e editada por Gallimard, co título de *La noce*. Explica que a obra é a primeira da colección “Terre de brume”, que estará dedicada aos clásicos galego, e comenta que esta iniciativa foi promovida polo PEN Clube e a Casa de Galicia de Toulousse. Luís González Tosar, presidente do PEN, comenta que o seu próximo obxectivo é conseguir que se traduza *A esmorga* ao inglés.

maré, “Entre o best-seller e a torre de marfil”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 15 novembro 2007, p. 36.

Fai referencia ao simposio que se celebra en Compostela sobre o libro galego e o mercado, organizado por cuarto ano consecutivo pola Asociación Galega de Editores. Achega os comentarios de Xaime Corral Prieto, Presidente da Federación de Libreiros de Galicia, Bieito Ledo, fundador da editorial Ir Indo, Miguel Anxo Fernán Vello, director de Espiral Maior, Manuel Bragado, director de Xerais, os escritores Camilo Franco e Santiago Jaureguizar, Cesáreo Sánchez, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e, por último, o comentario da escritora Anxos Sumai. Todos eles afirman que a situación do libro galego debe mellorar e que precisa que o mercado vaia modificándose para que o número de vendas se incremente.

maré, “A colección Edoy Leliadoura preséntase en sociedade”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 16 novembro 2007, p. 38.

Informa da presentación da nova colección de poesía de Sotelo Blanco que sae co título de "Eloy Leliadoura", baixo a responsabilidade de Xesús González Gómez. Así mesmo, dá conta dos poetas que abren esta nova andaina, entre os que se atopan Rafa Villar, Modesto Fraga, Antón Dobao, Daniel Salgado, Pilar Beiro ou Marica Campo.

maré, "Xohán Ledo renace nunha mostra en Vigo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 novembro 2007, p. 28.

Informa da apertura da exposición dedicada a Xohán Ledo e organizada pola Editorial Galaxia que se expón no Museo Quiñones de León, en Vigo. Indica tamén que se realizarán seis mesas redondas nas que se abordará a situación actual do libro en Galicia.

maré, "A historia de Rianxo, Celanova e Mondoñedo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 novembro 2007, p. 29.

Informa que a Consellería de Innovación e Industria e máis a editorial Ouvirmos van realizar catorce publicacións sobre itinerarios histórico-culturais de diferentes vilas. Indica que os tres primeiros volumes xa saíron do prelo: son a historia e a música de Celanova, Rianxo e Mondoñedo.

maré, "Espazos literarios de autores galegos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 novembro 2007, p. 29.

Coméntase que a Consellería de Cultura e mais o Ministerio de Cultura portugués organizan un roteiro de Espazos Literarios na Limia. Estes espazos evocan as obras dos ourensáns Antón Tovar, Carlos Casares e Antón Riveiro Coello e dáse conta do programa que se levará a cabo.

maré, "Escaparates da cultura", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 novembro 2007, p. 32.

Dá conta da participación de Galicia na feira editorial que se realizará en febreiro na Habana. Indica que colaborarán arredor de corenta escritores galegos que levarán a cabo corenta e cinco actos entre conferencias, mesas redondas, recitais, contacontos, etc., e ademais tamén se realizarán oito exposicións sobre banda deseñada, fotografía ou os vínculos de Galicia con Cuba. Así mesmo, tamén comenta que se realizará un encontro de contadores dirixido por Quico Cadaval e, finalmente, menciona as obras que publicará a Consellería de Cultura: dúas antoloxías bilingües de poesía galega, dúas antoloxías de narrativa, o libro de Xosé Neira Vilas *Presenza diversa dos galegos en Cuba*, unha antoloxía facsímile de *Dez anos de ZUNZUN* e a reedición facsímile de *16 poemas galegos para Ernesto Che Guevara contra a súa morte* e *De raíz profunda. Galicia e o galego en Cuba*.

maré, "Comprometido e nacionalista", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 decembro 2007, p. 33.

Recóllense os actos de homenaxe en honra de Eduardo Blanco Amor ao cumprirse 28 anos da súa morte, organizados polo Pen Club de Galicia. Dise que se reivindica a súa figura pola súa profesionalidade e que entre outros actos fíxose unha ofrenda floral no cemiterio de San Francisco á que acudiron diversas personalidades así como alumnos do IES que leva o seu nome. Tamén se informa da creación dunha bolsa de investigación sobre a vida e obra do escritor para os alumnos de secundaria da cidade.

maré, "Non estamos nun país normalizado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 decembro 2007, p. 30.

Resúmese a última sesión das xornadas "Medios de comunicación e identidade" que se centrou no semanario *A Nosa Terra*. Aínda que o tema foi tratado por Lois Rodríguez, Xosé Manuel Vega, Xosé Ramón Pousa e Alfonso Eiré. Reprodúcense sobre todo as palabras do último, que foi o seu director durante vinte e cinco anos. Eiré di que os medios de comunicación están ante unha situación anormal xa que presumen de reflectir a realidade cando neles practicamente non se utiliza o galego. Afirma que *A Nosa Terra* nunca quixo ser único, senón que tivo un papel dinamizador durante moitos anos. Tamén lembrou que despois da Autonomía a situación non mudou porque os políticos defendían unha economía dependente de Madrid. Porén, asegurou que o semanario pasou por momentos peores como cando estivo a piques de se converter en diario pero Fraga deu orde de executar unha débeda para que non evolucionase. Falou tamén da desvinculación do semanario co Bloque Nacionalista Galego porque os partidos nacionalistas optan por outro tipo de asociacións. Finalmente comenta que están celebrando o centenario do semanario cunha renovación que suporá o seu salto á rede.

maré, "Voces contra o 'silencio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 decembro 2007, p. 30.

Infórmase de que máis de novecentas persoas asinaron un manifesto para apoiar a Isaac Díaz Pardo despois da súa expulsión do grupo Sargadelos. O manifesto divídese en cinco apartados nos que se critica o pasotismo das institucións públicas, as informacións confusas que foron dadas sobre o feito e a propia empresa, que vendeu a tenda de Milán e vai facer o mesmo coa de Lisboa.

maré, "A nazón dos cidadáns", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 decembro 2007, p. 27.

Indícase que o día 19 de decembro o Presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, inaugurou a exposición "A nosa voz. Cen anos de Himno galego" en San Domingos de Bonaval, Compostela, na que se reconstrúe o proceso de elaboración e distribución da composición. O presidente afirmou que o Himno é patrimonio de todos, independentemente da súa ideoloxía, resaltou o importante papel da emigración galega e lembrou que o Himno soou por primeira vez en Cuba. Segundo Touriño, o Himno tivo diferentes significados ao longo do tempo: comezou sendo un canto de emigración, pasou a ser un símbolo de loita a favor da democracia no franquismo para rematar sendo o himno de todos. A púntase que na exposición poderanse atopar libros, bandeiras, cartas, fotografías, etc. dos seus autores. Anúnciase tamén que o Vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, inaugurará, ao día seguinte, a exposición "Os tempos son

chegados" en Ponteceso, vila natal de Pondal, e que ese mesmo día tamén asistirá a un acto no Teatro Rosalía de Castro da Coruña.

maré, "O día de Fernán Vello", *Galicia Hoxe*, "Maré Hoxe", 29 decembro 2007, p. 26.

Información referida á celebración, no Patronato da Cultura Galega de Montevideo, como cada vinte e oito de decembro, do tradicional Día da Poesía Galega, dedicado nesta ocasión a Miguel Anxo Fernán Vello. Sinálase que en edicións anteriores foron homenaxeados poetas da altura de Manuel María, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Uxío Novoneyra, e que o obxectivo da xornada é poñer en contacto os emigrantes galegos do Uruguai coa creación poética actual. Indícase tamén que nesta última edición tivo lugar un Obradoiro de Declamación onde se recitaron e escenificaron textos de Fernán Vello, poeta e dramaturgo chairego.

María, Manuel, "De 'Terra Cha", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 maio 2007, p. 39.

Sección fixa que acolle un poema de *Terra Cha*, de Manuel María, titulado "A Terra Cha somentes é".

Mariño, María, "De 'Obra Completa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 xaneiro 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle a composición poética "O meu camiño hoxe", de María Mariño, da súa *Obra Completa*.

Mariño, María, "da súa Obra Completa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 marzo 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema da *Obra Completa*, de María Mariño, que se inicia co verso "O meu camiño de hoxe".

Mariño, María, "De 'Obra completa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 abril 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Obra completa*, de María Mariño, titulada "Tiven medo de vogar, ...".

Mariño, María, "De 'Palabra no tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 abril 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Palabra no tempo*, de María Mariño, titulada "Ando por un camiño que non vexo o seu".

Mariño, María, "Xa vexo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 abril 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de María Mariño, titulado "Xa vexo".

Mariño, María, "De 'Palabra no tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 maio 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Palabra no tempo*, de María Mariño, titulada "Crareaba o camiño".

Mariño, María, "De 'Antoloxía Poética", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Antoloxía Poética*, de María Mariño, titulada "O MEU camiño hoxe...".

Mariño, María, "De 'Palabra no tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 decembro 2007, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Entre o cruceiro vou indo e dél non me sei volver", da obra *Palabra no tempo*, da autora María Mariño.

Martí Font, J. M., "La Xunta lleva a París las fotos, música y libros de Julio Cortázar", *El País*, "*Galicia*", 13 xaneiro 2007, p. 32.

Infórmase da inauguración da exposición *El viaje infinito* na Casa de América de París sobre a figura de Julio Cortázar. Dise que se exporán gran parte dos fondos, compostos por fotografías e filmes, que a esposa de Cortázar, Aurora Bernárdez, donou a Galicia. Finalmente explícase a conexión do escritor con Galicia a través dos intelectuais republicanos exiliados en Arxentina como Seoane, Salgado e Varela, dos seus primeiros editores, como Francisco Porrúa, e da súa muller.

Martínez, Cecilia, "Compañías y aficionados reivindican una escuela municipal de teatro", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Cangas", 7 marzo 2007, p. 19.

Dá conta da reunión que organizaron as agrupacións teatrais de Cangas e os monitores dos grupos teatrais dos institutos para solicitar ao Concello a creación dunha escola municipal de teatro. Salienta a abundante actividade teatral que se realiza en Cangas coa edición da *Revista Galega de Teatro* e máis a celebración da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo, así como, a Mostra de Ensino Secundario. Ademais, salienta as actividades que se organizan nos colexios e a opción que teñen os alumnos de aprender teatro como unha materia optativa.

Martínez, Cecilia, "El pregón de María X. Queizán abre la Feria del Libro de Cangas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Veran", "Sociedad", 22 xullo 2007, p. 60.

Saliéntase o pregón da inauguración da feira a cargo da escritora que incidiu no poder da literatura como fonte de sabiduría e cultura.

Martínez Mosquera, María, "Ollada de ausencia", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 3 agosto 2007, p. 40.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia,* para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por María Martínez Mosquera, "Ollada de ausencia".

Matalobos, Manuel Celso, "De 'Elementos de arquitectura sentimentalista", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Elementos de arquitectura sentimentalista*, de Manuel Celso Matalobos, titulada "Procúrote...".

Matamoros, Jose, "Conxo no olvida al poeta Aguirre", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", 24 marzo 2007, p. L12.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, informa que o Centro Cultural de Conxo rendeulle, como cada ano, unha homenaxe ao intelectual Aurelio Aguirre. Indica que os nenos do colexio Quiroga Palacios fixeron unha ofrenda floral na súa tumba e recitaron en conxunto un poema de Aguirre. Así mesmo, Baldomero Cores e Francisco Otero dedicáronlle unhas palabras na súa memoria.

Mato, Mar, "As editoriais tentan os Reis Magos", *La Opinión*, "Cultura", 3 xaneiro 2007, p. 55.

Salienta o esforzo das editoriais galegas para promover a venta de libros co gallo da celebración do día dos Reis Magos. Tamén presenta a oferta das diferentes editoriais galegas en diversos xéneros. Para o público infantil-xuvenil, cita a obra *Minilibros para soñar* da Editorial Kalandraka, que recolle as sete obras de máis éxito do ano, reducidas no seu tamaño para usalas de forma máis áxil. No campo da historia e arqueoloxía, menciona o ensaio *Colón, galego. O almirante das mil facianas* e *Ponthus e Sodoine, reis de Galiza e da Bretaña*, ambos libros da editorial Toxosoutos. No eido da fotografía e música, Edicións do Cumio publica *Vilagarcía nas vellas postais* e *Gaiteiros do Areal*. Infórmase que, no campo literario, Espiral Maior saca do prelo *Obra dramática completa de Jenaro Marinhas del Valle* e o poemario de Xavier Seoane, *Para unha luz ausente*. Na narrativa destacan as obras, *Palabras contadas* de Camilo Franco, *Protoevanxeo do neto de Herodes* de Bernardino Graña e *As máscaras de Cronos* de Ramón Caride, todas elas da Editorial Xerais.

Mato, Mar, "Cando unha porta é arte", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 3 marzo 2007, p. 45.

Comenta que o espello da alma dos libros é a portada e indica que no último século as portadas dos libros galegos sufriron unha gran mellora. Afirma que as empresas

editoriais mostran máis atención ao aspecto visual e, en palabras de Alfonso Costa, os libros teñen que atraer, é importante que a portada seduza. Deseguido, comenta que a arte das portadas aplicouse tamén aos libros de texto para que os nenos acollan a materia cun sorriso, segundo comenta Andrés Ameixide, ilustrador de Sotelo Blanco. Por último, indica que tamén as ilustracións das portadas melloraron nos libros de investigación e na narrativa, e dá conta dalgúns ilustradores.

Mato, Mar, "A lírica galega, ¿na vangarda da vangarda?", *Faro de Vigo,* "Sociedad y Cultura", 21 marzo 2007, p. 42./*La Opinión*, "Cultura", 25 marzo 2007, p. 68.

Co gallo da celebración do Día Internacional da Poesía, Mar Mato afirma que existen setenta anos de diferenza entre a xeración máis nova de poetas e a máis experimentada. Indica que neste día os poetas meditan sobre a situación da lírica galega e, entre eles, comentan a cuestión de se a poesía galega se atopa na vangarda da vangarda. Sobre isto, recolle as opinións de María do Cebreiro, Manuel Álvarez Torneiro, Yolanda Castaño, Rafa Villar, Helena Villar Janeiro, Fernán Vello e de Iria Gestoso, gañadora do último Certame de Poesía "María Soliño".

Mato, Mar, "Los libros joya salen de la caja fuerte", *La Opinión*, "Cultura", p. 68./*Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", p. 46, 25 marzo 2007.

Comenta que, nesta nova etapa dixitalizada, aínda se conservan auténticas xoias literarias, como os libros manuscritos pertencentes aos séculos XII ao XV ou as primeiras edicións de moitas obras. Indica que a maioría destas obras se conservan na Real Academia Galega, na Biblioteca Penzol de Vigo, no Arquivo da Catedral de Santiago e na Biblioteca da Universidade compostelá. Salienta que é un luxo poder asistir a esta exposición que se celebra no arquivo e dá conta dos volumes máis antigos e importantes: o *Codice Calixtino*, o *Turpín*, *Tumbo A*, *Breviario de Miranda* e o *Libro de Horas*, todos estes atópanse na Catedral de Santiago. Pola súa banda, a RAG conta con moitas das primeiras edicións de clásicos da literatura galega, e tamén coa *Biblia Políglota Complutense* e a *Descripción del Reyno de Galicia*, de 1551. No último apartado do artigo, refire as aportacións das entidades privadas como a Biblioteca Penzol, exclusiva para investigadores, que conta con máis de vinte mil volumes ou a biblioteca particular de Fernández del Riego, na que aparecen exemplares de Castelao, Risco ou Otero Pedrayo. Finalmente, dá conta dalgunhas das obras máis importantes da Penzol: *Regla de la Orden de Caballería del Señor Santiago de Espada*, *Álbum de autocaricaturas,* de Castelao ou *Os Lusíadas,* de Camoes.

Mato, Mar, "Dous diccionarios lideran a listaxe de libros en galego máis vendidos da historia", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 7 maio 2007, p. 18.

Comenta que varias editoriais galegas acaban de facer un reconto de cal é o libro en galego máis vendido da historia e o resultado desa investigación indica que o gañador é *Pequeno Diccionario da Lingua* de Xerais, editado por primeira vez en 1989. Os seguintes libros que alcanzan maior número de vendas son o *Diccionario Xerais de Lingua* e máis *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas. A continuación, dá conta doutros volumes que segundo Bieito Ledo, da editorial Ir Indo, alcanzan un bo

número de vendas, son: *O catecismo do labrego* e *O lapis do carpinteiro*. Así mesmo, comenta que hai algúns autores que xa teñen un público fiel como Manuel Rivas, Suso de Toro ou Méndez Ferrín, cuxos libros conseguen moitas vendas. Di que outros autores tamén alcanzaron altas edicións como Gonzalo Navaza con *Erros e Tánatos*, e Carlos G. Reigosa con *Crimen en Compostela*. Deseguido, explica que tamén teñen moi boas vendas os libros dirixidos ao público infantil e xuvenil. Salienta o traballo das editoriais OQO Editora, Kalandraka e Faktoría K, e destaca a colección d'Os Bolechas, realizada por Pepe Carreira para *A Nosa Terra*. Tamén indica que os libros como lecturas obrigatorias dos colexios alcanzan un número de edicións elevado. Por último, fai referencia á publicación de clásicos por parte das editoriais, como por exemplo *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, *Os dous de sempre,* de Castelao ou *Dos arquivos do trasno*, de Rafael Dieste.

Mato, M., "125 primeros años de teatro gallego", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 13 agosto 2007, p. 28.

Comenta que para conmemorar os cento vinte e cinco anos do teatro galego vaise inaugurar unha mostra titulada "Un país desde as táboas" e representar, en máis de corenta localidades, *A fonte do xuramento*, de Francisco de la Iglesia. Explica que esta obra se representou por primeira vez en 1882 e supuxo un cambio radical xa que deu pé á creación dunha especie de escola dramática galega, que se viu quebrada coa Ditadura e volveu ver a luz a finais dos cincuenta, para profesionalizarse en 1978.

Mato, Mar, "Outro outono entre libros galegos", *La Opinión*, "Cultura", 9 setembro 2007, p. 60.

Dá conta da publicación, en diferentes editoriais, das novidades literarias que aparecen nas librarías galegas ao comezo do curso escolar. Dise que, entre as novidades, destaca o guión en galego da última película da Paul Auster, *A vida interior de Martín Frost*; as últimas obras de Alfredo Conde (*María das batallas*), Séchu Sende (*Made in Galiza*), Teresa Moure (*A casa dos Lucarios*), Justo G. Beramendi (*De provincia a nación*) ou Xosé Neira Vilas (*Arredor do mundo*). Infórmase tamén das diferentes feiras do libro (Barcelona, Francfort, Xapón…) ás que acoden as editoriais galegas, entre elas cita a Kalandraka e Factoría K, na busca de novos horizontes editoriais.

Mato, Mar, "La magia del Cunqueiro familiar", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 20 novembro 2007, p. 48./"Un otoño entre libros de Cunqueiro", *La Opinión*, "Cultura", 26 novembro 2007, p. 53.

Comenta que a editorial Hiperión acaba de sacar do prelo a obra de relatos inéditos *Jordán escondido y otros cuentos*, escrita por Alberto Casal e Álvaro Cunqueiro. Dise que no prólogo da obra Paula Casal, filla de Alberto Casal e afillada de Cunqueiro, comenta que cada vez que nacía un neno creaban un conto para el e explica que, nesta obra, se recollen seis contos (tres de Casal e tres de Cunqueiro). Indica que os contos de Cunqueiro son "Daniela y la estrella", "Historia del Ángel Adriel, guardián de la puerta sur del paraíso" e "Historia de una isla llamada Brenda". Finalmente, Paula Casal comenta como seu pai e seu padriño se coñeceron.

Mato, Mar, "Os libros de narrativa e poesía só acadan o 14% das vendas de obras en galego", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 13 decembro 2007, p. 44.

Mar Mato infórmanos de que o 12 de decembro de 2007 Galaxia celebrou un ciclo titulado "As caras do libro" onde Alfonso García, presidente da Asociación Galega de Editores, e os directores de editoriais de renome como Espiral Mayor, Nova Galicia Edicións, Kalandraka e Xerais coincidiron en que o libro galego está nunha situación difícil. Así, José Ballesteros, editor de Kalandraka, indicou que hai moi pouca oferta de literatura galega. Manuel Bragado, director de Xerais, sinalou que só o dous por cento do libro en Galicia se corresponde á produción galega, desta cantidade o setenta e cinco por cento correspóndelle á venda de libros de texto, polo que só o catorce por cento corresponde á venda de poesía e narrativa e afirma que é un dato preocupante porque o sete por cento da poboación le, polo menos, sete libros ao ano. Carlos del Pulgar afirmou que dos libros de poesía só se tiran cincocentos exemplares e de narrativa mil ou mil cincocentos. Bragado cre que se debería exportar o libro galego pero, aínda que é un proxecto no que teñen moitas esperanzas, de momento estanse atopando con moitos atrancos.

Mato, Mar, "O mellor amigo para o Nadal", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", p. 16. /"Letras galegas no Nadal", *La Opinión*, "Cultura", p. 53, 17 decembro 2007.

Mencina as propostas que ofrecen as editoriais no Nadal de 2007. Para os máis novos cita obras como *Conta con Mifi*, de Dick Bruna; *A aurora boreal*, de Philip Pullman; *O neno do pixama a raias*, de John Boyne; *ABC diario*, de Pablo Otero e *Contos de Reis e de Nadal*, de Vázquez Freire. En narrativa destaca *Fidel Castro. A miña vida*, de Ignacio Ramonet, e en poesía *Profundidade de campo*, de Yolanda Castaño.

Mauleón, Amaia, "La vocación fusilada", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 13 marzo 2007, p. 38.

Dá conta do acto de homenaxe que a Universidade de Santiago lle vai render a corenta e seis profesores que foron represaliados polo réxime franquista, polo que tiveron que abandonar o seu posto na ensinanza. Indica algúns dos nomes dos protagonistas: Enrique Rajoy, Parga Pondal, Sebastián González, os irmáns Baltar Domínguez, os irmáns López Durán, Virgós Guillén, Fernando Calvet, Arias Ramos entre outros e nomea os dous que aínda están vivos: Fernández del Riego e Antonia Ferrín Moreiras.

Mauleón, Amaia, "Poesía visual de la costa gallega", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 2 xuño 2007, p. 48.

Dá conta da presentación en Madrid dun volume conxunto de haikus de Alfonso Armada e deseños de Antón Patiño, *Haikús da Costa da Morte*, cuxo argumento central xira ao redor do espazo mítico da Costa da Morte e a marea negra. Explica concisamente o espírito do haiku e, por último, indica que a tirada consta de trinta exemplares e anuncia a súa próxima presentación en Galicia.

Mauleón, Amaia, "Pureza poética a tres bandas", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 26 setembro 2007, p. 43.

Informa de que se vai presentar no salón de actos do Marco de Vigo a nova obra *ALBH*, un álbum creado polo pintor Leopoldo Nóvoa, polo poeta Méndez Ferrín e editado por Nelson Villalobos. Explica que o título provén da raíz indoeuropea das palabras referidas á brancura, e componse de cinco serigrafías orixinais de Nóvoa manipuladas e acompañadas por un poema de Méndez Ferrín, ademais indica que só se editaron vinte exemplares. Dá conta de cómo naceu a idea de crear o libro e achega os comentarios dos artistas. Apúntase que os tres traballaron tanto no tema como nos materiais para plasmar a claridade, o protagonismo da pureza. Conclúese coa consideración de Méndez Ferrín de que a sobriedade é a maior virtude do libro.

Mayoral, M., "Manuel Recuero da el salto a la novela", *Diario de Ferrol*, "CGS", 17 abril 2007, p. 12.

Informa que o catedrático de Historia Medieval, Manuel Recuero, vai presentar a súa primeira novela histórica, *Extremum (A fronteira*, 2006*)*, baseada na vida do personaxe Munio Alfonso que viviu no século XII. Explica o propio autor que a obra é unha forma amena de coñecer a historia dese século e afirma que se trata máis ben dun relato que dunha novela. Así mesmo, comenta que a obra foi escrita en castelán, traducida ao galego e publicada por Edicións do Castro, debido ao interese de Díaz Pardo. Finalmente, indica que a presentación terá lugar na Galería Sargadelos e dá conta das persoas que participarán no acto.

Mayoral, Montse, "Fuco Buxán segue a sumar adhesións para a homenaxe galega a Díaz Pardo", *Diario de Ferrol*, "CGS", "Cultura", 8 febreiro 2007, p. 14.

Comenta que a Asociación Fuco Buxán de Ferrol vaille render unha homenaxe a Isaac Díaz Pardo. Explica que esta homenaxe conta con varias actividades como a realización dunha exposición e a celebración de dúas mesas redondas. Ademais, tamén salienta que Fuco Buxán presentou a solicitude da concesión da Medalla de Ouro do Traballo para Díaz Pardo. Finalmente, explica en qué consiste a exposición e dá conta das persoas que participarán nas mesas redondas.

Mayoral, Montse, "Barrallobre lembra a Pérez Parallé no vinte aniversario da súa morte", *Diario de Ferrol*, "CGS", 19 setembro 2007, p. 12.

Informa das actividades que se levarán a cabo en Barallobre para homenaxear ao escritor Xosé Pérez Parallé. Indica que do 5 ao 8 de novembro celebrarase un congreso no que participarán, entre outros, Méndez Ferrín, Alonso Montero e Díaz Pardo. Así mesmo, a Asociación Liga de Amigos de Barallobre vai homenaxear ao poeta dándolle o seu nome a un parque e a Asociación Toxos e Froles organizará unha queimada na que se recitará o conxuro creado por Pallaré. Por último, comenta que a Liga tamén realizará unha exposición fotobibliográfica sobre a vida e obra de Pérez Parallé.

Mayoral, Montse, "Ferrol nas orixes do teatro en galego", *Diario de Ferrol*, "CGS Ferrol", 20 setembro 2007, p. 14.

Salienta a importancia do teatro Jofre na historia teatral ferrolá. Comenta, a partir do estudo elaborado por Laura Tato, a evolución do teatro en Ferrol, destacando que o primeiro gran éxito foi a representación d' *A Ponte*, de Manuel Lugrís. Así mesmo, afirma que a primeira Escola Dramática Galega tamén se creou en Ferrol en 1904, da man de Eduardo Sánchez Miño. A continuación, informa que se vai realizar unha charla no Jofre para falar sobre a historia e a situación actual do teatro, na que participarán Inma López Silva, Ernesto Chao, Eduardo Alonso e Santi Prego. Comenta que o coloquio está organizado pola Asociación Amigos do Jofre e se celebra para a conmemoración do cento vinte e cinco aniversario.

M.B., "Os escritores galegos presentan a Méndez Ferrín e Luz Pozo ao Nobel", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 xaneiro 2007, p. 49.

Comenta que a Asociación de Escritores en Lingua Galega xa ten o seu programa de actividades. Entre elas salienta a entrega dos premios "Bos e xenerosos", a Isaac Díaz Pardo e a celebración dunhas xornadas sobre o dereito da propiedade intelectual e os dereitos dixitais. Dise que tamén fará entrega dos Premios AELG 2007 e, entre eles, destaca a entrega do galardón Escritor Galego Universal para o angolano Pepetela. Deseguido, indica que no mes de xuño os actos van continuar coa celebración da décimo segunda homenaxe ao escritor na súa terra, dedicada a Manuel Lourenzo e indica que se realizará o encontro de escritores galegos, cataláns e vascos, así como o cuarto Simposio internacional "Letras na Raia". Finalmente, explica que este ano a AELG vai presentar como candidatos ao Nobel, a Xosé Luís Méndez Ferrín e a Luz Pozo Garza.

M.B., "Diego Ameixeiras, Teresa Moure e Francisco Castro na nova tertulia literaria de Carballo", *A Nosa Terra*, n.º 1252, "Fin de semana", 18-24 xaneiro 2007, p. 35.

Dá conta do proxecto que vai levar a cabo o Concello de Carballo titulado "Literactúa" que consiste nunhas tertulias literarias que se celebrarán cada mes, despois de que os participantes lean os libros propostos. Indica que esta é unha iniciativa para fomentar o libro e a lectura en galego e dá conta das tres obras propostas para o primeiro trimestre: en xaneiro participará Diego Ameixeiras con *Tres segundos de memoria*; en febreiro a novela será a de Teresa Moure, *Herba moura*; e no mes de marzo intervirá Francisco Carballo con *Spam*.

M.B., "Literatura, música e danza alternativas en Cangas", *A Nosa Terra*, n.º 1260, "Fin de semana", 15-21 marzo 2007, p. 33.

Infórmase das actividades que se van a celebrar dentro do primeiro ciclo cultural alternativo "Son de pé", organizado pola Asociación 3º Pé Andar Creativo e a Sala Son, en Cangas que inclúe obradoiros de literatura, música e danza así como actuacións,

entre as que salienta a representación do último espectáculo da compañía Femme Fatale, *Lerchas*.

M.B., "Europa e Nós", *A Nosa Terra*, n.º 1.268, "Fin de semana", 17-23 maio 2007, p. 34.

Informa que o Museo do Pobo Galego acolle unha mostra titulada "Célula de universalidade" coa que se pretende homenaxear á Xeración Nós e a todos os intelectuais que loitaron por Galicia. Indica que a exposición foi organizada pola Fundación Galicia Europa e máis pola Fundación Otero Pedrayo. Explica que a mostra consta de paneis informativos nos que conta a historia de Galicia e a súa relación con Europa e salienta os dedicados á Xeración Nós, á Xeración Galaxia, a Castelao ou a publicación *A Nosa Terra*.

M.B., "Está funcionando muy bien nuestro Merengue a Rosalía", *La Voz de Galicia*, "A pie de calle", 17 maio 2007, p. 16.

Entrevista ao cantante da orquestra Charleston Big Band de Padrón, Alexandre Rodríguez. Esta formación musical recolle no seu último disco *Merengue* a Rosalía, coa letra do poema de Rosalía de Castro *Adiós ríos, adiós fontes*.

M.C.S., "Carballo fomenta a lectura en galego", *La Opinión*, "Carballo", "Costa da morte", 12 xaneiro 2007, p. 19.

Salienta que o Concello de Carballo acaba de poñer en marcha o programa "Literactúa", unha iniciativa para fomentar a difusión do libro e da lectura en galego. Dise que esta proposta inclúe varias actividades dinámicas e participativas para chegar ao maior número de persoas, entidades e colectivos. Entre as actividades que se van realizar, salienta a lectura de tres libros por trimestre e a visita destes autores para participar nun acto ou mesa redonda cos lectores dos libros.

M.C.S., "Ameixeiras ofrece hoy en Carballo una charla sobre su libro", *La Opinión*, "Carballo", "Costa da morte", 31 xaneiro 2007, p. 17.

Informa da participación do escritor Diego Ameixeiras nunha charla en Carballo cos lectores do seu libro *Tres segundos de memoria*. Dise que este acto pertence ao programa "Literactúa" do Concello de Carballo, que pretende promover e fomentar a lectura de libros en galego.

M.C.S., "María Reimóndez cierra el ciclo Literactúa en Carballo", *La Opinión*, "Carballo", "Costa da morte", 27 xuño 2007, p. 19.

Comenta que a escritora María Reimóndez é quen vai pechar o segundo trimestre do programa "Literactúa" que o Concello de Carballo puxo en marcha para fomentar a

lectura en lingua galega. Indica que Reimóndez falará cos lectores sobre a súa obra *O club da calceta*.

M.C.S., "Manuel Rivas charla con sus lectores sobre 'Os libros arden mal'", *La Opinión*, "Carballo", "Costa da Morte", 29 novembro 2007, p. 23.

Dentro do programa "Literactúa", promovido polo Concello de Carballo, dá conta da participación de Manuel Rivas para falar do seu libro *Os libros arden mal*. Comenta que a obra parte do ano 1881 e discorre até a actualidade.

M.D., "A mudanza necesaria", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 novembro 2007, p. 33.

Achéganse os comentarios e opinións de Celso Parada, Presidente da Asociación Escena Galega, de Manuel Lourenzo, de Eduardo Alonso, Director de Teatro do Noroeste, e de Vicente Montoto, Presidente da Asociación de actores e actrices de Galicia, sobre o borrador do Plan de Artes Escénicas. Celso Parada salienta a duplicación no investimento, o esforzo por crear un público e o impulso da estabilidade das compañías. Vicente Montoto destaca a consideración do teatro como servizo público con apoio a nivel de producción, distribución e promoción. Pola contra, Manuel Lourenzo fala da necesidade dunha revolución e de que a itinerancia está "mediatizada polos poderes fácticos" e Eduardo Alonso amosa unha visión positiva, salientando a incorporación do idioma como configurador dos elementos de autoidentificación da sociedade. Finalmente, saliéntase cun total de 79 funcións de compañías galegas foron contratadas para ser representadas fóra de Galicia na Feira Galega das Artes Escénicas 2007.

M.D., "O teatro afeccionado quere axudas, pero sen depender das subvencións", *El Correo Gallego*, "Cultura", 20 novembro 2007, p. 67.

Fai referencia á demanda das compañías de teatro afeccionado dun maior compromiso das administracións coa súa actividade. Reclaman que o seu traballo non dependa só das subvencións xa que consideran que lles pode limitar a súa creatividade. Achega as opinións de Rubén Ruibal, gañador do Premio Nacional de Literatura Dramática, e de Alberte Álvarez, Presidente da Federación Galega de Teatro Afeccionado.

M.D., "Intercambios alén mar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 novembro 2007, p. 34.

Dá conta do novo proxecto da editorial Faktoría K que consiste na creación dunha nova colección de narrativa destinada para adultos: Narrativa K. Indica que os primeiros títulos desta colección serán as obras *Cuspirei sobre as vosas tumbas*, de Boris Vian e *O señor Ibrahim e as flores do Corán*, de Eric-Emmanuel Schmitt. Explica que con este proxecto pretenden a normalización do galego e dar a coñecer autores no noso contorno e no ámbito da lusofonía. Por último dá conta das seguintes obras que sairán do prelo: *O neno do pixama de raias*, de John Boyne, *Lolita*, de Vladimir Nabokov, *Obabakoak*, de Bernardo Atxaga e *A conxura dos necios*, de John Kennedy Toole. Así mesmo, as obras

de Fran Alonso, *Males de cabeza* e *A fronteira infinita*, de Celso Emilio Ferreiro, serán traducidas ao castelán.

M.D., "Os piares do talento", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 novembro 2007, p. 31.

Comeza salientando as funcións sociais que ten o teatro afeccionado galego e critica a falta de apoio que sofre este tipo de teatro por parte das Administracións. Deseguido, achega os comentarios de Alberte Álvarez, Presidente da Federación Galega de Teatro Afeccionado, quen afirma que este ano se celebraron dous ciclos de teatro e indica que a Federación está a organizar cursos para mellorar a formación dos actores.

Méndez Ferrín, X. L., "Contra Maquieiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xaneiro 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema de *Contra Maquieiro*, de X. L. Méndez Ferrín, titulado "Non estou a decervos aquilo que é necesario".

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "De 'Contra Maquieiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 marzo 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Contra Maquieiro*, de Xosé Luís Méndez Ferrín, titulada "Pasado século meu boi de palla...".

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "De 'Contra Maquieiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 marzo 2007, p. 30.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Contra Maquieiro*, de Xosé Luís Méndez Ferrín, titulada "Século XX engano e nosoutros de vencidos...".

Méndez Forte, Rosa, "De 'O raio verde", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 marzo 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *O raio verde*, de Rosa Méndez Forte, titulada "LEVAR a vontade soerguida...".

Mendoza, Ana, "Reigosa está en conversaciones para llevar al cine 'Pepa La Loba", *El Progreso*, "Cultura y espectáculos", 31 xaneiro 2007, p. 71.

Fai referencia á obra de Carlos G. Reigosa, *Pepa la Loba*, escrita primeiro en galego e traducida actualmente ao castelán. Comenta que a novela se centra na figura dunha bandoleira galega, con moita sona so século XIX, e indica que Reigosa decidiu levar ao cine esta historia. Explica que a obra foi publicada por Ediciones B e comenta que se trata dunha historia interesante que pode ter éxito no cine, ao mesmo tempo que, con ela, recupérase a tradición oral do país.

Mendoza, Ana, "Molina Foix, premio Nacional de Narrativa por 'El abrecartas'", *El Correo Gallego*, "Cultura", 17 outubro 2007, p. 75.

Definida polo propio autor como a obra "máis ambiciosa e arriscada do autor", obtivo xa numerosos galardóns anteriormente, como o premio Salambó ou o Arcebispo de San Clemente. Publicada por Anagrama, Molina Foix defínea como "una novela en cartas", que son as que van desenvolvendo os episodios e os personaxes. Van dende 1927, cando un amigo da infancia de Lorca lle escribe a primera misiva, até a última que envía, a finais de século, unha muller dende un asilo. Son, en total, setenta anos da historia de España.

Mera, Héitor, "Versos de xustiza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 225, "Libros", 15 novembro 2007, p. IV./*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 162, "Lecturas", 24 novembro 2007, p. 10.

Comenta que Ediciós do Castro creou a colección "Biblioteca do 36" para recuperar a obra de escritores esquecidos a causa do conflito bélico. Indica que nesta ocasión saen á luz os versos de Evaristo de Sela, un home considerado perigoso polos fascistas pero que propuxo grandes proxectos, como a tradución da *Iliada* e a *Odisea* ao galego. Deseguido, explica que a obra que presenta Ediciós do Castro de Evaristo de Sela, *Versos de preso e outras rimas* foi estruturada e presentada pola súa filla, quen distribuíu os poemas de xeito cronolóxico: os primeiros son poemas bucólicos e a partir do ano 1937, son versos de denuncia nos que o poeta expresa a súa resistencia e enfado.

M.F., "Caixa Galicia destina 500.000 euros a la cultura en Santiago", *El País*, "*Galicia*", 31 xullo 2007, p. 28.

Dá conta da entrega económica da Fundación Caixa Galicia ao Concello de Santiago de Compostela para desenvolver unha programación cultural de maior calidade e diversidade. A continuación, citanse os proxectos máis salientábeis como o ciclo "Teatro en xira".

M.G.C., "Música e poemas pechan outra cita coa Forxa Literaria da Solaina", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 xullo 2007, p. 25.

Comenta que a Fundación Casa Museo A Solaina de Piloño, en Vila de Cruces, acaba de poñer fin a súa oitava edición da Forxa Literaria, e indica que entre todas as actividades, as máis destacábeis foron as ofrecidas como homenaxe ao escultor Antonio Taboada. Entre elas comenta a realización dun recital musico-poético no que participaron Estíbaliz Espinosa, María do Cebreiro, Ramón Caride, Sechu Sende, Raúl Gómez e Elvira Ribeiro.

M.G.M., "La cultura ibérica se da cita en los 'IV Diálogos literarios de Mariñán", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 1 xuño 2007, p. 17.

Informa sobre a celebración da IV edición dos Diálogos Literarios de Mariñán, organizados pola Fundación Casares. Indica que entre os participantes atópanse Isabel Pedrosa, César Antonio Molina ou Pere Rovira e achega as palabras de Pedro Blanco, xerente da Fundación, e máis de Celestino Poza, responsábel de cultura.

M.G.M., "Teatro y ópera para comenzar un nuevo curso cultural", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 28 agosto 2007, p. 14.

Dá conta do inicio dun novo curso cultural no que salienta o teatro e a ópera. Entre as obras teatrais galegas que nomea aparecen *4.48 Psicose*, de Nut Teatro e *A viaxe de Efi*, de La Imagina Machina. Como obras de títeres apunta *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*, *Golulá*, *Bolboreta* e *Paxaro de Lume*.

M.I., "La Casa dos Poetas atesora ya 1.300 libros en su biblioteca, que prevé abrir este año", *La Región*, "Celanova", 30 xaneiro 2007, p. 18.

Comenta que a Fundación Curros Enríquez vai poñer en marcha a Casa do Poetas de Celanova, que conta xa con mil trescentos exemplares, dos cales o trinta por cento son obras de Curros Enríquez. Así mesmo, informa que a Fundación acaba de inaugurar a súa páxina web, currosenriquez.es, e, en palabras de Paula Conde, responsábel da Casa, dá conta das novas actividades, entre elas, as que destinarán aos escolares.

Miranda, Xosé, "Capitán dos teus ollos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 xuño 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Capitán dos teus ollos*, de Xosé Miranda, titulada "O horizonte é unha asíntota e na súa procura camiña...".

M.J.A., "Irmandade cultural máis aló dos lindes", *El Progreso*, "Cultura", 8 novembro 2007, p. 70.

Informa da presentación da quinta Mostra Cultural Portuguesa que traerá diferentes espectáculos musicais, literarios e cinematográficos. Comenta que o obxectivo desta mostra é promover o coñecemento entre España e Portugal e, en relación aos actos literarios, indica que dentro da mostra se celebrará o encontro literario "Portugal na literatura galega e española. España e Galicia na literatura portuguesa", no que participarán Ramiro Fonte, Joao de Melo e Darío Villanueva.

M.J.R., "Díaz Pardo: 'O que eu fixen foi seguir interpretando as ideas de Luís Seoane", *Diario de Ferrol*, "CGS", 3 marzo 2007, p. 12.

Describe cómo aconteceu a homenaxe que a Asociación Fuco Buxán lle rendeu a Isaac Díaz Pardo no teatro Jofre de Ferrol. Indica que o acto comezou e rematou con palabras do propio homenaxeado e dá conta das persoas que participaron no evento.

M.J.R., "Os concellos programan máis obras co Igaem pero teñen menos público", *Diario de Ferrol*, "CGS", 9 outubro 2007, p. 12.

Dá conta do incremento de representacións teatrais na rede de espectáculos galegos que se realiza en Ferrolterra. Informa que de xaneiro a xullo representáronse corenta e nove espectáculos e indica de xeito pormenorizado as representacións de As Pontes, Cariño, Cedeira, Ferrol, Narón, Ortigueira e San Sadurniño.

M.J.R., "Readgalicia estende os libros galegos", *Diario de Ferrol*, "Web", 19 outubro 2007, p 71.

Informa da creación, por parte da Consellaría de Cultura, dunha páxina web, www.readgalicia.com, para dar a coñecer obras galegas e facilitar a súa tradución. Salienta que na web hai case douscentos títulos, acompañados da capa, un resumo da obra e un breve fragmento do texto.

M.J.R., "Creo que a poesía hai que escribila nun determinado estado", *Diario de Ferrol*, "CGS Ferrol", 16 novembro 2007, p. 12.

Comenta que no terceiro curso de narrativa Torrente Ballester, estivo intervindo no apartado de poesía o poeta Xulio López Valcárcel. Indica que no recital López Valcárcel leu algúns poemas dun libro aínda inédito e salientou os temas principais da súa poesía, caracterizada como poesía pura, esencial. Finalmente, dá conta da súa biografía.

M.J.R., "Galegos en Cuba' únese á festa do Toxos e Froles polo centenario do Himno", *Diario de Ferrol*, "Cultura, gente, servicios", 11 decembro 2007, p. 14.

Comunica a presentación do libro da xornalista Ángela Oramas titulado *Galegos en Cuba*, dentro dos actos para celebrar o centenario da interpretación do Himno Galego en Cuba.

M.L., "Un intelectual para la historia", *El Progreso*, "Cultura", 3 marzo 2007, p. 83.

Fai referencia á homenaxe que se lle deu a Isaac Díaz Pardo no teatro Jofre de Ferrol. Explica que no acto proxectouse un documental e os que interviñeron, salientaron o compromiso con Galicia de Díaz Pardo, a súa faceta empresarial e a promoción de proxectos culturais que levou a cabo. Deseguido, comenta que na homenaxe houbo un recital poético a cargo de Xosé Leira, Rosa Méndez, Eva Veiga, Laura Landeira e José Viale Moutinho. Despois indica que falou o propio Díaz Pardo e por último, dá conta das autoridades que participaron no evento.

M.M./A. S., "Galicia, la sexta comunidad con más libros publicados durante 2006", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 20 marzo 2007, p. 40.

Dá conta dos balances obtidos polo Instituto Nacional de Estatística en relación ao número de libros editados, que contrasta cos baixos índices de lectura. Indica que Galicia ocupa o sexto posto en número de títulos publicados a nivel nacional mais tamén destaca que as tiradas de cada título víronse reducidas. Ademais salienta que o galego foi a terceira lingua na que máis libros se publicaron.

M.O., "O imaxinario na literatura tema do Galeusca", *A Nosa Terra*, n.º 1.287, "Cultura", 1-7 novembro 2007, p. 25.

Fai referencia á celebración das XXIV xornadas do Galeusca que cada ano une a escritores galegos, cataláns e vascos para falar sobre as súas literaturas. Indica que este ano as xuntanzas terán lugar en Lugo e Mondoñedo e comenta que a temática escollida é "o imaxinario na literatura". Deseguido, dá conta das conferencias e actividades que van realizar cada día e dos participantes que asistirán ás sesións.

Molina, César Antonio, "De 'Soños nos cantís", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 febreiro 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema de *Soños nos cantís*, de César Antonio Molina, titulado "En terras movedizas".

Molina, César Antonio, "De 'Soños nos cantís", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 marzo 2007, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Soños nos cantís*, de César Antonio Molina, titulada "no mar de ánforas. I...".

Molina, César Antonio, "De 'Eume", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 outubro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Eume*, de César Antonio Molina, titulada "O EUME SABE".

Molina, César Antonio, "De 'Eume", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Eume*, de César Antonio Molina, titulado "A POESÍA FAISE NAS FRAGAS".

Molina, César Antonio, De 'Eume", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 decembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Eume*, de César Antonio Molina, titulado "A CADAQUÉN O SEU ERRAR".

Monteagudo Alonso, Antía, "Perseguida", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Menos de 15 anos", 6 agosto 2007, p. 39.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia,* para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Antía Monteagudo Alonso, "Perseguida".

Moreno, María Victoria, "Elexías de luz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 xaneiro 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema de *Elexías de luz*, de María Victoria Moreno, titulado "Eu non sei por que choro".

Moreno, María Victoria, "De 'Elexías de luz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 febreiro 2007, p. 35.

Recóllese nesta sección fixa un texto poético de *Elexías de luz*, de María Victoria Moreno, que comeza "en xerundio xerundiando".

Moreno, María Victoria, "De 'Elexías de luz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 abril 2007, p. 39.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Elexías de luz*, de María Victoria Moreno, titulado "Elexía a unha princesa".

Moreno, María Victoria, "De 'Elexías de luz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", p. 31, 2 xuño/1 setembro 2007.

Sección fixa que acolle un poema de *Elexías de luz*, de María Victoria Moreno, titulado "Cando a soidade atopa".

Moreno, María Victoria, "De 'Elexías de luz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 outubro 2007, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Elexías de luz*, de María Victoria Moreno, titulada "Polo enfesto camiño...".

Moreno, Mariola, "Para Galicia vai ser magnífico", *La Opinión,* "España", 7 xullo 2007, p. 35.

Comenta que varios persoeiros da cultura galega, entre eles Ramón Vilares, Suso de Toro ou Carlos Blanco, opinan sobre o recente nomeamento como Ministro de Cultura

do escritor coruñés César Antonio Molina, destacando a súa valía como xestor, escritor e autor de artigos.

Mosquera, Javier, "La donación de Del Riego a la ciudad tendrá nueva sede en el Casco Vello", *Faro de Vigo*, "Vigo", 18 marzo 2007, p. 10.

Informa de que a doazón que realizou Fernández del Riego á cidade contará cunha nova sede debido ao reducido espazo co que conta a Biblioteca Penzol. Polo tanto, fai referencia aos acordos que están a ter lugar sobre cal será o novo espazo no que se localizará toda a doazón e indica que esta biblioteca contará con persoal técnico.

Mosquera, Javier, "Una nueva biblioteca municipal acogerá todos los libros donados por Del Riego", *Faro de Vigo*, "Vigo", 8 maio 2007, p. 8.

Fai referencia á creación dunha nova biblioteca que acolla toda a doazón de libros realizada por Fernández del Riego. Comenta que na actualidade parte dos exemplares doados se atopan na Fundación Penzol pero debido á falta de espazo, estase a buscar un novo lugar. Así mesmo, indica que esta biblioteca contará con persoal cualificado para a informatización de todos os arquivos.

Moure, Erín, "Autobiografía do durmir", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 outubro 2007, p. 35.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de Erín Moure, titulada "Cantaches ti esa melodía marela?...".

Moure, Erín ,"De 'Teatriños'", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 decembro 2007, p. 35.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Teatriños*, de Erín Moure, titulado "O colchón que se fixo terra".

Moure, Erín, "De 'Teatriños ou aturuxos calados'", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 decembro 2007, p. 21.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Teatriños ou aturuxos calados,* de Erín Moure, titulado "O amor do can".

M.P.L., "La Diputación de A Coruña aporta 37.000 euros a la RAG este año", *El Correo Gallego*, "Cultura", 19 maio 2007, p. 75.

Dá conta do convenio que asinaron a Deputación da Coruña e a Real Academia Galega polo que a Deputación financiará con trinta e sete mil euros as actividades culturais organizadas pola Academia no 2007.

M.P.L., "Homenaje al teatro en gallego", *El Correo Gallego*, "Cultura", 14 agosto 2007, p. 68.

Comenta que tivo lugar, na praza do Humor da Coruña, a homenaxe aos cento vinte e cinco anos do teatro galego. Indica que no acto estivo presente a Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, quen salientou a necesidade deste acto para homenaxear ao teatro galego desde a primeira obra representada, *A fonte do xuramento*, de Francisco María de la Iglesia, en 1882. Así mesmo, informa que a mostra "Un país desde as táboas", onde se lembra a historia da dramaturxia galega, viaxará por diferentes localidades e indica que se representarán cento vinte e cinco obras, por vinte e cinco compañías diferentes.

M.R., "El Concello promueve una jornada de lectura continua en gallego en la biblioteca", *El Progreso*, "Comarcas", 7 maio 2007, p. 10.

Informa que o Concello de Xermade vai organizar un maratón de lectura en galego e indica que pode participar todo o mundo, tanto lectores coma ouvintes. Tamén anuncia que o acto terá lugar na biblioteca municipal.

M.T.G., "Retazos de Bécquer y de Rosalía", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 costados*", 27 marzo 2007, p. 5.

Analiza o primeiro libro de Chus Lour, *Amor en mármol blanco*, e salienta que está prologado por Méndez Ferrín, quen foi o seu profesor no Instituto Santa Irene.

M.V., "Os obxectos que encerran poesía", *A Nosa Terra*, n.º 1.268, "Fin de semana", 17-23 maio 2007, p. 31.

Dá conta da exposición que acaba de abrir Xosé María Álvarez Cáccamo no Auditorio de Vilagarcía, titulada "Underwood". Comenta que se trata da súa obra obxectual, baseada en obxectos literarios como o libro ou a máquina de escribir e indica que estes gardan moita relación coa súa poesía, ademais afirma que se mostra un Cáccamo máis lúdico e irónico.

M.V., "Medellín cambia a súa imaxe con masivos festivais poéticos", *A Nosa Terra*, n.º 1.279, "Cultura", 6-12 setembro 2007, p. 30.

Conta a experiencia que viviu o poeta Antonio García Teixeiro na súa participación nos festivais poéticos da cidade colombiana de Medellín. García Teixeiro explica que alí viu cómo a xente se relaciona nas rúas grazas, principalmente, á creación dos parques-biblioteca. Comenta que participou en tertulias, entrevistas, recitais, e tamén no XVII Festival Internacional da Poesía, que este ano contou con setenta e seis poetas de cincuenta e tres países distintos. Salienta que no país a xente vivía a poesía con emoción e tamén destaca a variedade de culturas que convivían. En columna á parte, comenta que García Teixeiro ademais participou no Xogo literario e explica en qué consiste este proxecto.

M.V., "El pleno debatirá nombrar a Díaz Pardo Hijo Adoptivo de Sada", *La Opinión,* "Sada", "Betanzos", 25 xaneiro 2007, p. 18.

Dá conta da iniciativa do goberno local de Sada e da Anpa de Sada e Contornos, para nomear a Díaz Pardo como fillo adoptivo e predilecto de Sada, así como Presidente Honorario da Anpa. Indica que esta iniciativa levarase ao pleno municipal para realizar a votación pertinente.

M.V., "Fontenla, a idea", *La Región*, "Centenario do Himno Galego", 28 decembro 2007, p. 31.

Nota que recolle datos biográficos de Xosé Fontenla Leal, intelectual que lle pediu a Pascual Veiga que lle puxese música ao poema de Pondal. Destácase que naceu en Ferrol en 1865, emigrou cos pais a Cuba e en 1886 fundou, xunto con Secundino Cora, a *Revista de Galicia.* Foi bibliotecario do Centro Gallego, presidente da sociedade Unión Redencionista Gallega e, aínda que nunca escribiu en galego, en 1905 participou na fundación da Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega e da sociedade Ferrol y su comarca. Morreu na Habana en 1919.

M.V., "A mística literaria de Pondal", *La Región*, "Centenario do Himno Galego", 28 decembro 2007, p. 31.

Nota que recolle datos biográficos de Pondal, entre os que destacan que se revelou como poeta no Banquete de Conxo en 1856 polo que foi procesado pola Audiencia da Coruña e que en 1861 participou nos Xogos Florais de Galicia co seu primeiro poema en galego "As campanas d'Anllóns". Tamén nos di que en 1877 sae *Rumores de los pinos,* vinte e un poemas en galego e en español que, por unha banda serve de base a *Queixume dos pinos* (1886); e por outra, tras varias reelaboracións, del xorde "Os pinos", poema que conformará o himno galego. Finalmente afirma que é un poeta basicamente épico que se centra en mitos autóctonos que exhortan aos galegos a comprometérense co seu futuro, pero tamén cultivou a poesía lírica na que recreou unha paisaxe inspirada nas terras de Bergantiños.

M.V., "Pascual Veiga, a música", *La Región*, "Centenario do Himno Galego", 28 decembro 2007, p. 31.

Destaca de Pascual Veiga que en Mondoñedo, a súa cidade natal, toma o seu primeiro contacto coa música como neno de coro, que foi profesor no Conservatorio Nacional de Madrid, fundou e dirixiu varios orfeóns e recibiu numerosos premios. Alude tamén á estrea en 1880 en Pontevedra da súa obra máis emblemática, "A Alborada da Veiga", e sinala que morreu seis meses antes de que se estrease o Himno, ao que lle puxera música. Remata afirmando que as súas obras serán recordadas porque foron as que tiveron máis rexistros fonográficos na historia da Comunidade Autónoma ata 1950.

Neira, Henrique, "O dominio '.gal' é a clave na cultura galega", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Tecnoloxías", p. 40./"Conseguir o dominio '.gal' é clave para a cultura galega", *Galicia Hoxe*, "En rede", "Entrevista", p. 13, 11 marzo 2007.

Faise eco do movemento a prol dun dominio propio para Galicia en Internet, que cristalizou na Asociación Puntogal, que ten como obxectivo realizar as xestións precisas na Corporación de Internet para a consecución do domino '.gal'. O seu presidente, Manuel González, destaca as principais iniciativas que levarán a cabo. A continuación, nun epígrafe a parte, cita diferentes proxectos que se están a elaborar relacionados coas novas tecnoloxías, como o dicionario da Real Academia Galega, que se poderá consultar na rede seis meses despois da súa publicación en papel, ou o sintetizador de voz no que se está a traballar no Centro Ramón Piñeiro. Para rematar menciona os atlas lingüísticos nos que está a traballar o Instituto da Lingua Galega.

Neira, Enrique, "Clásicos en liña", *Galicia Hoxe*, "Océano", 29 xaneiro 2007.

Os galegos, e todos os cibernaturas que o desecan, xa poden dispor dos clásicos da literatura galega na páxina web creada pola Consellería de Cultura, "autoresgalegos.org". Esta páxina foi inaugurada a véspera do Día das Letras Galegas do ano 2005.

Naya Abeleira, Fernando, "Nenos", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 11 agosto 2007, p. 36.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Fernando Naya Abeleira, "Nenos".

Neira Vilas, Xosé, "Dende Gres", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 febreiro 2007, p. 27.

Publícase nesta sección fixa un poema titulado "CONTAN DE GRES" do poemario *Dende Gres*, de Xosé Neira Vilas.

Neira Vilas, Xosé, "Nicolás Guillén e os galegos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 abril 2007, p. 29.

Realiza un percorrido pola relación do poeta cubano Nicolás Guillén (1902-1989) cos escritores galegos. Faise eco, en primeiro lugar, do cincuenta aniversario da presentación de *La paloma de vuelo popular* e, a seguir, indica que se cumpren trinta anos da publicación de *Trintenove poemas* de Nicolás Guillén, que é unha escolma da súa poesía vertida ao galego por Xosé Neira Vilas en 1970 en Edicións do Castro.

Neira Vilas, Xosé, "Noite da estrea", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 setembro 2007, p. 25.

Co gallo do centenario do acto no que se interpretou por primeira vez o entón denominado Himno Regional Gallego, formado pola letra da poesía *Os Pinos*, de Eduardo Pondal e a música de Pascual Veiga, o 20 de decembro de 1907, realizase unha lembranza do evento.

Neira Vilas, Xosé, "Fontenla, grande impulsor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 setembro 2007, p. 22.

Realiza un percorrido pola vida e obra de Fontenla Leal que, cando tiña dez anos, partiu do seu Ferrol natal para Cuba, onde traballaría nunha empresa litográfica. Recrea o vizoso ambiente cultural que se vivía naquela altura na illa en relación con Galicia e faise eco da súa relación con Ramón Cabanillas, a quen convenceu para que escribise en galego, ou Basilio Álvarez. Así mesmo, alude á súa colaboracións na presa, participación nun faladoiro galeguista ou creación da Unión Redencionista Gallega para loitar contra os foros. Por outra parte, refire a súa viaxe a Galicia, na que contactou con Manuel Murguía ou Eduardo Pondal, ademais de falar dos momentos da súa morte, na que lle encomendou ao seu fillo que enviase todos os seus libros referidos a Galicia á Real Academia Galega.

Neira Vilas, Xosé, "A xénese do Himno", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 setembro 2007, p. 30.

Realiza un percorrido pola xénese do Himno galego onde xogou un papel capital Fontenla Leal, quen primeiro falou con Curros e Chané para que o realizasen, pero logo, ante a imposibilidade, solicitoullo a Pondal e a Veiga que, finalmente, o crearon.

Neira Vilas, Xosé, "As relacións proveitosas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 outubro 2007, p. 24.

Mediante a correspondencia que mantivo con Eduardo Pondal e con Pascual Veiga, analiza o importante papel xogado por Xosé Fontenla Leal na elaboración do Himno Galego, destacando, entre outros datos, que foi o que impulsou a Curros para que presidise a Asociación Iniciadora da Academia.

Neira Vilas, Xosé, "Guillermo Tomás e os galegos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 outubro 2007, p. 30.

Artigo dedicado ao músico e compositor Guillermo Tomás, que foi nomeado membro da Real Academia Galega o 20 de decembro nunha sesión plenaria da institución baixo a presidencia de Manuel Murguía. Indica que, xusto nesa data, cumpríanse tres anos da estrea do Himno Galego no Teatro Nacional da Habana, interpretado pola Banda Municipal da cidade baixo a dirección de Guillermo Tomás. Informa tamén que doce días antes tivera lugar a colocación da primeira pedra do Centro Galego de Bos Aires, onde o músico interpretara a *Alborada da Veiga*, da súa autoría.

Neira Vilas, Xosé, "Antecedente do Himno Galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 novembro 2007, p. 30.

Logo de comentar brevemente as posíbeis orixes dos himnos, analiza os antecedentes do Himno Galego dende o movemento rexionalista (século XIX), e cita as composicións: *A Galicia*, de Francisco Añón e *Himno Popular Rexional*, de Galo Salinas con musica de Varela Silvari. A seguir tamén menciona e inclúe os poemas *¡Cantai galegos!*, de Alfredo Brañas, musicado por Luís Taibo e o de Andrés Muruais con música de Prudencio Piñeiro. Finaliza coa última estrofa doutrO himno, tamén de Murais, esta vez con música de Felipe Paz Carbajales.

Neira Vilas, Xosé, "As asociacións galegas en 1907", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 novembro 2007, p. 32.

Explica neste artigo cales foron os motivos fundamentais da emigración galega a Cuba. Indica que ademais da precariedade económica, a superpoboación e o afán por mellorar na vida, os galegos marcharon a Cuba, moitos deles, para non ter que morrer no Rif. Comenta que en 1907, ano en que se creou o himno, naceron en Cuba moitas institucións encargadas do ensino primario: Unión Barcalesa, Pila Ancha, Liga Santaballesa, La Devesana, Hijos de Reádigos, El Valle de Oro e Club Estradense. Todas elas cumpren tamén cen anos.

Neira Vilas, Xosé, "Antecedente do Himno Galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 novembro 2007, p. 30.

Logo de comentar brevemente as posíbeis orixes dos himnos, analiza os antecedentes do Himno Galego dende o movemento rexionalista, (século XIX), e cita as composicións: *A Galicia*, de Francisco Añón e *Himno Popular Rexional*, de Galo Salinas con musica de Varela Silvari. A seguir tamén menciona e inclúe os poemas *¡Cantai galegos!*, de Alfredo Brañas, musicado por Luís Taibo e o de Andrés Muruais con música de Prudencio Piñeiro. Finaliza coa última estrofa doutra himno, tamén de Murais, esta vez con música de Felipe Paz Carbajales.

Nerium, Alexandre, "De 'Vogar de couse", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 marzo 2007./"Vogar de couse", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 xullo 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Vogar de couse*, de Alexandre Nerium, titulado "Non se ha picar o mar para arrincar cachopas:...".

Nerium, Alexandre, "De 'Vogar de Couse", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 xullo 2007, p. 31.

Poesía de Alexandre Nerium pertencente ao libro *Vogar de Couse*, titulada "Quen ha poder encher en mín tanto baleiro".

Nicolás, Ramón, "As portas entornadas da poesía", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 238, "Letras en galego", 24 novembro 2007, p. 7.

Ramón Nicolás comenta a publicación que acaba de editar un colectivo poético vigués, baixo o título d'*A porta verde do sétimo andar*, que mostra un carácter compilatorio ou antolóxico. Segundo afirma, algúns dos poetas que aí aparecen, estarán presentes no panorama da poesía galega. Indica que dous xa son autores coñecidos, Elvira Riveiro e Alberte Momán, mais tamén comenta os versos de Luís Viñas, Alfonso Láuzara e Rosa Martínez,entre outros. Por outra banda, dá conta da publicación por parte da Fundación Curros Enríquez, da obra de Baldo Ramos, *O ourego e o compás*, que se inicia cun prólogo de Xavier Castro. Comenta Ramón Nicolás que se trata dunha poesía "experiencial" onde o poeta xoga cos silenzos e coa ausencia e presenza da luz.

Nicolás, Ramón, "Narradores en proxección", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 243, "Letras en galego", 29 decembro 2007, p.11.

Sinala que o panorama narrativo galego ofreceu este ano voces que se asentan e outras que reclaman o seu espazo. Así, faise eco da produción literaria de Francisco Castro, Mario Regueira ou Iolanda Zúniga. Considera que, neste 2007, d´*O ceo dos afogados*, finalista do premio Xerais-Fundación Caixa Galicia de literatura infantil-xuvenil, de Francisco Castro, presenta unha "evidente filiación coa mellor literatura de aventuras" e "asume un coidadoso deseño argumental baixo o que se recrean asuntos tan actuais como o denominado desenvolvemento sostíbel do planeta ou a incomunicación entre o mundo adolescente e o adulto". A esta novela, engádelle *As palabras da néboa*, coa que Castro conseguiu o García Barros e que é "un canto á liberdade centrado na Galicia do século XVI". Por outra parte, indica que en *L´affiche rouge*, de Mario Regueira, se fai "un destacable exercicio de memoria xeracional e unha madura e serena reflexión arredor do compromiso e da liberdade a través dun protagonismo coral". Por último, de *Vidas post-it*, de Iolanda Zúniga, afirma que se trata dunha compilación de relatos que supoñen "unha refolada de vento fresco no ámbito da narrativa curta".

Noal, X., "A cultura de Barbanza distingue a talla intelectual e humana de Isaac Díaz Pardo", *La Voz de Galicia*, "Barbanza", 23 decembro 2007, p. 32.

X. Noal infórmanos de que no concello de Boiro, a asociación Barbantia entregou os seus primeiros premios Sireno de Bronce, que recaeron na asociación O Faiado 2, Xesús Santos e Isaac Díaz Pardo. Este último recolleu o premio de mans da Vicepresidenta da asociación, Isabel Santos, que tivo palabras de apoio para Díaz Pardo, xa que foi botado do seu cargo na empresa Sargadelos. Os asistentes gozaron das verbas do galeguista que narrou, con modestia e bo humor, as súas vivencias e destacou aquelas que compartiu con intelectuais como Castelao, Seoane e Maside, entre outros. O concello de Rianxo, coa axuda da Deputación provincial da Coruña, encargoulle a Díaz Pardo un monumento dedicado á xente e aos traballos do mar.

Novo, Isidro, "Vasalaxe", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 xuño 2007, p. 35.

Sección fixa que acolle o poema titulado "Vasalaxe", de Isidro Novo.

Nóvoa Joga, Lucía, "Recordos de aluguer", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 7 agosto 2007, p. 36.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Lucía Nóvoa Joga, "Recordos de aluguer".

Novoneyra, Uxío, "Novos tempos de door, en 'Os eidos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 maio 2007, p. 27.

Sección fixa que acolle un poema d'*Os eidos*, de Uxio Novoneyra, que comeza "Pechouse a noite riba do ucedo".

Obelleiro, Paola, "Mirarte', un recorrido por el lenguaje de la pintura de Luís Seoane", *El País*, "*Galicia*", 16 xaneiro 2007, p. 37.

Faise eco da exposición 'Mirarte', formada por corenta e dous cadros realizados por Luís Seoane, coa que a Fundación homónima conmemora o seu décimo aniversario. Descríbese a mostra e sinálase que o seu obxectivo é dar a coñecer a vida e as obras do escritor e artista dunha forma diferente e didáctica. Para isto último entregaráselle a todos os visitantes material didáctico que, coa axuda dunha guía, irán empregando.

Obelleiro, Paola, "César Antonio Molina", *El País*, "*Galicia*", 24 xaneiro 2007, p. 36.

Dá conta do acto de presentación da antoloxía *Soños nos cantís*, onde César Antonio Molina recolle cento cincuenta textos realizados dende 1974 a 2005, traducidos ao galego e antologados por Tareixa Roca e cunha introdución de Luís G. Soto. Menciona tamén que Molina ten unha obra inédita que trata sobre o río Eume.

Obelleiro, Paola, "Las tablas del país", *El País*, "*Galicia*", 14 agosto 2007, p. 30.

Faise eco do acto de presentación onde se anunciou que, co gallo do cento vinte e cinco aniversario da posta en escena da primeira obra en galego, *A fonte do xuramento*, realizarase unha xira pola xeografía galega que constará de cento vinte e cinco funcións, que levarán a cabo vinte e cinco compañías en corenta localidades. Tamén se indica que se realizará unha exposición itinerante, 'Un país desde as táboas', que recolle material audiovisual histórico. Finalmente sinálase que as representacións se realizaran en lugares pouco habituais como praias, lonxas ou hospitais.

Obelleiro, Paula, "La literatura libera por dos horas a 150 presos de Teixeiro", *El País*, "*Galicia*", 4 decembro 2007, p. 35.

Informa do taller de escritura e lectura que se está a realizar con moito éxito, no cárcere de Teixeiro na Coruña, no que participou Manuel Rivas lendo algunhas partes da súa última novela *Os libros arden mal* acompañado por tres músicos. Destaca que no taller, organizado polo PEN Clube de Galicia e o Instituto San Clemente de Santiago, tamén participaron Lorenzo Silva, que obtivo o Premio Nadal, e a poetisa Eva Veiga.

O.I., "Psicopatoloxía do retorno' gana el VI Premio de Ensaio Ramón Piñeiro", *El País*, "*Galicia*", 10 febreiro 2007, p. 37.

Precísase que gañaron a VI edición do premio Ramón Piñeiro de Ensaio Breve Alexandre García-Caballero e Ramón Area Carracedo cun "enfoque psiquiátrico de la emigración", no que destacan "el valor social de los emigrantes gallegos retornados utilizando sus propias narraciones". Remátase apuntando o xurado, os organizadores do premio, ademias da contía e a relación de gañadores en anos anteriores.

O.I., "Contra Maquieiro' sae antes en Cuba", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 5 outubro 2007, p. 38.

Anuncia a saída ao mercado da versión en castelán de *Contra Maquieiro* en Cuba, (bastante tempo antes que en España), coincidindo coa Feira Internacional do Libro da Habana, onde Galicia será o país invitado. Sinala tamén que a obra xa vira a luz en galego no 2005 en Xerais. Describe o libro de poemas, repasa as diferentes traducións que se efectuaron de diferentes obras súas e reflexiona sobre a situación das literaturas periféricas con respecto á central española.

Ó.I., "El Pen Clube premia a Del Riego e Isaac Díaz Pardo", *El País*, "*Galicia*", 28 decembro 2007, p. 4.

Infórmase dos novos galardoados polo premio bianual do Pen Clube de Galicia: Francisco Fernández del Riego e Isaac Díaz Pardo, dúas figuras importantes na recuperación da cultura galega tras a Guerra Civil.

O Leo, "De 'Hai cu. Pintadas no báter", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Hai cu. Pintadas no báter*, de O Leo, titulada "Por que raio será que ao...".

O Leo, "De 'Hai cu", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 decembro 2007, p. 25.

Sección fixa que reproduce nesta ocasión un poema de *Hai cu*, de O Leo, titulado "INSOMNIO".

Oliveira, Vanesa, "Un sector emprendedor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 xaneiro, 2007, p. 27.

Comentario sobre a situación actual dos tradutores profesionais que saen da Universidade de Vigo, a única en Galicia que oferta a carreira. Recolle, ademais de diversos datos estatísticos, as opinións de Olga Castro, Cristina Río e Eva Almazán.

Oliveira, Vanesa, "Un camiño feito de loita", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", p. 27./"Un camiño feito de loita e amor", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 75, 8 febreiro 2007.

Dá conta da publicación do libro de memorias *Este camiño que fixemos xuntos*, (Galaxia), de Antía Cal, que está prologado por Xesús Alonso Montero. Realiza un percorrido pola súa vida e obra e sinala que ten aínda inédito *Enciclopedia pró neno galego*, premiado polo Lar Galego de Caracas.

Oliveira, Vanesa, "Os heroes 'esquecidos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Volver", p. 35.

Recóllense fragmentos de *Psicopatoloxía do retorno*, obra gañadora do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2006. Así mesmo achéganse as opinións dos dous autores, os psiquiatras Alexandre García-Caballero e Ramón Area Carracedo sobre a visión do retorno de emigrantes que tentaron plasmar no seu ensaio.

Oliveira, V., "A rede réndese a Casares", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 marzo 2007, p. 28.

Informa da homenaxe que lle tributou o Liceo de Ourense a Carlos Casares co gallo do quinto aniversario do seu pasamento e explica a iniciativa de Marcos Valcárcel, consistente en convidar a cincuenta blogs do 'blogomillo', dos que responderon trinta, a que colgaran textos de homenaxe ao autor nas súas páxinas. Menciona tamén que a editorial Galaxia acaba de publicar dous volumes coa súa obra xornalística dos anos 94 e 95 e reproduce un poema pertencente a obra *Derrotas con raíces*, publicado no blog http://www.modestofraga.com.

Oliveira, V., "As palabras nomeadas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 marzo 2007, p. 27.

Fálase do acto de conmemoración do Día Mundial da Poesía por parte do PEN Clube galego e a AELG, celebrado no Consello da Cultura Galega e presidido por Ramón Villares, no que se leu o manifesto da Unesco. Dise que participaron Manuel Rivas, Miguel Anxo Fernán-Vello e Luis González Tosar que leron varios poemas, algúns deles inéditos, rematando o acto cos versos de María Mariño.

Oliveira, V., "Igor Lugrís lanza na rede 'Un cadáver exquisito", *El Correo Gallego*, "Cultura", 27 marzo 2007, p. 75.

Informa da iniciativa de Igor Lugrís, que co obxectivo de crear un cadáver exquisito (un texto con vontade literaria escrito por diversos autores) puxo na rede o verso "Há unha certa luz incomprensíbel na distancia". E, dende ese momento, recibiu sesenta creacións nas que participaron máis de setenta e cinco persoas. Para finalizar, anuncia que con

todo o material realizará unha exposición e un recital que terá lugar na Galería de Arte Dosmilvacas de Ponferrada.

Oliveira, V., "Unha comuna feita de versos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 marzo 2007, p. 28.

Informa da iniciativa de Igor Lugrís, que co obxectivo de crear un cadáver exquisito puxo na rede o verso "Há unha certa luz incomprensíbel na distancia", sinalando que o único requisito para participar era que as creacións estivesen en galego-portugués. Dende ese momento, recibiu sesenta creacións nas que participaron máis de setenta e cinco persoas, das que aporta os nomes máis destacados como María do Cebreiro, Baldo Ramos ou Sechu Sende, entre outros. Anuncia que con todo o material realizará unha exposición e un recital que terá lugar na Galería de Arte Dosmilvacas de Ponferrada. Explica que a idea xurdiu dunha reflexión que está a realizar sobre a autoría, o pagamento dun canon e os dereitos de autor. Finalmente, reprodúcese unha estrofa do poema mencionado, publicado no blog "Ovnis e isoglosas".

Oliveira, V., "Radiografía para deter a sangría", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 abril 2007, p. 28.

Anuncia que, debido a difícil situación que está atravesando o sector do libro en Galicia, Xaime Corral, Presidente da Federación de Libreiros, está impulsando o primeiro estudo sobre a viabilidade das librarías galegas para solucionar a grave crise que padecen. Comenta os datos e informa que xa se concluíu a primeira parte do traballo e que, a seguinte, será realizada pola Universidade de Santiago, que explorará trescentos cincuenta puntos de venta de libros realizando diversas enquisas. Xaime Corral indica que na fase final se tentara aportar, coa colaboración da Administración, diferentes solucións. Tamén se indica, nun epígrafe a parte, que Inma López Silva lera o pregón inaugural da Feira do Libro de Compostela, da que aporta algúns datos destacados.

Oliveira, V., "Pór en pé o pupitre de Arximiro Rico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 maio 2007, p. 27.

Dá conta da mesa redonda que tivo lugar en Compostela, que se enmarca dentro dos actos da Feira do Libro. Sinala que nela participaron Isaac Díaz Pardo, a xornalista María Antonia Iglesia, que tamén presentou a súa obra *Maestros de la República*, e Suso de Toro, que foi o moderador da charla que tivo como tema central a memoria histórica, sobre todo no que se refire ao corpo docente na etapa republicana e no comezo da Guerra Civil.

Oliveira, V., "Unha xeración en galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 maio 2007, p. 30.

Anuncia a presentación da edición facsímile do xornal *A Voz de Vilalba*. Explica que se trata dun xornal editado en 1983 por tres mozos de non máis de 13 anos e que chegou a ter 150 subscricións e unha tiraxe de 500 exemplares. Comenta como xurdiu esta iniciativa naqueles rapaces e destaca a tradición xornalística de Vilalba. Por outro lado,

recolle algún dos nomes das persoas que estaban subscritas ao xornal e sinala a anécdota de que chegou a publicar unha entrevista en exclusiva a Fraga.

Oliveira, V., "Queremos que sexa un lugar vivo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 xuño 2007, p. 29.

Anuncia que xa está aberta ao público a Biblioteca Novoneyra, no pazo de Correa, que é a primeira especializada en poesía que se creou en Galicia, e a segunda en España. Informa que está formada por catro mil volumes dese xénero doados por Miguel Anxo-Fernán Vello, nos que se inclúen manuscritos de poetas de diferentes linguas do mundo.

Oliveira, V., "A pioneira ruptura co folckorismo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 setembro, 2007, p. 28.

Nova que dá conta da próxima presentación en Vigo da reedición do facsímile do *Cancionero Gallego*, publicado por Jesús Bal y Gay en 1973, que, nesta ocasión, conta cun prólogo realizado polo catedrático de Música da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, Carlos Villanueva, quen tamén ofreceu recentemente unha conferencia sobre o rexeneracionismo deste musicólogo, crítico e mestre galego, dentro do curso 'Visións de Galiza no centenario de Pascual Veiga (1842-1906)'.

Oliveira, V., "Un oficio incómodo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 setembro 2007, p. 27.

Infórmase sobre as reflexións en torno ao oficio de crítico literario, xornalístico e académico en Galicia,na primeira xornada da Crítica galega. Saliéntase a marxinalidade informativa dos libros galegos nos medios de comunicación e a falta de vontade para promocionar a crítica. Cítanse aos participantes dos debates e as opinións de María do Cebreiro, que salienta a importancia do rigor crítico, e de X. Manuel Eyré que fala da escasa valoración do oficio do crítico. Finalmente alúdese que na sesión da tarde, tratouse a crítica vasca, catalá e lusa.

Oliveira, V., "Devolverlle Valle a Galicia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 outubro 2007, p. 29.

Faise eco do inicio das IX Xornadas de Homenaxe a Valle-Inclán, organizadas polo Museo homónimo, que comezaron coa inauguración dunha exposición formada por trinta caricaturas inéditas, obra do debuxante Siro López, na Casa da Cultura da Pobra do Caramiñal. Explícase que o obxectivo desta edición é recuperar a "filiación republicana de Valle-Inclán no último lustro da súa vida" e actualizar a imaxe que se ten del. Descríbese o programa de actos e infórmase a seguir de que, paralelamente, na Coruña, celébrase o VIII Congreso Internacional de Literatura Española Contemporánea, organizado pola Universidade da cidade. Apúntase que, en diversas conferencias, estudaranse tamén as obras de Valle.

Oliveira, V., "Traducir é unha actitude", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 outubro 2007, p. 29.

Dá conta da homenaxe que lle realizou a Consellería de Cultura, no Auditorio de Galicia, a Fernando Pérez Barreiro Nolla, o primeiro tradutor do chinés ao galego, co gallo da conmemoración do Día Internacional da Tradución. Realízase tamén un percorrido pola súa vida e obra destacando, entre outros acontecementos, que é membro do Consello Asesor do IGADI, correspondente da Real Academia Galega e que acadou o Premio Plácido Castro pola tradución ao galego do *Breviario do pensamento clásico chinés*.

Oliveira, V., "Os mitos que creamos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 novembro 2007, p. 29.

Noticia do acto de inauguración na sede de Caixa Galicia en Lugo da XXIV edición de Galeusca, que está organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Recolle as palabras de Cesáreo Sánchez, o seu presidente, nas que indica que o obxectivo é definir os imaxinarios das literaturas actuais. A seguir describe o programa de actos e, nun parágrafo a parte, informa da próxima celebración das I Xornadas Virtuais de Literatura, preparadas pola AS-PG en colaboración co Centro Español de Dereitos Reprográficos e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta.

Oliveira, V., "Comercial… e de calidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 novembro 2007, p. 37.

Comenta a celebración do IV Simposio "O libro e a lectura", organizado pola Asociación Galega de Editores e realizado na sede do Consello da Cultura Galega. Indica que os participantes da mesa redonda da primeira xornada foron Ana Salgado, Xurxo Patiño e Alberto Abreu, moderados por Irene Penas, que falaron sobre a debilidade do mercado literario galego, a influencia da crítica literaria na venda de libros e o poder das grandes superficies no control da distribución.

Oliveira, V., "Boas receitas, mala cociña", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 novembro 2007, p. 29.

Fai referencia á última mesa redonda que se levou a cabo no Simposio organizado pola Asociación Galega de Editores sobre o libro e a lectura. Indica que neste coloquio participaron Ramón Reboiras, Francisco Novo e Luís Ventoso, os cales falaron da situación do libro galego na actualidade e afirmaron que había que mellorar o negocio das vendas comentaron e comentaron algúns dos principais problemas que presenta a súa difusión.

Oliver, Juan, "Versos gallegos para colorear Europa", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 xaneiro 2007, p. 36.

Logo dunha apaixonada descrición de Bruxelas, apunta que Xavier Queipo realizou un

poema que, xunto con oito composicións máis, doutros tantos poetas de diferentes nacionalidades, formarán parte dunha exposición e dun recital que se celebrará dentro do Festival Bravo Bruxelas, no que se lerán as creacións poéticas.

Ono, Yoko, "Pomelo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 xaneiro 2007, p. 31.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle un poema de *Pomelo*, deYoko Ono, titulado "PINTURA PARA CRAVAR UN CRAVO".

Otero, Lorena, "Rinoceronte e o exemplo islandés", *A Nosa Terra*, n.º 1282, "Cultura", 27 setembro-3 outubro 2007, p. 28.

Infórmase da creación da sección "Inversa" da Editorial Rinoceronte, dedicada á tradución de obras galegas ao castelán e próximamente ao inglés e catalán, que se inicia coa tradución de *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro e *Gramática do silencio*, de Eusebio Lourenzo Baleirón. Dise que ten como obxectivo dar a coñecer a literatura galega ao resto do mundo e que os criterios de selección se rexen por criterios de calidade. Faise unha enumeración das diferentes coleccións da editorial, que pretenden achegar a literatura universal ao galego coa súa labor de tradución: "Contemporánea" (obras posteriores a 1950), "Clásica" (obras entre 1800 e 1950), "Vétera" e "Colección Poesía"; e ofrece a posibilidade de descargar as obras traducidas da súa páxina web, para facilitarlle o acceso aos galegos residentes fóra de Galicia.

Otero, Marcos, "Concello y RAG organizan rutas históricas por la ciudad", *La Opinión*, "A Coruña", 5 outubro 2007, p. 10.

Anuncia que o Concello da Coruña e a Real Academia Galega organizarán diferentes rutas históricas pola cidade, dedicadas a personalidades destacadas da cultura galega co obxectivo de prestixiar e popularizar o idioma.

Otero, Marcos, "Pilar Valiño e Isaac Díaz Pardo reciben las medallas al trabajo", *La Opinión*, "A Coruña", 8 decembro 2007, p. 14.

Segundo indica esta nova, entre os trinta e catro premiados polo Ministerio de Trabajo os elixidos serían a ex concelleira do Concello coruñés, Pilar Valiño e o artista santiagués, Isaac Díaz Pardo. Despois de dedicarlle unhas breves liñas curriculares a cada un dos afortunados, sinálase que o Ministerio pretende, con estes galardóns, destacar o mérito e as condutas socialmente útiles no desempeño dos deberes que impón o exercicio de calquera profesión.

Otero, Marta, "O libro galego déixase de contos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 210, 12 maio 2007, p. 2.

Comeza informando de que, no 2006, Galicia ocupou o sexto lugar de España en canto ao número de títulos e libros publicados e destaca, como un acontecemento moi

importante do 2007, a entrada en vigor da Lei do Libro, onde se declara que este é un sector prioritario e estratéxico. Tamén destaca como aspecto positivo a creación do Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego. Na outra banda, sinala que un dos principais riscos do libro está en apostar só polo compromiso pola lingua, no canto de facelo por un sólido proxecto empresarial. Afirma que a sociedade debe vincularse directamente para adquirir conciencia de cultura propia. Un punto tamén a mellorar é a formación dos bos profesionais. Finaliza facéndose eco das declaración da Federación de Libreiros de Galicia nas que mencionan a difícil situación pola que están a pasar numerosos estabelecementos.

Otero Ricart, J. A., "Escritores gallegos de cine", *Faro de Vigo,* "*El Sábado*", n.º 510, 5 maio 2007, pp. 1-2. */La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 329, 13 maio 2007, pp. 8-9.

Realiza un repaso pola relación existente entre o cine e a literatura e faise eco dos datos dun informe da Asociación Galega de Editores, que sinala que máis do trinta por cento das películas producidas no mundo están baseadas en textos literarios preexistentes e cita a seguir os nomes das obras máis destacadas de escritores galegos que pasaron o sétimo arte. Anuncia que proximamente se estreara a adaptación ao sétimo arte da obra de Xosé Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego*, baixo a dirección de Ismael González. Tamén sinala que a Asociación Galega de Editores e a Asociación Galega de Produtoras Independentes firmaron un convenio para levar a gran pantalla novas obras literarias e, a seguir, realiza un repaso histórico que se centra nas obras de ficción de autores galegos, que crearon tanto en castelán como en galego, que pasaron a gran pantalla, mencionando tamén que tanto Castelao como Cela participaron, como actores, nalgunha película.

Oubiña, C., "Os versos de Queipo na Grand Place", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 76./"Un poema del escritor Xavier Queipo se expone en Bruselas", *El Progreso*, "Vivir", p. 80./"Fluxo e mutabilidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", p. 29, 5 marzo 2007.

Nova que informa de que o poema "As leis do caos: fluxo e mutabilidade" de Xavier Queipo, exporase en galego, francés, flamenco e inglés na Grand Place de Bruxelas, xunto coas creacións de oito escritores de diferentes nacionalidades para participar na iniciativa WIT, que se enmarca dentro da II BRXLBRAVO, que inclúe máis de douscentos eventos. Explícase que a iniciativa, que partiu do belga David Van Reybrouck, consta en que nove escritores seleccionados tiveron que realizar un poema partindo dun de Jan Smeken, de 1511. Tomando como referencia estas creacións, diferentes artistas e escolas de arte efectuaron obras e instalacións plásticas.

Outeiriño, Elva, "O alivio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 agosto 2007, p. 24.

Sección fixa que acolle o poema "O alivio", de Elva Outeiriño.

Outeiriño, Maribel, "Casares y don Ramón", *La Región*, "Sociedad", "Historia en 4 tiempos", 1 xuño 2007, p. 85.

Entre outras lembranzas, recorda a homenaxe que se lle tributou a Ramón Otero Pedrayo no Pazo-Museo de Trasalba, hai vinte e cinco anos, no que se presentou *O fidalgo e outras narracións* e tamén se inaugurou a colección 'Biblioteca Básica da Cultura Galega', patrocinada polas deputacións galegas. Tamén recolle dous poemas de Casado Nieto que se publicaron en 1982.

Pacios Álvarez, Jovino, "Pedro José García Blaboa (Fray Martín Sarmiento), un siglo de ilustración, un villafranquino adelantado a su tiempo", *Bierzo 7*, n.º 1206, "La portada", 5 decembro 2007, pp. 10-12.

Artigo no que se fai un longo repaso pola vida de Frei Martín Sarmiento centrándose nos seus vencellos con Vilafranca do Bierzo e mais a súa faceta de ilustrado e persoa comprometida coa investigación e o estudo. Asemade tamén se repasa a súa diversa obra e faise unha pequena referencia á súa relación coa lingua galega. Aquí sinálase que Sarmiento tivo moito interese en estudar a lingua galega, que esta foi a súa lingua materna, que escribiu en galego *Coloquio de vintecatro galegos rústicos* e sublíñase que denunciou e criticou a marxinacióndo idioma.

Pais, Laura, "Un teatro muere en Compostela", *El Correo Gallego*, "Cultura", 23 xullo 2007, p. 19.

Salienta que a situación do teatro actual non pasa polos seus mellores momentos e dá conta de obras importantes que foron representadas no Teatro Principal de Compostela hai anos. Deseguido, achega os títulos das obras representadas no 2007 e compara o número de espectáculos cos do ano 2006. Por último, reclama a axuda das autoridades para mellorar a situación teatral actual.

Patiño, Antón, "Océano e silencio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 xullo 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema de *Océano e silencio*, de Antón Patiño, titulado "Oíndo a canción do mar".

Patiño, Antón, "De 'Océano e silencio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 xullo 2007, p. 40.

Recóllese nesta sección fixa un poema de *Océano e silencio*, de Antón Patiño, titulado "Estancia da soidade".

Patiño, Antón, "De 'Océano e silencio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 agosto 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema de *Océano e silencio*, de Antón Patiño, titulado "CEMITERIO oceánico".

Patiño, Antón, "De 'Océano e silencio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 setembro 2007, p.

31.

Recóllese nesta sección fixa un poema de *Océano e silencio*, de Antón Patiño, titulado "PENEIRAR sensacións".

Paz, Laura G., "As comarcas do Salnés e O Barbanza únense ó festexo dos 125 anos do teatro en galego", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Teatro", 9 setembro 2007, p. 25.

Anúnciase a programación teatral con motivo da celebración dos cento vinte e cinco anos da estrea, no Liceo Brigantino, d'*A Fonte do Xuramento*, de Francisco María de la Iglesia, primeira peza teatral en galego. Dise que se representarán obras de diversos subxéneros teatrais que achegarán o teatro aos cidadáns de Boiro, Riveira, Sanxenxo e Vilagarcía. Coméntanse as diferentes representacións das distintas compañías.

Paz, Xabier, "De 'Sedimentos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 febreiro 2007, p. 31.

Recóllese nesta sección fixa un texto poético de *Sedimentos*, de Xabier Paz, titulado "SERÁ encontrada a páxina un día".

Paz, Xabier, "Contrapoética, no libro 'Sedimentos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 abril 2007, p. 31.

Recóllese nesta sección fixa un poema de *Sedimentos*, de Xabier Paz, titulado "Ergan as palabras rigorosos retícolos".

Paz, Xabier, "De 'Filoxenia do sangue", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 maio 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Filoxenia do sangue*, de Xavier Paz, titulado"O mellor desprendido".

Paz, Xabier, "De 'Filoxenia do sangue", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 xuño 2007, p. 34.

Publícase nesta sección fixa o poema titulado "A sombra", de Xavier Paz, da obra *Filoxenia do sangue*.

Paz, Xabier, "Filoxenia do sangue", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 setembro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Filoxenia do sangue*, de Xavier Paz, titulado"Tan agachado, sepultado".

P.C.R., "Un achegamento aos blogs e bitácoras", *Diario de Ferrol,* 26 xuño 2007, p.: contraportada.

Neste artigo faise mención do labor que se tenta levar a cabo coa publicación dixital número dezaseis de "Viviros na escola". Nesta Nova entrega, preténdese que as escolas participen dos blogs e bitácoras que se poñen á súa disposición para contar a súas experiencias educativas.

Pedreira, Emma, "Casa de orfas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 xaneiro 2007./"De 'Casa de orfas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 maio 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema de *Casa de orfas*, de Emma Pedreira, titulado "(pacificación da espera)".

Pedreira, Emma, "Ventre dos insectos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 febreiro 2007, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema "Ventre dos insectos", de Emma Pedreira.

Pedreira, Emma, "en 'Casa de orfas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 maio 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Casa de orfas*, de Emma Pedreira, titulado "Cimo da pedra".

Pedreira, Emma, "Orfas de Ofelia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 xuño 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Orfas de Ofelia", de Emma Pedreira.

Penelas, Sandra, "Los secundarios de la literatura", *Faro de Vigo*, "Vigo", 11 febreiro 2007, p. 8.

Comenta a importancia que están a ter as traducións na literatura galega. Achéganse as opinións de varios tradutores, que afirman que a tradución galega cada día acada máis nivel e que non se traduce só aos clásicos senón que os lectores galegos poden ler as novidades ao mesmo tempo que saen publicadas tamén en castelán. Explica que esta nova xeración de tradutores formouse na Universidade de Vigo e traballa para diferentes editoriais. Recóllense os comentarios de Carlos Lema, Manuel Bragado, Liliana Valado, Moisés Barcia, Eva Almazán e Lara Domínguez.

Peña, Abel, "Con el monólogo se entiende la gente", *El Ideal Gallego*, "Arte dramático", 27 febreiro 2007, contracuberta.

Comenta a sona que está a ter o monólogo como espectáculo na actualidade. Informa que o actor Carlos Álvarez-Ossorio vai dirixir un foro sobre "Monólogos, Soliloquios e Unipersonais" e indica este actor que o monólogo non debe ser entendido como un espectáculo para facer rir, simplemente, senón que ten que converterse nun "diálogo", é

dicir, segundo explica, o actor debe verbalizar o seu pensamento e ser tamén receptor da palabra que pronuncia.

Peña, Abel, "En la cárcel hay que pasar página", *El Ideal Gallego*, "Solidaridad", 24 abril 2007, contracuberta.

Comenta que a libreira Cecilia Martínez, da libraría Nós, puxo en marcha unha iniciativa que consiste en recadar libros para enviárllelos aos presos do cárcere de Teixeiro. Comenta que cada libro doado deberá levar unha dedicatoria que explique o porqué de escoller ese libro.

Peña, Abel, "La sensibilización es pura literatura", *El Ideal Gallego*, "Divulgación", 7 maio 2007, contracuberta.

Informa da celebración dun taller dramático-literario que ten por tema a figura da muller e estará dirixido por Santiago Fernández, quen comenta que a situación actual da muller variou moi pouco.

Peña, Abel, "Los libros también salen a tomar el sol", *El Ideal Gallego*, "Curiosidades", 12 xuño 2007, contracuberta.

Informa de que o Concello de Culleredo acaba de poñer en marcha a campaña do "Libro libre", que consiste en deixar libros nos parques e cafetarías para que sexan recollidos por alguén, que os lean e, posteriormente, que os volvan deixar nun lugar público. Ana Oteruelo, da Casa da Xuventude, comenta que se vai repartir medio centenar de libros de todas as clases e materias, e que levarán unha pegatina na que indica "non estou perdido, ábreme e xa verás".

Peña, Abel, "El bochorno imperante alejó al público de la Feria del Libro en su cuarto día", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 5 agosto 2007, p. 14.

Indica que na Feira do Libro da Coruña o día que participou Manuel Rivas fixo moita calor, polo que non houbo demasiada afluencia de xente. Describe a roupa que levaba Rivas e indica que asinou exemplares d'*Os libros arden mal*, nos que ademais da sinatura engadía un debuxo para que todos fosen diferentes.

Peña, Abel, "Los libros también salen a tomar el sol", *El Ideal Gallego*, "Curiosidades", 12 xuño 2007, contracuberta

Nova sobre a inauguración na Biblioteca González Garcés da exposición colectiva "Plantando libros", na que se indaga na relación entre as árbores e os libros. Nela participan trinta e nove artistas que fixeron debuxos sobre os que logo o mesmo número de escritores recolleron nun folio as sensacións que lles evocaba a imaxe. Entre os literatos participantes, que cultivaron formas tan diversas como a poesía ou o correo

electrónico, atópanse Fina Casalderrey, Carlos Amil, Yolanda Castaño ou Paula Carballeira.

Pereiras, Xesús, "De 'Cantos da seiva", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 febreiro 2007, p. 29.

Sección fixa que acolle un texto poético da obra *Cantos da seiva*, de Xesús Pereiras, que se titula"QUÉ trae hoxe firmeza que sinto".

Pereiro, Lois, "Poesía última de amor e enfermidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 marzo 2007, p. 32./"De 'Poesía última de amor e enfermidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 maio 2007, p. 34.

Acóllese nesta sección fixa unha composicióm poética de *Poesía última de amor e enfermidade*, de Lois Pereiro, titulada "A Inmersión no silencio é o que distingue".

Pereiro, Xosé Manuel, "A outra mesa redonda", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 19 xaneiro 2007, p. 33.

Fai referencia a un dos obxectos que se expuxeron na exposición "Galicia, a forza da palabra", organizada pola Real Academia Galega para conmemorar o seu centenario. Este obxecto destacado é a mesa de braseiro de Ramón Piñeiro que aparecía xunto a outras como a de Martín Sarmiento, Rosalía de Castro ou Vicente Risco, entre outros. Comenta a importancia desta mesa por ser a protagonista dun mito fundacional e achega os comentarios sobre ela de Carlos Casares, García Bodaño, Manuel Rivas ou Álvarez Pousa.

Pereiro, Xosé Manuel, "Traducir ou no non traducir", *El País,* "*Galicia*", "Luces", 2 febreiro 2007, p. 43.

Salienta o feito de que as obras da literatura galega sexan publicadas tamén en lingua portuguesa e viceversa, xa que os lectores prefiren ler na súa propia lingua, aínda que poidan entender o galego e o portugués. Achega as palabras de Xesús Couceiro, un dos principais difusores do libro galego en Portugal, quen afirma que a literatura portuguesa non ten moita difusión no país, agás por figuras coñecidas como José Saramago, Lobo Antunes e o clásico Eça de Queiroz. Por outra banda, tamén recolle os comentarios de Nelson de Mato, un dos máis prestixiosos editores de Portugal, quen afirma que o descoñecemento é mutuo, porque alí son difundidas, basicamente, as obras de Manuel Rivas ou de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Pereiro, Xosé Manuel, "Caixa Galicia cede la casa de Rosalía y Manuel Murguía a la Real Academia galega", *El País*, "*Galicia*", 17 marzo 2007, p. 42.

Dá conta da nova sede que terá a Real Academia Galega na Coruña. A actual casa na que se instala a Academia resulta pequena ao compartila co museo de Emilia Pardo

Bazán e por isto, a Academia vai inaugurar nova sede na casa na que viviron na Coruña, Manuel Murguía e Rosalía de Castro. Ademais, infórmase de que a Fundación Caixa Galicia vai colaborar activamente neste proxecto e comprométese coa Academia a realizar actos culturais e investigacións sobre o idioma galego.

Pereiro, X. M., "Poemas con mucha miga", *El País*, "*Galicia*", 22 marzo 2007, p. 49.

Informa do novo proxecto da Consellería de Cultura "Pan con poesía", que consiste en escribir poemas nas bolsas do pan. Os poemas pertencen a dez escritoras galegas: Pilar Pallarés, Marica Campo, Chus Pato, Eva Veiga, Marilar Aleixandre, María do Carme Kruckenberg, Luz Pozo Garza, María Xosé Queizán, Xohana Torres e María Mariño.

Pereiro, Xosé Manuel, "O país dos vasos comunicantes", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 4 maio 2007, p. 42.

Comenta a importancia de difundir a cultura galega por todo o mundo e afirma que ese traballo difusor se está a realizar dun xeito pouco efectivo. Dá conta dos medios difusores que ten o país e salienta a existencia de corenta Centros de Estudos Galegos e o convenio asinado co Instituto Cervantes para promover a cultura e o idioma de Galicia.

Pérez, M., "El cantautor leonés Amancio Prada publica hoy dos discos", *Diario de León*, "Cultura y Espectáculos", 2 decembro 2007, p. 38.

Dáse conta da presentación dos dous últimos traballos discográficos do cantautor berciano Amancio Prada e afírmase que o titulado *Concierto de Amor Vivo*, gravado na madrileña igrexa dos Jerónimos no verán de 2005, contén algún poema de Rosalía de Castro.

Pérez García, Manuel, "Á súa maneira", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 31 agosto 2007, p. 41.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Manuel Pérez García, "Á súa maneira".

P.G., "Homenaje a la mujer gallega", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Al día", 7 marzo 2007, p. L2.

Con motivo da celebración do Día Internacional da Muller, entre os diferentes actos que se levarán a cabo, noméase a homenaxe que a poeta Luz Fandiño vai render a Rosalía de Castro.

Pillán, Nesto, "Memory Quartz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 xullo 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle o poema "Memory Quartz", de Nesto Pillán.

Pino, Concha, "El premio San Clemente reúne a tres autores que retan al hombre", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 febreiro, p. 47.

Coméntase a entrega dos XII Premios San Clemente a Isidro Novo, Javier Cercas e Abraham Yehoshúa con novelas que coinciden en "retar ao home, á condición humana como única forza para superar conflitos sociais e persoais e para lograr a convivencia coa natureza". Dise que recibiron os galardóns e unha estatuilla que simboliza a liberdade e que os tres alabaron o certame polo feito de que o falle un xurado de alumnos adolescentes. Finalmente os tres escritores salientan as liñas temáticas das obras galardoadas e recollense as palabras de Abraham Yehoshúa sobre o conflito entre israelís e palestinos.

Pino, Concha, "Narrar é un oficio que se aprende", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "En directo", 5 maio 2007, p. 49.

Dá conta do coloquio que mantivo o escritor Darío Xohán Cabana con alumnos de bacharelato no Museo Pedagóxico de Galicia. Cabana explicoulles que ser escritor é un oficio e afirma que narrar historias pode facelo calquera que saiba escoitar e ler historias. En canto á poesía, indica que esta debería ser de lectura obrigatoria nas aulas e con respecto ao teatro, afirma que é un xénero que actualmente decaeu na súa calidade.

Pino, Concha, "La Sala Yago cierra y desaparece como espacio escénico el 30 de junio", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 15 maio 2007, p. L1.

Dá conta do peche definitivo da Sala Yago de Compostela, o 30 de xuño. Comenta que unha sentenza xudicial obriga aos xestores teatrais a deixar o local despois de cinco anos de actividade nos que se representaron títeres, teatro e cine en versión orixinal. Explica a orixe do local e as iniciativas que se levaron a cabo, e salienta a imposibilidade por parte das institucións para impedir o peche.

Pino, Concha, "O libro debe ser o único produto comercial que non ten promoción", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 2 decembro 2007, p. 7.

Entrevista a Xesús Couceiro tras recibir a Medalla de Ouro da Federación de Libreiros Galegos, da que el foi un dos fundadores. Couceiro comenta como foron os inicios da creación da súa libraría e da federación. Salienta as dificultades que sempre atoparon todos os libreiros e indica que foron os primeiros en crear unha federación a nivel estatal, no ano 1975. Deseguido, expresa o agradecemento pola medalla outorgada e fala sobre a crise actual das librarías; tamén comenta que o nivel de lectura en Galicia non aumentou e que se debería mercar libros para ofrecelos como agasallo. Por último, afirma que as novas tecnoloxías non ameazan o libro impreso, senón que o promoven.

Piñeiro, Ana, "Lectura para el verano", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 17 xullo 2007, p. 34.

Fai referencia ás lecturas do verán e achega as recomendacións dalgunhas personalidades coñecidas como Abel Caballero, Corina Porro, Santi Domínguez, Xosé Manuel Piñeiro, Yolanda Castaño, Carlos Blanco, Roberto Relova, Nelson Villalobos, Gonzalo Pérez, Arturo Ponte, José Ángel Manso e José Sánchez.

Ponte Far, José Antonio, "Manuel Álvarez Torneiro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 848, "Literatura Galega", 18 abril 2007, pp. 4-5.

José Antonio Ponte Far realiza un repaso pola vida e a obra do poeta Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932) destacando que pertence a Xeración das Festas Minervais e que a súa produción non sufriu excesivos cambios tanto na forma coma no contido, debido a que sempre entendeu o mundo poético do mesmo xeito. Destaca como trazos característicos da súa poética as pegadas da memoria e da vida, a experiencia vital e o recordo, acompañado dunha lixeira nostalxia envolta nunha gran musicalidade. En definitiva, "encontra poesía na vida". Nun epígrafe a parte inclúe a listaxe con toda a súa bibliografía, seguida de seis poemas representativos. Finaliza cunha serie de actividades relacionadas co autor e coa obra.

Ponte Far, Xosé A., "Manuel Forcadela, unha voz reflexiva e lúcida", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", 10 outubro 2007, p. 4.

Breve aproximación á personalidade de Manuel Santiago Fernández Álvarez, coñecido literariamente co pseudónimo de Manuel Forcadela. Sinálase que a súa formación filolóxica está na base da súa produción poética. Repárase na evolución da súa obra creativa, ao deixar a busca de códigos para centrarse na busca de respostas e repásanse algúns poetas de referencia para Forcadela. Sobrancéase que é un poeta moi persoal, cunha poesía que é "como un rumor na distancia". Ofrécese a reprodución de catro poemas, "Pastorela" e "Amo, Aurelia, estes cada", d'*O varredor en outono*, e "L'eclaire" e "Odisea", d'*O regreso das ninfas*.

Ponte Far, Xosé A., "Un autor polifacético", *La Voz de Galicia*, "La voz de la escuela", n.º 866, "Literatura galega", 14 novembro 2007, p. 4.

Fai referencia á biografía de Darío Xohán Cabana e saliéntao como un dos mellores escritores galegos que destacou principalmente no xénero poético e novelístico. Dá conta dalgúns dos premios acadados e achega as obras máis coñecidas del. De seguido, presenta unha selección de seis poemas ("Enchereite de min e do que teño", "O bardo na Ponte-ceso", "Antioquía", "Duio", "Se cando a morte pálida me apañe" e "Cando setenta invernos na túa frente"), acompañados dunha serie de preguntas que os lectores poden intentar resolver. Pasar á adultos

Pousa, Luis, "Catorce obras gallegas figuran entre los '1.100 libros que hay que leer", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 marzo 2007, p. 49.

Comenta que no novo libro de Peter Boxall, revisado en castelán por José Carlos Mainer, *1.001 libros que hay que leer antes de morir*, inclúe seis autores con obra en galego, ademais doutros galegos que escribiron en castelán como Valle-Inclán ou Pardo Bazán. Indica que o volume só recolle obras narrativas e fai algunha referencia ao teatro; e as obras galegas consideradas imprescindíbeis son *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, *O Grifón*, de Alfredo Conde, *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro, *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas, *Un millón de vacas*, de Manuel Rivas e *Tic-tac*, de Suso de Toro.

Pousada, Pilar, "Centro de Estudos Galegos de Oxford, cara a unha nova etapa", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n. º 682, "Reportaxe", 28 outubro 2007, pp. 2-3.

O autor trata o estado do galego no mundo e fai referencia á primeira institución para o estudo do galego no Reino Unido, o Queen's Collage, o seu director é John Rutherford. As tarefas céntranse en talleres de tradución, gramática e a participación en congresos e publicacións.

Pousada, Pilar, "Ecos galegos no sur de Escocia", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 687, "Reportaxe", 16 decembro 2007, pp.14-15.

Esta reportaxe céntrase na labor do Centro de Estudos Galegos da Universidade de Stirling (Escocia) como organizadores de curiosas actividades como o Seminario "Medios de comunicación e fútbol: Xogando na época dos deportistas estrela". Dise que con estas actividades buscase achegar Galicia e o galego á poboación escocesa. Sínalase o relevo do posto que anteriormente ocupaba o galicianista Craig Paterson e que deixará ao lector de galego Xabier Cid no mando.

P.R.C., "Poemas religiosos de un agnóstico", *Diario de Ferrol*, "Comienzos", 2 outubro 2007, contracuberta.

Explícase que o profesor José María López Dafonte comeza a súa andaina como poeta, cun volume de temática variada e con Ferrol como centro do mesmo. Saliéntase que se define como agnóstico pero que inclúe poemas relixiosos, dedicados á Semana Santa, como "El Cristo de los gitanos" o "La Virgen de los Dolores". Dise que tamén aparecen versos a unha antiga noiva morta ou versos sobre a República, inspirados en persoas da súa familia. Remátase comentando que o poemario aínda non se publicou en papel, mais sí en formato "audio", como agasallo aos seus amigos, e que nel o poeta recita as súas propias composicións poéticas acompañadas de música clásica, barroca ou dalgún blues.

Prol, Santiago, "De 'Alga e fungo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 xaneiro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Alga e fungo*, de Santiago Prol, titulado "Non sempre foi así".

Prol, Santiago, "Alga e fungo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 maio 2007, p. 42.

Recóllese nesta sección fixa un poema de *Alga e fungo*, de Santiago Prol, que comeza "Nun empeño de estar omnipresente".

Puialto Amieiro, Mar, "A inspiración de Sofía", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Menos de 15 anos", 1 agosto 2007, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Mar Puialto Amieiro, "A inspiración de Sofía".

Queipo, Xavier, "As leis do caos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 marzo 2007, p. 29.

Acóllese nesta sección fixa o poema "As leis do caos", de Xavier Queipo.

Queizán, María Xosé, "De 'Non o abras como unha flor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xuño 2007, p. 31.

Acóllese baixo este epígrafe un poema de *Non o abras como unha flor*, de María Xosé Queizán, titulado "Non musa".

Queizán, María Xosé, "De 'Cólera", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 xuño 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema de *Cólera*, de María Xosé Queizán, titulado "REACE".

Queizán, María Xosé, "De 'Non o abras como unha flor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 xullo 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Non o abras como unha flor*, de María Xosé Queizán, titulado "Metafísica".

Queizán, María Xosé, "Comeza a Rebelión', no libro'Cólera", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 xullo 2007, p. 32.

Sección fixa que acolle un poema de *Cólera*, de María Xosé Queizán, titulado "Comeza a Rebelión".

Queizán, María Xosé, "De 'Non o abras como unha flor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 agosto 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Non o abras como unha flor*, de María Xosé Queizán, titulado "Irmán".

Queizán, María Xosé, "De 'Non o abras como unha flor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 outubro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Non o abras como unha flor*, de María Xosé Queizán, titulada "Rescatas a pluma do teu inferno...".

Quintas, Ángeles "Pasar o rato con Paul Auster", *Diario de Pontevedra*, "Galicia", 1 novembro 2007, p. 74.

Informa dos novos clubs de lectura que se porán en marcha na provincia de Pontevedra. Indica que son cinco clubs nos que a xente fará unha serie de lecturas sobre autores clásicos e as novidades recentes e, posteriormente, analizarán esas obras. Comenta que todos os adultos que queiran pódense inscribir, sendo vinte persoas como máximo por cada grupo.

Quintas, Ángeles, "Tardes literarias y de reflexión", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", 5 decembro, 2007, p. 94.

Fálase sobre unha xornada en Pontevedra onde a literatura estivo moi presente, xa que a Deputación de Pontevedra presentou algunhas das súas novas obras no Pazo Provincial, contando coa presenza dos autores das mesmas. Tamén se comenta que na mesma xornada, a escritora Rosa Aneiros se reuniu cos membros do club de lectura na Biblioteca Provincial para comentar a sua obra *Resistencia.*

R., Silvia, "El himno electrocutado", *El País,* "*Galicia*", 10 abril 2007, p. 34.

Dá conta da celebración no Auditorio de Galicia dunha homenaxe ao Himno Galego "Os Pinos" polo seu centenario, organizada pola Secretaria Xeral de Emigración. Indícase que oacto foi clausurado cunha interpretación do Himno, despois de que o público escoitase a peculiar música do grupo Telémaco.

R., "Rodríguez Fer acude a Marrakech a la inauguración del *Cervantes*", *El Progreso*, "Cultura", 27 outubro 2007, p. 81.

Anúnciase a participación de Claudio Rodríguez Fer na inauguración do Instituto Cervantes de Marrakech, onde aproveitará para facer unha homenaxe a José Ángel Valente.

Rábade Paredes, Xesús, "Do número 10 da revista 'Xistral", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 xullo 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema titulado “Prebendas”, de Xesús Rábade Paredes.

Rabunhal, Henrique, “De ‘O cristal da sede”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 16 maio 2007, p. 30.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Henrique Rabunhal, da súa obra *O cristal da sede*, titulado “HUMUS E GRITO”.

Rabuñal, Henrique, “De ‘O cristal da sede”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 2 xaneiro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de Henrique Rabuñal, da súa obra *O cristal da sede*, que se titula “Como conforta, padre, o abrazo dun amigo”.

Rabuñal, Henrique, “O cristal da sede”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 14 xaneiro 2007, p. 35.

Sección fixa que acolle unha composición poética de *O cristal da sede*, de Henrique Rabuñal, titulada“CON FLORES NO REGAZO”.

Rabuñal, Henrique, “De ‘O cristal da sede”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 7 febreiro 2007, p. 31.

Publícase nesta sección fixa unha composición poética de *O cristal da sede*, de Henrique Rabuñal, titulada“A ALEXANDRE BÓVEDA”.

Rabuñal, Henrique, “De ‘O cristal da sede”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 17 febreiro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *O cristal da sede*, de Henrique Rabuñal, titulada “VÍRALLE OLLOS Á MORTE DE LONXE...”.

Rabuñal, Henrique, “De ‘O cristal da sede”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 13 marzo 2007, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *O cristal da sede*, de Henrique Rabuñal, titulado “Autobiografía”.

Rabuñal, Henrique, “De ‘O cristal da sede”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 6 abril 2007, p. 30.

Acóllese nesta sección fixa un poema d’*O cristal da sede*, de Henrique Rabuñal, titulado “BADALO E FENDA”.

Rabuñal, Henrique, "De 'O cristal da sede", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 maio2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema d'*O cristal da sede*, de Henrique Rabuñal, titulado "POSFACIO".

Rabuñal, Henrique, "De 'O cristal da sede", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 agosto 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema d'*O cristal da sede*, de Henrique Rabuñal, titulado "SUAVE Á MEMORIA".

Rabuñal, Henrique, "De 'O cristal da sede", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 setembro 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema d'*O cristal da sede*, de Henrique Rabuñal, titulado "IRONÍA".

Ramún, Lidia, "O espello", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 setembro 2007, p. 38.

Sección fixa que acolle o poema "O espello", de Lidia Ramún.

R.C.G., "Marica Campo di que a historia do libro é a 'historia da humanidade", *El Progreso*, "Cultura", 13 maio 2007, p. 76.

Infórmase de que Marica Campo foi a encargada de ler o pregón de inauguración da Feira do Libro de Lugo. A autora aproveitou para gabar as letras escritas e dixo que "a historia do libro é a historia da humanidade" e Internet pode servir como fonte de información pero non de coñecemento, por iso haberá que recorrer sempre aos clásicos.

Reboiras, Ramón, "De 'Shakespeare mata o porco cunha rosa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 xullo 2007, p. 38.

Sección fixa que acolle un texto poético da obra *Shakespeare mata o porco cunha rosa*, de Ramón Reboiras, titulado "Eu son o que quixo ser Lord Byron".

Reboiras, Ramón, "Shakespeare mata o porco cunha rosa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 agosto 2007, p. 32.

Sección fixa que acolle un texto poético da obra *Shakespeare mata o porco cunha rosa*, de Ramón Reboiras, titulado "Non me deixes só amor".

Regueira, Mario, "De 'Tanxerina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 abril 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Tanxerina*, de Mario Regueira, titulada "Eu quería que nos fuxiras máis aló de onde...".

Regueira, Mario, De 'Tanxerina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 abril 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Tanxerina*, de Mario Regueira, titulada "TANXERINA, como hei de carpir...".

Regueira, Mario, "Sen título, no poemario 'Tanxerina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 maio 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Tanxerina*, de Mario Regueira, que comeza "Bon xeito para tallar".

Regueira, Mario, "De 'Tanxerina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 xuño 2007, p. 35.

Sección fixa que acolle un texto poético de *Tanxerina*, de Mario Regueira, titulado "Na mañá frotarás os dentes cos dedos no intento".

Regueira, Mario, "De 'Tanxerina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 xullo 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un texto poético de *Tanxerina*, de Mario Regueira, titulado "Traerei macerada no té da cortesía".

Regueira, Mario, "Tanxerina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 xullo 2007, p. 38./"De 'Tanxerina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 outubro 2007, p. 32.

Sección fixa que acolle un poema de *Tanxerina*, de Mario Regueira, titulado "HOUBO un día".

Regueira, Mario, "De 'Tanxerina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 agosto 2007, p. 24.

Sección fixa que acolle un texto poético de *Tanxerina*, de Mario Regueira, titulado "Deseñaría unha bandeira coas nosas roupas".

Regueira, Susana,"Un novo escaparate para a cultura galega", *Faro de Vigo,* "Sociedad y Cultura", 13 maio 2007, p. 47.

Dá conta da clausura da primeira feira da industria cultural do país, Culturgal, que contou cunha grande afluencia de público e que, segundo os seus organizadores,

recompensou o esforzo realizado. Indícase que os galegos gastan ao ano cento cincuenta e nove euros en productos culturais, dos cales vinte e tres son para libros.

Reig, Rafael, "Los libros arden mal", *El Mundo,* " *El Cultural*", "Letras", "En primera instancia", 18-24 xaneiro 2007, p. 27.

Amósase neste artigo, a modo de sentenza xudicial, os quebradeiros de cabeza, penas e ledicias que lle aportou e lle aporta a D. Manuel Rivas a súa obra *Os libros arden mal,* escrita primeiro en galego e traducida despois ao castelán.

Reigosa, Carlos**,** "Do Miño ao Don", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 237, "Lecturas para sempre", 17 novembro 2007, p. 5.

Fai referencia á obra de Mijaíl Sholojov, *O Don apracible*, na que, en máis de dúas mil páxinas, se presenta a historia tráxica dos cosacos contra o colectivismo comunista. Reigosa salienta que unha das características da novela é a exhaustividade e morosidade con que o autor describe a xente, os espazos e os acontecementos. Por último, comenta que Sholojov é na actualidade un escritor esquecido que se debería recuperar xa só por escribir esta obra "maxestosa e precisa".

Requeixo, Armando, "Barbantia' ou a conciencia cultural", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Letras de noso", 17 xuño 2007, p. 14.

Tras destacar o labor que leva desempeñando dende hai dous anos a Asociación Cultural Barbantia, encabezada por Antón Riveiro Coello e Carlos Mosteiro, presidente e vicepresidente respectivamente, céntrase na aparición do segundo número do *Anuario de Estudos do Barbanza*, correspondente ao ano 2006, codirixido pola profesora e investigadora noiesa Lola Arxóns e o escritor Riveiro Coello, axudados por un consello composto por Carlos Mosteiro, Xosé Santos Suárez, X. Ricardo Losada, Francisco Xosé Bugallo Otero e Milagros Torrado Cespón. Percorre os contidos desta publicación e salienta que inclúe documentos ben variados, dende estudos sobre persoeiros locais e históricos, textos de historia civil ou estudos literarios, como os asinados polo medievalista Ignacio Rodiño Caramés, María do Cebreiro ou Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. Alén disto, menciona a sección dedicada a recoller as actividades levadas a cabo pola Asociación Barbantia, e a tradución dun fragmento do *Finnegans Wake* de Joyce, realizada por Alberte Pagán, e as *Illuminations* de Rimbaud, en versión de Eme Cartea.

Requeixo, Armando, "Xeografías do verso", *Diario de Ferrol,* "*Nordesía*", n.º 437, 15 xullo 2007, p. 21.

Co gallo da chegada do verán e da proliferación da lectura, Armando Requeixo fai algunhas recomendacións. *Manuscrito do ar*, de Xosé María Álvaro Cáccamo, que é unha autoescolma de poemas breves publicada na Colección Bourel; *Limaiaé*, de Antonio Riveiro Coello, é un conxunto de prosas líricas e poemas en prosa editado polo Centro de Cultura Popular do Limia; *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, de Xavier

Lama, que foi o accédit do último Premio Esquío e *O ourego e o compás*, de Baldo Ramos, autor tamén das fotos que aparecen no libro.

Rico, M.J., "Con persoas como Pérez Parallé son coas que se constrúe unha cultura e unha patria", *Diario de Ferrol*, "CGS Ferrol", 6 novembro 2007, p. 12.

Comenta que se realizou en Barallobre un congreso dedicado á figura de Pérez Parallé no que participou Méndez Ferrín, e achega os seus comentarios. Di que Méndez Ferrín realizou unha aproximación á obra de Parallé e explicou que este escritor debería incluírse na xeración do 36, ademais salientou o compromiso co país e a calidade da súa poesía na que mestura a tradición das cantigas medievais cos movementos de vangarda. A continuación, indica que a conferencia inaugural do congreso estivo a cargo de Isaac Díaz Pardo, quen editou a poesía completa de Pérez Parallé en Ediciós do Castro, e dá conta doutras personalidades que asistiron ao evento.

Rico, M.J., "Pérez Parallé merece estar entre os poetas galegos importantes da posguerra", *Diario de Ferrol*, "CGS", 7 novembro 2007, p. 12.

Resume as distintas intervencións que se produciron no congreso en homenaxe a Xosé María Pérez Parallé que se celebrou en Barallobre. Salienta as manifestacións do profesor Alonso Montero, quen incluíu o autor de Fene na xeración de autores marcada pola Guerra Civil e sinalou que a temática dos seus poemas está condicionada pola súa condición de "desafecto á ditadura" malia expresar as súas preocupacións pola realidade galega en diferentes textos. Neste sentido citou o poema "Non falarei, non!", que foi premiado no VI Encontro Cultural Minho-Galaico de 1975. M.J. Rico sinala tamén en columna á parte que tanto Xaquín Marín coma Primitivo González e Xesús Fraga recordaron nas súas intervencións no congreso diferentes facetas da personalidade de Parallé.

Rico, M.J., "O congreso dedicado a Pérez Parallé afonda na represión franquista", *Diario de Ferrol*, "Ferrol CGS/ Cultura", 9 novembro 2007, p. 16.

Achéganse parte das afirmacións do historiador Bernardo Máiz e Javier Rodríguez González, profesor de Historia contemporánea na Universidade de León, que interviñeron no congreso dedicado a López Parallé. Dise que Máiz salienta que foi un home loitador que participou nos movementos sindicais e que resistiu a non colaborar co sistema, mais o seu labor viuse truncado polo golpe militar que rematou coa súa docencia. Pola súa parte, Rodríguez González lembra o coñecemento histórico que transmitiu Pallaré, xa que dotaba ao pobo dunha identidade, e transmitiu "valores éticos e morais que non daba a escola oficial".

Rico, M.J., "El Toxos refuerza sus vínculos con el Himno celebrando su centenario en la Habana", *Diario de Ferrol*, "Cultura", 19 decembro 2007, p. 14.

Refírese ao acto de conmemoración do centenario da interpretación do Himno Galego en Cuba. Neste, o coro ferrolá El Toxo quere reforzar os lazos que ten con este símbolo de Galicia.

Rielo, Pedro, "Sen título, no libro 'As palabras furtivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 abril 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema sen título d'*As palabras furtivas*, de Pedro Rielo, que comeza "O inverno chegou demasiado cedo".

Rielo, Pedro, "De 'As palabras furtivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 xullo 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema d*'As palabras furtivas*, de Pedro Rielo, titulado "Detrás daquel espello que multiplica".

Rielo, Pedro, "De 'As palabras furtivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 agosto 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema d'*As palabras furtivas*, de Pedro Rielo, titulado "SOABA New Year's Day e eramos tan ditosos".

Rielo, Pedro, "De 'As palabras furtivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 setembro 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema d'*As palabras furtivas*, de Pedro Rielo, titulado "APOCALIPSE".

Rielo, Pedro, "De 'As palabras furtivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 outubro 2007, p. 25.

Acóllese baixo este epígrafe un poema d'*As palabras furtivas*, de Pedro Rielo, titulado "Bandeiras Salgadas".

Rielo, Pedro, "De 'As palabras furtivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 outubro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética d'*As palabras furtivas*, de Pedro Rielo, titulada "Non me arrepinto de ser un salvaxe...".

Rivadulla Corcón, X.H., "De 'Taberna á deriva", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 abril 2007, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Taberna á deriva*, de X.H. Rivadulla Corcón, titulado "TEMPORAL".

Rivadulla Corcón, X.H., "De 'Taberna á deriva", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 abril 2007, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Taberna á deriva*, de X.H. Rivadulla Corcón, titulado "Melodía".

Rivadulla Corcón, X. H., "De 'Taberna á deriva", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 xuño 2007, p. 32.

Sección fixa que acolle un poema de *Taberna á deriva*, de X. H. Rivadulla Corcón, titulado "Alma".

Rivadulla Corcón, X.H., "De 'O adeus do vello mariñeiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 decembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *O adeus do vello mariñeiro*, de X.H. Rivadulla Corcón, titulada "Maldito final...".

Rivadulla Corcón, X.H., "De 'O adeus do vello mariñeiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 decembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *O adeus do vello mariñeiro*, de X.H. Rivadulla Corcón, titulada "Eternidade...".

Rivadulla Corcón, X. H., "De 'O adeus do vello mariñeiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 decembro 2007, p. 32.

Esta sección fixa acolle un poema de *O adeus do vello mariñeiro*, de X. H. Rivadulla Corcón, titulado "Eternidade".

Rivadulla Corcón, X. H., "De 'O adeus do vello mariñeiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 decembro 2007, p. 25.

Esta sección fixa acolle un poema de *O adeus do vello mariñeiro*, de X. H. Rivadulla Corcón, titulado "Temía que o".

Rivadulla Corcón, X. H., "De 'Taberna á deriva", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 decembro 2007, p. 25.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Taberna á deriva*, de X. H. Rivadulla Corcón,

titulado “FLUCTUANDO”.

Rivadulla Corcón, X. H., “De ‘O adeus do vello mariñeiro’”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 18 decembro 2007, p. 36.

Esta sección fixa acolle o poema “Brétema” d’*O adeus do vello mariñeiro*, de X. H. Rivadulla Corcón.

Rivadulla Corcón, X. H., “De ‘Taberna á deriva”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 23 decembro 2007, p. 36.

Esta sección fixa acolle un poema da obra *Taberna á deriva*, de X. H. Rivadulla Corcón, titulado “Fun descolgándome”.

Rivas, Manuel, “Retrato non autorizado de Ferrín”, *El País*, *“Galicia*”, “Luces”, “Grouchos”, 12 xaneiro 2007, p. 43.

Neste artigo Manuel Rivas trata diversos asuntos e comeza coa loanza á figura de Xosé Luís Méndez Ferrín comparando o seu traballo co de grandes escritores europeos. Considera que Méndez Ferrín é un escritor polémico e provocador nos seus artigos, que crea poemas desde o seu sentir, e cre que a algúns dos seus relatos non se lles fixo xustiza, como por exemplo *Bretaña esmeraldina* (1987). Deseguido, indica que é un bo momento para empezar a publicar as súas obras completas. Outro asunto que trata Manuel Rivas é a interpretación que realizou María del Mar Bonet do poema de Rosalía de Castro “Negra sombra”, na gala do trinta aniversario da Asociación Cultural Alexandre Bóveda. A continuación, comenta a proposta á Real Academia Galega para que o poeta Lois Pereiro fose proposto como candidato ao Día das Letras Galegas, e, finalmente, trata outros temas alleos á literatura galega.

Rivas Folgar, Lita, “Un adeus por descubrir”, *La Voz de Galicia*, “Relatos”, “Relatos de verán”, 6 agosto 2007, p. 39.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia,* para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado porLita Rivas Folgar, “Un adeus por descubrir”.

Riveiro, Elvira, “Poesía e fornicio”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 10 xuño 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle o poema “Poesía e fornicio”, de Elvira Riveiro.

R. L., “Ferrolterra, Mondoñedo e a Terra Chá lembran a Xosé Crecente Vega cunha ruta literaria”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 outubro 2007, p. 31.

Dáse conta dos actos de homenaxe ao poeta Xosé Crecente Vega a iniciativa do Colectivo Cultural A Carón da Lareira coa colaboración da Diócese de Mondoñedo-Ferrol. Entre as actividades de homenaxe, saliéntase a ruta literaria dedicada a Crecente, a ofrenda floral, o recitado de versos baixo o carballo de Luxís e unha mesa redonda sobre a vida e obra do poeta.

R. M. C., "A biblioteca vilagarciá lembra a obra de Rosalía no 170 aniversario do nacemento da poetisa", *Diario de Arousa,* "*Arousa un mar de cultura*", 25 febreiro 2007, p. 31.

Infórmase sobre a celebración na biblioteca municipal de Vilagarcía do cento setenta aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, pois cada 24 de febreiro celébrase en Galicia o "Día de Rosalía", por coincidir esta data coa do seu nacemento. Tamén aproveitaron para celebrar o cento cincuenta aniversario da publicación do seu primeiro libro, *La flor.*

R.M.C., "El programa Literactúa ofrece un encuentro con Carlos Meixide", *La Opinión*, "Carballo/Costa da morte", 30 outubro 2007, p. 21.

Roca, María, "Manuel María recibe un homenaje en el 'Camiño dos Soños' de Vilalba", *El Progreso*, "Terra Chá/As Pontes", 9 setembro 2007, p. 18.

Inauguración do segundo Hectómetro Literario do "Camiño dos soños" de Vilalba adicado a Manuel María. O monolito recorda a unha gaiola pola famosa obra do poeta *Os soños da gaiola.*

Rodil, Juan, "A lingua, linde simbólica", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 xaneiro 2007, p. 29.

Recóllense algunhas manifestacións de Xosé Ramón Barreiro, quen afirma que a lingua galega é como "a fronteira simbólica" do país, é unha marca diferenciadora dos galegos. Considera que hai que promover a cultura galega con todo o que implica, o folclore, os usos, os costumes, unha forma peculiar de entender a vida e xulga necesario o labor investigador que está a levar a Real Academia Galega, da que el é o seu Presidente.

Rodil, Juan e Patricia **Hermida**, "Nin o aire que respiramos é noso", *El Correo Gallego*, "Cultura", 25 xaneiro 2007, p. 67.

Sinálase que, no acto de homenaxe a Camilo Díaz Baliño, seu fillo Isaac Díaz Pardo amosou o seu receo respecto aos numerosos actos que está a recibir, pois os considera "actos de desagravio polo que pasou en Sargadelos".

Rodil, Juan, "Isaac Díaz Pardo: 'Os mozos xa non fan o amor en galego, fanno en castelán", *Faro de Vigo,* "Sociedad y Cultura", p. 39./"Díaz Pardo: 'Lo que pasó en

Sargadelos fue una trampa para que perdiese el control", *AtlánticoDiario*, "Sociedad", p. 50, 25 xaneiro 2007.

Infórmase de que Isaac Díaz Pardo, Presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, será nomeado Doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña, unha homenaxe que se suma a moitas máis que está a recibir o intelectual galeguista e que el concibe como "actos de desagravio polo que pasou en Sargadelos", é dicir, para contrarrestar a "operación derribo" levada a cabo polo avogado Santiago Sineiro. Tamén expresa a súa opinión acerca da decadencia da lingua galega, que "se está estropeando".

Rodríguez, A. "César Antonio Molina publica unha antoloxía poética en galego", *La Opinión*, "A Coruña", 24 xaneiro 2007, p. 11.

Dá conta da presentación na Coruña da antoloxía poética traducida ao galego e titulada *Soños nos cantís*, do poeta, narrador e ensaísta César Antonio Molina. Indícase que o director do Instituto Cervantes, despois de publicar o libro feito integramente en galego *A fin de Fisterra*, está a ultimar un poemario, tamén en lingua galega, adicada ao río Eume.

Rodríguez, Alfonso, "De 'Subir ao faiado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 febreiro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Subir ao faiado*, de Alfonso Rodríguez, titulado "Esta noite divisei a venus".

Rodríguez, Alfonso, "De 'Subir ao faiado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 xuño 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema de *Subir ao faiado*, de Alfonso Rodríguez, titulado "vivo nun lugar".

Rodríguez, Alfonso, "Subir ó faiado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 xullo 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Subir ao faiado*, de Alfonso Rodríguez, que comeza "caíaseme a babiña".

Rodríguez, Alfonso, "Subir ao faiado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 xullo 2007, p. 31.

Acóllese baixo este epígrafe un poema de *Subir ao faiado*, de Alfonso Rodríguez, que comeza "Vinte unha noite que non era calquera".

Rodríguez, Ana, "Letras en las trincheras", *La Opinión,* "A Coruña", 6 marzo 2007, p. 11.

Refírese á inauguración na Biblioteca Miguel González Garcés da Coruña da exposición "Biblioteca en Guerra", coa que se pretende homenaxear o labor no campo bibliotecario levado a cabo na República e que se viu truncado pola Guerra Civil. Remárcase a importancia do libro e das letras e da súa máxima representación, as bibliotecas públicas.

Rodríguez, Ana, "La Diputación programa 1.600 actuaciones en toda la provincia", *La Opinión,* "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 7 marzo 2007, p. 12.

Anúnciase que a Rede Cultural que promove a Diputación da Coruña está a realizar máis de mil seiscentas actuacións musicais e escénicas por todas as provincias galegas, un percorrido que se completará co Programa de Exposicións Itinerantes, representacións de teatro e títeres e, como aspecto novidoso, con espectáculos de danza profesional.

Rodríguez, Ana, "La poesía y los poetas según Luz Pozo Garza, en la Galería Sargadelos", *La Opinión,* "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 11 abril 2007, p. 12.

Destácase que a autora Luz Pozo Garza, autora de *Códice Calixtino*, foi a protagonista do primeiro dos Martes Literarios, que se están a organizar na Galería Sargadelos, e que no acto leu fragmentos da súa obra e logo mantivo un debate cultural coa directora da Galería, Yolanda Castaño.

Rodríguez, Ana, "La poesía y la pintura gallega dialogan en el pazo de Mariñán", *La Opinión*, "A Coruña", 13 abril 2007, p. 11.

Vaise celebrar por terceiro ano consecutivo o encontro e diálogo entre artistas galegos no pazo de Mariñán e que se desprazarán ás rúas da Coruña para pintar xuntos artistas consagrados e novas promesas deste arte.

Rodríguez, Ana, "La ciudad de los libros", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 23 abril 2007, p. 8.

Informa sobre a celebración na Coruña, o segundo municipio de España no uso das bibliotecas, co gallo do Día do Libro, dun maratón de lectura que ten como lema *Máis libros, máis lingua, máis libres*. Ademáis as bibliotecas saen ás rúas e sitúanse nas estacións de tren e autobús e a biblioteca da Deputación celebra unha xornada adicada a *El Quijote*.

Rodríguez, Ana, "Lecturas que saltan muros", *La Opinión,* "A Coruña", 4 maio 2007, p. 78.

Nota que recolle como a libraría Nós da Coruña está a levar a cabo unha recollida de libros para os centros penitenciarios, neste caso para os presos do cárcere de Teixeiro. Nos libros cada doante escribiu unha pensada e animosa dedicatoria.

Rodríguez, Ana, "Os Diálogos de Mariñán lembran o quinto cabodano de Casares", *La Opinión,* "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 1 xuño 2007, p. 12.

Indícase que os Diálogos de Mariñán chegan á súa cuarta edición promovidos pola Fundación Carlos Casares. Destácase a participación de destacados escritores, poetas e xornalistas como César Antonio Molina, presidente do Instinto Cervantes, Luis Alberto de Cuenca, ex secretario de Estado de Cultura, Inés Pedrosa, xornalista e escritora portuguesa, entre outros personaxes destacados do mundo da cultura.

Rodríguez, Ana, "Díaz Pardo: 'En Sargadelos síntoma un limpamerdas", *La Opinión,* "A Coruña", 5 xuño 2007, p. 11.

Isaac Díaz Pardo aproveita a homenaxe que lle realizaron no Sporting Club Casino para amosar a súa tristeza e o seu desagrado cara os que queren "apoderarse das cousas por razóns económicas", en relación do agravio do que está a ser obxecto en Sargadelos para conseguir votalo de alí.

Rodríguez, Ana, "Tolkien aprendió de un coruñés", *La Opinión,* "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 24 xuño 2007, p. 14.

Dá conta dunha anécdota que refire que para a escrita de *El Señor de los Anillos, J. R. R. Tolkien* empregou libros de todo o mundo, entre eles o *Diccionario Galego-Castelán*, elaborado polo director da Escola Dramática Galega no ano 1931, o coruñés Leandro Carré Alvarellos, para a toponimia e as linguas da súa obra.

Rodríguez, Ana, "La ruta coruñesa de Lorca", *La Opinión*, "A Coruña", 6 novembro 2007, p. 13.

Sinala que en conmemoración dos setenta e cinco anos da visita de Federico García Lorca á Coruña, organizase unha exposición sobre o poeta granadino no Palacio de María Pita da cidade herculina. Indica que no ano 1932, cando compuxo *Bodas de sangre,* estivo dúas veces na Coruña, unha como conferenciante e outra á fronte do teatro universitario La Barraca.

Rodríguez, C., "Anuario da Asociación Cultural Barbantia 2006", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 653, "Arquipélago", 22 abril 2007, p. 7.

Lémbrase o nacemento da Asociación Cultural Barbantia e valórase o conxunto de actividades que este colectivo vén desenvolvendo, tales como mesas redondas, presentacións de libros, encontros con escritores, ilustradores e pintores, conferencias, etc. Dáse conta tamén da aparición do segundo volume do seu *Anuario* e cita o texto de arranque destas trescentas páxinas, "As letras da paisaxe", asinado por Pedro García Vidal e Antón Riveiro Coello. Enumera tamén outras colaboracións que se poden atopar

no volume, como as de Xoán X. Mariño, Carlos Pereira, Dionisio Pereira, Xesús Pérez Besada, María Rábade Villar, Xoán Pastor Rodríguez ou Alberto Piñeiro.

Rodríguez, C., "ADE: historia e día a día do teatro galego", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 656, "Arquipélago", 13 maio 2007, p. 7.

Tras indicar que a revista *ADE Teatro* está dirixida por Juan Antonio Hormigón e que Manuel Vieites figura como subdirector, destácase que se trata dunha das publicacións periódicas dedicadas ao teatro máis sobranceiras no marco do Estado español. A seguir, refírese ao número 112, dedicado integramente ao "Teatro Galego actual", no que se destaca a presenza dun editorial do director da revista no que se solicita apoio ás autoridades pertinentes a prol das consideración do teatro como unha realidade cultural. Cítanse tamén as colaboracións de Manuel Vieites, cunha panorámica xeral do xénero en Galicia, e os catro grandes apartados que contempla o volume: "A creación dramática e escénica", "O texto teatral", "O teatro galego actual (política e sociedade)" e "Bibliografía", este último obra de Inma López Silva. Menciónase ademais que a revista inclúe un capítulo final dedicado ao estudo da obra de Valle Inclán e nomea os traballos achegados por Laura Tato, Afonso Becerra, Roberto Salgueiro ou Antón Lamapereira. O resultado, conclúese, é "un número indispensable e fundamental para coñecermos a nosa realidade dramática (...) e enxalzar o traballo, tantas veces calado ou silenciado, que aparella calquera representación e canto arredor dela se move".

Rodríguez, Susana, "Cultura destinará 50 millones en cuatro años para que se lea más", *El Progreso,* "Cultura", 11 abril 2007, p. 78.

Información referida ao anuncio de Ánxela Bugallo, Conselleira de Cultura e Deporte, do investimento de cincuenta millóns de euros para a posta en marcha do Plan de Lectura 2007-2011, co obxectivo de impulsalo e acadar o alimento dos índices de lectura e dinamizar o sector do libro.

Rodríguez Cabanas, María Francisca, "O carro de tío Jesús", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 2 agosto 2007, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por María Francisca Rodríguez Cabanas, "O carro de tío Jesús".

Romero, Marga, "Feitos e ficcións", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 192, 25 xaneiro 2007, p. V./ "Feitos e ficcións. Medir é unha grande arte", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 189, 3 febreiro 2007, p. 7.

Fai referencia á tradución da obra *A medición do mundo* (2006), do alemán Daniel Kehlmann, vertida ao galego por Patricia Buján e publicada pola Editorial Galaxia. Comenta que a obra se distribúe en dezaseis capítulos nos que se centra no pasado dos protagonistas, Humbolt e Gauss, a través das súas diferentes viaxes. Indica que o libro

acadou un grande éxito de vendas en Alemaña e explica que, malia a lectura doada, a obra xira ao redor da crítica á nosa maneira de ser e de estar no mundo, de medirnos con el.

Romero, Santiago, "El amante gallego de Lorca y Cernuda", *Faro de Vigo*, "Reportaje", 16 decembro 2007, pp. 5-7.

Ademais da reportaxe sobre as relacións de escritores como Lorca, Cernuda, Blanco-Amor co actor coruñés Serafín Ferro, ofrécense comentarios sobre "La dudosa galleguidad de los poemas gallegos de Lorca" e afírmase que quen traduciu os poemas de Lorca foi Guerra da Cal. Recórdase asímesmo cómo se xestou a publicación da obra de Lorca.

Romero, Santiago, "Unha preestrea histórica", *La Opinión*, 30 setembro 2007, contracuberta.

Anuncia a celebración no mes de decembro do centenario oficial do himno galego. Indica que a primeira interpretación do himno de Pascual Veiga e Eduardo Pondal tivo lugar na Habana en 1907, aínda que en realidade foi xestado e interpretado por primeira vez na Coruña no ano 1890.

Romero Rey, Manuel, "Destino, Las Palmas", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 7 agosto 2007, p. 35.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Manuel Romero Rey, "Destino, Las Palmas".

Romón, Manuel, "De 'Poesía barata", *Galicia Hoxe*, 1 febreiro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento poético da obra *Poesía barata*, de Manuel Romón, titulado "sinto o seu silencio sísmico".

Romón, Manuel M., "Poesía barata", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 marzo 2007, p. 32./"De 'Poesía barata", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 agosto 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Poesía barata*, de Manuel M. Romón, titulada "Mirei unha miraxe:...".

Romón, Manuel M., "De 'Poesía barata", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 abril 2007, p. 29./*Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 abril 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Poesía barata*, de Manuel M.

Romón, titulada “e se non vés...”.

Romón, Manuel M., “De ‘Poesía barata”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 2 agosto 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle unha composición poética de *Poesía barata*, de Manuel M. Romón, titulada “amorea”.

Romón, Manuel M., “Poesía barata”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 13 setembro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Poesía barata*, de Manuel M. Romón, titulada “Virou o vento”.

Romón, Manuel M., “De ‘Poesía barata”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 3 outubro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Poesía barata*, de Manuel M. Romón, titulada “tiven unha visión precipitada...”.

Rozas, Ramón, “El poema pontevedrés de García Lorca”, *Diario de Pontevedra*, “*Revista!*”, n.º 386, “Mil primaveras máis”, 25 novembro 2007, p. 6.

Con motivo de celebrar os setenta e cinco anos da presenza de Federico García Lorca na cidade de Pontevedra, lémbrase aquela data e repárase na coincidencia de que aquel mesmo ano, en novembro de 1932, tamén viu a luz a revista *Cristal*, dirixida por Xoán Vidal e creada co obxectivo de achegar unha canle de difusión dunha poesía intimista e cálida. A revista tivo unha duración de dez números.

R.R., “Seremos máis plurais e menos doutrinarios”, *Galicia Hoxe*, “Comunicación Hoxe”, 4 decembro 2007, p. 42.

Fai referencia aos vinte e catro anos que Manuel Veiga leva ao fronte do xornal *A Nosa Terra* o cal, segundo indica Veiga, vai mudar o seu aspecto físico. Comenta que cambiará o formato e que aumentará o número de páxinas a cincuenta e seis, ademais entregarase grampado. Indica que neste novo formato terá maior peso a sección de cultura e que haberá novos colaboradores. Finalmente, tamén fai referencia ao novo diario dixital e á incorporación do Grupo San José como principal accionista no aspecto económico.

R.R., “Manuel Veiga: ‘Seremos máis plurais e menos doutrinarios’”, *El Correo Gallego*, “Comunicación”, 5 decembro 2007, p. 77.

Despois de vinte e catro anos traballando n’*A Nosa Terra*, dise que Manuel Veiga se encargará da súa dirección na nova etapa do semanario con cambios no seu aspecto físico e

cun novo diario dixital. Buscarase nesta nova etapa, segundo palabras de Manuel Veiga, maior obxectividade, máis pluralismo e máis espazo para a cultura. Anúncianse tamén os cambios no consello de administración e no seu diario dixital "anosaterradiario".

Rúa, Xosé Lois, "De 'Elexías do camba", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 xaneiro 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle unha composición poética da obra *Elexías do camba*, de Xosé Lois Rúa, titulado "Nos arredores teus".

Ruibal García, David, "Lecturas que forjan amistades", *Diario de Ferrol*, "Programa", 30 outubro 2007, contracuberta.

Alude ao labor de fomento e difusión do hábito da lectura que se está a levar a cabo na Biblioteca Municipal da Plaza de España en Ferrol. Saliéntase que a asistencia maioritaria é de persoas de arredor de oitenta anos, que están a gozar coas lecturas, pautadas e comentadas, de Torrente Ballester, García Márquez ou Almudena Grandes.

Ruíz, Rosa, "Fotografías y textos de Julio Cortázar difunden en París la relación del escritor con Galicia", *La Región*, "Sociedad", p. 58./*Atlántico Diario*, "Sociedad", p.56./"A ollada máis galega e persoal de Julio Cortázar chega a París", *La Opinión,* "Cultura", p. 55, 13 xaneiro 2007.

Infórmase de que a exposición "El viaje infinito" que se está a levar a cabo en París, amosa, a través de fotografías, a vida de Julio Cortázar, moi ligada á capital francesa, onde pasou os seus últimos trinta e tres anos. Nesta obra está presente o legado doado pola súa viuva fai dous anos á Xunta de Galicia. Precisamente é a súa muller a que une a Cortázar con Galicia. Dise que este evento é unha especie de continuación do programa "Outono Cortázar" celebrado en Santiago de Compostela.

Rus, Miguel Ángel de, "O cadáver espido na praia", *Galicia Hoxe*, "Relato de verán", 7 agosto 2007, p. 17.

Reprodúcese un relato, traducido por Marga Tojo, do novelista e editor Miguel Ángel de Rus, autor de obras como *Europa se hunde* ou *Dinero, mentiras y realismo sucio*.

R.V., "Méndez Ferrín, o único galego candidato ó Nobel en 2008", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 decembro 2007, p. 33.

Anúnciase a proposta do Pen Club de nomear a Xosé Luís Méndez Ferrín candidato ao Premio Nobel no 2008. Esta proposta dise que foi apoiada por numerosos colectivos como a Fundación Curros Enríquez e que xa se leva argumentando a favor do escritor dende 1998 porque este cumpre cos requisitos necesarios, como ter unha grande obra de fabulación e creativa escrita nunha lingua que segue viva.

Salceda, Pura ,"De 'A ollada de Astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 xuño 2007, p. 34.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *A ollada de Astarté*, de Pura Salceda, titulado "Espirais".

Salceda, Pura ,"A ollada de Astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 xullo 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema d'*A ollada de Astarté*, de Pura Salceda, titulado "Ven que che coma o corazón".

Salceda, Pura ,"A ollada de Astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 xullo 2007, p. 32.

Recóllese nesta sección fixa un poema d'*A ollada de Astarté*, de Pura Salceda, que comeza "Non desfixen a chuvia sen motivo".

Salceda, Pura, "De 'A ollada de Astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 setembro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *A ollada de Astarté*, de Pura Salceda, titulado "SALTEMOS".

Salceda, Pura, "De 'A ollada de Astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *A ollada de Astarté*, de Pura Salceda, titulada "Agora o medo xa non é só agoiro.".

Salceda, Pura ,"De 'A ollada de Astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 decembro 2007, p. 24.

Acóllese nesta sección fixa un poema d'*A ollada de Astarté*, de Pura Salceda, titulado "Mírame".

Salceda, Pura, "De 'A ollada de Astarté'", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 decembro 2007, p. 25.

Sección fixa que acolle un poema da obra *A ollada de Astarté* da autoría de Pura Salceda, titulado "Mata o meu desexo".

Salgado, Daniel, "La Universidad de Alicante publica la poesía completa de Nicomedes-Pastor Díaz", *El País*, "*Galicia*", 30 xaneiro 2007, p. 34.

Indícase que o profesor da Universidade da Coruña, Luís Caparrós Esperante recompilou toda a obra de Nicomedes Pastor Díaz, que vai ser publicada polo Servizo de Publicacións da Universidade de Alicante co título *Poesía Completa.*

Salgado, Daniel, "Para que exista Galicia é central o encontro con Portugal ", *El País,* "*Galicia*", "Luces", 2 febreiro 2007, p. 44.

Menciónase que o escritor Carlos Quiroga acaba de publicar o seu libro *Periférias* no Brasil. O autor aproveita para falar da diferente situación na que se encontra Brasil, país do futuro sen pasado, e a súa Galicia natal, que ten moito pasado, pero que aínda non definiu o seu futuro; un futuro, segundo opina Carlos Quiroga, que ten que ir vencellado ao de Portugal.

Salgado, Daniel, "Luxemburgo mira a Galicia", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 9 febreiro 2007, p. 44.

Refírese á revista *Abril*, editada por un grupo de tradutores da Unión Europea residentes en Luxemburo, que dedica o seu último número á literatura galega. Repasa a contemporaneidade literaria de Galicia a través de todos os xéneros, baixo a coordinación de Iria Sobrino Freire e Lara Domínguez Araujo, que afirman ter tentado ofrecer un posíbel panorama do que se está facendo e pensando agora en Galicia. Asemade, salienta que as colaboracións, na súa maioría inéditas, son da autoría de Camilo Franco, Samuel Solleiro, Mario Regueira, Xesús Fraga , Anxos Sumai, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Chus Pato, entre outros.

Salgado, Daniel, "125 años de teatro en gallego", *El País,* "*Galicia*", 27 marzo 2007, p. 41.

Sinálase que o vindeiro 13 de agosto se conmemorará a estrea no ano 1882, no Liceo Brigantino da Coruña, d'*A fonte do xuramento*, de Francisco María de la Iglesia. Este aniversario marca tamén o inicio do teatro en galego, motivo polo cal o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, o Centro Dramático Galego e a Consellería de Cultura levarán a cabo unha serie de actividades, como é a exposición itinerante sobre a historia do teatro.

Salgado, Daniel, "O rastro do esplendor", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 4 maio 2007, p. 45.

Artigo que analiza a pegada da emigración galega en Arxentina a través da música tradicional galega e as escolas de canto e baile, dos centros galegos que promoven o coñecemento da cultura galega e dos cursos de lingua, e finalmente de escritores, fillos de emigrantes, como María Rosa Lojo, coa súa novela traducida ao galego *A fin da terra*. Por último salienta o traballo pictórico de Seoane, o cinema da emigración e a creación do Museo da Emigración Galega en Arxentina para "promover e difundir a cultura galega na Arxentina" pero sinalando que a pegada vai desaparecendo pola inversión dos fluxos migratorios, a diferenza xeracional ou a integración no país de

acollida.

Salgado, Daniel, "Cultura en serie", *El País,* "*Galicia*", "Luces", 11 maio 2007, p. 47.

Sinala que co gallo da feria Cultur.gal, inaugúrase en Pontevedra a primeira feira das fábricas galegas de obxectos culturais. Esta I Feira do Libro e da Industria Cultural ten lugar no Pazo da Cultura de Pontevedra. Con esta iniciativa téntase que a cultura sexa considerada como un sector industrial.

Salgado, Daniel, "Reencontros e nova poesía", *El País,* "*Galicia*", "Luces", 25 maio 2007, p. 51.

Cita títulos de recente aparición.Así sinala que reaparece Murado cun poemario titulado *O soño da febre*, e acaban de publicarse a obra narrativa de Xabier López López, *Trinta e dous dentes*, coa que quedou finalista no premio Gonzalo Torrente Ballester do ano pasado. Tamén reaparece Marilar Aleixandre coa terceira edición d' *A compañía clandestina de contrapublicidade*; Teresa Moure o fai con *Benquerida catástrofe*; Santiago Jaureguizar con *Plastilina nos pulmóns*; Oriana Méndez co seu primeiro libro de poemas *Derradeiras conversas co capitán Kraf*; Xiana Arias Rego con *Ortigas,* o XIX Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé; Xosé Antón Cascudo co seu primeiro libro individual *Manual do misántropo*; Xosé Carlos Gómez Alfaro con *Mar aberto*; e, finalmente, co colectivo *Isto é un poema e hai xente detrás*, no que se recollen versos de Lucía Aldao, Brais González, Leticia Costas, Alberto Momán e Verónica Martínez Delgado.

Salgado, Daniel, "O regreso dun clásico oculto", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 22 xuño 2007, p. 43.

Neste artigo menciónanse varios libros que foron recentemente publicados como é o caso de *L'affiche rouge*, de Mario Regueira, unha novela de aprendizaxe que nos fala do paso á idade adulta dun grupo de mozos nados na restauración borbónica. Indica que outros libros aparecidos no 2007 son *A vinganza da mantis*, de Paloma Calvo Varela; *Non me deixes nunca*, de Kazuo Isiguro; e *Terrorista*, de John Updike. No caso dos libros galegos cítanse obras de poesía como *E direi-vos eu do mister das cobras*, de Manuel Vilanova ou a obra de Anxo Angueira, *Fóra do sagrado*.

Salgado, D., "A prol dun canon propio Rinoceronte traduce do galego ao español", *El País*, "*Galicia*", 5 outubro 2007, p. 38.

Recolle as opinións de Moisés Barcia, responsábel de Rinoceronte Editora, nas que afirma que existe algo de "mentalidade colonizadora" cando "o madrileñismo escolle o canon das literaturas periféricas". Logo explica a creación da colección 'Inversa', que estará formada por obras de autores galegos que aparecerán tamén en inglés, catalán ou castelán. As primeiras en ver a luz foron *Larga noche de piedra*, de Celso Emilio Ferreiro, e *Gramática del silencio* de Eusebio Lorenzo Baleirón.

Salgado, Daniel, "O rastro do esplendor", *El País,* "*Galicia*", 10 outubro 2007, p.41.

Faise referencia á perda de presenza da cultura galega en Arxentina despois de máis de cen anos de esplendor. Dise que hoxe só fican netos e fillos de emigrantes que manteñen vivo o folclore galego nos seus Centros Galegos onde promoven o coñecemento da cultura e a lingua galega con diversos cursos e actos. O legado dos exiliados sobrevive segundo se nos di nas librarías de vello, nos centros culturais e mesmo en sotos e faiados de Bos Aires. Por último dise que a federación de sociedades fundada en 1921 e base do xornal *Galicia* vén de asinar coa Consellería de Cultura da Xunta a creación do Museo da Emigración Galega en Arxentina.

Salgado, Daniel, "Los autores de Galeusca se reúnen en Lugo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 1 novembro 2007, p. 6.

Refírese á celebración en Lugo duns debates, organizados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), que xiran en torno ao repertorio de motivos mitolóxicos e do imaxinario, creado polos escritores participantes. Con esta xuntanza tamén se pretende que autores vidos de terras alleas coñezan Galicia.

Salgado, Daniel, "O imaxinario literario centra os debates dos autores de Galeusca", *El País,* "*Galicia*", "Luces", 2 novembro 2007, p. 9.

Sinala que os autores de Galeusca se reúnen por vixésimo cuarta vez nun ciclo de conferencias e mesas redondas, que ten lugar en Lugo. Nel tratarase o tema do imaxinario literario e do mitolóxico, pois autores como Llorenç sinalan que "o imaxinario é unha das partes fundamentais da cultura, máis feble na literatura".

Salgado, Daniel, "Convalecencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 novembro 2007, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa un poema da autoría de Daniel Salgado.

Salgado, Daniel, "El plan de artes escénicas funcionará en enero de 2008", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 13 novembro 2007, p. 7.

Información que refire que Ánxela Bugallo, Conselleira de Cultura, fixo público o presuposto para o Plan Galego das Artes Escénicas para o período 2008-2011, que será de sesenta e seis millóns de euros, e afirmou que Galicia será a primeira comunidade en dotarse dun plan global para as artes escénicas con concreción económica.

Salgado, Daniel, "De 'Os poemas de como se rompe todo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Derrotas con raíces*, de Daniel Fraga, titulado "MÉTODOS DE FUXIDA".

Salgado, Daniel, "A catástrofe dende o papel", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 novembro 2007, p. 8.

Faise mención neste artigo ás numerosas obras editadas en Galicia nas que se reflexiona sobre o "Prestige". Algúns exemplos son *Veu visitarme o mar* de Rosa Aneiros, *O corvo de chapapote* de Luís Rei Núñez, *Orixe* de Sechu Sende, coa que obtivo o premio Blanco Amor de novela no ano 2003 e moitas outras.

Salgado, Daniel, "La V Mostra trae música y películas sobre Portugal", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 17 novembro 2007, p. 6.

Destaca que se está a celebrar a V Mostra Portuguesa en Galicia, e dentro dos actos realizados menciona o concerto Fados, que tivo lugar no Auditorio de Galicia o 16 de novembro, e a proxección da película do emsmo título, que servirá de broche final da mostra.

Salgado, Daniel, "O libro galego vai de feira", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 23 novembro 2007, p. 7.

Dá conta da participación galega na Feira Internacional do Libro en Guadalajara, en México. Indica que Galicia compartirá expositor entre o departamento da Xunta e mais a Asociación Galega de Editores. Achéganse os comentarios de Alfonso Sanmartín, presidente da AGE, de Luis Bará e de Eva Mejuto sobre a asistencia a este tipo de feiras e a importancia que alcanzan na difusión das obras. Por último, indica que a AGE está a poñer en marcha unha serie de propostas cos colegas cataláns e vascos para promover o libro cara ao exterior.

Salgado, Daniel, "Cuarenta escritores gallegos irán a la feria de La Habana", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 novembro 2007, p. 6.

Destaca a participación de corenta escritores galegos na Feira do Libro da Habana que levarán a cabo corenta e cinco actos entre conferencias, mesas redondas, diálogos, recitais, contacontos, talleres literarios, etc. Ademais tamén realizarán oito exposicións. Por último, comenta que a Consellería vai publicar dúas antoloxías bilingües de poesía galega, dúas antoloxías de narrativa, un libro de Xosé Neira Vilas sobre a presenza dos galegos en Cuba, e a reedición de *16 poemas galegos para Ernesto Che Guevara contra a súa morte* e *De raíz profunda. Galicia e o galego en Cuba*.

Salgado, Daniel, "Díaz Pardo afirma que pretenden desalojarle del edificio donde vive", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 2 decembro 2007, p. 2.

Fai referencia á polémica que existe sobre a supervivencia do grupo Sargadelos, e expón as queixas do propio Isaac Díaz Pardo e dos once empregados que continúan no Instituto Galego da Información, sen cobrar os seus soldos.

Salgado, Daniel, "Arredor dunha obsesión", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 14 decembro 2007, pp. 8-9.

Aproximación aos medos de diferentes escritores galegos, á súa forma de enfrontarse ante a folla en branco ou iniciar o relato dunha historia. Chus Pato, Manuel Rivas, Agustín Fernández Paz, Diego Ameixeiras, Suso de Toro, Anxos Sumai, Xavier Queipo, Santiago Jaureguizar, Samuel Solleiro, Xurxo Borrazás, Rosa Aneiros, Bieito Iglesias, Xavier Alcalá, Xosé Carlos Caneiro, Anxo Angueira, María do Cebreiro e Xabier Cordal confesan os problemas que xorden ao idear unha historia, as súas manías ao escribir e as obsesións que os levan a contar por medio da literatura.

Salgado, Daniel, "Xavier Alcalá deposita en la Academia originales de 6 novelas", *El País*, "*Galicia*", 18 decembro 2007, p. 7.

Informa da entrega que o escritor Xavier Alcalá fixo de seis dos seus manuscritos tras o acordo entre a Real Academia Galega e a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Alcalá destaca que é o primeiro escritor que forma parte desta iniciativa, así como a importancia dos orixinais para o traballo dos investigadores. A próxima escritora en doar os seus manuscritos será María do Carme Kruckenberg.

Salgado, Fernando, "Música, danza y teatro componen la programación cultural de Vilagarcía", *Diario de Pontevedra*, "O Salnés", "Vilagarcía", 3 xaneiro 2007, p. 17.

Información referida ao convenio asinado entre o Concello de Vilagarcía e Caixanova para dotar dun amplo programa cultural á vila, que se iniciará o 13 de abril. Este constará de recitais, como o de Luis Pastor e João Afons, actuación baseada nos poemas de José Saramago; obras teatrais, como a titulada *Bakara!* e o ballet de Carmen Roche, cunha versión de *La Cenicienta*, entre outras cousas.

Salgado, Fernando, "Xosé Neira Vilas abre la Feira do Libro", *Diario de Pontevedra,* "Vivir aquí", 22 maio 2007, p. 76.

Destaca que Vilagarcía se suma ás localidades galegas que celebran a feira do libro, na que o pregón inaugural correrá a cargo de Xosé Neira Vilas, que terá lugar despois dunha actuación musical.

Sampedro, Domingos, "Cultura gastará 50 millones en cinco años para que los gallegos lean más", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 11 abril 2007, p. 50.

Dá conta do anuncio da Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, que deu a coñecer o presuposto para o Plan Galego das Artes Escénicas para o período 2008-2011, o cal ascende a sesenta e seis millóns de euros. Destácase que Galicia será a primeira comunidade en dispor dun plan global para as artes escénicas con dotación económica.

Sánchez, Cesáreo, "De 'Escrita luz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 febreiro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Escrita luz*, de Cesáreo Sánchez, titulada "As túas pulsacións significan...".

Sánchez, Cesáreo, "De 'Escrita luz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 marzo 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *O raio verde*, de Cesáreo Sánchez, titulada "A fraga ensimesmada de nubes.".

Sánchez Agustino, José Luís, "Castelao, figura insigne", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 11 febreiro 2007, p. 24.

Lembra a viaxe que realizaron á Arxentina e Uruguai os compoñentes do Consello de Administración e directivos da Caixa de Aforros de Santiago en 1973. Salienta a admiración que se sentía pola figura de Castelao, non só polas súas ideas políticas, senón tamén como caricaturista e creador dunha interesante colección de debuxos. Deseguido, realiza un percorrido polas exposicións e publicacións que Castelao fixo dos seus debuxos e nomea as súas obras literarias: *Cousas*, *Retrincos*, *Os dous de sempre* e *Os vellos non deben namorarse*.

Sánchez Ares, Alba, "Tempo detido", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 28 agosto 2007, p. 35.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia,* para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Alba Sánchez Ares, "Tempo detido".

Sánchez Iglesias, Cesáreo, "De 'Escrita LUZ", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 xullo 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema da obra *Escrita LUZ,* de Cesáreo Sánchez Iglesias, que comeza "Tecidos carnais".

Sánchez Iglesias, Cesáreo, "De 'Escrita LUZ", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 outubro 2007, p. 32.

Publícase nesta sección fixa un poema da obra *Escrita LUZ*, de Cesáreo Sánchez Iglesias, titulado "Pasemos as nosas sombras".

Sande, Miguel, "Unha carta inédita desvela as penurias de Castelao", *La Voz de Galicia*, "El reverso del día", 7 febreiro 2007, contracuberta.

Faise eco neste artigo dunha carta escrita por Virxinia Pereira e Castelao dende París en 1946. Nela cóntase a precaria situación pola que están a pasar e as dores sufridas por Castelao, debido a un cólico hepático. A carta orixinal está en propiedade do fillo do albacea testamentario de Castelao, o fillo de Xosé Bieito Abraira, o endocrinólogo Carlos Abraira Cela.

Sande, Miguel, "De 'Hoxe, que vén o vento do sur", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 febreiro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Hoxe, que vén o vento do sur*, de Miguel Sande, titulada "O fogo é que comeza realmente cando a".

Sande, Miguel, "De 'Hoxe, que vén o vento do sur", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 febreiro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Hoxe, que vén o vento do sur*, de Miguel Sande, titulada "A beleza.".

Sande, Miguel, "De 'Hoxe que vén o vento sur", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 abril 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Hoxe que vén o vento sur*, de Miguel Sande, titulada "A noite toda, aberta para o rastro de sangue na...".

Sande, Miguel, "De 'Hoxe que vén o vento sur", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 abril 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Hoxe que vén o vento sur*, de Miguel Sande, titulada "A palabra lúa nace dunha debilidade que se...".

Sande, Miguel, "Hoxe, que vén o vento do sur", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 maio 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema de *Hoxe, que vén o vento do sur*, de Miguel Sande, titulado "Coñezo o frío. Coñezo ben o frío. Coñezo todos os".

Sande, Miguel, "De 'Hoxe, que vén o vento do sur", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 agosto 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Hoxe, que vén o vento do sur*, de Miguel Sande, titulado "A noite toda, aberta para o rastro do sangue na néboa".

Sande, Miguel, "Hoxe, que vén o vento do sur", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 agosto

2007, p. 31.

Sección fixa que acolle o poema *Hoxe, que vén o vento do sur*, de Miguel Sande, titulado "Camiños costentos que parten das palabras máis".

Sande, Miguel, "De 'Hoxe, que vén o vento do sur", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 outubro 2007, p. 28.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Hoxe, que vén o vento do sur*, de Miguel Sande, titulada "O frío...".

Santamaría, Óscar, "Olegario Sotelo presenta en Nueva York su libro con los testimonios de emigrantes", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 marzo 2007, p. 35.

Nota que dá conta da presentación levada a cabo por Olegario Sotelo Blanco no Círculo Español de Queens, en Nova York, do seu libro *A voz do emigrante*, no que se recollen a testemuña dos galegos que tiveron que saír da súa terra para buscar un futuro mellor.

Santiso, C., "O Grove, centro da investigación literaria", *Diario de Arousa,* "O Grove Local", 1 abril 2007, p. 17.

Nota referida á realización no Grove dunha homenaxe a González Millán, recentemente nomeado Fillo Predilecto do Grove, a cargo da Asociación pola Memoria Histórica. Unha das conferencias organizadas titulouse "Os libros de Xoán", na que se falou da fundación dunha Biblioteca que levará o nome do homenaxeado.

Sarille, Xosé Manuel, "A última impostura lingüística", *A Nosa Terra*, n.º 1288, 4 decembro 2007, p. 22.

Artigo no que se reflexiona acerca da progresiva redución de galegofalantes entre as novas xeracións. Sarille, autor da obra *A impostura e a desorientación na normalización lingüística*, chama a atención sobre o fracaso das políticas de normalización da lingua levadas a cabo polos diferentes partidos políticos e sinala como a escola vén substituír aos pais na tarefa de transmirtirlles aos fillos a lingua galega. Nunha sociedade que rende homenaxe ás linguas mortas pero que prefire practicar as vivas, cómpre que o galego siga a estar entre as primeiras.

Scotto, Fabio, "De 'Unha escuma de voz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 xaneiro 2007, p. 38.

Publícase nesta sección fixa unha composición poética titulada "VIVIR A MORRER" do poemario *Unha escuma de voz*, de Fabio Scotto.

Scotto, Fabio, "De 'Unha escuma de voz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 marzo 2007, p.

35.

Acóllese nesta sección fixa unha composicióm poética de *Unha escuma de luz*, de Fabio Scotto, titulada “Quererías...”.

Seara, Teresa, “A cidade fragmentada”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 420, “Enfiando”, 18 marzo 2007, p. 23.

Reflexiona sobre a relación entre a literatura e as cidades. Explica o inicio dos dous conceptos e afirma que as cidades, en moitos casos, se foron reconstruíndo en función das obras literarias que nelas transcorren. Así, dá conta de moitas novelas ambientadas en distintas urbes como Compostela, A Coruña, Vigo ou Ourense. Comenta que, grazas á literatura, os lectores se converten en habitantes de cidades soñadas, e que os modelos de cidades literarias tamén van variando.

Seoane, Xavier, “De ‘Para unha luz ausente”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 3 febreiro 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema da obra *Para unha luz ausente*, de Xavier Seoane, titulado “ES como o perfume do vento en primavera”.

Seoane, Xavier, “Vagar de amor e sombra”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 5 marzo 2007, p. 32.

Publícase nesta sección fixa un poema de *Vagar de amor e sombra*, de Xavier Seoane, titulado “DA VA ESPERANZA”.

Seoane, Xabier, “De ‘Vagar de amor e sombra”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 25 abril 2007, p. 39.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Vagar de amor e sombra*, de Xabier Seoane, titulado “Dos pés nus”.

Seoane, Xabier, “De ‘Vagar de amor e sombra”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 8 maio 2007, p. 35.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *Vagar de amor e sombra*, de Xabier Seoane, titulado “A LEMBRANZA”.

Simón, Adolfo, “Nueva savia en la escena: Carlos Álvarez-Ossorio, Ricardo Sánchez Cuerda y Lorenzo Caprile”, *ADE Teatro*, n.º 114 ,“Premios ADE 2006”, xaneiro-marzo 2007, pp. 22-28.

Recóllense as entrevistas realizadas a tres premiados da ADE. Carlos Álvarez Ossorio, premio "José Luis Alonso' para xóvenes directores 2006" pola obra *A casa do pai,* explica a súa adaptación laboral a Galicia coma "un golpe de aire fresco", desexa que o premio abra portas para futuros espectáculos e describe o seu teatro como humanista e comprometido co ser humano. No tocante a Ricardo Sánchez Cuerda, premiado xunto con Gerardo Vera co "Joseph Gaudí" de Escenografía 2006 pola montaxe da adaptación de *Divinas Palabras*, de Valle-Inclán, resalta a importancia da creación do espazo baleiro cunha sóa árbore como elemento expresivo do manexo do espazo.

S.J., "Axeitos di que o epistolario de Murguía constata como virou de liberal a galeguista", *El Progreso*, "Cultura", 6 novembro 2007, p. 71.

Breve nota que recolle a participación de Xosé Luis Axeitos, o secretario da Real Academia Galega, no Ciclo Outono Literario que organiza o Club Cultural Valle-Inclán, onde falan sobre a evolución ideolóxica de Manuel Murguía.

S.J., "Requeixo sinala a oralidade e a fantasía como signos lucenses", *El Progreso*, "Vivir", 9 novembro 2007, p. 71.

Extracto da intervención de Armando Requeixo, o profesor e crítico literario, na súa participación no Ciclo Outono Literario que tivo lugar na galería Sargadelos de Lugo, na que falou da "subtración lucense dentro da narrativa galega", pois na comarca lucense contarían con modelos directos tales como Cunqueiro e Fole.

Sobral Iglesias, Antón, "Cen anos", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 6 agosto 2007, p. 39.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia,* para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Antón Sobral Iglesias, "Cen anos".

Souto, Paco, "De 'As horas de María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 xullo 2007, p. 31.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema de Paco Souto, da obra *As horas de María*, titulado "Nas pedras clandestinas dos valados".

Souto, Paco, "As horas de María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 agosto 2007, p. 31.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema da obra *As horas de María*, de Paco Souto, titulado "Montes de sabas branquísimas".

Souto, Paco, "de 'As horas de María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 agosto 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema d'*As horas de María*, de Paco Souto, titulado "Trinta

moedas de cobre".

Souto, Paco, "De 'As horas de María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 outubro 2007, p. 33.

Sección fixa que nesta ocasión acolle un poema d'*As horas de María*, de Paco Souto, titulado "DIÁLOGO A MORTE".

Souto, Paco, "De 'As horas de María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 novembro 2007, p. 33.

Acóllese nesta sección fixa un texto poético d'*As horas de María*, de Paco Souto, titulado "DA morte".

Souto, Paco, "De 'As horas de María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema d'*As horas de María*, de Paco Souto, titulado "CALOR".

Souto, Paco, "De 'As horas de María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética d'*As horas de María*, de Paco Souto, titulada "María...".

Souto, Paco, "De 'As horas de María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 decembro 2007, p. 32.

Reprodución, nesta sección fixa, dun poema d'*As horas de María*, de Paco Souto, titulado "PARTO".

S.P., "El teatro vigués, a escena", *Atlántico Diario,* "Vigo", 28 marzo 2007, p. 15.

Co gallo do Día Mundial do Teatro, distintas personaxes deste mundo aproveitaron para dar a súa opinión sobre o campo das artes escénicas en Vigo. Ignacio López Chávez e Lola Correa consideran que se debe de fomentar e coidar a creación de Auditorios; Manuel Vieites xulga que Vigo é deficitaria neste campo e Antonio Céspedes e Roberto Cordovani resaltan a dificultade existente para formarse no campo do teatro.

S.P., "El calor se enfrenta a la cultura", *Atlántico Diario,* "Vigo", 5 agosto 2007, p. 14.

Recóllense as opinións dos comerciantes da Feira do Libro Antigo e de Ocasión, que está tendo lugar dende o pasado 28 de xullo, que sinalan como a boa afluencia de

público, vese disminuída polo sofocante calor. Aínda así destaca que a asistencia de público é boa, e este centra as súas consultas non só nas edicións curiosas ou antigas, senón tamén nos clásicos.

S.R., "Os dez mil visitantes de Culturgal garanten a vindeira edición da feira", *Faro de Vigo,* "Sociedad y Cultura", 14 maio 2007, p. 20.

Destácase que unha vez rematada a feira da industria cultural galega que tivo lugar en Pontevedra, Culturgal, o seu éxito como difusora dos distintos sectores da cultura galega viuse avalado pola afluencia de público, na súa maioría nenos, que participaron activamente nas actividades ofertadas.

S.U., "Darío Villanueva fala de poesía na City University", *Galicia Hoxe*, 9 outubro 2007, p. 4.

Nota que dá conta da participación de Darío Villanueva, catedrático da USC e membro da Real Academia Española, na Cátedra Miguel Delibes da "City Universal of New York", onde impartiu un curso no que se centrou na figura de Whitman e Lorca e que levaba por título *Imaxes da cidade. Poesía e cinema de Whitman a Lorca.*

Suárez, M. Carmen, "Siete escritores participarán en la feria del libro de Carballo", *La Opinión*, "Carballo", "Costa da Morte", 23 agosto 2007, p. 21.

Infórmase sobre a próxima celebración en Carballo da feira literaria que levará por nome "A Praza dos libros" e que terá lugar do día 23 ao 26 de agosto. Anúnciase que a pregoeira será a Secretaria Xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Mercedes Queixas Zas e que na feira non só haberá postos de libros, senón tamén diversas actuacións musicais, conferencias e actividades.

Suárez, M. Carmen, "La feria del libro de Carballo apuesta por la lectura en gallego", *La Opinión*, "Costa da Morte", 24 agosto 2007, p. 20.

Crónica sobre a primeira xornada da feira literaria "A Praza dos libros" que se está a desenvolver en Carballo até o 26 de agosto. Fai referencia ao pregón de Mercedes Queixas Zas, a Secretaria Xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega, e ás propostas de lecturas para os vindeiros meses, que viran acompañadas de encontros cos seus autores: para setembro a obra *Made in Galicia*, de Sechu Sende; para outubro, *O home inédito*, de Carlos G. Meixide e para novembro a de Rivas, *Os libros arden mal*.

Toribio, Isaac G., "Chorei coa 'Lingua das bolboretas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 14 setembro 2007, p. 41.

Infórmase da próxima publicación dos contos "A lingua das bolboretas" e "Un saxo na néboa", de Manuel Rivas, na editorial Man Ketab, traducidos ao farsi pola xornalista

Jeiran Maghadani. Fálase do interés dos iraníes polo lingua, a cultura e os costumes hispanos e faise unha nota biográfica da xornalista que salienta a transmisión da humillación do medo que fai Rivas e que aspira a que o autor escriba para o limiar da súa tradución.

Torre, Cristina, "Un congreso IEV exalta la figura de Delgado Gurriarán", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 24 outubro 2007, p. 11.

Dáse conta dos actos que desenvolverá o Instituto de Estudos Valdeorreses co gallo de se cumpriren vinte anos do falecemento de Florencio Delgado Gurriarán. Infórmase de que se realizarán unhas xornadas, que inclúen un roteiro por Córgomo (a súa aldea natal) xunto con conferencias de Xesús Alonso Montero, Xulio Pérez ou Miro Villar centradas na figura deste valdeorrés, e asemade destácase que todas estas actividades pretenden que o Día das Letras Galegas se lle dedique a Florencio Delgado.

Torre, Sonia, "Una tesis busca la conexión entre los poetas José Ángel Valente y el peruano Westpalen", *La Región*, "Ourense", 9 xaneiro 2007, p. 8.

Anúnciase que o filólogo Juan Manuel del Río está a facer a súa tese sobre dous poetas que considera moi semellantes: José Ángel Valente e o poeta peruano Westphalen. A pesar de non se coñeceren nin ter lido un a obra do outro, sinala que estes poetas presentan unha concepción da poesía moi similar, pois son "dous individuos cunha actitude poética próxima ao silencio, ensaístas e fieis ás súas ideas".

Torres, Carlos, "Díaz Jácome en Mondoñedo", *El Progreso*, 22 outubro 2007, contracuberta.

Destaca o articulista que en Mondoñedo aproveitou as festas de San Lucas para recordar a figura do periodista e poeta Díaz Jácome, enterrado nesta localidade. Díaz Jácome destacou por ser un dos primeiros integrantes daqueles primeiros escritores que empregaron e publicaron a súa poesía en Galicia.

Torres, Raquel, "Lalín salda su deuda literaria", *Diario de Pontevedra,* "Vivir aquí", 22 abril 2007, p. 75.

Defínese a celebración da I Feira do Libro de Lalín como todo un éxito. Sinálase que nesta feira non só colaboraron as once casetas do lugar e outras vidas doutros puntos da xeografía galega, senón que as librarías de Lalín se sumaron ao festexo ofrecendo aos seus compradores un dez por cento de desconto.

Torres, Raquel, "Neira Vilas e a vida emigrante do salmón", *Diario de Pontevedra,* "Pontevedra", "Provincia", 21 maio 2007, p. 17.

Breve noticia que destaca que Neira Vilas actuou como pregoeiro na XXXIV Festa do Salmón da Estrada. No seu discurso fixo unha comparación entre a vida do salmón e a

do emigrante, que se ve obrigado a deixar o seu medio natural e, por riba, ten que nadar contracorrente.

Torres, Xesús, "Os sonetos de Oliveira Guerra", *A Nosa Terra*, n.º 1286, "Cultura", 25-31 outubro 2007, p. 27.

Acaba de saír publicada unha antoloxía dos sonetos de Manuel Oliveira Guerra co título *Caminho Longo*, o cal xa fora utilizada polo propio autor para un libro de prosa que publicou en 1963. Na poesía de Oliveira Guerra obsérvase a influencia de autores como Guerra Junqueiro e Antero de Quental.

T.P., "El pleno acuerda por unanimidad nombrar a Díaz Pardo hijo adoptivo", *El Ideal Gallego,* "A Coruña", "Área Metropolitana", 31 xaneiro 2007, p. 21.

Nota que dá conta da aprobación no pleno de Sada por unanimidade, do nomeamento de Díaz Pardo como fillo adoptivo do lugar. Destácase que aínda que todos estiveron de acordo co nomeamento, houbo voces que mostraron o seu malestar polo feito; por exemplo Estrella Muiño dixo que a homenaxe chegaba "tarde". Outros cualificaron a Rodríguez Ares como "todo o contrario a Díaz Pardo", e Rodríguez Ares dixo ao respecto que isto é unha maneira de "valorar todos os seus méritos como persoa".

Trenas, Mila, "Os ósos da historia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 febreiro 2007, p. 29.

Na obra *Devolverlles a voz*, coordinada por Xosé Carlos Domínguez Alberte e Baldo Ramos e editada por Difusora e pola Xunta, trátase de facer falar aos que non o pudieron facer durante o franquismo, os represaliados.

Troncoso, Icíar, "Cuatro poemas para el centenario del Liceo de Bouzas", *Faro de Vigo,* "Vigo", 7 xullo 2007, p. 9.

Infórmase sobre a celebración no Auditorio Caixanonva dun certame no que se homenaxeu aos socios máis veteranos do Liceo Marítimo de Bouzas. Dise que a entrega de Medallas Honoríficas se intercalou coa interpretación de catro poemas visuais que facían referencia á importancia do mar para o Liceo e que foron representados polos alumnos da Escola Superior de Arte Dramático de Galicia.

Ucha, Olaia, "La Federación de Libreiros de Galicia aboga por la unión", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 68./ "Los libreros gallegos abogan por afrontar el futuro con unidad", *El Progreso*, "Vivir", p. 81, 3 decembro 2007.

Dá conta da celebración do trixésimo aniversario da fundación da Federación de Libreiros de Galicia e comenta que Xaime Corral Prieto, presidente da federación, entregoulle a Medalla de Ouro a Jesús Couceiro Rivas, membro fundacional e primeiro presidente da organización. Así mesmo, achega as valoracións dos participantes no acto

(Michelle Chevalier, coordinadora da Confederación Española de Libreiro, Xaime Corral Prieto e Ánxela Bugallo) sobre o futuro do libro galego.

U.L., "A Fundación Rosalía celebra o 170 aniversario do nacemento da escritora", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 22 febreiro 2007, p. L12.

Informa das diferentes actividades postas en marcha pola Fundación Rosalía de Castro de Padrón para conmemorar o cento setenta aniversario do seu nacemento. Entre elas, está un debate sobre un poema rosaliano, un festival artístico, un acto literario en memoria do anterior presidente da Fundación, Agustín Sixto Seco, ou a celebración do denominado Día de Rosalía.

U.L, "Unha conferencia analiza esta tarde na Casa-Museo de Rosalía o rol da poeta na poesía española", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 28 decembro 2007, p. L9.

Dá conta das cuartas Xornadas do Rexurdimento Galego organizadas pola Asociación de Amigos do Museo Rosalía de Madrid e que se celebraran na Casa da Matanza, en Padrón. O acto ten entrada libre para que todo o mundo interesado poida asistir e ofrece a posibilidade dunha visita gratuita á Casa-Museo de Rosalía.

Valcárcel, Marcos, "Pura e Dora Vázquez", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 11 xaneiro 2007, contracuberta.

Lembra a homenaxe que recibiron as irmás Pura e Dora Vázquez o 25 de xuño de 2005 en Ourense e lamenta a morte ao ano seguinte de Pura. A continuación informa da publicación dun monográfico dedicado ás dúas irmás por parte da revista *Escrita Contemporánea* da AELG. Por último anuncia a preparación dun acto de homenaxe a Pura Vázquez por parte do Liceo ourensán e que pretende reunir a todas as poetas galegas no 21 marzo, Día Mundial da Poesía.

Valcárcel, Marcos, "Refraneiro", *La Región,* "Pan por pan", 4 outubro 2007, p. 69/"A muller na cultura popular", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 5 outubro 2007, p. 40.

Faise referencia ao refraneiro popular como expresión máis enxebre da nosa cultura, que debe ser coñecida, estudada e conservada en todas as súas variedades e producións. Sinala que as novas tecnoloxías non son alleas a todo isto, tal e como se mostra nun blog sobre o refraneiro de recente creación: www.blogoteca.com/orefraneiro. Explica que ao pasar do xenérico ao concreto, os refráns que alí acontecen sobre as mulleres, non son nada edificantes, xa que teñen a súa orixe nunha sociedade na que imperaba o papel secundario da muller, exaltando máis os defectos que os afectos, aparte de estaren faltos de memoria crítica.

Valcárcel, Marcos, "O retorno", *La Región*, "Pan por pan", 26 outubro 2007, p. 69.

Reflexiona brevemente sobre os asuntos que trata a obra *Psicopatoloxía do retorno*, de Alexandre García-Caballero e Ramón Area Carracedo, Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2006, que vén de ser publicada en Galaxia.

Valcárcel, Marcos, "Psicopatoloxía do retorno", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 26 outubro 2007, p. 40.

Reflexiona brevemente sobre os asuntos que trata a obra *Psicopatoloxía do retorno*, de Alexandre García-Caballero e Ramón Area Carracedo, Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2006, que vén de ser publicada en Galaxia.

Valcárcel, Marcos, "O pracer de contar a vida", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 17 de decembro de 2007, p. 25.

Síntese do Simposio Internacional Carlos Casares que se celebrou na cidade de Ourense entre os días trece e quince de decembro de 2007. A modo de crónica, Marcos Valcárcel dá conta das principais achegas do Simposio, dende os estudos do contexto sociopolítico no que viviu o autor ourensán, até a súa faceta como xornalista na columna *Á marxe*, pasando polo seu labor como traductor ou editor de literatura infantil e xuvenil.

Valcárcel, Xesús Manuel, "De 'Monte do Cerveiro", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", 26 setembro 2007, p. 32.

Sección fixa que recolle o poema titulado "SOMBRA NEGRA", da obra *Monte do Cerveiro*, de Xesús Manuel Valcárcel.

Valcárcel, Xulio L., "Tres novas entregas poéticas", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 455, "Páxina Literaria", 25 febreiro 2007, p. 4.

Comenta tres poemarios publicados recentemente. O primeiro é a obra gañadora do Premio Esquío, *Casa Pechada*, de Luz Pichel. Explica que Pichel presenta unha poesía moi suxestiva e directa, cargada de intensidade, de intención e de emoción. A segunda obra á que fai referencia é *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, de Xavier Lama. Comenta que nesta obra o poeta prima o aspecto ideolóxico sobre o emotivo e, formalmente, son versos longos cunha métrica moi coidada. Por último, o terceiro poemario é o libro de Ánxeles Penas, *Perfís e poéticas*, dedicado a homenaxear a poetas e pintores a través dunha poesía núa, de fonda densidade e contundente tensión expresiva.

Valcárcel, Xulio L., "De 'En voz baixa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 febreiro 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un fragmento poético da obra *En voz baixa*, de Xulio L. Valcárcel, titulado "Levantamos a casa, recollemos os libros".

Valcárcel, Xulio L., "Tres miradas poéticas", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 457, "Páxina Literaria", 11 febreiro 2007, p. 4.

Informa de que Edicións Laiovento publicou nos seus cadernos de ensaio tres traballos do profesor Luciano Rodríguez. O primeiro deles está dedicado a Fernando Pessoa e, concretamente, ao tema da escrita como ficción real, é dicir, a consideración do soño como verdadeira vida. O segundo ensaio céntrase na figura de Aquilino Iglesia Alvariño, principalmente na súa obra *Cómaros verdes*, e destácaa como a obra que marca a recuperación da poesía galega na posguerra. Por último, comenta o ensaio dedicado a Xavier Rodríguez Baixeras e á súa temática. Tamén salienta dúas obras de Baixeras: *A gándara da noite* e *Visitantes*.

Valcárcel, Xulio L., "II Encontro coa arte en Brión", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", nº 471, "Páxina literaria", 17 xuño 2007, p. 4.

Refírese ao II Encontro coa arte celebrado en Brión e que acolleu unha reunión interdisciplinar de pintores, escritores e fotógrafos que, nesta ocasión, homenaxeou a Álvaro Cunqueiro. Entre as actividades relacionadas coa literatura, destácanse a actuación da Compañía Ouriol que puxo en escena "Verba no tempo", un espectáculo protagonizado por Eva Veiga, que versa sobre poemas de María Mariño. Así mesmo, alúdese a conferencia impartida por Victor Freixanes sobre don Álvaro e o seu Merlín e á intervención de Miguel Anxo Fernán Vello, que participou como poeta e pintor.

Valcárcel, Xulio L., "De 'En voz baixa. Quince anos de poesía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 setembro 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema de *En voz baixa*, de Xulio L. Valcárcel, "CADENCIA".

Valcárcel, Xulio L., "De 'En voz baixa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 setembro 2007, p. 32.

Sección fixa que acolle un poema da obra *En voz baixa*, de Xulio L. Valcárcel, titulado "A brisa da tarde".

Valcárcel, Xulio L., "De 'En voz baixa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 outubro 2007, p. 25.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *En voz baixa*, de Xulio L. Valcárcel, titulado "AQUEL outono o vento trouxo".

Valcárcel, Xulio L., "De 'En voz baixa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 outubro 2007, p. 43.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *En voz baixa*, de Xulio L. Valcárcel, titulada "Esplendoroso...".

Vales Villaverde, Almudena, "Unha boa axuda", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 2 agosto 2007, p. 42.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Almudena Vales Villaverde, "Unha boa axuda".

Varela, Ángel, "Milladoiro publica o seu novo disco, dedicado a Manuel María, *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 febreiro 2007, p. 44.

Faise eco da presentación do álbum *Unha estrela por guía* do grupo Milladoiro, que percorre diferentes composicións que Manuel María verteu en libros como *Cancións do Lusco ao Fusco*, *As rúas do vento ceibe* ou *Sonetos á casa de Hortas*. Especifícase que esta presentación tivo lugar no pasado mes de maio dentro dunha serie de actos que durante o 2006 se levaron a cabo para homenaxear o poeta de Outeiro. Tamén se apunta que outro dos traballos discográficos presentado para recordar a vida e obra do citado escritor foi a fotobiografía sonora da editorial Ouvirmos, que inclúe un cento de imaxes e dous compactos coa voz do autor e músicas inspiradas na súa obra. Por outra parte, cítanse as colaboracións no traballo de Milladoiro e anúnciase a súa presentación no Auditorio de Galicia de Santiago.

Varela, Ángel, "Cuando la partitura es un libro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 201, "Música", 3 marzo 2007, pp. 8-9.

Faise un repaso polos cantantes e grupos musicais que lle puxeron música ás composicións poéticas de escritores galegos, ademais de ofrecérense comentarios sobre os traballos musicais resultantes ou o éxito por eles alcanzado. Así, alude ás producións de Amancio Prada sobre Rosalía de Castro; de Suso Vaamonde sobre Celso Emilio Ferreiro; de Luís Emilio Batallán, quen interpretou a mellor canción galega de todos os tempos, segundo votación familiar, "Ahí ven o maio", de Manuel Curros Enríquez; do grupo Milladoiro, sobre Manuel María; de Rodrigo Romaní sobre Avilés de Taramancos; e de Fuxan os Ventos e Juan Pardo, que lle puxeron voz a composicións de diversos poetas galegos.

Varela, Lara, "Benítez Reyes gana el 'Julio Camba' y Rosa Aneiros, el 'Del Reigo", *El País*, "*Galicia*", 20 marzo 2007, p. 41.

Refírese á resolución dos premios de Periodismo Caixanova, en concreto, á 28ª edición do Julio Camba, outorgado ao poeta, novelista e ensaísta gaditano, Felipe Benítez Reyes, por *El tiempo y el paraíso*; e á 4ª edición do Premio de Xornalismo Francisco Fernández del Riego en lingua galega, que lle foi adxudicado á periodista Rosa Aneiros

polo artigo “A última vaca”. Achega información relativa ao número de traballos presentados e ao xurado, ademais de ofrecer unha serie de datos sobre o labor do autores galardoados.

Vázquez, Natasha, “Una treintena de sellos gallegos ofrecen sus novedades literarias en la feria de La Habana”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 febreiro 2007, p. 51.

Alude á Feira Internacional del Libro de La Habana, na que está presente un pavillón de Galicia, que acolle un total de vinteoito editoriais. Achega o nome dos escritores e editores que compartiron as súas obras co público habaneiro tanto no recinto feiral como no Centro Hispanoamericano de Cultura e a Cátedra galega da Universidade de La Habana. Por outra parte, achega outras actividades postas en marcha, entre as que está a actuación do contacontos Quico Cadaval.

Vázquez, Natasha, “Galicia será el invitado de honor en la feria del libro de La Habana del año próximo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 febreiro 2007, p. 36.

Faise eco do acto no que Galicia foi denominado país convidado de honra para a edición 2008 da Feira do libro da Habana, no que estiveron presentes certas autoridades, como foi o caso do director xeral de Creación e Difusión Cultural da Xunta de Galicia, Luís Bará, quen destacou que este evento dará a coñecer a literatura e a cultura galega actual. Por outra parte, coméntase que neste acto foron recordados Xosé Neira Cruz e Anisia Miranda, que, con toda seguridade, recibirán unha merecida homenaxe na próxima feira.

Vázquez Gabín, Santiago, “Hoxe”, *La Voz de Galicia*, “Relatos”, “Relatos de verán”, 8 agosto 2007, p. 35.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Santiago Vázquez Gabín, “Hoxe”.

Veiga, Marta, “É referente na busca do rigor no idioma galego”, *El Progreso*, “Lugo”, “Lugueses no rueiro”, 22 xaneiro 2007, p. 7.

Achega á vida e obra de Crecente Vega a partir dos comentarios de Ricardo Polín, que na décima primeira edición do Premio Ánxel Fole estudou a súa figura e publicou as tres cuartas partes da súa obra inédita. Así, alúdese ao seu paso polo seminario mindoniense e á súa participación nos faladoiros do Pallarego, ademais de citar algunha das súas grandes amizades, entre as que se encontraban José Trapero Pardo e Ricardo Carvalho Calero. Tamén se sinala que foi un dos referentes clave no esforzo pola busca dun estándar culto co que normalizar a lingua galega e dáse conta dos seus estudos. Por último, alúdese á súa morte é á súa inclusión na Xeración do 25, así como ao seu poemario *Codeseira* (1933).

Veiga, Marta, "Foi Manuel María quen pediu esta rúa", *El Progreso*, "Lugo", "Lugueses no rueiro", 10 abril 2007, p. 6.

Aproximación á vida e obra de Xosé Díaz Castro, a partir do seu biógrafo, Alfonso Blanco Torrado. Sinálase que naceu nos Vilares (Guitiriz) en 1914 e que cursou estudos no seminario de Mondoñedo, onde Aquilino Iglesia Alvariño lle deu un pulo ao gusto pola poesía que xa apuntaba dende neno. Alúdese ao seu traballo como mestre en Vilagarcía e tradutor en Madrid e ao seu compromiso coa lingua galega, ademais de apuntarse que foi elixido correspondente da Real Academia Galega. Coméntase que, finalmente, recuncou no seu lugar de nacemento, onde retomou amizades como as de Darío Xohán Cabana e Manuel María, e faise referencia á súa morte, así como ao feito de serlle dedicada antes unha rúa en Lugo ca no seu municipio natal tras a insistencia de Manuel María e outros intelectuais. Por outra parte, achégase ao seu poemario *Nimbos* e a outros textos da súa autoría.

Veiga, Marta, "Os seus alumnos aínda o lembran", *El Progreso*, "Lugo", "Lugueses no rueiro", 23 abril 2007, p. 6.

Percorrido polos fitos máis singulares da biografía e do anectotario de Antonio Noriega Varela, que se apoia nos comentarios dun dos seus netos, Santiago Fernández Noriega. Alúdese ao nacemento deste mindoniense en 1869 e aos seus estudos no seminario da súa vila natal, ademais de referirse á súa participación na publicación satírica *Guau, guau*, de carácter anticaciquil, pola que foi castigado. Dáse conta dalgún dos feitos familiares máis importantes, aos seus traslados como mestre e á súa morte no ano 1947. Por outra parte, anúnciase que cando se cumpre o sesaxésimo aniversario do seu pasamento, os seus netos Daniel e Santiago Fernández Noriega están a impulsar actos conmemorativos, entre os que se encontra a reedición do poemario d´*O Ermo*.

Veiga, Marta, "Galeusca busca en Lugo resortes de supervivencia ante la globalización", *El Progreso*, "Cultura", 2 novembro 2007, p. 67.

Faise eco da xuntanza de escritores galegos, vascos e cataláns na vixésimo cuarta edición do congreso Galeusca, co propósito de atopar os resortes que permitan que tres literaturas "pequenas" sexan quen de sobrevivir ante o azoute da globalización. Acóllense os comentarios sobre o evento de participantes das tres literaturas e faise eco das diversas actividades a celebrar, entre as que están dúas mesas redondas sobre as fontes e os clásicos do imaxinario nas tres literaturas de análise, unha ofrenda a Manuel María e unha actuación de "Mofa e Befa", entre outras.

Veiga, Marta, "López Vázquez adxudica o adxectivo 'lucensista' a Fernández de la Vega", *El Progreso*, "Cultura", 1 decembro 2007, p. 89.

Informa da presentación do libro escrito por Ramón López Vázquez sobre a figura de Fernández de la Vega, titulado *Celestino Fernández de la Vega. Pensador do novo galeguismo*. Indica que o acto tivo lugar no Salón Rexio do Círculo das Artes en Lugo ao que asistiron o autor, Manuel González, coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro quen edita o libro, Miguel Anxo Martínez Quintanal, profesor de filosofía, e

Anxo González Fernández, ex catedrático de Filosofía da Universidade de Santiago. De todos eles achéganse os seus comentarios.

Veiga, Rosa, "El 'Club de los Poetas Vivos' busca editor", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 15 abril 2007, p. 76.

Infórmase de que unha ducia de poetas de Galicia e Portugal, que integran desde hai oito meses o Club de los Poetas Vivos, busca editor para o seu primeiro libro-CD conxunto, no que incluirán as poesías que recitaron até o de agora en bares e sedes veciñais. Alúdese a como comezou todo e ao seu espectáculo "Voces en liberdade", no que poñen en escena poemas e música.

Veiga, Rosa, "Doazóns de 22 autores galegos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", p. 29./"Seis poemas galegos' de Lorca y obras del siglo XVII en Ourense", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 75, 15 xullo 2007.

Sinálase que un manuscrito de *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca está entre os mil novecentos libros doados polo intelectual galego Eduardo Blanco Amor á biblioteca da Deputación ourensá. Así mesmo, reprodúcense as palabras do director deste centro, que definiu o contido bibliográfico reunido na planta terceira do Centro Cultural Simeón como "unha biblioteca de bibliotecas", pois conta con sete mil coleccións privadas. Por outra parte, cítanse os nomes dos doadores e alúdese a algún dos fondos de maior interese, como a colección completa da revista ourensana *La Zarpa*, fundada por Basilio Álvarez e editada entre 1921 e 1936, na que participaron Eduardo Blanco Amor, Alexandre Bóveda, Castelao, Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco.

Ventura, Joaquim, "Salón LIBER: boa colleita", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 outubro 2007, p. 32.

Infórmase da celebración do Salón Internacional da Edición LIBER. Dise que Galicia contou cun posto, apoiado pola Consellería de Cultura e a Asociación de Editores Galegos. Finalmente recolle a concesión dos VII Premios Fomento da lectura, concedidos pola Federación de Gremios de Editores de España, a dous medios de comunicación galegos: o programa Diario Cultural de Ana Romaní na Radio Galega e ao diario *Faro de Vigo*, salientando o suplemento cultural coordinado por Xosé ramón Pena.

Ventureira, R., "A Coruña inaugurará el viernes la mayor exposición de la historia sobre dibujos de Luis Seoane", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 marzo 2007, p. 52.

Anuncia a próxima inauguración de *Itinerario del trazo. Dibujo e ilustración de Luis Seoane* e dise que será a maior exposición sobre o debuxante e ilustrador, que contará con máis de duascentas obras, algunhas das cales se atopan inéditas.

V. G., "Medran os estudos galegos en Gales", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 maio 2007, p. 28.

Sinala que o Centro de Estudos Galegos da Universidade de Gales, Bangor, está a recoller material bibliográfico para ampliar a súa biblioteca que xa conta, entre outros, con recursos audiovisuais e obras de consulta coa finalidade de que os investigadores teñan recursos para achegarse a Galicia. Así mesmo, alude a outras accións que o citado centro organiza ao par doutras institucións, como é o caso da revista internacional de estudos galegos *Galicia 21* ou o congreso "Saíndo da Nación".

Vidal, Fidel, "Horizontal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 marzo 2007, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de Fidel Vidal.

Vidal, Fidel, "Por exceso", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 marzo 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Fidel Vidal, titulado "Por exceso".

Vidal, Fidel, "Espera", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 marzo 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Fidel Vidal, titulado "Espera".

Vidal, Fidel, "Globo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 abril 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de Fidel Vidal, titulado "Globo".

Vidal, Fidel, "De 'A camelia oxidada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 maio 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *A camelia oxidada*, de Fidel Vidal, titulado "CURRICULUM".

Vidal, Fidel, "De 'A camelia oxidada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 maio 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de de *A camelia oxidada*, de Fidel Vidal, titulado "PRESENZA SALGADA".

Vidal, Fidel, "De 'A camelia oxidada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 maio 2007, p. 32.

Sección fixa que acolle un poema de *A camelia oxidada*, de Fidel Vidal, titulado "Identidade".

Vidal, Fidel, "De 'A camelia oxidada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 outubro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *A camelia oxidada*, de Fidel Vidal, titulado "CARTAS DE SEMENTE".

Vidal, L. e J. **Fernández**, "El sabor literario de la Ruta Xacobea", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", "faroverano", p. 31./"Espaldarazo literario al Camino mítico", *La Opinión*, "Cultura", p. 46, 16 agosto 2007.

Alude á viaxe realizada dende Valencia a Vilagarcía de Arousa na goleta rusa "Mir" e logo á remontada polo Ulla até Pontecesures para chegar a Compostela coa finalidade de recrear o camiño de peregrinación por mar. Sinala que nesta travesía participaron personalidades do mundo da literatura como Carlos Quiroga, Xulio López Valcárcel, Rosa Regás ou Espido Freire, que recollerán nun libro conxunto as súas experiencias como peregrinos para promover a nivel turístico e cultural a Ruta Xacobea por mar.

Vieiro, Laura, "O nacemento dun novo xénero", *El Correo Gallego*, "Cultura", 22 setembro 2007, p. 67.

Faise eco da participación de Ramón Nicolás, membro da Sección Crítica da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), na I Xornada de Crítica Literaria, que tenta servir de punto de encontro entre profesionais e aumentar a difusión dese xénero na comunidade. Comenta que na súa intervención, titulada "A crítica literaria xornalística da literatura galega", denunciou a escasa presenza desta modalidade nos medios de comunicación, así como incidiu na "singularidade" da crítica en Galicia e denunciou a "inexistencia dun perfil profesional definido".

Vieites, Manuel F., "Noticia de Shakespeare", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 206, 10 maio 2007, p. VIII.

Despois de analizar a produción teatral do dramaturgo inglés William Shakespeare, sinala que a súa chegada ao sistema teatral galego veu da man de Antón Villar Ponte, responsábel dunha versión de *The Merri Wives of Winsdor*, que traduciu como *Xan entre elas*. Por outra parte, comenta que Galaxia publicaría en 1972 a versión galega de *Macbeth*, peza representada pouco despois polo Teatro Circo baixo a dirección de Manuel Lourenzo. A seguir, dá conta doutras versións en galego das súas obras, así como de representacións teatrais que as levaron á escena.

Vilabarros, Paco, "Bandeira de saída para un xornal centenario", *A Nosa Terra*, n.º 1289, "A Aldea Global", 13-19 decembro 2007, pp.4-5.

Crónica do acto de presentación da nova etapa d'A *Nosa Terra* celebrado no Centro Social de Caixanova, en Vigo, o 4 de decembro de 2007 e ao cal asistiron entre outros Miguel Barros, Manuel Veiga e Afonso Eiré. Nela fálase da traxectoria da publicación, dende o seu nacemento en 1907 con Solidaridad Gallega e as Irmandades da Fala, até a

súa situación actual baixo a dirección de Margarita Ledo, así coma os novos retos que ha de afrontar como un diario dixital. Sinálase, por último, o permanente uso da lingua galega como sinal identitario da publicación.

Vilabarros, Paco, "A exposición do centenario d'*A Nosa Terra* en Pontevedra", *A Nosa Terra,* n.º 1289, "A Aldea Global", 13-19 decembro 2007, p. 5.

Infórmase da exposición "A Nosa Terra. 100 anos da nosa historia. 1907-2007" que percorre, a través dunha escolma de portadas, as diferentes etapas da publicación e que se expón na praza da Peregrina en Pontevedra. Dise que se lle da protagonismo á contribución artística e política da creación artística de Alfonso Castelao e ao galeguismo histórico.

Vilanova, Manuel, "De 'A esmeralda branca", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 xaneiro 2007, p. 31.

Sección fixa que acolle un poema de *A esmeralda branca*, de Manuel Vilanova, titulado "Tanto chove en Barbantes que a chuvia fala comigo".

Vilavedra, Dolores, "Letras baixo o sol", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 29 de xuño 2007, p. 43.

Vilavedra realiza un recorrido polos libros publicados recentemente e propón algúns como lecturas para o verán. Comeza destacando as seguintes obras: *O can dos Baskerville*, de Arthur Conan Doyle; *O escaravello de ouro e outros contos*, de Edgar Allan Poe; a edición completa de *Oliver Twist*, de Charles Dickens; e *Así comezou todo. 34 historias para descubrir o mundo*, de Jürg Schubiger e Franz Hohler. Deseguido, céntrase no xénero poético e salienta *Eume*, de César Antonio Molina, e *Fóra do sagrado*, de Anxo Angueira. A continuación nomea as obras *Comedia bífida*, de Núñez Singala; e *Made in Galiza*, de Sechu Sende. Como novela salienta a de Marina Mayoral, *Case perfecto*. Por último, en canto ao xénero ensaístico, destaca *O voto emigrante. Viaxe pola zona escura da democracia española*, de Anxo Lugilde; e *Eidos do xornalismo*, de Carlos G. Reigosa.

Villalta, Luísa, "De 'En concreto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 marzo 2007, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa un poema de *En concreto*, de Luísa Villalta, titulado "Viaxe".

Villamor, Luis, "Galicia 'arregla' su himno", *La Voz de Galicia*, "Galicia hoy", 29 decembro de 2007, p. 13.

Trata dos arranxos que sobre a partitura de Pascual Veiga "Os pinos", que parte do texto póetico de Eduardo Pondal, se está impulsando dende a Xunta. Sinala que o obxectivo é evitar o pago dos dereitos de autor que se viñan esixindo até o de agora con cada novo

arranxo de orquestración, de tal xeito que a súa interpretación pase a ser gratuíta para todos os cidadáns.

Villar, C. "El clúster del Produto Gráfico e do Libro Galego nace con el apoyo de 53 socios", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 21 marzo 2007, p. 44.

Refírese ao acto de constitución do clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego, que agrupa a empresas galegas de artes gráficas, publicidade, editoras e provedores. A seguir, recóllense as palabras dalgúns dos seus creadores que insiste que esta iniciativa "debe fomentar la formación de su capital humano para contribuir a la innovación en produtos y procesos que le permitan tener acceso a nuevos mercados". Por outra parte, alude á presenza dos políticos que apoiaron esta iniciativa e achéganse datos numéricos relativos a ese sector.

Villar, Carmen "A TVG estrea hoxe un documental sobre a figura de Isaac Díaz Pardo", *Faro de Vigo*, "Televisión", 29 setembro 2007, p. 87.

Faise referencia ao documental "Isaac", que se vai transmitir no espazo "Galicia documental" e que pretende ser un "achegamento amable e humano" á figura de Isaac Díaz Pardo. Así mesmo, dá conta daqueles persoeiros da política e da cultura que opinan sobre o intelectual no citado documental.

Villar, Manuel, "La esperada ley del libro", *Atlántico Diario*, "Galicia", 4 xuño 2007, p. 17.

Informa dos puntos de actuación que acolle a nova Lei do Libro e da Lectura, que está amparada por un orzamento de máis de sete millóns por parte da Consellería de Cultura, que tamén se compromete a deseñar un plan de fomento da lectura e un programa de desenvolvemento da industria do libro. Explica que a nova norma prevé actuacións relacionadas cos diferentes colectivos implicados na dinamización do mercado interno, o impulso do comercio exterior e o fomento da formación continua. Indica as cantidades destinadas á edición en lingua galega e dá conta das iniciativas que se levarán a cabo ao redor do libro. Por outra parte, alude ás vendas e tipo de publicacións relativas ao ano pasado de editoriais como Xerais e Galaxia, ademais de referirse á dificultade de vivir unicamente da escrita.

Villar, Marta, "Unha comisión xestiona repatriar as cinzas de Picallo dende Bos Aires", *La Opinión*, "Sada", "A volta do galeguista", 2 outubro 2007, p. 18.

Alude á creación dunha comisión para repatriar as cinzas de Ramón Suárez Picallo, que están soterradas no cemiterio de Chacarita en Bos Aires, coa finalidade de cumprir a súa derradeira vontade de descansar na súa terra natal de Sada. Así mesmo, apunta que o Goberno municipal desta vila quere declarar o vindeiro 2008 como Ano dos Irmáns Suárez Picallo, pois o seu irmán Antón foi o "principal intelectual da comarca", e que ten previsto levar adiante conferencias, xornadas, proxeccións de vídeos, publicacións e unha exposición. Por outra parte, comenta como xurdiu esta idea e refírese á cantidade

de artigos escritos por Picallo, así como faise eco da creación do Centro Ramón Suárez Picallo en Bos Aires coa finalidade de estudar con profundidade a emigración galega nese país. Fala de dúas placas que están colocadas na súa casa natal e ofrece un percorrido pola vida e obra deste xornalista, político, avogado, sindicalista, dramaturgo, editor e orador de sona.

Villar, Marta, "O soño da irmá María", *La Opinión*, "Sada", "A volta do galeguista", 2 outubro 2007, p. 19.

A partir dunhas declaracións dun sobriño carnal de Ramón Suárez Picallo, alúdese a como a súa irmá María, no leito de morte, pedía que trouxesen os seus restos para Sada. Coméntase que este galeguista estaba enterrado ao lado de Castelao no cemiterio da Chacarita e o sobriño, Ramón Tenreiro Suárez, mostra a súa satisfacción pola creación dunha comisión interesada en lembrar a figura de Picallo e na repatriación dos seus restos. Alén disto, o sobriño dá conta de parte dos obxectos persoais que gardan deste galeguista, como é un caderno de debuxos orixinais que lle regalou Castelao ou a correspondencia que mantivo con intelectuais do momento, caso de Eduardo Blanco Amor.

Villar, Marta, "Mariñana', la revista de los sadenses", *La Opinión*, "Sada", 29 novembro 2007, p. 21.

Coméntase a recuperación, por parte do Concello de Sada, da revista quincenal *Mariñana. Revista Ilustrada*, fundada no ano 1925. Explícase que o Concello mercou a colección completa que consta de vinte e cinco exemplares máis un extra que agora van editar en edición facsímile. Dáse conta dos principais temas da revista e noméanse algúns escritores importantes que colaboraron nela.

Villar, O.D., "Charla en Dubra sobre la Guerra Civil con Rivas, Díaz y Grandío", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 marzo 2007, p. 33.

Atende á participación de Manuel Rivas, o historiador Emilio Grandío e o galeguista Isaac Díaz Pardo no colexio dubrés de Bembibre, onde participaron nun coloquio sobre a Guerra Civil, no que estiveron presentes setenta alumnos de terceiro e cuarto da ESO. Así mesmo, recolle parte das súas intervencións que avogan por evitar o revanchismo.

Villar, Rafa, "De 'Memoria de Ahab", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Memoria de Ahab*, de Rafa Villar, titulada "a pesar de todo...".

Villar, Rafa, "De 'Memoria de Ahab", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Memoria de Ahab*, de Rafa Villar, titulada "Onde se deitan as palabras...".

Villar, Rafa, "De 'Memoria de Ahab", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 novembro 2007, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa unha composición poética de *Memoria de Ahab*, de Rafa Villar, titulada "para os que abrazan a súa impunidade...".

Villar, Rafa, "De 'Memoria de Ahab", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 decembro 2007, p. 39.

Sección fixa que acolle un poema de *Memoria de Ahab*, de Rafa Villar, titulado "Só un rastro delicado".

Villar, Rafa, "De 'Memoria de Ahab", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 decembro 2007, p. 25.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle un texto poético de *Memoria de Ahab*, de Rafa Villar, titulado "o drama".

Villar, Rafa, "De 'Memoria de Ahab", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 decembro 2007, p. 32.

Sección fixa que acolle un texto poético de *Memoria de Ahab*, de Rafa Villar, titulado "desprovista de si mesma".

Villar, Xohán, "Lembranza", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 agosto 2007, p. 32.

Sección fixa que, nesta ocasión, acolle o poema "Lembranza", de Xohán Villar.

Viñas, María L.,"Graña reivindica a fin do feísmo na novela *O bosque de Nagdor*", *El progreso*, "Cultura", 26 outubro 2007, p. 81.

Infórmase de que a Libraría Trama de Lugo vén de acoller a presentación deste volume no que se aborda un problema estético e político como é o urbanismo sen planificación que afecta a Galiza. Asemade, coméntase que *O bosque de Nagdor* está vertebrado ao redor dunha historia de amor.

V.O., "Fúndase na Habana a Real Academia Galega", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 676, "Revista de Historia", 30 setembro 2007, p. 10.

Un domingo, 30 de setembro de 1906, fundouse na Habana a Real Academia Galega. O acto foi presidido por Manuel Murguía e os cuarenta membros fundacionais. Esta primeira etapa da Academia non estivo exenta de polémica e desconfianza, froito dos novos movementos políticos.

V.O., "A precariedade en cifras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 outubro 2007, p. 27.

Faise eco da presentación do informe *Diagnose das Artes Escénicas de Galicia* na Feira Galega de Artes Escénicas, que foi elaborado pola empresa Proxectos e que confirma que este sector sobrevive con precariedade. Sinálase que o estudo amosa a excesiva dependencia do sector das subvencións directas e dáse conta do número de compañías existentes nestes momentos en Galicia, ademais de recollérense as opinións de Miguel Martín, xerente do Igaem, quen apunta que "a situación dista de ser óptima, pero o potencial de crecemento do sector é optimista". Por outra parte, Martín debuxa un panorama desolador para as compañías das artes escénicas que "están pouco profesionalizadas" e cita as propostas a levar a cabo para mellorar a situación. Por outra parte, achéganse outras informacións desveladas polo citado informe referentes á ausencia dun mercado exterior de venda de espectáculos galegos, ao papel da Xunta no tocante ao incremento da demanda de espectáculos, ao perfil do público e aos espazos escénicos en Galicia. Así mesmo, faise eco das diversas representacións que acolle o programa de actividades paralelas, no marco do que se celebra o Seminario Internacional de Formación en Crítica Teatral e a exposición "Un país dende as táboas. 125 anos de teatro galego".

V.O., "Os mitos fanse imaxes", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 novembro 2007, p. 29.

Refírese ao encontro Galeusca literario celebrado en Lugo e no que, pola parte galega, participou Xosé Miranda na conferencia inaugural, na que se falou das fontes do imaxinario, e que se complementou con outra na que se trataron os clásicos do imaxinario. Sinálase que a través das mouras, as literaturas galega e vasca atoparon un punto en común no seu imaxinario colectivo, así como recóllese parte da intervención do citado escritor lugués, que destacou a relación da mitoloxía popular e os diversos xéneros da literatura oral cos diversos tipos de literatura escrita.

X.C., "Antonio Fraguas, retrato dun traballador da cultura", *A Nosa Terra*, n.º 1255, "Cultura", 8-14 febreiro 2007, p. 24.

Faise eco da publicación dun libro de homenaxe a Antonio Fraguas con motivo do centenario do seu nacemento. Sinala de quen partiu a iniciativa e achega o título dalgúns dos artigos que recolle, ademais de reproducir as palabras de Isaac Díaz Pardo quen sinala que, entre as moitas cousas que quedan por facer, está unha biografía que relate as vidas dos homes en xullo do ano 36. Por outra parte, fala da persecución da que foi obxecto pola súa ideoloxía e do seu exercicio docente, destacando que "A súa colaboración foi sempre farturenta, pero dun xeito calado, continuo, humilde, con teimosía e afastado de todo devezo de protagonismo e notoriedade".

X.C., "Valle Inclán en galego aínda ten que esperar", *A Nosa Terra*, n.º 1257, "Cultura", 22-28 febreiro 2007, p. 24.

Trátase da controversia dos dereitos de autor da obra de Valle-Inclán que até o ano 2017 non pasará a ser de dominio público e, polo tanto, os seus textos non se poderán traducir ao galego até esa data, xa que os seus descendentes néganse a autorizar as traducións. Dise que as únicas versións galegas "oficiais" son tres contos publicados n'*A Nosa Terra* no ano 1919, coa autorización do autor. Fálase do labor da revista *Cuadrante* que estudia as pegadas galegas de Valle e lémbrase unha anécdota de Bouza Brey en Madrid con Valle a quen lle gustaba facer crer que era dun país misterioso e cunha "fabla arcaica", en referencia a Galicia, e unha declaración de Valle quen afirmaba que as súas obras con temática galega, escribíaas en galego e despois as traducía. Por último, reivindícase a necesidade de pescuda da prensa galega.

X.C., "O Arquivo Nacional concentrará física ou virtualmente toda a documentación sobre Galiza", *A Nosa Terra*, n.º 1258 "Cultura", 1-7 marzo 2007, p. 24.

A partir das palabras da Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, faise referencia aos obxectivos cos que nace a Biblioteca e o Arquivo Nacional de Galicia, que suporá a constitución do maior Centro Documental de Galiza, que servirá de cabeceira para o sistema de arquivos e bibliotecas que xa existen. A seguir, sinálase que este centro constituirá unha unidade funcional e de proxecto, con actividades e usos complementarias e alúdese aos seus fondos, ademais de indicar que se considera primordial a función divulgativa e que o centro contará con servizos de mapoteca, fototeca, videoteca ou fonoteca. Por outra parte, alúdese a outras institucións destas características.

X.C., "*A fonte do xuramento*, unha obra inaugural que cumpre 125 anos", *A Nosa Terra*, n.º 1.262, "Cultura", 29 marzo-11 abril 2007, p. 24.

Indica que o 13 de agosto de 1882 se estreou na Coruña a primeira obra de teatro en galego: *A fonte do xuramento*, de Francisco María de la Iglesia. Explica, en palabras de Laura Tato, que se trata dunha obra costumista, cunha finalidade didáctica e que tivo unha boa acollida por parte do público. A continuación, fai referencia ao novo plan galego das artes escénicas e dá conta das exposicións, congresos e homenaxes que se levarán a cabo no 2007, entre os cales, destaca a homenaxe a Francisco de la Iglesia pola súa peza teatral.

Xestoso, Manuel, "Por que coñecemos máis autores franceses ca polacos?", *A Nosa Terra*, n.º 1289, "Cultura", 13-19 decembro 2007, pp. 24-25.

Analiza os criterios que priman no mercado das traducións da literatura internacional, a partir dos datos tirados do informe realizado polo PEN Clube Internacional a petición do Instituto Ramón Llul, no que se conclúe que máis que a calidade intrínseca das obras, o valor que verdadeiramente prima nas traducións é o desenvolvemento económico do país de orixe. Comenta que este factor, realmente clave, se

complementaría con outros coma o seu nivel educativo, a apertura cultural da sociedade emisora ou a súa curiosidade cara ao exterior.

Xestoso, Manuel, "A poeta nas voces contemporáneas", *A Nosa Terra*, n.º 1291, "Cultura", 28 decembro 2007-3 xaneiro 2008, p. 19.

Fálase do traballo de Osvaldo Golijov, o compositor arxentino de orixe romanesa que musicalizou e versionou para a ópera, entre outros, o poema rosaliano "Lúa descolorida".

X.F., "Un japonés publica su traducción de 'A mi madre', de Rosalía", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 xaneiro 2007, p. 45.

Ademais de comentar como Shozo Nakanishi coñeceu a obra de Rosalía, sinala que no ano 2000 traduciu ao xaponés doce poemas de *Cantares Gallegos*. Explica que este banqueiro de profesión e poeta vocacional encontrou similitudes entre a obra de Rosalía e a dalgúns dos seus contemporáneos nipóns, así como considera que os seus compatriotas non terán dificultades para ler a autora de Padrón. A seguir, sinala que acaba de publicar *A mi madre* na editorial Chusekisya, da que o seu representante confesou o seu entusiasmo pola publicación da tradución e confirmou a boa aceptación do primeiro volume. Por outra parte, Nakanishi anuncia que agora quere traducir *Follas Novas*.

X.F., "Dous libros recollen os artigos de Casares en La Voz de 1994 e 1995", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 febreiro 2007, p. 56.

Indica que só Carlos Casares foi quen de crear un engaiolante universo persoal onde convivían os temas do día coa literatura de sempre, en perfecta harmonía co rico anecdotario do escritor, que podía converter os pequenos sucesos diarios en materia para un artigo. Sinala que, despois das dúas primeiras entregas, a editorial Galaxia achega os tomos terceiro e cuarto, correspondentes aos anos 1994 e 1995 dos seus artigos publicados na sección "Á marxe", de *La Voz de Galicia*. Comenta que o dietario público de Casares permite rememorar acontecementos da actualidade que agora adquiriron a distancia da ollada histórica, aínda que puntualiza que a maioría dos seus textos son atemporais, tanto polos temas que tratan como pola escrita, e destaca a presenza neles do seu espazo doméstico. Por outra parte, recolle varios comentarios da editora dos volumes, Montse Pena, para quen os artigos configuran un "macrotexto" e conteñen historias individuais e moitos elementos presentes na súa narrativa, así como cita os factores que lle garantiron éxito.

X.F., "Rubén Ruibal, Manuel María e Jelinek abren a nova colección dramática de Xerais", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 febreiro 2007, p. 56.

Sinálase que Edicións Xerais de Galicia vén de lanzar unha colección de literatura dramática que substitúe á anterior "Os libros do Centro Dramático Galego". Coméntase que "A Biblioteca Dramática Galega" nace con tres títulos: *Limpeza de sangue*, de

Rubén Ruibal; *Farsa de Bululú*, de Manuel María; *O que ocorreu despois de que Nora abandonara o seu home ou os piares das sociedades*, da premio Nobel austríaca Elfriede Jelinek. Achégase a estas obras e céntrase, especialmente, na peza de Ruibal, na que ofrece unha homenaxe ao "mestre Bolaño", á quen lle debe moito na estrutura da obra, así como a outra das paixóns do novo dramaturgo, o cine.

X. R., "El ministro de Cultura inaugura el lunes la biblioteca de Xoán XXIII", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 6 decembro 2007, p. L1.

Coméntase que tras moito tempo agardando este feito, o ministro de Cultura, César Antonio Molina, inaugura o 10 de decembro a nova biblioteca pública en Santiago na Avenida de Xoán XXIII. Dise que constará de catro plantas e que contará con máis de corenta mil exemplares e que aínda tardará uns días en abrir as súas portas ao público.

VI. CLÁSICOS GRECO-LATINOS TRADUCIDOS

VI.1. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS.

Homero, *Odisea*, trad. Gonzalo Rudiño, Noia: Toxosoutos, col. Trasmontes, 2007, 353 pp. (ISBN: 84-96673-29-8).

Reedición da obra clásica *Odisea*, de Homero, nunha edición ilustrada na cuberta por Alfonso Costa. De novo achégansenos as aventuras de Ulises e as súas múltiples peripecias despois da Guerra de Troia.

Referencias varias:

- C. Rodríguez, "Periplo e retorno de Odiseo", *Galicia Hoxe*, *"Lecer"*, "Arquipélago", 11 novembro 2007, p. 7.

Despois dunha valoración da importancia de algúns libros fundamentais na historia da literatura, informa da tradución ao galego da *Odisea* de Homero. Sinala que o tradutor é Gonzalo Rudiño e a ilustración da cuberta foi deseñada por Alfonso Costa. Por último, comenta a relación entre a historia da *Odisea* e a cultura galega.

VI.2. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Míguez Barciela, Aida, "Aquiles e a desesperación", *A Trabe de ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 69, tomo I, ano XVIII, xaneiro-febreiro-marzo 2007, pp. 45-56.

Ensaio no que se fai un repaso pola atormentada figura de Aquiles, un dos heroes da *Ilíada* de Homero. A súa actuación ao longo de todo o poema parece vir marcada pola dor. A súa dobre condición, como fillo de deusa e home, convérteo na figura máis atormentada de toda a obra. Pero tamén pola súa elevada natureza de heroe, é quen de poñer en cuestión o seu propio ser e anticipar e até asumir o único futuro posíbel para el: a morte pronta.

Reboreda Morillo, Susana, "Os reencontros de Odiseo en Ítaca", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 176, tomo XLV, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2007, pp. 108-119.

Tendo como escenario a Grecia Antiga, a profesora de Historia Antiga manifesta a presenza de tres sentimentos (eros, ágape e philia), sentimentos equiparábeis ao termo amor actual, a través de diferentes episodios e situacións d'*A Odisea*. En primeiro lugar,

alúdese á época histórica e aos usos sociais que reflicte o poema homérico, á súa autoría e ao argumento. Séguese coa análise do tema recorrente do "reencontro" a través de diferentes fragmentos seleccionados e profundizando nas liñas argumentais. Dise que este tema se manifesta, na primeira parte cando está lonxe da patria e dos seus, en forma de morriña ou saudade e, na segunda, como desexo de vinganza e da volta á orde preestabelecida e que amosa o sentimento de amor a distintos niveis (amor á nai, á muller, ao fillo, á súa deusa protectora Atenea e á terra) e con distintas características (físico, sexual, maternal, de amizade, etc). Así os encontros con Calypso, Circe e Nausícaa atópanse na esfera do "eros" ou relación erótica, baseada na atracción física; o encontro coa súa nai morta cando descende ao Hades, é exemplo de sentimento de amor filial ao igual que co seu fillo Telémaco; a relación do heroe con Atenea é de "philia" ou amizade e, por último, coa súa muller Penélope, tras superar enganos, desconfianzas, sufrimento de separación, mostras de fidelidade e a morte dos pretendentes e dos serventes desleais, fúndense os tres sentimentos (eros, ágape e philia).

VI.3. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

García, Rodri ,"Os heroes. Mitoloxía clásica en Galiza", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 239, 1 decembro 2007, p. 10.

Comenta a publicación dun novo volume da colección Mitoloxía clásica en Galicia, dedicado nesta ocasión aos heroes. Explica que se trata de textos traducidos directamente dos orixinais gregos e que falan sobre heroes individuais ou colectivos; comenta as historias de Teucro ou Heracles e relaciónaos coa historia de Galicia. Por último, salienta como gran acerto da obra vincular arte e literatura galega con estes heroes.

VI.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

Valcárcel, Marcos, "Mitos clásicos", *La Región,* "Pan por pan", 16 xuño 2007, p. 69.

Faise unha lembranza dos mitos clásicos na formación como lector do autor do artigo e a súa utilidade. Engádese que coñeceu traballos valiosos sobre mitoloxía como os de Carlos García Guel, catedrático de Filoloxía Grega na Complutense. Por último dise que hoxe se usa a palabra mito para calquera personaxe sen relevancia: político, actor ou músico.

Valcárcel, Marcos, "Como unha xovenca esgotada", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 26 xuño 2007, p. 44.

Considérase que o amor deu lugar a un sen fin de imaxes ao longo da historia da literatura universal, en forma de plantas, animais, astros e os demais diversos motivos que de non estar recollidos nun libro deberían facelo. De entre as que lle resultaron máis curiosas está unha das empregadas por Virxilio nas *Églogas* que compara o cobizado amor cunha becerra esgotada á beira dun río. Este poema encóntrase en galego grazas á tradución de Gómez Ledo e Fernando González Muñoz.

VII. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

VII.1. NARRATIVA

VII.1.1. NARRADORES GALEGOS

Alfaya, An, *A lenda da lúa de Montealto*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Docexvintedous, [mocidade], 2007, 80 pp. (ISBN: 978-84-7824-520-8).

Novela fantástico realista de An Alfaya, nome literario de Mª de los Ángeles Alfaya Bernárdez (Vigo, 1964), ambientada na Galicia rural a comezos do século XX. Nela mestúranse historias cotiás de personaxes da aldea de Montealto, como Manuel, Oliva e Candela, coas súas experiencias fantásticas, que na maioría dos casos non saben se son realidade ou produto da súa imaxinación. A novela é unha reflexión entre o mundo da lóxica e o mundo sobrenatural na que se describe cada unha das reaccións psicolóxicas e fisiolóxicas dos protagonistas. Todo o que se conta xira ao redor da lenda de Montealto, representada pola lúa, de quen se dicía que era unha femia cobizosa que, para manter o seu poder hipnótico sobre as augas, debía apoderarse da alma dalgún inocente cada certo tempo, arrebatándolle a vontade. A ilustración da cuberta, de Alejandro Maceda, mostra a unha nena morena (posibelmente Oliva) á beira do río baixo a luz da lúa. Trátase dunha imaxe xerada por ordenador coa que Maceda desvela moitos datos da lenda da lúa de Montealto. Así, anticipa e presenta a un dos personaxes, unha nena que se coñece polo seu rostro e polos seus trazos corporais grazas á luz da lúa que asoma entre o bosque. Tamén sitúa o relato nun lugar afastado, á beira dun lago envolto de árbores e, ao fondo, case esvaecida entre a néboa, unha casa coa xanela acesa indicando que alí tamén hai vida e, polo tanto, personaxes que intervirán no relato.

Recensións:

- Héitor Mera, "O descoñecido e marabilloso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 228, "Libros", 6 decembro 2007, p. IV.

Refire o argumento da obra de An Alfaya, *A lenda da lúa de Montealto*, e sinala que a autora manexa a contraposición que xa Todorov ensinara entre o fantástico e o marabilloso. Comenta que nesta obra "percorremos os sucesos que se van dando coa idea arreo na cabeza de saber cal pode ser a explicación para o fillo profético de Oliva e as anomalías manifestadas no seu corpo que son certamente raianas na monstrosidade". Considera que o lectorado atopará un relato longo cunha concentración grande de personaxes, relacións e sorpresas que serán afluentes dun único río que sempre vai dar á rapaza. Conclúe afirmando que se trata dunha historia entretida cun discurso elaborado.

Referencias varias:

- Juan Floriani, "A lenda fantástica de Alfaya", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 novembro 2007, p. 35.

Entrevista a An Alfaya con motivo da publicación do seu libro *A lenda da lúa de Montealto*. Comenta Alfaya que con esta obra pretende mesturar o realismo e a fantasía

a través dunha lenda inventada por ela, na que a protagonista é a lúa. Indica que o texto está escrito en prosa poética na que se percibe a influencia de Lorca, de Cunqueiro e de toda a tradición oral galega. Tamén de Michael Ende, os irmáns Grimm e de Luís Eduardo Aute. Finalmente, expresa o seu agradecemento por recibir o Premio da Fundación Caixa Galicia pola súa obra *Illa Soidade* (2007).

Alfaya, An, *Illa Soidade*, Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2007, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 107, [mocidade], outubro 2007, 124 pp. (ISBN: 978-84-9782-653-2). ■

Novela realista de An Alfaya, nome literario de Mª de los Ángeles Alfaya Bernárdez (Vigo, 1964), na que por medio dun narrador en primeira persoa, Lucía, e os fragmentos do "Diario de outono" de Soa, a autora achega ao lectorado agardado o mundo dos indixentes. Lucía, unha moza que inicia os seus estudos de xornalismo, rememora na viaxe en tren á Cidade Universitaria á que se dirixe a súa relación cunha vagabunda que se fai chamar Soidade, ou mellor, Soa, a primeira indixente en instalarse na praza dos Mistos, próxima á casa e negocio dos pais da protagonista. Grazas ao "Diario de Outono", cuxos fragmentos se intercalan cos recordos da moza (a Mirona, como a bautizaron os mendigos), vaise coñecendo a vida de Soa e as razóns polas que chegou á mendicidade. Así, descóbrese que logo da separación do seu marido e tras o contacto en París con Jean Barnard, un escultor do que se namorou, decide ir na súa busca, xa que Barnard a abandonou por medo ao que lle pasara no pasado. O volume, que non presenta ilustracións interiores, acolle na cuberta unha fotografía, de Antonio Seijas, que leva a quen a observa á realidade de moitas cidades dun xeito moi poético xa que amosa unha narrativa visual nun mundo onde a soidade dun banco, como un dos moitos que se atopan nas rúas, se perde nun océano de soidade urbana. Un ceo cuberto de nubes, coa textura velada dunha baldosa do chan, avanza un relato de illamento e incita a descubrir a historia persoal dese banco habitado.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "Arquipélago desolador", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 5, "proPostas", inverno 07/08, p.14.

Reseña da obra de An Alfaya, *Illa soidade*, que acadou o Premio de Literatura Xuvenil Fundación Caixa Galicia. Lémbrase que a obra relata as relacións de Lucía, unha moza de dezaseis anos, cun grupo de vagabundos que frecuentan unha praza próxima á súa casa. Dise que con este argumento a obra aborda o tema da intolerancia.

Referencias varias:

- Anxa Correa, "Aventura emocional de An Alfaya", *El Correo Gallego*, "Cultura", 17 xuño 2007, p. 75.

Despois de citar algúns dos premios dos que foi merecente An Alfaya, esta escritora viguesa comenta o que lle supón recibir o Premio Fundación Caixa Galicia por *Illa Soidade*. Fala da posibilidade de escribir unha novela para adultos e sinala que a súa intención cando escribe é que o lector se involucre nunha aventura de tipo emocional,

así como apunta que non lle gusta a literatura enfocada cara ao didactismo. Tamén explica que cando escribe para os máis novos coida a linguaxe ou o punto de vista, pero non evita temas e ten unha especial atención por todo o que supón marxinalidade. Por último, refírese aos seus traballos actuais no ámbito da literatura e da criminoloxía.

Alfaya, An, *Os Seres con Raíces na Cara*, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 151, a partir de 12 anos, 2007, 142 pp. (ISBN: 978-84-7154-074-4).

Narración de An Alfaya, nome literario de Mª de los Ángeles Alfaya Bernárdez (Vigo, 1964), na que por medio dun narrador omnisciente e da voz dos personaxes se introduce ao lectorado agardado no mundo dos seres que lle dan título ao volume. Así, ao longo de diferentes capítulos de título temático que anuncian o seu contido, coñécese como os trasnos papabicos, ou tamén chamados Seres con Raíces na Cara, están á espreita para chuchar aos seus veciños os bicos que dan e deste xeito recuperar a xuventude perdida. Ignorantes da intención dos Seres con Raíces na Cara os diferentes habitantes da fraga senten como decae o seu interese por compartir aloumiños e mesmo chegan a odiar aos que máis queren. Descóbrese como os Seres con Raíces na Cara lle paparon os bicos ao trasno Pintasoños e á súa muller a fada das Galletas; á fada Musaliña; ao trasno Contista e á fada Boquiñadecereixa; ao trasno Muiñovento; á fada Bibliana; á fada Nenadeusa; á fada Alquimia; ao trasno Cerimonio; ao trasno Moinante e á fada Brancalúa. A case todos os trasnos e fadas, agás ao trasno Azularanxa que nunca dera un bico e que, ao final da historia, observa na Poza dos Desexos como se resolve a vida dos seus veciños, tras seren destruídos os Seres con Raíces na Cara, e recibe o seu primeiro bico de amor. O texto acompáñase das ilustracións de Xosé Cobas (Negreira, 1953), unhas composicións de estilo fantástico para amosar unhas aventuras nun mundo diferente. Nelas non hai apenas referencias espaciais que sirvan para contextualizar as escenas.

Alfaya, An, *Vacas na cidade?*, ilust. Jacobo Fernández, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2007, [34] pp. (ISBN: 978-84-9865-015-0).

Conto realista de An Alfaya, nome literario de Mª de los Ángeles Alfaya Bernárdez (Vigo, 1964), no que por medio dun narrador en terceira persoa e da voz dos personaxes se relata o que lle acontece a Paulo cando vai coa súa tía Catarina á cidade a unha exposición de vacas. Paulo, acostumado ás vacas reais, nunca viu vacas desta clase e queda realmente sorprendido. Nun primeiro momento non lle acaban de gustar, xa que non se moven, non dan leite, non pode falar nin xogar con elas, etc., pero, tras facer un esforzo, acaba encontrando, por medio da imaxinación, ese punto máxico que teñen as vacas artísticas do que lle falou súa tía. As ilustracións figurativas de Jacobo Fernández (Vigo,1971) complementan o texto e presentan multitude de cores, tanto cálidas como frías, que lle dan vida á obra.

Álvarez, Ramiro J., *Outro nome para Daniel*, ilust. Mariel Méndez, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 150, serie verde, a partir dos 12 anos, 2007, 144 pp. (ISBN: 978-84-7154-053-9).

Novela realista de Ramiro Juan Álvarez Fernández (Lugo, 1951), dividida en nove capítulos titulados, na que un narrador en primeira persoa, Daniel, un rapaz de doce

anos, relata con tenrura como ten que mudar de casa debido á separación dos seus pais e dá conta dos seus sentimentos ao ter que cambiar de vida. A pesar da situación na que se atopa a súa familia, a maior preocupación que ten Daniel é atopar un nome, pero non un nome calquera, pois se así fora el xa ten un, senón que quere un nome especial. Narra parte das súas experiencias en primeira persoa pero diríxese a un amigo imaxinario que o acompaña constantemente a todas partes, así, a través deste amigo invisíbel, o lectorado agardado é coñecedor dos seus sentimentos e preocupacións. Durante o relato, Daniel nomea á súa nai, a seu pai e a Avelino, un amigo que fixo durante a súa estancia na casa situada preto do río. Ten que chegar á última hora do día para que o protagonista, a piques de rematar a mudanza, logre atopar un nome axeitado para el tras unha gran fazaña ao cruzar o río. Este nome élle asignado por Avelino, un vello ao que lle gustaría volver ver unha vez estea instalado no novo piso ao que se vai trasladar coa súa nai. A ilustradora Mariel Méndez crea uns personaxes, cun estilo figurativo, que acompañan o texto en todo momento. Dende a cuberta presenta o protagonista con diferentes personaxes caracterizados pola súa expresividade e trazos propios. Son ilustracións a dúas tintas cuxos escenarios se centran no relato e que, nalgúns casos, achegan novos datos sobre onde están a acontecer as distintas accións.

Aneiros, Rosa, *Os ourizos cachos e o gran río gris*, ilust. Rodrigo Chao, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2007, [34] pp. (ISBN: 978-84-9865-016-7).

Conto de Rosa Aneiros (Meirás-Valdoviño, 1976), dedicado a Fina Casalderrey e Agustín Fernández Paz, no que, principalmente por medio do diálogo dos personaxes, se narran as aventuras e desventuras de tres irmáns ourizos e a súa nai. A acción acontece no treito que os separa das larpeiradas situadas no xardín de Anselmo. Neste camiño, Espi, a irmá máis nova e tamén a máis teimuda e espelida, o preguiceiro Cacheiro e Pugón, o maior dos irmáns, xunto á súa nai, descobren cousas fermosas como a lúa, unha poceira de auga, etc., pero tamén outras perigosas como a estrada, que eles chaman "río gris". Un día en que a nai ourizo non acompaña os seus fillos por larpeiradas Espi desobedece os consellos maternos e case é atropelada por unha bicicleta cuxa propietaria pensa en levala para a súa casa, intención da que finalmente desiste. Deste xeito, os ourizos continúan as súas aventuras. O texto acompáñase das ilustracións figurativas e de cores escuras de Rodrigo Chao (Boiro, 1976). A cuberta ten un grande impacto visual coas siluetas dos ourizos en cor negra contrastando coa imaxe da lúa. As composicións están pensadas dende o punto de vista dos protagonistas e, ás veces, a liña de horizonte está moi alta e vense as paisaxes dende o chan. Hai aspectos visuais que axudan a comprender algunhas metáforas empregadas polo autor do texto.

Babarro, Xoán, *O misterio do príncipe pastor*, ilust. Enjamio, Vigo: Tambre, col. Ala Delta, n.º 18, serie verde, a partir dos 10 anos, 2007, 93 pp. (ISBN: 978-84-96772-14-4).

Relato fantástico de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947) no que por medio dun narrador omnisciente se conta a historia dun neno príncipe que se cría en terra de pastores, no país chamado Forcadela e Nogaledo. Un día unha misteriosa voz pídelle unha historia máis grande que os océanos, unha historia que a ceibe do seu encarceramento. O neno non entende nada, pois ignora que é un príncipe, pero cando chega a casa xunto a seus pais, Auria e Leo, decide que ten que salvar á persoa oculta

baixo aquela voz e emprende camiño en busca da historia axeitada. No camiño o príncipe encóntrase con xente que o vai axudando, pois polo visto alguén quere acabar con el, e pouco a pouco vaise dando conta de que é alguén importante. Co mandato de salvar á prisioneira, cruza a Mesta Foresta, faise amigo dos meniños can, escapa do cárcere do Invisible Barqueiro, libera ás nenas bonecas, sabe escoller o camiño do freixo, do teixo e do cancereixo e encontra a solución no reino cristaliño da Princesa de Baldaio. A princesa será a súa compañeira para contar unha historia máis grande que os océanos. Por enfrontarse á maldade e a todos os riscos que se lle puxeron por diante na súa aventura, o príncipe volverá onda seus pais e no seu país reinará coa princesa de Baldaio. Acompáñase o texto das ilustracións de Luís Castro Enjamio (Cuba, 1962). A cuberta presenta unha composición a cor dende a que asoma o protagonista. Pola súa banda, no interior hai varios debuxos a tinta e de estilo moi expresivo. Trátase de composicións (en branco e negro) que enriquecen o libro cunhas imaxes de gran forza visual, que vén reforzada por uns trazos de tinta negra intensa e sen diluir, acompañados por unhas manchas húmidas que se expanden pola páxina creando texturas variadas. Estes debuxos correspóndense con momentos importantes da narración e presentan os personaxes que teñen relevancia no texto cun deseño libre, estilizado e que achega aspectos interesantes do debuxo contemporáneo.

Babarro, Xoán, *A princesa que venceu a sombra*, ilust. Manolo Uhía, A Coruña: Editorial Everest Galicia, col. Montaña Encantada, serie amarela, a partir de 10 anos, 2007, 66 pp. (ISBN: 978-84-403-0536-7).

Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947), por medio dun narrador omnisciente e do diálogo dos personaxes, presenta a historia dunha princesa chamada Li, anana, pero moi lista, que se ve envolta nunha serie de aventuras para salvar o seu reino, Baldaio, da sombra do Círculo de Dragón. Ao ver o cambio producido no seu reino tras a ameaza "a liscar de contado, que veñen por un furado!", proferida por unha tartaraña, a protagonista decide ir na busca do culpábel de tanta destrución. Axudada polos amigos que vai facendo e grazas tamén ao seu poder de converterse en calquera animal que desexe (abella, muxo, araña, etc.) a pequena Li consegue visitar a sabia Vellavoa. Cos consellos desta e coa axuda de Antolín, o último pegureiro, e o seu carneiro Dondo, a princesa protagonista logrará descubrir o causante de tanto mal. Acompáñase o texto das ilustracións figurativas, de Manuel Uhía (Portonovo, 1944), que reflicten algunhas das escenas principais do relato cun estilo poético que se apoia nas formas curvas dos deseños e nas cores suaves e harmónicas que o ilustrador emprega. Nas imaxes aparecen os diferentes animais cos que a princesa se vai encontrando na súa viaxe. Así, os debuxos axudan ao lectorado agardado a seguir a narración.

Ben, Luís, *Feliz aniversario* (ISBN: 978-84-7824-523-9)/*Xogan coa neve* (ISBN: 978-84-7824-525-3)/*Pasean polo mercado* (ISBN: 978-84-7824-524-6), ilust. do autor, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Uxía e os Pillabáns, n.^{os} 7, 8, 9, [lectorado autónomo], 2007, [20] pp.

Nova entrega da colección, de Luís Ben, "Uxía e os Pillabáns", que ten como protagonistas a Uxía, Fito, Pipo e Noa. En *Feliz aniversario*, Uxía Fito e Pipo acoden á festa de aniversario de Noa e lévanlle de agasallo un Cd dos Chimpíns, o seu grupo

musical favorito. Na festa, antes de tomar a torta, xogan con globos de diferentes cores e á pelota. Despois de tomar a torta e cantar o "Parabéns para ti", Xurxo, un neno cego ao que os compañeiros axudan nos diferentes xogos nos que participa, encárgase de romper a piñata chea de lambetadas. A festa continúa co baile ao son da música dos Chimpíns e co baño na piscina. En *Xogan na neve*, o día esperta con todo cuberto de neve e os Pillabáns divírtense xogando a guindarse bólas de neve, facendo fotos e mesmo tentando facer un boneco no parque, que non rematan porque non son quen de poñer a cabeza enriba do corpo. A continuación, botan carreiras con sacos por unha costa abaixo e rinse ás gargalladas, até que os rapaces rematan caendo e comeza a nevar. Entón deciden recollerse, pero antes sacan unha foto co boneco de neve que rematou de facer o señor Fuco. En *Pasean polo mercado* os Pillabáns van á praza de abastos porque o pai de Fito lle encargou uns chourizos. Alí, ven á señora Carmen vendendo queixos da Arzúa; detéñense no posto da peixería para ver un polbo moi grande; fan bromas na carnicería cun "moneco sen cabeza" que resulta ser un polo sen plumas; no posto dos embutidos o señor Filipe dálle a Fito os chourizos que deixou pagados seu pai, mentres que as rapazas miran para os queixos; no posto da froita e verdura ven un can e comentan que á praza está prohibido traer animais e, no posto de flores, a señora Moncha dálle cadansúa flor a Fito e Pipo para que llelas agasallen a Uxía e a Noa. Tamén ven galiñas e pitos e, antes de coller o autobús, beben un grolo de auga fresca na fonte, pois están sedentos. Fito, pola súa banda, sen poderse resistir, come algún chourizo dos do señor Filipe. Cada volume vai acompañado de ilustracións figurativas do propio autor, moi coloristas e de estilo infantil, que axudan a comprender a historia e seguir o relato polas imaxes. As formas están construídas cunha liña negra e cores planas.

Referencias varias:

- Laura L. Aira, "A campaña 'Uxía e os pillabáns' comeza o sábado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 outubro 2007, p. 27.

Anúnciase a inauguración no centro comercial Área Central, de Santiago de Compostela, da campaña de fomento da lectura "Uxía e os pillabáns". Cítanse as autoridades asistentes e explícase a duración desta campaña dirixida a un público familiar. Recóllense as declaracións do responsábel do centro comercial, Juan Carlos Losada, nas que destaca a necesidade de achegar o galego aos cativos do medio urbano e a traxectoria do centro comercial na defensa e promoción da lingua galega.

Boullón, Ana e Pere **Tobaruela**, *A rebelión das rúas*, ilust. Andrés Meixide, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións/Consorcio de Santiago, col. Branco de Cores, n.º 3, [lectorado autónomo], 2007, 27 pp. (ISBN: 978-84-7824-537-6). ■

Relato fantástico realista de Ana Isabel Boullón Agrelo (A Pobra do Caramiñal, 1962) e Pere Tobaruela i Martínez (Barcelona, 1965) no que por medio dun narrador omnisciente e da voz dos personaxes se dá conta das medidas adoptadas polas rúas de Santiago de Compostela para que os nativos e visitantes da cidade recoñezan a súa importancia. Cansas de pasaren desapercibidas, de que os cidadáns non se fixen nelas e de que lles modifiquen o nome deciden, apoiadas por Branco de Cores, poñerse en folga. Durante oito días as rúas modifican a súa posición até que novamente se reúnen

con Branco de Cores, quen propón convocar a toda a xente diante da Catedral para falar da súa rebelión. Así, Branco de Cores, disfrazado de placa de rúa, le un manifesto no que informa de que os nomes das rúas gardan segredos, historias novas ou remotas, contos, etc. que están dispostas a compartir se así o desexan os oíntes. Sábese que a partir dese día a xente mirou as rúas doutro xeito. O texto acompáñase das ilustracións expresivas e de estilo figurativo, moi achegadas á estética do cómic, de Andrés Meixide (Vigo, 1970). Trátase duns debuxos de diversas prazas e rúas da zona histórica de Santiago, elaborados dixitalmente, que complementan e axudan a comprender o texto. Neles é visíbel a presenza de tonalidades frías nun primeiro momento, coincidindo coa parte do relato que transcorre durante a noite, e doutras cálidas, posteriormente, cando chega na narración textual a luz do día. As faccións dos personaxes son redondeadas e volumétricas e contrastan cos fondos planos e esquemáticos.

Referencias varias:

- José Matamoros, "La historia de Compostela a través de cuentos infantiles", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Patio de vecinos", 17 xaneiro 2007, p. L. 11.

Alude ao acto de presentación da colección infantil "Branco de Cores" na que participan autores como Xosé Antonio Perozo e Xosé Henrique Rivadulla. Comenta que as súas historias teñen como protagonista a un cabalo, cuxo nome lle dá título á colección, e que con elas se pretende dar a coñecer a cidade compostelá e as súas historias.

Calato, Óscar, *Frío, frío*, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, [lectorado mozo], 2007, 144 pp. (ISBN: 978-84-9865-027-3).

Novela de Óscar Calato na que se conta a historia de Martín, un adolescente ao que lle custa moito estudar e desta maneira ten que pasar o verán dando clases particulares no camping onde goza das vacacións cos seus pais. A súa profesora particular é Pilar, unha moza de pouco máis de vinte anos que estuda Química na Universidade de Santiago de Compostela. Entre os dous, alumno e profesora, estabelécese unha amizade pouco habitual. Martín insiste en saber cousas íntimas da vida de Pilar e ela desespérase porque el non é capaz de aprender. Pouco a pouco Martín vaise namorando da súa profesora e desta maneira interésase polos estudos. Esta é a historia principal do relato, pero tamén aparecen reflexións en primeira persoa de Martín, nas cales ofrece a súa visión de adolescente que experimenta os cambios propios da súa idade: o namoramento, a amizade, as primeiras festas, o contacto co alcol, etc. Ao carón de Martín e Pilar aparecen outros personaxes secundarios que acompañan ao primeiro no seu percorrido vital: o seu irmán Xurxiño, os pais, o primo Adrián, o seu amigo Emilio, etc. O volume, que non conta con ilustracións interiores, presenta na cuberta as insinuantes pernas dunha personaxe feminina.

Calveiro, Marcos S., *O carteiro de Bagdad*, XVIII Premio Ala Delta, ilust. Miguel Ángel Díez, Vigo: Tambre, col. Ala Delta, n.º 21, serie verde, a partir dos 10 anos, 2007, 138 pp. (ISBN: 978-84-96772-66-3).

Novela realista de Marcos Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968) na que o autor traslada

o lectorado agardado ao Bagdad en guerra a través de doce capítulos nos que se alternan episodios e temporalidades diversas para perfilar o antes e o despois da chegada do conflito. Achégase á vida dunha familia sunnita, principalmente ao neno Abdul, que alimenta a súa curiosidade cos relatos de seu pai e que intenta interpretar os longos silencios da súa nai, Fatiha; non acode á escola porque non hai e leva meses xogando só, lonxe do seu amigo da infancia, de familia xiíta, por diferenzas que el non percibe e por misterios que non logra comprender. Abdul ten un pai carteiro, Ibrahim, que arrisca a vida para repartir o correo na súa motocicleta, que ama os seus prezados libros e que non pode máis que chorar ao se ver obrigado a malvendelos. Un carteiro consciente de que, se cadra, nas mensaxes que entrega reside un retallo de esperanza para que os seus veciños se aferren á vida, e que desexa atopar o destinatario dunha misteriosa carta que garda dende hai tempo. Será seu fillo quen cumpra o desexo, para o cal terá que emprender unha perigosa viaxe que fará medrar a Abdul e que se revelará cargada de esperanza polo valor que reside nas palabras, na oralidade e na transmisión dun imaxinario, simbolizados na voz do vello destinatario da misiva.

Recensión:

- Juan Floriani, "É un premio ó galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 decembro 2007, p. 33.

Refírese á obra de Marcos Calveiro, *O carteiro de Bagdad*, gañadora do Premio de Literatura Infantil Ala Delta. Comenta que a obra conta a historia do correo na capital de Iraq, onde un neno reparte a cotío o correo na súa motocicleta. De seguido, salienta a importancia de recibir este galardón a nivel nacional e considera que non é un premio só para o autor senón tamén para a lingua galega.

Calveiro, Marcos S., *Rinocerontes e quimeras*, ilust. do autor, Vigo: Tambre, col. Catavento, n.º 20, [mocidade], 2007, 157 pp. (ISBN: 978-84-96772-17-5).

Novela de Marcos Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968) na que se narra unha historia que comeza nun vagón de tren abandonado no que se atopan varios nenos que presentan algunha característica propia dun animal. Así, o lectorado agardado coñece o nenopingüín, a nenaxirafa, a nenasiamesas, a nenapaxaro, a nenolifante e ao seu vixiante Balote. Ao longo dos diferentes episodios cóñecese a razón pola que están encerrados nese vagón e a historia de cada un dos protagonistas que narran en primeira persoa como foi a súa infancia e como acabaron traballando no circo de Míster B. Estes "nenos-animais" e Balote fixéranse moi famosos traballando para Míster B até que a xente se sentiu máis atraída polas máquinas que o xefe acabou adquirindo para o seu negocio. Despois dun incendio foron abandonados polo xefe e encerrados nese vagón, razón pola que ao longo do transcurso da historia discuten entre eles se deben fuxir ou agardar por se Míster B volve a por eles. Finalmente, saltan do vagón e no mesmo momento en que pousan os pés no chan convértense en nenos e remata a súa desgraza. As ilustracións do propio autor introducen, dende a propia cuberta, ao lectorado agardado no mundo circense.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Freaks. Un entretecido sólido”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 217, “Libros”, 20 setembro 2007, p. IV.

Afirma que este libro enfronta o lectorado agardado a unha historia de finais do século XIX, a un drama vivido por un grupo de rapaces deformes que despois de actuaren durante anos como atracción circense ven como caen no esquecemento do público. Reflexiona sobre os principios éticos da sociedade de hoxe en día ao redor das persoas con deficiencias. Tamén comenta algúns desleixos evitábeis na obra, como erros lingüísticos ou anacronismos.

- María Jesús Fernández, “Rinocerontes Quimeras”, *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 206, “Libros novedades”, novembro 2007, p. 63.

Considera esta obra de “extraordinaria novela” que xustifica as expectativas xeradas por este autor tras o seu primeiro relato *Sari, soñador de mares* (2005). Salienta a estrutura narrativa, a orixinal formulación temática “aunque en su desarrollo encontramos ecos de los clásicos de aventuras de la literatura y el cine”. Dá conta do argumento da historia e remata dicindo que ten un final aberto, esperanzador e tráxico á vez.

- Ana Amado Reino, “Todos somos monstros”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 4, “proPostas”, outono 2007, p. 14.

Di que *Rinocerontes e quimeras*, de Marcos S. Calveiro, conta a historia de seis nenos deformes pechados nun vagón de tren abandonado que non saben que fan alí, pero a quen a persoa que se encarga deles lles di que o circo é o único sitio onde poden ser felices. Coméntase que cada un dos personaxes conta a súa triste historia, como foron vítimas do odio dos demais por seren diferentes, e que deste xeito o lector agardado se compadece deles e se angustia porque non ven solución á situación pola que están pasando. Dise que grazas a este libro ambientado no século XIX o lectorado agardado comproba que hoxe en día se segue sendo ruín con quen é diferente.

Carballude, Pepe, *Miña avoa ten 13 anos*, ilust. David Pintor, Vigo: Tambre, col. Ala Delta, n.º 17, serie verde, a partir dos 10 anos, 2007, 102 pp. (ISBN: 978-84-96772-15-1).

Novela de Pepe Carballude (Rubín, A Estrada, 1956) na que, valéndose dun narrador omnisciente e dos diálogos dos personaxes protagonistas (Bea, unha moza de trece anos, e a súa avoa Carme), o autor se achega á terceira idade e ás súas enfermidades. Nárrase como, dende que Carme enferma de alzheimer e vai vivir a unha residencia de anciáns, a súa neta Bea decide visitala todos os días para facerlle compaña e escribirlle todos aqueles contos, fábulas e ditos que súa avoa lle contaba para volver a compartilos con ela. Descóbrese a unha Bea que non só escribe os contos de Carme senón tamén todo aquilo que a está a inquietar. A avoa convértese deste xeito na súa confidente, que aprecia moito os seus relatos e a anima a que continúe escribindo. Co paso do tempo, Bea coñece outros anciáns cos que estabelece amizade, como o señor do papagaio, de aparencia algo enganosa, e Basilio, o cesteiro, e, unha vez que súa avoa Carme morre por causa dun derrame cerebral, Bea proponlle a Basilio, que tamén está entristecido porque a súa familia non pode visitalo, que sexa o seu avó adoptivo. As ilustracións que acompañan o texto, moi coidadas nos detalles para ofrecer maior información ao

lectorado agardado, son da autoría de David Pintor (A Coruña, 1975). Trátase de ilustracións en tonalidades de grises nas que Pintor emprega a desproporción de obxectos e personaxes alongados, o que lle confire dinamismo ás imaxes. Nalgunha ocasión, o ilustrador crea texturas nos volumes a partir da repetición de trazos moi finos, superpostos ou seriados, para crear diferentes tramas.

Carreiro, Pepe, *Un peregrino en Melide* (ISBN: 978-84-8341-148-3)/*O segredo do Carballiño* (ISBN: 978-84-8341-185-8)/*O campión das Pontes* (ISBN: 978-84-8341-156-8)/*A romaría do Monte Tegra* (ISBN: 978-84-8341-202-2), ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, col. Os Bolechas van de viaxe, [lectorado autónomo], 2007, 27, pp.

Novas entregas da colección "Os Bolechas van de viaxe" de Pepe Carreiro (Vigo, 1954). N'*Un peregrino en Melide* os Bolechas hospédanse na pousada dos pais da Carolina, "O Formigueiro", que atende a peregrinos. Despois de almorzar Carolina ensínalles unha ponte pola que pasa o camiño Francés e coméntalles que é moi antiga. No paseo atópanse cuns peregrinos galos que buscan pousada e lévanos ao "Formigueiro". O pequeno peregrino francés, Jacques, farase amigo dos irmáns Bolechas e de Carolina, razón pola que, para non continuar o camiño a Compostela e quedar cos seus novos amigos o maior tempo posíbel, porá diferentes escusas. Finalmente, Jacques convencerá aos pais dos Bolechas e de Carolina para que os deixen ir con eles facer o camiño a Compostela. N'*O segredo do Carballiño* os irmáns Bolechas viaxan cos seus avós ao Carballiño. Mentres que os avós van ao balneario, os irmáns protagonistas pasan o día na Festa do Pulpo coa súa amiga Emilia, quen lles conta un segredo, pensando que os seus amigos non o van dicir. Dalia divulga o que lle contaron e o segredo espállase por toda a vila. N'*O campión das pontes* os irmáns Bolechas e as súas amigas, as xemelgas Rebeca e Lorena, participan en diversas actividades na festa da Fraga da vila das Pontes. En todas esas actividades sempre son vencidos por Felipe Eduardo, un neno de alta casta que aproveita a súas mellores condicións e se xacta das súas xestas. Os protagonistas séntense feridos pola fachenda de Felipe, polo que organizan unha partida de parchís coa que cren poder derrotalo. N'*A romaría do Monte Tegra* cóntase como os Bolechas chegan A Guarda na desembocadura do Miño e van tocar os bombos cos seus amigos Os Perolas e a banda dos trangalleiros que dirixe Cecilia. Esta porfía para que Carlos toque con eles, obxectivo que finalmente consegue. Acompáñanse estes volumes das ilustracións figurativas do propio autor, realizadas a toda cor, con tintas planas e coas formas remarcadas por unha liña grosa. As escenas que se presentan, de páxina completa, correspóndense totalmente co texto, polo que a narración pode seguirse perfectamente só coas imaxes.

Recensións:

- Sonia Vizoso, "Os Bolechas, superheroes do cotián", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 30 marzo 2007, p. 46.

Comentario da serie "Os Bolechas", de Pepe Carreiro, da que se di que é "o maior supervendas da historia da literatura infantil galega" e da que se calcula que chegaron a venderse até o momento máis dun millón de exemplares en Galicia e Portugal. Recóllense as palabras do autor, quen sinala que no ano 2000 quixo crear unha serie

dunha familia normal, na que non apareceran seres máxicos, na que a realidade permitira "facerlle pasar aos cativos un bo rato cun libro nas mans". Lembra que no inicio se considerou unha aposta moi simple que non ía ter éxito, pero que conectou cos máis pequenos dende o inicio. Sinálase que a través destas obras se achegan os rapaces ao galego con normalidade. Lémbranse algunhas das situacións vividas polos seis protagonistas e as diferentes series nas que se distribúen. Anúnciase que en breve sairá ao mercado un volume no que os irmáns protagonistas van de viaxe por Melide e que o autor está a traballar noutra serie de superheroes. En cadro á parte anúnciase que en breve sairá a versión televisiva destes irmáns e un sitio web, "O mundo dos Bolechas". Adiántanse tamén outras iniciativas, como todo tipo de material promocional e libros destinados ao baño. Lémbrase que de momento se publicaron cento trinta títulos e que se chegará aos cento oitenta antes de que remate o ano, ademais de que a Consellería de Educación e a Secretaría Xeral de Política Lingüística van empregar nunha campaña a estes personaxes. Remátase coa referencia aos hábitos lectores, que en cidades como A Coruña, con máis índice de castelán-falantes, seis dos títulos dos Bolechas están entre os oito libros máis solicitados no pasado ano.

Carreiro, Pepe, *Como producir menos lixo*, Vigo: A Nosa Terra, col. Os Bolechas queren saber, n º 18, [lectorado autónomo], 2007, 29 pp. (ISBN: 978-84-8341-200-8).

Conto de Pepe Carreiro (Vigo, 1954), de tendencia realista e cunha temática relacionada coa vida cotiá, no que por medio dun narrador en terceira persoa se conta que en Galicia se producen tremendas cantidades de lixo a diario. Coa axuda dos Bolechas ensínaselle ao lectorado agardado o que se debe facer para producir moito menos lixo e poder reciclar. Así, aconséllase usar o carro da compra ou bolsas de tea, xa que as bolsas de plástico contaminan; non mercar alimentos que veñan en bandexas, xa que tardan moitísimo en desintegrarse; mercar botellas de vidro e non bricks, porque aquelas poden ser recicladas infinitamente; usar panos de mesa de tea e non de papel, porque se evita o gasto de papel innecesario e, finalmente, aproveitar ben a comida, xa que se desperdician kilos dela diariamente e hai moita xente pasando fame no mundo. Acompáñase o texto das ilustracións figurativas do propio autor.

Carreiro, Pepe e Víctor **López Román**, *O Xurés*, ilust. Pepe Carreiro, Vigo: A Nosa Terra, col. Os Bolechas descobren a natureza, [lectorado autónomo], 2007, [20] pp. (ISBN: 978-84-8341-149-0).

Nova aventura dos irmáns Bolechas na que, xunto co biólogo Silvestre, visitan o parque do Xurés, situado entre Galicia e Portugal. Alí, montan nun cabalo manso típico da zona; descobren a vaca cachena e as súas características, o merlo que chega a Galicia en primavera dende África, as cabras bravas, etc. É dicir, entran en contacto con diferentes animais e tamén plantas e árbores típicos da zona. Acompáñase o texto de ilustracións figurativas e coloristas nas que os personaxes protagonistas están debuxados e superpostos a un contorno real fotografado.

Carreiro e Carreiro, *O ladrón de mel* (ISBN: 978-84-96673-09-0)/*Castañas con porco bravo* (ISBN: 978-84-96673-34-2)*/Farrapos de seda* (ISBN: 978-84-96673-40-3), Noia: Editorial Toxosoutos, col. Os pequenos barbanzóns, n^{os} 1, 2, 3, [prelectorado],

setembro-decembro 2007, 33 pp.

Nova serie na que Pepe Carreiro (Vigo, 1954), coa colaboración de seu fillo Abraham, recupera os personaxes infantís da colección de banda deseñada "Os Barbanzóns". Trátase de contos ilustrados, troquelados e de estrutura moi sinxela, nos que se desenvolven as aventuras dos membros máis pequenos da tribo que habita nos castros de Baroña, onde viven Son, Minu e Baal; no castro de Neixón (Boiro), onde vive Manicho Cativo; e no castro de Porto Baixo (Corrubedo), onde vive Duna. Tras o relato da aventura inclúense unhas páxinas con debuxos para colorear. Na primeira entrega, *O ladrón de mel*, os cativos terán que solucionar a desaparición do mel das colmeas dos tíos de Manicho Cativo. Unha enxeñosa trampa e a forte chuvia axudarán a resolver o misterio e a atrapar os culpábeis de papar o mel do castro de Neixón. En *Castañas con porco bravo* os rapaces teñen que se enfrontar a un porco bravo moi enfadado porque os protagonistas lle rouban as castañas do souto. Baal, Son, Minu, Duna e Manicho acubíllanse nunha cabana na cima dun castiñeiro mentres agardan a que os maiores veñan rescatalos, aínda que estes non lograrán acabar coa teimosía do porco bravo. Na terceira entrega de 2007, *Farrapos de seda*, cóntase como os rapaces, fartos das súas roupas ásperas e pesadas, deciden comprar nun barco que chegou do Mediterráneo unhas fermosas teas de seda. Mais, cando dá en chover, descobren que os farrapos do Mediterráneo, como lles chama a súa avoa, non abrigan nada en comparanza cos seus gabáns. No que atinxe á ilustración, os protagonistas aparecen na cuberta ao lado do título da colección, mentres que na parte interior da portada aparecen xunto ao seu nome. O estilo figurativo das imaxes achega detalles da época na que ocorren as aventuras: das paisaxes, das roupas, das arquitecturas e dos utensilios que usaban. Os debuxos están rodeados dunha liña negra e coloreados con tintas planas e sen intencións volumétricas.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, "Os pequenos barbanzóns", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 228, "Infantil/Xuvenil", "Andel de novidades", 6 decembro 2007, p. VII.

Breve nota que anuncia a aparición da serie "Os pequenos barbanzóns", produto literario que deriva do cómic *Os Barbanzóns*, e que desenvolve as fazañas dos cativos da tribo. Apunta brevemente o argumento da primeira entrega da colección, *O ladrón de mel*, centrado na aventura dos cativos para resolveren a desaparición das colmeas dos tíos de Manicho Cativo.

Casalderrey, Fina, *Apertas de vainilla*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2007, [28] pp. (ISBN: 978-84-9865-011-2)

Relato de Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra,1951) no que se aborda o tema da amizade a través dun narrador omnisciente e da voz dos propios personaxes. Nun segundo plano trátase o tema da discapacidade visual que padece Roi que, lonxe de afastalo do mundo, lle esperta unha enorme imaxinación á hora de relacionarse coa súa mellor amiga Magali até que un día ela ten que ir vivir a outra cidade. Nese intre, ambos os nenos intercambian agasallos de despedida e Magali inventa un divertido xogo para cando estean separados e que consiste en abrir a fiestra e mandarlles mensaxes ás nubes que serán transportadas polo aire e que os manterán unidos por sempre. Manuel Uhía

(Portonovo-Pontevedra, 1944) presenta nesta ocasión un estilo figurativo-fantástico moi particular. Son debuxos de formas sinxelas, que abarcan toda a páxina e que presentan tonalidades suaves e luminosas que veñen dadas polo material: o pastel. Nas composicións destaca o emprego da liña curva que fai as imaxes máis dinámicas. Trátase de ilustracións que achegan gran cantidade de detalles e que incrementan a información do texto.

Casalderrey, Fina, *A Pomba e o Degolado*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 100, [lectorado mozo], marzo 2007, 171 pp. (ISBN: 978-84-9782-559-7).

Novela realista, da vida cotiá, de Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951), na que fundamentalmente por medio dun narrador en primeira persoa se conta o que lle está a acontecer a André, un neno que sofre de abusos por parte duns rapaces da escola e que tamén ten outros problemas familiares, tales como a separación de seus pais ou a morte de seu avó, que o entristecen. Así as cousas André somérxese nas súas dúas paixóns, os paxaros e internet. Na arañeira informática chatea co nick "Degolado" e coñece a "Pomba", que lle axuda en moitas ocasións e pola que se sente atraído. Finalmente, descóbrese que "Pomba" é unha rapaza da escola que tamén lle gustaba e coa que xa tiña gran relación. O volume, que non acolle ilustracións interiores, presenta na cuberta unha metafórica fotografía, realizada por Manuel G. Vicente, que achega moitas claves para entender os sentimentos reprimidos do protagonista, un neno "engaiolado" por culpa do acoso que sofre na súa vida cotiá, unha inxustiza canalizada visualmente a través da man que agarra con forza a gaiola dos paxaros. A composición das gaiolas xera unha imaxe que semella un edificio ou mesmo un conxunto de pavillóns propios dunha cárcere, privativos da liberdade de voar a outros lugares, como lle acontece a André.

Recensións:

- María Navarro, "Adolescencia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 206, "Infantil/Xuvenil", 10 maio 2007, p. VII.

Comenta que as "voltas e reviravoltas" da vida diaria dun neno, que se fai adolescente, se converten no eixo do texto que Fina Casalderrey vén de publicar baixo o título *A Pomba e o Degolado*, "dous nomes de paxaros susceptibles de ser interpretados en clave metafórica como un desexo de liberdade que, a miúdo, é impedido polas reixas da propia realidade". A seguir, detalla o argumento e sinala que son numerosos os temas e os tópicos tratados no texto, ademais de puntualizar que se trata dunha "paradigmática 'novela de instituto, que quizais divirte aos rapaces", mais que pouco achega ao panorama da literatura galega en canto á calidade.

- María Conde, "Fina Casalderrey aborda el acoso escolar en su nueva obra *A pomba e o degolado*", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 outubro 2007, p. 47.

Faise eco da presentación d'*A Pomba e o Degolado* nun acto celebrado no Café Moderno no que a actriz Uxía Blanco leu algúns fragmentos do libro. Detalla o argumento da historia e recolle algunhas palabras da autora, que confesa que se lle "remexeron as entrañas" cando a escribiu e puntualiza que neste tipo de literatura,

enmarcada pola realidade, "a denuncia social é inevitable". Así mesmo, a escritora pontevedresa matiza que o acoso é só un dos varios temas que aborda a obra e que o máis importante do libro radica en como contas o agromar dunha flor ou un paseo para que seduza.

- Belén López, "Un necesita deses ollos que o miran e, como pouco, simulan que o atenden", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 360, "Mil primaveras máis!", 14 outubro 2007, pp. 6-7.

Entrevista na que Fina Casalderrey se centra no comentario d'*A Pomba e o Degolado*, obra da que Manuel Bragado di que "Estamos ante unha das obras de literatura xuvenil das máis relevantes e significativas de todas cantas se teñen publicado en España este ano". A autora pontevedresa explica como seleccionou os diferentes elementos que integran a obra e cal foi o proceso de elaboración, ademais de detallar o argumento, centrado nun rapaz que, na loita por encontrar os seus propios espazos, atopa no ordenador un medio para manter unha fermosa amizade con Pomba. Sinala que a maneira de contar esta historia foi un experimento para ela e fala de como lle gusta sentirse arroupada nas presentacións das súas obras. Por outra parte, ademais de referirse a María Victoria Moreno, fala da súa relación cos rapaces no ámbito escolar, co que se relacionan moitas das súas obras, de como tivo que documentarse para escribir esta historia de internet e do importante que é achegarse ao mundo dos rapaces para poder comunicarse con eles.

- María Jesús Fernández, "A pomba e o degolado", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 210, "Libros/Novedades", decembro 2007, p. 69.

Recorda que unha vez máis a autora introduce ao lectorado agardado na alma confusa dun adolescente e que tamén recorre á primeira persoa para narrar os seus sentimentos. A seguir, describe a historia que se conta durante as horas previas a un encontro importante para o protagonista mentres bota unha ollada ao que foron os momentos máis significativos da súa vida.

Casalderrey, Fina, *Xela volveuse vampira!!*, ilust. Noemí López, A Coruña/Santiago de Compostela: Baía Edicións/Xunta de Galicia, "Contos da igualdade", n.º 2, [lectorado mozo], outubro 2007, 55 pp. (ISBN: 978-84-96893-21-4) ■

Conto fantástico realista de Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) no que por medio dun narrador en primeira persoa, Breixo, un alumno de Xela, se conta o cambio que esta manifestou ao regreso das vacacións e que leva ao rapaz e aos seus compañeiros a pensar que se converteu nunha vampira. Cando o protagonista se dirixe á casa da súa mestra para tratar de axudala atópase cunha diminuta rapaciña, Rute, á que só poden ver aquelas persoas que nacesen un domingo e tivesen bo corazón e que lle di a Breixo que lle pida un desexo. O rapaz solicitará coñecer o que lle pasa á súa querida profesora e deste xeito descubrirá que Xela é vítima da violencia de xénero, pois Cibrán, o que dende hai pouco tempo é o seu marido, a maltrata. Ante esta situación, Rute converte a Cibrán nun cocho que escapará do seu propio cheiro e Xela volve ser a de sempre. A narración textual está acompañada das ilustracións figurativas de Noemí López (Xixón, 1974). Trátase dunhas composicións dinámicas que achegan un ritmo acelerado á narración grazas ao emprego da liña curva, dos escorzos e dos cambios de

planos. As imaxes, que se corresponden con situacións significativas da narración textual, presentan, no tocante ás cores, unha gran riqueza de matices en tons escuros que apoian cromaticamente os estados de ánimo da protagonista.

Referencias varias:

- Juan Fernán, "Xela volveuse vampira!', de Fina Casalderrey", *El Ideal Gallego*, "*La Galería!*", n.º 492, "Vivir en A Coruña", 11 novembro 2007, p. 6.

Faise eco da presentación de *Xela volveuse vampira!*, de Fina Casalderrey, obra na que se trata o tema da violencia contra as mulleres dende a perspectiva dun neno. Sinala que o libro completa a colección "Contos da igualdade", dirixida a un público infantil. Coméntase que é unha serie coa que se quixo romper coa tendencia nos contos infantís de asignar roles estereotipados aos máis pequenos, que condicionan a capacidade de soñar sen límites no propio futuro e de imaxinar un mundo de verdadeira igualdade entre homes e mulleres.

Casalderrey, Fina, *Un cabalo de lume*, ilust. Valentí Gubianas, A Coruña: Baía Edicións, col. Mar de Letras, n.º 4, [lectorado autónomo], outubro 2007, 60 pp. (ISBN: 978-84-96893-27-6).

Relato de Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) na que a autora se achega aos incendios que asolagaron Galicia en 2006 a través da historia do avó Paco e do seu bisneto Francisquiño. O avó Paco, un mestre de escola xa ancián, vive só nunha aldea. A súa neta e a policía obrígano a abandonar a súa casa por mor do lume que se achega, mais antes de marchar o protagonista leva no peto un carballo pequeno que, en compañía do seu bisneto, planta nun penico para que o día de mañá sexa un gran carballo, ao igual que o eran os que arden no incendio que os acosa. Acompáñase o texto das ilustracións figurativas de Valentí Gubianas nas que as pinceladas de pintura, vermella e amarela, moi espesas, serven para describir as laparadas do lume protagonista. As figuras dos personaxes están resoltas con trazos sinxelos

Casalderrey, Fina, *Ola, estúpido monstro peludo!*, ilust. Irene Fra, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 154, a partir dos 10 anos, 2007, 110 pp. (ISBN: 978-84-9865-038-9)

Relato de Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) que aborda os temas do amor e da amizade. Nel nárrase o soño que ten Muriel e no que seu pai, ante o embarazo da súa muller, se converte de súpeto nun monstro peludo que quere que o seu próximo fillo sexa un varón e que bota sapos pola boca, feitos que entristecen á nai do protagonista. Un soño, no que tamén se incendia a casa na que viven con eles dentro. Ao espertar, será cando Muriel entre novamente en contacto coa realidade na que el é un neno, súa irmá aínda está no ventre de súa nai e seu pai segue sendo un home normal. Este relato acompáñase das ilustracións figurativas de Irene Fra (Mataró, 1971). A cuberta está resolta a toda cor e presenta aos protagonistas en concordancia co título, mentres que no interior os debuxos, feitos con dúas tintas (negra e vermella), constrúen unhas escenas moi imaxinativas para ilustrar este relato fantástico. Aspectos da realidade mestúranse

con elementos do pensamento ou dos sentimentos o que configura unhas imaxes de corte surrealista. O tratamento das liñas segue un estilo moi dinámico, sobre todo as que representan os pelos do monstro.

Casalderrey, Fina, *Gordiño recheo*, ilust. Xan López Domínguez, Vigo: SM/Xerme Edicións, col. O Barco de Vapor, n.º 28, serie laranxa, a partir dos 9 anos, 2007, 110 pp. (ISBN: 978-84-9854-001-7)

Relato realista de Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) no que se abordan os temas da obesidade, a amizade e a familia. Nel, Zoel, o protagonista, conta a través dunhas memorias o que lle ocorreu no campamento e os motivos que o levaron a estar na cama dun hospital, cunha costela rota e os pés escaiolados. Zoel dáse conta a través dun libro que lle regala seu tío que é obeso e grazas a isto e coa axuda da súa familia e a enfermeira conseguirá solucionar os seus problemas de hipertensión e colesterol e, xunto co seu pai, ser feliz a pesar de que súa nai xa non estea con eles. As ilustracións figurativas de Xan López Domínguez (Lugo, 1957) representan escenas significativas do relato. O ilustrador, que bota man das tintas grises aplicadas de xeito plano, xa que non pretende conseguir sensación de volume, recorre a formas rodeadas dunha grosa liña negra.

Castro, Francisco, *O ceo dos afogados*, Finalista do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2007, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 108, [mocidade], outubro 2007, 182 pp. (ISBN: 978-84-9782-654-9).

Primeira novela xuvenil de Francisco Castro (Vigo, 1966) na que explora a temática ecoloxista presente na literatura infantil e xuvenil en obras como *As flores radiactivas* (1989), de Agustín Fernández Paz, *O rescate do peneireiro* (1990), de Marilar Aleixandre ou mesmo *Mutacións xenéticas* (1991), de Fina Casalderrey. O ceo dos afogados combina a intriga co tratamento de temas como a incomunicación entre os humanos e os animais e o desenvolvemento sostíbel do planeta. Na historia, dividida en dúas partes, relátase o acontecido cinco anos atrás, un enigma para o que ninguén atopou unha explicación certa. A aparición en doce puntos diferentes do planeta de grupos de golfiños que fican estantíos en círculo coma se estivesen afogados e emiten secuencias de sons, provoca o desconcerto da comunidade científica internacional. Este feito é percibido por Jonathan, un rapaz galego de quince anos que sofre unha estraña síndrome que o incapacita para se comunicar co resto dos seres humanos mais que, non obstante, se sente feliz coa súa terapia con golfiños. A historia combina o misterioso feito do mundo animal e as súas causas coa relación entre o rapaz e seu pai, Rafael, que observa asombrado os cambios que está a experimentar seu fillo. Jonathan desaparece unha noite e, guiado polo seu instinto e a chamada insistente dos animais, diríxese a Ourense. Tras camiñar durante horas chega a unha aldea abandonada e percorre os montes da contorna até dar cunha loba, que lle axuda a se introducir na empresa Rioindustrial, responsábel do vertido de augas residuais contaminadas. A novela mestura diversas modalidades discursivas –reprodución do pensamento caótico de Jonathan, noticias dos medios de comunicación, mensaxes de correo electrónico, artigos científicos, referencias e fotografías tomadas da web sobre os golfiños, etc.–, e recorre a múltiples puntos de vista narrativos, pois ademais dun narrador omnisciente principal, dáselles entrada ás voces de narradores secundarios en primeira persoa: Rafael, o

químico Dimas Piñón e o matemático con problemas psiquiátricos Michael Junk. A fotomontaxe da cuberta realizada por Antonio Seijas (Ares, 1976) expresa visualmente tanto o título como o relato do libro. A fotografía, de tonalidades cálidas, ofrécelle moitas claves ao lector do que se vai atopar na trama, xa que o ceo está constituído baixo unha textura translúcida como o mar, onde as siluetas de golfiños aparecen formando círculos concéntricos. Ademais este ceo está formado pola contaminación atmosférica que botan as chemineas dunha fábrica.

Recensións:

- M.P.P., "A forza da utopía", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 5, "proPostas", inverno 07/08, p.15.

Dise que a obra de Francisco Castro foi finalista do segundo premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil. Tamén se sinala que se trata dunha ficción ecoloxista moi pouco frecuente nos autores galegos.

Referencias varias:

- M.B., "Quería que os rapaces reflexionasen sobre a bomba humana que somos", *A Nosa Terra*, n.º 1.287, "Fin de semana", 1 novembro-3 decembro 2007, p. 34.

Nesta entrevista, Francisco Castro fala dos personaxes da súa novela, *O ceo dos afogados*, coa que foi finalista do Premio Fundación Caixa Galicia, entre os que destaca os delfíns e un rapaz de nome Jonathan. Sinala que se trata dunha fábula ecolóxica cunha gran carga crítica e que comezou a escribila en novembro de 2006. Fala tamén de que quería facer reflexionar os menores sobre "a bomba nuclear que somos" e alude á súa obra *Un bosque cheo de faias* (2004). Conclúe mencionando a súa volta á internet, ademais de referirse ao novo proxecto narrativo que está a preparar.

Cobas, Amadeo, *As pantasmas sodes do que non hai*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Docexvintedous, [mocidade], 2007, 115 pp. (ISBN: 978-84-7824-536-9).

Narración fantástica de Amadeo Cobas (Noia, 1966) cunha clara compoñente humorística na que Gorecho Papa Gaio, un finado duns cincuenta anos, conta en primeira persoa, cun discurso que bota man da ironía e da parodia, as súas andanzas tras o seu pasamento e a súa chegada ao Ceo. Nese transo, en vez de obter un descanso en paz e en vista de que pasou pola vida sen mérito ningún que permita xulgalo, sen saír da súa aldea natal e con claras inclinacións cara á nugalla, o alcohol e o xogo, os funcionarios que tramitan os destinos dos mortos deciden convertelo en pantasma e envialo de novo ao mundo dos vivos acompañado dunha muller que será a encargada de guialo. Con esta segunda oportunidade e xa na Terra, Gorecho Papa Gaio percorre diferentes escenarios. Primeiro visita Mallorca, pero deseguido viaxa á súa terra natal, Galicia, onde vai realizar un percorrido por varios enclaves que lle descubrirán moitos costumes, lendas e tradicións galegos que antes nunca se preocupara de coñecer. Así, vai nun concerto de Siniestro Total, visita as Illas Cíes, Fisterra, o castelo de Vimianzo, Santiago de Compostela, Vigo, Santo Andrés de Teixido, Noia ou o mosteiro de

Caaveiro. A súa misión é superar algunha proba que lle outorgue o mérito suficiente para acabar no ceo. Sen actitudes para acometer ningunha empresa, Papa Gaio amosa o seu desconcerto ante a súa nova condición de pantasma, aínda que finalmente logra superar un desafío na praia das Catedrais que o redime e pode así gozar dunha pacífica existencia no ceo a carón da súa acompañante, da que acaba namorándose.
A ilustración con tratamento dixital elaborada por Alejandro Maceda amosa, nun primeiro plano, un cabalo de pedra que semella ser unha fonte de auga. Se o lectorado observa detidamente a cuberta, no lado esquerdo da ilustración, aparece ao carón da fonte, unha imaxe esvaecida dunha persoa, como unha pantasma mimetizada no contorno.

Constela, Xesús, *Libro das alquimias*, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, [mocidade], outubro 2007, 188 pp. (ISBN: 978-84-9865-025-9).

Con esta novela Xesús Constela (Ferrol, 1963) achégase á literatura xuvenil tras se dar a coñecer co libro de relatos *As humanas proporcións* (2004). Un vello escritor de éxito, sentindo próximo o remate da súa vida, retrocede até a súa infancia para contar como coñeceu un ancián misterioso do que recibiu un segredo que lle mudou a vida. A narración comeza coa fascinación que esperta nel a chegada dun vello ao baixo do seu edificio. Intrigado polas súas estrañas entradas e saídas do local, sempre turrando dun carro da compra, decide invadir a intimidade do home e así descobre que está completamente xordo e vive rodeado de milleiros de libros coas páxinas en branco. O seu asombro aumenta cando un deles dá en voar e mesmo é quen de provocarlle indescifrábeis visións acompañadas de berros que advirten sobre a necesidade de salvar os libros. O ancián mantén co rapaz unha serie de conversas nas que lle explica que os libros son entes dotados de vida que transportan a quen se achega a eles aos confíns do mundo e coa capacidade singular de transformaren a realidade á súa vontade. Fálalle tamén da persecución incesante da que foron obxecto ao longo da historia da humanidade e ambos percorren, grazas ás alquimias que amosan aqueles libros, o lugares remotos no espazo e no tempo para asistiren á súa destrución. O home detense especialmente na historia de Alexandría, lugar do que procede, e no que comezou a maldición que o converteu en eterno custodiador dos libros ameazados. Na súa lembranza ocupa un lugar central Hypatia de Alexandría, unha fermosa e sabia muller da que se namorou, e que morreu vítima da barbarie que rodeou a aniquilación do centro da ciencia e da cultura. O rapaz recibirá finalmente de mans do ancián aquel primeiro volume voador para que o protexa ao longo da súa vida, advertíndolle que nunca debería revelar o segredo da súa alquimia. Debido á morte de seus pais e ao conseguinte traslado de cidade, o rapaz deixa de ver aquel vello, ao que nunca máis volverá atopar, nin sequera ao longo das súas sucesivas entradas nas alquimias daquel libro, nas que tivo ocasión de albiscalo salvando libros de entre as lapas no esmorecer do Califato de Córdoba no século XI ou no Berlín de 1933 coa irrupción do nazismo. Tampouco nas súas visitas ao estudio do pintor Marteen van Heemskerck, ligado a aquel vello para quen pintou un retrato de Hypatia, terá noticias certas do seu paradoiro, aínda que será el que lle revele que antes ca el, o seu segredo foi coñecido por homes como o poeta Arthur Rimbaud, que ao revelalo se viu envolto nunha existencia desgraciada, e o pintor Edvard Munch, que quixo explicarlle ao mundo a desolación que produce a destrución dos libros no seu cadro *O grito*. A piques de cumprir noventa anos e sentindo próxima a fin da súa existencia, decide contar a súa historia nestas páxinas, rompendo aquel pacto que fixo co vello e agardando o desenlace da súa decisión.

Trátase dunha novela que constitúe unha homenaxe ao libro na que salienta a densidade de temas e a irrupción de personaxes e feitos históricos.

Recensións:

- Jose M.ª Gómez, "O máxico dos libros é que se te metes a viaxar neles, nunca sabes onde che vai levar", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 460, 23 decembro 2007, p. 2.

Conversa na que Xesús Constela sinala que este libro pretende envolver ao lectorado na historia fantástica dun neno que un día descobre no portal da súa casa a un vello moi misterioso que atraerá a súa atención. Constela destaca que coa súa escrita procurou enganchar ao lectorado coa intriga cun toque do conto infantil. Comenta que se atopa especialmente cómodo na narrativa fantástica, que é difícil vivir do libro en Galiza, que ten influencias de Gabriel García Márquez, de Alejo Carpentier e de Álvaro Cunqueiro e remata subliñando que para el é básico a capacidade de observación para escribir.

Díaz Dopico, Xosé, *A noite de Reis*, ilust. José González Collado, [A Coruña]: GADIS, [lectorado autónomo], 2007, 47 pp. (ISBN: 84-923708-9-0)

Volume, editado co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, que Xosé Díaz Dopico dedica "ao meus fillos, netos e tódolos nenos de Galiza". Ábrese cunha introdución do autor na que se dirixe ao lectorado agardado, na que lle anuncia que o conto se sitúa nun lugar estraño, cuxas características lle explica a continuación, e na que lle comenta que a súa intención á hora de realizar o conto, quizais verdadeiro, foi "que vos divirtades". A continuación reprodúcese a historia na que, ao longo de tres capítulos, titulados "O desfile", "O cabalo de cartón" e "Un San Xiao de tristura", e un final, denominado "O milagre", o lectorado agardado coñece qué lle aconteceu ao protagonista cando seu padriño o agasallou por Reis cun cabalo de cartón.

Fariña, Anxo, *Os megatoxos e o aprendiz de druída*, ilust. do autor, Vigo: Promocións culturais galegas/A Nosa Terra, col. Os Megatoxos, n.º 1, a partir de 12 anos, 2007, 123 pp. (ISBN: 978-84-8341-147-6).

Primeira entrega desta colección creada por Anxo Fariña (Vigo, 1977) na que se narran as aventuras de dous rapaces, Faísca e Ruxe, e dúas rapazas, Ninfa e Lúa, que tras sufriren a picadura dun toxo mutante no centro de estudo ao que acoden, situado nunha gran cidade de Galicia e custeado por excéntrico millonario dono dunha importante empresa de biotecnoloxía que o dotou dos máis modernos medios tecnolóxicos, teñen poderes sobrenaturais. A acción comeza cun breve capítulo no que recorrendo a unha prolepse se presenta o acontecemento esencial da aventura: a loita dos rapaces con Drunxel, o diaño líquido. Nesta primeira entrega preséntase os personaxes e os poderes que adquiriron. Así, Faísca xera calor e lume co seu corpo; Ninfa conta cun poder relacionado co mundo vexetal; Lúa é quen de dominar a maxia e os conxuros e Ruxe posúe a forza, a velocidade e a axilidade dos animais, mentres que a súa profesora, Marta Larafuzas, conta cunha grande intelixencia. Na procura do toxo para volver ao seu estado normal, a cuadrilla trasládase cunha máquina do tempo a un poboado celta onde se atopan cun aprendiz de druída, Gael, que tamén tivo contacto co toxo mutante,

pois utilizouno para facer unha apócema e de resultas creou un diaño, Drunxel, que pretende acabar co seu pobo. Os catro rapaces enfróntanse a ese monstro e conseguen devolverlle a tranquilidade ao poboado celta mais o desenlace queda aberto a novas aventuras, xa que non conseguen recuperar o toxo.

Fariña, Anxo, *O Pelelliño Gato* (ISBN: 978-84-8341-187-2)/*O Pelelliño Bailón* (ISBN: 978-84-8341-188-9)/*O Pelelliño Pallaso* (ISBN: 978-84-8341-189-6)/*Pelelliño Montañeiro* (ISBN: 978-84-8341-190-2), ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra, col. Os Pelelliños, n.^{os} 5, 6, 7, 8, [prelectorado], 2007, [16] pp.

Conxunto de volumes nos que, por medio dun narrador omnisciente e da voz dos personaxes, Anxo Fariña (Vigo, 1977) presenta as aventuras dos seres fantásticos, os Pelelliños, que só poden ver os nenos. N' *O Pelelliño Gato* a acción céntrase no que lle ocorre ao pelelliño gato, que está moi triste porque rubiu a unha árbore e non pode baixar. O Inventor consegue facer unha escada e o gato, vencendo o medo, consegue saltar. N' *O Pelelliño Bailón* o protagonista practica o baile dos pelelliños, que consiste en tocar o nariz, brincar ben alto, dar moitas voltas, pechar os ollos e botar a lingua, tocar os pés e, para rematar, saltar sen parar. N' *O Pelelliño Pallaso* a acción localízase nunha función do circo dos pelelliños, na que o lectorado agardado coñece o Pelelliño León, que queda durmido, e tamén os Pelelliños Pallasos, que fan rir o público cunha pelexa de pasteis que ten que limpar o elefante coa súa trompa. Finalmente, n' *O Pelelliño Montañeiro* relátase a viaxe que fixeron dous pelelliños a unha montaña moi alta, acompañados do experto montañeiro. Aínda que os leva atados para que non caian, esvaran na neve e hai que tirar da corda para subilos até o cumio, onde a paisaxe é tan fermosa que paga a pena o esforzo realizado. Estes seres imaxinarios manteñen visualmente a mesma forma definitoria en todas as historias a partir de trazos esquemáticos, aínda que varían a súa identidade segundo os complementos que lles engade o debuxante; así, o pelelliño pirata ten un ollo tapado cun parche que o personifica, o gato ten un rabo e uns bigotes característicos e o bailón leva unha cinta de cores a xogo cos seus calcetíns. Os volumes reproducen en todas as entregas o molde coa forma dos protagonistas polo que se consegue que o lectorado agardado se identifique visualmente co protagonista dende o primeiro momento que o libro cae nas súas mans. As ilustracións están realizadas cunha técnica mixta que conxuga o debuxo das figuras co fondo, que pode ser de cores planas ou de distintas texturas (algunhas conseguidas por ordenador). As formas son moi sinxelas e repiten un mesmo esquema para o deseño dos personaxes; este deseño vén explicado ao final do libro para que os nenos poidan debuxar eles sós os Pelelliños. A liña de contorno nas figuras está concibida cun estilo solto e dinámico. O colorido é alegre e variado.

Ferrer, Ánxeles, *Aiko*, ilust. da autora, A Coruña: Everest Galicia, col. Rañaceos, a partir de 8 anos, 2007, [45] pp. (ISBN: 978-84-403-0926-6).

Conto ilustrado de Ánxeles Ferrer (Valdeorras, 1957) que presenta unha estrutura narrativa clásica e trata o tema da inmigración. Relátase a historia dunha familia integrada por Catarina, Daniel e a súa filla Aiko, que viven nun remoto lugar rodeado de altas montañas. Aiko naceu canda a cerdeira do pequeno horto da súa casa. Por mor das dificultades para sobrevivir na súa aldea, o pai decide marchar a un país próspero para xuntar cartos. O día da partida, o pai promételle á filla que ha volver buscalas

cando a cerdeira bote flores. Mais sucédense as estacións e o pai non regresa. Daquela, a nai decide facerlle a Aiko unha boneca cunha póla da cerdeira para que sinta a presenza do seu pai e posúa un anaco do seu corazón. Aiko xoga moitos anos con aquela boneca e, cando medra, sabe por fin que o barco no que marchou o seu pai nunca conseguiu chegar ao país soñado da prosperidade. A árbore, o paso do tempo interpretado a través da espera da nai e o engano que esta tece para a nena, son as pinceladas ás que a autora recorre para transmitirlle ao lectorado a tristura dos que se ven obrigados a abandonar os seus lugares de orixe na busca dun futuro para as súas familias, unha realidade ben presente na sociedade actual. As ilustracións figurativas da autora son augadas sutís de acuarela para acompañar a melancólica narración. As figuras posúen trazos raciais diferentes dos occidentais que se advirten sobre todo na nena protagonista. As referencias visuais ao país de orixe, Xapón, non aparecen nin nos edificios nin nas roupas (agás na forma de abotoar algunha chaqueta). A maior referencia a unha cultura distinta é o nome do libro que coincide co da nena protagonista.

Fernández, Ana María, *Marta ten a solución*, ilust. Patricia Castelao, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2007, [32] pp. (ISBN: 978-84-9865-013-6).

Conto ilustrado no que Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) escolle unha voz narrativa en terceira persoa para desenvolver o que lle acontece a Conto Novo tras decidir que quere escribir a historia máis fermosa xamais contada. Con tal fin pendura da parede da súa casa un letreiro no que indica que anda na procura dun personaxe. Pola casa do señor Conto Novo pasan un caracol, un coello branco, un lobo, un elefante e mais o pirata Matamares, pero rexéitaos a todos porque ningún deles cumpre a característica de ser inmortal para que o seu relato viva para sempre. Os veciños da vila, cansos da fachenda de Conto Novo deciden darlle un escarmento pero Marta, unha rapaza de seis anos dá coa solución: explícalle a Conto Novo que as historias viven para sempre se hai alguén que as lea, xa que cando alguén abre un libro os seus personaxes espertan e volven contar a súa historia unha e outra vez sen se cansaren nunca. O conto vai acompañado das ilustracións de Patricia Castelao (A Estrada, 1974) que complementan de maneira visual a narración e nas que aparecen todos os personaxes do conto. As cores que empregan son basicamente os azuis e marróns debido ao lugar escollido para o desenvolvemento da historia, que está preto do mar.

Fernández Paz, Agustín, *O único que queda é o amor*, ilust. Pablo Auladell, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [mocidade], outubro 2007, 175 pp. (ISBN: 978-84-9782-628-0).

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) reúne neste volume dez relatos escritos nun amplo marco temporal, cuxas versións primixenias, agora reescritas, foron publicadas en revistas ou libros colectivos para a mocidade. Todos eles exploran, dende variadas perspectivas e rexistros, o amor e o desamor, e revelan, xa dende o título baixo o que se presentan –que procede da novela *Neve* do escritor turco Orhan Pamuk–, o diálogo activo que o autor mantén con creacións culturais da máis variada procedencia, invitando a descubrir as relacións que agochan as múltiples citas que encabezan cada unha das narracións. O volume preséntase nunha colección exenta de marcas paratextuais específicas destinadas a un lectorado concreto, aspecto que, unido ao feito

de que boa parte das narracións incumpren a regra tácita que identifica literatura xuvenil con protagonista adolescente, fai que o horizonte de recepción se amplíe a un público de diferentes idades e expectativas, pois suma así á súa recepción entre as xeracións máis novas e as que medraron coas creacións do autor, o público adulto que non sempre repara nos produtos e nos autores etiquetados como xuvenís. As historias aquí reunidas amosan algunhas claves da poética do autor. Así, a evocación do pasado, neste caso a través da memoria sentimental –"Amor de agosto", "Ríos da memoria", "Despois de tantos anos"–; a homenaxe aos libros e á literatura –"Un radiante silencio", "Un río de palabras"–; a presenza do sobrenatural –"Unha historia de fantasmas", "Esta estraña lucidez"–; ou o imprevisíbel azar –"Unha foto na rúa", "Loanza da filatelia", "Meditación ante o álbum de fotos familiar". Pablo Auladell (Alacant, 1972), valéndose da pintura e do lapis, encabeza cada relato, xunto ao título e á cita na que se inspira o escritor, cun pequeno debuxo a tinta e con unha ou dúas ilustracións a cor, de páxina enteira, que desenvolven algún aspecto relevante de cada historia. O tratamento pictórico empregado crea texturas nos fondos e constrúe universos sutís que se perciben como dentro dun soño, sensación que se acentúa coas cores utilizadas nas que existe unha gran variedade de matices de grises cálidos e algunha pincelada vermella. Son imaxes, de contido simbólico, que representan os protagonistas das historias, configurados cun estilo esvaído, que habitan nunha atmosfera onírica e un pouco surreal; habitantes de espazos inciertos onde se mestura o fantástico co real. Trátase dun volume moi coidado na súa presentación como se mostra xa no papel que protexe a cuberta e contracuberta

Referencias varias:

- Juan Floriani, "Fernández Paz: 'O amor é o motor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 novembro 2007, p. 38.

Informa da presentación do novo libro de Agustín Fernández Paz, *O único que queda é o amor*. Explica que se trata dun libro de relatos nos que o tema fundamental é a presenza do amor e do desamor. Conta que os personaxes se namoran e descobren como cambian as súas vidas. Tamén indica que o libro presenta moitas citas de variados autores, como José Ángel Valente ou Paul Auster.

- Jaureguizar, "Agustín Fernández Paz. 'O amor é triste porque ten data de caducidade", *El Progreso*, "Cultura", 30 novembro 2007, p. 72.

Entrevista a Fernández Paz sobre o seu libro *O único que queda é o amor*. Comenta o escritor que a obra trata do amor e o desamor e nela hai moitas referencias literarias e cinematográficas. Indica que a maioría das citas proceden de textos de José Ángel Valente e tamén de Paul Auster, ademais afirma que nos dez relatos que presenta, o tema do amor aparece como algo triste porque sempre ten "data de caducidade". Por último, explica o seu desexo de dar a coñecer as súas fontes literarias a partir do diálogo cos seus creadores e cualifica o volume como un libro de fronteira para todo tipo de público.

- Camilo Franco, "Agustín Fernández Paz. Escritor contemporáneo máis lido da literatura galega: 'A xente necesita a ficción como necesita o pan de cada día", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 decembro 2007, p. 37.

Nesta entrevista Agustín Fernández Paz comenta que *O único que queda é o amor* é un libro que aparece sen marcas de colección e que vai para todos os públicos, ademais de sinalar que nel presenta máis referencias literarias e máis reflexións sobre a vida que noutros textos dirixidos ao público xuvenil. Apunta que cando comezou a escribir o libro a intención era escribir sobre a influencia que ten a ficción na xente, aínda que logo os relatos escoraron polo lado das historias de amor. Puntualiza que a liña principal do libro radica no feito de os relatos seren vidas cruzadas e fala sobre o título, o tratamento do amor por parte dos escritores, a constante presenza da melancolía nos relatos e a necesidade da ficción como "o pan de cada día". Por último, alude as diferenzas existentes entre o relato e a novela.

- Manuel Vidal Villaverde, "Agustín Fernández Paz. Un contador de historias", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 374, "Musas", 14 decembro 2007, p. 50.

Conversa na que Agustín Fernández Paz comeza facendo un pequeno repaso autobiográfico, onde sinala que se considera un contador de historias e que nunca publicou poesía. Con respecto ao seu último libro, *O único que queda é o amor*, comenta que tirou o título da novela *Neve* do escritor turco Orhan Pamuk e que está composto por dez relatos unidos polo amor e o desamor.

- Marcos Valcárcel, "O único que queda é o amor", *Galicia Hoxe,* "A contra", 26 decembro 2007, contracuberta.

Recoméndase a obra *O único que queda é o amor,* destinada non só á mocidade senón a calquera tipo de lectorado. Salienta que a obra está moi ben escrita e que trata "historias de amor, memorias amargas, melancolías e frustracións, historias do espírito e da carne" cunha escrita moi característica do autor. Indica os relatos que máis lle gustan dos dez da obra e remata referíndose ás ilustracións que considera magníficas.

- Xesús Fraga, "Agustín Fernández Paz, ex votos de amor", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 243, 29 decembro 2007, p. 10.

Comentario sobre *O único que queda é o amor* na que, tras unha mención sobre a cita do escritor turco que abre a obra, se fai referencia ao contido da mesma que se resume como "os personaxes do galego poderían preguntarse qué lles queda unha vez desaparecido ese amor", contido que se cataloga de "orixinal". Continúase destacando as artes do autor como escritor presentes na obra, tales como o "seu estilo transparente", rematando con alusións á edición e ás ilustracións.

Franco Rodríguez, Mario, *A derradeira campaña do capitán Samuel*, VI Certame Literario de Relato de Aventuras "Antón Avilés de Taramancos", ilust. Eduardo Baamonde, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, [mocidade], 69 pp. (ISBN: 978-84-96673-25-0).

Mario Franco Rodríguez (Santiago de Compostela, 1934) acadou con este relato, centrado na vida dos mariñeiros a bordo dun barco de pesca de altura, o primeiro premio na sexta edición do certame "Antón Avilés de Taramancos" dedicado aos relatos de aventuras que convoca o Concello de Noia e organiza a revista *Casa da Gramática*.

Nel, o narrador, Carlos, retrocede até o ano 1954 para recuperar o que lle aconteceu nas prácticas de navegación a bordo do bacalleiro Narval. Aínda que o destino agardado era Terranova ou Grenlandia, como o peixe rareaba nesa zona, a compañía ferrolá propietaria do barco decidiu que a campaña se realizase no norte de Europa, no mar de Barents, entre Noruega e Rusia, unhas augas non exentas daquela de perigos por mor da falta de relacións diplomáticas cos rusos. Como primeira novidade dunha travesía que se presenta longa e diferente, no Narval embarca o vello capitán Samuel Ferreiro, un home enigmático e xa retirado, que acompañará os mariñeiros para contribuír cos seus coñecementos daqueles caladoiros a obter unha boa pesca. Carlos é o encargado de relatar os diferentes acontecementos que se suceden no barco durante a travesía, que se prolonga dende de abril até finais de agosto, entre eles as dificultades co clima, as experiencias vividas polos seus compañeiros no mar e os seus comportamentos no barco. A súa lembranza detense de maneira especial no extraordinario talento do capitán Samuel para ventar os bancos de bacallau, así como na súa personalidade singular e nos feitos que rodean o seu enigmático pasado. Un dos membros da tripulación, Outeiral, cóntalles aos demais como o capitán Samuel perdeu a seus dous fillos na Guerra Civil e tamén a muller, que por mor do acontecido toleou e morreu, e como o axudou hai anos a escapar dunha condena segura por considerar que era inocente. Os feitos repítense nesta ocasión, xa que o capitán Samuel axudará a fuxir a Dardo, un mozo electricista, que se ve implicado na morte accidental do segundo maquinista tras unha liorta, para libralo así dunha condena segura en canto volvesen a España. Acompañan ao texto as ilustracións de Eduardo Baamonde (Vilalba, 1962). Na cuberta, a cor, a imaxe que aparece é moi expresiva e evoca un mar revolto. Trátase dunha ilustración feita con técnica mixta con moita textura e pinceladas espesas. Nas páxinas interiores a técnica empregada é a da augada que se vai intercalando en debuxos nos que se describen personaxes do relato en actitudes diferentes que axudan a contextualizar a narración.

Freire Cordeiro, Carlos, *Acio Sanguento*, Premio Novela por Entregas 2005, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 98, [mocidade], xaneiro 2007, 131 pp. (ISBN: 978-84-9782-519-1).

Novela de xénero policial de Carlos Freire Cordeiro (Moaña, 1970), que recorre aos códigos clásicos do xénero e na que o autor lle rende unha homenaxe á *Colleita vermella*, de Dashiell Hammett. Nos trinta e un capítulos nos que está dividida, para cumprir cos requisitos do certame no que foi premiada, e por medio dun narrador en terceira persoa e os propios diálogos dos personaxes, nárrase a historia dunha serie de asasinatos que o protagonista, o inspector de policía Daniel Sieiro, e o seu axudante Maquieira, investigan co fin de analizar todas as pistas dos crimes. Cunha ampla galería de personaxes que se atopan no camiño, ao final serán as pistas máis insignificantes as que os leven a dar co verdadeiro asasino, que resulta ser un imitador de Dionisio, un deus da mitoloxía grega moi sanguinario. No transcurso da novela morren Xulio Alfonso, un profesor de instituto que é asasinado por seu fillo, que acabou en coma no hospital; e unha vella á que o seu fillo transexual, que logo se tira pola ventá, lle corta o pescozo mentres dorme. Ao final Sieiro descobre, grazas a Luís Montero, un profesor da Facultade de Filología, a relación dos asasinatos co deus grego Dionisio, xa que o asasino está a repetir os costumes deste deus inducindo as súas vítimas, despois de drogalas, a matar a seus proxenitores. Ao final, Valentín, o rapaz que estaba en coma, recupérase, e seu curmán Mauro, do que estaba namorado, admite que tamén sente amor por Valentín. A ilustración da cuberta foi realizada por Juan Carlos Abraldes

(Barcelona, 1971) e nela aparecen dúas persoas mantendo unha conversa por teléfono. Os seus rostros serios, unha misteriosa conversa e unhas tonalidades frías recrean un ambiente onde se oculta algo que se vai descubrir no relato.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "Excelente trama", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 197, 12 maio 2007, p. 7.

Comenta que en *Acio sanguento*, de Carlos Freire, se combina a boa intriga dun relato que bebe da serie negra norteamericana dos comezos do século pasado, cunha coidada e moi ben pensada construción da trama, con diálogos áxiles e cun asasino con toda unha filosofía de actuación. Considera que se trata dunha novela que atrapa e que entretén, aínda que tamén puntualiza que ao seu remate un queda con ganas de "tirar de máis fíos, de fíos que se perden no armazón narrativo e que quedan, senón soltos, si bastante escurecidos". Así, puntualiza que o lectorado queda á espera de coñecer realmente o protagonista e que a súa relación co seu axudante Maquieira non é explotada, aínda que considera que isto se cadra se debe ao feito de que a primeira publicación do texto foi por entregas nun xornal. Por último, opina que isto é compensado cunha complexa e pouco usual construción argumental e cunha lograda ambientación, o que descobre a Freire como un magnífico (re)creador de ambientes, mais tamén como un verdadeiro ilusionista do xénero.

- Tucho Calvo, "O debut dun escritor esixente", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 209, 5 maio 2007, p. 12.

Comentario da novela de Carlos Freire, *Acio sanguento*, gañadora do Premio Novela por Entregas de La Voz de Galicia. Destácase a influencia na escrita do autor de figuras como Dashiell Hammett ou Martín Amis, ademais do seu dominio das técnicas da narración xornalística, que dan como resultado un "relato moi áxil no que a tensión está perfectamente dosificada". Repásase o argumento desta novela policial, situada en Galicia e na que se van desvelando as pistas dun asasinato. Tamén se alude ás ilustracións de Juan Carlos Abraldes, que acompañaron a publicación por entregas, e que agora aparece só na cuberta dunha obra "breve pero moi recomendable pola súa intensidade e calidade".

- Xosé M. Eyré, "Da novela policial ao relato solidario", *A Nosa Terra*, n.º 1.268, "Cultura", 17-23 maio 2007, p. 26.

Despois dunha breve reflexión sobre a escrita para adolescentes, céntrase en dúas obras: *Acio sanguento*, de Carlos Freire Cordeiro, e o volume colectivo, *O son das buguinas*. Do primeiro sinálase que o dinamismo e os enlaces nunha trama fragmentada son necesarios para manter o interese do lectorado, que neste tipo de obras de xénero se xoga con estereotipos, que considera pouco críbeis na novela de Carlos Freire, ademais de criticar o pouco coidado nos ambientes e na linguaxe. Da segunda obra nomea os autores responsábeis dos relatos, a presenza dun texto preliminar no que se explica o labor da ONG Implicadas/os e outros materiais de apoio como un DVD para coñecer mellor este tipo de organizacións. Dos relatos destaca a calidade literaria e a súa capacidade para achegarnos emocionalmente á maneira de vivir e pensar doutros. Malia

a heteroxeneidade, salienta a facilidade coa que se transmite o padecemento das persoas de diferentes lugares do mundo, especialmente polo emprego de personaxes infantís, cos que o lectorado empatiza facilmente. Remata sinalando que *O son das buguinas* nos reconcilia coa boa literatura e nos lembra a necesidade de ser solidarios.

Frías Conde, Xavier, Eva **Mejuto**, **Oli** e Antonio **Yáñez Casal**, *Contos sen fronteiras*, ilust. Patricia Castelao, Santiago: Xunta de Galicia/Federación de Libreiros de Galicia/GÁLIX, col. Lagarto Pintado, até os 10 anos, 85 pp. (D.L.: G-966-2007). ◆

Volume formado por catro relatos curtos editados en conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil 2007. Trátase dos textos seguintes:

-Xavier Frías Conde, "A historia de Carpatín, o monstro comexiz", pp. 8-32.

Xavier Frías Conde (Salamanca, 1965) recorre a un narrador omnisciente que se dirixe aos lectores para contar a historia dun monstro que non tiña cairos e que non sabía gritar nin espantar os humanos, polo cal recibía as burlas dos demais monstros da súa aldea. Canso das mofas, o monstro decide ficar no mundo dos humanos. Así, un bo día aparece nunha escola e instálase no cuarto da limpeza, onde descobre un alimento que lle encanta: o xiz. Mais o director da escola axiña nota que se está a gastar moito xiz e decide controlar o seu uso, polo que Carpantín comeza a morrer coa fame. Un día descóbreo María e para saír do apuro o monstro explícalle que é así de feo porque vén do estranxeiro. Malia o estraño que resulta, Carpantín queda na escola e mesmo ten ocasión de participar no coro. Despois de comer un pouco xiz, o monstro deu en cantar cunha voz tan forte e profunda que asustou a todo o mundo. Foi así como se lle ocorreu a idea de volver ao seu mundo e poñerse a cantar para asustalos a todos.

-Eva Mejuto, "O Cágado e o Lagarto", pp. 33-50.

Eva Mejuto (Sanxenxo, 1975) desenvolve o seu conto arredor da amizade entre Rita, unha nena procedente de Mozambique, e Sara, unha rapaza moi curiosa e faladeira. Como Sara non pode durmir, pídelle á súa amiga que lle conte un conto e Rita dá comezo á narración sobre o Cágado e o Lagarto, que a ela lle contaba Mai Rosa, unha coidadora do orfanato no que vivía, para que non tivese medo. Sara non para de interromper o conto porque quere coñecer detalles da vida da súa amiga, así que Rita acaba tamén contándolle moitas cousas do seu pasado nesa terra tan afastada de Galicia.

-Oli, "O meu amigo Ash", pp. 51-66.

Xosé Manuel González, "Oli" (1961) constrúe un relato sobre un neno inmigrante que chega a Galicia coa súa familia. Narrado dende a perspectiva dun rapaz, testemuña dos acontecementos e compañeiro de escola de Ash, coñecemos detalles sobre a chegada do rapaz dende Senegal e como se instalan na casa da avoa de Roberto, que acolleu a familia porque ela tamén foi emigrante en Suíza, inda que algúns veciños non o comprendan. Sabemos tamén como tanto Ash como os seus compañeiros da escola van coñecendo as diferenzas que existen entre os seus costumes, por exemplo, Ash asómbrase cos agasallos da noite de Reis e co Entroido. O narrador insiste no axiña que o rapaz aprende o galego e como eles aprenden asemade del palabras da súa lingua natal ou a lenda da creación do home branco e o home negro.

-Antonio Yáñez Casal, “O rei de Litonia”, pp. 67-85.

O rei de Litonia, de Antonio Yáñez Casal (Ferrol, 1959), céntrase na teima deste rei por posuír un conto que falase del, semellante ao de todos reis coñecidos, e como llelo reclamou aos seus súbditos e aos seus conselleiros. Mais pasaban os meses e ninguén conseguía fabricarlle un conto digno da súa grandeza. Daquela marcharon ao estranxeiro na procura de contos e aínda así non trouxeron ningún que convencese o monarca. Até que unha muller tomou a palabra para dicir que no seu país existía un ladrón de cousas coas que un non conta que lle roubou a fidelidade á muller do sultán. Este, en vinganza, decretou que cada noite casaría cunha muller que morrería ao raiar o sol. Pero a princesa Sherezade entretívoo noite tras noite con contos que nunca remataba... e así durante mil e unha noites, co que conseguiu salvarlles a vida a todas as mulleres, pois o rei esqueceu á fin a idea de matalas. Segundo esa muller, poderían recorrer a ese ladrón para conseguir un conto para o rei de Litonia. E así foi. Pasados dez días, unha sombra cruzou o reino, o monarca quedou durmido e ao espertar xa non recordaba nada da súa obsesión polo conto, pois o ladrón –a muller disfrazada– roubaralle o desexo. Así, os súbditos víronse libres da obsesión do monarca e comezaron a redactar este conto.

Acompañan aos textos as ilustracións figurativas de Patricia Castelao (Santiago de Compostela, 1974). Son ilustracións nunha única tinta azul, agás a da cuberta que é a cor, que acompañan os diferentes relatos. En xeral, preséntanse personaxes moi expresivos e xógase coas formas alongadas. As ilustracións gozan dunha plasticidade volumétrica acadada a partir dun traballo minucioso de observación de luces e sombras, producidas polos contrastes cromáticos. Patricia Castealo evita as formas agrestes e redondea os bordes para unificar a imaxe nun todo, sen planos superpostos. Utiliza unha gran variedade de ángulos para colocar os personaxes nos diferentes lugares da historia e para que o espectador teña outra visión diferente do que acontece, cunha linguaxe moi cinematográfica.

Jaureguizar, Santiago, *Plastilina nos pulmóns*, Vigo: Editorial Luís Vives/Tambre, col. Catavento, n.º 19, [mocidade], 2007, 129 p. (ISBN: 978-84-96772-16-8).

Novela realista de Santiago Jaureguizar (Bilbao, 1965), a primeira que aparece na colección “Catavento”, cuxa acción transcorre case integramente nun escenario estranxeiro e no tempo presente e na que se bota man dun narrador omnisciente que cede á súa voz aos múltiples diálogos dos personaxes. Un mozo de dezaoito anos, Namche, viaxa ao Tíbet por desexo de súa nai e pensando que se trata dunha viaxe para coñecer como transcorreu a expedición do seu avó Tomás anos atrás para buscar a cámara coa que George Mallory conseguiu fotografar o cumio do Everest, probando así que foi o primeiro home na historia e lograr tal fazaña. Pero a viaxe convértese na descuberta de feitos que teñen que ver coa súa vida. Annapurna, súa nai, acompañara o avó Tomás na expedición e durante a viaxe fixo amizade cun sherpa que resulta ser o pai do rapaz. De aí que a viaxe teña como obxectivo que Namche coñeza as súas verdadeiras raíces, deixe de mitificar a figura do avó e abandone as súas crenzas xenófobas. A cuberta do libro reproduce o obxectivo dunha cámara dos anos vinte.

Recensións:

- Anxa Correa, "Jaureguizar leva as personaxes da súa última novela ata o Himalaia", *El Progreso*, "Cultura", 28 xuño 2007, p. 71.

Ofrécese un resumo do argumento de *Plastilina nos pulmóns*, de Santiago Jaureguizar, novela da que se informa que foi presentada na Biblioteca Fundación Caixa Galicia de Compostela polo autor e Ignacio Chao, editor de Tambre. Recóllense as valoracións do editor a respecto do autor e da obra. Baixo a denominación "Premios" lémbrase que Jarueguizar foi o gañador con *A cova das vacas mortas*, da primeira edición Premio Fundación Caixa Galicia, e dáse conta doutras obras dirixidas á infancia e a xuventude polas que o autor recibiu diferentes premios. Finalmente, dise que Jaureguizar compaxina a faceta literaria co traballo xornalístico en *El Progreso*.

- María Jesús Fernández, "Plastilina nos pulmóns", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 209, "Libros/Novedades", novembro 2007, p. 60.

Comeza referíndose ao tema da obra xa abordado por Jaureguizar noutras obras: "el joven enfrentado a un pasado familiar que lo obliga a tomar decisiones que suponen una opción personal". Conta a historia, fala da estrutura salientando a opción de gravar un DVD que lles permita contar sen pudor o que os protagonistas consideran unha confesión precisa. Salienta que o relato ten o atractivo da aventura no Himalaia.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Toda unha vida", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 maio 2007, p. 49.

Crónica sobre como transcorreu a xornada anterior na feira Cultur.gal centrándose por exemplo na presenza dos nenos e dos avós na mesma, a retransmisión do *Xabarín Club* dende o Pazo da Cultura de Pontevedra, a presentación do novo disco de *Malvela*, do novo libro de Jaureguizar, *Plastilina nos pulmóns*. e da etapa da revista *Animal*, por parte da editorial Positivas.

- L.R. "Temos a mellor literatura para nenos e mozos do Estado", *La Voz de Galicia*, "A pie de calle", 5 xullo 2007, p. L16.

Breve entrevista a Santiago Jaureguizar na que o escritor e xornalista sinala en primeiro lugar os temas que máis lle interesan cando escribe (a identidade dos pobos e a violencia inxustificada) e trata de explicar as razóns do interese por eses temas. A seguir, ofrece a súa visión da situación da literatura galega, especialmente da dirixida á infancia, e da lingua hoxe en día. Finalmente, comenta que nunca se coñece cómo funcionará un libro no mercado e fala do seu gusto tanto pola literatura que escribe dirixida á infancia como pola dirixida ao lectorado adulto.

Lema, Rafael, *U-49*, Vigo: Tambre, col. Catavento, n.º 22, [mocidade], 2007, 205 pp. (ISBN: 978-84-96772-60-1).

Rafael Lema (Camariñas, 1967), como nas súas anteriores creacións –*Capitán Araña*

(2000), *Mareas negras* (2003) e *O club do Corvo Mariño* (2005)–, ambienta esta novela de aventuras relacionada co mundo do mar e a navegación en Fisterra. Estruturada en cinco longos capítulos titulados, a narración mestura personaxes e acontecementos reais, como a presenza do submarino alemán U-49 nas augas da Costa da Morte nos anos da I Guerra Mundial, cunha trama ficticia arredor dun mozo bretón que se instala na Costa da Morte. É este mozo, Maurice Detroyes Nil, quen relata en primeira persoa as súas experiencias e aventuras dende que parte da súa vila natal e se separa da súa familia, fuxindo do seu posíbel recrutamento para a guerra europea, até que chega a Galicia, teoricamente terra neutral como o resto de España, protexido polo seu tío e padriño Legrand. Maurice confirmará, unha vez chegado a Galicia, que se atopa nun escenario onde os alemáns están por todas partes e que o seu tío agocha algúns misterios tras o seu negocio de venda de ámbar gris de balea, extraído das costas galegas, aos perfumistas parisienses. Axiña coñecerá a dúas rapazas galegas, Irene e Iria, coas que desenvolve labores de espionaxe arredor da relación do seu tío cos tripulantes do U-49, en especial co capitán Drew, e as súas misteriosas actividades para recuperar o botín dun mercante afundido nas augas fisterrás. Tras moitos enredos, Maurice descubrirá as tramas relacionadas coa guerra que se agochan naquel afastado lugar de Galicia e coñecerá o desenvolvemento dunha complexa misión na que participan mariños alemáns e espías ingleses. A imaxe da cuberta é un fragmento dun traxe militar, cun símbolo moi identificativo das épocas bélicas. Así pois, a cuberta adianta un relato de conflito, de guerras dun tempo pasado.

López, Carlos, *Minimaladas*, Premio Merlín de Literatura Infantil 2007, ilust. David Pintor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, [lectorado autónomo], outubro 2007, [62] pp. (ISBN: 978-84-9782-672-3).

Carlos López, *Chinto* (Boimorto, A Coruña 1967), novamente en colaboración con David Pintor, *Pinto* (A Coruña, 1975), con quen asina habitualmente tanto as súas colaboracións na prensa galega no eido do humor gráfico como obras dedicadas ao lectorado infantil, presenta en *Minimaladas*, texto galardoado co Premio Merlín na edición de 2007, sesenta microrrelatos, todos eles protagonizados por animais, nos que se fai fincapé nas posibilidades da imaxinación. Os textos, de marcado ton humorístico, gardan relación con fórmulas como o chiste, xa que todos eles comezan coa fórmula "Este" ou "Esta era", e tamén coas fábulas clásicas, xa que son textos centrados no enxeño, a sorpresa ou a torpeza dos animais protagonistas. Así desfilan polas páxinas do volume unha hiena que nunca ría, un camaleón que non sabía cambiar de cor, un león calvo, un galo que canta mal ou unha vaca que dá leite de cabra. Como trazos de estilo cómpre salientar a economía de recursos expresivos, a concisión lingüística e a capacidade de síntese, facendo prevalecer o espírito lúdico, o humor e a práctica dun minimalismo textual, xa reflectido no título. As ilustracións a base de cores planas sobre fondos brancos de David Pintor mostran os sesenta animais con trazos propios das persoas, tanto no que atinxe á vestimenta como ás accións que realizan, e todos eles teñen unha aparencia caricaturesca. En cada historia preséntase o protagonista con algunha característica da súa identidade presentada no texto. Pintor coloca os personaxes en diferentes encadres, evitando a reiteración compositiva, e xoga coa desproporción para darlles maior expresividade e animación ás ilustracións. Co fin de acompañar a creatividade e a orixinalidade presentes no texto, alonga e deforma sutilmente os personaxes, buscando o volume a través dos cambios nas tonalidades da pintura e empregando trazos negros moi finos que crean texturas.

Recensións:

- Juancho Martínez, "Un prodigio de ternura y humor", *La Voz de Galicia*, "Culturas", n.º 243, 29 decembro 2007, p. 4.

A partir da obra galardoada co Premio Merlín de Literatura, *Minimaladas*, de Carlos López, faise un breve percorrido polas opinións do xurado deste premio, entre as que se destaca a súa valoración da obra; pásase logo a mencións sobre o autor, o cal se define como "maestro del humor gallego", para rematar cuns datos sobre a obra en cuestión na que se resalta o protagonismo dos animais ofrecéndose unha mostra dunha das sesenta historias que a compoñen, mencionando finalmente as ilustracións como complemento ideal do texto.

Referencias varias:

-J.C., "Minimaladas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 231,"Novedades infantil", 6 outubro 2007, p. 4.

Anuncia a aparición de *Minimaladas*, de Carlos López e ilustrado por David Pintor. Sinala que se trata dun conxunto de sesenta historias brevísimas, nas que o sentido do humor é a constante que as une, e protagonizadas por uns animais, aos que Carlos "pon no papel sacándolles punta ás súas características máis definitorias". Por último, considera que se trata dun paso máis firme nas exitosas incursións que Carlos e David fan na literatura infantil, cando abandonan a súa particular visión da actualidade nas páxinas de *La Voz de Galicia* coa firma de Pinto & Chinto.

- Ana Amado, "Unha de bechos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 5, "proPostas", inverno 07/08, p.15.

Dise que a obra *Minimaladas*, de Carlos López Gómez e David Pintor, foi a gañadora do premio Merlín da Editorial Xerais. Sinálase que este libro para os máis novos ten como protagonistas sesenta animaliños (dende unha balea até unha lura). Segundo Amado a obra presenta unha coidada edición en pastas duras e cun formato algo máis grande do normal.

López-Barxas, Paco, *Sar, Sarela e os monstros de Compostela*, ilust. Kiko Dasilva, Pontevedra: Kalandraka Editora/Consorcio de Santiago, [dende os 5 anos], decembro 2007, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-651-8). ■

Volume editado en colaboración co Consorcio de Santiago e integrado na súa Biblioteca Infantil, coa intención de dar a coñecer a historia de Compostela e algúns dos seus lugares máis emblemáticos. Francisco López-Barxas (Ourense, 1952) constrúe un conto arredor de dous personaxes que conducen a narración. Sar e Sarela son dous gatos que viven no tellado dun carrusel que adoita instalarse na Alameda compostelá durante as festas do mes de xullo. Un día deciden baixar do seu tellado e dar unha volta pola cidade, até que quedan durmidos ao pé da Fonte de Platerías. Sarela ten un soño estraño. Os dous gatos percorren a zona vella da cidade fixándose nas gárgolas dos edificios, uns

seres de pedra de aspecto terríbel que se atopan nos edificios de San Paio de Antealtares, a igrexa de San Martiño Pinario ou no Hostal dos Reis Católicos. Nas páxinas finais inclúese unha guía das gárgolas referidas e a súa localización exacta. O texto acompáñase das ilustracións figurativas de Kiko Dasilva (Vigo, 1979). Na cuberta aparecen os protagonistas do relato coa fachada da Catedral ao fondo e no interior preséntanse composicións moi variadas que mostran imaxes da cidade de Compostela dende diferentes puntos de vista. Trátase de debuxos, con cores da gama cálida (destacan os ceos laranxas do atardecer), que achegan información visual sobre os monumentos e as rúas onde se atopan as gárgolas. Ao remate do conto hai unha guía de imaxes que localiza o lugar da cidade no que se atopan as gárgolas.

López Rodríguez, Xavier, *A abella na orella da ovella*, ilust. Marta Rivera Ferner, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada, [prelectorado], 2007, [48] pp. (ISBN: 978-84-403-0534-3).

Conto protagonizado por animais de Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, Zamora, 1956) e ilustrado a toda páxina por Marta Rivera Ferner (Santa Rosa, Arxentina). Cóntase como a enredante abella Fedella descubriu que estaba un pouco chosca o día que ficou presa na orella dunha ovella pensando que era unha azucena e non puido fuxir porque se lle apegaron os pés e mais as ás na cera que había alí dentro. Mentres tentaba pedirlles axuda ás súas compañeiras, divisou un insecto co ventre a raias amarelas e negras e pensou que era unha avespa, as grandes inimigas das abellas, pero en realidade era un tabán que viña chucharlle o sangue á ovella. Cando esta se deu conta de que a estaban picando, tirou co tabán rascándose co seu pezuño e daquela a abella logrou tamén escapar. Cando chegou á colmea, contoulles a súa historia ás compañeiras e á Raíña. As primeiras ríronse dela e a segunda díxolle que a partir desa experiencia debería andar con máis tino. Pero xa durante esa mesma noite a intrépida abella decidiu que non ía ser quen de esquecer a súa vocación de exploradora e saíu na busca dunhas boas polainas de pole. As ilustracións de Marta Rivera a toda cor, aproveitando as posibilidades compositivas do ordenador, conxugan fotografías e fondos con texturas diversas para completar as imaxes das abellas protagonistas. As expresións de sentimentos humanos aparecen nas caras dos animais e permiten seguir os acontecementos que relata o texto con máis facilidade.

Recensións:

-María Navarro, "Linguaxe doada", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 205, "Infantil/Xuvenil", 3 maio 2007, p. VII.

Despois de opinar que as historias que teñen como protagonistas aos animais "resultan sempre atractivas", principalmente aos máis pequenos, María Navarro detense n'*A abella na orella da ovella*, conto que ten como protagonista a Fedella, quen ten un pequeno incidente por causa da súa carencia de visión. A articulista salienta que este título estabelece unha unión entre o mundo animal e a literatura e presenta un valor fundamental como é o respecto polos seres vivos independentemente da súa condición. Finalmente, cualifica o volume como "atractivo" para o lector polo curioso xogo de palabras existentes no título, a linguaxe doada e o emprego de estruturas sintácticas sinxelas.

López Rodríguez, Xavier, *Cor gris vida*, Vigo: Tambre, col. Catavento, n.º 21, [mocidade], 2007, 115 pp. (ISBN: 978-96772-59-5).

Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, Zamora, 1956) recrea nesta novela a escrita espontánea que verte nun caderno unha rapaza de quince anos, marcada polos constantes enfrontamentos con seu pai un home caracterizado polo seu autoritarismo e a súa constante falta de confianza na filla. O caderno xorde durante a estadía da protagonista nun campamento parroquial de verán en Sanabria, unha imposición de seu pai para evitar a súa convivencia con Carlos, un compañeiro do instituto que lle gusta, e arredala do plan de pasar as vacacións na praia. A maior parte das páxinas céntranse nos conflitos familiares e no carácter machista do pai, acentuado mesmo tras o novo embarazo da nai da rapaza e a chegada ao piso familiar da avoa procedente da aldea. Precisamente a avoa será a confidente elixida pola rapaza, xa que lle escribe cartas nas que lle conta as súas experiencias cotiás en Sanabria por sentila próxima nunha situación familiar que non lle agrada. O verán converterase nun tempo de reflexión e de descuberta, tanto das novas paisaxes, moi semellantes ás galegas, como doutras realidades familiares moi difíciles. A imaxe da cuberta, de estilo pictórico, fala dun contorno natural, non galego, polo tipo de vexetación e a disposición das rochas da montaña. Nese clima misterioso, entre a vexetación, aparece unha tenda de campaña, unha práctica propia do montañismo e das acampadas.

Marín, Xaquín, *Tartaruga*, ilust. do autor, A Coruña: Bahía Edicións, col. Xiz de Cor, n.º 11 [prelectorado], 2007, 32 pp. (ISBN: 978-84-96526-94-5).

Xaquín Marín (Ferrol, 1943) presenta neste conto a experiencia dunha tartaruga retranqueira que percorre o seu camiño consonte as súas características de ser lento e reflexivo. A través dunha narración moi sinxela, a tartaruga atravesa diferentes paisaxes e vaise atopando con outros animais semellantes a ela, como o caracol; diferentes pola súa rapidez, como a lebre; envexosos, como o lagarto; que se deixan levar, como as formigas; os pendentes dun fío, como a araña; os que non fan nada, como o sapo; os ameazadores, como o lobo; e os "intelixentes", os homes. O discurso narrativo acompáñase dos diálogos da tartaruga con eses animais e con apelacións ao lectorado, que aparecen tratados en globos de texto. O conxunto conforma unha proposta na que salientan aspectos como o humor e a dobre lectura, pois o percorrido da tartaruga supón toda unha filosofía sobre a vida e os múltiples encontros con seres diversos que favorece. A cuberta e a contracuberta do volume compoñen a imaxe, que se completa ao abrir o libro, dun primeiro plano da tartaruga protagonista, amosando xa dende o inicio que se trata dun personaxe amábel. As gardas do libro están coidadas cun deseño de debuxos da tartaruga en diferentes situacións. As imaxes do interior están pensadas con composicións nas que o punto de vista é próximo ao chan, que é onde se moven a protagonista e os demais animais que a acompañan na súa aventura. Os debuxos son a tinta, con texturas variadas e con planos de cor que enriquecen as composicións. A narración visual que compoñen as imaxes pode ser lida con independencia do texto que, neste caso, é limitado e complementa as composicións.

Recensións:

- Paula Fernández, "Popular e clásico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 218, "Infantil/Xuvenil", 27 setembro 2007, p. VII.

Refírese ao tipo de publicacións que acolle a colección "Xiz de Cor" e comenta que no volume *Tartaruga*, Xaquín Marín se inspira nos relatos tradicionais, aínda que inclúe retallos de modernidade que o actualizan e adaptan aos novos tempos. A seguir, achega o argumento deste texto "lixeiro e divertido", que conta con determinados episodios humorísticos, poida que máis entendíbeis polos adultos. Tamén apunta que o texto se sustenta en sinxelas estruturas baseadas na repetición e no paralelismo formal, que, ao tempo, se apoia nunha figurativas ilustracións que amenizan, á vez que facilitan a perfecta comprensión.

Referencias varias:

- Marta Otero, "Xaquín Marín en cores", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 209, 5 maio 2007, p. 12.

Infórmase da publicación de *Tartaruga*, de Xaquín Marín, obra na que a través de diversos animais se representan persoas da sociedade tal cal é. Dise que esta obra do humorista é a undécima entrega da colección "Xiz de Cor" na que tamén se publican títulos como *Farrapos de nube*, de Xoán Neira e Ánxeles Ferrer, e *¿Es ti o meu amigo?*, de Magda Soldado e ilustrado por Jacobo Muñiz, dos que se achega un resumo do argumento.

- P. T., "Xaquín Marín para os cativos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 20.

Sinala que *Tartaruga* é un libro sinxelo no que o debuxante Xaquín Marín conta e ilustra a historia dunha tartaruga que vai atopando outros animais por campo e cidade.

Miranda, Xosé, *A nena pálida*, ilust. Ramón Trigo, Vigo: Tambre, col. Ala Delta, n.º 19, serie verde, a partir dos 10 anos, 2007, 75 pp. (ISBN: 978-84-96772-58-2).

Xosé Miranda (Lugo, 1955) reúne neste volume tres contos inspirados na tradición oral nos que aparecen seres fantásticos que irrompen nun contexto cotián. No primeiro deles, "A nena pálida", elixido para lle dar título ao volume, recórrese a un desdobramento de voces narrativas e a un xogo narrativo circular para desvelar unha historia de estirpe feminina. Unha rapaza recrea en primeira persoa a conversa na que súa nai lle contou o que lle acontecera na casa da aldea durante un verán, cando tiña máis ou menos a súa idade e descubriu no faiado da súa casa a pantasma dunha nena moi pálida. O espectro comunicoulle que era a pantasma dunha nena que vivira nesa casa e que a tal nena se esqueceu dela e xa non pensa nunca nas cousas que lle aconteceron na infancia, nin sequera no seu primeiro amor. Tras escoitar este relato da voz da súa nai, a nena non volve subir ao faiado, e non por medo, senón porque queda ben preocupada por atopar a maneira de non perder o espírito da infancia e que este non se converta na pantasma dunha nena. O segundo conto, "Aprendendo a nubeira", tamén en primeira persoa, conta os desvelos dunha nai nubeira que desafoga coa tía Pascasia a súa preocupación pola perda da tradición familiar. Explícalle que renunciou a que súa filla, a Rosiña, se dedicase a ese labor malia as súas boas aptitudes despois de que un día desencadease un

trebón e non fose quen de paralo. No terceiro conto, "Un trasno no Tour de Francia", cun ton irónico e marcadamente humorístico, o narrador dá conta dun curioso libro asinado por Yann le Kubbic traducido ao galego por Xerais cun prólogo de Andrés Torres Queiruga e que foi comentado en senllas recensións por X. Pont Duchamp e A. Fernández Paz. O rechamante de tal libro, segundo este narrador, é que conta diversos episodios que demostran que existen uns trasnos que interviñeron en varias ocasións no Tour de Francia, mesmo cando participou nel Álvaro Pino, enredando cos ciclistas. O narrador remata reclamando a reedición do libro, por moito que algúns aseguren que o volume non existe e que todo foi un invento do guía do Museo de Lugo, un tal Reigosa. Tamén sinala que o escritor lucense Paco Picapeixe Lamego afirma que existe un exemplar gardado na biblioteca do museo. As ilustracións de Ramón Trigo (Vigo, 1965) mesturan a realidade, o humor e a fantasía dun texto moi ameno con imaxes figurativas conseguidas cun estilo dinámico e expresivo. A este dinamismo chégase grazas á visibilidade dos trazos empregados. Son imaxes en branco e negro deixando clara a procedencia do material utilizado: o grafito. A portada está tratada dun xeito diferente, posto que emprega cores e mestura distintos materiais. Todas as composicións teñen diferentes puntos de vista para chamar a atención do lector. Sempre ocupan o mesmo espazo, unha páxina. Neste libro dáselle máis importancia ao texto que á imaxe. O estilo empregado é moi expresivo con gran variedade no trazo, creando unhas composicións moi dinámicas. As imaxes responden a escenas importantes da narración.

Miranda, Xosé, *As mans do medo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 102, [mocidade], maio 2007, 161 pp. (ISBN: 978-84-9782-598-6).

Recompilación de nove relatos de medo e terro, algúns deles xa dados a coñecer con anterioridade, nos que Xosé Miranda (Lugo, 1955) recorre a voces en primeira persoa e a finais sempre cargados de sorpresa para indagar nos efectos máis íntimos que producen diversos feitos sobrenaturais, relacionados neste caso con vellas tradicións, co ocultismo, coa figura dos aparecidos, co mundo dos soños ou mesmo coa angustia desesperada. Abre o volume "As mans do medo", relato que dá título á obra e no que se desenvolve o tema clásico do dobre a través da irrupción na vida do protagonista dunhas mans autónomas que cobran vida e que acaban causándolle un terríbel desacougo. Nun rexistro próximo aos clásicos contos relacionados co Nadal, "Un conto de reis" céntrase na aventura, cun desenlace tráxico, de dous rapaces que pretenden sorprender os Reis Magos mentres lles deixan os seus respectivos regalos. En "A neve e a cadeira" o protagonista desvela as diferentes etapas que vai atravesando, da sorpresa ao terror, dende que chega ao seu barrio un estraño animal que acaba implantando un estado de dominación mental en todos os que o rodean mentres el asiste aos feitos inmobilizado nunha cadeira de rodas por mor dun accidente na neve. "Primeiro calafrío" e "Segundo calafrío" son dous relatos breves arredor de encontros con seres e sucesos sobrenaturais. dominan o "Primeiro calafrío". "Anxos da garda" indaga na existencia dun home que sempre tivo moi mala sorte e que descobre que o mesmo lle acontece ao seu anxo da garda. En "O Lambirón" o narrador fálanos da estraña transformación sufrida polo seu amigo, o biólogo ecoloxista Nemesio Limeses, nun ser con escamas que acaba envelenando as augas e desaparecendo. "Seis dedos", que figuraba xa na *Antoloxía do conto galego de medo* (1995) preparada por Silvia Gaspar, combina o contexto da Guerra Civil e a represión exercida na prisión da Illa de San Simón cunha historia relacionada tamén coa transformación monstruosa dun home. Pecha o volume, "Mondoñedo", no que se recrea o intercambio epistolar entre Ánxela e a súa curmá Rita

nunha espiral crecente de desacougo ao comprobar como tras a morte do pai de Ánxela, todas as mulleres da familia van morrendo, un destino no que semella que Rita tampouco se vai librar. A fotomontaxe da cuberta, realizada por Antonio Seijas (Ares, 1976), recrea un ambiente frío onde no centro da imaxe ascende una man ríxida cunha textura moi particular, semellando unha codia de árbore. Ao lonxe, entre as árbores, unha silueta esvaecida que podería ser un home.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Unha volta ao terror", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 227, 8 setembro 2007, p. 13.

Cualifica como un acerto a recompilación dos relatos de Xosé Miranda nun volume sólido e homoxéneo, no que bota en falta a novela curta *Vestio* (1995). A seguir, analiza a escrita de Miranda, de quen di que sabe manexar as técnicas narrativas e atmosferas inquietantes e trenzar con fertilidade os alicerces do relato literario harmonizándoos coas características dos que proceden da tradición oral. Tamén puntualiza que as súas narracións asumen elementos propios da nosa mitoloxía e amosan unha inclinación non disimulada pola estrutura itinerante, onde non falta o humor e a ironía. Por outra parte, indica que as elevadas doses de terror psicolóxico se unen á asunción por parte do lector da complicidade que se esixe, de xeito que aos poucos un vai aceptando con naturalidade a presenza do imprevisíbel, o ambiguo e irracional ou, cando menos, talvez probábel.

- Vicente Araguas, "Os cabos do medo", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 445, 9 setembro 2007, p. 20.

Refírese a escrita de Xosé Miranda, para logo centrar a súa análise n' *As mans do medo*, "que vai dun cabo a outro cabo compañeiro da ansiedade, cando non do medo, e que se arranca cunha man, remata con outra, dun xeito ben anafórico". A seguir, comenta algúns dos nove relatos que compoñen este libro que cualifica como "tan lexible, tan excitante".

- Román Raña, "Mundo do trasmundo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 225, 15 novembro 2007, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", 24 novembro 2007, p. 10.

Loa a obra de Xosé Miranda e indica as características da mesma. Comenta que hai obras esquecidas do autor, como por exemplo, *Permiso para o corso*, e fala sobre a súa última creación, *As mans do medo*, inscrita no territorio do terror fantástico. Explica que o volume se divide en nove narracións de extensión variábel: "As mans do medo", "Un conto de Reis", "A neve e a cadeira", "Primeiro calafrío", "Anxos da garda", "Segundo calafrío", "Lambirón", "Seis dedos" e "Mondoñedo", nos que se introduce no mundo do trasmundo e do medo.

- María Jesús Fernández, "As mans do medo", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 209, "Libros/Novedades", novembro 2007, p. 64.

Comeza referíndose á estrutura da obra, na que se trata o tema do terror dende distintas perspectivas, na que os relatos están narrados en primeira persoa e na que se dá cabida á

dualidade de interpretacións. Remata cualificando a obra de ben narrada, cunha estrutura equilibrada e pechada e dicindo tamén que o autor inclúe lugares e personaxes perfectamente recoñecíbeis da tradición popular galega.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, "Medo de verdade", *La Región*, "Pan por pan", 5 setembro 2007, p. 61/ "As mans do medo", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 6 setembro 2007, p. 40.

Centra o seu comentario na obra de Xosé Miranda, *As mans do medo*, que presenta catro relatos redondos. Sinala que o sempre vizoso mundo fantástico de Miranda ofrece agora "corpos mutilados e rexenerados, partes do corpo que cobran vida propia, homes peixe, aparecidos da nosa tradición popular".

- Jaureguizar, "Miranda bebe da tradición inglesa de terror no libro 'As mans do medo", *El Progreso*, "Cultura", 24 novembro 2007, p. 79.

Dá conta da presentación do novo libro de Xosé Miranda, *As mans do medo*. Comenta o autor que con este libro intentou renovar o conto de terror da nosa tradición baseándose na tradición anglosaxona, e indica que algúns dos relatos xa estaban publicados no xornal *El Progreso*, simplemente, decidiu compilalos debido a súa unidade temática e estrutural, poñéndolles un final pechado. Así mesmo, Manuel Bragado anuncia que a próxima obra que publicará Miranda será *Vestio*.

Mosteiro, Carlos, *Unha bruxa ben rara*, Premio O Barco de Vapor 2006, ilust. David Pintor, Madrid: Ediciones SM, col. O Barco de Vapor, n.º 39, a partir dos 12 anos, 2007, 126 pp. (ISBN: 978-84-675-1692-0).

Carlos Mosteiro (Santo André de Xeve, Pontevedra, 1955) acadou con este relato o Premio O Barco de Vapor 2006. Nel cóntanos a historia de Raruxa, unha bruxa diferente ás demais: non bota meigallos, conduce mal a vasoira, ten un aquel de dozura e, en realidade, é fermosa e boa, como outras bruxas da súa familia. De nena caeu nun filtro de namorar e perdeu os seus poderes e malia que súa nai quixo enganar as Valedoras dos Bos Costumes Meigos, estas descubriron a súa inutilidade e desterrárona á fraga de Bentraces. Na fraga axiña se estende a nova da bondade de Raruxa, e daquela comezan os abusos, sobre todo os da banda de rapaces que adoita xogar na fraga: Mon Abusón, que como o seu nome indica non perde ocasión de mandar nos demais; Manolo, o Roxo; Migueliño Lires; Roi Arroás, Rosaura e Hadriana. Pero un día, Raruxa desaparece. A cativada descobre que se trata dun secuestro e, arrepentidos do seu comportamento, non dubidan en ir salvala, despois de elixir como xefa a Hadriana, ao consideraren que precisan dunha persoa intelixente máis que das ordes de Mon Abusón. Polo camiño vivirán unha chea de aventuras ao se internaren na fraga e atoparanse co detective Cadavide, ao que o autor lle encargou axudar os rapaces na súa aventura, e tamén un dragón e un troll. Ao final, grazas á intelixencia dos nenos e á colaboración de todos estes personaxes, logran rescatar a Raruxa do seu destino de morrer queimada no pote. A narración interrómpese para dar entrada á cartas de Felicidade Ben Rara, a nai de Raruxa, que non dubida en pedirlle ao autor que salve a súa filla do seu terríbel destino en mans das bruxas. A cuberta de David Pintor (A Coruña, 1975) é a única ilustración do libro. Nela retoma unha pasaxe do texto que presenta os personaxes do

relato cando se dirixen a salvar a Raruxa. É unha composición dinámica, producida pola inclinación do chan, na que o ilustrador emprega tonalidades cálidas e unha sutil deformación nos obxectos e volume dos personaxes, que consegue crear dende a cuberta unha atmosfera de curiosidade no lectorado acerca do relato que pode haber no seu interior.

Recensións:

- María Navarro, "Bruxa Raruxa", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 200, "Infantil/Xuvenil", 22 marzo 2007, p. VII.

Comézase sinalando que a obra *Unha bruxa ben rara*, de Carlos Mosteiro, foi premiada co Premio Barco de Vapor 2006. Lémbranse outros títulos deste autor de Pontevedra e repásase a estrutura e argumento da novela, na que en catro partes se van sucedendo os personaxes reais e imaxinarios. Sinálase que Raruxa é o nome da bruxa rara arredor da que xiran os personaxes e a que un grupo de rapaces ten que liberar da maldade doutros seres. Explícase que na segunda parte a nai da protagonista lle envía unha carta aberta ao autor para que coñeza a vida da súa filla e poida entender mellor todo o que pasa. Destácase a novidade deste recurso, aínda que se critica o final feliz agardado.

Moure, Teresa, *A casa dos Lucarios*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, [mocidade], agosto 2007, 94 pp. (ISBN: 978-84-9782-630-3).

Teresa Moure (Monforte, 1969) aborda nesta novela curta un percorrido pola historia recente de Galicia a través da ollada dunha voz narrativa feminina quen, a xeito de cronista, relata a vida da súa familia dende 1945 até os tempos actuais. Contra o final descubrirase a súa identidade, pois da terceira persoa pásase á primeira até revelar que se trata dunha das netas dos avós fundadores desta ampla estirpe, que quixo escribir esta narración como homenaxe á súa loita pola vida ao cabo dos anos e con motivo de se cumprir en 2007 os seus sesenta anos de casados. Comeza o relato contando como se coñeceron Chicho e Rosa e como tras uns anos traballando como feirantes e tras o nacemento de Rosiña, Xoán e María Celeste decidiron instalarse en Ferreira para estar preto desta última, que morreu ao pouco de nacer. A partir de entón irán nacendo o resto dos fillos: Leocadia, Néstor, Román e Daniel. Cada un deles de personalidade ben diferente, pero todos acollidos na casa familiar, que vai medrando canda eles ao igual que as árbores que Chicho planta en canto nacen. Ao tempo que se narra a historia da familia, insírense en relación cos personaxes, as mudanzas que foi sufrindo a sociedade: a represión da posguerra, a chegada da liberdade, a emigración, a urbanización do campo, a chegada ás casas dos electrodomésticos, o feísmo, a corrupción política ou o cambio de costumes en relación coas mulleres e cos comportamentos sexuais, concedéndolle especial protagonismo e abordando con total naturalidade a atracción sexual que sempre sentiron Chicho e Rosa. Neste marco realista, insírese tamén o aspecto fantástico a través da personaxe de Leocadia, que ademais de lle dar nome á estirpe, pois todos lle chaman Lucaria e de aí os Lucarios, posúe unha especial sensibilidade para curar. A fotografía da cuberta, de Antonio Seijas, é unha fotomontaxe onde aparece como fondo uns remendos de tea cosidos entre sí, conformando unha imaxe dunha casa que visualmente reforza o título do libro. Os remendos ofrecen a idea de moitas historias que van sucedéndose na casa e que, grazas a todos eses relatos, son

os verdadeiros protagonistas que formarán parte do ambiente que se vive na casa dos Lucarios.

Recensións:

- Manuel Rosales, "Crónica familiar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 224, "Libros", 8 novembro 2007, p. IV.

Dise que esta obra de Teresa Moure representa un repaso da crónica da familia Lucarios, tendo protagonismo as figuras femininas. Coméntase que a avoa será o soporte da casa e posteriormente pasará a selo a súa filla.

Referencias varias:

- Mar Mato, "A única familia é a que fas ti cos teus incondicionais", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 15 setembro 2007, p. 41.

Refírese aos premios que ten conseguido Teresa Moure e á súa obra, entre a que destaca *Herba moura*, que está a ser traducida a varias linguas. Tamén recolle unha pequena entrevista coa autora na que fala d'*A casa dos Lucarios* e da temática que trata, na que destaca que nesta obra non fai un canto á familia e na que se mostra ilusionada porque as súas obras se traducen. Teresa Moure tamén apunta que ela escribe a cachos, aínda que recoñece que a escrita é moi absorbente.

Mouriño, Miguel Anxo, *O reino ideal*, ilust. Andrés Meixide, Vigo: Galaxia, col. Árbore, n.º 153, a partir de 12 anos, 2007, 209 pp. (ISBN: 978-84-7154-176-5)

Miguel Mouriño (Oubiña, Cambados, 1943) constrúe esta narración inseríndoa nun contorno realista para se adentrar despois na fantasía. Cóntase como Antía, por mor da separación de seus pais, cambia de cidade: deixa Santiago e marcha vivir a Pontevedra. No seu novo colexio vivirá unha emocionante aventura relacionada cos libros e coas actividades organizadas en torno á biblioteca, que conta cunha mascota, Buli, coa que é quen de falar. O relato inclúe tamén, como parte esencial da trama, numerosos xogos enigmísticos, como charadas, palíndromos ou encadeados, que Buli lles propón aos alumnos e alumnas da escola. Os primeiros resólvense diante do lector co fin de explicar os seus mecanismos, mentres que o resto déixanse sen resolver até as páxinas finais, nas que se inclúen todas as solucións. Antía axiña demostrará o seu talento na resolución dos xogos que ademais forman parte dunha intriga arredor da rivalidade entre bibliotecas da cidade na que a rapaza terá un destacado protagonismo ao acceder, coa axuda de Buli, a un mundo paralelo ao que se accede a través de portas situadas na escola. Só ten cores a cuberta e a contracuberta que completan unha escena que anticipa que na historia do interior se vai mesturar a realidade coa fición, xa que se ve unha nena durmida observada por un ser fantástico. Nos debuxos altérnanse composicións realistas con outras nas que a protagonista está rodeada de seres fantásticos e de ficción. No interior as ilustracións figurativas de Andrés Meixide (Vigo, 1970) están limitadas polo emprego dunha soa tinta azul.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Reencontrar a literatura", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 370, "Musas", 16 setembro 2007, p. 46.

O autor Miguel Anxo Mouriño fala nesta entrevista das obras que ten publicadas: *Camariña: sete cruces e unha esperanza* (1990), *E segues a tirarme das entrañas* (1997), *Os arriscados* (2006), *Actividades escolares para o cultivo da lingua*, *O reino ideal* (2007), *Versos primos* (2007) e a que está a punto de saír *Gondomar de Pablo.* Di non decantarse por ningún xénero en particular e considera que a literatura en galego está a pasar por unha época dourada "en claro e paradoxal contraste coa vitalidade da lingua, que esmorece día a día".

Núñez, Toño, *O monstro dos Ancares*, ilust. Xosé Tomás, Vigo: Galaxia, col. Árbore, n.º 148, a partir dos 8 anos, marzo 2007, 52 pp. (ISBN: 978-84-7154-008-9).

Toño Núñez (Navia de Suarna, 1959) recupera neste conto as orixes da lenda que rodea a lagoa de Grandela, na serra dos Ancares, arredor da existencia dun monstro de sete cabezas. O señor máis rico da contorna, don Simeón de Suarna, dono do castelo de Aiván e pai de tres mozos que morreron polo ataque do temíbel monstro, artellou unha vinganza para matalo pero tras se decatar de que o seu plan fracasara, decidiu casar a máis fermosa das súas fillas, Dominga, co mozo que conseguise acabar co monstro. Finalmente, será o mozo máis pobre dos arredores, Farruco da Retorta, o que consiga, grazas ao seu poder coas serpes e á súa maña, matar o monstro dos Ancares e casar con Dominga. O texto recorre ás convencións da tradición oral, como as constantes apelacións ao lectorado. As ilustracións figurativas de Xosé Tomás (Betanzos, 1971) achegan información sobre as distintas situacións que se relatan no conto. As composicións en branco e negro, agás a da cuberta, teñen puntos de vista variados.

Pazos Hermida, Silvia, *A carreira de sacos*, ilust. Rodrigo Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño [prelectorado], marzo 2007, [32] pp. (ISBN: 978-84-9782-561-0).

Conto de Silvia Pazos Hermida (Monforte de Lemos, 1978), ilustrado por Rodrigo Chao (Boiro, 1976), no que se bota man de personaxes animais e do humor para recalcar valores como a importancia da cooperación e do traballo en equipo ou o xogo limpo. Nárrase o que acontece dende que os animais do bosque deciden organizar unha carreira de sacos á que acoden outros animais de todas as partes do mundo. Os participantes, unha pulga, unha ra, unha chicharra, un coello branco e un canguro, recorren a todo tipo de artimañas e trucos para gañar a competición pero un a un van sendo eliminados polos xuíces. O único que chega á liña de meta é o canguro, aínda que sen tempo para saborear o seu triunfo xa que axiña se decatan de que el tamén fixo trampa porque leva resortes nos pés para saltar máis alto. Todos os animais amosan o seu desgusto e para arranxar o acontecido os participantes deciden organizar unha festa cos cartos do premio. Cun bo traballo en equipo a festa resulta todo un éxito. As ilustracións son figurativas e teñen os animais como protagonistas. Preséntanse en composicións moi dinámicas, a dobre páxina, que permiten vela carreira dende o punto de vista dos animais. O ilustrador emprega estilizacións que alongan os corpos dos protagonistas

achegando máis movemento ás imaxes. O libro está encadernado en rústica e os debuxos son a toda cor, aínda que predominan as cores matizadas en tonalidades frías.

Recensións:

- María Navarro, "Un bo ensino", *Faro de Vigo*, n.º 226, "Infantil/Xuvenil", 22 novembro 2007, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 163, "Lecturas", 1 decembro 2007, p. 11.

Achega o argumento d'*A carreira de sacos*, de Silvia Pazos Hermida e Rodrigo Chao, sinalando que, se ben ao comezo introduce elementos discordantes, cara ao final se recupera grazas ao carácter conciliador dos personaxes. Destaca que o relato ofrece un bo ensino para todos, tentando ser capaces de superar diferenzas e aceptar as derrotas e/ou as consecuencias dun comportamento pouco adecuado. Por último, comenta que se trata dun texto breve e conciso, que encerra numerosos valores, e que, dende o punto de vista plástico, emprega o colorido, o trazo sinxelo e o detalle como elementos fundamentais para captar a atención dos rapaces que farán a lectura das ilustracións en clave de xogo.

Quintiá, Xerardo, *Ke-Tumba Ke-Tamba*, Finalista Premio Raíña Lupa 2006, ilust. Noemí López, Vigo: Galaxia, col. Árbore, n.º 145, a partir de 10 anos, 2007, 172 pp. (ISBN: 978-84-8288-980-1).

Xerardo Quintiá (Friol, Lugo, 1970) presenta, por medio dun narrador omnisciente, a historia dun indio chamado Ke-Tumba Ke-Tamba que pertence á tribo dos Tarambainas pero que non se parece en nada aos seus familiares, compañeiros e veciños xa que é un neno moi pacífico e nada guerrilleiro, razón pola que é en ocasións obxecto de burlas. Chegado o día no que todos os indios novos deben enfrontarse ao "O gran rito", proba na que teñen que demostrar a súa valentía, o gran xefe Sempre-Teño-Razón manda chamar aos dous únicos indios que a deben realizar ese ano: Farruko-Garrido e Ke-Tumba Ke-Tamba. A proba, que consiste en ir só polo monte e non regresar até que se consiga cazar polo menos un oso, resulta imposíbel de realizar para o protagonista quen, a diferenza do seu compañeiro que regresa á aldea con sete fermosos osos ao lombo, volve á casa cun canguro. Polo dito, Ke-Tumba Ke-Tamba é castigado a coidar un rabaño de carneiros que, asustados por uns Bios-Bardos, escapan e levan consigo todo o que se lles pon por diante, incluído o gran xefe Sempre-Teño-Razón que decide desterrar o indio protagonista. Así, Ke-Tumba Ke-Tamba, cun saco con comida e outro con recordos, comeza unha viaxe na que, malia en ocasións sentirse só e triste, vivirá distintas aventuras nas que novamente os Bios-Bardos terán moito que ver. Pasado un tempo e informado por Ka-Deliño do que acontece na súa aldea, o protagonista, axudado polos seus novos amigos, liberará a aldea india dos osos que os teñen acurralados. Unha vez a salvo, o xefe da tribo quitaralle o desterro e mesmo poñerá remedio ao namoramento entre a súa filla e o indio Ke-Tumba Ke-Tamba mediante o casamento. As ilustracións de Noemí López (Xixón, 1974), coas que se pode seguir o curso da narración textual, son de estilo figurativo, dinámicas (polo predominio da liña curva) e de grande expresividade grazas ao detemento co que se describen os ollos do protagonista (sábese cando está aburrido, durmido, alegre, aterrado, etc.). A caracterización que dos personaxes fai a ilustradora permite situalos dentro dunha cultura determinada.

Recensións:

- Ana Amado Reino, "Xerardo Quintiá. *Ke-Tumba-Ke-Tamba*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 12 a 14 anos", primavera 2007, p. 75.

Resume o argumento da obra de Xerardo Quintiá, *Ke-Tumba Ke-Tamba*, na que "dunha maneira moi simpática e amena" se introduce ao lectorado agardado nunha historia na que xogan un papel importante os Bios-Bardos, o fanfurriñeiro de Farruko-Garrido ou Sempre-Teño-Razón. Así mesmo, considera que se bo é o texto, non o son menos os debuxos de Noemí López.

- Paula Fernández, "Culturas indíxenas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 161, 8 novembro 2007, "Infantil/Xuvenil", p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 224, 17 novembro 2007, p. 11.

Sinala que *Ke-Tumba Ke-Tamba* é un relato articulado a partir dos tópicos doados de localizar nas obras infantís, mais que Xerardo Quintiá é quen de unilos e acadar un resultado "interesante e moi divertido". Achega o argumento destas aventuras vividas polo indio Ke-Tumba Ke-Tamba nunha viaxe forzada e que son o maior atractivo do relato en canto á orixinalidade e tamén en canto á actitude do personaxe principal. Así mesmo, salienta o humor presente nas citadas aventuras, que tamén provocarán que o indio se desfaga do seus medos. Por último, comenta que se trata dunha historia de aprendizaxe do protagonista sustentada nunha estrutura tradicional e que provoca diferentes reaccións, como a identificación ou a solidariedade cos desfavorecidos.

Quintiá, Xerardo, *Titiritesa*, ilust. Maurizio A.C. Quarello, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, setembro 2007, [40] pp. (ISBN: 978-84-96788-94-7).

Relato fantástico realista de Xerardo Quintiá (Friol, Lugo, 1970) no que a través dun narrador en terceira persoa e da voz dos personaxes se narra a historia da princesa Titiritesa. Sábese que a protagonista quere viaxar por todo o mundo, pero que se atopa coa negativa de súa nai que só quere que aprenda a saber comportarse e que, como as demais princesas, se case. Por este motivo Titiritesa escapa do palacio e emprende unha viaxe na que a acompañará o burro Bufaldino e na que xuntos rescatarán á filla do rei Godofredo, Wendolina, do monstro Paposete Dumbocado. De camiño ao reino de Pasadomañá onde reside Wendolina as princesas descubrirán que están namoradas e, unha vez en palacio, anunciarán o seu desexo de casar, decisión que non todos os seus familiares aceptan da mesma maneira. O texto acompáñase das ilustracións figurativas de Maurizio A.C. Quarello (Torino-Italia, 1974). Na cuberta aparecen enmarcadas nun círculo as efixies das protagonistas do conto. No interior, as imaxes, realizadas con pintura, presentan cores bastante mesturadas que producen una sensación cálida. Os personaxes teñen un estilo achegado á caricatura e algunhas escenas chegan a ser grotescas polas actitudes dos protagonistas. As composicións son moi variadas e interactúan coa tipografía dos textos. A información visual que achegan as imaxes contextualizan os feitos nun país imaxinario do século XVIII.

Perozo, X. A., *Dona Pinga e don Carballo fan amizade*, ilust. Jaime R. Asensi, Santiago de Compostela: CESPA/Concello de Santiago/Aquagest, [lectorado autónomo], 2007, 16 pp. (ISBN 84-89597-19-7). ◆

Álbum infantil realizado por Xosé Antonio Perozo (Llerena, Extremadura, 1951) con motivo do "Día Mundial da Árbore e da Auga". Por medio dun narrador omnisciente preséntase unha historia fantástica que ten como protagonistas a dous elementos da natureza (unha pinga e un carballo) que, como o título indica, estabelecen amizade. Cóntase como un labrego, xunto co seu fillo, decide plantar unha carballeira nunha terra que estaba empezando a se desertizar co fin de darlle vida. Unha das landras, moi optimista e que soña con ser un carballo, coñece a unha pingueira de auga, dona Pinga, que se decata de que, malia a fachenda da súa amiga, a landra nunca viaxará como ela. Por esta razón contaralle á landra as cousas que ela viu e as aventuras que tivo. Farta de tanta leria, a landra pídelle a dona Pinga un descanso e esta decide comezar unha nova aventura. Pasados os anos e despois de moitas aventuras e novas amizades dona Pinga reencontrarase coa landra que agora se converteu nun forte carballo e que lle conta que o neto do vello que o plantara é o que agora continúa o seu labor e coida a carballeira. O texto acompáñase das ilustracións de Jaime R. Asensi (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, 1957).

Rapela, Luís, *De que cor es ti?*, ilust. Spela Trobec, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos Soños, [prelectorado], decembro 2007, [34] pp. (ISBN: 978-84-95460-77-6).

Luís Rapela (Ferrol, 1955) bota man neste álbum dun narrador omnisciente para dar conta da experiencia dun neno no seu primeiro día de escola, onde coñece novos compañeiros aos que asocia coas diferentes cores: azul, amarelo, vermello, verde… As ilustracións de Spela Trobec (Kranj, Eslovenia, 1974) fúndense no texto dando lugar a unha narrativa única, especial e moi estética. Xa dende as gardas se lle presentan ao lectorado agardado os personaxes cos seus correspondentes nomes, nunha tipografía esquemática e moi próxima ao mundo infantil. Ao longo de toda a obra, a ilustradora xoga con moitas técnicas diferentes (recorre á colaxe, á pintura pastada, a trazos áxiles con ceras, a grandes manchas de cores, etc.) para traballar a teoría e a sinestesia cromática que se agochan detrás deste álbum ilustrado. Así, en moitas ocasións pode apreciarse a influencia doutros artistas no seu traballo, como poden ser Tápies ou Paul Klee. Trátase dun álbum ilustrado que pretende ser interactivo xa que nalgunha das páxinas se busca a participación do lectorado, ben escribindo, pintando ou debuxando.

Queipo, Xavier, *Saladina*, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, n.º 10, [lectorado mozo], 2007, 100 pp. (ISBN: 978-84-9865-024-2)

Novela de Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) que se inicia co epígrafe "Nota para curiosos" onde se conta a xénese do libro, que comezou a elaborar logo da lectura de *The Malay Archipelago*, do naturalista inglés Alfred Russel Wallace, e de botarlle unha ollada a algunhas páxinas das obras de Álvaro Cunqueiro. Indica a seguir que se poden atopar durante toda a narración referencias claras a *Se o vello Simbad volvese as illas* e explica como, grazas aos seus amigos Xosé Luís Rodríguez e Xosé Trapero Pardo, coñeceu as obras do escritor de Mondoñedo. Finaliza a introdución

explicando que recolle un conxunto de sete historias fantásticas e animando á súa lectura. A seguir, acóllense os relatos "Primeira parte. O día despois do terremoto", "Segunda parte. A illa das medusas vagalume", "Terceira parte. O conselleiro da raíña de Portugal", "Cuarta parte. A navegación de Giacomo Pagliarani", "Quinta parte. Historias da barbería de Sadr", "Sexta parte. A baiuca do fondo do mar" e "Sétima parte e última. O arroaz de Palembang". Trátase de sete relatos que teñen como fío condutor a Saladina, que lle dá título a obra, unha rapaza que se deixa levar polas historias e lendas que lle vai contando o seu avó Hakim. Con este fío condutor avanza a obra ao xeito das *Mil e unha noites*. No derradeiro asístese á morte de Hakim e sábese que dende ese momento Saladina acode á barbería Sadr a escoitar as diferentes historias que alí se contan, que logo repetirá lixeiramente modificadas.

Reigosa, Antonio, *A escola de Briador*, ilust. Noemí López, A Coruña: Editorial Everest Galicia, col. Montaña Encantada, a partir de 10 anos, 2007, 114 pp. (978-84-4030-535-0)

Relato de Antonio Reigosa (Mondoñedo, 1958) e ilustrado por Noemí López (Xixón, 1974) no que o trasno Briador convoca os seus compañeiros e compañeiras co fin de impartirlles un curso intensivo que lles permita coñecer o seu pasado e espertar neles a ilusión por recuperar a sona de tunantes e enredantes agora perdida. Un asunto familiar do inspector de policía é a orixe desta peculiar escola na que ao alumnado Briador lles falará da súa historia e da gloria acadada por moitos dos seus máis ilustres mestres, así como dos seus inimigos os humanos.

Recensións:

- Ana Amado, "Seguro que foi un trasno", *Tempos Novos,* "*Protexta*", n.º 2, "proPostas", primavera 2007, p. 19.

Coméntase a nova obra de Antonio Reigosa, *A escola de Briador*. Dise que está chea de trasnos e que é presentada en forma de diario poñendo a voz cada un deses días un personaxe diferente. Ana Amado afirma que Reigosa se vale da maxia dos trasnos para tocar temas que afectan aos humanos e facer así unha denuncia da sociedade actual, mais que, nalgúns casos, se transmite demasiada carga didáctica. Resáltase tamén a calidade dos debuxos feitos por Noemí López dos que se din que están cheos de cor e de tenrura, mesmo nos casos de trasnos que maquinan como facerlles a vida imposíbel ás persoas.

- María Navarro, "Vidas paralelas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 210, "Infantil/Xuvenil", 7 xuño 2007, p. VII .

En primeiro lugar dise a editorial e a colección na que se publica *A escola de Briador*, de Antonio Reigosa, un autor do que se sinala que introduce o lectorado nun "submundo imaxinario de trasnos e pequenos seres". A continuación dáse conta do argumento desta obra e lémbrase que Reigosa, autor do que se citan os títulos dalgunha outra obra, é un "bo coñecedor da tradición oral popular". Así mesmo, María Navarro detense nos personaxes que Reigosa presenta e fala dos atractivos que a literatura fantástica de sabor popular presenta para o lectorado mozo. Finalmente, a articulista

critica a estrutura da obra na que, segundo Navarro, malia a importancia outorgada aos feitos dos personaxes estes nada "teñen que ver coa resolución do caso, suposto motivo fundamental da narración".

Rivadulla Corcón, X.H., *A balada de Roi Nemiña*, ilust. Jaime Asensi, Barcelona: Editorial Planeta&Oxford, col. Camaleón, serie azul, febreiro 2007, [73] pp. (ISBN: 978-84-9811-104-0).

Relato fantástico de Xosé Henrique Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962) no que por medio dun narrador omnisciente se ofrece unha historia ambientada na época castrexa. Nela, as Sisargas, gobernadas pola Raíña Malante, abarcan unha franxa costeira e a capital está nunha illa. Saímia e o ferreiro Ozón, que viven na costa, teñen un fillo, Nemiña, de quen o espírito de Xaviña, a nai morta de Ozón, anuncia que será o salvador das Sisargas. Cando o rapaz ten quince anos, Ozón morre e el ocúpase da ferrería. Cinco anos despois pensa en casar cunha rapaza da aldea, pero morre súa nai, quen no leito de morte lle conta o que dixo o espírito de Xaviña, e decide viaxar á Illa de Sisargas. Por causa dun naufraxio Nemiña aparece na praia da Illa sen lembrar o seu pasado e sen saber quen é. Neste novo territorio coñecerá ao ferreiro da Raíña, Vilán, un home ruín que fabricará unha espada coa que pretenderá derrotar aos invasores que tratan de conquistar as Sisargas xa que a lenda di que as espadas do ferreiro de Sisargas son invencíbeis. Malia o dito, as Sisargas son conquistadas e un pobo invasor pretende impoñer as súas tradicións. A raíña Malante proponlle un combate ao Rei invasor polo cal se el vence ela adoptará as súas tradicións, pero se ela é a gañadora, eles abandonaran Sisargas. Grazas á intervención de Xaviña, Nemiña forxará a espada do combate coa que a Raíña vence ao invasor e consegue a liberdade do seu reino. O texto está acompañado das ilustracións de Jaime Assensi (Vilagarcía, 1957) que presentan un estilo parecido ao dos cómics. Se ben son realistas no sentido de que ensinan a realidade do conto tal e como é, non deixan de ter unhas formas esaxeradas propias dese tipo de debuxo.

Recensións:

- Paula Fernández, "Historia de aventuras", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 216, "Infantil/Xuvenil", 13 setembro 2007, p. VII.

Achega o argumento d'*A balada de Roi Nemiña*, que se sitúa na Galicia dos pobos pertencentes á cultura dos castros. Comenta que o desenvolvemento da historia é lineal e que e está presentado de xeito case cinematográfico. Sinala que a historia se presenta como verdadeira e que é recreada en efectivas descricións, que alternan cos fragmentos en que salienta a acción, así como puntualiza que os seus protagonistas semellan personaxes dun filme. Por último, apunta que se trata dunha historia de aventuras cargada de tópicos recorrentes no cinema e na literatura, mais empregados con mestría por X. H. Rivadulla Corcón.

Rivadulla Corcón, X.H., *O sorriso de Claudia*, ilust. Andrés Meixide, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións/Galicia Hoxe/Xunta de Galicia (Consellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible), [lectorado autónomo], 2007, 27 pp.

(ISBN: 987-84-7824-519-2). ◆

Relato fantástico realista de Xosé Henrique Rivadulla (A Coruña, 1962) no que por medio dun narrador omnisciente e da voz dos personaxes se conta como a moura do bosque Irae lle pide axuda a Claudia, unha nena de sete anos, pois perdeu o corazón da Natureza e precisa urxentemente recuperalo. Aínda que Irae é pouco partidaria de que Claudia lle pida axuda á súa avoa Amalia, pois moitos maiores odian a natureza, a protagonista convence a esta para ir dar un paseo e así comprobar que a Natureza está en perigo. No bosque atópanse coa Raíña Lixo, que as ameazada con contaminar toda a Terra ao seu antollo e que só lles devolverá o corazón da Natureza que ela ten a cambio do sorriso de Claudia que é tan grande coma o Sol. Aínda que nun primeiro momento se negan a tal troco, Claudia remata dándolle o seu sorriso á Raíña do Lixo que a engana e non lle devolve o que lle prometera. Ante tal situación (Claudia sen sorriso e a Natureza contaminada), Amalia bota man do libro *Libro das solucións máxicas para os problemas da vida* que gardaba no faiado, concretamente do capítulo "Remedio para os que odian a risa", e coa axuda de moitos nenos que botan a rir a gargalladas diante da Raíña Lixo conseguen vencela e recuperar o que lles roubara. O texto acompáñase das ilustracións de estilo figurativo e colorista de Andrés Meixide (Vigo, 1970). Trátase de composicións que presentan escenas significativas do que vai ocorrendo na narración.

Referencias varias:

- maré, "A ecoloxía, en clave infantil", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 xuño 2007, p. 28.

En primeiro lugar dáse conta do argumento d'*O sorriso de Claudia*, de X. H. Rivadulla e ilustrado por Andrés Meixide, que edita Sotelo Blanco e que repartirá *Galicia Hoxe* como agasallo do Día Mundial do Medio Ambiente. Recóllense as palabras do autor a respecto da súa intención coa publicación deste texto e a respecto do traballo do ilustrador. Finalmente, lémbrase que autor e ilustrador xa colaboraron xuntos n'*A qué veñen as gaivotas a Compostela?* (2006). En columna á parte, baixo o epígrafe "A promoción", lémbrase que *O sorriso de Claudia* será distribuído co xornal o día 5 de xuño.

- maré, "Por unha vida sostible", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 xuño 2007, p. 31.

Dáse conta da presentación d' *O sorriso de Claudia*, de Xosé Henrique Rivadulla Corcón. Explícase que se vai levar a cabo a distribución gratuíta de catro mil exemplares co xornal *Galicia Hoxe* para conmemorar o Día Mundial do Medio Ambiente. Recóllense as palabras dos representantes de diferentes institucións presentes no acto nas que salientan a importancia do respecto ao medio ambiente e da literatura fronte aos medios audiovisuais. En cadro á parte, repásanse as impresións doutros representantes de colectivos concienciados co medio ambiente, así como o argumento do conto.

Rivas, Lita, *Flor de vento*, ilust. Saray Suárez Louzao, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Contacontos, n.º 37, serie verde, máis de 8 anos, 2007, 87 pp. (ISBN: 978-84-7680-599-2).

Relato fantástico realista de Lita Rivas (Santiago de Compostela) no que, por medio dun narrador en terceira persoa e da voz dos personaxes, se conta a historia de Xiana, unha margarida azul con pencas laranxas que vive nun xardín e ten unha grande curiosidade por saber o que hai máis alá dos muros deste. Así coa axuda da súa amiga Trilos, unha andoriña, Xiana vai descubrindo todo o que existe fóra do xardín e os misterios e as curiosidades da vida e da natureza. Trilos explícalle todo o que ela coñece dunha forma sinxela e encantadora para que Xiana entenda á perfección o que hai fóra daquel lugar, así como todo o que ten que ocorrer porque non queda máis remedio, como, por exemplo, a morte, a supervivencia das especies, etc. A cuberta do volume presenta un debuxo infantil realizado por Saray Suárez Louzao (Vigo, 1991) de estilo figurativo e cores cálidas.

Riveiro, Breogán, Fran **Alonso**, Elvira **Pérez** e Carlos **Mosteiro**, *Historias para ler e mirar*, ilust. Fausto Isorna, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural), Federación de Libreiros de Galicia e Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX), col. Lagarto Pintado, a partir dos 10 anos, 2007, 68 pp. (D.L.: 967-2007). ◆

Volume editado con motivo da conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil que recolle os relatos seguintes:

- Breogán Riveiro, "A viaxe", pp 7-20.

Relato de Breogán Riveiro (Montevideo, 1967) no que, por medio dun narrador ominisciente e da voz dos personaxes, se narra o que lle sucedeu a Suso e á súa familia cando estrearon o GPS que o pai do protagonista se regalou a si mesmo por ter deixado de fumar. Coñécense as dificultades coas que se atopa o GPS na viaxe que a familia fai a Compostela, vila na que hai rúas de dirección prohibida e mesmo peonís que o GPS non recoñece.

- Fran Alonso, "Café Virtual", pp. 21- 33.

Fran Alonso (Vigo, 1963) bota man dun narrador omnisciente para dar conta do acontencido no Café Tropical onde unha máquina permite realizar virtualmente os desexos de quen xoga con ela. Coñécese como un neno, o Rei da Máquina, chega ao Café Tropical coa intención de intervir no propio espazo que ten xusto ao seu redor e as consecuencias que isto conleva.

- Elvira Pérez, "Un emoticón na bandexa de entrada: antes de almorzar", pp. 35-52.

Principalmente por medio da voz dos personaxes, Elvira Pérez achégalle ao lectorado agardado as novas tecnoloxías, concretamente as consecuencias do Messenger. Así, cóntase o que lle sucede a María, unha moza que pasa moitas horas diante do ordenador, logo de recibir un emoticón que semella ser un virus pero que resulta ser algo totalmente diferente que mesmo a chega a asustar.

- Carlos Mosteiro, "SMS", pp. 53-68.

Relato de Carlos Mosteiro (Santo André de Xeve, Pontevedra, 1955), dividido en catro capítulos numerados, no que por medio dun narrador omnisciente se lle presenta ao lectorado agardado a realidade de moitos centros de ensino. No relato, Brais, o protagonista, segue as ordes de Marcos, aínda que nalgún momento dubida de facer o

que este lle manda, e igual que os outros compañeiros acaba mallando até cansar no corpo de Lois, sen este terlles feito nada.

Acompáñanse os textos das ilustracións de Fausto Isorna (Catoira, 1961) cuxos debuxos remiten ás imaxes da banda deseñada. As cores presentan gamas de sepia, aplicadas en tintas planas e cunha liña que rodea as formas dos personaxes.

Sáez Cazallas, Cristina, *O sorriso de Rosalía*, ilust. Noemí López, A Coruña: Everest Galicia, a partir de 8 anos, 2007, 74 pp. (ISBN: 978-84-403-0517-6).

Relato fantástico realista de Cristina Sáez Cazallas no que a autora, valéndose dun narrador omnisciente, achega ao lectorado agardado a vida de Rosalía, unha nena de oito anos, cun fermoso sorriso e grande imaxinación. Así, coñécese o ambiente no que vive a nena, as súas mellores amigas, os seus gustos na escola, etc. Sábese que a protagonista ten o gran desexo de chegar ao arco da vella e ás súas cores, polo que, animada polas palabras de seu pai, faise pasar por enferma e atrévese a correr esa aventura. Para iso escribirá un conto que ao final non se sabe se foi fantasía ou realidade. Acompáñase o texto das ilustracións figurativas de Noemí López (Xixón, 1974). Na cuberta aparece unha nena en primeiro plano cun grande sorriso na cara. No interior, as ilustracións á acuarela presentan tons moi contrastados que alternan matices das cores. Trátase de composicións nas que predominan as liñas curvas, con formas nas que se xoga cunha certa desproporción para acentuar a expresividade dos personaxes do relato. Salienta no traballo da ilustradora o tratamento de diferentes puntos de vista.

Seoane, Xavier, *A historia do can que caeu no tinteiro*, ilust. Paula Mariño, Madrid/Vigo: Diario El País/Galaxia, col. No País dos Contos, n.º 21, [lectorado autónomo], 2007, [36] pp. (ISBN El País: 84-9815-803-6/ISBN Galaxia: 978-84-9865-001-3)**.**

Álbum fantástico realista de Xavier Seoane (A Coruña, 1954) no que a través dun narrador omnisciente se conta a amizade entre un neno e o seu can. Un cadeliño pequeno e un neno, cuxos nomes se descoñecen, son amigos dende unha idade moi temperá. Na época en que o neno está aprendendo a ler e escribir, a súa mascota, por mor do seu pequeno tamaño, cae nun tinteiro. Ao saír del, ambos os dous descobren que o cadeliño vai deixando pegadas no chan moi similares ás letras que o neno está a aprender. Así, e sempre mediante divertidos xogos, os dous amigos van aprendendo a formar sílabas, palabras, frases… As ilustracións deste volume corren a cargo de Paula Mariño (Vigo, 1958) quen bota man maioritariamente das cores cálidas, tanto para os fondos como para o can ou a pel e cabelo do neno. Malia o dito, nalgunhas ocasións emprega cores frías para detalles, tales como libros, tintas derramadas… A orixinalidade de Mariño queda reflectida na mestura das técnicas utilizadas (combinación do debuxo superposto con papeis texturizados, cordeis…).

Seoane, Xavier, *A historia do can que caeu no tinteiro*, ilust. Paula Mariño, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], novembro 2007, [30] pp. (ISBN: 978-84-9865-019-8)

Álbum fantástico realista de Xavier Seoane (A Coruña, 1954) no que a través dun narrador omnisciente se conta a amizade entre un neno e o seu can. Un cadeliño pequeno e un neno, cuxos nomes se descoñecen, son amigos dende unha idade moi temperá. Na época en que o neno está aprendendo a ler e escribir, a súa mascota, por mor do seu pequeno tamaño, cae nun tinteiro. Ao saír del, ambos os dous descobren que o cadeliño vai deixando pegadas no chan moi similares ás letras que o neno está a aprender. Así, e sempre mediante divertidos xogos, os dous amigos van aprendendo a formar sílabas, palabras, frases… As ilustracións deste volume corren a cargo de Paula Mariño (Vigo, 1958) quen bota man maioritariamente das cores cálidas, tanto para os fondos como para o can ou a pel e cabelo do neno. Malia o dito, nalgunhas ocasións emprega cores frías para detalles, tales como libros, tintas derramadas… A orixinalidade de Mariño queda reflectida na mestura das técnicas utilizadas (combinación do debuxo superposto con papeis texturizados, cordeis…).

Soldado, Magda, *¿Es ti o meu amigo?*, ilust. Jacobo Muñiz, A Coruña: Bahía Edicións, col. Xiz de Cor, n.º 13, [lectorado autónomo], 2007, 32 p. (978-84-96526-96-9).

Conto de Magda Soldado, nome literario de Magdalena Soldado Mérida (Córdoba, 1973), que ten como protagonista a un coello chamado Dentón, que vive nunha pradería onde cre ter moitos amigos e tamén coñecidos, pero que ten un problema: non sabe diferenciar entre uns e outros. Un día, a Dentón inúndaselle a tobeira e por este motivo ten que durmir ao aire libre, co perigo dos mosquitos, o frío e tamén do lobo, quen o persegue aquela noite até que consegue refuxiarse nunha árbore. O paxaro Pepiño dille que ten que atopar casa axiña e entón Dentón vai de casa en casa a ver quen lle presta acubillo. Todas as visitas que fai aos que el cre que son os seus amigos acaban cunha negativa até que, cando xa pensaba que non ía atopar sitio, o rato Pedriño lle ofrece durmir na súa rateira. A partir dese momento Dentón aprende a distinguir un amigo dun coñecido e descobre que un amigo sempre está cando fai falla. Acompáñase o texto das ilustracións figurativas de Jacobo Muñiz (Pontedeume, A Coruña, 1973) que, feitas con pintura (na que se aprecian os trazos expresivos das ceras), presentan cores saturadas e un significativo contraste entre complementarios: o verde da herba e o vermello da roupa do coello. Son composicións a dobre páxina, moi variadas, xa que se xoga cos primeiros planos, para amosar as sensacións do coello (por exemplo, cando está preto dos dentes do lobo), e tamén cos planos xerais, para ver a paisaxe e o contorno onde vive o protagonista. Os textos están situados sobre as ilustracións e, ás veces, trocan a tipografía, o tamaño e a disposición das palabras para acentuar o impacto visual en momentos dramáticos. Unha narración visual é posíbel sen o texto, aínda que este completa as imaxes e achegan máis información. Pola súa banda, na cuberta e na contracuberta deste álbum aparece o coello protagonista de fronte e de costas.

Recensións:

- Paula Fernández, "O valor da amizade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 212, "Infantil/Xuvenil", 21 xuño 2007, p. VII.

Comeza sinalando que, como outras moitas obras, *Es ti o meu amigo?* "centra o seu interese temático na amizade, no valor desta e no xeito que temos de amosala". Paula Fernández sinala que, malia a pouca orixinalidade do tema tratado, Magda Soldado se achega cunha perspectiva innovadora. A seguir, a articulista dá conta do argumento e

comenta que a obra se relaciona coas manifestacións literarias de carácter popular pola compoñente didáctica que presenta e o protagonismo animal. Finalmente, opina que *Es ti o meu amigo?* é interesante para pais e educadores e que non representa un esforzo esaxerado para o lectorado.

Tabuyo, Domingo, *A viaxe de Vionta*, ilust. Manolo Uhía, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada, a partir de 8 anos, 2007, 83 pp. (ISBN: 84-403-0539-7).

Conto fantástico de Domingo M. Tabuyo Romero (Pontevedra, 1957) no que se conta, por medio dun narrador omnisciente e da voz dos personaxes protagonistas, como Diego, en compaña da maga Vionta e mais os seus dous axudantes, aparece na Lúa por un erro coa máquina no tempo. Despois de varias horas alí, logran comunicarse, cuns sinais lumínicos e outros sonoros, cunha nave espacial americana que está nunha misión e que cambia o seu rumbo para rescatalos. A maga Vionta agradécelle este acto cun feitizo que borra da caixa negra o seu desvío, evitándolles así problemas cos seus superiores. Unha vez na nave e grazas a un feitizo de Vionta os catro protagonistas poden regresar ao laboratorio onde tan pronto chegan poñen rumbo ao México colonial, destino inicial antes de cometer o erro que os levou á Lúa. Os debuxos de Manuel Uhía (Portonovo, 1944) están realizados cun estilo figurativo e realista. A técnica empregada, a través do uso do claroscuro, consegue situar coa utilización de acusados contrastes de luz ao lectorado agardado no espazo. As ilustracións, nas que predominan as tonalidades de gamas frías (grises, azuis e violetas) achegan información e detalles sobre algunhas situacións do relato completando, desta maneira, a narración textual.

Recensións:

- María Navarro, "Vionta, maga", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 212, "Infantil/Xuvenil", 21 xuño 2007, p. VII.

María Navarro comeza sinalando que *A viaxe de Vionta*, de Domingo Tabuyo, se move entre a ciencia ficción e a maxia e combina "sofisticados adiantos tecnolóxicos cos máis primitivos poderes extrasensoriais". A seguir, dá conta do argumento da obra e comenta que o texto de Tabuyo lembra, na mestura da ciencia-tecnoloxía e dos poderes paranormais, algunha obra de Roald Dahl. Navarro sinala, entre os atractivos da novela para os máis novos, a maneira de afrontar a psicoloxía dos personaxes. Finalmente comenta que unha "entretida lectura" está garantida pola linguaxe e estilo empregados así como polo humor.

Trigo, Ramón, *Eu vivía na fin do mundo*, Premio do II Concurso Internacional de Álbum Infantil Ilustrado "Biblioteca Insular. Cabildo de Gran Canaria", ilust. do autor, Vigo: Editorial Luis Vives, [lectorado autónomo], 2007, [26] pp. (ISBN: 978-84-96772-67-0).

Álbum fantástico-realista de Ramón Trigo (Vigo, 1965) no que un narrador en primeira persoa dá conta dunha viaxe iniciática, unha chamada á imaxinación, ao desexo de coñecer, de saber, de soñar e de descubrir outros mundos posíbeis. Os mitos sobre seres monstruosos que poboaron o mar están presentes nesta historia galega-mariñeira: só o

fareiro lle fala doutras posibilidades e tras elas irá o narrador nun final aberto e cheo de oportunidades. No relato hai certa coherencia entre a ilustración e o texto de xeito que a narración textual e a narración visual se poden ler por separado. As ilustracións, nas que se combinan cores frías con outras claras e cuxo trazo e textura son expresionistas, son imaxinativas, nada convencionais e impactantes. O autor combina nelas recursos artísticos tradicionais con outros máis innovadores. A conxunción imaxe-texto enfeitiza os niveis de sentido, en tanto o título funciona como paratexto, fin do mundo (Fisterra) onde milleiros de persoas embarcaron coa ilusión de buscar novas oportunidades.

Varela Ferreiro, Alberto, *¡Lume!,* ilust. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [prelectorado], marzo 2007, [30] pp. (ISBN: 978-84-9782-562-7).

Relato fantástico-realista escrito e ilustrado por Alberto Varela Ferreiro (Carballo, A Coruña, 1963) no que se narra como nun vello e frondoso bosque no que vivían moitos animais, o can deu o aviso de que unha lapa esfameada escapara dunha cachela e ía dirección ao vello carballo para devoralo. Dona Landra, como presidenta da comunidade de veciños do vello carballo, avisou a todos os habitantes desta árbore do que en breves momentos ía acontecer e, así, todos os veciños subiron polo tronco e chegaron á azotea. Alí, Dona Landra chamou cun asubío ao vento do Noroeste e este, soprando, conseguiu levar unha nube de choiva que apagou a lapa. Desta forma, os habitantes da árbore conseguiron salvar o seu fogar e seguiron sendo felices. As ilustracións de estilo figurativo e moi realista do autor están realizadas co apoio do ordenador e van completando visualmente o texto con moita información sobre o contorno da fraga e os distintos animais que a habitan.

Recensións:

- Noela Muíños, "Alberto Varela Ferreiro. *¡Lume!*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 6 a 9 anos", primavera 2007, p. 74.

Considera que, tras os lumes do verán de 2006, é bo que se lle fale aos máis novos deste tema, aínda que isto entrañe os seus riscos dende o punto de vista literario, pois pódese "caer con facilidade no simplismo, cando non no estilo panfletario ou na elaboración de decálogos ecoloxistas". A seguir, céntrase no comentario de *¡Lume!*, de Alberto Varela Ferreiro, que "carece da beleza e da dimensión literaria" que o poidan converter en obra de referencia. Sinala que "o ton cansino do conto chega a abafar, cando non o fan certas expresións pouco adecuadas para a comprensión lectora". Das ilustracións afirma que son "coloristas, inzadas de detalles, pero planas de máis para emocionar e convidarnos a ficar contemplando unha escena co libro aberto".

- Paula Fernández, "Recuperarmos o bosque", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 225, 15 novembro 2007, "Infantil/ Xuvenil", p. VII /*La Opinión*, "*Saberes*", "Lecturas", 24 novembro 2007, p. 11.

Comenta que o conto de Alberto Varela Ferreiro, *¡Lume!*, proclama a conservación e coidado da natureza pero dun xeito diferente, xa que no relato incídese na dignificación da floresta galega. Dá conta do argumento e afirma que nesta obra aparecen landras, cervos, curuxas, etc. especies autóctonas coas que se pretende a recuperación do bosque

galego.

Vázquez Freire, Miguel, *María é maior*, ilust. Xosé Tomás, A Coruña: Baía Edicións, col. Xiz de Cor, n.º 14, de 2 a 5 anos, decembro 2007, [34] pp. (ISBN: 978-84-96893-26-9).

Álbum de Miguel Vázquez Freire (Corcubión, 1951) no que o lectorado agardado coñece a María, unha nena de dous anos, seis meses e un día que xa é maior para facer moitas cousas, pero a quen non lle deixan facer outras moitas que a ela lle gustaría (acender a cociña, cortar cunhas tesoiras, montar nunha bicicleta estática, etc.) Malia que María se enfada, ao final descobre que aínda que é pequena para facer certas cousas, xa é maior para facer outras (axudar a poñer a mesa, recortar bonecas cunhas tesoiras pequenas, andar na súa bicicleta polo parque, etc.). A narración textual acompáñase das ilustracións figurativas de Xosé Tomás (Betanzos, A Coruña, 1971) nas que emprega como técnica o ordenador, co que se conseguen aspectos similares aos das ceras ou o guache. A composición nas páxinas consta dun espazo baleiro para o texto, normalmente branco, e un lugar onde se sitúan as imaxes, que son de composición sinxela e con poucas referencias espaciais. Preséntanse grafías de distintos tamaños e combínase a letra normal coa negriña segundo as emocións que se transmiten. As ilustracións remiten ao que se di no texto. A nena protagonista, María, está representada con maior dinamismo que os demais personaxes nos que, malia a simplicidade con que se traballan as figuras, é de subliñar a grande expresividade que transmiten os seus rostros, amosando diferentes emocións.

Vázquez Freire, Miguel, *Contos de Reis e de Nadal*, ilust. Xosé Tomás, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 176, [lectorado autónomo], novembro 2007, 110 pp. (ISBN. 978-84-9782-632-7).

Volume estruturado en dous apartados nos que Miguel Vázquez Freire (Corcubión, 1951) recompila catro contos de Reis, titulados "A mañá do mostro", "A Noite de Reis da Princesa", "Marquiños quería un balón" e "Xandro e Tomé", e tres de Nadal, "A viaxe de Fátima", "O home que reconstruía a súa casa" e "O señor Scrooge tiña razón". En "A mañá do monstro" un narrador en primeira persoa, que resulta ser un robot de xoguete, relata a súa mala experiencia no Día de Reis no que un rapaz o maltrata até o punto de deixalo cego dun ollo, sen un brazo e sen unha perna. En "A Noite de Reis da Princesa", a protagonista enfróntase aos Reis Magos e non quere ir para a cama até que un deles consegue que durma contándolle un conto. En "Marquiños quería un balón", un narrador omnisciente relata como o protagonista, Marquiños, converteu unha esfera terrestre no ansiado balón de futbol que todos os anos lle pedía aos Reis. Finalmente, en "Xandro e Tomé", achéganselle ao lectorado agardado dúas vidas diferentes: a de Xandro, un rapaz de familia adiñeirada, e Tomé, de pais pobres, que finalmente comparten os seus agasallos o día de Reis. Pola súa banda, en "A viaxe de Fátima" cóntanse as razóns polas que unha moza negra abandona o seu país embarazada e dá a luz nunha praia dun país estranxeiro o Día de Nadal. En "O home que reconstruía a súa casa" coñécese a historia de Enmanuel que en diferentes anos e por Nadal se ve na obriga de reconstruír a súa casa por mor de diferentes guerras nas que el sempre sae perdendo. Por último, en "O señor Scrooge tiña razón", relato que se inicia cun fragmento do *Conto de Nadal*, de Charles Dickens, un narrador en primeira persoa

conta como coñeceu o conto de Dickens para saber as razóns polas que ao seu tío preferido lle chamaban señor Scrooge. Os textos apóianse nas ilustracións de Xosé Tomás (Betanzos, 1971) que elabora imaxes estilizadas, minuciosamente perfiladas con grafo negro, para resaltar a narración visual dende os detalles, onde xoga con ángulos, encadres e puntos de vista diferentes. O ilustrador emprega tintas con texturas e formas redondeadas nos seus debuxos figurativos para acadar un maior volume na ilustración. Texto e ilustración compleméntanse e, nalgunhas ocasións, as imaxes achegan novas interpretacións ao relato.

Vázquez Freire, Miguel, *O neno que tiña medo dos robots*/*O robot que tiña medo dos nenos*, ilust. José Tomás Díaz, A Coruña: Rodeira, [lectorado autónomo], setembro 2007, [46] pp. (ISBN: 978-84-8349-023-5).

Relato fantástico realista de Miguel Vázquez Freire (Corcubión, 1951) no que se presenta a vida cotiá dos protagonistas dende que se erguen pola mañá, se asean, almorzan…, e que está ambientado nunha época futurista na que os humanos conviven cos robots. Nárranse dúas historias similares dende puntos de vista opostos. Por unha banda contase un día, en principio coma outro calquera, na vida de Luisiño, un pequeno humano que se ergue pola mañá para ir á escola, vai ao cuarto de baño e, de seguida, almorzar, pois xa chega tarde. Entre mentres o pai faille a mesma advertencia que todas as mañás: que teña coidado cos robots, que son os peores inimigos dos humanos. E así Luisiño marcha cara a escola. Camiña polas rúas ateigadas de xente e, no paso de peóns, cando o semáforo cambia a verde, o pequeno, arrastrado pola morea de xente, non pode evitar o choque contra un neno robot. Por outra banda, cóntase a historia de Ax-B10, un pequeno robot que, igual que Luisiño, se ergue, lava, almorza e é avisado, neste caso por súa nai, de que non se achegue aos humanos, xa que estes son os peores inimigos dos robots. Camiño da escola, nun paso de peóns choca contra un neno humano, Luisiño. As ilustracións figurativas de José Tomás Díaz (Betanzos, A Coruña, 1971), que representan un mundo futurista, complementan a narración. Os debuxos son máis redondeados e de cores alegres na historia do neno, mentres que na do robot as formas son máis angulosas e as cores un pouco máis frías. As escenas que acompañan os textos achegan moita información sobre o mundo onde transcorren as dúas historias paralelas que se cruzan. Nos debuxos vense detalles dos cuartos, dos utensilios, dos móbeis, etc. As composicións dos exteriores están cheas de personaxes con puntos de vista moi diversos (por exemplo, a rentes do chan dende os pés ou dende arriba) como na escena central que xunta os dous relatos.

Referencias varias:

- Rodrí García, “Dos gallegos presentan en la feria de Fráncfort una obra con dos comienzos que confluyen en la mitad del libro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 outubro 2007, p. 37.

A partir dunha serie de declaracións de Miguel Vázquez Freire e José Tomás, dá conta de como naceu *El robot que tenía miedo de los niños*/*El niño que tenía miedo a los robots*, do que se presenta a versión castelá en Edebé e a galega en Rodeira. Apunta que, segundo Tomás, co libro se queren romper prexuízos e fomentar encontros e que os autores entenden que é un volume basicamente de ilustración, con un texto moi curto, e

que todo el forma parte da propia mensaxe.

- Sandra Cuíña, "Concursos, videojuegos y 'heavy metal' del bueno"/"Cuento de Vázquez Freire", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Sabía usted que...?, 5 decembro 2007, p. 31.

Dá noticia da presentación de *O neno que tiña medo dos robots/O robot que tiña medo dos nenos*, de Miguel Vázquez Freire e o ilustrador Xosé Tomás, na Fundación Caixa Galicia.

- Concha Pino, "Los niños emulan a los creadores como artífices de sueños", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", 5 decembro 2007, p. L12.

Faise eco da presentación do libro de Miguel Vázquez Freire e do ilustrador Xosé Tomás, *O neno que tiña medo dos robots/O robot que tiña medo dos nenos*. Sinala que o acto estivo acompañado da representación do grupo de teatro do IES Eduardo Pondal, que fixo unha lectura dramatizada, mentres unha pantalla proxectaba as imaxes que ilustran as dúas historias, que se len de atrás par adiante e ao revés.

Vila Pernas, Miguel, *Hora de comer*, ilust. Andrés Meixide, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións/Consorcio de Santiago, col. Branco de Cores, n.º 4, [lectorado autónomo], 2007, 27 pp. (ISBN: 978-84-7824-538-3). ■

Nova entrega da colección "Branco de Cores", nesta ocasión realizada por Miguel Vila Pernas (A Habana, 1958). Nela, por medio dun narrador omnisciente e da voz dos personaxes, o lectorado agardado coñece diferentes lugares de Santiago de Compostela relacionados coa gastronomía. Co cabalo Branco de Cores, Sara percorre as rúas de Compostela e aqueles lugares que gardan relación coa comida. As ilustracións expresivas de Andrés Meixide (Vigo, 1970), elaboradas dixitalmente, son de estilo figurativo e moi achegadas á estética do cómic. Ao tratarse dun álbum ilustrado texto e ilustración compleméntase en todo momento. A presenza de tonalidades cálidas é visíbel durante toda a historia, conseguindo eficazmente representar a luz tan característica de Santiago de Compostela. Dende a cuberta, xa se presentan os personaxes do relato, Branco de Cores e Sara. As gardas seguirán coas mesmas características, pero nelas tan só aparece o cabalo branco en distintas accións sobre un fondo azul que tamén está presente na cuberta e contracuberta do libro. As faccións dos personaxes son redondeadas e volumétricas e contrastan con fondos planos e esquemáticos.

Villar Janeiro, Helena, *Un rato na casa*, ilust. Mª Fe Quesada, Madrid/Vigo: Diario El País/Galaxia, col. No País dos Contos, n.º 19, [lectorado autónomo], 2007, [34] pp. (ISBN El País: 84-9815-801-X/ISBN Galaxia: 978-84-8288-998-6).

Conto de Helena Villar Janeiro (Becerreá, Lugo, 1940) no que por medio dun narrador omnisciente e da voz dos personaxes se descobre como o rato que deixa os agasallos aos nenos cando lles cae un dente abandona o oficio despois de deixarlle o seu regalo a Marco e descubrir a rica comida que hai na despensa desa familia. Sábese como Marco se fixo o enfermo para quedar na casa e descubrir o ratiño e como chegou a un trato con

este polo que el sería a súa mascota a cambio de comida. Explica que esta é a causa pola que os nenos aos que lles cae un dente non reciben agasallos. Este álbum conta coas ilustracións figurativas de Mª Fe Quesada (Zamora, 1957) que complementan a narración e nas que se empregan cores cálidas, para aqueles debuxos positivos (por exemplo cando o ratiño está deixando o agasallo debaixo da almofada ou cando este está comendo na despensa), e frías, para aqueles que representan situacións ameazantes e perigosas (por exemplo, cando sae a escena o gato).

Villar Janeiro, Helena, *Un rato na casa*, ilust. Mª Fe Quesada, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2007, [32] pp. (ISBN: 978-84-9865-017-4).

Conto de Helena Villar Janeiro (Becerreá, Lugo, 1940) no que por medio dun narrador omnisciente e da voz dos personaxes se descobre como o rato que deixa os agasallos aos nenos cando lles cae un dente abandona o oficio despois de deixarlle o seu regalo a Marco e descubrir a rica comida que hai na despensa desa familia. Sábese como Marco se fixo o enfermo para quedar na casa e descubrir o ratiño e como chegou a un trato con este polo que el sería a súa mascota a cambio de comida. Explica que esta é a causa pola que os nenos aos que lles cae un dente non reciben agasallos. Este álbum conta coas ilustracións figurativas de Mª Fe Quesada (Zamora, 1957) que complementan a narración e nas que se empregan cores cálidas, para aqueles debuxos positivos (por exemplo cando o ratiño está deixando o agasallo debaixo da almofada ou cando este está comendo na despensa), e frías, para aqueles que representan situacións ameazantes e perigosas (por exemplo, cando sae a escena o gato).

VV.AA., *O son das buguinas*, ilust. Xulia Barros, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/"Implicadas/os no desenvolvemento", [mocidade], 2007, 120 pp. (ISBN: 978-84-9782-515-3).

Obra realizada a partir do labor da ONG que traballa dende Galicia "Implicadas/os no desenvolvemento" e que ten como obxectivo facer chegar ao Norte a pobreza dos países do Sur e os problemas xurdidos por causa do tsunami do 26 de decembro de 2004. Trátase dun conxunto de relatos realistas que se achegan a temas como a pobreza, a guerra, a resistencia clandestina, a submisión das mulleres, etc.

- Marilar Aleixandre, "No lombo do río elefante".

Un narrador en primeira persoa, unha nena, conta neste texto de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) como viviu o tsunami no que perdeu á súa nai e viu a súa vila derruída. Descóbrese como a consecuencia diso se ve obrigada a emigrar, acompañada da súa profesora, e a traballar nunha tabacaleira na cal se ven os problemas políticos e tamén a persecución da resistencia clandestina.

- An Alfaya, "Fiu, o paxaro de canto fino".

An Alfaya (Vigo,1964) bota man dun narrador omnisciente para contar a historia dunha nena e a súa avoa que logran salvarse do tsunami. Un día o paxaro verde de canto fino anuncia a morte da avoa e, dende este momento, un profesor que coñecera á avoa e que sabía a súa historia faise cargo da protagonista, quen no futuro segue os pasos daquel

home que logrou salvarlle a vida.

- Fran Alonso, “A guerra”.

Fran Alonso (Vigo, 1963), por medio dun narrador en primeira persoa e dunha misiva, presenta a decisión do protagonista de suicidarse por causa do contacto coas vivencias da guerra e a súa imposibilidade de cambio que o leva a un pozo escuro ao que non lle ve saída.

- Rosa Aneiros, “Ver os paxaros voar”.

Un narrador en primeira persoa narra, neste relato de Rosa Aneiros (Taraza, Meirás,1976), a decisión de emigrar en busca dunha vida mellor, ao igual que os paxaros en busca da calor, e a imposibilidade de levar a cabo o acordado por sufrir no deserto un accidente.

- Agustín Fernández Paz, “A lúa do Senegal”.

Agustín Fernández Paz (Vilalba,1947) achégase neste texto aos problemas de adaptación dunha nena que lle conta á Lúa a emigración a Vigo dende Senegal.

- María Reimóndez, “O ventre do mar”.

Neste relato de María Reimóndez (Lugo, 1975) unha voluntaria conta as vivencias como axudante tras o devastador tsunami. Transmite algúns dos principais problemas que non se queren oír.

- Dolores Ruíz, “O canto do papani”.

Por medio do relato de Dolores Ruíz (Vigo, 1968) o lectorado agardado achégase á historia dun pai que logra salvar a vida da súa filla cruzando a montaña Anui e chegando a un posto de socorro antes do amencer.

As ilustracións de Xulia Barros (Lamas de Zamora, Arxentina, 1968) acompañan os textos dunha forma complementaria. Son imaxes simples, nalgúns casos realistas e noutros abstractas, que presentan múltiples cores entre as que predominan o azul do mar, os rosas, os verdes, os marróns… Dependendo do relato as cores son máis cálidas ou máis frías. Ademais o libro contén unha serie de fotografías realizadas por Paco Vilas a diferentes persoas que viviron o desastre do tsunami, a membros de IND, a restos da catástrofe… e que reflicten múltiples sentimentos.

Recensións:

- María Jesús Fernández, “*O son das buguinas*”, *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 204, “Libros/Novedades”, maio 2007, p. 70.

Salienta primeiramente a colaboración de Edicións Xerais de Galicia e a ONG Implicados no Desenvolvemento con este libro fóra de colección. Refírese a que o título está relacionado coa necesidade da asociación de servir de altofalante da situación das persoas desfavorecidas. A seguir, dá unhas notas dos temas tratados polos sete

escritores.

- Xosé M. Eyré, "Da novela policial ao relato solidario", *A Nosa Terra*, n.º 1.268, "Cultura", 17-23 maio 2007, p. 26.

Despois dunha breve reflexión sobre a escrita para adolescentes, céntrase en dúas obras: *Acio sanguento*, de Carlos Freire Cordeiro, e o volume colectivo, *O son das buguinas*. Do primeiro sinálase que o dinamismo e os enlaces nunha trama fragmentada son necesarios para manter o interese do lectorado, que neste tipo de obras de xénero se xoga con estereotipos, que considera pouco críbeis na novela de Carlos Freire, ademais de criticar o pouco coidado nos ambientes e na linguaxe. Da segunda obra nomea os autores responsábeis dos relatos, a presenza dun texto preliminar no que se explica o labor da ONG Implicadas/os e outros materiais de apoio como un DVD para coñecer mellor este tipo de organizacións. Dos relatos destaca a calidade literaria e a súa capacidade para achegarnos emocionalmente á maneira de vivir e pensar doutros. Malia a heteroxeneidade, salienta a facilidade coa que se transmite o padecemento das persoas de diferentes lugares do mundo, especialmente polo emprego de personaxes infantís, cos que o lectorado empatiza facilmente. Remata sinalando que *O son das buguinas* nos reconcilia coa boa literatura e nos lembra a necesidade de ser solidarios.

- Román Raña, "Son de buguina", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 210, "Libros", 7 xuño 2007, p. IV.

Román Raña afirma que "hai libros que son máis que libros" e exemplifica esta afirmación con *O son das buguinas*, título patrocinado pola ONG Implicadas no Desenvolvemento. O articulista felicita aos que participaron na elaboración deste volume e anima ao lectorado a comprar este libro. A continuación, Román Raña detense no texto "O lombo do río elefante", de Marilar Aleixandre; "Fiu, o paxaro de canto fino", de An Alfaya; "A guerra", de Fran Alonso; "Ver os paxaros voar", de Rosa Aneiros; "Lúa do Senegal", de Agustín Fernández Paz; "O ventre do mar", de María Reimóndez, e en "O canto do papani", de Dolores Ruíz. Finalmente, indica quen é o encargado de ilustrar este volume.

VV.AA., *Premio 2006 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Universidade de Vigo/Edicións Xerais de Galicia, [mocidade], maio 2007, 144 pp. (ISBN: 978-84-9782-573-3). ■

Volume que recolle os relatos e poemas gañadores da convocatoria do ano 2006 deste premio convocado pola Universidade de Vigo. En canto aos textos narrativos, son tres os textos incluídos e todos eles teñen como denominador común o feito de estaren narrados por un eu protagonista. No primeiro deles, "O mellor da vida" (Premio de Relato Curto), de Alberto Comesaña Campos, o protagonista vive nun mundo no que non se adapta e, segundo el, lle coarta a súa liberdade, o que o leva a enlouquecer. Este feito foi froito da intromisión dunha sombra no cinema que, finalmente, pertencería á moza da que estaba engaiolado. No segundo dos relatos, "A farsa" (1º Accésit de Relato Curto), de Xurxo Aristegui González, un narrador en primeira persoa relátalle ao seu compañeiro a súa amizade con un mozo que morreu por sobredose, ao mesmo tempo que sae á luz o maltrato que recibira por parte do pai. No terceiro, "Viva El-Rei" (2º Accésit de Relato Curto), de Isaac Xubín Fernández, un estudante galego progresista

conta como marcha para Bilbao e alí vive nun piso no que encontra un retrato do barco Alfonso XIII, que non é do seu agrado, pero que sempre está presente até que é coñecedor de que este barco humanitario foi restaurado co nome de "Galicia".

VV. AA., *Debuxo cos dedos liñas invisíbeis*, XXXIV Premios Literarios "Minerva" 2006, limiar de Lois Diéguez, Vigo: Galaxia/CEIP M. Peleteiro, 2007, 103 pp. (ISBN: 978-84-611-5140-0). ■

Lois Diéguez é o encargado de abrir este volume cun limiar no que alude á figura de Manuel María, de quen cita a súa produción literaria e comenta que foi profesor seu, ademais de salientar que foi o responsábel de descubrirlle a el e outros mozos a literatura galega na época franquista. Tamén se refire ao seu papel como pioneiro da literatura infantil e xuvenil galega e aos primeiros anos da convocatoria deste premio. Por outra parte, sinala que sen o galego non existiría a literatura galega e desexa transmitirlle ás novas xeracións aquela ilusión que os mozos do seu tempo tiveron, cando Manuel María os animou a enviar os seus primeiros versos a este premio. No relativo ao apartado de narrativa recóllese "Escintileos", de Triana Dolce Palmarei; "Eterna prisión de Carballo", de Andrés Meixide González; "A ollada translúcida", de Alberto Cea Duro, e "Area nas unllas", de Olalla Tuñas Martínez. Acompañan os textos as ilustracións esquemáticas e de estilo figurativo realizadas polo alumnado de Educación Plástica e Visual de cuarto da ESO do Colexio Manuel Peleteiro.

Yáñez, Antonio, *Viaxe a Libunca,* Premio Raíña Lupa 2006, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, [mocidade], 2007, 115 pp. (ISBN: 978-84-7154-081-2).

Antonio Yáñez Casal (Ferrol, 1959) presenta por medio dun narrador en primeira persoa o que lle acontece ao pobo de Valverde. O relato ten como protagonista o fillo do xefe de Valverde, un rapaz que relata os feitos que lle acontecen na viaxe que fai dende Valverde até Libunca, "a terra dos mortos", co obxectivo de salvar a súa aldea do fatal destino que lle espera, tal e como anuncia a vedoira da aldea. No camiño atópase con diversos personaxes (ebanistas, vendimadores, ferreiros, etc.) e recibe dúas ofrendas (unha caixa onde vén representada a relación que gardan as distintas clases de choiva do reino e unha pluma dun paxaro adiviño) que, unha vez chegado a Libunca, o mar non acepta, razón pola que o mozo permanece enfermo varios días. Cando se recupera e quere partir de volta entérase por un trobador cego que Valverde foi asolagado polo mar. É entón cando cae na conta de que Valverde foi finalmente atrapado pola traxedia e xa pertence ao pasado e que a vedoira o que quería era que alguén preservase a memoria da súa aldea e do que alí acontecera. Este volume presenta na cuberta un deseño de Fausto Isorna (Catoira, 1961) e no interior un pequeno mapa.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Libunca na brétema", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 449, "Libros", 7 outubro 2007, p. 20.

Achega certas referencias sobre a palabra Libunca, para logo centrarse no comentario d'*A viaxe a Libunca*, un libro "cheo de fascinios e engados", escrito por Antonio Yáñez,

"dono dunha linguaxe ricaz e fértil". Citas varios premios conseguidos por este autor, entre os que está o da VI edición do Raíña Lupa coa citada obra, "que leo co meirande interese, tan lonxe eu da etiqueta xuvenil, porque non acredito nos límites de idade para a lectura, mais tamén pola razón de que Yáñez é autor que enguedella aos lectores con moi boas artes". Fai outros comentarios sobre esta obra, que se articula a través de "maneiras sabias, vontade de estilo e un léxico riquísimo que presta moito a un padal esixente".

Referencias varias:

- Albino Mallo, "Presentado 'Viaxe a Libunca', de Antonio Yáñez, Premio Raíña Lupa", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 75/ "Os lugares e o poder do seu eco", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 xuño 2007, p. 28.

Dáse conta da presentación da obra gañadora do Premio Raíña Lupa, *Viaxe a Libunca*, de Antonio Yáñez, na Deputación Provincial da Coruña. Sinálase que no acto estiveron presentes Celestino Poza e Xabier P. Docampo, quen afirmou que a obra pode ser lida tanto polo público infantil e xuvenil como polo adulto. Recóllense tamén as palabras do autor, nas que manifesta a súa satisfacción polo galardón recibido, fala da presenza da toponimia na obra e da obriga de conservar a tradición oral. Dise tamén que, segundo Celestino Poza, este premio quere fomentar a lectura entre os máis novos, pero tamén entre os adultos. Remátase indicando que unha parte da edición da obra será repartida entre as bibliotecas pola propia Deputación.

- Marta García Márquez, "Galaxia edita 'Viaxe a Libunca', gañador do 'Raíña Lupa 2006", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 21 xuño 2007, p. 15.

Dáse conta da presentación de *Viaxe a Libunca*, de Antonio Yáñez, unha obra na que se sinala que o autor bota man da tradición oral e desenvolve unha viaxe iniciática. Recóllense as palabras de Xabier P. Docampo, quen salienta que o lector non vai ser o mesmo ao rematar a súa lectura. Dise que, segundo o autor Antonio Yáñez, na obra se poden observar influencias cunqueirás e que nela se profunda na figura dun "andadeiro", que lle fará entender ao protagonista a importancia de conservar o patrimonio falado. Sinálase que a obra parte do local para chegar ao universal e que nela está de fondo a materia lendaria.

- Carmen V. Valiña, "A fantasía é o que sostén o sistema literario galego", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 21 xuño 2007, p. L2.

Entrevista a Antonio Yáñez, autor de *Viaxe a Libunca*, obra gañadora do Premio Raíña Lupa da Deputación da Coruña. Nela refírese á esixencia do público infantil fronte ao adulto, á gran dose de fantasía presente na novela, moi apegada á tradición oral, ao seu gusto pola creación de ambientes máxicos e á necesidade dun final concreto para darlle sentido e máis forza á viaxe iniciática do protagonista. Remata referíndose á figura deste último, un adolescente responsábel e valente á forza que non ten máis saída que enfrontarse ás cousas como lle veñen dadas.

VII.1.2. REEDICIÓNS. TEXTOS RECUPERADOS

Aleixandre, Marilar, *Herbalúa*, ilust. Enjamio, Madrid/Vigo: Diario El País/Galaxia, col. No País dos Contos, n.º 12, [lectorado autónomo], 2007, [26] pp. (ISBN El País: 84-9815-794-3/ISBN Galaxia: 978-84-8288-991-7).

Álbum fantástico realista de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) que apareceu por vez primeira no ano 2006 na colección "Árbore/Galaxia" e cuxo descritor se pode consultar no *Informe de Literatura* correspondente. Neste ano 2007 aparece novamente na mesma colección, pero sen ningún cambio textual ou paratextual, e nesta nova que a editorial Galaxia edita conxuntamente co Diario El País. Nesta ocasión a única diferenza existente é a do cambio a esta colección de maior distribución territorial.

Barreiro Liz, Xavier A., *A pantasma telefónica,* ilust. do autor, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 11, a partir de 11 anos, 2007, 143 pp. (ISBN: 978-84-96893-17-7).

Segunda edición desta novela de misterio de Xavier Barreiro Liz (Santiago de Compostela, 1971) que apareceu por vez primeira en 2001 como número 3 da colección "Golfiño" e cuxo descritor se pode consultar no *Informe de Literatura* correspondente. Ademais do cambio de colección, esta nova edición, que aparece coa ortografía adaptada á normativa lingüística vixente a partir de 2003, presenta uns peritextos novos: unha breve biobibliografía do autor, agradecementos e unha cita de Hermann Hesse que dá paso á narración. Pecha o volume, unha listaxe dos títulos que integran a colección "Meiga Moira". No interior, o texto está acompañado das mesmas ilustracións do autor existentes xa na edición anterior e que representan, en branco e negro, escenas da narración.

Cabana, Darío Xoán, *As aventuras de Breogán Folgueira*, ilust. Fausto C. Isorna, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 21, de 11 anos en diante, marzo 2007, 113 pp. (ISBN: 978-84-9782-540-2).

Oitava edición desta novela de Darío Xohán Cabana (Roás, Cospeito, Lugo, 1952) publicada por vez primeira en 1990 na colección "Merlín", a mesma que agora, paratextualmente renovada, a acolle. Trátase dun texto, actualizado lingüisticamente á normativa vixente a partir de 2003, no que ao longo de oito capítulos titulados se coñecen diferentes aventuras de Breogán Folgueira, un rapaz de catorce anos "máis áxil de mente ca de corpo", e, principalmente a súa historia de amor con Dosinda. Trátase dunha novela que recorda ás novelas cabaleirescas e da tradición artúrica e que presenta dous apéndices e un índice de personaxes que axudan á comprensión do texto. Acompañan á narración textual as ilustracións en branco e negro de Fausto C. Isorna (Catoira, 1961) que representan escenas significativas do relato.

Cabana, Darío Xohán, *O castrón de ouro*, ilust. Noemí López, Vigo: Galaxia, col. Árbore, n.º 144, serie verde, a partir de 12 anos, 2007, 119 pp. (ISBN: 978-84-8288-982-5).

Novela de Darío Xohán Cabana (Roás, Cospeito, Lugo, 1952) publicada por vez primeira en 1994 como número 20 da serie vermella da colección "O Barco de Vapor"

da editorial SM. Ten como protagonista a Tristán, un mozo de dezaoito anos que emprende unha viaxe para escapar da vida diaria e para buscar a liberdade. Nesta odisea, na que comparte aventuras con personaxes como o castrón de outro, un animal mítico que igual ca el loitou pola liberdade, Tristán descobre as diferenzas entre os tempos xa pasados e a súa actualidade. Acompáñase o texto das ilustracións de Noemí López (Xixón, 1974). A cuberta é a única ilustración a cor, onde a ilustradora, recorrendo á sinestesia das cores, emprega gran variedade de tonalidades cálidas, para presentar aos dous personaxes principais, e identifica coa gama de amarelos e alaranxados ao castrón co material do que está feito, o ouro. Así, López reforza o título da obra e o lectorado, a través da narrativa visual, pode intuir o argumento do relato, o tempo e os escenarios onde se desenvolve a historia, etc. Non obstante, a cuberta contrasta coas ilustracións do interior, realizadas en acuarela de tonalidades frías para acompañar o texto. Son imaxes cargadas de pequenas narracións visuais que se superpoñen unhas ás outras, como pezas dun puzzle, creando un único plano sen pretensión espacial. Destacan pola súa ductibilidade, semellando ser imaxes reflectidas nun líquido, onde Noemí López representa mundos oníricos de seres mitolóxicos, para salientar aínda máis o argumento da obra.

Recensións:

- María Navarro, "Universo marabilloso. Agasallo para o lector", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 219, "Libros", 4 outubro 2007, p. VII.

Loa a escrita de Darío Xohán Cabana, que se corrobora na súa última novela, *O castrón de ouro*. Sinala que nela aparecen personaxes míticos e históricos que mergullan o lectorado agardado nun mundo marabilloso de tempos pasados, que se achegan ao presente nun universo fantástico onde os seus seres xogan cos parámetros do imperecedoiro, do transcendental, do cotiá e do mundano. Especifica que se trata dunha "mestura de praceres, nunha engrenaxe de idas e voltas, nun sistema no que se combinan puntos de encontro e discrepancias e por enriba de todo nunha orde na que impera a ansia de liberdade". Resume o seu argumento e apunta que, ademais do atractivo contido para quen guste deste tipo de temática, é de destacar que o texto posúe unha riqueza de termos e expresións que supoñen un auténtico agasallo para o lector.

- María Jesús Fernández, " O castrón de ouro", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 206, "Libros/Novedades", xullo-agosto 2007, p. 69.

Dá a benvida a esta reedición dun libro que considera "uno de los más interesantes de la literatura gallega para jóvenes". Recorda que mereceu en 1994 o premio Barco de Vapor; salienta o humor e a parodia, que acompañan a historia de iniciación do mozo príncipe Tristán, e os elementos da transmisión oral que se atopan no libro. Tamén se cualifica o espazo fundamental da obra, o bosque, de metáfora da cultura occidental, incidencia nas sagas artúricas tan presentes na literatura galega, recordos a Robin Hood.

Carballude, Pepe, *Investigación 091*, ilust. Antonio Seijas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 101, marzo 2007, 169 pp. (ISBN: 978-84-9782-560-3).

Novela policial de Pepe Carballude (Rubín, A Estrada, 1956) publicada por vez

primeira en 1988 como número 1 da colección "Gran Angular" de editorial SM. Nela abórdase, ao longo de dez capítulos e un breve epílogo, a temática do tráfico e consumo de drogas. A acción da obra sitúase nunha vila das Rías Baixas, Areal do Conde, e desenvólvese arredor de tres protagonistas: Xavier, un alumno do instituto enfermo de hepatite; Manolo Longueira, profesor de inglés que resulta ser policía; e Rosa, telefonista que recada información para unha reportaxe nunha revista. Despois da aparición dun cadáver, do secuestro dun camelo do instituto e doutros sucesos, realizaranse as investigacións oportunas e descubrirase os culpábeis. Na cuberta Antonio Seijas (Ferrol, 1976) bota man dunha fotomontaxe, con tonalidades cálidas, para situar o contexto xeográfico do relato, unha vila mariñeira. Pola fotografía virada ao sepia pódese saber que é unha vila na costa actual, non moi grande, onde se levará a cabo, como adianta o título, unha investigación. Esta idea vese reforzada visualmente pola presenza dunha gravadora de voz, aparello moi recorrente neste tipo de historias de intriga e suspense. No interior, o volume non presenta ilustracións.

Recensións:

- Marga Romero, "Manexar os rexistros", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 215, "Libros", 12 xullo 2007, p. IV.

En primeiro lugar faise un repaso aos títulos dirixidos ao lectorado infantil e xuvenil de Pepe Carballude para, a seguir, deterse na nova edición d'*Investigación 091*, obra publicada por vez primeira en 1988 e publicada agora en 2007 na colección "Fóra de Xogo" de Edicións Xerais. Marga Romero lembra o argumento desta novela e sinala os temas que aborda: problemática laboral, contrabando, drogas, etc. A articulista tamén informa da estrutura da obra e detense nos personaxes que forman parte da trama. Finalmente sinala cales son para ela os acertos do libro: "o manexo dos diferentes rexistros lingüísticos", "mostrar o grao de implicación da sociedade en problemáticas aparentemente alleas e o papel que xoga o medo na vida cotiá".

- Marga Romero, "Máis que unha investigación policial", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 207, 28 xullo 2007, p. 7.

Dáse conta da reedición de *Investigación 091*, de Pepe Carballude, un dos autores máis recoñecidos da literatura infantil e xuvenil galega, do que se repasan algúns dos seus títulos. Explícase que se trata dunha obra publicada inicialmente en 1988 e repásase o argumento, que xira arredor da vida dunha vila mariñeira das Rías Baixas, na que planean de fondo problemas como a reconversión pesqueira ou o contrabando de tabaco. Tamén se sinala que a narradora é Rosa Miranda, unha aspirante a xornalista que reúne os testemuños dos protagonistas e os vai enfiando na trama xeral. Destácase o manexo dos diferentes rexistros lingüísticos e o seu acerto en mostrar o grao de implicación da sociedade en diversos problemas.

Carballude, Pepe, *¡Maldito D.N.I.!*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 23, [lectorado mozo], maio 2007, 153 pp. (ISBN: 978-84-9782-607-5).

Novela de Pepe Carballude (Rubín, A Estrada-Pontevedra, 1956) que apareceu por primeira vez en 1998 e cuxo descritor se pode consultar no *Informe de Literatura*

correspondente. Nesta ocasión preséntase adaptada ás normas ortográficas da lingua galega vixentes a partir de 2003. No que atinxe ás ilustracións, esta edición, igual que as anteriores, só presenta a fotografía da cuberta, de Manuel G. Vicente. Nela amósase o personaxe principal deste relato que, reforzado polo título, adianta a narración textual na que o protagonismo recae no documento de identidade de Olimpio Montes. Trátase dunha fotografía na que o DNI acapara toda a atención pero, sobre todo, o lume da parte inferior dereita que ascende e consome pouco a pouco a imaxe, o nome e apelidos do protagonista, xera unha tensión visual que anticipa ao lectorado agardado os problemas sobre o tema da perda de identidade da historia.

Carreira, Ana, *O vixilante dos soños,* ilust. Noemí López, Madrid/Vigo: Diario El País/Galaxia, col. No País dos Contos, n.º 13, [lectorado autónomo], 2007, [32] pp. (ISBN El País: 84-9815-795-1/ISBN Galaxia: 978-84-8288-992-4).

Álbum de Ana Carreira, nome literario de Ana María Carreira Varela (Lugo), que apareceu por vez primeira no ano 2006 na colección "Árbore/Galaxia" e que se pode consultar no *Informe de Literatura* correspondente. Neste ano 2007 aparece novamente na mesma colección, pero sen ningún cambio textual ou paratextual, e nesta nova que a editorial Galaxia edita conxuntamente co Diario El País. Nesta ocasión a única diferenza existente é a do cambio a esta colección de maior distribución territorial.

Recensións:

- Noela Muíños, "Ana Carreira. *O vixiante dos soños*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 6 a 9 anos", primavera 2007, p. 74.

Comentario sobre a obra *O vixiante dos soños* (2006), de Ana Carreira, que, segundo Noela Muíños, presenta unha historia "suxestiva", aínda que o protagonismo dado á Lúa está a resultar un tanto reiterativo, pois está a captar a atención de varios creadores galegos. Considera que o texto é pouco equilibrado e sobran palabras, mentres que, con respecto ao traballo ilustrativo, opina que "descubrimos unha proposta na liña de calidade crecente que está a demostrar Noemí López, quen neste álbum parece homenaxear a estética de Tim Burton". Así mesmo, apunta que "o manierismo un tanto abigarrado que parece dominar á ilustradora recarga en exceso este traballo".

Casalderrey, Fina, *Puag, que noxo*, ilust. Xan López Domínguez, Madrid/Vigo: Diario El País/Galaxia, col. No País dos Contos, n.º 6, [lectorado autónomo], 2007, [24] pp. (ISBN El País: 84-9815-788-9/ISBN Galaxia: 978-84-8288-985-6).

Álbum de Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951), editado por primeira vez en 1997 na colección "Bambán" e que apareceu por última vez no ano 2005 na colección "Árbore/Galaxia", cuxo descritor se pode consultar no *Informe de Literatura* correspondente. Neste ano 2007 reaparece na mesma colección de 2005, pero sen ningún cambio textual ou paratextual, e nesta nova que a editorial Galaxia edita conxuntamente co Diario El País. Nesta ocasión a única diferenza existente é a do cambio a esta colección de maior distribución territorial.

Casares, Carlos, *A galiña azul,* 1º premio do I Concurso Nacional de Contos Infantís en galego d'O Facho 1968, ilust. Trichi, Ilda, Mima, Alberto García Alonso, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2007, [34] pp. (ISBN: 978-84-9865-010-5).

Conxunto de relatos fantásticos-realistas, de Carlos Casares (Xinzo de Limia, Ourense, 1941-Vigo, 2002), que apareceron por última vez no ano 2002, na serie laranxa da colección "Árbore/Galaxia", acompañados das ilustracións de Xan López Domínguez (Lugo, 1957). Neste ano 2007 a reedición desta obra reproduce a primeira edición do ano 1968. Iníciase cunha carta dirixida a Ana, unha nena que emigrou a Santander cando era pequena. O autor da carta quere contarlle uns contos en galego para que a nena recorde a súa vila e tamén a xente que alí vive. Trátase de "O peixe da fonte do xardín", no que se conta a historia dun peixe que morreu por saír do estanque, segundo Leoncio, para darlle auga a un paxaro que tiña sede; de " A bomba da felicidade", no que se dá conta dos inventos de Leoncio: unha linguaxe para entenderse cos paxaros e, especialmente, a bomba da felicidade; "A galiña Azul", no que se explican as razóns polas que o alcalde Manolito Listón pretende capturar a galiña de Lorenzo, unha galiña diferente por ser de cor azul, poñer ovos de cores e cantar de diferente xeito; " A formiga esquiadora", no que se dá conta dos intentos e dificultades coas que se atopa unha formiga coxa para trasladar unha pedra de azucre; e "O final da historia da Galiña Azul", no que se descobre cómo Lorenzo e os seus veciños conseguen burlar ás autoridades pintando todas as galiñas da mesma cor que a protagonista. Esta nova edición presenta as ilustracións feitas polos fillos de Xohán Ledo, Trichi, Ilda, Mima, Alberto García Alonso. Trátase de debuxos nos que predominan as cores cálidas e que acompañan a narración textual. Na cuberta o título manuscrito está acompañado dos protagonistas. No interior as imaxes das galiñas, as formigas, os músicos e o alcalde salpican as páxinas.

Casares, Carlos, *Lolo anda en Bicicleta*, ilust. Manuel Uhía, Madrid/Vigo: Diario El País/Galaxia, col. No País dos Contos, n.º 1, [lectorado autónomo], 2007, [26] pp. (ISBN El País: 84-9815-783-8/ISBN Galaxia: 978-84-7154-190-1).

Obra de Carlos Casares (Xinzo de Limia, Ourense, 1941-Vigo, 2002) que apareceu por última vez na colección "Árbore/Galaxia" e cuxo descritor se pode consultar no *Informe de Literatura 2004*. Neste ano 2007 aparece novamente na mesma colección, pero sen ningún cambio textual ou paratextual, e nesta nova que a editorial Galaxia edita conxuntamente co Diario El País. Nesta ocasión, ademais do cambio a esta colección de maior destribución territorial, muda a ilustración da cuberta.

Da Silva, Kiko, *¿Que contan as ovellas para durmir?*, ilust. do autor, Madrid/Vigo: Diario El País/Galaxia, col. No País dos Contos, n.º 2, [lectorado autónomo], 2007, [26] pp. (ISBN El País: 84-9815-784-6/ISBN Galaxia: 978-84-7154-210-6).

Álbum de Kiko Dasilva (Vigo, 1979) que apareceu por vez primeira no ano 2004 na colección "Árbore/Galaxia" e cuxo descritor se pode consultar no *Informe de Literatura* correspondente. Neste ano 2007 aparece novamente na mesma colección, pero sen ningún cambio textual ou paratextual, e nesta nova que a editorial Galaxia edita conxuntamente co Diario El País. Nesta ocasión a única diferenza existente é a do a esta

colección de maior distribución territorial.

Docampo, Xabier P. e Xosé **Cobas**, *De cores e de amores*, Madrid/Vigo: Diario El País/Galaxia, col. No País dos Contos, n.º 5, [lectorado autónomo], 2007, [30] pp. (ISBN El País: 84-9815-787-0/ISBN Galaxia 978-84-8288-984-9).

Conto de Xabier Puente Docampo (Rábade, Lugo, 1946) e Xosé Cobas (Logrosa-Negreira, A Coruña, 1953) que apareceu por vez primeira no ano 2005 na colección "Árbore/Galaxia" e cuxo descritor se pode consultar no *Informe de Literatura* correspondente. Neste ano 2007 aparece novamente na mesma colección, pero sen ningún cambio textual ou paratextual, e nesta nova que a editorial Galaxia edita conxuntamente co Diario El País. Nesta ocasión a única diferenza existente é a do cambioa esta colección de maior distribución territorial.

Fernández Paz, Agustín, *Cartas de inverno*, ilust. Miguel A. Vigo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 6, [lectorado mozo], 2007, 133 pp. (ISBN: 978-84-9782-543-6).

Novela de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) que apareceu por vez primeira en 1995 e que se presenta agora corrixida, ampliada e coa ortografía adaptada á normativa lingüística vixente a partir de 2003. A cuberta, realizada por Antonio Seijas (Ferrol, 1976), recrea un ambiente frío, húmido, misterioso e solitario entre a néboa pero coa presenza de vida humana a través das luces acesas dunha casa colonial. Un escenario que sitúa o relato nun tempo, o inverno, e acompaña o texto do título, mediante a inclusión de fragmentos de cartas que aparecen como veladuras que se esvaecen na parte superior e inferior da imaxe. A fotografía, cargada de pequenas connotacións que outorgan un clima místico, como poden ser os petróglifos, pode recordar as pinturas de Hopper ou a estética cinematográfica de Hitchcock, unha narrativa inquedante que produce no lector visual a necesidade repentina de abrir o libro e coñecer o relato do seu interior.

Recensións:

- Araceli Silva, "As 20 edicións dunhas cartas", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 353, "Lecturas", 8 abril 2007, p. 9.

Centra o seu comentario na novela de Agustín Fernández Paz *Cartas de inverno*, que vén de coñecer a súa vixésima edición con 65.000 exemplares vendidos e que achega ao lectorado unhas misivas cheas de misterio e intriga, de medos e sucesos inesperados. Sinala que esta última versión se presenta corrixida e ampliada cun interesante epílogo, no que o autor de Lugo conta como concibira a súa novela hai doce anos e recoñece a sorpresa que lle causou o seu éxito. Así mesmo, explica que foi articulando a súa trama a partir da unión de tres fíos: un anuncio sorprendente dun xornal, o libro *Los mitos de Cthulbu* e un xogo de monicreques con bonecas rusas. Por outra parte, fala do seu final aberto e de como foi eliminando elementos do seu primeiro borrador até chegar á versión definitiva con elementos abertos, para que cada persoa coa súa imaxinación "encha" eses ocos.

- Paula Fernández, "Retorno dun clásico", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 209, "Infantil/Xuvenil", 31 maio 2007, p. VII.

Comentario de *Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz, con motivo dunha nova edición despois de doce anos da publicación da primeira. Comeza repasando a ampla nómina de premios que ten recoñecido a produción do autor. Sinala que esta obra é considerada pola crítica unha das obras clásicas do xénero do terror e que chegou á vixésima edición. Así mesmo, destaca outros elementos da obra como as referencias a seres do alén, ao ultramundo mitolóxico galego, a inquedanza e o desasosego, o emprego de recursos cinematográficos ou a conxunción de elementos reais con outros incríbeis.

Referencias varias:

- A. R. López, "Un terror de liñaxe universal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 abril 2007, p. 33.

Achega á obra de Agustín Fernández Paz, *Cartas de inverno*, unha das máis vendidas e que xa vai pola vixésima edición en lingua galega, aínda que tamén salienta a importancia da tradución ao castelán e ao catalán. Comézase sinalando a sorpresa do propio autor por este éxito, quen o atribúe á estrutura ao xeito de bonecas rusas e ao contido, que engancha ao lectorado sen deixalo até o final. Lémbrase que esta obra foi escrita a mediados dos noventa e que o seu contido é atemporal, pois o medo é algo consubstancial á natureza humana. Remátase coas palabras do propio autor, que destaca o grande interese da literatura infantil e xuvenil galega.

Fernández Paz, Agustín, *O laboratorio do doutor Nogueira*, ilust. Francisco Bueno Capeáns, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie amarela, de 11 anos en diante, 2007, 106 pp. (ISBN: 978-84-9782-503-0).

Novela de Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947) que apareceu por vez primeira en 1998 e que neste ano 2007 se reedita na renovada colección "Merlín" coa lingua actualizada á normativa lingüística vixente a partir do ano 2003. Trátase dunha novela de misterio na que se contan as vicisitudes polas que ten que pasar un científico que inventa fórmulas para facer máis feliz á humanidade razón pola que é perseguido, boicoteado e ridiculizado polos seus compañeiros de profesión. Acompáñase o texto das ilustracións figurativas de Francisco Bueno Capeáns (Santiago de Compostela, 1967) que se corresponden con escenas significativas do relato. Nelas o ilustrador emprega un estilo con similitudes coa banda deseñada nas figuras que están delimitadas por una liña e polas tintas planas en distintas tonalidades de grises.

Ferrer, Ánxeles, *Tres princesas namoradas*, Madrid/Vigo: Diario El País/Galaxia, col. No País dos Contos, n.º 8, [lectorado autónomo], 2007, [32] pp. (ISBN El País: 84-9815-790-0/ISBN Galaxia: 978-84-8288-987-0).

Relato fantástico realista de Ánxeles Ferrer (Valdeorras, 1957) que apareceu por vez primeira no ano 2006 na colección "Árbore/Galaxia" e cuxo descritor se pode consultar

no *Informe de Literatura* correspondente. Neste ano 2007 aparece novamente na mesma colección, pero sen ningún cambio textual ou paratextual, e nesta nova que a editorial Galaxia edita conxuntamente co Diario El País. Nesta ocasión a única diferenza existente é a do cambio a esta colección de maior distribución territorial.

Referencias varias:

- X.F., "Historia de tres princesas", *La Voz de Galicia*, "Culturas", n.º 198, 10 febreiro 2007, p. 10.

Infórmase da publicación de *Tres princesas namoradas*, de Ánxeles Ferrer. Dise para quen vai dirixida a obra e destácase que recolle "algún dos elementos máis populares da traidición oral". Tamén se sobrancea que a autora troca os roles xenéricos. Finalmente, X.F. fala da complementariedade do texto e das ilustracións.

García Teijeiro, Antonio, *Os peixes de cores*, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 121, de 11 anos en diante, febreiro 2007, 105 p. (ISBN: 978-84-9782-502-3).

Segunda edición desta obra de Antonio García Teijeiro (Vigo 1952) publicada no ano 2002 e cuxo descritor se pode consultar no *Informe de Literatura* correspondente. Os únicos cambios que presenta respecto á anterior edición é a actualización da ortografía á normativa lingüística vixente a partir do ano 2003.

Gracián, Ánxela, *Camiño solitario*, ilust. Federico Fernández, Madrid/Vigo: Diario El País/Galaxia, col. No País dos Contos, n.º 9, [lectorado mozo], 2007, [32] pp. (ISBN El País: 84-9815-791-9/ISBN Galaxia: 978-84-8288-988-7).

Conto rimado de Ánxela Gracián (Castroverde, Lugo, 1968) que apareceu por primeira vez na colección "Árbore/Galaxia" no ano 2006 e cuxo descritor se pode consultar no *Informe de Literatura* correspondente. Neste ano 2007 aparece novamente na mesma colección, pero sen ningún cambio textual ou paratextual, e nesta nova que a editorial Galaxia edita conxuntamente co Diario El País. Nesta ocasión a única diferenza existente é a do cambio a esta colección de maior distribución territorial.

Recensións:

- Noela Muíños, "Ánxela Gracián. *Camiño solitario*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 6 a 9 anos", primavera 2007, p. 74.

Comenta que, pese a parecer un camiño solitario un personaxe pouco atractivo, Ánxela Gracián asume e supera o risco con sobresaliente en *Camiño solitario* (2006). Sinala que neste poema narrado, a través das suxestivas imaxes, dos ecos da tradición oral, da acumulación e o paralelismo, flúe unha historia "contada cos recursos xustos, cunha capacidade de síntese abraiante, cunha limpeza preciosa, cunha sinxeleza que só pode

ser froito do traballo e do talento". Por último, apunta que se trata dun "Delicioso conto" ao que acompañan unhas ilustracións de Federico Fernández "non menos deliciosas, realizadas cuns colaxes que dotan á obra dunha modernidade rompedora e dunha inxenuidade moi próxima ás linguaxes do naif".

Referencias varias:

- C. P., "Este conto é unha viaxe dende a literatura pola paisaxe real dos Ancares", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "A pie de calle", 5 outubro 2007, p. L16.

Entrevista na que Ánxela Gracián fala da súa última entrega, *Camiño solitario*, editada por Galaxia e presentada na libraría Couceiro en compañía de Xosé Antonio Neira Cruz e Miguel Vázquez Freire. Sinala a autora que esta obra ten un enfoque un pouco estraño, porque o protagonista é un obxecto inanimado, "o camiño dun bosque que sente nostalxia das estacións do ano e dos cambios que representan na natureza pensando que vai desaparecer". Tamén apunta que se pode ensinar a natureza dende a beleza das distintas estacións e das cousas pequenas, ademais de puntualizar que este relato é unha homenaxe a un amigo seu. Por último, fala do seu labor como tradutora e di que está traballando nun proxecto novelístico

López Domínguez, Xan, *Voces na Lagoa do Espantallo*, Vigo: Galaxia, col. Árbore, [lectorado autónomo], 2007 [30] pp. (ISBN: 978-84-9865-014-3).

Novo formato deste texto publicado por vez primeira en 1983, co número 36, na colección "A Chalupa" da editorial Galaxia. Trátase dun volume impreso en cuatricomía, con tapas duras que contén unha historia escrita e ilustrada por Xan López Domínguez (Lugo, 1957) na que se bota man das lendas tradicionais arredor dunha lagoa. Así, nárrase o que suceuceu cando o narrador alugou unha casa fronte á Lagoa do Espantallo e recibiu a visita dun corvo que lle pediu un café e galletas a cambio de lle contar a lenda da lagoa. O corvo explícalle que antes de haber unha lagoa existía, nese mesmo lugar, unha leira dividida por un valado de pedra en dous milleirais pertencentes a dous labregos. Boa parte do millo comíano os corvos até que de súpeto xurdiu a posibilidade de vender a colleita a bo prezo. Daquela os labregos comezaron unha carreira desenfreada por colocar espantallos, porfiando nunha pelexa por ver cal dos que colocaban era o máis feo e o máis grande, até que deron en cavar coma tolos e formaron unha lagoa. Acompáñase o texto das ilustracións figurativas do autor cuxas formas están construídas cunha liña de tinta negra de trazo sensíbel que describe os dinámicos personaxes. Trátase de composicións, a dobre páxina, que xogan cun marco do que algunhas imaxes se escapan e que presentan cores variadas cunha harmonía de fríos que contrastan co amarelo dos picos dos corvos.

Loureiro, Ánxela, *Viaxe de ida e volta*, ilust. Enjamio, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, de 9 anos en diante, marzo 2007, 78 pp. (ISBN: 978-84-9782-542-9).

Terceira edición desta obra de Ánxela Loureiro Fernández (Ferrol, 1956) cuxo descritor se pode consultar no *Informe de Literatura* do ano 1996. Como novidade presenta as características paratextuais da renovada colección "Merlín", así como a adaptación do

texto á normativa lingüística do galego aprobada en 2003. Esta nova edición, igual que as precedentes, está ilustrada por Enjamio (A Habana, 1962) quen na cuberta presenta ao protagonista, traballado con cores frías e trazos húmidos: un caracol con cara simpática que leva un paraugas. No interior, os debuxos, feitos con acuarela e impresos en tonalidades monocromáticas verdes, van relatando o que lle ocorre ao caracol, pero necesítase o apoio do texto para comprender o que pasa. Na parte superior das follas hai un pequeno debuxo do protagonista que se repite sempre e, ao final de cada capítulo, unha pequena ilustración que enlaza co capítulo seguinte.

Martín, Paco, *Sabeliña e os ratos*, I Premio do Concurso da Agrupación Cultural O Facho 1973, ilust. José Tomás, Vigo: Galaxia, col. Árbore, [lectorado autónomo], novembro 2007, [28] pp. (ISBN: 978-84-9865-020-4).

Conto de Paco Martín (Lugo, 1940) que apareceu por vez primeira en 1979 no volume *Contos para nenos*, da editorial Galaxia, xunto a outros relatos tamén presentados ao concurso de contos organizado pola Agrupación Cultural O Facho. Nesta ocasión o texto acompáñase das imaxes de José Tomás (Betanzos, 1971) para desenvolver unha historia centrada na existencia do rato que leva os dentes dos nenos. Un narrador en terceira persoa conta o que lle aconteceu a Sabeliña o día que na escola notou que se lle abalaba un dente e a mestra decidiu quitarllo cun fío de coser. Malia o medo que comeza a sentir a nena, logra termar das bágoas e en canto sente que o dente está fóra corre ao lavabo a enxaugar a boca con auga con sal. Nada máis chegar á casa Sabela pon o dente debaixo da almofada, porque xa lle advertiron que esa noite un rato llo cambiaría por un galano. Pero cos nervios non dá prendido no sono, até que finalmente cae rendida e soña como o seu gato Bigotes lle explica o que está a suceder na reunión de ratos do faiado, que rifan para saber a quen lle corresponde esta vez quedar co dente de Sabela. Ao día seguinte a nena atopa un anel ben feitiño debaixo da súa almofada. O texto acompáñase das ilustracións de José Tomás (Betanzos, 1971) quen, dende a cuberta, elabora un relato visual dende grandes a pequenos espazos para dar dinamismo ás historias que acontecen dentro das imaxes. O ilustrador utiliza tintas planas, pero dado a gran variedade e condensación de figuras, colores e formas (liñas rectas, curvas, zig-zag...) consegue texturas moi características da súa faceta como ilustrador. Estas ilustracións con diferentes formatos complementan a narración textual coa visual.

Moreno, María Victoria, *A festa no faiado*, ilust. Irene Fra, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], novembro 2007, [32] pp, (ISBN: 978-84-9865-018-1).

Reedición deste conto de María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1941-Pontevedra, 2005) publicado por vez primeira en 1986, co número 24, na colección "A Chalupa" da editorial Galaxia. Neste conto a autora retoma a localización que xa aparecera en *Mar adiante* (1973), a vila de Portosouril, para se centrar neste caso nun vello faiado dunha casa no que viven unha vella moneca esquecida e mais un gato do que ninguén se ocupa. Nesta ocasión é Uxía, a moneca, a encargada de explicar por que os pardais acoden a pousarse no tellado da casa dos señores Indalecio e Teodosia, un feito que non ten nada que ver co que eles, moi fachendosos, adoitan repetir perante os seus veciños: que son os donos de todo e que a súa casa é tan farturenta que até os paxaros a elixen para viviren. Uxía desvela como coñeceu o Gato que vive canda ela no

faiado, que nunca xogara a nada porque non sabía e que nunca saíra daquel lugar, e como ela lle quixo aprender a xogar. Mais como Gato ten tanta fame, pensa que os peixes dos xogos se poden comer e ela ten que lle explicar que non é tal. Daquela pídelle axuda aos ratos para que lle fagan un burato na porta polo que meterse na cociña e coller comida. A partir de entón, Uxía, Gato, os ratos e mais os pardais fan todos os domingos unha festa na que comen e falan das súas cousas. Acompáñase o texto nesta ocasión das ilustracións de Irene Fra (Mataró, 1971) que substitúen ás de Lola Blázquez.

Moreno, María Victoria, *A festa no faiado*, ilust. Irene Fra, Madrid/Vigo: Diario El País/Galaxia, col. No País dos Contos, n.º 20, [lectorado autónomo], 2007, [32] pp. (ISBN El País: 84-9815-802-8/ISBN Galaxia: 978-84-9865-000-6).

Reedición deste conto de María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1941-Pontevedra, 2005) publicado por vez primeira en 1986, co número 24, na colección "A Chalupa" da editorial Galaxia. Neste conto a autora retoma a localización que xa aparecera en *Mar adiante* (1973), a vila de Portosouril, para se centrar neste caso nun vello faiado dunha casa no que viven unha vella moneca esquecida e mais un gato do que ninguén se ocupa. Nesta ocasión é Uxía, a moneca, a encargada de explicar por que os pardais acoden a pousarse no tellado da casa dos señores Indalecio e Teodosia, un feito que non ten nada que ver co que eles, moi fachendosos, adoitan repetir perante os seus veciños: que son os donos de todo e que a súa casa é tan farturenta que até os paxaros a elixen para viviren. Uxía desvela como coñeceu o Gato que vive canda ela no faiado, que nunca xogara a nada porque non sabía e que nunca saíra daquel lugar, e como ela lle quixo aprender a xogar. Mais como Gato ten tanta fame, pensa que os peixes dos xogos se poden comer e ela ten que lle explicar que non é tal. Daquela pídelle axuda aos ratos para que lle fagan un burato na porta polo que meterse na cociña e coller comida. A partir de entón, Uxía, Gato, os ratos e mais os pardais fan todos os domingos unha festa na que comen e falan das súas cousas. Acompáñase o texto nesta ocasión das ilustracións de Irene Fra (Mataró, 1971) que substitúen ás de Lola Blázquez.

Oli, *Conto para non comer*, ilust. Andrés Meixide, Madrid/Vigo: Diario El País/Galaxia, col. No País dos Contos, n.º 7, [lectorado autónomo], 2007, [28] pp. (ISBN El País: 84-9815-789-7/ISBN Galaxia: 978-84-8288-986-3).

Conto rimado de Oli, nome literario de Xosé Manuel González Barreiro (Cangas do Morrazo, 1961) que apareceu por vez primeira no ano 2005 na colección "Árbore/Galaxia" e cuxo descritor se pode consultar no *Informe de Literatura* correspondente. Neste ano 2007 aparece novamente na mesma colección, pero sen ningún cambio textual ou paratextual, e nesta nova que a editorial Galaxia edita conxuntamente co Diario El País. Nesta ocasión a única diferenza existente é a do cambio a esta colección de maior distribución editorial.

Otero, Renata, *Mola que chova*, Madrid/Vigo: Diario El País/Galaxia, col. No País dos Contos, n.º 4, [lectorado autónomo], 2007, [24] pp. (ISBN El País: 84-9815-786-2/ISBN Galaxia: 978-84-8288-983-2).

Álbum co que a pintora Renata Otero (1971) se iniciou na Literatura Infantil e Xuvenil em 2004 e cuxo descritor se pode consultar no *Informe de Literatura* correspondente. Neste ano 2007 aparece novamente na mesma colección "Árbore/Galaxia", pero sen ningún cambio textual ou paratextual, e nesta nova que a editorial Galaxia edita conxuntamente co Diario El País. Nesta ocasión a única diferenza existente é a do cambio a esta colección de maior distribución territorial.

VII.1.3. ADAPTACIÓNS

Mejuto, Eva, *Tres desexos*, ilust. Gabriel Pacheco, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, xuño 2007, [32] pp. (ISBN: 978-84-96788-63-3).

Álbum ilustrado de Eva Mejuto (Sanxenxo, 1975) que recolle unha adaptación dun conto pertencente á tradición portuguesa no que aparecen recursos como a estrutura dialogada e acumulativa e o humor. Nel nárrase o que lles sucedeu a unha vella e un vello ben pobres aos que un día lles cae pola cheminea un papel que di: "Soñar nas noites de lúa trae fortuna. Podedes pedir tres desexos". Daquela acordan que é a oportunidade de cumprir os seus soños: ter unha dentadura de ouro, comida dabondo, cen traxes novos e un palacio de diamantes. Mais a fame provoca que a vella se precipite e pida un chourizo; o vello, alporizado porque a muller desperdiciou un dos desexos, berra que oxalá se lle apegue na cara e así acontece. Finalmente, os dous deciden pedir como terceiro desexo que o chourizo desapareza do nariz da vella e continuar pobres pero felices e soñando nas noites de lúa. O volume de tapas duras, coas gardas e a portada coidadas en papel satinado, presenta as ilustracións de Gabriel Pacheco (México, 1973) nas que predominan as tonalidades escuras e cálidas: ocres, cremas, dourados, verdes secos, vermellos e marróns. As formas das figuras son redondeadas, brandas e coas extremidades deformadas. As imaxes necesitan do texto para comprender a narración. Os textos varían o tamaño e a cor da tipografía en función do que acontece.

Morandeira, Luísa, *Zalgum*, ilust. Bernardo Carvalho, Pontevedra: OQO Editora, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, xullo 2007, [78] pp. (ISBN: 978-84-96788-73-2).

Luísa Morandeira adapta este conto, procedente da tradición bérber de Kabilia, que xoga coa dobre lectura en función dos destinatarios, xa que combina os elementos propios dos contos marabillosos (por exemplo, a presenza de animais que falan e axudan á protagonista) e tratan o tema do incesto ou a rebelión dunha muller contra o seu destino. Nárrase a historia dunha fermosa moza de cabelo vermello, chamada Zalgum, que adoita bañarse na fonte onde seu irmán lle dá de beber ao cabalo. Un día, seu irmán decide casar coa dona dun cabelo que atopa na auga, así que os pais comezan a comparar o pelo cos de todas as mozas da contorna sen conseguir identificar a quen pertence. Unha vez sabedores que o pelo é de Zalgum, deciden casar á protagonista co seu irmán sen ela sabelo. Grazas á pega, á andoriña e á vaca, Zalgum coñece que ela é a noiva e lisca da casa para se agochar nunha cova. O irmán acode alí e córtalle unha man, pero ela bótalle unha maldición que di que ha cravar unha espiña que non poderá quitar máis que coa man que cortou. Mentres tanto, a nova da rapaza encerrada na cova

do bosque chega a oídos do príncipe do país veciño que, coa axuda dunha vella feiticeira, logra sacala de alí e levala ao seu palacio onde sofre as intrigas das criadas que queren facerlle ver ao príncipe que lle falta unha man. Coa axuda novamente dos animais, Zalgum recupera a súa man e casa co príncipe, co que ten dous fillos. Pasados os anos, a protagonista leva os fillos á súa aldea e, vestida de esmoleira, visita a seu irmán a quen cura da doenza causada por mor da espiña. De regreso á casa, relátalle ao seu home todo o acontecido. As ilustracións figurativas e coloristas de Bernardo Carvalho (Lisboa, 1975) acompañan visualmente o texto. Para iso emprega a pintura cunha ampla gama de tonalidades cálidas, que sitúa o relato nunha xeografía concreta, unha zona desértica. Pola narración visual pódese obter máis información sobre a vestimenta, as casas, os animais, a vexetación dese país, podendo interpretar que se trataría dun pobo africano. As personaxes posúen ollos riscados, coa mirada fixa e pupilas totalmente negras que conseguen atraer a atención do espectador.

Recensións:

- María Navarro, "Narrativa bérber", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 228, 6 decembro 2007, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 166, "Infantil/Xuvenil", 22 decembro 2007, p. 11.

Sinala que os contos tradicionais ofrecen a posibilidade de imaxinar mundos fantásticos, nos que a irrealidade pode amosar retallos de comportamentos idílicos nuns casos e máis ca reprobábeis noutros. Comenta que este conto popular bérber, *Zalgum*, foi adaptado por Luísa Morandeira e representa un universo no que determinados valores humanos cobran unha significación quizais aterradora ou quizais lóxica, pero que non deixará indiferente o receptor. Indica que se trata dunha historia cargada de simbolismo e na que as persoas adoptan un determinado comportamento, segundo lles dita a dignidade ou a súa condición de ser humano. Por último, ofrece o argumento desta obra, na que a xustiza divina premia os bos e os animais exercen de intermediarios e posibilitan que a historia e as vidas dos personaxes tomen un certo rumbo.

Liván, Paco, *Gaspar, o pastor de lebres*, ilust. Lucie Mullerova, Pontevedra: OQO Editora, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, 2007, [54] pp. (ISBN: 978-84-96788-76-3).

Relato infantil de Paco Liván baseado nun conto de tradición oral danesa. Nel, por medio dun narrador en terceira persoa e da voz dos personaxes, nárranse as dificultades duns reis por casar á súa filla. Estes poñen unha dura proba a todos os pretendentes até que un mozo labrego consegue pasar a proba. Malia isto, o labrego non conta coa aprobación dos monarcas que tentan, por medios picarescos e humorísticos, quitarlle o dereito gañado. Na última parte da historia o narrador destápase como personaxe do conto e sae montado nunca bala de canón da voda, presentándose así en tempo real para contar a historia e acentuando así a veracidade dos acontecementos. Na cuberta aparece o protagonista chamando as lebres nunha imaxe que se completa coa contracuberta ao abrir o libro. As ilustracións do interior de Lucie Mullerova son unhas pinturas feitas con cores moi mesturadas nas que predominan as tonalidades cálidas. Os personaxes son figuras de estilo figurativo nas que se aprecia o volume de forma acusada. As composicións son variadas, xogan co espazo, ocupando, ás veces, parte da páxina do lado onde aparece o texto. As imaxes contextualizan a historia nunha etapa de contos

clásicos, achegando información sobre as persoas a través das roupas que se describen con moitos detalles. A expresividade das figuras está baseada nos ollos grandes que presentan.

Recensións:

- María Navarro, "Relato clásico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 222, "Infantil/Xuvenil", 25 outubro 2007, p. VII.

Considera que resultan sempre enriquecedoras as historias nas que os animais cobran protagonismo, sobre todo, se serve para que o home poña a proba a súa capacidade para resolver situacións, en un principio, adversas. Resume a historia de *Gaspar, o pastor de lebres*, de Paco Livian e Lucie Mullerova, e analiza a súa estrutura, que parte do conto tradicional, ademais de sinalar que a súa linguaxe recorrente se basea na reiteración de fórmulas, que aseguran a recepción do contido e serven de fío condutor á narración. Tamén apunta que a ironía e mesmo o grotesto se unen para proporcionar ao lector unha mostra particular da condición humana e, amo mesmo tempo, reafirmar a interesante sabedoría que transmite a literatura popular.

- Nate Borraxo, "Aceptamos dragón", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 15.

Recomenda o conto infantil *Gaspar, pastor de lebres*. Lembra o argumento desta historia na que unha princesa casará con quen coide as cincuenta lebres dun bosque, reto ao que acoden moitos personaxes. Lémbrase que o conto está acompañado de ilustracións que axudan ao lector a viaxar ao espazo onde se desenvolve a acción.

Núñez, Marisa, *Ovos duros*, ilust. Teresa Lima, Pontevedra: OQO Editora, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, marzo 2007, [58] pp. (ISBN: 978-84-96788-16-9).

Conto rimado no que, a partir dunha historia tradicional magrebí, Marisa Núñez (Sarria, 1971) conta, ao xeito das fábulas, como unha moza pobre, filla dun carboeiro, chega a ser raíña. A protagonista ten a virtude de posuír unha grande habelencia para resolver enigmas. Por iso, o día que o rei, caprichoso e moi afeccionado aos enigmas, lles propuxo aos seus súbditos a resolución dunha adiviña referida a unha árbore de doce follas, a moza deulle a resposta ao pai, que lla comunicou ao rei. Dende este momento a imposición de retos do rei foi superada constantemente pola rapaza, que acabou namorando ao monarca. A condición coa que casaron foi que a palabra dela nunca quedaría por riba da del, por iso o día que descubriu que ela axudara a un home que presentou unha queixa por ter sido enganado, o rei condenouna a marchar de palacio coa condición de que só podía levar consigo a cousa que máis quixera. Segura do seu amor polo rei, a moza deulle un sedante e levouno con ela, por iso cando espertou, o monarca decatouse do seu erro e encarou con máis humildade a súa actitude ante a vida e os demais. Este álbum conta coas ilustracións figurativas de Teresa Lima, que están traballadas cunha técnica mixta que inclúe a pintura, a colaxe e a fotomontaxe. As tonalidades cálidas das ilustracións feitas nun papel satinado de boa calidade fan agradábel coller o libro, mentres que as figuras dos personaxes están deseñadas cunha estética moi estilizada que alonga os brazos e as pernas. A técnica de recortado de

formas para facer as figuras dá lugar a unhas composicións planas, sen volume, aínda que o xogo co que se dispón aos protagonistas nos espazos dá lugar a unhas ilustracións moi interesantes. Trátase dunha narración visual que acompaña ao texto, seguindo as pautas do que aquel di. Tamén hai que subliñar os cambios que experimenta a tipografía (negriña, cursiva ou letra máis grande) segundo quen fale ou o ton que emprega.

Recensións:

- María Navarro, "Xogar cos enigmas", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 213, "Infantil/Xuvenil", 28 xuño 2007, p. VII.

En primeiro lugar a articulista sinala que Marisa Núñez ofrece un "interesante xogo" co lectorado na obra *Ovos duros*. A seguir, explica a orixe deste conto "no que se mesturan habilidade e enxeño e no que son varios os valores que se transmiten". María Navarro dá conta do argumento, destaca algúns dos aspectos que se tratan na obra editada por OQO e refírese ás ilustracións de Teresa Lima. Finalmente, detense na temática do conto que presenta as claves da "esencia do conto popular" e valora positivamente a linguaxe sinxela e coidada, así como o xogo coa tipoloxía da letra.

- María Jesús Fernández, "Marisa Núñez. *Ovos duros*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 6 a 9 anos", primavera 2007, p. 74.

Sinala que Marisa Núñez adapta nesta ocasión un conto tradicional moi interesante, entre outras cuestións, polo modelo feminino que presenta. Explica que a moza protagonista pertence ao grupo das denominadas "mulleres sabias" que, coa súa intelixencia, son capaces de superar as dificultades presentadas. A seguir, achega o argumento desta obra, na que unha moza de orixe humilde ten que utilizar o seu enxeño para evidenciar as arbitrariedades do rei, primeiro como súbdita e logo como raíña. Por último, apunta que a edición é moi coidada,o mesmo que as ilustracións de Teresa Lima.

Núñez, Marisa, *Tres osos*, ilust. Minako Chiba, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, novembro 2007, [36] pp. (ISBN: 978-84-9871-000-7).

Álbum ilustrado no que Marisa Núñez (Sarria, 1971) bota man dun conto tradicional. A través dun narrador omnisciente nárrase como Riciños de Ouro entra na casa dos osos cando estes saíron a dar un paseo antes de almorzar. Descríbese como unha vez dentro come as papas da cunca pequena, senta na cadeira máis cómoda para ela, que é a máis pequena, na que se arrandeou e rompeu, e cansa decide subir e deitar na cama máis axeitada ao seu tamaño, a máis cativa. Cando os osos regresan, decátanse de que alguén estivera na casa e rexístrano todo até atopar a Riciños de Ouro durmindo pracidamente. Como os tres osos estaban moi enfadados deron tal ruxido que a rapaza fuxiu avergoñada e aprendeu a non entrar nas casas sen ser convidada. As ilustracións figurativas de Minako Chiba (1971) describen este conto clásico coas escenas máis típicas. Na cuberta aparecen os osos protagonistas caracterizados con vestimentas e actitudes propias de humanos e, completando a imaxe, na contracuberta, medio escondida, a outra protagonista do conto: a nena. As ilustracións interiores están

realizadas con pintura, que se aplica sobre unha superficie moi texturada e con pinceladas que deixan ver o rastro do pincel. Esta textura achega a todo o libro un aspecto un pouco rústico que, sumado ás tonalidades cálidas e matizadas que se utilizan, lle presta un aspecto entrañábel e próximo. Son composicións que se centran, sobre todo, nas figuras e nos elementos característicos do conto (os tres osos, as tres cuncas de sopa, as tres cadeiras e as tres camas) e nas que hai poucas referencias espaciais, de xeito que nalgunhas imaxes até se funde gradualmente a parede co chan. A tipografía varía de forma ou de tamaño en función da intención ou da forza das palabras e a sucesión de imaxes permite unha lectura exclusivamente visual, aínda que o texto vai completando a narración.

Patacrúa, *Paco Papán*, ilust. Evelyn Daviddi, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, abril 2007, [32] pp. (ISBN: 978-84-96788-64-0).

Relato de Patacrúa, a partir dun conto tradicional xudeu, no que se conta a historia dun mozo, Paco Papán, que era un nugallán. Un día súa nai díxolle que fose buscar traballo e durante os sete días da semana, Paco desenvolve un traballo que remata co día, posto que é moi torpe na súa realización, malia poñer todo o seu empeño. Así, comeza nunha xastraría, pasa por unha panadaría, por unha granxa, por unha corte de cabalos, etc. En cada un deles danlle unha paga distinta (unha moeda, un saco de fariña, un bote de mel, un gatiño...), pero de ningún destes traballos consegue que a paga chegue á casa, pois perde a moeda por botala a rodar; o saco de fariña lévao arrastrando; o mel méteo no peto; e o gatiño nun cesto. De cada vez que isto acontece súa nai dille cómo debería ter feito con cada cousa e el acaba coa frase "para outra vez xa o sei". Así aplica as cousas que lle di súa nai no seguinte traballo e convérteo nun desastre. Por fin, o domingo vai traballar co enterrador e, ao rematar, Paco bota ao lombo o burro; ao velo, a filla do enterrador, que estaba muda dun susto e que só curaría cunha boa risada, curou. Deste xeito, o enterrador deulle traballo de por vida e viviu feliz coa súa filla durante moitos anos. A ilustradora Evelyn Daviddi (Carpi, 1973), xoga coa desproporción dos personaxes e obxectos que recrea, conseguindo personaxes coa cabeza moi grande en relación co corpo, o que lles confire trazos caricaturescos e cómicos. Elabora composicións pictóricas onde utiliza diferentes tipos de liñas (rectas, curvas, zig-zags...), que actúan como referencia para situar o escenario onde se desenvolve a historia, por exemplo, un panal de abellas, unha beirarrúa, un burato, etc. Como álbum ilustrado, a narración textual e visual compleméntanse en todo momento, enriquecéndose mutuamente.

Recensións:

- María Navarro, "Valioso ensino", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 220, "Infantil/Xuvenil", 11 outubro 2007, p. VII.

Céntrase o comentario na versión que Patacrúa fai dun conto tradicional xudeu e que titula *Paco Papán*. Sinala que esta adaptación ten dúas lecturas: para os pequenos, un percorrido polos días da semana e a realización de traballos; e, para os maiores, un conxunto de situacións disparatadas que, debido á súa disposición en cadea, crean un ambiente de grotesca tranquilidade realmente cómico, e todo baixo o paraugas da obediencia e da ausencia total de razoamento por parte do mozo que deambula pola vida

sen pararse a reflexionar sobre cómo realiza o traballo ou qué fai coa paga recibida. Achega o argumento da obra e detense no personaxe principal, ademais de sinalar que "a percepción da realidade, lonxe de ser de ida e volta, pode ter numerosas vías e numerosos desvíos".

VII.1.4. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Alapont, Pasqual, *Barrotes dourados* (*Barrots daurats*, 2005), epílogo de Pepe Rodríguez, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 103, [mocidade], maio 2007, 188 pp. (ISBN: 978-84-9782-599-3). ■

Novela realista de Pascual Alapont (Catarroja, 1963) dividida en once capítulos, na que un narrador omnisciente conta o que lle acontece a Alexandre, un mozo que está a organizar unha festa de fin de curso cos seus amigos. Cando se dispoñen a entrar na discoteca na que terá lugar a celebración, reciben a nova de que Carolina, moza do protagonista, sufriu un accidente de moto. Alexandre acode ao hospital e mentres agarda coñecer a evolución de Carolina é abordado por Nuria, unha rapaza que o convida a participar nas conferencias e cursos organizados de balde por unha asociación de amigos do Exipto. Pouco despois recibe a nova do falecemento de Carolina. O estado de confusión e tristeza que padece o mozo preséntalle moreas de dúbidas sobre a vida e o futuro. Días despois, na busca dunha saída, atopa a tarxeta de Nuria e anímase a asistir a unha conferencia sobre o Exipto para distraerse. Alí atopa de novo a Nuria e pouco a pouco van aumentando as visitas ao centro, por considerar que é unha forma de evadirse da realidade. Finalmente, Alexandre é convidado a pasar unha fin de semana nunha propiedade da asociación, onde observa que se trata dun lugar moi singular, no que os residentes levan túnicas iguais, xantan en silencio e desenvolven un estrito traballo, ademais de asistir a distintos rituais. Malia a sorpresa, o mozo acaba sendo iniciado até que, despois dalgunhas indagacións descobre que se trata dunha seita, na que Nuria está en contra da súa vontade. Por iso, Alexandre ármase de valentía e foxe con Nuria até unha comisaría de policía. Despois do relato inclúese, a modo de epílogo, un texto do xornalista Pepe Rodríguez, especialista no mundo das seitas, titulado "Seitas: un doado camiño a ningures", no que reflexiona sobre estas asociacións, os seus mecanismos internos (por qué se coñece tan pouco sobre elas, cómo captan os adeptos, qué é o que fan con estas persoas para que sigan e fagan o que ordena o "líder", etc., ademais de ofrecer algúns consellos). Este volume só presenta ilustración na cuberta. Nela aparece sobre un fondo de pictografías exipcias unha pirámide e unha man que ten o ollo de Udjat tatuado no pulso (símbolo que teñen todas as persoas da seita na que se centra o relato). Á súa vez, a man sostén unha gaiola dourada sobre a pirámide, o que fai referencia ao título *Barrotes dourados* e, polo tanto, novamente á seita, xa que, a pesar da sensación de sosego que sente o protagonista, estar inmerso nela non deixa de ser unha estafa e un cárcere do que terán sorte de escapar.

Recensións:

- Dorinda Castro Soliño, "Os perigos das seitas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 230, 20 decembro 2007, p. IV.

Destaca que esta novela aborda o difícil mundo das seitas dende unha dobre perspectiva: dende unha pequena novela e dende un estudo-epílogo, do xornalista Pepe

Rodríguez, sobre as seitas. Afirma que no estudo se pon a Alexandre, protagonista da novela, como exemplo do que se comenta sobre as seitas.

Aliaga, Roberto, *O soño do osiño rosa*, ilust. Helga Bansch, trad. Paco Liván, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, xullo 2007, [34] pp. (ISBN: 978-84-96788-65-7).

Álbum fantástico de Roberto Aliaga (Armagasilla de Alba, 1976) no que por medio dun narrador omnisciente e da voz dos personaxes se contan as aventuras dun osiño de cor rosa que chora porque perdeu o seu soño e ao que axudan os diferentes animais cos que se atopa. Todos eles tentan recuperar o soño perdido do protagonista e por iso lle traen o que eles considera que precisa. Así, a xirafa tráelle unha bufanda; o cabalo, unhas ferraduras; a ra, unhas gafas de sol, etc. até que o moucho descobre cómo solucionar o problema. O texto acompáñase das ilustracións de Helga Bansch (Leoben 1957). A imaxe da cuberta presenta ao protagonista acompañado dos seus amigos, aínda que para velos enteiros hai que abrir o libro e completar a composición coa contracuberta. No interior, as composicións a dobre páxina, ás que se incorpora o texto variando a grafía segundo a voz sexa do narrador ou dos protagonistas, presentan cores cálidas e moi matizadas que achegan unha historia amábel, sensíbel e cuns protagonistas entrañábeis, de formas redondeadas, brandas e de apariencia suave, sobre todo a figura do osiño que se amosa moi próxima á nenez á que vai dirixido o libro. A técnica que a ilustradora emprega fundamentalmente é a pintura, aplicada con pinceladas fluídas que deixan ver, en parte, distintos soportes (cartón ou periódico), aínda que algúns personaxes están acabados con outras técnicas, tales como trazos de lapis no caso da xirafa ou anacos de papeis de mapas de estradas no caso do cabalo.

Recensións:

- María Navarro, "Soños en rosa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 230, "Infantil/xuvenil", 20 decembro 2007, p. VI /*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 167, "Xuvenil/Novidades", 29 decembro 2007, p. 11.

Coméntase o argumento d'*O soño do osiño rosa* e dise que destaca polas ilustracións, de Helga Bansch, que complementan ao texto e invitan a imaxinar un mundo marabilloso no que os animais senten, se axudan e reflexionan na busca do soño do osiño rosa. Saliéntase que o libro supón un exemplo de xenerosidade, amizade e empatía, pois amosa que o importante é o detalle de facer sentirse ben aos demais.

Andersen, Hans Christian, *O traxe novo do emperador*, versión galega de Anxo Franco, ilust. Xaquín Marín, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos Soños, [lectorado autónomo], decembro 2007, [25] pp. (ISBN: 978-84-95460-79-0).

Álbum infantil no que se ofrece unha nova versión do conto clásico de Hans Christian Andersen (Odesen, Dinamarca, 1805-1875) da man de Anxo Franco. A través dun narrador omnisciente cóntase a historia dun poderoso emperador que gastaba moitos cartos nun exquisito vestiario e que foi enganado por dous falsos teceláns os cales, facéndolle crer que as súas teas eran máxicas, vestiron ao emperador cun novo traxe.

Mais os supostos poderes desas teas eran o de facelas invisíbeis a toda persoa parva ou inútil para o seu cargo. Como o emperador non quería poñer en dúbida a súa capacidade para ocupar o posto, mandou a varios ministros da súa confianza para que supervisaran o traballo, mais todos os que foron non vían nada porque nada había, aínda que finxían ver aquelas fermosas teas traballadas polos falsos teceláns. Ninguén se atrevía a dicir a verdade até que un día, cando chegou o momento de vestir o novo traxe, o emperador paseou espido diante dos seus súbditos. O primeiro que manifesta a verdade é un neno, movido pola súa inocencia. As ilustracións figurativas, de Xaquín Marín (Ferrol, 1943), describen as roupas, o mobiliario, as arquitecturas, etc. e sitúan ao lectorado agardado nunha época histórica concreta. O estilo empregado é sinxelo e non achega moita información, polo que a narración visual que compoñen as imaxes, para poder comprendela, debe ser lida acompañada do texto. Pola súa banda a cuberta e a contracuberta compoñen unha imaxe, que se completa ao abrir o libro.

Añorga, Pello, *O Gran Guerreiro* (*Gerlari Handia*, 2007), ilust. Jokin Mitxelena, trad. Xosé Ballesteros, Vigo: Faktoria K de Libros, [lectorado autónomo], decembro 2007, [28] pp. (ISBN: 978-84-96957-19-0).

Álbum de Pello Añorga (Oiartzun, 1956), premiado en 2007 coa Iª Bolsa Etxepare ao mellor proxecto para a creación dun álbum ilustrado infantil en éuscaro. Nel cóntase a historia do Gran Guerreiro que cabalga no seu cabalo polo monte, onde comeza a nevar e ten que refuxiarse nalgún agarimo. Polo apartado do lugar o único refuxio posíbel é a Cova da Moura, na que entra temeroso do que poida atopar. Alí acende unha fogueira e cea algúns arenques, coa súa espada sempre pronta e ao seu carón. Cando se ergueu a alimentar o lume, o Gran Guerreiro é sorprendido por unha sombra arrepiante contra a que comeza a loitar. Berra, salta, tenta cravarlle a espada, cae deitado ao tropezar cunha póla e, invadido pola impotencia e a rabia, tira coa súa armadura contra a xigantesca sombra. Ao fin, exhausto, o Gran Guerreiro cae rendido e humillado. De xeonllos, diríxese á entrada da Cova da Moura e sorpréndese da cantidade de luz que se ve no exterior. Ao afacerse os seus ollos á claridade, o Gran Guerreiro descobre que a sombra monstruosa que o atemorizara no interior da Cova era a súa propia sombra. Consciente do poder do medo que o dominou, decide entrar de novo na Cova e enfrontarse a si mesmo e aos seus temores. Esta fermosa historia de superación e autocoñecemento conta coas ilustracións figurativas de Jokin Mitxelena (Donostia, 1962), unhas composicións moi dinámicas, construídas mediante pinceladas de acuarela. Nelas, as imaxes do guerreiro son as únicas que teñen cor, mentres que o resto, as paisaxes, as árbores e as rochas, están feitas con distintas tonalidades de grises. Os trazos enérxicos están empregados en describir ao guerreiro en pleno combate e as composicións presentan puntos de vista moi variados: panorámicas da paisaxe, primeiros planos do guerreiro, imaxes centradas no monstro, etc. Os textos son limitados e o relato está moi apoiado polas imaxes, que conforman unha narración visual, cuxo discurso pode seguirse case independente da narración verbal.

Araújo, Jorge, *Comandante Hussi* (*Comandante Hussi*, 2003), Premio Gulbenkian, ilust. Pedro Sousa Pereira, trad. Ramón Nicolás, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Maremar, [lectorado mozo], 2007, 63 pp. (ISBN: 978-84-8464-624-2).

Relato de Jorge Araújo (Mindelo, Illa de San Vicente, Cabo Verde, 1959) que xira

arredor da amizade e a guerra. A través dun narrador omnisciente trasládaselle ao lectorado agardado a historia de Hussi, un neno que vive unha crúa experiencia cando estala a guerra. No seu mundo o ben máis prezado é a súa vella bicicleta, que durante a contenda deixa enterrada a carón da súa casa antes de fuxir coa familia. Esta bicicleta, de cor marrón, sen pedais, co asento estragado e os radios das rodas dobrados, representa o seu maior tesouro, pois foi o único regalo que lle puido dar seu pai. Todo muda o día que, ao remate do encontro entre o Batuque Fútbol Club e o Samesugas, deu comezo a guerra do brigada Raio de Sol, un vello militar veciño de Hussi, contra o comandante Trebón para acabar coa situación na que vivían homes, mulleres e nenos do país que este gobernaba. A guerra fixo que a familia de Hussi abandonara a súa casa, polo que el decidiu enterrar a bicicleta, que non podía levar con el. Foi nese intre cando se decatou de que esta falaba. Hussi prometeulle que volvería buscala cando rematase a guerra e durante o tempo que esta durou comunicáronse a través do pensamento, até un día no que deixou de ser así, pois o comandante Trebón, seguindo os consellos do seu feiticeiro, mandou que mataran a arma secreta do bando contrario: unha bicicleta máxica que daba sorte e protexía. Cando Hussi escoitou a noticia púxose moi triste pensando que podía ser a súa bicicleta e decidiu saír na súa busca, aínda que o único que atopou en Porto dos Batuquinhos foi a súa vivenda destruída. Rematada a guerra, Hussi regresou de novo á casa para ver se desta volta conseguía atopar algo da súa bicicleta e poder facerlle un enterro digno, pero isto non foi necesario xa que a súa compañeira de xogos estaba san e salva, o que posibilitou que todo volvera á normalidade. A obra conta con ilustracións de Pedro Sousa Pereira (Porto, Portugal, 1967), uns debuxos orixinais, feitos con trazos pouco definidos e que fan referencia a algún suceso narrado, pero sen achegar información nova. As cores empregadas son o negro, o gris, o amarelo, o marrón, o laranxa e o azul, dependendo do momento que reflicta a imaxe.

Arnal, Txabi, *Tres irmás ladroas* (*Tres hermanas ladronas*), ilust. Elena Odriozola, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, xaneiro 2007, [55] pp. (ISBN: 978-84-96788-07-7).

Álbum de Txabi Arnal (Ermua, 1957), no que se conta, por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa, a historia das tres irmás Barreira: Oculta, Lucía e Xusta. A súa vida estaba dedicada, como as súas devanceiras, a ser ladroas e tiñan como obxectivo "brillar como o sol do verán. Aínda máis". Cada unha delas tenta conseguilo ao seu xeito, así Xusta vive miseramente e tenta pola noite sacar o brillo das xoias e os cartos, Lucía vive como unha estrela de cine e Xusta rouba o necesario para vivir, vagando polo campo. Guiadas por Oculta, tentan conseguir o brillo que perseguen a través dos espellos e da auga, pero non chegan a conseguir máis que queimarse e acabar no hospital cunha pulmonía. Despois desta experiencia, Xusta decide mercar unha granxa e vivir tranquilamente no campo, convencida de que é imposíbel brillar máis que o sol. A carón da súa granxa está a dun veciño, que ve como a medida que ela medra, todo o del mingua. No entanto, Xusta brilla cada día máis, mentres as súas irmás son cada día máis desgraciadas. A felicidade de Xusta é absoluta cando nace a súa filla. Coa nova do nacemento, Oculta e Lucía acoden á casa da irmá para coñecer a sobriña. Con elas levan un saco de xoias para regalarlle, pero ao ver a nena decátanse de que brilla máis que o contido do saco. Deste xeito, a nena rouboulles o corazón ás tres irmás, que dende aquel intre "brillaban tanto como o sol do verán. Aínda máis". En definitiva, un coidado álbum infantil no que o texto se complementa coas ilustracións de Elena

Odriozola (Donostia, 1967), de estilo figurativo, nas que se emprega a acuarela con matices e tonalidades moi sutís e suaves. Os personaxes de Odriozola son moi característicos, de formas redondeadas, sen intencións volumétricas, delimitadas por unha liña moi fina e recheos de cores. As composicións son sobre fondos brancos ou de cores moi suaves, onde o texto e a imaxe se complementan.

Recensións:

- Paula Fernández, "Alegato pola felicidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 206, "Infantil/Xuvenil", 10 maio 2007, p. VII.

Considérase que a obra de Txabi Arnal, *As tres irmás ladroas*, constitúe un auténtico alegado en defensa da simplicidade da felicidade. A continuación, achega o argumento deste relato, que se articula ao redor dunha serie de figuras simbólicas, que van dende a elección dos nomes das protagonistas até a alusión mediante xeitos de vida a políticas económicas voraces, que nos proporcionan a perspectiva precisa para entender a felicidade como algo efémero e fráxil. Así mesmo, sinala que o relato se converte nunha defensa da vida na aldea.

- CLIJ, "Las tres hermanas", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 204, "Libros/Novedades", maio 2007, p. 67.

Salientáse deste relato de Thaxi Arnal, publicado tamén en galego e portugués, que é un relato moderno aínda que con sabor aos contos tradicionais, o humor e a ironía que o bañan, a mostra de que o que nos fai "brillar" non é o ouro senón a felicidade, o amor e a tenrura; enxeñosos xogos de palabras. En canto ás ilustracións, fala dunha "interpretación glamurosa y humorística". Un libro sen límite de idade.

Bansch, Helga, *Petra*, ilust. da autora, trad. Eva Mejuto, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos , novembro 2007, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-002-1).

Álbum infantil de Helga Bansch (Austria, 1957) no que, con humor e a través do protagonismo de diferentes animais, se tratan temas da vida cotiá como a obesidade. Deste xeito, cóntase a historia dunha elefanta chamada Petra con complexo de obesidade, quen trata por todos os medios de adelgazar. Tras esgotar os recursos ao seu alcance no lugar no que vivía, decide marchar en busca de axuda, acompañada dun papagaio amigo seu. Ao longo do seu percorrido vai coñecendo diferentes personaxes e só no final, cando se atopa con outro elefante, consegue esquecer o seu problema, polo que os tres regresan xuntos á casa. As ilustracións da propia autora adáptanse ao texto e xogan coas cores de diferentes formas. Así, nos tramos de preocupación ou tristeza da elefanta emprega cores moi claras como fondo para resaltar a súa gordura, mentres que cando esquece o seu complexo, as cores son máis vivas e están máis mesturadas, disimulando a súa obesidade.

Barceló, Elia, *Cordelúa* (*Cordeluna*, 2007), Premio Edebé de Literatura Xuvenil 2006, trad. Isabel Soto, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Periscopio, n.º 23, [lectorado

mozo/mocidade], abril 2007, 335 pp. (ISBN: 978-84-8349-097-6).

Novela de Elia Barceló (Alacante, 1957) na que, por medio dun narrador omnisciente e da voz dos personaxes, se conta unha historia de amor truncada pola desgraza e a maldición, que condena a uns namorados a vivir o un sen o outro até que se logre romper a maldición que os somete. Personaxes dun tempo pasado xorden apropiándose dos pensamentos, dos xestos, do quefacer de persoas da época actual: un grupo de mozos e mozas que foron elixidos para a representación dunha importante obra de teatro que se celebra no mosteiro que os dous antigos namorados empregaran para casar en segredo. A única ilustración que presenta o volume aparece na cuberta e procede do banco de imaxes Getty Images. Nela danse pistas tanto da temática coma do tempo e espazo nos que se desenvolve a obra. De feito, centra a atención do espectador nunha dama e un cabaleiro nunha cerimonia medieval de vasalaxe.

Blake, Quentin, *Un barco no ceo* (*Un bateau dans le ciel*, 2000), ilust. do autor, trad. Emma Lázare, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras Os Montes, xuño 2007, [40] pp. (ISBN: 978-84-8464-637-2).

Álbum de Quentin Blake (Sidcup, Kent, Inglaterra, 1932), no que por medio dun narrador en terceira persoa e da voz dos personaxes, se conta a historia de Isabel e Nicolás, dous rapaces que paseando pola praia atopan un barco desfeito, o cal reconstrúen. Así, nel van recollendo a diferentes seres necesitados, dende unha cegoña ferida, unha nena que estaba sendo perseguida por uns nenos, un rapaz que está traballando forzosamente, outro que vive nunha cidade moi contaminada ou unha muller e o seu fillo no medio dunha cidade en guerra. Durante a viaxe, o barco furou e tiveron que parar na illa na que estaba a avoa de Eloísa, que os alimentou mentres construían un barco máis grande co que marcharon outra vez voando. A través desta maxistral obra o autor e ilustrador crea unha metáfora textual e visual dos problemas sociais, políticos e ambientais que existen no mundo a partir das conversas que mantivo con mil oitocentos nenos e nenas das diferentes partes do planeta. De feito, nas dúas gardas que compoñen o libro aparecen rexistrados os nomes dos nenos que interviñeron no proxecto. Para iso utiliza unha tipografía sinxela e unhas cores que se corresponden coas tonalidades que Blake emprega nas ilustracións do interior. A súa obra é facilmente recoñecíbel polo esquematismo e expresividade das personaxes, así como polas formas creadas dende trazos áxiles. Utiliza tinta negra que enche con grandes manchas de cores acuareladas cálidas sobre espazos abrancazados, adquirindo un gran protagonismo visual, dada a súa habilidade técnica para ofrecer nova información ao lectorado a través dos seus debuxos. As ilustracións posúen un dinamismo que enriquece e secuencia visualmente a narración textual, acadando composicións cunha alta calidade estética. Froito da dilatada traxectoria e experiencia profesional de Quentin Blake, dáse a unión do texto e a ilustración para producir un álbum moi divertido e cunha grande aceptación entre o público infantil e xuvenil.

Recensións:

- Paula Fernández, "Problemáticas sociais", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 229, "Infantil/Xuvenil", 13 decembro 2007, p. VII /*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 165, "Novidades", 15 decembro 2007, p. 11.

Paula Fernández opina que é preciso achegarlle aos máis novos as problemáticas sociais malia estas ser, en ocasións, "demasiado cruel". A seguir, detense n' *Un barco no ceo*, de Quentin Blake, unha obra da que se ofrece o seu argumento. Paula Fernández considera que, malia que, quizais nalgunha ocasión a lectura desta obra precise da compañía dun adulto, o resultado final é "capaz de remover as conciencias". Opina que a prosa é "comprensible e doce", destaca a presenza da crítica a grandes problemas mundiais e afirma que as ilustracións do autor cumpren co seu obxectivo.

Boyne, John, *O neno do pixama a raias* (*The boy in the striped pyjamas*, 2006), trad. Daniel Saavedra, Vigo: Factoría K de libros, col. Narrativa K, n.º 3, [mocidade], 2007, 190 pp. (ISBN: 978-84-96957-20-6). ■

Novela de marcado ton realista de Jonh Boyne (Dublín, 1971) que tivo unha gran repercusión a nivel internacional. A través dun narrador en terceira persoa nárrase unha historia de amizade no medio da confrontación ideolóxica producida durante a dominación nazi en Alemaña. Está estruturada en vinte capítulos, ao longo dos que se narran as vivencias e descubertas de dous nenos de nove anos: Bruno, fillo dun militar alemán, e Shmuel, xudeu polaco pechado no campo de concentración que dirixe o pai de Bruno. Trátase dunha historia baseada en feitos reais, na que se plasman as vivencias dos diferentes membros da familia de Bruno, que viven a estadía no campo de concentración como un destino pouco cómodo do pai, malia ser un ascenso, posto que teñen que abandonar a capital alemá, Berlín, chea de tendas, rúas e parques por unha casa pequena situada ao lado dun campo aramado, polo que deambulan homes e nenos que visten todos cun pixamas a raias e que sempre van acompañados de soldados. Esta visión inocente e á vez desconcertante de Bruno vai contrastando coa máis realista da súa irmá Gretel, moito máis consciente do que está a ocorrer. No entanto, é a amizade con Shmuel, vítima xudía do campo, cos seus xogos en común e as saídas de exploración polo lugar o que abrirá definitivamente os ollos de Bruno. O volume conta cunha única ilustración na cuberta. É a fotografía dun anaco de tea a raias azuis grisáceas dende moi preto. A imaxe é una referencia sutil ao fondo do relato, aínda que esta referencia visual pode pasar desapercibida até que se le o libro.

Recensións:

- Pedro A. Ramos García, "Sencillo, no fácil", *La Voz de Galicia*, "Culturas", n.º 243, "Letras Ficción", 29 decembro 2007, p. 2.

Debulla a trama desta novela e destaca que o lectorado agardado está perante un libro de lectura lixeira que conta cun elevado peso específico e que asemade está mal etiquetado como literatura infantil.

Referencias varias:

- Jorge Lamas, "Faktoría K traduce ao galego 'O neno do pixama a raias", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 decembro 2007, p. 55.

Achégase aos títulos que está a presentar a colección "Narrativa K" da editorial viguesa

Faktoria K, que está dedicada á tradución ao galego de clásicos da literatura contemporánea e obras de referencia de autores inéditos. Entre os títulos, refírese a *O neno do pixama de raias*, de John Boyne; *O señor Ibrahim e as flores do Corán*, de Eric-Emmanuel Schmitt; e *Cuspirei sobre as vosas tumbas*, de Boris Vian. Alúdese ao argumento e características máis salientábeis destas obras coas que Faktoría K pretende contribuír á normalización da lingua galega.

- Rosa Aneiros, "O Valado", *El Progreso*, "Opinión. Nove ondas", p. 33 */Diario de Pontevedra*, " A Contraportada", 18 decembro 2007, contracuberta.

Reflexión sobre o muro de Israel con motivo da visión dunhas fotos de Xerusalén na que Rosa Aneiros compara este muro co de Berlín e se pregunta, ao igual que Bruno, o protagonista d' *O neno do pixama a raias*, quen decide quen debe levar o pixama ou o uniforme?. Remátase desexando que non volva acontecer o mesmo.

Bruna, Dick, *Conta con Mifi* (*Tel je mee met nijntje?*) (ISBN: 978-84-935804-5-2)/*Bos días, Mifi* (*Goedemorgen, Nijntje*) (ISBN:978-84-96957-01-5)/*Mifi axuda na casa* (*Nijntje help in huis*, 1996) (ISBN: 978-84-96957-03-9)/*Mifi visita o zoo* (*Met nijntje naar de dierentuin*, 2006) (ISBN: 978-84-96957-05-3), trad. Silvia Pérez Tato, Vigo: Factoría K de libros, [primeiros lectores], outubro 2007, [14] pp.

Serie de álbums infantís de cartoné dirixidos aos primeiros lectores de Dick Bruna (Utrecht, 1927) nos que o protagonista, o coello Mifi, ensina cuestións básicas ao lectorado agardado.
En *Conta con Mifi* organízanse os obxectos que o coello vai atopando progresivamente, o que favorece a aprendizaxe dos números a través da identificación de obxectos e cores. Así, pártese dunha casa, seguida de dúas árbores, tres parrulos, catro vestidos, cinco cadelos, seis pasteis de froitas, sete papeventos, oito pezas para facer unha torre, nove mazás, dez cunchas da praia, once bolboretas e doce lapis de cores, obxectos todos eles que aparecen en diferentes lugares e accións que leva a cabo Mifi. En *Bos días, Mifi*, o protagonista érguese, almorza, aséase e, como está bo día, sae a dar un paseo até que, despois de xogar cos parrulos, regresa á casa e se deita a durmir. En *Mifi axuda na casa*, o lectorado agardado pode ver como por ser ordenado e educado Mifi ten como agasallo un pastel que lle fai súa nai para cear. Finalmente, en *Mifi visita o zoo*, o coello descobre diferentes animais e as súas características no zoo. Acompáñanse os textos de ilustracións a toda cor que ocupa todas as páxinas. Os textos son moi breves, con frases nas que se recolle a idea representada no debuxo e que xira arredor das accións que o coello protagonista leva a cabo..

Cafe Roma, *A Billa de Xoán*, ilust. Pablo Álvarez Rosendo, trad. Nova Galicia Edicións, Vigo: Nova Galicia Edicións, [lectorado autónomo], 2007, [24] pp. (ISBN: 978-84-96950-64-1).

Álbum de Cafe Roma no que se trata un problema moi actual: a falta, cada vez máis acentuada, de auga potábel. Deste xeito, transmíteselle ao lectorado agardado unha ensinanza a través da historia que María lle conta ao seu fillo Xoán, para explicarlle o problema que supón malgastar a auga. Así cóntalle cómo se un día non hai auga el terá que asearse e beber só unha cantidade moi pequena. Consciente do problema, Xoán

entende que é fundamental non malgastar a auga, malia que no mar haxa moita. Este álbum de formato alongado, tapas duras e papel satinado está ilustrado por Pablo Álvarez Rosendo. As cores que emprega son vivas aínda que nalgunhas páxinas se atenúan, pois o ilustrador diferencia así as dúas historias que se contan; unha dentro da outra. O cambio é moi sutil para non romper a unidade total do libro. As composicións son a dobre páxina e ocupan todo o espazo, co texto por enriba das imaxes. As ilustracións figurativas teñen un estilo realista pero simplificando as formas. Hai detalles da realidade que enriquecen visualmente a narración, completando o que se di no texto e creando unhas escenas que contextualizan o que acontece. Malia que a imaxe é moi descritiva, sen o apoio do texto non pode ser comprendida a historia nin a mensaxe.

Campanari, José, *Sígueme!* (*unha historia de amor que non ten nada de raro*) (*¡Sígueme! Una historia de amor que no tiene nada de raro*), ilust. Roger Olmos, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, xaneiro 2007, [42] pp. (ISBN: 978-84-96788-04-6).

Álbum ilustrado de José Campanari (Bos Aires) que ten como protagonista a un elefante gris con lunares morados que vive nunha selva. Todas as tardes sentaba á beira do camiño para ver as ringleiras de formigas pasar cargadas dun lado para outro, até que se decatou da presenza dunha formiga con cintura de avespa. Namorado dela, púxose moi elegante para confesarlle o seu amor. Pero ela xa se decatara disto e nese intre levaba unha folla onde dicía "Sígueme!". Deste xeito, seguindo á súa formiga, o elefante entrou no formigueiro, na habitación da formiga, nun cesto da costura, nunha botella de auga e nun caracol mariño, logrando así vivir unha grande historia de amor.

Recensións:

- María Navarro, "Por amor", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 209, "Infantil/Xuvenil", 31 maio 2007, p. VII.

En primeiro lugar cualifícase de interesante o volume *Sígueme!*, de José Campanari, pola combinación harmónica entre a temática e os aspectos formais e plásticos. A seguir, dáse conta do argumento e afírmase que a historia de amor que se presenta "supón un extraordinario exercicio de surrealismo". Destácase que son varios os valores que non pasan desapercibidos para o lectorado grazas ao tratamento da temática, á disposición tipográfica, ás ilustracións, ás reiteracións e ao humor, que vén dado por asociacións inusuais, de relacións aparentemente imposíbeis e xogos de imaxes.

Cano, Carles, *Os tres lobiños e o porco* (*Los tres lobitos y el cerdo*, 2007), ilust. Oliveiro Dumas, trad. Xosé Ballesteros, Vigo: Faktoría K de libros, [lectorado autónomo], agosto 2007, [26] pp. (ISBN: 978-84-935804-4-5).

Partindo do conto clásico, *Os tres porquiños e o* lobo, Carles Cano (Valencia, 1957) invirte os papeis dos protagonistas e, a través dun narrador en terceira persoa, relata cómo un porco, xa maior, regresa ao lugar no que naceu para vingarse dos tres irmáns lobos que cando era cativo se burlaban del na escola. Así, visita a cada un deles nas súas

casas, as cales vai derrubando e acaba por comer aos tres lobiños. O ilustrador Oliveiro Dumas (Valencia, 1964), cunha estética moi próxima ao cómic, inventa uns personaxes caricaturescos, moi dinámicos e estilizados. Son animais con trazos propios dos humanos, ben sexa a través da vestimenta, ben polas propias accións que realizan. Para elaborar os ambientes onde sucede o relato, xoga coa seriación e repetición de elementos fotográficos a modo de colaxe ou, en ocasións, insire palabras ou frases nas árbores, montañas ou casas, para acadar diferentes texturas sobre as cores planas. A narración visual e o discurso textual compleméntanse ao longo do relato.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Para lectores arriscados", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 228, "En galego", 15 setembro 2007, p. 13.

Comenta que en *Os tres lobiños e o porco*, Carles Cano, termado das expresivas ilustracións de Oliveiro Dumas, recrea o conto popular do lobo e os tres porquiños, mais invertendo os personaxes e actualizando a atmosfera que os rodea, ao presentalos nunha situación contemporánea. A seguir, analiza o contido da obra e puntualiza que, se cadra, "por ese xogo de espellos que subverte e vivifica a tradición, operando cuns marcadores irónicos e, en moitas ocasións, mercé á intención sarcástica, deformadora ou grotesta que nunca se oculta", a presente obra se formula como ben acaída para lectores xuvenís e incluso adultos. Por outra parte, refírese a *Instrucións para espertar a unha cadeira durmida*, na que Pablo Prestifilippo "se conduce con axilidade espallando ironía e elevadas doses de humor", chegando a construír con naturalidade un universo do día a día, no que non sempre é doado atopar a posibilidade de crear un mundo de portas abertas á fantasía e á imaxinación.

Caramés, Maxi, *Riciños de ouro*, ilust. Alberto Toval, versión galega baseada nun conto popular inglés, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos Soños, [lectorado autónomo], decembro 2007, [32] pp. (ISBN: 978-84-95460-78-3).

Versión galega dun conto popular inglés da man de Maxi Caramés, que aparece acompañada das ilustracións de Alberto Toval (Ferrol, 1968), no que se conta a historia dunha nena loura chamada Riciños de Ouro, quen un fermoso día de primavera atopou unha casiña no medio dun bosque e, como lle pareceu moi bonita, decidiu entrar. Así, cando viu tres cuncas: unha grande, una mediana e outra pequena enriba da mesa sentiu fame e, esquecéndose da boa educación recibida dos seus pais, probou a sopa da cunca grande, pero estaba moi quente, logo probou a da cunca mediana, pero estaba moi fría, e cando probou a da cunca pequena sentiu que estaba como a ela lle gustaba. Ao rematar de comer dirixiuse ao salón, no que atopou unha cadeira grande, unha mediana e outra pequena, e despois de sentar nas tres, descubriu que a pequena era a máis cómoda e confortábel, aínda que a cadeira non soportou o peso e rompeu. A nena decidiu entón subir ao cuarto no que tamén atopou tres camas e quedou profundamente durmida na pequena. Mentres tanto, os tres osiños, donos da casa, chegaron e comprobaron desconcertados que alguén probara as súas sopas e sentara nas súas cadeiras, polo que decidiron subir ao cuarto en busca do intruso. Deste xeito, descubriron a unha nena loura durmida nunha das camas, que coas súas voces espertou e marchou correndo. Polo que atinxe ás ilustracións, estas, xa dende a cuberta, mostran aos tres osos protagonistas e á nena escondida na contracuberta. A fisonomía dos osos é amábel e a cor rosa do

fondo achega suavidade e brandura á escena. O ilustrador xoga co espazo das gardas e da cuberta para dispoñer as imaxes dos protagonistas nunhas ilustracions que funcionan á marxe do relato. Nas composicións, que presentan cores moi alegres e variadas aplicadas con acuarelas, xógase moito coas diferentes escalas e puntos de vista para axudar a comprender o narrado.

Carle, Eric, *Queres xogar comigo?* (*Do you want to be my friend?*, 1971), ilust. do autor, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras Os Montes [lectorado autónomo], 2007, [32] pp. (ISBN: 978-84-8464-647-1).

Dedicado a Félix, este álbum ilustrado de Eric Carle (Syracusa-Nova York, 1929) presenta a un ratiño que vai buscando alguén con quen xogar. Así de camiño pola selva, o ratiño pregúntalle a diferentes animais se queren ir xogar con el, dende o cabalo, o crocodilo, o león, o hipopótamo ou a foca, pasando polo mono, o pavón, o raposo, o canguro e a xirafa, pero todos eles teñen cousas que facer, polo que rexeitan a invitación. Non obstante, ao final atopa a unha ratiña que acepta e ambos os dous foxen a un tobo. Deste xeito, na última páxina o lectorado agardado descobre que a banda verde que aparece na parte inferior de todas as follas non é o campo, senón que en realidade é unha cobra camuflada que se lamenta de que o rato escapara e de ter perdido así a súa merenda.

Castagnoli, Anna, *Camiños sen nome*, ilust. da autora, trad. Manuel Darriba, Pontevedra: OQO, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, xuño 2007, [54] pp. (ISBN: 978-84-96788-75-6).

Álbum ilustrado de Anna Castagnoli (Versalles, 1971) dedicado a Adria, "a máis grande exploradora de camiño sen nome que coñezo". Deseñado en sentido inverso, como se de un álbum de fotos se tratara, conta con un texto moi breve esparexido polas diferentes páxinas, concibidas a xeito de estampa, nas que se reproducen elementos como un campo nevado, un xardín de Hortensias cunha tartaruga, un arboredo detrás da cidade, no que traballa unha araña, a ruta que seguen as andoriñas ou as formigas na busca de comida, a tranquilidade dunha praia ao solpor. Todos estes elementos exteriores dan paso a un espazo interior, un cuarto no que unha nena aprende o mundo que a rodea e os seus ruídos, pero tamén os camiños sen nome que se abren como oportunidades infinitas na vida. É unha obra de coidada edición, que ademais do formato apaisado de apertura hacia arriba, presenta nas gardas un xogo visual cunhas ramas na parte dianteira, que medran e florecen na traseira. As imaxes teñen gran forza e desenvolven uns textos moi reducidos. As tonalidades son claras e con matices cálidos, nas que a técnica empregada é mixta e mestura a pintura aplicada con pinceladas grosas e expresivas, con anacos de papeis recortados, engurrados ou pregados, que lle dan máis forza a algunhas formas, engadíndolles máis textura. As composicións deixan sempre un espazo sen formas para poder situar o texto, pero é un espazo que non está baleiro, é un fondo que vibra coas pinceladas de pintura e con degradados sutís de cor que semellan ceos de mencer ou de solpor. A sucesión de imaxes, de gran calidade, achegan a quen as observa escenas plenas de poesía, mergúllandoo nun mundo no que o tempo ten outra medida máis calma e a mirada pode deterse en multiplicidade de detalles: recreándose nas formas gráciles dos paxaros, nos deseños das flores do xardín ou nas texturas vibrantes de cor das paredes.

Chaundler, Rachel, *Mariluz avestruz*, ilust. Bernardo Carvalho, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, 2007, [30] pp. (ISBN: 978-84-96788-10-7).

Álbum fantástico escrito por Rachel Chaundler e ilustrado por Bernardo Carvalho. Nel, por medio dun narrador omnisciente e da voz dos personaxes, que aparecen representadas por un tamaño máis grande da letra e en negriña, nárrase a historia de Mariluz, unha avestruz que presume das plumas tan fermosas que ten a súa cola. Por iso, para non estragar as plumas, dorme coa cola levantada e a cabeza agochada no chan. No entanto, un día, ao espertar, decatouse de que a cabeza lle quedara atrancada no chan, e non era capaz de sacala. Berrou e berrou até que a escoitaron e viñeron na súa axuda os seus pais, un antílope e unha cebra. Entre todos, tiráronlle da cola até que conseguiron que a cabeza saíse da area, mais ao conseguilo Mariluz decatouse de que a súa cola xa non tiña as fermosas plumas. Esta contrariedade non impediu que ela se sentise moi contenta por volver ver a luz do día.

Recensións:

- Paula Fernández, "Lembrar as fábulas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 208, 24 maio 2007, p. VII.

Achega o argumento de *Mariluz Avestruz*, da autoría de Rachel Chaundler, que vén de ser traducido ao galego, éuscaro e catalán. Comenta que tanto a idea orixinal do argumento, perfectamente articulado mediante a tradicional estrutura tripartita, como a súa redacción conseguen engaiolar o pequeno lectorado pola súa sinxeleza expresiva, exenta de elementos superficiais, e pola introdución de repeticións de acontecementos que xogan con pequenas modificacións para que non se perda o fío. Sinala que o texto, "orixinal e cheo de musicalidade grazas ás aliteracións presentes nunhas pequenas rimas", aparece acompañado das ilustracións figurativas e cheas de colorido do ilustrador Bernardo Carvalho, que contribúen ao entendemento e á compoñente humorística da historia.

Chaundler, Rachel, *Rita* (*Rita*), ilust. Bernardo Carvalho, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, xullo 2007, [30] pp. (ISBN: 978-84-96788-71-8).

Álbum fantástico-realista, escrito por Rachel Chaundler, no que a través dun narrador omnisciente en terceira persoa e a voz dos propios personaxes, se conta o que lle aconteceu á bolboreta Rita por ser demasiado arriscada. A Rita divírtelle achegarse ao río e facerlles cóxegas aos elefantes coas súas ás, pero un día caeu á auga, de onde a rescatou un elefante pequeno. Deste xeito, Rita comprende que levarse ben con eles será moito mellor e terá máis amigos. As ilustracións de Bernardo Carvalho complementan o texto e presentan cores moi vivas, nas que destaca o emprego do azul, o vermello e o verde. Trátase duns debuxos de formas simples (case esquemáticas), configurados por unha groa liña negra e recheos de cores planas moi saturadas que enchen o libro cunhas

composicións variadas e centradas na protagonista.

Comino, Sandra, *A casiña azul* (*La casita azul*), Premio Iberoamericano de Novela 2001, ilust. Jorge Magutis, trad. Ánxela Gracián, Vigo: Galaxia, col. Árbore, n.º 143, serie verde, a partir de 12 anos, 2007, 157 pp. (ISBN: 978-84-8288-925-2).

Relato fantástico-realista de Sandra Comino (Bos Aires, 1964), no que se bota man dun narrador omnisciente en terceira persoa e do diálogo entre os protagonistas para narrar as razóns polas que a casiña que lle dá título ao volume se volve azul unha vez ao ano, así como para descubrir a historia de amor entre dous rapaces: Cintia e o seu amigo Bruno. Así, tense coñecemento de que Cintia se atopa nunha situación moi tensa, pois seu pai agrédea habitualmente e a muller deste non logra substituír á súa nai, que marchou cando ela era pequena. Sábese do seu gusto polos libros e as súas visitas á libraría de Don Simón, que son o seu refuxio, xunto coa súa avoa, que a coida e adora, e o seu amigo Bruno, polo que está comezando a sentir algo que non se acaba de explicar. No entanto, todo empeora o día que o pai lle prohibe ver á avoa. Á par da súa situación familiar, o lectorado tamén coñece aspectos do lugar, cómo que o 28 de novembro de todos os anos unha casa orixinariamente branca se tingue de azul só durante ese día e que os veciños van desvelando o enigma a través dun programa de radio no que se conta cada noite unha entrega dunha lenda sobre este inmóbel. Os dous amigos acoden os domingos á casa branca, abandonada dende hai anos, onde comezan a investigar sobre a posíbel venda da casa. Cando están a agardar ao posíbel vendedor, descobren que alí está a avoa Pina e Don Simón desenterrando algo. Ao día seguinte por fin enteráronse de que a lenda que contaban pola radio era en realidade algo que pasou anos atrás: o fillo do dono da casa morrera por estar lonxe da súa amada e o pai sentiuse incapaz de volver á vila, co que lles deixou a casa á avoa Pina e a Don Simón. Aquilo que desenterraran eran todas as cartas do dono para eles e do fillo do dono á amada, algo que querían conservar. Deste xeito todo se solucionou, pois o alcalde e o pai da nena foron levados presos, Cintia foi vivir coa súa avoa e a casa foi declarada como centro de cultura da vila. No que atinxe ás ilustracións, na cuberta non hai ningunha concordancia co título e no interior non hai ningunha referencia visual á casiña azul. Os debuxos, realizados por Jorge Magutis, nuns casos ocupan a páxina completa, mentres que noutros representan algún elemento significativo para o relato (unha radio, un boneco, unhas cartas,...). O estilo minucioso empregado polo ilustrador vai desvelando detalles do contorno (roupas e obxectos, por exemplo) no que se desenvolven as escenas. As composicións están concebidas con puntos de vista pouco correntes (vistas dende abaixo, imaxes fragmentadas, figuras incompletas, detalles ampliados, etc.) e o tratamento das formas co emprego do claroscuro para reflictir volume consegue unha figuración de tipo realista.

Conan Doyle, Arthur, *O can dos Baskerville* (*The Hound of the Baskervilles*), ilust. Javi Montes, trad. e notas Marisa Méndez Anta e Gonzalo Navaza, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabaril, n.º 2, maio 2007, 266 pp. (ISBN: 978-84-9782-597-9)

Primeira edición na colección "Xabaril" desta novela de Arthur Conan Doyle (Edimburgo, Escocia,1895-Crowborough, Inglaterra,1930) publicada por primeira vez na colección "Xabarín" en 1987 e posteriormente publicada pola editorial Galaxia, concretamente en 1996, na colección "Biblioteca Sherlock Holmes". Divídese en quince

capítulos nos que se mestura o detectivesco con trazos de terror. Ambientada na Inglaterra vitoriana cóntase como Holmes se interesou pola estraña morte de Charles Baskerville, sobre todo pola lenda que lle contou o Dr. Mortimer e como os personaxes protagonistas, Watson, Holmes e Sir Henry Baskerville, único herdeiro da mansión, se trasladaron á mansión dos Baskerville para descubrir se a lenda que dicía que o can matara a toda a familia Baskerville era certa. Finalmente descobren que o asasino é o señor Stapleton, veciño dos Baskerville, persoa que gardaba o can. A única ilustración do libro, realizada por Javi Montes, é a da cuberta, onde aparece o personaxe de Sherlock Homes, coñecido pola súa vestimenta e postura corporal recreada en infinidade de medios e, nun segundo plano, un can negro pouco común entre a néboa e cos ollos totalmente brancos e sen expresividade, que mostran a imposibilidade de fixar a mirada en ningún sitio.

Coelho, Paulo, *Veronika decide morrer*, trad. Ana Belén Costas Vila, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, 2007, 205 pp. (ISBN: 978-84-8288-818-7).

Segunda edición desta novela realista de Paulo Coelho (Río de Janeiro, 1947) que se presenta cun deseño renovado da colección que a acolle e coa adecuación ás normas ortográficas da lingua galega aprobadas pola Real Academia Galega en 2003. A trama da obra xira arredor da figura da protagonista, Verónika, unha moza que non atopa suficientes razóns para seguir vivindo e decide poñer punto e final á súa existencia. Temas como o suicidio, a loucura, a depresión, o amor e mesmo a vida son os que planean ao longo da historia desta guapa moza eslovena, que aparece nun hospital psiquiátrico logo dun fracasado intento de suicidio, segundo ela porque consideraba que a súa existencia era demasiado monótona. No entanto, durante a semana de vida que lle queda por mor das secuelas coñece o amor, a amizade e tamén a enfermidade. Deste xeito, o narrador provoca no lectorado agardado a reflexión sobre esas persoas que non encaixan nos modelos do que a sociedade estabelece como normal e que se ven na obriga de atopar outro camiño diferente e persoal.

Dayre, Valérie, *As desgrazas de Sophie* (*Les nouveaux malheurs de Sophie*, 2001), ilust. Javier Argul, trad. Isabel Soto, Vigo: SM/Xerme Edicións, col. O Barco de Vapor, n.º 39, serie vermella, [mocidade], 2007, 122 pp. (ISBN: 978-84-9854-004-8).

Nesta novela curta de Valérie Dayre (Berry, Francia, 1958) relátase a historia de Sophie e Rosemonde (filla e nai) que deciden ir xuntas pasar as vacacións de Semana Santa á casa da irmán da última, que se chamaba Cora. De chegada á casa desta, Sophie atopábase fascinada ante aquel mundo de riqueza e luxos que rodeaba a súa tía e á súa familia. Pero co paso dos días ían sucedendo cousas estrañas que facían que Rosemonde se atopara realmente incómoda naquela casa. Pero para Sophie todo era apaixonante alí: todo o día xogando e rindo. Co final das vacacións, a tía Cora proponlle á sobriña que volva no mes de xullo e ela acepta encantada, a pesar do contragusto de súa nai. Pero nesa segunda viaxe todo e todos cambiaran: súa tía (á que crera querer incluso máis que á súa propia nai á penas lle presta atención, espíanlle as cartas que lle manda á nai, etc., polo que nada era igual. Pero o auténtico pesadelo que está vivindo non llo confesa á nai, xa que non quería recoñecer a humillación á que está sendo sometida. Sophie vive así de xeito constante desprezos e incomodidades na casa de súa tía… pero en silencio. Todo remata o día no que Rosemonde a vai buscar para regresar de novo á casa, ao

desconfiar que algo lle pasaba á filla. Javier Argul (Madrid, 1974) elabora a única ilustración da obra presente na cuberta. Trátase dunha imaxe na que aparece unha nena en primeiro plano, triste, coa cabeza baixa que ben podería ser a protagonista da obra, Sophie. Detrás dela, entre risos, séguelle unha parella falando un co outro e, ao lonxe, unha casa cunha muller mirando pola ventá. Todo este ambiente escénico crea un clima enigmático que fai aventurar ao espectador sobre as posíbeis desgrazas de Sophie.

Recensións:

- María Navarro, "Sentimentos encontrados", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 229, "Infantil", 15 decembro 2007, p. VIII /*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 165, "Xuvenil/Novidades", 15 decembro 2007, p. 11.

María Navarro detense n'*As desgrazas de Sophie*, obra na que destaca que a autora consegue "xogar e desacougar o lector" valéndose da introdución de elementos inquietantes relacionados coas relacións interpersoais. Dise cal é a estrutura e argumento da obra e afírmase que é unha obra de "sentimentos encontrados" coa que se mostra o retrato de determinados "tipos" de persoas e estamentos sociais, así como un trauma infantil.

De Deu Prats, Joan, *O botón de nácara* (*El botó de nacre*), ilust. Roger Olmos, trad. Luís Fernández Rodríguez, Vigo: Editorial Luis Vives/Tambre, col. Ala Delta, n.º 16, serie azul, a partir de 8 anos, 2007, 67 pp. (ISBN: 978-84-96772-13-7).

Novela fantástico-realista de Joan de Déu Prats (Barcelona, 1962) na que se conta cómo se rompe a paz na tranquila vila costeira na que vive Elisabet, unha muller de mediana idade, dona dunha tenda de fitas e fíos. A causa é a chegada dun xigante polas noites, nas que collía alimentos, resgardado pola escuridade e a brétema. No entanto, unha noite colleu prestado o botón de nácara xigante que Elisabet tiña na porta da súa tenda para facer sinais de socorro aos seus compañeiros, pois chegara alí a causa dun naufraxio. Cando Elisabet sae na busca do ladrón atopa na praia ao xigante, agochado no casco dun gran barco embarrancado. Neste encontro xorde a amizade entre ambos, pois Elisabet móstrase comprensiva e amábel con este ser, ao que lle cose a roupa, lle dá comida e pasea con el polo pobo de noite. Mesmo cando é capturado polo director do Museo de Zooloxía Elisabet consegue salvalo coa axuda dun veciño. Finalmente, e grazas aos sinais de socorro que facía co botón de nácara, outros xigantes, nunha gran canoa, rescataron o amigo de Elisabet, quen aínda o recorda con gran tenrura. A obra artística do ilustrador Roger Olmos (Barcelona, 1975) caracterízase polo xogo da ironía presente tanto nos personaxes coma nos espazos onde se desenvolven as accións. En moitas das ilustracións presentes neste libro utiliza pequenos fragmentos fotográficos que insire meticulosamente dentro dos debuxos, creando colaxes moi suaves e harmoniosas, case imperceptíbeis. As ilustracións de Roger Olmos son moi identificábeis pola desproporción e deformación de obxectos e personaxes, distorsións que achegan dinamismo á composición. En definitiva, texto e imaxe correspóndense e enriquécense mutuamente.

Ende, Michael, *A sopeira e o cazo* (*Die Geschichete von der Schüssel vom Loffel*,

1990), ilust. Pablo Echevarría, trad. Isabel Soto, Vigo: SM/Xerme Edicións, col. O Barco de Vapor, n.º 17, a partir de 7 anos, 2007, 75 pp. (ISBN: 978-84-9854-006-2).

Edición en lingua galega deste conto do autor alemán Michael Ende (Garmisch, Partenkirchen, Baviera, 1929-Stuttgart, 1995) no que, partindo da fórmula propia dos contos clásicos, se relata a historia da inimizade de dous reinos veciños gobernados por Ruperto e Rufina e Filiberto e Fidelina. Esta inimizade faise patente dende o día no que ambas parellas van bautizar aos seus primoxénitos e se esquecen de convidar a unha parente moi distante, a fada Petronila Perrenchuda. Esta, moi enfadada, decide presentarse nos bautizos e regalarlles unha sopeira cun cazo debuxado e un cazo cunha sopeira debuxada, respectivamente. Advírtelles que ese regalo que lles fai é máxico se cada un dos depositarios é capaz de conseguir o obxecto que está debuxado en cada un dos agasallos. Os reis de ambos reinos ignoran onde se atopa o cazo e a sopeira, polo que comezan unha desesperada busca, que os leva a coñecer o verdadeiro paradoiro do outro obxecto. Como non queren negociar, deciden recorrer a todo tipo de artimañas para facerse co obxecto do outro, até chegar a unha guerra na que ambos reis perden os seus castelos e ven como as raíñas se converten en prisioneiras do monarca contrincante. A solución virá dada polos fillos de ambos matrimonios, o príncipe Berenguer e a princesa Comba, que amigos ás agochadas dende a máis tenra infancia, deciden casar, polo que van reunir o cazo e a sopeira, superando así as dificultades derivadas da guerra que viviron ambos reinos. Esta historia sobre a capacidade dos máis novos para ignorar e superar as diferenzas, por veces absurdas, que se estabelecen entre os adultos, está ilustrada por Pablo Echevarría (Bilbao, 1963). Os seus debuxos están realizados fundamentalmente con lapis branco e negro, aínda que tamén hai exemplos doutros realizados con lapis de cor. Os personaxes principais que se representan están configurados como pertencentes á época "rococó" e neles acentúase o estilo de forma grotesca como se pode apreciar polas expresións dos rostros con colorete, polas perrucas, polas roupas e por algúns detalles ambientais Malia que o aspecto visual está centrado nalgúns personaxes en situacións concretas, non son suficientemente significativas como para seguir a liña argumental do texto.

Freytes, Silvio, *Só un segundo* (*Sólo un segundo*), ilust. Flavio Morais, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [lectorado autónomo], 2007, [28] pp. (ISBN: 978-84-8464-644-0).

Silvio Freytes (Arxentina, 1971) é o autor deste relato realista no que se traballa coa idea da simultaneidade de feitos en lugares diferentes, tomando así consciencia do tempo e o espazo. No conto trátanse unha serie de acontecementos en cadea, con estrutura circular, que ocorren no barrio dunha cidade, empezando por unha señora que vixía a unha nena, que á súa vez é vixiada por unha cascuda e esta polo Papa Noel, que está observando a un antigo compañeiro seu mentres é observado pola nena do principio. Polo medio acontecen moitos máis destes sucesos en cadea pero todos só durante un segundo. O relato está acompañado das ilustracións de Flavio Morais (Brasil, 1954), que non só é o creador das ilustracións, senón tamén da tipografía do texto. Utiliza tonalidades cálidas con predominancia de cores ocres, vermellas, pardas ou amarelas, entre outras, para situar o relato na estación do outono, época na que transcorre a historia. Na cuberta toma protagonismo o reloxo coa agulla vermella do segundeiro marcando a fugacidade do tempo e reafirmando visualmente o título que, tanto escritor como ilustrador, alongan durante o conto a través dunha multitude de

accións que suceden nun único segundo. As gardas resultan de interese porque reforzan a idea do movemento da agulla do reloxo e a noción de caducidade dun segundo mediante dúas onomatopeas: "Tic! Tac!". Son ilustracións fragmentadas e concatenadas, é dicir, a última ilustración a dobre cara presente na obra, representa globalmente todo o que sucedeu parcialmente durante o relato. Esta última ilustración agrupa as múltiples accións que suceden nunha rúa e durante un curto espazo de tempo: só un segundo.

Referencias varias:

- J. C., "Só un segundo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 231, "Novedades infantil", 6 outubro 2007 p. 4.

Comenta que en *Só un segundo*, Silvio Freytes, presenta unha historia circular, que está ilustrada por Flavio Morais. Sinala que os feitos encadeados que dan forma ao libro pretenden levar ao lector unha perspectiva de todo o que pode acontecer nun intre de tempo nun lugar concreto. Por último, apunta que, cunhas ilustracións baseadas nas formas xeométricas e unha tipografía creada polo propio autor, estamos ante un volume que lle deron unha imaxe de marca moi concreta á editorial Kalandraka.

Genechten, Guido van, *Tito fai de mago* (*Tito tovenaar*) (ISBN: 978-84-96772-19-9)/*Tito fai de domador* (*Tito leeuwentemmer*) (ISBN: 978-84-96772-20-5)/*Tito fai de malabarista* (*Hoe Tito neus kwijtspeelde*) (ISBN: 978-84-96772-18-2), ilust. do autor, trad. Ignacio Chao, Vigo: Editorial Luís Vives/Tambre, [lectorado autónomo], 2007, [24] pp./[28] pp./[24] pp.

Serie de álbums de Guido van Genechten (Bruxelas, 1957) que teñen como protagonista a Tito e nos que, por medio dun narrador omnisciente e, en ocasións, do diálogo dos personaxes, se contan diferentes sucesos que lle pasan ao pallaso protagonista no circo no que traballa, dos que sae sempre ben parado. En *Tito fai de mago* nárrase o que lle suce a Tito e a Taro. Tito admira o mago do Circo Rando, quen cun estraño feitizo e coa súa variña tira as cousas máis diversas do chapeu. Ao protagonista prestaríalle poder facer igual, pero el non é capaz e por moito que di as palabras máxicas "Hocus pocus sucus ás…" non sucede nada. Deste xeito pídelle axuda ao mago e este ensínalle un truco que ao día seguinte Tito fai correctamente no circo, razón pola que Tito queda moi contento. En *Tito fai de domador* o protagonista soña que é domador dun circo e nel aparece un león que será o seu amigo durante toda a historia e que salta aros, baila, sae da gaiola, etc. Tito ensina ao león Leo a superar diferentes probas. Fóra do circo comeza unha aventura bárbara, soben a unha árbore, saltan dunha avioneta, etc. Ao espertar, Tito descóbrese que Leo é en realidade o seu gato. En *Tito fai de malabarista* Tito perde o seu nariz durante o número de malabares. Moi triste, Tito vai en busca dun novo á cidade, pero ningún resulta axeitado. Ao día seguinte, alentado polo dono do circo, decide saír á pista unha vez máis ao comprender que o público o quere aínda que non teña o seu nariz de pallaso. As imaxes, do propio Genechten, están centradas no protagonista e nas aventuras que lle acontecen. Presentan un rapaz caracterizado de pallaso, co nariz redondo e vermello, coloretes nas meixelas e a boca pintada de branco. O autor e ilustrador, sobre uns debuxos de liña fina, aplica a pintura cun descoido medido que achega frescura e expresividade ás composicións. Os fondos son lisos e de

cores moi saturadas e os deseños complétanse cunhas decoracións de formas simples aplicadas con impresión. Os textos varían a súa tipografía e tamaño en función das escenas que se describen. Créanse así uns relatos alegres e atractivos. Nas cubertas destes álbums de tapas duras aparece sempre o protagonista acompañado dalgún elemento que ten relación co título de cada entrega.

Gil, Carmen, *O cabaleiro Pepino* (*El caballero Pepino*, 2007), ilust. Anna Castagnoli, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, febreiro 2007, 55 pp. (ISBN: 978-84-96788-13-8).

Conto de Carmen Gil (Cádiz, 1962) no que, por medio dun narrador en terceira persoa e do diálogo dos personaxes, se contan, ao xeito da tradición oral, as andainas que lle aconteceron a Pepino cando decidiu converterse nun valente cabaleiro e conquistar o corazón da princesa Rigoberta. Pepino encóntrase con persoas que se lamentan de cadansúa desgraza e, por axudarlles, vai perdendo os seus atributos de cabaleiro: o casco, a lanza, o escudo e mesmo o cabalo. Ao chegar xunto á princesa non pode ofrecerlle máis que algúns agasallos que esas xentes lle foron dando como compensación á súa bondade. Deste xeito, Rigoberta namórase perdidamente de Pepino pola súa xenerosidade e remata casando co cabaleiro. Acompáñase o texto das ilustracións de Anna Castagnoli (Versalles, 1971) quen emprega unha técnica mixta na que combina papeis engurrados, teas, encaixes e pintura. A mestura de distintos materiais consegue trasladar ao lector a riqueza das roupas da xente da Idade Media ou as diferentes texturas das paisaxes nas que transcorren as escenas. As composicións, cuxas tonalidades teñen un marcado carácter cálido, abarcan unha páxina e, ás veces, ocupan páxinas dobres deixando un oco baleiro no fondo para poñer o texto. Algunhas das imaxes recordan a disposición dalgúns cadros renacentistas.

Recensións:

- María Navarro, "Heroe e Antiheroe", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 211, "Infantil/Xuvenil", 14 xuño 2007, p. VII */La Opinión*, "*Saberes*", n.º 203, "Xuvenil. Novidades", 23 xuño 2007, p. 7.

Dáse conta do que lle acontece ao protagonista d'*O cabaleiro Pepino* e dise que a súa autora configura deste xeito unha historia na que destacan "importantes valores humanos" tales como a bondade e a xenerosidade. Dise que na historia se logra converter algo tan nefasto como unha guerra en "algo positivo" e explica as razóns polas que o protagonista representa neste sentido ao "heroe e antiheroe". En canto ás ilustracións de Anna Castagnoli María Navarro sinala o que lle achegan ao texto: un "conxunto extraordinario de matices" que permiten cambiar con axilidade de escenario e que o lectorado se implique afectivamente co protagonista.

Gil, Carmen, *O sorriso de Daniela* (*La sonrisa de Daniela*), ilust. Rebeca Luciani, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Maremar, [lectorado autónomo], maio 2007, [33] pp. (ISBN: 978-84-8464-634-1).

Álbum infantil de Carmen Gil (Cádiz, 1962) no que o estado de ánimo dos diferentes

protagonistas é a temática central. Partindo dunha estrutura reiterativa, o sorriso dunha nena consegue transmitir alegría e tranquilidade a Roberta, unha hipopótamo triste polo seu aspecto obeso; a Aniceto, o mono namorado de Leonora; a Camila, a elefanta gris que vive unha vida gris; a Avelina, a avestruz que ía deixar a súa tartaruga vella no asilo; e a Marcial, o chacal todopoderoso pero triste, os cales tamén rematan sorrindo e os seus sorrisos voan até o corazón de Daniela. As ilustracións de Rebeca Luciani (La Plata, Argentina, 1976) complementan a narración textual. Así, cando Daniela e os demais están ledos aparecen flores e corazóns de cores cálidas e vivas (vermellos, amarelos, laranxas, rosas, etc.) e ceos brancos e despexados, mentres que cando están tristes aparecen soamente certas partes do seu corpo, a tamaño moito maior, abundantes sombras e ceos nubrados pintados en cores frías e escuras(grises, verdes, azuis escuros e negros). Ademais ao longo de todo o álbum aparecen aves e insectos que simbolizan o sorriso voando. Os animais aparecen personificados vestidos con roupa, sombreiros e luvas e os seus ollos e xestos expresan sentimentos.

Recensións:

- María Navarro, "Aprendermos felicidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 223, "Libros", 1 novembro 2007, p. VII.

Dáse conta da historia d'*O sorriso de Daniela*, no que se sinala que presenta un desfile de animais convertidos en personaxes que, seguindo un movemento en cadea e de estrutura circular, amosan ao receptor as súas eivas. Apunta que a solución a tal comportamento pasa pola aceptación dun mesmo tras aniñar neles un sorriso, o sorriso de Daniela, que por simpatía vai pasando a outros animais. Sinala que o enxeño do escritor contribúe a crear unha atmosfera de agradábel surrealismo e achega ao lector a posibilidade de novas formas de entender a vida, mesmo se a historia pertence ao mundo da fantasía. Por último, apunta que esta historia amosa que só a nós nos corresponde mudar a percepción da vida e ser máis felices.

Gomi, Taro, *A bañarse!* (*Sora Hadakanbo*, 1987)], ilust. do autor, trad. Maki Fukuhara, adapt. Xosé Ballesteros, Vigo: Factoría K de Libros, [prelectorado], marzo 2007, [31] pp. (ISBN: 978-84-935122-3-1)

Álbum fantástico-realista de Taro Gomi (Tokio, 1945) dirixido ao prelectorado, no que por medio de ilustracións en páxinas pares e un breve texto nas impares, se dá conta de como Taro leva a cabo todo o proceso de bañarse. Este neno, que primeiro parece un león e logo un oso, vai quitando pouco a pouco as pezas de roupa que cobren o seu corpo, explicando que sacar a roupa é moi doado, pero vestila é máis complicado. Finalmente, Taro despois de sacar o disfrace de león e de oso métese espido na bañeira, onde xoga coa escuma. Deste xeito, o lectorado agardado poderase sentir identificado con este personaxe, que leva a cabo unha acción moi habitual e coa que vai demostrando a súa autonomía. O texto aparece acompañado dunhas ilustracións sobre fondos brancos nas que o autor presenta o personaxe no centro da imaxe para acaparar a mirada do lector cara ao protagonista. Son debuxos realizados con tonalidades cálidas, onde a cabeza e os ollos teñen maior proporción que o resto do corpo.

Gluck, Christoph Willibald, *Orfeo e Eurídice* (*Orfeo y Eurídice*, 2005), ilust. Pep Montserrat, adapt. Pedro Azara, trad. Vitoria Ballesteros, Barcelona/Pontevedra: Edicions Hipòtesi/Kalandraka Editora, [lectorado mozo], 2007, [32] pp. (ISBN: 978-84-8464-652-5). Contén cd.

Adaptación da lenda clásica de Orfeo e Eurídice, baseada na ópera composta por Gluck Willibald Christoph (Erasbach-Alemaña, 1714-Viena, 1787), que acompaña en formato CD ao libro, interpretada pola Drottningholm Theatre Orchestra Arnold Östman. Ábrese o volume cunha breve explicación da lenda e os abatares que viviron os seus protagonistas e o seu desgraciado amor. Deste xeito, a obra comeza despois da morte de Eurídice, cando Orfeo, moi triste, suplica na súa tumba para que lla devolvan. Conmovidos pola súa petición, os deuses fan un trato con el a través de Cupido, que consiste en que poderá ver á súa amada se cando entre no mundo dos mortos non lle mire aos ollos. Orfeo acepta e adéntrase no mundo dos mortos, despois de que as Furias o deixen pasar ao escoitar a súa música. Non obstante, cando se atopan os namorados, Eurídice sente que Orfeo non a mira aos ollos e pensa que xa non a ama. Incapaz de aturar esta situación, Orfeo míraa e nese momento Eurídice volve ao mundo dos mortos. Só a intervención de Cupido, que se compadece de Orfeo, fará que poidan estar de novo xuntos. O texto está acompañado polas ilustracións de Pep Montserrat (Roda de Ter, 1966). Na cuberta aparecen xa elementos da Grecia clásica que contextualizan a obra. A técnica mixta que emprega o ilustrador mestura pintura con fondos traballados con papeis moi variados (recibos, billetes, cartas manuscritas, etc). A temática clásica da ópera vén reforzada cunhas ilustracións que mesturan personaxes que están extraídos da iconografía da cerámica grega. Son unhas composicións con fondos sen referencias espaciais onde aparecen as figuras dos protagonistas con referencias simbólicas ao amor (corazóns e cupidos). Cando avanza a traxedia as cores grises e negras aumentan e a man que a representa ameaza os protagonistas.

Green, Graham, *Todo marcha sobre rodas* (*The Little Train, The Little Engine, The Little Horse Bus, The Little Steamroller*, 1973, 1974), trad. Isabel Soto, ilust. Tony Ross, Vigo: SM/ Xerme Edicións, col. O Barco de Vapor, n.º 29, serie laranxa, a partir dos 9 anos, 2007, 103 pp. (ISBN: 978-84-9854-008-6).

Conxunto de catro contos de Graham Greene (Berkhamsted, Hertfordshire, 1904-Vevey, Suiza, 1991), acompañados das ilustracións de Tony Ross (Londres, 1938), que teñen en común o estar protagonizados por vehículos de tracción e cun estilo no que o lectorado agardado ten que intervir, posto que o narrador interpélao constantemente. Os títulos destes contos son: "A pequena apisoadora", "A pequena carrilana de tiro", "A pequena locomotora" e "O pequeno carro de bombeiros". No primeiro nárrase como esta máquina que traballa no aeroporto detén a un contrabandista que chega de África con pebidas de ouro, que traía agochadas en cubos de xogar para nenos. Por esta fazaña a pequena apisoadora foi condecorada coa medalla ao Mérito Civil. En "A pequena carrilana de tiro" nárrase como a tenda tradicional de Mister Potter, que conta cunha carrilana tirada por un cabalo chamado Brandy, se arruína ao abrirse unha moito máis moderna, denominada Emporio Hixiénico. Esta situación muda o día que o cabriolé da nova tenda é asaltado e secuestrado por uns ladróns con toda a recadación. Nese momento Brandy e a vella carrilana da tenda de Mister Potter persegue aos ladróns até

conseguir descubrilos e recuperar o roubado, polo que foron recompensados con mil libras. En "A pequena locomotora" nárrase a fuxida dunha locomotora cansa de facer sempre o mesmo percorrido na vila de Ronquido. O día que decide marchar para coñecer mundo foxe á primeira hora da mañá sen saber a onde, até que chega a unha estación moi grande na que corre grandes riscos para a súa integridade física. É o grande expreso do norte, o Estrela Polar, quen a salva e a leva de volta á súa estación, onde é recibida con moito agarimo. Finalmente, en "O pequeno carro de bombeiros" nárrase a historia dun vello carro de bombeiros tirado polo cabalo Tobi e da propiedade de Pancho Carrís, que é substituído por un moderno coche de bombeiros cunha dotación de cinco homes. Cando Pancho queda sen traballo decide facerse vendedor ambulante para gañar a vida, pero as cousas non van ben. Coa chegada do Nadal e a tristura cada vez maior do seu dono, Tobi decide marchar cara a casa na que nacera, onde o día de Noitevella se declara un incendio que está a piques de queimar a todos os cabalos dentro da corte. Só a intervención de Tobi e de Pancho Carrís poden evitar a traxedia, polo que son de novo recoñecidos oficialmente como o carro de bombeiros do concello. No que se refire ás ilustracións, só teñen cor na cuberta, pois no interior as ilustracións figurativas son en branco e negro. A técnica empregada é a tinta e está aplicada con augadas grises e liñas negras que debuxan personaxes e paisaxes. Deste xeito, o estilo caricaturesco empregado describe as situacións máis significativas nas que se ven envoltos os protagonistas do relato.

Grejniec, Michael, *A qué sabe a lúa?* (*Wie Schmeckt der Mond?*, 1993), ilust. do autor, trad. Carmen Barreiro, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras Os Montes, [lectorado autónomo], maio 2007, [27] pp. (ISBN: 978-84-8464-625-9).

Nova edición deste álbum de Michael Grejniec, que vira a luz por primeira vez en lingua galega no ano 1999 nesta mesma colección. Os cambios principais que presenta é a actualización ás normas ortográficas aprobadas pola Real Academia Galega en 2003, así como a desaparición nas gardas do anagrama da colección, que agora aparece só o nome na contracuberta, e unha organización do texto máis equilibrada, pois os diálogos sepáranse dos parágrafos descritivos. Elementos todos eles neste álbum de gran formato no que se narra como os animais da selva se unen para poder chegar á lúa e coñecer cal é o seu labor. Deste xeito, ponse de manifesto que cando se permanece unidos se poden lograr grandes retos. As ilustracións figurativas e de formas simples deste álbum, realizadas polo autor do texto, describen os animais grazas ao apoio de cores cálidas (marróns, ocres, amarelos, laranxas) e dos elementos máis característicos de cada un deles. A textura do papel, que está traballado con acuarela, ten moita forza visual e impregna toda a pintura. A narrativa visual desenvólvese coa aparición sucesiva de cada animal (nun debuxo pequeno) que se vai sumando na composición principal aos outros animais na procura da lúa e, así, formando entre todos unha torre que medra a medida que avanza o relato. Non hai máis elementos no debuxo que os propios animais, o cumio da montaña e a lúa.

Gutiérrez Serna, Mónica, *Veciños de ceo*, ilust. da autora, trad. Servicio de Traducciones de la Universidad de Alicante, Madrid/Alacante: Sieteleguas Ediciones/Miniland, [lectorado autónomo], setembro 2007, [28] pp. (ISBN: 978-84-96749-64-1).

Álbum de Mónica Gutiérrez Serna, (México, 1967), recoñecido cunha mención especial no V Certamen Internacional de Álbum Infantil Ilustrado "Ciudad de Alicante" no ano 2005. Dedicado a Mónica e María, o narrador omnisciente trasládalle ao lectorado agardado características da relación que hai entre o ceo dos elefantes e dos ratos, ao parecer moi próximos, aínda que diferentes. Explícase que por esta cercanía é posíbel que entre eles poidan manter conversas sobre os seus intereses particulares, concretamente sobre os queixos e os plátanos, alimentos favoritos duns e doutros. A través de hipóteses imaxínanse situacións ou actitudes entre estes personaxes, que cando cansan poden volver ao chan sen ningunha dificultade. O texto ten o apoio das ilustracións figurativas da propia autora, que son de composición sinxela, case esquemática, na que hai un predominio total da gama dos grises como cor principal, que contrasta, co escaso vermello cálido e amarelo brillante, que se emprega en obxectos determinados. Destaca tamén ao final do libro a cor verde, que rompe coa monotonía cromática que predomina na obra. Os personaxes son moi simples, as formas, redondeadas e amábeis, os animais están configurados co seus elementos máis significativos e hai un emprego das cores para acentuar algúns aspectos da narración. A técnica empregada é a pintura aplicada con pinceladas expresivas, que revelan a materia a medio mesturar. As composicións seguen un estilo minimalista onde non hai máis ca os personaxes sobre fondos limpos, baleiros.

Holzwarth, Werner, *A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza* (*Vom Kleinem Maulwurf, der wissen wollte, wer ihm auf den Kopf gemacht hat,* 1989), ilust. Wolf Erlbruch, trad. Franck Meyer, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras Os Montes, [lectorado autónomo], outubro 2007, [22] pp. (ISBN: 978-84-8464-643-3).

Nova edición deste álbum de Werner Holzwarth, que fora editado por primeira vez en lingua galega no ano 1998. Preséntase agora coa adecuación ás normas ortográficas da lingua galega aprobadas pola Real Academia Galega en 2003 e en versión despregábel, ademais dun tipo diferente de grafía, o que facilita a lectura. Aparecen abondosos mecanismos para que o lectorado agardado poida descubrir obxectos ocultos, mover outros ou ver como aparecen automaticamente ao ir pasando as páxinas, o que permite un tipo de lectura moito máis interactiva. Obsérvase tamén como unha das principais diferenzas entre ambas edicións o cambio dentro da propia historia da aparición de animais, pois se na primeira edición a toupiña tenta descubrir quen lle fixera aquilo na cabeza preguntándolle á pomba, ao cabalo, á lebre, á cabra, á vaca, ao porco e ás moscas, agora a orde dos animais aos que lle pregunta é: a lebre, o cabalo, o porco, a vaca, a pomba, a cabra e as moscas. No eido da ilustración, esta reedición é un libro pop-up (despregábel, en tres dimensións, con movemento e interactivo), cuxas ilustracións orixinais son de Wolf Elrlbruch (Jahrgang, 1966). As ilustracións sobre fondos brancos outorgan maior protagonismo aos personaxes, feito que se ve favorecido ao ser en tres dimensións. É de destacar o dinamismo das ilustracións, que nalgunhas ocasións son moi simples, pero noutras moi complexas.

Herbie, Brennan, *O Reino en perigo* (*The Ruler of the Realm*), trad. Moisés R. Barcia, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 104, [lectorado mozo], agosto 2007, 511 pp. (ISBN: 978-84-9782-629-7).

Tradución do inglés da novela de Herbie Brennan (Irlanda, 1940) na que se presentan

tres mundos diferentes: o mundo análogo, o dos elfos e o mundo de Hael. No mundo élfico reina a princesa Holly Blue (Elfa da Luz), grazas á abdicación do seu irmán Pirgus. Enfrontado este reino co de Lor Haristreak, tío de Blue, este proponlle unha falsa tregua. Cando a raíña o vai visitar para saber máis sobre a tregua, estabelece unha conta atrás, na que se non aparece en tres días empezará unha guerra civil, pois non se fía del. Nesa visita Henri, que pertence ao mundo análogo e que está posuído polos demos, rapta á raíña e Beleth, o príncipe das Tebras, mediante as súa tropas failles crer a todos que quere conquistar o mundo análogo e o dos elfos, pero o que desexa en realidade é casar coa Raíña Blue para subir ao trono. Mentres todo isto ocorre, Pirgus encontra unhas flores de cristal que inflúen no transcurso do tempo. Ante todo isto, Henrry, Pirgus, Blue e os seus axudantes Fogerti (gardián da casa de Iris) e Madome Cordiu deben descubrir as intencións de Beleth e Haistreak e lograr salvar o reino de caer en mans inapropiadas. A fotomontaxe da cuberta realizada por Enric Solbes (Alicante, 1960), única ilustración do libro, mostra unha man iluminada cunha luz moi intensa e cálida, alaranxada, que sostén unha flor de cristal. Este elemento, tan fráxil, é translúcido e posúe vida propia, como se observa a través dun rostro feminino velado nun dos pétalos. Esta composición enigmática, máxica, onírica, adentra a quen a observa dende o principio nun relato fantástico e dá pistas da lectura que se pode atopar no seu interior.

Recensións:

- Manuel Rosales, "Fantasía e entretemento", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 227, "Libros", 29 novembro 2007, p. IV.

Informa sobre a publicación do terceiro volume que conforma a triloxía élfica de Herbie Brennan, *O Reino en perigo*, traducida ao galego por Moisés R. Barcia. Comenta que na obra se resolve o conflito entre dous mundos irreconciliábeis: os elfos do día e os elfos da noite. Dá conta do argumento da obra e as súas fontes, á vez que salienta o estilo fácil, sinxelo e directo en que está escrita, e indica que se divide en capítulos breves e equilibrados. Por último, aconsella que se trata dun bo libro para iniciar aos adolescentes no mundo da literatura.

Honrado, Alexandre, *O neno que aprendeu a voar* (*O rapaz que aprendeu a voar*, 2006), ilust. José Miguel Ribeiro, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Maremar, abril 2007, [40] pp. (ISBN: 978-84-8464-623-5). ■

Álbum de Alexandre Honrado (Lisboa, 1960) que xira arredor da perda dos seres queridos e da necesidade de abandonar a infancia e entrar na idade adulta. A través dun neno protagonista que quere moito ao seu avó, ao que admira polo gran número de coleccións que posúe, vanse poñendo de relevo as diferenzas entre un e outro e a necesidade de aprender en solitario. O neno proponse aprender a voar, metáfora de aprender a viaxar coa imaxinación e a enfrontarse ao descoñecido, ante a ausencia e o gran baleiro que sente pola perda do avó, logrando ao final o seu obxectivo. Esta obra, que foi apoiada polo Instituto Portugués do Livro e das Bibliotecas, presenta as ilustracións de José Miguel Ribeiro (Amadora, 1966) nas que recrea un mundo onírico de cartón pintado. Como un director de escena, sitúa o personaxe e os obxectos en cada acción presente no texto, que posteriormente fotografía para conformar cada unha das

ilustracións que aparecen na obra. Estas posúen gran dinamismo, grazas ao emprego de encadres e ángulos da cámara dinámicos, que amosan unha gran variedade de puntos de vista. A pintura empastada no cartón conforma texturas moi interesantes a nivel visual, semellando unha parede ou mesmo unhas nubes. A utilización dunha luz cálida consegue xerar un ambiente agradábel para o lector, ao que predispón cara a aceptación do personaxe e a historia, como algo próximo a nós.

Hauff, Wilhelm, *Muk* (*Der Kleine Muk*), ilust. João Caetano, versión galega de Paco Liván, Pontevedra: OQO Editora, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, maio 2007, [58] pp. (ISBN: 978-84-96788-74-9). ■

Conto fantástico do autor alemán Wilhel Hauff (Stuttgart, 1802-1827), que forma parte da súa obra *Märchen-Almanach auf das Jahr* (1826) e que foi apoiada na súa tradución á lingua galega polo Instituto Português do Livro e das Bibliotecas. A través do emprego de grafías diferentes, un narrador dá paso á historia do personaxe protagonista, un anano moi cabezudo que se chama Muk e do que se burlan os rapaces. Para evitar as aldraxes, o pai do narrador cóntalle a historia deste particular personaxe, na procura de que o respecten e non o humillen. Así, o lectorado agardado coñece cómo Muk queda orfo de moi pequeno e a familia o abandona, véndose só e famento polo campo. Cando chega a unha cidade coñece a unha anciá que o acolle e lle dá traballo, pero os cans e gatos que ten na casa créanlle problemas, polo que decide fuxir. Antes da saír da casa, Muk quere cobrar o traballo realizado e colle unhas botas novas e un bastón. Ao poñer o calzado sente que unha forza invisíbel o arrastra e fai correr como nunca. Mentres dorme, soña que o bastón o pode levar a onde hai ouro e prata. Deste xeito, empregando os obxectos máxicos que ten no seu poder, Muk faise coa confianza do rei, pero as envexas dos outros súbditos poñen a súa vida en perigo. Para salvarse ten que confesar os poderes das botas e do bastón, que son requisados e gardados co tesouro real. De novo só e famento, Muk deambula polo monte, onde atopa uns figos máxicos, cos que medran ou mingüan as orellas e o nariz. Como vinganza, leva baixo outra identidade os figos á Corte, onde ao comelos todos ven como medran desmesuradamente estes apéndices. El mesmo dará, despois de recuperar as súas botas e bastón, a solución ao feitizo, agás ao rei, ao que deixa con ese aspecto por non ter confiado nel. Nas ilustracións João Caetano (Mozambique, 1962) emprega a pintura pastada, con grandes manchas, xogando coa luz, aínda que nalgunhas delas recorre tamén á colaxe a través de recortes de xornais, de imaxes, de fíos, etc., e constrúe historias paralelas nun segundo plano. Son ilustracións metafóricas que recrean paisaxes oníricas, con algunha dose de ironía, e nas que se representa o personaxe principal de xeito desproporcionado, aínda que atendendo ao argumento do relato.

Huxley, Aldous, *Os corvos do xardín* (*The Crows of Pearlblossom*), ilust. Pep Montserrat, trad. Isabel Soto, Vigo: SM/Xerme Edicións, col. O Barco de Vapor, n.º 118, serie azul, a partir de 7 anos, 2007, [75] pp. (ISBN: 978-84-9854-003-1).

Relato infantil escrito por Aldous Huxley (Godalming, London, 1894-1963) para a súa sobriña no Nadal de 1944. Ten como tema principal o egoísmo e a vinganza e nel un narrador omnipresente en terceira persoa conta a historia dunha parella de corvos que viven nun álamo, o cal comparten cunha serpe, pero da que descoñecen a súa existencia. Cada mañá a señora corvo deixa o niño para ir á compra e o señor corvo para ir a

traballar. Este é o momento que a serpe aproveita para saír do seu burato e comer os ovos que puxo a señora corvo, a cal, ao seu regreso, non se explica que é o que está sucedendo. Até que un día, que regresou máis cedo que de costume, viu á serpe coméndolle o ovo. A señora corvo, entre bágoas, espera a que volva o seu marido do traballo, para pedirlle que vaia matar el mesmo á serpe. O señor corvo, non estando de acordo, decidiu pedirlle consello ao vello Moucho, o cal tivo a idea de fabricar uns ovos falsos cos que enganar á serpe. Á mañá seguinte a parella de corvos saíu como tódolos días deixando os dous ovos falsos no niño. A serpe, de igual modo, saíu do seu burato e comeu os ovos da señora corvo, pero esta vez sentáronlle tan mal que se retorceu de dor na árbore, quedando enroscada sen poderse liberar, polo que a señora corvo ao regresar aproveitou para darlle unha conferencia sobre todo o mal que fixera coméndolle todos os seus ovos. A partir dese día a señora corvo puxo moitos ovos dos que saíron moitos corviños e tende na pel da serpe, que quedou colgada na árbore, os cueiros dos seus fillos. A narración textual compleméntase coa ilustración realista de Pep Montserrat (Roda de Ter, Barcelona, 1966), quen utiliza debuxos planos con cores cálidas para indicar o día e frías, para a noite. Aos animais, tanto na ilustración como na narración, atribúenselle características propias das persoas.

Jenning, Jeanette, *O abrigo misterioso* (*Der geheimnisvolle Mantel*, 2007), ilust. da autora, trad. Alfred Lobmayr e Chema Leras, Vigo: Factoría K de Libros, [lectorado autónomo], [28] pp. (ISBN: 978-84-96957-23-7).

Álbum de Jeannette Jenning (Hamburgo, 1975) que ten como protagonistas a tres nenos que tentaban descubrir que agochaba o señor Abejorro debaixo do seu enorme abrigo. Despois de seguir moitas pistas: algo que asoma polo peto, unhas patas a ras do chan, unha cola enroscada que sae entre os botóns, etc., un día seguiron ao señor Abejorro e descobren que debaixo do seu abrigo levaba animais, pois en realidade el é o director dun zoolóxico. Finalmente, fanse amigos e os nenos axúdanlle ao señor Abejorro a transportar aos seus amigos do zoolóxico á casa e viceversa. Dende o punto de vista paratextual, na cuberta aparece o protagonista vestindo o abrigo ao que fai referencia o título. Antes de comezar o relato, na primeira garda e na portada, o estilo é misterioso, con sombras que insinúan a presenza de animais. Ao longo do relato pódese seguir nas imaxes aos nenos protagonistas, espiando ao misterioso señor do abrigo, nunhas composicións moi ricas en detalles e descricións visuais. A técnica empregada é a pintura, con pinceladas suaves que achegan cores cálidas e mesturadas. As composicións, sempre de dobre páxina, están ao servizo do relato, achegando certos detalles ou mostrando panorámicas das rúas ou do porto. Nas páxinas finais, cando se desvela o misterio, medra a cantidade de descrición sobre os animais e os detalles dos interiores.

Jürgen Press, Hans, *As aventuras de* "*A man negra*" (*Die Abenteuer der "schwarzen hand"*, 1965), ilust. do autor, trad. e notas Rosa Marta Gómez Pato, Barcelona: Planeta&Oxford, col. Camaleón, n.º 14, serie verde, a partir de 10 anos, xaneiro 2007, 192 pp. (ISBN: 978-84-9811-103-3).

O coñecido escritor e ilustrador alemán Hans Jürgen Press (Masuren, 1926-2002) alcanzou un grande éxito con estas aventuras relacionadas co mundo das pesquisas detectivescas que comezaron a publicarse en 1961 no suplemento infantil da revista

Stern. Reúnense neste libro catro casos independentes que se resolven grazas á intervención dunha banda de rapaces que se fan chamar "A man negra", integrada por Félix, Adela, Rollo, Kiki e mais o esquío, que comparte a súa afección pola investigación e a loita contra o mal. Na primeira historia, *A casa misteriosa*, conseguen resolver un delito de falsificación de selos; na segunda, *O tesouro no lago Bibersee*, teñen que descubrir un ladrón de xoias; na terceira, *O túnel dos traficantes*, investigan un asunto de tráfico de drogas; e, finalmente, en *Roubo no zoo* axudan a policía no estraño caso do roubo de tres animais. Cada unha destas aventuras artéllase e varios capítulos curtos que adoitan presentar unha única acción e que van acompañados dunha ilustración e unha pregunta final que os lectores e lectoras poden resolver reparando nas pistas espalladas polo texto e polos debuxos. As respostas ás preguntas atópanse sempre ao comezo do capítulo seguinte. Deste xeito, as ilustracións, ateigadas de detalles, intégranse co relato textual e requiren unha observación demorada para descubrir as pistas. Ao final do volume inclúese un test que avalía a práctica detectivesca dos lectores en función das respostas acertadas.

Recensións:

- María Navarro, "Coa man negra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 214, "Infantil/Xuvenil", 5 xullo 2007, p. VII.

Comentario sobre esta obra, da que se sobrancea a importancia de que o lectorado mozo galego poida lela na súa propia lingua. Destácanse algunhas características das ilustracións que acompañan a obra e dáse conta da estrutura desta en catro historias independentes, aínda que con protagonismo común. María Navarro destaca que o texto e as ilustracións están unidos de xeito tal que fan que o lector manteña a atención sobre o argumento. Finalmente, valórase a obra como "proposta novidosa e atractiva".

Keselman, Gabriela, *Coellos de etiqueta* (*Conejos de etiqueta*), ilust. Teresa Novoa, trad. Isabel Soto, Vigo: SM/Xerme Edicións, col. O Barco de Vapor, n.º 21, primeiros lectores, 2007, 60 pp. (ISBN: 978-89-9854-007-9).

Álbum de Gabriela Keselman (Bos Aires, 1953) no que se trata a relación entre avós e netos a través dunha tenra historia protagonizada por unha avoa coella e os seus vinte netos cazapos. Na aldea da Coelleira os señores Coello reciben un comunicado no que se lles anuncia que foron seleccionados para participar no Concurso da Cenoria Relada, polo que chaman á avoa Coello para que, durante tres días, coide dos netos. Caracterizada polo seu despiste, a avoa recolle en vinte etiquetas as principais características dos pequechos que lle van dicindo os pais: un é trouleiro, outra melindrosa, outro tranquilo, liorteiro, mandaricas, bulebule, choromicas, etc... Non obstante, cando queda soa unha refolada de vento arríncalle as etiquetas, que se desparraman polo xardín. Incapaz de identificar quén é quén, a avoa someteos a diferentes probas para ir descubrindo as identidades, pero todo é en van, posto que os coelliños actúan con total naturalidade e educación. Esta situación pon de manifesto que deixándoos ao seu aire son eles mesmos e actúan como cativos, sen caracterizarse por unha cualidade máis que por outra. Por iso, ao regreso dos pais son os fillos os que lle piden á avoa que faga dúas etiquetas para colocarlle aos proxenitores, que non se entendían entre eles, demostrando así que as cualificacións que se adoptan sobre os

outros non sempre responden ás características propias de cada un. Polo que atinxe ás ilustracións, a cuberta deste álbum amosa unha divertida composición na que un coello con lentes está rodeado por moitos coelliños. No interior, as ilustracións figurativas de Teresa Novoa, realizadas con acuarela, presentan tonalidades cálidas e debuxos dinámicos, nos que as orellas dos coellos grandes e o número de coelliños xogan un papel importante nas composicións. A narración visual segue o texto e mesmo o completa con detalles que se poden seguir coma se dun xogo se tratase. A disposición das figuras sobre as páxinas non sempre garda fidelidade á realidade e sube polos bordes do papel ou rodea todos os lados como se fose a greca dun deseño deixando o centro para as letras do texto

Recensións:

- Paula Fernández, "Tensión literaria", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 167, "Xuvenil/novidades", 29 decembro 2007, p. V/*Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", "Infantil/Xuvenil", 20 decembro 2007, p. 11.

Sinala que *Coellos de etiqueta*, de Gabriela Keselman, presenta un conto para primeiros lectores gobernado polos tópicos literarios e cinematográficos infantís que, ao se mesturaren, conseguen un resultado do gusto deses iniciáticos lectores. Achega o seu argumento e sinala que se trata dun relato con intres de tensión literaria que ten o seu maior interese na maneira de denominar os coelliños, que dan unha idea dos conflitos que se lle poden presentar á súa avoa.

Klose, Monika, *O oso e o corvo*, ilust. André da Loba, trad. Eva Mejuto, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, 2007, [34] pp. (ISBN: 978-84-96788-33-6)

Neste libro ilustrado, da autora alemá asentada en Barcelona Monika Klose (Aquisgran, 1957), nárranse as aventuras dun corvo e dun oso que, non contentos co que son, deciden intercambiar as ás e os brazos dun e doutro para cumprir os seus desexos. As ilustracións figurativas e fantásticas, de André da Loba (Aveiro, 1980), representan escenas moi relacionadas co texto. Os personaxes e ambientes creados están feitos a partir de cartón, recortado e pintado con cores planas, xuntando cores vivas con mesturadas nas que predomina a gama cálida. Trátase de figuras sinxelas na súa configuración e coas que o ilustrador xoga coa súa disposición espacial que gaña gran protagonismo sobre os fondos neutros. Empréganse primeiros planos (incluso tan preto que se descontextualizan as imaxes), xerando composicións con grandes masas de cor, pero tamén a fragmentación dos elementos que compoñen as figuras, focalizando o que de verdade importa. A través das imaxes pódese facer unha lectura da historia, xa que son moi comunicativas e suxestivas, dando a posibilidade de que con imaxinación se faga máis dunha interpretación. Malia que o texto tampouco necesitaría das imaxes para contar con claridade o que ocorre, ambas as dúas realidades combinadas presentan unha expresión interesante.

Kulot, Daniela, *Crocodilo namorado* (*Ein kleines Krokodil mit ziemlich viel Gefühl*, 2000), ilust. da autora, trad. Marc Taeger e Pilar Martínez, Vigo: Factoría K de Libros, [lectorado autónomo], maio 2007, [25] pp. (ISBN: 978-84-935122-4-8).

Álbum de Daniela Kulot (Schongau, 1966), no que se narra como Crocodilo tenta demostrarlle a Xirafa que está namorado dela. Pero a historia de amor non é doada entre eles debido ás grandes diferenzas que os separan. Así, sucédense situacións nas que Crocodilo procura atoparse coa xirafa e facer que ela se fixe nel, pero xa sexa porque ela mira para as copas das árbores, porque vai en bicicleta, porque mira para o chan a causa da dor de gorxa ou porque pasa ensimesmada escoitando música, o azar fai que non se atopen as súas miradas. Finalmente, o azar fai que ambos se miren e se namoren. O breve texto aparece acompañado dos debuxos artísticos con moito colorido da propia autora. A narración, polo tanto, é visual e textual, xa que o texto se complementa coas imaxes. A maioría destas ocupan case toda a páxina deixando un espazo en branco na parte inferior ou superior para o texto, que non ocupa máis de dúas liñas. Utilízanse cores cálidas, alegres, que fan que o contraste entre elas lles dea máis vida ás imaxes. Son debuxos figurativos nos que se diferencian perfectamente as formas que representan (o crocodilo, a xirafa, árbores, flores, cadeiras, camas, casas, bicicletas, paraugas, pontes, camiños...etc).

Recensións:

- Paula Fernández, "Namoro de crocodilo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 226, "Infantil/Xuvenil", 22 novembro 2007, p. VII */La Opinión*, n.º 163, "Lecturas", 1 decembro 2007, p. 11.

Fai referencia á historia de Daniela Kulot, *Crocodilo namorado*, centrada no tema da liberdade de namoramento. Explica que a obra trata dun crocodilo que pretende namorar a unha xirafa a pesar das diferenzas entre eles; aínda así, o crocodilo consegue o seu propósito e a autora presenta o amor, como unha forza que supera todas as barreiras, produto da adversidade. Indica que o libro está destinado a rapaces de cinco anos e salienta a variedade cromática, a luminosidade e os contrastes.

Kulot, Daniela, *Leopoldo e Casilda* (*Balduin und Gundula*, 2002), ilust. da autora, trad. Fe González, Vigo: Factoría K de Libros/Kalandraka, febreiro 2007, [24] pp.. (ISBN: 978-84-8464-618-1).

Álbum ilustrado de Daniela Kulot (Schongau, Bavaria, 1966) no que se trata o amor e a amizade. Os protagonistas son Leopoldo e Casilda, dous sapiños que viven coa súa nai e co seu pai, respectivamente. Descríbese a relación entre os pequenos e seus pais, a forma que teñen de educalos e os agarimos que reciben. Así, día a día a nai de Leopoldo lelle contos, axúdalle a vestirse ou come o que a el lle sobra, mentres que o pai de Casilda lle até un laciño no pelo, lle pon vendiñas nos xeonllos aínda que non teña feridas ou lévaa á casa de Leopoldo cando este lle manda unha carta para que ela veña. Deste xeito, os catro celebran unha festa e están moi felices. As ilustracións da propia autora do texto, que complementan e achegan información que non aparece neste, gozan dunha gran variedade cromática con predominio das tonalidades cálidas. É un álbum ilustrado no que destaca a personificación dos animais e o xogo de repetición de formas para crear diferentes texturas nos fondos.

Recensións:

- Paula Fernández, "Atractivo cromático", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 213, "Infantil/Xuvenil", 29 xuño 2007, p. VII.

Paula Fernández céntrase en *Leopoldo e Casilda*, de Daniela Kulot, e comenta que esta obra se achega ás familias monoparentais. Sinálase que, quizais grazas, nalgúns casos, á axuda dos adultos, o lectorado agardado pode intuír o asentamento das bases dunha nova familia. Finalmente, aínda que valora a sinxeleza do texto, a dozura no xeito de narrar e as ilustracións, ponlle como eiva, que non lle resta calidade ao conxunto da obra, que a historia "remata resultando escasa para quen non pode aínda comprender a sutilidade inherente ao texto".

Kulot, Daniela, *Unha casa a medida* (*Das kleine Krokodil und die groBe Liebe*, 2003), ilust. da autora, trad. Marc Taeger e Pilar Martínez, Vigo: Factoría K de Libros, xullo 2007, [24] pp. (ISBN: 978-84-935122-9-3).

Álbum escrito e ilustrado por Daniela Kulot (Schongau, Bavaria, 1966), no que, botando man dunha gran dose de humor, se conta cómo Crocodilo e Xirafa tentan vivir nunha casa común. Inicialmente viven na casa de Crocodilo, pero a altura de Xirafa impide que poida estar cómoda, polo que deciden trasladarse á casa desta, onde Crocodilo ten moitas dificultades pola altura que teñen todos os móbeis. Finalmente, deciden facer unha casa que se adapte ás necesidades de ambos os dous e que resulta ser unha piscina. Todas as ilustracións, da propia autora, están realizadas sobre fondos brancos, polo que centran a mirada do lectorado nas imaxes. Ás veces, nunha mesma páxina, aparecen varias ilustracións para representar as diferentes accións que levan a cabo os personaxes, moi similar ás estratexias narrativas do cómic. Trátase de ilustracións onde a técnica empregada é a pintura, a partir de tonalidades cálidas.

Kulot, Daniela, *Unha parella diferente* (*Krokodil und Giraffe ein richtig echtes Liebespaar*, 2006), ilust. da autora, trad. Marc Taeger e Pilar Martínez, Pontevedra: Faktoría K de Libros, [lectorado autónomo], novembro 2007, [25] pp. (ISBN: 978-84-96957-14-5).

Nova entrega de Daniela Kulot (Schongau, Bavaria, 1966), protagonizada por Crocodilo e Xirafa, na que se enfrontan ao rexeitamento da sociedade que os rodea, tanto en Aldeaxirafa, onde se burlaban deles por ser unha parella tan diferente, como en Vilacocodrilo, onde correron a mesma sorte. Tristes por sentírense rexeitados, deciden marchar, pero de camiño descobren que un edificio está ardendo, polo que deciden salvar entre os dous aos seus habitantes. Esta fazaña supuxo o respecto de ambas as dúas comunidades para a parella. As ilustracións de cores cálidas da propia autora están concibidas non só para complementar o texto, senón que tamén achegan máis información sobre o que lles ocorre aos personaxes protagonistas. Nesta ocasión emprega diferentes tipos de encadres, incluso ovalados, e ás veces a modo de viñetas que visualizan todas as accións consecutivas narradas no relato. Os personaxes son animais coa expresividade propia dos humanos, porque está moi de acordo co tema da historia, actuando como unha metáfora visual. Poderíase dicir que dentro das propias

ilustracións existen pequenas narracións visuais secundarias que se van sucedendo en paralelo á principal, como poden ser unha parella formada por un caracol e unha miñoca. A riqueza cromática das pinturas, con diversidade de cores saturadas, conforman un conxunto de ilustracións moi próximas ao público máis novo.

Landa, Mariasun, *Chan, a pantasma* (*Txan fanstasma*), ilust. Iria Crespo, trad. de Mariasun Landa e Carmen Torres París, Vigo: Galaxia, col. Árbore, n.º 146, a partir de 8 anos, 2007, 56 pp. (ISBN: 978-84-8288-981-8). ■

O relato de como a pantasma Chan coñeceu á súa amiga Menchu é o tema central deste conto escrito por Mariasun Landa (Rentería, Guipúscoa, 1949). A marxinalidade á que é sometida a pantasma polos seus iguais a causa do seu aspecto fai que Chan dicida buscar unha nena sensíbel coa que poder xogar. Nesta procura atopa a Menchu, coa que vivirá momentos moi doces, pero que rematan no intre no que ela lle conta á súa tía que xoga cunha pantasma. Ante esta confesión, a tía e o médico deciden que hai que internala na Mansión da Xente Rara. Nese momento Chan estaos escoitando e cóntallo a Menchou, que foxe da casa con el. Na fuxida chegan a unha vila na que están de festas e os dous amigos divírtense moitísimo até que, moi cansos de brincar, quedan durmidos. Ao amencer a tía de Menchu e o médico atopan á nena durmida e lévana para a Mansión da xente Rara, onde ten que despedirse de Chan dicíndolle que non pode ir con ela, pero que sempre o recordará. Chan, entristecido, fica na farola da Mansión da Xente Rara esperando a que Menchu saia. Os debuxos infantís de tipo realista que acompañan o texto son de Iria Crespo. Neles predominan o rosa e o negro. A ilustración fai que a lectura do libro sexa máis fácil, xa que os debuxos mostan con gran precisión os acontecementos.

Letria, José Jorge, *Animais fantásticos* (*Os Animais Fantásticos*, 2004), ilust. André Letria, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [lectorado autónomo], febreiro 2007, [38] pp. (ISBN: 978-84-8464-622-8). ■

Álbum de José Jorge Letría (Cascais, 1951) que achega ao lectorado máis novo algúns dos animais fantásticos da mitoloxía clásica. Así, cada un dos protagonistas conta en primeira persoa a súa orixe, os seus poderes e o aspecto que presenta. Estes animais, dos máis coñecidos e presentes ao longo da historia da literatura universal, son o Ave Fénix, o Basilisco, o Bucéfalo, o Cérbero, o Centauro, o Ciclope, o Dragón, a Esfinxe, o Fauno, o Grifón, a Hidra, o Lobishome, o Minotauro, o Ogro, o Pegaso, a Salamántiga, a Serpe Mariña, a Serea e o Unicornio. Esta obra, apoiada polo Instituto Portugués do Livro e das Bibliotecas, presenta as ilustracións fantásticas e moi imaxinativas de André Letria, que describen os diferentes personaxes míticos aos que se refiren os textos. Sobre un fondo de textura moi marcada, o artista compón con trazos de pintura, recortes e engurrados unhas figuras nas que se aprecian as características coas que están descritos nos textos estes personaxes.

Lionni, Leo, *Nadarín* (*Swimmy*, 1963), ilust. do autor, trad. Xosé Manuel González Barreiro, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras Os Montes, [lectorado autónomo], 2007, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-628-0).

Álbum de Leo Lionni (Amsterdam, 1910-Toscana, 1999), que ten como protagonistas a un banco de peixes que viven felices nun recuncho perdido do mar. Todos os membros desta comunidade caracterízanse por ser de cor vermella, agás un que é de cor negra e que se chama Nadarín, por ser o que mellor nada de todos. Pero a felicidade desapareceu o día que todos os peixes foron engulidos por un máis grande, do que só logrou fuxir Nadarín. Cando se viu só, o peixe negro tivo que enfrontarse ás adversidades que se lle presentaron e no seu deambular foi descubrindo un novo mundo cheo de cousas marabillosas, ademais de atopar novos compañeiros. Deste xeito, o afán de superación, a confianza e seguridade nun mesmo e o traballo conxunto, levan ao novo cardume a vencer ao gran peixe e vivir así felices para sempre. Dende a cuberta preséntase ao personaxe principal do relato, así como o seu nome, que dá título a este proxecto artístico de Leo Lionni. O protagonista, Nadarín, aparece en todas as ilustracións e destaca pola súa cor negra, que chama a atención do espectador e, irremediabelmente, fai que cada vez que se pasa unha folla se sinta a imperiosa necesidade de localizalo. O ilustrador fai uso dunha ampla gama de técnicas pictóricas: augadas, estampacións, estarcidos, pinceladas áxiles ou grandes manchas, empregando para iso todo tipo de instrumentos, como selos ou obxectos con texturas propias, segundo a funcionalidade que se lles queira dar (dende pequenas rochas até o corpo dunha anguía, por exemplo). A variedade de técnicas e formas consegue crear un ambiente mariño, no que introduce ao lectorado no contexto do relato. Deste xeito, pódense apreciar diversos tipos de algas, animais, rochas e peixes baixo un manto de pintura azul que envolve todo o álbum ilustrado, dende o inicio até o final, como se se estivera somerxido co personaxe nun baile de cores e sensacións baixo o oceáno. Leo Lionni cunha técnica moi perfeccionada, non só a nivel plástico senón tamén pola amábel unión do texto coas ilustracións, logra con captar a atención do lectorado dende a cuberta, incluíndo as gardas por suposto.

Recensións:

- Xabier P. Docampo, "Os peixes de acuarela", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 3, "proPostas", verán 2007, p. 14.

Fala do álbum infantil de Leo Lionni *Nadarín*, traducido ao galego por Xosé Ramón González Barreiro. Dise que é un conxunto de acuarelas que plasman paisaxes submarinas e que conta a aventura dun peixe negro pequeno que, a pesar de estar rodeado de peixes vermellos, se sinte moi só e decide buscar un lugar para vivir. Nesta viaxe coñece lagostas, anguías, algas, etc. e outro banco de peixes vermellos que convencerá de que xuntos poden vencer ao peixe grande.
- María Navarro, "Un medio fascinante", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 216, "Infantil/Xuvenil", 13 setembro 2007, p. VII.

Considera que *Nadarín*, de Leo Lionni, é unha obra que fará as delicias dos primeiros lectores ao comprobar a delicadeza coa que trata o personaxe central e o ambiente mariño no que se desenvolve. Resume o contido da historia e expón que, finalmente, o protagonista consegue a felicidade, aínda que non de forma gratuíta, senón que como froito do esforzo, da perseveranza e do empeño. Así, estima que o volume pon de manifesto importantes valores como o espírito de superación, a forza de vontade ou a solidariedade.

Lluch, Enric, *Nin oficio nin beneficio* (*Ni ofici ni benefici*), ilust. Miguel Ordóñez, trad. Luís Manuel Fernández, Vigo: Tambre, col. Ala Delta, n.º 18, serie azul, a partir de 8 anos, 2007, 72 pp. (ISBN: 978-84-96772-57-1).

Relato de Enric Lluch (Algemesí, Valencia, 1949) estruturado en dez capítulos breves nos que se narra cómo Manuel Rumbao, o protagonista da historia, pasa por diferentes oficios sen que ningún chegue a cumprir as súas expectativas. Indeciso e moi lacazán, Manuel non sabe a qué dedicarse, por iso toma como referencia unha letra do abecedario que sae ao chou e valora as posibilidades dalgún dos oficios que comezan con esa letra como debuxante, domador ou detective, pescantín, periodista, policía ou peiteador. Deste xeito, inclínase por ser detective, pero fracasa nos dous traballos que comeza; ser peiteador, pero só atende a un cliente que marcha moi desgustado co resultado do seu traballo; e por último, tenta ser toureiro, aínda que co mesmo resultado. Canso e preocupado, acode ao médico coa súa nai, quen logo de diversas exploracións lle diagnostica *lacazanite*. A solución a este problema virá da man de súa nai, que lle demostra que traballar non é tan malo. O texto aparece acompañado das ilustracións figurativas de Miguel Ordóñez (Madrid, 1945). A da cuberta correspóndese coa primeira ilustración do interior, na que o protagonista escolle a súa profesión barallando letras; esta situación tradúcese nunha imaxe na que o neno está rodeado de letras cunha expresión dubitativa. A presenza da cor limítase ao exterior, quedando limitado o interior a tonalidades de grises. O estilo é moi simple, con formas recortadas e planos que se superpoñen nunhas composicións que se cinguen ao esencial sen detalles accesorios, pero vistas dende unha visión infantil. As imaxes ocupan unha ou dúas páxinas e desenvolven algunha idea do texto, aínda que non son determinantes para a comprensión do relato.

Lozano, María José, *O colibrí e o seu novo amigo*, ilust. Nuria Rodríguez e Antonio Amago, trad. Emma Abella Cruz, Madrid: Sieteleguas Ediciones, [lectorado autónomo], 2007, [30] pp. (ISBN: 978-84-96749-59-7).

María José Lozano presenta por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa unha historia de aceptación dun mesmo e dos outros. O protagonista é un colibrí chamado Koliño, quen desexaba descubrir outros lugares diferentes aos que el coñecía. Durante unha expedición andou na busca de novos amigos, na que atopou a unha bolboreta, unha tartaruga e un esquío. Non obstante decidiu non quedar con eles porque o primeiro estaba triste, ao segundo pesáballe a cuncha que levaba e o terceiro non era feliz. Finalmente, no seu camiño atopou a un pardal, que non se comparaba con ninguén, que non desexaba cousas que tiñan outros, etc. En definitiva, un ser que era feliz, co cal Koliño decidiu quedar. O texto aparece complementado coas ilustracións de Nuria Rodríguez e Antonio Amago, ilustradores que empregan a pintura para crear espazos vexetais e naturais moi coloristas, nos que xogan coa desproporción dos obxectos e personaxes. Resulta moi característico o movemento das ás do colibrí, mediante o uso de pintura máis difuminada que o resto do corpo do paxaro, que desdebuxa unha estela do rápido movemento dos colibrís. De feito, se se observan as gardas, vese que presentan un deseño no que se estuda artisticamente o movemento e postura corporal de Koliño, o personaxe principal da historia.

Lozano, María José, *O concerto dos golfiños*, epílogo da autora, ilust. Beatriz Iglesias, trad. Emma Abella Cruz, Madrid: Sieteleguas Ediciones, [lectorado autónomo], setembro 2007, [30] pp. (ISBN: 978-84-96749-81-8).

Conto de María José Lozano, baseado na pedagoxía sistémica de Bert Hellinger, cuxo paradigma se basea nas Ordes do Amor, o Vínculo, do Equilibrio e da Inclusión. A propia autora nun epílogo final titulado "Para os pais e educadores" explica brevemente a concepción do relato e os obxectivos que persegue. Así, explica que a través da historia que se narra se quere lanzar unha mensaxe sobre a dinámica familiar, fomentar a seguridade nos cativos, aumentar a súa autoestima e facelos participar activamente, polo que se intercalan constantes preguntas dirixidas a este potencial lectorado. Tamén sinala aqueles valores que máis se poden percibir na obra a través da actitude da protagonista e agradece en nome da Asociación Xuntos de Pontevedra de persoas co síndrome de Down a adquisición do volume. No tocante ao conto, a protagonista é un golfiño que se chama Lami e que presenta a súa familia e o contorno no que viven, as relacións entre os membros e a súa afección á música. Recoñece o traballo dos seus pais no coidado dos fillos e mostra unha gran preocupación pola enfermidade do seu irmán Simi, que cando se pon ben deciden dar un concerto para todos. As ilustracións figurativas que acompañan o texto son de Beatriz Iglesias, quen emprega a técnica do pastel aplicado dun xeito difuminado e rematando as formas con trazos soltos. As cores que predominan son diferentes azuis e violetas, pero non resultan imaxes frías polo emprego doutras cores alegres en pequenos trazos. As formas dos animais protagonistas son redondeadas e as composicións, tamén con predominio de curvas, resultan dinámicas. Os textos, con letras capitais, están dispostos dentro dunhas burbullas que funcionan coma os bocadillos dos cómics.

Lund Kirkegaard, Ole, *Tarzán de goma* (*Gummi Tarzan*, 2001), 1º Accésit de Tradución da Universidade de Vigo 2004, ilust. Andrés Meixide, trad. Laura Sáez Fernández, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 174, serie verde, de 9 anos en diante, marzo 2007, 72 pp. (ISBN: 978-84-9782-576-4).

Iván Olsen, máis coñecido como "Tarzán de goma", é o protagonista deste conto do autor danés Ole Lund Kirkegaard (Aarhus, Dinamarca, 1940-1979), que foi recoñecida na súa tradución á lingua galega co 1º Accésit de Tradución da Universidade de Vigo en 2004 e que agora se publica nunha colección comercial. Estruturada en dez capítulos, cóntase como o pequeno e escuchumizado Iván Olsen padece as burlas e abusos por parte dos compañeiros máis vellos da escola, onde se sente humillado, non consegue aprender as letras nin é bo nas clases de ximnasia. Seu pai desespera cun fillo así, polo que manifesta que lle gustaría que fose como Tarzán da Selva, pero en realidade Iván non se sente seguro nas árbores, das que cae, o que lle dá o apelativo de "Tarzán de goma". Outros intentos de superarse son intentar xogar ao fútbol e andar en bicicleta, pero todos saen mal. Un día atopou a unha anciá que resultou ser unha meiga, a cal lle concedeu a posibilidade de conseguir durante un día todo o que desexara. Deste xeito, durante unha xornada puido andar en bicicleta e xogar ao fútbol mellor ca ninguén. Andrés Meixide (Vigo, 1970) acompaña o texto coas súas ilustracións de tipo figurativo a toda cor. Nelas xoga cos contrastes cromáticos para dar maior expresividade aos ambientes e espazos que recrea, mentres que os personaxes presentan trazos caricaturescos e graciosos, con moita aceptación no público infantil. Tamén utiliza en moitas das ilustracións ángulos contrapicados, de abaixo a arriba, como a visión dun

neno, para achegar as accións do personaxe principal.

Recensións:

- María Navarro, "Extraño Tarzán", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 217, "Infantil/Xuvenil", 20 setembro 2007, p. VII.

Comentario sobre a tradución de Laura Sáez Fernández de *Tarzán de goma*, do autor danés Ole Lund Kirkegaard, na que se sinala que é unha historia na que se contan as aventuras e desventuras dun rapaz fébel e pouco afortunado cunha vida chea de sobresaltos, onde imperan a forza desmedida, o insulto e a mofa. Ademais de debullar o argumento da historia, destácase o feito de que o protagonista sexa un antiheroe pouco frecuente neste tipo de obras destinadas ao lectorado máis novo, pero que é quen de transmitir un significativo conxunto de valores.

Machado, Ana María, *A marabillosa ponte do meu irmán* (*A maravilhosa ponte do meu irmão*, 2007), ilust. Emilio Urberuaga, trad. Ignacio Chao, Vigo: Tambre, col. Ala Delta, n.º 15, serie vermella, a partir de 5 anos, 2007, 32 pp. (ISBN: 978-84-96772-55-7).

Relato de Ana María Machado (Río de Janeiro, 1941) no que se narra a relación entre un neno pequeno e o seu irmán maior. Móstrase a admiración do pequeno ante as accións do maior, especialmente por unha ponte que este constrúe cunha táboa, que unhas veces serve para pasar eles e outras para xogar cos xoguetes, cos cochiños ou para que o gato se deite nela. Un relato no que se logra condensar a tenrura que experimenta un neno ante o mundo que lle amosa o irmán máis vello, quen lle ensina cousas, lle axuda no que el non é capaz de facer ou nos xogos que desenvolve con el todo o día. Amizade e admiración entre dous nenos que se reflicte tamén nas ilustracións figurativas, que lembran o estilo da caricatura, de Emilio Urberuaga (Madrid, 1954). Nelas as formas están resoltas cunha liña sensíbel de tinta negra e recheas de cores alegres e saturadas, con predominio de tons cálidos. Unha pequena sensación de volume vén dada polas sombras e pola descrición de espazos. Os puntos de vista das composicións están centrados nos nenos protagonistas

Macfarlane, Aidan e Ann **McPherson**, *O novo diario dun xove maniático*, ilust. John Astrop, trad. Montserrat Paz, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 48, marzo 2007, 216 pp. (ISBN: 978-84-9782-564-1).

Cuarta edición desta obra de literatura informativa dirixida ao lectorado mozo de Aidan Macfarlane e Ann McPherson, na que o único cambio que se presenta, con respecto ás edicións en lingua galega publicadas até o de agora nesta colección (2000, 2002 e 2004), é a súa adaptación ás normas aprobadas pola Real Academia Galega en 2003. De marcado carácter realista, ten como protagonista a Pete Payne, un rapaz de catorce anos que conta en primeira persoa as súas vivencias durante un ano da súa etapa de adolescente. Entre a hipocondría e as manías van transcorrendo as súas experiencias sobre as drogas, o sexo, o alcohol, o acne, etc. Dende o punto de vista da ilustración, a obra presenta, como en edicións anteriores, unha fotografía na cuberta de Manuel G.

Vicente e debuxos no interior de John Astrop. No primeiro caso, móstrase a un adolescente pensativo, coa cabeza apoiada nunha parede, cos ollos entreabertos, lascivos e fuxidíos, coa mirada perdida no horizonte. Posúe un sorriso aparentemente natural, que choca co adxectivo do título da obra, maniático. Polo contrario, as ilustracións do interior non gardan relación coa imaxe da cuberta. Son debuxos en tinta negra, moi esquemáticos, carentes de cor e volume, que amosan accións moi concretas e obvias para complementar ao texto.

Mari, Iela, *As estacións* (*L'albero*), Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, marzo 2007, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-626-6).

Relato visual de Iela Mari (Milán, 1973), no que aparecen unha árbore, un esquío e varios paxaros no mesmo lugar, pero ao longo das diferentes estacións do ano. Un traballo máis moi característico desta ilustradora, no que utiliza unicamente a imaxe sen a necesidade de recorrer ao texto. É unha narrativa visual que conta o paso das estacións baixo os cambios que se producen nunha árbore e as accións paralelas que realizan un esquío e unha parella de paxaros. Son ilustracións carentes de volume, onde as diferentes formas e texturas cobran protagonismo para amosar ao lector visual o paso cíclico do tempo, a través da evolución dunha árbore nos seus diferentes momentos do ano: outono, inverno, primavera e verán. O emprego e diversidade de cores marcan o inicio, avance e fin das estacións: tonalidades frías para o inverno, ocres, vermellas, alaranxadas e pardas para o outono e tonalidades cálidas para a primavera e o verán. Unha sinestesia cromática que ten unha grande importancia nestas ilustracións, xa que actúan como palabras visuais, para ofrecer moitos datos e información ao lectorado. Pódese saber tamén en que estación se sitúa o relato polas accións que desenvolven os paxaros e o esquío na propia árbore, un discurso visual que se mantén ao longo de toda a obra. Deste xeito, pódese observar como as aves constrúen un niño cando chega a primavera, teñen as crías no verán e marchan cando asoma de novo o inverno, o mesmo que no caso do esquío.

Moure, Gonzalo, *A noite d'O Risón*, ilust. Pere Ginard, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado mozo], outubro 2007, 96 pp. (ISBN: 978-84-9782-675-4).

Desde o aeroporto de Barcelona, un narrador en primeira persoa recrea o acontecido durante unha forte treboada hai uns corenta anos. Era un rapaz novo de catorce anos que fora á festa a Frontedeo onde pasaba as vacacións un seu amigo francés, Remy, do que non lle ficou ningún recordo do seu rostro, si da súa voz. A forte tempestade que estaba a caer sobre a ría obrigouno a durmir nas tías de Remy, mais a preocupación por manter a seus pais informados sobre o seu paradoiro, levounos a solicitar os servizos do Carnao, para que o trasladase de Frontedeo a Catronéboa na súa lancha. Xa no seu destino, desprazouse até unha choupana de madeira que acollía unha baiuca coñecida como o Risón. Alí, ao pé dos mariñeiros e doutros personaxes un tanto misteriosos, foron xurdindo as historias de Amador Velasco de Velasco, enxeñeiro de profesión, que, despois de chegar a Frontedeo, chamou por teléfono á moza máis bonita do lugar para casar con ela e que, finalmente, morreu a mans do seu antigo mozo. Nas noites de temporal, na casa da moza, seguiu soando o timbre do aparello, pese a non habelo. A segunda das historias céntrase no Olga dos Corais, unha especie de grande estanque, no

que aparecen os corpos dun nenos que alí afogaran, mentres que, no seguinte dos relatos, se esboza a historia dun mariñeiro que, despois de sentir unhas voces de ultratumba, decidiu cortar o dedo que lle quedara prendido e, sen podelo crer, viuse a salvo ao lado do peirao, decatándose de que as voces oídas eran de persoas tan vivas coma el. A seguir, tamén se conta a historia do Faro de Onzas, no que o fareiro foi devorado por unhas ratas, así como a dun mariñeiro que viviu sempre perseguido polo pantasma dunha nena que vira fotografada. Trátase, en fin, dunha serie de relatos nos que a realidade se mestura coa fantasía tal e como testemuña o transmisor de todo o que acontece no Risón, que mostra a súa dúbida sobre se sentiu todo o que conta ou se o foi construíndo no seu maxín a partir de simples anécdotas que escoitou de boca dos pobres mariñeiros atrapados pola galerna. Estas historias sobre tormentas, naufraxios e mortos de Gonzalo Moure (Valencia, 1951) están ilustradas por Pere Ginard (Mallorca, 1974).

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Arte e gozo de contar e ler", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 241, 15 decembro 2007, p. 12.

Coméntanse os riscos xerais da narrativa de Gonzalo Moure, gañador de varios premios de literatura infantil e xuvenil. Entre eles salienta a diversidade temática, a esencialización e simplificación narrativa e a indagación de novas pezas expresivas. A continuación, faise unha análise de dous novos libros traducidos ao galego. Por unha banda, dise que en *Son un cabalo* Moure adopta a perspectiva narradora dun cabalo amosando o seu universo vivencial (linguaxe, cheiros, memoria, sentimentos ou expresión corporal) e profunda na relación dos homes cos cabalos, no concepto de liberdade e na amizade con forza emotiva e lirismo. Por outra banda, dise que n'*A noite d'O Risón* se achega ao imaxinario da fronteira galaico-asturiana, a través da memoria e de certo "romanticismo literario", recorrendo a un episodio autobiográfico no que mestura narracións orais cos relatos de ambiente mariñeiro, de caracter épico xunto coa presenza fantasmal nun escenario hiperrealista. Saliéntase a homenaxe que Moure fai a clásicos do cinema e a autores como Edgar Allan Poe, Stevenson ou Mary Shelley, sen esquecer a crítica á uniformidade social actual.

Moure, Gonzalo, *Son un cabalo* (*Soy un caballo*, 2007), ilust. Esperanza León, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autómo], outubro 2007, [40] pp. (ISBN: 978-84-8464-648-8).

Neste álbum infantil de Gonzalo Moure (Valencia, 1951) recréase unha historia de corte fantástico-realista, na que, a través da relación estabelecida entre un cabalo e unha nena, se destacan valores como o da amizade e o respecto cara aos animais. O fío da historia é conducido por unha voz narrativa en primeira persoa, a do propio cabalo, quen se mostra moi receoso cos seres humanos e desenvolve actitudes positivas cara a unha nena polo agarimoso trato que esta lle dá. Por iso, desexaría que houbese unha lingua común por medio da cal os humanos e os cabalos se puiden entender e así poder expresarlle á nena os seus medos e sentimentos. A relación coa nena tamén lle fai lembrar as súas vivencias felices e libres ao carón da nai e dos restantes cabalos, polo que sente moito medo á hora de meterse no cortello por non poder fuxir se o atacan, así como ante os tratamentos ariscos do home. Finalmente, o cabalo avoga por un

entendemento común entre o mundo animal e humano e aclama: "Aprende a ser cabalo e eu aprenderei a ser nena". O álbum, especialmente coidado no seu aspecto visual, presenta unhas ilustracións evocadoras que se unen á narración textual. A sutileza das imaxes dos cabalos, integrados nas paisaxes con total liberdade, conséguese transmitir polo emprego da pintura con pinceladas suaves que se mesturan con transicións graduais de cor sobre papel húmido. O emprego de tonalidades suaves remiten ás luces da primeira hora da mañá ou á luminosidade cálida do ocaso. Nas composicións hai panorámicas onde se remarca a vida dos cabalos como especie e tamén escenas máis próximas ao cabalo protagonista e a súa relación coa nena. Malia o predominio da pintura como técnica o ilustrador tamén bota man de anacos de papel ou recortes de diarios que achegan variedade de texturas e rompen coa uniformidade nalgunhas composicións. Na factura da primeira imaxe, a ilustradora fai un aceno ás pinturas rupestres que se evidencia nos trazos de carbón, nas cores ocres e vermellas, na man estampada e no debuxo da cabeza do cabalo.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Arte e gozo de contar e ler", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 241, 15 decembro 2007, p. 12.

Coméntanse os riscos xerais da narrativa de Gonzalo Moure, gañador de varios premios de literatura infantil e xuvenil. Entre eles salienta a diversidade temática, a esencialización e simplificación narrativa e a indagación de novas pezas expresivas. A continuación, faise unha análise de dous novos libros traducidos ao galego. Por unha banda, dise que en *Son un cabalo* Moure adopta a perspectiva narradora dun cabalo amosando o seu universo vivencial (linguaxe, cheiros, memoria, sentimentos ou expresión corporal) e profunda na relación dos homes cos cabalos, no concepto de liberdade e na amizade con forza emotiva e lirismo. Por outra banda, dise que n'*A noite d'O Risón* se achega ao imaxinario da fronteira galaico-asturiana, a través da memoria e de certo "romanticismo literario", recorrendo a un episodio autobiográfico no que mestura narracións orais cos relatos de ambiente mariñeiro, de caracter épico xunto coa presenza fantasmal nun escenario hiperrealista. Saliéntase a homenaxe que Moure fai a clásicos do cinema e a autores como Edgar Allan Poe, Stevenson ou Mary Shelley, sen esquecer a crítica á uniformidade social actual.

Muñoz Avia, Rodrigo, *Os perfectos* (*Los perfectos*, 2007), Premio Edebé de Literatura Infantil 2006, ilust. Tesa González, trad. Xavier Senín, A Coruña: Rodeira, col. Tucán, n.º 13, serie verde, máis de 10 anos, marzo 2007, 200 pp. (ISBN: 978-84-8349-096-9).

Rodrigo Muñoz Avia (Madrid, 1967) contrasta neste relato realista dous modelos familiares ben diferentes para demostrar, a través do humor, que ninguén é perfecto e mesmo ás veces a perfección non o é todo. Álex, un rapaz de once anos que acaba de suspender por primeira vez dúas materias, conta no seu caderno que se sente desacougado porque a súa familia, a diferenza das demais, non ten defectos. Seus pais, aos que todos lles chaman Pe (Pérez) e Zeta (Zúñiga), son dous profesionais de prestixio que nunca se enfadan nin levantan a voz, odian o tabaco, falan varias linguas, coidan a súa alimentación e non aturan a desorde. Súas irmás, Delia e Silvia, son altas, listas, guapas e estudosas, e a súa casa é un exemplo de bo gusto e harmonía. Pola

contra, Álex é algo desordenado e non pode deixar de sentir certa envexa pola familia do seu mellor amigo, Rafa Panocha, que é todo o contrario da súa. Rafa sospeita da familia de Álex e proponlle espialos a todos para descubrir cales son os seus defectos, pois está convencido de que os teñen. As sorpresas virán deseguido unha tras outra, xa que os membros da familia de Álex teñen cadanseu segredo moi ben gardado. As ilustracións figurativas de Tesa González (Getxo, Biscaia, 1962) representan os protagonistas. Grazas ao estilo sinxelo da ilustradora, as formas simplificadas amosan uns personaxes amábeis e simpáticos. Malia o dito, as ilustracións achegan pouca información do contorno no que se desenvolven as escenas xa que apenas hai referencias espaciais.

Navarro Durán, Rosa, *A Odisea contada aos nenos*, Premio Lois Tobío da Asociación Galega de Editores ao mellor libro traducido de 2007, ilust. Francesc Rovira, trad. Xavier Senín e Isabel Soto, A Coruña: Rodeira, col. Clásicos Contados aos Nenos, [lectorado autónomo], setembro 2007, 216 pp. (ISBN: 978-84-8349-118-8).

Adaptación realizada por Rosa Navarro Durán (Figueras, 1947) a partir d'*A Odisea* do grego Homero na que se seleccionan e simplifican os episodios máis significativos da obra co fin de que os lectores a partir dos 8 anos poidan achegarse á obra e ás aventuras de Ulises. En trinta e sete capítulos titulados cóntanse as múltiples peripecias vividas por Ulises despois de participar na guerra de Troia. O seu regreso á súa casa na illa de Ítaca, da que era o rei e onde agardaban por el a súa muller Penélope e o seu fillo Telémaco, durará vinte anos ao longo dos cales se verá obrigado a superar infinidade de atrancos botando man da súa astucia e do seu enxeño. Primeiramente é retido pola ninfa Calipso na illa Oxixia da que consegue escapar grazas á axuda da deusa Atenea. Recóllese tamén o enfrontamento do heroe grego co monstruoso ciclope Polifemo, a súa estadía no país dos feacios e no palacio de Alcínoo ou os encantamentos da maga Circe. A narración alterna estas aventuras co relato das dificultades e desacougos que vive, entrementres, na súa longa espera, a fiel Penélope, que ten que lidar cos odiosos cento oito pretendentes que teiman en convencela da morte de Ulises, pretenden casar con ela e gastan as riquezas do palacio en grandes banquetes; e coa viaxe de Telémaco na procura de noticias de seu pai por diferentes reinos. Finalmente, Ulises logra regresar á súa casa. Disfrazado de ancián consegue entrar no palacio, acabar cos desvergonzados pretendentes e recuperar o amor da súa esposa. O volume vai acompañado das ilustracións figurativas de Francesc Rovira (Barcelona, 1958) que posúen un gran colorido e estilización das formas moi próximas ao mundo do cómic e a caricatura. De tonalidades cálidas, con trazos grosos e finos, até grandes manchas pictóricas, as ilustracións identifican a traxectoria profesional do ilustrador. Acompañan ao relato en todo momento, adaptando o encadre e ángulo de visión á propia maquetación do texto, para obter imaxes moi próximas ao gusto do público infantil e xuvenil.

Referencias varias:

- X.P.D., "Odisea para a voz", *Tempos Novos*, "*Protexta*, n.º 5, "proPostas", inverno 07/08, p.15.

Dáse conta da presentación da versión ilustrada do poema de Homero. Dise que a adaptación é de Rosa Navarro, as ilustracións de Francesc Rovira e a tradución de

Xavier Senín e Isabel Soto. Finalmente sinálase que o texto é unha selección dos fragmentos máis representativos da obra dirixida ao lectorado máis novo.

Olten, Manuela, *Teño ganas de...* (*Muss mal pipi*, 2007), ilust. Xosé Ballesteros, trad. Marc Taeger, Pontevedra: Kalandraka, col. Demademora, [prelectorado], xullo 2007, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-638-9).

Neste álbum, de Manuela Olten (1970), un neno narra con moito humor diferentes situacións que protagoniza para ouriñar ou defecar dende que medrou e deixou os cueiros. Así, relata como fai as súas necesidades na casa, nos grandes almacéns, na consulta do médico ou no restaurante, ademais de referirse a outras cuestións relativas ao emprego dos váteres e á hixiene persoal cando ten "ganas de...". Acompáñase a narración textual das ilustracións de Xosé Ballesteros (Vigo, 1956). A cuberta do volume presenta xa ao neno protagonista arrastrando un rolo de papel hixiénico, imaxe que se completa coa da contracuberta e que xunto co título incompleto avanza a temática da narración textual. No interior, o ilustrador bota man da pintura, técnica cuxas características expresivas, tales como pinceladas con distinta dirección, pintura pastosa, esgrafiados, capas sobre capa, etc. se aprecian en moitas das páxinas. As composicións, de tonalidades suaves e luminosas, están pensadas dende o punto de vista da nenez de xeito que, ás veces, aparecen os adultos cortados, fóra do encadre. A simplificación das formas coas que están deseñados os personaxes non resta expresividade ás caras dos rapaces. O relato, moi sinxelo nos textos, gaña relevancia coas ilustracións que permiten unha lectura visual case independente da textual.

Pérez Otero, Amalia, *O pequeno Yared*, ilust. Pablo Álvarez Rosendo, trad. Nova Galicia Edicións, Vigo: Nova Galicia Edicións/Carlos del Pulgar Sabín, [prelectorado], 2007, [24] pp.(ISBN: 978-84-96950-08-5).

Despois das rutinas de todos os días, Alba e o seu irmán son deitados polos seus pais, cos que falan do que lles aconteceu polo día e lles contan un relato. Hoxe, Alba coméntalles que chorou por non ter ganas de ir a ballet, polo que a nai decide contarlles un conto relacionado con isto. Trátase da historia de Yared, que cando tiña 7 anos fora vivir á cidade de Aksum (Etiopía) co seu tío Gedeon, o mestre da escola. Yared era preguiceiro e pasaba o día escoitando os marabillosos rechouchíos das aves, no canto de ir ao colexio. Un día, comezou camiñar sen rumbo, até que o cansazo e a fame o fixeron descansar debaixo dunha árbore. Alí, viu como unha formiguiña non desanimaba no seu intento de escalar a árbore, chegar á póla e comer a apetitosa froita. Ao ver isto, comprendeu que a cuestión era ter claro un obxectivo e loitar por el, polo que regresou á casa, pediulle perdón ao tío e púxose a estudar, sen deixar de reparar no rechouchío das aves, que o levou a compor melodías e a ser o músico máis importante de Etiopía. Este relato de Amalia Pérez Otero preséntase nun álbum de tapas duras, formato apaisado e papel satinado cunhas ilustracións figurativas de Pablo Álvarez Rosendo, que contrapoñen o hábitat e os habitantes do mundo occidental cos dunha tribo africana, completando un texto pouco descritivo nestes aspectos. As formas están rodeadas dunha liña fina de cor negra e as cores son tintas planas que cun cromatismo moderado apoian a realidade con naturalidade.

Pieper, Christiane, *Catarina, o Oso e Pedro* (*Josefine, der Bär und Peer*, 2001), ilust. do autor, trad. Marc Taeger e Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka, col. Demademora, [prelectorado], xuño 2007, [34] pp. (ISBN: 978-84-8664-633-4).

Álbum fantástico-realista de Christiane Pieper (Bergischen, Alemaña, 1962) no que un narrador en terceira persoa conta nun breve texto as aventuras e acontecementos vividos por Catarina, o seu curmán Pero e o Oso, que viaxan sen rumbo por distintos lugares do mundo, unhas veces correndo, outras ladrando, nadando, mergullándose... Esta historia enriquécese coas ilustracións do propio Pieper, que emprega a pintura como técnica artística con grande habilidade á hora de conseguir volume e texturas interesantes, pola superposición de pinceladas tratadas de forma diferente. Utiliza grandes manchas con axilidade e indeterminación das formas para representar as accións en movemento. Son ilustracións moi coloristas, con tonalidades cálidas, con predominancia de verdes e azuis turquesa, que as fan moi atractivas. As gardas amosan as pegadas do oso e a traxectoria circular da cadeira de rodas de Pedro, expresando a idea de camiño percorrido, dunha viaxe irregular, pouco definida, tal e como é o argumento da obra.

Poe, Edgar Allan, *O escaravello de ouro e outros contos* (*The Gold Bug*), trad. e notas Alberto Avendaño, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabaril, n.º 1, maio 2007 , 226 pp. (ISBN: 978-84-9782-596-2)

Conxunto de contos de Edgar Allan Poe (Boston, 1809-Baltimore, 1849) que apareceron por vez primeira, como número oito da colección "Xabarín", no ano 1985. Concretamente recóllense os titulados "O escarabello de ouro", "A máscara da morte vermella", "O gato negro", "Os crimes da rúa Morgue", "Manuscrito atopado nunha botella", "O pozo e o péndulo" e "Ligeia". A ilustración da cuberta, de Javi Montes, amosa a imaxe dun papel cun debuxo dunha caveira e un escaravello que introducen ao lectorado agardado nun mundo cheo de misterios propios da literatura de Poe. O feito de aparecer tamén na cuberta unha pluma e un tinteiro sitúano nunha época concreta alonxada da actual.

Prestifilippo, Pablo, *Instruccións para espertar a unha cadeira durmida*. *O método do profesor Roxelio Troncoso para facer da súa cadeira unha mascota* (*Instrucciones para despertar a una silla dormida*, 2007), ilust. do autor, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Faktoría K de libros, col. Textos Infames, [lectorado autónomo], agosto 2007, 40 pp. (ISBN: 978-84-935804-2-1).

Pablo Prestifilippo volve outorgar protagonismo neste álbum a un elemento aparentemente falto de vida e eslamiado, como xa fixera en *Manual de calcetíns salvaxes* (2006), para revelarnos deseguido que estes cualificativos pouco lle acaen. A través dos distintos capítulos nos que se divide o volume, percórrense devagar as orixes e características das cadeiras, as súas posíbeis utilidades, as comprobacións previas que cómpre facer antes de utilizalas e as diferentes actividades que podemos compartir con elas. O corpo do texto complétase cuns "Anexos", que inclúen unha completa táboa de exercicios, as advertencias sobre erros frecuentes nos nosos comportamentos habituais con respecto ás cadeiras, e mesmo un agradecemento cómplice ao artífice deste e doutros tantos ocorrentes experimentos, o profesor Roxelio Troncoso, que se presenta como unha biografía ilustrada cos fitos máis salientábeis da súa frutífera carreira.

Trátase dun exercicio narrativo no que se poñen en práctica os recursos da parodia arredor dos libros de autoaxuda ou dos manuais de vontade didáctica, que se mesturan con xogos conceptuais baseados na ambigüidade que conectan co mundo do absurdo e coa lóxica infantil. Dende o punto de vista das ilustracións, Prestifilippo reforza a dimensión humorística con imaxes descritivas e cargadas de detalles que achegan cuestións paralelas ao texto e interactúan intencionadamente con el.

Recensións:

- Paula Fernández, "Universos do absoluto", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 227, "Infantil/Xuvenil", 29 novembro 2007, p. VII /*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 164, "Xuvenil/novidades", 8 decembro 2007, p. 11.

Fai referencia ao libro publicado por Pablo Prestifilippo, *Instrucións para espertar a unha cadeira durmida*, traducido ao galego por Xosé Ballesteros. Comenta que a obra é un libro de autoaxuda, no que o personaxe Roxelio Troncoso explica os pasos precisos para dar vida a un obxecto inanimado, neste caso, unha cadeira. Indica que segue catro pasos, e que as explicacións están cheas de humor e acompañadas de ilustracións que invitan ao xogo e á experimentación.

Pullman, Philip, *A aurora boreal* (*Nothern lights*, 1995), trad. Fernando Moreiras, Vigo: Faktoria K de Libros, dende os 12 anos, decembro 2007, 331 pp. (ISBN: 978-84-96957-17-6).

Esta obra de Philip Pullman (Norwich, 1946) correspóndese coa primeira entrega dunha triloxía chamada "A Materia Escura", na que se atopan outros dous títulos: *A daga* e *O catalexo lacado*. *A aurora boreal* é unha novela fantástica, cargada de expectación e misterio, que se insire na corrente de aventuras e na que conviven temas como o amor, a amizade, a traizón e a guerra. A través dun narrador omnisciente e a intervención directa dos personaxes, nárrase a historia dunha nena de once anos, Lyra Belacqua, que vive feliz en Oxford no Jordan College até que comeza a experimentar grandes mudanzas na súa vida. Así, descobre as súas verdadeiras orixes e é coñecedora de feitos espantosos e de criaturas que xamais puidera imaxinar, ademais de chegar a soportar grandes sufrimentos. Esta novela foi galardoada en 1995 coa prestixiosa medalla Carnegie e, pese a estar ambientada na férrea época vitoriana, achega doses de rebeldía e insire elementos propios da filosofía, do mundo da ciencia e dúbidas existenciais, que veñen a cuestionar as convencións estabelecidas polo sistema da época.

Rodari, Gianni, *Inventando números* (*A inventare i numeri*, 1993), ilust. Alessandro Sanna, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras Os Montes, [prelectorado], 2007, 26 pp. (ISBN: 978-84-8464-631-0).

A partir da proposta "-Inventamos números?", un adulto e unha nena manteñen unha conversa telefónica, na que desborda a imaxinación, o xogo e o humor. Así, ademais de inventar números e unha táboa de multiplicar, formulan preguntas sobre o prezo dun prato de pasta, a distancia existente entre puntos xeográficos ou o peso dunha bágoa, ás que lles dan unha serie de respostas absurdas sustentadas nas rimas, na invención de

palabras e no xogo lingüístico, procurando sempre combinacións graciosas, divertidas e moi do gusto do lectorado agardado. Esta proposta de Gianni Rodari (Lombardía, Italia, 1920-Roma, 1980), para xogar coa lingua a través dos números, está acompañada das ilustracións de Alessandro Sanna (Italia, 1975), que reproducen escenas da historia con trazos rápidos, imaxinativos e cores fortes.

Recensións:

- Paula Fernández, "Agresiva orixinalidade. Activando á imaxinación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 219, "Libros", 4 outubro 2007, p. VII.

Faise eco da produción de Gianni Rodari, destacando a orixinalidade das súas obras de ficción literaria, aínda que, ás veces, é tan agresiva e innovadora que mesmo hoxe resulta difícil de comprender e que, a miúdo, se basea nos xogos estabelecidos entre contrastes que acostuman rozar o absurdo. Así mesmo, destaca o seu coñecemento sobre o público e a súa insistencia á hora de tentar activar a imaxinación e a capacidade crítica e creativa de quen le para acadar lectores autónomos e con criterio e poder conseguir tamén lectores que se convertan en creadores. Detalla o argumento de *Inventando números*, do que sinala cumpre funcións diversas: facer que os nenos penetren no mundo da lectura, facerlles gozar uns intres grazas a uns versos, ás veces inconexos, que semellan levar a arte abstracta aos versos dun poema e, finalmente, deixar unha porta aberta á creación por parte dos rapaces.

Rodari, Gianni, *Xogos de fantasía* (*Giochi di fantasia*, 2007), ilust. Rosalba Catamo, trad. Ignacio Chao, Vigo: Tambre, col. Ala Delta, n.º 20, serie verde, a partir dos 10 anos, 2007, 115 pp. (ISBN: 978-84-96772-63-2).

Baixo o título de "Palabras coma xoguetes", N. do E. fala da potencialidade da palabra para xogar con ela e sinala que o que propón Gianni Rodari (Lombardía, Italia, 1920-Roma, 1980) é espertar a imaxinación e fantasiar coas palabras. Explica que o presente volume é unha aplicación práctica da súa célebre obra, *Gramática da fantasía*, con adaptacións á xeografía galega, así como convida o lectorado a "Cambiarlles de roupa ás palabras e xogar a facer probable o improbable". A seguir, ao longo de seis apartados, ofrécense diversas posibilidades para xogar coas palabras, aparecendo sempre no inicio unha explicación do xogo e, posteriormente, exemplificacións, que parten tanto da creación de adultos coma de nenos, dándose tamén a posibilidade de que participe o propio lector. Así, proponse crear historias a partir de dúas palabras, dunha situación sorprendente, dunha hipótese fantástica, das comparacións, do abecedario ou dos refráns e frases feitas. O resultado son textos narrativos ou poéticos breves que, ademais de ofrecer a posibilidade de pór en práctica os recursos estilísticos que definen estes xéneros, son un pretexto excelente para que abrolle o humor, a comicidade, o disparate e a fantasía. De feito, as ilustracións figurativas de Rosalba Catamo (Turín, 1958) achegan a quen as observa, xa dende a cuberta, ese mundo onde as ilusións se mesturan coa realidade. Por outra parte, as imaxes do interior, en branco e negro, fan visíbeis os xogos imaxinativos expostos nos textos e caracterízanse por ser simples e non ter intencións volumétricas, aínda que as expresións das figuras están coidadas.

Sáiz, Raquel, *As pousadeiras do rei*, ilust. Evelyn Daviddi, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, outubro 2007, [30] pp. (ISBN: 978-84-96788-93-0).

Un narrador en terceira persoa relata a historia dun rei que, cando se ía sentar no seu trono para almorzar, cravou un alfinete no cu. O rei pediulle ao seu criado que llo quitase, pero este, pensando que era pouco importante para tocarlle as pousadeiras ao rei, foi buscar o conde, que estaba a contar calcetíns e acode no seu auxilio. Ao verse tamén incapacitado, foi chamar ao marqués, quen, á súa vez, foi na procura do duque, quen rematou pedindo axuda á raíña, que desestimou ofrecer a súa axuda por considerar que estaba para cousas máis importantes que para tocarlle o cu ao rei. A estrutura repetitiva deste conto de Raquel Sáiz, no que se ridiculizan os altos estamentos sociais a través das accións e feitos dos seus membros, péchase cando deciden retirarlle o alfinete en grupo, ficando todos aliviados. Este álbum, ilustrado por Evelyn Daviddi (Carpi, Italia, 1973), presenta unha coidada edición (formato grande, tapas duras, gardas decoradas, etc.). A cuberta amosa un primeiro plano das pousadeiras do Rei que reforza visualmente o título. As composicións, nas que predominan as tonalidades cálidas sen estridencias cromáticas, teñen poucas referencias espaciais. As imaxes están centradas nos personaxes protagonistas de tamaño similar, a excepción do Rei que é moito máis grande e ten unhas pousadeiras enormes que mesmo chegan a ocupar nalgunhas páxinas todo o espazo en primeiro plano. A historia que contan as imaxes vai paralela á que conta o texto, complementándose mutuamente.

Sáiz, Raquel, *O día en que a mamá se lle puxo cara de teteira*, ilust. João Vaz de Carvalho, trad. Sara Monda, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos , setembro 2007, [28] pp. (ISBN: 978-84-96788-66-4).

Ao romper o seu floreiro preferido, a nai de Marquiños enfadouse tanto que comezou a botar fume como un dragón e a converterse nunha teteira. Marquiños correu coa teteira a ver a súa veciña, a señorita Euloxia, que, como era xorda, non lle abriu. Na procura unha solución, foi visitar a avoa Lubi, o tío Xesús, o amigo Paco, o bibliotecario e o mestre Ignacio, quen, finalmente, os leva a todos ao punto de partida, á casa da señorita Euloxia. Como era xorda e non se decataba do que estaba a acontecer, puxo a teteira ao lume para preparar un té, mentres os demais tentaban impedilo cos seus gritos. Nisto, Marquiños espertou e deuse conta de que todo fora un pesadelo. Mais, ao saír adurmiñado do cuarto, tropezou coa mesiña, onde estaba o floreiro preferido da nai, que acabou escachando en mil anacos de cristal, o que provocou que súa nai aparecese polo corredor botando fume coma un dragón. Esta historia de Raquel Sáiz, sustentada en recursos moi propios da literatura popular, caso das repeticións e do final que torna ao inicio, está ilustrada por João Vaz de Carvalho (Fundão, Portugal, 1958). A tipografía do texto ten distintos tamaños e distintas formas para remarcar o volume das voces ou diferenciar o texto da narración das anotacións. O rapaz protagonista responde a un estilo figurativo con formas estilizadas e simplificadas nas que destacan os ollos esféricos e un gran nariz. Os demais personaxes teñen un deseño idéntico que varía dun protagonista a outro pola forma do peiteado ou da roupa, de tal xeito que recoñecemos a nai convertida en teteira por ter tamén uns ollos esféricos e un gran nariz. As composicións están centradas nas relacións entre os personaxes, non hai case referencias espaciais, agás unha porta, unha mesa ou as sombras das figuras e as páxinas son planos de cor onde se funden o piso coas paredes. As tonalidades que predominan -

vermellos, ocres, azuis e tostados- están moi mesturadas e transmiten sensacións cálidas.

Schubiger, Jürg e Franz **Hohler**, *Así comezou todo. 34 historias para descubrir a orixe do mundo* (*Aller Anfang*, 2006), ilust. Jutta Bauer, trad. Patricia Buján Otero, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado autónomo], maio 2007, 125 pp. (ISBN: 978-84-9782-595-5).

O presente volume supón a segunda colaboración dos escritores suízos Jürg Schubiger (Zürich, 1936) e Franz Hohler (Suíza, 1943), que xa sumaran os seus talentos noutro libro de historias curtas publicado en 1986. Nesta ocasión, *Así comezou todo* contén 34 historias curtas nas que os dous escritores van intercalando a súa voz para ofreceren respostas a algunhas das preguntas que o ser humano se vén facendo dende hai séculos, descubrindo unha peculiar visión das orixes do mundo, que moitas veces se atribúe á simple casualidade, ao azar, á curiosidade permanente dos seres humanos e na que se mesturan distintas tradicións e interpretacións botando man dunha evidente concepción humorística e dos recursos do surrealismo. Achéganse deste xeito un conxunto de respostas sobre a creación do mundo, do ceo, da terra, dos seres humanos, dos animais ou das cousas, situándose nun tempo no que non existía nada máis que un enorme espazo baleiro. Así por exemplo explícase que en realidade o Deus que se coñece non creou o mundo, senón que se limitou a transportar todo o que ideara unha Deusa, á que xa van sendo horas de mencionar; como Eva coñeceu a Adán e lle aprendeu a bicar, algo que a el ben lle gustou; cal foi a primeira vez que se pronunciou a frase "Gústasme moito"; de onde vén o frío?; quen creou o Sol e a Lúa?; de onde xurdiron as estrelas?; que foi o primeiro que houbo no mundo?; de onde lles veñen os nomes aos animais?; ou por que os leóns comen carne?, entre outras moitas. Os sorprendentes relatos que dan resposta a todas estas interrogantes xogan coa imaxinación, coa fantasía e con todo un mundo de posibilidades. As ilustracións que acompañan os textos foron realizadas pola recoñecida Jutta Bauer (Hamburgo, Alemaña, 1955), quen pon en práctica unha estética minimalista de aparencia sinxela a través de imaxes cargadas de detalles que lles outorgan fisonomía, idade, vestiario e vida aos personaxes.

Recensións:

- María Navarro, "Pasar un bo anaco", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 224, "Infantil/Xuvenil", 8 novembro 2007, p. VII /*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 161, "Infantil/novidades", 17 novembro 2007, p. 11.

Estima que a amizade e a reflexión sobre o que nos rodea levaron aos suízos Jürg Schubiger e Franz Hohler a facer toda sorte de consideracións, que, a miúdo, se sitúan na esfera da fantasía e que se moven entre o ilóxico, o irracional, o absurdo ou mesmo o irónico e que, lonxe de dar explicación á idea inicial da que partiron, posibilita que os receptores das historias reflexionen sobre as cuestións propostas ou se divirtan coas ocorrencias do autores. Indica que tampouco faltan as referencias á maxia para explicar a aparición de animais ou ás conversas entre seres. Considera que *Así comezou todo* recolle un conxunto de historias independentes e que, de forma caótica, tratan os aspectos da creación nunha prosa áxil, de estruturas sinxelas e cun vocabulario intencionadamente cómodo de asimilar.

Sierra i Fabra, Jordi, *Do outro lado do espello* (*A l'altra banda del mirall*, 2003), Premio Ramón Muntaner 2003 e Premio Protagonista Jove 2005, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo n.º 99, [mocidade], xaneiro 2007, 246 pp. (ISBN: 978-84-9782-520-7).

Ao longo de corenta capítulos, un narrador omnisciente achégalle ao lectorado agardado o conflito interior que está a vivir Marisa, unha moza de dezaseis anos que estuda 4º da ESO. Pese ás calidades físicas que outros lle atribúen, ela non se gusta, nin se acepta e séntese moi desconcertada cada vez que se mira no espello do baño, pois a que alí ve reflectida resúltalle unha persoa allea. Con quen mellor se sente é coa súa amiga Amalia, a quen considera a súa outra metade e coa que comparte todos os seus segredos e experiencias. Todo na súa vida parece transcorrer con certa normalidade, até que coñece a Luís Henrique, un mozo agradábel, culto e guapo, que a convida a formar parte do grupo teatral que está a preparar unha peza para a función de fin de curso. A atracción que o mozo sente por ela fai que a cortexe e a encha de aloumiños, o que parece non a agrada en exceso, fronte ao que lle sucede á súa irmá Chari, que mantén unha relación un tanto desenfreada con Fernando, e Amalia, que se sente pletórica tras os seus primeiros contactos sexuais con Baltasar. Tras unha estrea exitosa, chega a noite de San Xoán, na que Marisa e Luís Henrique fan o amor por primeira vez e ela non é quen de abandonar da súa mente a imaxe de Amalia, que a persegue de forma constante e pola que parece sentir certa atracción. Coa chegada do día e ao recordar o acontecido, Marisa está desencaixada e non sabe como actuar, aínda que a conversa que mantén cunha compañeira do grupo teatral fai que recoñeza a súa condición de lesbiana. A partir de aí, será capaz de encaixar moitas pezas do crebacabezas da súa vida e de encontrar explicación aos seus sentimentos cara a Amalia, a quen vai visitar porque o seu pai sufriu un accidente e se sente soa tras a separación dos seus proxenitores. Despois de durmiren xuntas e núas, Marisa revelaralle o seu segredo á súa amiga, quen o acepta e o comprende, e reúne os seus pais e irmá para tamén facelos partícipes del, conseguindo, por fin, verse ela mesma no espello. É este un relato de Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1947) no que, con naturalidade e sen tabús, se trata o descubrimento da identidade sexual na adolescencia e se ensina a aceptar a propia sexualidade para lograr vivir con liberdade e felicidade. Dende a fotografía da cuberta realizada por Manuel G. Vicente preséntase ao protagonista do relato ao lectorado. Unha adolescente que aparece de perfil nun primeiro plano, pero da que se coñece a cara pola imaxe reflectida nun espello, un elemento clave do relato que se atopa ao fondo da habitación. Este xogo visual consegue unir o título do relato coa imaxe da cuberta. O espello, como metáfora visual, tamén reflicte as preocupacións e as rutinas do personaxe, a través de pequenos detalles que se atopan reflectidos na estantería e na mesa da habitación, como pequenos fragmentos conxelados da vida desta adolescente.

Recensións:

- Heitor Mera, "No espello", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 206, "Libros", 2 maio 2007, p. IV.

Héitor Mera comeza sinalando que a literatura xuvenil está chea de tópicos e afirma que a os libros de Jordi Sierra i Fabra son un exemplo do dito. Mera continúa sinalando que

este autor ten tratado moitos asuntos interesantes todos dende punto de vista social, que convidan á reflexión dos mozos. De seguido, repasa o argumento de *Do outro lado do espello* e explica porque cre acertada a metáfora do espello empregada. A continuación, valora positivamente a naturalidade coa que é tratado o tema do sexo, concretamente a afección por persoa do mesmo sexo. Remata sinalando que, malia o dito, esta obra "non nos ofrece nada novo" e considera que Sierra i Frabra semella escribir novelas seguindo unha plantilla cuxos resultados son semellantes, con idénticos tópicos, carentes de interese e cunha "estrutura, estilo e linguaxe" "ramplón e sinxeloide". Heitor Mera opina que se trata de produtos moi adecuados, pola súa carencia de dificultades, para os mozos carentes de hábito lector.

Sierra i Fabra, Jordi, *Soidades de Ana*, trad. Silvia Gaspar, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, marzo 2007, 180 pp. (ISBN: 978-84-8288-731-9).

O compromiso de Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1947) coa realidade dun mundo inzado de problemas orixinou a creación desta obra, na que se insire nuns dos riscos que poden correr as adolescentes: un embarazo non desexado e un aborto mal practicado. A través dunha óptica e linguaxe moi propias desas idades, un narrador omnisciente relata a historia de Ana, tomando como eixe vertebral a súa irmá Vitoria que, tras recibir unha terríbel noticia, se traslada á casa dende Inglaterra, onde estaba a estudar. A modo de diario, ao longo da semana que permanece en España, nárrase como Vitoria non só se ten que enfrontará á morte da irmá, senón que tamén á abafante situación familiar e á súa relación suspensa con Jairo. O seu espírito rebelde e inconformista lévaa a inserirse no mundo da súa irmá para reconstruír os seus últimos días de vida e descubrir os motivos da súa morte, polo que se pon en contacto cos seus amigos máis próximos. Así, descobre como a súa irmá, namorada e abandonada por un mozo, se queda embarazada, logo de nunha farmacia negárenlles preservativos e nun hospital non lle querer dar a píldora do día despois, e como un amigo lle axuda economicamente para poder abortar. Todo isto faina reflexionar sobre a dura soidade na que viviu a súa irmá, que non puido acudir aos pais pola súa actitude intolerante e hermética e morreu como consecuencia dunha hemorraxia, e a facela máis forte para enfrontarse a aqueles e decidir continuar cos seus estudos no estranxeiro, aínda que agora o fará acompañada de Jairo, quen tamén se dá conta da necesidade de buscar o seu propio camiño sen a presión familiar.

Recensións:

- Dorinda Castro Soliño, "Inquedanzas xuvenís", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 216, "Libros", 13 setembro 2007, p. IV.

Debulla o argumento de *Soidades de Ana*, na que, novamente, Jordi Sierra i Fabra consegue unha fórmula de éxito ao recrear na novela un dos principais problemas da xuventude actual: o dos embarazos non desexados. Considera que se trata dunha lectura recomendábel para os mozos, porque sentirán que nela se retratan moitas das súas inquedanzas, así como para os adultos, polo que ten de denuncia social e de reflexión sobre a nosa falta de diálogo cos máis novos.

Slegers, Liesbet, *Uxía axuda a súa nai* (*Kaatje helpt mama*, 2007) (ISBN: 978-84-

96772-61-8)/*Uxía no inverno* (*Kaatje in de winter*, 2007) (ISBN: 978-84-96772-62-5), ilust. da autora, trad. Ignacio Chao, Zaragoza: Editorial Luis Vives, col. Uxía, n^{os} 7, 8, [prelectorado], 2007, [26] pp.

Estas dúas novas entregas de Liesbet Slegers (Bélxica, 1975) elevan a oito os volumes da colección "Uxía", que ten como protagonista central unha nena do mesmo nome, que narra dende a súa óptica e voz a súa vida diaria e o seu espertar á vida. Así, no número 7, Uxía axúdalle á súa nai nas tarefas da casa, lava a bicicleta e aséase soa, véndose recompensada cuns zapatos novos polo seu bo comportamento; mentres que, no número 8, Uxía refírese ao frío do inverno, a como ten que vestirse para saír a rúa, ao estado das árbores, aos paxariños, á neve ou ao quente que se está na casa. Estes volumes, coidados no seu acabado, como demostran a calidade do papel, as tapas duras ou as gardas decoradas en cada conto con distintos elementos significativos, están ilustrados pola autora do texto quen ofrece unha composición centrada na figura da nena protagonista. As ilustracións de tipo figurativo, pero cun estilo infantil nas formas dos personaxes, presentan cores, moi saturadas, que están aplicadas con pintura espesa sen rematar de mesturar. As formas están delimitadas por unha liña grosa de pintura negra e recheas de forma imprecisa con pintura de cores. As páxinas pares están cubertas por un recadro de pintura sen mesturar, que contén o texto do conto cunha cor distinta para cada páxina.

Umansky, Kaye, *Fedorenta e a vinganza dos trasnos* (*Pongwiffy and the goblins revenge*, 1991), versión de Paula Pintos Ureta, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, 2007, 101 pp. (ISBN: 978-84-935062-9-2).

Nova entrega de Kaye Umansky que ten como protagonista central a meiga Fedorenta, que, nesta ocasión, vén de inventar un muro máxico para gardar todo o lixo do seu vertedoiro. A indispoñibilidade da súa vasoira Pau obriga a Fedorenta a solicitarlle á meiga Serpequenlla que a leve na súa vasoira ao aquelarre no Outeiro Rochoso, onde se van tratar os preparativos da festa de San Xoán, para o que Fedorenta quere organizar un concurso de disfraces. Xa no encontro das meigas, chega Pau, que fora secuestrada polos trasnos e tenta avisar da súa intención de secuestrar todas as vasoiras. En canto tentan descifrar a mensaxe de emerxencia de Pau, algo terríbel está a acontecer: o xenio Alí Palí, a quen a indiscreta Fedorenta lle revelara o segredo de construción do seu Muro do Cheirume, consegue destruílo e facer un gran negocio con todo o lixo alí almacenado. Por último, os trasnos non son capaces de roubar as vasoiras pola súa torpeza e escasa habilidade e Fedorenta consegue atrapar o xenio, a quen consegue introducir nunha botella e pór ao seu servizo. A festa de San Xoán está a piques de comezar e, pese a que a pena é moita por non ter material para facer unha gran fogueira, todas as ilusións están postas no concurso de disfraces, ao que Fedorenta e Serpequenlla irán disfrazadas de personaxes de contos, e do que se dá conta dos seus gañadores, do seu xurado e doutros detalles nun "Epílogo" final

Ungerer, Tomi, *Ningún bico para mamá* (*Kein Kuβ für Munter*, 1974), ilust. do autor, trad. Patricia Buján Otero, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 35, serie amarela, a partir de 6 anos, abril 2007, 64 pp. (ISBN: 978-84-9782-579-5).

A través dun narrador omnisciente, Tomi Ungerer (Estrasburgo, Francia 1931)

preséntanos a historia dunha familia de gatos, na que o fillo Toni, o gato máis fedello da aula, non quere que a súa nai lle mostre ningún tipo de agarimos, especialmente, bicos, pois é o gato máis fedello da súa clase, a quen máis lle gustan as bromas pesadas e quen nunca rexeita unha liorta. Mais un día será Toni quen lle mostre o seu afecto á súa nai Angora, o que lle provoca a esta unha gran ledicia. Este relato, que é un excelente pretexto para tratar as relacións entre materno-filiais, está adobiado por un monllo de ilustracións nas que predominan as escalas dos grises. Pecha o volume un apartado, no que se ofrecen diversa información sobre a vida e obra deste autor francés convertido en granxeiro.

Recensións:

- Paula Fernández, "Exercicio dinámico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 220, "Infantil/Xuvenil", 11 outubro 2007, p. VII.

Alude á prometedora carreira literaria de Tomi Ungerer, que abandonou para centrarse no seu traballo nunha granxa de Irlanda. Comenta que *Ningún bico para mamá* foi traducida ao galego por Patricia Buján Otero, nunha tradución "interesantísima sobre todo polas solucións idiomáticas escollidas que dotan ao texto dunha naturalidade, dozura e proximidade moi agradables". Resume o argumento e sinala que lle gustará aos lectores grazas ao predominio da acción, que axiliza o narrado e converte a lectura nun exercicio dinámico, grazas aos lazos solidarios que se crearán entre os lectores e Toni e, sobre todo, grazas a episodios que provocarán máis ca sorrisos nos pequenos.

Vardenburg, Darja, *As aventuras de Uliana Karaváeva*, trad. Perfecto Andrade e Elena Van Povedskaia, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Xuvenil, n.º 54, dos 12 anos en diante, 2007, 206 pp. (ISBN: 978-84-7824-534-5). ■

Novela fantástica de Darja Vardenburg, dividida en dezasete capítulos titulados, na que se lle presenta ao lectorado agardado as aventuras protagonizadas por unha rapaza, Uliana Karavaéva, que decide saír na busca de seu pai, o inventor Karaváev, logo de saber que este desapareceu despois da explosión na mina Espiñosa. Así, coñécense todos os contratempos vividos pola moza e as relacións que estabelece cos diferentes personaxes que aparecen ao longo da historia, así como os lugares que Uliana vai visitando, até que regresa á súa cidade en compañía de seu pai. Ademais do limiar, que pon ao lectorado agardado en antecedentes, a novela presenta tamén un "Epílogo" e un "Ultílogo" nos que o autor segue o xogo ficcional estabelecido co lectorado agardado. O volume, que non acolle ilustracións no interior, presenta na cuberta a figura, realizada ao estilo da banda deseñada, dunha rapaza nova, a protagonista, cun paxaro no ombreiro.

VV.AA, *A Casa das Fadas*, ilust. Peter Stevenson, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, [prelectorado], 2007, (ISBN: 978-84-96526-97-6).

Estoxo que contén un conxunto de oito contos clásicos infantís moi coñecidos polo lectorado infantil, como o testemuñan os seus títulos: *O Gato con Botas*, no que se relata como un gato converte un pobre rapaz no Marqués de Carabás e este consegue

casar coa filla do rei; *Riciños de Ouro*, no que unha nena maleducada, despois de marchar da casa sen permiso e encontrarse cuns osos, decide non desobedecer máis; *O Zapateiro e os Trasnos*, no que un zapateiro e a súa muller, grazas á axuda duns trasnos, conseguen facerse ricos; *A Galleta de Xenxibre*, no que unha galleta, despois de alardear de que ninguén a collía, acaba sendo papada por un raposo; *Hansel e Gretel*, no que uns irmáns son abandonados polo pai e conseguen grandes riquezas logo de enganar unha bruxa; *Jack e os Feixóns Máxicos*, no que un rapaz, a través duns feixóns, logra sacar da pobreza á familia; *Aladino*, no que un rapaz logra que os seus desexos sexan realidade grazas a unha lámpada; e *A Carapuchiña Vermella*, no que unha rapaza e a súa avoa logran salvarse das gadoupas do lobo. Uns contos que son relatados por un narrador omnisciente e que son protagonizados por uns ratiños, así como ilustrados por Peter Stevenson, radicando a súa orixinalidade en que son presentados nun estoxo acuñado en forma de casa con buracos que deixan ver parte do interior. Está concibido como un contedor de pequenos contos que, na ilustración grande do interior, están introducidos nuns balcóns dende onde se amosan os seus principais protagonistas representando unha función. O xogo teatral vén remarcado por un elemento visual que se repite en todas as páxinas: un pano vermello que da paso ás diferentes escenas. As cores son alegres e variadas e a figuración ten un marcado carácter infantil con expresións agradábeis.

VV.AA, *O Castelo da Princesa*, ilust. Peter Stevenson, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, [prelectorado], 2007, (ISBN: 978-84-96526-28-0).

Estoxo con oito contos clásicos infantís, que teñen como protagonista principal unha princesa e que son representados por un grupo de ratiños actores. Unha voz narrativa en terceira persoa relata a historia de *Cincenta*, unha rapaza maltratada pola súa madrasta e as súas medio irmás e que, grazas á súa Fada Madriña, consegue facer realidade os seus soños; *A Bela e a Besta*, na que a besta leva a vivir ao seu castelo a unha moza como pago dun roubo e se namora dela; *A Princesa e o chícharo*, na que un príncipe, que buscaba unha princesa para casar, fai durmir unha moza nunha cama con vinte colchóns postos sobre un chícharo para verificar a súa condición de princesa; *Rapunzel*, que é tomada por unha bruxa como moeda de pago e é pechada nunha torre pola súa beleza cando se fai moza; *Polgarciña*, que é tan pequena que pode durmir nunha noz e que casa varias veces até atopar o seu verdadeiro amor; *A Bela Dormente*, que por un feitizo queda durmida durante cen anos, até que un príncipe o rompe; *Brancaneves*, que sofre as maldades da súa madrasta até que é salvada por un príncipe; e *As doce princesas bailarinas*, no que un rei lle encarga a un soldado que descubra o misterio polo que as súas doce fillas desgastan as zapatillas polas noites. Todos estes contos son ilustrados por Peter Stevenson e inclúense nun estoxo acuñado formando un castelo con ventás alongadas, que deixan ver parte da ilustración interior e recollen escenas teatrais. Ao abrir a tapa encóntrase unha ilustración que simula un patio dun castelo con balcóns, que conteñen os pequenos contos que reproducen nas súas portadas as súas respectivas princesas, que están representadas por pequenas ratiñas nun xogo teatral que se acentúa con elementos visuais tales como o pano vermello que aparece en todas as páxinas dos pequenos contos. O estilo ten carácter infantil grazas ás cores alegres e variadas e ás expresións amábeis das protagonistas.

VV.AA., *Premio 2006 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Universidade de Vigo/Edicións Xerais de Galicia, [mocidade], maio 2007, 144 pp.

(ISBN: 978-84-9782-573-3). ■

Volume que recolle os relatos e poemas gañadores da convocatoria do ano 2006 deste Premio convocado pola Universidade de Vigo. No apartado de tradución, o primeiro accésit recaeu no relato "Scordatura", de Mª Isabel Arjones Porto, que parte da obra homónima de Mark Ray Lewis, na que se trata a historia dun mozo homosexual que, despois de ser rexeitado polo pai, regresa á casa e toca o órgano na igrexa do seu proxenitor.

Zubizarreta, Patxi, *Furia* (*Furia,* 2007), ilust. Elena Odriozola, A Coruña: Baía Edicións, col. Mar de Letras, n.º 3, [lectorado autónomo], marzo 2007, 61 pp. (ISBN: 978-84-96526-85-3).

Neste conto de Patxi Zubizarreta (Guipuzkoa, 1964), un narrador omnisciente debulla a historia de Carlos, un neno obsesionado coa televisión. A súa nai comeza a preocuparse cando sorprende unha mañá a Carlos vendo a televisión moi cedo e a situación empeora ante a negativa do neno de saír da casa, pese ás propostas presentadas polos pais. Un día pola mañá, ao erguerse e prender a televisión, esta non funciona porque non hai luz e os pais deciden ir montar a cabalo, pois seu pai era xinete e corría no Grand National. A través desta experiencia, Carlos dáse conta de que isto é o que realmente lle gusta, incrementándose a súa alegría cando o pai lle regala un cabalo. Elena Odriozola (San Sebastián, 1967) ilustra este volume cuns debuxos que complementan a narración textual e que se caracterizan por presentar os corpos dun gran tamaño en contraste cuns pés moi pequenos. Así mesmo, por veces, os debuxos están cortados pola metade ou só se lles ve unha parte, combinando cores frías e cálidas.

Recensións:

- María Navarro, "Devir cotián", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 215, "Infantil/Xuvenil", 12 xullo 2007, p. VII.

Despois de comentar que a vida cotiá está a miúdo presente nas obras dirixidas aos máis novos e que "a través de cuestionados comportamentos infantís se agochan eivas dos adultos", María Navarro céntrase en *Furia*, de Patxi Zubizarreta, obra da que destaca que a súa lectura contempla a posibilidade de dúas interpretacións diferentes. A articulista dá conta do argumento da historia e cuestiona ao posíbel lector do artigo sobre a distancia existente entre a acción presentada no texto e a realidade. Finalmente, ofrece as características positivas do texto e valora a obra como "realmente interesante".

VII.2. POESÍA

VII.2.1. POETAS GALEGOS

Ameixeiro, Daniel, *Piratas, bruxas e outros amigos*, ilust. Federico Fernández, Vigo: Galaxia, col. Árbore, n.º 152, a partir de 8 anos, xullo 2007, 79 pp. (ISBN: 978-84-7154-108-6).

Conxunto de vinte e catro poemas de Daniel Ameixeiro (O Grove, 1962) que se centran, especialmente, en personaxes propios dos contos infantís procedentes tanto do mundo real coma do fantástico. Así, cada un dos textos articúlase ao redor dun pirata, unha bruxa, un rei, unha princesa, un trasno ou un dragón, unha veciñanza na que tamén se integra o narrador dos sucedidos, que, en ocasións, refire en primeira persoa as súas relacións con esta particular comunidade. Todos eles son presentados como autores dunha serie de accións un tanto disparatadas e cómicas, que estimulan a imaxinación do público máis novo ao tentar darlle corpo a imaxes descritas como as seguintes: "O rei Cucufato / ten un xersei descosido / e leva na man un zapato" ou "A princesa Vero, co paraugas aberto, foi comprar xurelos". Todas estas historias son recreadas a partir de textos poéticos de extensión irregular e de rima libre, nos que se poñen en práctica recursos narrativos e outros xa característicos da poesía infantil como é o caso dos recursos fónicos, o ritmo, a repetición ou o xogo de palabras, procurándose sempre axilidade na lingua e un estilo informal. As imaxes de Federico Fernández (Vigo, 1972) acompañan cada poema e son reflexo das súas disparatadas e divertidas historias, así como se definen por ofreceren unhas formas estilizadas, sen pretensións volumétricas e con escasa referencias espaciais. Péchase o volume cunha fotografía e unha serie de datos sobre a vida e a obra do escritor grovense.

Babarro González, Xoán, *Mouchiño Mou*, ilust. David Soler, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [prelectorado], 2007, [34] pp. (ISBN: 978-84-9865-012-9)

Poemario narrativo de Xoán Babarro González (Calvelo de Maceda, Ourense,1947) no que se conta cómo foi o nacemento de Mou unha noite no medio do río e cómo o pequeno moucho "cuberto con leve penuxe" pasou frío até que os pais axiña o foron arroupar. Descóbrese cómo vai transcorrendo a súa vida: dorme de día e cada día come máis; médralle a plumaxe; aprende a voar, xoga coa súa imaxe reflectida na auga; enfróntase a perigos como a luz do día; comeza á escola, onde canta, debuxa, fai deberes, etc. O texto acompáñase das ilustracións de David Soler nas que o ilustrador emprega a pintura, aplicada con bastante textura matérica na que se advirten as pinceladas espesas. Trátase de imaxes nas que predominan as cores escuras e que desenvolven aspectos que no texto non aparecen e que axudan a contextualizar as escenas nun bosque, describindo as árbores como as casas e as escolas dos mouchos, facendo un xogo de imaxinación que fai amábel e máis comprensiva a lectura para os máis pequenos. A imaxe da cuberta complétase coa da contracapa e ensina a quen as observa ao pequeno moucho. Nas gardas hai un xogo de narrativa visual á marxe do texto interior.

Babarro, Xoán, *Mouchiño Mou*, ilust. David Soler, Madrid/Vigo: Diario El

País/Galaxia, col. No País dos Contos, n.º 14, [lectorado autónomo], 2007, [34] pp. (ISBN El País: 84-9815-796-X/ ISBN Galaxia: 987-84-8288-993-1)

Poemario narrativo de Xoán Babarro González (Calvelo de Maceda, Ourense,1947) no que se conta cómo foi o nacemento de Mou unha noite no medio do río e cómo o pequeno moucho "cuberto con leve penuxe" pasou frío até que os pais axiña o foron arroupar. Descóbrese cómo vai transcorrendo a súa vida: dorme de día e cada día come máis; médralle a plumaxe; aprende a voar, xoga coa súa imaxe reflectida na auga; enfróntase a perigos como a luz do día; comeza á escola, onde canta, debuxa, fai deberes, etc. O texto acompáñase das ilustracións de David Soler nas que o ilustrador emprega a pintura, aplicada con bastante textura matérica na que se advirten as pinceladas espesas. Trátase de imaxes nas que predominan as cores escuras e que desenvolven aspectos que no texto non aparecen e que axudan a contextualizar as escenas nun bosque, describindo as árbores como as casas e as escolas dos mouchos, facendo un xogo de imaxinación que fai amábel e máis comprensiva a lectura para os máis pequenos. A imaxe da cuberta complétase coa da contracapa e ensina a quen as observa ao pequeno moucho. Nas gardas hai un xogo de narrativa visual á marxe do texto interior.

Babarro, Xoán, *Reino verde*, ilust. Xulia Barros, Barcelona: Planeta&Oxford, col. Camaleón, n.º 21, serie laranxa, a partir de 8 anos, marzo 2007, 57 pp. (ISBN: 978-84-9811-102-6).

Poemario de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947), que se abre cunha breve composición de carácter popular e no que está moi presente a fantasía. Nel acóllense trinta e seis textos poéticos, que están moi próximos ao folckore e á transmisión oral galega, centrados en animais como a vaca, as abellas, o escaravello, o grilo, as formigas, o tabán, o caracol, a ra, o galo e a galiña, o moucho, a raposa e a bubela, entre outros. Péchase o volume cun texto do propio Babarro no que explica como é o seu Reino Verde e convida ao lectorado agardado a que tamén sexa del, así como cun texto no que se dá conta de quen é a autora das ilustracións que acompañan os diferentes textos. As ilustracións figurativas de Xulia Barros (Lamas de Zamora, Arxentina, 1968) amosan os animais con características humanas. Na cuberta as imaxes son a toda cor e no interior os debuxos, cuxas formas están traballadas cunha liña fina de tinta, están feitos con tintas verdes.

Recensións:

- Paula Fernández, "Desde o reino verde", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 217, "Infantil/Xuvenil", 20 setembro 2007, p. VII.

Achégase ao poemario de Xoán Babarro, *Reino verde*, que destaca polo amor e respecto que proxecta sobre o medio e os animais. Alude á súa temática e comenta que en cada un dos seus poemas salienta unha introdución feita a partir dunha glosa popular, empregada para comezar a tratar algún trazos que despois se desenvolverá máis polo miúdo, nun exercicio que evoca os *Cantares galegos*, de Rosalía de Castro. Sinala que os poemas se articulan sobre todo en versos curtos e que é constante o emprego da rima, que dota os versos dun ritmo moi característico e próximo ao ternario típico das

composicións populares galegas. Así mesmo, destaca a recorrencia aos recursos relacionados co sentido da vista, a unha plasticidade baseada case exclusivamente no emprego de efectistas imaxes, moitas delas con finalidade humorística.

Caride, Ramón, *Un coelliño na beiramar*, ilust. Patricia Castelao, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é Vivir, a partir de 5 anos, 2007, [45] pp. (ISBN: 978-84-403-0533-6).

Conto rimado de Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) cuxo tema principal é o coñecemento e o respecto ao mar, á ecoloxía e ao medio ambiente. Un narrador en terceira persoa cóntanos as peripecias de Pimpín, un coello aventureiro e valente que un día decide abandonar a súa casa da montaña e viaxar á costa para coñecer o mar. Unha vez que chega á beiramar, descubre todo un novo mundo: as garzas, as nécoras, as ameixas, os longueiróns, os congros, os golfiños, as pescadas ou as xardas e até os mariscadores. As ilustracións de Patricia Castelao (A Estrada, Pontevedra, 1974) dan conta visualmente dalgún aspecto da vida no mar. Polo xeral, as imaxes e os personaxes (agás o coelliño, que adopta actitudes humanas) son de estilo realista e as formas teñen os contornos esvaecidos, predominando as liñas curvas e as gamas cromáticas frías. As ilustracións ocupan a dobre páxina con escenas que desenvolven con moita información o pequeno texto que aparece nun recadro.

Cuba, Xoán R., *Remoldiño vai á feira*, ilust. Óscar Villán, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [prelectorado], 2007, [32] pp. (ISBN: 978-84-9782-563-49).

Conto rimado, de Xoán R. Cuba (Lugo, 1958), no que se relata como foi a visita do caracol Remoldiño, por vez primeira, á feira de Monterroso. Coñécese como para viaxar até Monterroso, onde o agarda o seu amigo, o caracol Rolando, Remoldiño sobe á bota dun tratante de montaña. Xa na feira Rolando e Remoldiño toman café, van ao ferreiro, escoitan como un cego toca o violín, ven o gando, mercan castañas, sementes, chourizos, touciño… Mentres beben viño e comen churrasco, encontran con Manuel de Candelas, amigo de Rolando e veciño do protagonista, que leva para a casa en coche a Remoldiño, aínda que de camiño paran na casa de Xan Cuba para ver se os convida a cear. Óscar Villán (Valladolid, 1972) é o ilustrador deste álbum que presenta unha encadernación en tapas brandas acolchadas. No interior pódese atopar unha narración principalmente visual, pois o texto limítase a unhas liñas que funcionan como apoio ás imaxes. Villán emprega unha técnica pola que rodea as figuras cunha liña fina e rechea os planos con cores frías e neutras sen intencións volumétricas. Nesta obra as ilustracións acompañan ao texto escrito en verso que varía a cor da tipografía (branca e negra) segundo o fondo. As imaxes ocupan dúas páxinas e os personaxes son grandes e desproporcionados.

Recensións:

- Noela Muíños, "Xoán R. Cuba. *Remoldiño vai á feira*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 6 a 9 anos", primavera 2007, p. 72.

Achega o argumento deste texto rimado de Xoán R. Cuba, do que considera que a súa lectura se "ralentiza até rozar o aburrimento. Pola contra, comenta que o traballo do ilustrador, Óscar Villán, supera "con creces as reducidas metas establecidas polo texto".

- Paula Fernández, "Sensación verosímil", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 228, "Infantil/Xuvenil", 6 decembro 2007, p. VII */La Opinión*, "*Saberes*", n.º 166, 22 decembro 2007, p. 11.

Resume o argumento de *Remoldiño vai á feira*, na que Xoán R. Cuba recupera o personaxe d'*O caracol Remoldiño*, que lle valera o premio Lecturas Gálix 2005. Sinala que se trata dunha historia sinxela, pero elaborada, narrada dende composicións poéticas de catro versos con rima, que presentan un ritmo de acorde coas accións recreadas. Tamén apunta que o texto se acompaña das ilustracións de Óscar Villán, onde acadan especial protagonismo as formas esaxeradas e desproporcionadas e que obvian as cores rechamantes, destacando o comportamento natural dos personaxes e a sensación de verosimilitude conseguida ao crear unha serie de relacións que amosan a perfecta harmonía entre animais e persoas. Por último faise referencia á recompilación de historias orais e anónimas que fai o autor na colección "Cabalo Buligán" de Edicións Xerais.

Referencias varias:

- S. J., "Manuel Lourenzo fai unha versión teatral dun libro de Xoán Cuba", *El Progreso*, "Cultura", 19 decembro 2007, p.86.

Anúnciase a versión teatral do libro *Remoldiño vai á feira*, de Xoán Cuba, a cargo do dramaturgo Manuel Lourenzo dentro dos proxectos do centro Casa Hamlet na Coruña. Dise que a obra será interpretada por Chus Álvarez e Xabier Camilo baixo a dirección de Paulo Serantes. Tamén se fala do espectáculo de ilusionismo cuns "efectos coloridos e fantásticos" do Mago Cali baseado no libro *Amancio Amigo e o mago de Salamanca*, de Xosé Miranda.

Fernández, Ana María, *Poemas que me cantou o grilo*, ilust. Fausto Isorna, Vigo: Tambre, col. Ala Delta, n.º 17, serie azul, a partir de 8 anos, 2007, 86 pp. (ISBN: 84-96772-56-4).

Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) céntrase neste poemario no reino animal, pois a voz poética atende diversas cuestións relativas á súa vida cotiá dende o agarimo e a dozura nos seus trinta e catro textos. Concretamente, ábrese cun dedicado ao grilo, que se achega ao seu faiado e a fai durmir "no arrolar da súa fala", que lle dá paso a outros polos que desfilan animais pertencentes tanto ao medio terrestre coma acuático, caso do saltón, o cabalo, as ovellas, a bolboreta, a xirafa, o rodaballo ou o cabaliño de mar. Todos se presenta no seu hábitat e descríbesenos como medran e cantan, saltan e corren ou voan e soñan, a través duns textos áxiles nos que priman o ritmo, as combinacións fónicas, o paralelismo, as enumeracións, unha coidada escolla léxica e outros recursos moi do gusto do lectorado infantil. A modo de peche, o último poema, "Centos de animais...", é un canto a todos os animais do mundo e detense na súa fisionomía e nos seus diferentes hábitats, aclamando o seu valor e respecto: "Eles son a Vida, / o mundo que temos; / hai que respectalos... / Ben llelo debemos". Fausto Isorna

(Catoira, 1961) presenta na cuberta do volume a única imaxe que ten cor e que representa a un grilo, reforzando visualmente a referencia que, no título, se fai a este animal. Só están ilustrados algúns poemas e a técnica empregada superpón anacos de papel recortados, rachados, pintados ou impresos, configurando imaxes moi simples que están centradas nas figuras dos animais que dan nome aos poemas.

García Teixeiro, Antonio, *Á sombra do lueiro de papel*, ilust. Manolo Uhía, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é Vivir, a partir de 8 anos, 2007, [70] pp. (ISBN: 978-84-403-0919-8).

Despois de dedicarlles este poemario "A María del Carmen, miña nai, e á miña tía Pilar, que viven máis alá da Lúa", Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) presenta un monllo de máis de trinta poemas que teñen como núcleo central a lúa e algúns dos cales están encabezados por versos de Rafael Alberti, Wallace Stevens, Luís Amado Carballo ou Ramón Gómez de la Serna, á quen lle dedica tamén, xunto a Gonzalo Moure, algúns versos. A voz poética inaugura o volume cun chamamento xeneralizado, para que todos veñan "pintar lúas / de todas as formas e cores / á sombra / deste Lueiro de papel", que lles abre camiño aos restantes poemas, nos que se representan á lúa nena ou velliña, á lúa facendo diversas tarefas, á lúa solidaria, á lúa en conversa, á lúa cómplice, á lúa nas súas diferentes cores e formas... Todo isto articúlase a través de poemas de extensión irregular e estrofas, maioritariamente, de catro versos, aínda que tamén se xoga coa colocación da palabra no poema. Destacan o ritmo e a sonoridade sensorial e harmónica que flúen dos versos resultado dunha escolla escrupulosa das palabras e o emprego de recursos moi frecuentes na poesía para nenos, como é o caso do paralelismo, as repeticións, as acumulacións ou o xogo de palabras. Así mesmo, o lector tamén pode ser copartícipe deste poemario, pois na parte final ofréceselle a oportunidade de ilustrar uns poemas ou de elaborar outros a partir dunha serie de indicacións. Trátase, pois, dunha proposta moi atractiva para achegarlle a poesía aos máis novos, que se enriquece coas ilustracións figurativas de Manuel Uhía (Vigo, 1944), que son a dobre páxina e acompañan cun estilo poético ás principais evocacións dos poemas. O deseño das formas apóiase nas liñas curvas e vai construíndo escenarios de suave dinamismo. As cores son principalmente frías e axudan a recrear escenarios nocturnos nos que case sempre está presente a lúa.

García Teixeiro, Antonio, *Honorato, o rato namorado*, ilust. Manolo Uhía, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 172, serie azul, de 7 anos en diante, marzo 2007, 54 pp. (ISBN: 978-84-9782-574-0).

Neste conto rimado de Antonio García Teijeiro (Vigo,1952), o protagonista central é o rato Honorato, un grande admirador dun poeta chamado Frederick, do que trata de seguir exemplo escribindo poemas á Lúa da que está namorado. Honorato vivía na rúa metido nun calcetín e compoñía os seus poemas nunha vella biblioteca abandonada á que entraba por un buraco. Recitaba os seus poemas á Lúa e incluso llos mandaba a través dunha pomba, aínda que a Lúa nunca lle prestaba atención, até que un día gritou tanto que esta puxo a atención naquel pequeno rato e, tras acabar o seu recital, fixo un xesto como de botar unha gargallada. Entón Honorato renegou do seu amor pola Lúa e, despois dun tempo incerto, desapareceu. Outro rato poeta é o que nos conta a historia e nos explica que irá á biblioteca, cando comecen as obras de restauración, para ver se

atopa algún rastro de Honorato. Así mesmo, comenta que el tamén está namorado da lúa pero que, a pesar de que non pareza facerlle caso, nunca deixará de escribirlle. As ilustracións figurativas de Manuel Uhía (Vigo,1944) presentan o protagonista deseñado con actitudes humanas, con roupa e sabendo escribir. As composicións son de páxina enteira ou, ás veces, de dobre páxina. Hai predominio da liña curva nas formas dos personaxes e nos fondos das imaxes, neste último caso de xeito decorativo. A técnica que utiliza é o lapis de cores con tonalidades escuras e frías sobre fondos lisos con matices degradados que serven para simular volume.

Recensións:

- María Navarro, "O rato e mais a Lúa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 218, "Infantil/Xuvenil", 27 setembro 2007, p. VII.

Comenta o volume escrito por Antonio García Teijeiro e ilustrado por Manolo Uhía, *Honorato, o rato namorado*, que presenta unha fermosa historia de amor entre un rato e a Lúa "impregnada dun lirismo tal que poderiamos cualificala de prosa lírica ou poesía novelada", posto que "a lectura pasa por unha asociación de palabras do máis tenro, por unha repetición de termos do máis sonora, por un ritmo do máis harmónico". Tamén sinala que a narración é quen de introducir o lector nun universo de ricas sensacións, no que se poñen a proba os sentidos e se esperta a sensibilidade necesaria para convivir en harmonía. Por último, considera que este volume pode ser un bo manual para que os nenos analicen experiencias ou sentimentos e tiren conclusións que poderían chegar a ser positivas.

García Teixeiro, Antonio, *Petando nas portas de Dylan*, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 147, a partir de 12 anos, 2007, 72 pp. (ISBN: 978-84-7154-012-6).

Ábrese o poemario cunhas dedicatorias persoais de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) e coa reprodución duns textos de Bob Dylan, do que o escritor vigués sempre se confesou un gran seguidor e ao que parece render unha homenaxe con estas composicións, pois, nas derradeiras páxinas deste volume, afirma que "Todo o poemario foi escrito flotando no aire a voz e a música de Bob Dylan dun xeito persistente". Así, dende o seu propio título até os títulos dos diferentes poemas, teñen como referencia a música e poesía de Dylan, que é, en suma, a que inspirou ou provocou os trinta e cinco textos aquí recollidos. Trátase duns textos nos que a voz poética se refire ao asubío do vento, ao brúo do mar, ao amor, á explotación infantil, aos conflitos bélicos, etc., case sempre dende a tristeza e a angustia, pero sen deixar de reclamar un futuro mellor. A composición das estrofas é variábel e son confeccionadas a partir do paralelismo, a repetición e a procura da palabra máis axeitada, conseguindo que cada poema non só desprenda sonoridade e harmonía, senón que tamén esperte os sentidos e provoque a reflexión sobre os feitos versados. Péchase o volume cunha indicación dos discos dos que proceden as cancións que inspiraron estes poemas, cun índice e unha ficha biobibliográfica sobre o poeta vigués. A cuberta deste volume presenta unha imaxe dunha porta aberta simulando estar feita con madeiras de distintas cores coa técnica da marquetería. O interior está adobiado cunhas imaxes figurativas, sinxelas e evocadoras, de Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953), que xogan con dúas

tintas (azul e negra), con manchas e trazos sutís, sendo as súas formas, por veces, naturais e outras, altamente simbólicas.

Recensións:

- Noela Muíños, "Antonio García Teijeiro. *Petando nas portas de Dylan*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 12 a 14 anos", primavera 2007, p. 77.

Felicita a Antonio García Teijeiro por apostar pola poesía, xa que isto supón atopar maiores dificultades para publicar, circunstancia que non afecta a este autor, e un menor número de lectores. Considera que non todo son luces en *Petando nas portas de Dylan*, que xoga coas letras de Bob Dylan para ofrecer novas lecturas dos seus temas. Sinala que, se ben a proposta é interesante na súa concepción xeral, o resultado decepciona un pouco, "porque novamente atopamos a voz átona dun poeta que, sen defraudar, non deixa de semellar, nas súas últimas entregas literarias, un eco de si mesmo". Salienta a súa edición, que se ve enriquecida polas "suxestivas e sorprendentes" ilustracións de Xosé Cobas, un dos ilustradores do panorama galego "mellor dotado para traducir á ilustración a sutil mensaxe da poesía".

Referencias varias:

- M. V., "Antonio García Teijeiro. A poesía necesita mediadores que a contaxien", *A Nosa Terra*, n.º 1.267, "Cultura", 10-16 maio 2007, p. 29.

Entrevista a Antonio García Teijeiro na que evoca a súa relación con personaxes como Dámaso Alonso, a muller de Celso Emilio Ferreiro ou Rafael Alberti, así como con Carlos Casares, quen o chamou para botar a andar a colección xuvenil "Árbore". Fala do seu labor como divulgador da poesía e a súa experiencia en bibliotecas, colexios, etc., onde considera que o labor divulgador é fundamental, pois a "poesía pode cambiar ás persoas". Sobre os seus gustos musicais e as influencias que recibiu destaca os Beatles, Bob Dylan ou Paco Ibáñez, quen lle descubriu a poetas como Federico García Lorca e que fixeron mudar a súa visión da vida. Fala do autocoñecemento a través da poesía, da descuberta doutras formas de ver a vida, da reflexión para superar contradicións e retos persoais e das súas próximas intervencións en encontros poéticos. Refírese tamén á saída do prelo do volume *Petando nas portas de Dylan*, que cualifica como de poemas de estilos moi distintos, e a anuncia a publicación de *Arredor do teu corpo*, d'*A sombra do lueiro de papel* e *Presenzas marcadas*. Remata coa súa impresión sobre a literatura galega, da que considera que está medrando en temas e estilos, pero parécelle que sería necesaria unha reflexión sobre o que se debe escribir. Manifesta o seu gusto pola poesía de Manuel Álvarez Torneiro e di que volve sempre á xeración do 27, a Rosalía de Castro e Álvaro Cunqueiro.

Loureiro, Ramón, *A saga de San Ferreol*, ilust. Francisco Pérez Porto, Cesuras: Biblos clube de lectores, [lectorado autónomo], 2007, 37 pp. (ISBN: 978-84-935609-1-1). ■

Poemario narrativo de Ramón Loureiro (Fene, 1965) no que se reproduce "A canción de San Ferreol", realizada por José Manuel Couce Fraguela e inspirada na saga homónima. Nesta historia relátase, a través do verso rimado, a chegada de San Ferreol nun barco

bretón co bispo Mailoc e o que fixo o Santo ao chegar a Galicia. Así mesmo, recrea a súa profecía para a Cidade das Luces (Ferrol), que anunciaba que se enchería de poetas, místicos, matemáticos, pintores e xentes da navegación, así como que os seus nenos terían o don de que con cada conto que se lles lera, antes de durmir, recrearían nos seus soños un moito mellor. Acompáñase o texto, situado nas páxinas pares, das ilustracións figurativas de Francisco Pérez Porto (Santiago de Barallobre, 1938), situadas nas páxinas impares. Trátase de imaxes realizadas valéndose do "guache", de cores moi coloristas e formas simples que están inspiradas nas manifestacións artísticas do mundo medieval (nas vidreiras, nos tímpanos das igrexas ou nas representacións dos códices miniados). A cor do papel do volume simula ser un pergamiño antigo e as gardas teñen a partitura coa canción.

Referencias varias:

- Rodri García, "O profeta que veu do mar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 209, "Letras en Galego", 5 maio 2007, p. 13.

Comeza lembrando lugares nos que aparece o nome San Ferreol, para logo deterse na obra de Ramón Loureiro, *A saga de San Ferreol*. Comenta que neste texto poético "resoa ese mundo máxico do que gustaba Cunqueiro e aparecen as sete sereas que cantan a presenza do santo bretón". Tamén se fala das ilustracións de Francisco Pérez Porto e se di que a coidada edición de Biblos se complementa coa partitura da canción de San Ferreol, de José Manuel Couce Fraguela, así como se cualifica de "moi emotiva" a última "dedicatoria do autor".

Neira, Xoán, *Farrapos de nube*, ilust. Ánxeles Ferrer, A Coruña: Baía Edicións, col. Xiz de Cor, n.º 12, [prelectorado], 2007, [32] pp. (ISBN: 978-84-96526-95-2).

Poemario de Xoán Neira López (Lugo, 1953) composto por catorce poemas titulados, nos que se pon de manifesto a importancia da natureza e dos valores humanos, utilizando unha linguaxe sinxela e directa, así como recursos estilísticos propios da poesía infantil e a imaxinación e a fantasía. Os títulos dos poemas son: "Raiolas", "O río", "O mar", "A chuvia", "A neve", "A néboa", "A natureza", "A praia" , "A praza", "Os farois", "Os globos", "Os cabalos", "O avó" e "A paz". Este volume que acolle as ilustracións figurativas en acuarela, de Ánxeles Ferrer (Valdeorras, 1957), presenta na cuberta unha imaxe que reforza visualmente o título. No interior as ilustracións son a dobre páxina deixando sempre a composición das imaxes un espazo despexado de formas onde se sitúa o texto do poema. As cores que predominan son de gama cálida e hai que subliñar o xogo cromático que se consegue co emprego de distintas cores para a tinta, coa que vai impreso o texto, sempre en harmonía coas cores da pintura. As ilustracións repiten en imaxes os temas que vai desenvolvendo cada poesía, de tal forma que a información visual resulta un eco dos textos.

Recensións:

- Emilio Xosé Ínsua, "Reivindicación do dereito a soñar", *A Nosa Terra*, n.º 1. 273, "Cultura", 21-27 xuño 2007, p. 28.

Comentario do poemario de Xosé Neira, *Farrapos de nube*, ilustrado por Ánxeles Ferrer cuns debuxos que se sinala que potencian o efecto e a beleza dos versos. Estabelécense paralelismos entre o título deste poemario e a letra dunha canción de Silvio Rodríguez e sinálase que en ambos os dous casos se reivindica a lexitimidade dos desexos puros nun mundo mercantilizado. A continuación, reprodúcese un parágrafo da recensión que o propio Neira escribiu do poemario *A figueira lingoreteira*, de Xosé Lois García, na que define a súa idea de que a literatura infantil ten que servir á fantasía e ao desexo de entendemento dos cativos, así como á necesidade dunha educación poética para eles. Caracterízase o poemario polo seu canto á beleza, á imaxinación, á fantasía e ao misterio, ademais de concibir o poema como un medio para ver o noso contorno con outros ollos e á vez aprender a coñecernos mellor. Descríbese polo miúdo a temática dos poemas, que xira principalmente arredor da natureza e o coñecemento do medio, ademais da estrutura formal, que presenta unha grande heteroxeneidade. Remátase salientando a calidade da poesía de Xosé Neira e o labor dun poeta adulto que está "empeñado dende hai algún tempo en coller da man 'aos que veñen con forza' (...) para inicialos na identificación cordial coa lingua, no amor pola poesía, no gosto polas rimas e na intuitiva percepción da beleza".

- M.S., "Farrapos de nube", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 232, "Letras en Galego", 13 outubro 2007, p. 11.

Comenta que Xoán Neira publicou *Farrapos de nube*, ilustrado por Ánxeles Ferrer. Sinala que se trata dun "pequeno tesouro", escrito en verso, "sinxelo", pero non "simple" e adaptado para a sensibilidade aberta dos nenos. Explica que nel hai poemas ao río, ao mar, á natureza, aos cabalos, aos avós ou á paz e que o volume se pecha co convite a entrar sen chamar na colección en que se publica, "Xiz de Cor", que xa fora inaugurada por Xoán Neira cun volume co mesmo título.

- Paula Fernández, "Variedade e sinxeleza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 222, "Infantil/Xuvenil", 25 outubro 2007, p. VII.

Indica que *Farrapos de nube*, de Xoán Neira e Ánxeles Ferrer, posúe unha forte unidade que lle é dada por un fío condutor que vén ser o espazo ou o ambiente. Sinala que os poemas se caracterizan pola sinxeleza na forma e polo xeito de desenvolver os contidos, aínda que non caen no "infantilismo idiotizante", senón que "supoñen exercicios de poesía madura marcados pola solidez temática e formal". A seguir, analiza formal e tematicamente esta colectánea poética, que recolle unha serie de composicións escollidas "para reflectir o que nos rodea, que tentan transmitir sentimentos positivos cara a todo o tratado, e que se valen dos recursos que proporciona a arte poética para embelecer un texto de clara intención estética mais non por iso baleiro de contido".

Villar Janeiro, Helena, *O souto do anano*, ilust. Marta Álvarez Miguéns, Santiago de Compostela: Alfaguara-Obradoiro, desde 5 anos, febreiro 2007, 55 pp. (ISBN: 978-84-8224-761-8).

Neste poemario de Helena Villar Janeiro (Becerreá, Lugo, 1940) recréase un escenario natural tecido por unha voz poética que, a partir de cada unha das súas composicións, vai presentando as plantas, árbores ou animais que habitan o souto do anano, até

deseñar un espazo idílico, no que conviven tanto seres e elementos reais con outros procedentes do imaxinario infantil ou dos contos tradicionais e clásicos. Así, a flor, o castiñeiro, o malvís, a curuxa, o vagalume, o río, o sol ou a lúa conviven coas fadas, o dragón, Pinocchio ou Carapuchiña, recreándose atraentes e divertidos ambientes que tamén mudan coa chegada da noite ou co transcorrer das estacións do ano. A arquitectura destas composicións aséntase nos modelos textuais de base popular ou folclórica e continúa, pola súa forma e contido, a liña definida como "poesía e xogo", xa que a palabra non só comunica a través do seu significado individual, senón que tamén o fai a partir das estruturas e artificios que consegue, a través da súa repetición, combinación, son ou espazo que ocupa. A maior parte dos poemas constrúese a partir dun número reducido de estrofas de métrica irregular, que alternan a rima asonante coa consoante, aínda que prima a total liberdade, no que a métrica e rima se refire. Esta actitude rebelde, con respecto aos modelos ríxidos, imprímelle unha maior naturalidade e frescura a este poemario no que reborda a fantasía e o "nonsense". As ilustracións de Marta Álvarez (Vilagarcía de Arousa, 1976), que seguen en imaxes os contidos dos poemas, axudan o lectorado agardado a imaxinar un anano, un dragón ou un paxaro cantando enriba dunha póla. O estilo figurativo empregado recrea actitudes humanas nos animais e salienta a recorrencia á pintura como técnica e ás cores cálidas e mesturadas.

Recensións:

- Paula Fernández, "Recursos populares", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 211, n.º 211, p. VII /*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 203, 23 xuño 2007, p. 7.

En primeiro lugar Paula Fernández explica as razóns polas que cualifica de "atemporal"o poemario *O souto do anano*, de Helena Villar Janeiro. A seguir, sinala os temas que abrangue o poemario e detense nas características das súas composicións (estrofas de non máis de catro versos, presenza de adiviñas, recursos literarios vinculados á percepción polos sentidos, presenza de seres tales como trasnos, fadas ou dragóns, símbolos xa da literatura infantil, etc.). Finalmente, sinálase que, malia non ter grandes pretensións no que á orixinalidade se refire, a lectura dos poemas resulta agradábel.

VV. AA., *Debuxo cos dedos liñas invisíbeis*, XXXIV Premios Literarios "Minerva" 2006, limiar de Lois Diéguez, Vigo: Galaxia/CEIP M. Peleteiro, 2007, 103 pp. (ISBN: 978-84-611-5140-0). ■

Lois Diéguez é o encargado de abrir este volume cun limiar no que alude á figura de Manuel María, de quen cita a súa produción literaria e comenta que foi profesor seu, ademais de salientar que foi o responsábel de descubrirlle a el e outros mozos a literatura galega na época franquista. Tamén se refire ao seu papel como pioneiro da literatura infantil e xuvenil galega e aos primeiros anos da convocatoria deste premio. Por outra parte, sinala que sen o galego non existiría a literatura galega e desexa transmitirlle ás novas xeracións aquela ilusión que os mozos do seu tempo tiveron, cando Manuel María os animou a enviar os seus primeiros versos a este premio. No relativo ao apartado de poesía, o primeiro premio recaeu en "Son ela", de Iria Gestoso Ríos, que presentou un conxunto de tres poemas nos que a voz poética se inmisce no

mundo feminino, no seu sexo e na propia vida. O segundo premio foi para "Cartas suspensivas", de Gabriela Abelenda Alonso, quen ofrece tres cartas entrelazadas pola temática amorosa, mentres que o terceiro foi para "Muller de lama", de Brais González Pérez, que asina uns poemas nos que se trata a guerra, o desamor ou o fracaso universitario. Polo que respecta aos accésits, o primeiro recaeu en "O bufón petrificado", de Darío Fernández Fernández, no que se abordan cuestións relacionadas coa natureza e a vida; o segundo, en "Tres poemas antropolóxicos", de Carlos Calvo Varela, nos que se afonda no nacemento e medranza, a morte e o amor; e o terceiro en "Crónicas dun laiar", de Lidia Montes Camiño, que ofrece uns poemas que discorren pola liña existencialista. Acompañan os textos as ilustracións esquemáticas e de estilo figurativo realizadas polo alumnado de Educación Plástica e Visual de cuarto da ESO do Colexio Manuel Peleteiro.

Recensións:

- Román Raña, "De premios", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 209, "Libros", 31 maio 2007, p. IV.

Sinala en primeiro lugar que os premios Minerva alcanzaron no ano 2006 a súa XXIVª edición e que nas diferentes convocatorias se deron a coñecer escritores e escritoras hoxe en día xa consagrados. A continuación, Román Raña comenta que no volume *Debuxo cos dedos liñas invisíbeis* Lois Diéguez fai un retrato de Manuel María e saúda aos novos escritores. A seguir deste prólogo dise que se recollen os poemas e os textos narrativos dos gañadores dos que Raña ofrece o título e algunha característica significativa.

VV.AA., *Sonidos y Palabras/Sons i Paraules/Hotsak eta Hitzak Sons e palabras*, ilust. Manuel Hidalgo, Madrid: OEPLI/Ministerio de Educación, marzo 2007, 52 pp. (DL: M-12674-2007). ◆

Edición non venal dun volume que se abre cunha "Introducción", de Itziar Zubizarreta, na que reflexiona sobre a poesía, as súas interpretacións, a dificultade da tradución, o significado das palabras poéticas e os recursos poéticos. Nela explica tamén que o presente volume acolle poetas elixidos polas catro seccións que constitúen a OEPLI e que todos se acompañan coa tradución ao castelán, así como a "Introducción", que aparece nas catro linguas do Estado español. A sección galega elixiu un poema de Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949), de *Amar e outros verbos* (2002); outro de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), de *Na fogueira dos versos* (1996); outro de Manuel María (Outeiro de Rei, Lugo, 1929-A Coruña, 2004), de *Os soños na gaiola* (1968); outro de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Lugo, 1947), de *Ten, ten, a miña casa ten* (2001); outro de Gloria Sánchez (Vilagarcía, 1958), de *Fafarraios* (1991); e, finalmente, un de Helena Villar Janeiro (Becerreá, Lugo, 1940), de *Na praia dos lagartos* (2004).

VV.AA., *Premio 2006 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Universidade de Vigo/Edicións Xerais de Galicia, [mocidade], maio 2007, 144 pp. (ISBN: 978-84-9782-573-3). ■

Volume que recolle os relatos e poemas gañadores da convocatoria do ano 2006 deste Premio convocado pola Universidade de Vigo. No relativo ao apartado de poesía, os textos premiados foron os seguintes: "Os animais son universais porque non teñen retranca" (Premio de Poesía), de Xabier Xil Xardón, no que se ofrece unha visión negativa da sociedade; "Apoloxía de Antígona" (1º Accésit de Poesía), de Isaac Xubín Fernández, no que se recrea unha relación amorosa que comeza coa ausencia de sentimentos e o amor chegará máis tarde, aínda que sen conseguir un final feliz; "O trono xa non ven do ceo" (2º Accésit de Poesía), de Xabier Xil Xardón, no que se abordan os vaivéns da vida; e "Fractalidades" (3º Accésit de Poesía), de Beatriz Rodríguez Martínez, no que se poetiza a historia dunha moza que se namora dun rapaz e está disposta a dar todo por el tras a intervención de Eros.

VII.2.2. REEDICIÓNS. TEXTOS RECUPERADOS.

Castaño, Yolanda, *Punver*, ilust. Eduardo Hermida, Madrid/Vigo: Diario El País/Galaxia, col. No País dos Contos, n.º 11, [lectorado autónomo], 2007, [28] pp. (ISBN El País: 84-9815-793-5/ISBN Galaxia: 978-84-8288-960-3)

Conto rimado, de Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977), que apareceu por vez primeira no ano 2006 na colección "Árbore/Galaxia" e que se pode consultar no *Informe de Literatura 2006*. Neste ano 2007 aparece novamente na mesma colección, pero sen ningún cambio textual ou paratextual, e nesta nova que a editorial Galaxia edita conxuntamente co Diario El País. Nesta ocasión tampouco existen diferenzas agás a da inclusión na nova colección.

Referencias varias:

- Gemma Malvido, "Comecei a escribir lendo a Gloria Fuertes", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 6 xaneiro 2007, p. 12.

Yolanda Castaño comenta que facer poesía para nenos era unha materia que aínda tiña pendente e fala das boas aptitudes daqueles para a poesía. Recorda que comezou a escribir lendo a Gloria Fuertes e relata como naceu *Punver*, a través da súa amizade co ilustrador Eduardo Hermida e a colaboración dos rapaces que asistían a un dos seus talleres de ilustración. Tamén sinala como naceu o protagonista e que preferiu facer poesía, aínda que seguindo unha liña argumental, moi sonora, que é o que lle gusta aos nenos. Por último, apunta que escribiu pensando nos lectores de agora e refírese aos seus proxectos futuros, entre os que está facer poesía non tan narrativa para nenos.

- M. Mayoral, "As aventuras do vermiño 'Punver' fascinaron ós nenos", *Diario de Ferrol*, "Literatura infantil", 28 abril 2007, p. 13.

Dáse conta da sesión de contacontos e do encontro que da man de Yolanda Castaño e Eduardo Hermida tiveron lugar na galería Sargadelos. Dise que a poeta lle leu aos cativos o seu primeiro conto dirixido á infancia, *Punver* (2006), e que Eduardo Hermida explicou cómo creou a este personaxe. Finalmente, descríbese ao verme protagonista e dáse conta do argumento da historia.

- Yolanda Castaño, "Estou reivindicativa", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 6 maio 2007, p. 40.

Fai referencia a súa presenza na cidade de Ferrol para presentar o seu conto *Punver* xunto co ilustrador Eduardo Hermida. Di que neste acto diversas persoas lle pediron que asinase en contra da regasificadora Reganosa.

- Ángeles Dobao, "Yolanda Castaño acerca los cuentos y la poesía a los más pequeños", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 17 xuño 2007, p. 13.

Dáse conta da publicación do poemario dirixido á infancia de Yolanda Castaño, *Punver*, na Biblioteca Duran Loriga da Coruña. Recóllense as declaracións da propia autora, nas que sinala que a rima e a musicalidade é moito máis fácil de seguir para os nenos que a prosa. Lembra que descubriu a poesía con sete anos e que o poemario é froito das súas lembranzas da infancia, por iso o protagonista é unha revisión dos personaxes clásicos, por iso é un ser despistado e descoidado, case un antiheroe. Finalmente, recóllense as impresións do ilustrador, Eduardo Hermida, que tamén se inspirou nos seus recordos da infancia e nos debuxos que máis lle interesan aos cativos.

- Yolanda Castaño, "Milanesa para os nenos/as", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 24 xuño 2007, p. 36.

Nesta sección fixa na que Yolanda Castaño se refire a diferentes actos e feitos que lle ocorren a cotío, fala da súa estadía en Italia e da presentación dunha nova editora alternativa, que quere ser a plataforma de saída para propostas poéticas de diferentes formatos. Do mesmo xeito, alude á presentación do seu poemario *Punver*, na Biblioteca Infantil da Coruña.

- Ana Abelenda, "Conto-poema para nenos do século XXI", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 226, 1 setembro 2007, p. 7.

A escritora Yolanda Castaño consegue o ránking de vendas co seu libro que transmite unha historia en verso e é titulado *Punver* (2006). O conto é recomendábel para aqueles que consideran a poesía como un xénero pesado e conta as historias de Punver, un verme punk.

Heras, Chema, *Avós*, Premio Llibreter 2003, ilust. Rosa Osuna, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [prelectorado], setembro 2007, [32] pp. (ISBN: 978-84-8464-533-7).

Terceira edición do volume que Chema Heras (Ávila, 1957) e Rosa Osuna (Segovia, 1961) presentaron por vez primeira no ano 2002 e que agora volven publicar co texto adaptado ás *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aprobadas no ano 2003 pola Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega. Para máis información, pode consultarse o *Informe de Literatura 2002*.

VII.2.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Bruno, Pep, *Libro de contar* (*Libro de contar*, 2007), ilust. Mariona Cabassa, versión de Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, 2007, [34] pp. (ISBN: 978-84-96788-20-6).

Nesta proposta de Pep Bruno (Barcelona, 1971), a partir dun conto rimado, ensínanse os números do un ao doce seguindo a vida dos animais e habitantes dun curral. Así, "No 1 chega Manuel, / comendo pan con mel; / a abella, lambeteira, vai tras del", a quen lle segue o tío Ramón, a galiña Anselma, Xoán, unha pelota, o cabalo ou unha gata, até que "No 12, a lúa. Por fin! / Ela é a última en vir, / e di que xa son horas / de ir durmir". A partir de aí comeza a conta atrás até o número un, volvendo a pasar por todos os personaxes e chegar a Manuel, aínda que agora describíndose o que fan pola noite até que están todos durmindo no curral. É este un relato ameno e divertido, moi rítmico e áxil, que tamén lles permite aos primeiros lectores aprender os números dunha forma lúdica. As pinturas de Mariona Cabassa están realizadas con ceras e a técnica empregada permite ver distintas capas de cor que se superpoñen unhas a outras creando unhas tonalidades interesantes dende un punto de vista cromático. As cores que utiliza están moi saturadas e dan como resultado unhas imaxes alegres e atractivas. A ilustración da cuberta complétase coa contracuberta formando unha única imaxe. As gardas están deseñadas con anacos das ilustracións do interior formando unha especie de "patchwork". Nas imaxes do interior persoas e animais intégranse en distintos escenarios que, se ben son realistas en canto á forma, adoptan maior liberdade en canto ao uso da cor. Así mesmo, permiten varias lecturas que completan ao texto como é a posibilidade de ir contando obxectos que se repiten seguindo de forma paralela o discurso verbal.

Recensións:

- Paula Fernández, "Mundo de números", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 214, "Infantil/Xuvenil", 5 xullo 2007, p. VII.

Primeiramente indícase que *Libro de contar*, de Pep Bruno e ilustrado por Mariona Cabassa, é un instrumento útil para que os mediadores empreguen cos rapaces á hora de ensinar os números. A seguir, destácase onde radica a súa orixinalidade: "na súa estrutura e no feito de conseguir unir eses poemas aparentemente inconexos". Por outra parte, dáse conta do contido e forma da historia que se presenta e coméntase que o poemario é un traballo "digno de recoñecer que fai que o resultado sexa algo pechado e completo" e non "unha simple compilación".

- L. Pousa, "Contas e contos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 229, "Letras en Galego", 22 setembro 2007, p. 13.

Refírese ao relato de Pep Bruno, ilustrado cuns "espléndidos" debuxos de Mariona Cabassa, baixo o título de *Libro de contar*. Considera que se trata dun volume pensado para ser lido en voz alta aos pequenos como forma de ilos achegando ao hábito da lectura. Así mesmo, sinala que o libro propón, "nunha deliciosa mestura, as dúas formas de contar -narrar e enumerar-, nunha divertida conta cara diante e cara atrás".

Mayorales, Pilar, *Os poemas da gata Florenta*, ilust. Mónica Cañete, trad. Noé Massó Lago, Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio, [prelectorado], setembro 2007, 32 pp. (ISBN: 978-84-8289-372-3).

Ábrese este volume co poeta "Florenta", a gata poeta", ao que lle seguen un total de catorce textos, polos que van desfilando animais do máis diverso: un lagarto, un verme, cangrexos, unha galiña, un burro, unha pomba, unha cadela ou unha rata. En cada un destes textos rimados, fortemente vinculados coa narración, recréase a vida ou algunha anécdota ou historia destes personaxes, mesturándose elementos reais con outros procedentes da fantasía e do "nonsense", xurdindo, así, personaxes tan curiosos como a gata poeta, a cadela equilibrista ou a rata maga. Estas tendencias son moi do gusto dos máis novos, como tamén o son os recursos rítmicos e estilísticos aquí ensaiados, a través da combinación da rima asonante e consonante cos versos libres e a recorrencia ás repeticións, aos xogos de palabras ou ás onomatopeas. Esta proposta poética de Pilar Mayorales está ilustrada por Mónica Cañete cuxos deseños aparecen sempre nas páxinas impares cun fondo de cor recheo con cera extendida coas mans, posibelmente co apoio do ordenador, complementando os poemas que aparecen nas pares. As ilustracións son moi variadas porque describen as accións dos diferentes animais e as súas cores son moi alegres e contrastadas. O estilo figurativo que presentan xoga coa imaxinación ao presentalos con actitudes humanas, debuxándose os personaxes con caras simpáticas, sorrisos amplos ou ollos expresivos.

Traxler, Hans, *A aventura sorprendente dun homiño moi valente* (*Es war einmal ein Mann,* 1979), ilust. do autor, versión galega Fran Alonso, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 34, serie amarela, a partir de 6 anos, abril 2007, 74 pp. (ISBN: 978-84-9782-578- 8).

A partir de pareados con rima consoante, constrúese a historia dun homiño que, despois de premer unha esponxa para ver o que pasaba, comezan a acontecerlle unha serie de feitos fantásticos. Así vese somerxido nunha gran cantidade de auga, na que atopa unha cama, un cociñeiro ou un castor coa súa familia, para logo, desprazarse á China ou a Roma nos medios de transporte máis disparatados e pasando por lugares moi cálidos e xélidos. Finalmente, bota a voar e chega á lúa, onde se detén nun cráter a ler un xornal até que xorde unha situación alarmante: no cráter do lado vese outra esponxa ameazante. Estas rimas, por veces sen sentido, de Hans Traxler (República Checa, 1929), moi imaxinativas, con grande sentido do humor e sustentadas nun esquema rítmico moi musical, aparecen debaixo de cada un dos deseños do mesmo autor, a través dos cales tamén se pode seguir a historia deste homiño valente. O estilo destes debuxos é figurativo, cunhas formas esquemáticas, tipo caricatura, xeradas por unhas liñas de trazo solto. Neles Traxler emprega a tinta negra para as liñas que deseñan as figuras e bota man de cores moi suaves, aplicadas con lapis, para o recheo dalgúns planos. O volume conta tamén cun texto de Fran Alonso (Vigo, 1963) no que se fai un achegamento á vida e obra de Traxler e se analiza brevemente este poemario no que "pon de relevo os problemas do individuo que se enfronta ao Universo, onde nada parece demasiado serio. E grazas á fantasía crea o caos, e a través da desorde ensínanos un mundo sen sentido aparente". Así mesmo, indícase que con esta mesma intención debuxa as imaxes dos seus libros, moi importantes na historia, pois "cada imaxe agocha outra, como unha maleta de dobre fondo". Por último, Fran Alonso expresa a súa

opinión sobre este "singular" libro e considera que vai ser moi do gusto do lectorado pola súa historia e rimas, ademais de comentar que se trata dun libro "estupendo" para contar.

Recensións:

- Paula Fernández, "Absurdo e ironía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 221, "Infantil/Xuvenil", 18 outubro 2007, p. VII.

Comenta que *A aventura sorprendente dun homiño moi valente*, de Hans Traxler, presenta unha concatenación de imaxes onde cada unha delas agacha outra e que, unidas grazas ao fío condutor do excéntrico protagonista, rematan por dar forma a unha historia gobernada polo absurdo e a ironía. Resume o argumento desta obra e sinala que por esa proliferación do absurdo vemos un texto "sorprendente e divertido" que pon á proba a competencia imaxinativa e evasiva de cada lector, mais tamén un texto rítmico e dinámico, non só pola sucesión de imaxes senón tamén pola súa escrita onde as rimas, a cotío sen sentido, e o paralelismo marcan o ritmo pretendido polo autor para non desviarnos da obsesión do protagonista por se poñer a salvo.

VV.AA., *Premio 2006 de relato, poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Universidade de Vigo/Edicións Xerais de Galicia, [mocidade], maio 2007, 144 pp. (ISBN: 978-84-9782-573-3). ■

Volume que recolle os traballos galardoados neste premio convocado pola Universidade de Vigo na edición do ano 2006. No apartado de tradución, o premio recaeu en Iván Sestay Martínez que, en "As metamorfoses e os amores das pedras preciosas", traduce ao galego uns poemas de *Les Amours et Nouveaux Eschanges des Pierres Précieuses*, de Rémy Belleau, de quen tamén se achegan uns datos biobibliográficos, ao mesmo tempo que se trata o labor de tradución aquí presentado. Nel descríbense unha serie de pedras preciosas e destácanse as súas propiedades e beneficios, así como se fan eco de historias con elas relacionadas.

VII.3. TEATRO

VII.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Carballeira, Paula, *Boas noites*, I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2006, ilust. Noemí López, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), col. Biblioteca Dramática Galega, n.º 4, [lectorado autónomo], abril 2007, 72 pp. (ISBN Edicións Xerais de Galicia: 978-84-9782-571-1/ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4391-3). ■

Esta obra teatral de Paula Carballeira (Fene, 1972), que se estrutura en oito actos, recrea unha historia na que participa un elenco de personaxes procedentes tanto do mundo real coma do imaxinario mítico popular e vinculados co medo, pois, ao pé de Xiana e os seus pais, conviven personaxes como Pedro o Chosco, un Monstro e a Muller do Saco. A historia central articúlase ao redor de Xiana, unha rapaza á cal os seus pais ateigan de tarefas, xa que ten que ir a clases de idiomas, música ou deporte, non quedándolle ningún tempo para xogar. Ante tanta actividade non é quen de durmir, o que lle permitirá penetrar nos misterios da noite e coñecer a Pedro o Chosco, encargado de traer os soños e xunto ao cal acabarán cos medos de moitos nenos. Así mesmo, coñecerá os responsábeis dos pesadelos, a Muller do Saco e o Monstro, quen, finalmente, tamén lles fará reflexionar aos seus pais sobre a necesidade de a súa filla ter tempo para o lecer. Esta historia, na que se reflicte unha crítica á sociedade actual con certas doses de humor, intercala diversas cantigas de corte popular e compleméntase coas ilustracións de Noemí López (Xixón, 1974), moi volumétricas dado a variedade de matices, o xogo de luces e sombras ou dado o grosor de trazos e liñas curvas, tanto na representación de obxectos ondulados coma de personaxes redondeados. Nesta ocasión, dado o título e o argumento da obra, a ilustradora emprega acuarelas de tonalidades frías para representar a soidade, o medo e a escuridade propia da noite onde transcorre a meirande parte da acción teatral. Xiana, a protagonista da historia e os demais personaxes máxicos son moi expresivos, cunha estética semellante á representación dos personaxes mitolóxicos e cunha variedade de formas desproporcionadas, riscos definitorios da obra da ilustradora.

Recensións:

- MV García, "As *Boas Noites* de Paula Carballeira", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 216, "Escena", 13 setembro 2007, p. VIII.

Opina que con "ladaíñas laudatorias" as nosas letras nunca conseguirán profesionalizar a escrita e apunta cales deberían ser as funcións da crítica, entre as que destaca, o rigor ou suscitar debates sobre a propia escrita. A seguir, céntrase no comentario de *Boas Noites*, co que, na súa opinión, Paula Carballeira non debería ser merecente do I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil no ano 2006. Desenvolve o argumento e apunta que a obra se caracteriza pola "pobreza na lingua empregada, simplismo na presentación, desenvolvemento e resolución do conflito, linearidade extrema na trama, personaxes esquemáticos e sen perspectiva ou espectacularidade baseada na aparición

de seres fantásticos". Nunha columna á parte, indícase que o teatro infantil é un sector estratéxico, que se debe asentar en textos literarios que poñan en valor os procesos de recepción, así como considera que na actualidade as súas historias son "febles, os temas manidos e a dimensión didáctica abusiva". Tamén reclama que o teatro infantil debe ser obxecto de programas de investigación, desenvolvemento e innovación, coa participación de institucións, entidades e compañías escénicas.

- María Navarro, "Con 'Boas noites", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 227, "Infantil/Xuvenil", 29 novembro 2007, p. VII /*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 164, "Xuvenil/novidades", 8 decembro 2007, p. 11.

Alúdese á obra dramática *Boas Noites*, de Paula Carballeira, gañadora do I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2006, como unha boa maneira de transmitir ideas a través de coñecementos, comportamentos ou reflexións. Fálase do argumento (as actividades cotiás na casa da nena Xiana) e da estrutura en oito escenas. Saliéntase a temática atractiva, a escolla de personaxes próximos e do xénero teatral e o discurso divertido para a boa recepción da obra. Finalmente refírese á posíbel posta en escena do texto que conta con cinco cantigas que amenizarían as intervencións dos personaxes e que xenerarían complicidade cos espectadores.

Carballeira, Paula, *A cabana de Babaiagá. Conto tradicional eslavo adaptado por Paula Carballeira*, ilust. Pablo Otero, Ames: Edicións Laiovento/Xunta de Galicia (Centro Dramático Galego/Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), [lectorado autónomo], 2007, 39 pp. (ISBN Laiovento: 978-84-8487-117-7/ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4528-3). ■

Baixo o título "A viaxe cara ás terras de Babaiagá", Paula Carballeira (Fene, 1972) comenta que ela vive do conto e que viaxa para coñecer historias e levar na equipaxe outras máis próximas. Sinala que, cando encontrou o conto de Babaiagá, soubo que sería un dos seus contos, relata o seu argumento e refírese ao espectáculo que se montou a partir del. A seguir, Manolo Vázquez, en "Babaiagá, o pozo e o vento", alude ao traballo musical deste espectáculo e cita as pezas musicais das que se partiu. Por outra parte, indícase que foi estreado polo Centro Dramático Galego o 7 de marzo de 2006 en "A Capela" do Centro Cultural Torrente Ballester (Ferrol) e dáse conta do seu equipo artístico, do equipo técnico do IGAEM e do Centro Dramático Galego. A peza dramática propiamente dita está guiada por unha narradora, que, na súa intervención inicial, explica que o conto que se vai narrar era contado polos avós e avoas de Rusia, Bielorrusia e Ucraína nas longas noites de inverno, así como detalla as súas compoñentes e estimula ao auditorio ao anunciar que se trata dun "conto que se conta con palabras, pero tamén con xestos, con música, con baile, con cancións, e, sobre todo, coa imaxinación". Trátase da historia de Natasha, unha nena que vivía coa súa nai nunha casa pequena e vella, á que unha noite chegou un estranxeiro ao que lle faltaba un dedo, polo que, a curiosidade da nena, levouna a descubrir que a bruxa Babaiagá fora quen llo cortara. Ansiosa por descubrir o mundo que se agochaba máis alá da estepa, Natasha botouse a andar, até que, esvaecida polo cansazo, deixouse caer nun sono profundo e o zunido dun moscardo levouna ao fin da estepa, onde cruzaría un portal enferruxado e un bosque para chegar á Cabana de Babaiagá, á que se acedía por medio dunhas escaleiras feitas de dedos. Grazas a unhas palabras máxicas puido entrar e alí descubriu a terríbel Babaiagá e o seu corvo que, ao decatarse da presenza da nena,

perseguírona na súa casa con patas de galiña. Finalmente, grazas á complicidade dunha serie de animais e obxectos, a casa esvarou e Babaiagá tragou os seus dentes de ferro e cravou as súas unllas de ferro no corazón. De novo, o cansazo provocou que Natasha caese durmida até que espertou co zunido dun moscardo que a levou á casa. Dende aquela, cóntase en Rusia que nas noites de inverno, cando sopra o vento da estepa, un corvo negro chama co seu peteiro nos cristais das casas buscando a Natasha. O deseño da cuberta ten enriba das letras do título unha decoración con máscaras de cores que anuncian visualmente que a obra ten relación co teatro. No interior, as ilustracións surrealistas de Pablo Otero "Peixe" (Ourense, 1970) describen os protagonistas desta peza teatral incidindo nos seus aspectos xestuais e expresivos.

Carballeira, Paula, *O lobishome*, ilust. Pablo Otero, Barcelona: Planeta&Oxford, col. Camaleón, n.º 17, serie amarela, a partir de seis anos, abril 2007, 57 pp. (ISBN: 978-84-9811-101-9).

Texto teatral para os máis pequenos de Paula Carballeira (Fene, 1972) con personaxes tomados do imaxinario dos medos infantís asociados á noite. Conta cunha escena única que transcorre nunha encrucillada de camiños nunha noite de lúa chea na que os personaxes agardan e desenvolven unha serie de diálogos absurdos e marcadamente humorísticos, case ao xeito dunha espera godotiana. O cazador Rodrigo e a cazadora Remedios, armados con cadansúa escopeta de balas de prata, atópanse cando intentan cazar un lobishome. Deseguido aparece Cecilia Valdemorte, unha vampiresa que espera a chegada dos seus tres fillos, Ludovico, Chindasvinto e Anastasio. Para non se aburrir mentres agardan, os tres cantan a canción das criaturas da noite e axiña aparecen os morcegos, os gatos negros, as pantasmas, os demos e os trasnos, aos que Cecilia ten que lles impedir que papen os dous cazadores. Pouco despois aparecen os tres vampiros pequenos, que tamén veñen famentos tras estaren xogando, e de novo súa nai ten que levalos para a casa para que non se lancen ao pescozo dos humanos, prometéndolles unha torta de vermes e samesugas. Ambos os cazadores marchan sen ter cazado o lobishome pero logo aparecen de novo os tres vampiros co seu amigo Chusqui, o lobishome que en realidade é tan medorento e cativo que até se deixa aloumiñar. As ilustracións de estilo surrealista de Pablo Otero "Peixe" (Ourense, 1970), que reforzan o ambiente desacougante, non axudan a describir os personaxes protagonistas desta peza de teatro. Para saber como caracterizalos hai que acudir ao texto.

Recensións:

- Paula Fernández, "Do lobishome", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 223, "Infantil/Xuvenil", 1 novembro 2007, p. VII.

Supón que *O lobishome* é unha peza teatral de Paula Carballeira, que está pensada para os rapaces e rapazas que gustan da noite e dos seres a ela vinculados. Sinala que todos eses seres están relacionados co universo mitolóxico galego e ofrece o argumento desta peza, na que os homes son burlados por aqueles seres na busca do lobishome. Considera que se trata dun engano que cobre o didactismo dunha obra que pretende dun xeito lúdico rexeitar condutas violentas, aínda que o que prima é o xogo. Así mesmo, di que se trata dunha obra doada de representar.

Cordero Álvarez, Antonio, *O filibusteiro do mar da marola*, Premio Estornela da Fundación Xosé Neira Vilas 2006, ilust. X. Vizoso, Sada: Ediciós do Castro, col. Teatro para Nenos, [lectorado autónomo], agosto 2007, 84 pp. (ISBN: 978-84-8485-265-0).

Baixo o título "Dende o escenario", alúdese á cuarta edición do Premio bienal Estornela de Teatro para nenos, da que saíu premiada a presente obra. Alúdese ao seu contido e achéganse uns datos obre o seu autor, Antonio Cordero Álvarez (Ourense), ademais de salientarse o obxectivo do citado premio e os beneficios do teatro na infancia. A peza dramática, que se divide en dez escenas, recrea a historia dun rapaz moi afeccionado á lectura e ao chocolate e con grandes doses de imaxinación. Así, pasa todas as tardes nunha biblioteca lendo os libros que ninguén le, o que lle permite descubrir un pirata, que ten ameazado o mundo da fantasía e ao que convence para que o leve con el. Todo isto provoca un grave problema, pois, ao desaparecer o rapaz, pechan case todas as bibliotecas, tendo que intervir o gardián da biblioteca, quen lle pide axuda a dúas musas para que rematen a historia do pirata e o rapaz poida volver á realidade. Ao final, descóbrese que o pirata, en realidade, é un escritor fracasado que toleou. Esta historia, que pode servir como pretexto para animar os máis novos á lectura e na que sobresaen valores como o da amizade, está ilustrada por X. Vizoso (Mondoñedo, 1950), que ofrece uns deseños en branco e negro cuns trazos grosos que, máis que complementar, acompañan á narración polo seu escaso número e polos elementos que achegan.

Guillén, Fusa, *A lenda do pirata*, ilust. Carla Sancho Guillén, Cedeira: Asociación Cultural Garola/Xunta de Galicia, col. Garola. A Biblioteca Ambulante, n.º 5, [lectorado autónomo], 2007, 34 pp. (ISBN-10 84-611-4243-8). ♦

Esta peza dramática de Fusa Guillén ofrece unha proposta teatral, na que se derruba a "cuarta parede" para que o público poida participar. Xana é unha rapaza simpática, animada e decida a quen lle gusta ler e ten moita imaxinación. Na "Situación I (Interactiva)", pregúntalle ao público se coñece un pirata moi misterioso do que se contaban estrañas historias e viaxaba a través do tempo e, pese a quen nun inicio non se lembraba do seu nome, acábao dicindo en alto: "Negra Sombra". A seguir, na "Situación II (Teatral, non hai interacción)", vemos a Elisa, unha rapaza de entre 20 e 25 anos de finais do século XIX, que está a ler unha carta do seu bisavó, un capitán da Coroa inglesa que solicitaba aos seus descendentes tomasen rumbo á illa das "Rochas Afiadas" para recuperar un tesouro, que lle fora usurpado por un pirata e se restitúa á Coroa de Inglaterra para que a familia recupere o seu honor perdido. Como antes Xana pronunciara o nome de Negra Sombra, apareceu o pirata que se encontrou con Elisa, coa que mantén serias discrepancias, polo que Xana e o público interveñen para salvala e é, nese intre, cando o pirata revela a súa verdade. El fora tamén capitán da coroa inglesa, pero, ao saber que o ouro dos seus barcos ía destinado á compra de escravos, convertérase en pirata para roubalo e non se puidese traficar coa xente. Así mesmo, coméntalles que por azar descubriu aquela illa onde ao parecer existía o que se chamaba "buraco no tempo", converténdose nun pirata capaz de atravesar os séculos. Finalmente, Elisa queda co pirata e Xana e o público volven ás súas propias vidas, despois de berraren todos xuntos o nome da súa cidade. Na cuberta do volume aparece unha fotografía, realizada por Quique Vázquez, que amosa un espazo costeiro nun día no que o mar está embravecido e onde moitas lendas poden xurdir a partir dun escenario coma este. No interior, pola súa banda, Carla Sancho Guillén recolle nas súas ilustracións

fragmentos da historia.

Nuñez Singala, Manuel, *Comedia bífida*, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, [lectorado mozo], abril 2007, 106 pp. (ISBN: 978-84-8288-818-7)

Despois de presentárense os personaxes desta peza dramática, que se dividen en divinos e humanos, no apartado denominado "Preliminares" dáse unha serie de indicacións sobre a participación do público na representación, a luz, a música ou outras cuestións relativas á ambientación. Toda a trama desta peza dramática de Manuel Núñez Singala (Lugo, 1963) desenvólvese nunha sala de xuízos á porta do ceo, onde se encontran San Pedro, que actúa como xuíz; Luci, que é o demo e o fiscal; un Arcanxo, que substitúe a San Xudas e é a defensa; e o xurado, que está integrado por membros do público. As persoas que lles toca xulgar son aquelas relacionadas coa palabra "falar" e, polo tanto, sentarán no banco dos acusados persoas que atentaron contra a lingua do seu país, que van ser xulgadas non só pola súa intervención *in situ*, senón tamén pola súa actuación nalgunha das escenas da súa vida que alí é reproducida. Así, desfilan polo estrado Diña, que lle fala ao fillo nun castelán macarrónico e que coa súa amiga fala nun galego marcado pola gheada; Eliseo, quen despreza o galego e considera que o seu galego non é correcto, así como muda ao castelán cando fala co médico; as siamesas Lana e Lina, sempre contraditorias, mais inimigas do galego; e Pepe, un empresario de mediana idade un tanto despreocupado polos seus e ocupado coa súa pouco eficiente secretaria e que comenta que el fala o galego segundo a ocasión, con prudencia. Finalmente, ármase unha boa, xa que o tribunal é informado de que os membros do público non son mortos, aínda que, como apunta San Pedro, todo isto de algo serviu: "Agora que xa saben o que pode pasar, que reflexionen sobre a súa conduta lingüística no futuro". Trátase, en fin, dunha peza dramática que recolle mostras dos diferentes prexuízos lingüísticos que existen na sociedade galega actual que, ademais de facer reflexionar sobre eles, ofrécelle ao lectorado a posibilidade de pasar un bo intre, xa que os personaxes deseñados, as situacións recreadas e os diálogos, en galego ou en castrapo, destacan polo seu enxeño, graza, humor e sarcasmo. No deseño da cuberta, realizado por Fausto Isorna(Catoira, 1961), aparece, na parte superior dereita, a fotografía do que semella unha estatua dun anxo lendo, mais a manipulación dixital feita da imaxe fai que quen a observa pense no inferno ao aparecer o anxo en cor vermella. É un xogo visual entre dous conceptos contrapostos, pero mesmamente o título do relato tamén xoga, a través da palabra "bífida", con esta dualidade.

Recensións:

- Noela Muíños, "Manuel Núñez Singala. *Comedia bífida*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 12 a 14 anos", primavera 2007, p. 79.

Sinala que o feito de que se trate dunha obra de teatro que ten por principal destinatario o lectorado adolescentes dota *Comedia bífida*, de Manuel Núñez Singala, de novidade. Achega o seu argumento e comenta que o feito de falar galego ou non querer falalo comporta situacións que se reflicten con humorismo desbordante, pero non exento de crítica e reflexión. Por outra parte, considera que será posíbel que esta obra chegue a representarse con éxito nos institutos e apunta, como carencia, unha certa tendencia ao maniqueísmo e ao ton panfletario.

- Vicente Araguas, “A cousa é pavera”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 437, “Libros”, 15 xullo 2007, p. 20.

Sinala que *Comedia bífida*, de Manuel Núñez Singala, é un texto “pavero e reflexivo”, aínda que puntualiza que “a cousa non é de moita risa (por máis que por momentos poida semellar pavera) porque esta función fala do escuro momento para unha lingua como a nosa sometida aos vaivéns do malchamado bilingüismo harmónico”. Puntualiza que Núñez Singala opta polo humor, “por veces de sal gordo”, como xeito de que o persoal afonde posicións diante dun suicidio colectivo. Por último, achega máis detalles sobre o argumento desta peza dramática.

Referencias varias:

- Mar Pichel, “Un xuízo teatral para a lingua”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Idioma”, 22 agosto 2007, p. 27.

Indícase que o idioma é o eixo de *Comedia Bífida*, de Manuel Núñez Singala. Coméntanse algúns dos temas, a respecto da lingua, que se abordan nesta obra e recóllense algunhas das declaracións do autor a respecto de asuntos como a “imposición do castelán”. Tamén se achegan os comentarios de Núñez Singala sobre a situación do teatro galego que cualifica de “enfermo crónico”, para rematar cun repaso á traxectoria literaria do escritor.

Paz, Jacobo, *Teatro infantil*, Ames: Edicións Laiovento, col. Cadernos Teatro, n.º 8, [lectorado autónomo], 2007, 62 pp.(ISBN: 978-84-8487-125-8).

Jacobo Paz dedica este volume a un dos nomes máis importantes do teatro galego, Manuel Lourenzo, e nel inclúe tres pezas dramáticas, que son un excelente pretexto para achegar o lectorado máis novo tanto ao teatro coma a personaxes da nosa tradición popular. Na primeira das pezas, “Príncipe lagarto”, un cronista guía a posta en escena da historia do fillo da raíña Lupa que, farto do seu aspecto de lagarto, asinou un pauto co demo para que este lle outorgase cara de humano. Respectando o acordo, ao cabo dun ano, o mozo procurou o demo para facerlle o seu pagamento, pero mentres aquel lle quería pagar en especias, este pedíalle a súa alma, aínda que se cumpría tres difíciles probas podía verse libre. Finalmente, sae vitorioso das probas, grazas á axuda de Brancaflor, coa que casa, deixando o demo moi enfurruñado, pois era filla súa. Na segunda das pezas, “Orcavella”, sobe ao escenario a personaxe deste nome que, segundo as crenzas, mataba coa mirada. As súas ansias por morrer con dignidade, lévana a pedirlle a Pedro Chosco que procure o home máis valente para que lle dea morte. Así, este vai xunto ao Rei Cintolo para que lle permita dispor do seu home máis valente, Xan Soldado, a quen enganan prometéndolle a man da filla do rei coa que mantiña un namoro. Coa axuda da princesa Manfada, Xan Soldado conclúe con éxito a súa misión, polo que reclama o prometido. Ante a negativa do rei, pois a súa filla ía ser para Pedro Chosco, Xan Soldado introdúcese dentro do espello, no que vivía a moza e do que non sairán, porque alí nunca pasa o tempo e nunca serán maiores de idade para verse obrigados a saír del. Por último, en “As horas abertas”, o protagonismo central recae en Birnarén, fillo de Paralaia, a quen un día Ana Manana non lle deixa xogar nunha fonte porque non é fillo de ninguén importante. Isto provoca que o neno lle

pregunte a súa nai pola identidade do pai e descubra que é Brutamontes, o encargado de construír o castro e tamén pai de Ana Manana. O interese do neno por revelar a identidade do pai provoca que caia nas mans de Meridiana e sexa levado á Cova das Serpes, de onde ninguén saíu vivo. Ante a actitude covarde e pasiva de Brutamontes, Paralaia irá na procura do seu fillo, a quen salva polo seu amor e a quen lle explica que non debe pedir o mal para Ana Manana, que é súa curmá. Este volume presenta na cuberta o debuxo dun neno de sete anos, Simón García-Bodaño.

Recensións:

- Camilo Franco, "Fábulas para espectadores cativos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 221, 28 xullo 2007, p. 12.

Coméntase o oitavo volume da colección "Cadernos de Teatro" de Laiovento, *Teatro infantil*. Dise que recolle tres pezas teatrais para nenos de Jacobo Paz. Destácase que nestas pezas se recuperan personaxes tradicionais dende unha óptica divertida.

Riveiro, Breogán, *O afundimento do Tiránic*, IV Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (modalidade infantil), ilust. José Tomás, A Coruña: Baía Edicións/Xunta de Galicia (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), col. Barriga Verde, n.º 1, [lectorado autónomo], xuño 2007, 45 pp. (ISBN Baía Edicións: 978-84-96526-98-3/ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4436-1). ■

Peza teatral cómica en catro actos de Breogán Riveiro (A Coruña, 1953), na que se representa a historia do afundimento dun barco, que transporta uns personaxes un tanto caricaturescos. Entre os principais, están Don Capitón, o capitán do barco malvado; Parvof, o seu escravo; Chispi, un mozo intelixente, solidario, pícaro, pobre e o verdadeiro heroe da historia; e Margarida, a princesiña fermosa, parva e rica. Todo comeza cando Margarida e Chispi soben ao barco de Don Capitón para facer unha viaxe e reciben un trato completamente oposto, pois, mentres a princesiña recibe todos os luxos, ao pobre Chispi non lle dan nin de comer nin camarote para durmir. Así mesmo, este tamén recibe os desprezos da propia Margarida, a quen asiste ante a súa indisposición polas náuseas. Pese a isto, cando o malvado capitán tenta enganala para quitarlle os seus cartos, Chispi non permite o engano e descubre a trampa do capitán, do que gañará a súa inimizade. A xenreira do capitán lévao a coller un fusil e comezar a disparar, facendo un burato no barco, polo que comeza a afundirse. Para salvar a nave, o capitán tira á auga todos os seus tripulantes e, cando só queda a princesiña, decide arroxala tamén, pero, de repente, aparece Chispi que non o permite. Entre os dous logran lanzar o capitán á auga e o resto da tripulación sobre ao barco coa axuda dunha quenlla, que tamén devora o capitán. Co lema "Xuntos podemos" conseguen sumir a auga do barco para que non se afunda e Margarida e Chispi rematan xuntos. Esta peza está ilustrada por José Tomás (A Coruña, 1971) e, dende a cuberta, xa presenta a Chispi nunha imaxe moi mariñeira. Malia que amosa un estilo persoal de trazos e formas onduladas con gran colorido, nesta ocasión os personaxes están fragmentados para dar a idea de que son monicreques e o ilustrador xoga con diferentes puntos de vista cos que pretende conseguir que o que observe os seus deseños se crea un espectador da representación teatral en directo. As ilustracións acompañan o texto en todo momento para axudar a aquelas persoas que queiran representar esta obra teatral e así ter os

recursos visuais necesarios.

VII.3.2. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Alonso de Santos, J. L., *¡Viva o teatro!* (*¡Viva el teatro!*), II Premio Nacional Mª José Jove de Escritura Teatral Infantil, ilust. Xan López Domínguez, adapt. Mercedes Pachedo Vázquez, A Coruña: Editorial Everest Galicia, col. Montaña Encantada (a partir de 10 anos), 2007, 94 pp. (ISBN: 84-403-0542-7).

Trátase dunha peza dramática, escrita por J. L. de Santos (Valladolid, 1942), gañador doutros premios como é o Max de teatro por *Yo Claudio*. A presente obra escolle como escenario unha escola, na que unha mestra chamada Begoña e o seu grupo de alumnos deciden representar unha peza de teatro, asumindo os ensaios como se dun xogo se tratase. A peza seleccionada trata dunha historia de piratas que, xunto co seu capitán Amón, raptan a princesa Brancaflor do seu castelo. Finalmente, esta logra escapar grazas á axuda prestada por un aposto heroe, Jonathan, que tamén era outro prisioneiro e se serve da axuda dun cociñeiro, que antes era un frade. Os tres xuntos atopan un tesouro que está baixo o coidado dun oso amoroso e con el conseguen comprar un barco, así como contratar unha tripulación para poder regresar ao palacio real. Esta peza metateatral, na que abrollan aventuras, comicidade e valores como a amizade, enriquécese coas ilustracións de Xan López Domínguez (Lugo, 1957), que dan ideas para o atrezo en caso de ser representada. O ilustrador bota man de figuras estilizadas moi desproporcionadas, sen pretensións volumétricas, aínda que por veces, grazas á superposición de planos, acadan profundidade de campo. Todas as ilustracións teñen o mesmo tamaño rectangular e ao seu pé aparece o nome do personaxe que representan.

Recensións:

- Paula Fernández, "Fuxir de tópicos", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 210, "Infantil/Xuvenil", 7 xuño 2007, p. VII.

En primeiro lugar Paula Fernández fala da evolución do teatro dende a Grecia clásica, logo do teatro galego e, especialmente, do teatro dirixido ao público infantil, xénero, como di a articulista menos recoñecido e no que "a producción é significativamente menor" e "cualitativamente tamén desigual". Malia este panorama, Paula Fernández destaca a publicación de *¡Viva o teatro!*, peza que presenta "dúas historias que se superpoñen": unha real e outra ficticia. Dise que esta última está chea de tópicos e cualifícase o texto como brillante na súa forma e de interesantes acoutacións, pero que aínda que semella modernizar o xénero teatral o fai nun terreo xa moi camiñado.

VII.3.3. POSTAS EN ESCENA

VII.3.3.1. CICLOS, ENCONTROS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS, SEMANAS

Antas de Ulla, VII Campeonato de Teatro Infantil e Xuvenil

Celebrouse entre os días 16 e 29 de xuño de 2007. Entre os grupos participantes atópanse: o grupo teatral Biblioteca Antas de Ulla; Prosopón Teatro, do Instituto de Educación Secundaria Poeta Díaz Castro de Guitiriz; Falcatrueiros, de Monterroso; Grupo de Teatro do Instituto de Melide; Agrupación Parrocha, do Instituto Elviña da Coruña; e Doce más uno, de Cantabria Torrelavega. Entre as obras representadas atópanse: *A consulta da doutora Penas*, *Indíxenas na cidade*, *Asamblea de mujeres*, *Musiclon*, *O mago de Oz*, *Noivos*, *Seducción científica*, *Un mal día*, *Roxie*, *Piratas* e *Brancaneves*.

Arteixo, Cultura para Nenos de

Organizado pola Concellaría de Cultura de Arteixo, no Auditorio do Centro Cívico Cultural. No marco desta actividade tiveron lugar as representacións de *Bolboreta*, de Títeres Trompicallo, *Unha merenda de Alicias*, de Sapistri Teatro, *Golulá*, de Galitoon, *Un avó moi especial*, de Migallas Teatro, e *Glub,Glub*, de Caramuxo Teatro.

Baixo Miño, II Mostra de Teatro Non Profesional do

Organizada polo Centro Goianés de Tomiño, o Instituto de Educación Secundaria A Sangriña daA Guarda e a Oficina de Información Xuvenil Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal. Pode presentarse calquera grupo de teatro non profesional (escolar e afeccionado) con obras en linguas galega ou portuguesa. Os traballos hai que envialos ao Centro Goianés, Mostra de Teatro de Miño, Avda. Ordóñez, 9-36750 Goián, antes do 14 de marzo e con informacións como: datos do grupo (nome, enderezo, teléfono de contacto, e-mail), título da obra, autor, sinopse e seis copias gravadas en DVD da obra completa que se presentou. Cada un dos premiados obtén unha subvención de 700 euros e un galardón conmemorativo. Ademais, a obra que obtén a mellor valoración do público asistente acada ademais un premio especial de 1000 euros. No ano 2007 celebrouse os días 25, 26 e 27 de abril na Guarda, O Rosal, Tomiño, Goián, Vila Nova de Cerveira e Caminha. O xurado escolleu seis obras entre todas as presentadas e comunicou o fallo antes do evento. Entre os quince grupos de teatro afeccionado e os trece grupos de teatro escolar que participaron, foron seleccionados seis grupos: *Cadaleitos*, de Teatro Lohengrín; *Río Bravo*, do grupo do IES San Paio; *Memoria dun Tempo*, de Teatro do Vilar; *O achado do castro*, de Teatro Marañao; *Antígona*, do grupo do IES de Ames e *A ópera do emprendedor*, de Vichelocrego.

Referencias varias:

- Eva González, "La Mostra de Teatro Feixó Araúxo une a amantes de este arte de las riberas del Miño", *Faro de Vigo*, "Área Metropolitana", 4 decembro 2007, p. 16.

Informa do comezo da II Mostra de Teatro non Profesional do Baixo Miño sinalando algúns cursos nos que participan alumnado e profesorado de diversos centros. Continúa falando das representacións teatrais con respecto ás cales salienta o éxito acadado.

Destácase tamén que esta Mostra rompa as barreiras culturais existentes entre Galiza e Portugal.

Bande, XII Encontros de Teatro Escolar e Amateur de Bande

Encontros organizados polo Concello de Bande e no que colaboraron os centros de ensino da localidade. Nel participaron estudantes de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria dos centros de Lobios, Celanova, Os Blancos, Ourense, Baños de Molgas, Barbadás, a Coruña e Lugo. Estes encontros acolleron un total de seis representacións que tiveron lugar no albergue municipal e que tiveron como protagonistas ao alumnado de Ourense, Bande e A Coruña. Entre elas atópanse *A cidade e a Gaturguga*, *A farsa das zocas* e *Pista ou peste*.

Referencias varias:

- L.F., "El teatro reúne a 300 niños de toda Galicia", *La Región*, "Baixa Limia", 16 maio 2007, p. 16.

Infórmase do número de obras e asistentes que se representarán e asistirán á XII Encontros de Teatro Escolar e Amateur de Bande. Dise qué destacan desta nova edición os organizadores e recóllense algunhas declaracións dos participantes.

Caixa Galicia, Ciclo de Teatro Infantil

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, "Alicia de los mil colores", *La Opinión*, "Ciudad y Cultura", 10 febreiro 2007, p. 10.

Infórmase da posta en escena no teatro Colón da Coruña dunha obra baseada no personaxe de Alicia de Lewis Carrol que nesta ocasión se enfontará a historias e situacións diferentes. Destácase que o deseño do vestiario e a montaxe correron a cargo de Ágatha Ruíz de la Prada. Dise que *Alicia* será a primeira representación do ciclo de Teatro Infantil da Fundación Caixa Galicia e que a esta lle seguirán as obras *La familia Ratonberg* (11 de marzo), *Merlín, el encantador* (25 de marzo), *La Cenicienta* (15 de abril) e *Robin Hood* (29 de abril).

- Ana Abelenda, "A imaxinación ponse en escena", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 marzo 2007, p. 8.

Ana Abelenda informa da nova proposta que completa a programación cultural da Fundación Caixa Galicia na Coruña e que consiste nun ciclo de teatro para nenos que arrincou coa posta en escena de *Alicia*, seguiu con *A familia Ratomberg*, que continúa con *Merlín, o encantador* e se ampliará con *Cinsenta* e *Robin Hood*.

- Tania Suárez, "Música, humor y aventura", *La Opinión*, "Ciudad y Cultura", 30 abril

2007, p. 10.

Infórmase da posta en escena no Teatro Colón da Coruña de *Robin Hood* e destácase nesta o predomino de música, o humor a aventura. Dise que supuxo o "Broche de oro" ao ciclo promovido por Caixa Galicia.

Cangas, Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de

Ver o apartado III.4.1 deste *Informe*.

Cee, Marzo Teatral

Ver o apartado III.4.1. deste *Informe*.

"Domingos do Principal", Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra

Ciclo de teatro dirixido a un público familiar, que se vén organizando dende o ano 2000 como campaña teatral que parte da iniciativa do Concello de Pontevedra e do grupo Teatro Akatro, que é o encargado, como especialista en teatro para a nenez, de seleccionar os espectáculos que cobren esta programación. Nas dúas primeiras edicións celebrouse durante os meses da primavera, pero a partir da de 2002 pasou a celebrarse no inverno.

Referencias varias:

- Belén López, "Que se erga o telón!", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 29 maio 2007, p. 82.

Infórmase do Festival de Teatro Infantil que na véspera botou a andar en Pontevedra. Sinálase que o número de participantes é elevado e que a pretensión é aumentalo aínda máis. Recóllense as palabras de Manuel Solla, coordinador do traballo realizado polo Grupo de Expresión da Sociedade Cultural Os Carballiños, responsábel do Festival, nas que indica as intencións do colectivo e comenta cómo realizan os seus traballos. Tamén opina sobre as diferentes montaxes. Finalmente anúnciase os espectáculos dos seguintes días do Festival.

Especial de Galicia, III Mostra de Teatro

Mostra de teatro de Lugo organizada pola Fundación Anade e apoiada polo Concello e da empresa Coca-Cola. Dirixida especialmente aos escolares, permite ver a arte dramática máis rica que ofrecen grupos teatrais integrados por persoas con minusvalías. Na edición de 2007, que se desenvolveu do 11 de decembro até o 13, contou coa participación de Pinchacarneiro, con *Pic Nic*; Na Lúa, con *Grandullón, o xigante abusón*; Alquimistes, con *Romeo y Julieta, un amor sin barreras*; El Arquetu, con *El Trotamundos*; e Mimo Lalo, con *El Pueblerino.*

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Los amantes de Molière”, *El Progreso*, “El Despertador”, 11 decembro 2007, p. 8.

Dá conta das diversas actuacións presentes nesta mostra, cuxas representacións se levan a cabo por compañías que contan con persoas con discapacidades no seu reparto, ademais de varios talleres de formación. Sinálase que entre as compañías participantes se atopan Pinchacarneiro, con *Pic Nic*; Na Lúa, con *Grandullón, O xigante abusón*; Alquimistes, con *Romeo y Julieta, un amor sin barreras*; El Arquetu, con *El Trotamundos*; e Mimo Lalo, con *El Pueblerino*.

Feira das Artes Escénicas de Galicia

Ver o apartado III.4.1. deste *Informe*.

Galicreques, XIIº Festival Internacional de Títeres

Este festival vense organizando dende o ano 1996 en Santiago de Compostela pola Asociación Barriga Verde, baixo a dirección de Xurxo Rey. Dende o ano 1998 comezou a levar representacións a outras cidades galegas como Lugo, Betanzos e Pontevedra. Actualmente, o festival ten lugar en Lugo, Compostela e mais os concellos pertencentes ao Consorcio das Mariñas. A asociación organizadora contou co patrocinio de cada un dos Concellos nos que se celebrou e, dende a edición de 2000, co apoio do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais) e o INAEM (Instituto Nacional de Artes Escénicas y Musicales). O nome de "Galicreques" adoptouno no ano 2002. As representacións están divididas en dous apartados: Títeres nos Teatros, que teñen lugar nas diferentes salas, e Títeres na Rúa, que se desenvolven nas prazas e barrios dos concellos participantes. Na edición de 2007 tivo lugar entre o 1 e o 7 de outubro. Reuniu a vinte e cinco compañías de quince países distintos, sete delas galegas. Actuaron, entre outros, os grupos galegos Cachirulo, con *Do, re, mi, Mozart xoga aquí;* Cascanueces, con *O gato simple*; Caramuxo, con *Glub, glub*; Plansjet, con *A danza das marionetas*; Seisdedos, con *O cego dos monifates*.

Referencias varias:

- Sara González, “Na primeira liña”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 24 agosto 2007, p. 31.

Entrevista a Jorge Rey, director de Títeres Cachirulo e impulsor do festival Galicreques. Considera que achegar a lingua ao pobo e facer unha programación estábel deben ser os principais obxectivos do teatro. O galego ten como puntos fortes unha identidade propia, se ben habería que mellorar as condicións de traballo e a amplitude das programacións, así coma o investimento. Considera que o fito máis importante do teatro propio é que toda unha serie de grandes nomes dos anos sesenta decidiran, nun intre da súa vida, quedar en Galicia. Foi o caso de Eduardo Alonso, Roberto Vidal Bolaño, Manuel Lourenzo ou Xulio Lago. Respecto ao estado actual dos monicreques, Rey é optimista: sinala que traballan moi ben e con moitos proxectos e que están a xurdir

compañías novas. Dise que Galicia é, ademais, un sitio que se ten moi en conta neste ámbito. Finalmente, sinala que en canto ao público prefire os espectáculos familiares, nos que se mesturan nenos e maiores nas butacas.

- A.I., "Galicreques' inicia hoy su andadura con Cachirulo", *El Correo Gallego*, "Santiago", 1 outubro 2007, p. 18.

Dise que Cachirulo será a encargada de inaugurar o Festival Internacional deTíteres Galicreques coa obra *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*. A continuación indícanse algúns dos países dos que proceden as compañías participantes e sinálanse outras actividades, ademais das representacións, que terán lugar no marco deste Festival. Así, fálase de talleres, da presentación dunha colección de textos de monicreques e do libro Monicreques trashumantes, de Pepe Ruíz, da homenaxe a Pepe Otal ou da proxección de Bubulús.

- M.B., "El festival Galicreques forja los titiriteros del mañana", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 2 outubro 2007, p. L2.

Faise eco da duodécima edición do Festival Internacional de Títeres Galicreques, que se celebra en Compostela con vinte e cinco espectáculos doutras tantas compañías de quince países, cifras que converten o evento nun dos catro festivais de marionetas máis destacadas do Estado. A seguir, dá conta de tres cursos que van ser impartidos neste evento, respectivamente, polo arxentino Claudio Hochman, cunha ampla experiencia como director de teatro, ópera, zarzuelas e musicais; por Marcelo Fernández, tamén arxentino e un dos maiores especialistas na construción de bonecos de gomaespuma e construtor de materiais escenográficos; e polo chileno Miguel Oyarzún, unha autoridade na manipulación de títeres de guante.

- M. Beceiro, "El teatro nacido de un juego de sábana, manos y luz", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 3 outubro 2007, p. L2.

Dáse conta do festival Galicreques que abre o seu programa de adultos cos títeres de sombras turcos *karagöz*, que se estrean en Galicia. Dise que o espectáculo, que se poderá ver no Teatro Principal, é unha mestura de diferentes espectáculos tradicionais dos séculos XVIII y XIX, tempos nos que viviu o seu maior pulo o karagöz. Coméntase que o titiriteiro dá vida aos dous personaxes da historia, un deles co mesmo nome da técnica, Karagöz, que en turco, literalmente, significa "ollo negro". A seguir, sinálase que seguindo as líneas dos textos clásicos, un dos persoeiros, Karagöz, é cómico, e o outro serio. Tamén se dá conta da historia deste tipo de espectáculo.

Liceo Casino, Festival de Títeres

Festival organizado polo Liceo Casino no que no ano 2007 se puxeron en escena as pezas *¡Que viene el lobo!*, da compañía asturiana Kamante Teatro; *Huevito de ida y vuelta*, da compañía arxentina Asomados y Escondidos; *Manulengo de Xoán Redondo e Miseria*, das compañías portuguesas Teatro de formas animadas e Fantoches Baj, respectivamente. Entre as galegas encóntranse Viravolta, con *¡Hip, hip, hurra!*, e Teatro Buratini, con *Contos para todo o ano*.

Referencias varias:

- L.B. “Pequeños personajes para grandes cuentos”, *Diario de Arousa*, 23 maio 2007, p. 64.

Logo de valorar que os espectáculos de títeres son unha boa forma de entretemento e de transmisión cultural, fálase da xornada inaugural do Festival de Títeres organizado polo Liceo Casino. Dise quen foi a compañía encargada de inaugurar o Festival e fálase sobre a obra que puxo en escena. Infórmase tamén da participación da compañía asturiana Kamante Teatro, con *¡Que viene el lobo!*; da compañía arxentina Asomados y Escondidos, con *Huevito de ida y vuelta*; e de Viravolta, con *¡Hip, hip, hurra!*. Tamén se fala doutras actividades realizadas no marco deste festival.

Lugo, Mostra de Teatro Infantil de

Dirixida a escolares de entre os tres e os trece anos, esta mostra está organizada pola Concellaría de Educación do Concello de Lugo en colaboración coa Fundación Caixa Galicia e celébrase no Auditorio Municipal da cidade das Murallas. Ten como obxectivo achegar á infancia e adolescencia o teatro e tamén estimular a creación de grupos nos colexios. Na edición de 2007 celebrouse no mes de outubro e actuaron, entre outros, o Grupo Lavi e Bei, con *Petit Cabaret*, e Kamante, con *Que vén o lobo*.

Referencias varias:

- Marta Becerra, “El Auditorio acoge la XVII Mostra de Teatro Infantil, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 19 outubro 2007, p. 6.

Informa que o auditorio municipal Gustavo Freire acolle a XVII Mostra de Teatro Infantil, que organiza a Concellaría de Educación. Sinala que as representacións correron a cargo do Grupo Lavi e Bei, que puxeron en escena *Petit Cabaret*. Así mesmo, apunta que no Centro Social de Fingoi se está desenvolvendo o “Outono Teatral”, organizado pola Concellaría de Benestar Social, e anuncia a representación d’ *O percebe e o pingüín*, a cargo do colectivo Palimoco.

- Marta Becerra, “Diez años de ayuda”, *El Progreso*, “El despertador”, 19 outubro 2007, p. 6.

Entre outras novas, dáse conta da XVII Mostra de Teatro Infantil que ten lugar no Auditorio Municipal de Lugo e das representacións que terán lugar. Tamén se indican as que terán lugar no marco do Outono Teatral do Centro Social Fingoi.

- Marta Becerra, “Teatro para todos”, *El Progreso*, “El despertador”, 7 novembro 2007, p. 10.

Noticia referente a XVII Mostra de Teatro Infantil organizada pola Concellaría de Educación do Concello de Lugo. Dise que na presente mostra, mentres os máis pequenos seguen gozando do teatro infantil, os universitarios poden realizar os cursos

de teatro e de creación musical enmarcados no programa *Comedia da Arte* na Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo). Destacan de entre todas as obras teatrais *Que ven o lobo* da compañía Kamante, especialmente dedicada os rapaces e raparigas de primaria.

María José Jove, IIIº Festival de Títeres

Festival organizado pola Fundación María José Jove e o Concello da Coruña a través do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), que é unha continuación do Festival de Teatro e Cine infantil iniciado no ano 2003. Nesta edición de 2007 o festival tivo lugar no Fórum Metropolitano e na sede da Fundación María José Jove entre os días 26 e 31 de decembro. Actuaron nel compañías galegas e foráneas. Entre as galegas: Títeres Cachirulo, con *Do, re, mi, Mozart xoga aquí* e Títeres Cascanueces, con *O gato simple.*

Monterroso, Ciclo de Teatro Afeccionado de

Organizado pola Escola de Teatro Falcatrueiros e patrocinado pola Consellería de Cultura e a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural. Na edición de 2007 tivo lugar no Centro Sociocultural de Monterroso os días 11, 18 e 25 de novembro. Participaron a Escola de Teatro Falcatrueiros, con *Clown Escola*; a Aula de Teatro de Antas de Ulla, con *Indíxenas na cidade*; e Metátese Teatro, con *Utopía 94.*

MOTI, Mostra de Teatro Infantil

Organizada polo Concello, o Teatro Principal e a Universidade de Ourense, esta mostra naceu no ano 2004 co obxectivo de converterse nunha oferta cultural máis da cidade de Ourense para o público infantil nas datas de Nadal. Dirixida por Fernando Dacosta ten como escenarios o Teatro Principal, o Auditorio e a Universidade de Ourense. Parte da recadación destínase a UNICEF. Na edición de 2007 participaron as compañías Berrobambán, con *Buh!* e *Boas Noites*; Teatro do Tempo, con *Os tres porquiños*; Títeres Trompicallo, con *Bolboreta*, Teatro Paraíso, con *Estrellas*, Date Danza, con *Todo Redondo*, e a Aula Universitaria de Teatro Infantil, con *A fada do abano verde*.

Referencias varias:

- L., "La Mostra teatral para niños programa seis días de teatro de autor y de calle en la ciudad", *La Región*, "Ourense", 20 decembro, p. 12.

Infórmase da IV Mostra de Teatro Infantil (MOTI) na que se desenvolverán tanto espectáculos de autor e de animación de rúas, a cargo das compañías Trécola Teatro e Zancolino, como desfiles, títeres ou zancudos , así como as representacións teatrais *Estrellas*, de Teatro Paraíso ou *Os tres porquiños*, de Teatro do tempo, en espazos pechados. Saliéntase a posta en escena *Todo Redondo*, de Date Danza para bebés de cero a tres anos. Dise que a mostra se completa coas seguintes actuacións: *Boas Noites*, de Berrobambán; *Bolboreta*, de Títeres Trompicallo; *El elefantito*, de La canica; *A fada do abano verde*, da Aula Universitaria de Teatro Infantil; *Salvador, el niño, la montaña*

y el mango, de Cambaleo e o peche correrá a cargo da compañía Elefante Elegante coa obra *Tristán*.

- G.G., "El teatro infantil manda", *La Región*, "Navidad en Ourense", 24 decembro 2007, p. 9.

Fálase da "Mostra de Teatro Infantil" no Teatro Principal de Ourense, dentro da programación de Nadal. Faise unha relación das obras que se representarán: *Estrellas*, de Teatro Paraíso; *Boas Noites*, de Berrobambán; *Bolboreta*, de Títeres Trompicallo; *El elefantito*, de La canica, e *Mambrú*, de Markeliñe Teatro, que trata dunha amizade entre dúas nenas nunha zona de guerra.

- Imanol Hernández, "Los niños descubren su pasión por el escenario", *La Región*, 26 decembro 2007, p. 8.

Infórmase das actividades de Nadal en Ourense, concretamente da cuarta edición da Mostra de Teatro Infantil (MOTI) que amosa o carácter lúdico da arte dramática. Enuméranse as nove representacións teatrais que terán lugar en distintos lugares de Ourense e cítanse os espectáculos de zancos, mimos, magos e saltimbanquis nas rúas ourensás. Saliéntase a obra *Todo Redondo*, da compañía Date Danza, dirixida a nenos de até dous anos e a actuación do Mago Teto, co espectáculo *Tolemaxias*, para os nenos ingresados no Complexo Hospitalario. Dise que a metade do recadado na taquilla se destinará a UNICEF. Para finalizar, reflíctese a axenda dese día: *Estrellas*, de Teatro Paraíso, no Teatro Principal, espectáculo na rúa de Trécola Teatro e *Os tres porquiños*, de Teatro do Tempo, no edificio de Ferro.

- Imanol Hernández, "Quince funciones consolidan el festival", *La Región,* "Ciudad", 27 decembro 2007, p. 12.

Con motivo do arranque da cuarta edición do MOTI (Mostra de Teatro Infantil de Ourense) déixase constancia dalgúns dos obxectivos do presente festival, tales como o incremento na captación do público e a inclusión dos máis novos como receptores activos, sempre subliñando "la labor altruísta y de beneficio social" que se pretende con tales funcións. Continúase con breves mencións ao traballo do festival debido á "gran diversidad de la oferta dramática", quince obras, e ao amplo número de compañías de teatro participantes, ademais do aumento en achegas de apoio ao proxecto; rematando cun sumario da programación do festival para o presente día.

- L.R., "Los bebés se enganchan al teatro", *La Región*, "Ourense", 28 decembro 2007, p. 10.

Realízase un repaso detallado sobre o contido do espectáculo *Tondo Redondo*, obra incluída no MOTI (Mostra de Teatro Infantil), dirixida a bebés e a nenos de até tres anos. Coméntase brevemente o tema da peza teatral deixando constancia da presenza da música, sons, coreografías e obxectos como complemento da actuación, co fin de atraer a atención do público infantil. Dise que nesta peza dividida en tres partes destácase o apartado final dirixido á interacción dos pequenos convidándoos ao escenario. Finalmente, unha mención a cerca da orixe da idea que deu lugar á creación dunha obra de tales características.

Morrazo, XI Mostra de Teatro de Ensino Secundario do

En 2007 participou nesta mostra o Grupo Teatral Capaces coa obra *Cos ollos pechados… soños espertos*.

Referencias varias:

- Teresa Miñán, "Porque todos somos capaces", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo/Marín", 28 abril 2007, p. 17.

Dise que o encargado de pechar a Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo foi o Grupo Teatral Capaces e fálase un pouco do ambiente existente na sala no momento da representacións. Finalmente, fálase de cómo foi o acto de clausura.

Nadal, Ciclos de

Acóllense neste ciclo todos os festivais e representacións en xeral que realizaron concellos, salas e grupos para celebrar o Nadal dende as representacións teatrais.

Referencias varias:

- Chus Gómez, "Os Magos falan galego en Cuntis", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 12 decembro 2007, p. 4.

Fálase da programación de Nadal do Concello de Cuntis. Dise que entre as actividades hai que salientar as representacións teatrais: o 1 de decembro, *Sublime decisión* e *Un avó especial*; o día 14, *O gordo e o calvo van ao médico*, da compañía Os sete magníficos máis un; o día 21, *Non hai ladrón que por ben non veña*, do grupo Teatro Expresión; o día 22,
Varietes, do grupo Seisdedos; o día 28, *Roi, o cagabolas*, da compañía Roi Sixto; e o día 29 *Títeres e contos para todos*, de Expresión Teatro. Anúnciase tamén que o día 6 de xaneiro volverá a representarse *Sublime decisión* a cargo do Grupo Teatro Escola Artística.

- G. G., "Talleres, teatro, música coral y más", *La Región*, "Navidad en Ourense", 24 decembro 2007, p. 4.

Anúnciase a programación de Nadal do Concello de Ourense, na que se salienta as diferentes actuacións teatrais. Dise que o día 25 de decembro haberá animación na rúa do grupo Trécola Teatro; o día 26, Teatro Paraíso presentará no Teatro Principal a obra *Estrellas* e haberá animación na rúa a cargo de Zancolino Produs; o día 28 actuarán Títeres Trompicanos e Aula Universitaria de Teatro Infantil; o sábado 29, participará La Canica e Cambaleo. Finalmente, sinálase que o día 30 actuarán novamente Trécola Teatro e Elefante Elegante.

- M.L., "El 'Xabarín' abre hoy en el Auditorio la programación infantil de Navidad",

Diario de Arousa, "Nadalandia 07", 26 decembro 2007, p. 5.

Informáse das actividades enmarcadas dentro da programación de Nadal do Concello de Vilagarcía "Nadalandia 07". Saliéntase o ciclo de títeres no que se representarán *Unha merenda de Alicias*, do grupo Sapristi; *Mago de Oz*, de Os Quinquilláns; *Espirro de Gaia*, de Falcatrúa Teatro; *Sen Título, técnica mixta sobre escenario*, de Os Monicreques de Cucas e, finalmente, *O libro da selva*, de Títeres Cachirulo.

- L.R., "Cuentacuentos, teatro, magia y villancicos animan la Navidad en el Materno Infantil", *La Región*, "Ourense", 26 decembro 2007, p. 7.

Infórmase das actividades que se realizarán no CHOU para as festas do Nadal. Entre elas, destácanse a actuación do grupo de marionetas Teatro do tempo coa representación da obra *Os tres porquiños e algún outro* e as sesións de contacontos a cargo de Fátima Fernández e o grupo Axouxere.

- F. Frieiro, "Cultura continúa coa programación de Nadal cargada de literatura, cine e teatro", *Diario de Arousa*, "O Grove", 29 decembro 2007, p. 24.

Entre as actividades de Nadal que se anuncian, sublíñanse as Xornadas de Teatro Enxebre coas representacións das obras *Un mal día* por o grupo Libélula e *Lacras* do grupo Enxebre.

Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de

Organizada por primeira vez en 1998, quere achegar o teatro a miles de escolares do Concello de Narón durante o mes de novembro, á vez que recuperar a vella mostra infantil "Xeración Nós", que celebraban dende 1984 os sete concellos da Mancomunidade. Durante os anos 2001 e 2002 sumouse ao Concello de Narón o Padroado de Cultura do Concello de Ferrol e contou coa colaboración do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais) e da Deputación da Coruña. Na edición do ano 2007 tivo lugar a participaron da Compañía Fantasía en Negro, con *No eres una lagartija*; Compañía Teloncillo, con *Muuu*, e Compañía Archiperre Teatro, con *Enrique V*.

Referencias varias:

- M.J.R., "A programación teatral de Narón céntrase nos vindeiros meses nos nenos e na danza", *Diario de Ferrol*, "Narón", 26 outubro 2007, p. 20.

Refire a presentación, por parte do Padroado da Cultura de Narón, da súa programación escénica para os vindeiros dous meses. Dise que o mes de novembro está dedicado ás propostas para o público infantil e xuvenil e decembro á danza. Infórmase da programación e do calendario da mesma e saliéntase dun xeito relevante a obra *Afterplay* coa que Blanca Portillo actuará no auditorio de Narón os días 2 e 3 de novembro.

Fingoi, Ciclo de Teatro Afeccionado da Asociación "Nova Escena"

Referencias varias:

- Carmen Uz, "Gente con tablas", *El Progreso*, "Lugo", 17 novembro 2007, p. 10.

Fai refererencia a asociación "Nova Escena", que xurdiu dun obradoiro de interpretación e que celebra o seu décimo aniversario cun ciclo de teatro afeccionado en Fingoi (Lugo). Coméntase que o devandito ciclo de teatro conta con grupos teatrais de Lugo, Palas de Rei, Antas de Ulla, Vigo e Santiago. Do mesmo xeito, dise que os integrantes desta asociación teñen pensado desenvolver unha quincena de actuacións ao longo do ano; entre o seu repertorio atópanse obras de Shakespeare, Aristófanes, Bocaccio e outras de creación propia.

Os Rosales, I Festival de Teatro Infantil

Festival organizado por vez primeira en decembro do ano 2007 pola compañía Teatro do Andamio. Nel levaronse á escena as obras *Mundos contados*, de Talía Teatro; *Mensaxe nunha botella* e *Contos para todo o ano*, de Teatro Buratini; *Vagamundos*, de Caramuxo Teatro; *El ajmad de Ajmed*, de Artestudio; *Edelmiro II e o dragón Gutiérrez*, de Teatro do Andamio, e *Bicos na lingua*.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, "La sala de Teatro del Andamio se muda al barrio de Os Rosales", *La Opinión*, "Ciudad y Cultura", 10 marzo 2007, p. 12.

Anúnciase o traslado da sede da única sala alternativa da Coruña pertencente á rede do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Recóllense as palabras do director da compañía, Álvaro Guevara, a respecto, por exemplo, do novo local e das novas propostas da xerencia do IGAEM. Finalmente, anúnciase a posta en marcha para decembro da primeira edición do Festival de Teatro Infantil "Os Rosales". Tamén se anuncia a estrea da obra *Que te cuente un cuento*, da compañía Teatro do Andamio.

- G.M.O., "Os Rosales organiza su primer Festival de Teatro Infantil", *La Opinión*, "Ciudad y cultura", 20 decembro 2007, p. 12.

Infórmase da organización do primeiro Festival de Teatro infantil Os Rosales a cargo da compañía "Teatro del Andamio", no que se farán actuacións para nenos de tres a doce anos entre as que se salientan *Mundos contados*, de Talía Teatro; *El ajmad de Ajmed*, de Artestudio; *Mensaxe nunha botella* e *Contos para todo o ano*, de Teatro Buratini; *Vagamundos*, de Caramuxo Teatro; *Edelmiro II y el dragón Gutiérrez*, de Teatro do Andamio e , a única obra para maiores de trece anos, *Bicos na lingua.*

Outono Teatral do Centro Social Fingoi

Organizado pola Concellaría de Benestar Social ten lugar no Centro Social de Fingoi. No ano 2007 representouse *O percebe e o pingüín*, polo colectivo Palimoco.

Referencias varias:

- Marta Becerra, "El Auditorio acoge la XVII Mostra de Teatro Infantil, *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 19 outubro 2007, p. 6.

Informa que o auditorio municipal Gustavo Freire acolle a XVII Mostra de Teatro Infantil, que organiza a Concellaría de Educación. Sinala que as representacións correron a cargo do Grupo Lavi e Bei, que puxeron en escena *Petit Cabaret*. Así mesmo, apunta que no Centro Social de Fingoi se está desenvolvendo o "Outono Teatral", organizado pola Concellaría de Benestar Social, e anuncia a representación d' *O percebe e o pingüín*, a cargo do colectivo Palimoco.

Redondela, VIII Festival Internacional de Títeres de

Organizado por primeira vez no ano 2000 polo grupo Tanxarina e o colectivo Erre que erre, conta co patrocinio do Concello de Redondela, a Consellaría de Cultura e a Deputación Provincial e mais a obra social de "La Caixa", ademais dun grupo de cen pequenos empresarios. Dirixido por Miguel Borines co apoio dos compoñentes do colectivo Xente Titiriteira, ten como obxectivo fundamental o achegamento dos monicreques ao público infantil e mostrar as distintas técnicas de manipulación que se empregan actualmente no teatro de marionetas, así como servir de homenaxe a Juanjo Amoedo, falecido en 1999 e promotor desta iniciativa. A edición de 2007 tivo lugar entre o 21 e o 27 de maio.

Referencias varias:

- M.B. "Volven os Monicreques a Redondela", *A Nosa Terra*, n.º 1.261, "Fin de semana", 22-28 marzo 2007, p. 35.

Dise que a nova edición do Festival Internacional de Títeres de Redondela semella que, cando menos, acadará a mesma altura que a da edición anterior. A seguir, fálase de cada un dos espectáculos que terán lugar no marco deste festival. Finalmente detense nos organizadores, lugares e outras actividades que terán lugar no marco deste Festival.

- N.A. "Os mellores titiriteiros chegan a Redondela", *Faro de Vigo*, "Especial XXI Festa do Choco", 12 maio 2007, p. 8.

Anúnciase a chegada do VIII Festival Internacional de Títeres de Redondela do que se di que ten "vocación transfronteiriza". Lémbrase cómo xurdiu a primeira edición e fálase do seu éxito ao longo dos diferentes anos. Tamén se indica que o Festival conta con extensións en Moaña, o Porriño e Vilagarcía de Arousa, e que en palabras de Miguel Borines, un dos organizadores, vale a pena tanto para os concellos como para as compañías.

- Antonio Pinacho, "Redondela recibirá 20.000 visitantes para disfrutar del Festival de Títeres", *Faro de Vigo*, "Área metropolitana", 19 maio 2007, p. 20.

Dise que esta nova edición do Festival Internacional de Títeres "Memorial Juanjo Amoedo" se volcará nos espectáculos de rúa. Recóllense as palabras de Miguel Borines e Eduardo Rodríguez Cunha "Tatán", membros da Asociación Xente Titiriteira, a respecto da calidade das compañías participantes e dos "títeres corporais" das compañías Laura Kiber e La Santa Rodilla. A seguir, dáse conta da oferta desta nova edición e do contido dos tres apartados nos que se estrutura o festival.

- M. Alonso, "Los espectáculos itinerantes en las calles protagonizan el festival de títeres", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", "Redondela", 19 maio 2007, p. 19.

Dáse conta do acto de presentación da oitava edición do Festival de Títeres de Redondela e recóllense as palabras dalgún dos participantes, como por exemplo, o concelleiro de Cultura Eduardo Reguera, ou o membro de Tanxarina, Miguel Borines, quen sinalou, entre outras, a necesidade dunha "organización profesionalizada". A seguir, indícase o lugar de procedencia das vinte compañías participantes e anúnciase algún dos actos que terán lugar no marco do Festival.

- V.O., "Festival de Títeres de Redondela", *Galicia Hoxe*, "Lecer", 27 maio 2007, p. 8.

En primeiro lugar fálase do que puido atopar o asistente á VIII edición do Festival Internacional de Títeres de Redondela, dos organizadores deste evento e do seu presuposto. Logo fálase da filosofía que mantén o Festival e das súas características sobre todo facendo fincapé no seu carácter internacional, na diversidade de espectáculos e nas novidades desta nova edición. Finalmente dáse conta dos actos que tiveron lugar no marco do festival e céntrase nos diferentes espectáculos das compañías foráneas participantes.

Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos da

Ciclo promovido pola Rede Galega de Teatros e Auditorios que achega a diversas comarcas galegas o teatro infantil. Na edición de 2007 representáronse en Cambados *Os Colombaíños*, da compañía homónima; *O merlo branco*, de Talía Teatro; *Buh!*, de Berrobambán; e *Cristobo e as marabillas*, de Sarabela Teatro. A Vilagarcía de Arousa leváronse *A lampariña de cristal*, de Teatro Liló, e *¿Que pasa na praza?*, de Paprika e Pablo Nojes.

Ver o o apartado III. 4. 1. deste *Informe*.

Referencias varias:

- R.M.C., "A Rede Galega achega a Cambados catro espectáculos para público infantil", *Diario de Arousa*, "*Arousa un mar de cultura*", 28 xaneiro 2007, p. 29.

Dise que o Auditorio da Xuventude de Cambados acolle a segunda das representacións

dirixidas aos máis novos que achega a Rede Galega de Teatros e Auditorios: *Os Colombaíños*, da compañía homónima. Dáse conta do argumento desta peza, así como d'*O merlo branco*, que xa tivo lugar, e de *Buh!* e *Cristobo e as marabillas* que ao longo do mes de febreiro se representarán.

Ribadavia, Mostra Internacional de Teatro de

Ver o o apartado III. 4. 1. deste *Informe*.

Todo Público

Ciclo, dirixido a centros escolares e familias, que acolleu no Forum Metropolitano doce espectáculos de compañías teatrais de Arxentina, Bélxica, Italia, Andalucía, Castela León, Euskadi e Galicia. Entre as obras representadas atópase *Estrelas* da compañía Teatro Paraíso. Tamén *Tarará Chis Pum*, do Centro Dramático Galego.

Referencias varias:

- R.L., "El Teatro Rosalía y el Fórum acogen esta tarde obras de teatro infantiles", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 6 decembro 2007, p. 17.

Anuncia que o teatro Rosalía e o Fórum Metropolitano acollerán dúas representacións teatrais. Dise que unha delas correrá a cargo de Títeres Trompicallo e ofrece o seu argumento.

Universitario, VII Mostra de Teatro

Mostra de teatro cuxas actuacións diarias tiveron lugar no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Nela puxéronse en escena as pezas *Cando a noite cae*, de Xosé Antonio Neira Cruz, a cargo do Grupo de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, e *Os fusís da señora Carrar*, de Bertold Brech, a cargo da Aula de Teatro da Universidade da Coruña. Tamén participou a compañía Teatro Falúa.

Vigo á Escena

Circuito municipal de teatro por barrios vigueses. No ano 2007 incluiuse a representación de *De fábula*, a cargo da compañía Artello Teatro. Tamén participou A loca motora, con *Carlota e Marieta van en avioneta.*

Ver apartado III.4.1. deste *Informe.*

Vigo, Ciclo de Teatro Escolar de

Coa finalidade de favorecer o intercambio entre os distintos colexios de Vigo, realizouse este ciclo durante o primeiro trimestre de 2007 en diferentes centros de

ensino da cidade. Participou o alumnado dos Centros de Educación Infantil e Primaria ...

Yago, Sala

Dende o ano 2002 esta Sala abriu unha nova liña de programación, da que tamén se dá conta no apartado III. 4. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas deste *Informe*. Ao longo do ano 2007 no marco de "Títeres no Yago" participaron Títeres Cachirulo, co espectáculo *O libro da selva*, e Títeres Cascanueces, con
O astrólogo, a nena e o invento marabilloso.

Ver apartado III.4.1. deste *Informe.*

Teatro Colón, Ciclo infantil do

Ciclo que ten lugar no Teatro Colón da Coruña. Na edición de 2007 representouse *Uhhh!*, de Julio Martí, ademais doutros espectáculos en castelán.

Referencias varias:

- Ana Abelenda, "Arte para espantar os medos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", "Cultura", 5 decembro 2007, p. 8.

Faise eco do ciclo teatral que se desenvolve no teatro coruñés Colón para animar coa arte este outono dos máis novos. Dise que á primeira representación, titulada *Juguetes*, sucedéronlle outras de clásicos como *La bella y la bestia* e *Peter Pan*. Sinálase que o ciclo se pecha coa obra *Uhhhh!!* da que se ofrece o argumento.

VII.3.3.2. ESTREAS

VII.3.3.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Berrobambán: *Boas noites*, texto Paula Carballeira. Dirección: Paula Carballeira e Jorge Padín. Intérpretes: Anabell Gago, Paula Carballeira, Chiqui Pereira, ManuelVázquez, Lorena Conde. Músicos: Anxo Pintos, Vaszim Yukhnevic, Dalibor Sebestik.

Ver Mostra de Teatro Infantil MOTI.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Contra os pesadelos", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", 1 novembro 2007, p. L9.

Entre outras actividades culturais que teñen lugar en Santiago de Compostela, anúnciase a posta en escena de *Boas noites*, de Berrobambán. Explícase que a temática é o medo e a forma de enfrontarse a el, que a peza é unha comedia e que ten unha gran compoñente pedagóxica.

- M.B., "Berrobambán propón xogar e soñar sin esperar ao sono", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 3 novembro 2007, p. L2.

Dáse conta da posta en escena de *Boas noites*, de Berrobambán, no Salón Teatro, que abriu así a súa programación. Explícase a temática da obra e recóllense as declaracións da súa autora, Paula Carballeira, nas que sinala que coa peza se quere achegar os medos infantís e a personaxes asociados como Pedro Chosco. Destácase a importancia do xogo para a infancia e remátase co reparto da peza.

- Lupe Gómez, "A noite é libre", *Galicia Hoxe*, "Miradas", 9 novembro 2007, p. 2.

Dise que o teatro é o que pode permitirlle á nenez liberarse de tantas ocupacións que teñen hoxe en día. A seguir, fala do espectáculo *Boas noites*, de Paula Carballeira. Dá conta do argumento, valora diferentes aspectos da posta en escena e comenta as sensacións que se producen no espectador logo de asistir a este espectáculo.

Berrobambán: *Buh!*, texto de creación colectiva, dirección Paula Carballeira. Reparto: Paula Carballeira, Chiqui Pereira, Lorena Conde, Teresa Rodríguez e Manolo Vázquez. Música: Manolo Vázquez.

Ver Mostra de Teatro Infantil MOTI.
Ver Ciclos da Rede Galega de Teatros e Auditorios.
Ver apartado III.4.1. deste *Informe.*

Referencias varias:

- A.I., "Teatro de calidad para los escolares de la mano de la compañía Berrobambán", *El Correo Gallego*, "Santiago", 10 xaneiro 2007, p. 28.

Faise eco da presentación da obra *Buh!* por parte dos responsábeis de Cultura do Concello de Santiago. Sinálase que con esta iniciativa se quere non só fidelizar ao público máis novo, senón formalo e mesmo potenciar entre eles a futuros potenciais actores e actrices. Entre outras características destácase o arriscado dunha aposta baseada nun espectáculo mudo, no que o público máis novo se solidariza co personaxe principal: o medo.

- A.I., "Miedo y risas en el Teatro Principal de la mano de los gallegos Berrobambán", *El Correo Gallego*, "Santiago", 14 xaneiro 2007, p. 34.

Dáse conta do reparto de *Buh!*, da Compañía Berrobambán, que se estreou no Teatro Principal baixo a dirección de Paula Carballeira. Sinálase que o tema de peza é o medo e a súa conversión en algo insignificante. Lémbrase que esta compañía que traballa para o público infantil e xuvenil é unha das de máis dilatada traxectoria en Galicia. Remátase

aludindo á exitosa traxectoria da súa directora, Paula Carballeira, e ao compromiso da compañía coa cultura galega.

- Daniel Salgado, "Berrobambán reúne a 1.000 niños en Santiago con su obra 'Buh", *El País*, "*Galicia*", 22 xaneiro 2007, p. 35.

Balance da asistencia de público ás sesións que tiveron lugar no Teatro Principal de Santiago de Compostela da posta en escena de *Buh!*. Sinálase que, segundo Paula Carballeira, directora da peza, a diferenza entre o teatro para o público adulto e o infantil reside na linguaxe empregada e nas claves que emprega o público. Explícase tamén que o protagonista é o medo e que a peza se basea nas técnicas do clown.

- Xoán C. Riobó, "Ha, ha! O medo que nos espera", *Revista Galega de Teatro*, n.º 50, primavera 2007, pp. 41-42.

Crítica da obra *Buh!*, da compañía Berrobambán, que valora moi positivamente a súa achega ao "teatro de actores" no eido infantil, onde xa contan cunha importante presenza os espectáculos de títeres. Respecto a esta representación, saliéntase o estilo gótico do espazo escénico, así como a personificación do Medo, un tema moi recorrente na literatura infantil, dun xeito cómico. Explica que as escenas se suceden entre enganos, sustos, risos, xogos e cancións. Non obstante, considera que o espectáculo non remata en estabilidade, pois queda aberto e confunde ao público. Asemade, sinala que tampouco hai unha cadencia que indique a proximidade do fin.

Buratini: *Mensaxe nunha botella de plástico*.

Ver I Festival de Teatro Infantil Os Rosales.

Referencias varias:

- M.B., "Como ciudadanos que son los niños tienen derecho a una oferta", *La Voz de Galicia*, "A pie de calle", 30 outubro 2007, p. L16.

Conversa con Larraitz Urruzola, membro de Teatro Buratini, na que fala da súa proposta *Mensaxe nunha botella de plástico*, comezando pola mensaxe que transmite, baseada no coidado da natureza. Explica tamén que a reacción do público é moi positiva e que se senten moi ben de traballar para el.

- R.A., "A contaminación do mar sobe á escena", *Diario de Arousa*, "Teatro", 6 novembro 2007, p. 64.

Dáse conta da posta en escena de *Mensaxe nunha botella de plástico*, de Teatro Buratini, no marco das actividades organizadas polo Centro Superior de Investigacións Científicas e o IGAEM, para conmemorar o Ano da Ciencia. Explícase que esta peza, que contou co apoio do Concello de Vilagarcía, quere concienciar sobre a necesidade de coidar a natureza. Dise que os materiais empregados na peza son todos reciclados e que no escenario conviven actores e monicreques. Remátase cunha breve achega ao argumento que se desenvolve.

- Xosé Lueiro, "Mensaxe nunha botella", *Galicia Hoxe*, "Hoxe venres", "A contrabutaca", 16 novembro 2007, p. 4.

Entrevista a Pablo Suárez, director da compañía teatral Teatro Buratini, que acaba de estrear *Mensaxe nunha botella*, sobre o tema da contaminación ambiental. Pablo Suárez fala sobre a obra que define como un "modelo de produción diferente" na que o texto ten unha importancia capital. Comenta que a escenografía foi realizada a partir de materiais de reciclaxe e afirma que a representación con títeres está a cobrar importancia no mundo teatral. A continuación, explica os problemas que teñen as compañías de teatro infantís e afirma que se debería fomentar o teatro escolar. Por último, fala sobre a súa propia compañía.

Buratini: *Contos para todo o ano*.

Ver Festival de Títeres Liceo Casino.
Ver I Festival de Teatro Infantil Os Rosales.

Buratini: *Palabras de Caramelo*

Ver apartado III.4.1. deste *Informe.*

Referencias varias:

- E.A.R., "El área metropolitana acoge actos de la celebración del 125 aniversario del teatro hecho en gallego", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "Comarcas", "Ames y Teo", 14 agosto 2007, p. L9.

Fálase sobre a conmemoración do cento vinte e cinco aniversario do teatro feito en galego con actos promovidos pola Consellaría de Cultura en Ames e Teo ao longo do mes de setembro. Informa que se representará, entre outras, a obra *Palabras de caramelo*, da compañía Buratini. Tamén se di que participarán vinte e cinco compañías teatrais de Galicia que ofrecerán as representacións en trinta e oito localidades.

Caramuxo Teatro: *Vagamundos*

Ver I Festival de Teatro Infantil Os Rosales.

Casahamlet: *Lobos de mentira*, texto de Manuel Lourenzo. Dirección: Paulo Serantes. Protagonistas: Tania Galán, Lucía Sánchez e Xabier Ramilo.

Referencias varias:

- Débora García, "Atención, ovejas con piel de lobo", *El Ideal Gallego*, 6 febreiro 2007, p. 72.

Indícase o comezo e o argumento da obra *Lobos de mentira*, de Manuel Lourenzo, coa que a editorial Xerais-Anaya puxo en marcha unha campaña de animación á lectura. Tamén se indica cál é a mensaxe desta obra representada por alumnos e ex-alumnos de Casahamlet. Finalmente dáse conta de cómo transcorreu a posta en escena na Coruña para o alumnado do CEIP María Pita e do colexio Labaca. Tamén se din os lugares nos que se repetirá a representación.

- Óscar Iglesias, "Campaña de Xerais para animar a la lectura infantil", *El País*, "*Galicia*", 6 febreiro 2007, p. 38.

Alude á estrea na Coruña da comedia *Lobos de mentira*, de Manuel Lorenzo, dentro dunha campaña de animación á lectura infantil que terá máis de cento cincuenta representacións en centros de Primaria de toda Galicia. Asemade apunta que o seu director é Paulo Serrantes quen indicou que esta obra ten pinceladas de comedia da arte e técnicas de clown.

- M.C.S., "Laxe celebra el Día del Teatro con la obra 'Lobos de mentira", *La Opinión*, "Carballo/Costa da Morte", 27 marzo 2007, p. 19.

Dise que con motivo do Día Internacional do Teatro se pon en escena no Concello de Laxe a obra *Lobos de mentira*, a cargo de Casahamlet. Indícase a hora da función e o público ao que vai dirixida. Finalmente dáse conta doutras actividades culturais do Concello como contacontos con motivo do Día do Libro Infantil e Xuvenil ou de diferentes actos para a Semana Santa.

Centro Dramático Galego: *Tarará-chis-pum: unha historia de onte e hoxe*. Dirección: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro (direc.). Actores: Avelino González, Fran Peleteiro, Manuel Polo, Noemí Rodríguez, Xosé Carlos Illanes e Anabel Gago. Dirección musical: Manuel Pombal.

Ver Todo Público.
Ver apartado III.4.1. deste *Informe*.

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, "Vento en popa a toda...", *Galicia Hoxe*, "A contrabutaca", 12 xaneiro 2007, p. 4.

Conversa con Cristina Domínguez na que dá conta dos labores nos que está inmerso o Centro Dramático Galego (CDG) e ofrece unha valoración dalgún dos espectáculos que están tendo lugar. Tamén alude ao seu cargo como directora e fala da incorporación de actores novos a *Regreso ao futuro*, *Tararí-chis-pum* e *A Piragua*. Así mesmo, conversa sobre o curso de dramaturxia, a programación do Salón Teatro e as prioridades do CDG.

- B.R. Sotelino, "La «triunfita» de Pontecaldelas cambia de siglas: de OT al CDG", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 31 xaneiro 2007, p. 43.

Informa da posta en escena de *Tarará chis-pum!* como novidade do Centro Dramático Galego (CDG) pola súa aposta de cara ao teatro dirixido a un público infantil. Coméntase a participación de Bea Porrúa, concursante do programa televisivo Operación Triunfo, que se está a preparar para dedicarse á representación.

- M.M., "A primeira obra infantil do teatro profesional galego volta ao escenario co Centro Dramático", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 31 xaneiro 2007, p. 36.

Dáse conta da presentación de *Tarará-chis-pum!*, primeira obra do teatro infantil galego que foi representada en 1978 por unha compañía profesional. Recóllense as palabras dos directores, Santiago Montenegro e Rosa Hurtado, que sinalan que a obra orixinal é unha escusa, posto que este novo espectáculo é unha lectura totalmente actualizada. Explícase brevemente o argumento da peza e repásanse as autoridades presentes no acto de presentación.

- M.B., "*Tarará-chis-pum!* A nova produción para crianzas do CDG", *A Nosa Terra*, n.º 1.254, "Cultura", 1-7 febreiro 2007, p. 25.

Dáse conta da estrea en Vigo de *Tarará-chis-pum!*, a cargo do Centro Dramático Galego (CDG), unha peza baseada noutra homónima que fora estreada en 1978 por Artello Teatro. Repásase o argumento e o reparto da peza, sinálanse algunhas cidades galegas nas que terá lugar a representación e dise que se elaborou un caderno educativo, dirixido aos escolares, a cargo de Cristina Pérez Asenjo. Lémbrase que a peza estreada nos anos setenta fora moi ben acollida polo público e que estivera en cartel até setembro de 1981. Remátase sinalando que esta produción é a segunda nesta tempada do CDG dirixida ao público infantil.

- O.I. "El CDG recupera la primera obra de teatro infantil profesional", *El País*, "*Galicia*", 1 febreiro 2007, p. 35.

En primeiro lugar dáse conta do argumento de *Tarará-chis-pum!* e indícanse algúns datos da súa posta en escena en 1978 na Sala Carral de Vigo e do éxito que acadou. A seguir, infórmase de que case trinta anos despois o Centro Dramático Galego estrea unha nova versión no Centro Sociocultural Caixanova deVigo, representación á que lle seguirán outras moitas. Finalmente, dise quén son os directores e actores desta nova versión e recóllese a opinión de Santiago Montenegro sobre esta.

- B. R. Sotelino, "O CDG fai 'Tarará Chis-Pum", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "D Escenarios", 2 febreiro 2007, p. 16.

Anúnciase unha nova estrea do Centro Dramático Galego con *Tarará-chis-pum!*, unha proposta baseada na que se estreara en 1978 por Artello Teatro. Sinálase que se presenta baixo a dirección dos fundadores, Rosa Hurtado e Santiago Montenegro, que no seu momento foi o primeiro espectáculo profesional dirixido á infancia e que se mantivo en cartel durante dous anos. Remátase dando unha pequena liña argumental e as funcións previstas para os dous meses seguintes.

- R.M.C., "A cesureña Beatriz Porrúa dá o salto ó teatro coa obra infantil 'Tarará Chis-Pum", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 4 febreiro 2007, p. 27.

Amplo comentario da peza *Tarará-chis-pum!*, na que se destaca a figura da actriz Beatriz Porrúa. Explícase que esta peza está baseada noutra anterior estreada en 1978 e repásase o equipo que participou nesta nova entrega. A seguir, céntrase na figura de Porrúa, da que lembra que se deu a coñecer como cantante e que na peza interpreta a seis personaxes. Tamén se alude á traxectoria doutros actores como Avelino González ou Fran Peleteiro e adiántanse outros lugares de Galicia nos que terá lugar a posta en escena.

- Xosé Lueiro, "E o esforzo pagou a pena", *Galicia Hoxe*, "Hoxe venres", "A contrabutaca", 9 febreiro 2007, p. 4.

Conversa coa actriz Anabel Gago, membro do equipo de *Tarará-chis-pum!* que o Centro Dramático Galego (CDG) vén de estrear, na que se refire á confianza que depositaron nela os responsábeis da produción, a necesidade de decantarse por un ou outro proxecto, aínda que considera que se poden levar adiante dous proxectos se un deles é dirixido ao público infantil. Explica tamén cómo se foi xestando a peza, o labor de actualización, a priorización da acción física sobre a palabra, a importancia do ritmo ou a busca da reflexión entre o espectador. Manifesta unha gran satisfacción pola acollida do público na estrea, refírese á necesidade de facer máis teatro de autor dirixido á infancia e anuncia próximas funcións.

- Xosé Lueiro, "En carteleira...", *Naz-on. Revista Cultura Galega*, n.º 5, "Teatro", febreiro-marzo 2007, p. 28-31.

Nesta sección faise un repaso pola carteleira teatral galega. Así, sinálanse e coméntanse varios espectáculos. Entre eles atópase *Tarará-chis-pum: unha historia de onte e hoxe*, unha montaxe familiar que o Centro Dramático Galego (CDG) leva polos escenarios de toda Galicia. Indícase que esta obra se insire na liña programática iniciada co espectáculo *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*

- Marta García Martínez, "Buscando un riso entre un cento", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 2 marzo 2007, p. 16.

Anúnciase a presenza do CDG con *Tarará-chis-pum!* na Coruña. Repásase o argumento e lémbrase que está baseada nunha peza homónima estreada en 1978.

- Gemma Malvido, "O Centro Dramático recupera a primeira obra de teatro infantil", *La Opinión*, "Ciudad y cultura", 2 marzo 2007, p. 10.

Comézase referindo a que *Tarará-chis-pum!* está baseada noutra peza homónima estreada a finais dos anos setenta. Repásase o argumento da obra e reprodúcense as palabras da directora do CDG nas que destaca a frescura que mantén a obra, o bo traballo dos actores e a necesidade de facer teatro para todos os públicos. Tamén se fai eco das declaracións de José Carlos Illanes, que interpreta o papel de mudo na peza, que destaca o ritmo da obra e a música.

- F.P.L., "O CDG presentou onte na Coruña a revisión dun clásico de Artello", *El Correo Gallego*, "Cultura", 4 marzo 2007, p. 76.

Dáse conta da estrea no Forum Metropolitano de *Tarará-chis-pum!*, do CDG, da que se

sinala que está baseada nunha obra estreada nos anos setenta e da que se ofrece o argumento. Indícase que ademais desta función tamén se levan a cabo outras específicas para escolares. Remátase coas declaracións da directora do CDG, Cristina Domínguez, quen manifesta a decisión de seguir nesta liña da institución teatral.

- Fran P. Lorenzo, "O CDG gaña os cativos cun renovado 'Tarará Chis-Pum!", *El Correo Gallego*, "Cultura", 7 marzo 2007, p. 75.

Faise eco da estrea de *Tarará-chis-pum!*, do CDG, en Santiago de Compostela. Destácase desta creación colectiva a orixinalidade e o espírito de diversión e improvisación. Evócase o éxito que acadara na súa estrea o espectáculo de 1978 e sinálanse algúns cambios, como o cambio de protagonismo de neno a nena, a simplificación de elementos e o poder da suxestión, ademais da importancia da música. En cadro á parte, recóllense as declaracións de Cristina Domínguez, directora do CDG, quen responde á acusación de posíbeis incompatibilidades sinalando que dende que chegou á institución non incorreu en ningunha, posto que subscribiu un contrato de exclusividade.

- maré, "Ensaios contra o aburrimento", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 marzo 2007, p. 28.

Dáse conta do inicio das sesións no Salón Teatro de Santiago coa peza *Tarará-chis-púm!*, producida polo Centro Dramático Galego e baseada no espectáculo estreado en 1978 por Artello Teatro co mesmo título. Recóllense as palabras dos directores, nas que sinalan que o único que queda do espectáculo inicial é o "espírito irreverente" e sinalan tamén que se busca a complicidade do público. En cadro á parte recóllense as alusións ás declaracións de Cristina Domínguez, directora da institución, quen explica a súa asunción do cargo e se defende das acusacións de posíbeis incompabilidades.

- Xaime Lueiro, "O sabor das gargalladas", *Galicia Hoxe*, "Hoxe venres", 20 abril 2007, p. 4.

Comézase mostrando a sorpresa polas novas propostas do Centro Dramático Galego, concretamente *Tarará-chis-pum!,* unha peza posta en escena por Artello Teatro hai trinta anos. Sinala que os tres eixos desta proposta son o emprego da plástica como elemento suxestivo, o traballo coral interpretativo e o texto orixinal como pretexto, coa intención de crear un espectáculo visual, cunha montaxe que suxire pobreza e na que sobresae a forza do proceso interpretativo. En columna á parte recóllese o elenco da peza e unha breve achega á traxectoria de Artello Teatro. Tamén se desenvolve a liña argumental da peza.

- Xosé Lueiro, "Recensións críticas", *Naz-on. Revista cultural galega,* n.º 6, maio-xuño 2007, pp. 33-34.

Faise unha recensión dun espectáculo teatral co título: *Tarará-chis-pum¡: Flor nova de sorrisos vellos*. Felicítase á compañía Artello Teatro pola súa renovada versión do espectáculo *Tarará-chis-pum* da que se di que o seu proceso creativo se vertebra en tres eixes: plasmar a atmosfera, introducir unha idea coral do traballo interpretativo e artellar un enxeñoso labor de improvisación colectiva. Destácanse tamén as súas impresións visuais e a sinxeleza na que reside a súa forza interpretativa.

Chévere: *Alá no fondo hai sitio abondo*. Texto: Manuel Cortés. Dirección: Xesús Ron.

Referencias varias:

- Gemma Malvido, "A casa das Ciencias explica con teatro a nanotecnoloxía", *La Opinión*, "Ciudad y cultura", 9 novembro 2007, p. 12.

Anúnciase a posta en escena de *Alá no fondo hai sitio abondo*, da compañía Chévere, e dise que con ela se lle achega aos máis novos conceptos científicos. Destácase a novidade temática desta comedia e a importancia de achegar de modo lúdico coñecementos de plena actualidade.

- Álvaro Nieto, "La Casa de las Ciencias presenta una obra de teatro científico infantil", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Ciudad", 9 novembro 2007, p. 13.

Anúnciase a estrea da peza *Alá no fondo hai sitio abondo*, de Chévere, unha obra de teatro científica que está patrocinada pola Casa das Ciencias da Coruña. Explícase que con esta iniciativa se quere sensibilizar á sociedade galega da importancia da ciencia e a investigación. Tamén se sinala que o humor xoga un papel fundamental nas dúas partes da obra, posto que na primeira se lle explica ao espectador o cambio de escala radical que supón a nanotecnoloxía e a segunda céntrase en cómo os científicos lograron actuar sobre o átomo. Remátase apuntando que a montaxe é moi sinxela e que está ambientada no último tercio do século XIX, momento no que escribiron autores como Julio Verne ou H.G. Wells.

- Marta Becerra, "Sabias palabras", *El Progreso*, "El despertador", 15 novembro 2007, p. 9.

Nesta sección fixa dáse conta de actos que tiveron lugar na cidade de Lugo e adiántanse outros de próxima celebración. Entre eles dáse conta da conferencia do Premio Nobel da Paz, Adolfo Pérez Esquivel, e da próxima posta en escena d' *Alá no fondo hai sitio abondo*, que terá lugar no marco da Semana da Ciencia no Museo Provincial da cidade.

- Marta Becerra, "Guerra a la helada", *El Progreso*, "El despertador", 18 novembro 2007, p. 9.

Informa de que o grupo de teatro Chévere realizou dúas representacións teatrais en Lugo, da súa obra *Alá no fondo hai sitio abondo. Unha aproximación ao mundo da nanotecnoloxía*, enmarcada dentro da Semana da Ciencia e co tema do inframundo dos átomos. Así mesmo, tamén indica que o grupo Atrezzo Teatro representou *Bágoas de noitébrega*, dentro do ciclo de teatro afeccionado organizado por Nova Escena.

- Teresa Cuíñas, "Chévere estrena en Vigo su teatro científico para niños", *El País*, "*Galicia*", 25 novembro 2007, p. 6.

Informa da representación que levará a cabo o grupo de teatro Chévere da obra *Alá no fondo hai sitio abondo*, dirixida a nenos de entre seis e oito anos e de temática científica. Comenta que a obra presenta unha linguaxe sinxela de formas e estética

propias do circo do século XIX. Indica que o guión foi creado por Manolo Cortés e a dirección está a cargo de Xesús Ron.

Colombaíños, Os: *Os Colombaíños*, texto e dirección de Carlos Colombaioni.

Ver Ciclos da Rede Galega de Teatros e Auditorios.
Ver apartado III.4.1. deste *Informe*.

Producción**s Acontrabutaca**: *Robin Hood*, texto de Wonderland Group. Dirección e música orixinal: Xosé Lueiro. Axudante de dirección: Ursia Gago. Asesora de dirección: Anabell Gago. Reparto: Nuria Sanz, Patricia Vázquez, Rocío González, Ana Puente e Fran Ameixeiras.

Ver o apartado III.4.1. deste *Informe*.

Referencias varias:

- HV, "Robin Hood', a estrea", *Galicia Hoxe*, *"Hoxe Venres"*, "Teatro", 12 outubro 2007, p. 4.

Anúnciase a estrea de *Robin Hood*, de Producións Acontrabutaca e recóllense as declaracións de boa parte do equipo de reparto. Así, Ursia Gago, axudante de produción, sinala que é unha obra divertida, áxil e fiel á historia que se coñece; a actriz Patricia Vázquez fala do seu personaxe de "malo xenial" e do divertido que foi para eles durante os ensaios, feito, que segundo ela, se transmite ao público; o escenógrafo Paco Oti, refírese aos elementos que compoñen a escenografía e a atmosfera suxestiva que crean; a actriz Nuria Sanz lembra o seu gusto por este personaxe e as historias que se contan, á vez que destaca o bo ambiente entre todos os membros do equipo; o actor Fran Ameijeiras sinala que el interpreta a un trasno e que está moi contento de ter podido participar nesta obra, especialmente polo nivel das compañeiras de escena; Fernando Campos, o produtor musical, salienta o bo ambiente de traballo e a categoría profesional dos participantes; a actriz Rocío González, ademais de insistir na boa relación entre todos os participantes, considera que é unha obra para todo tipo de públicos; a tamén actriz Ana Puente, manifesta o ben que se sentiu neste musical, especialmente pola talla persoal e profesional dos compañeiros de reparto; e, finalmente, o director Xosé Lueiro fala da orixe do espectáculo, do seu obxectivo de dignificar o teatro infantil de autor e incorporar o repertorio clásico de obras universais dende unha relectura netamente galega e contemporánea, ademais de agradecer o traballo a todos os participantes.

- C.G., "El Principal de A Estrada se quedó pequeño en el estreno de 'Robin Hood", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 14 outubro 2007, p. 37.

Faise eco do grande éxito da posta en escena de *Robin Hood*, da que se destaca a escenografía e a interpretación musical dos actores. Repásase o reparto e saliéntase a afluencia masiva de público. Remátase anunciando que a peza estará presente na Feira das Artes Escénicas de Santiago de Compostela.

- Olalla Sánchez, “La aventuras gallegas de Robin Hood”, *La Voz de Galicia*, “Fugas D niños”, 19 outubro 2007, p. 16.

Dise que na XV Feira Galega das Artes Escénicas que terá lugar en Santiago de Compostela se representará *Robin Hood*. Coméntase que é unha das poucas funcións que aposta por un formato máis comercial; dáse conta do argumento; fálase da súa estrea en Lalín e coméntase o próximo paso por Arcade e pola cidade do Apóstolo. Finalmente, coméntase que na Feira Galega das Artes Escénicas tamén se representarán *Bolboreta* e *Sombreiro sen chapeu*.

- maré, “Maratón para todos os públicos”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 25 outubro 2007, p. 28.

Infórmase da programación teatral do día na Feria Galega das Artes Escénicas que se desenvolve en Compostela. Dise que as producións *A bombilla máxica*, de Teatro do Atlántico, e o musical *Robin Hood*, de Acontrabutaca, son dúas das máis agardadas no Teatro Galán, onde tamén Títeres Trompicallo escenificará *Bolboreta*, un espectáculo de monicreques de mesa con música en directo e escenografía móbil. Coméntase que *O merlo branco* é o título co que Talía Teatro se presenta no auditorio do Instituto Xelmírez I. A seguir, sinálase que a terceira xornada da Feira péchase con dous espectáculos estreados xa en Compostela: *O burgués fidalgo*, de Molière, por Teatro do Morcego, e *30.000* da compañía de danza Pisando Ovos.

- maré, “Os monicreques de Trompicallo e o musical ‘Robin Hood’ triunfan na Feira”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 27 outubro 2007, p. 25.

Dáse conta do bo número de contratacións de diferentes compañías galegas por programadores de fóra de Galicia, entre as que destaca *Bolboretas*, de Trompicallo, e *Robin Hood*, de Acontrabutaca, seguidas d’*As últimas lúas*, de Lagarta Lagarta. Sinálase que é a última xornada dun evento no que se dan a coñecer as propostas das compañías galegas tanto a programadores foráneos coma aos galegos, no que participaron máis de vinte agrupacións. Remátase sinalando que para pechar a Feira van ter lugar as postas en escena de Fulano, Mengano e Citano con *Arte* e de Disque Danza con *Menú vexetal*.

- Camilo Franco, “Unha feira en transición cara ao modelo económico”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 28 outubro 2007, p. L9.

Co gallo do remate da Feria das Artes Escénicas de Galicia en Santiago de Compostela, sínalase na presente crónica os resultados obtidos no certame. Destácase a presenza de compañías non só galegas e do ámbito estatal, senón tamén do ámbito da lusofonía. Do mesmo xeito, indícase que a composición temática das obras foi moi seleccionada cunha preocupación polos máis pequenos e con numerosas obras do eido clásico da literatura infantil como *Robin Hood* ou *Bolboreta* no tocante o teatro de títeres ou de sombras. Finalmente, coméntase que o número de funcións, arredor de 50, foi altamente positivo e que estes espectáculos foron contratados de cara a estabelecer un calendario teatral galego.

- Silvia Pampín, “Robin Hood’, será el primer montaje gallego que debute en el Teatro

Calderón", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 4 novembro 2007, p. 48.

Anúnciase que o musical *Robin Hood*, de Acontrabutaca, estará durante os meses de marzo e abril de 2008 no Teatro Calderón de Madrid. Saliéntase que esta compañía será a primeira galega que poida facer temporada no teatro madrileño. Explícase que son un total de dezaoito funcións, que se complementarán con outras de xira por Galicia e a participación na Feira das Artes de Compostela.

- Raquel Torres, "Acontrabutaca, de A Estrada, 'coloca' el musical *Robin Hood* en el Calderón", *Diario de Pontevedra*, "O Deza/Tabeirós", 4 novembro 2007, p. 21.

Comézase destacando a importancia de que a compañía Producción Acontrabutaca sexa a primeira que porá en escena durante dous meses a súa peza *Robin Hood* no Teatro Calderón de Madrid. Chámase a atención de que é unha agrupación con oito meses de vida e recóllense as palabras do seu director, Xosé Lueiro, quen destaca a importancia deste feito para o teatro galego. Repásase o argumento da peza e considérase entre o máis interesante a luz e o son, a interactividade co público ou as coreografías.

- Silvia Pampín, "Robin Hood', primer montaje gallego en el teatro Calderón", *La Opinión*, "Cultura", 11 novembro 2007, p. 69.

Anúnciase a presenza no Teatro Calderón de Madrid da peza *Robin Hood*, de Producción Acontrabutaca. Destácase que é unha compañía que comezou hai uns meses e que vai participar na Feira das Artes de Compostela, para logo levar a cabo dezaoito funcións entre marzo e abril de 2008 en Madrid.

Danthea Teatro: *O retablo de maese Pedro*.

- Víctor Castro, "Mañana en 'La terraza', cena y noche de tangos", *El Ideal Gallego*, "Atalaya Mariñana", 13 decembro 2007, p. 22.

Dáse conta de que no Auditorio da Casa da Cultura "Pintor Francisco Llorens", de Sada, haberá dúas sesións teatrais: unha para nenos a cargo de Danthea Teatro, con *O retablo de maese Pedro*, e outra para adultos con *A salto de cama*, da compañía Máscara Teatro.

Títeres **Falcatrúa**: *O espirro de Gaia*.

Ver Ciclos de Nadal.

Referencias varias:

- M.L., "Los habitantes del País de Oz suben a escena", *Diario de Arousa*, 30 decembro 2007, p. 72.

Dise que a compañía Os Quinquilláns representa o conto *Mago de Oz*, de L. Frank

Baum, dentro do ciclo de teatro do Concello de Vilagarcía. Saliéntase que a obra conta as aventuras de Dorothy en compaña do espantallo, o home de latón, o león cobarde e o Mago de Oz e que os nenos mostraron moito interese pola fantasía, os desexos e a ilusión que reflicte a obra. Tamén se representará a obra *O espirro de Gaia*, de Falcatrúa Teatro.

Kamante: *Que ven o lobo*

Ver Mostra de Teatro Infantil de Lugo.

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Teatro para todos", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 7 novembro 2007, p. 10.

Noticia referente a XVII Mostra de Teatro Infantil organizada pola Concellería de Educación do Concello de Lugo. Sinálase que, mentres os máis pequenos seguen gozando do teatro infantil, os universitarios poden realizar os cursos de teatro e de creación musical enmarcados no programa *Comedia da Arte* na Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo). Entre as representacións teatrais destácase *Que ven o lobo*, da compañía Kamante, especialmente dedicada aos rapaces e raparigas de Primaria.

Monicreques de **Kukas*:*** *Sen título 4x8x6* (*técnica mixtas obre o escenario*)

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*.

Referencias varias:

- R.M., "Kukas lleva al Principal su obra 'Sen título 4x8x6x", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 13 xuño 2007, p. L2.

Anúnciase a posta en escena da última obra de Kukas no Teatro Principal de Santiago e dise que pecha a triloxía iniciada con *Historia dun papel* e continuada con *Xan Trapallas*. Coméntase que é unha aposta por diferentes historias que configuran o proceso de creación dun artista plástico, na que se mesturan distintas técnicas clásicas e modernas, ademais de que a música adquire unha grande importancia. Adiántanse as datas das diferentes sesións e destácase o bo creto que teñen as compañías galegas de monicreques fóra de Galicia.

Monicreques de **Kukas*:*** *A doncela guerreira*

Referencias varias:

- maré, "Os monicreques de Dieste", *Galicia Hoxe*, "Maré Hoxe", 29 marzo 2007.

Informa da estrea, no Centro Cultural Conde Duque de Madrid, no marco da Exposición sobre Misións Pedagóxicas 1931-1937, da obra *A doncela guerreira*, por parte de Monicreques de Kukas. Dise que a representación é unha adaptación de Rafael Dieste nun romance popular correspondente ao período no que o rianxeiro percorreu diferentes pobos galegos cun teatro de fantoches. Finalmente, fálase un pouco da historia de Monicreques de Kukas dende o seu inicio en 1979 e das características do seu traballo.

Metátese Infantil: *O can cantor*

Metátese Infantil: *O galo que rompeu o peteiro*

Pistacatro: *Kamikaze*, dirección Hernán Gené. Coprodución co Centro Dramático Galego.

Ver apartado III.4.1. deste *Informe*.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "O circo será o protagonista de 'Kamikaze', a nova obra do CDG", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 xuño 2007, p. 44.

Dá conta da presenza da obra *Kamikaze* no Salón Teatro de Compostela, salientando como novidade da peza a coprodución entre o Centro Dramático Galego (CDG) e Pistacatro, así como tamén o feito de que se trata da primeira vez en que o CDG sitúa o circo como protagonista dun espectáculo. Coméntase ademais o argumento da obra, no cal se destaca o humor e o risco, salientando a versatilidade de Pistacatro neste tipo de producións.

Sapristi: *Ao son das cousas*, texto José Campanari. Dirección escénica: José Campanari. Dirección sonora: Fernando Reyes.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "¿A qué soan as nubes?", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "D Escenarios", 27 abril 2007, p. 16.

Comentario d'*Ao son das cousas*, de Sapristi, unha peza na que se salienta que está pensada para auditorios reducidos e públicos silenciosos, pola importancia dos sons. Cualifícase de peza sutil, na que se xoga con múltiples obxectos e matices, ao xeito como os cativos moven o que os rodea nun xogo de outorgarlles vida. Sinálase que n'*Ao son das cousas* se utilizan obxectos comúns para sacarlles son, que nela interveñen dous personaxes sinxelos e na que a luz ten tamén grande importancia.

- Xosé Lueiro, "Ao son das cousas pequenas", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Venres", "A contrabutaca", 30 novembro 2007, p. 4.

Con motivo da representación da obra teatral *O son das cousas*, pola compañía Sapristi, entrevístase a José Campanari, quen conta a súa chegada a Galicia e a motivación de vir aquí dende Arxentina. De seguido comenta a súa traxectoria teatral nas compañías Berrobambán, Mohicania e Sapristi, e salienta o seu gusto polo escritor Lewis Carroll. Ademais, comenta por qué se iniciou no teatro infantil e fala sobre a última obra, *O son das cousas*. Finalmente, dá conta dos próximos proxectos que levará a cabo e remata falando sobre o nivel da narración oral galega.

Trécola teatro

Referencias varias:

- Eva Domínguez, "Teatro infantil y concierto de rock", *La Región*, "Fiestas en Vilariño de Conso", 6 xullo 2007, p. 40.

Anúnciase a presenza de Trécola Teatro nas festas de Vilariño de Conso con dúas pezas de teatro, mais non se especifican os títulos destas obras teatrais dirixidas a nenos e nenas.

Trinke Trinke: *Os soños na gaiola*, a partir do texto de Manuel María. Dirección: David Pernas.

Referencias varias:

- Carmen Alonso, "O teatro debería ser unha materia máis na escola", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 488, "La entrevista", 14 outubro 2007, p. 9.

Conversa con David Pernas, actor e director do grupo teatral Trinke Trinke, quen fala da súa actividade como animador á lectura, da actitude positiva do público e da importancia do movemento na obra. Refírese á situación do teatro en Galicia, que considera moi interesante, á vez que cre que debería haber un espazo televisivo para o teatro. Remata salientando que non cansan de traballar para a infancia e refírese a outros proxectos que a compañía ten en marcha, como a preparación d'*Os soños na gaiola*, unha peza baseada nunha obra de Manuel María, que queren que sexa unha homenaxe ao autor.

Trompicallo Títeres, *Bolboreta*, de Santiago Montenegro (direc.). Marina González e Luís González. Música: Nacho Sanz.

Ver Cultura para Nenos de Arteixo.
Ver Mostra de Teatro Infantil MOTI.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*.

Referencias varias:

- maré, "Os monicreques de Trompicallo e o musical 'Robin Hood' triunfan na Feira", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 outubro 2007, p. 25.

Dáse conta do bo número de contratacións de diferentes compañías galegas por programadores de fóra de Galicia, entre as que destaca *Bolboretas*, de Trompicallo, e *Robin Hood*, de Acontrabutaca, seguidas d'*As últimas lúas*, de Lagarta Lagarta. Sinálase que é a última xornada dun evento no que se dan a coñecer as propostas das compañías galegas tanto a programadores foráneos coma aos galegos, no que participaron máis de vinte agrupacións. Remátase sinalando que para pechar a feira van ter lugar as postas en escena de Fulano, Mengano e Citano con *Arte* e de Disque Danza con *Menú vexetal*.

- maré, "Maratón para todos os públicos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 outubro 2007, p. 28.

Infórmase da programación teatral do día na Feira Galega das Artes Escénicas que se desenvolve en Compostela. Dise que as producións *A bombilla máxica*, de Teatro do Atlántico, e o musical *Robin Hood*, de Acontrabutaca, son dúas das máis agardadas no Teatro Galán, onde tamén Títeres Trompicallo escenificará *Bolboreta*, un espectáculo de monicreques de mesa con música en directo e escenografía móbil. Coméntase que *O merlo branco* é o título co que Talía Teatro se presenta no auditorio do Instituto Xelmírez I. Tamén se indica que a terceira xornada da Feira se pecha con dous espectáculos estreados xa en Compostela: *O burgués fidalgo*, de Molière, por Teatro do Morcego, e *30.000* da compañía que levará o seu espectáculo á Sala Nasa, xa á unha da madrugada.

- Camilo Franco, "Unha feira en transición cara ao modelo económico", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 28 outubro 2007, p. L9.

Co gallo do remate da Feira das Artes Escénicas de Galicia en Santiago de Compostela, sínalase na presente crónica os resultados obtidos no certame. Destácase a presenza de compañías non só galegas e do ámbito estatal, senón tamén do ámbito da lusofonía. Do mesmo xeito, indícase que a composición temática das obras foi moi seleccionada cunha preocupación polos máis pequenos e con numerosas obras do eido clásico da literatura infantil como *Robin Hood* ou *Bolboreta* no tocante ao teatro de títeres ou de sombras. Finalmente coméntase que foi altamente positivo o número de funcións, arredor de cincuenta, que foron contratadas de cara a estabelecer un calendario teatral galego

- Camilo Franco, "Road movie' para monicreques", *La Voz de Galicia*, "Crítica teatral", 28 outubro 2007, p. 65.

Comentario de *Bolboretas*, de Trompicallo, con motivo da súa presenza na Feira das Artes Escénicas de Santiago. Repásase brevemente o argumento da peza e destácase a sinxeleza dos personaxes, que lembran aos clásicos, aínda que se critica que parece esquecerse o fío da historia para exhibir os personaxes, unha tendencia que percibe en

máis obras de teatro dirixidas ao público infantil.

- G.G., "Auditorio: karaoke, música y teatro", *La Región*, "Navidad en Ourense", 24 decembro 2007, p. 6.

Dáse conta da MOTI (Mostra de Teatro Infantil de Ourense) os días 28 e 29 de decembro no Auditorio, coas representacións de *Bolboreta* de Títeres Trompicallo; *A fada do abano verde*, da Aula Universitaria de Teatro Infantil, e *Salvador, el niño, la montaña y el mango*, de "Cambaleo".

- G.G., "El teatro infantil manda", *La Región*, "Navidad en Ourense", 24 decembro 2007, p. 9.

Fálase da MOTI (Mostra de Teatro Infantil de Ourense) no Teatro Principal desta cidade dentro da programación de Nadal. Faise unha relación das obras que se representarán: *Estrellas*, de Teatro Paraíso, *Boas Noites*, de Berrobambán, *Bolboreta*, de Títeres Trompicallo, *El elefantito*, de La canica, e *Mambrú*, de Markeliñe Teatro.

- Imanol Hernández, "Los títeres ayudan a superar el miedo", *La Región*, "Ourense", 29 decembro 2007, p. 10.

Faise un percorrido xeral sobre a obra de teatro infantil *Bolboreta* da compañía de títeres Trompicallo, con motivo do MOTI, no que se comenta o contido da obra resaltando o seu carácter lúdico e de entretemento. Continúase cuns comentarios da creadora desta compañía, entre os cales se subliña o tema da peza e a presenza de elementos fantásticos, para seguir coa súa opinión sobre o futuro prometedor de tal xénero. Finalmente achéganse uns datos sobre os inicios da compañía e o estreo da obra. Seguidamente fálase do estreo da Aula Universitaria de Teatro de Ourense presentando unha posta en escea sobre a que se comenta contido e tema deixando constancia da súa intención de conciencia medio-ambiental entre os máis novos , para rematar con alusións á estruturación da obra, catalogada de "creativa", e á súa dirección.

VII.3.3.2.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

Antas de Ulla, Aula de Teatro de: *Indíxenas na cidade*

Ver VII Campeonata de Teatro Infantil e Xuvenil de Antas de Ulla.
Ver Ciclo de Teatro Afeccionado de Monterroso.

Alumnado de Monte Porreiro: *A Princesa Ra*

Referencias varias:

- M. Argibay, "A Princesa Ra' pon a variña máxica en Monte Porreiro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/Cultura", 10 xuño 2007, p. 83.

Dáse conta da posta en escena d'*A Princesa Ra* por parte do alumnado de entre oito e doce anos do Monte Porreiro, baseada nun conto tradicional. Explícase que a representación tivo lugar no Pazo de Cultura e que, para levala a cabo, os actores participaron en obradoiros de expresión dramática, plástica e musical.

Capaces, Grupo Teatral: *Cos ollos pechados… soños espertos*.

Ver XI Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo.

Caracol, Teatro: *Suspéndese a función*, Olga González Vilas (direc.).

Referencias varias:

- M. Gómez, "A compañía prepara 'Suspéndese a función", *Diario de Arousa*, "Cambados", 9 abril 2007, p. 8.

Anúnciase a próxima estrea da peza *Suspéndese a función*, do grupo Teatro Caracol, no Instituto Asorey, onde comezará a representación que despois percorrerá diferentes centros educativos da comarca. Destácase que os integrantes deste grupo son os encargados de todo o proceso, dende a adaptación dos textos até a súa posta en escena final, traballo que xa levan realizando dende hai catorce anos. Saliéntase tamén a implicación de institucións como o Concello, pero sobre todo dos veciños, que axudan na medida das súas posibilidades á agrupación. Explícase que esta peza está baseada nunha obra de Fernando Lalana e que nela se recrea cómo un grupo de traballadores do teatro ten que sacar adiante a representación ante a falta dos actores.

- J.P., "Caracol estrena con éxito 'Suspéndese a función", *Diario de Ferrol*, "Cambados", 25 abril 2007, p. 16.

Dá conta da posta en escena de *Suspéndese a función*, polo grupo Caracol, baixo a dirección de Olga González Vilas no salón de actos do Instituto Francisco Asorey, cunha grande asistencia de público. Sinala que se trata dunha adaptación infantil do libro de Fernando Lalana destinada aos máis novos e a seguir comenta o contido.

Castelo, O, Escola de Teatro Infantil: *Conto de Navidade.*

Referencias varias:

- M.V., "Teatro y música para recibir a los Reyes", *La Región*, "Nadal en Toén-Peroxa", 30 decembro 2007, p. 6.

Infórmase da representación teatral, o día 6 de xaneiro, de *Conto de Navidade*, de Charles Dickens, a cargo de Escola de Teatro Infantil "O Castelo".

Estudio N+1 Contraste: *A lenda do pirata*

Ver Mes do Teatro

Referencias varias:

- P.C.R., "A lenda do pirata 'Negra Sombra", *Diario de Ferrol*, 12 outubro 2007, p. 72.

Dáse conta da representación que tivo lugar na Galería Sargadelos de Ferrol da obra de teatro *A lenda do pirata*, a cargo da propia autora, Fusa Guillén, e a actriz Helga Méndez. Explícase que se trata dunha obra de interacción entre as dúas actrices e o público, coa que se quere que este goce dunha aventura, á vez que se afeccionan á lectura. Refírese tamén ao éxito que ten acadado a representación en diferentes colexios e adiántanse outras actuacións que terán lugar na Galería Sargadelos, así como a próxima posta en escena desta peza, que terá lugar no teatro Jofre.

- Carmela López, "El público infantil disfrutó en el Jofre con la 'muy interesante' leyenda del pirata", *Diario de Ferrol*, "Cultura", 19 outubro 2007, p. 16.

Dáse conta da posta en escena no teatro Jofre de Ferrol, dentro da programación do ciclo de teatro afeccionado, da peza *A lenda do pirata*, de Estudio N+1 Contraste. Explícase que esta obra ten como obxectivo central a animación á lectura e que durante o espectáculo algúns nenos e nenas asistentes puideron subir ao escenario para participar na representación. En columna á parte repásase o argumento da peza e o reparto, ademais de recoller a opinión dalgúns asistentes, que destacaron o humor, o interese do tema ou os personaxes, na que para moitos era a súa primeira vez no teatro.

Metátese Teatro: *Utopía 94*

Ver Mostra de Teatro Afeccionado de Monterroso.

Palimoco, Colectivo: *O percebe e o pingüín*.

Ver Outono Teatral do Centro Social Fingoi.

VII.3.3.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

VII.3.3.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Artello-Teatro Alla Scala 1:5: *Amadís de Algures*.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Títeres de Artello, seleccionados para unha mostra internacional", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 novembro 2007, p. 31.

Dise que tres das marionetas que forman parte do espectáculo *Amadís de Algures* integrarán unha mostra que repasa a historia da marioneta ibérica dende o século XVIII até o presente e que percorrerá durante oito meses México, a India e China. Lémbrase que esta obra se estreou no ano 2004 e que a última representación tivo lugar a inicios de novembro de 2007, con máis dun cento de pases. Recóllense as palabras de Rosa Hurtado, membro da compañía, nas que sinala que foi unha aposta na que fixeron o que lles apetecía sen ter en conta a idoneidade para os destinatarios. En columna á parte e baixo o título de "Monicreques expresivos cos mínimos recursos" explícase a sinxeleza dos personaxes, o emprego de materiais que encaixen co seu carácter e a busca da máxima expresividade cos mínimos recursos.

Artello-Teatro Alla Scala 1:5: *De fábula,* texto de Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Dirección Manuel Pombal.

Ver Vigo á Escena.
Ver apartado III.4.1. deste *Informe.*

Referencias varias:

- M.F., "Teatro para los más pequeños de la casa", *Diario de Arousa*, 14 abril 2007, p. 56.

Faise eco da posta en escena no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa da peza *De fábula*, de Artello Teatro. Explícase que se trata dunha historia creada por Rosa Hurtado e Santiago Montenegro, na que se conta a vida da raposa Bulebule. Destácase o emprego da luz e da música nun espectáculo cargado de maxia e de personaxes con grande expresividade. Remátase cun breve repaso pola traxectoria desta compañía fundada en 1978 e que a partir de 1994 volveu a propostas de produción máis artesanal. Tamén se lembran algúns dos títulos que manteñen en cartel como *Amadís de Algures*, *Unha de amor* ou *A de libro*.

- Camilo Franco, "Aprender a mirar", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "D Escenarios", 4 maio 2007, p. 16.

Achega á peza de Artello Teatro *De fábula*, da que Camilo Franco destaca a sinxeleza como recurso que leva á suxestión e propicia a capacidade do espectador para inventar. Explícase que o inicio mudo dá paso logo a outra dirección da obra a medida que avanzan os diálogos. Remata destacando a importancia da música e a educación visual que todos os recursos configuran.

Caramuxo Teatro: *Glub, glub*. Dirección, escenografía, títeres, atrezzo, actor: Juan Rodríguez. Vestiario, luz e son: Marcos López.

Ver Cultura para nenos de Arteixo.

Ver XII Festival Internacional de Títeres Galicreques.

Referencias varias:

- E.M.M., "Los aplausos del público más exigente", *Diario de Ferrol*, 20 xaneiro 2007, p. 72.

Dáse conta da presenza de Caramuxo Teatro nas Pontes coa peza titulada *Glub, glub*, que a compañía vén pondo en escena dende outubro de 2005. Explícase que é a primeira proposta dirixida á infancia entre os seis meses e os tres anos en Galicia e que nela se conta a historia de amizade entre un barco fundido e un peixe. Infórmase que os integrantes son Juan Rodríguez e Marcos López, que se encargan da dirección, escenografía, monicreques e atrezzo, ademais do vestiario, a luz e o son. Remátase lembrando outros títulos de pezas desta compañía dirixidas aos máis pequenos como *Animaliños, Pequeno gran teatro, Historia dunha semente* ou *Concerto conto*.

Cascanueces Títeres: *O astrólogo, a nena e o invento marabilloso*.

Ver Sala Yago.
Ver apartado III.4.1. deste *Informe.*

Cascanueces Títeres: *O gato simple*.

Ver XIIº Festival Internacional de Títeres Galicreques.
Ver IIIº Festival de Títeres María José Jove.

Centro Dramático Galego: *A cabana de Babaiagá*. Dirección de Paula Carballeira.

Galitoon: *Golulá*

Ver Cultura para Nenos de Arteixo.
Ver apartado III.4.1. deste *Informe*.

Referencias varias:

- Gemma Malvido, "125 anos de teatro gratuíto", *La Opinión*, "A Coruña", 28 agosto 2007, p. 12.

Dá conta da celebración na cidade da Coruña do cento vinte e cinco aniversario da representación da primeira obra escrita e representada en galego, *A fonte de xuramento*, no Liceo Brigantino. Dise que, co gallo desta celebración, o Fórum Metropolitano realizará ao longo do mes setembro catro funcións gratuítas. Infórmase que o sábado 1 de setembro, NutTeatro representará *4.48 Psicose*; que o domingo 2 de setembro, se estreará a obra infantil *A viaxe de Efi*; o sábado 8 de setembro, a compañía Mariclown representará *Día tras día. A vida de Rosa*. Finaliza sinalando que a despedida dos actos conmemorativos rematará coa obra *Golulá*, da compañía Galitoon. Ademais da estrea destas obras, tamén se informa da carteleira teatral da cidade herculina no mes de

setembro.

- M.B., "*Golulá* é unha obra moi interactiva na que o público resolve o final", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "A pie de calle", 29 decembro 2007, L12.

Mediante mencións ao galardón obtido pola obra teatral *Golulá* introdúcese a entrevista co seu responsábel artístico, Santiago Alonso, na que se tratan temas tan diversos coma o seu receptor, os contidos ou os obxectivos da compañía, destacando de xeito especial o final aberto da peza, a cuxa resolución contribúe a interacción do público.

Gorakada Teatro: *Robin Hood*.

La **Imagina Machina:** *A viaxe de Efi*, texto e dirección Suso Díaz.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Fábula de 'road movie", *La Voz de Galicia*, "Fugas", 15 xuño 2007, p. 16.

Anúnciase a posta en escena d'*A viaxe de Efi*, de La Imagina Machina, dirixida á infancia e na que se explica que se viven diferentes aventuras partindo da cotidianeidade, nas que adquire unha grande importancia o visual. Sinálase que é a primeira obra desta compañía e que nela se ignoran algunhas convencións, como a idea de que os nenos entenden moito máis do que parece. Deste xeito, salienta o deseño visual, o mantemento da tensión, a reivindicación do xogo ou a presenza do medo como elementos para manter a atención do público.

- Gemma Malvido, "125 anos de teatro gratuíto", *La Opinión*, "A Coruña", 28 agosto 2007, p. 12.

Dá conta da celebración na cidade da Coruña do cento vinte e cinco aniversario da representación da primeira obra escrita e representada en galego, *A fonte de xuramento*, no Liceo Brigantino. Dise que, co gallo desta celebración, o Fórum Metropolitano realizará ao longo do mes de setembro catro funcións gratuítas. Indícase que o sábado 1 de setembro NutTeatro representará *4.48 Psicose*; o domingo 2 de setembro estrearase a obra infantil *A viaxe de Efi*; o sábado 8 de setembro, a compañía Mariclown representará *Día tras día. A vida de Rosa*. Tamén se sinala que a despedida dos actos conmemorativos rematará coa obra *Golulá* da compañía Galitoon. Así mesmo, informa da carteleira teatral da cidade herculina no mes de setembro, destacando a presenza de actores como Santi Millán, Belén Rueda, El Brujo ou Jaime Blanch.

- A.L., "A viaxe pola intensa vida da mosca Efi", *Diario de Arousa*, 21 setembro 2007, p. 56.

Dáse conta da posta en escena d'*A viaxe de Efi* no Auditorio de Vilagarcía e repásase o

argumento desta peza protagonizada por unha mosca. Lémbrase que este espectáculo foi premiado como o mellor no FETEGA 2006 e que a compañía que o interpreta é orixinaria de Ourense, onde naceu ao abeiro de Sarabela Teatro. Repásase o reparto e lémbrase que o espectáculo se enmarca dentro dos actos de conmemoración dos cento vinte e cino anos do teatro galego.

Teatro do **Liló**: *A lampariña de cristal*, texto anónimo, dirección Mario Roldán. Manipuladores: Mario Roldán, Helena Fernández e Lucía Vázquez.

Ver Ciclos da Rede Galega de Teatros e Auditorios.
Ver apartado III.4.1. deste *Informe*.

Referencias varias:

- L.B., "Los títeres bajaron el telón de su escenario", *Diario de Arousa*, 21 abril 2007, p. 56.

Faise eco da posta en escena no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa d'*A lampariña de cristal*, de Teatro de Liló. Explícase que con esta iniciativa se busca fomentar a lectura entre os máis novos e que a peza está baseada nun conto tradicional, no que a anciá Marucontos lle conta moitas historias ao mozo Cipriano. Remátase lembrando o elenco e sinálase que esta actividade, en forma de ciclo, correu a cargo da Rede Galega de Teatros e Auditorios e a Concellaría de Cultura.

MDM: *Scrabble*. Dirección: Daniel Vignolo.

Referencias varias:

- Alicia López, "Situar o fondo do mar enriba dun escenario", *Diario de Arousa*, 13 xullo 2007, p. 56.

Crítica do espectáculo *Scrabble*, de MDM, en Vilagarcía de Arousa. Sinala que se trata dunha comedia "entretida e intelixente" escrita por Rut Garralón e dirixida a toda a familia. Refírese a outras ocasións en que a compañía representou en Vilagarcía e di que esta nova obra é unha proposta interactiva que destaca polos seus efectos especiais. Remata referíndose ao currículo do director, Daniel Vignolo, e afirmando que *Scrabble* conta co patrocinio da Embaixada da República Arxentina en España e a Comunidade de Madrid.

Migallas Teatro**:** *¿E se o cantamos?*, guión e dirección de María Campos e Carlos Yus.

Referencias varias:

- F.F., "El teatro inaugura los actos programados para celebrar el Día do Libro", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 20 abril 2007, p. 13.

Anúnciase a celebración do Día do Libro en Vilanova cunha posta en escena na Casa de Cultura do Esteiro, na que o grupo Migallas Teatro representará *E se o cantamos?*. Explícase que nesta peza se cantan algunhas cancións do último traballo da agrupación, ademais de que para esta efeméride se levarán a cabo outras actividades como o xogo popular "Na procura do tesouro".

Migallas Teatro: *¡Canta connosco!*, guión e dirección de María Campos e Carlos Yus.

Ver o apartado III. 4. 1 deste *Informe*.

Migallas Teatro: *Un avó especial*, guión e dirección de María Campos e Carlos Yus.

Ver o o apartado III. 4. 1. deste *Informe*.
Ver Cultura para Nenos de Arteixo.
Ver Ciclos de Nadal.

Referencias varias:

- Xoán C. Riobó, "Unha relación moi especial", *Revista Galega de Teatro*, n.º 53, "Críticas", inverno 2007, pp. 63-65.

Tomando como punto de partida o tema do alzheimer que supón o contido central da peza *Un avó especial*, lévase a cabo un percorrido polo tratamento dos distintos elementos que conforman a obra, tanto escénicos como argumentais. Dise que Migallas Teatro, en colaboración con AFAPO (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Pontevedra), pon así en escena esta peza que busca sensibilizar ao público sobre esta enfermidade contando a historia da relación dunha neta co seu avó enfermo, tema principal que se ve ligado a través de escenas independentes entre si pola aparición de ditos e cancións, elementos que aumentan a atención do público por seren por este recoñecidos. Saliéntase o tratamento do tema baixo unha perspectiva que transmite ao público cariño e tenrura, aínda que matizado con lixeiras doses cómicas, conseguido grazas aos dous protagonistas, que supoñen a representación de dúas épocas diferentes, mesmo chocantes, unidos pola resolución de situacións de conflito creadas mesmo ás veces pola psicoloxía encontrada de ambos os personaxes, onde o avó se caracteriza pola paciencia e quedanza, mentres a neta rebosa vitalidade. Finalmente, coméntase de forma breve a iluminación e o decorado, dotados de sinxeleza, así como o contido didáctico da peza orientado principalmente aos cativos.

Monicreques de Kukas: *Sin título 4x8x6.*

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Manipulación e arte", *La Voz de Galicia*, "Vai por aí na fin de semana", 14 xuño 2007, p. L9.

Dáse conta da posta en escena de *Sen título.4x8x6. Técnica mixta sobre escenario*, de Kukas, unha proposta lúdica sobre algúns feitos da pintura. Explícase que se trata dunha peza de monicreques na que, sen formalidades, se ofrece unha visión novidosa dentro dun proxecto máis amplo.

Os sete magníficos e mais un: *O gordo e o calvo van ao médico*

Ver Ciclos de Nadal.

Os sete magníficos e mais un: *A cadeira voadora*.

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, "A cadeira voadora", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Venres", "A contrabutaca", 17 novembro 2006, p. 4.

Crítica do espectáculo *A cadeira voadora* en que comeza reflexionando sobre o clown. Afirma que a obra se estrutura sobre unha sucesión de números que o espectador debe engarzar. Sinala que se produce un distanciamento relativo, sen sofisticación técnica, e destaca a intencionalidade política do discurso crítico que se aprecia na montaxe, que emprega o clown como forma de oposición ao poder. Saúdase con ledicia o espectáculo e, para rematar, en columna á parte, insírense "As claves" deste, baixo os epígrafes "O elenco", "A compañía" e "A obra".

Paprika Teatro e Pablo Nojes: *¿Que pasa na praza?*

Ver Ciclos da Rede Galega de Teatros e Auditorios.
Ver apartado III.4.1 deste *Informe*.

Referencias varias:

- C.V. "Un xoglar de madeira no Auditorio", *Diario de Arousa*, 8 abril 2007, p. 80.

Faise eco da posta en escena no Auditorio Municipal de Vilagarcía de *¡Qué pasa na praza!*, de Pablo Nojes e a compañía Paprika Teatro, unha comedia musical da que se indica o argumento. Coméntase que en Vilagarcía de Arousa son numerosas as representacións de títeres e fálase das posibilidades e importancia deste tipo de espectáculos. Finalmente, indícase que esta actuación se enmarca na Rede Galega de Teatros e Auditorios posta en marcha pola Administración Autonómica.

Pistacatro: *Artrix*.

Ver o apartado III.4.1. deste *Informe*.

Seisdedos: *O cego dos monifates.*

Ver XIIº Festival Internacional de Títeres Galicreques.

Seisdedos: *O galo Kiriko e os seus amigos.*

Referencias varias:

- maré, "Graña aos 75 anos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 setembro 2007, p. 26.

Dá conta da homenaxe que a Asociación Cultural A Cepa, de Cangas, lle vai render a Bernardino Graña polo seu setenta e cinco aniversario. Salienta algúns dos actos que terán lugar como a representación, por parte da compañía de teatro Seisdedos, da obra *O galo Kiriko e os seus amigos*, baseada en contos infantís de Graña, e a celebración dun recital poético, entre outras actividades.

Seisdedos: *Varietes.*

Ver Ciclos de Nadal.

Talía Teatro: *Eu quero ser grande*, de Artur Trillo.

Referencias varias:

- M.B., "Teatro feito por mozos para rir falando da súa realidade", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 1 maio 2007, p. L2.

Anúnciase a estrea de *Eu quero ser grande*, de Talía Teatro, coa que queren achegar o teatro aos adolescentes. Sinálase que a obra, dirixida por Artur Trillo, está composta por seis *sketches* nos que predomina o humor e cuxa temática é a propia dos adolescentes. Dáse conta do reparto e recóllense as palabras do director e algunha das actrices, que destacan que fuxiron do carácter didáctico, que é unha obra sen pechar, posto que están pensando en incluír algún *sketche* máis, que buscan divertir ao público nunha obra que cualifican de actual, realista e sinxela.

Talía Teatro: *O merlo branco*, texto de Cándido Pazó. Dirección Artur Trillo. Interpretación. Marta Ríos, Toño Casais, Rosi Barcala, María Ordóñez,Gustavo G. Dieste, Dani Trillo e David Creus.

Ver Ciclos da Rede Galega de Teatros e Auditorios.
Ver apartado III.4.1 deste *Informe*.

Referencias varias:

- C.V., "O merliño que quería ser como os demais", *Diario de Arousa*, 22 xaneiro 2007, p. 56.

Fálase da mensaxe que transmite *O merlo branco*, peza que se representou no Auditorio Municipal da Xuventude de Cambados e da que se conta o argumento. A seguir, coméntase a similitude cunha das obras de Hans Christian Andersen e da temática que aborda. Finalmente, fálase doutras das pezas, concretamente de *Colombaíños*, *Buh!* e *Cristobo e as marabillas*, que a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios e coa colaboración do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) se representarán en Cambados.

- E.P., "O Merlo branco', unha estrea teatral para os máis pequenos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 marzo 2007, p. 34.

Anúnciase a posta en escena no Centro Cultural Caixanova de Vigo da peza *O merlo branco*, a cargo de Talía Teatro. Repásase o reparto e o argumento da obra, da que se destaca o emprego de numerosos recursos escénicos. Remátase sinalando que a posta en escena se enmarca no ciclo "Funcións en familia", que a institución crediticia quere fomentar por considerar que é fundamental formar espectadores dende unha idade moi temperá.

- M.C.S., "Talía Teatro presenta en Carballo la obra 'O merlo branco", *La Opinión*, "Carballo/Costa da Morte", 24 marzo 2007, p. 18.

Anúnciase a representación d' *O merlo branco*, a cargo de Talía Teatro, no Pazo de Cultura de Carballo, onde tamén se adianta que van ter lugar outros actos culturais como o ciclo de Teatro "Marzo Teatral", no que se porá en escena *As últimas lúas*, de Lagarta Lagarta.

- maré, "Maratón para todos os públicos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 outubro 2007, p. 28.

Infórmase da programación teatral do día na Feria Galega das Artes Escénicas que se desenvolve en Compostela. Dise que as producións *A bombilla máxica*, de Teatro do Atlántico, e o musical *Robin Hood*, de Acontrabutaca, son dúas das máis agardadas no Teatro Galán, onde tamén Títeres Trompicallo escenificará *Bolboreta*, un espectáculo de monicreques de mesa con música en directo e escenografía móbil. Coméntase que *O merlo branco* é o título co que Talía Teatro se presenta no auditorio do Instituto Xelmírez I. Dise que a terceira xornada da Feira se pecha con dous espectáculos estreados xa en Compostela: *O burgués fidalgo*, de Molière, por Teatro do Morcego, e *30.000*, da compañía de danza Pisando Ovos.

Teatro do Tempo: *Os tres porquiños*.

Ver Mostra de Teatro Infantil MOTI.

Os Quinquilláns: *Moby Dick*.

Referencias varias:

- Xosé Lueiro, "De baleas e neboeiros", *Galicia Hoxe*, "Hoxe venres", 2 xuño 2006, p. 4.

Despois de describir o ambiente que se recrea en *Moby Dick*, de Quinquilláns, saliéntase a posibilidade de facer teatro a partir de diversas ópticas, destacando as pretensións creativas do grupo, que demostra unha gran vontade de crear atmosfera, ritmo, espazo e xogo. Aínda así critica o desequilibrio da acción con respecto ao fío discursivo da obra, a xerarquización dos personaxes ou a funcionalidade dalgúns elementos. Tamén bota en falta a carencia de explicación inicial do conflito ao público ao que vai dirixida a peza ou a falta de análise do texto e a intencionalidade do autor para que este público poida entender e comprender mellor aspectos da vida, incidindo moito máis a compañía no aspecto lúdico.

Os **Quinquilláns**: *O Mago de Oz*, texto de L. Frank Baum. Adaptación: Lucho Penabade. Dirección: Kevin-John Stewart e Carolina Ramos.

Ver Ciclos de Nadal.

Referencias varias:

- M. L., "Los habitantes del País de Oz suben a escena", *Diario de Arousa*, 30 decembro 2007, p. 72.

Dise que a compañía Os Quinquilláns representa o conto *Mago de Oz*, de L. Frank Baum, dentro do ciclo de teatro do Concello de Vilagarcía. Saliéntase que a obra conta as aventuras de Dorothy en compaña do espantallo, o home de latón, o león cobarde e o Mago de Oz e que os nenos mostraron moito interese pola fantasía, os desexos e a ilusión que reflicte a obra. Tamén se representará a obra *O espirro de Gaia*, de Falcatrúa Teatro.

Sapristi: *Unha merenda de Alicias*, texto (a partir de textos de Lewis Carroll) e dirección de José Campanari. Reparto: Patricia Vázquez e Nuria Sanz. Música: Bernardo Martínez.

Ver Cultura para Nenos de Arteixo.
Ver Ciclos de Nadal.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Xogando cos espellos", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "D Escenarios", 5 xaneiro 2007, p. 16.

Comeza referíndose á dificultade que supón facer teatro para o público infantil por non

saber se prefiren a reiteración ou as sorpresas. A seguir, céntrase na proposta de Sapristi, *Unha merenda de Alicias*, da que destaca que presenta unha gran reiteración de sorpresas, á vez que se relaciona co público, tanto infantil como co adulto que o acompaña. Salienta o xogo de palabras, as reaccións inesperadas dos personaxes e a música, nun espectáculo que ten como centro o personaxe de Alicia e o seu espello. Tamén considera un acerto o emprego da linguaxe e o humor. Remata destacando tamén o xogo que estabelece o espectáculo sen caer en lugares comúns do teatro para a infancia.

Sarabela Teatro: *Cristobo e as marabillas.* Dirección: Fina Calleja. Interpretación: Fernando Dacosta, Tito R. Asorey, Sabela Gago e Elena Seijo.

Ver Ciclos da Rede Galega de Teatros e Auditorios.
Ver apartado III.4. 1 deste *Informe*.

Referencias varias:

- Montse Mayoral, "Sarabela brinda ó público de Narón a estrea de 'Cristobo e as marabillas", *Diario de Ferrol*, "Cultura|Gente|Servicios", 25 xaneiro 2007, p. 14.

Dise cómo xurdiu o texto de *Cristobo e as marabillas* e recóllense as palabras de Fina Calleja, directora deste espectáculo que se estrea no Auditorio Municipal de Narón segundo Monste Mayoral informa. Fálase dos atractivos da obra (tema, aventura, atractivo do personaxe principal, inexistencia de diálogos) e das claves da súa interpretación. A seguir, dáse conta do argumento, dise quen son os intérpretes e cando é a estrea. Finalmente, indícanse algúns datos da biografía da compañía.

- Camilo Franco, "Xogos de descuberta", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "D Escenarios", 9 febreiro 2007, p. 16.

Despois de destacar a importancia de facer teatro para a infancia e a necesidade de espectáculos de diferentes niveis de interpretación, Camilo Franco céntrase na proposta de Sarabela, *Cristobo e as marabillas*, da que destaca a importancia do aspecto visual sobre o textual, buscando fomentar a imaxinación dos espectadores, tanto nos máis pequenos como nos adultos.

- L. B., "Las aventuras teatrales de Colón", *Diario de Arousa*, 24 marzo 2007, p. 55.

Infórmase da posta en escena no Auditorio Municipal de Vilagarcía de *Cristovo e a s marabillas* de Sarabela Teatro. Dise que con esta obra se iniciou o ciclo de teatro infantil organizado polo Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Ofrécese brevemente o contido da obra e coméntase que as representacións teatrais que están tendo lugar no Auditorio teñen "un resultado satisfactorio". Finalmente, infórmase doutras actividades da oferta cultural da fin de semana nesta vila marítima.

- M.C.S. "El Festival de Teatro se abre con un espectáculo infantil", *La Opinión*, "Carballo/Costa da Morte", 4 outubro 2007, p. 19.

Infórmase do inicio da programación do Festival Internacional Outono de Teatro coa obra *Cristovo e as marabillas* que, segundo se sinala, será representada no Pazo da Cultura. Dise tamén a quen está dirixido o espectáculo, onde se poden reservar ou recoller as entradas, o prezo, etc.

Sarabela Teatro: *Cristovo e o libro das marabillas*, texto e dirección Fina Calleja.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*.

Referencias varias:

- L.B., "A gran aventura do coñecemento", *Diario de Arousa*, 12 febreiro 2007, p. 56.

Dáse conta da posta en escena no Auditorio da Xuventude de Cambados, dentro do ciclo de teatro infantil, da peza de Sarabela, *Cristobo e as marabillas*, da que se explica que trata das vivencias dun rapaz chamado Colón, ao que non lle gusta a escola e o mundo se lle fai pequeno, aínda que descubrirá que a mellor forma de coñecer o mundo é a través dos libros. Remátase sinalando que con esta obra se pecha o ciclo de teatro organizado pola Rede Galega de Teatros e Auditorios que buscaba introducir aos máis pequenos no mundo do teatro.

- Seve Nieves, "Fiestas con carácter cultural", *La Región*, "Navidad en Allariz", 16 decembro 2007, p. 7.

Informa da programación cultural presente en Allariz con motivo das festas do Nadal, entre o que se conta con talleres de Nadal, actividades deportivas ou representacións teatrais, como *Cristovo e o libro das maravillas*, por Sarabela Teatro.

- Ágatha de Santos, "Cristovo e o libro das marabillas', la gran aventura del conocimiento", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 26 decembro 2007, p. 29.

Refírese á montaxe, de Sarabela Teatro, no Teatro Caixanova de Vigo, dirixida por Fina Calleja na que se mesturan as sombras chinesas, a "comedia da arte" e o clown e que rende homenaxe ao espírito aventureiro e aos libros a través da historia do neno Cristóbal Colón que, aburrido da escola, soña con explorar novos mundos a través do libro de Marco Polo. Saliéntase o carácter pedagóxico da obra, inculcando valores como a amizade, a valentía, a curiosidade, a forza ou o coñecemento a través das distintas personaxes pero sen perder a dose de espectáculo e divertimento

Títeres Cachirulo: *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*. Dir. Jorge Rey. Elenco: Carmen Domench, Jorge Rey.

Ver apartado 3.4.1 deste *Informe*.
Ver XIIº Festival Internacional de Títeres Galicreques.
Ver IIIº Festival de Títeres María José Jove.

Títeres Cachirulo: *O libro da selva*, texto de R. Kipling, dirección Jorge Rey.

Ver Ciclos de Nadal.
Ver Sala Yago.
Ver apartado III.4.1 deste *Informe*.

Tanxarina Títeres: *Sombreiros sen chapeu,* texto de Tanxarina, dirección Eduardo R. Cunha "Tatán" e Miguel Borines.

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*.

Tanxarina Títeres: *Os Narigudos*

Ver III.4.1. deste *Informe*.

Referencias varias:

- maré, "A xira dos 125 anos chega a Compostela", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 setembro 2007, p. 8.

Dá conta da chegada a Compostela da xira que celebra os cento vinte e cinco anos do teatro galego. Sinala que esta cita se inicia na Praza da Quintana coa obra *Zico, zaca, zuco, buscando a mamá*, da compañía Zancalino. Dise que a xira continúa o día seguinte na localidade de Teo, coa obra *Os Narigudos*, de Tanxarina Teatro, compañía nada no ano 2006 e integrada por tres actores galegos: José Carlos Illanes, Fran Núñez e Aitor Rei.

Títeres **Trompicallo:** *Nadarín*, texto de Cristina Ferreirós, dirección Plamen Dipchikov.

Referencias varias:

- L.B., "Descubrir el mundo de los títeres", *Diario de Arousa*, 5 abril 2007, p. 64.

Dáse conta do argumento de *Nadarín* e dise que a súa posta en escena forma parte do Ciclo de Títeres posto en marcha pola Consellaría de Cultura, a través do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Dise canto tempo durará este ciclo e outras representacións que terán lugar, tales como: *Que pasa na praza*, de Pablo Nojes e Paprika; *De fábula*, de Teatro Artello, e *A lampariña de cristal*, de Teatro de Liló.

Trotaconventos: *O libriño non me levou o país das marabillas*, texto e dirección de Carlos Freire.

Viravolta: *O candil marabilloso*
Ver Ciclos de Nadal.

Referencias varias:

- M. Alonso, "La compañía de títeres Viravolta actúa hoy en Redondela", *Atlántico Diario*, "Metropolitana", 3 xaneiro 2007, p. 18.

Dá conta da representación desta obra para nenos no auditorio do Multiusos da Xunqueira en Redondela, incluída dentro da programación do Nadal.

Viravolta: *Historia dun soldado*.

Referencias varias:

-A. R., "Bengala Producción inicia una gira gallega con su *Historia do soldado*", *La Voz de Galicia*, "Fugas", 21 decembro 2007, p. 15.

Dise que Bengala Producción, baixo a dirección de Xosé M. Rabón, presenta a montaxe *Historia do soldado*. Coméntase que a peza narra coma un soldado regresa ao seu fogar acompañado de seu inseparábel violín que atrae ao demo disfrazado de paiaso. Indícase que a obra está destinada, principalmente, ao público infantil e xuvenil.

Viravolta: *Hip, hip, hurra!*

Ver Festival de Títeres Liceo Casino.

Zancalino: *Zico, zaca, zuco, buscando a mamá.*

Ver apartado III.4.1 deste *Informe*.

Referencias varias:

- maré, "A xira dos 125 anos chega a Compostela", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 setembro 2007, p. 8.

Dá conta da chegada a Compostela da xira que celebra os cento vinte e cinco anos do teatro galego. Dise que esta cita se inicia na Praza da Quintana coa obra *Zico, zaca, zuco, buscando a mamá,* da compañía Zancalino. Sinálase que a xira continúa ao día seguinte na localidade de Teo, coa obra *Os Narigudos*, de Tanxarina Teatro, compañía nada no ano 2006 e integrada por tres actores galegos: José Carlos Illanes, Fran Núñez e Aitor Rei.

.

VII.3.3.3.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de **Antas de Ulla**: *O Mago de Oz*, Teresa Batán (direc.).

Escola de Teatro de **Narón** (TEN): *Desde entón cantan as rás*, texto de Candido Pazó, dirección Flor Maceiras.

Expresión: *Títeres e contos para todos*.

Ver Ciclos de Nadal.

Grupo de teatro da Biblioteca Municipal de **Antas de Ulla:** *Brancaneves*, de Jouse García (direc.).

Grupo de teatro da Biblioteca Municipal de **Antas de Ulla:** *O Mago de Oz*, de Jouse García (direc.).

Grupo de teatro **IES de Ames**: *Antígona.*

Ver II Mostra de Teatro Non Profesional do Baixo Miño.

Grupo de teatro **IES de San Paio**: *Río Bravo*.

Ver II Mostra de Teatro Non Profesional do Baixo Miño.

Marañao Teatro: *O achado do castro*, texto de Manuel Núñez Singala.

Ver II Mostra de Teatro Non Profesional do Baixo Miño.

Referencias varias:

- J. A. Martínez Sevilla, "Templo teatral", *El Ideal Gallego*, "Opinión", 13 outubro 2007, p. 26.

Dá conta de que "El Fórum Metropolitano" da Coruña, xunto a cen actividades máis, tense convertido no templo do teatro a nivel profesional. Dise que o dito se pode apreciar no ciclo teatral que leva a cabo e constitúe un inmenso eido de resonancia

didáctica. Comenta que este espazo, aberto a todos, ofreceu, baixo a dirección de Ramiro Neira, da Organización Cultural A Bufarda, o Ciclo de Teatro Outubro Amador que oferta catro obras de gran calidade *O achado do Castro*; *Fábulas*; *Un mal día* e *A boneca de trapo*.

Na lúa: *Grandullón, o xigante abusón*

Ver III Mostra de Teatro Especial de Galicia.

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Los amantes de Molière", *El Progreso,* "El despertador", 11 decembro 2007, p. 8.

Di que a III Mostra de Teatro Especial de Galicia comezará coa representación da obra *Pic Nic* a cargo dos actores lucenses do grupo Pinchacarneiro. Dise tamén que actuará o grupo coruñés Na Lúa, coa obra *Grandullón*. *O xigante abusón*.

Pinchacarneiro: *Pic Nic*

Ver III Mostra de Teatro Especial de Galicia

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Los amantes de Molière", *El Progreso,* "El despertador", 11 decembro 2007, p. 8.

Informa de que a III Mostra de Teatro Especial de Galicia comezará coa representación da obra *Pic Nic* a cargo dos actores lucenses do grupo Pinchacarneiro. Dise tamén que actuará o grupo coruñés Na Lúa, coa obra *Grandullón*. *O xigante abusón*.

Falcatrueiros: *Clown escola.*

Ver Mostra de Teatro Afeccionado de Monterroso.

Teatro del Andamio: *Yepeto*

Referencias varias:

- F.F., "Retoman la programación de Sonatas con una obra teatral y con música de coral", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 16 xuño 2007, p. 11.

Dáse conta da continuación da programación de "Sonatas de Vilanova 2007" coa peza

Yepeto, de Teatro do Andamio. Explícase que é unha peza para todos os públicos na que se desenvolven as peripecias de tres personaxes: un profesor de literatura, a súa alumna e o noivo desta. Destácase tamén a gran cantidade de actividades programadas para os próximos meses en Vilanova da Arousa.

Teatro do Vilar: *Memoria dun tempo.*

Ver II Mostra de Teatro Non Profesional de Baixo Miño.

Teatro Lohengrín: *Cadaleitos*.

Ver II Mostra de Teatro Non Profesional de Baixo Miño.

Vichelocrego: *A ópera do emprendedor*, **Vidal Bolaño**, Roberto.

Ver II Mostra de Teatro Non Profesional de Baixo Miño

VII.4 CÓMIC

VII.4.1. GALEGOS

Benlloch, Kike, *Chu, chu*, A Coruña: Polaqia, 28 pp. D.L. 2007.

Kike Benlloch (A Coruña, 1974) constrúe este cómic con versión en galego e en castelán arredor do tren. Nel repasa con humor e mirada crítica algunhas circunstancias ás que os galegos e galegas se teñen que enfrontar no que atinxe a transporte e infraestruturas. Segundo el mesmo ten afirmado non se trata "nin dun cómic pedagóxico nin dunha recompilación estatística, senón máis ben unha carta aberta e ilustrada, unha columna de opinión persoal e intransferíbel". Así, achega retallos de historia e cifras significativas, insistindo en aspectos como a defensa do tren como medio de transporte e a súa demanda por parte dos cidadáns galegos.

Fausto, *Golfiño en portada*, Santiago de Compostela: El Patito Editorial [lectorado autónomo], 2007, 46 pp. (ISBN: 978-84-611-7633-5). ■

O volume, que serve de presentación a El Patito Editorial, reúne unha escolma das portadas que o debuxante Fausto –Fausto Castiñeiras Isorna (Catoira, 1961)– realizou para a revista de cómic *Golfiño* ao longo da súa segunda etapa, cando se editaba semanalmente e se vendía acompañando a *La Voz de Galicia*. Antes da reprodución destas capas, inclúense unhas palabras de presentación do autor nas que resume a traxectoria da revista aludindo ao seu nacemento, no ano 2000, da man de Edicións Xerais e de Miguel Vázquez Freire, á xeira de catorce números mensuais editados e á súa segunda aparición, en 2001, con *La Voz de Galicia*. Lembra ademais como naceu o personaxe que se lle deu nome á publicación e que se converteu na figura emblemática dunha revista que "se converteu no maior logro da historia do cómic galego", e como foi o encargado da realización de setenta e cinco das oitenta e nove cubertas até a desaparición do cómic tras dous anos de vida. Remata dedicándolles este libro aos moitos seguidores da publicación. A seguir aparecen as vinte e dúas cubertas que se presentan tal e como apareceron impresas e no boceto correspondente, previo ao proceso de cor. Ademais van acompañadas de cadanseu comentario de Fausto, con explicacións relativas ás súas preferencias, fontes, homenaxes explícitas e implícitas, etc. O concepto das capas responde en todos os casos ao concepto da escena humorística ou *gag* protagonizada por Golfiño, só ou acompañado doutros personaxes habituais da revista, e conforman, en conxunto, un universo de referencias que acolle os gustos e influencias de Fausto, en particular as relacionadas coa banda deseñada. Así por exemplo, a escolma presenta homenaxes á cidade da Coruña e ao Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico", ao cadro *O reino das luces*, de Magritte, aos Beatles, ao xénero de aventuras na xungla, de terror ou de invasores marcianos; autorretratos do autor, o mundo de ultratumba, referencias a noticias de actualidade, e un explícito universo compostelán representado pola chuvia ou por recantos da cidade como a Praza de San Roque, a igrexa do Pilar ou a rúa do Vilar entre outros moitos. Os textos do volume preséntanse en galego e en castelán.

Norberto, *O castelo Regadeira*, guión e debuxos Norberto, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [lectorado mozo], 2007, 50 pp. (ISBN: 978-84-612-0466-3). ■

Escolma dalgunhas das páxinas pertencentes á serie "O castelo Regadeira" que o debuxante Norberto Fernández Serrano (Vigo, 1967) publicaba na desaparecida revista de cómic *Golfiño* e coa que conseguiu o favor dos lectores e lectoras. Nelas o autor ofrece unha selección do universo fantástico no que se desenvolvía a serie e de boa parte dos seus personaxes, entre eles, Xiana, a rapaza protagonista, e os seus amigos Toxo e Tuxo, Gorxón, o Lobisneno ou Kuldina. A escolma amosa tamén en parte o desenvolvemento narrativo da historia e o seu imaxinario ateigado de matices, temáticas e acenos cómplices que afondan na dobre lectura, así como a calidade do debuxo realista e ateigado de detalles. Xiana, unha rapaza atractiva e libre, vive unha chea de aventuras que nalgún caso recrean episodios da literatura e do cine que alternan con situacións humorísticas ou con escenas que se desenvolven nun contexto máis achegado á realidade, coas preocupacións propias dunha moza. O autor emprega unha estética característica do cómic manga, tanto na composición coma na utilización das cores. Xiana aparece como obxecto de desexo, en formas explícitas aceptadas socialmente como sensuais, como unha muller estereotipada no rol de "atractiva" no imaxinario adolescente e adulto. As viñetas con variedade de cores contrastadas, posúen gran cantidade de detalles, ás veces, chegando ao realismo fotográfico. Teñen moito dinamismo e o ilustrador xoga co cambio de encadres e planos para acadalo. As onomatopeas tamén pasan a formar parte das ilustracións.

Referencias varias:

- Juan Floriani, "Nova proposta do cómic galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 decembro 2007, p. 30.

Recóllense diversos comentarios de Fausto Isorna, director da Editorial El Patito, que se puxo en marcha este ano co obxectivo de publicar cómic dos mellores autores galegos e que vén de presentar *O castelo regadeira*, de Norberto Fernández. Descríbese esta obra que recolle unhas viñetas animadas ao detalle e que lle permiten ao lector descubrir en cada esquina personaxes históricos do mundo do cómic e a animación ou decorados case propios dun teatro. Po outra parte, Fausto Isorna sinala que o principal é buscar o público e que a citada obra está chamada a converterse nun clásico do cómic galego.

Gochi, *Trasmallo*. "*A Santa Compaña*", ilust. do autor, A Coruña: Cerditos de Guinea Cómics, [lectorado mozo], setembro 2007, 48 pp. (ISBN: 84-935904-0-6).

Cómic editado no selo persoal do autor, David Prieto Seijo "Gochi" (A Coruña, 1977), que desenvolve unha aventura que ten como protagonista principal o pirata Trasmallo, acompañado dos seus alumnos Lois e Brais. Nesta ocasión os tres amigos baten coa Santa Compaña en terras do Barbanza mentres levaban a cabo o adestramento da escola de piratas. Grazas a este desafortunado incidente, poden acabar coa banda de Risco, un antigo compañeiro de cuadrilla de Trasmallo. O volume inclúe ao comezo unhas páxinas de presentación dos protagonistas e localiza a historia en terras de Rianxo. No que á composición se refire, as celdas rectangulares mantéñense ao longo de toda a obra. O autor emprega a redución nas formas e tintas planas sen pretensión de texturas e

cores cálidos, agás cando chega a noite no relato, que todas as ilustracións son de tonalidades grises e verdes.

Seijas, Antonio, *Un home feliz*, Premio Castelao de Banda Deseñada, Santiago de Compostela: Edicións Lea, col. Banda Deseñada, 2007, 61 pp. (ISBN: 978-84-95444-81-3).

Cómic de ambientación fantástico-realista no que Antonio Seijas (Ares, 1976) recorre a un relato descontinuo para desenvolver unha historia intimista de amor e desencontros. Céntrase no decorrer vital dun home que trata de fuxir de si mesmo, dos erros dun pasado que o atormenta. Recupera momentos como o aceno de esperanza que xorde cando coñece a Marta nunha libraría despois de cederlle o único exemplar de *L'amour fou*, de André Breton. Axiña foxe dela e abandónaa sen ofrecerlle explicación ningunha para lle evitar que sufra, xa que está enfermo. Nos seus paseos pola beira do mar o home goza das paisaxes e mesmo coñece unha adolescente cunha máscara na cara coa que mantén algunha conversa. Na súa volta á libraría onde coñeceu a Marta descobre o final tráxico da rapaza, que morreu nun accidente de coche. A parte gráfica está realizada con técnicas dixitais e destaca a contraste de cores cálidas e escuras, que teñen funcionalidade na parte textual.

Referencias varias:

- Gema Malvido, "O salón do Cómic presenta a edición de *Un home feliz*", *La Opinión*, "A Coruña", 18 agosto 2007, p. 10.

Dise que a décima edición do Salón do Cómic da Coruña acolleu a presentación d'*Un home feliz*, de Antonio Seijas, obra gañadora da segunda edición do Premio de Banda Deseñada Castelao. Infórmase do prezo, do lugar no que se pode adquirir e recóllese a opinión de Miguelanxo Prado, director do Salón, sobre Seijas e a súa obra. Tamén se sinalan as razóns polas que a obra resulta innovadora e dáse conta de cómo está concibida. Finalmente, achéganse as palabras de Miguelanxo Prado sobre a importancia da convocatoria deste premio.

- Albino Mallo, "Presentan o cómic 'Un home feliz', de Antonio Seijas", *El Correo Gallego*, "Cultura", 18 agosto 2007, p. 67.

Infórmase da presentación, no marco das actividades do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico", d'*Un home feliz*, de Antonio Seijas Cruz, obra gañadora da segunda edición do Premio de Banda Deseñada Castelao. Recóllense as palabras de Miguelanxo Prado, coordinador do certame, quen sinalou a importancia do galardón para dinamizar a banda deseñada galega e loou a calidade plástica e literaria da obra, salientando a súa concepción empregando os medios dixitais unicamente, o cal permite apreciar as posibilidades desta técnica e ofrecer un novidoso tratamento da cor. .

- M.B., "Non se pode facer cómic para telo parado na casa", *A Nosa Terra*, n.º 1.286, "Fin de semana", 25-31 outubro 2007, p. 34.

Entrevista a Antonio Seixas, autor do cómic *Un home feliz*, que vén de ser editado por

Edicións Lea e que resultou gañador do Premio Castelao de Banda Deseñada, convocado pola Deputación da Coruña. Seixas explica que o traballo está a ter moi boa acollida tanto en galego como en castelán, que a súa intención foi facer unha historia intimista, na que reflexionar sobre a beleza e a soidade, e que o cómic é un traballo moi arduo que ten que ter como obxectivo a edición. Remátase referindo á forza de sentimentos como a paixón e a dor, así como á importancia da cor nesta obra.

VII. 4.2. APÉNDICE: LIBROS DOUTROS ANOS NON RECOLLIDOS NOS INFORMES ANTERIORES.

Marín, Xaquín, *Ratas*, ilust. do autor, prólogo de Miguelanxo Prado, Ferrol: Embora Edicións, [lectorado mozo/mocidade], 2006, [88] pp. (ISBN: 84-94560-54-8).

Volume de banda deseñada do ilustrador Xaquín Marín (Ferrol, 1943) no que se narra unha historia de ficción científica que foi publicada en lingua castelá en 1977 pola editora madrileña TCD na súa colección "3,1416 Comix". Trinta anos despois desta primeira edición traducida, sae do prelo a versión orixinal desta obra fundacional da banda deseñada galega. Dende o punto de vista lingüístico, a editorial decidiu manter a lingua empregada polo autor no ano 1974, cando foi composta a obra, e non existía unha gramática normativizada, o que lle permite manter o carácter orixinal, sen alteracións nin adecuacións, aínda que pode inducir a certa confusión, superada facilmente pola competencia do lectorado ao que vai dirixida a obra. Ábrese o volume cunha breve xustificación editorial, na que se presenta esta iniciativa como unha "recuperación cultural", e unha presentación de Miguelanxo Prado, quen chama a atención do lectorado sobre a importancia desta obra. En canto ao estilo, o emprego do branco e o negro, con deseños de liña grosa fai dos personaxes seres toscos, angustiados, de ollos desorbitados e expresións moi marcadas, que recrean un mundo apocalíptico. No que se refire ao contido, o protagonista é un astronauta que chega á Terra despois de moitos anos vagando pola Galaxia 33. Dende o primeiro momento observa que non parece existir vida no planeta e que a orde social que el deixou desapareceu baixo o poder de máquinas intelixentes, que son as únicas que aparentemente ocupan este novo mundo. O astronauta, sen nome, padece a persecución destes mecanismos intelixentes que tentan desfacerse del, aínda que logra sobrevivir coa axuda duns seres híbridos de home e rata, que o levan ao mundo subterráneo. Esta nova especie de ratas intelixentes, que sobrevive nun mundo paralelo, marxinal e oculto, son a única esperanza para combater as máquinas. Son os homes-rata os que lle explican o que pasou cos humanos e xuntos inician unha loita que os levará a un aparente triunfo final. Non obstante, a imaxe que se ofrece neste suposto mundo futuro resulta moi negativa, pois malia que aparece unha nova especie, esta parece abocada a volver cometer os mesmos erros. Este aspecto percíbese tanto pola presenza da guerra, que tingue o ambiente cunha atmosfera tétrica, coma polo adianto que o autor lle fai ao lectorado avisado a través da forte tensión das viñetas finais, nas que aparece de novo o renacemento das máquinas.

VII.5. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

VII.5.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Abalo Quintela, José Enrique, *Os contos. Propostas para traballlar con contos populares galegos*, ilust. Alejandro Viñuera Agra, trad. Dolores Louzao Couto, Vigo: Ir Indo Edicións, 2007, 93 pp. (ISBN: 978-84-7680-604-3). ■

Manual dirixido ao profesorado que suxire unha ampla listaxe de propostas para aproveitar os contos populares como recurso didáctico na aula e que consta de catro partes fundamentais: "Introdución", na que se dá conta do obxectivo principal do libro (presentación de ideas para recoller, dramatizar, xerar, talar ou comprender mellor os contos); "Propostas para traballar cos contos populares", na que se explica cómo narrar contos populares, cómo re-escribilos, xeralos, dramatizalos, cómo traballar a expresión oral, transformando un conto nunha nota de prensa, poñéndolle un título, elaborando un sociograma, debuxando posíbeis desenlaces, etc.; "Xogos cos contos", no que, entre outros, se destaca o encrucillado; e "Bibliografía". A seguir, reprodúcense diferentes contos para exemplificar as distintas propostas anteriormente presentadas. Trátase de contos fantásticos de temática amorosa como "O conto do lagarto" e " Santa Dora"; contos centrados na amizade e na guerra, como "As merendas do corvo e o raposo", "Os catro amigos", "O roubo do cortizo" e "A Raposa e o Galo"; contos que abordan diferentes aspectos da vida cotiá, como "O caldo de pedriñas", que se presta á dramatización e no que se trata a fame, tema tamén reflectido en "Os canteiros da lúa", por exemplo; e as aventuras, como en "O Gato e o Raposo". Estes textos están apoiados polas ilustracións de Alejandro Viñuela Agra, que realizou unha serie de debuxos que complementan normalmente as explicacións das propostas de traballo e dos contos exemplificadores destas. Este ilustrador xoga en todas as ilustracións e incluso na cuberta con cores frías tales como negra, branca, gris e verde.

Barrena García, Pablo (coord.), *Libros 2005-2006 escogidos de Literatura Infantil* (*12 -15 años*), Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2007, 116 pp. (ISBN: 978-84-89384-09-5). ◆

Terceira entrega da Red de Selección de Libros Infantiles y Juveniles na que se acolle un repertorio de obras de calidade dirixidas a adolescentes de 12 a 15 anos editadas, nas diferentes linguas do Estado español, entre outubro de 2005 e outubro de 2006. Ábrese cunha "Presentación" na que se anuncia a finalidade e o contido do volume e na que se fai fincapé na importancia da lectura para os adolescentes, así como da importancia de manter os hábitos de lectura nas diferentes idades. Anúnciase que nesta selección se atoparán obras vinculadas coa busca da identidade, as relacións con novas amizades, os enfrontamentos coa familia, así como outras que achegan circunstancias que sitúan aos mozos ante o consumo de drogas. Tamén títulos que se achegan ás expectativas sentimentais, emocionais e sexuais dos máis novos, narracións sobre a vida actual e do pasado, sobre necesidades vitais e o incipiente compromiso coa ideas políticas, relixiosas, culturais e sociais, etc., en definitiva, "cuestiones tratadas con pluralidad no sólo temática sino de estilos literarios". Entre as obras galegas dirixidas ao lectorado de

12 e 13 anos atópanse *Vila Cerdeira* (2005), de Daniel Ameixeiro, *O Emperador Púrpura* (2006), de Herbie Brennan, *Smara* (2006), de Paula Carballeira, *Cando caen as follas* (2006), de Antonio García Teijeiro, *Tonecho de Rebordechao* (2005), de Breogán Riviero, *Sari, soñador de mares* (2006), de Marcos Sánchez Calveiro, *Crisóstomo o alifáfaro* (2006), de Antonio Yáñez Casal. En canto ás obras dirixidas ao lectorado de 14 e 15 anos aparecen *A sombra descalza* (2006), de An Alfaya, *Poetízate* (2006), de Fran Alonso, *Corredores de sombra* (2006), de Agustín Fernández Paz, *O aliado inesperado* (2005), de Xavier López Rodríguez, e *Piratas polo Miño* (2006), de Xosé Miranda. Péchase o volume cos índices de autores e de títulos.

Referencias varias:

- L.R., "Un nuevo catálogo de literatura para adolescentes busca orientar a los educadores y a las familias", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 11 xullo 2007, p. L7.

Dáse conta da presentación en Santiago de Compostela do catálogo *Libros escogidos de literatura infantil*, editado pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Explícase que é un compendio de sesenta e nove obras en diferentes linguas do estado. Sinálase que se trata de obras dirixidas a adolescentes de doce a quince anos, coas que se quere orientar aos mediadores. Remátase sinalando que das obras seleccionadas doce son galegas e que a publicación está patrocinada polo Ministerio de Cultura.

Figueiras Fernández, Manuel, *Agalician Books for Children & Young Adults 2007/ Libros infantís e xuvenís galegos 2007/ Libros infantiles y juveniles gallegos 2007*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 131 pp. (DL. PO-214/2007). ◆

Catálogo que acolle unha selección de obras, autores, autoras, ilustradores, ilustradoras e editoras para presentar na Feira de Boloña. Despois dunha introdución institucional, ofrécense as obras correspondentes ao ano 2006. Preséntanse as cubertas, algunha ilustración e un breve descritor en galego, castelán e inglés, así como unha breve biografía dos creadores (do texto e da ilustración). No apartado "Libros", acóllense por orde alfabética as editoras; no apartado "Promoción da Lectura", dáse noticia, tamén nas tres linguas citadas, do labor realizado pola Consellería de Cultura e Deportes, Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, de GÁLIX (Asociación Galega para o Libro Infantil e Xuvenil) e da Asociación Galega de Editores. A seguir, sinálanse os enderezos das asociacións. Finaliza cunha listaxe das editoras e outra, non exhaustiva, de obras que se publicaron no ano 2006, novas edicións, reedicións e traducións ao castelán, éuscaro, portugués e inglés. Tamén aparece unha listaxe de traducións ao galego dende outras comunidades lingüísticas.

Gomes, José Antonio e Blanca-Ana **Roig Rechou** (coords.), *Grandes Autores para Pequenos Leitores*, ilust. Luís Mendoça, Porto: Deriva Editores, setembro 2007, 126 pp. (ISBN: 978-972-9250-29-3). ■

Publicación que reúne tres ensaios que se achegan ao fenómeno da canonización de autores e obras da literatura infantil nos sistemas literarios portugueses, galego e angloxermano. Logo dunha sucinta presentación do estudo, o volume divídese en tres

partes, cada unha das cales se corresponde cun ámbito distinto para amosar como o fenómeno da canonización funcionou neses sistemas. O volume acolle os seguintes artigos:

- José Antonio Gómes Cese, Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva, "Produção canonizada na literatura portuguesa para a infancia e a juventude (século XX)", pp. 13-52.

Preséntase unha panorámica da produción literaria portuguesa dende a primeira metade do século XX, período no que autores e ilustradores estabelecen as bases da literatura infantil portuguesa contemporánea. Analízase a produción literaria dunha selección de autores que inclúe a Afonso Lopes Vieira (1878-1946), Carlos Amaro (1879-19469, Aquilino Ribeiro (1885-1963), Fernando Pessoa (1888-1935), María Lamas (1893-1983) e Henrique Galvao (1895-1970).

- Blanca-Ana Roig Rechou, María Jesús Agra Pardiñas, Isabel Mociño González, Marta Neira Rodríguez e Teresa Sixto Rey, "Produción canonizada na literatura infantil e xuvenil galega (1960-1985)", pp. 53-94.

Unha vez estabelecidos os criterios que levan ás autoras a falar de "clásicos", preséntase unha proposta de fixación de autoridades e obras canonizadas na literatura infantil e xuvenil galega do período 1960-1985. Inclúese na proposta a Xosé Neira Vilas (1928) con *Memorias dun neno labrego*, Carlos Casares (1941-2002) con *A galiña azul* e *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, María Victoria Moreno (1941-2005) con *Mar Adiante. Historias de nenos pra nenos*, Paco Martín (1940) con *Das cousas de Ramón Lamote* e Manuel María con *Os soños na gaiola*. Cada unha destas obras é analizada baixo os parámetros estabelecidos para formar parte do canon xeral da literatura infantil e xuvenil galega.

- Velkja Ruzicka Kenfel e Celia Vázquez García, "Produción canonizada na literatura infantil e xuvenil angloxermana (século XIX)", pp. 95-122.

Aproximación aos "clásicos" da literatura infantil e xuvenil alemá e inglesa do século XIX. Unha vez presentado o marco teórico no que se asenta o estudo, examínase un reducido grupo de autores considerados "clásicos" da literatura angloxermana. Do ámbito xermano as autoras ocúpanse de Jacob Ludwig Carl Grimm (1785-1863) e Whilhelm Carl Grimm (1786-1859), Wilhelm Busch (1832-1908) e Heinrich Hoffman (1809-1894). Pola súa banda, en relación co ámbito inglés, centran a súa atención en Lewis Carrol (1832-1989), Robert Louis Stevenson (1850-1894) e E. Nesbit (1858-1924).

Referencias varias:

- A. Mínguez, "Grandes autores para pequenos leitores", *Faro de Vigo*, "Ourense en vivo", 24 novembro 2007, p. 13.

Coméntase que a obra *Grandes autores para pequenos leitores*, coordinada por José Antonio Gomes e Blanca-Ana Roig Rechou, recolle o estudo dunha serie de obras literarias dirixidas á infancia e á mocidade publicadas en lingua portuguesa, galega,

inglesa e alemá. Dise que se pretende unha relectura crítica das obras, amosar a súa calidade estética e a súa relevancia para a evolución da literatura infantil e xuvenil.

Hermida Gulías, Carme, *María Mariño. Unha serea en terra*, ilust. Mauro Trastoy, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, [lectorado autónomo], 2007, 26 pp. (ISBN: 978-84-7824-516-1). ■

Ver apartado IV. Día das Letras Galegas neste *Informe*

Lourenzo González, Manuel, *VIII Salón do libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, DE MEDO/VIII Salón del Libro Infantil y Juvenil de Pontevedra De miedo/ 8Th Pontevedra Children's Book Fair Terrific*; Pontevedra: Concello de Pontevedra/Dirección Xeral de Creación Cultural da Consellaría de Cultura e Deporte, 2007, [92] pp. (DL. PO-263/2007) ◆

Catálogo que recolle, ademais das introducións institucionais, unha breve historia do Salón, a elección do tema, a autora das ilustracións, os créditos dos promotores, organizadores, entidades colaboradoras profesionais, entidades promotoras e coordinación. Fálase da montaxe, do acto de inauguración, das exposicións e espectáculos, da transformación dos espazos, do país convidado neste ano (Brasil), das visitas, dos obradoiros para adultos, das clases, presentacións de libros, actos xerais, dos autores nos colexios, dos espectáculos, da homenaxe a Bernardino Graña e da clausura dos actos. Inclúese tamén un texto, da coordinadora, sobre a traxectoria do Salón nos oito anos nos que se leva celebrando, no que se explica como o Salón foi avanzando até se converter nun punto de referencia a nivel de Estado Español, como se demostra na súa recepción en revistas. Dá conta tamén das actividades máis salientábeis, unhas xa practicadas noutros anos e outras novas, como a realización dun DVD sobre o desenvolvemento do Salón, a expansión con exposicións e actividades fóra das datas de realización, o mantemento da web ao longo do ano, etc. Destaca que nos meses seguintes á realización do Salón este terá presenza noutros eventos internacionais. Finaliza considerando de "excelentes" os resultados e anuncia que xa se poñen a traballar na IX edición. Segue o apartado "Cousas de medo" no que se fai un percorrido por obras, personaxes humanos e animais e obxectos que figuran na literatura de medo. Remata coa tradución dos textos ao galego e inglés e coa achega do DVD na contraportada.

Recensións:

- Xosé Antón Neira Cruz,"Contar o medo en Pontevedra", *Tempos Novos*, n.º 119, "Libros", abril 2007, p. 82.

Dá conta da celebración na cidade de Pontevedra da última edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil. Dise que nesta edición, celebrada entre o 4 e o 10 de febreiro do ano 2006, se realizaron numerosos obradoiros, conferencias, cursos e exposicións. Tamén que se organizou unha homenaxe a Bernardino Graña. Finalmente, coméntase que estiveron presentes no Salón outros escritores de Literatura Infantil e Xuvenil. Infórmase que toda a información aparece recollida no catálogo correspondente que tamén se analiza polo miúdo.

Referencias varias:

- C. Michelena, "Teatro y solidaridad en el Pazo", *Diario de Pontevedra*, "ViviraQuí", 7 febreiro 2007, p. 82.

Analiza a terceira xornada do VIII Salón do libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, destacando, entre outros actos, a posta en escena de *La maldición de Seamus* polo grupo Teatro Muntis, os obradoiros sobre música tradicional para nenos, realizados por Antón Castro, ou o taller "Animación á lectura: A voltas co conto" de Raquel Méndez e Eva Mejuto. Tamén informa que tivo lugar a presentación da proposta de Sieteleguas Ediciones, "Kamishibai", que é unha nova forma de lerlle os contos aos nenos. Finaliza anunciando os actos para a xornada seguinte.

Riveiro Coello, Antón, *A voz do lago*, ilust. Rodrigo Chao, Vigo: Galaxia, col. Árbore, n.º 149, a partir dos 12 anos, 2007, 108 pp. (ISBN: 978-84-8288-712-8).

Ver Apartado IV. Día das Letras Galegas neste *Informe*.

Roig Rechou, Blanca-Ana, Pedro **Lucas Domínguez** e Isabel **Soto López** (coords.), *Teatro infantil. Do texto á representación*, ilust. Luís Mendonça, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2007, 294 pp. (ISBN: 978-84-9782-616-7).

Ábrese cunha introdución na que se lembran os obxectivos e liñas de investigación da Rede Temática "Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico" (LIJMI) e na que se sinala que este volume incide nalgún deses obxectivos e liñas temáticas. Tamén se anuncia o contido; dise a razón pola que se respecta a lingua elixida por cada redactor (a excepción dos vascos) e agradécese a colaboración a diferentes institucións, editoriais, etc. polo diferente apoio prestado tanto no Curso de Formación Continua que a Rede leva a cabo cada ano como na publicación do monográfico resultante. A seguir, preséntanse dous traballos que reflexionan sobre o teatro infantil e xuvenil en xeral. No primeiro deles, a profesora María Victoria Sotomayor Sáez, da Universidade Autónoma de Madrid, detense nas características dos textos dramáticos para a infancia e mocidade en relación co modo xenérico no que se inscriben e advirte algúns trazos específicos que afectan tanto á temática como ás formas de expresión, construción de diálogos e recursos escénicos, dedicando unha atención especial ao teatro de monicreques, dada a súa peculiar natureza de dobre intermediación. Pola súa banda, Teresa Duran, profesora da Universitat de Barcelona, afonda no concepto da representación dende os presupostos estabelecidos pola psicoloxía e a semioloxía. Séguenlle a estes traballos as panorámicas diacrónicas da evolución da literatura dramática e do feito teatral nos ámbitos lingüísticos castelán (a cargo de Isabel Tejerina), catalán (a cargo de Marta Luna), portugués (a cargo de José António Gomes, Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva), galego (a cargo de Blanca-Ana Roig e María López) e vasco (a cargo de Xabier Etxaniz e Manu López). Acolle tamén este monográfico unha selección de obras dramáticas e experiencias escénicas dirixidas aos máis novos e publicadas nas diferentes linguas da comunidade interliteraria que conforma o Marco Ibérico. Finalmente, recóllense seis comentarios pormenorizados de obras dos diferentes ámbitos co fin de

facilitarlles aos mediadores a aproximación a esas obras para o seu uso na educación literaria. No que á literatura galega se refire acolle os traballos seguintes:

- Blanca Ana Roig e María del Pilar López, "Panorama histórico do teatro infantil en galego", pp. 99-120.

Dáse conta da evolución da literatura dramática para a nenez en Galicia dende os seus inicios, que as autoras estabelecen nos anos setenta, até a actualidade, así como das súas características. En primeiro lugar realizan unha breve introdución e dan conta dos primeiros referentes da literatura dramática infantil galega. A seguir, falan do "agromar dun proxecto cultural e do teatro (1950-1980). Rematan deténdose no período "1990-actualidade", no que sitúan a consolidación do teatro infantil galego. En todos os apartados detéñense nos autores e obras máis importantes.

- Aurora Marco, "A construción dramática de *O maquinista Antón*, de An Alfaya", pp. 219-231.

Comentario da obra *O maquinista Antón*, de An Alfaya, no que Aurora Marco se detén na concepción teatral da autora nesta obra e nos personaxes, na configuración espazo-temporal e na linguaxe desta peza.

- Blanca-Ana Roig Rechou, "Teatro do absurdo, humor e realismo crítico en *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares", pp. 241-250.

Comentario no que Blanca-Ana Roig Rechou, despois de achegar algúns datos biográficos sobre Carlos Casares e deterse nas razóns polas que é considerado un autor clásico, analiza, intra e extratextualmente, a obra merecedora en 1973 do Premio O Facho, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*.

Recensións:

- Isabel Mociño González, "*Teatro infantil. Do texto á representación*", *Malasartes* (*Cadernos de Literatura para a infância e a juventude*), n.º 15 (II série), decembro 2007, pp. 87-88.

Neste comentario comézase destacando a importancia que supón para o estudo do teatro infantil e xuvenil a aparición deste volume, realizado polos membros da Rede Temática "As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico" (LIXMI), xunto con outros investigadores. Explícase que se abre cun estudo de Mª Victoria Sotomayor, da Universidade Autónoma de Madrid, sobre a relación entre as dúas dimensións do teatro, o texto e a representación, seguido do de Teresa Durán, da Universidade de Barcelona, no que reflexiona arredor do concepto de representación, alteridade e aprendizaxes de representación na infancia. A seguir, repásanse cada unha das panorámicas dos diferentes ámbitos lingüísticos do marco ibérico, nas que se constata a febleza deste xénero en comparación co narrativo, así como a falta de estudos rigorosos tanto sobre o texto dramático coma das representacións dirixidas á infancia e mocidade. Explícase que no volume se ofrece tamén unha selección para a educación literaria, na que se recollen sesenta e un títulos que serven ao mediador como referencia dun repertorio de calidade, acompañada dos comentarios de sete pezas dramáticas dos diferentes ámbitos

lingüísticos. Por último, detense no comentario dos deseños do ilustrador portugués Gémeo Luís, que serven de tránsito entre cada un dos apartados. Conclúese que é un estudo rigoroso, que favorece o enfoque comparatista e que vén cubrir baleiros existentes nos estudos de literatura infantil e xuvenil.

- Ana Belén Moreda Rodríguez, "Reflexións sobre o teatro infantil e xuvenil en Galicia". *Revista Galega de Teatro*, n.º 53, "Espazos" , inverno 2007, pp. 57-59.

Dise que en *Teatro infantil. Do texto á representación* se recolle unha interesante visión sobre a historia do teatro infantil e xuvenil en Galicia dende as súas orixes até a actualidade, ao tempo que se fai un resumo dos diversos relatorios que se ofreceron dentro do IV Curso de Perfeccionamento "As literaturas infantís e xuvenís ibéricas: a súa influencia na formación lectora. Teatro infantil, texto e representación", que tivo lugar en Santiago de Compostela do 10 ao 13 de setembro de 2007. Sinálase que despois dunha introdución, na que se fala sobre as orixes do teatro galego, se destaca o feito de non existir obras de teatro infantil ou xuvenil galego até a segunda metade do século XX. Ana Belén Moreda Rodríguez comenta que no volume do que se ocupa se analizan os diversos factores que levan a esa situación, así como os que fan que o teatro se consolide a partir dos anos 80 cando chega a lingua e a literatura galega aos centros de ensino. Valora tamén a autora desta recensión o feito do volume ofrecer unha breve visión do que ocorreu noutras literaturas peninsulares (vasca, catalá, castelá e portuguesa). Remata o artigo cunha loa a este volume e ao labor que moitos e moitas docentes desenvolven nas aulas para fomentar o teatro.

Referencias varias:

- Laura L. Aira, "Cando os nenos atopan a guerra", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 setembro 2007, p. 30.

Dáse conta da reunión que manteñen os membros da Rede Temática "As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico" no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Explícase que este grupo interdisciplinar de investigadores de todo o Marco Ibérico se creou en 2004 e que acaba de ampliarse ao ámbito Iberoamericano. Avánzanse outras actividades nas que participan estes investigadores, como o Curso de Formación Continua, "As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico. A súa influencia na formación lectora" ou un monográfico. Recóllense as palabras da coordinadora, Blanca-Ana Roig Rechou, quen repasa os traballos que este colectivo leva a cabo, entre eles un monográfico sobre a guerra civil na literatura infantil e xuvenil, así como unha selección e unha bibliografía sobre o tema. Ademais de adiantar algunhas das conclusións desta reunión científica, tamén se dá conta da presentación do volume *Teatro infantil. Do texto á representación* e das *Actas dos Encontros de Porto*.

SM, *Anuario sobre el libro infantil y juvenil 2007*, Madrid: Ediciones SM, 2007, 140 pp. (ISBN: 978-84-675-1738-5).

Ábrese cunha presentación de José Luís Cortés, Director Editorial Corporativo de Publicaciones Infantiles y Juveniles del Grupo SM, na que comenta a utilidade deste *Anuario* e fai fincapé na ampliación, a partir desta entrega, aos países de Iberoamérica,

concretamente, nesta ocasión, a Arxentina, Colombia e México, aínda que anunciando a pretensión de facer un panorama o máis amplo posíbel en próximas edicións. A seguir, recóllense os traballos "Cifras y estadísticas: La LIJ se hace mayor", do Departamento de Investigación de SM; "Características y tendencias: 2006: Un buen año", da autoría de Victoria Fernández; "Actividad editorial en catalán:…y que cumplas muchos más", de Teresa Mañà; "Actividad editorial en gallego: Galicia ilustrada", de Xosé Antonio Neira Cruz; "Actividad editorial en euskara: sin grandes cambios", de Xabier Etxaniz Erle; "La vida social de la LIJ: un año con muchas onomásticas", de Sara Moreno; "Monográfico: utopías lectoras y promoción de la lectura en la escuela", de Felipe Romero Martín; e o "apéndice", "La LIJ en Argentina, Colombia y México", de Laura Leibiker, César Camilo Ramírez y Luz María Sainz González. No que ao artigo relacionado coa literatura infantil e xuvenil galega se refire, "Actividad editorial en gallego: Galicia ilustrada", Xosé Antonio Neira Cruz estrutúrao en seis apartados: "Ilustrísimos","Narrativa infantil: contraste y continuidad", "Narrativa juvenil: algunas sorpresas", "La poesía: recuperando aliento", "El teatro y el cómic: intentando sobrevivir" e, finalmente, "Entre lo institucional y lo políticamente correcto". Comeza o autor falando do álbum ilustrado, sector de renovación e aposta creativa máis destacado, e salientando o traballo da editorial Kalandraka e, a raíz desta, da importancia da ilustración noutras coleccións, así como da actividade doutra editorial, OQO Editora, da que sinala algún dos seus títulos e autores. Nese primeiro apartado, Neira Cruz tamén se detén nos froitos de Faktoría K de Libros e nalgúns álbums doutras editoriais como Galaxia, Everest-Galicia ou Xerais. En "Narrativa infantil: contraste y continuidad" afirma o articulista que a narrativa seguiu camiños xa ensaiados en anos precedentes. Destaca algún título de escritores xa coñecidos, como Paula Carballeira ou Agustín Fernández Paz, e algunha temática e modalidade narrativa, para deterse na obra doutros autores de recente incorporación á Literatura Infantil e Xuvenil galega como, por exemplo, Conchi Regueiro e David Vázquez Álvarez, entre outros. A seguir, aborda as fábulas e detense principalmente en Antonio Yáñez Casal. Remata este apartado referíndose a dúas obras que confirman, segundo Neira Cruz, a incorporación na LIX de temas transversais presentes nos temarios escolares e citando a calidade da tradución de varias obras da alemá Úrsula Wölfel. Capítulo á parte dedica Neira Cruz á narrativa xuvenil na que destaca a incorporación de numerosos títulos para os adolescentes e mozos adultos e a calidade dalgúns títulos, de diferentes editoriais, nos que tamén se detén. Finalmente, menciona aquelas traducións máis interesantes. No que á poesía se refire, Neira Cruz laméntase dos poucos poemarios que se editan para os máis novos e nomea os títulos e autores máis importantes. O teatro, pola súa banda, segue, segundo o autor do artigo, estando nunha "desoladora minoría". Salienta, en relación a este xénero, a creación do Premio Manuel María de teatro infantil por parte do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais para paliar a reducida atención que se lle presta e detense nalgún título que para el merece atención especial. No tocante ao cómic, fálase da loita por continuar da colección "BD Banda". Para rematar, Neira Cruz achégase ás coleccións "Carteira de valores", de Baía Edicións, "Contos da igualdade", da Xunta de Galicia, e "Branco de Cores", do Consorcio de Santiago, así como a dúas "pequeñas joyas" de excelente edición tales como *Gran libro dos retratos de animais*, editada por OQO, e *Mirar a pintura a través dos séculos*, a cargo de Faktoría K de Libros.

Referencias varias:

- maré, "O tesouro para o futuro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 marzo 2007, p. 26.

Comenta as conclusións do anuario realizado pola Editorial SM nas que se sinala que aumentou a produción de literatura infantil e xuvenil en España superando o máximo histórico dos cincuenta e cinco millóns de exemplares editados. Dise que segundo Xosé Antonio Neira Cruz, responsábel do balance galego dentro do informe, se está a producir un importante aumento que se caracteriza polo "dinamismo" e o importante papel que xoga o álbum ilustrado. Logo de repasar os diferentes xéneros na literatura infantil, analiza os datos máis destacados e conclúe que a lectura nos centros educativos é unha das importantes causas deste aumento.

- Anxa Correa, "A literatura infantil acada a madurez", *Diario de Pontevedra*, "ViviraQuí", 2 abril 2007, p. 67.

Dáse conta da publicación do anuario sobre literatura infantil e xuvenil editado por SM no que se destaca que a literatura infantil e xuvenil medrou no último ano máis que o resto da produción editorial. Dise que da literatura infantil e xuvenil galega se sobrancea o seu dinamismo, que se reflicte en obras e ilustracións, pero tamén na celebración de eventos como o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Recóllense algunhas das conclusións deste informe, como a calidade da narrativa para o lectorado dos seis aos doce anos, fronte ao descenso das dirixidas ao lectorado xuvenil, ademais de que a banda deseñada, o teatro e a poesía son os xéneros menos cultivados. Alúdese a outras cuestións como a convivencia de dúas linguas nos centros de ensino, o aumento da produción en xeral dirixida aos máis pequenos, pero tamén das obras que quedan sen vender. En columna á parte dáse conta dos últimos títulos publicados por Kalandraka con motivo do seu noveno aniversario.

- Mayte Leis, "VV.AA. *Anuario sobre el libro infantil y juvenil 2007. Monográfico: promoción de la lectura en la escuela*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades materiais", primavera 2007, p. 86.

Detén o seu comentario no *Anuario sobre el libro infantil y juvenil 2007. Monográfico:promoción de la lectura en la escuela*. Detalla os artigos incluídos nesta publicación e considera que se trata dun traballo "necesario que mitigará a invisibilidade crítica da LIX en moitos ámbitos".

VII.5.2. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS.

Agrelo, Eulalia, "*Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico*", *Malasartes* (*Cadernos de Literatura para a infância e a juventude*), n.º 15 (II série), "Recensões e notas críticas", decembro 2007, pp. 84-86.

Comézase cunha reflexión sobre as fortalezas e debilidades da literatura infantil e xuvenil do marco ibérico, cuxas principais eivas se sitúan na mediación. Explícase que a raíz desta percepción se puxeron en marcha iniciativas como o Curso de Perfeccionamento "As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico. A súa influencia na formación lectora", que se vén celebrando na Universidade de Santiago de Compostela dende o ano 2004. Sinálase que o resultado da primeira convocatoria foi o monográfico da revista *Boletín Galego de Literatura*, que leva por título *Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico* (2005), coordinado por Gemma Lluch e Blanca-Ana Roig Rechou. A seguir, descríbese detalladamente o seu contido, que se abre cunha presentación do director da publicación, Anxo Tarrío Varela, á que segue un limiar das coordinadoras, no que explican o xerme da obra e manifestan diversos agradecementos. Sinálase que no apartado "Estudos" se recollen as achegas de nove investigadores Pedro Cerrillo, Teresa Duran, José António Gomes, Gemma Lluch, Marijose Olaziregi, Blanca-Ana Roig e Victoria Sotomayor, nos que ofrecen panorámicas das literaturas infantís e xuvenís dos diferentes ámbitos que conforman o marco ibérico, acompañados da análise do papel do mediador na formación lectora e ás relacións entre literatura e cinema. Séguese sinalando que no apartado "Notas" se inclúen comentarios cara á formación lectora de diferentes obras dirixidas á infancia e mocidade, mentres que en "Documentos" se recuperan dous textos de Amador Montenegro Saavedra publicados nos últimos anos do século XIX e de potencial receptor infantil. No apartado "Encontros" dise que se estabelece un diálogo coa escritora e ilustradora Roser Capdevila, mentres que no apartado "Libros" se ofrecen recensións de oito manuais, antoloxías e mesmo algunha colección sobre a literatura infantil e xuvenil de grande interese. Sinálase que o volume se pecha co apartado de "Creación", no que se recollen as autopoéticas e breves textos de Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo e Suso de Toro. Conclúese que é este un volume poliédrico, no que se adoptan múltiples perspectivas, o que o converte nunha obra de referencia, ademais de expresar o desexo de que estes esforzos non decaian e se sigan recollendo froitos de tanta calidade neste terreo.

Amado Reino, Ana, "Antonio Yáñez Casal. *Natasha e Dimitri*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 12 a 14 anos", primavera 2007, p. 77.

Debulla o argumento de *Natasha e Dimitri* (2006), de Antonio Yánez Casal, un "precioso" texto, no que destacan os diálogos dalgúns dos personaxes e un "bonitos" debuxos de Rodrigo Chao. Considera que se trata dunha obriña "tenra e entrañable" ideal para que os máis pequenos soñen con eses mundos marabillosos que os máis maiores temos sempre a virtude de destruír.

Amado Reino, Ana, "Agustín Fernández Paz. *O Raio Veloz*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 12 a 14 anos", primavera 2007, p. 77.

Achega o argumento da obra, *O Raio Veloz* (2006), na que aparece o Agustín Fernández Paz que transmite antes de nada que se está esquecendo que o que nos rodea son persoas con sentimentos e problemas. Tamén apunta que as ilustracións de Andrés Meixide axudan ao lectorado a darse conta de cales son os momentos clave da historia.

Amado, Ana, "E se de verdade hai tesouros asolagados?", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1, "proPostas", inverno 2006-2007, p. 20.

Alúdese ao último Premio Merlín no que resultou gañador Agustín Agra coa obra *O tesouro da lagoa de Reid'Is* (2006), con ilustracións de Andrés Meixide. Resáltase que é unha obra moi apropiada para que a mocidade coñeza as tradicións mitolóxicas galegas xa que ao carón de personaxes do mundo real presenta unha boa mostra de seres do imaxinario común: urcos, trasnos, sereas, bruxas, etc. Destácase tamén a coidada escenografía aludida pola escolleita toponimia sen que sexan precisas longas descricións. Outro motivo importante da obra que valora son as ilustracións de Andrés Meixide que achegan cor e expresividade á narración.

Aneiros, Rosa, "Escribir o mar", *Fadamorgana*, n.º 11, "LIX que ule a mar", primavera 2007, p. 38.

A través dunha narrativa poética céntrase na descrición da tarefa do escritor empregando a metáfora do mar. Así comenta que "As ideas que sacoden aos creadores e creadoras son como ondas que acariñan a beiramar. Veñen e van. Van e veñen. Namentres, os creadores e creadoras agardan, como os crebeiros, como os percebeiros, como os pescadores de robalizas, as vagas precisas". Así mesmo, considera que o mar garda todas as historias e sentimentos, pois "Todo se concentra nunha présa de xabre húmido", e que os escritores coma os homes do mar citados anteriormente están á espera das ondas: "Agardándoas para poder contarchas, para poder descubrirche o que o azul agocha na súa inmensidade".

Álvarez, José Álvaro e Isabel **Soto**, "A literatura infantil e xuvenil galega en 2006", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Panorámicas", 2007, pp. 123-133.

Destacan os autores desta panorámica referida á produción de literatura infantil e xuvenil en 2006 a súa estabilidade e continuidade. Tras enumerar os recoñecementos nacionais e internacionais acadados por autores e obras ao longo do ano, así como as efemérides celebradas, repásanse os títulos máis significativos nos diferentes tramos de idade, destacando feitos como o incremento de títulos e coleccións para os máis pequenos e o extraordinario dinamismo do álbum e a boa saúde da literatura para a mocidade. No apartado dedicado a obras fóra de colección e para todos os públicos citan textos como *Pucho, o habitador dos tellados*, de Manuel Janeiro; *Sálvate Elías!*, de Elisabeth Brami; *As aventuras de Pinocho*, de Carlo Collodi; e o *Manual de calcetíns salvaxes*, de Pablo Prestifilippo. Conclúen salientando a falta de oferta teatral, representada por títulos integrados na colección "Teatro escolar para ler e representar" da editorial Fervenza e por propostas como *Ra, ra, ra*, de Cándido Pazó, *Os sons da buguina*, de Carlos Labraña, e a tradución de *Viva o teatro*, de José Luis Alonso de

Santos, II Premio Nacional Mª José Jove; e a mellora que se albisca en xéneros como o cómic.

CLIJ, "Antonio Reigosa. .eMe eSe eNe", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 200, "Tinta Fresca", xaneiro 2007, pp. 37-40.

Ofrecen unha aubiografía de Antonio Reigosa (Mondoñedo, Lugo, 1958) e tamén unha bibliografía seleccionada do propio autor. A seguir un relato titulado "eMe eSe eNe" en lingua galega e castelá no que se conta unha anécdota familiar dunha familia constituída por unha muller que traballa arreo en todo o da casa mentres, un home que se ailla vendo partidos de fútbol e a filla de dez ano que navega por internet até que se perde na rede e é recuperada pola nai quen sen saber nada a imprime e logo por medio do pai recupérase. Unha loa do que se pode facer con internet.

CLIJ, "*Con el dedo en la nariz*", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 200, "Libros", xaneiro 2007, p. 52.

Comezan salientando que a escritora bávara, Daniela Kulot-Frisch, neste álbum, traducido ao galego (Faktoria K, 2006) invita nas súas páxinas á transgresión dos bos costumes nunha situación na que netos e avós acaban "Hermanados" polos modais, mentres que a xeración dos pais son os gardiáns de normas estritas de comportamento. Ofrecen o argumento e rematan cualificando a obra de paródica e divertida, e referíndose ás ilustracións de cores brillantes e detalles divertidos.

CLIJ, "*É rara Makeke*?", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 200, "Libros", xaneiro 2007, p. 53.

Comézase presentando a Makeke, a protagonista desta obra de Magda Soldado, traducida ao galego por Baía Edicións en 2006. Ofrecen o argumento e cualifican esta historia sobre a diferenza de sinxela. Rematan cunhas notas sobre as ilustracións de Jacobo Muñiz entre as que se salienta que permiten que o relato sexa seguido polo prelectorado, uns debuxos que mostran as actitudes da protagonista con grande expresividade.

CLIJ, "*Sal e azucre*", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 200, "Libros", xaneiro 2007, p. 53.

Coméntase desta obra (OQO, 2006), que Iván Prieto realiza e ilustra a partir dun conto tradicional grego, que se trata dun traballo "más que notable, tanto con el texto –poético y contundente a la vez, con unos breves diálogos potentes y con ese intenso contraste entre dulce y salado-, como en las ilustraciones, en las que la fotografía y la escultura se alían para alumbrara una propuesta atrevida y singularmente expresiva". Logo ofrécese o argumento e remátase dicindo que Prieto conseguiu unha posta en escena "llamativa y efectiva" a partir da metáfora do sal e o azucre para falar de diferenzas de carácter, da difícil convivencia en parella, da necesidade de afecto, en definitiva, do amor.

CLIJ, "*Pepito, el habitador de los tejados*", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 200, "Libros/novedades", xaneiro 2007, p. 59.

Coméntase a tradución desta obra de Manuel Janeiro (Kalandraka, Andalucía, 2006) na que se conta a historia, cualificada de "preciosa", dun neno ao que a ditadura lle arrebata ao seu pai, un sindicalista da CNT que malvivía no Madrid dos anos cincuenta. Resume o argumento para rematar dicindo que se trata dun relato "magnificamente escrito, con una prosa sugerente, metafórica pero también precisa en las descripciones" da vida do neno. Dise que se trata dun libro fóra de colección co que Kalandraka explora novos terreos da literatura ilustrada para todas as idades.

CLIJ, "*Eduardo, el niño más terrible del mundo*", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 201, "Libros", febreiro 2007, p. 57.

Ao comentar esta tradución (Faktoría K, 2006) da obra do británico John Burningham, destácase que este célebre autor/ilustrador fai gala neste álbum dun bo tino pedagóxico. Coméntase a historia que se narra sobre un neno considerado polos adultos "terrible" e do cambio que se produce nel cando os adultos comezan a valorar de xeito "positivo" as súas travesuras. "Una 'lección' tanto a los pequeños como a los mayores", a partir dun conto esaxerado e enxeñoso tanto a partir do texto coma das ilustracións.

CLIJ, "*Chocolata*", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 201, "Libros", febreiro 2007, p. 57.

Destácase deste conto de Marisa Núñez, do que existe tradución en castelá, a historia "deliciosa" coa que se fai fincapé na importancia de se abrir a novas experiencias sen deixar de apreciar o que se ten ao redor. Dise que é un texto de fácil lectura, moi descritivo, que se complementa cunhas ilustracións "realmente encantadoras" das que se salientan trazos como imaxes cálidas, expresivas, cor, comicidade...

CLIJ, "*Cartera de valores*", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 201, "Libros/Novedades", febreiro 2007, p. 58.

Unha nota moi breve sobre esta colección de dez contos ilustrados centrados na educación para a convivencia, máis un caderno de actividades. Foron realizados por premios nacionais, entre os que se conta Fina Casalderrey. Neles dise que se fala, entre outros temas, da educación vial, do multiculturalismo, do consumo, da paz, da convivencia e do medioambiente. Dise que a edición galega foi publicada por Baía Edicións, pero que tamén existe tradución en castelá, valenciano, catalán e euskera.

CLIJ, "*La gatita Rosalinda*", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 202, "Libros/Novedades", marzo 2007, p. 64.

Desta obra de Piotr Wilkón que existe edición en galego (2006), a redacción de *CLIJ* comenta que se trata dunha "fábula moderna" sen moralina na que se defende o dereito

a ser diferentes, a busca da propia identidade mesmo a costa de "traicionar" á familia. Descríbese a historia deste álbum protagonizado por gatos e saliéntase que o ilustrador e autor achegan maxia e desenfado e que da obra se desprende unha certa crítica cara á sociedade aínda clasista.

CLIJ, "Lista de Honor de CLIJ 2006", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 203, abril 2007, pp. 7-10.

Coméntase que, como é habitual, a redacción de *CLIJ* (Gabriel Abril, Victoria Fernández e Maite Jiménez) e os colaboradores Xabier Etxaniz, de Vitoria, Mª Jesús Fernández, da Coruña, Teresa Mañá, de Barcelona, e J. Luis Polanco, de Santander, presentan esta listaxe dos que consideran os mellores libros do ano 2006. Saliéntase que todos os que seleccionan son profesores e/ou bibliotecarios que exercen a crítica en diversas revistas especializadas en Literatura Infantil e Xuvenil. As obras galegas ou que teñen edición en galego que se atopan nesta listaxe son as seguintes: *Cocorico* (2006), de Marisa Núñez; *De cores e de amores* (2005), de Xabier Docampo; *Pequeno azul e pequeno amarelo* (tradución, 2005), de Leo Lionni; *A princesa que bosquexaba a todas horas* (tradución, 2005), de Carmen Gil; *O meu avó é unha gata* (2005), *Quen me quere adoptar?* (2005) e *Isha nacida do corazón* (2006), de Fina Casalderrey; *Adiviñas monstruosas* (2006), de Gloria Sánchez; *Aquiles o puntiño* (tradución, 2006), de Guia Risari; *Smara* (2006), de Paula Carballeira; *28 historias para rir* (tradución, 2006), de Úrsula Wölfell; *O segredo do pan* (2005), de Pepe Cáccamo; *A noite dos animais* (2005) e *Corredores de sombras* (2006), de Agustín Fernández Paz; *O cuarto prohibido* (tradución, 2005), de Itziar Ezquieta; *A noite dos pesadelos* (2006), de Antonio Reigosa; *Sari, soñador de mares* (2006), de Marcos S. Calveiro; e *Piratas polo Miño* (2006), de Xose Miranda.

Cobas, Xosé, "Vaidemar móvese", *Fadamorgana*, n.º 11, "LIX que ule a mar", primavera 2007, pp. 56-58.

Dá conta de como xurdiu a exposición "Vaidemar", que se realizou para levar ao IV Congreso Ibérico de LIX (2005) e organizou a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX). Sinala que o mar foi o tema seleccionado por ser un dos elementos máis representativos de Galicia e indica que foron dezasete os ilustradores que participaron, mostrando unha idea xeral dos códigos e discursos gráficos que se están a manexar no mundo da literatura infantil e xuvenil galega. A modo de introdución, achega algunhas das lecturas dadas ao mar ao longo da historia e comenta que na mostra "Valdemar" se reflicten as singularidades, "tanto no sentimento como na percepción, que o mar lle ofrece ao ilustrador, ou mesmo un posicionamento filosófico/social á hora de interpretalo". A seguir, analiza as propostas desta exposición, entre as que están, as de Ánxeles Ferrer, Noemí López e Fino Lorenzo, que introducen o matiz literario; as de Pepe Carreiro e Xan López Domínguez, que presentan unha interpretación lúdica; a de Miguelanxo Prado, que pinta un mar épico e embravecido; as de Manolo Uhía e Xoán Balboa, que recorren aos seres mitolóxicos; ou a do propio Cobas, que deseñou un mar metaforicamente arborado co fin de achegar máis o rural ao mariñeiro. Por outra parte, alude ao catálogo da exposición, que recolle os versos de catro poetas (Fran Alonso, Helena Villar Janeiro, Antonio García Teijeiro e Ana María Fernández), introducidos por un prólogo de Miguel Vázquez Freire, que fai un percorrido literario e visual polos

espazos máis imaxinativos proporcionados polo mar.

Docampo, Xabier P., "Unha boa segunda parte", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1, "proPostas", inverno 2006-2007, p.21.

Faise unha gabanza da segunda parte dun dos clásicos da Literatura Infantil e Xuvenil: *Peter Pan*. Trátase dunha nova entrega que leva por título *Peter Pan e a levita escarlata* (2006), de Geraldine McCaugherean, editada por Obradoiro na versión traducida ao galego por Silvia Carril. Coméntase que esta obra xurdiu a partir dun concurso literario convocado polo hospital infantil que mantén os dereitos de autor da obra orixinal, para que alguén escribise unha segunda parte. Valórase que a autora manteña con acerto o universo narrativo da obra orixinal así como a poética inducida polo autor orixinal J. M. Barrie.

Docampo, Xabier P., "Volvendo a Pinocho", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 1, "proPostas", inverno 2006-2007, p.21.

Céntrase na ilustración feita por Roberto Innocenti para unha obra clásica como *Pinocho* (2006), de Carlo Callodi e reeditada agora por Kalandraka. Destácase, sobre todo, as súas imaxes realistas e a súa capacidade para contar historias cunha forte carga emocional. Por último engádese que é unha obra moi apropiada para "ler e ollar moi devagar e acompañar a lectura dun rapaz comentándoa con el".

Docampo, Xabier P, "Outros tigres e leóns", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 5, "proPostas", inverno 2007-2008, p.15.

Recensión do libro *Animalario* (*Arte da India*) publicado por Factoría K. Segundo Docampo a obra "ábrese cun interesante e esclarecedor estudo sobre a arte comunitaria india pola cal nos achegamos ás orixes, formas, estilos e escolas representadas nas trinta e catro imaxes que contén".

Domínguez Pérez, Mónica, "Pardo de Neyra, Xulio (2006): *As orixes da literatura infantil galega* (*1918-1936*)*. Unha nova forma de entender a literatura*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 203", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, vol. 10, "Recensións", 2007, pp. 222-223.

Explícase que esta obra de Xulio Pardo de Neyra supón o primeiro traballo minucioso sobre a nacenza (1918-1936) dos primeiros escritos en lingua galega para a literatura infantil. Sinálase que a obra está dividida en introdución, dous capítulos e conclusións, e que desenvolve diferentes aspectos, como o desenvolvemento do principio rector da literatura infantil e a posta en relación da literatura infantil co proxecto de modernidade fomentado pola Xeración Nós, no capítulo I; o repaso rápido á historia da literatura galega en relación coa infancia, no capítulo II, e a defensa da idea de que a literatura infantil galega naceu como un proxecto planificado por galeguistas de distintas orientacións nacionalistas, nas conclusións. Ademais, salienta que Pardo de Neyra realiza unha exposición detallada a través da biografía dos promotores da literatura

infantil, da evolución do pensamento dos intelectuais galegos e da reprodución de documentos da época, tanto de narrativa autóctona como de parte da prensa.

Domínguez Pérez, Mónica, "The Translation of Children and Young Adult's Literature in Spain's Common Language Domains", *The Researche Quartely of Children & Youth's Literatura. Pazhuhesh Nameh*, 13th year, vol. 49, summer 2007, pp. 24-29.

Artigo incluído no monográfico, coordinado por Blanca-Ana Roig e Mónica Domínguez, que esta revista iraní dedicou á literatura infantil e xuvenil do marco ibérico. Nel Mónica Domínguez fai un estudo comparativo sobre a interrelación que se estabelece entre as linguas castelá, catalá, galega e vasca a través das traducións mutuas.

Fernández, María Jesús, "Cartas de amor", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 202, "Libros/Novedades", marzo 2007, p. 70.

Salienta que nesta obra, publicada no ano 2006, Fran Alonso cede a palabra aos que "normalmente no tienen voz y no se escuchan". Tamén se destaca que as protagonistas sexan mulleres que escriben en primeira persoa nove cartas nas que se presentan situacións vivenciais difíciles: pobreza, guerra, explotación, abandono, desarraigo... Comenta algunha delas e remata dicindo que a eficacia do libro reside ademais de na elección dos temas, no seu tratamento intimista, das voces que falan con crueza e sobre todo na linguaxe suxerinte.

Fernández, María Jesús, "*Huellas gigantes*", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 204, "Libros", maio 2007, p. 63.

Despois de recordar a historia que se conta neste álbum de Fernando Kranh publicado por Kalandraka Andalucía no ano 2006, salienta que esta fábula reflicte a reacción de diversas persoas ante o novo e descoñecido; que as ilustracións do autor sitúan aos seus expresivos personaxes nunha paisaxe invernal, con neve "donde el frío del exterior se contrapone con la calidez de los interiores"; que se trata dunha coidada edición e que inclúe unha carta manuscrita do dramaturgo Arthur Miller ao autor loando o libro.

Fernández, María Jesús, "*A lagoa das nenas mudas*, Fina Casalderrey", *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 206, "Libros", xullo/agosto 2007, p. 68.

Despois de describir o argumento, salienta o espazo no que transcorre o relato, un colexio como personaxe colectivo conformado por un grupo de nenos e nenas e o seu profesor; a capacidade da autora para recrear voces de nenos, comentarios, xogos de malentendidos, humor; o rexeitamento do diferente, a burla, a crueldade exercida contra o que non pode defenderse. Cualifica a obra de aposta pola amizade e bondade.

Fernández, María Jesús, "Marilar Aleixandre. *Herbalúa*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 0 a 5 anos", primavera 2007, p. 70.

Comenta que, se ben é verdade que nos últimos tempos teñen aparecido álbums

ilustrados de extraordinaria calidade, tamén é certo que non abundan os bos textos en galego neste ámbito. De aí que saúde con satisfacción a "fermosa" entrega de Marilar Aleixandre e Enjamio, *Herbalúa* (2006), "de moita calidade tanto polo texto como polas ilustracións". Resume o seu argumento e sinala que a escritora parte da tradición oral, marcando "o texto co sinal persoal do seu propio estilo, cunha suxestiva linguaxe poética e un logrado equilibrio narrativo". En canto ás ilustracións, indica que "son moi fermosas, incidindo no carácter onírico e máxico da historia".

Fernández, María Jesús, "Fina Casalderrey. *Un día de caca e vaca*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 0 a 5 anos", primavera 2007, p. 70.

Sinala que, fronte ao que acostuma acontecer, Fina Casalderrey logra combinar con éxito o aspecto literario e didáctico n'*Un día de caca e vaca* (2006), explicando que a "fórmula" para conseguilo radica na naturalidade da voz narrativa. Resume o argumento deste volume e comenta que é coñecida a capacidade desta autora para poñer voz ao pensamento infantil, conxugando inxenuidade e humor. Apunta que a historia ao final fai cuestionar ao lectorado os nosos estereotipados lugares comúns e indica que as ilustracións, coloristas e expresivas, de Marina Seoane, son "moi bonitas", así como considera que o que sobra desta edición é a parte final, "na que se explicita unha 'reflexión' sobre o tema e se dan consellos de conduta, absolutamente innecesarios".

Fernández, María Jesús, "Xabier P. Docampo. *A decisión de Valerio*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 0 a 5 anos", primavera 2007, p. 71.

Cualifica de "interesante" a colección "Andavía" e céntrase no comentario da obra *A decisión de Valerio* (2005), que ten como protagonista un home do mesmo nome que se pode engadir a unha lista de personaxes polos que Xabier P. Docampo parece amosar unha decidida predilección. Así mesmo, puntualiza que cando algún adulto cobra protagonismo nas obras deste autor é porque é un adulto especial e atípico, caso de Valerio. Tamén sinala que o estilo "directo e expresivo de Xabier P. Docampo, sinxelo pero non infantilizado", encontra con esta historia unha maneira eficaz de presentarlles aos pequenos lectores que hai diferentes formas de vivir e que o importante é escoller a que realmente interesa.

Fernández, María Jesús, "Agustín Fernández Paz. *A noite dos animais*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 6 a 9 anos", primavera 2007, p. 73.

Comenta que un dos recursos máis frecuentes na obra de Agustín Fernández Paz é a aparición do elemento fantástico, moitas veces nun ambiente absolutamente cotián, trazando unicamente o relato unha fina liña entre realidade e fantasía que pode ser transitada en ambas as dúas direccións sen grandes sobresaltos. Así mesmo, apunta que outro dos recursos é o humor, que busca a complicidade dos pequenos destinatarios e o sorriso amosando certas transgresións fronte ás normas impostas polos adultos. A seguir, puntualiza que estes dous recursos están na entrega do citado autor lugués, *A noite dos animais* (2005), protagonizado de novo por Raquel e da que achega o seu argumento.

Fernández, María Jesús, "Xosé A. Neira Cruz. *Mambrú, cociñeiro de perfumes*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 6 a 9 anos", primavera 2007, p. 73.

Saúda a aparición da colección "Camaleón" que, segundo a articulista, polos títulos que leva sacado ao mercado, semella apostar polas obras de calidade e tamén polo tratamento coidado da edición. Sinala que o protagonista de *Mambrú, cociñeiro de perfumes* (2005) é un personaxe que acompañou a infancia de moitos nenos hoxe adultos e que tiña preocupados a algúns polo seu incerto destino. Comenta que por esta historia de Neira Cruz se sabe que o coitado de Mambrú volveu da guerra e que o alí vivido non debeu ser nada bo, xa que decidiu deixar de ser soldado para se converter en cociñeiro de perfumes.

Fernández, María Jesús, "Ánxela Gracián. *A toupiña cegarata*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 12 a 14 anos", primavera 2007, p. 75.

Sinala que a literatura de todos os tempos ten recorrido frecuentemente á utilización de animais personificados para referirse aos comportamentos dos seres humanos e ás súas relacións, recurso que é seguido por Ánxela Gracián n'*A toupiña cegarata* (2005). A seguir, achega o argumento deste volume que presenta unha trama situada no subterráneo do mundo das toupas, ante a que se asiste ao intento por construír e liderar unha comunidade e na que destaca, nese paralelismo cos comportamentos humanos, a aparición de condutas e sentimentos que inflúen de forma decisiva nos acontecementos: a amizade, o amor ou o espírito de sacrificio, así como a envexa, a traizón, a deslealdade ou a desconfianza.

Fernández, María Jesús, "Helena Villar Janeiro. *Raúl*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 12 a 14 anos", primavera 2007, p. 75.

Indica que a historia presentada por Helena Villar Janeiro en *Raúl* (2005) pon de manifesto que na educación das persoas é moi importante aprender a dicir que non, a tomar as propias decisións, aínda que para isto ás veces non quede máis remedio que estar en desacordo con alguén. Debulla o argumento deste relato que ten como protagonista central a Raúl e comenta que se trata dun libro "divertido" que fai lembrar o inesquecíbel Kornrad, aquel neno perfecto inventado por Christine Nöstlinger.

Fernández, María Jesús, "Celia Díaz. *Adeliña*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 12 a 14 anos", primavera 2007, p. 76.

Describe con minuciosidade o argumento da obra escrita por Celia Díaz e ilustrada por Luís Sendón, *Adeliña* (2004), gañadora do I Premio de Literatura Infantil e Xuvenil "Pura e Dora Vázquez". Sinala que se trata dunha novela de misterio que ten dúas partes claramente diferenciadas. A primeira delas é unha especie de diario íntimo no que Alba dá conta dunha extraordinaria experiencia vivida na casa dos avós, mentres que a segunda desenvolve a aventura e comeza co descubrimento do diario por parte de Mariña, a irmá menor de Alba, que decide, xunto ao seu amigo Fiz, continuar a exploración do mundo misterioso descuberto pola súa irmá.

Fernández, María Jesús, "Carlos Labraña. *Os soños da buguina*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 12 a 14 anos", primavera 2007, p. 76.

Comenta que a publicación dunha peza de teatro infantil sempre é motivo de celebración no noso sistema literario no que o xénero dramático segue a ser a materia pendente, aínda que considera que só cabe agardar a devecida recuperación deste ámbito partindo da existencia de obras de calidade. Con referencia a *Os sons da buguina* (2006), sinala que coa lenda dos Mariño de pano de fondo e cunha atmosfera de misterio e presaxio a aboiar ao longo de toda a obra estarían servidos algúns elementos que puidesen compoñer unha peza de interese. Así mesmo, apunta que a pobreza argumental e a falta de traballo no enriquecemento de situacións e personaxes fan que o intento realizado por Carlos Labraña n'*Os sons da buguina* (2006) resulte "fallido".

Fernández, María Jesús, "Manuel Darriba. *Experiencias coa mentira*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 12 a 14 anos", primavera 2007, p. 78.

Cualifica de "interesante exercicio literario" a obra de Manuel Darriba, *Experimentos coa mentira* (2005), na que emprega unha complexa estrutura narrativa e na que trata un tema clásico como é o de evidenciar a existencia na sociedade dun "Poder" na sombra, que actúa movido por escuros interesas. Detalla o argumento e comenta que a obra se resolve en sucesivos capítulos, aparentemente fragmentarios, que mesturan o tempo presente do relato, o desenvolvemento da misión do comando, con outra información situada noutros momentos do pasado que, mediante diversas fontes e técnicas, proporciona datos, non sempre verdadeiros, sobre o prisioneiro. Conclúe indicando que esta especie de crebacabezas narrativo cobra sentido ao final, cando se desenmascaran os fíos ocultos que manexan personaxes e lectores.

Fernández, María Jesús, "Daniel Ameixeiro. *A tenda de antigüidades*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 12 a 14 anos", primavera 2007, p. 78.

Apunta que nesta primeira entrega de Daniel Ameixeiro á novela xuvenil, *A tenda de antigüidades* (2004), se atopan características moi representativas do xénero: protagonista que fala en primeira persoa e que amosa a confusión e inseguridade propias da etapa adolescente. Resume o seu argumento e comenta que ofrece unha interesante visión deste tema universal do momento crucial da adolescencia, así como salienta o tratamento que se lle dá ao tema da amizade e á influencia e mesmo manipulación que certas persoas poden exercer sobre outras que depositan nelas a súa total confianza.

Fernández, María Jesús, "Conchi Regueiro. *Un marciano neste mundo*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 12 a 14 anos", primavera 2007, p. 79.

Achégase á obra *Un marciano neste mundo* (2004), coa que Conchi Regueiro foi finalista do premio Meiga Moira e que é publicada na colección homónima. Sinala que

a autora retoma o mundo da adolescencia para presentar a protagonista desta novela, Nerea, que ten unha capacidade realmente fóra do común, polo que forma parte dun equipo científico que secretamente está a desenvolver o proxecto experimental dunha máquina coa que poder viaxar no tempo. Apunta que isto permite introducir na trama elementos propios da ficción científica e da fantasía. Por último, detalla con máis pormenor o argumento desta obra que nos leva á Segunda República e posterior Guerra Civil.

García Seijas, Nazareth, "*Smara*", *Malasartes* (*Cadernos de Literatura para a infância e a juventude*), n.º 15 (II série), "Recensões e notas críticas", decembro 2007, pp. 81-82.

Despois de sinalar que Paula Carballeira é unha das figuras máis destacadas da literatura infantil e xuvenil galega e unha recoñecida contadora de contos, céntrase na análise de *Smara* (2006), obra da que destaca a grande influencia da tradición oral e a reflexión que propicia arredor da multiculturalidade. Lembra o argumento, situado nas terras saharauis, e salienta a capacidade de atraer ao potencial lectorado con recursos como a conxunción de historias, a tradición fabulística, os fantasmas ou as aparicións. Saliéntase tamén a técnica da narración de historias representativas e a importancia de que sexa unha muller a que as coñece, apelando aos afectos e aos sentimentos para configurar o camiño cara ao descubrimento do outro e o entendemento do diferente. Remata destacando o respecto que se reflicte á cultura da que se fala, a riqueza da linguaxe empregada e a narración suxestiva e atractiva.

Gay, Gonzalo, "Xornadas de Banda Deseñada. Cita con el cómic", *Auria* (*Revista mensual de Caixanova*), n.º 113, "Miscelánea", 2007, p. 6.

Anúnciase a celebración das XVIII Xornadas de Banda Deseñada de Ourense entre o 4 e o 22 de outubro, aínda que se sinala que será na fin de semana cando se concentrarán a maior parte das actividades. Indícanse os lugares nos que se poderán visitar as exposicións, cítanse algúns dos debuxantes participantes e infórmase doutras actividades que se levarán a cabo nestas Xornadas.

Gracián, Ánxela, "A literatura dentro da literatura. Algunhas notas sobre as características semántico-formais da obra de Gloria Sánchez", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Estudos", 2007, pp. 28-37.

Ánxela Gracián realiza unha aproximación semántico-formal á obra de Gloria Sánchez baseándose nos seus títulos máis significativos, encadrando a autora nunha corrente literaria que foxe do tradicionalismo e que se adhire a unha estética de vangarda que elude tópicos e convencións estabelecidas. Entre as características fundamentais desta estética inicial de carácter vangardista menciona a elección dos recursos formais (paralelismos, onomatopeas, repeticións, xogos de palabras ou introdución da fraseoloxía popular) e temáticos (emprego do humor e da ironía, reformulación de grandes temas como o amor, o paso do tempo ou as relacións humanas, inclusión da fantasía, presenza do real marabilloso, etc.). A continuación, céntrase nos aspectos temáticos tratados dende unha perspectiva máis anovadora, tales como o humor de tradición galega, a aposta pola fantasía e a plasmación da felicidade imposíbel, que a

afasta dunha visión maniquea da literatura infantil. A seguir detense na evolución da autora cara a unha corrente posmodernista pola súa reinterpretación do absurdo existencial, a súa achega ao *nonsense* e pola deconstrución da tradición contística clásica nun permanente xogo de deconstrución e intertextualidade. Conclúe salientando que estes trazos lle outorgan ao discurso de Gloria Sánchez un amplo abando de posíbeis lecturas.

Gracián, Ánxela, "O mar na poesía infantil e xuvenil galega", *Fadamorgana*, n.º 11, "LIX que ule a mar", primavera 2007, pp. 59-64.

Comeza con varias consideracións sobre o que "entendemos" por poesía infantil e xuvenil, na cal inclúe a escrita e dirixida para o lectorado máis novo, as composicións da literatura adulta que, debido ás súas características semántico-formais, poden ser lidas polos máis pequenos e a procedente da tradición oral. Refírese aos inicios da poesía infantil e xuvenil galega da man de Emilio Pita e Xosé María Álvarez Blázquez, así como apunta que o seu verdadeiro inicio xurdiu ao redor de 1950, cando as irmás Pura e Dora Vázquez Iglesias elaboraron os primeiros poemarios, aínda que a temática do mar non a trataría Dora até o ano 1975 en *Campo e mar aberto*. Sinala que será na época de consolidación, 1980-2000, onde se atopan os poemas de maior fondura ligados a esta temática. A seguir, céntrase na análise da poética de tres autores, concretamente, das súas obras que introducen o mar no seu universo poético. Así, no caso de Ana María Fernández, achégase a obras como *Ondas de verde e azul* (1994), *O país de amarnos* (2004) e *Amar e outros verbos* (2002); de Fran Alonso trata a obra *Cidades* (1997); e de Antonio García Teijeiro, "o poeta que máis versos nos deixou con esta temática", comenta *Unha chea de aloumiños* (1998) e *Na Fogueira dos versos* (1996). Por último, alude a outros poetas que tratan o tema do mar, como son Xoán Babarro e Xosé Álvarez Cáccamo e ofrece unhas conclusións.

López, Noemí, "A ilustradora", *Fadamorgana*, n.º 11, primavera 2007, p. 4.

Comenta que as lendas e os contos sempre formaron parte da súa vida e que goza dándolles forma e cor a personaxes e historias, así como xustifica o movemento e os xogos de planos das súas ilustracións pola súa paixón polo cinema e a música. A seguir, cita os diferentes campos nos que ten traballado, dende o cartelismo e as ilustracións para xornais, revistas e publicacións de literatura infantil e xuvenil até libros de texto ou proxectos multimedia. Por outra parte, achégase unha selección dos volumes de literatura infantil e xuvenil que ten ilustrado.

Lorenzo García, Lourdes, "The Translation of Children's and Young People's Literature in Galicia: Production and research", *Galician Review*, volumes 5-6, 2006-2007, pp. 97-105.

Faise un percorrido pola literatura infantil e xuvenil en Galicia. A autora centra a súa achega en dúas liñas de investigación; a primeira é un estudo do inicio e desenvolvemento da literatura infantil e xuvenil en Galicia, abordando as súas etapas e autores máis significativos, e unha segunda liña que viría marcada pola profusión de traducións ao galego de gran cantidade de obras e traballos, nese eido da literatura,

provenientes de diferentes linguas aínda que salientándose a procedencia do español, inglés e alemán principalmente.

Mociño González, Isabel e Marta **Neira Rodríguez**, "The Governmental Supports for Children an Young Adult's Literature", *The Researche Quartely of Children & Youth's Literatura. Pazhuhesh Nameh*, 13th year, vol. 49, summer 2007, pp. 16- 24.

Artigo incluído no monográfico, coordinado por Blanca-Ana Roig e Mónica Domínguez, que esta revista iraní dedicou á literatura infantil e xuvenil do marco ibérico. Nel as autoras detéñense naqueles aspectos institucionais que apoian dalgún xeito á literatura infantil e xuvenil de todo o ámbito español: premios, subvencións, estudos universitarios, etc.

Mociño González, Isabel, "*As aventuras de Said e Sheila*, de Ramón Caride Ogando", *Malasartes* (*Cadernos de Literatura para a infância e a juventude*), n.º 15 (II série), "Recensões e notas críticas", decembro 2007, pp. 77-78.

Despois de referirse á escasa produción de ficción científica dirixida á infancia e adolescencia en lingua galega, céntrase no comentario d'*As aventuras de Said e Sheila* (2001), de Ramón Caride Ogando, título baixo o que se reúnen tres das obras que conforman esta serie, e que son *Perigo vexetal* (1995), *Ameaza na Antártida* (1997) e *O futuro roubado* (2000). Saliéntanse que estas obras configuran unha serie literaria con claros elementos cohexionadores, como os mesmos protagonistas, a sucesión temporal e a organización dos contidos, o que crea un universo literario de perfiles ben marcados. Detense tamén na análise da técnica narrativa, predominantemente de estilo directo, e nos protagonistas, que van trazando un perfil físico e psicolóxico ao longo das diferentes entregas, así como a verosimilitude do narrado, a introdución das novas tecnoloxías ou a proximidade dos personaxes co lectorado agardado. Repásase brevemente o argumento de cada un dos títulos e conclúese destacando a actualidade da temática tratada por Caride, o xogo entre os modelos clásicos desta tendencia narrativa no tratamento da sociedade e a busca da reflexión, sen esquecer o ludismo.

Muíños, Noela, "Patacrúa. *A princesa do Caurel*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades de 0 a 5 anos", primavera 2007, p. 71.

Alude á crecente calidade que o álbum ilustrado está a acadar en Galicia a través de editoras como Kalandraka e OQO. A seguir, centra o seu comentario n'*A princesa do Caurel* (2006), "fermosa e interesante conxunción entre un texto ben estruturado, eficaz e imaxinativo e unhas ilustracións impecables". Sinala que esta obra de Patacrúa parte dun conto procedente da tradición oral europea, que é adaptado ao contexto galego, así como comenta que a modernidade da técnica empregada por Javier Solchaga para poñerlle imaxe redondea este "interesante traballo".

Neira Cruz, Xosé A., "Marilar Aleixandre. A escritora todoterreo", *Fadamorgana*, n.º 11, primavera 2007, pp. 18-24.

Despois de valorar positivamente estas dúas décadas dedicadas á escrita, Marilar Aleixandre comenta nesta entrevista que o feito de publicar primeiramente literatura infantil se debeu ao azar, pois *A formiga coxa* (1989) foi publicada por ser finalista do premio Merlín. Sinala que na escrita co que se sente máis cómoda é co relato curto e considera a novela "unha enfermidade crónica", ademais de explicar que hai temas que percorren todos os xéneros que cultiva, como son as relacións familiares, os conflitos de identidade ou os persoais. A seguir, define a literatura infantil e xuvenil como "un rexistro" e opina que non ve tan clara a diferenza entre esta e a literatura de adultos, así como considera que a aparición e consolidación daquela está vinculada aos procesos de normalización da lingua. Indica que escribe porque vive e porque le e di que escribir "é ollar as cousas doutra forma, intentar que os demais miren tamén a través dese ollo de vidro, lograr que se metan por uns intres nos mundos creados por nós". Estima que a competencia en galego e castelán é unha riqueza, aínda que reivindica unha acción máis decidida na promoción da lingua galega. Por outra parte, refírese á súa experiencia no cómic, nomeadamente en "Os Escachapedras", e fala do que supuxo para ela o afundimento do Prestige, do que xurdiron obras como o cómic *Parando a Marea Negra* (2003) e *A vaca de Fisterra e a trabe de alcatrán* (2003). Considera que a literatura infantil e xuvenil galega está a vivir un momento moi interesante e describe o espazo no que escribe, así como cita as súas lecturas. Por último, conta o bo e o malo que lle ten achegado a literatura e sinala que a súa máxima ambición como escritora é lograr que o lectorado se identifique coa súa creación.

Neira Rodríguez, Marta e Blanca-Ana **Roig Rechou**, "Escrito por mulleres", *Festa da Palabra Silenciada. Publicación Galega Feminista*, n.º 23, "Actualidade", 2007, pp. 136-146.

Achega á produción realizada por mulleres durante o ano 2006, na que se toma como fonte o *Informe de literatura 2006*, publicado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Iníciase o traballo cunhas estatísticas nas que se ofrecen os datos da produción de autoría feminina no ano 2005 en comparación co 2006, estruturado segundo os apartados do propio *Informe*: narrativa, poesía, literatura dramática, Monografías, biografías, crónicas, volumes colectivos e Día das Letras Galegas, e a través dos que se constata unha diminución en practicamente todos os casos na literatura institucionalizada, fronte ao aumento considerábel en todos os apartados na infantil e xuvenil. Adiántase que en próximas entregas se computará tamén a participación das mulleres en revistas e na prensa. De seguido ofrécense as fichas bibliográficas das máis de duascentas obras de autoría feminina, remitindo á páxina web do *Informe de literatura* (www.cirp.es) a todos aqueles interesados en coñecer o descritor destes volumes.

Neira Rodríguez, Marta, "*As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*", *Malasartes* (*Cadernos de Literatura para a infância e a juventude*), n.º 15 (II série), "Recensões e notas críticas", decembro 2007, pp. 79-80.

Comézase explicando que o Centro Dramático Galego escolleu para a representación a obra de Carlos Casares, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, nunha adaptación de José Caldas, que foi publicada en 2004 na colección desta institución. Explícase a estrutura do volume e céntrase no apartado asinado por Blanca-Ana Roig

Rechou, "Contexto. Carlos Casares e a configuración do teatro infantil e xuvenil galego", no que se explica que reflexiona sobre o concepto de teatro e a evolución da literatura dramática dirixida á infancia e xuventude. Dise que este estudo se divide en tres grandes apartados, que xiran arredor da historia do teatro infantil e xuvenil galego, dende as primeiras manifestacións até a actualidade. Sinala que se detén naqueles axentes que incidiron nesta produción e nos autores e obras máis significativas de cada un dos períodos estabelecidos: "Inicios", "Consolidación" e "Actualidade", ademais de estudar a achega de Carlos Casares á narrativa infantil e xuvenil galega, con obras como *A galiña azul* ou *Lolo anda en bicicleta*, e o propio estudo da obra dramática, que foi a que inaugurou o teatro fantástico e humorístico na literatura infantil e xuvenil galega. Remátase salientando a importancia de contar con obras sobre un xénero como o dramático, pouco atendido até o de agora.

Neira Rodríguez, Marta, "*Corredores de sombra*", *Malasartes* (*Cadernos de Literatura para a infância e a juventude*), n.º 15 (II série), "Recensões e notas críticas", decembro 2007, pp. 80-81.

Comézase sinalando que a novela *Corredores de sombra* (2006), de Agustín Fernández Paz, é unha novela de intriga que ten como pano de fondo a Guerra Civil española, temática de escasa presenza na literatura dirixida ao lectorado máis novo. Detense na análise da estrutura da obra e no contido que desenvolve, así como a presentación que fai das consecuencias da guerra e posguerra, combinada coa descuberta e maduración da adolescente protagonista, as relacións familiares e as amizades, o amor adolescente ou a homosexualidade. Destácase a riqueza da obra, as múltiples lecturas ás que se presta, as abondosas referencias culturais e as citas literarias e musicais. Estabelécense semellanzas con outras obras anteriores do autor, como *Noite de voraces sombras* (2002) e *Tres pasos polo misterio* (2004), nas que se destaca a pegada dos versos de José Ángel Valente nos propios títulos, o protagonismo feminino, a recreación do período de posguerra e a presenza de mestres republicanos, todo tinguido con intriga, investigación e descuberta dalgún segredo. Remata sinalando que esta novela busca provocar o interese do lectorado por coñecer o pasado, á vez que se converte nunha "fermosa homenaxe á memoria de nós".

Pena Presas, Montse, "*Corredores de sombra*. Agustín Fernández Paz", *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*, "Libros", 2007, pp. 186-187.

Sitúa *Corredores de sombra* (2006), de Agustín Fernández Paz no ronsel de novelas galegas que se nutren do tema da Guerra Civil e que constitúen, segundo se afirma, un subxénero narrativo. Entre elas cítanse *Non agardei por ninguén* (1957), de Ramón de Valenzuela, *Os libros arden mal* (2006), de Manuel Rivas, *Home sen nome* (2006), de Suso de Toro ou *Cardume* (2007), de Rexina Vega e, no eido da literatura xuvenil e malia ser unha temática non demasiado transitada, *Tristes armas* (1994), de Marina Mayoral, *Noite de voraces sombras* (2002), do propio Fernández Paz, ou *A sombra descalza* (2006), de An Alfaya. Tras apuntar as liñas fundamentais do argumento de *Corredores de sombra*, recoñece dous eixes no desenvolvemento da trama: o da relación amorosa e o do misterio, cruzados por un marco histórico que permite retroceder até as décadas dos anos trinta e corenta e co engadido de elementos que singularizan a obra e a levan máis alá do retrato insubstancial do paso á idade adulta.

Detense na funcionalidade da intriga, trazo que permite afondar, sobre todo por parte de Clara, no seu pasado, nas dúbidas sementadas ao longo do texto e no valor do sentimento entre Clara e Miguel, que vai máis alá do amor e trata as diferenzas de clases sociais aínda vixentes. Sinala que o texto ben pode lerse como unha novela de aprendizaxe que abrangue a historia colectiva da sociedade e da familia e tamén a historia íntima, que nunca volverá ser coma antes, e valora o acerto do desdobramento da voz narrativa da Clara adulta e da Clara adolescente. Repara tamén nos itinerarios de lectura e de lectores inseridos na trama e na "polarización excesiva entre os do bando vencido e os seus descendentes, inzados de virtudes e bos sentimentos, cunha personalidade máis conseguida, e os do bando vencedor, nos que se representa todo o contrario e que adoitan ser tipos, carecendo en moitas ocasións de profundidade psicolóxica". Destaca o deseño de personaxes como Carlos, o tío de Clara, que introduce o tema da escolla sexual; Ismael, o bisavó de Miguel; Sebastián ou Hortensia, e compara *Corredores de sombra* con *A sombra descalza* na introdución dunha voz feminina que esculca no pasado familiar. Conclúe cualificando a obra de "emotiva, melancólica e con forza contida, é, sobre todo, unha ponte para a tolerancia, un memorial para as xeracións que o perderon todo na guerra e unha xustificación literaria de por que debemos continuar lembrando o pasado".

Pena Presas, Montse, "Elas están aí", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 4, "proPostas", outono 2007, p. 15.

Sinala que o libro de Fran Alonso *Cartas de amor*, publicado en 2006, supón un diálogo directo co lectorado adolescente porque utiliza unha linguaxe sinxela, recupera a carta como medio de comunicación e as historias son críbeis polo que as protagonistas poden ser calquera delas. Dise que as nove cartas son escritas en diferentes anos por nove mulleres procedentes de moi diversos lugares e con idades e profesións moi diferentes: unha cooperante recluída en Bagdad, unha muller senegalesa, unha rapaza lesbiana, unha prostituta tailandesa, unha inmigrante uruguaia, unha moza sahariana, unha caboverdiana abandonada pola parella, unha rapaza bosníaca e unha muller galega dos anos corenta. Coméntase que todas elas sufriron abusos pola súa condición de muller e pola súa situación "anormal" e viron como os demais miraban para o outro lado.

Pérez Mondelo, X., "A Banda de Vilacendoi", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega,* n.º 39, "Reseñas", outubro 2007, pp. 175-176.

Lémbrase que Xulio Gayo publicou no ano 2006, na editorial Kalandraka, o "conto marabilloso" *A Banda de Vilacendoi*, no que se fai unha "leda evocación do pasado, o presente de silencio e a esperanza a renacer". Dáse conta do seu argumento e opínase sobre as ilustracións que o acompañan.

Piñeiro, Jerónimo, "Teo vai ó inverno", *Auria* (*Revista mensual de Caixanova*), n.º 126, "Cómic", outubro 2007, pp. 38-40.

Reprodúcese o cómic titulado "Teo vai ó inferno", obra de Jerónimo Piñeiro de Castro, co que acadou o segundo premio do certame galego "GZcrea", e que está ambientado nun fantasioso mundo despois do accidente mortal dun coche.

Reigosa, Antonio, "Un mar de mitos", *Fadamorgana*, n.º 11, "LIX que ule a mar", primavera 2007, pp. 39-42.

Ofrece unha longa listaxe de seres, elementos e lugares pertencentes ao mar mítico froito da fantasía e que "fai agromar mitos e lendas, seres e lugares que endexamais foron reais e, sen embargo, existen". A seguir, refírese aos mitos do mar galego como é o do deus Oceános e ás illas imaxinarias como son a denominada Atlántida, Eiritia, Solistición ou Eirín. Así mesmo, fala das sereas como a que deu orixe aos Mariño de Lobeira, a das Illas Miranda, a da praia de Mogor ou a da Maruxaina; dos homes mariños, caso dos tritóns; das cidades maldicidas, que foron e que xa non son, como Vilachá, Estabañón ou Valverde; e das embarcacións, entre as que destaca a do santuario da Virxe da Barca, de Santo Andrés de Teixido e de Santiago. Por outra parte, refírese aos animais monstruosos do mar galego, destacando o Can do Mar ou Can do Unco como o máis perigoso, e a outros animais avistados, caso de polbos, congros e luras xigantes, serpes mariñas enormes ou baleas e lontras incríbeis. Por último, alude aos piratas, trasnos e demos mariños, entre os que cita os rabusos, os soliños ou os almuiuces, así como se achega aos mares interiores, como é o Pozo do Ollo, e reproduce un conto no que o escarnio fai debuxar un sorriso, pese á traxedia narrada.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "Gaygou's Children and Young Adult's Literature", *The Researche Quartely of Children & Youth's Literatura. Pazhuhesh Nameh*, 13th year, vol. 49, summer 2007, pp. 37- 47.

Artigo incluído no monográfico, coordinado por Blanca-Ana Roig e Mónica Domínguez, que esta revista iraní dedicou á literatura infantil e xuvenil do marco ibérico. Nel a autora fai unha panorámica histórica da literatura infantil e xuvenil galega.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "The Social and Ideological Issues in My Books. Agustín Fernández Paz", *The Researche Quartely of Children & Youth's Literatura. Pazhuhesh Nameh*, 13th year, vol. 49, summer 2007, p. 76.

Entrevista realizada a Agustín Fernández Paz por Blanca Roig que apareceu neste número monográfico que a revista iraní *Pazhuhesh Nameh* dedicou á literatura infantil e xuvenil do ámbito español. Acolle tamén un extracto da bio-bibliografía do autor vilalbés.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "Investigación e Literatura infantil e xuvenil na CII: situación actual e propostas de futuro", *Malasartes* (*Cadernos de Literatura para a infância e a juventude*), n.º 15 (II série), "Estudos", decembro 2007, pp. 25-33.

Comézase o traballo situando cándo e cómo a Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) dos diferentes ámbitos lingüísticos da Comunidade Interliteraria Ibérica comezou a ser obxecto de estudo, é dicir, aquela escrita en lingua catalá, castelá, galega, portuguesa e

vasca. Considérase unha das principais causas deste desinterese investigador a tardía introdución desta como materia docente, que no caso de Portugal comezou a ser introducida nos anos setenta, mentres que no sistema universitario español non o fai de maneira regrada até o cambio de planos de estudo dos anos noventa. Detense nalgúns casos concretos, como o da Universidade de Santiago de Compostela, e sinala que a docencia das literaturas propias de cada ámbito lingüístico do Estado Español é un dos retos cara ao futuro da universidade. A seguir, achéganse datos sobre os escasos resultados da investigación, derivados da feble situación docente, e considérase necesario implantar un programa de doutoramento especializado e cursos específicos. Tamén se refire á necesidade de másteres e cursos de posgrao, que complementen os xa existentes, como o Curso de Formación Continua e Perfeccionamento "As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico. A súa influencia na formación lectora". Deste xeito, constata que a situación descrita relegou a literatura infantil e xuvenil en moitos casos a ser empregada dende o punto de vista didáctico e non tanto literario. A seguir, detense no material bibliográfico máis salientábel producido nos diferentes ámbitos lingüísticos tratados, salientando a falta de repertorios até da década dos noventa ou o predominio dunha crítica literaria periodística, autorial ou didáctico-instrumental, fronte á falta dunha crítica académica. Por último, refírese a algunhas iniciativas como o I Encontro de Investigadores en Literatura Infantil e Xuvenil do Marco Ibérico, ao que asistiron investigadores dos diferentes ámbitos lingüísticos do marco ibérico e ás liñas de traballo que marcaron para desenvolver de xeito organizado no futuro, convencidos de que as Ciencias Humanas teñen a necesidade de "proceder a unha configuración dos modelos epistemolóxicos", na liña das Ciencias Naturais e Experimentais.

Rojas, Magdalena de, "'Pequeno Azul e Pequeño Amarelo', Leo Leonni. Traducción de Chema Heras e Pilar Martínez", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 39, outubro 2007, pp. 171.

Dá conta da publicación pola editorial Kalandraka en setembro de 2005 da tradución ao galego do clásico libro infantil de Leo Lionni, *Little blue and little yellow* (1959), co título *Pequeno Azul e Pequeno Amarelo*.

Saiz Ripoll, Anabel, "El hombre que bebe sueños. La obra de Agustín Fernández Paz, *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), n.º 205, xuño 2007, pp. 7-26.

Fai primeiramente un percorrido amplo e detallado pola biografía do autor, logo analiza a súa obra seguindo agrupamentos temáticos, a saber "Realismo y misterio", "Muertos y desaparecidos", "Seres legendarios o mitológicos", "La guerra civil y sus consecuencias", "El amor", "Personajes adultos", "Infancia", "Libros y literatura", "Fotografías", "Únicos e irrepetibles", "Noticias en los periódicos", "Memoria y recuerdo", "Localización geográfica y compromiso", "Compromiso con la realidad", "Abuelas" e "Maestros y profesores", incrustando en cada un deles consideracións sobre a ampla obra de Agustín Fernández Paz á luz dos marbetes elixidos. En "Elementos narrativos", a comentarista, como fixo noutros dos apartados nos que estrutura o seu traballo, bota man moi a miúdo de consideracións do propio autor que neste caso explica cómo foi preocupándose máis pola estrutura e forma, que Saiz Ripoll tamén desglosa por grupos de obras. Finalmente en "Algunas conclusiones" saliéntase que os libros de Fernández Paz enganchan na lectura porque contan historias cheas de

suxestións, dispares, sorprendentes, con personaxes ben construídos, temas que se organizan ao redor da dicotomía branco e negro. A comentarista avisa de que quedaron moitos aspectos por tratar da obra deste autor e cita algúns deles.

Sampedro Martínez, Pilar, "Poesía necesaria coma o pan de cada día...", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega,* n.º 37, "Reseñas", marzo 2007, pp. 138-139.

Fálase da relación da adolescencia coa poesía e faise un repaso a aquelas antoloxías poéticas dirixidas á infancia e mocidade. Así, detense nos títulos *Antoloxía da poesía galega para nenos* (2001), *Os nosos versos* (1997), *O libro dos cen poemas* (2002) e *Poetízate* (2005).

Sampedro Martínez, Pilar, "Solidariedade, fición e realidade", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 38, "Reseñas", maio 2007, p. 156-157.

Pilar Sampedro Martínez detense en *Usha* (2006), de María Reimóndez, e no volume *O son das buguinas* (2007). Dá conta do argumento e estrutura destas obras e fai valoracións das mesmas.

Sampedro, Pilar, "Teatro infantil galego. De costas ao mar?", *Fadamorgana*, n.º 11, "LIX que ule a mar", primavera 2007, pp. 48-54.

Comeza realizando unha serie de consideracións sobre a pouca atención que se lle presta ao teatro na infancia, pese a que pode achegar a riqueza dunha tipoloxía textual diferente, ao pé doutras posibilidades como a lectura en voz alta, a lectura expresiva e compartida ou a actividade lúdica ao redor do xogo de rol que ofrece a posibilidade de meterse no papel do outro. Afirma que a presenza do mar no teatro infantil galego pode ser "a periferia da periferia" e achégase a unha serie de obras teatrais con tema mariño, detallando o seu argumento e referindo o tratamento que lle deron a ese elemento. Inicia o seu percorrido con *A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste, e continúao inseríndose na literatura infantil e xuvenil e aproximándose a obras como *O anel de Pirompiña*, de Pura Vázquez; *Dondolina*, de Ana María Fernández; *Mariñeiros no Nadal* (2003), de Esther da Silva; *Guiso de choupa*, de Xosé Luís Martínez; *Brinquemos ao teatro* (1990), de Euloxio R. Ruibal; *Os sons da buguina* (2006), de Carlos Labraña; *Cousiñas do mar e do río* (2006), de Fernando González Graña; *Illa* (2007) e *O segredo da illa Troneira* (1986), de Manuel Lourenzo; *A Serea* (2006), de F. A. Vidal Bolaño; *A lenda do pirata* (2007), de Fusa Guillén; *O mexillón* (2002), de Carlos Labraña, Mª Jesús Guillén e Miguel García Cernuda; *SOGIMA* e *O cartafol de Ruperto*, de Xosé Agrelo Hermo; *Os amigos de Martiño* (1999), de Xesús Santos Suárez; *Virilidade* (2006), de Antón Losada; *Dina dona Morqueone errou o gol* e *Os titirinautas* (1993), de Estebán Losada; *Xogos de damas* (1988), de Anxo R. Ballesteros; e *O merlo branco* (1991), de Cándido Pazó. Por outra parte, refírese a aquelas obras que ollan para o mar de esguello, caso de *Viaxe ao país de Ningures* (1977), de Manuel Lourenzo; *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos* (1999), de Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire; *Os tres curmáns*, de Euloxio R. Ruibal; ou *¡Hip hip hurra!* (1999), de Tanxerina.

Por último, indica que tampouco é moita a influencia do mar no teatro de adultos e fala sobre os lugares comúns redundantes nesta literatura e na infantil e xuvenil.

Sampedro Martínez, Pilar, "En primeira persoa...", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega,* n.º 39, "Reseñas", outubro 2007, pp. 172-173.

Faise mención nesta recensión da publicación de dúas novas edicións nas que se trata a "dura realidade histórica" da Segunda Guerra Mundial. Detense en *Sálvate, Elías!* (Kalandraka, 2006) e *Reencontro* (2007).

Sampedro Martínez, Pilar, "Pucho o habitador de tellados", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 39, "Reseñas", outubro 2007, p. 174.

Dise que Manuel Janeiro acaba de publicar a súa primeira obra, *Pucho o habitador de tellados* (2006), con ilustracións de Juan Ramón Alonso, na editorial Kalandraka. Coméntase que se trata dunha novela curta que acadou o terceiro Premio ao Libro Mellor Editado no ano 2006 que concede o Ministerio de Cultura.

Sixto Rey, Teresa, "*Usha*", *Malasartes* (*Cadernos de Literatura para a infância e a juventude*), n.º 15 (II série), "Recensões e notas críticas", decembro 2007, pp. 82-83.

A interculturalidade e a identidade considéranse dous tópicos de plena actualidade literaria, que aparecen moi presentes na obra de María Reimóndez *Usha* (2006), da que se lembra que foi Premio Merlín no ano 2005. Sinálase que as reflexións arredor da "muller" e da "etnia" compoñen dous piares vertebradores desta obra, especialmente no que atinxe ás formas de represión específicas do xénero, e que nela se emprega unha prosa sinxela e dinámica. Destácase tamén a educación intercultural propiciada pola convivencia de culturas e espazos para o diálogo, que axudan a percibir ao "outro" como elemento enriquecedor na construción do propio "eu". Repásase o argumento da obra e saliéntase a dimensión do personaxe central, Usha, unha nena capaz de transcender a mirada eurocentrista para integrarse na sociedade india, así como outros personaxes que buscan a superación persoal como Savitri. Destácase a habelencia da escritora para denunciar de forma enxeñosa unha sociedade opresora e restrictiva. En canto ao estilo destaca a prosa descritiva, viva e dinámica, así como un acertado tratamento temático, o emprego da metáfora ou o símbolo. Conclúese sinalando que esta obra "axuda a consolidar o repertorio literario e ofrece a posibilidade de amosar como interactúan paradigmas culturais de diferentes comunidades, o que a leva a ocupara un lugar central no sistema literario galego".

Sixto Rey, Teresa e Nazareth **García Seijas**, "*Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote na literatura infantil e xuvenil do marco ibérico*", *Malasartes* (*Cadernos de Literatura para a infância e a juventude*), n.º 15 (II série), "Recensões e notas críticas", decembro 2007, pp. 86-87.

Despois dunha reflexión sobre a importancia da tradución como elemento

potencializador da interconexión entre distintos sistemas literarios e consolidador dos repertorios, céntranse na análise de *Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote na literatura infantil e xuvenil do marco ibérico* (2005), coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, e no que se analizan distintas concepcións do fenómeno tradutolóxico e as súas posibilidades de aplicación didáctica. Explícase que a obra conta cunha breve introdución, na que se sinala que os traballos que conforman o volume xiran arredor das versións, traducións e adaptacións das obras de Andersen e Verne ás linguas do marco ibérico, ademais das versións e adaptacións que coñeceu *El Quijote* para a infancia e mocidade. A seguir, sinálase que se inclúe un "Glosario", no que se definen termos de interese, seguido dos traballos correspondentes á presenza dos autores sinalados en cada ámbito lingüístico, todos eles dos membros da Rede Temática LIJMI e outros investigadores colaboradores como Veljka Ruzicka, Lourdes Lorenzo ou Amparo Raviña. Destácase que o volume aparece nas linguas orixinais, agás o éuscaro que, pola súa dificultade, se traduce á lingua galega, por ser o ámbito no que se publica a obra, e saliéntase a atención prestada a todos os factores que inciden na tradución. Tamén se sobrancea a importancia das suxestións didácticas incluídas no final de cada apartado, o que lle permite ao mediador aproveitar ao máximo as obras, demostrando que se pode conxugar teoría e práctica e conciliar o campo da docencia co da investigación.

Soto, Isabel, "Poética da aventura. Arredor da obra de Marilar Aleixandre", *Fadamorgana*, n.º 11, primavera 2007, pp. 25-32.

Comeza citando os títulos que Marilar Aleixandre lle ten achegado á literatura infantil e xuvenil galega, despois de que, en 1973, se instalase en Galicia e adoptase a lingua galega como vehículo para as súas creacións. A seguir, expón algúns dos trazos que definen o seu universo literario, outorgándolle unha destacada coherencia. Así, considera que a súa primeira obra, *A formiga coxa* (1989), marca xa uns trazos que se presentarán recorrentemente na súa produción: as incursións nun mundo fantástico, a destacada pegada da literatura popular e a presenza constante da aventura ligada ao eixo da viaxe. Explica que este universo adoita presentarse dividido en dous mundos ben delimitados, o da realidade e o da fantasía, que están comunicados a partir de espazos limiares, camiños ou portas. Así mesmo, comenta que no deseño destes mundos fantásticos todos os elementos teñen unha lóxica e unha coherencia de seu, asentándose a construción da aventura na clásica estrutura dos contos marabillosos, aínda que actualizando as situacións e a ambientación e aproveitando o elemento fantástico como vehículo para inserir mensaxes, defender valores ou facer crítica social, sen esquecer o elemento humorístico. Por outro lado, destaca que a súa aposta se centra no aproveitamento do noso imaxinario popular e das tradicións asociadas a espazos e obxectos galegos, así como na recorrencia a unha obra que procede da tradición culta, *Alicia*, de Lewis Carroll. Tamén apunta que personaxes e temáticas anteriormente tratados aparecen en textos sucesivos e sinala os espazos escollidos para as súas obras, entre os que destacan as terras da Costa da Morte. Por último, indica que os seus personaxes agochan o desexo de mudar tazos que os fan sentirse desgraciados, seres únicos e excepcionais, estraños no seu mundo e na procura da aceptación dos demais, destacando a creación das súas personaxes femininas. Complementa esta análise con referencias constantes ás súas obras, que tamén se citan no seu conxunto como peche.

Soto López, Isabel, "*Era unha vez na Quimbamba*", *Malasartes* (*Cadernos de*

Literatura para a infância e a juventude), n.º 15 (II série), "Recensões e notas críticas", decembro 2007, pp. 78-79.

Comézase cun repaso á dilatada traxectoria de Antón Cortizas e aos galardóns que ten recibido polas súas diferentes obras dirixidas á infancia e mocidade. A seguir, Isabel Soto detense na análise da súa poesía, da que destaca a forte pegada da poesía tradicional ou popular, a súa concepción lúdica do xénero, o humor ou a intertextualidade con outras obras, como ocorre en títulos como *Historias e algún percance, todas ditas en romance* (1996), *Contos de vento e de nunca acabar* (1999) ou *Dominicus o dragón* (2003). Sinala que estes mesmos recursos aparecen no seu último poemario, *Era unha vez na quimbamba* (2006), do que salienta a conxugación de imaxinación e fantasía, o carácter narrativo dos poemas e os personaxes insólitos, aos que explica que somete a procedementos próximos ao *nonsense*. Remata coa reprodución dalgúns versos e salientando o xogo que o autor estabelece coa linguaxe, así como a dimensión lúdica e o ritmo presentes no poemario.

Vázquez Freire, Miguel, "A nena da carapucha vermella e o lobo feroz. Os contos marabillosos contados por Charles Perrault", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega,* n.º 37, "Reseñas", marzo 2007, p. 136-137.

Explícase a orixe da *Carapuchiña vermella* e dise como e cando apareceu por primeira vez. A seguir, fálase da edición *Contos completos de Perrault*, de Edicións Xerais de Galicia, e sobre o debate de se estes contos foron ou non escritos para nenos. Finalmente, sinala as versións na literatura galega dirixidas á infancia destes contos.

Vázquez Freire, Miguel, "María Gripe", *Revista de Educación. Publicacións de Nova Escola Galega,* n.º 38, "Reseñas. Clásicos da literatura infantil en lingua galega", maio 2007, pp. 154-155.

Informa da morte da escritora sueca María Gripe. Dise que a autora foi unha referencia mundial na literatura infantil e xuvenil e que gañou o Premio Andersen en 1974, o equivalente ao Premio Nobel para escritores de literatura infantil. Miguel Vázquez sinala que María Gripe é aínda unha descoñecida no panorama literario xuvenil galego; só se conta con dúas traducións ao galego das súas obras, falase d' *Os escaravellos voan á tardiña* (Editorial Galaxia) e *O abrigo verde* (Editorial SM). No artigo destácase que moitos dos personaxes creados pola autora sueca se converteron en mitos; é o caso de Elvis Karlsson, un neno que protagoniza moitas das súas historias. De todas maneiras, Miguel Vázquez insiste en que é unha escritora aínda por descubrir e que cómpre tela nas bibliotecas galegas.

Vázquez Freire, Miguel, "Brancaneves e a bruxa malvada ou de como os contos para os nenos tamén gardan moitas ensinanzas para os pais e as nais", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega,* n.º 39, "Reseñas. Clásicos da literatura infantil en lingua galega", maio 2007, pp. 168-169.

Achega ao libro *Contos de Grimm ilustrados*, de Edicións Xerais de Galicia. Sinálanse os contos que inclúe e indica o final dalgúns deles. Tamén se detén na interpretación

contemporánea que dalgún destes contos se realizaron (por exemplo, de Brancaneves). Finalmente, nomea as versión dos contos dos Grimm que se poden atopar en galego.

Vázquez Freire, Miguel, "Nove mares", *Fadamorgana*, n.º 11, "LIX que ule a mar", primavera 2007, pp. 43-46.

Despois de indicar que o mar é un elemento pouco frecuente na literatura infantil e xuvenil galega, comenta o traballo realizado polos ilustradores que lle puxeron imaxe. Así, detense no labor realizado por Pepe Carreiro n' *Isto que ves é o mar* (1989), de Janer Manila; Fran Jaraba en *Lonxe do mar* (1991), de Agustín Fernández Paz; Federico Fernández na reedición do ano 2004 de *Polo mar van as sariñas*, de Xohana Torres; e Miguel Anxo Prado n'*A serea da Illa Negra* (2003), de Agustín Fernández Paz. Considera que o mar non é doado de atrapar e que a habelencia do artista "que pinta o mar finalmente non é outra que o achado dunha traizón asisada". Por outra parte, achégase ás obras que teñen como protagonistas sereas e céntrase no labor ilustrativo que ofrecen, caso do de Ana Pillado n'*A muller mariña* (2003), de X. L. Martínez Pereiro; Xan López Domínguez en *Glub, o incrible peixe bala* (2006), de Isabel Freire; e Xaquín Marín n'*O peixe de pedra* (2005), de Ramón Loureiro. A seguir, tamén se detén no tratamento ilustrativo dos piratas, como o ofrecido por José Tomás n'*O pirata Metepata* (2006), de Toño Núñez. Por último, fala da proposta feita por aqueles ilustradores que reflectiron a catástrofe do Prestige, caso de Teresa Nóvoa n'*A praia da esperanza* (2003), de Agustín Fernández Paz; ou Enjamio en *Carlota e a gaivota patiamarela* (2005), de Miro Villar.

Vázquez Freire, Miguel, "Noemí López", *Fadamorgana*, n.º 11, primavera 2007, p. 4.

Achégase ao traballo ilustrativo de Noemí López e comenta que o seu é un mundo "sempre en equilibrio inestable, de corpos como de plastilina que adquiren potenciais case tridimensionais". Así mesmo, apunta que as formas das súas ilustracións desertan das "certezas rectilíneas" e que o seu universo plástico está ben alimentado de moitas olladas sobre as artes do tempo próximo, situándoa próxima dun expresionismo que traslada ás súas ilustracións unha rara e por veces contraditoria tensión que, nun principio, se podería pensar allea ao mundo protexido dos contos infantís.

Villar Janeiro, Helena, "Desde os meus mares", *Fadamorgana*, n.º 11, "LIX que ule a mar", primavera 2007, pp. 34-37.

En primeiro lugar, realiza un repaso por aqueles mares máis significativos da súa biografía, dende o sentimento e o lirismo. Comeza os seu percorrido na praia da Concha en Donosti, onde pasou o verán entre os cinco e os sete anos, pasa logo polas praias do Cantábrico galego, que visitou na súa etapa moza, e chega ás praias atlánticas, como a de Carragueiro, onde decidiu publicar o seu primeiro poemario, a de Testal, na que atopou o amor da súa vida, a de Castiñeiras, na que viu medrar os fillos, e a de Abuín, onde agora reside. A seguir, apunta que o derradeiro dos seus mares fórmano un colectivo de nomes estudados nos vellos libros de xeografía, así como explica que o mar non quedou como un espazo reservado ás emocións, senón que se converteu tamén nun escenario moi valioso para acoller o desenvolvemento da obra literaria, tanto lírica

como narrativa. Así, en segundo lugar, dá conta cunha linguaxe marcadamente poética daqueles mares polos que se pode navegar a través da súa abondosa bibliografía, como a praia de Mosqueiros de Castiñeiras, na que quedaron as pegas de Patapau, ou a praia de Ladeira de Baiona, onde o rei Dagoberto visitou a Cosme.

VII.5.3. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Abelenda, Ana, "A vida dende o tellado", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 195, "Letras en galego", 20 xaneiro 2007, p. 15.

Infórmase do debut como narrador de Manuel Janeiro da man de Kalandraka e acompañado das ilustracións de Juan Ramón Alonso. Dise que en *Pucho. O habitador dos tellados* (2006) se mostra a creatividade deste artista xa manifestada no mundo da ilustración. Destácase a riqueza léxica do relato, as referencias nel presentes e a complexidade de certos parágrafos que levan a Ana Abelenda a considerar que se trata dun libro máis recomendado para os adultos que para os lectores máis novos. De seguido, coméntase a presenza de xeito natural no relato, da mestura entre ficción e realidade; fálase da estrutura e modalización do texto e ofrécese o argumento. Finaliza o articulista considerando a historia "unha defensa da vida como exercicio que afrontar con agudeza, curiosidade e valor".

Araguas, Vicente, "Amor por enteiro", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", "Libros", 14 xaneiro 2007, p. 20.

Achégase ao argumento de *Cartas de amor* (2006), de Fran Alonso, que agrupa unha serie de misivas "altamente explosivas nas que artellar países e circunstancias, opcións sexuais e maneiras de querer, esperanzas e dores, mesmo saídas desesperadas á procura da nada". A seguir, sinálase que Fran Alonso pretende "sentar denuncia, belixerante ou aínda 'de tendencia', dun dos azoutes universais, cal é o da desintegración da especie humana". Así mesmo, apúntase que é un escritor "consciente de que ao público compre enganchalo con estilo e concepto, de xeito que pique ben picado no anzol dun argumento vigoroso servido con discurso crible". Por último, indícase que esta obra pode atopar lectores de toda caste, aínda que a mocidade, necesitada como está de libros "frescos, sentimentais e 'fortes", pode ser o seu público natural.

Bragado, Manuel, "A Nosa Terra' centenaria", *Faro de Vigo*, "Campo de Granada", 16 decembro 2007, p. 32.

Réndese homenaxe á centenaria publicación pola súa achega á cultura galega dende a súa fundación en Coruña en 1907. De especial importancia considérase o labor do equipo de Afonso Eyré, que iniciou a publicación de números monográficos que constituíron o xermolo da editorial A Nosa Terra. Dise que dende 1984 até á actualidade, acadou máis dun milleiro de títulos, desenvolvendo un catálogo xeralista, con importante presenza na edición infantil, no libro de texto de Lingua Galega e Ciencias Sociais de Secundaria, na recuperación da memoria histórica e na literatura de viaxes. Cualifica como fenómeno a serie dos Bolechas, a máis popular da literatura infantil galega, obra de Pepe Carreiro, que leva publicados máis de dous centos títulos e vendidos máis dun millón de exemplares.

Castro Soliño, Dorinda, "Saga Flanagan", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 202, "Libros", 12 abril 2007, p. IV.

Dorinda Castro Soliño informa da nova entrega da serie que ten como protagonista a Flanagan. Destaca que se trata dun dos máis famosos personaxes da literatura infantil e xuvenil e ofrece as razóns polas que se está convertendo "nun dos máis importantes fenómenos literarios". A seguir, cita os títulos que anteriormente a *Eu tampouco me chamo Flanagan* (2006) foron publicados na colección "Fóra de Xogo". Dáse conta do argumento desta última entrega de Andreu Martin e Jaume Ribera e dise que "satisfará as expectativas dos que agardaban novas intrigas" e "creará novos lectores e lectoras". Finalmente, remítese á páxina oficial coa que conta o personaxe en español e catalán.

Castro Soliño, Dorinda, "Dickens universal", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 206, "Libros", 10 maio 2007, p. IV

Dorinda Castro Soliño informa que, grazas ao traballo de tradutor de Moisés Barcia, o lectorado máis novo pode achegarse, en galego, a *Oliver Twist ou o progreso dun neno de hospicio*, de Charles Dickens. Lémbrase que a obra foi publicada por entregas entre 1837 e 1839 e dáse conta do seu argumento. A articulista loa o traballo do tradutor, especialmente á hora de "captar con mestría a elegancia, a amargura, a ironía, o humor e a aceda crítica social de Charles Dickens xunto coa vívida descrición de ambientes".

Caneiro, Xosé Carlos, "Descargo", *La Voz de Galicia*, "Culturas", n.º 207, "Club Dandi", 21 abril 2007, p. 11.

Considérase que a Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) galega está malnutrindo ao espírito dos cativos, pese a contar con autores da calidade de Paco Martín, Xabier Docampo, Fernández Paz ou Casalderrey, entre outros. O que bota en falta no ensino é a presenza de Fole, Cunqueiro, Dieste, Otero, Risco ou Blanco Amor, unha lectura que debería ser obrigatoria aos doce anos ou antes. Neste senso, cre que é unha boa noticia tradución de *Oliver Twuist*, de Charles Dickens, proposta por Galaxia.

Correa, Anxa, "Non é catecismo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "A mirada...", 7 febreiro 2007, p. 83.

Alude á presentación da novela *A Cova das Vacas Mortas* (2006), coa que Santiago Jaureguizar gañou o Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, entidade animadora da literatura infantil e xuvenil a través da Biblioteca Fundación Caixa Galicia. Así mesmo, recolle a opinión do director de Edicións Xerais, Manuel Bragado, que opina que se trata da "obra máis madura' tanto do autor como da literatura xuvenil en galego", ademais de apuntar que nela se recollen fíos temáticos de anteriores obras do autor. Así mesmo, alude á fascinación de Jaureguizar por Centroeuropa e os nazis, da que xurdiu a novela premiada.

Fernández, Paula, "Un lobo diferente", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 190, "Infantil/Xuvenil", 11 xaneiro 2007, p. VII.

Paula Fernández fala da asiduidade nos contos infantís do protagonismo animal, aínda que nalgúns casos provoquen "certo temor". Entre estes últimos, fala do lobo feroz, que, segundo a articulista, dun tempo a esta parte é abordado polos autores de xeito diferente ben tratando de ridiculizalo ou ben dotándoo dunha sensibilidade non atribuída normalmente. Paula Fernández afirma que *Lobo feroz*, editado por OQO, encádrase no grupo daquelas obras se mofa das poucas habilidades do protagonista, e dá conta do argumento deste conto que, segundo ela, podería usarse para inculcar na nenez ideas como o respecto cara á diversidade e cara aos seres considerados máis febles. Finalmente, afirma que o texto é divertido, malia os contidos transversais que presenta e que as ilustracións de Chené fan que o lectorado entenda perfectamente o que se quere transmitir.

Fernández, Paula, "Historia de cegoñas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 191, "Infantil/Xuvenil", 18 xaneiro 2007, p. VII.

Despois de citar os recoñecementos que no último ano recibiron varias obras de Antonio Yáñez, debulla a trama argumental de *Natasha e Dimitri* (2006), unha novela dirixida ao lectorado que xa presenta competencia para enfrontarse a unha extensión de texto considerábel. Considera que con esta historia, que pode contribuír ao tratamento dos contidos transversais no ámbito escolar, o lector pode reflexionar sobre o feito de que nacer nunha determinada especie, raza ou posición social non debe ser un impedimento para realizarmos calquera actividade.

Fernández, Paula, "Compoñente lúdica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 192, "Infantil/Xuvenil", 25 xaneiro 2007, p. VII.

Sinala que *A princesa do Caurel* (2006), de Patacrúa é unha composición baseada en repeticións, que parte dun conto tradicional europeo, en que a única relación coa literatura oral se cingue á forma en que está escrita. Destaca que a súa innovación vai ligada á compoñente gráfica de Javier Solchaga, que fai unha mestura entre fotografía e pintura, partindo de anacos de madeira, papeis ou outros materiais combinados, que nos permiten identificalos con ese ser ao que fan referencia. Sinala que se trata dun volume, no que se dialoga co lector e que pode servir para fomentar o gusto pola literatura galega.

Fernández, Paula, "Vontade de estilo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 194, "Infantil/Xuvenil", 8 febreiro 2007, p. VII.

Comenta que *Algúns nenos, tres cans e máis cousas* é unha colectánea de contos, xa publicada en 1980 e merecente do Premio Nacional da Crítica Infantil e Xuvenil. Sinala que nestes contos, traducidos en 2006 ao galego, Juan Farias cumpre a meirande parte das premisas que guían a súa produción, tales como vontade de estilo, léxico preciso, minuciosa descrición e renuncia ao emprego de esquemas literarios propios do xénero. Achega o seu argumento e considera que a conxugación da técnica literaria, xunto ao desacougo que provocan boa parte dos problemas tratados, fan desta obra unha

ferramenta aproveitábel dende o punto de vista académico para tratar os diferentes contidos transversais da educación primaria.

Fernández, Paula, "Mazás e bolboretas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 195, "Infantil/Xuvenil", 15 febreiro 2007, p. VII.

Aproxímase á vida e á obra da ilustradora italiana Iela Mari, nacida en Milán no ano 1931, da que se di que, co seu xeito de crear, foxe das premisas estabelecidas nalgunhas etapas da Literatura Infantil e Xuvenil e innova até o punto de ignorar o texto. A seguir, detense no comentario do título *A mazá e a bolboreta* (2006), que recolle o ciclo de nacemento dunha bolboreta. Apunta que a sinxeleza das ilustracións conseguen afastar o lector de calquera comentario accesorio e fai que, quen nun primeiro intre se considera lector, pase a se converter nun observador e até nun narrador capaz de lle relatar a outra persoa ou a sí mesmo o que acontece nas páxinas do libro.

Fernández, Paula, "Misterios de Venecia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 196, "Infantil/Xuvenil", 22 febreiro 2007, p. VII.

Despois de referirse ás lecturas de finais do ensino primario, sinala que, entre as historias misteriosas máis aptas para un público sensíbel, se atopa a colectánea de relatos *Gatos e leóns* (2006), de Xosé A. Neira Cruz. Achega o argumento destas narracións, nas que se mesturan compoñentes como a fantasía, o misterio, o gusto por lugares afastados e por aspectos da súa cultura, e mesmo unha guía de personaxes, lugares e termos citados á beira de aspectos tan necesitados de defensa na actualidade, e que os nenos destas idades comezan xa a entender e até criticar dunha maneira madura, como o amor e o respecto polos animais e o medio.

Fernández, Paula, "Unha vila especial", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 197, "Infantil/Xuvenil", 1 marzo 2007, p. VII.

Achega o argumento de *Vilaverzas* (2006), de Miguel Robledo. Sinala que o argumento se organiza en diferentes secuencias curtas que forman unha sorte de "sketches" humorísticos, "se cadra surrealistas", do gusto dos nenos e que moitas veces xiran arredor de tópicos como o xeito de actuar dos homes e mulleres. Comenta que Robledo escolle para os seus personaxes unha estética europea que se achega ao feísmo inspirada en serie de animación. A seguir, puntualiza que a maior complexidade na parte plástica compensa a simplicidade argumental e narrativa, "que malia resultar absurda e idiotizante para algúns lectores e lectoras tamén é seguro que conta cunha cantidade importante de seguidores capaces de gozar con todos e cada un dos repetitivos episodios que se presentan".

Fernández, Paula, "Desde a outra beira", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 198, "Infantil/Xuvenil", 8 marzo 2007, p. VII.

Centra o seu comentario na adaptación dun conto tradicional portugués, que é presentado por Eva Mejuto baixo o título de *Corre corre, cabaciña* (2006) en OQO

Editora. Detalla o seu argumento "sinxelo", que presenta moitos puntos de atractivo evidente para os máis novos, como o feito de que unha cabaciña falante consiga enganar uns feros animais. Tamén atende ás ilustracións de André Letria, que se compoñen de escenas familiares. Por último, considera que os autores xogan cun equipo que se sabe gañador: a combinación de trazos literarios, que sempre deron resultado, á beira de ilustracións figurativas e próximas, que, á súa vez, axudan a quen aínda non está moi avezado na lectura.

Fernández, Paula, "Dente de Oso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 199, "Infantil/Xuvenil", 15 marzo 2007, p. VII.

Primeiro reflexiona sobre o feito de que na infancia do primeiro mundo a caída dun dente é un feito festivo e valedor dun agasallo. Dise que o dito se está a converter nun costume que no canto de aumentar a ilusión da nenez se vira unha simple cuestión monetaria. A seguir, fálase d' *O oso e o seu dente* (2006), obra da que se dá conta do seu argumento. Dise que conta a historia dun oso ao que lle cae un dente e que mostra un comportamento similar ao dos nenos. Paula Fernández sinala tamén que nesta historia se substitúe o Rato Pérez polo Trasno do bosque e que a autora, Julia San Miguel Martos, fai ademais unha defensa de valores como a amizade e a contención á hora de facer regalos polo motivo central do conto.

Fernández, Paula, "Fala Mulemba", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 200, "Infantil/Xuvenil", 22 marzo 2007, p. VII.

Comentario d' *A mulemba que fala* (2006), de Xosé Lois García. Explícase que a mulemba é unha árbore angolana, da familia das figueiras, que lle conta todo o que sabe sobre o país a unha nena mentres dorme. Apunta tamén que a obra se sitúa no inicio da colonización para ofrecer breves historias sobre os costumes do país e as características da súa cultura. Destácase que coa obra se pon de manifesto o risco de que se perda a cultura ancestral africana, tan cargada de maxia, á vez que se estabelece un nexo de unión entre os países de fala portuguesa en África e Galicia. Remátase salientando que esta interculturalidade achega ao lectorado a un universo descoñecido, aínda que se observa unha prosa moi densa para o lectorado indicado na obra.

Fernández, Paula, "De Pinocho", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 201, "Infantil Xuvenil", 29 marzo 2007, p. VII.

Coméntase que Kalandraka Editora vén de tirar do prelo "nun formato de envergadura" un clásico xa traducido a múltiples linguas e mesmo adaptado ao cinema. Salienta Paula Fernández que *As aventuras de Pinocho* (2006), de Carlo Collodi, é de interese polo coñecemento que do texto ten a nenez e porque esta edición recolle moitos dos detalles do texto orixinal. Dá conta da estrutura da obra, indica o lectorado que pode achegarse á súa lectura e comenta que existe a posibilidade de lelo "capítulo a capitulo".

Fernández, Paula, "Guía de viaxes", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 202, "Infantil/Xuvenil", 12 abril 2007, p. VII.

Centra a súa atención n'*O can trampulleiro* (2006), obra coa que María Reimóndez viaxa á comarca do Salnés. Traza a historia e comenta que esta é un pretexto para amosar e nomear as características fundamentais de cada zona, xa que é "pobre" e os acontecementos e o desenlace son presentados de modo precipitado. Por isto, considera que se trata máis dunha guía de viaxes infantil, aínda que considera que é unha idea orixinal, cunha compoñente plástica moi coidada que conxuga as fotografías coas ilustracións nunha tentativa de separar ficción e realidade. Así mesmo opina que pode ser aproveitada para planear diferentes saídas que promovan o interese polo medio e a xeografía.

Fernández, Paula, "Fomentar ilusións", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 203, "Infantil/Xuvenil", 19 abril 2007, p. VII*./La Opinión*, "*Saberes*", n.º 195, 28 abril 2007.

Despois de comentar que o Sol, a Lúa e as estrelas son corpos que fascinan á rapazada e de explicar as razóns do dito, Paula Fernández repara en *Papá, por favor, achégame a lúa* (2006), título de Eric Carle que segundo a articulista "conxuga dous dos mitos máis ligados á infancia": a fascinación pola Lúa e a atribución de capacidades incríbeis que a nenez lle fai aos pais. Paula Fernández dá conta do argumento desta obra e sinala que grazas a ela o lectorado agardado coñece diferentes datos relacionados coas fases da lúa e do movemento da Terra. Finaliza valorando a obra como "inxenua que fomenta ilusión", "axuda a comprender feitos inexplicables" e preséntase "nun formato atractivo".

Fernández, Paula, "Amosar o país", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 204, "Infantil/Xuvenil", 26 abril 2007, p. VII.

Céntrase en *Colegas do futuro* (2006), co que María Reimóndez persegue o obxectivo de amosar Galicia aos lectores máis novos e, ao mesmo tempo, facer medrar o seu interese por coñecela e percorrela. Achégase o seu argumento que se sitúa na comarca de Ortegal e sinálase que un mapa inicial xa nos sitúa nos lugares máis salientábeis que serán percorridos polos protagonistas. Por outra parte, coméntase que este volume ofrece unha historia, serve para coñecer Galicia máis polo miúdo e consegue motivar os seus sentimentos cara ao medio ambiente.

Fernández, Paula, "Narrar humor", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 205, "Infantil/Xuvenil", 3 maio 2007, p. VII.

Despois de salientar a importancia e atractivo para os máis novos das historias cargadas de humor, dise que estas últimas son unhas das preferidas do lectorado máis novo e que eses trazos humorísticos "inciden e reforzan o concepto de lectura como un exercicio lúdico", "contribúen a reforzar comportamentos positivos" e "amenizan o exercicio lector". Despois do dito, como exemplo, Paula Fernández detense en *29 historias disparatas*, de Ursula Wölfel, volume publicado en 1974 e traducido en 2006 por Kalandraka Editora. A articulista sinala as características comúns deste conxunto de historias e dá conta do argumento, de maneira xeral, dalgunha delas. Finalmente,

comenta as características das ilustracións de Neus Bruguera e sinala que o conxunto (texto e ilustración) provocarán o riso en moitos rapaces e rapazas.

Fernández, Paula, "Universos paralelos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 215, "Infantil/Xuvenil", 12 xullo 2007, p. VII.

Logo de lembrar que a creación de universos paralelos "é algo xa común nos diferentes subxéneros literarios", Paula Fernández afirma que "universos que xiren arredor das linguas", como o presentado por Xosé Antonio Perozo en *Don Cazapalabras* (2005), non é moi frecuente. A articulista comenta que esta obra, da que achega o argumento, abrangue moitos problemas relacionados coas "linguas" Coméntase que con esta obra o lectorado poderá adquirir e interiorizar conceptos como "variedades lingüísticas" ou "funcións da linguaxe". Finalmente, valórase que a obra, que pode, polas características que presenta, semellar unha alegoría, sirva para forma conciencia lingüística.

Flores, Jesús, "Poesía social en formato 'cómic", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 195, "Emerxentes", 20 xaneiro 2007, p. 9.

Dáse conta do regreso a Galicia de Alberto Vázquez (A Coruña, 1980) e infórmase que é o gañador do concurso Pura e Dora Vázquez pola obra *A historia máis increíble que nunca liches* (2008). Tamén se recollen as palabras do xurado sobre a calidade artística da obra. A seguir, despois de ofrecer algún dato biográfico do ilustrador, fálase de *Psiconautas*, a obra longa en solitario e ofrécense algúns datos do argumento. Tamén se indica que Vázquez vén de rematar outro traballo longo: *Judas, la ardilla católica*.

Franco, Camilo, "O tempo da novela exemplar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 203, "Letras en Galego", 17 marzo 2007, p. 13.

Explica porque *Oliver Twist*, que foi traducida ao galego por Galaxia en 2006, é unha novela exemplar. Comenta que, por debaixo da liña de flotación do seu argumento, están contadas case todas as cousas que demostran até que punto o comportamento humano ten no seu día a día moitas cuestións miserábeis e que Dickens non tentou responsabilizar aos seus lectores desa circunstancia tan propia da especie. Considera que hai elementos imprescindíbeis nesta novela e que se lle ten dado unha interpretación demasiado enxebre, pois o que realmente procuraba o autor non era tanto explicar a súa época como describir comportamentos. Apunta que esta é unha novela moral, aínda que non ten ton moralizante, así como estima que un dos problemas de Dickens está en que foi mellor asimilado pola súa superficie que polo seu fondo.

García, Rodri, "Cartas desde un mundo de (des)amor", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 199, 13 xaneiro 2007, p. 10.

Achega o argumento de *Cartas de amor* (2006), de Fran Alonso, que recolle unha serie de misivas de nomes non reais, aínda que a súa xeografía, física e humana, si o sexa. Apunta que o autor advirte no limiar que non son cartas de amor e que a "viveza" de cada unha delas ou dos correos electrónicos transmiten ao lector a anguria e o

desasosego das súas protagonistas, o que considera "outra maneira de amosar un mundo de (des)amor".

Jaureguizar, "Literatura prexubilada", *El Progreso*, "Cultura", "Ollo mol", 4 febreiro 2007, p. 70.

Refírese á "literatura prexubilada" como aquela feita por autores que están a piques de prexubilarse, entre eles Agustín Fernández Paz ou Xabier Docampo, aos que cualifica de "escritores admirables". Faise un achegamento a diferentes obras de Fernández Paz como a máis recente: *O único que queda é o amor* (2007), conxunto de contos de amor e desamor, ou a vixésima edición de *Cartas de inverno* (2007).Dise que para esta última se prepara unha edición especial que engade un epílogo do *autor* do propio autor onde este explica a xénese e desenvolvemento do libro. Por último faise unha referencia a Paul Auster e ao seu novo libro *Viaxes no scriptorium* (2007).

Jaureguizar, "A gripe de Dickens", *El Progreso*, "Cultura", "Ollo mol", 25 marzo 2007, p. 76.

A raíz da noticia de que a editorial Galaxia publica o libro de Dickens *Oliver Twist*, con tradución de Robert Seymor, coméntanse varias anécdotas da vida deste escritor como, por exemplo, que a causa dunha gripe non puido asistir a unha audición que o iniciaba na súa determinación que era ser actor. Coméntase que se sabe tamén que a relación co teatro estivo presente nun accidente que tivo en tren no cal estaba acompañado do seu último amor a actriz Ellen Ternan. Acerca da obra de Dickens no artigo, trátanse características como que foi publicada por entregas e para manter a intriga o autor utilizaba distintos recursos que detiñan a acción en determinados momentos.

Jaureguizar, "Paco Martín retoma nunha novela o seu personaxe Ramón Lamote", *El Progreso*, "Cultura", 11 outubro 2007, p. 65.

Despois de citar os premios conseguidos por Paco Martín coa obra *Das cousas de Ramón Lamote*, anuncia que o personaxe volta nunha nova novela editada por Galaxia na colección "Árbore", baixo o título de *Das novas cousas de Ramón Lamote* (2008). Tamén reproduce varios comentarios do autor, que explica que esta entrega non é unha continuación e que só comparte o protagonista, aínda que especifica que "hai unha referencia ao paso do tempo". Comenta como xurdiu este novo título e sinala entre os seus elementos o humor e a crítica para falar dos temas universais. Cre que non haberá unha terceira oportunidade para Lamote e confesa que "chegou un momento en que me sentín absorbido polo personaxe" e que, pese a pensar que non daría feito outro, "houbo un reencontro satisfactorio e volvemos estar xuntos".

Mera, Héitor, "Alegoría e realidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 195, "Libros", 15 febreiro 2007, p. VI.

Detalla o argumento da obra de Manuel Janeiro, *Pucho* (2006), de Manuel Janeiro.

Comenta que alegoría e realidade, apoiadas polas ilustracións de "luxo" de Juan Ramón Alonso, fan de *Pucho* unha exposición de sentimentos retraídos na infancia que perde intensidade por unha redacción un "pouco atrapallada", que non saca proveito dunha historia xa contada e "non superada nesta súa última versión".

Miranda, Xosé, "Tesouros e piratas", *A Nosa Terra*, n.º 1.259, "Fin de Semana", 8-14 marzo 2007, p. 35.

Fala do seu descoñecemento sobre a existencia de piratas e bandoleiros galegos durante a súa xuventude e de como se animou a escribir unha novela de aventuras que fale do pasado. Considera que as grandes historias non morren nunca e que a mellor maneira de loitar contra o audiovisual son as historias que lle interesan á xente. A seguir, explica que a atracción dos mozos polos piratas vén dada pola imaxe que ofrecen da liberdade e confesa que hai dúas cousas que non comprende: a teima en que todos os personaxes das novelas deben ser personaxes actuais e de que deben reflectir como un espello a vida do lectorado. De feito, estima que un exceso de "realismo" pode levar a un costumismo descritivo e que moitas veces a mellor maneira de falar do presente é falar do pasado ou do futuro. Todas estas reflexións exemplificaas Miranda con protagonistas e obras de aventuras.

Navarro, María, "Conto de animais", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 190, "Infantil/Xuvenil", 11 xaneiro 2007, p VII.

Dise que en moitas ocasións, á diferenza dos homes, os animais "amosan comportamentos exemplares", como é o caso dos protagonistas d' *A pedra e as formigas* (2006), de Jacobo Fernández Serrano, ilustrador do que se ofrecen algúns datos bio-bibliográficos. María Navarro dá conta do argumento desta narración realizada en clave de humor e cualifica de "interesante texto, digno de ter sido en conta á hora de escoller libros para os primeiros lectores" por varios motivos (temática, potencial desenvolvemento da imaxinación, humor, tratamento dos personaxes,etc.).

Navarro, María, "Hipopótama urbana", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 191, "Infantil/Xuvenil", 18 xaneiro 2007, p. VII.

Despois de desenvolver o argumento de *Chocolata* (2006), de Marisa Núñez e Helga Bansch, comenta que dende o punto de vista psicolóxico e emocional resultan moi rendíbeis as historias nas que os animais son protagonistas porque ofrecen a parte máis tenra e sensíbel da especie e amosan condutas que superan o comportamento humano en canto á actuación exemplar se refire. Sinala que nesta narración se intercala algún verso rimado e que as súas ilustracións, servíndose da cor alegre e o trazo definido, transportan os cativos a un mundo de clara inspiración africana, onde teñen cabida os protagonistas da historia e unha cultura urbana comparábel á nosa, para dende aquí situalos nun ambiente diferente ao que viven, enriquecendo deste modo a súa visión do cosmos.

Navarro, María, "Eu, superheroe", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 192,

"Infantil/Xuvenil", 25 xaneiro 2007, p. VII.

Debulla o argumento d' *O capitán Zochusmán* (2006), de Luís Seixido, no que se ofrecen manifestacións, máis fantásticas ca reais, e reflexións sobre o proceder dos adultos, que poñen de manifesto a sensibilidade que os cativos amosan do mundo que os rodea. Comenta que esta obra atrapa dende o comezo a atención dos lectores pola súa temática, polo ton desenfadado dos seus personaxes, pola forma de expresión, pola intencionada sinxeleza da lingua empregada, polo humor e pola busca da implicación do lectorado.

Navarro, María, "Tensión narrativa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 194, "Infantil/Xuvenil", 8 febreiro 2007, p. VII.

Centra a súa atención no volume de Rafael Laso Lorenzo, *Por que Baldomero Quintáns?* (2006), que mereceu o III Premio de Literatura Infantil e Xuvenil "Pura e Dora Vázquez" na modalidade de narración. Ofrece o seu argumento e comenta que os coñecementos sobre mitoloxía, xeografía ou xadrez lle son útiles aos protagonistas nas súas investigacións e desempeñan unha dobre función, porque, ademais de seren elementos clave da narración, serven para estabelecer un interesante xogo co lectorado, que se sentirá atraído polos enigmas, polos feitos que se narran e polas minuciosas descricións, que ambientan os movementos polas cidades máis significativas de Galicia. Remata sinalando que o contido aparece ben articulado e que a intriga consegue manter a tensión narrativa, aínda que a edición do libro adoece do rigor lingüístico.

Navarro, María, "Entre o desexo e o temor", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 195, "Infantil/Xuvenil", 15 febreiro 2007, p. VII.

Achégase á narración de Mari Vega Cerqueiro, *O camiño a Tibiáns* (2006), que está ateigada de referencias á nai natureza, á sabedoría popular e ao modo de vida dos nosos devanceiros. Detalla a súa trama argumental e fala da presenza do mundo dos soños, aínda que advirte que se trata dun recurso co que hai que ter coidado, se o que se quere é xogar coas coordenadas da realidade e que a historia poida ser críbel.

Navarro, María, "Audaces Detectives", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 196, "Infantil/Xuvenil", 22 febreiro 2007, p. VII.

Achega o argumento de *Detectives audaces*, de Josep María Beroy, que recupera uns rapaces xa coñecidos no mundo do cómic e que, no ano 2006, aparece na colección "BD Banda", dirixida por Kiko Dasilva e editada por Factoría K de Libros. Considera que o resultado é unha historia animada, na que a harmónica combinación de debuxo e texto é capaz de transportar ao lectorado a un mundo de ficción e diversión. Tamén sinala que o volume, que contén os ingredientes básicos do cómic, se complementa cunha entrevista do autor, un curso acelerado de bd e unhas aventuras dos Detectives Audaces escritas por Toni Guiral e Josep María Polls, no que constitúe unha interesante publicación.

Navarro, María, "Amor e Desamor", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 197,

"Infantil/Xuvenil", 1 marzo 2007, p. VII.

Sinala que en *Rato solteiro* (2006), Paco Liván se basea nun conto tradicional africano, que ilustra Marta Torrão. Apunta que nesta historia o lectorado descubrirá unha interesante forma de entender as relacións que diferentes seres estabelecen cos seus semellantes, con outros individuos e co medio. Describe o argumento, no que se reflicte a loita que se estabelece a nivel emocional e vital entre o desexo de acadar algo e a realidade, e puntualiza que a fantasía como pano de fondo dos movementos dos personaxes serve para introducir na historia elementos marabillosos que achegan frescura ao relato.

Navarro, María, "Harmonía temática", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 198, "Infantil/Xuvenil", 8 marzo 2007, p. VII.

Cita algúns dos títulos publicados por Anthony Browne, do que Chema Heras e Pilar Martínez traduciron ao galego *Sacapenas* (2006), do que ofrece o argumento desta historia protagonizada polo angustioso Bieito. Sinala que na historia o mundo real e fantástico aparecen representados de forma "enigmática", pois a nivel de sentimentos é a familia a que achega seguridade; a nivel temático, o surrealismo apodérase dos temores do neno; e a nivel plástico, os aspectos negativos aparecen representados nunha escala de grises e os positivos fano con cores rechamantes. Remata sinalando que se trata dun texto, no que se conxuga unha perfecta combinación de harmonía temática, un interesante fomento de valores e unha atractiva apertura a outras culturas, así como constitúe unha axeitada lectura plástica.

Navarro, María, "Bolboretas viaxeiras", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 199, "Infantil/Xuvenil", 15 marzo 2007, p. VII.

Resume o argumento d'*A viaxe das bolboretas* (2006), de Paula Carbonell, que ofrece dende o punto de vista literario unha dobre lectura: por unha banda, a estrutura acumulativa e a repetición facilita a recepción do texto por parte do nenos; por outra, a representación de insectos como personaxes bondadosos desbarata as ideas negativas, que se teñen destes seres diminutos. Tamén sinala que, dende o punto de vista plástico, as ilustracións de Chané achegan á historia unha riqueza expresiva extraordinaria ao combinar diferentes técnicas, que parecen animar a escena. Así mesmo, comenta que a autora do texto reinventa a natureza introducindo elementos fantásticos cunha base real, na que os rapaces poden ver reflectida a metáfora da vida.

Navarro, María, "Aventura virtual", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 201, "Infantil/Xuvenil", 21 marzo 2007, p VII.

Achégase á obra *A videoconsola* (2006), que se integra dentro dun conxunto de seis volumes que fan un percorrido por diferentes comarcas de Galicia. Sinálase que, nesta ocasión, María Reimóndez despraza ao lectorado agardado á comarca de Vigo, a través dunha aventura virtual que leva a lugares reais, dos que se ofrecen datos históricos, curiosidades gastronómicas ou edificios emblemáticos. Sinálase que o volume, que combina a fotografía coas ilustracións de Lino Sánchez, presenta unha historia que

perde forza co decorrer dos acontecementos, ademais de puntualizarse que o texto se converte nunha simple enumeración de lugares e os personaxes ficticios semellan alleos ao percorrido, cando eles foron elixidos como protagonistas e animadores de tal paseo.

Navarro, María, "Para rir", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 202, "Infantil/Xuvenil", 12 abril 2007, p. VII.

Sinala que a modo de conto curto, en *28 Historias para rir* (2006), Úrsula Wölfel introduce o lectorado nun mundo real e ficticio. Comenta que as historias escapan a toda lóxica e superan a barreira que separa o posíbel do probábel, a vida cotiá da anécdota ou o desexo da dúbida. Tamén apunta que estas historias, nas que destila humor e nas que atopamos un pouso de lóxica que invita sen dúbida á reflexión, están acompañadas de ilustracións que presentan unha interpretación plástica interesante, no que constitúe un complemento moi atractivo para o texto. Por último, indica que se trata de historias sinxelas, nas que a brevidade da narración e a concisión nas ideas xogan a favor da lectura e a recepción da obra.

Navarro, María, "Os rostros da realidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 203, "Infantil/Xuvenil", 19 abril 2007, p. 11*/La Opinión*, "*Saberes*", n.º 195, 28 abril 2007, p. VII.

Achega a *A lagoa das nenas mudas* (2006), de Fina Casladerrey, na que, ademais de ofrecer os datos da editorial na que a obra foi publicada, se dá conta do argumento e estrutura, así como das dúas caras da realidade que se presenta. Valórase que no relato se amosan posturas encontradas e diferentes, nesta ocasión pola chegada dunha nova alumna procedente doutra comunidade para que nada lles resulte alleo aos lectores. Finalmente, María Navarro afirma que "un bo tempo de lectura" vén asegurado pola claridade, a expresión e a presenza da expectación.

Navarro, María, "Salvando a Elías", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 204, "Infantil/Xuvenil", 26 abril 2007, p. VII.

Comenta que *Sálvate Elías* (2006), de Élisabeth Brami, é un "berro de protesta" ou unha homenaxe a aqueles que sufriron na súa pel o efecto da inxustiza ou a terríbel dor que supón o abandono. Refire o seu argumento e sinala que se trata dunha historia triste e amarga sobre a que a autora deita unha ollada tenra e inxenua que espertará entre os lectores unha corrente de afectos que poden desembocar nun mellor coñecemento dunha realidade histórica como a persecución que os xudeus viviron durante a IIª Guerra Mundial. Finaliza aludindo á proposta plástica "certamente atractiva", baseada na colaxe e en esculturas en papel e cartón realizadas por Bernard Jeunet.

Nicolás, Ramón, "Pulsión narrativa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 190, "Infantil/Xuvenil", 11 xaneiro 2007, p. V /"Pulsión narrativa. Silencio, esquecementos, memoria", *La Opinión*, "Saberes", n.º 182, 20 xaneiro 2007, p. 7.

Ramón Nicolás fai un repaso á produción de Fran Alonso para centrarse no volume

Cartas de amor (2006), que constitúe "a primeira aproximación ao xénero do relato curto constrinxido ou coutado por un molde epistolar". O articulista considera que o autor se achega con pericia e habilidade a este novo ámbito; comenta qué é o que se pode atopar nestas nove cartas, facendo fincapé no protagonismo das mulleres de diferentes lugares e nas situacións nas que o autor as mergulla. Así mesmo, Ramón Nicolás salienta e engade que supón que o autor vigués concibe a súa obra como un macrotexto e que neste en concreto, reaparecen personaxes, citas, versos, etc. Finalmente, fálase da significativa cita coa que se inicia o volume da candidata ao Nobel Alda Merini, moi vinculada ao contido de *Cartas de amor*.

Nicolás, Ramón, "A vida dende a azotea", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 222, "Galego", 4 agosto 2007, p. 10.

Coméntase a novela curta *Pucho, o habitador dos tellados* (2006), de Manuel Janeiro, recentemente incorporada á listaxe de honra da International Board on Books for Young People (IBBY) que recoñece as mellores publicacións do mundo. Saliéntase a historia do neno que vive no Madrid da ditadura, e a transparencia e sinxeleza coa que se conta. Anótase tamén a filiación cinematográfica e o acaído das ilustracións de Juan Ramón Alonso.

Pereiro, Xosé Manuel, "As letras máis novas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 9 febreiro 2007, p. 41.

Despois de aludir á magnífica proxección exterior da literatura infantil e xuvenil galega e de comentar que é a máis consumida en Galicia, informa da montaxe *Un século de literatura infantil en galego*, que recolle nunha ducia de paneis sobre a historia deste "ascenso tan meritorio como discreto". A seguir, faise unha revisión polas distintas etapas nas que se divide a montaxe ("Os fundadores", "Os pioneiros", "A normalización", "A consolidación" ou "A sementeira do futuro"), citando as súas obras máis representativas e recollendo comentarios da comisaria da exposición, Pilar Sampedro, e do escritor Xabier P. Docampo, que falan, entre outras cuestións, da situación da literatura infantil e xuvenil galega, da súa división en "tallas" e do moito que ofrece.

Ponte, Pilar, "De xénero", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 194, "Libros", 8 febreiro 2007, p. VI.

Refírese á novela *A morriña das balas* (2006), coa que Xosé Díaz Díaz foi finalista na primeira edición do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil. Ofrece unha serie de datos sobre o autor lucense, xa galardoado con anteriores premios literarios, e comenta a citada novela, que contén todos os elementos do western, deseñando uns personaxes á medida do arquetipo e subordinados ao avance rápido dunha trama, que só permite algunhas pequenas descricións de paisaxes tamén coñecidas. Por último, cita autores galegos que se teñen achegado ao western.

Rodríguez, C., "Nove cartas entre a ficción e a realidade", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", "Arquipélago", 1 abril 2007, p. 7.

O articulista opina que "resulta gratificante" unha achega literaria, a partir do xénero epistolar, como a de *Cartas de amor* (2006), de Fran Alonso, por achegar ao lectorado de hoxe en día, máis acostumado a novas formas de comunicación, a carta manuscrita. C. Rodríguez compara as vantaxes e desvantaxes deste tipo de comunicación coa telefónica ou o e-mail, e parafrasea algúns comentarios do propio autor a respecto da súa pretensión coa obra. O articulista considera que "non sobran este tipo de traballos" nos que máis alá do literario está presente a realidade de cada quen. A seguir, fálase de que malia a inclusión da obra nunha colección de libros para nenos e mozos non implica que os adultos a poidan ler. Finalmente, dáse conta do fío condutor das nove misivas e dalgún dos temas nelas abordados. Tamén se comenta algún fragmento e reprodúcense as palabras de Fran Alonso no limiar da obra.

Rodríguez, C. "Oliver Twist: un neno de hospicio", *Galicia Hoxe*, "Lecer", 10 xuño 2007, p. 7.

Lembra unha serie de datos biográficos de Charles Dickens que o fixeron un bo coñecedor da sociedade británica do seu tempo, das desgrazas dos máis desfavorecidos e das misérrimas condicións de vida da infancia e a mocidade. A seguir, alude á tradución que vén de facer Moisés Barcia da súa novela, *Oliver Twist ou o progreso dun neno de hospicio* (2006) que levará o lector cara a un tempo e cara a unhas circunstancias sociais de explotación e miseria que, en boa medida, pouco cambiaron nalgunhas sociedades actuais.

Rosales, Manuel, "Dimensión da aventura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 201, "Libros", 29 marzo 2007, p. IV.

Manuel Rosales fala da orixe en 1967 da primeira historia de Corto Maltés e ofrece o título e o argumento desta. A continuación, sinala que o personaxe protagonista "cumpre cos canons do aventureiro romántico" e opina que o autor Hugo Pratt, ademais de dominar con trazo seguro a narración, "sabe tamén adentrarse nas profundidades psicolóxicas dos personaxes e dotar a unha obra nada do cómic de referencias culturais e compromiso humano". Fala tamén de cómo constrúe a historia e os personaxes. Finalmente, detense na linguaxe do cómic presente na novela (concisións da linguaxe nas descricións e diálogos; fragmentación en cadros cinematográficos,etc.) e fala da presenza de extensas referencias literarias

Xestoso, Manuel, "Oliver Twist, un híbrido de crítica social e de terror cunha poderosa galería de personaxes", *A Nosa Terra*, n.º 1.258, "Cultura", "Narrativa", 1-7 marzo 2007, p. 27.

Considera que en *Oliver Twist*, que foi presentada en galego nunha "excelente" tradución de Moisés Barcia no ano 2006, se exhiben todos os defectos e virtudes de Charles Dickens. Opina que é unha obra menor con respecto a outras que cita, aínda que sinala que posúe unha característica que a eleva: a indignación. Destaca que outro dos obxectivos do autor era loitar contra a crenza da súa época de que as calidades morais tiñan relación directa coa posición económica no conxunto da sociedade. Así, considera

que, atacando todas as institucións "honorábeis" do seu tempo, transforma *Oliver Twist* nunha arma ferozmente subversiva no moral e que o máis abraiante de todo reside en como, sen caer no didactismo, é quen de plasmar literariamente a súa postura. Por último, refírese aos espazos e personaxes desta novela que, en moitas ocasións, cae no sentimentalismo, o que fica compensado coa impresionante pegada que deixan as criaturas que contemplamos cando lemos.

Vixande, H., "Breixo Harguindey: 'As Cantigas de Santa María son o antecedente do cómic", *A Nosa Terra*, n.º 1.282, 27 setembro-3 outubro 2007, p. 40.

Alude ao traballo "As Cantigas de Santa María: obra mestra das orixes da historieta", que Breixo Harguindey vén de publicar no *Boletín Galego de Literatura*. Explica a razón pola cal as Cantigas de Santa María son un antecedente do cómic debido á súa linguaxe cinematográfica, á orde da súa lectura, o tipo de personaxe, etc. A seguir, refírese ao esplendor vivido pola literatura galega no século XIII e comenta que o cómic galego ten dous puntos de xenialidade, as Cantigas de Castelao, así como salienta a súa boa situación actual a partir de artistas como Miguelanxo Prado, por reverter no país a súa proxección internacional.

VII.5.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Becerra, Marta, "Cultura a domicilio", *El Progreso*, "El despertador", 2 agosto 2007, p. 4.

Nesta sección fixa, Marta Becerra dá conta, entre outros asuntos, das actividades de promoción da lectura que se levan a cabo na Biblioteca Municipal de Lugo. Destácase o aumento do fondo e tamén de usuarios, ademais de repasar algunhas das actividades mellor acollidas, como os contacontos ou talleres como o titulado "Divírtome cos traballos manuais, a música e o teatro".

Bragado, Manuel, "Contos de agardar", *Faro de Vigo*, "Opinión", 30 setembro 2007, p. 28.

Reflexiona sobre a importancia de *Contos de agardar* dos que resalta que impulsan o proceso de galeguización da Policía e mais da Garda Civil e asemade apunta algunhas das súas características.

Castaño, Yolanda, "En galego mola", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 8 abril 2007, p. 40.

Entre outras cuestións de actualidade e do seu labor cultural, Yolanda Castaño dá conta da súa participación como xurado no Certame de Narracións Xuvenís da Biblioteca Nova 33, que decidiu deixar deserta tanto a modalidade de lingua galega como castelá ante a falta de calidade dos traballos presentados. Aproveita para reflexionar sobre a escasa participación e a pouca calidade dos traballos, pregúntase sobre os hábitos lectores entre os máis novos e remata aludindo á súa participación na celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil nunha biblioteca de Ribadavia, na que presentou o seu libro *Punver*.

Castaño, Yolanda, "É un luxo", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 25 novembro 2007, p. 43.

Yolanda Castaño comenta a súa participación nun ciclo de recitais de poesía que se celebra en Granada e indica que o que máis lle chamou a atención é que estivese promovido por unha entidade hoteleira privada. Así mesmo, comenta que asistiu á representación na Coruña da obra de Áncora Producións *Medidas preventivas* e dá conta da presentación do libro de literatura infantil gañador do Premio Merlín deste ano, *Minimaladas*, de Pinto e Chinto; explica que se trata de sesenta mini-historias protagonizadas por animais, escritas por Carlos López e ilustradas por David Pintor. Por último, comenta a presentación do seu último poemario *Profundidade de campo*, e destaca a satisfacción que isto lle produce.

Gómez, Lupe, "Mergullarse nos contos", *Galicia Hoxe*, "*Hoxe Venres*", "Miradas", 12 xaneiro 2007. p. 5.

Ofrece unha serie de comentarios positivos sobre a exposición *Contos dixitais* aberta no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), que permiten pensar, filosofar sobre as palabras e a vida, estremecerse e mergullarse neles como se o museo fose un río, como se o visitante estivese facendo unha exploración.

Jaureguizar, "O 'Dream Team' da LIX", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", "Ollo mol", 11 marzo 2007, p. 84.

Anuncia que o "Dream Team" da literatura infantil e xuvenil promete novos tempos de gozo, pois Xabier Docampo, Agustín Fernández Paz e Gonzalo Moure van publicar novos títulos nunha colección de Xerais tamén nova. A seguir, ofrece breves comentarios sobre o volumes de Docampo, *O libro das viaxes imaxinarias*, ilustrado por Xosé Cobas; de Fernández Paz, *O único que queda é o amor* (2007), ilustrado por Pablo Auladell; e de Moure, *A noite d'O Risón* (2007), ilustrado por Pere Guinart e traducido por Nacho Chao. Por outra parte, refírese á versión fílmica de Carlos Amil, na que vai recrear *A casa da luz* (2002), de Xabier Docampo, despois de aludir ao intento falido de levar *O pazo baleiro* (1997),a unha fita de animación.

Jaureguizar, "Manga por hombro", *El Progreso*, "Cultura", 11 marzo 2007, p. 85.

A través das palabras de Pedro Gómez López, representante da tenda especializada en cómics *Totem*, ofrece certos comentarios sobre o cómic e o manga. Sinala que os cómics máis consumidos polos mozos lucenses de entre 17 e 24 anos son mangas e fala das diferenzas existentes entre as diferentes modalidades e das orixes do manga actual, a partir de Osamu Tezuka, e dos tipos de lectores, xéneros e presenza do sexo no manga.

Jaureguizar, "A revista 'BD Banda' edita unha versión en castelán buscando novos públicos", *El Progreso*, "Cultura", 11 abril 2007, p. 80.

Anuncia a nova andaina da revista *BD Banda* coa edición dunha versión en castelán que será distribuída fóra de Galiza en librarías especializadas. Ademais sinala que a revista empezou a pagar o traballo dos seus colaboradores. Cita tamén os actos que terán lugar nas xornadas *Anda na Banda* que teñen lugar en Lugo, como unha mesa redonda na que participan Carlos Portela, Manuel Veiga, Henrique Torreiro, Primitivo Marcos, David Rubín e Kiko Da Silva e unha liberación de cómics polas rúas de Lugo.

Jaureguizar, "Zarabanda deseñada", *El Progreso*, "Ollo Mol", 15 abril 2007, p. 73.

Achega a algúns dos cambios que se observan no sector da banda deseñada en Galicia. Comeza referíndose a algún dos autores que tivo que emigrar a Barcelona para poder desenvolver o seu traballo de xeito profesional, como Suso Peña, fronte a outros posteriores que o fixeron dende Galicia, como Miguelanxo Prado ou Carlos Portela.

Recóllense as palabras deste último que fai fincapé nesta nova realidade, o poder traballar dende Galicia para calquera editor do mundo. Sinálase que outro dos cambios é o recoñecemento que os creadores galegos teñen a nivel internacional, como é o caso de David Rubín ou Kiko da Silva, quen propón a tradución como forma de ampliar mercado e posteriormente crear industria propia para exportar o talento. En columna á parte recolle as impresións de Miguelanxo Prado, quen aposta pola animación como alternativa para fortalecer o mercado e ampliar saídas, á vez que evoca o traballo realizado na década dos oitenta.

Jaureguizar, "Pintura suburbana", *El Progreso*, "Cultura", "Ollo mol", 23 abril 2007, p. 72.

Ademais doutras referencias, Jaureguizar refírese nesta columna de opinión aos triunfos que está acadando o cómic galego no Salón do Cómic de Barcelona, que recoñeceu o traballo de Miguelanxo Prado co seu Gran Premio, distinguiu a David Rubín co premio ao autor revelación, mentres que o de mellor fanzine recaeu en *Barsowia*. Apunta que "o noso cómic empeza a despregar a súa bonita cola de pavo real, refulxente cos brillos do talento, e os cataláns danlle case que a metade dos premios que repartiron no encontro de tebeístas con maior dimensión estatal".

Jaureguizar, "As longas medias", *El Progreso*, "Ollo Mol", 19 novembro 2007, p. 80.

Relata como xurdiu a historia de Pippi Mediaslongas e fala sobre o que supuxeron as aventuras desta destemida rapaza. A seguir, comenta que só un dos sesenta libros de Astrid Lindgren pode lerse en galego, *Os irmáns Corazón de León*, que foi publicado por Xerais na colección "Merlín" nunha tradución de Liliana Valado e Märta Dahlgren. Así mesmo, anuncia que a editorial lle encargou a Valado unha versión do primeiro libro da triloxía protagonizada por Pippi.

Matamoros, José, "Jóvenes con un futuro por delante", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 3 maio 2007, p. L16.

Nesta sección fixa, dáse conta entre outras cousas, da participación de numerosos escolares na Feira do Libro de Santiago de Compostela. Sinálase que na visita ás casetas desta Feira os escolares puideron ver os libros expostos e follealos, así como adquirir os que máis lles gustaron.

Neira Cruz, Xosé A., "Galicia ilustrada", *La Voz de Galicia*, "Tribuna", 2 abril 2007, p. 5.

Reflexión de Xosé A. Neira Cruz sobre a situación actual da literatura infantil e xuvenil galega, un sector do que destaca que representa un terzo da produción editorial en Galicia. Lembra que hai vinte e cinco anos case non se publicaban obras para a infancia en lingua galega e que agora, grazas ao traballo dos escritores, ilustradores e empresas editoriais a literatura infantil e xuvenil galega goza dunha situación de estabilidade e constante innovación. Entre os avances máis significativos sinala a gran presenza de

álbums ilustrados, tanto de autores galegos coma traducidos, un terreo no que a editorial Kalandraka foi pioneira. Salienta o feito de que a través desta modalidade de obras se lle ten achegado ao lectorado máis novo os principais premios de ilustración e fai un repaso por outras editoras que ofrecen coleccións de álbums, en especial OQO, especializada neste tipo de obras.

Neira Vilas, Xosé, "O Espantallo en Euskadi", *El Correo Gallego*, "Lóstregos", 8 xullo 2007, p. 2.

Refírese á tradución ao éuscaro da súa propia obra, *Espantallo amigo*. Lembra xestións anteriores para que vira a luz nesta lingua, pero que non chegaron a dar resultado. Repasa a recepción crítica da obra, dende os primeiros estudos de Xesús Alonso Montero, até a súa inclusión na tese de doutoramento de Mónica Domínguez; sinala que tivo diferentes representacións teatrais e que mesmo foi trasladada pola ONCE á linguaxe braille. Remata referíndose á presenza desta peza nunha versión teatral levada a cabo en París, no contexto dun festival e posteriormente en diferentes colexios franceses, aspecto do que se sente moi orgulloso.

Neira Vilas, Xosé, "Festa literaria dos nenos", *El Correo Gallego*, "Arredor do mundo", 15 abril 2007, p. 2.

Achega á celebración do Salón do Libro de Pontevedra, do que explica a temática e o grande éxito de acollida entre os máis novos, nunha edición que tivo como autor central a Bernardino Graña. Refírese ao amplo abano de actividades e ás personalidades presentes, entre elas Pepe Carreiro, Xabier P. Docampo ou Manuel Rivas. Remata felicitando aos organizadores e loando o esforzo cultural que levan a cabo.

Requeixo, Armando, "Letras miúdas", *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 433, 17 xuño 2007, p. 21.

Achega e recomendación dalgunhas das novidades da literatura infantil e xuvenil galega, despois de afirmar que é un dos eidos máis vizosos da escrita en galego. Comeza referíndose a *Comandante Hussi*, de Jorge Araújo, Premio Gulbenkian 2004, no que se explica que conta a historia dun rapaz guineano que participa de soldado na guerra. Destácanse do relato os valores que transmite e as reflexións sobre os conflitos bélicos que propicia, así como a atmosfera de forte simbolismo creada. A seguir, detense en *Honorato, o rato namorado* (2007), de Antonio García Teijeiro, unha obra da que sinala a súa idoneidade para un lector a partir dos sete anos e na que se contan as aventuras dun rato namorado da Lúa. A terceira recomendación é *A saga de San Ferreol* (2007), de Ramón Loureiro, unha obra cualificada como "poema pararromanceado" e que está acompañado das ilustracións de Francisco Pérez Porto. D'*A voz do lago* (2007), sinala que se trata dunha obra moi oportuna para o Día das Letras Galegas por ser un relato ficcionalizado da vida e obra de María Mariño, autora homenaxeada nesta efeméride. Por último, de *Plastilina nos pulmóns* (2007), de Jaureguizar, sinala que parte de sucesos históricos que teñen como referente a primeira escalada ao monte Himalaia. Remata chamando a atención sobre a heteroxeneidade de estilos, temáticas e traxectoria dos autores.

Senín, Xavier, "Ramón Lamote", *El Correo Gallego*, "Devagar", 7 febreiro 2007, p. 4.

Comenta que hai uns meses recibiu unha carta de Ramón Lamote, de quen deu a coñecer algúns retallos da súa vida Paco Martín, nun libro que mereceu o Premio Barco de Vapor e o Premio Nacional de Literatura Infantil hai máis de vinte anos. Fala da escasa presenza pública do escritor e do mestre de chairego, de quen gustaría ter o enderezo para solicitarlle que lle debuxase uns soños fermosos para una amiga que está pasando uns malos momentos.

Tarrío Varela, Anxo, "BD no BGL", *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "De letras e de signos", 16 agosto 2007, p. 4.

Anxo Tarrío dá conta da saída a lume, coincidindo coa celebración da décima edición do Salón Internacional de Cómic da Coruña "Viñetas desde o Atlántico", dun monográfico do *Boletín Galego de Literatura* titulado *Olladas do cómic ibérico*. Indícanse os organizadores e asesores ténicos deste monográfico e dáse conta polo miúdo do seu contido. Fálase do interese da "Introdución. A banda deseñada: lembranzas, asexos e incertezas", de Antonio Gil, e, a seguir, dos estudos, de "diverso interese e curiosidade", da autoría de Juan Casas Rigall, Breixo Harguindey, Germán Hermida, Iratxe Retolaza, Marie Manuelle Silva e Rui Malhiero, Ana Merino, Enrique Torreiro, Álvaro Pons e Rubén Varillas. Finalmente faise fincapé en que *Olladas do cómic ibérico* se complementa con "pertinentes bibliografías", unha entrevista a Miguelanxo Prado e a Paco Camarasa, así como cunha recensión á obra de Julián Acebrón e Ana Merino do ano 2005 e mostras creativas de diferentes autores.

Villar Janeiro, Helena, "Infancia e poesía", *El Correo Gallego*, "Notas de actualidade", 15 xuño 2007, p. 3.

Reflexión sobre a situación da ensinanza e da motivación do alumnado nas escolas. Sitúase no lugar dos teóricos e manifesta que desexaría unha infancia motivada, un ensino personalizado e uns apoios parellos aos avances da humanidade. Propón o emprego da poesía como factor educativo, polas súas posibilidades como linguaxe diferente e por considerar que os nenos e nenas son poetas de seu. Destaca os valores que se poden transmitir a través da lírica, especialmente para a organización do pensamento, e estabelece unha comparación contrastiva entre a infancia de lugares deprimidos e a da sociedade galega.

VII.5.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

A.P., "Roi Paz Collazo. Ganador del Festival del Tebeo. 'El certamen anima a la gente a conocer el mundo del cómic", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", 6 abril 2007, p. 15.

Logo dunha breve presentación, faise unha entrevista a Roi Paz Collazo, gañador por segundo ano consecutivo do Certame de Banda Deseñada de Arteixo. Nela, Paz Collazo comenta que malia non cinguirse fielmente a ningún xénero para escribir o cómic gañador, si tivo a novela negra como referente; fala da técnica que emprega (debuxos con lapis e tinta) e das razóns da súa escolla, así como do tempo empregado na realización do cómic. Ademais do dito, fala da súa achega ao mundo da caricatura, de futuros proxectos profesionais, da súa "difícil" dedicación ao cómic e do seu traballo, até o momento, "por libre". Finalmente, valora o certame que gañou co cómic *Todo no basta* como positivo pola oportunidade que representa para os mozos creadores de Banda Deseñada.

Beceiro, M., "La mejor generación de dibujantes está en Galicia", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 13 outubro 2007, p. L2.

Álvaro Pons, especialista no mundo do cómic, participou no vixésimo aniversario da librería Komic cunha charla, na que disertou sobre a visión exterior da banda deseñada galega. Pons, creador dun dos blogs sobre cómics máis visitados, *La cárcel de papel*, comenta que segue existindo a crenza de que os cómics son cultura de segunda, aínda que opina que neles pode transcender a cultura dun pobo. Ofrece unha valoración positiva sobre a actitude das librarías especializadas que mantiveron con vida o mundo do cómic e considera que a xeración de debuxantes galegos de cómic é a máis importante nos últimos vinte anos. Así mesmo, cre que as Xornadas de Ourense e o Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" da Coruña foron fundamentais para conseguir certos logros. Por último, considera que a industria e o mercado do cómic están crecendo en España de forma espectacular, aínda que os autores non poden vivir da súa obra, e fala da axuda que recibe a chamada novena arte por parte das institucións.

Cordal, Xavier, "Os ollos chairegos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 abril 2007, p. 27.

Despois de nomear algún dos oficios levados a cabo por Xabier Puente Docampo e de citar algunha das súas obras, así como de referirse ao lugués como "referencia internacional da literatura galega", Xabier Cordal pregúntalle ao autor sobre diferentes aspectos relacionados co seu labor de escritor. Na entrevista Docampo afirma que a base da literatura é a oralidade; comenta qué supón escribir unha historia, di que sente unha admiración sen límites pola obra cunqueiriá e cita outros autores para el imprescindíbeis tales como Dieste, Fole, Blanco Amor, etc. Finalmente afirma que en literatura infantil e xuvenil existen a dialéctica entre texto comprometido/texto non comprometido e explica esta afirmación. En recadro á parte, ademais de avaliar a visión política actual de Galicia, comenta cómo e cáles son os libros que hai que escoller para lectores de catro e sete anos.

Díaz, Ignacio, "Algunhas catástrofes naturais teñen causas moi concretas", *El Progreso*, "Lugo", 8 novembro 2007, p. 12.

Alude á participación de Marilar Aleixandre no club de lectura solidaria organizado por "Implicadas no Desenvolvemento" e "A Cova da Terra-Kandaharia", no que os asistentes intercambiaron opinións sobre o libro *O son das buguinas*, que inclúe un conxunto de relatos unidos pola solidariedade. A seguir, recolle unha entrevista coa escritora madrileña, quen considera que estas reunións con lectores son especialmente agradábeis e comenta cómo xurdiu a citada publicación, co gallo de recadar donativos para as vítimas dos damnificados polo tsunami. Sinala que o seu relato está inspirado en Birmania, un país que visitou nunha época de inundacións e onde puido ver escenas de miseria e solidariedade. Opina sobre o cambio climático e asinte que o seu relato ten algo de berro reivindicativo.

Dobaño, Erik, "Cos nenos pódense tratar todos os temas, pero con coidado", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 31 marzo 2007, p. 48.

Entrevista a Fina Casalderrey (Xeve, 1951) na que fala da súa última obra, *Un día de vaca e caca*. A escritora afirma, entre outras cousas, que intenta converter o cotián en fantasía e falar de dereitos e tamén de capacidades, poñendo aos lectores diante do punto de vista masculino e feminino.

Domínguez, Tino, "El miedo tiene un punto de atracción", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 338, "Personajes", 11 febreiro 2007, p. 52.

Helena Torres, coordinadora do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, fala do medo, tema sobre o que se centrou a oitava edición do citado evento. Comenta que a tradición galega está chea de historias fantásticas, que nos atrapan porque forman parte da tradición oral galega. A seguir, opina que hoxe se le máis do que hai vinte anos e opina que o pracer que dá a lectura é difícil de lograrse con outras formas de ocio. Por último, fala da súa relación co libro e considera que a televisión ou as novas tecnoloxías interesan na medida en que poden ofrecer algo a nivel intelectual.

D.S., "En Galicia existe dende hai anos un panorama de ilustradores potente", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 9 febreiro 2007, p. 42.

Sinala que David Pintor foi o único español seleccionado para a mostra de ilustradores da Feira do Libro Infantil de Boloña e recolle varias declaracións deste ilustrador nas que comenta que en Galicia existe un panorama de ilustradores "moi potente", como o demostra o feito de que sexa o segundo galego a expor na feira, despois de Xan López Domínguez. Comenta que en Galicia viven e traballan "valores fortes da ilustración de libros infantís", que xa transcenden ás editoras de ámbito estatal, e fala do seu labor con Chinto no humorismo gráfico, ademais de presentarse como un gran defensor da caricatura.

Franco, Camilo, "*Barsowia.* Un fanzine veterano. Polaquia. Edición de autores", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 209, 5 maio 2007, p. 2.

Como complemento a unha entrevista con David Rubín e Kiko Da Silva, tras o seu paso polo Salón do Cómic de Barcelona, destácase a pé de páxina a traxectoria da revista *Barsowia* que edita o colectivo Polaqia e que acadou o premio do público e o premio ao mellor fanzine do ano 2006 en dúas edicións consecutivas do Salón catalán. Indícase tamén que en marzo de 2007 a publicación chegou ao seu noveno número, que inclúe catorce historias realizadas polos integrantes do colectivo. Ademais, noutra columna alúdese á edición, por parte do colectivo Polaqia, de *Barsowia en llamas*, un número especial do fanzine *Barsowia* editado por Dolmen Editorial, que recolle historias creadas por David Rubín, Álvaro López, Emma Ríos, Kike Benlloch, Brais Rodríguez, Carlos Arrojo, Diego Blanco, Hugo Covelo, Iván Suárez, Jorge Taboada, Roque Romero e Raquel Méndez, entre outros.

Franco, Camilo, "*BD Banda.* Revista profesional", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 209, 5 maio 2007, p. 2.

Como complemento a unha entrevista con David Rubín e Kiko Da Silva, tras o seu paso polo Salón do Cómic de Barcelona, destácase a pé de páxina a traxectoria da revista *BD Banda*, salientando que se trata da única revista profesional de cómic editada en Galicia. Apúntase tamén que conta cunha versión en castelán e que o seu carácter heteroxéneo busca seducir un público amplo dende temáticas como o humor ou as aventuras.

Franco, Camilo, "Un fenómeno de autores", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 209, "En Portada", 5 maio 2007, pp. 2-3.

Recolle as diferentes opinións dos debuxantes Kiko da Silva e Davíd Rubín, recentemente galardoados en Barcelona e en Beja (Portugal), nas que analizan a situación actual do cómic galego destacando, entre outros factores que, neste momento, conviven en Galicia debuxantes de moi diferentes estilos e xeracións e que, inda que non existe aquí un mercado para grandes tiraxes, si dá para ir elaborando diversos proxectos. Sinalan tamén que é moi positivo editar en dous idiomas e chaman a atención sobre o feito de que Miguelanxo Prado, o "autor galego máis internacional", non está publicado en galego fóra das edicións institucionais.

Franco, Camilo, "Un fenómeno de autores", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 209, "En Portada", 5 maio 2007, p. 3.

Entrevista ao debuxante Miguelanxo Prado, recentemente premiado en Barcelona e en Beja (Portugal) na que declara que en Galicia se está nun bo momento para a banda deseñada en canto a variedade e a calidade dos autores se refire. Afirma Prado que, en canto á vinculación da industria cultural co mundo do cómic, non se debe deixar de lado nunca o cultural, que ten que ser o primordial en calquera proxecto. Conclúe aconsellando que hai que aproveitar o momento que se está vivindo, que define como positivo, e que hai que evitar meterse en "leas destrutivas".

García, Rodri, "Non entendo a vida sen soños, sen andar na procura de algo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 234, "A escritora do mes", 27 outubro 2007, p. 16.

Concha Blanco recorda como comezou a contarlles historias aos seus curmáns e como as aprendeu na súa casa, onde había unha taberna que era como unha pequena casa de cultura, un centro de reunión. Tamén refire os seus inicios como escritora, a partir das historias que escribía para o seu alumnado, e como Ediciós do Castro publicou o seu primeiro libro, *Cousiñas para a escola* (1990). Fala dos nomes propios que levan algunhas das súas obras e puntualiza que a súa última novela, *Nano* (2008), é para adultos e que a novela galardoada, que escribiu por entregas en *La Voz de Galicia*, vai ser tamén publicada. Comenta que a lingua galega aínda non está moi ben e di que non entende a vida sen soños ou ilusións, ademais de manifestar a súa alegría por ter unha filla escritora, de defender a importancia da lectura de oído e de confesar a súa satisfacción por ser homenaxeada no Día das Letras Galegas pola Asociación Monte Blanco do Couto (Ponteceso).

Gómez, Joel, "La enfermedad puede ser un buen momento para leer", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Entrevista", 9 novembro 2007, p. L2.

Refírese á iniciativa que fomenta o uso da literatura, a lectura e a escritura como instrumentos para aliviar ou axudar na curación de enfermidades, que está apoiada por un grupo de profesionais en Santiago de Compostela e da que comezan a emerxer proxectos. A continuación, recolle unha entrevista coa conferenciante desta semana de Literapia, Dolores González, Directora do Centro Internacional del Libro Infantil y Juvenil de Salamanca, quen explica as actividades que levan dende a citada institución, como son "Libros de cabecera" ou "Leyendo espero". Refírese á resposta deste tipo de iniciativas e fala dos libros que promoven, que deben ter calidade literaria e estética e non presentar conflitos complicados, ademais de ofrecer unha lectura refrescante. Tamén considera que a enfermidade pode ser un bo momento para ler e que a lectura pode axudar. Por último, coméntase que as actividades de Literapia se desenvolven en La Rosaleda e nos hospitais Clínico e de Conxo, onde hai varias iniciativas activas para certos enfermos.

Gómez, Lupe, "O cómic é como o rock and roll", *Galicia Hoxe*, "Calidoscopio de cores", 14 maio 2007, p. 40.

Entrevista a Fausto Isorna na que o ilustrador, entre outras cousas, afirma que en Galicia, un lugar no que lle gusta vivir, aínda que tanto como calquera outro, porque "eu son de onde estou", existen creadores profesionais de banda deseñada á par doutros "alternativos" menos ou nada coñecidos. Isorna comenta que *Valium dez* foron os seus inicios con optimismo; fala das razóns polas que escolleu a colaxe (segundo el aprendeu moito do traballo do pintor Max Ernst) para ilustrar ao Merlín de Álvaro Cunqueiro; dá conta da súa experiencia na creación do audiovisual *O labirinto dos soños* e sinala cáles son os seus gustos musicais, así, por exemplo, compara o cómic co rock and roll. Tamén responde a máis cuestións relacionadas co seu ámbito profesional, tales como o significado para el de *Golfiño* ou os proxectos pendentes por facer, e a outras de

carácter persoal.

González, Esperanza, "O galego estará vivo ata que queiramos que viva", *La Opinión*, "Cultura", 28 febreiro 2007, p. 62.

Xosé Antonio Neira Cruz cre que o galego está vivo e estará vivo na medida que nós queiramos que viva, así como amosa a súa sorpresa pola súa novela, *O armiño dorme*, ser elixida como un dos mellores libros xuvenís do mundo. A seguir, comenta que isto tamén é un certo recoñecemento para a literatura galega e explica como incentivar a lectura entre os máis novos. Considera que a literatura xuvenil e infantil en Galicia xa superou o estadio de literatura en proceso de normalización e refírese ao segredo para escribir un libro que se atopa entre os dez mellores do mundo. Por outra parte, resume o seu argumento e sinala que é posíbel que se escape un pouco dos apriorismos dunha colección xuvenil.

López, Lidemar "Los cómics de la televisión tienen más éxito de ventas", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Al día", 1 setembro 2007, p. L2.

Entrevista a Santiago Navía, dono da tenda especializada en Cómics da Coruña A Gata Tola. Nela Navía explica cómo xurdiu o seu interese polas historietas, sinala as súas lecturas preferidas, explica a orixe do nome da tenda da que é propietario e fala do perfil e características dos seus clientes. Tamén comenta cáles son os cómics de máis éxito , recomenda algúns títulos e opina sobre o apoio existente en España á industria do cómic.

López Loreto, Lidemar, "Las editoriales han olvidado el teatro infantil", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 11 setembro 2007, p. L2.

Despois de aludir ao labor literario de Carlos Labraña, investigador teatral, actor e dramaturgo, reproduce unha entrevista con el na que fala do Proxecto Garfo, un estudo sobre o teatro infantil e xuvenil galego. Fala da composición do grupo de traballo desta iniciativa e detalla o seu contido, a través do cal se trata de ofrecer unha recompilación de obras teatrais infantís e xuvenís publicadas en lingua galega. Comenta de onde xurdiu esta idea e destaca que con este proxecto se quere impulsar o teatro infantil e xuvenil, desatendido polas editoriais. Por último, fala do que xa se ten feito neste proxecto e das axudas coas que conta.

Mallo, Albino, "Periodismo dibujado y pintura son facetas muy dispares de un mismo arte", *El Correo Gallego*, "Entrevista", 13 febreiro 2007, p. 8.

Daniel Pintor fala da súa presenza na Feira do Libro Infantil de Boloña, á que concorreron 2.500 debuxos, de entre os cales foron seleccionados 80, sendo el o único representante español. Comenta que o que mandou foi un proxecto, que se sustenta na historia dun pintor que vai en bicicleta recorrendo varias cidades de Europa, ademais de aludir ao seu traballo xunto a Chinto. Refírese á liberdade que outorga a ilustración ou a pintura e sinala que vén de ilustrar o volume *Unha bruxa ben rara* (2007), de Carlos

Mosteiro. Menciona outros dos seus traballos e encadra o seu estilo no "figurativo expresionista", para rematar aludindo á súa carreira de arquitectura, ao seu labor como comisario dunha exposición sobre o feísmo arquitectónico e á ausencia de revista de humor e debuxo en España.

M.B., "Kiko da Silva: Sacamos o debuxo do gueto", *A Nosa Terra*, n.º 1.260, "Fin de Semana", 15-21 marzo 2007, p. 35.

Kiko da Silva comenta que a través da mostra "O debuxo por diante", da que é un dos comisarios, conviven, por primeira vez en Galicia, obras de autores consagrados cos traballos de autores como Miguelanxo Prado, Xaquín Marín ou Óscar Villán, coa finalidade de "sacar do gueto o debuxo". Sinala que con este proxecto se decidiu aumentar este tipo de obras relegadas a ser unha arte menor e reivindicalas como unha expresión artística máis. Considera que o debuxo debe ser levado a un museo porque "ten consistencia e moitos xeitos de entendelo e afrontalo" e comenta que a exposición quere achegar á xente "todo o que se considerou arte menor e rachar co tópico".

Méndez, Roberto G., "Cada uno ha de ser su crítico más feroz", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 23 setembro 2007, p. 80.

Entrevista con David Rubín, que vén de gañar o Premio da Crítica 2007 ao mellor cómic español por *La tetera del oso malayo.* Fala o ourensán da crítica e comenta que é o propio autor quen ten que ser o crítico máis feroz coa súa obra, ademais de sinalar que premios hai miles todos os días e que o premio recibido reporta prestixio e satisfacción. Relata como naceu o volume premiado e de cómo comezou a debuxar, así como dos estilos e dos contidos do seu blog, entre outras cuestións.

Méndez, Roberto G., "No bo cómic, o debuxante respira", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 7 outubro 2007, p. 80.

Xosé 'Pío' Barreiro relata como iniciou a actividade da libraría Kómic de Santiago e comenta que de neno debuxaba e pintaba e lía canto cómic chegaba ás súas mans. Fala dos cómics que máis se vende e de como estimular a lectura entre os máis novos, ademais de sinalar que as historias que a el lle gustan son aquelas que, ademais de contar algo, deixan que respire o debuxante por elas.

Méndez, Roberto G., "Cun Kandinsky non chegan mil palabras", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 28 outubro 2007, p. 80.

Conversa con Pepe Carreiro na que comenta que os Bolechas teñen moitos seguidores de menos de tres anos e cita algunhas das coleccións protagonizadas por estes irmáns e o seu can. Fala da infancia como un paraíso sen problemas e cita as lecturas coas que el compartiu casa durante a súa infancia, ademais opina que hoxe en día a literatura está chea de fantasías, soños e surrealismo. Tamén sinala que contar contos para nenos é "divertidísimo" e "seica é o máis rendible do mundo editorial" e fala dos seus traballos anteriores aos Bolechas. Por último, explica que "Escribir é debuxar por outros medios, e ao revés", así como manifesta que "Un debuxante tería que facer mil debuxos para

representar a palabra sintaxe", pero "un escritor non describiría na súa vida un debuxo de Kandinsky".

M.V., "Antonio García Teijeiro: 'A poesía necesita mediadores que a contaxien", *A Nosa Terra*, n.º 1.267, 10-16 maio 2007, p. 29.

Antonio García Teijeiro alude ao trato que tivo con xente do mundo das letras como Alberti, Dámaso Alonso, Alberti, Carlos Casares ou Moraima, a muller de Celso Emilio Ferreiro. Sinala que a experiencia lle di que a poesía pode cambiar as persoas e salienta que do que máis orgulloso está é da súa faceta como divulgador. Explica que a poesía precisa mediadores para que a contaxien e afirma que el é fillo das súas lecturas, así como alude á súa relación coa música, destacando que Paco Ibáñez o introduciu na poesía a través dos seus discos. Así mesmo, comenta que a poesía o axudou a reflexionar e a ver que hai outros mundos. Fala da súa próxima participación en diferentes actividades e cita as obras que publicou no actual ano, ademais de apuntar que a literatura galega está a vivir un crecemento evidente en temas e estilos.

Peña, Abel, "A los niños les cuesta más contarte cosas", *El Ideal Gallego*, 14 xaneiro 2007, p. 72.

Conversa con Manu Clavijo e Ramiro Neira na que explican a súa proposta *A haima de Agmed*, unha sesión de contacontos na que ademais fan música en directo. Explican que se trata dunha selección de sete contos de diferentes tradicións culturais, cos que queren achegarlle unha proposta novidosa aos máis novos e recuperar a tradición de contar contos, posto que se está a perder.

Silva, Araceli, "Comunícome mellor ilustrando que a través da fala ou da escrita", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 341, "Entrevista", 21 xaneiro 2007, pp. 16-17.

Despois de facer referencia ao traballo de Noemí López no mundo da ilustración e aos premios conseguidos, reproduce unha longa entrevista con esta lucense, que recorda a súa infancia, a súa etapa formación e os seus primeiros traballos. Relata como xurdiu a idea de ser a autora do cartel do IX Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e comenta que nel transmitiu a maneira que tiñan de ver o medo ela e a xente que a rodeaba durante a súa nenez. Fala de onde veu a súa afección pola ilustración e sobre as características que debe ter un ilustrador, ademais de detallar as súas técnicas favoritas para ilustrar, os motivos que a inspiran para deseñar as súas creacións e o proceso dos seus traballos. Destaca que o que sempre lle gustou foi o mundo da editorial e di que, de entre todos os seus traballos, se quedaría co primeiro deles, a ilustración do conto de X. A. Neira Cruz, *As porcas porquiñas*. Indica que lle encanta ilustrar literatura infantil e xuvenil e comenta como se enfronta a este tipo de traballo, ademais de referir a súa experiencia no sector do debuxo de animación e de salientar o crecemento do ámbito da animación nos últimos anos, aínda que cita algúns aspectos que deberían mudar. Por último, atende á presenza da muller no sector, ao seus proxectos futuros e a unha serie de cuestións máis persoais.

Vidal Villaverde, Manuel, “Ser habitado pola poesía”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, n.º 341,“Musas”, 4 marzo 2007, p. 51.

Xosé Antonio Neira Cruz lembra os seus inicios no mundo da escrita no ano 1988, cando foi merecente do Premio Merlín con *O outro lado do sumidoiro*, e sitúa a súa produción no ámbito da literatura infantil e xuvenil. Refírese a *O armiño dorme* (2003), que considera un “libro de crecemento, o libro no que, como narrador, máis a fondo apostei, nunha liña de crecemento que me gusta seguir alimentando”. Fala da súa formación académica e dos traballos que ten desempeñado, ademais de comentar que non ten frecuentado a poesía, aínda que é lector de poesía e intenta que o habite dalgún xeito. Por último, alude aos seus proxectos futuros.

VII.5.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

Abad de Larriva, Ana, "Superhéroes y villanos se ven en el Verbum", *Faro de Vigo*, "Vigo", 7 agosto 2007, p. 12.

Faise eco da inauguración no Verbum en Vigo dun espazo que leva por nome "Biblioteca Deseñada", no que se acollen máis de catrocentos exemplares de banda deseñada á disposición dos visitantes. Recóllense as opinións da coordinadora de didáctica do museo, que destaca a importancia desta iniciativa pola escaseza de exemplares presentes nas bibliotecas ao uso, e de diferentes usuarios que fan constar a falta de volumes en espazos públicos. Finalmente, destácase a presenza de autores galegos neste espazo, a gratuidade do servizo e a o feito de estar dirixido a todo tipo de públicos, que acode principalmente a última hora da tarde despois da praia.

Abelenda, Ana, "O poema convértese en imaxe", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 867, 21 novembro 2007, p. 8.

Nova arredor da exposición itinerante "Rosalía ilustrada" que a Fundación Caixa Galicia financiou para dar a coñecer aos máis pequenos a obra poética de Rosalía de Castro. Explícase que se trata dunha proposta visual pola obra da autora da man de vinte e cinco ilustradores, acompañada das fichas didácticas nas que se basea un taller sobre a vida e obra das autora padronesa. En columna á parte sinálase que de forma paralela se celebra outra exposición que ten como temática "Rosalía e Cabanillas a través do viño", na que os escolares poden coñecer a través de fichas didácticas e talleres a estes dous autores e a súa relación co mundo do viño.

A.C., "A viñeta galega sae ao mundo", *El Correo Gallego*, "Cultura", 14 abril 2007, p. 75.

Fálase da presentación en Santiago de Compostela do programa de actividades deseñado polo grupo de traballo formado pola Consellaría de Cultura e o gremio de ilustradores galegos agrupados arredor da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI), a asociación Polaqia e BD Banda, as Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, o Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" e o Consello da Cultura Galega. Dise que a primeira iniciativa é a asistencia ao Salón do Cómic de Barcelona que se anuncia que se levará a cabo dende o 18 ao 22 de abril, ao que se levará "unha mostra de traballos realizados por autores galegos nun Cd multilingüe con información sobre 30 debuxantes seleccionados", encontros con creadores, presentación de iniciativas, reunións de traballo, mesas redondas e as exposicións "A banda avanza" e "A historieta galega".

A.I., "Literatura en galego para disfrutar en familia", *El Correo Gallego*, "Santiago", 29 setembro 2007, p. 32.

Faise eco da presentación da campaña de promoción da lectura "Tardes con Uxía e os

Pillabáns", que se levará a cabo no outono para promover o emprego do galego entre os máis novos. Sinálase que está promovida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, o Centro Comercial Área Central e a Editorial Sotelo Blanco. Recóllense as palabras da Secretaria Xeral, Marisol López, que destaca a importancia de sacar o galego das escolas. Lémbrase tamén que o nome da campaña está baseada nunha obra de Luís Ben.

A.I.S., "Teatro para niños y arte para todos", *El Correo Gallego*, "Santiago", 4 febreiro 2007, p. 29.

Alúdese á representación da peza teatral *Contos troianos* na sala Yago por parte da compañía Casahamlet, de Manuel Lourenzo. Sinálase que a montaxe está protagonizado por Paulo Serantes, Xabier Ramilo, Santiago Fernández e o propio Manuel Lourenzo.

A.L., "Ilustradores y escritores se unen 'Plantando libros", *El Correo Gallego*, "Santiago", 19 xaneiro 2007, p. 31.

Anuncia a inauguración, no Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche en Santiago de Compostela, da exposición "Plantando libros". Dise que recolle os orixinais de setenta e oito artistas da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, que están acompañados por textos de varios autores.

A.L., "Liberdade para o cómic galego", *Galicia Hoxe*, "Lecer", "Reportaxe", 15 abril 2007, pp. 2-3.

Infórmase do ciclo dedicado á historieta, Anda na banda, celebrado en Lugo os días 10 e 11 de xaneiro. Dise que unha das actividades foi a "solta" de máis de trescentas historietas nas rúas e indícanse algúns dos volumes que se podían atopar, así como algún dos lugares. Coméntase que outras iniciativas nestas xornadas foron a presentación do número 1 da revista *BD Banda*, a mostra "O Novo BD Banda", a celebración dunha mesa redonda con Carlos Portela, Henrique Torreiro, Kiko da Silva, David Rubín e Primitivo Marcos como particpantes, etc. A seguir, dise quen foron as institucións encargadas de organizar "Anda na Banda". Finalmente, explícanse as razóns polas que o ano 2006 supuxo un bo ano para a BD galega. Baixo o epígrafe "BD Banda, antes Lugo que Barcelona", dise que en Lugo foi anunciada antes que en Barcelona a primicia do cambio de *BD Banda* de fanzine a revista. Coméntase o que suporá este cambio e recóllense as palabras do director de revista, Kiko Dasilva, sobre a razón dunha edición bilingüe. Tamén se nomean algúns dos ilustradores que aparecerán na revista, tanto galegos como foráneos, fálase dos novos contidos e doutros proxectos da revista.

A.L., "Kiko Da Silva publicará unha serie na revista 'Capital", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 agosto 2007, p. 29.

Anúnciase a próxima publicación dunha páxina de banda deseñada por Kiko da Silva nunha revista de economía española. Sinálase que o autor galego deseñou esta serie protagonizada por Mario, un bolseiro sen coberturas sociais nin soldo, como

experiencia para poñer a proba a posibilidade de dar á luz esta modalidade creativa nun medio diferente ao habitual. Considérase esta inclusión como un síntoma de que o cómic está acadando outra dimensión e chegando ao público en xeral, na liña de medidas como a creación dun Premio Nacional de Historieta ou dun selo editorial como Banda Deseñada Galega. Remátase anunciando a próxima publicación da revista *BD Banda*, dirixida polo propio ilustrador.

A.L., "Arrinca o X Viñetas desde o Atlántico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 agosto 2007, p. 34.

Informa do comezo do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" e achega o programa cos principais actos entre os que destaca a presentación do décimo número do fanzine *Barsowia*, do colectivo Polaquia.

A.L., "Polaqia busca autores", *Galicia Hoxe*, "MARÉ",1 setembro 2007, p. 28/"O Colectivo Polaqia lanza unha convocatoria para autores que queiran publicar", *El Correo Gallego*, "Cultura", 1 setembro 2007, p. 74.

Faise eco da convocatoria aberta do colectivo galego de banda deseñada Polaqia para que os interesados nesta modalidade creativa lles envíen os seus orixinais para publicar. Explícase que se admite calquera temática, estilo e formato, que non ten por qué enviarse o traballo completo, senón unha parte. Recóllense as palabras de Hugo Covelo, quen sinala que se buscan creadores, non aumentar o número de membros do colectivo. Fálase do bo funcionamento deste e lémbrase que durante o ano viron a luz dous números da súa revista *Polaqia*, que foi presentada no Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico". Tamén se alude ao colectivo BD Banda, que vai representar a Galicia no Encontro Internacional de Autoedición que se celebrará en Suíza.

A.L., "Komic, 20 anos coa 9ª arte", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 setembro 2007, p. 28.

Anúnciase a próxima celebración do vinte aniversario da libraría Komic de Santiago de Compostela cunha exposición de Fran Bueno e David Rubín. Sinálase que esta é a libraría máis antiga de Galicia especializada nesta modalidade. Tamén se adianta a celebración dunha conferencia sobre o cómic galego a cargo de Álvaro Pons, autor do blog www.lacarceldepapel.com, que manterá posteriormente un debate cos dous debuxantes galegos, que falarán de cómo planifican o seu traballo. Lémbrase o inicio da traxectoria desta libraría nos anos oitenta, as dificultades que viviu o sector nos anos noventa e a recuperación dos últimos anos, nos que hai máis títulos dos que o mercado pode absorber.

A.L., "Ourense en viñetas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 outubro 2007, p. 27.

Anúnciase o inicio das XIX Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, que contará con tres creadores españois convidados: Carlos Vermut, Pepo Pérez e Lola Lorente. Adiántase que entre outras personalidades convidadas figuran o ilustrador portugués José Ruy. Repásanse tamén algúns espazos nos que terán lugar exposicións, como a de

Jacobo Fernández, gañador do certame Castelao 2007.

Álvarez, Natalia, "Ilustraciones de cuentos infantiles, dibujos para soñar", *Faro de Vigo*, "Vigo 4 costados", 30 xaneiro 2007, p. 2.

Dise que a partir do día 3 de febreiro o Centro Cívico de Teis ofrece un curso para adultos de ilustración de contos a cargo de Xulia Barros. Danse conta dos diferentes temas que conforma o programa do taller. Recóllense as palabras de Xulia Barros a respecto do que ten en conta á hora de ilustrar ou de cómo chegou a ser ilustradora. Finalmente, sinálanse algún dos libros que ilustrou e fálase da tipoloxía dos seus traballos. Tamén se destaca a creatividade e a imaxinación nestes.

Álvarez, Natalia, "Un espacio de cultura para todos", *Faro de Vigo*, "Litoral sur Valmiñor", 29 decembro 2007, p. 5.

Realízase un resumo das actividades programadas da Biblioteca Municipal de Baiona que a levaron a acadar un premio consistente en 200 volumes, por parte do Ministerio de Cultura. Entre estas actividades, de carácter moi diverso, faise mención a dúas cuxos destinatarios son os máis novos, co fin de fomentar a lectura entre eles. A continuación recóllense unha serie de prestacións coas que conta a biblioteca, resaltando as relacionadas coas novas tecnoloxías. Finalmente menciónanse algúns dos proxectos para o seguinte ano, como a construción dunha sala de literatura infantil independente.

Álvarez Moreira, Manuel, "Revolución en viñetas", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", "Reportaxe", 21 xaneiro 2007, p. 6.

Logo de facer mención a como foi mellorando paulatinamente a situación do cómic, tanto en calidade como en cantidade, destaca que cada vez está mais presente en librarías especializadas ou en seccións fixas de revistas culturais. A seguir sinala que a xeración actual de debuxantes galegos é "a mellor e máis frutífera". A continuación faise eco das exposicións que teñen lugar no Museo Verbum de Vigo, "Cinco Anos de BD Banda. Unha Escolma de novos creadores da banda deseñada galega", na que se realiza unha visión panorámica polas novas figuras do cómic, e en Madrid, "A historia galega", que homenaxea a figuras xa consagradas como Reimundo Patiño, Miguelanxo Prado, Xaquín Marín ou Pepe Carreiro. Despois fai mención a diferentes eventos que fomentan a creación de cómics, como o Premio Castelao, ou que axudan á súa difusión, como os certames que se celebran na Coruña ou en Ourense. Conclúe facendo un percorrido polos "novísimos" do xénero como Álvaro Pons, Alberto Vázquez, David Rubín, Kike Benlloch, Emma Ríos, Víctor Rivas, Alberto Varela, entre outros.

Álvarez Moreira, Manuel, "Fábulas arrepiantes", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 342, "Mil primaveras máis", "Reportaje", 28 xaneiro 2007, p. 6.

Co gallo da celebración da VIII Edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que nesta edición está dedicada ao medo, realiza unha reflexión sobre os personaxes que inspiran terror nos contos infantís. Comeza polos dos contos máis populares como o lobo de Carrapuchiña ou as irmáns de Cincenta e continúa polos da

tradición oral galega. Aquí realiza unha división entre "executores do terror", como o Sacaúntos, e os "heraldos", que son os que traen as malas novas, como por exemplo a Santa Compaña ou o Urco. Afirma que, na maior parte dos casos teñen unha finalidade didáctica. Conclúe comentando as adaptacións populares de Galicia dos clásicos universais como o home lobo ou Drácula.

A.N.T., "O medo protagonizará o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra", *A Nosa Terra*, "Cultura", 1-7 febreiro 2007, p. 30.

Infórmase que do 4 ao 10 de febreiro terá lugar a oitava edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra que está dedicado ao medo. Dáse conta polo miúdo das diferentes actividades que terán lugar no marco da celebración deste Salón: presentación da revista *BD Banda* e de diferentes libros; mesas redondas que reunirán a contacontos e escritores; unha homenaxe a Bernardino Graña; a presenza de importantes representantes de Brasil, país invitado; música, exposicións temáticas importantes, representacións de obras de teatro; obradoiros dirixidos a nenos e adultos; talleres de animación á lectura, etc.

A.P., "Un premio por 'lectoactivar' a los niños de Vilaboa", *Diario de Pontevedra*, "Comarca", 7 novembro 2007, p. 14.

Dáse conta da concesión dun premio do Ministerio de Cultura ao programa de animación á lectura levado a cabo pola Oficina de Información Xuvenil do Concello de Vilaboa. Explícase que a iniciativa levou por título "Lectoactívate", que se desenvolveu no colexio Riomaior e que a responsábel foi Andrea Alonso.

Balado, Belén, "A festa do libro nun día cheo de historia", *Diario de Pontevedra*, "*Mini Diario",* "Lectura", 22 abril 2007, mD 9.

Nota na que se fai eco da celebración do Día Mundial do Libro, que conmemora o pasamento de William Shakespeare, Miguel de Cervantes e Garcilaso de la Vega, e das diferentes actividades que nel se levan a cabo. Conclúe co dato de que, neste ano, a literatura infantil e xuvenil superou o máximo histórico de cincuenta e cinco millóns de exemplares producidos.

Barral, M., "Los buenos hábitos", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", 22 abril 2007, pp. 1-3.

Analiza diferentes iniciativas de fomento da lectura que, segundo o articulista, teñen en común tentar acercar a lectura aos máis novos mediante os contos para que, deste xeito, adquiran o hábito lector e a conciencia crítica que lles achegará a sensibilidade estética necesaria para poder captar os mellores valores e intereses que achega a literatura. Logo de analizar diferentes actividades, repasa o traballo dos libreiros e editoriais, destacando o importante papel que xogaron os libros conmemorativos e tamén a literatura fantástica, (con sagas como *Harry Potter*, *Memorias de Idhúm* ou *Crónicas de Narmia*). Destaca o grande éxito que tivo a literatura infantil e xuvenil, que sufriu un crecemento

moi superior ao resto da produción editorial. A seguir, tamén chama a atención sobre o aumento do número de competidores na literatura especializada. En tres notas á parte inclúe información sobre a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, a International Board on Books for Young People e tamén sinala que Galicia estará representada na Feira de Boloña .

Barros, M., "Cómic Galego premiado en BCN", *A Nosa Terra*, n.º 1.265, "Fin de semana", 26 abril-2maio 2007, p. 32.

En primeiro lugar destácase a importancia da banda deseñada galega a nivel estatal e fálase, como mostra do dito, da XXV edición do Salón do Cómic de Barcelona. A seguir, M. Barros lembra que David Rubín se fixo co premio ao autor revelación de 2006 por *A tetería do oso malaio* e recóllese a opinión do ourensán a respecto da obtención deste galardón e doutros debuxantes no mesmo Salón do Cómic de Barcelona. Así mesmo, coméntansse outros proxectos nos que está a traballar o ilustrador. Baixo o epígrafe "Barsowia, mellor fanzine do Estaado", dise que, malia o fanzine *Enfermo*, codirixido por Alberte Vázquez non poder despedirse co galardón ao mellor fanzine do salón, este recaeu en *Barsowia*, do colectivo Polaqia, publicación na que se anuncian mudanzas de cara ao futuro próximo. En "O grande para Prado", M. Barros lembra que o recoñecemento á traxectoria profesional recaeu en Miguelanxo Prado, quen vén de poñer en marcha a longametraxe *De profundis*. Finamente, en "Apoio institucional", fálase da novidade que supuxo no Salón de Barcelona a instalación do posto Banda Deseñada Galega, unha iniciativa inscrita no programa da Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia.

Barros, M., "Pepe Carreiro, o señor dos Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.288, "Magazine", 4-13 decembro 2007, pp. 40-41.

Faise un percorrido pola carreira do debuxante, humorista gráfico e comiqueiro, Pepe Carreiro, centrándose na serie dos *Bolechas.* Saliéntase que traballa de xeito "intuitivo" no trazo pero coa cabeza fría na idea, que se inspira no cotiá, que fuxe de didactismos "para que os nenos gozen mentras len", que está influenciado inconscientemente polas historietas do *Capitán Trueno*, *Mortadelo y Filemón*, *Rompetechos* ou *Zipi y Zape* e que gusta da documentación e da crítica. Tamén se fala da súa faceta de humorista gráfico na prensa diaria, iniciada coa tira cómica "O fillo de Breogán" para *A voz do pobo* , seguida polo filósofo Galo Camilo, o rebelde Pito Celso e as reflexións feministas de Rosa cos que transmitía crítica social e política, aínda que, ás veces fose censurado. Recóllese que Pepe Carreiro se lamenta de que "non hai humor gráfico nos xornais" e que "se as viñetas non molestan non están ben feitas". Dise que fundou *Can sen dono*, participou na publicación *Xo!*, creou *Historia de Galiza* e *Historia universal* para rapaces e, coa editorial Toxosoutos, ten en marcha a serie *Os Barbanzóns*, unha familia castrexa que habita no Castro de Baroña, amáis da versión adaptada para primeiros lectores *Os pequenos Barbanzóns.*

Bascoy, J., "Morriña por Astérix", *Faro de Vigo*, "Galicia", 16 agosto 2007, p. 18.

Faise eco da denuncia por parte do Bloque Nacionalista Galego da negativa da Editorial

Salvat-Bruño de traducir as dúas últimas entregas de *Astérix e Obélix* ao galego, malia facelo ao castelán e catalán. Recóllense as palabras de Bieito Lobeira nas que se refire á necesidade de que dende a Secretaría Xeral de Política Lingüística se tomen as medidas oportunas por tratarse dunha obra moi importante para o lectorado infantil e xuvenil. Tamén se lembran outras iniciativas como a da Mesa pola Normalización Lingüística, que recolleu sinaturas de protesta de pais, docentes e nenos e nenas, ou a das Cibermandades da Fala, que levou a cabo unha campaña na rede contra esta exclusión do galego. Remátase coa referencia ás medidas de presión exercidas dende o Instituto de Viceso (Brión), no que o alumnado traduciu o título *El cielo se nos viene encima*, a través da versión portuguesa.

Becerra, Javier, "La mística de Alberto Vázquez", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n. º 243, 29 decembro 2007, pp. 8-9.

Sinala que hai quen di que o cómic *Psiconautas*, de Alberto Vázquez, é ao mundo da ilustración e a viñeta o que *Tres segundos na memoria*, de Diego Ameixeiras, á narrativa galega. Explica que nesta publicación o autor lle lanza unha conmovedora corda de complicidade a ese mundo de adolescentes raros e marxinados, que non logran encontrar o seu lugar no mundo. A seguir, refírese a outros traballos do debuxante coruñés, como é o que versa sobre a vida de Alexandre Bóveda.

Becerra, Marta, "El encanto de los libros", *El Progreso*, "El despertador", 5 abril 2007, p. 6.
Dise que con motivo do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil e do Día do Libro a concellaría de Educación de Lugo organizou unha campaña de animación á lectura, en colaboración con OQO Editora e Edicións Xerais de Galicia, para os máis novos. Coméntase que haberá talleres a cargo de Iván Prieto, exposicións de imaxes de contos e elementos tridimensionais, audiovisuais, representación de obras teatrais (*Globos de mentira*, a cargo de Casahamlet), talleres de contacontos, etc.

Becerra, Marta, "El gran escaparate del centro", *El Progreso*, "El despertador", 11 abril 2007, p. 11.

Breve nota, inserida no marco doutras novas, na que se dá conta do comezo da campaña de animación a lectura para nenos de primeiro ciclo de primaria organizada pola Concellería de Educación de Lugo, en colaboración coas editoriais OQO e Anaya.

Becerra, Marta, "Jóvenes fabuladores", *El Progreso*, "El Despertador", 26 setembro 2007, p. 8.

Faise eco da presentación do volume que acolle doce relatos curtos premiados no certame "Trapero Pardo" de 2005 e 2006 e achega o nome dos autores dos citados textos.

Blanco Liaño, Mercha, "Playa, diversión y literatura infantil", *Diario de Ferrol*, 18

xullo 2007, p. 68.

Achega ás actividades organizadas pola Asociación de Diabéticos Ferrolterra dentro do campamento de verán, no que a temática central é a Literatura infantil. Explícase que este campamento terá lugar ao longo do mes de xullo no colexio de Panxón e que nel escolares de toda Galicia poderán estar en contacto con obras universais da literatura, ademais de talleres e diversas excursións.

Burgos, Carmen G. de, "Los niños toman el mando de las bibliotecas", *Diario de Pontevedra*, "Sanxenxo/O Salnés", 14 febreiro 2007, p. 19.

Faise eco dos vinte anos que leva funcionando a primeira biblioteca pública de Sanxenxo e sinálase que na actualidade o municipio conta con dúas e tamén cunha sala de lectura. A seguir, descríbense os fondos biográficos cos que contan e finalízase describindo as diferentes actividades culturais que organizan, como por exemplo, "Os venres de lectura".

C. A., "Jóvenes poetas reciben el año con alegría y humor", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño. Louriña", 29 decembro 2007, p. 41.

Comenta o acto de entrega de premios do Certame de Poesía na Escola, organizado pola Asociación de Poesía Baixo Miño, que tivo lugar no Liceo Casino de Tui e no que participaron trescentos cincuenta poemas, dos que sesenta e seis gañaron.

Camino, Laura, "A experiencia didáctica galega expórtase a México e Eslovenia", *Galicia Hoxe*, "Revista das Letras", 13 decembro 2007, p. 13.

Resáltase a boa acollida da colección galega "Que me dis de…", editada por Nova Galicia, coa presentación de oito novos exemplares. Dise que a colección se orienta á educación dos rapaces de oito a doce anos cunha "linguaxe clara, unha portada atractiva e unha potente imaxe visual". Tamén se comenta que os textos foron revisados polos propios mozos e participaron especialistas das distintas temáticas tratadas: dereitos humanos e valores sociais; alimentación sa e hixiene persoal; a violencia e a socialización e o alcol e a vida sen tomar drogas. Sinálase que se publican en tres linguas: galego, castelán e inglés, que se comercializan alén das nosas fronteiras e que hai contactos con Eslovenia e Brasil para coeditar os volumes nas respectivas linguas.

Canabal, Silvia, "A banda deseñada da terra,", *Diario de Pontevedra*, "A Cultura Galega", pp. 4-5/"Banda deseñada da terra", *El Progreso*, "Letras Galegas", 15 maio 2007, p.5.

Comeza facendo mención á publicación, en 1975, do que se considera primeiro álbum do cómic galego, *Dúas viaxes*, de Xaquín Marín e Raimundo Patiño. A seguir cita *Frente Comixario*, primeiro fanzine composto por cómic integramente en lingua galega. A articulista salienta o bo momento polo que está a pasar o sector e faise eco dos diferentes galardóns acadados no Salón Internacional do Cómic de Barcelona:

MiguelAnxo Prado, premio a toda unha traxectoria profesional; *Barsowia*, premio ao mellor fanzine; David Rubín, premio ao mellor autor revelación. Tamén informa de que a revista *BD Banda* , que acaba de inaugurar unha nova etapa na súa andaina, esgotou todos os seus exemplares en tres días. Recolle as palabras de diversos especialistas nas que coinciden en sinalar como elementos moi importantes para o futuro do sector a publicación en varias linguas, a tradución bidireccional de diferentes autores e o apoio editorial. Tamén destacan como causas principais da falta de mercado os baixos índices de lectura e a pouca consideración que, nalgúns sectores, se lle ten ao cómic.

Carballo, Pablo, "El Salón del Cómic de Barcelona premia a Miguelanxo Prado, David Rubín y al colectivo Polaquia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 abril 2007, p. 48.

Informa de que o sector do cómic galego obtivo tres importantes premios no Salón Internacional do Cómic de Barcelona e sinala en quen recaeron: Miguelanxo Prado, David Rubín e o colectivo Polaquia por *Barsowia*.

Casanova, Jorge, "La ilustración se dispara", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 231, "En portada", 6 outubro 2007, pp. 2-3.

Dáse conta da entrega dos premios aos libros mellor editados que tivo lugar no marco da feira Liber de Barcelona a Kalandraka e OQO. Destácase o lugar que ocupa a literatura infantil e xuvenil galega entre as outras do marco ibérico, aínda que se critica que non sexan autores galegos os que se dean a coñecer, senón que o éxito destas entregas veña dado pola calidade da ilustración e o coidado da edición. Recóllense as palabras do presidente da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX), quen destaca a evolución no terreo da ilustración; de Kiko da Silva, que salienta o papel das novas tecnoloxías neste cambio; de Miguelanxo Prado, que considera que a ilustración galega é moi narrativa; e de Pedro Lucas, da Biblioteca Fundación Caixa Galicia, que pensa que ese tipo de ilustracións lles gustan máis aos adultos que aos pequenos, a non ser que se traballe con elas, pois entón si que lles interesan. Por outra parte, Eva Mejuto considera que é importante valorar o compoñente artístico das ilustración. En columna á parte reflexiónase sobre o papel da ilustración en relación ao texto, co que pode ser complementaria ou discutilo e refírese á concepción de Da Silva e Prado, que teñen o texto en diferente consideración á hora de facer as ilustracións. Nunha columna inferior ofrécense comentarios das obras máis lidas polo lectorado novo, entre as que figuran as colección dos "Bolechas", de Pepe Carreiro, as máis vendidas da historia da literatura infantil e xuvenil galega.

Castelao, Elena, "Antas va al Salón do Libro Infantil de Pontevedra", *El Progreso*, "A la última", 1 febreiro 2007, p. 78.

Dise que a biblioteca dirixida por Teresa Batán organiza unha viaxe ao Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra que está dedicado ao medo. Coméntase que os que vaian poderán asistir a un taller de Pepe Carreiro sobre *Os Bolechas*.

Castelao, Elena, "Niños lucenses conocen al creador de 'Os Bolechas", *El Progreso*,

"A la última", 13 febreiro 2007, p. 88.

Dise que corenta lectores da Biblioteca de Antas de Ulla, dirixida por Teresa Batán Buján, viaxaron a Pontevedra e participaron no taller no que Pepe Carreiro lles ensinou o proceso de creación d'*Os Bolechas*. Tamén se indican outras actividades nas que participaron.

Castrelo, S., "La biblioteca celebró 'A hora do conto' en la guardería y el colegio", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 15 febreiro 2007, p. 19.

Faise eco da posta en marcha, a proposta da Biblioteca Municipal da Illa de Arousa, do proxecto "A hora do conto", que pretende o fomento da lectura entre o público infantil do concello.

Cepeda, Ana, "Desde las profundidades del mar", *Diario de Pontevedra,* "Vivir aquí", 27 decembro 2007, p. 68.

Trátase o importante labor educativo e de conciencia medioambiental, orientado a un público infantil, do programa de educación ambiental do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas mediante unha das súas exposicións, con respecto á cal se destaca a súa orixinal e innovadora autoría: alumnos pertencentes a diversos colexios. Ademais, destácase a posibilidade de contar cunha peza exposta até finais de xaneiro de entre os oito murais, cinco contos e cincuenta e sete cómics que conforman a exposición grazas a un concurso que terá lugar. Como dato significativo, a asistencia á exposición de personalidades destacadas do ámbito cultural.

C.G., "No día da Biblioteca...aínda que dea medo!", *Diario de Pontevedra*, "Diario de Caldas", 31 outubro 2007, p. 8.

Dáse conta das actividades que se están a levar a cabo na Biblioteca de Caldas de Reis e de Catoira, onde tiveron lugar, respectivamente, o día da biblioteca cunha sesión de contacontos e unha exposición que xira arredor do medo. No primeiro caso tamén se anuncia a próxima posta en marcha do club de lectura de adultos e no segundo destácase a calidade dos traballos de "Quero medo. Apaga a luz", na que ilustradores e escritores ofrecen historias e deseños que xiran arredor do medo.

Conde, María, "El octavo Salón do Libreo Infantil de Pontevedra estará dedicado al terror", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 xaneiro 2007, p. 47.

Anuncia o programa da oitava edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que estará dedicada ao xénero do terror. Informa de que se manterá o esquema de anteriores ocasións pero que, como novidade, se convidará por primeira vez a un país, Brasil, e se realizará unha homenaxe especial a Bernardino Graña. Afírmase que participarán, entre outros, Ana María Machado, Rui de Oliveira ou Kiko da Silva.

Conde, María, "El viejo tebeo vuelve con nuevos personajes", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 febreiro 20007, p. 45.

Dise que a partir de abril o fanzine BD Banda se converterá en "revista de difusión nacional", coordinada por Kiko da Silva. Coméntase que o anuncio deste proxecto o fixo Da Silva no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e que, parodiando unha entrega de premios, se deron a coñecer os autores que participarán na publicación e as dez series de historietas de cómics que conformarán a revista. Finalmente, indícase que a revista terá unha periodicidade semestral, que nela se incluirá unha entrevista en profundidade a un autor de Banda Deseñada e unha crítica á unha historia clásica.

Correa, Anxa, "Un catálogo reúne as olladas sobre o mar de 17 ilustradores galegos", *El Progreso*, "Cultura", 13 marzo 2007, p. 80.

Faise eco da presentación en Santiago de Compostela do catálogo *Vaidemar*, volume que acompaña a exposición co mesmo título de ilustradores galegos de libros infantís e xuvenís, que ten como temática o mar. Explícase que ademais das ilustracións tamén se recollen poemas de diferentes autores e que esta iniciativa está apoiada pola Fundación Caixa Galicia e a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX). Repásanse colaboracións anteriores entre ambas as institucións como a exposición *Galicia Solidariedade* (1994) ou *Debúxame un conto* (1999), e ofrécese a nómina dos ilustradores que forman parte desta mostra.

Correa, Anxa, "Children's Books from Galicia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 abril 2007, p. 37.

Dise que está tendo lugar a Feira do Libro de Boloña e coméntase a qué cousas poden acceder as persoas que a visitan. Cítanse escritores e ilustradores, así como outros persoeiros do goberno galego, que se desprazaron á cidade italiana. Tamén se sinala que un stand promociona na Feira o traballo de dezasete editoriais galegas e que o catálogo *Children's Books from Galicia* serve para presentar no estranxeiro a produción galega. Sinálanse editoriais que están representadas nese catálogo. Baixo o epígrafe "Propostas", fálase do auxe da literatura infantil e xuvenil e de iniciativas que tiveron lugar, entre as que se anota a publicación do libro que recolle as iniciativas levadas a cabo no VIII Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

Correa, Anxa, "Máis da metade dos ilustradores galegos teñen outros traballos", *El Progreso*, "Cultura", 27 outubro 2007, p. 81.

Anúnciase a difusión dun informe elaborado pola Federación de Asociaciones de Ilustradores Profesionales (FADIP), que se dará a coñecer no marco do IV Encontro Galego de Ilustración, a celebrar en Santiago de Compostela. Destácase que neste estudo se recollen datos da situación destes profesionais, nos que sobrancea que máis da metade teñen outros traballos e que moitos deles teñen uns ingresos moi baixos. Remátase coa denuncia da FADIP da baixada de porcentaxe dos ilustradores, que pasou dun dez a un catro por cento por cada traballo.

Correa, Anxa, "Amil, satisfeito de rodar en galego", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", "Reportaxe", 2 decembro 2007, p. 10.

Informa de que Carlos Amil vai levar ao cinema a obra de Xabier P. Docampo, *A casa da luz* (2002). Indica que a rodaxe comezará no mes de maio e terá lugar en Betanzos. Salienta Amil a historia de aventuras que presenta a novela á que dará vida a través dos contrastes entre luz e escuridade. Comenta que a película estará destinada a un público familiar para que os nenos gocen cunha aventura clásica. Finalmente, afirma que o idioma do filme será o galego, feito que lle agrada e que non considera limitativo.

Correa, Ánxela, "Makakiños*,* libros para nenos con necesidades especiais, *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 marzo 2007, p. 26.

Anuncia a saída ao mercado dos primeiros exemplares da colección "Makakiños", onde a Editorial Kalandraka adapta algúns dos seus álbums a unha linguaxe compresíbel para nenos con problemas de desenvolvemento e comunicación (parálise cerebral, disfasia ou autismo, por exemplo). Dise que o obxectivo principal é contribuír á autonomía e á seguridade persoal dos máis novos. Apunta tamén que BATA (Baión Asociación de Tratamento do Autismo), que traballa con nenos con estes problemas, colabora na adaptación desas obras.

Cuíñas, Teresa, "O Porriño reúne en su biblioteca mil títulos de cómic en gallego", *El País*, "*Galicia*", 14 setembro 2007, p. 35.

Anúnciase a apertura na biblioteca municipal do Porriño dunha sección dedicada ao cómic, na que se sinala que se recollen máis de mil títulos en lingua galega. Dise que os impulsores son os bibliotecarios Albino Alonso e David Pérez, que se refiren á pouca atención que se lle presta a esta modalidade narrativa e ás grandes posibilidades de aplicación lúdica e educativa. Tamén se sinala que esta sección comparte espazo coa mostra "A nova *BD Banda*", na que se recollen as cubertas desta revista dirixida polo ilustrador Kiko da Silva.

C.V., "Incentivar a descubrir a maxia nos libros", *Diario de Arousa*, "Animación á lectura", 27 outubro 2007, p. 63.

Anúnciase a celebración dun curso de animación á lectura, dirixido a pais e nais para incentivar aos máis pequenos a ler, organizado por Escola Viva de Vilagarcía de Arousa. Explícase que neste curso, que leva por título "Da casa á escola, animar a ler é cousa de todos", participan a mestra Manuela Rodríguez, o contacontos Manuel Solla e o escritor e coordinador de cursos de animación Federico Martín Nebras. Explícase a súa duración, as entidades colaboradoras e o obxectivo central: responsabilizar aos pais e nais para incentivar aos máis pequenos a ler.

D.G., "Máis de 3.500 nenos de 50 centros asistiron aos 'Contos no Camiño'", *ABC*, "Galicia", 10 xuño 2007, p. 66.

Co gallo da clausura do programa "Contos no Camiño" realízase un percorrido sobre cómo se foi desenvolvendo e explícase en qué consistiu. En primeiro lugar afírmase que a S. A. de Xestión do Plan Xacobeo da Consellaría de Innovación e Industria, en colaboración con OQO Editora, foi a entidade organizadora e indícase que nela participaron 3500 nenos de cinco anos de Educación Infantil e tamén do primeiro Ciclo de Primaria de diversos colexios pertencentes a localidades próximas ás rutas xacobeas. A continuación sinálase que, mediante o emprego da imaxe, a música e a narración tradicional, explicouse como viaxaban os contos a través dos Camiños de Santiago. Para finalizar explícase como se foron desenrolando as actividades.

Dopico, Montse e A. R. **López**, "Vanessa Durán", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", 6 decembro 2007, pp. 1-8.

Despois de facerse eco da obra de Vanessa Durán, reprodúcense certos comentarios desta compostelá, a través dos cales alude ao seus inicios como ilustradora e fala da súa evolución, sinalando que "Hoxe teño máis interese pola historia en si. Antes atraíame máis o propio debuxo". Refírese á diferente tipoloxía de mangas que practicou e sinala que prefire "as historias dramáticas, con personaxes moi marcados". Menciona as diferenzas existentes entre o público americano e europeo e as particularidades das historias xaponesas, ademais de aludir ao proceso do seu traballo e ás razóns que motivaron o actual auxe editorial dos mangas. Por outra parte, recóllese unha historia do manga, dende os seus inicios no século XI até a actualidade, e detállanse os diferentes tipos de manga, os seus xéneros e o volume das súas tiradas. Tamén se reproducen algúns traballos de Vanessa Durán.

D. S., "Un libro de Neira Cruz, elegido en Venezuela entre los diez mejores", *El País*, "*Galicia*", 27 febreiro 2007, p. 37.

Comenta que a asociación venezolana Banco del Libro, dedicada á formación lectora de nenos e mozos, escolleu o libro *O armiño dorme*, de Neira Cruz, entre os dez mellores libros xuvenís editados no ano 2006. Dise que o libro chegou a Venezuela a través da súa tradución ao castelán, despois de acadar en 2002 o cuarto premio "Raíña Lupa" da Deputación da Coruña.

Dovao, Ángeles, "El libro más querido es...", *El Ideal Gallego*, 27 agosto 2007, p. 68.

Faise eco da iniciativa do Centro de Estudios de Promoción de la Literatura Infantil (CEPLI), que busca coñecer os gustos literarios da nenez de toda España. No marco desta iniciativa dá conta dos resultados que se están recollendo no Forum Metropolitano da Coruña, onde se observa que entre as obras favoritas dos máis pequenos se atopan títulos como *O coelliño branco*.

D.V., "Escolares con talento literario", *Faro de Vigo*, "Louriña/Área Metropolitana", 31 maio 2007, p. 20.

Dáse conta da publicación dun volume, *A miña vila, O Porriño*, na que se recollen os traballos dos escolares do colexio Irmáns Quiroga do Porriño, no que se recollen as súas impresións sobre o municipio. Explícase que se trata dunha iniciativa da Editorial Planeta e a Fundación José Manuel Lara, na que participaron os escolares de infantil e primaria. Móstrase a satisfacción dos resultados por parte da directora do centro, María Dolores Quiroga, e anúnciase que se distribuirán exemplares entre todo o alumnado.

E. A. R, "Leer con los pelos de punta", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 13 maio 2007, p. L14.

Dáse conta de cómo foi a Semana do Libro de Ames. Dise que nela tiveron lugar numerosos talleres e contacontos coa finalidade de achegar aos máis novos a lectura. Coméntase que todas as actividades tiveron lugar no Pazo da Peregrina onde o libro en galego foi o protagonista. Dise cantos participantes houbo, segundo os datos oficiais e, finalmente, sinálase que no programa tamén se incluíron charlas para o profesorado entre as que se atopou a realizada por Manolo Rivas.

E.P., "Cuentacuentos y teatro, en el Salón del Libro de Pontevedra", *El Correo Gallego*, "Cultura", 4 febreiro 2007, p. 68.

Anuncia a inauguración da oitava edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e dise as actividades que se levarán a cabo nos diferentes días en que se celebrará. Tamén se anuncia a posta en escena de *Buuh!*, do grupo Yllanaa, no Teatro Principal de Pontevedra, espectáculo que formará parte do ciclo os Domingos do Principal. Así mesmo, fálase do programa de actividades para o luns.

E.P., "Unha lei para ir facendo lectores", *El Correo Gallego*, "Cultura", 5 febreiro 2007, p. 68.

Coméntase que a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, acudiu á inauguración do VIII Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra no que se mostrou preocupada polo descenso no número de lectores en lingua galega, así como confiada nas iniciativas que terán lugar derivadas da Lei do Libro. Recóllense outras das declaracións de Bugallo, a respecto da importancia do Salón e sobre o diálogo existente na Mesa do Libro, e doutros asistentes, como o alcalde de Pontevedra. Finalmente, infórmase de cómo transcorreu o acto de inauguración, conducido polo grupo Pavís-Pavós, e fálase das expectativas desta nova edición do Salón. No recadro "Os datos", anúnciase unha homenaxe a Bernardino Graña e a presenza dun país invitado, Brasil, representado por Ana María Machado.

E. P., "Bugallo confía na Lei do libro para recuperar lectores galegos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 febreiro 2007, p. 29.

Dise que Ánxela Bugallo, que inaugurou o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, mostrou neste acto a súa preocupación polo descenso no número de lectores en lingua galega, así como a súa confianza nas accións derivadas da Lei do

Libro. Coméntase o que a Conselleira de Cultura dixo a respecto da importancia de salóns coma o de Pontevedra e sinálase, finalmente, o que dixo en relación coa industria editorial. Tamén se di que o alcalde pontevedrés se referiu á importancia da lectura nos máis novos.

E.P., "Personaxes de contos levarán o galego a 85.000 nenos de infantil", *El Correo Gallego*, "Cultura", 13 febreiro 2007, p. 75.

Describe a campaña "Eu son", a nova iniciativa para fomentar o uso da lingua galega nos escolares de entre un e cinco anos, promovida pola Consellería de Educación, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Secretaría Xeral de Igualdade. De todo o material lúdico-didáctico que conforma a campaña destácase que se entregará a cada neno un conto de *Os Bolechas*, un libro con autoadhesivos desta familia e tamén, a toda a aula, un crebacabezas.

E.P., "Kalandraka expone ilustraciones originales de libros infantiles", *El Correo Gallego*, "Cultura", 9 abril 2007, p. 68.

Indícase que a Galería Sargadelos de Santiago de Compostela acolle unha exposición internacional de ilustracións orixinais dos libros incluídos na VII Campaña de animación á lectura que organiza o concello de Santiago xunto á editorial Kalandraka. Dise que acolle traballos dos ilustradores galegos Francisco Pérez Porto, Xulio Gayoso e Kiko Dasilva; fanse comentarios de cada un dos traballos incluídos nesta exposición e indícase algún outro dato biobibliográfico.

E.P., "3.500 nenos participaron na campaña de contacontos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 xuño 2007, p. 27.

Breve nota na que se dá conta da clausura no Museo do Pobo Galego de "Contos no Camiño", unha iniciativa que percorreu doce concellos situados nas rutas xacobeas e na que se deu a coñecer a orixe de contos como *Os tres osos* (2007), *Corre, corre cabaciña* (2006) ou *Pedra, pau e palla* (2006). Destácase a ampla participación do alumnado de oitenta centros na divulgación da cultura e memoria destes lugares do Camiño de Santiago.

EP, "El dibujante Tim Sale cree que el cine jamás reemplazará al mundo del cómic", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 15 agosto 2007, p. 35.

Dáse conta da intervención de Tim Sale e Yoshihiro Tatsumi na décima edición do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" e recóllense algunhas das súas declaracións. Así, de Tim Sale dise que confesou que lle gustaba traballar no sector audiovisual, e que á industria cinematográfica lle interesaron os personaxes do cómic. Tamén se comenta que falou do seu traballo en *Héroes*, do momento que vive a relación cómic-cinema e de que esta última arte debe rescatar tamén outras historias, personaxes e xéneros do papel. De Yoshihiro Tatsumi dise que explicou o que pretende transmitir nas súas historias e que comentou que, malia a aparencia triste delas, sempre existe a

esperanza. Finalmente, recóllese que Tatsumi falou dun novo momento, xurdido en Estados Unidos e Francia, polo que ademais dos debuxos, cobra importancia a historia. Agarda que isto último ocorra en España.

Fernández, Laura, "Los jóvenes reviven la obra de Curros", *La Región*, "Celanova", 22 maio 2007, p. 16.

Dise que a Fundación Curros Enríquez recuperou unha das xornadas máis simbólicas das que organiza para os escolares de Galicia e que o alumnado do Instituto Eduardo Blanco Amor de Ourense levou a cabo a representación de "Unha boda en Einibó". Comentase que por causa do mal tempo a ruta programada, da que se dá conta, tivo que sufrir algunha modificación que tamén se especifica. Recóllense as palabras dunha das profesoras que organizou a representación e dalgún dos protagonistas a respecto da posta en escena.

Fernández, Miguel A., "Catro producións de animación e unha triunfadora, a orixinal <De Profundis>", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 decembro 2007, p. 45.

Trata da colaboración galega na arte cinematográfica en dous niveis: a animación e a ficción. No eido da animación destaca *De Profundis* entre as catro estreadas pola súa orixinalidade técnica. En canto á ficción pon de manifesto unha situación menos positiva debido á desigual acollida popular e crítica así como á "dificultade para dispor de pantallas propias para estrear"; a pesar do cal se destacan feitos favorábeis como a revelación do autor ourensán Rodrigo Cortés e unha serie de títulos estreados que contaron con boas críticas, para rematar cunha mención ao homenaxeado Vicente Aranda.

Fernández, Miguel Anxo, "Ano récord en actividade cinematográfica en Galicia", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 243, 29 decembro 2007, p. 15.

Destácase o auxe do panorama cinematográfico galego en contraste co precario estado do cinema español. Neste eido saliéntase o aumento das coproducións de produtoras galegas con empresas foráneas, así como o cada vez maior número de actores galegos no cinema español. A animación sobresae "como preferida das produtoras autóctonas", achegando como dato de interese o nome dos filmes máis exitosos durante o ano 2007, así como algúns dos previstos para 2008. En relación aos autores menciónanse varios cuxas obras están á espera de estrea, así como outros cuxas obras tiveron acollida aceptábel, destacando entre eles ao ourensán Rodrigo Cortés como revelación. Finalmente reflíctese a elección de rodaxes nas terras galegas en diversos filmes, como *Canciones de amor en Lolita´s club,* de Vicente Aranda, coa participación dunha produtora galega.

Fernández, Xurxo, "La aventura narrativa de Corto Maltés", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 12 febreiro 2007, p. 80.

En primeiro lugar sinálase que Hugo Pratt é un dos máis destacados autores de cómic de

todos os tempos e que é o creador de Corto Maltés, personaxe querido por diferentes escritores que nomea e dos que mesmo cita as súas palabras a respecto dese personaxe. A seguir, dáse conta da publicación en galego da súa novela *Corto maltés. Balada do mar salgado* na colección "Costa Oeste" da editorial Galaxia. Fálase das influencias de Pratt nesta obra: Conrad, Stevenson e Borges. Tamén se fai eco da publicación do poemario *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, de Xavier Lama, e *O ourego e o compás*, de Baldo Ramos.

F. F., "Los más pequeños del municipio inauguran hoy 'As Casiñas da Lectura", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 5 xullo 2007, p. 10.

Dá conta da inauguración de "As Casiñas da Lectura", organizadas polo Concello de A Illa (Pontevedra) e a Biblioteca Municipal, e dise que teñen como obxectivo achegar o mundo da lectura tanto aos máis pequenos do municipio como, tamén, a todos aqueles que se atopen alí de vacacións.

F.F., "Kiko da Silva será el artista invitado en la celebración del Día da Biblioteca", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 21 outubro 2007, p. 10.

Faise eco das actividades que terán lugar no Concello da Illa de Arousa con motivo da celebración do Día da Biblioteca, entre as que destacan a presenza do ilustrador Kiko da Silva. Explícase que este traballará co alumnado dos centros, mostrándolles os seus deseños e que tamén terán lugar unha exposición e unha sesión de contacontos, a cargo de Caracol Sol Sol.

F. F., "Quesada presenta en Vigo un libro que recoge sus últimos 40 años en FARO", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 23 novembro 2007, p. 45.

Informa da presentación do libro *Chispas de Quesada*, publicado por Xerais e no que se recollen os corenta anos que Fernando Quesada traballou no xornal *Faro de Vigo*. Indica que o volume consta de duascentas viñetas e comenta que na presentación da obra estiveron o propio Quesada, Ceferino de Blas, director do xornal, e Manuel Bragado, director de Edicións Xerais de Galicia, dos cales achega os seus comentarios sobre a obra e o seu creador.

Fontenla A., Susy, "A maxia dos libros silencia Beluso", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo/Bueu", 9 maio 2007, p. 23.

Dá conta da visita da escritora Fina Casalderrey ao colexio Montemogos de Beluso, (Pontevedra), que se enmarca dentro da "XX Semana Cultural e das Letras Galegas". Coméntase que alí falou sobre as diferentes características que ten que ter un escritor para emocionar aos demais coas súas verbas e contestou diversas preguntas dos cativos.

Fontenla A., Susy, "Más de 150 niños participarán en las jornadas 'Entra nos contos 2007", *Diario de Pontevedra,* "O Morrazo/Marín", 26 decembro 2007, p. 8.

Refírese á presentación da terceira edición das xornadas "Entra nos contos" organizadas pola Asociación Cultural "Conto contigo" na Casa da Cultura de Santomé na que se ofrecen variadas actividades e talleres para nenos entre tres e doce anos como creación literaria, animación lectora ou obras de teatro. Dise que as xornadas se inician cun contacontos a cargo de Kiko da Silva e que presentan como novidade un obradoiro musical co obxectivo de recuperar cancións escritas en galego. Tamén se comenta que de igual xeito se farán actividades para pais como charlas sobre a importancia da lectura a cargo de Yolanda Castaño e Mercedes Vázquez ou presentacións de revistas como *BDBanda* e *Retranca*, a cargo do ilustrador Kiko da Silva.

Franco, Camilo, "As clásicas de mañá sen que pase o tempo", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", 8 marzo 2007, p. L9.

Entre outras informacións, fálase da exposición sobre o cómic *Golfiño*, sobre a montaxe d'*O burgués fidalgo*, por parte da compañía Morcego, e sobre o teatro que fala sobre as mulleres, que presenta a compañía Bolován.

Franco, Camilo, "Dygra será la primera productora europea en trabajar con Digital 3D", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 decembro 2007, p. 40.

Coméntase que o cuarto proxecto da produtora galega Dygra *Noche de ¿paz?* empregará tecnoloxía innovadora Digital 3D que suporá unha revolución no cinema pois produciranse imaxes distintas para cada ollo (tridimensionais) e ademais o soporte e a calidade da imaxe non se danarán coas sucesivas exhibicións, apostando pola tecnoloxía pioneira e a diferenciación. Saliéntase que a produtora iniciará unha campaña de sensibilización chamada "Más árboles, por favor", axudándose dos personaxes d'*O espíritu do bosque*, coa que se pretende inculcar na nenez o respecto pola natureza. Dise tamén que, en colaboración coa Xunta de Galicia e organizacións ecoloxistas, desenvolverá programas de divulgación dos bosques para concienciar do cambio climático e realizará miniespacios para as cadeas televisivas nos que se falen da conservación da natureza. Por último, apúntase que a produtora conta cun curto de animación, candidato aos "Premios Goya", *El bufón y la infanta*, de Juan Galiñanes, e que no ano 2008 se estreará *El espíritu del bosque*, dirixida por David Rubín e Carlos Pena.

Franco, Fernando, "Os contos de agardar", *Faro de Vigo*, "Mira Vigo", 26 setembro 2007, p. 12.

Breve comentario á aparición do volume *Contos de agardar* do que se indica que consta de dez pequenos cadernos con obras de autores como Neira Vilas, Carlos Reigosa ou Xavier Alcalá, que se distribuirán de xeito gratuíto entre os usuarios das comisarías de Policía.

Freire, David, "Pepe Carreiro demostración de dibujo en Cabanas", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Ciudad", 13 febreiro 2007, p. 11.

Dáse conta da visita de Pepe Carreiro a un colexio de Salcedo, nun acto enmarcado na programación do Salón do Libro de Pontevedra, e dise en qué consistiu o taller.

Frieiro, F., "O 'libro viaxeiro' comeza a súa andaina pola vila para fomentar a lectura", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 11 abril 2007, p. 17.

Faise eco do comezo en Vilanova de Arousa (Pontevedra) da campaña de fomento da lectura entre os máis novos coa actividade "o libro viaxeiro". Dise que consiste nun libro que estará nas diferentes casas de cultura do municipio para que os cativos que queiran participar enchan as súas páxinas de historias, anécdotas e ideas. Avísase tamén de que se realizarán obradoiros de marcapáxinas e murais e que se repartirán diversos premios entre os máis lectores.

Frieiro, Fátima, "Unos treinta niños ocuparán 'As Casiñas da Lectura' en la Biblioteca Municipal", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "A Illa", 3 xullo 2007, p. 12.

Dáse conta da presentación de "As casiñas da lectura", organizadas pola Biblioteca do Concello da Illa de Arousa. Explícase que é unha actividade coa que se quere familiarizar a cativos de entre seis e doce anos coa lectura e a expresión oral. Recóllense as palabras da Concelleira de Educación e Deporte, nas que sinala que son actividades abertas a todos os cativos da zona, mesmo aos que chegan de vacacións, entre eles un grupo de nenos e nenas saharauís.

García, Gonzalo, "Fran Ínsua asombra cos seus contos ós rapaces de Moraña", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 23 maio 2007, p. 6.

Sinala que o Concello de Moraña concluíu a súa programación cultural con motivo das Letras Galegas cunha sesión de contacontos a cargo de Fran Ínsua, na que participaron os alumnos de diversos colexios.

García, Gonzalo, "Percorrido cultural pola vila", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 23 maio 2007, p. 6.

Breve nota sobre a sesión de contacontos a cargo de Fran Ínsua, organizada polo Concello de Moraña, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Sinálase que tiveron lugar na Casa de Cultura A.D.R. Castelao e que a ela asistiu o alumnado de diferentes centros, que tamén puido ver unha exposición sobre a historia do libro.

García, Laura, "O terror apodérase da biblioteca pública de Catoira coa mostra 'Apaga a luz, teño medo", *Diario de Arousa*, "Arousa, un mar de cultura", "Exposición", 4 novembro 2007, p. 51.

Anúnciase a celebración dunha mostra colectiva de ilustradores e escritores galegos que terá lugar na Biblioteca Pública de Catoira coa temática central do medo. Explícase que

está organizada pola Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGAPI) e que foi elaborada para o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Sinálase que con "Apaga a luz, teño medo" se quere afondar nas sensacións e emocións que provoca o medo, ademais de en problemas da sociedade actual. Repásanse algúns dos nomes dos creadores participantes, como Antonio Reigosa, María Lado ou Marilar Aleixandre, ao carón de Noemí López, Xan Carpete ou Sergio Casas, entre outros. Destácase a variedade de propostas e estilos e dáse conta da liña argumental dos textos de Ramón Caride, Xosé Miranda, Uxía Casal ou Anxo Cuba, que van dende situacións reais a pequenos ensaios sobre a orixe do medo no home.

García, R., "Los animales protagonizan los nuevos libros infantiles y juveniles", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 marzo 2007, p. 46.

Faise eco, logo de citar a colección de historias *Cando os animais falaban* (2002), de Antonio Reigosa e Xosé Miranda, de que as editoriais acaban de publicar numerosas obras que teñen como protagonistas os animais. De Galaxia, destaca *O castrón de ouro* (2007), de Darío Xohán Cabana, *Ke-Tumba Ke-Tamba* (2007), de Xerardo Quintiá, *O vixiante dos soños* (2006), de Ana Carreira, e *A toupiña cegarata* (2007), de Ánxela Gracián. Da editorial Xerais menciona *Natasha e Dimitri* (2006), de Antonio Yáñez Casal, e de OQO Editora, a adaptación por Patacrúa ao galego do conto popular ruso *Loboferoz* (2006). En Factoría K, Katja Gehmann publicou *Cans de ribeira* (2006). Finalízase realizando un breve repaso polas novelas infantís e xuvenís publicadas en galego que veñen doutras linguas.

García, Rodri, "O sector do libro infantil e xuvenil publica 500 títulos ao ano en Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 31 marzo 2007, p. 48.

Comeza cunhas palabras de Xosé A. Neira Cruz, recollidas do *Anuario sobre el libro infantil y Juvenil*, nas que se afirma que a literatura infantil e xuvenil está pasando por unha "liña de progresión ascendente". A seguir, informa que Pepe Carreiro inaugurou a Feira do Libro Infantil e Xuvenil en Santiago coa presentación das novas aventuras d' *Os Bolechas* e a continuación anuncia as novidades editoriais máis destacadas para o mes de abril, como por exemplo a vixésima edición de *Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz.

García Márquez, Marta, "El Salón del Cómic incluye por primera vez al manga japonés", *Diario de Ferrol*, "A Coruña", p. 19/*El Ideal Gallego*, "Cultura", 7 agosto 2007, p. 17.

Con motivo da presentación do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" da Coruña, repásanse as figuras máis destacadas que acudirán a esta edición, entre as que se destaca o xaponés creador do estilo manga, Yoshihiro Tatsumi. Recóllense as palabras do director do evento, Miguelanxo Prado, quen sinala que a tendencia é a manterse e non aumentar, tanto no número de exemplares expostos coma no das casetas que os acollen no recinto.

G.M.O., "Os nenos reinventan a lenda de 'Carapuchiña Vermella", *La Opinión*, "A Coruña", 3 abril 2007, p. 10.

Dá conta do obradoiro para nenos "Debuxando historias", que impartiu Lara Pintos, ilustradora de relatos infantís e xuvenís na Biblioteca Infantil do Centro Galego de Arte e Imaxe co que esta institución celebrou o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.

G.M.O, "Estoy dibujando la historia de mi vida", *La Opinión*, "A Coruña", 15 agosto 2007.

Despois de indicar que con esta súa primeira visita a España Yoshihiro Tatsumi pretende coñecer o movemento da banda deseñada no noso país, pois afirma que cando publicou aquí por vez primeira descubriu que aínda había "una técnica muy atrasada", realízase unha breve entrevista ao autor na que sinala as diferenzas do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" da Coruña con outros de Francia ou EUA e fala do proxecto, sobre a súa vida, no que está traballando e dos lugares nos que o publicará. Finalmente, sinala a Osamu Tezuka como o seu ídolo, sen dúbida, cando era pequeno.

Gómez, Chus, "Dáme un debuxo e invento un conto", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 4 abril 2007, p. 6.

Infórmase do obradoiro para rapaces de 5 a 12 anos co que o concello de Caldas inaugurou o "Mes dos libros". Dise que fixeron marcapáxinas, que inventaron contos a partir de imaxes, que pintaron libros dos Bolechas, que completaron contos con pictogramas adhesivos, etc. Anúnciase unha sesión de contacontos, a cargo de Pavís-Pavós, para o 20 de abril.

Gómez, Joel, "La selección de una biblioteca terapéutica iniciará la literapia", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 22 abril 2007, p. L7.

Faise eco da iniciativa Literapia da Fundación La Rosaleda e dirixida por Darío Villanueva. Dise que nela tamén colabora profesorado da Universidade de Santiago de Compostela, Lennart Levi, do Instituto Karolinska de Estocolmo, e Marc Richelle, da Universidade de Lieja. Explícase que consiste en empregar os textos literarios no proceso de tratamento dunha persoa enferma. Segundo se indica está previsto estrear unha biblioteca terapéutica este verán cos enfermos de diálise, aos que seguirán os de esclerose múltiple, cancro e outras doenzas. Finalízase indicando que a escola de nenos ingresados Camilo José Cela, do Hospital Clínico de Santiago, tamén se vai unir ao proxecto.

Gradín, Tere, "Una feria 'de miedo", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 497, 27 xaneiro 2007, p. 2.

En primeiro lugar coméntase que do 4 ao 10 de febreiro terá lugar a oitava edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que nesta ocasión estará dedicado ao medo. A seguir, di que este ano Bernardino Graña será homenaxeado e que Brasil, o

país convidado, será representado nunha das exposición e a través de Ana María Machado e Rui Oliveira. Finalmente, fálase da temática do Salón e das novidades deste ano.

Gutiérrez, José Manuel, "A la lectura por el ejemplo paterno", *La Opinión*, "A Coruña", 25 novembro 2007, p. 8.

Dá conta da participación do escritor Agustín Agra na última sesión do Foro da Fundación María José Jove. Comenta que Agra tratou o tema da iniciación á lectura infantil e considera que a base se atopa no exemplo que dean os pais. Afirma que outro dos problemas é o escaso labor de innovación que amosan os centros escolares, onde os profesores propoñen sempre as mesmas lecturas. Por último, informa que no Foro se realizaron talleres infantís e actividades entre pais e fillos como métodos de animación á lectura.

Hernández, Imanol, "Las cien mejores viñetas originales de 'O Carrabouxo' se exhiben en una exposición", *La Región*, "Ciudad", 20 decembro 2007, p. 13.

Informa que o humorista gráfico, Xosé Lois González, celebra os 25 anos de vida do seu personaxe máis popular, "O Carrabouxo", a través dunha exposición-venta que se inaugura no Ateneo de Ourense. Explica como fixo a selección das viñetas e refírese ao personaxe citado, que foi evolucionando co tempo e ten trazos do seu creador.

Huerta, María de la, "Los jóvenes no se enganchan a los libros", *Faro de Vigo*, "Galicia", 6 decembro 2007, p. 24.

Sinala que os mozos galegos parecen ter alerxia á lectura, segundo se desprende dos datos do informe PISA, que sitúan a Galicia por enriba da media española, aínda que por debaixo da OCDE. Indica que estes resultados apenas sorprenderon aos profesionais do ámbito educativo e editorial de Galicia e recolle a opinión de diversas persoas vinculadas con estes sectores. Así, Xoán Costa, profesor de Lingua e Literatura Galega, considera que o sistema educativo non promove o suficiente o hábito de lectura, mentres que Antonio García Teijeiro reclama un maior esforzo da Administración para que as novas xeracións se interesen polos libros. Por outra parte, a coordinadora do programa de visitas escolares da biblioteca infantil e xuvenil da Coruña, Elena Pernas, responsabiliza aos pais e o director da editorial Kalandraka, Xosé Ballesteros, lamenta que tanto os pais coma a Administración "se empeñen en dar máis importancia aos contidos audiovisuais". En recadro á parte, estas persoas amplían os seus comentarios sobre o tema e achegan solucións ao caso.

Iglesias, Jesús, "Kalandraka e o empresario Manuel Fariña reciben os premios da cidade", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra. Ciudad", 12 xaneiro 2007, p. 6.

Dáse conta da entrega do Premio Cidade de Pontevedra á editorial Kalandraka polo seu labor de fomento da lectura entre nenos e mozos. Indícase que o xurado está composto por María Xesús López Escudeiro, Anxos Riveiro, Teresa Casal, Luciano Esperón,

Miguel Vázquez plaza, José Covelo, Blanca García Señoráns e Begoña Laya.

Iglesias, Óscar, "Kalandraka y OQO lanzan 50 nuevos títulos en 2007", *El País*, "*Galicia*", 5 xaneiro 2007, p. 32.

Informa, en primeiro lugar, de que, en 2007, a editorial Kalandraka calcula publicar trinta novas obras en 2007, entre as que se citan *Pegadas xigantes*, do ilustrador chileno Fernando Krahn; *O rapaz que quería aprender a voar*, de Alexandre Honrado e o ilustrador José Miguel Ribeiro e *Comandante Hussi*, baseado nos textos xornalísticos de Jorge Araújo e deseños de Pedro Sousa Pereira. A seguir, dá conta das perspectivas da outra empresa especializada no sector, OQO, que prevé editar vinte títulos, como por exemplo *Tres irmás ladroas*, de Xabier Arnal, *O cabaleiro pepino*, escrito por Carmen Gil e ilustrado por Ana Castagnoli, etc.

Jabois, Manuel, "Estaba colgado de Carapuchiña Vermella", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", "Vivir Aquí", 8 febreiro 2007, p. 75.

Entrevista a Manuel Rivas (A Coruña, 1957), onde, ademais de analizar diversos aspectos políticos, o escritor repasa brevemente as lecturas que máis o marcaron e define a literatura galega como "unha biodiversidade".

Jaureguizar, "Debuxos que non emigran", *El Progreso*, "Cultura", 12 abril 2007, p. 71.

Dáse conta do debate levado a cabo sobre banda deseñada en Lugo e da mostra sobre BD
Banda que se inaugurou na Facultade de Veterinaria da Cidade das Murallas. Dise que no debate participaron Henrique Torreiro, David Rubín, Manuel Veiga, Primitivo Marcos, Carlos Portela e Kiko da Silva. Tamén se recollen parte das declaracións de Portela e Da Silva, quen sinalan que o cómic galego está vivindo un bo momento, malia a falta de "sensibilidade institucional" ou das editoriais, salvo excepcións; o limitado número de lectores, que non abonda para manter publicacións unicamente en galego, etc. Sinálase que ambos os autores desbotan a posibilidade de publicar en internet, que Portela é partidario dunha "revolución temática" na banda deseñada e que Da Silva falou da facilidade e axilidade actual á hora de publicar e da importancia dos ordenadores.

Jaureguizar, "España leva ao Premio Lindgren a Fernández Paz e López Domínguez", *El Progreso*, "Vivir", 8 maio 2007, p. 79.

Alúdese á creación do Pemio Memorial Astrid Lindgren, que se concedeu por vez primeira en 2003 e é outorgado polo Goberno de Suecia a un autor de literatura infantil e xuvenil, a un ilustrador ou a un promotor da lectura. Sinálase cal é a dotación do premio e indícase que a Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil (OEPLI) decidiu presentar como candidatos españois a Agustín Fernández Paz e Xan López Domínguez. Achégase á vida e obra de Astrid Lindgren, así como a dos dous autores

galegos propostos.

J.P., "El CEIP Castrelo recupera la tradición oral con el libro 'Unha chega de contos", *Diario de Arousa*, "Cambados local", 15 decembro 2007, p. 09.

Faise eco da presentación *Unha chea de contos*, unha edición presentada polo CEIP Castrelo, que pretende promover o idioma galego. Sinálase que participou a práctica totalidade dos veciños de Castrelo, a través da recompilación por parte do alumnos. Indícase que o volume recolle dez contos e que os profesores colaboraron na selección de historias e na estruturación dalgúns textos.

L. A,"A nova BD Banda asoma en Lugo", *Galicia Hoxe*, 11 abril 2007, p. 28.

Refírese á saída á rúa do primeiro número da revista *BD Banda* na súa etapa de publicación profesional e dá conta da presentación celebrada en Lugo, no marco das xornadas *Anda na Banda*. Apunta datos como a tiraxe de dous mil exemplares en galego e outros tantos en castelán e a distribución en toda España, así como a presenza de autores galegos e do resto do Estado. Nas xornadas luguesas arredor do cómic, menciónase a presenza dunha exposición na Sala Isaac Díaz Pardo en Lugo e a participación de Kiko Da Silva nunha mesa redonda sobre a situación da banda deseñada en Galicia.

L.B., "Avós' que falan chinés, xaponés e coreano", *Diario de Arousa*, "Santiago", 20 marzo 2007, p. 53.

Faise eco do encontro que Chema Heras tivo co alumnado do colexio A Lomba, ao que lle falou do seu libro *Avós*. Comenta que esta obra foi editada por Kalandraka e que destaca non só por ser traducida ao chinés, senón que en breve tamén se poderá ler en xaponés e coreano. Refírese ás facetas de mestre, escritor e tradutor de Heras, así como alude á inclusión do citado relato na obra de teatro creada polo grupo Migallas por encargo da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Pontevedra.

Leiro, Xaime, "Adolfo Caamaño, o escritor pegado á realidade da terra", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", 12 maio 2008, p. 3.

Comeza referíndose ao labor narrativo de Adolfo Caamaño, que se recolle en títulos como *O paxaro do mel* (2006), que se centra nunha tribo da desaparecida Abisinia (hoxe Etiopía). Alúdese a outras obras do autor e sinala que ambientación perfecta é un dos aspectos creativos que máis atrae a este escritor, que vén de recibir o premio de poesía María Mariño.

L.O.C., "Los dibujantes gallegos triunfan en Madrid", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 187, 13 xaneiro 2007, p. 9.

Fálase do interese xurdido pola exposición retrospectiva (dende os anos 70 á actualidade) "La historieta gallega" que en Madrid amosa orixinais de ilustradores

galegos. Infórmase dos comisarios da exposición, así como dos períodos en que está dividida: "Los pioneros", "El underground", "La industria" e "El presente". De cada un destes períodos indícase algún exemplo do que a exposición acolle.

López, A. R, "Podería vivir do que escribo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 febreiro 2007, p. 35.

Infórmase da presentación en Santiago de Compostela do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, *A cova das vacas mortas* (2006), de Santiago Jaureguizar. Fálase do éxito de vendas deste libro e dos libros dirixidos á infancia e mocidade deste autor fronte a aqueles dirixidos a un lectorado adulto. Recóllense as palabras de Jaureguizar nas que fala do seu gusto pola súa profesión de xornalista e nas que declara que non descarta "dar o salto" á dedicación exclusiva á escrita. A seguir, coméntase o carácter polemizador deste escritor, que declara asombrarse do que oe en privado a escritores, editores e críticos. Conclúese dicindo que a Jaureguizar non lle atrae a temática da Guerra Civil.

López, A. R., Montse **Dopico** e S. **Noia** (coords.), "Ilustradores de libro infantil", *Galicia Hoxe*, "*Revista das letras*", n.º 669, 24 maio 2007, pp. 1-8.

Monográfico dedicado aos ilustradores de cómics destinados aos nenos que contén o seguinte artigo:

- M. Dopico e A. R. López, "Historias debuxadas", pp. 2-8.

Recollen e comentan as palabras de diferentes figuras destacadas no mundo da ilustración como Kiko da Silva, Manolo Figueiras, (presidente da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, Galix), Xosé Cobas, Andrés Meixide, Irene Fra, Cano Paz, Xan López Domínguez, Fino Lourenzo e Óscar Villán. Todos destacan a grande importancia que teñen as ilustracións tanto nos libros infantís coma nos xuvenís e fanse eco do bo momento polo que está a pasar. Reivindican que lles paguen o que lles corresponda polos dereitos de autor das súas creacións xa que, segundo afirma Kiko da Silva "coidar os dereitos de autor e coidar o noso patrimonio". Coinciden en que a situación actual do sector, inda que non é a ideal, si é moito mellor cá de antes xa que, entre outros factores, agora o nome do ilustrador tamén aparece nas cubertas da obra e destaca o importante papel que xogan as librarías, como ente distribuidor, e tamén as editoriais como Kalandraka e Oqo, ou a organización das diferentes exposicións, galardóns, concursos e obradoiros que se realizan. Tamén destacan a importancia da creación da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, que serve como nexo de unión entre os diferentes profesionais. A seguir apórtanse unhas notas bio-bibliográficas, xunto cun exemplo pictórico extraído do catálogo da exposición "Valdemar", organizada por Gálix e a Fundación Caixa Galicia, dos ilustradores: Xan López Domínguez, Andrés Meixide, Federico Fernández, Suso Cubeiro, Kiko da Silva, xosé Cobas, Irene Fra, Lázaro Enríquez, Ánxeles Ferrer, Miguelanxo Prado, Pepe Carreiro, Manuel Uhía, Óscar Villán e Fino Lorenzo.

López, Belén, "Un Salón do Libro terrorífico", *Diario de Pontevedra*, "ViviraQuí", 5

febreiro 2007, p. 67.

Dáse conta da inauguración do VIII Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra dedicado á literatura do terror. Dise que, malia a temática do Salón, na inauguración predominou o humor a cargo do grupo Pavís-Pavós. Coméntase cómo foi a posta en escena deste grupo e dáse conta das palabras da coordinadora do Salón, Helena Torres, da conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, e do alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, neste acto de inauguración. Sinálase tamén que Torres destacou a presenza dun país invitado como Brasil e a homenaxe a Bernardino Graña.

López, Belén, "Que Risto Mejide apoia Bd Banda?", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 6 febreiro 2007, p. 76.

Dise que no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra se deu a coñecer a iniciativa, anunciada para o mes de abril no marco do Salón do Cómic de Barcelona, da revista *BD Banda*. Sinálase que esta primeira revista profesional de cómic contará con dez series e tiraxe a nivel nacional. Noméase algún dos autores que participarán nesta iniciativa e recóllense algunhas declaracións, de Kiko Da Silva e Fernando Iglesia, a respecto do que *BD Banda* implica.

López, Belén, "Unha irmá pequena para o Salón do Libro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 6 marzo 2007, p. 74.

Infórmase que a Consellaría de Cultura se inspirou no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra para crear unha Semana da Lectura, que percorrerá toda Galicia baixo o título "Vai de medo". Tamén se citan diferentes accións que se van a levar a cabo na citada Semana, entre as que se atopan unha exposición de novidades editoriais, outra de ilustración galega e actividades da animación á lectura (contacontos, obradoiros para o alumando, etc.). Noméanse os lugares polos que vai pasar esta iniciativa e detállanse máis actividades dirixidas ao alumnado e profesorado, ademais de falar do éxito acadado polo Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que contou cunha asistencia dunhas 20.000 persoas.

López, Belén, "Nove Barsowias", *Diario de Pontevedra*, "É venres! Fin de semana", 20 abril 2007, p. 3

Refírese ao nacemento da revista *Barsowia* na cidade de Pontevedra, cando moitos dos autores pertencentes ao colectivo estudaban Belas Artes na cidade. Pon de relevo a traxectoria da publicación, que comezou sendo un fanzine e hoxe acolle o maior número de autores galegos, chegou a editar nove números e opta aos premios que se conceden no Salón do Cómic de Barcelona. Recolle tamén as reflexións de Kike Benlloch, un dos impulsores do colectivo, quen salienta o funcionamento asembleario do grupo, o espírito independente que manteñen e a súa paixón polo cómic. Sinala que o panorama editorial en Galicia non mudou dende a creación do colectivo, pois "segue practicamente igual de ermo" e os autores publican no resto do Estado con facilidade mentres que aquí só o poden facer tras moitos esforzos.

López, Belén, "¿Cal é a cousa que máis doe do mundo?, *Diario de Pontevedra*, "Diario de Caldas", 30 maio 2007.

Anuncia que rematou no Concello de Caldas a programación de maio de animación á lectura para os máis pequenos cunha sesión de contacontos para nenos de catro a nove anos. Dise que as encargadas desta sesión de contacontos na Biblioteca Municipal foron as responsábeis desta e que relataron *O lobo feroz*, *Avós*, *Chivos, chivóns* e *A cousa que máis doe do mundo*.

López, Belén, "Un cómic Con-Sentido", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 5 xuño 2007, p. 84.

Informa de que o ilustrador pontevedrés Xoán Arellano colaborou coa ONG Solidaridad Internacional na organización da exposición "Comercio Con-Sentido" na Biblioteca Pública de Pontevedra. Dise que o obxectivo é denunciar o sistema de produción e distribución que asoballa aos produtores dos países en desenvolvemento, primando sobre todo o beneficio do empresario occidental.

López, Lidemar, "Aprender a sentirse mejor", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "Patio de vecinos", 11 setembro 2007, p. L16.

Nesta sección fixa dáse conta, entre outras novas da cidade, do inicio do IV Curso de Formación Continua "As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico. A súa influencia na formación lectora". Explícase que está dirixido por Pedro Lucas e Blanca Roig e que nel participaron especialistas en teatro infantil especialistas.

Lorenzo, C., "O mito da mocidade que xa non le", *A Nosa Terra*, n.º 1.275, "Cultura", 5-11 xullo 2007, p. 26.

Reflexión sobre o descenso da lectura entre os máis novos. Afirma que o panorama non é tan desalentador como o fan ver algunhas editoriais e realiza unha comparación coa situación existente na súa infancia, onde era moito peor.

Lorenzo Gil, César, "Corto Maltés en Galiza", *A Nosa Terra*, n.º 1.258, 1-7 marzo 2007, p. 31.

Informa de que a editorial Galaxia acaba de publicar a novela *Corto Maltés. Balada do mar salgado*, de Hugo Pratt, vertida ao galego por Ánxela Gracián, onde se narran as aventuras do heroe da banda deseñada, Corto Maltés, cando se cumpren corenta anos da súa creación. Tamén sinala que *Corto Maltés. O filme* está dirixido polo francés Pascal Morelli e que nel se recrea a historia relatada no álbum *Corto Maltés en Siberia*.

Lorenzo Gil, César "Fóra de Xogo' cumpre 100 libros", *A Nosa Terra*, n.º 1.261,

"Cultura", 22- 28 marzo 2007, p. 30.

Despois de aludir ás colecciónss "Xabarín" e "Merlín" de Edicións Xerais, centra o seu comentario na colección "Fóra de Xogo", que na súa primeira fornada ofreceu catro títulos: *A sombra cazadora*, de Suso de Toro, *Tristes armas*, de Marina Mayoral, *Asústate, Merche!*, de Fina Casalderrey, e *Flanagan de luxe*, de Andreu Martín e Jaume Ribera. Así mesmo, recolle a opinión de Manuel Bragado sobre "Fóra de Xogo", que xa vendeu aproximadamente cincocentos mil exemplares e conta con máis de dez títulos, que xa van pola décima edición. Tamén sinala que os seus títulos son os que máis se traducen, ao mesmo tempo que a colección serviu para acoller textos representativos da literatura actual. Por outra parte, comenta que fixo "revivir" clásicos da literatura galega adecuada á rapazada e agromar iniciativas como "Costa Oeste" e "Periscopio". Ademais anuncia que, ao mes tempo que sae o número 100 de "Fóra de Xogo", aparecerá a nova colección "Xabaril", refundición da clásica "Xabarín" con novo formato.

Losada, A., "Marca galega no Saló del Cómic", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 marzo 2007, p. 29.

Nota na que se informa da presenza galega nos Premios do XXV Salón do Cómic de Barcelona comezando polo ourensán David Rubín, do que se di que está nomeado en catro áreas, polo álbum *A tetería do oso malaio*, e o coruñés Alberto Vázquez, que ten dúas, pola obra *Psiconautas*. Sinálase tamén que as revistas *Barsowia* e a obra colectiva *Puñetas dende o Atlántico* compiten na categoría de mellor fanzine.

Losada, A., "A BD entra na Xunta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 abril 2007, p. 29.

Faise eco do acto da presentación do programa de apoio e difusión da banda deseñada realizado pola da Consellería de Cultura, que terá como primeiro froito visíbel a instalación dunha caseta colectiva no Saló de Barcelona, na que se reunirán a todos os autores e proxectos do sector en Galicia baixo a marca Banda Deseñada Galega. A seguir informa que, tamén froito dese proxecto, naceu a Mesa da Banda Deseñada, formada, ademais de pola Consellería, pola Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, as asociacións Polaquia e BD Banda, as Xordanas da Banda Deseñada de Ourense, o Festival "Viñetas desde o Atlántico" e o Consello da Cultura Galega. Inclúe tres epígrafes nos que se ofrecen diferentes datos relacionados.

Losada, A., "En galego, ¡por Tutatis!" *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 maio 2007, p. 40.

Faise referencia á campaña iniciada pola Ciberirmandade da Fala e a Mocidade pola Normalización Lingüística consistente na recollida de sinaturas para solicitar que o último álbum publicado das aventuras de Asterix, *O ceo cáenos enriba*, se traduza ao galego.

Losada, Antón, "Unha nova BD Banda", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 marzo 2007, p. 27.

Saliéntase o feito de que a revista *BD Banda* deixase de ser un fanzine para se converter en revista profesional que estará nas librarías de toda España grazas á unha edición bilingüe que contará con corenta e oito páxinas a cor e unha tiraxe conxunta de catro mil exemplares. Recóllense as palabras do director da publicación, Kiko Da Silva, que salienta a importancia de chegar a todos os mercados posíbeis cun produto que pode tirar do gueto a banda deseñada galega e favorecer, grazas ás vendas, pagarlles un salario digno aos colaboradores. Apunta tamén que a partir de agora a revista publicará autores de todo o Estado traducidos ao galego, como Albert Monteys, director de *El Jueves*, Javier Olivares, autor de *Astro, valente explorador*, ou Felipe Fernández Cava, un dos impulsores da revista de historietas de vangarda *Madriz* nos anos oitenta. Destácase tamén que un dos contidos deste novo número é unha entrevista con Miguelanxo Prado e que teñen previstas presentacións en Lugo e no Saló do Comic de Barcelona no mes de abril, onde a publicación contará cun posto de exposición e venda.

Losada, Antón, "Polaqia, un momento dourado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 maio 2007, p. 30.

Nova que dá conta da presentación, coincidindo co sexto aniversario do colectivo Polaqia, do noveno número da revista *Barsowia*, co que acadaron o premio ao mellor fanzine no Salón do Cómic de Barcelona. Ademais, indícase que o colectivo participa na campaña de promoción do cómic galego que iniciou a Consellería de Cultura. Recóllense as declaracións do actual presidente de Polaqia, Hugo Covelo, quen agradece o apoio institucional que está a recibir o xénero, aínda que reclama que se traduza nun impulso para a creación e a edición de historietas. Saliéntase tamén que a revista *BD Banda* deixou de ser un fanzine para se converter en revista profesional.

L.R., "Un libro lleno de preocupación ambiental", *La Región*, "Ourense", 15 xaneiro 2007, p. 9.

Refírese á publicación d'*Un día na vida dunha árbore*, que recolle os debuxos e relatos de escolares e pretende servir de vehículo canalizador da preocupación e sensibilidade ambiental. Por outra parte, alúdese aos galardoados e á dotación dos premios.

L. R., "A literatura infantil do arousán Chema Heras conquista o continente asiático", *Diario de Arousa*, "Arousa un mar de cultura", "Libro", 25 marzo 2007, p. 35.

Faise eco da tradución ao chinés do álbum infantil de Chema Heras, *Avós* (2002 Kalandraka), que pronto verá tamén a luz en coreano e xaponés. Destácase o grande éxito que tivo a obra, debido en parte, á gran calidade estética e literaria que posúe e indícase que conta a historia dunha parella de anciáns que mantén inalterábel o amor que os uniu cando eran mozos. A seguir, menciónase a boa relación que existe entre as dúas editoriais que intercambiaron diversos títulos debido a que teñen unha metodoloxía e filosofía de traballo similares.

L. R., "Bata e Kalandraka crean contos á medida de persoas con problemas de comunicación", *Diario de Arousa*, "Arousa, un mar de cultura", 8 abril 2007, p. 9.

Infórmase da posta en marcha en 2004 por Kalandraka e BATA (Baión Asociación Tratamento do Autismo) da colección "Makakiños" na que se emprega o sistema de comunicación pictográfica que permite achegar a literatura a persoas con discapacidade psíquica, trastornos de desenvolvemento ou de comunicación. A seguir, dáse conta polo miúdo das diferentes fase do labor levado por BATA e Kalandraka para a realización das diferentes historias que conforman "Makakiños" e coméntase como interpretan os nenos e nenas con problemas estas historias. Finamente, dise que Kalandraka e BATA están traballando en novos títulos desta colección, logo do éxito xa alcanzado.

L.R., "Picallo repasa aos homenaxeados nas Letras Galegas a través das aventuras de Tilirín", *Diario de Arousa*, *"Arousa, un mar de cultura",* "E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós ...", 27 maio 2007, p. 27.

Centra o seu comentario en *Tirilín e os escritores das letras galegas*, de Héitor Picallo, no que "abundan os gráficos e os conceptos sinxelos" para que os nenos interioricen e coñezan a aqueles homes e mulleres que loitaron pola cultura e a lingua galegas. Describe o volume, no que se repasan as figuras homenaxeadas nas Letras Galegas, dende Rosalía de Castro até María Mariño, ás que lles engadiu Ánxel Casal e Xohán Xesús González. Achega o argumento desta última entrega e dos tres anteriores títulos de Tirilín, ademais de reproducírense as opinións de Picallo sobre as traducións ao galego e o valor de ter unha lingua e cultura propias.

LR, "Lectura al aire libre para los más pequeños de O Barco", *La Región*, "Valdeorras", 3 xullo 2007, p. 16.

Dáse conta das actividades organizadas polo Concello do Barco dirixidas aos rapaces de entre catro e doce anos. Destácase entre as iniciativas a biblioteca ao aire libre, as sesións de cinema ou os talleres e contacontos.

LR, "La Banda Deseñada apuesta por los autores emergentes con muestras de Vermut y Lorente", *La Región*, "Ciudad", 4 outubro 2007, p. 11.

Anúnciase a celebración dunha nova edición das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, na que se destaca a aposta por novos valores. Repásanse os escenarios nos que terá lugar "a festa galega do cómic" e as diferentes exposicións, entre elas a que repasa os dez últimos anos da banda deseñada galega.

LR, "El cómic pasa por la probeta del 'laboratorio", *La Región*, "Ciudad", outubro 2007, p. 11.

Dáse conta da celebración, dentro das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, de Lab-Ou (Laboratorio galego de banda deseñada). Recóllense as palabras de Henrique Torreiro, coordinador da iniciativa, nas que explica que se trata de elaborar unha proposta conxunta de diferentes ilustradores. Anúnciase a presenza dalgúns deles e a presentación de *Trasmallo e a Santa Compaña* (2007), de Gochi; a entrega de Premios

GZcrea2007 e o Premio Ourense de Banda Deseñada, que foi outorgado a Polaqia. En columna á parte repásanse as diferentes exposicións e os lugares que as acollen.

Mallo, A., "Campo: 'Valoro que mo desen os compañeiros", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Infantil", 7 maio 2007, p. 31.

Infórmase da entrega dun dos premios concedidos pola Asociación de Escritores en Lingua Galega a Marica Campo polo libro *Abracadabras*. Dise que este título xa recibira o premio Arume, outorgado pola Fundación Neira Vilas, pero que nesta ocasión a autora valora o feito de que fose outorgado polos seus compañeiros. Así mesmo, sinálase que lle outorga un valor especial por tratarse dun premio que se outorga "se intervención ningunha do autor". Finalmente, reprodúcense as palabras de Marica Campo a respecto da estrutura do poemario e sinálanse os títulos doutros libros xa publicados e dun novo xa no prelo: *Sextilario: 36 máis 3*.

Mallo, A., "Primeira presenza xaponesa en 'Viñetas desde o Atlántico", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 75/"Xapón chega ao Atlántico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xuño 2007, p. 26

Adianto do programa que configurará a décima edición do Salón do Cómic "Viñetas dende o Atlántico". Ademais de repasar a nómina de figuras internacionais que van estar presentes, tamén se sinala que vai ter lugar unha exposición retrospectiva de cómic galego con exemplares de autores presentes nalgunha edición do salón, así como carteis anunciadores das edicións anteriores, entre eles o de Miguelanxo Prado, director do evento e autor do primeiro. Remátase sinalando os lugares nos que van ter lugar os actos.

Mallo, Albino, "Comeza o Salón do Cómic", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 67, "Xa van dez anos de cómic na Coruña", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 agosto 2007, p. 36.

Faise eco da presentación por parte do tenente de alcalde e concelleiro de festas do Concello da Coruña, Carlos González-Garcés, e do director do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico", Miguelanxo Prado, da décima edición deste evento. Repásanse as figuras internacionais que van participar, das que se sinalan as súas obras máis representativas. En columna á parte indícase que en representación galega estarán os gañadores do Premio Castelao de Banda Deseñada, convocado pola Deputación da Coruña, Antonio Seijas coa obra *Un home feliz*, e Jacobo Fernández, con *Aventuras de Cachuequí*.

Mallo, Albino, "Tatsumi, a gran figura do cómic", *El Correo Gallego*, "Cultura", 15 agosto 2007, p. 75.

Coméntase cómo foi a presenza do debuxante Yoshihiro Tatsumi no Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico". Dise que explicou as características dos seus debuxos. Lémbrase cómo comezou no mundo da ilustración e sinálase que aos vinte anos se iniciou no manga de maneira diferente á moda do momento. Finalmente, cítanse aqueles

títulos cos que revolucionou o cómic xaponés e fálase do termo "gekiga" que en 1957 acuñou para designar unha maneira innovadora de facer manga. Tamén se comenta que foi o primeiro autor manga en publicar en *El Víbora* e cítanse os seus títulos máis recentes.

Mallo, Albino, "A conta atrás', unha historia del 'Prestige' dibujada por San Julián", *El Correo Gallego*, "Cultura", 16 agosto 2007, p. 68/"O 'Prestige', en cómic", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 agosto 2007, p. 27.

Dáse conta da presentación do primeiro tomo, no marco das actividades realizadas no Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico", d'*A conta atrás*, do catalán Sergi San Julián. Recóllense as palabras do ilustrador que fala de cómo construíron a historia relacionada coa marea negra causada polo Prestige. Anúnciase que o segundo tomo deste libro será presentado na Feira do Cómic de Barcelona e tómanse as palabras de San Julián arredor do contido e a súa opinión sobre o guión de Carlos Portela. Finalmente, ofrécense algúns datos do traballo de San Julián, indícase cómo entrou en contacto con Portela e dáse conta do éxito acadado polo ilustrador coas súas obras. Tamen se puntualiza que "alterna la realización de novelas gráficas con la elaboración de dibujos y viñetas para distintos periódicos".

Mallo, Albino, "Tarrío: 'O cómic tamén ten unha construcción literaria", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 agosto 2007, p. 28.

Infórmase da presentación, realizada por Anxo Tarrío, do número monográfico dedicado ao cómic, *Olladas do cómic ibérico*, do *Boletín Galego de Literatura* que tivo lugar no marco do Salón Internacional do cómic da Coruña "Viñetas desde o Atlántico". Recóllense algunhas das declaracións de Anxo Tarrío no acto de presentación a respecto da vinculación do cómic coa narrativa, sobre a decisión de publicar un monográfico no *Boletín* sobre esta temática, etc. Tamén se comenta que o profesor Antonio Gil fixo referencia á atención que se lle comeza a prestar ao cómic na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Mallo, Albino, "O Capitán Torrezno tamén actuará en Galicia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 agosto 2007, p. 25.

No marco do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" da Coruña, anúnciase que a serie protagonizada polo Capitán Torrezno, e de grande éxito en España, do ilustrador Santiago Valenzuela, terá como escenario nunha próxima entrega a Costa da Morte. Adiántase que o bo coñecemento de Galicia deste ilustrador de orixe donostiarra, pero fillo de galego, é porque veranea entre Vigo e a Coruña.

Mallo, Albino, "Miguelanxo Prado: 'O Salón do Cómic está consolidado", *El Correo Gallego*, "Cultura", 20 agosto 2007, p. 59.

Recolle as palabras de Miguelanxo Prado, ao finalizar o Salón Internacional do Cómic "Viñetas desde o Atlántico", onde destaca a consolidación da oferta e a progresión dos

artistas galegos, que, en numerosos casos teñen o cómic como unha profesión. Realiza un repaso polas principais características do evento, que ten como obxectivo principal presentar diante do público un panorama amplo da situación actual da banda deseñada no mundo apostando sempre pola diversidade, sen deixar de lembrar tamén os comezos.

Malvido, Gemma, "O universo de Martiño e o mar", *La Opinión*, "A Coruña", 5 maio 2007, p. 11.

Sinálase que *Martiño e o mar* é un libro disco que recrea un mundo nacido por e para os nenos, aínda que tamén comprensíbel polos adultos. Coméntase que, segundo a súa autora, Susana Rei, quedan ben claros os valores do desenvolvemento e da ilusión pola creación dun mundo mellor. Así mesmo, recóllese a opinión das persoas que presentaron este volume, no que a súa autora mestura as técnicas de debuxo e fotografía nas súas ilustracións e que ofrece unha porta aberta cara á interculturalidade, coa introdución de verbas inventadas ou traídas doutros idiomas. Por último, alúdese á súa edición e ao feito de que a Deputación da Coruña participa neste proxecto coa compra de mil exemplares para distribuílos entre diferentes centros de ensino.

Malvido, Gemma, "La 'leyenda viva del manga japonés' expone en 'Viñetas desde o Atlántico", *La Opinión*, "A Coruña", 7 agosto 2007, p. 13.

Percorrido polas principais sedes do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico", na súa décima edición. Recóllense as palabras do seu director, Miguelanxo Prado, quen destaca a dificultade de contar con representantes femininas deste sector da creación e salienta a adscrición da maioría das obras á novela gráfica, como decidira o comité organizador. En columna á parte recóllense os lugares onde estarán expostos os traballos participantes e os seus autores.

Malvido, Gema, "Viñetas de esperanza y luz", *La Opinión*, "A Coruña", 15 agosto 2007, pp. 12-13.

Refírese á asistencia do presidente da Xunta de Galicia ao Salón do Cómic da Coruña, que nesta décima edición alcanza a súa "madurez", ao contar con personaxes que crearon historia coa súa maneira de entender o mundo da banda deseñada. Ademais doutra información, alude ao diverso material que acolle este Salón e faise eco dos actos do día, entre os que está a presentación de "Golfiño en Portada" de Fausto Isorna ou a presentación do primeiro xogo de rol realizado en galego, *As crónicas de Gáidil*.

Malvido, Gema, "A Coruña, en viñetas", *La Opinión*, "A Coruña", 17 agosto 2007, p. 10.

En primeiro lugar comenta que nas cinco sedes do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" da Coruña acollen diferentes exposicións ás que se poderá achegar o público até o próximo domingo día 19. A seguir, dá conta polo miúdo do que se presenta en cada unha das sedes. Así, comenta que o Kiosko Alfonso acolle orixinais de Yoshiri Tatsumi, bocetos de Tim Sale e esquemas de *La vuelta atrás* de Sergi San Julián, Jean

Louis Tripp y Etienne Davodeau. Na sala municipal de Palexco orixinais da Ruta Modan, bocetos de Jeff Smith, de Juanjo Sáez e de Santiago Valenzuela; a mostra "La novela gráfica", comisariada por Álvaro Pons, e a exposición "Los tebeos a la luna de Valencia". Tamén indica que esta sala acolle a exposición de Toni Guiral, "Barcos de papel". Na sala do Palacio Municipal de María Pita dise que se pode ver a mostra comisariada por Antonio Martín "El tebeo político durante la transición democrática" e na Casa da Cultura de Duran Loriga a banda do ilustrador Jacobo Fernández Serrano gañadora da segunda edición do Premio Castelao. Finalmente, noméanse os personaxes que nas rúas coruñesas acompañan aos viandantes.

Malvido, Gemma, "A mostra 'Dez anos de viñetas' viaxará á Habana o próximo ano", *La Opinión*, "A Coruña", 17 agosto 2007, p. 11.

Dáse conta do acto público onde se deu a coñecer a renovación da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI). Entre outras informacións, dous dos seus representantes destacaron que a exposición *Dez anos de viñetas* o vindeiro ano se realizará na Habana. Nunha nota á parte anúnciase que a creadora israelí Rutu Modan e o debuxante francés Etienne Davodeau firmarán exemplares.

Malvido, Gemma, "Oitenta autores participan na mostra 'Plantando libros", *La Opinión*, "A Coruña", 9 novembro 2007, p. 12.

Dáse conta da celebración na Biblioteca González-Garcés da mostra "Plantando libros", composta por oitenta propostas de ilustradores, ás que autores diversos lles poñen letra. Adiántase que esta mostra, na que o proceso de creación é inverso ao habitual, terá como próximo destino o Salón do Libro da Habana no mes de febreiro.

maré, "Forxando o porvir dos lectores", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 febreiro 2007, p. 26.

Anúnciase a inauguración da VIII edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra no Pazo da Cultura. Dise quen estará presente no acto de apertura e outras actividades que terán lugar. Así, coméntase que haberá diferentes sesións de contacontos, representacións teatrais, talleres, presentación e mesas redondas.

maré, "Un libro galego entre os dez mellores do mundo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 febreiro 2007, p. 31.

Nota na que se destaca que a obra *O armiño dorme* (2003), de Xosé A. Neira Cruz, foi elixida polo Banco do Libro de Venezuela como un dos dez mellores do mundo.

maré, "Carlos G. Meixide presenta hoxe en papel 'O home inédito", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 marzo 2007, p. 29.

Anúnciase a presentación no pub Medusa d'*O home inédito*, de Carlos G. Meixide. Indícase quen participará na presentación, coméntase a orixe e éxito da obra en internet e dáse conta do seu argumento.

maré, "Ler para podermos voar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 abril 2007, p. 28.

En primeiro lugar informa de que, para conmemorar o Día do Libro Infantil e Xuvenil, o xornal *Galicia Hoxe* publica a novela *Capitán araña*, de Rafael Lema, publicada xa por Sotelo Blanco e que se entregará de balde co xornal. Logo sinala que a editorial Kalandraka, que celebra o seu noveno aniversario, publicará os álbums *Nadarín* e *Inventando números*, de Leo Lionni e Gianni Rodari respectivamente, e tamén as obras lusas *Comandante Hussi* e *O neno que aprendeu a voar*. Para finalizar anuncia que a editorial estará presente na VII Campaña de Animación á Lectura que terá lugar na Galería Sargadelos de Santiago e na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. Nun epígrafe a parte afirma que a II Feira do Libro Infantil e Xuvenil Galego tivo un grande éxito

maré, "Bandeira da BD galega", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 abril 2007, p. 31.

Faise eco da primeira participación da banda deseñada galega no "Saló del Cómic de Barcelona" que se realizará nunha caseta conxunta baixo a marca Banda Deseñada Galega. Repásase tamén a lista dos galegos que optan a algún premio e sinálase que, ante o gran éxito acadado a Xunta de Galicia organizou diversas actividades coincidindo co Saló, como por exemplo, a exposición "A Historieta galega" na Galería Sargadelos da cidade, a que lle seguirá " A banda avanzada".

maré, "Asterix deixou de falar a nosa lingua", *Galicia Hoxe*, 21 abril 2007, p. 27.

Dise que a Mesa pola Normalización Lingüística denunciou que a edición especial de Asterix, conmemorativa dos oitenta anos de Uderzo, non está á venda en galego. Coméntase que dende que Salvat Bruño se fixo cargo das aventuras de Asterix este deixou de falar na nosa lingua.

maré, "As mellores en infantil e xuvenil", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 abril 2007, p. 28.

Dise que *Smara* (2006), de Paula Carballeira, *A sombra descalza* (2006), de An Alfaya, e *A princesa do Courel* (2006), de Patacrúa, figuran na listaxe do catálogo White Ravens da Biblioteca Internacional da Mocidade de Munic. A continuación, dáse conta das obras galegas seleccionadas o ano anterior. Finalmente, sinálase que as obras estarán nun expositor propio na Feira Internacional do Libro de Boloña e que logo permanecerán no depósito da recoñecida biblioteca, aínda que o catálogo se poderá consultar en internet como vén sendo habitual dende 2006. No recadro "Datos" infórmase que os galegos foron seleccionados por primeira vez neste catálogo en 1985 e que a partir dese momento a súa presenza é constante.

maré, "O estilo galego, entre os mellores", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 maio 2007, p. 35.

Informa da exposición "Listos para leer. Diseño de Libros en España" que ten lugar no Círculo de Belas Artes de Madrid e que está organizada pola Sociedade estatal para o desenvolvemento do Deseño e da Innovación. Dise que ten como principal obxectivo ofrecer unha aproximación á edición bibliográfica dende o punto de vista dos deseñadores gráficos. Entre os exemplares galegos destacan os presentados por Kalandraka Editora: *A merliña, Aquiles o puntiño, 29 historias disparatadas* e *Smara*, ilustrados e deseñados por Isidro Ferrer, Neus Bruguera, Carole Hénaff e Marc Taeger. Tamén se cita a publicación presentada por Edicións Xerais de Galicia, unha obra deseñada por Miguel Ángel Vigo para a colección "Ablativo Absoluto", o catálogo do Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago, deseñado para a exposición "Richar Tuttle, Memento Centre", e tamén a guía *Camiño de Santiago, patrimonio mundial*, editada pola Xunta de Galicia. Finalmente sinálase quen é o comisario da exposición e dise que as obras se complementan no catálogo con diferentes textos de escritores, editores, deseñadres, etc.

maré, "Exposición do galego Tirso Cons en Madrid", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 agosto 2007, p. 27.

Dáse conta da próxima inauguración dunha exposición do historietista pontevedrés, Tirso Cons, na Biblioteca Pública do Retiro de Madrid. Destácase deste autor nado no ano 1979 a súa traxectoria e o éxito que ten en países como Francia, ademais dalgún dos seus títulos, como *O Ollo do Diaño*, premiado no Festival de Moulins.

maré, "Amplíase a Rede Temática do Centro Ramón Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 setembro 2007, p. 29.

Nota na que se anuncia a ampliación da Rede Temática de Investigación LIJMI ao ámbito Iberoamericano. Tamén se sinala que a Secretaria Xeral de Política Lingüística, Marisol López, estivo presente na reunión que celebraron os membros deste colectivo no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

maré, "As bibliotecas galegas soñan coa ilustración", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 outubro 2007, p. 30.

Dáse conta da convocatoria de axudas para levar a cabo a decoración de dez bibliotecas con traballos de ilustradores galegos. Cóntase que a iniciativa tivo como precedente a intervención de Kiko da Silva en Pontevedra e que está apoiada por outras convocatorias como as que a Consellaría de Cultura levou a cabo para a informatización de diversas bibliotecas, para a creación de clubs de lectura, das Ciclobibliotecas ás aldeas, exposicións ou o programa "Lendo espero", no que se instalaron puntos de lectura en centros de saúde. Remátase referíndose ao curso de formación de bibliotecarios e animadores levado a cabo por esta Consellaría co fin de renovar e modernizar a Rede de Bibliotecas.

Margarito Flowers, "Alvite triunfa con sus 'Almas del nueve largo' y míster Perozo publica un nuevo libro infantil", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 6 xullo 2007, p. 80.

Entre outras novas, coméntase que Xosé Antonio Perzo vén de publicar *El ombligo de Omblivicus* en Algar dentro da colección "Calcetín". Dise que vai dirixido a mozos maiores de doce anos e dáse conta do argumento.

Martínez, Celia, "La 'Semana do Libro' reúne a 200 estudiantes en Moaña", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/Cultura", 13 marzo 2007, p. 76.

Faise eco das distintas actividades da Semana do Libro e a Lectura, que se celebra na Casa da Mocidade de Moaña ao redor do sentimento do medo. Entre as actividades que menciona, están os talleres de ilustración e de escrita ou exposicións, así como un curso homologado de literatura a cargo de Agustín Fernández Paz.

Martínez, Celia, "Disney se dibuja en Cangas durante el 'Salón del Cómic", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", "Vivir verán", 5 xullo 2007, p.69.

Faise eco da celebración do XI Salón do Cómic de Cangas no que participarán os debuxantes Juanjo Guarnido, Juan Díaz Canales, Fernando Iglesias e Kenny Ruíz. Inclúe unhas notas bibliográficas sobre eles.

Martínez, Celia, "El Salón del Cómic de Cangas cumple su undécimo aniversario", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", "Vivir Verán", 17 xullo 2007, p. 59.

Informa do acto de inauguración do XI Salón do Cómic en Cangas no que participaron, entre outros, os debuxantes Juanjo Guarnido, Kenny Ruíz, Juan Díaz Canales e Fernando Iglesias, e onde se realizarán tres grandes exposicións cos traballos presentados nas categorías do certame deste ano e tamén coas obras realizadas por debuxantes de anteriores certames.

Martínez, Celia, "Quijotes y Mafaldas en Cangas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Verán/Cultura", 18 xullo 2007, p. 67.

Infórmase sobre os talleres que se levaron a cabo no XI Salón do Cómic de Cangas, no que os nenos e nenas asistentes fixeron os seus propios deseños atendendo ás indicacións do ilustrador Julius. Recóllense as impresións dalgúns asistentes nas que se refiren aos seus propios deseños e o que máis lles gusta do debuxo.

Martínez, Celia, "La cara oculta del cómic", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", "Vivir Verán", 19 xullo 2007, p. 77.

Infórmase da entrega de premios que tivo lugar no marco da undécima edición do Salón do Cómic de Cangas. Dise quen foron os galardoados na categoría A e B.

Matamoros, José, "Objetivo, la paz mundial", *La Voz de Galicia*, "Patio de vecinos", 12 abril 2007, p. L16.

Entre outras noticias, José Matamoros informa que a editorial Abraxas2 acolleu un taller de ilustración sobre a Carrapuchiña Vermella e as súas diferentes representacións nos diferentes lugares do mundo. Dise que esta actividade, que se enmarca no programa da VII edición da campaña de animación á lectura que organiza Kalandraka e o Concello de Santiago, correu a cargo de Marc Taeger.

Mato, Mar, "Outro outono entre libros galegos", *La Opinión*, "Cultura", 9 setembro 2007, p. 60.

Dáse conta dalgunhas novidades editoriais con motivo do inicio dun novo curso académico. Comézase destacando a aparición dunha nova entrega de autores como Paul Auster, Alfredo Conde, Sechu Sende, Teresa Moure ou Xosé Neira Vilas, xunto coa publicación da primeira novela gráfica galega, *A conta atrás*, de Carlos Portela. A seguir, céntrase na liña de traballo dalgunhas editoras galegas como Kalandraka, que adianta a súa participación na Feira do Libro de Francfort; Xerais, que lanza títulos como *A casa dos Lucarios*, de Teresa Moure, ou *Arredor do mundo*, de Xosé Neira Vilas, ademais de diferentes ensaios; e Galaxia, que publica *Días do final*, de Manuel Pereira Valcárcel; *María das Batallas*, de Alfredo Conde; ou *Os seres con raíces na cara*, de An Alfaya. En columna á parte e baixo o título de "Kalandraka, no mercado asiático con 'Paxaros na cabeza' en coreano", dáse conta da introdución da editorial galega no mercado oriental, tanto a través da participación en feiras como coa publicación en coreano do conto *Paxaros na cabeza* e en galego de títulos como *Os sete cabritos* ou *Os tres lobiños e o porco*.

Mato, Mar, "El cómic gallego se hace políglota", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 9 decembro 2007, pp.46-47/ *La Opinión*, "Cultura", 16 decembro 2007, pp. 72-73.

Faise eco da saída ao mercado,da man da editorial francobelga Humanöides Associés, do cómic *Le Manoir des Murmures*, do madrileño David Muñóz e os debuxantes galegos Tirso Cons e Javi Montes, miniserie de tres álbums sobre un misterioso orfanato nos arredores de Praga tras a Segunda Guerra Mundial. Este acontecemento serve de excusa para afondar nas figuras internacionais do cómic galego. Saliéntase que Javi Montes foi o encargado de colorear as viñetas de *Hulk* para Marvel tras participar nas aventuras do Capitán Kidd e a xema maldita e debuxar as historietas das *Rocket B* para a revista *Mister K*. De Tirso Cons destácase a súa participación como debuxante para a serie de cómic gala *Marshall* e *El ojo del diablo*, que foi premiado no Festival de BD de Moulins ao mellor albúm novelesco. Refírese que, ademáis do mercado francés e peninsular, o cómic galego emigra tamén a Italia coa versión de *La tetería del oso malayo* e a tradución *Dove nessuno può arrivare*, que foi primeiro "Premio Castelao de Banda Deseñada", do ourensán David Rubín que tamén saltará a Francia a principios do 2008 e que defende o cómic "de autor". Menciónase a obra en castelán *Dámsmitt*,

novela gráfica de suspense policíaco, do dúo galego formado por o ilustrador Manel Cráneo e o guionista Kike Benlloch, elexida como un dos dez mellores cómics españois. Por último faise un percorrido pola historia do cómic español dende os anos oitenta, con grandes ventas e público, pasando pola crise do mercado dos noventa pero o apoio institucional a través de concursos e salóns do cómic, até o estalido creativo do 2000, aínda que se salienta o traballo "casi altruísta e de subsistencia" no mercado peninsular contrastado coa grande maquinaria mercantil norteamericana que leva tras de sí un equipo de guionista, debuxante, colorista, etc.

Mauelón, Amaia, "Literatura grande en letra pequeña", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 3 abril 2007, p. 35.

Destaca, en primeiro lugar, a boa situación pola que está a pasar o sector do libro infantil e xuvenil, que superou os cincuenta e cinco millóns de exemplares producidos. A seguir recolle as opinións de diferentes expertos comezando por Xosé Antonio Neira Cruz, director da área infantil e xuvenil da editorial Galaxia, quen achega como posíbeis causas a esa mellora o fomento da lectura en bibliotecas e a celebración de diferentes encontros e salóns do libro. Segundo Neira Vilas, moito dese éxito, en especial ao do álbum ilustrado, débese á aparición da editorial OQO, coa que viron a luz *Corre corre, cabaciña* ou *Bola de manteiga*, aínda que tamén loa o traballo de Kalandraka. Laiase do reducido número de títulos en poesía, teatro e cómic para os nenos e mozos. Juan Carlos González, director da libraría Casa do Libro, coincide no gran momento polo que está a pasar esta parte da literatura, en especial o mundo da fantasía e da ciencia ficción con obras como *Memorias de Idhún* de Laura Gallego. Para finalizar, Neira Vilas afirma que as novas tecnoloxías e a lectura deben ser "grandes aliadas".

Mauleón, Amaia, "Cuentos para aprender a hablar", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 31 xullo 2007, p. 38.

Achega a un proxecto da Universidade de Santiago de Compostela no que se analiza a incidencia da lectura de contos en nenos e nenas de dezaoito meses a catro anos no seu desenvolvemento de capacidade social. Explícase que os investigadores Mariela Resches e Miguel Pérez Pereira están levando a cabo un estudo con corenta e dous individuos pertencentes a familias galego-falantes e observando a incidencia da lectura no seu desenvolvemento lingüístico. Destácanse aspectos como o desenvolvemento do vocabulario e da capacidade de relación social a través da estimulación que pais e nais fan con lecturas dramatizadas e expresións de estados de ánimo, como o enfado, a tristeza, etc.

Mauleón, Amalia, "Antonio García Teixeiro gana el premio de poesía infantil 'Luna del Aire", *Faro de Vigo,* "Sociedad y Cultura", 28 decembro 2007, p. 40.

Céntrase no premio de poesía infantil outorgado a Antonio García Teixeiro pola súa obra *Estela de versos.* En relación ao galardón saliéntase a súa finalidade de cara ao aumento da produción poética para a nenez; resáltase tamén o carácter innovador da obra premiada, cuxa autoría Teixeiro comparte co poeta sevillano Rafael Cruz. A continuación achéganse uns datos sobre *Estela de versos*, como a mención ás trinta

poesías que o compoñen ou ao carácter cotiá do seu contido, destacando de xeito especial "sus potentes imágenes".

M.B., "A revista *O ollo público* regala postais para recomendar un libro", *A Nosa Terra*, n.º 1.252, "Fin de semana", 18-24 xaneiro 2007, p. 35.

Informa da convocatoria da 1ª Campaña de Animación á Lectura pola revista cultural *O ollo público*, que reproduce unha exitosa campaña realizada nun colexio inglés, consistente na publicación, xunto coa revista, de varias postais nas que os lectores teñen que recomendarlle un libro a quen o desexe.

M.B., "Volven os contos a Betanzos", *A Nosa Terra*, n.º 1.252, "Fin de semana", 18-24 xaneiro 2007, p. 35.

Anuncia o comezo en Betanzos da terceira edición de "Contos na Pedra", promovido pola Concellaría de Xuventude e Normalización Lingüística que contará con once actuacións nas que actuarán, entre outros, Carlos Blanco e Candido Pazó.

M.B., "Los titiriteros quieren que el Igaem rompa con los prejuicios hacia este teatro", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 21 xaneiro 2007, L 10.

Recolle o malestar das quince compañías profesionais de teatro de títeres de Galicia co Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais debido a que non se atenderon as súas demandas, que se resumen en ter o mesmo trato que as compañías de teatro de actor.

M.B., "O 25% dos ilustradores están sen contrato", *A Nosa Terra*, n.º 1.287, "Cultura", 1 novembro-3 decembro 2007, p. 24.

Dáse conta da celebración do IV Encontro Galego de Ilustración, que tivo lugar en Compostela o 26 e 27 de outubro. Entre as conclusións destácase a denuncia do sector pola falta de contratos, que en Galicia supera a media nacional, cun 25% do sector, ou o feito de que as editoras non cumpran cos mínimos estabelecidos por lei. Ante a falta de dereitos deste colectivo, proponse a creación dun observatorio estatal dos dereitos de autoría e anúncianse medidas como unha campaña de denuncia da precariedade dos profesionais da ilustración en España.

M.D., "Para espertar inquedanzas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 novembro 2007, p. 35.

Anúnciase a presentación en Vigo dun volume de duascentas viñetas do debuxante Fernando Quesada, que viron a luz no xornal *Faro de Vigo* dende 1967 e que leva por título *Chispas de Quesada*. Recóllense as palabras do autor nas que explica que nelas se emprega a dobre linguaxe, que se presta a distintas interpretacións, buscando "espabilar á xente". Lembra tamén a súa traxectoria a través da súa participación en diferentes revistas, como *La Codorniz*, e os problemas da censura. Tamén se refire á súa relación

"bidireccional" cos lectores e a súa amizade con outros ilustradores como Xaquín Marín ou Xiro. Alude á súa faceta de pintor e ao estilo expresionista, aínda que admite que non segue ningún estilo concreto.

M.D., "Non era sen tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 novembro 2007, p. 30.

Dá conta das críticas presentadas pola Asociación Bibliotecaria Galega á Xunta de Galicia debido á falta de recursos que ofrecen para mellorar a situación das bibliotecas galegas. Comenta que dende o 2004 até a actualidade a situación mellorou algo coa aprobación do Plan de lectura e máis a Lei do Libro. Recolle as opinións dalgúns bibliotecarios como Marta Alonso ou Isabel Buján e, finalmente, achega o comentario de Antonio Martínez, pertencente á Asociación Galega de Bibliotecas Escolares e de Lectura, quen reclama unha maior atención para os cento sesenta centros públicos galegos que teñen unha biblioteca.

M.E.A, "Harry Potter' se podrá leer en gallego el 21 de febrero", *El Correo Gallego*, "Cultura", 20 novembro 2007, p. 68.

Anúnciase para febreiro de 2008 a publicación da última entrega da serie de J.K. Rowling, *Harry Potter e as reliquias da morte*, que verá a luz en castelán, catalán e galego da man de Ediciones Salamandra.

Menayo, Nagore,"Bravo resalta la alta participación de trabajos gallegos en el Salón del Cómic", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", p. 15/*Diario de Ferrol*, "Cultura", 14 agosto 2007, p. 19.

Dáse conta da inauguración oficial da décima edición do Salón Internacional "Viñetas desde o Atlántico" así como dos participantes, tanto foráneos como galegos. Entre os traballos de selo galego destácase a obra *Cuenta atrás*, que recorda a catástrofe do Prestige, as cubertas de *Golfiño* e o monográfico do *Boletín Galego de Literatura*, centrado no mundo do cómic. Por outra banda, recóllense as palabras de Miguel Anxo Prado, fundador do Salón e da Concelleira de Cultura durante o acto de inauguración, nas que fixeron fincapé na importancia que foi adquirindo o Salón ao longo dos anos.

M.F., "Xuventude anima a desfrutar de la lectura en un ambiente circense", *Diario de Arousa*, 21 abril 2007, p. 8.

Dá conta da inauguración da X Mostra do libro infantil e xuvenil "Lectorín", organizada pola Concellería de Xuventude de Vilagarcía, que, nesta ocasión, ten como lema "desfrutar da lectura no circo". Apunta a seguir que no mesmo acto se realizou a presentación e a entrega dos libros do "IV concurso contos solidarios", que recolle aos mellores relatos do certame organizado o ano pasado baixo o mesmo título e que será doado á ONG Solidaridade Internacional. Logo apunta que, tamén no Auditorio Municipal, ten lugar unha exposición de libros de literatura infantil e xuvenil na que colaboran once editoriais. Conclúe repasando as diferentes actividades que se realizaron e que se levarán a cabo .

M.F., "Fomentar la lectura entre los pequeños", *Diario de Arousa*, 24 abril 2007, p 64.

Sinálanse os obxectivos que persegue a campaña de fomento da lectura que leva a cabo a rede municipal de bibliotecas integrada por Vilagarcía, Vilaxóan, Barro e Carril. Dise cómo foi a inauguración con dúas sesións de contacontos e infórmase doutros actos que se realizaron para conmemorar o Día do Libro Infantil e Xuvenil.

M.F., "Una cita para los amantes de la lectura", *Diario de Arousa*, 24 maio 2007, p. 64.

Anuncia a conclusión da I Feira do Libro de Vilagarcía e recolle as palabras de Ramón Domínguez Argibay, presidente da Agrupación de Libreiros de Pontevedra e director do evento, nas que cualifica a Feira como moi positiva e destaca o éxito das firmas de exemplares, nas que participaron os escritores Xosé Neira Vilas, Teresa Moure e Ramón Caride Ogando, que pechará a presente edición. Afirma que a literatura infantil foi o xénero máis vendido e Diego Ameixeiras e Manuel Rivas os escritores máis solicitados.

M.G., "La biblioteca municipal de Noia acoge hoy una sesión de lectura de cuentos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 26 decembro 2007, p. 3.

Anúnciase unha sesión de lectura de contos e unha actuación de contacontos na biblioteca municipal de Noia.

Michelena, C., "Contaescolas' regresa a cuatro centros escolares", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 1 marzo 2007, p. 68.

Refírese á campaña de animación á lectura dirixida á nenez dos centros escolares máis afastados do centro urbano de Pontevedra. Cita os centros aos que chegará esta campaña, na que colabora Migallas Teatro, e di que presentará como novidade un acto festivo, con música e teatro, que se realizará ao final e no que participarán todos os escolares que previamente se terán posto en contacto con cartas e debuxos.

Miguel, Marina de, "Treinta años de viñetas con retranca", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", "Cómic", 6 xaneiro 2007, p. 15.

Infórmase da exposición, organizada pola Fundación Feima en Madrid, "La historieta gallega". Dise que está comisariada por Gemma Sesar e Fausto Isorna e que nela se poden observar cincuenta pezas orixinais da banda deseñada galega dende os anos setenta á actualidade. Recóllense algunhas declaracións de ilustradores como Xaquín Marín que aparecen no catálogo que acompaña este "trabajo recompilatorio". Sinálanse algúns dos fitos de cada período nos que se divide a exposición deténdose especialmente no período actual, na revista *BD Banda*. Finalmente, dise que a exposición remata dedicando un espazo aos Salóns do Cómic de Ourense, Cangas, A Coruña e Pontevedra.

Miñán, Teresa, "Libros para todos en la Alameda", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo/Marín", 18 abril 2007, p. 17.

Anuncia o comezo da II Edición da Feira do Libro na Alameda de Marín (Pontevedra), organizada pola agrupación "Estrela de Marín" en colaboración coa concellería de Cultura e aporta o programa de actos.

M.J.R., "A mellor forma de recomendar un libro", *Diario de Ferrol*, 6 febreiro 2007, p. 72.

Explícase en qué consiste a nova compaña de animación á lectura que puxo en marcha a revista *O ollo público*, dirixida por Fernando Vilaboa.

M.J.R., "Sargadelos monta un clube de lectura", *Diario de Ferrol*, 4 outubro 2007, p. 72.

Anúnciase a próxima campaña de animación á lectura, "Educar para ler 2007-2008", que a Galería Sargadelos quere levar a cabo dirixida a nenos de até oito anos da comarca de Ferrolterra. Explícase que os cativos terán que acudir cun maior e os horarios das actividades, ademais de que se desenvolverá en lingua galega e que lle permitirá gozar dun carné de desconto na adquisición de libros.

M.O., "Os bolechas volven a Portugal", *A Nosa Terra*, n.º 1.283, "Cultura", 4-10 outubro 2007, p. 30.

Anúnciase que, tras o éxito acadado polos vinte e catro títulos publicados en Portugal en 2004 da colección de Pepe Carreiro "Os Bolechas", van ver a luz todos os demais volumes, baixo o título de "Bochechas". Sinálase que malia as adaptacións dalgúns nomes dos personaxes protagonistas, os rapaces galegos identifícanos e mesmo moitos deles mercan títulos en portugués.

Mosteiro, Santy, "Fernando Blanco clausurou o ciclo 'Contos do camiño", *Diario de Pontevedra*, "aContraportada", 9 xuño 2007, p. contracuberta.

Informa do acto de clausura do ciclo "Contos do Camiño", no que participou o conselleiro de Innovación e Industria, e achega diversa información sobre a súa programación que estivo composta por oitenta actuacións de contacontos. Dise que con elas se lles transmitiron aos asistentes dos centros educativos dispersos polos concellos situados nas rutas xacobeas a tradición cultural, oral e lingüística dos diferentes Camiños de Santiago, baseándose na imaxe, a narración e a música.

M.R., "La biblioteca local organiza este viernes una sesión de cuentacuentos para niños", *El Progreso*, "Terra Chá/Meira", 26 febreiro 2007, p. 17.

Anuncia que a biblioteca municipal de Xermade organiza unha sesión de contacontos na que actuará Piticlina coa súa maleta. Tamén apunta que terá lugar a entrega de premios do Certame de Poesía Infantil Nadal 2006 e achega o nome dos gañadores.

M.R., "O porco bravo da tele voltou a Vilagarcía", *Diario de Arousa*, 27 decembro 2007, contracuberta.

Coméntase o carácter lúdico , orientado a un público infantil e gratuíto da programación de Nadalandia ´07 destinado aos máis xoves durante o nadal, convidándoos non só á asistencia a espectáculos senón tamén á participación neles. Destácase como principal atracción a presenza do Xabarín Clube, programa infantil por excelencia da TVG que segue a ter éxito a pesar do transcurso dos anos, e con respecto ao cal se salienta a súa gran capacidade para o divertimento dos máis novos mediante actuacións e xogos, entre os cales se resalta o karaoke como predilecto dos pequenos.

N.A., "Contomar, o pracer de lerlles contos aos fillos", *Faro de Vigo*, "Valmiñor", 27 outubro 2007, p. 6.

Anúnciase o comezo dunha nova edición do proxecto de dinamización da lectura, organizado pola Asociación de Nais e Pais "As Pontes", do CRA Antía Cal de Gondomar. Explícase que está dirixido ao alumnado de infantil e o primeiro ciclo de Primaria, no que os pais participan activamente léndolle contos aos presentes. Recóllense as declaracións de Concha Costas, promotora da iniciativa, que destaca a importancia de involucrar ás familias de forma activa no fomento da lectura e o bo comportamento dos asistentes. Adianta tamén outras iniciativas para manter o vínculo cos nenos que van medrando, como un club de lectura e a incidencia no bo comportamento na biblioteca.

Neira Vilas, "Contos de agardar", *El Correo Gallego*, "Opinión. Lóstregos", 18 novembro 2007, p. 2.

Comenta como coñeceu a Pepe González Martínez co que mantivo unha correspondencia epistolar e de quen subliña que posúe tres calidades importantes: imaxinación, tenacidade e talante. A seguir detense en *Contos de agardar*, no que colabora González Martínez, do que destaca o seu deseño impecábel.

Nieto, Álvaro, "Un cómic muestra el significado de estudiar en los campus coruñeses", *El Ideal Gallego*, "A Coruña ciudad", 14 decembro 2007, p. 13.

Faise eco da presentación do cómic *Tolos*, de José Tomás, que será distribuído de forma gratuíta entre os centros de Educación Secundaria e Bacharelato. Cita o nome das autoridades que asistiron ao acto de presentación, que tivo lugar no Rectorado da Universidade da Coruña, e apunta que este cómic ofrece unha visión da vida estudantil na Universidade herculina, ademais de aludir á elección do seu título.

Nieves, Seve, "Cada curso organiza una actividad", *La Región*, "Navidad en Celanova", 16 decembro 2007, p. 20.

Informa das distintas actividades a celebrar no Colexio Curros Enríquez de Celanova con motivo do Nadal, entre as que destaca a organización dun concurso de contos que ten por tema a citada festividade.

Nieves, Seve, "Ludoteca, cuentacuentos y cine dixital", *La Región*, "Navidad en Celanova", 16 decembro 2007, p. 19.

Anúnciase a programación navideña en Celanova, salientando o Contacontos de Nadal "Xente das palabras" o sábado 22 de decembro, a actuación, o sábado 29 de decembro, do Contacontos "Trebellos" e a organización dun taller chamado "Día do conto".

N.V, "Polaqia amosa as súas novas publicacións", *Diario de Ferrol*, 17 agosto 2007.

Logo de ofrecer algún dato biográfico do colectivo Polaqia e de sinalar a José Domingos como un dos responsábeis desta asociación cutural, o articulista detense na publicación semestral *Barsowia* da que se lembra que foi gañadora do Premio do Público ao Mellor Fanzine de España en 2006 e que ten publicado numerosos cómics de diferentes autores dos que se cita algún exemplo. A seguir, céntrase na actualidade do colectivo que vén de presentar no marco do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico", o número 10 de *Barsovia*, e a novela gráfica de Kike Benlloch e Diego Blanco *Pinche Mundo*, primeiro título da colección "Rompehielos" coa que Polaqia "se interna na edición de este formato gráfico en castelán". Tamén se informa da estrea da colección de minilibros de arte "Sketchbook", tamén en castelán. Finalmente, sinálase a ónde pode acudir o interesado para coñecer máis do colectivo Polaqia.

Obelleiro, María, "Os Bolechas pasan a formar parte da didáctica da educación infantil. Eu son...", *A Nosa Terra*, 1.256, "Sociedade", 15-21 febreiro 2007, p. 17.

Descrición pormenorizada da campaña "Eu son..." , destinada a rapaces de educación infantil, que ten como obxectivo favorecer a comunicación habitual en lingua galega. Entre os materiais repartidos destácase a obra *Os Bolechas*, que se repartirá a cada alumno, e na que se describe a vida destes personaxes.

O.I., "Kalandraka involucra a 4.500 niños en su campaña de lectura", *El País*, "*Galicia*", 28 marzo 2007, p. 37.

Faise eco de que un total de catro mil cincocentos nenos da comarca compostelá participan na VII Campaña de Animación á Lectura, que organiza a editorial infantil Kalandraka en colaboración co Concello de Santiago. Así mesmo, alude ás actividades que se van a desenvolver, entre as que se destacan sesións de contacontos, exposicións de libros e ilustracións e obradoiros de plástica e cómic, que imparten Marc Taeger e Kiko Dasilva. Tamén sinala que esta edición se presenta co lema "Ler: unha aventura diferente" e cita algúns dos títulos que Kalandraka vai expor, como é o caso de *Smara*

(2006), de Paula Carballeira ou *A banda de Vilancendoi* (2006), de Xulio Gayoso. Por último, ofrécese o horario das actividades e saliéntanse os obxectivos desta campaña, que seguen sendo os mesmos dende o ano 2001, entre os que se citan aproximar a lectura ao público infantil e favorecer o desenvolvemento da conciencia crítica e a educación en valores.

O.I., "El programa 'Portugalizando' celebra el Día das Letras en Lisboa", *El País*, "*Galicia*", 13 maio 2007, p. 45.

Dise que "Portugalizando, a Semana da Cultura Galega en Lisboa" leva a esta cidade, con motivo das Letras Galegas, a música, o cinema e o cómic galego. Destácase a presenza do audiovisual nestas actividades que organizan a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, en colaboración co Centro de Estudos Galegos da Universidade Nova de Lisboa e o Instituto de Estudos de Literatura Tradicional. A seguir, dáse conta polo miúdo da programación dos días 14, 15, 16 e 17 de maio.

O. I, "Fernández Paz y Xan López, al Memorial Astrid Lindgren", *El País*, "*Galicia*", 13 maio 2007, p. 45.

Dise que a primeira representación estatal da OEPLI no premio Memorial Astrid Lindgren son os galegos Agustín Fernández Paz e Xan López. Con motivo desta nominación destácanse algúns feitos relacionados coa literatura infantil e xuvenil destes autores.

Oliveira, V., "Odisea Medioambiental", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 marzo 2007.

Infórmase que Fran Bueno está rematando a obra *Odisea Medioambiental* para o proxecto Climántica da Consellaría de Medio Ambiente e que esta constitúe o primeiro título dunha serie didáctica que terá continuidade en oito historietas máis. Adiántase o contido da historia de Bueno e recóllense algunhas palabras do ilustrador nas que comenta a quen vai dirixido este cómic. Finalmente, dise que os títulos desta serie irán acompañados dunha unidade didáctica e sinálase que Bueno, despois de rematar este traballo, continuará con novos proxectos cun guionista do selo norteamericano Image, Jay Faerber, co que xa colaborou. Baixo o epígrafe "Cidadáns *vs* grandes corporacións" e en recadro á parte, recóllese a opinión de Fran Bueno "sobre a capacidade que pode ter calquera para facer algo contra o cambio climático". Tamén se recollen algúns dos seus traballos.

Oliveira, V., "Non se loita como antes polo galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 marzo 2007, p. 29.

Destácase en primeiro lugar que a Federación de Libreiros de Galicia entregou o Premio Irmandade do Libro a Fina Casalderrey polo seu compromiso coa dignificación da literatura infantil e xuvenil. Logo recolle as impresións da escritora e analiza o seu libro recentemente publicado, *A lagoa das nenas mudas* (2006), onde presenta, dende a óptica da nenez, a chegada dunha pequena nixeriana a Galicia. Finalmente, faise eco da

inminente publicación da nova obra da escritora, *A Pomba e o degolado* (2007), na que trata o tema do acoso escolar empregando a autora, por vez primeira, a técnica narrativa do "frash-back".

Oliveira, V., "Comeza a Feira do Libro Infantil e xuvenil co ilustrador Pepe", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 marzo 2007, p. 27.

Faise eco do comezo da II Feira do Libro Infantil e Xuvenil Galego, que se está a desenvolver en Área Central. Coméntase que as tres editoriais participantes son Baía, Sotelo Blanco e A Nosa Terra e que, entre os escritores, estarán Pepe Carreiro e Fina Casalderrey e entre os contacontos, Rivadulla Corcón e Rafael Lema.

Oliveira, V., "Mariñeiros e piratas na Costa da Morte", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 marzo 2007, p. 27.

Anúnciase que o xornal *Galicia Hoxe* entrega de balde o volume *Capitán Araña*, de Rafael Lema, con motivo da celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. Sinálase que neste volume se recupera a historia dun "corsario auténtico", o camariñán Ambrosio Álvarez Pardiñas, que estabeleceu relacións comerciais co porto de Veracruz (México), onde tiña a súa base natural. Achégase o argumento desta novela que quere ser unha "chamada de atención porque a historia naval galega é descoñecida" e coméntase que o que desexa o autor é mostrar que collendo personaxes galegos e aventuras vividas aquí se pode armar unha novela como as clásicas de aventuras. Anúnciase a saída da segunda parte de *Capitán Araña* e coméntase que *As aventuras de Tom Sawyer* ten moito que ver coa presenza do mar e das singraduras na narrativa e poesía deste autor. Por outra parte, sinálase que é membro do colectivo Blas Espín para a recuperación da historia naval galega e que está a traballar nunha novela, na que recupera a historia de Rodrigo de Moscoso, fillo dun capitán Irmandiño galego do século XV.

Oliveira, V., "Pouca xente valora o cómic", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 novembro 2007, p. 34.

Anúnciase a próxima publicación dun novo título do ilustrador coruñés Alberto Vázquez (A Coruña, 1980) en castelán. Repásase a súa traxectoria profesional até o momento, con títulos como *Psiconautas* ou *Alexandre Bóveda. Unha vida por Galiza*. Sinálase que a súa formación é en Belas Artes, aínda que quere desenvolver a súa carreira profesional no terreo da banda deseñada, "a irmá pobre das artes", segundo sinala o propio autor.

Outeiriño, Maribel, "Concurso artístico-literario en Trives", *La Región*, "Sociedad", 26 decembro 2007, p. 53.

Informa dos traballos premiados no Concurso artístico-literario no Instituto de Trives.

Pais, Laura, "La imaginación pone punto y final a los talleres para niños del CGAC", *El Correo Gallego*, "Santiago", 24 agosto 2007, p. 26.

Achega aos talleres que se levan a cabo no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) de Santiago de Compostela dirixidos aos máis pequenos e que teñen como obxecto a expresividade do corpo. Recóllense as palabras do encargado da actividade, Simone Negrín, quen destaca que se trata de chamar a atención dos máis pequenos para que se involucren nos xogos e nas historias que se contan. Considera que deste xeito se conserva e potencia a imaxinación.

Paniagua, Ángel, "Un día sen PlayStation", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 1 abril 2007, p. L9.

Para conmemorar o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil celébrase, por segundo ano consecutivo, na Área Central de Santiago de Compostela, unha feira literaria destinada aos máis novos. Sinálase que está formada por unha mostra de obras, escritas en galego, que proceden de nove editoriais galegas. Tamén se sinala que terán lugar diferentes actividades como obradoiros de ilustración, contacontos, actuacións de monicreques, etc.

P.C.R., "Nova edición de Diario da Escola", *Diario de Ferrol*, "Educación", 1 outubro 2007, p. 56.

Comézase destacando a importancia das revistas escolares para coñecer as actividades que se levan a cabo nos centros educativos, ademais de permitir acceder a traballos do alumnado. Considérase que estes adquiren maior difusión cando aparecen ademais recollidos no *Diario da Escola*, publicación da Consellaría de Educación, da que se anuncia a aparición do último número, no que se lle dá cabida a cento sesenta traballos do alumnado de diferentes centros da comarca de Ferrol.

P.C.R., "*Estiñada,* un cuarto de século da música infantil en galego do Masdías", *Diario de Ferrol,* "Ferrol Ciudad", 27 decembro 2007, p. 11.

Con motivo da presentación do seu segundo disco desenvólvese un breve, pero condensado, percorrido polo traxecto do grupo musical Ledicia dende os seus inicios hai vinte e cinco anos como actividade extraescolar dun colexio de Caranza, até a actualidade, onde se resalta a súa labor "educativa, cultural e de defensa da cultura galega". Achégase como dato curioso e innovador a súa conformación tanto por mestres como por alumnos e ex alumnos, mencionando tamén a súa calidade como grupo posto que actuou en lugares tan afastados coma Bruxelas, e conta cun amplo repertorio do cal se fai alusión a algunhas das súas cancións, "A buxaina" por exemplo. Como dato final engádese unha pequena nota sobre o contido do disco e a referencia de mercado, ao tempo que se recomenda como agasallo perfecto para o Nadal.

Pena Presas, Montse, "Unha xanela no mundo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 marzo 2007, p. 45.

Comenta que o Banco do Libro de Venezuela recoñeceu *O armiño dorme* (2003), de Xosé Antonio Neira Cruz como unha das dez mellores obras do mundo para o público xuvenil. Así mesmo, achega o argumento e algún breve comentario de novas publicacións para o mes de marzo, tales como *Tres irmás ladroas* (2007), de Txabi Arnal, e *Sígueme* (2007), de José Campanari.

Peña, Abel, "Lo que tiene que tener un superhéroe", *El Ideal Gallego*, 6 marzo 2007, p. 72.

Alude á exposición sobre heroes fantásticos que acolle a Deputación e que parte dun taller para nenos entre 7 e 14 anos. Recolle varios comentarios sobre o profesor do taller, Fernando Seage, e dáse conta dos regalos recibidos polos nenos participantes, entre os que están un fanzine coruñés, *Tacreco*, e outros cómics.

Peña, Abel, "Es infantil tener miedo a la lectura", *El Ideal Gallego*, 24 outubro 2007, p. 72.

Dáse conta da iniciativa dos responsábeis da Biblioteca do Forum Metropolitano da Coruña, coa que se pretende celebrar a festividade do Samaín. Explícase que se emprega o medo como elemento positivo para fomentar a lectura entre os máis pequenos e dar a coñecer a tradición. Entre outras actividades sinálase que se vai levar a cabo unha representación teatral e que durante esta se poderán degustar produtos galegos típicos desta época.

Peña, Abel, "Todos quieren ser el que tira de los hilos", *El Ideal Gallego*, "Curiosidades", 6 novembro 2007, p. 72.

Anúnciase a celebración de talleres de interpretación de monicreques e máscaras tradicionais a cargo do grupo Danthea Teatro. Recóllense as impresións de Carlos Clemente, director do grupo, quen destaca o crecente interese por esta arte e a dificultade que entraña a creación de monicreques e fala da importancia da dramaturxia.

Peña, Abel, "La reescritura también es creativa", *El Ideal Gallego*, 27 novembro 2007, p. 72.

Dá conta da realización dun taller de escritura dirixido por Pedro Ramos García, celebrado no Circo de Artesáns da Coruña. Comenta que xa levan seis sesións nas que cada participante está a crear un conto. Dise que Ramos afirma que a base da escritura está en saber reescribir.

Peña, Abel, "Una muestra con muy pocas luces", *El Ideal Gallego*, 19 decembro 2007, p. contracuberta.

Dáse conta da inauguración na Biblioteca de Elviña da mostra itinerante "Apaga a luz:

quero medo" da Asociación Galega de Ilustradores na que se amosan vinte debuxos acompañados de textos de escritores como Manuel Lourenzo González ou Serxio Casas inspirados nas imaxes en un traballo cooperativo que mostran "as reaccións das xentes ao terror".

Pichel, Mar, "A base do cómic galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 agosto 2007, p. 32.

Anúnciase a participación do colectivo Polaqia no Salon do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" e explícanse, polo miúdo, cáles serán as novidades que o colectivo presentará: *Pinche Mundo*, título que inaugura a colección "Rompehielos", o número un de "Sketchbook" e o número 10 da revista *Barsowia*. A seguir, ofrécese unha breve biografía do colectivo Polaqia, que naceu no ano 2001, e recóllense as palabras dalgúns dos integrantes do grupo sobre a súa evolución e actual situación.

Pino, Concha, "O consorcio lanza os primeiros libros dunha colección infantil", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 5 xaneiro 2007, p. 4.

Informa da presentación dunha colección de libros, coa que se vai constituír a Biblioteca Infantil do Consorcio e coa que se vai dar a coñecer e divulgar Santiago de Compostela. Sinala que o Consorcio acordou con distintas editoriais a publicación dunha serie de títulos que cada editora sacará nun formato e cunha liña específica e que o organismo compostelán mercará un determinado número de exemplares e que a editorial distribuirá os demais nas librarías pola súas canles habituais. Explica que a primeira colección, coordinada por Mercedes Pacheco Vázquez e co título *Branco de Cores*, está publicado por Sotelo Blanco Edicións, que acaba de sacar os dous primeiros títulos dos seis previstos para este ano. Trátase d'*Unha mensaxe para Sara* (2006), de Xosé Antonio Perozo e *¿A que veñen as gaivotas a Compostela?* (2006), de Xosé Henrique Rivadula Corcón, con ilustracións de Andrés Meixide. Por outra parte, anuncia que logo estarán na rúa os primeiros títulos doutra colección de Kalandraka, sendo a primeira un conto sobre as gárgolas de Compostela, que está escrito por López Barxas e ilustrado por Kiko da Silva.

Pino, Concha, "Os autores de banda deseñada van ao salón de Barcelona con marca propia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 abril 2007, p. 48.

Anúnciase que "baixo a marca propia Banda Deseñada Galega", Galicia terá un pavillón propio no Salón do Cómic de Barcelona. A continuación, sinálase que este é o primeiro chanzo dun proxecto máis ambicioso posto en marcha pola Consellaría de Cultura "para promocionar dentro e fóra de Galicia a calidade e actividade" dos ilustradores galegos. Tamén se dá conta doutras actividades que terán lugar no salón promovidas dende Galicia. Faise fincapé e explícase cómo xurdiu o catálogo dixital de debuxantes que tamén se leva a Barcelona e parafraséanse as palabras de Ánxela Bugallo a respecto de cómo será o apoio dende Consellaría que dirixe a este sector do cómic.

Pintor, David, "La diversidad que viene de Oriente", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 maio 2007, p. 45.

David Pintor comenta a súa experiencia na Feira de Boloña. Di que se trata dunha feira enfocada aos profesionais da industria do libro e fala das diferenzas que isto supón: papel protagonista dos debuxantes, trato persoal entre editores e ilustradores, etc. Destaca a importancia do "Café de Ilustradores" e a exposición dos ilustradores seleccionados. Tamén fala do debuxante homenaxeado e do seu gusto pola poesía oriental e por pintores como Klee e Picasso, que "siguen siendo la referencia".

Pons, Álvaro, "La historieta bulle de nuevo", *El País*, "Revista de verano", 14 agosto 2007, pp. 33-34.

Nova da celebración do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" na cidade da Coruña e baixo a dirección de Miguelanxo Prado e Carlos Portela. Sinálase que é a décima edición e que entre outros eventos teñen lugar diversas exposicións, nas que predomina o afán didáctico. Recóllense as declaracións de Portela nas que explica que tentan achegar ao público a situación do cómic en España. Faise un breve repaso pola evolución deste xénero dende a primeira edición deste Salón, en 1998, no que o cómic vivía unha fonda crise.

Pons, Álvaro, "Historias dibujadas", *El País*, "*Babelia*", 8 decembro 2007, p. XIII.

Comeza sinalando que a revista galega infantil *Golfiño* conseguiu aglutinar unha xeración de debuxantes que comprendeu a dificultade de facer tebeos dirixidos aos nenos. A seguir, explica que Factoria K de Libros está recuperando moitas das míticas series publicadas na revista, como *Fiz nos biosbardos*, de Kiko da Silva, ou *Tito Longueirón*, de Chinto e Pinto. Sinala que se trata de "*Gags* que hunden sus raíces en el *slapstick* cinematográfico y consiguen provocar la sonrisa con facilidad y naturalidad".

Quintáns, Ángeles, "La biblioteca se convierte en cómic", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/Cultura", 25 outubro 2007, p. 75.

Faise eco da iniciativa da Consellaría de Cultura, "Bibliotecas ilustradas", coa que se quere converter as bibliotecas en lugares atractivos para os usuarios máis novos. Explícase que se trata de realizar murais nos que se recollen escenas da evolución da historia humana, que comezou na biblioteca pública de Pontevedra e que o ilustrador responsábel foi Kiko Dasilva. Recóllense as palabras do ilustrador, nas que salienta que a ilustración ten moita potencialidade para animar aos máis cativos a achegárense á biblioteca, e as do Director de Creación e Difusión Cultural, Luís Bará, que explicou que esta iniciativa se levará a cabo noutras bibliotecas galegas a través dunha convocatoria pública. Remátase aludindo a outras melloras que se teñen levado a cabo neste espazo público pontevedrés.

Ramos, J. M., "Vimianzo se sumó a una red mundial de lectura", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 maio 2007, p. 39.

Breve apuntamento no que se dá conta de que o concello de Vimianzo acolle a única

crossingzone oficial da Costa da Morte, onde se achegaron setenta títulos. Sinálase tamén que o control dos libros viaxeiros é posíbel grazas a páxina web www.bookcrossing-spain.com, onde se pode seguir o itinerario das obras.

R.C.B., "Os debuxos de Kalandraka", *Galicia Hoxe*, "Lecer", "Reportaxe", 15 abril 2007, pp. 12-13.

Dise que até o 5 de maio a Galería Sargadelos de Santiago de Compostela acolle unha exposición internacional de ilustracións orixinais de libros incluídos na VII Campaña de Animación á Lectura que organiza o concello compostelán e a editorial Kalandraka. Indícase que nesta exposición se atopan traballos dos galegos Francisco Pérez Porto, Xulio Gayoso e Kiko Dasilva, ademais doutros ilustradores de fóra. Dise cáles son eses traballos e ofrécense algunhas das súas características. A seguir, dáse conta doutras actividades complementarias da VII Campaña de Animación á Lectura tales como talleres do artista plástico Marc Taeger, sesión de contacontos, presentación dos libros *Solaina* (2006), *A banda de Vilacendoi* (2006) e *Smara* (2006).

R.L., "La Rede Cultural ofrece este año más de 1.600 actuaciones", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 7 marzo 2007, p. 16.

Alude á presentación das iniciativas culturais da Deputación da Coruña, a través do Programa de Exposicións Itinerantes, que chegará a sesenta e oito concellos, e a Rede Cultural, que promove preto de mil seiscentas actividades. Sinala que os programas inclúen a categoría de música e teatro para grupos non profesionais, teatro e títeres para compañías profesionais, un ciclo de música para intérpretes profesionais e danza. Tamén se explica o sistema de solicitude e de orzamento para este tipo de actividades, ademais de citar que, entre as mostras, se encontra a segunda edición de *Xente no camiño*, de Alfredo Erias, *Historia dos números*, *Como se fai un libro* ou *Historia da literatura infantil galega*.

R.L., "La Feria del Libro llenará de casetas Méndez Núñez durante cinco días", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 19 abril 2007, p. 15.

Anúnciase a inauguración da VII Feira do Libro da Coruña nos xardíns Méndez Núñez que contará coa participación de máis de quince librarías e que pechará as súas portas o Día do Libro co pregón de Xavier Puente Docampo.

Rodríguez, Ana, "El Salón del Cómic recupera lo mejor de sus diez años desde el 13 de agosto", *La Opinión*, "Ciudad y cultura", 18 xuño 2007, p. 8.

Anuncia a próxima inauguración do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico", na que é a súa décima edición. Con este motivo, sinala que, entre outras actividades, se van levar a cabo unha exhibición de carteis e fotografías de diferentes edicións e unha retrospectiva do cómic galego. Tamén se repasan os lugares de celebración e algunhas das figuras internacionais convidadas.

Rodríguez, Ana, "Una imagen para el salón del cómic", *La Opinión*, "A Coruña", 19 xullo 2007, p. 13.

Dáse conta da presentación do cartel que anuncia a celebración da próxima edición do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" da Coruña. Explícase que o autor é o francés Manu Larcenet e recóllense as explicacións do proceso de creación deste cartel, no que se representa a Torre de Hércules como elemento central, rodeada das caricaturas de diferentes pintores como Picasso ou Van Gogh, ataviados cunhas orellas de Micky Mouse, que simbolizan, segundo explica o autor, a relación da pintura e o cómic.

Rodríguez, C., "O País de Nunca Xamais: unha illa sen contornos", *Galicia Hoxe*, "Lecer", 7 xaneiro 2007, p. 9.

Anuncia a saída ao mercado, en galego, da nova versión do clásico Peter Pan, *Peter Pan e a levita escarlata* (2006), traducida por Silvia Carril Caldelas e con ilustracións de David Wyatt. Aclara que nesta ocasión se trata dunha segunda parte autorizada polo propietario dos dereitos da personaxe e do libro, o Hospital Infantil Great Ormond Street, que convocou un concurso a nivel mundial para elixir unha segunda parte para a obra. Dise que a gañadora foi Geraldine McCaughrean, autora da obra publicada.

Rodríguez, Manolo, "Unha bruxa ben rara", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 210, "A festa das letras. Os críticos do Culturas recomendan", 12 maio 2007, p. 3.

Despois de recordar a historia que se narra, saliéntase que Carlos Mosteiro acadou con esta obra o Premio Barco de Vapor e dise que "o escritor inclúe na trama temas de actualidade e até unhas páxinas de curiosa metaliteratura cunha carta da nai da bruxa ó autor da historia.".

Rozas, Mercedes, "Otras formas de contar", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 decembro 2007, p. 42.

Descrición da exposición "Contos dixitais", que ten lugar no Centro Galego de Arte Contemporánea e como pano de fondo os contos vistos dende unha óptica de contemporaneidade absoluta, que é como se entende aquí o concepto de "dixitais". Dise que se mostra o conto mediante o uso do vídeo, a fotografía, as instalacións, os xogos de ordenador e a interactividade. Sinálase que na exposición interveñen máis de cen artistas, con traballos variados e diversos en canto o contido e a calidade. Coméntase que só teñen como nexo de unión a liña que separa a realidade da ficción, que lles serve para recrear as obsesións persoais ou os conflitos persoais. Para finalizar faise alusión ás obras máis destacadas.

Salgado, Daniel, "Os primeiros banzos da lectura", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 9 febreiro 2007, p. 42.

Recóllese a opinión do escritor Xosé Antón Neira Cruz, de Xosé Ballesteros, director de

Kalandraka, e de Eva Mejuto, de OQO Editora, a respecto da evolución da Literatura Infantil e Xuvenil, das empresas editoriais que inflúen no seu desenvolvemento, así como do seu estado actual. Tamén se dá conta brevemente da historia de Kalandraka e de OQO Editora e fálasea dalgunha das súas coleccións.

Sanmartín C., Xabier, "Mundo del cómic, yendo a… Max", *El Correo Gallego*, "Radio-Televisión", 2 decembro 2007, p. 78.

Fai referencia ao mundo do cómic e ao seu crecemento nos últimos anos. Entre os autores que se dedican a este xénero nomea a Kiko da Silva de quen se di que acaba de anunciar a nova revista satírica *Retranca*, publicada sen ningún tipo de subvención.

Santamarta, Rubén, "La cantera gallega del cómic acapara protagonismo en el Salón de Barcelona", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 marzo 2007, p. 50.

Faise eco da celebración da 25ª edición do Salón do Cómic de Barcelona, na que autores e fanzines de factoría galega optan aos principais galardóns. Comenta que David Rubín e Alberto Vázquez serán nomes propios do Salón, así como que o fanzine *Barsowia*, do colectivo Polaquia e coordinado polo coruñés Benlloch, aspira a unha distinción na mesma categoría, na que tamén se colou unha iniciativa peculiar con selo galego, *Puñetas desde el Atlántico*, que ten como responsábel ao madrileño Juan José Giménez.

Santamarta, Rubén, "El 'Prestige' ambienta la mayor novela gráfica social de Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 agosto 2007, p.45.

Logo de loar a existencia do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" e de destacar nel a presenza de "notables dibujantes internacionales", dáse conta do inicio da décima edición na que se anuncia que haberá moitas novidades. Entre estas destaca a presentación de *La cuenta atrás*, de Carlos Portela e Sergi San Julián, da que se fan algúns comentarios a respecto do seu deseño e estrutura. A seguir, ofrécense outras informacións sobre a aparición total da obra.. Baixo o epígrafe "Precedentes" fálase das colaboracións conxuntas de Portela e Sanjulián previas a esta, da presenza da catástrofe do Prestige no cómic e doutras estreas e presentacións no "Viñetas" como pode ser a obra *Las trece en punto*, de James Simom, *Tito Longueirón*, de Pinto&Chinto (en castelán) e *Thom*, de Andrés Meixide. Anúnciase tamén o posíbel adianto dalgunhas das novidades da revista *BD Banda*. Baixo o subtítulo "La editorial Polaqia estrena tres líneas de trabajo" infórmase que o colectivo coruñés Polaqia presentará na décima edición do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" as obras *Pinche Mundo*, de Kike Benlloch e Diego Blanco, da que se ofrecen as principais características; o número dez da revista *Barsowia ou Barsovia* e "Polaqia Sketchbook", iniciativa na que se trata de amosar o traballo inédito dun ilustrador e que se inicia coa obra de Miguel Robledo.

Santamarta, Rubén "Galicia explora el género", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 226, 1 setembro 2007, p. 13.

Nota que dá conta da presentación, no marco do Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico", das novidades editadas polo colectivo coruñés Polaqia, impulsado, entre outros, por Kike Benlloch, autor da novela gráfica *Pinche mundo* que ilustra Diego Blanco. Alúdese tamén á presentación do décimo número da revista *Barsowia*, no que aparecen autores recoñecidos –David Rubín, Hugo Covelo, Bernal ou Carlos Portela– a carón de novas firmas como as de Brais Rodríguez, José Domingo, Luis Sendón ou Álvaro López. E como terceira novidade do colectivo cítase o álbum *Sketchbook 1*, do ourensán Miguel Robledo. De cara ao outono anúnciase a presentación do primeiro volume d'*A conta atrás*, editado por Factoría K, coincidindo co quinto aniversario do afundimento do Prestige, "la más ambiciosa novela gráfica social de sello galaico presentada hasta la fecha". Apúntase que o guión é de Carlos Portela e o debuxo do catalán Sergi San Julián.

Santiso, C., "O Grove lidera no Salnés a promoción da lectura nas salas de espera de Pediatría", *Diario de Arousa*, "O Grove Local", "Cultura", 3 xuño 2007, p. 17.

Explícase a iniciativa de achegar os libros aos máis pequenos promovida dende a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Xunta de Galicia, que se puxo en marcha no Grove. Explícase que consiste nun fondo bibliográfico instalado na sala de espera de pediatría, na que os cativos mentres agardan poderán ler libros. Recóllense as impresións das autoridades presentes na inauguración, que manifestan a súa vontade de seguir traballando polo fomento da lectura entre os máis novos.

S.C., "Viaje al mundo de Alicia", *El Correo Gallego*, "Santiago", 30 marzo 2007, p. 33.

Dá conta do inicio na sede da Fundación Granell en Santiago de Compostela do maratón de lectura infantil e xuvenil *Alicia en el país de las maravillas*, organizado pola Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil e a Fundación Eugenio Granell, onde se repartiron diversos exemplares da obra en galego e en castelán e, para os máis novos, a adaptación infantil, realizada por Daniel Ameneiro, *Xan e Pericán*, ilustrado por Andrés Meixide.

Taladrid, A., "Contacontos en Ames para animar a la lectura a los escolares de Primaria", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 de xaneiro 2007, p. 33.

Dá conta da inauguración do segundo trimestre do programa de animación á lectura destinados ao escolares de educación infantil e secundaria do concello de Oroso, que recolle unha serie de actividades entre as que se destacan unha serie de actuacións de contacontos, na biblioteca municipal de Sigüeiro, que teñen como protagonistas á Familia Ratoncio.

T. D., "Bugallo considera preocupante la caída en el uso del gallego y la lectura", *Atlántico Diario*, "Pontevedra", 5 febreiro 2007, p. 17.

Dise que tanto o alcalde de Pontevedra como a Conselleira de Cultura fixeron fincapé na apertura do VIII Salón do Libro Infantil e Xuvenil desa cidade do descenso no

número de falantes en galego e no número de lectores nesta lingua. Coméntase que ao amparo da Lei do Libro a Conselleira anunciou a posíbel inversión de sete millóns de euros en actividades para evitar ese descenso. Finalmente, indícase a temática da VIII Edición do Salón.

Torres, M., "Un clásico para os máis pequenos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 220, 21 xullo 2007, p. 10.

Manifesta a súa ledicia pola adaptación que María Dolores Hermida fixo do conto de Hans Christian Andersen, publicada pola editorial Kalandraka, *A vendedora de mistos*. Sinala que se trata dunha historia triste, pero que deixa un pouso especial, coa que os máis novos teñen a oportunidade de coñecer a un dos autores máis importantes da historia. Repasa outros títulos desta mesma colección, tanto clásicos coma contemporáneos, e remata salientando a importancia de que os máis novos deixen as consolas ou a televisión para coñecer estas obras de referencia, feito no que teñen un papel fundamental os mediadores.

Varela, Lara, "Cultura promueve una semana del libro en ocho municipios", *El País*, "*Galicia*", 6 marzo 2007, p. 35.

Dise que logo do éxito obtido en Pontevedra e co obxectivo de animar á lectura e difundir as posibilidades didácticas que ofrecen os libros, a Consellaría de Cultura, en colaboración coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega, levará a oito municipios a Semana do Libro e a Lectura, que terá como temática o medo. Infórmase de que se poderán apreciar tanto as últimas novidades de literatura infantil e xuvenil como tamén os traballos dos mellores ilustradores e ademais que se realizarán entre corenta e corenta e cinco talleres destinados a profesores, alumnos e familias. Tamén se sinala que haberá actividades destinadas aos centros escolares. Finaliza especificando os municipios nos que se celebrará.

Varela, María, "Unha porta aberta ó terror", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", "Reportaxe", 28 xaneiro 2007, p. 6.

Recolle as opinións sobre a literatura fantástica de terror de Xurxo Cortázar e de Rafael Pintos que dan vida respectivamente ao mordomo Malaquías e ao vampiro Vladimir no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Sinálase que ambos os dous coinciden en afirmar que este xénero ten unha gran importancia pedagóxica na educación dos nenos.

Vázquez, D., "Escolares mostrarán trabajos artísticos sobre el miedo en la Semana do Libro de Porriño", *Faro de Vigo*, "Louriña/Área Metropolitana", 3 abril 2007, p. 13.

Anuncia a exposición que se realizará na biblioteca municipal de Porriño cos traballos artísticos realizados polo alumnado dos centros do municipio sobre o medo. Sinálase que a actividade se enmarca dentro da I Semana do Libro e a Lectura "Vai de medo...", organizada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega e a Consellería de Cultura

Vázquez, D., "Lecturas contra la pereza cutural", *Faro de Vigo*, "Louriña/Área Metropolitana", 11 abril 2007, p. 20.

D. Vázquez informa da iniciativa que baixo o título "Vai de medo" e organizada pola Consellaría de Cultura e a Asociación Sociopedagóxica Galega con motivo da Semana do Libro ten lugar no Centro Cultural do Porriño. Dise as actividades que terán lugar para os centros educativos e para as familias. Finalmente sinálase que, polo seu traballo de promoción da lectura entre os máis novos, a biblioteca do Porriño recibirá o Premio Nacional María Moliner. No recadro "Las panaderías reparten versos de mujer" dáse conta da iniciativa"Pan con poesía", da Consellaría de Cultura, que ten lugar no Porriño pero que se desenvolve tamén en Mos, Vigo, Redondela e Nigrán.

Ventureira, Rubén, "Ser daltónico no me ha supuesto una traba para dibujar superhéroes", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 agosto 2007, p. 42.

Despois dunha breve presentación, entrevístase a Tim Sale, un dos invitados ao décimo Salón do Cómic "Viñetas desde o Atlántico". No diálogo estabelecido Sale fala da diferenza entre os salóns norteamericanos e o salón do cómic coruñés, sinala os personaxes protagonistas dos tebeos da Marvel e ofrece a súa opinión a respecto das razóns polas que ao público lle gustan os superheroes. Tamén dá conta da influencia no seu traballo do cómic europeo, fala do seu pequeno problema visual á hora de debuxar superheroes e, finalmente, afirma que nos EUA sempre que as series dean cartos terán continuidade, razón pola que non pode responder cál será o futuro de *Héroes*, traballo que lle gusta realizar.

Viana, Mónica, "Neira Cruz: 'Os nenos deben ver a lectura como algo cotián", *El Progreso*, "Cultura", 4 xullo 2007, p. 64.

Recóllense as palabras de Xosé Antonio Neira Cruz na clausura do programa "O xuño das Letras", organizado pola libraría Trama de Lugo e a editorial Galaxia. Considera que a mellor forma de animar a ler aos cativos é poñendo á súa disposición libros como un feito cotián. Sinálase que o autor fixo un repaso polos últimos vinte anos da literatura infantil e xuvenil galega, no que citou a diversos autores que se dedicaron ao fomento da literatura galega, como Xosé Neira Vilas. Remátase ofrecendo algúns datos biográficos de Neira Cruz como o seu papel como director da revista *Fadamorgana* ou algún dos seus títulos, como *Valdemuller* (1998) ou *Os ollos do Tangaleirón* (2000).

Vivero, Lara R., "Área Central acogerá actividades infantiles para fomentar la lectura y el gallego", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 20 setembro 2007, p. L8.

Anúnciase a celebración da campaña "Tardes con Uxía e os pillabáns", organizada polo Centro Comercial Área Central de Santiago de Compostela e na que se levarán a cabo actividades de promoción da lectura dirixidas ao lectorado de entre catro e oito anos dende o mes de outubro a decembro. Sinálase que é unha iniciativa de longa duración na que o autor da colección "Uxía e os Pillabáns" levará a cabo talleres de debuxo

baseados en cada un dos títulos. Explícase que as actividades terán lugar os venres e sábados de cada semana en diferentes lugares do Centro Comercial e que forman parte das iniciativas do programa de Normalización Lingüística en colaboración coa editorial Sotelo Blanco co que se tenta "apoiar o galego na familia". Recóllense as palabras dos responsábeis das entidades colaboradoras e saliéntase que se levou a cabo unha gran promoción para que chegue ao maior número de nenos e nenas posíbel.

Vivero, Lara R., "La colección 'Contos de agardar' fomentará el uso del gallego entre las fuerzas de seguridad", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 setembro 2007, p. 48.

Alúdese á presentación desta colección de relatos curtos de temática policial realizada por autores galegos dos que se repartirán sesenta mil exemplares nun acto que contou coa presenza do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e mais da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

VIII. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

VIII.1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Gárfer, José Luís e Concha **Fernández**, *Adiviñanceiro popular galego*, Helena Pérez (ed.), ilust. Fino Lorenzo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, febreiro 2007, 466 pp. (ISBN: 978-84-9782-485-9).

Volume de case cincocentas páxinas que recolle tres milleiros de pezas do corpus adiviñancístico galego organizadas por temas: animais, vexetais, cousas, etcétera. Os autores duplicaron neste volume o repertorio que publicaran por vez primeira hai case vinte anos.

Recensións:

- Mayte Leis, "José Luís Garfer e Concha Fernández. *Adiviñanceiro popular galego*", *Fadamorgana*, n.º 11, "Novidades materiais", primavera 2007, p. 86.

Despois de referirse a publicacións relacionadas coa recuperación das diferentes manifestacións da cultura tradicional para os máis novos, céntrase no volume de José Luís Garfer e Concha Fernández, *Adiviñanceiro popular galego*. Comenta que no ano 1984 deron ao prelo *Adiviñancero popular gallego*, base da citada publicación e que recollía un número menor de adiviñas. Considera que é importante e significativa esta escolma, aínda que advirte certas contradicións nos criterios propostos polos autores. Así, indica que no prólogo expresan que é unha obra destinada aos máis novos e, porén, ao ofreceren variantes dunha mesma adiviña, aproxímana máis a unha obra para adultos. Tamén apunta que no prólogo, datado de 1984, prometen unha edición crítica dos textos que completaría o texto introdutorio, polo que "sería moi desexable que tal edición vise a luz, explicitando a orixe de cada variante e comparando as distintas versións".

- Maruxa Gestoso Álvarez, "Que cousiña é...? Polo mundo das Adiviñas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 214, "Cultura popular", 5 xullo 2007, p. II.

Reportaxe sobre o mundo das adiviñas, mostras da tradición oral que foron recoñecidas como Patrimonio Cultural Inmaterial dos Pobos pola UNESCO. O *Adiviñanceiro popular galego*, que recolle boa parte destas composicións. Sinálase que unha das funcións das adiviñas é o seu papel lúdico en diversos contextos, ademais de que son unha verdadeira creación colectiva que recolle os valores culturais da sociedade que as promove e que, por conseguinte, contribúen á socialización dos seus membros. Explica que se transmiten de xeración en xeración e que resultan, por tanto, moi útiles para coñecer a vida dun pobo. Engade que constitúen un elemento de interese para a creatividade literaria e que permiten practicar o enxeño e a memoria. Nun despece complementario danse máis datos sobre esta obra, indicando que recompila en máis de catrocentas páxinas adiviñas agrupadas por bloques temáticos. Ademais, acompáñase dun prólogo no que os autores analizan diversos aspectos destas composicións.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Xogos populares en verso", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 maio 2007, p. 50.

Refírese ao *Adiviñanceiro popular galego* como a primeira antoloxía e clasificación ampla deste tipo de composicións, cun total de tres mil adiviñas clasificadas segundo os seus argumentos. Os autores subliñan o valor pedagóxico desta forma de literatura popular, á vez que apuntan que favorece a memorización e aviva a curiosidade. Indican que o adiviñanceiro galego presenta diversas coincidencias co portugués, se ben en Galicia acada unha importancia especial no ámbito da literatura, aínda que o paso da transmisión oral da cultura á transmisión escrita fai que perda peso. Por iso, os autores consideran que o libro que sae á luz é especialmente importante para tentar evitar que as adiviñas se perdan.

Paz Fernández, Xosé, *Xebras eumesas, 3ª parte do cancioneiro popular eumés*, Betanzos: Concello de Pontedeume, 718 pp. (ISBN: 978-84-921952-3-7). ◆

Despois dunha presentación institucional a cargo do alcalde de Pontedeume, ábrese o volume cun "Prólogo" de Ramiro Fonte no que comenta que a obra recompilatoria de Xosé Paz Fernández (Pontedeume, 1943) se converteu "nun indispensable libro de consulta" principalmente cando tentou "resucitar as lembranzas mortas" de Pontedeume, a súa vila natal, nunha novela; sinala o que singulariza para el o autor de *Cancioneiro popular eumés*. *Festas anuais* e *Nas beiras do Eume. 2ª Parte do Cancioneiro Popular Eumés*; explica outras razóns polas que lle resulta interesante a obra de Paz Fernández; pón en relación a obra deste autor con outras obras galegas de séculos pasados e, finalmente, valora a achega de "datos, noticias e curiosidades" que nos libros deste autor se recollen. Séguelle ao texto de Ramiro Fonte, "Un cofre de maravillas e tesouros", de Eva Veiga, no que se fala da importancia da música e poesía populares nas vilas, concretamente en Pontedeume, e se valoran e agradecen as achegas de Paz Fernández que "ergue así un patrimonio intanxible que, páxina a páxina, recobra visibilidade e valor". No "Limiar", o autor, logo de lembrar as súas anteriores achegas ao cancioneiro popular eumés nos anos 1994 e 1998, anuncia o que o lectorado pode atopar nas páxinas desta nova entrega que presenta unha ampla "Dedicatoria" e agradecementos, especialmente a Lois Blanco e á Fundación Caixa Galicia. Estrutúrase o volumen en tres partes. Na primeira delas, formada por tres capítulos, Paz Fernández bota man de diferentes fontes, maioritariamente hemerográficas, para dar conta de festexos, romarías, novas do momento que tiveron repercusións na época, etc. , Nestas informacións, moitas veces baseándose en recortes de prensa, atópanse, entre outras, novas relacionadas con diferentes festexos, romarías, etc. e un índice coas letras das cancións. Na segunda parte ocúpase o autor, como xa fixera na segunda entrega do cancioneiro, de poetas e músicos eumeses que ordena alfabéticamente "para facilitar procuras individualizadas ó noso lector". Paz Fernández ofrece a biografía destes poetas e músicos e reproduce ben parte ben toda a súa produción, que en ocasións está en lingua galega. É o caso de Mónica Alvariño Villar, Ignacio Chao Castro, Antón Iglesias Veiga e María dos Milagres Leira Carrera, Manuel José Sanjurjo Sanjurjo, entre outros. Na terceira parte, denominada "Coplas e cantos populares. Cantos de autor", faise unha

distinción entre coplas e cantos populares e reprodúcense exemplos baixo cada un destes apartados. Moitos destes exemplos están en lingua galega e o autor especifícalle ao lectorado agardado a fonte de onde foron recollidos. Tamén se inclúen, baixo o epígrafe "Cantos de autor", "Letras con música de autor" entre as que se encontran pandeiradas, nadaliñas e cantos relixiosos, e "Letras e músicas de autor" de, entre outros, Carmen Sarmiento e Antolín López. O volume, que presenta numerosas fotografías da época, péchase, despois dun apartado de "Bibliografía" e "Fontes documentais", coa recompilación de diferentes partituras.

Recensións:

- Rodri García, "Tesouros da memoria na beira do Eume", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 231, "Letras en galego", 6 outubro 2007, p. 12.

Dáse conta da publicación deste libro, un traballo de recompilación a partir das pequenas narracións da súa vila que, durante máis de vinte anos, Xosé Fernández Paz xuntou; unha tarefa que xa puido ser visíbel en 1984 coa obra *Cancioneiro popular eumés*. Indica que esta volume se fai eco de numerosas partituras e de coplas populares que van dende as que se cantaban polo carnaval até outras dos maios, das que cantaban os eumeses no *desfile de estrelas* ou das que cantaban os nenos pola Semana Santa. Saliéntase tamén no libro a achega de Ramón Fernández Lamas, corresponsal de *La Voz de Galicia* na vila, para a organización cronolóxica de todo o material.

Referencias varias:

- M.J.R., "Xosé Paz publica 'Xebras eumesas", *Diario de Ferrol*, 29 abril 2007, p. 72.

Trátase da terceira obra do autor, na que se reúnen máis dun centenar de fotografías, poesías, biografías, acontecemento e partituras, materiais a través dos que se pretende recuperar unha parte da historia da vila de Pontedeume, neste caso centrada sobre todo no ámbito musical.

- Clodio González Pérez, "O cancioneiro popular Eumés", *Galicia Hoxe*, "Opinión", 1 decembro 2007, p. 4.

Comenta a publicación da terceira parte do Cancioneiro Popular Eumés, que sae do prelo co título de *Xebras Eumesas*. Salienta o labor de investigación do seu autor, Xosé Paz Fernández, e realiza un recorrido pola súa vida musical, destacando a dirección do coro da Misa Galega ou do Grupo Folk Breamo. Tamén comenta os premios acadados por Paz Fernández e, finalmente, agradécelle un favor persoal.

Quintáns Suárez, Manuel. *A escola da lareira*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, tomo II, agosto 2007, 344 pp. (ISBN: 978-84-96673-32-8).

Manuel Suárez Quintáns recolle nestes dous volumes unha abondosa manchea de documentos orais, "Curiosidades e entretementos", máis de 600 adiviñas, 88 contos, máis de 170 lendas, preto de 200 romances, celebracións, panxoliñas e aguinaldos e 59 oracións, distribuídos en oito capítulos precedidos cada un deles dun breve estudo

introdutorio. A amplitude da área xeográfica de recolleita, que comprende aproximadamente as provincias da Coruña, Ourense e Pontevedra foi posíbel grazas á colaboración do profesor Manolo Castro Mera. Cada documento ou variante vai perfectamente identificado polo lugar concreto de recollida, sinalándose só nalgúns casos o nome e outros datos do comunicante O labor deste investigador subministrou, practicamente, todo o material correspondente á provincia de Ourense e, en boa medida, o que se recolleu na provincia de Pontevedra.

Recensións:

- M.B., "Cando no había televisión", *A Nosa Terra*, n.º 1.282, "Fin de Semana", 27 setembro-3 outubro 2007, p. 35.

Fai unha análise desta nova obra de investigación no eido da literatura de transmisión oral, na que se ofrecen refráns, esconxuros, ditos, contos, contos, adiviñas e lendas que tecen un patrimonio oral propio que esmorece. Fala da estrutura da obra, que conta cun limiar realizado polo autor en colaboración co antropólogo Xosé Manuel González Reboredo, así como unha clasificación temática da escolma de preto de 1500 entradas cheas dun saber popular que se transmitiu durante séculos de xeración en xeración; de avós a netos á beira do lume. A lectura do volume é enormemente recomendada de xeito implícito.

- Avelino Abuín de Tembra, "A escola da lareira", *Galicia Hoxe*, "Ventos ábregos", 5 novembro 2007, p. 5.

Fala da importancia dos temas etnográficos no ámbito da investigación da lingua e da cultura de Galicia. Fai un percorrido pola tradición de estudo da cultura galega desde frei Martín Sarmiento, frei Benito Jerónimo Feijoo, frei Xoán Sobreira Salgado, pasando pola xeración Nós e o Seminario de Estudos Galegos como protectores dun legado etnográfico continuado por Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas e Daniel Rodríguez Castelao. Indica que desa fonte bebe *A escola da lareira*, un ensaio que se inscribe na literatura popular de tradición oral. Explica que o autor recolle unha abondosa manchea de documentos orais distribuídos en oito capítulos e precedidos cada un deles por un breve estudo introdutorio.

- Armando Requeixo, "Deprender desde a lareira", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 228, "Libros", 6 decembro 2007, p. V/*La Opinión* , "*Saberes*", n.º 166, 22 decembro 2007, p. 10.

Considérase que a publicación da obra *A escola da lareira*, do profesor Manuel Quintáns Suárez, continúa unha tradición notábel de folcloristas e investigadores do fenómeno literario oral. Destácase a interesantísima e moi ampla transcrición de textos orais e a proposta pedagóxica de máis de seiscentas adiviñas, preto dun cento de contos, case duascentas lendas e outros tantos romances, ademais de celebracións, panxoliñas, aguinaldos e máis de medio centenar de oracións, principalmente da bisbarra fisterrá e das terras celanovesas, que recollen os dous volumes da obra. Saliéntase o carácter maioritariamente educativo desta proposta literaria.

VIII.2. REEDICIÓNS. TEXTOS RECUPERADOS.

Torner, Eduardo M. e Jesús Bal y Gay, *Cancionero Gallego. Tomo II: textos literarios y notas al tomo I*, estudo crítico de Carlos Villanueva, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, serie musical, 2007, 83 pp. + [363 pp. do tomo I de música, e 174 pp. do tomo II de Textos literarios e notas al tomo I] (ISBN: 978-84-95892-59-1).

Edición facsimilar, realizada con motivo do corenta aniversario da Fundación Pedro Barrié de la Maza, do *Cancionero Gallego* publicado na Coruña, en dous tomos, por esta Fundación en 1973 e con prólogo e responsabilidade da edición de José Filgueira. Logo da presentación da Condesa de Fenosa, Carmela Arias y Díaz de Rábado, Presidenta da Fundación Pedro Barrié de la Maza, ábrese esta edición de 2007 cun estudo crítico co título "El Cancionero que fue y el que pudo haber sido", de Carlos Villanueva. Nel, ao longo dos apartados "Preliminares", "Terra de Melide", "La aparición de los materiales del Cancionero Gallego y el encargo de su edición", "Recepción de la obra", "Torner & Bal y Gay": encuentros y desencuentros", "Apéndice para investigadores y curiosos", vai explicando a orixe da edición do ano 1973. A seguir, reprodúcese esa edición de José Filgueira que se estruturada en "Alalás", "Aguinaldos", "Bailes", "Verses", "Cantinelas", "Ciegos", "Danza", "Desafío y diálogos", "Enumerativas", "Foliadas", "Instrumentales", "Labores y oficios", "Maios", "Muiñeiras", "Narrativas", "Pandeiradas" y "Religiosas". Nos diferentes apartados dáse conta de mostras de textos da transmisión oral galega.

Recensións:

- Mar Mato, "Foi un milagre que o *Cancioneiro Gallego* chegara a editarse", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 220, "Entrevista", 11 outubro 2007, p. III.

Fálase da obra da que tanto Milladoiro, Susana Seivane ou Múxicas teñen botado man para os seus arranxos musicais: o *Cancionero Gallego*, do musicólogo Bal y Gay en colaboración co investigador asturiano Eduardo Martínez Torner, esgotada dende hai anos, que volta á rúa na reedición facsímil polo XV Aniversario da Fundación Pedro Barrié de la Maza. A continuación, Carlos Villanueva, autor do estudo crítico-científico que precede a obra, refírese a ela como unha das máis importantes e de máximo interese para o coñecemento e a comprensión do rexeneracionismo cultural galego do primeiro terzo do século XX, e a cuxo coñecemento e divulgación quere contribuír a obra.

- E. Españadero, "Cancioneiro de Torner e Bal y Gay", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 685, 2 decembro 2007, p. 6.

Informa da reedición crítica de dous dos máis importantes cancioneiros galegos: o Cancioneiro de Torner e Bay y Gay, e o Cancioneiro de Casto Sampedro. Comenta que este é o Proxecto Cancioneiros promovido pola Fundación Barrié de la Maza e afirma que o responsábel do estudo crítico da reedición é Carlos Villanueva Abelairas, a quen se lle realiza unha entrevista. Indica que o ofrecemento de realizar o estudo crítico foi como un agasallo para el e, de seguido, explica a historia do Cancioneiro. Afirma que foi encargado no ano 1928 aos seus compiladores a través dunha bolsa de estudos e fala

sobre Torner e Bal y Gay; a continuación comenta que por causa da Guerra Civil perdéronse moitos materiais que foron atopados por casualidade posteriormente, até que se publicou en 1973. Finalmente, dá conta da definitiva edición da obra e do obxectivo desta reedición.

VIII.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Balboa Salgado, Antonio, "A cidade asolagada de Antioquía", *Lethes*. *Cadernos culturais do Lima*, n.º 8, inverno 2006-2007. pp. 8-15.

Traballo no que Antonio Balboa recolle tradicións cegadas do oriente próximo e máis en concreto de Antioquía nos tempos posteriores a Xesús de Nazaré, nun tempo en que a mensaxe cristián comeza a espallarse moito máis alá do seu núcleo orixinario na cidade de Xerusalén. Faise un estudo de toda a tradición dos numerosos santos que con posterioridade a San Paulo percorreron eses lugares e de como trouxeron lendas e historias a modo de narracións deses lugares. Indica que moitas desas achegas pódense atopar en elementos populares da cultura galega como ditos, cancións e outras manifestacións.

Burgoa, Juan José, "A Illa e mar da Marola", *Atenea*, n.º 29, outubro-novembro-decembro 2007, pp. 28-31.

Analiza a illa da Marola, situada fronte a Punta Pedrido e Punta Rasa, no concello de Oleiros (A Coruña). Percórrense os diferentes textos que dende antigo mencionan esta illa e o pouco ou moito que alí se atopaba. Tamén se recollen as cantigas e poemas as que deu lugar. A continuación, se pasa a mencionar aqueles pintores que a tiveron como musa das súas paisaxes, así como as lendas que dende antigo existía sobre a mesma. Engade que ademais foron fonte de erudición de afamados escritores coruñeses como Wenceslao Fernández Florez.

Castro Vázquez, María Teresa, "Creencias o supersticiones en Galicia", *Canal NW*, n.º 20, "Canal de Cultura", 1 outubro 2007, p. 22.

Fálase da obra *Supersticiones de Galicia*, de Jesús Rodríguez López e máis concretamente da cuarta reedición deste clásico da cultura galega (2006). Indica que se trata dunha obra que se atopaba prologada polo doutor Domingo García Sabell e que contaba cun epílogo de Ramón Otero Pedrayo. Explica que a devandita obra fai unha concisa definición da superstición como unha falsa relixión ou un culto vicioso da verdadeira divinidade ou doutra falsa. Posteriormente, se leva a cabo unha clasificación dos tipos de supersticións tanto laicas como relixiosas e exemplifícanse no contexto galego.

Dans, Manuel, "Un repaso á Sada lendeira", *Xanela*, "Folclore", 2007, n.º 24, pp. 17-18.

Fai unha análise do corpo lendario existente na zona de Sada. Entre as diferentes lendas

destaca a da furna de Morazón, que representaba unha entrada ao inferno. O propio Manuel Lugrís Freire contaría que esta historia, que narraban os vellos cando el era un neno, "moito me tiña privado do sono".

Fernández Araujo, Arturo, "Don Xaquín Lorenzo. Un galego irrepetible", *Raigame*, n.º 27, "Centenario Xaquín Lorenzo", novembro 2007, pp. 17-19.

Analiza a vida e obra do insigne escritor Xaquín Lorenzo Fernández (*Xocas*), personalidade senlleira da cultura e da etnografía galegas, que naceu o 23 de xuño de 1907 en Ourense, lugar onde faleceu o 19 de xullo de 1989. Foille dedicado o Día das Letras Galegas no ano 2004, homenaxe que a Xunta de Galicia asumiu declarando o 2004 como *Ano Xaquín Lorenzo*. Tamén recibiu o Premio Trasalba en 1983. Descríbese no artigo o seu inmenso labor pola difusión da cultura galega e as mutuas influencias que tivo con Castelao. Así mesmo, se fai unha concisa mención dos seus traballos no eido da etnografía e do folclore de Galicia, na liña de Fermín Bouza Brey, e das súas cuantiosas publicacións destinadas a espallar e evitar o esquecemento dos piares da cultura galega.

González Pérez, Clodio, "É posible facer agora unha obra como a de Xaquín Lorenzo?", *Raigame*, n.º 27, "Centenario Xaquín Lorenzo", novembro 2007, pp. 47-53.

Preséntanse os traballos do insigne escritor e historiados galego Xaquín Lorenzo como un testamento de toda a nosa cultura "material", creada e perfeccionada ao longo dos séculos polos nosos devanceiros e devanceiras. Saliéntase toda a súa actividade investigadora como membro do Seminario de Estudos Galegos, da Real Academia Galega e como presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego. Comenta que todos os aspectos do mundo galego, o rural, mariñeiro e urbano son obxecto das investigación deste erudito. Asemade, todas as artes e representacións culturais do patrimonio galego teñen cabida na súa longa traxectoria de estudo, que se reflicte nas súas numerosas e pioneiras publicacións e no súa labor de espallamento da cultura galega e no coidado do seu máis importante vínculo que é a lingua galega.

González Reboredo, Xosé Manuel, "Folklore rural e neofolklore urbano", *Raigame*, n.º 27, "Centenario Xaquín Lorenzo", novembro 2007, pp. 55-59.

Partindo das orixes da ciencia do folklore e exemplificando o campo de estudo no eido galego, apercíbese da riqueza dunha tradición oral que se atopa en declive e que é necesario preservar e recuperar. Neste eido atópase coas figuras importantísimas de Daniel Rodríguez Castelao, Fermín Bouza Brey e sobre todo Xaquín Lorenzo Fernández. Deste último autor salienta o seu enorme traballo de atopar pegadas do pasado nos costumes e narracións do pobo campesiño e mariñeiro. Insiste na necesidade de que a nova sociedade tecnolóxica non esqueza todas estas achegas e testemuñas do vello folklore, que se volvese algo fundamental e prioritario. A tradición, segundo o autor, ten que servir de base para o desenvolvemento de novas formas de expresión cultural do pobo galego; algo que é denominado como neofolklore.

Iglesias Dobarrio, Baldomero, "Xaquín Lorenzo (1907-2007). Cen anos de recolla", *Raigame*, n.º 27, "Centenario Xaquín Lorenzo", novembro 2007, pp. 41-45.

Analízanse as obras do insigne escritor e etnógrafo galego Xaquín Lorenzo Fernández, que se presenta como un gran activista cultural, un etnógrafo que buscou as raiceiras da nosa cultura material, os nomes dos oficios, das técnicas e dos artellos. A continuación, descríbense os seus artigos e estudos máis salientábeis: *Etnografía. Cultura material*, *Lápidas sepulcrales gallegas de arte popular*, *La casa gallega*, *Cerámicas castrexas pintadas*, *Deidades marianas en el Ourense romano*, *Vellas artes de pesca no río Miño*, *Metamorfose dunha casa castrexa*, *Cantigueiro popular da Limia Baixa*. Finalmente, se vincula ao desenvolvemento do estudo da cultura, da etnografía e do folclore galego as achegas tan importantes e considerábeis feitas por Xaquín Lorenzo para pór en relevo o patrimonio cultural galego, especialmente dende a súa traxectoria como director do Museo do Pobo Galego de Santiago de Compostela.

Míguez Acuña, José Luís, e Dolores Míguez Montes, "Unha aproximación á festa dos maios no concello de Redondela", *Boletín do Seminario de Estudos Redondeláns*, n.º 4, 2007, pp. 133-173.

Traballo de investigación no que os autores percorren a historia da festa dos maios no concello pontevedrés de Redondela dende a súa xénese até a actualidade, onde está a ser considerada unha festa gastronómica de interese galego. Explica que a festa dos maios, celébrase os primeiros días de maio e que ten como fin festexar a chegada da primavera. Denomínanse maios tanto a celebración desta festa como as representacións que se fan nelas, que consisten en cantar coplas ou diálogos dedicados a primavera, aínda que en certos lugares tamén se compoñen coplas criticando a persoas o institucións. Comenta que os maios máis populares son: o maio figurativo, o maio humano, as maias, e a árbore de maio. Do mesmo xeito, descríbese a festa do ramo, que non ten data concreta e que é propicia para o encontro dos mozos casadeiros.

VIII.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Abuín de Tembra, Avelino, "O alén na cultura popular", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 7 xaneiro 2007, p. 32.

Primeiro indica que hai un novo rexurdir do interese pola Galicia máxica e as lendas e tradicións con ela relacionadas. Fálase despois do investigador Manuel Quintáns Suárez nomeando varias das obras que dedica a este tema para centrarse nunha delas, *O outro mundo na cultura popular galega* (2006). Explica que se trata dun ensaio sobre a cultura popular galega con investigacións feitas en diversos lugares como Fisterra, Xallas, Muros e Noia, por unha banda, ou Celanova e Allariz por outra. Asemade, recóllense lendas e tradicións relacionadas co cristianismo, cos males de espírito ou co mito das lavandeiras. Engádese que tamén se recollen cantigas, cantos, lendas e rexoubas e que remata o libro cunha extensa bibliografía.

Abuín de Tembra, Avelino, "A historia do demo", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 6 maio 2007, p. 32.

Centrándose na abundancia do tema do exorcismo na tradición popular galega, menciónase o libro *Satanás. Historia do diabo*, de Vicente Risco, a versión portuguesa da obra que o autor ourensán publicara en 1948 baixo o título de *Biografía de Satanás,* e na que se fai un repaso por diversas cuestións relacionadas co demo.

Castro Rodríguez, Xavier, "López-Aydillo, estudoso da lírica galega", *Galicia Hoxe,* "Estraños, raros e esquecidos", 26 maio 2007, p. 2.

Fálase sobre distintos centros de investigación que se crearon a principios do século XX que se centraron na cultura galega. Dise que en 1907 nace a "Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas", tendo como valedor fundamental a Francisco Giner de los Ríos, e en 1910 nace o Centro de Estudos Históricos, que tiña como obxectivo fundamental a promoción de traballos de investigación científica e cultural. Aclárase que este último centro constaba de varias seccións como arte ou literatura contemporánea dirixidos por unha personalidade relevante na materia. Saliéntase a figura de Eugenio López-Aydillo como recompilador dunha escolma de poemas galegos dende a Idade Media até o século XX, procurando facer un volume divulgativo.

Dopico, M. e A.R **López**, "Símbolos da cultura", *Galicia Hoxe*, *Revista das letras*, n.º 670, 31 maio 2007, pp. 3-7.

Reportaxe sobre os símbolos que permiten investigar a cultura popular galega, en base ao traballo do antropólogo Xosé Ramón Mariño Ferro. Para o profesor, o compoñente máxico da cultura popular galega procede da cultura europea tradicional e, a través dela, da relixión católica. A sociedade urbana conserva, apunta Mariño Ferro, máis trazos da cultura tradicional dos que cre. Mantén elementos relixiosos, pero nun sentido menos puritano que os do catolicismo tradicional. A reportaxe complétase con catro textos relacionados co tema que se trata: o primeiro deles incide no tema dos símbolos na cultura popular; o segundo céntrase no papel, xeralmente subordinado, que a muller adquire nas creacións da cultura popular. Fronte a esa concepción "ideal" dende o punto de vista da sociedade da época, na realidade en moitas ocasións a muller é a que controla a economía doméstica, se ben fóra da casa ese dominio doméstico non se traduce nun poder na esfera pública. O matrimonio segue sendo unha das principais aspiracións das féminas, así coma o papel de nai. Non obstante, a sexualidade feminina case non se estudiou, se ben se entendía que era un dos aspectos máis perigosos para chegar ao ideal de muller, que debería ser obediente e facendosa, centrada no seu fogar. O terceiro texto céntrase na envexa e as súas diferentes concepcións na literatura popular. Finalmente, o suplemento péchase cun artigo sobre a propiedade e a organización territorial galegas.

García, Rodri, "La ciencia respalda el mito del celtismo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 202, "En Portada", 10 marzo 2007, pp. 8-9.

Preséntase o traballo *Los pueblos de la Galicia céltica*, no que varios historiadores e arqueólogos interpretan en clave céltica a cultura castrexa galaica do último milenio antes de Cristo. Débese a aparición do traballo á controversia que dende hai tempo se dá entre celtistas e anticeltistas. Faise referencia aos restos arqueolóxicos como torques e a algún topónimo como céltigos para mostrar a presenza celta en Galicia. Aparece tamén unha entrevista ao autor do libro e finalmente atópanse referencias a feitos relacionados co mundo celta que apoian o mito: marcas de tabaco, festivais musicais na emigración, revistas como *Céltiga* ou o emprego do celtismo na publicidade (leite Celta).

Garea, Fernando, "Engaiolantes sereas de amor e morte", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 641, "Áreas galegas con identidade propia", 28 xaneiro 2007, p. 14.

Comézase pola transmutación sufrida por unha muller en serea bondadosa, cantada literariamente por Pastor Díaz, inventor literario da Serea do Norte, de carácter caritativo. Relaciónase esta serea con outras como a Maruxaina (da Mariña luguesa) ou coa Serea do Rhin, todas relacionadas co mundo oceánico e as súas desgrazas. Refírese tamén á orixe da cidade de Pontevedra como froito do namoramento tráxico que sente Teucro por unha serea. Por último, apúntanse as coincidencias entre sereas e mouros na tradición galega.

Garea, Fernando, "Máis sereas galegas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 646, "Meigas, trasnos e enfeitizos", 4 marzo 2007, p. 14.

Dáse unha visión pormenorizada sobre as sereas dentro da tradición galega. Fálase da súa relación con distintas liñaxes galegas explicando a orixe de moitos nomes como Gayoso, Padín ou Mariño e a importancia do mar e das lendas de sereas en Galicia. Finalmente, dise que son unha mestura de peixe e muller e que, malia estares asociadas á premonición da morte, non sempre son elementos negativos.

Giadás, Luís, "Descubrindo mouras", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 639, "De meigas, trasnos e enfeitizos", 14 xaneiro 2007, p. 14.

Coméntase que a partir dunha Real Cédula de 1609 que concede a un fidalgo galego a apertura das mámoas e tumbas dos galigrecos, comeza un proceso de busca dos supostos tesouros gardados por mouros e mouras en diversos lugares de Galicia. Dise que este fidalgo chamado Vázquez de Orsos rexistrou todas as mámoas dos "xentís galigrecos" onde, segundo el afirmaba, había ouro. Finalmente, noméanse algunhas destas mámoas ou castros.

Giadás, Luís, "Sereas e homes", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 642, "Meigas, trasnos e enfeitizos", 4 febreiro 2007, p. 15.

Coméntase a relación existente entre sereas e homes na tradición mítica galega, destacando cómo aquelas atraían a estes seducíndoos para conducilos á morte. Danse exemplos do anterior como a relación entre Teucro e a serea Leucoíña e indícase que existen numerosos relatos na tradición literaria que falan destas relacións. Por último, destácase que as sereas tamén deron lugar a liñaxes moi poderosas e que tamén pertencen ao mundo clásico greco-latino mesmo dando orixe a cidades como Nápoles.

Giadás, Luís, "Encantos para soñar", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 644, "Meigas, trasnos e enfeitizos", 18 febreiro 2007, p. 15.

A partir do recollido no *Dicionario dos seres míticos galegos*, faise unha disertación sobre a interrelación entre os homes e o mundo sobrenatural para explicar diversos seres encantados como mouros/as ou as fadas. Indícase, entre outras cousas, que malia o aspecto amábel das fadas, poden agocharse nelas seres terroríficos que xoguen co destino dos homes. Achéganse exemplos desta mesma concepción das fadas noutros lugares de Europa.

Giadás, Luís, "Mulleres do mar...a traxedia de Cangas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 647, "Meigas, trasnos e enfeitizos", 11 marzo 2007, p. 14.

A partir do saqueo sufrido por Cangas en 1617 a causa dos turcos, coméntase o terror vivido polos seus habitantes e as desfeitas sufridas na Península do Morrazo. Faise unha referencia especial ás mulleres que vagaban polos areais rotas pola dor agardando os seus homes e fillos e que logo foron acusadas de bruxería. Dise que a máis famosa foi María Soliña e que estas mulleres deron lugar a unha caste mítica de seres meigos-piratas que a tradición converteu nos soliños.

Giadás, Luís, "Sobre piratas galegos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 648,"Meigas, trasnos e enfeitizos", 18 marzo 2007, p. 9.

Analízase o feito de que a partir de varios sucesos terribeis xustificados por acto de piratería foise tecendo unha tradición de seres e razas de piratas galegos que os identificaban coas prácticas de bruxería. Entre outros destácanse os "soliños" como descendentes de María Soliña ou os "almuiuces", relacionados coas lendas sobre un espello máxico na Coruña. Finalmente, noméanse algúns piratas galegos famosos como Jerónimo de Hijosa ou Antón de Garay e indícase que moitos deles eran piratas legais que actuaban ao servizo do seu estado.

Giadás, Luís, "A historia de Benito Soto (II)", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 650,"Meigas, trasnos e enfeitizos", 1 abril 2007, p. 19.

Lembranza sobre a historia da vida do pirata galego Benito Soto, chamado o "mariño da Moureira" por ser nado nese barrio pontevedrés. Faise un achegamento a diversos acontecementos da súa vida, marcada por un arrogante e forte carácter. Dise que

embarca cara a América fuxindo tras cometer actos de contrabando e que alí se enrola para dedicarse ao tráfico de escravos. Coméntase que o seu violento ataque ao buque británico Morning Star fixo que fose condenado a morte en Xibraltar.

Giadás, Luís, "Outras razas de auga", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 652,"De meigas, trasnos e enfeitizos", 15 abril 2007, p. 19.

Enuméranse unha serie de criaturas fantásticas relacionadas co universo acuático, como os canouros, o propio diaño ou todo un conxunto de personaxes que se relacionan con tesouros agochados baixo as augas. Teijeiro Rey, na súa obra sobre os seres galegos da auga, menciona tamén os Rabusos. Explica que as mulleres mariñas se moven entre a bondade coa que as caracterizan algúns e as características malvadas que lles atribúen outros, mentres que a presenza dos piratas atribúese, ás veces, aos espíritos dos bucaneiros que foron derrotados nas nosas costas en antigos tempos.

Giadás, Luís, "Mergullados entre estrañas mulleres", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 653, "Meigas, trasnos e enfeitizos", 22 abril 2007, p. 19.

Refírese aos océanos, que se imaxinaron tradicionalmente cheos de seres fantásticos, como a afogada, a serea ou as mouras que habitan no mar subterráneo. Indica que o mar tamén se entende como lugar no que moran as sombras e as ánimas, non só en Galicia, senón en xeral en toda a cultura atlántica e mesmo en lugares tan afastados coma Escandinavia. Explica que as sereas do imaxinario galego, con todo, son distintas ás doutras zonas porque se asocian coa figura das mouras engaiolantes, das mozas condenadas ou das almas estrañas.

Giadás, Luís, "Mar de vivos e de mortos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 654,"Meigas, trasnos e enfeitizos", 29 abril 2007, p. 19.

Indica que o mar é un espazo lendario no que se supón que habitan tanto as forzas do mal como as da relixiosidade, de aí que nel se mesturen ritos oficiais con prácticas ancestrais. Engade que é tamén un elemento entendido coma fin de viaxe cara o alén, se ben ás veces as illas que o sucan se asocian có paraíso.

Giadás, Luís, "O maxestoso mar", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 655,"De meigas, trasnos e enfeitizos", 6 maio 2007, p. 1.

Reportaxe sobre os misterios do mar "subterráneo", aquel no que, segundo as lendas populares, se agochan o inferno ou a derradeira fronteira antes do máis aló. Sinala que o tributo do pan de centeo ou a figura da Afogada son exemplos destas crenzas no poder mítico do mar, asociado en moitos casos á Illa dos Defuntos, é dicir, a illa de Ons. O que se di é que a Santa Compaña atravesa todas as noites o mar até alí na procura da porta do abismo a través dun túnel submarino. Explica que os santos, na tradición galega, chegan sempre por mar, o que relaciona este elemento co mundo das almas. Finalmente conclúe que Galicia se configura como Finisterrae, como País de Mortos, como a derradeira estación cara a última viaxe.

Giadás, Luís, "Na procura do cabo do mundo", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 656,"Meigas, trasnos e enfeitizos", 13 maio 2007, p. 19.

Extenso artigo sobre os significados míticos e as lendas asociadas ao mar que se desenvolveron nunha zona tan vinculada a este medio como Galicia. Así, a tradición mariñeira encheu a literatura popular de seres fantásticos, almas de mortos no océano ou espazos máxicos nas augas.

Giadás, Luís, "Loitar, cazar ou ser cazado", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 688, 23 decembro 2007, p. 19.

Fálase da figura dos piratas que sucaban os sete mares e das súas fazañas. Tamén se considera o xeito de vida dos piratas, da súa frecuente obriga de aliarse a intereses sociais e políticos determinados, da grande soidade que sentían e das sensacións polo feito de ser perseguidos e de vivir a base da violencia e da pillaxe. Exemplifícase no artigo este xeito de vida na figura do pirata Charles Vane, que percorreu o Caribe e acadou fama de sanguinario. Remátase contando o tráxico final do pirata e dos seus, que constitúe o remate dunha época tráxica que pasará os anais das lendas, como unha parte da nosa cultura.

Gestoso Álvarez, Maruxa, "Fogar de Breogán", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 220, "Antropoloxía", 11 outubro 2007, p. II.

Lévase a cabo unha reflexión e un estudo sobre a controvertida cuestión da presenza dos celtas en Galicia. Faise referencia ás diferentes teorías que soportan unha hipótese xa contrastada e verificada. Así mesmo, cita para basear a súa teoría a obra *A Galicia Celta* (2007), de Antonio Balboa Salgado, publicada por Editorial Lóstrego. Na devandita obra trázase a través da epigrafía romana as liñas históricas que dan fe da presenza celta en Galicia. Indica que a obra remata cun epígrafe dos diferentes elementos celtas que dun xeito innegábel, aínda hoxe, están presentes en Galicia.

Iglesias, Óscar, "Das bicicletas á eurorrexión", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 2 febreiro 2007, p. 44.

Faise un percorrido pola traxectoria de asociación cultural pedagóxica galego-portuguesa *Ponte...nas ondas!*, dende o seu comezo en 1995 até a actualidade. Coméntase que nace ao tempo que se inaugura a nova ponte que une Salvaterra e Monçao da man de Santiago Veloso coa colaboración de quince centros de primaria galegos e portugueses. Saliéntase o feito de que comezasen poñendo en xogo dúas bicicletas e de que chegasen á candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués dentro da nova liña de protección do patrimonio da UNESCO.

Méndez Ferrín, Xosé Luis, "Breogán Cabeleira Florida", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 211, "Ensayos", 6 outubro 2007, p. 3.

Analiza a historia celta de Galicia a través de diversas fontes documentais. Comeza cunha introdución á que seguen varios apartados que inciden en distintos aspectos dos antigos heroes celtas, como a súa cronoloxía, a xenealoxía e as fazañas que os fixeron inmortais no eido da narrativa oral épica. Céntrase dun xeito moi pormenorizado na figura do gran heroe Breogán, así como na relación da tradición celta galega coa irlandesa.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "O Batallón Celta", *La Opinión*, "Cultura", 6 outubro, 2007, p. 3.

Dá conta da publicación da obra *Libertarios* (2007), de Salvador Rodríguez. O tema da obra, cheo de humorismo, fantasía e política social, céntrase nos avatares dun grupo anarquista galego no medio da España franquista. Considérase unha novela moi habilmente escrita e que resulta, pola combinación de estilos e técnicas literarias moi diferentes, de lectura amena e atraínte. A continuación, descríbese a xénese destes grupos despois da guerra civil española e, finalmente, remata cunha comparación deste grupo político social con outros de diferentes partes do Estado español, como é o caso de Asturias.

Miranda, Xosé, "Os contos marabillosos", *A Nosa Terra*, n.º 1.273, "Fin de Semana", "Enxeños e criaturas", 21-27 xuño 2007, p. 34.

Reflexión de carácter teórico sobre a literatura de tradición oral, que en Galicia inclúe todos os relatos, cantigas e romances que se recitaban arredor da lareira ou durante os traballos, festas e celebracións. Comenta que, a diferenza do que sucedeu noutros lugares, esta produción non serviu para fornecer en gran medida á literatura culta. A continuación, explica que se divide en creacións en verso e en prosa. Dentro da prosa, indica que se poderían distinguir tres subxéneros: mitos, lendas e contos. Explica que os contos carecen do elemento "de ser contados para ser cridos" que caracteriza aos dous primeiros, é dicir, son relatos caracterizados coma non verdadeiros. Pola súa banda, a lenda distinguiríase do mito en que aborda temas menos transcendentes e localízase nun tempo e nun espazo claramente explícitos. Dentro dos contos, distingue aínda outra división, tomada de Afanssiev: contos de costumes, de animais e marabillosos, que son os verdadeiros contos, segundo afirma.

Miranda, Xosé, "As fontes do imaxinario na literatura galega", *A Nosa Terra*, n.º 1.279, "Fin de Semana", "Enxeños e criaturas", 6-12 setembro 2007, p. 34.

Refírese á importancia do imaxinario no eido da literatura de transmisión oral. Diserta sobre as fontes do imaxinario que non se restrinxen soamente á literatura fantástica ou ficticia, senón que abranguen a literatura infantil e xuvenil, a épica, a epopea, o teatro e incluso a novela de aventuras. Despois dun percorrido por unha serie de autores e referentes, se achega o ámbito galego que no seu imaxinario debe un grande tributo á mitoloxía. Finalmente, ao describir a literatura oral como a fonte principal do imaxinario galego, céntrase nos tres xéneros narrativos que máis o cultivaron en prosa: o conto, a lenda e o mito.

Miranda, Xosé, "Os tipos de lendas e mitos", *A Nosa Terra*, n.º 1.281, "Enxeños e criaturas", 20-26 setembro 2007, p. 34.

Pártese da definición de lenda como unha narración, oral ou escrita, de aparencia histórica pero cunha maior ou menor proporción de elementos fantásticos de tipo mitolóxico ou imaxinativo. Tamén a súa diferenza con un conto é salientada en base a que un conto diferenciase dunha lenda ten un carácter máis transcendente ao transmitir a cosmovisión dun grupo humano que funciona como mito pero que ten unha localización espacial e a miúdo tamén temporal. Posteriormente, e tras abondar na tipoloxía das lendas, céntrase no mito que é visto como a narración alegórica de fenómenos extraordinarios ou feitos inexplicabeis para os nosos devanceiros, protagonizada por personaxes fabulosos (deuses, semideuses, monstros) ou heroes. Finalmente, remata cunha descrición dos tipos de mitos e lendas, que relaciona co espazo galego que é moi prolífico neles.

Miranda, Xosé, "O imaxinario do oral ao escrito", *A Nosa Terra*, n.º 1.285, "Fin de Semana", "Enxeños e criaturas", 18-24 outubro 2007, p. 34.

Descríbese a clara relación da mitoloxía popular e dos diversos xéneros da literatura oral cos diversos tipos de literatura escrita. Céntrase na comparación e descrición de termos galegos, así como na súa vinculación coa mitoloxía e coa aparición de figuras tan presentes como as Tres Marías, a Raíña Loba, etc. Coméntase así mesmo a relación entre a literatura do marabilloso e dos mitos anglosaxona coa fantástica, e a súa incorporación a obras propias da literatura galega en figuras tan salientábeis como Ánxel Fole, Rafael Dieste e Álvaro Cunqueiro.

Miranda, Xosé, "A corredoira da vella da manta", *A Nosa Terra*, n.º 1.287, "Fin de Semana", "Enxeños e criaturas", 1 novembro-3 decembro 2007, p. 34.

A partir da existencia no Lugo vello dunha corredoira que levaba o nome de "Corredoira da Vella da Manta", alude ás mudanzas de nomes que experimentou este lugar e describe a esa "vella fea, tenebrosa" que rouba os nenos para chucharlles o sangue. Así mesmo, refírese a outros seres da nosa cultura popular.

Ocampo, Carlos, "Nas lendas comeza a literatura", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", "Lingua", 14 febreiro 2007, p. 6.

Coméntase a décima edición, feita por Austral, da obra *Las leyendas tradicionales gallegas*, de Leandro Carré Alvarellos, na cal o autor fai un estudo introdutorio sobre as lendas incluídas no volume, clasificándoas despois e comparándoas coas castelás. Faise ao final un pequeno apuntamento biográfico sobre o autor. Destácase sobre todo a súa dedicación ao teatro e o labor de recollida de literatura popular.

Otero, Marta, "Literatura de meigas y brumas", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 196, 27 xaneiro 2007, p. 16.

Refírese ao volume *Las leyendas tradicionales gallegas*, de Leandro Carré Alvarellos, reeditada por décima vez. Coméntase que é un referente dentro do seu xénero e que reúne máis de cen relatos protagonizados por seres mitolóxicos que el consideraba froito dunha cultura nórdica de tipo céltico. Indica que no volume se recollen crenzas populares como a Santa Compaña, outros relixiosos como San Andrés de Teixido, as fantásticas como as da Cova do Rei Centolo e outras trinta que agrupa como novelescas.

Picallo, H., "En tempos dos mouros disque...", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 640, "Versos para unha arquitectura extinguida", 21 xaneiro 2007, p. 13.

Coméntase a relación que existe entre seres míticos, coma os mouros, e os monumentos arquitectónicos desaparecidos ou algo ergueitos. Dise que a tradición popular lles outorga o papel de creadores ou habitantes deses lugares mesmo en figuras femininas como a Raíña Lupa. Tamén se engade que estas fortificacións poden mesmo pertencer á época castrexa ou ser, no caso das medievais, un símbolo de poder.

Picallo, Héitor, "A mitoloxía popular habita nos castelos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 641, "Versos para unha arquitectura extinguida", 28 xaneiro 2007, p. 13.

Despois de comezar cunha lenda acerca dunha muller enfeitizada e un mouro dono dun castelo, noméanse diferentes castelos ou castros da xeografía galega relacionados cos mouros sendo estes gardiáns ou habitantes dos mesmos. Entre outros, cita a Torre de Orseño, en Porto do Son, o castro Maunzo ou a Torre de Meira, como lugares que son acubillo de diversas lendas ou crenzas populares.

Picallo, Héitor, "Mouras, mouros e lavandeiras. Os feitizos agardan nos túneles dos castelos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 642, "Versos para unha arquitectura extinguida", 4 febreiro 2007, p. 13.

Explícase como se recollen na tradición popular moitas lendas protagonizadas por mouros e mouras que se sitúan en castros ou castelos. Entre outros noméanse a da torre de Meira (Moaña), a do castro de Espasante ou a do castelo de Parada (Nigrán). Refírese tamén ao volume *Las leyendas tradicionales* gallegas, de Leandro Carré Alvarellos, onde se recolle a lenda que dá orixe ás "lavandeiras", un tipo de mouras relacionadas na súa orixe co río Sil.

Ventura, Joaquín, "A musa diabólica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura"*, n.º 223, "Arte e sociedade", 1 novembro 2007, p. II.

Tras describir o panorama europeo e español da literatura de misterio e terror, refírese o caso galego, que, como o resto das sociedades tradicionais dos pobos atlánticos, tivo

unha grande riqueza na mitoloxía popular. Deste xénero salienta o papel do lobo, do que se fixo a personificación do diaño. Explica que nese culto mítico ao lobo apareceron persoeiros insólitos, como homes asilvestrados ou mulleres con serias deficiencias mentais, que actuaban a maneira de conxuro do Mal. Sobre estas figuras engade que remataban emparentadas na memoria colectiva co mito do sacaúntos, tolos ou pederastas, tamén presentes na literatura tradicional con personaxes como a meiga de *Hansel e Gretel*. Como exemplo galego, cita a obra de Rafael Dieste "Encol da morte de Bieito" (1926).

VIII.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Alonso Montero, Xesús, "O creador da flamencoloxía era galego de nación", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 194, "Beatus qui legit", 13 xaneiro 2007, p. 11.

Fai referencia ao creador das disciplinas e das institucións folclóricas de España, Antonio Machado y Álvarez, quen asinaba co pseudónimo de "Demófilo". Comenta que esta figura naceu en Santiago de Compostela e que realizou traballos sobre as adiviñas, os contos, os refráns do calendario e as cantigas populares galegos. Ademais, examinou a analoxía entre as cantigas galegas e as doutros territorios de España.

Brenlla González, Alberte, "As ermidas", *Galicia Hoxe*, "Laparada de papel", 9 marzo 2007, p. 4.

Faise unha referencia á Galicia máxica e ás súas lendas centrándose na do Santuario das Ermidas, descuberto polo autor nas súas viaxes pola terra partindo da influencia de Antón Fraguas. Indícase que o santuario se sitúa no concello d'O Bolo, ao pé do río Bibei recibindo o nome dos ermitáns que noutro tempo viviran alí e construírano. Dise que o nome do santuario vén dun milagre alí feito pola Virxe. Destácase tamén a beleza paisaxística e artística do conxunto barroco que foi usado como lugar de meditación e repouso.

Brenlla González, Alberte, "Galiza terra de lendas", *Galicia Hoxe*, "Labarada de papel", 11 maio 2007, p. 4.

A partires do libro *Las leyendas tradicionales gallegas*, de Leandro Carré Alvarellos, desenvolve unha reflexión sobre a Galicia mítica, que en moitos contos expresa a súa propia alma e espírito popular. Carré Alvarellos comeza a obra enumerando as principais características das nosas lendas, distinguindo entre as de carácter popular, as relixiosas e as fantásticas. Explica que existen tamén en Galicia unhas poucas lendas de fondo histórico, mentres que as lendas cabaleirescas e de imaxinación, que tamén menciona Carré Alvarellos, son as máis numerosas. En xeral, non adoitan incluír un heroe como tal, senón que as protagonizan xentes do pobo que loitan por defender a súa liberdade ou as súas propiedades dos invasores.

Castro,Víctor, "La I Fiesta de Narración Oral fue todo un éxito", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 15 xullo 2007, p. 22.

Recóllese a nova do éxito alcanzado pola I Festa da Narración Oral celebrada en Arca (O Pino). Informa de que nos obradoiros participaron Iolanda Aldrei e Xosé Cobas, mentres que Cándido Pazó e Xavier P. Docampo conferenciaron sobre técnicas de narración e sobre a recuperación das formas tradicionais da oralidade galega.

Méndez Ferrín, X.L., "Escocia ceibe", *Faro de Vigo*, "Os camiños da vida"/*La Opinión*, "Segunda feira", 29 xaneiro 2007, p. 16.

Fálase sobre as próximas eleccións autonómicas en Escocia e a posíbel vitoria dos nacionalistas. Saliéntase a grande defensa do autóctono que estes levan a cabo, apoiando as súas especies animais, o turismo, a cultura ou o reforzo do gaélico (lingua celta). Dise tamén que un autor irlandés traduciu ao dialecto xermánico irlandés unha cantiga popular galega, e fai por último unha referencia á terra escocesa como berce de Ossián, reinventado polo doutor Macpherson no século XVIII.

Neira Vilas, Xosé, "Os cegos das feiras", *El Correo Gallego*, "Lóstregos", 4 novembro 2007, p. 2.

Fai referencia dun xeito emotivo aos tempos de cando era novo e soia ir á feira de Bandeira, da que lembra todo o que alí acontecía, especialmente aqueles vendedores que recitaban poemas, os pregoeiros e, sobre todo, os cánticos dos cegos cos seus versos non sempre ben medidos e que logo vendían. Unha tradición doutro tempo, xa perdida pero non esquecida, segundo o autor, grazas a Mini e Mero, dous integrantes do grupo musical folclórico "A Quenlla", que veñen de publicar o seu segundo volume, titulado *Cantos, coplas e romances de cego*. Explica que a obra ven precedida dunha introdución pormenorizada deste fenómeno popular que tamén influenciou e foi recollido en cadros de Daniel Rodríguez Castelao, Carlos Maside ou Laxeiro.

Paz Rodríguez, José, "Bem-Cho-Shei e a festa dos maios", *La Región*, "Festa dos maios", 5 maio 2007, p. 12.

Crítica do cambio dos maios na cidade de Ourense, que se afirma que compartiría Bem-Cho-Sei, "o galego que máis amaba esta festa". O autor deixou unha gran cantidade de libros, fotos e coplas sobre esta celebración, nada xa nos momentos finais do Paleolítico e que ten un especial arraigo na cidade das Burgas. Foi, ademais, un dos seus maiores investigadores. Resaltou que se facía en homenaxe ás deusas do amor e que era a festa da ilusión, da alegría, da xuventude e da renovación. Finalmente, denunciase o esquecemento no que está a figura de Bem-Cho-Shei e a necesidade de recuperala.

Valcárcel, Marcos, “Aquel mover de ollos...”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 6 xullo 2007, contracuberta.

Decátase da presenza dos ollos como motivo na poesía de base popular e tamén nos trobadores galego-portugueses. Trátase dun símbolo fundamental que pode representar á amada ou simplemente ser o instrumento polo que se contempla á persoa que un ama. Tamén recolle o coñecido cantar popular “tes os olliños negros/como a seda de coser;/nacemos un para o outro;/que lle habemos de facer”.

Valcárcel, Marcos, “Os ollos na poesía popular”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 7 xullo 2007, contracuberta.

Insiste na idea de que a mesma riqueza de matices e actitudes sobre os ollos e o amor dada polos poetas cultos, dende Camões a Petrarca, preséntase na poesía popular galega.

Valcárcel, Marcos, “Os paxaros nas uvas”, *La Región*, “Pan por pan”, 8 xullo 2007, p. 69/“Os paxaros picando nas uvas”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 13 xullo 2007, contracuberta.

Refírese a evidente connotación sexual feminina dos paxaros, que aparece no estudo de Xosé Ramón Mariño Ferro, *O sexo na poesía popular* (1995), así como nas coplas populares.

Valcárcel, Marcos, “Paxaros e cereixas”, *La Región*, “Pan por pan”, 11 xullo 2007, p. 53/ “O sexo na poesía popular”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 14 xullo 2007, contracuberta.

A partires do estudio de Xosé Ramón Mariño Ferro, *O sexo na poesía popular* (1995), reproduce algunhas coplas nas que os paxaros teñen obvias connotacións sexuais, en moitos casos herdadas da mitoloxía e lendas clásicas. Tamén achega unha gran cantidade doutros símbolos con marca sexual.

Valcárcel, Marcos, “Mulleres activas nas coplas”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 10 xullo 2007, contracuberta.

Reflexión sobre a presenza das femias na poesía popular, aludindo por exemplo ao seu activo papel no ámbito sexual.

Valcárcel, Marcos, “Os cabelos e a beleza nas coplas”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 12 xullo 2007, contracuberta.

Reúne exemplos de coplas que teñen como tema os modelos estéticos na muller, mencionando algunhas constantes que se repiten nelas: o eloxio dos corpos delgados, a crítica dos que non son tan esveltos, o tema do cabelo ou os sarcasmos da fealdade e da falta de limpeza.

Valcárcel, Marcos, "Imaxes agrarias", *La Región*, "Pan por pan", 13 xullo 2007, p. 69/"Imaxes agrarias e sexo", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 20 xullo 2007, contracuberta.

Reflexión sobre o feito de que moitas das imaxes da nosa poesía popular proceden do mundo agrario, en relación cunha sociedade eminentemente campesiña coma foi durante moito tempo a galega. Non obstante, o xenio popular tamén se adaptou moi ben aos tempos modernos, incluíndo estas mesmas connotacións sexuais en relación co mundo do progreso.
Dá conta dalgunhas metáforas que se recollen no estudo de Xosé Ramón Mariño Ferro, *O sexo na poesía popular* (1995), como por exemplo meter "o carro no palleiro", "meter a pa no forno" ou "meter un ferro no lume da forxa".

Valcárcel, Marcos, "O mar tamén ten amores", *La Región*, "Pan por pan", 14 xullo 2007, p. 53.

Sinala que a relación entre mundo culto e popular no referente á poesía non é tan distante como moitas veces se cre, posto que a lírica popular achéganos a cotío exemplos moi semellantes aos que usan escritores cultos. Cita como exemplo comparativo o mito de Venus e o erotismo das cantigas mariñas de Mendiño ou Martín Códax.

Valcárcel, Marcos, "Refraneiro 2", *La Región,* "Pan por pan", 5 outubro 2007, p. 69/"Máis sobre refráns das mulleres", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 6 outubro 2007, contracuberta.

Salienta que a denigración da muller no refraneiro tradicional non é algo privativo da cultura popular galega, xa que os mesmos refráns, intencións e significantes que portan pódense atopar noutras moitas culturas tradicionais e campesiñas, como as que aínda hoxe comparamos ca nosa ou mesmamente rexeitamos pola falla de talante democrático e igualitario. Conclúe que, a tenor dos refráns a loita pola igualdade do home e da muller, aínda ten un longo camiño por diante.

VIII.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Oliveira, V., "A regueifa foi o inicio do hip-hop galego", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 645, 25 febreiro 2007, p. 10.

Ao longo desta conversa, Paco Quintas, propietario do Bar Liceum e representante de Clubtura, A Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo, detalla como organizou no seu local unha noite de regueifas cos tres representantes máis coñecidos deste xénero: Luis "O Caruncho", Pinto D'Herbón e Benito Lobariñas. Recoñece que este xénero parece estar moi anticuado, mais reivindica que se trata dunha figura fundamental do folclore galego porque representan o inicio do hip-hop por basearse tamén en rimas.

Mato, Mar, "Lograr o patrimonio da humanidade dará a Galicia identidade no mundo", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 16 decembro 2007, p. 48.

Faise eco a través da entrevista a Santiago Veloso da solicitude, por parte da Asociación Cultural e Pedagóxica "Ponte… nas ondas!", de que a tradición oral galego-portuguesa acade a distinción por parte da UNESCO de Patrimonio Inmaterial da Humanidade en 2009. Refírese aos apoios recibidos a nivel local, autonómico, nacional e internacional a favor da candidatura, entre os que salienta o da presidenta do parlamento de Galicia, Dolores Vilariño. O presidente da asociación fai tamén unha crítica a exclusión da tradición oral das aulas e remata enumerando as diversas actividades convocadas no ámbito de espallamento da candidatura e no de promoción e difusión deste patrimonio común a Galicia e Portugal.

VIII.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

Conde, M., "Terr@ctiva despide con éxito su cuarta edición", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 novembro 2007, p. 22.

Refírese á clausura da IV Feria Ecolóxica celebrada en Arzúa coa afluencia de centos de persoas. Indícase que no devandito evento tivo lugar un variado abano de eventos alternativos e culturais marcados pola interxeracionalidade como fío condutor. Dise que os títeres e as regueifas tiveron unha gran aceptación polo público dado que, no espazo propiciado pola feira, tivo lugar o Encontro Internacional de Regueifas. Asemade, coméntase que o teatro de títeres, de gran aceptación polos máis novos, destacou especialmente coa representación levada a cabo por unha compañía de Chile.

D.S., "Una editorial italiana publica una antología de narrativa fantástica gallega", *El País*, "*Galicia*", 23 maio 2007, p. 43.

Noticia sobre a publicación desta obra, titulada *Cruceiros. Racconto Della Galizia magica*, na que se recolle a obra xa editada de nove autores de diversas xeracións entre Vicente Risco e Patricia A. Janeiro. Indícase que Rafael Dieste, Ánxel Fole, Xosé Castroviejo, Álvaro Cunqueiro, Xosé Luís Méndez Ferrín e Suso de Toro complementan os nomes incluídos no volume. A editorial romana Edizioni Estempoanee, que sacou o libro á venda, destaca que o elemento máis importante do imaxinario galego é a súa capacidade para conectar o sentimento da terra con toda unha serie de temas sobrenaturais, enriquecidos por crenzas célticas, romanas e medievais. Engádese que o compilador de *Cruceiros*, Enrico Passoni, entrou en contacto coa literatura galega durante unha estancia en Compostela.

D.S., "Primera 'Festa da Narración Oral' el próximo sábado en O Pino", *El País*, "*Galicia*", 21 xuño 2007, p. 38.

Dáse conta da celebración da Festa da Narración Oral que, baixo o nome de *Sucedidos no camiño*, organizou o colectivo Tatalo, d'O Pino. Explícase que o acto persegue recuperar formas tradicionais de narración oral e facilitar a reflexión teórica sobre a arte de contar a través do debate entre contacontos, escritores, actores e profesores. Sinala que o evento atende tamén á práctica, de aí que inclúa unha I Xornada sobre oralidade para educadores, na que participará o contacontos e dramaturgo Cándido Pazó. Engade que na festa terán cabida outros nomes clásicos na narración oral en Galicia, como Paula Carballeira, Carlos Blanco ou Miguel de Lira.

E.G.,"Ponte... nas ondas' destaca al instituto Francisco Sánchez", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/Área Metropolitana", 22 xuño 2007, p. 19.

Comunícase que o galardón na categoría de ensino secundario do I Certame de Recolla da Tradición Oral recaeu no instituto de Tui. Indícase que o xurado valorou do seu traballo "Cantamos e contamos no Francisco Sánchez" a estrutura e a presentación. Asemade, tiveron en conta que recolle materiais de tradición oral moi variados e rigorosamente clasificados.

E. G., "Cadena humana de escolares por la candidatura ante la UNESCO del patrimonio galego-portugués", *Faro de Vigo*, "Área Metropolitana/Baixo Miño", 23 novembro, 2007, p. 21.

Dáse conta da organización de cadeas humanas, realizadas por escolares, en distintas pontes do río Miño, para reivindicar o Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués ante a UNESCO. Indícase que a asociación cultural "Ponte… nas ondas!" é a patrocinadora da iniciativa.

González, Eva, "El patrimonio oral une cuatro puentes", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 24 novembro 2007, p. 57.

Infórmase sobre o acto reivindicativo que levaron a cabo diversos centros educativos miñotos para solicitar ao goberno de España e Portugal a inscrición do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués na lista Indicativa do Patrimonio Inmaterial da Humanidade. Así mesmo, dá conta de como se desenvolveron os actos nas pontes de Arbo, Salvaterra, Tui e Goián.

González, Eva, "Villarino respalda al Patrimonio Oral galego-luso como obra de la Humanidad", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", 13 decembro 2007, p. 20.

Dáse conta da clausura por parte da presidenta do Parlamento galego, Dolores Vilariño, do acto "Convivir convivencias raianas", celebrado en Tui co propósito de reforzar os vínculos da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal. Asemade, a representante política manifestou o seu "apoio incondicional" á candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués, que promove a asociación "Ponte...nas ondas!", para ser recoñecido como Obra Mestra da Humanidade pola UNESCO, reafirmando así o compromiso asumido pola Cámara galega en outubro de 2005, despois de que o Congreso dos

Deputados aprobase por unanimidade unha iniciativa para impulsar decididamente esa candidatura.

Lamas, Jorge, "Xerais inclúe os libros da ESO o estudo do patrimonio inmaterial galaico-portugués", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 xuño 2007, p. 48.

Comunícase que a editorial Xerais introducirá nos libros de terceiro da ESO o tema do patrimonio inmaterial galaico-portugués como obxecto do estudo. Saliéntase que se trata da primeira vez na historia da educación galega que este asunto entra no currículo do ensino secundario obrigatorio.

López, A.R. e S. **Noia** (coord.), "Antropoloxía de Galicia", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 670, 31 maio 2007, pp. 1-7.

Contén os traballos: "Un ollar á Historia", de Xaquín Rodríguez Campos (p. 2); "Símbolos da cultura", de M.Dopico e A.R.López (p. 3); un fragmento da obra de Marcial Gondar, *Crítica da razón galega* (p. 4); un fragmento do texto de Mar Llinares García, "Aspectos antropolóxicos da muller no imaxinario popular galego" (p. 5); un fragmento do texto de Antonio García Allut, "Recursos pesqueiros comunais e mecanismos sociais e regulación. A lóxica da envexa" (p. 6); e un fragmento do texto de Manuel Mandianes Castro, "Parroquia versus concello".

maré, "Recuperan a figura galega do Apalpador, típica do Nadal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 marzo 2006, p. 34.

Fai referencia ao labor da Asociación cultural compostelán "A Gentalha do Pichel" por recuperar e pór de actualidade unha tradición que se daba polas datas de Nadal no Courel. Explica que esta tradición está encarnada na figura mítica e propia dese tempo festivo que é o Apalpador, un vello carboeiro que vivía nas devesas da montaña e que na noiteboa viña e palpaba as barrigas de nenos e nenas desexándolles que non pasaran fame no vindeiro ano. Dáse conta tamén da creación de diversos materiais para espallar e recuperar dentro da sociedade galega a figura deste papa Noel galego.

maré, "Investigar quen somos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 xaneiro 2007, p. 27.

Trátase no artigo o nacemento do "Instituto de Estudos das Identidades" da man do Padroado do Museo do Pobo Galego e do seu presidente Isaac Díaz Pardo. Coméntase que o centro desenvolverá liñas de investigación e de intervención sociocultural en áreas como a antropoloxía, a historia ou o patrimonio cultural. Dise que o proxecto inicial é "Sons e voces da identidade", que pretende dixitalizar arredor de seiscentas cintas gravadas sobre cuestións culturais e folclóricas cedidas por particulares. Engádese que tamén existe un foro aberto na rede baixo o título *Territorio, paisaxe e identidade* no que participarán expertos ademais do público en xeral.

Mauleón, A., "Ponte... nas ondas!' cumple 13", *Faro de Vigo*, "Televisión", 2 xuño 2007, p. 79.

Nova sobre a xornada de vintecatro horas de radio coa que se pretende dar a coñecer o patrimonio inmaterial galego-portugués, e que na súa décimo terceira edición se desenvolveu arredor do lema "Na rede do patrimonio". Sinala que a xornada iniciouse cun programa dirixido a toda Galicia no que participou alumnado de primaria, secundaria e mesmo universitario. A continuación, indica que se desenvolveu un festival con música e narracións orais en directo, no que tomaron parte Cándido Pazó ou Luis Caruncho. Engade que unha das novidades deste ano foi a organización de distintos certames a través da rede: un concurso de contos, poemas e cancións; outro de SMS; e un terceiro de preguntas sobre o patrimonio inmaterial galego-portugués.

M. B., "Máis de 50.000 estudantes na XIII edición de Ponte... nas ondas!. A experiencia interescolar transmitiuse a través da rede", *A Nosa Terra*, n.º 1.271, "Cultura", 7-13 xuño 2007, p. 30.

Infórmase de que nesta experiencia radiofónica interescolar, continuación da iniciativa posta en marcha no 2002 para impulsar a candidatura do patrimonio inmaterial galaico-portugués á UNESCO, participaron rapaces de Galicia, Portugal, Colombia, Brasil e Estados Unidos. Sinala que o feito de que o programa se emitira integramente a través da rede facilitou o incremento de alumnos que tomaron parte na iniciativa. Salienta entre as actividades que complementan a emisión do programa radiofónico un concurso de textos ao redor da palabra "ponte".

Ramos, J.M., "La literatura de un pueblo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 8 abril 2007, p. 34.

Coméntase a reedición do volume *Rexurdimento das nosas letras,* feito por vinte e seis ex-alumnos do colexio Ponte do Porto (Camariñas) que escribiran durante o curso 1977-78 para financiar a súa excursión de fin de curso. Recóllense no libro mostras de literatura oral popular que sen o seu traballo se terían perdido, como refráns ou adiviñas. Dise que recollían os textos casa por casa nos seus lugares de residencia e que eles mesmos ilustraran e deseñaran manualmente a obra. Engádese que se fixeran unhas fotografías na alameda de Santiago de Compostela coas que ilustraron esta nova edición e como complemento achegan tamén unhas postais a xeito de marcapáxinas deseñadas por eles.

R. L., "Meigas, magos e tangarraños en una feria 'de lenda", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", 12 outubro 2007, p. 20.

Dáse conta da preparación por parte da vila coruñesa d'Arteixo da oitava edición da *Feria Histórica 1900*, un evento considerado de ampla tradición no concello e que nesta edición contou coa presenza de bruxas, magos, meigas e tangarraños que pulularon polas rúas durante tres días resucitando o espírito das lendas narradas ao carón da lareira. Comenta que os espectadores ficaron abraiados cunhas obras que os levaron ao mundo

fantástico da Galicia tradicional e que os prepararon para o xuízo, condena e queima da bruxa na "noite enmeigada". Engade que a mostra culmina con actividades de pintura e artesanía, xogos populares e unha cea de fin de festa.

S. F., "Cuentacuentos gallegos participarán en la Festa da Narración Oral de O Pino", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 20 xuño 2007, p. 37.

Presentación deste evento, co que se pretende recuperar a tradición oral da zona d'O Pino, sobre todo a vinculada co Camiño de Santiago. Indica que na xornada participarán diversos contacontos galegos como Xabier Docampo, Carlos Blanco, Paula Carballeira ou Cándido Pazó, entre outros.

Varela, Froilán, "Xermolos' premia o labor do grupo 'Chaira' a favor da cultura oral", *El Progreso*, "Tera Chá/Meira", 1 xullo 2007, p. 14.

Noticia sobre o galardón que este colectivo, formado por investigadores e escritores, entre os que figura Antón Reigosa, recibiu polo seu labor de recuperación da tradición oral galega. Sinala que a homenaxe levouse a cabo no marco dos Encontros na Terra Chá, promovidos por Xermolos. O narrador Xabier P. Docampo e o estudoso Armando Requeixo subliñaron nunha mesa redonda a importancia do labor do grupo. Por último, comenta que Reigosa recreou contos de tradición oral nos vinte volumes de *Cabalo buligán* e que escribiu o *Dicionario dos seres míticos galegos*.

Villar, Carmen, "O Instituto de Estudos das Identidades estréase cun foro sobre o territorio", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 13 xaneiro 2007, p. 42.

Céntrase no foro desenvolvido polo Instituto de Estudos das Identidades sobre territorio, paisaxe e identidade para logo achegar outro proxecto fundamental do mesmo: a recuperación de seiscentas cintas gravadas que recollen o patrimonio oral galego e que serán dixitalizadas. Cóntase que os obxectivos principais do centro serán a investigación sociocultural e a formulación de solucións a problemas relevantes para a sociedade galega. Finalízase referindo os persoeiros que se reuniron na presentación do IEI, entre os que salienta a Isaac Díaz Pardo.

IX. REVISTAS

Neste apartado acollemos as revistas con ISSN e as edicións facsimilares, as demais só se describen os traballos relacionados coa literatura galega no apartado "Publicación en revistas" deste *Informe*.

Revista ***ADRA***
(ISSN: 1886-595X) (DL: M-25843-2006).

Revista editada polo Museo do Pobo Galego que nace co obxectivo de ser un vieiro de comunicación entre as persoas asociadas, unha canle de expresión na consolidación do Museo do Pobo Galego, ademais de fomentar o intercambio con outros organismos e institucións museísticas dentro e fóra da xeografía galega. Sae do prelo no mes de novembro do 2005 co número 0. O consello de edición está formado por Fátima Braña Rey, Rosa Mª Méndez García, Xaquín Penas Patiño e Manuel Vilar Álvarez. Consta dun "Limiar" e diferentes artigos dedicados a diferentes temas. No ano 2007 aparece o número 2, onde antes do limiar se reproduce a obra pictórica "Tempos de Barro (2006-2007)" de Nolo Suárez (1953, Santiago de Compostela), 35x50 cm. Técnica mixta/papel. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***AGÁLIA.* (Revista de ciências sociais e humanidades)**
(DL: C-250-1985) (ISSN:1130-3557).

Revista de estudos socio-culturais que foi fundada no ano 1985 e está vinculada á asociación AGAL. Nos seus primeiros dez anos, *Agália* estivo dirixida pola presidencia de AGAL, con Joám J. Costa Casas como coordinador. O consello de redacción estaba integrado por oito persoas, equipo que foi medrando até chegar aos trece componentes cos que conta na actualidade. Nunha segunda etapa, que comprende dende o número 41 (primavera de 1995) até o número 61 (primavera de 2000) tivo a Mª do Carmo Henríquez Salido como directora. Dende o número 62 (verán de 2000) o seu director é Carlos Quiroga. Nesta última etapa, a partir do número dobre 63-64 (correspondente ao segundo semestre do ano 2000) *Agália* presenta un novo deseño na capa, opta pola periodicidade semestral e engade o subítulo: "Revista de ciencias sociais e humanidades". No enderezo electrónico están localizábeis os índices dos diferentes números desta revista dende o número 56 (inverno de 1998) até a actualidade. É posíbel, asemade, consultar en liña algúns destes traballos. Esta revista contén as seguintes seccións: "Estudos", "Relato/Poesia", "Entrevista", "Notas", "Recensons" e "Percurso". No ano 2007 publicáronse os números dobres 89-90 (1º semestre) e 90-91 (2º semestre). Na sección Relato/Poesía" do 89-90 inclúese *Nas dúas mortes de leonor cal* , de Roberto Samartim (p. 147), *Inutópico* e *Nascida do mar*, de Ricardo Oliveira (pp. 148-151), *As amoras*, de Ivone Ferreira (pp. 152-153), *A gaviota galega*, de Maria do Céu Nogueira (pp. 154-159) e *A caixa*, de Lúcia Betterncourt (pp. 160-161). O número 91-92 acolle na sección "Relato/poesía" unha selección de poemas (pp. 215-220) de Francisco Rogido ("Sem ar", "Adao, Eva, o cigarro, o vinho e os espelhos", "Os últimos teus, de Mateus", "A parte maldita da corpo" e "Amar é..."), *A lingua das rosas*, de Antonieta Prieto (pp. 221-227), *Antela* e *Ivernia*, de Concha Rousia (pp. 228-

229) e *O rosto dos homes*, de Duarte Drumond Braga (pp. 230-231), ademais dun especial dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez (pp. 9-42). Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

AMASTRA-N-GALLAR

(D.L: C-134-2002) (ISSN: 1696-0718).

Revista de poesía e pensamento poético vinculada á editorial Amastra-n-gallar, que dá tamén ao prelo unha serie de cadernos poéticos de autores galegos e estranxeiros non venais. A súa periodicidade é variábel. Foi fundada no ano 2001 co obxectivo de difundir a creación, o ensaio e a tradución de poesía. Da dimensión filosófica da revista dá testemuño xa o seu primeiro número, onde diferentes autores fan as súas achegas en torno ao concepto de 'acto poético'. O director da publicación é Emilio Araúxo. Na revista é habitual que os textos dos colaboradores estranxeiros se traduzan ao galego na primeira parte de cada volume, para ser reproducidos despois na súa lingua orixinal. Durante o ano 2007 publicáronse os números 13 (inverno) e 14 (outono). No número 13 ofrécese unha homenaxe a Florence Pazzottu na que aparecen colaboracións poéticas, narrativas, entrevistas e mesmo pequenos ensaios en varias linguas. Respecto ás composicións poéticas en galego, atopamos "O raposo, o descoñecido", de Florence Pazzottu, "Paxaros e auga. Oiseaux et eau", de Alfonso Pexegueiro e "Experiencia de Clyfford Still", de Miriam Sánchez Moreiras. Asemade recóllense os ensaios de Alain Badiou (pp. 4-6) e Celia Lamela Couto (pp. 7-12). No número 14 reprodúcense varias composicións literarias de Philippe Beck e "Sen título",de Xulio Calviño. Neste ano 2007 as edicións non venais foron as seguintes: por unha banda, en galego Calviño, Xulio, *Evohé! Evohé! (poemas para felos da Commedia dell'Arte)* (D.L.: C-433-2007) e *O galo de Aloysius* (D.L.: C-4355-2007); Pexegueiro, Alfonso, *Felo da calma cerva* (D.L.: C-216-2007); Cebreiro, María de, *Felo dos nomes propios* (D.L.: C-1574-2007). E traducidas Badiou, Alain, *O plus-de-ver* (*Le plus-de-voir*, 1998, trad. de Xosé Lois Gutiérrez Faílde) (D.L.: C-4354-2007); Chapelle, Marie-Louise, *TRAGA para un libro de poesía* (*AVALE, pour un livre de poésie*, trad. de Emilio Araúxo) (D.L. : C-1573-2007); Melkonian, Martin, *Desvío de felos* (trad. e fotos de Emilio Araúxo) (D.L.: C-1827-2007) e Roubaud, Jacques, *Le Pen é francés?* (trad. de Emilio Araúxo) (D.L.: C-2123-2007). Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- A.R. López: "Á liberdade pola poesía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 febreiro 2007, p. 27.

Informa de que a editorial non venal Amastra-n-gallar acaba de publicar os traballos de cinco poetas galegos sobre unha serie fotográfica de Emilio Araúxo, que se centra nos felos de Maceda. Así mesmo, recolle as opinións de Araúxo sobre esta iniciativa.

ANIMA+L

(ISSN:1137-599 X).

Publicación creada en febreiro de 1991, co subtítulo *Revista cultural para todas as especies*, editada por Edicións Positivas e que presenta unha periodicidade variábel. Comezou a súa andaina tendo a Xelís de Toro como director e coordinador. No ano 2007, dirixida por Francisco Macías, publicáronse os números 16 e 17. Con motivo da publicación do número 16 da revista *Animal*, Francisco Macías, director da publicación, declara que comeza con este número unha nova etapa cun formato máis pequeno que nos seus comezos e con artigos máis longos. Apunta tamén que este número está dedicado ao proxecto *Narf*, liderado por Fran Pérez, porque constitúe un bo exemplo das iniciativas culturais que destacan en Galiza e do traballo de tender pontes cara a Portugal. A propósito dos obxectivos iniciais da revista, sinala que se seguen a conservar e que apostan por achegar contidos novidosos nunha etapa na que manterán unha periodicidade trimestral. Respecto á creación, atopamos *O home que plantaba árbores*, escrito por Jean Giono e traducido por Margarita Suárez Caínzos e Antonio Orozco González; *Consellos a un escritor mozo*, obra de Danilo Kis que leva ao galego Jairo Dorado Cadille; por último, Paula Carballeira conta a historia de Sherezade, unha desas "Mulleres de conto". No 17 hai catro grandes bloques referidos ao Courel, ao cinema e ás literaturas brasileira e galega, xunto a unha nova entrega de "Mulleres de conto", que Paula Carballeira dedica a Basilisa. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- M.B., "Francisco Macías. Quero que *Animal* sexa o que a prensa non permite", *A Nosa Terra*, n.º 1.271, "Fin de Semana", 7-13 xuño 2007, p. 34.

Nesta entrevista Francisco Macías declara ter empezada unha nova etapa da publicación, cun novo aspecto gráfico, un formato máis pequeno e un menor número de colaboracións, aínda que apunta que os artigos ganan en extensión e profesionalización. Sobre o número 16 explica que se dedica ao proxecto *Narf* porque desexan apoiar ás iniciativas culturais que destacan en Galicia e ademais porque están a tender pontes con Portugal. Á hora de estabelecer balance da traxectoria da revista, considera que, tras vivir catro o cinco etapas dende a súa creación a principios de los noventa, conservan a vocación de conceder espazo aos temas culturais que non teñen sitio nos periódicos.

ANUARIO GRIAL DE ESTUDOS LITERARIOS GALEGOS
(ISSN: 84-8288-598-7) (DL: VG-173-2003).

Publicación literaria de periodicidade anual que dá á luz a Editorial Galaxia e que conta co patrocinio da Fundación Caixa Galicia. Xorde da fusión do Anuario de estudos Literarios Galegos e a revista Grial. O Anuario de Estudos Literarios galegos fora fundado a iniciativa de Xoán González-Millán, que exerceu como director até o seu pasamento no ano 2003. O consello de redacción estaba integrado por Diana Conchado, Xosé M. Dobarro, Ramiro Fonte, Helena González, Kathleen March, Camino Noia, Xosé R. Pena, Claudio Rodríguez Fer, Joaquim Ventura e Damián Villalaín. A revista tiña, asemade, un consello asesor composto por Xesús Alonso Montero, Ivo Castro, Itamar Even-Zohar, Anna Ferrari, Claude H. Poullain, John Rutheford, Giuseppe Tavanni e Pilar Vázquez Cuesta. Na súa nova etapa, que veu acompañada dun cambio

de nome e de deseño, a directora é Dolores Vilavedra. O consello de redacción está formado por Xosé M. Dobarro, Manuel Forcadela, Helena González, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Camino Noia e Xosé R. Pena. Compoñen o consello asesor Xesús Alonso Montero, Arturo Casas Vales, Ivo Castro, Itamar Even-Zohar, Anna Ferrari, Derek W. Flitter, Javier Gómez-Montero, Kathleen Marck, Stphen Parkinson, Claudio Rodríguez Fer, John Rutheford, Giuseppe Tavani e Pilar Vázquez Cuesta. O deseño corre a cargo de Fausto C. Isorna. Fusiónanse as antigas seccións "Estudios" e "Comunicacións", consérvanse "Panorámicas" e "Libros" e desaparece "Compendio bibliográfico". En 2007 saíu o *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2006*.

ARRAIANOS
(ISSN: 1698-9953) (DL: OU-2/05).

Revista de ámbito limiá vinculada á Asociación Arraianos. Foi fundada no ano 2004 por Aser Álvarez, quen exerce na actualidade como coordinador. Tomando como inspiración a obra homónima de Xosé Luís Méndez Ferrín, a publicación pretende dar a coñecer os fenómenos culturais da Baixa Limia. Pódese consultar en formato pdf os cinco números anteriores (http://www.arraianos.com). No ano 2007 aparece o número 6 (correspondente a agosto de 2006), dedicado a Celso Emilio Ferreiro, que contén o texto inédito *O soño desancorado* (pp. 24-28), cedido para a súa publicación pola Fundación Celso Emilio Ferreiro. Asemade, contén unha escolma do seu epistolario (pp. 30-37), das que salientan as tres dirixidas a Ricardo Carballo Calero (pp. 101-103), e o poema de Manuel Vilanova *A tarde chea de verán (homenaxe a Celso Emilio*). Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- P. T., "Arraianos, nova xeira", *Tempos* Novos, "*Protexta*", n.º 5, "proPostas", inverno 2007-2008, p. 25.

Dá conta da aparición do número 7 da revista *Arraianos*, publicación dirixida por Aser Álvarez que, dende xaneiro de 2008, é editada pola editorial Alvarellos. Nesta nova etapa preséntase con máis entrevistas, artigos de opinión e crítica. Ademais está ilustrada polo fotógrafo Manuel Sendón.

ATENEA
(DL: C-1937/99) (ISSN: 1575-9679).

Revista trimestral publicada polo Ateneo Ferrolán que contén artigos de opinión e unha sección con creacións poéticas chamada *O parnaso*. No 2007 publicáronse os números 26, 27, 28 e 29. Nesta sección do número 26 reprodúcense os poemas *Lunario* e *O lago Thun* (p.40), de Arantxa Serantes, xunto ás *Cántigas de escarnio e maldecir* (p.42) de Celso Emilio Ferreiro. No número 27 publican un especial das Letras Galegas 2007 dedicado a María Mariño (p.11) e no 28 atopamos dous poemas de Neno Congoxa (p.32): *O xiz do recordo* e *As veces é millor... ;* de Amalia Méndez Lombao (p.33), *Vivirás eternamente nestes versos*; de Arantxa Serantes e Alberte Momán (p.33),

Nimbos e de Tono da Graña (p.34) *Cariño*. No 29 (p. 33) reprodúcense os poemas de Cruz Martínez Vilas e Arantxa Serantes (*Un espello, un eco)*. As referencias á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes a este *Informe*.

AURIA (Revista mensual de Caixanova)
(DL:OU-46-97) (ISSN:1138-0837).

Publicación mensual que naceu en marzo de 1997 ao saír do prelo o seu número 0 co título de *Auria (Revista mensual de Caixa Ourense)*. Este nome trocou en agosto de 1999 -nº 28-, ao comezar o proceso de fusión das Caixas do Sur de Galicia, quedando como *Auria (Revista mensual de Caixavigo e Ourense)* até xullo de 2000 -nº 39- cando ficou co seu actual título *Auria (Revista mensual de Caixanova)*. Ten a Alfonso Sánchez Izquierdo como director, a José Luis Outeiriño Rodríguez como editor dende a súa fundación, a Antonio Piñeiro Feijoo como director de cada edición dende agosto de 2000 e ademais conta cun amplo abano de colaboradores dos máis diversos campos culturais. Está editada por Caixanova en colaboración coa Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Ábrese cada número cunha "Agenda" que dá conta dos principais fitos e actividades culturais (teatro, conferencias, exposicións, música, etc.) que terán lugar durante o mes seguinte en toda a provincia de Ourense, así como na cidade de Vigo. A seguir aparecen artigos, con apoio fotográfico, que tocan variados temas, como literatura, teatro, historia, arqueoloxía, arquitectura, natureza, música, comida, moda, tradicións, cine, fotografía, etc., e péchase cun apartado que fala especificamente das noticias económicas e institucionais de Caixanova. Conta tamén coas seccións denominadas “Anónimos” e “Auria das letras” que non son estábeis. Tamén se pode visualizar en formato PDF o número de cada mes no enderezo "http://lri.laregion.net". Ao longo de 2007 publicáronse doce números, concretamente dende o número 117 ao 128, ambos os dous incluídos, correspondentes a cada un dos meses do ano, nos que se mantén a estrutura editorial da publicación. Desde maio de 2007 —n.º 121— conta cunha renovada maquetación e deseño se ben cómpre subliñar que a presenza de textos en lingua galega é cada vez menor. En canto á creación literaria, na sección “Anónimos”, encontramos as seguintes composicións: “Conto de seitura”, de Susto Quintairos, no número 118 (p. 42); “Un décimo de lotería” de Xusto Quintairos, no número 119 (p. 42). Todos os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

BARSOWIA
(ISSN 1887-6226).

O colectivo de autores galegos de banda deseñada Polaqia, fundado en 2001 e presidido dende 2006 por Hugo Covelo, que substituíu a Kike Benlloch (2001-2006), está formado por David Rubín, Kike Benlloch, Sergio Covelo, Emma Ríos, Álvaro López, Luís Sendón, Jose Domingo, Bernal, Brais Rodríguez, Roque Romero e Diego Blanco. En 2007, amparados polos recoñecementos acadados –Premio do Salón de Barcelona 2007 e Premio Ourense 2007– presentaron dous novos números da súa revista de periodicidade semestral. No número 9 (marzo 2007), anovouse o deseño da publicación. Tras a portada, obra de Brais Rodríguez, recóllense catorce historias. Abre o número unha historia do Oeste, "Westernland", de David Rubín. En "Domésticos", Kike Benlloch e Brais Rodríguez desvelan o que poden agochar as verdadeiras amizades;

Susa Monteiro asina "Adeus tristeza"; Jose Domínguez e Kike Benlloch, "O ladrón da choiva"; Diego Blanco, un relato sen título; Brais Rodríguez, "A pantasma de Breixo"; Andrea López e Kike Benlloch, "A igrexa do coñecemento"; Roque Romero, "E vivirei no monstro"; Paulo Monteiro, "A canção do soldado"; Gochi e Kike, "Recadadores"; Álvaro López, "Habitación 13"; Emma Ríos, "Entre os ollos"; e Sergio Covelo, "Un día perfecto". No número 10 (agosto 2007), cunha portada de Sonia Pulido, colaboran: Adrián López, Álvaro López, Bernal, Borja Buenafuente, Brais Rodríguez, Carlos Portela, Carlos Vermut, David Rubín, Esteban Hernández, Hugo Covelo, Jose Domingo, Kike Benlloch, Kohell, Luís Sendón, Mario Feal, o estadounidense Michael Bonfiglio, Miguel E. Leal, Miguel Robledo, Roque Romero e Sergio Covelo.

BOLETÍN DA REAL ACADEMIA
(ISBN: 84-87987-21-4) (DL: C-743-2000) .

Vinte anos despois de que se publicara o nº 360 do *Boletín da Real Academia Gallega*, órgano oficial e científico desta Institución dende o 20 de setembro de 1906 a decembro de 1980, no ano 2000 renovouse a súa publicación co título *Boletín da Real Academia Galega*, e seguiu a numeración iniciada no ano 1906. Está coordinado por Xesús Alonso Montero, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Salvador García-Bodaño Zunzunegui e coeditado pola Real Academia Galega, a Fundación Rodríguez Iglesias e Hércules de Ediciones.

BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA
(DL: C-641-1989) (ISSN: 0214-9117).
(ISBN: 978-84-9750-809-4).

Revista de periodicidade semestral dirixida por Anxo Tarrío Varela dende a súa aparición en 1989. Trátase dunha publicación da Universidade de Santiago de Compostela subvencionada pola Xunta de Galicia e na que colabora Ámbito Cultural/El Corte Inglés. Acolle artigos de crítica e historiografía sobre calquera literatura do mundo e tamén traballos de investigación en Teoría da Literatura, Crítica Literaria, Poética, Retórica, Hermenéutica, Semiótica, etc., é dicir, todo o amplo campo de coñecemento de tan longa tradición como o desenvolvido ao redor do feito literario nun senso amplo. Consta dun Consello Científico no que figuran catedráticos de universidades de todo o mundo; dunha Secretaría da que formaron parte sucesivamente Xosé Luís Sánchez Ferraces, Miguel-Anxo Seixas Seoane, Blanca-Ana Roig Rechou, Armando Requeixo, Xabier Campos Villar, Isabel Soto, Eulalia Agrelo Costas, Isabel Mociño González e, na actualidade, Isabel Soto e Marta Neira Rodríguez; dun Consello de Redacción, que estivo constituído sucesivamente por: Carmen Blanco García, Antón Capelán Rei, Modesto Hermida García, Xesús Rábade Paredes, María do Carme Ríos Panisse, Blanca-Ana Roig Rechou, Mercedes Brea López, Manuel Henrique Vázquez Buxán, Antón Capelán, Xosé Luís Sánchez Ferraces, María Fe González Fernández, María Xosé López Pérez, Monserrat López Fariña, Miguel Louzao Otero, Xabier Campos Villar. Na actualidade, está composto por Eulalia Agrelo Costas, Isabel Mociño González, María Xesús Nogueira, Sara Reis da Silva, Xosé Manuel Salgado Rodríguez e Ernesto González Seoane. Conta cun deseño inicial de Pedro de Llano, actualizado por Alejandro Vidal. Consta das seguintes seccións: “Estudos”, “Notas”, “Documentos”, “Encontros”, “Libros” e “Creación”, que nalgúns números, sobre todo

nos monográficos, poden reducirse. No ano 2007 saiu publicado o número 35 (1º semestre 2006), un volume monográfico dedicado ao cómic: "Olladas do cómic ibérico", coordinado por Antonio Gil González e Anxo Tarrío Varela, en colaboración con Manel Cráneo e Xaime Asensi, en calidade de asesores técnicos. Tras dunha presentación de Anxo Tarrío e unha introdución de Antonio Gil, inclúense as seguintes seccións: "Estudos", "Encontros", "Libros" e "Creación", apartado que mostra creacións de artistas do cómic como Xaime Asensi, Manel Cráneo, Kiko Dasilva e José Carlos Fernández. Todos os artigos e recensións relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Albino Mallo, "Tarrío: 'O cómic tamén ten unha construción literaria", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", p. 28/ "A USC presente no Salón do Cómic", *El Correo Gallego*, "Cultura", 17 agosto 2007, p. 60.

Infórmase da presenza da USC na cuarta xornada do Salón Internacional do Cómic da Coruña "Viñetas desde o Atlántico" a través do *Boletín Galego de Literatura*, cuxo número 35 leva por título *Olladas do cómic ibérico*, e do director deste, o profesor Anxo Tarrío. Dise quen foron os encargados da elaboración deste número do *Boletín* e quen os asesores técnicos. Recóllense as palabras do profesor Tarrío nas que explica a relación do cómic e a literatura, a razón pola que se escolleu o cómic para ser obxecto dun monográfico do *Boletín* e a relación do cómic narrativo coa novela. Así mesmo, recóllense as palabras de Antonio Gil con respecto á presenza da banda deseñada na USC. En columna á parte, baixo o título "A BD, a medio camiño entre arte e literatura", dáse conta do contido do monográfico que se inicia cunha introdución á que lle seguen nove estudos "que abranguen todos os aspectos da Banda Deseñada", da autoría , entre outros, de Juan Casas Rigall, Breixo Harguindei, Ana Merino e Enrique Torneiro. No recadro "E ademais…" dáse conta doutras contribucións ao volume como as de Germán Hermida, Iratxe Retolaza, Marie Manuelle Silva e Rui Malheiro; das entrevistas a Miguelanxo Prado e Paco Camarasa; da recención de Margarita García e das mostras de Xaime Asensi.

CADERNO ARRAIANO
(ISSN: 1698-9953) (D.L.: C 2857-2007).

Publicación periódica da Asociación Arraianos sen periodicidade fixa. No verán de 2007, baixo a coordinación de Aser Álvarez e Xoán Carlos Domínguez Alberte, publicouse o monográfico titulado "Represión, Solidariedade e Resistencia Antifranquista, onde entre varios traballos cos que se homenaxea aos mártires do Furriolo e se lle dá voz a algúns protagonistas da represión durante a ditadura ("Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados no Alto do Furriolo"). Nel ofrécense composicións literarias da man de Anxo Angueira, de Antón Tovar (lido por Delfín Caseiro), Delfín Caseiro, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Xosé Luis Méndez Ferrín, Víctor Campio Ferreira, Lois Antón Pérez, Baldo Ramos e Manuel Vilanova (pp. 7-19). Ademais dos artigos dos represaliados, os que se corresponden con intelectuais das letras, reprodúcense no apartado "Publicación en revistas" deste *Informe de Literatura 2007*.

CASAHAMLET. Revista de teatro
(DL: C-1152-1999).

Revista anual de teatro, dirixida por Francisco Pillado Mayor, que botou a andar en 1999 co apoio da Deputación Provincial da Coruña. No seu Consello de Redacción figuran Santiago Fernández, Manuel Lourenzo e Xesús Pisón e, como novo membro dende o ano 2003, Isaac Ferreira. Estructúrase en catro seccións: "Editorial", "Colaboracións", "Creación" e "Documentación". O resto son variábeis, pero adoitan artellarse monograficamente arredor dunha sección de teoría, seguida da presentación de textos dramáticos. No ano 2007, na súa estructuración cambiouse o apartado "Colaboracións" por "Teoría". Publicouse o número 9, que no apartado de creación recolle as composicións poéticas de Xosé María Álvarez Cáccamo (*Soidades de amor que non chega*), de Yolanda Castaño (*Aténdeme*) e de Xesús Pisón (*A túa boneca*); teatrais de Xabier Abalo (*O trapecio do amor*), de Afonso Becerra de Becerreá (*Unha rosa entre as pernas*), de Raúl Dans (*Petite fleur*), de Eva F. Ferreira (*Ela que come formigas*), de Isaac Ferreira (*A navalla*), de Heidi Kühn-Bode (*As bágoas de Luise Thermann*), de Xavier Lama (*A noite das sereas comestibles*-serie de teatro imposible-), de Manuel Lourenzo (*Diálogo coa morta no día do seu funeral*), de Xosé Luís Martínez Pereiro (*Ovidio en compota*), de Begoña Muñoz Sáa (*Antes de Medea*), de Juan de Oliveira (*Crédito*), de Jacobo Paz (*Raíña cadáver)*, de Gustavo Pernas Cora (*Elevador 05*), de Henrique Rabuñal (*Amor móbil*), de Manoel Riveiro Loureiro (*O pau*), de Euloxio R. Ruibal (*Ars amandi*), de Vítor Vaqueiro (*Monólogo sen título*) e de Roi Vidal (*Xulieta's black hole–farsa de velocidade interestelar)*. Os artigos correspondentes á literatura e cultura galegas aparecen nos apartados correspondentes.

Referencias varias:

-Joel R. Gômez, "Casahamlet: do 'amor' ao louvor do desamor em textos galegos para teatro", *Agália*, n.º 89-90, pp. 225-228.

Recóllense nesta revista unha reseña sobre a revista de teatro *Casahamlet*, patrocinada pola Deputaçon Provincial da Corunha, que adicou o seu número 9 ao tema do "amor". Joel R. Gómez dinos sobre a mesma que "é recomendabel a lectura deste volume, de magnífica ediçom […], muito cuidada em todos os detalles e belamente apresentada e desnhada".

- Manuel F. Vieites, "*Casahamlet*, 9", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 215, "Escena", 12 xullo 2007, p. VIII.

Explica que nesta ocasión a revista dedícase ao amor e recolle pezas breves de varios autores, tanto consagrados como debutantes. Afirma que se ofrece así a oportunidade de obter unha visión global do panorama da escrita dramática en galego, grazas aos indicadores formais, estilísticos ou de contido que indican tendencias de traballo. Por último, engade que o volume tamén contén traballos de Afonso Becerra, Henrique Rabuñal, Laura Tato ou Pilar García Negro, que analizan o estudo do amor na tradición literaria galega e universal.

- J. A. Martínez Sevilla, "Amor en Casahamlet", *El Ideal Gallego*, "Opinión/La columna", 12 xullo 2007, p. 28.

Evoca os contidos do número nove da revista *Casahamlet* que patrocina a Deputación da Coruña e que está dedicado ao tema do amor. A seguir detalla os seus contidos: "Sumario que profundiza en una teoría colectiva con obras de creación y documentación bibliográfica. Autores habituales que incorporan a otros escritores de nuestra autonomía. Buena publicación de fácil lectura. Adornada con ilustraciones, fotografías, grabados, sensibilidad y erotismo. Pesadumbre, tristeza, contrición. Textos teatrales. Comentarios oníricos. Cajón desastre para dar y tomar". Remata mencionando como "hitos de un camino convencional disonante" no teatro galego a Xosé María Álvarez Cáccamo, Manuel Lourenzo y Gustavo Pernas Cora.

- Albino Mallo, "*Casahamlet*, unha revista para os teatreiros", *Galicia Hoxe*, "Visións", 7 novembro 2007, p. 4.

Define como teatreiros non só aos actores, directores, escenógrafos ou autores, senón tamén aos que son afeccionados a esta arte que considera tan vinculada coa literatura. Respecto a este número da revista, nomea as obras de creación que contén: *Eugenesia*, de Marcos Abalde; *O trapecio do amor*, de Xavier Abalo; *Soidades de amor que non chega*, de Xosé María Álvarez Cáccamo; *Unha rosa entre as pernas*, de Afonso Becerra de Becerreá; *Aténdeme*, de Yolanda Castaño; *Petite Fleur*, de Raul Dans; *Ela que come formigas*, de Eva F. Ferreira; *A Navalla*, de Isaac Ferreira; *Louvor do desamor*, de Joa Guisán Seixas; *As bágoas de Luis Thermann*, de Heidi Kün-Bode; *A noite das sereas comestibles*, de Xavier Lama; *Diálogo coa morta no día do seu funeral*, de Manuel Lourenzo; *Ovidio en compota*, de Xose Luís Martínez Pereiro; *Antes de Medea*, de Begoña Muñóz Saá; *Crédito*, de Juan de Oliveira; *Raíña cadáver*, de Jacobo Paz; *Elevador 05*, de Gustavo Pernas; *A túa boneca*, de Xesús Pisón; *Amor móbil*, de Enrique Rabuñal; *O pau*, de Manuel Riveiro Loureiro; *Ars amandi,* de Euloxio R. Rubial; *Monólogo sen título*, de Vítor Vaqueiro; e *Xuliet"s black hole*, de Roi Vidal. A continuación, refírese á sección de documentación na que se inclúen *A dolorosa soidade de Inés de Valverde*, de Carlos Caetano Biscainho; *Estamos a falar de amor?*, que é unha outra lectura de *A Árbore*, de Carvalho Calero, tamén feita por Biscainho; *Precisión dunha (re)lectura de Os vellos non deben de namorarse*, de Pilar García Negro; e *O descontrolado amor de Xaime Quintanilla*, de Laura Tato Fontaiña. Engade que todo isto vén precedido dun artigo editorial e de dous teóricos: *Amor enriba e debaixo do escenario*, de Alfonso Becerra e *Amor e teatro*, de Henrique Rabuñal. Por

último, opina que esta publicación cobre un baleiro grande dentro do teatro galego, tanto teórico como práctico.

***DORNA*.** Expresión Poética Galega.
(DL: C-94-1982) (ISSN: 0213-3806).

Publicación que comezou a súa andaina como revista poética o 17 de maio de 1981, baixo a coordinación de Luís G. Tosar "Che", Manolo Loxo e Suso Molanes, editada pola Asociación Dorna. A partir do número 2, a súa publicación foi asumida polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Enrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Xosé Manuel Salgado, Miro Villar, Mª Xesús Nogueira e, dende o ano 2001, Inmaculada López Silva, no lugar de Iris Cochón, compoñen o Comité de Redacción, mentres que Ramón Lourenzo ocupa o posto de director. Nos últimos anos ten unha periodicidade anual, facendo coincidir a saída do seu número coa celebración do Día das Letras Galegas. Estrutura os seus contidos en tres grandes apartados: "Creación", "Voces de fóra" e "Caderno da Crítica". No ano 2007 aparece o número 31, correspondente aos anos 2006-2007, cun cambio no comité de redacción, que está constituido por David Pérez González, Lorena López López, Mario Regueria e Xosé Manuel Salgado. Secretario, Miro Villar. Incorporouse un comité asesor constituido polo rector da USC, a Secretaría Xeral de Política Lingüística de Galicia, o decano da Facultade de Filoloxía Galega e o escritor Luis González Tosar. Na sección "Creación" colaboran cos seus textos Aberte Lema ("Refutación do nominalismo", "Descompromiso" e "Xa non te quero para sempre"), Alexandre Nerium ("Fogada"), Amauta Castro ("Escolma do tantra"), Ana Cibeira ("De raíz"), Andrea Núñez Briones ("Máis intensidade"), Ángela Tajes ("Coido de ti" e "Rebentar de cansazo"), Antía Otero ("Eu" e "Ás veces"), Anxo Angueira ("Café london"), Chus Pato (sen título), David Pobra ("Cambio climático", "Bagos derradeiros", "Lémbrate de min" e "Redescubrirse"), Darío Xohán Cabana ("Fragmento dun epítome de historia de Galicia"), Elvira Riveiro Tobío ("IV", da serie 'A vellez e a ponte'), Esperanza Mariño Dávila ("Mariña cálida do serán"), Eva Méndez Díaz doRoxo ("Tristeza non ten fin, felicidades si" e "Luminiscencia. San Xoán 0.0"), Fátima Rodríguez (Anacos d'*As nove secuencias do xogo da mariola*), Fran Alonso ("Abismo Vigo"), Gaspar Domínguez ("Cinsa"), Gonzalo Hermo González ("Homenaxe a Lorca"), Gustavo Harvey ("Desde o fondo dos canos", "O absurdo e a humidade" e "So na grande cidade"), Helena Villar Janeiro ("Ese lugar extraño"), Lía Santiso ("A parella feliz" e "A cicatriz"), Lorena Souto ("A través" e "Refuxio inhóspito"), Manuel Xosé Neira ("Lúa picassiana, branca"), María do Cebreiro ("Lisboa", "Cascais", "Sintra" e "Norte"), María Lado (do libro inédito "Nove"), Marilar Aleixandre ("A pegada do tempo"), Marta Dacosta ("1966"), Miro Villar ("Soneto habana blues"), R.M.A., Roi Vidal ("5 Haikus pornográficos –ou unha canción que non é deste verán" e "Réquiem outro réquiem máis"), Rosa Enríquez ("Os ritmos do desprezo"), Suso Bahamonde (do libro titulado "Road Movie"), Xabier Xil Xardón (sen título), Xesús Rábade Paredes ("Interiores"), Xoana Fernández Monterrei ("Como ser unha grande escritora"), Xosé Luís Santos Cabanas (sen título), Inma López Silva ("Ser ela"), Mica&Mala Müller ("Gata"), Xiana Arias Prego ("Melodías Silvestres") e Xoán Carlos Domínguez Alberte ("Mundo rosa"). Na sección "Voces de fóra" Haizea Barcenilla e Arsenio Iglesias Pazos traduciron unha escolma da obra "Entrementres dáme a man", de Kirmen Uribe. Os artigos referidos á literatura galega

atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Manuel X. Neira, "Investigación literaria", *Galicia Hoxe*, "Luz de gas", 25 xuño 2007, p. 4.

Repasa as principais liñas que, segundo a súa opinión, poden rastrexarse na poesía galega, dende a obra de Ramón Cabanillas, debedor da estética do XIX, a de figuras como Rosalía de Castro ou Manuel Curros Enríquez, próximos ao mito céltico. Estabelécese despois a denominada "liña báquica ou dionisíaca", á que pertencen Ramón Otero Pedrayo, Florencio Delgado Gurriarán, Antón Avilés de Taramancos ou Xosé Lois García. Respecto á presunta xeración dos 80 e dos 90, nega a súa existencia, mais sinala figuras ailladas como Cesáreo Sánchez Iglesias, Farruco Sesto Novás, Vítor Vaqueiro, Alfonso Pexegueiro ou Manuel Vilanova. Posteriormente, refírese á "Xeración Dorna", dirixida por Anxo Quintela, Paulino Vázquez e Eusebio Lorenzo Baleirón". Remata valorando a calidade da revista *Dorna* e doutras como *Xistral*.

ENCRUCILLADA. Revista galega de pensamento cristián
(DL: C-80-1977) (ISSN: 1131-6519).

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro de 1977. Inicialmente vinculada á editora viguesa SEPT, dende o número 61, correspondente a 1989, vén sendo promovida pola Asociación Irimia. Ademais de Andrés Torres, integran a mesa de redacción Xaime M. González Ortega (redactor-xefe), Engracia Vidal Estévez (secretaria), Agustín Díaz Blanco, Xavier R. Madriñán e Pilar Wirtz Molezún. Encárgase da administración Amalia Tomé Rocha. A revista conta, ademais, cun consello de redacción do que forman parte, entre outros, Xesús Acuña, Antón Vidal, Manuel Dourado ou Anxos Renieblas. As seccións de que constan son: "Guieiro", "Editorial", "Estudos", "Experiencias", "Achegas", "Rostros", "Crónicas", "Recensións", "Libros chegados á redacción" e "Ilustracións", porén, algunhas non aparecen en certos números porque son substituídas por monográficos de congresos ou romaxes, cartas ou entrevistas.En 2007 aparecen os números 151 (xaneiro-febreiro), 152 (marzo-abril), 153 (maio-xuño), 154 (setembro-outubro) e 155 (novembro-decembro). Nos números 151 e 153 aparece de novo a sección "Editorial". A partir do número 152 desaparecen da Mesa de Redacción Agustín Díaz Blanco e do Consello de Redacción Xoán A. Neira Pérez. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- maré, "A revista 'Encrucillada' celebra trinta anos de vida", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 marzo 2007, p. 29.

Breve nota que informa dos trinta anos de vida da revista *Encrucillada* e salienta que a publicación constituíu a canle de comunicación do colectivo católico galeguista e a difusora de reinvindicacións como a defensa do uso do galego nos ritos católicos, un

aspecto aínda necesitado de promoción, xa que, segundo se indica, só o 7% das misas que se celebran cada domingo en Galicia son en galego e só un 14% das parroquias ten algunha celebración nesta lingua ao longo da semana.

- José Gómez, "Encrucillada: trinta anos pulando por unha igrexa galega", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 420, "Reportaxe", 18 marzo 2007, pp. 2-4.

Reportaxe dedicada á traxectoria da revista de pensamento cristián *Encrucillada* na que se lembra a súa creación hai trinta anos por mor do esforzo dun grupo de cregos, monxas e leigos empeñados en defender as achegas do Concilio Vaticano II. Apúntase que a publicación pecha unha etapa con cambio de dirección malia que os seus obxectivos de traballo, a unión de fe e galeguismo e o compromiso social, continúan. Así, infórmase de que Andrés Torres Queiruga cédelle o seu posto de director a Pedro Fernández Castelao, e que a publicación cambia a súa sede e pasa de Pontevedra a un local en Santiago. Recóllense tamén as manifestacións de Engracia Vidal, quen resume a necesidade que se sentía nos setenta de crear unha revista que, dende Galicia, avogase por unha teoloxía galega, para o cal contaron co apoio do bispo de Mondoñedo-Ferrol, monseñor Miguel Anxo Araúxo Iglesias, un decidido defensor do galego na Igrexa. Torres Queiruga menciona tamén o grupo de cregos que daquela formaban parte do máis vivo da Igrexa galega, entre eles, Bernardo García Cendán, Ramón Díaz Raña, Xosé Martiño Montero, Xosé Chao Rego, Xaquín Campo ou Xosé Antón Miguélez. Engracia Vidal recorda o atraso na consecución dos permisos para a saída do prelo ata xaneiro de 1977, aínda que xa tiñan preparado o número 0, a precariedade desa primeira etapa ferrolá e o voluntarismo dos colaboradores. Abórdase a seguir a nova etapa de *Encrucillada* a partir da súa constitución como asociación en 1994, así como a súa achega ao longo de trinta anos, nuns momentos nos que os implicados na publicación perciben un maior compromiso por parte do corpo institucional da Igrexa que o que se percibe na actualidade.

- X. C. "*Encrucillada* cumpre trinta anos", *A Nosa Terra*, n.º 1262, "Cultura", 29 de marzo-11 abril 2007, p. 25.

Con motivo da celebración dos trinta anos da aparición da revista *Encrucillada*, que saíu á luz en febreiro de 1977, destácase o cambio de dirección que vive a publicación, xa que agora corre da conta de Pedro Fernández Castelao. Recóllense as palabras deste novo director, que sinala a ausencia de crise no consello redactor e a vontade de darlle continuidade a un proxecto que se sostén grazas aos subscritores, máis de 1.500. O que si apunta é a posibilidade de inserir novas seccións sobre aspectos culturais coa intención de actualizar a revista. Saliéntase ademais que o galego foi a lingua exclusiva da publicación, neste sentido pioneira logo da ditadura, así como a orientación democrática do seu pensamento.

- Xan Carballa, "Engracia Vidal. O que máis lle costa admitir á Igrexa é o galego", *A Nosa Terra*, n.º 1264, "Cultura", 19-25 abril 2007, p. 29.

Engracia Vidal, membro do equipo fundador da revista *Encrucillada*, relata nesta entrevista como naceu a publicación hai trinta anos, salientando o soño de facer teoloxía dende Galicia co vento a favor do Concilio Vaticano II. Valora as experiencias precedentes, como os textos editados por Sept, unha editorial promovida por laicos coa mesma idea, e lembra a súa experiencia nos anos setenta en París, onde participaba nun

encontro internacional arredor deses temas. Conta como pouco despois, pensaron nela para levar a secretaría da revista e grazas ás xestións do bispo Miguel Anxo Araúxo conseguiu un traballo dando clases en Ferrol e obtivo o permiso da súa congregación para vir traballar no proxecto. Lembra os obstáculos burocráticos que viviu a revista até comeza a editarse, así como a súa traxectoria persoal no eido da concienciación galeguista e as dificultades que viviu ao tomar decisións como as de quitar o hábito ou favorecer propostas de apertura. Afirma que a Igrexa non pode soster moito máis tempo as posturas actuais que mantén sobre a participación da muller na Igrexa e recorda os atrancos que sufriu a reinvindicación da lingua galega no culto.

- Anxo Ferreiro Currás, "Dous bispos sen piedade", *A Nosa Terra*, n.º 1288, "Cultura", 4-13 decembro 2007, pp. 30-31.

Neste setembro e outubro de 2007 publicouse o número 154 da Revista Galega do Pensamento Cristián: *Encrucillada*. Fálase nesta ocasión da memoria histórica coas colaboracións de Juan Mª Laboa, Francisco Carballo, Xaquín Campo Freire, entre outros.

FADAMORGANA
(DL:C-670-1999) (ISSN:1575-9520).

Esta publicación nace no ano 1999 co obxectivo de encher certos baleiros de información entre os encargados de achegar os rapaces á lectura e ao libro; en canto á crítica, estudo e reflexión sobre os camiños que se van trazando nese eido; e para estar cabo das restantes producións literarias. Está dirixida por Xosé A. Neira Cruz e conta cun Consello de Redacción formado por Marilar Aleixandre, Xabier Cid, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz, Xosé Victorio Nogueira, Cristina Novoa, Magdalena de Rojas, Pilar Sampedro, Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire, así como cunha coordinadora de redacción que é Belén Puñal. Consta dos seguintes apartados: "fadario", no que se fai referencia ao termo 'fada'; "A ilustradora", no que Miguel Vázquez Freire se achega á obra de Noemí López, quen tamén se encarga dos deseños do presente número; e "despezas", onde se tratan cuestións relativas a premios literarios, mostras ou salóns do libro. A continuación, reprodúcese unha entrevista e unha análise da obra de Graciela Montes e Marilar Aleixandre. No ano 2007 apareceu o número 11 (primavera 07). O especial céntrase na "LIX que ule a mar" e recolle artigos diversos sobre como este elemento foi tratado nos textos e ilustracións pertencentes á produción infantil e xuvenil galega, así como nalgunhas pezas en lingua castelá. Como é habitual no apartado de "novidades" acóllense recensións das publicacións máis recentes dirixidas ao público máis novo tanto en galego como en portugués, castelán, éuscaro, catalán, polaco e francés, ofrecéndose tamén no subapartado de "materiais" outras novidades de carácter monográfico, referente ás novas tecnoloxías ou a outras propostas literarias. Así mesmo, no apartado "adiantos", faise eco de noticias relativas a obradoiros de creación, cursos de formación continua ou premios literarios. Por último, no "diario de morgana", a escritora An Alfaya asina un poema narrativo, no que describe esa fada que nela habita e no que reborda a figura feminina, a forza, a palabra e un mundo sen vendas nos ollos. Todos os artigos referentes á literatura infantil e xuvenil en galego aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- P. T., “Fada Morgana está de novo entre nós”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 3, “proPostas”, verán 2007, p. 18.

Anuncia a volta da revista de literatura infantil e xuvenil *Fadamorgana*, dirixida por Xosé A. Neira Cruz e ilustrada por Noemí López. Esta tiraxe que supón o número once ten os seguintes contidos: unha entrevista á escritora arxentina Graciela Montes, unha aproximación á obra da autora galega Marilar Aleixandre, un feixe de textos acompañados de ilustraciós e, finalmente, unha listaxe das novidades en literatura galega, castelá, portuguesa, éuscara, catalá, polaca e francesa.

- P. T., “Olladas á lectura”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 5, “proPostas”, inverno 2007-2008, p. 25.

Na revista n.º 12 de *Fadamorgana* de literatura infantil e xuvenil que dirixe Xosé Antonio Neira Cruz, editada no inverno do 2008, no que se realiza un achegamento ao Informe Pisa, centrándose no ensino en Galicia.

***FESTA DA PALABRA SILENCIADA*.** Publicación Galega Feminista (ISBN:1139-4854) (DL:VG-241-1983).

Revista feminista de pensamento e creación editada por FIGA (Feministas Independentes Galegas) e subvencionada pola Concellería da Muller do Concello de Vigo que empezou a súa andaina en 1983. Dirixida por María Xosé Queizán e deseñada por Margarita Ledo Andión, o consello de redacción está integrado por Mónica Bar Cendón e Marga R. Marcuño, ademais da directora. A revista ten unha nómina de colaboradores habituais entre os que se contan María Xesús Nogueira, Camiño Noia, Teresa Seara, Miro Villar, Euloxio R. Ruibal ou María do Carme Kruckenberg. A historia da publicación coñeceu tres etapas. Desde 1983 até 1995 a súa periodicidade foi variábel. De 1995 a 1999 tirou un volume anual até chegar ao número 15. No ano 2000 non se publicou ningún exemplar. No ano 2001 (número 16) a revista reapareceu e seguiuse editando anualmente até a actualidade. Nesta terceira etapa, os apartados habituais "Monográfico", "'Temas Varios", "Crítica" e "Creación" foron substituídos por dúas únicas seccións estábeis: "Monográfico" e "Actualidade". No 2007 publicouse o número 23 sobre a temática da violencia. Neste número desapareceu o Consello de Redacción. Nel acóllense artigos varios sobre o tema e algúns sobre literatura que se describen no apartado correspondente deste informe.

Referencias varias:

- V. Oliveira: “Implicados en feminino”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 15 febreiro 2007, p. 27.

Coméntase que o novo número da revista *Festa da Palabra Silenciada*, dirixida por María Xosé Queizán, é un monográfico sobre “Os feministas”, é dicir, sobre os homes que defenden a igualdade entre os homes e as mulleres. Indícase que no volume se achega un artigo de María Xosé Agra Romero sobre tres ilustrados galegos de renome no feminismo: Benito Feixóo, Martín Sarmiento e Vicente do Seixo, e de seguido,

explícase a apartación de cada un deles. Finalmente, nas últimas páxinas da revista, segundo se indica, aparecen as principais asociacións de homes que loitan polos dereitos das mulleres.

- Maré, "Silencios afiados", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 xaneiro 2007, "MARÉ", p. 29.

Dáse conta da publicación dun especial que edita a revista *Festa da Palabra Silenciada*, dirixida por María Xosé Queizán, e dedicada a María Mariño, poeta homenaxeada no Día das Letras Galegas 2007. Refírese o artigo publicado na revista por Xerardo Agrafoxo baixo o título de "As tres vidas de María Mariño" e relátase a biografía da poeta homenaxeada.

GALICIA DIPLOMÁTICA
(ISBN: 84-932213-6-8).

Edición facsimilar en cinco volumes da revista *Galicia Diplomática. Revista Semanal de Archivos y Bibliotecas, Historia, Arqueología, Heráldica, Literatura, Ciencias y Arte*, que iniciou a súa publicación en 1882 e que agora publica Edicións Losa. Conta cun estudo introdutorio de Xosé Ramón Barreiro, no que se centra na figura do seu fundador e director, Bernardo Barreiro, así como na historia da propia publicación. Sinala que esta naceu co obxectivo de difundir documentos inéditos dos arquivos galegos para esclarecer a historia e dar conta da bibliografía antiga e moderna. Tamén ofrece a nómina de colaboradores en aspectos documentais e históricos, mentres que no referido á literatura considera que incluíu poemas coa intención de "alixeirar algo a revista e de integrar ó maior número de intelectuais", entre os que figuran composicións de Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Valentín Lamas Carvajal, Lago González, Francisco María de la Iglesia, Victorino Novo e o propio Bernardo Barreiro. Detense tamén nos factores que determinaron que unha publicación destas características perdurara tantos anos apuntando, entre outras, cuestións como o apoio das institucións, das colectividades galegas en América, o interese pola historia das diferentes comarcas, o que favoreceu a penetración da xente culta das vilas, ou o propio atractivo da revista. A seguir, reprodúcese a colección completa distribuída en cinco volumes, que responden ao carácter de libro por entregas que Bernardo Barreiro lle quixo imprimir, no que o primeiro volume (ISBN: 84-932213-7-6) reproduce os cincuenta números publicados entre o 9 de xullo de 1882 e o 17 de xuño de 1883; o segundo volume (ISBN: 84-932213-8-4) comprenden os que viron a luz entre o 8 de xullo de 1883 e o 14 de outubro de 1884; o terceiro volume (ISBN: 84-932213-9-2) os publicados entre o 8 de xaneiro e o 23 de decembro de 1888, despois dunha paréntese de catro anos sen publicarse; o volume cuarto (ISBN: 84-933043-0-1) recolle os números do 6 de xaneiro ao 29 de decembro de 1889; e finalmente o volume quinto (ISBN: 84-933043-1-X) reproduce os últimos vinte e cinco números, publicados ao longo do ano 1892 e 1893, tomo que se pecha cun apartado no que se recollen folletíns con obras de Bernardo Barreiro, entre as que están a lenda do Apóstolo en castelán ou cuestións como a capitalidade de Galicia.

GALICIAN REVIEW
(ISSN: 1460-063).

Revista dedicada ao estudo da historia, da linguaxe, da literatura e da cultura de Galicia. Está publicada polo Center for Galician Studies in the Department of Hispanic Studies" (University of Birmingham); "Centre for Galician Studies", "The Queen's College" ("University of Oxford") e o Reino Unido coa colaboración da Xunta de Galicia. Os seus editores son Francis Lough, pola Universidade de Birmingham, Derek Flitter, e John Rutherford, pola Universidade de Oxford. Respecto ao consello editorial, está formado por Xesús Alonso Montero (Universidade de Santiago), Catherine Davies (Universidade de Nottingham), Xosé María Dobarro (Universidade A Coruña), Francisco Fernández Rey (Universidade de Santiago), Dieter Kramer (Universidade de Trier), Basilio Losada (Universidade de Barcelona), David Mackenzie (Universidade de Cork), Zarko Muljajic (Universidade de Berlín), Anxo Tarrío (Universidade de Santiago), Guiseppe Tanavi (Universidade de Roma) e Ramón Villares (Universidade de Santiago). No ano 2007 publicáronse os volumes 5-6, correspondentes aos anos 2006 e 2007. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos correspondentes apartados do *Informe*.

GALICIA. REVISTA SEMANAL ILUSTRADA (A Habana, 1902-1930)
(ISBN: 978-84-453-4390-6).

Este volume reproduce os exemplares correspondentes aos dous primeiros anos do semanario rexionalista *Galicia*, do cal se publicaron un total de setenta e cinco números (vinte e tres en 1902 e cincuenta e dous en 1903). Aclárase que o material para a realización da edición procede do Instituto de Literatura e Lingüística da Habana e da Biblioteca Nacional José Martí. En primeiro lugar, preséntase a ficha técnica da revista na que se describen datos relativos ao título, subtítulo, cabeceira, lugar, fundador, director, administradores, secretario, enderezo, imprenta, data de inicio, periodicidade, números publicados e localizados, número de páxinas, formato, prezo, tiraxe, idioma, contidos, relación de colaboradores, ilustradores e fotógrafos, seccións fixas, publicidade, publicacións coetáneas e localización de coleccións (todas incompletas). A continuación realízase un achegamento á revista centrándose na evolución dos contidos, colaboradores, lingua e publicidade durante estes dous anos. Saliéntase a importancia do semanario para axudarnos a comprender hábitos, intereses e actividades das comunidades de galegos emigrados na Habana, así como dos pasos previos da Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia para a creación da Real Academia Galega, e tamén se achega información sobre Galicia, o Centro Gallego e a Sociedade de Beneficiencia de Naturales de Galicia. En canto a "Contidos", destácanse unha serie de liñas temáticas principais: semblanzas que ofrecen información biográfica de personaxes relevantes na historia de Galicia así como coétaneos que salientan en diferentes campos, acompañadas do retrato (normalmente na páxina inicial); a emigración (causas e situación dos emigrados) mediante reflexións de orientación rexionalista; información de tipo institucional do Centro Gallego e da Sociedad de Beneficiencia de Naturales de Galicia; seccións adicadas á actualidade galega con catro subseccións que se corresponden coas provincias galegas; posíbel orixe galega de Cristóbal Colón, que lexitimaría a presenza galega nos países de destino latinoamericanos; rexionalismo e cuestións de tipo político cunha liña reivindicativa e combativa, preocupada polas causas da emigración e o proceso de integración dos emigrados. Tamén se resalta a existencia de seccións destinadas a contidos exclusivamente literarios, divididas en "Sección literaria" e "Sección poética" (outras veces chamada "Sección poética. Postales"). Nestas seccións aparece poesía de todo

tipo e tamén pequenos relatos en galego e castelán, así como reflexións sobre a historia literaria galega e referencias biobibliográficas de autores en artigos de opinión e de crítica. No tocante a "Colaboradores", nestes dous anos destacan as figuras do Conde de Castelnovo (posíbel pseudónimo do director da revista, Vicente López Veiga), Y. Mugía, Julio Monasterio Rodil e E. Nuñez Sarmiento, en creación literaria, e Juan Manuel Espada e Juan Ramón Somoza como defensores dos intereses galegos con tendencia rexionalista crítica ao goberno central de Madrid. Un colaborador con gran relevancia nos anos posteriores a 1903 foi Mercedes Vieito Bouza, defensora activa da creación da RAG a través da Asociación Iniciadora e Protectora e do papel activo da muller na sociedade contemporánea, tocando temas como a vida política galega, as sociedades de instrución e os problemas da muller galega. Tamén resaltou na faceta poética publicando da "Sección poética. Postales". Polo que respecta á lingua empregada pola publicación, saliéntase que a lingua maioritaria é o castelán, empregando o galego en textos poéticos e apreciándose un incremento dos textos en prosa galega co transcorrer dos anos (en 1902 hai doce colaboracións en galego que pasan a trinta e sete en 1903). No tocante á publicidade, adoita aparecer nas dúas últimas páxinas e a revista conta cunha estrutura practicamente uniforme: oito páxinas, seis adicadas a contidos e dúas a publicidade (con tres formatos diferentes: a toda páxina, media e pequeño formato). Este espazo incrementarase no ano 1905, sendo máis frecuente os pequenos reclamos inseridos en páxinas interiores. Por último, ofrécense uns índices dos anos 1902 e 1903, subdivididos en "Sumarios" que ofrecen os títulos dos artigos publicados en cada número con indicación do autor e da páxina especificando se é prosa ou poesía en castelán, galego ou portugués; e en "Colaboradores" presentáse unha relación por orde alfabética, coa indicación dos títulos dos artigos realizados, número da revista na que aparecen, páxina, idioma e se adscrición de xénero. O volume remata coa reproducción facsimilar en formato papel dos números publicados no ano 1902, é dicir, do número un ao vinte e tres, e presenta en CD os facsímiles do ano 1903 (cincuenta e un números, agás o número corenta e un).

Referencias varias:

- Anxa Correa-AGN, "Seis cabeceiras da prensa galega da emigración ven a luz en facsímile", *El Correo Gallego*, "Cultura", 28 xuño 2007, p. 75.

Faise referencia á presentación en Santiago de seis cabeceiras da prensa galega na emigración por parte do Centro Ramón Piñeiro, entre outras a revista *Suevia* ou *Galicia*. Tamén se dá conta de presentación no mesmo acto doutra publicación do Centro Ramón Piñeiro, *Obra narrativa en galego de Amador Montenegro*.

- Ramón Loureiro, "As voces da emigración", *La Voz de Galicia, "Culturas"*, nº 219, "Letras en galego", 14 xullo 2007, p. 11.

Recensión dedicada á edición facsímile da revista *Galicia*, a histórica cabeceira rexionalista que fundou e dirixiu Vicente López Veiga na Habana, realizada polo Centro Ramón Piñeiro baixo a dirección de Luis Alonso Girgado e María Vilariño Suárez. Salienta que no facsímile se reproducen os números correspondentes a 1902 e 1903, os dous primeiros anos dunha revista que se mantivo até 1930 e que a través do repaso das súas páxinas se ofrece "unha impagable visión do que foron as inquedanzas, os intereses e (...) as nostalxias da comunidade galega emigrada en Cuba nos primeiros anos do

pasado século". Entre as colaboracións que se recollen en lingua galega menciona as firmas de Antonio de la Iglesia, Manuel Lugrís Freire, Marcial Valladares, Francisco Añón, José Candocia, Eugenio Carré Aldao, Roxelio Lois e Aurelio Ribalta.

- J.G., "*Galicia*, facendo país desde La Habana", *Diario de Pontevedra / Diario de Ferrol*, "Cultura", 6 agosto 2007, p. 48 / p. 98.

Dá conta da aparición da edición facsímile da revista *Galicia* por parte do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, da que se indica que é o resultado de dous anos de traballo de Luis Alonso Girgado e do seu equipo. Saliéntase que A Habana foi un dos destinos elixidos polos emigrantes galegos e que a publicación recupera os 75 números que se tiraron entre 1902 e 1903, todos os que saíron agás o 41, do que non se conserva ningún exemplar.

- Marisa Vidal Collazo, "Libros chegados", *Encrucillada*, nº 154, setembro-outubro 2007, pp. 100-101.

Coméntase que María Vilariño e Luís Girgado achegan este traballo, froito do seminario rexionalista fundado e dirixido por Vicente López Veiga e editado n'A Habana entre 1902 e 1903.

GRIAL
(DL:C-94-1982) (ISSN:0213-3806).

Apareceu por primeira vez en 1951 pero foi silenciada máis de dez anos. Reapareceu en 1963 editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, e dende entón non se deixou de publicar. Na primeira etapa publicáronse cen números subtitulados *Revista Galega de Cultura.* A partir do número cen, asumiu a súa dirección Carlos Casares e pasou a denominarse simplemente *Grial*. Nesta segunda etapa continuou a periodicidade trimestral. No ano 2003, co número 157, iniciouse a terceira etapa desta revista que recupera o subtítulo da primeira etapa, dirixida agora por Víctor F. Freixanes e codirixida por Henrique Monteagudo, debido á morte prematura de Carlos Casares. A publicación incorpora de novo o subtítulo *Revista Galega de Cultura*. Esta nova etapa conleva un cambio que afecta ao deseño en xeral, dende o formato á inclusión da cor nas súas páxinas interiores, pero tamén aos contidos que se reparten en seccións como "Carta do editor", "O rego da cultura", "Entrevista" ou "Conversa con", "Documentos", "Creación", "Crónica", "O espello das letras", "Cine, teatro e artes escénicas", "Ciencia e tecnoloxía" ou "Comunicación e novas tecnoloxías", "Arquitectura e artes plásticas". Ademais de acoller artigos relacionados coas disciplinas humanísticas, a revista dálles cabida a achegas procedentes do mundo das artes, das novas tecnoloxías, da creación plástica e dos xéneros xornalísticos.Cómpre sinalar, así mesmo, que cada número acolle un tema monográfico concreto, que se especifica xa dende a portada. No ano 2007 saíron á rúa os seguintes números: 173 (meses de xaneiro, febreiro e marzo), titulado "Lectura pública. Un dereito da cidadanía", en cuxo apartado "Creación" se acollen textos narrativos e poéticos de Paula Mariño; 174 (abril, maio e xuño), titulado "Por unha reforma do finanaciamento autonómico", acolle no apartado "Creación" varios escritos de Ramón Caride da obra "Cápsulas de tempo" —integrado polos anacos narrativos "IIa. Dos de antes", "IIb. Animal", "Ia. Compostela Choiva 78", "IIb. Sempre pasa" e

mais “IIc. Metafísica cuántica” con apoio de ilustracións de Fausto C. Isorna— e Miguel Anxo Fernán Vello, “Astro interior” —integrado por seis poemas: “Fundición”, “Confesión”, “Aeroporto”, “Rosalía”, “Jazz” e mais “Desfile”—.; 175 (xullo, agosto e setembro), titulado "Ciencia e tecnoloxía na Galicia contemporánea", que no apartado "Creación" acolle a composición poética “Dans tro” (*Tríptico das túas* bágoas) de Olga Novo xunto ao relato de Manuel Darriba “O animal ; por último, no número 176 “Xénero, sexo e sexualidade” (outubro, novembro e decembro) reprodúcese fragmentos da obra *Do invisible*, de Xulio L. Valcárcel: “Remol”, “Man de neno”, “Filme”, “Corpos no amor” “Apache”, “Nais na néboa”, “O ulido da dor” e “Mutación do inmóbil”. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Alfredo Conde: “Cál é o caudal léxico do galego?”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 13 febreiro 2007, p. 4.

Entre diferentes publicacións sobre a cultura galega, Conde recomenda a lectura do novo número da revista *Grial* e salienta a conversa entre Xavier Alcalá e Fernando Venancio.

- A.I.S.: “La revista ‘Grial’ invita a reflexionar sobre Dios”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 marzo 2007, p. 32.

Infórmase da presentación do número cento setenta e dous da revista *Grial* co título de Deus a xuízo. Indícase que a revista ofrece reflexións e pensamentos sobre a idea que teñen os homes de Deus e dáse conta dos participantes no acto inaugural, entre eles, noméase a García Iglesias, Víctor Freixanes e Carlos Fernández. Así mesmo, recóllense os seus comentarios sobre o volume.

- Salvador García-Bodaño: “O Grial en Compostela”, *El Correo Gallego*, 11 marzo 2007, “Opinión”, “No pasar dos días”, p. 3.

Dá conta da súa asistencia á presentación na Fundación Caixa Galicia de Compostela do número cento setenta e dous da revista *Grial*. Comenta que o contido deste volume se centra no tema de “Deus a xuízo. Unha controversia contemporánea” e cita as persoas que interviron no acto e que presentan os seus traballos na revista, entre elas, Carlos Fernández, Antón Baamonde, Xosé Luís Barreiro Rivas e Andrés Torres Queiruga.

- Marcos Valcárcel, “Xohán Ledo”, *La Región*, “Pan por pan”, 16 marzo 2007, p. 77/“Xohán Ledo e o libro galego”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, p. 40.

Refírese ao número monográfico que lle dedicou a revista *Grial* ao traballo de Xohán Ledo e destaca o premio que recibiu en Trasalba no ano 1998. Valora especialmente as evocacións que xorden dos traballos realizados por este creador ao longo dos anos cincuenta e sesenta, e menciona as achegas á súa figura asinadas polos seus amigos Francisco Fernández del Riego e Xaime Illa e por especialistas do mundo do deseño.

- C. Rodríguez, “Arredor de Deus na cultura universal”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 649, “Arquipélago”, 25 marzo 2007, p. 8.

Salienta que o número 172 da revista *Grial* contén unha ampla reflexión arredor da idea de Deus na que participan un importante grupo de especialistas galegos. Menciona tamén a conversa que mantén Carlos Fernández con Anxo A. Rei Ballesteros, responsábel da coordinación do número, sobre a idea da divinidade na sociedade contemporánea; e os traballos de Andrés Torres Queiruga, Barreiro Rivas, Antón Baamonde, Basilio Lourenço ou Miguel Anxo Murado.

- Marcos Valcárcel, “Voces ceibes”, *La Región*, “Pan por pan”, 16 maio 2007, p. 85/“Voces Ceibes e a censura (I)”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 17 maio 2007, p. 36.

Refírese ao traballo de Xan Fraga aparecido na revista *Grial* arredor de Voces Ceibes e lembra o nacemento deste movemento cultural nos anos sesenta, cun acto de presentación en Compostela que contou cun concerto do cantautor Raimon presentado por Manuel María. Cita tamén o libro publicado por Vicente Araguas, *Voces Ceibes* (1991).

- Marcos Valcárcel, “Fichas policiais”, *La Región*, “Pan por pan”, 17 de maio do 2007, p. 77/“Voces Ceibes e a censura (e II)”, *Galicia Hoxe*, “Andoliña”, 18 maio 2007, p. 40.

Salienta o interese do documento policial que recuperou Xan Fraga sobre Voces Ceibes, onde atopou información polo miúdo dos 20 concertos celebrados entre 1968 e 1970 por cantantes como Benedicto, Xavier, Xerardo Moscoso ou Miro Casabella, así como as súas fichas biográficas. Sobre algúns dos fichados aparecen etiquetas do tipo"galleguistas filo-marxistas", caso de Vicente Araguas ou Lois Diéguez, ou "comunista filo-chino", aplicada a Carlos Casares.

- Lucía Seoane, “Con *Grial*”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 208, 24 maio 2007, p. IV.

Dá conta dos contidos do número 173 da revista *Grial*, dedicado á “Lectura pública. Un dereito da cidadanía”. Apunta que logo dunha carta de Víctor F. Freixanes arredor da situación bibliotecaria en Galicia, insírense sete traballos arredor do tema, asinados por Hilario Fernández, Isabel Blanco Pardo, Luz Corral Uzal, Pedro Lucas Domínguez, Luís Bará Torres, Cristina Novoa e Francisco Castro, e mais un encontro con Alberto Manguel. Ademais, a carón dos espazos dedicados a informar das novidades editoriais, menciónase o traballo de Xan Fraga dedicado a “Voces Ceibes e a censura franquista” e as achegas na sección de “Creación”, que corresponden a Xavier Rodríguez Baixeras e Paula Mariño.

- C.Rodríguez, “Libros e bibliotecas: espazos cidadáns”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 658, 27 maio 2007, p. 7.

Refírese aos últimos datos estatísticos sobre o índice de lectura en Galicia, que considera preocupantes porque indican que a metade da poboación non le, ou non está comprometida co hábito e realidade dos libros. A continuación, indica que arredor do tema da Lei do Libro e da futura Lei de Bibliotecas, xira o número 173 de *Grial*.

Ademais das achegas dos seus colaboradores, salienta entre os seus contidos unha entrevista co escritor Alberto Manguel (escritor, estudosos do libro e a lectura).

- C. Rodríguez, "Debate para a reforma do financiamento autonómico", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 669, "Arquipélago", 12 agosto 2007, p. 6.

Céntrase nos contidos do número 174 da revista *Grial*, un monográfico titulado *Para unha reforma do financiamento autonómico*, coordinado por Xaquín Álvarez Corbacho e Alberto Meixide. Valora tamén a presenza doutros temas de interese como a situación do galego no ensino, o universo do idioma en internet, a situación do lector galego e as novas tecnoloxías e as creacións de Ramón Caride e Ogando e Miguel Anxo Fernán-Velho.

- M. Otero, "Grial 175", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 234, "Letras en Galego", 27 outubro 2007, p. 13

Infórmase da publicación do novo número da revista *Grial*, coordinado polo investigador Uxío Labarta, que está dedicado ao centenario da creación da Junta de Ampliación de Estudios. Destácase tamén que se tratan temas como as relacións entre a Universidade e a empresa, a pesca, a renovación do agro e as experiencia da Misión Biolóxica de Galicia e a de Sargadelos.

- C. Rodríguez, "Revista Grial: un percorrido pola realidade científica", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 681, "Arquipélago", 4 novembro 2007, p. 7.

Refírese ao número 175 da revista, que considera continuador do espírito de servizo propio da publicación dende a súa creación nos anos cincuenta. Nesta ocasión indica que os seus contidos céntranse na ciencia e tecnoloxía no espazo galego ao longo do último século, coincidindo co centenario da Junta de Ampliación de Estudos, herdeira da Institución Libre de Enseñanza e responsable dun importante desenvolvemento neste eido.Un dos colaboradores, Xosé A. Fraga ("Ciencia e Galicia"), explica que "...os factores de tipo político e os distintos modelos de institucionalización científica aplicados exerceron unha notable influenza á hora de condicionar os períodos históricos e acontecementos salientables".

- Carolina Regueira, "La revista Grial dedica su número 175 a la ciencia y la tecnología gallegas", *El Ideal Gallego*, "Cultura", 5 decembro 2007, p. 15.

Dá conta da presentación deste volume que conmemora o centenario da creación da Junta de Ampliación de Estudios (JAE), que contou coa presenza de Vítor Freixanes, Uxío Labarta e Xosé Antonio Fraga.

MADRYGAL. Revista de Estudios Gallegos
(DL:M.15892-1987) (ISSN:1138-9664).

Publicación da Universidade Complutense de Madrid, subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, que comezou a súa andaina en 1998 cunha periodicidade anual. O seu equipo directivo está formado por Alonso Zamora Vicente como Director Honorífico, Carmen Mejía Ruiz (anteriormente subdirectora)

como Directora, ademais dun amplo Consello de Redacción conformado por persoas relacionadas coa propia Universidade Complutense e de diversas procedencias: Ana Acuña Trabazo
Denis Canellas de Castro Duarte, Ana Mª González Mafud, Miguel Louzau, Mª Victoria Navas Sánchez-Élez, Eugenia Popeanga Chelaru, Juan Miguel Ribera Llopis, Ana Mª González Mafud, Rosario Suárez Albán e Carlos Zubillaga. Figura como secretario Roberto Pascual, da Universidade Complutense. Contén as seccións "Artigos", "Crónica", "Creación", "Tradución", "Entrevista" e "Recensións". No ano 2007 aparece o número 10. A sección de creación reproduce diversas obras de poesía, narrativa e teatro. No caso da poesía atopamos "Poema", de Yolanda Castaño; "Confesión" e "Fundición", de Miguel Anxo Fernán Vello; "Poemas", de Xavier Frías Conde; "Madrigal para Madrigal. Aniversario", de Manuel Pereira Valcárcel e "Polo río, os peixes" e "Descanso ao final do rego", de Luz Pichel. En narrativa aparece o relato de Francisco Calvo del Olmo "Caro Sangue: 'Quen esquece as súas raíces perde a súa identidade'", fragmentos inéditos de *Home sen nome* (Suso de Toro) e *Visitando a costa*, de Juan Villar. Dentro do apartado teatral está José Luís Prieto con *Breve suspiro*. Como tradución ao galego elixen nesta ocasión a realizada por María do Carme Lamela Villaravid da novela de Dacia Maraini *Un numero sul braccio* (*Un número no brazo*). Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondestes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, "Madrigal", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 239, 8 decembro 2007, p. 10.

Publicouse un ano máis a revista co título *Madrigal. Revista de Estudos Galegos*, editada pola Facultade de Fololoxía da Universidade Complutense, baixo a dirección da profesora Carmen Mejía Ruíz. "Cita ineludible para os interesados no mundo da literatura, da cultura e da lingua galega".

- Marcos Valcárcel, "Libertario", *La Región*, "Pan por pan", 14 febreiro 2007, p. 61.

Comenta que na revista *Madrygal* aparece unha conversa co poeta e antólogo de Carmen Blanco Ramos, quen estudou a súa vida e obra.

***MALASARTES*. Cadernos de Literatura para a infância e a juventude**
(DL: 144641/99) (ISSN: 0874-7296).

É esta unha revista de Investigação e literatura infantil que substitúe á anterior *Malasartes*, de divulgación que só atendía ao ámbito lingüístico portugués. Dende o número 15 (II serie. Decembro 2007) a revista, de periodicidade semestral, é publicada por Porto Editora, dirixida por José António Gómes (Director), Blanca-Ana Roig Rechou (Subdirectora), António Modesto (Direcçao artística) e María Elisa Sousa (Coordenação geral). Está amparada por un Comité Científico formado por investigadores de Galicia e Portugal e unha Comissão de Redacção/Colaboração Permanente. Consta das seguintes seccións: "Actual", "Estudos", "Referências", "Perfil", "Práticas", "Reler", "Recensões e notas críticas", "Estudos e revistas-

recensões" e "Normas editoriais". Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

MONDARIZ
(ISSN: 1886-595X) (DL: M-25843-2006).

Revista que edita o balneario de Mondariz. Comeza no ano 2006 a segunda etapa da revista, coa saída do prelo do número 1. Esta nova época é parte do proxecto de recuperación da memoria histórica do balneario. O presidente é Don Javier Solano Rodríguez-Losada, o director xeral Carlos García-Conde e a directora Amalia Gallego. No ano 2007 empeza unha segunda etapa co número 2. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***MUNDO GALLEGO* (Revista de Galicia en América) [Bos Aires, 1951-1952]**
(ISBN: 978-84-453-4475-0).

Edición facsimilar da revista arxentina *Mundo Gallego* que o Centro Ramón Piñeiro edita a partir dos orixinais cedidos pola Real Academia Galega. Ocupan as primeiras páxinas do volume a ficha técnica completa da publicación, na que se describen datos relativos ao título, subtítulo, lugar, ano de comezo e de remate, número total de números e datación dos mesmos, director, enderezo administrativo, formato de páxinas, publicidade, ilustracións e ilustradores, colaboradores literarios, prezo, tiraxe, imprenta, localización, redactores, publicacións coetáneas, lingua, contidos, seccións, cabeceiras homóninas e bibliografía. A seguir inclúese o estudo introdutorio "Arredor de *Mundo Gallego*", no que se abordan aspectos como a xénese da revista, emprendida conxuntamente por Eliseo Alonso, Xosé Conde e Teodoro Campos, que callou en catro números dedicados, respectivamente, á lembranza de Rosalía, Curros, Castelao e Valle-Inclán. Indícase tamén a filiación culturalista da publicación, a sobresaínte nómina de sinaturas literarias –entre as que se contan Otero Pedrayo, Blanco-Amor, Ánxel Fole, Cunqueiro, Fernández del Riego ou Aquilino Iglesia Alvariño, entre outros–, a biobibliografía de Eliseo Alonso (1924-1996), e as temáticas máis tratadas, entre as que se atopan a lingua, os deportes, a literatura, a música, o cine, o teatro e a pintura. No apartado "Índices" detállanse as colaboracións que contén cada número e os colaboradores por orde alfabética. Seguidamente reprodúcense a edición facsimilar dos catro números da revista.

Referencias varias:

- R. Loureiro, "Desde aquela Galicia das Américas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 233, "Letras en galego", 20 outubro 2007, p. 12.

Despois de enxalzar o labor realizado dende o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades a prol da recuperación faxsimilar das publicacions da emigración galega en América, céntrase en *Mundo Gallego. Revista de Galicia en América*, que contén o facsímile dos números publicados en Bos Aires nos anos 1951 e 1952. Cita algúns dos escritores que colaboraron na citada publicación e alude aos seus fundadores, ademais de referirse aos contidos recollidos nas súas páxinas.

RAIGAME. Revista de arte, cultura e tradicións populares.
(DL: OU-75/95) (ISSN: 1136-3207).

Revista cultural editada pola Deputación de Ourense. A súa periodicidade é semestral. Foi fundada en decembro de 1995. Até o número 18 (novembro de 2003) coeditaban a Escola Provincial de Danzas e o Colectivo Castro Floxo. Dende o número 19 (maio de 2004), coordinan a Escola Provincial de Danza, o Colectivo Castro Floxo e o Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas" e edita a Deputación de Ourense. Os directores seguen a ser Mariló e Xulio Fernández Senra. A revista contén seccións de literatura, arquitectura popular, heráldica e tecnoloxía tradicional, entre outras. No ano 2007 editouse o número 26, correspondente ao mes de maio e o 27, ao mes de novembro. O número 26 comeza cun breve "Editorial" no que se fala da relación da revista coa figura de Xaquín Lorenzo Fernández . No tocante á literatura galega conta cun apartado adicado ao Día das Letras Galegas e á figura de María Mariño que se reproduce neste *Informe* no apartado correspondente. O número 27, centrado no centenario de Xaquín Lorenzo, recolle os traballos de Elisa Abad, Arturo Fernández, Manuel Caamaño, Francisco Calo, Xosé Fidalgo, Baldomero Iglesias, Clodio González, Xosé Cid e Xosé González ao respecto. Hai lugar para que Xabier Limia se achegue á figura de San Rosendo. En canto aos artigos que conteñen información relacionada coa literatura galega, aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*. Tamén acolle os galardóns do concurso VI Romaría etnográfica Raigame, de Vilanova dos Infantes (17 de maio 2007) e reprodúcese o segundo premio da categoría literario pertencente a Alba Cid Fernández e titulado *Os bocados da ferruxe*.

Referencias varias:

- Avelino Abuín de Tembra, "Centenario de Xocas", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 28 maio 2007, p. 5.

Con motivo de ter recibido o número 26 da revista *Raigame*, correspondente a maio de 2007, Abuín de Tembra recalca que a publicación reúne temas de arte, cultura e tradicións populares e que a súa edición corre a cargo do Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo da Deputación de Ourense. Cita os traballos que contén o número, asinados por Xavier Castro, Vicente Feijóo Ares, Eligio Rivas, Israel Barandela e José Manuel Lorenzo, Joaquín Vega, Xavier Limia e Carmen Blanco, esta última responsábel do artigo "Vida e obra de María Mariño". Apunta tamén que en 2007 se celebra o centenario do nacemento do ilustre etnógrafo Xaquín Lorenzo e que tal efemérede non debería pasar desapercibida.

- Clodio González Pérez, "No centenario de don Xaquín", *Galicia Hoxe,* "Opinión", 29 decembro 2007, p. 4.

No pasado mes de novembro de 2007 saíu o n.º 27 de *Raigame. Revista da Arte, Cultura e Tradicións Populares*, editada dende fai anos pola Deputación provincial de Ourense. Esta edición coincidiu co centenario do nacemento de Xaquín Lorenzo Fernández, *O Xocas*, ao que se lle dedicou o Día das Letras Galegas do ano 2004.

RETRANCA

Presentouse o 31 de outubro de 2007 no Café Moderno da Fundación Caixa Galicia (Pza de San Xosé, Pontevedra) ás 20h. A partir do mes de novembro aparece mensualmente. Esta nova revista chega ao mercado disposta a recuperar a longa tradición humorística galega e conta coa Santa Compaña coma Mascota, baixo o lema "Lerasnos de morto se non nos les de vivo". O feísmo é o tema principal do primeiro número desta publicación, que agasalla os lectores cunha foto do rei "que espertará as paixóns máis ardentes", advirte o envoltorio. A proposta chegará a primeira semana de novembro ao público a través dos quioscos de todo o país, cunha distribución de 8.000 exemplares que se venderán a un prezo de 2,20 euros cada un. A Kiko da Silva, director e promotor do proxecto, súmanse nestas páxinas as firmas de Manuel Rivas e Miguelanxo Prado. Canda eles, autores xa coñecidos dos xornais galegos coma Xaquín Marín, Pinto e Chinto, Kohell, Leandro, Luís Davila ou Andrés Meixide. Alberto Guitián, Jacobo Fernández ou os colectivos Pestinho+1 e Reizentolo, entre outros son algúns dos colaboradores galaicos do proxecto. Desde fóra do país achegan a súa ollada os coñecidos Idígoras & Pachi ou Mel, coñecidos polas súas colaboracións en *El Mundo* ou *El Jueves*. Está dirixida polo humorista e ilustrador gráfico Kiko da Silva e vén a cubrir un oco baleiro no marcado de publicacións en galego como é o do humor gráfico, dando a coñecer unha nova xeración de creadores e ofrecendo un punto de vista alternativo. O primeiro número titulouse *Informe retranqueiro. A plaga do feísmo*. En decembro chega o segundo número desta revista que pretende seguir a senda de Castelao no humor gráfico ou de Fernández Flórez no escrito. Titulouse *A Cidade da Cultura: 400.00.000 €... e subindo*. Colaboran neste número Xaquín Marín, Mel, Miguelanxo Prado, Pinto e Chinto, Kiko da Silva, Leandro, Kohell, Alberto Montt, Vítaro, Idígoras e Pachi, Guitián, Rei Zentolo, Jacobo Fernández, Manuel Jabois, Carlos López e Manuel Lourenzo.

Referencias varias:

- A. Mauleón, "Una veintena de creadores gallegos lanzan *Retranca*", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 29 outubro 2007.

Anuncia a chegada desta revista coa intención de recuperar o humor galego, a través das achegas de Manuel Rivas, Miguelanxo Prado ou Idígoras&Pachi, entre outros. Ademais indica que o tema deste primeiro número é o feísmo. Por último, refírese a outros proxectos do seu director, Kiko da Silva, que tamén é responsable da revista *BD Banda* e prepara unha nova entrega desta publicación.

- M.B., "Creamos unha revista de humor, aínda que sabemos que o máis lóxico é montar un bar", *A Nosa Terra*, n.º 1.287, "Fin de semana", 1 novembro-3 decembro 2007.

Preséntase a revista como herdeira das publicadas nos últimos vinte anos, como *Xo!*, *Vagalume*, *Xofre*, *Patito feo*, *Valiumdez*, *A ameixa cacofónica* e *Can sen dono*, ao mesmo tempo que aparece coa intención de dar a coñecer a unha nova xeración de creadores. Asemade pretende recuperar a longa tradición humorística de Galicia e xerar debate dende as súas páxinas sobre cuestións de interese, como o "feísmo", tema central

do primeiro número.

- R. Candal, "Kiko da Silva, debuxante. 'Os políticos son máis humoristas ca nós, dannos os chistes feitos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 682, "Entrevista", 11 novembro 2007, pp. 12-13.

Anuncia a chegada desta nova publicación, escrita integramente en galego polos grandes nomes do humorismo galego, entre os que hai tanto humoristas gráficos, como debuxantes e humoristas literarios de distintas xeracións. O seu director, Kiko da Silva, aproveitou a súa experiencia anterior en revistas como *Golfiño*, *Mister K* ou *El Jueves* para facer realidade este proxecto que creou para encher un baleiro dentro do mercado galego: o das revistas de humor. Sobre o humor, afirma que tamén pode ser "unha maneira de facer opinión non bélica, senón desenfadada". Por último, afirma que, do mesmo xeito que os chistes de Castelao beben do humor gráfico de Alemaña e incluso dalgún autor ruso, hai humoristas españois con moita retranca que usan como referencia a Castelao.

- Jaureguizar, "O humor galego en castelán perde a súa retranca", *El Progreso*, "Cultura", 8 decembro 2007, p. 79.

Ao longo desta entrevista, Kiko da Silva refírese ao segundo número da revista *Retranca*, dedicado á Cidade da Cultura. Unha das características desta publicación que salienta o seu editor e director é o emprego en exclusiva do galego, xa que considera que gran parte do humor galego é o xeito de falar e os xiros lingüísticos. Defínea como "a primeira revista galega sen corrector" porque respectan as expresións propias de cada colaborador, conseguindo así unha linguaxe moito máis próxima e natural. Finalmente, engade que o terceiro número tratará o tema do AVE e que intentará reforzar a presenza de escritores literarios para recuperar a tradición de escritores facendo humor. Con esta intención crean *A Nosa Pedra*, un xornal paródico incluído coa revista.

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN
(ISSN: 1132-8932).

Revista de periocidade irregular que mantén un carácter educativo e interdisciplinar que comezou a súa andaina no ano 1986 e foi interrumpida a súa edición no ano 2002. É unha publicación da Nova Escola Galega, dirixida por Manuel Bragado Rodríguez, na súa primeira xeira, e editada por Edicións Xerais de Galicia. Na segunda xeira, que comezou no 2006, está dirixida por Suso Rodríguez. Anúnciase cunha periocididade de tres números anuais coa intención de constituír un material de axuda para os profesionais xerais da educación e ser expoñente das súas necesidades e problemas, ademais de promocionar a actividade docente, coa participación profesores das tres universidades galegas de Ciencias da Educación, xunto cun amplo grupo de profesionais do ensino. No ano 2007 publicáronse os números 37 (marzo), 38 (maio) e 39 (outubro) cunha gran amplitude no tratamento dos temas xunto cunha especial atención ás novas tecnoloxías como apoio á docencia. Os artigos que fan referencia á literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Clodio González Pérez, “Os xogos tradicionais”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, “O rodicio do tempo”, 24 marzo 2007, p. 4.

Refírese aos contidos do número 37 da *Revista Galega de Educación* que edita Nova Escola Galega, centrados en boa parte aos xogos tradicionais. Apunta que a desaparición deste patrimonio lúdico comezou na casa e na rúa tras a chegada da televisión e a mellora económica que se produciu nas últimas décadas. Alude tamén ao artigo “Enredos” publicado por Xaquín Lorenzo Fernández en 1958 nunha revista madrileña, que foi un dos primeiros que se decatou da necesidade de divulgar un traballo de investigación arredor do tema con descricións e deseños de cada un dos enredos. Finalmente, comenta que a revista contén achegas galegas e outras foráneas, proba de que “moitas das nosas preocupacións e devezos cadran cos doutros que viven ben lonxe”, e cita as colaboracións de Guy Jaouen (presidente da Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais), Erik de Vroede (do Centrum voor Sportculuur de Flandres), Fernando de la Torre Renedo (da Federación Cántabra de Bolos) e de João Amado (da Universidade de Lisboa), ademais das firmas galegas. Valora tamén o traballo que vén desenvolvendo dende 2005 a asociación Brinquedia. Rede Galega do Xogo Tradicional, que se encargou de artellar este número monográfico.

REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA
(DL: C-584-2000) (ISSN: 1576-2661).

Publicación de periodicidade anual que iniciou a súa andaina no ano 2000. O seu director é Xosé Ramón Freixeiro Mato, o subdirector Manuel Ferreiro e o secretario Xosé Manuel Sánchez Rei. O Consello de Redacción está formado por Manuel Fernández Ferreiro, María Pilar García Negro, Xoán Carlos Lagares, María Aldina Marques, Elisardo López Varela, Xoán López Viñas, Anxo M. Lorenzo Suárez, Goretti Sanmartín Rei e Xavier Varela Barreiro e Roger Wright. Como formantes do Comité Científico aparecen Evanildo Bechara, Ataliba T. De Castilho, José Luiz Fiorin, Rafael Lluis Ninyoles, Andrés Pociña, Álvaro Porto Dapena, José Luís Rodríguez, Sebastià Serrano, Telmo Verdelho e Mário Augusto do Quinteiro Vilela. A revista divídese nos apartados "Artigos" e "Recensións". No apartado final aparecen as normas para a presentación de traballos e apúntase que a revista "conságrase á publicación de traballos de investigación que desenvolveren algún aspecto lingüístico ou filolóxico do ámbito galego-portugués, como tamén á promoción e coñecemento da lingua no seo da sociedade. Do mesmo xeito, recensións de obras que trataren algún tema relacionado coa lingüística en xeral, ou coa galega e portuguesa en particular, serán obxecto de consideración para seren publicadas". No ano 2007 saíu do prelo o número 8. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

REVISTA GALEGA DE TEATRO
(DL:Vg-21-1994) (ISSN: 113-956 X).

Revista de información teatral editada pola Asociación Cultural "Entre Bambalinas". É membro fundador da Rede de Publicacións do Instituto Internacional do Teatro do Mediterráneo, e recibe o apoio da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. A súa periodicidade, inicialmente semestral , é na

actualidade trimestral. Foi fundada en 1985. No número 22 iniciou unha segunda etapa. Está dirixida por Antón Lamapereira. O consello de redacción está formado por Iria Méndez, Xosé M. Pazos, Pedro P. Riobó, Manuel F. Vieites e Lourdes Vega. Actúan como secretarios Che Mariño e, desde o número 28, Mª José Vilas Rodas. Ademais de reportaxes de actualidade sobre actividades teatrais, presenta as seguintes seccións fixas: "Editorial", "Opinións desde a butaca", "IGAEM", "Libros", "Revistas", "Axenda", "En cartel" e "Ficheiro". Todos os números inclúen un caderno central, co título de "Textos", no que a revista dá a coñecer distintas pezas teatrais, con frecuencia traducións ao galego. No ano 2007 aparecen os número 50 (primavera), 51 (verán), 52 (outono) e 53 (inverno). En canto á creación, o número 50 recolle a obra *Origami*, de Carlos Be (Premi Born 2006); o número 51 contén a obra *Belicosario*, de Manuel Lorenzo; no número 52 atopamos *Pis*, escrita por Jaime Chabaud e traducida por Xerardo Moscoso**;** por último, o número 53 contén a obra teatral *Peep-show*, de Jacobo Paz. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

-Natalia Álvarez, "Antón Lamapereira. Se non hai espazos para o teatro, que sentido teñen tantas compañías?", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 206, "Entrevista", 10 maio 2007, p. III.

Nesta entrevista Antón Lamapereira comeza abordando cuestións referidas á traxectoria da *Revista Galega de Teatro*. Destaca que dende os seus comezos a revista contou con colaboracións desinteresadas e acolleu textos de creación, a partir do número 10, tanto de autores galegos coma traducións, o cal entende como un desexo explícito de divulgar o teatro galego, un labor que comparten con outras revistas galegas centradas no xénero teatral como *Casahamlet* ou *Escaramuza*. Bota en falta maior atención cara ao teatro escolar e ao afeccionado e pronúnciase sobre a necesidade de poñer en marcha unha política cultural e teatral sólida por parte do goberno galego, que achegue solucións a problemas como o exceso de compañías existentes e o escaso tempo de exhibición das obras. Na súa opinión se non hai espazos, non teñen sentido tantas compañías e afirma que, aínda que se fan cousas interesantes, "hai un problema serio, porque ademais logo todo o mundo quere, e ten dereito de entrada, a pedir a subvención". Valora positivamente medidas levadas até o de agora polo goberno como o acordo de apoio ás salas ou a páxina web do IGAEM, malia que reclama un diálogo aberto entre os axentes teatrais e a creación dun Centro Galego de Documentación Teatral. Remata sinalando que, de cara ao futuro, a *Revista Galega de Teatro* ten previsto intensificar a distribución, aumentar a súa visibilidade poñéndoa ao alcance do público en todos os espazos teatrais e mellorar a inserción de publicidade.

SERENDIPIA V.O.
(D.L.: C 3262-2006) (ISSN: en constitución)

Revista editada por Dardo ds, unha empresa editorial dedicada tamén ao deseño gráfico e a creación de páxinas web, que pretende con esta publicación crear un instrumento ao servizo dos intelectuais e independente dos poderes político e económico. Os artigos están escritos en galego ou castelán indistintamente. O seu director é Xoán Barro e ten

un consello de redacción composto por David Barro, Patricia Dopico, Conchi Mayo, Basilio Pampín, Carlos Teijo e Daniel Salgado. Non está estruturada en seccións fixas, senón que se suceden os artigos, entrevistas e reportaxes sobre arte, literatura, cine e música. No ano 2007 apareceu o número 1, que contén o poema "Fóra de campo", de Daniel Salgado. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Yolanda Castaño: "Admiracións", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 28 xaneiro 2007 contracuberta.

Fai referencia á publicación do primeiro número da revista *Serendipia*, dedicada á cultura galega e editada por David Barro. Loa o traballo de Barro e afirma que Galiza llo agradecerá.

- M.J.R., "Serendipia quere ofrecer unha ollada limpa á cultura galega", *Diario de Ferrol*, 19 marzo 2007, contracuberta.

Anuncia a publicación do segundo número da revista cultural *Serendipia* que ofrece contidos centrados na música, no cinema, na plástica, as artes escénicas, a ciencia e a creación, coa intención de afondar nun debate intelectual que os seus responsábeis, Xoán Barro e David Barro, consideran escaso. Sinala que este número recolle un artigo de Germán Castro, director do *Diario de Ferrol*, que reflexiona sobre as posibilidades da cidade para acadar o título de Patrimonio da Humanidade, así como opinións de especialistas sobre a Cidade da Cultura e un encontro entre profesionais do eido da comunicación.

SUEVIA (Bos Aires, 1913. Revista Gallega Regionalista) (Bos Aires, 1916. Revista Gallega)
(ISBN: 978-84-453-4429-3).

Volume que recolle a edición facsimilar da revista bonaerense *Suevia*, dirixida polo rexionalista pontevedrés Joaquín Pesqueira nas súas dúas etapas. 1913 e 1916. Con respecto á primeira, *Suevia. Revista Gallega Regionalista* (Bos Aires, 1913) preséntase, en primeiro lugar, unha completa ficha técnica na que se describen datos relativos ao título, subtítulo, director, datas de aparición e desaparición, periodicidade, prezo, enderezo, ilustradores, colaboradores literarios, seccións, orientación e contidos, etc. No apartado dedicado á análise da revista, dáse conta das distintas cabeceiras que comparten a denominación *Suevia* –Santiago de Compostela (1917-1919); A Habana (1910); A Habana (1912); A Habana (1916); Bos Aires (1913); e Bos Aires (1916)–, e sinálase que a publicación de 1913 é a voceira do Rexionalismo en Bos Aires, cunha marcada actitude crítica e combativa. Saliéntanse contigos como a crónica da creación da agrupación de apoio á Liga Acción Gallega en Bos Aires, a información da campaña de Basilio Álvarez en Cuba ou as notas dedicadas á celebración de mitins da Liga, contidos complementados con achegas arredor do fenómeno do caciquismo, dos foros ou da emigración, así como artigos dedicados ao tema lingüístico. A seguir recóllense os sumarios dos nove números existentes, a listaxe de colaboradores en cada un deles e

a reprodución facsimilar. No que atinxe á segunda cabeceira, *Suevia. Revista Gallega* (Bos Aires, 1916) reprodúcese idéntico esquema na ficha técnica. Na análise sitúase a revista no rico contexto da prensa arxentina e galego arxentina entre 1910 e 1920, marcado pola prosperidade económica, a chegada de grandes continxentes de emigrantes, o crecemento de Bos Aires e a estabilidade política. Coméntase tamén que *Suevia* comeza a se editar sen facer referencia ningunha á súa antecesora de 1913, malia compartir director, boa parte dos colaboradores e intencións comúns. Incídese na desaparición do termo "rexionalista", o que converte a revista nunha publicación máis centrada na literatura, na pintura e na fotografía, pero herdeira da anterior, como proba a reaparición das achegas de Basilio Álvarez e a gabanza do seu liderado agrarista e doutras cuestións sociais. Entre os temas máis frecuentados cítanse comentarios de obras literarias, asedios á cuestión da patria de Colón ou tópicos folclóricos e, dende o punto de vista da ilustración, o predominio da fotografía. Compleméntase esta introdución coas notas biobibliográficas dalgúns colaboradores, cos sumarios da revista e o índice de colaboracións, antes de dar paso á reprodución facsimilar dos seis números dos que consta esta nova xeira da publicación.

Referencias varias:

- Anxa Correa-AGN, "Seis cabeceiras da prensa galega da emigración ven a luz en facsímile", *El Correo Gallego*, "Cultura", 28 xuño 2007, p. 75.

Faise referencia á presentación en Santiago de seis cabeceiras da prensa galega na emigración por parte do Centro Ramón Piñeiro, entre outras a revista *Suevia* ou *Galicia*. Tamén se dá conta de presentación no mesmo acto doutra publicación do Centro Ramón Piñeiro, *Obra narrativa en galego de Amador Montenegro*.

- Marisa Vidal Collazo, "Libros chegados", *Encrucillada*, nº 154, setembro-outubro 2007, p. 100.

Valórase a edición de Moreda, Vilariño e Girgado pola súa achega á vida cultural do exilio galego na Arxentina a primeiros do século XX.

TEMPOS NOVOS. Revista mensual de información para o debate
(DL: C-588-97) (ISSN: 1137-6945).

Revista editada polo Grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A. A súa periodicidade é mensual. Foi fundada en abril de 1997. No primeiro editorial consignábanse os seguintes obxectivos: a creación dun medio de comunicación alternativo e de calidade que permitise artellar un movemento orixinal de desafío á mundialización tecnolóxica e a defensa e reforzo dunha identidade colectiva galega. O director da revista é Luís Álvarez Pousa. Ana Belén Puñal Rama exerce como coordinadora. En cada entrega hai colaboradores habituais, entre os que se contan José Manuel Lens (Arte), Xurxo González (Cinema), Armando Requeixo e Teresa Seara (Libros), Xosé Bocixa (Música) e Inma López Silva (Teatro) e unha nómina máis ampla de colaboradores eventuais. A revista consta das seccións estábeis "Opinión", "Cataventos", "A Contratempo", "Horizontes" e "Voces e culturas". En cada número de decembro, faise un balance crítico do ano nas áreas de política, sociedade, economía e

cultura. No ano 2007 a revista cambiou de formato con ampliación de seccións: "Obertura", "Días Soltos", "Todo é peixe", "Editoriais", "En Foco", "Carta de axuste", "Entrevista", "As claves", "Tres en raia", "¡Guau Guau!", "Debate", "Entreculturas", "Crítica", "Redes cívicas", "Espiral innovadora" e "Sen corsé" . Engade ademais a sección "Dossier TN". *Tempos Novos* vén acompañada dende o inverno 2006/07 do suplemento *Protexta* que tamén se distribúe cos xornais *El Ideal* Gallego, *Diario de Ferrol*, *Diario de Arousa* e *Diario de Bergantiño*. Ten periodicidade cuadrimestral. O seu director é Luis Álvarez Pousa e a presidenta Ana Fernández Puentes. Os nomes das distintas seccións, maioritariamente estábeis, son: "proVisión"(dedicada a un tema de actualidade da literatura galega), "proTagonista"(entrevistas), "proPostas"(recomendación de obras), "proLogo"(centrada nun autor), "proNtuario"(os libros dos lectores), "proNome" (entrevistas), "proPulsión" (produción literaria dun país), "proXectil"(achegas literarias de internet) e "proCura" (novidades editorias). No ano 2007, a revista sacou do prelo doce números, do 116 (xaneiro) ao 127 (decembro). No 116, na sección "Sen corsé", aparece un relato escrito en primeira persoa por Inma López Silva, baixo o título de "Pornografía India" (pp. 104-106); no 117 preséntase o relato de Xosé A. Perozo, "Carrapuchiña vermella" (pp. 104-106); o 118 aparece cun texto de María Reimóndez, "A música dos seres vivos" (pp. 104-106); o 119 presenta "A pantera xenital", de Claudio Rodríguez Fer (pp.104-106); no 120 aparece o texto "Disputando coas avésporas", de Marilar Aleixandre (pp. 96-98); no número 121, "Zoooom" de Estíbaliz Espinosa; no 122 (pp. 104-106) María do Cebreiro presenta "Porno-mol (un cadro de costumes)", ilustrado por X. Carlos Hidalgo; no 123 preséntase un texto de Andrea Álvarez Pino baixo o título "Como herba mollada"; no 124, un texto de Bieito Iglesias, "Lilas serodias", cunha ilustración de Daniel Pino (p. 112-114); no 125 Paz Novas ilustra o texto de Iolanda Zúñiga "O pracer enfermo" (pp. 104-106); no 126 figura "Espanto", narrado por Mario Regueira e ilustrado por Nieves Aldara Seara; por último, o 127 contén o relato de Alexandre Cancelo "A cidade das chemineas. Outra fabulosa historia de Konrad Alexander". No ano 2007 *Protexta* publicou cinco números: 01 (inverno '06-'07), 02 (primavera '07), 03 (verán '07), 04 (outono '07) e 05 (inverno 07-08). No nº 2 atopamos o relato "Frases feitas", de María Seisdedos (p.22); no 3 a poesía "Roupa ao tendal", de An Alfaya (p. 22); no 4 as composicións literarias "Unha carta a un supermercado", "Carta a Robert Walser" (p.27), de Lupe Gómez, e no 5 un relato de Anxos Sumai titulado "Ata o pé dun baobab" (p.27). Todos os artigos nos que se atende a cuestións relacionadas coa literatura galega, tanto na revista coma no suplemento, aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- M.J. Rico, "Álvarez Pousa: Tempos Novos segue actuando con absoluta liberdade", *Diario de Ferrol*, "CGS Cultura, Gente, Servicios", 24 xullo 2007, p. 8.

Con motivo da celebración en Ferrol do décimo aniversario da revista *Tempos Novos*, abórdanse os contidos do número editado no mes de xullo, cuxa portada e unha reportaxe en profundidade van dedicadas aos problemas da regasificadora Reganosa. Ademais, recóllense as manifestacións vertidas polo director da publicación, Luís Álvarez Pousa e do profesor da Universidade da Coruña Ramón Yáñez en relación cos dez anos de andaina da publicación, nas que destacan que o seu obxectivo prioritario foi o de converterse nunha plataforma de liberdade para expoñer ideas arredor da realidade

galega e da externa a Galiza. Sinálase tamén que *Tempos Novos* conta cunha suplemento especial de literatura, titulado *Protexta* e traballa nunha web que funcione asemade como medio de comunicación.

***TRABE DE OURO*, A.** Publicación Galega de Pensamento Crítico
(DL: C-351-1994) (ISSN: 1130-2674).

Revista de pensamento crítico, editada por Sotelo Blanco Edicións. A súa periodicidade é
trimestral. Foi fundada en 1990. O seu director é Xosé Luís Méndez Ferrín. Conta cun consello de redacción formado por Miguel Anxo Seixas, Francisco Sampedro, Antón Figueroa, Marcial Gondar Portasany, Xavier Vence, Margarita Ledo Andión, Paco Martín,
Darío Xohán Cabana, Xosé Cid Cabido, X. M. García Crego, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela, Manuel Outeiriño, X. M. Salgado, X. Antón L. Dobao, Antón Reixa, J. Viale Moutinho e Carlos García Martínez. Exercen como secretarios Rosa López Fernández e Francisco Fernández Rei. A revista estrutúrase en cinco apartados: "Cuestións", "Acoutacións", "Textos", "Publicacións" e "Crónica". Durante o ano 2007 deixaron de formar parte do Consello de Redacción Xosé Cid Cabido, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela e Antón Reixa. En 2007 viron a luz os números trimestrais 69 (xaneiro-marzo), 70 (abril-xuño), 71 (xullo-setembro) e 72 (outubro-decembro). Na sección "Textos" do número 69 reprodúcese *O muíño primeiro*, de René Char, traducido ao galego por Esther Prada e M.L. Stiller. No número 70 atopamos a composición *Os apañadores de palabras: o caderno do pastor, labrego e escultor valverdeiro Alfonso Berrío*, de Xosé-Henrique Costas González. No número 71 reprodúcense unha serie de poemas de Cathal Ó Searcaigh, primeiro en galego, traducidos por Carme Alonso, e despois en gaélico: "Amor secreto"("Rúnsearc"), "Avance"("Lastiar"), "Falado" ("Attic"), "O teu nome" ("D'ainm"), "Pregunta! Quen rescataría un poema?" ("Ceist! Cé a tharrthálfadh dán?"), "O angelus" (" An tangelus"), "Novembro 1994" ("Samhain 1994") e "A morte" ("An bás"). No número 72 tradúcense ao galego os poemas de Breyten Breytenbach por Ramón Mariño, e reprodúcese o discurso de Camiño Noia sobre o labor do tradutor Fernando Pérez-Barreiro Nolla, do que aparecen algúns textos filosóficos chineses. Todos os artigos referidos á literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Xavier Cordal, "Unha ponte alén das raíces", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 outubro 2007, p. 26.

Ao longo desta conversa sobre o labor da profesora e tradutora Carme Rodríguez Alonso en Irlanda, cítase o seu traballo na revista *A Trabe de Ouro*, que trae ao galego textos do poeta e dramaturgo Cathal O'Searcaigh.

- Xosé Luís Méndez Ferrín, "Aclaración con Prisciliano ao fondo", *Faro de Vigo*, "Opinión" 13 abril 2007, p. 26/*La Opinión*, "Os camiños da vida", p. 29.

En relación cos seus comentarios sobre a traxectoria de Uxio Romero Pose e sobre a de Louis Duchesne afirmando que ambos foron historiadores liberais do Cristianismo, refírese á *Histoire de Duchesne*, sobre a que fala un artigo que apareceu n´*A Trabe de Ouro* co título de "Santiago en Galicia" (n.º 26, 1996).

- Lucía Seoane, "Pensamento crítico", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 213, 28 xuño 2007, p. IV.

Recensión do número 69 da revista *A Trabe de Ouro* na que se detallan os seus contidos. No que se refire aos artigos relacionados coa literatura destácase a presenza do traballo "A sombra literaria do rei don García", asinado polo director da publicación, Xosé Luís Méndez Ferrín, no que se aborda a figura do rei e a súa presenza en textos como o *Roman de Ponthus et Sidoine*, o *Orlando Furioso* e en *Morte de Rei*, de Darío Xohán Cabana.

UNIÓN LIBRE
(DL: C-1668-1996) (ISSN: 1137-1250).

Revista cultural publicada por Ediciós do Castro. A súa periodicidade é anual. Fundada en 1996, e coordinada por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco, o seu propósito é dar cabida a diversas manifestacións creativas, preferentemente literarias, desde unha perspectiva "radicalmente aberta, crítica, independente e libertaria". O comité de redacción está integrado por Xosé Luís Axeitos, Vsévolod Bagno (San Petesburgo), Diana Conchado (Nova York), María Lopo (Bretaña), Carme Junyet (Barcelona), Lily Litvak (Texas), Katheleen N. March (Maine) e Olga Novo (Santiago de Compostela). No ano 2007 sae do prelo o número 12, dedicado ao cinema. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***VICEVERSA*. Revista Galega de Tradución.**
(ISSN: 1135-8920).

Publicación anual promovida pola Asociación de Tradutores Galegos (ATG), Edicións Xerais de Galicia e o Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo. A revista creouse en 1995 como resposta ás preocupacións dos membros da ATG, de profesores e estudantes universitarios de lingua e literatura galegas, os cales desexaban potenciar as traducións á lingua galega das obras máis importantes da cultura a nivel mundial. Entre os obxectivos primordiais da publicación están o de proporcionar un soporte adecuado de difusión aos traballos que xurdan do alumnado da titulación de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo, dar a coñecer os estudos que sobre esta cuestión se publican en distintos países e, por último, informar sobre a situación actual da tradución en Galicia. O secretario é Alberto Álvarez Lugrís e o consello de redacción estivo formado por Valentín Arias López, Teresa Caneda Cabrera, Leandro García Bugarín, Gonzalo Constenla Bergueiro, Anxo Fernández Ocampo, Xosé Mª Gómez Clemente, Ana Luna Alonso, Camino Noia Campos e Antón Palacios Sánchez. Conta coas sección: "Teoría e historia da tradución", "Instrumenta", "Traducións xustificadas", "Críticas e recensións" e "Informacións". No ano 2007 editouse o número 13. Os artigos referidos a cuestións relacionadas coa literatura galega aparecen descritos no correspondente apartado do *Informe*.

XISTRAL (Revista lucense de creación poética)
(DL: LU-344-00) (ISSN: 1576-9488).

Revista de poesía editada pola Concellería de Cultura e Educación do Concello de Lugo. A súa periodicidade é anual. Foi fundada no ano 1998. O coordinador é Camilo Gómez Torres. O seu primeiro consello de redacción estaba integrado por Luz Pozo Garza, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo, Manuel María e Ignacio Rodríguez. Desde o ano 2003 (número 6) Concepción Burgo López figura no canto de Ignacio Rodríguez. O ano 2007 publicouse o número 10. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Manuel X. Neira, "Investigación literaria", *Galicia Hoxe*, "Luz de gas", 25 xuño 2007, p. 4.

Repasa as principais liñas que, segundo a súa opinión, poden rastrexarse na poesía galega, dende a obra de Ramón Cabanillas, debedor da estética do XIX, a de figuras como Rosalía de Castro ou Manuel Curros Enríquez, próximos ao mito céltico. Estabelécese despois a denominada "liña báquica ou dionisíaca", á que pertencen Ramón Otero Pedrayo, Florencio Delgado Gurriarán, Antón Avilés de Taramancos ou Xosé Lois García. Respecto á presunta xeración dos 80 e dos 90, nega a súa existencia, mais sinala figuras ailladas como Cesáreo Sánchez Iglesias, Farruco Sesto Novás, Vítor Vaqueiro, Alfonso Pexegueiro ou Manuel Vilanova. Posteriormente, refírese á "Xeración Dorna", dirixida por Anxo Quintela, Paulino Vázquez e Eusebio Lorenzo Baleirón". Remata valorando a calidade da revista *Dorna* e doutras como *Xistral*.

- Marisa Vidal Collazo, "Libros chegados", *Encrucillada*, n.º 154, setembro-outubro 2007, p. 100.

Explica que no número 10 da revista *Xistral* recóllense poema de autores consagrados, como Helena Villar Janeiro ou Claudio Rodríguez Fer, xunto aos de outros ben novos como Diana Varela Puñal.

- Marisol López Rodríguez, "Xistral, *Número 10 (2007) da Revista Lucense de Creación Poética*", *Lvcensia*, n.º 35 (Vol. XVII), 2007, p. 397.

Dáse conta da publicación do número 10 da *Revista Lucense de Creación Poética*, que recolle as composicións de corenta e oito poetas con ampla variedade temática nas que se salienta as glosas a María Mariño e ao Papa Bieito XVI, acompañadas de ilustracións de Benjamín Santín que amosan o Lugo de mediados do século pasado.

X. PREMIOS

X.1. NARRATIVA

Certame literario de relato de aventuras "**Antón Avilés de Taramancos**"

Convócao o Concello de Noia e organízao a revista *Casa da Gramática* do IES Virxe do Mar coa colaboración da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Poden concorrer a este certame todas as persoas de calquera nacionalidade, cun único traballo en galego de temática libre que sexa inédito, encadrado no relato de aventuras. Comezou a súa andaina cunha dotación económica de 1.800 euros; a partir da segunda edición, pasou a ser de 3.000 euros e unha escultura conmemorativa realizada polo artista local Alfonso Costa. Ademais, a obra gañadora é publicada pola editorial Toxosoutos. Os orixinais, que se enviarán ao Concello de Noia, teñen que ter unha extensión entre setenta mil e cen mil caracteres, presentaranse por cuadriplicado en exemplares separados, mecanografados por unha soa cara, debidamente grampados, cosidos ou encadernados sen firma cun lema baixo plica no Concello de Noia, Rosalía de Castro, 2, 15200 Noia (A Coruña). O escritor Mario Rodríguez Franco resultou gañador na sexta edición de 2007 co seu traballo "A derradeira campaña do capitán Samuel".

Certame de Narración Curta "**Ánxel Fole**"

Organizado polo Concello de Lugo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 1997, dedicado a Ánxel Fole, consta de dous primeiros premios de 900 euros e dous segundos de 450 euros e a el poden concorrer cantos autores o desexen, cun máximo de dúas obras orixinais e inéditas e escritas en lingua tanto castelán como galega, de tema libre. A extensión non pode superar os dez folios mecanografados a dobre espazo, por unha soa cara. Os traballos deberán presentarse no Departamento de Cultura do Concello, número 1 da Praza Maior de Lugo, en sobre pechado, baixo un seudónimo ou lema na parte exterior. Na edición de 2007 de entre as noventa e tres obras presentadas, corenta e tres en galego e cincuenta en castelán, o premio recaeu no escritor tarraconense Jaume Calatayud Ventura por "Ella, claro, es tan simple". O segundo premio foi para o albaceteño Manuel Terrín Benavides, con "Muchacha bella en la oscuridad". O xurado da modalidade en castelán estivo composto por Javier Pérez, o vencedor da anterior edición, Teresa Senra, Carlos Coira e a Concelleira de Cultura, Concepción Burgo. No apartado de obras escritas en lingua galega, o gañador foi o escritor de Guntín, Xosé Luís Vázquez Somoza, por "Nube de seda na lúa". O segundo premio foi para o lugués Ramón Noche Fraga, por "Un tinteiro no ceo de inverno". O xurado da modalidade en lingua galega estivo composto por Iván García Campo, primeiro premio da edición de 2006, Isidro Novo, Xerardo Quintiá e Concepción Burgo. Este ano anunciouse que na décima edición a contía se incrementará en 100 euros, así o primeiro premio será de 1.000 euros, e o segundo de 500 euros; e que os traballos se presentarán antes do 28 de decembro de 2007.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "El escritor con más premios en el mundo, segundo en el 'Ánxel Fole", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 7 marzo 2007, p. 81.

Explícase que Manuel Terrín Benavides resultou segundo na modalidade castelá, coa obra "Muchacha bella en la oscuridad". Dise que é un albaceteño que leva trinta e sete anos enviando orixinais a premios literarios e conseguiu impoñerse en mil catrocentos sesenta e oito certames. Finalmente, noméanse os outros escritores e obras premiados e a composición dos xurados de galego e castelán.

- Margarito Flowers, "Nuevo despacho de abogados, literatura de la 'güena' y fiesta muy familar en A Estrada", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 22 xuño 2007, contracuberta.

Entre outros acontecementos da vida social, dáse conta da publicación do volume, titulado *Contos 2006*, que recolle os relatos premiados na novena edición deste premio celebrada no 2006. No ano 2007 resultaron gañadores Xosé Luis Vázquez Somoza e Ramón Noche Fraga, na modalidade de lingua galega, e Jaume Calatayud e Manuel Terrín Benavides, en lingua castelán.

-R./A., "Lugo amplía en 100 euros a contía do Certame de Conto Ánxel Fole", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 22 novembro 2007, p. 68.

Anuncia o incremento de cen euros nos premios do Certame de Conto Ánxel Fole que convoca o Concello de Lugo. Tamén ofrece información dos prazos de presentación de traballos e, por último, fai referencia á participación na edición anterior.

Premio literario "**Arcebispo Juan de San Clemente**"

Baixo o patrocinio de distintas entidades nas diferentes edicións, o IES Rosalía de Castro, creador no ano 1995 do Premio Literario "Arcebispo Juan de San Clemente", convocou de novo este premio, consistente nunha contía de 3.000 euros para cada modalidade, con tres modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ao castelán. Na edición de 2007 o fallo deuse a coñecer o día 27 de xuño no Instituto Rosalía de Castro, organizador do certame. O xurado estivo formado por alumnos de cinco institutos: o IES Luis Seoane (Pontevedra), o IES Foz (Foz), o Xermán Ancochea Quevedo (Pobra de Trives), o IES Cacheiras (Teo) e o Rosalía de Castro (Santiago de Compostela). Os gañadores desta edición foron María Reimóndez, coa súa novela *O club da calceta*, á mellor obra en galego, de entre as obras seleccionadas *Spam*, de Francisco Castro e *Tres segundos de memoria*, de Diego Ameixeiras. *El abrecartas*, de Vicente Molina Foix recibiu o premio á mellor obra en castelán, e Haruki Murakami, con *Kafka en la orilla*, foi considerada a mellor novela internacional do ano. Nesta edición tamén se entregaron os premios aos escritores Isidro Novo, Javier Cercas e Abraham Yeoshua, gañadores da pasada edición.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, “Premios para Murakami, Reimóndez y Molina Fox”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 xuño 2007, p. 29.

Infórmase do fallo do xurado da decimoterceira edición, na que resultaron gañadores María Reimóndez, na categoría de lingua galega, pola obra *O club da calceta*; Vicente Molina Foix, na categoría de lingua castelá, por *El abrecartas*, e Haruki Murakami, na categoría de lingua estranxeira, por *Kafka en la orilla*. Dáse conta da composición do xurado (formado por alumnos de institutos de toda Galicia), da contía do premio, dos finalistas e do homenaxe que se lle rinde á figura do arcebispo Juan de San Clemente coa dedicatoria deste galardón como personaxe activo no campo da educación e da cultura. Finalmente noméanse os patrocinadores: Unión Fenosa, Consellería de Cultura, Concellaría de Cultura e a Diputación, e a colaboración de El Corte Inglés e o Hostal dos Reis Católicos.

- maré, “Recoñezo que son hiperactiva”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “En liña”, 29 xuño 2007, p. 30.

Recóllense as impresións de María Reimóndez tras acadar o Premio Arcebispo San Clemente coa obra *O club da calceta*, á que a autora califica como “reflexión optimista”. Tamén se comenta o argumento da obra, a achega dos adolescentes á literatura feita por mulleres, a traxectoria literaria e como activista social da autora, a unión da literatura co compromiso social para “crear maneiras alternativas de pensar, de actuar e saír do derrotismo” e os proxectos futuros da autora. Finalmente noméanse os galardoados en edicións anteriores e os premiados nas outras categorías: Vicente Molina Foix, na categoría de lingua castelá, por *El abrecartas*, e Haruki Murakami, na categoría de lingua estranxeira, por *Kafka en la orilla.*

- Nacho Mirás Fole, “Calcetar é un acto de resistencia”, *La Voz de Galicia*, “A cara b”, 30 xullo 2007, p. 56.

Indícase que María Reimóndez Meilán vén de gañar con O *club da calceta*, editado por Xerais, o premio literario Arcebispo Juan de San Clemente, que outorgan alumnos de bacharelato de cinco institutos galegos. Sinala que a historia se centra nun grupo de mulleres que se coñecen calcetando e presenta, como temas colaterais, o consumismo e a explotación no sector do téxtil, para facer así unha reflexión social arredor dun tema tan aparentemente anecdótico como a calceta, que na obra adquire un gran poder subversivo.

Premio **Biblos-Pazos de Galicia**

Premio aberto á participación de menores de 25 anos que presentaron unha memoria das súas respectivas novelas antes do 15 de marzo, cunha extensión de entre 30 e 40 folios á editora Biblos (www.biblosclube.com) na que se incluía unha exposición das características da súa futura novela así como un capítulo ou fragmento para valorar o seu estilo. Na edición de 2007 fallouse o gañador a mediados do mes de xullo. O tribunal encargado de outorgar este galardón estivo integrado polo gañador do ano pasado, Alberto Ramos, o xornalista e escritor Camilo Franco, o director literario de Biblos, Tucho Calvo e a escritora e profesora Helena Villar Janeiro, que actuou de secretaria e titora. Cada un dos finalistas ten dereito a unha fin de semana para dúas

persoas nalgún dos estabelecementos da rede de Pazos de Galicia. O/a gañador/a poderá pasar o mes de outubro na Casa Grande do Bachao xunto cun escritor e recibirá un ordenador persoal e a escultura creada para o premio, deseñada polo artista lugués Luís Loureira, ademais de ver publicada a súa obra na colección "Mandaio" e a tradución ao castelán. As finalistas foron: Cristina Ferreiro Real, Patricia Casas Vázquez e Raquel Campos Pico. A gañadora foi Patricia Casas por *Vidas entrelazadas*, título provisional da novela que a autora ten que rematar baixo a titorización de Helena Villar Janeiro. O título definitivo foi *Teselas de cidade*.

Referencias varias:

- A. Losada, "O corazón da Coruña", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Literatura", 21 xuño 2007, p. 29.

Coméntase a cea literaria na que se deu a coñecer o nome da gañadora da terceira edición deste premio, Patricia Casas Vázquez, coa súa novela *Vidas entrelazadas*, título provisional dunha obra "coral e urbana" que "retrata os contrastes e a indiferenza das cidades". Tamén se mencionan as personalidades da cultura presentes no acto e os membros do xurado que salientaron " a adecuación da novela aos ritmos urbanos e a vontade de atopar formas alternativas de narración". Finalmente, menciónase a Cristina Ferreiro Real e Raquel Campos Pico, finalistas do premio.

- maré, "O Premio Biblos decídese mañá entre tres escritoras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Ditame", 19 xullo 2007, p. 29.

Faise eco de que a III edición do Premio Biblos-Pazos de Galicia se decidirá entre as escritoras Cristina Ferreiro Real, de Lugo, Patricia Casas Vázquez, da Coruña, e Raquel Campos Pico, de Santiago. Tamén se di que a gañadora pasará o outono na Casa Grande do Bachao tutelada pola escritora Helena Villar para ultimar a obra.

- César Lorenzo Gil, "Patricia Casas gaña o 'Biblos- Pazos de Galicia' cunha novela coral sobre A Coruña", *A Nosa Terra*, n.º 1.278, "Cultura", 26 xullo-5 setembro 2007, p. 25.

Infórmase que a gañadora do premio Biblos-Pazos de Galicia, Patricia Casas, rematará na Casa Grande de Bachao, baixo a titoría de Helena Villar, a súa obra *Vidas paralelas*. Dise que a novela está composta por tres historias independentes nas que destaca a presenza da cidade da Coruña e que na súa escrita inflúe Suso de Toro.

- Alfredo Conde, "Que funcione a peneira", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 31 xullo 2007, p. 4.

Reflexión sobre o "ben facer" do Premio Biblos na que explica a súa dinámica consistente en presentar un proxecto de novela para que o xurado decida cal vai titorizar un escritor e o posterior remate da creación na Casa Grande de Bachao baixo os consellos e opinións do tutor consagrado. Finalmente remata co desexo de que sexan "menos premios e máis sólidos; menos títulos de máis tiradas; menos autores, máis sólidos e menos esquencibles" para soster un sistema literario propio.

- Alfredo Conde, “Saber de ónde vimos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 1 agosto 2007, p. 4.

Reflexión sobre a diferenza entre casas rurais e pazos a raíz da referencia á Casa Grande do Bachao, que acolle nas súas instalacións a celebración da entrega do Premio Biblos e ao gañador, para que, asesorado por un escritor recoñecido, pula a súa novela inaugural.

- C.F., “Novela urbana sobre o rural”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 outubro 2007, p. 55.

Informa de que a gañadora do premio Biblos, Patricia Casas, está a escribir a novela *Teselas da cidade* na Casa Grande de Bachao, titorizada por Helena Villar a través da Rede. Por último, a autora reflexiona sobre o feito de ter unha data límite de entrega da súa obra.

Premio “**Blanco-Amor**” de Novela Longa

Por iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 este premio promovido e financiado por un consorcio de concellos que achegaban 300 euros cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso até chegar á actual contía de 12.020 euros. A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que é o encargado de correr con todos os actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra de Eduardo Blanco-Amor. As obras presentadas deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de cento cincuenta folios mecanografados por unha cara e a dobre espazo (tamaño de fonte 12). Poderán participar nel todos os autores, de calquera nacionalidade, que presenten unha ou varias obras escritas en lingua galega segundo a normativa oficial. Os interesados deben enviar cinco copias das súas obras por correo, sen remite e baixo lema ao concello encargado da edición. Nun sobre anexo, pechado e baixo o mesmo lema, indicaranse o nome e enderezo do autor ou autora, e de ser posíbel, o seu teléfono e enderezo electrónico. O prazo de admisión dos orixinais remata o 28 de decembro de cada ano. O xurado do premio estará composto por cinco membros que deberán ser escritores ou críticos literarios da literatura galega. Na edición de 2006 a organización do certame correu a cargo do Concello de Cedeira. Os finalistas anunciáronse no mes de marzo. O fallo e galardón entregouse o 28 de abril de 2007 e na festa do premio sorteouse o concello encargado da edición de 2007, que será Lugo. De cada obra presentáronse cinco copias asinadas cun lema, en paquete sen remite dirixido o Excmo. Concello de Cedeira, facendo constar no exterior “Para o XXV Premio Blanco-Amor”. Actuaron como xurado recoñecidos escritores e críticos literarios como Darío Villanueva, Álvaro Porto Dapena, Xosé María Dobarro Paz, Xosé Luís Axeitos e Vicente Araguas forman o xurado. Presentáronse vintecinco obras das que cinco quedaron finalistas. Obtivo o premio *Mentres a herba medra*, de Xesús Rábade Paredes, que Galaxia se encarga de publicar. Anúnciase a edición do ano 2007, organizada polo Concello de Lugo, e o prazo de admisión dos orixinais, que remata o 28 de decembro de 2007.

Referencias varias:

- Montse Mayoral, “O lugués Xesús Rábade, gañador do XXV Premio Blanco-Amor de

novela", *Diario de Ferrol*, "CGS", "Literatura", 29 abril 2007, p. 12.

Dáse conta do fallo do xurado que, na vintecinco edición do premio, celebrada en Cedeira, outorgou o galardón a Xesús Rábade, pola novela *Mentras a herba medra*. Recolle as palabras de satisfacción do premiado que describe a obra como un cruce de tres xeracións e de dous espazos, urbano e rural, coa tendencia á desfeita, e considera que o título amosa "moi ben esa idea do paso do tempo presente en toda a novela". Tamén se nomean os membros do xurado que salientan a novela como "literatura en estado puro" con tratamento actual e lirismo. Finalmente, en columna aparte, preséntase unha pequena biografía do premiado, na que se salientan os numerosos premios acadados, como o Premio Galicia ou o Premio Esquío, entre outros.

- Ramón Loureiro, "Hoxe as novelas serven para reflexionar sobre a realidade", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 1 maio 2007, p. 46.

Entrevista a Xesús Rábade Paredes, gañador do Premio Blanco-Amor de Novela, na que fala da temática permanente da súa obra, a crise de valores; reflexiona sobre o cambio que se está a producir nos mozos e a emerxencia de valores como a paz, a solidariedade, ou a defensa da ecoloxía. Tamén salienta que na súa novela interactúan tres xeracións diverxentes pero que se complementan, a presenza da música e de múltiples narradores con diversas perspectivas da realidade e a reflexión sobre o proceso creativo. Finalmente fai un canto á liberdade de elección dos mozos.

- V. Oliveira, "Novelando a desfeita urbanística", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 75/ "Mentres a herba vai medrando", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Premio", p. 34, 1 maio 2007.

Informa da entrega deste galardón a Xesús Rábade Paredes, pola súa obra *Mentras a herba medra*, e ofrece algúns apuntamentos biográficos do autor. Dise que a novela denuncia o desastre urbanístico e a desfeita do rural na que cobran protagonismo as novas xeracións, inseridas nunha crise de valores, temática que o autor di botar en falta nas letras galegas e que producirá "a gran novela galega contemporánea". Finalmente, trátase a obra *Bortel do canto*, antoloxía poética en galego e castelán do premiado, que reúne poemas dende 1969 até hoxe nos que se trata a comunión da terra con Galicia, a veta social comprometida e a temática amorosa e elexíaca.

- César Lorenzo Gil, "Francisco Castro gaña o 'García Barros' cunha novela histórica sobre a liberdade", *A Nosa Terra,* n.º 1.277, "Cultura", 19-25 xullo 2007, p. 25.

Coméntase o argumento da obra *As palabras da néboa*, de Francisco Castro, gañadora do premio García Barros, da que se di que é unha novela histórica, con pluralidade de voces, ambientada no século XVI. Tamén se informa da publicación, na editorial Galaxia, da obra *Mentres a herba medra*, de Xesús Rábade Paredes, premiada co Blanco Amor 2007. Dise que a novela, ambientada nun espazo urbano, trata o abandono do medio rural e o cambio dos valores predominantes. Xesús Rábade considera que a literatura debe reflectir o cambio social e a desfeita urbanística. Finalmente anúnciase a próxima publicación da autoantoloxía poética *Bortel do canto*, na editorial Hipocampo Amigo.

Premio literario "**Camilo José Cela**" de narrativa

Convocado dende o ano 1989 polo Concello de Padrón como homenaxe perpetua á "figura humana e literaria do egrexio escritor". Os relatos, de tema libre, escritos en castelán ou galego, teñen que ter unha extensión de doce a vinte e cinco folios, mecanografados a dobre espazo, e deben enviarse, por quintuplicado, con lema e plica, ao Rexistro do Concello de Padrón. O premio está dotado con 2.000 euros, diploma acreditativo e a publicación do traballo nun libro conmemorativo e a data límite de entrega é o 15 de xullo. Os relatos deben ser entregados por quintuplicado, sen sinatura e con lema. Poden presentarse no rexistro da entrada do Concello de Padrón. Nesta edición de 2007 o xurado, composto polos vogais Anxo Abuín e Iris Cochón, a escritora Mª do Cebreiro Rábade Villar, Carlos Arias, xefe da sección do libro da Consellería de Cultura, Beatriz Vázquez, Eloy Rodríguez Carbia, presidente do xurado, e Cruz Taboada, secretaria, decidiu outorgar o premio a Francisco Alfaro Mora con "Dicen que dicen", de entre as seis obras das sete presentadas a concurso.

Referencias varias:

- C.G., "El Premio de Literatura Camilo José Cela se decidirá entre seis obras", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 outubro 2007, p. 33.

Salienta que unicamente se presentaron seis traballos ao Premio de Literatura Camilo José Cela de Padrón, circunstancia que se achaca á mudanza de data sinalada nas bases. Por último, sinala a composición do xurado e informa de que o fallo do xurado se dará a coñecer antes do 31 de decembro. Tamén menciona a contía do galardón, dotado con dous mil euros.

- C.G., "'Dicen que dicen', de Alfaro Mora, gana el premio Camilo José Cela", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Padrón", p. 33/"Relato gañador e contemporáneo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Certame", p. 40, 30 outubro 2007.

Comunica a adxudicación do Premio de Literatura Camilo José Cela na súa XVIII edición a Francisco Alfaro Mora. Destaca que é un mozo de trinta e dous anos de Cangas para o que foi unha honra gañar o premio. Tamén dedica atención a contar o argumento da historia galardoada, "Dicen que dicen", e salienta que é a primeira incursión do autor no ámbito literario. Por último, informa da composición do xurado.

- U.L., "Un relato sobre la ciudad y la aldea escrito por un joven de Cangas obtiene el Premio Cela de Narrativa", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", "Padrón", 30 outubro 2007, p. L12.

Dá conta da concesión do Premio Camilo José Cela ao relato "Dicen que dicen", de Francisco Alfaro Mora. Informa da composición do xurado e da profesión do autor e sinala que é o primeiro ano que se dedica a escribir. Por último, lembra cando se convocou por primeira vez este galardón e explica que se creou como unha homenaxe ao escritor nacido en Iria-Flavia.

- U.L., “El acto de entrega del Premio Cela de narrativa sirvió para defender la figura de ‘quen tanto nos deixou”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 11 decembro 2007, p. L.

Dá conta do acto de entrega do XVIII Premio de Narrativa Camilo José Cela, que foi para Francisco Alfaro Mora. Explícase que, no evento, tamén se realizou unha defensa e promoción de todo tipo de actividades culturais organizadas polo Concello de Padrón, así como tamén unha defensa do legado de Cela.

Premio de microrrelato “**Carlos Casares**”

Premio convocado polo Liceo de Ourense que leva o nome dun dos seus socios máis ilustres, Carlos Casares, na modalidade de microrrelato. O premio estabelece dúas categorías, unha para maiores e outra para menores de 25 anos, cunha dotación económica de 600 euros para cada unha delas. Poderá concorrer calquera persoa con tres traballos inéditos da súa autoría como máximo, redactados en galego ou castelán. Os orixinais deberán ter unha extensión máxima de 1.500 caracteres, debendo ser presentados por quintuplicado, antes do 31 de maio, na Secretaría do Liceo de Ourense, rúa Valentín Lamas Carbajal, 5, 32005, Ourense. Cada orixinal irá baixo lema, e adxuntarase nun sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono do autor, e o título definitivo da obra. O xurado, composto polo presidente do Liceo de Ourense e membros da sección de literatura, fai a entrega nun Acto Literario encadrado nas festas do Liceo, que se celebrará o 22 de xuño. Na convocatoria do 2007 a dotación económica aumentou a 1.500 euros para o primeiro premio. Neste ano presentáronse seiscentos setenta e tres traballos e resultou premiada, por unanimidade María Lado, polo seu relato “Alugueres antigos”, presentado baixo o lema de ‘Anabel Lee’, dotado con 1.500 euros. A entrega dos premios tivo lugar o 22 de xuño. Así mesmo o xurado decidiu conceder dous accésits, dotados con 300 euros, aos relatos “Sangue”, de Fátima González Comesaña, e “O Limoeiro”, de María Lorenzo Miguéns.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, “Microrelato”, *La Región*, “Sociedad”, “Pan por pan”, 23 xuño 2007, p. 77.

Coméntase a entrega dos premios da sexta edición de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense, fundados tras a morte do escritos. Saliéntase a consolidación e vitalidade do premio e a súa difusión a través do mundo virtual. Finalmente subliña a forte presenza feminina, pois foron tres mulleres as galardoadas, e o pulso narrativo, a beleza das palabras, a ironía e a capacidade de sorprender de “Alugueres antigos”, de María Lado, relato que resultou gañador.

- María Lado, “Lembranza a Casares co microrrelato”, *La Región*, “Ourense”, 8 xullo 2007, p. 9.

Explícase que dos seiscentos setenta e tres traballos presentados, o xurado unanimente lle otorgou o primeiro premio, dotado con 1.500 euros, a María Lado Lariño polo seu relato “Alugures antigos”, escrito baixo o lema ‘Anabel Lee’, e que tamén concederon dous accésits de 300 euros a Fátima González Comesaña, por “Sangue” e a María

Lorenzo Miguéns, polo relato "O Limoeiro". Reprodúcense o relato gañador "Alugueres antigos", e o accésit "Sangue", de Fátima González.

Premio de Novela Europea "**Casino de Santiago**"

Creado no ano 2003, este premio, convocado polo Casino de Santiago e o IES Rosalía de Castro coa axuda de El Corte Inglés, está dotado con 3.000 euros. Unha comisión seleccionadora elixirá un grupo de novelas que xa fosen publicadas recentemente nalgún país da Unión Europea e como este galardón pretende fomentar a lectura entre os composteláns, un trinta por cento da resolución do xurado será o resultado da votación de residentes ou persoas que realizan a súa ocupación laboral na cidade de Santiago, quen tamén levarán un premio. A tal efecto abriuse un prazo de votación até o 5 de xullo, para que o lectorado emitise o seu voto ben no Casino de Santiago, onde tamén se lles ofrece as novelas finalistas en préstamo, ben no Centro Comercial Compostela de El Corte Inglés. A porcentaxe restante cúbrena os socios do Casino (que contarán un vinte por cento) e as votacións de dez representantes de varias institucións da cidade (cun peso do cincuenta por cento). En setembro de 2007 entregouse o galardón da cuarta edición (2006) a Kazuo Ishiguro por *Nunca me abandones*, da que xa hai versión galega, *Non me deixes nunca*. Entre os membros do xurado, integrado por estudantes, persoal do concello, socios do Casino e outros sectores da sociedade Compostela, está Carme Ríos. Na presente edición de 2007 competían obras de Antón Riveiro Coello (Xinzo da Limia, 1964), *Os ollos de K*; Luis Lente, *Mira si yo te querré*; a inglesa Sarah Waters, *Ronda nocturna*; o alemán Bernhard Schlink, *El regreso*; e, por último, a francesa Muriel Barbery, *La elegancia del erizo*. O fallo foi a favor de *Sobre la belleza* de Zadie Smith, que ha editar Galaxia na colección "Biblioteca Compostelana de Narrativa Europea". As outras obras finalistas foron *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas; *A ciegas*, de Claudio Magrís; *A medición do mundo*, de Daniel Kehlmann; *Travesuras de la niña mala*, de Mario Vargas Llosa; e *El sol de los Scorta*, de Laurent Gaudé.

Referencias varias:

- Xurxo Fernández, "Keith, Brad y la sombra de Mr. Miles", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los vientos", 16 xullo 2007, contracuberta.

Sección que acolle novas da vida social e cultural entre as que salienta a concesión da quinta edición do premio Novela Europea a Zadie Smith pola súa obra *Sobre la belleza*, publicada en Salamanca.

- Ana Iglesias, "Fomentar la lectura crítica", *El Correo Gallego*, "Santiago", 20 decembro 2007, p. 32.

Dá conta do acto no que se deron a coñecer os finalistas do Premio de Novela Europea Casino de Santiago: *Os ollos de K*, de Antón Riveiro Coello, *El regreso*, de Bernhard Schlink, *La elegancia del erizo*, de Muriel Barbery, *Mira si yo te querré*, de Luís Leante e *Ronda Nocturna*, de Sarah Waters. Destaca que, nesta edición, incorporouse á organización o Ámbito Cultural de El Corte Inglés e conclúe lembrando cales serán os membros do xurado.

Certame de Microrrelatos **Lonxa Literaria**

Organizados polo colectivo moañés Lonxa Literaria, conta coa subvención da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e a colaboración do Concello de Moaña. Os microrrelatos han de estar escritos en galego normativo, cunha extensión máxima de 15 liñas a dobre espazo. En cada convocatoria os relatos terán que introducir unha palabra obrigada. Remitiranse tres copias a Lonxa Literaria, Centro Cultural Daniel Castelao, Quintela s/n, 36950, Moaña, Pontevedra, até o 31 de outubro. Convócase unha única categoría á que se dota cun premio de 300 euros e dous accésits sen dotación económica. No ano 2007 o xurado, formado por Moisés Rodríguez Barcia (tradutor e editor de Rinoceronte Editora), Xosé Manuel García Trigo (escritor) e Carlos Freire (escritor e periodista) resolveu conceder o 1º premio do V Certame de Microrrelatos "Lonxa Literaria" a Ramón Torreiro González, de Arzúa (A Coruña), pola obra titulada "O santo de pau". Tamén decidiu conceder accésits a Roberto López Alonso, de Burela (Lugo), por "Contacto extrasensorial coa natureza" e a Antonio Pichel Beleiro, de Pontevedra, por "P. agarda...".

Premio de novela longa "**Manuel García Barros (Ken Keirades)"**

Convocado dende 1989 polo Concello da Estrada, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. En 2007, na XIX edición, tamén colabora a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Deputación de Pontevedra e a Editorial Galaxia. A contía económica é de 9.015 euros e, dende a duodécima convocatoria, a obra gañadora é publicada pola Editorial Galaxia. Os orixinais en galego normativo teñen que ser enviados por sextuplicado, até o 23 de marzo, á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución 1, 36680 A Estrada-Pontevedra), quen se reserva durante un ano os dereitos de publicar a obra premiada en todas as linguas do estado. O xurado estará composto por cinco membros escollidos entre recoñecidas figuras do mundo da cultura e contará con representación do Concello, da Xunta de Galicia e da editorial Galaxia. Nesta edición de 2007 os encargados de escoller a obra premiada foron Luís Alonso Girgado, Xosé Manuel Eiré Val, Manuel Forcadela, Xosé Carlos Agostiños de Lema, Manuel Santiago Fernández, gañador da primeira edición e Valentín García Gómez, que actuou como secretario. O fallo deuse a coñecer o 12 de xullo. De entre as trinta obras a concurso, resultou gañadora *As palabras da néboa*, do autor vigués Francisco Castro Veloso, quen recolleu o galardón no Teatro Principal da Estrada.

Referencias varias:

- Raquel Torres, "Castro Veloso gana el García Barros", *Diario de Pontevedra*, "Vivir verán", "Cultura", 13 xullo 2007, p. 68.

Infórmase de que *As palabras da néboa*, do escritor Francisco Castro, resultou gañadora do premio de novela García Ramos, organizado polo Concello da Estrada, da que se salienta o orixinal discurso narrativo, o dominio do estilo indirecto libre, o xogo coa anacronía e a mestura de tempos. Tamén se fala do argumento da obra que narra a

historia de tres personaxes con dúas constantes: o desexo e o poder, e das referencias ás batallas dos irmandiños e á Inquisición. Finalmente menciónanse os membros do xurado e dise que o acto de entrega terá lugar en outono na Estrada durante unha cena-gala.

- V. Oliveira, "Os atrancos para gañar os soños", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Premio", 13 xullo 2007, p. 29.

Coméntase a sorpresa e emoción de Francisco Castro ao recibir o premio García Barros coa obra *As palabras da néboa*, baixo o lema 'O señor do outeiro'. Dise que a obra se publicará en novembro e o xurado valorou o "estilo narrativo orixinal e tecnicamente esixente" e que sexa "unha proposta novidosa de novela histórica, alén das fronteiras xenéricas". Fálase do argumento da obra que conta a historia de tres personaxes, ambientada na Galicia do século XVI que loitan pola liberdade. Finalmente o autor salienta a importancia da proxección dos premios, fala do seu novo proxecto e recomenda como lecturas de verán a tradución de *Comandante Hussi*, de Jorge Araújo; *Lois e Helena buscándose un día de tormenta*, de Manuel Veiga ou *Arte e parte*, de Xurxo Borrazás, entre outros.

- Roberto G. Méndez, "Eu sonlle un músico frustrado", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 15 xullo 2007, contracuberta.

Entrevista a Francisco Castro Veloso, gañador do premio García Barros de novela coa obra *As palabras da néboa*, na que fala da emoción sentida ao recibir o premio, da literatura, dos motivos que o moveron a escribir e da profesión do escritor.

- César Lorenzo Gil, "Francisco Castro gaña o 'García Barros' cunha novela histórica sobre a liberdade", *A Nosa Terra,* n.º 1.277, "Cultura", 19-25 xullo 2007, p. 25.

Coméntase o argumento da obra *As palabras da néboa*, de Francisco Castro, gañadora do premio García Barros, da que se di que é unha novela histórica, con pluralidade de voces, ambientada no século XVI, época de revoltas sociais e de ilusións polo descubrimento do Novo Mundo, cunha "rigurosa recreación histórica e con impronta máxica e lírica". Dise que o autor xa se achegara literariamente á época de conquista de América na obra *Memorial do infortunio*. Tamén se informa da publicación, na editorial Galaxia, da obra *Mentres a herba medra*, de Xesús Rábade Paredes, premiada co Blanco Amor 2007. Dise que a novela, ambientada nun espazo urbano, trata o abandono do medio rural e o cambio dos valores predominantes. Xesús Rábade considera que a literatura debe reflectir o cambio social e a desfeita urbanística. Finalmente anúnciase a próxima publicación da autoantoloxía poética *Bortel do canto*, na editorial Hipocampo Amigo.

Certame literario "**Manuel Lueiro Rey**" de novela curta

Convocado polo Concello do Grove, en colaboración con Sotelo Blanco Edicións, para honrar a figura do galeguista que lle dá nome e promocionar a literatura galega e os seus autores. Os traballos deben presentarse no Concello do Grove (Praza do Corgo, s/n. 36980) por quintuplicado e precedidos polo título e un lema. Asemade, hai que entregalos nun sobre pechado no que figure por fóra o título e lema e dentro conteña os

datos do autor. Deben ser orixinais e inéditos e aterse á normativa vixente, ademais de ter unha extensión mínima de sesenta folios e máxima de cento vinte, que non superen os mil oitocentos caracteres cada un deles aproximadamente. O prazo de presentación remata o 15 de agosto de 2007 e o premio entrégase nun acto no mes de decembro. Concédese un único premio de 3.000 euros e a publicación por parte de Sotelo Blanco da obra gañadora. O xurado, que se dá a coñecer antes da concesión do premio, está formado por cinco membros relacionados co mundo da literatura. Un deles é o gañador da edición anterior do premio, dous son nomeados polo comité organizador e outros dous son representantes de Sotelo Blanco. Nesta edición de 2007, o xurado, formado por Manuel Quintáns, como presidente, Armando Requeixo, Ánxela Gracián, Mariña Pérez, anterior gañadora do certame, Francisco Martínez Bouzas e Antón Mascato como secretario con voz e sen voto, decidiu no Grove conceder o premio a Ramón Caride Ogando pola obra *O frío azul*, entre as vinte obras presentadas.

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, "O frío azul' de Ramón Caride faise co Premio Lueiro Rey de Narrativa Breve", *El Correo Gallego*, "Cultura", 11 novembro 2007, p. 76.

Dá conta da concesión por unanimidade do Premio Lueiro Rey de Narrativa Breve a Ramón Caride Ogando pola súa novela *O frío azul*. Despois de tratar o tema da obra galardoada, sinala que o autor non quere adscribir esta obra á etiqueta de novela histórica xa que opina que hoxe xa non se fan novelas históricas. Por último, fala da traxectoria de Ramón Caride Ogando, posuidor de numerosos premios e cunha obra literaria que abrangue narrativa, relatos e poesía, e anuncia a publicación de dúas obras de Caride para cativos e mozos: *Un coello na beiramar* e *O bastón dos desexos*.

- Laura García, "Os medios de comunicación exercen, ás veces, un dominio negativo sobre a cultura", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 18 novembro 2007, p. 30.

Comeza sinalando que o escritor Ramón Caride Ogando vén de gañar o Premio Lueiro Rey de Novela Curta con *O frío azul*. A continuación entrevista ao autor galardoado con cuestións como onde está a orixe da idea de entrelazar a fantasía e a realidade neste conto, se se sentiu cómodo no campo do relato histórico, que conexións existen entre esta obra e a súa produción anterior, se existe presenza de ironía e mestura do tráxico e do cómico neste traballo e tamén sobre o panorama literario e artístico galego na actualidade.

Certame de narracións breves **Manuel Murguía**

Convocado polo Concello de Arteixo, dende o 1991, para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar a Manuel Murguía. Poden concorrer todos os autores que o desexen cunha única obra de temática libre e escrita en lingua galega, cunha extensión entre quince e trinta folios mecanografados a duplo espazo por unha soa cara. Os traballos, orixinais e inéditos, deben entregarse antes de 1 de marzo, por cuadriplicado, ao Concello convocante (Praza do Alcalde R. Dopico, 1, 15142 Arteixo), nun sobre onde figure só o título da obra e un lema. Así mesmo, nun sobre

pechado debe achegarse o título, lema, nome, enderezo, teléfono e currículo do autor. Na edición de 2007 o premio consiste na publicación da obra premiada, así como 3.665 euros, e participaron corenta e cinco escritores. O xurado estivo composto por Julio Mancebo, Isidro López Novo, Xabier Docampo e Xesús Manuel Marcos e elixiu a Miriam Rodríguez Debasa, co seu relato "Mentras espero", como gañadora.

Certame de **Micronovela** do Concello de Soutomaior

Convocado polo Concello de Soutomaior e Edicións Xerais de Galicia. Os requisitos son os seguintes: poden participar autor/es de calquera nacionalidade cunha ou máis obras orixinais, inéditas, escritas en lingua galega e non presentadas a ningún outro certame a celebrar entre a convocatoria e o fallo do presente. Os traballos deben ter unha extensión mínima de trinta e cinco folios e máxima de sesenta, escritos a dobre espazo. Han de enviarse por cuadriplicado, con seudónimo e baixo plica pechada na que consten os datos do autor, ao Rexistro de entrada do Concello de Soutomaior antes do día 30 de novembro de 2007. A dotación para os gañadores é de 2.000 euros para o primeiro premio e de 1.000 euros para o segundo premio e a publicación das obras por Edicións Xerais de Galicia. Se o xurado o estima oportuno poderá outorgar accésit sen dotación económica e en caso de declarar deserto o premio por mala calidade das obras, o concello fará mención de honra, con premio simbólico. Pódese obter información na páxina web de Xerais. Nesta primeira edición presentáronse corenta e oito obras, que serán examinadas polo xurado composto polo director de Edicións Xerais, Manuel Bragado; o poeta Isaac Xubín e o profesor Manuel Lourenzo Sobral.

Referencias varias:

- L.C.LL., "Soutomaior e Xerais crean o primeiro premio de micronovela", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 maio 2007, p. 57.

Infórmase da creación deste certame e das súas bases (extensión das obras, prazos, contía dos premios, etc) e preséntanse datos da editorial Xerais e do mercado editorial en galego.

- Tareixa Castro, "Soutomaior organiza su primer certamen de micronovela", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Poio/Comarca", 15 xullo 2007, p. 12.

Informa da publicación das bases do concurso de micronovela, das que presenta un resumo coas características máis importantes como son a lingua, a extensión, a tipografía, o modo, o lugar e os prazos de presentación, os premios, o fallo do xurado e o acto de entrega, que terá lugar no Castelo de Soutomaior no mes de decembro.

Certame Nacional Galego de Narracións Breves "**Modesto R. Figueiredo**" do Pedrón de Ouro

Convocado pola Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro, coa colaboración da Concellería de Cultura do Concello de Ourense, dende o ano 1974 é o decano dos premios literarios galegos para promover a literatura narrativa en lingua galega e rende

homenaxe a Xaquín Lorenzo "Xocas", de quen este ano se celebra o centenario do seu nacemento. Poden participar persoas de calquera nacionalidade cunha ou máis obras escritas en galego e inéditas, que nunca se presentarán a ningún certame literario. Os orixinais deben presentarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara e deben contar cunha extensión mínima de cinco folios e máxima de trinta. Os traballos deberán engadir un sobre pechado, co título ou lema no exterior e que conteña os datos (nome, apelidos, enderezo, teléfono ou correo electrónico). O tema é libre, pero tense en conta o tratamento e as técnicas narrativas empregadas, así como a pureza lingüística e a altura literaria. Este certame conta co apoio dun concello diferente cada ano, correspondéndolle nesta edición a Ourense. Os participantes teñen que enviar antes do 30 de novembro de 2007 catro exemplares dos seus traballos sen remite ou outra forma de identificación e baixo o sistema de plica á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apartado de Correos 627, 15780 Santiago de Compostela) ou á Concellería de Cultura do Concello de Ourense (Rúa Canle, n.º 2, 32005 Ourense). O primeiro premio e os accésits son publicados por Edicións do Castro. A dotación económica para o primeiro premio é de 600 euros e de 240 para os dous accésits posíbeis. O xurado está formado por catro especialistas en crítica literaria designados pola Fundación co asesoramento e colaboración da Asociación de Escritores e o Concello de Ourense, reservando a Fundación os postos de presidente, secretario e moderador (estes dous últimos con voz pero sen voto). O XXXIII Premio Modesto Rodríguez Figueiredo fallouse o 16 de decembro do 2007 en Ourense. Na edición de 2007 o lucense Rubén Ceide García gañou o primeiro premio por "A caixa da costureira", mentres que Alberto Gómez Aneiros e Manuel Quintás López, ambos de Compostela, alzáronse cos dous segundos premios polas súas obras "Esperado regreso" e "Desartellados", respectivamente. Ademais, o xurado acordou recomendar a publicación de tres relatos a maiores: "Breve historia do coñecemento contaxioso", de Xosé Luis Martínez Pereiro; "O ascensor", de Chelo Suárez Muiños; e "Bonaval", de Adolfo Caamaño Vázquez. A entrega dos premios tivo lugar o 29 de decembro en Ourense.

Referencias varias:

- Avelino Abuín de Tembra, "O 33º Modesto R. Figueiredo", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 7 outubro 2007, p. 5.

Refire información sobre a historia da Fundación Pedrón de Ouro e "os seus próceres". Comenta como funciona a convocatoria do premio de narración breve Modesto R. Figueiredo e sinala que ese ano é responsabilidade do Concello de Ourense a patrocinación.

- maré, "Rubén Ceide faise co Modesto Figueiredo co relato 'A caixa da costureira", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 decembro 2007, p. 24.

Repasa a lista dos galardoados na XXXIII edición dos Premios Modesto R. Figueiredo, outorgados pola Fundación do Pedrón de Ouro en colaboración coa Concellería de Cultura do Concello de Ourense. Indica que o primeiro premio foi para "A caixa da costureira", de Rubén Ceide, mentres que os segundos corresponderon a Manuel Quintáns, por "Desartellados", e a Alberto G. Aneiros, por "Esperado regreso". Infórmase a seguir de que o xurado recomendou publicar tamén "Breve historia do

coñecemento contaxioso", de Xosé Luís Martínez Pereiro; "O ascensor", de Chelo Suárez Muíños; e "Bonaval", de Adolfo Caamaño Vázquez.

- maré, "Unha homenaxe ós avós", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 decembro 2007, p. 33.

Conversa na que o lucense Rubén Ceide comenta que se presentou ao premio Modesto R. Figueiredo co relato "A caixa da costureira", non co fin de gañalo senón pola inquedanza de "pór a miña obra nas mans doutros escritores". Declara que é un relato costumista no que o protagonista tenta deixar atrás as súas lembranzas rurais da infancia, mais remata engulido por elas.

- L.R., "Una ofrenda floral y la entrega de premios 'Pedrón de Ouro' rinden homenaje a Xocas", *La Región*, "Ourense", 30 decembro 2007, p. 7.

Faise eco da ofrenda floral que realizou a Fundación Pedrón de Ouro no camposanto de San Francisco (Ourense), co gallo de homenaxear a Xaquín Lorenzo, "Xocas". Polo mesmo motivo decidiuse levar a cabo a entrega dos Premios Itinerantes do Certame Nacional Galego de Narracións Breves Modesto Rodríguez Figueiredo nesa cidade. No acto déronse a coñecer os premiados, Rubén Ceide (primeiro premio), por "A caixa da costureira"; Alberto Gómez, por "Esperado regreso" e "Desartellados", de Manuel Quintáns, ambos segundos premios.

Premio **Nacional de Narrativa**

Ver apartado X.5. deste *Informe*

Concurso para autores "**Novela por entregas**"

La Voz de Galicia e Canal Voz convocan este premio dende 2001, que conta coa colaboración do Ámbito Cultural de El Corte Inglés. Nel poden participar todas as persoas que presenten unha novela inédita e que non opten a outros concursos, escrita en galego e dividida necesariamente en trinta e un capítulos da mesma extensión (tres mil cincocentos caracteres, con espazos incluídos). As obras enviaranse até o 22 de maio de 2007, á sede do xornal no polígono industrial de Sabón (Arteixo) ben polo correo ordinario ben polo correo electrónico redac@lavoz.es. As obras presentaranse en catro copias, impresas a dobre espazo por unha soa cara, e polo sistema de plica pechada. Estabelecese un único premio dotado con 6.000 euros e a publicación da novela na sección "Páxinas Literarias" de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto e simultaneamente na súa páxina de *La Voz de* Galicia. Ademais, levarase a cabo unha edición da obra gañadora en formato libro, dentro do ano, e nas condicións habituais de devengo de dereitos de autor. Trátase dun galardón paralelo ao de narrativa curta "Relatos de verán", que este ano cumpre a súa oitava edición e que comezou no ano 2000. Na primeira edición deste premio, o xornal convocante publicou, por fascículos e fóra de concurso, a novela *O xabaril branco,* de Tucho Calvo; a partir de entón, as obras a publicar por entregas sométense a este concurso. En anteriores edicións resultaron gañadores Marilar Aleixandre, Miguel Suárez Abel, Xosé Antonio Perozo e Ángel de la Cruz. Na edición de 2007 o xurado estivo formado por: Ernesto Sánchez Pombo, director de Opinión de *La Voz*; Luis Ventoso Castiñeira, director adxunto de *La Voz*;

Tucho Calvo, redactor xefe de Accións Especiais de *La Voz*; Santiago Lopo, en calidade de gañador do ano anterior; o escritor Miguel Anxo Murado. A obra gañadora foi *Habitación 202*, de Concha Blanco e quedou de finalista *Mar de agosto*, de María Teresa Cameselle Rodríguez.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "A novela por entregas permite gañar lectores non habituais", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 14 xullo 2007, p. 44.

Entrevista a Concha Blanco, autora de *Habitación 202*, gañadora do concurso de Novela por entregas, na que amosa a súa emoción polo premio acadado. A autora fala da estrutura da novela e do proceso de recortar para adecuar a extensión dos capítulos, da recepción polos lectores, do uso da intriga como técnica para conducir a historia, dos elementos fantásticos, da dificultade de escribir literatura infantil e xuvenil máis que para adultos e da recuperación da literatura na prensa como maneira de visibilidade para a historia e para o escritor.

Premio **Pastor Díaz** de novela

Convocado polo Concello de Viveiro, ten carácter bianual e está destinado a homenaxear a figura de Nicomedes Pastor Díaz. Nel poden participar autores e autoras de calquera nacionalidade que presenten obras escritas en lingua galega. Os traballos deberán ser inéditos e contar cunha extensión mínima de cen folios escritos a dobre espazo, debidamente grampados, cosidos ou encadernados. A contía do premio é de 3.000 euros, que será outorgado a unha única obra e pode quedar deserto cando a calidade dos traballos presentados sexa insuficiente. O xurado reserva o dereito de publicación da obra. As obras enviaranse, sen remite e baixo un lema, ao Concello de Viveiro, Departamento de Cultura, 27850 Viveiro (Lugo), coa indicación no sobre de "VI Premio Pastor Díaz de Novela"**.** Acompañarese dun sobre pechado e baixo o mesmo lema, indicándose o nome, enderezo, curriculum e teléfono do autor. De cada obra remitiranse cinco copias. O xurado do premio estará composto por membros escollidos entre figuras do mundo da cultura, e darase a coñecer o mesmo tempo que a resolución do premio. No ano 2007 publicouse a obra de Xoán Tallón Salgado, *A autopsia da novela*, premiada no ano 2006.

Concurso "**Relatos de Verán**" de La Voz de Galicia

No ano 2000 por vez primeira, *La Voz de Galicia* convidou aos escritores afeccionados a que enviasen os seus relatos para seren publicados durante todos os días do mes de agosto na sección "Páxinas literarias". Estas páxinas inclúen fóra de concurso unha sección dedicada a escritores coñecidos, para daren cabida tamén á publicación por capítulos da obra que resulte gañadora do premio "Novela por entregas". Os interesados deben enviar no prazo de entrega o seu relato, en castelán ou galego, xunto a unha pequena ficha con fotografía tamaño carné e os datos do autor, a *La Voz de Galicia* (Avda. da Prensa, 84-85, Polígono de Sabón, 15142 Arteixo, A Coruña) ou ao correo electrónico (redac@lavoz.com). Os orixinais, non poderán exceder as vintecinco liñas

mecanografadas de corpo once (uns 2.100 caracteres). Se o número de orixinais rebasa as posibilidades de publicación, un xurado encargarase de realizar unha primeira selección, da que extraerán os cento vintecatro textos que serán publicados a razón de catro diarios ao longo do mes de agosto no xornal e na súa páxina web, ademais da posibilidade de seren recollidos nun volume colectivo como aconteceu con anterioridade. A seguir, o lectorado de *La Voz* elixe cada semana o mellor conto dos autores e autoras noveis que se publican durante ese período facendo o seu voto por medio duns cupóns diarios que aparecen no periódico. Polo feito de participar na votación, entran nun sorteo semanal dun lote de libros de Xerais. No ano 2007, os relatos premiados foron "Mis anécdotas el tren", de Francisco Blanco, na categoría de maiores de quince anos, en castelán, e "O soño de Salma", de Helga Peña Díaz, obra galega na categoría de menores de quince anos. O premio especial sorteado entre os votantes correspondeu a Sandra Blanco Ramil.

Premio Narrativa Breve **Repsol YPF**

Premio convocado polo complexo Repsol-YPF en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta. Está dotado cun premio de 6.000 euros e a publicación dunha tirada de 3.000 exemplares do libro pola editorial Galaxia para o gañador/a. Os traballos presentados han de ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega seguindo a normativa vixente, cunha extensión entre os cincuenta e os cento vinte folios e presentaranse antes do 16 de xullo do presente ano. O premio fallouse o 12 de setembro no Palexco e o acto de entrega tivo lugar o 15 de novembro de 2007 na Fundación Luís Seoane da Coruña. O xurado está composto por persoas de recoñecido prestixio e nomeado por Repsol, a Secretaría de Política Lingüística, a Real Academia Galega, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Editorial Galaxia e a Asociación Galega de Editores. Na edición de 2007 o xurado estivo composto por Xosé Luis Axeitos Agrelo, Miguel Anxo Fernán-Vello, Henrique Rabuñal Corgo, Carlos González de Lema e Anxo Tarrío Varela, decidiu premiar, de entre os dezaoito orixinais presentados, a Anxos Sumai pola novela *Así nacen as baleas*.

Referencias varias:

- Juan Fernán, "Premio Repsol YPF", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 468, "Vivir en A Coruña", 27 maio 2007, p. 6.

Infórmase da convocatoria da segunda edición do premio e das súas bases (contía, destinatarios, normas de entrega, fallo do xurado). Tamén se recolle a traxectoria literaria do galardoado na primeira edición, Miguel Sande. Finalmente infórmase de que a poeta coruñesa Yolanda Castaño participou, como única representante española, no Festival Internacional "Primavera Poética", da súa actividade como directora da galería Sargadelos e da participación no Festival Internacional de Poesía de Barcelona.

- Javier Becerra, "La escritora Anxos Sumai consigue el Premio de Narrativa Breve Repsol", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 setembro, 2007, p. 39.

Anúnciase que Anxos Sumai, coa novela *Así nacen as baleas*, gañou o II Premio de Narrativa Breve Repsol YPF dotado con seis mil euros e a publicación da obra na

Editorial Galaxia cunha tirada de tres mil exemplares.

- Daisy Aller, "Anxos Sumai gana el premio Repsol de narrativa breve en gallego", *La Opinión*, "A Coruña", " Ciudad y cultura", 13 setembro 2007, p. 10.

Infórmase do fallo do xurado que lle concedeu o premio a Anxos Sumai coa novela *Así nacen as baleas*. Tamén se fala da data de publicación da novela e saliéntase, según Xosé Luis Axeitos, portavoz do xurado, o "perfeccionismo" da obra "que fala sobre mulleres" e "a extensión contada nun tempo reducido". Finalmente menciónanse outras obras da autora e o galardón Roberto Blanco Torres acadado polo espazo "Somos peligrosamente normales", emitido no Diario Cultural da Radio Galega.

- Anxo Tarrío Varela, "As baleas de Anxos Sumai", *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "De letras e de signos", 13 setembro 2007, p. 4.

Dá conta da concesión do premio a Anxos Sumai, presentando a súa faceta literaria e definindoa como unha "profesional da cultura". A continuación recomenda a novela e felicita á autora, á espera de analizar a obra até que non remate o proceso editorial e sexa publicada polos posibéis cambios que puideran acontecer no proceso de revisión. Tamén salienta a importancia do papel, a tipografía, os textos presentativos das lapelas, o título, as ilustracións e outros paratextos para "contribuír a valorar e difundir o produto final".

- maré, "Fáltanos autocrítica", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 setembro 2007, p. 27.

Preséntase a ledicia de Anxos Sumai ao recibir o premio pola obra *Así nacen as baleas*. Coméntase o proceso de creación da obra: o seu xermolo, os personaxes, os espazos, o significado do título, a metáfora da balea e o sentido da obra. Finalmente faise unha breve descrición da actividade profesional e literaria da autora, noméanse os membros do xurado e a autora reflexiona sobre a confusión que provoca a rapidez do consumo que fai que sexa imposíbel apreciar a oferta literaria existente e ademais "as editoriais non esixen niveis de calidade e aos autores fáltanos autocrítica".

- Lorena Otero, "Anxos Sumai gaña o premio de Narrativa Breve Repsol YPF", *A Nosa Terra*, n.º 1.280, "Cultura", 13-19 setembro 2007, p. 24

Dáse conta do galardón otorgado a Anxos Sumai pola novela *Así nacen as baleas*. Faise eco do argumento da obra, do seu xermolo, do proceso de creación e da actividade profesional e cultural da autora na que se salienta o seu blog "Anxos da garda" do que a editorial A Nosa Terra, debido ao seu éxito, publicou unha recompilación dos textos alí aparecidos, e a editorial Galaxia unha segunda escolma.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Sobre os premios literarios: Anxos Sumai", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Caderno aberto", 17 setembro 2007, p. 3.

Neste artigo, Miguel Anxo Fernán Vello da os seus parabens ao certame de narrativa Repsol YPF, non só pola súa actividade de mecenazgo ao primar e premiar a creación narrativa literaria galega senon pola calidade amosada nas obras galardoadas na corta vida do certame: Miguel Sande na primeira convocatoria e Anxos Sumai nesta segunda. Para finalizar, salienta a "xustiza poética" dos certames feitos con rigor e calidade como

neste caso.

Premio "**Rosalía de Castro**" do Pen Clube

Convocado por primeira vez en 1996 polo Pen Clube galego, nacido en 1988. De edición bianual, entrégase a un escritor representante das outras catro linguas das literaturas peninsulares, para "desde Galicia estabelecer lazos coas nosas literaturas veciñas". En anteriores ocasións, foron galardoados José Saramago, Gonzalo Torrente Ballester, Joan Perucho, Bernardo Atxaga, Manuel Vázquez Montalbán, José Mari Lekuona, Miquel de Palol, António Lobo Antunes, José Ángel Valente, Sophia de Mello, Pere Gimferrer, Anjel Lertxundi, Ernesto Sábato, Nélida Piñón, Ricard Salvat e Felipe Juaristi. No ano 2007 non corresponde o fallo.

Premio "**Rubia Barcia**" de Novela-Cidade de Ferrol

Premio bianual que convoca o Liceo homónimo de Ferrol coa finalidade de perpetuar a memoria do autor que lle dá nome. A temática é libre e a súa extensión non debe ser superior a 200 folios, mecanografados a dobre espazo. Pódense presentar traballos en lingua galega e castelá, e estabelécense dous premios de 2.000 euros para cada modalidade lingüística. Os orixinais han de ser entregados por triplicado na sede social do Liceo Rubia Barcia-Centro Cívico de Caranza ou remitidos ao Departamento de Cultura do Concello de Ferrol antes do 31 de xullo e os gañadores coñécense no mes de decembro. No ano 2007 presentáronse trinta e tres manuscritos, deles só catro en galego, co que se duplicou o número das primeiras convocatorias. A concellala de Cultura, formou parte do xurado xunto a Miguel Carlos Vidal, as mestras Eva Ocampo e Esperanza Piñeiro de San Miguel, Miguel Vidarte e Lino López, secretario e presidente respectivamente. Nesta quinta convocatoria o voceiro do xurado, Luis Alonso Girgado, declarou deixar deserta a categoría de novela en galego porque ningunha das catro obras obras contribuía "a mellorar o panorama da nosa narrativa". Na convocatoria en castelán foi a obra *El negro del reloj de oro*, do madrileño Mariano Clemente a recoñecida unanimemente polo xurado como gañadora.

Premio **Táboa Redonda**

Premio convocado por iniciativa de *El Progreso* e *Diario de Pontevedra* no que son os propios lectores de ambos os dous xornais os que elixen o mellor libro publicado en galego ao longo do ano. A votación faise a través de Internet, nas páxinas das edicións dixitais, nas que aparecerá unha lista de 15 obras publicados no ano, escritos en galego e por un autor vivo. Existe tamén a posibilidade por parte dos participantes de facer suxestións, entrando na lista as obras que reciban un mínimo de cinco votos ao longo da semana. *O canto do muecín*, de Lois Dieguéz resultou elexido o Mellor Libro Galego do 2007.

Certame de Creación Literaria **Terra de Melide**

Convocado polo Concello de Melide, a través da súa Sección Estudos e Publicacións, dende o ano 1999, e ten por obxecto honrar a memoria de todos/as aqueles/as homes/mulleres que traballaron polo desenvolvemento cultural de Melide, os do Grupo Nós e os seus colaboradores melidenses, e, ao mesmo tempo, incentivar a creación literaria en galego. As obras teñen que ser inéditas e escritas en galego, aínda que se repeta a liberdade normativa.O premio está dotado con 6.000 euros e máis a publicación da obra na Editorial Xerais. Na edición de 2007 o prazo de entrega dos traballos rematou o 15 de marzo. A decisión do xurado, presidido por Ánxeles Vázquez, alcaldesa en funcións de Melide, deuse a coñecer o 7 de xuño. A obra gañadora do premio nesta edición leva por título *A lúa dos Everglades*, de Xesús Manuel Marcos.

Referencias varias:

- Elena Castelao, "Melide promueve la narrativa y la investigación", *El Progreso*, "A la última", 12 xaneiro 2007, contracuberta.

Alude á convocatoria do sétimo certame de creación literaria e do cuarto concurso de investigación Terra de Melide. Comenta brevemente as bases dos concursos e a data do fallo do xurado.

- maré, "Xesús Manuel Marcos gaña o Premio Melide", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 xuño 2007, p. 33.

Informa de que Xesús Manuel Marcos gañou o premio Terra de Melide coa novela *A lúa dos Everglades*, da que se di o argumento, "tres relatos de exilios emocionais e sentimentais", e que será publicada pola editorial Xerais no mes de outubro. Tamén se mencionan os diferentes premios acadados polo autor, como o Modesto R. Figueiredo ou o Merlín.

- César Lorenzo Gil, "Vázquez Pintor, premio 'Vicente Risco' por unha novela ao redor do lesbianismo", *A Nosa Terra*, n.º 1.271, 7-13 xuño 2007, p. 28.

Infórmase de que *Lira*, de Xosé Vázquez Pintor resultou gañadora do premio Vicente Risco 2007, unha novela que trata o amor lésbico. Tamén se recolle o fallo do premio Terra de Melide, dotado con seis mil euros e a publicación por Xerais, que recaeu no thriller *A lúa dos Everglades*, de Xesús Manuel Marcos, que trata o tema da emigración galega, e da que se salienta o carácter urbano e o traballo de documentación.

Certame de narrativa "Gonzalo **Torrente Ballester**"

Certame instituído pola Deputación Provincial da Coruña no ano 1989 como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester e coa intención de contribuír a reforzar a calidade creativa dos escritores. Dotado dende a décimo cuarta convocatoria con 25.000 euros, a cantidade máis alta concedida nun premio galego, e a publicación da obra. Os orixinais poden estar escritos en galego ou en castelán e deben presentarse por duplicado, numerados e en tamaño DIN-A4, escritos por unha cara a dobre espazo e acompañados de plica, na que se fará constar o nome, apelidos e nacionalidade do autor. Os traballos, de tema e extensión libres, enviaranse á

Deputación Provincial (Avda. Alférez Provisional, s/n 15006 A Coruña) antes do 1 de xullo. Na edición de 2007 o xurado estivo presidido polo titular da Deputación de A Coruña, Salvador Fernández Moreda, a deputada responsábel da área de Cultura Caridad González Cerviño (ambos os dous sen voto), e os críticos literarios Mercedes Monmany e Antonio Simón (comisarios do premio), Ángel Basanta (portavoz), Amalia Iglesias, José Manuel Pozuelo Yvancos, José A. Ponte e José María Paz Gago, e o escritor Ignacio Martínez de Pisón. Tras a recepción de trescentos orixinais, vintetrés dos cales eran en galego e douscentos setenta e tres en castelán, procedentes de vinte e dous países, resultou elixida, por unanimidade, como obra gañadora *A choiva do mundo*, do avogado Xosé Manuel Pacho Blanco (Ourense, 1974).

Referencias varias:

- Albino Mallo, "Convocadas as novas edicións dos seis premios culturais da Deputación", *El Correo Gallego*, "Cultura", 16 febreiro 2007, p. 75.

Informa da presentación, por parte da Deputación da Coruña, das bases e contidos dos diversos premios de promoción cultural que convoca, entre eles, o XIII Premio de Teatro Rafael Dieste e o XIX Premio de Narrativa Torrente Ballester. Celestino Poza, responsábel da área de Cultura da entidade, incidiu no compromiso da Deputación co fomento da creación literaria.

- Albino Mallo, "Un lugar sin culpa', de José Mª Merino, aborda a recreación do paraíso", *El Correo Gallego*, "Cultura", 9 maio 2007, p. 76.

Anúnciase o acto de presentación da publicación, na editorial Alfaguara, da novela *Un lugar sin culpa*, de José María Merino, gañadora do premio Torrente Ballester 2006, dotado con vinte e cinco mil euros. Tamén se recollen o argumento da obra e datos biográficos do autor. Para finalizar, Salvador Fernández Moreda, Presidente da Diputación da Coruña, salienta a importancia deste premio no panorama español e a variedade do xurado e a independencia en relación ás editoriais.

- Albino Mallo, "A choiva do mundo', de Pacho Blanco, faise co XIX Torrente Ballester", *El Correo Gallego*, "Cultura", 16 novembro 2007, p. 68.

Informa da entrega do premio a Xosé Manuel Pacho Blanco pola súa obra *A choiva do mundo*. Salienta que se trata da primeira novela deste avogado e profesor de dereito e que supón unha aposta literaria de vangarda. Finaliza coa indicación de que nesta ocasión foron trescentos traballos presentados ao certame, dos que vintetrés estaban en galego e douscentos setenta e tres en castelán.

- Gemma Malvido, "José Manuel Pacho gaña o premio Torrente Ballester de Narrativa", *La Opinión*, "A Coruña", " Ciudad y cultura", 16 novembro 2007, p. 14.

Comunica a concesión do premio ao avogado ourensán José Manuel Pacho. Por un lado, salienta que se trata da primeira novela que escribe e, a seguir, refire o argumento da obra gañadora, *A choiva do mundo*. Explica que é un premio que concede a Deputación da Coruña e que consiste en vinte e cinco mil euros. Para finalizar, anuncia

a organización dunha mesa redonda baixo o título *Autorretrato de escritor (vida e ficción na literatura dos nosos días)*.

- Mar Mato, "Seguimos a escribir como Lorca e Faulkner facían hai 70 anos", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 16 novembro 2007, p. 43.

Entrevista a Xosé Manuel Pacho a raíz da concesión do premio á súa obra *A choiva do mundo*. As preguntas xiran en torno a como se sente despois de recibir o galardón, ás dificultades de ser escritor no noso país, á mestura de xéneros da obra galardoada, aos temas, ao trasfondo da novela e aos novos proxectos deste autor.

- Marta García Márquez, "A choiva do mundo' gaña a 19 edición do 'Torrente Ballester", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 16 novembro 2007, p. 14.

Informa da concesión da XIX edición do premio Torrente Ballester a Xosé Manuel Pacho Blanco pola obra *A choiva do mundo*. Sinala a profesión do autor e salienta que se presentaron trescentas obras a este certame. Tamén destaca a mestura de xéneros que conforman a obra galardoada.

- Paola Obelleiro, "Un avogado de Ourense gaña o Torrente Ballester", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 novembro 2007, p. 10.

Dá conta da concesión do premio á obra *A choiva do mundo*, de Xosé Manuel Pacho Blanco e salienta o carácter vangardista do volume galardoado e o galego cosmopolita empregado. A continuación, comenta a contía económica do galardón e ofrece unha breve biografía do autor gañador.

- Xulio Valcárcel, "Acontecementos literarios", *El Ideal Gallego*, "Páxina literaria", 25 novembro 2007, p. 4.

Dá conta dalgunhas actividades literarias realizadas, salientando a publicación da novela de Rexina Vega, *Cardume*, na que a escritora "reivindica a memoria como entidade presente" a partir do tema da Guerra Civil e describe algunhas características da novela. De seguido, destaca a presentación na Galería Sargadelos do libro de Xabier Correa Corredoira, *Pintor por Italia*. Por último, fai referencia aos actos do Premio Torrente Ballester en Ferrol e pide atención para as novas publicacións que verán a luz recentemente.

Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da **Universidade de Santiago**: concurso de relatos

Certame convocado pola Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela sobre tema libre e escrito en galego ou castelán, ao que poden concorrer todos os membros desta asociación. O relato terá un máximo de sete folios, que se presentarán por triplicado, mecanografados a dobre espazo en DIN-A4 e a unha cara, con tipo 12 de Times New Roman. Os traballos enviaranse por correo certificado á sede da Asociación de Antigos Alumnos: Casa de la Concha, rúa de la Conga, 1, 15704 Santiago de Compostela. Os relatos presentaranse necesariamente con seudónimo, acompañando a tal fin un sobre pechado, en cuxo exterior figure o seudónimo e no

interior daquel unha folla co nome e apelidos, enderezo, número de teléfono e dirección de correo electrónico do autor. A Asociación resérvase a facultade de editar as narracións como estime oportuno, que quedarán en poder da institución convocante, sen que os autores teñan dereito a compensación económica algunha. O xurado estará composto por persoas entendidads na materia e poderá declarar deserto o premio, sendo a súa decisión inapelábel a todos os efectos. O premio será unha figura da colección Alba da Groria de Castelao, realizada por Sargadelos, e un premio en metálico de 300 euros.

Referencias varias:

- C. P., "Isabel Mancebo: 'É un premio menor, pero dáme ánimos para seguir e lograr publicar algo", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "A pie de calle", 5 decembro, 2007, p. L12.

En primeiro lugar, dá conta da adxudicación dun premio do concurso de relatos convocado pola Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago a Isabel Mancebo. A continuación, realízaselle unha entrevista á galardoada, que confesa que é o seu primeiro premio. A autora fala do seu relato gañador, "Manual da mitoloxía da fertilidade moderna", e afirma que as cuestións de xénero están presentes tamén no seu labor xornalístico.

Certame Literario de Relatos Curtos "**Os Viadutos**"

Organizado pola Concellaría de Xuventuve do concello de Redondela, o certame está dirixido a persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos. As obras deberán ser inéditas e escritas en galego, de tema libre e cunha extensión mínima de dez folios e máxima de quince. Os orixinais deberán presentarse antes do 17 de abril de 2007 no rexistro de entrada do Concello ou por correo certificado á Concellería de Xuventude (rúa Alfonso XII, 2, 36800 Redondela). No interior deberán incluírse catro copias sen asinar e encabezadas polo título do relato e seudónimo e nun sobre pechado, os datos do autor e unha fotocopia do DNI. Estabeleceuse un primeiro premio de 1.202,02 euros e un segundo de 601,01 e o fallo do xurado fíxose público o día 24 de maio. Os relatos premiados serán publicados nun libro pola Editorial Xerais. Nesta edición de 2007 o xurado premiou co primeiro premio ao coruñés Iván García Campos, coa obra "O camiño das formigas", e co segundo posto a Xerardo Neira, colaborador do xornal *Galicia Hoxe*, con "A orella de Jenkins". Tamén se concedeu un accésit a Carlos Calvo, pola súa obra "A selva do calidoscopio".

Referencias varias:

- Antonio Pinacho, "Relatos cortos con contenido largo", *Faro de Vigo*, "Redondela/Área Metropolitana", 8 marzo 2007, p. 18.

Infórmase da publicación dun libro, na editorial Xerais, que recolle os relatos premiados na sétima edición do certame, na que resultou gañadora a ourensana Susana Pereira, coa obra "Case feliz", que trata o tema das drogas; e en segundo lugar Zeltia Regueiro

Fuentes, con "A mentira do espello", no que trata a anorexia. Dise que o director da editorial salientou a calidade de todos os traballos presentados e que se editaron cincocentos exemplares que se distribuirán nas bibliotecas e centros escolares do concello. Finalmente recóllense as bases da oitava edición.

- Carlos Fernández, "El certamen literario 'Os Viaductos' de Redondela alcanza su VIII edición", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Vigo/Provincia", 8 marzo 2007, p. 29.

Dáse conta da presentación do certame por parte de Laura Lago Aller, Concelleira de Xuventude, en compaña de Manuel Bragado, director da Editorial Xerais, e de Susana Pereira, gañadora da pasada edición. Bragado salienta este certame como "un referente do relato curto máis innovador". Finalmente lémbranse as bases de presentación dos relatos e as contías dos premios.

Premio "**Vicente Risco**" de Creación Literaria

En 1999 o Concello de Ourense, a Fundación Vicente Risco e a Editorial Sotelo Blanco, convocaron por primeira vez este premio, concibido como homenaxe á memoria de Vicente Martínez-Risco e do seu fillo Antón Martínez-Risco, para premiar a mellor obra de literatura fantástica do ámbito galego. En anteriores edicións o premio denominábase Premio "Risco" de Literatura Fantástica. Está dotado con 6.000 euros e a publicación do texto. A extensión dos traballos, inéditos e redactados na normativa vixente, será duns 30.000 caracteres (cento cincuenta folios aproximadamente), e máxima de 300. Os orixinais presentaranse por sextuplicado, en soporte de papel (tamaño DIN-A4), mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo, e baixo lema. Deben adxuntar en sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono da persoa que concorre ao premio, así como o título definitivo da súa obra e enviarse ao Rexistro Municipal do Concello de Ourense antes do 5 de xaneiro de cada ano. O xurado está composto por cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura, unha das cales é elixida polo Concello para actuar como presidente. Nesta sétima edición de 2007 o xurado, estivo composto por Xurxo Sierra, Ánxela Gracián, Anxo Tarrío, Camiño Noia, Xulio García Golpe, Dolores González e José Araujo. O fallo do xurado deuse a coñecer o 1 de xuño. De entre as trece creacións literarias presentadas, a obra que resultou gañadora foi *Lira*, de Xosé Vázquez Pintor, baixo o seudónimo Vultureira.

Referencias varias:

- LR, "Xosé Vázquez Pintor gana el premio Risco por una novela 'de gran carga poética", *La Región*, "Ourense", 2 xuño 2007, p. 5.

Dáse conta da composición e da resolución do xurado da oitava edición do premio Vicente Risco que acordou, por maioría, dar o primeiro premio á novela *Lira*, de Xosé Vázquez Pintor. O xurado salientou a "imaxinación literaria, o xogo de temporalidades, os diálogos coa tradición literaria, a gran carga poética, a presenza do mundo dos sentidos e o achegamento a unha sexualidade minoritaria". Finalmente dise que a novela *Muros de Aire* resultou finalista.

- Belén López, “En defensa das namoradas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 3 xuño 2007, p. 84.

Entrevista a Xosé Vázquez Pintor, con motivo de acadar o premio Vicente Risco coa novela *Lira* que aborda o mundo lésbico, na que o autor fala do proceso de creación da obra, da temática, da conexión da novela co poemario *Rotación violeta* (1995), da ousadía de escribir sobre un tema tabú e do seu argumento.

- César Lorenzo Gil, “Vázquez Pintor, premio ‘Vicente Risco’ por unha novela ao redor do lesbianismo”, *A Nosa Terra*, n.º 1.271, 7-13 xuño 2007, p. 28.

Infórmase de que *Lira*, de Xosé Vázquez Pintor, novela que trata do amor lésbico, resultou gañadora do premio Vicente Risco 2007, dotado con 6000 euros, e que será publicada na editorial Sotelo Blanco. Dise que a novela pecha un ciclo iniciado co poemario *Banzados* e *Os vellos oficios*. Tamén se recolle o fallo do premio Terra de Melide, dotado con 6000 euros e a publicación por Xerais, que recaeu no thriller *A lúa dos Everglades*, de Xesús Manuel Marcos, que trata o tema da emigración galega, e da que se salienta o carácter urbano e o traballo de documentación.

Premio “**Xerais**” de novela

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984. Os orixinais, por sextuplicado e mecanografados a dobre espazo, teñen que presentarse nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (Dr. Marañón, 12, 36211 Vigo), baixo lema e plica. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudosos da literatura, pero a partir de 1988, coa introdución do lema “A forza dos lectores”, faise unha selección de cinco membros entre lectores en xeral, que o compoñen xunto a un secretario con voz e sen voto, que representa á editorial. Poden concorrer autores de calquera nacionalidade que presenten os textos inéditos e orixinais en lingua galega, seguindo a normativa vixente. Edicións Xerais de Galicia resérvase os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que está dotado con 25.000 euros, comprométese a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos e recibirá gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. Nesta edición de 2007 presentáronse vinte e catro orixinais e o xurado estivo composto por Lara Rozados, Abe Rábade, Xosé Lois Vilar, Xurxo Patiño, Belén Alonso e Fran Alonso. O prazo de entrega dos traballos foi até o 7 de abril e o fallo anunciouse o 9 de xuño no seo dun acto literario-musical que contou posteriormente coa celebración dunha romaría nas Illas de San Simón. A novela premiada foi *Cardume*, de Rexina Vega.

Referencias varias:

- maré, “Xerais resolve o sábado en San Simón os seus galardóns”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Cea das letras”, 5 xuño 2007, p. 33.

Breve referencia ás obras finalistas dos premios convocados por Xerais: Xerais de Novela, Merlín e Fundación Caixa Galicia.

- V. Oliveira, "San Simón ten valor literario e cívico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Premios", 6 xuño 2007, p. 27.

Dáse conta da importancia deste premio ,que xa se convoca dende que hai vintetrés anos (1984) o puxera en marcha Luís Mariño, daquela director da editorial. Tamén se citan o premio Merlín de Literatura Infantil, creado en 1986, e o Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, creado no ano 2006. Fálase do esforzo realizado polo novo director, Manuel Bragado e danse notas biográficas deste director, quen tomou a decisión de levar os premios á Illa de San Simón como unha "forma bonita de reivindicar o valor literario e cívico da Illa". Anúncianse os actos que se van a realizar, saliéntanse a importante participación nos tres premios e finalmente o director da editora Vigosa refírese a Culturgal desexando que sexa cada vez máis atractiva en todas as súas actividades.

- Mar Mato, "A vida despois do Xerais", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", "Literatura supervendas", 9 xuño 2007, p. 50.

Anúnciase que neste día se vai fallar este premio na illa de San Simón ademais do Merlín (7.500 euros). Coméntase que este galardón mudará a carreira do premiado, como ocorreu con, por exemplo Teresa Moure, galardoada no ano 2005; Manuel Seixas, galardoado en 1996; Xosé Miranda que o mereceu en 1998; e An Alfaya que mereceu o Merlín en 1997. Estes escritores explican cómo o premio lles cambia a vida literaria.

- Mar Mato, "Unha filóloga viguesa, gañadora do Xerais", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 10 xuño 2007, p. 49.

Da conta da entrega á filologa viguesa, Rexina Vega, do premio Xerais de Novela e de que o Merlín foi para Carlos López e o Fundación Caixa Galicia para An Alfaya. Coméntase o argumento de *Cardume* e dise que Rexina Vega foi a cuarta muller que gaña este premio. A gañadora ao recibilo, segundo di a comentarista, valeuse dunha lingua "poética e metafórica" para retratar a súa obra na que di quixo facer "xustiza poética a Urbano Rodríguez Moledo, dramaturgo vencellado ás Irmandades da fala e fusilado no 36".

- Jorge Lamas, "A filóloga Rexina Vega logra o Xerais coa súa primeira novela", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 xuño 2007, p.54.

Recolle a nova da entrega dos premios Xerais de Novela, Merlín e Fundación Caixa Galicia, salientando que a autora gañadora dos Xerais sexa unha novel, especialista na obra de Cunqueiro, sobre quen realizou un traballo que mereceu hai anos o premio Carballo Calero de investigación. Dá unhas breves notas das obras galardoadas e dise oa cto de entrega dos premios realizouse na illa de San Simón. Acolle dúas breves entrevistas, unha con Rexina Vega quen fala de que pasou do lado da crítica ao lado da creación, que aínda non leu *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas, e polo tanto non considera que a súa obra sexa unha resposta viguesa á de Rivas, e salienta o protagonismo da cidade de Vigo; Carlos López, o autor da obra galardoada co premio Merlín, salta á literatura dende o humor gráfico, manifesta a súa emoción por recibir o

seu premio, comenta brevemente a súa obra *Minimaladas* e considera que escribir para nenos é moi difícil e fai un xogo cos nomes do grupo ao que pertence, Pinto&Chinto, para rematar falando da súa profesión como humorista gráfico.

- Óscar Iglesias, "Rexina Vega gana el Xerais con una obra contada por una nieta de la Guerra", *El País*, "*Galicia*", 10 xuño 2007, p. 42.

Comeza referíndose a que o primeiro experimento literario de Rexina Vega mereceu este premio. Dá noticia do xurado, de que o acto de entrega foi amenizado por Teresa Moure, fala da traxectoria da galardoada no ámbito da investigación e a crítica literaria e comenta brevemente a obra *Cardume*. Recolle algunhas declaracións da autora sobre o feito de que esta obra se centre na Guerra Civil e, finalmente, refírese aos outros galardoados dando unhas pequenas notas biográficas de cada un.

- maré, "Unha illa de palabras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Escrita", 10 xuño 2007, p. 29.

Dáse conta das obras galardoadas nos premios de Edicións Xerias de Galicia que foron entregados na illa de San Simón, presentados por Celia Torres e baixo o mantemento de Teresa Moure. Danse unhas breves notas sobre as obras galardoadas: *Cardume* (Premio Xerais de Novela), de R. Vega, *Minimaladas* (premio Merlín), de Carlos López Gómez, e *Illa Soidade* (Premio Fundación Caixa Galicia), de An Alfaya. Recóllense algunhas das palabras pronunciadas por a mantedora do acto, Teresa Moure.

- Belén López, "Esta novela está plantexada como se fose unha cerimonia de 'ouija", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", "Entrevista", 13 xuño 2007, p. 83.

Entrevista coa gañadora deste premio na que se comenta a sorpresa da autora galardoada, o que supón o galardón, que comenta ven despois de moitos anos de traballo, cómo foi o proceso de creación de *Cardume*, que se pode considerar como autobiografía de ficción. Fálase do personaxe principal, sobre quen a investigadora vai facer un estudo sobre a súa obra dramática e poética, e reivindica a memoria nun momento en que parece que algúns intelectuais abogan pola amnesia.

- V. Oliveira, "A pegada da guerra é a nosa memoria", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Obras", 13 xuño 2007, p. 28/ "Rexina Vega: 'A pegada da Guerra Civil é a nosa memoria", *El Correo Gallego*, "Cultura", 13 xuño 2007, p. 76.

Nestes dous traballos fálase do discurso de Teresa Moure como mantedora deste premio, no que lembra unhas palabras de María Xosé Queizán "escribimos para darnos a luz e darnos luz", pois considera que Rexina Vega seguiu esta reflexión ao pé da letra. Fánse comentarios sobre *Cardume*, salientando a figura de Urbano Rodríguez Moledo. Tamén se acollen as palabras de alegría da galardoada.

- A.N.T., "Rexina Vega, An Alfaia e Carlos López gañan os premios 'Xerais", *A Nosa Terra*, n.º 1.272, "Cultura", 14-20 xuño 2007, p. 24.

Saliéntase que a illa de San Simón volveu acoller o acto de entrega dos premios Xerais de literatura. Faise un comentario extenso das obras galardoadas e acóllese o traballo

presentado por Teresa Moure como mantedora do acto. De todos os protagonistas, ofrécense algunhas notas biográficas e tamén declaracións.

- Dolores Vilavedra, "O Xerais volve sorprender", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 15 xuño 2007, p. 55.

Fai un percorrido por varias das obras que mereceron algúns dos premios Xerais, que considera, conseguiron sorprender e ofrecer "un chisco de emoción a esta nosa literatura, tan proclive á institucionalización". Salienta do Xerais de novela, *Crimen en Compostela*, *Galván en Saor*, *Morning Star* e agora Rexina Vega; do premio Merlín, *Expedición do Pacífico* e *Fafarraios*. De todas as obras ofrece uns trazos que salienta como innovadores. Remata referíndose á idea de Manuel Bragado de pasar o fallo dos premios á illa de San Simón, convocar só o Merlín para o público máis novo e crear o premio Fundación Caixa Galicia para a literatura xuvenil e salientando que non se pode escribir a historia dos últimos tempos da literatura galega sen contar coas achegas dos premios Xerais.

- R.S., "El sufrimiento disminuye en favor del placer en la escritura de ficción", *Atlántico Diario*, "Vigo", 17 xuño 2007, p. 33.

Acolle unha entrevista á gañadora deste premio. Nela a autora Rexina Vega fala das razóns que a levaron á escritura, da súa experiencia anterior, as razóns da elección da historia e do espazo no que se desenvolve (Vigo nos anos 20-30), opina sobre quen cree que remover a memoria histórica é perxudicial e dos documentos procesais que están sen ver a luz, da súa actividade como traductora, dos seus autores favoritos, porqué recomenda a Cunqueiro, da polémica sobre bilingüismo e, finalmente, de que está a facer unha nova obra.

- Anxa Correa, "Esta obra é unha necesidade de resucitar mortos", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 18 xuño 2007, p. 63.

Entrevista con Rexina Vega, gañadora deste premio, na que contesta a preguntas como se foi primeiro a investigación ou a novela, porqué elixiu Vigo como espazo da súa obra, sobre cantas novelas farán falla para curar as feridas da Guerra Civil, que ten de distinta a súa obra, se considera na súa obra algunha pegada de Álvaro Cunqueiro, se considera que o darlle o premio á súa primeira novela reflicte que se precisa unha mellor frescura na narrativa para finalizar dicindo que pensa seguir esta vía como resposta a se naceu unha nova novelista.

- Ramón Nicolás, "Fiesta en la ría de Vigo", *Qué leer*, "Letras gallegas", n.º 123, xullo-agosto 2007, p. 32.

Céntrase na celebración dos premios Xerais na illa de San Simón en Vigo. Explícase que Teresa Moure foi a encargada de ler o discurso titulado "O carácter revolucionario da escrita e da palabra" e que foron galardoados: Carlos López, membro do dúo de humoristas gráficos Pinto & Chinto, co Premio Merlín de Literatura Infantil pola obra *Minimaladas*, An Alfaya con *Illa soidade* levou o Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, e Rexina Vega, o Premio de Novela con *Cardume.* Indícase que outros premios e premiados foron Xesús Manuel Marcos que conseguiu o Premio Terra de Melide coa obra *A lúa dos Everglades*, Agustín Fernández Paz con *Os corredores de*

sombras e Breogán Riveiro con *Tonecho de Rebordechao*, que conseguiron o premio de Literatura Infantil Frei Martín Sarmiento. Nicolás tamén fai referencia a algúns títulos representativos como a novela *Con ollos de neno*, de Pere Tobaruela; a obra teatral *Comedia bífida*, de Núñez Singala; e *Derradeiras conversas co capitán*, de Oriana Méndez.

- Manuel Vidal Villaverde, "Cos ollos postos no Oeste", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 369, "Musas", 9 setembro 2007, p. 43.

A profesora, escritora e ensaísta nada en Vigo, Rexina Rodríguez Vega, amosa nesta entrevista o pracer que reporta a literatura, todo sen excepción. Comenta que por iso escribe en diversos xéneros, como novela, polo que hai pouco obtivo o Premio Xerais de Novela, e como poesía, aínda que en ocasións necesarias.

- Camilo Franco, "Sempre quixen ser miliciana", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 10 novembro 2007, p. 50.

Recolle unha entrevista realizada a Rexina Vega, gañadora do Premio Xerais coa obra *Cardume*, na que fala do conflito bélico e do proceso de reescribir a memoria, da situación extrema da guerra que obliga a posicionarse moralmente, da necesidade actual da elaboración da memoria histórica e do fenómeno de emerxencia da literatura de muller. Di que reivindica a marxinalidade e a diferenza e que o sexo é "máis unha cuestión cultural que biolóxica". Tamén se recollen ambas entrevistas a An Alfaya, gañadora do premio Fundación Caixa Galicia por *Illa soidade*, e a Carlos López, gañador do Merlín con *Minimaladas* nas que falan dos argumentos das obras e das dificultades de escribir para nenos e adolescentes.

- Xulio Valcárcel, "Acontecementos literarios", *El Ideal Gallego*, "Páxina literaria", 25 novembro 2007, p. 4.

Dá conta dalgunhas actividades literarias realizadas, salientando a publicación da novela de Rexina Vega, *Cardume*, na que a escritora "reivindica a memoria como entidade presente" a partir do tema da Guerra Civil e describe algunhas características da novela. De seguido, destaca a presentación na Galería Sargadelos do libro de Xabier Correa Corredoira, *Pintor por Italia*. Por último, fai referencia aos actos do Premio Torrente Ballester en Ferrol e pide atención para as novas publicacións que verán a luz recentemente.

- Xosé Carlos Caneiro, "Felicidades, Xerais", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº. 239, 1 decembro 2007, p. 11.

Loa o traballo da Editorial Xerais e, principalmente, a convocatoria dos seus tres premios literarios. Comenta que no 2007 os libros gañadores foron *Minimaladas*, de Carlos López; *Illa Soidade*, de An Alfaya; e *Cardume*, de Rexina Vega.

X.2. POESÍA

Certame de Poesía "**Aurelio Aguirre**"

Organizado polo Concello de Santiago de Compostela para celebrar, xunto co VI Certame literario "José Saramago" de relato curto, o cento corenta e nove aniversario do Banquete de Conxo. Ambos os premios teñen dende 2006 unha contía de 500 euros, sendo anteriormente de 300 euros. Poderán participar tódalas persoas maiores de catorce anos e residentes en Galicia. O tema dos orixinais é libre e pode presentarse indistintamente en lingua galega ou castelá. Só pode entregarse por autor un poema que terá unha extensión de entre cincuenta e cen versos. O enderezo ao que hai que enviar os traballos é o rexistro Xeral do Concello de Santiago, R/ Presidente Salvador Allende, 4, baixo. A galardoada nesta edición de 2007 foi Emma Pedreira pola súa obra "Juárez".

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "Miradas furtivas", *Galicia Hoxe*, "A bailarina", 8 abril 2007, p. 16.

Entre outros comentarios fálase da visita de Emma Pedreira que recolleu o premio de poesía "Aurelio Aguirre" pola obra "Juárez". Sinálase que tamén se entregan no mesmo acto o premio José Saramago.

Premio de poesía "**Avelina Valladares**"

Convocado anualmente polo Concello da Estrada, xunto coa Asociación de Amas de Casa e Consumidores, para contribuír á difusión da lírica galega, valorar o traballo dos poetas, descubrir novos valores, perseverar o cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra da poeta estradense Avelina Valladares, precursora, xunto ao seu irmán Marcial Valladares, do cultivo literario da lingua galega no século XIX. Os textos, en galego e inéditos, serán presentados baixo lema por cuadriplicado, con liberdade de tema e forma, contando cun mínimo de cento cincuenta versos e un máximo de catrocentos. Deben remitirse ao seguinte enderezo: Excmo. Concello da Estrada, Praza da Constitución s/n, 36680 A Estrada (Pontevedra) na data marcada en cada convocatoria. Con cada orixinal entregarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor. O premio, cunha dotación de 1.500 euros, é indivisíbel e poderá ser declarado deserto. Nesta edición de 2007 o xurado estivo formado por Xosé Luna, María Xesús Nogueira, Noni Araújo e Miguel Outeiro. A gañadora do premio foi María Lado Vilariño pola súa obra *Nove*.

Referencias varias:

- D.P., "María Lado Lariño gana el premio de poesía Avelina Valladares", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", 5 maio 2007, p. 84.

Dise que a décima edición do Premio de Poesía Avelina Valladares foi fallado na víspera e indícase que a gañadora foi María Lado Vilariño co título *Nove*. Sinálase a contía deste galardón e o día no que será entregado. Coméntase que o xurado tivo que elixir entre corenta e nove traballos.

Premio de poesía "**Bouza Brey**"

Certame de carácter bianual convocado polo Concello de Vilagarcía de Arousa dende o ano 2001 como homenaxe á figura de Fermín Bouza Brey. Os traballos poéticos, inéditos e en lingua galega, terán unha extensión mínima de catrocentos versos. Serán enviados mecanografados por quintuplicado e sen remite ao Concello de Vilagarcía de Arousa. Deben levar un lema que figurará no exterior do sobre, dentro do que se incluirán os datos persoais, o enderezo e o teléfono de contacto. Hai un único premio de carácter indivisíbel e dotado con 3.000 euros e a publicación da obra. O xurado está composto por persoeiros destacados dentro do campo da poesía e da cultura galegas; é designado polo Concello e resérvaselle o dereito da obra premiada. Nesta edición de 2007 as propostas tiveron que ser entregadas antes do 30 de marzo e o fallo do xurado, composto por Gonzalo Bouza-Brey Villar (presidente), Fermín Bouza Álvarez, Miguel Anxo Fernán Vello, Xosé María Álvarez Cáccamo e Camilo Franco Iglesias, foi dado a coñecer o 12 de maio. No 2007 presentáronse un total de quince composicións de entre as que resultou gañadora *A árbore seca*, de David Souto Alcalde.

Referencias varias:

- E. P., "O poeta novel David Souto gaña o Fermín Bouza Brei", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 maio 2007, p. 30.

Infórmase de que o gañador da IV edición do Premio Fermín Bouza Brey foi o vilagarcián David Souto Alcalde.

Premio de poesía "**Caixanova**"

Naceu, froito dun convenio entre a entidade bancaria Caixanova e o PEN Clube de Galicia, no ano 2002 co obxectivo de impulsar a edición de poesía en galego. Poden concorrer a el todos os poetas que o desexen presentando unha soa obra escrita en lingua galega segundo a normativa vixente e non menor a seiscentos versos. O premio é indivisíbel e está dotado con 12.000 euros e a publicación da obra gañadora na colección "Arte de Trobar", coeditada por Caixanova e o PEN Clube de Galicia. Os traballos presentados teñen que ser inéditos, terán unha extensión mínima de seiscentos versos e enviaranse por quintuplicado, mecanografadas a dobre espazo e baixo lema e plica a Departamento de Obras Sociais de Caixanova (Centro Social Caixanova, Avda. Policarpo Sanz, 24-26, 36201, Vigo). Na edición de 2007 o xurado, formado por Luís González Tosar, Marilar Aleixandre, gañadora da V edición deste premio, Dolores Sánchez Palomino, Bieito Arias Freixedo e Xosé Manuel Salgado Rodríguez, decidiu premiar a Carlos Penela pola obra *Sombras, rosas, sombras*.

Referencias varias:

- A.S., "O mozo vigués Carlos Penela gaña o VI Premio de Poesía Caixanova", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 12 decembro 2007, p. 4.

Dise que Carlos Penela obtivo o VI Premio de Poesía Caixanova pola obra *Sombras, rosas, sombras* e recolle as palabras do director de entidade financeira, Julio Fernández Gayoso, do presidente do PEN Clube de Galicia, Luís González Tosar e do membro do xurado e profesor da Universidade de Vigo, Bieito Arias nas que falan maioritariamente das virtudes da obra seleccionada. Logo, anúnciase que o texto publicarase na colección de poesía editada por Caixanova, en colaboración co PEN, "Arte de Trobar", da que se presentou no mesmo evento, *Astro interior*, de Miguel Anxo Fernán Vello.

- Teresa Cuíñas, "Carlos Penela gana el premio Caixanova de poesía", *El País*, "Galicia", 12 decembro 2007, p. 79.

Comenta a entrega do VI Premio de Poesía Caixanova a Carlos Penela pola obra *Sombras, rosas, sombras*, entre outros factores, pola madurez estética que presenta. A seguir informa de que a obra premiada será publicada na colección 'Arte de Trobar', editada por Caixanova e o Pen Clube de Galicia.

- V. Oliveira, "A identidade, a linguaxe e o exilio, temas de Carlos Penela", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 decembro 2007, p. 28.

Ademais de citarse as obras de Carlos Penela, a maioría das cales foron premiadas ao igual que *Sombras, rosas, sombras* que recibiu o Premio de Poesía Caixanova, explícasenos a temática e a orixe do título. Dise que é un libro que trata o exilio, o illamento da linguaxe poética e a procura da propia identidade e que moitos versos naceron da inspiración xurdida por un verso da poeta austríaca Ingeborg Bachmann que deu lugar tamén ao título da obra.

- V. Oliveira, "O enigma Swedenborg", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 decembro 2007, p. 29.

Baixo o lema Swedenborg (filósofo e científico sueco do século XVIII que lle descubriu Borges), Carlos Penela presentou *Sombras, rosas sombras* ao último Premio Caixanova de Poesía saíndo triunfante. Explícase como o título do poemario provén duns versos da austríaca Ingeborg Bachmann. Dise que "O verso descifra algo do sentido do libro que inclúe unha reflexión sobre os exilios, o illamento da linguaxe e a procura da propia identidade". Ademais, a súa emigración á capital austríaca tamén deixou pegada nesta obra que se presenta como o peche dunha etapa composta por outros tres poemarios tamén galardoados (*As linhages do frío*, *Acaso o inverno* e *O que ardeu nos espellos*). Destaca que, dado que entende a literatura como algo individual, prefire o "anonimato literario" e que, pese a vivir en Viena, non vai cambiar o seu idioma. Fálase tamén dos autores polos que sente certo interese como Álvaro Cunqueiro, Xosé Luís Méndez Ferrín e Xosé María Álvarez Cáccamo.

- Lara Rozados Lorenzo, "Carlos Penela 'O escritor debe compensar a erosión do idioma", *A Nosa Terra*, n.º 1.291, "Cultura", 28 decembro 2007-3 xaneiro 2008, p. 21.

Infórmanos do novo libro de Carlos Penela que acaba de gañar o premio de poesía Caixanova. *Sombras, rosas, sombras* é o título inspirado nun poema de Ingeborg Bachmann cuxa beleza chegou a obsesionar ao seu autor. Recóllense as súas verbas: "Serviume de excusa para ir artellando o libro en función do que ese poemiña me suxería: certa noción de exilio, ou exilios, do alleamento da identidade, da tensión da

linguaxe", temas que aparecen nesta obra. A entrevista dá resposta tamén ás principais influencias deste escritor así como das súas escollas lingüísticas onde Penela asegura que o galego-portugués é un idioma con máis recursos dos que moitas veces os propios escritores cren.

Premio de Poesía "**Cidade de Ourense**"

Premio convocado pola Concellería de Cultura do Concello de Ourense dende 1980 no que poden participar persoas de calquera nacionalidade sempre que os traballos se presenten en galego ou portugués, sexan orixinais e inéditos e conten cun mínimo de seiscentos versos. Deben presentarse mecanografados a dobre espazo por unha soa cara en exemplar sextuplicado, grampados, cosidos ou encadernados. Ademais, débese incluír un sobre pechado, lacrado que inclúa o nome, apelidos, número de DNI e enderezo do autor. Todo isto ten que ser entregado no Rexistro do Concello de Ourense directamente ou por correo certificado, facendo constar no sobre que se trata dunha obra dirixida ao certame. Os concursantes de orixe portuguesa poden entregar as súas obras na Cámara Municipal de Vila Real nos mesmos prazos que indica a convocatoria. O concurso está dotado cun único premio de 6.000 euros, unha placa de plata e a publicación da obra. Neste ano 2007 deuse a coñecer o galardoado da anterior convocatoria, á que se presentaron corenta e un traballos. O gañador foi Francisco Fernández Naval polo título *Miño*, presentado baixo o lema "un camiño de río que se curva".

Referencias varias:

- L.R., "Un libro que 'flúe coma o río", *La Región*, "Ciudad", 22 abril 2007, p. 15.

Dise que Francisco Fernández Naval foi o gañador de XXIII edición deste premio. Dise o lema e o título da obra gañadora e dáse conta das partes das que consta o libro. Finalmente, lémbrase que o autor xa gañara en 1980 a primeira edición deste premio por *A fonte abagañada*.

Concurso de Poesía "**Concello de Carral**"

Concurso de poesía organizado polo Concello de Carral dende 1997 ao que poden concorrer autores e autoras maiores de idade, con traballos orixinais e inéditos, cunha extensión mínima de catrocentos versos, escritos en galego e baixo un lema. Está dotado cun único premio de 1200 euros e a publicación da obra gañadora pola editorial Espiral Maior, na súa colección de poesía. Neste edición de 2007 os traballos tiveron que entregarse antes do 17 de marzo e a decisión do xurado, no que tamén se encontraba o galardoado na convocatoria anterior, Isidro Novo, deuse a coñecer na primeira quincena de abril. O gañador foi Xosé Luís Mosquera Camba por *Nadja c'est moi*.

Premio de Poesía "**Espiral Maior**"

Convocado pola editorial Espiral Maior e o club poético do mesmo nome dende 1992

coa intención de abrir canles de publicación para as novas xeracións (menores de trinta e cinco anos) que non tivesen ningún libro editado. Dende a novena edición, o premio abriuse tamén a poetas de calquera idade e con obra publicada. A partir de 2006, este premio dótase con 12.000 euros e a publicación da obra gañadora na colección "Espiral Maior Poesía". Conta tamén co patrocinio de Ámbito Cultural, de El Corte Inglés. Os traballos presentados (por cuadriplicado, mecanografados a dobre espazo e baixo plica e lema) teñen que ter un mínimo de cincocentos versos e ser remitidos a Espiral Maior (Apartado de Correos 192, 15080 A Coruña). Nesta edición de 2007 o ditame do xurado, formado por Xosé María Álvarez Cáccamo, Xavier Rodríguez Baixeras e Miguel Anxo Fernán Vello, fíxose público o 24 de xullo. De entre os cento sesenta traballos presentados nesta edición, mereceu o premio Yolanda Castaño pola obra *Profundidade de campo*.

Referencias varias:

- maré, "Espiral Maior convoca a XV edición do seu premio de poesía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 xuño 2007, p. 30.

Infórmase da convocatoria da XV edición deste premio. Dáse conta da dotación económica, dos requisitos que se deben cumprir, entre outros datos.

- maré, "Hoxe dáse a coñecer na Coruña o XV Espiral Maior de Poesía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 xullo 2007, p. 30.

Dise que nese día se dará a coñecer o gañador do XV Premio de Poesía Espiral Maior. Coméntase que nesta ocasión se presentaron cento sesenta e un libros orixinais de Galicia, Portugal, Brasil, Madrid ou Barcelona. Coméntase que a dotación económica de 12. 000 euros está acompañada da publicación na colección "Espiral Maior" cunha tiraxe de 2.000 exemplares.

Premio "**Esquío**" de Poesía

Dende 1980 este premio foi convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol. A partir de 2007 a Fundación Caixa Galicia retirou o seu patrocinio, polo que a convocatoria corre a cargo da Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol. Neste certame estabelécense dous premios indivisíbeis de 9.000 euros con cadanseu accésit de 1.500 euros para traballos presentados en lingua galega e castelá, respectivamente. Poden concorrer poetas nacionais e estranxeiros, sempre e cando os orixinais estean escritos en calquera dos idiomas citados. Cada premio ou accésit adxudícase a un libro de poemas con tema libre e extensión mínima de cincocentos versos. Os orixinais teñen que ser inéditos e non premiados noutro certame. Até o ano 2007 os traballos, que tiñan que presentarse por cuadruplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica, había que envialos á Fundación Caixa Galicia (Unidade Departamental de Bolsas e Premios, R/ Montero Ríos, 7, 15706 Santiago de Compostela) ou entregararse en man en calquera oficina da Caixa Galicia, mais a partir de 2007 o envío faise á sede da entidade organizadora, Sociedad Artística Ferrolana, apartado de correos 339, 15490, Concello de Ferrol. Ademais, até este ano, indicábase que os textos galardoados eran propiedade dos respectivos autores, a

excepción da primeira edición, que era publicada pola Fundación Caixa Galicia na colección "Esquío de Poesía". O xurado está composto por persoas de recoñecida solvencia nos eidos da crítica literaria ou da creación poética. Na edición de 2007 os traballos tiveron que presentarse antes do 31 de outubro e resultou gañadora Mónica López Bordón por *La alegría atropellada loca*. O acto de entrega tivo lugar o 3 de decembro no Casino Ferrolano.

Referencias varias:

- Vicente Araguas, "Golada", *Diario de Ferrol*, "Miudiño", 18 abril 2007, p. 26.

Comeza falando da próxima celebración do vinte e seis aniversario do Premio Esquío. A seguir, sinala que esta iniciativa da Sociedade Valle-Inclán sempre acolleu o galego e o español deixando que "os dous ríos vaian en paralelo" e que tratou de render homenaxe a don Fernando Esquío. Finalmente, anima a asistir aos actos de celebración do aniversario do Esquío na Golada.

- A. L., "Nun libro, 25 anos do premio Esquío", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 abril 2007, p. 28.

Dise que a Sociedade de Cultura Valle-Inclán, de Ferrol, conmemorará o vinte e cinco aniversario do Premio Esquío de Poesía coa edición de *Poesía viva, poesía pura* (Premio Esquío 1981-2006), obra que se presentará nun acto organizado coa colaboración da Asociación de Amigos dos Pendellos da Golada. Coméntanse algunhas das actividades que terán lugar nese acto, así como se sinalan algúns dos asistentes.

- Raquel Torres, "Fusión de poesía y arquitectura popular: Esquío y Os Pendellos de Agolada", *Diario de Pontevedra*, 22 abril 2007, p. 75.

Infórmase da celebración en Agolada dos vinte e cinco anos dos Premios Esquío. Indícase que foi presentado o libro *Poesía viva, pura poesía* nun acto, dirixido por Vicente Araguas, que contou coa presenza de moitos dos galardoados.

- Rocío Ramos, "Poesía viva en Agolada", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 abril 2007, p. 35.

Infórmase do acto co que a Sociedade de Cultura Valle-Inclán de Ferrol quixo celebrar, aínda que cun ano de atraso o vinte e cinco aniversario do Premio Esquío. Dise que neste acto foi homenaxeada Julia Uceda, galardoada co Nacional de Crítica, e que nel participaron diferentes persoeiros que se nomean. Tamén se sinala que entre outros se presentou o volume *Poesía viva, poesía pura* que acolle a antoloxía dos premios Esquío.

- Luís González Tosar, "Premio Esquío", *Diario de Arousa*, "Opinión", p. 39/*El Progreso*, "Ao raiar o sol", p. 39/*El Ideal Gallego*, "Ao raiar o sol", p. 27, 22 abril 2007.

Loa a iniciativa da Sociedade de Cultura "Valle-Inclán" de Ferrol de celebrar o vixésimo sexto aniversario do Premio Esquío. A seguir, comenta as palabras de Vicente

Araguas na introdución do volume que recolle os galardoados do Esquío baixo o título *Poesía viva, poesía pura*. Finalmente, fala da súa experiencia no certame.

- M.J.R., "El Concello y la Sociedad Valle-Inclán convocan el premio Esquío de poesía", *Diario de Ferrol*, "CGS Ferrol", "Literatura", 1 decembro 2007, p. 12.

Comenta que a Sociedade de Cultura Valle-Inclán vai contar coa colaboración do Concello de Ferrol para institucionalizar o Premio Esquío que, segundo indica, este ano contará cunha dotación de dez mil euros para os gañadores, así como a publicación das obras dentro da colección Esquío. Por último, dá conta das entidades que financian premio: o Concello de Ferrol, a Deputación da Coruña, a Xunta de Galicia e máis a entidade privada La Caixa.

Premio de Poesía "**Eusebio Lorenzo Baleirón**"

Convocado anualmente polo Concello de Dodro para contribuír á reafirmación da lírica galega, tan importante na historia cultural de Galicia, e honrar a memoria do poeta que lle dá nome ao certame. A el poden concorrer todos os poetas que o desexen, sempre que as obras coas que participen estean escritas en lingua galega, sexan orixinais e de temática libre e teñan un mínimo de catrocentos versos. Así mesmo, as obras deben ter un lema, que figurará no exterior da plica, onde se incluirán tamén os datos persoais do autor. Os catro exemplares deben remitirse ao Concello de Dodro. Estabelécese un único e indivisíbel premio de 2.300 euros e a publicación da obra na colección de poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón" de Ediciós do Castro. O Concello de Dodro resérvase os dereitos desta primeira edición e, a partir da segunda, a obra pasa a ser propiedade do seu autor, quen, en sucesivas edicións, deberá facer constar a condición de ser premiada con este galardón. O xurado é designado polo Concello de Dodro, entre personalidades de Galicia vinculadas á poesía e á crítica literaria, facéndose pública a súa composición antes de concluír o mes de novembro e a súa decisión final antes de mediados de decembro. Nesta edición de 2007 o xurado estivo formado polo alcalde de Dodro, Arturo Díaz Díaz, por Xesús Rábade Paredes, Marica Campo, Rafa Villar e Antía Otero, que actuaron como vocais, e por Anxo Franco Vidal, que actuou como secretario. De entre as dez obras que foron presentadas, mereceu o galardón Nieves Soutelo por *Código Poético*. O acto da entrega do premio levouse a cabo o 23 de decembro.

Referencias varias:

- C.G., "Dodro hace públicas las bases del Lorenzo Baleirón de poesía", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 4 novembro 2007, p. 39.

Informa sobre as bases e os prazos do certame de poesía en lingua galega Eusebio Lorenzo Baleirón, que convoca o Concello de Dodro.

- U. L., "Dez obras concorren ao Premio Eusebio Lorenzo Baleirón", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 8 decembro 2007, p. L10.

Informa de que o Concello de Dodro fixo público o nome dos membros do xurado da vinte edición do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón e sinala que se presentaron dez obras a concurso nesta edición. A continuación ofrece o nome das persoas que formarán o xurado e as datas de selección e entrega do galardón.

- U.L., "A Casa da Cultura acolle o fallo do Premio de Poesía", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 15 decembro 2007, p. L.

Breve nova na que se anuncia a reunión do xurado do XX Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, que está composto por Xesús Rábade Paredes, Marica Campo, Antía Otero e Rafa Villar.

- C. G., "Nieves Soutelo gana el Eusebio Lorenzo con la obra 'Código poético", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 16 decembro 2007, p. 42.

Infórmase de que o xurado do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, de Dodro, anunciou que Nieves Soutelo foi a gañadora do certame coa obra *Código poético*. Logo de repasar a lista dos membros do xurado, recolle as súas palabras nas que afirman que un dos motivos polo que gañou foi a unidade que presenta a obra que fala dunha viaxe interior.

- C.G., "El himno Gallego sonó en Dodro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 decembro 2007, p. 19.

Descríbese o acto de entrega, no Colexio Público Integrado de Dodro, do XX Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, que correspondeu a Nieves Soutelo, pola obra *Código Poético*. Tamén se indica que a cantante Carmen Dor amenizou a velada recitando poemas de Rosalía de Castro e Eduardo Pondal.

Premio de Poesía "**Feliciano Rolán**"

Certame convocado pola Agrupación Cultural Guardesa ao que poden presentarse poetas de calquera nacionalidade, con escritos en galego e castelán, orixinais e inéditos con poemas non premiados noutros concursos. O tema e forma serán libres. Cada concursante enviará un máximo de dous poemas ao Apartado de Correos 69, 36780, A Guarda. Na edición de 2007 o xurado estivo formado por Julia Sobrino (presidenta), Marisol Diz (secretaria), Mercedes Domínguez (representante do equipo directivo da Agrupación), Antón Ferreira Lorenzo (mestre), Ricardo Rodríguez Vicente (corresponsal do *Faro de Vigo* na Guarda), Chuni Vázquez (escritora e pintora) e Fátima Pérez Sobrino (licenciada en Filología Hispánica). O gañador do primeiro premio foi para Antonio Estaban Alonso por *Un lugar en la memoria*, presentado co lema "Castrillón". O segundo premio foi para Feliciano Ramos Navarro, de Córdoba, por *Candelius Est Quam Mor Semper Timere Mortem*. O terceiro premio foi para Eumelia Sanz Vaca, de Valladolid, por *Dúo de amor*. Finalmente, entregouse un accésit a Brais González Pérez, de Salceda de Caselas.

Premio de poesía "**Fiz Vergara Vilariño**"

Iniciativa da Agrupación Cultural Ergueitos, co patrocinio do Concello de Sarria, que naceu no ano 2000 para homenaxear ao poeta de Lóuzara, Fiz Vergara Vilariño, co obxectivo de que figure entre os primeiros de Galicia dedicados á poesía. Conta tamén co apoio da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Os traballos han de escribirse en galego, ter unha extensión mínima de catrocentos versos e presentarse por quintuplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica, en sobre pechado e baixo seudónimo. Ademais deben enviarse a Concello de Sarria, R/ Maior, 14, 27600 Sarria. Até 2007, este premio estaba dotado con 3.000 euros, que se aumentaron nesta edición até 6.000 euros, a publicación da obra en Espiral Maior e unha escultura inédita da artista da Fonsagrada Mónica Alonso. Na edición de 2007, o xurado estivo conformado polos escritores Emma Pedreira, Isidro Novo e Miguel Anxo Fernán Vello, o alcalde de Sarria, José Antonio García, en calidade de presidente, e a presidenta de Ergueitos, María Casar, como secretaria. De entre as cincuenta obras presentadas, o xurado decidiu entregarlle o premio ao escritor Xosé Antonio Neira Cruz pola obra presentada co lema "É/Oco habitado". O acto de entrega do premio tivo lugar o 21 de abril.

Referencias varias:

- A.C.V. "Neira Cruz gaña o premio de poesía 'Fiz Vergara Vilariño", *El Progreso*, 25 marzo 2007, p. 21.

Infórmase que o día 24 de marzo o xurado da VII edición do certame Fiz Vergara Vilariño outorgoulle o premio a Xosé Antón Neira Cruz polo poemario presentado baixo o lema É/oco habitado. Sinálanse algunhas das cualificacións que o xurado destacou da obra gañadora. Finalmente, indícase en qué consiste o galardón.

- maré, "Neira Cruz faise co VII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 marzo 2007, p. 28.

Dise que Xosé Antonio Neira Cruz é o gañador da VII edición do Premio Fiz Vergara Vilariño. Dise quen constituiu o xurado que decidiu outorgarlle por unanimidade o premio a este escritor.

- Jesús Durán, "Aínda non sei que título levará o poemario; ten que xurdir só", *El Progreso*, 4 maio 2007, p. 16.

Anúnciase a celebración do acto de entrega do VII Premio Fiz Vergara Vilariño e entrevístase ao gañador Xosé Antón Neira Cruz. O escritor compostelán fala do que supón esta súa achega á poesía.

Premio de poesía "**Johán Carballeira**"

Organizado polo Concello de Bueu dende 1996 para recuperar do esquecemento a figura do político e escritor local Johán Carballeira. Dende inicios de 2000 simultanéase este premio co homónimo de xornalismo. Poden concorrer a este certame todos os autores que presenten textos inéditos, escritos en lingua galega e cunha extensión superior aos catrocentos versos. O premio ten unha dotación única de 1.500 euros. Deben remitirse cinco copias en tamaño folio, mecanografadas a dobre espazo e

asinadas con seudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado cos datos persoais do participante, á Casa da Cultura (Ramal dos Galos, s/n, 36930 Bueu-Pontevedra) coa indicación "Premio de Poesía Johán Carballeira". O xurado está composto por cinco membros relacionados co mundo da cultura e mais un secretario, con voz e sen voto, en representación da Corporación. O Concello de Bueu resérvase durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en todas as linguas do Estado. Na edición de 2007, á que se presentaron uns trinta orixinais, formaron parte do xurado Miro Villar, Antía Otero e Paco Souto, entre outros. O gañador resultou Carlos Lema por *O xeito de Freud. Transferencias da realidade.*

Referencias varias:

- E.P., "Carlos Lema gaña o Premio Johán Carballeira de poesía", *El Correo Gallego*, "Cultura", 23 decembro 2007, p. 72.

Nota na que se indica que Carlos Lema, co libro de poemas *O xeito de Freud. Transferencias da realidade*, foi galardoado co Premio de Poesía Johán Carballeira, convocado polo Concello de Bueu.

- E.P., "Premiada 'O xeito de Freud', de Carlos Lema", *El Correo Gallego*, "Cultura", 30 decembro 2007, p. 67.

Breve nova na que se dá conta do acto de entrega do XI Premio de Poesía Johán Carballeira, que recaeu en Carlos Lema pola obra *O xeito de Freud*.

Premio de Poesía "**Miguel González Garcés**"

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña, dende o ano 2000 a súa convocatoria é bianual. As súas bases salientan que os traballos, orixinais e inéditos, deberán estar escritos en galego e a súa extensión non será inferior aos trescentos versos. Presentaranse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e acompañados dun sobre pechado no que conste, por fóra, o título da obra e, no interior, o nome e dirección do seu autor. Enviaranse á Deputación Provincial da Coruña (Alférez Provisional s/n.) antes da data indicada na convocatoria. O premio está dotado de 6.050 euros e a publicación da obra por parte da Deputación, quen poderá sacar a primeira edición sen dereitos para o autor, a quen se lle entregarán trinta exemplares. Neste ano 2007 non hai convocatoria.

Premio "**Nacional de Poesía**"

Ver o apartado X.5. deste *Informe*

Premio de Poesía "**O poeta azul**" (ver Certame de poesía "**Xosé María Pérez Parallé**")

Certame de poesía "**Xosé María Pérez Parallé**"

Convocado polo Círculo Mercantil e Industrial Unidad, de Fene, o Concello de Fene e a Editorial Espiral Maior, para homenaxear a figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé, prémianse neste concurso poemas (catro como máximo) escritos en galego ou castelán. Os orixinais teñen que enviarse á sede do Círculo (San Paio, 21, Fene) e deben entregarse mecanografados por unha soa cara e baixo o sistema de plica. O galardón consiste na publicación da obra pola editorial Espiral Maior. Nesta edición de 2007, o xurado estivo composto por Medos Romero, María do Cebreiro e Mario Regueira, que deron a coñecer o 18 de novembro a decisión de premiar a obra *Poemas das ortigas*, de Xiana Arias, que foi a escollida entre trinta e cinco poemarios.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Poetas nas terras de Ferrol", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 14 maio 2007, p. 3.

Miguel Anxo Fernán Vello lembra algún dos galardoados co Premio Xosé María Pérez Pallaré e a vinculación dos ferroláns coa poesía para dar conta, a continuación, da presentación do libro gañador do XIX edición deste certame. Sinala algúns dos asistentes a este evento.

- Rosa Méndez Fonte, "Un segrel da comarca: Xosé María Pérez Parallé", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 454, 11 novembro 2007, p. 7.

Fai referencia á vida e á obra de Xosé María Pérez Parallé e, entre outras cousas, sinala que José Luis Tasset e Xosé María Dobarro veñen de dirixir un curso en Fene sobre a súa figura. Tamén salienta que existe un certame de poesía que leva o seu nome.

- Xabier Cordal, "A buxaina de Valentina Carro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 decembro 2007, p. 35.

Entrevista a Valentina Carro, que vén de recibir un premio no Concurso Nacional de Poesía Pérez Parallé. Sinálase que o xurado valorou o seu vangardismo. A entrevista consiste nunha serie de preguntas habituais que se lle acostuman formular a unha persoa que acaba de gañar un premio literario, do estilo de Como ves a poesía galega actual? ou Que tes pensado facer nisto da literatura? Pola contra, as respostas de Valentina Carro son inusuais e chocantes, como por exemplo: "A miña nai sempre me di que non está ben que tenda os pantalóns ó ladiño das sabas azuis".

X.3. TEATRO

Premio "**Álvaro Cunqueiro**" para textos teatrais

Premio instituído polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) para promover o ámbito da literatura teatral galega contemporánea e incentivar a creatividade na dramaturxia. Os interesados deben remitir ou entregar nas oficinas do IGAEM os seus textos inéditos, escritos en galego normativo, non representados nin

premiados noutros concursos, de temática libre e sen límite de extensión, a excepción das pezas de teatro breve. O premio está dotado de 6.000 euros e a obra premiada é publicada dentro das coleccións dramáticas que manteñen abertas o IGAEM en colaboración con distintas editoriais galegas. Nesta edición 2007 o gañador foi Roberto Salgueiro González con *Historia da chuvia que cae todos os días*.

Referencias varias:

- C.F., "Roberto Salgueiro consigue o Premio Álvaro Cunqueiro por cuarta vez", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 outubro 2007, p. 54.

Sinala que Roberto Salgueiro vén de gañar por cuarta vez o Premio Álvaro Cunqueiro nos dezaseis anos de vida deste certame. Indica que esta vez a obra gañadora é *Historia da chuvia* e revela que se trata dunha "historia de conflitos do presente en Galicia". Por último, reúne algunhas valoracións do escritor galardoado ao respecto do panorama teatral galego.

- Camilo Franco, "Nin á terceira", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 outubro 2007, p. 48.

Informa de que Roberto Salgueiro vén de gañar por cuarta vez o Premio Cunqueiro, mais que, paradoxalmente, ningunha compañía representou aínda os seus textos teatrais. A continuación reflexiona sobre outros casos na literatura galega onde determinadas autoras ou autores acapararon premios.

- A.N.T., "Roberto Salgueiro recibe o 'Álvaro Cunqueiro' por cuarta vez", *A Nosa Terra*, n.º 1.286, "Cultura", 25-31 outubro 2007, p. 25.

Dá conta da concesión, por cuarta vez, do premio Álvaro Cunqueiro que convoca o IGAEM a Roberto Salgueiro. Indica os títulos das obras coas que Salgueiro gañou este certame e conta o argumento da obra premiada nesta edición. Ademais, informa da entrega do premio Manuel María de drama infantil ao autor Carlos Losada, pola obra *Game over*. Por último, sinala que as súas modalidades dos premios Barriga Verde para textos pensados para teatro de monicreques ficaron desertas.

Premio **Artemad**

Creado en 2007 por Artemad, Asociación de Empresas Productoras de Artes Escénicas de Madrid, que organizada a Feria de Artes Escénicas de Madrid, para render reconocemento, por unha banda, á traxectoria artística dun profesional das artes escénicas e, por outra banda, á significación dunha institución, organismo ou entidade pública ou privada na promoción e desenvolvemento do teatro. Na edición de 2007 recaeu no actor Juan Mayorga e na 23ª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

Referencias varias:

- L.R., "La Mostra de Teatro recibe un caluroso homenaje en Madrid", *La Región*, "O Ribeiro", 25 xaneiro 2007, p. 14.

Breve nova na que se fai eco da primeira entrega, no Teatro María Guerrero, dos primeiros premios "Artemad", que se enmarcan dentro da Feira de Artes Escénicas de Madrid no Teatro María Guerrero, onde se premiou á Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia pola súa ampla traxectoria e o gran recoñecemento que ten dentro do sector teatral.

Premio Internacional de Teatro para Títeres "**Barriga Verde**" **de Textos para Teatro de Monicreques**

Convocado polo IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), coa colaboración do festival Galicreques, este certame preséntase como o primeiro en España creado especificamente para textos destinados a obras representadas con monicreques. Posúe un carácter internacional, podendo presentarse autores de calquera nacionalidade sempre e cando presenten o traballo traducido ao galego. Divídese en dous apartados, dotados con 3.000 euros cada un: textos dirixidos ao público infantil, por unha banda; e textos escritos para o público adulto, pola outra. Na edición de 2007 quedaron ambas as modalidades desertas.

Premios "**Buero**" de Teatro Joven

Premio chamado até 2007 "Premio Candilejas", que organizan o Ministerio de Cultura, Ministerio de Educación e Ciencia e a Fundación Coca-Cola Juan Manuel Sáinz de Vicuña, para promover o gusto e a afección polo teatro e estimular a creatividade artística dos xóvenes. Naceron en honor do insigne académico español Antonio Buero Vallejo, considerado un dos dramaturgos máis importantes da segunda metade do século XX. Contan con dúas categorías: a fase autonómica e a fase nacional. Na fase autónomica estabelécense as seguintes categorías: Centro Escolar, Finalista Autonómico, Centros Culturais e Mencións Especiais. O premios consisten para o Grupo Teatral Gañador da categoría de Centro Escolar e o Grupo Teatral pertencente a Centros Culturais, nun galardón, un lote de material para a actividade teatral e unha copia da gravación da súa montaxe teatral e un lote de material didáctico sobre teatro; para o Finalista Autonómico, consiste nun galardón acreditativo e un lote de material didáctico sobre teatro; e as Mencións especiais, un diploma acreditativo. Pola súa banda, na fase nacional, estabelécense premios para os catro grupos finalistas: primeiro, segundo e terceiro clasificado na categoría de Centros Escolares e Gañador, na categoría de Centros Culturais. Parat do premio consiste en ser invitados pola Organización con todos os gastos pagos a representar as súas obras nun Teatro Nacional de Madrid no transcurso dunha gala na que se coñecerán os gañadores e se entregarán os galardóns. Ademais, son invitados todos os compoñentes de cada grupo a asistir, con todos os gastos pagos, a unha das feiras ou festivais nacionais durante cinco días, mentres os gañadores das Mencións Especiais reciben un galardón acreditativo. Como xurado da fase autonómica para a comunidade autonómica galega actuaron Manuel Lourenzo, Cándido Pazó e Víctor López Carvajales. Na edición de 2007 resultou primeira clasificada *Remanente #1***,** escrita polo director do grupo, Tito Asorey, basada na novela *Hijos del trueno***,** de Fernando Lalana**,** do Grupo Teatro Tarumba, do IESP Universidade Laboral de Ourense, finalista da Comunidade Galega.

Premio **Diario Cultural de Teatro Radiofónico**

Convocado pola Radio Galega e o Centro Dramático Galego, co patrocinio da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, coa intención de fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e recuperar o xénero de teatro radiofónico mediante o incentivo á creación de guións radiofónicos dramáticos. Conta con dous galardóns, o Premio do Xurado, cunha dotación de 3.000 euros, e o Premio da Audiencia, de idéntica contía. As obras seleccionadas polo xurado emitiranse na Radio Galega e editarase un libro.cd cos textos finalistas. Poderán participar todos os escritores e escritoras que o desexen sempre e cando non manteñan unha relación laboral coa CRTVG e calquera das Sociedades que comprende (TVG e RG). Os traballos presentados deberan ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e non poderán ser adaptacións. Deberán estar libres de todo compromiso anterior con emisoras de radios, televisións, editoriais ou entidades semellantes. Os traballos adoptarán o formato de guión radiofónico dramático. Estarán calculados para que a súa duración en antena non sexa inferior a quince minutos nin exceda os vinte minutos. As obras terán un reparto de cinco personaxes como máximo. Os autores poderán utilizar, coas indicacións pertinentes, cantos recursos radiofónicos consideren necesarios para que o texto sexa realizado de maneira axeitada: música, planos sonoros, efectos, etcétera. O director das dramatizacións radiofónicas poderá facer as adaptacións necesarias para a súa realización e emisión. Non se admitirán máis de dous guións por autor e de cada obra se presentarán orixinal e catro fotocopias. Os autores concursarán polo sistema de plica. Os traballos faranse chegar por correo ao seguinte enderezo: Radio Galega, Diario Cultural
"II Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico", San Marcos, 15820, Santiago de Compostela. Conservaranse durante un mes a partir da data na que se faga pública a resolución do xurado e logo destruiranse os que non fosen solicitados polos seus autores. O prazo de admisión de orixinais comezara cando se faga pública esta convocatoria e rematará o día 4 de xaneiro de 2008. Os argumentos das obras serán de temática libre. O xurado estará integrado por profesionais de recoñecido prestixio do ámbito da escena galega e un representante do Diario Cultural da Radio Galega. O xurado valorará especialmente a calidade literaria e dramática das obras e a súa adaptación ao medio radiofónico. Os autores comprométense a autorizar a dramatización e emisión pola Radio Galega das obras presentadas de seren estas seleccionadas, así como a súa edición en libro-CD. A tal fin os autores premiados e finalistas entenderán cedidos a favor da Radio Galega os dereitos de comunicación pública, reprodución e distribución precisos para a posta en antena da obra e a súa primeira edición en libro e disco compacto. Os autores que o desexen poderán enviar co texto as gravacións das dramatizacións en soporte de CD. As gravacións non serán tidas en conta na valoración dos textos teatrais polo xurado pero si serán emitidas, de seren finalistas os textos, pola Radio Galega para a votación da audiencia en lugar da dramatización realizada para a votación da audiencia en lugar da dramatización realizada polo equipo artístico coordinado polo CDG. O xurado escollerá entre as obras presentadas un premio único dotado con 3.000 euros e catro finalistas como máximo. As obras seleccionadas emitiranse pola Radio Galega e a audiencia escollerá por votación entre as emitidas a obra que obterá o Premio do Público, dotado con 3.000 euros. O xurado reservase a facultade de declarar deserto o premio convocado. Calquera incidencia non prevista nesta convocatoria será resolta polo xurado. O feito de concursar supon a aceptación destas bases.

Premios "**María Casares**"

Son anuais e foron creados en 1997 pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia para serviren de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral galega. O nome dos premios foi decidido por considerar que o prestixio desta actriz galega, ademais de merecer unha homenaxe, podería servir de promoción para o teatro galego. A organización destes premios corre a cargo da Asociación de Actores e Actrices, coa que colabora o Excmo. Concello da Coruña (cidade na que se realiza a gala de entrega dos premios por ser María Casares filla predilecta desta cidade). Optan a estes premios todas as producións galegas feitas en lingua galega, estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á concesión dos premios, así como todos os profesionais que participen nas montaxes comprendidas nese período de tempo. Os premios concédense nos seguintes apartados: Maquillaxe, Vestiario, Iluminación, Música orixinal, Adaptación /Tradución, Texto orixinal, Escenografía, Actor secundario, Actriz secundaria, Actor protagonista, Actriz protagonista, Dirección, Espectáculo e Premio de Honra Marisa Soto, á traxectoria persoal ou labor de promoción do teatro. Os premios non teñen dotación económica, consisten nun busto de cerámica da actriz María Casares e decídense nun proceso que cobre o primeiro trimestre de cada ano e entréganse nunha data cercana ao Día Mundial do Teatro. Nesta undécima edición de 2007 o fallo dos premios coñeceuse o 27 de marzo na gala celebrada no Teatro Rosalía de Castro. Os gañadores foron: como actor protagonista, Luis Tosar por *Hamlet* da compañía RTA-ROSP Coruña; como actriz protagonista, Luisa Merelas por *O regreso ao deserto* do CDG; no actor secundario, Gonzalo Uriarte por *Hamlet* de RTA-ROSP Coruña; como actriz secundaria Anabel Gago por *Carambola* de Lagarta-Lagarta; como director, Xulio Lago por *A raíña da beleza de Leenane* do Teatro do Atlántico; como texto orixinal, Eduardo Alonso por *Imperial: Café Cantante* do Teatro do Noroeste; como texto adaptado ou traducido, Avelino González e Olga Nogueira por *A raíña da beleza de Leenane* do Teatro do Atlántico; como música orixinal, Bernardo Martínez por *Imperial: Café cantante* do Teatro do Noroeste; en escenografía, Paco Conesa por *Imperial: Café cantante* do Teatro do Noroeste; en vestiario, Paco Conesa por *Imperial: Café cantante* do Teatro do Noroeste; en iluminación, Eduardo Alonso, por *Imperial: Café cantante* do Teatro do Noroeste; en maquillaxe, Carmela Montero por *Macbeth* de Sarabela Teatro e como espectáculo *A raíña da beleza de Leenane* do Teatro do Atlántico. O premio de Honra 2007 recaeu en Concha Abad, que comezou o seu labor como costureira no Centro Dramático Galego a mediados dos anos oitenta. O prazo de inscrición para a XII edición dos Premios María Casares rematou o 17 de decembro.

Referencias varias:

- maré, "Imperial' arrasa para os María Casares", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "En escena", 9 marzo 2007, p. 29.

Apúntase que a peza teatral *Imperial: Café cantante* conta co maior número de candidaturas para estes premios, dez nas categorías principais. E remátase detallando todas as compañías galegas selecionadas, quen as produce e a relación das categorías ás que optan.

- M.B., "O musical *Imperial: café cantante* favorito dos premios 'María Casares", *A Nosa Terra*, "Cultura", 22-28 marzo 2007, p. 25.

Destácase que *Imperial* se converte na favorita destes premios ao acadar dez categorías, entre elas ao mellor espectáculo, mellor director e actriz protagonista. Precísase que se trata da primeira vez que un musical galego aspira a tantos premios e detállanse datos do argumento, da banda sonora, así cimo a relación de obras coas que compite. Tamén se destaca a peza *Final de película*, que aspira a catro galardóns. Remátese apuntando que *A raíña da beleza de Leenane* opta a cinco galardóns, como *Illa reunión* e *O regreso ao deserto*, ambas do CDG.

- maré, "Galicia, co Día Mundial do 'Teatro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Premios", 26 marzo 2007, p. 30.

Destácase como clara favorita para os premios organizados pola AADTEG a montaxe *Imperial: café cantante*, con dez candidaturas. Detállanse os galardóns aos que está nominada e os outros finalistas cos que compite. A seguir, dáse conta de todas as pezas teatrais candidatas a estes premios. Nun aparte céntrase no argumento de *Imperial café cantante*, obra á que se define como a "superprodución do ano 2006".

- Albino Mallo, "A gala dos María Casares será unha homenaxe ás mulleres", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Teatro Rosalía", 27 marzo 2007, p. 74.

Recóllese que o presidente da asociación organizadora destes premios exemplificou que esta edición homeaxeará á muller, citando a María Casares, Rosalía e Concha Abad, merecente da distinción de honra. Apúntase que o director da gala, Xosé Manuel Rabón, presenta o contido como "variado e entretido", e remátase coas palabras de González Garcés lembrando que o 14 de abril, coincidindo co aniversario da República, se inaugura a casa natal da coruñesa María Casares.

- Camilo Franco, "Títeres en la gala de los María Casares", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Premios", 27 marzo 2007, p. 43.

Dáse conta da celebración da gala destes premios, baixo a dirección de Xosé M. Rabón e presentada por Sergio Zearreta e cun espectáculo de Monicreques Cachirulo. Precísase que os membros da Asociación de Actores e Actrices de Galicia son os encargados de elexir aos gañadores das trece categorías, con tres finalistas en cada unha delas. A seguir ofrécese a nómina dos finalistas a mellor espectáculo, dirección e texto orixinal, ademais de apuntar que a distinción de honra recae na costureira Concha Abad. Remátase apuntando que o IMCE coruñés é un dos organizadores destes premios.

- Anxa Correa, "Corenta candidatos aspiran a un premio María Casares", *El Progreso,* "Cultura", 27 marzo 2007, p. 79.

Anúnciase a entrega dos Premios María Casares que recoñecen os mellores profesionais do ano 2006 promovido pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia aos que optan este ano, entre outros, *A raíña da beleza de Leenane,* de Teatro do Atlántico; *Illa Reunión* do CDG e *Imperial: café cantante,* de Teatro do Noroeste.

- Marta García Márquez, "Os María Casares recordarán á muller e a memoria histórica nunha gala 'na lúa", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", "Teatro", p. 15/"A 11

edición dos Casares recorda á muller e a memoria histórica nunha gala na lúa", *Diario de Ferrol*, "A Coruña Provincia", "A Coruña", p. 22, 27 marzo 2007.

Comézase louvando a figura de María Casares como protagonista das catorce pezas teatrais de trece compañías que aspiran a este galardón. Destácase o título *Imperial: café cantante* xa que está nominada a dez categorías, do que se precisa ao seu "orixinal" argumento. Indícase que a gala, promovida pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia, está dirixida artisticamente por Xosé Manuel Rabón e retransmitida pola TVG, presentada por sergio Zearreta e cunha introdución das actrices Belén Merelas e Graciela Ares. Remátase precisando que seiscentas persoas relacionadas coa dramaturxia decidirán os gañadores dos trinta e sete bustos deste premio.

- Óscar Iglesias, "Imperial: Café cantante', favorita en los María Casares", *El País*, "Galicia", 27 marzo 2007, p. 41.

Coméntase que ese día é a cerimonia de entrega e que nesta undécima edición a obra favorita é *Imperial: Café cantante*, de Teatro do Noroeste, con dez nominacións das trece candidaturas en disputa. Explícase que o texto de Eduardo Alonso opta aos premios de mellor espectáculo, director, música e texto orixinal, actriz, actor secundario, escenografía, iluminación e vestiario. Coméntase que o *Hamlet* de RTA-ROSP Coruña compite nas categorías de texto adaptado, actor secundario e escenografía; que Teatro do Atlántico opta a catro galardóns por *A raíña da beleza de Leenane* e Áncora Teatro por a montaxe de *Final de película*. Ademais, apúntase que as producións do CDG compiten en catro candidaturas: *Illa Reunión* como mellor espectáculo e *Regreso ao deserto*, nas categorías de vestiario, iluminación e actriz. E remátase a lista de nominados con *Macbeth*, de Sarabela Teatro; *Carambola* (*cóncavo-convexo*), de Lagarta-Lagarta; *Misericordia*, de Teatro de Ningures; *Esperando a Godot*, de Talía; *O avaro*, de Galileo; *Sempre ao lonxe*, de Mofa e Befa e *Lilí Camaleón*, de B. B. Producións.

- Ana Rodríguez, "O teatro que está na lúa", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 27 marzo 2007, p. 12.

Destácase que *Imperial: café cantante* arrasa "con once candidaturas" e que tres producións coruñesas "completan a nómina de favoritas, con catro potenciais estatuíñas cada unha". Apúntase que a escenografía fará que os asistentes estean "todos na lúa", que a gala será unha dobre homenaxe ás mulleres e que o premio de honra recae na costureira Concha Abad. Detállase no apartado "os protagonistas" a relación das pezas, directores e compañías seleccionadas. Ademais, achéganse dous apartes: nun deles aparece a nómina dos galardóns coas pezas que aspiran a cada un deles, e no titulado "Inauguración o 14 de abril" apúntase que esa data se inaugura a Casa-Museo Casares Quiroga, onde naceu esta actriz coruñesa.

- Camilo Franco, "Imperial: café' triúnfa nos premios María Casares con cinco galardóns", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 marzo 2007, p. 44.

Destácase o triunfo do musical *Imperial: café cantante* ao acadar cinco dos catorce galardóns que se entregaron nunha gala "republicana e feminina", para cumprir coa "fama de profesión mobilizada" dos teatreiros. Destácase que "as tres queixas da profesión tiveron que ver co apuntado por Avelino González" e repítese "a insistencia

que asociou na gala memoria e república" e que "o teatro mañá será republicano". Achégase así mesmo a lista dos gañadores nas trece categorías.

- Débora García, "A raíña da beleza de Leenane' deu a badalada nos María Casares", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", "Teatro", 28 marzo 2007, p. 17.

Comézase apuntando que acertaron os pronósticos xa que "*Imperial*. *Café cantante*" se alzou con cinco galardóns, pero que a noite da gala sorprendeu con galardóns para a peza teatral de Xulio Lago. Destácase, así mesmo, a importancia das interpretacións masculinas de *Hamlet* que acadaron o premio protagonista e o secundario, para Luís Tosar e Gonzalo Uriarte, respectivamente. Precísanse como "momentos" da gala a dedicatoria de Gonzalo Uriarte á súa neta, a entrega do premio de honra a Concha Abad e o "singular agradecemento" do guionista Avelino González. Achégase nun "apunte" que a temática da gala se centrou na lúa e na muller e precísanse as actuacións musicais e as bromas do presentador da gala.

- P.O., "Eduardo Alonso y Xulio Lago, vencedores en la gala de los premios María Casares", *El País*, "Galicia", 28 marzo 2007, p. 37.

Comézase apuntando que a peza teatral de Eduardo Alonso conseguiu os galardóns de mellor texto orixinal, mellor iluminación, música, vestiario e escenografía. A seguir precísase que *A raíña da beleza de Leenane* recolleu os premios á mellor dirección para Xulio Lago e o de mellor espectáculo. Dáse conta do "breve pero ácido discurso" de Vicente Montoto opinando sobre actuacións políticas, ademais de destacar as críticas vertidas nos "sketches" e a representación política que acudiu á gala. Recóllese a nómina de actores e actrices premiadas en papeles protagonistas e secundarios, e remátase destacando datos da traxectoria profesional de Concha Abad, que lle valeron ser distinguida co premio de honra.

- Ana Rodríguez, "A raíña da beleza de Leenane' conquista os premios de teatro María Casares", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", p. 44/*La Opinión*, "A Coruña", p. 12, 28 marzo 2007.

Precísanse os gañadores e o número de xerras que conqueriron, destacando a peza *Imperial: café cantante* que se alzou con cinco das dez categorías das que era finalista, pero precisando que a gañadora da noite foi a compañía coruñesa Teatro do Atlántico. Apúntase que a maiores ovacións da gala foron para Luís Tosar, mellor actor protagonista por *Hamlet* e para Concha Abad, merecente da distinción de honra. Remátase apuntando a crítica para a conselleira de cultura de parte de Xulio Lago e a parodia de figuras políticas de Títeres Cachirulo.

- Mar Mato, "Barcala: Recibir o Casares é unha satisfacción", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 29 marzo 2007, p. 40.

Recóllense as palabras de María Barcala, actriz e codirectora con Xulio Lago da compañía
Teatro do Atlántico que se fixo cos galardóns de mellor espectáculo, dirección e adaptación pola peza *A raíña da beleza de Leenane*. Apúntase que lle esta peza "gustou moito ao público, aos programadores". Críticase que xa non se represente máis a pesar de gañar estes premios, "na Galicia do millón de contradicións". Remátase adiantando o

novo proxecto desta compañía, titulado *A bombilla que frota*, escrita por Woody Allen no setenta, e que se ha estrear en outono. Remátase falando do argumento desta futura representación e precisando que será "unha comedia ácida para facer pensar".

- A.N.T., "Eduardo Alonso e Xulio Lago grandes triunfadores dos 'María Casares 2007", *A Nosa Terra*, "Cultura", 29 marzo-11 abril 2007, p. 24.

Coméntase que gañaron "dous veteranos homes do teatro galego", Xulio Lago e Eduardo Alonso, polas pezas teatrais *Imperial, café cantante* e *A raíña da beleza de Leenane*, respectivamente. Apúntase así mesmo que tamén gañou Luís Tosar como mellor actor pola obra *Hamlet* de RTA e Gonzalo Uriarte como actor secundario. Nun aparte recóllese a relación completa do "Palmarés 2007" deste premio María Casares.

- Óscar Iglesias, "Eduardo Alonso: 'No sé nada del proyecto teatral de Cultura, y no soy el único", *El País*, "Galicia", 31 marzo 2007, p. 39.

Comézase recollendo a louvanza do director de *Imperial: café cantante* dos finalistas que competían con el para acadar estes galardóns. Destácase que gañou cinco das trece candidaturas ás que competía: música, escenografía, vestiario, iluminación e texto orixinal. A seguir detállase o labor de preparación da posta en escena e a traxectoria de Eduardo Alonso. Remátase reproducindo as respostas deste director en referencia ao Plan Galego das Artes Escénicas e criticando a falta de apoio institucional ao teatro galego, fronte a Cataluña, pero recoñecendo a sorte de que o teatro "nunca muere".

- Yolanda Castaño, "Derivas e derivacións", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 1 abril 2007, p. 40.

Refírese ao encontro de poetisas novas de todo o Estado celebrado en Málaga coa intención de anunciar a morte da poesía feminina por considerala unha etiqueta tan absurda como a de poesía de home. Ademais argumenta, para defender a súa desaparición, que iso da poesía feminina tense asociado dun xeito simplista e maniqueo á cursilería e aos valores conservadores. Por outra banda, dá conta da conferencia sobre María Mariño para a Asociación Barbantia de Noia que ofreceu, dentro da semana de actos dedicados a esta autora. Por último, comenta que asistiu á entrega dos Premios María Casares do Teatro Galego, cunha posta en escena do evento que lle pareceu de nivel inferior que a do ano pasado. Indica que os dous gañadores foron Imperial: Café Cantante e Teatro do Noroeste.

- Santi Prego, "Concha Abad: 'No teatro tes que estar sempre aprendendo e sacando da cabeza", *Escaramuza*, n.º 23, "Entrevista", maio 2007, pp. 9-10.

Resultado dunha conversa (escrita en primeira persoa pola propia protagonista) coa xastra do Centro Dramático Galego, que acaba de ser galardoada co premio de honra María Casares. Concha Abad declara que os cambios na dirección do CDG non a afectaron negativamente en ningún dos casos nos que se produciron, ao tempo que alude ás diferenzas entre un xastre normal e un xastre que cose para o teatro.

- Sara Riobó e Belén Sousa, "XI Edición dos Premios María Casares", *Revista Galega de Teatro*, n.º 51, "Festivais", verán 2007, pp. 44-46.

Dá conta de que "*Imperial: Café Cantante* triunfa con cinco galardóns" na gala do 27 de marzo. Apúntanse datos do presentador da gala, do escenario e da música. Precísanse as pezas teatrais e actores galardoados nas distintas categorías, recollendo así mesmo palabras dalgúns deles. Remátase engadindo "como curiosidade" que ningún dos tres galardoados por *Imperial: Café Cantante* asistiu á entrega dos premios, e que os recolleron dúas persoas asignadas: Xavier Estévez, recibindo así un premio ao que aspirara pero que non gañou, e a filla de Eduardo Alonso, en catro ocasións.

- Bengala Producción, "A Coruña, entrega de los Premios María Casares", *ADE Teatro*, n.º 116, "Agenda", agosto 2007, pp. 203-204.

Coincidindo co Día Mundial do Teatro (27 de marzo) entregáronse no teatro Rosalía de Castro da Coruña os premios "María Casares", que recoñecen anualmente aos mellores profesionais do teatro galego. Dise que o xurado está composto por premiados de anos anteriores, críticos, personalidades relacionadas coa profesión e os membros da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, organizadora dos premios xunto có IMCE (Instituto Municipal Coruña Espectáculos) e que os grandes triunfadores da noite foron Luís Tosar (mellor actor), Luisa Merelas (mellor actriz), Xulio Lago (mellor dirección por *A raíña da beleza de Leenane*) e a compañía Teatro do Atlántico, que recolleu cinco premios polo espectáculo *Imperial, café cantante*, dirixido por Eduardo Alonso. Finalmente, coméntase que entre os asistentes á gala atopábanse o director da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, Manuel Vieites, e os actores Lino Braxe e Maxo Barjas, entre outros moitos.

Premio "**María Teresa León**" para autoras dramáticas

Convocado polo Instituto da Muller do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Asociación de Directores de Escena de España (ADE), coa colaboración da Fundación Autor da SGAE, este premio ten como finalidade propiciar e favorecer a escrita de obras literario-dramáticas por parte de mulleres. A el poden concorrer escritos en castelán, catalán, galego ou éuscaro, de autoría feminina, cunha extensión equivalente á duración dunha función "normal" dun espectáculo, segundo as bases. O xénero, estilo, estrutura e temática serán de libre elección por parte de cada escritora. Deben ser orixinais e inéditos, incluíndo o feito de non se teren estreado con anterioridade, e irán acompañados de lema e sobre pechado cos datos da autora. Entregaranse por triplicado e antes do 15 de setembro á Asociación de Directores de Escena de España, Costanilla de los Ángeles, 13, baixo esquerda, 28013, Madrid. O xurado estará conformado por personalidades destacadas do mundo teatral. O galardón consiste 8.600 euros (ou 4.300, para o accésit) e a publicación do texto vencedor e o merecedor do accésit nun volume da colección "Literatura Dramática Iberoamericana" que publica a ADE. Durante tres anos, as autoras cederán a exclusiva dos dereitos de representación da obra gañadora á ADE, para todo tipo de linguas, soportes e modalidades editoriais, ademais de ceder os dereitos de representación en calquera lingua, a nivel mundial, da obra premiada, por espazo de dous anos, á ADE, que buscará nese prazo os recursos para que as obras se estreen. E as autoras tamén se comprometen a proporcionar ás Publicacións da ADE o texto da obra, a súa tradución castelán, se foi escrita nalgunha das outras linguas cooficiais, e os materiais complementarios para a edición que precise a ADE. Nin o premio nin o accésit poderán declararse desertos. Tamén se pode conceder unha mención especial, que non ten dotación económica, e que será recomendada para a súa

publicación xunto das obras gañadoras. O fallo do xurado darase a coñecer no Acto Anual de Entrega de Premios da ADE, que terá lugar nas derradeiras semanas do ano. No ano 2007 non resultou premiada ningunha obra en galego.

Premio de interpretación teatral "**Maruxa Villanueva**"

O Concello de Padrón convoca este premio en homenaxe a Maruxa Villanueva, que foi case tres décadas guardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro e tamén recoñecida actriz de teatro. A el poden concorrer aqueles actores e actrices que, durante o ano, participasen nun espectáculo teatral en galego, ademais de ser extensivo a un artista de recoñecida traxectoria neste ámbito. Conta cunha contía de 1.200 euros, diploma acreditativo e estatuíña de bronce que representa o busto de Maruxa Villanueva. Na edición de 2007 o xurado estivo composto por Inma López Silva e Víctor López Carbajales, ademais do rexedor Jesús Villamor e os edís José Rey e Eloy Rodríguez. O xurado decidiu premiar a Ana Vallés, actriz, directora teatral, escenógrafa e creadora da compañía Matarile Teatro.
Referencias varias:

- C. G., "Ana Vallés es la nueva premiada con el Maruxa Villanueva", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Padrón", p. 38/"A nova Maruxa 'Villanueva", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Recoñecemento", p. 33, 25 febreiro 2007.

Infórmase que entre as candidaturas "variopintas" a este galardón, o xurado, composto por especialistas teatrais e membros do concello, premiou a traxectoria profesional de Ana Vallés ao longo de vinte anos de traballo teatral como actriz e directora de escena. Lémbrase que xa fora proposta para este premio en anteriores ocasións, quedando como finalista en 2005. Apúntase que actualmente está presentado a súa produción *Truenos&Misterios*, en Madrid, e nun aparte destácanse datos da súa traxectoria profesional.

- C. G., "Padrón impulsará el premio de teatro Maruxa Villanueva", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 novembro 2007, p. 32.

Comenta que os concellos de Padrón e Dodro están a promover os seus respectivos premios. O concelleiro de cultura de Padrón afirma que o premio Maruxa Villanueva de teatro sufriu algunha modificación este ano e afirma que un dos obxectivos é que se chegue a representar a obra gañadora. Pola súa banda, o concello de Dodro lembra que vai rematar o prazo de presentación para o certame poético Eusebio Lorenzo Baleirón.

Premios "**MAX**" de teatro

En 1998 naceron os premios Max das Artes Escénicas co propósito de estimular e premiar o talento dos artistas e profesionais das artes escénicas. A este premio concorren todos os espectáculos estreados ou en xira na temporada anterior. Os premios concédense en distintos apartados como autores, traductores, adaptadores, compositores, escenografía, iluminación, etc., que son elixidos mediante os votos dos seus compañeiros. Dentro do apartado do premio ao mellor autor teatral nas primeiras convocatorias só se contemplaba a escritura en castelán, pero máis tarde tívose tamén en

conta as outras linguas do estado. Deste xeito, nesta edición optaron ao mellor texto en galego os dramaturgos Carlos Álvarez-Ossorio, pola peza teatral *A casa do pai*; Gustavo Pernas Cora, por *Final de película*, e José Luis Prieto, por *Carambola. Cóncavo-Convexo*. Nesta edición de 2007, resultaron gañadores *ex aequo* Carlos Álvarez-Ossorio e Gustavo Pernas Cora por *A casa do pai* e *Final de película*, respectivamente, como se deu a coñecer na gala de entrega que tivo lugar o 16 de abril no Teatro Euskalduna de Bilbao.

Referencias varias:

- Mar Mato, "Ossorio, Pernas y Prieto, candidatos al premio Max de teatro en gallego", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 30 xaneiro 2007, p. 40.

Coméntase que o gañador galego non se coñecerá até o 16 de abril e que están nominados tres autores: Carlos Álvarez Ossorio, por *A casa de pai*; Gustavo Pernas Cora, por *Final de película*, e José Luis Prieto, por *Carambola*. Ademais, recóllense as súas opinións sobre a candidatura, e reprodúcese a relación dos actores aspirantes a este galardón en lingua castelá.

- M.B., "Ossorio, Prieto e Pernas aos MAX DE TEATRO", *A Nosa Terra*, n.º 1.255, "Fin de semana", 8-14 febreiro 2007, p. 33.

Apúntase quen son os organizadores destes premios e que premian a todos os espectáculos estreados e reestreados na temporada anterior, de todo o estado español. Precísanse as pezas galegas seleccionadas, ademais das compañías e o elenco de actores que as representan. Destácase que Gustavo Pernas fora o gañador o ano anterior con *Paso de cebra*, e que *Final de película* gañou a XII edición do premio Rafael Dieste. A seguir céntrase en Xosé Luis Prieto, gañador deste premio Max en 2003 por *Monólogo do imbéci*l e en 2005 por *Fobias*.
E remátanse recollendo as impresións de Carlos Álvarez Ossorio sobre a súa primeira nominación a este premio.

- Mar Mato, "Crear unha obra de teatro es, a veces, tener un muerto viviente", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 19 abril 2007, p. 44.

Entrevístase a Carlos Álvarez Ossorio con motivo de recibir este galardón. Destácase que se trata da primeira nominación e o primeiro Max. Coméntase que hai meses que non se representa e critícase que as infraestruturas "están pensadas para que las obras duren cuatro meses y después, mueran". Remátase precisando que non considera *A casa do pai* "un texto literario" e que cree que, para concederlle este galardón, valoraron a posta en escena.

- Mar Mato, "Sempre facemos teatro de compromiso, non banal", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 20 abril 2007, p. 46.

Entrevístase a Gustavo Penas Cora con motivo de recibir este galardón. Apúntase que se trata do seu segundo Max, que están preparados para reiniciar a xira se os convida algún teatro e critícase, ademais, que falta protección institucional para o teatro. Remátase precisando que están producindo a peza teatral *Medidas preventivas*.

- A.C., "Eduardo Alonso, Ánxeles Cuña e os autores de 'Emigrantes', a polo Max", *El Correo Gallego*, "Cultura", 13 decembro 2007, p. 75.

Repasa a lista dos seleccionados para competir nesta edición dos Premios Max na categoría de Mellor Autor Teatral en Galego: Calixto Bieito coa obra *Plataforma*, que ten once candidaturas; Eduardo Alonso, con *Imperial: Café Cantante. Vigo, 1936*; Ánxeles Cuña, con *Margar no pazo do tempo*, e a obra colectiva *Emigrados*, levada a escena por Teatro de Ningures e creada por Suso de Toro, Cándido Pazó, Anxos Sumai, Xosé Manuel Pazos e Sonia Torre. Di que Calixto Bieito tamén opta, xunto a Álex Rigola e Andrés Lima, ao Premio ao Mellor Director de Escena.

- Darío Prieto, "La Plataforma de Bieito Marat-Sade encabezan los Max", *El Mundo*, "Cultura", 13 decembro 2007, p. 64.

Dise que dúas versións encabezan a lista de candidatos aos premios Max que se celebrarán no Teatro Lope de Vega de Sevilla.As obras son *Plataforma*, dirixida por Calixto Bieito e *Marat-Sade* de Animalario. A seguinte obra, con catro candidaturas é *Un enemigo del pueblo* de Juan Mayorga.

Premio "**Nacional de Teatro**"

Ver o apartado X.5. deste *Informe*

Premio de Teatro "**Rafael Dieste**"

Este premio, que non se convocara dende o ano 2001, creouse coa intención de incentivar a creatividade no ámbito do teatro, por ser unha das formas artísticas de maior incidencia social, e en lembranza do autor rianxeiro que lle dá nome. A Deputación Provincial da Coruña, entidade convocante, estabeleceu que ao XIIIº Premio de Teatro "Rafael Dieste" poderán optar todos os autores de calquera nacionalidade, que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega. Concédese un premio único e indivisíbel, dotado con 6.500 euros. A Deputación publicará a obra premiada, reservándose durante un prazo de dezaoito meses os dereitos de editala e de representala, e entregará ao gañador trinta exemplares, do mesmo xeito que poderá contratar unha compañía teatral galega para realizar a montaxe e representación da obra premiada, sen que isto supoña unha compensación complementaria para o autor. As obras serán de tema e extensión libres, e presentaranse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, en tamaño DIN-A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados. Os orixinais presentaranse baixo un título e un lema, na plica constará o título e o lema no seu exterior e no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Os participantes terán a obriga de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso. O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posíbel única, sendo necesaria a asistencia dos dous terzos dos seus membros. As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. Sendo un dos obxectivos deste concurso a posta en escena da obra

premiada, estimaranse positivamente os factores que incidan na súa viabilidade escénica: número de personaxes, condicións técnicas, etcétera. O xurado non poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Presidencia desta Deputación, que é o órgano competente para resolver o premio. Na edición de 2007 o prazo de admisión de orixinais rematou o día 15 de abril e os textos tiveron que enviarse á Deputación da Coruña, Avda. Alférez Provisional, s/n, 15006, A Coruña, indicando no sobre "XIIIº Premio de Teatro Rafael Dieste". O xurado estivo presidido polo titular do organismo provincial, Salvador Fernández Moreda, e integrado polo responsábel da área de Cultura, Celestino Poza, Cristina Domínguez Dapena, Manuel García Areosa, Manuel Guede Oliva, Xulio Lago e Gustavo Pernas, como voceiro do xurado. O fallo do xurado resolveuse o 11 de xuño. No ano 2007 resultou gañadora a profesora e escritora Teresa Moure, coa obra *Unha primavera para Aldara*, de entre un total de vinte un orixinais.

Referencias varias:

- Albino Mallo, "Convocadas as novas edicións dos seis premios culturais da Deputación", *El Correo Gallego*, "Cultura", 16 febreiro 2007, p. 75.

Informa da presentación, por parte da Deputación da Coruña, das bases e contidos dos diversos premios de promoción cultural que convoca, entre eles, o XIII Premio de Teatro Rafael Dieste e o XIX Premio de Narrativa Torrente Ballester. Celestino Poza, responsábel da área de Cultura da entidade, incidiu no compromiso da Deputación co fomento da creación literaria. Apúntase que o premio Rafael Dieste conta cunha dotación de seis mil cincocentos euros e inclúe ademais a publicación da obra e a súa representación.

- Albino Mallo, "A escritora Teresa Moure gaña o Premio de Teatro Rafael Dieste", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Recoñecemento", 12 xuño 2007, p. 75.

Destácase que acaba de gañar este galardón bianual, por unanimidade. Recóllese que Teresa Moure non se define como "escritora de xéneros", senón que neste caso "a idea que tiña na cabeza se prestaba mellor" como peza teatral. Apúntase así mesmo que agarda ilusionada por "vela representada" porque ten efecto distinto ao do texto teatral. Precísase que Gustavo Pernas, voceiro do xurado, destaca que "está falando de nós, de Galicia, da tradición e de modernidade". Nun aparte precísase que se vai presentar o seu libro *Benquerida catástrofe*.

- Marcos Sanluis, "Teresa Moure gana el 'Dieste' con una obra sobre monjas", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 12 xuño 2007, p. 79.

Recóllese que a acta do xurado recoñece a "ambición dunha trama sostida por un gran traballo de investigación histórica que trascende a época do drama para abordar asuntos de candente actualidade". Destácase o contido da trama e datos biográficos e da traxectoria literaria de Teresa Moure.

- Gemma Malvido, "Teresa Moure gaña ao premio Rafael Dieste de teatro por unanimidade", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 12 xuño 2007, p. 12.

Infórmase que *Unha primavera para Aldara* foi a peza teatral gañadora deste premio. Recóllese a opinión do xurado ao recoñecer a "riqueza" e "complexidade" de levar á escena esta obra de cento sesenta páxinas, mais afirman aceptar o reto. E o xurado remata destacando o "alto nivel literario do texto que aposta por unha dramaturxia histórica".

- Albino Mallo, "Emerxencia 'feminina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Escenarios", 12 xuño 2007, p. 32.

Destácanse as características da XIII edición do premio teatral, para despois centrarse na traxectoria literaria e profesional da galardoada Teresa Moure. Recóllense as palabras de Gustavo Pernas, voceiro do xurado, nas que sostén a "sólida estrutura dramática, a potencia dos conflitos e a magnífica construción de personaxes" d'*Unha primavera para Aldara*, ademais de salientar a "universalidade e transcendencia de certos temas como a igualdade da muller". Engádese un aparte no que se presenta a Teresa Moure como "o nome máis escintilante das últimas fornadas editoriais", ofrecendo datos biográficos e da súa traxectoria profesional.

- A.N.T., "Teresa Moure premio de teatro Rafael Dieste", *A Nosa Terra*, n.º 1.272, "Cultura", 14-20 xuño 2007, p. 25.

Apúntase que o pano de fondo da peza teatral gañadora é a época das loitas irmandiñas. O voceiro do xurado, Gustavo Pernas, destaca a transcendencia do tema da igualdade da muller, "máis alá do documento histórico e do traballo de investigación". Remátase salientando algúns títulos do premiado currículo literario de Teresa Moure.

- Ramón Loureiro, "A palabra é a mellor arma para cambiar o mundo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 4 xullo 2007, p. 45.

Destácase que Teresa Moure se deu a coñecer coa obra *Herba moura* e entrevístana con motivo de gañar este premio teatral. Coméntase que a literatura, ao matinar sobra temas urbanos, modernos, "que pertencen ás inquedanzas dunha sociedade, contribúe a que uns falantes sintan orgullo da súa lingua, e apego a ela". Remátase tratando da peza teatral gañadora deste premio Dieste. Apúntase que "o teatro é o xénero da intervención social", que "serve para facer memoria" e que "a intrahistoria é a única historia que merece ser contada".

- Vanesa Sotelo, "Entrevista con: Teresa Moure", *Revista Galega de Teatro*, "Entrevistas", n.º 52, outono 2007, pp. 37-40.

Entrevístase a Teresa Moure con motivo de gañar o XIII premio teatral Rafael Dieste coa peza *Unha primavera para Aldara*. Apúntase que a obra se representará en 2008 baixo a dirección de Lino Braxe. Explícase que se trata da súa "primeira chega á escrita teatral", e que lle interesa este xénero pola súa intervención social. Recoñece que os premios que leva conseguido lle permiten editar "en prazos de tempo razoábeis e sen enmendas" e achegar os libros ao público lector. Afirma que o eixo do conflito teatral é o concepto de poder. E que situou a acción desta peza no período irmandiño porque o considera una "época crucial para o desenvolvemento da nosa identidade nacional e como época de referencia no que se refire á conformación do poder (xurídico, político e social) das nacionalidades modernas". Apúntase que situar a acción nunha época

distante no tempo consegue a *captatio benevolentiae* dos lectores ou espectadores e "permite trazar temas que, doutro xeito," rexeitaría a sociedade. Recoñece que dedica "moita enerxía a delinear o perfil psicolóxico dos personaxes", e que nesta peza non escatimou en espazo para que estes tiveran profundidade dramática. Precisa que "o teatro só ten sentido para ser representado" e remátase afirmando que cómpre "facer florecer a palabra para edificarnos un novo país" onde a existencia alivie a súa dor con outra ética e outra estética.

Premio de Teatro **Romaría Vikinga**

Organizado polo Concello de Catoira e a Universidade de Santiago de Compostela dende o seu programa de sensibilización das culturas vikinga e galega e ao mesmo tempo co desexo de contribuír á creación teatral. As obras que se desexen presentar deben ser inéditas, escritas en galego e nas que o tema garde relación con calquera dos aspectos das incursións vikingas e defensas das mesmas, lendas, costumes, personaxes e símbolos, valores e sensibilidades propios do tema en Galicia. O autor debe ter en conta que se trata dunha representación popular na que participarán actores e actrices afeccionados en gran número, nacidos ou residentes en Catoira. A dirección da obra corre a cargo do mesmo. A presentación ao concurso esixe a presentación de dous sobres (A e B) adxuntos e pechados que conteñan: o sobre A orixinais, mecanografados e por quintuplicado sen asinar, co título da obra e o seudónimo do/a autor/a que permita a súa posterior identificación, así como un precaderno de dirección no que se describa a posta en escena do espectáculo. O sobre B debe incluír o nome, teléfono, enderezo do/a autor/a, xunto coa fotocopia do DNI, indicando por fora o título da obra e o seudónimo do/a autor/a. Os residentes do concello escribirán "Catoira" no exterior do mesmo. Os dous sobres deben ir pechados para enviar ao enderezo Concello de Catoira, Rúa do Concello, 6, Catoira, Pontevedra antes do 31 de xañeiro do 2008. Estabelécese un único premio de 4.808 euros que conleva a obriga de dirixir ensaios, ambientación, escenografía, atrezo e os seis días de escenificación nas Torres de Oeste. Se o autor/-a propón a outra persoa para a dirección será baixo a súa responsabilidade artística e económica. Ademais da calidade das obras valorarase a visibilidade da súa posta en escena así como a innovación no libreto e que os autores non representaran as obras en anos anteriores. A organización e composición do xurado corresponde á USC e ao Concello de Catoira e formarán parte do mesmo a Concellería de Cultura do Concello de Catoira, tres persoeiros do mundo do teatro e un representante da USC. A resolución fíxose pública no mes de febreiro 2007 e foi comunicada a través dos medios de comunicación. O xurado pode declarar deserto o premio se non reúne as condicións artísticas e de calidade. O autor da obra premiada cede en exclusiva ao Concello os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación da obra, en todo o territorio da Unión Europea, para a súa explotación e execución teatral, edición e produción. Dado que a convocatoria é bianual, unha das obras será elixida para representación do ano seguinte ao da convocatoria tendo en conta que o/a autor/a non representara en anos anteriores. Neste caso terán preferencia os residentes en Catoira para darlle así oportunidade ás persoas de Catoira. Na convocatoria de 2007 o galardoado foi Lucho Penabade coa obra *Diáspora*, estreada o 30 de xullo e representada todos os días da Semana Vikinga a partir das dez e media da noite.

X.4. INVESTIGACIÓN

Premio literario "**Ánxel Fole**"

Premio convocado pola Fundación Caixa Galicia e o xornal *El Progreso* dende 1986 para premiar orixinais escritos en galego ou castelán sobre a vida e a obra dunha personalidade da cultura galega; nesta edición, o médico, humanista, escritor e antropólogo Juan Rof Carballo. Poden optar a el todas as persoas que o desexen, con traballos en galego ou en castelán, inéditos, cunha extensión mínima de cen folios e máxima de douscentos, mecanografados a dobre espazo, referidos a calquera aspecto da vida ou da obra de Juan Rof Carballo. Os orixinais teñen que enviarse, por cuadruplicado e baixo plica, ao Departamento de Obras Sociais da Caixa Galicia (de calquera das súas delegacións) ou ao xornal *El Progreso*. O premio está dotado cun único premio indivisíbel de 9.000 euros, amais da publicación da obra, e o ditame do xurado, constituído por personalidades designadas polas entidades convocantes, realízase na primeira quincena de maio de 2007 coincidindo co cabodano do falecemento de Ánxel Fole. Na edición de 2006 resultou gañadora a obra *Cucou ou cuco cuqueiro:Lingua e estilo na obra de Manuel María*, da autoría de Xosé Ramón Freixeiro Mato. No ano 2007 o xurado estivo composto polo director xeral do Grupo El Progreso, José de Cora Paradela, Benigno Fausto Galdo, Francisco José Vidal Pardo e Sinesio Pérez, en nome de Caixa Galicia. No ano 2007 resultou gañador Carlos Fernández Fernández e Anxo Rei Ballesteros, pola obra *Urda e mundo. Un ensaio sobre Rof Carballo*.

Referencias varias:

- maré, "Freixeiro Mato' indaga en Manuel María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Filoloxía", 17 abril 2007, p. 35.

Anúnciase a entrega do galardón a Freixeiro Mato por un estudo sobre a figura do poeta Manuel María, nun acto no que se fará entrega ao galardoado dos primeiros exemplares do seu traballo. Destácase que o xurado estivo composto polo director de *El Progreso,* José de Cora, e polos profesores Xesús Alonso Montero e Darío Villanueva. Apúntase que o galardoado xa o recibira na sétima edición deste premio cunha obra dedicada a Noriega Varela. E remátase precisando que este premio é convocado anualmente pola Fundación Caixa Galicia e o diario *El Progreso* para recoñecer o mellor traballo de investigación sobre a figura dun escritor lucense.

Premio "**Dámaso Alonso**" de investigación filolóxica

A Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Ribadeo e o Grupo Voz, editor do xornal *La Voz de Galicia*, co gallo do centenario do nacemento de Dámaso Alonso Fernández de las Redondas, que estivo afectiva e intelectualmente moi vinculado a Galicia, acordaron o 10 de xullo de 1998 convocar anualmente, baixo o nome de tan egrexio poeta, profesor e académico, un premio para dar a coñecer a mellor das obras de filoloxía realizadas por investigadores novos sobre os eidos que cultivou Dámaso Alonso. O premio estará dotado coa suma de 6.000 euros que o autor da obra galardoada recibirá do Concello de Ribadeo á conta dos dereitos de edición da obra por parte do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago

de Compostela. Poderán concorrer orixinais inéditos de extensión comprendida entre cento cincuenta e douscentos cincuenta follas tamaño DIN-A4, escritas mecanicamente a dobre espazo e por unha soa cara, en letra de paso non compensado, que deberán ser enviados por sextuplicado ao Rexistro Xeral da USC (Rectorado-Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15705 Santiago). Os exemplares irán acompañados de todos os datos persoais do autor, que non debe ter aínda os trinta anos de idade. A lingua das obras de investigación filolóxica poderá ser o galego ou o castelán e o tema corresponderase cos eidos cultivados por Dámaso Alonso: estudos lingüísticos peninsulares, estudos e ensaios histórico-críticos sobre as literaturas románicas peninsulares de todas as épocas, edicións e comentarios de textos literarios hispánicos, estilística e teoría da literatura, historia da crítica literaria. Na edición de 2007 o xurado estivo presidido por Darío Villanueva, catedrático de Teoría da Literatura, e integrado por Elías Torres, vicerrector de Cultura da USC, entre outros. Resultou gañadora Ana María Porteiro Chouciño polo seu traballo "*Del monte sale quien el monte quema" de Lope de Vega: edición crítica y estudio*.

Premio "**Nacional de Ensaio**"

Ver o apartado X.5. deste *Informe*

Premio "**Manuel Murguía**" de Ensaio

Dotado cun premio de 6.500 euros e a publicación da obra gañadora, convócao a Deputación Provincial da Coruña co obxecto de enxalzar a vida e obra "dunha figura das letras galegas, un precursor do galeguismo, político, literato e historiador". Poden concorrer todo tipo de ensaios de carácter histórico referidos a calquera aspecto da Comunidade Autónoma de Galicia. A extensión dos textos será libre e enviaranse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, por unha soa cara, en tamaño DIN-A4, numerados, grampados ou encadernados. Os orixinais presentaranse baixo un título e un lema no seu exterior e contendo no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Deberán enviarse á sede da Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional s/n., 15006 A Coruña). Neste ano 2007 saiu do prelo o libro gañador da pasada edición, escrito por Xosé Amancio Liñares Giraut e Omaira Lista Liñares coa obra *Medios de comunicación comarcal en Negreira, A Braña, e Brión no século XX. Do Boletín de la Sociedad San Mauro (1904), a O Tambre (1995)*.

Referencias varias:

- Albino Mallo, "A Deputación presenta o ensaio gañador do VI Manuel Murguía", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Estudo", 30 outubro 2007, p. 76.

Infórmase da presentación do libro gañador da VI edición deste premio de investigación. Coméntase que se valorou "a recollida e análise dunha inmensa prensa local" dos concellos de Negreira, A Baña e Brión durante o século XX, ademais de ponderar o emprego "dunha ampla e selecta bibliografía, a presentación do tema, e a súa correcta elaboración, así como a contextualización dos medios de comunicación da

prensa escrita na historia e sociedades destes concellos". Remátase recollendo as valoracións dos autores sobre o contido do ensaio presentado.

- E. Forján, "Editan una obra premiada sobre la prensa de Barcala y Amaía en el siglo XX", *La Voz de Galicia,* "Comarcas", "Crónica", 30 outubro 2007, p. L13.

Explícase que foi presentada polo presidente da Deputación da Coruña, a responsabél de Cultura e o editor de tresCtres editores. Saliéntase que gañara este premio Manuel Murguía de ensaio no ano 2006 entre as dez obras presentadas pola "recollida e análise dunha inmensa prensa local dos tres concellos" e "pola ampla e selecta bibliografía, a súa presentación, e a súa correcta elaboración". Explícase que os autores, Amancio Liñares e Oamira Lista Liñares, analizan seiscentos números de quince publicacións de 1900 a 1936, ademais doutras publicacións até o ano 2000, entre 1980-1990 e doutras dos anos setenta. Apúntase que ocupa un apartado especial a radio local *Radio Negreira 107.0 FM*, única publicación non impresa do século XX nesa zona, e que continúa na actualidade, xunto á publicación da cooperativa Feiraco.

Premio de ensaio "**Ramón Piñeiro**"

A Editorial Galaxia convocou por primeira vez este premio no ano 2000 con motivo do seu cincuentenario e co décimo cabodano de Ramón Piñeiro. En edicións posteriores sumouse á convocatoria o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades coa colaboración da empresa eléctrica Unión Fenosa. Con el preténdese contribuír á difusión do ensaio breve en lingua galega, xénero que Ramón Piñeiro cultivou con asiduidade e ao que fixo importantes contribucións. Nel pode participar calquera persoa interesada, a excepción do persoal pertencente ao Centro Ramón Piñeiro, con traballos orixinais e inéditos, en lingua galega, axustados á normativa oficial do idioma que versen sobre o ámbito xeral do pensamento humanístico (lingua, literatura, antropoloxía, filosofía, historia). O tema dos ensaios será libre e os traballos deberán evitar o enfoque de investigación especializada ou de carácter estritamente académico. Os traballos deberán estar asinados cun lema ou seudónimo, e a extensión dos traballos abranguerá entre douscentos mil e trescentos mil caracteres, incluídos espazos. Deberán ser presentados por quintuplicado, en formato DIN-A4, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara. Os orixinais enviaranse por correo certificado, baixo plica, á Editorial Galaxia. Estabelécese un único premio, consistente en 6.000 euros que será outorgado ao ensaio que posúa maior fondura e orixinalidade e reúna suficientes méritos estilísticos e literarios. Este galardón será único e indivisíbel e o xurado, formado por personalidades de relevo da vida cultural galega, poderá recomendar a publicación de traballos de interese que presentaron pero que non recibiran o premio e así mesmo poderá declaralo deserto. A contía do premio inclúe os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador, que será publicado pola Editorial Galaxia na súa colección "Ensaio". O prazo de entrega dos orixinais foi o día 1 de decembro do ano en curso e o fallo do xurado deuse a coñecer o 14 de decembro. No ano 2007, o xurado estivo integrado por Luís Alonso Girgado, Alexandre García-Caballero, Manuel González González, Dolores Vilavedra Fernández e Carlos Lema. Finalmente a gañadora foi María López Sánchez coa obra *Paisaxe e nación: A creación discursiva do territorio*, que aborda o tema da paisaxe e a súa estreita relación coa cuestión identitaria, fundamental no caso da sociedade e da cultura galegas.

Referencias varias:

- maré, "Na vangarda política", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 febreiro 2007, p. 27.

Comenta que o Centro Ramón Piñeiro acaba de publicar tres revistas: *Yunque*, *Galicia* e *La Unión Gallega*. A primeira son seis números recollidos nun volume que achega o contexto da prensa lucense e galega en xeral. As outras dúas foron publicacións destacábeis na etapa da emigración galega e describe a súa orixe. En columna a parte, comenta que o acto de presentación das revistas coincidiu coa entrega do Premio de Ensaio Breve Ramón Piñeiro, que este ano recaeu en Alva Martínez polo seu traballo interpretativo da novela *O porco de pé*, de Vicente Risco. Así mesmo, confirma que este traballo foi publicado polo Centro Ramón Piñeiro.

- D.S., "Política Lingüística y Galaxia unifican sus premios de ensayo", *El País*, "Galicia", 5 outubro 2007, p. 36.

Comunica que a partir desta edición, os dous premios Ramón Piñeiro que convocaban separadamente a editorial Galaxia e Política Lingüística, a través do Centro Ramón Piñeiro, pasarán a ser un único premio, o máis importante dedicado ao xénero ensaístico no panorama galego. Ademais, informa de que seguirá contando co apoio de Unión Fenosa.

- maré, "O Premio Piñeiro' amplíase a tres bandas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Letras", 5 outubro 2007, p. 26.

Anuncia que na VII Edición do Premio Ramón Piñeiro 2007, Política Lingüística tamén entrará a formar parte da convocatoria deste certame, xunto a editorial Galaxia e Unión Fenosa. Por último, informa das bases do certame e da contía do premio.

- Erik Dobaño, "A paisaxe ten que mudar dende nós, non dende intereses alleos", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 28 decembro 2007, p. L7.

Entrevista a María López Sánchez, que acaba de recibir o Premio Ramón Piñeiro de ensaio coa obra *Paisaxe e nación: a creación discursiva do territorio*. Entre outros aspectos, explica que o seu obxectivo foi demostrar que a percepción que temos da realidade é o produto dun proceso cultural e explica porqué empregou, para exemplificar algúns apartados do seu estudo, textos de Rosalía, Otero Pedrayo e Méndez Ferrín. Tamén aclara o motivo polo que a conceptualización da paisaxe serve como símbolo para o discurso nacionalista.

Premio de Investigación "**Xesús Ferro Couselo**"

Organizado polo Concello de Valga, o premio conta con dúas modalidades: "Auga, Santo Tomé de Moreiras e Natureza e Superstición na Tradición Popular Galega" e "Leprechaune" e cunha contía de 4.000 euros. No ano 2007 resultou gañador o escritor e catedrático da escola Universitaria de Historia contemporánea da USC Xavier Castro, por *Historia da vida cotiá en Galicia (séculos XIX e XX)*.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, "Xavier Castro consigue el Premio Ferro Couselo con una historia gallega reciente", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 3 agosto 2007, contracuberta.

Dáswe conta no apartado "Ensayo" da concesión da XII edición do premio Ferro Couselo ao profesor Xavier Castro Pérez. E despois lóuvase o seu libro *A la sombra ejemplar de los parrales. Cultura del vino en Galicia y otros espacios peninsulares* comparándoo co labor de Álvaro Cunqueiro.

Premio de investigación "**Xohana Torres**"

A Concellaría da Muller do Concello de Santiago de Compostela convoca dende 1993 este premio ao que poden concorrer mulleres, de xeito individual ou colectivo, que presenten un traballo inédito de investigación. Os traballos presentados referiranse a calquera aspecto da muller dentro da nosa comunidade: sociolóxico, humano, histórico, etcétera. Estarán escritos en lingua galega e mecanografados a dobre espazo e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello identificados cun lema e acompañados cun sobre pechado co mesmo lema no que se inclúan os datos das participantes. A partir do ano 2001 a contía do premio pasou das 1.800 euros iniciais a 3.000 euros para o único traballo premiado. A concesión do premio implicará a cesión en exclusiva ao Concello dos dereitos de propiedade intelectual e de explotación do traballo premiado por parte da gañadora nos termos da lexislación vixente (RDL 1/1996, do 12 de abril). Neste ano 2007 resultou merecente deste galardón Serrana Mercedes Rial García pola obra *Desde o campo e o mar ata o tear e o fogar, a invisibililidade rómpese en mil anacos. As mulleres do campo na Galicia da Época Moderna*.

Premio **Valle-Inclán**

Organizado pola Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa e cunha dotación de 24.000 euros. Foi constituído no ano 2004 co obxectivo de difundir e promover a obra do creador do "esperpento" e para profundizar, a través de estudos rigurosos e de prestixio académico, en distintos traballos da súa biografía e do seu traballo literario. Poden concorrer traballos orixinais e inéditos, escritos en calquera das linguas oficiais de Galicia, dos que se deben presentar cinco exemplares mecanografados a dobre espazo, que se presentarán baixo lema ou seudónimo, caso no que se achegará a correspondente identificación do autor nun sobre aparte. A presentación das solicitudes por parte dos candidatos farase no rexistro xeral desta Deputación a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Nas edicións anteriores recaeu en Xaquín Núñez Sabarís, por *Valle-Inclán en el fin de siglo. Estudio crítico de* "*Femeninas*"; Euloxio Ruibal, polo estudo *Valle-Inclán e o teatro galego*; ex aequo por Anxo Abuín González, por *La palabra en los ojos o el alfabeto en movimiento: una aproximación a la dramaturgia de Valle-Inclán desde la estética del silencio*, e Elianne Lavaud-Fage, por *Valle-Inclán ¿un sistema literario?* Na edición de 2007 o xurado estivo formado por Helena Villar Janeiro, en representación do Consello da Cultura Galega; José Antonio Ponte Far, da Fundación Valle-Inclán; Alfonso Zulueta, da Fundación Penzol; Ramón Torrado,

profesor de Comunicación; Carlos Valle, director do Museo de Pontevedra, e representantes da Deputación de Pontevedra e do concello de Vilanova de Arousa. No ano 2007 o galardón quedou deserto, aínda que contou con traballos procedentes de universidades de Madrid, Estados Unidos ou Italia, como mostra da difusión da figura de Valle-Inclán.

Referencias varias:

- F.F., "El jurado hace público este lunes el nombre del ganador del Premio Valle-Inclán", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 13 outubro 2007, p. 12.

Anuncia a intención do xurado do Premio Valle-Inclán de facer público o nome da persoa gañadora deste certame e informa sobre as características do galardón. Por último, comunica o inicio dos preparativos da Semana da Cultura de Vilanova.

- F.F., "Declaran deserto o Premio Valle-Inclán por 'falta de novidade' nos traballos presentados", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "Vilanova", 16 outubro 2007, p. 15.

Dá noticia de que o xurado do Premio Valle-Inclán que convocan a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova declarou deserto este galardón de 24.000 euros por considerar que os traballos presentados non achegaban novidades. Seguidamente, informa da composición do xurado e destaca a participación internacional dos traballos. Por último, dá conta dos nomes das persoas galardoadas nas edicións anteriores.

- Manuel Jabois,"¿Está agotado Valle-Inclán?", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 16 outubro 2007, p. 75.

Informa da decisión do xurado do Premio Valle-Inclán de traballos de investigación sobre a súa figura e obra de declarar deserta a cuarta edición deste certame. Indica que só se presentaron tres traballos, de EEUU, Italia e Madrid, e que non supoñen ningunha novidade no seu campo de investigación. Por último, sinala os nomes das persoas que recibiron este galardón en pasadas edicións.

Premio "**Vicente Risco**" de antropoloxía e ciencias sociais

Convocado dende 1994 polo Concello de Castro Caldelas e Allariz en colaboración coas Fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco. Está dotado con 6.000 euros e a publicación da obra pola Editorial Sotelo Blanco. Poden concorrer a el os que presenten obras sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das ciencias sociais (historia, economía, socioloxía, literatura, etc). Os textos, cunha extensión mínima de cento cincuenta ou máxima de trescentos folios a dobre espazo, teñen que ser presentados, por quintuplicado, na Fundación Sotelo Blanco (Apartado de Correos 2096, 15780 Santiago) baixo lema ou título e acompañados dun sobre pechado no que consten os datos persoais e enderezo do autor. Na edición de 2007 o xurado estivo composto por Teresa Deva, concelleira de Cultura do Concello de Allariz; Fernando Acuña Castroviejo, profesor da Universidade de Santiago; Xosé Manuel Cid Fernández, profesor da Universidade de Vigo; Xosé Xerardo Pereiro Pérez, profesor de antropoloxía na Universidade de Tras-os-Montes de Alto Douro; e Francisco Fernández

Rei, profesor da facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela e académico, que actuará como Secretario. No ano 2007 resultou gañadora a obra *Poboacións non pertinentes nas institucións educativas. O alumnado con procedencia rural na Terra de Melide*, de Santiago Prado.

Referencias varias:

- A.V., "El Vicente Risco, para un trabajo sobre los escolares del rural en la zona de Melide", *El Correo Gallego*, "Cultura", 11 febreiro 2007, p. 76.

Coméntase que o xurado da XIII edición do Premio Vicente Risco valorou o "rigor metodológico" e a súa "actualizada" bibliografía do ensaio de Santiago Prado Conde, ademais de consideralo un "excelente trabajo de campo".

- V. Oliveira, "Estratexia de 'resistencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Nas aulas", 14 febreiro 2007, p. 28.

Recóllense as valoracións do antropólogo e investigador da Universidade Autónoma de Barcelona, gañador deste premio de investigación. Coméntase que regresou á súa terra natal para "indagar nas razóns das elevadas cifras de fracaso escolar entre os estudantes da vila", que el presenta coma a resistencia contra a institución educativa, por negarlles a súa identidade cultural, e contra a comunidade rural, por non aprenderlles a súa memoria lexítima. Remátase explicando as consecuencias do desprestixio do rural nos eidos educativos e como ocasiona migracións.

X.5. MIXTOS (VARIAS MODALIDADES)

Premio "**Antón Losada Diéguez**"

Organizado polos Concellos do Carballiño e Boborás, coa colaboración da Deputación Provincial de Ourense, ten como obxectivo premiar as dúas mellores obras publicadas en galego, nos campos da investigación e da creación literaria. Ten unha dotación económica de 6.000 euros para cada un dos gañadores, ademais dun diploma e dunha escultura conmemorativa. Nesta edición de 2007 a organización do certame correspondeulle ao Concello de Carballiño, que rota anualmente con Boborás. O prazo de entrega dos orixinais rematou o 31 de xaneiro e o xurado reuniuse o 28 de abril para emitir o fallo das dúas modalidades. De entre os corenta traballos entregados, trece de investigación e vinte sete de creación literaria, os gañadores no 2007 foron, no apartado de investigación, Gonzalo Navaza con *Fitotoponomia galega*, e Manuel Rivas con *Os libros arden mal*, no apartado de creación literaria. O acto de entrega tivo lugar o 9 de xuño no pazo da familia Losada na localidade de Moldes, no municipio ourensán de Boborás e estivo presentado pola filóloga Dolores Vilavedra.

Referencias varias:

- X.A.R., “O xurado do premio ‘Losada Diéguez’ recibiu 40 traballos”, *La Región*, “Carballiño”, 7 febreiro 2007, p. 18.

Coméntase que nesta vixésima edición se recibiron un total de corenta traballos até a data límite de entrega o 31 de xaneiro. Apúntase o número de traballos presentados nas modalidades de creación literaria e no eido da investigación, e remátase indicando cando se reúne o xurado para deliberar e a contía deste premio.

- X.A.R., “Manuel Rivas e Gonzalo Navaza gañan o premio ‘Antón Losada”, *La Región*, “Carballiño”, 29 abril 2007, p. 24.

Coméntase que se reuniu o xurado do certame e que, tras unha hora e media de deliberacións os nove membros, presididos polo alcalde de Carballiño, acordaron por maioría concederlle o premio de creación literaria a *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas, por “a súa contribución á recuperación pola vía artística da memoria histórica dos vencidos e asoballados pola ditadura franquista”. Apúntase que no eido da investigación, se decidiu por unanimidade concederlle o galardón a Gonzalo Navaza por “o documentado estudo de 8.000 nomes de lugar de Galicia meridional relativos á flora”.

- X.A.R., “Gonzalo Navaza e Manuel Rivas reciben hoxe os premios ‘Losada Diéguez”, *La Región*, “Carballiño”, 9 xuño 2007, p. 18.

Indícase que o acto de entrega dos galardóns celebrouse na localidade de Moldes, no municipio de Boborás e que comezou cunha misa solemne, seguida de “ofrendas florais nas campas de Antón Losada Diéguez (promotor da Xeración Nós) e do arqueólogo Manuel Chamoso Lamas”, e do traslado dos asistentes ao pazo da familia Losada para comezar coa entrega dos galardóns, nun acto presentado por Dolores Vilavedra. Apúntase que os títulos gañadores son *Fitotoponimia galega*, na modalidade de investigación, e *Os libros arden mal*, como creación literaria.

- X.A. Reboiro, “Rivas e Navaza resaltan o legado da Xeración Nós ó recibir os premios ‘Losada Diéguez”, *La Región*, “Carballiño”, 10 xuño 2007, p. 21.

Noméanse os gañadores e ás súas obras, ademais do programa dos actos de entrega dos galardóns. Apúntase que Dolores Vilavedra, ao presentar o acto, se referiu aos premiados como “zapadores que sachan a leira das palabras” e que Manuel Rivas salientou o labor da Xeración Nós, promovida por Losada Diéguez e que precisou que “cando alguén se pon a queimar libros está a adiantar que van arder persoas”. Pola súa banda, destácase que Gonzalo Navaza cualificou á toponimia como unha “xoia que debe ser conservada”.

- R.V., “O tesouro da ‘toponimia”, *Galicia Hoxe*, “Maré Hoxe”, 10 xuño 2007, p. 28.

Apúntase que Gonzalo Navaza, ao recoller o seu premio por un libro sobre fitotoponomia das provincias de Ourense e Pontevedra, criticou a “perda da memoria toponímica” e o emprego de nomes honoríficos nas novas rúas das urbes, xa que Galicia conta “con tanta riqueza toponímica tanto pola súa cantidade e detalle como pola súa antigüidade”. Ademais recóllese a vinculación da vida dos libros coa das persoas feita

por Manuel Rivas, quen definiu ao libro como "un arca e un espazo no que habitan a liberdade e as preguntas".

Premio da **Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)**

Organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, recoñécese con este premio os mellores libros do ano anterior. Non ten dotación económica e entrégase un galardón simbólico consistente nunha pluma estilográfica. Os escritores socios son os que deben elixir a mellor obra literaria do ano. Na edición de 2007 incorporouse o estabelecemento de galardóns para cada un dos xéneros: teatro, narrativa, poesía, tradución e ensaio, co obxectivo de ofrecer unha visión máis ampla do panorama literario galego. Na categoría de ensaio o gañador foi Manuel Forcadela con *Diálogos na néboa: Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra*. Na categoría de literatura infantil e xuvenil resultou gañadora Marica Campo, por *Abracadabras*. En narrativa premiouse a Manuel Rivas, por *Os libros arden mal.* En teatro, o premio foi para Gustavo Pernas por *Medidas preventivas* e en poesía resultou gañador Xavier Rodríguez Baixeras por *O pan da tarde*. Por último, a mellor tradución foi para Eva María Almazán polo seu traballo en *Brooking Follies*, de Paul Auster. O acto de entrega destes galardóns tivo lugar na Cea das Letras celebrada o 5 de maio no Balneario de Mondariz. No ano 2006 se creou o I Premio Internacional AELG, baixo o lema "Escritor Galego Universal", que nesta edición 2007 recaeu na figura do autor angolano Astur Pestana, "Pepetela".

Referencias varias:

- maré, "Panorámica escrita", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 marzo 2007, p. 27.

A AELG selecciona trinta escritores para os sete apartados do seu premio anual: Literatura Infantil (Fran Alonso, An Alfaya, Marica Campo, Agustín Fernández Paz e Antonio Yanes Casal), Ensaio (Camilo Nogueira, Manuel Forcadela, Xosé María Álvarez Cáccamo e Rebeca Maceiredo), Tradución (Eva María Almazán, Anxo Rei Ballesteros e Tareixa Roca), Teatro (Cándido Pazó e Gustavo Pernas), Poesía (Manuel Casanova, María do Carmo Kruckenberg, Daniel Salgado, Xavier Rodríguez Baixeras, María do Cebreiro e Xabier Seoane), Narrativa (Samuel Solleiro, Xurxo Sierra Veloso, María Reimóndez e Manuel Rivas) e Traxectoria Periodística (Alfredo Conde, Bieito Iglesias, Gustavo Luca de Tena, Manuel Rivas, Rosa Aneiros, Xan Carballa, Xesús Fraga, Antón Lopo e Xosé Luís Méndez Ferrín). Ademais anuncia a entrega o día 5 de maio en Compostela de dous premios máis: o Premio Internacional ao escritor angolano Pepetela e o Premio ás Institucións ao Diario Cultural da Radio Galega.

- maré, "Segunda quenda das votacións dos escritores", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 abril 2007, p. 28.

Refírese á entrega dos premios da AELG e especifica os candidatos que optan a cada categoría. En Infantil e Xuvenil atopamos a Jaureguizar por *A cova das vacas mortas*; An Alfaya, por *A Sombra descalza*; Marica Campo, por *Abracadabra*; Fran Alonso, por *Cartas de amor*; Agustín Fernández Paz, por *Corredores de sombras*; Antonio Yáñez Casal, por *Lóbez*; e Fran Alonso, por *Poetízate*. En Poesía compiten Manuel Vilanova,

con *A esmeralda branca*; María do Carmo Kruckenberg, con *As complexas mareas da noite*; Daniel Salgado, con *Éxodo*; Xavier Rodríguez Baixeras, con *O pan da tarde*; María do Cebreiro, con *Os hemisferios*; e Xavier Seoane, con *Para unha luz ausente*. Para a categoría de teatro só hai dous candidatos: Gustavo Pernas, con *Medidas preventivas*, e Cándido Pazó, con *Binomio de Newton/García*. Ao premio de Ensaio optan Camilo Nogueira, por *A terra cantada*; Manuel Forcadela, por *Diálogos na néboa: Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra*; Xosé María Álvarez Cáccamo, por *Memoria de poeta*; e Rebeca Baceiredo, por *O suxeito postmoderno*. Na categoría de Tradución nominaron a Eva María Almazán, Anxo Adolfo Rei Ballesteros e Tareixa Roca. Por últimos, os nominados para Narrativa son Samuel Solleiro, por *dz ou libro da esperma*; Xurxo Sierra, por *Licor de abelá con xeo*; María Reimóndez, por *O club da calceta*; e Manuel Rivas, por *Os libros arden mal*.

- maré, "Desde a lenda á escrita", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 maio 2007, p. 28.

Recóllense as impresións de Astur Pestana, "Pepetela", elixido "Escritor Galego Universal" pola AELG, que asegura que sente nas súas visitas a Galicia o reencontro coas raíces lingüísticas. Sinálase que até ese momento só se coñecía outro gañador máis: o programa da Radio Galega "Diario Cultura", elixido no apartado de institucións.

- J.R., "Antón Lopo, Marica Campo e Rivas, galardoados pola AELG", *El Correo Gallego*, "Cultura", 7 maio 2007, p. 76.

Indica algúns dos gañadores dos premios da AELG, entregados na Cea das Letras: Astur Pestana, "Pepetela", Manuel Rivas, Xabier Rodríguez Baixeras, Marica Campo, Antón Lopo e Manuel Forcadela.

- maré, "A patria da escrita", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 maio 2007, p. 31.

Dáse conta do acto de entrega dos Premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e repásase cada unha das obras gañadoras desta edición, dende o poemario *Abracadabras*, de Marica Campo, recoñecido co premio á mellor obra de literatura infantil e xuvenil; pasando pola mellor narración concedido a *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas; o mellor poemario, a *O pan da tarde*, de Xabier Rodríguez Baixeras; até a mellor traxectoria xornalística, premio de nova creación, outorgado a Antón Lopo. En columna á parte, dáse conta da polémica entre a Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, e o director teatral Gustavo Pernas, que criticou abertamente a política neste terreo.

- Camilo Franco, "Hai varias literaturas africanas, pero todas reivindican ao home negro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 maio 2007, p. 53.

Astur Pestana, "Pepetela" explica nesta entrevista con motivo da concesión do premio "Escritor Galego Universal" que escribe en portugués porque é a única lingua común en todo o territorio angolano. Asemade, considera que hai poucos elementos en común nas literaturas africanas, salvo a reivindicación do home negro.

- A. Mallo, "Valoro que mo desen os compañeiros", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 maio 2007, p. 31.

Dáse conta da concesión do premio á mellor obra da literatura infantil e xuvenil ao poemario de Marica Campo, *Abracadabras*. Recóllense as palabras da autora, quen destaca o feito de que sexa un galardón concedido polos propios compañeiros e manifesta a súa sorpresa. Sinala que é unha obra moi sinxela, estruturada en dúas partes ben diferenciadas, nas que se tratan temas diversos. Refírese ao seu labor docente e adiántanse outros proxectos editoriais da autora, como a publicación dun novo poemario que levará por título *Sextinario: trinta e seis+tres*.

- Xan Carballa, "Escribo para os angolanos, prefiro iso que facer unha literatura pasteurizada", *A Nosa Terra*, n.º 1.267, "Cultura", 10-16 maio 2007, pp. 24-25.

Ao longo desta conversa con motivo do premio que lle concedeu a AELG, Astur Pestana, "Pepetela" analiza a situación da literatura angolana e, por extensión, das literaturas africanas en lingua portuguesa. Respecto á literatura galega, afirma ter lidas algunha obra moderna e manifesta o seu desexo de traballar en conxunto para reforzar os lazos en común.

- A.N.T, "Rivas, Baixeras, Marica Campo e Forcadela entre os galardoados", *A Nosa Terra*, n.º 1.267, "Cultura", 10-16 maio 2007, p. 25.

Dáse conta dos galardoados pola AELG: Astur Pestana, "Pepetela", Marica Campo, Manuel Rodríguez Baixeras, Manuel Rivas, Manuel Forcadela, Eva María Almazán, Gustavo Pernas e Antón Lopo.

- Ramón Loureiro, "Os nenos non son parvos, nin lectores de segunda", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 maio 2007, p. 46.

Ofrécense tres entrevistas con Marica Campo, Gustavo Pernas e Xavier Rodríguez Baixeiras. A primeira, gañadora na categoría de Infantil por *Abracadabras*, salienta a influencia da literatura infantil nos hábitos lectores adultos. Pernas, distinguido co premio de Teatro por *Medidas Preventivas*, afirma que o labor do dramaturgo é "un traballo transversal", no que conviven narración e poesía. Por último, Rodríguez Baixeiras declara que *O Pan da Tarde*, obra pola que mereceu o premio de Poesía, "responde a un propósito de depuración, de síntese".

Certame "**Carvalho Calero**"

Premio organizado polo Concello de Ferrol e a Asociación Medulio en memoria deste profesor licenciado en Dereito e Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago. Conta coas modalidades de investigación lingüística e creación literaria. Na edición de 2007, os galardoados foron Xosé Manuel Maceira, grazas ao ensaio *Por un nacionalismo cívico e social. Investigación do contributo das Irmandades da Fala da Coruña*, no apartado de investigación, e Paula San Vicente en creación literaria-narración curta coa novela *Fíos de contas*. O xurado decidiu conceder un accésit a Begoña Fal Rey pola obra de creación literaria *As mellores intencións*. No acto de anuncio do fallo a organización do certame comunicou a próxima publicación das obras dos gañadores da anterior edición, da autoría de Miguel Louzao e Carlos Quiroga. Cada un dos premiados recibirá 3.606 euros e verá a súa obra publicada na editorial Laiovento. A entrega dos premios tivo lugar en marzo de 2007.

Premios da "**Crítica Española"**

Creado no ano 1956, concédese aos mellores libros de narrativa e poesía publicados en España ao longo do ano anterior, en calquera das catro linguas do Estado. O xurado está formado normalmente por vinte e dous membros da Asociación Española de Críticos Literarios. É un galardón sen dotación económica. Na edición de 2007 Miguel García Posada presidiu o xurado, que se reuniu en Almería, lugar dende onde emitiu o fallo. En castelán os premiados foron Julia Uceda, pola obra *Zona desconocida*, e Eduardo Lago, por *Llámame Brooklyn*. En catalán, o galardón de narrativa foi para Eduard Márquez e o de poesía para Ponc Pons. En éuscaro recibírono o narrador Jon Alonso e o poeta Koldo Izaguirre. En galego, os galardóns recaeron en Manuel Vilanova, en poesía, pola súa obra *A esmeralda branca*, e Manuel Rivas, por *Os libros arden mal,* en narrativa.

Referencias varias:

- P.R., "Julia Oceda en poesía y Eduardo Lago en narrativa, premios de la Crítica", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 abril 2007, p. 35.

Céntrase en destacar os premios da poetisa afincada en Ferrol e do escritor de orixe galego.

- maré, "Obras con moito 'peso", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 abril 2007, p. 27.

Apúntanse os gañadores nas catro linguas cooficiais, ademais dunha relación do xurado. No apartado anexo "Perfil" destácase que as obras galegas premiadas son títulos de referencia, na temporada literaria galega.

Premios da "**Crítica de Galicia"**

Estes premios están convocados polo Círculo Ourensán-Vigués dende 1978 e polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Institúense co fin de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos que cristalicen en achegas relevantes para o desenvolvemento do eido particular no que xurdan. Os criterios que se utilizarán (como calidade, incidencia social, oportunidade ou outros) para a avaliación dos traballos concorrentes en cada modalidade son da competencia exclusiva de cada xurado. Ben entendido que, en calquera caso, o interese concreto que para a cultura galega ofrezan as achegas que se consideren, haberá de ser a guía fundamental do proceso de avaliación. A periodicidade dos premios é anual. As decisións, que se darán a coñecer no decurso dun acto público que se celebrará o sábado anterior ao Día das Letras Galegas, atinxirán á produción xurdida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior. En cada modalidade o premio será un e indivisíbel e poderá quedar deserto. Todas as producións que se consideren merecedoras de premio terán que ser presentadas á Fundación dos Premios da Crítica Galicia, antes do 1 de marzo, inmediatamente precedente á data da decisión do xurado. Este, aténdose así mesmo aos períodos fixados, poderá incluír traballos non presentados polos seus autores, por terceiras persoas ou por entidades. O

xurado de cada modalidade compoñerase de sete membros, un deles o gañador da edición anterior. A Fundación designará un presidente entre eles que terá a misión de dirixir os debates e resolver, co seu voto de calidade, en caso de empate. O secretario auxiliará ao presidente e demais membros do xurado, redactará e lerá a acta no acto de entrega dos premios. Os membros de cada xurado terán que ser persoas de recoñecida competencia, polo menos nun sector da modalidade do premio, e non deberán ter relacións de autoría ou dirección dos traballos concorrentes, e ademais aceptar estas bases. Todos os xurados quedarán nomeados cun mínimo de dous meses de antelación respecto da data da decisión. Os seus membros terán que ter coñecemento ao seu tempo de todas e cada unha das achegas que se vaian cualificar, e corresponderlles aos secretarios o labor de faceren circular entre aqueles toda a información pertinente que se fose producindo. As decisións finais, que serán inapelábeis, tomaranse nunha sesión de traballo que se celebrará o mesmo día da entrega do premio e permanecerán secretas mentres os secretarios non dean lectura pública ás correspondentes actas. Os Premios da "Crítica Galicia" abranguen as modalidades seguintes: I) Creación literaria. Considéranse premiábeis nesta modalidade todas aquelas obras de poesía ou narrativa, incluído o teatro, editadas no prazo sinalado de cada convocatoria; II) Ensaio e pensamento. Atinxe esta modalidade todos os traballos breves, didácticos e interpretativos nos que o autor aborde dende un punto de vista persoal e subxectivo, con flexibilidade de métodos e clara vontade de estilo, temas -preferente, pero non exclusivamente- da realidade de Galicia; III) Investigación. Considéranse premiábeis nesta modalidade todos aqueles traballos que, desenvolvidos tanto no eido da humanística coma no da investigación positiva e empírica, fagan uso do método científico; IV) Música; V) Ciencias e artes da representación. Téntase nesta modalidade dar acollida ás manifestacións encadrábeis no amplo abano da cultura audiovisual. Abrangue, polo tanto, todas aquelas producións de transmisión, comunicación ou expresión que se articulan a partir de códigos verbo-icónicos (pintura, fotografía, deseño, cine, cómic e outros análogos) verbo-corporais (danza, mimo, teatro e similares) ou calquera outros que conforman o ámbito xenérico da representación. O xurado terá que poñer especial tino en evitar calquera tipo de competencia entre as distintas formas converxentes na modalidade, premiando en cada edición o feito de maior transcendencia na cultura audiovisual galega; VI) Iniciativas culturais. Nesta modalidade enxergaranse todos aqueles feitos ou labores que, levados a cabo por persoas ou institucións, destaquen na orixinalidade e eficacia en defensa, pulo ou espallamento da cultura galega e que, podendo ser consecuencia dunha traxectoria principiada fóra do período definido nesta convocatoria, permanezan vixentes no devandito período. A Fundación dos Premios da Crítica de Galicia poderá nomear, dende 1993, "Galego Egrexio" a aquela personalidade que pola súa traxectoria de entrega a Galicia se considere merecente dela. O galardón consiste nunha estatuíña, deseñada por Isaac Díaz Pardo, que representa a Martín Códax. Neste ano 2007 resolvéronse o 29 de abril e entregáronse o 5 de maio na súa trixésima edición. A reunión dos corenta e dous integrantes dos xurados tivo lugar no balneario de Mondariz. Os premios nas diferentes modalidades foron os seguintes: "Creación Literaria": na modalidade de narrativa, Manuel Rivas por *Os libros arden mal*, cunha mención especial para Manuel Álvarez Torneiro, por *Parábola do incrédulo*, e, na modalidade de poesía, Manuel Vilanova, por *A esmeralda branca*; "Ensaio e Pensamento": Francisco Sampedro, por *A violencia excedente*, cunha mención especial para Antía Cal, por *O camiño que fixemos xuntos*; "Investigación": Ricardo Gurriarán, por *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago 1900-1940*, ademais das mencións do xurado para Francisco Díaz Fierros, por *A cuestión ambiental de Galicia* e Xosé Manuel

Sánchez Rei, por *A lingua galega no cancioneiro de Pérez Ballesteros*; "Música": Televisión de Galicia (TVG), polo programa "Alalá", cunha mención especial á Orquestra Sinfónica de Melide; "Ciencias e Artes da Representación": Fundación Granell; "Iniciativas Culturais": Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz, e á Fundación Premios da Crítica-Galicia no seu trixésimo aniversario; e "Galego Egrexio": o doutor e neuropsiquiatra Ramón Cacabelos García, polas súas investigacións sobre o Alzheimer.

Referencias varias:

- P.R., "Julia Oceda en poesía y Eduardo Lago en narrativa, premios de la Crítica", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 abril 2007, p. 35.

Tras informar dos gañadores noutras linguas peninsulares, se indica que os distinguidos en galego son Manuel Rivas, por *Os libros arden mal*, e Manuel Vilanova, na categoría de poesía por *A esmeralda branca*.

- A.N.T., "Os Premios da Crítica española fíxanse en dous veteranos", *A Nosa Terra*, n.º 1.263, 12-18 abril 2007, p. 30.

Saliéntase que nesta ocasión o galardón quixo homenaxear a dúas traxectorias amplas da literatura galega: a de Manuel Rivas en Narrativa e a de Manuel Vilanova en Poesía.

- Xulio Valcárcel, "Premios da Crítica", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 462, "Páxina literaria", 15 abril 2007, p. 04.

Refírese á entrega dos Premios da Crítica, citando aos gañadores galegos Manuel Rivas, na categoría de narrativa por *Os libros arden mal*, e Manuel Vilanova, na categoría de poesía por *A esmeralda branca*.

- M.G., "Manuel Rivas, Premio de la Crítica en creación literaria", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Galardones", 29 abril 2007, p. 76.

Destácase que os corenta integrantes dos xurados resolveron os fallos das distintas categorías de premios no balneario pontevedrés de Mondariz; no caso da elección da novela de Manuel Rivas resolveuse por maioría simple, e apúntase que se concedeu unha mención do xurado ao poemario *Parábola do incrédulo*, pola "profundidad emotiva y la maestría de expresión". Ademais recóllense os títulos e autores premiados nas restantes categorías, xunto as razóns polas que foron merecentes destes galardóns.

- José Miguel A. Giráldez, "Creo que en 'A esmeralda branca' vence, sobre todo, a alegría de vivir", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", 29 abril 2007, p. 7.

Ao longo desta conversa, Manuel Vilanova, gañador do último Premio da Crítica na modalidade de Poesía, afirma que se trata dun recoñecemento beneficioso para o libro e para a editorial "Libros da Frouma", que fixo un gran labor da man de Luís Alonso Girgado e de Baldo Ramos. A pesar do seu prestixio como creador literario, no que se recoñece a pegada de Luis Cernuda, declara que antepón o seu labor como escritor á vida social.

- Belén López, "Rivas gaña o Premio da Crítica-Galicia", *Diario de Pontevedra*, "ViviraQuí", 29 abril 2007, p. 83.

Comézase apuntando que os distintos xurados se reuniron no Balneario de Mondariz para fallar os premios, e dáse unha relación de todas as categorías premiadas e dos distintos gañadores e mencións do xurado en todas elas.

- María Obelleiro, "Rivas, Gurriarán e Sampedro premios da Crítica de Galicia", *A Nosa Terra*, n.º 1266, "Cultura", 3-9 maio 2007, p. 25.

Coméntase a nómina dos recoñecidos cos XXX Premios da Crítica de Galicia. Na categoría de Creación Literaria, o premio foi para Manuel Rivas, pola obra *Os libros arden mal*, (Xerais), que tamén acadara o Premio da Crítica do Estado e o Antón Losada Diéguez. A *Parábola do incrédulo*, de Manuel Álvarez Torneiro, recibiu unha mención especial e *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago 1900-1940*, de Ricardo Gurriarán conseguiu o premio no eido da investigación, onde obtiveron mencións do xurado *A cuestión ambiental de Galicia*, de Francisco Díaz Fierros, e *A lingua galega no cancioneiro de Pérez Ballesteros*, de Xosé Manuel Sánchez Rei. Na categoría de Ensaio e Pensamento triunfou *A violencia excedente*, de Francisco Sampedro e conseguiu unha mención especial *O camiño que fixemos xuntos*, de Antía Cal. A Fundación Eugenio Granell resultou a gañadora no apartado de Ciencias e Artes da Representación mentres que a Asociación Xermolos, de Guitiriz foi recoñecida na categoría de Iniciativas Culturais. No apartado da música, o programa *Alalá*, da TVG, obtivo o premio, mentres que a Orquestra Sinfónica de Melide obtivo unha mención. Finalmente, destácase que o traballo, no eido da investigación, que levou a cabo o doutor Ramón Cacabelos foi recoñecido co Premio "Galego egrexio".

- F. Franco, "Os Premios da Crítica celebran 30 anos de galeguismo en Mondariz Balneario", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 6 maio 2007, p. 48.

Destácase a entrega dos galardóns destes premios que contaban co lema "Povo e lingua, 30 anos de galeguismo". O acto de entrega recordou un fragmento da primeira edición, a través das palabras gravadas de Bieito Ledo e Victor Freixanes, seguidas das do presidente da Fundación organizadora. Apúntase que cada secretaria dos seis xurados subiu ao escenario para ler as conclusións e os nomes dos galardoados e que o primeiro en recibir a estatua de Sargadelos foi Manuel Rivas, até concluir a lista de galardoados. Saliéntase o momento en que se escoitou un fragmento da poxa da estatuilla da primeira edición do premio de Música entre os presentes, para os fondos dos folguistas de Ascón.

- Rosa M. Tebar, "O escritor Manuel Rivas, Premio da Crítica 2007 á creación literaria", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", 6 maio 2007, p. 25.

Destácase que Mondariz Balneario se vestiu de gala para entregar estes galardóns e que o académico Xesús Ferro Ruibal presentou a gala. Apúntase que o presidente da Fundación organizadora percorreu os trinta anos de historia destes premios. E finalízase coa relación dos premiados nas distintas categorías.

- Navia Franco, "Trinta anos", *El Ideal Gallego*, 9 maio 2007, p. 26/*Diario de Ferrol*, 9 maio 2007, p. 27/*Galicia Hoxe*, "Opinión", "Desenlaces", 11 maio 2007.

Destácase o trinta aniversario destes premios dedicados a gabar "a literatura, o pensamento, a música e a investigación". Ademais apúntase que a través das palabras do neuropsiquiatra Ramón Cacabelos se descubriu a traxectoria vital da Fundación organizadora. Remátase coa relación dos galardoados e o seu agradecemento persoal á Fundación por integrala no xurado do premio de Ensaio.

- Benedicto García, "Premios da Crítica 2007", *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "Chiscando un ollo", 10 maio 2007, p. 4.

Comézase destacando que se "alixeirou" a duración do acto e dáse a relación dos premiados. Apúntase que Manuel Rivas falou en nome dos galardoados nas cinco categorías, dedicándolle unhas palabras "próximas e amables a cada un deles". Precísase que o "descoñecido" merecente do "galego egrexio" destacou a sanidade privada fronte á pública. E remátase opinando que os galardóns desta edición teñen "pouco que ver coa universalidade que no firmamento galego poidan representar calquera dos premiados en anos anteriores".

- Helena Villar Janeiro, "Galicia en Mondariz", *El Correo Gallego*, "Opinión", 11 maio 2007, p. 3.

Destácase que Mondariz acolleu estes premios convocados na súa oirixe polo Círculo Ourensán Vigués e hoxe promovidos pola Fundación Premios da Crítica. Precísase que participar nestes premios, tanto como xurado ou como gañador, "axuda a coñecer a sensación de vivirmos nun país con cultura e lingua normalizadas" e que neles "está representado o tecido cultural e social que sustenta o ser de Galicia". E remátase salientando que tamén se celebrou a campaña "En galego, con toda seguridade", dirixida aos corpos e forxas de seguridade para a plena normalización da lingua e que está impulsada pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.

- Xurxo Fernández, "Donde el mundo es Vilanova", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 14 maio 2007, contracuberta.

Dá conta da obtención do último Premio da Crítica na modalidade de Poesía por parte de Manuel Vilanova pola obra *A esmeralda branca*, publicada pola editorial "Libros da Frouma" que dirixe Luís Alonso Girgado. Asemade, destácase unha relación de poetas galegos, dende a época dos cancioneiros medievais até a actualidade.

Certame de Contos "**Cultura Quente**" do Concello de Caldas de Reis

Convocado pola Biblioteca Municipal Padre Martínez Ferro, de Caldas. A convocatoria é aberta a todas as persoas e estabelécense dúas categorías: A, para menores de dezaoito anos, e B, para maiores de idade. Os contos terán que estar escritos en lingua galega, orixinais e inéditos, e cunha extensión entre cinco e quince folios. As obras presentaranse directamente ou ben enviaranse por correo certificado á Biblioteca Pública "P. Manuel Martínez Ferro", Paseo Román López, nº 9, 36650, Caldas de Reis. Farase en sobre pechado por triplicado co título da obra e lema do autor, acompañado doutro pequeno sobre, tamén pechado, no que conste o auténtico nome e apelidos do autor, así como o teléfono, enderezo, a fotocopia do DNI e a indicación da modalidade

na que se participa. O Concello poderá publicar os relatos gañadores. A contía dos premios é a seguinte: na categoría A, 300 euros en libro se material escolar; na categoría B, 1.000 euros e un accésit de 500 euros. Nesta edición de 2007 o prazo de presentación rematou o 15 de xuño e os premios entregáronse durante o festival Cultura Quente, do 29 de xuño ao 15 de xullo, resultando galardoados José Alfonso Romero Pérez pola obra "Baixo segredo", e Xulio Romero, que obtivo o accésit polo relato "Sopramocos a cincuenta francos".

Premios da **Edición**

Convocado pola Asociación Galega de Editores (AGE). Os galardóns teñen seis categorías e non están dotados economicamente. A Noite da Edición 2007 celebrouse no Aquarium Finisterrae o 14 de decembro. A gala comenzou coa homenaxe, no apartado de edición histórica, *A Nosa Terra, La Voz de Galicia* e Alvarellos Editora. No premio ao libro do ano son finalistas *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, de Justo Beramendi (Xerais); *¿Para que serve a historia de Galicia?*, de José Carlos Bermejo Barrera (Edicións Lóstrego); e *Made in Galiza*, de Sechu Sende (Galaxia). Optan ao premio Xosé Neira Vilas ao Libro infantil e xuvenil do ano, *Minimaladas*, de Carlos López (Xerais); *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz (Xerais); e *Xela volveuse vampira!*, de Fina Casadelrrey (Baía Edicións). Ao Premio Lois Tobío ao Libro traducido do 2007, concorren *A Odisea*, traducida por Xavier Senín e Isabel Soto (Editorial Rodeira); *Cuspirei sobre as vosas tumbas*, traducido por David Gippini (Factoría K de Libros); *O señor Ibrahim e as flores do Corán*, traducido por Emma Lázare Rodríguez (Factoría K); e *Só o silencio me responde*, traducido por Ekaterina Guerbek e Penélope Pedreira (Rinocerontes Editora). Do Premio Díaz Pardo ao Libro ilustrado son finalistas *Guía de mamíferos de Galicia*, ilustrado por Carlos Silvar (Baía Edicións); *Minimaladas*, ilustrado por David Pintor (Xerais); e *Titiritesa*, ilustrado por Mauricio A.C. Quarello (OQO Editora). Ao Premio Fernández del Riego á colaboración no labor editorial optan o programa de Radio Galega "As quimbambas"; "Protexta", da revista *Tempos Novos*; o Salón do Libro de Pontevedra; e a Sección de Cultura de *Galicia Hoxe*. O Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao autor ou autora do ano resolverase entre Agustín Fernández Paz, Anxos Sumai, Pepe Carreiro e Suso de Toro. Os gañadores foron os seguintes: para o Premio Ánxel Casal ao Libro de 2007 atopamos a *Made in Galiza*, de Sechu Sende (editorial Galaxia) como gañador. O Premio Lois Tobío ao Libro Traducido recaeu na Editorial Rodeira, que publica a tradución d'*A Odisea*, realizada por Xavier Senín e Isabel Soto. Baía Edicións foi recoñecida co Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro Ilustrado pola *Guía de mamíferos de Galicia*, ilustrada por Carlos Silvar. En canto ao Premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil correspondeu a Edicións Xerais de Galicia por *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz. No caso do Premio Francisco Fernández del Riego á cooperación no labor editorial, distinguiuse o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Finalmente, o Premio Xosé María Álvarez Blázquez á autora do ano foi para Anxos Sumai.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Os premios dos editores galegos destacan a narrativa breve do 2007", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 decembro 2007, p. 55.

Nova na que informa do acto que se celebrou no Aquarium Finisterrae da Coruña, organizado pola Asociación Galega de Editores, onde se deron a coñecer os galardoados nas diferentes modalidades dos Premios da Edición. Como a autora máis destacada do ano elixiron a Anxos Sumai e, como libro do ano, *Made in Galiza* (Galaxia), de Sechu Sende. Na categoría de literatura infantil e xuvenil *O único que nos queda é o amor* (Edicións Xerais), de Agustín Fernández Paz, foi a obra premiada e, na de mellor libro ilustrado, foi a *Guía dos mamíferos de Galicia*, (Baía Edicións), que contén ilustracións de Carlos Silvar. No apartado de libros traducidos os recoñecementos foron para a versión que realizaron Xavier Senín e Isabel Soto d'*A Odisea*, (Editorial Rodeira). Tamén se recoñeceu ao Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra polo gran traballo que está a levar cabo a prol do libro e do sector editorial galego.

- A.C., "Os editores Galegos premian uns relatos de Fernández Paz", *El Progreso*, "Cultura", 15 decembro 2006, p. 87.

Infórmase de que a Asociación de Editores Galegos galardoou, na 'Noite da Edición' celebrada na Coruña, o libro de relatos *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz, como o mellor libro de literatura infantil e xuvenil do ano. Tamén se indica que, no mesmo evento, entregáronse o Premio Ánxel Casal ao Libro do Ano a Sechu Sende por *Made in Galiza*; o Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao Autor do 2007 a Anxos Sumai; o Premio Francisco Fernández del Riego o labor do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra; ao mellor libro ilustrado á *Guía de mamíferos de Galicia*, ilustrada por Carlos Silvar e, finalmente, o Premio Lois Tobío ao libro traducido foi para *A odisea*, vertida ao galego por Xavier Senín e Isabel Soto.

- maré, "Novos referentes para a escrita", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 decembro 2007, p. 28.

Anúnciase que a Asociación Galega de Editores, (AGE), celebrou a III Noite da Edición de Galicia no Acuario Finisterrae da Coruña, onde se premiou a Anxos Sumai, como a escritora do ano e a *Made in Galiza*, de Sechu Sende, co premio Ánxel Fole á mellor obra do ano. No eido das traducións, outorgáronlle o Premio Luís Tobío a Xavier Senín pola adaptación que realizou da obra de Homero, *A Odisea*. Segundo a AGE, o mellor ilustrador foi Carlos Silvar pola *Guía de mamíferos de Galicia*. Finalmente, o Premio Fernández del Riego a colaboración no labor editorial foi para o Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e o Premio á Edición Histórica foi para o xornal *La Voz de Galicia*, a empresa Alvarellos Editora e para *A Nosa Terra*.

Premios **Gzcrea**

Certame galego de creadores novos, cunha idade comprendida entre os dezaseis e os trinta anos, convocados pola Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar a través da Dirección Xeral de Xuventude e de Solidaridade da Xunta de Galicia que inclúe as especialidades de teatro, artes plásticas (pintura, escultura, fotografía e instalacións), artes do movemento, composición para banda de música, moda, música, relato, poesía, audiovisual, banda deseñada, graffiti e carteis. Para cada modalidade estabelecéronse tres premios: 3.000 euros para o primeiro, 1.500 para o segundo e 1.000 para o terceiro. Para calquera información adicional, pódense consultar as páxinas webs de Gzcrea ou da Consellería de Xuventude. Nesta edición 2007 o prazo de presentación dos traballos

rematou o 13 de xullo. Os galardoados en relato foron Mónica Fernández, con "A vida que me debes"; o segundo para Paulo Martínez Lema, con "O profeta"; e o terceiro para Gerardo Neira Pereira, con "A lenda do comebrasas". En teatro quedaron en primeiro lugar a compañía "Non sí? Teatro" con *Pic-nic*; o segundo, para *Cando a noite cae*, de Teatro da Falua; e o terceiro para *Os sen tren*, de Os Containers. Cangas acolleu entre os 12 e 14 de novembro de 2007 a representación das seis obras finalistas nesta especialidade. En poesía impúxose María Arce Barreiro, por *A máquina de horas*; en segundo lugar Alba Cid Fernández, con *Versomancia*; e o terceiro premio compartírono Silvia Penas Estévez, con *A tiranía de des*, e Silvia Díaz Iglesias, con *De carne e gozo*. En banda deseñada o primeiro premio declarouse deserto; Jerónimo Piñeiro de Castro foi o segundo, con *Teo vai ó inferno*; e o terceiro foi Brais Rodríguez Verde, con *A casa de mamá*. Houbo mencións de honra para Laura Velasco Vázquez, con *Creba cabezas*; e Alba María López, con *Depresión*. Os premios entregáronse na Casa da Xuventude de Ourense.

Referencias varias:

- Angélica Falagán, "Gzcrea premiará os novos creadores", *Atlántico Diario*, "Universitas", 31 maio 2007, p. 57

Refírese a convocatoria dunha nova edición dos premios Gzcrea, que apoia as inquedanzas artísticas dos novos creadores galegos non profesionais.

- L.R., "La banda deseñada deja desierto el primer premio y galardona a 'Teo vai ó inferno", *La Región*, "Ciudad", 6 setembro 2007, p. 10.

Indica que o primeiro premio da categoría de cómic do Certame Galego de Novos Creadores quedou deserto, mentres que o segundo correspondeu a Jerónimo Piñeiro de Castrom, por *Teo vai ó inferno*, e o terceiro a Brais Rodríguez Verde, por *A casa de mamá*. Asemade, sinala que houbo mencións de honra para Laura Velasco Vázquez, por *Creba cabezas*, e Alba María López, por *Depresión*.

- E.F., "La Banda Deseñada premia la imaginación del colectivo Polaqia y de Xerónimo Piñeiro", *La Región*, "Ciudad", 20 outubro 2007, p. 12.

Informa da celebración da decimonovena edición das Xornadas de Banda Deseñada e destaca a entrega do Premio Ourense de Banda deseñada ao colectivo Polaqia, integrado por unha ducia de artistas, e a entrega de premios do Certame Gzcrea de Banda deseñada. Sobre este último certame, sinala que aínda que o primeiro premio ficou deserto, recoñeceuse a calidade da obra presentada por Xerónimo Piñeiro.

- V. Oliveira, "Non me atrae o que se edita", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 novembro 2007, p. 31.

Entrevista a María Arce despois de informar de que vén de recibir o primeiro premio do Certame Galego de Novos Creadores de Poesía organizado por Gzcrea pola súa obra *A máquina das horas*. Pregúntaselle por que decidiu presentarse ao certame, de onde nace a obra galardoada, sobre os temas do libro, sobre o seu paso pola Universidade de Santiago de Compostela, como ve a poesía galega actual, sobre o exceso de edición,

sobre a súa experiencia como bolseira na Universiade de Freiburg, sobre se está a traballar nalgunha obra nova e, por último, que é para ela a poesía.

- L.L.P., "Un eumés gana el Gzcrea de cómic", *Diario de Ferrol*, 19 novembro 2007, p. 56.

Informa de que Jerónimo Piñeiro acaba de gañar o segundo premio do certame Gzcrea 2007 de Banda Deseñada coa obra *Teo vai ao inferno*. Indica que se trata dunha obra de banda deseñada a cor de doce páxinas que fala sobre a morte e a mocidade. Por último, comenta brevemente a traxectoria deste mozo artista.

- David Suárez, "Una joven viguesa consigue el primer premio del grafiti en el concurso Galicia Crea", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 novembro 2007, p. 48.

Explícase que a viguesa Silvia Rodríguez Pena leva dez anos dedicándose ao *graffitti*, e xa gañara varios certames galegos antes deste premio. Remátase explicando que tardou catro horas en facer o *graffiti* e que para a gañadora son máis importantes as letras do seu nome de guerra Sax, que os adornos e debuxos que van normalmente nos *graffitis*.

Premios **Irmandade do Libro**

Están organizados pola Federación de Libreiros de Galicia e foron creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor da cultura literaria galega realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos; nesta edición engadiuse un premio para o mellor libro en galego. Nesta edición de 2007 celebraron a súa XVI edición en Carballo. As propostas de participación poderán ser presentadas na Federación de Libreiros de Galicia (R/ República del Salvador, 28 entrechán B. 15701 Santiago de Compostela). O galardón, para cada unha das seis modalidades, consiste nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e unha dotación económica de 1.500 euros para a adquisición de libros en calquera das librarías integradas na Agrupación de Libreiros á que pertenza a localidade do colexio gañador. As editoriais Galaxia, Xerais, Sotelo Blanco e Edicións Laiovento e os escritores Isaac Díaz Pardo, Francisco Fernández del Riego, Bernardino Graña, Xesús Alonso Montero, Xosé Neira Vilas e Xosé Luís Méndez Ferrín obtiveron este galardón en edicións anteriores. Na modalidade de autor, o galardón recaeu en Fina Casalderrey, e como título do ano *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas, que competía con *Home sen nome*, de Suso de Toro, e *Pepa a Loba*, de Carlos Reigosa. Houbo galardóns tamén para a Biblioteca Virtual da Asociación de Traductores Galegos (ATG); o centro de investigación Ramón Piñeiro; o colexio Marcos da Portela, de Monteporreiro; así como para a obra *Feísmo? Destruír un país*, publicado pola Difusora de Letras, Artes e Ideas.

Premio aos "**Libros Mellor Editados**" do Ministerio de Cultura do Estado español

Convocado polo Ministerio de Cultura dende o ano 2005. Neste premio elíxense os libros mellor editados ao longo do ano anterior. Este galardóns non teñen dotación económica, as obras gañadoras son expostas nas principais feiras internacionais do libro. Estes recoñecementos clasifícanse en cinco grupos temáticos: arte, libros de bibliofilia, facsímiles, infantís e xuvenís, e obras xerais e de divulgación. Na edición de

2007 o xurado estivo presidido polo director xeral do Libro, Rogelio Blanco, e formado pola subdirectora xeral de Promoción do Libro, Mónica Fernández, ademais de por Aurelio Mendiguchía, Gerardo Atanes, Mauricio Santos, María Luisa López-Vidriero, Isabel Ruiz de Elvira e Teresa Atienza. Neste ano 2007 na categoría de libros infantís e xuvenís recaeu o primeiro premio en *O gran libro de relatos de animais*, do selo galego OQO Editora, escrito e ilustrado por Svjetlan Junakovic; e o terceiro, en *Pucho, o habitador dos tellados*, de Manuel Janeiro, editado pola pontevedresa Kalandraka. Na categoría de arte, o primeiro premio otorgouse a *Animalario: arte de la India*, de Kanchana Arni e Gita Wolf, da editorial Factoría K.

Referencias varias:

- Mar Mato, "Tres libros gallegos logran el premio a los mejores editados del año en España", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 27 abril 2007, p. 49.

Apréciase que estes tres galardóns a obras galegas, editadas por empresas galegas, son a mostra do recoñecemento do Ministerio de Cultura ao labor feito en Galicia, non só como ilustradores, senón tamén pola composición, material e deseño. Destácase que para acadar estes galardóns se require "arte y amor", como amosa Factoría K con *Animalario*, ao empregar un papel feito a man, impreso por unha comunidade de impresores hindúes, nunha edición para coleccionistas. E remátase comentando que *Pucho, o habitador dos tellados*, a primeira narración do ilustrador galego Manuel Janeiro, tamén ten un "diseño exquisito".

- Belén Rodríguez, "Pontevedra imprime o mellor edición", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Literatura", 27 abril 2007, p. 72.

Destácase que Pontevedra se está a "converter nunha referencia na edición de libros en España" polo feito de que *Smara*, escrito por Paula Carballeira e ilustrado por Carole Hénaff, e *A princesa do Courel*, de Patacrúa, foron incluídos no catálogo "White Ravens 2007", e así mesmo os Premios Nacionais de Edición recaeron en tres obras de editorias pontevedresas. Apúntase que OQO e Kalandraka xa recibiran este galardón en anos anteriores, e que Factoría K fixo historia ao ser a primeira vez que unha empresa galega recibe o galardón na modalidade de arte. Explícase que este premio o concede o Ministerio de Cultura e que abrangue cinco grupos temáticos. Remátase dando a relación dos galardoados e do xurado desta edición.

- Anxa Correa, "O libro galego viaxa polo mundo", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Promoción", 2 outubro 2007, p. 76.

Dá conta da entrega do Premio Nacional ao Libro Mellor Editado na categoría de Literatura Infantil por *O gran libro dos retratos dos animais*, escrito e ilustrado por Svjetlan Juankovic, que inaugurou a colección "OQARTE".

- E.P., "OQO recibe o premio ao libro infantil mellor editado", *Galicia Hoxe*, 2 outubro 2007, p. 33.

Infórmase de que o libro *O gran libro dos retratos dos animais*, escrito e ilustrado por Svjetlan Juankovic, foi galardoado co Primeiro Premio ao Libro Mellor Editado na categoría de Libros Infantís, concedidos polo Ministerio de Cultura. Explica que se trata

dunha obra que apostou por un formato máis grande do habitual e que se recoñeceu pola calidade do seu deseño.

- D.S., "Dos editoriales gallegas recogen premios nacionales en el Líber", *El País*, "*Galicia*", 4 outubro 2007, p. 38.

Informa de que o Ministerio de Cultura outorgou os galardóns Líber, aos libros mellor editados, ás obras *Pucho, o habitador dos tellados* e *Animalario. Arte de la india*, da editorial Kalandraka e da súa editora asociada Faktoría K e *O gran libro de retratos de animais*, de OQO Editora. Destaca que a editora pontevedresa Kalandraka recibe o sexto premio de carácter estatal nos seus nove anos de traxectoria. Por último, fala do contido dos libros premiados.

- A.N.T., "O éxito do pequeno Pucho", *A Nosa Terra*, n.º 1.284, 11-17 outubro 2007, p. 25.

Refírese á obtención do terceiro Premio Nacional de Edición na categoría infanto-xuvenil por parte da obra *Pucho*, *o habitador dos tellados*, escrito por Manuel Janeiro e ilustrado por Juan Ramón Alonso. Asemade, sinala que foi incluída na lista de honra da Organización Internacional para o Libro Infantil e Xuvenil IBBY. Por último, cita as outras obras premiadas na categoría de Edición: Factoría K, por *Animalario: arte de la India*, Primeiro Premio Nacional na categoría de arte; e OQO Editora, por *O gran libro dos retratos dos animais*, Primeiro Premio Nacional na categoría de libros infantís e xuvenís.

Certame literario "**Manuel Oreste Rodríguez López**"

Convocado polo Concello de Paradela para honrar a figura de Manuel Orestes Rodríguez López. Poden presentarse ao certame obras en galego ou en castelán. Consta de dúas modalidades de narrativa e poesía. Está dotado con 600 euros para cada unha das modalidades. Nesta edición de 2007, o xurado estivo formado polo teniente de alcalde, Eliseo López; o delegado de Cultura, Xoán Xosé Molina; o fillo do homenaxeado, Santiago Rodríguez; o fillo predilecto de Paradela, Xesús Mato; o funcionario de Cultura, Xulio Xiz; e o poeta Xavier Rodríguez. De entre os traballos presentados en narrativa, resultou gañador Rafael Laso coa obra *Un soño de mil dólares*. Na categoría de poesía, Carmen Caramés obtivo o premio co traballo *No nome do pai*.

Premios "**Nacionais de Literatura**"

Creados en 1984 polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para premiar as mellores obras publicadas ao longo do ano anterior, nas modalidades de Narrativa, Poesía, Ensaio, Literatura Dramática e Literatura Infantil e Xuvenil, en calquera das linguas do Estado. Están dotados con 30.000 euros. Na edición de 2007, os premios recaeron en Vicente Molina Foix, na modalidade de narrativa; Olvido García Valdés, na de poesía; José María González García, na de ensaio; o galego Rubén Ruibal, por *Limpeza de sangue*, na de literatura dramática; e Jordi Sierra i Fabra, na de literatura infantil e xuvenil.

Referencias varias:

- Xosé Luis Méndez Ferrín, "Premios Nacionais de Literatura Galega", *La Opinión*, "Os camiños da vida", 25 maio 2007, p. 38.

Critícase que o Día das Letras Galegas "non serve para nada" e que "a pesar d'*O Pan da Tarde* e a pesar da súa moi brillante carreira literaria, Xavier Rodríguez Baixeiras nunca acadará o "Premio Cervantes" porque só se lle entrega a escritores vivos en lingua castelá e en Galicia non existe un premio de características semellantes, pola falta de apoio da Xunta. Apréciase que a Xunta debería "fundar e conceder premios de carácter equivalente" ao Cervantes, o Reina Sofía e o Príncipe de Asturias, xa que os galegos non poden recibilos; só poden obter o Nacional de Literatura. E remátase insistindo en "a Xunta de Galicia non está á altura das Letras Galegas e do País. Aínda, neste ramo da política, a Era Fraga continúa".

- Ágatha de Santos, "El lucense Rubén Ruibal, Premio Nacional de Literatura Dramática", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 24 outubro 2007, p. 42.

Informa da concesión do Premio Nacional de Literatura dramática a Rubén Ruibal pola obra *Limpeza de sangue*. Sinala que xa obtivera coa mesma obra o Premio Álvaro Cunqueiro, que inclúe a representación da peza gañadora. A continuación, comenta a situación vital na que se encontra o autor galardoado, en paro dende que fechou a súa compañía Teatro de Aquí, tras a morte do seu director Roberto Vidal Bolaño. Salienta que Ruibal dedicou a Vidal Bolaño o galardón. Por último, comenta o argumento e o estilo do texto premiado e remata coas valoracións do autor sobre a situación do teatro galego, que considera falto de apoio.

- C.F., "Rubén Ruibal gaña o Nacional de Teatro coa obra 'Limpeza de sangue", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 outubro 2007, p. 54.

Dá conta da concesión do Premio Nacional de Teatro a Rubén Ruibal pola obra *Limpeza de sangue*. A continuación destaca que esta obra xa gañara o Premio Álvaro Cunqueiro e salienta que o autor cre que o IGAEM non quixo representar a peza tras ser galardoada, o que estaba nas bases do certame. Sinala tamén que Ruibal é o segundo autor en gañar o Premio Nacional de Teatro cunha obra en galego, despois de Manuel Lourenzo.

- Ana Mendoza, "El dramaturgo gallego Rubén Ruibal gana el Premio Nacional de Literatura Dramática", *La Región*, "Sociedad", 24 outubro 2007, p. 67.

Informa da concesión do Premio Nacional de Literatura Dramática á obra *Limpeza de sangue*, de Rubén Ruibal. Despois de sinalar a contía do premio, sinala que é unha obra que non chegou a representarse e que trata a enfermidade e a amizade. A continuación ofrece algunhas notas biográficas do autor e transmite as súas valoracións sobre a falta de representación de obras galegas nos teatros galegos. Salienta que está no paro debido a que o botaron do teatro por fechar a compañía onde traballaba.

- Daniel Salgado, "El espazo del mercado teatral", *El País*, "*Galicia*", 24 outubro 2007, p. 7.

Informa da inauguración da Feira Galega das Artes Escénicas na Fundación Torrente Ballester e salienta que esta edición está orientada a potenciar e ampliar vínculos cos países da lusofonía. A continuación, menciona a entrega do Premio Nacional de Literatura Dramática a Rubén Ruibal por *Limpeza de sangue* e o Premio Álvaro Cunqueiro a Roberto Salgueiro por *Historia da chuvia*. Comunica tamén que Carlos Losada foi galardoado co segundo Manuel María de Literatura Dramática Infantil con *Game over*. Por último, anuncia a exposición dedicada aos 125 de teatro galego, un seminario de formación en crítica teatral e a presentación dun catálogo da produción escénica galega con datos das últimas propostas teatrais.

- Daniel Salgado, "Rubén Ruibal gana el Nacional de Literatura Dramática", *El País*, "Cultura", 24 outubro 2007, p. 51.

Sinala que a obra de Rubén Ruibal vén de gañar o Premio Nacional de Literatura dramática coa obra *Limpeza de sangue* e salienta que dende nos dous anos que pasaron dende que fora premiada polo IGAEM, non foi representada. Indica que limpeza de sangue supón o primeiro libro publicado por Ruibal. Destaca a opinión do autor sobre a infravaloración da creación dramática galega e remata falando das influencias do dramaturgo.

- maré, "Estámolo facendo moi mal todos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 outubro 2007, p. 27.

Informa da concesión do Premio Nacional de Literatura Dramática a Rubén Ruibal pola obra Limpeza de sangue, que xa gañara o premio Álvaro Cunqueiro de teatro o ano anterior. Salienta o feito de que é o segundo autor que gaña este certame cunha obra en galego, despois de Manuel Lourenzo. Recolle as opinións de Ruibal sobre a situación do teatro galego actual.

- César Lorenzo Gil, "Rubén Ruibal, premio Nacional de Teatro", *A Nosa Terra*, n.º 1.286, "Cultura", 25-31 outubro 2007, p. 24.

Informa sobre a adxudicación do Premio Nacional de Literatura Dramática a Rubén Ruibal pola obra *Limpeza de sangue* e salienta o feito de que antes só o gañara Manuel Lourenzo cun texto galego. Dá os nomes que formaron parte do xurado, ofrece un resumo do argumento do texto e remata cunha breve biografía do autor.

- Manuel Xestoso, "Palabras contra o tempo", *A Nosa Terra*, n.º 1.286, "Cultura", 25-31 outubro 2007, p. 24.

A partir do argumento do texto gañador do Premio Nacional de Literatura Dramática, *Limpeza de sangue*, de Rubén Ruibal, reflexiona sobre o poder da palabra teatral e remata lembrando que esta obra segue sen estar representada.

- Oscar Iglesias, "El desconocido salta a las tablas", *El País*, "*Galicia*", 26 outubro 2007, p. 16.

Matiza algunhas informacións que saíron na prensa sobre Rubén Ruibal despois de gañar o Premio Nacional de Literatura Dramática. Salienta que a conselleira de Cultura non o felicitou e que a obra gañadora, *Limpeza de sangue*, que tamén fora galardoada co

premio Álvaro Cunqueiro, non foi representada, cando isto formaba parte das bases do certame. Tamén menciona o agradecemento de Ruibal a Vidal Bolaño, co que traballou na compañía Teatro de Aquí.

- Jaureguizar, "Un teatro 'Peter Pan'", *El Progreso*, "Libros", "Ollomol", 29 outubro 2007, p. 83.

Parte do descontento que existe no sector do teatro, que considera que o IGAEM está a apoiar máis a música que o teatro, para realizar algunhas valoracións sobre a situación teatral galega, como a falta de público. Por outro lado, e a raíz das críticas que Rubén Ruibal lle lanzou ao IGAEM por non representar a súa obra, gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro e que vén de recibir tamén o Premio Nacional de Literatura Dramática, defende a posición institucional e sinala as dificultades que impediron dita representación.

- Roberto G. Méndez, "Escribo teatro por pura perversión", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 4 novembro 2007, p. 80.

Entrevista a Rubén Ruibal despois de gañar o Premio Nacional de Literatura Dramática. A conversa xira entorno ao premio, a débeda que Ruibal sente co seu mestre, Vidal Bolaño, e o feito de escribir.

- Camilo Franco, "Hai un problema enquistado para os autores que non mellora", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 235, "A Entrevista", 3 novembro 2007, p. 16.

Entrevista a Rubén Ruibal a raíz de recibir o Premio Nacional de Literatura Dramática por *Limpeza de sangue*. Entre outras cousas, tócase o tema da súa formación teatral na compañía de Roberto Vidal Bolaño ou os problemas para representar obras galegas.

Certame Literario da asociación cultural "**A Pipa**" **de Becerreá**

Convocado pola asociación cultural "A Pipa" de Becerreá, coa colaboración das delegacións provinciais de Cultura e Vicepresidencia, a Deputación Provincial e o Concello de Becerreá. Conta coas modalidades de poesía, relato, narración e conto, cun máximo de cincuenta versos na primeira e cinco folios na segunda, conforme estabelecen as bases. Cada participante poderá presentar un ou máis traballos escritos en lingua galega, que deben ser enviados antes do 24 de decembro á sede da entidade organizadora, na Rúa Ancares, número 57, 27640, Becerreá (Lugo). O certame estabelece tres categorías en función da idade: infantil, dos oito aos catorce anos; xuvenil, de catorce a dezaoito; e de adultos, a partir dos dezaoito anos. Para cada categoría estabelécense dous premios e os accésits que o xurado considere oportunos. O premio consistirá nunha estatua de Sargadelos, un lote de libros e un título acreditativo. O xurado estará composto pola xunta directiva da asociación convocante. Nesta edición de 2007 o fallo tivo lugar o 29 de decembro, durante unha cerimonia presentada por Amparo Becerra e Rafa Ramos, membros da asociación A Pipa. Na gala participou o dramaturgo e actor Manuel Lorenzo; asemade, representáronse dúas pezas breves de Lourenzo: *A velada de Londres* e *A Pobra*. Os gañadores foron, na categoría de infantil (8 a 14 anos) Daniel Pérez, co texto "O enterro do home que estaba vivo"; Ana Digón Caño, con "O Rachado" (segundo premio); e Tania López, por "O tesouro da praia";

Noelia Rodríguez por "O home sen medo" e Vanessa Gómez, por "O raio dos Ancares" (tres áccesits infantís de relatos). Todos estes nenos son de Cervantes. Na modalidade infantil de poesía, Marta Fernández, de Baralla, recollerá o segundo premio por *Cando chega o Nadal* e Mercedes Fernández, do mesmo concello, un áccesit por *En Nadal*. Na categoría xuvenil de relato, o primeiro e o segundo premio quedaron desertos, e recibirán áccesits Jessica Fernández, de Cervantes, por "O verán de Sara", e Noelía Martínez Rey, de Lugo, con "Memoria de bágoas". A mesma rapaza recollerá o premer premio xuvenil de poesía coa peza *Síntote.* O segundo foi para Sarai Núñez, de Beserreá, polo poema "Lúa triste, lúa soa". Na categoría de Revista A Pipa para maiores de dezaoito anos, o xurado declarou deserto o primeiro e segundo premios. O áccesit é para Pepe Pol, de Quiroga, polo poemario *As murallas da pobreza.*

Premio de Tradución **Plácido Castro**

Convocado pola Fundación Plácido Castro para a promoción de obras dos tradutores galegos, diríxese a todas as persoas que teñan publicado na Biblioteca Virtual algunha tradución ao galego da literatura universal. Está dotado con 3.000 euros. Nesta sexta edición de 2007 reuniuse na Casa do Concello da vila de Baiona o xurado do Premio de Tradución Plácido Castro o 29 de xaneiro. O xurado, composto polos seguintes membros: Xosé Luís Franco Grande (Real Academia Galega), Xosé María Gómez Clemente (Fundación Plácido Castro), Carlos Arias Fernández (Xunta de Galicia), Dolores Sánchez Palomino (Asociación de Tradutores Galegos), Iolanda Galanes Santos (Universidade de Vigo) e María Álvarez (IGADI), resolveu outorgarlle o premio Plácido Castro 2007 ex aequo a Xoán Montero, pola tradución de *O banqueiro anarquista*, de Fernando Pessoa, e a Ekaterina Guerbek (texto revisado por Maite Veiga), pola tradución de *Diario dun tolo*, de Nicolau Gogol. Así mesmo, recoñécese con accésit o traballo de José García Mayoralas, pola súa contribución de divulgación científica no eido da psicanálise e polo traballo de elaboración terminolóxica, pola tradución d'*Os fantasmas*, de Michéle Perron-Borelli.

Referencias varias:

- Vanesa Oliveira, "Complexas e brillantes", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 xaneiro 2007, p. 35.

Refírese á entrega da sexto galardón de tradución Plácido Castro, que recaeu *ex aequo* por segundo ano consecutivo en dous tradutores: Xoán Montero, pola obra *O banqueiro anarquista*, de Fernando Pessoa, e Ekaterina Guerbek, por *Diario dun tolo*, de Nikolai Gógol. Asemade, sinálase que José García Mayoralas, tradutor d'*Os fantasmas*, de Michèle Perron-Borelli, recibiu un áccesit pola súa contribución na divulgación da psiconálaise. Indícase que unha ducia de obras traducidas do alemán, ruso, francés, portugués e brasileiras presentáronse ao galardón no portal da Biblioteca Virtual da Asociación de Tradutores Galegos que traduce ao galego as obras de autores da literatura universal. Por último, recóllense unhas palabras da gañadora, Ekaterina Guerbek, que declara botar en falta traducións de autores rusos actuais.

Ponte nas ondas!

Organizado pola Asociación Cultural e Pedagóxica "Ponte... nas ondas!" e patrocinado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deporte e a Delegacâo Regional de Cultura do Norte de Portugal (DRCN) e a Direccâo Regional de Educacâo do Norte (DERN), que promove este premio dentro do programa da I Semana de Literatura de Tradición Oral co obxectivo de que os centros escolares continúen co labor de conservación do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués, contribuíndo á promoción e transmisión das expresións desta tradición. Estabelécense catro categorías de premios: Ensinanza Primaria, Secundaria, Bacharelato e ciclos formativos; cada un deles recibe un primeiro premio de 1000 euros e un segundo de 500, ademais dunha escultura de Antón Román creada para la ocasión. Os traballos poden ser de calquera das expresión da tradición oral, tanto en prosa como en verso. Nesta edición de 2007 o prazo de admisión rematou o día 2 de maio. O xurado seleccionou corenta e un traballos de trinta e oito centros de ensino, vinte nove de Galicia e nove de Portugal. En categoría de Ensino Primario o primeiro premio foi para o C.R.A. Amencer de San Paio de Ribadavia (Ourense). Na categoría de Ensino Básico gañou a Escola de 2º e 3ª ciclo de Celorico de Basto (Portugal), e o segundo premio foi para o CPI de Xanceda de Mesía (A Coruña). Neste apartado fíxose unha mención especial ao traballo "Refraneiro" do CEIP Pombal de Vigo. Na categoría de Ensino Secundario, gañou o IES Francisco Sánchez de Tui (Pontevedra), e o segundo premio foi para o CPI Alcalde Xosé Pichel de Coristanco (A Coruña). Na categoría de Bacharelato, o primeiro premio foi para o IES Aquis Quesquernis de Bande (Ourense). No Ciclo Superior o premio levouno o Ciclo Superior de Animación Cultural do instituto Primeiro de Marzo de Baiona (Pontevedra). En Ensino Profesional, gañou a Escola Profissional Infante d. Enrique do Porto.

Referencias varias:

- Ángeles Quintas., "Premio á oralidade", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Sociedad", 13 novembro 2007, p. 76.

Informa da concesión de dous primeiros premios a centros da provincia de Pontevedra dentro do Certame de Recolla da Tradición Oral. Dá o nome dos centros gañadores e explica que neste certame participan centros de Galiza e do Norte de Portugal. Ademais, menciona os centros de ensinanza que recibiron tamén algún galardón. Por último, anuncia a entrega dos premios Verbum-Casa das Palabras por parte da asociación Ponte… nas ondas e da Consellaría de Cultura.

Concurso Romaría Etnográfica **Raigame**

Este concurso está convocado en Celanova dende o ano 2002 para premiar traballos literarios, de fotografía, investigación etnográfica pola organización da Romaría Etnográfica Raigame. Romaría que se celebra en Vilanova dos Infantes e que dá a coñecer este premio coincidindo co día das Letras Galegas. Nesta edición de 2007 celebrouse a VI edición. No concurso literario o primeiro premio (de 600 euros) quedou deserto e o segundo premio (de 300 euros) concedéuselle a Alba Cid Fernández que presentara co seudónimo "Furga Garabela" o traballo titulado *Os bocados da ferruxe*. O premio para menores de 16 anos (150 euros) quedou tamén deserto.

Premios de Poesía, Relato Curto e Tradución da **Universidade de Vigo**

Premio convocado pola Universidade de Vigo a través da Área de Normalización Lingüística e co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Son tres as modalidades que se estabelecen: poesía, relato curto e tradución literaria. Poderán participar todos os membros da Universidade de Vigo, agás, para a modalidade de tradución literaria e tradución científico-técnica, o profesorado que imparta docencia na titulación de Tradución e Interpretación. Os orixinais deben estar escritos en lingua galega e axustarse á normativa que recolle os cambios aprobados pola Real Academia Galega en xullo 2003. Estabelécese un premio de 700 euros e dous accésits de 250 euros para cada unha das modalidades. Todos eles poden ser declarados desertos a xuízo do xurado. Os orixinais deben ser inéditos e non premiados noutro certame. Na modalidade de poesía o tema é libre, cun mínimo de 100 versos e máximo de 150. Na modalidade de relato curto o mínimo é de 8 folios e o máximo de 12 folios. Na modalidade de tradución literaria, o texto fonte debe ser un texto literario en calquera idioma, cun mínimo de 8 páxinas e un máximo de 20, e é necesaria a entrega dunha copia do texto fonte e que se indique claramente o seu autor, a lingua de publicación e a editorial. Os traballos deben presentarse por quintuplicado e mecanografados a dobre espazo, presentando tamén o lema elixido polo autor e os seus datos persoais. A entrega dos traballos debe facerse á Área de Normalización Lingüística en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo. O xurado, presidido polo Reitor ou persoa en quen delegue, está integrado por persoas de recoñecida traxectoria nos ámbitos de creación poética e narrativa, da crítica literaria e mais da tradución. Nesta edición de 2007, o gañador na modalidade de relato curto foi Alberto Comesaña, por "O mellor da vida", mentres que os accésits foron para Xurxo Aristegui González, por "A farsa", e Isaac Xubín Fernández, por "Viva El-Rei". En poesía, o premio recaeu en Xavier Xil Xardón, por *Os animais son universais porque non teñen retranca*, e tamén recibiu o segundo accésit por *O trono xa non vén do ceo*. O primeiro accésit foi para Isaac Xubín Fernández, con *Apoloxía de Antígona*. Alberto Rodríguez coa obra *Os reinos da conciencia*. O gañador do premio de tradución foi Iván Sestay Martínez pola súa tradución de *Les Amours et Nouveaux Eschanges des Pierres Précieuses* de Rémy Belleau. O primeiro accésit foi para Mª Isabel Ariones Porto, por *Scordatura*, de Mark Ray Lewis. A entrega dos premios tivo lugar no acto institucional da Universidade de Vigo con motivo do Día das Letras Galegas.

X.6. PREMIOS A UNHA VIDA

Premios **Barbantia da Cultura**

Os Premios Barbantia da Cultura creáronse no ano 2007 pola Asociación Cultural Barbantia co propósito de recoñecer de xeito público a traxectoria cultural de persoeiros tanto galegos como da comarca da Barbanza. Os galardóns divídense en tres grupos: un premio Barbantia da Cultura, outro á traxectoria cultural no Barbanza e un último á iniciativa cultural. Mentres que os dous primeiros están destinados a particulares, o terceiro diríxese a institucións. O galardón consiste nunha escultura de bronce feita polo artista e membro de Barbantia Manuel Teira que reproduce un sireno, símbolo do

colectivo cultural. Nesta primeira edición recaeron en Isaac Díaz Pardo, Premio Barbantia da Cultura; Xesús Santos Suárez, pola súa traxectoria cultural no Barbanza; e a Asociación Artesá e Etnográfica *O Faiado-2*, pola iniciativa cultural levada a cabo. No ano 2007 o xurado declarou que desexaba homenaxear á súa talla intelectual e humana do galardoado, así como mostrar a súa solidariedade neses momentos nos que estaba a sufrir un asedio considerado ignominioso e inmoral.

Referencias varias:

- Suso Souto, "Díaz Pardo recibió el Premio á Cultura Galega", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 decembro 2007, p. 40.

Breve nova na que se indica que a Asociación Cultural Barbantia galardoou a Isaac Díaz Pardo co Premio á Cultura Galega en recoñecemento a súa longa traxectoria e dedicación a prol da cultura de Galicia.

Premio "**Bos e Xenerosos**"

Creado en 2004 pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), quere homenaxear a persoas ou institucións que traballasen a prol da lingua, literatura ou cultura galega. Na edición de 2007, homenaxeouse a Isaac Díaz Pardo.

Referencias varias:

- E.P., "La AELG le entrega a Díaz Pardo el Premio Os Bos e Xenerosos", *El Correo Gallego*, "Cultura", 23 xaneiro 2007, p. 68.

Refírese aos diferentes eventos celebrados en honor a Isaac Díaz Pardo, que empezaron o día 23 de xaneiro cunha cerimonia de homenaxe no paraninfo na Universidade de A Coruña (UDC), baixo o título "A construción cultural". Neste mesmo acto, a AELG entregoulle o galardón "Os bos e Xenerosos". Asemade, saliéntase a súa investidura como doutor honoris causa da UDC.

- X.M. Pereiro, "La semana grande de Díaz Pardo", *El País*, "*Galicia*", 24 xaneiro 2007, p. 34.

Coméntase que, pese ao cativo interese de Isaac Díaz Pardo polos homenaxes, ten obtidos numerosos galardóns, como o Pedrón de Ouro en 1976 ou a investidura como doutor honoris causa da Universidade de Coruña e o premio "Os bos e xenerosos" por parte da AELG no 2007. Neste recoñecemento participaron persoeiros como Marica Campo, Xavier Seoane, Manuel Rivas , Manuel Lourenzo ou Antón Patiño, que afirma "Isaac siguió la lúcida consigna de Uxío Novoneyra: guardar, inventar, transmitir".

- Albino Mallo, "Portador da memoria", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 xaneiro 2007, p. 30.

Indica que se celebrou no paraninfo da Universidade de Coruña o nomeamento de Isaac

Díaz Pardo como Doutor Honoris Causa. Asemade, indica que se lle entregou o premio "Os bos e Xenerosos" por parte da AELG en recoñecemento "o sobranceiro traballo teórico e práctico de Isaac Díaz Pardo por dar participación nunha empresa modélica, dende aos seus traballadores, a toda a sociedade galega e da diáspora, aos intelectuais e creadores, recuperando e anovando a memoria, a identidade, así como fendendo e arredando dos tópicos folclorizantes unha Galiza sumada en esperpentos".

- Ramón Nicolás, "Homenajes a Isaac Díaz Pardo", *Qué leer*, n.º 119, marzo 2007, "Letras gallegas…", p. 34.

Fálasenos neste artigo da homenaxe realizada a finais do ano pasado a Isaac Díaz Pardo por parte da Asociación Galega de Editores, así como da que lle realizaron posteriormente, en xaneiro deste ano, pola súa contribución á cultura galega a Asociación de Escritores en Lingua Gales, que lle concedeu o Premio Os Bos e Xenerosos, como a Universidade da Coruña, que o nomeu doctor honoris causa. A día de hoxe, estanse a celebrar unha serie de actos na Asociación Cultural Fuco Buxán para destacar o seu labor na defensa de Galicia.

Premio "**Celanova. Casa dos Poetas**"

Creouse en 1985 por parte do Padroado Curros Enríquez e patrocínao o Concello de Celanova. O premio tenta recoñecer cada ano a unha persoa ou entidade que, ao longo da súa existencia, se teña significado especialmente por desenvolver un intenso labor a prol da cultura galega en todas as súas facetas, ou da propia Galicia. O galardón non ten ningunha dotación económica e consiste nunha medalla de prata, obra do escultor Acisclo Manzano, que reproduce por unha face a casa de Curros Enríquez e pola outra cinco "C" concéntricas, que simbolizan a letra pola que comezan os elementos identificativos deste premio "Casa, Curros, Celanova, Castor e Celso". Cabe destacar que o nome de Castor se refire a Castor Elices, poeta romántico contemporáneo de Curros, que naceu tamén en Celanova, e o de Celso identifica a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, o galardoado recibe tamén unha placa de prata na que se recolle un extracto da acta do acordo, co fin de dar fe da concesión do premio e firmará no libro de honra do premio. O xurado, presidido polo alcalde de Celanova, Antón Mouriño, estivo composto exclusivamente pola Xunta directiva do Padroado Curros Enríquez, que preside o alcalde, en calidade de presidente de feito do Padroado e da que forman parte xentes de diversos ámbitos culturais de Celanova, tendo como figura máis salientábel no seu seo a do escritor orixinario de Vilanova dos Infantes, Xosé Luís Méndez Ferrín. Nesta edición de 2007 a concesión fíxose pública o 7 de marzo, coincidindo co cabodano de Manuel Curros Enríquez e entregouse nun acto que ten lugar en Celanova o 2 de setembro, por ser o domingo máis próximo ao 3 de setembro, data do falecemento de Celso Emilio Ferreiro. No ano 2007 este galardón recaeu en Manuel Lourenzo, de cuxa traxectoria profesional deu conta o escritor Henrique Rabuñal.

Referencias varias:

- LR, "El dramaturgo Manuel Lourenzo obtiene el premio 'Celanova, Casa dos Poetas", *La Región*, "Ourense", 25 febreiro 2007, p. 12.

Coméntase que se lle outorgou por unanimidade, ao valorar o "seu compromiso en prol do teatro galego e universal, como espello dos problemas sociais e existenciais ós que se enfronta o ser humano". Destácase a traxectoria de Manuel Lourenzo e precísase que a Fundación Curros Enríquez galardoo nesta edición a "un home adicado en corpo e alma a tódalas dimensións da arte teatral: actor, director, produtor, teórico, profesor...". Remátase indicando que esta Fundación traballa nun programa de visitas a Celanova dirixido aos centros escolares galegos.

- Ramón Loureiro, "No Valadouro de Manuel Lourenzo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Crónica", 25 xullo 2007, p. 57.

Relátase como o galardoado decidiu restaurar a súa casa natal e dá pinceladas do seu oficio de escritura: escribir a máquina, corrixir despois a man e finalmente a transcrición ao ordenador do seu traballo, realizada pola súa muller. Coméntase como lle narra historias á súa neta Iara de catro anos, e recóllese que no Valadouro "é onde máis son eu mesmo, onde sei o nome de canto vexo". Precísase que nesa casa le unha e outra vez "ao seu venerado William Shakespeare", mentres escoita "as voces dos que xa non están", por exemplo os pagaíños, cuxa saudade chega até a súa casa.

- Laura Fernández, "Los políticos pretenden dominar el teatro", *La Región*, "Provincia", 2 setembro 2007, p. 13.

Entrevista ao actor, escritor e director Manuel Lourenzo, con motivo da entrega que se lle vai facer en Celanova do premio Casa dos Poetas. Lourenzo amósase moi agradecido por recibir o galardón, que considera un recoñecemento ao mundo do teatro en xeral. Advirte de que o galego está en perigo de extinción no mundo globalizado actual. O teatro está na actualidade para Lourenzo "fatal" e vai para peor, xa que non ten público e conta cun número reducido de compañías e con orzamentos moi baixos, así como con unha intromisión excesiva dos políticos. Estima que a implicación de toda a sociedade sería fundamental para mellorar a situación.

- R.V., "Manuel Lourenzo, o la felicidad de ser libre desde la 'marginalidad", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Teatro", 3 setembro 2007, p. 68.

Recóllense palabras do discurso do homenaxeado, entre elas o feito de que o consideren "marxinal" lle permite crear nunha maior liberdade; a súa lembranza de cando os "teatreros" debían deixar as furgonetas ás aforas dos pobos porque os veciños temían que lles roubaran as galiñas; que considere o teatro como a suma de vocación e innovación, de aí que viaxe a Londres a miúdo para asistir a representacións de obras de Shakespeare e que aprecie a historia como "activadora de todo el proceso de creación" no que tamén é fundamental a lingua. E remátase aludindo a que Henrique Rabuñal, na súa louvanza de Manuel Lourenzo, salientou o seu papel de fundador do teatro galego nos anos 60, cos grupos teatrais independentes O Facho, Abrente, Teatro realista de Artesáns e Teatro Circo, no que introduzo por primeira vez o galego en 1968.

- Rosa Veiga, "Marxinal e 'libre", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 setembro 2007, p. 22.

Recóllense as palabras do galardoado definíndose como "algo marxinal", feito que lle permite "liberdade para dicir cousas que hai que dicir aínda que sexan dolorosas para algúns". Precísase que non considera o teatro un refuxio, "senón, como moito, un foco

de resistencia", "literatura", "unha forma de vivir e unha aventura". E remátase destacando o papel das novas tecnoloxías para criticar que xeran unha "superindividualización" que supón a "desintegración das linguas".

Chairega de Honra

Galardón concedido pola Fundación Manuel María e a Asociación Xermolos que en anos anteriores premiou traxectorias como a de Bernardino Graña ou a de Avelino Pousa Antelo. Na edición de 2007 foi a mans de Marica Campo. O acto de homenaxe tivo lugar no Concello de Guitiriz o 10 de novembro.

Referencias varias:

- maré, "Nomean a Marica Campo Chairega de honra", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 outubro 2007, p. 39.

Informa do nomeamento de Marica Campo co título de Chairega de Honra, concedido pola Fundación Manuel María. Así mesmo, comenta que con motivo da homenaxe se representará a obra *O premexentes*, do grupo Prosopón, e haberá unha mesa redonda na que se analizará a obra de Marica Campo.

Homenaxe "**Letra E. Escritor na súa terra**"

Creado en 1995 pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, pretende recoñecer a traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. Organízase baixo o lema "O escritor na súa terra". Non ten dotación económica. Consiste na plantación dunha árbore en homenaxe ao escritor, na inauguración dunha pedra que leva gravado un texto do autor e un xantar de confraternización. Dende a asociación convocante fanse as xestións institucionais oportunas para que se lle dedique unha rúa ao galardoado. Ao mesmo tempo, entrégaselle unha escultura feita por Acisclo Manzano coa letra "E", de escritor. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. Na edición de 2007 concedéuselle o galardón a Manuel Lourenzo nun acto que se celebrou no Val do Valadouro, en Lugo.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Por unha traxectoria impecable", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 xuño 2007, p. 28.

Afírmase que a AELG concedeu este galardón a Manuel Lourenzo por seu un referente do teatro galego que levou a cabo a cabo unha intensa actividade como dramaturgo, actor, director de escena, tradutor e dinamizador de distintas iniciativas teatrais. Do mesmo xeito, lémbrase que en edicións anteriores premiouse a autores como Antón Avilés de Taramancos, Manuel María, Mª Xosé Queizán, Luz Pozo Garza ou María do Carmo Kruckenberg, entre outros.

- maré, “Galardón a un home de teatro”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 5 xullo 2007, p. 26.

Exponse o programa de actos previstos na homenaxe “O escritor na súa terra” que se celebrará en Val do Valadouro, vila natal de Manuel Lourenzo. Afírmase que na súa décimo terceira edición a AELG decidiu unanimemente galardoar ao escritor, dramaturgo, actor e director teatral, que tamén exerceu de conferenciante e tradutor de pezas dramáticas ao galego.

- Alfredo Conde, “Ben de interese cultural”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 8 xullo 2007, p. 4.

Cualifica a Manuel Lourenzo galardoado coa “Letra E” da AELG como un ben de interese cultural. Tamén comenta que Afonso Peixegueiro, o primeiro presidente da AELG, foi quen máis traballou pola consolidación da AELG.

- Anxa Correa, “Homenaxe a Lourenzo”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Literatura”, 8 xullo 2007, p. 31.

Entrevístase a Manuel Lourenzo con motivo deste galardón que recoñece a súa intensa “traxectoria na literatura e no teatro en galego”. Apunta que este premio é coma recibir en vida o Día das Letras Galegas. E explica que acostuma a vivir varias tempadas na súa Ferreira do Valadouro natal para traballar, xa que conta con moitos proxectos literarios por facer. E comenta que o Plan Galego das Artes Escénicas “está moi ben articulado, pero hai que debatelo”. E remata apostando polos novos creadores teatrais galegos.

- María Cuadrado, “El mundo de las letras honra al dramaturgo Lourenzo en O Valadouro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 xullo 2007, p. 40.

Detállase o programa de actividades organizado pola AELG para homenaxear ao autor teatral Manuel Lourenzo, quen plantou unha árbore, descubriu unha placa conmemorativa do acto na casa onde naceu e deuse o seu nome ao centro sociocultural de Valdouro. Ao mesmo tempo, lémbrase que o Lourenzo xa obtivo premios como o Nacional de Literatura Dramática en 1997 por *Veladas indecentes* (1996).

- M.D., “Profeta no Val do Ouro”, *El Progreso*, “A Mariña”, 9 xullo 2007, p. 9.

Dá conta dos actos celebrados en honor de Manuel Lorenzo en O Valadouro, onde recibiu a “Letra E de escritor”, entregada pola AELG. Explícase que a homenaxe “O escritor na súa terra” constitúe unha tradición literaria na que o lugar de orixe do homenaxeado cobra un protagonismo cultural.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Manuel Lourenzo no Valadouro”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Galicia”, 9 xullo 2007, p. 3.

Dá conta dos actos convocados baixo o título “O escritor na súa terra” pola AELG na súa décimo terceira edición, que homenaxea a Manuel Lourenzo pola súa achega á dramaturxia galega contemporánea. Por outra banda, lembra a homenaxe realizada en honor a Uxío Novoneyra, neste caso *post mortem* pola súa negativa a recibila en vida, reivindicando que se recoñeza a súa figura.

- Isidro Novo, “As nosas letras”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, 11 xullo 2007, p. 5.

Afírmase que a AELG lle rendeu honores a Manuel Lourenzo co premio “Escritor na súa terra” coa intención de homenaxealo en vida. Asemade, reivindícase un maior apoio por parte das institucións culturais para facer máis notábel esta celebración.

- Lorena Otero, “Manuel Lourenzo recibe a letra ‘E’ da Asociación de Escritores”, *A Nosa Terra*, n.º 1.276, “Cultura”, 12-18 xullo 2007, p. 28.

Indícase que a AELG recoñeceu a obra de Manuel Lourenzo como dramaturgo co premio “A Letra E” en Valadouro, vila natal do homenaxeado. A continuación, leva a cabo un breve percorrido biográfico, no que se salienta a creación do grupo teatral “O Facho” en 1965, considerado como iniciador e impulsor do Teatro Independente Galego. Asemade, cualifícase a Lourenzo como un dos principais impulsores da cultura e da lingua galega a través da súa obra, composta por preto de cen espectáculos e máis de cincuenta creacións publicadas e estreadas.

Premio **Letras de Bretaña** e **Medalla do Reino de Merlín**

O premio Letras de Bretaña foi Creado hai catro anos para homenaxear ás persoas preocupadas por destacar a importancia da Galicia do Norte e o seu espírito cunqueirán. Concédeo o Real Coro “Toxos e Froles” e conta cos patróns dos Concellos de Ferrol e Mondoñedo (localidades onde se entrega o galardón) e o Bispado desta diocese. Ten carácter honorífico e carece de dotación económica. Unha placa de prata como símbolo da rexión representa a distinción. Cada ano galardoará o traballo dun escritor ou escritora da Galicia do Norte. En decembro de 2007 anunciouse á gañadora da cuarta edición Luz Pozo Garza. O xurado concedeulle esta distinción pola súa traxectoria literaria e o seu coñecemento das obras de Cunqueiro e Torrente Ballester, ademais da súa preocupación polo norte de Portugal. Ademais tamén se concede a Medalla do Reino de Merlín cuxo acto de entrega se realiza na sede do Real Coro de Toxos e Froles, en Ferrol. Nesta edición de 2007 foi galardoado o escritor e xornalista Ramón Pernas pola transcendencia da súa obra literaria e xornalística.

Referencias varias:

- R. Loureiro, “Pernas reivindica la literatura como territorio mágico al recibir la Medalla do Reino de Merlín”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 marzo 2007, p. 39.

Recóllese a reivindicación do galardoado sobre a literatura como “territorio máxico” coa finalidade de “iluminar os camiños do futuro” e remárcase a necesidade de “reivindicar a esperanza fronte a todas as resignacións”. Ademais sinálase que as terras de Merlín “son o mellor dos mundos posibles”. Apúntase que o carácter universal da súa escrita fíxoo merecente deste galardón. E remátase coa convicción de que a creación literaria debe ser unha “escola de tolerancia”.

- Camilo Franco, “Hai moitos libros de poesía e non todos chegan a un nivel aceptábel”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 decembro 2007, p. 35.

Entrevista a Luz Pozo, que acaba de ser recoñecida co Premio Letras de Bretaña. Logo de reflexionar, entre outros aspectos, sobre a importancia dos premios no mundo da poesía, expresa as súas impresións a cerca de que estea proposta para o Premio Nobel e logo explica a súa relación coa Bretaña e co celtismo.

Premio "**Manuel María**" á dignidade nacional

Creado en 2005 pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), a Mesa pola Normalización Lingüística e a CIG-Ensino, coa finalidade de recoñecer publicamente a contribución de persoas ou institucións públicas e privadas que durante o ano promovesen iniciativas que teñan consecuencias destacadas na mellora da dignidade nacional. O galardón consiste nunha peza única de cerámica elaborada por Pérez Porto. Na edición de 2007 tamén actúa como promotora a Asociación de Escritores en Lingua Galega. O fallo deuse a coñecer en Santiago de Compostela o 28 de abril. O xurado estivo composto por Mª Pilar García Negro, Alberte Ansede Estraviz, Xosé Ramón Freixeiro Mato, Marga Romero Lourenzo e Carme Vidal Laxe. Nesta segunda edición o premio foi para o semanario *A Nosa Terra* e a cerimonia de entrega tivo lugar o 21 de abril no transcurso dunha cea nun restaurante compostelán, onde Sabela Gay, viúva de Manuel María, lle fixo entrega da escultura a Afonso Eiré, director do semanario *A Nosa Terra*.

Referencias varias:

- A.N.T., "A Nosa Terra recibe o Premio 'Manuel María' á Dignidade Nacional", *A Nosa Terra*, n.º 1.265, "Sociedade", 26 abril-2 maio 2007, p. 16.

Coméntase que no ano en que celebra o centenario deste semanario acaba de verse recompensado o seu labor con este galardón. Recóllense as palabras de Afonso Eiré, director de *A Nosa Terra* ao recollelo, apuntando que este premio serve como homenaxe a todas as "persoas comprometidas e militantes que participaron desde 1977, como recuperador da cabeceira, accionista, colaborador e difusor do proxecto". E ademais reprodúcese a acta na que se recollen as razóns polas que o xurado decidiu premiar a este semanario, entre as que destacan o seu "compromiso e defensa da dignidade e dos intereses da nación" e que "deu cabida a todo o abano político, literario, artístico, da nación... con iniciativas pioneiras e valiosísimas para a debida institucionalización, dignificación e divulgación da cultura galega".

Medallas de Ouro de Galicia e **Medallas Castelao**

Para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguiron polo seu mérito ao servizo da comunidade en calquera aspecto social, cultural e económico, a Xunta de Galicia concede as Medallas de Galicia, que consistían nunha medalla de ouro, quince de prata e trece de bronce. Dende o ano 2006, a entrega de medallas ten un único protagonista. Así mesmo, concede as Medallas Castelao, galardón creado en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Castelao o 28 de xuño daquel ano, para distinguir a aqueles galegos que sexan autores dunha obra merecedora do recoñecemento do seu pobo no campo artístico, literario, doutrinal ou de calquera faceta

de actividade humana. Na edicón de 2007, Isaac Díaz Pardo recibiu a Medalla de Ouro. Pola súa banda, as Medallas Castelao recoñeceron o labor de varias institucións: a Fundación Érguete-Integración; o Proxecto Galicia, de Hércules Edicións; e o semanario *A Nosa Terra*.

Referencias varias

- María Obelleiro, "Afonso Eyré recibe a Medalla Castelao no centenario d'*A Nosa Terra*", *A Nosa Terra*, n.º 1.274, "Galiza", 28 xuño-4 xullo 2007, p. 6.

Dá conta dos gañadores das Medallas Castelao, entre os que están a Fundación Érguete-Integración; o Proxecto Galicia, de Hércules Edicións; e o semanario *A Nosa Terra*, sobre o que se engade que celebra o seu centenario, así como os trinta anos da reaparición da cabeceira tras o seu traslado a Bos Aires durante a ditadura franquista. Indícase que o goberno premia así o seu traballo en defensa do idioma, da identidade nacional e da cultura galega.

- Marta Dacosta, "Medalla Castelao", *A Nosa Terra*, n.º 1.274, 28 xuño-4 xullo 2007, p. 25.

Manifféstase admiración pola xeración das Irmandades, entre os que salienta a Daniel Rodríguez Castelao, pola súa ilusión á hora de iniciar os grandes proxecto nacionais sen ningún apoio e incluso coa oposición fascista, até o punto de perder a súa vida en defensa dos seus ideais. Entre as obras daquela xeración, indícase que se encontra *A Nosa Terra*, unha publicación monolingüe e nacionalista que se declara comprometida con Galicia coa mesma intensidade que os seus devanceiros e que agora recibe a Medalla Castelao.

- A.N.T., "*A Nosa Terra*, Érguete e Hércules Edicións reciben as medallas Castelao 2007", *A Nosa Terra*, n.º 1.275, 5-11 xullo 2007, p. 14.

Refírese ao acto de entrega das Medallas Castelao, que tivo lugar no convento de San Francisco e que recibiron Carme Avendaño, Francisco Rodríguez Iglesias e Afonso Eyré en nome da Fundación Érguete-Integración, do Proxecto Galicia, de Hércules Edicións, e do semanario *A Nosa Terra* respectivamente.

- Sara González, "O galego terminará sendo unha lingua litúrxica", *El Progreso*, "Galicia", 24 xullo 2007, p. 17/"O galego acabará sendo unha lingua litúrxica porque o pobo non o fala", *Diario de Pontevedra*, "Galicia", 24 xullo 2007, p. 30/"O galego será lingua litúrxica", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 xullo 2007, p. 42/"O galego terminará sendo unha lingua litúrxica", *El Ideal Gallego*, "Especial Día de Galicia", 25 xullo 2007, p. 03/"O galego terminará sendo unha lingua litúrxica", *Diario de Ferrol*, "Especial Día de Galicia", 25 xullo 2007, p. 34/"O galego terminará sendo unha lingua litúrxica", *Diario de Arousa*, "Especial Día de Galicia", 25 xullo 2007, p. 34.

Nesta entrevista Isaac Díaz Pardo declara que interpretou a concesión da Medalla de Ouro de Galicia como un acto de desagravio por parte da Xunta. Asemade, afirma que fixo todo o que puido por Galicia, interpretando o espírito desa xente que quedou atrás. Lémbranse as súas vivencias con galeguistas históricos como Daniel Rodríguez

Castealo ou Ánxel Casal, así como a súa decisión de cambiar a pintura pola cerámica para recuperar Sargadelos, unha empresa senlleira no panorama galego. Por último, refírese a cuestións de actualidade, como a situación actual da lingua e da sociedade en xeral.

- Natalia Álvarez, "A medalla é un desagravio polo que pasou con Sargadelos", *Faro de Vigo*, "Especial Día de Galicia", 25 xullo 2007, p. 4.

Ante as preguntas arredor do litixio que mantén co consello de administración do grupo Sargadelos, que deixou a súa influencia limitada o Instituto Galego de Información, Isaac Díaz Pardo responde que loitará por recuperar un proxecto nos que estiveron implicados persoeiros como Eduardo Balanco Amor, Rafael Dieste ou Luís Seoane e que agradece o apoio amosado en recoñecementos como a Medalla de Ouro de Galicia.

- M.C., "Máxima distinción", *La Región*, "Especial Día de Galicia", 25 xullo 2007, p. 16.

Dáse conta do acto de entrega da Medalla de Ouro, máxima distinción de Galicia, a Isaac Díaz Pardo pola súa achega á cultura galega e á defensa dos seus intereses. Ofrécese tamén unha breve biografía.

- A.N.T., "Díaz Pardo recebe a Medalla de Ouro de Galiza e lembra aos exiliados", *A Nosa Terra*, n.º 1.278, "Galiza", 26 xullo-5 setembro 2007, p. 9.

Indícase que o presidente da Xunta definiu a Isaac Díaz Pardo no acto de entrega da Medalla de Ouro de Galicia como un traballador incansábel que foi capaz de sinallarlle ao país un camiño, un procedemento para a recuperación dunha identidade cultural deturpada. Pola súa banda, Díaz Pardo interpreta o galardón como un recoñecemento ás xentes que loitaron no exilio para recuperar a memoria histórica de Galicia dende o exilio.

- A. Correa, "Medalla de Ouro para Díaz Pardo", *Diario de Pontevedra*, "En portada", 26 xullo 2007, p. 5.

Refírese ás homenaxes recibidas por Isaac Díaz Pardo ao longo do 2007, que culminan coa entrega da Medalla de Ouro de Galicia, xustificada, segundo o presidente da Xunta, por "unha vida enteira dedicada á creación de cultura, de identidade, de ideas, de prosperidade". Sinálase que a vontade de recuperar a memoria histórica da terra por parte dos exiliados serviu de raíces do Laboratorio de Formas e recuperou empresas como Sargadelos ou institucións como o Seminario de Estudos Galegos. Asemade, Díaz Pardo sumouse a outras con idéntico obxectivo: as Ediciós do Castro, o Museo Carlos Maside ou o Instituto Galego de Información.

- José Luís Estévez, "Díaz Pardo: 'La Medalla premia a los artistas que sufrieron el exilio", *El País*, "*Galicia*", 26 xullo 2007, p. 24.

Recóllense as palabras de recoñecemento do presidente da Xunta a Isaac Díaz Pardo no acto de entrega da Medalla de Ouro de Galicia, así como as de agradecemento do homenaxeado.

- María López, “Unha medalla en memoria de los exiliados”, *La Opinión*, “Galicia”, 26 xullo 2007, p. 16.

Saliéntase o agarimo expresado a Isaac Díaz Pardo no acto de entrega da máxima distinción da comunidade galega, ademais do recoñecemento ao seu labor ao cargo de Cerámicas do Castro, de Sargadelos e do Laboratorio de Formas de Galicia.

- R.L., “Obras colectivas para un país mejor”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 29 xuño 2007, p. 9.

Dá conta do acto de entrega das Medallas Castelao por parte do presidente da Xunta, quen salientou a suma de vontades como resgo definitorio dos tres proxectos recoñecidos no 2007: a suma do coraxe das nais da Fundación Érguete-Integración; a suma dos intelectuais comprometidos que alimentaron dende o exilio unha publicación de corte galeguista como *A Nosa Terra*; e a suma de personalidades empeñadas en construír unha empresa editoria aliada con la identidad cultural propia como Hércules Edicións e o seu Proxecto Galicia.

- José Luis Estévez, “Hay que recuperar la memoria pero sin revancha”, *El País*, “*Galicia*”, 4 agosto 2007, p. 29.

Ao longo desta conversa, Isaac Díaz Pardo, último merecedor da Medalla de Ouro de Galicia, declara sentirse más que recoñecido e atribúe este galardón o feito de ser o máis vello dunha xeración que creou cousas importantes, como o Laboratorio de Formas ou o grupo Sargadelos. Ao mesmo tempo, reivindica a recuperación da memoria histórica para saldar a débeda co exilio e alerta do perigo de que o galego se converta nunha lingua sen uso.

- Avelino Abuín de Tembra, “A recesión da lingua”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, 5 agosto 2007, p. 5.

Criticase a que considera unha frase desafortunada de Isaac Díaz Pardo, que provocou a renuncia dalgúns a asistir ao acto de entrega da Medalla de Ouro de Galicia. Sinálase que Díaz Pardo afirmou que “a xuventude de Galicia está abandonando a lingua galega para pasar ao castelán e ao inglés” sen matizar ou explicar convenientemente o que quería dicir.

- Alfredo Conde, “Falar de asistencia”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 6 agosto 2007, p. 4.

Refírese ao acto de entrega da Medalla de ouro a Isaac Díaz Pardo, que tivo lugar o 25 de xullo, que contou con pouca asistencia. Recrimínase especialmente a ausencia da oposición por se tratar dun acto de afirmación colectiva.

- Alfredo Conde, “Falar de medallas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 8 agosto 2007, p. 4.

Enténdese que as Medallas Castelao teñen que responder ao espírito da galeguidade independentemente da militancia política de cada quen. Quéixase que durante moito tempo estiveron a expensas do presidente da Xunta e así outorgáronselle a persoas que

quizais merecerían algunha medalla, pero nunca a Medalla Castelao. Esta, ao seu modo de ver, debera estar reservada a persoas como Giuseppe Tavani que a recibiu no mesmo ano que a rexeitou Constantino García, fundador do ILG e que si responden ao espírito do galardón.

Medalla de Ouro da Federación de Libreiros de Galicia

A Federación de Libreiros de Galicia entrega a Medalla de Ouro do seu trinta aniversario a Xesús Couceiro. A entrega realizouse nun acto no Hotel Monumento San Francisco, en Compostela.

Referencias varias:

- Anxa Correa, "Couceiro recibe o domingo a medalla de ouro outorgada polos libreiros de Galicia", *El Progreso*, "Cultura", 30 novembro 2007, p. 76.

Informa de que a Federación de Libreiros de Galicia vai impor a medalla de ouro ao libreiro Xesús Couceiro, fundador e primeiro presidente da entidade. Achega as palabras de Xaime Corral quen comenta a unión e consolidación que mantén o sector e máis a adaptación aos novos tempos nos que está presente a "ameaza dixital".

- C.R., "Premio merecido a Couceiro", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 3 decembro 2007, p. 14.

Dá conta da celebración dunha gala por parte da Federación de Libreiros de Galicia polo trixésimo aniversario da súa fundación. Comenta que no acto foi homenaxeado Xesús Couceiro a quen se lle concedeu a medalla de ouro pola súa dedicación á defensa do libro galego e dá conta da traxectoria laboral de Couceiro.

Premio "**Otero Pedrayo**"

Convócano cada ano, dende o 1976, as Deputacións provinciais para "perpetuar e honrar a memoria do egrexio home de letras, premiar un labor que constitúa unha achega eminente á cultura galega, fomentar os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora dos seus homes e institucións". Poderán optar ao premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das Deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura, pola Xunta de Galicia, oída a Consellería correspondente, e polo propio xurado. A presentación do candidato ten que enviarse ao Presidente da Deputación convocante, no prazo de tres meses a partir da convocatoria, e deben achegarse os seguintes documentos: descrición biográfica breve da persoa que aspira ao premio, documentos e antecedentes, que se consideren de interese para o coñecemento da dimensión literaria ou científica da persoa que se propoña. Entregaranse cinco exemplares, mecanografados a dobre espazo, do traballo co que se optase ao premio, no caso de que a proposta estea baseada nunha obra ou produción singular concreta. No caso de personalidades e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexan e unha relación de tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio. Está dotado con 30.000 euros e o xurado estará

constituído polos presidentes da Xunta de Galicia e das catro Deputacións Provinciais e polos representantes da Universidade Sur, da Coruña e de Santiago de Compostela xunto con algún membro da Real Academia Galega e do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos. Nesta edición de 2007, organizada pola Deputación de Lugo, o premio recaeu no humanista e xeógrafo lucense Francisco Javier Río Barja.

Referencias varias:

- maré, "Xavier Río Barja faise co Otero Pedrayo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 maio 2007, p. 30.

Dáse conta do fallo do Premio Otero Pedrayo, que tivo lugar na Deputación Provincial de Lugo, institución organizadora do evento, e decidiu distinguir a Francisco Xavier Río Barja, académico da Lingua Galega e da Academia das Ciencias, considerándoo continuador de Otero Pedrayo. Lémbrase tamén que o homenaxeado dirixiu o Instituto de Estudos Galegos dende 1978 até 1994 e que é membro do Consello da Cultura Galega.

Pedrón de Ouro e **Pedrón de Honra**

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro dende 1964, nun acto que se celebra o domingo seguinte ao Día das Letras Galegas. Concédense dous premios: o "Pedrón de Ouro", a unha personalidade ou entidade galega que destaca en calquera dos aspectos culturais de Galicia, e o "Pedrón de Honra", a aquelas persoas ou entidades, galegas ou non galegas, que dende fóra divulgan e defenden a cultura galega. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. En edicións anteriores, recibiron o Pedrón de Ouro Isidro Parga Pondal, Xoana Torres, Xosé Filgueira Valverde, Isaac Díaz Pardo, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, Antón Fraguas ou Xosé Manuel Beiras. No ano 2007 o "Pedrón de Ouro" recaeu no xeógrafo Francisco Xavier Río Barja, mentres que o "Pedrón de Honra" foi concedido ao pintor e escultor Leopoldo Nóvoa. A entrega dos galardóns tivo lugar o 20 de maio na Casa de Rosalía en Padrón.

Referencias varias:

- maré, "Pedróns de 'ciencia e de arte", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Resolución", 11 abril 2007, p. 27.

Destácase que foron premiados Francisco Xavier Río Barja e Leopoldo Nóvoa pola súa "contribución ao coñecemento" e pola "universalidade dende a orixe galega", respectivamente. A seguir, recóllense pinceladas da traxectoria profesional de ambos os galardoados e no apartado "Os datos" explícase a traxectoria deste galardón e a razón da data da súa entrega.

- Avelino Abuín de Tembra, "Os Pedróns 2007", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", "Crónicas da Bouza", 13 maio 2007, p. 32/"Os Pedróns 2007 (I)", 15 abril 2007, p. 5/"Os Pedróns 2007 (e II)", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos

Ábregos", 16 abril 2007, p. 5.

Comézase destacando cando en 1963 deu comezo ao Día das Letras Galegas e como dende esa data e ao seu abeiro foron agromando varias institucións, entre elas a Fundación Pedrón de Ouro. Explícase como a Fundación logrou sobrevivir estes anos, e saliéntase que dende o primeiro Pedrón de Ouro a Faustino Rey Romero con este galardón se chame a atención sobre personalidades que contribúan ás letras e á cultura de Galicia. A seguir, dáse unha relación dos galardoados en ambos os premios. Destácase dos premiados en 2007, Francisco Xavier Río Barja "o seu coñecemento da xeografía" galega, e de Leopoldo Nóvoa, "que a arte galega estea representada na práctica totalidade dos grandes museos do mundo", ademais de amosar unhas pinceladas biográficas. Remátase explicando que Xosé Ramón Fandiño louvará aos homenaxeados.

- C.G., "La casa de A Matanza volverá a ser escenario mañana de la entrega de los pedrones de Oro e Honra", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "En breve", 19 maio 2007, p. 36.

Explícase que os actos de entrega destes premios comezarán cunha ofrenda floral e que os gañadores do Pedrón de Ouro e de Honra 2007 foron o catedrático e director da Escola Universitaria de Maxisterio, Francisco Xavier Río Barja, e o pintor Leopoldo Nóvoa, respectivamente. E conclúese que estes actos os organiza a Fundación Pedrón de Ouro que preside Avelino Abuín de Tembra.

- J.L., "Río Barja y Leopoldo Nóvoa, Pedrón de Ouro y de Honra", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Reconocimiento", 21 maio 2007, p. 76.

Coméntase que foron entregados os premios desta edición, explicando as razóns que determinaron a elección de Francisco Javier Río Barja como merecente do Pedrón de Ouro e de Leopoldo Nóvoa, do Pedrón de Honra. Remátase aportando unha breve referencia biobliográfica dos galardoados, ademais dunha semblanza dos galardoados desta edición 2007 e da relación dos premiados en edicións anteriores.

- U.L., "Dous 'galegos ilustres' recollen en Padrón os premios Pedrón de Ouro e de Honra", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 maio 2007, p. 53.

Explícase que "dende hai corenta e tres anos, o domingo seguinte ao día das Letras Galegas é a xornada do Pedrón de Ouro" que nesta ocasión recaeu en dous galagos nados no ano 1919. E remátase aludindo ás palabras de Avelino Abuín de Tembra, presidente da Fundación organizadora destes premios, lembrando que os gañadores de edicións anteriores foron "perseguidos".

- Anxo Tarrío Varela, "Don Francisco Río Barxa", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "De letras e de signos", 24 maio 2007, p. 4.

Preséntase unha lembranza do seu profesor universitario, seguindo a liña de "sentida remembranza que o domingo pasado deseñou Xosé Manuel Beiras", salientando que "tiven o privilexio de escoitar a palabra entusiasmada e poética cando nos explicaba a xeografía de Galicia e algo máis". Detállase a explicación de Río Barxa do movemento da terra arredor do sol, e unha excursión de fin de curso na que visitaron unha factoría

de baleas e cachalotes da comarca de Cee, e a pedra de abalar de Muxía, destacando así mesmo as súas explicacións da paisaxe mentres viaxaban en autobús.

- Manuel Dourado Deira, "Pedrón de Ouro 2007", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ardentía", 26 maio 2007, p. 5.

Defínense estes premios como "o Nobel de Galicia", en función de "o prestixio, a dignidade e a gloria de os recibir". Destácanse as características dos gañadores, o feito de que Leopoldo Nóvoa tivera que emigrar e a súa admiración por Río Barja, remitindo ao artigo de louvanza que lle escribiu Xosé Manuel Beiras. E conclúese narrando dúas anécdotas referidas a Río Barja.

- Xosé Ramón Fandiño Veiga, "Serventesio de loor aos Pedróns de Ouro e Honra 2007: Río Barxa e Leopoldo Nóvoa", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 72, tomo IV, "Crónica", outubro-novembro-decembro 2007, pp. 625-631.

Este é o discurso pronunciado no acto de entrega dos premios Pedrón de Ouro concedido a Francisco Xavier Río Barxa e Pedrón de Honra a Leopoldo Nóvoa, onde nos resume as biografías destes dous autores. Di que se lle concede a Río Barxa pola súa traxectoria na investigación e na didáctica da xeografía galega. Este estudou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago, onde a Xeografía era unha disciplina auxiliar da Historia polo que se lle dedicaban poucas horas lectivas. Cando remata comeza a traballar nun colexio de Viveiro onde comezou a estudar de xeito autodidacta esta disciplina, grazas ao que máis tarde comeza a traballar como profesor adxunto de Xeografía na Universidade de Santiago, alí coincidiu con Otero Pedrayo do que absorveu a súa ideoloxía nacionalista e o gusto pola estética. Publicou varios traballos en revistas e participou na elaboración da *Bibliografía de xeografía económica de Galicia* (1960). Despois converteuse en catedrático de Xeografía da Escola Normal de Santiago até a súa xubilación. Escribiu varios libros, realizou mapas en relevo e documentais para a televisión galega. O Pedrón de Honra foi concedido a Leopoldo Nóvoa, o cal naceu en Galicia pero a súa mocidade pasouna no Uruguay. Alí estudou Arquitectura e Dereito, dedicouse á industria da cerámica decorativa e fundou a revista *Apex*. En 1947 instálase en Bos Aires, alí serviu de ponte entre a cultura galega e a arxentina xa que colaborou como debuxante e escritor na revista *Galicia Emigrante*, fixo as sobrecubertas de *Historia de Galiza* de Otero Pedrayo e colaborou como debuxante no libro *Galicia hoy.* Na súa exposición de Bos Aires pode percibirse unha temática basicamente galega e a influencia de Seoane. En 1957 regresa a Montevideo e faise cargo do mural do Estadio do Club Atlético Cerro. En 1965 instálase en París pero en 1979 un incendio leva por diante a súa obra, desta experiencia quedouse coa parte positiva: descubriu a cinza como material. En 1974 expón por primeira vez en Vigo e nos anos oitenta comeza a ser coñecido, polo que dende hai trinta anos vive dacabalo entre París e Galicia. Afirma que a obra de Nóvoa é un poema visual xa que se sitúa entre a pintura e a escultura. O artigo remata recollendo as palabras de agradecemento de Río Barxa, o cal non está seguro de estar á altura do recoñecemento que supón o premio e di que o máis importante que fixo foi transmitir os seus coñecementos aos demais.

Premio "**Ramón Piñeiro. Facer País**"

Premio convocado pola Asociación Cultural Val de Láncara, en colaboración con outros colectivos, co que se pretende enxalzar a vida e obra de persoa e institucións que no día a día loitan por facer país e non posúe dotación económica. O primeiro persoeiro que recibiu este premio foi o empresario e artista Isaac Díaz Pardo e nas seguintes edicións recaeu no actor Luis Tosar, no grupo de música folk Milladoiro, no político Xosé Manuel Beiras e no escritor Xosé Neira Vilas. Nesta sexta edición o galardón, consistente nun trofeo realizado por unha alumna da Escola Ramón Falcón de Lugo, concedéuselle ao semanario *A Nosa Terra*. O acto de entrega tivo lugar o 13 de outubro en Carracedo (Láncara).

Referencias varias:

- María Munín, "O semanario galego 'A Nosa Terra' faise co VI Premio Ramón Piñeiro ", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 60/"A Nosa Terra' recibirá o sexto galardón 'Ramón Piñeiro", *El Progreso*, "Sarria", 31 agosto 2007, p. 14.

Indícase que a Asociación Val de Láncara concedeu o Premio Ramón Piñeiro ao semanario *A Nosa Terra* en recoñecemento o seu labor desenvolvido no ámbito da cultura en defensa da identidade galega entre as corenta e dúas candidaturas presentadas por diferentes asociacións culturais de toda Galicia. Asemade, xustificaron a súa decisión salientando que o xornal foi referencia activa e constante no proceso de normalización de difusión, normalización e xeneralización da lingua galega e que segue a contribuír á recuperación da memoria social da comunidade.

- A.N.T., "A Nosa Terra recibe o VI Premio Ramón Piñeiro Facer País", *A Nosa Terra*, n.º 1.279, "Sociedade", 6-12 setembro 2007, p. 16.

Dáse conta do acto de entrega do premio "Ramón Piñeiro" na Casa da Láncara o pasado 27 de agosto que este ano concedeuse ao semanario *A Nosa Terra* "por manter mesmo dende o exilio, a defensa da identidade nacional de Galicia". Indícase que o encargado de entregalo foi Xosé Neira Vilas e explícase que "é un premio moi plural, porque a votación fanna as asociacións da comarca e non responde a ningún interese. Calquera pode presentar candidaturas e de feito foron máis de corenta as que se presentaron... Non ten dotación económica, pero representa unha opinión moi plural e da base asociativa", segundo palabras de Carlos S. López Sierra, da agrupación Monte Oribio de Sarria.

Premio "**Roberto Vidal Bolaño**" das Redes Escarlatas

Creado polo colectivo Redes Escarlata en 2004, este premio está destinado ao recoñecemento público daquelas persoas ou entidades comprometidas coa lingua e cultura galega e coa emancipación de Galicia. O premio, que non ten dotación económica, consiste nun cadro do artista ourensán Xosé Luís de Dios. No 2007 o xurado estivo composto por Antón Dobao, Antón Figueroa, Francisco Fernández Rei, Rosa López, Darío Xohán Cabana e Xosé Luís Méndez Ferrín. O xurado decidiu concederlle o galardón nesta cuarta edición de 2007 a Dionisio Pereira e Verbo Xido (Asociación Ecolóxica e Cultural da Terra de Montes). A entrega do galardón realizouna Xosé Luís Méndez Ferrín en Cerceda o 23 de xuño.

Referencias varias:

- maré, "Liberdade de expresión", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 xuño 2007, p. 27.

Infórmase de que científicos de distintas disciplinas asinaron a Manifesto pola Liberdade da Ciencia, no que solicitaron que se desestime a demanda contra o historiador Dionisio Pereiro, acusado de luxar a honra de Manuel Gutiérrez, xefe local de Falanxe e ex alcalde de Cercedo até os anos sesenta. En contrapartida, Pereiro vén de obter o Premio Bolaño en recoñecemento "á longa traxectoria do premiado nos estudos de historia contemporánea".

- A.N.T., "Teresa Moure premio de teatro 'Rafael Dieste", *A Nosa Terra*, n.º 1.276, "Cultura", 14-20 xuño 2007, p. 25.

Coméntase na apartado "Memoria histórica con galardón" a concesión deste premio ao historiador Dionisio Pedreira e á asociación Verbo Xido. Destácase que estes galardón recoñecen "o traballo do historiador a prol da investigación relacionada coa memoria histórica e a do colectivo por desenvolver o seu traballo nunhas difíciles condicións", xa que este galardón "quere homenaxear estes colectivos e as persoas que teiman en rescatar a memoria dos represaliados". Remátase apuntando que Anxo Angueira pronunciará a conferencia "Asociacionismo e memoria política" o 23 de xuño, cando se entrega o galardón.

- maré, "Desde a 'transparencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Días de memoria", 24 xuño 2007, p. 25.

Explícase que este premio supón o recoñecemento ao seu labor de recuperación histórica. Apúntase que contou co apoio de duascentas persoas como homenaxe ao feito de que o denunciaron "os familiares do ex alcalde falanxista de Cercedo por luxar a súa honra nun artigo" no que aportaba testemuños orais de que fora responsábel dos "paseos" para fusilamentos do ano 1936. Detállanse as asociacións e os seus integrantes que homenaxearon a Dionisio Pereira, destacando Redes Escarlata, representada por Chus Pato, Elvira Riveiro, Iago Castro, Xabier Cordal, Antón Dobao e Antón Figueroa, entre outros. Explícase que o acto de entrega do premio comezou cunha conferencia de Anxo Angueira na que percorreu a historia do asociacionismo galego dende a primeira sociedade agraria, fundada en Caldas de Reis en 1886. Coméntase que Francisco Fernández Rei foi o condutor do acto de entrega do galardón, que consistiu nun cadro de Xosé Luís de Dios representando a dous "paseados".

- Xosé Luís Santos Cabanas, "Vidal Boaño na Terra de Montes. Crónica incompleta", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 71, tomo III, ano XVIII, "Crónica", xullo-agosto-setembro 2007, pp. 467-469.

Crónica do acto de entrega do IV Premio "Roberto Vidal Bolaño", concedido pola Asociación sociocultural Redes Escarlata ao historiador Dionisio Pereira e á Asociación Ecoloxista e Cultural de Terra de Montes "Verbo Xido". Dise que a cita tivo lugar o día 23 de xuño do ano 2007 en Cercedo, Terra de Montes e faise mención ao discurso sobre

o asociacionismo pronunciado por Anxo Angueira e cómo continuou o acto logo desta intervención.

Premios "**San Martiño**" de Normalización Lingüística da Estrada

Premios que concede anualmente a Fundación San Martiño a distintas persoas e entidades que co seu labor contribúen á normalización e promoción do galego. O galardón consiste nunha estatuíña realizada polo escultor estradense Manuel Villaverde. Nesta edición 2007 foron galardoados o xornal *Galicia Hoxe,* o director teatral Xosé Lueiro e a compañía dos anos noventa Trinautas. O acto de entrega tivo lugar no Teatro Principal de Santiago.

Premio "**Trasalba**"

Premio creado no ano 1980 pola Fundación Ramón Otero Pedrayo que se outorga todos os anos, segundo o criterio do seu Consello Reitor, para conmemorar o pasamento de Ramón Otero Pedrayo. O galardón consistiu nun exemplar do *Libro dos amigos*, entregado por Pepe Ferreirós en representación do grupo musical Milladoiro (premiado en 2006) e unha lámina debuxada, escrita e entregada por Isaac Díaz Pardo (substituíndo á xerra das anteriores edicións). Na edición de 2007 o galardoado foi o profesor británico John Rutherford (Saint Albans, Reino Unido, 1940). O premio foi entregado o 24 de xuño na festa literaria que tivo lugar en Trasalba no Pazo-Museo de Otero Pedrayo en Trasalba (Amoeiro, Ourense).

Referencias varias:

- maré, "Aos mestres 'estranxeiros", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Galardón", 14 abril 2007, p. 30.

Coméntase que o premio a John Rutherford supón recoñecer a tradición e o labor de profesores non galegos que traballan "polo coñecemento e a difusión da nosa lingua, da nosa literatura e da nosa cultura no mundo". Apúntase que a Fundación lembrou nun comunicado a editores como Carolina Michaëlis, Rodrigues Lapa, Ernesto Monaci, mestres de lingüística románica como Joseph Piel, Gustav Gröber ou Dieter Kremer e a historiadores e críticos literarios como Giuseppe Tavani, Anna Ferrari ou Elsa Gonçalves, entre outros. Destácase que o Centro de Estudos Galegos da Universidade de Oxford que el dirixe divulgou a obra de Xosé Luís Méndez Ferrín e Daniel R. Castelao, a través de traducións galego-inglesas. Ademais, precísase que é autor dunha novela en galego, A*s frechas de ouro* e que publicou *Breve historia del pícaro preliterario*, demostrando que esta personaxe é galega.

- Víctor R. Freixanes, "John Rutherford", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Vento nas velas", 23 xuño 2007, p. 7.

Comézase destacando que como galardón se lle vai entregar un libro titulado *Mar por medio*, en homenaxe aos encontros anuais de lingua e cultura galegas, que dende 1991 até 2004 organizaba o profesor británico. Súmase ás palabras de Gabriel Rei-Doval e Dolores Vilavedra nese libro onde apuntan que cada quen elixe de onde ser, o que quere

ser e compartir e o que quere amar. Precísase que este ano se homenaxea a tradición dos que, sen seres galegos de nacemento, dedican os seus esforzo, talento, recursos e tempo a estudar e difundir "a nosa identidade cultural, a nosa lingua". E remátase loubando o labor de lord Charles Stuart de Rotthensay ao levantar os primeiros textos do *Cancioneiro de Ajuda*, dos Molteni, Monaci, Giuseppe Tavani, Giulia Lanciani, Rodríguez Lapa, David Mackenzie, Derek Fitter, Kristy Hooper, Craig Patterson, entre outros.

- V. Rodríguez, "Rutherford, universalidad y galleguismo", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 25 xuño 2007, p. 45.

Explícase que John Rutherford xa recolleu este premio, que recoñece o seu labor de divulgación da lingua e da cultura galegas polo mundo. Apúntase que proclamou que o galeguismo e a universalidade son compatíbeis, citando a súa propia vida, "ya que él se hizo gallego sin dejar de ser inglés". Precísase que disertou sobre a súa primeira viaxe dende Londres a Vigo en barco e como, dende entón, a súa vida se uniu a Galicia e aos galegos, ademais de recordar o apoio da Xunta para fundar o Centro de Estudios Galegos na Universidade de Oxford.

- Jesús Manuel García, "Rutherford recolle o Trasalba por unir o galeguismo a outras culturas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 xuño 2007, p. 48.

Explícase que, na súa laudatio de John Rutherford, Dolores Vilavedra o definiu como "o diálogo do galeguismo con outras culturas". Lémbrase a súa traxectoria profesional, en relación á difusión da cultura galega. Apúntase que o galardón consistiu no libro *Mar por medio*, no que falan os seus amigos, e un debuxo de Isaac Díaz Pardo, en lugar da xerra de anos anteriores.

- Camilo Franco, "A literatura galega avanzou, pero necesita máis presenza fóra do país", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 xuño 2007, p. 48.

Entrevístase ao profesor de Oxford, con motivo de recibir o premio Trasalba 2007. explícase que el se considera galego de Ribadeo. Explícase que descubriu Galicia ao pedir un intercambio de estudos, onde descubriu na xente a "defensa do propio", e que escribiu *As frechas de ouro* en galego porque non lle saía en inglés. Tamén manifesta que naceu inglés e se foi facendo galego. Considera que á literatura galega lle falta presenza fóra de Galicia e relata a dificultade de que teña recepción fóra, xa que el fixo unha antoloxía de contos de Ferrín, publicada nunha editorial galesa e a prensa inglesa non lle prestou atención, porque segue mantendo o mesmo desinterese polo exterior "de cando era un Imperio".

- E.F., "John Rutherford debulla a súa memoria 'Mar por medio' na entrega do Premio Trasalba", *La Región*, 25 xuño 2007, p. 4.

Explícase que ao recibir o galardón John Rutherford apuntou que "a vida podía ser cine en tecnicolor" e que, tras debuxar a súa primeira visita a Galicia con 18 anos, agradeceu que lle ensinaran "a amar a Galicia". Apúntase que a profesora Dolores Vilavedra foi a encargada de presentar ao galardoado e que tamén foi presentados os dous volumes de *Cartas á nai*, recollidos por Mónica Pazos e Patricia Arias. E remátase precisando que a festa literaria dese completou coa presentación da serie "Documentos" que recolle o

antigo fondo da biblioteca oteriana, e que a serie "Ensaios" se iniciou cun traballo de Ramón Villares.

- Rosa Veiga, "Alma de dous 'mundos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Recoñecemento", 25 xuño 2007, p. 32.

Recóllense as palabras de Jonhn Rutherford ao recibir o premio, afirmando que expandir o galego no Reino Unido é a súa forma de "pagar a inmensa débeda con Galicia". Apúntase que no discurso en galego evocou a súa chegada a Galicia e o impacto que lle supuxo atopar un "novo mundo" en Ribadeo, onde coñeceu á súa futura muller. Destácase que amosou a foto da súa chegada a Galicia, para explicar como ese neno que era inglés ía facerse galego, sen incompatibilidade e coa vantaxe de escoller o mellor de cada lado. E remátase lembrando a fundación do Centro de Estudos Galegos na Universidade de Oxford, co apoio da Xunta de Galicia e recollendo as súas palabras de agradecemento aos galegos e as súas institucións por acompañalo nese día.

- Luís González Tosar, "Trasalba", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 7 xullo 2007, p. 27/*El Progreso*, "Ao raiar o sol", 8 xullo 2007, p. 29.

Explica que devece por ler o libro *Cartas á nai* que a Editorial Galaxia acaba de publicar e no que a través das epístolas se debe notar a forza de dona Eladia Pedrayo Ansoar que, sendo pequeniña no físico, tiña unha forza que conseguiu manter o señorío do pazo até mediados do século XX cando a maior parte dos pazos e maiorazgos galegos morreran. Sinala que se opuxo ao progreso que supoña a estrada de Parada á Porta do Prado en Trasalba, porque atravesaba polos mellores terreos que tiña, e que o seu fillo, Ramón Otero Pedrayo, preiteou para evitar a desfeita. Finalmente, di que asistiu a Trasalba con motivo de honrar a John Rutherford, un investigador inglés afincado en Ribadeo moi merecente da distinción.

- Xosé Neira Vilas, "Rutherford en Trasalba", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lóstregos", 22 xullo 2007, p. 2.

Explícase que se trata da primeira vez en que alguén non galego recibe este galardón. Precísase que "Rutherford séntese galego sen deixar de ser inglés. Son amores compatibles". Apúntase que Dolores Vilavedra destacou o seu labor "como pioneiro dos estudos sobre Galicia" e que o homenaxeado "falou nun galego impecable" e rematou o seu discurso agradecendo o premio "a nome dos galeguistas de fóra de Galicia". Conclúese indicando que, días despois, foi elixido Académico de Honra da Real Academia Galega.

Premio **Xarmenta**

Convocado pola Asociación Berciana de Lingua Xarmenta, dirixido a institucións e personalidades que máis se implican na promoción da lingua galega no Bierzo. O galardón consiste nunha figura de Sargadelos. A presentación tivo lugar o 15 de decembro 2007 na localidade ourensá do Barco de Valdeorras e na leonesa do Bierzo. Os premiados na terceira edición foron o cantautor berciano Manuel Rivas na categoría de personalidade que máis esforzos fixo a prol da defensa da lingua galega fóra da Galicia administrativa, e a Xunta de Galicia e a Junta de Castilla y León de xeito

conxunto, que recibirá o galardón na categoría de institución que máis colaborou co desenvolvemento do galego no Bierzo.

Referencias varias:

- Carlos Fidalgo, "Xarmenta premia a Manuel Rivas", *Diario de León*, "El Bierzo", 15 decembro 2007, p. 12.

Dá conta da presentación no Hotel AC de Ponferrada da resolución dos III premios Xarmenta que recaerán no escritor Manuel Rivas e mais na Xunta de Galicia e Junta de Castilla y León de xeito conxunto. Infórmase de que os membros de Xarmenta subliñaron que Manuel Rivas é o escritor galego máis popular e premiado, que os galardóns se entregarán o 16 de xaneiro de 2008. Finalmente, apúntase que neste mesmo acto se deron a coñecer as bases do I premio literario poeta Antonio Fernández Morales, cuxo prazo de entrega remata o 20 de decembro.

- Laura Sánchez, "Manuel Rivas y la Junta, entre los premiados por Xarmenta", *El Mundo. La crónica de León*, "Cultura. El Bierzo", 15 decembro 2007, p. 37.

Infórmase de que a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta entregará o 16 de xaneiro de 2008 os III premios Xarmenta a Manuel Rivas, por escribir sempre en galego e pola súa repercusión exterior, e de xeito conxunto á Xunta de Galicia e á Junta de Castilla y León, polo convenio polo que se pode estudar galego no Bierzo.

- Santiago Macías, "Un premio doble", *El Mundo. La crónica de León*, "Pasaba por aquí", 20 decembro 2007, p. 44.

O escritor Santiago Macías comenta nesta columna semanal o esforzo que está a realizar a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta para pór o nome de Ponferrada no mapa cultural de España e detalla que nos III premios Xarmenta un dos premiados será Manuel Rivas. Indica que é escritor galego é un dos escritores máis coñecidos fóra do país, refírese a algunhas das obras máis salientábeis escritas por Rivas e remata afirmando que o propio Manuel Rivas estará en Ponferrada o 16 de xaneiro para recibir este galardón.

Premio **Xoán Manuel Pintos**

Convocado polo Concello de Pontevedra e a Rede de Entidades Amigas da Lingua (REAL), conta coas categorías local e autonómica, e ten como finalidade facer recoñecemento público do labor de impulso da lingua galega e ao mesmo tempo manter viva a memoria. No ano 2007 foron galardoados o debuxante Kiko da Silva, no ámbito local, e, no autonómico, o portal 'Puntogal'.

Referencias varias:

- A. Espiño, "Kiko da Silva e 'Puntogal' gañan o Premio Xoán Manuel Pintos", *El Progreso*, "Cultura", 26 outubro 2007, p. 81.

Dá conta do fallo deste premio a favor do debuxante Kiko da Silva, no ámbito local, polo seu compromiso constante co galego e tamén da concesión do premio autonómico á asociación Puntogal polo seu traballo para conseguir un dominio propio para a lingua e cultura galega en Internet.

- Ángeles Quintas&Asociados, "Agradable velada con galardonados", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 18 novembro 2007, p. 86.

Dá conta da presenza de diversas personalidades na velada na que se entregaron os premios Xoán Manuel Pintos 2007 a Kiko da Silva e a Manuel González, presidente de PuntoGal. Sinala que estes premios son outorgados polo Concello de Pontevedra e a Rede de Entidades Amigas da Lingua.

X.7. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Premio "**Ala Delta**"

A Editorial Luís Vives (Edelvives) convoca o Premio "Ala Delta" de literatura infantil coa
finalidade de promover a creación literaria para nenos. Estabelécese un premio único, dotado con 12.100 euros e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección "Ala Delta". A extensión das obras, mecanografadas a dobre espazo, será dun mínimo de cincuenta folios e un máximo de cento vinte. Os orixinais deben ser inéditos e
estar escritos en castelán ou calquera lingua do estado. O tema dos orixinais é libre, igual
que o xénero literario, e enviaranse baixo plica cos datos do autor, á Editorial Luís Vives "Para o premio Ala Delta" (Xauradó, 25, 28034, Madrid). O xurado será nomeado por Edelvives e estará formado por especialistas en literatura e educación, sendo un deles membro da Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil. En 2007 o xurado estivo composto por Pilar Careaga, directora de Publicaciones Generales del Grupo Editorial Luis Vives; a bibliotecaria María Navarro; a profesora Carmen Carramiñana; a crítica Carmen Blázquez; a autora Lydia Carreras de Sosa; Mª José Gómez Navarro, en calidade de presidenta; e Paloma de la Concha como secretaria. Nesta décimo oitava edición o xurado premiou a obra presentada baixo o título *O carteiro de Karrada*, de Marcos Calveiro.

Referencias varias:

- maré, "Unha obra en galego gaña o premio 'Ala Delta' de Vives", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 setembro 2007, p. 29.

Dá conta da entrega do décimo oitavo premio infantil "Ala Delta", convocado polo grupo editorial Luis Vives ao escritor Marcos S. Calveiro pola obra *O carteiro de Karrada*, que se converteu na primeira obra en galego en obter este galardón. Indícase que Calveiro xa publicara a súa primeira novela xuvenil en galego no 2006 baixo o

título *Sari, soñador de mares*, dentro da colección "Catavento", vinculada ao Grupo Editorial Luis Vives.

- Juan Floriani, "É un premio ó galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 decembro 2007, p. 33.

Refírese á obra de Marcos Calveiro, *O carteiro de Bagdad*, gañadora do Premio de Literatura Infantil Ala Delta. Comenta que a obra conta a historia do correo na capital de Iraq, onde un neno reparte a cotío o correo na súa motocicleta. De seguido, salienta a importancia de recibir este galardón a nivel nacional e considera que non é un premio só para o autor senón tamén para a lingua galega.

Premio "**Arume**" de poesía para nenos

Convocado por vez primeira en 2001 pola Fundación Xosé Neira Vilas, é o único premio específico de poesía para nenos e con el téntase fomentar a lectura deste xénero entre os máis pequenos. Compleméntase co premio "Estornela de Teatro", que foi convocado por vez primeira no ano 2002, alternándose ambas as modalidades en anos sucesivos. Ao Premio Arume poden concorrer persoas de calquera nacionalidade con textos escritos en galego que deberán enviar, xunto con tres copias, á Fundación Xosé Neira Vilas, Gres, Vila de Cruces, 36587, Pontevedra. As obras levarán un título que tamén debe constar nun sobre pechado e separado onde figuren os datos do autor. O prazo de admisión de orixinais rematou o 31 de outubro e ten unha dotación de 1.000 euros que serán outorgados a un poemario inédito cun mínimo de trescentos cincuenta versos, ademais da publicación da obra en Ediciós do Castro. En anteriores edicións , resultaron gañadores a Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Helena Villar Janeiro e Marica Campo. Nesta cuarta edición de 2007, o xurado decidiu premiar, entre as vinte e unha obras orixinais recibidas, o poemario da escritora e mestra Concha Blanco, *Cantos da rula*. A entrega do galardón tivo lugar en decembro.

Referencias varias:

- Juan Floriani, "Son aprendiz de poeta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Galardón", 1 decembro 2007, p. 29.

Comenta que na Fundación Xosé Neira Vilas vaise entregar o premio de poesía "Arume" á escritora Concha Blanco pola súa obra *Cantos da rula*. Destaca Blanco a importancia do premio por tratarse dunha obra poética, xa que a maioría da súa creación é narrativa e comenta que o seu obxectivo era transmitir sentimentos aos rapaces a través da poesía. Indica cales foron os libros que a marcaron de pequena e agradece o gusto pola lectura que lle inculcou Neira Vilas coa súa obra *Memorias dun neno labrego*.

- Raquel Torres, "Arume, a procura poética de Neira Vilas para os nenos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 3 decembro 2007, p. 60.

Informa de que a Fundación Xosé Neira Vilas, dirixida polo propio escritor, entregou o Premio Arume de poesía á escritora Concha Blanco, pola súa obra *Cantos de rula*.

Salienta que o volume se recrea nos elementos da natureza presentados cunha linguaxe singular e que será publicado por Edicións do Castro. De seguido, achega o agradecemento de Concha Blanco ante este galardón e a súa proposta de potenciar a literatura infantil. Por último, dá conta doutras personalidades que estiveron presentes no acto de entrega do premio.

Concurso do libro infantil "**O Barco de Vapor**"

Convocado pola Fundación SM dende o ano 1978 xunto ao premio "Gran Angular", a convocatoria en lingua galega comezou en 1984 para "promove-la creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno". As obras que se presenten terán unha extensión mínima de cincuenta folios, mecanografados a dobre espazo, e enviaranse, por triplicado, á Fundación Santa María (Rúa da Paz 8, 36202 Vigo), acompañadas dun sobre pechado no que conste por fóra un seudónimo e dentro o enderezo do autor. O xurado será nomeado pola Fundación Santa María e estará constituído por especialistas en literatura, pedagoxía e educación e un representante da entidade patrocinadora. Contaba cunha dotación económica de 6.000 euros mais a publicación da obra, pero a partir de 2007 o galardón aumenta a dotación aos 10.000 euros para potenciar a creación de literatura infantil e xuvenil en galego. No ano 2007 foi declarado deserto.

Premio Internacional de Teatro para Títeres "**Barriga Verde**"

Ver apartado X.3. deste *Informe*.

Premio de Banda Deseñada "**Castelao**"

Certame convocado pola Deputación da Coruña co obxectivo de incentivar a lingua galega que ven a completar a serie de premios tanto literarios como artísticos que xa convoca a mesma Deputación. O premio está vinculado ao certame do cómic que se celebra todos os veráns e no que se da a coñecer o ditame do xurado. A dotación é de 6.500 euros ademais da publicación do libro que terá que ser con textos en galego. As bases do concurso publicáronse no Boletín Oficial da Provincia. Algúns dos gañadores de anteriores edicións foron David Rubín e Antonio Seijas. Nesta terceira edición de 2007 o prazo de admisión de orixinais rematou o día 31 de maio. O xurado estivo composto por Salvador Fernández Moreda, Miguelanxo Prado, Caridad González Cerviño, Antonio Seijas Cruz, Ángel de la Calle, Carlos Poretela Orjales e Agustín Fernández Paz. O día 2 de agosto deuse a coñecer que o galardón foi para Jacobo Fernández Serrano polo cómic *Aventuras de Cacauequi. Edición anotada*.

Referencias varias:

- Andrea Franco, "El protagonista de mi obra es un objeto pasivo que sonríe a todo", *La Opinión*, "A Coruña", 3 agosto 2007, p. 12.

O máis recente gañador do Premio Banda Deseñada Castelao declara nesta entrevista que a obra merecedora deste galardón ten dous eixes temáticos: un amor inquietante na primeira parte, e un elemento de ciencia ficción na segunda. Considera que se trata dun cómic de autor, sen un público específico.

- C.N., "O III Premio Castelao de Banda Deseñada para Jacobo Fernández", *El Correo Gallego*, "Cultura", 3 agosto 2007, p. 75.

Dá conta da entrega do Premio Banda Deseñada Castelao ao autor de cómic, ilustrador e pintor vigués Jacobo Fernández, que se alzou co premio entre os oito traballos presentados. Indícase que o xurado estimou que a obra galardoada amosa un mundo persoal e orixinal, tanto no plano artístico como narrativo.

- Albino Mallo, "Jacobo Fernández gaña o III Premio Castelao de Cómic", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 agosto 2007, p. 30.

Apunta algunhas notas sobre a traxectoria do gañador do Premio Castelao de Cómic, que xa colaborara en revistas como *Golfiño*, coa serie *Os amigos de Archimboldo Roque*, e que publica actualmente *Animais Pantasma* en *BD Banda*. Sobre a obra vencedora, *Aventuras de Cacauequi* (edición anotada) recóllense as palabras do xurado que valorou a súa ollada, inxenua e madura a un tempo, sobre as relacións humanas.

- Anxa Correa, "A cara positiva da viñeta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 agosto 2007, p. 29.

Ao longo desta conversa, Jacobo Fernández define ao protagonista da obra gañadora do Premio Castelao de Cómic, Cacauequi, como un ser pasivo influenciado permanentemente por unha nena estraña. Sobre o premio declara que, ademais dunha axuda económica, achega unha importante promoción e permite a publicación do álbum en galego.

- Albino Mallo, "Exposición dos premios de banda deseñada 'Castelao", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 decembro 2007, p. 33.

Informa da inauguración, no Instituto de Pastoriza, da exposición que recolle os traballos gañadores das dúas primeiras edicións do premio de banda deseñada Castelao. Explica que a exposición ten un carácter itinerante e que está coordinada por Miguelanxo Prado.

- M. Ramos, "Souto inauguró la exposición de los premios de cómic 'Castelao", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Área Metropolitana", 4 decembro 2007, p. 20.

Comenta que no Instituto de Pastoriza abriuse unha exposición que recolle o traballo do gañador do premio de cómic Castelao. Indica que a exposición está organizada por Miguelanxo Prado e aparece o traballo de Antonio Seijas, *Un home feliz*, e máis o de David Rubín, *Onde ninguén quere chegar*, gañador da edición do 2005.

Premio Internacional **Compostela para Álbumes Ilustrados**

O concello de Compostela convocou no ano 2007 por primeira vez este premio no marco da súa VIII Campaña de Animación á Lectura e do X aniversario da Editorial Kalandraka co obxectivo de estimular aos creadores plásticos do país. Nas bases do premio defínese o álbum ilustrado como un "libro no que o relato se conta a través de imaxes e textos, de tal xeito que ambos se complementen". O premio está dotado de 12.000 euros. A el poden presentarse orixinais inéditos, con lema ou seudónimo, realizados polo creador ou creadores do texto e da ilustración, en calquera das linguas oficiais da Península Ibérica, con exclusión dos empregados de Kalandraka e en calquera tamaño, técnica e formato. A súa extensión non pode superar as corenta páxinas interior e deben presentarse cinco copias do texto, tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias en color de cada unha das ilustracións así como unha maqueta co deseño. Enviaranse en sobre pechado ao Concello de Santiago, departamento de educación. O xurado estará formado por persoas de recoñecido prestixio na área da literatura e ilustración infantil. A obra premiada editarase en todas as linguas oficiais pola Ed. Kalandraka O prazo de entrega remata o 31 de xaneiro de 2008 e a decisión do xurado darase a coñecer o Díe Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, 2 de abril de 2008.

Referencias varias:

- C.P., "Un álbum ilustrado ten unha lectura infantil, pero tamén para adultos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 9 outubro 2007, p. L16.

En primeiro lugar, anuncia a convocatoria de xeito conxunto por parte do Concello de Compostela e da editora Kalandraka do premio Compostela ao mellor libro ilustrado. Sinala que o galardón consistirá en 12.000 euros e a edición da obra en todas as linguas peninsulares. A continuación, entrevista a Xosé Ballesteros, director da editora Kalandraka, con preguntas ao redor do álbum ilustrado e este premio.

Premio "**Edebé**" de Literatura Infantil e Xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas novas e diferentes, sorprendentes e imaxinativas, en castelán ou en calquera das linguas do Estado. Son dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas ao lectorado de entre sete e doce anos, dotada con 25.000 euros, e a xuvenil, para obras dirixidas ao lectorado de máis de 12 anos, dotado con 30.000 euros. Os orixinais teñen que ter unha extensión mínima de vinte páxinas e un máximo de oitenta para a modalidade infantil, e de oitenta a duascentas para a xuvenil. Teñen que presentarse mecanografados a dobre espazo e enviarse por triplicado, baixo plica, antes do quince de setembro á Editorial EDEBÉ (Paseo San Juan Bosco, 62, 08017 Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado estará formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición darase a coñecer no momento da realización do ditame do premio, fixado para finais de xaneiro. A obra premiada publícase primeiro na lingua orixinal e logo tradúcese ás outras linguas do estado. Na edición de 2007 presentáronse preto de duascentas cincuenta obras, das cales cento corenta e nove pertencen á modalidade infantil, e noventa e cinco, á modalidade xuvenil. Do total das obras presentadas, cento oitenta eran en castelán, corenta e seis en catalán, once en galego e sete en éuscaro. Nesta edición no foi premiada ningunha das

obras galegas, mereceron o galardón o escritor madrileño Rodrigo Muñoz Avia con *Los perfectos* e a autora alacantina Elia Barceló con *Cordeluna* de literatura infantil e xuvenil, respectivamente.

Referencias varias:

- maré, "Once obras escritas en galego compiten polo Premio Edebé", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 xaneiro 2007, p. 34.

Sinálase que unha das características do premio é que poden participar orixinais nas catro linguas do Estado. Engádese que en edicións anteriores resultaron gañadores Ángeles González Sinde ou Jordi Sierra Fabra.

- E.P., "Un total de 11 orixinais en galego optan ao Premio Edebé de Literatura", *El Correo Gallego*, "Cultura", 24 xaneiro 2007, p. 68.

Tras indicar que este ano contou coa participación de cento oitenta eran en castelán, corenta e seis en catalán, once en galego e sete en éuscaro, ofrécese un cómputo das catro edición do galardón, que premiou quince obras en castelán, oito en catalán e catro en galego.

Premio de Teatro para Nenos "**Estornela**"

Coa finalidade de estimular a creación teatral e de proporcionarlles a nenas e nenos obras que poidan representar, a Fundación Xosé Neira Vilas convoca este premio que alterna anualmente co premio de poesía infantil "Arume". Poden concorrer a el todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega. Cada orixinal pode conter unha ou varias pezas teatrais. Os traballos enviaranse, un orixinal e tres copias, á sede da Fundación Xosé Neira Vilas (36587) Gres, Vila de Cruces (Pontevedra). A Fundación convocatoria escolle un xurado de recoñecido prestixio e o premio, que ten unha dotación económica de 1.500 euros e a publicación do traballo premiado en Ediciós do Castro. O incremento de traballos presentado é maior en cada edición. Este ano 2007 non se convocou.

Premio **Frei Martín Sarmiento**

Convocado dende o ano 2005, pola Federación Española de Relixiosos de Ensinanza-Centros Católicos en Galicia (FERE-CECA Galicia) recoñece, a partir do lectorado de primaria e ESO, as mellores obras da literatura infantil e xuvenil. A dinámica de selección das obras que entran a concurso ten tres fases: unha primeira escolla por parte das editoras; unha segunda selección por parte dun grupo formado por profesores e alumnos que determina os tres finalistas; e, por último, a votación do alumnado nunha escala de cero a dez. No ano 2007, as obras premiadas foron *Corredores de sombras* (2006), de Agustín Fernández Paz; *O pequeno da familia fantasma* (2005), de Pinto&Chinto; *As vacacións de Saida* (2005), de Eva Peydro; e *Tonecho de Rebordechao* (2005), de Breogán Riveiro Vázquez. A entrega dos galardóns tivo lugar o 19 de outubro no colexio "La Salle", en Santiago.

Referencias varias:

- maré, "La Salle celebra a entrega dos III Premio Sarmiento", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 outubro 2007, p. 27.

Anuncia a Festa da Lingua do Colexio La Salle, na que se entrega do III Premio Martín Sarmiento. Explica que o xurado deste galardón estivo composto por máis de 3.000 nenas e nenos de colexios relixiosos galegos que escolleron o mellor de tres libros en galego axeitados para a súa idade. Finaliza cos nomes das obras gañadoras desta edición: *O pequeno da familia fantasma*, de Pinto e Chinto, *As vacacións de Saida*, de Eva Peydró, *Tonecho de Rebordechao*, de Breogán Riveiro e *Corredores de sombra*, de Agustín Fernández Paz.

- Natalia Álvarez, "O obxectivo do premio é que os cativos lean e disfruten coa lectura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 211, "Entrevista", 14 xuño 2007, p. III.

Ao longo desta conversa, Xan Guillén, coordinador do Premio Frei Martín Sarmiento explica a dinámica de selección das obras que entran a concurso, que ten tres fases: unha primeira escolla por parte das editoras; unha segunda selección por parte dun grupo formado por profesores e alumnos que determina os tres finalistas; e, por último, a votación dos alumnos nunha escala de cero a dez. Comenta que os nenos son moi esixentes como críticos, pero que se amosan moi agradecidos cando lles gusta un libro. Por outra banda, precisa que o principal obxectivo deste certame é promover a lectura entre os máis novos, unha meta que precisa da colaboración das familias e da escola na súa opinión. Sobre os encontros cos escritores durante o acto de entrega, afirma que resultan moi gratificantes para as dúas partes.

Premio **Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil**

É convocado por Edicións Xerais de Galicia e a Fundación Caixa Galicia dende o ano 2006. Dotado con 10.000 euros coa finalidade de promover a produción literaria en lingua galega, a el poden presentarse, baixo lema, orixinais escritos en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os orixinais enviaranse a primeiros de abril aos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, S.A., R/ Doutor Marañón 12, 36211, Vigo. O xurado, que se dará a coñecer no mes de maio, componse de lectores mozos e de recoñecidos profesionais da cultura. Edicións Xerais resérvase os dereitos de edición da obra gañadora. O premio fállase no transcurso da Cea Xerais, xunto cos premios Merlín e Xerais de Novela (vid. apartado X.1. deste *Informe*). No ano 2007, o xurado desta segunda edición estivo constituído por Elena Caride Miana, José Carrero González, Erea Fabeiro Rey, Verónica Rego López e Óscar Sánchez López, actuando como secretario sen voz e sen voto Xosé Manuel Moo Pedrosa. Decidiu por maioría outorgar o primeiro galardón á obra de An Alfaya *Illa soidade* e deixou como finalista, *O ceo dos afogados*, de Francisco Castro.

Referencias varias:

- Ver apartado X.1. deste *Informe*.

- D.S., "Escribo sen pensar no destinatario", *El País*, "*Galicia*", 15 xuño 2007, p. 55.

Ao longo desta conversa, An Alfaya, última gañadora do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, afirma que a premisa da idade dos lectores nunca a ten en conta de entrada. Explica que obra pola que obtivo o galardón, *Illa soidade*, xira arredor da indixencia e xustifica o título definindo ao individuo como unha illa que nace en absoluta soidade. Indícase que xa mereceu outros galardóns, como o Premio Lazarillo de Literatura Xuvenil en 2006 por *A sombra descalza*.

- Anxa Correa, "Aventura emocional de An Alfaya", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 75/"Non me gusta a literatura enfocada ao didactismo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 69/"Presto atención á marxinalidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 xuño 2007, p. 30.

Entrevista a An Alfaya con motivo da entrega do Premio Fundación Caixagalicia de Literatura Xuvenil á súa obra *Illa soidade*. Comézase lembrando que é unha autora cunha traxectoria marcada polos galardóns, como os concedidos á novela *A sombra descalza* (2006) e recóllense as súas reflexións sobre a relatividade da importancia dos premios, que considera estímulos para a difusión. Destaca que busca nas súas obras involucrar ao lectorado nunha aventura de tipo emocional, primando a intensidade das historias e o mundo dos sentimentos, á vez que foxe do didactismo. Admite que cando escribe para o lectorado novo non restrinxe temas, senón que coida a linguaxe e busca temas pouco tratados, como é o caso da indixencia que aparece en *Illa soidade*. En columna á parte adianta tamén a próxima saída de dous novos títulos seus: a novela fantástica *Os seres con raíces na cara* e a obra de prosa poética *A lúa de Monte Alto*.

- Xosé Carlos Caneiro, "Felicidades, Xerais", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 239 , 1 decembro 2007, p. 11.

Loa o traballo da Editorial Xerais e, principalmente, a convocatoria dos seus tres premios literarios. Comenta que no 2007 os libros gañadores foron *Minimaladas*, de Carlos López, *Illa Soidade*, de An Alfaya e *Cardume*, de Rexina Vega.

Premio de Literatura Infantil da **Fundación Espace Enfants (FEE)**, de Suiza

Premio que convoca cada dous anos, dende hai dúas décadas, en Saint Pierre des Clages, Vila Suiza do Libro, a Fundación Espace Enfants que se dedica á investigación no ámbito da sicoloxía infantil. Con este premio intenta dar a coñecer a todo o mundo obras de literatura de calidade que mellor conectan coa psicoloxía dos nenos. Na edición do ano 2007, cun xurado formado por especialistas en literatura infantil de Suíza, Francia, Italia, China, Xapón, Brasil e un representante do continente africano, por primeira vez, recibiu o premio a escritora galega Marisa Núñez por *Chocolata* (2006) entre as máis de cento cincuenta obras presentadas.

Referencias varias:

- Juan Floriani, "Núñez: 'Os contos son universais", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 novembro 2007, p. 36.

Dá conta da concesión a Marisa Núñez do Primeiro Premio Internacional do Libro Infantil, concedido pola Fundación Espace Enfants (FEE) de Suíza, pola súa obra *Chocolata* (2006), publicada por OQO Editora. Recolle as impresións da autora pola recepción do galardón e a continuación, explica a que se dedica a Fundación Espace Enfants. Por último, comenta o argumento da obra gañadora, ofrece unha breve biografía da escritora e salienta o traballo do proxecto da editora OQO.

- María L.Viñas, "Marisa Núñez gaña o Premio de Literatura Infantil da FEE Suíza", *El Progreso*, "Cultura", 18 novembro 2007, p. 84.

Comunica a concesión do primeiro Premio Internacional do Libro Infantil a Marisa Núñez pola súa obra *Chocolata* (2006), publicada por OQO Editora. Indica que este galardón é entregado pola Fondation Espace Enfants (FEE) de Suíza. Comenta que as ilustracións son de Helga Bansch e informa sobre outros traballos de Marisa Núñez.

Premio de Literatura Infantil e Xuvenil "**Lazarillo**"

Este galardón, o máis antigo na literatura infantil e xuvenil española, foi convocado polo INLE (Instituto Nacional do Libro Español) no ano 1958 co fin de estimular a literatura para a infancia e xuventude a través da produción de bos libros infantís e xuvenís. Desde o ano 1986 convócao a Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (OEPLI), anualmente, co patrocinio do Ministerio de Educación e Cultura. Nun principio, tiña tres modalidades: Creación Literaria, Ilustración e Labor Editorial. Esta última, de carácter honorífico, quedou deserta a partir de 1971 e deixouse de convocar en 1975. O premio sufriu sucesivas modificacións, entre elas: o incremento das dotacións económicas e a posibilidade de presentar orixinais en calquera das linguas oficiais do Estado. Na convocatoria de creación literaria, dende 1997, contémplanse dúas categorías que van alternando cada ano, unha infantil (obras destinadas a un lectorado menor de 12 anos) e outra xuvenil (obras destinadas a un lectorado maior de 12 anos). Na actualidade, a dotación ascende a 7.600 euros para a obra gañadora e 2.000 para aquela merecedora dun accésit. Os textos que opten ao premio (que poden comprender unha ou varias obras) terán un mínimo de oitenta e un máximo de cento vinte e cinco páxinas (de dous mil cen caracteres cada unha), no caso de narrativa e teatro, e un máximo de douscentos cincuenta versos para obras de poesía. Unha mesma obra poderá optar ao Premio Lazarillo de creación Literaria e ao de ilustración. O xurado estará presidido pola Presidenta da Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil; serán vocais un representante de cada unha das seccións da OEPLI e un representante do Ministerio de Cultura; e actuará como secretaria, con voz e sen voto, a secretaria da OEPLI. As personas que concursen remitirán á Secretaría da OEPLI (Santiago Rusiñol, 8, 28040 Madrid) tres exemplares de cada unha das obras coas que desexen concorrer. Os orixinais deberán presentarse baixo lema, xunto cun sobre pechado co lema identificador e o título. O fallo do xurado farase público durante a celebración da Semana do Libro Infantil e Juvenil. Nesta edición de 2007, o xurado, presidido por Itziar Zubizarreta, estivo composto por Beatriu Cajal, Isabel Mociño, Miguel Anjel Asian e Emilio Ubieto. Decidiron premiar a obra *A ollada de Elsa*, de An Alfaya.

Premio "**María José Jove**" de teatro infantil

Premio bianual convocado pola Fundación María José Jove co fin de promover a creación dunha literatura infantil a través de textos dramáticos pensados para a súa posta en escena; estabelécese un único premio, indivisíbel, de 30.000 euros e, ademais, a obra premiada representarase, sempre que sexa posíbel, no I Encontro de Cine e Teatro Infantil María José Jove. Poderán obter ao premio todos os escritores que o desexen, sempre que as obras que presenten se axusten ao concepto comunmente aceptado de obra teatral, tanto para actores coma para títeres, escritas en galego ou castelán, sexan orixinais, inéditas e non premiadas anteriormente. A duración das obras na súa posta en escena non poderá exceder de unha hora e o número de personaxes non será maior de dez. Os textos remitiranse por triplicado e baixo seudónimo en folios DIN-A4, mecanografados a dobre espazo e encadernados ou cosidos e en disquete á Fundación María José Jove. No ano 2007 non se convocou aínda que se presentou a montaxe da obra gañadora da edición pasada, *Viva el teatro!* de José Luís Alonso de Santos. A seguinte convocatoria do premio será en 2009.

Premio "**Nacional de Cómic**"

Galardón outorgado polo Ministerio de Cultura de España, creado en 2007 a fin de recoñecer o mellor cómic publicado en España en calquera das linguas cooficiais, ao longo do ano anterior á entrega do premio. Está dotado cunha contía de 20.000 euros. Na súa primeira edición recaeu en Max, seudónimo de Francesc Capdevila, pola súa obra *Hechos, dichos, ocurrencias y andanzas de Bardín el Superrealista*.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "El cómic se dignifica", *Faro de Vigo*, "Sociedad y Cultura", 28 marzo 2007, p. 42.

Dá conta da creación dos Premios Nacionais de Cómic polo Ministerio de Cultura. Explícase que nace co obxectivo de lograr un recoñecemento acorde coa impostencia acadada por este xénero, postergado até agora como unha arte especializada. Indícase que está dotado con 15.000 euros, unha cifra que o equipara aos Premios Nacionais de Literatura. Por último, recóllense as impresións dalgúns dos autores máis salientábeis deste xénero en Galicia, expresando a súa satisfacción pola creación do galardón.

Premio "**Nacional de Literatura Infantil**"

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio "**Manuel María**" de Literatura Dramática Infantil

Convocado polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) conxuntamente co XVI Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais (ver o apartado X.3 do Informe). Dende hai cinco anos organízase en colaboración co Asociación Cultural Barriga Verde. Poderán optar a el textos teatrais inéditos en galego dirixidos especificamente a público infantil. Estabelécense dúas modalidades, unha para rapaces e

outra para adultos, dotadas ambas as dúas con 4.000 euros. As obras serán de tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo. Quedan excluídos os textos para monicreques e as pezas de teatro breves. A dotación económica será de 4.000 euros e a obra premiada será publicada nas coleccións do IGAEM, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Segundo as bases da convocatoria, complementariamente ás calidades literarias e aos contidos dramáticos que posúan as obras, o xurado valorará positivamente aqueles factores que incidan na súa viabilidade escénica: número de personaxes, espazo escénico, condicións técnicas, etc. A súa decisión farase pública dentro dos tres meses seguintes ao remate do prazo de admisión de textos. Nesta edición de 2007 decidiuse premiar a obra *Game over*, da autoría de Carlos Losada.

Referencias varias:

- Daniel Salgado, "El espacio del mercado teatral", *El País*, "*Galicia*", 24 outubro 2007, p. 7.

Informa da inauguración da Feira Galega das Artes Escénicas na Fundación Torrente Ballester e salienta que esta edición está orientada a potenciar e ampliar vínculos cos países da lusofonía. A continuación, menciona a entrega do Premio Nacional de Literatura Dramática a Rubén Ruibal por *Limpeza de sangue* e o Premio Álvaro Cunqueiro a Roberto Salgueiro por *Historia da chuvia*. Comunica tamén que Carlos Losada foi galardoado co segundo Manuel María de Literatura Dramática Infantil con *Game over*. Por último, anuncia a exposición dedicada aos 125 de teatro galego, un seminario de formación en crítica teatral e a presentación dun catálogo da produción escénica galega con datos das últimas propostas teatrais.

- A.N.T., "Roberto Salgueiro recibe o 'Álvaro Cunqueiro' por cuarta vez", *A Nosa Terra*, n.º 1.286, "Cultura", 25 outubro-31 outubro 2007, p. 25.

Dá conta da concesión, por cuarta vez, do premio Álvaro Cunqueiro que convoca o Igaem a Roberto Salgueiro. Indica os títulos das obras coas que Salgueiro gañou este certame e conta o argumento da obra premiada nesta edición. Ademais, informa da entrega do premio Manuel María de drama infantil ao autor Carlos Losada, pola obra *Game over*. Por último, sinala que as súas modalidades dos premios Barriga Verde para textos pensados para teatro de monicreques ficaron desertas.

Premio "**Merlín**"de literatura infantil

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Está dotado con 10.000 euros e poden participar todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. De cada orixinal presentaranse seis copias en papel tamaño folio ou holandesa, mecanografados a dobre espazo, nos locais da editora (Dr. Marañón 12, 36211 Vigo). Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, acompañarase, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre para o Premio "Merlín". O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia pero, dende 1988, está constituído por

cinco membros, escolleitos, para cada edición, entre lectores, algúns recoñecidos profesionais da cultura e un secretario con voz e sen voto nomeado pola editorial. Por outra parte, Edicións Xerais de Galicia, que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres de pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. Así mesmo, Edicións Xerais de Galicia resérvase durante o prazo de seis meses, a contar dende o día do outorgamento do premio, a opción de publicar calquera das obras presentadas ao mesmo, subscribindo a tal efecto, cos autores, os correspondentes contratos de edición. Nesta edición 2007 o gañador foi Carlos López coa obra *Minimaladas*.

Referencias varias:

- Ver apartado X.1. deste *Informe.*

- maré, "Xerais resolve o sábado en San Simón os seus galardóns", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Cea das letras", 5 xuño 2007, p. 33.

Breve referencia ás obras finalistas dos premios convocados por Xerais: Xerais de Novela, Merlín e Fundación Caixa Galicia.

- V. Oliveira, "San Simón ten valor literario e cívico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Premios", 6 xuño 2007, p. 27.

Dáse conta da importancia deste premio ,que xa se convoca dende que hai vintetrés anos (1984) o puxera en marcha Luís Mariño, daquela director da editorial. Tamén se citan o premio Merlín de Literatura Infantil, creado en 1986, e o Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, creado no ano 2006. Fálase do esforzo realizado polo novo director, Manuel Bragado e danse notas biográficas deste director, quen tomou a decisión de levar os premios á Illa de San Simón como unha "forma bonita de reivindicar o valor literario e cívico da Illa". Anúncianse os actos que se van a realizar, saliéntanse a importante participación nos tres premios e finalmente o director da editora Vigosa refírese a Culturgal desexando que sexa cada vez máis atractiva en todas as súas actividades.

- Mar Mato, "A vida despois do Xerais", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", "Literatura supervendas", 9 xuño 2007, p. 50.

Anúnciase que neste día se vai fallar este premio na illa de San Simón ademais do Merlín. Coméntase que este galardón mudará a carreira do premiado, como ocorreu con, por exemplo Teresa Moure, galardoada no ano 2005, Manuel Seixas, galardoado en 1996, Xosé Miranda que o mereceu en 1998 e An Alfaya que mereceu o Merlín en 1997. Estes escritores explican cómo o premio lles cambia a vida literaria.

- Mar Mato, "Unha filóloga viguesa, gañadora do Xerais", *Faro de Vigo*, "Sociedad y cultura", 10 xuño 2007, p. 49.

Da conta da entrega á filologa viguesa, Rexina Vega, do premio Xerais de Novela e de que o Merlín foi para Carlos López e o Fundación Caixa Galicia para An Alfaya. Coméntase o argumento de *Cardume* e dise que Rexina Vega foi a cuarta muller que gaña este premio. A gañadora ao recibilo, segundo di a comentarista, valeuse dunha lingua "poética e metafórica" para retratar a súa obra na que di quixo facer "xustiza poética a Urbano Rodríguez Moledo, dramaturgo vencellado ás Irmandades da fala e fusilado no 36".

- Jorge Lamas, "A filóloga Rexina Vega logra o Xerais coa súa primeira novela", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 xuño 2007, p.54.

Recolle a nova da entrega dos premios Xerais de Novela, Merlín e Fundación Caixa Galicia, salientando que a autora gañadora dos Xerais sexa unha novel, especialista na obra de Cunqueiro, sobre quen realizou un traballo que mereceu hai anos o premio Carballo Calero de investigación. Dá unhas breves notas das obras galardoadas e dise oa cto de entrega dos premios realizouse na illa de San Simón. Acolle dúas breves entrevistas, unha con Rexina Vega quen fala de que pasou do lado da crítica ao lado da creación, que aínda non leu *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas, e polo tanto non considera que a súa obra sexa unha resposta viguesa á de Rivas, e salienta o protagonismo da cidade de Vigo; Carlos López, o autor da obra galardoada co premio Merlín, salta á literatura dende o humor gráfico, manifesta a súa emoción por recibir o seu premio, comenta brevemente a súa obra *Minimaladas* e considera que escribir para nenos é moi difícil e fai un xogo cos nomes do grupo ao que pertence, Pinto&Chinto, para rematar falando da súa profesión como humorista gráfico.

- Óscar Iglesias, "Rexina Vega gana el Xerais con una obra contada por una nieta de la Guerra", *El País*, "*Galicia*", 10 xuño 2007, p. 42.

Comeza referíndose a que o primeiro experimento literario de Rexina Vega mereceu este premio. Dá noticia do xurado, de que o acto de entrega foi amenizado por Teresa Moure, fala da traxectoria da galardoada no ámbito da investigación e a crítica literaria e comenta brevemente a obra *Cardume*. Recolle algunhas declaracións da autora sobre o feito de que esta obra se centre na Guerra Civil e, finalmente, refírese aos outros galardoados dando unhas pequenas notas biográficas de cada un.

- maré, "Unha illa de palabras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Escrita", 10 xuño 2007, p. 29.

Dáse conta das obras galardoadas nos premios de Edicións Xerais de Galicia que foron entregados na illa de San Simón, presentados por Celia Torres e baixo o mantemento de Teresa Moure. Danse unhas breves notas sobre as obras galardoadas: *Cardume* (Premio Xerais de Novela), de Rexina Vega, *Minimaladas* (premio Merlín), de Carlos López Gómez, e *Illa Soidade* (Premio Fundación Caixa Galicia), de An Alfaya. Recóllense algunhas das palabras pronunciadas pola mantedora do acto, Teresa Moure.

- V. Oliveira, "A pegada da guerra é a nosa memoria", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Obras", 13 xuño 2007, p. 28/ "Rexina Vega: 'A pegada da Guerra Civil é a nosa memoria", *El Correo Gallego*, "Cultura", 13 xuño 2007, p. 76.

Nestes dous traballos fálase do discurso de Teresa Moure como mantedora deste premio, no que lembra unhas palabras de María Xosé Queizán "escribimos para darnos a luz e darnos luz", pois considera que Rexina Vega seguiu esta reflexión ao pé da letra. Fánse comentarios sobre *Cardume*, salientando a figura de Urbano Rodríguez Moledo. Tamén se acollen as palabras de alegría da galardoada.

- A.N.T., "Rexina Vega, An Alfaia e Carlos López gañan os premios 'Xerais", *A Nosa Terra*, n.º 1272, "Cultura", 14-20 xuño 2007, p. 24.

Saliéntase que a illa de San Simón volveu acoller o acto de entrega dos premios Xerais de literatura. Faise un comentario extenso das obras galardoadas e acóllese o traballo presentado por Teresa Moure como mantedora do acto. De todos os protagonistas, ofrécense algunhas notas biográficas e tamén declaracións.

- Daniel Salgado, "O libro infantil de calidade interésalle a todo o mundo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 15 xuño 2007, p. 55.

Recóllense as palabras de Carlos López, gañador do último premio Merlín, que define *Minimaladas* como un conxunto de historias protagonizadas por animais cunha personalidade marcada, na conduta ou no aspecto. Indícase que o xurado valorou "a capacidade para evocar imaxes valéndose dun emprego lúdico da linguaxe, algunhas interesantes referencias literarias e un tratamento moi innovador da creación lingüística".

- Dolores Vilavedra, "O Xerais volve sorprender", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 15 xuño 2007, p. 55.

Fai un percorrido por varias das obras que mereceron algúns dos premios Xerais, que considera, conseguiron sorprender e ofrecer "un chisco de emoción a esta nosa literatura, tan proclive á institucionalización". Salienta do Xerais de novela, *Crimen en Compostela*, *Galván en Saor*, *Morning Star* e agora Rexina Vega; do premio Merlín, *Expedición do Pacífico* e *Fafarraios*. De todas as obras ofrece uns trazos que salienta como innovadores. Remata referíndose á idea de Manuel Bragado de pasar o fallo dos premios á illa de San Simón, convocar só o Merlín para o público máis novo e crear o premio Fundación Caixa Galicia para a literatura xuvenil e salientando que non se pode escribir a historia dos últimos tempos da literatura galega sen contar coas achegas dos premios Xerais.

- Roberto G. Méndez, "Intento escribir serio, pero non me sae", *El Correo Gallego*, "Entrevistos", 24 xuño 2007, contracuberta.

Ao longo desta conversa, Carlos López, último gañador do Premio Merlín, confesa que escribe porque narrar de voz viva os seus contos a cada persoa sería o conto de nunca acabar e que emprega o humor neste labor porque é incapaz de manter o xesto serio. Asemade, considera que non escribe para nenos, senón literatura que poidan entender os nenos.

- Ramón Nicolás, "Fiesta en la ría de Vigo", *Qué leer*, "Letras gallegas", n.º 123, xullo-agosto 2007, p. 32.

Céntrase na celebración dos premios Xerais na illa de San Simón en Vigo. Explícase que Teresa Moure foi a encargada de ler o discurso titulado "O carácter revolucionario da escrita e da palabra" e que foron galardoados: Carlos López, membro do dúo de humoristas gráficos Pinto & Chinto, co Premio Merlín de Literatura Infantil pola obra *Minimaladas*, An Alfaya con *Illa soidade* levou o Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, e Rexina Vega, o Premio de Novela con *Cardume.* Indícase que outros premios e premiados foron Xesús Manuel Marcos que conseguiu o Premio Terra de Melide coa obra *A lúa dos Everglades*, Agustín Fernández Paz con *Os corredores de sombras* e Breogán Riveiro con *Tonecho de Rebordechao*, que conseguiron o premio de Literatura Infantil Frei Martín Sarmiento. Nicolás tamén fai referencia a algúns títulos representativos como a novela *Con ollos de neno*, de Pere Tobaruela, a obra teatral *Comedia bífida*, de Núñez Singala e *Derradeiras conversas co capitán*, de Oriana Méndez.

- Xosé Carlos Caneiro, "Felicidades, Xerais", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº. 239, 1 decembro 2007, p. 11.

Loa o traballo da Editorial Xerais e, principalmente, a convocatoria dos seus tres premios literarios. Comenta que no 2007 os libros gañadores foron *Minimaladas*, de Carlos López, *Illa Soidade*, de An Alfaya e *Cardume*, de Rexina Vega.

Premio "**Ourense**" de Banda Deseñada

Convócao a Casa da Xuventude de Ourense xunto coa Concellaría de Cultura do Concello de Ourense. Presenta dous apartados distintos: un dedicado ás mellores iniciativas na Banda Deseñada Galega, que pode recaer tanto en persoeiros coma en institucións, e outro dedicado ao mellor autor novel. O certame ten lugar dentro da celebración das Xornadas de Banda Deseñada convocadas por esta institución, que van pola décimo novena edición. O galardón é unha estatuíña deseñada e realizada expresamente para a ocasión polo artista plástico Manolo Figueiras. O premio do primeiro dos apartados decídese segundo as propostas que os afeccionados de toda Galicia poden enviar á Casa da Xuventude (Rúa Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004 Ourense). Nesta edición 2007 recaeu o premio á mellor iniciativa no colectivo Polaqia, mentres que o galardón para o mellor autor novel recaeu en Manolo Figueiras.

Referencias varias:

- A.L., "Polaqia gaña o Premio Ourense de Banda Deseñada 2007", "MARÉ", 20 setembro 2007, p. 29.

Indícase que o colectivo Polaqia vén de gañar o "Premio Ourense de Banda Deseñada", o que representa un recoñecemento á importancia do movemento da autoedición como dinamizador do panorama da historieta galega, ante a falta de iniciativas das editoras profesionais, segundo os organizadores. Explícase que Polaqia, con seis anos de existencia, está formado na actualidade por David Rubín, Emma Ríos, os irmáns Sergio e Hugo Covelo, Diego Blanco, Kike Benlloch e outros.

- M.B., "Facer tebeos coma tolos", *A Nosa Terra*, n.º 1.282, "Fin de semana", 27

setembro-3 outubro 2007, p. 33.

Salienta a importancia que o colectivo Polaqia está acadando, pois neste ano 2007 xa obtivo o Premio do Público ao Mellor *Fanzine* do "Saló do Comic" de Barcelona. Asemade, dáse conta do galardón concedido pola Casa da Xuventude de Ourense, que salienta así a importancia do movemento da autoedición e o papel do *Fanzine* como elemento fundamental para o presente e futuro do cómic en Galicia. A continuación, detállase a traxectoria do colectivo Polaqia, que, segundo palabras de David Rubín, un dos seus fundadores, declara ter traballado seis anos "para dar cabida a novos autores, publicar historietas de debuxantes estranxeiros por vez primeira en galego, loitando por que se fale do que aquí se fai e para crear alternativas de edición porque as editoras galegas non apostan"

- E.F., "La Banda Deseñada premia la imaginación del colectivo Polaqia y de Xerónimo Piñeiro", *La Región*, "Ciudad", 20 outubro 2007, p. 12.

Informa da celebración da décimo novena edición das Xornadas de Banda Deseñada e destaca a entrega do Premio Ourense de Banda deseñada ao colectivo Polaqia, integrado por unha ducia de artistas, e a entrega de premios do Certame GZcrea de Banda deseñada. Sobre este último certame, sinala que aínda que o primeiro premio ficou deserto, recoñeceuse a calidade da obra presentada por Xerónimo Piñeiro.

Premio de Ilustración e Narración Infantil e Xuvenil "**Pura e Dora Vázquez**"

Convocado pola Deputación de Ourense, está dotado con 3.000 euros para cada modalidade: ilustración e narración. Para a modalidade de narración os orixinais presentaranse antes do día 12 de setembro, mentres que para a modalidade de ilustración o prazo remata o 20 de decembro. Decidiuse premiar en 2007 o libro *O nariz de Fiz*, de Miro Villar con ilustracións de Lola Lorente. Quedou finalista Concha Blanco, con *Os poderes máxicos de Aitema*. Na categoría de ilustración obtivo o galardón Alberto Jesús Vázquez Rico.

Referencias varias:

- E.F., "Miro Villar recibe 'con sorpresa' el premio Pura y Dora Vázquez de literatura infantil", *La Región,* "Ciudad", 20 outubro 2007, p. 12.

Dá conta da concesión do premio de literatura infantil Pura e Dora Vázquez a Mirto Villar e sinala que o escritor recibiu con sorpresa o galardón por ser o primeiro certame deste estilo ao que se presenta. Por último, indica as características deste premio literario.

- A.N.T., "Miro Villar obtén o 'Pura e Dora Vázquez' de literatura infantil", *A Nosa Terra*, n.º 1.286, "Cultura", 25-31 outubro 2007, p. 25.

Informa da concesión do premio Pura e Dora Vázquez de literatura infantil e xuvenil a Miro Villar por *O nariz de Fiz*. Sinala que o tema da obra é similar a *Polgariño* e enxalza a amizade e a familia. Remata cunha breve biografía deste autor.

- V. Oliveira, “Os valores da escola estanse a perder”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 27 outubro 2007, p. 27.

Informa de que Miro Villar acaba de recibir o Premio de Literatura Infantil e xuvenil Pura e Dora Vázquez con *O nariz de Fiz*. Explica que é un premio convocado pola Deputación Provincial de Ourense e que nesta edición ficou finalista a obra de Concha Blanco *Os poderes máxicos de Aitema*. Por último, ofrece información bibliográfica do autor galardoado, expón o argumento da obra gañadora e reflexiona sobre un estudo da Federación de Gremios de Editores de España, que sinala que as rapazas e os rapaces de 10 a 13 anos son quen máis le no Estado español. Ademais, recolle as opinións de Miro Villar sobre a importancia da educación, co exemplo no ámbito familiar respecto á lectura.

White Ravens Galegos

A Biblioteca Internacional da Mocidade, con sede en Munich, publica anualmente unha selección das mellores obras de literatura infantil e xuvenil. Na edición deste ano 2007 tres obras galegas conseguiron entrar nesta lista internacional. Foron *A princesa do Courel*, de OQO; *A sombra descalza*, de Edicións Xerais; e *Smara*, de Kalandraka.

X. 8. PREMIOS ESCOLARES E XUVENÍS

Acóllense neste apartado todos aqueles certames, premios escolares de creación literaria que tiveron recepción na prensa diaria ou nas revistas e que se dirixen a escolares de distintos niveis de ensino, aínda que tamén se abran a outros participantes. Tamén aqueles que nos foron achegados polas entidades convocantes enviando as súas bases. En xeral, aínda que pode haber algunha excepción, debido á traxectoria do premio, alfabetízanse pola entidade convocante.

Concurso literario “**Achegamento ao Libro**”

Coa finalidade de animar aos escolares a ocupar o seu lecer na creación literaria e propiciar neles unha reflexión sobre o mundo dos libros e a lectura como fonte irrenunciábel de pracer e de coñecemento, a Biblioteca Pública Municipal “Don Francisco Mayán” e a Delegación de Educación e Cultura do Concello de Cee, coa colaboración de Caixavigo, convocan este concurso. Nel poden participar todo o alumnado de calquera dos centros educativos da bisbarra. Os traballos, que serán en galego, deben ser orixinais e inéditos e terán unha extensión máxima de dous folios. Así mesmo, o seu tema estará relacionado co achegamento ao libro, buscando sempre fomentar o hábito de lectura da poboación. Entregaranse, sen asinar, cos datos do autor nun sobre a parte, na Biblioteca Pública Municipal. Estabelécense cinco premios de diferente contía para os distintos ciclos de primaria e secundaria. Tales cantidades non serán entregadas en metálico, senón que o seu valor será representado en vales para material didáctico e libros, unha parte dos cales foron donados pola entidade Caixanova, que dende fai varios anos colabora nesta iniciativa. O xurado terá facultade para outorgar accésits ou declarar deserto o premio. Na edición de 2007 os gañadores nas

distintas categorías foron Arantxa Agulleiro Pérez, Adriana Trillo Montero, Alba Lestón Casais, Alan Insua Redonda, María Luisa Rodríguez Ribeiro, Pilar Vilas Lagoa e Ismael Díaz González.

Concurso Literario **Ánxel Casal**, Concello de Santiago

Creado no ano 1996 polo Concello de Santiago a proposta do Instituto de Bacharelato "Arcebispo Xelmírez I" para conmemorar o cento cincuenta aniversario do nacemento de Ánxel Casal e promover o coñecemento deste galeguista entre a mocidade. O Concello comparte a organización deste premio cada ano cun centro de ensino secundario da cidade, pois está dirixido a alumnos de Ensino de Secundaria. As obras en galego deben ser inéditas e de tema libre. Os orixinais deben remitirse ao Concello de Santiago (Departamento de Educación). O certame está dotado dun primeiro premio de 900 euros e dun segundo de 600 para cada unha das modalidades: poesía, conto e teatro, engadíndose esta última modalidade nas bases da sexta edición para estimular a creación de textos teatrais. A presidencia do xurado correspóndelle ao alcalde de Santiago e estará composto por unha representación dos institutos, unha representación dos creadores de poesía e conto e outra do concello. No ano 2007 o primeiro premio de poesía recaeu en Alba Cid (IES Ferro Couselo de Ourense), por segundo ano consecutivo, por *Trapecista Fúlxida*; Olalla Tuñas Martínez (IES Virxe do Mar de Noia) foi a segunda gañadora por *Versos Invariábeis*. Na categoría de conto, os gañadores foron: Aldara Novoa Justo (IES Eduardo Blanco Amor de Ourense), con "Memorias dunha servilleta", e Eduardo Rodríguez Louredo (IES O Ribeiro de Ribadavia-Ourense), con "Vítimas do odio", mentres que Noelia Martínez Rey (colegio Divina Pastora-Salesianos de Lugo) obtivo unha mención do xurado polo título "Contos de busca e inquedanza". Xa na categoría de teatro, o primeiro premio outorgouse a Andrea Porto Mato (colegio Manuel Peleteiro de Santiago), por "Esperpentos actuais", mentres o segundo premio quedou deserto.

Referencia varia:

- Zaida Iglesias, "Ourense: fuente viva de nuevos creadores", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 125, Ano XI, "Educación", setembro 2007, pp. 20-23.

Comenta que o acto de entrega do XXXV premios literarios Minerva tivo un claro sabor ourensán dado que cinco dos galardoados eran de Ourense. Tamén sinala que neste acto se entregaron os galardóns do XXII concurso literario Ánxel Casal que recibiron os ourensáns Alba Cid Fernández, coa poesía *Trapecista fúlxida*; e Aldara Novoa Justo, con *Memorias dunha servilleta*; e mais Eduardo Rodríguez Louredo, con *Vítimas do odio*.

Certame de Teatro Infantil e Xuvenil "**Atenea**"

Convocado polo Ateneo Ferrolán e Caixa Nova e dirixido a Centros de Ensino, Entidades ou Sociedades Culturais que teñan sección infantil ou xuvenil de actividades, coa fin de promover entre eses primeiros segmentos da nosa cidadanía o interese, afección e amor ás letras e á representación escénica. Poderán participar e optar aos

premios que se estabelecen todos os grupos teatrais, non profesionais, vinculados a Colexios Públicos e Privados, a Sociedades Culturais ou Veciñais, que se correspondan coas categorías que se estabelecen nas bases. Estabelécense catro categorías para participar: Grupos de Teatro Infantil, Grupos de Teatro Primaria, Grupos de Teatro Xuvenil, e Educación Especial. A idade límite para participar como actor ou actriz será de vinte anos, salvo nos casos excepcionais que serán valorados polo xurado. Cada grupo participante só poderá presentar ao certame unha obra. A duración da representación de cada obra estará entre vinte e setenta e cinco minutos. Haberá unha distinción especial para aqueles grupos que presenten unha obra inédita. Todos os grupos que queiran participar deberán enviar as súas solicitudes ao Ateneo Ferrolán, R/ da Magdalena, 202-204, 1º. Aptdo. 303, 15402, Ferrol ou ao e-mail: a_ferrol@teleline.es. Nas solicitudes farán constar o nome do colexio ou entidade e persoa responsabel cos datos correspondentes ao grupo presentado (nome do grupo, nome da obra, número de actores e idades, duración da obra e espazo necesario). O prazo de presentación para a participación no Certame remata o 22 de febreiro. Co gallo de facilita-la asistencia e traballo do xurado, xunto coa solicitude deberá achegarse unha copia do texto da obra. Os grupos, optativamente poderán presentar unha gravación da obra en formato DVD. A representación das obras, na súa primeira fase, terá lugar nos meses de marzo, abril e maio do 2008, dentro dun programa que estará en función do número de participantes. O xurado fará unha selección de dous grupos nas categorías A, B e C, así como na categoría D haberá un só grupo seleccionado. O xurado valorará en cada representación a mellor posta en escena e a mellor representación. O xurado será nomeado, de mutuo acordo, entre o Ateneo Ferrolán e Caixa Nova. Os grupos finalistas, como parte do premio, poderán ser seleccionados para unha representación o día da entrega de premios nun lugar a determinar pola organización. Tamén recibirán unha cantidade en metálico, igual para todos con importe de douscentos cincuenta euros que deberán ser destinados á adquisición de materiais para a formación e promoción das artes escénicas. Na edición de 2007 os gañadores foron na categoría especial o grupo de teatro do colexio Carmen Polo, dirixidos por María Xosé Caínzos; na categoría de Infantil e Primaria, o CEIP Centieiras de Fene, con *A princesa que non sabía esbirrar*, dirixida por María Cointa Pazos García; o grupo Tamborrada do CEIP Manuel Masdías, con *A farsa das zocas*, dirixida por Fina Febril; o grupo do Ibáñez Martín, con *Zongalo Quirico*, dirixido por Ana María Rodríguez García e María Jesús Ares Plana; e o grupo da Asociación "Os Amigos Arco Iris" do concello de Valdoviño, con *A familia de Brais Andrade*, dirixida por Lucía Caneiro. Na categoría xuvenil premiouse aos grupos Chelo Licetti da Sociedade "Amigos da Paisaxe Galega", coas pezas *O mal de Manueliño* e *Xantar de memoria*, que dirixe Manuel Basoa, e Pasapadentro da Asociación Cultural "Melandrainas" de Arteixo, con *Unha noite de primaveras sen sono*.

Certame de Cómic de **Cangas**

A Concellería de Xuventude de Cangas organiza este certame de cómic que transcorre paralelamente ao Salón de Cómic de Cangas, onde permanecerán expostos os traballos gañadores entre o 16 e o 22 de xullo. Asemade, as obras premiadas publicaranse no quinto número da revista *O conto*, editada polo Concello de Cangas. Distínguense dúas categorías: a categoría A, destinada a maiores de dezaoito anos, ten un premio de 400 euros para o primeiro, de 300 para o segundo e de 180 para o terceiro; a categoría B, destinada a mozos con idades comprendidas entre os catorce e os dezasete anos, premiada con 120 para o primeiro, 100 para o segundo e 70 para o terceiro; e a

modalidade de “Viñeta Xove”, na que compiten nenos de menos de catorce anos por un galardón único de 100 euros. Nesta novena edición de 2007 presentáronse preto de cincuenta traballos, resultando vencedores os seguintes: Brais Rodríguez, Sergio Covelo e José Enrique Benlloch, primeiro, segundo e terceiro respectivamente na categoría A; Carla Piñeiro, Patricia Calvar e Emilio Manoel Camaño, primeira, segunda e terceiro respectivamente na categoría B; e na modalidade “Viñeta Xove” resultou gañador Brais Barreiro, mentres que Andrea Santomé e Laura Mecerreyes levaron o accésit.

Referencias varias:

- E.P., “O IX Salón do Cómic de Cangas xa ten gañador”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 8 xullo 2007, p. 68.

Indícanse os nome dos gañadores do Certame de Cómic de Cangas, especificando o título dalgunha das obras distinguidas. No caso da categoría B, destinada a mozos con idades comprendidas entre os catorce e os dezasete anos, Carla Piñeiro obtivo o primeiro premio pola obra *Segunda oportunidade*. Tamén se sinala que *Os tres hámsters* é o título da obra que lle valeu a Brais Barreiro o galardón “Viñeta Xove”.

- Cecilia Martínez, “La cara oculta del cómic”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir verán”, “Cultura”, 19 xullo 2007, p. 77.

Dáse conta da entrega de premios do Certame de Cómic de Cangas, nunha nota na que se repasan os nomes dos gañadores e algún dos títulos premiados.

Certame de Teatro Xuvenil Xóvenes Promesas. Premios “**Carballo, Folla de Ouro**”

Organizado pola Asociación C. D. de Interese Social “ Eira Vella de Pontevedra” e coa colaboración do Concello de Ribadumia e da Deputación de Pontevedra. Poderán concursar tódalas asociacións e grupos teatrais da Provincia de Pontevedra, con idades dos actores comprendidas entre os 12 e os 30 anos. Componse das categorías Folla de Ouro para a mellor posta en escena, Folla de Ouro para o mellor actor/actriz principal, Folla de Ouro para o mellor actor/actriz secundario/a e Folla de Ouro para o mellor decorado. Cada asociación ou grupo teatral, poderá participar cunha única obra. A obra non terá unha duración superior aos 70 minutos e será representada en idioma galego. Os grupos teatrais ou asociacións deberán enviar nun DVD unha representación ou ensaio da obra que presenta a concurso e no mesmo sobre deberán remitir os seguintes datos: o nome do grupo teatral, relación de actores propostos para cada categoría, fotocopia do DNI dos actores, o domicilio social , e-mail e número de teléfono de contacto, que serán enviados á seguinte dirección: Asociación de Interese Social Eira Vella de Pontevedra, Escusa Capital 3. Ribadumia, 36636, Pontevedra. Os premios para as seis agrupacións teatrais ou asociacións finalistas son: 300 euros pola representación, Diploma e Trofeo conmemorativo do IV aniversario. Nos envíos por correo ou transporte, considerarase a data de recepción. A organización non asume ningunha responsabilidade polos danos ou desperfectos que os DVD´s presentados poidan sufrir en tales envíos, cuxos gastos corren a cargo dos concursantes. A decisión do xurado é inapelábel. Non se manterá correspondencia cos actores ou agrupacións (agás cós finalistas á hora de comunicarlles a súa designación así como o día e hora de actuación),

nin se devolverán os DVD´s. A todos os grupos enviaráselles un correo electrónico comunicándolles o resultado da selección. Os finalistas terán a obriga de representar as obras no día e hora que acorde a organización. Na edición de 2007 resultou gañador o grupo Teatro do Mar, de Sanxenxo, coa obra *Baixarse ó moro*.

Referencias varias:

- Laura García, "O certame 'Carballo, Folla de Ouro' convirte Ribadumia no epicentro da escena", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 11 novembro 2007, p. 27.

Dá conta da participación de seis agrupacións no certame teatral "Carballo, Folla de Ouro", no Auditorio Santa Eulalia de Ribadumia. Comenta a programación das diferentes representacións a cargo das seis compañías participantes.

- F. F., "O Asorey de Cambados leva a mención especial xunto co grupo Teatro do Barro", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "Premios de teatro", 2 decembro 2007, p. 17.

Fai referencia ao certame celebrado en Ribadumia, Carballo, Folla de Ouro, e, concretamente, ás mencións especiais de dous alumnos, Serxio Alfonso e Julia María Lago, pola súa actuación nas respectivas obras teatrais que interpretaron. Así mesmo, dá conta doutros espectáculos que se levaron a cabo e nomea ás personalidades presentes no acto.

- F. Frieiro, "Distinguen ao mellor teatro da provincia nos Carballo, Folla de Ouro", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "Premios de teatro", 2 decembro 2007, p. 17.

Fai referencia ao certame celebrado en Ribadumia, Carballo, Folla de Ouro, do que indica que entre todos os grupos de teatro participantes o máis aplaudido e gañador do premio, foi o grupo Teatro do Mar, de Sanxenxo, coa obra *Baixarse ó moro*.

Certame "**Cóntame un conto**"

O concello de Negreira, coa colaboración da Fundación Feiraco, organiza o concurso "Cóntame un conto", que na súa primeira edición en 2007 contou coa participación de dez traballos. A contía do premio é de 400 euros para o primeiro premio; de 200 para o segundo; e de 100 para os dous áccesits. Patricia Tuñas Gesto, con "Recordos por escrito", resultou a gañadora do primeiro premio, mentres que o segundo foi para Iván Agra Blanco, por "Eu esquizo". Os accésits outorgáronse a Laura Liñares Pose, por "No bus"; e a Álvaro Inglés Paz, por "O robauntos". A entrega dos premios tivo lugar na Casa da Cultura.

Referencias varias:

- E.F., "A poetisa Yolanda Castaño presidirá a entrega dos premio de contos e de pintura", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 20 decembro 2007, p. L.

Anuncia que a Delegación de Cultura fará entrega do premios dos concursos de pintura e dos contos infantís: "Negreira en cor" e "Cóntame un conto", que están promovidos polo Concello, en colaboración coa Fundación Feiraco. Tamén indica que, no acto, estará presente Yolanda Castaño e, ao rematar, levarase a cabo a posta en escena de *O pazo de papel*.

-E.F., "A xove alumna Patricia Tuñas gaña o concurso 'Cóntame un conto'", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 22 decembro 2007, p. L14.

Informa de que Patricia Tuñas Gesto, con "Recordos por escrito", e Iván Agra Blanco, con "Eu esquizo", obtiveron respectivamente o primeiro e segundo premio do concurso "Cóntame un conto", convocado polo Concello de Negreira, coa colaboración da Fundación Feiraco. Laura Liñares Pose, por "No bus", e Álvaro Inglés Paz, por "O robauntos" tamén foron recoñecidos con dous accésits.

Certame de relatos "**Contos da Lareira**"

Concurso organizado pola asociación cultural "O Arrieiro de Moraña". Estabelécense dúas categorías: A, até dezaseis anos, e B, para maiores desta idade. Nesta cuarta edición de 2007 houbo tres gañadores na categoría A: Iria Esperón Abril obtivo o primeiro premio co conto "A pelica fai a muller rica"; Lidia Hervés González quedou segunda co relato "A historia do meu avó"; e, por último, María Teresa Barcala Bugallo logrou o terceiro premio con "A santa compaña". Pola súa banda, na categoría B non se deron primeiros premios e os dous premiados cederon os seus premios aos máis pequenos.

Referencias varias:

- Chus Gómez, "Iria Esperón gaña o certame Contos da Lareira do Arriero", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 23 maio 2007, p. 5.

Dá conta dos gañadores da cuarta edición do Certame de relatos "Contos da Lareira", especificando que na categoría A, de até dezaseis anos, participaron doce contos; mentres que na categoría B, para maiores desa idade, presentáronse tres contos.

- Iria Esperón Abril, *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 13 xuño 2007, p. 4.

Reprodúcese o relato gañador que responde ás seguintes preguntas ¿Que farías se atopas un home morto ao lado dunha burra? ¿E se fora o veciño máis pobre da aldea? ¿Ou será que ás veces as apariencias engana...?

Certame "**Francisco Añón**" de poesía

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola Oficina de Información Xuvenil deste Concello coa intención de fomentar os valores da creación literaria en galego da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor. Estabelécense catro categorías: A) para nenos de seis a dez anos cun premio dun vale de

90,15 euros en libros e publicación da obra, B) para os de once a catorce anos cun premio dun vale de 120 euros en libros e publicación do poema, C) para os mozos de quince a dezasete anos cun premio dun vale de 150,25 euros en libros e publicación do poemario e D) para os maiores de dezaoito anos cun cheque de 901,52 euros e publicación da obra. Os orixinais deben presentarse en sobre pechado no que conste o título da obra, a categoría e o lema ou seudónimo do autor e, dentro, outro sobre, que conteña os datos persoais e fotocopia do DNI ou CIF. Os traballos entregaranse na Oficina de Información Xuvenil (Avda. de San Campio, s/n. 15230 Outes). No ano 2007 o xurado estivo integrado polos escritores Aurora Marco López, Armando Requeixo Cuba, Raquel Miragaia Rodríguez, a profesora Mercedes Rivas Vicente e o concelleiro de Cultura de Outes, Manuel García Fiuza e, como secretario, Santiago Nieto Romarís e outorgou o primeiro premio á coruñesa Cristina Ferreiro Real por *Ansiedade e planetas*. Tamén concedeu un accésit á ourensán Alba Cid Fernández que foi galardoada coa publicación do seu poemario *Con pés de la*. Na categoría de mozos de 15 a 17 años, o premio foi para Jaime Pereira Maroto pola súa obra *Subxectividade*. En nenos de 12 a 14 años, o xurado acordou deixar o galardón deserto ao considerar que ningún dos traballos presentados tiña calidade literaria. No apartado de nenos de 9 a 11 años, Beatriz Gutiérrez Cande, de Xinzo de Limia, foi a gañadora polo seu traballo *O gozo das estacións*. Nesta categoría, o xurado decidiu conceder un accésit a Aleixo Rama Mato, de Cruceiro de Roo, polo seu poema *A cidade abandonada*. Por último, na categoría de nenos de 6 a 8 años resultou premiado Cosme del Río Froján, de Cruceiro de Roo, pola súa obra *Tartaruga e esquío*. Neste mesmo apartado, o xurado concedeu un accésit ao poema *Arco da vella*, de Sabino Gabriel Lema, de Cruceiro de Roo.

Premio de poesía "**Díaz Jácome**" para novos creadores

Convócao o Concello de Mondoñedo, en colaboración coa Fundación Caixa Galicia, co afán de estimular a creación poética entre os mozos. Poden optar a este premio todas as persoas, de idade non superior a trinta anos, que presenten poemas orixinais e inéditos, escritos en galego de tema e metro libre, non premiados e cunha extensión máxima de cento cincuenta versos. Os orixinais deberán enviarse en DIN-A4 mecanografados a dobre espazo cun lema e plica en sobre pechado, onde constará o lema, o título da obra, os datos persoais e unha breve nota biográfica do autor. A entrega dos traballos debe facerse no Concello de Mondoñedo (Praza do Concello, 1, 27740 Mondoñedo). Haberá un primeiro premio de 1.500 euros, placa e diploma, un segundo de 600 euros, placa e diploma e un terceiro de 300 euros, placa e diploma. Na edición de 2007 outorgóuselle o primeiro premio a Lucía Mosquera Novoa, por *Sono sen fin***;** o segundo para Noelia Sánchez Conde, por *A sabiduría queda*; e o terceiro foi para Rocío Leira Castro, por *Eclipse azul da morte cóncava*.

Concurso literario da Asociación "**Os Fanagueiros**"

Convocado pola asociación veciñal e cultural "Os Fanagueiros" de Eirexalba, no Incio; poden concorrer a el traballos presentados en galego normativo, que poden levar ilustracións. O certame vai sobre todo dirixido a escolares, con categorías diferenciadas para o alumnado de primeiro, segundo e terceiro ciclo de Educación Primaria; habilítase

unha cuarta categoría para as persoas que queiran concorrer e non queden englobadas en ningunha das tres anteriores. Cada modalidade conta con tres premios, sendo o primeiro de 40 euros, o segundo de 30 euros e o terceiro de 20 euros que se destinarán a libros e material escolar; os premiados recibirán un diploma. A extensión dos traballos será como máximo de seis folios, que serán enviados antes do 24 de outubro. A entrega de premios terá lugar o día 1 de novembro, coincidindo coa festa do magosto que celebra a asociación convocante. No ano 2007 resultaron gañadores varios estudantes d'Oural, d'O Incio e de Triacastela.

Premio de Narrativa do IES "**Gregorio Fernández**"

Certame que convoca o IES Gregorio Fernández de Sarria coa colaboración dos sete Concellos da comarca, e que está dirixido a todos os seus centros educativos de Primaria, ESO, BAC e ciclos formativos para fomentar a afición á escritura e á lectura entre os escolares. Nesta quinta edición tamén participaron alumnos do instituto Paul Éluard da Bretaña francesa. A temática debe centrarse nos valores culturais da comarca. Estabelécense diversas categorías, segundos os cursos que estuden os participantes, e varios premios en cada unha delas; ademais, os relatos gañadores son publicados nun volume conxunto. A contía do premio é de 2.500 euros. Na edición de 2007 presentáronse máis de cen traballos, o que supón un aumento do case 100% con respecto á edición anterior. O prazo de entrega remata o 31 de marzo de 2008 e os traballos hanse enviar ao IES Gregorio Fernández, da rúa Castelao de Sarria. A entrega dos premios celebrarase nos primeiros días de xuño de 2008. Os traballos gañadores serán publicados en formato libro, nunha edición na que colabora a Obra Social de Caixa Galicia.

Premios **Letras Galegas e Nadal 2007**

Son moitos os concellos, colexios (APAS), asociacións, centros culturais e comerciais, etc, que, por medio das súas bibliotecas, Concellarías de Cultura, aulas de normalización, gabinetes e ámbitos culturais convocan premios para animar á xente nova a participar con motivo do Nadal e do Día das Letras Galegas, ben con relatos, redaccións, poesías ou debuxos como é o caso dos Concellos de Barro, Cambados, Cambre, Ferreira de Pantón , Guitiriz, Lugo, Monforte, Outeiro de Rei, Pobra do Brollón, Pontedeume, Poio, Porriño, Ribadumia, Ribeira, Salvaterra, Sarria, Taboada, Vilalba, Viveiro, Xermade e Xove; dos colexios como o IES de Sar, de Santiago de Compostela; asociacións e entidades culturais como por exemplo ANPA (Asociación de Nais e Pais do IES de Sar) ou o Liceo de Noia.

Referencias varias:

- F.F., "Convocan un nuevo concurso de relatos para celebrar las Letras Galegas", *Diario de Arousa*, "O Salnés", 18 abril 2007, p. 11.

Infórmase que a Concellería de Cultura do Concello de Ribadumia convoca a quinta edición deste concurso. Explícase que o tema é libre e debe estar escrito en galego, cunha extensión máxima de tres folios.

- C.P.R., “La biblioteca y el Concello convocan certámenes de narración, dibujo y poesía”, *El Progreso*, “Terra Chá”, “Xermade”, 23 abril 2007, p. 11.

Infórmase que se convocan os certames de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas e o I Certame de Poesía “Xermade en verso 2007”. Explícase que nos certames de redacción e pintura infantil poderán participar nenos e xoves menores de dezaseis anos, repartidos en tres categorías, con textos galego, dun folio e co tema *Quen dixo medo?*. Pola súa banda, explícase que no certame de poesía existen tres categorías, escritos en galego e dun folio de extensión. Remátase apuntando que os traballos se han presentar na biblioteca municipal antes do 9 de maio e que os fallos se coñecerán antes do 17 de maio.

- M.A.C., “Poio se sumerge en la obra de María Mariño”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Poio/Comarca”, 8 maio 2007, p. 17.

Infórmase que o Instituto Fontenla de Poio, xunto ao Colexio Santiago Apóstol de A Coruña foron premiados no Certame das Letras Galegas. Apúntase que o instituto de Poio realizoun unha exposición “de carácter reivindicativo sobre la mujer” na época histórica de María Mariño, que se acompañou de once carteis con textos explicativos “sobre el tiempo de los inventos, la Guerra Civil o la música de protesta”, e de cadernos de actividades para o alumnado. Pola súa banda, precísase que o colexio coruñés traduciu a imaxes a obra de María Mariño, a través de xilografías e unha guía de actividades e textos explicativos. Aclárase que as exposicións se instalarán nos centros educativos galegos, e así mesmo de no Bierzo, Londres, Bos Aires e Caracas.

- José Matamoros, “¡Música, maestros!”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 31 maio 2007, p. 16.

Dános noticia do encontro e conversa que se celebrou no IES de Sar coa escritora María do Cebreiro, no que tamén se entregaron os premios do concurso literario “Letras Galegas 2007”.

- C.P.R., “La biblioteca convoca un certamen de poesía navideño”, *El Progreso*, “Terra Chá”, 25 novembro 2007, p. 12.

Informa do certame de poesía infantil Nadal 2007 convocado pola biblioteca de Xermade e destinado a nenos de entre oito e dezaseis anos. Indica que as obras se centrarán no Nadal, cunha extensión máxima dun folio e escritas en galego.

Certame literario “**Minerva**”

Certame convocado polo Colexio Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 e conseguido por escritores consolidados hoxe en día como Lois Diéguez, Ánxeles Penas, Darío Xohán Cabana, Anxo Rei Ballesteros, Suso de Toro ou Xabier Queipo. Nel pode participar o alumnado de segundo ciclo de Educación Secundaria e Bacharelato, que cursen os seus estudios en centros de Galicia e non teñan cumpridos os vinte anos o 31 de decembro de 2006. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e poderán concorrer nas seguintes modalidades: poesía (un conxunto de tres

poemas, de tema e formas libres) e narración (de tema libre e dunha extensión máxima de seis folios, mecanografados a dobre espazo). Enviaranse cinco exemplares, con seudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado no que figuren os datos do autor, que deben vir selados polo Seminario de Galego para acreditar a súa condición de alumno ou alumna do centro. No exterior do sobre figurarán o seudónimo ou lema e o título da obra e deben remitirse a XXXIIIº Certame literario "Minerva" (Colexio M. Peleteiro, R/San Pedro de Mezonzo, 27, 15701, Santiago de Compostela). Concederanse tres galardóns en cada unha das dúas modalidades, de 750, 450 e 300 euros, respectivamente, medalla de prata conmemorativa do certame e publicación das obras galardoadas nun libro editado polo centro que convoca o certame. O xurado está constituído por escritores e profesorado de lingua ou literatura de distintos centros de Galicia e dá a coñecer o seu ditame nos medios de comunicación; a entrega de premios celébrase no decorrer dun acto literario organizado no centro educativo. Durante o acto, os galardoados deberán ler a súa obra total ou parcialmente. Nesta edición 2007 o xurado estivo presidido, na modalidade de poesía, por Luís Alonso Girgado e actuaron como vocais Avelino Abuín de Tembra, Manuel Vilanova Rodríguez, Ramón Caride Ogando e Manuel Fonte; e na modalidade de narración, por Manuel Quintáns Suárez, e actuaron como vocais Antón Riveiro Coello, Armando Requeixo, Pilar Burela e Javier Ferreiro Lozano. Na modalidade de poesía, o gañador foi Alexandre Limeres Otero, con *Sen título*; o segundo premio foi para Alba Cid Fernández, con *A frouma da nostalxia*; e o terceiro para Celia Parra Díaz, con *Máscaras da morte*, e así mesmo concederon tres accésits para Lidia Montes Camiño, por *Enredos... chanzos en espiral*; Rosa Catarina Piñeiro Fariña, por *Sen título*; e Andrea Porto Mato, por *Rebelión infunda en base 10*. Na modalidade de narración a gañadora foi Arnoia Bouzas Pérez, con *A vida por un fío*; o segundo premio foi para Noelia Salgueiro López, con *Finisterrae*, e o terceiro levouno Bruno Bernardo Salgado Berzal, con *O pozo da nada*, ademais de conceder tres accésits a Guillermo José Rodicio Cimadevilla, por *Hilofobia*; Marta Gónzález Pombo, por *Gris*; e Iria Ameixeiras Cundíns, por *Madame Vigueret*.

Referencias varias:

- Avelino Abuín de Tembra, "Premios Minerva 2007", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 23 abril 2007, p. 5.

Asegúrase que "as vindeiras décadas das letras galegas" están garantidas porque os novísimos escritores empregan unha "lingua galega fermosa, fluída, clásica e académica que produce admiración e confianza". Apúntase que formou parte do xurado destes premios, que son "un pouco obra da miña man". Repárase en que se deron a coñecer con estes premios Salvador Bastida, Quintáns Auriguiberri e Fausto Dopico, entre outros. Precísase que os galardoados da edición de 2006 se recollen no volume *Debuxei cos dedos liñas invisíbeis*. Recóllese a relación dos alumnos premiados, a súa idade, o centro educativo no que estudan e a súa localidade. Destácase a triloxía de Lidia Montes Caamaño, merecente do terceiro accésit de poesía, como mostra do "sensacional panorama feminino" e conclúese reproducindo os versos finais desta triloxía e afirmando "¡Sinto no corazón como se ensancha a alma de Galicia!".

- Margarito Flowers, "Segolène Royal, la rumbosa aspirante a la presidencia gala, compra trapitos en Zara", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 2 maio 2007, contracuberta.

Coméntase, no apartado "La poesía, un arma cargada de futuro", que o poeta Manuel Vilanova conduce o acto de entrega dos XXXV premios Minerva, instituídos polo colexio santiagués Peleteiro, e co impulso de Avelino Abuín de Tembra. Cóntase que o 3 de maio se entregan os galardóns e que este premio en edicións pasadas recaeu en "escritores muy reconocidos" na actualidade, entre os que cómpre destacar a Fernando Ónega, Lois Diéguez, Rábade Paredes ou Miguel Vázquez Freire.

- Ana Iglesias, "La gran fiesta de las letras", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Literatura", 4 maio 2007, p. 32.

Infórmase que se entregaron os premios da treinta e cinco edición, nun acto no que os galardoados leron fragmentos das súas obras. Recóllese o xurado das modalidades de poesía e narrativa, e a relación de premiados e os títulos de narrativa galardoados. Remátase apuntando que as composicións gañadoras se editarán grazas á colaboración da editorial Galaxia, e que o xurado destacou "la calidad y madurez" das obras presentadas, ademais da variedade de estilos e temas. No apartado "Plataforma" destácase o dato de que gañaron este premio Xesús Rábade Paredes, Darío Xohán Cabana ou Lois Diéguez.

- Zaida Iglesias, "Estudiantes orensanos copan los primeros premios en el concurso literario Minerva", *La Región*, "Ourense", 8 xullo 2007, p. 10.

Infórmase de que se presentaron dous centos traballos, centro trinta e seis de narrativa e sesenta e sete de poesía. Destácase que en edicións anteriores resultaron gañadores Suso de Toro, Xosé Antonio Neira Cruz, Darío Xohán Cabana, entre outros. Indícase que os premiados proceden dos colexios Banco Amor, Lagoas, Allariz, Ferro Couselo e García Barbón. Remátase cunha relación dos gañadores e obras premiadas.

- Zaida Iglesias, "Ourense: fuente viva de nuevos creadores", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 125, Ano XI, "Educación", setembro 2007, pp. 20-23.

Comenta que o acto de entrega do XXXV premios literarios Minerva tivo un claro sabor ourensán dado que cinco dos galardoados eran de Ourense. Fala brevemente da historia destes premios, que comezou en 1936, e indica que os gañadores ourensáns de 2007 en narrativa foron Arnoia Bouzas Pérez , de Allariz, co relato "A vida por un fío"; Noelia Salgueiro López, de Verín, con "Finisterrae"; e Bruno B. Salgado Berzal, de Ourense, con *O pozo da nada*; mentres que en poesía foron as ourensás Alba Cid Fernández, con *A frouma da nostalxia*; e mais Celia Parra Torres, con *Máscaras da morte*. Tamén sinala que neste acto se entregaron os galardóns do XXII concurso literario Ánxel Casal.

Certame de contos e lendas de **Mondariz**

Convocado polo Concello de Mondariz-Balneario, coa finalidade de achegar o ámbito cultural á poboación. Conta con dúas categorías: infantil e adultos. Na edición de 2007 concorreron douscentos escritores noveis de toda España. O xurado está composto por diferentes personaxes das letras galegas, así como por público en xeral. Os premios entregáronse nunha cea organizada pola Fundación Mondariz-Balneario. No ano 2007 resultaron galardoados, na categoría de adultos, Manuel Terrín, de Albacete, co conto

"Conflicto en la residencia de Mondariz Balneario"; e Alba Cid, de Ourense, co relato "Bolboretas como pingas". Na categoría de infantil, os dous primeiros premios recaeron en Pablo Cancelo, de Vigo, por "El agua de los sueños", e Katia Isabel Cid, de Ourense, coa lenda "La casa del río".

Certame de relato curto do Concello de **Mugardos**

Certame de relato curto en galego que convoca o Concello de Murgados que conta coas modalidades de maiores de 18 anos e menores de idade. Nesta edición o gañador da primeira categoría foi Moncho Iglesias Miguez co conto "Operación Peón de brancas" e a mención especial foi parar a Ramón Coira Luaces por "A fortuna do cabo Andrés". Roi Rodríguez foi o elixido entre os concursantes menores de idade grazas ao relato "A cidade gris", mentres que a mención especial foi para Noelia Gómez Regueira con "Durmindo sobre un segredo".

Premio "**Ourense de contos para a mocidade**"

Convocado dende os seus inicios pola Agrupación de Libreiros e pola Casa da Xuventude de Ourense, conta co patrocinio da Concellaría de Cultura, as Festas e o Festival de cinema de Ourense. Ten o obxectivo declarado promover a creación literaria en galego entre a mocidade, para iso, este premio diríxese á mocidade de entre catorce e trinta anos de idade que elabore, nun mínimo de seis e máximo de vinte cinco folios a duplo espazo, un relato inédito e orixinal de tema libre. Os premios consisten nun primeiro de 800 euros e en catro accésits de 250 euros cada un, ademais da publicación da obra. O xurado estivo formado por persoas pertencentes ou directamente nomeadas polas entidades convocadoras. Na edición de 2007 foron Serafín Alonso, Raquel Feijoo, Araceli Gallego, Marco Valerio Lama e Benito Losada, coma secretario sen voto. A decisión do xurado deuse a coñecer o Día das Letras Galegas, 17 de maio de 2007. Nesta edición presentáronse trinta e dous contos de vinte e nove autores/as. Un dos accéssit recae, segundo os regulamentos, nun concursante menor de 18 anos; nesta ocasión foi para Andrés Ocampo Lourido. No ano 2007 o relato gañador levou por título "O asegurador de OVNIS", escrito por Xerardo Veiga. Amais, e concedéronse accésits a Alba Cid, por "Na febra da miña trampa"; Rocío Leira Castro, por "Folerpas de neve negra"; Mario Otero Iglesias, por "A chave dos soños"; e Andrés Ocampo Lourido, por "Loucura".

Certame Literario de la Asociación de Pais do Colexio "**Peleteiro**"

Certame convocado pola Asociación e Pais de Alumnos do Colexio "M. Peleteiro" para o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria e 1º e 2º de ESO nas modalidades de poesía e narración. Na edición de 2007 todos os traballos estaban redactados en galego. Na modalidade de narración de 3º, 4º e 5º de Primaria resultaron gañadores Irene López Rodríguez, Alba Roibás Vega e Xaquín Fernández Álvarez. Pola súa parte, Paula Otero Riveira, Alejandra Pardo e Beatriz Torreiro foron as alumnas distinguidas co premio de poesía. En 6º de Primaria, 1º e 2º da ESO os gañadores na modalidade de narración foron Vera Vilches Carracedo, Pedro Hernández Ulloa e Alejandra Paradela. Pola súa banda, na modalidade de poesía, resultaron gañadoras Andrea López Barreiro,

Tamara Blanco Fontán e Iria Roibás Veiga.

Certame Literario da asociación cultural "**A Pipa**" de Becerreá

Ver o apartado X.5. do *Informe*.

Certame de Contos e Relatos Curtos "**Trapero Pardo**"

Dende o ano 1995 o Concello de Lugo convoca para todos os alumnos e alumnas de entre doce e dezaoito anos de calquera centro público ou privado este certame de contos e relatos curtos que conta con dúas categorías: unha para rapaces entre doce e catorce anos e outra para mozos entre quince e dezaoito anos. Nesta edición de 2007 o número de traballos presentados duplicouse en relación ao ano anterior. Na categoría de 12 a 14 anos o primeiro premio foi para Brais Lamela Gómez, pola obra "Cantos de serea". Tamén resultaron premiadas nesta categoría María Elena López González, por "De onde vés?", e Miriam Díaz Hortas, por "Lisbeth". No que se refire á sección de 15 e 18 anos anos o primeiro premio foi para Lucía Barrera López, por "Un mal fado na vida", que quedou por diante das obras de Nerea Pallares, "Maldita bendición", e Yolanda Briones, "Coma un conto".

Referencia varia:

- C.U., "Día de recompensas", *El Progreso*, "Lugo", 20 decembro 2007, p. 4.

Fálase do acto de entrega dos Premios "Trapero Pardo" de relatos curtos, organizados polo Concello de Lugo, onde participaron oitenta rapaces. Indícase que, na sección de doce a catorce anos, Basanta Silva foi a gañadora con "Cantos de serea", seguida de Elena López González, con "De onde vés"; e Míriam Díaz Horas, con "Lisbeth". Na categoría que abarca os rapaces de entre quince e dezaoito anos os galardoados foron Lucia Barrera López, con "Un mal fado na vida"; Nerea Pallares Villar con "Maldita bendición"; e Yolanda Briones Areán, con "Coma un conto". Na mesma nova tamén se describe a entrega dos premios "Educar para previr".

Certame literario do Colexio "**Xoán XXIII"** de Santiago de Compostela

Certame de narrativa e poesía convocado por Alicia López, profesora do taller artístico do devandito centro. Os galardóns consisten nun primeiro premio de 300 euros e unha figura conmemorativa donada por Pastora Rivas, e premios finalistas de 150 euros e unha figura. O xurado estivo composto por Juan Besada, o franciscano Paco Castro, Alicia López e Pastora Rivas. As finalistas foron Alicia Díaz Balado, en poesía, e Inés Iglesias Amorín, na categoría de narrativa. No ano 2007 resultaron gañadores Manuela Antelo Lema, na categoría de poesía, e Claudina Cerviño Lorenzo, na modalidade de narrativa. A entrega dos premios celebrouse o 1 de xuño de 2007 no salón Carlos V do hotel San Francisco, nun acto no que Alicia López abriu os sobres diante do xurado e dos concursantes e, a seguir, os gañadores leron as súas composicións literarias.

Certame Literario "**Vilabade 2007**"

Organizado dende outubro de 2004 co gallo da celebración dos cincocentos cincuenta anos de historia desta parroquia lucense de Castroverde e copatrocinado por *El Progreso*, baixo o título "Vilabade. 550 anos de historia: 1457-2007". Está destinado a alumnos de ESO. Os relatos terán unha extensión máxima de dez folios e terán que se enviar a Lgar. Vilabade, nº 18, CP 27122 (Castroverde). O prazo de entrega rematou o 31 de marzo de 2007. Conta con dotacións de 300, 200 e 100 euros e diplomas, ademais da publicación do relato gañador no diario *El Progreso*. No ano 2007, o xurado estivo composto por Alfonso A. Riveiro, xornalista e director do xornal *L-V* e os docentes Manuel Fernández Sarceda e Xosé Luis Fernández Sarceda e o seu fallo coñeceuse o 10 de maio. O acto de entrega celébrouse o 17 de maio, coincidindo co Día das Letras Galegas, na igrexa parroquial de Vilabade. Na edición de 2007 resultaron gañadoras Lucía Barrera Pérez, que acadou o primeiro e terceiro premios, polos relatos "A Fonte" e "Don Xosé", respectivamente; e o segundo premio recaeu en Noelia Martínez Rey, polo seu relato "Lixo".

XI. LITERATURA MEDIEVAL

XI.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Araújo, Gabriel **Antunes de** (org.), *O Acento em Português. Abordagens Fonológicas*, São Paulo: Parábola Editorial, 2007, 272 pp. (ISBN: 978-85-88456-66-2).

Volume colectivo que contén dez artigos de varios autores sobre a problemática do acento en portugués desde o punto de vista de distintas correntes fonolóxicas, mais sen centrarse única e exclusivamente no acento primario, senón que se presentan distintas discusións sobre diversos puntos da cuestión do acento. Interesa o capítulo 5:

- Gladis Massini-Cagliari, "Das cadências do passado: o acento em português arcaico visto pela teoria da otimalidade", pp. 87-120.

Estudo sobre o posicionamento do acento lexical en portugués arcaico, exactamente no período trobadoresco, por funcionar este como punto intermedio, por un lado, entre o portugués actual e o latín e, por outro lado, entre o portugués europeo e o portugués do Brasil, desde a perspectiva da teoría da optimalidade, pola súa importancia na constitución da prosodia da lingua como base do seu ritmo. Para a realización do traballo, Massini-Cagliari utiliza 1233 cantigas medievais galego-portuguesas, tanto profanas como relixiosas, procedentes de edicións facsímiles do Cancioneiro da Ajuda, do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa e das Cantigas de Santa Maria.

Beltran, Vicenç, *Poética, poesía y sociedad en la lírica medieval*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. Universidade de Santiago de Compostela, 2007, *Verba*, n.º 59, anexo, 249 pp. (ISBN: 978-84-9750-810-0). ◆

Estudo, publicado como anexo da revista *Verba*, que recolle varios traballos acerca da lírica galego-portuguesa medieval. Na primeira parte do volume, *La periodización de una escuela*, preséntanse tres estudos históricos, centrados nos séculos XIII e XIV, cuxa finalidade é o estabelecemento dunha periodización da escola trobadoresca, a partir da análise de diferentes episodios históricos como a revolta nobiliaria contra Afonso X o Sabio, acontecida entre os anos 1272 e 1274, ou a partir do estudo do propio *corpus* (destaca o realizado sobre o coñecido como "ciclo da ama"), xa que, ao igual que os documentos non literarios conservados da época, achega información dos acontecementos do momento.A segunda parte, titulada Siglo *y medio de oscuridad: 1295-1430*, reúne catro traballos centrados no estudo das derivacións tardías da escola trobadoresca e a súa influencia nas primeiras manifestacións líricas castelás. Para isto analiza as cantigas de Afonso XI *Em huum tiempo cogi* flores (19,1) e de Johan Lobeira *Senhor Genta* (71,4), relacionando esta última composición co *Amadís de Gaula*, así como a obra de Pero Vélez de Guevara, a quen o autor considera o último trobador. Na última parte, titulada *Poética de la tradición oral*, recóllense catro traballos nos que Vicenç Beltran analiza a relación entre a cantiga de amigo e a tradición da lírica oral antiga, estudando os temas e tópicos que teñen en común, as figuras retóricas e métricas propias das dúas tradicións e as influencias que a lírica popular de tradición oral exerceu

sobre algunhas composicións en particular, como *Levantou-s' a velida* (25,43) de Don Denis, *[Levou-s' a louçana,] levou-s' a velida* (134,5) de Pero Meogo ou *Levad', amigo, que dormides as manhãas frias* (106,11) de Nuno Fernandez Torneol, entre outras.

Ferreiro, Manuel, Carlos Paulo **Martínez Pereiro** e Laura **Tato Fontaíña** (eds.), *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval. Guidelines for the Edition of Medieval Galician-Portuguese Troubadour Poetry*, A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións, 2007, 72 pp. (ISBN: 978-84-9749-247-8). ◆

Volume multilingüe –publicado en galego, portugués, italiano, castelán, francés e inglés- no que se recollen as normas (recomendacións de carácter ortográfico, diacrítico e ecdótico) para a edición da poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval, propostas polos integrantes do *Grupo Universitario de Investigación de Lingüística Histórica e Ecdótica (GUILHADE)* da Universidade da Coruña no *I Coloquio sobre Crítica Textual "A Edición da Poesía Trobadoresca en Galiza"* celebrado na Illa de San Simón durante os días 22 e 23 de xuño de 2006.

Fregonese, Roberta (ed.), *Joham Vaasquiz de Talaveyra. Edizione critica, introduzione, note e glossario a cura di Roberta Fregonese*, Fregene (Roma): Edizioni SPOLIA, 2007, 263 pp. (ISBN: 978-88-89172-04-9).

Estudo exhaustivo sobre o trobador Joham Vaasquiz de Talaveyra, que desenvolveu a súa actividade poética entre 1260 e 1295, aproximadamente nas cortes de Afonso X e Sancho IV. Roberta Fregonese estrutura o seu traballo sobre cinco apartados fundamentais: logo dunhas breves notas acerca da tradición manuscrita das cantigas conservadas deste trobador, máis unha serie de apuntamentos biográficos sobre o mesmo, a autora céntrase no estudo da súa poesía, atendendo a cinco puntos fundamentais (temas, recursos retóricos, métrica e estruturas estróficas), ao mesmo tempo que ofrece unha breve explicación acerca dos criterios de edición seguidos no seu estudo. Non obstante, o groso da monografía corresponde ao estudo das cantigas e a súa edición crítica correspondente. Cada unha das transcricións das cantigas vai acompañada de referencias ás edicións precedentes onde tamén se recollen. Segue unhas notas ás rúbricas, unha sinopse métrico-rítmico, a tradución da cantiga, para rematar coas notas aos versos. O estudo péchase cos dous apéndices: un glosario e un listado bibliográfico. A importancia deste traballo radica na importancia outorgada a un trobador concreto e á súa produción poética.

Leão, Ângela **Vaz**, *Cantigas de Santa Maria de Afonso X, o Sábio. Aspectos Culturais e Literários*, Belo Horizonte: Veredas & Cenários, 2007, 178 pp. (ISBN: 978-85-98232-29-4).

Centrándose en tres autores do século XIII: Gautier de Coincy, Berceo e Afonso X –líricas francesa, castelá e galego-portuguesa, respectivamente-, que louvaron á Virxe nas súas composicións e narraron moitos miragres, estabelece elementos comúns á *Les miracles de Nostre* Dame, *Milagros de Nuestra Señora* e *Cantigas de Santa María*: época, obxecto, contido e intencionalidade da súa poesía. Vaz Leão

comeza por estabelecer unha comparativa xeral entre as tres coleccións para pasar á análise específica do "milagre do menino judeu", que xorde dunha lenda moi popular na Idade Media, e que se recollen as tres obras.

Martínez Pereiro, Carlos Paulo, *Querer crer entrever. (Expresións críticas de reflexión e lectura)*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, Col. Ensaio, 220, 2007, 222 pp. (ISBN: 978-84-8487-127-4).

Volume compilatorio dunha serie de artigos de carácter crítico publicados durante os últimos dez anos polo autor, Carlos Paulo Martínez Pereiro. Trátase dun total de vinteseis traballos de crítica textual, entre os que tamén se encontran exercicios de recensión de obras publicadas, precedidos dunha presentación –baixo o título de *Exercicios con todas as letras*- e agrupados en tres categorías: *Exercicios de admiración, Exercicios de ponderación e Exercicios de disertación*. No referente á literatura medieval galego-portuguesa recóllense dous artigos sobre o tema da retoricidade nas cantigas profanas medievais –Falad'amigo... Falade migo *(Para a descrición e discreción dos usos paronomásticos no trobadorismo profano galego-portugués)* e *Em volta da retoricidade do trovadorismo profano galego-português:* Amor e Morte-, unha recensión sobre o libro de José Carlos Ribeiro Miranda *Aurs mesclatz ab argen (Sobre a primeira geração de trovadores galego-portugueses)*, publicado en 2004 por Edições Guarecer do Porto –Aurs mesclatz ab argen *(De história e de poesia trovadorescas)*-, así como un panexírico a Manuel Rodrigues Lapa –*O poder faústico dun home contra as* reticências- no que fai un breve percorrido pola vida e a obra do chamado *Mestre de Anadia*.

Tato Fontaíña, Laura, *O Cancioneiro de Pero Meendiz da Fonseca. Edición crítica*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades – Xunta de Galicia, 2007, 117 pp. (ISBN: 978-84-453-4543-6). ◆

Constitúe esta publicación sobre Pero Mendiz de Fonseca, xograr pertencente á última xeración de poetas galego-portugueses, un intento de saldar a débeda coa creación dos creadores da Escola Galego-Portuguesa e, por extensión, defende o recoñecemento desta lírica profana na cultura peninsular. A eles débese a creación do "universo dialéctico do amor" cortés e a mestura atinada do culto e o popular. Tato Fontaíña estrutura o seu traballo sobre catro piares fundamentais: a seguir das notas bio-bibliográficas, aparece a edición crítica e o estudo correspondente, que conforman o groso da monografía, para o que toma como base o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e o da *Biblioteca Vaticana*. Cada unha das transcricións das seis cantigas revisadas vai acompañada da referencia ás edicións precedentes onde tamén se recolle. Segue unha sinopse retórico-formal, un esquema métrico, un comentario e as notas aos versos. E péchase o estudo con dous apéndices: un rimario e un glosario. A importancia deste traballo radica na exclusividade que se lle outorga a un xograr, cuxa importancia, até o da agora, se tiña diluído na nómina dos que acompañan o seu nome en nas antoloxías existentes. Laura Tato reivindica coa publicación deste estudo monográfico a necesidade de recoñecemento a este poeta, do que non se ofreceran máis ca breves referencias nos traballos dos salientábeis investigadores da lírica profana galego-portuguesa.

XI.2. REEDICIÓNS. TEXTOS RECUPERADOS

Carter, Henry H. (ed.), *Cancioneiro da Ajuda. Reimpressão da Edição Diplomática de Henry H. Carter*, Lisboa: Imprensa Nacional – Casa da Moeda, 2007, 196 pp. (ISBN: 978-972 -27-1569-0). ◆

Reedición dunha edición diplomática que viu a luz en 1941 e tiña reimpresión do 75, a presente obra colabora no chamado *campo bibliográfico* para o *Cancioneiro de Ajuda*, considerando *campo bibliográfico* non os estudos e edicións existentes dunha obra, senón aqueles que son fáciles de encontrar para os estudosos. Esta reimpresión completa así, as edicións crítica (de 1904 e reeditada por última vez en 1990 de Carolina Michaëlis) e facsimilar existentes sobre o único cancioneiro da lírica trobadoresca copiado en territorio portugués. A obra é unha edición diplomática que non desenvolve abreviaturas, nin ofrece interpretacións nin, como facía a de Carolina Michaëlis, cambia composicións ou cobras de lugar para chegar a un suposto estado ideal. É, por tanto, a forma máis cómoda de achegarse á totalidade do cancioneiro e aprecialo na súa calidade de texto incompleto, algo que non se pode facer nin coa edición crítica nin coas edicións de trobadores individuais. É, tamén, un instrumento de gran utilidade para os estudosos da lingüística, ao non alterar grafías e de moito máis fácil acceso que a edición facsimilar. Ademais do prólogo do editor, quen fala das diversas edicións existentes e sinala a necesidade dunha edición paleográfica polos motivos antes citados, a presente reedición conta cun prólogo de María Ana Ramos que sitúa a obra no contexto dos estudos do seu tempo. Conta tamén con notas en case todas as páxinas e varios apéndices nos que sinala as palabras total ou parcialmente tachadas (ademais das dubidosas), as anotacións marxinais e as lagoas do texto.

XI.3. ACTAS

Boullón Agrelo, Ana Isabel (ed.), *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega e Instituto da Lingua Galega, 2007, 675 pp. (ISBN: 978-84-96530-44-7). ◆

Volume colectivo que contén 22 artigos de distintos autores sobre a emerxencia da lingua galega nos textos escritos na Idade Media. Os enfoques son interdisciplinares, abordando o estudo dende a lingüística, a historia, a paleografía e as condicións culturais. Relacionados co estudo da literatura galego-portuguesa medieval encontramos os seguintes artigos:

- Ana Maria Martins, "O primeiro século do português escrito", pp. 161-184.

Constitúe unha achega interesante sobre a emerxencia do portugués escrito dende a segunda metade do século XII, que parte da tese da importancia do tipo de escrita como fonte de coñecimento lingüístico. Destácase a relevancia do reinado de Don Dinís na oficialización ou uso da lingua escrita portuguesa na chancelaría rexia. Aborda a cuestión dos xéneros iniciais: a noticia como xénero diplomático e o testamento. Ofrece una dobre clasificación de familias de escrita. Por unha banda, a innovadora e estabilizada, que se reflicte no testamento de Afonso II e que persiste

até máis alá do século XIII; por outra, a conservadora ou marxinal que conta con vestixios anacrónicos da tradición latino-notarial (até 1175). Ao longo da análise, achéganse documentos nos que coexisten as dúas escritas. Ademais ofrece un apéndice final que inclúe a relación de documentos portugueses até 1255. Trátase pois dunha reflexión acerca das posibilidades que ofrece o tipo de escrita para o achegamento aos textos literarios e non literarios e abordar cuestións de tipo cronolóxico que doutro xeito quedarían sen apoio documental.

- José Carlos Ribeiro Miranda, "Alfonsinos, sicilianos e o mundo feudal do ocidente ibérico. Em busca da primeira geração de trovadores galego-portugueses", pp. 185-204.

A analoxía que propón o título deste estudo constitúe unha forma de entender a natureza do fenómeno trobadoresco baixo as influenzas da poesía occitánica nun período tardío. O artigo céntrase na procura, achegando datos, dunha realidade previa de apropiación de modelos trobadorescos apoiados en grupos señoriais, alleos ás cortes rexias do momento. Ribeiro Miranda defende que sen a primeira fase fundadora do trobadorismo galego portugués, o período alfonsino non tería adquirido a importancia da que gozou. Estabelece como data fronteiriza entre as dúas xeracións a de 1240, cando o infante Afonso X comeza a apoiar aos trobadores e comezan a afluír de novo a terras castelás trobadores provenzais. Destaca a importancia da ruptura con Navarra a partir de 1195, que representa a anulación da principal vía de comunicación co mundo transpirenaico, o que reforza a utilización do galego portugués como lingua trobadoresca. Analiza as interferencias provenzais na lingua que utilizada.

- Santiago López Martínez-Morás, "Aparición e florecemento da prosa medieval galega", pp. 447-472.

Neste estudo, Santiago López Martínez-Morás ofrece unha visión xeral da prosa medieval galega atendendo a unha tripla orixe da produción: dimensión europea (ou románica), dimensión hispánica e dimensión propiamente galega. En primeiro lugar fai referencia á dimensión europea, de grande importancia, pois nela xurdirían moitas das correntes e obras que teñen correspondencia na literatura galega desta etapa, e que veñen a servir de base para a prosa medieval galega. A continuación, o estudo céntrase na dimensión hispánica, produtora de obras derivadas dos discursos historiográfico e xurídico, e que constitúe a principal rede de circulación de manuscritos na que se integra a produción galega. O estudo finaliza cunha breve mención á dimensión propiamente galega, pois nesta o número de obras é moi reducido.

- Alexandre Rodríguez Guerra / Xavier Varela, "As grafías no *Cancioneiro da Ajuda*", pp. 473-556.

Estudo lingüístico moi documentado con exemplos das distintas composicións do *Cancioneiro da Ajuda* do uso das grafías de acordo co sistema de representación medieval. Son tres grandes apartados os que estruturan o artigo: o dedicado ás minúsculas, ao que dedica maior extensión pola falta de bibliografía específica; o que se ocupa dos grafemas maiúsculos, atendendo ás dúas entidades escriturarias fundamentais (copistas e rubricadores); e, por último, un breve epígrafe dedicado ás abreviaturas. Cómpre salientar que neste amplo estudo dedícase un bo número de páxinas ao

tratamento da representación da nasalidade nas vogais, así como aos conxuntos gráficos máis rendíbeis. Constitúe unha interesante achega lingüística que permite estabelecer fases na constitución dos textos que compoñen o Cancioneiro, ademais de apelar á conciencia dos copistas de responder a unha realidade oral por medio da escrita.

- Marisol López Martínez e Eduardo Moscoso Mato, "Morfoloxía do *Cancioneiro da Ajuda*", pp. 557-578.

Baseándose na edición semipaleográfica inédita do *Cancioneiro da Ajuda* de Mariña Arbor Aldea, este traballo analiza as formas morfolóxicas máis relevantes presentadas no devandito *Cancioneiro*. O traballo céntrase, por esta orde, no xénero e número, o artigo, o demostrativo, o posesivo, o pronome persoal e o verbo, presentando deste último o esquema das formas que aparecen no *Cancioneiro* e se diferencian do galego contemporáneo. A premisa que serve como punto de partida (a uniformidade das escollas morfolóxicas do copista) é confirmada nas conclusións: non se trata apenas dunha colectánea de cantigas, senón dun traballo depurado que iguala as grafías e as escollas morfolóxicas dos textos que contén. Igualmente importante é a reafirmación, tanto polas grafías (estudadas no traballo de Alexandre Rodríguez Guerra e Xavier Varela, "As grafías no *Cancioneiro da Ajuda*" nas páxinas 473-556 do mesmo volume e ao que se fai constante referencia) como pola morfoloxía, de que os dous cadernos considerados pola crítica como doutro copista, efectivamente o son.

- Déborah González Martínez, "A onomástica persoal na lírica medieval galego-portuguesa", pp. 579-602.

Estudo sobre a importancia da onomástica no significado de moitos dos textos e contextos das cantigas medievais profanas e relixiosas. A clasificación que ofrece resulta esclarecedora e sistematiza os antropónimos de acordo co ámbito de produción dos textos: vinculación ao cristianismo, orixe xermánica, orixe árabe, metaliteratura, patronímicos, sobrenomes que reflicten o contexto social, moral e referencial en que xorden as composicións. Constitúe unha achega coherente ao sistema de designación persoal europeo na Idade Media que contribúe ao coñecemento do imaxinario da época así como a intencionalidade de quen compón ou recita un texto lírico.

López Castro, Armando e María Luzdivina **Cuesta Torres** (eds.), *Actas del XI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval. Universidad de León, 20 al 24 de septiembre de 2005*, [León]: Universidad de León, Secretariado de Publicaciones, 2 vols, 2007, 1116 pp. (ISBN: 978-84-9773-357-6). ◆

Volume de actas que recolle os traballos presentados no *XI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, celebrado en León entre os días 20 e 24 de setembro do ano 2005. Son de especial interese para o estudo da literatura galega medieval os que a seguir se analizan:

- Manuel José Alonso García, " Comparación del texto de la *Cantiga número 6* de Alfonso X el Sabio, y el texto del *Cuento de la Priora*, de Chaucer, respecto a los *Milagros de Nuestra Señora*", vol. I, pp. 163-182.

Como aparece resumido sinteticamente no título deste artigo, Alonso García estabelece unha comparación de dous textos: unha cantiga de Alfonso X e un conto de Chaucer, respecto dos *Milagros de Nuestra Señora*, de Berceo. Comeza por enumerar as semellanzas e diferenzas temáticas e formais dos dous primeiros, chegando á conclusión de que son máis os trazos que separan aos dous textos, daqueles que lle son comúns, mostrados nunha táboa comparativa. En canto aos elementos que aparecen nas composicións do Rei Sabio e de Chaucer, débense destacar os protagonistas principais e parte do argumento, aínda que con matices. Con respecto ás diferenzas, na *Cantiga número 6*, faise referencia ás Sagradas Escrituras como fonte, mentres que Chaucer omite este trazo, que é diferencial tamén noutras cuestións relacionadas co argumento e mais coa estrutura estrófica.

- Mariña Arbor Aldea, "Notas para a historia do *Cancioneiro da Ajuda*: as copias dos folios de Évora (Lisboa, BN, Cod. 11191; Évora, BP, MS. CXIV / 2-34)", vol. I, pp. 217-227.

Achega para o estudo dos problemas que presenta o *Cancioneiro da Ajuda* enfocada cara os folios atopados en Évora durante o século XIX e que foron copiados antes do seu envío a Lisboa para ser reintegrados no códice. Presenta unha introdución a ditos folios e as súas copias, xunto coa persoa dos copistas, unha minuciosa descrición dos mesmos e os cambios que sufriu a estrutura do cancioneiro coa reintegración dos mesmos, posteriormente modificada por Carolina Michaëlis e que permanece até hoxe.

- Ana Espirito Santo, "A pessoa do amor na cantiga de amor galego-portuguesa", vol. I, pp. 511-520.

Documentado percorrido polos textos líricos galego-portugueses nos que claramente se trata o Amor personificado. Nunha primeira sección, a autora traza un estado da cuestión segundo o punto de vista de estudosos como Tavani, Beltrán ou Blasco e conclúe que dende a súa grafía inicial maiúscula até a consideración dos diversos trazos que lle confiren humanidade poden seguirse as pegadas que confirman tal tratamento do tópico. A segunda parte do artigo céntrase en explicar e exemplificar coas cantigas correspondentes as dúas facetas da personificación do Amor: o seu perfil de deus cruel (divinización) e a súa consideración humana. A divinización, xa presente na lírica provenzal, acaba por converterse nun tópico. Os trazos humanos estúdanse a través do vocabulario específico e de recursos como a adxectivación ou a comparación, que permiten estabelecer dúas facetas na análise: a consideración do Amor como señor feudal e como vasalo, de acordo coa cosmovisión propia da Idade Media.

- Déborah González Martínez, "O demo na lírica profana galego-portuguesa", vol. II, pp. 631-640.

Despois de aclarar a cuestión da percepción na Idade Media do demo como resultado de concepcións precedentes (a Biblia, os Pais da Igrexa, Gregorio Magno, Isidoro de Sevilla, Beda ou Alcuino) Déborah González estabelece o catálogo de denominacións das que a forma maioritaria no corpus das cantigas profanas é *demo*, aínda que tamén aparece nalgunha ocasión o termo *diaboo*. O punto de partida da análise é unha cantiga de Cogominho, trobador de importancia tamén na lírica relixiosa. Nas Cantigas de Santa María acaba sendo o demo sempre ridiculizado e derrotado pola forza do ben. Na lírica

profana a voz *demo* atópase en 42 cantigas, de escarnio a maioría, e neste estudo acláranse os diferentes sentidos que presenta: *ser maligno* (baixo a metáfora de órgano sexual masculino) para poñer de relevo os vicios sociais; *metáfora feudal*, sendo destacada a idea de sometemento e privación de liberdade a través da fórmula "encomendar ao demo"; *maldición*, a través do verbo "levar". Por último alúdese á aparición da denominación en construcións minoritarias e acompañada de adxectivos ("maior") ou complementos ("de fogo infernal"), así como á función vocativa extraordinaria como liberador de cargas negativas en Fernández Cubel.

- Santiago Gutiérrez García, "La recepción hispánica de la materia de bretaña y la cantiga B479 / V62 de Alfonso X", vol. II, pp. 661-671.

Tomando como punto de partida a cantiga de Alfonso X, o Sabio, *"Vi un coteife de mui gran granhon"*, Santiago Gutiérrez García analiza as referencias directas ou indirectas á materia de Bretaña dentro da lírica galego-portuguesa. Según o autor, a clave para a interpretación desta cantiga se atopa no termo "coteife", presente no poema, que destaca polo seu carácter negativo. Será o emprego deste vocablo o que remita indirectamente a unha pasaxe da materia de Bretaña, grazas á presenza do termo *carreta* no refrán da cantiga, concretamente aquel da humillación de Lanzarote durante o rescate de Xenebra camiño do reino de Gorre. Admitidas estas referencias indirectas, céntrase en analizar o texto base que inspira ao monarca castelán e que, según o autor, non pode ser outro que a obra de Chrétien de Troyes, *Le chevalier de la Charrette*, a pesar de que ningún testemuño literario remita aos *romans* en verso clásicos. Isto permite reflexionar acerca do proceso de transmisión da materia de Bretaña na Península, enriquecendo o elenco de obras que circularon pola corte de Alfonso X.

- Gerold Hilty, "¿Es castellana o gallego-portuguesa la forma original del poema iberorrománico citado por el trovador Ramón Vidal?", vol. II, pp. 707-711.

Gerold Hilty restrinxe o seu obxecto de estudo ao poema *So fo e·l tems* integrado nunha novela de Ramón Vidal coñecida como *Judici d'amor* co obxectivo de defender unha forma orixinal castelán do poema. Para o seu estudo, o autor toma como punto de partida os traballos de Hugh Field, *Ramón Vidal de Besalú. Obra Poética*, e de Mercedes Brea, "Aissi com dis us castellans: ¿en qué lengua?". O primeiro acepta a interpretación de Gerold Hilty mentres que Mercedes Brea argumenta que o poema é cita dalgún texto producido por un trobador galego-portugués, xa que, según ela, o adxectivo "castellans" refírese á procedencia do autor e non a lingua do poema. A pesar da teoría desta autora, Hilty defende a teoría dunha base castelán para o poema e conclúe o seu artigo argumentando que nos primeiros decenios do século XIII tamén era posíbel expresar os conceptos da lírica trobadoresca en castelán.

- Joaquim Ventura Ruiz, "La recuperación casticista de Don Denis: ¿una invención para una literatura nacional?", vol. II, pp. 1109-1116.

Estudo sobre as cantigas de amigo e o seu suposto carácter autóctono, fronte ás de amor, de influencia provenzal. O autor fala dos chamados elementos popularizantes (os cervos, as fontes, a nai) e analiza os esquemas métricos de tipo trobadoresco (entendido este como o de influencia provenzal) e tradicional e falando de esquemas provenzais

para moitas das cantigas de amigo, chegando a comparar a coita das composicións de voz masculina, cos lamentos da rapaza nas composicións de voz feminina. A conclusión é que non só non son maioritariamente cultivadas, senón que a súa reivindicación podería ter que ver coa necesidade de creación dunha literatura propia, diferenciada, tanto para Portugal como para Galicia, independentemente da situación real da lírica dos cancioneiros.

Visalli, Angelita Marques e Terezinha Oliveira (eds.), *VI Encontro Internacional de Estudos Medievais. Medievalismo: Leituras Contemporâneas. Anais. 06 a 08 de julho 2005*, 3 volumes, Londrina: Universidade Estadual de Londrina, 2007, 1331 pp. (ISBN: 85-98196-29-0). ◆

Tres volumes de actas que recompilan os traballos presentados no *VI Encontro de Estudos Medievais*, congreso bienal da Associação Brasileira de Estudos Medievais (ABREM), celebrado na facultade Estadual de Londrina e na Universidade Estadual de Maringá entre os días 6 e 8 de xullo de 2005. Relacionados co estudo da literatura galego-portuguesa medieval encontramos os seguintes artigos:

- Maria Tereza Carvalho, "Cantigas de escárnio e maldizer. Alguns problemas de interpretação", pp. 24-31.

Tomando como punto de partida os traballos de interpretación de numerosos estudosos da lírica galego-portuguesa, como Esther Corral, Francisco Nodar Manso, Giuseppe Tavani ou Yara Frateschi Vieira entre outros, Maria Tereza Carvalho leva a cabo un estudo interpretativo das cantigas de escarnio e maldizer. Para elo, a autora parte dunha serie de motivos característicos deste xénero, como é o tratamento da muller e as soldadeiras, para defender que as cantigas de escarnio e maldizer afástanse do carácter espontáneo que lle atribúen numerosos estudosos, pois responden a unha construción literaria complexa e ambiciosa que ten como finalidade a subversión da cultura cortés e a parodia de himnos relixiosos.

- Itatismara Valverde Medeiros, "Caracterização do demônio na lírica mariana galego-portuguesa", pp. 90-97.

Neste breve artigo preténdese organizar un vocabulario das denominacións baixo as que aparece o demo nas *Cantigas de Santa María*, de Afonso X, revisando as composicións –109, 111, 115, 117 e 119- nas que a súa figura se relaciona coa realidade socio-política da época. Os apelativos que dan conta da súa presenza van desde aqueles que pertencen á categoría de seres espirituais, até os que o contemplan baixo a aparencia dun ser humano. En definitiva o demo representa os malos desexos do home e introduce o mal no seu espírito.

- Manuel Ferreiro, "Sobre problemas de edição do trovadorismo profano galego-português entre Joan Garcia de Guilhade e Meendinho", pp. 108-125.

O estudo de Manuel Ferreiro fai un percorrido polos numerosos problemas por resolver na edición, fixación e estudo da lírica galego-portuguesa, facendo fincapé na idea de que o editor do texto dunha cantiga traballa con hipóteses interpretativas. Ferreiro, tomando como punto de partida aquelas cantigas que

presentan ou presentaron problemas interpretativos, como as cantigas 134,5; 25,43 ou 136,1 entre outras, repasa os principais problemas de incomprensión textual: lagoas textuais, conceptos de carácter literario, problemas lingüísticos ou erros transmitidos polos propios editores. O autor remata o seu estudo coa análise de dúas cantigas, unha de Joan Garcia de Guilhade e outra de Mendinho, que presentan problemas de edición por mor do refrán.

- Laura Tato Fontaiña, "Os estudos trovadorescos galego-portugueses na Galiza", pp. 126-137.

Fai un percorrido pola tradición de estudos galego-portugueses en Galicia, dende os primeiros autores (Manuel Murguía, Teodosio Vesteiro Torres, etc) até os actuais proxectos e investigadores das tres universidades galegas, pasando pola creación dos estudos de Lingua e Literatura Galegas en 1965 na Licenciatura en Filoloxía Románica na Universidade de Santiago de Compostela e da propia Licenciatura en Filoloxía Galega en 1974; a lectura, en 1976, da tese de José Luis Rodríguez sobre o cancioneiro de Joan Airas de Santiago, primeira a tratar a lírica trovadoresca realizada en dita Universidade; a creación das outras dúas Universidades e do propio Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Trátase, en resumo, de un intento de achegamento ao público maioritariamente brasileiro, da historia dos estudos sobre lírica trovadoresca en Galicia, debedores dos que durante todo o século XIX fixeran maioritariamente autores estranxeiros.

- Carlos Paulo Martínez Pereiro, "Em volta da retoricidade do trovadorismo profano galego-português: *Amor* e/ou *Morte*", pp. 138-152.

O presente artigo, que se inscribe na liña de investigacións desenvolvida arredor do proxecto *O cancioneiro de Joan Garcia de Guilhade. Edición crítica* (HUM2004-04307), ten como obxectivo principal o de analizar a funcionalidade literaria de certos usos retórico-figurais no trobadorismo galego-portugués, en concreto as figuras de dicción que aparecen vinculadas aos *topoi* dos campos do "amor" e da "morte". O autor realiza unha análise de diversas cantigas de trobadores como Pai Gomez Charinho, Fernan Gonçalvez de Seabra ou Johan Garcia de Guilhade entre outros, para subliñar o emprego de figuras como a paronomasia e a aliteración e a súa incidencia na constitución das cantigas.

- Paulo Roberto Sodré, "De [Don] Fernan Diaz Estaturão": A sodomia por Pero da Ponte", pp. 159-168.

O presente artigo ten como obxectivo principal presentar un breve estudo do tema da sodomía a través do personaxe Fernan Diaz de Estaturão, caracterizado en diversas cantigas galego-portuguesas como "sodomita". O autor parte da análise das cantigas que recollen este personaxe: cantigas de Pero Garcia Burgâles, Airas Perez Vuitoron, Pero da Ponte, Alfonso X, o Sabio, Estevan Faian e Martin Moxa, para estabelecer unha relación entre as distintas cantigas e, finalmente, poñendo en relación a análise co concepto da sodomía na Idade Media.

- Risonete Batista de Souza, "O cancioneiro do trovador Martin Soares: Delimitação do *corpus*", pp. 169-179.

Risonete Batista de Souza ten como obxectivo xustificar a delimitación do *corpus* do trobador Martin Soares, tomando como base a análise das fontes manuscritas. Parte dunha serie de cantigas consideradas como problemáticas, 115,7bis; 157,43bis e a 157,43bis, sobre as que xirou unha longa discusión en torno a súa autoría que se remonta ás primeiras décadas do século XX. Partindo das teorías dos principais romanistas, como Carolina Michaëlis de Vasconcelos, Elza Paxeco Machado, Julles Horrent ou Giuseppe Tavani entre outros, a autora defende que o *corpus* deste trobador abrangue trinta e nove cantigas, baseándose no testimonio do Cancioneiro da Ajuda.

-Yara Frateschi Vieira, "As glosas *marginais* e as origens da lírica galego-portuguesa", pp. 180-187.

Claridade e rigor son as características expositivas que definen este artigo. Os estudos Carolina Michaëlis de Vasconcelos constitúen o punto de partida e o de chegada pois trata Frateschi Vieira de destacar a incidencia das investigacións das investigacións da filóloga decimonónica na comprensión do trovadorismo galegoportugués. Dous son os aspectos fundamentais nos que se basea a análise da súa aportación: os aspectos ecdóticos e os elucidativos. Ocúpase da primeira cantiga datábel de que temos noticia, o sirventés de Joâo Soares de Paiva "Ora faz ost'o senhor de Navarra". Volta sobre a cuestión do significado deste texto para a comprensión do problema das orixes do lirismo galego-portugués, xa que o primeiro documento neste idioma foi composto fóra da rexión onde se falaba. A autora revisa os puntos de vista de diferentes estudosos sobre os principios de Carolina Michaëlis ao respecto e detense nos traballos de Resende de Oliveira e de Ribeiro Miranda. O desinterese dos círculos aristocráticos casteláns por facer seu un movemento que estaba en boga é unha das razóns esgrimidas por eles. Ademais dos contextuais analiza os aspectos lingüísticos que aborda Miranda, tales como topónimos ou usos metafóricos. Xa Carolina Michaëlis apuntara como Rodrigo Díaz de los Cameros e os seus cortesáns coñecían composicións en galego-portugués, situación que puido motivar a Paiva no uso do idioma. Por outro lado, Santiago constituía ademais o centro de cultura laica e eclesiástica nesta etapa do medievo. As teses da estudosa alemá continúan, como demostra Frateschi, a ser contempladas e válidas.

- Carolina Antunes, "Das cantigas de louvor a Santa Maria, de Dom Afonso X, o Sábio", pp. 204-212.

Parte Carolina Antunes da defensa da función social da escrita para levar a cabo unha análise do léxico das *Cantigas de Loor* de Afonso X, coa finalidade de organizar un vocabulario. Comeza sintetizando algunhas das teorías das autoridades en lexicografía para asentar conceptos que logo aplicará ao corpus mariano, cinguíndose ao significado e a usos de determinados termos e a súa funcionalidade non discuso laudatorio do autor e así desentrañar as claves que se agochan atrás del.

- Fransmarina Lourenço Assunção, « Por que não a louvais? (Tentando responder a Dom Afonso)", pp. 213-218.

Reflexiona sobre por que os trovadores contemporáneos a Afonso X non fixeron composicións dedicadas á Virxe, nun momento no que en Europa o culto a María estaba

moi estendido. Defende, non obstante, a influencia do culto mariano na cantiga de amor, por iso que o Rei Sabio imita nalgunhas das súas *Cantigas* a estrutura das composicións profanas aludidas. O afastamento desa temática deberíase, segundo Lourenço Assunçao, á laicización de certos estamentos sociais, vinculados directamente aos poetas medievais: a fidelidade ao cristianismos estaba en franca decadencia e os praceres terreais eran o principal obxectivo, de aí que louvar a unha muller carnal fose de preferencia ante a adoración da "Sennor das sennores", sen que isto os fixese sentir en pecado. Non era ese o parecer de Don Afonso, de aí o seu requirimento.

- Vanda De Oliveira Bittencourt, "De como se expressa a correferência do suspeito, nas Cantigas de Santa Maria, de D. Afonso X", pp. 219-228.

Partindo da análise da modalización, Bittencourt desenvolve neste artigo a hipótese de que a estrutura lingüística é susceptíbel de revelar a conceptualización humana do mundo. Así, Afonso X valeríase do emprego de expresións antonomásticas como instrumentos de modalización. É así como no estudo das relación significante-significado, ou referente-referido, pode verse reflectido nas *Cantigas de Santa María*, principalmente das de miragres: o marco histórico, político, social, relixioso e cultura vixente na Baixa idade Media.

- Gladis Massini-Cagliari, "A paragoge nas *Cantigas de Santa Maria*", pp. 229-240.

Como explicitamente indica o título deste artigo, o obxecto do seu estudo será pois esta figura retórica no cancioneiro mariano, en concreto nas oito cantigas (10, 17, 76, 100, 102, 180, 197 e 350). Comeza a autora pola definición do fenómeno lingüístico para revisar a súa función, tras o que conclúe que a paragoxe non cumpre nas *Cantigas* unha función poética para igualar os versos agudos e graves, senón que a súa é unha función estilística dentro do corpus mariano.

- Mara Silvia Úbeda de Castro, "O conectivo "ca": Estudo da incidência na constituição das Cantigas de Amigo", pp. 246-255.

No presente artigo, a autora centra o seu interese no estudo diacrónico de ocorrencias sintáctico-semánticas do conectivo "ca" dentro do *corpus* da lírica galego-portuguesa, en concreto dentro do xénero da cantiga de amigo. O estudo ten como obxectivo reflexionar acerca do fenómeno sintáctico do emprego do significante desta conxunción e a súa incidencia na constitución deste tipo de cantigas. Para elo, a autora elabora unha breve definición da conxunción e da súa polisemia dende un punto de vista diacrónico –o seu emprego e significado no latín e a súa evolución até a lingua portuguesa– para analizar, finalmente, o seu emprego nunha serie de cantigas do rei Don Denis e do trobador Vaasco Praga de Sandin.

- Ângela Vaz Leão, "As Cantigas de Santa Maria no contexto das narrativas medievais de milagres marianos", pp. 263-272.

Centrándose en tres autores do século XIII: Gautier de Coincy, Berceo e Afonso X –líricas francesa, castelá e galego-portuguesa, respectivamente-, que louvaron á Virxe nas súas composicións e narraron moitos miragres, estabelece elementos comúns á *Les miracles de Nostre* Dame, *Milagros de Nuestra Señora* e *Cantigas de Santa María*:

época, obxecto, contido e intencionalidade da súa poesía. Vaz Leão comeza por estabelecer unha comparativa xeral entre as tres coleccións para pasar á análise específica do "milagre do menino judeu", que xorde dunha lenda moi popular na Idade Media, e que recollen as tres obras.

XI.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Beltran, Vicenç, "«Bel m'es quan la rosa floris» Antropologie et poétique des saisons au plein Moyen Âge", *Studi Medievali*, 3ª serie – anno XLVIII, fasc. 1, Giugno 2007, pp. 66-104.

Análise sobre a presenza das estacións, fundamentalmente a primavera, e o seu significado e simbolismo na poesía trobadoresca europea medieval. Para isto, o autor realiza un estudo multidisciplinar e comparativo de diferentes exemplos de poesía lírica profana e relixiosa dos séculos XII e XIII, comezando pola primeira composición de Chrétien de Troyes, *Erec et Ecnide* e pasando por poemas de autores das diferentes cortes europeas –francesa, castelá ou portuguesa- como Raimon Vidal de Bezaudun, Bertrand de Bar, Afonso X o Sabio, Don Denis ou Afonso XI de Castela, entre outros, pondo en contraposición composicións de carácter cortés fronte e composicións de carácter popularizante.

Borges, Poliana Rossi, "Estrutura morfofonológica do futuro no Português Arcaico", *Estudos Lingüísticos*, XXXVI, 2, 2007, pp. 141-199.

Cunha nítida exposición de conceptos, a autora deste artigo explica a evolución do latín ao portugués no referente ao futuro e o subxuntivo a partir do século XIII. Nunha primeira parte aborda a desaparición do futuro en –bo e en –am do latín clásico por semellanzas cos perfectos e cos presentes, respectivamente, nalgunhas das formas en latín vulgar. A creación de novas formas de futuro (infinitivo+presente) son de creación romance ao non ser un tempo de uso coloquial no latín vulgar, que tendía a expresalo mediante o presente. Fai fincapé na explicación das orixes derivadas de factores extralingüísticos, tales como o cambio de mentalidade dos pobos que falaban latín, isto é, a perda da actitude obxectiva respecto do futuro debido á aparición de preocupacións relixiosas e ao consecuente sentimento de inseguridade. Unha segunda parte aborda o paso da forma analítica á sintética como consecuencia dunha perda da consciencia de composición, con casos, sen embargo nos que a intercalación do pronome mostra que a dita perda non se levou a cabo completamente no período medieval. Logo de facer un percorrido polas teorías de Câmara, Nunes ou Massini-Cagliari, que acometen a cuestión dende puntos de vista diversos (semántico, morfolóxico e prosódico respectivamente) emprende a análise no corpus das cen primeiras Cantigas de Santa María partindo do material exposto por Mettmann na edición de Castalia (1986). Nel corrobórase a consciencia existente aínda na Idade Media sobre a composición das formas futuras.

Ferreira, Manuel Pedro, "*Cantus Coronatus. Cantigas D'el Rey Dom Dinis*. Edition Reichenberger, Kassel, 2005, 306 pp." en SIGNUM, 9, 2007, pp. 307-313.

Exhaustiva recensión por parte de Leonora Pintos Mendes do libro de Ferreira na que se describe, tras explicar o porqué do título, o contido de cada un dos tres capítulos e fai fincapé na explicación das ideas fundamentais sobre a transmisión da notación musical, o problema da grafía, a cuestión do uso dos instrumentos na interpretación da canción trovadoresca e as influencias musicais na actividade desenvolvida na corte do rei don Dinis, neto de Alfonso X, onde floreceu o movemento trovadoresco.

Gutiérrez García, Santiago, "La lírica gallegoportuguesa en los procesos de hegemonización y canonización de la literatura gallega", *Anuario de Estudios Medievales* (AEM), 37/1, enero-junio, 2007, pp. 245-265.

No presente artigo, Santiago Gutiérrez García centra o seu interese no estudo da recepción da lírica galego-portuguesa e o seu papel nos respectivos discursos de hexemonización das literaturas galega e portuguesa. O autor analiza os distintos problemas suscitados na reivindicación do corpus lírico trobadoresco por parte destes dous sistemas literarios xa que, en moitos casos, foi causa de constantes enfrontamentos. Estes problemas orixínanse polas diferenzas entre ambos discursos: a literatura portuguesa actúa no marco dunha canonización plena, mentres que a galega caracterízase por unha situación de minorización e dependencia no conxunto do sistema literario ibérico. Esta posición de inferioridade da literatura galega determinará que o sistema galego acentúe a necesidade de reivindicación que, segundo o autor, desembocará na plurifuncionalidade do discurso historiográfico e na importancia dos elementos nacionalitarios, ao mesmo tempo que se revaloriza o corpus poético trobadoresco en oposición ao sistema dominante. O artigo se pecha cun breve repaso aos principais procedementos empregados polos sistemas literarios portugués e galego na procura da súa lexitimación por medio da apropiación simbólica da lírica trobadoresca. Entre estes procedementos destacan o papel da Filoloxía, as investigacións históricas de corte positivista ou a importancia dos cancioneiros, entre outros.

Gutiérrez García, Santiago, "La poética compositiva de los *lais de Bretanha*: Amor des que m'á vós cheguei y los lais anómalos de la *Post-Vulgata*", *Revista de poética medieval*, 19 (2007), pp. 93-113.

O presente estudo relaciona os cinco lais bretóns presentes no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* cos relatos artúricos en prosa; concretamente co *Tristan en prose*, do que proceden tres deles e o *Ciclo da Post-Vulgata*, do que proceden os outros dous. Para os tres lais procedentes do *Tristan en prose* hai correlatos franceses, mais non é así para os procedentes da *Post-Vulgata*, que non ten textos líricos integrados. Así, o estudo céntrase sobre todo nas relacións entre lais franceses e galego-portugueses, achando que para as súas diferenzas, se ben non hai un modelo en verso, si existe unha relación con pasaxes da prosa. Tamén, nun deles, parece haber vontade do autor por achegar a composición á lírica peninsular. O autor estabelece tamén unha cronoloxía de redacción, non só duns lais con respecto a outros, senón tamén en relación aos procesos de redacción dos textos que lles deron orixe.

Martínez Martínez, Faustino, "Empleo del lenguaje feudal como lenguaje amoroso: el ejemplo del Cancioneiro de Ajuda", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LIV, nº 120, enero-diciembre, 2007, pp. 135-170.

Estudo sobre a adopción da linguaxe feudal por parte dos trobadores galego-portugueses do século XIII. Para isto, Faustino Martínez Martínez leva a cabo unha análise do vocabulario do amor cortés tomando como base cantigas de trobadores como Rodrigo Eanes de Vasconcelos, Pero García Burgalés, Joan Coelho ou Nuño Rodríguez de Candarey entre outros. Nesa análise destacan termos como "señor", "vasalo" ou "servizo" que evidencian cómo a poesía galego-portuguesa recolle palabras propias do sistema feudal para trasladalas ao campo amoroso.

Miranda, José Carlos, "Aurs mesclatz ab argen. *Sobre a primeira geraçao de trovadores galego-portugueses*", *Signum*, n.º 9, 2007, pp. 357-369.

Recensión elaborada por Carlos Paulo Martínez Pereiro á obra de José Carlos Miranda: *Aurs Mesclatz ab Argen. Sobre a primeira geração de trovadores galego-portugueses*. Martínez Pereiro subliña a conciliación dos datos históricos e literarios no estudo de Miranda, que se manifesta, especialmente, na estrutura circular que presenta a obra. Deste xeito, o autor leva a cabo unha descrición exhaustiva de cada unha das partes do libro, que se dividen en: un resumo crítico de carácter introdutorio e dúas partes perfectamente delimitadas, xa que a primeira se centra na análise do período histórico que abarca a produción de João Soares de Paiva até Garcia Mendes de Eixo. A finalidade é reflexionar acerca da orixe da poesía galego-portuguesa e na influencia da lírica occitana. A segunda parte, en cambio, toma como punto de partida as cantigas de amor conservadas dos trobadores desta primeira xeración para reflexionar en que sentido se orientou a linguaxe poética e se estas primeiras composicións deixaron pegadas na produción posterior. A obra se cerra con tres Apéndices centrados na edición crítica dos textos empregados no estudo na que desenvolve unha desigual proposta editorial dos textos.

Pérez Barcala, Gerardo, "Réflexions sur la *repetitio versuum* dans la lyrique profane galégo-portugaise", *Revue des Langues Romanes*, tome CXI, nº 1, 2007, pp. 107-132.

Traballo no que o autor aborda o estudo das prácticas iterativas na lírica galego-portuguesa, tendo en conta tanto as composicións profanas como as que foron escritas como *loor* á Virxe no corpus mariano do rei Afonso X o Sabio. A meta deste estudo consiste no feito de trazar o desenvolvemento conceptual e formal dos termos: *anáfora e cobras capdenais*, *epífora, cobras retrogradadas, palabra rima* e *refrán, epanadiplose, cobras capcaudadas* e *dobre* e, finalmente, *anadiplose, cobras capfinidas* e *leixaprén*.

Sodré, Paulo Roberto, "*Unos con otros contra natura, e coitũbre natural*: sobre a sodomia na sátira galego-portuguesa", *Signum*, nº 9, 2007, pp. 121-150.

Estudo sobre o tema da sodomía na Península Ibérica galego-portuguesa medieval e as diverxencias sobre el existentes entre, por un lado, o discurso lírico satírico, onde aparece en vintenove cantigas cargadas de humor e inxurias cuxa principal función era provocar o riso do auditorio, e por outro lado os textos relixiosos, en que o que primaba era a difusión dos bos costumes baseados nos valores da cristiandade da época que marxinalizaban os homosexuais por seren considerados inútiles para a orde común e até perigosos por poderen ser eles co seu comportamento os causantes de catástrofes tales como terremotos ou pestes, e os textos oficiais, a partir dos cales temos constancia de que este tipo de prácticas estaban totalmente prohibidas e penadas incluso coa morte.

Sodré, Paulo Roberto, "*Fenhedor, precador… profaçador?* O perfil do amante em Dom Dinis", *REEL (Revista Eletrônica de Estudos Literários*), a.3, n.º 3, Vitória, 2007, pp. 1-8.

Este artigo aborda a análise de catro estadios para obter o favor da dona: aspirante (fenhedor), suplicante (precador), namorado (entendedor) e amante (drut), que no caso de Don Dinis se relativizan transgredindo a harmonía na escala crecente do proceso. Poñendo como exemplo tres cantigas súas nas que a queixa e censura, xunto ao pracer de ferir á dona ao non ser correspondido constitúense como compoñentes da elexía amorosa. Deste xeito matízase o perfil do amante na poesía dos cancioneiros. Un percorrido polas teses de Lapa, Gema Vallín, Raúl Fernandes e Ignacio Rodiño mostra como os límites entre a lírica amorosa e a satírica pode atenuarse nalgúns casos, para o que resulta moi rendíbel a introdución do concepto de "escarnio de amor" como parodia das convencións do xénero amoroso.

XI.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Picallo, Heitor, "Dende a Torre da Renza, ouvindo 'As frores do meu amigo...", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 645, "Versos para unha arquitectura extinguida", 25 febreiro 2007, p. 13.

Estudo histórico-biográfico, realizado a partir da análise de diversos documentos notariais medievais, sobre a figura do trobador e almirante Paio Gomez Charinho e, máis detalladamente, sobre a súa descendencia (os fillos Sueiro Gomez Charinho, Roi Páez Charinho, Álvar Páez de Soutomaior e Xoana Mariño e as netas María Álvarez e Tareixa Álvarez) e as súas posesións, entre as cales figuraba unha torre coa que se controlaba, por concesión da Igrexa Metropolitana de Santiago, a entrada e a saída das mercadorías de Portonovo, e coñecida co nome de Torre da Renza, actualmente desaparecida, mais que se localizaría no lugar da Renza pertencente á parroquia de San Martiño de Sobrán no concello de Vilagarcía de Arousa.

Sánchez Agustino, José Luís, "Macías "o Namorado". Ruta Literaria del Mar de Arosa y Ulla", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", 18 febreiro 2007, p. 26.

Repaso pola vida e pola obra do poeta Macías, coñecido como "o Namorado" e a quen

o autor sitúa no entorno da Ría de Arousa e do Río Ulla. José Luis Sánchez Agustino non só nos achega a historia do poeta, senón que nos presenta como influenciou a autores posteriores, máis que polas súas habilidades compositivas, pola lenda que envolve a súa morte a mans dun marido celoso. Dá a coñecer, así, composicións de Víctor Hugo, Juan de Mena, Lope de Vega, Rodrigo de Cota, Mariano de Larra, Fernán Núñez de Toledo ou o mesmo Condestable Don Pedro de Portugal, en que se contan as peripecias vitais, especialmente as amorosas, de Macías.

XI.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Poesía galega medieval", *Galicia Hoxe*, "Caderno aberto", 6 xuño 2007, p. 3.

Leva a cabo unha defensa da idea expresada polo profesor Giuseppe Tavani, segundo a cal, débese falar de poesía galega medieval e non de poesía galego-portuguesa. Non obstante, o autor vai más alá e defende que é coherente afirmar que a lírica medieval hispánica, no seu conxunto, debería chamarse "galega", pois o galego foi a lingua lírica oficial da Península. Como exemplo cita as *Cantigas de Santa María*, de Afonso X, compostas en galego. Finalmente, o autor critica a falta de coñecemento e divulgación dos grandes poetas galegos medievais.

Fernández del Riego, Francisco, "A melodía determinante do verso", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 193, "Decotío", 6 xaneiro 2007, p. 13.

Realiza unha reflexión acerca da orixe das cantigas medievais, salientando a importancia da música e da melodía á hora de determinar a estrofa e o verso dos trobadores. Fernández del Riego repasa as teorías máis importantes que defenden esta tese, dende o musicólogo Xoán Beck até as teorías folclóricas de Gaston Paris, para concluír que en Galicia a poesía naceu para ser cantada. Para exemplificar esta tese bota man das viñetas do *Cancioneiro da Ajuda*, nas que se representan aos trobadores como os compositores das cantigas e aos xograres como os encargados da súa execución. Tamén destaca a figura da soldadeira, que baila ao son do adufe. Neste senso, o autor lembra a figura de María Balteira, unha das máis importantes soldadeiras da Idade Media.

Fernández del Riego, Francisco, "Trobas medievais musicadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 212, "Decotío", 26 maio 2007, p. 10.

Breve repaso pola historia da lírica medieval europea centrado, fundamentalmente, na análise da relación existente entre as composicións poéticas e a música que as acompañaba, ao igual que a danza. O autor destaca a importancia do trobador medieval á hora de difundir e prestixiar a música medieval, ligada especialmente á poesía, debido ao seu carácter de "viaxante", pois ao viaxar dunha corte a outra transmitía e divulgaba as innovacións literarias e musicais por toda Europa. Finalmente, o autor lamenta o feito de que tan só as cantigas de amigo de Martin Codax conserven a súa notación musical.

Méndez Ferrín, X. L., "Príncipe de Aquitania na nosa casa", *Faro de Vigo*, "Segunda Feira", 2 xaneiro 2007, p. 22.

Dá conta da tradución ao galego das once cantigas conservadas do primeiro trobador de Occitania, Guillerme IX de Aquitania, realizada por Darío Xohán Cabana, conservando a métrica orixinal. A presentación realízaa salientando a importancia deste trobador, pois as súas composicións supoñen unha ruptura coa tradición latina e cos modelos impostos pola cultura dominante, ao mesmo tempo que abre o camiño para a posterior lírica provenzal e, por tanto, para a nosa lírica profana galego-portuguesa.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Príncipe de Aquitania na nosa casa", *La Opinión*, "Segunda Feira", 3 xaneiro 2007, p. 26.

Presenta a tradución ao galego das once cantigas conservadas do primeiro trobador de Occitania, Guillerme IX de Aquitania, realizada por Darío Xohán Cabana, conservando a métrica orixinal. A presentación realízaa salientando a importancia deste trobador, pois as súas composicións supoñen unha ruptura coa tradición latina e cos modelos impostos pola cultura dominante, ao mesmo tempo que abre o camiño para a posterior lírica provenzal e, por tanto, para a nosa lírica profana galego-portuguesa.

Neira, Manuel X., "O alustre da poesía", *Galicia Hoxe*, "Luz de jazz", 17 setembro 2007, p. 5.

Defende a idea de que os Cancioneiros medievais, que recollen a produción da lírica profana galego-portuguesa, veñen do celtismo, non do Medievo e, por tanto, da influenza provenzal. Para defender a súa tese cita as denominadas "cantigas de romaría", que, en contra da opinión xeral da maioría dos estudosos da nosa lírica medieval, que defenden a conexión destas cantigas coas peregrinacións a Roma e Santiago, para Manuel Neira, as cantigas de romaría presentan características que as relacionan co celtismo.

Valcárcel, Marcos, "Tes os olliños negros", *La Región*, "Pan por pan", 3 xullo 2007, p. 61.

Comenta brevemente un dos motivos presentes na poesía galego-portuguesa: o amor que entra pola vista e o sufrimento amoroso do namorado provocado polo desdén da dama manifestado a través dos ollos desta. Sen dúbida, os ollos constitúen un elemento importante dentro da poesía popular galega, sobre todo a medieval.

XI.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Losada, A., "É absurdo separar letra e música nas cantigas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 646, "Entrevista", 4 marzo 2007, pp. 10-11.

Entrevista realizada á musicóloga, licenciada pola Universidade de Varsovia e antiga bolseira do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Paulina Ceremużyńska, trala gravación, co apoio da Xunta de Galicia, do disco *E moiro-me d'amor*, no que a artista incluíu catorce cantigas de amigo da tradición profana galego-portuguesa medieval que non conservaban a notación musical. Paulina Ceremużyńska fala das dificultades ás que se tivo que enfrontar para levar a cabo o traballo de reconstrución da música das cantigas, baseándose nas *Cantigas de Santa María* de Afonso X o Sabio e utilizando o recurso coñecido como *contrafactum*, algo que non tivo que facer para gravar o seu anterior disco dedicado á lírica profana galego-portuguesa, *Cantigas de amor e de amigo*, pois nesta ocasión escollera trece cantigas de amor, de Don Denis, e de amigo, de Martin Codax, que si conservaban a notación musical. Afirma que é a primeira persoa en realizar un traballo deste tipo e anima a que se leven a cabo iniciativas como a súa pola importancia que a música ten como acompañante das letras das cantigas, algo inseparábel, por seren estas composicións elaboradas para ser cantadas e non para ser lidas, como se acostuma facer.

XI.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

C.P., "El Archivo de la Catedral recupera documentos medievales inéditos", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "Santiago", 31 maio 2007, p. L4.

Dáse conta da chegada ao Arquivo da Catedral de Santiago da copia dixitalizada da documentación pontificia relacionada coa Igrexa compostelá correspondente ao período medieval, até o ano 1417. Esta documentación será editada no ano 2010 baixo o título *Colección de documentación pontificia medieval de la Iglesia de Santiago*. O traballo de investigación e localización de todo este material, enmárcase dentro da tese doutoral, *La Iglesia de Santiago y el Pontificado en la Edad Media*, do historiador Xosé Manuel Sánchez, técnico medievalista do Arquivo da Catedral.

Fernández, Rebeca, "A cantiga recupera a melodía", *El Correo Gallego*, "*El Correo2*", "Iniciativa", 4 marzo 2007, p. 9.

Infórmase da presentación do disco *E Moiro-me d'amor*, editado pola Xunta de Galicia, e do esforzo que supuxo para a súa autora, a polaca Paulina Ceremużyńska, en colaboración con Zofia Dowgiallo, Fernando Reyes e Carlos Castro, levar a cabo un traballo de reconstrución e de recreación, mais respectando as regras da tradición. Indica que unha das dificultades iniciais ás que tivo que facer fronte é a consideración das cantigas galego-portuguesas como xénero poético, non como xénero musical. Ademais explica que só seis das cantigas de amigo galego-portuguesas conservan a súa música, polo que a autora tivo que botar man das *Cantigas de Santa María*. Conclúese que o resultado é un disco que ten como obxecto principal salientar o estudo deste xénero medieval onde letra e música son indisolúbeis.

Mato, Mar, "Los libros-joya salen de la caja fuerte", *Faro de Vigo*, "Sociedad y

cultura", pp. 46-47/*La Opinión*, "Cultura", 25 marzo 2007, pp. 68-69.

Traza un percorrido polas principais bibliotecas de Galicia: a Biblioteca Penzol de Vigo, a Real Academia da Lingua na Coruña, o Arquivo da Catedral de Santiago e a Biblioteca da Universidade compostelá, nas que se gardan o que a autora denomina "libros-xoias". Centra a súa atención, sobre todo, nos códices da época medieval: o "Códice Calixtino", o "Tumbo A" e o "Breviario de Miranda", conservados no Arquivo da Catedral, salientando o preciosismo das miniaturas, as cores empregadas na súa execución, en definitiva, a súa gran importancia histórica, lingüística e artística. Remata cunha breve referencia á contribución privada, que enriquece as bibliotecas públicas, por exemplo, a da Casa da Cultura Galega en Vigo, de gran riqueza bibliográfica.

Sar, Máximo, "Romance dun amor descomunal no lonxano Rianxo medieval", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 2007.

O autor elabora unha breve descrición do Castelo da Lúa, sito no municipio de Rianxo. A importancia radica no feito de que este castelo inspirou a Máximo Sar a composición dun romance en ton humorístico. O autor parte do século XII, época na que foi construído por Paio Gomez Charinho, até os nosos días, elaborando unha breve historia e descrición deste singular castelo.

Veiga, Marta, "Non se lle perdoaba ser unha muller libre'. A escritora Marica Campo percorre os fitos máis salientábeis da lenda-historia de María Balteira", *El Progreso*, "Lugo", 19 xuño 2007, p. 9.

Repaso pola vida da soldadeira María Balteira, que desenvolve a súa actividade nas cortes de Fernando III, O Santo e Afonso X, O Sabio. Sobre a importancia desta soldadeira medieval dan contan as numerosas cantigas dedicadas á súa persoa por numerosos trobadores, entre eles o mesmo Afonso X. A súa historia, a medio camiño entre a lenda e o real, é analizada na obra da escritora Marica Campo.

XI.9 APÉNDICE: LIBROS DOUTROS ANOS NON RECOLLIDOS NOS INFORMES ANTERIORES.

XI.9.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Alves, Teresa F. A., Maria Isabel **Barbudo**, F J. Carlos **Viana Ferreira**, Alexandra **Assis Rosa**, Rita **Queiroz de Barros**, Isabel M. F. **Mealha** (eds.), *«And gladly wolde [s]he lerne and gladly teche». Homenagem a Júlia Dias Ferreira*, Lisboa: Edições Colibri, 2006, 800 pp. (ISBN: 978-972-772-702-5).

Volume colectivo organizado pola Comissão Executiva do Departamento de Estudos Anglísticos da Faculdade de Letras de Lisboa, co apoio dos Institutos de Cultura Inglesa e Americana, no que varios autores ofrecen os seus traballos como homenaxe á profesora e doutora Júlia Dias Ferreira, que exerceu como docente e investigadora na

universidade citada desde o ano 1965. Interesa para o estudo da literatura galega medieval o seguinte traballo:

- Ângela Correia, "O enquadramento histórico das cantigas à "ama" do trovador Joam Soares Coelho", pp. 111-120.

Estudo histórico no que a autora estabelece o contexto histórico e social das cantigas pertencentes ao denominado ciclo das amas, que xurdiu a partir da elaboración por parte de Johan Soarez Coelho de composicións nas que cantaba as virtudes dunha "ama", feito que se afastaba dos canons propios da cantiga de amor galego-portuguesa medieval e que lle ocasionou unha polémica con outros autores como Airas Perez Vuitoron, Fernan Garcia Esgaravunha, Johan Garcia de Gilhade, Johan Perez d'Aboim, Juião Bolseiro e Lourenço. Segundo Ângela Correia, a "ama" a quen Johan Soarez Coelho rendía vasalaxe era a muller dun sobriño do Infante de Molina, pertencente á Casa de Meneses, a cuxo servizo estaba o señor do trobador, Fernando de Serpa. Con isto demóstrase que a intención real do trobador era servir correctamente ao seu señor loando a unha muller que estaba relacionada coa propia familia de Fernando de Serpa, tralo casamento dunha tía súa, Teresa Sanchez, con Afonso Teles.

XI.9.2. ACTAS

Bianchini, Simoneta (ed.), *Lessico, parole-chiave, strutture letterarie del Medioevo romanzo*, Roma: Bagatto Libri, 2005, 559 pp. (ISBN: 88-7806-145-X).

Volume de actas que recolle os estudos presentados no Convegno «Lessico, parole-chiave, strutture letterarie del Medioevo romanzo», organizado polo Dipartimento de Studi romanzi dell'Università «La Sapienza» di Roma e polo Dipartimento di Linguisitca dell'Università degli Studi della Calabria, e celebrado entre os días 24 e 25 de novembro de 2000. Destaca, para o estudo da literatura galega medieval, o seguinte traballo:

- Fabrizio Beggiato e Antoni Rossell, "El repertorio métrico de la lírica europea medieval con música: la imitación melódica como argumento para un nuevo repertorio métrico", pp. 539-550.

Estudo comparativo da obra de diferentes trobadores de distintas tradicións líricas europeas no que se demostra a intertextualidade presente nas súas composicións. Os autores presentan, así, exemplos como a imitación de Gaucelm Faidit da obra de Gace Brulé, a semellanza dalgunhas composicións de Bertran de Born con outras de Conon de Béthune ou as influencias de Ayras Engeitado na obra de Gil Perez Conde, entre outros moitos. Trátase de casos de intertextualidade en que non só se utiliza a lingua do orixinal, senón tamén en moitas ocasións, a estrutura métrica, feito que leva aos autores a falar tamén dunha imitación melódica baseada no procedemento do *contrafactum*, técnica que consiste en aplicar a música dunha composición existente, utilizando o mesmo esquema métrico, así como a disposición das rimas, na nova composición.